

**REAL ACADEMIA DE MEDICINA E CIRURXÍA
DE GALICIA**

**DICCIONARIO GALEGO
DE
TERMOS MÉDICOS**

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**
DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

Santiago de Compostela, 2002

DIRECTORES:

Dr. D. Francisco Reyes Oliveros
D. Constantino García González

REDACTORES:

Dr. D. Juan Fernández Garrido
Dr. D. Manuel Ferreirós Sánchez Guisande
Dra. Dna. Raquel Vaquero Rodrigo

COLABORADORES NA REDACCIÓN:

Dr. D. Fernando Jiménez Herrero
Dr. D. José Luis Puente Domínguez
Dr. D. Manuel Pereiro Míguens
Dr. D. Agustín Sixto Seco
Dr. D. Elías Tovar Martín

REVISIÓN LINGÜÍSTICA:

Seminario de Lexicografía da RAG: Xesús Domínguez Dono, Ana I. Fachal Fraguela, M. Carne Pazos Balado, Manuela Pérez Rodríguez e Isolina Salgado Basoa.

COLABORADORA NA REVISIÓN:

Dna. Isabel González Fernández

ISBN: 84-453-3371-2

DEP. LEGAL: C. 1.535/02

IMPRESIÓN E MAQUETACIÓN:

Crafino, s.a.
Vía Marconi, 2C
Polígono Industrial do Tambre
15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA

A configuración dunha sociedade, calquera que sexa, amosa sempre desniveis, desequilibrios entre as partes ou sectores integrantes. Esta é unha situación xa secular, de sempre, na que o corpo social posúe unhas partes fortes e outras febles; uns grupos poderosos e de prestixio e outros de menor entidade e significación. Todos son necesarios e interdependentes, pero o seu peso, a súa influencia sobre o conxunto é ben distinta.

Esta heteroxeneidade social á que fixen referencia está en relación directa coas particulares respostas dos distintos núcleos sociais ante feitos culturais ou institucións comunitarias como son as linguas. Quero dicir, con estas observacións, que o emprego da lingua galega e mesmo a actitude e valoración da sociedade galega fronte a ese instrumento de comunicación que constitúe unha herdanza de séculos, é unha mestura de aceptacións e rexeitamentos.

E todo isto conclúe afortunadamente no fenómeno ó que estamos a asistir nestas dúas ou tres últimas décadas; isto é, a aceptación e emprego – sen reticencias nin complexos – da lingua galega por sectores profesionais da alta xerarquía como é o caso da chamada clase médica.

Naturalmente o labor de médico pasa tamén pola mellor e máis perfecta comunicación cos seus pacientes e, para iso, é imprescindible que os profesionais teñan unha ferramenta idónea que poña na nosa lingua xa non só os termos do grego e do latín característicos da Medicina como saber humanístico e científico, senón tamén os máis recentemente neoloxismos procedentes do ámbito das novas tecnoloxías que xa teñen revelado a súa extraordinaria utilidade na curación de graves doenzas.

E velaquí, neste *Diccionario galego de termos médicos*, un espléndido instrumento, unha afinada ferramenta que enriquece o caudal léxico do galego e faino con rigor e precisión. E, así mesmo, unha obra que fai máis familiares e cotiáns, máis directamente intelixibles e máis nosos, moitos termos escuros e alleos que, dende agora, poderemos empregar e empregar ben, sen vacilacións.

Non teño dúbida ningunha de que esta obra, froito madurecido dun esforzo que eu, como galego, agradezo, constitúe un moi valioso adianto na nosa lexicografía e redundará en beneficio da instalación do noso idioma nun decisivo ámbito da nosa sociedade. A miña gratitude ó grupo que asumiu a responsabilidade deste labor e os meus parabéns polo espléndido do seu resultado. A Medicina é, dende agora, un pouco máis galega e está, así, un pouco máis preto de todos nós

MANUEL FRAGA IRIBARNE
Presidente da Xunta de Galicia

Nunha entrevista, confesaba Ánxel Fole que, para el, as dúas cousas máis importantes que tiña Galicia eran a catedral de Santiago e a lingua galega. Non falarei agora da catedral de Santiago e tampouco vou disentir do gran escritor lugués no que á grandeza da nosa lingua se refire, grandeza outorgada polo pobo galego que ó longo dos séculos e nas máis adversas circunstancias preservouna nun recuncho da terra, na súa intimidade, no recolleito ámbito das cotiás relacións familiares como un prezado tesouro.

Por fortuna, dende tempo atrás esas circunstancias mudaron e hoxe a situación é ben diferente, aínda que, como acontece con tantas outras cousas, non chova a gusto de todos. E unha mostra máis do distinto da situación é a aparición dunha obra coma este *Diccionario galego de termos médicos* que, situada no terreo da nosa lexicografía, representa a continuidade, e, ó mesmo tempo, a ampliación dunha liña de traballos aplicados a sectores socioprofesionais e científico-culturais como a xurisprudencia, a bioloxía, as artes, a construción, a administración e outros. Introducido con normalidade nos medios de comunicación, no ensino, na administración autónoma e municipal e no ámbito parlamentario, o galego está a ter acceso a esferas profesionais de prestixio, ás que agora sumamos a Medicina, percorrida, estudiada e representada na súa particular terminoloxía neste *Diccionario* do que hai tempo tiñamos auténtica necesidade.

Os meus sinceros parabéns a todos e cada un dos integrantes do equipo que elaborou estas páxinas tan cheas de información de primeira man, tan coidadosamente redactadas, tan claras e precisas nas definicións, tan ilustrativas da axeitada síntese do rigor filolóxico e o saber médico. Esta obra, pioneira no seu específico campo e por iso máis meritoria aínda, é un exemplo a seguir para alcanza-la plena e total expansión da nosa lingua en tódolos niveis e sectores da nosa sociedade. A Medicina deu xa o paso que tiña que dar. Noraboa por facelo e enriquecer así a nosa competencia lingüística nun terreo de tan difícil acceso e, doutra banda, de tan imprescindible coñecemento como é a Medicina.

CELSO CURRÁS FERNÁNDEZ
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

O ser humano diferénciase fundamentalmente do resto do mundo animal por posuí-lo don da linguaxe, mediante o que se comunica cos seus semellantes. A palabra é, xa que logo, a característica primordial do home mesmo, sendo a súa aprendizaxe basicamente materna, aínda que posteriormente se fai pluralista.

A linguaxe caracteriza os pobos e forma parte das súas raíces ancestrais, así como do seu modo de ser e do comportamento de cada un, é como o selo que contribúe á súa personalidade e orgullo, non só coma un modo de expresión senón como pobo mesmo.

En consecuencia, é moi importante coñecer a fondo a linguaxe propia, a interpretación e coñecemento de cada un dos seus vocábulos, da súa gramática e da súa fonética adquirindo a base necesaria para chegar á literatura, alma do pobo ó que pertence, sendo motivo non só de pracer intelectual senón tamén de orgullo das súas raíces.

Con tal fin e considerando a importancia da linguaxe médica e o coñecemento dos seus vocábulos, a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia, cumprindo cun dos seus deberes, consistente en confeccionar un Dicionario Tecnolóxico de Medicina, con tódolos datos que poida reunir, acordou por unanimidade, en Sesión Plenaria, a realización dun **DICCIONARIO GALEGO DE TERMOS MÉDICOS**; que coa axuda da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a colaboración do Seminario de Lexicografía da Real Academia Galega, logrou realizar.

Somos conscientes de que nesta primeira edición se notará a falta de numerosos vocábulos, a pesar de que se transcribiron máis de 20.000; haberá defectos nas definicións dalgúns, así como a obrigada transcripción literal de determinados vocábulos, recoñecendo neste caso o mérito do autor que logrou definilo por primeira vez.

Non se tratou de ofrecer un Dicionario de Termos Médicos no que teñan entrada todas e cada unha das especialidades médicas do momento actual, isto corresponderíalle a outro tipo de dicionario; tampouco de recoller unha gran variedade de vocábulos populares referentes á saúde e empregados coloquialmente polos non sanitarios, polo cal só se reflicten aqueles máis comúns e cun sentido máis próximo ó médico e a outros profesionais da sanidade.

Trátase en definitiva dun texto xeral dos termos máis usualmente utilizados no contexto sanitario e sobre todo que sirva de estímulo para empregar con maior asiduidade a linguaxe terminolóxica médica galega entre os profesionais e os pacientes.

AGRADECEMENTOS:

A tódolos médicos que coa súa valiosa contribución fixeron posible a realización do dicionario.

De modo especial a: Dra. Raquel Vaquero, Dr. Juan Fernández Garrido e Dr. Manuel Ferreirós Sánchez Guisande; pola súa intensa dedicación e paciencia na inmensa tarefa de busca e definición dos vocábulos, sendo clave o seu traballo para a consecución da obra.

Á profesora Dra. Isabel González Fernández, que coa achega da súa experiencia no desenvolvemento de diversos dicionarios, os seus profundos coñecementos da lingua galega e a súa especial dedicación ó Dicionario Galego de Termos Médicos, foi decisiva para a súa finalización.

Ó grupo de filólogos que colaboran habitualmente nas tarefas do Seminario de Lexicografía da RAG, constituído por:

Xesús Domínguez Dono, Ana Fachal Fragueta, Manuela Pérez Rodríguez e Isolina Salgado Basoa e coordinados por M^a do Carme Pazos, por todo o esforzo, dedicación e paciencia, en revisar, corrixir e ordenar unha e mil veces as máis de 20.000 entradas que lles chegaron con numerosas imperfeccións, que souberon emendar, así como aconsellar a tódolos que colaboraron neste cometido do dicionario.

Finalmente, a tódolos Ilmos. Sres. Académicos que, coa súa achega persoal, dignificaron a posta a punto deste primeiro Dicionario Galego de Termos Médicos.

A Coruña, 18 de decembro de 2001

PROF. DR. FRANCISCO REYES OLIVEROS
Presidente

Hai dous mil anos ¿que lingua se falaba nos castros galegos? Non témo-la menor idea da lingua que falaban os galegos desa época. O que si está claro é que coa chegada do mundo romano a Galicia os residentes desta rexión aprenderon latín, lingua que tamén os habitantes das outras rexións da Península Ibérica aprenderon igualmente.

Pero co paso do tempo cada unha das rexións da Península Ibérica foi formando a propia fala. No século XIII, podemos afirmar que a lingua galega é unha lingua normal de comunicación en tódolos actos da vida de tódolos cidadáns desta rexión e precisamente nesa época o galego convértese na lingua normal das obras literarias e moi especialmente na lingua dos trobadores. O galego nesa época é unha das linguas literarias máis importantes, algo moi semellante ó que ocorreu en Francia co provenzal.

A fins da Idade Media o castelán vai impoñéndose na maior parte da Península. En Galicia son os castelán-falantes os que ocupan os cargos políticos, eclesiásticos, de xustiza, etc., pero os falantes normais seguen conservando a súa propia lingua.

Sen embargo desde mediados do século XIX comeza a ser usada a lingua galega de novo no mundo literario e mesmo no mundo dos políticos. Tralos anos do franquismo volve o galego a se-la lingua normal de Galicia a tódolos niveis: na vida normal, no ensino, nas relacións intelectuais, no mundo teatral, nos escritos, etc., etc. No Estatuto de Galicia de 1981 determínase exactamente que a lingua propia de Galicia é o galego, pero que tanto o galego coma o castelán poderían ser usados en Galicia en tódolos plans de vida pública, cultural ou informativa.

O triunfo do galego vai confirmándose pouco a pouco nos últimos anos. Hai ámbitos da vida política, como o Parlamento ou as publicacións oficiais da Xunta, onde a situación do galego como lingua oficial está firme. Pero en determinados medios de comunicación, na administración local e sobre todo na de xustiza e na eclesiástica vai impoñéndose pouco a pouco o galego. Sen embargo nos medios educativos é onde parece que a lingua galega está por riba da castelá.

Naturalmente no mundo da medicina hai que dicir que bastantes falantes intentan expresa-los seus problemas médicos a través da súa propia lingua, pero son moitos os aspectos da vida médica ou curativa que se descoñecen completamente.

Loxicamente é necesario ter bo coñecemento da lingua dos falantes galegos e especialmente é moi conveniente que coñezamos e practiquémo-la lingua médica non só dos falantes, senón tamén do campo da medicina. O persoal de médicos, practicantes, e demais xentes que teñan relación coa medicina deben intentar familiarizarse con esta lingua e coñecer moi ben tódolos seus aspectos para poder intercomunicarse.

Por iso quero manifestar con todo o meu afecto a felicitación a tódolos autores desta marabillosa obra “Diccionario galego de termos médicos” que é o primeiro intento portentoso e asombroso de divulgar na nosa lingua todo ese aspecto do mundo sanitario, da terminoloxía médica, da mellor comprensión entre médicos e enfermos, etc.

Así pois, quero manifesta-la miña propia satisfacción de que vivín e vin o esforzo, o sacrificio, o traballo que necesitaron os realizadores desta magnífica obra.

CONSTANTINO GARCÍA

ACADÉMICOS NUMERARIOS POR ORDE DE ANTIGÜIDADE DA REAL ACADEMIA DE MEDICINA E CIRURXÍA DE GALICIA

Dr. D. Elías Tovar Martín
Dr. D. Benito Regueiro Varela
Dr. D. Fernando Jiménez Herrero
Dr. D. Domingo García Sabell
Dr. D. Ramón Varela Núñez
Dr. D. Ovidio Vidal Ríos
Dr. D. José A. Pajarrón Ulloa
Dr. D. Jaime Quintanilla Ulla.
Dr. D. José Luis Puente Domínguez
Dr. D. Francisco Reyes Oliveros
Dr. D. Manuel Sánchez Salorio
Dr. D. Manuel Moreno de Orbe
Dr. D. José Peña Guitián
Dr. D. Federico Martinón Sánchez
Dr. D. Odón-Luis Abad Flores
Dr. D. José Luis Nogueira March
Dr. D. Manuel Noya García
Dr. D. Jerónimo Forteza Vila
Dr. D. Ramón Domínguez Sánchez
Dr. D. Ángel Belmonte Vicente
Dr. D. José Miñones Trillo
Dr. D. Manuel Pereiro Míguens
Dr. D. Alfonso Varela Núñez
Dr. D. José Carro Otero
Dr. D. Francisco Javier Jorge Barreiro
Dr. D. José Luis Vázquez Iglesias
Dr. D. Juan Jesús Gestal Otero
Dr. D. Torcuato Labella Caballero
Dra. Dna. Alicia Ansede Martínez
Dr. D. Jorge Teijeiro Vidal
Dr. D. Luis Rodríguez Míguez
Dr. D. Joaquín Potel Lexquereux
Dr. D. Juan Varela Durán
Dr. D. Miguel Gil de la Peña
Dr. D. Antonio Rodríguez López
Dr. D. Benito José Regueiro García
Dr. D. José Couceiro Follente
Dr. D. Pablo Díez Baños
Dr. D. Benigno Fausto Galdo Fernández

LISTA DE ABREVIATURAS

adx. (adxectivo)

fig. (figurado)

gr. (grego)

lat. (latín)

loc. (locución)

s. (substantivo)

s.f. (substantivo feminino)

s.m.(substantivo masculino)

s.f.pl.(substantivo feminino plural)

s.m.pl.(substantivo masculino plural)

v. (verbo)

V. (véxase)

GUÍA DE USO

As entradas van destacadas en letra grosa, seguidas da abreviatura, en cursiva, que indica a súa categoría gramatical, e a continuación a definición. Cando a entrada ten distintas acepcións aparecen diferenciadas por un número:

ebulición *s.f.* 1. Fenómeno físico que acompaña o paso de estado líquido a estado de vapor, cando este paso ocorre non só na superficie do líquido, senón tamén no seu interior, o que produce a formación de burbullas de vapor no seu seo. 2. Estado dun líquido que ferve.

indixesto -a *adx.* 1. Difícil de dixerir ou que orixina indigestión. 2. Que foi inxerido e non dixerido.

Inclúense como entradas os prefixos e sufixos cultos que entran na formación de palabras propias deste campo:

xin-, xine- ou **xineco-** Prefixo do grego, muller.

-patía Sufixo do grego, enfermidade.

As entradas correspondentes a palabras que non se consideran correctas van precedidas por un asterisco e remiten á forma normativa:

***alferesía** *s.f.* V. **alferecía**.

***sabañón** *s.m.* V. **frieira**.

Se unha mesma entrada ten máis dunha categoría gramatical sepáranse no artigo mediante unha dobre barra (//):

dacrioagogo-a *adx.* 1. Que provoca a segregación de bágoas. 2. Que serve como conducto para as bágoas. // *s.m.* 3. Axente ou substancia que estimula a glándula lacrimal e produce choradeira. 4. Nome en desuso do canaliculo lacrimal.

Algunhas entradas forman parte de expresións complexas. Neses casos, aparecen ó final do artigo, diferenciadas do corpo das acepcións por unha dobre barra (//), ordenadas alfabeticamente e separadas entre si por unha barra (/):

sacarímetro *s.m.* Instrumento que determina a cantidade de azucre presente nunha solución. Pode ser de dous tipos: polarímetro ou aerómetro. // **S. de fermentación** Sacarímetro con aspecto de tubo graduado, en forma de cóbado, e pechado nun extremo, que determina a cantidade de azucre polo volume de gas que se acumula en tal extremo. Emprégase tamén para determina-la cantidade de azucre na urina. / **S. de Lohnstein** Aparello empregado para realiza-la reacción de fermentación cuantitativa do azucre urinario.

Hai un número considerable de entradas que remiten a outras. Isto indícase con V. (véxase) e a continuación a entrada onde podemos atopalo significado da palabra ou expresión pertinente:

faciana *s.f.* V. **face**.

Fabry, enfermidade de V. **enfermidade**.

laña *s.f.* 1. Greta na pel, nas mucosas ou nos labios, especialmente a causa do frío. 2. V. **grampa**.

Os equivalentes que poida ter unha palabra ou expresión indícanse despois da definición, introducidos pola fórmula 'Tamén se di':

iliopectíneo -a *adx.* Pertencente ou relativo ó ilio e á pube. Tamén se di **iliopubiano**.

sen *s.f.* Rexión lateral da cabeza, ós lados da fronte, situada sobre o arco cigomático. Tamén se di **tempa**.

Os termos gregos e latinos, as voces estranxeiras ou as denominacións dos xéneros animais e vexetais aparecen en cursiva:

hallux *s.m.* Dedo polgar do pé. // **H. malleus** Dedo gordo do pé deformado en forma de martelo, que aparece nalgunhas enfermidades reumáticas. / **H. valgus** Desviación do dedo polgar do pé cara ás demais dedas, ás que cruza por encima ou por debaixo. / **H. varus** Separación do dedo polgar do pé das demais dedas.

ECHO *s.m.* Sigla correspondente a *Enteric Citopatic Human Orphan*, virus da familia dos *Picornaviridae*, xénero *Enterovirus*, axente responsable dalgunhas variedades da meninxite, procesos febrís, arrefriado común, etc.

Haemodipsus Xénero de piollos, dos que a especie *H. ventricosus* (piollo do coello) pode ser un axente transmisor da *Pasteurella tularensis*, microorganismo produtor da tularemia.

Indiella Xénero ó que pertencen algunhas especies de fungos, como *Indiella mansonii* ou *Indiella brumpti*, causantes do pé de Madura.

A

A. Abreviatura de ampere.

a. Abreviatura de arteria.

a-, an- Prefixo que significa “sen” ou “non”.

Å. Abreviatura de unidade Angstrom.

aa Abreviatura empregada nas receitas que significa “de cada un”.

abafar *v.* Facer difícil a respiración ou impedila.

abasia *s.f.* Imposibilidade de camiñar.

abásico-a *adx.* Relativo á abasia.

abatemento *s.m.* Prostración física ou moral dunha persoa.

abater *v.* Perde-lo ánimo, as forzas.

abaxial *adx.* Situado fóra do eixe do corpo, dunha parte ou órgano.

abdome *s.m.* Parte do corpo do home e dalgúns animais que está a continuación do tórax, separada da cavidade torácica polo diafragma e tapizada por unha membrana serosa, o peritoneo. Contén a maior parte das vísceras dos aparellos dixestivo e xenitourinario. // **A. agudo.** Dor abdominal de inicio súbito, por causa da inflamación, perforación, obstrución, infarto ou rotura dos órganos intrabdominais e que require intervención cirúrxica.

abdominal *adx.* Relativo ó abdome.

abdominocentese *s.f.* Punción (paracentese da cavidade) abdominal.

abdominoscopia *s.f.* Exame do abdome e das súas vísceras mediante endoscopia.

abducción *s.f.* Acción de conducir cara a fóra ou de separar da liña media.

abducir *v.* Afastar do plano medio do corpo ou do eixe dun membro.

abductor-a *adx.* 1. Que abduce. // 2. *s.m.* Músculo que realiza a abducción.

aberración *s.f.* Desviación da situación normal. // **A. cromosómica.** Irregularidade do número ou constitución dos cromosomas que altera o material xenético do

embrión. / **A. mental.** Estado mental patolóxico sen alteracións da intelixencia que non chega a constituír unha tolemia.

abertura *s.f.* Porta ou acceso.

ablación *s.f.* Separación ou desprendemento dunha parte do corpo de forma cirúrxica ou coma resultado de enfermidade.

ablefaria *s.f.* Ausencia total ou parcial de pálpebras, conxénita ou adquirida. Tamén se di **abléfaron**.

abléfaron *s.m.* Ablefaria.

ablepsia *s.f.* Falta ou perda da vista, cegueira.

ablución *s.f.* Operación que consiste en separar dun corpo os materiais estraños mediante lavado.

abocamento *s.m.* Anastomose, implantación cirúrxica dun conducto noutro, ou nunha cavidade da súa mesma natureza ou non.

aboclusión *s.f.* Falta de contacto entre os dentes superiores e inferiores.

abordaxe *s.f.* En cirurxía, vía ou maneira de achegarse a algún órgano ou víscera.

abortar *v.* Expulsar un feto antes do tempo normal de xestación, sen que poida sobrevivir.

abortivo-a *adx.* 1. Que se desenvolve en forma incompleta. 2. Da substancia ou procedemento que produce un aborto.

aborto *s.m.* Feito de interrompe-lo embarazo, por causas naturais ou provocadas, expulsando o feto antes do tempo normal de xestación.

abraquia *s.f.* Ausencia conxénita de brazos.

abraquiocefalia *s.f.* Ausencia conxénita de brazos e cabeza. Tamén se di **acefalobraquia**.

abrasión *s.f.* Desgaste dunha substancia ou estrutura, como a pel ou os dentes, mediante un proceso mecánico anormal ou pouco común

abrasivo-a *adx.* Que causa abrasión.

abrazadeira *s.f.* Aparello ortopédico usado para soste, aliñar ou manter partes do corpo en posición correcta.

abrebocas *s.m.* Instrumento cirúrxico para mante-la boca aberta.

abruptio (lat.) Esgazadura en anacos. // **A. placentae.** Desprendemento prematuro da placenta.

absceso *s.m.* Acumulación localizada de pus nunha cavidade formada pola dexeneración dos tecidos infectados. // **A. anorrectal.** Acumulación localizada de pus no tecido graxo preto do ano. / **A. apendicular.** Resulta da perforación do apéndice con inflamación aguda. / **A. cerebral.** Extensión ó cerebro dunha infección dunha área próxima (como a otite media) ou por infección hematóxena. / **A. escrofuloso** ou **estrumoso.** Absceso de orixe tuberculosa. / **A. frío.** Absceso de evolución lenta, con poucos signos de inflamación. / **A. gasoso.** Acumulación localizada de material seropurulento que contén aire, orixinado por bacterias que producen gas, como *Clostridium Perfringens*. / **A. primario.** O que se forma no foco da infección.

absoluto-a *adx.* 1. Sen límites, libre, non combinado. 2. Sen condicións, sen ningún tipo de restricción ou reserva. // **Dieta absoluta.** Restricción total de alimentos.

absorbencia *s.f.* En radioloxía, medida da capacidade dun medio para absorber radiación.

absorber *v.* Admitir ou asimilar substancias en ou a través dos tecidos.

absorción *s.f.* Introdución de substancias ó interior dos tecidos ou a través deles.

absterxer *v.* Purificar, desinfectar.

abulia *s.f.* Perda ou diminución da vontade ou enerxía para emprender algunha cousa ou para se mover.

abúlico-a *adx.* Que sofre abulia, que non ten vontade.

abuso *s.m.* Uso esaxerado dalgunha cousa, que pode chegar a modifica-las funcións orgánicas, como o abuso da cafeína, do alcohol, do tabaco.

acalasia *s.f.* Incapacidade para relaxa-las fibras do músculo liso do aparello gastrointestinal, en calquera sitio de unión dunha parte con outra, en especial na unión gastroesofáxica. // **A. do cardia.** Cardiospasma. / **A. do esfínter anal.** Enfermidade de Hirschprung. / **A. esofáxica.** Dilatación e hipertrofia dun anaco de esófago, megaesófago.

acalculia *s.f.* Incapacidade para facer cálculos matemáticos sinxelos, forma de afasia que se observa nas lesións do lobo parietal.

acalorado-a *adx.* Sufocado, cheo de calor.

acaloramento *s.m.* Acto ou efecto de acalorar ou acalorarse, ardor, excitación

acalorar *v.* Sentir calor e cansazo a causa dun esforzo.

acampsia *s.f.* Rixidez dun membro, anquilose.

acanalado-a *adx.* Que mostra sucros, estriado.

acanaladura *s.f.* Operación que consiste en facer unha extirpación en forma de canle no óso

acanear *v.* Moverse os dentes.

acanthia lectularia *s.f.* Chincha.

acanto *s.f.* Columna vertebral.

acantocito *s.m.* Glóbulo vermello deformado que parece ter espiñas.

acantocitose *s.f.* Presencia de acantocitos no sangue, por ausencia conxénita de lipoproteínas

acantodoncia *s.f.* Forma espiñosa dos dentes.

acantoide *adx.* Semellante a unha espiña, espiñoso

acantólise *s.f.* Desprendemento das células do corpo mucoso de Malpighi. Tamén se di **acantose**, **anacantose**. // **A. ampolar.** Epidermólise.

acantoma *s.m.* Tumor da capa mucosa de Malpighi da pel, cancro cutáneo.

acantoqueratoderma *s.f.* Hipertrofia da capa córnea da pel, especialmente das mans e dos pés.

acantose *s.f.* Lesión histolóxica da epiderme que presenta hipertrofia do corpo mucoso de Malpighi. // **A. nigricans.** Pigmentación xeral e anormal da pel con tumores papilares.

acapnia *s.f.* Diminución da cantidade de ácido carbónico no sangue.

acarbia *s.f.* Diminución de carbonatos no sangue.

acardia *s.f.* Falta conxénita de corazón.

acardiaco-a *adx.* Que non ten corazón.

acariase *s.f.* Sarna, enfermidade contaxiosa da pel producida por un parasito.

acaricida *adx.* Axente que destrúe acáridos.

acárido *s.m.* Parasito da pel do home e dos animais, da orde dos arácnidos.

acario-a *adx.* Sen núcleo.

acariocito *s.m.* Célula sen núcleo coma o glóbulo vermello.

ácario *s.m.* Acárido.

acarodermatite *s.m.* Inflamación da pel producida por acáridos.

acarofobia *s.f.* Medo patolóxico a padecer sarna. Tamén se di **acaromanía**.

acaromanía *s.f.* Acarofobia.

acarotóxico-a *adx.* Acaricida

acartonado –a *adx.* Que ten o aspecto do cartón por estar seco e delgado, característico de persoas de moita idade.

acatalasia *s.f.* Falta ou diminución do enzima catalase

acatalepsia *s.f.* Falta de comprensión, deficiencia mental.

- acatama** *s.f.* Forma de neurite periférica que se observa principalmente en África occidental.
- acatamatesia** *s.f.* Perda ou trastorno na facultade de comprende-la linguaxe debido a unha lesión central.
- acatarrado-a** *adx.* Que ten catarro.
- acatarrarse** *v.* Contrae-lo catarro, constiparse.
- acatarsia** *s.f.* Impureza, falta de limpeza, sucidade.
- acatexia** *s.f.* Imposibilidade de rete-los excrementos, incontinencia.
- acatisia** *s.f.* Dificultade para manterse quedo, obsérvase principalmente en enfermos de Párkinson.
- acceso** *s.m.* Ataque, conxunto de síntomas que cesan e volven a intervalos máis ou menos distantes.
- accesorio-a** *adx.* Relativo a glándulas, músculos ou nervios auxiliares ou suplementarios doutro órgano, xeralmente máis importante.
- accidental** *adx.* Producido por accidente.
- accidentalismo** *s.m.* Teoría que considera tódalas enfermidades como simples fenómenos exteriores, sen orixe no organismo, e atende soamente os síntomas sen ter en conta a etiología nin a patoxenia.
- accidente** *s.m.* Fenómeno ou feito traumático ou patolóxico espontáneo que aparece na persoa sa ou no curso dunha enfermidade. // **A. cerebrovascular.** ACV, ictus, termo que se aplica ás síndromes clínicas que acompañan ás lesións isquémicas ou hemorráxicas. / **A. de traballo.** Suceso imprevisto no acto ou con motivo do traballo, e que causa unha lesión temporal ou permanente. / **A. de tráfico.** Accidente por causa da circulación urbana ou por estrada.
- acción** *s.f.* 1. Feito de levar a cabo algo. 2. Modo de realiza-las funcións vitais. // **A. acumulativa.** A dunha droga que se amosa despois da administración dalgunhas doses aparentemente inactivas. / **A. específica.** A dunha droga sobre un axente patóxico determinado. / **A. muscarínica.** Acción parasimpaticomimética. / **A. reflexa.** Movements involuntarios dunha parte do corpo. / **A. termoxénica.** A dun alimento ou droga ó aumenta-la produción de calor.
- accípiter** *s.m.* Vendaxe facial con apéndices, semellante ás garras das aves de rapina.
- accretio** (lat.) Adherencia anormal de partes que normalmente están separadas.
- acecolina** *s.f.* Clorhidrato de acetilcolina.
- acedar** *v.* Tornar ácido.
- acedía** *s.f.* Acedume.
- acedia** *s.f.* Desorde mental caracterizada indistintamente por apatía ou melancolía.
- acedo-a** *adx.* Que ten o sabor ácido do limón ou do vinagre.
- acedume** *s.m.* Acidez, cantidade de ácido que ten unha cousa.
- acéfalo-a** *adx.* Que non ten cabeza.
- acefalobraquia** *s.f.* Ausencia conxénita da cabeza e dos brazos. Tamén se di **abraquiocefalia**.
- acefalocardia** *s.f.* Ausencia conxénita da cabeza e do corazón.
- acefalocisto** *s.m.* Quiste estéril.
- acefalogastría** *s.f.* Ausencia conxénita de cabeza, tórax e parte superior do abdome.
- acefalopodia** *s.f.* Ausencia conxénita de cabeza e de pés.
- acefalquiria** *s.f.* Ausencia conxénita de cabeza e de mans.
- acefalorraquia** *s.f.* Ausencia conxénita de cabeza e de columna vertebral.
- acefalostomía** *s.f.* Ausencia conxénita de cabeza e presenza dunha especie de boca na parte superior do colo ou do tórax.
- acefalotoracia** *s.f.* Ausencia conxénita de cabeza e de tórax
- aceite** *s.m.* Substancia extraída da oliva, doutros vexetais e mesmo de animais. // **A. alcanforado.** Solución de alcanfor en aceite de oliva. / **A. animal de Dippel.** Aceite producido pola destilación de ósos, cornos e outras substancias animais. / **A. cocido.** Aceite de liñaza exposto a unha temperatura de 120° ou máis. / **A. de algodón.** O que se obtén das sementes do algodón. / **A. de asfalto.** O que se obtén da destilación do asfalto. / **A. de fígado de bacallao.** Obtense do fígado deste animal, aumenta o número de glóbulos vermellos do sangue e o peso do corpo. / **A. de Bamber.** Mestura empregada contra os mosquitos. / **A. de bancul.** Purgante suave. / **A. de Carron.** Líquido composto a partes iguais de aceite de liño e auga de cal, empregado nas queimaduras. / **A. de durmideiras.** O que se obtén espremendo as sementes do *Papaver Somniferum*. / **A. de Gabian.** Petróleo. / **A. de Neisser.** Contén mercurio, empregouse en inxección contra a sífilis. / **A. de rícino.** Estimula os movementos intestinais, producindo unha evacuación ás catro ou cinco horas. / **A. de Saturno.** Contén chumbo en disolución. / **A. de vitriolo.** Ácido sulfúrico. / **A. esencial.** Aceite volátil. / **A. fixo.** Aceite graxo. / **A. mineral.** Petróleo. / **A. iodado.** Contén un 40-50% de iodo, emprégase para exploracións radiolóxicas.
- acelerador** *s.m.* Substancia que aumenta a velocidade dunha reacción química.
- acelerina** *s.f.* Pseudoglobulina que intervéen no mecanismo de coagulación do sangue, da que hoxe non se acepta a súa existencia.
- acelmado-a** *adx.* Doce, substancioso.
- acelmar** *v.* Pór unha cousa doce e saborosa.
- acelme** *s.m.* Calidade do que é doce, dozura.

acelomado-a *adx.* Que carece de celoma ou de cavidade orgánica.

acelular *adx.* Que non contén células.

acender *v.* Estimular, excitar.

acendido-a *adx.* Que se lle subiron as cores á cara

aceno *s.m.* Sinal, síntoma.

acéntrico-a *adx.* Que non é central ou que non está localizado no centro.

acentuación *s.f.* Aumento dos ruídos respiratorios e cardíacos.

acentuador *s.m.* Substancia que aumenta a acción dun colorante.

acephalus *s.m.* Acéfalo.

ceptor *s.m.* Composto que toma un grupo químico doutro composto ó unirse con el, especificamente, substancia que absorbe o hidróxeno ou osíxeno activo formado nos procesos de oxidación e redución dos tecidos.

aceratose *s.f.* Deficiencia do tecido córneo.

acerbar *v.* Angustiar.

acerbo-a *adx.* Acedo, áspero, coma o sabor das froitas verdes.

acérvulo *s.m.* Conxunto de pequenos grans do plexo coroideo e da glándula pineal, conteñen carbonatos e fosfatos.

aceseo-a *adx.* Que se acendeu, inflamado.

acesódino-a *adx.* Que alivia ou cura a dor, anódino

acestoma *s.m.* Masa de granulacións que formará a cicatriz.

acetábulo *s.m.* Cavidade na superficie externa dos ósos coxais na que se articula a cabeza do fémur.

acetaminofén *s.m.* Substancia que se emprega como antitérmico e analxésico, non é antiinflamatorio.

acetanilida *s.f.* Substancia tóxica con acción analxésica e antipirética, antifebrina.

acetato *s.m.* Sal de ácido acético.

acetazolamida *s.f.* Sulfonamida sintética que inhibe a anhidrase carbónica.

acético-a *adx.* Pertencente ou relativo ó vinagre

acetificación *s.f.* Produción de vinagre por fermentación acética.

acetilación *s.f.* Introdución dun grupo acetilo nunha molécula orgánica.

acetilamidobenzol *s.m.* Acetanilida.

acetilamidofenol *s.m.* Fenacetina.

acetilsarinato *s.m.* Arsacetina.

acetilaxotil *s.m.* Arsacetina.

acetilbetameticolina *s.f.* Composto de colina de efecto vasodilatador e estimulante do tubo dixestivo.

acetilcisteína *s.f.* Fármaco empregado como mucolítico.

acetilcoenzima A *s.m.* Producto da condensación do coenzima A e do ácido acético, clave no metabolismo dos principios inmediatos, e paso obrigado para a entrada no ciclo do ácido tricarboxílico (ciclo de Krebs), e que serve como precursor para a síntese dos ácidos graxos e dos esteroides.

acetilcolina *s.f.* Producto resultante da acetilación da colina co acetilcoenzima A, é o transmisor nervioso no sistema nervioso parasimpático, nos ganglios vexetativos e na placa motora do músculo, e tamén noutras áreas do sistema nervioso central.

acetilcolinesterase *s.f.* Enzima que volve inactiva a acetilcolina.

acetilfenetidina *s.f.* Fenacetina.

acetilfenhidracina *s.f.* Pirodina.

acetilfosfatase *s.f.* Enzima que cataliza a descomposición do acetilfosfato en ácido acético e ácido fosfórico.

acetilo *s.m.* Radical CH_3CO do ácido acético.

acetilsalicílico, ácido *s.m.* Analxésico contra a dor de leve a moderada intensidade, antitérmico, antirreumático e antiagregante plaquetario.

acetilsulfadiacina *s.f.* Forma na que a sulfadiacina é excretada pola urina.

acetilsulfaguanidina *s.f.* Forma na que se excreta a sulfaguanidina na urina, en placas cristalinas.

acetilsulfonamida *s.f.* Sulfonamida pouco soluble que se excreta pola urina, e que se precipita se a urina non é alcalina.

acetiltransferase *s.f.* Enzima que cataliza a transferencia dun grupo acetilo dunha molécula a outra. O máis importante é o acetilcoenzima A

acetímetro *s.f.* Acetómetro.

Acetobacter Xénero de bacterias aerobias, que se encontran en froitas, vexetais, vinagre e bebidas alcohólicas, que transforman o alcohol en ácido acético e coñécese como “nai do vinagre”.

acetofenacina *s.f.* Fenotiácina.

acetofenetidina *s.f.* Fenacetina.

acetolado *s.m.* Medicamento líquido formado pola maceación de substancias vexetais secas ou a disolución de principios medicinais en vinagre destilado.

acetolase *s.f.* Enzima que converte o alcohol en ácido acético.

acetomerocotol *s.m.* Antiséptico mercurial empregado en forma tópica.

acetómetro *s.m.* Instrumento para determina-la cantidade de ácido acético que contén unha solución.

acetomorfina *s.f.* Diacetilmorfina, heroína.

acetona *s.f.* Dimetilcetona, líquido incoloro que se encontra en pequenas cantidades no sangue e urina normais e en gran cantidade na urina dos diabéticos, dándolle un olor característico á respiración destes pacientes e ten propiedades anestésicas.

acetonemia *s.f.* Presencia de acetona no sangue en maior cantidade cá normal.

acetonumerador *s.m.* Instrumento que serve para medir a cantidade de acetona na urina.

acetonuria *s.f.* Exceso de acetona na urina, ocorre na diabete, febre, cancro e vómitos dos nenos.

acetopirina *s.f.* Composto cristalino, branco, mestura de antipirina e ácido acetilsalicílico, que se emprega como antipirético e analxésico.

acetosal *s.m.* Ácido acetilsalicílico.

acetosoluble *adx.* Soluble en ácido acético.

acetum (lat.) Vinagre.

acezo *s.m.* Dificultade respiratoria, dispnea, asma.

achacoso *—a adx.* Que sofre achaques con frecuencia, propio das persoas de idade.

achaque *s.m.* 1. Indisposición ou enfermidade habitual, pouco grave, e especialmente a que acompaña á vellez. 2. Menstruación, embarazo. 3. Defecto común ou frecuente.

acidez *s.f.* 1. Propiedade dos ácidos ou calidade ácida dunha substancia. 2. Contido ácido dun líquido.

acidificación *s.f.* Acción e efecto de acidificar, acidación.

acidificante *adx.* Que dá propiedades ácidas a un corpo que non as ten.

acidificar *v.* Dar propiedades ácidas ou facer ácida algunha substancia ó engadirlle un ácido forte, converter en ácido.

acidímetro *s.m.* Instrumento para medir a cantidade de ácido libre nunha solución.

ácido-a *adx.* 1. Que ten propiedades opostas ós álcalis // *s.m.* 2. Composto, de carácter orgánico ou inorgánico, capaz de ceder protóns [H⁺] a outras substancias, que ó reaccionar cunha base forma sal mais auga. 3. Popularmente, composto químico que ten sabor agrio que lle confere o ión hidróxeno. // **A. graxo.** Ácido orgánico monobásico da serie alifática. / **A. graxo esencial.** Ácido graxo necesario para o axeitado funcionamento das células, non elaborado polo organismo, polo que debe ser proporcionado pola dieta, como por exemplo o ácido linoleico.

acidocito *s.m.* Célula acidófila, leucocito eosinófilo.

acidofilia *s.f.* Facilitade de tingirse cos colorantes ácidos, eosinofilia.

acidorresistente *adx.* Relativo ás bacterias que unha vez tinguidas non perden a cor cos ácidos.

acidose *s.f.* Diminución relativa ou real dos álcalis nos líquidos corporais, en proporción ó contido de ácido, normalmente con acumulación de metabolitos ácidos, que se manifesta por decaemento, sono, vertixe, cefalea, vómitos e coma. // **A. compensada.** Estado no que o pH dos líquidos corporais se mantén nos límites normais pola acción compensadora dos mecanismos renais ou respiratorios do organismo. / **A. descompensada.** Acidose por exceso de CO₂ libre ou deficiencia de álcalis con diminución do pH sanguíneo. / **A. metabólica.** A debida a un exceso de ácidos orgánicos ou inorgánicos fixos, ou á perda excesiva de álcalis. / **A. respiratoria.** A debida á retención do CO₂ no sangue por escasa ventilación dos pulmóns. / **A. tubular renal.** Incapacidade de segregar urina ácida por defecto tubular de reabsorción de bicarbonato ou excreción de hidroxenións.

acidulación *s.f.* Acto ou efecto de acidular.

acidulado-a *adx.* Lixeiramente ácido.

acidulante *adx.* Que acidula.

acidular *v.* Tornar ácido.

ácido-a *adx.* Lixeiramente ácido.

aciduria *s.f.* Exceso de ácidos na urina.

acidúrico-a *adx.* Que resiste os medios ácidos.

aciese *s.f.* Esterilidade feminina.

ácigos *adx.* Impar.

acilia *s.f.* Falta de pestanas.

acilo-a *adx.* Do radical orgánico constituído pola unión dun grupo carbonilo (C=O) cun grupo alquilo ou arilo.

acinesia *s.f.* Ausencia ou perda do poder de realizar movementos voluntarios. // **A. álaxera.** Parálise voluntaria do movemento, producida pola intensa dor que causan os movementos voluntarios, que se observa de cotío nos estados histéricos.

acinesesia *s.f.* Perda do sentido do movemento.

acinético-a *adx.* Relativo á acinesia.

Acinetobacter Xénero de bacterias da familia *Neisseriaceas*, cocobacilos gramnegativos, aerobios estrictos, pouco patóxenos.

acirrante *adx.* Excitante, picante, estimulante

acistia *s.f.* Falta da vexiga da urina.

acistineúria *s.f.* Parálise da vexiga.

aclaramento *s.m.* Depuración, cantidade de sangue que se depura dunha substancia, cantidade de sangue que proporciona a cantidade de substancia excretada nun minuto. // **A. de creatinina.** Mide a función glomerular na práctica clínica.

aclasia *s.f.* Continuidade patolóxica de tecidos que poden ser máis ou menos diferentes.

aclástico-a *adx.* Que deixa pasa-la luz sen refractala.

aclavículado-a *adx.* Que non ten clavículas ou as ten rudimentarias. Tamén se di **acleido**.

acleido-a *adx.* Aclavículado.

acleistocardia *s.f.* Abertura ou peche imperfecto do orificio oval.

aclimatación *s.f.* Acto ou efecto de aclimatar(se).

aclimatar *v.* Adaptar(se) a un clima.

aclis *s.m.* Mancha ou escurecemento na córnea

aclorhidria *s.f.* Falta de ácido clorhídrico nas secrecións gástricas.

acloropsia *s.f.* Imposibilidade de distingui-la cor verde.

acluofobia *s.f.* Medo á escuridade.

aclusión *s.f.* Axuste imperfecto das superficies dos dentes.

acme *s.m.* 1. Período de máis intensidade nunha enfermidade. 2. Na febre, a máxima temperatura.

acne *s.f.* Erupción inflamatoria da pel caracterizada pola retención das secrecións das glándulas sebáceas, e ás veces, infección destas glándulas. // **A. artificial.** Acne producida por axentes irritantes externos ou por drogas administradas por vía interna (ioduros, bromuros). / **A. ciliar.** Acne dos bordos das pálpebras. / **A. concreta.** Seborrea seca. / **A. conxestiva.** Acne rosácea. / **A. hipertrófica.** Acne rosácea con engrosamento dos labios e alas do nariz. / **A. necrótica.** Acne varioliforme. / **A. pustulosa.** Variedade de acne vulgar caracterizada por abscesos. / **A. queloide.** Dermatite papilar capilar. / **A. rodens.** Acne varioliforme. / **A. rosácea.** Inflamación crónica da cara e do nariz, en xeral debida ás bebidas alcohólicas. / **A. sebácea.** Seborrea. / **A. sebácea córnea.** Queratose folicular, enfermidade de Darier. / **A. simple.** Acne vulgar. / **A. solaris.** Forma debida á exposición ó sol, caracterizada por lesións vermellas no nariz e meixelas. / **A. tarsi.** Acne das glándulas sebáceas das pálpebras. / **A. varioliforme.** Acne crónica algo rara, que se sitúa na fronte, con lesións pustulosas presentadas en grupos, cada unha cun tapón duro central, que ó caer deixa unha cavidade profunda. / **A. vulgar.** Acne común que predomina na cara e rexión superior do tronco, que se manifesta na puberdade e adolescencia, influída pola actividade hormonal.

acneiforme *adx.* Semellante á acne.

acnemia *s.f.* Atrofia da barriga das pernas, falta ou mutilación das pernas.

acnexénico-a *adx.* Que causa acne ou é capaz de producirlo.

acnite *s.f.* Inflamación supurativa da pel da cara que deixa cicatrices.

acobadamento *s.m.* Formación dun ángulo no intestino, conxénita ou por bridas. // **A. de Lane.** O debido á retracción da membrana de Lane, fórmase no íleo terminal por adherencias, causa estenose, e ás veces, íleo mecánico.

acognosia *s.f.* Coñecemento ou estudio dos elementos dos métodos curativos.

acografía *s.f.* Descrición dos medicamentos.

acoína *s.f.* Clorhidrato de diparaanisilmonofenetilguani-dina, po branco, cristalino, soluble en auga, emprégase como anestésico local e bactericida en oftalmoloxía.

acolia *s.f.* Diminución ou cese da segregación biliar. / **A. pigmentaria.** Secreción dunha bile sen cor por falta de pigmentos biliares.

acoloria *s.f.* Ausencia de pigmento biliar na urina

acometer *v.* Manifestarse unha doenza, signo, etc.

acometida *s.f.* Ataque, arremetida.

acomodación *s.f.* Acto de axustar ou adaptar, especialmente os ollos para a visión a distintas distancias, que realiza o músculo ciliar e o cristalino. // **A. absoluta.** Acomodación de cada un dos ollos por separado. / **A. histolóxica.** Conxunto de cambios na morfoloxía e función das células, segundo as variacións das condicións que se lles presenten. / **A. negativa.** Axuste do ollo para distancias longas por relaxación do músculo ciliar. / **A. positiva.** Axuste do ollo para as distancias curtas por contracción do músculo ciliar. / **A. relativa.** Axuste producido por ámbolos dous ollos conxuntamente.

acomodómetro *s.m.* Instrumento para medi-la capacidade de acomodación do ollo.

acomplexionado-a *adx.* Que ten boa ou mala complexión.

aconativo-a *adx.* Sen o desexo ou a vontade de actuar.

acondicionar *v.* Dotar de certa condición ou calidade.

acondroplasia *s.f.* Alteración no desenvolvemento das cartilaxes rizomélicas das extremidades, e causa dunha forma de ananismo.

acondroplástico-a *adx.* Relativo á acondroplastia ou afectado por ela.

acondroxénese *s.f.* Enfermidade conxénita letal, caracterizada por ananismo con nariz chato e ausencia de mineralización dos ósos, a cabeza e o corpo normais e as extremidades moi curtas.

aconitina *s.f.* Alcaloide velenoso principio activo do acónito.

acónito *s.m.* Planta da familia das ranunculáceas.

aconurese *s.f.* Micción non voluntaria.

acoprose *s.f.* Formación escasa ou nula de excrementos

acor *s.m.* 1. Acidez, acedia. 2. Cotra de leite, erupción de pequenas pápulas na pel.

acoramento *s.m.* Sufocación, afogo, falta de respiración

acorante *adx.* Sufocante.

acorar *v.* 1. Quedar sen alento. 2. Respirar con dificultade. 3. Facer quedar sen alento.

acorea *s.f.* Ausencia conxénita da pupila.

acorese *s.f.* Diminución da capacidade dun órgano oco.

acoria *s.f.* Perda da sensación de saciedade.

acormia *s.f.* Monstruosidade fetal que ten como característica presentar un corpo moi pouco desenvolvido.

acoro *s.m.* 1. Pesadelo. 2. Respiración fatigosa.

acra *adx.* Da parte distal das extremidades ou a máis saliente do corpo. Tamén se di **acral**.

acracia *s.f.* Debilidade, impotencia.

acral *adx.* Acra.

acrancia *s.f.* Anomalía do desenvolvemento caracterizada por ausencia total ou parcial do cranio.

acrancio *s.m.* Feto malformado que amosa acrania.

acrasia *s.f.* Calquera especie de aberración orgánica.

acrato-a *adx.* Puro, sen mesturas.

acratotermo-a *adx.* Con pouca mineralización.

acreaturese *s.f.* Dificultade da micción por atonía da vexiga.

acre *adx.* 1. Que ten sabor acedo. // *s.m.* 2. Principio ó que os médicos humoralistas lle atribuían unha acción irritante.

acreción *s.f.* Adición de partículas ou capas a un tecido.

acrementición *s.f.* Desenvolvemento ou aumento por adición de tecido semellante.

acremoniose *s.f.* Infección polo fungo *Acremonium Potronii*.

acrestesia *s.f.* Sensibilidade anormalmente esaxerada.

acribómetro *s.m.* Instrumento para medir cousas diminutas

acridade *s.f.* Calidade do que é acre. Tamén se di **acritude**.

acriflavina *s.f.* Substancia colorante empregada na tripanosomíase coma antiséptico.

acrílico-a *adx.* Do ácido que se emprega na fabricación de diversos plásticos.

acrinia *s.f.* Diminución ou supresión das secrecións.

acrise *s.f.* Falta de crise dunha enfermidade.

acrisolado-a *adx.* Purificado.

acrisolar *v.* Purificar no crisol.

acrítico-a *adx.* Que non ten crise.

acritocromacia *s.f.* Falta de aptitude para distinguir as cores.

acritude *s.f.* Acridade.

acroagnose *s.f.* Ausencia da sensación nun membro. Tamén se di **acroagnosia**.

acroagnosia *s.f.* Acroagnose.

acroanestesia *s.f.* Anestesia das extremidades.

acroartrite *s.f.* Artrite das extremidades.

acroasfixia *s.f.* Asfixia local das partes distais das extremidades.

acroataxia *s.f.* Ataxia das extremidades, especialmente das mans e dos pés.

acrobistlito *s.m.* Cálculo prepuical.

acrobistite *s.f.* Inflamación do prepucio. Tamén se di **acropostite**.

acroblasto *s.m.* Capa exterior do mesoblasto.

acrobraquicefalia *s.f.* Deformidade cranial por fusión da sutura coronal, produce acurtamento do diámetro anteroposterior da cabeza.

acrocefalia *s.f.* Forma cónica do cranio.

acrocefalosindactilia *s.f.* Síndrome ou enfermidade de Apert, caracterizada por forma cónica da cabeza debido ó peche prematuro das cisuras e membranas interdixitais nas catro extremidades, de herdanza autosómica dominante.

acrocéntrico-a *adx.* Con centrómero case terminal, que o divide nun brazo moi curto e outro moi longo, que son os cromosomas 13-15 e 21-22.

acrocianose *s.f.* Cianose crónica das mans e pés, acompañada de frialdade e sudoración excesivas.

acrocinese *s.f.* Acrocinesia.

acrocinesia *s.f.* Mobilidade excesiva ou facilidade anormal de movementos nas articulacións de mans e pulsos. Tamén se di **acrocinese**.

acrocontractura *s.f.* Contracturas articulares das mans e dos pés.

acrocordón *s.m.* Tumor brando, péndulo, que aparece no colo e as pálpebras dos vellos, constituído por glándulas sebáceas hipertrofiadas ou verrugas.

acrodermatite *s.f.* Inflamación da pel das extremidades. // **A. crónica atrófica.** Dermate progresiva de pés, mans, cobádos e xeonllos con inflamación inicial seguida de atrofia e esclerose. / **A. de Pick-Herxheimer.** Acrodermatite crónica das extremidades. / **A. enteropática.** Enfermidade grave por defecto do metabolismo do cinc, que afecta os lactantes e caracterízase por bochas ó redor dos orificios naturais e zonas distais das extremidades, diarrea e calvicie.

acrodinia *s.f.* Enfermidade caracterizada polo aumento da sensibilidade de mans e pés, con sensación de formigo, dores de tipo reumático e lesións na pel.

acrodisostose *s.f.* Osteocondrodisplasia que presenta nariz, mandíbula, mans e pés pequenos, quedando a estatura e o estado mental pouco afectados.

acrolicomelia *s.f.* Lonxitude excesiva das mans e dos pés.

acrodonto-a *adx.* Que ten os dentes enraizados no bordo maxilar e non nos alvéolos.

acroedema *s.m.* Edema permanente nas mans e nos pés que ocorre, ás veces, despois dun traumatismo.

acroeritrose *s.f.* Vasodilatación e arroibamento das partes máis distais dos membros.

acroestesia *s.f.* Dor nas extremidades.

acrofobia *s.f.* Medo ós lugares altos.

acrognose *s.f.* Acrognosia.

acrognosia *s.f.* Coñecemento sensorial dos membros e as súas partes e os seus movementos. Tamén se di **acrognose**.

acrohiperhidrose *s.f.* Suor excesiva das mans e dos pés.

acrohipotermia *s.f.* Frialdade anormal de mans e pés.

acrohisterosalpinxectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica de ámbalas dúas trompas de Falopio e parte do fondo uterino nalgunhas enfermidades inflamatorias da pelve.

acroiocitemia *s.f.* Falta de hemoglobina nos glóbulos vermellos.

acromanía *s.f.* Manía caracterizada por unha grande actividade motora.

acromastite *s.f.* Inflamación da mamila.

acromático-a *adx.* 1. Que non ten cores. 2. Que contén acromatina.

acromatina *s.f.* Hialoplasma do núcleo que non se tingue ou se tingue debilmente.

acromatismo *s.m.* Ausencia de cor, acromía.

acromatófilo-a *adx.* Que non ten afinidade polos colorantes.

acromatólise *s.f.* Desorganización da acromatina dunha célula.

acromatopsia *s.f.* Falta de percepción das cores, visión en gris. // **A. parcial.** Daltonismo.

acromatose *s.f.* Acromía.

acromaturia *s.f.* Urina incolora.

acromegalia *s.f.* Xigantismo conxénito das extremidades.

acromegaloidismo *s.m.* Estado semellante á acromegalia non debida a trastorno hipofisario.

acromegaloxigantismo *s.m.* Xigantismo por acromegalia que se dá despois da puberdade.

acromelalxia *s.f.* Dor e arroibamento nos dedos das mans e dos pés.

acromélico-a *adx.* Referente á extremidade dun membro.

acromía *s.f.* Falta da coloración normal da pel.

acromial *adx.* Relativo ó acromio.

acromicria *s.f.* Extremidades pequenas ou atroficas.

acromio- Prefixo que indica relación co acromio.

acromio *s.m.* Apófise triangular da omoplata, que se articula coa clavícula, o punto máis alto do ombro.

acromioclavicular *adx.* Relativo ó acromio e á clavícula.

acromiocoracoide *adx.* Relativo ó acromio e á apófise coracoide.

acromiotonía *s.f.* Miotonía das extremidades.

acromiotorácico-a *adx.* Relativo ó acromio e ó tórax.

acromioumeral *adx.* Relativo ó acromio e ó úmero.

acromodermia *s.f.* Acromía.

acromófilo-a *adx.* Acromatófilo.

acromotriquia *s.f.* Falta de pigmento no pelo.

acronausia *s.f.* Estado morboso debido á diminución da presión atmosférica que se dá nas ascensións, manifestándose por vertixe, cefalea, sono, dispnea, trastornos circulatorios, vómitos, cianose, etc. Tamén se di **mal das montañas**.

acroneurose *s.f.* Trastornos nerviosos das extremidades.

acrónfalo *s.m.* Embigo prominente ou hernia umbilical.

acrónix *s.m.* Unlla que crece cara a dentro.

acropaquia *s.f.* Deformidades dos dedos en forma de maza ou baqueta do tambor.

acroparálise *s.f.* Parálise das extremidades.

acroparestesia *s.f.* Parestesia e outras sensacións anormais das extremidades, en forma de formigos, torpeza e rixidez dixital, que afecta a un ou a varios membros. // **A. de Nothnagel.** Acroparestesia por espasmo dos vasos sanguíneos que pode acabar en gangrena. / **A. de Schulze** ou **simple.** Acroparestesia xeralmente curable.

acropatía *s.f.* Alteración da sensibilidade, vasomotilidade e trofismo que ocorre nas extremidades, como a acrocianose, gangrena nerviosa, eritromelalxia, enfermidade de Morton, etc.

acropatoloxía *s.f.* Patoloxía das extremidades

acropostite *s.f.* Acrobistite.

acropúrpura *s.f.* Púrpura que afecta as extremidades, en especial os dedos das mans.

acroqueratose *s.f.* Sobrecrecemento da capa córnea da pel do dorso das mans, plantas dos pés, xeonllos, cóbados, orellas e punta do nariz, que pode ser unha manifestación paraneoplásica.

acroscleroderma *s.f.* Esclerodactilia.

acrosclerose *s.f.* Combinación da enfermidade de Raynaud coa escleroderma das partes distais e da cara e do colo, forma clínica da esclerodermia (esclerodermia sistémica primaria).

acrosfacelo *s.m.* Gangrena dos dedos.

acrosfenosindactilia *s.f.* Acrocefalosindactilia.

acrosoma *s.m.* Corpúsculo na parte anterior do espermatozoido, composto por un aparato de Golgi modificado e moi desenvolvido.

acrostealxia *s.f.* Neuralxia dos ósos das extremidades.

acroteriase *s.f.* Mutilación ou amputación dunha extremidade.

acrotérico-a *adx.* Relativo á periferia extrema, coma a punta dos dedos ou do nariz.

acrotismo *s.m.* 1. Falta ou deficiencia de pulso. 2. Neurite das extremidades, acrotrofodinia.

acrotrofodinia *s.f.* Neurite das extremidades que produce atrofia e dor.

acrotrofoneurose *s.f.* Trastorno trofoneurótico dunha ou varias extremidades.

acroxeria *s.f.* Senilidade prematura da pel das mans e pés.

acruoria *s.f.* Diminución da parte sólida do sangue.

ACTH Sigla do inglés que se refire á hormona adenocorticotrópica.

actina *s.f.* Proteína muscular en filamentos que unida ás partículas de miosina constitúe a actomiosina, causa a contracción e a relaxación musculares

actínico-a *adx.* Pertencente ou relativo ós raios luminosos máis aló do extremo violeta do espectro, que ten efectos químicos.

actínido-a *adx.* Pertencente ou relativo ó elemento actinio.

actínidos *s.m.pl.* Serie de elementos posteriores ó actinio, que teñen un número atómico comprendido entre 89 e 101.

actiniforme *adx.* En forma de raio, raiado.

actinina *s.f.* Proteína da miofibrina, que forma parte dos filamentos delgados do tecido muscular. Divídese en actinina alfa, que facilita a asociación lateral da actina F, e actinina beta que inhibe a polimerización da actina.

actinio *s.m.* Elemento radioactivo que non posúe isótopos estables, que se atopa na natureza como produto da desintegración dalgúns compostos do uranio e do torio. O seu símbolo é Ac.

actinismo *s.m.* Efecto da acción fotoquímica dos raios luminosos sobre os tecidos .

Actinobacillus Xénero de esquizomicetos da familia *Brucellaceae*, ou *Eubacteriais*.

actinobacilose *s.f.* Enfermidade producida por especies do xénero *Actinobacillus*.

actinocardiograma *s.m.* Cardiograma obtido utilizando os cambios de densidade na pantalla radioscópica.

actinoconxestina *s.f.* Principio tóxico de certas actinias que, inxectado nos animais, produce conxestión das vísceras e hemorragias.

actinocutite *s.f.* Actinodermatite.

actinodermatite *s.f.* Inflamación da pel producida pola exposición ós raios lumínicos. Tamén se di **actinocutite**.

actinofitose *s.f.* Estreptotricose.

actinóforo *s.m.* Mestura de tres partes de dióxido de cerio e unha parte de torio, que se utiliza en diagnósticos radiolóxicos

actinografía *s.f.* Radiografía.

actinoide *adx.* En forma de raio, actiniforme.

actinólito *s.m.* Substancia modificada pola exposición á luz.

actinoloxía *s.f.* Ciencia da fotoquímica, dos efectos químicos da luz.

Actinomadura Xénero de fungos da orde actinomicetais, responsables do micetoma.

actinómetro *s.m.* Instrumento para medi-lo poder penetrante dos raios lumínicos.

actinomicetáceas *s.f.pl.* Familia bacteriana da orde das actinomicetais que comprende cinco xéneros: *Actinomyces*, *Arachnia*, *Bifidobacterium*, *Bacterionema* e *Rothia*.

actinomicetais *s.f.pl.* Orde de bacterias que comprende oito familias, algunhas moi interesantes en medicina: actinomicetáceas, micobacteriáceas, nocardíáceas, estreptomicetáceas e micromonosporáceas.

actinomicetina *s.f.* Antibiótico producido polo *Streptomyces albus*, de acción bacteriolítica sobre xermes grampositivos e gramnegativos, aínda que non ten valor terapéutico.

actinomicina *s.f.* Antibiótico producido polo *Actinomyces antibioticus*, que consta de dous compostos: un pigmento vermello bacteriostático para os grampositivos e outro incoloro de acción bactericida sobre os gramnegativos. Tamén ten efectos antineoplásicos.

actinomicoma *s.m.* Tumor producido por *Actinomyces*.

actinomicose *s.f.* Enfermidade infecciosa causada polo *Actinomyces israelii* no ser humano e polo *Actinomyces bovis* nas reses . Caracterízase por lesións non dolorosas dos ganglios linfáticos que drenan a boca, abscesos intraperitoneais que inclúen abscesos hepáticos ou abscesos pulmonares.

actinomicótico-a *adx.* Pertencente ou relativo á actinomicose ou afectado por ela.

actinomicotina *s.f.* Preparación terapéutica de cultivos de *Actinomyces* que se emprega no tratamento da actinomicose.

actinón *s.m.* Isótopo do radon, da serie do actinio, de número de masa 219.

actinoneurite *s.f.* Neurite producida pola exposición ás substancias radioactivas.

actinopraxe *s.f.* Emprego das substancias radioactivas.

actinoscopia *s.f.* Estudio dos distintos graos de transparencia dos tecidos e dos órganos.

actinoterapéutica *s.f.* Tratamento das enfermidades por medio dos raios ultravioleta ou actínicos.

actinoterapia *s.f.* Actinoterapéutica.

actinotoxemia *s.f.* Toxemia producida pola desintegración dos tecidos debida a radiacións.

actitude *s.f.* 1. Disposición do ánimo que implica un comportamento determinado. 2. Posición ou postura do corpo. // **A. antálgica.** Posición que espontaneamente adopta o doente para atenuar a dor dunha parte. / **A. cerebelosa.** Contracción tónica xeneralizada, con flexión dos membros superiores e extensión dos inferiores, rixidez da caluga e opistótonos, que se atopa nas lesións do cerebelo. / **A. de crucifixo.** Rixidez do corpo cos brazos estendidos, obsérvase na histeroepilepsia. / **A. de Duvergie.** Posición cadavérica caracterizada pola flexión dos codos e xeonllos, peche das mans e extensión dos pés. / **A. de pregaria mahometana.** Actitude adoptada polos pacientes que teñen derramo pericárdico, coa finalidade de evita-lo rozamento das follas da serosa inflamada. Consiste en apoiar nos xeonllos, a cara e os codos. / **A. de Wernicke-Mann.** Flexión e pronación do antebrazo, flexión dos dedos da man, abducción da cadeira, rotación interna e flexión plantar do pé, típica da hemiplexía por lesión capsular. / **A. en gatillo de fusil.** Actitude típica da meninxite con flexión das pernas sobre as coxas e estas sobre a pelve. / **A. estereotipada.** A que manteñen por longo tempo algúns enfermos mentais. / **A. glacial.** Rixidez da marcha observada especialmente na esclerose lateral amiotrófica. / **A. ilóxica.** Actitude estraña adoptada na histeroepilepsia. / **A. pasional.** Expresión dramática que se observa de cotío nos histéricos.

activación *s.f.* Acto ou proceso de facer activo ou de estimular unha función como a cerebral, a fertilidade, a división celular.

activador-a *adx.* 1. Que activa. // *s.m.* 2. Substancia que fai activa a outra, en especial, a que se combina cun encima inactivo para facelo capaz de efectuar a súa acción axeitada. V. **coenzima**. 3. Substancia que estimula o desenvolvemento dunha estrutura particular no embrión. V. **inductor** e **organizador**. // **A. do plasminóxeno.** Substancia que ten a facultade de activa-lo plasminóxeno e de converte-lo en plasmina, que é a forma activa. / **A. tisular.** Fibrinocinase.

activar *v.* 1. Avivar, excitar, acelerar. 2. Volver algo radioactivo.

actividade *s.f.* 1. Calidade ou proceso que produce enerxía ou pode causar un efecto. 2. Conxunto de operacións propias dunha persoa ou entidade. 3. En física, número de átomos que se desintegran por unidade de

tempo nunha cantidade dada de substancia radioactiva. // **A. enzimática.** Efecto catalítico producido por un encima, que se expresa por miligramos do encima (actividade específica) ou como moléculas de substrato que se transforman por minuto, por moléculas de encima (actividade molecular). / **A. óptica.** Propiedade que posúen algunhas substancias, pola que a luz polarizada que as atravesa sofre unha rotación do seu plano de polarización.

activo-a *adx.* Que ten actividade, que obra ou pode obrar, o contrario de pasivo.

acto *s.m.* Feito ou acción. // **A. falido.** Acción equivocada atribuíble á desatención da persoa ou ó azar, que a psicanálise considera como expresión dun conflito inconsciente por un desexo reprimido e inclúe esquecementos, erros de escritura, de lectura ou de palabra.

actol *s.m.* Lactato de prata, po branco, insípido, soluble en auga e nos líquidos albuminosos, que se emprega como antiséptico en solución ó 2%.

actomiosina *s.f.* Substancia contráctil da fibra muscular, complexo proteínico constituído pola unión da miosina e da actina.

Actonia Xénero de fungos actinomicetos da orde dos endomicetais que ás veces produce falsas membranas farínxeas semellantes ás diftericas.

acu- 1. Prefixo de termos médicos relacionados co oído ou a audición. 2. Prefixo de termos médicos que indica relación coas agullas.

acuapuntura *s.f.* Inxección hipodérmica de auga.

acueducto *s.m.* Conducto ou canle para a conduction dun líquido ou estrutura anatómica. // **A. cerebral.** Acueducto de Silvio. / **A. de caracol ou cóclea.** Orificio no óso temporal para unha vea, conducto perilinfático. / **A. de Cotunnus.** É o conducto do vestíbulo, pequeno conducto que se abre na superficie posterior do rochedo do temporal e dá paso a unha vea e ó conducto endolinfático. / **A. de Falopio.** Conducto para o nervio facial no rochedo do temporal, tamén nomeado conducto facial. / **A. de Silvio.** Conducto que une o III e IV ventrículos do cerebro. Tamén se di *iter a tertio ad quartum ventriculum*. / **A. do vestíbulo.** Acueducto de Cotunnus. / **A. mesencefálico.** Acueducto de Silvio.

acúfeno *s.m.* Sensación auditiva anormal que en xeral é percibida soamente polo suxeito. V. **tinnitus**.

acufonía *s.f.* 1. Emprego combinado da percusión e a auscultación. 2. Auscultación do son de percusión.

acúfono *s.m.* Aparello eléctrico que lles facilita a audición ós xordos.

acuicultura *s.f.* Técnica de cultivo na auga de especies vexetais e animais.

acuidade *s.f.* Calidade do que é agudo, agudeza, perspicacia, finura. // **A. sensorial.** Poder de discriminación dos sentidos.

- acuimetría** *s.f.* Medida da agudeza visual.
- acuíparo-a** *adx.* Que produce auga ou segregación acuosa.
- aculalion** *s.m.* Aparello para ensinarlles a falar ós mudos.
- acume** *s.m.* Punta aguda.
- acimetría** *s.f.* Estudio da agudeza auditiva.
- acómetro** *s.m.* Instrumento que se emprega para medi-la agudeza auditiva.
- acuminado-a** *adx.* De punta afiada.
- acumulación** *s.f.* 1. Acción e efecto de acumular. 2. Aumento considerable e súbito da acción dalgúns medicamentos (dixital, chumbo, mercurio, etc.) pola súa administración continuada a doses relativamente ineficaces.
- acumulador** *s.m.* Aparato electrolítico que transforma a enerxía eléctrica en química, para posteriormente volver a transformala parcialmente en eléctrica.
- acuñado-a** *adx.* Apertado ou fendido con cuñas.
- acuocapsulite** *s.f.* Irite serosa, descemetite.
- acuocobalamina** *s.f.* Derivado da cianocobalamina ou vitamina B₁₂ por substitución do grupo cianuro (-CN) polo grupo -H₂O₀ corresponde á vitamina B_{12b}.
- acuofobia** *s.f.* Medo patolóxico á auga. Tamén se di **hidrofobia**.
- acuofonía** *s.f.* Acufonía
- acuosidade** *s.f.* Calidade do que é acuoso.
- acuoso-a** *adx.* Abundante en auga.
- acupuntura** *s.f.* Sistema de tratamento curativo por medio de picadas con agullas moi finas en determinadas zonas do corpo, propio da medicina oriental.
- acurtamento** *s.m.* Acto ou efecto de acurtar.
- acurtar** *v.* Tornar curto ou máis curto.
- acuruxarse** *v.* Encollerse unha persoa como se estivese doente.
- acusector** *s.m.* Agulla eléctrica empregada como bisturí para a sección dos tecidos.
- acusia** *s.f.* Audición normal, capacidade de percibir normalmente os sons.
- acusma** *s.f.* Alucinación auditiva na que se escoitan rúidos indefinidos. Tamén se di **acúfeno**, **acoasma**.
- acusmatognosia** *s.f.* Recoñecemento nulo ou imperfecto dos sons a causa dun trastorno mental, xordeira mental.
- acústica** *s.f.* Ciencia que trata do son e da súa percepción.
- acústico-a** *adx.* Pertencente ou relativo ó sentido ou órgano do oído, á ciencia dos sons ou á percepción dos mesmos. // (**Nervio**) **a.** VIII par cranial ou nervio auditivo.
- acusticomáleo** *s.m.* Músculo externo do martelo.
- acusticón** *s.m.* Aparello auxiliar do oído para ós xordos.
- acutómetro** *s.m.* Acómetro
- acutomía** *s.f.* Electrotomía.
- acutorsión** *s.f.* Torsión dun vaso por medio dunha agulla para dete-la hemorraxia.
- ad lib.** Abreviatura do latín *ad libitum* que nas receitas significa a vontade ou a gusto de cada un.
- adacria** *s.f.* Ausencia de segregación lacrimal.
- adactilia** *s.f.* Ausencia conxénita dos dedos da man ou do pé.
- adactilismo** *s.m.* Adactilia.
- adamantino-a** *adx.* 1. Relativo ó esmalte dental. 2. Diamantino. 3. fig. Forte, firme, íntegro.
- adamantinoma** *s.m.* Ameloblastoma. // **A. pituitario.** Craniofarinxoma.
- adamantoblasto** *s.m.* Ameloblasto
- adamantoblastoma** *s.m.* Ameloblastoma
- adamantoma** *s.m.* Ameloblastoma, adenoma adamantino.
- adaptabilidade** *s.f.* 1. Calidade do que é adaptable. 2. Capacidade de se adaptar. 3. Capacidade de ceder á presión ou a unha forza sen desorganización, ou expresión da medida e a capacidade para facelo, que manifesta a distensibilidade dun órgano ocupado por aire ou líquido, como o pulmón ou a vexiga, en termos de unidade de cambio de volume por unidade de cambio de presión. Tamén se di **elastancia**.
- adaptación** *s.f.* 1. Acto ou efecto de adaptar. 2. Acomodación. 3. Adquisición das modificacións que permiten que un organismo viva nun novo ambiente ou en condicións novas. 4. Proceso dinámico no que os pensamentos, sentimentos, comportamento e mecanismos biofisiolóxicos cambian para axustarse ós cambios do ambiente. 5. Axuste da pupila do ollo ás variacións da intensidade da luz. 6. Inmunización. 7. En odontoloxía, axuste axeitado dunha dentadura, grao de proximidade e entrelazamento de material de restauración dunha preparación dental ou axuste exacto de bandas ós dentes. 8. Diminución da frecuencia de impulsos na actividade reflexa cando se repiten varias veces os estímulos sensoriais. // **Producto de a.** Substancia formada no corpo dun animal pola inmunización con produtos celulares procedentes dun animal doutra especie. / **Síndrome xeral de a.** V. **síndrome**.
- adaptador-a** *adx.* 1. Que, ou aquel que adapta. // *s.m.* 2. Dispositivo mediante o que se conectan entre si diferentes partes de aparellos ou instrumentos.
- adaptómetro** *s.m.* Instrumento para medi-lo tempo necesario para a adaptación retiniana, isto é, a rexeneración da púrpura visual. Emprégase para descubri-la cegueira nocturna, a avitaminose A e a retinite pigmentaria. // **A. cromático.** Instrumento ó que se lle engaden filtros de

cor e neutros e control da iluminación para demostrala adaptabilidade do ollo á cor ou á luz.

adaquia *s.f.* Falta de oclusión dental.

adarticulación *s.f.* Diartrose.

adaxil *adx.* Cara a un eixe ou situado sobre un ou outro lado dun eixe.

addisonismo *s.m.* Grupo de síntomas moi semellantes ós típicos da enfermidade de Addison.

adducción *s.f.* Aducción

adducens oculi *s.m.* Músculo recto interno do ollo ou *rectus medialis*.

adductor *s.m.* Aductor.

adefaxia *s.f.* 1. Gula, fame insaciable. 2. Bulimia.

adelfia *s.f.* Monstruosidade caracterizada pola unión de dous corpos pola súa parte superior e separación das partes inferiores.

adelfotaxia *s.f.* Tendencia das células móbiles a dispoñerse en posicións definidas.

adelgazador-a *adx.* Que adelgaza.

adelgazamento *s.m.* Acto ou efecto de adelgazar.

adelgazar *v.* 1. Facer ou poñer delgada algunha cousa ou persoa. 2. Purificar, depurar algunha cousa. 3. Enfraquecer, poñerse delgado, diminuí-las carnes.

adelomorfo-a *adx.* De forma non claramente definida.

aden-, adeno- Prefixos do grego coa significación de glándula, ganglio.

adenalxia *s.f.* Dor dunha glándula ou dun ganglio. Tamén se di **adenodinia**.

adenase *s.f.* Enzima que se forma no bazo que converte a adenina en hipoxantina.

adenostenia *s.f.* Actividade glandular ou ganglionar deficiente. // **A. gástrica.** Segregación glandular deficiente do estómago.

adéndrico-a *adx.* Que non ten dendritas. Tamén se di **adendrítico**.

adendrítico-a *adx.* Adéndrico.

adenectomía *s.f.* 1. Extirpación cirúrxica dunha glándula ou ganglio. 2. Escisión de tumores de natureza adenoide.

adenectopía *s.f.* Situación dunha glándula ou ganglio fóra da súa posición normal.

adenia *s.f.* Crecemento intenso e crónico dos ganglios linfáticos. V. **enfermidade de Hodgkin, linfoma, pseudoleucemia**. // **A. leucémica.** Adenia con estado leucémico do sangue. Tamén se di **linfadenia**.

adeniforme *adx.* Que semella a un ganglio ou unha glándula. Tamén se di **adenoide**.

adenilciclase *s.f.* Sistema enzimático que, a partir do ATP, forma AMP cíclico, localizado na membrana celular

do fígado e do músculo, que constitúe un importante sistema biolóxico polo que inician ou fan os seus efectos moitas hormonas.

adenilo *s.m.* Radical contido na adenina.

adenina *s.f.* C₅H₅N₅. Base cristalina, branca, 6-aminopurina, que se presenta en diversos tecidos animais e vexetais ó constituí-la base purínica do DNA e RNA.

adenite *s.f.* Inflamación dun ganglio, grupo ganglionar ou glándula. // **A. aguda infecciosa epidémica.** Mononucleose infecciosa. Tamén se di **febre ganglionar de Pfeiffer**. / **A. cervical.** Estado caracterizado polo aumento, inflamación e dor dos ganglios linfáticos do pescozo, que se observa nalgunhas enfermidades infecciosas dos nenos, por exemplo as infeccións agudas da farinxe. / **A. equina.** Infección contaxiosa dos equinos producida polo *Streptococcus Equi*. / **A. flegmonosa.** Inflamación dun ganglio ou glándula e do tecido celular circundante. Tamén se di **adenoflegmón** e **linfadenite flegmonosa**. / **A. salival aguda.** Infección epidémica observada na rexión de Nápoles, caracterizada por inflamación das glándulas salivares, esplenomegalia e adenaxia axilar. / **A. tropical.** Linfogranuloma venéreo, bubón climático. / **A. universal.** Induración xeneralizada dos ganglios linfáticos na sífilis primaria. / **A. vulvovaginal.** Bartholinite.

adenización *s.f.* Adquisición de aspecto glandular ou ganglionar, dexeneración adenoide.

adenoacantoma *s.m.* Tumor composto de elementos glandulares e escamosos.

adenoblasto *s.m.* 1. Célula con función secretoria ou glandular. 2. Célula embrionaria da que deriva o tecido glandular ou ganglionar.

adenocancroide *s.m.* Adenoacantoma

adenocarcinoma *s.m.* Adenoma maligno ou cancro. Tamén se di **carcinoma adenomatoso**.

adenocele *s.f.* Tumor quístico de orixe glandular. Tamén se di **adenoma**.

adenocelulite *s.f.* Inflamación dun ganglio ou glándula e do tecido celular que os rodea.

adenocistoma *s.m.* Adenoma no que a retención da segregación glandular determina a formación de quistes. Tamén se di **cistadenoma**.

adenocito *s.m.* Célula secretoria adulta dunha glándula.

adenocondroma *s.m.* Adenoma combinado con condroma.

adenocondrosarcoma *s.m.* Tumor que contén elementos de adenoma, condroma e sarcoma.

adenodiastase *s.f.* 1. Separación anormal dunha glándula en partes distintas. 2. Desprazamento dunha glándula ou ganglio.

adenodinia *s.f.* Adenalxia.

adenoeptelioma *s.m.* Tumor composto de elementos glandulares e epiteliais.

adenofarinxite *s.f.* Inflamación das amígdalas e da farinxe.

adenofibroma *s.m.* Tumor composto de tecido conectivo e tecido glandular.

adenofibrose *s.f.* Dexeneración fibrosa dunha glándula, especialmente as sudoríparas.

adenofima *s.f.* Tumor dun ganglio ou glándula por cancro ou inflamación.

adenoflegmón *s.m.* Inflamación supurada dun ganglio e dos tecidos que o rodean. Tamén se di **linfadenite flegmonosa**.

adenoftalmía *s.f.* 1. Inflamación das glándulas de Meibonio, Zeiss ou Moll. 2. Inflamación das glándulas lacrimais, dacrioadenite.

adenohiperestenia *s.f.* Actividade glandular excesiva. // **A. gástrica**. Excesiva segregación glandular do estómago.

adenohipófise *s.f.* Porción anterior ou glandular da hipófise, diferente da porción posterior ou neurohipófise.

adenoide *adx.* Semellante a unha glándula ou ganglio.

adenoidectomía *s.f.* Extirpación das vexetacións adenoides.

adenoides *s.f.* Hipertrofia do tecido ganglionar, vexetacións adenoides, que existe normalmente na nasofarinxe dos nenos (amígdala farínxea).

adenoidismo *s.m.* Conxunto de síntomas da persoa que sofre vexetacións, consisten en cara adenoide, catarros crónicos de nariz e farinxe, trastornos respiratorios e aproxexia.

adenoidite *s.f.* Inflamación do tecido adenoide do conducto nasofarínxeo.

adenolinfite *s.f.* Linfadenite.

adenolinfocele *s.f.* Dilatación dos vasos linfáticos e engrosamento dos ganglios.

adenolinfoidite *s.f.* Anxina monocítica.

adenolinfoma *s.m.* Combinación de adenoma e linfoma, adenocistoma linfomatoso papilar (tumor de Warthin) das glándulas salivais. Tamén se di **linfadenoma**.

adenoliomiofibroma *s.m.* Liomiofibroma que contén elementos adenomatosos.

adenolipoma *s.m.* Tumor ganglionar ou glandular, formado na súa meirande parte por tecido adiposo.

adenolipomatose *s.f.* Estado no que se desenvolven lipomas múltiples no colo, axila e inguas. // **A. simétrica**. Tumefaccións lipomatosas simétricas en diferentes partes do corpo, especialmente no colo, debidas probablemente a unha afección dos vasos e ganglios linfáticos. Tamén se di **pescozo de Madelung**.

adenologadite *s.f.* Oftalmía do neonato. Inflamación das glándulas do ollo e da conxuntiva.

adenoma *s.m.* 1. Tumor epitelial, benigno case sempre, de estrutura semellante a unha glándula. 2. Tumor caracterizado por posuír espazos tapizados de epitelio. // **A. acidófilo**. Tumor da hipófise composto por células que se tinguen cos colorantes ácidos, que se sitúa no lobo anterior e pode orixinar segregación excesiva de hormona de crecemento, o que produce xigantismo ou acromegalia. / **A. adamantino**. Adamantoma. / **A. alveolar**. Adenoma de tipo de glándula alveolar. / **A. basófilo**. Tumor do lobo anterior da hipófise que se tingue con colorantes básicos e que pode orixinar segregación excesiva de hormona adenocorticotrópica (ACTH) e orixina a síndrome de Cushing. / **A. bronquial**. Adenoma que se atopa nos tecidos submucosos dos bronquios de gran calibre, de estrutura glandular, formado por células ben diferenciadas, que adopta dúas formas histolóxicas (carcinoide e cilindroma), con malignidade de baixo grao. / **A. cromófolo**. Tumor do lobo anterior da hipófise que non se tingue facilmente con colorantes ácidos nin básicos. / **A. de Jackson**. Tumor benigno de orixe glandular, adenoma carcinoide dos bronquios ou epiteloma bronquial clinicamente benigno, pero de complicacións graves: obstrución bronquial con atelectasia ou absceso pulmonar. / **A. de Wölfer**. Variedade de bocios nodulares. / **A. diverticular**. Tumor benigno conxénito do embigo. / **A. endometroide do ovario**. Quiste do ovario cunha membrana interna semellante ó endometrio. / **A. fibroso**. Fibroadenoma. / **A. hidradenoide**. Siringocistadenoma. / **A. langerhansiano**. Insulinoma. / **A. lupiforme**. Lupus eritematoso. / **A. maligno**. Adenocarcinoma, adenosarcoma. / **A. racemoso**. Adenoma con estrutura dunha glándula en acio. / **A. sebáceo**. Neoplasia da cara que contén glándulas sebáceas e forma pápulas vermelloamareladas (tipo Balzer). Malformación cutánea ou hamartoma da cara que afecta vasos sanguíneos e tecido conectivo, que se dá no complexo esclerose tuberosa (Tipo Pringle) e asóciase con deficiencia mental. / **A. simple**. Hiperplasia dun ganglio ou dunha glándula. / **A. sudoríparo**. Espiradenoma. / **A. umbilical**. Tumor do embigo orixinado pola coalescencia do divertículo de Meckel co anel umbilical. / **A. xelatinoso**. Bocio coloide.

adenomalacía *s.f.* Abrandamento dun ganglio ou glándula.

adenomátomo *s.m.* Instrumento que se emprega para a extirpación das adenoides.

adenomatose *s.f.* Estado caracterizado pola aparición de moitas vexetacións adenomatosas. // **A. poliendócrina**. Síndrome pouco frecuente na que hai adenomas ou hiperplasia ademais dun tecido endócrino, que se atopan no lobo anterior da hipófise, nos illotes de Langerhans e nas paratiroides. En familias afectadas pode darse síndrome de Zollinger-Ellison. Tamén se di **adenomatose endócrina múltiple**, **adenomatose pluriglandular**, **poliendocrinoma** e **síndrome de Wermer**.

- adenomegalia** *s.f.* Hipertrofia dun ganglio ou dunha glándula.
- adenómera** *s.f.* Porción terminal en fondo de saco dunha glándula en desenvolvemento, que se converte na parte funcional do órgano.
- adenomesenterite** *s.f.* Inflamación dos ganglios do mesenterio.
- adenomicose** *s.f.* 1. Antigamente, enfermidade de Hodgkin. 2. Enfermidade endémica do Brasil producida polo fungo *Adenomyces Cruzi*.
- adenomiobroma** *s.m.* Fibroma que contén tecido adenomatoso e miomatoso.
- adenomioma** *s.m.* Neoplasia benigna do tecido muscular e glandular, máis frecuentemente no útero, endometrioma. // **A. branquióxeno.** Formación quística orixinala pola inflamación da bolsa mucosa na liña media do pescozo. / **A. psamopapilar.** Tumor papilar múltiple do ligamento ancho.
- adenomiomatose** *s.f.* Formación de moitos nódulos adenomiomatosos nos tecidos parauterinos ou no útero.
- adenomiometrite** *s.f.* Hiperplasia inflamatoria do útero, semellante a un adenomioma.
- adenomiosarcoma** *s.m.* Tumor mesodérmico mixto con elementos musculares.
- adenomiose** *s.f.* 1. Estado benigno que se caracteriza por penetración do endometrio na musculatura uterina, ás veces con crecemento excesivo desta. 2. Presencia de tecido endometrial en lugares anormais.
- adenomixoma** *s.m.* Tumor composto de tecido glandular ou ganglionar e tecido mucoso.
- adenoncosse** *s.f.* Aumento de tamaño dunha glándula ou ganglio.
- adenopatía** *s.f.* Aumento de tamaño das glándulas, en particular, dos ganglios linfáticos.
- adenosarcoma** *s.m.* Tumor maligno mixto que ten elementos sarcomatosos e glandulares, como o tumor de Wilms.
- adenosclerose** *s.f.* Endurecemento dunha glándula ou dun ganglio.
- adenose** *s.f.* 1. Calquera enfermidade das glándulas ou ganglios. 2. Desenvolvemento ou formación anormal de tecido glandular ou ganglionar. // **A. da mama.** Lesión benigna localizada nas glándulas apócrinas mamarias ou nos conductos galactóforos. Macroscopicamente a mama é nodular, e microscópicamente existe dilatación dos conductos, que conteñen líquido, hiperplasia do epitelio e fibrose.
- adenosina** *s.f.* Nucleósido formado por adenina e ribose. // **Trifosfato de a.** (ATP) Composto rico en enlaces de alto nivel enerxético, presente en tódalas células.
- adenosinase** *s.f.* Enzima que desdobra a adenosina.
- adenosindesaminase** *s.f.* Enzima que converte a adenosina en inosina por desaminación.
- adenosindifosfato** *s.m.* ADP, composto que contén dous ácidos fosfóricos, formado por hidrólise do ATP con liberación de enerxía.
- adenosinmonofosfato** *s.m.* AMP, mononucleótido formado por adenina, ribose e ácido fosfórico. // **A. cíclico.** AMPc, ácido 3'5'-adenosinmonofosfórico que se forma a partir do ATP pola acción do sistema enzimático da adenilciclase.
- adenosintrifosfatase** *s.f.* Enzima que desdobra o ácido adenosintrifosfórico.
- adenosintrifosfato** *s.m.* ATP, nucleótido constituínte normal dos tecidos, resultado da unión dunha base púrica, a adenina, un azucre, a D-ribose, e tres moléculas de ácido fosfórico que desempeña unha importante función no metabolismo celular e particularmente no ciclo de Krebs.
- adenosite** *s.f.* Formación de tecido glandular como reacción inflamatoria.
- adenotifo** *s.m.* Tifo no que as lesións son máis intensas nos ganglios mesentéricos e no bazo.
- adenotomía** *s.f.* Anatomía ou disección das glándulas ou ganglios. Tamén se di **adenectomia**.
- adenótomo** *s.m.* Instrumento cortante empregado para extirpar glándulas, ganglios ou tecidos adenoides.
- adenovirus** *s.m.* Calquera membro dun grupo de virus que se presenta en tódalas rexións do mundo e causan enfermidade das vías respiratorias altas e da conxuntiva, e que tamén se presentan en infeccións latentes en persoas normais. Ademais dos tipos humanos de adenovirus moitos causan malignidade en animais e hai tipos simiano, bovino, aviario, canino e murino.
- adensado-a** *adx.* Condensado, compacto, grosso.
- adensar** *v.* 1. Facer ou facerse denso ou máis denso. 2. Aumenta-la densidade.
- adentado-a** *adx.* 1. Mordido ou sinalado cos dentes. 2. Que ten dentes, dentado.
- adentar** *v.* 1. Aferrar ou crava-los dentes en. 2. Morder con forza. 3. Nacerlle os dentes a un nenño ou á cría de calquera animal.
- adentoar** *v.* Adentar.
- adermia** *s.f.* Ausencia conxénita de pel.
- adermotrofia** *s.f.* Atrofia da pel
- adesmose** *s.f.* Falta ou atrofia do tecido conxuntivo ou dos ligamentos
- adesternal** *adx.* Situado preto do esterno.
- adestral** *adx.* Que pode ser adestrado, especialmente persoas con atraso mental moderado (C.I. 36-51) que teñen a capacidade de atender-las súas necesidades e adaptación social e laboral con vixilancia estricte.

adestrado-a *adx.* Ensinado, instruído.

adestrar *v.* Ensinarlle a alguén a practicar certa cousa para chegar a ser destro nela.

ADH Hormona antiurética.

adherencia *s.f.* 1. Acción e efecto de permanecer intimamente preto, como ocorre coa atracción física de moléculas. 2. Unión anormal de dúas formacións anatómicas que están normalmente separadas. 3. Soldadura ou brida entre dúas superficies ou órganos próximos, composta no peritoneo de fibrina organizada por tecido conectivo fibroso, case sempre de orixe inflamatoria. 4. Forza que sostén a dentadura superior sen necesidade de baleiro. 5. Medida en que un paciente segue un tratamento indicado, baixo supervisión limitada, en situacións conflictivas.

adhesión *s.f.* Forza atractiva de orixe molecular entre as superficies de corpos distintos postos en contacto, adherencia.

adhesiotomía *s.f.* Sección ou división de adherencias.

adhesivo-a *adx.* 1. Que se adhire intimamente. 2. Capaz de pegarse facilmente á pel.

adheso-a *adx.* Adherido, unido.

adiabático-a *adx.* 1. Impenetrable ou que se opón á transmisión da calor. 2. Que se realiza sen ganancia nin perda de calor.

adiactínico-a *adx.* Impenetrable para os raios actínicos.

adiadococinese *s.f.* Adiadococinesia.

adiadococinesia *s.f.* Incapacidade para realizar con rapidez movementos voluntarios opostos sucesivos (movementos alternados).

adiaforese *s.f.* Deficiencia ou falta de suor ou transpiración. Tamén se di **adiapneustia**, **anhidrose**.

adiaforia *s.f.* 1. Apatía ou indiferencia. 2. Falta de resposta ós estímulos, ocasionada pola aplicación de estímulos previos semellantes.

adiapneustia *s.f.* Supresión da transpiración. Anhidrose, adiaforese.

adiaspora *s.f.* Espora do fungo *Emmonsia parva* ou *E. crescens* que, despois de inhalada, crece e forma unha esfera grande sen endosporas.

adiasporomicose *s.f.* Enfermidade pulmonar de moitas especies de roedores, rara no ser humano, producida pola inhalación das esporas do fungo *Emmonsia parva* ou *E. crescens*.

adiasténico-a *adx.* Que non ten relación coa diátese ou tendencia constitucional.

adiastolia *s.f.* 1. Falta de diástole cardíaca ou non é perceptible. 2. Insuficiencia cardíaca con acurtamento ou diminución da diástole. // **A. de Politzer.** Ocorre na pericardite constrictiva, na que o corazón, rodeado dun pericardio fibroso, dilátase con dificultade durante a diástole.

adiatermancia *s.f.* Estado de impenetrabilidade para as ondas caloríficas.

adicción *s.f.* Dependencia psíquica, e ás veces física, de determinadas drogas.

adictivo-a *adx.* Que crea adicción, especialmente as drogas ou o alcohol.

adicto-a *adx.* Que sofre dependencia dun hábito morboso.

adiemorrise *s.f.* Obstrucción ou diminución da circulación sanguínea.

adietar *v.* Poñer a dieta, prescribir dieta.

adifenina *s.f.* Etanoldietilamina esterificada con ácido difenilacético, espasmolítico por vía oral.

adinamia *s.f.* Falta ou perda da forza vital ou normal, astenia, postración.

adinámico-a *adx.* Pertencente ou relativo á adinamia, asténico.

adípico-a *adx.* Relativo á graxa ou da súa natureza, adiposo.

adipo- Prefixo que significa graxa.

adipocele *s.f.* Hernia que contén graxa ou tecido adiposo.

adipocelular *adx.* Composto de tecido celular e graxa.

adipocera *s.f.* Substancia cérea formada pola descomposición incompleta das materias animais nos cadáveres humanos cando se manteñen lonxe do aire e en condicións favorables de temperatura. Tamén se di **graxa de cadáver**.

adipocinese *s.f.* Mobilización de graxas no corpo con liberación de ácidos graxos libres cara ó sangue.

adipocito *s.m.* Célula graxa.

adipoectomía *s.f.* Extirpación dunha masa de tecido adiposo, en particular da parede abdominal ou da rexión glútea, lipectomía.

adipofibroma *s.m.* Lipoma que contén tecido fibroso.

adipoide *s.m.* Lipoide.

adipólise *s.f.* Dixestión ou hidrólise das graxas, lipólise, esteatólise.

adipoma *s.m.* Lipoma, esteatoma.

adipómetro *s.m.* Instrumento para medi-la espesura graxa da pel.

adiponecrose *s.f.* Necrose do tecido adiposo. // **A. subcutánea do neonato.** Pseudosclerema.

adipopexia *s.f.* Fixación ou acumulación de graxas, lipopexia.

adiposalxia *s.f.* Dor nas zonas adiposas subcutáneas, adipose subcutánea de Dercum.

adipose *s.f.* 1. Obesidade, acumulación excesiva de graxa no corpo. 2. Cambio graxo nun órgano ou tecido, dexeñeración adiposa, esteatose. // **A. cerebral.** Síndrome

adiposaxenital, lesión do hipotálamo que dá por resultado hiperfaxia. / **A. dolorosa**. Enfermidade de Dercum, caracterizada por depósitos simétricos, nodulares de graxa e lesións nerviosas, máis frecuente en mulleres. / **A. hepática**. Cambio ou dexeneración graxa do fígado. / **A. tuberosa simple**. Trastorno semellante á adipose dolorosa, caracterizado por aparición no tecido subcutáneo do abdome ou dos membros de masas adiposas que ás veces son dolorosas ó tacto, que se coñece como enfermidade de Anders. / **A. universal**. Depósito xeral de graxa no corpo, mesmo nas vísceras.

adiposidade *s.f.* 1. Calidade de adiposo. 2. Gordura, obesidade, acumulación de graxa, xeral ou local. // **A. cerebral**. Síndrome adiposaxenital por trastorno hipotálamico. / **A. pituitaria**. Adiposidade por insuficiencia pituitaria.

adiposite *s.f.* Inflamación do tecido adiposo subcutáneo, paniculite.

adiposo-a *adx.* 1. De natureza graxa. 2. Presente nas células do tecido adiposo.

adiposuria *s.f.* Presencia de graxa na urina. Tamén se di **lipuria** ou **lipiduria**.

adipoxemia *s.f.* Formación ou xeración da graxa ou tecido adiposo.

adipoxénico-a *adx.* Que produce graxa ou adiposidade.

adipsia *s.f.* Diminución ou ausencia da sensación de sede.

adisonismo *s.m.* Grupo de síntomas en relación coa tuberculose que consisten en pigmentación e debilidade semellantes á enfermidade de Addison.

aditivo *s.m.* Substancia que se lle engade a outra nos alimentos para modifica-lo aspecto ou aumenta-lo valor nutricional.

aditivo-a *adx.* 1. Que se pode engadir. 2. Do alelo que na súa expresión lles engade os seus efectos a outros alelos, herdanza polixénica. 3. Que non é parte esencial dun material, como a substancia que se lle engade á comida con algún fin específico (preservar, dar color).

aditus *s.m.* Entrada ou vía de acceso dun órgano ou unha parte.

adiuretina *s.f.* Vasopresina.

adivas *s.f.pl.* Inflamación dos ganglios do pescozo nos animais, adenite.

admediado-a *adx.* Admedial

admedial *adx.* Situado preto do plano medio

adminiculum (lat.) *s.m.* O que dá apoio a unha parte. // **A. lineae albae**. Expansión fibrosa de forma triangular que se estende dende o ligamento pubiano superior á superficie posterior da liña alba. Tamén se di **ligamento de Cooper**.

admisión *s.f.* 1. Acto ou efecto de admitir ou de ser admitido, aceptación, aprobación. 2. Momento en que o

doente é aceptado polo hospital. 3. Servicio do hospital que xestiona e rexistra os pacientes.

admitir *v.* Recibir, dar entrada, aceptar.

ADN *s.m.* V. **DNA**

adnefrina *s.f.* Adrenalina.

adnerval *adx.* V. **adneurál**.

adneurál *adx.* 1. Situado preto dun nervio. 2. Que se dirixe cara a un nervio, aplicado á corrente eléctrica que percorre un músculo en dirección ó punto de entrada do nervio.

adnexa (lat.) *s.m.pl.* Anexos. // **A. oculi**. Anexos do ollo. / **A. uteri**. Anexos do útero.

adnexite *s.f.* Anexite.

adoecemento *s.m.* Acción e efecto de adoecer.

adoecer *v.* 1. Enfermar, caer ou comezar a sentirse enfermo, sobre todo de hidrofobia. 2. Sentir algunha dor. 3. Deseperarse, estar doído.

adoecido-a *adx.* 1. Rabioso, atacado de hidrofobia. 2. Doente.

adoentado-a *adx.* 1. Algo doente, indisposto. 2. Abatido.

adoentar *v.* 1. Provocar unha doenza lixeira. 2. Debilitar.

adolescencia *s.f.* Período da vida que segue á infancia, e que comeza coa aparición dos caracteres sexuais secundarios e termina coa suspensión do crecemento somático, vai desde o inicio da pubertade ata o estado adulto, aproximadamente desde os 11 ata os 19 anos.

adolescente *adx.* 1. Pertencente ou relativo á adolescencia. 2. Que aínda está a comezar, que non chegou á súa plenitude. // *s.* 3. Individuo que está na adolescencia.

adonidina *s.f.* Po amorfo que se emprega como tónico cardíaco e diurético, semellante á dixital nos seus efectos.

adoral *adx.* Preto da boca.

adorbital *adx.* Preto da órbita.

adormecedor-a *adx.* 1. Que fai adormecer. // *s.m.* 2. Soporífero, narcótico.

adormecemento *s.m.* 1. Acto ou efecto de adormecer. 2. Estado próximo ó sono no que as funcións de relación están suspendidas ou se fan imperfectamente. 3. Inactividade. Somnolencia. 4. Entorpecemento.

adormecer *v.* 1. Facer durmir. 2. Privar de sensibilidade, adormentar, narcotizar. 3. Facer perder forza, vigor ou dinamismo. 4. Caer no sono, comezar a durmir.

ADP *s.m.* V. **adenosindifosfato**.

adquirido-a *adx.* Que non é conxénito senón contraído despois do nacemento.

adquisividade *s.f.* Instinto do home e dos animais de adquiri-los materiais necesarios para satisfacer as necesidades de nutrición e de conservación individual.

adren-, adreno- Prefixos do latín *ad* e *ren*, *renis* que se refiren ós riles.

adrenal *adx.* 1. Situado preto do ril. // *s.f.* 2. Cápsula suprarrenal. // **A. de Marchand.** Corpos accesorios suprarrenais no ligamento largo.

adrenalectomía *s.f.* Extirpación dos corpos ou cápsulas suprarrenais.

adrenalina *s.f.* Hormona segregada pola medula das cápsulas suprarrenais como reacción a situacións de perigo ou risco para o individuo e tamén como resposta á hipoglicemia, que actúa excitando as terminacións simpáticas en tódolos órganos, aumentando a presión arterial, o ritmo cardíaco, dilatando a pupila, etc. Tamén se di **adrenamina, adrenina, adnefrina, epinefrina, paranefrina, supracapsulina, suprarrenina, suprarrenalina.**

adrenalinemia *s.f.* Presencia de adrenalina no sangue.

adrenalinuria *s.f.* Presencia de adrenalina na urina.

adrenalismo *s.m.* Entidade nosolóxica causada pola disfunción suprarrenal.

adrenalite *s.f.* Inflamación das glándulas suprarrenais.

adrenalona *s.f.* Cetona obtida por oxidación dun derivado da adrenalina con acción vasoconstrictora, non usada en medicina.

adrenalopatía *s.f.* Calquera enfermidade das glándulas suprarrenais.

adrenolotrópico-a *adx.* Adrenotrópico.

adrenarquía *s.f.* Espertar puberal da fracción androxénica do córtex suprarrenal.

adrenérxico-a *adx.* Activado ou transmitido pola adrenalina, aplícase ás fibras nerviosas simpáticas.

adrenite *s.f.* Adrenalite.

adrenoceptor *s.m.* Receptor adrenérxico.

adrenocorticomimético-a *adx.* Que produce efectos semellantes ós das hormonas do córtex suprarrenal, simpaticomimético, adrenomimético.

adrenocorticotrofina *s.f.* Corticotrofina.

adrenocorticotropina *s.f.* Adrenotropina, corticotropina.

adrenodoncia *s.f.* Manifestación na forma dos dentes dos efectos dunha función suprarrenal esaxerada, sendo os caninos máis longos e cortantes e as superficies oclusais de coloración parda.

adrenoglomerulotropina *s.f.* Hormona que se supón estimula a produción de aldosterona do córtex suprarrenal.

adrenoleucodistrofia *s.f.* Enfermidade hereditaria da nenez causada por anomalías difusas da substancia branca do cerebro e atrofia suprarrenal. Caracterízase por deterioro mental que leva á demencia e por afasia,

apraxia, disartria e perda da vista. O 33% dos afectados amosan insuficiencia suprarrenal clínica e case todos teñen función suprarrenal anormal. Transmítese como trazo recesivo ligado ó sexo.

adrenolítico-a *adx.* Que inhibe a acción da adrenalina.

adrenomegalia *s.f.* Aumento de tamaño dunha ou ámbalas dúas glándulas suprarrenais.

adrenomimético-a *adx.* Adrenocorticomimético, simpaticomimético.

adrenopatía *s.f.* Adrenalopatía.

adrenopausa *s.f.* Supresión ou cesamento da función dunha ou ámbalas dúas glándulas suprarrenais.

adrenoprivo-a *adx.* Que foi privado das cápsulas suprarrenais ou das súas segregacións como resultado de enfermidade ou extirpación cirúrxica.

adrenosterona *s.f.* Esteroido cristalino andróxeno illado do córtex das glándulas suprarrenais.

adrenotrópico-a *adx.* 1. Relativo ó adrenotropismo. 2. Que ten influencia estimulante sobre as glándulas suprarrenais, aplicado á hormona da hipofise anterior, adrenocorticotrópico ou adrenomedulotrópico, segundo a influencia que exerza sobre o córtex ou a medula, respectivamente, das glándulas suprarrenais.

adrenotropina *s.f.* Hormona pituitaria que estimula as suprarrenais.

adrenotropismo *s.m.* Constitución endócrina na que predomina a influencia suprarrenal.

adrenoxenital *adx.* Relativo ás cápsulas suprarrenais e ós xenitais.

adrenoxina *s.f.* Substancia derivada da oxidación enzimática da adrenalina, con propiedades semellantes ás da acetilcolina.

adriamicina *s.f.* Preparado de clorhidrato de doxorubicina.

adromia *s.f.* Ausencia de condución nun nervio ou músculo.

adsorbente *adx.* 1. Pertencente ou relativo á adsorción. // *s.m.* 2. Axente que atrae outros materiais ou partículas cara á súa superficie.

adsorber *v.* Atraer e conservar outra substancia na superficie.

adsorción *s.f.* Propiedade dunha substancia sólida de atraer e manter sobre a súa superficie un gas, un líquido ou partículas en suspensión ou solución.

adtorsión *s.f.* Conclinação

aducción *s.f.* 1. Movemento activo ou pasivo que achega un membro ou outro órgano ó plano medio, o contrario de abducción. 2. Posición que resulta dese movemento.

aductor *s.m.* Nome xenérico do músculo capaz de determinar unha aducción.

adulteración *s.f.* Alteración fraudulenta dunha substancia alimenticia ou medicinal por adición dun ingrediente impuro ou innecesario para abaratalo ou falsificarlo, sofisticación.

adulterante *adx.* Que se emprega como aditivo doutras substancias para adulteralas ou sofisticalas.

adulter *s.f.* 1. Condición de adulto. 2. Idade adulta.

adulto-a *adx. e s.* Que acadou todo o seu desenvolvemento ou madurez.

adustión *s.f.* Cauterización polo fogo.

adventicia *s.f.* 1. Capa de tecido conectivo laso que forma a cuberta máis externa dun órgano. 2. Túnica externa dos vasos sanguíneos.

adventicio-a *adx.* 1. Que se encontra fóra do lugar normal ou ordinario. 2. Que vén de fóra. 3. Accidental, casual. 4. En botánica ou anatomía, relativo ós órganos que existen onde non lles corresponde ou que aparecen ocasionalmente.

adxacencia *s.f.* 1. Calidade do que é adxacente. 2. Proximidade, contigüidade, veciñanza.

adxacente *adx.* 1. Situado xunto a outro, contiguo. 2. Que ten un lado en común con outro, aplicado ós ángulos.

adxuvante *adx. e s.m.* 1. Que axuda, auxiliar. 2. En inmunoloxía, vehículo que, administrado cun antíxeno ou previamente a este, se emprega para aumentala antixenidade.

adxuvar *v.* Axudar.

aer-, aero- Prefixos que indican relación co aire ou gas.

aeración *s.f.* 1. Ventilación. 2. Arterialización do sangue venoso nos pulmóns. 3. Introducción dos elementos do aire nas augas potables, por exemplo ácido carbónico.

aerastenia *s.f.* Condición psiconeurótica observada nos aviadores, caracterizada por falta de seguridade en si mesmo ou depresión leve.

aerendocardia *s.f.* Presencia de aire dentro do corazón.

aerenterectasia *s.f.* Distensión dos intestinos por aire ou gas.

aéreo-a *adx.* Aplícase ó que está no aire, ó que se fai nel ou desde el.

aerhemoptonia *s.f.* Embolia aérea, morte producida ó ingresar aire nas veas.

aerífero-a *adx.* Que conduce ou contén aire.

aerificación *s.f.* Acto ou efecto de aerificar.

aerificar *v.* Reducir a estado gasoso.

aeriforme *adx.* 1. Parecido ó aire. 2. Que participa das propiedades físicas do aire, gasoso.

aerización *s.f.* Acto ou efecto de aerizar.

aerizar *v.* Aerificar.

aeroanaerobio *s.m.* Microorganismo aerobio e anaerobio ó mesmo tempo.

aerobilia *s.f.* Presencia de aire nas vías biliares.

aerobio *s.m.* Bacteria ou microorganismo que require aire ou osíxeno libre para vivir e crecer. // **A. facultativo.** Microorganismo que normalmente non se desenvolve en presenza de osíxeno, pero que en certas circunstancias adquire o poder de vivir nel. / **A. obrigado.** Microorganismo que non pode vivir en ausencia de osíxeno.

aerobioloxía *s.f.* Rama da bioloxía que estudia a distribución dos microorganismos vivos no aire, no exterior ou en ambientes cerrados.

aerobioscopio *s.m.* Aparello para determinalo contido bacteriano do aire.

aerobiose *s.f.* Condición de aerobio, vida nunha atmosfera que contén osíxeno molecular.

aerocele *s.f.* Distensión dunha cavidade por aire. Tamén se di **pneumatocele.** // **A. epidural.** Acumulación de aire entre a duramáter e a parede da raque.

aerocistografía *s.f.* Radiografía da vexiga despois de insuflada con aire.

aerocistoscopia *s.f.* Exame da vexiga co aeroretroscopio.

aerocolia *s.f.* Distensión do colon por gas.

aerocolpos *s.m.* Distensión da vaxina por gas.

aerodermectasia *s.f.* Enfisema subcutáneo ou cirúrxico.

aerodinámica *s.f.* Parte da física que estudia as leis reguladoras do movemento dos gases, ou as que regulan a presión do aire exterior.

aerodinámico-a *adx.* Relacionado co movemento do aire ou coa aerodinámica.

aerodontalxia *s.f.* Dor dental causada por alteracións na presión atmosférica.

aeroembolismo *s.m.* Formación de burbullas de nitróxeno no sangue e no cerebro a causa da diminución de presión atmosférica, estado que sofren os aviadores nas grandes altitudes.

aeroenfisema *s.m.* Enfermidade por descompresión, que cursa con enfisema e edema pulmonares como resultado da presenza de burbullas de nitróxeno no tecido pulmonar.

aerofaxia *s.f.* Deglutición excesiva de aire. Tamén se di **gastrospira.**

aerofílico-a *adx.* Que require aire para o seu crecemento.

aerófilo-a *adx.* Aerofílico.

aerofobia *s.f.* 1. Temor ó aire, ás correntes de aire, ás influencias producidas polo aire ou ós malos aires (olor corporal). 2. Temor patolóxico a estar no aire, acrofobia.

aeróforo *s.m.* Aparello para insuflar aire nos pulmóns dos neonatos asfícticos.

- aerogastría** *s.f.* Dilatación do estómago por aire ou gases.
- aerografía** *s.f.* 1. Descrición da calidade do aire. 2. Radiografía que emprega o aire como contraste.
- aerohemia** *s.f.* 1. Embolia gasosa pola introducción de aire no sangue. 2. Accidente producido por descompresión rápida. Tamén se di **pneumatemia**, **parálise dos mergulladores**, **aeroembolismo**.
- aeroilia** *s.f.* Presencia de aire no íleo, por extensión, no intestino delgado.
- aeroionoterapia** *s.f.* Ionoterapia das afeccións respiratorias.
- aeromamografía** *s.f.* Radiografía da mama cunha inxección previa de CO₂ no espazo retromamario.
- aeromedicina** *s.f.* Rama da medicina que estudia os problemas fisiolóxicos e patolóxicos da aviación
- aerómetro** *s.m.* Instrumento para pesa-lo aire ou outros gases ou medi-la súa densidade.
- aeronausia** *s.f.* Cinetose producida polo voo.
- aeroneurose** *s.f.* Aerastenia, conxunto de trastornos psiconeuróticos observados nos aviadores, caracterizado por irritabilidade ou depresión lixeira.
- aerootite** *s.f.* Oído do aviador, otite media producida polas diferencias de presión entre a caixa timpánica e o ambiente. Tamén se di **barotite**.
- aeropatía** *s.f.* Estado producido por cambios na presión atmosférica, como a enfermidade das alturas ou a enfermidade por descompresión rápida despois da permanencia no aire comprimido. Tamén se di **aeremia**, **parálise dos mergulladores**.
- aeroperitoneo** *s.m.* Pneumoperitoneo.
- aeropicismo** *s.m.* Conxunto de accidentes provocados pola variación da presión do aire. Tamén se di **aeremia**, **aeropatía**.
- aeropiezoterapia** *s.f.* Uso terapéutico de aire rarificado ou comprimido.
- aeroplanto** *s.m.* Conxunto de organismos, bacterias, esporas, pole, etc., transportados polo aire.
- aeropleximógrafo** *s.m.* Aparello para o rexistro dos cambios de volume do tórax durante a respiración, pletismógrafo.
- aeroporotomía** *s.f.* Operación para introducir aire nas vías aéreas, como a traqueotomía ou a intubación.
- aerose** *s.f.* Produción de aire ou gases nos tecidos orgánicos.
- aerosialofaxia** *s.f.* Costume de deglutir constantemente aire e saliva. Tamén se di **sialoerofaxia**.
- aerosinusite** *s.f.* Afección sinusal producida por variacións da presión atmosférica.
- aerosol** *s.m.* 1. Solución coloidal na que a fase dispersora é gasosa e a fase dispersa é sólida ou líquida. 2. Embalaxe dun produto que debe ser usado en forma de aerosol.
- aerosolterapia** *s.f.* Terapéutica por medio de aerosois.
- aerosporina** *s.f.* Polimixina.
- aerostática** *s.f.* Parte da física que estudia as leis dos gases en equilibrio.
- aerotaxe** *s.f.* 1. Influencia atractiva e repelente exercida polo osíxeno sobre as bacterias aerobias e anaerobias, respectivamente. 2. Movemento dun organismo en reacción á presenza de osíxeno molecular.
- aeroterapia** *s.f.* Emprego do aire comprimido ou enrarecido con fins terapéuticos.
- aerotermodoterapia** *s.f.* Tratamento por medio de correntes de aire quente.
- aerotolerante** *adx.* 1. Dos organismos anaerobios para os que a presenza de osíxeno libre non é letal, pero que non poden multiplicarse se non é en anaerobiose. 2. Dos microorganismos que só poden crecer cando o contido de osíxeno é inferior ó atmosférico.
- aerotonómetro** *s.m.* Instrumento para medi-la tensión dos gases no sangue e noutros líquidos orgánicos.
- aerotropismo** *s.m.* Reacción de atracción ou de repulsión dos microorganismos cara ó osíxeno, erotaxe.
- aeroretroscopia** *s.f.* Exame da uretra despois de dilata-la con aire.
- aeroxénese** *s.f.* Produción de gas.
- aeróxeno-a** *adx.* Productor de gas.
- afacer** *v.* 1. Habituar, facer adquirir ou tomar un costume. 2. Adaptar, aclimatar, acomodar.
- afacia** *s.f.* Afaquia.
- afaco-a** *adx.* Que non ten cristalino.
- afagocidia** *s.f.* Acción bactericida dos leucocitos excluída a fagocitose.
- afalaxiase** *s.f.* Perda dos segmentos terminais dos dedos, como ocorre na lepra.
- afalxesia** *s.f.* Tacto doloroso, hipersensibilidade pola que se produce dor ó contacto, hafalxesia.
- afaquia** *s.f.* Falta do cristalino.
- afáquico-a** *adx.* Afaco.
- afasia** *s.f.* 1. Perda total ou parcial da función de palabra, sexa da función da expresión verbal, da función de comprensión, da linguaxe falada ou escrita. 2. Indecisión do ánimo diante dunha dificultade. // **A. amnésica.** Afasia anómica. / **A. anómica.** Afasia na que se conservan a comprensión e a repetición. Tamén se di **afasia amnésica.** / **A. atáxica.** Afasia expresiva. / **A. auditiva.** Afasia por enfermidade do centro auditivo do cerebro, xordeira verbal. / **A. de Broca.** Afasia expresiva. / **A. de conduc-**

ción. Afasia na que hai comprensión normal da linguaxe falada pero as palabras repítese incorrectamente. / **A. expresiva.** Afasia na que hai trastorno da capacidade para escribir e falar por lesión do centro cortical, de maneira que o paciente comprende as palabras escritas e faladas e sabe o que desexa dicir, pero non pode emiti-las palabras. Tamén se di **afasia atáxica, afasia de Broca, afasia motora, afasia frontocortical e afasia verbal.** / **A. fluente.** Afasia na que a fala está ben articulada e é gramaticalmente correcta, pero non ten contido. / **A. global.** A que afecta tódalas funcións da linguaxe ou a comunicación. Tamén se di **afasia central, afasia cortical, afasia expresiva-receptiva e afasia pictórica.** / **A. grafomotora.** Afasia na que o suxeito non pode expresarse por escrito. / **A. mixta.** Afasia global. / **A. motora.** Afasia expresiva. / **A. nominal.** Afasia caracterizada polo emprego defectuoso dos nomes dos obxectos. / **A. receptiva.** Incapacidade para comprender os símbolos da fala escrita, falados ou táctiles, por enfermidade dos centros auditivos e visuais da linguaxe, como ocorre na cegueira verbal. Tamén se di **afasia imprevi-siva, afasia sensorial, afasia temporoparietal e afasia de Wernicke.** / **A. sensitiva.** Afasia receptiva. / **A. total.** Afasia global. / **A. visual.** Alexia. / **A. xergal.** Forma de afasia receptiva na que se emiten frases sen sentido.

afásico-a *adx.* Que sofre afasia.

afasiólogo-a *s.* Persoa especializada na afasioloxía, por exemplo un neurólogo ou un psicólogo.

afasioloxía *s.f.* Estudio científico da afasia e das lesións neurolóxicas específicas que a producen.

afaticación *s.f.* Fatiga, debilidade, falta de respiración por doenza, traballo, preocupacións, etc.

afaticado-a *adx.* Fatigado, canso, falta de forzas.

afaticar *v.* Causar fatiga, cansar, debilitar.

afaxia *s.f.* Imposibilidade de deglutir, disfaxia extrema, aglución. // **A. álxera.** Renuncia consciente a tragar a causa da dor.

afebril *adx.* Sen febre, apirético.

afección *s.f.* 1. Estado morboso, enfermidade. 2. Sentimento ou emoción, distintos do intelecto ou vontade. 3. Alteración psicolóxica ou física. 4. Padecemento.

afectabilidade *s.f.* Emotividade, facultade de expresar emoción ou sentimento, sensibilidade emocional.

afectación *s.f.* Manierismo.

afectado-a *adx.* Que presenta unha enfermidade, estado morboso ou afección.

afectividade *s.f.* 1. Capacidade individual para experimentar sentimentos e emocións. 2. Facultade afectiva e ton sentimental. 3. Sensibilidade ós estímulos afectivos.

afecto *s.m.* 1. Estado emocional, sentimentos e manifestacións externas que acompañan a un pensamento. 2. Achaque, doenza habitual.

afecto-a *adx.* Afectado, doente, dorido, achacoso.

afectomotor-a *adx.* Caracterizado por desorde emocional e actividade muscular.

afefobia *s.f.* Temor morboso a ser tocado.

afemestesia *s.f.* Forma de afasia motora pola que se ten perdida a facultade de expresa-las ideas con palabras, cegueira e xordeira verbais.

afemia *s.f.* Afasia.

afereute *adx.* Centrípeto, que conduce cara ó centro, aplicado ós nervios, arterias, veas e linfáticos.

aférese *s.f.* 1. Amputación, escisión. 2. Calquera procedemento no que se extrae sangue dun doador, se separa e conserva parte dela (plasma, leucocitos, plaquetas, etc.) e o resto vólvese transfundir no doador. Inclúe leucoférese, trombocitoférese, etc. Tamén se di **férese.**

afermentia *s.f.* Falta de fermentos, aplícase especialmente á anaclorhidria con pobreza de pepsinóxeno.

afervoante *adx.* Escalafriante.

afervoar *v.* Ter un aumento de febre.

afibrinoxenemia *s.f.* Deficiencia ou falta de fibrinóxeno (factor de coagulación) en sangue. // **A. conxénita.** Alteración hemorráxica pouco común, probablemente transmitida por un xene autosómico recesivo, caracterizada por incapacidade para a coagulación sanguínea.

afiláctico-a *adx.* Pertencente ou relativo á anafilaxe ou caracterizado por ela.

afilantropía *s.f.* Carencia de sentimentos sociais.

afilaxe *s.f.* Ausencia de filaxe ou inmunidade.

afiloponía *s.f.* Temor morboso ó traballo ou ós exercicios fatigosos. Tamén se di **ponofobia.**

afinidade *s.f.* 1. Atracción química. 2. Tendencia que os átomos dos elementos manifestan para combinarse entre si. 3. Analoxía, semellanza. // **A. electiva.** Forza pola que un corpo se une perfectamente con outro. / **A. morbosa.** Tendencia de certas afeccións a existir simultaneamente ou como secuelas doutra.

afirburarse *v.* Andar ou estar decaído e débil pola calor, fame ou fatiga.

afistulado-a *adx.* 1. Transformado en fístula. 2. Cheo de fístulas.

afistular *v.* 1. Cubrir de fístulas, chagar. 2. Corromper. // 3. Cubrirse de fístulas.

aflatoxíose *s.f.* Micotoxíose que afecta a animais alimentados con fariñas contaminadas con fungos *Aspergillus*. Tamén se coñece por **enfermidade X.**

aflatoxina *s.f.* Metabolitos tóxicos producidos por fungos do xénero *Aspergillus* que poden contaminar cereais, cacahuetes, etc. e causar intoxicacións alimentarias epidémicas. Pénsase que están en relación co cancro primario de fígado.

aflixir *v.* Fatigarse, arquear ó traballar ou subir unha costa.

afloxístico-a *adx.* Antifloxístico, que arde sen chama, que non se inflama.

afluorose *s.f.* Ausencia ou diminución de fluor na alimentación infantil, caracterizada por microodontismo, aplasias do esmalte, caries masivas e fracturas dentarias.

afluxo *s.m.* Movemento dun líquido do organismo para unha parte deste.

áfobo-a *adx.* Que non ten fobias.

afogadizo-a *adx.* Falto de aire, de respiración, de ventilación.

afogado-a *adx. e s.* Morto por asfixia, especialmente na auga.

afogadura *s.f.* Afogamento.

afogamento *s.m.* 1. Acto ou efecto de afogar ou afogarse. 2. Sufocación, opresión, angustia, afogadura.

afogar *v.* 1. Quitarlle a vida a unha persoa ou animal somerxéndoo na auga. 2. Cubrir alguén cunha cousa que non lle permita respirar. 3. Privar da vida a alguén tapándolle a boca e o nariz. 4. Abafar. 5. Estrangular. 6. Sufocar a excesiva calor. 7. Perde-la vida por submersión.

afogo *s.m.* 1. Opresión que impide respirar con liberdade, acoro. 2. Ansiedade, desgusto, pena.

afogueira *s.f.* Afogo, fatiga.

afolsear *v.* Respirar con dificultade, arquear, afonsear.

afonese *s.f.* Falta de son de percusión, matidez.

afonía *s.f.* Perda completa ou parcial da voz por algunha enfermidade, sobre todo da garganta. // **A. espástica.** A producida por espasmo dos músculos larínxeos ó falar. / **A. histérica.** Perda da voz normal, debida a histerismo. / **A. paralítica.** A debida a parálise ou lesión das cordas vocais. / **A. paranoica.** Mutismo obstinado dos enfermos mentais.

afónico-a *adx.* Que padece a fonía.

áfono-a *adx.* Que non ten son, afónico.

afonoxelia *s.f.* Imposibilidade de rir ruidosamente.

afonsear *v.* Afolsear.

aforcado-a *adx. e s.* Colgado ou axustizado na forca cun lazo.

aforcadura *s.f.* Acto de violencia no que o corpo, suxeito polo pescozo por medio dun lazo inserto nun punto fixo, exerce unha tracción o suficiente enérxica para causar de repente a perda do coñecemento, o paro das funcións vitais e a morte. // **A. atípica.** Aforcadura na que o nó do lazo é, con relación ó colo, anterior ou lateral. / **A. completa.** Aforcadura na que o corpo queda completamente suspendido. / **A. incompleta.** Aforcadura na que o corpo da vítima está apoiado no chan ou noutra super-

ficie repousando parte do seu peso. / **A. típica.** Aforcadura na que o nó do lazo está situado na caluga.

aforcamento *s.m.* Aforcadura.

aforcar *v.* 1. Quitarlle a alguén a vida colgándoo ou suspendéndoo na forca por un lazo. 2. Suicidarse colgándose polo pescozo, enforcarse.

aforese *s.f.* 1. Separación dunha parte. 2. Incapacidade de resistencia, por exemplo á dor. 3. Falta de segregación sudoral.

aforia *s.f.* Esterilidade.

afosforose *s.f.* Deficiencia ou falta de fósforo no organismo.

afosia *s.f.* Sensación visual subxectiva debida á falta ou interrupción de luz, fosia.

afotestesia *s.f.* Diminución da sensibilidade da retina á luz, debida a unha exposición prolongada ós raios solares.

afótico-a *adx.* Sen luz, completamente escuro.

afrasia *s.f.* 1. Incapacidade para falar ou articular as palabras ordenadas en frases. 2. Mutismo de calquera clase. // **A. paranoica.** Mutismo voluntario nos alienados.

afrenia *s.f.* 1. Ausencia de diafragma. 2. Demencia.

a frigore Locución latina, que indica que unha enfermidade é debida ou atribuída a un arrefriado.

afrodisia *s.f.* Esaxeración do apetito xenésico. Tamén se di **ninfomanía, satiríase.**

afrodisíaco-a *adx.* 1. Excitante dos apetitos sexuais // *s.m.* 2. Fármaco que ten esta propiedade.

afrodisioloxía *s.f.* Estudio das enfermidades venéreas, cipridoloxía.

afronesia *s.f.* Demencia, tolemia. Tamén se di **afronía.**

afronía *s.f.* Afronesia.

afrontar *v.* Pór en contacto os bordos dunha ferida.

afrouxamento *s.m.* En psiquiatría, trastorno do pensamento no que a asociación de ideas acúrtase, fragmentase e altérase de maneira que carecen de relación lóxica, observado na esquizofrenia.

afta *s.f.* 1. Úlcera pequena na mucosa da boca, ás veces traumática e outras acompañando a síndrome caquética. 2. Estomatite aftosa dos nenos, muguet. // **A. contaxiosa** ou **epizoótica.** Lesións en pés e boca asociadas, glosopeda. / **A. de Bednar.** Úlceras traumáticas no padal dos lactantes, relacionadas coa presión da lingua na succión. / **A. serpens.** Cancro oral.

aftouxia *s.f.* Incapacidade de expresar sons articulados.

aftoide *adx.* Semellante ás aftas ou muguet.

aftonxía *s.f.* Trastorno psicosomático da linguaxe, producido por unha cambra dos músculos fonadores ó falar.

aftose *s.f.* Calquera estado caracterizado por aftas.

afusión *s.f.* 1. Acción terapéutica que consiste en verter auga fría ou quente dende certa altura sobre unha parte ou todo o corpo do doente. 2. Baño, aspersión. 3. Acto de botar un líquido en calquera remedio.

Ag. Símbolo químico da prata.

agalactia *s.f.* Ausencia ou diminución da segregación de leite despois do parto. Tamén se di **agalactose**, **agalorrea**, **alactia**.

agamia *s.f.* 1. Calidade do que é asexual. 2. Reprodución asexual sen gametos. 3. Ausencia de órganos sexuais.

agámico-a *adx.* Que ten ou padece agamia.

agammaglobulinemia *s.f.* Estado de deficiencia inmunolóxica que se caracteriza por concentración moi baixa de tódalas clases de globulina gamma no sangue, e que aumenta a susceptibilidade ás enfermidades infecciosas que atacan os mecanismos de defensa relativos á inmunoglobulina, podendo ser conxénita ou adquirida. Tamén se di **hipogammaglobulinemia**.

ágamo-a *adx.* Agámico, asexual.

agamobio *s.m.* Período ou xeración asexual na alterancia de xeracións, gamobio.

Agamofilaria Xénero de parasitos nematodos pouco coñecidos, encóntranse ás veces en ulceracións e tumores.

agamogonia *s.f.* Agamoxénese.

agamoxénese *s.f.* Reproducción sen cópula, agamia.

aganglionia *adx.* Pertencente ou relativo á falta de células ganglionares ou caracterizado por ela.

aganglionose *s.f.* Falta conxénita de células ganglionares parasimpáticas, por exemplo no megacolon conxénito.

ágar-ágar *s.m.* Substancia mucilaxinosa, semellante á cola obtida de certas algas, coa propiedade de presentar fusión a 100°C e solidificar en xel a 40°C, moi resistente ós enzimas dixestivos, pero que se hidroliza facilmente cos ácidos. Empregase como xel para preparar medios de cultivo para microorganismos, como laxante de masa, para elaborar emulsións e como medio de sostén para a inmunodifusión e a inmunolectroforese.

agaricina *s.f.* Principio tóxico do agárico branco, po soluble en alcohol, empregado para diminuí-las segregacións excesivas (diarrea, broncorrea, suores nocturnas).

agarrar *v.* Facerse crónica unha doenza.

agastar *v.* Sentir dor, angustia.

agastria *s.f.* Ausencia de estómago.

agástrico-a *adx.* Que non ten aparello dixestivo.

agastroneuria *s.f.* Falta de tonicidade nerviosa do estómago.

agavante *s.m.* Esmorecemento, desmaio, síncope.

agger (lat) *s.m.* Eminencia.

aglaucopsia *s.f.* Cegueira para a cor verde.

aglicemia *s.f.* Falta de azucre no sangue.

aglicona *s.f.* Grupo non hidrocarbonado da molécula dun glicósido. Tamén se di **xenina**.

aglicosúrico-a *adx.* Libre de glicosuria.

aglobulia *s.f.* Diminución da proporción de glóbulos vermello no sangue. Tamén se coñece como **oligocitemia**.

aglomerado-a *adx.* 1. Agrupado nunha masa. // *s.m.* 2. Esta mesma masa.

aglosia *s.f.* 1. Falta conxénita da lingua. 2. Imposibilidade de falar.

aglostomía *s.f.* 1. Falta da lingua e oclusión da boca. 2. Boca sen lingua.

aglución *s.f.* Afixia.

aglutición *s.f.* Aglutión.

aglutina *s.f.* Aglutinina.

aglutinable *adx.* Que se pode aglutinar.

aglutinación *s.f.* 1. Proceso de adherencia dos bordos dunha ferida. 2. Acción dunha substancia aglutinante. 3. Proceso segundo o cal células ou bacterias distribuídas nun líquido se aglomeran en glóbulos ou masas, inducido por substancias específicas chamadas aglutininas. // **A. de grupo.** Aglutinación cruzada debida a anticorpos específicos para antíxenos comúns a varios microorganismos. / **A. flaxelar.** Aglutinación H. / **A. H.** Tipo de aglutinación bacteriana debida á acción dos anticorpos anti-H sobre os antíxenos flaxelares. / **A. macroscópica** ou **microscópica.** A que pode verse a simple vista nun tubo de ensaio e a que require o uso do microscopio, respectivamente. / **A. O.** Tipo de aglutinación bacteriana debida á acción dos anticorpos anti-O sobre os antíxenos somáticos (O). / **A. somática.** Aglutinación O.

aglutinante *adx.* 1. Que aglutina. 2. Que promove a cicatrización por adhesión. // *s.m.* 3. Emplasto con verniz adherente que mantén unidas as partes durante o proceso de cicatrización.

aglutinativo-a *adx.* Aglutinante.

aglutinina *s.f.* 1. Anticorpo capaz de produci-lo agrupamento das bacterias ou doutras células que estimularon a súa produción, *in vivo* ou *in vitro*. 2. Calquera substancia que non sexa un anticorpo, capaz de aglutinar partículas. // **A. anti-Rh.** Aglutinina que se produce nunha muller Rh-negativa embarazada dun feto Rh-positivo ou despois de múltiples transfusións con sangue Rh-positivo. / **A. quente.** Anticorpo que actúa mellor a 37° C. / **A. de grupo.** A que ademais dunha acción específica produce unha reacción cruzada sobre especies afíns á bacteria causal. / **A. específica, maior** ou **principal.** A que exerce a súa acción na bacteria específica productora da enfermidade. / **A. fría.** A que actúa a baixa temperatura, de 0 a 20° C. / **A. H** ou **O.** A producida polo flaxelo ou polo corpo, respectivamente, dun microorganismo. /

- A. immune.** A específica que existe no sangue despois da curación da enfermidade ou a inxección de vacinas. / **A. normal.** Aglutinina específica producida espontaneamente sen infección nin inxección de vacinas. / **A. plaquetaria.** Aglutinina dirixida contra plaquetas, observada en varias afeccións e que a súa presenza quizais non garde relación invariable con trombocitopenia demostrable. / **A. salina.** Anticorpo antiRh que provoca a aglutinación dos eritrocitos Rh+ cando están suspendidos nunha solución salina ou nun medio proteico.
- aglutinóforo** *s.m.* Constituínte da aglutinina ó que se lle atribúe a propiedade aglutinante.
- aglutinoide** *s.m.* Forma inactiva de aglutinina, pero que se une co seu aglutinóxeno.
- aglutinomoide** *s.m.* Aglutinina quentada pero que conserva o seu poder aglutinante.
- aglutinoscopio** *s.m.* Aparello para examina-la reacción de aglutinación nos tubos onde se efectúa.
- aglutinoxénico-a** *adx.* 1. Pertencente ou relativo á produción de aglutininas. 2. Que produce aglutininas.
- aglutinóxeno** *s.m.* 1. Substancia que actúa como antígeno e estimula a produción de aglutinina. 2. Suspensión de células empregadas nas probas de aglutinación. // **A. A e B.** Aglutinóxenos dos glóbulos vermellos humanos cos que reaccionarían as correspondentes isoaglutininas alfa e beta, para defini-los catro grupos sanguíneos que son transmisibles por herdanza.
- aglutómetro** *s.m.* Aparello para realiza-la reacción de Gruber-Widal sen necesidade de usar microscopio.
- aglutoxénico-a** *adx.* Que provoca a formación de aglutininas.
- agmatina** *s.f.* Base guanidinabutílaminas do esperma do arenque, que ten acción sobre a contracción do útero, pero menor cá da ergotamina.
- agminado-a** *adx.* Agrupado, aplicado en anatomía, a diversos órganos reunidos, en oposición ós da mesma especie que están illados.
- agnacia** *s.f.* Falta conxénita da mandíbula.
- agnatia** *s.f.* Agnacia.
- agnato-a** *adx.* Que non ten mandíbula.
- agnea** *s.f.* Agnosia.
- agnina** *s.f.* Lanolina.
- agnosia** *s.f.* Perda da capacidade para recoñece-lo significado dos estímulos sensoriais. As variantes corresponden ós diversos sentidos: auditiva, visual, olfactiva, gustativa e táctil. // **A. cronolóxica.** Perda da comprensión da sucesión e duración dos acontecementos. / **A. dixital.** Perda da capacidade de indica-los dedos propios ou doutra persoa.
- agnoxénico-a** *adx.* De orixe e etiología descoñecidas.
- agogo** Sufixo grego que indica derivación ou conducción dunha substancia e entra na formación de palabras como emenagogo, colagogo, etc.
- agonadismo** *s.m.* Ausencia total de tecido gonadal e conductos xenitais internos en individuos fenotipicamente femias con xenitais externos femininos normais e cromatina sexual negativa. Debe diferenciarse da axenesia gonadal ou axenitalismo, nos que existen conductos xenitais internos derivados do conducto de Müller.
- agonfiase** *s.f.* Carencia ou frouxidade dos dentes.
- agonfose** *s.f.* Agonfiase.
- agonía** *s.f.* 1. Estado intermedio entre a vida e a morte, extinción gradual da vida. 2. Dor grave ou sufrimento extremo, ansia, indisposición espiritual e física, aflicción. 3. Mágoa, tristeza, pesar, nostalxia. 4. Decadencia, fin. 5. Falta de respiración.
- agoniado-a** *adx.* 1. Que sente agonía. 2. Moi indisposto, atormentado.
- agoniar** *v.* 1. Causa-la agonía que precede á morte. 2. Aflixir física e espiritualmente. 3. Causar agonía, angustia, aflicción, indisposición, malestar. 4. Aflixirse, indisporse.
- agónico-a** *adx.* 1. Que se encontra en agonía, que se presenta no momento da morte ou pouco tempo antes dela. 2. Relativo a unha infección terminal.
- agonista-a** *adx.* 1. Dos músculos esenciais para un movemento. 2. En farmacoloxía, que estimula a actividade fisiolóxica dos receptores celulares que reaccionan, en condicións normais, ás substancias naturais.
- agonizar** *v.* 1. Causar agonía a alguén. 2. Estar en agonía, moribundo.
- agorafobia** *s.f.* Temor de estar só nun espazo extenso e libre, que leva ó individuo a non deixa-lo lugar de vida familiar.
- agra** Sufixo grego que indica xeralmente dor intensa, especialmente gotosa, por exemplo podagra.
- ágrafe** *s.f.* Pequena tira metálica estreita, de extremos encorvados e dentados, que se emprega para uni-los bordos de feridas superficiais da pel, sen suturalos. V. **grampa.**
- agrafia** *s.f.* Incapacidade na escritura a causa de lesións cerebrais centrais.
- agráfico-a** *adx.* Pertencente ou relativo á agrafia, que a padece ou que é da súa natureza.
- agramafasia** *s.f.* Afasia agramática. Agramatismo.
- agramatismo** *s.m.* Trastorno afásico caracterizado pola incapacidade para construír frases intelixibles, articulando palabras pero non na secuencia lóxica da linguaxe. Tamén se di **agramatismo expresivo de Isserlin, agramatismo motor, afasia agramática, telegramatismo, estilo telegráfico, agramafasia.**

agranulocito *s.m.* Leucocito sen granulaci3n, linfocito, monocito.

agranulocitose *s.f.* 1. Enfermidade aguda grave caracterizada por leucopenia e aparici3n de 6lceraci3n infectadas da boca, farinx e doutras mucosas e da pel, producida como resposta t3xica ou inmunoal3rxica ante alg6ns f3rmacos: sedantes, sulfamidas, arsenicais, benzol, antibi3ticos, citost3sticos e radioterapia. 2. Diminuci3n de leucocitos polimorfonucleares en sangue por debaixo de 500 mm³.

agranulopl3sico-a *adx.* Que forma unicamente c3lulas sen gr3nulos, que non forma c3lulas granulosas. Tam3n se di **agranulopl3stico**.

agranulopl3stico-a *adx.* Agranulopl3stico.

agranulose *s.f.* Agranulocitose.

agravaci3n *s.f.* Empeoramento ou exacerbaci3n nunha enfermidade.

agravado-a *adx.* Que recaeu na s6a enfermidade.

agravamento *s.m.* Acto ou efecto de agravar ou agravarse, agravaci3n.

agravar *v.* 1. Tornar m3is grave ou peor. 2. P3rse grave ou m3is grave, ou peor unha situaci3n.

agraz *s.m.* 1. Uva ou conxunto de uvas verdes que se empregan na preparaci3n de bebidas refrescantes polo seu zume agre debido 3 presenncia de tartaratos 3cidos. 2. Zume da uva verde. Tam3n se di **agrazo**.

agrazo *s.m.* Agraz.

agre *adx.* 1. Acre, acedo, amargo. 2. fig. Desabrido, 3spero.

agregaci3n *s.f.* 1. Acto ou efecto de agregar ou unir. 2. Conxunto de materiais que forman un corpo. 3. Aglomeraci3n de part6culas ou mol3culas que determina o estado dalgunha materia. 4. Conxunto de bacterias ou outras c3lulas suspendidas nun l6quido. // **A. familiar.** Concentraci3n de casos dunha enfermidade en familias, aparici3n de m3is casos dun trastorno en familiares dunha persoa que padece unha alteraci3n en familias testemu6a. / **A plaquetaria.** Fen3meno que se produce trala adhesi3n das plaquetas 3 col3xeno, no que, pola acci3n do ADP liberado, as plaquetas aglom3ranse entre si formando un trombo branco.

agregado *s.m.* Masa formada pola reuni3n de elementos individuais.

agremia *s.f.* Estado do sangue que caracteriza a gota.

agresina *s.f.* Substancia que se sup3n que 3 elaborada no corpo das bacterias e que inhibe os mecanismos de resistencia do h3spede, principalmente paralizando os mecanismos de defensa representados polos leucocitos.

agresi3n *s.f.* En biolox6a, todo o que atenta contra o equilibrio ou a integridade org3nica.

agresividade *s.f.* 1. Compo6nente dos seres vivos que os impulsa a competir cos demais. 2. Nas relaci3n

humanas, acci3n f6sica ou verbal dirixida con hostilidade cara a outra persoa. 3. Capacidade dun microorganismo invasor de atacar e vence-las defensas do organismo invadido. 4. Patr3n de conducta que denota hostilidade e ataque cara 3 outro ou cara a si mesmo, para a psican3lise intimamente ligada 3 desenvolvemento do suxeito e 3 sexualidade e vinculada co concepto de puls3n de morte, que conduce 3 afirmaci3n do eu.

agretar *v.* Ter sabor agre.

agreto *s.m.* Sabor un pouco agre.

agretoso-a *adx.* Que ten agreto. Acedo.

agria *s.f.* Erupci3n pustulosa tenaz.

agridoce *adx.* Que ten sabor agre e doce 3 mesmo tempo

agriotimia *s.f.* Tolemia ou man6a furiosa.

agripa *s.m.* Persoa que naceu en presentaci3n pod3lica.

agripado-a *adx.* Doente da gripe.

agripallado-a *adx.* Con gripe. Que contraeu a gripe.

agripallarse *v.* Contrae-la enfermidade da gripe.

agripnia *s.f.* Insomnio, ahipnia, ahipnose.

agripnocomia *s.m.* Insomnio let3rxico, coma v6xil.

agripnodo-a *adx.* Agripn3tico.

agripn3tico-a *adx.* Que provoca insomnio, droga que impide o sono.

agroman6a *s.f.* Paix3n morbosa a deambular polos campos.

agudeza *s.f.* 1. Claridade, sutileza nos sentidos, especialmente da vista, o6do e olfacto. 2. Car3cter agudo dunha enfermidade.

agudo-a *adx.* 1. Das enfermidades que te6nen un curso breve e relativamente grave, contrario de cr3nico. 2. Sutil, penetrante.

ag6ieira *s.f.* Bolsa de auga que se atopa no f6gado. Ves6cula biliar.

agulla *s.f.* Instrumento met3lico longo e rematado en punta, utilizado para suturar, puncionar, inxectar, inocular, etc.

agullada *s.f.* Picadura de agulla.

ahipnia *s.f.* Insomnio, agripnia.

ahipnose *s.f.* Ahipnia.

AIDS S6ndrome de inmunodeficiencia adquirida. SIDA.

ailurofilia *s.f.* Elurofilia.

ailurofobia *s.f.* Elurofobia.

ainho *s.m.* Constricti3n fibrosa que se desenvolve nas pregaduras interdixitais pola que a deda pequena do p3, e 3s veces outras dedas, caen espontaneamente, doenza lenta e de orixe desco6necida, dactilose espont3nea.

aire *s.m.* 1. Mestura de gases que constit6e a atmosfera terrestre, composta dunha parte de os6xeno, catro de

nitróxeno e pequenas cantidades de dióxido de carbono, argon, e outros gases raros. 2. Erupción cutánea en forma de gran. 3. Certa irritación dos ollos atribuída a algunha corrente de aire. // **A. alcalino.** Amoníaco volátil. // **A. complementario.** Capacidade inspiratoria, aire que pode ser introducido nos pulmóns por unha inspiración forzada. / **A. comprimido.** Aire cunha presión superior á atmosférica. / **A. confinado.** Por oposición ó aire libre, aire máis ou menos viciado pola respiración e combustión. / **A. de reserva.** Volume expiratorio de reserva. / **A. enrarecido.** Aire que ten menor presión cá atmosférica. / **A. estacionario.** O que permanece nos pulmóns durante a respiración normal. / **A. funcional.** O que entra e sae dos pulmóns durante a respiración normal. / **A. líquido.** Aire licuado por medio dunha gran presión, que produce unha friaxe intensa ó evaporarse. Empregouse para producir anestesia local e no tratamento da neuralxia e o zóster. / **A. mínimo.** O que queda nos pulmóns despois de abri-lo tórax. / **A. residual.** Aire que permanece nos pulmóns despois dunha expiración forzada. / **A. suplementario.** Volume expiratorio de reserva, aire que pode ser expelido cunha expiración forzada. / **A. viciado.** O que contén menor cantidade de osíxeno.

akatama *s.f.* Acatama.

akatisia *s.f.* Acatisia.

Al Símbolo químico do aluminio.

alacadar *v.* Alasar, inar.

alactase *s.f.* Alactasia.

alactasia *s.f.* Falta do enzima lactase.

alactia *s.f.* Agalactia.

alado-a *adx.* Das omoplatas (*scapulae alatae*) sobresaíntes nas persoas que teñen o tórax estreito.

alalia *s.f.* Defecto ou imposibilidade da linguaxe, debido a unha afección local dos órganos vocais ou por lesións nerviosas periféricas. // **A. cófica.** Xordomudez. / **A. idiopática.** Xordomudez. / **A. mental** ou **relativa.** Forma observada nos nenos por tartamudez extrema.

alanina *s.f.* Ácido aminopropiónico, aminoácido non indispensable para o home, presente en moitas proteínas e preparado sinteticamente. A forma beta é parte do ácido pantoténico ou vitamina B₃.

alantiase *s.f.* Botulismo.

alantina *s.f.* Inulina.

alantocorion *s.m.* Corion auténtico, distinto do corion primitivo, composto da fusión da parede anterior do saco alantoico co corion primitivo.

alantoide *adx.* 1. Parecido á alantoide. 2. En forma de morcilla. 3. Do animal (mamífero, ave, réptil) no que o embrión posúe alantoide.

alantoidoanxiopago *s.m.* Onfaloanxiopago.

alantoína *s.f.* Substancia cristalizabile, diureido do ácido glioxílico do líquido alantoico, urina dos neonatos e

segregacións de certas larvas de moscas, que pode tamén formarse pola oxidación do ácido úrico. Empregouse para estimular a formación epitelial nas feridas e úlceras.

alantol *s.m.* Líquido oleoso, aromático, sucedáneo da creosota na bronquite. Tamén se di **inulol**.

alantotoxina *s.f.* Veneno dos embutidos pútridos, ptomaína que se forma durante o proceso de descomposición ou toxina secretada polo *Bacillus botulinus*.

alantoxénese *s.f.* Desenvolvemento da alantoide.

alanzar *v.* 1. Lanzar. 2. Vomitar.

alapurina *s.f.* Lanolina.

alaquestesia *s.f.* Sensación de tacto experimentada nun punto distante da rexión tocada.

alar *adx.* 1. Relativo á axila ou axilar. 2. Relativo a unha ala.

alasar *v.* 1. Tornar laso, alongar. 2. Afrouxar. Diminuí-la presión, a tensión. 3. Arquexar, sufocarse ó andar.

alaserapia *s.f.* Tratamento das enfermidades pola produción de cambios ou alteracións biolóxicas do estado xeral.

alastrim *s.m.* Forma leve de varíola observada en moitos países tropicais, producida por unha cepa menos virulenta. Tamén se di **amaas**, **milk-pox**, **paravaríola**, **sarna cubana**, **pseudovaríola**, **varíola branca**, **varíola de India Occidental**.

albamicina *s.f.* Novobiocina.

albedo *s.m.* 1. Lúnula da unlla. 2. Brancura. 3. Relación entre a corrente neutrónica que sae dun medio e a que entra a través dunha superficie límite. 4. Relación entre a enerxía luminosa que difunde por reflexión unha superficie e a enerxía incidente. // **A. retinae.** Edema de retina.

albicans *adx.* (lat.) Relativo ós corpos brancos mamilares na base do cerebro e ó corpo amarelo do ovario en estado cicatrizal ou involutivo.

albiduria *s.f.* Urina pálida ou branca, quiluria.

albinismo *s.m.* Alteración da pigmentación na pel, pelo e ollos, debida á anomalía conxénita na conversión da tirosina en melanina, que se dá con fotofobia e astigmatismo. Tamén se di **acromía**, **acromodermia**, **acromatosia**, **leucodermia**. // **A. adquirido.** Vitilixe. / **A. parcial.** Ausencia conxénita de pigmentación en determinadas zonas.

albino-a *adx.* Que sofre albinismo.

albinoidismo *s.m.* Falta conxénita de pigmento no pelo, pel e ollos, pero menos intensa có albinismo.

albinuria *s.f.* Albiduria.

albo,-a *adx.* Branco, aplicado a certas enfermidades ou partes anatómicas.

albocinéreo-a *adx.* Que contén substancia gris e branca.

albulactina *s.f.* Lactalbumina.

albume *s.m.* 1. Clara do ovo. 2. Albumina. 3. Tecido nutritivo rico en substancias alimentares, que envolve o embrión en moitas plantas.

albumina *s.f.* 1. Substancia viscosa, esbrancuxada, que calla pola acción da calor e existe en gran cantidade na clara de ovo, no soro do sangue e nos líquidos dos organismos animais e vexetais, que contén carbono, hidróxeno, osíxeno, nitróxeno e xofre, pero a súa composición exacta aínda non se determinou. Peso molecular 68.000. 2. Proteína soluble na auga. // **A. de Bence-Jones**. Especie de albumina na urina da pseudoalbuminuria, cando precipita pódese redisolver pola ebulición. / **A. de ovo**. Glicoproteína que forma o 20% da clara do ovo de galiña. Tamén se di **ovoalbumina**. / **A. humana**. Soroalbumina humana normal. / **A. normal do soro**. Preparado estéril de soroalbumina, obtido por separación fraccionada do sangue dos doadores humanos sans, formada por non menos do 96% do volume total por albumina. Emprégase como medicamento para soste-lo volume sanguíneo no tratamento de choque, a lipoproteinemia, a hiperbilirrubinemia e a eritroblastose fetal e adminístrase por vía intravenosa. / **A. sérica**. Proteína do plasma sanguíneo humano, soroalbumina.

albuminado-a *adx.* Que ten albumina ou albume.

albuminar *v.* Aplicar albumina.

albuminato *s.m.* Producto da reacción entre albumina nativa e unha base ou un ácido diluídos. Tamén se di **albumina derivada** e **proteína derivada**.

albuminaturia *s.f.* Presencia dunha cantidade excesiva de albuminatos na urina.

albuminaxe *s.f.* Aplicación de albumina.

albuminemia *s.f.* Presencia de albumina no sangue.

albuminífero-a *adx.* Que leva ou produce albumina.

albuminiforme *adx.* Semellante á albumina.

albuminímetro *s.m.* Instrumento para medi-la cantidade de albumina existente nun líquido, especialmente na urina. O máis empregado é o de Esbach, co reactivo do mesmo autor.

albuminíparo-a *adx.* Productor de albumina.

albuminismo *s.m.* Albuminose.

albuminocolia *s.f.* Presencia de albumina ou de proteínas na bile.

albuminoide *adx.* 1. Que é semellante ou da natureza da albumina. // *s.m.pl.* 2. Combinación xeralmente de carbono, osíxeno, hidróxeno, nitróxeno e xofre que forman proteínoides ou escleroproteínas, como a queratina, elastina, coláxeno, fibroína, etc., caracterizados pola súa insolubilidade en auga, en solucións salinas diluídas, en ácidos ou álcalis diluídos, en alcohol absoluto ou ó 70-80 %, etc., presentes en tódalas células.

albuminólise *s.f.* Proteólise.

albuminolisina *s.f.* Lisina que produce a desintegración das albuminas. Sensibilisina. Anafilactina.

albuminómetro *s.m.* Albuminímetro.

albuminona *s.f.* Principio de varios albuminoides, soluble en alcohol e que non calla pola calor.

albuminoptise *s.f.* Presencia de albumina no esputo.

albuminorrea *s.f.* Excesiva segregación de albuminas.

albuminorreacción *s.f.* Positividade no esputo ós reactivos da albumina. A presenza de albumina indica inflamación pulmonar ou bronquial.

albuminosa *s.f.* Albumosa.

albuminoscopio *s.m.* Instrumento para determina-la presenza e cantidade de albumina no sangue.

albuminose *s.f.* Aumento anormal dos elementos albuminosos do sangue, estado que resulta dese aumento.

albuminoso-a *adx.* 1. Que contén albumina. 2. Que ten os caracteres, as propiedades da albumina.

albuminoxenia *s.f.* Proceso formativo das albuminas.

albuminurético-a *adx.* e *s.m.* Que causa ou agrava a albuminuria, substancia que produce unha descarga de albumina na urina.

albuminuria *s.f.* Presencia de proteína na urina, especialmente da albumina debido a alteracións renais que permiten o seu paso do sangue, soroalbumina, á urina. // **A. accidental**. Albuminuria adventicia. / **A. adventicia**. A que non é debida a unha enfermidade renal, senón á mestura de sangue, pus, etc., coa urina despois de saír do glomérulo renal. / **A. alimentaria**. Albuminuria dietética. / **A. anoxémica**. A debida á isquemia renal. / **A. cardíaca**. A producida por insuficiencia cardíaca conxectiva. / **A. cicatrizal**. Forma na que a descamación epitelial é substituída por un tecido incapaz de restrinxila transudación da albumina. / **A. cíclica**. Aparición, en horas determinadas de cada día, dunha pequena cantidade de albumina na urina, que se observa principalmente na xente nova. / **A. clinostática**. Albuminuria hipostática. / **A. colicuativa**. Albuminuria ó principio leve e que aumenta subitamente durante a convalecencia, que se observa na febre tifoide. / **A. da adolescencia**. Albuminuria cíclica ou ortostática. / **A. dietética** ou **dixestiva**. A producida polo uso de certos alimentos. / **A. esencial**. Albuminuria funcional non asociada cunha afección renal, que comprende as formas cíclicas e postural. / **A. espuria**. Albuminuria adventicia. / **A. exsudativa**. Forma mixta debida á filtración de albumina polo ril e á presenza de produtos inflamatorios na urina. / **A. falsa**. Albuminuria adventicia. / **A. febril**. A debida á febre. / **A. fisiolóxica**. Mínima presenza de albumina na urina sen afección renal. / **A. funcional**. Aquela que non é verdadeiramente patolóxica, como a gravídica ou a da adolescencia, tamén chamada cíclica, intermitente e transitoria. / **A. gravídica**. Albuminuria benigna do embarazo normal. / **A. hematóxena** ou **hémica**. Variedade debida a un estado anormal do sangue. / **A. hipostática**.

Forma de albuminuria postural que desaparece cando o paciente está de pé. / **A. intermitente.** Albuminuria cíclica. / **A. intrínseca.** Albuminuria verdadeira. / **A. lordótica.** A ortostática debida á deformidade da columna vertebral. / **A. mixta.** Albuminuria serosa, que ocorre cunha albuminuria adventicia. / **A. nefróxena.** A producida por enfermidade renal. / **A. ortostática** ou **ortótica.** Variedade que desaparece co repouso na cama, pero que aparece cando o individuo se levanta. / **A. palpatoria.** A temporal pola palpación bimanual dos riles. / **A. paroxismal.** Albuminuria cíclica. / **A. pióxena.** A falsa producida pola mestura de pus coa urina. / **A. posrenal.** Albuminuria a partir da pelve renal. / **A. postural.** A debida á posición do corpo: hipostática ou ortostática. / **A. prerrenal.** A debida á enfermidade fóra dos riles: corazón, fígado, tiroide. / **A. recorrente.** Albuminuria cíclica. / **A. renal.** A producida por unha afección dos riles. / **A. residual.** Persistencia de albuminuria despois de nefrite. / **A. sérica** ou **verdadeira.** A que se caracteriza pola presenza na urina dalgún elemento albuminoide do sangue. / **A. transitoria.** Albuminuria cíclica ou intermitente. / **A. tubular.** A que se presenta nas enfermidades renais intersticiais.

albumoide *s.m.* Albuminoide.

albumosa *s.f.* Metabolito da albumina, que non calla pola calor, e convértese, por dixestión máis avanzada, en peptonas. // **A. de Benze- Jones.** Proteína de Benze-Jones.

albumoscopia *s.m.* Instrumento usado para determinar a presenza e cantidade de albumina na urina.

albumosemia *s.f.* Presencia de albumosa en sangue.

albumosuria *s.f.* Presencia de albumosa na urina. Peptonuria. Propeptonuria.

albumimetría *s.f.* Determinación da cantidade de albumina existente nun líquido.

albura *s.f.* Calidade do que é albo, branca.

alburuxe *s.m.* Ánimo, aptitude, disposición.

albuxe *s.m.* 1. Opacidade da córnea por depósito de pequenas granulacións de graxas, máis opaca cá nebulosa e menos có leucoma. Tamén se di **belida.** 2. Trastorno trófico das unllas caracterizado pola formación nelas de pequenas manchas brancas transversais. 3. Clara do ovo.

albugínea *s.f.* Capa grosa, branca, de tecido fibroso, que cobre unha parte, especialmente a membrana densa, branca, que envolve o testículo. Tamén se di **túnica albugínea do testículo.** // **A. oculi.** Esclerótica. / **A. ovarii.** Capa exterior da estroma do ovario. / **A. penis.** Envoltura exterior do corpo cavernoso.

albugíneo -a *adx.* 1. Abranzado. 2. Relativo ou parecido ó branco dos ollos.

albugineotomía *s.f.* Incisión da túnica albugínea do testículo.

alboxinite *s.f.* Inflamación dunha túnica alboxínea, especialmente a do testículo.

alboxinoso-a *adx.* Alboxíneo.

alcachofa *s.f.* Planta da familia das compostas, da que é comestible o receptáculo da inflorescencia e a base das brácteas, moi ricas en vitamina C; tamén se empregan as follas que conteñen un principio amargo, a cianirina, como laxante, colagogo e diurético.

alcalemia *s.f.* Alcalinidade do sangue, diminución da concentración de hidroxenións no sangue con aumento do pH.

alcalescencia *s.f.* O proceso de alcalinización.

álcali *s.m.* Substancia básica que cede hidróxidos (OH⁻) e forma sales cos ácidos. // **A. fixo.** Os óxidos dos metais alcalinos. / **A. mineral.** A sosa, mestura de hidróxido e carbonato de sodio / **A. vexetal.** A potasa, mestura de hidróxido e carbonato de potasio. / **A. volátil.** O amoníaco.

alcalimetría *s.f.* Dosaxe química dos álcalis nunha substancia.

alcalímetro *s.m.* Instrumento para medir a proporción de álcali contida nunha substancia.

alcalinidade *s.f.* Propiedade ou estado do que é alcalino.

alcalinismo *s.m.* 1. Abuso de substancias alcalinas. 2. Efectos dese abuso. 3. Alcalose.

alcalinización *s.f.* Acción e efecto de comunicarlle a unha substancia as propiedades dos álcalis ou de someter a un enfermo á medicación alcalina, alcalización.

alcalinizar *v.* Transmitir propiedades alcalinas a unha substancia, alcalizar.

alcalino-a *adx.* Que ten a reacción ou propiedades dun álcali. // **pH alcalino.** pH maior de 7.

alcalinofaxia *s.f.* Uso non axeitado dos alcalinos na hiperclorhidria.

alcalinuria *s.f.* Estado alcalino da urina.

alcalión *s.m.* Ión hidróxilo.

alcalipenia *s.f.* Estado de diminución da reserva alcalina no organismo. Tamén se di **acidose.**

alcaliterapia *s.f.* Administración de alcalinos no tratamento da hiperclorhidria e a úlcera gástrica.

alcalixeno-a *adx.* Que produce alcalinidade.

alcalización *s.f.* Alcalinización.

alcalizador *s.m.* Axente que neutraliza os ácidos ou provoca alcalinización.

alcalizar *v.* Alcalinizar.

alcaloide *adx.* 1. Relativo ós compostos orgánicos que, como os alcaloides, se combinan cos ácidos para formar sales. // *s.m.* 2. Calquera das substancias nitróxenas básicas que se presentan nas plantas, que adoitan ser moi amargas e moitas son farmacologicamente activas, como

atropina, cafeína, morfina, nicotina. 3. Substancia obtida por síntese, como por exemplo a procaína.

alcalometría *s.f.* Avaliación dosimétrica dos alcaloides. Tamén se di **alcaloidometría**, **dosaxe**, **dosimetría**.

alcalose *s.f.* Trastorno fisiopatolóxico caracterizado por perda de ións H ou por exceso de bases nos líquidos do organismo, aumento da reserva alcalina do sangue. Tamén se di **alcalemia**, **alcalinismo**. // **A. compensada**. Estado no que os mecanismos de compensación volveron o pH a cifras normais. / **A. hipopotasémica**. Variedade de alcalose metabólica relacionada con baixa concentración sérica de potasio. / **A. metabólica**. Alcalose por exceso de bases. / **A. pola altura**. Aumento da alcalinidade do sangue e os tecidos por exposición a grandes alturas. / **A. respiratoria**. Déficit non compensado de anhídrido carbónico debido a hiperventilación.

alcalótico-a *adx.* Pertencente ou relativo á alcalose ou caracterizado por ela.

alcalóxeno-a *adx.* Alcalóxeno.

alcalurético-a *adx.* Alcalizador da urina.

alcamina *s.f.* Alcohol que contén un grupo amino.

alcanfor *s.m.* 1. Substancia branca, sólida, cristalina, extraída da canforeira e empregada en terapéutica e tamén na fabricación de celuloide e noutras industrias, poderoso irritante e estimulante local, de acción xeral excitante dos centros respiratorios, vasomotor e cardíaco, antiespasmódico e diaforético. 2. Calquera substancia que ten características semellantes ás do alcanfor. Tamén se di **cánfora**.

alcanforáceo-a *adx.* Que ten sabor, olor ou outras calidades do alcanfor.

alcanforado-a *adx.* Que está composto ou mesturado con alcanfor.

alcanfórico (ácido) *s.m.* Substancia cristalizada, incolora, $C_8H_{14}(COOH)_2$, procedente do alcanfor.

alcanforismo *s.m.* Intoxicación polo alcanfor, caracterizada por convulsións, coma a gastrite.

alcanina *s.f.* Substancia colorante resinosa que se emprega para colorar unguentos, e para preparar papel tornasol. Tamén se di **ancusina**.

alcano *s.m.* Hidrocarburo saturado da serie do metano, no que tódolos átomos de carbono están unidos por enlaces simples. Tamén se di **parafina** ou **olefina**.

alcaptona *s.f.* Produto da desintegración incompleta da albumina, ácido homoxentísico.

alcaptonuria *s.f.* Presencia de alcaptona na urina, que adoita ter cor vermella escura ó engadir un álcali ou coa exposición ó aire.

alcaravía *s.f.* Planta aromática da familia das umbelíferas que serve como condimento e é un estimulante do apetito.

alcohol *s.m.* 1. Etanol, líquido transparente, incoloro, móbil e volátil, mesturable coa auga, éter e cloroformo, obtido por fermentación de carbohidratos con fermentos. Tamén se di **alcohol etílico**. 2. Preparado que contén non menos de 92,3% e non máis de 93,8% en peso de C_2H_5OH , que corresponde a non menos de 94,95 e non máis de 96% en volume, a 15,56 °C, que se emprega como antiinfecioso tópico e solvente. 3. Calquera membro dunha clase de compostos orgánicos formados a partir de hidrocarburos por substitución dun ou máis átomos de hidróxeno por un número igual de radicais hidroxilo. Divídense en monovalentes, divalentes, trivalentes, etc., segundo o número de radicais hidroxilo que presentan. Clasifícanse en primarios, secundarios ou terciarios, segundo o radical hidroxilo estea unido a un átomo de carbono que presenta enlaces covalentes con un, dous ou tres átomos de carbono adicionais. // **A. absoluto**. O que non contén máis do 1% do seu peso de auga. / **A. de madeira**. Metanol. / **A. deshidratado**. Alcohol absoluto. / **A. desnaturalizado**. Alcohol non axeitado para bebelo ou para usos médicos ó engadirle metanol ou acetona, pero que si pode empregarse con fins industriais ou como disolvente. / **A. iodado**. Tintura de iodo. / **A. metílico**. Metanol. / **A. para fricción**. Preparado de acetona, metilisobutilcetona e 68,5 a 71,5% de alcohol etílico, emprégase como rubefaciente. / **A. rectificado**. Espírito do viño. / **A. vínico**. Alcohol etílico.

alcoholado *s.m.* Preparación terapéutica que resulta da acción do alcohol sobre diversas substancias. Tamén se di **tintura alcohólica**.

alcoholase *s.f.* Enzima que converte o ácido láctico en alcohol, alcoholoxidase.

alcoholato *s.m.* 1. Preparación terapéutica que resulta da destilación do alcohol sobre unha ou varias substancias medicamentosas. 2. Composto no que o alcohol parece desempeña-lo papel dun ácido.

alcoholatura *s.m.* Medicamento que resulta da acción disolvente do alcohol sobre plantas frescas, tintura alcohólica.

alcoholemia *s.f.* Presencia de alcohol no sangue.

alcohólico-a *adx.* 1. Relativo ó alcohol. 2. Que contén alcohol. // *s.* 3. Individuo que padece alcoholismo.

alcoholificación *s.f.* Transformación en alcohol, por fermentación.

alcoholificar *v.* Transformar en alcohol.

alcoholímetro *s.m.* Instrumento para medi-la proporción de alcohol nun líquido.

alcoholismo *s.m.* 1. Vicio de inxerir bebidas alcohólicas. 2. Estado patolóxico causado polo abuso das bebidas alcohólicas. // **A. agudo**. Ebriedade que resulta da inxestión excesiva de alcohol etílico, que orixina depresión dos centros do sistema nervioso. / **A. crónico**. Inxestión excesiva duradeira e continuada de alcohol etílico, que se caracteriza por diversos estados como anorexia, diarrea,

perda de peso, trastornos mentais, cambios da personalidade, neuropatía periférica e alteracións hepáticas.

alcoholizable *adx.* Que pode ser convertido en alcohol.

alcoholización *s.f.* 1. Acto ou efecto de alcoholizar ou alcoholizarse. 2. Tratamento pola aplicación ou inxección de alcohol, especialmente nas neuralxias.

alcoholizado-a *adx.* 1. Tratado ou mesturado con alcohol. 2. Bébedo, ebrio, embriagado.

alcoholizar *v.* 1. Producir a alcoholización. 2. Mesturar con alcohol. 3. Embriagar. 4. Embriagarse.

alcoholofilia *s.f.* Desexo patolóxico de bebidas alcohólicas. Dipsomanía. Tamén se di **alcoholomanía**.

alcoholomanía *s.f.* Alcoholofilia.

alcoholuria *s.f.* Presencia de alcohol na urina.

alcólise *s.f.* Lise ou desintegración do alcohol.

alcosol *s.m.* Solución coloidal alcohólica.

alcuronio *s.m.* Fármaco sintético con actividade semellante á tubocurarina.

aldehido *s.m.* Calquera membro dun grupo numeroso de compostos orgánicos que conteñen o grupo -CHO, son compostos intermedios entre alcohol e ácido, derivados de alcohois primarios por oxidación.

aldol *s.m.* Aldehido oxibutírico beta, líquido que ten propiedades hipnóticas e soporíferas.

aldolase *s.f.* Enzima muscular que actúa como catalizador na produción de fosfatos a partir da fructosa.

aldopentosa *s.f.* Calquera azucre de cinco átomos de carbono e un aldehido, como a arabinosa.

aldosas *s.f.pl.* Monosacáridos que conteñen un grupo aldehido, entre os que están comprendidas as quetosas, aldohexosas e aldopentosas.

aldosterona *s.f.* Hormona mineralocorticoide principal secretada polo córtex suprarrenal, que regula o equilibrio de electrólitos e de auga ó provoca-la retención de sodio e a perda de potasio polo ril, e ten un grupo aldehido no C18.

aldosteronismo *s.m.* Producción excesiva de aldosterona.

aldoxima *s.f.* Composto formado pola unión dun aldehido coa hidroxilamina.

aleatorio-a *adx.* Casual, fortuíto, accidental, dependente de factores incertos, aplicado ás variables de carácter estatístico.

alecia *s.f.* Dificultade ou imposibilidade de esquecer.

alecito-a *adx.* Sen vitelo, que ten moi pouca xema como o ovo dos mamíferos.

alélico-a *adx.* Pertencente ou relativo ós alelos, orixinado por xenes alternantes.

alelo *s.m.* Calquera dunha serie de dous ou máis xenes que pode ocupar un locus cromosómico e que controla o mesmo carácter. // **A. dominante.** O que necesita unha soa dose para manifestarse. / **A. múltiples.** Aqueles que teñen máis de dúas formas alternantes posibles nun locus dado / **A. recesivo.** O que necesita dobre dose para manifestarse. / **A. silencioso.** O que non ten expresión demostrable.

alelotaxia *s.f.* Desenvolvemento nun órgano de varios tecidos embrionarios.

alenfia *s.f.* Carencia de linfa.

alentese *s.f.* Penetración ou presenza de corpos alleos no organismo.

alento *s.m.* Aire que sae dos pulmóns durante a espiración.

alergodermia *s.f.* Enfermidade alérxica da pel.

alergodiagnóstico *s.m.* Exame do estado de sensibilización alérxica mediante a cutirreacción con alérxenos.

alergólogo-a *s.* Médico especializado nas enfermidades alérxicas.

alergometría *s.f.* Determinación do estado alérxico.

alergose *s.f.* Enfermidade alérxica, como a asma, febre do feo, eccema, urticaria, etc.

alerxénico-a *adx.* Que produce alerxia.

alérxeno *s.m.* Substancia de natureza tóxica que produce alerxia. Tamén se di **anafilactógeno, sensibilinógeno.**

alerxia *s.f.* 1. Alteración da capacidade de reacción do organismo. 2. Conxunto de fenómenos de carácter respiratorio, nervioso ou eruptivos producidos no organismo como manifestación dunha sensibilidade especial a certas substancias.

alérxide *s.m.* Manifestación cutánea da alerxia.

alerxización *s.f.* Introdución no corpo de substancias alerxénicas.

aletia *s.f.* Alecia.

aleucemia *s.f.* Aleucia.

aleucia *s.f.* 1. Falta de leucocitos no sangue, leucopenia. 2. Variedade de leucemia na que o recuento de leucocitos é normal ou está diminuído, é dicir: leucemia sen leucocitose. Tamén se di **mielose aleucémica e linfadenose aleucémica.** // **A. hemorráxica.** Anemia aplásica grave con leucopenia, trombopenia e diátese hemorráxica.

aleudrina *s.f.* Éter carbámico do alcohol diclorisopropílico. Emprégase como analxésico e hipnótico.

aleurona *s.f.* Grans de materias proteicas que forman os órganos de reserva dos vexetais, e especialmente nas sementes.

aleuronato *s.m.* Fariña de trigo que contén glute e que se emprega na preparación de pan para diabéticos.

alevado-a *adx.* Que ten trastornadas as facultades mentais.

alexetérico-a *adx.* Que defende contra a infección ou envelenamento.

alexia *s.f.* Imposibilidade de ler a causa dunha lesión do cerebro. Tamén se di **cegueira verbal**. // **A. afásica**. Alexia no contexto dunha síndrome afásica. / **A. agnósica**. Defecto no recoñecemento visual de palabras e letras sen dificultade na escritura ou defectos afásicos. / **A. frástica**. Imposibilidade de ler frases podendo ler letras e palabras. / **A. literal**. Defecto na lectura de letras. / **A. musical**. Perda de capacidade de ler música. / **A. verbal**. Defecto na lectura de palabras.

alexifármaco *adx.* 1. Que preserva dos efectos dun veneno. // *s.m.* 2. Antídoto ou remedio contra o envelenamento.

alexipirético-a *adx.* Que prevén a febre, medicamento febrífugo.

alexitérico-a *adx.* Que cura as picaduras dos animais pezoñosos.

alezo *s.m.* 1. Tea en forma de faixa coa que se lles suxeita o ventre ás puérperas. 2. Tea pregada coa que se protexe a cama de líquidos e deposicións.

alfa *s.f.* 1. Primeira letra do alfabeto grego. 2. En química, primeiro dunha serie de corpos isómeros.

alfa1-antitripsina *s.f.* Glicoproteína producida polo hepatocito, a carencia da cal leva a un grave trastorno hepático.

alfa-fetoproteína *s.f.* Globulina producida normalmente polos hepatocitos fetais, que desaparece ó nacer, e, patolóxicamente, elaborada polo carcinoma hepatocelular.

alfaterapia *s.f.* Tratamento a base dos raios alfa das substancias radioactivas.

alfatocoferol *s.m.* Vitamina E.

alfelasma *s.m.* Leucoplaquia.

alferecía *s.f.* Enfermidade caracterizada por convulsións e acompañada a veces con perda de coñecemento, semellante á epilepsia. // **Accidente de a**. Popularmente, derramo cerebral.

***alferesía** *s.f.* V. **alferecía**.

alfilusia *s.f.* 1. Apoplexía. 2. Parálise.

alfinete *s.m.* Peza de metal semellante a unha agulla, acabada en punta nun dos extremos e nunha cabeza no outro, empregado en cirurxía (os alfinetes de aceiro ou de prata) como sutura, para a unión de partes brandas

alfitedón-ona *adx.* Alfitomorfo.

alfitomorfo-a *adx.* Que ten aspecto farináceo, aplicado a certos fungos parasitos.

alfodermia *s.f.* Leucodermia, acromodermia, acromatose. Tamén se di **alfose**.

alfol *s.m.* Salicilato de naftol alfa, antiséptico que se empregou na cistite gonorreica e no reumatismo articular agudo.

alfos *s.m.* 1. Lepra. 2. Variedade de psoríase. 3. Afección pustulosa da pel con formación de cotras brancas.

alfose *s.f.* Alfodermia.

alfozono *s.m.* Po branco cristalizado, derivado da auga osixenada, empregado como xermicida.

alga *s.f.* Planta criptógama celular que vive na superficie ou no fondo das augas doces ou salgadas, da que algunhas especies son alimenticias e outras antihelmínticas.

algabizo *s.m.* Corpúsculo que entra na pálpebra e irrita o ollo.

algalia *s.f.* Sonda uretral oca.

alganestesia *s.f.* Analgesia.

algoalucínose *s.f.* Falsa dor no toco dos amputados, no membro pantasma.

algotomio *s.m.* Centro onde se internan os doentes para o tratamento da súa dor.

algodón *s.m.* Froito do algodoiro que se emprega na industria téxtil. As raíces desta planta son diuréticas e emenagogas.

algofilia *s.f.* Que busca sensacións dolorosas. Algomanía.

algofobia *s.f.* Temor patolóxico á dor.

algólogo-a *s.* Médico especialista no estudio e o tratamento da dor.

algoloxía *s.f.* Ciencia que estudia a dor, as súas manifestacións e tratamento.

algomanía *s.f.* Algofilia.

algotomía *s.f.* Dor nas extremidades.

algotomía *s.f.* Menstruación dolorosa.

algómetro *s.m.* Alxesímetro.

algotomía *s.f.* Coito doloroso.

algotomía *s.f.* Coito doloroso.

algotomía *s.f.* Coito doloroso.

algotomía *s.f.* Coito doloroso.

algotomía *s.f.* Coito doloroso.

algotomía *s.f.* Coito doloroso.

algotomía *s.f.* Coito doloroso.

algotomía *s.f.* Coito doloroso.

algotomía *s.f.* Coito doloroso.

algotomía *s.f.* Coito doloroso.

aliáceo-a *adx.* Semellante ó allo ou que ten o seu olor ou sabor.

alixe *s.f.* Mestura sólida de dous ou máis metais ou metaloides por fusión, que pode ser binaria, ternaria, cuaternaria, segundo sexa o número de metais que a compoñen, e pode ser clasificada polo seu comportamento unha vez solidificada.

alices *s.f.pl.* Manchas vermellas na varíola que aparecen antes das pústulas.

aliquorra *s.f.* Falta de fluxo do líquido cefalorraquídeo nunha punción lumbar correcta.

alícuota *s.f.* e *adx.* Parte que está contida nun todo un número exacto de veces.

alienación *s.f.* Alteración ou trastorno mental, na consideración social e legal, indicando que o enfermo mental é estraño a si mesmo.

alienar *v.* 1. Alucinar, perturbar. 2. Enlouquecer.

alienia *s.f.* Falta conxénita ou adquirida do bazo.

alienismo *s.m.* 1. Estudio ou tratamento das desordes mentais. 2. Trastorno mental. 3. Práctica de psiquiatría forense.

alienista *s.* Médico especialista no estudio e tratamento da alienación mental, antigamente psiquiatra.

alifafe *s.m.* 1. Tumor acuoso que adoitan criá-las cabaleiras nos xarretes. 2. Achaque habitual, doenza crónica que padece algunha persoa.

alifático-a *adx.* 1. Relativo a unha graxa. 2. En química, dos compostos orgánicos nos que os átomos de carbono se unen formando cadeas abertas.

alifaz *s.m.* Olor ou sabor desagradable dun alimento.

alifazarse *v.* Encherse de achaques.

aliforme *adx.* 1. En forma de ala. 2. En forma de allo.

alilamina *s.f.* Líquido da esencia da mostaza.

alilo *s.m.* Radical monovalente C_3H_5 ou $CH_2:CH:CH_2$. Os seus compostos atópanse no allo, na mostaza e noutras plantas.

alimentación *s.f.* 1. Acción de dar ou recibir alimento. 2. Conxunto de substancias das que un individuo acostuma alimentarse. 3. Abastecemento, fornecemento, sustento. // **A. artificial.** 1. Alimentación por outras vías ou por outros medios distintos dos ordinarios. 2. A dun neno, con alimentos que non son o leite materno.

alimentario-a *adx.* Relativo ós alimentos, ós materiais nutritivos ou ós órganos da dixestión.

alimencio-a *adx.* Nutritivo, que alimenta.

alimento *s.m.* Substancia que por medio das transformacións dixestivas serve para nutrir os seres vivos, crear tecidos ou producir calor corporal.

alimentoterapia *s.f.* Tratamento dietético ou por alimentación sistemática.

alinasal *adx.* Relativo á aleta do nariz.

alinfocitose *s.f.* Desaparición ou diminución de linfocitos no sangue.

alinfoplasia *s.f.* Aplasia ou hipoplasia do tecido linfoide. // **A. tímica.** Displasia tímica linfopénica caracterizada polo aumento do tecido conectivo e ausencia de linfocitos e corpúsculos de Hassall, con deficiencia de linfocitos nos ganglios linfáticos, no bazo e no tubo dixestivo.

alismo *s.m.* Intranquilidade, ansiedade, especialmente nos enfermos mentais.

aliteración *s.f.* Repetición afectada das mesmas letras, sílabas ou sons, na mesma frase, para producir un efecto de harmonía.

aliterar *v.* 1. Dispor en aliteración. 2. Facer aliteración.

aliviado-a *adx.* Tranquilo, despois de sufrir unha dor.

aliviamento *s.m.* Alivio.

alivio *s.m.* Diminución da intensidade ou gravidade dunha enfermidade ou síntoma, aliviamento.

alixeiramento *s.m.* Sensación de menor distensión abdominal producida polo descenso do útero na cavidade da pelve, que ocorre dúas ou tres semanas antes do parto.

allo *s.m.* Planta da familia das liliáceas, debe as súas propiedades a unha esencia sulfurada, que por eliminarse polas vías respiratorias se recomendou como antiséptico das mesmas e como expectorante.

almiscre *s.m.* 1. Substancia aromática que se extrae dunhas glándulas que ten no ventre o mamífero chamado almiscareiro. 2. Producto semellante obtido doutros animais ou preparado artificialmente. 3. Perfume, aroma.

almorrás *s.f.pl.* Tumor vascular que se forma no ano. Tamén se di **almoreiras**. V. **hemorroide**.

alo- Prefixo que significa outro, distinto.

aloanticorpo *s.m.* Anticorpo producido por un individuo que reacciona con antígenos doutro individuo da mesma especie. Tamén se di **isoanticorpo**.

aloantígeno *s.m.* Antígeno da mesma especie pero de individuo de distinto xenotipo. Tamén se di **isoantígeno**.

alobiose *s.f.* 1. Estado de reactividade alterada que manifesta un organismo en condicións diferentes de ambiente. 2. Supervivencia de células ou tecidos privados das súas funcións.

alocéntrico-a *adx.* Que considera máis ós outros que a si mesmo. Oposto a egocéntrico.

alocinesia *s.f.* 1. Desorde da motilidade na que o paciente move o membro oposto ó que se lle ordena mover. 2. Movemento pasivo ou reflexo.

alocinético-a *adx.* Relativo á alocinesia.

alocórtex *s.m.* Porción do córtex cerebral máis primitiva, non disposta en capas.

alócrino-a *adx.* V. **heterocrinia**.

alocroico-a *adx.* Variable de cor.

alocroísmo *s.m.* Cambio ou variación de cor, como en certos minerais.

alocromasia *s.f.* 1. Cambio de cor do cabelo ou da pel. 2. Formación doutros axentes colorantes a partir dun inestable en solución. 3. Visión de cores diferente á real. V. **discromatopsia**.

alocromotriquia *s.f.* Cambio espontáneo da cor do cabelo por unha enfermidade orgánica.

alodinia *s.f.* 1. Dor que se orixina por un estímulo non nocivo aplicado á pel normal. 2. Desprazamento da sensación dolorosa ó lugar homólogo do outro lado do corpo.

alodiploide *adx.* 1. Que ten dous grupos de cromosomas derivados de diferentes especies paternas, como ocorre nos organismos híbridos. 2. Relativo ó individuo ou á célula que ten dous grupos de cromosomas. Tamén se di **aloploide**, **alopoliploide**.

alodiploidía *s.f.* Estado no que se teñen os cromosomas en número diploide, derivados de especies paternas diferentes, como ocorre nos híbridos. Tamén se di **aloploidía** e **alopoliploidía**.

áloe *s.m.* Zume das follas de varias plantas liliáceas do xénero *Áloe*, que ten propiedades purgantes e é un ingrediente da tintura composta de benzoína.

aloenxerto *s.m.* Enxerto de tecidos entre individuos da mesma especie, pero de distinto xenotipo. Tamén se di **enxerto alóxeno** e **homoenxerto**.

aloerotismo *s.m.* Inclinación sexual cara a outro individuo, en oposición a autoerotismo.

aloftalmía *s.f.* Heteroftalmía.

alogamia *s.f.* Fertilización cruzada.

aloimmune *adx.* Especificamente inmune a un antíxeno alóxeno.

alombado-a *adx.* Que se alomba polo paso dos anos.

alombarse *v.* Dobrarse o corpo co paso dos anos.

alopecia *s.f.* Perda de pelo, calvicie.

alotransplante *s.m.* Homotransplante, transplante dun aloenxerto.

aloxénico-a *adx.* 1. Que posúe tipos celulares antixenicamente diferentes. 2. En embrioloxía e transplantes, refírese a individuos ou tecidos que son da mesma especie pero antixenicamente diferentes. Tamén se di **homólogo**.

aloxia *s.f.* Incapacidade para falar a causa dunha lesión nerviosa central.

alporca *s.f.* Escrófula dos ganglios do pescozo que pode rebentar e converterse en chaga.

alucinación *s.f.* Percepción dun obxecto ou feito sen existencia real.

alucinose *s.f.* Síndrome de orixe orgánica caracterizada por alucinacións.

alvéolo *s.m.* Cavidade pequena. // **A. dental**. Oco nos ósos mandibulares onde se sitúan os dentes. / **A. pulmonar**. Dilatación terminal da árbore bronquial onde se realiza o intercambio gasoso.

álxebra cirúrxica *loc.* Reducción das fracturas.

alxedónico-a *adx.* Relativo ó pracer e á dor ó mesmo tempo.

alxesia *s.f.* Sensibilidade á dor, hiperestesia.

alxesicronómetro *s.m.* Instrumento para rexistra-lo tempo necesario para producir dor.

alxesímetro *s.m.* Instrumento para medi-la sensibilidade dolorosa. Tamén se di **algómetro**.

alxestesia *s.f.* Sensación dolorosa.

alxia *s.f.* Dor sen lesión.

-alxia Sufixo que indica dor.

álxico-a *adx.* Referente á dor. Causado por excitación dolorosa.

alxidez *s.f.* 1. Estado ou calidade de álxico. 2. Gran frialdade do corpo, especialmente das extremidades.

álxico-a *adx.* 1. Moi frío, xeado, glacial, aplicado á enfermidade ou período desta caracterizado por frío intenso. 2. De maior gravidade, aplicado ó período dunha enfermidade.

alxinurese *s.f.* Micción dolorosa.

alxiometabólico-a *adx.* Relativo ós cambios metabólicos que resultan dun estímulo doloroso.

alxiomuscular *adx.* Relativo ós movementos musculares dolorosos ou que os produce.

amacrina *s.f.* Célula nerviosa que non ten cilindroeixe.

amálgama *s.f.* Aliaxe de mercurio con outros metais, pode ser sólida ou semilíquida. // **A. dentaria**. Aliaxe de mercurio, prata e estaño empregada para obtura-la carie dental, discutido o seu emprego a causa da súa toxicidade.

amargo-a *adx.* Que é desagradable ou repugna ó gusto, do sabor do fel ou da quinina.

amartrite *s.f.* Inflamación de varias articulacións dunha vez.

amastia *s.f.* Ausencia das mamas.

amaurose *s.f.* Cegueira, especialmente cando non existe lesión no ollo senón que a lesión ocorre en estruturas do sistema nervioso. // **A. conxénita**. A que existe dende o nacemento. / **A. tóxica**. A producida por un veneno como alcohol metílico, tabaco, etc.

ambivalencia *s.f.* Existencia simultánea de dous valores diferentes, de dúas significacións opostas, de emocións ou sentimentos contradictorios no individuo.

ambulancia *s.f.* Vehículo especialmente acondicionado para transportar enfermos, está dotado de padiola e material sanitario diverso.

ambulatorio-a *s.m.* 1. Instalación onde se presta asistencia médica a doentes en réxime aberto, é dicir, que non teñen que quedar internados. // *adx.* 2. Que non obriga ó paciente a estar na cama, aplicado a unha forma de enfermidade ou a un tratamento.

ameba *s.f.* Protozoo constituído por unha soa célula, que cambia constantemente de forma e se move mediante pseudopodos.

amebíase *s.f.* Infección producida por amebas, por exemplo disentería amebiana, absceso hepático.

amebicida *adx.* Destructor de amebas.

ameboide *adx.* Que semella unha ameba ou os seus movementos.

ameburia *s.f.* Emisión de amebas coa urina.

***ameixuga** *s.f.* V. **sambesuga**.

amelia *s.f.* Ausencia de extremidades no feto.

amelo *s.m.* Feto malformado que non ten membros.

ameloblasto *s.m.* Célula que produce o esmalte dental. Tamén se di **adamantoblasto**.

ameloblastoma *s.m.* Adamantinoma.

ameloblastoma *s.m.* Tumor do órgano do esmalte dental. Tamén se di **adamantinoma**.

ameloxénese *s.f.* Formación do esmalte dental.

amencia *s.f.* Ausencia de intelixencia.

amenia *s.f.* Ausencia de menstruación. Tamén se di **amenorrea**.

amenorrea *s.f.* Ausencia patolóxica ou fisiolóxica de menstruación

ametria *s.f.* Ausencia de útero.

ametropía *s.f.* Incapacidade do ollo para realiza-la acomodación co que as imaxes non se forman debidamente na retina.

amida *s.f.* Composto químico derivado do amoníaco.

amidón *s.m.* Fécula extraída da pataca e os cereais, empregada en alimentación e en industria, e como emoliente en po e pomada, que converten en maltosa a saliva e o zume pancreático.

amidón-sintase *s.f.* Enzima que cataliza a síntese do amidón. Tamén se di **amilosa-sintase**.

amidopirina *s.f.* Antipirético e analxésico coñecido como Piramidón®.

amielia *s.f.* Ausencia conxénita da medula espiñal.

amielínico-a *adx.* Que non ten mielina.

amielo *s.m.* Monstro fetal que non ten medula espiñal.

amígdala *s.f.* Órgano linfático da orofarinxe. // **A. farínxea.** A situada na porción nasal da farinxe. / **A. lingual.** Conxunto de nódulos linfáticos na base da lingua. / **A. palatina.** A propiamente dita, atópase entre os piares do veo do padal, son dúas glándulas.

amigdalectomía *s.f.* Extirpación das amígdalas. Tamén se di **tonsilectomía**.

amigdalite *s.f.* Inflamación das amígdalas, xeralmente asociada a hipertrofia. Tamén se di **tonsilite**.

amigdalogloso -a *adx.* 1. Relativo á amígdala e á lingua. // *s.m.* 2. Músculo.

amigdalólito *s.m.* Cálculo orixinado nunha amígdala.

amiláceo-a *adx.* Que contén amidón ou semella esa substancia.

amilase *s.f.* Enzima que hidroliza os polisacáridos como o amidón ou o glicóxeno, e que está presente na saliva e o zume pancreático.

amilasuria *s.f.* Presencia de amilase na urina.

amiloidose *s.f.* Enfermidade producida polo depósito intersticial dunha substancia translúcida, xelatinosa, constituída por proteínas, en diferentes tecidos e órganos, de orixe descoñecida ou asociada a enfermidades inflamatorias, infeccións ou neoplasias. Tamén se di **dexeneración amiloide** e **amilose**.

amilorrea *s.f.* Eliminación excesiva de amidón coas deposicións.

amilose *s.f.* Amiloidose.

aminoácido *s.m.* Substancia química orgánica que contén os grupos amino (NH₂) e carboxilo (COOH), que son os principais compoñentes das proteínas. // **A. esencial.** Aminoácido que non pode ser sintetizado polo organismo animal.

aminofilina *s.f.* Derivado da teofilina que se emprega como diurético, broncodilatador ou estimulante cardíaco.

aminoglicósido *s.m.* Nome xenérico dun grupo de antibióticos (estreptomina, kanamicina, neomicina, xentamicina, tobramicina, etc.) activos para gramnegativos, que non se absorben por vía oral e presentan ototoxicidade e nefrotoxicidade.

aminotransferase *s.f.* Transaminase, enzima que cataliza a transferencia dun grupo amino dun aminoácido a un cetoácido, e que cando se atopa en niveis elevados no sangue indica lesión hepática. Entre os máis importantes están a GOT (glutámico oxalacética transaminase), a GPT (glutámico pirúvica transaminase).

amiotrofia *s.f.* Atrofia muscular.

amnesia *s.f.* Perda ou alteración da memoria a consecuencia de lesións patolóxicas ou do envellecemento. Dependendo dos centros nerviosos onde asente a lesión a incapacidade para evoca-los recordos será selectiva ou non.

amnésico-a *adx.* 1. Relativo á amnesia. // *s.* 2. Persoa que padece amnesia.

amnio *s.m.* Conxunto de membranas fetais que forman o saco pechado que contén o embrión de réptiles, aves e mamíferos e o líquido que o envolve.

amniocentese *s.f.* Punción do amnio para extraer líquido amniótico con fins diagnósticos.

amniorrea *s.f.* Saída de líquido amniótico por rotura completa ou incompleta das membranas fetais.

amnioscopia *s.f.* Técnica de observación directa do feto e o líquido amniótico que se realiza introducindo un endoscopio a través da vaxina e o pescozo uterino ou incidindo as paredes abdominal e do útero.

amioscopio *s.m.* Aparello provisto de luz que se introduce na cavidade amniótica para o seu exame.

amniota *s.m.* Animal que desenvolve membranas amnióticas, como é o caso de réptiles, aves e mamíferos.

amniótico-a *adx.* Relativo ó amnio ou ós vertebrados amniotas.

amoníaco *s.m.* Gas incoloro, de olor irritante, soluble en auga e composto de nitróxeno e hidróxeno que se emprega como estimulante da respiración e a expectoración.

amorfia *s.f.* 1. Calidade de amorfo. 2. Deformidade orgánica.

amorfo-a *adx.* 1. Que non ten forma regular ou ben definida. 2. En química, que non está cristalizado.

amoucharse *v.* Encollerse por enfermidade ou outro motivo parecido.

amoxicilina *s.f.* Antibiótico da familia da penicilina.

AMP Siglas de adenosinmonofosfato.

AMPC Siglas de adenosinmonofosfato cíclico.

ampicilina *s.f.* Antibiótico da familia da penicilina.

amputación *s.f.* Separación completa, espontánea ou traumática, dunha parte saliente do corpo, especialmente a operación cirúrxica na que se secciona completamente un membro incluíndo o óso e as partes brandas. Cando coincide cunha articulación denomínase desarticulación.

amusia *s.f.* Perda da capacidade para entender e reproducir sons musicais. Tamén se di **afasia musical**.

ana Nas receitas maxistrais significa que cando hai máis dunha substancia, a cantidade de cada unha delas é partes iguais.

ana- Prefixo que significa cara a, arriba, atrás, contra, exceso, de novo, sobre.

anabolismo *s.m.* Formación no organismo de compostos químicos complexos a partir doutros máis sinxelos, por exemplo proteínas a partir de aminoácidos, xeralmente con consumo de enerxía; o contrario de catabolismo.

anabolito *s.m.* Calquera substancia formada como resultado dos procesos anabólicos.

anabrose *s.f.* Ulceración superficial.

anacidez *s.f.* Ausencia de acidez, especialmente no zume gástrico por ausencia de ácido clorhídrico.

anacrótico-a *adx.* Forma abreviada de anadicrótico, refírese á onda ascendente do trazado do pulso que é dobre pola existencia de dúas ou máis expansións da arteria con cada latexo.

anacrotismo *s.m.* Característica da onda do pulso que presenta unha ou máis elevacións na parte ascendente, é típico da insuficiencia aórtica.

anadrenalismo *s.m.* Ausencia da función suprarrenal.

anaerobio-a *adx.* Que pode vivir en ausencia de osíxeno. // **A. facultativo.** Anaerobio que pode vivir en ausencia ou en presenza de osíxeno. / **A. obrigado.** Anaerobio que só vive en ausencia de osíxeno.

anaerobiose *s.f.* Vida nunha atmosfera sen osíxeno libre.

anaeróxeno-a *adx.* Que non produce gas.

anafase *s.f.* Fase da mitose ou da meiose, na que os cromosomas emigran da placa ecuatorial cara ós polos da célula.

anafiláctico-a *adx.* 1. Pertencente ou relativo á anafilaxia. 2. Que é sensible e reacciona de maneira esaxerada ante a inoculación de proteínas ou outro material estraño.

anafilaxia *s.f.* 1. Resistencia diminuída a unha toxina ou hipersensibilidade inducida como resultado da inoculación previa do mesmo material, tipo de reacción inmunoalérxica (alérxica) iniciada pola combinación antígeno-anticorpo e caracterizada pola contracción do músculo liso e a dilatación capilar mediada pola liberación de histamina, serotonina e outras substancias farmacoloxicamente activas. 2. Choque anafiláctico.

anaforese *s.f.* 1. Diminución da actividade das glándulas sudoríparas. 2. Movemento das partículas con carga negativa (anións) dunha solución ou suspensión, cara ó ánodo na electroforese.

anaforia *s.f.* Tendencia dos ollos cando están en repouso a moverse cara arriba.

anal *adx.* Pertencente ou relativo ó ano.

analéptico-a *adx.* Axente ou medicamento estimulante do sistema nervioso central.

análise *s.f.* 1. Proceso polo que é posible determinar a composición dunha substancia. 2. Exame e estudo dun todo para coñecer as partes que o compoñen. // **A. colorímetra.** Análise cuantitativa fundada na medición da intensidade dunha cor. / **A. cualitativa.** Determinación da natureza dos compoñentes dun composto. / **A. cuantitativa.** Determinación das cantidades proporcionais dos constituíntes dun composto. / **A. gravimétrica.** Análise cuantitativa dun corpo por pesadas.

analista *s.* Persoa que realiza determinacións analíticas.

análogo-a *adx. e s.* 1. Semellante funcionalmente pero de orixe ou estrutura diferentes. 2. Que ten a mesma función pero estrutura distinta. 3. En química, que semella outro en estrutura pero que non é necesariamente un isómero.

analxesia *s.f.* Estado no que os estímulos nociceptivos se perciben pero non se interpretan como dolorosos, vai acompañado de sedación sen perda da conciencia.

analxésico-a *s.m.* 1. Composto capaz de producir analxesia, é dicir, de diminuí-la dor mediante a alteración da percepción dos estímulos nociceptivos sen producir anestesia nin perda da conciencia. // *adx.* 2. Pertencente ou relativo á analxesia.

analxesina *s.f.* Antipirina.

anamnese *s.f.* 1. Acto de recordar. 2. Parte da historia clínica dun paciente que contén os datos familiares e persoais relativos á enfermidade.

ananismo *s.m.* Defecto conxénito do crecemento que ten a súa orixe en lesións hipofisarias, hipotalámicas, renais, hepáticas e outras. // **A. hipofisario.** A causa principal é a falta de produción da hormona hipofisaria do crecemento (GH). / **A. hipotalámico.** Ten a súa orixe nunha lesión do hipotálamo e débese á falta da hormona liberadora da hormona do crecemento (GH-GR) ou a un exceso de somatostatina (GH-IH).

anano *s.m.* De estatura ou tamaño máis baixo do normal. // **A. focomélico.** Individuo que ten as diáfises das extremidades anormalmente curtas. / **A. normal.** Individuo de tamaño pequeno pero proporcionado.

anaplasia *s.f.* Indiferenciación das células, perda da diferenciación estrutural como ocorre na maioría das neoplasias malignas.

anapófise *s.f.* Apófise espiñal accesoria dunha vertebra.

anasarca *s.f.* Infiltración xeneralizada de líquido de edema que afecta a todo o organismo. Tamén se di **hidropisia**.

anastomose *s.f.* 1. Comunicación natural entre vasos sanguíneos ou outras estruturas tubulares. 2. Unión cirúrxica de dúas estruturas ocas ou tubulares. 3. Formación cirúrxica ou patolóxica dunha comunicación entre espazos ou órganos separados normalmente.

anastomótico-a *adx.* Pertencente ou relacionado cunha anastomose.

anatomía *s.f.* 1. Ciencia que estuda a estrutura ou morfoloxía dos organismos. 2. Estructura dun organismo. 3. Disección dun corpo.

anatómico-a *adx.* Relacionado coa anatomía, estrutural.

anatoxina *s.f.* Toxina que foi inactivada perdendo a súa acción tóxica pero conservando as propiedades inmunitarias.

anatoxiterapia *s.f.* Terapéutica por medio de anatoxinas.

anatripsia *s.f.* Uso terapéutico das fregas aínda que non se aplique simultaneamente un medicamento.

anatríptico-a *adx.* 1. Pertencente ou relativo á anatripsia. // *s.* 2. Medicamento para ser aplicado mediante fregas.

anaxénese *s.f.* Estado de reparación ou rexeneración tisular.

anaxeno *s.m.* Fase do ciclo de crecemento do pelo.

anción-á *adx. e s.* De moita idade, vello.

anconite *s.f.* Inflamación da articulación do cóbado ou do olécrano.

ancoraxe *s.f.* 1. Fixación cirúrxica dos órganos abdominais ou pelvianos prolapsados ou lasos. 2. Parte na que se axusta algo, por exemplo en odontoloxía a peza dental onde se axusta a dentadura removible ou un material de restauración.

andro- Prefixo que significa masculino, home.

androblastoma *s.m.* Tumor testicular.

androcito *s.m.* Espermatocito.

androide *adx.* Semellante a un home na súa forma ou estrutura.

androloxía *s.f.* Rama da medicina que trata das enfermidades propias do sexo masculino, en especial trastornos da función sexual e a reprodución do home.

andropausa *s.f.* Climaterio masculino.

androsterona *s.f.* Metabolito esteroide que se atopa na urina do home de acción androxénica débil.

androxénico-a *adx.* Que posúe efecto masculinizante.

anel *s.m.* 1. Órgano, zona ou materia en forma anular ou circular. 2. En química, serie de átomos unidos entre si nunha cadea continua ou pechada.

anemia *s.f.* Estado no que o número de glóbulos vermellos por mm³, a cantidade de hemoglobina en 100 ml de sangue ou o volume de glóbulos vermellos por cada 100 ml de sangue son inferiores ás cifras normais, o que indica a menor capacidade dun volume determinado de sangue para transportar osíxeno. As manifestacións clínicas son: palidez de pel e mucosas, dispnea, taquicardia e fatiga entre outras.

anencefalia *s.f.* Desenvolvemento conxénito defectuoso do cranio e do cerebro, ausencia de cerebro.

anentérico-a *adx.* Que non posúe intestinos, dise dalgúns parasitos como a tenia.

anerosia *s.f.* Falta de erección do pene no home.

anexia *s.f.* Ausencia demostrable da reacción de sensibilización a substancias que deberían ser antixénicas.

anestesia *s.f.* 1. Estado caracterizado pola abolición da sensibilidade como resultado de depresión farmacolóxica da función nerviosa ou dunha enfermidade neurolóxica, perda da sensibilidade dolorosa. 2. Anestesioloxía.

anestesiari *v.* Someter á influencia de anestésicos.

anestésico-a *adx.* 1. Insensible ó tacto e á dor. // *s.m.* 2. Substancia que produce anestesia.

anestesiólogo-a *s.* Persoa especializada en anestesia, capacitada legalmente para administrar anestésicos e realiza-las técnicas desta especialidade.

anestesioloxía *s.f.* Especialidade médica que trata dos aspectos farmacolóxicos, fisiolóxicos e clínicos da técnica anestésica e doutras áreas como reanimación e terapia da dor.

anestesista *s.* Persoa que administra un anestésico. Tamén se di **anestesiólogo**.

aneurisma *s.m.* Dilatación localizada dun vaso sanguíneo, case sempre dunha arteria con rotura ou non das súas paredes. // **A. abdominal.** Aneurisma da aorta abdominal. / **A. aórtico.** Aneurisma da aorta en calquera rexión anatómica. / **A. disecante.** Aneurisma producido pola rotura incompleta da parede arterial que só afecta á capa íntima onde penetra o fluxo de sangue producindo o desdoblamento ou disección da parede. / **A. torácico.** Dilatación adquirida da parede aórtica.

aneurismático-a *adx.* Relacionado cun aneurisma.

aneurismorrafia *s.f.* Restauración das dimensións normais da luz dun vaso aneurismático mediante peche por sutura da dilatación sacular.

anexectomía *s.f.* 1. Extirpación de calquera anexo. 2. En xinecoloxía, escisión dunha trompa de Falopio e dun ovario, que pode ser bilateral.

anexo *s.m.* Apéndice, parte accesoria dun órgano ou dunha estrutura principal. // **A. cutáneos.** Os pelos e as unllas. / **A. do feto.** Cordón umbilical, amnio e placenta. / **A. do ollo.** O aparello lacrimal e as pálpebras.

anfi- Prefixo que significa ámbolos dous lados, dobre, ó redor de.

anfiartrose *s.f.* Articulación na que as superficies están unidas por discos de fibrocartilaxe, por exemplo as vertebros ou a sínfise púbica.

anfiáster *s.m.* Figura formada durante a mitose polos dous ásteres e as liñas fusiformes que os unen. Tamén se di **diáster**.

anficrania *s.f.* Dor neurálxica nos dous lados da cabeza.

anfitimia *s.f.* Estado mental no que alternan episodios de depresión e euforia.

anfórico-a *adx.* Que semella o ruído que se produce cando se sopra na boca dunha botella.

anforiloquia *s.f.* Presencia de sons anfóricos ó falar.

anforofonía *s.f.* Voz anfórica.

anfotérico-a *adx.* Que ten dúas características opostas, especialmente a capacidade de comportarse como un ácido ou como unha base, reaccionando indistintamente co papel tornasolado vermello e azul. Tamén se di **anfótero**.

anfótero-a *adx.* Anfotérico.

angarellas *s.f.pl.* Padiola.

***anguixola** *s.f.* V. **sambesuga**.

ángulo *s.m.* 1. Punto de unión de dúas liñas ou planos ou o espacio limitado por eles. 2. Flexión ou curvatura dunha estrutura ou dun órgano, por exemplo o ángulo do colon.

anhidrase *s.f.* Enzima que cataliza a eliminación de auga dun composto.

anhidremia *s.f.* Deficiencia de auga ou sales no sangue.

anhídrido *s.m.* Óxido que pode combinarse coa auga para formar un ácido, ou que deriva dun ácido mediante a extracción de auga. // **A. carbónico.** CO₂. Dióxido de carbono. Gas incoloro, inodoro, máis denso có aire, transportado polo sangue venoso para a súa eliminación coa respiración.

anhidro- Prefixo que en química indica a extracción de auga.

anhidro-a *adx.* Que non contén auga, especialmente a de cristalización.

anhidrose *s.f.* Ausencia de sudación.

anhidrotico-a *adx.* Que inhibe a segregación de suor. Antihidrotico.

anictérico-a *adx.* Sen ictericia.

anilina *s.f.* C₆H₅NH₂. Líquido incoloro, soluble na auga, no éter e no alcohol que se obtén do alcatrán da hulla e o índigo e prepárase na industria por redución do nitrobenzol. É velenoso, pero empregouse no tratamento da corea e da epilepsia e na actualidade é unha das primeiras materias primas para a obtención de colorantes artificiais empregados en técnicas histolóxicas e bacteriolóxicas e na industria. É causa de graves intoxicacións con depresión da medula ósea e metahemoglobinemia. Tamén se di **aminobenceno**, **amidobenceno** e **fenilamina**. // **A. benzoica.** Benzanilida.

anilinismo *s.m.* Intoxicación aguda ou crónica por exposición a colorantes de anilina caracterizada por metahemoglobinemia e anemia aplásica, vertixe, debilidade muscular, cianose e trastornos dixestivos. Tamén se di **anilismo**.

anilinófilo-a *adx.* 1. Que se tingue facilmente cos colorantes de anilina. // *s.m.* 2. Elemento ou célula que ten esta propiedade.

anilipirina *s.f.* Composto de antipirina e acetanilida, empregado como antiséptico e analxésico no reumatismo e na gripe.

anilismo *s.m.* Anilinismo.

ánima *s.f.* 1. Alma. 2. Principio activo dun medicamento. 3. Para Jung, inconsciente ou ser interno do individuo, a diferenza da personalidade que presenta ó mundo, e tamén compoñente feminino da personalidade do home.

animación *s.f.* 1. Acto ou efecto de animar ou animarse. 2. Manifestación dos actos característicos da vida animal. 3. Diversa expresión nas accións, palabras ou movementos. // **A. suspendida.** Estado pasaxeiro de morte aparente.

animal *s.m.* 1. Organismo vivo que posúe sensibilidade e capacidade de se mover á súa vontade e que necesita osíxeno e alimentos orgánicos para sobrevivir. // *adx.* 2. Pertencente ou relativo a este organismo. // **A. control.** Animal testemuña. / **A. de Houssay.** Animal de experimento, sen hipófise nin páncreas. / **A. descerebrado.** Animal ó que lle quitaron os hemisferios cerebrais. / **A. espiñal** ou **medular.** Animal ó que lle seccionaron a medula. / **A. experimental.** Animal sobre o que se practican experimentos. / **A. normal.** Animal usado nos experimentos de bacterioloxía, que nunca foi infectado, natural nin artificialmente, animal testemuña ou de control. / **A. talámico.** Animal ó que lle seccionaron o talo cerebral inmediatamente por riba do tálamo. / **A. testemuña.** Animal normal.

animalidade *s.f.* Conxunto das calidades ou facultades que teñen os seres que forman o reino animal.

animismo *s.m.* 1. Doutrina de Stahl que sostén que a alma é a orixe dos procesos normais e patolóxicos. 2. Atribución de vida propia a obxectos inanimados, característica do pensamento do neno pequeno.

ánimus *s.m.* Na psicanálise de Jung, o compoñente masculino ou alma masculina da personalidade dunha muller.

anincretinose *s.f.* Falta ou deficiencia dunha secreción interna.

anión *s.m.* Ión que leva unha carga negativa porque ganou un ou máis electróns e que na electrólise se dirixe ó polo positivo ou ánodo. Os anións inclúen tódolos metaloides, os radicais ácidos e o ión hidroxilo e indícanse cun signo menos.

aniridia *s.f.* Falta conxénita do iris.

anís *s.m.* 1. Planta herbácea umbelífera, usada na fabricación de xaropes e bebidas alcohólicas. 2. Semente desta planta. 3. Licor fabricado con esta planta.

anisado-a *adx.* Aromatizado con anís.

anisato *s.m.* Sal do ácido anísico, antiséptico e antipirético.

Anisakis Xénero de nematodos que infestan aves, peces e mamíferos.

anisaquiase *s.f.* Manifestación alérxica producida no home pola inxesta de peces infestados por anisakis.

aniseiconía *s.f.* Estado no que difiren en dimensións e forma as imaxes dun ollo coas do ollo oposto.

anísico (ácido) *s.m.* Ácido cristalizado, $C_8H_8O_3$, obtido do anís e o fiúncho, que forma anisatos.

aniso- Prefixo coa significación de desigual.

anisocariose *s.f.* Desigualdade no tamaño dos núcleos das células.

anisocitose *s.f.* Desigualdade no tamaño de células que habitualmente son uniformes, en especial dos glóbulos vermellos.

anisocoria *s.f.* Desigualdade no diámetro das pupilas.

anisocromía *s.f.* Variación na cor dos glóbulos vermellos debido á hemoglobina.

anisodactilia *s.f.* Desigualdade na lonxitude dos dedos correspondentes dunha man cos da outra.

anisodáctilo-a *adx.* Que ten os dedos correspondentes dunha man cos da outra desiguais.

anisodonte *adx.* Que ten os dentes desiguais.

anisofigmia *s.f.* Pulso de amplitude desigual pero rítmico.

anisoforia *s.f.* Estado no que os eixes visuais de ámbolos dous ollos non se atopan no mesmo plano horizontal.

anisogamético-a *adx.* Caracterizado por producir gametos diferentes en dimensións e estrutura.

anisogameto *s.m.* Gameto que difire en dimensión e estrutura co outro co que se une.

anisogamia *s.f.* 1. Fusión de gametos desiguais. 2. Condición sexual na que os gametos difiren en estrutura e tamaño, como nos parasitos do paludismo.

anisognato-a *adx.* De mandíbulas moi desiguais de tamaño.

anisomastia *s.f.* Desigualdade de tamaño das mamas.

anisomería *s.f.* Desigualdade de partes ou órganos.

anisometría *s.f.* Anomalía e irregularidade nas dimensións dos glóbulos vermellos.

anisometropía *s.f.* Diferencia no poder de refracción de ámbolos dous ollos.

anisomielia *s.f.* Desigualdade entre membros pares.

anisomiopía *s.f.* Diferencia salientable da miopía entre os dous ollos dun mesmo paciente.

anisomorfia *s.f.* Irregularidade na forma dos glóbulos vermellos do sangue.

anisopía *s.f.* Desigualdade de visión en ámbolos dous ollos. Tamén se di **anisopsia**.

anisopiase *s.f.* Variación da presión sanguínea en distintas partes do corpo.

anisopsia *s.f.* Anisopía.

anisorritmia *s.f.* Falta de sincronismo entre os ritmos auricular e ventricular.

anisostenia *s.f.* Forza desigual entre músculos pares.

anisosténico-a *adx.* Dos músculos pares que teñen forza desigual.

- anisotermia** *s.f.* Desigualdade da temperatura cutánea en partes simétricas do corpo.
- anisotónico-a** *adx.* 1. Que amosa variación no ton ou na tensión. 2. Que ten presión osmótica diferente da solución coa que se compara.
- anisotropía** *s.f.* 1. Calidade ou condición de ser anisotrópico. 2. Teoría segundo a que as diversas partes do animal estarían preformadas no ovo.
- anisotrópico-a** *adx.* 1. Que ten propiedades diferentes en direccións distintas, por exemplo en calquera unidade que carece de simetría esférica. 2. Que posúe refracción dobre ou que ten poder de polarización dobre.
- anisótropo-a** *adx.* Anisotrópico.
- anisuria** *s.f.* 1. Alternancia de oliguria e poliúria. 2. Eliminación pola urina de compostos anisados, por exemplo ácido anísico.
- anite** *s.f.* Inflamación do ano. Tamén se di **proctite**.
- ano** *s.m.* Orificio terminal do tubo dixestivo, polo que se expelen os excrementos. // **A. artificial** ou **contra natura**. Abertura cirúrxica ou espontánea do intestino na parede do abdome. / **A. de Rusconi**. O blastoporo. / **A. imperforado**. Persistencia da membrana anal, de maneira que o ano permanece pechado.
- anoblepsia** *s.f.* Síntoma caracterizado pola fixación da mirada cara arriba.
- anociación** *s.f.* Método de Crile para diminuí-lo efecto do choque cirúrxico pola asociación da anestesia local dos troncos nerviosos coa anestesia xeral. Tamén se di **anociasociación**.
- anociasociación** *s.f.* Anociación.
- anoclesia** *s.f.* Tranquilidade.
- anococíxeo-a** *adx.* Relativo ó ano e ó cóccix.
- anocromasia** *s.f.* 1. Estado no que a hemoglobina das hemacias se acumula na periferia destas deixando pálido o centro. 2. Falta de coloración nas células ou tecidos.
- anodermo** *s.m.* Revestimento epitelial do conducto anal.
- anódico-a** *adx.* 1. Relativo ó ánodo. 2. Ascendente.
- anodinia** *s.f.* Falta de dor.
- anodinina** *s.f.* Antipirina.
- anódino-a** *adx.* 1. Que fai cesa-las dores, calmante. // *s.m.* 2. Axente ou fármaco que calma a dor, nos que se inclúen opio, morfina, codeína, aspirina e outros. Tamén se di **acesódino**.
- ánodo** *s.m.* Electrodo ou polo positivo que atrae ións negativos.
- anodoncia** *s.f.* Falta conxénita dos dentes, que pode afectar a tódolos dentes (anodoncia total) ou só a algúns (anodoncia parcial, hipodoncia) e á dentición caduca e permanente, ou soamente ós dentes permanentes.
- anoesia** *s.f.* Falta de entendemento, idiotiez.
- Anófele** Xénero de mosquitos que transmiten o paludismo.
- anoforia** *s.f.* Anotropía.
- anoftalmía** *s.f.* Falta conxénita dos ollos.
- anoftalmo-a** *adx.* Que naceu sen ollos.
- anoia** *s.f.* 1. Idiotiez, demencia. 2. Estupor agudo.
- anomalía** *s.f.* Desviación da norma, en especial por consecuencia de defectos conxénitos ou hereditarios.
- anómalo-a** *adx.* Irregular, estraño, que se afasta do tipo normal.
- anomalopía** *s.f.* Defecto parcial na visión das cores, con conservación ás veces da percepción das catro cores básicas. Tamén se di **anomalopsia**.
- anomalopsia** *s.f.* Anomalopía.
- anomaloscopio** *s.m.* Instrumento para o exame da cegueira para as cores.
- anomalotrofia** *s.f.* Nutrición anormal.
- anomía** *s.f.* 1. Variedade de afasia caracterizada pola imposibilidade de nomea-los obxectos ou de recoñecer-los seus nomes. 2. Debilitamento das normas ou os valores sociais, ou as normas individuais, que produce ansiedade, illamento e desorientación persoal.
- anomocéfalo-a** *adx.* Que presenta na cabeza algunha deformidade.
- anomocromía** *s.f.* Alteración ou irregularidade na coloración da pel.
- anónfalo-a** *adx.* Que non ten embigo.
- anonicense** *s.f.* Falta conxénita das unllas. Tamén se di **anoniquia**.
- anoniquia** *s.f.* Anonicense.
- anoperineal** *adx.* Relativo ó ano e ó perineo.
- anoplastia** *s.f.* Intervención plástica ou reconstructora do ano.
- anopsia** *s.f.* 1. Cegueira a pesar da integridade do aparello de recepción (retina, nervio óptico). Tamén se di **ablepsia**, **ambliopía**. 2. Estrabismo no que o ollo se volve cara a arriba. Tamén se di **anoforia**, **anotropía**.
- anorco** *s.m.* Individuo sen testículos ou con testículos non descendidos.
- anorético-a** *adx.* 1. Pertencente ou relativo á anorexia. 2. Que sofre anorexia.
- anorexia** *s.f.* Redución ou perda do apetito. // **A. mental** ou **nerviosa**. Síndrome psiquiátrica caracterizada por incapacidade grave e duradeira para comer ou renuncia a facelo, acompañada de vómitos espontáneos ou provocados, que leva ó adelgazamento extremo, cursa ademais con alteracións das funcións sexuais e outros cambios biolóxicos.

anorexíxeno-a *adx.* 1. Que produce anorexia, anoréctico. // *s.m.* 2. Axente que diminúe o apetito ou produce anorexia. Tamén se di **anorexiante**.

anorgánico-a *adx.* Independente dunha lesión orgánica, como algúns sopros cardíacos. Tamén se di **inorgánico**.

anorgasmia *s.f.* Falta de orgasmo ou de pracer no acto sexual.

anormal *adx.* 1. Que se afasta da norma, anómalo, irregular. 2. Que ten un desenvolvemento físico, mental ou intelectual defectuoso. // *s.m.* 3. Individuo anormal ou deficiente mental.

anormalidade *s.f.* 1. Calidade do que é anormal. 2. Malformación ou deformidade.

anorquia *s.f.* Falta conxénita dos testículos. Tamén se di **anorquidia**, **criptorquidia**.

anorquidia *s.f.* Anorquia.

anórquido-a *adx.* Que non ten testículos no escroto.

anorrectal *adx.* Relativo ó ano e ó recto ou á zona onde ámbolos dous se unen.

anorrecto *s.m.* Ano e recto considerados como unidade.

anorrorrea *s.f.* Falta ou diminución dunha secreción serosa.

anortografía *s.f.* Perda da facultade para escribir correctamente.

anortopía *s.f.* Distorsión da visión. Tamén se di **estrabismo**.

anortoscopia *s.m.* Instrumento para combinar dous debuxos inconexos nunha imaxe visual perfecta.

anortose *s.f.* Falta de erectilidade do pene, é unha forma de impotencia.

anoscopia *s.f.* Exame do ano e da porción inferior do recto cun anoscopio.

anoscopio *s.m.* Espéculo que se emprega para o exame da porción inferior do recto e o ano.

anosfrasia *s.f.* Anosmia. Tamén se di **anosfresia**.

anosfresia *s.f.* Anosfrasia.

anosia *s.f.* Saúde completa, estado sen enfermidade.

anosigmoidoscopia *s.f.* Exame endoscópico do ano, recto e colon sigmoide.

anosmático-a *adx.* Que carece do sentido do olfacto ou o ten imperfecto.

anosmia *s.f.* Falta do sentido do olfacto. Tamén se di **aosmia**, **anodmia**, **anosfrasia**, **anestesia olfactiva**.

anósmico-a *adx.* 1. Pertencente ou relativo á anosmia. 2. Sen olor. Tamén se di **aósmico**.

anosodiaforia *s.f.* Indiferencia para a existencia dunha enfermidade.

anosognosia *s.f.* Perda da capacidade para recoñecer ou darse conta dun defecto funcional dunha extremidade afecto de parálise, garda relación con lesións do hemisferio non dominante e con hemiparesia esquerda, pero pode ocorrer con outras lesións cerebrais.

anospinal *adx.* Pertencente ó ano e á medula espiñal.

anosteoplasia *s.f.* Anostose.

anostose *s.f.* 1. Desenvolvemento óseo defectuoso. 2. Atrofia senil ou morbosa dos ósos.

anotia *s.f.* Falta conxénita das orellas.

anoto *s.m.* Individuo que carece de orellas.

anotropía *s.f.* Versión patolóxica e non voluntaria dos ollos cara arriba. Tamén se di **anoforia**, **anopía**.

anovaria *s.f.* Ausencia ou aplasia dos ovarios. Anovario.

anovarismo *s.m.* Ausencia de ovarios. Anovario.

anovaxinal *adx.* Pertencente ó ano e á vaxina, ou que comunica coa canle anal e coa vaxina, por exemplo unha fístula anovaxinal.

anovesical *adx.* Pertencente ou relativo ó ano e á vexiga urinaria.

anovulación *s.f.* Suspensión ou cesamento da ovulación. Tamén se di **anovulia**.

anovular *adx.* Que non se acompaña do desprendemento dun óvulo.

anovulatorio-a *adx.* e *s.m.* Que inhibe a ovulación.

anovulia *s.f.* Anovulación.

anovulomenorrea *s.f.* Menstruación sen ovulación.

anoxia *s.f.* Estado de osixenación insuficiente, en especial cando existe insuficiencia do subministro de osíxeno ós tecidos a pesar da perfusión axeitada destes polo sangue. // **A. anémica.** Anoxia por diminución da concentración de hemoglobina ou do número de hemacias no sangue. / **A. anóxica.** Anoxia debida a un trastorno na fonte de osíxeno. / **A. de altura.** Deficiencia de osíxeno nas grandes altitudes. / **A. histolóxica.** Anoxia que resulta dun trastorno dos tecidos que dificulta a utilización de osíxeno. / **A. por estase.** Anoxia que resulta do fluxo sanguíneo insuficiente polos capilares, con difusión anormal de osíxeno nos pulmóns e presión parcial baixa de osíxeno nos tecidos.

anoxibiose *s.f.* Anaerobiose.

anóxico-a *adx.* Pertencente ou relativo á anoxia ou caracterizado por ela.

anoxihemia *s.f.* Diminución do osíxeno no sangue. Tamén se di **anoxia**.

anoxihémico-a *adx.* Caracterizado pola falta dunha proporción normal de osíxeno no sangue ou producido por ela.

anquil-, anquilo- Prefixo que significa adherencia, soldadura, asa, ángulo.

anquilteria *s.f.* Adherencia accidental dos intestinos.

anquilobléfaron *s.m.* Adherencia entre si dos bordos ciliares das pálpebras. Tamén se di **simbléfaron**.

anquilocia *s.f.* Anquilotia.

anquilocolpo *s.m.* Atresia ou imperforación da vaxina.

anquilocoria *s.f.* Inmobilidade pupilar por sinequias.

anquilodactilia *s.f.* Adherencia entre si dos dedos da man ou do pé. Tamén se di **sindactilia**.

anquilodere *s.m.* Cabaleiro. Cabalo.

anquilodoncia *s.f.* Soldadura dos dentes.

anquilofobia *s.f.* Temor patolóxico á anquiloise nos casos de fractura ou enfermidade dunha articulación.

anquiloglosia *s.f.* Curtidade do freo da lingua, que dificulta os movementos desta.

anquilomela *s.f.* Sonda curva.

anquilómelo *s.m.* Monstro fetal que ten as pernas adheridas.

anquilomerismo *s.m.* Adherencia anormal dunha parte calquera.

anquilope *s.m.* Anquilops.

anquilopodia *s.f.* Anquiloise do nocello.

anquilopoético-a *adx.* Caracterizado por anquiloise ou que a produce.

anquiloproctia *s.f.* Estreiteza ou estenose cicatricial do ano.

anquilops *s.m.* Tumoración preto do ángulo palpebral interno debida á éctase do dacriocisto. Tamén se di **anquilope**.

anquiloquilia *s.f.* Adherencia dos labios entre si.

anquilorrinia *s.f.* Adherencia da ala do nariz ó tabique.

anquiloise *s.f.* Limitación dos movementos ou inmovilidade dunha articulación móbil por enfermidade, lesión ou procedementos cirúrxicos. // **A. artificial.** Fixación cirúrxica dunha articulación. Artrodese. / **A. fibrosa.** Mobilidade diminuída dunha articulación por crecemento de tecido fibroso. Tamén se di **anquiloise falsa, anquiloise spuria e anquiloise extracapsular.** / **A. intracapsular.** Anquiloise debida a adherencias fibrosas na superficie dunha articulación. / **A. muscular.** A debida a contracción muscular. / **A. ósea ou verdadeira.** Unión anormal dos ósos dunha articulación. Tamén se di **sinostose**.

anquilostoma *s.m.* Parasito nematodo do xénero *Ancylostoma*.

anquilostomíase *s.f.* Enfermidade causada pola presenza no intestino de anquilostomas que cursa con anemia, debido ás continuas pequenas hemorrxias que nas paredes do intestino provocan os parasitos e os

velenos hemolíticos que segregan, e con trastornos dixestivos. Tamén se di **anquilostomose**.

anquilostomose *s.f.* Anquilostomíase.

anquilotia *s.f.* Oclusión do orificio auditivo externo. Tamén se di **anquilocia**.

anquilotomía *s.f.* Sección do freo da lingua para corraxir unha anquiloglosia.

anquilótomo *s.m.* 1. Instrumento para anquilotomía, anquiloglosótomo. 2. Calquera coitelo curvo.

anquilouretria *s.f.* Estenose cicatricial ou estreiteza da uretra.

ansia *s.f.* 1. Aflicción, angustia, congoxa, desgusto que causa grande inquietude. 2. Náusea, esforzos angustiosos para vomitar.

ansiar *v.* 1. Causar ansia ou ansiedade a alguén. 2. Oprimir, angustiar. 3. Ter ou padecer ansias. 4. Respirar con dificultade e ruidosamente. 5. Angustiar, agoniarse.

ansiedade *s.f.* 1. Temor dun suxeito ante un perigo real ou imaxinario acompañado de cambios fisiolóxicos (taquicardia, suoración, tremor, etc.). 2. Axitación, angustia, inquietude de ánimo. 3. Estado patolóxico de axitación e inquietude que acompaña moitas doenzas con opresión na rexión precordial.

ansiolítico-a *adx.* 1. Que diminúe ou calma a ansiedade. // *s.m.* 2. Fármaco que ten esta propiedade.

ant- Prefixo que significa oposición ou contrariedade.

antafrodisíaco-a *adx.* Anafrodisíaco.

antagonismo *s.m.* Oposición ou contrariedade entre cousas semellantes, por exemplo, entre músculos, medicamentos ou organismos. Incompatibilidade.

antagonista *adx.* 1. Relativo ós músculos que nunha mesma rexión anatómica actúan en sentido contrario, como os flexores e extensores, ou ós nervios que animan funcións contrarias nun mesmo órgano, como o sistema simpático e parasimpático. 2. Relativo ás substancias ou fármacos de acción contraria que tenden a neutralizarse nos seus efectos. 3. Relativo ó dente que se articula co seu oposto do outro maxilar.

antálxico-a *adx.* Que alivia a dor, anódino. Tamén se di **analxésico**.

ante- Forma prefixa que significa prioridade en tempo ou espacio.

ante mortem (lat.) Antes da morte.

ante partum (lat.) Antes do parto.

anteboca *s.f.* Parte anterior da boca.

antebrazo *s.m.* Segmento do membro superior entre o pulso e o cóbado.

antecedente *adx.* 1. Anterior. // *s.m.* 2. Dato, circunstancia, persoal ou familiar, que interesa rexistrar na

historia patolóxica do doente pola súa posible relación co estado actual.

antecubital *adx.* Situado diante do cóbado.

antecurvatura *s.f.* Anteflexión lixeira.

antefebri *adx.* Antes da aparición da febre.

antefiáltico-a *adx.* Remedio ou axente contra os pesadelos.

anteflexión *s.f.* 1. Curvatura anormal cara a diante. 2. Curvatura normal do útero cara a diante.

antehélice *s.m.* Relevo curvo situado na cara externa do pavillón da orella, anterior e inferior á hélice. Tamén se di **antihélice**.

antehipófise *s.f.* Lobo anterior da hipófise. Tamén se di **adenhipófise**, **prehipófise**.

antelocación *s.f.* Desviación dun órgano cara a diante.

antelona *s.f.* Substancia obtida do intestino delgado (enterogastrona) ou da urina (urogastrona).

antemético-a *adx.* Antihemético.

antenatal *adx.* Que ocorre antes do nacemento, prenatal.

anteollos *s.m.pl.* Lentes dispostas nun marco que as suxeita na posición axeitada diante dos ollos, serven para resgardar da luz ou mellora-la visión dos ollos doentes.

anteparto *s.m.* Período de tempo inmediatamente anterior ó parto.

antepectoral *adx.* 1. Pertencente ou relativo á parte anterior do peito. 2. Situado na parte anterior do peito.

antepirético-a *adx.* Que ocorre antes da etapa febril.

antepuitario-a *adx.* Relativo ó lobo anterior da hipófise.

anteposición *s.f.* Desprazamento cara a diante.

antepróstata *s.f.* Glándula bulbouretral ou de Cowper.

anteprostite *s.f.* Inflamación da glándula de Cowper. Tamén se di **cowperite**.

anterético-a *adx.* Emoliente.

anterior *adx.* 1. Que está situado diante ou á fronte, que pertence á parte frontal dun órgano, que se dirixe cara ó extremo cefálico do corpo. 2. Previo, que precede no lugar ou no tempo. 3. Da superficie ventral do corpo.

antero- Prefixo que significa diante.

anteroclusión *s.f.* Alteración da oclusión dental, na que o arco do maxilar inferior se atopa diante da súa posición normal. Tamén se di **mesioclusión**.

anteroexterno-a *adx.* Situado diante e na parte exterior.

anterógrado-a *adx.* Que se move ou estende cara a diante. Tamén se di **antegrado**.

anteroinferior *adx.* Situado diante e abaixo.

anterointerno -a *adx.* Situado diante e na parte interna.

anterolateral *adx.* Situado diante e nun lado.

anteromedio -a *adx.* Situado diante e na liña media.

anteroposterior *adx.* Que se estende cara a diante.

anteropulsión *s.f.* 1. Propulsión. 2. Tendencia a caer cara a diante.

anterosuperior *adx.* Situado diante e arriba.

anterxia *s.f.* Antagonismo, resistencia.

antérxico-a *adx.* Antagonista, antiérxico.

anteversión *s.f.* 1. Desvío en masa, non curvado en ángulo, de calquera órgano cara a diante. 2. Posición normal do útero.

anti- Forma prefixa coa significación de oposición, fronte a, contra a.

antiabortivo-a *adx.* e *s.m.* Que impide o aborto ou facilita a xestación.

antiácido-a *adx.* e *s.m.* Que corrixe a acidez, xeralmente do estómago.

antiadrenérxico-a *adx.* 1. Que se opón ós efectos do sistema nervioso simpático. // *s.m.* 2. Axente que ten esta acción. Tamén se di **simpaticolítico**.

antiafrodisíaco-a *adx.* Anafrodisíaco.

antiaglutinina *s.f.* Anticorpo específico que inhibe ou destrúe a acción dunha aglutinina.

antiagresina *s.f.* Anticorpo específico inducido pola administración repetida dunha agresina, que se opón á acción desta.

antiagrípnic *s.m.* Hipnótico.

antialcalino-a *adx.* Que neutraliza a alcalinidade.

antialcohólico-a *adx.* Contrario ó alcohol.

antiálxico-a *adx.* Antálxico.

antiamebiano-a *adx.* 1. Que destrúe ou inhibe o crecemento das amebas. // *s.m.* 2. Axente que ten esta acción.

antianafilaxe *s.f.* Estado oposto á anafilaxe, no que non se obtén a reacción anafiláctica pola presenza de anticorpos libres en sangue, estado de insensibilidade ou desensibilización ós antíxenos.

antiandróxico-a *adx.* Que ten a capacidade de inhibir os efectos biolóxicos das hormonas andróxicas.

antianémico-a *adx.* 1. Relativo a factores ou substancias que corríxen ou prevenen a anemia. // *s.m.* 2. Axente que ten esta acción.

antianticorpo *s.m.* Anticorpo específico para outro anticorpo.

antiantitoxina *s.f.* Anticorpo que inhibe ou contrarresta os efectos dunha antitoxina.

antiapoplético-a *adx.* Que prevén ou remedia a apoplexía.

antiarcnolisina *s.f.* Antídoto do veneno da araña.

antiarrítmico-a *adx.* 1. Que impide ou alivia as arritmias cardíacas. // *s.m.* 2. Axente que ten esta acción.

antiartrítico-a *adx.* Que alivia a artrite.

antiasmático-a *adx.* Que prevén ou cura os ataques de asma.

antiautolisina *s.f.* Anticorpo dirixido contra unha autolisina.

antibacteriano-a *adx.* Que destrúe as bacterias ou impide o seu crecemento ou reprodución.

antibacteriolítico-a *adx.* Que contrarresta a acción bacteriolítica.

antibéquico-a *adx.* Antitusíxeno.

antibiograma *s.m.* Rexistro da sensibilidade ou resistencia in vitro dun xerme ante os diferentes antibióticos. Tamén se di **antibiotograma**.

antibiose *s.f.* Asociación entre dous ou máis organismos, que resulta nociva para un deles, ou entre un organismo e un antibiótico producido por outro, oposto a simbiose.

antibiótico-a *adx.* 1. Que destrúe a vida. 2. Relativo á antibiose. // *s.m.* 3. Substancia química elaborada por algúns microorganismos (bacterias e fungos) que ten a facultade, en solucións diluídas, de inhibirla actividade, o desenvolvemento, ou de matar outros microorganismos, que na actualidade tamén se obtén de substancias naturais ou de produtos sintéticos.

antibiotograma *s.m.* Antibiograma.

antibiotina *s.f.* Avidina.

antiblástico-a *adx.* Que retarda ou anula o desenvolvemento, aplicado ós medicamentos que actúan inhibindo o crecemento das bacterias, a acción das vitaminas e a mitose celular.

antiblenorráxico-a *adx.* 1. Que prevén ou cura a blenorrxia. // *s.m.* 2. Medicamento que ten esta acción.

antibrómico-a *adx.* 1. Desodorizante. // *s.m.* 2. Substancia que desodoriza.

anticalculoso-a *adx.* Que prevén ou elimina os cálculos, antilítico.

anticanceroso-a *adx.* Que combate o cancro.

anticarioso-a *adx.* Que prevén a carie.

anticarióxeno-a *adx.* Que inhibe a produción de carie.

anticatafilaxe *s.f.* Estado no que está inhibida a catafilaxe.

anticatalase *s.f.* Anticorpo que ten unha acción antagónica da catalase.

anticatalista *s.m.* Anticatalizador.

anticatalizador *s.m.* Substancia que retarda a acción dun catalizador actuando sobre o mesmo. Tamén se di **anticatalista**.

anticatarral *adx.* Que cura ou prevén o catarro.

anticátodo *s.m.* 1. Parte do tubo oposta ó cátodo. 2. Pequeno disco de platino, iridio ou tungsteno, no centro do tubo, sobre o que se concentran os raios catódicos.

anticáustico-a *adx.* Que contrarresta os efectos dos cáusticos.

anticefaláxico-a *adx.* Que cura ou prevén a cefalaxia.

anticetóxeno-a *adx.* Que inhibe a produción de corpos cetóxenos ou que acelera a súa utilización.

anticimótico-a *adx.* Que se opón ás accións dos fermentos ou de xermes semellantes a fermentos.

anticinase *s.f.* Anticorpo que inhibe a acción da cinase.

anticinese *s.f.* Tendencia dos seres vivos a resistir e dirixirse en sentido oposto a unha forza rotatoria.

anticipación *s.f.* 1. Aparición, antes do momento sinalado, dun síntoma ou signo periódicos. 2. En xenética, tendencia de certas enfermidades hereditarias a aparecer progresivamente a idade máis temperá nas xeracións sucesivas.

anticipante *adx.* Que se reproduce a intervalos cada vez máis curtos ou que aparece antes do tempo previsto.

anticitase *s.f.* Anticomplemento.

anticitolisina *s.f.* Anticorpo específico que inhibe ou destrúe a actividade dunha citolisina.

anticitotoxina *s.f.* Anticorpo específico que inhibe ou destrúe a actividade dunha citotoxina.

anticlinal *adx.* Que se inclina en direccións opostas, por exemplo lados opostos de estruturas triangulares.

anticlorótico-a *adx.* Que se emprega para a clorose.

anticnemio *s.m.* Canela, tibia.

anticoagulante *adx.* 1. Que evita ou retarda a coagulación do sangue. // *s.m.* 2. Substancia que, in vitro ou in vivo, inhibe, retarda ou anula a coagulación do sangue. // **A. circulante.** Substancia presente no sangue que inhibe a coagulación normal deste e causa síndromes hemorráxicas.

anticoagulina *s.f.* Substancia que suprime, retarda ou contrarresta a coagulación do sangue.

anticodon *s.m.* Triplete de nucleótidos no RNA de transferencia que é complementario do codon no RNA mensaxeiro e determina o aminoácido.

anticolaxenase *s.f.* Enzima que neutraliza a acción da colaxenase.

anticolelitóxeno-a *adx.* Que impide a formación de cálculos vesiculares.

anticolesterémico-a *adx.* 1. Que diminúe a concentración de colesterol no sangue. // *s.m.* 2. Axente que produce redución da concentración de colesterol no sangue, por exemplo sitostero e clofibrato. Tamén se di **anticolesterolémico**.

anticolesterolémico-a *adx.* Anticolesterémico.

anticolibacilar *adx.* Útil contra o colibacilo e as infeccións que produce.

anticolinérxico-a *adx.* Axente que bloquea o paso dos impulsos a través dos nervios parasimpáticos, parasimpaticolítico, antiadrenéxico.

anticolinesterase *s.f.* Fármaco que impide a hidrólise da acetilcolina pola acetilcolinesterase e desta maneira permite que se acumulen concentracións altas de acetilcolina nos sitios reactivos. Inhibidor da acetilcolinesterase.

anticomplemento *s.m.* Substancia que resiste ou contrasta un complemento.

anticoncepcional *adx.* 1. Oposto á concepción. // *s.m.* 2. Medio, práctica ou axente que impide a fecundación, contraceptivo.

anticonceptivo-a *adx.* e *s.m.* Que impide a fecundación.

anticontaxioso-a *adx.* Que evita o contaxio.

anticonvulsivo-a *adx.* e *s.m.* Que combate as convulsións.

anticorpo *s.m.* Molécula de inmunoglobulina que ten unha cadea específica de aminoácidos, pola que reacciona só co antíxeno que orixinou a súa síntese nas células da serie linfoide ou cun antíxeno relacionado. Segundo o mecanismo de acción os anticorpos clasifícanse como aglutininas, bacteriolisinas, hemolisinas, opsoninas, precipitinas, etc. Algúns, ó unirse co antíxeno, desencadean a reacción do complemento (fixación do complemento). In vivo, a reacción antíxeno-anticorpo confire protección fronte a enfermidades infecciosas, pero ás veces produce perigosas reaccións de hipersensibilidade. // **A. antinuclear.** Dirixido contra estruturas do núcleo. / **A. circulante.** Anticorpo presente no plasma sanguíneo. / **A. citófilo.** Anticorpo capaz de fixarse na membrana celular dotando desa maneira a célula de actividade contra o antíxeno. / **A. frío.** O que é máis activo a 20 ou 4 °C. / **A. hístico.** Dirixido contra estruturas das propias células do organismo (antimitocondriais, antimúsculo liso) en certas enfermidades de natureza autoimune. / **A. incompleto.** Anticorpo que se fixa á superficie das bacterias ou das hemacias sen produci-la súa aglutinación. / **A. quente.** O que é máis activo a 37 °C.

anti-D *s.m.* Anticorpo que reacciona contra o antíxeno D principal dos grupos sanguíneos Rh.

antidepresivo-a *adx.* 1. Que actúa contra a depresión. // *s.m.* 2. Axente que estimula o estado de ánimo dun paciente deprimido. // **A. tricíclicos.** Fármacos empregados no tratamento da depresión endóxena ou psicótica que teñen na súa estrutura un anel tricíclico, entre os que se inclúen imipramina, antriptilina, nortriptilina, protriptilina, desipramina e doxepina.

antidiarreico-a *adx.* Que combate a diarrea.

antidiastase *s.f.* Substancia formada no soro sanguíneo pola inxección dunha diastase e que se opón á acción desta.

antidiftérico-a *adx.* Que prevén ou cura a difteria.

antidifusor *s.m.* Dispositivo empregado en radioloxía para elimina-las radiacións secundarias.

antidinámico-a *adx.* Que reduce a forza.

antidínico-a *adx.* Que prevén a vertixe.

antidipsia *s.f.* Intolerancia á inxestión de líquidos.

antidisentérico-a *adx.* e *s.m.* Que cura ou prevén a disentería.

antidiurese *s.f.* Supresión da segregación urinaria.

antidiurético-a *adx.* e *s.m.* Que inhibe a produción de urina.

antidiuretina *s.f.* Vasopresina.

antidotai *adx.* Que se emprega como antídoto.

antidotario *s.m.* 1. Formulario de receitas. 2. Lugar destinado para os contravenenos e antídotos.

antídoto *s.m.* Axente que produce no organismo efectos sistémicos contrarios ós dunha toxina ou dun veneno. Tamén se di **antifármaco** e **contraveneno**. // **A. fisiolóxico.** O que contrarresta os efectos dun veneno ó producir efectos contrarios. / **A. mecánico.** O que impide a absorción do veneno. / **A. químico.** O que reacciona co veneno modificando a súa natureza química.

antidrómico-a *adx.* Relacionado coa propagación dos impulsos nunha dirección oposta á normal ó longo dun eixe.

antieccemático-a *adx.* e *s.m.* Que se emprega contra o eccema.

antiemético-a *adx.* e *s.m.* Que detén ou prevén as náuseas e o vómito.

antiendotoxina *s.f.* Anticorpo que inhibe a actividade das endotoxinas das bacterias.

antienzima *s.m.* Axente que retarda, inbibe ou destrúe a actividade dun enzima, que se forma no soro sanguíneo dun animal inducido pola administración repetida dun enzima.

antiepiléptico-a *adx.* e *s.m.* Remedio contra a epilepsia.

antiepitelial *adx.* Que destrúe as células epiteliais.

antierótico-a *adx.* Anafrodisíaco.

antiérxico-a *adx.* Antagonista, antérxico.

antiescabiético-a *adx.* Eficaz contra a sarna.

antiescabiioso-a *adx.* Eficaz contra a sarna.

antiesclerótico-a *adx.* Que prevén ou remedia a esclerose.

antiescorbútico-a *adx.* Eficaz para aliviar ou impedi-lo escorbuto.

antiescrofuloso-a *adx.* e *s.m.* Que combate o escrofulismo.

antiespasmódico-a *adx. e s.m.* Que serve para calma-los espasmos. Tamén se di **antiespástico**.

antiespástico-a *adx.* Antiespasmódico.

antiestafilocócico-a *adx.* Que destrúe os estafilococos.

antiestafilolisina *s.f.* Substancia que antagoniza a acción das estafilolisinas estafilocócicas.

antiestreptocócico-a *adx.* Que antagoniza ou inhibe os estreptococos.

antiestreptolisina *s.f.* Membro dun grupo de anticorpos inducidos polas estreptolisinas dos estreptococos do grupo A. A súa determinación no laboratorio serve para establece-lo diagnóstico e prognóstico de infección estreptocócica.

antiestrógeno-a *adx.* Que inhibe a actividade estroxénica.

antifagocítico-a *adx.* Que contrarresta ou se opón á fagocitose.

antifármaco *s.m.* Contraveleno, antídoto.

antifaxina *s.f.* Compoñente específico das bacterias que as fai resistentes á fagocitose.

antifebril *adx. e s.m.* Que calma a febre. Tamén se di **antipirético** ou **antitérmico**.

antifebrina *s.f.* Acetanilida.

antifermentativo-a *adx.* Que impide o proceso de fermentación.

antifermento *s.m.* Substancia que neutraliza ou inhibe a acción dun fermento ou enzima, antienzimático.

antifibrinolisisina *s.f.* Anticorpo inducido por unha fibrinolisisina á que inhibe. Tamén se di **antiplasmina**.

antifibrinolítico-a *adx.* Que inhibe a fibrinólise.

antiflatulento-a *adx.* Que elimina os gases do intestino. Tamén se di **carminativo**.

antiflogose *s.f.* Acción dos antifloxiásticos.

antifloxiástico-a *adx.* Antiinflamatorio.

antífono *s.m.* Aparello que se adapta ó conducto auditivo externo e protexe o tímpano dos ruídos violentos.

antiftiríaco-a *adx.* Eficaz contra os piollos. Taméns se di **antipediculoso**.

antifúnxico-a *adx.* 1. Que impide o desenvolvemento dos fungos. // *s.m.* 2. Fármaco con esta acción.

antigalactago-a *adx.* Antigaláctico.

antigaláctico-a *adx.* Que diminúe a segregación do leite. Tamén se di **antigalactago**.

antiglobulina *s.f.* Anticorpo dirixido contra a fracción globulínica do soro.

antigonorreico-a *adx.* Propio contra a gonorrea ou blenorrxia. Tamén se di **antiblenorráxico**.

antihélice *s.f.* Antehélice.

antihelmíntico-a *adx.* Que destrúe ou fai expulsa-las lombrigas intestinais. Tamén se di **antiscólico**, **vermífugo**, **vermicida**.

antihemolisina *s.f.* Anticorpo dirixido contra unha hemolisina.

antihemolítico-a *adx.* Que impide ou prevén a hemólise.

antihemorráxico-a *adx.* Que prevén ou detén a hemorraxia. Tamén se di **hemostático**.

antihemorroidal *adx.* Eficaz contra as hemorroides.

antihialuronidase *s.f.* Antienzima que se opón á acción da hialuronidase.

antihidrótico-a *adx.* Anhidrótico.

antihipercolesteroléxico-a *adx.* 1. Que diminúe ou impide concentracións excesivas de colesterol no sangue. // *s.m.* 2. Fármaco que ten esta acción.

antihipertensivo-a *adx.* 1. Que contrarresta a elevada tensión arterial. // *s.m.* 2. Fármaco que ten esta acción.

antihipnótico-a *adx.* Que combate o sono.

antihipotensor-a *adx.* Que contrarresta a tensión arterial baixa.

antihistamina *s.f.* Fármaco que contrarresta a acción da histamina e pode ser de dúas clases segundo actúe ó bloquea-los receptores H1 ou H2. Os empregados de maneira convencional na alerxia actúan sobre os receptores H1 de histamina. Tamén se di **antihistamínico**.

antihistamínico-a *adx.* 1. Que contrarresta os efectos da histamina. // *s.m.* 2. Antihistamina.

antihixiénico-a *adx.* Que se opón ós principios hixiéticos.

antihormona *s.f.* Substancia demostrable no soro que impide os efectos dunha hormona, anticorpo específico inducido por unha hormona determinada. Tamén se di **calona**, **coliona**.

antiictérico-a *adx.* Que evita ou cura a ictericia.

antiinfecioso-a *adx.* 1. Contrario á infección. // *s.m.* 2. Substancia que ten esta propiedade.

antiinflamatorio-a *adx.* 1. Que reduce ou impide a inflamación actuando sobre os mecanismos corporais sen actuar sobre o axente causante. // *s.m.* 2. Fármaco que ten esta acción.

antiinio *s.m.* Polo frontal da cabeza, punto medio da fronte máis lonxe do inio.

antiinmune *adx.* Que impide a inmunidade.

antiinsulina *s.f.* Substancia contraria á acción da insulina.

antiinvasina *s.f.* Enzima do plasma sanguíneo normal do home e dos animais que contrarresta a acción da hialuronidase das bacterias patóxenas, combatendo desta maneira a invasión daqueles organismos que producen hialuronidase.

antilactase *s.f.* Antienzima dirixido conta a lactase.

antiletárxico-a *adx.* Que impide o sono, que prevén a tendencia á letarxia.

antileucocidina *s.f.* Anticorpo específico da leucocidina dos estreptococos. Tamén se di **antileucotoxina**.

antileucocítico-a *adx.* Que destrúe os leucocitos.

antileucotoxina *s.f.* Antileucocidina.

antilipase *s.f.* Substancia que contrarresta a acción dunha lipase.

antilipémico-a *adx.* Que contrarresta a concentración alta de lípidos no sangue.

antilipotrópico-a *adx.* Que favorece a dexeneración graxa do fígado.

antílise *s.f.* Inhibición ou supresión da lise, a acción das antilisinases.

antilísico *s.m.* Medicamento contra a hidrofobia. Tamén se di **antirrábico**.

antilisina *s.f.* Anticorpo producido pola inxección duna lisina.

antilítico-a *adx.* 1. Pertencente ou relativo á antílise. 2. Que combate a formación de cálculos ou que os dissolve.

antiloxía *s.f.* Asociación de síntomas contradictorios que impiden a formación de diagnóstico.

antiluético-a *adx.* Antisifilítico.

antimalárico-a *adx.* Eficaz no tratamento do paludismo. Tamén se di **antipalúdico**.

antimefítico-a *adx.* Que purifica a atmosfera, propio para combate-las emanacións fedorentas.

antimeningocócico-a *adx.* Contrario ó meningococo ou á infección meningocócica.

antímero *s.m.* Unha das partes simétricas dun organismo bilateral. Tamén se di **homotipo**.

antimetabolito *s.m.* Substancia que garda íntima semellanza estrutural con outra necesaria para a función normal (metabolito esencial) e que actúa ó interferi-la utilización desta.

antimetropía *s.f.* Estado no que un ollo presenta hipermetropía e o outro miopía. Tamén se di **heterometropía**.

antimicético-a *adx.* Que mata os fungos, impide o seu crecemento ou reprodución. Tamén se di **antimicótico** e **fungicida**.

antimicótico-a *adx.* Antimicético, fungicida.

antimicrobiano-a *adx.* e *s.m.* Que impide o desenvolvemento dos microbios. Tamén se di **antimicrofíto**, **antibactérico**, **xermicida**.

antimicrofíto-a *adx.* e *s.m.* Antimicrobiano, antibactérico, xermicida.

antimidriásico-a *adx.* e *s.m.* Que se opón á acción dos dilatadores da pupila.

antimiótico-a *adx.* e *s.m.* Oposto á acción dos mióticos.

antimitótico-a *adx.* e *s.m.* Oposto á división celular mitótica e unha das accións ideais que debe ter un preparado anticanceroso.

antimongolismo *s.m.* Síndrome clínica oposta á síndrome de Down como as relacionadas con perda de cromosomas do grupo G (21 e 22) ou monosomía 21, caracterizada por oblicuidade antimongoloide dos ollos, cabeza e nariz pequenos e atraso mental e do crecemento.

antimongoloide *adx.* Oposto a un trazo característico do mongolismo, como a inclinación antimongoloide da fendadura palpebral.

antimonial *adx.* Pertencente ou relativo ó antimonio ou que o contén.

antimonio *s.m.* Estibio, elemento metálico que forma sales, algúns medicinais e algúns tóxicos para a pel ou as mucosas, ou deprimen o corazón ou son irritantes gastrointestinais. O seu símbolo é Sb.

antimórfico-a *adx.* En xenética, que antagoniza ou inhibe unha actividade normal, pertencente ou relativo a un antimorfo.

antimorfo *s.m.* Xene mutante que actúa para antagonizar ou inhibi-la influencia do seu alelo.

antinarcóptico-a *adx.* Que contrarresta a depresión narcótica ou narcose.

antinauseoso-a *adx.* e *s.m.* Que impide ou alivia as náuseas.

antinefrítico-a *adx.* Que actúa contra as inflamacións dos riles.

antineoplásico-a *adx.* Que inhibe ou impide a evolución das neoplasias ó frea-la maduración e proliferación das células malignas, antitumoral, como algunhas hormonas, varios quimioterápicos e as radiacións.

antineoplaston *s.m.* Calquera dos péptidos illados na urina que inhiben a división celular nalgunhas células cancerosas pero non en células normais.

antineuráxico-a *adx.* Que actúa contra a neuralxia.

antineurítico-a *adx.* Que actúa contra a neurite.

antineurotoxina *s.f.* Substancia que impide a acción dunha neurotoxina.

antinio *s.m.* Polo frontal da cabeza, o punto frontal medio máis lonxe da caluga (inio).

antiodontáxico-a *adx.* Que alivia ou cura a dor de dentes.

antiofídico-a *adx.* e *s.m.* Remedio ou axente contra o veneno das serpes, antipezoñoso.

antioncóptico-a *adx.* Antitumoral.

antiopsonina *s.f.* Anticorpo dirixido contra as opsoninas.

antiórgano-a *adx.* e *s.m.* Que actúa contra os tecidos dun órgano.

antiorgáístico-a *adx.* Que convén contra o estado de excitación ou de orgasmo, anafrodisíaco, sedante.

antiotomía *s.f.* Amigdalotomía.

antiovulatorio-a *adx. e s.m.* Que inhibe a ovulación. Anovulatorio.

antioxidante *s.m.* Calquera substancia natural ou de síntese que se engade a un produto para impedir ou retarda-lo seu deterioro por acción do osíxeno atmosférico. Levan antioxidantes o caucho, as tinguiduras, os aceites vexetais e os alimentos preparados.

antioxidase *s.f.* Substancia que inhibe a acción dunha oxidase.

antipalúdico-a *adx. e s.m.* Que actúa contra o paludismo, antimalárico.

antiparalítico-a *adx. e s.m.* Que remedia os síntomas paralíticos.

antiparasitario-a *adx. e s.m.* Que destrúe os parasitos.

antiparkinsoniano-a *adx. e s.m.* Eficaz no tratamento do Párkinson.

antipatóxeno-a *adx. e s.m.* Que actúa contra un axente patóxeno.

antipedicular *adx. e s.m.* Que destrúe os piollos. Tamén se di **antipediculoso** ou **antipediculótico**.

antipediculoso-a *adx.* V. **antipeducular**.

antipediculótico-a *adx.* V. **antipeducular**.

antipepsina *s.f.* Antienzima que contrarresta a acción da pepsina.

antiperiódico-a *adx.* Que impide a recorrencia dunha enfermidade ou dun síntoma, antitípico.

antiperistalse *s.f.* Acción peristáltica de abaixo cara arriba, peristalse invertida. Tamén se di **antiperistaltismo**.

antiperistáltico-a *adx.* 1. Relativo á peristalse ou que a provoca. 2. Que diminúe a acción peristáltica.

antiperistaltismo *s.m.* Peristaltismo invertido.

antipestoso-a *adx.* Que prevén ou cura a peste.

antipezoñento-a *adx.* Antipezoñoso.

antipezoñoso-a *adx. e s.m.* Que contrarresta a acción do veneno das serpes. Tamén se di **antiofidico**, **antiveleno** ou **antipezoñento**.

antipiúco-a *adx.* Que prevén ou impide a supuración. Tamén se di **antipiúxeno**.

antipiúxeno-a *adx.* Que impide a supuración. Tamén se di **antipiúco**.

antipiráxico-a *adx.* Antipirético e antáxico ó mesmo tempo.

antipirese *s.f.* 1. Efectivo contra a febre. 2. Emprego de axentes que teñen esta acción.

antipirético-a *adx.* 1. Que diminúe a febre. 2. Tratamento sintomático da febre máis que da enfermidade básica. // *s.m.* 3. Medicamento que fai diminuí-la febre. Tamén se di **antifebril**, **antitérmico** ou **febrífugo**.

antipirina *s.f.* Base orgánica sintética, fenildimetilpirazolona, soluble na auga, no cloroformo e no alcohol, de acción antipirética e analxésica, que se emprega na febre tifoide, pneumonía, tise, reumatismo ou neuralxias. Tamén se di **anodinia**, **analxesina**, **fenazona**, **pirazolina**, **dimetiloquinicina**, **dihidrodimetilfenilpiracina**.

antipirótico-a *adx.* 1. Que ten eficacia terapéutica contra as queimaduras. // *s.m.* 2. Axente eficaz no tratamento das queimaduras.

antiplásico-a *adx.* 1. Contrario ó proceso de reparación e cicatrización. // *s.m.* 2. Axente que diminúe a plasticidade do sangue, que prevén os exsudados.

antiplasmina *s.f.* Substancia presente no sangue que inhibe a plasmina.

antiplástico-a *adx.* 1. Antiplásico, contrario ó proceso de cicatrización. 2. Que suprime a formación de eritrocitos e outras células.

antipneumocócico-a *adx. e s.m.* Que destrúe os pneumococos.

antípoda *adx. e s.m.* Diametralmente oposto, antagonista.

antipolitémico-a *adx.* Eficaz contra a policitemia.

antipraxa *s.f.* Antagonismo de accións, funcións ou síntomas.

antiprecipitina *s.f.* Anticorpo específico que inhibe ou impide os efectos dunha precipitina.

antiprotease *s.f.* Antiplasmina.

antiprotozoario-a *adx. e s.m.* Que destrúe protozoarios ou inhibe o seu crecemento ou a súa reprodución.

antiprotrombina *s.f.* Anticoagulante que impide a conversión de protrombina en trombina, por exemplo a heparina.

antiprurítico-a *adx.* Antiprurixinoso. Tamén se di **antipruritoso**.

antipruritoso-a *adx.* Antiprurixinoso. Tamén se di **antiprurítico**.

antiprurixinoso-a *adx.* Que cura ou alivia o prurito. Tamén se di **antiprurítico**, **antipruritoso**.

antipsicótico-a *adx.* 1. Que actúa contra a psicose. // *s.m.* 2. Axente con esta acción. 3. Grupo de fármacos que se utilizan no tratamento das psicoses, no que se inclúen principalmente as fenotiacinas e butirofenonas. Tamén se di **neuroléptico**.

antipsoriásico-a *adx.* Eficaz contra a psoríase.

antipsórico-a *adx.* 1. Que cura a psoríase. 2. Antiprurixinoso.

- antipútrido-a** *adx.* Que impide a putrefacción. V. **antiséptico** e **desinfectante**.
- antiqueirotonía** *s.f.* Flexión espasmódica do polgar.
- antiquimosina** *s.f.* Antirrenina.
- antiquiro** *s.m.* Dedo polgar.
- antirrábico-a** *adx.* Que prevén ou combate a rabia ou hidrofobia. Tamén se di **antilísico**.
- antirraquítico-a** *adx.* Que favorece a curación do raquitismo, como a vitamina D.
- antirrenina** *s.f.* Antienzima que impide os efectos da renina e impide a coagulación do leite. Tamén se di **antilab**, **antiquimosina**.
- antirreumático-a** *adx.* e *s.m.* Que suprime as manifestacións do reumatismo.
- antiscólico-a** *adx.* e *s.m.* Antihelmíntico.
- antisecretorio-a** *adx.* e *s.m.* Que inhibe ou diminúe a segregación, secretoinhibitorio.
- antisensibilina** *s.f.* Antianafilactina.
- antisensibilización** *s.f.* Estado producido nas cobaías por unha inxección de soro normal de coello, o que impide sensibilizar pasivamente á cobaía co soro inmune de coello.
- antisensibilizador** *s.m.* Antiamboceptor.
- antiseptia** *s.f.* Prevención da infección mediante a inhibición do crecemento dos xermes patóxicos, en especial por medio de axentes químicos, desinfección. // **A. fisiolóxica.** Autoantiseptia.
- antiséptico-a** *adx.* 1. Que impide a infección ou putrefacción. // *s.m.* 2. Substancia que inhibe o crecemento de microorganismos ou destrúe os xermes infectivos.
- antisialogogo-a** *adx.* e *s.m.* Antisialíco.
- antisialíco-a** *adx.* e *s.m.* Que inhibe ou detén a segregación salivar, que ten esta acción. Tamén se di **antisialogogo**.
- antisidérico-a** *adx.* Que contrarresta a acción fisiolóxica do ferro.
- antisifilítico-a** *adx.* Que cura ou prevén a sífilis.
- antisocial** *adx.* Que viola a orde social.
- antisoro** *s.m.* Soro inmune que contén un ou máis anticorpos específicos para un antíxeno. Pode prepararse co sangue de animais ou persoas que foron estimulados con inxeccións de material antixénico ou con contacto natural co antíxeno. Tamén se di **soro precipitante**.
- antistalse** *s.f.* Antiperistalse.
- antistase** *s.f.* Oposición, antagonismo.
- antistático-a** *adx.* Antagonista.
- antisubstancia** *s.f.* Anticorpo.
- antisudoral** *adx.* Que prevén ou diminúe a suor excesiva. Tamén se di **antisudorífico**.
- antisudorífico-a** *adx.* Antisudoral.
- antisulfamida** *s.f.* Substancia que se opón á acción bacteriostática das sulfamidas, das que a máis importante é o ácido paraaminobenzoico, factor esencial do metabolismo microbiano.
- antitabético-a** *adx.* Curativo da tabe ou dirixido contra esta enfermidade.
- antitenar** *s.f.* Eminencia no bordo interno ou cubital da man ou do pé, hipotenar.
- antitérmico-a** *adx.* e *s.m.* Antipirético, antifebril.
- antitetánico-a** *adx.* e *s.m.* Que cura ou prevén o tétano.
- antitetanolisina** *s.f.* Anticorpo específico contra a tetanolisina.
- antitífico-a** *adx.* e *s.m.* Que cura ou prevén a febre tifoide. Tamén se di **antitífido**.
- antitífido-a** *adx.* e *s.m.* Antitífico.
- antitiroide** *adx.* Que impide o funcionamento da glándula tiroide, en especial a súa síntese de hormona tiroide.
- antitísico-a** *adx.* e *s.m.* Antituberculoso.
- antitónico-a** *adx.* e *s.m.* 1. Que diminúe o ton ou a tonicidade muscular ou vascular. 2. Que contrarresta os efectos dos tónicos.
- antitóxico-a** *adx.* 1. De utilidade contra un veneno, contraveleno. 2. Relativo a unha antitoxina ou que ten as súas propiedades. // *s.m.* 3. Antídoto.
- antitoxina** *s.f.* Anticorpo inducido pola toxina dun microorganismo (xeralmente esotoxina bacteriana como a tetánica ou a diftérica), por unha zootoxina (velenos de animais como serpes, arañas, abellas) ou por unha fitotoxina (dalgunhas sementes) que ten a capacidade de combinarse coa toxina e neutralizala. Nalgúns casos estes anticorpos teñen gran poder protector, polo que se induce a súa produción mediante vacinación en animais (soros heterólogos) ou en voluntarios humanos (immunoglobulinas hiperinmunes específicas) para podelos empregar con fins profilácticos ou terapéuticos. // **A. diftérica.** Soro heterólogo (obtido xeralmente no cabalo) útil no tratamento da difteria. / **A. tetánica.** Trátase xeralmente de globulina hiperimmune específica. Emprégase na profilaxe de individuos non vacinados e no tratamento da enfermidade.
- antitoxinóxico-a** *adx.* e *s.m.* Relativo ó antíxeno que estimula a produción de antitoxinas nos animais ou nas persoas, que pode ser unha toxina ou un toxoide.
- antitoxínico-a** *adx.* e *s.m.* Que provoca a formación de antitoxinas.
- antitrigo** *s.m.* Prominencia do pavillón da orella fronte ó trago.

antitricomoniásico-a *adx.* e *s.m.* Eficaz contra *Trichomonas*.

antitripanosomiásico-a *adx.* e *s.m.* Que combate a tripanosomíase.

antitripsina *s.f.* Anticorpo do soro sanguíneo que ten unha acción inhibitoria sobre a tripsina.

antitriptico-a *adx.* Que contrarresta os efectos da tripsina.

antitrombina *s.f.* Substancia que neutraliza a acción da trombina e desta maneira limita a coagulación. Coñécese 6 antitrombinas naturais que se nomean mediante números romanos.

antitromboplastina *s.f.* Calquera axente ou substancia que impide ou dificulta a interacción dos factores da coagulación sanguínea ó xerar protrombinase (principio de conversión da protrombina).

antitrópico-a *adx.* Correspondente pero orientado en sentido oposto, como as luvax esquerda e dereita.

antitropo *s.m.* Estructura que forma un par simétrico con outra, como o polgar dereito en relación co esquerdo.

antituberculina *s.f.* Anticorpo que se forma despois da inxección de tuberculina no corpo do animal.

antituberculoso-a *adx.* 1. Que ten eficacia terapéutica contra a tuberculose. // *s.m.* 2. Axente que ten esta acción.

antitularense *adx.* e *s.m.* Eficaz contra a tularemia.

antitusivo-a *adx.* e *s.m.* Que calma a tose ou a evita.

antiulceroso-a *adx.* Que impide a formación de úlceras ou facilita a súa cicatrización.

antiurático-a *adx.* Que prevén ou impide o depósito de uratos.

antiurease *s.f.* Anticorpo que inhibe a actividade da urease.

antivariólico-a *adx.* Eficaz contra a varíola.

antiveleno *s.m.* Substancia proteinácea empregada no tratamento do envelenamento por un veneno animal. Antídoto, contraveleno.

antivenéreo-a *adx.* Que prevén ou cura as enfermidades venéreas. Tamén se di **antisifilítico**, **anafrodisíaco**.

antivermicular *adx.* Antihelmíntico.

antiverminoso-a *adx.* Antihelmíntico. Tamén se di **antivermicular**.

antiviral *adx.* Que destrúe virus ou inhibe a súa duplicación. Tamén se di **antivírico**.

antivírico-a *adx.* Que se opón ó desenvolvemento dos virus. Tamén se di **antiviral** ou **antivirulento**.

antivirulento-a *adx.* 1. Que non é virulento. 2. Antivírico.

antivitamina *s.f.* Substancia que impide que unha vitamina exerza os seus efectos fisiolóxicos.

antiviviseccionista *adx.* Oposto a vivisección.

antixenemia *s.f.* Aparición dun antíxeno (por exemplo antíxeno da hepatite B) no sangue.

antixenémico-a *adx.* Que amosa antixenemia.

antixenicidade *s.f.* Capacidade de reaccionar cos antíxenos inducidos nunha resposta inmunitaria.

antixénico-a *adx.* 1. Que ten propiedades de antíxeno. 2. Relativo á reacción dos tecidos contra os corpos estraños.

antíxeno *s.m.* Calquera substancia que ten a facultade de producir resposta inmunitaria específica e de reaccionar cos produtos desta resposta, é dicir, cun anticorpo específico, linfocito T especificamente sensibilizado, ou ámbolos dous. Son substancias antíxenas as proteínas e os polisacáridos de elevado peso molecular. Os antíxenos poden ser substancias solubles ou partículas (bacteria e células). A súa abreviatura é Ag. // **A. carcinoembrionario.** Glicoproteína sérica empregada como marcador da neoplasia do colon. / **A. central da hepatite B.** HBcAg. Antíxeno producido no núcleo dos hepatocitos na hepatite B, contén DNA da partícula de Dane. Tamén se di **antíxeno do core do virus da hepatite B.** / **A. de Australia.** Antíxeno de superficie do virus da hepatite B. / **A. de superficie do virus da hepatite B.** HBsAg. Antíxeno presente no soro dos enfermos de hepatite B. Corresponde á parte exterior (lipoproteica) da partícula de Dane. Tamén se di **antíxeno de Australia.** / **A. flaxelar.** Antíxeno H. / **A. H.** Antíxeno dos flaxelos das bacterias móbiles. / **A. HLA.** Grupos de antíxenos de histocompatibilidade presentes na superficie das células nucleadas, sanguíneas e hísticas, moi importantes no fenómeno do rexeitamento dos transplantes e en certas enfermidades crónicas. / **A. K.** Antíxeno exterior á parede, propio das bacterias con cápsula. / **A. O.** Antíxeno do soma bacteriano, é un polisacárido específico da parede das bacterias gramnegativas. / **A. Vi.** Antíxeno presente na cápsula dalgunhas bacterias relacionado co seu grao de virulencia.

antixenoterapia *s.f.* Tratamento das enfermidades por estimulación da inmunidade ó empregar antíxenos, que comprende a vacinoterapia, bacterioterapia, proteínoterapia, etc.

antixeroftálmico-a *adx.* Eficaz contra a xeroftalmía, que evita o resecamento da conxuntiva, como a vitamina A.

antixerótico-a *adx.* Que contrarresta ou prevén a xerose.

antlia *s.f.* Bomba ou xiringa. // **A. estomacal.** Bomba estomacal.

antlofobia *s.f.* Temor morboso ás inundacións.

antocianina *s.f.* Calquera dos pigmentos de flores azuis, vermellas, ou violetas, glicósidos que por hidrólise ceden antocianidina e un azucre.

antocolagogo-a *adx.* Que inhibe a segregación da bile.

antodondálmico-a *adx.* Antiodontálmico.

antofobia *s.f.* Repulsión ou temor morboso ás flores.

antollo *s.m.* 1. Acto ou efecto de pór diante dos ollos. 2. Desexo vehemente de algo, especialmente o que teñen algunhas mulleres embarazadas. 3. Mancha na pel do neno que acaba de nacer que popularmente se cre que representa o desexado pola nai durante o embarazo. 4. Aparencia enganosa, visión.

antomanía *s.f.* Manía ou paixón polas flores.

antracemia *s.f.* 1. Asfixia producida por intoxicación polo óxido de carbono. 2. Presencia no sangue do *Bacillus Anthracis*.

antraceno *s.m.* Hidrocarburo obtido do po de alcatrán da hulla. Emprégase na industria dos colorantes.

antracia *s.f.* Formación de carbuncho.

antrácico-a *adx.* Relativo ou semellante ó ántrax.

antracilina *s.f.* Clase de produtos de fermentación do fungo *Streptomyces peucetius*, que inclúe doxorrubicina e daunomicina, que se empregan como axentes antineoplásicos.

antracina *s.f.* Ptomaína tóxica dos cultivos do bacilo do ántrax.

antracio-a *adx.* Relativo ou semellante ó ántrax.

antraco- Prefixo que indica relación co carbón ou co ántrax.

antracoides *adx.* 1. Semellante ó ántrax ou carbuncho. // *s.m.* 2. Ántrax pequeno.

antracoma *s.m.* Carbuncho, ántrax maligno.

antracómetro *s.m.* Instrumento para medi-la cantidade de anhídrido carbónico que hai no aire.

antraconecrose *s.f.* Transformación necrótica dun tecido nunha masa negra e seca. Tamén se di **antranecrose**.

antracose *s.f.* Variedade de pneumoconiose producida pola inhalación de po de carbón e o seu depósito nos pulmóns. // **A. lingual.** Lingua negra ou glosofitia.

antracosilicose *s.f.* Combinación de antracose e silicose. Asma dos mineiros.

antracoterapia *s.f.* Emprego de po de carbón en terapéutica.

antracótico-a *adx.* 1. Relativo á antracose. 2. Relativo ó ántrax ou afectado por el.

antral *adx.* Pertencente ou relativo a un antro, por exemplo o antro gástrico. Tamén se di **ántrico**.

antralina *s.f.* Composto sintético que se aplica topicamente na pel como tratamento da dermatofitose, do eccema crónico, da alopecia areata e doutras dermopatías. Tamén se di **ditranol**.

antranecrose *s.f.* Transformación necrótica dun tecido nunha masa negra e seca, gangrena seca. Antraconecrose.

antraquinona *s.f.* Produto de oxidación do antraceno, que á súa vez dá orixe ós purgantes antraquinónicos (ruibarbo, áloe, casca, sen).

antrarrobina *s.f.* Derivado dos colorantes do antraceno que se emprega, en forma de pomada, na psoríase e outras enfermidades da pel. Tamén se di **dioxiantranol**.

ántrax *s.m.* Enfermidade que aparece no home a partir dunha infección polo *Bacillus anthracis* do tecido subcutáneo, producindo induracións dolorosas e furúnculos que acaban supurando, acompañadas de síntomas xerais. // **A. maligno.** Carbuncho do ser humano. / **A. pulmonar.** Ántrax maligno de localización pulmonar. / **A. renal.** Absceso embólico do córtex renal. / **A. sintomático.** Enfermidade do gando vacún caracterizada por tumefaccións e nódulos subcutáneos enfisematosos, producida polo *Clostridium chauvæi*.

anrectomía *s.f.* Escisión cirúrxica das paredes dun antro, en especial do antro mastoide.

ántrico-a *adx.* Antral.

antrite *s.f.* Inflamación dun antro, en especial do antro maxilar.

antro *s.m.* Cavidade ou espacio, en especial cando ten paredes óseas. // **A. auricular.** A cavidade timpánica. / **A. bucinoso.** Labirinto. / **A. cardial.** Dilatación anormal do esófago preto do estómago. / **A. de Highmore** ou **maxilar.** Gran cavidade ou seo do maxilar que comunica coa fosa nasal. / **A. de Valsalva** ou **mastoide.** Espacio na apófise mastoide do temporal que comunica co tímpano e as celas mastoides. / **A. de Willis** ou **pilórico.** Pequeno fondo de saco do estómago preto do píloro. / **A. etmoidal.** O seo etmoidal. / **A. timpánico.** Antro mastoide.

antroaticotomía *s.f.* Operación de abri-lo antro e o ático do labirinto.

antrocele *s.f.* Acumulación de líquido no antro maxilar.

antrodinia *s.f.* Dor localizada nunha cavidade profunda do corpo.

antróforo *s.m.* Supositorio, forma medicamentosa que se funde á temperatura do corpo.

antronalxia *s.f.* Dor no seo maxilar.

antronasal *adx.* Relativo ó antro maxilar e ás fosas nasais.

antropilorite *s.f.* Inflamación do antro pilórico.

antropo- Prefixo do gr. *ánthropos*, coa significación de home.

antropobioloxía *s.f.* Parte da antropoloxía que estudia o home desde o punto de vista funcional ou dinámico. Bioloxía do home

antropocéntrico-a *adx.* Relativo á teoría do antropocentrismo, na que o home é o centro do Universo.

antropocentrismo *s.m.* 1. Doutrina que considera o home como o centro ou a medida do Universo. 2.

- Doutrina que considera o Universo en termos de experiencias ou valores humanos.
- antropófago-a** *adx. e s.m.* Que, ou aquel que come carne humana.
- antropofaxia** *s.f.* Canibalismo, costume que teñen algúns pobos de comer carne humana.
- antropofilia** *s.f.* Tendencia de certos insectos a atacalo home.
- antropofílico-a** *adx.* Dos mosquitos que prefiren os seres humanos a outros animais.
- antropofobia** *s.f.* Temor patolóxico á compañía doutras persoas. Tamén se di **apantropía, misantropía.**
- antropófobo-a** *adx.* Que odia ou evita os homes.
- antropografía** *s.f.* Rama da antropoloxía que trata da distribución xeográfica das razas humanas, etnografía.
- antropoide** *adx.* 1. Que garda semellanza cos homes. // *s.m.* 2. Grandes macacos superiores, son monos sen cola, inclúen: chimpancé, xibón, gorila e orangután.
- antropólogo-a** *s.* Especialista en antropoloxía, antropoloxista.
- antropoloxía** *s.f.* Ciencia natural que ten por obxecto o estudo e a clasificación dos caracteres físicos dos grupos humanos.
- antropoloxista** *s.* Antropólogo.
- antropometría** *s.f.* Parte da antropoloxía que trata das medidas e proporcións do organismo humano.
- antropométrico-a** *adx.* Pertencente ou relativo á antropometría ou relacionado con ela.
- antropómetro** *s.m.* Instrumento para medir as dimensións do corpo.
- antropomórfico-a** *adx.* 1. Que é semellante ó home. 2. Pertencente ou relativo ó antropomorfismo.
- antropomorfismo** *s.m.* 1. Crenza ou doutrina que lle atribúe a Deus ou ós deuses formas ou calidades humanas. 2. Estado do espírito no cal o home representa tódolos seres a semellanza del mesmo. 3. Tendencia para considerar nas cousas da Natureza calidades humanas.
- antropomorfo-a** *adx. e s.m.* Que ten forma humana.
- antropomorfoloxía** *s.f.* Tratado da forma das diversas partes do corpo do home.
- antroponomía** *s.f.* Ciencia que trata das leis do desenvolvemento humano en relación co medio e con outros organismos.
- antroponosoloxía** *s.f.* Nosoloxía humana.
- antropopatía** *s.f.* Atribución de paixóns e sentimentos humanos a outros seres ou obxectos non humanos.
- antroposcopia** *s.f.* Exame da configuración externa do home.
- antroposofía** *s.f.* Coñecemento da natureza humana.
- antroposomatoloxía** *s.f.* Suma de coñecementos relativos ó corpo humano.
- antropotomía** *s.f.* Anatomía humana.
- antropoxenia** *s.f.* Evolución e desenvolvemento do home.
- antropoxeografía** *s.f.* Rama da xeografía que estudia o home e as súas relacións co ambiente.
- antropozoico-a** *adx.* Propio do tempo no que o home apareceu na superficie da terra.
- antropozoonose** *s.f.* Enfermidade dos animais ou do home que se pode transmitir dunha especie a outra. Tamén se di **zoonose.**
- antrosalpinxite** *s.f.* Otitis seca esclerosa.
- antroscoPIO** *s.m.* Instrumento para o exame de antros, o maxilar especialmente.
- antrostomía** *s.f.* Apertura cirúrxica dun antro para a súa drenaxe.
- antrotimpanite** *s.f.* Inflamación crónica purulenta do antro mastoide e o oído medio.
- antrotipo** *s.m.* Biotipo.
- antrotomía** *s.f.* Abertura cirúrxica dun antro.
- anucleado-a** *adx.* Que non ten núcleo ou é un tecido non celular.
- anuclear** *adx.* Que carece de núcleo, como as células que perderon o núcleo, por exemplo os eritrocitos, ou sen células. Tamén se di **anucleado.**
- anulación** *s.f.* Acto ou efecto de anular. // **A. retroactiva.** Mecanismo de defensa inconsciente polo que un individuo repite á inversa un feito para anulalo cando o considera inaceptable, ten carácter compulsivo e é propio da neurose obsesiva.
- anular** *adx.* 1. En forma de anel ou relativo a un anel. // *s.m.* 2. Cuarto dedo da man.
- anuloplastia** *s.f.* Reparación plástica dunha válvula cardíaca.
- anulorrafia** *s.f.* Oclusión dun anel herniario ou saco por medio de suturas.
- anulorrafia** *s.f.* Peche dun anel herniario mediante suturas.
- anurese** *s.f.* Incapacidade para emitir urina. // **A. anxio-neurótica.** A que ten por causa trastornos vasomotores. / **A. calculosa.** Supresión da urina por un cálculo renal. / **A. falsa.** A producida por obstrución das vías urinarias, retención da urina na vexiga urinaria. / **A. verdadeira.** A producida pola falta de segregación no ril. Tamén se di **anuria.**
- anuria** *s.f.* Supresión ou diminución da segregación da urina. Tamén se di **anurese.**
- anuro-a** *adx.* Que non ten cola.

- anuros** *s.m.pl.* Anfibios caracterizados por te-la cabeza fundida co corpo, sen pescozo e sen rabo, como os sapos e as ras.
- anusite** *s.f.* Inflamación do ano.
- anxeíte** *s.f.* Vasculite, inflamación dun vaso sanguíneo (arterite, flebite) ou dun vaso linfático (linfanxite).
- anxi-** Prefixo que indica relación cos vasos sanguíneos ou linfáticos.
- anxiectasia** *s.f.* Dilatación dun vaso sanguíneo ou linfático.
- anxiectásico-a** *adx.* Caracterizado pola presenza de vasos dilatados.
- anxiectomía** *s.f.* Resección dun segmento dun vaso sanguíneo.
- anxietas tibiaram** (lat.) Estado doloroso ou de intranquilidade que obriga a cambios continuos na posición dos membros inferiores, por culpa do aumento da sensibilidade muscular.
- anxina** *s.f.* 1. Grave dor constrictiva, dor producida por isquemia, a máis común, a anxina de peito por isquemia miocárdica. 2. Termo popular para designar dor na gorxa debido a amigdalite.
- anxiniforme** *adx.* Que se manifesta en forma de anxina.
- anxinoide** *adx.* Semellante a unha anxina, especialmente á anxina de peito.
- anxinoso-a** *adx.* Pertencente ou relativo á anxina.
- anxio-** Prefixo que indica relación cos vasos sanguíneos ou linfáticos.
- anxioblasto** *s.m.* Célula e tecido embrionario dos que derivan as células sanguíneas embrionarias e o endotelio vascular.
- anxioblastoma** *s.m.* Tumor do sistema nervioso central formado por vasos sanguíneos. Hemanxioblastoma.
- anxiocardeite** *s.f.* Inflamación do corazón o dos grandes vasos.
- anxiocardiografía** *s.f.* Radiografía que se realiza inxectando por vía endovenosa unha substancia radioopaca para ve-lo corazón e os grandes vasos. Tamén se di **cardioanxiografía**.
- anxiocardiopatía** *s.f.* Enfermidade que afecta o corazón e os grandes vasos.
- anxiocinético-a** *adx.* Vasomotor, que induce contracción ou dilatación dos vasos.
- anxiodinia** *s.f.* Dor nun vaso sanguíneo.
- anxiodisplasia** *s.f.* Dilatación dexenerativa do sistema vascular.
- anxiodistrofia** *s.f.* Defecto na formación ou no crecemento do sistema vascular.
- anxiuedema** *s.m.* Alteración do sistema vasomotor que produce vasoespasmo ou vasoparálise e edema, edema anxioeurótico, anxioeuroedema.
- anxiostenose** *s.f.* Estreitamento dun ou varios vasos sanguíneos.
- anxiofibrose** *s.f.* Fibrose das paredes dos vasos sanguíneos.
- anxiografía** *s.f.* Radiografía dos vasos sanguíneos despois da inxección endovenosa dun contraste opaco. // **A. por subtracción dixital.** A radiografía asistida por ordenador que permite ve-lo sistema cardiovascular, realizando dúas radiografías, unha sen contraste e outra despois da administración endovenosa dunha substancia radioopaca. A computadora permite a fusión das dúas radiografías e a eliminación das imaxes que non conteñen contraste que corresponden ós tecidos brandos e ós ósos.
- anxiográfico-a** *adx.* Relacionado coa anxiografía.
- anxiograma** *s.m.* Anxiografía.
- anxiólise** *s.f.* Obliteración dun vaso sanguíneo como ocorre cos vasos do cordón umbilical no neonato.
- anxiólito** *s.m.* Formación calcaria nun vaso sanguíneo; arteriólito nun vaso arterial, flebólito nun conducto venoso.
- anxioloxía** *s.f.* Parte da medicina que estuda os vasos sanguíneos e linfáticos.
- anxioma** *s.m.* Tumoração debida á proliferación de vasos sanguíneos ou linfáticos.
- anxiomalacia** *s.f.* Abrandamento das paredes dos vasos con perda da elasticidade normal da capa media.
- anxiomatoide** *adx.* Semellante a un tumor de orixe vascular.
- anxiomatose** *s.f.* Estado patolóxico caracterizado pola presenza de múltiples anxioomas.
- anxiomegalia** *s.f.* Agrandamento dos vasos sanguíneos ou linfáticos.
- anxiomiopatía** *s.f.* Calquera enfermidade dos vasos que afecta a capa muscular.
- anxioneuroedema** *s.m.* Anxiuedema.
- anxioneurose** *s.f.* Vasoneurose, enfermidade ou lesión do centro vasomotor.
- anxiopatía** *s.f.* Calquera enfermidade dos vasos sanguíneos ou linfáticos. Tamén se di **anxiose**.
- anxioplastia** *s.f.* Cirurxía reparadora dos vasos sanguíneos.
- anxiokeratoma** *s.m.* Enfermidade da pel caracterizada pola proliferación de tumores anxiomatosos e engrosamento da capa córnea.
- anxiokeratose** *s.f.* Estado patolóxico caracterizado pola presenza de múltiples anxiokeratomas.

- anxiosarcoma** *s.m.* Neoplasia maligna da mama e da pel orixinada por células endoteliais dos vasos sanguíneos.
- anxioscopia** *s.f.* Exame dos vasos cun microscopio ou dos vasos retinianos cun oftalmoscopio.
- anxiose** *s.f.* Anxiopatía.
- anxioscopio** *s.m.* Microscopio adaptado para estudar vasos capilares.
- anxiotensina** *s.f.* Substancia con actividade vasoconstrictora producida pola acción enzimática da renina sobre un anxiotensinóxeno. // **A. II.** Forma fisioloxicamente activa da anxiotensina, é un potente axente vasopresor e estimulante da produción e liberación de aldosterona.
- anxiotribo** *s.m.* Instrumento empregado para deter unha hemorraxia ó esmaga-lo vaso e os tecidos que o rodean.
- anxiotripsia** *s.f.* Técnica para deter unha hemorraxia mediante o uso do anxiotribo.
- aorta** *s.f.* Arteria grande de tipo elástico, que constitúe o tronco principal do sistema arterial sistémico. Sae do ventrículo e remata a nivel da IV vértebra lumbar, onde se bifurca para forma-las ilíacas primitivas. As súas partes son: aorta ascendente, arco ou caxato aórtico e aorta descendente cunha porción torácica e outra abdominal.
- aortactia** *s.f.* Aortoestenose.
- aortalxia** *s.f.* Dor na rexión da aorta debida a aneurisma ou outra patoloxía da arteria.
- aortarctia** *s.f.* Aortostenose.
- aortectase** *s.f.* Dilatación ou aneurisma da aorta.
- aortectomía** *s.f.* Extirpación dun segmento da aorta.
- aorteurisma** *s.f.* Aneurisma ou dilatación da aorta.
- aortismo** *s.m.* Tendencia constitucional a padecer enfermidades da aorta. // **A. abdominal.** Aneurisma pantasma, estado no que a aorta é palpable e o doente se queixa das súas pulsacións.
- aortite** *s.f.* Inflamación da aorta.
- aortoclase** *s.f.* Rotura da aorta. Tamén se di **aortorrexe**.
- aortocoronario-a** *adx.* Pertencente ou relativo á aorta e ás arterias coronarias ou que as comunica.
- aortoestenose** *s.f.* Estreiteza ou estenose da aorta.
- aortografía** *s.f.* Radiografía da arteria aorta despois da inxección de contraste iodado hidrosoluble, mediante técnicas de cateterización.
- aortograma** *s.m.* Placa radiográfica obtida por aortografía.
- aortólito** *s.m.* Cálculo ou depósito calcario na aorta.
- aortomalacia** *s.f.* Abrandamento anormal da aorta.
- aortopatía** *s.f.* Afección da aorta.
- aortoptose** *s.f.* Desprazamento da aorta abdominal cara abaixo.
- aortorrafia** *s.f.* Sutura da aorta.
- aortorrexe** *s.f.* Aortoclase.
- aortosclerose** *s.f.* Esclerose da aorta.
- aortostenose** *s.f.* Estreiteza ou estenose da aorta.
- aortotomía** *s.f.* Incisión na aorta.
- aosmia** *s.f.* Anosmia.
- apaconitina** *s.f.* Base tóxica derivada da aconitina.
- apalestesia** *s.f.* Palanestesia.
- apaloniquia** *s.f.* Alteración das unllas caracterizada pola falta de cornificación.
- apalpable** *adx.* Que se pode apalpar. Tamén se di **palpable**.
- apalpar** *v.* Tocar varias veces a alguén ou algo con certa presión dos dedos para examinalo, exploralo, recoñecelo, ou por pracer ou entretemento. Tamén se di **palpar**.
- apancreático-a** *adx.* Que non ten relación co páncreas ou debido á súa ausencia.
- apancria** *s.f.* Falta do páncreas.
- apandria** *s.f.* Aversión morbosa ó sexo masculino.
- apantropía** *s.f.* Antropofobia, misantropía.
- aparalítico-a** *adx.* Que non presenta parálise.
- aparatiroidismo** *s.m.* Ausencia ou deficiencia das glándulas paratiroides. Tamén se di **aparatirose**
- aparatirose** *s.f.* Aparatiroidismo.
- aparello** *s.m.* 1. Conxunto de elementos que actúan en conxunto para realizar unha función. 2. Instrumento ou conxunto de instrumentos adaptados cun fin especial. 3. Apósito, vendaxe ou máquina que se aplica ó corpo co fin de curar unha enfermidade ou lesión, ou corrixir unha deformidade. // **A. acústico, biliar, circulatorio, dixestivo, xenitourinario ou uroxenital, respiratorio, visual ou vocal.** Conxunto de partes e órganos que realizan as diversas funcións expresadas por estes termos. / **A. contador de Burkner.** Modificación do contacélulas de Thoma-Zeiss, no que hai dúas cámaras cubertas por un só cobreobxectos, co que se poden contar simultaneamente as células brancas e vermellas. / **A. de Beckmann.** Aparello que determina o peso molecular dunha solución diminuindo o punto de conxelación ou elevando o punto de ebulición. / **A. de Clover.** Utensilio empregado na administración do éter ou cloroformo. / **A. de Fell-Dwyer.** Instrumento para practica-la respiración artificial e preve-lo colapso dos pulmóns nas operacións de tórax. / **A. de Finsen.** Sistema de lentes para a aplicación dos raios ultravioleta en fototerapia. / **A. de Golgi.** Rede intracelular de fibras finísimas que se tinguen de negro co ácido ósmico e se destrúe polos disolventes dos lipoides, / **A. de Kirschner.** Aparello empregado para a tracción esquelética nas fracturas da perna. / **A. lagrimal.** Glándula, canaliculos e saco lacrimais. / **A. psíquico.** Concepto de Freud usado como modelo teórico para

explica-la estruturación do psiquismo humano en sistemas (consciente, preconscious, inconsciente) e instancias (eu, supereu, ello), e as formas de circulación e regulamentación da enerxía psíquica.

aparente *adx.* 1. Que se amosa á vista. Patente. 2. Simulado, que parece certo e non o é. 3. Semellante, non real. V. **morte aparente**.

apareunia *s.f.* Imposibilidade para a práctica do coito.

apatía *s.f.* Ausencia de emoción con actividade reducida, impasibilidade ou indiferencia afectiva.

apatismo *s.m.* Lentitude para responder ós estímulos, oposto a eretismo.

apatóxeno-a *adx.* Non patóxeno.

apatropina *s.f.* Substancia tóxica derivada da atropina pola acción do ácido nítrico.

apeidose *s.f.* 1. Modificación progresiva das manifestacións características dunha enfermidade. 2. Mecanismo polo que causas distintas provocan unha mesma lesión.

apeirofobia *s.f.* Temor morboso ó infinito.

apendalxia *s.f.* Dor na rexión do apéndice, apendicite falsa.

apendicalxia *s.f.* Apendalxia.

apéndice *s.m.* Parte adherida a unha estrutura principal, especificamente o apéndice vermiforme // **A. auricular.** Prolongación cara a diante dunha aurícula cardíaca. / **A. cecal.** Apéndice vermiforme. / **A. da pel.** Pelos, unllas, glándulas sebáceas e sudoríparas. / **A. de Morgagni.** Lobo piramidal da glándula tiroide. / **A. do cerebro.** A glándula pituitaria. / **A. do feto.** Amnio, saco vitelino, placenta membranosa e cordón umbilical. / **A. do figado.** Lámina do tecido conxuntivo fibroso na parte posterior do extremo esquerdo do figado. / **A. do ollo.** Celas, pálpebras, pestanas, aparello lacrimal e conxuntiva. / **A. do ovario.** O paraovario. / **A. do testículo.** Resto do conducto de Müller en forma de quiste, inserto na cabeza do epidídimo ou dun oviducto. / **A. ensiforme.** A apófise xifoide. / **A. epiploico.** Bolsas peritoneais unidas ó intestino groso, que conteñen graxa. / **A. inactivo.** Apéndice cecal que ó ser extirpado non amosa sinais de inflamación, aínda que o doente sufrira ataques de apendicite manifestos. / **A. residual.** Porción de apéndice que queda despois do absceso do órgano tratado pola drenaxe. / **A. uterinos.** Ligamentos, ovarios e trompas. / **A. vermicular.** Apéndice vermiforme. / **A. vermiforme.** Divertículo do cego, en forma de verme. / **A. xifoide.** Apófise xifoide do esterno.

apendicectasia *s.f.* Dilatación do apéndice.

apendicectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica do apéndice vermiforme. Tamén se di **apendectomía**, **apendicotomía**, **ecfiadectomía**, **epitiflectomía**, **prosfisectomía**.

apendicemia *s.f.* Septicemia de orixe apendicular.

apendicismo *s.m.* Enfermidade crónica do apéndice vermicular e os tecidos que o rodean.

apendicite *s.f.* Inflamación do apéndice vermiforme. Tamén se di **apofiste**, **epitiflite**, **ecfiadite**. // **A. aguda.** Inflamación aguda do apéndice debida a infección bacteriana, que pode ser precipitada por obstrución da luz por un fecalito, que cursa con dor cólica no cadrante inferior dereito e acostuma ir acompañada de reacción peritoneal. / **A. crónica.** Persistencia dos síntomas debido a adherencias fibrosas cicatriciais logo da remisión dunha apendicite aguda. / **A. esquerda** ou **sinistra.** Forma na que os síntomas son máis pronunciados na parte esquerda do abdome, pola excesiva lonxitude do apéndice, disposto transversalmente. / **A. esteracorácea.** A producida por materias fecais na luz do apéndice. / **A. tóxica** ou **toxémica.** Forma moi aguda de apendicite con repercusión grave do estado xeral por septicemia, ademais das complicacións peritoneais. / **A. verminosa.** Apendicite debida á presenza de vermes no apéndice.

apendicocecostomía *s.f.* Operación de drena-lo apéndice no cego.

apendicocele *s.f.* Hernia do apéndice.

apendicoenterostomía *s.f.* Formación dunha abertura artificial entre o apéndice e o intestino. Tamén se di **apendicostomía**.

apendicografía *s.f.* Radiografía do apéndice cecal.

apendicolíse *s.f.* Operación de libera-lo apéndice das súas adherencias na apendicite crónica.

apendicolitíase *s.f.* Presencia de cálculos na luz do apéndice.

apendicolito *s.m.* Concreción de moco, bacterias e elementos celulares ou de materia fecal que se descobre ás veces no interior do apéndice inflamado.

apendicopatía *s.f.* Afección do apéndice.

apendicose *s.f.* Apendicopatía, especialmente a dexenerativa non inflamatoria.

apendicostomía *s.f.* Formación dunha anastomose entre o apéndice e o intestino. Tamén se di **apendicoenterostomía**.

apendicotomía *s.f.* Apendicectomía.

apendiculorradiografía *s.f.* Apendicografía.

apepsia *s.f.* Abolição ou diminución do poder dixestivo, do estómago especialmente. Tamén se di **aquilia**. // **A. aclorhídrica.** Falta de segregacións dixestivas do estómago. / **A. histérica** ou **nerviosa.** Anorexia nerviosa.

apepsinia *s.f.* Ausencia de pepsina ou pepsinóxeno nas segregacións gástricas.

apercepción *s.f.* Comprensión, facultade de interpretar calquera contido psíquico.

aperiódico-a *adx.* Sen períodos definidos ou regulares, aplicado a un galvanómetro.

aperióstico-a *adx.* Sen periósteeo, que se practica sen deixar periósteeo.

- aperistalse** *s.f.* Ausencia de peristaltismo. Tamén se di **aperistaltismo**.
- aperitivo-a** *adx.* 1. Que abre paso, que restablece a liberdade das vías dixestivas, purgante suave. 2. Estimulante do apetito.
- apersonificación** *s.f.* Ilusión na que a persoa se identifica con outra.
- apertómetro** *s.m.* Aparello para medi-lo ángulo de abertura dos obxectivos microscópicos.
- apetito** *s.m.* Desexo consciente de satisfacer necesidades físicas ou metais, especialmente de alimentarse.
- apexiano-a** *adx.* Apical.
- apexígrafo** *s.m.* Instrumento para localiza-lo vértice dunha raíz dental. Tamén se di **apexógrafo**.
- apical** *adx.* Relativo á unha punta ou vértice ou localizado entre eles.
- apicectomía** *s.f.* Escisión dun vértice (dunha raíz dental, do vértice pulmonar ou do rochedo do temporal).
- apicite** *s.f.* Inflamación dun vértice (pulmonar, dentario ou do rochedo do temporal).
- apicnomorfo-a** *adx.* Das células nerviosas que non teñen elementos cromatófilos agrupados dun modo compacto.
- apicólise** *s.f.* Operación de despega-la folla parietal da pleura que rodea o vértice dun pulmón tuberculoso e repleción da cavidade por autoplastia muscular ou adiposa ou por plombaxe, provocando desta maneira o esmagamento do vértice pulmonar. Tamén se di **pneumólise extrapleural, operación de Tuffier**.
- apicostomía** *s.f.* Operación de practicar unha abertura a través da enxiva e o maxilar ata a raíz dun dente, para escindila.
- apicotomía** *s.f.* Punción do vértice do rochedo do temporal ou dunha raíz dental. Tamén se di **apicectomía**.
- apinealismo** *s.m.* Estado producido pola ausencia da glándula pineal.
- apiol** *s.m.* Esencia obtida do perexil, (*apium sativum*), empregada nas alteracións menstruais. Tamén se di **alcanfor do perexil**.
- apiolina** *s.f.* Principio derivado do perexil: emenagogo.
- apióxeno-a** *adx.* Que non produce pus.
- apirexia** *s.f.* Ausencia de febre.
- apiróxeno-a** *adx.* Que non produce febre.
- apisinación** *s.f.* Envenenamento pola picadura das abellas.
- apiterapia** *s.f.* Emprego terapéutico do veneno das abellas. Tamén se di **melisoterapia**.
- apitoxina** *s.f.* Fracción activa do veneno das abellas. Electroforéticamente demostrouse que contén histamina, toxinas, hialuronidase e outras proteínas activas.
- apituitarismo** *s.m.* Estado producido pola atrofia ou extirpación total do corpo pituitario. Tamén se di **enfermidade de Simmonds**.
- aplacentario-a** *adx.* Que non ten placentas.
- aplanático-a** *adx.* Sen aberración de esfericidade.
- aplanatismo** *s.m.* Calidade de aplanático.
- aplasia** *s.f.* Desenvolvemento incompleto ou defectuoso dun órgano ou dun tecido, atrofia, axenesia, hipoplasia.
- aplásmico-a** *adx.* Que non contén protoplasma.
- aplestia** *s.f.* Fame insaciable, voracidade, acoria.
- apnea** *s.f.* Ausencia de respiración. Tamén se di **apneustia**.
- apneumatoze** *s.f.* Colapso dos alvéolos pulmonares. Tamén se di **atelectasia**.
- apneumia** *s.f.* Falta conxénita dos pulmóns.
- apneuse** *s.f.* Forma anormal de respiración consecutiva á escisión da porción superior da ponte (centro pneumotáxico) consistente en que a inspiración é moi longa e a expiración curta.
- apneustia** *s.f.* Apnea.
- apo-** Prefixo do gr. *apó*, que significa: orixe ou derivación, separación, declinación ou remisión, conclusión.
- apoaconitina** *s.f.* Aponitina.
- apopatropina** *s.f.* Apatropina.
- apobiose** *s.f.* Morte, especialmente a morte local dunha parte do organismo.
- apocannose** *s.f.* Fatigabilidade excesiva na miastenia ou noutros estados.
- apocarterese** *s.f.* Suicidio por inanición.
- apocatarse** *s.f.* Purgación, evacuación en calquera sentido, catarse.
- apocatástase** *s.f.* Retorno a un estado anterior, especialmente remisión ou regresión dun absceso ou tumor.
- apócema** *s.f.* Tisana composta.
- apocenose** *s.f.* 1. Evacuación ou fluxo aumentado de sangue e outros humores. 2. Evacuación parcial.
- apociese** *s.f.* Fin da xestación, parto.
- apocleise** *s.f.* Anorexia, aversión á comida.
- apocodeína** *s.f.* Alcaloide derivado da codeína por subtracción de auga // **A. (Clorhidrato de)**. Sal de apocodeína, expectorante, emético, de calidades análogas ás da codeína.
- apócope** *s.m.* Ferida con perda de substancia, amputación, fractura con perda de óso.
- apócrino-a** *adx.* Dun tipo de segregación na que unha porción do protoplasma celular se desprende e se incorpora ós produtos segregados.

apocromático-a *adx.* Sen cor, sen aberración cromática nin de esfericidade.

apodacrítico-a *adx.* Que cohibe as bágoas.

apodáctilo-a *adx.* Sen concurso directo dos dedos. Tamén se di **apodactílico**.

apodemialxia *s.f.* Desexo patolóxico de abandona-lo fogar ou a patria, oposto a nostalxia.

apodeshidrase *s.f.* Apofermento da deshidroxenase.

apodia *s.f.* Ausencia de pés.

apoenzima *s.m.* Parte proteica dun enzima que necesita do coenzima para formar un enzima completo, en contraste coa porción non proteica.

apoeriteína *s.f.* Substancia do zume gástrico normal, que se combina coa cianocobalamina para formar eritefina.

apofermento *s.m.* Apoenzima.

apoferritina *s.f.* Proteína da parede intestinal que participa na primeira etapa da absorción do ferro contido nos alimentos, precursora da ferritina.

apofiláctico-a *adx.* Relativo á apofilaxe.

apofilaxe *s.f.* Diminución da capacidade inmune dos líquidos corporais, como se observa na fase negativa do tratamento con axentes inmunizantes. Immunodepresión.

apófise *s.f.* Prominencia ou sobrecrecemento natural de óso que serve para a inserción dun músculo. // **A. acromial.** Acromio. / **A. alveolar.** Bordo do maxilar que contén os dentes. / **A. articulares superiores e inferiores.** Apófises das caras superior e inferior das vértebras, que serven para articularse entre si. / **A. basilar.** Corpo basilar, proxección do óso occipital por diante do buraco deste mesmo nome, que se articula co esfenoido. / **A. capitular.** Cara articular do corpo dunha vértebra que se articula coa cabeza dunha costela. / **A. cigomática.** 1. Eminencia por medio da que o maxilar se articula co óso cigomático. 2. Apófise da porción escamosa do óso temporal, que forma unha proxección delgada que se articula co óso cigomático e constitúe o arco cigomático ou cigoma. / **A. coracoide.** Proxección en forma de pico de corvo no ángulo lateral e superior da escápula. / **A. coronoide.** 1. Grande eminencia ancha no extremo superior do cúbito diante do olécrano. 2. Prominencia cónica que ascende dende a parte superior e anterior da rama da mandíbula. / **A. costal.** Apófise transversa das vértebras lombares. / **A. costiforme.** Apófise unciforme. / **A. espiñosa.** Porción de vértebra que se proxecta cara a atrás dende o arco, dando inserción ós músculos. / **A. estiloide.** 1. Eminencia cónica detrás da cabeza do peroné. 2. Proxección na parte externa do extremo inferior do radio e outra no lado interno do extremo inferior do cúbito. 3. Espiña longa que se estende cara a abaixo dende a superficie ou cara inferior do óso temporal. / **A. frontal.** 1. Apófise do bordo anterior do maxilar, que se articula coa escotadura etmoidal do frontal. A lámina ósea do bordo anterosuperior do óso cigomático que contribúe á formación da órbita. 2. Apófise ascendente do óso cigomático

que se une coa apófise cigomática do óso frontal. / **A. frontosfenoidal.** Apófise frontal. / **A. mamilar.** 1. Tubérculo en cada apófise articular superior das vértebras lombares. 2. Bulbo olfactivo. / **A. mastoide.** Proxección cónica na base da porción mastoide do óso temporal. / **A. odontoide.** Apófise do axe, semellante a un dente, que se articula co atlas. / **A. orbitaria.** 1. Extremos interno e externo do arco orbitario do óso frontal. 2. Apófise frontal. / **A. palatina.** Apófise na cara interna do óso maxilar, que forma parte do padal óseo. / **A. temporal.** Ángulo posterior por medio do que o óso cigomático se articula coa apófise cigomática do temporal. / **A. transversa.** Apófise situada a cada lado nas vértebras. / **A. unciforme.** 1. Proxeccións en forma de gancho situadas no etmoide e no óso ganchudo do carpo. 2. Especie de gancho no extremo anterior da circunvolución do hipocampo. / **A. vocal.** Apófise da cartilaxe aritenoido, no que se insire un ligamento vocal. / **A. xifoide.** Apófise situada na parte inferior do esterno. / **A. xugular.** Apófise do occipital no buraco xugular.

apofisite *s.f.* Inflamación de calquera apófise.

apoflegmático-a *adx.* Que promove a expulsión de mucosidades ou flegmas das vías aéreas. Tamén se di **béquico, expectorante**.

apogalactia *s.f.* Desteta.

apogamia *s.f.* Reproducción asexual, partenoxénese.

apolar *adx.* Que non posúe prolongacións, aplicado a certas células nerviosas embrionarias que non comezaron a desenvolverlas.

apolepismo *s.m.* Escamación.

apolepse *s.f.* Supresión dun acto natural, cesación dunha función.

apolexe *s.f.* Vellez, decrepitude.

apomixe *s.f.* Apogamia, partenoxénese.

apomorfina *s.f.* Alcaloide, derivado da morfina por deshidratación, que se emprega como relaxante en inxeccións hipodérmicas. // **Clorhidrato de a.** Composto cristalino agrisado, de propiedades idénticas ás da apomorfina.

aponeurectomía *s.f.* Escisión da aponeurose dun músculo.

aponeuroloxía *s.f.* Tratado que recolle os coñecementos relativos ás aponeuroses.

aponeurorrafia *s.f.* Sutura de calquera aponeurose. Tamén se di **fasciorrafia**.

aponeurose *s.f.* Vaíña fibrosa aplanada ou expansión tendinosa que serve de orixe ou inserción dos músculos anchos ou planos. Para outros músculos son membranas fibrosas de envoltura e denomínanse fascias.

aponeurosite *s.f.* Inflamación dunha aponeurose.

- aponeurotomía** *s.f.* 1. Sección dunha aponeurose, especialmente da plantar. Tamén se di **fasciotomía**. 2. Diseción ou estudo das aponeuroses.
- aponia** *s.f.* 1. Analxesia. 2. Sen fatiga.
- aponoia** ou **aponea** *s.f.* Amencia.
- apoplasma** *s.f.* Deficiencia do plasma sanguíneo.
- apoplectiforme** *adx.* Semellante á apoplexía, aplicado ós ataques de curta duración que se observan na parálise xeral, esclerose en placas, etc., sen verdadeira hemorragia cerebral. Tamén se di **apoplectoide**.
- apoplectoide** *adx.* Apoplectiforme.
- apoplexía** *s.f.* 1. Accidente cerebrovascular e a súa sintomatoloxía, producido por embolia ou hemorragia cerebral. 2. Extravasación do sangue nun órgano.
- apoproteína** *s.f.* Parte proteica das lipoproteínas.
- apopsiquia** *s.f.* Esvaecemento, desmaio, síncope.
- apoptose** *s.f.* 1. Fagocitose de elementos celulares fragmentados. 2. Caída do pelo ou cotras.
- aporinose** *s.f.* Enfermidade carencial ou avitaminose.
- aporioneurose** *s.f.* Neurose de angustia.
- aporisma** *s.m.* 1. Equimose. 2. Hematoma subcutáneo que se forma na sangría cando non coincide a sección da vea coa sección cutánea.
- aporrinose** *s.f.* Epistaxe.
- aporripse** *s.f.* Lanzamento das roupas da cama, síntoma observado nos estados de delirio.
- aposepse** *s.f.* Putrefacción completa.
- aposfacelose** *s.f.* Gangrena seca por excesiva compresión dunha vendaxe.
- aposia** *s.f.* Ausencia de sensación de sede. Tamén se di **adipsia**.
- aposicia** *s.f.* Repugnancia polos alimentos, anorexia.
- aposición** *s.f.* 1. O feito de poñer en contacto. 2. Condición de estar colocados ou situados xuntos os órganos adxacentes.
- aposítico-a** *adx.* Que diminúe o apetito, que produce repugnancia pola comida.
- apósito** *s.m.* Material de cura que se aplica enriba dunha lesión xeralmente con fins de protección.
- aposoma** *s.m.* Inclusión citoplasmática producida pola célula mesma.
- apospástico-a** *adx.* Revulsivo, derivativo.
- apostase** *s.f.* 1. Formación dun absceso. 2. Final ou crise dunha enfermidade.
- apostema** *s.f.* Absceso. // **A. acuosa**. Hidrartrose.
- apostia** *s.f.* Ausencia de prepuccio.
- apotanasia** *s.f.* Prolongación da vida, acto de pospoñer a morte, contrario á eutanasia.
- apotelesma** *s.f.* Fin dunha enfermidade.
- apotema** *s.f.* Precipitado causado nunha infusión polo fervor prolongado ou o contacto co aire.
- apótese** *s.f.* 1. Reducción dunha fractura ou luxación. 2. Reposición do cordón umbilical prolapsado.
- ápoto-a** *adx.* Que non bebe alcohol, abstemio.
- apotoxina** *s.f.* Veleno que produce síntomas de anafilaxe. Tamén se di **anafilotoxina**.
- apotrófico-a** *adx.* Que medra nun extremo, aplicado a certas células.
- apotropaico-a** *adx.* Profiláctico, no sentido de preve-las malas influencias, con amuletos por exemplo. Tamén se di **apotropiaco**.
- apoxemena** *s.f.* Substancia extraída dunha cavidade periodontal no tratamento da periodontite.
- apoxese** *s.f.* Raspado, curetaxe.
- aprático-a** *adx.* Relativo á apraxia. Tamén se di **aprático**.
- apraxia** *s.f.* Alteración dos movementos voluntarios sen que existan defectos dos efectores centrais ou periféricos, de xeito que os doentes non poden executar movementos cun fin determinado (por exemplo, a actividade xestual) aínda que teñen preservadas a sensibilidade e a coordinación muscular. // **A. aferente**. Defecto aprático debido á interrupción das normais aferencias cutáneo-cinestésicas sobre as que se sustenta a organización xestual. Tamén se di **apraxia cinestésica**, **apraxia posicional**. / **A. bucofonatoria**. Apraxia que afecta os xestos orais e fonatorios normais da fala. / **A. constructiva**. Desorganización ou incapacidade de realizar xestos encamiñados á realización de tarefas de copia de modelos ou de debuxo espontáneo, así como tamén a construción con cubos, bloques de madeira, paos, etc. / **A. da marcha**. Incapacidade na realización do programa de movementos integrado no acto da marcha. / **A. da fala**. Apraxia bucofacial que afecta ós xestos da fala. / **A. do tronco**. Incapacidade para o manexo adecuado da motricidade do tronco no espacio, por exemplo en relación coa cama. / **A. do vestido** (ou **de vestirse**). Desorganización dos xestos que concirnen selectivamente ó acto de vestirse, que nos casos puros preséntase en ausencia de apraxia ideatoria ou ideomotriz. / **A. oculomotora de Cogan**. Ausencia conxénita da mirada lateral conxugada que se compensa mediante un xiro violento da cabeza no sentido desexado, para contrarresta-lo desprazamento pasivo que sofren os globos oculares en sentido oposto e despois a cabeza retorna á posición primitiva.
- aprehensión** *s.f.* Proceso polo que un obxecto relativamente simple se converte en contido mental.
- aprensión** *s.f.* Temor dun perigo inminente.

- apretanós** *s.m.* Aparello que serve para exercer constricción continua nunha ligadura.
- aproccia** *s.f.* Imperforación do ano. Tamén se di **aproctia**.
- aproxexia** *s.f.* Incapacidade para fixa-la atención e preguiza intelectual debidas a defectos neurosensoriais ou a debilidade mental.
- aprosodia** *s.f.* Ausencia na linguaxe do ton e ritmo, e das variacións normais do acento.
- aprosopia** *s.f.* Falta parcial ou completa da cara.
- apselafesia** *s.f.* Ausencia das sensacións táctiles superficiais con conservación das profundas.
- apsiquia** *s.f.* 1. Falta ou perda do coñecemento. 2. Esvaementamento ou desfalecemento.
- apsitiria** *s.f.* Perda da facultade de bisbar.
- aptialia** *s.f.* Carencia ou falta de saliva. Xerostomía. Tamén se di **aptialismo** e **asialismo**.
- apudoma** *s.m.* Tumor de células do sistema APUD en diferentes órganos secretores de hormonas (catecolaminas e os seus precursores).
- apus** *s.m.* Monstro fetal que non ten pés, feto ápodo.
- aqueilia** *s.f.* Ausencia de beizos.
- aqueiria** *s.f.* Ausencia de mans, aquiria.
- aquilanemia** *s.f.* Anemia pola aquilia gástrica, anemia aquílica.
- aquilia** *s.f.* Falta ou deficiencia de quilo. // **A. gástrica hemorráxica**. Falta do zume gástrico e presenza de sangue microscópico no estómago. / **A. pancreática**. Falta ou defecto da segregación pancreática.
- aquilobursite** *s.f.* Inflamación e engrosamento das bolsas ó redor do tendón de Aquiles, especialmente da bolsa sinovial situada diante deste.
- aquilodinia** *s.f.* Dor do tendón de Aquiles. Enfermidade de Albert.
- aquilorrafia** *s.f.* Operación de sutura-lo tendón de Aquiles.
- aquilotenomía** *s.f.* División cirúrxica do tendón de Aquiles. // **A. plástica**. Elongación do tendón de Aquiles por unha operación plástica.
- aquimia** *s.f.* Ausencia de quimo.
- Ar** Símbolo do argon.
- arabana** *s.f.* Azucre da goma arábica.
- arabanase** *s.f.* Enzima que cataliza a hidrólise da arabana ou arabinosa.
- arabina** *s.f.* Hidrato de carbono amorfo que, unido ó calcio, potasio ou manganeso, é o principal compoñente da goma arábica. Tamén se di **ácido arábico**, **goma carbohidratada**.
- arabinosa** *s.f.* Azucre de goma, hidrato de carbono cristalizable, que se obtén da pectina dos vexetais e se utiliza na preparación de medios de cultivos.
- arabinose** *s.f.* Intoxicación pola arabinosa que produce, ordinariamente, nefrose.
- arabinosido de citosina** *s.m.* Citarabina.
- arabinosuria** *s.f.* Presencia de arabinosa na urina.
- arabita** *s.f.* Substancia cristalizable doce, obtida reducindo a arabinosa pola amálgama de sodio, que non reduce a solución de Fehling.
- arabitol** *s.m.* Alcohol obtido a partir da redución da arabinosa.
- aracnidismo** *s.m.* Intoxicación sitémica producida pola picadura de arañas venenosas. Tamén se di **aracnoïdismo**.
- aracnite** *s.f.* Inflamación da aracnoide, de orixe bacteriana, química ou neoplásica, leptomeninxite externa, meninxite serosa. Tamén se di **aracnoïdite**.
- aracnodactilia** *s.f.* Dedos de araña, lonxitude esaxerada dos dedos da man e do pé, con delgadeza dos ósos. Tamén se di **dolicostenomelia**, **síndrome de Marfan**.
- aracnofobia** *s.f.* Temor morboso ás arañas.
- aracnogastria** *s.f.* Ventre de araña, protuberancia do abdome, especialmente a ascite, en persoas fracas.
- aracnoide** *s.f.* Membrana serosa menínxea central, entre a piamáter e a duramáter, separada da membrana máis interna polo espazo subaracnoide. Tamén se di **membrana media**, **meninx serosa**.
- aracnoïdismo** *s.m.* Envenenamento por picadura de arácnidos.
- aracnoïdite** *s.f.* Aracnite.
- aracnoïdose** *s.f.* Alteración da aracnoide, de carácter dexenerativo.
- aracnolisina** *s.f.* Principio activo hemolítico do veneno das arañas.
- aracnopsia** *s.f.* Aracnoide e piamáter consideradas como un só órgano, piaracnoide
- aracnopsia** *s.f.* Visión de moscas voantes semellantes á tea de araña. Tamén se di **miïodesapsia**.
- arame** *s.m.* Fío de metal flexible empregado en cirurxía como medio de sutura, de suxeición de fragmentos óseos, tratamento dos aneurismas, ortodoncia, etc. // **A. de Kirschner**. Arame de aceiro para a transfixión e tracción esqueléticas das fracturas, introducido a través das partes brandas.
- araña** *s.f.* Arácnido do que hai numerosas especies que teñen todas quelíceros ganchudos con glándulas venenosas. // **A. vascular**. Pequenas formacións telanxiectásicas constituídas por unha elevación anxiomatosa no centro do que parten, radialmente en tódalas direccións, finísimos vasos ondulados.

árbore *s.f.* En medicina, estrutura que recorda a ramificación vexetal (árbore alveolar, porción terminal alveolar dun bronquiolo, ácido pulmonar). // **Á. da vida do cerebelo.** Aspecto arborescente que presentan as prolongacións da substancia gris e branca na sección vertical dos lobos do cerebelo.

arborescente *adx.* Que ten o aspecto ramificado dunha árbore.

arborización *s.f.* Ramificación terminal de certas expansións das células nerviosas. // **A. dos vasos capilares.** Forma na que aparecen os vasos capilares por efecto dunha inflamación.

arcada *s.f.* 1. Estrutura anatómica semellante a unha serie de arcos, arco. 2. Náusea. // **A. alveolar** ou **dentaria.** Curva formada pola serie de alvéolos no bordo libre dos maxilares superior e inferior. / **A. de Flint.** Serie de arcos vasculares na base das pirámides renais. / **A. de Riolan.** Anastomoses dos vasos intestinais no mesenterio.

arciforme *adx.* En forma de arco, arqueado, especialmente as fibras nerviosas do bulbo.

arco *s.m.* Porción dunha liña curva, órgano ou porción de órgano desta forma. // **A. abdominotorácico.** Liña das costelas falsas que marcan o límite inferior do tórax. / **A. anastomótico.** Liña curva formada por dous vasos que se anastomosan, como os vasos do mesenterio. / **A. anterior e posterior do atlas.** Dúas láminas arciformes que coas masas laterais constitúen a vértebra atlas. / **A. aórticos.** Serie de cinco pares de arcos arteriais do embrión. / **A. branquiais.** Catro pares de arcos cartilaxinosos do embrión na rexión do colo. / **A. cigomático.** O formado polo pómulo e apófise cigomática do temporal. / **A. crural.** Ligamento de Poupart ou inguinal. / **A. crural profundo.** Fita de fibras arqueadas diante da vaina dos vasos femorais. / **A. da aorta.** Parte curva da aorta entre as porcións ascendente e descendente (caxato). / **A. de Falopio.** Ligamento de Falopio ou de Poupart. / **A. de fractura.** Semicírculo de madeira que se coloca debaixo das cubertas da cama dun ferido para preservalo do contacto e peso daquelas. / **A. de Treitz.** Arco composto pola arteria cólica superior esquerda e a vea mesentérica, situado entre a porción ascendente do duodeno e o seu bordo interno e o bordo do ril esquerdo. / **A. dentario.** Arco formado polas apófises alveolares de cada mandíbula, que contén os dentes e está cuberto pola enxiva ou polas coroas dentarias. / **A. do carpo.** Pequenas arterias anteriores e posteriores, que cruzan transversalmente o pulso e anastomosan as arterias radical e cubital. / **A. do padal.** Arco formado polo teito da boca dende os dentes dun lado ós do outro. / **A. dunha vértebra.** Porción arqueada dunha vértebra, que comprende o burato espinal. / **A. glosopalatino.** Piar anterior do istmo das fauces. / **A. gótico.** Arco do padal de elevación anormal. / **A. hemal.** Arco formado polo corpo e a apófise dunha vértebra, un par de costelas e o esterno, e tamén a suma de tales arcos. / **A. hioide.** O segundo arco bronquial que persiste na apófise estiloide, o ligamento estilohioide e a

hasta menor do hioide. / **A. malar.** Arco cigomático. / **A. mandibular.** Arco branquial do que se desenvollen os ósos maxilares xunto co martelo e a bigornia. / **A. nasal.** Arco formado polos ósos e a apófise ascendente do maxilar superior. / **A. orbitario.** Rebordo saínte da parede superior da órbita, que forma parte do óso frontal e termina a cada lado nas apófises orbitarias. / **A. palatinos.** Os piares das fauces, anterior ou glosopalatino e posterior ou faringopalatino. / **A. palmar profundo.** Arco arterial da palma da man, formado pola arteria radial e a comunicante da cubital. / **A. palmar superficial.** Arco arterial palmar que forman a terminación da arteria cubital e unha rama da radial. / **A. plantar.** Arco formado pola arteria plantar externa e a dorsal do pé. / **A. pubiano.** O formado pola ramas do isquion e do pube a cada lado. / **A. reflexo.** Vía nerviosa que segue a un acto reflexo, constituída polo nervio aferente que leva o impulso, o centro nervioso e o nervio eferente que o conduce a un órgano periférico. / **A. senil.** Xerontoxon, opacidade amarelada da superficie da córnea pola dexe-neración adiposa das células corneais. / **A. superciliar.** Eminencia ósea arqueada na cara anterior do frontal debaixo da eminencia frontal, correspondente á cella.

arcocele *s.f.* Hernia ou prolapso do recto.

arcoplasma *s.m.* Substancia constituínte da esfera da atracción e de toda a figura acromática.

arcoptose *s.f.* Prolapso do recto.

arcorraxia *s.f.* Hemorragia polo recto ou ano.

arcorrea *s.f.* Fluxo ou derramo líquido polo ano.

arcosirinx *s.f.* 1. Fístula do ano. 2. Cánula anal.

arcostenose *s.f.* Estenose do ano ou recto: por exemplo estreiteza cicatrizal.

arctación *s.f.* Contracción ou estreiteza dun conducto ou orificio.

ardanestesia *s.f.* Termoanestesia.

ardencia ou **ardentía** *s.f.* Sensación de calor, especialmente a producida pola esofaxite de refluxo.

ardente *adx.* Que queima, que produce unha sensación intensa de calor, febril. Tamén se di **urente**.

ardor *s.m.* Sensación de calor intensa. // **A. urinae.** Dor urente na uretra na micción. / **A. venereus.** Desexo sexual intenso. / **A. ventriculi.** Pirose.

área *s.f.* 1. Superficie ou espacio limitado plano, zona. 2. Zona irrigada por unha arteria ou innervada por un nervio. 3. Parte dun órgano que posúe unha función especial. 4. Zona sen pelo, alopecia.

areíña *s.f.* Cálculo de pequeno tamaño procedente do ril ou da vexiga. // **A. intestinal.** Materia areosa composta de óxidos de cal e fósforo, bacterias, pigmentos biliares, etc., formada no intestino, que vai acompañada de cólicos e evacuación de mucosidades.

aréola *s.f.* 1. Espacio diminuto ou intersticio entre as fibras, láminas ou capilares de certos órganos ou tecidos.

2. Zona pigmentada, despigmentada ou eritematosa que rodea algo.

areolite *s.f.* Inflamación da aréola mamaria.

areometría *s.f.* Determinación da densidade dos corpos líquidos por medio do areómetro. Tamén se di **hidrometría**.

areómetro *s.m.* Hidrómetro.

areótico-a *adx.* Que ten a propiedade de enrarecer ou rarefacer, diluínte.

argambliopía *s.f.* Ambliopía debida ó prolongado desuso da visión.

argon *s.m.* Elemento gasoso máis inerte da atmosfera. Símbolo Ar. Peso atómico 39,94.

ariaritenóide *adx.* 1. Relativo ás dúas cartilaxes aritenoides. // *s.m.* 2. Músculo.

ariepiglótico-a *adx.* Aritenoepiglótico.

aril- Prefixo que designa un radical orgánico derivado dun composto aromático, dos cales bencilo, fenilo ou naftilo son algúns dos máis importantes.

aristocardia *s.f.* Desviación do corazón cara á esquerda.

aristol *s.m.* Biioduro de timol, po vermello pardo, usado como antiséptico e desodorizante, sucedáneo do iodoformo.

aritenectomía *s.f.* Aritenoidectomía.

aritenoeplótico-a *adx.* Relativo á cartilaxe aritenóide e á epiglote.

aritenóide *adx.* 1. En forma de funil. // *s.m.* 2. Músculo. 3. Cartilaxe aritenóide.

aritenoidectomía *s.f.* Escisión cirúrxica dunha cartilaxe aritenóide.

aritenoidite *s.f.* Inflamación dos músculos ou cartilaxes aritenoides.

aritenoidopexia *s.f.* Fixación cirúrxica da cartilaxe aritenóide.

aritmomanía *s.f.* Impulso patolóxico e irresistible de contar, obsesión ou angustia producida por certos números.

***arixol** *s.m.* V. **tirizó, orizó**.

armamento *s.m.* Conxunto dos medios terapéuticos (libros, aparellos, medicinas, utensilios cirúrxicos, etc.) dun médico ou dunha institución.

armila *s.f.* 1. Ligamento anular do pulso. 2. Ganglio de Gasser.

ARN Ácido ribonucleico. RNA.

aroma *s.m.* Fragrancia, recendo, especialmente o dun medicamento ou especia, ou dos artigos de alimento ou bebida.

aromático-a *adx.* 1. Que ten un olor agradable. // *s.m.* 2. Composto de carbono orixinado do benceno, serie ou

compostos de cadea pechada ou cíclicos ou carbocíclicos. 3. Substancia medicinal olorosa con propiedades estimulantes: canela, xenxibre, esencia, etc.

arpón *s.m.* Instrumento empregado para extraer pequenas porcións de tecido vivo para o seu estudio histolóxico.

arqueado-a *adx.* En forma de arco.

arquencéfalo *s.m.* 1. Cerebro primitivo. 2. Vesícula cerebral anterior ou prosencéfalo.

arquéntero *s.m.* Intestino primitivo, cavidade formada pola invaxinación da vesícula blastodérmica durante o período da gástrula e que se abre polo blastoporo. Tamén se di **celenterio** ou **celenterón**.

arqueocito *s.m.* Célula libre ou ameboide.

arquetipo *s.m.* Tipo ou forma ideal, orixinal ou principal. Tamén se di **arquicentro, prototipo**.

arquiblasto *s.m.* 1. Material formativo ou protoplasma dun ovo. 2. Parte fundamental ou parenquimatosa das capas blastodérmicas, distinta do parablasto ou porción accesoria ou conxuntiva.

arquiblastoma *s.m.* Tumor derivado da substancia arquiblastica ou parenquimatosa (mioma, neuroma, epitelioma, etc).

arquicarion *s.m.* Núcleo do óvulo fecundado.

arquicentro *s.m.* Arquetipo.

arquicerebelo *s.m.* Parte do cerebelo filoxeneticamente máis antiga. Tamén se di **lobo floculonodular do cerebelo**. Comprende, no home, o nódulo e o flóculo do córtex cerebeloso, e os núcleos do teito da rexión central.

arquicito *s.m.* Óvulo fertilizado antes de que se efectúe a segmentación.

arquicítula *s.f.* Óvulo fecundado, no estadio no que comeza a distinguirse o núcleo.

arquicórtex *s.m.* Porción olfactiva do rinencéfalo, que comprende o hipocampo e que o seu desenvolvemento é anterior ó do neocórtex. Tamén se di **arquipalio**.

arquigastro *s.m.* Conducto dixestivo primitivo do embrión.

arquigástrula *s.f.* 1. Gástrula na súa forma primitiva de desenvolvemento. 2. Gástrula dos mamíferos.

arquigonocito *s.m.* Primitiva célula xerme, formada na segmentación do óvulo fecundado.

arquilo *s.m.* 1. Materia primitiva, a esencia da materia. 2. Colorante violeta.

arquimórula *s.f.* Masa de células orixinada da división do arquicito, que precede á arquiblastula e á arquigástrula.

arquineurona *s.f.* Neurona motriz central.

arquicroma *s.f.* Célula nerviosa na que a súa substancia cromática está disposta en forma de rede.

arquipalio *s.m.* Arquicórtex.

arquiplasma *s.m.* Materia viva máis primitiva. Tamén se di **arquisoma**, **idiosoma**, **arcoplasma**.

arquipsiquismo *s.m.* Funcións psíquicas automáticas e instintivas correspondentes á zona do arquipalio.

arquisoma *s.m.* Arquiplasma.

arquite *s.f.* Inflamación do ano. Tamén se di **proctite**.

arrea *s.f.* Supresión ou curación dun fluxo ou derramo.

arreflexia *s.f.* Falta de reflexos.

arrefriado *s.m.* Afección catarral das vías aéreas superiores, de orixe vírica, ás veces con compoñentes alérxicos, que se dá especialmente por exposición ó frío ou á humidade.

arreico-a *adx.* Relativo ó arsénico, arsenical.

arrenoblastoma *s.m.* Adenoma do ovario con células semellantes ás do testículo e produción de caracteres sexuais masculinos secundarios. Tamén se di **tumor de células de Sertoli-Leyding**.

arrenoma *s.m.* Arrenoblastoma.

arrenomimético-a *adx.* Aplícase a certos fenómenos que se producen na muller semellantes ós naturais no home: hirsutismo, voz grave, hipertrofia do clítoris, etc.

arrenoplasma *s.m.* Elemento ou idioplasma masculino.

arrenotocia *s.f.* Produción de machos exclusivamente.

arrenoxénico-a *adx.* Productor de caracteres masculinos.

arriboflavinose *s.f.* Estado de deficiencia de riboflavina na alimentación, caracterizada por boqueiras, lesións da córnea e dermatite seborreica.

arrigose *s.f.* Ausencia da sensación de frío.

arrinencefalia *s.f.* Falta conxénita do rinencefalo, a miúdo xunto con ciclopía e etmocefalia.

arrinia *s.f.* Carencia conxénita do nariz.

arritmia *s.f.* Perda do ritmo, especialmente a irregularidade dos latexos cardíacos, como as extrasístoles, bloqueo cardíaco, flúter auricular, fibrilación auricular, pulso alternante, taquicardia paroxismal, etc. // **A. respiratoria.** Irregularidade dos latexos cardíacos coincidente cos movementos respiratorios de inspiración e expiración. / **A. sinusal.** Irregularidade do latexo cardíaco debida a interferencias nos impulsos orixinados no nó sinoauricular. / **A. vagal.** A que depende da estimulación do pneumogástrico.

arritmocinese *s.f.* Incapacidade para executar movementos voluntarios alternantes, mantendo a orde e o ritmo.

arsenal *s.m.* En cirurxía, conxunto de aparellos necesarios para practicala cirurxía en xeral ou dalgunha das súas ramas. // **A. terapéutico.** Conxunto de medicamentos e axentes terapéuticos.

arseniase *s.f.* Intoxicación crónica arsenical.

arseniato *s.m.* Sal de ácido arsénico.

arsenicalismo *s.m.* Arseniase. Tamén se di **arsenismo**.

arsenicíase *s.f.* Intoxicación, aguda ou crónica, polo arsénico ou os seus preparados. Tamén se di **arsenicismo**.

arsénico *s.m.* 1. Elemento químico sólido que ten sales medicinais e tóxicos. Os sales medicinais usáronse no paludismo crónico, anemia, asma, escrófula e eczema crónico e os seus compostos orgánicos na sífilis e enfermidades protozoarias. Na actualidade, só se usan no tratamento da tripanosomíase. Símbolo As. Peso atómico 74,9. Peso específico 5,8. 2. Anhídrido arsenioso.

arsenioso-a *adx.* Que contén arsénico na súa valencia menor ou trivalencia.

arsenito *s.m.* Sal de ácido arsenioso.

arseniuro *s.m.* Combinación do arsénico cun ou máis metais.

arsenización *s.f.* Tratamento con compostos arsenicais.

arsenoblasto *s.m.* Elemento masculino da célula sexual. Tamén se di **arrenoplasma**.

arsenofaxia *s.f.* Costume de inxerir arsénico.

arsenomelanose *s.f.* Coloración pardenta da pel producida polos compostos arsenicais.

arsenorresistente *adx.* Que resiste a acción do arsénico.

arsenoterapia *s.f.* Tratamento das enfermidades por uso do arsénico e preparacións arsenicais.

arsenóxido *s.m.* Composto tóxico, óxido aminohidroxifenilarsenioso, que se forma nos tecidos pola redución da arsfenamina despois do tratamento mixto hidrarxiroarsenical.

arsfenamina *s.f.* Composto que se empregou no tratamento da sífilis e outras treponematoses. Tamén se di **salvarsán**.

arsicodilo *s.m.* Cacodilato de sodio, po branco indicado nas enfermidades da pel.

arsonvalización *s.f.* Uso terapéutico das correntes de alta frecuencia.

artefacto *s.m.* 1. Producto artificial. 2. Estructura ou cambio que non é natural, senón debido á manipulación. 3. En histoloxía e microscopía, tecido que foi alterado mecanicamente.

arteria *s.f.* 1. Tubo oco, traquea. 2. Calquera dos conductos que transportan o sangue expelido das cavidades ventriculares do corazón e, agás as arterias pulmonares e a umbilical, transportan sangue vermello osixenado. Unha arteria consta de tres capas ou túnicas: unha capa exterior (túnica adventicia), composta de tecido conxuntivo e fibras elásticas; unha capa media (túnica media, propia ou amarela), formada de fibras elásticas transversais e fibras musculares, e unha capa interior (túnica íntima), formada de células endoteliais rodeadas de fibras lonxitudinais elásticas e tecido conxuntivo. // **A.**

- aberrante.** Arteria anómala, especialmente a que une a arteria braquial coas do antebrazo. / **A. anastomótica.** A que establece a comunicación entre dúas arterias. / **A. medular.** Arteria nutricia destinada á porción medular ou parenquimatosa dun órgano. / **A. nutricia.** Arteria que leva o sangue ó interior dos ósos e pasa polos buratos nutricios. / **A. terminal.** Arteria que non se divide en ramas, senón que termina directamente en capilares.
- arteriactia** *s.f.* Contracción dunha arteria, estreiteza do calibre dunha arteria.
- arteriagra** *s.f.* Afección gotosa nunha arteria.
- arterial** *adx.* Das arterias.
- arterialización** *s.f.* 1. Acción de volver arterial. 2. Proceso de osixenación do sangue venoso efectuado nos pulmóns. 3. Conversión dunha estrutura venosa para que funcione como unha arterial.
- arteríase** *s.f.* Dexeneración das paredes arteriais.
- arteriectase** *s.f.* Dilatación anormal das arterias.
- arteriectomía** *s.f.* Resección dun segmento arterial
- arteriectopía** *s.f.* Situación anómala dunha arteria.
- arteriocalasia** *s.f.* Relaxación ou atonía das paredes arteriais.
- arteriocapilar** *adx.* Relativo ás arterias e ós capilares.
- arterioclise** *s.f.* Inxección intrarterial.
- arteriodiastase** *s.f.* Separación das arterias que normalmente están xuntas.
- arteriofibrose** *s.f.* Estenose das arterias e capilares por fibrose inflamatoria da íntima. Fibrose arteriocapilar.
- arterioflebotomía** *s.f.* Sangría pola escarificación do tegumento, sangría local
- arteriografía** *s.f.* 1. Descrición das arterias. 2. Rexistro gráfico do pulso arterial. 3. Radiografía das arterias despois da inxección dun medio de contraste opaco ós raios X. Tamén se di **vasografía arterial**. // **A. selectiva.** Visualización dunha arteria determinada por inxección dun medio de contraste radiopaco directamente nesa arteria ou na rexión a explorar.
- arteriograma** *s.m.* Imaxe radiográfica dunha arteria ou dun territorio arterial.
- arteríola** *s.f.* Pequena rama arterial.
- arteriólito** *s.m.* Concreción calcaria nunha arteria.
- arterioloxía** *s.f.* Ciencia, ou parte da anatomía que se dedica ó estudio das arterias.
- arteriomalacia** *s.f.* Abrandamento anormal das paredes arteriais.
- arteriómetro** *s.m.* Aparello empregado para medir todo cambio de calibre nas arterias pulsátiles.
- arteriomiotatose** *s.f.* Desenvolvemento irregular de fibras musculares nas paredes dunha arteria, que produce o seu engrosamento.
- arterionecrose** *s.f.* Necrose dunha arteria ou arterias.
- arteriopatía** *s.f.* Afección arterial.
- arterioplania** *s.f.* Curso anómalo dunha arteria.
- arterioplastia** *s.f.* Cirurxía plástica das arterias.
- arteriopresor-a** *adx.* Que produce aumento da presión sanguínea nas arterias.
- arteriorrafia** *s.f.* Sutura dunha arteria.
- arteriorraxia** *s.f.* Hemorragia arterial.
- arteriorrexe** *s.f.* Rotura dunha arteria.
- arteriosclerose** *s.f.* Dureza e engrosamento das paredes vasculares inducidos por moitos factores, como hipertensión arterial, hipercolesterolemia, tabaquismo, caracterizada por formación de placas de ateroma, resultado da inflamación crónica, especialmente da túnica íntima, con tendencia á obliteración do vaso. // **A. cerebral.** A das arterias do cerebro. / **A. difusa.** A que afecta a tódolos vasos do organismo. / **A. hipertensiva.** Enfermidade hipertensiva que estimula o aumento do tecido elástico e a substitución do tecido muscular por tecido fibroso. / **A. nodular.** Enfermidade das arterias caracterizada pola formación de nódulos fibrosos nas capas medias. / **A. obliterante.** A que produce estreiteza e oclusión crónica progresiva da luz arterial, afectando especialmente ás extremidades. / **A. senil.** Arteriosclerose da velez.
- arteriose** *s.f.* Enfermidades arteriais con lesións fundamentalmente de tipo dexenerativo, como a arteriosclerose.
- arterioso-a** *adx.* Que ten a estrutura dunha arteria, aínda que o sangue que contén sexa venoso, como a vea arteriosa ou arteria pulmonar.
- arteriospasma** *s.m.* Espasmo dunha arteria.
- arteriostenose** *s.f.* Estreiteza da luz das arterias, que pode ser temporal, debido á vasoconstricción, ou permanente, por arteriosclerose.
- arteriosteose** *s.f.* Osificación, depósito calcario na capa media das arterias.
- arteriostrepsia** *s.f.* Torsión dunha arteria para cohibirla hemorragia.
- arteriotomía** *s.f.* Sección cirúrxica dunha arteria para a extracción do sangue, sangría arterial, ou ben para a extracción dun émbolo, embolectomía.
- arteriotonía** *s.f.* Ton da parede arterial.
- arteriovenoso-a** *adx.* Arterial e venoso ó mesmo tempo, relativo ou que afecta á arteria e á vea.
- arterioversión** *s.f.* Eversión cirúrxica dos extremos dunha arteria que sangra, co fin de dete-la hemorragia.
- arterioxénese** *s.f.* Formación das arterias.
- arterioxerose** *s.f.* Endurecemento fisiolóxico das arterias por efecto da idade.

arterite *s.f.* Inflamación das paredes dunha arteria. // **A. hiperplástica.** Arterite con neoformación do tecido conxuntivo. / **A. nodosa.** Periarterite nodosa ou enfermidade de Kussmaul. / **A. obliterante.** Endarterite que dá como resultado a obliteración ou oclusión da luz do vaso. / **A. temporal.** Arterite das arterias temporais. Tamén se di **enfermidade de Horton.**

arterización *s.f.* Aumento de fibras elásticas e musculares nas paredes dunha vea sometida a unha presión maior do normal. Tamén se di **arterialización.**

articulación *s.f.* 1. Unión de dous ou máis ósos. 2. En odontoloxía, modo de dispoñer un dente artificial para que se acomode ás distintas posicións da boca. 3. Pronunciación clara e distinta das palabras. // **A. anfidartrodial.** Anfidartrose. / **A. artrodial.** Artrodia. / **A. atlantoepistrófica.** Articulación atlantoaxoide. / **A. biaxil.** Articulación con dous eixes principais de movemento, que están en ángulo recto / **A. bilocular.** Articulación dividida en dúas cavidades pola cartilaxe interarticular. / **A. capitular.** As articulacións entre as vértebras e as cabezas das costelas. / **A. carpiana.** Articulación do pulso. / **A. coclear.** Forma da articulación que permite o movemento lateral. / **A. composta.** Articulación de máis de dous ósos. / **A. condiloide.** Articulación elipsoide. / **A. confluyente.** Linguaxe na que as sílabas se emiten simultaneamente. / **A. de Chopart.** Unión dos ósos calcáneo e astrágalo cos demais do tarso, articulación mediotarsal ou tarsina media. / **A. de Lisfranc.** Articulación tarsometatarsiana. / **A. diartrodial.** Diartrose. / **A. elipsoide.** Articulación con dous eixes de movemento, ámbolos dous no mesmo óso. / **A. enartrodial.** Articulación esferoidal. / **A. esferoidal** ou **esferoide.** Articulación con superficies esféricas. / **A. espiral.** Articulación coclear. / **A. falsa.** Pseudoartrose. / **A. irritable.** Articulación suxeita a ataques de inflamación sen causa apreciable, normalmente a consecuencia dunha escordadura. / **A. mixta.** Anfiartrose. / **A. movable.** Diartrose. / **A. multiaxil.** Articulación esferoidal. / **A. por encaixe recíproco.** Diartrose que ten as superficies articulares concavoconvexas que se corresponden inversamente. / **A. rotatoria.** Xínglimo lateral ou trocoide. / **A. seca.** Artrite crónica. / **A. sellar.** Articulación por encaixe recíproco. / **A. simple.** Articulación dos ósos. / **A. sinartrodial.** Sinartrose. / **A. trocoide.** Articulación rotatoria. / **A. uncovertebral.** Pequena artrodia entre os extremos laterais dos corpos vertebrais cervicais. / **A. uniaxil.** Articulación que se move nun eixe soamente. / **A. unilocular.** Articulación cunha soa cavidade. / **A. xinglimoide.** Xínglimo, variedade de diartrose que permite movementos de rotación e de esvaramento.

articulado-a *adx.* 1. Dividido ou unido por articulacións. 2. Enunciado en palabras e frases.

articulador *s.m.* Utensilio para efectuar unha unión semellante a unha articulación. // **A. dental.** Marco oclusivo, aparello mecánico que representa as articulacións temporomandibulares e as ramas óseas, destinado a

montar dentes artificiais en relacións axeitadas de oclusión e articulación.

artificial *adx.* Feito pola man do home, que non é natural nin patolóxico.

artistomía *s.f.* 1. Nitidez na articulación das palabras. 2. Adaptación exacta dunha abertura, especialmente dunha incisión cirúrxica, ó seu propósito.

artraga *s.f.* Afección gotosa das articulacións.

artralxia *s.f.* Neuralxia ou dor dunha articulación. Artroneuralxia, artrodinia, neuralxia articular. // **A. saturnina.** Artralxia por intoxicación con chumbo.

artrecose *s.f.* Ulceración dunha articulación.

artrectase *s.f.* Dilatación dunha cavidade articular.

artrectomía *s.f.* Resección dunha articulación. Sinovectomía.

artredema *s.m.* Edema dunha articulación.

artremia *s.f.* Conxestión sanguínea dunha articulación.

artremiese *s.f.* Supuración nunha articulación, artrite supurativa. Tamén se di **piartrose.**

artrestesia *s.f.* Sensibilidade articular, percepción dos movementos articulares.

artrifluente *adx.* Relativo ós abscesos pola conxestión que provén dunha articulación enferma.

artrite *s.f.* Reumatismo articular, inflamación dunha ou varias articulacións, de orixe infecciosa, inmunolóxica ou metabólica. // **A. aguda.** A caracterizada por dor, calor, arroibamento e tumefacción, de curso agudo. / **A. anquilopéptica.** Artrite crónica que produce a soldadura fibrosa das superficies articulares. / **A. blenorráxica** ou **gonorreica.** Artrite aguda debida ós gonococos. / **A. crónica.** Inflamación dunha ou varias articulacións, secuela dun reumatismo agudo, de gota crónica ou de tuberculose ou sífilis. As demais formas de artrite agrúpanse baixo dúas formas principais: reumatismo articular crónico primario, poliartrite crónica anquilosante que inmoviliza e deforma os tecidos sen que os ósos sexan directamente interesados, e osteoartrose deformante, artrite reumatoide atrófica infecciosa, deformante proliferativa, focal, psoriásica, reumatismo nodoso ou crónico deformante, enfermidade de Marie-Strümpell, de Felty, de Still, na que hai desgaste das superficies articulares e produción de osteófitos e econdrose. / **A. gotosa.** Artrite debida á gota. / **A. psoriásica.** A asociada a psoríase, con predilección polas articulacións de mans e pés. / **A. reactiva.** Artrite autoinmune que aparece no curso de infeccións localizadas, especialmente intestinais e urinarias. / **A. reumatoide.** Artrite crónica. / **A. seca.** Artrite crónica sen exsudación de líquido. / **A. sifilítica.** Forma asociada coa sífilis ou debida a ela. / **A. supurada.** Forma caracterizada pola infiltración purulenta da articulación, debida a miúdo ó traumatismo ou á piohemia. / **A. urática.** Artrite crónica debida á excesiva formación de ácido úrico. / **A. uretral.** Artrite blenorráxica.

- artrítico-a** *adx.* 1. Pertencente ou relativo á artrite ou ó artritismo. // *s.* 2. Persoa afectada de artrite ou artritismo.
- artrítide** *s.f.* Manifestación cutánea dependente do artritismo.
- artritis** *s.m.* Díatese peculiar ou estado do organismo que predispón a un grupo de enfermidades: gota, diabete, obesidade, asma, calculose, artrite crónica, dermatose, etc. Díatese artrítica, braditrofia.
- artro-** Prefixo do gr. *árrhron*, articulación.
- artrocace** *s.m.* Necrose dunha articulación.
- artrocadise** *s.f.* Afundimento do fondo do acetábulo, con protrusión da cabeza femoral na pelve, que dá como resultado a limitación dos movementos da articulación.
- artrocele** *s.f.* 1. Hernia da membrana sinovial. 2. Tumefacción dunha articulación.
- artrocentese** *s.f.* Punción dunha articulación.
- artroclasia** *s.f.* Rotura dunha anquilose para asegura-lo movemento libre dunha articulación.
- artrocleise** *s.f.* Anquilose ou a produción desta. Artrodese. Tamén se di **artroclise**.
- artrocondrite** *s.f.* Inflamación das cartilaxes dunha articulación.
- artrodese** *s.f.* Fixación cirúrxica dunha articulación, anquilose artificial. Artrocleise, operación de Albert.
- artrodia** *s.f.* Articulación de superficies articulares planas ou case planas, que permite movementos de escorregamento das superficies articulares como as das apófises articulares das vértebras entre si.
- artrodinia** *s.f.* Artralxia.
- artrofito** *s.m.* Corpo estraño articular, excrescencias anormais na articulación. Tamén se di **artrólito**, **rato articular**.
- artrografía** *s.f.* Descrición das articulacións. Radiografía dunha articulación.
- artrogripose** *s.f.* Defecto conxénito caracterizado por flexión ou contractura permanente das articulacións. // **A. conxénita múltiple**. Anquilose fibrosa xeneralizada conxénita das articulacións superiores e inferiores.
- artrólise** *s.f.* Operación que consiste en secciona-la cápsula e os ligamentos dunha articulación anquilosada con obxecto de restablece-los movementos.
- artrolitíase** *s.f.* Gota.
- artrólito** *s.f.* Depósito calculoso ou corpo nunha articulación. Tamén se di **tofo artrítico**, **artrofito**, **rato articular**.
- artroloxía** *s.f.* Parte da anatomía que trata das articulacións.
- artromeninxite** *s.f.* Sinovite.
- artrómetro** *s.m.* Aparello para medi-lo grao de extensión de movementos dunha articulación. Tamén se di **goniómetro**.
- artronco** *s.m.* 1. Tumefacción ou tumor dunha articulación. 2. Corpo libre articular.
- artroneuralxia** *s.f.* Artralxia.
- artropatía** *s.f.* Enfermidade que afecta a unha articulación. // **A. de Charcot**. Alteración articular deformante e indolora observada na tabe, siringomiélía, etc. / **A. deformante**. Proceso influído por factores xerais (herdanza, constitución, cadro endócrino) e constituído por unha lesión da cartilaxe diartrodial. / **A. estática**. Trastorno dunha articulación das extremidades logo da afección doutra articulación na mesma extremidade. / **A. neuropática**. Artropatía de Charcot. / **A. osteopulmonar**. Aumento e tumefacción dos extremos dos ósos longos despois dunha enfermidade pulmonar, enfermidade de Marie. / **A. tabética**. Artropatía propia dos pacientes con tabe dorsal.
- artropatoloxía** *s.f.* Ciencia que estudia as enfermidades articulares.
- artropiose** *s.f.* Supuración de pus dunha articulación.
- artroplastia** *s.f.* Reparación cirúrxica das articulacións, creando articulacións artificiais para corrixir anquiloses.
- artropneumorradiografía** *s.f.* Radiografía dunha articulación despois dunha inxección de aire.
- artrorrafia** *s.f.* Sutura da cápsula articular para obte-la limitación dos movementos nas articulacións paralíticas ou péndulas.
- artrorraxia** *s.f.* Hemorragia dunha articulación.
- artrorreumatismo** *s.m.* Reumatismo articular.
- artrosclerose** *s.f.* Esclerose ou rixidez dunha articulación.
- artroscopia** *s.f.* Exame directo do interior dunha articulación por medio dun instrumento especial, o artroscopio.
- artroscopio** *s.m.* Endoscopio para o exame do interior das articulacións.
- artrose** *s.f.* 1. Articulación. 2. Afección crónica dexenerativa das articulacións. // **A. deformante**. Osteoartropatía distrófica, artrite deformante.
- artrosinovite** *s.f.* Inflamación da membrana sinovial dunha articulación.
- artrostomía** *s.f.* Abertura cirúrxica dunha articulación co propósito de drenaxe.
- artrotifo** *s.m.* Tifo ou febre tifoide que se inicia con síntomas semellantes ós do reumatismo articular agudo.
- artrotomía** *s.f.* Incisión cirúrxica dunha articulación.
- artrotopía** *s.f.* Torsión dunha articulación. Tamén se di **escordadura**, **torcedura**.

artróxeno-a *adx.* Formado nunha articulación ou que forma unha articulación.

arxema *s.f.* Úlceras da córnea superficial, redondeada e abrancazada, que comeza por unha flictena case transparente e que coa súa rotura deixa unha escavación a penas visible.

arxentación *s.f.* 1. Coloración cun sal de prata. 2. Arxiria.

arxentafín *adx.* Arxirófilo.

arxentafinoma *s.m.* Tumor carcinoide do tubo dixestivo constituído por células cromarxentafíns.

arxentamina *s.f.* Etildiaminofosfato de prata, líquido incoloro, bactericida e desinfectante.

arxénteo-a *adx.* De prata, prateado ou semellante á prata.

arxéntico-a *adx.* Cualificación dos compostos nos que entra a prata na súa maior valencia. Tamén se di **arxentino**.

arxentófilo-a *adx.* Arxirófilo

arxinase *s.f.* Enzima hepático que descompón a arxinina en urea e ornitina.

arxinina *s.f.* Compoñente de moitas proteínas animais, unha das hexonas, ácido aminoguanidino-valeriánico producido na dixestión das proteínas.

arxininuria *s.f.* Aminoacidopatía conxénita con eliminación aumentada de arxinina pola urina que cursa con convulsións, hepatomegalia e pelo seco e fráxil.

arxinosuccinicaciduria *s.f.* Presencia de ácido arxinosuccínico na urina, característica dun erro metabólico innato, que se acompaña de atraso mental.

arxiremía *s.f.* Presencia de sales de prata no sangue.

arxiria *s.f.* Coloración agrisada da pel e das mucosas, que se produce pola inxestión continuada das preparacións de prata. Tamén se di **arxiriase**.

arxirismo *s.m.* 1. Envenenamento producido pola inxestión ou simplemente polo manexo de sales de prata. 2. Arxiria.

arxirófilo –a *adx.* Que se tingue ou impregna facilmente dos sales de prata.

arxirol *s.m.* Peptonato, caseinato ou vitelinato de prata, que contén o 20% deste, po amorfo, escuro, soluble na auga, usado na blenorragia, conxuntivite, larinxite, etc., en solución ó 0,5% ou ó 2,5%.

arxirose *s.f.* Arxiria.

asclepiadina *s.f.* Glicósido amargo de varias especies do xénero *Asclepias*, emético, aperitivo e sudorífico e moi tóxico.

asco *s.m.* Estructura micótica formada no curso da reprodución sexual dos fungos da división ascomicetos, con forma de saco, que contén as ascosporas.

ascomicetos *s.m.pl.* Subdivisión de fungos da división eumicotas. As súas esporas sexuadas fórmanse no interior dun saco (asco) e comprende xéneros de grande interese en patoloxía, como *Aspergillus* e os dermatofitos, así como *Saccharomyces* ou fermentos verdadeiros.

ascorbemia *s.f.* Ascorbicemia.

ascorbicemia *s.f.* Presencia de ácido ascórbico ou vitamina C no sangue. A taxa normal é de 1'2 mg/100ml.

ascórbico-a *adx.* Antiescorbútico. // **Ácido a.** Composto cristalino, $C_6H_8O_6$, do zume da laranxa, limón e outros vexetais e do córtex suprarrenal, que representa o principio antiescorbútico ou vitamina C. Tamén se di **ácido avitamínico**, **ácido cevitámico**.

ascorburia *s.f.* Presencia de ácido ascórbico na urina.

asemasia *s.f.* Asemia.

asemia *s.f.* Imposibilidade de empregar (asemia expresiva) ou entender (asemia perceptiva) as palabras ou signos correspondentes ás ideas. Comprende tódolos trastornos afásicos, agráficos, aléxicos e amínicos. Asimbolia. Tamén se di **asemasia**

asente *s.m.* Planta aromática da familia das compostas, da que se empregan as flores como tónico e estimulante, febrífugo, antihelmíntico e emenagogo. Adminístrase en po, en infusión, en cocemento, en forma de viño e de auga destilada.

asento *s.m.* Lugar ou parte do corpo onde radica a alteración material, causa dos trastornos morbosos.

asepse *s.f.* Asepsia.

asepsia *s.f.* 1. Ausencia de materia séptica, estado libre de infección. 2. Condición na que están ausentes os organismos patóxenos vivos, estado de esterilidade. 3. Método de previlas infeccións destruíndo ou evitando os axentes infectivos, en especial por medios físicos. Tamén se di **asepse**.

asepticismo *s.m.* Principios e prácticas da cirurxía aseptica.

asexual *adx.* Que non ten sexo.

asexualización *s.f.* Esterilización por castración ou vasectomía.

asfalxesia *s.f.* Sensación dolorosa no hipnotismo ó tocar certos obxectos.

asfigmia *s.f.* Desaparición transitoria do pulso.

asfixia *s.f.* Literalmente falta de pulso, hoxe soamente empregado no sentido de supresión da función respiratoria, por calquera causa que se opoña ó cambio gasoso entre o sangue e o aire ambiente, apnea, sufocación. // **A. azul.** Asfixia lívida.

asialia *s.f.* Falta ou deficiencia de saliva e consecutiva segura da boca. Tamén se di **aptialismo** e **xerostomía**.

asiderose *s.f.* Diminución anormal das reservas de ferro no organismo.

asilabia *s.f.* Variedade de cegueira verbal na que o paciente reconece as letras, pero é incapaz de deletrealas e de formar sílabas con elas.

asilo *s.m.* Establecemento onde se coidan persoas desamparadas ou necesitadas, especialmente anciáns. Neste caso tamén se denomina residencia da terceira idade.

asimbolia *s.f.* Perda da facultade de reconece-los símbolos ou signos correspondentes ás ideas, asemia, asemasia.

asimetría *s.f.* Falta de simetría, disimilitude nas partes ou órganos correspondentes ós lados opostos do corpo que normalmente son semellantes. // **A. cromática.** Diferencia de cor dos iris de ámbolos dous ollos.

asimetropía *s.f.* Anisometropía.

asimilación *s.f.* 1. Incorporación dos materiais nutritivos dixeridos da comida nos tecidos do organismo, anabolismo, metamorfose progresiva. 2. Incorporación da información e as experiencias percibidas á estrutura cognoscitiva preexistente. // **A. da pelve.** Alongamento da pelve debido a que as vértebras lumbares ou coccíxeas toman o aspecto de vértebras sacras. / **A. mental.** Recepción e apreciación correcta das impresións sensoriais. / **A. primaria.** Quilificación. / **A. secundaria.** Preparación dos elementos alimenticios para a asimilación normal polo aparello hematopoético. / **A. social.** Incorporación a unha vida cultural común de distintas xentes nun mesmo territorio ou fusión dun grupo minoritario inmigrante a unha sociedade preexistente.

Asimina Xénero de arbustos e árbores anonáceas da América do Norte. A *Asimina triloba* ou *anona* ten un froito comestible de propiedades medicinais.

asinclitismo *s.m.* Presentación oblicua do polo fetal no parto. // **A. anterior.** Oblicuidade de Naegele. / **A. posterior.** Oblicuidade de Litzmann.

asincronismo *s.m.* 1. Ocorrencia en tempos distintos de fenómenos normalmente sincrónicos. 2. Coordinación alterada.

asindese *s.f.* Modo de falar inconexo, dos esquizofrénicos.

asinequia *s.f.* Falta de continuidade na estrutura ou na función.

asinerxia *s.f.* Trastorno da facultade de asociación dos movementos elementais nos actos complexos, falta de coordinación entre partes ou órganos que en estado normal actúan harmonicamente, signo de lesións cerebrais. Tamén se di **ataxia**.

asinesia *s.f.* Ofuscamento da intelixencia, estupidez.

asinodia *s.f.* Impotencia sexual.

asinovia *s.f.* Falta de segregación sinovial.

asintomático-a *adx.* Que non ten síntomas.

asintrofia *s.f.* Falta de simetría no desenvolvemento.

asistémico-a *adx.* Difuso, non confinado a ningún sistema de fibras nerviosas, aplicado a certas afeccións nerviosas.

asistolía *s.f.* Sístole incompleta ou imperfecta, insuficiencia cardíaca para realizar unha sístole completa. Tamén se di **asistolismo**, **amiocardia**.

asitia *s.f.* 1. Perda do apetito. Anorexia. 2. Estado provocado pola falta de alimento.

asma *s.f.* Dificultade para respirar. // **A. alérxica, anafiláctica.** Asma bronquial de causa alérxica ou anafiláctica. / **A. atópica.** Asma alérxica. / **A. bronquial.** Enfermidade debida á estreiteza difusa das vías aéreas producida polo espasmo do musculo liso bronquial, edema e a presenza de moco na súa luz, producida por diversas causas, en moitos casos o seu mecanismo é inmunoalérxico, e caracterízase por ataques de dispnea expiratoria de duración variable, con tose, sibilancias e sensación de opresión no peito. / **A. cardíaca.** Dispnea debida á insuficiencia aguda do miocardio. / **A. de Heberden.** Anxina de peito. / **A. de Kopp.** Espasmo da glote, larinxite estridulosa. / **A. dos mineiros.** Antracose. / **A. de Millar.** Larinxite estridulosa. / **A. de Pott.** Asma tímica. / **A. de Wichmann.** Larinxismo estriduloso. / **A. dispéptica.** Asma dependente dun trastorno dixestivo. / **A. do feo.** Febre do feo. / **A. enfisematosa.** Enfisema dos pulmóns con paroxismos asmáticos. / **A. esencial.** Asma de causa inaparente ou descoñecida. / **A. espasmódica.** Asma bronquial. / **A. extrínseca.** Asma de mecanismo inmunoalérxico, como resposta ó contacto con alérxenos respiratorios. / **A. húmida.** Asma con expectoración profusa. / **A. intrínseca.** Asma na que non se puido demostrar reacción inmunoalérxica nin a influencia de factores ambientais. / **A. nasal.** Asma acompañada de patoloxía rinosinusal. / **A. nerviosa.** Asma esencial asociada a trastornos emocionais. / **A. reflexa.** Asma debida a algunha acción reflexa. / **A. renal.** Asma reflexa causada por unha enfermidade renal. / **A. saturnina.** A producida pola intoxicación do chumbo. / **A. sexual.** Asma debida a trastornos sexuais. / **A. sintomática.** Pseudoasma, calquera das variedades de asma distintas da bronquial ou verdadeira, como a asma diabética, artrítica, herpética, tóxica, urémica, etc. / **A. tímica.** Trastorno respiratorio infantil asociado co aumento e persistencia do timo e tendencia á morte súbita. / **A. verdadeira.** Asma.

asmatoloxía *s.f.* Rama da medicina que estudia o diagnóstico e tratamento da asma.

asmóxeno-a *adx.* Que dá orixe ou produce ataques de asma.

asociación *s.f.* Unión, conexión de persoas, cousas ou ideas por algún factor común. // **A. das ideas.** Proceso voluntario ou automático polo que unha impresión mental esperta outras impresións máis ou menos ligadas coa primeira. / **A. de movementos.** Estimulación involuntaria de funcións motoras de partes similares, sincinise. / **A. libre.** Método fundamental da técnica psicanalítica que consiste en que o paciente exprese, sen

selección de ningunha clase, todo tipo de ideas ou sentimentos que xurdan espontaneamente ou a partir de soños, recordos, palabras, sensacións, etc. / **A. medicamentosa.** Mestura metódica e razoada de substancias medicinais, con obxecto de obter efectos múltiples ou aumenta-la acción que un medicamento non podería realizar. / **A. microbiana.** Reunión de dúas ou máis clases de bacterias, causa, polo común, de aumento da virulencia.

asociado-a *adx.* Acompañado, que, inconsciente ou voluntariamente, acompaña a outro.

asoma *s.m.* Feto malformado que presenta cabeza imperfecta e tronco rudimentario.

asomnía *s.f.* Insomnio.

asonancia *s.f.* Tendencia patolóxica á aliteración na linguaxe.

asonía *s.f.* Amusia, xordeira musical.

aspalasoma *s.m.* Malformación conxénita, variedade de celosoma, que presenta eventración lateral ou abdominal media e outras alteracións.

asparamida *s.f.* Asparaxina.

asparaxina *s.f.* Alcaloide, amida do ácido aspártico, das sementes da esparragueira e que se atopa tamén nas raíces de regalicia e de malvarisco e en xeral naquelas partes vexetais que se desenvolveron na escuridade.

asparaxinase *s.f.* Enzima que cataliza a hidrólise da asparaxina en ácido aspártico e amoníaco. En tanto que as células normais sintetizan a súa propia asparaxina, certas células neoplásicas necesitan tomala do medio, de aquí o fundamento do emprego da asparaxinase no tratamento de certos tipos de neoplasias.

asparaxínico (ácido) *s.m.* Ácido bibásico da asparaxina.

aspártico-a *adx e s.m.* Asparaxínico.

aspástico-a *adx.* Que non é espasmódico ou espástico.

aspecífico-a *adx.* Que non é específico.

aspiración *s.f.* 1. Extracción, mediante succión, dun gas ou dun líquido dunha cavidade corporal ou dun envase. 2. Succión inspiratoria cara ás vías respiratorias de líquidos ou corpos alleos.

aspirina *s.f.* Nome comercial do ácido acetil salicílico, analxésico, antipirético e antiinflamatorio de ampla utilización.

astenobiose *s.f.* Actividade biolóxica reducida semellante á hibernación, pero independente da temperatura ou da humidade.

astenocoria *s.f.* Pereza ou debilidade do reflexo pupilar.

astenómetro *s.m.* Instrumento para medi-lo grao de astenia muscular ou de astenopía.

astenope *adx.* Persoa afectada de astenopía

astenopía *s.f.* Debilidade ou cansazo dos órganos visuais, acompañado de dor nos ollos, cefalalxia, escurecemento

da visión, etc. Copiopía. // **A. acomodativa.** Astenopía debida á fatiga do músculo ciliar. / **A. muscular.** A producida pola debilidade ou incoordinación dos músculos do globo do ollo. / **A. nerviosa** ou **retinal.** Variedade producida por hiperestesia, anestesia ou por calquera outra anomalía da retina ou por trastornos nerviosos xerais. / **A. tarsal.** Astenopía debida ó astigmatismo irregular, pola presión das pálpebras sobre a córnea.

astenospermia *s.f.* Vitalidade nula ou deficiente dos espermatozoides.

áster *s.m.* Estructura estrelada que rodea o centríolo na mitose.

astereognosia *s.f.* Perda da facultade de recoñece-los obxectos polo tacto.

asterión *s.m.* Punto de converxencia na superficie do cráneo dos ósos parietal, occipital e porción mastoide do temporal.

asterixe *s.m.* Tremor por sacudidas, irregular e bilateral, de flexión-extensión do pulso, debido a unha interrupción momentánea e brusca do ton muscular, que se observa especialmente no coma hepático.

asternal *adx.* 1. Que non está unido ou articulado co esterno, como as costelas falsas ou asternais. 2. Que presenta asternia.

asternia *s.f.* Falta de esterno.

asteroide *adx.* En figura de estrela, semellante a unha estrela.

astigmatismo *s.m.* Defecto da curvatura dos medios refrinxentes do ollo que impide a converxencia nun só foco de raios luminosos de diferentes meridianos. // **A. adquirido.** O debido a algunha afección ou traumatismo do ollo. / **A. anormal** ou **contra regra.** Astigmatismo no que o meridiano no que a refracción é maior é o horizontal. / **A. composto.** Aquel onde se asocian hipermetropía duns diámetros con miopía doutros. / **A. corneal.** O debido á irregularidade na curvatura ou poder refrinxente da córnea. / **A. hiperométrico** ou **hiperópico.** Aquel no que a curvatura dun meridiano é hiperópica mentres a do meridiano que forma ángulo recto con el é emétrepe ou normal. No astigmatismo composto hiperométrico o ollo é hipermétrepe en tódolos meridianos e as liñas horizontais son de ordinario as máis dispares. No astigmatismo composto miópico o ollo é miope en tódolos meridianos, e as liñas verticais son as máis distintas. / **A. irregular.** Astigmatismo no que as diferentes porcións do mesmo meridiano teñen distinto poder refrinxente. / **A. lenticular.** O debido a algunha imperfección do cristalino. / **A. miópico.** Aquel no que a curvatura dun meridiano é miópica mentres que a do meridiano que forma ángulo recto con el é emétrepe. / **A. mixto.** Astigmatismo no que un meridiano principal é miópico e outro hiperópico. / **A. normal** ou **de regra.** Astigmatismo no que o meridiano onde ocorre a maior refracción é vertical ou case vertical. / **A. regular.** Astigmatismo no

- que o poder refrinxente do ollo é polo xeral constante en cada meridiano e aumenta ou diminúe uniformemente dun meridiano a outro.
- astigmatómetro** *s.m.* Astigmatoscopio
- astigmatoscopio** *s.m.* Instrumento para descubrir e medi-lo astigmatismo.
- astigmógrafo** *s.m.* Aparello que mide e rexistra o astigmatismo.
- astigmómetro** *s.m.* Instrumento para medi-lo grao de astigmatismo.
- astomía** *s.f.* Falta da abertura bucal.
- astragalectomía** *s.f.* Resección do astrágalo.
- astrágalo** *s.m.* Óso do tarso que se articula por arriba coa tibia e o peroné, formando a articulación do nocello.
- astrapefobia** *s.f.* Temor morboso ás tempestades. Tamén se di **ceraunofobia**.
- astricción** *s.f.* 1. Acto ou efecto de astrinxir, acción dunha substancia astrinxente. 2. Retraemento.
- astrictivo-a** *adx.* Astrinxente.
- astricto-a** *adx.* 1. Unido, apertado. 2. Ligado, preso, vinculado. 3. fig. Sometido, dependente.
- astrinxencia** *s.f.* 1. Calidade do que é astrinxente. 2. Contracción.
- astrinxente** *adx.* 1. Que astrinxo. 2. Que produce sequidade e constricción. // *s.m.* 3. Substancia que ten estes efectos, aplicado a un sabor amargo que actúa astrinxindo a mucosa bucal.
- astrinxir** *v.* Apertar, contraer, encoller, estreita-los vasos sanguíneos, os tecidos, etc.
- astrixencia** *s.f.* Calidade de astrinxente.
- astro-** Prefixo do gr. *ástron*, estrela, astro.
- astroblasto** *s.m.* Célula que dá orixe ó astrocito.
- astroblastoma** *s.m.* Tumor cunhas células equiparables a astrocitos maduros.
- astrocele** *s.m.* Espacio oco na astrosfera, no que está situado o centrosoma.
- astrocinético –a** *adx.* Relativo ós movementos da esfera de atracción na cariocinese.
- astrocito** *s.m.* 1. Célula en forma de estrela, especialmente célula adulta da neuroglía, célula de Deiters, célula de Cajal, célula araña. 2. Célula ou corpúsculo óseo, pola súa forma estrelada.
- astrocitoma** *s.m.* Tumor do sistema nervioso central, formado por astrocitos. Segundo a súa malignidade clasifícanse en grao I (que responde ás formas clásicas), grao II (V. **astroblastoma**) e graos III e IV (V. **glioblastoma multiforme**).
- astrofobia** *s.f.* Temor morboso ós astros ou ó firmamento.
- astroglía** *s.f.* Tecido de neuroglía da substancia gris, composto de astrocitos. Tamén se di **macroglía**.
- astrosfera** *s.f.* Esfera de atracción na cariocinese, áster con exclusión do centrosoma.
- asubiote** *s.f.* Planta anual da familia das labiadas, de flores e follas con propiedades antiespasmódicas e estimulantes.
- asulfurose** *s.f.* Estado de deficiencia de xofre no organismo.
- asuprarrenalismo** *s.m.* Falta ou deficiencia da actividade suprarrenal.
- asurrenalismo** *s.m.* Asuprarrenalismo.
- At** Símbolo do astatinio ou astato
- atacador** *s.m.* Instrumento empregado en odontoloxía para colocar e condensa-la amálgama nunha obturación dentaria.
- atactilia** *s.f.* Perda da sensibilidade táctil.
- atador-a** *s. V. compoñedor.*
- atalamia** *s.f.* Ausencia ou escasa profundidade da cámara anterior, con adiantamento do iris.
- atalpose** *s.f.* Incapacidade de percibir sensacións de calor.
- ataque** *s.m.* Acceso repentino dunha enfermidade ou mal físico ou psíquico, en especial dalgunha afección suxeita a recidivas.
- ataraxia** *s.f.* Tranquilidade moral, estado apracible do ánimo.
- ataráxico-a** *adx.* 1. Que produce calma. // *s.m.* 2. Medicamento que se utiliza nos estados de ansiedade, inquietude e tensión de orixe non psicótica, como o meprobamato, a hidroxicina, as benzodicepinas, etc.
- atavismo** *s.m.* Herdanza de caracteres dos antepasados remotos, reaparición nun descendente dunha característica calquera dun ascendente que quedara latente durante unha ou varias xeracións. Tamén se di **herdanza ancestral, reversión**.
- ataxafasia** *s.f.* Posibilidade de dicir palabras, pero non frases.
- ataxia** *s.f.* Trastorno do movemento voluntario, que aparece incoordinado, estando conservada a forza muscular. A alteración de calquera dos mecanismos que interveñen na realización do movemento voluntario, dificultando a súa normal execución, determinará a ataxia. A lesión das raíces posteriores da medula ou dos cordóns posteriores medulares determinará unha alteración da sensibilidade profunda consciente (palestesia ou vibratoria, artrocínética ou posicional, grafostesia), que ó non informa-los centros nerviosos da posición de cada un dos segmentos do corpo, dificultará a execución do movemento. A alteración dos feixes espinocerebelosos medulares que transmiten a sensibilidade profunda inconsciente e a lesión do cerebelo, determinan unha alteración na coordinación do movemento, con falta de mesura

deste no espacío e no tempo (discronometría) ou con descomposición do movemento (tremor atáxico). // **A. alcohólico**. Estado parecido á ataxia locomotriz, debido ó alcoholismo crónico. / **A. dinámica**. Ataxia na realización dos movementos. / **A. estática**. Falta de coordinación muscular durante o repouso. / **A. óptica**. Incoordinación manual pola mala utilización da información visual. É un dos elementos da tríade da síndrome de Balint (ataxia óptica, parálise de fixación da mirada, trastorno espacial da atención).

ataxiógrafo *s.m.* Medio para apreciar-lo grao de extensión das desviacións na ataxia co paciente de pé e os ollos pechados.

ataxiograma *s.m.* Liña trazada por un enfermo atáxico no ataxiógrafo.

ataxiómetro *s.m.* Ataxiógrafo.

ataxiamnésico-a *adx.* Caracterizado por ataxia e amnesia á vez.

ataxoadinamia *s.f.* Ataxia asociada con adinamia, ataxia asociada con debilidade muscular.

ataxofemia *s.f.* Falta de coordinación dos músculos da linguaxe.

ataxofobia *s.f.* 1. Temor esaxerado á desorde ou irregularidade. 2. Temor morboso a padecer ataxia locomotriz.

atefobia *s.f.* Temor morboso á ruína ou desgracia.

atelectasia *s.f.* 1. Falta de expansión ou dilatación. 2. Expansión imperfecta dos pulmóns nos neonatos, colapso parcial do pulmón. // **A. masiva do pulmón**. Colapso pulmonar masivo ou postoperatorio.

ateleiose *s.f.* Detención do desenvolvemento, forma de infantilismo, con desenvolvemento sexual ou sen el, na que se conservan na vida adulta moitos dos caracteres da infancia.

atelencefalia *s.f.* Desenvolvemento defectuoso do cerebro.

atelia *s.f.* 1. Desenvolvemento imperfecto en xeral. 2. Falta conxénita da mamila.

atelo- Prefixo do gr. *atelés*, incompleto, inacabado.

atelocardia *s.f.* Desenvolvemento imperfecto do corazón.

atelocefalia *s.f.* Desenvolvemento imperfecto da cabeza.

ateloglosia *s.f.* Desenvolvemento imperfecto da lingua.

atelomielia *s.f.* Desenvolvemento incompleto da medula espinal.

atelopodia *s.f.* Desenvolvemento incompleto dos pés.

ateloprosopia *s.f.* Desenvolvemento defectuoso da cara.

ateloqueilia *s.f.* Desenvolvemento conxénito incompleto do labio.

ateloquiria *s.f.* Desenvolvemento incompleto dunha ou ámbalas dúas mans.

atelloiraque *s.f.* Atelloiraquidia.

atelloiraquidia *s.f.* Desenvolvemento incompleto da columna vertebral. Tamén se di **atelloiraque**.

atellostomía *s.f.* Desenvolvemento imperfecto da boca.

atenuación *s.f.* Acto ou proceso de debilitación, especialmente da toxicidade dun virus ou dun microorganismo.

aternal *adx.* Frío, aplicado ós mananciais de auga que teñen unha temperatura inferior a 15 °C.

atermancia *s.f.* Calidade de atermano.

atermano-a *adx.* Que absorbe a calor radiante e non permite o seu paso.

atermia *s.f.* Falta de calor ou de temperatura. Tamén se di **apirexia**.

atermosistáltico-a *adx.* Relativo ós músculos que non se contraen pola acción da calor ou do frío

ateroma *s.m.* 1. Quiste sebáceo. 2. Ateromatose.

ateromatose *s.f.* Dexeneración das paredes arteriais, con produción de masas amareladas de induración e abrandamento. Tamén se di **aterose**.

ateromatoso-a *adx.* Afecto de ateroma ou da súa natureza.

aterosclerose *s.f.* Forma máis común de arteriosclerose, caracterizada anatomicamente polo depósito da materia lipoide na túnica íntima.

atetoide *adx.* Semellante á atetose.

atetose *s.f.* Trastorno caracterizado por movementos continuos involuntarios bastante lentos e extravagantes, de dedos e mans principalmente, debido polo común a unha lesión do corpo estriado. Tamén se di **corea posthemipléxica, enfermidade de Hammond**. // **A. conxénita dobre**. Paraplexía espasmódica propia da infancia. / **A. pupilar**. Híppus.

atiaminose *s.f.* Deficiencia ou falta de tiamina.

aticite *s.f.* Inflamación do ático do tímpano.

ático *s.m.* Rexión posterior e superior da caixa do tímpano.

aticoaantrotomía *s.f.* Operación de abri-lo ático e o antro mastoide.

aticotomía *s.f.* Abertura cirúrxica do ático.

atimia *s.f.* 1. Perda da consciencia ou coñecemento. 2. Demencia. 3. Atimismo.

atimismo *s.f.* Falta de timo, e estado producido pola falta ou extirpación deste órgano.

atipia *s.f.* Estado ou condición de non conformidade cun tipo.

atípico-a *adx.* Irregular, non conforme co tipo, especialmente tumores nos que as súas células teñen forma e disposición sen analoxía no organismo, febres intermi-

- tentes que teñen accesos que se suceden de maneira irregular e cepas microbianas de tipo non usual.
- atireose** *s.f.* Falta da glándula tiroide ou hipofunción da mesma, cretinismo, mixedema. Tamén se di **atiria**.
- atiria** *s.f.* Atireose.
- atiroidemia** *s.f.* Estado anormal do sangue, debido ó atiroidismo.
- atiroidia** *s.f.* Atireose.
- atiroidismo** *s.m.* Atireose.
- atlantoaxil** *adx.* Relativo ó atlas e ó axe.
- atlantomastoide** *adx.* 1. Relativo ó atlas e á apófise mastoide. // *s.m.* 2. Músculo oblicuo superior da cabeza.
- atlantoodontoide** *adx.* Relativo ó atlas e á apófise odontoide do axe.
- atlas** *s.m.* Primeira vértebra cervical, que sostén a cabeza.
- atlético-a** *adx.* Das partes, órganos ou modos de ser que pola súa disposición ou alteración se asemellan ós propios dun atleta.
- atládimo** *s.m.* Monstro fetal con dúas cabezas e un corpo.
- atloide** *adx.* Pertencente ou relativo ó atlas.
- atloidooccipital** *adx.* 1. Relativo ó atlas e ó occipital. // *s.m.* 2. Músculo recto posterior menor da cabeza.
- atm** Abreviatura de atmosfera.
- atmiatría** *s.f.* Tratamento polos vapores medicamentosos. Tamén se di **atmidiatría**, **pneumoterapia**.
- atmidiatría** *s.f.* Atmiatría.
- atmocause** *s.f.* Tratamento pola aplicación directa do vapor sobrequentado, usado principalmente nas afeccións uterinas, vaporización.
- atmocauterio** *s.m.* Instrumento para a práctica da atmocause.
- atmógrafo** *s.m.* Instrumento para rexistra-los movementos respiratorios.
- atmólise** *s.f.* 1. Separación dos gases dunha mestura polo seu paso á través dunha lámina porosa. 2. Desintegración dun tecido orgánico polos vapores de líquidos volátiles, tales como bencina, éter, alcohol, etc.
- atmoxía** *s.f.* Ciencia dos vapores e da evaporación.
- atmómetro** *s.m.* Instrumento para medi-los vapores exhalados, ou a cantidade de auga evaporada nun tempo dado, para aprecia-la humidade da atmosfera.
- atmorrinómetro** *s.m.* Aparello para imprimir e medi-las manchas que nunha superficie fría produce o vapor de aire expirado polas fosas nasais, para demostra-lo grao de permeabilidade nasal.
- atmosfera** *s.f.* 1. Masa de aire que rodea a Terra. 2. Presión de aire sobre a Terra ó nivel do mar. 3. Ambiente gasoso especial, natural ou artificial, que rodea un corpo.
4. Unidade de presión do aire que equivale á presión dunha dina sobre un centímetro cadrado.
- atmoterapia** *s.f.* 1. Atmiatría. 2. Tratamento pola educación metódica da respiración.
- atocia** *s.f.* Esterilidade da muller.
- atomicidade** *s.f.* Valencia dun átomo ou radical.
- atomización** *s.f.* Reducción dun líquido a finísimas partículas, pulverización.
- atomizador** *s.m.* Pulverizador de líquidos.
- átomo** *s.m.* 1. Parte menor invisible física e quimicamente, que xunto con outra ou outras da súa especie constitúe a molécula. 2. Menor cantidade posible dun elemento que conserva as propiedades químicas deste, que na actualidade se considera constituído por un núcleo central, cargado positivamente, rodeado de electróns negativos, do que o número e a disposición determinan as propiedades do átomo.
- atonía** *s.f.* Falta de forza ou ton normal, especialmente dun órgano contráctil. // **A. gástrica**. Deficiencia funcional da túnica muscular do estómago. / **A. muscular conxénita**. Enfermidade de Oppenheim.
- atopía** *s.f.* 1. Desprazamento, ectopía. 2. Fenómeno de hipersensibilidade humana suxeito á influencia herdada, que sería o fundamento da asma esencial e estados análogos.
- atopognosia** *s.f.* Perda da facultade de localizar correctamente unha sensación, perda total da memoria no referente ós movementos.
- atopomenorrea** *s.f.* Menstruación vicaria.
- atoquia** *s.f.* Atocia.
- atordamento** *s.m.* Trastorno por efecto dun golpe, dunha emoción, etc., con ofuscamento mental e vertixe.
- atóxico-a** *adx.* Que non é velenoso ou non é debido a un tóxico.
- ATP** Adenosintrifosfato.
- atrabile** *s.f.* Humor espeso, negro, que se supoñía que segregaban as cápsulas suprarrenais e ó que lle atribuían a melancolía e a hipocondría.
- atracción** *s.f.* Forza, acto ou proceso que leva un corpo cara ó outro, da que son formas a afinidade, a cohesión e a gravitación. // **A. capilar**. Forza que atrae as partículas dun líquido colocado nun tubo capilar. / **A. eléctrica**. Tendencia dos corpos cargados con electricidades opostas a dirixirse un cara ó outro. / **A. magnética**. Influencia dun imán sobre o ferro e outros elementos. / **A. química**. Tendencia dos átomos dun elemento a unirse cos doutro.
- atransferrinemia** *s.f.* Ausencia conxénita de transferrina caracterizada pola presenza de anemia hipocroma intensa.

atraquelia *s.f.* Anomalía caracterizada pola falta ou curtidade extrema do colo.

atraso *s.m.* Diminución do ritmo dos procesos físicos ou mentais.

atremia *s.f.* 1. Ausencia de tremor. 2. Especie de acinesia álxera, na que o paciente pode executar tódolos movementos estando deitado na cama, pero non pode andar nin estar de pé (Neftel).

atrepia *s.f.* Atrofia infantil xeral dos primeiros meses da vida.

atresia *s.f.* Oclusión dunha abertura natural. // **A. do ano.** Imperforación do ano. / **A. do iris.** Oclusión da pupila.

atrético-a *adx.* Relativo ou pertencente á atresia.

atreto- Prefixo do gr. *átretos*, imperforado.

atretolefaria *s.f.* Simbléfaro.

atretocefalo *s.m.* Monstro fetal sen aberturas nasais nin bucal.

atretocestia *s.f.* Atresia da vexiga.

atretocono *s.m.* Monstro fetal sen ningunha abertura.

atretoastria *s.f.* Imperforación do estómago.

atretolemia *s.f.* Oclusión da larinxe ou do esófago

atretoetría *s.f.* Imperforación do útero.

atretoproccia *s.f.* Imperforación do ano ou do recto. Tamén se di **atretoproctia**.

atretoproctia *s.f.* Atretoproccia.

atretopsia *s.f.* Imperforación da pupila.

atretoorrinia *s.f.* Atresia das fosas nasais.

atretostrómia *s.f.* Imperforación da boca.

atretouretria *s.f.* Imperforación da uretra.

atrición *s.f.* 1. Escoriación superficial, abrasión. 2. O maior grao de contusión, ou aplanamento, dunha parte calquera.

atrio *s.m.* 1. Aurícula do corazón. 2. Parte principal da caixa timpánica situada debaixo da cabeza do martelo. // **A. da larinxe.** Parte da larinxe por enriba das cordas vocais falsas. / **A. da vaxina.** O vestíbulo da vaxina.

atriograma *s.m.* Porción do electrocardiograma correspondente á actividade da aurícula. Tamén se di **auriculograma**.

atrionector *s.m.* Nó sinoarurricular.

atrioseptopexia *s.f.* Reparación cirúrxica dun defecto no tabique interauricular.

atriótomo *s.m.* Instrumento para a sección das conexións entre a aurícula e o ventrículo.

atrioventricular *adx.* Relativo a un atrio ou aurícula do corazón e o ventrículo.

atriplicismo *s.m.* Intoxicación producida pola inxestión dunha especie de espinaca do xénero *Atriplex*, moi semellante á enfermidade de Raynaud e á eritromelalxia.

atriquia *s.f.* Falta conxénita de pelo ou cabelo. Alopecia. Tamén se di **atriquiase**.

atriquiase *s.f.* Atriquia.

atrofedema *s.f.* Enfermidade crónica hereditaria, probablemente de orixe anxioneurótica.

atrofia *s.f.* 1. Diminución do volume e peso dun órgano por defecto de nutrición. 2. Por extensión, redución do volume da célula, tecido ou órgano de orixe patolóxica. // **A. adiposa.** Emaciación por falta de tecido adiposo, infiltración adiposa consecutiva á atrofia dos elementos dun órgano. / **A. amarela aguda do fígado.** Ictericia grave de causa non ben coñecida, con atrofia e coloración amarela do fígado, xeralmente fatal. / **A. amarela subaguda do fígado.** Ictericia grave prolongada cirróxena. / **A. branca.** Atrofia dun nervio no que só queda un tecido contuntivo. / **A. concéntrica.** Atrofia dunha parte consecutiva á destrución ou extirpación doutra parte. / **A. dexenerativa.** Atrofia dunha parte, debida á dexeneración das súas células. / **A. inflamatoria.** Atrofia da parte fundamental dun órgano producida pola hipertrofia dos elementos fibrosos pola inflamación. / **A. intersticial.** Resorción da materia mineral dos ósos, de sorte que só queda a porción orgánica dos mesmos. / **A. lineal.** Atrofia da capa papilar da pel que produce a aparencia de liñas brancas e azuis. / **A. muscular isquémica.** Contratura de Wolkman. / **A. muscular progresiva.** Enfermidade crónica caracterizada pola diminución gradual da masa muscular, da que existen tres variedades: a espinal, que se refire a unha lesión dos centros medulares, como a poliomielite anterior crónica; a miopática ou distrofia muscular progresiva sen alteración do sistema nervioso, que corresponde á atrofia muscular progresiva tipo Duchenne ou pseudohipertrofia muscular, e a neural, ou neurite intersticial crónica de Dejérin-Sottas, dexeneración das raíces espinais, cornos anteriores e cordóns posteriores da medula e nervios periféricos. / **A. neurítica.** Atrofia debida a unha afección dos nervios. / **A. neuropática.** Atrofia do tecido muscular debida a unha afección do sistema nervioso. / **A. olivopontocerebelosa.** Atrofia destas partes, con ataxia, asinerxia e marcha vacilante, en idade avanzada, xeralmente. / **A. ósea de Sudeck.** Resorción aguda do óso nun segmento do membro, por traumatismo, conxelación ou lesión nerviosa, con trastornos xerais e edema local. / **A. papilar.** Estase papilar. / **A. parda.** Forma na que se conserva o pigmento normal e se engade novo pigmento, que se observa principalmente no corazón, músculos e fígado. / **A. pigmentaria.** A que se caracteriza polo depósito do pigmento nas células atrofiadas. / **A. por compresión.** Atrofia dunha parte debida á presión constante. / **A. por desuso** ou **inacción.** A producida por falta de exercicio normal. / **A. senil** Involución física e mental propia da idade avanzada ou debida a unha enfermidade que acelera o avellentamento. / **A. serosa.** Atrofia con efusión

de líquido seroso. / **A. simple.** Atrofia debida á diminución do tamaño das células individuais. / **A. trofoneurótica.** Atrofia debida a unha afección dos nervios ou do centro que innerva unha parte. / **A. vermella.** 1. Atrofia, principalmente do fígado, debida á conxestión crónica por afección valvular cardíaca. 2. Atrofia fisiolóxica da vellez.

atrofoderma *s.m.* Atrofia da pel ou dunha porción dela. // **A. neurítica.** Aspecto brillante da pel observado nos casos de interrupción da innervación cutánea. / **A. senil.** Atrofia fisiolóxica da pel en idade avanzada.

atrofodermatose *s.f.* Grupo de afeccións cutáneas, do que os síntomas salientables son a atrofia dalgún dos elementos da pel.

atrombasia *s.f.* Coagulación nula ou deficiente do sangue. Tamén se di **atrombia**.

atrombia *s.f.* Atrombasia.

atropina *s.f.* D,L-Hiosciamina, alcaloide da beladona, bloqueante do sistema nervioso parasimpático, por antagonizar competitivamente as accións da acetilcolina. Produce relaxación da musculatura lisa extravascular (por exemplo intestinal), dilatación pupilar (midríase) e parálise da acomodación (cicloplexía), diminución das segregacións (saliva, suor), taquicardia. A doses elevadas provoca accións manifestas no sistema nervioso central (excitación, manía) mentres que a doses terapéuticas estimula a respiración. Emprégase na medicación preanestésica, en oftalmoloxía no exame do fondo do ollo, na úlcera péptica, nos cólicos gastrointestinais ou ureterais, na intoxicación por *Amanita muscaria* e por inhibidores irreversibles da colinesterase, e na enfermidade de Parkinson.

atropinismo *s.m.* Intoxicación debida á atropina ou á beladona. Tamén se di **atropismo**.

atropinización *s.f.* 1. Atropinismo. 2. Suxeición á influencia da atropina.

atropismo *s.m.* Atropinismo.

atroscina *s.f.* Alcaloide, isómero da hioscina, pero máis activo como midríásico.

ATS *s.* Sigla correspondente a axudante técnico sanitario, enfermeiro, agora coñecido tamén como DUE (diplomado en enfermería).

Au Símbolo do ouro.

audibilidade *s.f.* 1. Calidade de audible. 2. Intensidade fisiolóxica dun son entre os límites de a penas perceptible e de sensación dolorosa pola súa forza.

audición *s.f.* Acto de oír que pode ser pasivo ou activo, auscultación. // **A. coloreada** ou **cromática.** Sensación de cor producida por un son, variedade de cromestesia. / **A. gustativa** ou **gustatoria.** Estado no que certos sons dan orixe a unha sensación gustativa.

audífono *s.m.* Utensilio de diversas clases que lles facilita a audición ós xordos.

audimutismo *s.m.* Mudez conxénita sen xordeira nin atraso mental. Tamén se di **audimudez**.

audiocirurxía *s.f.* Cirurxía otolóxica.

audioelectroencefalograma *s.m.* Exploración dos potenciais evocados corticais de orixe auditiva.

audiofrecuencia *s.f.* Calquera das frecuencias de onda empregadas na transmisión dos sons correspondente ás frecuencias comprendidas entre 15 e 20.000 Hz.

audiograma *s.m.* Rexistro da agudeza auditiva dun individuo.

audioloxía *s.f.* Ciencia que estudia os fenómenos da audición e os seus trastornos.

audiometría *s.f.* Conxunto de técnicas para a medida da audición. // **A. de grupo.** A utilizada para determinar límites auditivos de grupos humanos (colexios, etc.). / **A. obxectiva.** Conxunto de técnicas que non existen a resposta voluntaria e consciente. As máis usuais son: audiometría por potenciais evocados corticais, electrocolegrafía, respostas evocadas do tronco cerebral, reflexo estapedial e audiometría por reflexos condicionados. / **A. subjectiva.** A que existe respostas voluntarias e conscientes por parte do paciente.

audiómetro *s.m.* Instrumento electrónico destinado á medida da audición.

auditivo-a *adx.* Relativo ó oído, auditorio.

auditognose *s.f.* Sentido polo que se comprenden e interpretan os sons.

auditorio-a *adx.* 1. Relativo ó sentido ou órganos da audición. // *s.m.* 2. Local adecuado para dar conferencias científicas e outras actividades audibles.

auga *s.f.* 1. Líquido transparente, incoloro, inodoro e insípido, cando está en estado puro, H₂O ou protóxido de hidróxeno, elemento esencial en tódolos tecidos e líquidos orgánicos e de moitas outras substancias, que se utiliza como estándar de densidade e de calor específica, conxéllase a 0 °C e ferve a 100 °C. 2. En farmacia, líquidos como solucións acuosas (hidrolados), alcohois destilados, etc. // *s.f.pl.* 3. Líquido amniótico. // **A. bacteriostática para inxección.** Auga estéril para inxección, que contén un ou máis axentes antimicrobianos axeitados. / **A. branda.** A que contén escasa cantidade de materia mineral. / **A. crúa.** Auga crúa. / **A. esterilizada.** Auga mantida en ebulición por algúns minutos en determinadas condicións para privala de tódolos xermes, patóxenos ou non. / **A. fisiolóxica.** Solución salina fisiolóxica. / **A. forte.** Ácido nítrico comercial. / **A. freática.** Auga subterránea infiltrada a través das capas superfi-

ciais porosas do terreo, que escorra e se deposita sobre unha capa de terreo impermeable pouco profunda. / **A. incrustante**. Auga que ten en disolución un exceso de carbonato de cal polo ácido carbónico libre que tamén está disolto nela, e, ó desprenderse o gas ó aire libre, o carbonato de cal depositase nos obxectos mergullados na auga. / **A. lixeira**. Auga na que o hidróxeno ten a composición isotópica natural. / **A. nai**. Residuo dunha solución salina que cristalizou. / **A. medicinal**. Auga natural ou artificial empregada para fins terapéuticos. / **A. menores**. Eufemismo por urina. / **A. mineral artificial**. Auga na que se disolven diversas substancias minerais, segundo a clasificación das augas minerais naturais que se pretende imitar. / **A. mineral** ou **mineromedicinal**. Auga que ten en disolución principios minerais dos que se cargou pola súa filtración a través dos terreos, especialmente a que se emprega en bebida cun fin terapéutico. / **A. osixenada**. Solución de bióxido de hidróxeno, líquido incoloro, inodoro, que pode desprender dez veces o seu volume de osíxeno (ou 3 % en peso), oxidante, descolorante e anti-séptico. / **A. pesada**. Auga que contén deuterio (2H). / **A. potable**. Auga que serve para a bebida. / **A. residual**. Mestura de augas brancas e negras. As primeiras constituídas pola auga de chuva e rega, e as segundas, por excretas humanas, augas domésticas e augas industriais. / **A. salobre**. A que polos sales que contén non é axeitada para a bebida. / **A. telúrica**. A que transcorre pola superficie da Terra. / **A. termal**. A que ten unha temperatura entre 30 e 40 °C. / **A. unida**. A retida polas partículas coloidais ou micelas.

augadilla *s.f.* Humor claro semellante á auga, que se forma nos grans ou chagas.

augardente *s.f.* Alcohol diluído en auga, particularmente o produto da destilación do viño que tamén se pode producir por destilación do bagazo de uvas ou doutros froitos despois de ser fermentados // **A. alemán**. Tintura de xalapa composta con turbit e *Escamoneade alepo*, purgante forte, da que se emprega unha dose de 15 a 30 gr nun líquido azucrado.

augarrás *s.f.* Esencia de trementina, líquido que resulta da destilación da resina.

agnato *s.m.* Feto con mandíbula inferior dobre.

aura *s.f.* Sensación ou fenómeno particular que precede ó ataque dunha enfermidade ou paroxismo, especialmente a un ataque epiléptico, que pode ser de carácter motor, sensitivo, sensorial, vasomotor, segregatorio ou psíquico. // **A. asmática**. Ataques premonitorios de opresión, flatulencia, etc., que preceden a un ataque de asma bronquial. / **A. auditiva**. Sensación auditiva que algunhas veces precede ó ataque de epilepsia. / **A. cinestésica**. Sensación de movemento nalgunha parte do corpo, con movemento real da mesma ou sen el. / **A. epigástrica**. Sensación dolorosa no epigastrio que ás veces precede ó ataque epiléptico.

aural *adx.* 1. Relativo ó oído. 2. Relativo á aura.

aurantíase *s.f.* Coloración amarela de ouro da pel producida pola inxestión de grandes cantidades de laranxas, cenorias, etc. Tamén se di **pigmentación carotinoide**.

aureomicina *s.f.* Marca rexistrada dunha tetraciclina.

aurícula *s.f.* 1. Pavillón dunha orella. 2. Cada unha das dúas cavidades dereita ou esquerda, na parte superior do corazón, que reciben o sangue das veas, atrio.

auricular *adx.* 1. Relativo a unha aurícula ou ó oído. // *s.m.* 2. Punto craneométrico correspondente á abertura do conducto auditivo externo.

auriculograma *s.m.* Atriograma.

auriculopalpebral *adx.* Relativo ó pavillón auricular e ás pálpebras.

auriculotemporal *adx.* Relativo á orella e ó temporal.

auriculoventricular *adx.* Relativo a unha aurícula e un ventrículo

auriforme *adx.* En forma de orella.

auripuntura *s.f.* Punción cirúrxica da membrana timpánica. Tamén se di **mingocentese**, **otocentese**.

auriscalpo *s.m.* Instrumento para a extracción do cerume e materia estraña do conducto auditivo externo.

aurismo *s.m.* Intoxicación crónica por sales de ouro, crisiase.

aurocromodermia *s.f.* Coloración da pel pola inxección de preparacións de ouro

aurómetro *s.m.* Utensilio para apreciar a agudeza auditiva por medio dunha varíña axustable á cabeza, sobre a que esvara un reloxo.

aurosol *s.m.* Ouro coloidal.

auroterapia *s.f.* Crisoterapia.

aurotioglicosa *s.f.* Composto áurico en forma de po amarelado, inodoro, facilmente soluble en auga, que se usa no tratamento da artrite reumatoide.

auscultación *s.f.* Método de exame físico que consiste en escoita-los sons que se producen dentro do corpo, especialmente no corazón e vasos e aparello respiratorio. // **A. inmediata**. A que se practica sen interposición do estetoscopio. / **A. mediata**. Auscultación con interposición dun instrumento, o estetoscopio. / **A. obstétrica**. Auscultación no embarazo para o estudo dos ruídos do corazón fetal.

ausencia *s.f.* 1. Falta ou privación dalgunha cousa. 2. Atenuación ou suspensión moi breve da conciencia, xeralmente de 2 a 15 seg, que acompaña certas descargas epilépticas. Durante unha ausencia pode observarse unha descarga electroencefalográfica rítmica de complexos punta-onda a 3 c/seg, sendo expresión dunha ausencia típica. Se a descarga é dun tipo diferente fálase de ausencia atípica.

autacoide *s.m.* Substancia orgánica específica formada polas células dun órgano que pasan á circulación xeral e

- producen noutros órganos efectos semellantes ós dos fármacos. Comprende os produtos de segregación interna, como hormonas, calonas, etc.
- autarcese** *s.f.* Autoprotección, resistencia á infección pola actividade normal das células orgánicas, distinta da inmunidade debida a anticorpos, inmunidade activa.
- autécico-a** *adx.* Dos parasitos que pasan tódolos períodos da súa existencia nun mesmo hóspede. Tamén se di **autecio**.
- autecio-a** *adx.* Autécico.
- autemesia** *s.f.* Vómito idiopático ou funcional.
- autismo** *s.m.* Fenómeno psicopatolóxico caracterizado pola tendencia a desinteresarse do mundo exterior e a ensimesmarse. // **A. infantil precoz.** Psicose que aparece nos primeiros anos da vida, caracterizada polo illamento, falta de relación cos outros, estereotipias e graves trastornos no desenvolvemento da linguaxe.
- autista** *adx. e s.* 1. Afectado de autismo. 2. Cun concepto esaxerado de si mesmo que o aparta da realidade.
- auto-** Prefixo do gr. *autós*, mesmo, propio.
- autoactivación** *s.f.* Activación dunha glándula pola súa propia segregación.
- autoaglutinación** *s.f.* Aglutinación espontánea das hemacias polo propio soro.
- autoaglutinina** *s.f.* Aglutinina sérica, xeralmente crioaglutinina, que aglutina os eritrocitos ou plaquetas do mesmo individuo.
- autoalrxia** *s.f.* Sensibilidade dun organismo polos seus propios compoñentes.
- autoanafilaxe** *s.f.* Anafilaxe producida pola inxección do propio soro ou polas reaccións intraorgánicas de substancias derivadas do mesmo organismo.
- autoanálise** *s.f.* Análise e interpretación, por parte do propio individuo, do estado mental subxacente ó seu trastorno, empregado como medio de tratamento.
- autoanализador** *s.m.* Aparello que permite a análise automática de datos bioquímicos, como por exemplo glicemia, uremia, colesterolemia, etc.
- autoanticomplemento** *s.m.* Anticorpo dirixido contra algún compoñente da vía do complemento.
- autoanticorpo** *s.m.* Anticorpo inducido polos determinantes dalgunhas células do propio individuo ou capaz de reaccionar con elas, e que provoca ás veces manifestacións patolóxicas (por exemplo endocardite reumática).
- autoantiseptia** *s.f.* Antiseptia fisiolóxica, conxunto de medios de defensa do organismo contra a infección.
- autoantitoxina** *s.f.* Anticorpo producido polo organismo, que serve para protexelo contra a acción biolóxica das toxinas.
- autoaudible** *adx.* Aplícase os ruídos cardíacos oídos polo propio paciente.
- autocatálise** *s.f.* Fenómeno producido por algúns enzimas de substancias que aumentan a súa propia actividade.
- autocinese** *s.f.* Movemento voluntario.
- autocistoplastia** *s.f.* Operación plástica na vexiga con enxertos do corpo do paciente.
- autocitotoxina** *s.f.* Citotoxina para o organismo no que se ten formado.
- autoclase** *s.f.* Destrución dunha parte por causas desenvolvidas dentro da mesma.
- autoclave** *s.m.* Aparello para a esterilización por vapor baixo presión que vai provisto dunha chave e dun manómetro para regula-la presión e, por conseguinte, a temperatura a que se desexa somete-los xermes.
- autocolecistectomía** *s.f.* Invaxinación da vexiga biliar no intestino, con segregación e expulsión final daquel órgano.
- autoctonía** *s.f.* Calidade de autóctono. Independencia funcional orixinada no órgano mesmo.
- autodérmico-a** *adx.* Aplícase ós enxertos feitos coa pel do mesmo paciente.
- autodesensibilización** *s.f.* Desensibilización co sangue do propio paciente.
- autodiploide** *adx.* Que posúe dous pares de cromosomas como resultado da replicación dos cromosomas do par haploide.
- autodixestión** *s.f.* 1. Autólise. 2. Dixestión das paredes do estómago polo propio zume gástrico, observable en certas enfermidades ou como alteración necrósica.
- autodrenaxe** *s.f.* Drenaxe dunha cavidade pola saída do líquido por un conducto practicado nos mesmos tecidos do paciente.
- autoenxerto** *s.m.* Enxerto tomado do corpo do mesmo doente, autoplastia.
- autoepilación** *s.f.* Caída espontánea do cabelo.
- autoeritrofagocitose** *s.f.* Fagocitose dos glóbulos vermello por leucocitos do mesmo organismo.
- autoerotismo** *s.m.* Excitación sexual sen participación doutra persoa.
- autofaxia** *s.f.* 1. Acto nos alienados de come-la súa propia carne. 2. Nutrición do organismo polo consumo dos materiais orgánicos dos seus propios tecidos no xaxún.
- autofecundación** *s.f.* Autogamia.
- autofilia** *s.f.* 1. Opinión extremadamente favorable de si mesmo por defecto de autocrítica. 2. Egoísmo. 3. Tendencia ás manifestacións alérxicas por herdanza dun sistema nervioso autónomo sensitivo.
- autofobia** *s.f.* Temor morboso á soidade, a si mesmo.
- autofonía** *s.f.* 1. Resonancia da propia voz do doente nas enfermidades do oído medio e fosas nasais. Tamén se di

- timpanofonía.** 2. Estado no que a voz dun doente lle parece a este mesmo anormal, demasiado alta.
- autogamia** *s.f.* 1. Autofecundación, fecundación na mesma célula pola unión de dúas masas de cromatina, derivadas do mesmo núcleo primitivo. 2. Congugación de células intimamente afíns. Tamén se di **automixe**.
- autognose** *s.f.* Coñecemento adquirido pola observación de si mesmo.
- autogonia** *s.f.* Autoxénese.
- autografismo** *s.m.* Dermografismo.
- autograma** *s.m.* Marca ou sinal formado na pel pola presión dun corpo obtuso.
- autohemaglutinación** *s.f.* Aglutinación dos eritrocitos por unha hemaglutinina producida polo mesmo individuo.
- autohemólise** *s.f.* Hemólise dos corpúsculos sanguíneos dun individuo inducida polo soro do mesmo.
- autohemopsonina** *s.f.* Anticorpo opsonizante que actúa contra as hemacias do propio individuo.
- autohemoterapia** *s.f.* Inxección ó doente do seu propio sangue ou de compoñentes deste. Tamén se di **auto-transfusión**.
- autohipnose** *s.f.* Hipnotismo que se produce no mesmo individuo.
- autoinfección** *s.f.* Infección dun organismo por xermes que xa existían no seu interior.
- autoinfusión** *s.f.* Acción de forza-lo sangue a dirixirse cara ó corazón pola vendaxe das extremidades, comprensión da aorta, etc.
- autoinmunización** *s.f.* Inmunización efectuada por procesos naturais dentro do organismo.
- autoinoculación** *s.f.* Inoculación nun organismo de material orgánico procedente del.
- autointoxicación** *s.f.* Intoxicación por un tóxico xerado no mesmo organismo e non eliminado. // **A. intestinal.** Estado de alteración debido á acumulación no sangue de tóxicos procedentes do intestino, habitual nas hepatopatías crónicas.
- autolavado** *s.m.* Lavado que unha persoa efectúa en si mesma ou no seu propio estómago, vexiga, recto, etc.
- autolesionismo** *s.m.* Autoprovocación voluntaria dunha lesión, xa por suicidio frustrado, para eximirse dun deber, para imputa-lo dano a unha causa ou mecanismo falsos, sintomática da enfermidade mental, etc.
- autoleucocitoterapia** *s.f.* Tratamento dun doente pola inxección dos seus propios leucocitos.
- autolimitación** *s.f.* Calidade do proceso patolóxico que segue un curso de curación espontánea.
- autolisado** *s.m.* Substancia producida por autólise, por exemplo os derivados dos tecidos cancerosos empregáronse no tratamento do cancro.
- autólise** *s.f.* Autodesintegración dos tecidos, desintegración ou dixestión dos tecidos por fermentos segregados polas propias células. Autodixestión.
- autolisina** *s.f.* Lisina desenvolvida nun organismo e capaz de destruí-las células ou tecidos do mesmo organismo.
- automatismo** *s.m.* 1. Execución de actos complexos e coordinados sen volición consciente. 2. Doutrina pola que tódolos procesos mentais dependen da actividade propia cerebral.
- automatógrafo** *s.m.* Instrumento para rexistra-los movementos involuntarios.
- automisofobia** *s.f.* Temor morboso á sucidade persoal.
- automixe** *s.f.* Autogamia.
- automutilación** *s.f.* Mutilación producida por si mesmo, frecuente nalgúns enfermos mentais, autoquiria.
- autonarcose** *s.f.* 1. Anestesia que por si mesmo obtén o suxeito pola inhalación dun narcótico. 2. Insensibilidade debida á autosuxestión.
- autonefrectomía** *s.f.* Eliminación natural, completa ou parcial, dun ril por obstrucción dun cáliz ou dun uréter
- autonomía** *s.f.* 1. Autodivisión ou mutilación espontánea dalgún órgano que verifican sobre si mesmos moitos animais para escapar dun perigo. 2. Operación cirúrxica practicada sobre si mesmo. 3. Fisión. 4. Independencia funcional.
- autonómico-a** *adx.* Autónomo.
- autónomo-a** *adx.* Que ten función independente. Tamén se di **autonómico**.
- autonomotrópico-a** *adx.* Que ten afinidade polo sistema nervioso autónomo.
- autopatía** *s.f.* 1. Enfermidade idiopática sen causa exterior aparente. 2. Especie de egoísmo que fai a un insensible ás alegrías ou penas dos demais.
- autoplastia** *s.f.* Restauración de partes enfermas ou lesionadas por outras tomadas dun lugar distinto do corpo do mesmo doente. // **A. peritoneal.** Peritonización.
- autopoliploide** *adx.* 1. Cun número de cromosomas múltiplo do haploide, procedentes todos eles da mesma especie. 2. Con células autopoliploides.
- autoprecipitina** *s.f.* Precipitina que actúa sobre o soro do animal no que se desenvolveu.
- autoprotección** *s.f.* Protección de si mesmo, especialmente a protección do organismo polo desenvolvemento de autoantitoxinas.
- autopsia** *s.f.* Exame dun cadáver e disección dos diferentes órganos co fin de establece-las causas da morte. Tamén se di **necropsia**.
- autoquiria** *s.f.* Perda do instinto de integridade, pola que o doente efectúa sobre si mesmo mutilacións: arrinca-

- mento dos dentes, das unllas, dos pelos, etc., automutilación.
- autorrafia** *s.f.* Oclusión dunha ferida polo uso de tiras de tecido tomadas dos colgallos da mesma ferida.
- autorreinfusión** *s.f.* Introdución nas veas de sangue ou soro que se acumulou nalgunha cavidade do corpo do propio doente.
- autoscopia** *s.f.* 1. Exame dos propios órganos. 2. Exame directo do interior da larinxe sen interposición do espello. 3. Alucinación visual dun mesmo.
- autoscopio** *s.m.* Instrumento para a observación dos órganos da mesma persoa que examina.
- autosensibilización** *s.f.* Sensibilización dun organismo polo soro ou tecido do mesmo.
- autoseroterapia** *s.f.* 1. Tratamento de certas enfermidades pola inxección do soro sanguíneo do mesmo doente. 2. Método de Gilbert, de Xenebra, para o tratamento da pleuresía serofibrinosa pola inxección subcutánea dalgúns centímetros cúbicos do propio exsudado pleurítico.
- autosexualidade** *s.f.* Masturbación ou excitación en zonas eróxicas.
- autósito** *s.m.* 1. Monstro capaz de vida independente. 2. Membro dunha monstruosidade dobre que se nutre polos seus propios órganos e alimenta tamén o outro membro, denominado parasito.
- autosmia** *s.f.* Percepción do propio olor.
- autosoma** *s.m.* Cromosoma non sexual (1 ó 22).
- autosomatognose** *s.f.* Sensación que se experimenta despois da amputación dunha parte, de posuíla aínda.
- autosómico-a** *adx.* Dos xenes, alelos ou caracteres localizados nun autosoma. // **A. dominante.** Xene ou alelo que necesita só unha dose para expresarse. / **A. recesivo.** Xene ou alelo que necesita dobre dose para expresarse.
- autosoro** *s.m.* Soro que se emprega para o mesmo doente do que se extraeu.
- autospermatóxina** *s.f.* Toxina capaz de aglutina-los espermatozoides do animal en que se formaron.
- autosplenectomía** *s.f.* Atrofia marcada do bazo, secundaria a anemias hemolíticas crónicas.
- autosterilización** *s.f.* Perda progresiva da vitalidade ou virulencia dos microbios nos focos sépticos antigos, tendencia a desaparecer que teñen certos xermes despois dalgún tempo.
- autotoxina** *s.f.* Todo principio patóxico desenvolto nun organismo por metamorfose celular.
- autotransfusión** *s.f.* 1. Autoinfusión. 2. Autohemotransfusión.
- autotransplante** *s.m.* Operación de tomar unha porción de tecido dunha parte do corpo e enxertalo noutra parte do mesmo corpo.
- autotrófico-a** *adx.* Que se nutre por si mesmo, que non require carbono nin nitróxeno orgánicos para o seu desenvolvemento, pero que pode formar hidratos de carbono e proteínas do anhídrido carbónico e os sales inorgánicos.
- autotuberculina** *s.f.* Tuberculina derivada dos cultivos obtidos do esputo do mesmo doente en quen se emprega.
- autovacina** *s.f.* Vacina autógena. Vacina preparada con cultivos de xermes illados de segregacións ou tecidos do propio doente no que se emprega.
- autovacunación** *s.f.* Emprego de autovacinas.
- autoxénese** *s.f.* 1. Xeración espontánea, abioxénese. 2. Producción dentro do mesmo organismo.
- autóxeno-a** *adx.* Que deriva ou se orixina no mesmo organismo, aplicado a vacinas bacterianas, denota as que se confeccionaron con bacterias do mesmo paciente ó que se trata con elas, a distinción das vacinas stock feitas de bacterias tipo.
- auxanografía** *s.f.* Método para determina-los medios máis convenientes para un microbio, pola colocación de gotas de varias solucións de medios nutritivos nun cultivo en placa escasamente nutritivo. Os microbios desenvólvense nas colonias máis numerosas nos puntos que conteñan os mellores medios de cultivo.
- auxanograma** *s.m.* Placa de cultivo usada na auxanografía.
- auxanoxía** *s.f.* Auxoloxía.
- auxesia** *s.f.* Aumento, crecemento.
- auxo-** Prefixo do gr. *áuxe*, aumento, crecemento.
- auxoamilase** *s.f.* Substancia que acelera a acción da amilase.
- auxocardia** *s.f.* 1. Aumento diastólico normal do corazón, en oposición a meiocardia, diminución durante a sístole. 2. Dilatación do corazón.
- auxocito** *s.m.* 1. Célula relacionada co desenvolvemento ou reprodución. 2. Espermatocito de primeira orde.
- auxoloxía** *s.f.* Ciencia que estudia o crecemento.
- auxotónico -a** *adx.* 1. Que se contrae ante unha resistencia crecente. 2. Que reforza a acción tónica dun composto.
- auxotrófico-a** *adx.* Auxótrofo.
- auxótrofo-a** *adx.* Que carece da capacidade de sintetizar algúns dos factores do crecemento, en xeral como consecuencia dunha mutación do protótrofo correspondente.
- A-V** Abreviatura de auriculoventricular e arteriovenoso.
- avalvular** *adx.* Desprovisto de válvulas.
- avanzamento** *s.m.* Desprendemento ou desinserción dun músculo ou tendón, seguido de inserción nun punto máis avanzado, principalmente unha operación para o estrabismo e para a retrodesviación do útero. // **A. capsular.**

Inserción artificial dunha parte da cápsula de Tenon, de xeito que leve máis adiante a inserción dun músculo ocular. / **A tendinoso.** Avanzamento aplicado a un tendón.

avascular *adx.* Desprovisto de vasos.

avascularización *s.f.* Expulsión do sangue dunha parte, como a que se verifica por unha vendaxe elástica.

avea *s.f.* Planta gramínea. A avea común (*A. sativa*) ten sementes que son nutritivas e estimulantes e dela obtense a fariña alimenticia.

avelentado-a *adx.* Que ten aspecto de vello ou que se puxo vello prematuramente.

avelentar *v.* 1. Facer vello ou máis vello do que é. 2. Poñerse vello ou ter síntomas propios da vellez prematuramente.

avenólito *s.m.* Cálculo intestinal ou enterólito nos nenos, composto de sementes e fosfatos térreos.

aventamento *s.m.* Práctica supersticiosa con supostas propiedades curativas, que consiste en axitar un pano mortuorio, suxeitado entre catro homes, sobre o enfermo deitado sobre o chan da igrexa.

avicular *adx.* 1. En forma de naveciña. // *s.m.* 2. Óso escafoide.

avidina *s.f.* Glicoproteína, presente na clara do ovo, que inactiva a biotina, vitamina hidrosoluble pertencente ó complexo B.

avirulento-a *adx.* Non virulento.

avitaminose *s.f.* Estado morboso producido pola carencia ou deficiencia de vitaminas na dieta alimentaria.

avivamento *s.m.* Operación de refrescar ou aviva-los bordos dunha chaga ou ferida.

avulsión *s.f.* Extracción ou arrincamento dunha parte ou órgano. // **A. frénica.** Arrincamento dunha porción do nervio frénico a través dunha incisión na base do colo, con obxecto de paraliza-lo lado correspondente do diafragma e asegura-lo colapso do pulmón nas lesións da base do mesmo (cavernas, bronquiectasia, abscesos, etc.).

axantopxia *s.f.* Cegueira para a cor amarela.

axénese *s.f.* Axenesia.

axenesia *s.f.* 1. Atrofia dunha parte do organismo por parada no desenvolvemento na fase embrionaria. Tamén se di **aplasia**. 2. Imposibilidade de xerar, esterilidade ou impotencia. // **A. cortical.** Idiotez amaurótica familiar.

axenia *s.f.* Vida sen xermes, non contaminada.

axénico-a *adx.* 1. Que se desenvolveu libre doutro organismo. 2. Puro, non contaminado. 3. Nado e criado en condicións experimentais tales que non foron parasitados por ningún microorganismo.

axenitalismo *s.m.* Falta conxénita dos órganos xenitais, carencia de segregación interna dos testículos ou dos ovarios, conxénita ou por castración.

axenosomia *s.f.* Monstruosidade caracterizada pola falta de órganos xenitais e eventración.

axente *s.m.* Poder, principio ou substancia capaz de actuar sobre o organismo. // **A. alquilante.** O que produce alquilación. / **A. bacteriolítico.** Bacteriófago. / **A. quelante.** Composto químico capaz de fixar dentro da súa molécula ións metálicos formando compostos estables chamados quelatos. / **A. tensioactivo.** Substancia que diminúe a tensión superficial da auga e por iso limpa, coma o xabón. V. **surfactante**.

axerasia *s.f.* Vellez exenta dos achaques propios da idade, aspecto de mozo na vellez.

axermia *s.f.* Cesamento da produción de células xermiais (espermatozoides ou óvulos).

axeroftol *s.m.* Vitamina A.

axeusia *s.f.* Falta do sentido do gusto.

axeustia *s.f.* Axeusia.

axiafobia *s.f.* Temor morboso ás rúas.

axial *adx.* Axil

axifoidia *s.f.* Ausencia de apéndice xifoide.

axífugo-a *adx.* Centrífugo.

axil *adx.* Relativo a un eixe.

axila *s.f.* Oco ou fosa que se encontra debaixo da unión do brazo co ombreiro. Tamén se di **sobaco**.

axilema *s.m.* Vaíña dun cilindroeixe, axolema.

axirado-a *adx.* Que ten tolemia. Tamén se di **alocado**.

axiria *s.f.* Anomalia conxénita do cerebro, caracterizada pola deficiencia das circunvalacións.

axis *s.m.* 1. Eixe. 2. Segunda vértebra cervical. A apófise odontoide desta mesma vértebra sérvelles dalgún modo de eixe ós movementos da cabeza. Tamén se di **epistrófeo**.

axita *s.f.* Calquera dos filamentos terminais dun cilindroeixe.

axitación *s.f.* 1. Malestar con inquietude e actividade aumentada, con certo grao de ansiedade, temor e tensión. 2. Proceso de movemento nun sistema heteroxéneo para producir un corpo uniforme, xeralmente aplicado á mestura de dous líquidos, á disolución dun sólido nun líquido ou a un líquido homoxéneo con obxecto de mante-la súa masa uniforme nalgún aspecto. // **A. epileptiforme.** Excitación motriz grave debida a un estado de embriaguez patolóxica en personalidades psicópatas.

axitofasia *s.f.* Excesiva rapidez da linguaxe con omisión inconsciente de palabras ou sílabas.

axitografía *s.f.* Rapidez extrema da escritura, con omisión patolóxica inconsciente de palabras ou sílabas.

axitolalia *s.f.* Axitofasia.

axo- Prefixo do gr. *áxon*, eixe.

axodendrita *s.f.* Cada unha das fibríñas laterais non medulares do cilindroeixe dunha célula nerviosa, o contrario de citodendrita.

axófugo-a *adx.* Que se afasta dun cilindroeixe.

axoide *adx.* Relativo á vértebra axis.

axolema *s.m.* Axilema.

axólise *s.f.* Dexeneración ou desintegración do cilindroeixe dunha célula nerviosa.

axolote *s.m.* Larva de salamántiga moi usada en experimentos de laboratorio.

axómetro *s.m.* Instrumento para medir un eixe, especialmente para axusta-los anteollos ós eixes ópticos.

axonómetro *s.m.* Aparello para determina-lo eixe dunha lente cilíndrica ou localiza-lo eixe de astigmatismo.

axonotmese *s.f.* Lesión das fibras nerviosas sen sección completa do nervio a diferenza da neurotmese.

axópeto-a *adx.* Que se dirixe cara ó cilindroeixe, centrípeto.

axoplasma *s.m.* Materia que rodea as fibríñas do cilindroeixe. Tamén se di **neuroplasma**.

axopodio *s.m.* Pseudópodo que posúe un elemento central de sostén ou axostilo.

axospongo *s.m.* Estructura reticular que forma o cilindroeixe dunha célula nerviosa.

axostilo *s.m.* Elemento central dun axopodio.

azaserina *s.f.* Axente citostático, pertencente ó grupo de antimetabolitos, usado como inmunosupresor en enfermidades autoinmunes e nalgúns procesos neoplásicos.

azatioprina *s.f.* Análogo das purinas que se emprega como supresor das respostas inmunitarias, por exemplo no fenómeno de rexeitamento nos transplantes de órganos, etc.

azidotimidina *s.f.* Zidovudina.

azoamilia *s.f.* Imposibilidade para as células hepáticas de almacenar unha cantidade normal de glicóxeno.

ázoe *s.m.* Nitróxeno.

azoemia *s.f.* Presencia de urea ou doutros corpos nitroxenados no sangue. // **A. extrarrenal.** Exceso de nitróxeno non proteico no sangue en ausencia de afección renal. / **A. hipoclorémica.** Estado caracterizado por deficiencia

de cloruro sódico, fixación hística de cloro e azoturia. / **A. prerrenal.** Azoemia extrarrenal.

azoico -a *adx.* 1. Que contén o grupo -N=N-. 2. Nítrico. 3. Desprovisto de organismo viventes.

azómetro *s.m.* Instrumento para medi-la proporción de compostos nitroxenados nunha solución. Tamén se di **ureómetro**.

azoospermia *s.f.* 1. Falta de espermatozoides no seme. 2. Vitalidade nula ou deficiente dos espermatozoides.

azorreia *s.f.* Exceso de materias nitroxenadas na urina ou nas feces. Tamén se di **azotorreia**.

azotermia *s.f.* Aumento da temperatura por substancias nitroxenadas no sangue.

azotorreia *s.f.* Azorreia.

azoturia *s.f.* Azoúria.

azougue *s.m.* Mercurio.

azoúria *s.f.* Exceso de urea ou doutros compostos nitroxenados na urina. Tamén se di **azoturia**.

AZT Zidovudina.

azucres *s.m.* Hidrato de carbono cristalizable, soluble na auga e no alcohol, de sabor doce, de orixe animal ou vexetal. Os principais grupos de azucres son os disacáridos, que teñen por fórmula $C_{12}H_{22}O_{11}$ e os monosacáridos, $C_6H_{12}O_6$. Os disacáridos teñen por tipo a sacarosa ou azucres de cana, e os monosacáridos a glicosa ou dextrosa, tamén coñecida como azucres de uva. // **A. de leite.** Lactosa. / **A. invertido.** Mestura a partes iguais de glicosa e de fructosa, empregada principalmente en confeitaría, presente en estado natural no mel e obtido por hidrólise da sacarosa.

azul *adx* e *s.m.* Da cor do ceo, quinta das sete cores do espectro. // **A. de metileno.** Materia colorante azul derivada da brea de hulla, empregada en histoloxía e bacterioloxía, e en terapéutica como antiséptico local ou urinario e nas metahemoglobinemias. / **A. de toluidina.** Colorante básico usado en histoloxía e bacterioloxía que neutraliza a acción da heparina. / **A. (enfermidade).** Cianose.

azulina *s.f.* Cor de anilina.

azur *s.m.* 1. Azul. 2. Óxido de cobalto. 3. Colorante de metiltionina.

azurina *s.f.* Acetato de sodio e teobromina, usado como diurético.

azurófilo-a *adx.* Que se tingue facilmente cos colorantes azuis de anilina.

B

b Abreviatura de bacilo e bacteria.

B Símbolo químico do boro

Ba Símbolo químico do bario.

baba *s.f.* 1. Cuspe que flúe da boca.

babar *v.* 1. Botar baba. 2. Mollarse con baba.

bacallao *s.m.* Peixe malacopterixio. En medicina o aceite que subministra o seu fígado emprégase en terapéutica.

baciláceas *s.f.pl.* Familia de bacterias, grampositivas, produtoras de endosporas e que teñen forma bacilar. A este grupo pertencen os xéneros *Bacillus* e *Clostridium*.

bacilar *adx.* Pertencente ou relativo ós bacilos ou que teñen forma de bastón.

bacilemia *s.f.* Presencia de bacilos no sangue.

bacilicida *adx.e.s.* Destructor de bacilos, axente ou droga que ten esta acción.

bacilicultura *s.f.* Cultivo de bacilos.

bacilífero-a *adx.* Que ten bacilos portador de bacilos capaces de transmiti-la enfermidade, en especial a tuberculose.

baciliforme *adx.* Que ten forma de bacilo ou bastón.

bacilíparo-a *adx.* Que produce bacilos.

bacilixénico -a *adx.* Que contamina con bacilos, especialmente con bacilos tuberculosos. Tamén se di **baciló-xeno**.

bacilizar *v.* Contaminar con bacilos.

bacilo *s.m.* 1. Bacteria en forma de bastonciño formador de esporas da orde *Eubacteriais*. 2. Microorganismo do xénero *Bacillus*. // **B. de Battey**. Micobacteria atípica non cromoxénica que produce una enfermidade semellante á tuberculose no ser humano. / **B. de Bordet Gengou**. *Bordetela Pertussis* / **B. de Coli**. *Escherichia Coli*. / **B. de Döderlein**. Bacilo normal da vaxina humana que desdobra os glúcidos e produce ácido láctico. / **B. de Ducrey**. *Haemophilus Ducrey*. / **B. de Eberth**. *Salmonella Typhi*. / **B. de Fick**. *Proteus vulgaris*. / **B. de Flexner**. *Shigella Flexneri*. / **B. de Fränkel**. *Sreptococcus pneumoniae* / **B. de Friedländer**. *Klebsiella*

pneumoniae. / **B. de Gärtner**. *Salmonella Enteritidis*. / **B. de Hansen**. *Mycobacterium leprae*. / **B. de Johne**. *Mycobacterium paratuberculosis*. / **B. de Klebs-Löffler**. *Corynebacterium diphtheriae*. / **B. de Koch**. *Mycobacterium tuberculosis*. / **B. de Koch-Weecks**. *Haemophilus aegyptus*. / **B. de Morax-Axenfeld**. *Moraxella lacunata*. / **B. de Morgan**. *Proteus Morgani*. / **B. do muermo**. *Pseudomona mallei*. / **B. de Nocard**. *Salmonella Typhimurium*. / **B. de Pfeiffer**. *Haemophilus influenzae*. / **B. de Schaudinn**. *Treponema pallidum*. / **B. de Sonne-Duval**. *Shigella sonnei*. / **B. tífico**. *Salmonella typhi*. / **B. tuberculoso**. *Mycobacterium tuberculosis*.

bacilofilia *s.f.* Susceptibilidade morbosa polos bacilos.

bacilofobia *s.f.* Temor morboso ós microbios.

baciloscopia *s.f.* Investigación de microorganismos en mostras corporais para o diagnóstico de enfermidades producidas por bacilos, en especial, análise do esputo para o diagnóstico de tuberculose. Tamén se di **bacterioscopia**.

bacilose *s.f.* Infección por bacilos.

bacilóxeno-a *adx.* Causado por bacilos.

baciluria *s.f.* Presencia de bacilos na urina. Tamén se di **bacteriúria**.

Bacillus Xénero de microorganismos da familia *Bacillaceae* que inclúe bacterias grandes, grampositivas, aerobias e que elaboran esporas. // **B. abortus**. Microorganismo que causa aborto contaxioso no gando (enfermidade de Bang ou brucelose). / **B. anthracis**. Axente etiolóxico do carbúnculo. / **B. dysenteriae**. *Shigella dysenteriae*. / **B. enteritidis**. *Salmonella enteritidis*. / **B. leprae**. *Mycobacterium leprae*. / **B. mallei**. *Pseudomona mallei*. / **B. pneumoniae** *Klebsiella pneumoniae*. / **B. pseudomallei**. *Pseudomona pseudomallei*. / **B. Pyocyaneus**. *Pseudomona aeruginosa*. / **B. subtilis**. Forma saprófita do chan e as augas. / **B. tetani**. *Clostridium tetani*. / **B. typhi** ou **typhosus**. *Salmonella typhi*. / **B. welchii**. *Clostridium perfringens*.

bacío *s.m.* Fosas ilíacas ou dos cadrís.

bacitracina *s.f.* Polipéptido antibacteriano obtido a partir do *B. licheniformis* ou *subtilis*, eficaz contra moitas bacterias grampositivas.

bacteremia *s.f.* Bacteriemia.

bacteria *s.f.* Microorganismo unicelular que posúe unha membrana celular que mantén unha morfoloxía constante, multiplícase xeralmente por división celular, pode ser aerobio ou anaerobio, móbil ou inmóbil, e de vida libre, saprófito, parasito ou patóxeno.

bacteriano-a *adx.* Pertencente ou relativo ás bacterias ou producido por elas.

bactericida *adx.* Que destrúe bacterias.

bactericidina *s.f.* Substancia que destrúe bacterias. Inclúe os anticorpos. Tamén se di **bacteriocidina**.

bactericolia *s.f.* Presencia de bacterias nas vías biliares.

bactéride *s.f.* Erupción cutánea producida por infección bacteriana noutro sitio do corpo.

bacteriemia *s.f.* Presencia de bacterias patóxenas no sangue. Bacteremia.

bacteriforme *adx.* Bacterioide.

bacterinación *s.f.* Tratamento con vacinas bacterianas. Tamén se di **bacterinización**.

bacterinia *s.f.* Enfermidade secundaria á administración de vacinas bacterianas.

bacterinización *s.f.* Bacterinación.

bacterioaglutinina *s.f.* Substancia que produce a aglutinación das bacterias.

bacteriocidina *s.f.* Substancia bactericida.

bacteriocina *s.f.* Substancia proteica segregada por bacterias que posúen plásmidos bacteriocinoxénicos, que exerce un efecto letal sobre outras bacterias afíns, con actividade máis específica e potente cá dos antibióticos.

bacteriocinóxeno-a *adx.* Que orixina bacteriocinina, referido a plásmidos bacterianos que sintetizan bacteriocinina.

bacterioclase *s.f.* Rotura das bacterias.

bacterioclorofila *s.f.* Forma de clorofila que se presenta en certas bacterias e é capaz de realizar fotosíntese.

bacteriodiagnose *s.f.* Diagnóstico bacteriolóxico.

bacteriófago *s.m.* Virus con afinidade específica para as bacterias, onde se reproducen (bacteria lisóxena). Atribúeselles un importante papel na transmisión de información xenética dunha bacteria a outra, podendo se-los difusores da transmisión dos factores de resistencia ós antibióticos. Tamén se di **fago**.

bacteriofagoterapia *s.f.* Tratamento por bacteriófagos.

bacteriofaxia *s.f.* Destrucción das células bacterianas polas células orgánicas fagocíticas, bacteriolise.

bacteriofáxico-a *adx.* Pertencente ou relativo á bacteriofaxia ou que é capaz de producila.

bacteriofobia *s.f.* Temor morboso ós microbios.

bacterioide *adx.* En forma de bacteria ou semellante a elas. Tamén se di **bacteriforme**.

bacteriolise *s.f.* Destrucción de bacterias e liberación do seu contido celular por medio de solucións hipotónicas ou do anticorpo específico unido ó complemento.

bacteriolisina *s.f.* Anticorpo antibacteriano que se combina coas células bacterianas e provoca a súa destrución en presenza do complemento.

bacteriolítico-a *adx.* Pertencente ou relativo á bacteriolise ou que a produce.

bacteriólogo -a *s.* Persoa experta en bacterioloxía.

bacterioloxía *s.f.* Rama das ciencias que estuda as bacterias, é dicir, os microorganismos con estrutura procarionta // **B. hixiénica** ou **sanitaria**. Estudia a prevención das infeccións. / **B. médica** ou **patolóxica**. Estudia os efectos e enfermidades producidos polas bacterias e as súas toxinas. / **B. sistemática**. A que trata da clasificación das bacterias.

bacteriopexia *s.f.* Inmobilización das bacterias polos histiocitos ou outras células fagocíticas.

bacterioprecipitina *s.f.* Precipitina producida no corpo pola acción de bacterias.

bacterioproteína *s.f.* Substancia albuminosa ou proteica contida nas bacterias, que produce febre e inflamación, endotoxina.

bacteriopsonina *s.f.* Anticorpo que interactúa coas bacterias para volvelas máis susceptibles á inxestión polos fagocitos.

bacterioscopia *s.f.* Estudio microscópico de mostras corporais na procura de bacterias. Tamén se di **baciloscopia**.

bacteriose *s.f.* Enfermidade causada por bacterias.

bacteriostase *s.f.* Detención do desenvolvemento ou inhibición da multiplicación das bacterias.

bacteriostático-a *adx.* Que inhibe o desenvolvemento ou a multiplicación das bacterias, pertencente ou relativo á bacteriostase.

bacterioterapía *s.f.* Tratamento das enfermidades infecciosas pola administración dunha vacina bacteriana.

bacteriotoxemia *s.f.* Presencia de toxinas bacterianas no sangue.

bacterioxeno-a *adx.* De orixe bacteriana.

bacteriúria *s.f.* Presencia de bacterias na urina. Tamén se di **baciluria**.

bacteroide *adx.* 1. Semellante a unha bacteria. // *s.m.* 2. Microorganismo do xénero *Bacteroides*. // *s.m.pl.* 3. Bacterias moi pleomórficas en forma de bastón.

bacteropexia *s.f.* Bacteriopexia.

bafarada *s.f.* 1. Golpe ou exhalación de aire, bafo, calor, fume. 2. Cheiro forte ou desagradable que desprende algo ou alguén.

bafexada *s.f.* 1. Bafexo. 2. Respiración dificultosa.

bafexar *v.* Expele-lo bafo.

bafexo *s.m.* Acto ou efecto de bafexar.

bagazose *s.f.* Trastorno respiratorio debido á inhalación de po do bagazo, residuo da cana de azucre.

bágoa *s.f.* Líquido segregado pola glándula lacrimal. Tamén se di **lágrima**.

bagoar *v.* Chorar.

bagoxada *s.f.* Segregación frecuente de bágoas, procedentes dun estado emocional.

bagulla *s.f.* Bágoa, especialmente en plural.

bagullar *v.* Chorar, botar bágoas, encherse os ollos de bágoas.

baixa *s.f.* Situación laboral certificada por un médico causada por lesión, enfermidade ou por outros motivos.

baixeza *s.f.* 1. Calidade de baixo. 2. fig. Abatemento, apoucamento.

balance *s.m.* Diferencia entre os ingresos e as perdas dunha substancia ou elemento determinado. V. **equilibrio**. // **B. calórico** ou **enerxético**. Relación entre a cantidade de calor producida e a perda no organismo. / **B. hídrico** ou **líquido**. Relación entre a inxesta e a excreción de auga e electrólitos no organismo. / **B. de nitróxeno**. Relación entre a inxesta e a excreción de nitróxeno.

balanética *s.f.* Terapéutica pola administración de baños. Tamén se di **balneotecnia**.

balánico-a *adx.* Pertencente ou relativo á glande do pene ou ó extremo do clítoris.

balanite *s.f.* Inflamación da glande, asociada xeralmente coa do prepucio (postite), que garda relación con fimose. // **B. gangrenosa**. Infección rapidamente destructora do glande e tódolos xenitais externos causada por unha espiroqueta.

bálano *s.m.* Porción terminal bulbosa da pene. Tamén se di **glande**.

balanoblenorrea *s.f.* Inflamación do glande de orixe gonorreica. Tamén se di **balanorrea**.

balanocele *s.f.* Hernia da glande por unha rotura do prepucio na fimose gangrenosa.

balanoclamidite *s.f.* Inflamación da glande clitorídea e da súa cuberta, balanopostite da muller.

balanoplastia *s.f.* Cirurxía plástica da glande.

balanopostite *s.f.* Inflamación da glande e do prepucio.

balanoprepucial *adx.* Relativo á glande e ó prepucio.

balanorraxia *s.f.* Balanite con abundante segregación de pus.

balanorrea *s.f.* Balanoblenorrea.

balantidíase *s.f.* Infección con parasitos protozoarios do xénero *Balantidium*. Tamén se di **balantidiose**.

balantidiose *s.f.* Balantidíase.

Balantidium Xénero de protozoarios ciliados que se presentan no intestino de vertebrados e invertebrados. // **B. coli**. O protozoario parasito máis grande do ser humano, existente habitualmente no intestino do porco, do que se contamina o home, aínda que tamén se ten visto nos orangutáns e monos. No home maniféstase como unha disentería amebiana.

balanza *s.f.* Aparello para pesar.

balbismo *s.m.* Movementos, tics, frecuentes nas persoas con tartamudez.

balbucir *v.* 1. Falar dubidando. 2. Tatexar.

baldado-a *adx.* Referido a persoas, imposibilitado de move-los pés ou os brazos.

baldar *v.* Imposibilitar unha enfermidade ou un accidente o uso dun ou de tódolos membros.

balismo *s.m.* Movementos violentos causados por contraccións dos músculos proximais das extremidades, como consecuencia da destrución de núcleos grises da base e as súas conexións fibrosas. Tamén se di **parálise axitante, corea**.

balistocartografía *s.f.* Exploración gráfica mecánica que obxectiva nun trazado, chamado balistocardiograma, os movementos que lle imprimen ó corpo os impactos da columna de sangue circulante polo corazón e polos grandes vasos, usada, por exemplo para determina-lo grao de elasticidade da aorta en casos de ateromatose ou estreitezas.

balistofobia *s.f.* Temor morbosos ós proxeccións.

balneación *s.f.* Administración de baños como medida terapéutica. Tamén se di **balneoterapia**. // **B. interna**. Baño interno, consiste na inxestión de grandes cantidades de líquido e na administración de enemas.

balneario-a *adx.* 1. Relativo ós baños, especialmente ós minerais. // *s.m.* 2. Establecemento ou dependencia onde se poden tomar baños.

balneoloxía *s.f.* Ciencia dos baños e das augas minerais e emprego terapéutico destes.

balneotecnia *s.f.* Arte de preparar e administrar baños.

balneoterapia *s.f.* Tratamento das enfermidades mediante os baños e augas minerais.

baloco-a *s.* Dixital ou estraloque.

balón *s.m.* 1. Recipiente flexible para encerrar gases, especialmente osíxeno, e poder administralo en inhalacións. 2. Globo de vidro para servizo nos laboratorios, matraz.

balonización *s.f.* 1. Distensión dunha cavidade. 2. Proceso cutáneo que se observa no zona e a varicela, no que as células malpighianas inchan, os seus núcleos múltiplicanse e forman bolsas que rematan por estoupar.

balonizar *v.* Distender unha cavidade con gas ou cun líquido para facilitalo seu exame.

balor *s.m.* Vexetación criptogámica que se forma na superficie das materias orgánicas en descomposición.

balorento-a *adx.* Que ten balor.

bálsamo *s.m.* 1. Zume semilíquido, resinoso e oloroso, de orixe vexetal que contén aceites volátiles e ésteres. 2. Preparado que ten por excipiente alcohol ou unha materia graxa. 3. Preparación farmacéutica que se aplica de forma tópica como calmante. // **B. de Perú.** Líquido obtido de *Myrosylon pereirae* empregado como protector local e rubefaciente, que se aplica topicamente na pel en pomada ou en solución alcohólica. / **B. de tolú.** Obtido de *Myrosylon balsamum* empregado como un ingrediente da tinctura de benxuí composta e como expectorante.

ballo *s.m.* Bazo.

bancal *adx.* Que ten as pernas tortas, forma de *genu valgo*.

banco *s.m.* Depósito de material ou de tecidos humanos para ser utilizados posteriormente por outros individuos, institución creada para a recolección e conservación destes produtos humanos. Dependendo do tipo de material existen bancos de arterias, ósos, ollos, pel, sangue, seme, etc. // **B. de Hipócrates.** Máquina antiga para a redución de luxacións e fracturas da coxa, nas que se practicaban a extensión e contraextensión por medio de cordas enroladas en cilindros xiratorios.

banda *s.f.* 1. Parte, estrutura ou aditamento disposto a maneira de cinta. Tamén se di **brida, cinta, disco, faixa e liña**. 2. En anatomía, parte delgada, estreita e longa que conecta dúas ou máis partes. 3. En odontoloxía, cinta de metal para rodea-la coroa dun dente. 4. En citoxenética, partes do cromosoma que poden diferenciarse con técnicas de tinción. // **B. A.** Banda ancha escura na fibra muscular estriada. / **B. aponeurótica** ou **ligamentosa.** Fascia. / **B. atrioventricular.** Fascículo de His. / **B. de Clado.** Ligamento suspensorio do ovario. / **B. de Henle.** Fibras da aponeurose anterior do músculo transverso abdominal. / **B. de Remak.** O cilindroeixe. / **B. do colon.** Cintas ou tenias musculares do intestino goso. / **B. fonatoria.** Corda vocal. / **B. H.** Estría branca que subdivide a banda A na fibra muscular estriada. / **B. I.** Banda ancha brillante na fibra muscular estriada. / **B. M.** Fina banda no centro da banda H na fibra muscular estriada. / **B. Q.** Banda A. / **B. Z.** Fina membrana que separa en dúas partes a banda I da fibra muscular estriada.

bandeado *s.m.* Bando

bandeo *s.m.* O proceso de tinción dos cromosomas en metafase. Tamén se di **bandeado**.

bandounas *s.f.pl.* Cobertura do intestino. Tamén se di **peritoneo**.

bandullo *s.m.* Ventre ou conxunto das vísceras abdominais.

baño *s.m.* 1. Acto ou efecto de bañar ou bañarse. 2. En medicina, inmersión nun medio sólido, líquido ou gasoso, ou a aplicación destes medios dalgunha maneira, a unha parte ou a todo o corpo, con fins terapéuticos. 3. Dependencia ou local onde se toman os baños. 4. Substancia coa que se realiza o baño. // **B. ácido.** Baño de auga cun ácido mineral, empregado contra a suor excesiva. / **B. alcalino.** Baño nunha solución débil de bicarbonato, útil nas enfermidades da pel. / **B. antipirético.** O que se administra contra a febre. / **B. arsenical.** Baño quente nunha solución arsenical débil, empregado nas afeccións reumáticas. / **B. astrinxente.** Baño nun líquido que conteña ácido tánico, alume ou outro astrinxente. / **B. coloidal.** Baño que contén xelatina, amidón ou farelo, empregado contra as dermatites tóxicas. / **B. de aire.** Exposición terapéutica do corpo espido ó aire, que ordinariamente é quente ou cargado de vapor. / **B. de aire comprimido.** Permanencia do individuo nunha cámara de aire comprimido. / **B. de amidón.** Baño empregado no prurito e no eccema. / **B. de area.** 1. Inmersión do corpo en area seca e quente. 2. Inmersión do corpo na area húmida da beira do mar. / **B. de barro ou lama.** Inmersión na lama ou no limo de certos mananciais minerais ou no barro das salinas. / **B. de Brand.** Baño frío, a unha temperatura ó redor dos 20 °C, no que o enfermo é friccionado enerxicamente. / **B. de Charcot.** Baño que se toma de pé con auga quente ata o nocello e mollando o corpo cunha esponxa embebida en auga fría, seguido dunha fricción cunha toalla forte. / **B. de farelo.** Baño que se prepara facendo ferver farelo. É calmante e emoliente. / **B. de leite.** Emoliente e cosmético. / **B. de luz.** Exposición total ou parcial do corpo ós raios luminosos, ós solares ou a outros. / **B. de María.** Recipiente que contén auga quente ó lume, na que se mergulla o vaso onde se atopa a substancia que se quere evaporar ou destilar. / **B. de Nauheim.** Aquel no que o paciente é mergullado en auga quente carbonatada. / **B. de pés.** Tamén chamado pediluvio. / **B. de sangue.** Baño en sangue fresco dun animal. / **B. de sauna.** Baño de calor seca que se toma espido nun cuarto chamado sauna e vai seguido de reiterados golpes e ducha fría. / **B. de sol.** Exposición directa do corpo espido ós raios solares. / **B. de suor.** Perspiración profusa producida por baños de auga quente ou turcos. / **B. de terra.** Colocación do paciente dentro dunha masa de terra ou area, ordinariamente quente. / **B. de vapor.** Exposición do paciente ó vapor de auga, alcohol ou doutras substancias na estufa húmida, útil nas afeccións reumáticas crónicas. / **B. Dowsing.** Baño de luz eléctrica, empregado no tratamento dos artrópatas, gotosos e neuráxicos. / **B. electroterapéutico.** Baño terapéutico a través do que pasa unha corrente eléctrica. / **B. fresco.** Baño cunha temperatura entre 18 e 25 °C, é tónico. / **B. frío.** Baño cunha temperatura menor entre 12 e 18 °C. / **B. indio.** Baño turco

combinado con masaxe. / **B. interno**. Tamén se di **balneación interna**. / **B. iodado**. Baño tónico xeral resolutivo composto de iodo. / **B. permanente**. Baño terapéutico, no que o paciente permanece moito tempo, usado no tratamento dos estados de axitación. / **B. quente**. Baño cunha temperatura entre 30 e 38 °C. / **B. químico**. Aparello para regula-la temperatura nalgunhas operacións químicas, no que a substancia que se debe quentar é rodeada con auga, area ou outra materia. / **B. romano**. Método de termoterapia consistente no paso a través de tres departamentos: o primeiro a 60 °C, o segundo a 80 °C e o terceiro á temperatura do ambiente. / **B. ruso**. Baño de vapor quente seguido de fricción e inmersión en auga fría. / **B. temperado**. Baño cunha temperatura entre 25 e 30 °C, esencialmente hixiénico. / **B. turco**. Baño no que o individuo é pasado sucesivamente por cámaras de temperatura cada vez máis elevada, logo é friccionado e por fin adminístraselle unha ducha quente seguida doutra fría.

bar *s.m.* Unidade de medida da presión atmosférica.

baragnose *s.f.* Incapacidade para calcula-los pesos dos obxectos.

baranestesia *s.f.* Perda da sensibilidade á presión.

barba *s.f.* 1. Conxunto de pelos que se desenvolven no queixo e na face do home ou no fociño doutros animais. 2. Parte inferior da cara debaixo da boca. Tamén se di **queixo**.

barbada *s.f.* Papada.

barbadela *s.f.* Barbela, papada.

barbela *s.f.* 1. Barba do home. 2. Queixo das persoas.

barbital *s.m.* Ácido dietilbarbitúrico, con efectos hipnóticos sedantes, que se administra por vía oral.

barbitúrico *s.m.* Fármaco derivado do ácido barbitúrico ou malonilurea, con propiedades sedantes, hipnóticas, anestésicas e anticonvulsivantes. Os barbitúricos clasifícanse, de acordo coa duración da súa acción e indicacións, en: a) Barbitúricos de acción prolongada, como o fenobarbital, empregados como sedantes e anticonvulsivantes. b) Barbitúricos de acción curta ou intermedia, como o amobarbital, o secobarbital, o pentoparbital, empregados preferentemente como hipnóticos. c) Barbitúricos de acción ultracurta, como o tiopental ou o hexobarbital, que se usan como anestésicos xerais por vía intravenosa.

barbiturismo *s.m.* Estado de intoxicación por barbitúricos.

barestesia *s.f.* 1. Sensibilidade para a presión ou o peso. 2. Facultade de percibi-la diferenza de peso dos obxectos.

barestesiómetro *s.m.* Instrumento para determina-la sensibilidade ó peso ou á presión.

baria *s.f.* Unidade de medida de presión.

bariacusia *s.f.* Dureza de oído.

barialxia *s.f.* Dor producida pola presión. Tamén se di **bariodinia**.

baríco *-a adx.* 1. Pertencente ou relativo ó bario. 2. Capacidade para diferenza-lo peso ou a presión.

barifonía *s.f.* Calidade de voz de tonalidade baixa, grave e potente.

bariglosia *s.f.* Defecto na articulación das palabras que fai a fala inintelixible. Tamén se di **barilalia**.

barilalia *s.f.* Linguaxe difícil ou pesada. Tamén se di **bariglosia**.

barimastia *s.f.* Mamas excesivamente voluminosas ou pesadas.

bario *s.m.* Elemento químico metálico, do que os sales solubles son tóxicos. Símbolo Ba. Número atómico 56. Peso atómico 137. // **Sulfato de B.** Sal insoluble, BaSO₄, opaco ós raios X, utilizado en inxestión e enemas para o exame radiolóxico do conducto gastrointestinal. Tamén se di **barita sintética**.

bariodinia *s.f.* Barialxia.

bariopostesia *s.f.* Diminución da sensibilidade á presión.

barita *s.f.* Óxido de bario, BaO.

baritose *s.f.* Pneumoconiose por inhalación de po de bario.

baro- Prefixo grego coa significación de peso.

baroagnose *s.f.* Baragnose.

baroelectrostesiómetro *s.m.* Aparello que mide a presión necesaria para conseguir unha sensación dolorosa.

barognose *s.f.* Facultade que permite estima-lo peso das cousas. Percepción consciente da sensación de peso ou presión.

barógrafo *s.m.* Barómetro que posúe un rexistro das presións que mide.

barómetro *s.m.* Aparello para medi-la presión atmosférica.

baronarcose *s.f.* Anestesia con presión gasosa superior á atmosférica.

barorreceptor *s.m.* Terminación nerviosa que é estimulada por variacións de presión. Os máis coñecidos están situados na parede do caxato aórtico e a nivel do seo carotídeo, e son sensibles á presión arterial. Tamén se di **presorreceptor**.

barotaxe *s.f.* Estimulación que sobre a materia viva e o desenvolvemento dos organismos exercen a gravidade ou os cambios de presión. Tamén se di **barotropismo**.

baroterapia *s.f.* Tratamento dalgunhas enfermidades polo aire comprimido. Tamén se di **aeroterapia**.

barotite *s.f.* Estado patolóxico do oído producido por exposición a diferentes presións atmosféricas. // **B. media**. Inflamación traumática do oído medio causada

pola diferenza de presión entre a atmosfera e o aire na cavidade do oído medio que se manifesta por otalxia, z Unidos e perda da audición.

barotrauma *s.m.* Lesión no oído medio e seos paranasais producida por desequilibrio entre a presión atmosférica e a presión nesas cavidades.

barotropismo *s.m.* Barotaxe.

barra *s.f.* 1. Segemento metálico que conecta dúas ou máis partes dunha dentadura parcial remobile. 2. Segmento de tecido ou óso que une estruturas similares. 3. Obstrución, rebordo. 4. Síntoma que consiste en sensación de peso. // **B. de Mercier.** Rebordo interureteral de tecido fibromuscular que provoca retención urinaria. / **B. epigástrica.** Sensación de peso continuo no estómago. / **B. frontal.** Variedade de cefalaxia con sensación de presión por corpo duro na rexión frontal. / **B. media.** Formación fibrosa da próstata que causa obstrución da uretra posterior. / **B. vesical.** Rebordo no lado posterior do trígono da vexiga urinaria.

barreira *s.f.* 1. Obstrución, impedimento. 2. En psiquiatría, axente que impide a resolución do conflito. // **B. dos boticarios.** Válvula ileocecal / **B. hematoacuosa.** Mecanismo físico que impide o intercambio de materiais entre as cámaras do ollo e o sangue. / **B. hematocéfálica.** Barreira de membranas entre os vasos sanguíneos e o líquido cefalorraquídeo que impide o paso de bacterias, de toxinas e de moitos fármacos ó parénquima do sistema nervioso central. / **B. hematogosa.** Membrana alveolocapilar. / **B. placentaria.** Separación placentaria do sangue fetal e o sangue materno.

barro *s.m.* Lodo, lama ou limo empregado no tratamento das afeccións reumáticas e artríticas en aplicacións locais.

barros *s.m.pl.* Erupción de pequenas pústulas, ou espiñas que nacen no rostro.

barroso-a *adx.* Que ten barro no rostro.

bartolinite *s.f.* Inflamación dos conductos ou das glándulas de Bartholin.

bartoneláceas *s.f.pl.* Familia de bacterias da orde rickettsiais, microorganismos pequenos, en forma de bastón, cocoides, anulares ou en disco, con filamentos, miden menos de 3μ e parasitan os eritrocitos.

bartonelemia *s.f.* Presencia no sangue de microorganismos do xénero *Bartonella*.

bartoneliase *s.f.* Infección con *Bartonella*, febre de Oroya, verruga peruana ou enfermidade de Carrión. Tamén se di **bartonelose**.

bartonelose *s.f.* Bartoneliase.

Bartonella Xénero de bacterias gramnegativas da familia bartoneláceas, só coñecidas no continente sudamericano, que se multiplican nos eritrocitos, polo que se atopan no sangue e órganos hematopoiéticos.

baruria *s.f.* Urina que ten maior densidade do normal.

basal *adx.* 1. Pertencente a unha base ou situado cerca dela. 2. Relativo á contía dunha función orgánica durante o repouso ou o xaxún.

basalioma *s.m.* Epitelioma de células basais.

base *s.f.* 1. Parte inferior ou fundamento dunha cousa. 2. Ingrediente principal dun composto, por exemplo nunha receita maxistral a substancia principal. 3. En química, parte non ácida dun sal, é dicir, substancia capaz de aceptar ou incorporar protóns (H^+) e de combinarse cos ácidos para formar sales. // **B. aloxúrica.** Purina. / **B. da dentadura.** Material no que se fixan os dentes dunha prótese e que se apoia sobre os tecidos de sostemento cando se coloca a prótese na boca. / **B. da vexiga.** Cara inferior ou fondo da vexiga urinaria. / **B. de pomada.** Vehículo para substancias medicinais destinadas á aplicación tópica. / **B. de sustentación.** Espacio comprendido entre os puntos extremos de ámbolos dous pés durante a bipedestación. / **B. do cerebro.** Cara inferior deste órgano. / **B. do corazón.** Superficie do corazón que mira cara a arriba e atrás, constituída polas aurículas. / **B. do cranio.** Parede inferior da caixa cranial, dividida en fosas e provista do gran burato occipital e doutras aberturas para dar paso ós nervios craniais. / **B. do nariz.** Cara horizontal que representa a base da pirámide nasal, co tabique e os orificios nasais. / **B. do pulmón.** Cara inferior ou diafragmática deste órgano. / **B. nitroxenada.** Molécula que posúe nitróxeno e actúa como aceptor de protóns.

basedoide *adx.* Basedovoide.

basedovismo *s.m.* Enfermidade de Basedow.

basedovoide *adx.* Estado semellante á enfermidade de Basedow.

basio-, basio- Prefixos do latín *basis*, coa significación de base.

basial *adx.* Pertencente ou relativo ó basio.

basialveolar *adx.* Que se estende desde o basio ó punto alveolar.

basilaracnite *s.f.* Inflamación da porción basilar da aracnoide.

basiator *s.m.* Músculo orbicular dos beizos.

basicidade *s.f.* 1. Calidade de ser unha base ou básico. 2. Poder de combinación dun ácido. Mídese polo número de átomos de hidróxeno que poden ser substituídos.

básico-a *adx.* 1. Pertencente ou relativo a unha base ou que ten as propiedades desta. 2. Capaz de neutralizalos ácidos. 3. Esencial, fundamental.

basicranial *adx.* Pertencente ou relativo á base do cranio.

basicromatina *s.f.* Porción basófila da cromatina dunha célula.

basicromiolo *s.m.* Cada unha das partículas basófilas que forman a cromatina do núcleo.

basidio *s.m.* Órgano dalgúns fungos que despois da cario-gamia e a meiose leva a basidiospora.

basidiospora *s.f.* Espora formada sobre un basidio.

basidixital *adx.* Relativo á base dos dedos, metacarpiano ou metatarsiano.

basifacial *adx.* Relativo á parte inferior da cara.

basifobia *s.f.* Basofobia.

basihial *s.m.* Basihioide.

basihioide *s.m.* 1. Corpo do óso hioide. 2. Nalgúns animais inferiores, cada un dos ósos laterais que son os seus homólogos. Tamén se di **basihial**.

basilar *adx.* Pertencente ou relativo á base dunha estrutura.

basilateral *adx.* Que é basilar e lateral ó mesmo tempo.

basilema *s.m.* Membrana basal, neuroglía.

basilise *s.f.* Basiotripsia.

basiloma *s.m.* Carcinoma de células basais. // **B. terebrante**. Epitelioma invasor de células basais.

basio *s.m.* Punto medio sobre o bordo anterior do burato occipital, oposto ó opistio.

basioccipital *adx.* Pertencente ou relativo á apófise basilar do óso occipital.

basiófilo-a *adx.* Basófilo.

basiogloso *s.m.* Porción de músculo hiogloso que se insire na base do óso hioide.

basiótribo *s.m.* Ferramenta cirúrxica para realiza-la basiotripsia.

basiotripsia *s.f.* Esmagamento cirúrxico da cabeza do feto cando está morto, co fin de reducila e facilita-la extracción.

basitemporal *adx.* Pertencente ou relativo á parte inferior do óso temporal.

basocito *s.m.* Leucocito basófilo.

basocitopenia *s.f.* Leucocitopenia basofílica.

basofilia *s.f.* 1. Afinidade polos colorantes básicos. 2. Reacción ós colorantes básicos dos glóbulos vermellos dexenerados ou inmaturos, nos que se desenvolven gránulos basófilos. 3. Aumento anormal no sangue de leucocitos basófilos. Tamén se di **basocitose**.

basofilismo *s.m.* Aumento anormal de células basófilas. // **B. pituitario**. Enfermidade de Cushing.

basófilo-a *adx.* 1. Relativo á basofilia. Tamén se di **basofílico**. // *s.m.* 2. Elemento que se tingue facilmente cos colorantes básicos. 3. Célula con gránulos que se tinguen cos colorantes básicos (leucocito, mastocito).

basofobia *s.f.* Medo patolóxico de caer ó andar. Tamén se di **estasibasifobia**.

basógrafo *s.m.* Instrumento para rexistrar alteracións da marcha.

bastardo-a *s.* 1. Fillo ilexítimo. 2. Especie híbrida, de calidade inferior. // *adx.* 3. Que varía en síntomas ou intensidade. 4. Fig. Que non é natural, que está adulterado ou dexenerado.

bastón *s.m.* Bacilo.

bastonetes *s.m.pl.* 1. Formación cilíndrica fina e recta. 2. Elementos anatómicos, especialmente os que tendo aspecto de bastón forman, cos conos, a capa fotorreactiva da retina. 3. Bacilos.

batarismo *s.m.* Tartamudez.

bater *v.* 1. Palpar. 2. Tremer.

batianestesia *s.f.* Perda da sensibilidade profunda.

batocardia *s.f.* Condición na que o corazón ocupa unha posición inferior á normal, pero que está fixo, a diferenza da cardiopose.

batocentese *s.f.* Punción cirúrxica. Tamén se di **batistixe**.

batido *s.m.* Latexo, palpitación.

batiestesia *s.f.* Sensibilidade profunda, das estruturas por baixo da pel, como a sensibilidade muscular ou articular.

batigastría *s.f.* Gastroptose.

batihiperestesia *s.f.* Aumento da sensibilidade profunda.

batihipoestesia *s.f.* Diminución da sensibilidade profunda.

batimetría *s.f.* Medida da profundidade das cavidades naturais ou artificiais.

batimorfía *s.f.* Aumento da profundidade dos ollos miopes, é dicir aumento da distancia entre a córnea e a retina.

batipnea *s.f.* Respiración profunda.

batmismo *s.m.* Forza que actúa nos procesos de nutrición e de crecemento.

batmotrópico-a *adx.* Que inflúe na excitabilidade nerviosa muscular en resposta ós estímulos, aplicado ás accións que sobre o músculo cardíaco exercen determinados medicamentos.

batmotropismo *s.m.* Influencia sobre a excitabilidade do tecido muscular.

batofobia *s.f.* Temor ós lugares profundos ou temor de mirar cara ó abismo desde o alto.

batraco *s.m.* Ránula.

batracocéfalo -a *adx.* Que ten a cabeza semellante á dunha ra.

batracofobia *s.f.* Temor ás ras.

batracoides *adx.* Semellante á ra.

batracoplastia *s.f.* Operación cirúrxica plástica para a cura da rânula.

batracotoxina *s.f.* Alcaloide esteroide moi potente, segregado por unha ra sudamericana que produce parálise da condución nerviosa axónica por aumento da permeabilidade ó ión sodio, que á súa vez induce unha despolarización persistente.

batrocefalia *s.f.* Anomalía conxénita caracterizada por saída posterior a maneira de escaleira do cranio, causada por osteoxénese excesiva da sutura lambdoidea.

bazo *s.m.* Órgano ganglionar, brando, oval, situado no hipocondrio esquerdo, entre a curvatura maior do estómago e as falsas costelas, por riba e diante do ril esquerdo. É o órgano máis grande do sistema linfático, formador de sangue no comezo da vida e logo órgano de almacenamento de glóbulos vermellos (funcións hematopoiética e hemolítica). // **B. accesorio.** Porción desprendida e libre do bazo que se atopa no peritoneo. / **B. errante** ou **flotante.** Bazo desprazado e móbil.

bazuncho-a *adx.* 1. Que ten ventre grande. 2. Pequeno e barrigudo. // *s.m.* 3. Ventre grande, boxo.

bazuqueo *s.m.* Ruído producido ó move-lo estómago e remexe-lo líquido que contén.

Be Símbolo do berilio.

beberaxe *s.f.* Cocemento medicinal de herbas.

bebida *s.f.* 1. Líquido que se bebe para calma-la sensación de sede e axudar á inxestión dos alimentos. 2. Hábito de beber moito.

beceira *s.f.* Fenda que se forma nos beizos a causa do vento frío.

bedelatomía *s.f.* Sección dunha samesuga mentres está adherida ó corpo, para prolonga-la saída do sangue.

bedelepitesa *s.f.* Aplicación de samesugas.

bedlamismo *s.m.* Loucura.

befenio *s.m.* Quimioterápico eficaz nas infestacións por vermes.

beizo *s.m.* Cada unha das partes carnosas que no rostro humano e noutros animais cobren os dentes e forman a entrada da boca. Tamén se di **labio**.

beizudo-a *adx.* Que ten beizos grosos.

beladona *s.f.* Planta solanácea perenne nativa do centro e sur de Europa e Asia que contén varios alcaloides anticolinérxicos e das súas follas e raíces extráense os seus principios activos (atropina e beladonina), con propiedades narcóticas, antiespasmódicas e estimulantes respiratorias e cardíacas. É antídoto dos inhibidores da colinesterase.

beladonina *s.f.* Alcaloide da beladona.

belfo-a *adx.* Que ten o beizo inferior máis saído có superior e máis grosso.

belida *s.f.* 1. Mancha que se forma na córnea do ollo. Tamén se di **catarata**. 2. Doenza dos ollos. Tamén se di **belide** ou **albuxe**.

belide *s.f.* Belida.

belio *s.m.* Expresión de potencia eléctrica ou acústica, decibelio.

belonefobia *s.f.* Temor patolóxico ás agullas e alfinetes.

belonoide *adx.* En forma acicular ou de agulla. Tamén se di **estiloide**.

bencedrina *s.m.* Anfetamina.

benceno *s.m.* C₆H₆, hidrocarburo aromático obtido da brea de hulla por destilación a partir do que se sintetizan outros compostos orgánicos (colorantes, medicamentos, etc) que se empregou como antiséptico pulmonar, como tenicida e parasiticida e tense preconizado nas leucemias. Tamén se di **benzol**, **bencina cristalizable**.

bencilo *s.m.* Radical hidrocarbonado do alcohol bencilico. // **Benzoato de b.** Bencilbenzoato. Producto sintético que se administra en solución alcohólica ó 20% topicamente na pel como escabicida. / **Bromuro de b.** Gas lacrimóxeno

bencina *s.f.* Líquido constituído por hidrocarburos da serie do metano, procedente da destilación do petróleo, moi volátil, do que os vapores mesturados co aire son moi inflamables, e que se ten usado como tenicida.

beneceptor *s.m.* Órgano ou mecanismo nervioso que transmite estímulos de carácter beneficioso, oposto a nociceptor.

beneficio *s.m.* Utilidade, proveito. // **B. da enfermidade.** Utilización da enfermidade ou os seus síntomas para satisfacer tensións do ego. Orixina necesidade de estar enfermo e resistencia ó tratamento.

benignidade *s.f.* 1. Calidade do que é benigno. 2. Afabilidade, agrado, dozura, indulxencia, piedade, bondade. 3. Carácter pouco perigoso ou maligno.

benigno-a *adx.* 1. Que non é maligno, que non presenta gravidade, non perigoso, non recorrente. 2. Favorable para o restablecemento. 3. Suave, agradable.

benseracida *s.f.* Inhibidor da descarboxilase que non atravesa a barreira hematoencefálica e só actúa na periferia, usado conxuntamente coa levodopa no tratamento da enfermidade de Párkinson.

benxuí *s.m.* Benzoína, resina do *Styrax benzoin*, árbore de Tailandia, Indochina, e outras rexións asiáticas.

benzaldehido *s.m.* Aldehido contido na esencia das amendoas amargas que serve como axente saborizante de medicamentos que se administran por vía oral.

benzanalxeno *s.m.* Substancia antiséptica e antineurálica da quinoleína que se empregou na gota, reumatismo e ataxia locomotriz, e é disolvente do ácido úrico.

benzoato *s.m.* Sal do ácido benzoico.

- benzocaina** *s.f.* Substancia branca cristalina, anestésico local de aplicación tópica sobre a pel e as mucosas.
- benzocol** *s.m.* Base dun reactivo para o diagnóstico da sífilis.
- benzodiacépin** *s.f.* Calquera dun numeroso grupo de tranquilizantes menores que teñen unha estrutura molecular común e actividades farmacolóxicas semellantes: sedantes, antiansiosas, hipnoinductoras, relaxantes musculares e anticonvulsivantes.
- benzofenol** *s.m.* Fenol.
- benzoico -a** *adx.* Relacionado coa benzoína ou derivado dela. // **Ácido b.** Antiséptico das vías urinarias e respiratorias que se obtén do benxuí e doutros bálsamos.
- benzoilguaiacol** *s.m.* Benzoato de guaiacol, que substituíu a creosota na terapéutica antiga da tuberculose.
- benzoílo** *s.m.* Radical C_6H_5CO do ácido benzoico e dunha extensa serie de compostos. // (**Peróxido de**) **b.** Emprégase para induci-lo esfolamento da pel e promove-la eliminación de comedóns.
- benzoína** *s.f.* Bálsamo que se emprega como antiséptico tópico e en inhalación na inflamación das vías respiratorias como estimulante da expectoración. Tamén se di **benxuí**.
- benzol** *s.m.* Benceno.
- benzolismo** *s.m.* Intoxicación polo benzol ou os seus vapores.
- benzonatato** *s.m.* $C_{30}H_{53}NO_{11}$, substancia que se administra por vía oral contra a tose.
- benzopireno** *s.m.* Hidrocarburo, $C_{20}H_{12}$, substancia cristalina, amarela, canceríxena.
- benzopirina** *s.f.* Benzoato de antipirina.
- benzoquinamida** *s.f.* $C_{22}H_{32}N_2O_5$, fármaco que se emprega por vía intramuscular como antiemético e que tamén posúe accións antihistamínicas, anticolinéxicas e sedantes.
- benzosulfidina** *s.f.* Sacarina.
- benzoterapia** *s.f.* Tratamento con benzoatos, en especial o benzoato de sodio para o absceso de pulmón.
- benzotropina** *s.f.* $C_{25}H_{25}NO$, parasimpaticólítico que se emprega no tratamento dos trastornos parkinsonianos.
- bequestesia** *s.f.* Sensación na gorxa que obriga a tusir.
- béquico -a** *adx.* 1. Pertencente ou relativo á tose. 2. Bo contra a tose. // *s.m.* 3. Remedio contra a tose.
- berce** *s.m.* 1. Pequena cama na que se deitan os nenos. 2. Primeira infancia.
- beriberi** *s.m.* Enfermidade causada por inxesta insuficiente de tiamina (vitamina B_1), que se manifesta por polineurite periférica grave con predominio da parálise, insuficiencia cardíaca e edema, e é endémica en moitos países tropicais e subtropicais.
- berilio** *s.m.* Elemento metálico, de peso atómico 9,012, número atómico 4 e símbolo Be.
- berliose** *s.f.* Intoxicación por berilio. Os vapores dos sales de berilio e o fino po dos seus compostos son inhalados e producen lesión pulmonar (pneumoconiose), e tamén pode introducirse na pel ou no tecido subcutáneo a través de laceracións ou puncións.
- besiclómetro** *s.m.* Instrumento para medir a fronte e adapta-la ponte dos anteollos.
- bestialidade** *s.f.* Relación sexual cun animal. Tamén se di **bestialismo**.
- bestialismo** *s.m.* Bestialidade.
- beta** *s.m.* 1. Segunda letra do alfabeto grego. 2. En química, un dos isómeros ou posición dos átomos substituíntes en certos compostos. 3. Electrón de alta velocidade producido pola aceleración eléctrica ou magnética responsable da radiación beta.
- betaalaninemia** *s.f.* Defecto conxénito da b-alanina- α -cetoglutarato transaminase que se manifesta con somnolencia, hipotonía e hiporreflexia.
- betacismo** *s.m.* Uso excesivo do son [b] ó falar.
- betahidroxibutírico** *s.m.* Ácido resultante da oxidación incompleta dos ácidos graxos no organismo que constitúe coa acetona e o ácido acetoacético os corpos cetónicos.
- betaína** *s.f.* 1. Produto da oxidación da colina que ten actividade lipotrópica, empregado no tratamento da debilidade e dexeneración musculares. 2. Derivado trimetil de aminoácidos, como a carnitina.
- betalactamase** *s.f.* Enzima producido pola maioría das bacterias, grampositivas e gramnegativas que ten a propiedade de inactivar tódolos antibióticos do grupo das penicilinas e das cefalosporinas.
- betametasona** *s.f.* Glicocorticoide sintético, o máis activo dos esteroides antiinflamatorios, que se administra por vía oral e tópica, a través da pel.
- betamiméticos** *s.m.pl.* Derivados da adrenalina, utilizados para o tratamento da ameaza de parto prematuro ou cando existe sufrimento fetal intraparto.
- betanecol** *s.m.* Derivado da colina resistente á acción da acetilcolinesterase, empregado no ileo paralítico ou a retención urinaria, coas mesmas propiedades cá acetilcolina.
- betanidina** *s.f.* Antihipertensivo semellante á guanetidina.
- betatrón** *s.m.* Aparello que, por medio da inducción magnética, serve para accelera-los electróns e aplicar esta enerxía para a radiación de neoplasias profundas. Tamén se di **reotrón**.
- bezo** *s.m.* Bordo granuloso dunha ferida infectada.
- bezoar** *s.m.* Corpo estraño no estómago, concreción calcúlsea de natureza variada que se atopa no estómago e intestino dalgúns animais e no home. Se está constituída

por un núcleo de pelos chámase tricobezoar, se ten froitos e fibras vexetais fitobezoar, se é mixto tricofitobezoar.

BHE Siglas de barreira hematoencefálica.

bi- Prefixo do latín *bis* coa significación de dous, dúas veces.

Bi Símbolo do bismuto.

biacromial *adx.* Pertencente ou relativo ás dúas apófises acromiais.

biarticular *adx.* Pertencente ou relativo a dúas articulacións.

biastigmatismo *s.m.* Variedade de astigmatismo por defecto da curvatura corneal e do cristalino, dúas anomalías que coexisten nun ollo.

biauricular *adx.* 1. Pertencente ou relativo a ámbalas dúas aurículas ou puntos auriculares. 2. Que se adapta ós dous oídos.

bibásico-a *adx.* Dibásico. Que posúe dous átomos de hidróxeno substituíbles por bases.

biberón *s.m.* Botella pequena cun teto de goma adaptado que se emprega para a lactación artificial.

bibliocleptomanía *s.f.* Cleptomanía especial para os libros.

bibliofobia *s.f.* Temor patolóxico ós libros.

bibliomanía *s.f.* Paixón esaxerada polos libros.

biblioterapia *s.f.* Emprego da lectura de libros no tratamento de afeccións nerviosas.

bicameral *adx.* Que ten dúas cámaras ou compartimentos.

bicámero –a *adx.* Bicameral.

bicarbonatemia *s.f.* Exceso de bicarbonato no sangue.

bicarbonato *s.m.* 1. Todo sal que contén o anión HCO_3^- . 2. Hidroxenocarbonato de sodio, empregado popularmente para combate-las indisposicións de estómago. // **B. plasmático.** Bicarbonato contido no sangue, que constitúe o índice de reserva alcalina. Tamén se di **bicarbonato sanguíneo.**

bicaudado-a *adx.* Bicaudal.

bicaudal *adx.* Que ten dúas colas ou apéndices. Tamén se di **bicaudado.**

bicéfalo -a *adx.* Que ten dúas cabezas. Tamén se di **dicéfalo.**

bicelular *adx.* Composto por dúas células ou que ten dúas células.

bíceps *adx.* 1. Que ten dúas cabezas. // *s.m.* 2. Músculo con dúas orixes ou cabezas.

biceptor *s.m.* Que ten dous receptores.

bicigomático-a *adx.* Pertencente o relativo ós dous puntos craneométricos máis prominentes en ámbolos dous arcos cigomáticos.

biciliado-a *adx.* Que posúe dous cilios.

bicipital *adx.* 1. Que ten dúas cabezas. 2. Pertencente ou relativo ó músculo bíceps.

bico do peito *V. mamila.*

bicóncavo-a *adx.* Que ten dúas superficies cóncavas, como lados opostos dunha estrutura.

biconvexo-a *adx.* Que ten dúas superficies convexas, como lados opostos dunha estrutura.

bicorne *adx.* Que ten dous apéndices semellantes a cornos, por exemplo o útero.

bicúspide *adx.* 1. Que ten dúas cúspides ou puntas. // *s.m.* 2. Dente premolar. // *s.f.* 3. Válvula bicúspide.

bid Abreviatura que significa dúas veces ó día.

bidentado-a *adx.* 1. Que ten dous dentes. 2. Que é dentado por dous lados.

bidermoma *s.m.* Variedade de teratoma composto por células e tecidos derivados de dúas capas xerminativas.

bidestilado-a *adx.* Que foi destilado dúas veces

bieita *s.f.* 1. Furuncho que non forma bostela. 2. Furuncho de mal carácter.

bielectrólise *s.f.* Electrólise de dúas substancias ó mesmo tempo.

bifacial *adx.* Que ten dúas caras ou superficies.

bífido-a *adx.* Fendido en dúas partes.

Bifidobacterium Xénero de bacterias bacilares grampositivas da familia actinomicetáceas, saprófitas do aparello dixestivo do home e dos animais, que se atopan nas feces e fermentan a glicosa, con produción de ácido acético e láctico.

bifilar *adx.* Provisto de dous fíos ou fibras.

bifocal *adx.* Que ten dous focos. Aplícase principalmente ás lentes.

biforado-a *adx.* Que ten dous buratos ou aberturas.

bifurcación *s.f.* Punto de división dunha estrutura en dúas pólas.

bifurcado –a *adx.* 1. Que ten figura de forca. 2. Que se divide en dúas pólas.

biioduro *s.m.* Ioduro que ten dous átomos de iodo en cada molécula.

bilabio *s.m.* Instrumento para extraer pequenos cálculos e corpos alleos da vexiga e a uretra. Tamén se di **bilabo.**

bilabo *s.m.* Bilabio.

bilateral *adx.* 1. Que ten dúas caras ou dous lados. 2. Pertencente ou relativo a dous lados.

bilateralismo *s.m.* Simetría bilateral.

bile *s.f.* Líquido segregado polo fígado e vertido no intestino a través das vías biliares, substancia máis ou menos viscosa, amarelo-verdosa, de sabor amargo, que contén

- auga, moco, colesterol, fosfolípidos, sales e varios pigmentos, e é alcalina polo seu contido en bicarbonato. Tamén se di **fel**. // **B. A, B, C.** Bile obtida do colédoco, da vesícula biliar e do conducto hepático, respectivamente. / **B. branca.** Líquido incoloro que se atopa ás veces na obstrucción de vesícula biliar e que se considera debido a unha hipersecreción mucosa das vías biliares. / **B. cística.** Bile retida por algún tempo na vexiga biliar.
- bilemia** *s.f.* Presencia de pigmentos biliares no sangue, colemia.
- bilharzia** *s.f.* *Schistosoma*.
- bilharziase** *s.f.* Infestación por *Schistosoma*, esquistosomíase. Tamén se di **bilharziase**.
- bilharziase** *s.f.* Bilharziase.
- bili-** Prefixo latino que significa bile.
- biliación** *s.f.* Segregación de bile.
- biliar** *adx.* 1. Pertencente ou relativo á bile. 2. Que contén bile. // *s.m.pl.* 3. Ácidos biliares, compostos conxugados do colesterol coa glicina ou a taurina.
- bilifacción** *s.f.* Bilifitación.
- bilifecia** *s.f.* Presencia de bile nas feces.
- bilifitación** *s.f.* Formación ou segregación de bile.
- bilina** *s.f.* Constituente da bile, composto case na súa totalidade polos sales sódicos dos ácidos biliares normais.
- bilinóxeno** *s.m.* Urobilinóxeno.
- biliografía** *s.f.* Estudio radiolóxico das vías biliares trala inxección intravenosa dun medio de contraste.
- biloséptico-a** *adx.* Que ten infección das vías biliares.
- bilioso-a** *adx.* Que ten moita bile, aplicado principalmente a un estado patolóxico indeterminado que se manifesta por malestar, intolerancia dixestiva, estrinximento, etc., atribuído a unha segregación excesiva de bile.
- bilirrubina** *s.f.* Pigmento biliar que se atopa en forma de sal sódico na bile e en forma de sal cálcico insoluble nos cálculos biliares. Pódese atopar na urina e nos tecidos orgánicos cando existe ictericia. Fórmase a partir da hemoglobina da destrucción dos glóbulos vermello polo sistema reticuloendotelial.
- bilirrubinemia** *s.f.* Presencia excesiva de bilirrubina no sangue.
- bilirrubinuria** *s.f.* Presencia de bilirrubina na urina.
- biliúria** *s.f.* Presencia de bile ou de pigmentos biliares na urina.
- biliverdina** *s.f.* Pigmento verde, formado por catabolismo da bilirrubina.
- bilixénese** *s.f.* Bilixenia.
- bilixenia** *s.f.* Producción de bile, bilifitación. Tamén se di **bilixénese**.
- bilma** *s.f.* Emplasto feito con augardente, incenso e outros compoñentes.
- bilmar** *v.* 1. Pór bilmas. 2. Enfaixar, comprimir unha parte do corpo. 3. Vendar unha ferida.
- bilobulado-a** *adx.* Bilobular.
- bilobular** *adx.* Que ten dous lobos.
- bilocular** *adx.* Que ten dúas cavidades ou compartimentos.
- biloma** *s.m.* Acumulación encapsulada de bile na cavidade peritoneal.
- bimalar** *adx.* Pertencente ou relativo a ámbolos dous pómulos ou ósos malares.
- bimanual** *adx.* Que se realiza con ámbalas dúas mans.
- bimástico-a** *adx.* Que ten dúas mamas.
- bimastoide** *adx.* Relativo ás dúas apófises mastoides.
- bimaxilar** *adx.* Pertencente ou relativo ós dous maxilares.
- binario -a** *adx.* 1. Composto por dous elementos ou por dúas partes iguais. 2. Dun sistema numérico de base dúas.
- binaural** *adx.* Pertencente ou relativo a ámbolos dous oídos.
- binocular** *adx.* 1. Pertencente ou relativo ós dous ollos ou que se realiza con ámbolos dous ollos, por exemplo visión binocular. 2. Que ten dúas pezas oculares, por exemplo un microscopio.
- binóculo -a** *adx.* Que serve para ámbolos dous ollos, aplicado a unha vendaxe que oclúe os dous ollos.
- binoftalmoscopio** *s.m.* Oftalmoscopio para o exame simultáneo de ámbolos dous fondos oculares.
- binomial** *adx.* Composto de dous termos, como o xénero e a especie para nomea-los microorganismos.
- binómica** *s.f.* Bionomía.
- binoscopio** *s.m.* Instrumento para facilita-la visión binocular no estrabismo.
- binótico -a** *adx.* Relativo a ámbolos dous oídos, biauricular, binaural.
- binovular** *adx.* Pertencente ou relativo a dous óvulos ou derivado destes.
- binucleación** *s.f.* Formación de dous núcleos nunha célula, por división do núcleo sen división do citoplasma.
- binucleado-a** *adx.* 1. Que ten dous núcleos. // *s.m.pl.* 2. Orde de protozoos flaxelados que comprende os hermosporidios e tripanosomas.
- binuclear** *adx.* Binucleado.
- binucleolado -a** *adx.* Que posúe dous nucléolos.
- bio-** Prefixo coa significación de vida.
- bioactivo-a** *adx.* Que ten efecto sobre os tecidos vivos ou produce reacción neles.

bioacústica *s.f.* Rama das ciencias que trata da comunicación por sons entre os animais.

bioamina *s.f.* Amina bióxena segregada por neuronas.

bioaminérxico-a *adx.* Pertencente ou relativo ás neuronas que segregan bioaminas.

bioblasto *s.m.* Reprodutor de vida, elemento fundamental relacionado coa actividade celular, como as mitocondrias. Tamén se di **organitos, organelas**.

biocatalizador *s.m.* Grupo de substancias orgánicas que non posúen propiedades enerxéticas nin plásticas, pero que son indispensables para a vida do organismo pola súa acción de facilitadores ou aceleradores das reaccións, semellante á dos catalizadores de química orgánica.

biocenose *s.f.* Comunidade de vida, relacións dos diversos organismos que viven en comunidade.

biociclo *s.m.* Repetición cíclica de certos fenómenos observada nos seres vivos.

biocida *adx.* Que destrúe organismos vivos.

biociencia *s.f.* Bioloxía e ciencias aplicadas (física, química, etc.).

biocinética *s.f.* Rama das ciencias que estudia os movementos dos organismos en desenvolvemento.

biocitocultivo *s.m.* Cultivo de células vivas.

biocitoneuroloxía *s.f.* Estudo das células nerviosas vivas.

bioclimatoloxía *s.f.* Estudo das influencias climáticas sobre os seres vivos.

biocoloide *s.m.* Coloide de orixe vexetal ou animal.

biocompatible *adx.* Harmónico coa vida, que non ten efecto tóxico ni prexudicial sobre as funcións biolóxicas.

biodegradable *adx.* Que sofre degradación, aplicado ás substancias susceptibles de ser atacadas polos seres vivos, especialmente por microorganismos, converténdose noutras substancias de propiedades distintas.

biodegradación *s.f.* Serie de procesos polos que os seres vivos fan que algúns produtos químicos sexan menos nocivos para o ambiente.

biodinámica *s.f.* 1. Enerxía dos seres vivos. 2. Ciencia que trata da forza e enerxía da materia viva.

biodisponibilidade *s.f.* Grao en que unha droga ou outra substancia queda dispoñible para o tecido receptor despois da súa administración.

bioelemento *s.m.* Elemento que entra na constitución dos seres viventes.

bioenerxética *s.f.* Rama da bioquímica que estudia a utilización da enerxía e as reaccións químicas nos tecidos vivos.

bioenerxía *s.f.* Forza ou enerxía vital.

bioensaio *s.m.* Administración a un animal, tecido ou organismo vivo, dunha substancia para determina-la súa

potencia ou efectos fisiolóxicos, en contraposición a un ensaio físico ou químico.

bioequivalencia *s.f.* Calidade de bioequivalente.

bioequivalente *adx.* Que ten a mesma potencia e biodisponibilidade semellante na mesma dose que outra mostra dunha substancia dada.

bioespectroscopia *s.f.* Espectroscopia de tecidos vivos.

bioestatística *s.f.* Estatística aplicada ós fenómenos vitais, que traballa con datos biolóxicos ou médicos.

bioestereométrica *s.f.* Análise das características espaciais e temporo-espaciais da forma e da función biolóxicas mediante mapas tridimensionais do corpo.

biofloxia *s.f.* Inxestión ou absorción de materia viva.

biofilaxe *s.f.* Conxunto de reaccións inespecíficas de defensa que desenvolve o organismo contra a invasión de noxas patóxenas.

biofilia *s.f.* Amor á vida, instinto de conservación individual.

biofísica *s.f.* Rama das ciencias que trata da aplicación de métodos e teorías físicas ós procesos vitais.

biofisioloxía *s.f.* Parte da Bioloxía que comprende a organoxenia, a morfoloxía e a fisioloxía.

biofobia *s.f.* Fobia producida pola convivencia con outras persoas ou animais.

bióforo *s.m.* Portador de vida, bióxeno e bioblasto, elemento molecular vital.

biofotómetro *s.m.* Instrumento para medi-la adaptación do ollo á escuridade.

biógrafo *s.m.* Instrumento para analizar e facer visibles os movementos dos animais.

biólise *s.f.* Descomposición química da materia orgánica pola acción dos organismos viventes.

biólogo-a *s.* Persoa experta en bioloxía. Tamén se di **bioloxista**.

bioloxía *s.f.* Ciencia que estudia os organismos vivos, os fenómenos vitais e as súas leis. // **B. de radiación.** Estudo científico dos efectos da radiación ionizante sobre os organismos vivos. / **B. molecular.** Estudo das estruturas moleculares e acontecementos subxacentes dos procesos biolóxicos, incluíndo a relación entre xenes e características funcionais que determinan.

biolóxico-a *adx.* Pertencente ou relativo á bioloxía.

bioloxista *s.* Persoa que estudia bioloxía ou é especialista nesta ciencia. Tamén se di **biólogo**.

bioluminescencia *s.f.* Facultade que teñen algunhas células vivas de producir unha luz fría.

biomatemática *s.f.* Rama das ciencias que trata da aplicación de métodos e teorías matemáticas ós procesos vitais

biomecánica *s.f.* Aplicación das leis mecánicas ás estruturas vitais, especialmente ó aparello locomotor.

biomedicina *s.f.* Medicina clínica baseada nos principios das ciencias naturais (bioloxía, bioquímica, biofísica, etc.).

biomédico-a *adx.* Pertencente ou relativo á aplicación das ciencias naturais ó estudo da medicina.

biometría *s.f.* 1. Cálculo da esperanza de vida. 2. Ciencia que aplica os métodos estatísticos e matemáticos ós fenómenos biolóxicos. 3. Análise matemática de feitos biolóxicos.

biomicroscopía *s.f.* 1. Exame microscópico dos tecidos vivos. 2. Exame da córnea coa lámpada de fendedura asociada cun microscopio corneal.

biomolécula *s.f.* Molécula producida por unha célula viva.

biomutación *s.f.* 1. Mutación espontánea ou inducida que conduce a modificacións xenéticas no individuo uni ou pluricelular. 2. Adquisición de características diferentes por un microorganismo cando é inxectado nun corpo animal.

bionecrose *s.f.* Dexeneración dos feixes de coláxeno da derme. Tamén se di **necrobiose**.

biónica *s.f.* Ciencia que estudia as funcións e características dos seres vivos e as aplicacións destes coñecementos á mecánica.

bionomía *s.f.* 1. Ciencia que trata das leis que regulan as funcións vitais. 2. Estudo das relacións dos seres vivos co medio que os rodea, ecoloxía. Tamén se di **binómica**.

bionose *s.f.* Enfermidade producida por axentes vivos, como bacterias ou parasitos.

bionte *s.m.* Organismo vivo individual, ser vivo.

bioplasma *s.f.* Parte máis esencial ou vital do protoplasma, en oposición a paraplasma.

bioplástico-a *adx.* Que posúe a propiedade de autorreparación das células vivas.

biopsia *s.f.* 1. Proceso de extracción de mostras de tecidos para o seu exame. 2. Exame do organismo vivo, en oposición a necropsia. 3. Peza para análise, obtida dun organismo vivo con fins diagnósticos. // **B. cirúrxica**. Extracción operatoria dun fragmento hístico, un nódulo ou un ganglio linfático, para biopsia postoperatoria. / **B. endoscópica**. A efectuada no curso dunha endoscopia, con extracción dunha mostra para exame histolóxico. / **B. esternal**. Punción esternal. / **B. extemporánea**. Biopsia preoperatoria. / **B. peroperatoria**. A efectuada no curso dunha intervención cirúrxica, na que o cirurxián agarda o dictame do histopatólogo para proceder en consecuencia. / **B. por agulla**. O tecido obtense dos restos que quedan na luz da agulla despois de realizar unha punción do órgano a estudar. / **B. por aspiración**. Biopsia de material obtido por aspiración a través dunha agulla, biopsia por punción, biopsia por agulla. / **B. por raspado**.

Estudio das células escamadas tras raspar unha rexión corporal. / **B. superficial**. Exame microscópico de células obtidas por legrado da superficie de lesións sospeitosas, en particular no colo uterino.

bioptomo *s.m.* Instrumento cortante empregado para obter mostras para biopsia.

bioquímica *s.f.* Rama das ciencias que estudia as reaccións químicas dos seres vivos e dos procesos vitais.

biorbitario -a *adx.* Pertencente ou relativo a ámbalas dúas órbitas.

biórgano *s.m.* Órgano fisiolóxico oposto ó concepto de órgano morfolóxico ou idórgano.

biorreversible *adx.* Que ten a facultade de converterse na forma química bioloxicamente activa orixinal por procesos dentro do organismo, aplicado a fármacos.

biosa *s.f.* Azucre que contén dous átomos de carbono, disacárido.

bioscopia *s.f.* 1. Exame en vida. 2. Exame do corpo para demostra-la existencia de vida. 3. Exame do feto morto no acto do nacemento para comproba-lo seu grao de viabilidade.

biosfera *s.f.* 1. Conxunto formado por tódalas rexións da Terra que ocupan e habitan os seres vivos. 2. Conxunto formado polos seres vivos e o medio no que se desenvolven.

biosíntese *s.f.* Formación dun composto químico nos procesos fisiolóxicos dun organismo vivo.

biosintético-a *adx.* Pertencente ou relativo á biosíntese.

biosmose *s.f.* Osmose que se efectúa a través de membranas vivas.

biosofía *s.f.* Ciencia da vida, fisioloxía.

biostática *s.f.* Bioloxía estática, ciencia da estrutura dos organismos en relación coas súas funcións.

biota *s.f.* Conxunto de de fauna e flora dunha rexión.

biotaxia *s.f.* 1. Propiedades de selección e disposición das células vivas. 2. Clasificación dos organismos viventes de acordo coas súas características anatómicas. Tamén se di **taxonomía**.

bioteleetría *s.f.* Rexistro e medición de fenómenos vitais dos organismos vivos situados a distancia do dispositivo de medición.

bioterapia *s.f.* Método terapéutico mediante cultivos vivos ou por produtos orgánicos (bile, zume gástrico, etc.) derivados dos seres vivos.

biótica *s.f.* Ciencia relacionada coas funcións, calidades e actividades dos seres vivos.

biótico-a *adx.* 1. Pertencente ou relativo á vida ou á materia viva. 2. Pertencente ou relativo a unha biota. 3. Binótico ou biauricular.

biotina *s.f.* Composto cristalino, incoloro, que pertence ó complexo vitamínico B necesario para tódalas formas de vida.

biotipo *s.m.* 1. Grupo de individuos que posúen o mesmo xenotipo. 2. Calquera das cepas dunha especie de microorganismos que teñen características fisiolóxicas comúns.

biotipoloxía *s.f.* Estudio científico dos tipos antropolóxicos e das súas diferencias constitucionais e hereditarias.

biotomía *s.f.* Anatomía dos seres vivos.

biotoxicoloxía *s.f.* Rama da toxicoloxía que estudia os tóxicos elaborados polos seres vivos, o seu recoñecemento, os efectos e o tratamento dos trastornos por eles producidos.

biotoxina *s.f.* Toxina producida por un organismo vivo ou derivada del.

biotransformación *s.f.* Serie de alteracións químicas dun composto que ocorren no interior do corpo por actividade enzimática.

biotripsia *s.f.* Desgaste da pel, observado algunhas veces nos anciáns.

biotropismo *s.m.* 1. Exaltación da virulencia dos microorganismos ou redución da resistencia orgánica fronte a xermes saprófitos. 2. Resposta que orienta cara á dirección do estímulo a unha célula ou grupo delas.

biovular *adx.* Derivado de dous óvulos distintos, que ten dous óvulos.

bioxénese *s.f.* 1. Doutrina que establece que os seres vivos só poden orixinarse doutros seres vivos. 2. Orixe da vida ou dos organismos viventes.

bioxenia *s.f.* Estudio do desenvolvemento dos seres viventes, que comprende a ontoxenia e a filoxenia.

bióxeno-a *adx.* 1. Que se orixina en fenómenos biolóxicos, como unha amina bióxena. 2. Orixinador ou produtor de vida. 3. Das proteínas que representan a base molecular da vida.

bípara *adx.e s.f.* Que pariu dúas veces.

biparenteral *adx.* Derivado de dous proxenitores, macho e femia.

biparietal *adx.* Pertencente ou relativo ás dúas eminencias parietais.

bíparo -a *adx.* 1. Que produce dous óvulos ou descendencia dobre. 2. Que ten dous ou máis pedicelos laterais en cada ramificación.

bipartición *s.f.* 1. División en dúas partes. 2. Bisección.

bipartido -a *adx.* Que ten dúas partes ou divisións.

bipartir *v.* 1. Partir ou dividir en dúas partes ou segmentos. 2. Biseccionar. 3. Bifurcar.

bípede *adx e s.m.* 1. Que ten dous pés ou utiliza normalmente dous membros locomotores ou dous pés. // *s.m.* 2. Conxunto de cada par de patas dun cuadrúpede.

bipedestación *s.f.* Circunstancia de ter dous pés.

bipennado -a *adx.* Bipenniforme.

bipenniforme *adx.* Relativo ós músculos que teñen fibras a cada lado dun tendón dispostas como as barbas que se observan sobre o eixe dunha pluma. Tamén se di **bipennado**.

biperidina *s.f.* Anticolinérxico sintético de acción antisecretora, espasmolítica e midriática, empregado no tratamento dos trastornos parkinsonianos e tamén é útil no tratamento das reaccións extrapiramidais por drogas.

bipolar *adx.* 1. Que ten dous polos. 2. Pertencente ou relativo a ámbolos dous polos. 3. Das neuronas con dúas prolongacións.

birollo -a *adx.e s.* Que padece estrabismo.

birrefrinxencia *s.f.* 1. Calidade de transmiti-la luz en forma desigual en diferentes direccións, dobre refracción. 2. En compostos orgánicos indica que as moléculas están orientadas entre si.

birrinia *s.f.* Nariz dobre.

bis- Prefixo latino que indica dous ou dúas veces.

bisacromial *adx.* Biacromial.

bisalbuminemia *s.f.* Presencia de dúas fraccións de albumina no sangue, que se diferencian na súa mobilidade electroforética.

bisección *s.f.* División en dúas partes mediante un corte.

bisexual *adx.* 1. Que ten gónadas de ámbolos dous sexos, hermafrodita. 2. Relativo ós dous sexos. 3. Que se sente sexualmente atraído polos dous sexos (heterosexual e homosexual).

bisexualidade *s.f.* 1. Condición de bisexual. Afección sexual a ámbolos dous sexos. 2. Presencia das calidades de ámbolos dous sexos no mesmo individuo. Hermafroditismo.

bisilíaco-a *adx.* Pertencente ou relativo a ámbolos dous ósos ilíacos ou a puntos das cristas ilíacas que se corresponden entre si.

bisínose *s.f.* Enfermidade pulmonar aguda ou crónica que ocorre en obreiros téxtiles do algodón e nos que preparan liño ou cânabo, debida á inhalación de po destes materiais.

bismutismo *s.m.* Intoxicación polo bismuto.

bismuto *s.m.* Metal de cor branca prateada, de número atómico 83, peso atómico 208,98 e símbolo Bi. // **Subgalato de b.** Sal de bismuto utilizado como astrinxente e protector da mucosa intestinal no tratamento de colite ulcerosa, disentería e diarrea.

bismutomanía *s.f.* Hábito patolóxico de inxerir grandes doses de subnitrito de bismuto que adquiren algúns doentes das vías dixestivas.

bismutose *s.f.* Intoxicación crónica por bismuto caracterizada por estomatite, dermatite, diarrea e anuria. Bismutismo.

bismutoterapia *s.f.* Emprego terapéutico dos sales de bismuto.

bisoptise *s.f.* Tise ou consunción debida á inhalación de po ou filamentos de liño ou algodón.

bisotise *s.f.* Bisoptise.

bisturí *s.m.* Instrumento utilizado en cirurxía para corte ou disección, consistente nunha folla, longa e estreita, articulada co mango. // **B. eléctrico.** Electrodo romo ou puntiforme, conectado a un xerador de corrente de alta frecuencia co que se obtén corte, coagulación e hemostase.

bitemporal *adx.* Relativo ás dúas sens ou ós dous ósos temporais.

bitonal *adx.* De dous tons, diplofónico.

bitrocantéreo-a *adx.* Relativo a ámbolos dous trocánteres.

bitrópico-a *adx.* Que ten afinidade por dous tecidos ou organismos.

bivalencia *s.f.* En química, valencia equivalente ó dobre da do átomo de hidróxeno, divalencia.

bivalente *adx.* 1. Que ten unha valencia de dous, caracterizado por bivalencia. 2. Par de cromosomas homólogos asociados durante a etapa citóxena da primeira profase meiótica, que se desdobran en dúas cromátides para formar unha tétrada. Tamén se di **divalente**.

bivalvo-a *adx.* Que ten dúas valvas ou válvulas.

biventral *adx.* Que ten dous ventres, digástrico.

biventricular *adx.* Pertencente ou relativo ós dous ventrículos.

bivitelino -a *adx.* Con dous núcleos.

bixeminado -a *adx.* Bixémimo.

bixeminia *s.f.* Ocorrencia en pares, especialmente a de dous latexos en sucesión rápida. Tamén se di **bixeminismo**.

bixeminismo *s.m.* Bixeminia.

bixémimo -a *adx.* Xemelgo. Tamén se di **bixeminado**.

blastema *s.m.* 1. Masa celular primitiva da que derivan tecidos e órganos, tecido embrionario. 2. Grupo de células que dá orixe a un novo individuo, na reprodución asexual, ou a un órgano ou parte deste, no desenvolvemento normal ou na rexeneración.

blástida *s.f.* Primeiro indicio de organización no núcleo do óvulo fecundado.

blastina *s.f.* Substancia estimulante do crecemento celular.

blasto *s.m.* Etapa inmatura no desenvolvemento celular antes da aparición das características definitivas das células

blasto-, -blasto Prefixo e sufixo coa significación de xerme, renovo e particularmente relacionado co estado embrionario. Tamén fai referencia a un elemento formativo, célula ou capa.

blastocele *s.m.* Cavidade chea de líquido da masa de células (blástula) producida por desdoblamento dun ovo fecundado.

blastocisto *s.m.* Producto da concepción na etapa posterior á mórula. Tamén se di **blástula**.

blastocito *s.m.* Célula embrionaria do estadio de mórula ou blástula dun embrión que aínda non se diferenciou.

blastocitoma *s.m.* Tumor composto de tecido non diferenciado. Tamén se di **blastoma**.

blastoderma *s.m.* Masa de células producidas por segmentación do ovo fecundado que forman a esfera oca da blástula ou o acumulación celular encima do vitelo segmentado na discoblástula dos ovos teleolecitos. As células ou blastómeros dispóñense en estratos (ectoderma, mesoderma e endoderma, ou epiblasto, mesoblasto e endoblasto) ó redor da cavidade (vesícula blastodérmica ou blástula). Tamén se di **membrana xerminativa**. // **B. bilaminar, trilaminar.** Período do desenvolvemento no que o embrión está representado polas dúas ou tres follas primitivas, respectivamente.

blastodisco *s.m.* Estructura convexa formada polas blastómeras no polo animal dun ovo que se segmenta de forma incompleta.

blastófilo *s.m.* Capa ou folla embrionaria primaria (ectoderma, endoderma).

blastóforo *s.m.* Porción de espermatoblasto que non se converte en espermatozoide.

blastoftoria *s.f.* Dexeneración ou alteración das células xerminais.

blastólise *s.f.* Disolución ou destrución da materia xerminativa.

blastoma *s.m.* Carcinosarcoma de tecido embrionario, composto por células indiferenciadas derivadas do blastema, blastocitoma. // **B. autóctono.** Tumor que se orixina nun corpo pola proliferación das células pertencentes a este. / **B. heteróctono, teratóxeno.** Tumor formado dunha orde de células non procedente dos tecidos do hóspede, senón dos tecidos doutro individuo incluído no hóspede.

blastomatoide *adx.* Semellante ó blastoma.

blastomatose *s.f.* Formación de blastomas, formación tumoral.

blastómero *s.m.* Célula formada por segmentación do óvulo fecundado.

blastomicetos *s.m.pl.* 1. Clase de fungos do xénero *Blastomyces*. 2. Organismo semellante ó fermento.

blastomicose *s.f.* Enfermidade granulomatosa crónica causada por fungos do xénero *Blastomyces*, adquirida case sempre por vía pulmonar, que se inicia como infección respiratoria e despois se disemina á pel (blastomicose cutánea), ós ósos, tecidos subcutáneos, fígado, bazo e riles (blastomicose xeneralizada).

blastoneuroporo *s.f.* Abertura transitoria formada pola unión do blastoporo e o neuroporo.

blastopatía *s.f.* Alteración ou malformación producida no período de blástula.

blastoporo *s.m.* Abertura dentro do arquéntero formada pola invaxinación da blástula para orixinar unha gástrula. Tamén se di **ano de Rusconi**, **protostoma**, **arquistoma**.

blastoquilo *s.m.* Líquido contido no blastocele.

blastospora *s.f.* Espora formada por xemación como ocorre nos fermentos.

blastoxenia *s.f.* Blastoxénese.

blástula *s.f.* 1. Período do desenvolvemento embrionario consecutivo á segmentación do ovo, cando as blastómeras se constituíron en blastoderma. 2. Estructura esférica formada nesta etapa que consta dunha soa capa de células (blastoderma) que rodean unha cavidade chea de líquido (blastocele). Tamén se di **blastocisto**, **blastosfera**, **vesícula xerminativa** ou **blastodérmica**, **mórula vesicular**.

blastulación *s.f.* Formación da blástula.

blatoxénese *s.f.* 1. Desenvolvemento dun individuo a partir de blastema, é dicir, por reprodución asexual. Reprodución por xemación. 2. Transmisión dos caracteres hereditarios polo plasma xerminativo. 3. Transformación morfolóxica de linfocitos pequenos en células máis grandes semellantes a células blásticas, que ocorre por exposición a fitohemaglutinina ou a antíxenos fronte ós que está inmunizado o doador.

blefar-, **blefaro-** Prefixos que denotan relación coas pálpebras ou coas pestanas.

blefaradenite *s.f.* Inflamación das glándulas de Meibomio, blefarite ciliar.

blefarectomía *s.f.* Extirpación dunha lesión nas pálpebras.

blefaredema *s.m.* Edema das pálpebras.

blefarelose *s.f.* Entropio.

blefárico -a *adx.* Pertencente ou relativo ás pálpebras.

blefárides *s.f.pl.* Pestanas.

blefarismo *s.m.* Espasmo das pálpebras que consiste en chisca-lo ollo continuamente.

blefarite *s.f.* Inflamación das pálpebras. // **B. angular.** Blefarite ulcerosa que afecta á comisura interna e bloquea o punto lacrimal. / **B. escamosa.** Blefarite marxinal na que os bordos das pálpebras están cubertos de escamas. / **B. ulcerosa.** Forma ulcerosa de blefarite marxinal.

blefaroadenite *s.f.* Blefaradenite.

blefaroadenoma *s.m.* Adenoma da pálpebra.

blefaroateroma *s.m.* Tumor enquistado ou quiste sebáceo da pálpebra.

blefarocalasia *s.f.* Relaxación da pel da pálpebra, debida á atrofia do tecido intersticial. Tamén se di **dermatólise palpebral**.

blefarociliar *adx.* Relativo ás pestanas ou á rexión palpebral onde están implantadas.

blefaroclese *s.f.* Oclusión anormal das pálpebras.

blefaroclono *s.m.* Espasmo clónico do músculo orbicular das pálpebras.

blefaroconxuntivite *s.f.* Inflamación das pálpebras e conxuntiva, conxuntivite palpebral.

blefarocromidrose *s.f.* Excreción de suor coloreada polas pálpebras.

blefarodermatite *s.f.* Inflamación da cute palpebral.

blefarodiastase *s.f.* Separación excesiva das pálpebras.

blefarofimose *s.f.* Estreiteza anormal da abertura palpebral en dirección horizontal causada por desprazamento cara a fóra dos cantos internos.

blefarofriplastia *s.f.* Cirurxía plástica da cella e pálpebra.

blefaroftalmía *s.f.* Inflamación das pálpebras e do ollo, conxuntivite.

blefarolitíase *s.f.* Formación de concrecións marxinais nas pálpebras.

blefaromelasma *s.m.* Coloración escura da pel das pálpebras.

blefaromicose *s.f.* Invasión das pálpebras por tricófitos.

blefaroncose *s.f.* Tumorción das pálpebras.

blefaronise *s.f.* Operación do entropio.

blefaropaquia *s.f.* Engrosamento anormal da pálpebra.

blefaropaquinise *s.f.* Blefaropaquia.

blefaropiorrea *s.f.* Oftalmía purulenta.

blefaroplastia *s.f.* Cirurxía plástica das pálpebras.

blefaroplasto *s.m.* 1. Gránulo redondeado ou oval que forma parte do cinetoplasto, de onde nace o axonema. 2. Delgado bastoncíño no citoplasma das células endimarias no endimoma.

blefaroplexía *s.f.* Parálise dunha ou ámbalas dúas pálpebras. Tamén se di **blefaroptose**.

blefaropese *s.f.* Cirurxía reparadora da pálpebra.

blefaroptose *s.f.* Caída da pálpebra superior causada por parálise. Tamén se di **ptose palpebral**.

blefarorrafia *s.f.* Operación de sutura-las pálpebras, na comisura ou nos bordos, tarsorrafia.

blefarosfinterectomía *s.f.* Escisión do esfínter palpebral, operación de extirpar algunhas fibras do músculo orbicular xunto coa pel supraxacente, que se practica para remedia-la presión da pálpebra sobre a córnea no blefarospasmo.

blefarosinequia *s.f.* 1. Crecemento conxunto das pálpebras. 2. Adherencia das pálpebras entre si.

blefarospasmo *s.m.* Espasmo tónico do músculo orbicular das pálpebras, que produce oclusión máis ou menos completa das mesmas, blefarismo e pode ser esencial ou sintomático dunha lesión do V par cranial.

blefarospato *s.m.* Pequenas pinzas que serven para suxeita-la pálpebra.

blefaróstato *s.m.* Instrumento empregado para manter separadas as pálpebras durante as operacións cirúrxicas no ollo.

blefarostenose *s.f.* Estenose anormal da abertura palpebral. Tamén se di **blefarofimose**.

blefarotomía *s.f.* Incisión cirúrxica da pálpebra. Tamén se di **tarsotomía**.

blefaroxise *s.f.* Raspado da cara interna das pálpebras, no tracoma.

blen-, blena-, bleno- Prefixos que indican mucosidade.

blenadenite *s.f.* Inflamación de glándulas mucosas.

blenelitria *s.f.* Catarro vaxinal. Tamén se di **leucorrea**.

blenemese *s.f.* Vómito de moco.

blenentería *s.f.* Diarrea mucosa, catarro intestinal.

blenocele *s.f.* Orquite blenorráxica.

blenocistite *s.f.* Cistite catarral crónica.

blenoftalmía *s.f.* Conxuntivite purulenta.

blenoide *adx.* Semellante ó moco, mucoide, mixoide, muciforme.

blenoma *s.m.* Mixoma.

blenometrite *s.f.* Catarro uterino.

blenorraxia *s.f.* 1. Segregación excesiva de moco. 2. Blenorrea.

blenorrea *s.f.* Derramo ou segregación de fluxo nunha superficie mucosa especialmente da uretra ou da vexiga. Denomínase **gonorrea** cando está orixinada polo gonococo e **blenorrea de inclusión** cando afecta á mucosa conxuntival. Tamén se di **purgacións, blenorraxia, blenuretria**.

blenorrinia *s.f.* Coriza.

blenostase *s.f.* Supresión dunha segregación anormal de moco ou corrección da segregación excesiva.

blenostático-a *adx.* Que corrixe a excesiva segregación de moco.

blenotórax *s.m.* Acumulación de moco no peito.

blenotorrea *s.f.* Derramo mucoso polo oído.

blenóxeno -a *adx.* Que produce moco. Tamén se di **mucíparo**.

blenuretria *s.f.* Blenorraxia.

blenuria *s.f.* Excreción de moco coa urina.

bleomicina *s.f.* Mestura de antibióticos polipeptídicos que presentan propiedades antineoplásicas obtida a partir de produtos de fermentación dun *Streptomyces*, que inhibe a división celular, a incorporación de timidina no DNA e a síntese de DNA.

blepsopatía *s.f.* Debilidade ou cansazo dos ollos. Tamén se di **astenopía**.

bloqueo *s.m.* 1. Obstrucción ou interrupción da condutibilidade dunha vía nerviosa, especialmente da excitación cardíaca. 2. Para Freud, detención súbita dunha asociación, producida cando se bordeia un complexo. 3. Diminución da capacidade das células reticuloendoteliais para a fagocitose de material inocuo coma carmín ou negro de fume introducido por inxección intravenosa. 4. Prevención dalgunhas accións enzimáticas ou fisiolóxicas por medio de drogas. 5. Prevención dos efectos dalgunhas drogas por outro axente, por exemplo o efecto da nalorfina sobre a heroína. // **B. articular.** Perturbación da amplitude de movementos dunha articulación. / **B. auriculoventricular.** Interrupción na condución do impulso cardíaco desde a aurícula ó ventrículo, por alteración no nódulo auriculoventricular ou no fascículo de His. / **B. cardíaco.** Defecto da condución do estímulo cardíaco. / **B. de rama.** Trastorno da condución do impulso cardíaco que se localiza nunha das ramas do fascículo de His e que se traduce por unha prolongación do complexo QRS no electrograma. / **B. do pensamento.** Detención súbita no curso das ideas ou en medio dunha sentença, sen defecto intelectual ou trastornos sensoriais. / **B. do sistema reticuloendotelial.** Impregnación das células reticuloendoteliais, con materias capaces de inhibilas súas actividades. / **B. paravertebral.** Infiltración do ganglio estrelado con solución anestésica. / **B. renal.** Anuria debida á suspensión das funcións do túbulo renal. / **B. sinoauricular.** Ausencia da formación ou transmisión do impulso sinusal, con falta da onda P. / **B. ventricular.** Obstrucción inflamatoria dos orificios de Magendie e Luschka, que impide a comunicación dos ventrículos cerebrais co espazo subaracnoide.

boca *s.f.* 1. Abertura, especificamente abertura anterior ou proximal do aparello dixestivo, limitada polos beizos e que contén a lingua e os dentes. 2. Abertura ou corte que semelle a boca do rostro antes descrita.

bocado *s.m.* 1. Porción de comida que cabe naturalmente na boca. 2. Mordedura ou ferida cos dentes.

bocexar *v.* Abri-la boca en sinal de tedio, fame ou fatiga. Patoloxicamente, entre outros procesos, ocorre na anoxia cerebral.

bocexo *s.m.* Abertura espasmódica da boca, con aspiración seguida de expiración prolongada do aire motivada xeralmente pola fame, tedio ou fatiga, que adoita acompañarse moitas veces dun estremecemento xeral.

bocio *s.m.* Aumento de tamaño da glándula tiroide non debido a neoplasia, endémico en rexións de montaña, onde a inxesta de iodo non é óptima, e esporádico no resto. // **B. aberrante.** Aumento de tamaño dunha glándula tiroide ectópica ou supernumeraria. / **B. adenomatoso.** Aumento de tamaño dunha glándula tiroide causado por adenoma ou por nódulos coloides múltiples. Tamén se di **bocio nodular**, **bocio multinodular**. / **B. agudo** ou **epidémico.** Bocio de etioloxía vírica. / **B. difuso.** Hiperplasia uniforme e simétrica da tiroide, sen nodulacións. / **B. esternal.** Bocio no que unha parte da glándula está detrás do esterno. / **B. exoftálmico.** Hipertrófia tiroidea acompañada de protrusión dos ollos, V. **enfermidades de Basedow.** Tamén se di **de Graves**, **hipertiroidismo**, **tirotoxicose**. / **B. fibroso.** Bocio de consistencia moi dura producido por unha hiperplasia da cápsula, parénquima e estruturas adxacentes. Tamén se di **bocio leñoso**, **estruma de Riedel**. / **B. folicular.** Bocio parenquimatoso. / **B. intratorácico.** Bocio no que unha parte da glándula tiroide está na cavidade torácica. / **B. lingual.** Aumento de tamaño do extremo superior do conducto tirogloso que forma un tumor na parte posterior do dorso da lingua. / **B. parenquimatoso.** Bocio caracterizado polo aumento dos folículos e proliferación do epitelio. / **B. quístico.** Aumento de tamaño da glándula tiroide que contén quistes formados por dexeneración mucoide ou coloide. / **B. retrosternal.** Bocio intratorácico detrás do esterno. / **B. simple.** Aumento de tamaño debido á hiperplasia da glándula tiroide con función tiroidea normal. / **B. subesternal.** Bocio que se estende cara a abaixo ata detrás do esterno. / **B. tóxico.** O que determina un estado de hipertiroidismo por segregación excesiva de hormonas tiroides.

bocioso-a *adx.* Pertencente ou relativo ó bocio.

boci xenicidade *s.f.* Capacidade de producir bocio.

bocióxeno-a *adx.* Bocioxeno.

bocioxeno-a *adx.* Que produce bocio. Tamén se di **bocióxeno**.

bocha *s.f.* Vexiga, producida por unha queimadura ou polo rozamento continuo dun obxecto sobre a pel.

boche *s.m.* Pulmón dun animal.

bóchea *s.f.* Bocha.

bóla *s.f.* Masa máis ou menos esférica. // **B. adiposa de Bichat.** Masa lobulada de graxa que ocupa o espazo entre o maseter e o bucinador, máis desenvolvida nos

nenos. / **B. de Marchi.** Segmentos ovoides de mielina, producidos por dexeneración, que se tinguen de pardo polo método de coloración de Marchi. / **B. micótica.** Asperxiloma.

Boletus Xénero de fungos himenomicetos, familia dos poliporáceos, con algunhas especies comestibles e outras venenosas.

bolo *s.m.* 1. En farmacia, pílula maior cás ordinarias. 2. Material de contraste ou medicamento, inxectado con rapidez no aparello circulatorio por unha embolada. // **B. alimenticio.** Masa de alimento mastigado e insalivado, en estado de ser deglutido na bucofarinxe ou no esófago. / **B. fecal.** Fecaloma. / **B. histórico.** Sensación de opresión no pescozo que sobe desde o epigastrio, experimentada polos históricos. Tamén se di **globo histórico**.

bolómetro *s.m.* 1. Antigo aparello empregado para medir-la forza do latexo cardíaco, a diferenza da presión arterial. 2. Aparello para determinar graos mínimos da calor radiada por un obxecto.

bolsa *s.f.* 1. Cavidade, saco ou funda dentro do corpo, ocupada por un líquido viscoso situada entre tecidos para que non ocorra fricción (por exemplo a bolsa mucosa ou sinovial). 2. Cavidade en forma de saco chea de pus. // *s.f.pl.* 3. Escroto. // **B. advertencia.** Quiste anormal debido ó rozamento ou a outra causa mecánica, que contén líquido semellante á sinovia. / **B. das augas.** Saco formado polas membranas fetais, que contén o líquido amniótico. / **B. de colostomía.** Recipiente que se coloca sobre a boca dunha colostomía para recibir as feces. / **B. de urina.** Recipiente onde se almacena a urina nos pacientes incontinentes que están sondados. / **B. mucosa.** Bolsa sinovial, saco pechado tapizado de epitelio e cheo dun líquido claro e viscoso, interposto nas superficies que esvaran unha sobre outra, especialmente musculares ou tendinosas. Denomínanse segundo a súa situación: glútea, rotuliana, etc. / **B. omental** ou **epiploica.** Transcavidade dos epíploos. saco peritoneal detrás do estómago, comunicado coa cavidade peritoneal xeral polo orificio epiploico de Winslow. / **B. serosa** ou **sinovial.** Bolsa mucosa.

bomba *s.f.* 1. Aparello para facer entrar ou saír líquidos ou gases de calquera parte. 2. Aparello de vidro para extraer leite do seo das mulleres. 3. Aparello con protector de metal que contén calquera elemento radioactivo. // **B. de Alvegniat.** Bomba de mercurio, que se emprega para medi-los constituíntes gasosos libres do sangue. / **B. de calcio.** Mecanismo de transporte activo de calcio (Ca⁺⁺) a través dunha membrana contra un gradiente de concentración. / **B. de Lindberg.** Bomba pola que se conservan vivos os órganos ou partes extraídos do corpo. / **B. de sodio** ou **de sodio-potasio.** Mecanismo de transporte activo e intercambio de sodio-potasio nas células para mante-la baixa concentración de sodio e a elevada de potasio con respecto ó medio circundante. / **B. dental.** Aparello para extrae-la saliva da boca nas operacións dentais. / **B. gástrica** ou **estomacal.** Bomba para extraer por succión o contido do estómago.

bombear *v.* Extraer ou introducir forzadamente líquidos ou gases.

bombeo *s.m.* Procedemento de anestesia espinal no que se mestura o contido da xiringa co líquido cefalorraquídeo aspirado con esta e logo, por sucesivas inxeccións e aspiracións, inxéctase o conxunto. Tamén se di **barbotaxe**.

bombón *s.m.* Preparación médica, xeralmente en forma de confeitos.

boopía *s.f.* 1. Mirada lânguida dos pacientes histéricos. 2. Mirada dos ambiopes e das ametropías fortes. Tamén se di **boopsia**.

boopsia *s.f.* Boopía.

boqueada *s.f.* 1. Aspiración forte que precede a morte. 2. Acto de abri-la boca os moribundos. 3. Acción de boquear.

boquear *v.* 1. Estar abrindo a boca. 2. Estar agonizando, dando boqueadas, expirando. 3. Estar acabando unha cousa.

boqueira *s.f.* 1. Alteración consistente en erosións superficiais e fendas das comisuras labiais debida á infección por estreptococo ou estafilococo. 2. Por ext., afección inflamatoria da comisura dos beizos, xa sexa de orixe micótica (cándida), carencial (avitaminose), alérxica ou mecánica (peche excesivo dunha boca sen dentes).

boquexar *v.* Abrir a boca co sono, aburrimiento, fame ou fatiga.

boquexo *s.m.* Acto ou efecto de boquexar, inspiración profunda que se fai coa boca aberta mentres alguén se espreguiza.

borato *s.m.* Sal do ácido bórico.

bórax *s.m.* Borato de sodio usado como antiséptico tópico nas afeccións da boca e gorxa.

borborigmo *s.m.* Ruído xordo producido pola propulsión da mestura de gases e líquidos a través do intestino. Tamén se di **borborismo**.

borborismo *s.m.* Borborigmo.

bordo *s.m.* 1. Marxe, beira ou límite de algo. 2. En anatomía, límite dunha estrutura. // **B. ciliar**. Bordo periférico do iris. / **B. en cepillo**. Característica dalgunhas células que desenvolven prolongacións cilíndricas moi pequenas para aumenta-la área da súa superficie libre. / **B. pupilar**. Bordo libre do iris, que forma a pupila. / **B. xenxival**. Parte da enxiva que rodea o pescozo dun dente.

boricado-a *adx.* Que contén ácido bórico.

bórico-a *adx.* Derivado do boro. // (**Ácido**) **b.** Ácido de fórmula H_3BO_3 ou $B(OH)_3$, substancia branca, que cristaliza en escamas, empregada como antiséptico e deterxivo nas ulceracións da pel e mucosas, usada principalmente en locións (auga bórica) e pomadas (vaselina bórica).

borismo *s.m.* Intoxicación polos compostos de boro.

borleta *s.f.* *Digitalis Purpúrea*.

boro *s.m.* Elemento non metálico que dá lugar ós boratos e ó ácido bórico, de número atómico 5, peso específico 2,45, peso atómico 10,81 e símbolo B.

boroformalina *s.f.* Boroformol.

boroformol *s.m.* Composto de hidróxido de aluminio e ácidos bórico e fórmico, en forma de escamas brancas. Antiséptico e desodorizante usado en xinecoloxía e nas enfermidades de nariz e gorxa. Tamén se di **boroformalina**.

borosalicilato *s.m.* Po que contén 32 partes de salicilato de sodio, 25 partes de ácido bórico e un pouco de auga, que se usa como analxésico, antiséptico e desodorizante, indicado na gota, reumatismo, corea e pleuresía. Tamén se di **borosalil**.

borradura *s.f.* Modificación que sofre o colo uterino no parto, no período de dilatación, ata desaparecer, permanecendo só moi delgado o orificio externo.

borrecas *s.f.pl.* Pequenas inchazóns que se forman na pel coas picaduras dalgun insectos.

Borrelia Xénero de bacterias da familia *Treponemataceae*, que parasitan moitos animais, producindo febre recorrente nas aves, mamíferos e no home. A transmisión faise xeralmente por picadura de piollos ou carrachas. // **B. recurrenti** Organismo produtor da febre recorrente transmitida polo piollo do corpo humano, que inclúe tódalas espiroquetas da febre recorrente.

borsalil *s.m.* Borosalicilato.

botánica *s.f.* Ciencia que ten por obxecto o coñecemento, a descrición e a clasificación dos vexetais.

botánico -a *adx.* 1. Pertencente ou relativo á botánica. // *s.* 2. Persoa que é versada na ciencia da botánica.

botar *v.* Supurar unha chaga, un tumor, unha ferida.

botica *s.f.* Oficina, tenda e laboratorio onde se preparan e dispensan os medicamentos. Tamén se di **farmacia**.

boticario-a *s.* 1. O que profesa a farmacia e a exerce. 2. O que, debidamente autorizado, prepara ou vende medicamentos. Tamén se di **farmacéutico**.

botón *s.m.* 1. Elevación da epiderme e derme, de forma redondeada e aplanada. 2. Bostela, pequeno tumor sobre a pel. 3. Conxunto de dúas pezas, macho e femia, que axustan entre si a presión ou a rosca, utilizado en cirurxía para anastomoses intestinais ou gastroentéricas. // **B. caudal**. Mamelón primitivo do embrión destinado a forma-lo apéndice caudal. / **B. de Alepo**. Leishmaniose dermicoepidérmica que ten recibido diferentes nomes segundo a localidade, rexión ou área xeográfica onde se atopa, furúnculo oriental. / **B. de Amboina**. Frambesia. / **B. de camisa** Absceso con forma de botón de camisa, cunha bolsa e un istmo. / **B. de episclerite**. Nódulo doloroso, duro, violáceo, na rexión ciliar a 2-3 cm do limbo, xeralmente no lado temporal. Normalmente non se ulcera, pero pode deixar manchas grises sobre as que se

adhire a conxuntiva. / **B. de lume.** Cauterización superficial con ferro candente ou co termocauterío que se empregaba como revulsivo. / **B. de mezcál.** Rebento de *Lophophora williamsii*, que contén mezcálina, alcaloide con propiedades astiespasmódicas e excitantes do córtex cerebral. As doses excesivas provocan alucinacións cromatopsicas, auditivas, olfactivas e do sentido de posición, por intoxicación cortical. / **B. dérmico** ou **intra-dérmico.** Infiltración nodular da pel cun anestésico local, como preliminar a anestésias locais e rexionais, e a puncións exploradoras ou evacuadoras de cavidades ou órganos profundos. / **B. diafragmático** ou **de Mussy.** Punto doloroso na pleurite costodiafragmática, definido pola intersección dunha liña que continúa a X costela e outra que prolonga o bordo do esterno. / **B. gustativo.** Órganos bulbiformes situados nas terminacións dos nervios do gusto (lingual e glosofarínxeo). Corpúsculo do gusto ou de Schwalbe. / **B. peritoneal.** Aparello utilizado para drenar líquido ascítico cara ó espazo subcutáneo. / **B. sináptico.** Terminación dos eixes.

botridio *s.m.* Botrio.

botriforme *adx.* Botrioide.

botrio *s.m.* 1. Ventosa en forma de fosiña ou suco que se ve na cabeza dalgunhas tenias e que as caracteriza. 2. Pequena úlcera na córnea, que deixa unha escavación visible por iluminación lateral.

botriocefalíase *s.f.* Infestación con tenias do xénero *Bothriocephalus*.

botrioide *adx.* Semellante a un acio de uvas.

botriomicoma *s.m.* Pequeno tumor pedicular semellante a unha framboesa, que se observa na botriomicose, granuloma pióxeno.

botriomicose *s.f.* Enfermidade causada por bacterias que producen lesións semellantes a micetomas. // **B. hómínis.** Granuloma pióxénico.

botuliforme *adx.* En forma de salchicha.

botulina *s.f.* Neurotoxina producida polo *Clostridium botulinum*. Contamina algunhas veces as conservas alimenticias.

botulínico-a *adx.* Pertencente ou relativo á *Clostridium botulinum* ou á súa toxina.

botulismo *s.m.* Tipo de intoxicación alimenticia causada por unha neurotoxina producida por proliferación de *Clostridium botulinum* en alimentos enlatados ou conservados en forma inadecuada que logo son inxeridos, caracterizada por vómitos, dor abdominal, síntomas nerviosos de orixe central, sequidade da boca e larinxe, dispepsia, tose, midríase, ptose palpebral, etc. Chámase alantíase cando se refire á intoxicación por embutidos.

bóveda *s.f.* Parte convexa pola súa cara superior e exterior e cóncava pola cara inferior, teito. // **B. cranial.** Parte superior do cranio, calvario. / **B. palatina.** Padal.

bovinoide *adx.* Semellante ó bovino, aplicado a unha forma de bacilo tuberculoso propio do home.

bovovacina *s.f.* Vacina de bacilos tuberculosos do home atenuados, usada por Behring, como inoculación protectora contra a tuberculose bovina.

boxo *s.m.* Panza, ventre grande.

bozo *s.m.* Parte exterior da boca.

Br Símbolo do bromo.

bradi- Prefixo coa significación de lento.

bradiacusia *s.f.* Dureza do oído. Tamén se di **bradiecoia**.

bradiarritmia *s.f.* Bradicardia asociada á irregularidade no ritmo cardíaco.

bradiartria *s.f.* Bradilalia.

bradibasia *s.f.* Marcha lenta e a pequenos pasos.

bradicardia *s.f.* Lentitude anormal do latexo cardíaco con diminución da frecuencia do pulso por debaixo de 60 pulsacións por minuto. // **B. cardiomuscular.** A debida a enfermidade do miocardio. / **B. central.** A que depende dunha afección do sistema nervioso central. / **B. clinostática.** A que se asocia á diminución da presión sanguínea na posición de decúbito. / **B. de Branham.** Lentitude do pulso debida a unha comunicación arteriovenosa. / **B. esencial.** Enfermidade de Stokes-Adams. / **B. nodal.** Ocorre cando a estimulación cardíaca se orixina no nódulo auriculoventricular. / **B. postinfectiva.** Bradicardia tóxica durante unha enfermidade infecciosa, por exemplo a influenza. / **B. sinusal.** Bradicardia por diminución da frecuencia de despolarización do marca-paso sinusal normal.

bradicárdico-a *adx.* 1. Pertencente ou relativo á bradicardia ou caracterizado por ela. 2. Axente que ten a acción de diminuí-la frecuencia do pulso.

bradicinesia *s.f.* 1. Lentitude anormal do movemento. 2. Retardo nas respostas físicas e mentais.

bradicinético-a *adx.* 1. Caracterizado ou executado por movementos lentos. 2. Que mostra os detalles dunha acción motora por películas tomadas con rapidez e proxectadas moi lentamente.

bradicinina *s.f.* Polipéptido endógeno formado por nove aminoácidos (arxinina, prolina, prolina, glicina, fenilalanina, serina, prolina, fenilalanina e arxinina) contido nas plaquetas e liberado pola acción da tripsina ou certos velenos de serpes, vasodilatador moi potente, que aumenta a permeabilidade capilar, descende a tensión arterial e estimula os receptores da dor.

bradicrótico-a *adx.* Caracterizado pola lentitude do pulso.

bradidiastalse *s.f.* Movemento intestinal lento.

bradidiástole *s.f.* Prolongación anormal da diástole.

bradiecoia *s.f.* Xordeira parcial. Bradiacusia.

bradifasia *s.f.* Bradilalia.

bradifaxia *s.f.* Lentitude anormal ó comer.

bradifemia *s.f.* Bradilalia.

bradifrasia *s.f.* Bradilalia.

bradifrenia *s.f.* Lentitude anormal das funcións intelectivas e afectivas.

bradiglosia *s.f.* Bradilalia

bradilalia *s.f.* Articulación anormalmente lenta das palabras debido a lesión do cerebro. Tamén se di **bradiartria**, **bradifasia**, **bradifemia**, **bradifrasia** e **bradiglosia**.

bradilexia *s.f.* Lentitude anormal na lectura que non é producida por descoñecemento do alfabeto, nin por defecto visual nin diminución da intelixencia.

bradiloxía *s.f.* Lentitude anormal da linguaxe, debida á lentitude do pensamento, como ocorre nalgunhas alteracións mentais.

bradinose *s.f.* Enfermidade crónica.

bradipepsia *s.f.* Dixestión lenta e difícil.

bradipnea *s.f.* Lentitude anormal dos movementos respiratorios.

bradipraxis *s.f.* Lentitude das accións.

bradipsiquia *s.f.* Lentitude nas reaccións psíquicas ou mentais.

bradirritmia *s.f.* Lentitude do pulso, bradicardia.

bradisfigmia *s.f.* Lentitude anormal do pulso. Tamén se di **bradicardia**.

bradispermatismo *s.m.* Lentitude anormal na exaculación seminal.

bradistalsia *s.f.* Peristalsia anormalmente lenta.

bradistesia *s.f.* Lentitude ou atordamento na percepción das sensacións.

braditaquicardia *s.f.* Ataques alternantes de bradicardia e taquicardia como ocorre na síndrome do seo enfermo.

braditelecinesia *s.f.* Fenómeno de incoordinación motora, polo que unha acción é detida subitamente antes de cumpri-lo seu obxectivo e logo é realizada lenta e dificilmente.

braditocia *s.f.* Parto lento ou prolongado.

braditrofia *s.f.* Retardo ou lentitude dos procesos nutritivos.

bradiúria *s.f.* Emisión anormalmente lenta da urina.

bragueiro *s.m.* Dispositivo elástico, de tea ou metálico, destinado a manter reducidas as hernias dentro da cavidade abdominal.

branco -a *adx.* 1. De cor resultante da reunión das sete do espectro. 2. Pertencente á especie caucásica. // *s.m.* 3. Obxecto ou área cara a onde se dirixe algo como por exemplo a placa dun tubo de raios X. 4. Célula ou órgano afectado por un axente particular. // **B. de afeite.** Subnitrato de bismuto. / **B. de balea.** Esperma de balea. / **B. de España** Carbonato de cal. / **B. de perla.** Tricloruro de

bismuto. / **B. de prata** ou **de chumbo.** Cerusa. / **B. do ollo.** Esclerótica.

brando -a *adx.* 1. Que cede facilmente á presión. 2. Tratándose dunha enfermidade, dor que molesta pouco, que non produce gran malestar. 3. Do tubo radiógeno pouco resistente ó paso da corrente. // **Raios brandos.** En radioloxía, raios pouco penetrantes de maior lonxitude de onda cós duros.

branquioma *s.m.* Tumor que ten a súa orixe nos restos epiteliais incluídos no momento da regresión dos arcos branquiais.

branquiómera *s.f.* Segmento do embrión, do que se desenvolven os arcos branquiais.

branquióxeno-a *adx.* Formado dun arco ou fendadura branquial.

braqui- Prefixo coa significación de curto.

braqui-, braquio- Prefixos coa significación de brazo.

braquial *adx.* Pertencente ou relativo ó brazo.

braquialxia *s.f.* Dor neurálxica nun ou ámbolos dous brazos.

braquiauquenia *s.f.* Curtidade do pescozo.

brauibasia *s.f.* Marcha pesada, lenta, a pasos curtos.

brauibraquio-a *adx.* e *s.* De brazos curtos.

brauicéfalo-a *adx.* Que ten a cabeza curta, aplanada na parte posterior, que ten un índice cefálico maior de 80°.

brauicrónico-a *adx.* Agudo, de curta duración.

brauidactilia *s.f.* Curtidade anormal dos dedos da man ou do pé.

brauiesófago *s.m.* Esófago curto.

brauifacial *adx.* Que ten a cara ancha e curta.

brauifalanxia *s.f.* Curtidade anormal das falanxes dos dedos. Tamén se di **branquidactilia**.

brauiglosia *s.f.* Curtidade da lingua.

brauignatia *s.f.* Curtidade anormal da mandíbula inferior.

brauquíneo-a *adx.* Braquimorfo.

brauimetacarpia *s.f.* Curtidade anormal dos ósos metacarpianos.

brauimetatarsia *s.f.* Curtidade anormal dos ósos metatarsianos.

brauimétrope *s.* Persoa afecta de miopía.

brauimetropía *s.f.* Miopía.

brauimionía *s.f.* Limitación anormal dos movementos por curtidade muscular.

brauimorfo-a *adx.* Tipo de constitución caracterizado pola curtidade e anchura do corpo. Tamén se di **pícnico** e **brevilíneo**.

braquiocefálico-a *adx.* Relativo ou pertencente ó brazo e á cabeza.

braquiocirtose *s.f.* Encorvadura do brazo.

braquiocrural *adx.* Pertencente ou relativo ó brazo e á coxa.

braquiocubital *adx.* Pertencente ou relativo ó brazo, antebrazo e cóbado.

braquiorradial *s.m.* Músculo supinador longo.

braquiotomía *s.f.* Amputación do brazo na embriotomía.

braquiplejo *s.m.* Plexo braquial.

braquipnea *s.f.* Respiración curta, superficial.

braquiqueilia *s.f.* Curtidade anormal dos beizos.

braquisquelo -a *adx. e s.* De pernas curtas.

braquistafilino -a *adx. e s.* Que ten curto o padal ou a campaiña.

braquiterapia *s.f.* En radioterapia, tratamento con radiación ionizante aplicada á superficie do corpo ou localizada a curta distancia da área corporal sometida a tratamento, normalmente inferior a 10 cm.

braquitípico -a *adx.* Braquimorfo.

brazal *s.m.* Peza adaptable ó brazo.

brazalete *s.m.* Brazal pequeno para adaptar ó pulso.

brazo *s.m.* 1. Parte do membro superior comprendida entre o ombreiro e o cóbado. 2. Apéndice, extremidade superior dunha estrutura. 3. En odontoloxía, parte da abrazadeira pola que se sostén no seu lugar unha prótese. 4. En xenética, unha das partes do cromosoma mitótico a cada lado do centrómero.

bréfico-a *adx.* Embrionario.

brefoplastia *s.f.* Transplante de tecidos embrionarios ou infantís a organismos adultos.

brefotrópico-a *adx.* Relativo á nutrición dos nenos.

bregma *s.m.* Punto craniométrico determinado pola unión das suturas saxital e frontal, correspondente á fontanela anterior. Tamén se di **sincipicio**.

bregmático-a *adx.* Pertencente ou relativo ó bregma.

bregmatodimia *s.f.* Monstruosidade caracterizada pola unión de dous xemelgos polo bregma.

breixo *s.m.* Planta ericácea que se ten empregado como diurética.

bretilio *s.m.* Composto de carácter básico que inhibe as respostas á estimulación nerviosa adrenérxica, sen impedi-las respostas ás catecolaminas esóxenas ou á estimulación dos nervios colinérxicos. Utilizouse como anti-hipertensor e agora úsase como antiarrítmico en certos casos de fibrilación ou taquicardia ventricular.

brevicollis *adx.* De pescozo curto.

brevilíneo-a *adx.* De liñas ou dimensións curtas. Tamén se di **braquimorfo** e **pícnico**.

bricomanía *s.f.* Costume non consciente de rincha-los dentes. Tamén se di **bruxismo**.

brida *s.f.* 1. Freo. 2. Banda que atravesa a luz dun conducto ou a superficie dunha úlcera. 3. Tecido fibroso e vascular que se estende na cavidade das serosas dunha a outra membrana por consecuencia da inflamación destas, moi frecuente despois de cirurxía abdominal no peritoneo, neomembrana.

briocito *s.m.* Célula en proliferación.

bromatólogo -a *s.* Persoa especializada en bromatoloxía.

bromatoloxía *s.f.* Rama das ciencias que trata dos alimentos.

bromatoterapia *s.f.* Uso terapéutico dos alimentos.

bromatotoxina *s.f.* Toxina formada nos alimentos por diversas causas.

bromatotoxismo *s.m.* Bromatotoxismo.

bromatoxismo *s.m.* Intoxicación alimentaria.

bromhidrose *s.f.* Suor que cheira mal, producida por fermentación bacteriana, asociada xeralmente á hiperhidrose. Tamén se di **osmhidrose**, **suor fétida**.

bromhidrosifobia *s.f.* Repulsión polos olores do corpo.

brómide *s.f.* Erupción cutánea producida polo bromo ou polos seus compostos. Tamén se di **bromodermia**.

bromismo *s.m.* Estado de intoxicación producido polo abuso do bromo ou dos seus compostos caracterizado por síntomas neurolóxicos e erupcións cutáneas.

bromo *s.m.* Elemento líquido, vermello apardazado, de vapores sufocantes. A maioría dos seus compostos son sedantes e a solución acuosa saturada de bromo (auga de bromo) tense empregado como desinfectante. Símbolo Br. Peso atómico 79,909. Peso específico 2,99.

bromobencilcianuro *s.m.* Un dos gases de guerra lacrimóxenos.

bromodermia *s.f.* Afección cutánea debida ó bromo. Tamén se di **brómide**.

bromoforno *s.m.* Líquido incoloro, CHBr_3 , tribromometano ou bromuro de formilo, anestésico antiespasmódico e sedante da tose.

bromohiperhidrose *s.f.* Bromhidrose excesiva.

bromomanía *s.f.* Alteración mental producida polo abuso dos compostos do bromo.

bromomenorrea *s.f.* Fluxo menstrual de olor fétido.

bromopnea *s.f.* Alento ou respiración fétidos.

bromosulfaleína *s.f.* Sal sódico da tetrabromosulfaleína, colorante empregado nas probas funcionais hepáticas.

- bromuración** *s.f.* Administración de grandes doses de bromuro.
- bromuro** *s.m.* Composto binario de bromo, especificamente sal (ou éster) do ácido bromhídrico no que o bromo leva a carga negativa (H^+Br^-) que produce depresión do sistema nervioso central, empregado moito polo seu efecto sedante. A sobredose causa trastornos mentais e na actualidade case non se utiliza.
- broncoadenite** *s.f.* Inflamación dos ganglios bronquiais.
- broncoalveolite** *s.f.* Broncopneumonía.
- broncoasperxilose** *s.f.* Infección bronquial por *Aspergillus*.
- broncoblastomicose** *s.f.* Infección bronquial por *Blastomyces*.
- broncoblenorrea** *s.f.* Catarro bronquial con profusa segregación de moco.
- broncocandidíase** *s.f.* Candidíase do aparello respiratorio da que se coñecen dúas formas, unha leve apirética e outra grave, case sempre mortal que recorda a tuberculose.
- broncocavernoso-a** *adx.* Bronquial e cavernoso á vez.
- broncoccele** *s.f.* Dilatación localizada dun bronquio.
- broncoclise** *s.f.* Inxección ou instilación de substancias medicamentosas nos bronquios.
- broncoconstricción** *s.f.* Reducción do calibre dos bronquios por contracción da súa musculatura. Tamén se di **bronicostenose**.
- broncoconstrictor-a** *adx.* Que estreita a luz dos bronquios e reduce o paso de aire ós pulmóns.
- brncodilatación** *s.f.* Acción e efecto de aumenta-lo calibre dun bronquio.
- brncodilatador-a** *adx.* Que dilata a luz dos bronquios.
- brncocetasia** *s.f.* Bronquiectasia.
- brncocogofonía** *s.f.* Egobroncofonía.
- brncoesofáxico-a** *adx.* Pertencente ou relativo ó esófago e ós bronquios, ou que comunica a ámbolos dous, por exemplo unha fístula.
- brncofibroscopia** *s.f.* Exame instrumental dos bronquios mediante un brncofibroscoPIO.
- brncofibroscopio** *s.m.* Aparello que permite ve-la luz dos bronquios, brncoscopio flexible dotado de fibra óptica.
- brncofonía** *s.f.* Resonancia da voz percibida por auscultación sobre os bronquios grosos sans. Oída noutra parte do tórax é signo de pneumonía e indica solidificación do tecido pulmonar. Tamén se di **sopro tubárico**.
- brncografía** *s.f.* Exame radiolóxico dos bronquios despois de inxectar neles un medio de contraste.
- brncograma** *s.m.* Radiografía dos bronquios, obtida por brncografía.
- brncolitíase** *s.f.* Estado no que se atopan cálculos (brncólitos) na luz da árbore bronquial.
- brncólito** *s.m.* Cálculo bronquial.
- brncoloxía** *s.f.* Estudio e tratamento das enfermidades da árbore traqueobronquial.
- brncomalacía** *s.f.* Alteración na cartilaxe da parede da traquea ou dos bronquios, que ás veces causa atelectase ou enfisema obstructivo, que pode ser conxénita ou adquirida.
- brncomicose** *s.f.* Afección bronquial debida a fungos, particularmente infección pulmonar causada por *Cándida albicans*.
- brncomonilíase** *s.f.* Broncocandidíase, brncomicose.
- brncomotor-a** *adx.* Que afecta ó calibre dos bronquios.
- brncomucotrópico-a** *adx.* Que aumenta a segregación da mucosa respiratoria.
- brncopatía** *s.f.* Enfermidade das vías aéreas pulmonares.
- brncoplastia** *s.f.* Cirurxía plástica da traquea e dos bronquios, peche cirúrxico dunha fístula bronquial.
- brncopleural** *adx.* Pertencente ou relativo a un bronquio e á pleura, ou á comunicación entre un bronquio e a cavidade pleural.
- brncopleuropneumonía** *s.f.* Broncopneumonía complicada con pleurite.
- brncoplexía** *s.f.* Parálise dos músculos das paredes bronquiais.
- brncopneumonía** *s.f.* Inflamación difusa dos pulmóns que xeralmente comeza a nivel dos bronquios terminais, que quedan obstruídos por exsudado mucopurulento, e se estende máis tarde ós pulmóns, nos que forma zonas de condensación. Ocorre despois de infección das vías respiratorias altas ou secundaria a infeccións específicas e cursa con febre, tose e dispnea.
- brncopulmonar** *adx.* Pertencente ou relativo ós bronquios e ós pulmóns, bronquial e pulmonar á vez.
- brncorradiografía** *s.f.* Radiografía dos bronquios trala inxección dun contraste.
- brncorrafia** *s.f.* Sutura dun bronquio seccionado.
- brncorraxia** *s.f.* Hemorragia dos bronquios.
- brncorrea** *s.f.* Segregación excesiva de moco polos bronquios. Tamén se di **brncoblenorrea**, **blenorrea pulmonar**.
- brncoscopia** *s.f.* Exame do interior da árbore bronquial.
- brncoscopio** *s.m.* Instrumento para examina-lo interior dos bronquios.
- brncospasmo** *s.m.* Espasmo do músculo liso da parede bronquial que produce unha brncostenose e reduce a entrada do aire ó pulmón.

bronspirografía *s.f.* Rexistro gráfico dos resultados bronspirométricos.

bronspirometría *s.f.* Determinación da capacidade vital e outras funcións de cada pulmón separadamente mediante a combinación de bronscopia e espirometría.

bronsostenose *s.f.* Estreiteza ou diminución anormal do calibre dos bronquios cicatricial ou por bronspasma. Tamén se di **bronsiarctia** e **bronsconstricción**. // **B. espasmódica**. Contracción espasmódica dos músculos bronsquiais, bronspasma.

bronsostomía *s.f.* Abertura cirúrxica dun bronquio.

bronsotetania *s.f.* Espasmo da musculatura bronsquial de orixe tetánica que sobrevén en forma de accesos dispneicos.

bronsotifo *s.m.* Tifo con complicacións bronsquiais.

bronsotomía *s.f.* Incisión cirúrxica dun bronquio.

bronsótomo *s.m.* Instrumento cortante, semellante a un trocar, empregado na práctica da bronsotomía.

bronsotraqueal *adx.* Relativo ós bronquios e á traquea.

bronsovesicular *adx.* Pertencente ou relativo ós bronsquios e ós alvéolos. Tamén se di **bronscoalveolar**.

bronsóxeno-a *adx.* Orixinado nun bronquio.

bronsquial *adx.* Pertencente ou relativo a un ou máis bronsquios.

bronsquiarctia *s.f.* Bronsostenose.

bronsquiectasia *s.f.* Dilatación dun ou de varios bronsquios, conxénita ou adquirida por enfermidade inflamatoria crónica, e obstrucción do mesmo bronquio, caracterizada por alento fétido e tose paroxística con abundante expectoración mucopurulenta. // **B. cilíndrica**. A que afecta ó tubo bronsquial uniformemente. / **B. fusiforme**. A dilatación da parte distal do bronquio que semella un agrandamento bulboso terminal. / **B. saculada**. Dilatación que semella bolsas irregulares.

bronsquilectasia *s.f.* Dilatación dos bronsquíolos.

bronsquiloquia *s.f.* Pectoriloquia de ton agudo, debida á consolidación pulmonar.

bronsquio *s.m.* Cada unha das dúas pólas principais da traquea e as subdivisións das mesmas, estrutura tubular provista dunha capa fibrosa externa con placas de cartilaxe hialina, unha capa media de músculo liso e unha capa interna mucosa de células epiteliais cilíndricas ciliadas.

bronsquiocele *s.f.* Dilatación ou engrosamento dun bronsquio. Tamén se di **bronscocele**.

bronsquiólise *s.f.* Destrución das paredes bronsquiais.

bronsquiolite *s.f.* Inflamación dos bronsquíolos terminais de etioloxía viral, propia da primeira infancia, que cursa con intensa dispnea respiratoria. // **B. exsudativa**. Inflamación dos bronsquíolos, con exsudación e espustos grises espesos. / **B. fibrosa obliterante**. Inflamación aguda ou

subaguda dos bronsquíolos con obliteración conxunta dos mesmos. / **B. vesicular**. Broncopneumonía.

bronsquíolo *s.m.* Subdivisión máis fina da árbore bronsquial diferenciado dos bronsquios por non ter placas de cartilaxe e as súas células epiteliais seren cuboides en vez de cilíndricas. // **B. respiratorio** ou **terminal**. Subdivisión final da árbore bronsquial que se abre no alvéolo pulmonar. Tamén se di **bronsquíolo alveolar**.

bronsquiospasma *s.m.* Bronsospasma.

bronsquióxeno -a *adx.* Bronquixénico.

bronsquite *s.f.* Inflamación dun ou máis bronsquios con afectación da súa mucosa. // **B. aguda**. Estado de curso breve e máis ou menos grave, debido á acción do frío, a infección, a inhalación de substancias irritantes ou a enfermidades xerais, caracterizado por febre, dor no peito, especialmente ó tuser, dispnea e tose. / **B. asmático** ou **espasmódica**. Bronquite con dispnea expiratoria, causada ou agravada polo broncoespasma. / **B. capilar**. Broncopneumonía, bronquiolite. / **B. caseosa**. Forma de bronquite que algunhas veces acompaña á tuberculose pulmonar e na que os alvéolos están cheos de células que sofren deneración caseosa. / **B. catarral**. Bronquite aguda con derramo mucopurulento profuso. / **B. convulsiva**. Tose ferina. / **B. crónica**. Forma de longa duración, con tendencia máis ou menos acentuada ás agudizacións, debida á irritación bronsquial crónica por inhalación de aire contaminado con po ou gases tóxicos, caracterizada polos accesos de tose, con expectoración unhas veces escasa e outras abundante, de predominio matutino durante máis de dous meses ó ano, típica do tabaquismo crónico. / **B. crupal**. Bronquite con tose violenta e paroxismos de dispnea, nos que se expectoran cilindros ou modelos bronsquiais con cristais de Charcot-Leyden e células eosinófilas. Tamén se di **bronsquite exsudativa, fibrinosa, membranosa ou plástica** / **B. eosinófila**. A caracterizada pola abundancia de células eosinófilas na expectoración. / **B. epidémica**. Gripe. / **B. epidémica capilar**. Forma perigosa observada algunhas veces nas epidemias de xarampón. / **B. estafilocócica** ou **estreptocócica**. Bronquite debida ós estafilococos ou ós estreptococos. / **B. mecánica**. Bronquite producida pola inhalación de po ou partículas sólidas. / **B. membranosa**. Bronquite crupal. / **B. productiva**. Bronquite acompañada de abundante expectoración. / **B. pseudomembranosa**. Bronquite crupal. / **B. seca**. Catarro bronsquial seco. / **B. secundaria**. Bronquite que complica algunha enfermidade aguda ou que é expresión local dunha alteración constitucional. / **B. unilateral**. Forma de bronquite, ordinariamente tuberculosa, con predominio das lesións nun vértice. / **B. vesicular**. Bronquite na que a inflamación se estende ós alvéolos.

bronsquítico-a *adx. e s.* Pertencente ou relativo á bronquite ou persoa que padece bronquite

bronsquixénico -a *adx.* De orixe bronsquial. Tamén se di **bronsquióxeno**.

brontofobia *s.f.* Temor patolóxico ós troncos, lóstregos e tempestades.

brote *s.m.* 1. Formación que medra a partir doutra maior. 2. Excrecencia de tecido embrionario ou de neoformación. 3. Agudización dun proceso patolóxico que se atopaba en fase de remisión.

brotoexa *s.f.* Erupción cutánea, acompañada de prurito.

brouca *s.f.* Noca, caluga.

broulla *s.f.* 1. Especie de gran que se forma na pel pola picadura dun insecto. 2. Pintas vermellas do xarampón.

brucelose *s.f.* Infección xeneralizada do home que afecta primariamente o sistema reticuloendotelial, causada por especies do xénero *Brucella*, (*B. abortus*, *B. melitensis*, *B. suis* e *B. canis*) axente produtor do aborto infeccioso do gando. Estes animais infectados constitúen o seu reservorio e contaxian o home por contacto directo ou a través dos seus produtos. Os síntomas inclúen febre de tipo variable, malestar e cefalalxias. Tamén se di **febre ondulante**, **febre de Malta**, **brucelemia**, **septicemia melitense**.

Brucella Xénero de microorganismos da familia *Brucellaceae*, orde *Eubacteriais*, células cocobacilos, gramnegativas, non móbiles, con formas cocoide ou de bastón curto. Algunhas especies son patóxenas para o home e os animais, por exemplo *B. abortus*, *B. melitensis*, *B. suis*.

brucina *s.f.* Alcaloide tóxico moi amargo, branco, da noz vómica e outras especies do xénero *Strychnos*, coas propiedades da estricnina, pero menos tóxica e activa.

bruxismo *s.m.* Acción de rincha-los dentes, sobre todo pola noite durante o sono, debido a mala oclusión dental e factores de liberación de tensións. Tamén se di **bruxomanía**.

bruxo-a *s.* 1. Persoa que ten pauto co demo, polo que pode facer meigallos, adiviña-lo futuro, etc. 2. Persoa que adiviña o futuro mediante as cartas. 3. Persoa que se considera que ten poderes para curar enfermidades.

bruxomanía *s.f.* Bruxismo, bricomanía.

bubón *s.m.* 1. Tumefacción inflamatoria dun ganglio linfático, da axila ou da virilla, debido a infeccións como peste, sífilis, gonorrea e tuberculose. 2. Tumor grande cheo de pus.

bubónico-a *adx.* Pertencente ou relativo ó bubón.

bubonocele *s.f.* Hernia inguinal que forma tumor na ingua.

bubónulo *s.m.* Pequeno nódulo inflamatorio ó longo dos linfáticos cordais do pene, que adoita ser múltiple e se supuran constitúen o que se denomina chancro de Nisbet.

buboso -a *adx. e s.m.* Semellante a bubón.

bucal *adx.* 1. Relativo ou pertencente á boca, que se introduce nela ou que se aplica na boca. Tamén se di **oral**. 2. Pertencente ou relativo á cara dos dentes que mira á cavidade bucal ou cara á lingua.

buccula *s.f.* Repregamento carnoso ou graxo coñecido co nome de dobre barba.

bucelación *s.f.* Detención dunha hemorraxia pola aplicación ou taponamento con compresas.

bucinador *s.m.* Músculo que forma a meixela.

bucnemia *s.f.* Tumefacción inflamatoria difusa e tensa da perna.

buco- Prefixo que denota relación coa meixela.

bucocervical *adx.* Relativo ó pescozo e á cara bucal dun dente.

bucofarínxeo -a *adx.* Relativo á boca e á farinx.

bucoglosofarinxite *s.f.* Inflamación da boca, da lingua e da farinx. // **B. seca**. Síndrome de Sjögren.

bucolabial *adx.* Relativo ás meixelas e ós labios.

bucolingual *adx.* Relativo ás meixelas e á lingua.

bucooclusión *s.f.* Mala oclusión na que o arco dental ou un grupo de dentes ten posición bucal.

bucoversión *s.f.* Posición dun dente na que o apoio bucal está na liña de oclusión.

buffer *s.m.* Amortecedor.

bufonina *s.f.* Principio tóxico da segregación glandular da pel do sapo.

bufotenina *s.f.* Substancia hipertensora, hidroxiindol-etildimetilamina, das glándulas cutáneas do sapo *Bufo bufo*.

bufotoxina *s.f.* Toxina derivada da pel de lagartos e de sapos.

buftalmía *s.f.* Crecemento e distensión das túnicas fibrosas do ollo, hidroftalmía de grao elevado, glaucoma infantil. Tamén se di **córnea globosa**, **queratogloblo**, **megoftalmos**.

buftalmos *s.m.* Buftalmía.

bugoso-a *adx.* Que padece sífilis.

bulbar *adx.* 1. Relativo a un bulbo. 2. Pertencente á medula oblonga ou bulbo.

bulbiforme *adx.* En forma de bulbo.

bulbite *s.f.* Inflamación do bulbo da uretra.

bulbo *s.m.* Calquera estrutura redondeada ou fusiforme. // **B. arterioso**. A máis anterior das tres partes do vaso cardíaco primitivo do embrión. / **B. auditivo**. Labirinto e caracol membranosos. / **B. da aorta** Porción máis grosa da aorta, no punto onde sae do corazón / **B. dentario**. Ensanchamento ovoide no fondo do folículo dental. / **B. do pene**. Porción dilatada da uretra esponxosa. / **B. duodenal**. Porción inicial do duodeno, a partir do esfínter pilórico, *pilleus ventriculi*. / **B. gustativo**. Placas ou órganos terminais do nervio gustativo nas papilas da lingua. / **B. olfactivo**. Expansión do nervio olfactivo na cara inferior de cada lobo anterior do cerebro. / **B. piloso**. O extremo proximal dun cabelo ou pelo. / **B. raquídeo**.

Porción da medula que se prolonga desde a ponte ata o buraco occipital. / **B. terminal.** Corpo ovalado ou esférico situado na terminación da fibra nerviosa e disperso na pel, mucosas, músculos, articulacións e tecido conectivo dos órganos internos. Son órganos sensitivos. / **B. uretral.** Bulbo do pene. / **B. vestibulovaxinal.** Órganos cilindroides debaixo da membrana mucosa, un a cada lado do vestíbulo da vaxina, eréctiles, que equivalen ó bulbo da uretra no home.

bulbocavernoso *s.m.* Músculo acelerador da emisión da urina.

bulboide *adx.* En forma de bulbo.

bulbonuclear *adx.* Relativo ó bulbo raquídeo e ós seus núcleos nerviosos.

bulbopontino-a *adx.* Da porción do encéfalo constituída pola ponte e rexión adxacente do bulbo.

bulboso -a *adx.* 1. Que ten a forma dun bulbo. 2. Producido ou orixinado nun bulbo.

bulbouretral *adx.* Pertencente ou relativo ó bulbo da uretra.

bulese *s.f.* Vontade ou acto da vontade.

bulimia *s.f.* Aumento anormal da sensación de fame. Tamén se di **cinorexia**, **hiperorexia**, **polifaxia**.

bullo *s.m.* V. **verruqa**.

bulímico-a *adx.* e *s.* Pertencente ou relativo á bulimia ou persoa que a padece.

bulsectomía *s.f.* Escisión cirúrxica dunha bolsa.

bulsiforme *adx.* En forma de bolsa.

bulsopatía *s.f.* Afección da bolsa.

BUN Siglas do inglés de nitróxeno ureico en sangue.

bungarotoxina *s.f.* Polipéptido obtido do veneno de cobra (xénero *Bungarus*), que se combina de forma específica e irreversible cos receptores da acetilcolina na placa motriz e nos ganglios vexetativos.

bunio *s.m.* Prominencia anormal da cara interna da cabeza do primeiro metatarsiano acompañada de tumefacción da bolsa mucosa da articulación metatarsofalánxica, con engrosamento da pel e desviación do dedo gordo do pé cara a fóra. Tamén se di **xoanete**. // **B. de xastre.** Bunionete.

bunionectomía *s.f.* Extirpación da cabeza do primeiro metatarsiano prominente.

bunionete *s.m.* Agrandamento da superficie externa da cabeza do quinto metatarsiano. Tamén se di **bunio de xastre**.

bunodonte *adx.* Que ten cúspides redondeadas nos dentes molares, oposto a lofodonte.

bunogastria *s.f.* Ventre ou abdome prominente.

bupivacaína *s.f.* Anestésico local, Marcain®, empregado para bloquea-los nervios periféricos, infiltración e bloque

simpático, caudal e epidural, e produce analxesia dura-deira.

burbulla *s.f.* 1. Formación vesiculosa na pel, ampola subcutánea. 2. Elementos constitutivos dos estertores húmidos oídos por auscultación pulmonar.

bureta *s.f.* Tubo de vidro graduado para determinar cantidades de líquidos cando se fan análises volumétricas.

bursa *s.f.* Bolsa, especialmente bolsa mucosa. // **B. de Fabricius.** Órgano linfoide das aves novas, situado fronte á cloaca e no que os linfocitos B precursores maduran adquirindo a capacidade de producir inmunoglobulinas. Aínda non se identificou o seu equivalente nos mamíferos.

bursite *s.f.* Inflamación dunha bolsa. // **B. de Duplay.** Bursite subdeltoide. / **B. epiploica** ou **omental.** Inflamación seropurulenta da bolsa omental. / **B. retrocalcánea.** Aquilodinia. / **B. de Tornwaldt.** Inflamación da tonsila ou amígdala de Luschka, acompañada da formación dun quiste que contén pus e de estenose nasofarínxea.

bursólito *s.m.* Formación calculosa nunha bolsa serosa.

buspirona *s.f.* Azaspirodecanodiona, fármaco ansiolítico que non produce dependencia física e parece ter menos efectos indesexables que as benzodicepinas.

busto *s.m.* Parte do corpo humano da cintura para arriba.

busulfanocito *s.m.* Célula do epitelio bronquialveolar alterada pola acción do busulfán.

butesina *s.f.* Anestésico local, paraaminobenzoato de butilo. Emprégase tamén o picrato de butesina, que lle engade as propiedades antisépticas do ácido pícrico, para a anestesia de superficie en queimaduras, úlceras, etc., en pomada ó 1%.

butilo *s.m.* Hidrocarburo radical monovalente, C₄H₉.

butírico -a *adx.* Derivado da manteiga. // **Ácido B.** Ácido producido pola putrefacción das proteínas que se atopa na manteiga, na suor, nas feces e na urina e vestixios no bazo e no sangue.

butirina *s.f.* 1. Glicérido que existe na manteiga, líquido graxo de sabor acre e amargo. 2. Aminoácido derivado do ácido butírico.

butirofenona *s.f.* Membro dun grupo de fármacos que, se ben non se semellan estruturalmente ás fenotiacinas, comparten a meirande parte das propiedades farmacolóxicas destas. O seu prototipo é o haloperidol e o seu emprego máis importante é o tratamento das psicoses.

butirómetro *s.m.* Aparello para medi-la proporción de manteiga no leite.

butiroscopio *s.m.* Butirómetro.

butiroso -a *adx.* 1. De aspecto manteigoso. 2. Que contén manteiga.

buxía *s.f.* 1. Candeia, masa de cera ou substancia semellante que ten forma cilíndrica e ten mecha para arder, co fin de dar luz ou calor. 2. Sonda, instrumento cilíndrico,

delgado, flexible, oco ou sólido, co que se calibran ou dilatan porcións estreitas dalgúns órganos tubulares, como a uretra. Tamén se di **candeiña**. 3. Masa cilíndrica de material empregado como filtro en microbioloxía. // **B. bulbar** A de extremo avultado. / **B. filiforme** A de moi pequeno tamaño para explorar seos de vías múltiples falsas.

buzo *s.m.* Bozo.

by-pass *s.m.* 1. Derivación temporal do fluxo sanguíneo durante unha intervención cirúrxica. 2. Creación dun novo fluxo, anastomose cirúrxica nun vaso cun enxerto de arteria, vea ou tubo de substancia plástica (Dacron), para restituí-la circulación nun segmento vascular obturado ou estenosado. // **B. extracorpóreo**. Derivación fóra do corpo do sangue, a unha máquina que a bombea cando se realizan intervencións sobre o corazón, circulación extracorpórea.

C

c 1. No electrocardiograma, derivación precordial. 2. Símbolo de complemento. 3. Letra latina que significa 100. 4. En física e electricidade, abreviatura do coulomb. 5. Abreviatura de contracción, cátodo, cilindro, cervical, clon, contacto. 6. Abreviatura do curio.

C 1. Símbolo do carbono. 2. Despois dunha cifra de temperatura indica graos centígrados. // C^{13} . Isótopo natural do carbono, de peso atómico 13, empregado nas reaccións químicas dos tecidos vivos. / C^{14} . Isótopo radioactivo do carbono producido electroliticamente, de uso na investigación do cancro e do metabolismo.

ca Abreviatura de cancro.

Ca Símbolo do calcio.

cabelo *s.m.* Pelo que medra na cabeza das persoas, encima da bóveda cranial.

cabestro *s.m.* 1. Freo sublingual. 2. Vendaxe da mandíbula.

cabeza *s.f.* 1. En xeral, extremidade superior ou anterior dunha estrutura ou dun corpo animal. 2. Parte do organismo que contén o encéfalo e os órganos da vista, do oído, do gusto e do olfacto, constituída polo conxunto de cráneo e cara. 3. Extremo superior, anterior ou maior, expandido ou arredondado, de calquera corpo, órgano ou estrutura anatómica. 4. Extremo arredondado dun óso. 5. Extremo dun músculo unido á parte menos movable do esqueleto. // **C. articular.** Extremo máis ou menos esférico dun óso, polo que se articula con outro óso. / **C. cadrada.** Cabeza de gran tamaño e forma cadrada por engrosamento das eminencias parietal e frontal, que pode verse en nenos raquíuticos. / **C. de medusa.** Aspecto semellante ó dunha cabeza de medusa da rede venosa superficial da parede anterior do abdome na hipertensión portal. / **C. do fémur.** Parte redondeada do extremo superior do fémur, que se introduce no acetábulo. / **C. do úmero.** Porción superior do úmero, que forma parte da articulación do ombro. / **C. en sela.** Clinocéfalia.

cacaraña *s.f.* Sinal que deixa a varíola no rostro. Tamén se di **cacarañada**.

cacarañada *s.f.* Cacaraña.

cacarañado-a *adx.* Que ten cacaraña.

cacestesia *s.f.* Calquera sensación patolóxica ou calquera trastorno da sensibilidade.

cacidrose *s.f.* Sudación anormal ou de mal olor. Tamén se di **bromidrose, caquidrose**.

caco- Prefixo coa significación de malo ou enfermo.

cacocolia *s.f.* Alteración da bile.

cacodemonomanía *s.f.* Enfermidade mental pola que se ten a crenza de estar posuído polos demos.

cacodilato *s.m.* Sal ou éster do ácido cacodílico.

cacodílico (ácido) *s.m.* $(CH_3)_2AsO-OH$, dimetilarsínico, composto ácido de arsénico. O ácido cacodílico e os seus sales teñen as mesmas indicacións có arsénico nas enfermidades da pel.

cacodilo *s.m.* Aceite que resulta da destilación conxunta do ácido arsenioso e o acetato de potasio.

cacodoncia *s.f.* 1. Enfermidade dos dentes. 2. Dentiación irregular.

cacofaxia *s.f.* Feito de comer mal por alteración do sentido do gusto.

cacofonía *s.f.* Voz desagradable anormal, resultante da unión de fonemas ou de sílabas de palabras diferentes.

cacomelia *s.f.* Deformidade conxénita dunha extremidade.

cacomorfose *s.f.* Calquera deformidade ou malformación.

cacopatía *s.f.* Enfermidade maligna.

cacoplasia *s.f.* Rexeneración imperfecta.

cacoquilia *s.f.* Alteración dos zumes dixestivos.

cacoquimia *s.f.* Caquexia.

cacosmia *s.f.* Alteración da percepción dos olores pola que se perciben olores desagradables que non existen en realidade ou os repugnantes ou fétidos se perciben como agradables, que se dá na histeria. É unha variedade de parosmia.

cacosomía *s.f.* Deformidade ou malformación do corpo.

cacostomía *s.f.* 1. Estado fétido ou gangrenoso da boca. 2. Fetidez do alento. Halitose.

cacotanasia *s.f.* Aplicación de todo tipo de recursos terapéuticos, mesmo os máis enérxicos, en circunstancias nas que non hai esperanza de salvación para o doente, o oposto a eutanasia.

cacotimia *s.f.* 1. Trastorno das facultades mentais. 2. Trastorno da función do timo.

cacotriquia *s.f.* Mal estado dos pelos.

cacotrofia *s.f.* Alteración do trofismo, mala nutrición ou desnutrición.

cacoxénese *s.f.* Anormalidade na estrutura, monstruosidade.

cacoxenia *s.f.* Cacoxénese.

cacoxénica *s.f.* Raza dexenerada, oposto a euxénica ou aristoxénica.

cacoxeusia *s.f.* Gusto desagradable, que pode ser manifestación de epilepsia idiopática ou ilusión somática nas psicoses. Tamén poden padecela pacientes que reciben axentes neurolépticos ou litio.

cacume *s.m.* 1. Punta ou vértice dun órgano. 2. Parte do proceso vermiforme superior do cerebelo.

cadáver *s.m.* Corpo morto, en xeral corpo humano preservado para o estudo anatómico.

cadavérico-a *adx.* Pertencente ou relativo ó cadáver.

cadaverina *s.f.* Base nitroxenada, pentametildiamina, producida por descarboxilación bacteriana da lisina, líquido espeso de olor fétido que se forma durante a descomposición pútrida dos corpos orgánicos por *Vibrio proteus* e *Vibrio cholerae*.

cadea *s.f.* 1. Serie de elementos unidos entre si, xeralmente de maneira lineal ou terminoterminal. 2. En química orgánica, serie de átomos dun composto mantidos en posición por unha ou máis unións covalentes. 3. En bacterioloxía, serie de varias bacterias unidas polos seus extremos. // **C. aberta, alifática, acíclica.** A que forman varios átomos unidos en forma de cadea lineal. / **C. lateral.** Serie de átomos unidos a unha cadea máis grande ou a un anel. / **C. lixeira.** Conxunto de dúas proteínas dispostas en forma lineal que forman a parte máis externa da molécula de inmunoglobulina. / **C. pechada, aromática, cíclica.** A que forman varios átomos unidos en forma de anel. / **C. pesada.** Conxunto de catro ou cinco proteínas dispostas en forma lineal que forman a parte interna da molécula de inmunoglobulina. / **C. ramificada.** Cadea aberta de átomos, xeralmente de carbono, cunha ou máis cadeas laterais unidas.

cadeira *s.f.* 1. Asento. 2. Rexión lateral da pelve desde a cintura ata a coxa, e máis estrictamente, a articulación co membro inferior. // **Articulación da c.** Articulación coxofemoral. / **C. de rodas.** Asento utilizado na mobilización de persoas con dificultade ou imposibilidade para camiñar / **C. en resorte.** Disposición da articulación

coxofemoral que produce en certos movementos un estalo seco e ruidoso e que é debido a unha contracción do músculo glúteo maior. / **Óso da c.** Óso coxal.

cadmio *s.m.* Metal bivalente, semellante ó estaño polo seu aspecto e propiedades, que se empregou como anti-séptico ocular e os seus sales son venenosos. Símbolo Cd. Número atómico 48. Peso atómico 112,4.

cadmiose *s.f.* Pneumoconiose orixinada por inhalación de po de cadmio.

cadrado -a *adx.* Que ten catro lados iguais e catro ángulos rectos.

cadro *s.m.* Disposición metódica de datos, cifras, resultados, obxectos ou feitos para seren apreciados en conxunto, moitas veces dispostos nun gráfico para observa-la relación existente entre eles. // **C. clínico.** Conxunto de síntomas e signos que caracterizan unha enfermidade ou síndrome.

caduca *s.f.* Tecido membranoso reticulado constituído pola mucosa uterina hipertrofiada durante a xestación e que se expulsa despois do parto. Tamén se di **decidua.** // **C. menstrual.** Membrana mucosa uterina hiperemiada e tumefacta durante o período menstrual.

caduceo *s.m.* Vara con dúas alas estendidas na parte superior e dúas serpentes entrelazadas, atributo de Mercurio e símbolo da profesión médica.

caducidade *s.f.* Calidade de caduco, vellez, debilidade, último período da vida.

caduco -a *adx.* 1. Pouco duradeiro. 2. Moi vello e coas facultades diminuídas.

café *s.m.* 1. Árbore tropical que dá un froito que ten como semente o gran de café. Tamén se di **cafeto.** 2. Semente desa árbore. 3. Infusión de sementes secas desa árbore con efectos tónicos e estimulantes.

cafeína *s.f.* Alcaloide, C₈H₁₀N₄O₂, trimetilxantina, po branco, inodoro e amargo, soluble na auga e no alcohol, que se obtén do café, guaraná, mate, etc, estimula o sistema nervioso central, o sistema cardiovascular e ten efecto diurético nos riles.

cafeinismo *s.m.* Intoxicación por abuso do café que se manifesta por insomnio, intranquilidade, excitación, taquicardia, tremor e hiperdiurese. Tamén se di **cafeísmo.**

cafeísmo *s.m.* Cafeinismo, intoxicación por café.

cafeona *s.f.* Principio que se forma na torrefacción do café e ó que este debe o seu aroma. Tamén se di **cafeol.**

cairo *s.m.* Dente canino.

caixa *s.f.* 1. En anatomía, espacio pechado de paredes óseas, como a caixa do cráneo, do tambor ou do tímpano. 2. Recipiente pouco profundo de madeira, vidro, metal, etc, para conter algo, como instrumentos para operacións, autopsias ou reactivos, que recibe diversos nomes segundo o obxecto ó que se destina o contido, como caixa de amputacións, de autopsias, de reactivos, etc. // **C. de evaporación.** Recipiente de laboratorio, largo e pouco

profundo, no que se evapora unha substancia. / **C. de fractura.** Caixón longo sen tapa e aberto polos extremos, ou canle de madeira ou arame, onde se coloca un membro fracturado. / **C. de Petri.** Recipiente pouco profundo de vidro, no que se desenvolven cultivos bacterianos.

cal *s.m.* Óxido de calcio, CaO, que se obtén calcinando os carbonatos cálcicos naturais, denominado tamén cal vivo, cáustico. Engadíndolle auga fórmase hidrato cálcico Ca(OH)₂, con elevación de temperatura, e denomínase cal morto.

cal-, cali- Prefixos relativos ó potasio.

Cal. Abreviatura de gran caloría.

cal. Abreviatura de pequena caloría.

cala *s.f.* Sonda, tenta, dren, supositorio.

calacio *s.m.* Pequeno tumor do bordo libre da pálpebra, especialmente da superior, formado pola distensión e inflamación dunha glándula de Meibomio.

calafriño *s.m.* Tremor xeral do corpo con sensación de frío e de calor, xeralmente indicio do comezo dunha febre.

calamidade *s.f.* 1. Desgracia, feito adverso que atinxe a gran número de persoas. 2. Persoa inútil, que non vale para nada.

calamina *s.f.* Carbonato de cinc nativo. // **C. preparada.** Óxido de cinc cunha pequena proporción de óxido férrico que se presenta en forma de po e se aplica topicamente no tratamento de dermatopatías como astrinxente e secante.

calamitoso-a *adx.* Cheo de calamidades, funesto, catástrofico.

calarosa *s.f.* Azucres invertidos derivados da sacarosa, que ten os mesmos usos cá glicosa.

calase *s.f.* Calasia.

calasia *s.f.* Inhibición e relaxación de calquera contracción muscular previa, sostida xeralmente dun grupo sinérxico de músculos ou dos dun orificio corporal.

calasodermia *s.f.* Dermatólise.

calcaneíte *s.f.* Inflamación do óso calcáneo.

calcáneo *s.m.* Óso curto, cuadrangular e irregular, situado na parte posterior do pé, que forma parte do tarso e corresponde á parte inferior do talón.

calcáneo-a *adx.* 1. Pertencente ou relativo ó óso calcáneo ou ó talón. 2. Do pé zambro que só toca o chan polo talón.

calcaneopofisite *s.f.* Dor e inflamación no punto de inserción do tendón de Aquiles no calcáneo.

calcaneoastragalino-a *adx.* Pertencente ou relativo ós ósos calcáneo e astrágalo.

calcaneocavo -a *adx.* Co pé calcáneo e cavo á vez.

calcaneoplantar *adx.* Relativo ó calcáneo e á planta do pé.

calcaneovalgocavo *s.m.* Pé zambro, valgo e cavo que só toca o chan polo talón.

calcaneovaro-a *adx.* Co pé calcáneo e varo á vez.

calcanodinia *s.f.* Dor ou neuralxia do talón. Tamén se di **talalxia**.

calcañar *s.m.* Parte inferior do talón. Tamén se di **calcaño**.

calcaño *s.m.* Calcañar.

calcarino-a *adx.* En forma de esporón.

calcario-a *adx.* Que contén cal.

calcariúria *s.f.* Presencia de sales de cal na urina. Tamén se di **calciúria**.

calcaroide *adx.* Semellante ó cal, aplicado a certos depósitos no tecido cerebral, de aspecto de calcificación pero sen as reaccións específicas do calcio.

calcemia *s.f.* Presencia normal de calcio no sangue que, en cifras normais é ó redor de 10 mg por 100 ml.

calcibilia *s.f.* Presencia de calcio na bile.

calcínose *s.f.* Enfermidade pulmonar debida á inhalación de pos de cal ou de mármore. É unha variedade de pneumoconiose. Tamén se di **tise dos marmoristas**.

calcífames *s.f.* 1. Fame de calcio. 2. Estado de necesidade de sales de calcio por hipocalcemia extrema.

calciferol *s.m.* Ergocalciferol, vitamina D₂, que se produce por bombardeo con electróns do ergosterol.

calcificación *s.f.* 1. Proceso polo que un tecido endurece debido ó depósito de sales de calcio, infiltración calcárica. 2. Proceso fisiolóxico da osificación. // **C. distrófica.** Depósito de calcio en tecidos anormais como tecido cicatricial ou placas ateroscleróticas, sen modificacións do calcio sanguíneo. / **C. metastática.** A producida en tecidos non óseos en situacións de hipercalcemia.

calcificar *v.* Depositar sales de calcio.

calcifilia *s.f.* Estado no que os tecidos manifestan unha afinidade especial polos sales de calcio tendendo á absorción e fixación destes sales do sangue, aplicado ós tecidos que sofren procesos de calcificación.

calciforme *adx.* En forma de cáliz.

calcímetro *s.m.* Instrumento para apreciar a cantidade de calcio nun líquido, como no sangue.

calcinación *s.f.* Proceso de calcinar. Exposición dunha substancia a moi elevada temperatura, co fin de privala dos seus compoñentes volatizables pola calor.

calcinar *v.* Expulsar auga e materia volátil por acción da calor.

calcínose *s.f.* Estado caracterizado polo depósito de sales de calcio nos tecidos como resultado de alteración no metabolismo do calcio e do fósforo xeralmente. // **C. circunscrita.** Depósito de sales de calcio no tecido subcutáneo. / **C. cutánea.** Depósitos de sales de calcio na

pel, en forma de nódulos, placas e tumores. / **C. cutánea metabólica.** Calcínose de orixe metabólica. / **C. cutánea metastásica.** Calcificacións metastáticas da pel por aumento do calcio e fósforo no soro. / **C. cutánea traumática.** Depósito de calcio na pel, de orixe traumática. / **C. xeneralizada.** Produción de depósitos de sales de calcio na pel, tecido muscular e celular subcutáneo, calcínose universal.

calcio *s.m.* Elemento metálico do grupo dos alcalinotérreos que se atopa en case tódolos tecidos organizados. Símbolo Ca. Número atómico 20. Peso atómico 40,09. // **Ca⁴⁵.** Calcio-45, isótopo radioactivo de vida media 164 que se usa como trazador.

calciol *s.m.* Colecalciferol.

calciorraquia *s.f.* Presencia de sales de calcio no líquido cefalorraquídeo.

calcióstato *s.m.* Mecanismo polo que a produción de hormona paratiroide aumenta cando o calcio sérico é baixo e diminúe cando é alto.

calciotropismo *s.m.* Capacidade de reacción das células á acción do calcio.

calcipenia *s.f.* Estado no que é insuficiente a cantidade de sales de calcio nos tecidos e líquidos do organismo.

calcipexia *s.f.* Fixación dos sales de calcio nos tecidos orgánicos, causa de tetania nos lactantes.

calciprivia *s.f.* Ausencia ou privación de calcio na dieta.

calciterapia *s.f.* Emprego terapéutico dos sales de calcio, medicación recalificante, calicoterapia.

calcitonina *s.f.* Hormona segregada polas células C parafoliculares da tiroide, pola paratiroide e polo timo, que aumenta o depósito de calcio e fosfato nos ósos. Tamén se di **tirocalcitonina**.

calciúria *s.f.* Excreción urinaria de sales de calcio. Tamén se di **calcariúria**.

calcodinia *s.f.* Talón doloroso.

calcoglobulina *s.f.* Globulina presente no tecido calcificado.

calcoide *s.m.* Tumor ou neoplasia calcárica da polpa dentaria.

calcose *s.f.* Presencia de depósitos cúpricos nos tecidos. Tamén se di **calquite**. // **C. do cristalino.** Catarata debida a un corpo estraño intraocular de cobre.

calcosferitas *s.f.pl.* Gránulos formados no proceso de calcificación pola unión de partículas de calcio e a calcoglobulina da substancia intercelular.

cálculo *s.m.* Concreción anormal que se forma en calquera parte do corpo, máis comunmente nos líquidos segregados no tracto urinario e biliar, que contén xeralmente sales de ácidos orgánicos ou inorgánicos e outras substancias como colesterol e minerais. // **C. alvino.** Concreción no intestino formada polo endurecemento de porcións do contido fecal. / **C. artrítico.** Depósito gotoso

nunha articulación ou preto dela, xeralmente composto de urato sódico e algunhas veces de urato cálcico. / **C. aural.** Concreción de cerume no conducto auditivo externo. / **C. biliar.** Concreción atopada principalmente nos conductos biliares e na vesícula biliar, e algunhas veces no fígado, composto de colessterina, pigmentos biliares e outras materias orgánicas mesturadas con sales minerais. / **C. bronquial.** Bronquiólito, concreción nos bronquios. / **C. coraliforme.** Cálculo ramificado en forma de coral, formado na pelve do ril. / **C. esencial.** O que se orixina do mesmo tecido ou líquido sen núcleo de corpo alleo. / **C. estomáquico.** Bezoar ou calquera outra concreción do estómago, gastrólito. / **C. lacrimal.** Dacriólito. / **C. nasal.** Rinólito. / **C. orgánico.** O que ten un núcleo formado de epitelio, sangue, etc. / **C. ovárico.** Corpo lúteo calcificado e engrosado. / **C. pancreático.** Concreción de carbonato de calcio con outras sales e materias orgánicas no conducto do páncreas. / **C. pigmentario.** Cálculo biliar formado de pigmentos e pequena cantidade de fosfatos cálcicos e vestixios de colessterina. / **C. prepucial.** Postólito. / **C. prostático.** Concreción formada na próstata, composta principalmente de carbonato e fosfato de cal. / **C. renal.** Cálculo urinario no ril. / **C. salival.** Concreción nun conducto salival, composta principalmente de sales de cal. / **C. sanguíneo.** Flebólito. / **C. tonsilar.** Concreción calcárica nunha amígdala. / **C. urinario.** Os máis importantes e comúns compostos, por orde de frecuencia, de ácido úrico, uratos de amonio, potasa, sosa e cal, fosfato amónico-magnésico, xantina, fosfato e carbonato de cal e magnesio, oxalato de cal e cistina, poden ser renais, piélicos, ureterais, vesicais e uretrais. / **C. uterino.** Concreción intrauterina, formada principalmente pola dexeneración calcárica dun tumor.

calculose *s.f.* Tendencia ou disposición á formación de cálculos. Tamén se di **litíase**.

caldo *s.m.* 1. Preparación utilizada como alimento, feita polo cocemento en auga de carne, peixe ou verduras. 2. En microbioloxía, líquido que se utiliza como medio de cultivo para favorece-lo crecemento das colonias que se sementan.

calibead-a *adx.* 1. Que contén ferro ou aceiro. // *s.m.* 2. Axente terapéutico que contén ferro. Tamén se di **ferruginoso**, **marcial**.

calibración *s.f.* Acción de estandarizar ou calibrar un instrumento ou un procedemento de laboratorio.

calibrar *v.* 1. Graduar ou estandarizar calquera instrumento de medición. 2. Medi-lo diámetro dun tubo.

calicose *s.f.* Pneumoconiose debida á inhalación de pequenas partículas minerais ou de pedra. Tamén se di **mal de San Roque**, **tise dos canteiros** e **enfermidade do pedernal**.

calicoterapia *s.f.* Calciterapia.

calicreína *s.f.* Enzima da fracción globulínica do sangue, que dá lugar á liberación de bradicinina e doutros péptidos vasodilatadores.

calicreínóxeno *s.m.* Profermento, precursor da calicreína, presente normalmente no sangue e en moitos tecidos dotados dun sistema de microcirculación ben desenvolvido, como o intestino delgado.

cálculo *s.m.* Parte ou órgano en forma de copa ou cáliz. // **C. gustativo.** Papila gustativa. / **C. oftálmico.** Vesícula óptica do embrión.

caliectasia *s.f.* Dilatación dos cálices renais.

caliemia *s.f.* Potasemia. Presencia de potasio no sangue.

calinoplastia *s.f.* Corrección de defectos da boca e os labios, especialmente por cirurxía plástica do ángulo da boca.

caliopenia *s.f.* Estado de insuficiencia de potasio no organismo.

caliorrafia *s.f.* 1. Sutura dun cáliz. 2. Cirurxía reconstructiva dun cáliz dilatado ou obstruído para melloralo drenaxe urinaria que pode requirir a combinación de dous ou máis cálices ou o movemento de toda a mucosa da pelve para reconstruí-lo sistema de drenaxe calicial.

calismo *s.m.* Potasismo.

calista *s.* Pedicuro.

calite *s.f.* Osteíte crónica nos calos de fracturas antigas.

caliúria *s.f.* Eliminación de potasio pola urina.

cáliz *s.m.* Órgano ou cavidade en forma de flor ou funil, especialmente calquera dos infundíbulos maiores ou menores da pelve do ril onde se proxectan os orificios das pirámides.

calleiro *s.m.* 1. Cerebro. 2. Dor forte dos riles. // **Mal do c.** Insolación.

callo *s.m.* Materia contida na calleira dos ruminantes, especialmente mentres aínda maman, e que se emprega para callalo leite.

callón *s.m.* Coágulo de leite, sangue ou outro líquido.

calmante *adx.* 1. Que alivia a excitación, irritación ou dor. // *s.m.* 2. Calquera medio ou axente químico con esta acción. Tamén se di **lenitivo**, **sedante**, **analxésico**.

calmetización *s.f.* Vacinación polo BCG.

calo *s.m.* 1. Endurecemento circunscrito da pel e hipertrofia da capa córnea debida á fricción, presión ou outra irritación, que se forma nos dedos das mans e dos pés. 2. Exsudado plástico ó redor dos fragmentos dun óso roto, que cumpre o traballo de reparación e constitúe logo a cicatriz.

calomanía *s.f.* Crenza ilusoria sobre a propia beleza persoal.

calomel *s.m.* HgCl, coñecido como cloruro mercurioso, monocloruro de mercurio, protocloruro de mercurio ou subcloruro de mercurio, po branco, insoluble, insípido que se emprega como antiséptico intestinal e laxante. Tamén se di **calomelanos ó vapor**, **mercurio doce**.

calona *s.f.* Autacoide de acción deprimente ou inhibidora, contraria á hormona. Tamén se di **coliona**.

calopsia *s.f.* Ilusión que fai ve-los obxectos máis belos do que realmente son.

calor *s.f.* 1. Forma de enerxía cinética dos átomos comunicable dun corpo a outro. 2. Sensación producida pola proximidade do lume ou dun obxecto incandescente. 3. Un dos catro signos da inflamación enunciados por Celsius. // **C. animal.** A que produce a economía para resistir as influencias da temperatura ambiente, calorificación. / **C. atómica.** Cantidade de calor necesaria para elevar a temperatura dun átomo de 0°C a 1°C. / **C. conductiva** ou **de conducción.** A transmitida por contacto directo. / **C. convectiva.** A transportada por un medio quente. / **C. de cristalización.** Cantidade de calor liberada ou absorbida por mol cando unha substancia pasa ó estado cristalino. / **C. específica.** Para cada substancia, a cantidade de calor (calorías) necesaria para elevar 1° C a temperatura dunha unidade de peso. / **C. molecular.** Produto do peso molecular dunha substancia multiplicado pola súa calor específica. / **C. radiante.** Calor desprendida dun corpo, transmitida polo espacio en forma de ondas. / **Golpe de c.** Enfermidade grave producida por exposición a temperaturas altas e caracterizada por cefalea, vertixe, taquicardia, febre, pel seca e signos de choque.

calorescencia *s.f.* Conversión dos raios calóricos en luminosos.

caloría *s.f.* Unidade de enerxía calórica, equivalente a 4,1873 joule. // **C. pequena.** Cantidade de calor necesaria para elevar 1 °C a temperatura de 1 g de auga. / **C. grande** ou **quilocaloría.** Cantidade de calor necesaria para elevar 1 °C a temperatura de 1 kg de auga.

caloricidade *s.f.* Calorificación.

calórico-a *s.f.* 1. Relativo a unha caloría. 2. Relativo á calor.

calorificación *s.f.* Producción e mantemento da calor animal.

calorífico-a *adx.* Que produce ou distribúe calor.

calorimetría *s.f.* Medición das cantidades de calor absorbida ou desprendida por unha reacción ou un grupo de reaccións, como ocorre nun organismo. // **C. animal.** Medida da cantidade de calor producida por un animal nun tempo dado, pola diferenza entre a cantidade de carbono e hidróxeno contida nos alimentos e a cantidade daqueles elementos nas excrecións, que indica a suma de carbono e hidróxeno oxidados no organismo. / **C. directa.** Medición da calor producida por un animal encerrado nunha pequena cámara. / **C. indirecta.** Dedución do número de calorías metabolizadas da cantidade de ácido carbónico eliminado e do osíxeno consumido.

calorímetro *s.m.* Instrumento para determinar as cantidades de calor que producen os seres vivos ou as reaccións químicas.

caloriscopio *s.m.* Táboa que mostra os valores calóricos das mesturas alimenticias para nenos.

calorixeno -a *adx.* Calorífico.

calosidade *s.f.* Dureza da especie do calo, menos profunda, debida á fricción, presión ou outros irritantes.

caloso -a *adx.* 1. Que ten calos. 2. V. **corpo caloso**.

calosomaxinal *adx.* Pertencente ó corpo caloso e á fenda maxinal.

calostración *s.f.* Diarrea infantil atribuída á acción do costro.

calostorrea *s.f.* Segregación anormalmente abundante de costro.

calota *s.f.* Parte superior da bóveda cranial.

calquite *s.f.* Calcose, inflamación dos ollos, producida despois de refregalos coas mans nas persoas que teñen traballado o latón e outros metais que conteñan cobre.

calva *s.f.* Parte da cabeza á que lle caeu o pelo, calvicie.

calvicie *s.f.* Calva definitiva. Tamén se di **acomia, alopecia, atriquia**.

cama *s.f.* Leito. // **C. hospitalaria**. Praza nun hospital.

cámara *s.f.* 1. Caixa ou compartimento pechados, especialmente se conteñen unha lente, un obturador, películas ou placas fotosensibles para fotografía. 2. En anatomía, calquera cavidade, pechada ou antro ou ben aberta ou ventrículo. // **C. acuosas**. Cámaras anterior e posterior do ollo, separadas polo iris, que conteñen o humor acuoso. / **C. contadora**. Hemocitómetro, aparello para contar células hemáticas. / **C. do corazón**. Cavidade da aurículas e do ventrículo. / **C. escura**. Caixa combinada con lente e pantalla, usada principalmente en fotografía, onde se revelan radiografías e películas fotosensibles / **C. hiperbárica**. Compartimento no que se lle proporciona ó paciente O₂ a maior presión cá atmosférica no tratamento da gangrena gasosa, doutras infeccións anaerobias, insuficiencia circulatoria e enfermidade por descompresión. / **C. ocular**. Cámara acuosa ou vítrea. / **C. retiniana**. Cámara para fotografa-lo fondo do ollo. / **C. vítrea**. Espacio do ollo que contén o humor vítreo.

cambio *s.m.* 1. Variación, mudanza, variabilidade. 2. Alteración patolóxica estruturada, de causa e significación incertas.

cambra *s.f.* 1. Espasmo doloroso e transitorio, dun músculo ou músculos, especialmente do papo da perna ou da túnica muscular do estómago. 2. Neuropatía profesional, espasmo dos grupos musculares sometidos a unha actividade continua. Tamén se di **cambra da costureira, cambra dos escribentes**, etc. // *s.f.pl.* 3. Tremor mercurial dos mineiros de Almadén. 4. Dores dos membros abdominais durante o parto, por compresión dos nervios obturadores e plexos sacros pola cabeza fetal.

camecefalia *s.f.* Cabeza plana, cun índice vertical de 70 ou menos, semellante a tapinocefalia. Tamén se di **plati-cefalia**.

camecefálico-a *adx.* Que presenta camecefalia. Tamén se di **camecefalo**.

camecefalo-a *adx.* Camecefálico.

cameloide *adx.* Semellante ó camelo, aplicado ós eritrocitos de forma oval ou eliptocitos, por ser estes normais no camelo.

cameprosopia *s.f.* Estado no que a cara é máis ancha e curta.

camerrinia *s.f.* Platirrinia.

camisa *s.f.* Vestidura interior longa con mangas. // **C. de forza**. Dispositivo en forma de camisa con mangas moi longas, que serve para suxeita-las persoas axitadas amarrando as mangas ás costas. / **Catéter en c.** Cadrado de gasa adherido a un catéter que atravesa o seu centro.

campá *s.f.* Vaso de cristal desta forma. // **C. graduada**. Vaso ou tubo de cristal no que se gravaron certo número de divisións. / **Son de c.** Son que se percibe no pneumotórax.

***campanilla** *s.f.* V. **campañña**.

campañña *s.f.* Úvula, pinguelo.

campilodactilia *s.f.* Deformidade de orixe conxénita das articulacións interfalánxicas dun ou máis dedos pola que estes permanecen flexionados. Tamén se di **camptodactilia, estreblodactilia**.

campilorraquia *s.f.* Deformidade da columna vertebral.

campimetría *s.f.* Medida do campo visual.

campímetro *s.m.* Aparello manual, portátil, especie de pantalla, usado para medi-lo campo visual central.

campo *s.m.* 1. Zona ou área definida de superficie plana, considerada en relación con algún obxecto. 2. En embrioloxía, grupo de factores ós que un sistema debe a súa organización típica. 3. En física, espacio sensible a unha acción determinada, forzas eléctricas ou magnéticas. // **C. auditivo**. Espacio dentro do que se perciben os sons. / **C. magnético**. Esfera de influencia dun imán. / **C. microscópico**. Área de visión dun microscopio. / **C. nervioso**. Distribución rexional das terminacións nerviosas. / **C. operatorio**. Rexión estéril na que se practica unha intervención cirúrxica. / **C. visual**. Porción de espacio que o ollo fixo pode ver.

camptocormia *s.f.* Deformidade consistente na flexión estática do tronco cara a adiante que se pode ver ás veces no paciente histórico que é incapaz de endereitarse. Tamén se di **camptospasmo**.

camptodactilia *s.f.* Campilodactilia.

camptomelia *s.f.* Deformidade caracterizada por flexión dos ósos longos das extremidades, displasia esquelética.

camptospasmo *s.m.* Camptocormia.

Campylobacter Xénero de bacterias que contén bacilos gramnegativos, non esporulados, cunha flaxelación polar única. Son móbiles cun movemento característico en

- espiral e a meirande parte son saprófitas nos órganos reproductores e no aparello dixestivo.
- cana** *s.f.* Cabelo que se volveu branco.
- canabina** *s.f.* 1. Resina. 2. Alcaloide hipnótico. 3. Glicósido de *Cannabis indica*.
- canabinol** *s.m.* Esencia, C₂₁H₂₄O₂, derivada de *Cannabis indica*, que semella se-lo principio máis activo do cânabo e o compoñente máis eficaz do haxix.
- canabinomanía** *s.f.* Canabismo.
- canabismo** *s.m.* Intoxicación producida polo abuso de *Cannabis*, marihuana ou haxix.
- cánabo** *s.m.* Planta herbácea da familia cannabáceas, xénero *Cannabis*, que na súa especie *C. sativa* posúe nas súas inflorescencias femininas unha resina, a cannabina, que ten efectos sobre o sistema nervioso central, producindo un aumento da sensación de benestar ou euforia, somnolencia, relaxación e, ás veces, risas espontáneas, e tamén sobre o sistema cardiovascular, con aumento da frecuencia cardíaca e avermellamento conxuntival. A doses maiores depara trastornos da memoria e dificultades para efectuar certas tarefas (por exemplo conducir). En doses máis altas provoca un estado de alucinacións e sentimentos paranoides. Tamén se di **haxix**, **grifa** ou **marihuana**.
- canadol** *s.m.* Hidrocarburo volátil do petróleo usado como anestésico local pola súa acción refrixerante.
- canaliculite** *s.f.* Inflamación dun canaliculo, especialmente do canaliculo lacrimal, de orixe infecciosa. // **C. tarsiana**. Inflamación dos conductos secretorios das glándulas de Meibomio, tarsite periglandular.
- canaliculo** *s.m.* 1. Conducto pequeno. 2. Calquera dos diminutos conductos que se estenden ás lagoas óseas. // **C. auricular**. Canaliculo mastoide. / **C. biliar**. Capilar biliar entre as células hepáticas. / **C. lacrimal**. Conducto que vai desde o punto lacrimal do bordo de cada pálpebra ó saco do mesmo nome.
- canalización** *s.f.* 1. Formación de canles ou conductos en calquera tecido, naturais ou patolóxicos. 2. Formación cirúrxica de conductos ou buratos, para a drenaxe sen tubos. 3. Creación de novas vías, principalmente vasos sanguíneos, a través dun coágulo obstructor.
- cancasmo** *s.m.* Risa histérica, caquinación.
- canceloso -a** *adx.* Esponxoso, aplicado ó óso de estrutura reticular.
- cancericida** *adx.* Que destrúe células cancerosas, carcinolítico.
- cancerismo** *s.m.* Tendencia a desenvolver neoplasias malignas.
- cancerixeno -a** *adx.* Carcinógeno, capaz de provocar cancro.
- cancerización** *s.f.* Malignización, transformación das células dun tecido san en células neoplásicas.
- cancerofobia** *s.f.* Temor patolóxico a contraer ou a padecer algún tumor maligno.
- cancerólogo -a** *s.* Especialista no tratamento do cancro. Tamén se di **oncólogo**.
- canceroso-a** *adx.* Relativo ou pertencente a unha neoplasia maligna, ou afectado por este proceso.
- cancriforme** *adx.* Semellante ó cancro, cancroide.
- cancro** *s.m.* Neoplasia maligna, que invade tecidos veciños e pode dar metástases a distancia.
- cancrocirrose** *s.f.* Combinación de cirrose hepática ou pulmonar e cancro.
- cancrofobia** *s.f.* Cancerofobia.
- cancroide** *adx.* 1. Que semella cancro. // *s.m.* 2. Epitelioma da pel, relativamente benigno, con tendencia á cornificación. 3. Variedade de queiloide. // **C. folicular**. Cancroide orixinado nos folículos pilosos da pel.
- candeña** *s.f.* 1. Instrumento cilíndrico, flexible, para explorar ou dilata-las vías urinarias. 2. Preparación farmacéutica en pasta que se introduce na uretra, no recto, na vaxina ou noutro conducto e que ó fundirse coa calor libera a substancia activa.
- Cándida** Xénero de fungos semellantes ós lévedos, moi común na natureza. // **C. albicans**. Fungo do muguet.
- candidemia** *s.f.* Presencia de células da especie *Candida* no sangue periférico.
- candidiase** *s.f.* Micose cosmopolita do home e animais, localizada nas mucosas (en nenos lactantes é moi frecuente o muguet bucal), pel, órganos internos, ocasionada por especies do xénero *Candida*. A especie patóxena máis frecuente é a *C. albicans*.
- canela** *s.f.* 1. Calquera dos ósos longos do antebrazo ou da perna, especialmente a tibia. 2. Cortiza interna seca de varias especies de lauráceas. Ten propiedades aromáticas, carminativas e astrinxentes.
- canibalismo** *s.m.* Costume de comer carne humana. Tamén se di **antropofaxia**.
- canicie** *s.f.* Dilución gradual do pigmento no pelo que produce unha gama de cor de normal a branca e que se percibe como gris. Tamén se di **poliose**.
- canino -a** *adx.* 1. Relativo ó can. // *s.m.* 2. Dente. 3. Músculo elevador dos ángulos da boca.
- canle** *s.f.* 1. Cal ou fenda escavada nun óso ou noutra parte. 2. Farinxo ou tragadeira.
- canon** *s.m.* Regra ou módulo das proporcións da figura humana conforme a un tipo.
- cantariase** *s.f.* Infestación por larvas de coleópteros.
- cantáride** *s.f.* Insecto coleóptero, mosca española, mosca rusa.
- cantaridina** *s.f.* Tóxico irritante da pel e do aparello xenitourinario contido nas cantarídes.

cantaridismo *s.m.* Estado tóxico por cantaridina.

cantectomía *s.f.* Escisión cirúrxica dun canto ou ángulo do ollo.

cantite *s.f.* Inflamación do ángulo ou ángulos do ollo.

canto *s.m.* Ángulo que forman as pálpebras, interno ou nasal e externo ou temporal.

cantoplastia *s.f.* Cantólise, cirurxía plástica da abertura palpebral para agrandala ou para restaurar un canto defectuoso.

cantorrafia *s.f.* Sutura das pálpebras nun dos cantos.

cantotomía *s.f.* División cirúrxica dos ángulos do ollo.

cánula *s.f.* Tubo que se introduce nunha cavidade natural ou accidental do corpo, xeralmente cun trocar que se adapta á súa luz e logo se retira, que presenta calibre, forma e materiais variables e está aberto por ámbolos dous extremos. // **C. de perfusión.** Cánula dobre, usada para irrigar unha cavidade, onde o líquido de lavado entra por un dos tubos e sae polo outro.

caolín *s.m.* Arxila branca fina, silicato de alumina hidratado, usada nas enfermidades da pel e do estómago, en farmacia para cubrir pímulas e en pomadas e en odontoloxía para darlles resistencia e opacidade ós dentes de porcelana.

caolinose *s.f.* Enfermidade producida pola inhalación de po de caolín.

capa *s.f.* 1. Estrato de espesura case uniforme, corpo plano e extenso que se atopa sobre outro sen continuidade. 2. Cobertura ou envoltura externa dun órgano ou unha parte. // **C. basilar.** A capa dos conos e bastonetes da retina. / **C. córnea.** Estrato córneo da pel. / **C. de Malpighi.** Estrato mucoso da pel. / **C. mucosa.** Capa interna da epiderme. / **C. pigmentaria.** A máis externa das dez capas da retina ou superficie interna do órgano ciliar.

capacidade *s.f.* 1. Poder ou facultade de reter, manter ou conter. 2. Contido cúbico potencial dunha cavidade ou receptáculo. 3. Disposición mental para comprender. 4. Habilidade, facultade ou poder de facer algo. // **C. cranial.** Extensión ou espacio dentro do cranio. / **C. respiratoria.** V. **C. vital.** / **C. térmica.** Cantidade de calor absorbida por un corpo ó elevar 1 ° C a súa temperatura. / **C. testamentaria.** Grao de capacidade mental requirida para facer un testamento válido. / **C. vital.** Volume do aire que pode ser expirado dos pulmóns despois dunha inspiración máxima.

capacitación *s.f.* Proceso fisiolóxico polo que os espermatozoides exaculados no tracto xenital feminino adquiren a facultade de fecundar óvulos.

caparrosa *s.f.* 1. Variedade comercial de sulfato de cobre, de cinc ou de ferro (azul, branca ou verde, respectivamente). 2. Acne rosácea.

capelina *s.f.* Vendaxe en forma de pucho ou casquete, para a cabeza ou para o toco dun membro.

capilar *adx.* 1. Relativo ou semellante a un cabelo. 2. Relativo a un vaso capilar. // *s.m.* 3. Vaso pequeno como un pelo que forma redes. // **C. biliar.** Canaliculos biliares ou colánxicos. / **C. de Meigs.** Capilares miocárdicos. / **C. linfático.** Pólas máis diminutas dos vasos linfáticos. / **C. sanguíneo.** Calquera dos diminutos vasos que conectan as arteriolas coas vénulas e forman unha rede case en tódalas partes do corpo. As paredes dos capilares están formadas dunha capa simple de células endoteliais e a través destas paredes efectúanse os intercambios entre o sangue e os tecidos. / **C. sinusoidal.** Sinusoide.

capilarectasia *s.f.* Dilatación dos vasos capilares, xeralmente os sanguíneos.

capilaridade *s.f.* 1. Calidade de capilar. 2. Propiedade dos sólidos de facer subir polas súas paredes ou polos seus poros o líquido que o molla, como a auga, e de formar ó seu redor un oco ou baleiro co líquido que non o molla, como o mercurio.

capilarite *s.f.* Inflamación dos vasos capilares.

capilaroscopia *s.f.* Exame microscópico dos capilares sanguíneos no suxeito vivo. Tamén se di **microanxiocopia.**

capilicio *s.m.* Coiro cabeludo.

capilicultura *s.f.* Tratamento curador ou preventivo da calvicie.

capiliforme *adx.* En forma de cabelo.

capiluvio *s.m.* Baño, loción de cabeza.

capistración *s.f.* Antigamente, fimose.

capistro *s.m.* Vendaxe para a cabeza, capelina cunha ou dúas voltas para fixa-la mandíbula.

capital *adx.* 1. Relativo á cabeza ou ó máis alto dun corpo. 2. Da maior importancia.

capitiluvio *s.m.* Capiluvio.

capitonaxe *s.f.* Procedemento operatorio para pechar unha cavidade quística por medio dunha sutura con puntos que abarcan todo o grosor parietal. Tamén se di **sutura de colchoeiro.**

capnófilo -a *adx.* Das bacterias que se desenvolven mellor en presenza de anhídrido carbónico.

capnógrafo *s.m.* Instrumento que dá un gráfico do contido de anhídrido carbónico do aire expirado.

capnograma *s.f.* Rexistro do contido de anhídrido carbónico do aire expirado.

capreomicina *s.f.* Antibiótico polipeptídico activo fronte ó bacilo tuberculoso.

cáprico -a *adx.* Semellante ou de olor similar ó da cabra. // **Ácido c.** Principio cristalino graxo da manteiga, aceite de coco e outras graxas vexetais e animais.

capriloquia *s.f.* Egofonía.

caprino -a *adx.* 1. Da voz ou son egofónico. // *s.f.* 2. Calquera dos ésteres da glicerina co ácido caprílico, especialmente a tricaprina da manteiga ordinaria.

caprizante *adx.* 1. Que salta como unha cabra. 2. Co pulso irregular que despois dunha pulsación interrompida salta con máis forza na seguinte.

caproico *s.m.* Ácido graxo, $C_6H_{12}O_2$, que en estado libre se atopa na suor, no vinagre de madeira, nalgunhas froitas e plantas, etc. Prodúcese en varias fermentacións e na oxidación dalgunhas graxas.

caproilamina *s.f.* Ptomáina tóxica, ou hexilamina, do fermento descomposto e do aceite de fígado de bacallao rancio.

cápsida *s.f.* Cuberta proteica dos virus, que envolve e protexe o ácido nucleico e é antixénica.

cápside *s.f.* Cápsida.

capsite *s.f.* Capsulite.

capsómero *s.m.* Cada unha das subunidades da capa de polipéptidos que constitúen a cápside dun virus, que presenta número e disposición característicos para cada especie de virus.

cápsula *s.f.* 1. Tecido que envolve un órgano, unha articulación ou calquera outra parte. 2. Masa xelatinosa ó redor de certas bacterias. 3. Presentación farmacéutica na que a droga está contida nunha caixiña soluble de xelatina. // **C. acuosa.** Membrana de Descemet. / **C. adiposa.** A graxa que rodea e sostén o ril. / **C. anterior.** Porción de cápsula do cristalino que cobre a cara anterior deste órgano. / **C. articular.** Saco fibroso tapizado de membrana sinovial que rodea unha articulación. / **C. auditiva.** Cartilaxe do embrión que dá orixe ó oído externo. / **C. cartilaxinosa.** A matriz dunha cartilaxe hialina que contén células cartilaxinosas. / **C. de Glisson.** Envoltura de tecido conxuntivo que envolve o fígado. / **C. de Tenon.** Vaíña fibrosa que rodea o globo ocular. / **C. do corazón.** Pericardio. / **C. interna.** Estructura de substancia branca que une o córtex cerebral, o talo encefálico e a medula espiñal. / **C. sinovial.** Membrana articular sinovial. / **C. suprarrenal.** Glándula suprarrenal. / **C. tumoral.** Capa de tecido fibroso que envolve un tumor, especialmente benigno.

capsulación *s.f.* Introdución dun medicamento nunha cápsula.

capsulectomía *s.f.* Escisión da cápsula que rodea un órgano ou formación, xeralmente articular.

capsulite *s.f.* Inflamación dunha cápsula, especialmente a de Tenon. Tamén se di **perioftalmite**. // **C. do labirinto.** Otosclerose. / **C. hepática.** Perihepatite.

capsulolenticular *adx.* Relativo ó cristalino do ollo e á súa cápsula.

capsulorrafia *s.f.* Sutura dunha cápsula articular.

capsulotomía *s.f.* Incisión dunha cápsula, especialmente a do cristalino na operación da catarata. // **C. renal.** Incisión da cápsula renal.

capsulótomo *s.m.* Instrumento cortante para incidi-la cápsula do cristalino.

captación *s.f.* Absorción por un tecido dalgunha substancia, material alimenticio, mineral, etc., e a súa retención temporal ou permanente.

captopril *s.m.* Fármaco que inhibe o enzima conversor da anxiotensina, empregado como hipotensivo.

captura *s.f.* Acción de atrapar e reter unha partícula ou un impulso.

caquéctico-a *adx.* 1. Relativo á caquexia. // *s.* 2. Persoa afectada de caquexia.

caquexia *s.f.* Perda de peso e estado de desnutrición extrema. Tamén se di **cacoquimia**. // **C. nerviosa.** A de orixe mental.

caquidrose *s.f.* Sudación fétida.

caquinación *s.f.* Cancasmo.

cara *s.f.* 1. Parte anterior da cabeza, desde o principio da fronte ata a punta do queixo inclusive. 2. Cada unha das superficies que limitan unha parte ou un órgano. // **C. de lúa chea.** Facies inchada da enfermidade de Cushing. / **C. ventral da man.** Cara palmar da man.

caracol *s.m.* Cóclea, cavidade do oído interno que contén órganos do sentido do oído.

carácter *s.m.* 1. Sinal, marca, signo, modo de ser. 2. En psicoloxía e psiquiatría, trazos psicolóxicos e modos de conducta relativamente constantes e propios dun individuo. 3. En herdanza, trazo distintivo. // **C. adquirido.** Modificación producida nun organismo como resultado da súa propia actividade ou do ambiente. / **C. dominante.** Na lei de Mendel, carácter que pode desenvolverse pola acción dun só xene e aparece na primeira xeración filial e nas tres cuartas partes da segunda. / **C. recesivo.** Na lei de Mendel, o que require dous xenes para o seu desenvolvemento e a miúdo non aparece na primeira xeración filial, pero si en parte da segunda. / **C. sexual.** Carácter en conexión directa ou indirecta, coa reprodución. / **C. sexuais primarios.** As glándulas sexuais (testículos ou ovarios) que diferencian cada un dos sexos desde o nacemento. / **C. sexuais secundarios.** Os caracteres propios do sexo masculino (barba na cara, voz grave) e os do sexo feminino (mamas, depósitos de graxas, voz aguda) que se desenvolven na puberdade. / **C. ligado ó sexo.** Carácter hereditario transmitido polos cromosomas sexuais.

caracteroloxía *s.f.* Estudio do carácter considerado illadamente e da formación da personalidade.

carafuncho *s.m.* Zoonose transmisíbel ó home producida polo *Bacillus anthracis*, que cursa como infección pióxena profunda da pel e do tecido subcutáneo. Existe unha forma pulmonar (carbuncose pulmonar), pola inha-

lación de esporas de *B. anthracis*, e unha forma intestinal (carbuncose intestinal), debida ó consumo de carne infectada. Tamén se di **ántrax maligno**, **pústula maligna**.

caramelo *s.m.* Azucre queimado, substancia escura que se obtén queitando o azucre cun álcali, usada en preparacións farmacéuticas como axente colorante ou aromático.

carapato *s.m.* Aceite de rícino.

caratomía *s.f.* Decapitación, decolación.

carbacol *s.m.* Éster da colina resistente á acetilcolinesterase, con propiedades semellantes ás da acetilcolina, de uso tópico no tratamento do glaucoma.

carbamacepina *s.f.* Anticonvulsivo e analxésico empregado no tratamento de certos tipos de epilepsia e na neuralxia do trixémimo.

carbenicilina *s.f.* Penicilina.

carbidopa *s.f.* Alfa-metildopahidracina empregada asociada a levodopa no tratamento da enfermidade de Parkinson.

carbimazol *s.m.* Inhibidor da síntese das hormonas tiroides.

carbohemia *s.f.* Oxidación imperfecta do sangue.

carbohemoglobina *s.f.* Hemoglobina combinada co anhídrido carbónico.

carbohidrase *s.f.* Enzima que hidroliza hidratos de carbono e os converte en azucres simples.

carbohidrato *s.m.* Hidrato de carbono.

carbohidraturia *s.f.* Exceso de hidratos de carbono na urina.

carbolic *s.m.* Fenol.

carbólico -a *adx.* Fénico.

carbolicismo *s.m.* Intoxicación polo ácido fénico ou carbólico.

carbolicizar *v.* Mesturar con ácido carbólico (fenol) ou engadilo.

carbolicuria *s.f.* Presencia de fenol na urina.

carbometría *s.f.* Carbonometría.

carbómetro *s.m.* Instrumento empregado para determina-la proporción de anhídrido carbónico no aire.

carbomicina *s.f.* Antibiótico bacteriostático contra xermes grampositivos.

carbón *s.m.* Produto da combustión incompleta da materia orgánica, especialmente a madeira. // **Aceite de c.** Petróleo. / **C. activado.** Carbón vexetal queitado para aumenta-las súas propiedades absorbentes e desinfectantes. Tamén se di **carbón medicinal**. Úsase como antidoto en varias formas de envelenamento e en procesos de purificación da industria ou da investigación. / **C. animal.** Variedade obtida pola combustión incompleta de tecidos animais, especialmente os ósos. / **C. medicinal.**

Preparación farmacéutica de carbón. / **C. mineral.** Grafito, antracita. / **C. vexetal.** Carbón de leña, empregado como desodorizante, absorbente e antifementativo na dispepsia, diarrea e disentería e tamén como dentífrico.

carbonatado-a *adx.* Que contén ácido carbónico ou se converteu en carbonato.

carbonato *s.m.* 1. Sal de ácido carbónico, ácido ou neutro, segundo se substitúa por metal un ou dous átomos de hidróxeno do ácido. 2. O ión CO_3^- .

carbonemia *s.f.* Acumulación de anhídrido carbónico no sangue.

carbónico-a *adx.* Pertencente ou relativo ó carbono. // **Ácido c.** 1. Corpo inestable, CO_3H_2 , que resulta de dissolve-lo dióxido de carbono ou anhídrido carbónico en auga, formando carbonatos. 2. Nome incorrecto do anhídrido carbónico CO_2 .

carbonilo *s.m.* Radical divalente ($-\text{CO}-$) de cetonas, aldehidos e ácidos orgánicos.

carbonización *s.f.* Conversión dunha materia orgánica en carbón.

carbón *s.m.* Elemento non metálico tetravalente, presente en tódolos compostos de tipo orgánico, nos tecidos vivos e na atmosfera como CO_2 , que se atopa en estado puro no diamante e menos puro no carbón, grafito e antracita. O seu estudio constitúe a maior parte da química orgánica. Posúe a característica única de formar catro enlaces covalentes, combinándose facilmente consigo mesmo e con outros elementos non metálicos para constituír hidrocarburos, carbohidratos, alcohois, aminoácidos, etc. Símbolo C. Peso atómico 12. Número atómico 6. // **Dióxido de c.** CO_2 , gas carbónico, anhídrido carbónico que forma coa auga ácido carbónico e respirado puro produce a morte por asfixia ou sufocación. Emprégase, só ou asociado ó osíxeno, en anesthesioloxía. // **Hidratos de c.** Compostos de carbono en grupos de seis átomos e de hidróxeno e osíxeno na proporción para formar auga, que representan unha das tres categorías de alimentos indispensables e comprenden os monosacáridos, os disacáridos, os trisacáridos e os polisacáridos. // **Monóxido de c.** Gas incoloro e moi tóxico, CO , óxido de carbono, que se forma cando se queima o carbón con escasa cantidade de osíxeno. Á súa toxicidade débense os graves accidentes a que dan lugar os braseiros, estufas, e outros lumes mal prendidos. / **C. radioactivo.** Isótopos do carbono dos que os máis coñecidos son o carbono 12, que é o estándar de masa atómica, 98,89% de carbono natural, o carbono 13, empregado para ser detectado nos tecidos vivos e estudar así órganos e funcións, e o carbono 14 beta-emisor empregado en estudos metabólicos. / **Tetracloruro de c.** Líquido volátil, CCl_4 , que se utilizou como anestésico e como antihelmíntico.

carbonometría *s.f.* Medición mediante a precipitación de carbonato de calcio en auga de cal, da cantidade de anhídrido carbónico inhalado pola respiración ou existente na atmosfera dun local. Tamén se di **carbometría**.

carbonuria *s.f.* Presencia de compostos de carbono na urina.

carbóxeno *s.m.* Mestura de osíxeno e ácido carbónico.

carboxenoterapia *s.f.* Emprego terapéutico do carbóxeno nas asfixias e intoxicacións por gases tóxicos.

carboxihemoglobina *s.f.* (HbCO) monóxido de carboxihemoglobina, combinación de óxido de carbono e hemoglobina, que se atopa no sangue despois da intoxicación por aquel gas. Non permite a transferencia normal de osíxeno e anhídrido carbónico durante a circulación do sangue e, por conseguinte, provoca diversos graos de asfixia ata a morte.

carboxilase *s.f.* Enzima que cataliza a descarboxilación do ácido pirúvico e a súa transformación en acetaldehído e dióxido de carbono, reacción que constitúe unha das etapas da fermentación dos azucres polos lévedos na produción de bebidas alcohólicas (viño, cervexa, etc). Tamén se di **piruvato-descarboxilase**.

carboxilo *s.m.* Radical ou grupo monovalente, -COOH, que existe en case tódolos ácidos orgánicos.

carboximetilcelulose *s.f.* Derivado sintético da celulosa, con propiedades laxantes.

carboxipeptidase *s.f.* Enzima proteolítico da segregación pancreática que converte as proteínas dos alimentos en polipéptidos, péptidos máis pequenos e aminoácidos.

carbuncose *s.f.* Estado caracterizado polo desenvolvemento de carafunchos.

carbúnculo *s.m.* Carafuncho.

carbunculose *s.f.* Carbuncose.

carburo *s.m.* Composto de carbono con outro elemento máis electropositivo ca el. // **C. de hidróxeno.** Hidrocarburo.

carcinectomía *s.f.* Escisión dun carcinoma.

carcinelcose *s.f.* 1. Ulceración maligna ou cancerosa. 2. Cancro ulcerado.

carcinemia *s.f.* Anemia cancerosa.

carcinofilia *s.f.* Afinidade polo tecido canceroso.

carcinofobia *s.f.* Temor patolóxico a padecer cancro.

carcinoide *s.m.* 1. Tumor de aspecto carcinomatoso. 2. Tumor circunscrito e amarelo do intestino delgado, apéndice vermicular e estómago.

carcinólise *s.f.* Destrucción ou disolución das células cancerosas.

carcinoma *s.m.* Calquera dos diferentes tipos de neoplasia maligna derivada de células epiteliais neoforadas, con anaplasia en maior ou menor grao e con capacidade de provocar metástases a distancia en calquera momento da súa evolución. Pode ocorrer en calquera lugar do organismo onde haxa epitelio, aínda que os sitios máis frecuentes son a pel e o intestino delgado en ámbolos dous sexos, os bronquios, estómago e próstata

no home, e a mama e o colo uterino na muller. Cando deriva dun epitelio glandular tende á formación de glándulas normais e coñécese como adenocarcinoma.

carcinomatoide *adx.* Semellante ó carcinoma.

carcinomatose *s.f.* Carcinose, estado debido á diseminación xeneralizada de carcinomas en diversos órganos polo corpo.

carcinose *s.f.* 1. Carcinomatose. 2. Cancro ou tumor maligno dunha rexión relativamente grande do corpo. // **C. miliar.** Forma de diseminación do cancro semellante á tuberculose miliar.

carcinoso -a *adx.* Canceroso.

carcinoxénese *s.f.* Producción do cancro.

carcinoxenia *s.f.* Carcinoxénese.

carcinóxeno-a *adx.* Capaz de inducir un cancro ou dexeñeración neoplásica nos animais de experimentación ou no home.

cardi-, cardio- Prefixo co significado de corazón ou cardia.

cardia *s.m.* Orificio esofáxico do estómago.

-cardia Sufixo coa significación de corazón.

cardíaco-a *adx.* 1. Relativo ó corazón. // *s.m.* 2. Medicamento ou axente para restaura-las forzas cardíacas. // *s.* 3. Persoa afectada de enfermidade cardíaca.

cardiagra *s.f.* Gota ou dor no corazón.

cardial *adx.* Relativo ó cardia.

cardialxia *s.f.* 1. Incómoda sensación no estómago, gastralxia, epigastrialxia. 2. Dor precordial, cardiodinia.

cardiámetro *s.m.* Instrumento para medi-la distancia entre o cardia e os dentes incisivos.

cardiamorfia *s.f.* Deformidade ou malformación do corazón.

cardianastrofia *s.f.* Transposición conxénita do corazón cara ó lado dereito.

cardianestesia *s.f.* Falta de sensación no corazón.

cardianeuria *s.f.* Falta de ton no corazón.

cardiasma *s.f.* Asma cardíaca.

cardiastenia *s.f.* Debilidade do corazón.

cardiataxia *s.f.* Incoordinación dos movementos cardíacos.

cardiatelia *s.f.* Atelocardia. Desenvolvemento incompleto do corazón.

cardiatrofia *s.f.* Atrofia do corazón.

cardiectasia *s.f.* 1. Dilatación do corazón. 2. Dilatación do cardia.

cardiectomía *s.f.* 1. Escisión do corazón. 2. Escisión ou resección do cardia do estómago.

cardiectomizado-a *adx.* Que ten resecado o cardia.

- cardielcose** *s.f.* 1. Ulceración do corazón. 2. Ulceración do cardia.
- cardieurisma** *s.m.* Aneurisma do corazón, cardiectasia.
- cardioacelerador-a** *adx.* Que acelera os latexos do corazón.
- cardioanxioloxía** *s.f.* Estudio do corazón e dos vasos.
- cardioaórtico -a** *adx.* Relativo ó corazón e á aorta.
- cardiocairógrafo** *s.m.* Aparello para sincroniza-las exposicións radiográficas cos movementos do corazón nas fases seleccionadas do ciclo cardíaco nas exploracións torácicas.
- cardiocele** *s.f.* Hernia do corazón a través do diafragma ou dunha abertura no tórax.
- cardiocentese** *s.f.* Punción do corazón.
- cardiocinético -a** *adx.* 1. Que inflúe sobre a acción do corazón. // *s.m.* 2. Axente con esta acción.
- cardioclase** *s.f.* Rotura do corazón. Tamén se di **cardiorrexe**.
- cardiodemia** *s.f.* Adipose cardíaca, dexeneración graxa do corazón.
- cardiodilatador** *s.m.* Instrumento para dilata-lo cardia na estenose ou espasmo deste orificio.
- cardiodinámica** *s.f.* Dinámica do corazón.
- cardiodinia** *s.f.* Dor na rexión do corazón. Cardialxia.
- cardiofobia** *s.f.* Temor patolóxico a padecer enfermidades cardíacas.
- cardiofonía** *s.f.* Fonocardiografía.
- cardiófono** *s.m.* Estetoscopio que permite oír-lo son das contraccións do músculo cardíaco.
- cardiografía** *s.f.* 1. Rexistro e estudio dos movementos do corazón. 2. Radiografía do corazón.
- cardiógrafo** *s.m.* Instrumento construído sobre o principio do esfigmógrafo que se coloca na rexión cardíaca e indica e rexistra graficamente a forza e forma das sístoles e diástoles das aurículas e ventrículos.
- cardiograma** *s.m.* 1. Trazado obtido co cardiógrafo. 2. Calquera rexistro derivado do corazón coa adición dun prefixo como apex-, electro-, eco-, fon-, etc.
- cardiohepatomegalia** *s.f.* Agrandamento do corazón e do fígado.
- cardioinhibitorio-a** *adx.* Que detén o movemento do corazón.
- cardiolíse** *s.f.* Operación para separa-las adherencias do pericardio resecao unha parte do esterno ou das costelas. Tamén se di **toracólise precordial**.
- cardiolisina** *s.f.* Citotoxina que actúa sobre o músculo cardíaco.
- cardiólito** *s.m.* Concreción ou cálculo dentro do corazón, ou área de dexeneración calcaria nas paredes.
- cardiólogo -a** *s.* Médico especializado no diagnóstico e tratamento das enfermidades do corazón.
- cardioloxía** *s.f.* Parte da medicina que estudia o corazón.
- cardiomalacía** *s.f.* Amolecemento das fibras musculares do corazón.
- cardiomegalia** *s.f.* Agrandamento do tamaño do corazón. Tamén se di **macrocardia**, **megacardia**. // **C. glicóxena**. Hipertrofia cardíaca debida a almacenamento anormal de depósitos de glicóxeno nas células musculares.
- cardiometría** *s.f.* Medición das dimensións do corazón ou da forza da acción cardíaca.
- cardiomilipose** *s.f.* Dexeneración graxa do músculo cardíaco.
- cardiomiopatía** *s.f.* Miocardiopatía, enfermidade do miocardio.
- cardiomiopexia** *s.f.* Operación que consiste en fixar un colgallo do músculo pectoral sobre o miocardio, para induci-la revascularización cardíaca.
- cardiomiotomía** *s.f.* Sección da túnica muscular do cardia esofáxico. Tamén se di **esofagmiotomía**.
- cardiomuscular** *adx.* Relativo ó músculo cardíaco.
- cardionecrose** *s.f.* Necrose do miocardio.
- cardionector-a** *adx.* Que regula os latexos cardíacos, aplicado ó nó sinoauricular (atrionector) e ó feixe de His (ventriculonector).
- cardionéfrico -a** *adx.* Cardiorrenal.
- cardioneurose** *s.f.* Neurose cardíaca, falsa anxina de peito.
- cardionose** *s.f.* Cardiopatía.
- cardiopalimia** *s.f.* Palpitacións cardíacas. Tamén se di **cardiopalmos**.
- cardiopalmos** *s.m.* Palpitacións cardíacas. Tamén se di **cardiopalimia**.
- cardiopaludismo** *s.m.* Afección cardíaca debida ó paludismo.
- cardiópata** *s.* Persoa afectada de enfermidade cardíaca.
- cardiopatía** *s.f.* Calquera enfermidade conxénita ou adquirida do corazón.
- cardiopericardiopexia** *s.f.* Procedemento cirúrxico para aumenta-la irrigación sanguínea do miocardio, consistente en provocar unha pericardite adhesiva que estimulará a formación de anastomoses entre vasos coronarios e colaterais pericárdicos.
- cardiopericardite** *s.f.* Inflamación do corazón e do pericardio.
- cardiopilórico -a** *adx.* Relativo ó cardia e ó píloro.
- cardioplastia** *s.f.* Operación plástica no cardia para a corrección do cardiospasmo, esofagogastropластиа.

- cardiopneumático -a** *adx.* Relativo ó corazón e á respiración ou pulmón.
- cardiopneumógrafo** *s.m.* Aparello que rexistra os movementos cardiopneumáticos.
- cardioptose** *s.f.* Desprazamento cara a abaixo do corazón por hipotonía dos grandes vasos.
- cardiopulmonar** *adx.* Pertencente ó corazón e ós pulmóns. Tamén se di **cardiopneumático**.
- cardiorrafia** *s.f.* Sutura na parede cardíaca.
- cardiorrenal** *adx.* Relativo ó corazón e ó ril. Tamén se di **cardionéfrico**.
- cardiorrexe** *s.f.* Rotura do corazón, das súas válvulas ou das paredes musculares. Tamén se di **cardioclase**.
- cardiosclerose** *s.f.* Induración fibrosa do corazón, miocardite fibrosa.
- cardioscopio** *s.m.* Instrumento para a exploración dos movementos do corazón.
- cardiosíñfise** *s.f.* Fixación do corazón ás partes próximas por adherencia do pericardio co mediastino.
- cardiospasmo** *s.m.* 1. Espasmo do cardia. Acalasia do esófago. 2. Espasmo do corazón.
- cardiostenose** *s.f.* Estenose ou estreiteza do corazón, dos seus orificios ou do cardia.
- cardiotacómetro** *s.m.* Instrumento para medi-la rapidez do corazón ó conta-lo número de latexos cardíacos en longos períodos de tempo.
- cardiotaquímetro** *s.m.* Cardiotacómetro.
- cardioterapia** *s.f.* Tratamento das enfermidades do corazón.
- cardiotireose** *s.f.* Hipertiroidismo con complicacións cardíacas.
- cardiotirotoxicose** *s.f.* Cardiotireose.
- cardiotomía** *s.f.* 1. Disección do corazón. 2. Operación cirúrxica que ten por obxecto incidi-lo cardia na estenose do esófago.
- cardiotónico-a** *adx.* 1. Que exerce un efecto favorable tónico sobre o corazón. // *s.m.* 2. Axente ou medicamento que posúe esta acción.
- cardiotóxico -a** *adx.* Tóxico para o corazón, por envelenamento do músculo cardíaco ou do seu sistema conductor.
- cardiotrofia** *s.f.* Nutrición do corazón.
- cardiotrofoterapia** *s.f.* Tratamento metabólico dos trastornos cardíacos.
- cardiovalvulite** *s.f.* Inflamación das válvulas cardíacas, endocardite valvular.
- cardiovalvulotomía** *s.f.* Cardiovalvotomía, operación para corrixi-la estenose valvular cortando ou extirpando unha parte da válvula cardíaca.
- cardiovalvulótomo** *s.m.* Instrumento para escindi-las válvulas e practicar valvulotomías.
- cardiovascular** *adx.* Relativo ó corazón e ós vasos sanguíneos en xeral.
- cardioversión** *s.f.* Restauración do ritmo cardíaco normal por medio dun choque eléctrico externo.
- cardiovolumentría** *s.f.* Medición do volume do corazón.
- cardioxénese** *s.f.* Desenvolvemento do corazón no embrión.
- cardioxénico -a** *adx.* Que se orixina no mesmo corazón.
- cardite** *s.f.* Inflamación do corazón. Tamén se di **miocardite**, **pancardite**. // **C. reumática**. Pancardite debida a febre reumática que deixa secuelas por cicatrización das válvulas.
- carena** *s.f.* 1. En latín, quilla. 2. Parte ou órgano en forma de quilla, correntemente, ángulo da bifurcación traqueal.
- carenado -a** *adx.* En forma de quilla.
- carencia** *s.f.* 1. Falta ou privación na ración alimenticia dunha substancia indispensable, o que determina enfermidade, por exemplo avitaminose por carencia de vitaminas. 2. En psicoloxía, contribución insuficiente en determinadas áreas, especialmente a afectiva.
- careniforme** *adx.* En forma de quilla, carenado.
- carfloxía** *s.f.* Movemento involuntario das mans, como se quixesen recoller pequenos obxectos no aire ou nas roupas da cama, que se observa nos enfermos graves e en estados de grande esgotamento e considérase como signo preagónico. Tamén se di **crocidismo**, **flocilación**, **flocilexio**.
- carga** *s.f.* 1. Desviación do contido normal do organismo de auga, sal ou calor. As cargas positivas indican cantidade en exceso, as cargas negativas cantidades por debaixo do normal. 2. Administración dunha substancia coa finalidade de comproba-la súa función metabólica. // **C. salina**. Administración de 2 gr. de sal, tres veces ó día, durante catro días, como proba diagnóstica no aldosteronismo primario. / **C. tumoral**. Masa total de tecido tumoral que ten un paciente con cancro. / **C. xenética**. Material xenético dunha célula.
- cariapse** *s.f.* Unión dos núcleos na conxugación celular.
- caribi** *s.m.* Proctite gangrenosa epidémica.
- carie** *s.f.* 1. Antigamente, tuberculose dos ósos ou articulacións, con necrose do óso, que amolece, descolórase e vólvese poroso e produce a inflamación crónica do periósteeo e tecidos próximos formándose un absceso frío cheo de líquido caseoso, fétido, semellante ó pus. 2. Destrución ou necrose dos dentes. // **C. central**. Absceso crónico no interior do óso. / **C. necrótica**. Enfermidade na que se atopan anacos de óso na cavidade supurante. / **C. seca**. Forma de carie das articulacións e extremos dos ósos, osteíte rarefaciente. / **C. sifilítica**. Osteíte de orixe sifilítica. / **C. vertebral**. Enfermidade de

Pott, osteíte tuberculosa das vértebras e das cartilaxes intervertebrais.

cariénquima *s.m.* Zume nuclear dunha célula.

cario- Prefixo que indica relación coa carie ou cun núcleo.

carioanabiose *s.f.* Formación do núcleo das células xigantes en contacto con corpos alleos.

cariocinese *s.f.* Mitose. División celular que empeza na cromatina do núcleo.

cariocito *s.m.* 1. Célula nucleada. 2. Normoblasto.

carioclase *s.f.* Rotura do núcleo celular.

cariocroma *s.m.* Célula nerviosa cun núcleo que colorea intensamente, pero cun corpo que non tingue.

cariocromatófilo -a *adx.* Que ten núcleo colorable.

cariocromófilo -a *adx.* Cariocromatófilo.

cariodiérese *s.f.* División do núcleo celular da que derivan as células multinucleadas.

cariófago-a *adx.* Parasito celular que posúe acción fagocitaria sobre o núcleo.

cariogamia *s.f.* Fusión dos núcleos de dúas células como ocorre en fertilización ou conxugación celular verdadeira.

cariogámico-a *adx.* Relativo á cariogamia ou caracterizado por ela.

cariogonas *s.m.* Núcleo reproductor dunha célula, a distinción do trofonúcleo. Tamén se di **gonanúcleo**.

cariolinfa *s.f.* Hialoplasma ou zume nuclear, parte líquida do núcleo, a distinción da sólida, cromatina e linina. Gran parte do que se consideraba cariolinfa é hoxe eucromatina. Tamén se di **carioquilema**, **paralinina**.

cariólise *s.f.* Destrucción aparente do núcleo celular que perde gradualmente a afinidade da súa cromatina polos colorantes básicos.

cariómito *s.m.* Cromosoma.

cariomitoma *s.m.* Rede de cromatina nuclear.

cariomitose *s.f.* Cariocinese, mitose.

carioplasma *s.m.* Protoplasma do núcleo celular, a distinción do da célula ou citoplasma. Nucleoplasma.

carioplastina *s.f.* Substancia do núcleo, paracromatina.

carioplasto *s.m.* Núcleo celular arrodeado por unha banda estreita de citoplasma e unha membrana plasmática.

carioquilema *s.m.* Cariolinfa.

carioquinese *s.f.* Cariocinese.

cariorreliculo *s.m.* Retículo nuclear, porción fibrilar do carioplasma, a diferenza da porción líquida ou cariolinfa.

cariorrexe *s.f.* Rotura do núcleo celular, distribución da cromatina polo citoplasma en forma de gránulos amorfos. Tamén se di **carioclase**.

cariostase *s.f.* Período de descanso do núcleo celular, oposto a cariocinese.

carioteca *s.f.* Envoltura ou membrana do núcleo celular.

cariotipificación *s.f.* Análise cromosómica.

cariotipo *s.m.* Imaxe cromosómica completa dun individuo que presenta os cromosomas dispostos en parellas en orde descendente e segundo a posición do centrómero. Tamén se di **idiograma**, **cariograma**.

carioxénese *s.f.* Desenvolvemento do núcleo das células.

cariozoico -a *adx.* Que existe ou habita no núcleo das células.

cariozoo -a *adx.* Cariozoico.

carmín *s.m.* Materia colorante vermella derivada do insecto cochinilla tratada con alume, empregada para tinguir preparacións histolóxicas.

carminativo -a *adx.* 1. Que prevén a formación de gases no tubo dixestivo ou facilita a súa expulsión. // *s.m.* 2. Axente que prevén a flatulencia.

carminófilo -a *adx.* Que se tingue facilmente con colorantes de carmín.

carne *s.f.* Parte muscular do corpo animal, parte vermella dos músculos, en xeral, partes brandas do corpo (tecidos musculares e adiposos).

carnificación *s.f.* Modificación dos tecidos de certos órganos que lles dá aparencia de carne ou tecido muscular.

carniforme *adx.* Que semella carne.

carnisación *s.f.* Carnificación.

carnitina *s.f.* Vitamina B₁-alfa-amino-beta-hidroxibutírico-trimetil-betaína, inhibidor tiroide que se atopa no músculo, fígado e extractos de carne, que estimula a oxidación e a síntese de ácidos graxos.

carnívoro -a *adx.* Zoófago, que come ou se alimenta de carne doutros animais.

carnofobia *s.f.* Aversión anormal a comer carne.

carnosidade *s.f.* Excrecencia carnosa anormal, granulación ou vexetación.

carnoso -a *adx.* Semellante á carne ou formado de carne, con moita carne.

carotenase *s.f.* Enzima que converte o caroteno en vitamina A.

caroteno *s.m.* Pigmento alaranxado, C₄₀H₅₆, de ampla distribución en vexetais e animais, precursor da vitamina A nos organismos animais. Tamén se di **carotina**.

carotenose *s.f.* Estado de pigmentación da pel producido polo aumento do contido en caroteno. Tamén se di **aurantiase** e **carotínose cutánea**.

carótico-a *adx.* 1. Estuporoso. 2. Relativo á arteria carótide.

caroticotimpánico-a *adx.* Relativo ó conducto carotídeo e ó tímpano.

carótide *s.f.* Arteria principal do pescozo.

carotidinia *s.f.* Dor producida pola compresión da carótide primitiva, que se reflicte ó redor dos ollos e na caluga. Tamén se di **carotodinia**.

carotina *s.f.* Caroteno.

carotinemia *s.f.* Presencia de caroteno no sangue, que ás veces causa pigmentación da pel e que pode semellar ictericia. Tamén se di **xantemia**.

carotínose *s.f.* Carotenose.

carpagra *s.f.* Gota do pulso.

carpectomía *s.f.* Escisión dun ou máis ósos do carpo.

carpiano-a *adx.* Relativo ó carpo ou pulso.

carpo *s.m.* Pulso, conxunto dos oito ósos carpianos: escafoide, semilunar, piramidal, pisiforme, trapecio, trapezoide, óso grande e óso ganchudo e as partes brandas que constitúen o segmento proximal da man.

carpoace *s.m.* Tuberculose da articulación do carpo.

carpocarpiano-a *adx.* Mediocarpiano, relativo ás dúas filas de ósos que forman o carpo.

carpofalánxico-a *adx.* Relativo ó pulso e ás falanxes.

carpometa-carpiano-a *adx.* Relativo ó carpo e ó metacarpo.

carpopedal *adx.* Que afecta ó carpo e ó pé.

carpoptose *s.f.* Caída do pulso, parálise dos músculos extensores da man e dos dedos.

carqueixa *s.f.* Arbusto da familia das papilionáceas (*Chamaespartim tridentatum*), de tronco ramificado e sen follas, flores amarelas en umbela e froito leguminoso, que florece de maio a xullo, con propiedades medicinais, usado como laxante, diurético, sudorífico e antitusivo, ademais de empregarse contra a gota e a reuma. Tamén se di **lavacuncas**. // **C. boeira**. Arbusto moi semellante ó anterior (*Halinium alyssoides*), usado tradicionalmente para estimular o apetito do gando vacún.

carraspeira *s.f.* Aspereza e sequidade da gorxa que dificulta a deglución e enrouquece a voz. Tamén se di **rasquizo**.

carteiro-a *s.* Persoa que adiviña o futuro por medio das cartas.

cartilagotrópico-a *adx.* Que ten afinidade pola cartilaxe.

cartilaxe *s.f.* Tecido conectivo non vascular, elástico e flexible, que se atopa nas articulacións, paredes do tórax, estruturas tubulares (larinxe, vías aéreas) e as orellas e na vida fetal constitúe a meirande parte do esqueleto que logo é substituído por óso. Existen tres tipos: hialino,

elástico e fibrocartilaxe. // **C. de crecemento**. O destinado normalmente a converterse en óso.

cartilaxina *s.f.* Compoñente do tecido cartilaxinoso, que por ebulición se converte en condrina.

cartilaxinificación *s.f.* Conversión en cartilaxe.

cartilaxiniforme *adx.* Semellante á cartilaxe.

cartilaxinoide *adx.* Semellante á cartilaxe.

carúncula *s.f.* Pequena protuberancia carnosa, ou calquera estrutura que suxire esta forma. // **C. de Morgagni**. O lobo medio da próstata. / **C. himeneal ou mirtiforme**. Pequenas elevacións que rodean o orificio vaxinal, que son restos da membrana do hime nas mulleres que pariron. / **C. lagrimal**. Eminencia vermella no ángulo interno do ollo.

casa *s.f.* Edificio para ser habitado. // **C. de saúde**. Establecemento no que se reúnen mellores condicións de tratamento que no domicilio do enfermo. / **C. de socorro**. Establecemento de beneficencia onde se auxiliaban os accidentes e nos que había un equipo médico permanentemente para acudir en socorro da veciñanza. / **C. de tolos**. Manicomio.

casca *s.f.* Cortiza empregada en medicina.

casadura *s.f.* Contusión, especialmente cando se localiza na mama.

casco *s.m.* 1. Unlla do pé ou extremos dos dedos de moitos animais, especialmente do cabalo, pezuño. 2. Cranio. // **C. cefálico**. Aparello extraoral removible usado como fonte de tracción aplicado ós dentes e ós maxilares. / **C. neurasténico**. Sensación de presión na cabeza.

casease *s.f.* Enzima derivado de cultivos bacterianos, capaz de dissolve-la albumina e a caseína do leite e o queixo.

caseificación *s.f.* 1. Acción e efecto de transformar ou transformarse en caseína. 2. Forma de necrose por coagulación na que os tecidos se converten nunha materia amorfa (*caseum*) de consistencia semellante ó queixo, que se observa especialmente na tuberculose.

caseína *s.f.* Principal proteína do leite e o principal compoñente do queixo, pouco soluble en auga, soluble en solucións diluídas alcalinas ou salinas. Os seus sales, caseinatos, úsanse en medicina.

caseinóxeno *s.m.* Proteína do leite, que pola acción da renina se converte en caseína.

caseosa *s.f.* Proteosa producida na dixestión da caseína.

caseose *s.f.* Caseificación ou dexeneración caseosa.

caseoso-a *adx.* Semellante ó queixo ou callo.

caseum (lat.) Materia con aspecto de queixo que resulta da dexeneración caseosa.

casmodia *s.f.* Bocexo excesivamente frecuente.

caso *s.m.* 1. Especie patolóxica individualizada. 2. Nunha epidemia, cada unhas das invasións individuais.

caspa *s.f.* Escamiñas que se forman na pel e no coiro cabe-ludo debido á exfoliación normal ou patolóxica da epiderme.

casquete *s.m.* En cirurxía dentaria, casco de metal que cobre ou circunda a coroa ou raíz dun dente.

castración *s.f.* 1. Esterilización, extirpación das glán-dulas xenitais, é dicir dos testículos no home e os ovarios na muller. // **Complexo de c.** Temor a perde-lo pene. / **C. funcional.** Atrofia gonadal producida polo tratamento con hormonas sexuais.

castrófrenia *s.f.* Castración ou roubo dos pensamentos.

castroide *adx. e s.m.* Eunucoide.

casuística *s.f.* Rexistro e estudio dos casos dunha enfer-midade.

cata- Prefixo que significa cara a abaixo, baixo, contra, debaixo.

catabase *s.f.* Período de declinación dunha enfermidade.

catabasial *adx.* Do cranio que ten o basio máis baixo có opistio.

catabiose *s.f.* Declinación natural dos fenómenos vitais nunha célula, senescencia.

catabolerxia *s.f.* Enerxía consumida nun proceso catabó-lico.

catabólico-a *adx.* Relativo ó catabolismo.

catabolismo *s.m.* Descomposición no organismo dos compostos químicos complexos noutros máis sinxelos con liberación de enerxía, desasimilación, desintegra-ción, o contrario a anabolismo.

catabolito *s.m.* Producto resultante do catabolismo.

catacause *s.f.* 1. Combustión espontánea. 2. Combustión por reflexión.

catacinemérico-a *adx.* Escaso en enerxía, oposto a anacinemérico.

cataclese *s.f.* Peche das pálpebras por adhesión ou por espasmo.

cataclonía *s.f.* Serie de movementos convulsivos deter-minados por mecanismos psíquicos.

catacrotismo *s.m.* No trazado esfigmográfico, irregulari-dade do pulso na que hai unha ou máis expansións secun-darias da arteria despois do latexo principal. Se hai unha soa elevación denomínase catadicrotismo, se hai dúas, e polo tanto tres segmentos, ou tres con catro segmentos, etc, catatricrotismo, catatetracrotismo ou catapolicro-tismo, respectivamente.

catadicrostismo *s.m.* Catacrotismo.

catadicrótico-a *adx.* Caracterizado por catadicrostismo.

catadídimo *s.m.* Monstro dobre soldado pola parte supe-rior.

catafasia *s.f.* Trastorno da linguaxe que consiste na repe-tición involuntaria da mesma palabra ou frase.

catafilaxe *s.f.* Deterioro dos mecanismos naturais de defensa do organismo contra a infección.

catáfora *s.f.* Semicoma con intervalos de conciencia parcial.

cataforese *s.f.* 1. Movemento nunha solución das partí-culas cargadas positivamente cara ó cátodo. 2. Introduc-ción de substancias medicamentosas a través da pel por medio dunha corrente galvánica, electroforese catódica. // **C. anémica.** Cataforese sobre unha parte que previa-mente se anemiou cunha venda de Esmarch.

catatoria *s.f.* Descenso do eixe visual, heteroforia.

catafrenia *s.f.* Demencia ou debilidade mental.

catagloso *s.m.* Espéculo bucal, depresor da lingua.

catagmático-a *adx.* 1. Que favorece a consolidación dunha fractura. // *s.m.* 2. Axente con esta acción.

catalase *s.f.* Enzima que desdobra o peróxido de hidró-xeno (auga osixenada) en auga e osíxeno, peroxidase, que existe practicamente en tódalas células, excepto en certas bacterias anaerobias.

catalepsia *s.f.* Estado caracterizado por rixidez e perda da sensibilidade no que os músculos non opoñen ningunha resistencia a seren movidos de forma pasiva e manteñen a posición que se lles dá, o suxeito non responde ós estí-mulos, o pulso e a respiración son lentos e a pel está fría.

cataleptiforme *adx.* Semellante á catalepsia.

cataleptoide *adx.* Cataleptiforme.

catálise *s.f.* Efecto que exerce un catalizador sobre unha reacción química aumentando ou diminuíndo a veloci-dade da reacción pero non participando nela.

catalítico-a *adx.* Relativo á catálise.

catalizador *s.m.* Substancia que produce catálise, é dicir, que acelera ou retarda un proceso físico ou químico, pero que non se consome nin sofre cambios.

catalizar *v.* Actuar como catalizador.

catamenia *s.f.* Fluxo uterino periódico, menstruación, menstuo.

catamenoxenia *s.f.* Inducción á menstruación.

catamnese *s.f.* Historia clínica do enfermo despois dunha enfermidade, historia de seguimento.

catapasma *s.f.* Medicamento en po para ser espaxado superficialmente nas superficies núas ou úlceras.

cataplasia *s.f.* Metamorfose retrógrada, cambio dexene-rativo no que os tecidos volven a unha fase anterior ou embrionaria.

cataplasma *s.f.* Papa que se aplica quente sobre a super-ficie do corpo con fins terapéuticos, preparada con fariñas e polpas emolientes ás que se engaden substancias medicinais.

cataplexía *s.f.* Ataque transitorio de gran debilidade muscular xeneralizada, de aparición espontánea ou tras estímulos emocionais, como risa esaxerada, asociado frecuentemente con narcolepsia, parálise do sono e alucinacións hipnagóxicas, constituíndo a síndrome de Gelineau.

cataptose *s.f.* Caída súbita.

catarata *s.f.* Perda da transparencia do cristalino ou da súa cápsula. // **C. adherente.** Catarata con adherencias entre o iris e a cápsula do cristalino. / **C. albuminúrica.** Opacidade que acompaña ás veces á albuminuria crónica. / **C. branda.** A que non ten núcleo duro. / **C. calcaria.** A que contén un depósito de cal. / **C. capsular.** Aquela coa opacidade na cápsula. / **C. capsulolenticular.** A situada á vez na cápsula e no cristalino. / **C. caseosa.** A hipermadura. / **C. central.** Opacidade do centro do cristalino. / **C. completa.** A que comprende todo o cristalino. / **C. complicada.** A debida a unha afección doutras partes do ollo. / **C. conxénita.** A orixinada antes do nacemento. / **C. cortical.** Opacidade radiada nas capas corticais do cristalino. / **C. diabética.** A que ocorre como complicación da diabete, sendo polo xeral branda, voluminosa, branca e bilateral. / **C. dura.** A de núcleo duro formado xeralmente por un depósito de carbonato de cal. / **C. estacionaria.** Opacidade da lente cristalina que non se estende. / **C. estrelada.** Catarata cortical. / **C. falsa.** Catarata que asenta na cara externa da neomembrana formada polo iris inflamado. / **C. fibroide.** Variedade de catarata capsular que non afecta ó cristalino. / **C. glaucomatosa.** Opacidade que depende do glaucoma. / **C. gris.** Catarata cortical senil. / **C. hipermadura.** Aquela na que o cristalino se solidificou e se retraeu ou se converteu en líquido. / **C. iatroxénica.** A producida por fármacos que exercen acción tóxica de tipo cataratoxénico se son administrados durante un tempo relativamente longo. / **C. incipiente.** Catarata nos seus primeiros períodos ou que ten sectores de opacidade con espazos claros intercalares. / **C. infantil.** Catarata zonular da primeira infancia, asociada a miúdo con raquitismo ou convulsións. / **C. inmatura.** Catarata incipiente, ou a que afecta só a unha parte do cristalino ou da cápsula. / **C. lenticular.** Opacidade do cristalino que non afecta á cápsula. / **C. líquida.** A hipermadura na que o cristalino se converteu nun líquido leitoso. / **C. madura.** Aquela na que o cristalino é completamente opaco e separable da súa cápsula. / **C. membranosa.** A orixinalmente líquida que quedou reducida a unha película pola perda de auga. / **C. nuclear.** A que ten a opacidade no núcleo central da lente. / **C. polar, anterior e posterior.** Cataratas capsulares situadas nos polos anterior e posterior, respectivamente. / **C. primaria.** A que se desenvolve independentemente doutra afección. / **C. progresiva.** A non extraída que pasa polos tres períodos: incipiente, maduro e hipermaduro. / **C. sanguínea.** Obstrución da pupila por un coágulo sanguíneo. / **C. secundaria.** A que resulta da recidiva despois de extraída a primaria por medio dunha operación. / **C. senil.** Opacidade dura do núcleo do cristalino que ocorre nos anciáns, tipo de cataratas duras. / **C.**

subcapsular. A situada debaixo da cápsula do cristalino. / **C. traumática.** A consecutiva a un traumatismo. / **C. verdadeira.** Catarata que asenta no cristalino ou na cristaloide na súa cara interna. / **C. xeral.** Catarata completa. / **C. xuvenil.** Catarata branda nun individuo novo.

catarro *s.m.* Inflamación simple dunha mucosa que se acompaña de aumento da segregación. // **C. agudo.** O de aparición recente e curso rápido, que evoluciona xeralmente á curación. / **C. atrófico.** Catarro crónico con atrofia dos tecidos mucoso e submucoso. / **C. auricular.** Otorrea. / **C. bronquial.** Bronquite. / **C. conxuntivo.** Conxuntivite catarral. / **C. crónico.** O de longa evolución. / **C. endocervical.** Endocervicite. / **C. epidémico.** Influenza ou gripe. / **C. hipertrófico.** O crónico, con engrosamento irregular, ás veces papilar, dos tecidos mucosos. / **C. intestinal.** Enterite. / **C. larínxeo.** Larinxite. / **C. nasal.** Rinite. Coriza. / **C. outonal.** Febre do feo. / **C. posnasal.** Rinofarinxite crónica. / **C. primaveral.** Conxuntivite primaveral. / **C. seco.** Catarro con secreción escasa e viscosa. / **C. uretral.** Blenorrxia. / **C. uterino.** Endometrite. / **C. vaxinal.** Vaxinite. / **C. venéreo.** Blenorrxia. / **C. vesical.** Cistite.

catarroso-a *adx.* 1. Pertencente ou relativo ó catarro. Tamén se di **catarral**. // *s.* 2. Persoa que padece de catarro.

catarse *s.f.* 1. Purgación ou evacuación. 2. Psicocatarsa, liberación ou descarga da tensión emocional ou ansiedade ó volver a vivir emocionalmente o pasado baixo guía psicanalítica, especialmente os feitos reprimidos ligados a conflitos inconscientes ou acontecementos traumáticos.

catártico-a *s.m.* 1. Purgante, axente que causa o movemento dos intestinos. // *adx.* 2. Relativo á catarse.

catastalse *s.f.* Onda de contracción cara a abaixo no tubo dixestivo semellante ó peristaltismo común pero non precedida de onda de inhibición.

catástase *s.f.* 1. Estado, constitución, hábito. 2. Restauración a un estado ou lugar normais. 3. Período de declinación de síntomas dunha enfermidade.

catástato *s.m.* Producto ou substancia resultado do metabolismo en serie sucesiva.

catatase *s.f.* Extensión para a redución de fracturas.

catatimia *s.f.* Deformación primaria da percepción da realidade baixo a influencia dunha tendencia afectiva predominante.

catatonía *s.f.* Síndrome caracterizada por períodos de rixidez física, negativismo, excitación e estupor, moitas veces como forma de esquizofrenia. // **C. estuporosa.** Aquela na que o paciente presenta decaemento físico con actitude negativa e un cadro de mirada fixa, rixidez e cataplexía. / **C. excitada.** Catatonía na que o paciente está excitado, impulsivo e hiperactivo. / **C. periódica.** Fases de excitación catatónica que aparecen regularmente.

catatónico-a *adx.* Relativo á catatonía ou caracterizado por ela.

catatricrotismo *s.m.* Catacrotismo.

catatriquia *s.f.* Presencia dunha mecha de pelo separada ou de aspecto diferente, que pode ser hereditaria.

catatropía *s.f.* Cataforia.

cataxelofobia *s.f.* Temor patolóxico ó ridículo.

cataxénese *s.f.* Evolución regresiva, produción por metamorfose retrógrada, involución.

catáxeno *s.m.* Fase de involución no ciclo evolutivo do folículo piloso.

cataxia *s.f.* Disociación ou rotura dunha asociación poli-microbiana patóxena por axentes terapéuticos ou soros.

catecol *s.m.* 1. Pirocatecol. 2. Raíz das catecolaminas, produtos derivados do catecol.

catecolaminas *s.f. pl.* Productos derivados do catecol cunha cadea lateral de alquilamina, das que as máis importantes son a adrenalina e noradrenalina e o seu predecesor a DOPA (dihidrofénilamina), de acción simpaticomimética.

catelectrotonía *s.f.* Aumento da irritabilidade dun nervio ou músculo cando está preto do cátodo, oposto á anelectrotonía.

catenario-a *adx.* Que se relaciona coa cadea dos ganglios simpáticos.

catenoide *adx.* Semellante a unha cadea.

catepsina *s.f.* Proteinase descuberta en moitos tecidos animais, que intervéen na autólise e autodigestión dos mesmos.

catérese *s.f.* 1. Prostración ou debilidade producida por medicamentos. 2. Acción cáustica débil.

caterético-a *adx.* 1. De acción cáustica. // *s.m.* 2. Cáustico débil ou superficial, medio adecuado para destruír fungosidades, úlceras, etc., como o nitrato de prata, alume calcinado, ácidos, etc.

catéter *s.m.* Instrumento tubular cirúrxico para facer entrar ou saír líquidos dunha cavidade do corpo ou para distender un conducto. // **C. de dúas vías.** Catéter con dúas luces que permite irrigar e aspirar. / **C. de Swan-Ganz.** Catéter fino, moi flexible, fluxodirixido, cun balón que o leva a través do corazón ata unha arteria pulmonar onde mide a presión arterial. / **C. intraarterial.** O que se sitúa nunha arteria periférica ou central. / **C. intravenoso.** O que se sitúa nunha vea periférica ou central.

cateterismo *s.m.* Operación de pasar un catéter por un conducto ou cavidade para exploración, administración de líquidos ou medición de diversos parámetros. // **C. cardiovascular.** Introdución dunha sonda especial nunha vea, que avanza por esta baixo comprobación radioscópica e segue ata a vea cava superior e aurícula dereita e desta, por medio de manipulacións, desprázase a outras partes, utilizado como medio para o diagnóstico

de patoloxía cardíaca. / **C. forzado.** Paso a través de estreitezas.

cateterización *s.f.* Cateterismo.

cateteróstato *s.m.* Aparello para conter e esterilizar catéteres.

catgut *s.m.* Material absorbible que se emprega nas ligaduras e suturas cirúrxicas feito con fibras coláxenas da submucosa do intestino de carneiro e outros animais, preparado en forma de cordón ou fío esterilizado impregnado de varias substancias para aseptizalo, ou para comunicarlle maior flexibilidade ou consistencia.

catiemofrenose *s.f.* Contractura do diafragma en inspiración forzada.

cación *s.m.* Elemento electropositivo que pasa ó cátodo na electrólise, que comprende tódolos metais e o hidróxeno e indícase por medio dun punto ou signo + que se coloca na parte dereita e superior do símbolo.

catisofobia *s.f.* Acatisia.

catódico-a *adx.* Relativo ó cátodo.

cátodo *s.m.* Electrodo negativo, polo negativo dunha batería galvánica, ou cara ó que migran e son reducidos os ións cargados positivamente.

católise *s.f.* Electrólise cunha agulla catódica.

catóptrica *s.f.* Rama da física que trata da reflexión da luz.

catóptrico-a *adx.* Relativo á luz reflectida.

catoptrofobia *s.f.* Temor patolóxico a verse reflectido nos espellos.

catoptromancia *s.f.* Arte de adiviñar coa axuda do espello.

catoptroscopio *s.m.* Instrumento para examinalos obxectos pola luz reflectida.

catulótico-a *adx.* Cicatrizante.

cauda *s.f.* Cola. // **C. equina.** Porción terminal da medula espiñal. / **C. helicis.** A parte inferior e dorsal da hélice da orella.

caudación *s.f.* 1. Posesión de cola. 2. Alongamento extraordinario e anormal do clítoris.

caudado-a *adx.* Que posúe unha cola.

caudal *adx.* 1. Pertencente ou relativo á cola. 2. En dirección á cola. 3. Situado máis preto da cola, o contrario de cranial.

caudolenticular *adx.* Relativo ós núcleos caudado e lenticular do corpo estriado.

Caulobacter Xénero de bacterias bacilares que presentan un apéndice polar da mesma longura que o corpo da bacteria, constituído exclusivamente por parede e membrana e que carece de contido citoplasmático. Preséntanse libres ou reunidos en rosetas polos extremos

dos pedúnculos, poden conter pigmentos carotenoides e atópanse no chan e nas augas mariñas e correntes.

cauma *s.m.* Febre, calor, queimadura.

caumestesia *s.f.* Sensación de queimadura.

causa *s.f.* 1. Aquilo que produce un efecto ou estado. 2. O fundamento ou orixe de algo. 3. O que motiva unha enfermidade. // **C. accidental.** A que só obra en condicións determinadas. / **C. constitucional.** A que reside dentro do organismo desde onde actúa a través dalgún proceso sistémico ou defecto conxénito. / **C. determinante** ou **eficiente.** A que por si soa ou con concurso dunha causa predispoñente produce directamente unha enfermidade. / **C. específica.** A que produce unha enfermidade definida ou específica. / **C. excitante.** A determinante. / **C. inmediata.** A determinante que non é remota ou secundaria, toda causa que obra no comezo da enfermidade. / **C. local.** A que non é xeral ou constitucional. / **C. predispoñente.** A que prepara ou dispón de antemán o organismo para sufrir unha enfermidade sen que a produza directamente. / **C. primaria.** A principal ou orixinal. / **C. próxima.** A que precede inmediatamente e produce a enfermidade. / **C. remota.** Toda causa que non é inmediata no seu efecto, predispoñente, secundaria ou última. / **C. secundaria.** A que contribúe á produción da enfermidade. / **C. última.** A causa máis remota, a que pode considerarse como orixinal desde o punto de vista do tempo.

causalxia *s.f.* Neuralxia caracterizada por unha sensación de queimadura e trastornos tróficos cutáneos, debida a unha lesión directa (ferida ou traumatismo) ou indirecta (vascular) dun nervio periférico.

caústico-a *adx.* 1. Queimante, pirótico ou corrosivo, que exerce un efecto semellante a unha queimadura. 2. Que ten sabor urente. // *s.m.* 3. Axente destructor do tecido vivo que ten este efecto queimante, escarótico ou caterérico. 4. Solución dun álcali forte.

cauterio *s.m.* Axente empregado para escarificar, queimar ou corta-la pel ou os tecidos, por medio da calor, da corrente eléctrica ou de substancias cáusticas.

cauterización *s.f.* Aplicación terapéutica dun cáustico.

cava *s.f.* Unha das veas máis importante do corpo. // **C. inferior.** Recibe o sangue das extremidades inferiores e a meirande parte dos órganos abdominais. / **C. superior.** Recibe o sangue da cabeza, as extremidades superiores e o tórax.

cavascopio *s.m.* Celoscopio. Instrumento para iluminar e examinar unha cavidade.

caveira *s.f.* Ósos da cabeza.

caverna *s.f.* 1. Cavidade anatómica con moitas cámaras conectadas como as dos corpos cavernosos ou o corpo esponxoso que forma o tecido eréctil do pene o do clítoris. 2. Cavidade patolóxica que queda despois da evacuación do pus dun absceso ou do abrandamento

dunha masa tuberculosa, como as que se forman nos pulmóns.

caverniloquia *s.f.* Pectoriloquia de ton grave oída sobre unha cavidade pulmonar.

cavernite *s.f.* Inflamación nos corpos cavernosos do pene. // **C. fibrosa.** Enfermidade de La Peyronie.

cavernoma *s.m.* Anxioma cavernoso.

cavernoscopia *s.f.* Exame dunha caverna por medio dun fibroscopio.

cavernoso-a *adx.* 1. Que contén cavernas e espacios ocos. 2. Relativo ás cavernas ou ós corpos cavernosos.

cavernostomía *s.f.* Abertura dunha caverna ou absceso pulmonar para drenaxe.

cavidade *s.f.* 1. Espacio oco. 2. Perda de estrutura dentaria debido a unha carie. // **C. abdominal.** Espacio limitado polas paredes abdominais, o diafragma e a pelve, que contén as vísceras do aparello dixestivo, o peritoneo e os órganos do aparello xenitourinario. / **C. amniótica.** Saco pechado que rodea o embrión en desenvolvemento e que contén líquido amniótico. / **C. aracnoide.** Espacio entre a membrana aracnoide e a duramáter. / **C. areolar.** Cela do tecido esponxoso dos ósos. / **C. articular.** Espacio comprendido entre os extremos óseos e a parede da cápsula articular. / **C. bucal.** Boca. / **C. celómica.** Celoma. / **C. cotiloide.** Escavación na cara externa do óso ilíaco, que recibe a cabeza do fémur, acetábulo. / **C. cranial.** Oco do cranio. / **C. de segmentación.** Cavidade formada pola segmentación dun ovo fecundado, blastocelo. / **C. epidural.** Espacio entre a duramáter e a parede ósea do conducto raquídeo. / **C. epiploica.** Cavidade peritoneal posterior. / **C. espláncnica.** Calquera das tres grandes cavidades do corpo: cranial, torácica e abdominal. / **C. faringonasal.** A nasofarinxe. / **C. glenoide.** Cavidade na escápula, que se articula co úmero. / **C. linfática.** Grandes espazos e cisternas linfáticos. / **C. mastoide.** Grande espacio formado ás veces pola coalescencia das células mastoides, antro mastoide. / **C. nasal.** Fosa nasal. / **C. oral.** Boca. / **C. orbitaria.** Órbita. / **C. pechada.** Bolsa serosa. / **C. pélvica.** Espacio entre as paredes da pelve. / **C. pericárdica.** Espacio entre o corazón e o pericardio. / **C. peritoneal.** Espacio entre o peritoneo parietal e o visceral. / **C. polpar.** Cámara central na coroa dun dente, que contén a polpa dentaria. / **C. serosa.** Espacio, como os comprendidos na pleura e o peritoneo, que non comunica co exterior e segrega soro, considerados por algúns como grandes espazos linfáticos. / **C. sigmoide.** Cada unha das dúas depresións (maior e menor) na cabeza do cúbito para a articulación co úmero e o radio, depresión no extremo inferior do radio para a articulación co cúbito. / **C. somática.** Celoma. / **C. subaracnoide.** Espacio subaracnoide. / **C. subdural.** Espacio subdural. / **C. torácica.** Cavidade espláncnica situada encima do diafragma. / **C. visceral.** A que contén vísceras, cavidade espláncnica.

cavitación *s.f.* Formación de cavidades ou cavernas, como ocorre no pulmón tuberculoso.

cavitario-a *adx.* 1. Que ten cavidades. 2. Pertencente ou relativo a unha cavidade. 3. Dos parasitos que viven dentro da cavidade enteral do hóspede.

cavite *s.f.* Inflamación da vea cava, celoflebite.

cavografía *s.f.* Inxección de contraste iodado hidrosoluble, para visualizala vea cava.

cavovalgo *s.m.* Pé cavo e valgo á vez.

caxato *s.m.* Formación anatómica semellante ó caxato de pastor. // **C. da aorta.** Arco da aorta.

Cb Abreviatura do coulomb.

Cd Símbolo do cadmio.

Ce Símbolo do cerio.

ceásmico -a *adx.* Caracterizado pola persistencia de fisuras ou fendeduras embrionarias, despois do nacemento.

cebadura *s.f.* Alimentación pola sonda gástrica, uso dunha dieta alimenticia moi abundante.

cebocefalia *s.f.* Deformidade da cabeza e a cara na que os trazos suxiren os dun mono, con nariz defectuoso ou ausente e ollos moi aproximados.

cebola *s.f.* Bulbo comestible de sabor picante e cheiro forte con efecto expectorante, diurético e estimulante.

cec-, ceco- Prefixos que indican relación co cego.

cecal *adx.* 1. Que remata en fondo de saco. 2. Relativo ó cego.

cecectomía *s.f.* Escisión cirúrxica dunha porción do cego. Tiflectomía.

ceceo *s.m.* Parasigmatismo, sigmatismo. Defecto de pronunciación das palabras que consiste en pronuncia-lo s como z.

cecite *s.f.* Inflamación do intestino cego. Tamén se di **tiflite**, **tifloenterite** e **tiflenterite**.

cecoccele *s.f.* Hernia do cego. Tamén se di **tiflocele**.

cecocolon *s.m.* Conxunto de cego e colon.

cecocolostomía *s.f.* Formación dunha anastomose entre o cego e o colon descendente.

cecofixación *s.f.* Cecopexia.

cecoileostomía *s.f.* Ileocecostomía.

cecopexia *s.f.* Enteropexia do cego, operación de fixación dun cego móbil. Tamén se di **tiflopexia**.

cecoplicación *s.f.* Redución cirúrxica da cavidade cecal dilatada mediante a formación dun prego na súa parede que logo se sutura.

cecoptose *s.f.* Caída ou descenso do cego.

cecorrafia *s.f.* Sutura do cego. Tamén se di **tiflorrafia**.

cecosigmoidostomía *s.f.* Establecemento dunha comunicación cirúrxica entre o cego e o sigmoide.

cecostomía *s.f.* Formación cirúrxica dunha fístula ou dun ano artificial desde o cego.

cecotomía *s.f.* Incisión no cego. Tamén se di **tiflotomía**.

cefadroxilo *s.m.* Substancia antibiótica semisintética de amplo espectro derivada da cefalosporina C.

cefal- Prefixo grego co significado de cabeza.

cefalagra *s.f.* Cefalalxia artrítica, dor de cabeza gotosa.

cefalalxia *s.f.* Dor de cabeza, cefalea.

cefalea *s.f.* Cefalalxia, dor difusa de cabeza, non limitada á area de distribución dun nervio.

cefaledema *s.m.* Edema cerebral.

cefalemia *s.f.* Conxestión do encéfalo ou da cabeza.

cefalexina *s.f.* Antibiótico de amplo espectro derivado da cefalosporina C.

cefálico -a *adx.* Relativo á cabeza ou ó cerebro, cerebral.

cefalina *s.f.* 1. Monoaminomonofosfátido semellante á lecitina que se atopa no cerebro, no tecido nervioso ou na xema de ovo. 2. Fracción de fosfolípido extraída do tecido cerebral e empregada como hemostático e como reactivo en probas de función hepática.

cefalite *s.f.* Encefalite.

cefalización *s.f.* 1. Concentración ou iniciación do desenvolvemento no extremo anterior do embrión. 2. Tendencia filoxénica das funcións máis complexas do sistema nervioso a localizarse nunha parte máis anterior do cerebro.

cefalo- Prefixo grego co significado de cabeza.

cefalocaudal *adx.* Relativo á cabeza e á cola, ou ó eixe maior do corpo. Tamén se di **cefalocercal**.

cefalocele *s.f.* Encefalocele.

cefalocentese *s.f.* Punción cirúrxica para a drenaxe dun absceso da cabeza ou do líquido na hidrocefalia.

cefalocercal *adx.* Cefalocaudal.

cefalocisto *s.m.* 1. Quiste cerebral. 2. Verme cestodo.

cefaloclasia *s.f.* Cefalotripsia.

cefalocardio *s.m.* Porción intracraneal da corda dorsal embrionaria.

cefalodídimo *s.m.* Monstro fetal, variedade de duplicidade anterior, que presenta dúas cabezas.

cefalodinia *s.f.* Dor de cabeza, cefalalxia, especialmente a de orixe muscular.

cefalodiprosopo *s.m.* Xemelgos unidos asimétricos, coa cabeza do autosito portadora doutra cabeza parasita máis ou menos reducida.

cefalofarínxeo-a *adx.* 1. Relativo á cabeza e á farinxe. // *s.m.* 2. Músculo constrictor superior da farinxe.

- cefalogastro** *s.m.* Porción anterior do conducto entérico do embrión.
- cefaloglicina** *s.f.* Antibiótico semisintético de amplo espectro producido a partir de cefalosporina C.
- cefalografía** *s.f.* Radiografía cefalométrica. Tamén se di **cefalograma**.
- cefalohematocele** *s.f.* Cefalohematoma do neonato que comunica cos seos da duramáter a través dos ósos do cráneo. // **C. de Stromeyer**. Cefalohematocele subperióstica que comunica coas veas e se enche de sangue durante as expiracións forzadas.
- cefalohematoma** *s.m.* Hematoma debaixo do coiro cabe-ludo do neonato debido a un derramo do sangue debaixo do pericranio.
- cefalohemómetro** *s.m.* Instrumento que mide a presión arterial intracranial.
- cefalohidrocele** *s.f.* Acumulación de líquido cefalorra-quídeo debaixo da pel do cráneo despois dun traumatismo cranial. Meningocele falsa.
- cefaloide** *adx.* En forma de cabeza.
- cefaloloxía** *s.f.* Suma de coñecementos relativos á cabeza.
- cefalómelo** *s.m.* Monstro fetal cun crecemento na cabeza semellante a un brazo ou a unha perna.
- cefalometría** *s.f.* 1. Estudio científico das medicións da cabeza en relación con puntos de referencia, empregado para avalia-lo crecemento e desenvolvemento facial. 2. Determinación da posición de fisuras e circunvolucións cerebrais por medidas da cabeza. Tamén se di **craniometría**.
- cefalómetro** *s.m.* Cefalóstato, aparello usado para poñe-la cabeza nunha posición desexada que permita producir películas cefálicas laterais e posteriores reproducibles.
- cefalonía** *s.f.* Macrocefalia con hipertrofia do cerebro. Tamén se di **megalocéfalia**.
- cefalópago** *s.m.* Xemelgos unidos pola cabeza co resto do corpo separado. Tamén se di **craniópago**.
- cefalopatía** *s.f.* Enfermidade da cabeza. Tamén se di **encefalopatía**.
- cefalopélvico-a** *adx.* Relativo á cabeza fetal e á pelve materna.
- cefalopelvimetría** *s.f.* Medición radiográfica das dimen-sións da pelve e a cabeza fetal. Tamén se di **pelvicefalo-grafía**.
- cefalopiose** *s.f.* Absceso na cabeza ou absceso cerebral. Tamén se di **piocefalia**.
- cefaloplexía** *s.f.* Parálise dos músculos da cabeza e da cara.
- cefaloponía** *s.f.* Cargación da cabeza, fatiga cerebral.
- cefaloridina** *s.f.* Antimicrobiano de amplo espectro deri-vado da cefalosporina C.
- cefalorraquídeo-a** *adx.* Relativo á cabeza e á columna vertebral. Tamén se di **cerebrospinal**.
- cefaloscopia** *s.f.* Cranioscopia, cerebroscopia.
- cefalospinal** *adx.* Relativo ó encéfalo e á medula.
- cefalosporina** *s.f.* Unha das varias substancias antibió-ticas obtidas do *Cephalosporium acremonium* e doutros fungos, cun amplo espectro de actividade antibacteriana e acción bactericida. // **C. C.** Cefalosporina que debe a súa actividade antibiótica ó ácido 7-aminocefalosporá-nico da súa molécula, a partir da que se obtiveron nume-rosos derivados semisintéticos que se diferencian esen-cialmente na súa vía de administración e noutras características farmacocinéticas. Algunhas, como a cefa-lexina, a cefaloglicina e o cefalodroxilo, adminístranse por vía oral, pero a maior parte delas introdúcese por vía parenteral (cefaloridina, cefalotina, cefazolina, cefa-mandol, cefoxitina, etc).
- cefalosporinase** *s.f.* Betalactamase.
- cefalosporiose** *s.f.* Infección con esporótricos do xénero *Cephalosporium*, que produce lesións semellantes a gomas.
- cefalóstato** *s.m.* Medio de suxeición da cabeza. Tamén se di **cefalómetro**.
- cefalóstilo** *s.m.* Extremo cranial do notocordio.
- cefalotétano** *s.m.* Tétano consecutivo a unha ferida da cabeza.
- cefalotina** *s.f.* Cefalosporina.
- cefalotomía** *s.f.* 1. Decapitación do feto morto para faci-lita-lo parto. Tamén se di **craniotomía**. 2. Disección da cabeza.
- cefalótomo** *s.m.* Aparello para corta-la cabeza fetal nos casos de distocia severa e feto morto.
- cefalotorácico-a** *adx.* Relativo á cabeza e ó tórax.
- cefalotoracópago** *s.m.* Xemello unido ó outro polas rexións cefálica e a torácica que presentan dúas cabezas e dous troncos máis ou menos desenvolvidos, con catro brazos e catro pernas.
- cefalotractor** *s.m.* Fórceps obstétrico.
- cefalotribo** *s.m.* Instrumento para a práctica da cefalo-tripsia en casos de distocia e feto morto.
- cefalotripsia** *s.f.* Esmagamento da cabeza do feto morto para facilita-lo parto. Tamén se di **cranioclase**, **cranio-tripsia**.
- cefalotriptor** *s.m.* Cefalotribo.
- cefalóxiro-a** *adx.* Que fai xira-la cabeza, aplicado a nervios e músculos rotatorios da cabeza.
- cefamandol** *s.m.* Derivado da cefalosporina C.

cefoxitina *s.f.* Derivado da cefamicina C semellante a cefalosporina, inxectable.

cegarato-a *adx. e s.* Que non ve ben.

cego -a *adx.* 1. Privado da vista. // *s.m.* 2. Persoa que non pode ver. 3. Porción do intestino groso na que remata o ileo, que continúa co colon ascendente e do seu fondo, no home, parte o apéndice vermiforme. // **C. hepático.** Bolsa do intestino embrionario, orixe do fígado. / **C. móbil.** Estado de mobilidade anormal do cego e porción inferior do colon ascendente.

cegueira *s.f.* 1. Perda do sentido da vista, que nos casos de cegueira absoluta implica ausencia da percepción da luz. 2. Perda da apreciación visual de obxectos aínda que a agudeza visual sexa normal. 3. Ausencia de apreciación dunha sensación. // **C. cortical.** Cegueira debida a unha lesión do centro visual cortical. / **C. crepuscular.** Defecto da visión máis manifesto durante a noite, heme-ralopía. / **C. de Bright.** Perda ou diminución da visión en relación coa uremia. / **C. literal.** Cegueira verbal para as letras individuais. / **C. mental.** Cegueira psíquica. / **C. musical.** Cegueira verbal para as notas musicais. / **C. obxectiva.** Estado no que os obxectos vistos non producen impresión na mente, agnosia táctil. / **C. para as cores, azul, vermella, verde.** Imposibilidade de distinguir estas cores. Daltonismo. / **C. psíquica.** Visión sen recoñecementos, trastorno observado na afasia sensorial central. / **C. silábica.** Imposibilidade de distinguir as sílabas. / **C. total.** Cegueira absoluta, incluso imposibilidade de percepción luminosa. / **C. verbal.** Imposibilidade de recoñece-las palabras escritas como símbolo das ideas, alexia.

celación *s.f.* Ocultación do embarazo, do parto ou dunha enfermidade.

celario *s.m.* Membrana que tapiza a cavidade somática ou celoma. Tamén se di **mesotelio** ou **epitelio do celoma**.

-cele Sufixo grego coa significación de tumor, hernia, tumefacción, quiste.

cele-, celi-, celio- Prefixos gregos coa significación de cavidade, ventre, oco, cóncavo.

celectasia *s.f.* Distensión da cavidade abdominal.

celéctomo *s.m.* Instrumento para escindir un anaco de tumor para o seu exame microscópico.

celenterio *s.m.* Arquéntero, celéntero, gastrocele.

celéntero *s.m.* Arquéntero, celenterio, gastrocele.

celiaco-a *adx.* Relativo á cavidade abdominal.

celiadelfo *s.m.* Malformación conxénita que dá orixe a xemelgos que están unidos polo ventre.

celiagra *s.f.* Gota abdominal.

celialxia *s.f.* Dor no abdome.

celiectomía *s.f.* 1. Escisión cirúrxica dun órgano abdominal. 2. Escisión das ramas celiacas do pneumogástrico no tratamento cirúrxico da hipertensión esencial.

celiocentese *s.f.* Punción do abdome.

celiolcolpotomía *s.f.* Incisión da cavidade abdominal por vía vaxinal, celiotomía vaxinal.

celiodinia *s.f.* Celialxia.

celioelitrotomía *s.f.* Celiotomía vaxinal.

celioenterotomía *s.f.* Incisión do intestino a través da parede abdominal.

celiofima *s.m.* Celioma.

celiogastrotomía *s.f.* Abertura do estómago por unha incisión do abdome.

celiohisterectomía *s.f.* Escisión do útero por vía abdominal, operación cesárea de Porro.

celiohisterotomía *s.f.* Abertura do útero por unha incisión abdominal, operación cesárea.

celioma *s.m.* Tumor abdominal.

celiomialxia *s.f.* Dor dos músculos abdominais.

celiomiectomía *s.f.* Extirpación dun mioma uterino por celiotomía.

celiomiosite *s.f.* Inflamación dos músculos abdominais.

celionco *s.m.* Celioma.

celioparacentese *s.f.* Paracentese abdominal.

celiopiose *s.f.* Supuración da cavidade abdominal.

celiopubeosquise *s.f.* Fisura conxénita do ventre a nivel da pube, extrofía vesical.

celiorrafia *s.f.* Sutura da parede abdominal.

celiosalpinxectomía *s.f.* Escisión dunha trompa de Falopio por unha incisión abdominal.

celioscopia *s.f.* Exame da cavidade peritoneal. Tamén se di **peritoneoscopia**.

celioscopio *s.m.* Instrumento para a iluminación e exame das cavidades do corpo.

celiosquise *s.f.* Fisura da parede abdominal.

celiotomía *s.f.* Incisión cirúrxica da cavidade abdominal. Tamén se di **laparotomía**.

celite *s.f.* Calquera inflamación abdominal.

cella *s.f.* 1. Liña semilunar de pelos que cobre o bordo superior da órbita ocular. 2. Pelo individual da cella.

celo- Prefixo que denota relación cunha cavidade.

celo *s.m.* Conxunto de fenómenos indicativos da excitación sexual nos animais irracionais. Tamén se di **estro**.

celofán *s.m.* Derivado da celulosa que serve para a construción de filtros, vendaxes e compresas.

celoflebite *s.f.* Inflamación da vea cava. Tamén se di **cavite**.

celoidina *s.f.* Colodión sólido empregado nos traballos de microscopia para a inclusión de preparacións.

celoma *s.m.* 1. Cavidade do corpo do embrión, comprendida entre o mesoderma espláncnico e o somático, da que se orixinan as principais cavidades do tronco. 2. Cavidade xeral do corpo do adulto. // **C. extraembrionario.** Cavidade limitada polo mesoderma coriónico e o amnio e o saco vitelino.

celómico-a *adx.* Relativo ó celoma, ou cavidade corporal.

celona *s.f.* Vendaxe de celulosa impregnada de xeso.

celoniquia *s.f.* Coiloniquia.

celoscopia *s.f.* Celioscopia, exame de calquera cavidade corporal cun instrumento óptico.

celosito *s.m.* Parasito intestinal.

celosomía *s.f.* Protrusión conxénita das vísceras abdominais ou torácicas, con defectos do esterno e as costelas ou das paredes abdominais.

celosomo *s.m.* Malformación fetal que presenta celosomía.

celotelio *s.m.* Antigamente, mesotelio.

celotipia *s.f.* 1. Idea delirante de celos. 2. Excesivo celo na defensa ou propagación de calquera idea ou causa.

celozoico *s.m.* Celosito. Parasito que habita en calquera cavidade do corpo, é dicir parasito extracelular.

célula *s.f.* 1. Elemento básico da estrutura de calquera tecido organizado (vexetais ou animais) dotado de vida propia, composto dunha masa protoplasmática limitada por unha membrana e que contén un núcleo. A súa forma e estrutura son moi variables, dependendo da súa función. 2. Cella pequena ou cámara para o exame de preparacións microscópicas. 3. Recipiente de vidro, cerámica ou outro material sólido dentro do que se levan a cabo reaccións químicas que xeran electricidade. // **C. A.** Célula alfa do páncreas ou do lobo anterior da hipófise. / **C. acinar.** Calquera célula segregadora que tapiza un ácino, aplicado ás células do páncreas que producen zume pancreático para distinguilas das células dos illotes de Langerhans. / **C. acinosa.** Célula acinar. / **C. adelomorfa.** Variedade de célula transparente cilíndrica atopada nas glándulas do estómago, que se cre que segrega pepsinóxeno. / **C. adiposa.** Vesícula nucleada formada por unha membrana protoplasmática e chea de graxa. / **C. aérea.** Alvéolo pulmonar. / **C. alfa do páncreas.** Célula dos illotes de Langerhans que conteñen gránulos de glicagón. / **C. amacrina.** Célula sen prolongacións longas, como os esponxioblastos da capa nuclear interna da retina. / **C. ameboide.** Toda célula que poida moverse e cambiar de forma. / **C. apolar.** Célula nerviosa sen prolongacións ou polos. / **C. basal ou basilar.** Célula da capa profunda do epitelió. / **C. basófila.** A que ten afinidade polos colorantes básicos. / **C. beta.** Célula constituínte dos illotes de Langerhans, que contén gránulos de insulina. / **C. bipolar.** Célula nerviosa con dous polos situados cada un deles na prolongación do outro. / **C. branca do sangue.** Leucocito. / **C. blastodérmica.** Cada unha das células que forman a membrana

primitiva do embrión. / **C. bronquial.** Célula aérea. / **C. calciforme.** Variedade de célula epitelial que contén mucina e ten forma de cáliz ou copa. / **C. calcíxera.** Osteoblasto que contén depósitos calcarios e que se observa durante o proceso de calcificación. / **C. cariocroma.** Célula nerviosa que contén moita cromatina no núcleo e pouca no citoplasma. / **C. cartilaxinosa.** Célula incluída nas lagoas das cartilaxes. / **C. cebada.** Variedade de célula conectiva que no seu protoplasma ten gran número de gránulos basófilos grosos e irregulares que se tinguen de vermello metacromático coa tionina e o violeta de metilo. / **C. cianófila.** Variedade de célula plasmática. / **C. ciliada.** Célula con pestanas móbiles. / **C. cilíndrica.** Toda célula epitelial con forma de cilindro. / **C. clara.** A presente nos bronquíolos terminais segregadora do factor surfactante. / **C. conxuntiva.** Células do tecido conxuntivo que presentan expansións ramificadas, e que se anastomosan unhas con outras formando unha verdadeira rede. / **C. cordonal.** Células nerviosas da substancia gris da medula espiñal cuns cilindroeixes que van ós cordóns do mesmo lado ou do oposto. / **C. córnea.** Célula epitelial que perdeu o protoplasma e ten bordos agudos. / **C. cromafín.** Células que teñen afinidade especial polos colorantes constituídos por sales de cromo. / **C. cromatófora.** Célula abundante en gránulos de pigmento, na pel escura, raíz do pelo e no grosor da pálpebra nos individuos morenos. / **C. cromófoba.** Célula da porción anterior ou glandular da hipófise, que non se tingue polas substancias colorantes. / **C. cuboide.** A epitelial, cuns diámetros, transversal e vertical, case iguais. / **C. da caduca.** Célula decidual. / **C. da lepra.** Célula nun nódulo leproso que se converteu nun saco que contén protoplasma dexenerado e bacilos. / **C. de Alzheimer.** Astrocito dexenerado. / **C. de Aschoff.** Célula xigante nun nódulo reumático. / **C. de Cajal.** Células especiais no estrato máis superficial do córtex cerebral, que presentan dúas e máis prolongacións cilindráxís, astrocito. / **C. de Erlich.** Células cebadas. / **C. de fibra contráctil.** Células fusiformes e núcleo central ou excéntrico que, reunidas en fascículos, forman a fibra muscular lisa. / **C. de Gaucher.** Células grandes cun ou máis núcleos e protoplasma homoxéneo, que aparecen no bazo na anemia esplénica familiar. / **C. de Gley.** Célula do tecido intersticial do testículo, célula de Leydig. / **C. de Golgi.** Astrocito, célula de neuroglía con numerosas prolongacións radiadas en tódolos sentidos. / **C. de Henle.** Célula grande nucleada granular dos tubos seminíferos. / **C. de Hodgkin.** Célula análoga á de Reed-Sternberg, pero provista dun só núcleo. Non é específica da enfermidade de Hodgkin. / **C. de insuficiencia cardíaca.** Nos esputos, células alveolares grandes con gránulos pardos de hemosiderina, signo de repetidos episodios de hemoptise con acumulación intraalveolar de glóbulos vermellos. / **C. de Kupffer.** Células estreladas de natureza reticuloendotelial nas paredes dos sinusoides do fígado, que contribúen á elaboración da bilirrubina a partir dos glóbulos vermellos destruídos. / **C. de Lagerhans.** Célula estrelada nas partes máis profundas da zona xerminativa da epiderme. / **C. de Langhans.** Células

epiteliais poligonais que constitúen a capa de Langhans. / **C. de Leydig.** Célula intersticial do testículo á que se atribúe a segregación interna do órgano. / **C. de Malpighi.** Células espiñoas do estrato de Malpighi. / **C. de Meynert.** Células piramidais solitarias no córtex cerebral, ó redor da cisura calcarina. / **C. de Mikulicz.** Células no rinoscleroma, que conteñen os bacilos da enfermidade. / **C. de Nageotte.** Escavación nun portaobxectos de vidro, que ten gravada no fondo unha cuadrícula para conta-los elementos celulares contidos en 1 mm³ de líquido examinado. / **C. de Neumann.** Célula vermella nucleada da medula ósea que forma os eritrocitos. / **C. de Niemann-Pick.** Células grandes, ovais ou poligonais, de protoplasma vacuolado, atopadas no bazo nas enfermidades do mesmo nome. / **C. de Purkinje.** Células nerviosas dun corpo grosso, piriforme, con prolongacións protoplasmáticas dirixidas cara á periferia e o cilindroeixe cara á profundidade, situadas entre os estratos molecular e granuloso do cerebelo. / **C. de Reed-Sternberg.** Célula grande provista de dous núcleos dispostos simetricamente con nucléolos prominentes, característica do linfoma tipo Hodgkin. / **C. de Schwann.** Unha das células que compoñen a vaina de Schwann. / **C. de Sertoli.** Células alongadas en forma de columna situadas nos tubos seminíferos, que desempeñan unha función nutritiva e que, coas espermatídes, forman un corpo complexo, o espermatóforo. / **C. de Unna.** Fibroblasto. / **C. de Virchow.** Células da lepra. / **C. decidual.** Célula grande nucleada de contido granular, que procede do tecido conxuntivo da mucosa uterina. / **C. delomorfa.** Célula segregadora do ácido no estómago, célula granulosa situada entre a membrana basal dos túbulos das glándulas cardiais e as células adelomorfas. / **C. do esmalte.** Ameloblasto. / **C. do tecido conxuntivo.** Elemento celular de varias formas do tecido conxuntivo. / **C. emigrante.** Leucocito que atravesou a parede dun vaso sanguíneo. / **C. en descanso.** A que non ofrece cariocinese. / **C. endotelial.** Forma de célula plana que tapiza tódalas cavidades serosas e linfáticas. / **C. ependimaria.** Célula de neuroglía no interior do eixe cerebrospinal. / **C. epiteliode.** Célula nova do tecido conxuntivo que por mutua compresión aparece aplanada, que se observan nos procesos inflamatorios crónicos e no tubérculo. / **C. escamosa.** Célula epitelial plana. / **C. esfenoidal.** Cavidade ou seo do esenoide. / **C. espermática.** Espermatozoide. / **C. espiñoa.** Célula da capa profunda do epitelio pavimentoso estratificado, que posúe múltiples prolongacións que enlazan con outras de células similares. / **C. esqueletóxena.** Osteoblasto. / **C. etmoidal.** Cavidade ancha, principalmente nas masas laterais do óso etmoide. / **C. falciforme.** Corpúsculo vermello en forma de fouce, drepanocito, característico dunha forma de anemia. / **C. fenestrada.** Célula multipolar dos ganglios nerviosos, ó redor da cal as prolongacións dendríticas e os cilindroeixes forman unha rede fenestrada. / **C. feocroma.** Célula da substancia medular da glándula suprarrenal, que se tingue intensamente cos sales de cromo. / **C. fibrosa.** Fibrocélula. / **C. filla.** Toda célula formada pola división dunha célula nai. / **C. flaxelada.** Célula móbil que ten

flaxelos ou cilios longos para a propulsión. / **C. fusi-forme.** Células nerviosas, de ordinario bipolares, en forma de fuso, do estrato molecular do córtex cerebral. / **C. gametoide.** Célula cancerosa semellante ás células reproductoras. / **C. ganglionar.** Forma de célula nerviosa grande, atopada especialmente nos ganglios espiñoais. / **C. glandular.** Célula que elabora un produto de secreción. / **C. glial.** Célula da neuroglía. / **C. globulíxena.** Eritroblasto. / **C. granulosa.** Leucocito. / **C. gustativa ou gustatoria.** Célula dos botóns gustativos ou corpúsculos do gusto, cuberta polas células protectoras. / **C. hepática.** Célula epitelial poligonal que contribúe a constituír un ácino do fígado. / **C. lacrimoetmoidal.** Célula etmoidal situada debaixo do óso lacrimal. / **C. lacunar.** Célula provista dun núcleo grande vesiculoso e citoplasma rodeado dun halo claro característico. / **C. linfoide.** Leucocito emigrante. / **C. mastoide.** Seo da apófise mastoide. / **C. mieloide.** Osteoclasto ou célula xigante da medula ósea. / **C. migratoria.** Leucocito. / **C. mioepitelial.** Elemento muscular no glomérulo das glándulas sudoríparas. / **C. mioide.** Célula do timo, semellante ás fibras musculares estriadas. / **C. mitral.** Célula piramidal que forma unha das capas do bulbo olfactivo. / **C. mucosa.** A que segrega moco ou mucina. / **C. muscular lisa.** Fibrocélula nucleada, alongada e contráctil, peculiar do músculo liso. / **C. nai.** 1. Célula capaz de especializarse en varias liñas celulares subsidiarias. 2. Célula pluripotencial que daría orixe a tódalas células sanguíneas. / **C. nerviosa.** Célula do sistema nervioso, especialmente as células ganglionares ou as células especiais do sistema nervioso, neurona ou neurodendro. / **C. normal.** Toda célula que existe naturalmente nunha parte ou órgano san. / **C. nucleada.** A que ten núcleo. / **C. palatina.** Porcións de células etmoidais que se estenden ó óso palatino. / **C. parietal.** Un dos tipos de células que constitúen as glándulas da mucosa do fondo e corpo gástrico, productoras do ácido clorhídrico. Célula delomorfa. / **C. péptica.** Célula adelomorfa do estómago. / **C. reticular.** Células do tecido que constitúen a armazón dos ganglios linfáticos, bazo e medula ósea. / **C. seminal.** Célula epitelial dentro dos tubos seminíferos, que agrupa as células de Sertoli e as espermatoxénicas. / **C. sexual.** Células grandes do epitelio xerminativo en estadios distintos de maduración. / **C. siderófila.** Célula con granulacións que fixan os sales de ferro. / **C. somática.** Célula do somatoplasma, non diferenciada. / **C. somatocroma.** Célula nerviosa que, polo azul de metileno, se tingue uniformemente, tanto o seu núcleo como o seu citoplasma. / **C. tegumentaria.** Célula que cobre unha estrutura delicada. / **C. tendinosa.** Fibroblastos dispostos en fila entre os fascículos primarios dos tendóns. / **C. totipotencial.** A que é capaz de desenvolverse en calquera variedade celular. / **C. unipolar.** Célula nerviosa cunha soa prolongación protoplasmática. / **C. vasoformativa.** Célula que se une con outras para formar vasos sanguíneos. / **C. vermella do sangue.** Corpúsculo vermello, eritrocito, hemacia. / **C. vibrátil.** Célula ciliada. / **C. visual.** Elementos neuroepiteliais da retina, bastóns e conos. / **C. WI-38.** As primeiras células

humanas normais derivadas de tecido pulmonar fetal, cultivadas continuamente. / **C. xerme.** A que, ó desenvolverse, forma un espermatozoide ou un óvulo, especialmente este último. / **C. xigante.** 1. Célula moi grande, con moitos núcleos, da medula ósea. 2. Variedade de célula patolóxica que se atopa no centro do folículo tuberculoso e outros procesos.

celular *adx.* 1. Relativo ás células, derivado delas ou compostos por elas. 2. Que ten numerosos compartimentos ou intersticios. // **Tecido c.** Tecido conxuntivo.

celularidade *s.f.* Grao, calidade ou condición das células presentes.

celulase *s.f.* Enzima que cataliza a hidrólise da celulosa, segregada por certas bacterias e fungos e pola mucosa do tracto dixestivo dos herbívoros.

celulicida *adx.* Que destrúe células.

celulífero-a *adx.* Que produce ou leva células.

celuliforme *adx.* En forma de célula.

celulífugo-a *adx.* Que se aparta dunha célula ou do corpo celular, aplicado ás prolongacións dalgunhas células ou de certas células que son repelidas por outras.

celulípeto-a *adx.* Que se move cara a unha célula ou un corpo celular, ou que se estende en dirección a eles.

celulite *s.f.* Inflamación difusa do tecido conxuntivo. Refírese xeralmente ó tecido celular subcutáneo. // **C. aguda do coiro cabeludo.** Inflamación localizada no coiro cabeludo sen supuración. / **C. disecante.** Perifolliculite disecante do coiro cabeludo. / **C. orbitaria.** Inflamación do tecido celular da órbita. / **C. pélvica.** Inflamación do tecido celular ó redor do útero, parametrite, ou do recto, periproctite.

celulocutáneo-a *adx.* Pertencente ou relativo ó tecido celular e á pel.

celulofibroso-a *adx.* Celular e fibroso ó mesmo tempo.

celuloide *s.m.* Substancia que en gran parte se compón de piroxilina e alcanfor, usada en odontoloxía e cirurxía.

celuloma *s.m.* Tumor de células.

celuloneurite *s.f.* Neuronite.

celulorradiculoneurite *s.f.* Polirradiculoneurite.

celulosa *s.f.* 1. Composto orgánico máis abundante que constitúe a base da fibra vexetal formando as membranas das células. Atópase case pura no algodón hidrófilo. 2. Capa celular.

celulotóxico-a *adx.* 1. Producido por toxinas celulares. 2. Tóxico para as células.

cementación *s.f.* 1. Proceso de unir con cemento. 2. En odontoloxía, restaurar con cemento as caries dentarias.

cementite *s.f.* Inflamación do cemento dun dente.

cemento *s.m.* 1. Toda substancia que serve para pegar ou unir entre si corpos sólidos. 2. A capa de tecido óseo

modificado que cobre a raíz dun dente. 3. En odontoloxía, material non metálico usado para reparalos dentes.

cementoblasto *s.m.* Célula da que se desenvolve o cemento dentario.

cementoblastoma *s.m.* Cementoma verdadeiro, tumor odontoxénico benigno de cementoblastos que aparece como unha lesión radiolúcida-radiopaca na raíz dun dente.

cementocito *s.m.* Célula con numerosas prolongacións, presente no cemento secundario do dente.

cementoclasia *s.f.* Destrución ou desintegración do cemento dentario por cementoclastos.

cementoclasto *s.m.* Célula xigante multinucleada idéntica ó cementoblasto dedicada á destrución do cemento dentario.

cementoma *s.m.* Tumor benigno produtor de cemento que pode ser de distintos tipos (displasia cementaria periapical, fibroma osificante central, cementoblastoma, masa cemental esclerótica).

cementoperiostite *s.f.* Piorrea alveolar.

cementose *s.f.* Desenvolvemento do cemento ou dun cementoma.

cenadelfo *s.m.* Malformación conxénita na que os xemelgos teñen unha parte común que contén un ou máis órganos necesarios para a vida.

encefalocèle *s.f.* Encefalocèle ou protrusión dunha parte do cerebro sen líquido.

cenestesia *s.f.* Sensación xeral da existencia corporal orixinada polo funcionamento dos órganos, sexto sentido, sentido da existencia. Tamén se di **coenestesia**.

cenestesiopatía *s.f.* Perda ou trastorno da cenestesia.

cenestopatía *s.f.* Sensación de malestar xeral non relacionada con ningún órgano nin parte do corpo.

cen- Prefixo que significa baleiro, compartido en común, novo.

cenobio *s.m.* Colonia de organismos unicelulares ou células independentes que se manteñen unidas por unha cuberta común.

cenofobia *s.f.* Temor patolóxico ó baleiro ou ós grandes espazos.

cenopsíquico -a *adx.* De nova aparición no desenvolvemento mental.

cenosito *s.m.* Parasito facultativo que pode vivir fóra do hóspede habitual.

cenotipo *s.m.* Tipo común ou primitivo do que se orixinan tódalas formas.

cenotofobia *s.f.* Temor ás novidades, cainofobia, neofobia.

cenotoxina *s.f.* Toxina da fatiga, producida pola contracción muscular.

cenoxénese *s.f.* Proceso ontoxénico que non reproduce os caracteres dos antepasados, oposto a palinxénese.

censura *s.f.* Barreira psíquica que impide que desexos inconscientes cheguen ó sistema preconsciente-consciente.

centenario-a *adx.* Que ten ou supera os cen anos.

centeo *s.m.* Planta gramínea e a súa semente. // **Cornizó** ou **caruncho do c.** Fase invernál, resistente, do fungo *Claviceps purpurea*, que transforma e substitúe o gran do centeo, do que se extrae una substancia (ergotina) que ten a propiedade de contrae-las fibras musculares lisas e as arteríolas, sendo empregada para acelera-lo parto e cohibi-la hemorraxia despois del.

-centese Sufixo que indica punción ou perforación da parte sinalada polo prefixo.

centesimal *adx.* Dividido en centésimas.

centígramo *s.m.* Peso da centésima parte dun gramo. A súa abreviatura é cg.

centinormal *adx.* Que ten unha centésima parte da concentración normal.

centipoise *s.m.* Centésima de poise. A súa abreviatura é cp.

centomanía *s.f.* Hábito patolóxico de picarse.

central *adx.* Situado no centro ou pertencente a un centro, oposto a periférico.

centrifugación *s.f.* Aplicación dunha forza rotatoria rápida con obxecto de separa-los elementos celulares suspendidos nun líquido.

centrifugador *s.m.* Aparello de laboratorio, propio para a centrifugación.

centrífugo-a *adx.* 1. Relativo á dirección da forza que afasta un obxecto do eixe de rotación. 2. Que se afasta do centro, eferente. 3. Relativo ós nervios motores e segregadores.

centrípeto-a *adx.* 1. Relativo á dirección da forza que atrae un obxecto ó eixe de rotación. 2. Que se dirixe cara ó centro, aferente. 3. Relativo ós nervios sensitivos.

centripicio *s.m.* Porción da cabeza entre o occipicio e o sincipicio.

centro *s.m.* 1. Punto medio dunha parte ou órgano, en xeral o interior dun corpo. 2. Grupo de células nerviosas que rexen unha función específica. // **C. abdominal.** Epigastrio. / **C. acelerador.** Centro situado no bulbo raquídeo (medula oblongada), que envía fibras aceleradoras ó corazón. / **C. acústico** ou **auditivo.** Esfera acústica, zona na circunvolución temporal superior na que se perciben os sons. No lado esquerdo a porción posterior deste centro preside o recoñecemento dos sons como palabras e a súa identificación co significado respectivo: é o centro de Wernicke. / **C. anospinal.** Centro para a contracción e para a relaxación do esfínter anal (centro da defecación) e do reflexo anal, situado na intumescencia

lumbosacra da medula espiñal. / **C. automático.** Grupo de células na medula espiñal, que produce movementos independentes da vontade ou dos reflexos. / **C. calorífico.** Centro no núcleo caudado da medula, que preside a produción da calor. / **C. cardioacelerador.** Centro acelerador. / **C. cardioinhibitorio.** Centro do bulbo raquídeo que actúa sobre o corazón por medio do vago. / **C. cardiomotor.** Nódulo auriculoventricular, seguindo a teoría de que o impulso cardíaco se orixina neste punto. / **C. cerebral.** Área do córtex cerebral que ten función ou estrutura especializada, grupo de células no encéfalo que teñen función especial. / **C. cinético.** As centrosferas dun óvulo fecundado. / **C. convulsivo.** Centro situado no bulbo raquídeo, no chan do IV ventrículo, que produce convulsións se é estimulado. / **C. cortical.** Calquera das zonas do córtex cerebral destinadas a funcións especiais de sensibilidade, movemento, coordinación, etc. / **C. da acomodación.** Centro dos movementos do músculo ciliar, porción do núcleo do nervio oculomotor no vértice do III ventrículo. / **C. da cor.** Centro para a percepción das cores, que se considera situado no córtex occipital. / **C. da defecación.** Centro anospinal. / **C. da deglución.** Centro situado no bulbo raquídeo (medula oblonga) que preside esta función. / **C. da erección.** Centro da exaculación. / **C. da exaculación.** Centro que preside a erección do pene e a descarga normal do seme, situado na rexión lumbar da medula, regulado á súa vez desde o bulbo. / **C. da linguaxe.** Centro de Broca na circunvolución frontal inferior. / **C. da mastigación.** Parte do centro facial. / **C. da micción.** O que preside a vexiga e inhibe o ton do esfínter vesical, situado na intumescencia lumbosacra. / **C. da respiración.** Centro que coordina os movementos respiratorios, situado no bulbo. / **C. da salivación.** Centro situado no chan do IV ventrículo, que preside a secreción salival. / **C. da tose.** Centro no bulbo raquídeo, situado encima do centro respiratorio, en conexión co acto de tusir. / **C. dos nomes.** Área no lobo temporal superior que preside o recordo dos nomes. / **C. de asociación.** Centro cortical de orde psíquica, de función coordinativa e asociativa. / **C. de Broca.** Centro da linguaxe. / **C. de gravidade.** Punto polo que pasa constantemente a resultante das forzas paralelas aplicadas a un corpo, no home corresponde á vertebra SII. / **C. de Kupressov.** Centro medular para o esfínter da vexiga. / **C. de Lumsden.** Área na parte superior da ponte, que inhibe ritmicamente a inspiración con independencia do vago. / **C. de nivel baixo.** O relativo a toda clase de acción automática. / **C. de nivel elevado.** O que preside o pensamento, a razón, etc. / **C. de nivel medio.** Todo o que actúa como centro de asociación, como regulador do movemento muscular. / **C. de osificación.** Punto de osificación. / **C. de parturición.** Centro para a contracción do útero e expulsión fetal, corresponde ó centro da erección do sexo masculino. / **C. de reflexos cutáneos.** Serie de centros na substancia gris da medula que, xunto cos centros musculotendinosos, comprenden case tódolos centros reflexos da medula. / **C. do esbirro.** Porción do centro respiratorio. / **C. diabético.** Centro glicoxénico. / **C. dominante.** O principal dun grupo que

ten unha función común. / **C. do pestanexo** ou **para chiscar de ollo**. Centro reflexo no bulbo raquídeo, que preside o pestanexo. / **C. do vómito**. Centro no bulbo que se se estimula provoca o vómito. / **C. espinal**. Calquera dos puntos da substancia gris da medula, dos que, ó ser excitados, dependen os movementos de músculos determinados, subordinados ou independentes dos centros superiores cerebrais. / **C. fibrilar**. Ó microscopio electrónico, compoñente do nucléolo formado por filamentos tamén moi ricos en ARN. / **C. frénico**. Centro tendinoso do diafragma. / **C. ganglionar**. Toda masa de substancia gris entre os ventrículos laterais e a decusación das pirámides anteriores: tálamo, corpos estriados e outros núcleos basais. / **C. glosocinestésico**. Centro na parte posterior da circunvolución frontal media esquerda, que preside os movementos relativos á linguaxe articulada. / **C. glicoxénico**. O situado na parte posterior do chan do IV ventrículo. A súa punción provoca glicosuria. / **C. inhibitorio**. Todo centro que restrinxe calquera proceso ou función ou inhibe outros centros. / **C. motor**. Todo centro que preside, orixina, inhibe ou mantén un impulso motor. / **C. musculotendinoso**. Centros para os reflexos do clono do pé, nocello, reflexo rotuliano e para os reflexos dos flexores e extensores da extremidade superior, situados todos na medula espinal. / **C. nervioso**. Toda porción de substancia gris, que orixina, mantén, inhibe ou regula un impulso motor ou unha función ou proceso orgánico. / **C. pneumotáxico**. Centro na parte superior da ponte, que inhibe ritmicamente a inspiración, independentemente do vago. / **C. óptico**. Punto nunha lente onde se cruzan os raios. / **C. pupilar**. Centro ciliopial que dilata a pupila. / **C. reflexo**. Todo centro no encéfalo ou medula no que unha impresión sensorial se converte en impulso motor, que son numerosos. / **C. sudorífico**. Centros na medula que regulan a diaforese, cun centro dominante no bulbo. / **C. táctil**. Centro para o sentido do tacto, situado na rexión do hipocampo. / **C. tendinoso do diafragma**. Aponeurose central do diafragma. / **C. termolítico**. Centro para a disipación ou perda da calor, situado no bulbo e *tuber cinereum*. / **C. termotáxico**. Centros cerebrais que sosteñen o equilibrio entre a produción e a perda de calor, que se atopan especialmente no mesencéfalo por dentro do tálamo e no *tuber cinereum*. / **C. termoxénico**. Centro calorífero, centro para a produción fisiolóxica de calor, situados na medula e en rexións máis elevadas, no corpo estriado e no tálamo. / **C. trófico**. Todo centro nervioso que regula ou inflúe na nutrición. / **C. vasomotor**. Centro no *tuber cinereum*, bulbo e medula, que regulan o calibre dos vasos sanguíneos. / **C. xenital** ou **xenitoespinal**. Centro de erección no sexo masculino ou o de parturición no feminino, que se considera que está situado na medula cerca da vértebra LII. / **C. xerminar**. Área no tecido linfoide, no que se forman a meirande parte dos linfocitos.

centroblasto *s.m.* Linfocito, de núcleo grande, con dous nucléolos periféricos. Tamén se di **xerminoblasto**.

centrocinesia *s.f.* Movemento excitado por un estímulo de orixe central.

centrocínético-a *adx.* 1. Relativo á centrocinesia. 2. Excitomotor.

centrocito *s.m.* 1. Linfocito transformado, cun núcleo segmentado, presente nos centros xerminais dos folículos linfoides. Tamén se di **xerminocito**. 2. Célula característica das lesións do lique plano, que contén no protoplasma gránulos simples e dobres de tamaño variable que se tinguen con hematoxilina.

centrodesmo *s.m.* Materia que une ós centrosomas dunha célula e forma o comezo do fuso central.

centrofosia *s.f.* Sensación visual orixinada nos centros visuais.

centrolecito -a *adx.* Dos ovos que dispoñen o deutoplasma no centro rodeado por unha capa periférica de protoplasma ovular.

centrómero *s.m.* Cinetocoro, parte estreita non tinxible do cromosoma pola que se separaran as dúas cromátidas. A súa posición é constante para cada cromosoma: preto dun extremo (acrocéntrico), preto do centro (metacéntrico) ou intermedia (submetacéntrico).

centroplasma *s.m.* Protoplasma dunha centrosfera.

centrosclerose *s.f.* Osteosclerose das cavidades centrais dos ósos.

centrosfera *s.f.* Esfera de atracción na cariocinese ou mitose.

centrosoma *s.m.* Corpúsculo que dirixe a actividade na cariocinese. Tamén se di **centríolo**, **corpúsculo central**, **centrosfera**, **microcentro**, **esfera de atracción**.

centrotaxe *s.f.* Orientación do filamento de cromatina nuclear cara ó centrosoma.

cepa *s.f.* 1. Poboación de microorganismos homoxéneos que posúen un conxunto de características definidas. 2. En bacterioloxía, grupo de organismos con ascendencia coñecida, estirpe. // **C. lisóxena**. Cepa bacteriana que acolle un fago temperado.

ceptor *s.m.* Receptor que recibe os estímulos exteriores e os transmite ós centros nerviosos.

cera *s.f.* 1. Substancia plástica que segregan algúns insectos, en especial as abellas (cera animal). 2. Calquera substancia graxa de orixe animal, vexetal ou mineral que se mantén sólida a temperatura ambiente, de propiedades físicas iguais ás da cera de abella. A cera empregada en farmacia é xeralmente a de abella, usada para a confección de unguentos e ceratos. 3. Ésteres de ácidos graxos de alto peso molecular con alcohois monohídricos ou dihídricos que son sólidos a temperatura ambiente. // **C. de óso**. Mestura de cera, aceite e antisépticos, usada para obstruír pequenas cavidades óseas e cohibilas súas hemorraxias. / **C. de oído**. Cerume. / **C. mineral**. Parafina natural.

ceramida *s.f.* Composto lípido que contén esfingosina e un ácido graxo de cadea longa.

cerasina *s.f.* 1. Glicolípido constituído por galactosa, esfingosina e ácido lignocérico. 2. Substancia presente na goma da cerdeira e na doutras árbores. 3. Cerebrósido normal no sistema nervioso que, en casos patolóxicos, se acumula en diversos órganos.

cerato- Prefixo derivado do grego *keras*, *-atos*, corno, que indica relación coa córnea, cornos ou con substancias córneas. Tamén se di **querato**.

cerato *s.m.* Preparación medicinal de aplicación externa, que ten como excipiente unha mestura de cera e aceite, a diferenza das pomadas que conteñen graxas, e dos unguentos que conteñen resinas, máis brando có emplasto, e actualmente pouco usado.

ceraunofobia *s.f.* Temor patolóxico ós raios. Tamén se di **astrofobia**.

ceraunográfico-a *adx.* Que leva a marca do raio, aplicado ás impresións de obxectos próximos que deixa o raio nos corpos que fere.

ceraunoneurose *s.f.* Trastorno nervioso traumático causado polo raio.

ceraunoparálise *s.f.* Parálise determinada polo raio.

cercaria *s.f.* Forma larval con cola, de certos vermes trematodos.

cercenamento *s.m.* Separación dun tecido superfluo.

cerclaxe *s.f.* 1. Procedemento para trata-las fracturas óseas, especialmente da rótula, que consiste en rodealo óso cunha crina ou arame para manter unidos os fragmentos. 2. Operación de desprendemento de retina na que a coroide e o epitelio pigmentado da retina se poñen en contacto coa retina sensitiva desprendida mediante unha banda que rodea a esclerótica, por atrás da inserción do músculo recto do ollo. 3. Colocación dunha sutura non absorbible ó redor dun orificio cervical incompetente.

cercocisto *s.m.* Cisticerco.

cerdeira *s.f.* Árbore da familia das rosáceas, *Prunus cerasus*, da que se preconizou a cortiza como sucedánea da quina, e da que o froito, a cereixa, é refrescante, acidulado e laxante.

cerealina *s.f.* Enzima contido na semente dos cereais, capaz de transforma-lo amidón en dextrosa.

cerebelar *adx.* Cerebeloso.

cerebelífugo-a *adx.* Que procede ou se aparta do cerebelo.

cerebelípeto-a *adx.* Que se dirixe cara ó cerebelo.

cerebelite *s.f.* Inflamación do cerebelo.

cerebelo *s.m.* Porción do encéfalo que ocupa a parte posterior e inferior do cranio, situada sobre a ponte e o bulbo e por debaixo do cerebro, dividido en dúas metades

ou hemisferios unidos polo vermis que ten a función de coordina-lo movemento.

cerebeloso-a *adx.* Pertencente ou relativo ó cerebelo.

cerebración *s.f.* 1. Actividade funcional do cerebro. 2. Fenómeno polo que unha actividade nerviosa sinxela (por exemplo un reflexo) pasou a ser controlada por centros máis altos (cerebro). // **C. inconsciente.** Acción mental da que o individuo non ten conciencia.

cerebralidade *s.f.* Forza ou vigor intelectual.

cerebrastenia *s.f.* Debilidade mental asociada con lesións cerebrais. Tamén se di **encefalastenia**.

cerebriforme *adx.* 1. Semellante ó cerebro ou á substancia cerebral. 2. Que ten cisuras ou circunvolucións coma o cerebro.

cerebrífugo-a *adx.* Que conduce os impulsos dende o cerebro, centrífugo ou eferente.

cerebrina *s.f.* Cerebrósido do tecido nervioso, tamén atopado na xema de ovo, bazo, e outros tecidos.

cerebrípeto-a *adx.* Que conduce ou procede cara ó cerebro, aferente ou centrípeto.

cerebrite *s.f.* Inflamación difusa, non supurada, do cerebro. Tamén se di **encefalite**. // **C. saturnina.** Inflamación cerebral debida á intoxicación por chumbo.

cerebro *s.m.* Todo o que queda dentro do cranio agás o bulbo, a ponte e o cerebelo, porción principal do encéfalo, que ocupa a parte superior do cranio e consta de dúas metades denominadas hemisferios, unidas na base por unha masa de substancia branca, o corpo caloso.

cerebroide *adx.* Semellante á substancia cerebral.

cerebroma *s.m.* Encefaloma, neoformación que se atopa especialmente na substancia branca do encéfalo. Tamén se di **neuroglioma**.

cerebromalacía *s.f.* Encefalomalacía, amolecemento cerebral.

cerebromenínxeo-a *adx.* Relativo ó cerebro e ás súas membranas.

cerebropatía *s.f.* Encefalopatía., enfermidade do cerebro. // **C. psíquica toxémica.** Psicose de Korsakow.

cerebrosa *s.f.* D-Galactosa, azucre obtido por hidrólise de diversos cerebrósidos.

cerebrosclerose *s.f.* Encefalosclerose, forma de inflamación crónica dos hemisferios cerebrais. Tamén se di **arteriosclerose cerebral**.

cerebroscopia *s.f.* 1. Exame ocular co oftalmoscopio para descubrir afeccións cerebrais. 2. Exame *post mortem* do cerebro.

cerebrose *s.f.* Afección ou enfermidade do cerebro.

cerebrósidos *s.m.pl.* Grupo de compostos atopados na vaina mielínica do tecido nervioso.

- cerebroside** *s.f.* Lipoidose na que existe unha acumulación de glicocerebrósidos, como na enfermidade de Gaucher.
- cerebrospinal** *adx.* Relativo ó cerebro e á medula espiñal. Tamén se di **cefalorraquídeo**.
- cerebrostomía** *s.f.* Formación dunha abertura cirúrxica no cerebro.
- cerebrosuria** *s.f.* Presencia de cerebrósido na urina.
- cerebrotomía** *s.f.* 1. Incisión da substancia cerebral. 2. Anatomía ou disección do cerebro.
- cerebrotonía** *s.f.* Tipo de personalidade con predominio dos procesos intelectivos caracterizado por trazos de restricción, inhibición e desexos de ocultamento.
- céreo-a** *adx.* Relativo ou semellante á cera.
- cerina** *s.f.* Ácido cerótico ou cerotínico, ácido graxo da cera de abellas e outras ceras.
- cerio** *s.m.* Elemento metálico, do que se empregan os sales, case unicamente o oxalato, po branco insoluble, sedante e tónico, usado na irritabilidade gástrica, nos vómitos das embarazadas e na tose reflexa. Símbolo Ce. Peso atómico 140,25.
- ceriterapia** *s.f.* Tratamento consistente en tomar baños de parafina líquida.
- cerro** *s.m.* 1. Nada. 2. En termometría, o punto que corresponde á conxelación da auga destilada na escala centígrada. // **C. absoluto**. A temperatura máis baixa posible, na que se supón que a forma de movemento que constitúe a calor xa non existe, fixada en $-273\text{ }^{\circ}\text{C}$.
- cerolisina** *s.f.* Enzima que lisa a cera.
- ceroma** *s.m.* Tumor de tecido que sufriu a dexeneración cérea.
- ceroplastia** *s.f.* Realización de modelos en cera, de mostras anatómicas ou de lesións cutáneas.
- certificable** *adx.* 1. Susceptible de ser certificado. 2. Que por lei debe ser comunicado ás autoridades sanitarias, como as enfermidades infecciosas ou laborais.
- certificación** *s.f.* Declaración que realiza un médico do estado de saúde dunha persoa, xeralmente nun documento oficial.
- certificado** *s.m.* Documento oficial para notificarlles certas enfermidades ás autoridades sanitarias.
- certificar** *v.* Dar información, notificar, especificamente, informa-las autoridades sanitarias da existencia dunha enfermidade contaxiosa ou doutro tipo, pero denunciante.
- cerúleo-a** *adx.* Azul.
- ceruloplasmina** *s.f.* Globulina alfa do sangue, vectora de case a totalidade do cobre plasmático.
- cerume** *s.m.* Segregación cérea das glándulas sebáceas do conducto auditivo externo, que ás veces espesa e forma un tapón, cera do oído.
- ceruminose** *s.f.* Segregación excesiva de cerume.
- cerusa** *s.f.* Carbonato básico de chumbo, tóxico, que se pode utilizar para confeccionar un unguento.
- cerveja** *s.f.* Bebida feita de cereais fermentados.
- cervical** *adx.* Concernente ou relativo a un colo.
- cervicartria** *s.f.* Espondilartrite cervical.
- cervicite** *s.f.* Inflamación do colo uterino.
- cervicoacromial** *adx.* Relativo ó pescozo e ó acromio.
- cervicoauricular** *adx.* Que pertence ó pescozo e á orela.
- cervicoaxilar** *adx.* Relativo ó pescozo e á axila.
- cervicobraquial** *adx.* Relativo ó pescozo e ó brazo.
- cervicobucal** *adx.* Relativo á superficie bucal do colo dun dente molar. Tamén se di **buocervical**.
- cervicodinia** *s.f.* Dor no pescozo, mialxia cervical.
- cervicodorsal** *adx.* Relativo ó pescozo e ó dorso.
- cervicoescapular** *adx.* Relativo ó pescozo e á escapula.
- cervicofacial** *adx.* Relativo ó pescozo e á cara.
- cervicolabial** *adx.* Relativo á superficie labial do colo dos caninos ou incisivos. Tamén se di **labiocervical**.
- cervicooccipital** *adx.* 1. Relativo ó pescozo e ó occipicio. 2. Dunha forma de neuralxia que radica nos nervios cervicais e occipitais.
- cervicotorácico-a** *adx.* Relativo ó pescozo e ó tórax.
- cervicovaxinal** *adx.* Relativo ó colo uterino e á vaxina.
- cervicovesical** *adx.* Relativo ó colo uterino e á vexiga, ou ó colo da vexiga.
- cerviz** *s.f.* Parte posterior do pescozo, caluga.
- cesárea** *s.f.* Incisión nas paredes abdominal e uterina para a extracción do feto, placenta e membranas fetais cando a vía vaxinal non está indicada. Tamén se di **laparohisterotomía abdominal**, **histerotomía**, **cesarotomía**.
- cesarotomía** *s.f.* Cesárea.
- cesio** *s.m.* Elemento metálico, monovalente, que pertence ó grupo de metais alcalinos. Símbolo Cs. Número atómico 55. Peso atómico 132,8. // **Bomba de c.** Aparello de irradiación gammaterápica que emprega o cesio radioactivo. / **C-137**. Isótopo radioactivo empregado en radioterapia do cancro.
- cesta** *s.f.* Estructura reticular que forman as prolongacións de certas células nerviosas ó redor doutras células nerviosas, especialmente no córtex cerebeloso. // **C. para cálculos**. Instrumento que se pasa ó través dun endoscopio para capturar e extrae-los cálculos urinarios. / **C. pélvica**. Aparello ortopédico que sostén e fixa ó corpo orteses e próteses de membro inferior.
- cesteretismo** *s.m.* Irritabilidade da vexiga.
- cestodos** *s.m.pl.* Vermes planos, acintados, segmentados, hermafroditas, parasitos, que carecen de intestino e

posúen varios órganos de fixación chamados escólex, parasitos dos vertebrados cando son adultos, atopándose no intestino delgado. Son deste grupo as tenias e o *Echinococcus*.

cestoide *adx.* Semellante a unha cinta.

cetina *s.f.* Compoñente principal do esperma de balea.

cetoacidose *s.f.* Acidose metabólica causada pola hiperproducción de corpos cetónicos como consecuencia da síntese de glicosa a partir da reserva graxa do organismo, que ocorre no xaxún ou en enfermidades como a diabete, especialmente na súa variedade xuvenil ou tipo I.

cetoaciduria *s.f.* Excreción de urina cun contido elevado de ácidos cetónicos.

cetólise *s.f.* Disolución ou desintegración das cetonas.

cetolítico-a *adx.* Que causa a disolución ou desdobra as cetonas.

cetona *s.f.* Acetona, substancia orgánica que posúe o grupo carbonilo -CO.

etonemia *s.f.* Presencia de concentracións recoñecibles de corpos cetónicos no sangue.

cetónico-a *adx.* Relativo á cetona ou que ten as súas características.

etonuria *s.f.* Aumento de excreción de corpos cetónicos na urina.

cetosa *s.f.* Azucre que contén o grupo carbonilo -CO.

cetose *s.f.* Estado caracterizado polo aumento de produción de corpos cetónicos que, de acumulárense, causan acidose. Tamén se di **cetoacidose**.

cetosteroide *s.m.* Composto orgánico que contén o grupo funcional -CO (carbonilo), característico das cetonas. En condicións normais atópanse na urina metabolitos de hormonas androxénicas e adrenocorticais con este trazo estrutural, e, cando se trata de tumores ováricos ou suprarrenais, en cantidades excesivas.

cetoxénese *s.f.* Producción de corpos cetónicos por oxidación das graxas e algúns aminoácidos.

cetoxenético-a *adx.* Que produce ou pode ser convertido en cetonas. Tamén se di **cetóxeno**.

cetóxeno-a *adx.* Cetoxenético, do réxime alimenticio que produce corpos cetónicos.

cevitámico-a *adx.* Ascórbico.

chagoma *s.m.* A lesión cutánea na Enfermidade de Chagas aguda.

chancrela *s.f.* Chancro brando.

chancriforme *adx.* Semellante ó chancro.

chancro *s.m.* Pequena úlcera con tendencia a estenderse e corroe-las partes inmediatas. // **C. brando ou chancroide.** Úlcera venérea, non sifilítica, debida ó bacilo de Ducrey, que comeza por unha pústula nos xenitais e despois dun período de incubación de tres a cinco días

medra rapidamente producindo pus. A segregación é contagiosa e autoinoculable. / **C. crónico.** Forma de chancro simple da vulva, ordinariamente non contagioso. / **C. de Hunter.** Chancro duro. / **C. de Nisbet.** Absceso nodular no pene despois de linfanxite aguda por chancro brando, bubónulos. / **C. de Ricord.** Lesión inicial apergamiñada da sífilis. / **C. de Rollet.** Chancro mixto. / **C. dos nenos.** Afta. / **C. duro.** Úlcera que constitúe a lesión primaria da sífilis, na que a base e os bordos son manifestamente duros e produce unha lixeira segregación que, inoculada a outra persoa, orixina a sífilis. / **C. indurado.** Chancro duro. / **C. infectante.** Chancro sifilítico. / **C. masivo.** Chancro sifilítico debido a unha vasta inoculación en superficie. / **C. mixto.** Chancro que ó principio ten as características de brando, pero que logo adquire as do sifilítico, por estar infectado dobremente co bacilo de Ducrey e a espiroqueta sifilítica. / **C. non infectante.** Chancro brando. / **C. verdadeiro.** Chancro sifilítico.

chancroide *s.m.* Chancro brando.

chancroso-a *adx.* Da natureza do chancro.

chapa *s.f.* Enfermidade caracterizada por nódulos subcutáneos, do tamaño do ovo de pomba, que rompen e deixan saír un material de aspecto graxo e forman úlceras, estando a erupción precedida de dores musculares e articulares graves.

chapeta *s.f.* Mancha vermella nas meixelas, asociada a diversas enfermidades, especialmente cardíacas e hepáticas.

chapuzadura *s.f.* Son do líquido batido que se produce ó golpea-la cavidade abdominal coa man plana, cando existen ó mesmo tempo hipotonía e contido líquido gastrointestinal.

chato-a *adx.* Que ten o nariz case plano, como aplanado. Tamén se di **nacho, nafro**.

checheo *s.m.* Vicio de pronunciación no que se substitúe o s polo ch.

cheilite *s.f.* Queilite.

cheiralxia *s.f.* Quiralxia.

cheiroscoPIO *s.m.* QueiroscoPIO.

chiasma *s.f.* Quiasma.

chi-cadrado *s.m.* Técnica estatística que serve para determinar se unha distribución se debe á casualidade ou a factores experimentais.

chincha *s.f.* Insecto parasito (*Cimex lectularius*), transmisor de diversas enfermidades. *Cimex*. Tamén se di **chinche, percebella**.

Chlamydia Xénero de bacterias, cocoides, gramnegativas, parasitos intracelulares obrigados, sensibles ás tetraciclinas. Son saprófitos do home e dos animais superiores.

chochear *v.* Te-las facultades mentais debilitadas a causa da idade avanzada.

chocheira *s.f.* Condición da persoa que chochea.

CHOP Acrónimo de ciclofosfamida, doxorubicina, vincristina e prednisona, asociación medicamentosa para o tratamento de linfomas.

choque *s.m.* 1. Colapso circulatorio, síndrome consecutiva á insuficiencia cardiocirculatoria primaria ou secundaria, caracterizada clinicamente por hipotensión arterial, hipotermia cutánea, taquicardia, hiperpnea, palidez, sudación. 2. Acción e efecto de chocar. // **C. anafiláctico.** O inducido por exposición a un antígeno que esperta unha reacción de hipersensibilidade tipo I. / **C. do corazón.** Sacudemento na parede torácica debido á contracción ventricular. / **C. eléctrico.** Método utilizado no tratamento dalgúns trastornos do ritmo cardíaco (flutter auricular, taquicardia ventricular, fibrilación ventricular, etc.), que consiste na aplicación externa dunha descarga eléctrica breve pero de alta enerxía de corrente alterna ou continua. Tamén se di **cardioversión, desfibrilación, electrochoque.** / **C. en cúpula.** Sensación de bóla que experimenta a man que palpa a rexión precordial na insuficiencia aórtica. / **C. hipoglicémico.** Estado que resulta da brusca diminución da glicosa sanguínea, coma hipoglicémico. / **C. rotuliano.** Sensación táctil, e ás veces auditiva, que se experimenta empurrando bruscamente a rótula contra os cóndilos femorais, cando existe derramo sinovial. / **C. séptico.** O producido nas infeccións. / **C. traumático.** Estado de depresión e colapso consecutivo a traumatismos graves.

cian-, ciano- 1. Prefixos que significan azul. 2. En química, compostos que conteñen o grupo cianuro (CN).

cianocobalamina *s.f.* Composto de cianuro e cobalamina na vitamina B₁₂.

cianopía *s.f.* Cianopsia.

cianopsia *s.f.* Visión azul, estado no que tódolos obxectos se ven de cor azul. Pode ocorrer temporalmente despois de extraer unha catarata.

cianoptose *s.f.* Elongación excesiva da úvula.

cianorrafia *s.f.* Estafilorrafia.

cianose *s.f.* Coloración azul da pel e mucosas, especialmente a debida a anomalías cardíacas e enfermidades pulmonares, causada pola osixenación deficiente do sangue que se manifesta cando a hemoglobina reducida no sangue supera os 5 g. por 100 ml. // **C. falsa.** Debida á presenza no sangue dun pigmento anormal (metahemoglobina) e non por unha deficiente osixenación.

cianótico-a *adx.* Relativo á cianose ou caracterizado por ela. Tamén se di **cianocroico, cianosado.**

cianotomía *s.f.* Amputación total ou parcial da úvula.

cianuria *s.f.* Emisión de urina azul.

cianuro *s.m.* 1. Sal de ácido cianhídrico. 2. Radical (-CN). 3. Ión (CN⁻), moi venenoso e que forma ácido cianhídrico na auga.

ciática *s.f.* Inflamación do nervio ciático, caracterizada por dor e parestesias da coxa e da perna, debida xeralmente á compresión da raíz nerviosa por un disco intervertebral lumbar herniado. De persisti-la compresión ocorren anestesia, perda dos reflexos osteotendinosos e atrofia muscular.

ciatiforme *adx.* En forma de cáliz ou copa.

cibernética *s.f.* Ciencia que estudia os mecanismos de control e comunicación en sistemas viventes e non viventes.

cibofobia *s.f.* Rexeitamento patolóxico ós alimentos, medo a comer.

cicatrectomía *s.f.* Extirpación dunha cicatriz.

cicatricial *adx.* Relativo a unha cicatriz ou da súa natureza.

cicatrícula *s.f.* 1. Cicatriz pequena e superficial. 2. Mancha branca da xema do ovo de galiña, que corresponde ó blastodisco.

cicatriz *s.f.* Tecido de reparación organizado (fibroso) que substitúe os tecidos normais destruídos por lesións ou por enfermidades. // **C. filtrante.** A consecutiva a unha operación por glaucoma, pola que se filtra o humor acuoso. / **C. hipertrófica.** Cicatriz elevada, semellante a un queloide, dura, ríxida, case nunca dolorosa que xeralmente mostra regresión espontánea. / **C. viciosa.** A que pola súa contracción produce deformidade ou altera o funcionalismo dunha parte.

cicatrización *s.f.* Proceso de formación dunha cicatriz que pode efectuarse por primeira ou segunda intención, segundo que o proceso sexa rápido, aséptico e as beiras da ferida confronten, ou máis lento, con infección e perda de substancia.

cicatrizante *adx.* 1. Que causa ou favorece a cicatrización. // *s.m.* 2. Axente ou substancia con esta acción.

cicerismo *s.m.* Síndrome clínica consistente en ataxia, contracturas, convulsións e coma mortal, debida á dieta exclusiva ou predominante de garavanzos cocidos.

ciclamato *s.m.* Sal ou éster do ácido ciclámico. Os seus sales de calcio e de sodio utilízanse como edulcorantes artificiais.

ciclamina *s.f.* Glicicamida, glicósido da artanita ou *Cyclamen europaeum*, tóxico, purgante e emético forte.

ciclán *adx.* Que ten un só testículo.

ciclartrodial *adx.* Relativo a unha ciclartrorse.

ciclartrorse *s.f.* Articulación que permite a rotación, denominada tamén diartrose rotatoria e trocoide.

ciclectomía *s.f.* Escisión dunha porción do corpo ciliar ou do bordo ciliar da pálpebra.

ciclencefalia *s.f.* Estado do feto malformado caracterizado por escaso desenvolvemento e un grao variable de fusión de ámbolos dous hemisferios cerebrais que

presenta ademais fusión dos ollos e ausencia de órganos olfactivos. Tamén se di **ciclocefalia**.

cíclico-a *adx.* 1. Relativo a un ciclo ou que ocorre periodicamente. 2. En química orgánica, continuo, sen fin, como nun anel, aplicado ós compostos da serie aromática ou de cadea pechada. 3. En patoloxía, de evolución sucesiva como os síntomas de certos trastornos mentais.

ciclite *s.f.* Inflamación do corpo ciliar. // **C. heterocrómica.** Inflamación crónica na que o iris do ollo afectado perde pigmentación. / **C. plástica.** Inflamación do corpo ciliar e de todo o tracto uveal con exsudación fibrinosa na cámara anterior e no humor vítreo. / **C. pura.** Inflamación do corpo ciliar sen complicación por parte do iris. / **C. purulenta.** Inflamación supurativa do corpo ciliar. / **C. serosa.** Inflamación simple do corpo ciliar.

ciclo *s.m.* 1. Serie regular de cambios que implica un retorno ó estado primitivo e a súa repetición. 2. Sucesión de síntomas. 3. Período determinado na vida dun protozoario. 4. Unha compresión e unha rarefacción sucesivas dunha onda. // **C. anovulatorio.** Ciclo sexual no que non se libera ningún óvulo. / **C. asexual** ou **sexual.** Período de reprodución asexual ou sexual na vida dun protozoario ou doutro organismo. / **C. biliar de Schiff.** Ciclo no que os sales biliares segregados coa bile son absorbidos polas vilosidades intestinais e de novo levados ó fígado, onde se usan outra vez. / **C. cardíaco.** Período de actividade cardíaca que comprende a sístole, a diástole e as pausas entrámbalas dúas. Comeza con calquera fenómeno e chega ata o momento que dito fenómeno se repite. / **C. celular.** Período de tempo que comprende a mitose e a interfase dunha célula. / **C. citoplásmico.** Período da vida dun parasito, durante o que este mora no citoplasma da célula hóspede. / **C. de Krebs.** Conxunto de reaccións enzimáticas comúns ó catabolismo oxidativo final dos hidratos de carbono, graxas e aminoácidos, nas que, co concurso de ácidos di e tricarbóxicos, o acetilcoenzima A, formado en distintas fases do metabolismo intermediario, é transformado, a través dunha sucesión que se repite de maneira cíclica, en dióxido de carbono e auga. Unha das principais fontes de acetil-CoA é o ácido pirúvico procedente da degradación anaerobia da glicosa e dos hidratos de carbono en xeral. / **C. do pelo.** As fases de crecemento (anáxena), de regresión (catáxena) e de desprendemento (telóxena) na vida dun pelo. / **C. endóxico.** Período da vida dun protozoario parasito transcorrido dentro do corpo dun hóspede vertebrado. / **C. esóxico.** Período da vida dun parasito protozoario transcorrido no corpo do hóspede invertebrado. / **C. esporóxico.** Estadio de espóra dun parasito protozoario. / **C. esquizoxénico.** Período da vida dun protozoario dedicado á multiplicación por división. / **C. humano.** Período esquizoxénico da vida dun parasito protozoario transcorrido no corpo humano. / **C. intranuclear.** Período da vida dun microorganismo transcorrido dentro do núcleo da célula hóspede. / **C. mastigatorio.** Curso completo do movemento da mandíbula durante un só golpe mastigatorio. / **C. menstrual.** Serie de cambios que se repiten periodicamente no ovario, útero e outros

órganos sexuais accesorios, asociados co menstreo e os períodos intermenstruais. / **C. ooxenético** ou **ovárico.** Ciclo sexual desde o desenvolvemento do folículo de De Graaf ata a regresión do corpo lúteo. / **C. vital.** Vida completa dun parasito do sangue, que comprende os ciclos endóxico e esóxico, toda a historia vital dun organismo vivo. / **C. xenésico.** Período reproductivo na vida da muller.

ciclo-, cicl- 1. Prefixos que denotan círculo ou ciclo, tamén usados para referirse ó corpo ciliar. 2. En química, molécula en anel, continua, sen fin, ou formación dunha estrutura deste tipo entre dúas partes dunha molécula.

ciclocefalia *s.f.* Ciclecefalia.

cicloroidite *s.f.* Inflamación da coróide e o corpo ciliar.

ciclodíalise *s.f.* Procedemento cirúrxico que consiste en establecer unha comunicación entre a cámara anterior do ollo e o espazo supracoróide coa fin de reduci-la tensión intraocular no glaucoma.

ciclodiatermia *s.f.* Destrución dunha parte do corpo ciliar mediante diatermia, que se emprega en casos de glaucoma absoluto.

cicloforia *s.f.* 1. Circulación dos líquidos no corpo. 2. Rotación do globo ocular cara a fóra ou cara a dentro por debilidade dos músculos oblicuos do ollo, heteroforia rotatoria. // **C. acomodativa.** A debida ó astigmatismo oblicuo.

cicloformo *s.m.* Paraaminobenzoato de isobutilo, empregado como anestésico local.

ciclorómetro *s.m.* Instrumento que serve para medi-la cicloforia.

ciclofosfamida *s.f.* Axente alquilante de actividade antitumoral do grupo das mostazas nitroxenadas, tamén supresor da actividade das células B e da formación de anticorpos, empregado para o tratamento das enfermidades autoinmunes.

ciclofrenia *s.f.* Psicose manícodepresiva. Tamén se di **ciclotimia**.

ciclograma *s.m.* Rexistro gráfico do campo visual obtido co cicloscopio.

cicloheximida *s.f.* Antibiótico obtido do *Streptomyces griseus*, activo sobre algúns fungos e fermentos, inibidor da síntese de proteína por bloqueo da formación do enlace peptídico, que se liga ás subunidades maiores dos ribosomas. Tamén se di **actidiona**.

cicloide *adx.* e *s.m.* 1. Que suxire ciclotimia, que tende a ter períodos de grandes variacións anímicas, pero dentro de límites normais. 2. Relativo ó composto químico orgánico que contén un anel de átomos.

ciclomastopatía *s.f.* Afección da mama caracterizada polo desenvolvemento excesivo do tecido conxuntivo ou por proliferación epitelial que ás veces se localiza en forma de tumor.

- ciclonopatía** *s.f.* Sensación de malestar experimentada polos cambios barométricos ou polo mal tempo.
- ciclonose** *s.f.* Ciclonopatía.
- cíclope** *s.m.* Monóculo, monoftalmo, individuo con ciclopía, malformación fetal que presenta atrofia do aparello nasal e un só ollo na liña media ou dous ollos unidos.
- ciclopentanofenantreno** *s.m.* Hidrocarburo resultante da fusión de tres aneis bencénicos e un ciclopentano. Representa a estrutura química básica de esteroides e esteroides.
- ciclopía** *s.f.* Ciclocefalia, sinoftalmía, defecto conxénito no que as dúas órbitas se unen formando unha soa cavidade que contén un só ollo, xeralmente asociado a ciclencefalia.
- cicloplexía** *s.f.* Parálise do músculo ciliar que imposibilita a acomodación.
- ciclopropano** *s.m.* Trimetileno, gas incoloro, inflamable, anestésico xeral que produce unha anestesia rápida e profunda, segura e agradable.
- cicloqueratite** *s.f.* Inflamación da córnea e o corpo ciliar.
- ciclose** *s.f.* Movemento do protoplasma e dos plástidos contidos na célula protozoaria.
- cicloserina** *s.f.* Antibiótico de amplo espectro obtido do *Streptomyces orchidaceus*.
- ciclospasmo** *s.m.* Contracción permanente do músculo ciliar, que produce espasmo da acomodación.
- ciclosporina** *s.f.* Fármaco inmunosupresor, producido polo fungo *Tolypocladium inflatum*, que se utiliza na prevención do rexeitamento nos transplantes.
- ciclóstato** *s.m.* Cilindro de vidro no que un animal é xirado sobre un eixe vertical nun experimento.
- cicloterapia** *s.f.* Emprego da bicicleta no tratamento de certas enfermidades.
- ciclotiacida** *s.f.* Tiacida.
- ciclotimia** *s.f.* Estado caracterizado por fases periódicas de axitación e depresión pero dentro de límites normais.
- ciclotomía** *s.f.* Sección cirúrxica do músculo ciliar. Tamén se di **ciliarotomía**.
- ciclótomo** *s.m.* Instrumento cortante empregado na ciclotomía e outras operacións no ollo.
- ciclotrón** *s.m.* Aparello radiosicilador usado especialmente para bombardear os núcleos de átomos con neutróns e producir radioactividade artificial con ións de alta velocidade (protóns e deuteróns).
- ciclotropía** *s.f.* Cicloforia permanente, esencial.
- ciclo xenia** *s.f.* Ciclo de desenvolvemento dun microorganismo.
- cicuta** *s.f.* Conio, planta umbelífera velenosa, de aspecto semellante ó perexil, co que se confunde ás veces. Das súas variedades, a cicuta maior (*Cicuta maculata*) é a única que se ten empregado en medicina como sedante e narcótica.
- cicutina** *s.f.* Alcaloide líquido de *Conium maculatum*, obtido tamén por síntese.
- cicutismo** *s.m.* Envenenamento pola cicuta acuática.
- cicutoxina** *s.m.* Principio activo tóxico da cicuta acuática. É un corpo amorfo, apegadizo, de reacción ácida e sabor repugnante.
- CID** Sigla de coagulación intravascular diseminada.
- ciema** *s.m.* Produto da concepción nos seus primeiros tempos.
- ciemocardia** *s.f.* Embriocardia.
- ciemoloxía** *s.f.* Embrioloxía.
- ciese** *s.f.* Antigamente, embarazo ou preñez.
- ciessedema** *s.m.* Inchazón peculiar, especialmente da cara, que se observa nas mulleres embarazadas.
- ciessiognose** *s.f.* Diagnóstico do embarazo.
- ciESIOLoxía** *s.f.* Suma de coñecementos relativos ó embarazo.
- ciético-a** *adx.* Relativo á xestación.
- cifoscoliose** *s.f.* Combinación de cifose e escoliose.
- cifose** *s.f.* Deformidade en flexión da columna vertebral caracterizada por aumento da curvatura con prominencia dorsal, moitas veces acompañada de patoloxía cardiopulmonar como complicación da deformidade vertebral.
- cifótico-a** *adx. e s.* Relativo á cifose ou que a padece.
- cifótono** *s.m.* Aparello para reducir deformidades na tuberculose vertebral.
- cigapofisario-a** *adx.* Pertencente ou relativo a unha apófise articular.
- cigapófise** *s.f.* Apófise articular dunha vértebra.
- cigoblasto** *s.m.* Esporozoito, xerme ou espóra liberados dun cigoto.
- cigocito** *s.m.* Cigoto.
- cigodactilia** *s.f.* Sindactilia.
- cigolabial** *s.m.* Músculo cigomático menor.
- cigoma** *s.m.* 1. Óso cigomático, malar ou pómulo. 2. Arco cigomático, arco formado pola apófise cigomática do temporal e o pómulo.
- cigomático -a** *adx.* 1. Pertencente ou relativo ó cigoma. // *s.m.* 2. Músculo.
- cigomáticoauricular** *adx. e s.m.* Músculo auricular inferior.
- cigomáticoaxilar** *adx.* 1. Relativo ó cigoma e ó maxilar. // *s.m.* 2. Músculo maseter.
- cigomaxilar** *s.m.* 1. Punto craneométrico no extremo inferior da sutura cigomática. 2. Cigomáticoaxilar.

- cigomorfo -a** *adx.* Organizado de xeito semellante, unido normal ou teratoloxicamente.
- cigoneuro** *s.m.* Célula nerviosa conectada con outras células nerviosas.
- cigoplasto** *s.m.* Corpo en conexión co núcleo, que en certos protozoos dá orixe ós flaxelos.
- cigose** *s.f.* Verdadeira conxugación ou unión sexual de dous organismos unicelulares que consiste esencialmente na fusión dos núcleos das dúas células.
- cigospora** *s.f.* Cigosperma. Entre os *Phycomicetos*, espóra sexual de paredes grosas produto da fusión de dúas estruturas morfoloxicamente idénticas (hifas).
- cigoto** *s.m.* 1. Individuo que se desenvolve a partir dun óvulo fertilizado ou fecundado. 2. Célula diploide resultante da conxugación de dous gametos (espermatozoide e óvulo), óvulo fecundado.
- cigotoblasto** *s.m.* Xerme ou espóra liberados dun cigoto.
- cigotómero** *s.m.* Esporoblasto.
- cili-, cilio-** Prefixos relativos a cilio ou que significan ciliar en calquera sentido.
- ciliado -a** *adx.* Provisto de pestanas ou flaxelos.
- ciliar** *adx.* 1. Relativo a calquera cilio ou prolongación de tipo piloso, especificamente ás pestanas. 2. Relativo a algunhas estruturas do ollo (por exemplo o corpo ciliar).
- ciliaroscopio** *s.m.* Instrumento para examina-la rexión ciliar do ollo.
- ciliarotomía** *s.f.* Incisión cirúrxica na zona ciliar, ciclotomía.
- ciliectomía** *s.f.* 1. Extirpación dunha porción do bordo ciliar da pálpebra, coas raíces das pestanas. 2. Extirpación dunha porción do corpo ciliar, ciclotomía.
- cilindriforme** *adx.* Semellante a un cilindro.
- cilindro** *s.m.* 1. Sólido en forma de columna, por exemplo o molde dunha estrutura tubular (túbulo renal, bronquiolo) que pode observarse en cortes histolóxicos, na urina ou no esputo, composto polo espesamento do líquido segregado nestes órganos. 2. Tipo de lente. 3. Recipiente cilíndrico de metal para almacenar gases a presión. Tamén se di **bala (bala de osíxeno)**.
- cilindroadenoma** *s.m.* Neoplasia epitelial orixinada pola dexeneración hialina dun adenoma, que se pode formar nos conductos glandulares da pel, os salivares ou os bronquiáis.
- cilindroartrose** *s.f.* Articulación na que as superficies articulares son cilíndricas.
- cilindrocefalia** *s.f.* Forma alongada ou cilíndrica do cranio.
- cilindrocélular** *adx.* Composto de células cilíndricas.
- cilindrodendrita** *s.f.* Rama colateral dun cilindroeixe, paraxon.
- cilindroeixe** *s.m.* Prolongación dunha célula nerviosa, interpretando a fibra nerviosa mielínica como un cilindro cun eixe, o axon, que constitúe a parte esencial conductora, axon, neurita, neuraxon.
- cilindroide** *s.m.* Cilindro falso ou mucoso da urina, que non é un molde dun túbulo urinario.
- cilindroma** *s.m.* Cilindroadenoma.
- cilindruria** *s.f.* Presencia de cilindros na urina.
- cilio** *s.m.* 1. A pálpebra ou o seu bordo libre. 2. Pestana. 3. Extensión móbil da superficie dunha célula ou dunha bacteria.
- ciliospinal** *adx.* Relativo ó corpo ciliar e á medula, en particular ó centro da rexión cervicodorsal da medula que rexe a dilatación da pupila.
- ciliotomía** *s.f.* Incisión cirúrxica dos nervios ciliares.
- cilose** *s.f.* 1. Estremecemento espasmódico da pálpebra. 2. Cilosoma.
- cilosoma** *s.m.* Defecto conxénito unilateral da parede abdominal inferior con escaso desenvolvemento da perna do mesmo lado. Tamén se di **cilose**.
- cilósomo** *s.m.* Feto malformado que presenta cilose.
- cim-, cimo-** Prefixos que indican relación con fermentación, enzimas.
- cimase** *s.f.* Enzima ou fermento soluble, especificamente o enzima intracelular do fermento que cataliza a fermentación acohólica (Cimase de Buchner).
- cimba** *s.f.* Parte superior do oído externo por riba da raíz da hélice.
- cimbiforme** *adx.* En forma de bote, navicular.
- cimbocefalia** *s.f.* Forma bilocular do cranio, por depresión profunda na rexión bregmática. Tamén se di **clinocefalia, escafocefalia**.
- cimboide** *adx.* Cimbiforme.
- cimeno** *s.m.* Hidrocarburo que existe nas esencias de alcaravea, comiño, santónico, tomiño, eucalipto e outras. Tamén se di **cimol**.
- cimetidina** *s.f.* Composto químico análogo e antagonista da histamina que bloquea os receptores H₂ da histamina e inhibe a segregación de ácido gástrico, empregada no tratamento das síndromes que cursan con hiperclorhidria como a úlcera gastroduodenal e a síndrome de Zollinger-Ellison.
- cimetoloxía** *s.f.* Cimoloxía.
- Cimex** Xénero de insectos hemípteros ó que pertence a chincha común (*C. lectularius*), que infestan as vivendas humanas e a súa picada produce urticaria.
- címico -a** *adx.* Relativo ós fermentos organizados.
- cimina** *s.f.* Enzima.
- cimocida** *adx. e s.* Destructor de fermentos.

- cimocito** *s.m.* Célula que produce fermentación, cimó-xeno.
- cimófito** *s.m.* Bacteria que produce fermentación.
- cimóforo -a** *adx. e s.m.* 1. Do grupo de átomos na molécula dun enzima do que depende o seu efecto específico. 2. Activo nun enzima.
- cimógrafo** *s.m.* Instrumento para rexistrar variacións ou ondulacións arteriais ou outras, quimógrafo.
- cimograma** *s.m.* 1. Estudio do espectro de fermentación dos carbohidratos dun microorganismo. 2. Tiras de papel, xeles, etc., nas que se fixan enzimas separados electroforéticamente ou por medios histoquímicos.
- cimohidrólise** *s.f.* Cimólise.
- cimoide** *s.m.* 1. Semellante a un enzima. 2. Toxina derivada dun tecido descomposto.
- cimol** *s.m.* Cimeno.
- cimólise** *s.f.* 1. Fermentación ou dixestión por medio de enzimas. 2. Destrución ou disolución dun fermento.
- cimoloxía** *s.f.* Tratado dos fermentos. Enzimoloxía.
- cimómetro** *s.m.* Cimosímetro.
- cimonematose** *s.f.* Infestación con fungos do xénero *Zymonema*. Tamén se di **blastomicose**.
- cimoplásico -a** *adx.* Formado de fermentos.
- cimoplasma** *s.f.* Trombina.
- cimoproteína** *s.f.* Proteína con poder catalítico ou fermentativo, como a papaína, pepsina, catalase, etc.
- cimoscopio** *s.m.* Aparello para que mide o CO² producido polo poder cimótico dun fermento.
- cimose** *s.f.* 1. Fermentación. 2. Enfermidade infecciosa ou contaxiosa. // **C. gástrica**. Formación de ácidos orgánicos no estómago, debido á acción dos fermentos.
- cimosímetro** *s.m.* Instrumento para medi-los graos de fermentación.
- cimosténico-a** *adx.* Que aumenta a actividade dun fermento.
- cimostético-a** *adx.* Cimosténico.
- cimotecnia** *s.f.* Estudio e técnica das fermentacións, rama da química que trata da aplicación industrial das fermentacións.
- cimóxene** *s.f.* Transformación dun proenzima (cimó-xeno) nun enzima activo.
- cimóxeno** *s.m.* 1. Proenzima, precursor inactivo dun enzima. 2. Bacteria que produce fermentación.
- cinabrio** *s.m.* Vermellón, bisulfuro vermello de mercurio.
- cinaldehido** *s.m.* Aldehido cinámico.
- cinamato** *s.m.* Sal ou éster do ácido cinámico.
- cinameína** *s.f.* Cinamato de bencilo, líquido oleoso, dos bálsamos de Tolú e Perú, do estoraque e do benxuí de Sumatra.
- cinameno** *s.m.* Estireno.
- cinámico-a** *adx.* Relativo á canela.
- cinamilo** *s.m.* Radical monovalente do alcol cinámico e doutros moitos compostos da serie aromática.
- cinamol** *s.m.* Esencia de canela rectificada, estírol.
- cinamomo** *s.m.* Substancia aromática que algúns cren que é a mirra e outros a canela.
- cinanestesia** *s.f.* Trastrono da sensibilidade profunda na que se produce unha perda da facultade de percibi-la dirección de movemento coa conseguinte ataxia.
- cinanquia** *s.f.* Afección grave da gorxa, con sufocación intensa, esquinancia.
- cinantropía** *s.f.* Delirio no que o enfermo ladra porque se considera transformado en can.
- cinase** *s.f.* Proenzima existente en varios tecidos, que activa o enzima específico dos mesmos, enterocinase, trombocinase.
- cinc** *s.m.* Elemento metálico de cor branca azulada. Moitos dos seus sales son medicinais e outros tóxicos, utilízanse como astrinxentes, antiperspirantes e antisépticos suaves e moitas das súas propiedades débense á capacidade do cinc de precipita-las proteínas. Símbolo Zn. Número atómico 30. // **C. branco**. Óxido de cinc. / **Cinc 65**. Isótopo radioactivo de 245 días de vida media, que se usa como marcador en estudos do metabolismo do cinc.
- cincaína** *s.f.* Isopropilhidrocupreína, anestésico empregado na práctica urolóxica en solución ó 0,1%.
- cincalismo** *s.m.* Intoxicación crónica por cinc.
- Cinchona** Xénero de árbores da familia das rubiáceas, indíxenas da América do Sur, que teñen na súa cortiza a quina.
- cinclise** *s.f.* Pestanexo ou respiración rápidos.
- cincófeno** *s.m.* Ácido fenilquinolincarbónico, analxésico, antipirético e uricosúrico que se considera unha droga perigosa porque pode producir lesións hepáticas e gástricas e úsase en animais de laboratorio para producir úlceras gástricas.
- cincomesino -a** *adx.* Relativo ó feto de cinco meses.
- cinconamina** *s.f.* Alcaloide da quina, axente tóxico e antipirético.
- cinconidina** *s.f.* Alcaloide dalgunhas especies de quina, isómero da cinconina.
- cinconina** *s.f.* Alcaloide cristalino branco, de sabor amargo, preparado de moitas variedades de *Cinchona*, tónico e antipalúdico, empregado como a quinina e nas mesmas doses.

cinconismo *s.m.* Envenenamento polos sales de cincona, quinidina ou quinina, caracterizado por cefalaxia, z Unidos de oídos, xordeira e ocasionalmente choqe anafilactoide.

cinconoloxía *s.f.* Estudio da botánica e cultivo das quinas, dos seus alcaloides e efectos.

cincopirina *s.f.* Sal de cloruro de cinc e antipirina que se empregou como o cloruro de cinc, pero é menos cáustica e tóxica.

cincoporoplasto *s.m.* Preparación plástica para aplicar a unha ferida, sobre a que forma unha cuberta protectora.

cine- Prefixo que denota movemento.

cinexangiografía *s.f.* Película radiográfica do corazón, os grandes vasos, os seu movementos e a circulación do sangue por eles despois de inxectar un medio de contraste,

cinensigrafía *s.f.* Rexistro do pulso arterial pulmonar por medio dunha célula fotoeléctrica situada diante do enfermo durante a radioscopia que se ten utilizado no diagnóstico do cancro de pulmón.

cinemascopea *s.f.* Emprego do cinematógrafo para o estudio dos movementos do corpo.

cinemática *s.f.* En fisioloxía, a ciencia que estudia os movementos das partes do corpo, cinética.

cinematización *s.f.* Cineplastia, amputación cineplástica.

cinematografía *s.f.* Fotografía de obxectos en movemento, procedemento que aplicándoo á radiografía con medios de contraste representa o movemento dos órganos, útil para o diagnóstico de enfermidades dixestivas ou circulatorias.

cinematorradiografía *s.f.* Radiografía cinematográfica.

cinemia *s.f.* Movemento ou circulación do sangue, especialmente saída de sangue do corazón.

cinoplastia *s.f.* Tipo de amputación na que o toco se forma de modo que poida utilizarse como potencia motora.

cinexrético -a *adx.* Relativo á enerxía cinética.

cinexalxia *s.f.* Dor muscular que aparece polo movemento.

cinexscopio *s.m.* Instrumento para medi-la refracción ocular, por medio do cal o suxeito observa un obxecto fixo a través dunha fendadura nun disco movable.

cinexse *s.f.* Movemento, en particular o inducido por un estímulo, cinexsia.

cinexsia *s.f.* 1. Cinexse. 2. Cinetose, trastorno debido ó movemento, que comprende o mareo en relación cos medios de transporte. // **C. paradóxica.** Fenómeno que se observa na enfermidade de Parkinson, polo que nun momento determinado o enfermo, como liberado da

rixidez que impedía os seus movementos, anda, salta ou fala espontaneamente.

cinexsialxia *s.f.* Cinexsialxia.

cinexsiatría *s.f.* Cinexsiterapia.

cinexsímetro *s.m.* Instrumento para a medición cuantitativa dos movementos.

cinexsioloxía *s.f.* Ciencia dos movementos, especialmente os hixiénicos e terapéuticos.

cinexsiómetro *s.m.* Cinexsímetro.

cinexsioneurose *s.f.* Trastorno funcional nervioso caracterizado por tics e espasmos musculares.

cinexsismo *s.m.* Autointoxicación polo aumento de metabolitos asociado a fatiga ou excesos físicos.

cinexsiterapia *s.f.* Tratamento das enfermidades polos movementos e o exercicio muscular.

cinexsódico -a *adx.* Relativo á condución de impulsos motores.

cinexsofobia *s.f.* Temor patolóxico ó movemento.

cinexstesia *s.f.* 1. Percepción sensorial do movemento muscular, peso, posición, etc, dos nosos membros, sentido muscular. 2. Ilusión de moverse no espacio.

cinexstesiómetro *s.m.* Instrumento para medir ou examina-la sensibilidade muscular.

cinexética *s.f.* Estudio do movemento, a aceleración ou a velocidade de cambio. Tamén se di **cinemática**. // **C. química.** Estudio da velocidade das reaccións químicas.

cinexetismo *s.m.* Facultade de practicar ou inicia-la acción muscular.

cinexetocardiógrafo *s.m.* Aparello que rexistra os impulsos precordiais debidos ó movemento cardíaco.

cinexetocardiograma *s.m.* Rexistro gráfico das vibracións da parede torácica, producidas pola actividade cardíaca.

cinexetocoro *s.m.* Centrómetro.

cinexetográfico -a *adx.* Que rexistra graficamente os movementos, cinematográfico.

cinexetonúcleo *s.m.* 1. Micronúcleo ou centrosoma dunha célula, a distinción do núcleo principal ou tronúcleo. 2. Nos flaxelados, centrosoma do que parte o flaxelo.

cinexetorradioterapia *s.f.* Radioterapia na que o tubo se move en relación co paciente ou este é movido ante aquel, que permanece fixo, co obxecto de lograr doses elevadas profundas sen sobrecarga-la pel.

cinexetoscopia *s.f.* Fotografía seriada que expón os movementos.

cinexetose *s.f.* Trastorno debido ó movemento. Tamén se di **cinexesia**.

cinexetoterapia *s.f.* Cinexsiterapia.

cinexetoxénico-a *adx.* Que causa ou produce movemento.

cinetóxeno-a *adx.* Cinetoxénico.

cíngulo *s.m.* 1. Estructura en forma de cinto ou faixa. 2. Feixe de fibras de asociación que conectan os núcleos talámicos co córtex cerebral. // **C. dentario.** Rebordo na cara lingual dos dentes incisivos e caninos, cerca do colo do dente. / **C. das extremidades inferiores.** Cintura pelviana. / **C. das extremidades superiores.** Cintura escapular.

cinina *s.f.* Polipéptido natural con actividade vasodilatadora, como a bradicinina, a caliceína, etc.

cinocéfalo *s.m.* Malformación fetal que presenta cabeza semellante á dun can.

cinocentro *s.m.* Centrosoma.

cinodon *s.m.* Dente canino.

cinofobia *s.f.* Temor patolóxico ós cans.

cinoplasma *s.m.* Protoplasma funcional, substancia motora dunha célula, arcoplasma ou ergastoplasma.

cinotoxina *s.f.* 1. Toxina da fatiga. 2. Ponóxeno. 3. Principio cristalizabile, amargo, do *Apocynum cannabinum*.

cinta *s.f.* 1. Tira longa e aplanada. 2. Tenia. 3. Tira plana e delgada de aponeurose, tendón ou material sintético usada para ligar ou suturar.

cintiña *s.f.* 1. Tira longa e aplanada, máis estreita cá cinta. 2. Formación anatómica fina e alongada. // **C. olfactoria.** Tracto olfactorio. Banda branca semellante a un nervio composta principalmente por fibras nerviosas adosada á cara ventral do lobo frontal. / **C. óptica.** Tracto óptico.

cintura *s.f.* 1. Cinto. 2. Parte do corpo entre as costelas e a pelve. // **C. escapular** ou **torácica.** Anel óseo, incompleto por detrás, que serve de unión e sostemento ás extremidades superiores. / **C. pélvica.** Arco óseo formado polos coxais e o sacro.

cinza *s.f.* Residuo da combustión, especialmente das substancias orgánicas.

cioforia *s.f.* Embarazo, xestación.

ción *s.m.* Antigamente, uvúla.

cionectomía *s.f.* Escisión da uvúla ou dunha porción da mesma.

cionina *s.f.* Hormona estimulante de orixe placentaria.

cionite *s.f.* Inflamación da uvúla. Estafilite.

ciopina *s.f.* Pigmento do pus azul.

ciotrofia *s.f.* Nutrición do feto.

cipridofobia *s.f.* Ciprifobia.

cipridoloxía *s.f.* Tratado das enfermidades venéreas. Tamén se di **venereoloxía**.

cipridopatía *s.f.* Enfermidade venérea.

ciprifobia *s.f.* Temor patolóxico a contraer enfermidade venérea ou ó contacto sexual. Tamén se di **cipridofobia**.

ciprofloxacina *s.f.* Fluorquinolona sintética de amplo espectro antibacteriano, activa fronte a xermes gramnegativos e grampositivos.

ciproheptadina *s.f.* Potente antagonista da serotonina e da histamina empregada en certas enfermidades alérxicas, na síndrome carcinoide e como estimulante do apetito.

ciproterona *s.f.* Esteroides sintético capaz de inhibir-las efectos biolóxicos exercidos por hormonas andróxenas endóxenas ou esóxenas, antiandróxeno.

ciptestesia *s.f.* Percepción subconsciente de fenómenos non perceptibles ordinariamente polos sentidos.

circadiano-a *adx.* Relativo ás variacións ou ós ritmos biolóxicos nun ciclo de 24 horas.

circinado-a *adx.* Circular, en forma de anel.

circuíto *s.m.* 1. Traxectoria ou curso do fluxo de corrente eléctrica ou doutra clase. O circuíto denomínase pechado cando é continuo, e aberto cando non é continuo. 2. En cirurxía, toda comunicación entre dous conductos que acurta o camiño que se debe seguir.

circulación *s.f.* Movemento en círculo ou de curso regular que leva de novo ó punto de partida, usualmente refírese á circulación do sangue. // **C. alantoide.** Circulación no feto polos vasos umbilicais. / **C. arterial.** Transporte do sangue no sistema arterial. / **C. colateral.** A que se efectúa por conductos secundarios despois da obstrución do tronco principal. / **C. compensadora.** Circulación colateral. / **C. coronaria.** A do músculo cardíaco. / **C. cruzada.** Circulación que se establece subministrando sangue dun animal a outro. / **C. derivativa.** Paso do sangue das arterias ás veas sen intermediación dos capilares, polos conductos chamados derivativos. / **C. extracorpórea.** Técnica utilizada en cirurxía cardíaca que fai posible a circulación do sangue fóra do corpo por medio dun aparello que suple temporalmente as funcións cardíacas e pulmonares, ou a circulación do sangue ó ril artificial para a súa depuración. / **C. fetal.** A que se efectúa no feto, na que o sangue arterial da placenta pasa pola vea umbilical e chega á cava inferior polo conducto de Arancio e as dúas aurículas cardíacas comunícanse entre si e a placenta pola arteria umbilical. / **C. linfática.** Paso da linfa polos vasos e ganglios linfáticos. / **C. local.** Circulación capilar, considerada en cada órgano ou rexión. / **C. maior.** A circulación xeral, en distinción da articulación menor ou pulmonar. / **C. menor.** A circulación pulmonar. / **C. placentaria.** Circulación fetal. / **C. portal ou da vea porta.** Paso do sangue venoso desde o conducto dixestivo e bazo polo interior do fígado e, finalmente, polas veas hepáticas á vea cava inferior. / **C. pulmonar.** A do sangue polos pulmóns para a súa osixenación. / **C. sinusoidal.** O fluxo de sangue polos tecidos tapizados de endotelio soamente e sen a estrutura propia das arterias. / **C. sistémica.** Circulación xeral. / **C. venosa.** Transporte do sangue desde os capilares ata as aurículas do corazón. / **C. xeral.** Traxecto do sangue por todo o organismo menos o pulmón.

circular *adx.* 1. Semellante a un círculo. 2. Periódico. // **C. do cordón.** Envoltemento do cordón umbilical ó redor do pescozo ou dun membro do feto.

círculo *s.m.* 1. Área ou superficie contida dentro dun anel ou circunferencia. 2. Estructura ou grupo de estruturas en forma de anel. 3. Disposición en circunferencia de certas arterias ou veas. // **C. arterial do cerebro.** Anastomose circular na base do cerebro formada pola carótide interna, arterias cerebrais anterior e posterior, e as arterias comunicantes posteriores. / **C. pechado.** Circuito para administrar un anestésico en inhalación, con nova reaspiración completa e absorción do anhídrido carbónico. / **C. semipechado.** Circuito de administración de anestésicos en inhalación con reaspiración parcial e perda de gases respirados a través das válvulas. / **C. vicioso.** 1. Sucesión de accidentes no que a causa e o efecto inflúen mutuamente agravando a situación. 2. Antiperistaltismo, paso do contido intestinal ó estómago pola abertura artificial, nos casos de gastroenterostomía.

circum- ou **circun-** Prefixos latinos que significan ó redor, denotan un movemento circular.

circumanal *adx.* Perianal, periprótico, ó redor do ano.

circumbulbar *adx.* Peribulbar. Que rodea o globo ocular ou o bulbo.

circumoral *adx.* Perioral. Que rodea a apertura oral.

circuncisión *s.f.* 1. Corte ó redor dunha parte anatómica. 2. Escisión total ou parcial do prepucio. Tamén se di **peritomía, postectomía, postetomía.**

circunducción *s.f.* 1. Movemento circular ou semicircular dun membro ó redor do eixe do corpo. 2. Cicloducción, movemento circular, activo ou pasivo do ollo.

circunferencia *s.f.* Perímetro, contorno, límite externo dunha área circular. // **C. articular do cúbito.** Parte da cabeza do cúbito que se articula coa escotadura cubital do radio. / **C. articular do radio.** Parte da cabeza do radio que se articula coa escotadura radial do cúbito.

circunflexo-a *adx.* Curvo coma un arco, aplicado a algunhas estruturas anatómicas, como arterias, veas, nervios e músculos.

circunscrito-a *adx.* Limitado por unha liña, confinado a un espazo reducido.

circunstancialidade *s.f.* Alteración mental na que se introducen na conversa circunstancias en exceso, sen relación algunha co tema principal do discurso. Obsérvase na esquizofrenia e en trastornos obsesivos.

circunvalado-a *adx.* Relativo a unha estrutura rodeada dun bordo ou parede, por exemplo as papilas gustativas.

circunvolución *s.f.* Unha das elevacións redondeadas prominentes na superficie do cerebro, limitada por canles.

circunvolutivo-a *adx.* Dobrado ó redor de algo.

cirola *s.f.* Froito de varias especies do xénero *Prunus*. // **C. pasa.** Froito maduro e seco de *Prunus doméstico*, utilizado como alimento laxante.

cirro *s.m.* Estructura formada por un acio de cilios fusionados, que constitúe un dos órganos sensoriais ou locomotores de certos protozoarios ciliados.

cirronose *s.f.* Enfermidade fetal que ten como característica a coloración amarela da pleura e do peritoneo.

cirrose *s.f.* 1. Enfermidade progresiva do fígado, que se caracteriza por danos difusos das células do parénquima hepático con rexeneración nodular, fibrose e alteracións da súa estrutura, que se asocia con insuficiencia funcional das células hepáticas e interferencia na irrigación sanguínea do fígado, con produción de ictericia, hipertensión portal, ascite e finalmente insuficiencia hepática. 2. Inflamación intersticial crónica de calquera órgano. // **C. adiposa.** Forma na que as células hepáticas se infiltran de graxa. / **C. alcohólica.** Variedade de cirrose debida ó abuso das bebidas alcohólicas, caracterizada por cambios graxos no fígado, seguidos de fibrose e atrofia. / **C. atrófica.** Forma caracterizada pola diminución do tamaño do fígado. / **C. biliar.** Enfermidade debida a obstrucción biliar. Distínguese unha forma intrahepática ou primaria, de mecanismo autoinmunitario (presencia de anticorpos, antimúsculo liso e antimitocondriais), e unha forma extrahepática ou secundaria, debida á obstrucción prolongada dos conductos biliares. Ámbalas dúas cursan con ictericia, esteatorrea, dor abdominal, hepatosplenomegalia, etc. / **C. cardíaca.** Cirrose por conxestión crónica do fígado, secundaria a insuficiencia cardíaca. / **C. de Laennec.** Cirrose atrófica. / **C. hipertrófica.** Variedade na que o fígado aumenta de volume polo desenvolvemento do tecido conectivo. / **C. mixta.** Variedade que ofrece reunidos os caracteres de cirrose atrófica e biliar. / **C. multilobular.** Cirrose atrófica. / **C. nodular difusa.** Cirrose atrófica. / **C. palúdica.** Forma debida á malaria, con lesións semellantes ás propias da cirrose alcohólica. / **C. periportal.** Cirrose atrófica. / **C. pigmentaria.** Pigmentación do fígado observada na diabete bronceada, o alcoholismo e o paludismo. / **C. portal.** Enfermidade dexenerativa e inflamatoria do fígado, caracterizada pola dexeneración do parénquima hepático e por fibrose nos espazos interlobulares e portais e ó redor dos mesmos, que producen a obstrucción da circulación da vea porta. / **C. sífilítica.** Cirrose causada pola sífilis. / **C. tóxica.** Cirrose producida por envelenamento crónico (chumbo, tetracloruro de carbono, etc.).

cirrótico-a *adx.* Relativo á cirrose ou que a padece.

cirsectomía *s.f.* Escisión dunha porción da vea varicosa.

circenquise *s.f.* Inxección de substancias esclerosantes para o tratamento das varices.

cirsocele *s.f.* Varicocele.

circosese *s.f.* Ligadura de veas varicosas. Tamén se di **circosdesia.**

cirsodesia *s.f.* Cirsodese.

cirsoftalmía *s.f.* Dilatación varicosa dos vasos da conxuntiva e esclerótica.

cirsoide *adx.* Semellante a unha variz.

cirsónfalo *s.m.* Dilatación varicosa das veas periumbilicais, cabeza de medusa.

cirsotomía *s.f.* Extirpación das varices, cirsectomía.

cirsótomo *s.m.* Instrumento cortante usado para operar veas varicosas.

cirtógrafo *s.m.* Cirtómetro que se emprega para rexistrar os movementos da parede torácica.

cirtometría *s.f.* Obtención do trazado da sección horizontal do tórax a diferentes alturas coa axuda do cirtómetro.

cirtómetro *s.m.* Instrumento para determina-la forma e o tamaño do tórax.

cirtose *s.f.* 1. Cifose. 2. Distorsión dos ósos.

cirurxía *s.f.* 1 Rama de medicina que se ocupa do tratamento das enfermidades, lesións e deformidades por medio de operacións ou manipulacións. 2. Procedementos que integran unha operación ou intervención cirúrxica. // **C. antiséptica.** Práctica cirúrxica en concordancia cos principios da antiseptia. / **C. aséptica.** Práctica cirúrxica en consonancia cos principios da asepsia. / **C. cineplástica.** A aplicada á cinematización dos tocos. / **C. clínica.** Práctica cirúrxica na ensinanza clínica. / **C. cosmética.** Cirurxía con procedementos que teñen por obxecto mellora-la estética do individuo. / **C. da dor.** Técnicas cirúrxicas que teñen como finalidade aliviar ou facer desaparecer-la dor. / **C. de urxencia.** A que trata dos accidentes ou enfermidades cirúrxicas de gravidade vital que deben operarse inmediatamente ou en breve prazo. / **C. endoscópica.** Cirurxía que se efectúa introducindo sistemas ríxidos ou semiríxidos no organismo, a través de orificios naturais ou incisións pequenas. / **C. estética.** Cirurxía cosmética. / **C. experimental.** A baseada en experimentos efectuados de antemán en animais para a súa aplicación á cirurxía humana. / **C. fría.** Cirurxía que pode realizarse programándoa con tempo, xa que a afección a tratar non comporta ningún risco inmediato para o paciente. / **C. maior.** Cirurxía relativa ás operacións máis importantes e perigosas. / **C. menor.** A relativa a procedementos ou operacións pouco importantes que podían realizarse na consulta do cirurxián, no dispensario ou no domicilio do paciente. / **C. plástica.** A que ten por obxecto restablece-la integridade anatomofuncional de lesións ou defectos orgánicos, conxénitos ou adquiridos, sobre todo mediante plastias e enxertos. / **C. radical.** Cirurxía na que se extirpa unha grande extensión de órganos ou tecidos co fin de evita-la recidiva da enfermidade. / **C. reconstructora.** Cirurxía plástica. / **C. sen ingreso.** Modalidade de tratamento que lle permite ó paciente marchar á casa despois da intervención cirúrxica. / **C. séptica.** A que se realiza sobre órganos ou

tecidos infectados. / **C. xeral.** A que trata enfermidades e accidentes cirúrxicos de tódalas clases.

cirurxián (f. cirurxiá) *s.* Médico especialista en cirurxía.

cis- 1. Prefixo que significa deste lado, máis preto, contrario de tras-. 2. En xenética, denota a ubicación de dous ou máis xenes no mesmo cromosoma dun par homólogo. 3. En química orgánica, forma de isomerismo na que grupos funcionais similares están unidos ó mesmo lado do plano que inclúe dous átomos de carbono fixos adxacentes.

cisa *s.f.* Desexo de alimentos raros no embarazo, antollo.

cisplatino *s.m.* Axente quimioterápico con actividade antitumoral.

cistadenocarcinoma *s.m.* Neoplasia maligna derivada do epitelio glandular con formación de acumulacións quísticas de segregacións retidas, no que as células neoplásicas manifestan graos variables de anaplasia e invasividade e hai extensión local e metastásica, frecuente nos ovarios.

cistadenoma *s.m.* Neoplasia histoloxicamente benigna derivada do epitelio glandular na que se forman acumulacións quísticas de segregacións retidas, e nalgúns casos toda a masa neoplásica pode ser quística. Tamén se di **cistoadenoma**. // **C. adamantino.** Ameloblastoma. / **C. mucinoso.** Tumor multilocular de células epiteliais do ovario con quistes de mucina. / **C. papilar.** Tumor de patrón papilar e quístico / **C. pseudomucinoso.** Tumor ovárico que contén pseudomucina. / **C. seroso.** Tumor quístico maligno do ovario.

cistaxia *s.f.* 1. Dor ou neuralxia dunha vexiga, especialmente a urinaria. 2. Dor na vesícula biliar.

cistatrofia *s.f.* Atrofia da vexiga.

cistauquenite *s.f.* Antigamente, cistite cervical.

cistauquenotomía *s.f.* Antigamente, cistidotraquelotomía, cistotraquelotomía, incisión do colo da vexiga.

cistectasia *s.f.* 1. Dilatación dunha vexiga ou vesícula. 2. Incisión da porción membranosa da uretra e dilatación do colo da vexiga para a extracción dun cálculo.

cistectomía *s.f.* 1. Extirpación da vexiga urinaria. 2. Extirpación dun quiste. 3. Extirpación da vesícula biliar. // **C. de Bartholin.** Cistectomía vulvovaxinal, extirpación dun quiste da glándula vestibular maior. / **C. parcial.** Extirpación dunha parte ou un segmento da vexiga. / **C. radical.** Extirpación de toda a vexiga, os tecidos graxos que a rodean e os ganglios linfáticos rexionais, que no home inclúe a próstata e as vesículas seminais. / **C. total.** Extirpación de toda a vexiga. / **C. vulvovaxinal.** Cistectomía de Bartholin.

cisteína *s.f.* Aminoácido presente en case tódalas proteínas e moi abundante na queratina.

cistelcose *s.f.* Ulceración da vexiga.

cistencefalia *s.f.* 1. Malformación fetal na que o cerebro ten a forma dun saco membranoso. 2. Grao extremo de hidrocefalia conxénita.

cistendese *s.f.* Sutura dunha ferida da vexiga urinaria ou biliar.

cisterna *s.f.* 1. Calquera cavidade ou espacio pechado que serve de reservorio de quilo, linfa ou líquido cefalorraquídeo. 2. Espacio ultramicroscópico localizado entre as membranas dos sacos aplanados do retículo endoplasmático, o complexo de Golgi ou as dúas membranas da envoltura nuclear.

cisternografía *s.f.* Estudio radiográfico das cisternas basais do cerebro despois da introducción dun contraste ou dunha pequena cantidade de aire no espacio subaracnoide. // **C. con radionúclidos.** Estudio das cisternas da base do cerebro cunha substancia gamma-emisora.

cisti- Prefixo coa mesma significación que cisto-, quiste.

cisticectomía *s.f.* Resección do conducto cístico.

cisticerco *s.m.* Verme vesicular, forma larval da tenia que vive no hóspede intermedio, xeralmente un mamífero, e consiste nunha especie de vexiga chea de líquido onde se desenvolve o escólex.

cisticercoide *s.m.* Tenia larval que infesta xeralmente un insecto, que consiste nunha vexiga pequena sen líquido na que se atopa a cabeza da futura tenia adulta.

cisticercose *s.f.* Enfermidade causada por enquistamento de larvas cisticercas, no home debida á inxestión de carne de porco infestada.

cístico -a *adx.* 1. Pertencente ou relativo a unha vexiga (xa sexa a urinaria ou a biliar) // *s.m.* 2. Conducto cístico.

cisticolitectomía *s.f.* Extracción dun cálculo da vexiga biliar por incisión do conducto cístico.

cisticolitotripsia *s.f.* Litotripsia no conducto cístico.

cisticotomía *s.f.* Incisión do conducto cístico.

cistícula *s.f.* Vesícula biliar.

cistidotraquelotomía *s.f.* Cistauquenotomía.

cistifelia *s.f.* Vesícula biliar.

cistifelotomía *s.f.* Colecistotomía.

cistífero -a *adx.* Que contén quistes. Tamén se di **cistíxero**.

cistiforme *adx.* En forma de quiste ou vexiga.

cistina *s.f.* Dicisteína formada por dúas moléculas de cisteína unidas por unha ponte de disulfuro, é dicir, é un produto da oxidación da cisteína na que dous grupos (-SH) se converten en (-S-S-). Atópase ás veces na urina e orixina cálculos.

cistinefrosc *s.f.* Ril sacciforme ou quístico.

cistinemia *s.f.* Presencia de cistina no sangue.

cistinose *s.f.* Enfermidade por almacenamento de cistina que se deposita nos tecidos en forma de cristais e se

acompaña de cistinemia e cistinuria, enfermidade hereditaria da primeira infancia, a máis común dun grupo de enfermidades con trastornos característicos de disfunción tubulorrenal dos que depende a gravidade, chamadas en conxunto síndrome de Fanconi.

cistinuria *s.f.* Presencia de cantidade abundante de cistina na urina, con outros aminoácidos (lisina, arxinina e ornitina) debido a defectos dos sistemas de transporte destes aminoácidos no ril e no intestino, existente en enfermidades hereditarias coma a síndrome de Fanconi e a dextro-rotación hepatolenticular.

cististaxe *s.f.* Zumegamento de sangue desde a mucosa da vexiga.

cistite *s.f.* Inflamación dunha vexiga, especialmente a urinaria. // **C. aguda.** A producida por traumatismos, irritación por corpos alleos, blenorrxia, etc, caracterizada por sensación de ardor na vexiga, dor na uretra e micción dolorosa e imperiosa. / **C. alérxica.** A debida a un proceso alérxico con eosinofilia no sedimento. / **C. cervical.** Inflamación do colo da vexiga. / **C. crónica.** A consecutiva á cistite aguda non coidada, na que os síntomas son semellantes ós da forma aguda, aínda que atenuados, pero a enfermidade altera a saúde xeral. / **C. folicular.** Cistite crónica caracterizada por pequenos nódulos mucosos debidos a infiltración linfocítica con formación de foliculos linfoides. / **C. senil.** A feminina crónica, aséptica.

cistitomía *s.f.* Incisión cirúrxica da cápsula do cristalino. Tamén se di **cistotomía**.

cistítomo *s.m.* Instrumento para a apertura da cápsula do cristalino.

cistíxero-a *adx.* Que contén quistes.

cisto- Forma prefixa coa significación de vexiga, quiste, saco.

cistoadenoma *s.m.* Cistadenoma.

cistoblasto *s.m.* Capa de células que tapiza a cavidade amniótica do embrión primitivo no lado da capa envolvente.

cistobubonocele *s.f.* Hernia da vexiga polo conducto inguinal.

cistocarcinoma *s.m.* Cistoepitelioma, carcinoma que presenta dexeneración quística. Ás veces dásele este nome incorrectamente ó cistadenocarcinoma.

cistocele *s.f.* Herniación da vexiga urinaria. // **C. vaxinal.** Herniación da vexiga urinaria na vaxina.

cistocolostomía *s.f.* Formación cirúrxica dunha comunicación entre a vexiga e o colon, por implantación no intestino groso do trígono vesical cos uréteres.

cistodacrioma *s. m.* Tumor no saco lacrimal.

cistodinia *s.f.* Cistaxia.

cistoeliotoplastia *s.f.* Cirurxía plástica dos traumatismos e lesións vesicovaxinais.

- cistoenterocele** *s.f.* Protrusión herniaria de partes da vexiga e do intestino.
- cistoepiplocele** *s.f.* Hernia que contén partes da vexiga e do epíplon.
- cistopitelioma** *s.m.* Tumor que contén elementos quísticos e epiteliomatosos.
- cistofibroma** *s.m.* Fibroma con cavidades quísticas.
- cistofotografía** *s.f.* Fotografía do interior da vexiga.
- cistografía** *s.f.* Radiografía da vexiga despois da inxección intravenosa dunha solución opaca que é eliminada pola urina. // **C. anterógrada.** Radiografía das vías urinarias despois de inxectar medio de contraste na vexiga.
- cistohipersarconse** *s.f.* Engrosamento da capa muscular da vexiga.
- cistohisteropexia** *s.f.* Fixación da vexiga e do útero á parede abdominal.
- cistoide** *adx.* 1. Semellante a un quiste. // *s.m.* 2. Tumoraición de forma quística, de materia branda, sen cápsula.
- cistolipoma** *s.m.* Lipoma enquistado.
- cistolitectomía** *s.f.* Extracción dun cálculo da vexiga.
- cistolitíase** *s.f.* Vesicolitíase, desenvolvemento de cálculos na vexiga.
- cistólito** *s.m.* Cálculo da vexiga.
- cistoluteína** *s.f.* Pigmento amarelo dos quistes do ovario.
- cistoma** *s.m.* Neoformación que contén quistes, tumor quístico.
- cistomanometría** *s.f.* Medición da presión intravesical mentres se enche e baleira a cavidade.
- cistomerocele** *s.f.* Cistocele crural ou femoral.
- cistometría** *s.f.* Cistometrografía, método para medir a relación presión/volume da vexiga.
- cistómetro** *s.m.* Instrumento para estudar a función da vexiga medindo a capacidade, presión intravesical e urina residual.
- cistometrograma** *s.f.* Rexistro gráfico da presión intravesical.
- cistomioma** *s.m.* Mioma que sufriu dexeneración quística.
- cistomixoadenoma** *s.m.* Adenoma con quistes ou focos de tipo quístico asociados con cambios mixomatosos no estroma.
- cistomixoma** *s.m.* Mixoma que sufriu dexeneración quística.
- cistomorfo-a** *adx.* Semellante a un quiste ou a unha vexiga.
- cistonefroscopia** *s.f.* Dilatación quística do ril.
- cistoneuralxia** *s.f.* Neuralxia da vexiga, cistaxia.
- cistoparálise** *s.f.* Cistoplexía.
- cistopatía** *s.f.* Afección da vexiga urinaria.
- cistopexia** *s.f.* Ventrocistorrafia, vesicofixación, unión cirúrxica da vexiga urinaria, da vesícula biliar ou dunha cistocele á parede abdominal ou a outras estruturas de soporte.
- cistopielite** *s.f.* Cistite complicada de pielite.
- cistopielografía** *s.f.* Radiografía da vexiga urinaria e da pelve renal.
- cistoplastia** *s.f.* Cirurxía plástica da vexiga.
- cistoplexía** *s.f.* Cistoparálise, parálise da vexiga urinaria.
- cistoproctostomía** *s.f.* Cistorrectostomía.
- cistoptose** *s.f.* Prolapso dunha porción da mucosa da vexiga na uretra.
- cistorradiografía** *s.f.* Cistografía.
- cistorrafia** *s.f.* Sutura dunha ferida ou dun defecto da vexiga.
- cistorraxia** *s.f.* Hemorraxia da vexiga.
- cistorrea** *s.f.* Catarro crónico da vexiga.
- cistorrectostomía** *s.f.* Formación cirúrxica dunha comunicación entre o recto e a vexiga. Tamén se di **vesicorrectostomía**.
- cistosarcoma** *s.m.* 1. Sarcoma onde se formaron cavidades quísticas. 2. Cistadenoma de estroma sarcomatoso. // **C. filóide.** Tumor da mama, xeralmente benigno, orixinado pola proliferación nodular de tecido fibroadenomatoso, crece lentamente sobre un adenoma preexistente, e ás veces dá metástases como un sarcoma.
- cistoscopia** *s.f.* Exame do interior da vexiga urinaria co cistoscopio. // **C. acuosa** Cistoscopia na que se emprega auga para distender a vexiga // **C. aérea** Cistoscopia na que se emprega aire.
- cistoscopia** *s.m.* Endoscopia para examinalo interior da vexiga e realizar tomas diagnósticas de urina ou tecido. Tódolos cistoscopios modernos, ademais de sistema óptico e de iluminación, posúen dispositivos para a unión de catéters para o cateterismo por separado dos uréteres, a toma de mostras de urina de cada uréter e a utilización dun sacabocados a fin de obter fragmentos de tecido para biopsia, ou de culleriñas para a resección endoscópica de lesións vesicais.
- cistosigmoidoplastia** *s.f.* Operación que consiste en abocar unha vexiga atrofiada a unha porción do sigmoide, para aumentala capacidade daquela.
- cistospasmo** *s.m.* Contracción espasmódica anormal da vexiga urinaria.
- cistosquise** *s.f.* Fisura da vexiga.
- cistostaxe** *s.f.* Cististaxe.
- cistosteato** *s.m.* Quiste sebáceo.
- cistostomía** *s.f.* Formación dunha abertura ou fístula na vexiga urinaria.

cistotomía *s.f.* Vesicotomía, creación dunha abertura na vexiga urinaria, que serve especialmente para a extracción de cálculos ou corpos estraños. // **C. perineal.** Cistotomía ó través do perineo pola liña media ou polos lados da mesma, hipocistotomía. / **C. suprapúbica** ou **hipogástrica.** Cistotomía ó través dunha incisión inmediatamente por riba da sínfise púbica, epicistotomía. / **C. vaxinovesimal.** Incisión do fondo da vexiga ó través da vaxina, colpocistotomía.

cistótomo *s.m.* 1. Cistítomo. Instrumento para a práctica da cistotomía da vexiga urinaria ou da vesícula biliar. 2. Capsulótomo, instrumento cirúrxico para corta-la cápsula do cristalino.

cistoureterite *s.f.* Inflamación da vexiga e os uréteres.

cistoureteropielonefrite *s.f.* Inflamación da vexiga, do uréter e da pelve renal.

cistouretrite *s.f.* Inflamación da vexiga da urina e da uretra.

cistouretrografía *s.f.* Radiografía da vexiga e da uretra cheas dun medio de contraste opaco.

cistouretroscopio *s.m.* Instrumento para a exploración do interior da vexiga e da uretra posterior.

cistoxenia *s.f.* Produción ou formación de quistes.

cistrón *s.m.* Unidade xenética máis pequena, capaz de determina-la síntese dun polipéptido. Segundo os conceptos clásicos, un xene pode constar de máis dun cistrón, pero en bioloxía molecular moderna o cistrón equivale esencialmente ó xene.

cisura *s.f.* 1. Fendedura profunda, canle. 2. En neuroanatomía, suco da superficie do cerebro ou da medula espinal.

cisvestismo *s.m.* Costume de usar roupas non apropiadas para a posición ou a categoría da persoa, aínda que si están en consonancia co sexo.

citaférese *s.f.* Procedemento no que diversas células poden ser separadas do sangue extraído e retidas, mentres o plasma e outros elementos figurados do sangue son retransfundidos ó doador.

citarabina *s.f.* Arabinosilcitosina (Ara-C) empregada como antineoplásico e antivírico.

citarraxia *s.f.* Hemorraxia dun alvéolo dentario.

citase *s.f.* 1. Alexina ou complemento, que segundo Metchnikoff, era unha segregación dixestiva do leucocito. 2. Fermento citolítico.

citáster *s.m.* Áster ou estrela, esfera de atracción.

citemia *s.f.* Presencia no sangue de células anormais.

cito- Prefixo do gr. *Kýtos*, que significa célula.

citoarquitectónico -a *adx.* Relativo á disposición das células nun tecido.

citobioloxía *s.f.* Bioloxía celular, citoloxía.

citobiotaxe *s.f.* 1. Disposición ou ordenamento das células vivas. 2. Influencia dunhas células sobre outras.

citoblasto *s.m.* Núcleo celular.

citocanibalismo *s.m.* Destrución dunha célula por outra.

citocentro *s.m.* Esfera de atracción, centrosoma.

citocida *adx. e s.* Que causa a morte das células.

citocinese *s.f.* Citodírese, conxunto de cambios que se efectúan na célula durante división celular.

citoclase *s.f.* Fragmentación ou destrución celular. Tamén se di **citoclasia**.

citoclese *s.f.* Citobiotaxe.

citocromo *s.m.* Hemoproteína (ferroporfirina) relacionada cos mecanismos biolóxicos da oxidación que representa o derradeiro elo na cadea de enzimas respiratorios encargados da transferencia de electróns procedentes da deshidroxenación dos substratos ó osíxeno. Os citocromos clasifícanse en catro grupos (a, b, c, e d), segundo as súas características espectroquímicas // **C. c-oxidase.** Enzima tisular moi difundido que oxida o citocromo C.

citodendrita *s.f.* Dendrita celular distinta da axodendrita.

citodesma *s.m.* Tecido intercelular que a modo de ponte une as células.

citodiagnóstico *s.m.* Diagnóstico do tipo e da causa do proceso patolóxico, fundado no exame e cuantificación dos elementos celulares de calquera líquido corporal, obtido de exsudados e segregacións ou líquidos de lavado, sangue, líquido cefalorraquídeo, etc. // **C. exfoliativo.** O que estudia as células escamadas dunha cavidade por medio do exame do sedimento do líquido procedente do lavado da mesma.

citodírese *s.f.* División celular, citocinese.

citofaxia *s.f.* Inxestión dunha célula por outra célula, o fagocito.

citofilaxe *s.f.* Protección das células contra axentes líticos, aumento da actividade celular.

citófilo-a *adx.* Que ten afinidade polas células.

citoglicopenia *s.f.* Deficiencia intracelular de glicosa.

citohemólise *s.f.* Destrución dos glóbulos vermellos.

citohialoplasma *s.f.* Antigamente, hialoplasma.

citohistoxénese *s.f.* Desenvolvemento estrutural da célula.

citoide *adx.* Semellante a unha célula.

citolema *s.m.* Membrana celular.

citolaxia *s.f.* Actividade celular.

citolinf *s.f.* Antigamente, hialoplasma.

citólise *s.f.* Disolución ou destrución celular.

citolisina *s.f.* Anticorpo que asociado ó complemento destrúe en parte ou totalmente unha célula animal.

citolisosoma *s.m.* Vacúolo autofáxico, estrutura limitada por unha membrana que contén no seu interior restos da propia célula (mitocondrias, ribosomas, etc.). Tamén se di **autofagosoma**.

citólogo-a *s.* Experto en citoloxía.

citoloxía *s.f.* Bioloxía celular, citobioloxía, ciencia que trata das células, da súa estrutura e funcións. // **C. exfoliativa**. Citopatoloxía, estudo citolóxico das células exfoliadas dun órgano en comunicación co exterior ou facilmente accesible (vaxina, bronquios, estómago, etc.).

citomaquia *s.f.* Loita entre células, entre bacterias e as células do organismo.

citomegalovirose *s.m.* Enfermidade producida por un virus do grupo herpes (*citomegalovirus*), de presentación clínica no neonato por infección prenatal (calcificacións intracerebrais, púrpura, ictericia e hepatosplenomegalia), ou en adultos inmunodeprimidos como na síndrome de inmunodeficiencia adquirida, en enfermidades hematolóxicas ou pola administración de fármacos inmunosupresores. As afectacións máis características do adulto son a pulmonar, a hepática, a intestinal e a do sistema nervioso central. Na actualidade dispónse de fármacos antivirais para o seu tratamento.

citomegalovirus *s.m.pl.* Grupo de virus do xénero *Herpesvirus* capaces de infecta-lo home e outros animais que teñen afinidade especial polas glándulas salivais e outros órganos con formación de inclusións características no citoplasma ou no núcleo. No home son o axente causal da enfermidade das inclusións cetomegálicas xeneralizadas.

citomembrana *s.f.* Membrana plasmática.

citómera *s.f.* 1. Corpos que se forman na división do trofozoíto. 2. Parte da célula xerminal masculina composta de citoplasma.

citometaplasia *s.f.* Cambio na forma ou na función das células sen relación cunha neoplasia.

citometría *s.f.* Medición ou recento de células, especialmente as sanguíneas cun citómetro ou hemocitómetro.

citómetro *s.m.* Portaobxecto de vidro usado para contar ou medir células.

citomicose *s.f.* Enfermidade granulomatosa crónica do sistema reticuloendotelial que semella tuberculose, producida por un fungo, o histoplasma. Tamén se di **histoplasmose**.

citomitoma *s.m.* Microsoma.

citomorfose *s.f.* Cambio que sofren as células durante as diversas fases da súa existencia.

citón *s.m.* Antigamente, pericarion.

citopatólogo -a *s.* Médico experto en anatomopatoloxía, especialmente en citoloxía.

citopatoloxía *s.f.* 1. Patoloxía celular, estudo das alteracións que se producen nunha enfermidade dentro de células individuais ou de tipos celulares. 2. Citoloxía exfoliativa.

citopatolóxico-a *adx.* 1. Relativo ós cambios celulares nunha enfermidade. 2. Que ten relación coa citopatoloxía.

citopatóxeno-a *adx.* Pertencente a un axente ou substancia que causa enfermidade das células.

citopenia *s.f.* Redución do número de elementos celulares, no sangue especialmente.

citopexia *s.f.* Facultade do fígado de fixa-las células normais ou patolóxicas que lle leva o sangue.

citoplasma *s.m.* Substancia dunha célula con exclusión do núcleo que contén varias organelas e inclusións dentro dun protoplasma coloidal.

citoplastina *s.f.* Protoplasma celular.

citoplasto *s.m.* Citoplasma vivo intacto que queda logo da enucleación celular.

citopose *s.f.* Formación e desenvolvemento das células, citoxénese.

citouilema *s.m.* Parte máis líquida do citoplasma, hialoplasma.

citouímica *s.f.* Histoquímica, química celular, estudo da distribución intracelular das substancias químicas, sitios de reacción, enzimas, etc.

citoretículo *s.m.* Citomitoma.

citorrictoloxía *s.f.* Estudio dos microorganismos ultramicroscópicos denominados virus filtrables.

citoscirro *s.m.* Escirro ou cancro duro da vexiga.

citosclerose *s.f.* 1. Esclerose dun quiste ou vexiga. 2. Esclerose das paredes vesicais.

citoscopia *s.f.* Citodiagnóstico.

citose *s.f.* 1. Termo que xunto a un prefixo describe certos trazos pertencentes ás células; por exemplo isocitose e anisocitose, de igual ou distinto tamaño respectivamente; policitose, aumento do número de células. 2. Estado no que aumenta o número de células, como a citose do líquido cefalorraquídeo na meninxite aguda.

citosina *s.f.* Base nitroxenada dos ácidos nucleicos.

citosoma *s.m.* 1. Corpo da célula con exclusión do núcleo. 2. Un corpúsculo laminar que existe nas células alveolares xigantes do pulmón.

citospoxio *s.m.* Rede celular ou esponxioplasma.

citostase *s.f.* Diminución do movemento e acumulación de células sanguíneas, especialmente polimorfonucleares, nos capilares, como resultado de inflamación na rexión, obstrución dun capilar por acumulación de leucocitos.

citostático -a *s.m.* 1. Medicamento utilizado en terapéutica antitumoral. // *adx.* 2. Pertencente ou relativo á citotaxe.

citostoma *s.m.* Boca celular, abertura bucal de certos protozoos.

citotáctico-a *adx.* Relativo á citotaxe.

citotactismo *s.m.* Citotropismo.

citotaxe *s.f.* Citotaxia.

citotaxia *s.f.* 1. Atracción (citotaxia positiva) ou repulsión (citotaxia negativa) das células entre si. 2. Colección e función ordenativa das células.

citoterapia *s.f.* 1. Antixenoterapia. 2. Organoterapia. 3. Emprego terapéutico dos soros citotóxicos.

citotese *s.f.* Reparación de lesións celulares. Restauración das células lesionadas ó seu estado normal.

citotoxicidade *s.f.* Calidade de citotóxico.

citotóxico-a *adx.* Nocivo ou destructivo para as células, referido ó efecto dun anticorpo non citolítico sobre o antixeno específico, case sempre media a acción do complemento.

citotoxina *s.f.* Citolisina, substancia específica que inhibe ou impide a actividade celular ou causa a súa destrución.

citotrópico -a *adx.* Relativo ó citotropismo. Tamén se di **citotáctico** (relativo ó citotactismo).

citotropismo *s.m.* 1. Movemento celular como resposta a un estímulo externo. 2. Afinidade por células específicas, especialmente a capacidade de virus, bacterias e fármacos de exercer-los seus efectos sobre determinadas células do corpo.

citoxénese *s.f.* Desenvolvemento das células, reprodución celular.

citoxenia *s.f.* Citoxénese.

citóxeno -a *adx.* Que produce células.

citozoario *s.m.* Parasito protozoario que habita nunha célula ou que ten a estrutura dunha célula sinxela.

citozoico -a *adx.* Que vive dentro das células ou inserto nelas, aplicado a certos protozoarios parasitos.

citozoo *s.m.* Citozoario.

citrato *s.m.* Sal ou éster de ácido cítrico usado como anticoagulante porque se une ós ións calcio .

cítrico (ácido) *s.m.* Ácido cristalino tribásico, $C_6H_8O_7$ do limón, cidra, bergamota e outras plantas, que forma citratos, é antiescorbútico, refrixerante e antirreumático.

Citrobacter Xénero de bacterias da familia enterobacteriaceas, bacilos gramnegativos, móbiles, que utilizan a lactosa. Podemos atopalos nas augas terrestres e son patóxenos ocasionais (oportunistas) de gastroenterite, infeccións urinarias e sepsis.

citrulina *s.f.* Produto importante do metabolismo das proteínas, aminoácido formado a partir da ornitina durante o ciclo da urea.

citrulínia *s.f.* Enfermidade do metabolismo dos aminoácidos na que se elevan as concentracións de citrulina no plasma, na urina e no líquido cefalorraquídeo, que se manifesta con vómitos, intoxicación por amoníaco e retardo mental desde a primeira infancia, de herdanza autosómica recesiva.

citrulínuria *s.f.* Presencia, na urina, de citrulina como manifestación de citrulínia.

cituria *s.f.* Presencia de células na urina.

cixión *s.m.* Punto craneométrico en cada extremo do diámetro cigomático.

Cl Símbolo do cloro.

cladiose *s.f.* Dermatomicose, semellante á esporotricose, caracterizada por lesións verrugosas e linfanxite ascendente, causada por *Scopulariopsis blochii*.

cladosporiose *s.f.* Infección por fungos do xénero *Cladosporium*.

claidectomía *s.f.* Resección parcial ou total da clavícula.

clamidospóra *s.f.* 1. Espora cuberta. 2. Órgano reproductor de certos fungos.

clamp *s.m.* Instrumento para comprimir unha estrutura ou colapsar un órgano tubular.

clangoroso -a *adx.* 1. Da voz aguda, fina e sibilante que se observa nalgunhas estenoses larínxeas. 2. Do son metálico do segundo ruído do corazón na aortite crónica.

clarificación *s.f.* Proceso de aclarar un líquido turbio.

clarificador *s.m.* Axente que serve para aclarar un líquido turbio, por exemplo a albumina de ovo.

clarividencia *s.f.* 1. Percepción extrasensorial de feitos pasados, presentes ou futuros. 2. Facultade que permite comprender e discernir con claridade as cousas.

clasificación *s.f.* 1. Ordenación, disposición ou división sistemática en clases ou grupos. 2. Determinación da clase ou grupo ó que pertence algunha cousa. // **C. de Angle.** Clasificación en tres grupos das anomalías da oclusión dentaria, segundo a posición mesiodistal adoptada polos molares permanentes. / **C. de Arneht.** Clasificación dos neutrófilos polimorfonucleares segundo o número dos seus lobos nucleares. / **C. de Bergey.** Clasificación bacteriana. / **C. de Caldwell-Moloy.** Clasificación morfolóxica das pelves femininas nos tipos xinecoide, androide, antropeide e platipeloide. / **C. de Rappaport.** Clasificación histolóxica dos linfomas antes da identificación dos linfocitos T e B.

clasmatocono *s.m.* Célula grande do tecido conxuntivo, que desprende parte das súas prolongacións como medio de segregación. Tamén se di **endoteliocono** e **macrofago**.

clasmatose *s.f.* División do protoplasma en anacos.

clasmocito *s.m.* Clasmatocito.

clasmotoblasto *s.m.* Célula cebada, mastocito.

clástico -a *adx.* 1. Roto en anacos. 2. Que produce ou causa división en partes.

clastomanía *s.f.* Afección patolóxica de rachalo todo, monomanía destructora.

claudicación *s.f.* 1. Coxeira. 2. Trastorno intermitente dunha función. // **C. cerebral.** Síntomas cerebrais intermitentes debidos a irrigación sanguínea insuficiente do cerebro relacionados con estreiteza das arterias. / **C. intermitente isquémica.** Entorpecemento, debilidade e rixidez dolorosa dun membro inferior despois dalgún tempo de marcha que desaparece co descanso do membro, fenómeno debido á diminución do calibre da luz das arterias por arteriosclerose. Tamén se di **disbasia anxiospástica, anxina cruris.**

claustrofilia *s.f.* Afección patolóxica a permanecer pechado ou a pechalo todo, portas, ventás, etc.

claustrofobia *s.f.* Temor patolóxico a permanecer en espazos pechados. Tamén se di **clitrofobia.**

claustrum *s.m. (lat.)* Claustro ou antemuro, capa delgada de substancia gris por fóra da cápsula externa do cerebro que o separa da substancia branca da illa. // **C. oris.** Veo do padal. / **C. virginalis.** Hime.

clavacina *s.f.* Antibiótico obtido dos cultivos do *Aspergillus clavatus* e outros fungos, bacteriostático e bactericida contra os microorganismos grampositivos, idéntico á paulina e claviformina, demasiado tóxico para uso terapéutico.

clavicepsina *s.f.* Glicósido do caruncho do centeo.

clavicotomía *s.f.* Incisión ou sección cirúrxica da clavícula.

clavícula *s.f.* Óso longo e curvo que se articula co esterno e a escápula formando a cintura escapular.

clavículado -a *adx.* Que está provisto de clavículas, como os animais superiores.

claviformina *s.f.* Antibiótico obtido dos cultivos de *Penicillium claviforme*, idéntico á clavacina.

clavipectoral *adx.* Relativo á clavícula e ó peito.

clavisternal *s.m.* 1. Primeira peza do esterno. // *adx.* 2. Relativo á clavícula e ó esterno.

clavulánico (ácido) *s.m.* Clavam, C₈H₉NO₅, fármaco inhibidor das betalactamases bacterianas, que asociado a un antibiótico betalactámico sensible ás betalactamases permítelle exercer-la súa actividade antibacteriana.

cleid- cleido- Prefixo do gr. *Kleidos*, coa significación de clavícula.

cleidagra *s.f.* Dor gotosa na clavícula.

cleidartrite *s.f.* 1. Inflamación da articulación da clavícula. 2. Gota articular da clavícula.

cleidoacromial *adx.* Pertencente á clavícula e ó acromio.

cleidocostal *adx.* Relativo ás clavículas e ás costelas.

cleidocranial *adx.* Relativo ás clavículas e ó cranio.

cleidorrexe *s.f.* Fractura das clavículas do feto, de xeito accidental por traccións violentas no acto do parto, ou intencionado para facilitalo.

cleidotomía *s.f.* Sección dunha ou das dúas clavículas do feto no parto difícil para permiti-la saída dos ombreiros.

cleidotripsia *s.f.* Esmagamento das clavículas fetais para facilitalo parto.

cleisagra *s.f.* Cleidagra.

cleise *s.f.* Oclusión, sobre todo cirúrxica. // **C. uterina.** Método de tratamento da hemorraxia uterina posparto, consistente no peche do colo uterino mediante sutura continua proposto por J.M. Dexeus (1966), que se usa como manobra de recurso.

-cleise Sufixo que significa peche.

cleisofobia *s.f.* Claustrofobia.

cleptofobia *s.f.* Temor patolóxico a roubar ou ser roubado.

cleptomanía *s.f.* Impulso patolóxico ó roubo, alienación caracterizada polo desexo de roubar.

clie *s.m.* Ruído breve, agudo, de timbre metálico, protostólico, no fondo aórtico ou pulmonar, percibido nos casos de alteración dos vasos do pedículo do corazón.

clidagra *s.f.* Cleidagra.

clidartrite *s.f.* Cleidartrite.

clidectomía *s.f.* Cleidectomía.

clidoacromial *adx.* Cleidoacromial.

clidocostal *adx.* Cleidocostal.

clidocranalíase *s.f.* Cleidocranalíase.

clidocranial *adx.* Cleidocranial.

clidorrexe *s.f.* Cleidorrexe.

clidotomía *s.f.* Cleidotomía.

clidotripsia *s.f.* Cleidotripsia.

climacofobia *s.f.* Medo ás escaleiras, a subir ou rubir.

climalérxeno *s.m.* Alérxeno constituído por condicións especiais de clima ou de terreo, como os provocadores de asma (po, pole, humidade, etc).

climaterio *s.m.* 1. Conxunto de fenómenos que acompañan a cesación da función reproductora da muller ou a actividade testicular no home, caracterizado por cambios hormonais, somáticos e psicolóxicos transitorios. 2. Período na vida que coincide coa aparición deste fenómeno, que culmina na menopausa na muller e na andropausa no home.

- climático -a** *adx.* 1. Que ten relación co clima. 2. Dun bubón de causa descoñecida, semellante ou idéntico ó linfogranuloma inguinal.
- climatización** *s.f.* Regulación dos factores climáticos de determinado ambiente (salas de hospital, quirófanos, etc) co fin de adaptalo para certos usos.
- climatoloxía** *s.f.* Rama da meteoroloxía que estudia os climas e a influencia que exercen sobre o organismo.
- climatopatoloxía** *s.f.* Parte da climatoloxía que trata da acción patolóxica dos distintos climas sobre o organismo.
- climatoterapia** *s.f.* Tratamento das enfermidades polo traslado do paciente a unha rexión de clima diferente.
- clímax** *s.m.* 1. Acme ou período de maior intensidade no curso dun proceso ou enfermidade. 2. Orgasmo sexual.
- clindamicina** *s.f.* Antibiótico derivado da lincomicina, activo fronte a xermes grampositivos.
- clínica** *s.f.* 1. Institución, edificio ou parte deste, onde se ensina medicina por medio de demostracións xunto á cama dos enfermos. 2. Por extensión calquera institución onde se tratan enfermos, en forma ambulatoria ou ingresados. // **C. da dor.** Institución dedicada a aliviar a dor mediante procedementos anestésicos locais. / **C. intermedia.** Institución para os pacientes que xa non necesitan todo o que lles ofrece o hospital pero que aínda non poden volver á súa casa, como os pacientes psiquiátricos, drogadictos, alcohólicos, etc. Tamén se di **hospital de día.**
- clínico-a** *adx.* 1. Pertencente ou relativo á cabeceira dun paciente ou ó curso dunha enfermidade. 2. Pertencente ou fundado na observación e tratamento dos pacientes. 3. Dos síntomas e o curso dunha enfermidade por oposición ós achados do laboratorio. // *s.m.* 4. En medicina, profesional dedicado á práctica clínica, a diferenza do que traballa en campos non clínicos.
- clinicopatolóxico-a** *adx.* Pertencente ós signos e síntomas manifestados por un paciente, e ós resultados de estudos de laboratorio na súa relación cos achados do exame macroscópico e histolóxico de tecidos por medio de biopsia, autopsia ou ambas.
- clino-** Prefixo que denota unha pendente, unha inclinación ou un ángulo.
- clinocefalia** *s.f.* Cimbocefalia, cabeza en sela de montar, esmagamento ou afundimento conxénito do vértice da cabeza polo que a superficie superior do cranio é cóncava e presenta o aspecto dunha sela de montar.
- clinocefalismo** *s.m.* Clinocefalia.
- clinodactilia** *s.f.* Curvatura ou desviación permanente dun ou máis dedos.
- clinoide** *adx.* Semellante a unha cama.
- clinoloxía** *s.f.* Estudio da declinación ou retrogresión dun organismo animal.
- clinomanía** *s.f.* Inclinación ou afección esaxerada a permanecer na cama ou en decúbito horizontal.
- clinómetro** *s.m.* Instrumento para medir o ángulo de desviación dos ollos na cicloforia que se emprega para apreciar o grao de parálise dos músculos oculares, clinoscopio.
- clinoscopio** *s.m.* Clinómetro.
- clinostático-a** *adx.* Producido ou que ocorre cando o paciente se atopa en posición deitada.
- clinostatismo** *s.m.* Posición deitada e fenómenos que dela resultan.
- clioterapia** *s.f.* Tratamento das enfermidades polo descanso na cama, cura de repouso.
- clise** *s.f.* Inclinación ou atracción.
- clise** Sufixo para indicar punción ou inxección, por exemplo venoclise.
- clitió** *s.m.* Punto craneométrico na metade do bordo anterior do clivus do esfenoido.
- clitocibina** *s.f.* Antibiótico derivado do fungo *Clitocybe gigantea*.
- clitoralxia** *s.f.* Dor referida ó clítoris.
- clitoridauxa** *s.f.* Hipertrofia do clítoris.
- clitorídeo -a** *adx.* Relativo ou pertencente ó clítoris.
- clitoridextomía** *s.f.* Escisión ou ablación do clítoris.
- clitoridite** *s.f.* Inflamación do clítoris.
- clitoridotomía** *s.f.* Sección do clítoris, circuncisión na muller.
- clítoris** *s.m.* Órgano pequeno eréctil, cilíndrico, na parte anterior da vulva, constituído por dúas raíces que se unen na liña media para formar o corpo, que termina por un lixeiro ensanchamento, a glande do clítoris. É o órgano homólogo do pene masculino pero non está perforado pola uretra nin ten corpo esponxoso. Tamén se di **tentigo**, **virga** ou **mentula muliebris**.
- clitorismo** *s.m.* 1. Hipertrofia do clítoris. 2. Erección prolongada e persistente do clítoris, xeralmente dolorosa, análogo ó priapismo. 3. Tribadismo.
- clitorite** *s.f.* Inflamación do clítoris. Tamén se di **clitoridite**.
- clitoromanía** *s.f.* Ninfomanía.
- clitorotomía** *s.f.* Incisión cirúrxica do clítoris. Tamén se di **clitoridotomía**.
- clitrofobia** *s.f.* Claustrofobia.
- cloaca** *s.f.* 1. Cámara común na que se baleiran o intestino, a vexiga e os conductos xenitais nalgúns vertebrados, por exemplo as aves. 2. No estado embrionario, cámara común, tapizada por endoderma, onde se baleiran o intestino e a alantóide. 3. Abertura dun foco de necrose ósea. 4. Conducto para a excreta dunha poboación. // **C.**

- conxénita ou persistente.** Seo uroxenital. Comunicación conxénita dos conductos urinario, xenital e dixestivo.
- cloasma** *s.m.* Melanodermia ou melasma caracterizado pola aparición na cara de manchas de cor amarela escura, de forma e tamaño irregulares, nas mulleres grávidas, menopáusicas ou nas que toman anticonceptivos orais.
- clofibrato** *s.m.* Éster etílico do ácido p-clorofenoxiisobutírico, axente antilipidémico que diminúe os niveis plasmáticos de colesterol, triglicéridos e ácido úrico, empregado no tratamento da aterosclerose e certas hiperlipidemias.
- clomifeno** *s.m.* Composto sintético, análogo dos estrógenos, que se emprega para induci-la ovulación.
- clon** *s.m.* Colonia ou grupo de microorganismos (ou microorganismo individual) ou colonia de células derivadas dun só organismo ou célula por reprodución asexual, todos con características idénticas.
- clonación** *s.f.* Transplante dun núcleo desde unha célula somática a un óvulo, onde forma un embrión, de xeito que se poden reproducir en forma asexual moitos embrións idénticos.
- clonal** *adx.* Pertencente a un clon.
- clonar** *v.* Producir unha colonia ou individuo coas características dun clon.
- clonía** *s.f.* Contracción muscular, mioclonía.
- clónico-a** *adx.* 1. Pertencente ou relativo a un clon. 2. Pertencente ou relativo a un clono, caracterizado por contracción e relaxación alternada do músculo.
- clonicotónico -a** *adx.* Clónico e tónico ó mesmo tempo.
- clonismo** *s.m.* Sucesión de espasmos ou movementos musculares.
- clono** *s.m.* Clonospasmo, sucesión rítmica de contraccións e relaxacións dun músculo ou grupo de músculos como resultado da extensión brusca e pasiva dos seus tendóns. // **C. da deda gorda.** Contracción rítmica da primeira deda producida pola extensión forzada da articulación metatarsofalánxica. / **C. da man** ou **do pulso.** Contracción espasmódica dos músculos da man, producida pola extensión pasiva forzada da man sobre o antebrazo. / **C. do pé.** Serie de sacudidas rítmicas do pé producidas cando este se flexiona de xeito forzado sobre a perna estendida. / **C. patelar** ou **rotuliano.** Serie rítmica de contraccións do cuádriceps, que se produce cando se abraza a rótula co polgar e o indicador dirixíndoa forzadamente cara a abaixo unha ou máis veces e se mantén nesta posición. / **C. xeneralizado.** Serie de contraccións xeneralizadas das extremidades, nas alteracións da vía piramidal.
- clonógrafo** *s.m.* Aparello que rexistra os movementos clónicos.
- clonospasmo** *s.m.* Clono.
- clor-** 1. Prefixo que indica verde. 2. Prefixo que indica asociación co cloro.
- cloracético** *s.m.* Ácido fortemente cáustico, producido pola substitución dun, de dous ou de tres átomos de hidróxeno do ácido acético polo cloro.
- cloración** *s.f.* Purificación das augas de consumo por medio do cloro.
- cloracne** *s.f.* Acne clórica, acne do cloro ou do alcatrán, erupción acneiforme por contacto prolongado con compostos clorados na que se forman tapóns queratinosos nos orificios pilosebáceos e se desenvolven pequenas pápulas de 2-4 mm.
- clorado-a** *adx.* 1. Relativo ós compostos que conteñen cloro. 2. Que foi tratado con cloro.
- cloral** *s.m.* Líquido oleoso, incoloro, CCl_3CHO , preparado pola acción do cloro sobre o alcohol. // **Hidrato de c.** $\text{CCl}_3\text{CH}(\text{OH})_2$, anestésico, hipnótico e antiespasmódico.
- cloralamida** *s.f.* Cloralfornamina, composto cristalino, pouco soluble en auga, que se descompón no organismo en cloral e formamida, hipnótico lento, pouco usado.
- cloralismo** *s.m.* 1. Uso habitual do cloral como intoxicante. 2. Síndrome que causa o abuso do cloral.
- cloralización** *s.f.* 1. Cloralismo. 2. Anestesia polo uso do cloral.
- cloralomanía** *s.f.* 1. Inclinação ó abuso habitual dos preparados de cloral. 2. Cloralismo.
- clorambucil** *s.m.* Mostaza nitroxenada. Pódese empregar por vía oral.
- clorambucilo** *s.m.* Clorambucil.
- cloramina** *s.f.* Composto que contén cloro unido ó nitróxeno na forma NCl . // **C. B.** Antiséptico non tóxico usado na irrigación das feridas substituindo a cloramina T. / **C. T.** ou **cloraceno.** Substancia empregada na primeira guerra mundial como xermicida e antiséptico.
- cloranemia** *s.f.* Clorose. // **C. acuífica.** Anemia hipocrómica esencial.
- cloranfenicol** *s.m.* Antibiótico illado de cultivos de *Streptomyces venezuelai*, hoxe obtido sinteticamente, eficaz contra xermes gramnegativos, grampositivos, rickettsias e micobacterias, que pode ser tóxico para a medula ósea causando anemia aplásica e agranulocitose e se administra por vía oral e parenteral.
- clorato** *s.m.* Sal de ácido clórico.
- clordiacepóxido** *s.m.* Benzodiacepina.
- cloremia** *s.f.* 1. Clorose. 2. Exceso de cloruros no sangue, cloruremia.
- cloretilo** *s.m.* Cloruro de etilo, anestésico xeral e local.
- clorhidrato** *s.m.* Sal formado pola combinación do ácido clorhídrico cunha base.
- clorhidria** *s.f.* Cantidade de ácido clorhídrico libre e de cloro combinado coas materias orgánicas durante a dixestión da comida de proba.

clorhídrico *s.m.* Gas incoloro de olor picante, HCl, que forma fumes en contacto co aire e, en solución en 68 partes de auga, é dixestivo e anti-diarreico. A solución ó 10% é o ácido clorhídrico diluído, que se emprega en solución concentrada como cáustico de verrugas e excrecencias. Tamén se di **ácido hidroc্লórico**, **ácido muriático**.

cloridemia *s.f.* Cloruremia.

cloridimetría *s.f.* Proceso de determinación da cantidade de cloruros no sangue, urina ou outros líquidos.

cloridómetro *s.m.* Aparello para determina-la cantidade de cloruros en sangue, urina e outros líquidos.

cloriduria *s.f.* Clorurese, cloruria.

cloro *s.m.* Elemento gasoso, halóxeno, verde amarelado, de olor sufocante, tóxico e irritante, que polo seu poder oxidante emprégase, en forma de hipoclorito ou en solución acuosa, como desinfectante e branqueador. Símbolo Cl. Peso atómico 35. Peso específico 2,45.

cloroanemia *s.f.* Cloranemia. Clorose.

clorocito *s.m.* Glóbulo vermello alterado que perdeu parte da súa materia colorante.

clorófano *s.m.* Pigmento dos conos que capta a luz verde.

clorofenol *s.m.* Antiséptico preparado pola acción do cloro sobre o fenol.

cloroformismo *s.m.* 1. Costume de inhalar cloroformo. 2. Síndrome producida pola inhalación do vapor de cloroformo.

cloroformización *s.f.* 1. Administración de cloroformo. 2. Anestesia xeral polo cloroformo.

cloroformo *s.m.* Líquido volátil, incoloro, triclorometano, CHCl₃, de olor etéreo forte e de sabor doce urente, anestésico xeral e relaxante muscular, que se administra ordinariamente por inhalación e como analxésico e pode darse a pequenas doses pola boca e, en forma de linimento, no reumatismo, na cefalalxia e na neuralxia. Tamén se usa como solvente.

cloroguanida *s.f.* Composto sintético empregado no tratamento do paludismo.

clorolabe *s.m.* Cromopigmento dos conos retínicos, que absorbe perfectamente a luz verde. A súa falta produce a deuteranopía.

cloroleucemia *s.f.* Leucemia aguda acompañada de cloromas.

cloroleucosarcomatose *s.f.* Cloroma.

clorolinfosarcoma *s.m.* Cloroma.

cloroma *s.m.* Cloroleucemia, cloromiéloma, tumor maligno caracterizado pola formación de masas compostas de mieloblastos, de cor verdosa, no periósteeo do cranio, a columna vertebral e as costelas, que afecta a nenos e adultos novos.

clorometilcloroformato *s.m.* Gas tóxico de guerra.

clorimetría *s.f.* Determinación da cantidade de cloruros nun líquido.

cloromicetina *s.f.* Cloranfenicol.

cloromiéloma *s.f.* Cloroma con afectación da medula ósea.

cloromiélosarcomatose *s.f.* Cloromiéloma.

cloronarcese *s.f.* Anestesia xeral con cloroformo.

cloropaludismo *s.m.* Clorose e paludismo crónico.

cloropenia *s.f.* Deficiencia de cloruros en sangue, hipocloremia.

cloropía *s.f.* Cloropsia.

cloroprivo-a *adx.* Debido á falta ou á perda de cloruros, desprovisto de cloruros.

cloropsia *s.f.* Visión verde, estado no que tódolos obxectos se ven de cor verde, como pode ocorrer na intoxicación por dixital. Tamén se di **cloropía**.

cloroquina *s.f.* Axente antipalúdico. Úsase tamén no tratamento da amebíase hepática e algunhas enfermidades da pel (lupus eritematoso, lique plano).

clororrea *s.f.* Fluxo vaxinal de cor verde.

clorosolol *s.m.* Salicilato de clorofenol, antiséptico, usado principalmente en aplicacións externas. Tamén se di **clorsalol**.

clorose *s.f.* Anemia microcítica hipocrómica crónica por deficiencia de ferro, caracterizada por gran diminución de hemoglobina, desproporcionada á diminución do número de glóbulos vermellos en sangue. Tamén se di **enfermidade verde**, **cloranemia**. // **C. aquílica**. Anemia hipocrómica asociada á hiposegregación gástrica.

clorotetraciclina *s.f.* Tetraciclina.

clorotiácida *s.f.* Tiacida, diurético de uso oral que inhibe a reabsorción tubulorrenal de sodio usada no tratamento de edema debido a insuficiencia cardíaca conxestiva, enfermidade hepática, embarazo, tensión premenstrual e drogas, así como no tratamento da hipertensión arterial asociada a outras drogas.

clorovinildicloroarsina *s.f.* Gas de guerra irritante das mucosas respiratorias. Tamén se di **lewisita**.

clorozono *s.m.* Axente desinfectante, branqueador, que contén hipoclorito sódico.

clorpromacina *s.f.* Fenotiacina.

clorsalol *s.m.* Clorosolol.

clortalidona *s.f.* Tiacida.

cloruración *s.f.* 1. Proporción de cloruro sódico nos líquidos orgánicos. 2. Administración de cloruro sódico nos estados que o requiren.

cloruremia *s.f.* Presencia de cloruros no sangue.

cloruria *s.f.* Eliminación de cloruros pola urina.

cloruro *s.m.* Sal metálico de ácido clorhídrico.

clorimetría *s.f.* Determinación dos cloruros nun líquido. Tamén se di **clorimetría**.

Clostridium Xénero de bacterias bacilares, grandes (de 0,6-1,2 por 3-7 m), grampositivas, na súa meirande parte anaerobias estrictas, que se atopan no chan, nos sedimentos de augas e no intestino do home e dalgúns animais. As súas esporas son moi resistentes ós axentes externos, á calor, ás radiacións e ós axentes químicos. Algunhas producen exotoxinas moi potentes, e moitas especies son patóxenas para o home e os animais. Son os axentes causais da gangrena gasosa, do botulismo, de infeccións anaerobias (postoperatorias e postaborto) e do tétano.

clotrimazol *s.m.* Axente quimioterapéutico usado de forma tópica para tratar infeccións causadas por fungos e fermentos.

cloxacilina *s.f.* Penicilina.

clozapina *s.f.* Dibenzodiazepina, sedante con actividade antipsicótica.

cm Abreviatura do centímetro.

cm² Abreviatura do centímetro cadrado.

cm³ Abreviatura do centímetro cúbico.

CMV Abreviatura de citomegalovirus.

cnemalxia *s.f.* Dor ou neuralxia da perna.

cnémico-a *adx.* Relativo á perna ou á canela.

cnemio-a *adx.* Cnémico.

cnemite *s.f.* Inflamación da tibia.

cnemodáctilo *s.m.* Músculo extensor da deda gorda do pé.

cnemoscoliose *s.f.* Curvatura lateral da perna.

Co Símbolo do cobalto.

coA Abreviatura de coenzima A.

coadura *s.f.* Acción e efecto de pasar un líquido polo coador, filtración.

coadxuvante *adx.* 1. Que contribúe á acción doutros axentes. 2. Nas receitas, medicamento ou axente que ten acción análoga e auxiliar á do medicamento principal.

coaglutinina *s.f.* Substancia que por si soa non aglutina un antixeno pero contribúe á súa aglutinación cando está recuberto por un anticorpo.

coagulable *adx.* Susceptible de coagulación.

coagulación *s.f.* 1. Cambio de líquido a sólido. 2. No sangue, proceso de formación dun coágulo. 3. Conversión de calquera líquido nunha masa branda por mor das modificacións isoméricas sen alteración na cantidade de auga contida. 4. Transformación dun sol nun xel, por exemplo a coagulación do branco do ovo mediante a calor. 5. En cirurxía, desorganización de tecidos por medios físicos con fins terapéuticos, como a electrocoagulación ou a fotocoagulación. // **C. eléctrica.** Necrose

dos tecidos pola aplicación dunha corrente a través dunha agulla. / **C. intravascular diseminada.** Síndrome hemorráxica ocasionada polo consumo dos factores da coagulación en fenómenos trombóticos difusos do organismo. Tamén se di **coagulopatía por consumo de factores.** / **C. sanguínea.** Proceso que orixina a xelificación do sangue pola conversión dunha proteína plasmática soluble, o fibrinóxeno, noutra insoluble, a fibrina, pola acción da trombina e dos factores plasmáticos.

coagulante *adx.* 1. Coagulativo, que produce coagulación ou espesa un líquido orgánico. // *s.m.* 2. Axente que causa, estimula ou acelera a coagulación, especialmente con referencia ó sangue.

coagular *v.* 1. Converter un líquido ou unha substancia en solución nun sólido ou xel. 2. Callar, pasar do estado líquido ó de sólido ou xel.

coagulase *s.f.* Enzima que produce a coagulación.

coagulativo-a *adx.* Coagulante, asociado coa coagulación ou promotor dun proceso desta natureza.

coagulina *s.f.* Anticorpo formado no soro sanguíneo dun animal pola inxección de varias substancias no corpo deste e capaz de precipita-la substancia da que parte e que lle foi inxectada. Precipitina.

coágulo *s.m.* Masa insoluble, branda, semisólida, grupo ou callo, formada pola coagulación dun líquido como o sangue, a linfa, o leite, etc, pero especialmente o primeiro. // **C. ante mortem.** O que se atopa na autopsia e se formou en calquera cavidade cardíaca ou nos grandes vasos antes da morte. / **C. da agonía.** O formado no corazón durante o acto de morrer. / **C. pasivo.** O formado nun saco aneurismático despois do cesamento da circulación ó través do aneurisma.

coagulómetro *s.m.* Aparello para medi-la velocidade da coagulación do sangue.

coagulopatía *s.f.* Trastorno da coagulación sanguínea, estado protrombótico e diátese hemorráxica causada por trastornos ou carencia dos factores plasmáticos que interveñen na coagulación, podendo ser conxénita (hemofilias, enfermidade de Willebrand) ou adquirida (hipoprotrombinemias hepatóxicas, iatróxenas, etc). // **C. de consumo.** Trastorno adquirido de etioloxía múltiple, no que se produce diminución da concentración sanguínea de plaquetas e esgotamento do fibrinóxeno e outros factores da coagulación (V e VIII) debido a coagulación intravascular diseminada.

coagulotomía *s.f.* Electrotomía, escisión diatérmica na que as superficies de sección quedan coaguladas.

coaguloviscosímetro *s.m.* Instrumento para determina-lo tempo de coagulación e o grao de viscosidade do sangue.

coalescencia *s.f.* Fusión ou adherencia de partes ou superficies en contacto.

coana *s.f.* Nasofarinxe, abertura posterior das fosas nasais.

coaptación *s.f.* Unión ou adaptación de superficies normalmente separadas, como os bordos dunha ferida, os extremos dun óso fracturado, etc.

coartación *s.f.* Estreiteza ou constricción. // **C. da aorta.** Estenose conxénita do caxato da aorta.

coarticulación *s.f.* Sinartrose.

coartotomía *s.f.* 1. Incisión dunha estreiteza. 2. Uretrotomía interna.

cóbado *s.m.* 1. Articulación do antebrazo co brazo e as partes brandas que a rodean. 2. Ángulo formado pola reunión de dúas partes rectas ou pola inflexión dunha mesma parte. // **C. dos mineiros.** Inflamación da bolsa do olécrano, producido por apoia-lo peso do corpo sobre os cóbados nos traballos de minería. / **C. de tenis.** Epicondilito ou epicondialxia por traumatismos repetidos nos xogadores de tenis, bursite radioumeral.

cobaia *s.f.* 1. Mamífero roedor, coelliño de Indias (*Cavia cobaya*), orixinario do Perú que é útil como animal de laboratorio. 2. Por extensión, calquera outro animal de experimentación.

cobalamina *s.f.* Composto que contén o núcleo de dimetilbencimidazolilcobamida, común ós membros do grupo vitamínico B₁₂.

cobalto *s.m.* Elemento metálico gris aceirado, compoñente da vitamina B₁₂. Os seus compostos subministran pigmentos ou colorantes como o azul cobalto. Símbolo Co. Número atómico 27. Peso atómico 58,97. // **C.58** e **C.60.** Os isótopos radioactivos (⁵⁸C e ⁶⁰C) empréganse o primeiro como trazador metabólico e o segundo en radioterapia do cancro. / **Bomba de c.** Aparello de irradiación gammaterápica que emprega o Co radioactivo.

cobra *s.f.* Serpe venenosa.

cobraísmo *s.m.* Envenenamento pola pezoña da cobra.

cobralisina *s.f.* Substancia hemolítica derivada do veneno da serpe cobra.

cobre *s.m.* Elemento metálico maleable de cor vermella. Os seus sales son tóxicos e algúns deles empregáronse como astrinxentes. Símbolo Cu. Peso atómico 63,6. Número atómico 29.

cobreado -a *adx.* Que ten a cor do cobre.

coca *s.f.* *Erythroxylon coca*, arbusto da familia das eritroxiláceas, indíxena da América do Sur. Das súas follas secas obtense non menos do 0,5% de alcaloides solubles en éter e é a fonte principal de cocaína.

cocáceas *s.f.pl.* Familia de eubacteriais que comprende as bacterias de formas esféricas: estreptococos, estafilococos, diplococos, micrococos, etc.

cocaína *s.f.* Alcaloide cristalino, benzoilmetilecgonina C₁₇H₂₁O₄N obtido das follas de coca, con moderada actividade vasoconstrictora e potentes efectos psicotrópicos. Os seus sales empréganse como anestésico local.

cocainismo *s.m.* Intoxicación crónica polo abuso da cocaína como estimulante ou narcótico.

cocainización *s.f.* Producción de anestesia local por aplicación tópica de cocaína. // **C. espinal.** Inxección de cocaína no espazo subdural medular, que produce a anestesia dos membros inferiores e do tronco ata o tórax, conservándose a sensibilidade táctil, muscular e térmica. Tamén se di **raquicocainización**.

cocainomanía *s.f.* Abuso da cocaína como estimulante. Tamén se di **cocainismo**.

cocainómano -a *adx.* 1. Pertencente ou relativo á cocainomanía. 2. Que padece de cocainomanía.

cocarboxilase *s.f.* Pirofosfato de tiamina, coenzima da carboxilase.

coccialxia *s.f.* Dor no cóccix, coccigodinia.

Coccidioide Xénero de fungos parasitos endomicetos responsables da coccidioidomose.

coccidioidomose *s.f.* Coccidioidose.

coccidioidose *s.f.* Micose sistémica benigna, grave ou mortal, debida a *Coccidiodes immitis*, de orixe respiratoria. Nas formas benignas de infección, as lesións limítanse ó tracto respiratorio superior e ós pulmóns, e nos casos graves disemínase a outros órganos, ósos, pel e tecidos subcutáneos, podendo conducir á morte. Tamén se di **coccidiomose**.

coccidiomose *s.f.* Coccidioidose.

coccidios *s.m.pl.* Subclase de protozoos da clase *Telesporea*, parasitos de case tódolos mamíferos domésticos e salvaxes e ás veces do home, moi específicos con respecto ó seu hóspede. Na súa maioría non son patóxenos, pero son xéneros patóxenos para o home son *Isoxpora* e *Toxoplasma*.

coccidiomose *s.f.* Afectación preferentemente intestinal causada por parasitos do xénero *Isoxpora*, que cursa con diarrea acuosa, aínda que tamén se ten rexistrado coccidiomose pulmonar en pacientes con SIDA.

coccigodinia *s.f.* Dor na rexión do cóccix.

coccigotomía *s.f.* Sección ou escisión do cóccix.

cocción *s.f.* 1. Acción de cocer. 2. Período de maduración e declinación das enfermidades.

cóccix *s.m.* Óso pequeno na parte terminal da columna vertebral.

coccixectomía *s.f.* Escisión cirúrxica do cóccix.

coccíxeo-a *adx.* 1. Relativo ou pertencente ó cóccix. // *s.m.* 2. Músculo.

cocemento *s.m.* Líquido que resulta de ferver en auga unha ou máis substancias medicinais.

cochinilla *s.f.* 1. Insecto hemíptero do que se extrae unha materia colorante de cor vermella. 2. Materia colorante, o carmín.

cociente *s.m.* Número de veces que unha cantidade está contida noutra. // **C. calórico.** O obtido da división da calor ambiente (en calorías) polo osíxeno consumido (en miligramos) nos procesos metabólicos. / **C. de albumina.** Resultado da división da cifra de albumina no plasma sanguíneo pola cantidade de albumina presente no sangue. / **C. de crecemento.** Fracción ou porcentaxe do total de enerxía alimentaria empregada para o crecemento dun animal novo. / **C. de intelixencia.** Medida da intelixencia obtida dividindo a idade mental do suxeito, apreciada pola escala de Binet-Simon ou outra proba estandarizada de intelixencia, pola idade real e multiplicando o resultado por 100. Abréviase CI. / **C. intelectual.** Cociente de intelixencia. / **C. respiratorio (CR).** Relación basal entre o anhídrido carbónico producido polo metabolismo dos tecidos e o osíxeno consumido no mesmo metabolismo. Para todo o organismo, o seu valor normal é 0,82 en condicións basais; neste caso (estado de repouso) o CR é igual á relación de intercambio respiratorio.

cóclea *s.f.* 1. Parte ou órgano en forma espiral. 2. Cavidade cónica do rochedo do temporal que forma parte do oído interno, constituída por un conducto en forma helicoidal (caracol) dividido pola lámina espiral en dúas ramplas ou escalas, vestibular e timpánica.

coclear *adx.* Relativo á cóclea.

cocleíte *s.f.* Inflamación da cóclea ou caracol.

coclite *s.f.* Cocleíte.

coco *s.m.* 1. Froito comestible do coco. 2. Cochinilla. // *s.m.pl.* 3. Bacterias redondeadas que segundo o seu modo de agruparse denomínanse: *diplococos* (en parellas), *estafilococos* (en acio), *tetráxenos* (por grupos de catro), *estreptococos* (en cadeas), etc. Tamén se di **bacteria cocácea**.

cocobacilar *adx.* Relativo a un cocobacilo.

cocobacilo *s.m.* Bacilo en forma de coco.

cocoide *adx.* Semellante a un coco, globuloso.

cocomelasma *s.m.* Melanodermia granulosa da pel.

cocote *s.m.* Caluga.

cóctel lítico *s.m.* Combinado de substancias analxésicas e ansiolíticas.

cocto- Prefixo que significa fervido ou modificado pola calor.

coctolábil *adx.* Que se altera pola calor da auga en ebulición.

coctoprecipitina *s.f.* Precipitina producida pola inxeción dun antíxeno quequado.

coctostábil *adx.* Que non se altera pola calor da auga en ebulición.

coctostable *adx.* Coctostábil.

codamina *s.f.* Alcaloide do opio.

codehidrase *s.f.* Cofermento da deshidroxenase.

codeína *s.f.* Alcaloide do opio, $C_{18}H_{21}NO_2 + H_2O$, metilmorfina, de acción hipnótica menor cá da morfina, que non deprime a excitabilidade reflexa nin a peristalse intestinal e tamén pode producir dependencia física e psíquica, pero en menor grao cá morfina. // **Fosfato de c.** Sal branco, cristalino, analxésico e antitusivo.

codificación *s.f.* O primeiro dos tres pasos da memoria, que inclúe procesos asociados con recibir ou rexistrar brevemente estímulo mediante un ou máis sentidos e con modificar esa información. O deterioro ou a perda desta información (un tipo de esquecemento) prodúcese rapidamente se non se activan as fases seguintes de almacenamento e recuperación.

código *s.m.* 1. Xogo ou conxunto de regras, principios ou normas éticas. 2. Sistema de signos que permite formular e comprender unha mensaxe ou transmitir unha información. 3. Situación de emerxencia que require membros adestrados do persoal dun hospital ou o sinal para convocar este equipo. // **C. xenético.** Conxunto de informacións transmitidas de célula a célula nos xenos.

codón *s.m.* Triplete, secuencia de tres nucleótidos, nunha cadea de DNA ou RNA, que codifica un aminoácido específico.

coeficiente *s.m.* 1. Símbolo ou cifra representativa dun valor. 2. Expresión da cantidade ou grao de calquera calidade posuída por unha substancia, ou o grao de cambio físico ou químico producido normalmente nesa substancia en condicións dadas. 3. Fórmula, cociente ou factor que relaciona unha cantidade observada nunhas condicións coa observada en condicións estándar.

coenzima *s.m.* Substancia que mellora a acción dos enzimas ou é necesaria para que exerzan a súa acción, substancia dializable que se pode separar da porción proteica (apoenzima) do enzima. Varias vitaminas, tiamina, pirodoxal, nicotinamida, riboflavina, son coenzimas.

cofactor *s.m.* 1. Coenzima. 2. Átomo ou molécula esencial para a acción dunha molécula grande, como por exemplo hem en hemoglobina ou magnesio na clorofila.

cofemia *s.f.* Xordeira verbal, logocofose.

cofermento *s.m.* Antigamente, coenzima.

cofia *s.f.* Membranas fetais que cobren a cabeza do feto ó nacer.

cofocirurxía *s.f.* 1. Cirurxía audiolóxica. 2. Audiocirurxía.

cofose *s.f.* Xordeira.

coñición *s.f.* 1. Calidade de saber que inclúe percibir, recoñecer, xulgar, sentir, razoar e imaxinar. 2. Todo o proceso mediante o que se adquiren coñecementos.

cohabitación *s.f.* 1. Acción de habitar xuntamente con outra ou outras persoas. 2. Coito.

- coherente** *adx.* Da varíola que ten pústulas que establecen contacto, pero non conflúen.
- cohesión** *s.f.* Forza ou atracción entre moléculas ou masas que as mantén unidas.
- cohorte** *s.f.* Grupo definido de poboación seguido prospectivamente en estudio epidemiolóxico.
- coiloniquia** *s.f.* Deformidade das unllas, que presentan adelgazamento da cara exterior e adoitan ter forma de culler.
- coilorraque** *s.f.* Curvatura lumbar acentuada de concavidade anterior.
- coionifobia** *s.f.* Medo ós espazos cheos de xente.
- coiro** *s.m.* Pelella dos animais, especialmente despois de curtida. // **C. cabeludo.** Pel grosa que cobre o cranio do home.
- coitelada** *s.f.* Ferida producida por un coitelo.
- coitelo** *s.m.* Instrumento cortante de diversas formas e tamaños, de folla unida ó mango. // **C. de amputación.** O de grandes dimensións, dun só fío, rectilíneo e terminado en punta. / **C. de Beer.** O de folla triangular, empregado na extracción da catarata e para extirpa-lo estafiloma da córnea. / **C. de Farabeuf.** Coitelo de folla curta e forte unida a un mango longo, para a sección de tendóns e ligamentos. / **C. de Graefe.** Coitelo pequeno delgado que se emprega na extracción lineal da catarata. / **C. de Groff.** Variedade de electrobisturí. / **C. de iridotomía** ou **iridotómico.** Coitelo de Beer. Coitelo de Graefe. / **C. eléctrico.** Electrótomou ou bisturí eléctrico, agulla ou lámina longa e estreita que serve de electro a unha corrente de alta frecuencia coa que se seccionan os tecidos. / **C. galvanocáustico.** O de platino sen fío, que se quenta a 1.500° C polo paso dunha corrente producida por unha pila eléctrica.
- coito** *s.m.* Xuntanza carnal do home e a muller, cópula, cohabitación.
- coitofobia** *s.f.* Temor patolóxico ó coito.
- cola** *s.f.* 1. Apéndice na parte posterior dos animais. 2. Extremo dun órgano en oposición ó outro (a cabeza). 3. Pasta forte apegañenta, especie de xelatina. 4. Cotiledóns secos de *Cola nitida* e outras especies de *Cola*, que contén cafeína, teobromina, colatina, con accións estimulantes sobre o sistema cardíaco e nervioso central. // **C. de cabalo.** Terminal da medula espinal. / **C. do epidídimo.** Porción en forma de cola na parte inferior do epidídimo que leva ó conducto deferente, parte do reservorio de espermatozoides. / **C. do Xapón.** Xelosa. / **C. do páncreas.** Extremo esquerdo do páncreas. / **C. dunha incisión.** Principio e fin dunha incisión cirúrxica da pel.
- colagogo –a** *adx.* 1. Que aumenta e estimula a expulsión da bile ó intestino por contracción da vesícula biliar. Tamén se di **colecínico**, **colecínético.** // *s.m.* 2. Axente ou droga con esta acción.
- colagoxia** *s.f.* Saída da bile da vesícula ás vías biliares exteriores.
- colaluria** *s.f.* Presencia de sales biliares na urina.
- colalxia** *s.f.* Colonalxia.
- colanerese** *s.f.* Aumento de produción de ácido cólico ou os seus conxugados.
- colánico (ácido)** *s.m.* C₂₄H₄₀O₂, esteroide orixinario dos ácidos biliares e último grao de redución destes por perdas de tódolos hidroxilos alcohólicos.
- colanopieise** *s.f.* Formación ou síntese polo fígado de ácido cólico e dos seus conxugados, ou de sales biliares naturais.
- colantreno** *s.m.* Hidrocarburo policíclico, tóxico e carcinóxénico.
- colanxiectasia** *s.f.* Ectasia dos conductos biliares.
- colanxiocistostomía** *s.f.* Anastomose cirúrxica dos conductos biliares coa vesícula na obstrucción do conducto hepático.
- colanxiointerostomía** *s.f.* Anastomose cirúrxica entre un conducto biliar e o intestino.
- colanxiografía** *s.f.* Estudio radiolóxico da vesícula biliar e vías biliares coa axuda dun contraste iodado hidrosoluble que despois da súa administración, intravenosa ou directa nas vías biliares, se elimina por vía hepática. // **C. peroperatoria.** Colanxiografía que se realiza por inxección directa de contraste nas vías biliares durante o acto operatorio, para estudio de toda a árbore biliar. / **C. transpapilar.** A consistente na cateterización da papila de Vater por medio dun fibroduodenoscopia, ó través do que se inxecta contraste iodado hidrosoluble. / **C. transparietohepática.** Colanxiografía que se realiza por punción dun canalículo biliar, para estudio das vías biliares, soamente indicada nas ictericias obstructivas.
- colanxiolo** *s.m.* Pequeno conducto biliar, capilar biliar.
- colanxioma** *s.m.* Neoplasia orixinada nun conducto biliar, especialmente intrahepático.
- colanxiostomía** *s.f.* Formación dunha fístula biliar abocando un conducto biliar á pel ou á vesícula biliar.
- colanxiotomía** *s.f.* Incisión dun conducto biliar para a extracción de cálculos.
- colanxite** *s.f.* Inflamación dos conductos biliares. Tamén se di **anxiocolite.**
- colapso** *s.m.* 1. Estado de prostración extrema e depresión das funcións cardiocirculatorias, similar ó choque hipovolémico e debido ás mesmas causas. 2. Perda do ton das paredes dunha estrutura tubular con supresión da súa luz. 3. Estado de profunda depresión física. 4. Fallo dun sistema fisiolóxico. // **C. pulmonar.** Atelectasia.
- colapsoterapia** *s.f.* Antigamente, tratamento da tuberculose pulmonar mediante a provocación dun pneumotórax.

- colar** *s.m.* 1. Erupción cutánea ou calquera outra lesión ó redor do colo. // 2. V. **filtrar**. // **C. ortopédico**. Aparello mecánico en forma de colar destinado a mante-lo colo e a cabeza nua posición determinada ou impedi-los seus movementos.
- colasco** *s.m.* Perda de bile no interior da cavidade peritoneal, coleperitoneo.
- colateral** *adx.* 1. Situado ó lado. 2. Secundario ou accesorio. 3. De certas arterias e nervios.
- colato** *s.m.* Sal de ácido cólico.
- colaxenase** *s.f.* Enzima que cataliza a hidrólise do coláxeno.
- coláxeno** *s.m.* Elemento proteico constituínte do tecido conxuntivo, dos ósos e cartilaxes, rico en glicina, alanina, prolina, hidroxiprolina, pobre en xofre e que non posúe triptófano. O coláxeno comprende unha familia de moléculas xeneticamente distintas, das que se identificaron seis tipos, cada un con diferentes cadeas polipeptídicas.
- colaxenose** *s.f.* Calquera das enfermidades que se caracterizan por dexeneración fibrinoide do coláxeno (lupus eritematoso, esclerodermia, enfermidade reumatoide).
- colchicina** *s.f.* Alcaloide empregado no tratamento da gota úrica.
- colchón** *s.m.* Especie de saco cuadrilongo recheo de materia elástica esmiuzada, ou peza desa mesma materia sobre o que se dorme. // **C. de aire, de auga, de silicona, de xel**. Saco enchido de distintos materiais, que se emprega para previ-las úlceras por decúbito. / **C. de baleiro**. Colchón que ten un dispositivo para extrae-lo aire e adaptalo ó corpo do paciente politraumatizado para facilita-lo transporte.
- colcrén** *s.m.* Ingrediente de moitas preparacións farmacéuticas en pomada, composto basicamente de esperma de balea.
- cole-** Prefixo do gr. *cholé*, que denota relación coa bile.
- colecalfiferol** *s.m.* Vitamina D de orixe animal que se atopa na pel e no pelo dos animais expostos á luz do sol, e tamén na manteiga, miolos, aceite de pescados e xema de ovo.
- colección** *s.f.* Acumulación de calquera líquido (pus, sangue, urina, esudados, etc.) nunha cavidade.
- coleccionismo** *s.m.* Afección a reunir e conservar obxectos. // **C. patolóxico**. Coleccionismo de obxectos que non teñen ningún valor.
- colecínético-a** *adx.* Colagogo.
- colecistagogo-a** *adx.* 1. Que estimula a evacuación da vexiga biliar. 2. Axente ou remedio con esta acción.
- colecistalxia** *s.f.* Cólico vesicular.
- colecistatónia** *s.f.* Atonía da vesícula biliar.
- colecistectasia** *s.f.* Distensión da vesícula biliar.
- colecistectomía** *s.f.* Extirpación da vesícula biliar.
- colecistendise** *s.f.* Colecistotomía para extraer un cálculo da vesícula biliar.
- colecistenterostomía** *s.f.* Abocamento da vesícula biliar ó intestino.
- colecistenteroanastomose** *s.f.* Colecistenterostomía.
- colecistenterorrafia** *s.f.* Sutura da vesícula biliar e do intestino delgado.
- colecistite** *s.f.* Inflamación da vesícula biliar. // **C. aguda**. Inflamación aguda de orixe infecciosa da vesícula biliar ou polo impacto dun cálculo no conducto cístico. / **C. crónica**. Inflamación de orixe mecánica secundaria a coleditiase. / **C. enfisematosa**. A debida a infección por bacterias produtoras de gas. / **C. gangrenosa**. Colecistite aguda causada por xermes anaerobios.
- colecisto** *s.m.* Vesícula biliar.
- colecistocinina** *s.f.* Colecistoquinina.
- colecistocolostomía** *s.f.* Abocamento da vesícula biliar ó colon.
- colecistoduodenostomía** *s.f.* Establecemento dunha comunicación entre a vesícula biliar e o duodeno.
- colecistoelectrocoagulectomía** *s.f.* Obliteración da vesícula biliar por electrocoagulación.
- colecistogastromía** *s.f.* Abocamento da vesícula biliar á parede do estómago.
- colecistografía** *s.f.* Estudio radiolóxico da vesícula biliar despois da administración dun contraste iodado por vía oral.
- colecistoileostomía** *s.f.* Establecemento dunha comunicación entre a vesícula biliar e o fleo.
- colecistólito** *s.m.* Cálculo da vesícula biliar.
- colecistolitotripsia** *s.f.* Esmagamento ou trituración dos cálculos biliare na vesícula.
- colecistomía** *s.f.* Colecistotomía.
- colecistonefrotomía** *s.f.* Procedemento para aboca-la vesícula biliar á pelve renal dereita para evita-la saída de bile ó intestino, colecistopielostomía.
- colecistopatía** *s.f.* Calquera enfermidade da vesícula biliar.
- colecistopexia** *s.f.* Sutura da vesícula biliar á parede abdominal.
- colecistoptose** *s.f.* Descenso ou caída da vesícula biliar.
- colecistoquinina** *s.f.* Hormona segregada pola mucosa intestinal, que activa a mobilidade da vesícula biliar.
- colecistorrafia** *s.f.* Sutura da vesícula biliar.
- colecistose** *s.f.* Calquera enfermidade dexenerativa ou inflamatoria crónica da vesícula biliar.
- colecistasonografía** *s.f.* Exame ultrasónico da vesícula biliar, ecografía biliar.

- colecistostomía** *s.f.* Abocamento permanente da vesícula biliar a través da parede abdominal ó exterior.
- colecistotomía** *s.f.* Incisión cirúrxica da vesícula biliar.
- colecistoxexunostomía** *s.f.* Establecemento cirúrxico dunha comunicación entre a vesícula biliar e o xexuno.
- colecócrínico -a** *adx.* Colagogo.
- colecromerese** *s.f.* Eliminación de pigmentos biliares.
- colecromo** *s.m.* Pigmento biliar.
- colecromopose** *s.f.* Síntese hepática de pigmentos biliares.
- colectomía** *s.f.* Extirpación dunha parte ou todo o colon.
- coledocectomía** *s.f.* Extirpación dunha porción do conducto colédoco.
- coledociano-a** *adx.* Relativo ó colédoco.
- coledociartia** *s.f.* Estenose da vesícula biliar.
- coledocite** *s.f.* Inflamación do conducto biliar común ou colédoco.
- colédoco** *s.m.* Conducto biliar que verte a bile no duodeno.
- coledocoduodenostomía** *s.f.* Abocamento entre o colédoco e o duodeno.
- coledocoenterostomía** *s.f.* Anastomose entre o colédoco e o intestino.
- coledocografía** *s.f.* Radiografía do conducto colédoco.
- coledocohepatostomía** *s.f.* Anastomose cirúrxica do colédoco e conducto hepático.
- coledocolitíase** *s.f.* Presencia de cálculos no colédoco.
- coledocolitotomía** *s.f.* Incisión do conducto colédoco para a extracción dun cálculo.
- coledocolitotricia** *s.f.* Esmagamento e trituración dun cálculo biliar dentro do conducto colédoco.
- coledocolitotripsia** *s.f.* Coledocolitotricia.
- coledocoplastia** *s.f.* Reparación cirúrxica do conducto colédoco.
- coledocorrafia** *s.f.* Sutura dunha incisión no colédoco.
- coledocostomía** *s.f.* Abocamento do colédoco á pel.
- coledocotomía** *s.f.* Incisión do colédoco.
- coleglobina** *s.f.* Hemoglobina dos pigmentos biliares, biliverdinglobina, hemoglobina verde, verdoglobina, composto pigmentado de globina e ferroporfirina, cun anel aberto formado por segmentación da ponte a-meteno por a-metil osixenase, primeiro intermediario na degradación de hemoglobina que logo se degrada sucesivamente a verdohemocromo, biliverdina e bilirrubina.
- colehematina** *s.f.* Bilipurpurina ou filoeritina, pigmento vermello da bile dos animais herbívoros, produto de oxidación da hematina.
- colehemotórax** *s.m.* Colección de bile e sangue na pleura.
- coleico-a** *adx.* Relativo á bile ou derivado dela, cólico.
- colecilitíase** *s.f.* Formación ou presenza de cálculos biliares.
- colélito** *s.m.* Cálculo biliar.
- colecilitomía** *s.f.* Extracción dun cálculo biliar por medio dunha incisión.
- colecilitotricia** *s.f.* Trituración ou esmagamento dos cálculos biliares.
- colecilitotripsia** *s.f.* Colecilitotricia.
- colemese** *s.f.* Vómito con contido biliar.
- colemia** *s.f.* Presencia de bile ou de sales biliares no sangue. // **C. simple familiar.** Forma conxénita de ictericia hemolítica.
- colemimetría** *s.f.* Determinación da cantidade de pigmento biliar contido no soro sanguíneo.
- coleo-** Prefixo que significa vaña e, especialmente, a vaxina.
- coleocele** *s.f.* Colpocele, herniación da vaxina.
- coleocistite** *s.f.* Inflamación da vaxina e a vexiga.
- coleoptose** *s.f.* Prolapso da vaxina.
- coleospastia** *s.f.* Espamo da parede vaxinal. Tamén se di **vaxinismo**.
- coleostenose** *s.f.* Estreiteza da vaxina.
- coleotomía** *s.f.* 1. Pericardiotomía. 2. Vaxinotomía, colpotomía.
- colepatía** *s.f.* 1. Calquera enfermidade das vías biliares. 2. Contracción irregular dos conductos biliares, colepatía espástica.
- coleperitoneo** *s.m.* Colección de bile no peritoneo que pode provocar peritonite biliar.
- colepocese** *s.f.* Segregación ou formación da bile.
- cólera** *s.m.* 1. Antigamente, enfermidade aguda grave que tivese por síntomas principais os vómitos repetidos, as deposicións acuosas frecuentes e a deshidratación. 2. Actualmente, enfermidade infecciosa epidémica aguda humana causada polo *Vibrio cholerae*. O xerme xera unha toxina que altera a permeabilidade da mucosa do tracto intestinal, causando importante diarrea acuosa, grave perda de líquido e electrólitos, e choque.
- colerese** *s.f.* Segregación e excreción de bile polo fígado, diferente da súa expulsión pola vesícula biliar ou colagoxia.
- colérico-a** *adx.* Bilioso.
- coleriforme** *adx.* Semellante ó cólera.
- colerinas** *s.f.pl.* Formas leves de diarrea profusa e vómitos que acompañan o cólera epidémico.

colerixeno-a *adx.* Que produce o cólera.

colerofobia *s.f.* Temor patolóxico ó cólera.

colerraxia *s.f.* Saída accidental de bile por laceración hepática.

colerrea *s.f.* Segregación ou excreción profusa de bile.

colescopia *s.f.* Exame do sistema ou función biliar.

colestano *s.m.* Hidrocarburo “nai” do colesterol.

colestanol *s.m.* Derivado do colesterol que se atopa nas feces humanas.

colestase *s.f.* Detención do fluxo de bile, debida a obstrución dos conductos biliares.

colestásico-a *adx.* Que tende a diminuír ou dete-lo fluxo de bile. Tamén se di **colestático**.

colesteatoma *s.m.* Tumor benigno formado por células epiteliais escamadas e colesterol que se desenvolve no oído medio como consecuencia da otite media crónica con metaplasia escamosa ou extensión de epitelio escamoso cara a dentro para tapizar unha cavidade quística en expansión.

colesteatose *s.f.* Dexeneración adiposa do fígado con acumulación de ésteres do colesterol.

colesterase *s.f.* Fermento que cataliza o desdoblamento do colesterol.

colesterina *s.f.* Colesterol.

colesterinemia *s.f.* Presencia de colesterina ou colesterol no sangue. Tamén se di **colesteremia**, **colesterolemia**.

colesterinose *s.f.* Colesterose.

colesterinuria *s.f.* Presencia de colesterina ou colesterol na urina.

colesteroderma *s.f.* Xantoderma.

colesterol *s.m.* (C₂₇H₄₆O), esteroide máis abundante nos tecidos animais, especialmente na bile, que se atopa no plasma sanguíneo esterificado con ácidos graxos e unido a proteínas, desempeñando un papel importante na patoxenia da formación de ateromas nas arterias. Na pel é o precursor do deshidrocolesterol, precursor á súa vez da vitamina D.

colesterolemia *s.f.* Taxa de colesterol no sangue.

colesteroluria *s.f.* Colesterinuria.

colesterose *s.f.* 1. Colesterinose, estado debido a unha alteración do metabolismo dos lípidos caracterizada por depósito de colesterol en cantidades anormais nos tecidos. 2. Presencia de cristais de colesterol na cámara anterior do ollo.

colestiramina *s.f.* Resina intercambiadora de ións que se administra por vía oral no tratamento das hipercolesterolemias.

coleterapia *s.f.* Tratamento de certas enfermidades pola administración de bile.

coletórax *s.m.* Colección de bile no espacio pleural.

colexénico -a *adx.* Productor de bile.

colgallo *s.m.* 1. Masa de tecidos que quedan colgados porque non se separaron completamente do corpo, colgallo accidental. 2. En cirurxía estética e plástica, porción de tecido disposto para ser trasplantado, unida ó resto dos tecidos e vascularizada a través dunha base estreita, colgallo pediculado.

colibacilar *adx.* Relativo ó colibacilo.

colibacilemia *s.f.* Presencia do colibacilo no sangue.

colibacilo *s.m.* Bacilo do colon ou *Escherichia Coli*.

colibacilose *s.f.* Enfermidade diarreica causada por *Escherichia coli*.

colibaciluria *s.f.* Presencia de *Escherichia coli* na urina.

cólica *s.f.* Unha das arterias abdominais.

cólico -a *adx.* 1. Coleico, relacionado coa bile. 2. Relativo ó colon. // *s.m.* 3. Dor aguda espasmódica, característica das vísceras abdominais e os seus conductos: vías biliares, vías urinarias, tracto dixestivo, útero. // **C. cúprico**. Cólico entre os traballadores do cobre. / **C. de chumbo** ou **dos pintores**. Cólico intestinal debido á intoxicación por chumbo, caracterizado por dor aguda, retraemento, contractura do ventre e vómitos pertinaces. / **C. do lactante**. Paroxismo doloroso con choro e irritabilidade en nenos pequenos, debido a diferentes causas, coma tragar aire, trastorno emocional ou sobrealimentación. / **C. meconial**. Cólico do neonato que se atribúe a ter inxerido meconio. / **C. menstrual**. Dor abdominal intensa no período menstrual ou en casos de amenorrea. / **C. miserere**. Obstrución intestinal. / **C. nefrítico**. Cólico renal debido a litíase. / **C. salival**. Ataques periódicos de dor na rexión dunha glándula ou conducto salival, acompañados de inflamación aguda da glándula e producidos con ocasión de litíase salival. / **C. saturnino**. Cólico de chumbo. / **C. uterino**. Cambra dolorosa do músculo uterino que aparece ás veces durante o período menstrual ou asociado con enfermidade uterina.

colicodinia *s.f.* Dor no colon.

colicoplexía *s.f.* 1. Parálise do colon ou intestinal. 2. Cólico saturnino e parálise debidos a envelenamento por chumbo.

colicuación *s.f.* 1. Necrose ou dexeneración licuefacta. 2. Abundancia de excrecións.

coliclectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica do colículo seminal.

coliculite *s.f.* Inflamación da uretra ó redor do colículo seminal. Tamén se di **verumontanite**.

colículo *s.m.* Eminencia ou pequena elevación sobre as partes que a rodean. // **C. caudal** ou **inferior**. Cada unha das eminencias situadas na rexión posterosuperior dos pedúnculos cerebrais, por detrás da epífise, relacionados coas vías ópticas reflexas. / **C. cranial** ou **superior**. Cada unha das dúas eminencias na rexión posterosuperior dos

pedúnculos cerebrais, relacionados coas vías auditivas reflexas. / **C. seminal**. Prominencia na porción prostática da uretra, na que se abren o utrículo prostático e os dous conductos exaladores. Tamén se di *verumontanum*, *caput gallinaginis*, **colículo seminal**.

coliflor *s.f.* Papiloma venéreo que, polo seu agrupamento, é parecido a esta hortaliza.

coliforme *adx.* Semellante á *Escherichia coli*.

coli-grupo *s.m.* Grupo de bacterias aerobias, gramnegativas, que comprende membros dos xéneros *Escherichia* e *Aerobacter*.

colilisina *s.f.* Lisina da *Escherichia coli*.

colimación *s.f.* 1. Acción e efecto de colimar. 2. Aliñación das diversas partes dun sistema óptico. 3. Procedemento que permite dirixi-la mirada cara a un lugar determinado por medio dun dispositivo especial, colimador, existente nos aparellos ópticos. 4. En radioloxía, proceso de restrinxir e limita-lo feixe de raios X e a súa dirección cara a unha rexión determinada. 5. En medicina nuclear, o proceso de restrinxir-la detección de radiacións emitidas por unha área de interese determinada.

colimador *s.m.* Aparello dun coeficiente de absorción elevado usado en colimación.

colimar *v.* En física, obter un feixe de raios paralelos a partir dun foco luminoso.

colimetría *s.f.* Determinación da cantidade de bacterias coli que conteñen as augas, índice da súa calidade e potabilidade.

colimicina *s.f.* Polimixina, colistina.

colina *s.f.* Composto hidrosoluble amplamente distribuído nos tecidos animais e vexetais que forma parte do complexo vitamínico B. Como a acetilcolina é esencial para a transmisión sináptica. Nos animais de laboratorio, a falla deste factor causa fígado graxo ou cirrose hepática. En medicina úsanse varios sales de colina. // **Cloruro de c.** Axente lipotrópico. / **Salicilato de c.** Sal de colina do ácido salicílico, analxésico e antipirético pola súa condición de salicilato.

colinérxico-a *adx.* Das terminacións nerviosas parasimpáticas que empregan acetilcolina como neurotransmisor.

colinesterase *s.f.* Membro dun grupo de enzimas que hidrolizan a acetilcolina e os ésteres da colina.

colipiúria *s.f.* Infección urinaria por *E. coli* con presenza de bacterias e pus na urina.

colirio *s.m.* Orixinariamente, calquera preparación para os ollos. Actualmente, medicamento composto dunha ou máis substancias disoltas ou diluídas nun vehículo acuoso de aplicación tópica nas enfermidades dos ollos.

colisión *s.f.* Complicación no parto de xemelgos cando entran simultaneamente no estreito superior.

colistina *s.f.* Colimicina, mestura de antibióticos polipeptídicos cíclicos dunha cepa de *Bacillus polymyxa*, separable en polimixinas.

colite *s.f.* Inflamación do colon. // **C. ulcerosa**. Ulceración crónica do colon, con exacerbacións episódicas que lle afecta de forma constante ó recto e pode estenderse ó longo de todo o intestino. Pode presentar sangrado e causa anemia, hipoproteinemia e desequilibrio hidroelectrolítico, e algunhas veces complícase con perforación ou carcinoma do colon.

colitífite *s.f.* Inflamación do cego e do colon ascendente.

colitifo *s.m.* Tifoide no que existe unha ulceración foliular do colon que se estende ó intestino delgado.

coliúria *s.f.* Eliminación de *Escherichia coli* na urina, colibaciluria.

colo- 1. Prefixo que indica relación coa bile. 2. Prefixo referente ó colon

colo *s.m.* 1. Parte do corpo entre a cabeza e o tórax. 2. Calquera parte estreita dunha estrutura despois dunha porción ensanchada. // **C. anatómico**. Suco na cabeza do úmero e o fémur inmediatamente debaixo da superficie articular. / **C. cirúrxico**. Constricción do úmero e o fémur debaixo dos trocánteres. / **C. da costela**. Porción aplana da costela entre a cabeza e a tuberosidade. / **C. da escápula**. Porción estreita que marca a separación entre a apófise coracoide e o corpo do óso. / **C. da vexiga**. Prolongación da rexión anteroinferior da vexiga en forma de cono truncado, que se continúa coa uretra. / **C. do dente**. Porción máis estreita do dente entre a coroa e a raíz. / **C. do saco herniario**. Porción da hernia comprendida entre o orificio do saco e a parte en que este comeza a dilatarse. / **C. palmeado**. Colo ensanchado por unhas aletas laterais. / **C. proconsular**. O avultamento por infarto ganglionar. / **C. uterino** ou **do útero**. Porción inferior e estreita do útero, comprendida entre o orificio e o corpo.

coloboma *s.m.* Defecto conxénito nalgunha parte do ollo, especialmente no iris. // **C. do iris**. Iridectomía, fisura conxénita do iris asociada a fisura da coroide. / **C. lobar**. Fisura do lobo da orella. / **C. palpebral**. Fisura vertical conxénita no bordo das pálpebras, esquizoblefaría.

colocentese *s.f.* Punción do colon para aliviar-la súa distensión.

coloclise *s.f.* Irrigación do colon.

colocólico-a *adx.* Relativo a dúas porcións do colon.

colocolostomía *s.f.* Establecemento dunha comunicación entre dúas porcións do colon.

colodión *s.m.* Líquido preparado ó disolver piroxilina en éter e alcohol, coa consistencia dun xarope que, estendido nunha superficie, evapórase e forma unha película brillante elástica. Emprégase como protector nas feridas, queimaduras, úlceras, etc., e como vehículo para a aplicación local de substancias medicinais. // **C. con ácido**

- salicífico.** Axente queratolítico usado no tratamento de calosidades e durezas.
- colodispepsia** *s.f.* Trastorno da dixestión por unha afección do colon.
- coloenterite** *s.f.* Enterocolite.
- colohepatopexia** *s.f.* Fixación do colon ó fígado mediante suturas.
- coloide** *s.m.* 1. Agregados de átomos ou moléculas finamente divididos dispersados nun medio gasoso, líquido ou sólido, resistentes á sedimentación, difusión e filtración, no que se diferencian dos precipitados. As partículas constitutivas deste estado non obedecen as leis de gravidade e non atravesan as membranas animais ou vexetais. O coloide predominantemente líquido chámase tamén sol, e o de consistencia sólida ou semisólida denomínase xel. 2. Substancia que se atopa nas células e tecidos en estado de dexeneración coloidal. 3. A segregación almacenada dentro dos folículos da glándula tiroide. // *adx.* 4. Glutinoso, semellante á liga ou cola.
- coloidoclaste** *s.f.* Antigamente, coloidoclasia.
- coloidoclasia** *s.f.* Antigamente, rotura do equilibrio físico dos coloides orgánicos, choque coloidostático.
- coloidoma** *s.m.* Tumor caracterizado pola presenza de substancia coloide.
- coloidopexia** *s.f.* Fixación dos coloides polos tecidos orgánicos.
- coloidoterapia** *s.f.* Antigo tratamento das infeccións pola inxección de metais en estado coloidal, produción do choque coloidoclástico con fins terapéuticos.
- colólise** *s.f.* Liberación cirúrxica das adherencias do colon.
- coloma** *s.m.* Cancro coloide, carcinoma dexenerado con aspecto de xelatina ou cola.
- colon** *s.m.* Porción do intestino groso que se estende desde o cego ó recto, no que se distinguen as porcións ascendente, transversa, descendente, e sigmoide, segundo a súa disposición anatómica. // **C. irritable.** Síndrome caracterizada por dor abdominal de tipo cólico e diarrea en relación con hiperperistaltismo.
- colonaxia** *s.f.* Dor no colon, colaxia.
- colonectasia** *s.f.* Dilatación do colon. Temén se di **mega-colon.**
- colonectomía** *s.f.* Extirpación dunha porción do colon.
- colonia** *s.f.* 1. Conxunto de células individuais ou organismos dunha mesma especie, que no seu ciclo evolutivo forman agrupacións. 2. Grupo de células que se fan crecer no laboratorio sobre unha superficie nutriente sólida, xurdindo cada unha da multiplicación dunha célula individual (colonia bacteriana, colonia de fungos). 3. Conxunto de individuos que polas súas características físicas, psíquicas ou sociais se reúnen e viven nun lugar ou zona determinados, ás veces para o seu mellor coidado.
- colónico-a** *adx.* Relativo ó colon, cólico.
- colonización** *s.f.* 1. Nidificación. 2. Formación de grupos compactos de poboación do mesmo tipo de microorganismos, como as colonias que se desenvolven cando unha célula bacteriana comeza a reproducirse. 3. Coidado de persoas en grupos comunitarios.
- colonómetro** *s.m.* Aparello para conta-las colonias de bacterias que se fan crecer sobre unha superficie plana.
- colopatía** *s.f.* Afección do colon.
- colopexia** *s.f.* Enteropexia do colon.
- colopexostomía** *s.f.* Fixación do colon e establecemento dunha abertura á parede abdominal
- colopexotomía** *s.f.* Fixación e incisión do colon.
- coloplicación** *s.f.* Operación de diminuí-la luz dun colon dilatado pola formación de pregamentos na súa parede.
- coloproctite** *s.f.* Inflamación do colon e o recto.
- coloptose** *s.f.* Descenso ou caída do colon da súa posición anatómica, enteroptose.
- colopuntura** *s.f.* Colocentese.
- coloración** *s.f.* 1. Efecto da tinguidura da pel, a urina, os tecidos, por pigmentos como a bilirrubina, (c. icterica), por déficit da oxixenación do sangue (c. cianótica), por estimulación da melanoxénese (c. bronceada), etc. 2. Procedemento polo que se utilizan colorantes ou unha combinación de colorantes e reactivos na tinguidura artificial das estruturas hísticas ou microorganismos, para facilita-lo seu estudio microscópico. 3. En odontoloxía, modificación da cor dos dentes ou da base dunha dentadura artificial. // **C. de Papanicolaou.** Coloración multicromática usada principalmente en mostras citolóxicas exfoliadas e baseada en hematoxilina acuosa con múltiples colorantes de contraste en alcohol etílico ó 95%, moi usada nos frotis xinecolóxicos na detección de cancro. / **C. selectiva.** Emprego dun colorante que ten afinidade especial para determinados elementos ou estruturas. / **C. vital.** 1. Coloración de tecidos frescos ou vivos, especialmente a coloración do sangue recentemente saído dun vaso, antes de que as células sexan alteradas pola calor ou o alcohol. 2. Coloración dun tecido mediante a introdución no organismo dunha materia colorante que posúa afinidade electiva por aquel tecido.
- colorante** *s.m. e adx.* Que dá cor.
- colorimetría** *s.f.* Procedemento de análise química cuantitativa, baseado na comparación da cor cun estándar, utilizando un colorímetro e cuantificando o grao de absorción da luz.
- colorímetro** *s.m.* Escala de varios tons de cor usada para determina-la intensidade de cor dun líquido. Tamén se di **cromómetro, cromatómetro.**
- colorrafia** *s.f.* Sutura de colon.

colorrea *s.f.* Colite mucosa.

colorrectite *s.f.* Inflamación simultánea do colon e do recto.

colorrectostomía *s.f.* Formación cirúrxica dunha nova comunicación entre o colon e o recto.

colosigmoidostomía *s.f.* Enteroanastomose entre unha porción de colon e a asa sigmoide ou S ilíaca.

colostomía *s.f.* Formación cirúrxica dunha comunicación permanente entre o colon e o exterior a través da parede abdominal, ano artificial. Tamén se di **coloproccia**.

colosucorrea *s.f.* Hipersecreción da mucosa do intestino groso.

colotomía *s.f.* Laparocolotomía, incisión do colon.

colotórax *s.m.* Bile na cavidade torácica.

colp-, **colpo-** Prefixos do gr. *kólpos*, seo, referido á vaxina.

colpalxia *s.f.* Dor na vaxina.

colpaporrexe *s.f.* Rotura da unión do útero coa vaxina.

colpatresia *s.f.* Atresia ou oclusión da vaxina.

colpectasia *s.f.* Distensión ou dilatación da vaxina.

colpectomía *s.f.* Escisión da vaxina.

colpeurise *s.f.* Dilatación cirúrxica da vaxina.

colpite *s.f.* Inflamación da vaxina, vaxinite. // **C. micótica**. Candidiase vaxinal. / **C. senil**. Vaxinite debida a atrofia da mucosa nas anciás.

colpoccele *s.f.* Hernia do recto ou a vexiga que se proxecta na vaxina. Tamén se di **coleoccele**, **vaxinocele**.

colpoceliotomía *s.f.* Celiotomía vaxinal.

colpocistite *s.f.* Inflamación da vaxina e a vexiga.

colpocistocele *s.f.* Hernia da vexiga na vaxina, con prolapso da parede anterior desta última.

colpocistoplastia *s.f.* Operación plástica para a restauración da parede vesicovaxinal.

colpocistotomía *s.f.* Cistotomía vaxinal, talla vesicovaxinal.

colpocistoureterotomía *s.f.* Incisión dos uréteres a través das paredes da vaxina e da vexiga.

colpocleise *s.f.* Oclusión cirúrxica da luz vaxinal.

colpodesmorrafia *s.f.* Sutura dos músculos estriados que forman o esfínter da vaxina.

colpodinia *s.f.* Colpalxia.

colpoepisiorrafia *s.f.* Colpocleise.

colpohiperplasia *s.f.* Engrosamento da mucosa vaxinal.

colpohisterectomía *s.f.* Extirpación do útero por vía vaxinal.

colpohisteropexia *s.f.* Fixación do útero por vía vaxinal.

colpohisterotomía *s.f.* Incisión do útero por vía vaxinal.

colpolaparotomía *s.f.* Laparotomía por vía vaxinal.

colpomicose *s.f.* Infección vaxinal debida a fungos, colpíte micótica.

colpomiomectomía *s.f.* Miomectomía practicada pola vía vaxinal.

colpomiomotomía *s.f.* Colpomiomectomía.

colpomiotomía *s.f.* Colpomiomectomía.

colpopatía *s.f.* Calquera afección vaxinal.

colpoperineoplastia *s.f.* Cirurxía plástica da vaxina e do perineo, especialmente a operación que ten por obxecto estreita-la vaxina e aumenta-la resistencia do perineo para remedia-lo prolapso vaxinal e uterino. Tamén se di **vaxinoperitoneoplastia**.

colpoperineorrafia *s.f.* Sutura dunha esgazadura vaxinoperineal.

colpopenxia *s.f.* Fixación cirúrxica da vaxina á parede abdominal.

colpoplastia *s.f.* 1. Reparación cirúrxica da vaxina. 2. Creación dunha vaxina artificial na ausencia deste conducto.

colproctotomía *s.f.* Incisión do tabique rectovaxinal.

colpoptose *s.f.* Prolapso da vaxina.

colporrafia *s.f.* Sutura da vaxina, para reparar unha rotura ou para estreita-lo conducto e remedia-lo prolapso uterino.

colporraxia *s.f.* Hemorragia vaxinal.

colporrea *s.f.* Fluxo vaxinal.

colporrexe *s.f.* Esgazadura da vaxina.

colposcopia *s.f.* Exame da vaxina e o colo uterino.

colposcopio *s.m.* Espéculo vaxinal.

colpospasma *s.m.* Contracción espasmódica da vaxina.

colpóstato *s.m.* Aparello usado para sostemento dunha vaxina prolapsada ou como contención dalgunha cousa na vaxina, por exemplo un aplicador de isótopos radioactivos.

colpostenose *s.f.* Estreiteza da vaxina.

colpostenotomía *s.f.* Incisión da vaxina para reparar unha colpostenose.

colpostrictura *s.f.* Estreitamento cirúrxico da vaxina, colpodesmorrafia.

colpotermo *s.m.* Aparello eléctrico para aplicacións de calor na vaxina.

colpotomía *s.f.* Incisión cirúrxica da vaxina. // **C. anterior**. Incisión do fondo de saco vaxinal anterior separando a vaxina da cara anterior do colo. / **C. posterior**. Incisión do fondo de saco vaxinal posterior.

colpoureterotomía *s.f.* Incisión do uréter a través da vaxina.

colpoxerose *s.f.* Secura anormal da mucosa vaxinal.

coluicina *s.f.* Un dos principios activos do cólquico, glicósido cristalizado velenoso, soluble en alcohol.

columbio *s.m.* Niobio.

columna *s.f.* Parte cilíndrica en forma de piar, de funil ou feixe. // **C. da vaxina.** Eminencias lonxitudinais ó longo das paredes da vaxina na súa superficie interna. / **C. de Bertin.** Prolongacións da substancia cortical do ril entre dúas pirámides de Malpighi. / **C. de Morgagni.** Repregadura da mucosa na terminación anal do recto. / **C. de Sertoli.** Célula alongada sustentacular na capa parietal dos tubos seminíferos, que mantén unidas as células espermatóxicas. / **C. vertebral.** Raque, conxunto óseo formado polas vértebras cervicais, torácicas, lombares, sacro e cóccix.

coluria *s.f.* Eliminación de bile ou pigmentos biliares pola urina. Biliúria.

colutorio *s.m.* Líquido medicamentoso para enxaugala boca e trata-las enfermidades das súas mucosas.

coma *s.m.* Estado de inconsciencia profunda da que non é posible sacalo paciente, que pode deberse á acción dunha substancia tóxica inxerida ou formada no organismo, a traumatismo ou a enfermidade. // **C. acidótico.** O secundario a un trastorno metabólico. / **C. alcohólico.** O provocado pola intoxicación etílica. / **C. carcinomatoso.** Estado comatoso na fase terminal da caquexia cancerosa. / **C. diabético.** O que se desenvolve en casos graves de diabe mellitus mal tratados, debido ó menor metabolismo oxidativo do sistema nervioso central, que á súa vez resulta de cetoadicose grave, e posiblemente da acción dos corpos cetónicos sobre os tecidos, e de alteracións do equilibrio hidroelectrolítico, resultando mortal se non se trata. / **C. hepático.** Coma da cirrose e a hepatite avanzada, o envelenamento ou calquera enfermidade grave do fígado, que pode estar precedido por confusión mental, delirio e tremor nas extremidades superiores, podendo haber ou non ictericia e trastornos do metabolismo do amoníaco, do nitróxeno e dos aminoácidos. Correspóndese coa encefalopatía hepática. / **C. hiperosmolar.** O producido por hiperosmolaridade plasmática que aparece en estados de deshidratación e na diabe. / **C. hipofisario.** Estado que aparece a consecuencia da destrución da hipófise como na hemorraxia do parto (enfermidade de Sheehan). / **C. hipoglicémico.** O que acompaña os descenso bruscos da glicemia. / **C. irreversible.** Supresión total e irreversible da actividade cerebral. Coma sobrepasado. / **C. mixedematoso.** O que aparece na hipofunción tiroide. / **C. sobrepasado.** Coma irreversible. / **C. tóxico.** O debido a barbitúricos, tranquilizantes, etc. / **C. urémico.** Estado de letarxia debido á uremia. / **C. víxil.** Estado de semiconsciencia.

comatoso-a *adx.* Do que está en coma, en estado de coma.

combustión *s.f.* Oxidación rápida de calquera substancia acompañada da produción de calor e luz.

comechón *s.f.* 1. Sensación irritante da pel que provoca desexos de rascarse. 2. Sarna. 3. Prurito.

comedón *s.m.* Lesión primaria da acne común, formada polo foliculo piloso cheo de queratina, escamas e sebo, que se ve principalmente no nariz, nas meixelas e na fronte. // **C. do padal duro dos neonatos.** Perlas de Epstein ou nódulos de Bohn.

comensalismo *s.m.* Relación simbiótica na que unha especie vive a expensas doutra sen danala.

comer *v.* 1. Inxerir alimento sólido. 2. Mastigar e tragar calquera substancia coma se fose alimento. 3. Corroer.

comida *s.f.* 1. Alimento consumido a intervalos regulares ou con horarios específicos. 2. Alimento sólido, nutriente que se inxire para proporcionarlle ó organismo os elementos necesarios. 3. Acción de comer. // **C. de Boyden.** Comida que serve para determina-lo tempo de evacuación da vesícula biliar, composta de tres ou catro xemas de ovo mesturadas en leite con azucre e viño. / **C. de proba.** Comida de composición determinada para explora-las funcións dixestivas, un tipo é a comida de Boyden.

comisura *s.f.* 1. Ángulo ou punto de xunción das pálpebras, dos labios ou de calquera abertura ou fendedura. 2. Feixe de fibras nerviosas que pasa dun lado a outro no encéfalo ou na medula espiñal. 3. Sutura cranial. // **C. labial.** Ángulo da boca. / **C. labial pudenda.** Unión dos beizos menores ou ninfas. / **C. palpebral.** Ángulo ou canto interno ou externo das pálpebras.

comisurotomía *s.f.* 1. División cirúrxica de calquera comisura, banda fibrosa ou anel. 2. Mielotomía da liña media. // **C. mitral.** Apertura do orificio da válvula mitral estreitado para aliviala estenose mitral.

compacto-a *adx.* Denso, aplicado ó tecido óseo, en oposición ó esponxoso.

compás *s.m.* Instrumento usado para medir diámetros e contornos, do cranio, da pelve.

compatibilidade *s.f.* Condición de compatible.

compatibilización *s.f.* Proceso de formar un grupo de estudio e un grupo comparativo para un estudio epidemiolóxico, comparables con respecto a factores estraños ou que poidan causar confusións, como idade, sexo, educación.

compatible *adx.* 1. Dos elementos dunha fórmula farmacéutica debidamente constituída que son capaces de mesturarse sen sufrir cambios químicos destructivos nin mostrar antagonismo. 2. Capaz de existir xunto con outra entidade biolóxica sen anulación nin efectos deletéreos na súa función, como o sangue, tecidos e órganos que non causan reacción en transfusións nin rexeitamento en transplantes. 3. Satisfactorio no matrimonio ou na actividade sexual.

compensación *s.f.* 1. Proceso no que unha tendencia ó cambio nunha dirección dada é contrarrestada por outro cambio oposto, sen que sexa visible a modificación orixinal. 2. Mecanismo inconsciente co que o individuo trata de suplir deficiencias reais ou imaxinarias. // **C. cardíaca**. Estado de hipertrofia do corazón suficiente para contrarrestar un defecto mecánico valvular.

complementado-a *adx.* Unido co complemento para que sexa activo.

complemento *s.m.* Substancia termolábil, normalmente presente no soro, responsable da inmunidade humoral, que destrúe certas bacterias e outras células sensibilizadas por un anticorpo específico. É un complexo de proteínas séricas que exercen a súa actividade a través de interaccións enzimáticas. Abrangue 11 proteínas distintas ou 9 compoñentes funcionais que se indican de C1 a C9, e que reaccionan nunha secuencia definida desencadeada polo complexo antíxeno-anticorpo. O sistema complemento é activado por IgG e IgM, polo veneno de cobra e outros factores. Entre as súas funcións son características a hemólise e a bacteriolise en presenza de anticorpos específicos, e é importante o seu papel en moitas outras reaccións biolóxicas: fagocitose, opsonización, quimiotaxe, citólise inmune, etc. Coñécese cadros patolóxicos consecutivos ó déficit hereditario dalgún dos compoñentes.

complementófilo-a *adx.* Que posúe afinidade por un complemento, aplicado ó elemento do amboceptor ó que se fixa o complemento.

complementoide *s.m.* Complemento que perdeu a súa actividade por destrución do grupo cimotoxíco, pero capaz de unirse co amboceptor e de producir un anticomplemento cando se inxecta.

complexión *s.f.* 1. Constitución do corpo. 2. Cor e aspecto da cara.

complezo -a *adx.* 1. Complicado. // *s.m.* 2. Conxunto de síntomas, síndrome. 3. En dermatoloxía, asociación de varias afeccións reunidas nun mesmo sector cutáneo ou mucoso. 4. En psiquiatría e psicanálise, conxunto organizado de sentimentos, pensamentos, percepcións e recordos con forte carga afectiva que poden ser en parte inconscientes e influír en actitudes ou conductas do suxeito. 5. No trazado electrocardiográfico, a parte que representa a sístole dunha aurícula ou dun ventrículo. 6. En química, combinación estable de dous ou máis compostos nunha molécula máis grande sen unión covalente. 7. Grupo de estruturas individuais que teñen relación anatómica, embriolóxica ou funcional. // **C. auricular**. Onda P do electrocardiograma. / **C. de Caín**. Sentimento de rivalidade e hostilidade entre irmáns. / **C. de Edipo**. Conxunto de ideas asociadas, instintos e temores observados nos nenos de sexo masculino de 3 a 6 anos que fan que o interese sexual se dirixa cara á súa nai e se acompañe de sentimentos agresivos cara ó pai. / **C. inmunolóxico**. Antíxeno combinado co seu anticorpo específico ó que tamén pode fixarse o complemento, e

que pode precipitar ou permanecer en solución. / **C. Kuss**. Imaxe radiolóxica típica da primoinfección tuberculosa con imaxe xusta e parahiliar do chancro de inoculación e imaxes hiliares anormais (adenopatías hiliares). / **C. primario de Ranke**. Complexo gangliopulmonar na tuberculose. / **C. QRS**. Principal onda do electrocardiograma que corresponde á sístole ventricular. / **C. ventricular**. Ondas Q, R, S e T do electrocardiograma.

compliance *s.f.* Facilitade con que unha estrutura pode deformarse, o contrario de elasticidade.

compliance *s.f.* Compliance.

complicación *s.f.* 1. Fenómeno producido no curso dunha enfermidade e que non é parte dela aínda que pode tela como causa. 2. Coexistencia de dúas ou máis enfermidades nun mesmo paciente.

compoñedor-a *s.* Curandeiro que compón ósos, articulacións ou tendóns que están fóra do sitio. Tamén se di **compostor, atador**.

comportamento *s.m.* Maneira de ser ou de reaccionar dun ser vivo.

composto-a *adx.* 1. Formado de dúas ou máis especies de materiais. // *s.m.* 2. En química, substancia formada pola unión covalente ou electrostática de dous ou máis elementos, que xeralmente teñen características físicas diferentes. 3. En farmacia, preparación que contén varios compoñentes. // **C. acíclico, alifático**. Composto constituído por unha cadea aberta. / **C. aromático, cíclico**. Composto de cadea pechada.

compostor-a *s.* V. **compoñedor**.

compresa *s.f.* Anaco de gasa, lenzo ou outro material, xeralmente esterilizado, que se coloca sobre unha parte do corpo para cohibir hemorraxias, cubrir feridas, limitalo campo operatorio, aplicar calor, frío ou medicación, etc.

compresión *s.f.* 1. Unión firme. 2. Presión aplicada sobre un corpo de xeito que tende a aumenta-la súa densidade e diminuí-lo seu volume. 3. Diminución dunha das dimensións dun corpo baixo a acción de dúas forzas externas dirixidas unha cara á outra na mesma liña recta. 4. Presión metódica, exercida por medio da man, dunha vendaxe ou instrumento con obxecto terapéutico. // **C. dixital**. Compresión dun vaso sanguíneo cos dedos, co obxecto de deter unha hemorraxia. / **C. do cerebro**. Estado no que o cerebro é comprimido por ósos fracturados, tumores, coágulos sanguíneos, abscesos, etc. / **C. inmediata**. A que se exerce sobre os vasos sen intermedio das partes brandas. / **C. instrumental**. Compresión dos vasos sanguíneos por medio de instrumentos. / **C. mecánica**. Compresión exercida por un medio distinto do dos dedos. / **C. mediata**. A que obra sobre os vasos polo intermedio das partes brandas. / **C. total**. A que suspende por completo o curso do sangue.

compresor -a *adx.* 1. Que comprime. // *s.m.* 2. Músculo que causa a compresión de calquera estrutura cando se contrae. 3. Instrumento para exercer presión sobre unha

- parte, especialmente nunha arteria, para evita-la perda de sangue.
- comprimido** *s.m.* Preparación farmacéutica en forma de pastilla, na que a substancia medicinal está comprimida por forte presión.
- compulsión** *s.f.* Impulso irresistible de executar un acto, que provoca ansiedade se non pode realizarse.
- común** *adx.* 1. Non raro. 2. Que pertence a varios.
- comunicante** *adx.* Que comunica, aplicado a estruturas que conectan entre si (nervios ou vasos).
- conación** *s.f.* Conxunto de funcións voluntarias (impulso, desexo, esforzo disciplinado) que teñen un fin determinado, tendencia consciente a obrar.
- concameración** *s.f.* Disposición en forma de cámaras conectadas.
- concatenado-a** *adx.* 1. Con disposición en forma de cadea. 2. Que forma unha secuencia.
- concavidade** *s.f.* Oco ou depresión de lados curvados máis ou menos uniformemente, sobre calquera superficie.
- cóncavo-a** *adx.* Que presenta unha depresión ou superficie oca.
- concavocóncavo-a** *adx.* Bicóncavo.
- concentración** *s.f.* 1. Aumento da forza dunha solución por evaporación da auga que contén. 2. Número de átomos ou equivalentes da substancia disolta contidos nunha unidade de volume da solución. 3. Preparación feita precipitando e secando unha solución para obter unha droga. // **C. de ións de hidróxeno.** Grao da súa concentración nun soluto, que expresa a reacción actual deste. O seu símbolo é pH. / **C. plasmática.** Número de átomos ou equivalentes da substancia a examinar, contidos nunha unidade de volume de sangue. / **C. urinaria.** Número de átomos ou equivalentes da substancia a medir, contidos nunha unidade de volume de urina.
- concentrado-a** *adx.* 1. Reunido nun punto, condensado. // *s.m.* 2. Substancia que aumenta a súa potencia pola evaporación das súas partes inactivas.
- concéntrico-a** *adx.* Que ten un centro común, que se estende igualmente en tódalas direccións desde un centro común.
- concepción** *s.f.* 1. Acción de concibir, fecundación do óvulo polo espermatozoido. 2. Concepto. 3. Acción de formar unha idea ou noción xeral.
- concepto** *s.m.* 1. Idea, opinión, xuízo. 2. Producto da concepción durante toda a xestación. // **C. imperativo.** Idea que domina as accións dun individuo.
- conciencia** *s.f.* 1. Coñecemento exacto e reflexivo que o individuo ten das cousas, de si mesmo, do medio que o rodea e das súas modificacións. 2. Estado de alerta e de resposta xeral ó medio.
- concocción** *s.f.* 1. Mestura de substancias medicinais preparadas por medio da calor. 2. Proceso dixestivo.
- concomitante** *adx.* 1. Que acompaña, accesorio, unido con outro. 2. Relativo a unha clase de estrabismo e certos síntomas.
- concordancia** *s.f.* Coincidencia de dúas características, como por exemplo en irmáns ou xemelgos, presentación do mesmo trazo en todos eles. A concordancia nun mesmo individuo denomínase asociación xenética e úsase como evidencia de dependencia.
- concoscopio** *s.m.* Instrumento para a exploración das cunchas ou cornetos do nariz.
- concótopo** *s.m.* Instrumento para a escisión das cunchas.
- concreción** *s.f.* 1. Agregación ou formación de material sólido nunha cavidade ou nos tecidos dun organismo. 2. Endurecemento ou solidificación. // **C. alvina.** Bezoar ou cálculo no estómago ou intestino. / **C. calcaria.** Depósitos de carbonato e fosfato de cal que se forman no interior dalgúns órganos. / **C. calculosa.** Cálculo. / **C. fibrinosa sanguínea polipiforme.** Coágulos de fibrina nas válvulas cardíacas ateromatosas. / **C. ósea.** Producción ósea accidental. / **C. pericárdica.** Símfise do pericardio. / **C. tofécea.** Acumulación de sales calcarias e uratos ó redor das articulacións nos gotosos.
- concretismo** *s.m.* Pensamento e conducta simples, incapacidade para entender conceptos abstractos, que ocorre en nenos normais e demencias.
- concuasantes** *adx.* Relativo ás dores expulsivas do parto.
- concusión** *s.f.* Contusión violenta sen signos exteriores de traumatismo. // **C. abdominal.** Traumatismo abdominal producido en persoas mergulladas na auga por violentas explosións no seo da mesma. / **C. da medula espiñal.** Estado resultante de golpes na raque con trastornos funcionais medulares. / **C. do cerebro.** Estado producido por caída ou un golpe sobre a cabeza con inconsciencia, pulso débil, palidez e frialdade e, ás veces, relaxación dos esfínteres. / **C. do labirinto.** Xordeira e z Unidos producidos por un golpe ou explosión.
- condensación** *s.f.* 1. Compresión, acto ou proceso de facer máis compacto. 2. Paso do estado de gas ó de líquido ou do estado de líquido ó de sólido. 3. En psicanálise, proceso mental inconsciente no que un símbolo representa moitas outras asociacións psíquicas, é un dos modos principais de funcionamento do inconsciente e apréciase especialmente nos soños. 4. En odontoloxía, aplicación dun material obturador, especialmente amalgama, nunha cavidade, con forza e dirección tales que o exceso de mercurio se compacta na masa obturadora sen deixar baleiros.
- condensador** *s.m.* 1. Vaso ou aparello para arrefriar gases ou vapores e pasalos ó estado de líquido ou deste ó de sólido. 2. Instrumento ou lente dun microscopio que serve para ilumina-los obxectos e poder observa-la mostra. 3. En odontoloxía, instrumento manual ou eléctrico que serve para empacar un material obturador na

cavidade dun dente. // **C. eléctrico.** Instrumento para acumular e restituír unha cantidade de electricidade.

condensante *adx.* Que condensa, aplicado a unha forma de osteíte.

condicionalismo *s.m.* Teoría segundo a que tódolos sucesos ou estados non dependen dunha soa causa, senón de numerosas condicións ou factores condicionantes.

condicionamento *s.m.* 1. Proceso de adquirir, desenvolver, educar, establecer, aprender ou adestrar novas respostas animais ou humanas. 2. Desenvolvemento de mellores condicións fisiolóxicas mediante exercicios físicos. 3. En psicoloxía, técnica repetitiva que permite a organización dunha nova conducta pola adquisición de reflexos condicionados. // **C. clásico** ou **de Paulov.** O que asocia dous estímulos, un adecuado e outro inadecuado, obténdose finalmente a mesma resposta aplicando só o estímulo inadecuado. / **C. operante.** Aquel no que se reforza unha actitude desexada dándolle ó suxeito unha recompensa cada vez que efectúa a acción, chegando a facerse finalmente a actitude automática sen necesidade de recompensa.

condilectomía *s.f.* Resección dun cóndilo.

cóndilo *s.m.* Superficie articular redondeada no extremo dun óso.

condiloartrose *s.f.* Articulación por medio dun cóndilo por unha parte e unha cavidade glenoide por outra, articulación condiloide.

condiloma *s.m.* Tumoración branda semellante a unha verruga cerca do ano ou da vulva, prepucio, etc., especialmente as pápulas planas húmidas da sífilis secundaria. // **C. plano.** Lesións de orixe sifilítica ou vírica.

condilomatose *s.f.* Estado de afección por condilomas.

condilotomía *s.f.* Incisión ou división dun cóndilo.

condón *s.m.* Vañía ou cobertura para o pene como prevención da concepción ou da infección durante o coito. Preservativo.

condr- V. **condro-**.

condral *adx.* Relativo á cartilaxe, cartilaxinoso.

condraloplasia *s.f.* Existencia de cartilaxes en condicións anormais no esqueleto óseo. Tamén se di **condrodisplasia**, **discondroplasia**.

condralxia *s.f.* Dor nunha cartilaxe.

condrectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica dunha cartilaxe.

condrificación *s.f.* 1. Formación de cartilaxe, condroxénese. 2. Conversión en cartilaxe.

condrina *s.f.* Substancia proteínica, semellante á xelatina, obtida da cartilaxe por cocción.

condrio- V. **condro-**.

condrite *s.f.* Inflamación da cartilaxe.

condro- Prefixo do gr. *chóndros*, coa significación de cartilaxe.

condroadenoma *s.m.* Adenoma que contén elementos cartilaxinosos.

condroanxioma *s.m.* Tumor que contén elementos de cartilaxe e anxioma.

condroblasto *s.m.* Célula embrionaria que dá orixe á cartilaxe.

condroblastoma *s.m.* Tumor que nace na epífise dun óso longo, consistente en tecido celular moi semellante á cartilaxe fetal. Condroma.

condrocalcínose *s.f.* Calcificación da cartilaxe. // **C. articular.** Pseudogota, enfermidade caracterizada por depósitos calcificados libres de urato e formados por cristais de hipofosfato de calcio no líquido sinovial, na cartilaxe articular e no tecido brando adxacente.

condrocarcinoma *s.m.* Carcinoma que contén elementos cartilaxinosos.

condrocele *s.f.* Tumor cartilaxinoso, condroma.

condrocito *s.m.* Célula cartilaxinosa, célula de tecido conxuntivo que ocupa unha lagoa dentro da matriz cartilaxinosa.

condroclasto *s.m.* Célula xigante que ten por función a reabsorción da cartilaxe.

condrocostal *adx.* Relativo ás costelas e ás cartilaxes costais.

condrocranio *s.m.* Cranio cartilaxinoso ou embrionario, as partes cartilaxinosas do cranio en desenvolvemento.

condrodermatite *s.f.* Inflamación dunha cartilaxe e da pel supraxacente. // **C. nodular crónica do hélix.** Formación de nódulos dolorosos na orella, que ás veces poden ulcerarse pero son de carácter benigno.

condrodinia *s.f.* Condralxia, dor nunha cartilaxe.

condrodisplasia *s.f.* Condraloplasia.

condrodistrofia *s.f.* 1. Raquitismo fetal ou acondroplasia. 2. Trastorno da osteoxénese dos ósos longos con detención do desenvolvemento, persistencia ou abrandamento da súas cartilaxes. // **C. malácica.** Condromalacía.

condroendotelioma *s.m.* Endotelioma que contén elementos cartilaxinosos.

condrofima *s.m.* Tumor cartilaxinoso ou tumor nunha cartilaxe.

condrófito *s.m.* Excrecencia cartilaxinosa na superficie articular dun óso.

condrografía *s.f.* Descrición das cartilaxes.

condroide *adx.* Semellante á cartilaxe.

condrolipoma *s.m.* Tumor que contén tecido cartilaxinoso e adiposo.

condroloxía *s.f.* Estudio das cartilaxes.

condroma *s.m.* Tumor constituído por tecido cartilaxinoso. // **C. externo.** Pericondroma.

condromalacia *s.f.* Abrandamento anormal das cartilaxes. // **C. da larínxe.** Laringomalacia, presenza de cartilaxe larínxea branda que se observa en formas de condromalacia sistémica. / **C. fetal.** Forma intrauterina de condromalacia na que o feto nace con extremidades brandas e pregables.

condromatose *s.f.* Presencia de múltiples focos cartilaxinosos de tipo tumoral nas epífises, especialmente das falanxes, afección que adoita ser hereditaria.

condrómera *s.f.* Vértebra cartilaxinosa embrionaria e o seu compoñente costal.

condromioma *s.m.* Mioma que contén elementos cartilaxinosos.

condromixoma *s.m.* Mixoma que contén elementos cartilaxinosos.

condromixosarcoma *s.m.* Sarcoma que contén elementos cartilaxinosos e mucosos.

condromucina *s.f.* Substancia homoxénea, densa, intercelular, da cartilaxe, composta por condroitín sulfato e proteínas. Tamén se di **condromucoide**.

condroosteodistrofia *s.f.* Osteocondrose, trastorno do óso e da cartilaxe que produce deformidade do esqueleto.

condroplastia *s.f.* Cirurxía plástica da cartilaxe.

condroporose *s.f.* Formación de espazos ou seos na cartilaxe durante o proceso de osificación.

condroproteína *s.f.* Proteína normal da cartilaxe, condromucoide, condromucina.

condrosarcoma *s.m.* Sarcoma con elementos cartilaxinosos.

condrosarcomatose *s.f.* Producción de condrosarcomas múltiples.

condrose *s.f.* Formación de tecido cartilaxinoso. Tamén se di **condroxénese**.

condróseo-a *adx.* 1. Composto de cartilaxe e óso. 2. Relativo á unión dunha cartilaxe e dun óso.

condrosqueleto *s.m.* Esqueleto cartilaxinoso.

condrosternal *adx.* Relativo ás cartilaxes costais e ó esterno.

condrotomía *s.f.* Disección ou división cirúrxica das cartilaxes.

condrótopo *s.m.* Instrumento para corta-las cartilaxes.

condroxénese *s.f.* Formación de cartilaxe.

condróxeno *s.m.* Substancia considerada como a base da cartilaxe e do tecido córneo, que se converte en condrina pola ebulición.

condroxifoide *adx.* Relativo ó apéndice xifoide.

conducción *s.f.* Acción de transmitir ou transportar certas formas de enerxía (as ondas sonoras, da calor ou electricidade) e as impresións sensitivas ou motoras dun punto a outro sen movemento aparente no corpo conductor. //

C. aérea. Paso polo aire das ondas sonoras. / **C. aerotimpánica.** Transmisión do son ó oído interno polo aire e o tímpano. / **C. antidrómica.** Conducción nerviosa en sentido contrario ó normal. / **C. ósea.** Conducción do son a través dos ósos do cráneo. / **C. retardada.** Grao lixeiro de bloqueo cardíaco no fascículo de His, que produce un aumento de 0,2 seg. no intervalo entre as contraccións auricular e ventricular. / **C. sináptica.** Conducción nerviosa a través dunha sinapse.

conducta *s.f.* Acto ou forma de comportarse, actividade dunha persoa, especialmente a que pode ser observada, comportamento.

conductal *adx.* Pertencente ou relativo á conducta.

conductancia *s.f.* Poder conductor dunha masa de materia, forma e dimensión determinadas. A súa unidade de medida é o mho, inverso do ohm que indica resistencia.

conductibilidade *s.f.* 1. Poder de transmisión ou transporte de certas formas de enerxía, como calor, son e electricidade, sen movemento aparente no corpo conductor. 2. En electricidade, o contrario de resistencia. 3. Propiedade dun protoplasma vivo de transmitir un estado de excitación, por exemplo nun músculo ou nervio. // **C. indiferente.** Capacidade dos nervios sensitivos para conducir-las impresións en sentido centrípeto e centrífugo.

conductismo *s.m.* Escola psicolóxica que se basea no estudio científico-experimental da conducta (*behaviour*), promovida por Watson (1913) a partir dos conceptos reflexolóxicos de Pavlov, que coloca en segundo plano a herdanza, os instintos e a constitución do suxeito, centrándose prioritariamente na importancia da aprendizaxe.

conducto *s.m.* Pasaxe tubular relativamente estreita que dá saída a segregacións dunha glándula, conduce calquera líquido (sangue, linfa), ou pola que discorre un nervio. // **C. abdominal.** Conducto inguinal, pasaxe oblicua a través das capas da parede abdominal inferior que dá paso ó cordón espermático no home e ó ligamento redondo na muller. / **C. auditivo externo.** Conducto desde o orificio externo do oído ata a membrana timpánica. / **C. auditivo interno.** Conducto no rochedo para os nervios vestibulococlear e facial e para os vasos sanguíneos. / **C. biliar.** Calquera dos conductos intra ou extrahepáticos polos que circula a bile. / **C. cístico.** Conducto excretor da vesícula biliar, que se continúa co colédoco. / **C. de Eustaquio.** Conducto no rochedo que aloxa a porción externa da trompa de Eustaquio. / **C. de Gasser.** Conducto de Müller. / **C. de Havers.** Conducto do tecido óseo compacto, que se anastomosa entre si e conteñen vasos sanguíneos e linfáticos, nervios e medula. / **C. de Henle.** Tubo urinífero en asa. / **C. de Luschka.** Formacións tubulares na parede da vesícula biliar. / **C. de Müller.** Conducto embrionario que desemboca na cloaca e forma o útero, a vaxina e o oviducto. / **C. de Santorini.** Conducto excretor do páncreas menor ou de Willis. / **C.**

deferente. Conducto excretor do testículo, que nace na cola do epidídimo, forma parte do cordón espermático e despois de recibí-lo conducto excretor da vesícula seminal transfórmasse no conducto exaculador. / **C. exaculador.** O que desde a vesícula seminal leva o seme á uretra. / **C. facial.** Conducto para o nervio facial no rochedo. Tamén se di **acueducto de Falopio.** / **C. femoral.** Vaíña aponeurótica que contén os vasos femorais na parte superior da coxa, por onde saen as hernias crurais. / **C. galactóforo.** Tubo lactífero da glándula mamaria. / **C. herniario.** Conducto por onde pasa ou se introduce unha hernia. / **C. inguinal.** Conducto musculoponeurótico para o cordón espermático (ligamento redondo na muller) entre os aneis inguinais superficial e profundo. Conducto abdominal. / **C. lacrimal.** Conducto que parte dos puntos lacrimais e vai ó saco lacrimal. / **C. medular.** Cavidade dun óso longo, que contén a medula ósea. / **C. nasal, nasolacrimal.** Conducto óseo do maxilar, que aloxa o conducto prolongación do saco lagrimal. / **C. nutricional.** Conducto de Havers. / **C. obstétrico.** Espacio desde o fondo do útero ata o orificio vulvar no parto. / **C. pancreático.** Conducto excretor do páncreas que desauga no colédoco ou no duodeno. / **C. pancreático accesorio.** Conducto excretor do páncreas menor, conducto de Santorini menor ou suplementario. / **C. pelviano.** Paso do estreito superior ó estreito inferior da pelve. / **C. salival.** Conductos da saliva; o de Stenon ou da parótide, o de Wharton da glándula submandibular e os sublinguais de Rivinus e Bartholin. / **C. semicircular.** Cada un dos tres longos conductos óseos do labirinto, superior, posterior e externo ou lateral, que se abren no vestíbulo e que no seu interior conteñen os denominados conductos semicirculares membranosos. / **C. torácico.** Conducto linfático esquerdo que ascende desde o receptáculo do quilo ata a unión das veas subclavia e xugular interna esquerdas. Recolle a linfa das porcións do corpo debaixo do diafragma e do lado esquerdo do corpo por riba do diafragma. / **C. venoso ou de Arancio.** Vaso sanguíneo fetal que une a vea umbilical coa poscava. / **C. vertebral.** 1. Conducto formado pola reunión das vértebras no que se aloxa a medula espiñal. 2. Pasaxe das apófises transversas das vértebras cervicais para a arteria vertebral.

conductor -a *adx.* 1. Que posúe conductibilidade, que conduce. // *s.m.* 2. Calquera substancia que posúe conductibilidade. 3. Sonda acanalada de emprego cirúrxico que dirixe a apertura dun seo ou unha fístula. 4. Transmisor san dunha enfermidade hereditaria.

conectivo-a *adx.* Conxuntivo, conexivo.

confabulación *s.f.* Facilitade para inventar contos e responder a calquera pregunta sen ter en conta os feitos, un síntoma de enfermidades como a amnesia, a síndrome de Korsakoff, etc.

configuración *s.f.* 1. Forma xeral dun corpo. 2. En química, disposición dos átomos dunha molécula.

conflicto *s.m.* Tensión ou sentimento que experimenta un organismo cando se lle impide satisfacer unha necesi-

dade, un impulso ou unha motivación. // **C. psíquico.** Existencia no individuo de dúas tendencias internas contrarias. O conflito pode ser latente, presentarse en forma manifesta ou expresarse pola formación de síntomas.

confluencia *s.f.* 1. Punto ou lugar de reunión de diversos conductos. 2. Acción de fluír xuntos. // **C. dos seos da duramáter.** Prensa de Herófilo.

confluyente *adx.* Que se reúne ou acumula, como certas lesións da pel, manchas, pápulas ou vesículas eruptivas que se reúnen formando placas.

conformación *s.f.* Configuración.

confricación *s.f.* 1. Reducción a po dunha droga por fricción. 2. Frega recíproca de dúas partes da pel, como as pregaduras do pescozo.

confrontación *s.f.* 1. Cotexo ou comparación de dous pacientes con fins diagnósticos. 2. Colocación un fronte a outro dos beizos dunha ferida antes de suturala.

confusión *s.f.* 1. Falta de orde, enredo. 2. Estado mental no que as reaccións ós estímulos ambientais non son axeitadas, a persoa é incapaz de orientarse en tempo e espacio, séntese perplexa e presenta ansiedade e trastornos da memoria.

conglomerado -a *adx.* e *s.m.* Composto por varias partes agregadas, en forma de acio ou pelota, nunha soa masa, aplicado a glándulas, tumores e microorganismos.

conglutinación *s.f.* 1. Adherencia normal de partes entre si. 2. Aglutinación de antixeno (glóbulos vermellos)-anticorpo-complemento por soro bovino normal e outros materiais coloidais.

conglutinina *s.f.* Coloide bovino, proteína propia do soro dos bóvidos, que se une espontaneamente ó complexo eritrocito-anticorpo-complemento e produce a súa aglutinación.

congreso *s.m.* Reunión para un propósito deliberado, reunión de profesionais para o intercambio de coñecementos.

conhidrina *s.f.* Alcaloide cristalino da cicuta (*Conium maculatum*).

coníase *s.f.* Existencia de po ou areas na vesícula e conductos biliares, a diferenza da litíase.

conicidade *s.f.* Disposición dunha parte en forma de cono. // **C. do toco.** Deformidade dos tocos de amputación debida á insuficiencia dos colgallos ou á súa retracción inflamatoria. / **C. pelúcida da córnea.** Estafiloma transparente.

conidio *s.m.* Espora asexual situada no extremo dun fungo.

conidióforo *s.m.* Hifa especializada do micelio aéreo que leva no seu extremo esporas asexuadas (conidios).

conidiospora *s.f.* Conidio.

coniña *s.f.* Alcaloide da cicuta (*Conium maculatum*), narcótico, que se emprega ás veces localmente contra a dor. // **Bromhidrato de c.** Sal en cristais incoloros, ines-
tables ó aire e á luz, usada na asma cardíaca.

coniñismo *s.m.* Intoxicación por cicuta.

conina *s.f.* Coniña.

coniófago -a *adx. e s.m.* Macrófago alveolar que engloba partículas de po, leucocito coniófago.

coniofibrose *s.f.* Pneumoconiose, fibrose pulmonar producida polo po inhalado.

coniolinfostase *s.f.* Forma de pneumoconiose na que os linfáticos están obstruídos por po.

conioloxía *s.f.* Estudio científico do po, da súa influencia e os seus efectos.

coniómetro *s.m.* Aparello para conta-lo número de partículas de po na atmosfera.

coniose *s.f.* Calquera enfermidade producida pola inhalación de po, pneumoconiose.

coniotomía *s.f.* Traqueotomía a través do cono elástico da larinxe ou membrana cricotiroide. Tamén se di **inter-critotrotomía**.

conización *s.f.* Resección dunha porción de tecido en forma de cono, por exemplo, da mucosa cervical do útero.

conminución *s.f.* Rotura en pequenos fragmentos.

conminuto-a *adx.* Roto en anacos, xeralmente as fracturas óseas en múltiples fragmentos.

connoción *s.f.* Trastorno funcional recuperable producido por golpe ou concusión violenta. // **C. cerebral.** Estado producido por golpes violentos na cabeza, con vertixe, perda do coñecemento, náuseas, pulso débil e respiración lenta. / **C. da medula.** Estado producido por golpes e choques que afectan a medula, con síntomas de debilidade muscular, dor nos membros e costas, anestesia e deterioro mental e físico. / **C. da retina.** Alteración da visión por un golpe no ollo ou preto del. / **C. do labirinto.** Xordeira con zúidos, que resulta dun golpe ou explosión preto do oído. / **C. larínxea.** Detención respiratoria reflexa por golpe na larinxe. / **C. testicular.** Lipotimia por contusión grave do testículo.

connivente *adx.* Que pecha, que se aproxima, por exemplo válvula connivente.

cono *s.m.* Calquera órgano ou estrutura con forma de pirámide de base circular. // **C. antipodal.** Conxunto de raios astrais dunha célula en división que se estenden desde o centríolo en dirección oposta á placa ecuatorial. / **C. arterioso.** Infundíbulo, ángulo anterior e superior do ventrículo dereito do corazón. / **C. axustante.** Par de conos usados para medi-la distancia entre os eixes oculares cando estes son paralelos. / **C. de atracción ou de fertilización.** Na superficie do óvulo, o punto de introducción do espermatozoide. / **C. medular.** Extremo inferior en punta da medula espiñal. / **C. retinal.** Célula

fotosensible que, xunto cos bastonciños, forman a segunda das dez capas da retina. Son: cono-l, célula sensible á lonxitude de onda longa (vermello), cono-m, célula sensible á lonxitude de onda media (verde) e cono-s, célula sensible á lonxitude de onda curta (azul).

conoftalmía *s.f.* Estafiloma córneo, queratocono.

conoide *adx.* Coniforme, con estrutura en forma de cono.

consanguíneo-a *adx.* Que ten consanguinidade.

consanguinidade *s.f.* Parentesco natural de individuos que descenden do mesmo tronco, parentesco de sangue.

consciente *adx.* 1. Que sente e pensa, que posúe coñecemento ou percepción do seu propio ser, as súas accións e o seu medio, que ten conciencia. 2. Que precisa a atención do individuo, como un acto ou unha idea conscientes, non automáticos nin instintivos. // *s.m.* 3. En psicanálise, un dos sistemas constitutivos do aparello psíquico, que recibe as informacións do interior e do mundo externo. 4. Conxunto de representacións (ideas, sentimentos, etc) accesibles ó ego e presentes no campo actual da conciencia.

consecutivo-a *adx.* Que ocorre ou se desenvolve despois.

consensual *adx.* Excitado por estímulo reflexo, que se fai en resposta a un estímulo sen a cooperación da vontade, especialmente a reacción de ámbalas dúas pupilas polo estímulo de só unha delas.

consentimento informado *loc.* Forma de consentimento, xeralmente escrito, que dá un paciente ou o seu representante legal para ser sometido a un procedemento médico ou cirúrxico despois de coñecer-los beneficios, riscos e complicacións potenciais, así como as alternativas ó tratamento proposto.

conservación *s.f.* Preservación da perda, dano ou deterioro das propiedades dos medicamentos ou da saúde e forza do individuo. // **C. da enerxía.** Principio de constancia da suma total de enerxía, segundo o que esta non se crea nin se perde nos procesos químicos, físicos, nin de conversión dunha forma de enerxía noutra.

consistencia *s.f.* 1. Grao de cohesión dun corpo, resistencia que opoñen os corpos a ser divididos ou rotos. 2. Estado dun líquido que se espesa.

consolidación *s.f.* Solidificación dunha masa densa e firme, aplicado á induración do pulmón na pneumonía, á formación do calo na fractura, etc.

consolidante *adx.* 1. Que favorece a cicatrización, que promove a unión das partes. // *s.m.* 2. Axente que ten esta acción.

constante *adx.* 1. Inalterable. // *s.f.* 2. Dato, principio ou feito non suxeito a cambios. // **C. de Avogadro.** Número de moléculas dunha molécula gramo, igual a 6.062×10^{23} . / **C. de desactivación.** Tempo que un corpo radioactivo tarda en perde-la metade da súa radioactividade.

constelación *s.f.* 1. Conxunto de factores, coas súas influencias mutuas, que determinan unha acción ou efecto particular. 2. En psicanálise, grupo emocional de ideas que non poden reprimirse.

constipación *s.f.* Retraemento, estado no que os movementos do intestino son pouco frecuentes ou incompletos.

constipado -a *adx e s.* 1. Retraído, que sofre de constipación. 2. Arrefriado.

constitución *s.f.* 1. Tipo físico do organismo, incluso o hábito funcional, a actividade dos seus procesos metabólicos, a forma e o grao da súa reacción ós estímulos e a súa resistencia ó ataque de microorganismos patóxenos. 2. En química, número e tipo de átomos dunha molécula e a súa relación entre si. // **C. asténica.** Constitución propia de individuos altos, delgados e con escasa dotación muscular, nos que predominan os eixes lonxitudinais, dos que o patrón é Don Quixote. / **C. atlética.** Biotipo no que predomina o desenvolvemento músculo-esquelético. / **C. pícnica.** Obesos de estatura curta, nos que predominan os eixes transversais, dos que o prototipo é Sancho Panza.

constricción *s.f.* 1. Estreiteza, encollemento. 2. Sensación de estar fortemente apertado.

constrictor-a *adx.* 1. Que liga ou aperta unha parte. // *s.m.* 2. Músculo que contrae ou pecha unha cavidade, esfínter. 3. Instrumento usado para facer compresión.

constructivo-a *adx.* Relativo a un proceso de construción, anabólico.

consulta *s.f.* 1. Xunta ou reunión de dous ou máis médicos para avalia-la natureza e a evolución da enfermidade e deliberar sobre o diagnóstico, prognóstico e tratamento dun paciente. 2. Lugar onde o médico atende o paciente, consultorio.

consultor *s.m.* Conselleiro, médico ou cirurxián que non está directamente a cargo do paciente pero actúa como asesor aconsellando ó profesional correspondente.

consultorio *s.m.* Local onde o médico visita.

consumo *s.m.* Uso de algo, especialmente a velocidade coa que se usa.

consunción *s.f.* Emaciación e desgaste xeral do organismo, especialmente por tise ou tuberculose pulmonar.

contacélulas *s.m.* Hematímetro.

contacto *s.m.* 1. Aposición de dous corpos. 2. Unión que completa o circuito eléctrico. 3. Persoa que está exposta a contraer unha enfermidade infecciosa ou transmitila por ter estado cun infectado. 4. En psicoloxía e psiquiatría, tipo de relación que establece o paciente co seu medio. // **C. directo** ou **inmediato.** O establecido entre un individuo que padece unha enfermidade infecciosa e un san. / **C. indirecto** ou **mediato.** Transmisión dunha enfermidade infecciosa por intermedio do aire ou de obxectos usados por un enfermo.

contactólogo-a *s.* Médico, ou titulado sanitario que se dedica á prescrición de lentes de contacto para a corrección de defectos visuais.

contactoloxía *s.f.* Rama da oftalmoloxía que trata os defectos visuais con lentes de contacto córneas ou corneocuntivais.

contador *s.m.* Aparello destinado a medir magnitudes físicas ou radiacións. // **C. de Geiger.** Aparello empregado para medi-la radioactividade, constituído por un tubo que contén un gas nobre e percorrido ó longo por un tubo cargado de electricidade positiva. As partículas radioactivas ionizan as moléculas do gas e liberan electróns que se aceleran polo campo electrónico presente no tubo e a corrente resultante é rexistrada e ampliada.

contaglóbulos *s.m.* Hematímetro.

contagotas *s.m.* Instrumento de cristal ou doutra materia, do que mana un líquido gota a gota.

contaminación *s.f.* 1. Diminución da calidade ou da pureza de algo por contacto ou mestura con outra substancia, por exemplo, introducción de organismos patóxenos nunha ferida ou en química e farmacia, presenza de calquera material que fai impura unha substancia ou preparación. 2. Acción de volver algo daniño ou inapropiado como o depósito de substancias radioactivas en lugares de onde poidan causar prexuízo ou risco de irradiación. 3. Infección de persoas ou obxectos por contacto. 4. En psicoloxía, fusión ou confusión de termos.

contaminante *s.m.* 1. Impureza, calquera material de natureza estraña asociado cunha substancia química, un preparado farmacéutico, un principio fisiolóxico ou un axente infeccioso. 2. Composto indesexable que produce contaminación (polución).

contaxio *s.m.* Transmisión dunha enfermidade por contacto, infección. // **C. inmediato.** Contaxio directo como resultado do contacto real con enfermos. / **C. mediato.** Contaxio indirecto por medio de persoas ou obxectos que estiveron en contacto con enfermos. / **C. psíquico.** Comunicación dun trastorno mental por imitación.

contaxiosidade *s.f.* Calidade de contaxioso, grao maior ou menor de transmisibilidade dunha infección.

contaxioso-a *adx.* Comunicable, transmisible, relativo ó contaxio, transmisible por contacto con enfermos ou as súas segregacións e excrecións.

contención *s.f.* Mantemento na súa posición propia de partes anormalmente separadas, como hernias, fragmentos de ósos fracturados ou luxacións.

contexto *s.m.* Ambiente ou medio que rodea un obxecto sobre o que inflúe intimamente.

contido *s.m.* 1. O que está incluído dentro doutra cousa. 2. En psicoloxía, forma dun soño tal como se presenta á conciencia. 3. Concentración, como por exemplo, contido de hemoglobina en sangue.

contigüidade *s.f.* Estado de dúas partes que están en contacto, pero non unidas. // **Solución de c.** Separación de partes que normalmente están en contacto, dislocación, luxación.

continencia *s.f.* 1. Abstinencia, moderación ou autocontrol dos apetitos, especialmente os sexuais. 2. Facultade de rete-las feces e a urina ata o momento oportuno para a súa eliminación.

continente *adx.* 1. Que contén. 2. Que practica a continencia. // *s.m.* 3. Cousa que contén outra.

continuidade *s.f.* 1. Calidade de continuo, sen interrupción. 2. Unión de partes tan completa que non é posible separalas sen esgazadura ou fractura. // **Solución de c.** Separación pola fractura, rotura ou división de partes normalmente continuas.

continuo-a *adx.* Que non ten remisión, intermisión nin interrupción, principalmente unha febre.

contorsionismo *s.m.* Amplitude esaxerada dos movementos articulares pasivos na hipotonía.

contra- Prefixo latino que significa oposición.

contraabertura *s.f.* Segunda abertura que se practica, por exemplo nun absceso para facilita-la drenaxe, contraincisión, contrapunción.

contracción *s.f.* 1. Manifestación da función normal do tecido muscular, consistente no acurtamento ou no aumento da tensión dun músculo en resposta a un estímulo nervioso. 2. Aproximación das moléculas dun corpo que diminúe o volume e aumenta a densidade do mesmo. 3. Latexo cardíaco. // **C. cicatrizal.** Retracción dunha cicatriz ou deformidade debida á mesma. / **C. clónica.** Estado do músculo alternativamente contraído e relaxado. / **C. fibrilar.** Contracción illada de pequenas fibras musculares sen efecto locomotor. / **C. isométrica.** Cambio da tensión dun músculo cos extremos fixos pola aplicación dun estímulo. / **C. isotónica.** Contracción dun músculo con aproximación dos seus extremos. / **C. miotática.** Contracción e irritabilidade dun músculo que se orixina polo estiramento pasivo súbito do mesmo ou cando se golpea o seu tendón. / **C. paradóxica.** Contracción dun músculo producida pola aproximación pasiva dos seus extremos. / **C. peristáltica.** Contracción do tubo dixestivo de arriba abaixo para favorece-lo curso natural das materias. / **C. tónica.** Contracción sostida dun músculo para mante-la postura.

contracepción *s.f.* Prevención da fecundación.

contraceptivo -a *s.m.* e *adx.* Axente ou método que prevén a concepción.

contracoloración *s.f.* Coloración de contraste que se aplica para facer máis visibles os efectos doutro colorante.

contractilidade *s.f.* Capacidade de contraerse, propiedade dunha substancia, especialmente o músculo, de acurtarse ou diminuír de tamaño nun sentido e aumentar

proporcionalmente de grosor noutro, ou de desenvolver maior tensión.

contractura *s.f.* Contracción involuntaria debida á perda do equilibrio muscular, por espasmo tónico ou fibrose dunha parte ou por parálise da parte antagonista. // **C. de Dupuytren.** Fibrose da aponeurose palmar que orixina tracción dos dedos e os mantén en flexión permanente. / **C. de Volkmann.** Contractura e atrofia muscular de orixe isquémica, dos dedos e ás veces do pulso, que se produce despois dun traumatismo grave no cóbado ou pola aplicación dunha vendaxe demasiado apertada. / **C. isquémica.** Contractura debida á falta de irrigación sanguínea muscular por compresión dos vasos. / **C. orgánica.** A debida xeralmente a unha fibrose dentro do músculo, que persiste aínda que o suxeito estea inconsciente. / **C. reflexa.** Contractura dos esfínteres por lesión da mucosa que os cobre.

contraestimulante *adx.* 1. Que anula o efecto dun estimulante. // *s.m.* 2. Axente ou fármaco que ten esta acción.

contrafeito-a *adx.* De corpo torcido ou corcovado.

contragolpe *s.m.* Fenómeno polo que resulta unha lesión noutra parte afastada da que recibiu o traumatismo.

contraincisión *s.f.* Segunda incisión adxacente a unha primeira.

contraindicación *s.f.* Calquera síntoma ou circunstancia especial que fai imposible un modo de tratamento (o uso dun fármaco ou un procedemento cirúrxico) que estaba indicado pola enfermidade principal.

contralateral *adx.* 1. Asociado en acción cunha parte similar no lado oposto. 2. Sentido no lado oposto a aquel no que se efectúa unha acción ou movemento, como a dor provocada e certos reflexos.

contrapulsación *s.f.* Procedemento para axudarlle ó corazón insuficiente, por medio dun catéter cun balón colocado na aorta e activado por un mecanismo automático dirixido polo electrocardiograma, que extrae sangue arterial inmediatamente antes da contracción ventricular e durante ela, e devólvea á circulación durante a diástole.

contrapunción *s.f.* Contraincisión.

contraste *s.m.* 1 Diferencia, oposición, antítese. 2. Comparación na que as diferencias se poñen de relevo. // **C. simultáneo.** Realce da sensación visual do branco cando un obxecto branco se coloca ó lado doutro negro, e o mesmo efecto con dúas cores complementarias. / **C. sucesivo.** Efecto visual causado por mirar fixamente un obxecto de cores vivas e logo unha superficie gris, a superficie gris aparece tinguida das cores complementarias do obxecto mirado a primeira vez. / **Medio de c.** Substancias que serven para facer visibles, zonas do corpo humano, a través dos raios X. Algunhas conteñen bario e utilízanse para a exploración do tubo dixestivo, outras conteñen iodo hidrosoluble que se administran por vía oral ou intravenosa, absórbense e ó eliminarse permiten estudar conductos excretorios (a vía biliar, a renal), ou iodo liposoluble para outras cavidades.

contrasuxestión *s.f.* 1. Suxestión que inhibe outra previa. 2. En psiquiatría, procedemento no que se lle suxire ó paciente o oposto do que se intenta conseguir.

contratoxina *s.f.* Soro normal de animais resistentes a enfermidades particulares.

contratransferencia *s.f.* Conxunto de reaccións emocionais ou sentimentais inconscientes que xorden no psicanalista inducidas polo seu paciente, intervención persoal en prexuízo da relación obxectiva psicanalista-paciente buscada.

contraveleno *s.m.* Antídoto.

contravolucional *adx.* Contrario á vontade, involuntario.

control *s.m.* Regulación do mantemento dunha función, acción ou reflexo. // **C. de calidade.** Control de erros analíticos de laboratorio mediante protocolos e patróns de referencia. / **C. de natalidade.** 1. Restricción do número de fillos por medio de medidas contraceptivas. 2. Proxectos, programas ou métodos para incidir sobre a reprodución, mellorando ou diminuíndo a fertilidade.

contundente *adx.* Que produce contusión.

contusión *s.f.* Lesión traumática producida nos tecidos vivos polo choque violento cun corpo obtuso, xeralmente sen rotura da pel.

convalecencia *s.f.* Período intermedio entre o fin dunha enfermidade e a recuperación total da saúde, no que o organismo repara as perdas sufridas e se restablecen tódalas funcións que se tiñan alterado.

convección *s.f.* Transmisión da calor en líquidos ou gases polos movementos das capas quentadas desigualmente.

conversión *s.f.* 1. Cambio, transformación. 2. Proceso mental polo que as emocións se transforman en manifestacións físicas.

converxencia *s.f.* 1. Acción e efecto de converxer cara a un punto común para unirse. 2. Movemento coordinado dos ollos polo que os eixes ópticos se reúnen nun obxecto próximo e se obtén a formación dunha imaxe.

converxente *adx.* Que se dirixe cara a un punto común.

convexo-a *adx.* Da superficie que é máis prominente no medio que nos bordos.

convexobasia *s.f.* Base do cranio prominente cara á cavidade. Imaxe propia da enfermidade de Paget.

convexocóncavo-a *adx.* Convexo nun lado e cóncavo noutro.

convexoconvexo-a *adx.* Biconvexo.

convoluto-a *adx.* Enrolado sobre si mesmo ou ó redor doutro corpo.

convulsibilidade *s.f.* Capacidade de convulsivo, disposición ás convulsións.

convulsión *s.f.* Espasmo violento ou serie de contraccións involuntarias da musculatura estriada do corpo que pode ser tónica ou clónica, segundo sexa continua ou

descontinua; de orixe cerebral ou espinal e secundaria a un mecanismo epiléptico (convulsión epiléptica), anóxica (convulsión durante unha síncope), tóxica (convulsións estriónicas) ou psíquica (convulsións históricas).

convulsionante *adx.* 1. Que produce ou causa convulsións. // *s.m.* 2. Axente ou droga con esta acción.

convulsiterapia *s.f.* Tratamento de certas psicoses polas convulsións provocadas pola insulina, cardiazol, electrochoque, etc.

convulsivante *adx.* Convulsionante.

convulsivo -a *adx.* Convulsionante.

conxelación *s.f.* 1. Conxunto de alteracións locais ou xerais producidas polo frío, especialmente a necrose dunha parte extrema pola exposición a baixas temperaturas. 2. Paso ó estado sólido dun corpo que a temperatura ordinaria se atopa en estado líquido.

conxénito-a *adx.* Nacido co individuo, innato, que existe desde o nacemento ou antes do mesmo e non adquirido.

conxestión *s.f.* Acumulación excesiva ou anormal de sangue nos vasos dunha parte. // **C. activa.** A producida polo aflujo maior de sangue arterial e a dilatación do calibre dos vasos sanguíneos, hiperemia. / **C. fisiolóxica.** A que ocorre nas glándulas segregadoras durante a súa actividade funcional. / **C. funcional.** Conxestión fisiolóxica durante a función dun órgano. / **C. hipostática.** Conxestión da parte inferior dun órgano pola acción da gravidade cando a circulación é débil. / **C. neuroparalítica.** A producida pola parálise das fibras constrictoras dos nervios vasomotores. / **C. neurotónica.** A debida á irritación dos nervios vasodilatadores. / **C. pasiva.** Conxestión debida á dificultade na saída do sangue dunha parte, denominada tamén conxestión venosa. / **C. venosa.** Conxestión pasiva.

conxectivo-a *adx.* Asociado con conxestión ou producido por ela.

conxugación *s.f.* 1. Encaixamento. 2. Unión de dous organismos para intercambia-la súa substancia nuclear. 3. En química, unión de dous compostos que produce un terceiro, como a combinación dun produto tóxico con outra substancia corporal para formar un produto non tóxico, apto para ser eliminado. // **C. bacteriana.** Proceso de recombinación xenética propio de bacterias gramnegativas polo que unha bacteria (dadora ou macho) portadora do factor F ou R transfire información xenética, un plásmido ou material do xenoma vehiculado por un plásmido a outra bacteria (receptora ou femia). O paso de material xenético esixe contacto celular que se realiza mediante *pili* ou fimbrias. Son susceptibles de transmisión caracteres moi diversos, como a resistencia a determinados antibióticos.

conxugado -a *s.m.* 1. Diámetro conxugado. // *adx.* 2. Apareado ou encaixado igualmente.

conxuntiva *s.f.* Delicada membrana que tapiza as pálpebras (conxuntiva palpebral) e cobre a porción anterior do globo ocular (conxuntiva bulbar ou ocular), formando en conxunto un saco conxuntivo con fondos cegos nas pregaduras palpebrooculares.

conxuntivite *s.f.* Inflamación da conxuntiva. // **C. actínica**. A producida polos raios ultravioleta (actínicos). / **C. aguda contaxiosa** ou **epidémica**. Inflamación mucopurulenta da conxuntiva en forma epidémica, producida polo bacilo de Koch-Weeks. / **C. angular**. A localizada preferentemente nos cantos oculares. / **C. blenorráxica**. A debida ó gonococo, oftalmía purulenta. / **C. crupal**. Variedade caracterizada pola formación dunha membrana brancoagrisada. / **C. dos neonatos**. Oftalmía purulenta. / **C. flictenular**. Variedade caracterizada por pequenas vesículas ou úlceras rodeadas cada unha dunha zona vermella. / **C. folicular**. Forma caracterizada pola formación de corpos rosados redondeados no repregamento retrotarsal. / **C. petrificante**. Variedade de conxuntivite caracterizada pola formación de depósitos de materia calcárea e pola produción de necrose.

conxuntivo -a *adx.* Que une, conectivo.

conxuntivoma *s.m.* Tumor conxénito da pálpebra formado de tecido conxuntivo.

conxuntivoplastia *s.f.* Queratoplastia con colgallos de conxuntiva.

conxuro *s.m.* Fórmula máxica coa que meigos, feiticeiros ou menciñeiros fan os seus ritos e feitos. Tamén se di **esconxuro**.

coordinación *s.f.* Actividade harmónica das partes que cooperan nunha función, como a cooperación de grupos musculares baixo a dirección cerebral.

copaíba *s.f.* Bálsamo de copaíba, oleoresina vexetal empregada como axente diurético e expectorante.

copiopia *s.f.* Fatiga ocular. Astenopía.

copiopsia *s.f.* Copiopia.

coposdiscinesia *s.f.* Dificultade no movemento debida á fatiga ocasionada pola práctica habitual dunha acción particular. Tamén se di **cambra** ou **espasmo profesional**.

copose *s.f.* Debilidade ou fatiga nas funcións.

copracrasia *s.f.* Coprocrasia.

copragogo -a *adx.* Purgante, catártico.

copremese *s.f.* Vómito fecaloide ou estercoreario.

copro- Prefixo coa significación de sucidade, esterco, excremento.

coprocrasia *s.f.* Incapacidade de rete-los excrementos.

coprocultivo *s.m.* Cultivo dos xermes das feces.

coprofaxia *s.f.* Inxestión de excrementos. Tamén se di **escatofaxia**.

coprofemia *s.f.* Coprolalia.

coprofilia *s.f.* 1. Afinidade patolóxica por porcalladas en xeral e especialmente polos excrementos. 2. Atracción dos microorganismos pola materia fecal onde viven.

coprofrasia *s.f.* Coprolalia.

coprolagnia *s.f.* Aberración sexual na que o pracer é provocado por unha visión ou imaxinación do acto de defecar ou a manipulación de excrementos.

coprolalia *s.f.* Uso involuntario de palabras e frases relativas a excrementos, porcalladas e obscenidades.

coprólito *s.m.* Concreción fecal dura.

coproloxía *s.f.* Escatoloxía, estudo físico, químico e bacteriolóxico das materias fecais, que se aplica ó exame das funcións intestinais.

coproma *s.m.* Acumulación de materias fecais no intestino, que simula un tumor abdominal. Tamén se di **estercoroma**, **escatoma**, **fecaloma**.

coproplanesia *s.f.* Saída dos excrementos por unha ferida, unha fístula ou un ano artificial. Tamén se di **coproplanía**.

copropoese *s.f.* Formación dos excrementos.

coproporfirina *s.f.* Tetrametil-tetrapropionil-porfirina, produto de descomposición da bilirrubina, e tamén da hemoglobina, chamada así porque se illou por primeira vez nas feces.

coprorrea *s.f.* Diarrea.

coprosclerose *s.f.* Endurecemento das materias fecais no intestino.

coprostase *s.f.* Impactación fecal. Tamén se di **coprostasia**.

coprostasia *s.f.* Estancamento ou detención das feces no intestino, retraemento.

coprosterina *s.f.* Esterol saturado das feces, probablemente forma reducida de colesterol. Tamén se di **coprosterol**.

coprosterol *s.m.* Coprosterina.

cópula *s.f.* 1. En anatomía, órgano ou parte estreita que conecta dúas estruturas. 2. Coito.

copulación *s.f.* 1. Coito. 2. En protozooloxía, conxugación dos elementos sexuais masculino e feminino.

coque *s.m.* Croque.

cor *s.f.* Impresión que a luz reflectida pola superficie dos corpos produce no órgano da vista e que é produto da descomposición desa luz. // **C. complementaria**. Cada unha das cores que mesturadas producen a cor branca. / **C. incidental**. Impresión de cor que conserva a retina despois de desaparecido o obxecto causante da impresión. / **C. primitiva**. A que non se descompón noutras, como unha calquera das sete cores do espectro solar. / **C. simple**. Cor primitiva.

coracoacromial *adx.* Relativo á apófise coracoide e ó acromio.

coracobraquial *adx.* 1. Relativo á apófise coracoide e ó brazo // *s.m.* 2. Músculo perforado de Casserio.

coracoclavicular *adx.* Inserto na apófise coracoide e na clavícula.

coracoide *adx.* 1. Semellante ó peteiro dun corvo. 2. Relativo á apófise coracoide.

coracoidite *s.f.* Inflamación traumática da apófise coracoide.

coracopectoral *adx.* e *s.m.* Músculo pectoral menor.

coracorradial *adx.* e *s.m.* Relativo á cabeza ou porción curta do músculo bíceps.

coraliforme *adx.* Ramificado como coral, por exemplo certos cálculos pielocalilares.

corazón *s.m.* Órgano muscular oco, situado no tórax, axente principal da circulación do sangue, que recibe das veas e o envía ás arterias. Está dividido en catro cavidades: dúas cavidades receptoras (aurículas) e dúas excretoras (ventrículos), e funcionalmente en dúas metades, dereita e esquerda, que se corresponden coa circulación venosa e a arterial. // **Bloqueo do c.** Estado no que a interconexión auriculoventricular se atopa interrompida polo que aurículas e ventrículos latexan independentemente. / **C. atlético.** Hipertrofia do corazón sen afección das válvulas, observada algunhas veces nos atletas. / **C. bilocular.** Corazón con defecto conxénito dos tabiques auriculoventriculares, corazón de dúas cavidades. / **C. dereito.** Aurícula e ventrículo dereitos, porción do corazón correspondente á circulación pulmonar. / **C. esquerdo.** Aurícula e ventrículo esquerdos: porción do corazón correspondente á circulación xeral. / **C. horizontal.** Posición do corazón na radiografía, cando o seu eixe maior está inclinado entre 25 e 35 °, que se observa principalmente en suxeitos de baixa estatura e tórax curto e ancho. / **C. pulmonar.** Afección cardíaca consecutiva a unha enfermidade pulmonar. / **C. trilocular.** Corazón cun ventrículo e dúas aurículas.

corda *s.f.* 1. Parte ou órgano en forma de corda. 2. Complicación da blenorrxia que consiste nunha inflamación do tecido celular esponxoso da uretra, de modo que o pene forma unha especie de corda tirante. // **C. cólica.** Colon duro e contraído que se palpa no caso de colite crónica con espasmo. / **C. vocal.** Bandas membranosas na larinxe, por medio das que se producen os sons da voz. Divídense en pregos vestibulares ou cordas superiores, ou falsas, e pregos vocais ou cordas inferiores ou verdadeiras. Estas últimas esténdense desde as ás da cartilaxe tiroide ata a cartilaxe aritenóide.

cordal *adx.* Relativo a unha corda ou cordón, e especialmente ó notocordio. // **Moa c.** Moa do xuízo.

cordectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica dunha corda vocal.

cordial *adx.* e *s.m.* Estimulante, licor aromático doce.

cordiforme *adx.* En forma de corazón.

cordite *s.f.* 1. Inflamación dunha corda en especial a vocal. 2. Inflamación do cordón espermático, funiculite. // **C. fibrinosa.** Cordite acompañada de exsudado fibrinoso que cursa como larinxite aguda. / **C. nodosa** ou **tuberosa.** Cordite que se caracteriza pola formación de nódulos abrancazados nunha ou ámbalas dúas cordas vocais, en relación co sobreesforzo da voz, nódulo dos cantantes.

cordoma *s.m.* Neoplasia solitaria de crecemento lento derivado dos restos do notocordio. Tamén se di **encondrose fisaliforme**, polas células con vacúolas cheas de moco, semellantes a pompas de xabón que contén .

cordón *s.m.* 1. En anatomía, calquera parte ou órgano longo, redondeado e flexible. 2. En histoloxía, liña de células tumorais co ancho dunha soa célula. // **C. espermático.** Conxunto de órganos reunidos por tecido celular laso, que van desde o conducto inguinal ata o testículo, nos que se comprende o conducto deferente, as arterias testicular, cremastérica e deferencial, as veas testiculares e os linfáticos e nervios do testículo. / **C. suprapubiano.** Ligamento redondo. / **C. umbilical.** Órgano longo e flexible que contén a vea e as arterias umbilicais rodeadas pola xelatina de Wharton e que se estende desde a placenta ó embigo do feto. / **C. xenital.** Órgano embrionario e formado pola unión dos conductos de Wolff e de Müller.

cordopexia *s.f.* 1. Fixación dunha corda vocal desprazada. 2. Fixación lateral dunha ou as dúas cordas vocais para corrección dunha estenose larinxea por parálise.

cordosqueleto *s.m.* Porción do esqueleto óseo que se forma ó redor do notocordio.

cordotomía *s.f.* 1. Sección dunha corda vocal. 2. Sección do cordón anterolateral da medula, nos casos de dores intolerables rebeldes a todo tratamento, tractotomía.

cordura *s.f.* Boa saúde mental, con emocións e comportamentos normais.

core- Prefixo coa significación de pupila.

corea *s.f.* Movements involuntarios, bruscos, breves, rápidos, irregulares e desordenados, que lle afectan a un ou varios segmentos do corpo, sen ritmo nin propagación determinada, habitualmente das extremidades ou dos músculos faciais. // **C. crónica progresiva.** Afección hereditaria dos adultos e anciáns, caracterizada por movementos irregulares, trastornos da linguaxe e demencia. Tamén se di **corea de Huntington**. / **C. grávida.** Corea observada no embarazo. / **C. histórica.** Corea maior. / **C. maior.** Histerismo con movementos oscilatorios continuos e en certo modo regulares. / **C. menor.** Corea de Sydenham. / **C. senil.** Corea de Huntington. / **C. simple** ou **de Sydenham.** Corea que lles afecta principalmente ós nenos da segunda infancia aínda que tamén se observa en adultos (especialmente en mulleres grávidas) e que xeralmente se acompaña de

- signos de febre reumática. Tamén se di **corea menor**, **baile** ou **danza de San Vito**.
- coreclise** *s.f.* Obliteración ou oclusión da pupila.
- corectasia** *s.f.* Dilatación anormal da pupila.
- corectomía** *s.f.* Iridectomía
- corediálise** *s.f.* Pupila en forma de D que se produce como consecuencia dunha dilatación do iris.
- corediastase** *s.f.* Dilatación da pupila.
- coreiforme** *adx.* Semellante á corea.
- coremorfose** *s.f.* Formación dunha pupila artificial.
- corentena** *s.f.* Período de illamento ó que se somete ás persoas procedentes de zonas ou países sospeitosos de infección.
- coreo-** Prefixo relativo á pupila.
- coreoatetose** *s.f.* Estado caracterizado por movementos coreicos e atetósicos.
- coreofrasia** *s.f.* Perturbación da linguaxe, caracterizada pola emisión de frases sen forma nin sentido.
- coreomanía** *s.f.* Manía danzante ou corea epidémica, tarantismo.
- coreometría** *s.f.* Medición da forma e tamaño da pupila.
- coreómetro** *s.m.* Aparello que se usa para medi-la pupila.
- coreoplastia** *s.f.* Cirurxía plástica da pupila, coreomorfose.
- coreorrafia** *s.f.* Sutura do iris para reformar unha pupila.
- coreoscopio** *s.m.* Instrumento para o exame da pupila.
- corepraxia** *s.f.* Operación para centra-la pupila.
- corestase** *s.f.* Corectasia.
- corestenoma** *s.m.* Constricción da pupila.
- corestopía** *s.f.* Situación anormal da pupila.
- coretomediálise** *s.f.* Formación dunha pupila artificial por unha operación combinada de corte e esgazadura do iris, iridectomodiálise.
- coriáceo-a** *adx.* Semellante ó coiro no seu aspecto e consistencia.
- corial** *adx.* Relativo ó corion.
- coribantismo** *s.m.* Delirio.
- corificación** *s.f.* Transformación natural dos cadáveres conservados en certas condicións, variedade de dexeneración tisular entre a saponificación e a momificación.
- corio-** Prefixo relativo a calquera membrana, pero especialmente á que contén o feto, o corion.
- corioadenoma** *s.m.* Tumor benigno dos vasos sanguíneos placentarios, mola hidatiforme. // **C. destructivo**. Mola maligna.
- corioanxioma** *s.m.* Tumor anxiomatoso do corion.
- corioblastoma** *s.m.* Corioepitelioma.
- corioblastose** *s.f.* 1. Neoformación no corion. 2. Afeción polimorfa da pel, como a lepra, o lupus, etc.
- coriocapilar** *adx.* Relativo á rede capilar da porción interna da coroide, lámina coroidocapilar.
- coriocarcinoma** *s.m.* Corioepitelioma, neoplasia maligna derivada dos trofoblastos e citotrofoblastos sincitiais placentarios, que pode seguir a calquera embarazo e especialmente á mora.
- coriocele** *s.f.* Protrusión herniaria a través da coroide.
- corioepitelioma** *s.m.* Carcinoma corial, tumor formado pola proliferación maligna do epitelio das vilosidades coriais, que inclúe o corioadenoma, o coriosarcoma, o coriocarcinoma e o sincitioma.
- corioma** *s.m.* Corioepitelioma.
- coriomeninxite** *s.f.* Meninxite cerebral con infiltración celular dos ventrículos. // **C. linfocítica**. Enfermidade vírica aguda caracterizada por reacción linfocítica menínxea con vómitos, malestar e bradicardia.
- corion** *s.m.* 1. Saco coriónico, membrana exterior do ovo uterino que lle serve de envoltura protectora e nutricia. Polo lado materno posúe vilosidades en contacto co sangue materno e ó avanza-lo embarazo convértese en placenta definitiva. 2. Cute verdadeira ou derme, enderon. 3. Capa profunda vascular das mucosas subxacentes ó epitelio e á derme da pel. // **C. frondoso**. Parte do corion cuberta de vilosidades. / **C. liso**. Corion membranoso na última fase do embarazo na que desaparecen as vilosidades. / **C. primitivo**. Membrana vitelina, antes de forma-las vilosidades. / **C. real** ou **segundo**. Capa formada pola folla externa do blastoderma, composta de células procedentes da segmentación do vitelo.
- coriónico-a** *adx.* Corial.
- corionite** *s.f.* Inflamación do corion da pel, que se endurece e engrosa.
- coriorretinite** *s.f.* Inflamación simultánea da coroide e a retina.
- coristoblastoma** *s.m.* Coristoma.
- coristoma** *s.m.* Malformación conxénita pseudotumoral de crecemento limitado, constituída por tecidos maduros que se dispoñen de forma desordenada e que non existen normalmente na zona onde se desenvolven.
- coriza** *s.f.* Inflamación da mucosa nasal, asociada con derramo mucoso ou mucopurulento polos orificios nasais, que pode ser aguda e crónica. Tamén se di **rinite**. // **C. alérxica**. Rinite nun individuo alérxico, debida á presenza dun axente ó que é sensible. Tamén se di **febre do feo**. / **C. dos neonatos**. Afeción bastante grave, que dificulta e ata impide a succión. / **C. fétida**. Ocena. / **C. idiosincrásica**. Febre do feo. / **C. polínica**. Febre do feo. / **C. posterior**. Catarro da nasofarinxe.

córnea *s.f.* 1. Tecido transparente que forma a parte anterior externa do globo ocular, consistente en epitelio escamoso estratificado que continúa co da conxuntiva. 2. Estrato ou capa da pel.

corneíte *s.f.* Queratite.

córneo-a *adx.* Da natureza ou estrutura do corno.

corneobléfaro *s.m.* Adherencia entre o bordo da pálpebra e a córnea.

corneosclera *s.f.* A córnea e a esclerótica formando a túnica externa do globo ocular.

corneto *s.m.* 1. En anatomía, estrutura semellante a unha cuncha, por exemplo a pequena lámina ósea enrolada sobre si mesma na parede lateral das fosas nasais, tamén chamada óso turbinado, ou o pavillón da orela.

cornificación *s.f.* Conversión en tecido córneo, queratinización.

cornina *s.f.* 1. Preparación concentrada da cortiza do *Cornus florida*, tónica. 2. Principio cristalizable obtido do mesmo.

corno *s.m.* 1. Calquera estrutura de forma parecida a unha hasta, por exemplo a do útero. 2. Calquera estrutura formada por substancia córnea, especialmente no coiro cabeludo e na pel da cara.

cornutina *s.f.* Alcaloide tóxico do caruncho do centeo que exerce unha acción selectiva sobre o útero.

coro- Prefixo relativo á pupila.

coroa *s.f.* 1. Órgano ou parte do corpo que presenta unha disposición circular. 2. Vértice da cabeza. Tamén se di **curuto** e **couquizo**. // **C. artificial**. Coroa de metal ou porcelana que se axusta á raíz dun dente natural. / **C. de trépano**. Serra circular empregada na operación do trépano. / **C. de Venus**. Conxunto de pústulas secas pardovermellas que se observan a miúdo na fronte de individuos afectados de sífilis secundaria. / **C. dentaria**. Porción descuberta e esmaltada dun dente. / **C. ecuatorial**. Placa ecuatorial na cariocinese. / **C. polar**. Reunión das asas cromáticas en cada extremo do fuso acromático na cariocinese.

coroal *adx.* 1. Relativo a unha coroa. // *s.m.* 2. Óso frontal. 3. Punto na sutura coroal situado no extremo do diámetro frontal máximo.

coroamento *s.m.* Posición da cabeza do feto cando, despois da rotura das membranas e en período expulsivo, o orificio vulvar fórmalle unha especie de coroa.

coroidal *adx.* Relativo á coroide.

coroide *s.f.* Capa escura e vascular do ollo, situada entre a esclerótica e a retina, coa función de nutrir esta e o cristalino.

coroideremia *s.f.* Afección hereditaria, ligada ó cromosoma X, caracterizada por unha dexeneración da coroide e do epitelio pigmentario da retina que provoca cegueira no home.

coroidite *s.f.* Inflamación da coroide. Tamén se di **uveíte posterior** / **C. anterior**. A limitada á coroide periférica. / **C. areolar**. A que se inicia ó redor ou preto da mácula lútea e progresa cara á periferia. / **C. atrófica**. Esclerocoroidite. / **C. central**. Variedade na que a exsudación se efectúa na mácula lútea. / **C. de Doyme**. Coroidite dexenerativa hereditaria con formación de placas abrancaçadas na proximidade do disco óptico. / **C. de Forster**. Variedade de coroidite central na que as manchas son negras ó principio e logo vólvense brancas ó ensanchar. / **C. de Tay**. Dexeneración da coroide caracterizada por puntos irregulares amarelos ó redor da mácula lútea, que se cre debida a un estado ateromatoso das arterias. Obsérvase na vellez. Tamén se di **coroidite guttata senilis**. / **C. difusa** ou **diseminada**. Variedade grave caracterizada por manchas espaxadas no fondo do ollo. / **C. exsudativa**. A que se caracteriza por exsudados plásticos ou serosos, en forma de manchas abrancaçadas, amareladas ou rosáceas. / **C. guttata senilis**. Coroidite de Tay. / **C. metastásica**. Forma debida á metástase na piohemia, meninxite, etc. / **C. miópica**. Coroidite debida ó esforzo na visión defectuosa. / **C. serosa**. Glaucoma. / **C. supurativa**. A que remata pola formación de pus.

coroidociclite *s.f.* Inflamación da coroide e do corpo ciliar.

coroidoirite *s.f.* Inflamación da coroide e do iris.

coroidorretinite *s.f.* Inflamación da coroide e da retina.

coroliforme *adx.* En forma de corola.

coronario -a *adx.* 1. Que rodea formando unha coroa, como plexos, vasos, nervios, ligamentos, etc. // *s.f.* 2. Cada unha das arterias que se distribúen especialmente polo corazón e tamén pola curvatura menor do estómago, esófago e beizos.

coronió *s.m.* Punto craneométrico correspondente á punta da apófise coroide do maxilar inferior.

coronoide *adx.* 1. En forma de bico de córvido. 2. En forma de coroa, por exemplo apófise coronoide.

coroscopia *s.f.* Determinación da refrinxencia ocular por medio do retinoscopio.

corpiño *s.m.* Xustillo interior que usaban as mulleres para aberta-la cintura. // **C. de Abbott**. Vendaxe enxusada de corpo que se aplica na escoliose. / **C. de Brador**. Vendaxe que se coloca sobre as omoplatas empregada nos casos de fractura de clavícula. / **C. de Knight, de Taylor, de Baker**. Férulas que inmovilizan máis ou menos a raque. / **C. de Sayre**. Corpiño enxusado que se aplica no mal de Pott. / **C. ortopédico**. O que ten por obxecto corrixir ou previlas desviacións da raque.

corpo *s.m.* 1. O corpo humano, formado pola cabeza o tronco e as extremidades. 2. O tronco cos seus órganos. 3. Parte máis importante dun órgano ou estrutura anatómica, distinta da cabeza e a cola. 4. Masa de tecido especializado. // **C. adiposo bucal**. Masa lobulada de graxa que ocupa o espazo entre o maseter e o bucinador, máis desenvolvida nos nenos. / **C. caloso** ou **mesolobo**. Comi-

sura maior do cerebro, masa arqueada da substancia branca, situada no fondo do suco lonxitudinal e formada polas fibras transversais que conectan ámbolos dous hemisferios. / **C. cavernoso**. As dúas columnas eréctiles no dorso do pene ou do clítoris. / **C. cavernoso da uretra**. Corpo esponxoso. / **C. ciliar**. Porción da zona vascular do ollo, que comprende os músculos e procesos ciliares. / **C. de Arancio**. Tubérculos de fibrocartilaxe nos vértices das válvulas semilunares pulmonares e aórticas. / **C. de Arnold**. Pequenos anacos de eritrocitos no sangue. / **C. de Aschoff**. Nódulos reumáticos no miocardio. / **C. de Auer**. Corpos de forma alongada que se ven nos linfocitos en certos casos de leucemia. / **C. de Barr**. Masa de cromatina (ó redor de 1 micron de tamaño) que representa un cromosoma condensado que se atopa no núcleo das células femininas, pero non nas masculinas. É unha estrutura planocóncava pegada á cara interna da membrana celular. / **C. de Jolly-Howell**. Restos nucleares eritrocíticos. / **C. de Nissl**. Gránulos grosos que se tinguen cos colorantes básicos e constitúen o retículo citoplasmático da célula nerviosa, substancia tigróide. / **C. de Pacchioni**. Pequenas eminencias no tecido aracnoide debaixo da duramáter do cerebro que producen, por presión, lixeiras depresións na superficie interna do cráneo (depresións de Pacchioni). / **C. de Russell**. Células con gránulos acidófilos grosos entre as células epiteliais das glándulas do estómago. / **C. de Schaumann**. Estructura laminada concéntrica que contén abundante calcio e ferro, presente no interior dalgúns granulomas epitelioides non caseificantes de diversas entidades clínicas (sarcoidose, seriliose, etc). / **C. de Wolff**. Mesonefros ou ril primitivo, órgano excretor do embrión, composto dun tubo longo na parte inferior da cavidade somática ou celoma, paralelo ó eixe espiñal. O corpo de Wolff forma, polo seu desenvolvemento, a cabeza do epidídimo, o *vas deferens* e o conducto exaculador no home. / **C. do esterno**. Porción do esterno comprendida entre o manubrio e a apófise xifoide. / **C. esférico**. Primeiro estadio do ciclo do parasito do paludismo, que se desenvolve logo no gametocito. / **C. esponxoso**. Masa de tecido eréctil no pene, que rodea a uretra. / **C. estraño**. Corpo que non é normal no sitio onde se atopa. / **C. facoide**. Cristalino. / **C. falciforme**. Esporozóito. / **C. hemorráxico**. Coágulo sanguíneo que se forma dentro do foliculo de De Graaf despois da ovulación. / **C. lúteo**. Masa marela celular de función glandular endócrina que aparece no ovario no lugar dun ovisaco que se ten desembraxado do seu oocito. Se o ovo foi impregnado, o corpo lúteo crece e dura varios meses (corpo lúteo verdadeiro, de embarazo). Se non se produce a fecundación o corpo lúteo dexenera e coagúrrase (corpo lúteo falso, de menstruación). Neles prodúcese a proxesterona. / **C. marelo**. Corpo lúteo. / **C. médico**. Persoal facultativo do exército, armada, municipio, etc. considerado como unha entidade. / **C. vertebral**. Segmento anterior macizo cilíndrico dunha vértebra. / **C. vítreo**. Substancia transparente que enche a maior parte do globo ocular, contida nunha membrana hialoide entre o cristalino e a retina.

corpúsculo *s.m.* 1. Pequena masa. 2. Célula sanguínea. // **C. branco**. Leucocito. / **C. calcario**. Células dentinais que conteñen cal. / **C. de Howell**. Corpos pequenos nos eritrocitos, probablemente detritos de núcleos. / **C. de Jolly**. Formacións puntiformes que aparecen nos glóbulos vermellos por coloración destes no Giemsa. / **C. de Krause**. Pequenos corpos bulboides que constitúen as terminacións nerviosas no tecido submucoso da boca, nariz, ollos e xenitais, formados por unha cápsula conxuntiva que contén unha substancia homoxénea na que termina unha fibra nerviosa sensitiva. / **C. de Langerhans**. Terminacións das fibras nerviosas na rede mucosa da epiderme. / **C. de Levinthal**. Inclusións citoplasmáticas observadas na psitacose. / **C. de Malpighi**. Nódulo linfoide do bazo. / **C. de Meissner**. Corpúsculos táctiles nas papilas dérmicas da xema dos dedos, beizos, mamas e xenitais, compostos dunha cápsula fibrosa que contén unha substancia graúda na que se ramifica unha neurofibrina. / **C. de Merkel**. Corpúsculos táctiles na submucosa da lingua e boca. / **C. de Negri**. Corpos de inclusión no protoplasma das células nerviosas do córtex, núcleos da base, dos animais mortos de hidrofobia, considerados como específicos desta enfermidade. / **C. de Pacini**. Masas ovais visibles sen amplificación, constituídas por varias membranas concéntricas de tecido conxuntivo, que rodean un bulbo granuloso central no que termina unha neurofibrina. Son abundantes nas palmas das mans e plantas dos pés, nos xenitais externos, etc. e considéranse órganos periféricos da sensibilidade xeral. / **C. de Ruffini**. Terminacións nerviosas na pel, que teñen forma ramificada e están incluídas no tecido conxuntivo. / **C. do leite**. Células glandulares cheas de graxa que ó romperem deixan en liberdade as gotas de graxa suspendidas no soro do leite. / **C. polar**. Centrosoma. / **C. vermello do sangue**. Eritrocito ou hemacia. / **C. táctil**. Corpúsculos de Meissner.

correctivo-a *adx.* 1. Que contrarresta, modifica ou cambia o que é nocivo. // *s.m.* 2. Droga que modifica ou corrixe un efecto indesexable ou nocivo.

corredía *s.f.* Estría ou canle longa na superficie dun óso, para o esvaramento dun tendón.

correlación *s.f.* 1. Acción de establecer unha relación mutua ou recíproca. 2. Fenómeno polo que dous ou máis caracteres se manifestan xuntamente con meirande frecuencia da que cabería esperar se se ten en conta a frecuencia coa que cada un aparece illadamente. 3. Relación de interdependencia entre os órganos dun mesmo individuo. // **C. rango-diferencia**. Procedemento estatístico entre series emparelladas de medicións, cada unha clasificada segundo a súa magnitude, que dá un coeficiente chamado rho, o seu valor varía de cero (non hai relación) a 1,00 (relación perfecta).

corrente *s.f.* Curso dun líquido, do aire ou especialmente do fluído eléctrico ó longo dun conductor. // **C. alterna**. Corrente eléctrica que alternativamente é de sentido contrario. / **C. continua**. A que ten sempre un mesmo sentido. / **C. de acción**. Corrente eléctrica inducida nas

fibras musculares eficazmente estimuladas, en condicións normais seguen a unha contracción. / **C. de aire.** Aire que circula por un espazo confinado. / **C. de alta frecuencia.** Corrente alterna de frecuencia maior de 10.000 ciclos por segundo. / **C. de alta tensión.** Corrente eléctrica con forza electromotriz que excede de 500 volts. / **C. de baixa frecuencia.** Corrente periódica con 150 ou 200 ciclos por segundo. / **C. de baixa tensión.** Corrente con forza electromotriz que non excede de 500 volts. / **C. de lesión.** Corrente establecida cando unha parte lesionada dun nervio, músculo ou outro tecido excitable se une por medio dun conductor á parte non lesionada, o tecido danado é negativo para o san. Tamén se di **corrente de demarcación.** / **C. farádica.** Corrente alterna de electricidade inducida. / **C. galvánica.** Corrente eléctrica dunha batería. / **C. galvanofarádica.** Corrente mixta obtida pola combinación da galvánica e da farádica. / **C. hidroeléctrica.** Corrente obtida por medio de pilas ou acumuladores. / **C. inducida.** A producida nun circuíto pola proximidade doutra corrente. / **C. inductora.** Corrente causante dunha corrente inducida. / **C. monofásica.** A simple alterna. / **C. sanguínea.** Curso do sangue polo interior dos vasos arteriais ou venosos.

corrosión *s.f.* Deterioro ou esgotamento gradual dunha substancia por outra, especialmente por reacción bioquímica ou química.

corrosivo-a *adx.* 1. Que causa corrosión. // *s.m.* 2. Axente que produce corrosión, como os ácidos.

corruplición *s.f.* Desorganización, putrefacción.

cortadura *s.f.* Fisura, ferida, cortada.

corte *s.m.* 1. Gume dos instrumentos cortantes. 2. Sección.

córtex *s.m.* Capa exterior dun órgano, diferente da substancia interna ou medular do mesmo. // **C. adrenal.** Parte cortical das glándulas suprarrenais. / **C. cerebeloso.** Substancia gris cortical do cerebelo. / **C. cerebral.** Capa exterior do cerebro, palium ou manto, composta principalmente de substancia gris ou cinérea. / **C. renal.** Substancia cortical do ril, formada polos tubos urinarios e vasos sanguíneos sostidos por un estroma ou matriz. / **C. suprarrenal.** Capa exterior histoloxicamente distinta das glándulas suprarrenais.

cortexo sintomático *loc.* Conxunto de síntomas que acompañan unha enfermidade.

cortical *adx.* 1. Relativo a algún córtex, especialmente ó córtex cerebral. // *s.f.* 2. Substancia cortical.

corticalización *s.f.* Encefalización. Migración da función dos centros subcorticais ó córtex.

corticófono-a *adx.* Que parte do córtex cerebral, que se transmite desde o córtex. Tamén se di **corticófono.**

corticófono-a *adx.* Que se dirixe cara ó córtex cerebral. Tamén se di **corticófono.**

corticoadrenal *adx.* Pertencente ó córtex suprarrenal.

corticoaférente *adx.* Corticófono.

corticobulbar *adx.* Relativo ó córtex cerebral e ó bulbo.

corticocerebral *adx.* Relativo ó córtex do cerebro.

corticoeférente *adx.* Que se dirixe desde o córtex cerebral cara a niveis inferiores ou cara á periferia. Corticófono.

corticófono-a *adx.* Corticófono.

corticoide *adx.* 1. De acción similar á dunha hormona esteroide do córtex adrenal. // *s.m.* 2. Esteroide semellante ós illados dos extractos do córtex suprarrenal.

corticomedular *adx.* Corticospinal.

corticopeduncular *adx.* Relativo ó córtex e ós pedúnculos cerebrais.

corticófono-a *adx.* Corticófono.

corticopleurite *s.f.* Inflamación da folla visceral ou cortical da pleura.

corticopontocerebelo -a *adx.* Que conecta o córtex cerebral co cerebelo por medio da ponte.

corticospinal *adx.* Relativo ó córtex cerebral e á medula espinal.

corticosteroide *s.m.* Corticoide.

corticosterona *s.f.* Hormona esteroide do córtex suprarrenal que posúe as actividades atribuídas a ese córtex, induce o depósito de glicóxeno no fígado, a conservación do sodio e a excreción de potasio, e mantén a vida dos animais adrenalectomizados, 4-pregnen-11,21-diol-3,20-diona.

corticopararrenal *adx.* Relativo ó córtex das glándulas suprarrenais.

corticopararenoma *s.m.* Tumor orixinado no córtex suprarrenal que na muller produce obesidade e lle dá aspecto masculino.

corticotrofinina *s.f.* Corticotropina.

corticotropina *s.f.* Hormona adrenocorticotrofa segregada no lobo anterior da hipófise que estimula a actividade do córtex suprarrenal, estimula a lipólise e favorece a utilización da glicosa.

cortina *s.f.* Primeira preparación do córtex suprarrenal, capaz de manter vivos os animais suprarrenalectomizados, que se empregou cando aínda non se illaran a aldosterona e o cortisol.

cortisol *s.m.* Hormona adrenocortical, 17-hidroxicorticosterona ou hidrocortisona, glicocorticoide fisiolóxico producido polo córtex suprarrenal.

cortisona *s.f.* Glicocorticoide non segregado normalmente, en cantidades significativas, polo córtex suprarrenal, senón polo fígado. Non posúe acción biolóxica sobre o metabolismo dos hidratos de carbono ata que se converte en cortisol (hidrocortisona) e hoxe obtense sinteticamente.

cortiza *s.f.* Envoltura exterior do tronco, pólas ou raíces das plantas dicotiledóneas.

coruscación *s.f.* En psiquiatría, sensación de laparadas diante dos ollos.

Corynebacterium Xénero de bacilos grampositivos aerobios e anaerobios, nos que é característico o avultamento nun dos extremos, o que lles dá aspecto de maza. Son máis coñecidas as especies parasitas do home e animais, pero tamén parasitan as plantas. // *C. diphtheriae*. Axente etiolóxico da difteria, illado das membranas farínxeas dos enfermos e presente na farinxe dos portadores. As cepas desta especie son patóxenas cando están parasitadas por un fago (cepas lisógenas) e producen toxinas con especial afinidade polo tecido miocárdico.

cosmese *s.f.* Cosmética.

cosmética *s.f.* 1. Arte de preservar e aumenta-la beleza. 2. Especialidade cirúrxica que mira polo aspecto do paciente para melloralo. Tamén se di **cosmese**.

cosmético-a *adx.* 1. Relativo á cosmese ou cosmética. 2. Que embelece, que tende a conservar ou restaura-la fermosura. // *s.m.* 3. Substancia ou preparación que con ese obxecto se aplica á pel, pelo ou unllas seguindo os dictados da moda para facelos máis fermosos.

cosmetoloxía *s.f.* Parte da hixiene que trata especialmente dos coidados de aseo e beleza da pel.

cósmico-a *adx.* Relativo ó universo, de distribución xeral ou moi extensa.

cosmopatoloxía *s.f.* Parte da climatoloxía que estudia a acción morbosa dos elementos cósmicos sobre o organismo.

cosmopolita *adx.* En ciencias biolóxicas, distribución mundial.

costado *s.m.* Porción lateral do tronco comprendida entre a axila e o van.

costal *adx.* Relativo ás costelas.

costalxia *s.f.* Dor nas costelas.

costecervical *adx.* 1. Relativo ás costelas e ó colo. // *s.m.* 2. Músculo cervical ascendente.

costectomía *s.f.* Escisión ou resección dunha costela.

costela *s.f.* Calquera dos vinte e catro ósos curvos que forman a parte principal da parede ósea do tórax, que se estenden cara a diante, doce a cada lado, desde a columna vertebral. Distínguense tres partes: a cabeza, a parte posterior xunto á vertebra, o colo, a parte máis estreita que a segue, e o corpo, que é o arco óseo que forma a caixa torácica. Na unión do colo co corpo existe un tubérculo que se articula coa apófise transversa da vértebra. // **C. bicipital**. Fusión da primeira costela torácica cunha vertebra cervical. / **C. bifida**. Costela supernumeraria que se articula cunha vertebra cervical, xeralmente a sétima, pero que non chega por diante ó esterno. / **C. flotantes**. Costelas vertebrais (as dúas inferiores) que non se unen a nada por diante. / **C. verdadeiras**. As sete

costelas superiores de cada lado, que se articulan directamente co esterno.

costicartilaxe *s.f.* Cartilaxe costal.

costífero-a *adx.* Que leva costelas, como as vértebras costais do home.

costiforme *adx.* En forma de costela.

costo- Prefixo do lat. *costa*, costela.

costoabdominal *adx.* 1. Relativo ás costelas e ó abdome. // *s.m.* 2. Músculo oblicuo externo.

costoclavicular *adx.* 1. Relativo ás costelas e á clavícula. // *s.m.* 2. Músculo subclavio.

costocólico-a *adx.* 1. Que vai das costelas ó colon. // *s.m.* 2. Repregamento peritoneal que constitúe un ligamento, que se insire nas costelas e no colon.

costocondral *adx.* Pertencente a unha costela e á súa cartilaxe.

costocoracoide *adx.* 1. Relativo ás costelas e á apófise coracoide. // *s.m.* 2. Músculo pectoral menor.

costoinferior *adx.* 1. Relativo ás costelas inferiores. 2. Dunha forma de respiración na que as costelas inferiores se moven máis cás superiores.

costopleural *adx.* Relativo ás costelas e á pleura.

costopneumopexia *s.f.* Operación de fixa-lo pulmón a unha costela.

costopúbico -a *adx.* 1. Relativo ás costelas e á pube. // *s.m.* 2. Músculo recto anterior do abdome.

costoscapular *adx.* Relativo ás costelas e á escápula.

costospiñal *adx.* Relativo ás costelas e á columna vertebral.

costosternal *adx.* Relativo ás costelas e ó esterno.

costotomía *s.f.* Sección dunha costela.

costótomo *s.m.* Coitelo ou cizalla para corta-las costelas.

costotransversectomía *s.f.* Resección dunha porción de costela e da apófise transversa dunha vértebra.

costotransverso-a *adx.* 1. Relativo ás costelas e ás apófises transversas. // *s.m.* 2. Músculo escaleno lateral.

costotraqueliano-a *adx.* Relativo ás costelas e ás apófises transversas cervicais.

costovertebral *adx.* Relativo a unha costela e á vértebra dorsal coa que se articula.

costoxénico-a *adx.* Que ten a súa orixe nas costelas.

costoxifoide *adx.* Relativo a unha costela e á cartilaxe xifoide.

costro *s.m.* Primeiro leite da femia parida, que ocasionalmente pode producirse tamén durante o embarazo, despois do terceiro ou cuarto mes. Contén menos caseína e máis albumina có leite ordinario e numerosos leucocitos cargados de graxa, corpúsculos do costro. Tamén é

rica en anticorpos que lle transfiren inmunidade pasiva ó neonato.

costrorrea *s.f.* Derramo abundante e espontáneo de costro.

cotarnina *s.f.* Derivado de narcotina, base orgánica amarga, produto da oxidación e o desdoblamento da narcotina, astrinxente e sedante.

cotián (*f. cotiá*) *adx.* 1. A diario, que ocorre tódolos días. // *s.f.* 2. Variedade de febre palúdica con paroxismos diarios. // **C. dobre.** Cotiá que ten dous paroxismos ó día.

cotiledón *s.m.* 1. Calquera estrutura oca en forma de copa. 2. Calquera das subdivisións redondeadas da superficie uterina da placenta. 3. Vilosidade vascular ensanchada do corion que se introduce nas depresións da caduca verdadeira.

cótilo *s.m.* Estructura en forma de copa ou cunca, especialmente, a cavidade dun óso que recibe a cabeza doutro. Tamén se di **acetábulo**.

cotiloide *adx.* 1. En forma de copa. 2. Relativo á cavidade cotiloide ou acetábulo.

cotilopúbico-a *adx.* Relativo ó acetábulo ou cavidade cotiloide do ilíaco e á pube.

cotra *s.f.* Calquera capa exterior, especialmente a materia sólida formada sobre a superficie dunha úlcera, erosión ou ferida, por unha segregación ou un exsudado cando seca. // **C. de leite.** Seborrea do coiro cabeludo dos nenos.

cotrimoxazol *s.m.* Trimetoprim.

couquizo *s.m.* Curuto, coroa da cabeza.

coxa *s.f.* 1. Articulación da cadeira. 2. Porción superior do membro inferior comprendida entre a cadeira e o xeonllo.

coxagra *s.f.* Afección gotosa da cadeira.

coxal *adx.* 1. Relativo á cadeira. // *s.m.* 2. Óso innominado ou ilíaco.

coxalxia *s.f.* Dor na cadeira.

coxartria *s.f.* Coxite.

coxartrite *s.f.* Coxite.

coxartroace *s.m.* Afección fungosa (tumor branco) da articulación da cadeira.

coxartropatía *s.f.* Afección da articulación da cadeira.

cóxegas *s.f.pl.* Estímulo lixeiro dunha superficie sensitiva e o seu efecto reflexo, conmoción desagradable, risa involuntaria, etc.

coxeira *s.f.* Deambulación defectuosa, claudicación.

Coxiella Xénero de bacterias da orde rickettsiais, microorganismos parasitos obrigados, moi resistentes ós axentes externos.

coxite *s.f.* Inflamación da articulación da cadeira.

coxodinia *s.f.* Coxalxia.

coxafemoral *adx.* Relativo á cadeira e á coxa.

coxotomía *s.f.* Abertura cirúrxica da articulación da cadeira.

coxotuberculose *s.f.* Tuberculose ósea na articulación da cadeira.

Coxsackie Virus responsables de diversos procesos patolóxicos no home: meninxite aséptica, enfermidade de Bornholm, herpanxina, miocardite e pericardite. O primeiro virus deste grupo foi illado por Dalldor-Sickles en Coxsackie (EEUU) en 1947.

coxsackiose *s.f.* Proceso morboso producido polo virus *Coxsackie*.

cr 1. Símbolo do cromo. 2. Abreviatura de creatinina.

crack *s.m.* Forma de cocaína que se fuma e coa que se obteñen niveis máis rápidos e elevados da droga, o que explica o seu maior poder adictivo e o enorme carácter nocivo para a saúde.

craniectomía *s.f.* Escisión dunha parte do cranio. // **C. lineal.** Escisión dunha tira ou banda do cranio para remedia-la microcefalia ou a osificación prematura do cranio.

cranio *s.m.* Conxunto de ósos que forman o esqueleto da cabeza. Nun sentido máis limitado comprende a caixa ósea que contén o encéfalo e exclúe os ósos da cara. Desde o punto de vista embriolóxico, diferénciase un neurocranio, que dá lugar ós ósos que rodean o encéfalo (integrados por frontal, dous parietais, dous temporais, esfenoide e etmoide), e un esplanocranio, que ten un desenvolvemento que dá lugar ó conxunto óseo que forma o macizo facial (integrado por dous maxilares, vómer, dous nasais, dous lacrimais, dous cigomáticos, dous palatinos, dous cornetos e a mandíbula). Estes ósos articúlanse entre si mediante suturas, a excepción da mandíbula, que se mantén como único elemento móbil do conxunto. // **C. bífido.** Encefalocele. / **C. criptocigo.** Cranio no que, mirado desde arriba polo método da *norma verticalis* de Blumenbach, non son visibles os arcos cigomáticos, o contrario de fenocigo. / **C. de Apert.** Cranio da osteoxénese imperfecta. A fragilidade dos ósos da calota fai que se afundan na base e formen un rebordo lateral. / **C. elipsoide, esfenoide, ovoide, romboide, etc.** Cranios que, vistos desde enriba polo método antedito, ofrecen a configuración dunha elipse, unha cuña, un ovoide, un rombo, respectivamente. / **C. natiforme.** Cranio raquíptico, no que por afundimento da sutura saxital as eminencias parietais sobresaen a modo de nádegas.

cranioaural *adx.* Relativo ó cranio e ó oído.

craniobulbar *adx.* Relativo ó cranio e ó bulbo.

cranioccele *s.f.* Encefalocele.

craniocerebral *adx.* Relativo ó cranio e ó cerebro.

craniocervical *adx.* Relativo ó cranio e ó colo.

- cranioclase** *s.f.* Esmagamento cirúrxico da cabeza do feto morto co fin de facilita-la súa extracción.
- cranioclasma** *s.f.* Cranioclase.
- cranioclastia** *s.f.* Cranioclase.
- cranioclasto** *s.m.* Esmagador para a práctica da cranioclase. Tamén se di **basiotribo**, **basioclasto**, **cefalotribo**, **cefaloclasto**, **craniotribo**.
- craniocleidodisostose** *s.f.* Disostose cleidocranial.
- craniodídimo** *s.m.* Feto malformado que presenta dúas cabezas.
- craniofacial** *adx.* Relativo ó cráneo e á cara.
- craniofarinxoma** *s.m.* Tumor conxénito da hipófise, desenvolvido a expensas dos restos do tracto faringohi-pofisario primitivo.
- craniofitomía** *s.f.* Incisión de toda a circunferencia do cráneo con obxecto de asegura-la descompresión.
- cranióforo** *s.m.* Cranióstato. Instrumento para suxeita-lo cráneo durante a medición dos seus contornos.
- cranionomía** *s.f.* Estudo da forma do cráneo. Tamén se di **cranioloxía**, **cefaloloxía**.
- craniografía** *s.f.* Descrición do cráneo.
- craniógrafo** *s.m.* Instrumento para deseña-lo contorno do cráneo.
- craniolacunía** *s.f.* Estado da bóveda do cráneo fetal ou infantil caracterizado por zonas de resorción da táboa interna, asociado xeralmente con espiña bífida, meningo-cele e aumento da presión intracranial.
- cranioloxía** *s.f.* Ciencia que estuda as variacións de tamaño, forma e proporción do cráneo, en especial as variacións que caracterizan as razas humanas.
- craniomalacía** *s.f.* Abrandamento anormal dos ósos do cráneo. Tamén se di **craniotabe**.
- cranio-mandibular** *adx.* Relativo ó cráneo e á mandíbula.
- cranio-metría** *s.f.* Medición do cráneo.
- craniómetro** *s.m.* Instrumento para medi-lo cráneo, empregado en cranio-metría.
- craniópago** *s.m.* Xemelgos unidos pola cabeza. Tamén se di **cefalópago**.
- cranio-patía** *s.f.* Enfermidade cranial, cefalopatía. // **C. metabólica**. Estado caracterizado por lesións dos ósos do cráneo xunto con alteracións do metabolismo.
- cranio-plastia** *s.f.* Reparación cirúrxica dos defectos e deformidades do cráneo.
- craniorraquequise** *s.f.* Fisura ou fendedura conxénita do cráneo e columna vertebral por defecto no seu peche.
- craniosclerose** *s.f.* Osteosclerose dos ósos craniais.
- cranioscopia** *s.f.* Exame diagnóstico da cabeza.
- craniosinostose** *s.f.* Osificación prematura das suturas craniais.
- craniospinal** *adx.* Relativo ó cráneo e á columna vertebral.
- craniosponxiose** *s.f.* Afección dolorosa, probablemente sífilítica, caracterizada pola formación de escavacións no diploe dos ósos craniais.
- craniosquise** *s.f.* Fendedura ou fisura conxénita do cráneo por defecto do peche mesodorsal, acompañado xeralmente dun desenvolvemento escaso do cerebro.
- cranióstato** *s.m.* Utensilio para soste-lo cráneo durante os estudos cranio-métricos. Tamén se di **cranióforo**.
- craniostenose** *s.f.* Hiperostose do cráneo que produce a contracción das fendeduras e buratos craniais.
- cranio-stose** *s.f.* Osificación conxénita ou prematura das suturas do cráneo.
- craniotabe** *s.f.* Craniomalacía circunscrita: adelgazamento e abrandamento dos ósos do cráneo, secundario a raquitismo e sífilis. Tamén se di **cranio-malacía**.
- craniotimpánico-a** *adx.* Relativo ó cráneo e ó tímpano.
- craniótomo** *s.m.* Instrumento para a práctica da cranio-tomía.
- craniotopografía** *s.f.* Estudo das relacións da superficie do cráneo coas partes do cerebro subxacente.
- craniotraxia** *s.f.* Extracción da cabeza fetal despois da cranioclasia.
- craniotripese** *s.f.* Trepanación do cráneo.
- cranite** *s.f.* Inflamación dos ósos do cráneo.
- crá-nter** *s.m.* Último dente molar ou moa do xuízo.
- crá-ter** *s.m.* Parte máis deprimida dunha úlcera, xeralmente no seu centro.
- crateriforme** *adx.* Deprimido ou oco como unha copa ou cráter.
- craterización** *s.f.* Extirpación dunha porción de tecido óseo para formar unha depresión en forma de cráter e facilita-la drenaxe de partes infectadas .
- cratomanía** *s.f.* Delirio no que o paciente se cre posuidor de gran poder ou forza.
- cr-rouse** *s.f.* Estado de segura e retracción dunha parte. // **C. vulvar**. Afección inflamatoria crónica, caracterizada por atrofia e retracción da pel dos xenitais externos femininos, acompañada de ordinario de prurito intenso.
- cr-avo** *s.m.* 1. Corno ou tubérculo córneo da pel. 2. Tecido conxuntivo esclafado que se desprende do centro dun furúnculo. // **C. de especia**. Abrocho seco do craveiro (*Eugenia caryophyllata*), da familia das mirtáceas, usado como carminativo e antiemético e no exterior como anódino en odontoloxía e dores cólicas. / **C. de Scarpa**. Pequeno cilindro de chumbo cun extremo ensanchado que se empregaba para a dilatación do conducto nasal

- despois da incisión do saco lacrimal. / **C. histérico.** Sensación dolorosa de cravo na cabeza.
- creatina** *s.f.* Composto nitroxenado cristalizabile que existe no organismo. O seu fosforilato constitúe un importante depósito de enerxía en forma de fosfato.
- creatinase** *s.f.* Enzima que transforma a creatina en urea e metilglicocola.
- creatinemia** *s.f.* Presencia de creatina no sangue. A taxa normal é de 10 a 25 mg/l.
- creatinina** *s.f.* Substancia básica, creatina anhidra, produto terminal do metabolismo, que se atopa sempre na urina.
- creatinuria** *s.f.* Presencia de creatina na urina.
- creatorrea** *s.f.* Presencia de carne sen dixerir nos excrementos, síntoma ou signo de Fles.
- creatotoxismo** *s.m.* Intoxicación por carne.
- crecemento** *s.m.* Desenvolvemento progresivo do corpo, especialmente en altura, nos primeiros tempos da vida. // **C. vectorial negativo.** Aquel no que os incrementos grandes suceden os pequenos ou ó revés. / **C. vectorial positivo.** Aquel no que os aumentos nun órgano (grandes ou pequenos) se suceden de forma constante.
- crema** *s.f.* 1. Materia graxa do leite. 2. Preparación cosmética ou terapéutica en forma de pasta espesa.
- cremación** *s.f.* Incineración dos cadáveres.
- crematofobia** *s.f.* Temor patolóxico ó diñeiro.
- crematorio** *s.m.* Establecemento ou forno para a cremación dos cadáveres.
- cremento** *s.m.* Parte absorbida dos alimentos, por oposición á eliminada en estado de excremento.
- cremnofobia** *s.f.* Temor morboso ós precipicios.
- cremómetro** *s.m.* Instrumento para determina-la proporción de nata no leite.
- cremoso-a** *adx.* Que contén crema, semellante á crema.
- crenación** *s.f.* Aparencia anormal dentada, como a dos bordos dos corpúsculos vermellos.
- crenocito** *s.m.* Eritrocito crenado.
- crenocitose** *s.f.* Abundancia de crenocitos no sangue.
- crenoloxía** *s.f.* Tratado dos mananciais de augas mine-rais.
- crenoterapia** *s.f.* Tratamento polas augas minerais.
- creofaxia** *s.f.* Uso da carne como alimento.
- creófilo-a** *adx.* Que prefere a carne como alimento.
- creolina** *s.f.* Preparación líquida de cor tirando a negra, espesa, de creosota de hulla e xabóns resinosos, desodorizante, antiséptica, parasiticida.
- creosol** *s.m.* Líquido oleoso incoloro, metilguaiacol, contido nas creosotas vexetais. Antiséptico.
- creosota** *s.f.* Líquido de consistencia oleosa, incoloro e transparente, obtido por destilación seca da madeira de faia (*Fagus sylvatica*), que contén principalmente guaiacol e cresol. É anestésico local, escarótico e anti-séptico poderoso, e emprégase como cáustico nas verrugas, nas enfermidades da pel e nas úlceras de mal carácter, no interior como antiemético e na tuberculose pulmonar e catarros bronquiais crónicos, así como en inhalación e hipodermicamente.
- creosotal** *s.m.* Carbonato de creosota, líquido oleoso, espeso, da creosota de faia, de emprego máis seguro cá creosota como antiséptico interno, usado en solución etérea e en emulsión.
- creotoxina** *s.f.* Veneno básico producido na carne por un microorganismo.
- crepitación** *s.f.* 1. Son semellante ó que se fai refregando os cabelos entre os dedos ou botándolle sal ó lume, producido polo aire nos conductiños pulmonares ou nas aréolas do tecido conxuntivo no enfisema. 2. Ruído que producen os extremos dun óso fracturado cando fretan entre si. // **C. articular.** A producida nunha articulación polo rozamento das superficies sinoviais secas. Tamén se di **crepitación falsa.** / **C. nivea.** A producida pola compresión dun enfisema subcutáneo ou pola frega dun tendón inflamado coa parede rugosa da sinovial.
- crepnofobia** *s.f.* Medo ós precipicios.
- crepuscular** *adx.* Imperfectamente luminoso ou lúcido, aplicado a certos estados mentais.
- crenilol** *s.m.* Cresol.
- cresol** *s.m.* Metilfenol, ácido cresílico, derivado da brea de hulla, do que existen tres compostos isómeros: orto, meta e paracresol, dos cales o segundo é líquido. Todos son antisépticos e tóxicos, de usos análogos ós do fenol.
- cresomanía** *s.f.* Alucinación na que o paciente cre que é posuidor de grandes riquezas.
- creta** *s.f.* Carbonato de cal. // **C. preparada.** Carbonato de cal lavado. Antiácido, empregado a miúdo na diarrea.
- cretáceo-a** *adx.* Gredoso, que contén creta ou greda.
- cretificación** *s.f.* Infiltración de sales calcarias nun tecido ou parte, transformación cretácea.
- cretinismo** *s.m.* Estado patolóxico, conxénito debido á disfunción ou ausencia da glándula tiroide, caracterizado pola detención do desenvolvemento físico e mental, con distrofias e deformidades múltiples. // **C. adquirido** ou **dos adultos.** Mixedema. / **C. espontáneo** ou **esporádico.** Cretinismo nun individuo que non descende de cretinos nin habita en rexións onde prevalece o cretinismo. / **C. fetal.** Acondroplasia.
- cretinoide** *adx.* Semellante a un cretino ou ó cretinismo, aplicado a un estado semellante ó cretinismo, pero menos marcado, que se observa nos bociosos en países onde o bocio é endémico.
- crialxesia** *s.f.* Dor debida á aplicación do frío.

- crianestesia** *s.f.* 1. Anestesia producida polo frío. 2. Perda da facultade de percibi-lo frío.
- cribado-a** *adx.* Criboso.
- cribiforme** *adx.* 1. Furado á semellanza dunha criba. // *s.m.* 2. Óso etmoide.
- criboso -a** *adx.* Furado como unha criba.
- crichoral** *adx.* Que ocorre de maneira cíclica cada hora.
- cricoaritenoidé** *adx.* 1. Relativo á cricoide e ás cartilaxes aritenoides, ou que se estende entre eles. // *s.m.* 2. Músculo.
- cricofarínxeo-a** *adx.* Relativo á cartilaxe cricoide e á farinxe.
- cricoide** *s.f.* 1. Cartilaxe cricoide. // *adx.* 2. Semellante a un anel.
- cricoidectomía** *s.f.* Escisión da cartilaxe cricoide.
- cricotiroide** *adx.* Relativo ás cartilaxes cricoide e tiroide.
- cricotomía** *s.f.* Incisión cirúrxica da cartilaxe cricoide.
- cricotraqueotomía** *s.f.* Incisión da cartilaxe cricoide e a traquea.
- criestesia** *s.f.* Sensibilidade anormal para o frío.
- criminaloide** *adx.* Persoa pertencente ó tipo criminal.
- criminoloxía** *s.f.* Estudio científico do crime e os crimi- nais, antropoloxía criminal.
- crimodinia** *s.f.* Dor reumática causada polo frío ou tempo húmido.
- crimofilia** *s.f.* Criofilia.
- crimoterapia** *s.f.* Emprego terapéutico do frío. Tamén se di **frigoterapia**, **psicroterapia**.
- criniforme** *adx.* En forma de pelo ou cabelo, capilar, fili- forme.
- crinoloxía** *s.f.* Tratado das secrecións en xeral.
- crinoscopia** *s.f.* Exame das secrecións.
- crinóxeno-a** *adx.* Estimulante da secreción.
- crioadenoma** *s.m.* Tumor adenomatoso do corion, mola placentaria destructiva. Tamén se di **mola maligna**.
- crioeroterapia** *s.f.* Tratamento polo aire frío.
- crioaglutinina** *s.f.* Aglutinina que só obra a baixas temperaturas.
- crioanestesia** *s.f.* Anestesia polo frío.
- criocauterio** *s.m.* Cauterio que utiliza, con fins terapéu- ticos, o frío obtido por evaporación do CO₂ sólido.
- criocirurxía** *s.f.* Cirurxía que se practica mediante instru- mentos crioxénicos, aplicable, por exemplo, á extracción de cataratas, resección de tumores vasculares nasofarín- xeos, neoplasias intracraniais e reseccións parciais de fígado ou páncreas.
- criofilia** *s.f.* Propiedade de crecer en ambiente frío, espe- cialmente certas bacterias.
- criófilo-a** *adx.* Que se desenvolve ben a baixas tempera- turas.
- crioglobulina** *s.f.* Globulina sérica que precipita ou cris- taliza a baixas temperaturas.
- crioglobulinemia** *s.f.* Presencia no soro de crioglobu- linas, globulinas que precipitan a baixas temperaturas, responsables dos trastornos circulatorios presentes en distintas enfermidades (mieloma múltiple, leucemias, etc).
- criómetro** *s.m.* Termómetro para medir baixas tempera- turas.
- crioproteína** *s.f.* Proteína hemática que precipita polo frío.
- crioscopia** *s.f.* Determinación do punto ou grao de conxe- lación dun líquido ou solución, para coñece-la súa concentración molecular fundándose na lei de Raoult de que o descenso do punto de conxelación é directamente proporcional ó número das moléculas disoltas na unidade de volume do solvente. Este descenso represéntase polo signo delta, que indica a diferenza en graos entre a temperatura á que se conxela o solvente (auga destilada) e a temperatura (máis baixa) á que se conxela a solución en exame.
- crioscopio** *s.m.* Aparello para a práctica da crioscopia, dos que un dos máis usados é o de Beckmann.
- crióstato** *s.m.* Aparello que permite obter cortes de tecido por conxelación rápida.
- crioterapia** *s.f.* Crimoterapia.
- crióxeno-a** *adx.* Relativo á substancia que produce o descenso da temperatura, mestura frigorífica.
- cripta** *s.f.* Oco pequeno ou folículo, orificio deste oco. // **C. amigdalina** ou **tonsilar**. Depresións anfractuosas ou fosíñas na superficie da amígdala que penetran ás veces ata a cápsula, e que conteñen células, bacterias, pus, etc.
- críptico-a** *adx.* 1. Escondido, larvado. 2. Relativo a unha cripta ou criptas.
- criptite** *s.f.* Inflamación dunha cripta ou criptas.
- cripto-** Forma prefixa do gr. *Kryptós*, escondido.
- criptocéfalo** *s.m.* Monstro fetal de cabeza non moi mani- festa.
- criptocigo -a** *adx.* De arcos cigomáticos invisibles.
- criptoclorhidria** *s.f.* Estado do zume gástrico no que o ácido clorhídrico non é revelable polos reactivos (Ferrari- ni).
- criptococose** *s.f.* Estado morbosos producido por orga- nismos do xénero *Cryptococcus* que afecta á pel, ós pulmóns e outras vísceras, con particular predilección polo cerebro e as meninxes. A forma cutánea produce

lesións acneiformes. Tamén se di **blastomicose europea**, **torulose** e **enfermidade de Busse-Busche**.

criptodídimo *s.m.* Monstruosidade na que un xemelgo está escondido dentro doutro.

criptodoncia *s.f.* Estado dun dente que non brota.

criptoftalmía *s.f.* 1. Adherencia completa conxénita das pálpebras. 2. Falta do globo ocular.

criptoglioma *s.m.* Período de desenvolvemento do glioma da retina, caracterizado por coagulación do globo ocular debida a unha ciclite que disimula a presenza do tumor.

criptoleucemia *s.f.* Forma larvada de leucemia, na que a fórmula sanguínea segue normal e só se revela pola función do bazo ou da medula ósea.

criptólito *s.m.* 1. Cálculo ou concreción nunha cripta. 2. Cálculo escondido nun órgano.

criptomenorrea *s.f.* Menstruación sen hemorraxia externa, por atresia nalgunha parte do conducto xenital.

criptomnesia *s.f.* 1. Memoria subconsciente. 2. Trastorno mental no que certos recordos perden este carácter e aparecen como conceptos ou ideas actuais (Bleuler).

cripton *s.m.* Elemento gasoso inerte presente na atmosfera, de símbolo Kr, peso atómico 83,80 e número atómico 36.

criptopiose *s.f.* Supuración oculta, de asento ignorado.

criptopodia *s.f.* Estado caracterizado pola tumefacción da parte inferior da perna e superior do pé, que oculta o resto deste (Bonsfield).

criptopsiquismo *s.m.* Estudio dos procesos psíquicos de natureza oculta ou ignorada, como a telepatía, clarividencia, etc.

criptorquidectomía *s.f.* Escisión dun testículo ou testículos ectópicos.

criptorquidia *s.f.* Ausencia dun ou ámbolos dous testículos do escroto por detención destes órganos no abdome ou no conducto inguinal na súa emigración normal. A ectopía testicular permanente implica a dexeneración e atrofia do órgano.

criptórquido *s.m.* Persoa á que non lle descenderon os testículos.

criptorquidopexia *s.f.* Fixación no escroto dun testículo non descendido.

criptorradiómetro *s.m.* Aparello para medi-lo poder penetrante dos raios X.

criptotina *s.f.* Alcaloide tóxico, hipnótico, do opio.

criptotóxico-a *adx.* De propiedades tóxicas ocultas, que normalmente non é tóxico, pero que pode selo cando se altera o seu equilibrio coloidal.

criptoxénico-a *adx.* De orixe escura, ignorada, especialmente os procesos infectivos dos que se ignora a porta de entrada ou asento.

criptozoíto *s.m.* Esporozoíto palúdico durante o período que se atopa nos tecidos, antes de ingresar nos eritrocitos.

crise *s.f.* 1. Cambio rápido que sobrevén nunha enfermidade, en sentido favorable ou adverso. 2. Paroxismo doloroso nunha parte ou tabe dorsal, que toma o nome do órgano no que asenta: bronquial, cardíaca, gástrica, intestinal, larínxea, rectal, renal, vesical, etc. // **C. blástica**. Fase de aparición masiva de células blásticas no sangue periférico no curso da leucemia mieloide aguda. / **C. epiléptica**. Crise de orixe cerebral que resulta dunha descarga neuronal excesiva paroxística que pode manifestarse en forma de convulsións, alteracións da consciencia, disestesias e relaxación de esfínteres. / **C. suprarrenal**. Estado de insuficiencia corticosuprarrenal aguda. / **C. tirotóxica**. Accidente grave que ás veces xorde no curso da evolución do hipertiroidismo, caracterizándose por gran nerviosismo e axitación, hiperpirexia, taquicardia con palpitacións, arritmias e dispnea, arroibamento da pel con sudación profusa, diarreas, dores abdominais e cefaleas, tormenta tirotóxica.

crisiase *s.f.* Depósito de sales de ouro nos tecidos orgánicos.

criso- Prefixo do gr. *chrysós*, coa significación de ouro.

crisocianose *s.f.* Pigmentación cutánea consecutiva á inxección de sales de ouro nos tegumentos expostos á luz.

crisoformo *s.m.* Dibromodiiiodohexametilentetramina, po insoluble nos disolventes ordinarios, usado como anti-séptico externo.

crisoidina *s.f.* Materia colorante cristalina, de cor marela avermellada, clorhidrato de diamonitrobenzeno, anti-séptico empregado en lavados e colutorios.

crisol *s.m.* Vaso de terra refractaria, porcelana, metal, etc, ordinariamente máis estreito cara ó fondo, destinado a sufrila acción do lume para fundir metais e calcinar algunhas substancias.

crisopexia *s.f.* Fixación do ouro nos tecidos ou elementos fagocitarios no curso do tratamento polos sales de ouro.

crisoterapia *s.f.* Tratamento de Möllgaard por sales de ouro na tuberculose, reumatismo crónico, etc.

crisotoxina *s.f.* Principio amarelento obtido do caruncho, que unido coa ergocrisina forma a esfacelotoxina e é paralizante central.

crispación *s.f.* Contracción espasmódica ou convulsiva, débil ou involuntaria, de certos músculos.

crista *s.f.* Proxección ou rebordo, especialmente eminencia ósea estreita e alongada. // **C. sacra**. Liñas na cara posterior do sacro, representación das apófises espiñosas, articulares e transversas das vértebras sacras.

crystal *s.m.* 1. Corpo sólido cos seus átomos e moléculas regular e repetidamente distribuídos no espacio. 2. Vidro. 3. Lente. // **C. de asma**. Cristal de Charcot-Leyden. / **C. de Charcot-Leyden**. Cristais octaédricos diminutos,

probablemente de fosfatos orgánicos, que se atopan nos esputos da asma e a bronquite. / **C. de colesterol.** Depósitos cristalinos fusiformes de colesterol que se atopan habitualmente nas placas de aterosclerosis, aínda que se poden localizar en diversos lugares e diferentes circunstancias: trastornos tróficos, focos de necroses, cálculos, etc. / **C. de depósito.** Cristais microscópicos, especialmente de hormonas, que se inxectan subcutaneamente co propósito de que a absorción se verifique lentamente. / **C. de lúa.** Nitratos de prata. / **C. de rocha.** Forma de cuarzo transparente, dióxido de silicio. / **C. de Zenker.** Cristal de Charcot-Leyden.

cristalbumina *s.f.* Substancia albuminosa do cristalino.

cristalina *s.f.* Proteína do tipo das vitelinas que se atopa no cristalino ocular.

cristalino-a *adx.* 1. De cristal ou semellante polas súas propiedades ó cristal. // *s.m.* 2. Corpo lenticular biconvexo transparente, situado entre o humor acuoso e o corpo vítreo, na unión dos dous tercios posteriores co tercio anterior do ollo.

cristalite *s.f.* Inflamación do cristalino ou da súa cápsula. Tamén se di **facite**.

cristalización *s.f.* Formación de cristais, acción e efecto de cristalizar.

cristalofobia *s.f.* Temor morboso ó contacto cos obxectos de vidro ou cristal.

cristaloide *adx.* 1. Semellante ó cristal. // *s.* 2. Substancia non coloide que en solución atravesa rapidamente as membranas animais, diminúe o punto de conxelación do disolvente que o contén e xeralmente é cristalizabile. // *s.f.* 3. Cápsula do cristalino, formada de dúas metades, anterior e posterior.

cristaloideite *s.f.* Inflamación da cristaloide, cristalite.

cristalosa *s.f.* Sal sódico da sacarina, cristalizada, soluble, catrocentas veces máis doce có azucre.

cristaluria *s.f.* Presencia de cristais na urina, producida ás veces pola administración de sulfamidas que poden formar cristais no interior dos túbulos renais e obstruílos.

cristaluridrose *s.f.* Cristalización dos elementos urinosos da suor na pel.

cristispiras *s.f.pl.* Grupo de espiroquetas que presentan unha banda ou crista disposta espiralmente.

critomerorraquisquis *s.f.* Espiña bífida oculta.

croma- Prefixo do gr. *chrōma* coa significación de cor.

cromado-a *adx.* Que contén cromo.

cromafín *adx.* Colorable intensamente polos sales de cromo, como certas células que existen na medula suprarrenal, nos ganglios coccíxeos e carotídeos, ó longo dos nervios simpáticos e en varios órganos. O tecido composto por esas células denomínase tecido cromafínico, as pequenas masas capsuladas destes tecidos coñécese como corpos cromafínicos ou paraganglios e todo

o sistema dese tecido no conxunto do organismo denomínase sistema cromafínico. Tamén se di **feocromo**.

cromafínico-a *adx.* Cromafín.

cromafinoblastoma *s.m.* Tumor do tecido ou sistema cromafín, cromafinoma, feocromocitoma.

cromafinopatía *s.f.* Afección do sistema cromafín.

cromagogo-a *adx.* Excretor ou eliminador de pigmentos, especialmente unha función do fígado.

cromanopsia *s.f.* Cegueira para as cores.

cromatelopsia *s.f.* Percepción imperfecta das cores.

cromático-a *adx.* 1. Relativo á cor, que se tingue con colorantes. 2. Pertencente á cromatina.

cromátide *s.m.* Calquera dos dous corpos resultantes da división lonxitudinal dun cromosoma durante a mitose.

cromatina *s.f.* Porción máis colorable do núcleo celular, que forma unha rede de fibríñas. Tamén se di **cariomitoma**, **cromoplasma**. // **C. de Barr.** V. **corpo de Barr.** / **C. extranuclear.** Cromidio. / **C. sexual.** V. **corpo de Barr.**

cromatinnegativo-a *adx.* Que non contén cromatina sexual, aplicado ós núcleos celulares.

cromatinólise *s.f.* Cromatólise.

cromatinorrex *s.f.* Desdoblamento da cromatina.

cromatinpositivo-a *adx.* Que contén cromatina sexual, aplicado ós núcleos celulares.

cromatismo *s.m.* 1. Coloración anormal dun tecido. 2. Aberración cromática. 3. Percepción alucinatória de cor.

cromato- Prefixo do gr. *chrōma*, coa significación de cor.

cromato *s.m.* Sal de ácido crómico.

cromatoagnosia *s.f.* Cegueira verbal para as cores.

cromatoblasto *s.m.* Cromatóforo.

cromatocinese *s.f.* Movemento da cromatina.

cromatocito *s.m.* Célula pigmentaria, cromatoblasto.

cromatodermatose *s.f.* Cromodermatose.

cromatodisopsia *s.f.* Discromatopsia.

cromatófago-a *adx.* Destructor de pigmentos.

cromatofobia *s.f.* Aversión por certas cores, cromofobia.

cromatóforo-a *adx.* 1. Portador de pigmentos. // *s.m.* 2. Célula de pigmento, que produce ou almacena pigmento, como as que se atopan nos nevos pigmentados, nas capas profundas da epiderme e na corioide.

cromatoforoma *s.m.* Melanoma.

cromatoforotrópico-a *adx.* Que actúa sobre os cromatóforos, como un principio da pars intermedia da hipófise.

cromatografía *s.f.* Proceso de separación que, por medios físicos, permite levar a nivel macroscópico as

diferencias que existen no molecular entre os constituintes dunha disolución. A separación cromatográfica baséase na distribución das distintas substancias entre dúas fases, unha móbil e outra fixa, co que as distintas especies moleculares son retidas durante maior ou menor tempo pola fase fixa e, por tanto, desprázanse con distinta velocidade ó longo do sistema. De acordo coa natureza das fases do sistema e o mecanismo de separación, distínguense cromatografía de adsorción, de partición, de intercambio iónico, de afinidade, de exclusión. Segundo a forma ou xeometría do sistema cromatográfico distínguense: cromatografía de gases, na que a fase móbil esta constituída por un gas, cromatografía en columna, onde a fase móbil está constituída por un líquido, cromatografía sobre papel, na que a fase fixa descansa sobre fibras de celulosa, e cromatografía en capa fina, na que a fase fixa se estende sobre unha placa de vidro ou de plástico en forma dunha capa de 200 a 400 μm . de grosor, etc.

cromatoide *adx.* Que se tingue intensamente polos colorantes.

cromatólise *s.f.* 1. Desintegración da cromatina nuclear, cariólise. 2. Desaparición ou desintegración da substancia cromófila das células nerviosas, tigrólise.

cromatoloxía *s.f.* Parte da óptica que estudia as cores.

cromatómetro *s.m.* Instrumento para medi-la cor ou a percepción de cores, cromómetro, colorímetro.

cromatopatía *s.f.* Cromodermatose.

cromatopexia *s.f.* Cromopexia.

cromatoplasma *s.m.* Substancia colorada do protoplasma celular.

cromatoplasto *s.m.* Cromatóforo.

cromatopsia *s.f.* Visión subxectiva de cores, eritropsia, xantopsia, etc.

cromatoptimetría *s.f.* Cromoptimetría.

cromatoscopia *s.f.* Cromoscopia.

cromatose *s.f.* Pigmentación, especialmente a anormal ou excesiva da pel.

cromatosoma *s.m.* Cromosoma.

cromatosquiámetro *s.m.* Aparello de Holmgren para o exame e determinación do sentido da cor.

cromatóxeno-a *adx.* Cromóxeno.

cromaturia *s.f.* 1. Coloración anormal da urina. 2. Emisión de substancias colorantes pola urina.

cromestesia *s.f.* Asociación de sensacións imaxinarias de cor con sensacións reais do oído, gusto ou olfacto.

cromhidrose *s.f.* Sudación coloreada, que comprende algunhas variedades: cyanidrose, eritridose, etc.

crómico (ácido) *s.m.* 1. Ácido dibásico, inexistente en estado libre que dá lugar a sales chamados cromatos. 2. Trióxido de cromo, máis propiamente chamado anhídrido crómico, en cristais de cor marela avermellada intensa,

moi soluble en auga, que se usa na técnica micrográfica e como escarótico para a extirpación de verrugas.

cromidio *s.m.* Gránulo de cromatina extranuclear no citoplasma dunha célula, que se tingue intensamente polos colorantes básicos. O microscopio electrónico demostrou que é un gránulo de RNA.

cromidiose *s.f.* Paso da substancia nuclear e cromatina desde o núcleo ó citoplasma.

cromidrose *s.f.* Cromhidrose.

cromiólo *s.m.* Cronómmero.

cromismo *s.m.* Intoxicación por sales de cromo.

cromo- Croma-.

cromo *s.m.* Metal abrancazado, moi duro e pouco fusible. Varios dos seus sales son pigmentos e todos son tóxicos. Símbolo Cr. Peso específico 6,5. // **Óxido de c.** Substancia empregada en odontoloxía especialmente como axente pulidor. / **Trióxido de c.** Ácido crómico.

cromoblasto *s.m.* Célula embrionaria que se desenvolve en célula pigmentaria, cromatóforo.

cromoblastomicose *s.f.* Afección crónica caracterizada pola formación de placas verrugosas na pel e tumefaccións subcutáneas brandas, producida por fungos dos xéneros *Cladosporium* e *Phialophora*.

cromocistoscopia *s.f.* Cistoscopia despois da administración ou inxección dunha substancia colorante que se elimina pola urina.

cromocito *s.m.* Célula de cor ou de pigmento.

cromocitómetro *s.m.* Instrumento para determina-lo contido de hemoglobina nos corpúsculos vermellos e o número destes.

cromocoloscopia *s.f.* Exame da función biliar pola proba de excreción dunha substancia colorante previamente inxectada.

cromocrinia *s.f.* Secreción ou excreción de cor. // **C. cutánea.** Cromhidrose.

cromodacriorrea *s.f.* Secreción ou fluxo lagrimal de cor, coloración sanguínea das lágrimas.

cromodermatose *s.f.* Afección cutánea con alteración da coloración.

cromodiagnose *s.f.* 1. Diagnóstico polo cambio de cor. 2. Exame diagnóstico a través de cristais de cor ou placas de xelatina coloreadas. 3. Diagnóstico pola proba de excreción de substancias colorantes inxectadas previamente.

cromodiagnóstico *s.m.* Cromodiagnose.

cromoestesia *s.f.* Sensibilidade do sentido da vista ás sensacións coloreadas.

cromófago -a *adx.* Cromatófago, pigmentófago.

cromófano *s.m.* Pigmento dos conos retinais, rodófano, xantófano, clorófano.

cromofila *s.f.* Materia colorante vexetal, como clorofila, xantofila, eritrofila, etc.

cromofilise *s.f.* Cromatólise das células nerviosas. Tigrólise.

cromófilo-a *adx.* Que se tingue rápida ou facilmente, especialmente certos leucocitos e outros elementos histolóxicos.

cromofitose *s.f.* Descoloración da pel por un parasito vexetal, como na tiña versicolor.

cromofluoresceinretinografía *s.f.* Coloración vital dos vasos retinianos despois da inxección de fluoresceína.

cromófono -a *adx.* Que se tingue pouco ou nada, como as células, especialmente as da parte anterior da hipófise.

cromóforo-a *adx.* 1. Cromatóforo. // *s.m.* 2. Grupo químico que cando está presente dá unha cor determinada a un composto e que se une con outros grupos para formar colorantes. 3. Bacteria cromóxena, cun pigmento que forma parte integrante do seu organismo.

cromofosia *s.f.* Sensación subxectiva de cor.

cromofototerapia *s.f.* Terapéutica polas luces de cor.

cromolipoide *s.m.* Lipocromo.

cromólise *s.f.* Cromatólise.

cromoma *s.m.* Tumor maligno que se pensa que deriva de células cromatóforas.

cromómero *s.m.* Gránulo de cromatina constituínte de cromosoma, cromíolo.

cromometría *s.f.* Uso do cromómetro, colorimetría.

cromómetro *s.m.* Cromocitómetro, colorímetro.

cromomicose *s.f.* Cromoblastomicose.

cromóparo-a *adx.* Que produce ou orixina dor, especialmente bacterias que segregan unha materia colorante, pero que permanecen incoloras. Tamén se di **cromóxeno**.

cromopexia *s.f.* Fixación de pigmentos, función hepática de formación de pigmentos.

cromoplástida *s.f.* Gránulo de pigmento incluído no protoplasma.

cromoproteido *s.m.* Cromoproteína.

cromoproteína *s.f.* Proteína que ten un grupo prostético colorante como a hemoglobina, cromoproteido.

cromopsia *s.f.* Cromatopsia.

cromoptometría *s.f.* Emprego do cromoptómetro.

cromoptómetro *s.m.* Instrumento para medi-la facultade de percepción das cores.

cromorradiómetro *s.m.* Aparello para medi-lo poder penetrante dos raios X. // **C. de Holznecht.** Aparello para medi-la dosificación dos raios X, que consiste nunha cápsula que contén unha substancia de cor sensible a estes raios. Esta cápsula colócase preto da parte tratada polos raios e compárase a súa cor cunha táboa de matices,

que están numerados do 3 ó 24 e coñécense como unidades Holznecht.

cromorretinografía *s.f.* Fotografía de cor da retina. // **C. fluoresceínica.** Cromofluoresceinretinografía.

cromorrinorrea *s.f.* Derramo polo nariz de fluxo de cor.

cromosacarómetro *s.m.* Instrumento para determina-la proporción de azucre nunha urina diabética, pola comparación da cor que toma esta urina fervida con lixivia potásica coa cor de tubos de confrontación.

cromoscopia *s.f.* 1. Exame da función dunha secreción pola coloración do líquido secretado despois da administración de colorantes. 2. Exame da visión de cores.

cromoscopio *s.m.* Instrumento para o exame da percepción das cores.

cromosoma *s.m.* Pequeno corpo en forma de bastonciño en asa nos que se divide a cromatina do núcleo celular na mitose, cada un deles divídese lonxitudinalmente, dando orixe a dúas asas xemelgas perfectamente iguais. O seu número é constante para unha especie determinada (no home, 46; deles, 44 autosómicos e 2 sexuais), e están constituídos por xenes ou factores dispostos linealmente. // **C. autosómico.** Cromosoma non sexual. / **C. bivalente.** Dous cromosomas unidos temporalmente. / **C. de Barr.** V. **corpo de Barr.** / **C. en anel.** Delección da porción final dos cromosomas con reunión das porcións distais novas para formar un anel. / **C. sexual.** Cromosoma determinante do sexo do que se coñecen dous tipos: X e Y. A combinación XX é a propia do feminino e a XY do masculino.

cromospermia *s.f.* Estado de coloración do seme.

cromoterapia *s.f.* 1. Tratamento das enfermidades pola luz de varias cores ou por zonas restrinxidas do espectro. 2. Terapéutica por materias colorantes, por exemplo, tratamento do paludismo polo azul de metileno.

cromotóxico-a *adx.* Destructor de substancias cromáticas ou debido á destrución destas substancias.

cromotropismo *s.m.* Dirección, tendencia ou atracción cara á cor.

cromoxénese *s.f.* Formación de pigmentos ou cores pola acción dalgúns axentes, por exemplo a acción bacteriana.

cromóxeno-a *adx.* Que pode dar orixe a unha materia colorante, aínda que o mesmo sexa incoloro.

cronaxia *s.f.* Duración mínima que necesita unha corrente para produci-la excitación do músculo ou do nervio, sendo a corrente de intensidade dobre cá reobase.

cronaxímetro *s.m.* Instrumento para a medición de cronaxias.

crónico-a *adx.* Que se prolonga por moito tempo, oposto a agudo.

cronioseps *s.f.* Septicemia de curso moi lento debida a pequenos focos de infección atenuada (infección local), localizada nos dentes, amígdalas, etc.

croniosepticemia *s.f.* Croniosepse.

cronobioloxía *s.f.* Estudo ou cálculo da duración da vida.

cronofobia *s.f.* Temor morboso ó tempo.

cronofotografía *s.f.* Serie de fotografías tomadas dun obxecto en movemento co propósito de demostralas fases sucesivas que concorren no mesmo, que é a base do cinematógrafo.

cronognose *s.f.* Apreciación subxectiva do transcurso do tempo.

cronógrafo *s.m.* Instrumento para rexistrar pequenos intervalos de tempo.

cronoloxía *s.f.* Ordenación de sucesos no tempo. // **C. médica.** Estudo da aparición, evolución, transformación e extinción das enfermidades que teñen ocorrido a través do tempo.

cronometría *s.f.* Medición do tempo ou de intervalos de tempo.

cronomiodina *s.f.* Materia protoplásmica dos bastonciños da retina, que se expande e contrae pola influencia da luz e produce o movemento dos conos.

cronopatía *s.f.* Alteración do crecemento nun momento evolutivo do mesmo.

cronoscopio *s.m.* Cronógrafo.

cronosfigmógrafo *s.m.* Instrumento de Jacquet para rexistra-lo ritmo e carácter do pulso.

croque *s.m.* Hematoma subcutáneo da cabeza, especialmente da fronte, consecutivo a unha contusión. Tamén se di **coque, pote**.

crotafión *s.m.* Punto craneométrico no vértice da á maior do esfenoide.

crotafíco-a *adx.* Relativo ó xénero *Crótalus* ou ó veneno das serpes deste xénero.

crotafina *s.f.* Proteína atopada no veneno da serpe de cascabel e outras especies.

crotafismo *s.m.* 1. Envenenamento pola pezoña da serpe de cascabel. 2. Enfermidade dos cabalos producida pola inxestión da herba *Crotalaria sagittalis*.

crótalo *s.m.* Serpe de cascabel.

crotafotóxina *s.f.* Substancia tóxica da pezoña da serpe de cascabel.

crotafina *s.f.* Substancia tóxica das sementes de crotón de acción semellante ás toxinas microbianas pola súa función de antixeno.

crotafocito *s.m.* Célula cutánea ou dérmica.

crotafalina *s.f.* Albuminoides tóxicos das sementes do *Croton tiglium*.

crotoncloral *s.m.* Butilcloral.

crotonol *s.m.* Ácido crotonólico, principio oleoso, tóxico, vesicante, do aceite de crotón, purgante drástico. Admístrase en cápsulas queratinizadas.

cru (*f. crúa*) *adx.* 1. Non cocido, aplicado a alimentos que non sufriron a acción do lume, materias alimenticias contidas no tubo dixestivo que, non se dixerindo completamente, ocasionan acidez, regurxitación e flatosidades. 2. Aplicado ás enfermidades que non ofrecen aínda ningún signo de maduración.

crucial *adx.* 1. En forma de cruz, aplicado a certas incisións. 2. Grave, decisivo.

cruciforme *adx.* En forma de cruz.

cruentación *s.f.* Fenómeno no que o sangue zumega polas feridas dun cadáver, debido á presión exercida nas veas polo desenvolvemento de gases da putrefacción.

cruento-a *adx.* Sanguento, aplicado especialmente á superficie desprovista de revestimento e que zumega sangue.

crúor *s.m.* 1. Coágulo sanguíneo que contén corpúsculos vermello. 2. Sangue desfibrinado.

crup *s.m.* 1. Proceso morboso inflamatorio das mucosas, no que predomina a formación dun exsudado pseudomembranoso fibrinoso. 2. Difteria larínxea. // **C. catarral.** Afección cruposa con paroxismo de dispnea e tose metálica. / **C. diftérico.** Difteria larínxea. / **C. espasmódico** ou **falso.** Larinxismo. / **C. fibrinoso.** Crup membranoso. / **C. membranoso.** Larinxite con formación de pseudomembranas, que pode ser de orixe diftérica. Denominado tamén pseudomembranoso. / **C. verdadeiro.** Difteria larínxea.

crural *adx.* 1. Relativo á perna ou coxa, femoral. 2. Relativo ós pedúnculos cerebrais.

cruropelvímetro *s.m.* Instrumento para fixa-las relacións da pelve cos membros inferiores.

cruroxental *adx.* Relativo á coxa e ós órganos xenitais.

crustáceo-a *adx.* 1. En forma de cotras, cotroso. 2. Que produce cotras na pel. // *s.m.pl.* 3. Clase de animais artrópodos que comprende as lagostas de mar, cangrexos, etc.

cruz *s.f.* 1. Figura ou estrutura formada de dúas liñas que se atravesan ou cortan perpendicularmente. 2. Parte máis alta do lombo dos animais. // **C. de Malta.** Compresa cadrada fendida igualmente nos catro ángulos. / **C. lumbar.** Imaxe motivada polas pregaduras cutáneas costoilíacas horizontais cara a diante e o suco lumbar profundo.

Cruz Vermella Institución humanitaria internacional para socorrer feridos e enfermos en tempo de guerra e nas calamidades e catástrofes en tempo de paz. Actualmente, a Cruz Vermella Española é unha institución humanitaria de interese público, auxiliar e colaboradora das Administracións Públicas en funcións de solidariedade, benestar social, fomento e participación en programas de saúde.

cruzado-a *adx.* Disposto como unha cruz, decusado.

cruzamento *s.m.* 1. Produto da concepción con pais que non son da mesma especie, híbrido. 2. Apareamento de dous individuos pertencentes a dúas especies ou razas diferentes. 3. Decusación. // **C. de regreso.** Cruzamento dun híbrido cunha das formas paternas.

cs Nas receitas, abreviatura de cantidade suficiente.

Cs Símbolo do cesio.

ctetoloxía *s.f.* Rama da xenética que trata dos caracteres adquiridos.

ctetosoma *s.m.* Cromosoma accesorio ou heterocromosoma.

ctnofaxia *s.f.* Hábito morboso de comer arxila ou outras terras, xeofaxia.

Cu Símbolo do cobre (*cuprum*).

cuadrantanopsia *s.f.* Cegueira nun cuarto do campo visual.

cuadrante *s.m.* Cuarto de círculo, porción de circunferencia que comprende un ángulo de 90°.

cuadri- Prefixo que significa catro ou catro veces.

cuádriceps *adx.* De catro cabezas. Tamén se di **cuadricípide**.

cuadriceptor *s.m.* Corpo intermediario que ten catro grupos combinantes.

cuadricúspide *adx.* De catro cúspides.

cuadridíxito *s.m.* Tetradácilo.

cuadrilátero -a *adx. e s.m.* Que ten catro lados. // **C. de Celso.** Os catro síntomas cardinais da inflamación: calor, rubor, dor e tumor (*rubor et tumor cum calore et dolore*).

cuadrillizo -a *adx. e s.m.* Cuadrúpleto.

cuadrilocular *adx.* Que ten catro celas, cámaras ou cavidades.

cuadriplexía *s.f.* Parálise dos catro membros, tetraplexía.

cuadripolar *adx.* Que ten catro polos.

cuadri sección *s.f.* División en catro partes.

cuadrixémino -a *adx.* En catro partes, que forma un grupo de catro.

cuadrúpleto -a *adx. e s.m.* Cada un dos catro fillos dun mesmo parto.

cuálímetro *s.m.* Instrumento para medi-la dureza dos raios X.

cuantímetro *s.m.* Instrumento para medi-la cantidade de raios X xerados por unha ampola, dosímetro.

cuantivalencia *s.f.* Valencia química, poder atómico ou de combinación dun elemento ou radical, expresado polo número de átomos de hidróxeno cos que pode combinarse.

cuartá *s.f.* Variedade de febre palúdica, producida polo *Plasmodium falciparum*, que recidiva cada catro días. //

C. dobre. Febre cuartá na que as recidivas son alternativamente intensas e leves e que repite dous días cun de intervalo. / **C. triple.** Febre na que os paroxismos acontecen diariamente pola infección con tres grupos diferentes de parasitos cuartáns.

cuarteirón-ona *adx.* Descendente de branco e mulata, ou á inversa. Tamén se di **mestizo**.

cuasación *s.f.* Trituración ou redución de drogas, cortizas, raíces, etc., a pequenos anacos.

cuaternario -a *adx.* 1. Cuarto en orde. 2. Que contén catro elementos, como moitos principios nitroxenados.

cupeta *s.f.* 1. Recipiente na parte inferior do barómetro, onde está contido o mercurio. 2. Recipiente ou vasilla de vidro, porcelana, etc., moi empregado nas prácticas de laboratorio.

cubital *adx.* 1. Relativo ó cúbito e ó antebrazo. // *s.m.* 2. Músculo cubital, anterior ou posterior.

cúbito *s.m.* Óso interno e máis longo do antebrazo.

cubitocarpiano -a *adx.* 1. Relativo ó cúbito e ó carpo. // *s.m.* 2. Músculo cubital.

cubitofalanxiano -a *adx.* 1. Relativo ó cúbito e ás falanxes dos dedos. // *s.m.* 2. Músculo flexor profundo.

cubitopalmar *adx.* Relativo ó cúbito e á palma da man.

cubitorracial *adx.* Relativo ó radio e ó cúbito.

cuboide *s.m.* 1. Óso curto no lado exterior do tarso. // *adx.* 2. Semellante a un cubo.

cubomanía *s.f.* Paixón morbosa polo xogo.

cupreobxecto *s.m.* Lámina delgada circular ou rectangular de vidro, que cobre as preparacións microscópicas sobre o portaobxecto.

cupurbitino *s.m.* Cada un dos aneis da *Taenia solium* expulsados separadamente, chamados así pola súa semente coas sementes da cabaza.

culdoscopia *s.f.* Endoscopia do fondo do saco de Douglas cun instrumento óptico especial, o culdoscopio, introducido polo fondo do saco posterior vaginal.

culcífugo *s.m.* Preparación destinada a afasta-los mosquitos.

culler *s.f.* Instrumento, ou parte de instrumento metálico cirúrxico con forma que recorda ou é similar á culler común. // **C. de Bunge.** Instrumento utilizado para a enucleación do globo ocular. / **C. de Daviel.** Instrumento empregado na extracción do cristalino. / **C. de té** ou **de café.** A que contén 5 ml e 2,5 ml, respectivamente. / **C. de Volkman.** Culler co bordo cortante, para o raspado de granulacions. / **C. do fórceps.** Parte arqueada do fórceps que aprisiona a cabeza fetal. / **C. sopeira.** A que ten uns 15 ml de capacidade.

culpabilidade *s.f.* 1. Calidade de culpable. 2. Sentimento que sente alguén pola propia responsabilidade na transgresión cometida. 3. Imputabilidade, responsabilidade.

cultivo *s.m.* 1. Propagación artificial de microorganismos, células ou tecidos. 2. Medio no que se propagan artificialmente os microorganismos. // **C. atenuado.** O que contén microorganismos pouco ou non virulentos. / **C. corioalantoide.** Cultivo de microorganismos en células ou tecidos corioalantoides de polo. / **C. de células ou órganos.** Cultivo de células e órganos vivos fóra do organismo do que proveñen. / **C. de enriquecemento.** Medios, xeralmente líquidos, que favorecen o crecemento de determinadas especies e inhiben as restantes. / **C. directo.** O de bacterias por semente ou inoculación directa destas desde a súa orixe natural ó medio artificial. / **C. en estría.** Inoculación dun medio de cultivo por arrastre da agulla de platino sobre a superficie do medio. / **C. en gota pendente.** Cultivo no que as bacterias se inoculan nunha gota de líquido depositada nun cubreobjectos, que despois se inverte e se coloca sobre un portaobjectos escavado. / **C. en placa.** O que se efectúa nun medio sólido contido (ou que se verte) en placas de Petri ou caixas similares. / **C. enriquecido.** O que contén substancias (hidratos de carbono, aminoácidos, sangue, etc.) que favorecen o desenvolvemento de bacterias esixentes. / **C. fraccional.** Semente nun medio dunha pequena porción de cultivo que contén varias especies de bacterias. Deste cultivo tómasse outra pequena porción que se sementa noutro medio e así sucesivamente, ata obter o cultivo puro da especie que se desexa. / **C. inclinado.** O desenvolvido nun tubo de ensaio no que o medio de cultivo solidificouse estando o tubo inclinado. / **C. indicador.** O preparado de tal modo, mediante a adición de azucres ou aminoácidos e un indicador, por exemplo que cambia de aspecto cando determinadas bacterias se desenvolvan nel. / **C. líquido.** O que se efectúa nun medio líquido. / **C. negativo.** O resultado da sementeira dun produto sospeitoso que non vai seguida de desenvolvemento de bacterias. / **C. ordinario.** O preparado a base dunha peptona e cloruro sódico, con ágar-ágar ou sen el, e sen ningún outro enriquecemento. / **C. por picadura.** Cultivo nun medio sólido ou semilíquido, no que a inoculación se efectúa por medio dunha agulla no centro e na masa do medio. / **C. selectivo.** Medio preparado con ingredientes tales que permita a fácil identificación de diversas especies ou xéneros bacterianos, por exemplo, medio SS, medio Chapman, Sabouraud, etc. / **C. sensibilizado.** Cultivo ó que se lle engadiu antisoro específico. / **C. sólido.** O que se efectúa nun medio solidificado. / **C. stock.** O permanente do que se toman sementeiras. / **Medio de c.** Substancia útil para ser empregada no cultivo das bacterias, como ágar-ágar, xelatina, caldo, leite, pataca, soro, etc.

cumarínicos *s.m.pl.* Grupo de compostos derivados da 4-hidroxycumarina, que se caracterizan por provoca-la inhibición da síntese do complexo protrombínico (factores II, VII, IX e X), co que producen un estado de hipocoagulabilidade. Empréganse na profilaxe e tratamento das trombosos e embolias. Tamén se di **cumarois**.

cumarois *s.m. pl.* Cumarínicos.

cuncha *s.f.* 1. Cavidade na cara externa do pavillón da orella, onde se abre o conducto auditivo externo. 2. Corneto.

cunchite *s.f.* Inflamación das cunchas ou cornetos.

cunehisterectomía *s.f.* Escisión dun segmento cuneiforme do tecido uterino para a corrección da anteflexión ou diminución do tamaño do órgano. Tamén se di **cunohisterectomía**.

cuneiforme *adx.* 1. En forma de cuña. // *s.m.* 2. Cada un dos tres ósos da segunda fila do tarso, cuñas.

cunnilingus *s.m.* Estimulación dos xenitais femininos por medio da boca ou da lingua.

cunnus *s.m.* Vulva.

cunohisterectomía *s.f.* Cunehisterectomía.

cuña *s.f.* 1. Cada un dos ósos cuneiformes que forman parte do tarso. 2. Rexión da cara interna do lobo occipital. 3. Dobre plano inclinado usado para separalos dentes, mante-la separación xa obtida ou soste-la unha matriz en posición.

cuprismo *s.m.* Envelenamento crónico por sales do cobre.

cuproterapia *s.f.* Tratamento de certas enfermidades mediante sales de cobre.

cúpula *s.f.* Estructura en forma de copa ou bóveda. // **C. pleural.** Pleura cervical, teito abovedado da cavidade pleural que se estende cara a arriba a través da apertura superior do tórax.

cura *s.f.* 1. Acción de curar ou sandar. 2. Restauración da saúde. 3. Método ou curso especial de tratamento ó que se somete un enfermo. 4. Aplicación de varias substancias e materiais no tratamento dunha ferida ou lesión e estas mesmas substancias e materiais. // **C. antiséptica.** Aplicación dunha gasa impregnada cunha solución antiséptica. / **C. oclusiva.** Cura que pecha completamente unha ferida e prevén a infección esóxena. / **C. por primeira intención.** Adherencia ou unión primaria, cura por adherencia fibrosa sen supuración nin formación de tecido de granulación. / **C. por segunda intención.** Adherencia ou unión secundaria, unión de dúas superficies de granulación acompañada de supuración e peche demorado. / **C. seca.** Aplicación a unha ferida de gasa seca, algodón hidrófilo, etc.

curable *adx.* Susceptible de curación.

curación *s.f.* 1. Restablecemento da saúde ou restauración de partes feridas. 2. Conxunto de procedementos para tratar unha enfermidade ou afección. // **C. por primeira intención.** Curación dunha ferida na que as partes separadas se unen directamente sen intervención de granulacións. / **C. por segunda intención.** Curación dunha ferida por repleción da mesma con granulacións. / **C. por terceira intención.** Unión por adherencia de superficies granulosas.

curandeiro-a *s.* Persoa sen coñecementos científicos sobre medicina, que trata de cura-las enfermidades utili-

zando fundamentalmente remedios preparados con herbas. Tamén se di **menciñeiro**.

curarizante *adx.* Relativo ás substancias naturais ou sintéticas, que como o curare, producen relaxamento dos músculos esqueléticos, por interrupción do impulso nervioso a nivel da unión neuromuscular. Poden actuar por unha acción competitiva coa acetilcolina na placa motora, como ocorre coa gallamina e o pancuronio, ou ben ser despolarizantes, como o decametonio, a succinilcolina e o benzoquinonio.

cureta *s.f.* Pequena culler de bordos cortantes, especialmente destinada ó raspado do útero, dos focos de carie, etc.

curiograma *s.m.* Impresión fotográfica polo radio, análoga ó roentgenograma.

curie-hora *s.m.* Unidade de doses equivalente á obtida por exposición, durante unha hora, a un material radioactivo que se desintegra á velocidade $3,7 \times 10^{10}$ átomos-segundo.

curiepuntura *s.f.* Tratamento de certos tumores por medio da inserción de agullas de radio.

curieterapia *s.f.* Tratamento polo radio, radioterapia.

curio *s.m.* Unidade tipo para medi-las emanacións de radio en equilibrio con 1 g de elemento radio.

curtidade *s.f.* 1. Pequenez dunha cousa. 2. Encollemento, pouquidade de ánimo. // **C. do cordón.** Estado do cordón umbilical cando a súa lonxitude é menor de 40 cm.

curto-a *adx.* 1. Epíteto dalgúns músculos, ósos, etc. 2. Formación dunha abertura entre dúas porcións de intestino. // **C. circuíto.** Comunicación anormal entre dous vasos próximos. / **C. de vista.** Miope.

curva *s.f.* 1. Curvatura, inclinación continua non angular que se vai apartando constantemente da dirección recta. 2. Gráfico, representación por medio dunha liña continua de dirección variable, do curso da temperatura, ou o pulso, ou do número de casos dunha enfermidade nun período dado, ou de calquera outro dato que puidera presentarse tamén como unha táboa de cifras. // **C. bucal.** A liña do arco dentario desde o canino ó terceiro molar. / **C. de Damoiseau.** Liña parabólica de convexidade superior que forma o límite superior dos derramos pleuríticos. / **C. glicémica.** Variación da taxa de glicosa no sangue despois da administración dunha cantidade determinada daquela substancia. / **C. térmica** ou **da temperatura.** Liña quebrada que forma o trazado gráfico das variacións da temperatura dun enfermo durante o curso da enfermidade.

curvatura *s.f.* Desviación da dirección recta. V. **cifose**, **escoliose**, **lordose**. // **C. angular** ou **de Pott.** A de columna vertebral debida a unha carie tuberculosa vertebral. / **C. anterior.** Cifose. / **C. lateral.** Escoliose. / **C. maior e menor do estómago.** Bordo inferior e superior do estómago, respectivamente. / **C. posterior.** Lordose.

cushingoide *adx.* Parecido ós signos e síntomas da enfermidade de Cushing, con obesidade, hipertensión, hiperglicemia e osteoporose xeralmente debida a cortocosteroides esóxenos.

cúspide *s.f.* 1. En odontoloxía, elevación cónica na superficie dun dente. 2. En anatomía, cada un dos segmentos ou valvas triangulares das válvulas cardíacas auriculo-ventriculares, bicúspide e tricúspide. // **C. accesoria**, **intermedia.** Pequenas lingüetas valvulares que existen ás veces entre as cúspides principais das válvulas auriculo-ventriculares.

cutáneo-a *adx.* Relativo á pel.

cute *s.f.* 1. Coiro ou pelexo que cobre o corpo humano. 2. Derme. 3. Pel. // **C. anserina.** Pel de galiña, erección das papilas da pel pola acción do frío ou dunha emoción. / **C. elástica.** Estado no que a pel está lasamente unida ós tecidos subxacentes e goza de gran distensibilidade e elasticidade. / **C. lasa.** Calasodermia ou dermatólise. / **C. marmorata.** Afección cutánea caracterizada por unhas vetas transitorias entre vermellas e azuladas da pel, producida pola acción do frío. Lívido. / **C. pendula.** Pel colgante. / **C. pensile.** Dermatólise. / **C. tensa crónica.** Esclerema xeneralizado. / **C. testácea** ou **untuosa.** Seborrea xeral. / **C. vera.** Derme ou corion. / **C. verticis gyrata.** Afección do coiro cabeludo da parte superior e posterior da cabeza, na que se forman pregos semellantes a circunvolucións.

cuticolor *adx.* Da cor da pel, aplicado a pos e pomadas para uso dérmico.

cutícula *s.f.* 1. Epiderme ou capa exterior da pel. 2. Capa exterior finamente laminada dos quistes hidatídicos. // **C. da vaiña.** Estrato interno dos tres que compoñen a vaiña radicular interna do cabelo. / **C. dentaria** ou **do esmalte.** Cutícula dentis. / **C. dentis.** Membrana de Nasmyth, que cobre o esmalte do dente antes da aparición deste ó exterior. / **C. do cabelo.** Capa superficial do cabelo. / **C. queratosa.** Superficie exterior da capa de células de pigmento do ollo.

cuticularización *s.f.* 1. Formación de pel nunha ferida ou úlcera. 2. Acción de cubrir con epiderme unha área abrasionada.

cutículo-a *adx.* Que habita na pel, como certas larvas parasitarias.

cutina *s.f.* Membrana animal delgada preparada especialmente e usada como cuberta protectora da superficie das feridas.

cutirreacción *s.f.* Dermorreacción.

cutisector *s.m.* Instrumento para escindir anacos de pel.

cutite *s.m.* Dermatite.

cutización *s.f.* Adquisición dos caracteres da pel polas membranas mucosas ó descuberto.

Cyt Símbolo da citosina.

D

D 1. Símbolo do deuterio. 2. Símbolo da unidade de potencia da vitamina D. 3. En óptica abreviatura de dioptría e dereito. 4. Nas fórmulas dentais abreviatura de deciduo. 5. Úsase tamén como abreviatura de dar, densidade, dereita, distal, dorsal, duración.

d Abreviatura de deci-.

d- Abreviatura química de dextro ou dextrorrotatorio, é dicir, que desvía o plano de polarización cara á dereita.

dacnomanía *s.f.* Tolemia que conduce os afectos dela a morderse a si mesmos ou ós que están preto deles.

dacri-, dacrio- Formas prefixas do grego coa significación de bágoa.

dacrio *s.m.* Punto craneométrico na unión dos ósos lacrimal, frontal e maxilar superior. Tamén se di **punto lacrimal**.

dacrioadenalxia *s.f.* Dor nunha ou en ámbalas dúas glándulas lacrimais.

dacrioadenectomía *s.f.* Escisión dunha glándula lacrimal.

dacrioadenite *s.f.* Inflamación dunha glándula lacrimal.

dacrioadenoscirro *s.m.* Escirro dunha glándula lacrimal.

dacriogogatresia *s.f.* Atresia dun conducto lacrimal.

dacriogogo-a *adx.* 1. Que provoca a segregación de bágoas. 2. Que serve como conducto para as bágoas. // *s.m.* 3. Axente ou substancia que estimula a glándula lacrimal e produce choradeira. 4. Nome en desuso do canaliculo lacrimal.

dacrioblenorrea *s.f.* Segregación crónica mucosa ou purulenta dos conductos lacrimais. Dacricistoblenorrea.

dacrioccele *s.f.* Dacriocistocele.

dacriocistaxia *s.f.* Dor nun saco lacrimal.

dacriocistectasia *s.f.* Dilatación do saco lacrimal.

dacriocistectomía *s.f.* Extirpación da parede do saco lacrimal.

dacriocistite *s.f.* Inflamación do saco lacrimal.

dacriocisto *s.m.* Saco lacrimal.

dacriocistoblenorrea *s.f.* Inflamación catarral crónica do saco lacrimal con estenose do conducto. Dacrioblenorrea.

dacriocistocele *s.f.* Hernia ou protrusión do saco lacrimal. Tamén se di **dacrioccele**.

dacriocistoetmoidostomía *s.f.* Anastomose do saco lacrimal coa mucosa do seo etmoide

dacriocistografía *s.f.* Radiografía do aparello lacrimal obtida despois de inxectar substancias radioopacas no saco ou nas vías lacrimais.

dacriocistoptose *s.f.* Desprazamento cara abaixo ou caída do saco lacrimal.

dacriocistorrinatresia *s.f.* Oclusión ou imperforación dun conducto lacrimonasal.

dacriocistorrinostenose *s.f.* Estreiteza do conducto nasolacrimal.

dacriocistorrinostomía *s.f.* Operación que crea unha comunicación entre o saco lacrimal e o nariz, mediante unha apertura no óso. Tamén se di **dacriorrinocistotomía** e **operación de Toti**.

dacriocistorrinotomía *s.f.* Incisión para introducir unha sonda polo saco lacrimal á cavidade nasal.

dacriocistosiringoectomía *s.f.* Extirpación da fístula externa do dacriocisto.

dacriocistosiringotomía *s.f.* Incisión no saco e conductos lacrimais.

dacriocistostenose *s.f.* Estenose do saco lacrimal.

dacriocistostomía *s.f.* Creación cirúrxica dunha nova apertura no saco lacrimal.

dacriocistotomía *s.f.* Incisión do saco lacrimal.

dacriódoco *s.m.* Conducto que verte a segregación da glándula lacrimal no saco lacrimal.

dacrioescintileografía *s.f.* Gammagrafía das glándulas lacrimais.

dacriohelcose *s.f.* Ulceración do aparello lacrimal.

dacriohemorragia *s.f.* Saída de sangue ou bágoas sangüentas polas vías lacrimais. Tamén se di **dacriohemorrea**.

dacriohemorrea *s.f.* Dacriohemorragia.

dacrioide *adx.* Semellante a unha bágoa.

dacriolítase *s.f.* Formación e presenza de cálculos no saco ou no conducto lacrimal.

dacriólito *s.m.* Cálculo lacrimal. Tamén se di **oftalmólito**.

dacrioloxía *s.f.* Ciencia ou tratado que se refire ás bágoas.

dacrioma *s.m.* Tumefacción causada por obstrución do conducto lacrimal.

dacriomasoductite *s.f.* Inflamación do conducto lacrimonasal.

dacriionoma *s.m.* Dacriohelcose.

dacriopiorrea *s.f.* Saída de bágoas mesturadas con pus.

dacriopiose *s.f.* Supuración do saco lacrimal.

dacriops *s.m.* 1. Choradeira constante. 2. Dilatación por retención nun dos conductos excretorios da glándula lacrimal no ángulo externo da pálpebra superior.

dacrioptose *s.f.* Epífora ou choradeira. Tamén se di **dacriocistoptose**.

dacriorrea *s.f.* Fluxo lacrimal abundante.

dacriorrinostomía *s.f.* Dacriocistorrinostomía, operación de Toti, operación de Dupuy-Dutemps.

dacriorrise *s.f.* Dacriorrea.

dacriosirinx *s.m.* 1. Conducto lacrimal. 2. Fístula lacrimal. 3. Xiringa para lava-las vías lacrimais.

dacriosolenite *s.f.* Inflamación do conducto lacrimal ou nasal.

dacriosoleno *s.m.* Cánula para colocar de maneira permanente no conducto lacrimal.

dacrióstase *s.f.* Retención das bágoas.

dacriostenose *s.f.* Estreiteza dun ou ámbolos dous conductos lacrimais.

dacrióxeno-a *adx.* 1. Estimulante da segregación lacrimal. 2. Pertencente ou relativo á dacrioloxía.

dacriopiose *s.f.* Supuración no aparello lacrimal. Tamén se di **dacriopiose**.

dacriúria *s.f.* Emisión involuntaria de ouriños co choro.

dactil-, dactilo- Prefixos do grego coa significación de dedo.

dactilado-a *adx.* Dactiliforme.

dactilagra *s.f.* Palabra obsoleta que significa ataque de gota nos dedos da man.

dactiledema *s.m.* Edema dun ou máis dedos.

dactiliforme *adx.* En forma de dedo, ou que posúe prolongacións semellantes a dedos.

dactilio *s.m.* Unión dos dedos, sindactilia.

dactilite *s.f.* Inflamación dun dedo, panaricio, colledizo. // **D. blenorragia.** Poliartrite nodosa que deforma o dedo producida polo gonococo. / **D. sifilítica.** Localización terciaria da sífilis nos dedos. / **D. tuberculosa.** Espiña ventosa.

-dactilo Sufixo do grego coa significación de dedo.

dactilocampsodinia *s.f.* Contracción dolorosa dun ou máis dedos.

dactilofasia *s.f.* Dactiloloxía.

dactilografía *s.f.* Estudio das impresións dixitais.

dactilograma *s.m.* Impresión dixital, que serve para a identificación dos individuos.

dactilogripose *s.f.* Flexión permanente dos dedos.

dactilolalia *s.f.* Dactiloloxía.

dactilólise *s.f.* 1. Corrección cirúrxica da sindactilia. 2. Amputación dun dedo. 3. Perda ou caída espontánea dos dedos da man ou do pé como ocorre na lepra.

dactiloloxía *s.f.* Uso dos movementos das mans e dos dedos como medio de comunicación entre individuos. Tamén se di **quiroloxía** e **dactilofasia**.

dactilomegalia *s.f.* Tamaño dos dedos anormalmente grande.

dactiloscoopia *s.f.* Exame das impresións dixitais.

dactilosínfise *s.f.* Sindactilia.

dactilospasmo *s.m.* Espasmo ou cambra dos dedos.

dactinomicina *s.f.* Antibiótico illado do *Streptomyces sp.*, empregado como axente antineoplásico. Tamén se di **actinomicina D**.

dalton *s.m.* Unidade de masa atómica.

daltoniano-a *adx.* e *s.* Daltónico.

daltónico-a *adx.* e *s.* 1. Que sofre daltonismo. 2. Relativo ó daltonismo, daltoniano.

daltonismo *s.m.* Percepción defectuosa das cores vermella e verde.

danado-a *adx.* 1. Hidrófobo. 2. Que ten hidrofobia.

danamento *s.m.* Hidrofobia.

danar *v.* Tornar hidrófobo.

danazol *s.m.* Supresor da adenohipófise que se empregou no tratamento da endometriose, xinecomastia, puberdade precoz e hipertrofia mamaria puberal.

dantroleno *s.m.* Fármaco que produce unha relaxación da musculatura esquelética por unha acción directa sobre a adaptación excitación-contracción, axente específico para o tratamento da hipertermia maligna, que se

emprega tamén como antiespasmódico na esclerose múltiple, parálise cerebral e apoplexía.

danza *s.f.* Movemento, baile, en especial, os movementos relacionados con dano cerebral. // **D. das arterias.** Pulsación visible das arterias superficiais na insuficiencia da válvula aórtica. / **D. de San Vito.** Corea de Sydenham. / **D. do testículo.** Movementos de ascenso e descenso do testículo producidos pola contracción intermitente do músculo cremáster, observadas algunhas veces na neuralxia testicular. / **D. hiliar.** Pulsacións arteriais pulmonares debidas ó aumento do fluxo sanguíneo que teñen os pacientes con comunicación conxénita esquerda dereita, especialmente defectos septais.

dapsona *s.f.* Diaminodifenilsulfona, sulfona utilizada no tratamento de enfermidades cutáneas como a dermatite herpetiforme, da lepra e que tamén é activa contra o bacilo da tuberculose.

darto *s.m.* Tecido contráctil composto de fibras musculares lisas que forma unha túnica do testículo baixo a pel do escroto á que se adhire intimamente, continúa polo pene, o perineo e o abdome, onde dá orixe ó ligamento suspensorio do perineo. // **D. feminino.** Capa semellante debaixo da pel dos labios maiores.

dartoico-a *adx.* Parecido á túnica darto polas súas contraccións involuntarias lentas. Tamén se di **dartoide**.

dartoide *adx.* Dartoico.

dartro *s.m.* Enfermidade da pel, especialmente se ten pústulas ou cotras (eccema, herpes e psoriase).

dartroso-a *adx.* 1. Que ten darto. 2. Da natureza do darto.

darwínico *adx.* Relativo ó naturalista Darwin.

darwinismo *s.m.* Teoría da evolución de Darwin segundo a que os organismos superiores proceden doutros inferiores por selección natural, como consecuencia da loita pola vida e perpetuada pola herdanza.

darwinista *s.* 1. Partidario do darwinismo. // *adx.* 2. Relativo ó darwinismo.

dasimetría *s.f.* Proceso de medi-la intensidade do aire atmosférico ou dun gas.

dasímetro *s.m.* Instrumento co que se mide o aire atmosférico ou o gas.

dasite *s.f.* Hipertricose xeneralizada.

dasiterapia *s.f.* Tratamento das enfermidades pola permanencia en rexións cheas de bosques. Tamén se di **dasoterapia**.

dasoterapia *s.f.* Dasiterapia.

daturina *s.f.* Hiosciamina, alcaloide tóxico das follas e sementes do estramonio (figueira do demo).

daturismo *s.m.* Intoxicación causada por estramonio.

daunorrubicina *s.f.* Antibiótico con actividade antineoplásica, obtido dos produtos de fermentación do *Streptomyces peucetius*.

dB ou **db** Abreviatura de decibelio.

DDS Abreviatura de diaminodifenilsulfona. V. **dapsona**.

DDT Abreviatura de diclorodifeniltricloroetano, poderoso insecticida cristalino, incoloro, inodoro, insoluble en auga. Emprégase en po e en suspensión líquida contra moscas, piollos, mosquitos e pragas do agro. Tamén se di **Neocid**.

DE Abreviatura de dose efectiva.

de-, des- Prefixos de orixe latina que significan privación ou negación xeralmente. Tamén denotan lonxe de.

DE₅₀ Dose efectiva media, é dicir dose que produce o efecto previsto no 50% dunha poboación.

deacuación *s.f.* Deshidratación.

dealbación *s.f.* 1. Acto de dealbar. 2. Branqueamento, especialmente dos ósos para necesidades anatómicas. Tamén se di **dealbo**.

dealbar *v.* Tornar branco, branquear.

dealbo *s.m.* Dealbación.

débeda *s.f.* Aquilo que se debe. // **D. de osíxeno.** Osíxeno adicional que debe usarse nos procesos oxidativos enerxéticos despois dun período de exercicio intenso, para converter en glicosa o ácido láctico e volver ó seu estado orixinal o ATP e o fosfato de creatina desdoblados.

débil *adx.* 1. Que ten pouco vigor ou pouca forza física. 2. Que ten pouca intensidade. 3. Frouxo. 4. Que ten pouca consistencia.

debilidade *s.f.* Falta ou perda de vigor, de forzas, astenia. // **D. mental.** Deficiencia mental con coeficiente intelectual entre 50 e 70.

debilitable *adx.* Que se pode debilitar.

debilitación *s.f.* 1. Acto ou efecto de debilitar ou debilitarse. 2. Enfraquecemento. 3. Perda gradual de forzas, de vigor. Abatemento, debilidade, languidez, debilitamento. 4. Diminución da enerxía vital polo emprego de axentes debilitantes.

debilitante *s.m.* 1. Calquera axente que diminúe a vitalidade ou que calma a excitación. // *adx.* 2. Que produce debilidade. 3. Característico dalgúns procesos que producen debilidade (neoplasias, dietas).

debilitar *v.* Tornar débil, enfraquecer, abater.

debrocar *v.* Vomitar, devolver.

deca- Prefixo que significa dez empregado para designar unidades de medida que sinala dez veces a unidade elixida pola raíz coa que se combina.

decadáctilo *s.m.* Animal que ten dez dedos.

decaemento *s.m.* 1. Decadencia. 2. Depresión, abatemento.

decaer *v.* 1. Ir para abaixo, pasar a unha situación inferior. 2. Perde-lo vigor, estragarse. 3. Non ter ganas de facer nada. 4. Perder unha persoa as boas calidades.

decalvante *adx.* Que elimina o pelo, que volve calvo.

decametónio *s.m.* Decametilen-bis-trimetilamónio, axente despolarizante da placa motora do músculo esquelético, empregado para producir relaxación muscular na anestesia xeral.

decantación *s.f.* Acto ou efecto de decantar un líquido.

decantar *v.* Transvasar un líquido a fin de separalo dos seus pousos ou do sedimento, aclarar.

decapitación *s.f.* Corte, extracción ou eliminación da cabeza, por exemplo dun animal, un feto ou un óso. Tamén se di **descolaxe**, **derotomía**.

decavitamina *s.f.* Combinación de vitaminas en forma de cápsula ou comprimido, contén: vitaminas A e D, ácido ascórbico, pantotenato cálcico, ácido fólico, cianocobalamina, niacinamida, clorhidrato de piridoxina, riboflavina, clorhidrato de tiamina e unha forma de alfatocopherol.

decedura *s.f.* Parto.

deceso *s.m.* Morte, óbito, pasamento.

deci- Prefixo que significa unha décima parte.

decibelio *s.m.* 1. Unidade empregada para expresar a relación entre dúas potencias eléctricas ou acústicas. 2. Unidade de medida do son igual á diferenza mínima na intensidade acústica que pode percibi-lo oído humano.

decidua *s.f.* Endometrio do útero preñado que se expulsa no parto agás a capa máis profunda. Tamén se di **caduca**, **membrana decidual ou túnica decidual**. // **D. menstrual**. Mucosa hiperhémica do útero non grávido no período menstrual.

deciduación *s.f.* Desprendemento da decidua no parto.

deciduado-a *adx.* 1. Caracterizado por desprendemento ou caída. 2. Relativo ós mamíferos que expulsan o tecido uterino materno cando eliminan a placenta durante o parto, como o home.

decidual *adx.* Relativo ou pertencente á decidua.

deciduite *s.f.* Inflamación da caduca, endometrite decidual.

deciduo-a *adx.* 1. Non permanente, que cae ou se desprende. 2. En odontoloxía, da primeira dentición. Nas fórmulas dentais úsase a súa abreviatura, d.

deciduoma *s.m.* Placentoma, masa intrauterina que contén mucosa decidual probablemente debida a crecemento de células deciduais retidas no útero despois dun aborto ou dun parto. // **D. maligno**. Sincitioma maligno.

deciduosarcoma *s.m.* Deciduoma maligno.

deciduose *s.f.* Presencia de tecido decidual ou de tecido semellante ó endometrio gravídico no sitio ectópico.

decigramo *s.m.* Medida de masa equivalente á décima parte dun gramo.

decilitro *s.m.* Medida de capacidade equivalente á décima parte dun litro.

decímetro *s.m.* Medida de lonxitude equivalente á décima parte dun metro.

décimo par *loc.* Nervio pneumogástrico ou vago.

decinem *s.m.* Décima parte dun nem, valor nutritivo dun decigramo de leite. A súa abreviatura é dn.

decinormal *adx.* 1. Que ten un décimo da concentración normal. 2. Dos líquidos avaliados para análise volumétrica.

declaración *s.f.* 1. Notificación obrigatoria de certas enfermidades infecciosas. 2. Certificación sen efectos oficiais.

declinación *s.f.* 1. Etapa de descenso das enfermidades ou dun paroxismo. 2. Empeoramento gradual das facultades físicas e mentais. 3. Rotación do ollo ó redor do seu diámetro anteroposterior, de xeito que o meridiano vertical se inclina cara ó temporal (declinación positiva) ou cara ó nariz (declinación negativa).

declive *s.m.* 1. Pendente, costa, inclinación, que non é horizontal nin vertical. 2. En anatomía, que se desvía dos planos horizontal e vertical (por exemplo declive do cerebelo). 3. Parte baixa dunha úlcera ou colección purulenta.

decoccción *s.f.* 1. Acto de facer ferver nun líquido substancias ás que se desexa extraírlle-los principios solubles. 2. Producto obtido da decoccción. Tamén se di **cocemento**, **cocción**.

decocto *s.m.* 1. Producto da decoccción. 2. Cocemento. // *adx.* 3. Feito en decoccción.

decolina *s.f.* Ácido deshidrocólico.

decorrente *adx.* Que se estende cara abaixo.

decrebamento *s.m.* Decrepitude.

decremento *s.m.* Declinación, diminución, defervescencia.

decrepitação *s.f.* 1. Ruído que se produce ó estalaren certos sales cristalizados e perde-la auga de cristalización, cando se botan ó lume. 2. Decrepitude.

decrepitar *v.* Tornarse decrepito. Envellecer.

decrépito-a *adx.* Aplícase á persoa moi vella.

decrepitude *s.f.* Estado daquel que é decrepito, decadencia extrema, o derradeiro grao da vellez. Decrepitación. Decrebamento.

decretorio -a *adx.* Decisivo, aplicábase ó suposto día crítico de certas enfermidades.

decrudescencia *s.f.* Diminución da intensidade dos síntomas.

decubación *s.f.* Período, nas enfermidades infecciosas, desde a desaparición dos síntomas ata a total curación.

decúbito *s.m.* 1. Posición que adoptan as persoas cando se deitan sobre un plano horizontal. 2. Úlcera por decúbito. // **D. de Andral.** Posición que adopta o paciente deitado sobre o seu lado san en casos de pleuresía. / **D. dorsal, lateral** ou **ventral.** Variedades de decúbito, segundo a rexión que toca co plano horizontal: costas, costados ou ventre. / **D. prono.** Posición na que a corpo está deitado sobre o peito, decúbito ventral. / **D. supino.** Aquela posición na que o corpo está deitado sobre o lombo, decúbito dorsal.

decurso *s.m.* 1. Acto de correr, curso, sucesión ou continuación de tempo, duración. 2. Declinación dunha enfermidade.

decusación *s.f.* En xeral, calquera cruzamento en forma de aspa ou intersección, especialmente de fibras ou fascículos nerviosos. Tamén se di **quiasma**. // **D. das pirámides** ou **piramidal.** Decusación das fibras nerviosas motoras. / **D. óptica.** Quiasma óptico.

decusado-a *adx.* Cruzado como as aspas dun xe.

decusorio *s.m.* Instrumento para deprimi-la duramáter na trepanación.

deda *s.f.* Dedo do pé, especialmente o máis grande.

dedaleira *s.f.* Planta escrofulariácea medicinal. Tamén se di **digitál, bilitroque, alcroque, estralote, abrilla.**

dedo *s.m.* Cada unha das partes distintas e articuladas en que rematan as mans e os pés do home e doutros animais, formados por tres falanxes, agás o primeiro, polgar ou gordo, que soamente ten dúas. Os nomes dos dedos son: o primeiro, polgar, grande, gordo, trincapiollos, matapiollos, cachapiollos; o segundo, indicador ou furabolos; o terceiro, medio, cordial, pai de todos, cura de todos, mor de todos; o cuarto, anular, mediano, manciño, sobriño, do aro, compañeiríña; o quinto, auricular, maimiño, pequeno, besbellino.

defecación *s.f.* 1. Evacuación da materia fecal polo ano. Tamén se di **deposición**. 2. En química, depuración e eliminación das impurezas e do sedimento por adición de reactivos.

defecalexofobia *s.f.* Temor a que a defecación sexa dolorosa.

defecar *v.* 1. Purificar, separa-las feces ou impurezas de algo. 2. Expeler naturalmente os excrementos polo ano.

defecatorio-a *adx.* Que defeca ou fai defecar.

defectivo-a *adx.* Que denota ou mostra un defecto.

defecto *s.m.* Imperfección, malformación, disfunción ou carencia.

defectuoso-a *adx.* Imperfecto. Que ten defectos ou imperfeccións de tipo físico, moral ou mental.

defeminación *s.f.* Perda das características sexuais femininas.

defensa *s.f.* 1. Conxunto de medios polos que o organismo resiste a acción dos axentes físicos, químicos ou

vivos que tenden a lesionalo. 2. Espasmo dos músculos para reduci-lo movemento ou a axitación de sitios afectados por unha lesión. 3. Mecanismo psicolóxico usado para controla-la ansiedade. // *s.f.pl.* 4. Dentes caninos dalgúns animais. // **D. abdominal.** Contracción dos músculos do abdome percibida por palpación, signo de inflamación aguda do peritoneo.

deferencial *adx.* Relativo ou pertencente ó conducto deferente.

deferente *adx.* 1. Que conduce algunha cousa cara a fóra desde un centro. // *s.m.* 2. Conducto excretorio do testículo.

deferentectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica dun conducto deferente. Vasectomía.

deferentite *s.f.* Inflamación dun conducto deferente. Espermatite.

deferentouretrostomía *s.f.* Implantación dos conductos deferentes na uretra anterior.

defervescencia *s.f.* Período no que baixa a febre.

deficiencia *s.f.* 1. Defecto, imperfección ou carencia, especialmente os estados ou enfermidades producidos pola escaseza ou falta de vitaminas e os síntomas debidos á segregación insuficiente dunha glándula endócrina. 2. En xenética, falta dun segmento cromosómico. // **D. mental.** Defecto do desenvolvemento intelectual, oligofrenia.

deficit *s.m.* Deficiencia. // **D. de base.** Diminución da concentración total de base en sangue, indica acidose metabólica ou alcalose respiratoria compensadas. / **D. de osíxeno.** Diferencia entre a captación de osíxeno dun organismo durante as primeiras fases do exercicio e durante un tempo similar en estado basal. / **D. de pulso.** Ausencia de ondas de pulso palpables. Non tódolos latexos cardíacos se corresponden cun latexo palpable na arteria periférica, como ocorre na fibrilación auricular.

definición *s.f.* En óptica a capacidade dunha lente de dar unha imaxe clara.

deflexión *s.f.* 1. Desviación. 2. En obstetricia, acción de vir á dirección normal a cabeza do feto en flexión sobre a columna vertebral, en algunhas presentacións de cara. 3. En psicoloxía, desviación inconsciente das ideas que escapan da atención consciente. 4. No electrocardiograma, desviación da curva da liña basal isoelectrónica, calquera onda ou complexo do electrograma.

deflorescencia *s.f.* Desaparición da erupción na escarlatina e noutros exantemas.

defluvio *s.m.* Perda súbita, defluxo. // **D. capilar.** Caída dos cabelos.

defluxión *s.f.* Defluxo.

defluxo *s.m.* 1. Descarga copiosa de líquidos provenientes da inflamación das mucosas, especialmente das nasais. 2. Perda súbita.

deformabilidade *s.f.* Facultade das células para modifica-la forma ó pasar por espazos estreitos, por exemplo os eritrocitos ó pasar pola microvasculatura.

deformación *s.f.* Modificación da forma dunha cousa, deformidade, alteración.

deformante *adx.* Que causa unha desviación da forma normal.

deformidade *s.f.* Alteración da forma ou do tamaño dun órgano ou parte, ocorrida no individuo adulto ou no ser en vías de desenvolvemento.

defunción *s.f.* Pasamento, morte, óbito, falecemento.

defundación *s.f.* Escisión do fondo do útero. Tamén se di **defundectomía**.

defundectomía *s.f.* Defundación.

defunto-a *s. e adx.* Cadáver dunha persoa, persoa que morreu.

defurfuración *s.f.* Escamación da pel en pequenas láminas semellantes ó farelo.

deglabración *s.f.* Ausencia de pelos en rexións do corpo dun animal.

deglutición *s.f.* Acto de deglutir, pasaxe do bolo alimenticio da boca para o estómago.

deglutir *v.* Engulir.

degolación *s.f.* Sección da gorxa ou do pescozo a unha persoa ou animal, decapitación.

degoladura *s.f.* Degolación, ferida feita na garganta ou no pescozo.

degradación *s.f.* 1. Dexeneración moral, intelectual ou física, corrupción, deterioración. 2. Redución dun composto químico a outro menos complexo por desdoblamento dun ou máis grupos.

degressa *s.f.* Fenda ou greta da pel, causada normalmente polo frío.

degresar *v.* Greta-la pel, as mucosas ou os labios, especialmente a causa do frío.

degreta *s.f.* Degresa.

degustación *s.f.* Acto ou función de saborear algunha substancia, cata, proba.

degustar *v.* Probar unha substancia para aprecia-lo seu sabor.

dehiscencia *s.f.* Estalido, división ou abertura natural ou espontánea dunha parte ou órgano ó longo de liñas naturais ou suturadas. // **D. da ferida** ou **da sutura**. Separación das capas dunha ferida cirúrxica. / **D. do iris**. Defecto do ollo caracterizado por múltiples buratos no iris.

deitado-a *adx.* 1. Estendido horizontalmente. 2. Que está na cama para durmir ou descansar.

deitar *v.* 1. Lanzar. 2. Expeler. 3. Exhalar. 4. Verter, derramar. 5. Supurar, botar pus. 6. Estender horizontal-

mente. 7. Inclinar. 8. Meter na cama para durmir ou descansar. 9. Facer caer. 10. Producir. 11. Necesitar, precisar.

delección *s.f.* En xenética, alteración cromosómica que consiste na perda do material xenético normal, visible citoxeneticamente ou non visible. // **D. cromosómica**. Perda dunha parte dun cromosoma. / **D. puntiforme**. Desaparición de caracteres fenotípicos.

deleterio-a *adx.* Que produce dano, letal, mortífero, venenoso.

delgadeza *s.f.* Diminución anormal do peso do corpo, a causa da perda xeneralizada de graxa e outros tecidos.

delicuescencia *s.f.* Propiedade que teñen algunhas substancias sólidas de desagregarse ó absorber auga do aire.

deligras *s.f.pl.* Cóxegas.

delirio *s.m.* 1. Perturbación mental producida por unha doenza, que se caracteriza por alteración da consciencia, ilusións e alucinacións, ideas non sistematizadas, excitación física, é de duración breve e atópase en estados infecciosos, febrís ou tóxicos. 2. En psiquiatría, distorsión importante da relación do individuo e o mundo exterior pola presenza de ideas ou crenzas delirantes en oposición ós datos ofrecidos pola realidade e o sentido común. // **D. alcohólico**. Delirio con tremor e excitación intensa, acompañado de ansiedade, trastornos mentais, alucinacións terroríficas de animais, suor e dor precordial que se observa en persoas alcohólicas con ocasión dunha enfermidade aguda, un traumatismo, cando deixan de beber. Tamén se di **delirium tremens**. / **D. ambicioso**. Convencemento ilusorio de ter importancia, poder, riqueza, ocorre na megalomanía, demencia paralítica e esquizofrenia paranoide. / **D. de grandeza**. Delirio ambicioso. / **D. de negación**. Crenza pola que o individuo nega a súa existencia ou a dalgunha parte do seu corpo ou está convencido de que o mundo deixou de existir. / **D. de persecución**. Crenza do paciente de que é obxecto de persecucións e malos tratos por inimigos secretos. / **D. sistematizado**. Delirio no que o paciente ordena lóxicamente as súas ideas, ocorre na paranoia verdadeira. / **D. tremens**. Delirio alcohólico.

delitescencia *s.f.* 1. Diminución ou desaparición repentina dos síntomas, dun tumor ou dunha lesión cutánea. 2. Período de incubación dunha enfermidade infecciosa.

delomórfico-a *adx.* Delomorfo.

delomorfo-a *adx.* Que ten forma e límites ben definidos, como unha célula ou tecido. Tamén se di **delomórfico**.

deltacismo *s.m.* Vicio de pronunciación que consiste na articulación defectuosa do d e do t.

deltoide *adx.* 1. Que ten forma triangular. 2. Relativo ou pertencente ó músculo deltoide. // *s.m.* 3. Músculo subacromiomerale.

deltoidite *s.f.* Inflamación do músculo deltoide.

delusión *s.f.* Crenza falsa ou xuízo errado mantido con convicción, ó pesar da evidencia en contra.

delusorio -a *adx.* Relativo á delusión ou a ideas delirantes.

demacración *s.f.* Enfraquecemento, desnutrición.

demanda *s.f.* En psicanálise, requirimento que se fai a un obxecto externo distinto de si mesmo e que tende á satisfacción da necesidade ou do desexo.

demarcación *s.f.* Determinación de límites ou termos. Aplícase especialmente á liña que marca a separación entre os tecidos en estado de necrose e os tecidos sans.

demencia *s.f.* Estado no que por razóns biolóxicas (envellecemento) ou patolóxicas (dexeneración, enfermidade lesional, trastornos vasculares) se perden as funcións mentais superiores, caracterizado por desorientación, alteración da memoria e labilidade emocional. // **D. parálitica.** Meningoencefalite sifilítica crónica, caracterizada por dexeneración das neuronas corticais, demencia progresiva e parálise xeneralizada que se non se trata leva á morte. Tamén se di **demencia parética.** / **D. presenil.** A que aparece ó redor dos 45-50 anos, secundaria a unha atrofia cerebral difusa (enfermidade de Alzheimer) ou localizada no lobo frontal (enfermidade de Pick). / **D. secundaria.** A que segue a algunha forma de psicose e depende dela. / **D. senil.** A que aparece coa vellez.

demerol *s.m.* Meperidina, analxésico sedante semellante á morfina.

demofobia *s.f.* Medo patolóxico ás multitudes.

demografía *s.f.* Estatística aplicada ó estudio de grupos de persoas, o seu ambiente, a distribución xeográfica e calquera outra característica. // **D. dinámica.** Estudio dunha comunidade, que inclúe os rexistros estatísticos de nacementos, casamentos, defuncións, profesións, etc.

demonofobia *s.f.* Temor patolóxico ó demo.

demonolatría *s.f.* Adoración ó demo.

demonomanía *s.f.* Estado no que o doente se considera posuído polo demo, demopatía.

demopatía *s.f.* Demonomanía.

demulcente *adx.* 1. Que calma, que alivia a irritación de superficies inflamadas ou erosionadas. // *s.m.* 2. Medicamento ou aplicación calmante, xelatinoso ou aceitoso.

dendr- Prefixo que amosa relación cunha árbore ou cunha estrutura semellante á mesma.

dendriceptor *s.m.* Punto sensitivo nos extremos dunha dendrita.

dendriforme *adx.* Ramificado, en forma de árbore.

dendrita *s.f.* Unha das prolongacións filiformes do citoplasma dunha neurona.

dendrítico-a *adx.* Ramificado como unha árbore. Pertencente ás dendritas ou posuidor de dendritas.

dendro- V. **dendr-**.

dendrodendrítico-a *adx.* Pertencente ou relativo a unha sinapse entre dendritas de dúas neuronas.

dendroeixe *s.m.* Célula nerviosa cun cilindroeixe que se divide en filamentos terminais case inmediatamente despois de saír dela.

dendrofagocitose *s.f.* Fenómeno polo que as células da microglía absorben astrocitos dexenerados.

dendroide *adx.* Dendriforme.

dendroplasma *s.m.* Neuroplasma das dendritas.

dengue *s.m.* Enfermidade febril infecciosa, caracterizada por dor intensa da cabeza, músculos e articulacións, síntomas catarrais e ás veces erupcións cutáneas, producida por un virus e transmitido polos mosquitos na India, Xapón, Pacífico Sur, Caribe e Norte de Sudamérica.

densidade *s.f.* 1. Calidade medible de denso ou compacto. 2. Relación entre o peso dun corpo ou dunha substancia e o volume que ocupa a unha determinada temperatura: $d = p/v$. Mídese en gramos por cm^3 ou kg por m^3 . 3. Cantidade de electricidade nunha zona dada ou nun volume dado nun tempo determinado. 4. Grao de escurecemento dunha película fotográfica ou radiográfica exposta e procesada, expresado como o logaritmo da capacidade dunha rexión dada de película. // **D. de poboación.** Relación entre o número de habitantes e a superficie do territorio considerado.

densímetro *s.m.* 1. Instrumento para medi-la densidade dos corpos sólidos ou líquidos, especialmente dos líquidos. Tamén se di **areómetro**. 2. Instrumento para precisa-lo grao de escurecemento dunha película fotográfica ou radiográfica revelada. Tamén se di **densitómetro**.

densitometría *s.f.* Estimación das variacións na densidade, por comparación coa doutro material ou a modelo. // **D. ósea.** Estudio radiográfico para estima-la cantidade de calcio nos ósos.

densitómetro *s.m.* Densímetro.

densografía *s.f.* Determinación xusta do contraste de densidades no negativo dunha radiografía, por medio dunha célula fotoeléctrica.

dent-, denta-, denti-, dento- Prefixos que indican relación cos dentes ou carácter dental.

dentado-a *adx.* 1. Que ten dentes. 2. Que ten prolongacións semellantes a dentes nos bordos, festonado.

dentadura *s.f.* 1. Conxunto de pezas dentarias naturais ou artificiais. 2. Reposición artificial de dentes naturais e tecidos adxacentes. Tamén se di **dentame**. // **D. artificial.** Prótese dentaria. / **D. completa.** Aparello que repón tódolos dentes dun maxilar e estruturas relacionadas. Tamén se di **dentadura total**. / **D. de implantación.** A construída cunha estrutura de metal incluída nos tecidos brandos subxacentes, en contacto co óso, que lles dá estabilidade ós dentes e os retén.

dentagra *s.f.* Pinzas ou chave para arrinca-los dentes.

dental *adx.* 1. Relativo ós dentes, dentario. 2. Do fonema que require para a súa pronunciación que a lingua toque os dentes.

dentalxia *s.f.* Dor nos dentes. Tamén se di **odontalxia**.

dentame *s.m.* Dentadura.

dentar *v.* Comezar a saí-los dentes.

dentario-a *adx.* Dental.

dente *s.m.* Cada un dos órganos duros, brancos, lisos, que guarnecen os maxilares do home e doutros animais, servindo especialmente para tritura-los alimentos. Son trinta e dous no home adulto, de distinta configuración e tipo (incisivos, caninos, premolares e molares). // **D. artificial**. Dentes fabricados de porcelana que imitan os naturais. / **D. de leite** ou **temporal**. Dente da primeira dentición. Tamén se di **dente de mama**, **dente da teta**, **dentes mamóns**. / **D. permanente** ou **de substitución**. Dente da segunda dentición.

denteira *s.f.* Sensación áspera e desagradable nos dentes ó contacto coas substancias ácidas.

dentibucal *adx.* Relativo ós dentes e ás meixelas.

dentición *s.f.* 1. Proceso completo que dá como resultado a erupción dos dentes: formación, saída e crecemento. 2. Época na que lles saen os dentes ós nenos. 3. Cada unha das series completas de dentes naturais na súa posición na arcada dentaria. // **D. primaria** ou **primeira dentición**. Erupción dos dentes de leite, en número de vinte, que aparecen desde o quinto mes ó terceiro ano de vida. / **D. secundaria** ou **segunda dentición**. Erupción dos dentes permanentes, en número de trinta e dous, que aparecen desde os seis ós dezaoto anos.

denticulado -a *adx.* 1. De bordos finamente dentados. 2. Que ten pequenos dentes.

dentículo *s.m.* 1. Pequena prolongación semellante a un dente. 2. Corpo de substancia calcificada na polpa dun dente, ás veces libre, ás veces adherido á parede.

dentificación *s.f.* Formación da substancia dental (dentina).

dentífrico -a *s.m.* 1. Substancia, líquido, pasta ou po que serve para limpa-los dentes cepillándoos. // *adx.* 2. Que serve para limpa-los dentes.

dentilabial *adx.* 1. Relativo ós dentes e ós labios. 2. Das consoantes que se articulan aplicando o labio inferior ós dentes incisivos superiores. Tamén se di **dentolabial**.

dentílavo *s.m.* Enxaugadura para a boca e os dentes.

dentilingual *adx.* 1. Relativo ós dentes e á lingua. 2. Das consoantes que se articulan aplicando a punta da lingua ós incisivos superiores. Tamén se di **dentolingual**.

dentímetro *s.m.* Instrumento para medi-los dentes.

dentina *s.f.* Substancia principal dos dentes, que rodea a polpa dentaria e está cuberta polo esmalte na coroa e polo cemento na raíz, atravesada por gran número de túbulos finos que van cara a fóra da cavidade polpar, dentro dos cales hai prolongacións dos odontoblastos. Tamén se di **marfil**.

dentinal *adx.* Relativo ou pertencente á dentina. Tamén se di **dentinario**.

dentinario -a *adx.* Dental.

dentinificación *s.f.* Formación de dentina, dentificación.

dentinite *s.f.* Inflamación dos canalículos da dentina.

dentinoblastoma *s.m.* Dentinoma.

dentinoide *adx.* 1. Semellante á dentina. 2. Dentinoma. 3. Pre dentina.

dentinoma *s.m.* Tumor de orixe odontoxénica constituído principalmente por dentina.

dentinostenoide *adx.* Relativo ó tumor que está formado por dentina e óso.

dentinoxénese *s.f.* Proceso de formación da dentina. // **D. imperfecta**. Trastorno hereditario caracterizado pola formación defectuosa e calcificación da dentina que lles dá un aspecto pardo e opalescente ós dentes, que se transmite como trazo autosómico dominante. Tamén se di **odontoxénese imperfecta**.

dentinoxénico-a *adx.* Que produce dentina.

dentíparo-a *adx.* Que é portador de dentes.

dentista *s.* Persoa especialista nas enfermidades dos dentes que recibiu o título de odontoloxía. Tamén se di **odontólogo**.

dentíxero-a *adx.* Que ten dentes.

dentoalveolar *adx.* Relativo ós dentes e ós seus alvéolos.

dentoalveolite *s.f.* Enfermidade parodontal, piorrea alveolar.

dentodo *s.m.* Reproducción exacta dun dente nun molde.

dentofacial *adx.* Pertencente ou relativo ós dentes, á apófise alveolar e á cara.

dentografía *s.f.* 1. Imaxe radiográfica dos dentes. 2. Descrición dos dentes.

dentoide *adx.* Dentiforme.

dentolabial *adx.* Dentilabial.

dentolegal *adx.* Relativo á odontoloxía e á lei, á odontoloxía forense.

dentolingual *adx.* Dentilingual.

dentoloxía *s.f.* Odontoloxía.

dentoma *s.m.* Odontoma.

dentonomía *s.f.* Clasificación dos dentes.

dentosoportado-a *adx.* Que depende de dentes piares para o seu sostemento, como unha prótese ou parte dela.

dentotrópico-a *adx.* Que se volve cara ós tecidos que forman os dentes ou que ten afinidade polos dentes.

déntulo-a *adx.* Que ten dentes naturais na boca.

denudación *s.f.* Privación do recubrimento epitelial dunha superficie por cirurxía, traumatismo ou cambio patolóxico.

deontoloxía *s.f.* 1. Moral médica. 2. Ciencia ou tratado dos deberes e ética profesionais.

deorsumducción *s.f.* Rotación dunha parte, como pode ocorrer con cada ollo por separado.

deorsumversión *s.f.* Acción de rotar ou dirixir cara abaixo, en especial o movemento simultáneo e igual de ámbolos dous ollos.

deorsumverxencia *s.f.* Rotación cara abaixo, en especial dos ollos.

deoxi- Prefixo empregado para nomear compostos químicos que teñen un átomo menos de osíxeno cá substancia de referencia.

deoxicorticosterona *s.f.* Desoxicorticosterona.

depauperización *s.f.* Estado de debilidade extrema por desgaste continuo.

dependencia *s.f.* Habitación ó uso prolongado de drogas estupefacientes ou medicamentos. Estado psicofísico do toxicómano, que lle obriga ó consumo das drogas ás que ten adicción para evita-la síndrome de abstinencia.

depilación *s.f.* Acto ou efecto de elimina-lo pelo por calquera medio, especialmente cando se utilizan substancias químicas ou cera preparada. // **D. eléctrica.** Electrocoagulación do bulbo piloso cunha agulla pola que pasa unha corrente eléctrica.

depilar *v.* Arrancar ou facer cae-los pelos ou os cabelos.

depilatorio-a *adx.* 1. Que elimina o pelo. // *s.m.* 2. Axente que ten esta acción.

depleción *s.f.* 1. En xeral, diminución de líquidos ou sólidos acumulados. 2. Perda excesiva dun compoñente do organismo, xeralmente esencial como sal, auga, etc., do sangue, do corpo ou dun órgano. // **D. hidrosalina.** Proceso polo que se perden grandes cantidades de sales ó perder auga.

deposición *s.f.* 1. Evacuación intestinal. Tamén se di **defecación**. 2. Sedimento.

depósito *s.m.* 1. Sedimento, precipitado. 2. Colección de materias alleas nos tecidos, vísceras ou noutras partes. 3. En odontoloxía, material adherido á superficie dun dente. 4. En farmacoloxía, inxección intramuscular dun fármaco de acción prolongada que se absorbe con lentitude polo que ten unha acción duradeira. // **D. adiposo.** Sitio do corpo no que se almacena graxa, por exemplo o tecido adiposo.

depot Voz inglesa de orixe francesa que se emprega para indicar que certos medicamentos de acción prolongada se absorben con lentitude desde o punto onde foron inxectados.

depravación *s.f.* Deterioro, cambio no peor sentido, dexeneración, perversión, corrupción.

depresible *adx.* Do pulso que non latea ó contacto co dedo explorador.

depresión *s.f.* 1. Espacio ou zona ocós, natural ou accidentalmente. 2. Desprazamento cara abaixo ou cara a dentro. 3. Diminución ou descenso da actividade do organismo ou dunha parte. 4. Síndrome psiquiátrica que cursa con pesimismo, tristeza, retardo psicomotor, insomnio, perda de peso e ás veces sentimentos de culpabilidade e afectación somática.

depresivo-a *adx.* 1. Que puxa cara abaixo. 2. Que causa depresión. // *s.* 3. Persoa afectada da síndrome depresiva.

depresomotor-a *adx.* e *s.* Axente que retarda ou diminúe a actividade motora.

depresor -a *adx.* e *s.m.* 1 Instrumento que se emprega para baixar unha parte. 2. Músculo con esta acción. 3. Nervio que provoca vasodilatación e inhibición do movemento ou doutra función. // **D. da lingua.** Instrumento que facilita a visión da gorxa ó comprimir e baixa-la lingua. / **D. de Sims.** Instrumento que se emprega para deprimi-la parede posterior da vagina.

deprimido-a *adx.* 1. Aplanado, afundido, por debaixo do nivel normal. 2. Débil, aplicado ó pulso. 3. Afectado de depresión.

députa *s.f.* Período de desenvolvemento do ovo que ocorre entre a blástula e a gástrula.

depulización *s.f.* Eliminación das pulgas dun edificio ou vivenda infestados.

depuración *s.f.* 1. Acto polo que un organismo se libera de substancias nocivas ou inútiles, especificamente eliminación completa dun soluto ou dunha substancia dun volume específico de sangue por unidade de tempo, é dicir, sangue depurado da substancia por minuto. Tamén se di **aclaramento**. 2. Separación espontánea das partículas sólidas nun líquido turbio ó repousar, sedimentación.

depurado-a *adx.* Aclarado, refinado, purificado.

der- Prefixo do grego coa significación de pel.

deradelfo *s.m.* Monstro formado de dous xemelgos unidos por debaixo do nivel torácico, cunha soa cabeza e corpos separados.

deradenite *s.f.* Inflamación dos ganglios do pescozo.

deranencefalia *s.f.* Raquisquise cervical e anencefalia, malformación caracterizada pola falta de encéfalo e a parte superior da medula espiñal.

dereísmo *s.m.* Estado mental de fantasía non suxeito á lóxica nin á experiencia.

dereístico-a *adx.* Que vive na imaxinación ou na fantasía.

derencefalia *s.f.* Deranencefalia.

derencéfalo-a *adx.* Do monstro fetal nacido con ósos craniais rudimentarios e vértebras cervicais bífidas, sobre as que apoia o cerebro.

dérico-a *adx.* Ectodérmico, distinto de entérico.

derivación *s.f.* 1. Acción e efecto de ir cara a un lado, desviar ou saltar. 2. Paso ou anastomose entre dous conductos naturais, especialmente entre vasos sanguíneos. 3. Anastomose creada de maneira cirúrxica, así como a operación para crear unha derivación. 4. Calquera dos conductores conectados co electrocardiógrafo. 5. Calquera dos rexistros efectuados co electrocardiógrafo, que varían segundo a parte do corpo da que se obtén a corrente, e que representan a diferenza de potencial eléctrico entre dous electrodos aplicados á superficie do corpo. Xeralmente empréganse tres derivacións periféricas (DI de brazo dereito e brazo esquerdo, DII de brazo dereito e perna esquerda, DIII de brazo esquerdo e perna esquerda) e seis derivacións da rexión precordial.

derivado-a *s. e adx.* 1. Producido por modificación de algo preexistente. 2. Especificamente, relativo ó composto químico que pode provir doutro de estrutura similar mediante substitucións dalgún átomo por un radical (alquilo, acilo, amino) de valencia equivalente.

derivativo-a *adx.* 1. Que causa derivación. // *s.* 2. Substancia química derivada doutra, sexa directamente ou por modificación ou substitución parcial. 3. Axente ou medicamento que retira sangue do sitio onde asenta una enfermidade.

derm-, derma- Prefixos coa significación de pel.

dermabrasión *s.f.* Método operatorio empregado para elimina-las cicatrices da acne e os nevus dérmicos, pódese facer con cepillos de fío metálico, papel de lixa ou outros materiais abrasivos.

dermádro *s.m.* Manifestación cutánea dun proceso interno.

dermafito *s.m.* Fungo parasito da pel. Tamén se di **dermatófito**.

dermagra *s.f.* Pelagra.

dermágrafo-a *adx.* Dermatógrafo.

dermal *adx.* Relativo á derme.

dermalxia *s.f.* Abrandamento anormal ou relaxación da pel.

dermalxia *s.f.* Dor na pel sen lesión visible, sintomática de afeccións nerviosas. Tamén se di **dermatalxia**, **dermatodinia**, **signo de Brodie**.

dermamotropatismo *s.m.* Sistema de medición da intensidade e natureza de certos trastornos cutáneos mediante a observación das marcas que traza un instrumento romo a través da pel.

dermamíase *s.f.* Dermatose producida pola presenza e migración de larvas de moscas na pel ou baixo ela, miíase cutánea.

dermanoplastia *s.f.* Enxerto cutáneo.

dermapostase *s.f.* Enfermidade da pel con formación de abscesos.

dermat- Prefixo que significa pel.

dermatagra *s.f.* 1. Pelagra. 2. Dermalxia.

dermatalxia *s.f.* Dermalxia.

dermataneurria *s.f.* Trastorno nervioso da pel.

dermatatrofia *s.f.* Dermatrofia.

dermatauxa *s.f.* Hipertrofia da pel.

dermatemia *s.f.* Conxestión da pel.

dermatergose *s.f.* Dermatose profesional.

dermático-a *adx.* 1. Dérmico. // *s.m.* 2. Remedio para as afeccións da pel.

dermatite *s.f.* Inflamación da pel, dermite, dermatose inflamatoria. // **D. actínica.** A que resulta da exposición á radiación actínica, por exemplo a solar, raios ultravioletas, raios X ou gamma. / **D. amoniacal.** Un tipo de dermatite polo cueiro, debida a produtos de descomposición da urina. / **D. artificial.** A producida intencionalmente polo paciente. / **D. atópica.** Enfermidade cutánea inflamatoria caracterizada por eritema, prurito, exsudación, bostelas e escamadura, que comeza na infancia en individuos con predisposición alérxica hereditaria. / **D. de contacto.** Dermate aguda por contacto de substancias de natureza animal, vexetal ou química, en relación con dermatite atópica. / **D. do cueiro.** Dermate do lactante nas nádegas e coxas polo contacto co cueiro. / **D. medicamentosa.** Dermate producida pola acción das drogas. / **D. ocupacional, profesional, industrial.** A producida por materiais empregados no oficio do paciente.

dermato- Prefixo que significa pel.

dermatoartrite *s.f.* Asociación de enfermidade cutánea e artrite.

dermatoautoplastia *s.f.* Autoenxerto de pel.

dermatobiase *s.f.* Miíase humana causada por larvas da mosca *Dermatobia hominis*.

dermatocálise *s.f.* Dermatochalase.

dermatocèle *s.f.* Atrofia ou herniación localizada da pel, dermatólise, cute lasa.

dermatocelulite *s.f.* Inflamación da pel e o tecido celular subcutáneo.

dermatochalase *s.f.* Relaxación difusa anormal da pel. Tamén se di **dermatocálise**.

dermatocisto *s.m.* Quiste da pel.

dermatoconiose *s.f.* Dermate ocupacional causada por irritación local polo po.

dermatodinia *s.f.* Dermalxia.

dermatodiscroia *s.f.* Pigmentación anormal da pel.

dermatofibroma *s.m.* Nódulo fibroso semellante a un tumor da derme, fibroma cutáneo.

- dermatofilaxe** *s.f.* Protección da pel contra axentes potencialmente nocivos, infeccións, luz solar, etc.
- dermatofítide** *s.f.* Erupción dérmica secundaria á infección por fungos, lesión cutánea, expresión de hipersensibilidade a un dermatófito, que se presenta nunha zona afastada do sitio de infección. Tamén se di **dermatomí-cide**.
- dermatófito** *s.m.* Fungo parasito da pel, dermafito.
- dermatofitose** *s.f.* Infección por fungos da pel ou infección causada por un dermatófito, especificamente infección da pel dos pés. Tamén se di **dermomicose**, **dermatomicose**, **epidermomicose**. // **D. interdixital**. Pé de atleta.
- dermatofobia** *s.f.* Temor patolóxico a padecer enfermidades da pel.
- dermatófono** *s.m.* Instrumento para auscultar os sons do fluxo sanguíneo da pel.
- dermatoglifía** *s.f.* Estudio da distribución das eminencias superficiais da pel de mans e pés, que ten interese antropolóxico e xudicial como medio para establecer a identidade, e, en medicina, como indicador clínico e xenético de anomalías cromosómicas.
- dermatóglifos** *s.m.pl.* Impresións dixitais utilizadas para a identificación dos individuos.
- dermatografía** *s.f.* 1. Descrición da pel. 2. Dermatografía, dermografismo.
- dermatografismo** *s.m.* Urticaria en relación con parálise vasomotora, na que fregar ou raspa-la pel cun instrumento romo produce unha roncha pálida e elevada, con eritema ó redor, dermografismo.
- dermatógrafo** *s.m.* Instrumento para marcar límites na pel do corpo.
- dermatoheteroplastia** *s.f.* Enxerto cutáneo con pel obtida dun individuo de distinta especie da do receptor.
- dermatóide** *adx.* Semellante á pel, dermoide.
- dermatol** *s.m.* Composto de bismuto, astringente, empregado en feridas e úlceras e, interiormente, en diarreas e enfermidades das mucosas.
- dermatólise** *s.f.* Enfermidade conxénita da pel, pouco frecuente, que cursa con relaxación e tendencia á formación de pregaduras. Tamén se di **cute lasa**, **cute péndula**, **calasodermia**, **dermatocèle**, **dermatomegalia**, **dermomegalia**, **paquidermatocèle**, ou **blefarocalasia** cando afecta as pálpebras.
- dermatolísia** *s.f.* Doenza, normalmente conxénita, que se caracteriza polo relaxamento da pel. Tamén se di **dermatólise**.
- dermatólogo -a** *s.* Médico especialista no diagnóstico e no tratamento das enfermidades da pel.
- dermatoloxía** *s.f.* Parte da medicina dedicada ó diagnóstico e tratamento das doenzas da pel.
- dermatolóxico-a** *adx.* Pertencente ou relativo á dermatoloxía, que lle afecta á pel.
- dermatoma** *s.m.* 1. Zona da pel innervada polas fibras eferentes dunha soa raíz raquídea posterior. 2. Parte lateral do somito mesodérmico.
- dermatomalacia** *s.f.* Abrandamento anormal da pel.
- dermatomegalia** *s.f.* Dermatólise, cute lasa.
- dermatomelasma** *s.m.* Escurecemento da pel.
- dermatómera** *s.f.* Segmento ou metámera do tegumento embrionario.
- dermatomicina** *s.f.* Antíxeno para o diagnóstico e tratamento da dermatomicose.
- dermatomicose** *s.f.* Infección da pel ou das faneras por fungos, que pode ser a dermatofitose, as diversas formas clínicas de tiña e as infeccións micóticas profundas.
- dermatomíase** *s.f.* Míase cutánea.
- dermatomioma** *s.m.* Leiomioma da pel.
- dermatomiosite** *s.f.* Enfermidade autoinmune grave consistente nunha inflamación non supurada da pel, do tecido subcutáneo e dos músculos, podendo haber necrose das fibras musculares asociada a lesións cutáneas, polimiosite, que cursa con edema, tumefacción e dor violenta.
- dermátomo** *s.m.* Instrumento para cortar colgallos de pel para efectuar enxertos.
- dermatomucosomiosite** *s.f.* Dermatomiosite con complicación das mucosas oral, nasal e farínxea.
- dermatonecrose** *s.f.* Necrose cutánea.
- dermatoneuroloxía** *s.f.* Estudio das terminacións nerviosas da pel.
- dermatoneurose** *s.f.* Neurose cutánea de calquera natureza, sensitiva, vasomotriz ou trófica.
- dermatonosoloxía** *s.f.* Dermonosoloxía, ciencia ou tratado da nomenclatura e clasificación das enfermidades da pel.
- dermatooftalmite** *s.f.* Inflamación da pel con afectación ocular, da conxuntiva e da córnea.
- dermatopatía** *s.f.* Afección da pel, dermatose, dermatopatía.
- dermatopatofobia** *s.f.* Dermatofobia.
- dermatopatoloxía** *s.f.* Patoloxía da pel.
- dermatoplastia** *s.f.* Cirurxía plástica da pel.
- dermatopolineurite** *s.f.* Acrodinia, eritredema.
- dermatoqueledose** *s.f.* Pigmentación da pel en manchas.
- dermatorraxia** *s.f.* Hemorraxia pola pel.
- dermatorrexa** *s.f.* Segregación patolóxica de suor e outras secrecións cutáneas.
- dermatorrexe** *s.f.* Rotura dos capilares da pel.

dermatosclerose *s.f.* Esclerodermia.

dermatoscopia *s.f.* Exame da pel, coa axuda de lentes.

dermatose *s.f.* Calquera enfermidade dérmica, especialmente a que non se caracteriza por inflamación. // **D. acarina.** Sarna. / **D. pigmentaria progresiva.** Enfermidade purpúrica e pigmentaria lentamente progresiva da pel que afecta a cara anterior das pernas, nocello e dorso do pé. Tamén se di **enfermidade de Schamberg.** / **D. precancerosa.** Enfermidade de Bowen. / **D. profesional.** A causada pola ocupación ou oficio do paciente.

dermatosífilis *s.f.* Manifestación cutánea da sífilis.

dermatosoma *s.m.* Nó ou engrosamento na rexión ecuatorial do fuso cromático na cariocinese.

dermatospasmo *s.m.* Espasmo da pel, cute anserina.

dermatoterapia *s.f.* Tratamento das enfermidades da pel.

dermatotlasia *s.f.* Tendencia patolóxica a lesionarse zonas determinadas da pel por beliscos e mazaduras.

dermatotomía *s.f.* Disección da pel, anatomía da pel.

dermatótomo *s.m.* Dermátomo.

dermatotrópico-a *adx.* Dos microorganismos que teñen afinidade pola pel. Tamén se di **dermótropo.**

dermatóxeno-a *adx.* 1. Productor de pel. // *s.m.* 2. Antíxeno da pel que se pode asociar a calquera enfermidade cutánea.

dermatoxerasia *s.f.* Xeroderma.

dermatozoario *s.m.* Calquera animal parasito da pel, ectoparasito. Tamén se di **dermatozoo.**

dermatozoo *s.m.* Dermatozoario.

dermatozoonose *s.f.* Enfermidade da pel producida por parasitos animais.

dermatrofia *s.f.* Atrofia ou adelgazamento da pel.

dermáxeno -a *s.m.* 1. Anticorpo no sangue, causa das reaccións específicas da pel. // *adx.* 2. Dermatóxeno.

derme *s.f.* A pel, especialmente o corion, capa profunda, conxuntiva, nerviosa e vascular da pel ou mucosas.

dermectasia *s.f.* Dilatación da pel, dermatólise.

dermelcose *s.f.* Ulceración da pel.

dermenquise *s.f.* Administración subcutánea mediante inxección hipodérmica.

dermepéntese *s.f.* Enxerto cutáneo.

-dermia Sufixo coa significación de pel.

dérmico-a *adx.* Pertencente ou relativo á pel, dérmico, dermoide.

dermite *s.f.* Dermate.

dermo- Prefixo coa significación de pel.

dermoanerxia *s.f.* Falta de reacción da pel a un antíxeno ou estímulo calquera.

dermoanterioria *s.f.* Función antiinfecciosa da pel, específica e dependente dun contacto co antíxeno.

dermoblasto *s.m.* Parte do mesoblasto do que deriva a derme.

dermócimo *s.m.* Malformación conxénita na que o feto xemelgo está incluído na parede do outro, hoxe considerado quistes dermoides.

dermoepidérmico-a *adx.* Que afecta a derme e epiderme, aplicado a certos enxertos.

dermofilaxe *s.f.* Dermatófilaxe.

dermófito *s.m.* Dermatófito.

dermofitose *s.f.* Infección parasitaria da pel por fungos.

dermoflebite *s.f.* Inflamación das veas da pel.

dermografía *s.f.* 1. Dermografismo. 2. Dermatografía.

dermografismo *s.m.* Dermatografismo.

dermógrafo *s.m.* Instrumento romo que se emprega para facer sinais na pel.

dermoide *adx.* 1. Semellante á pel. // *s.m.* 2. Quiste dermoide. // **D. de inclusión.** Quiste conxénito tapizado por epiderme con anexos cutáneos no seu interior, que segue unha liña de peche embrionario.

dermoidectomía *s.f.* Escisión dun quiste dermoide.

dermolipoma *s.m.* Neoformación conxénita que contén tecido adiposo e tecido epidérmico sen anexos cutáneos, localizada baixo a conxuntiva bulbar.

dermólise *s.f.* Dermatólise. Disolución ou destrución da pel.

dermoxía *s.f.* Dermatóloxía.

dermomegalia *s.f.* Dermatólise.

dermomicose *s.f.* Dermatomicose. Dermatófitose.

dermonecrose *s.f.* Gangrena da pel.

dermonosoloxía *s.f.* Nosoloxía ou clasificación das enfermidades da pel.

dermopapilograma *s.f.* Dactilograma.

dermopatía *s.f.* Calquera enfermidade da pel. Tamén se di **dermatopatía** e **dermatose.** // **D. diabética.** Manifestacións cutáneas da diabetes: lesións papulosas, erosivas, ulceradas, pigmentadas, maculosas ou cicatriciais na superficie anterior das pernas debidas a anxioíte específica de pequenos vasos.

dermoplastia *s.f.* Dermatóplastia.

dermorreacción *s.f.* Reacción cutánea local, e tamén medios diagnósticos baseados na reacción local da pel escarificada en contacto con diversas substancias (proteínas, produtos microbianos, etc...) en enfermidades infecciosas ou nos estados alérxicos. Tamén se di **cutirreacción.**

dermosclerose *s.f.* Escleroderma.

dermosifilopatía *s.f.* Afectación sifilítica da pel.

dermosinovite *s.f.* Inflamación da pel sobre unha bolsa serosa ou vaíña tendinosa tamén inflamadas.

dermosqueleto *s.m.* Exosqueleto.

dermostenose *s.f.* Contracción da pel.

dermostose *s.f.* Osificación na pel.

dermotáctil *adx.* Que pertence ou se refire á sensibilidade táctil da pel.

dermotropismo *s.m.* Carácter ou calidade de dermatropo, afinidade pola pel.

dermótropo-a *adx.* Que infecta, infesta ou lle afecta especialmente á pel, como certos fungos, virus e algúns medicamentos.

dermovacina *s.f.* Vacina vírica preparada de inoculacións cutáneas.

dermovascular *adx.* Pertencente ou relativo ós vasos sanguíneos da pel.

dermovirus *s.m.* Virus cutáneos, dermovacina.

derodídimo *s.m.* Dicéfalo, feto malformado con dúas cabezas. Tamén se di **deródimo**.

deródimo *s.m.* Derodídimo.

deromelo *s.m.* Feto malformado cun membro inserido no pescozo.

deronco *s.m.* Tumor do pescozo, por exemplo bocio.

derospasmo *s.m.* Cambra do pescozo. Tamén se di **cabalo** ou **cabaleiro**.

derotomía *s.f.* Decolación, decapitación.

derramo *s.m.* 1. Acumulación patolóxica de líquidos nunha cavidade natural ou accidental. 2. Saída ó exterior dun líquido, xa sexa normal ou patolóxico. 3. Líquido acumulado ou vertido que, segundo a concentración de proteínas, pode ser clasificado en exsudado ou transudado. // **D. abdominal, pericárdico, peritoneal, pleural, articular.** Acumulación anormal de líquido nas citadas cavidades. / **D. cerebral.** Acumulación de líquido nas meninxes encefálicas, aplícase xeralmente á hemorragia cerebral.

derreado-a *adx.* 1. Que non pode endereita-las costas por efecto da fatiga, golpe ou peso excesivo. 2. Curvado, dobrado. 3. Moi canso, extenuado. 4. Incómodo, molesto. 5. Lanzado ó chan a causa dun golpe violento.

derrear *v.* 1. Facer curva-las costas con peso, golpe, etc. 2. Curvar, abater. 3. Lanzar ó chan cun golpe violento. 4. Facer dano grave a unha persoa no lombo ou na espiña dorsal. 5. Prostrar, maltratar. 6. Cansar, extenuar.

desacidificación *s.f.* Corrección da acidez, neutralización dun ácido.

desactivación *s.f.* Proceso de facer ou volverse inactivo, por exemplo a perda da radioactividade dun material radioactivo.

desacuación *s.f.* Deshidratación.

desadaptación *s.f.* Transformación e perda das condicións de adaptación ó medio.

desaferentación *s.f.* Eliminación ou interrupción dos impulsos aferentes por destrución das vías nerviosas aferentes.

desalcoholización *s.f.* Técnica histolóxica para separalo alcohol dunha mostra.

desalerxización *s.f.* Redución ou eliminación da sensibilidade dun organismo alérxico.

desalinización *s.f.* Separación do sal dunha substancia.

desalivación *s.f.* Sialorrea.

desamidación *s.f.* Desamidización. Liberación do amoníaco ó substituí-lo grupo NH_2 das amidas por outro radical.

desamidase *s.f.* Enzima que desdobra as amidas e produce ácido carboxílico e amoníaco.

desamidización *s.f.* Separación do amoníaco dunha amida. Tamén se di **desamidación**.

desaminación *s.f.* Eliminación do grupo amino dunha molécula por un proceso reductor, hidrolítico ou oxidante.

desaminase *s.f.* Enzima que cataliza a reacción de desaminación nos compostos orgánicos.

desangramento *s.m.* Perde-lo sangue, hemorragia.

desanimanía *s.f.* Amencia.

desarranxo *s.m.* 1. Trastorno mental. 2. Alteración dunha parte ou órgano.

desarterialización *s.f.* Desosixenación do sangue, conversión do sangue arterial en sangue venoso.

desarterializado -a *adx.* Do sangue que sufriu desarterialización.

desarticulación *s.f.* Amputación ou luxación dunha articulación. // **D. de Chopart.** Amputación mediotarsiana do pé, conserva o calcáneo e o astrágalo. / **D. de Larrey.** Desarticulación do úmero no ombreiro. / **D. de Lisfranc I.** Desarticulación tarsometatarsiana. / **D. de Lisfranc II.** Desarticulación do ombreiro.

desarticular *v.* 1. Amputar na articulación. 2. Facer saír da articulación, torcer, dislocar. 3. Dislocarse os ósos.

desasimilación *s.f.* Proceso inverso da asimilación polo que unha substancia que formaba parte do organismo é separada deste en forma de compostos que non existían anteriormente, catabolismo, metamorfose retrógrada.

desaturación *s.f.* Acción de introducir unha dobre ligadura entre átomos de carbono dun ácido graxo.

desaturase *s.f.* Calquera enzima que cataliza a desaturación dun ácido graxo.

desbarbamento *s.m.* Limpeza con axentes deterxentes dos bordos dunha ferida rachada.

desbridamento *s.m.* 1. División de bridas constrictivas, como nas hernias. 2. Dilatación cruenta dunha ferida ou dun orificio natural para facilita-la saída dun corpo alleo. 3. Eliminación de material estraño e tecido desvitalizado e contaminado dunha ferida traumática ou infectada ata que se descobre o tecido san.

desbridar *v.* 1. Operar cirurxicamente cortando certas membranas ou ligamentos que envolven os órganos. 2. Aumentar unha abertura nun órgano. 3. Eliminar substancias estrañas e tecidos contaminados ou desvitalizados por disección cortante.

descalcificación *s.f.* 1. Perda de sales de calcio dun óso. 2. Proceso de eliminación da substancia calcaria dun óso ou doutro tecido. 3. Abrandamento patolóxico dos dentes.

descalcificante *adx.* Que descalcifica, que dissolve material calcario.

descalcificar *v.* Privar de sales cálcicos.

descallar *v.* Descoagular.

descalzado-a *adx.* Dos dentes que non teñen a raíz cuberta completamente pola enxiva.

descalzador *s.m.* Instrumento empregado polos dentistas para afasta-la enxiva da raíz dos dentes.

descalzadura *s.f.* Falta de correspondencia entre os fragmentos dunha fractura por desprazamento ou rotación daqueles.

descanso *s.m.* Repouso, cesamento do traballo, medida esencial de tratamento en moitas afeccións médicas e cirúrxicas.

descanulación *s.f.* Retirar unha cánula, especialmente a da traqueotomía.

descapsulación *s.f.* Extirpación dunha cápsula, especialmente a renal, descorticación.

descarbonización *s.f.* Proceso de arterialización do sangue nos pulmóns que consiste na substitución do anhídrido carbónico polo osíxeno.

descarboxilación *s.f.* Eliminación do grupo carboxilo (-COOH) nunha molécula.

descarboxilase *s.f.* Calquera dos enzimas da clase das liases que catalizan a extracción de bióxido carbónico do grupo carboxilo dos alfacetoácidos.

descarboxilización *s.f.* Descarboxilación.

descarga *s.f.* 1. Liberación. 2. Materia ou forza liberadas. 3. Excreción ou substancia evacuada. // **D. eléctrica.** Igualación dunha diferenza de potencial entre dous puntos. / **D. sistólica.** Volume de sangue que sae do corazón en cada latexo cardíaco.

descarnador *s.m.* Descalzador. Aparello que serve para retira-la enxiva dos dentes.

descemetite *s.f.* Inflamación da membrana de Descemet na cara posterior da córnea, ciclite ou irite serosa.

descemetocèle *s.f.* Hernia da membrana de Descemet. Tamén se di **queratocèle**.

descendencia *s.f.* Conxunto de fillos, netos e demais xeracións sucesivas por liña directa descendente.

descendente *adx.* 1. Que corre ou se dirixe cara a abaixo ou á periferia. // *s.m.* 2. Individuo que forma parte dunha descendencia.

descenso *s.m.* 1. Acción e efecto de descender ou caer. 2. Caída ou baixada dun órgano, hernia, prolapso. // **D. do ovario.** Movemento do ovario durante o desenvolvemento embrionario do sistema uroxenital. / **D. do testículo.** Paso do testículo da posición fetal na cavidade abdominal ata a bolsa escrotal que ocorre durante os tres derradeiros meses da vida fetal e é imprescindible para a espermatoxénese. / **D. do útero.** Prolapso do útero. Tamén se di **histerptose**.

descentración *s.f.* Acto ou manobra de afastar dun centro.

descentrado-a *adx.* 1. Fóra da posición que debe ocupar, especialmente unha lente. 2. Que non se atopa no seu medio natural ou propio.

descerebración *s.f.* 1. Acto ou efecto de descerebrar. 2. Síndrome observada nas persoas con traumatismos craneoencefálicos ou tumores cerebrais, que cursa con trastorno da conciencia e rixidez nas extremidades.

descerebrado-a *adx. e s.* 1. Animal preparado por descerebración. 2. Persoa con dano cerebral que amosa signos neurolóxicos semellantes ós observados no animal descerebrado.

descerebrar *v.* Elimina-la función cerebral por corte transversal do neuroeixe entre os tubérculos cuadrixémicos superiores e os núcleos vestibulares ou ó liga-las arterias carótidas primitivas e o tronco basilar no centro da ponte.

descoloración *s.f.* Redución do cloruro de sodio nos tecidos e líquidos corporais por diminución da inxesta do sal ou por aumento da eliminación de cloruros pola urina.

descolaxe *s.f.* Decapitación.

descoloración *s.f.* 1. Eliminación da cor, branqueo. 2. Perda da cor normal dos tecidos. 3. En microbioloxía, operación de destinxir preparacións microscópicas que requiren colorantes sucesivos.

descompensación *s.f.* 1. Esgotamento ou incapacidade dun órgano para mante-las esixencias funcionais do corpo ó que pertence, especialmente aplicado ó corazón. 2. En psicoloxía, insuficiencia dos mecanismos de defensa que orixina desintegración progresiva da personalidade.

descomposición *s.f.* 1. Separación dos corpos compostos nas súas partes compoñentes por calquera proceso. 2. Putrefacción, podrencia. 3. Diarrea. // **D. espontánea.** A que sofren a maioría dos corpos organizados dende o momento que carecen de vida. / **D. do movemento.** Irregularidade e incoordinación dos movementos sucesivos de flexión e extensión dun membro.

descomposto-a *adx.* 1. Separado nos seus compoñentes. 2. Podrecido. 3. Con diarrea.

descompresión *s.f.* 1. Diminución ou cesamento da presión do aire ou dun gas sobre a superficie do corpo. 2. Diminución da presión ó ascender a grandes alturas. 3. Técnica terapéutica que consiste na diminución lenta da presión atmosférica nunha cámara hiperbárica e que ás veces precisan os que por algún tempo estiveron sometidos a presión elevada (mergulladores). 4. Técnica cirúrxica para aliviar a presión exercida por hematomas, fragmentos óseos, etc. sobre estruturas e órganos. // **D. cardíaca.** Escisión do pericardio para evacuación de líquidos (derramo, hematoma) / **D. cerebral.** Escisión dun fragmento de cráneo e incisión da duramáter co propósito de reducir a presión intracranial.

descontaminación *s.f.* Acción de eliminar ou reducir calquera substancia nociva existente nunha persoa, nas súas roupas, nos edificios, etc., como se fai nas instalacións radioactivas ou cos gases de guerra.

desconxectivo-a *adx.* Que reduce a conxestión.

descoroamento *s.m.* Operación para separar a coroa dun dente e conservar a raíz.

descorticación *s.f.* 1. Operación cirúrxica de extracción da membrana cortical dun órgano, descapsulación. 2. Operación para a eliminación da pleura cortical dun hemotórax ou dun empiema cicatrizados ou organizados.

desdentado -a *adx.* Que non ten dentes.

desdiferenciación *s.f.* Regresión das células a unha forma primitiva, anaplasia.

desdoblamento *s.m.* Redución ou descomposición dun composto noutros dous ou máis corpos xeradores do primeiro. // **D. da personalidade.** Disociación da personalidade nos histéricos na que coexisten dous estados conscientes independentes. / **D. dos ruídos cardíacos.** Falta de sincronismo dos ruídos cardíacos producidos polas válvulas de cada lado do corazón.

desecación *s.f.* 1. Evaporación ou eliminación da auga dun corpo mineral ou orgánico. 2. En química, acción de privar a unha substancia cristalina da auga de cristalización. // **D. eléctrica.** Técnica terapéutica que consiste na aplicación dunha corrente eléctrica monopolar de tensión e frecuencia altas para secar as lesións debidas a tumor e outras enfermidades.

desecador *s.m.* Vaso pechado que contén unha substancia coma o ácido sulfúrico ou o cloruro cálcico, absorbentes da auga, que se emprega para conservar obxectos que deben gardarse da humidade.

desecante *adx.* 1. Que produce secura, que elimina a humidade dos obxectos circundantes. // *s.m.* 2. Substancias empregadas nas feridas e úlceras para absorber a segregación purulenta ou impedir a súa formación.

desecar *v.* 1. Secar, extraer a humidade. 2. En química, privar da auga de cristalización. 3. Facer cicatrizar.

desecativo-a *adx.* Desecante.

deselectronación *s.f.* Separación dos electróns dun elemento, oxidación.

desemanación *s.f.* Perda da propiedade de emitir emanacións radioactivas.

desencaixamento *s.m.* Liberación do feto ou de partes do mesmo do conducto vaginal, desencaixadura.

desencarapelar *v.* Cae-la carapola dunha ferida.

desenganar *v.* 1. Sacar a alguén dun engano, ilusión, erro ou falsa crenza. 2. Sacarlle a esperanza de salvación a un enfermo.

desengraxado-a *adx.* Privado de graxa, aplicado ós alimentos.

desengraxar *v.* Privar de graxa.

desensibilización *s.f.* 1. Prevención ou diminución das reaccións inmediatas de hipersensibilidade pola administración de doses graduadas de alérxeno (vacinação). 2. En psiquiatría, tratamento de fobias e trastornos relacionados ó poñer-lo paciente, coa imaxinación ou na realidade, na situación emocional perturbadora. 3. Privación da sensibilidade por sección ou bloqueo dun nervio

desensibilizar *v.* 1. Privar de sensación, paralizar un nervio sensitivo por corte ou bloqueo. 2. Eliminar los anticorpos das células sensibilizadas co fin de impedir a alerxia ou anafilaxe.

desenvolvemento *s.m.* 1. Aumento de tamaño. 2. Propiedade elemental que teñen os órganos ou seres vivos de medrar en tódolos sentidos e modificarse ata chegar ó seu estado perfecto. 3. Proceso de crecemento e diferenciación dos corpos organizados. // **D. cognoscitivo.** Evolución da intelixencia, o pensamento consciente e a capacidade de resolver problemas. / **D. psicosexual.** 1. Sexualidade do individuo en desenvolvemento, modificada polo influxo biolóxico, cultural e emocional, dende a vida prenatal ata o final do ciclo vital. 2. En psicanálise, maduración da libido, dende a infancia ata a idade adulta, que inclúe as etapas oral, anal e xenital. / **D. psicosocial.** Maduración da personalidade que inclúe adquisición de actitudes e destrezas sociais.

desenvolver *v.* 1. Facer crecer ou medrar. 2. Adiantar, aumentar. 3. Exercer, aplicar. 4. Orixinar, xerar, producir. 5. Expor minuciosamente. 6. Tira-la timidez. 7. Representar nun só plano os diversos lados dunha construción. 8. Tornarse maior ou máis forte. 9. Estenderse, prolongarse. 10. Progresar intelectualmente.

desenxordecen *v.* Curar da xordeira.

desepicardialización *s.f.* Procedemento cirúrxico para corrixi-la anxina de peito rebelde, no que se destrúe o tecido epicárdico por fenolización ou pola aplicación doutros axentes cáusticos para fomenta-la aparición de circulación colateral.

desequilibrado-a *adx.* 1. Falto de equilibrio, por exemplo nunha dieta. // *s.* 2. Persoa con trastornos mentais ou afectivos sen acada-la tolemia.

desequilibrio *s.m.* Falta de equilibrio físico ou mental. // **D. autónomo.** Ataxia autónoma, calquera trastorno do sistema nervioso autónomo. / **D. simpático.** Vagotonía. / **D. vasomotor.** Desequilibrio autónomo.

desesperado-a *adx.* Sen esperanzas de curación, como os casos de máxima gravidade e especialmente o prognóstico destes.

desexo *s.m.* 1. Movemento da vontade polo que apece coñecer, posuír ou gozar unha cousa. Tamén se di **cobiza**, **devezo**, **anseio**. 2. Mancha da pel, nevo, pencas ou antollos da muller preñada atribuídos a antollos non satisfeitos. // **Realización do d.** En psicanálise, mecanismo psíquico polo que o desexo se presenta imaxinariamente como satisfeito. Certas producións inconscientes son realizacións de desexos (soños, síntomas, fantasías).

desexuado-a *adx.* 1. Que non ten órganos sexuais. 2. Castrado. 3. fig. Exento de apetitos sexuais.

desexualización *s.f.* Privación ou perda dos caracteres ou órganos sexuais, castración.

desexualizar *v.* Privar dos caracteres sexuais, castrar.

desfalecemento *s.m.* Decaemento súbito, máis ou menos grave, das forzas físicas e psíquicas, desmaio, lipotimia, síncope.

desfaunación *s.f.* Desinfectación e desinsectación.

desferroxamina *s.f.* Producto illado do *Streptomyces pilosus*, en forma de quelato de ferro empregado na terapéutica da intoxicación por ferro e nas enfermidades por acumulación desta substancia.

desfibración *s.f.* Separación das fibras dun tecido por disección roma, desfibrilación.

desfibrilación *s.f.* 1. Detención da fibrilación auricular ou ventricular volvendo o corazón ó ritmo sinusal normal. 2. Separación das fibras dun tecido. Tamén se di **desfibración**.

desfibrilador *s.m.* Aparello que aplica unha descarga eléctrica breve ó corazón, directamente ou por medio de electrodos colocados na parede torácica empregado para corrixi-la fibrilación ventricular e auricular.

desfibrinación *s.f.* Separación e eliminación da fibrina do sangue.

desfloración *s.f.* Perda da virxindade dunha doncela. Tamén se di **desfloramento**, **desvirgamento**.

desfloramento *s.m.* Perda da virxindade anatómica, rotura do hime, desvirgamento.

desfuncionalización *s.f.* Perda dunha función.

desfurfuración *s.f.* Formación e desprendemento de escamas furfuráceas da pel.

desgaste *s.m.* Perda gradual, desintegración ou diminución da masa dunha parte ou órgano de forma natural polo paso do tempo ou debida a compresión, fricción ou enfermidade, por exemplo a masa muscular.

desglobulizar *v.* Diminuí-la cantidade de glóbulos do sangue.

desgravitación *s.f.* 1. Cesación da gravidez, parto. 2. Aborto.

desgravidar *v.* 1. Provoca-lo aborto. 2. Dar a luz.

deshabitación *s.f.* Perda dun hábito ou costume.

deshidrase *s.f.* Deshidroxenase ou deshidratase.

deshidratación *s.f.* 1. Extracción da auga dunha substancia ou composto. 2. Estado que resulta da perda excesiva da auga corporal que se manifesta en forma de seca de pel e mucosas, sede intensa, oliguria e, en casos avanzados, disfunción cerebral e colapso circulatorio. // **D. intersticial.** Perda de auga e sodio do espazo intersticial. / **D. intracelular.** Perda dos electrólitos intracelulares con alteración da membrana celular. A hiperosmolaridade extracelular compénsase con auga do espazo celular (deshidratación hipertónica). / **D. intravascular.** A debida a intercambio de auga e electrólitos entre o espazo intersticial e o intravascular. Cando a perda de electrólitos do espazo intersticial é maior chámase hipotónica e cando é proporcional, isotónica.

deshidratase *s.f.* Calquera liase (hidroliase) que cataliza a eliminación de H₂O deixando dobres enlaces ou engadindo grupos a dobres enlaces.

deshidro- En química, prefixo que indica deshidratado ou deshidroxenado.

deshidrobenezperidol *s.m.* Neuroléptico do grupo das butirofenonas moi empregado en anestesioloxía e reanimación, nas técnicas de neuroleptoanalxesia. Tamén se di **droperidol**.

deshidrocolesterol *s.m.* Provitamina de orixe animal que por irradiación cos raios ultravioletas convértese en vitamina D₃. Atópase na pel, leite e outras partes.

deshidrocólico (ácido) *s.m.* Ácido formado pola oxidación do ácido cólico. Tamén se di **decolina**.

deshidroxenación *s.f.* Separación do hidróxeno dun composto.

deshidroxenar *v.* Eliminar hidróxeno.

deshidroxenase *s.f.* Enzima que mobiliza o hidróxeno dun substrato ó cedelo a un aceptor de hidróxeno. Reciben o nome segundo o substrato sobre o que actúan, por exemplo G₆PD (deshidroxenase de glicosa-6-fosfato) ou LDH (deshidroxenase láctica ou de lactato).

deshipnotización *s.f.* Feito de sacar do estado hipnótico.

- deshumanización** *s.f.* Perda das características específicas do home.
- deshumectante** *adx.* 1. Que quita a humidade. // *s.m.* 2. Aparello polo que se diminúe a humidade do aire.
- desigual** *adx.* 1. Que non ten as mesmas formas ou dimensións. 2. Que se fai sen regularidade, como o latexo cardíaco ou a respiración.
- desimbibición** *s.f.* Perda da auga de imbibición.
- desimpacción** *s.f.* Redución dunha fractura con impacto de fragmentos.
- desinfección** *s.f.* Destrución dos microorganismos patóxicos en tódolos ambientes, materias ou partes nos que poden ser nocivos, polos distintos medios mecánicos, físicos ou químicos contrarios á súa vida ou desenvolvemento.
- desinfectante** *adx.* Que destrúe ou neutraliza os microorganismos. Aplícase en particular a axentes empregados nos obxectos inanimados. // **D. completo.** O que actúa sobre os microorganismos e tamén sobre as súas formas vexetativas ou esporas.
- desinfectar** *v.* Liberar de microorganismos patóxicos ou facelos inertes.
- desinfestación** *s.f.* Destrución de insectos, roedores e outros parasitos que poden transmitir a infección e que se presentan na persoa, na roupa dun individuo ou no medio que o rodea.
- desinmunización** *s.f.* Perda natural ou provocada da inmunidade, desensibilización.
- desinsectación** *s.f.* Destrución de insectos parasitos.
- desinserción** *s.f.* Desprendemento ou rotura de insercións, dun ligamento no óso, da parede da retina, da placenta, etc.
- desintegración** *s.f.* 1. Descomposición. 2. Desasimilación ou catabolismo. 3. Desorganización da personalidade na psicose esquizofrénica. // **D. beta.** Desintegración do núcleo dun radionúclido inestable, na que aumenta ou diminúe en 1 o número atómico ó emitir unha partícula con carga positiva ou negativa (beta) e un neutrino mentres que o número de masa non se modifica.
- desintegrante** *s.m.* Axente empregado na preparación farmacéutica de comprimidos, que fai que se desintegren e liberen as substancias medicinais ó poñerse en contacto coa humidade, desintegrador.
- desintoxicación** *s.f.* 1. Eliminación de substancias tóxicas, proceso natural ou terapéutico de facer inocuas as substancias tóxicas ou de impedi-la súa produción no organismo. 2. Tratamento ou cura dirixidos a suprimi-lo consumo de estupefacientes nas toxicoses.
- desintubación** *s.f.* Acción e efecto de deixar sen tubo ou cánula á persoa intubada, descanulación, extubación.
- desinvaxinación** *s.f.* Redución dunha invaxinación.
- desionización** *s.f.* Producción dun estado sen minerais por extracción dos ións, especialmente mediante resinas de intercambio iónico.
- *desipela** *s.f.* V. **erisipela.**
- desipramina** *s.f.* Metabolito da imipramina que se presenta en forma de po branco, emprégase como antidepresivo e adminístrase pola boca.
- deslactación** *s.f.* 1. Desteta. 2. Cesamento da lactación.
- deslagramación** *s.f.* Fluxo excesivo e anormal de bágoas.
- deslaminación** *s.f.* Separación en capas coma a separación do blastoderma en epiblasto e hipoblasto durante o desenvolvemento do embrión do polo.
- deslanósido** *s.m.* Glicósido da dixital que se presenta en forma de cristais brancos ou po cristalino, que ten o mesmo uso terapéutico cá dixital e emprégase por vía intramuscular ou intravenosa.
- desleitar** *v.* 1. Tira-lo leite. 2. Deixar de aleita-los meniños ou os animais as súas crías, destetar.
- deslombrigar** *v.* Quitarlle as lombrigas a alguén.
- deslumbramento** *s.m.* 1. Mala percepción visual por luz intensa cando os ollos están adaptados á escuridade. 2. Perturbación producida pola vertixe.
- desm-** Prefixo que indica relación cunha banda, unión ou ligamento.
- desmaio** *s.m.* Perda temporal da conciencia debida a diminución do fluxo sanguíneo no cerebro, desfalecemento, lipotimia, síncope.
- desmalxia** *s.f.* Dor nun ligamento.
- desmectase** *s.f.* Distensión dun ligamento.
- desmedro** *s.m.* Falta de desenvolvemento, desmelloramento.
- desmedular** *v.* Quitárlle-la medula ós ósos.
- desmembramento** *s.m.* Amputación total ou parcial dunha extremidade.
- desmepitelio** *s.m.* Epitelio dérmico ou endotelio dos vasos e membranas serosas.
- désmico-a** *adx.* Ligamentoso, conxuntivo.
- desmielinización** *s.f.* Destrución, eliminación ou perda da vaina de mielina do tecido nervioso. Tamén se di **desmielinación.**
- desmineralización** *s.f.* Eliminación excesiva de sales minerais ou inorgánicos, como se observa en certas enfermidades e estados caquéticos, no cancro e na osteomalacia.
- desmiognato** *s.m.* Monstro fetal caracterizado por unha cabeza supernumeraria unida á mandíbula por un pedículo.
- desmite** *s.f.* Inflamación dun ligamento.

desmo- Prefixo coa significación de atadura, unión, banda, ligamento.

desmocito *s.m.* Célula de tecido de sostemento, de tecido conxuntivo, fibroblasto.

desmocitoma *s.m.* Tumor de desmocitos.

desmocranio *s.m.* Masa de mesoderma no extremo cranial da notocorda do embrión que forma a etapa primitiva do cranio.

desmodinia *s.f.* Dor nun ligamento, desmalxia.

desmoflogose *s.f.* Inflamación dos ligamentos, desmite.

desmografía *s.f.* Descrición ou tratado dos ligamentos.

desmohemoblasto *s.m.* Mesénquima.

desmoide *s.m.* 1. Tumor fibromatoso que nace nunha vaíña muscular, xeralmente na parede abdominal, e que garda moita semellanza co fibrosarcoma, no que os desmoides non teñen cápsula, producen invasión local e rara vez producen metástases. // *adx.* 2. Semellante a un ligamento, fibroide ou fibroso.

desmolase *s.f.* Enzima capaz de eliminar ou engadirlle algún grupo químico a un substrato captándoo ou liberándoo en estado libre.

desmólise *s.f.* Conxunto de fenómenos de degradación da substancia orgánica que comprende as funcións de oxirredución e transformación molecular profunda.

desmoxía *s.f.* Rama da medicina que estuda os ligamentos, a súa estrutura e función, sindesmoxía.

desmoma *s.m.* Fibroma ou tumor de tecido conectivo, tumor desmoide.

desmoneoplasma *s.m.* Desmoma.

desmopatía *s.f.* Calquera afección dos ligamentos.

desmoplasia *s.f.* Formación e desenvolvemento de tecido fibroso. Tamén se di **desmoplastia**.

desmoplástico-a *adx.* Caracterizado por crecemento de tecido fibroso ou de adherencias ou que estimula a súa formación. Tamén se di **desmoplástico**.

desmoplastia *s.f.* Desmoplasia.

desmoplástico-a *adx.* Desmoplástico.

desmorfinización *s.f.* 1. Privación gradual da morfina para vence-la dependencia dun morfinómano. 2. Eliminación da morfina dun opiáceo.

desmorrese *s.f.* Rotura de ligamentos.

desmose *s.f.* Desmopatía.

desmosoma *s.m.* Pequeno corpo denso, circular, que se forma no sitio de unión entre algunhas células epiteliais, especialmente as do epitelio estratificado da epiderme.

desmosterol *s.m.* Precursor inmediato do colesterol na súa síntese.

desmotomía *s.f.* Corte ou división dos ligamentos.

desmóxeno-a *adx.* Que ten orixe ligamentosa.

desmucosación *s.f.* Extirpación de calquera membrana mucosa.

desmurxia *s.f.* Cirurxía que comprende as prácticas incruentas como a aplicación de vendaxes, etc., oposto a aquírxia.

desnaturación *s.f.* 1. Destrucción dos caracteres ou natureza dunha substancia pola adición doutra para facela inapropiada para un fin determinado, como a adición de colorantes ó alcohol ou ó aceite para impedi-lo seu emprego na alimentación. 2. Proceso polo que as proteínas perden as súas propiedades químicas e físicas propias pola acción de axentes chamados desnaturantes, como por exemplo a calor. Tamén se di **desnaturalización**.

desnaturalización *s.f.* Desnaturación.

desnervación *s.f.* Resección ou extirpación dos nervios dunha parte ou dun órgano. Tamén se di **enervación**.

desnidación *s.f.* Dexeneración e expulsión da mucosa uterina.

desnitrificación *s.f.* Liberación do nitróxeno dos nitritos e nitratos.

desnucleado-a *adx.* Falto ou privado de núcleo, anucleado.

desnutrición *s.f.* Nutrición defectuosa que resulta dunha dieta inadecuada ou dalgunha alteración do metabolismo.

desodorizante *adx.* e *s.m.* Que elimina olores desagradables.

desodorizar *v.* Neutralizar ou absorbe-los olores.

desollado-a *adx.* 1. Persoa á que lle quitaron os ollos. 2. Con grandes olleiras.

desollar *v.* Quitarlle os ollos a alguén.

desopilación *s.f.* Desobstrución, eliminación dos obstáculos ó curso das materias.

desopilante *adx.* 1. Que desopila ou desobstrúe. 2. Purgante.

desopilar *v.* Cura-la opilación ou impedimento para o paso das materias sólidas, líquidas ou gasosas nalgunha vía natural do corpo.

desorber *v.* Obter unha substancia por absorción ou adsorción.

desorde *s.f.* Alteración, trastorno, irregularidade, especialmente dunha función, estado patolóxico, físico ou mental.

desorellado-a *adx.* Que non ten orellas, por nacer sen elas ou porque llas cortaron.

desorganización *s.f.* Alteración profunda na estrutura dun tecido ou órgano que produce perda da meirande parte dos caracteres propios.

desorientación *s.f.* Perda do sentido ou estado de confusión mental respecto ó tempo, lugar ou identidade que ocorre na demencia senil e outras.

desosificación *s.f.* Perda ou eliminación dos elementos minerais do óso, descalcificación.

desosixenación *s.f.* Perda ou privación do osíxeno.

desoxicorticoesterona *s.f.* Composto sintético que posúe a acción da hormona adrenocortical e se emprega no tratamento da enfermidade de Addison.

desoxidación *s.f.* 1. Privación a un composto químico do seu osíxeno. 2. En odontoloxía, limpeza das superficies metálicas dos produtos da oxidación.

desoxiefedrina *s.f.* Substancia derivada da anfetamina e da efedrina, estimulante cerebral e vasoconstrictora.

desoxirribonuclease *s.f.* DNase, enzima que cataliza a hidrólise (despolimerización) do ácido desoxirribonucleico (DNA).

desoxirribonucleico (ácido) *s.m.* DNA, polímero lineal de elevado peso molecular, formado polos nucleótidos adenínico, citidínico, guanínico e timidínico, contendo cada un deles desoxirribosa como azucre. O DNA é unha molécula complexa que serve para almacenar información e constitúe a base da transmisión xenética e da herdanza biolóxica.

desoxirribonucleoproteína *s.f.* Nucleoproteína na que o azucre do ácido nucleico é a D-2-desoxirribosa.

desoxirribonucleósido *s.m.* Nucleósido que ten unha base de purina ou pirimidina ligada á desoxirribosa.

desoxirribonucleótido *s.m.* Nucleótido que consta dunha base de purina ou pirimidina conxugada a desoxirribosa, e está ligada a un grupo fosfato.

desoxirribosa *s.f.* $\text{CH}_2\text{-OH-(CHOH)}_2\text{-CH}_2\text{-CHO}$, aldopentosa que se atopa nos ácidos desoxirribonucleicos (DNA), os desoxirribonucleótidos e os desoxirribonucleósidos.

despancreatización *s.f.* Extirpación do páncreas.

despeadura *s.f.* Mal estado dos pés por unha marcha excesiva.

despeciación *s.f.* Desviación do tipo da especie, cambio nas propiedades características da especie.

despeciar *v.* Someter a despeciación, someter por tratamento químico ou experimentar perda das características antixénicas de especie.

despegamento *s.m.* Acto de separar unha cousa doutra, en particular un tecido. // **Plano de d.** Dirección, determinada polas fibras conxuntivas da rexión, na que se separan os tecidos cando se intenta despegalos.

despeño *s.m.* Evacuación diarreica, especialmente cando é súbita e abundante.

despersonalización *s.f.* Alteración na percepción do eu, perda da identidade, estrañeza do propio corpo e do

contorno, que pode ser manifestación da neurose de despersonalización ou doutra enfermidade mental ou tamén pode ocorrer en suxeitos normais, sendo entón un trastorno benigno pouco importante.

despigmentación *s.f.* Diminución ou desaparición do pigmento.

despolarización *s.f.* 1. Acción e efecto de neutraliza-la polaridade. 2. En neurofisioloxía, inversión do potencial de repouso nas membranas celulares excitables cando se estimulan, é dicir, a tendencia do potencial da membrana celular a vir positivo respecto do potencial fóra da célula.

despolimerización *s.f.* Conversión dun composto noutro de menor peso molecular e de diferentes propiedades físicas, sen cambia-las relacións porcentuais dos elementos que o compoñen.

despolimerizar *v.* Provoca-la despolimerización.

desprazamento *s.m.* 1. Ectopía, cambio de lugar natural ou provocado. 2. En psicanálise, mecanismo inconsciente polo que o afecto dunha representación se desvía a outra, inicialmente non relacionada, que posúe unha carga emocional menos intensa. 3. En odontoloxía, malposición da coroa e da raíz dun ou máis dentes, en comparación da liña normal de oclusión, acompañada de desprazamento posterior do maxilar.

desprendemento *s.m.* 1. Separación dunha parte ou órgano do seu apoio, sostemento ou soporte. 2. Cuarto tempo da expulsión da cabeza do feto, cando pasa polo estreito inferior da pelve e as comisuras da vulva. 3. Despedir vapores un corpo. // **D. da placenta.** Separación da placenta, natural ó final do parto, ou patolóxica durante o embarazo, da parede do útero. / **D. de retina.** Separación das capas da retina que produce cegueira parcial. / **D. dos membros.** Extracción dos membros fetais no parto cando se atopan retidos nestas cavidades. / **D. epifisario.** Fisura de orixe traumática nas cartilaxes de crecemento.

desproporción *s.f.* Ausencia das relacións axeitadas entre dous elementos ou factores. // **D. cefalopélvica.** Estado no que a cabeza fetal é demasiado voluminosa en relación á pelve materna.

desrepresión *s.f.* 1. Aumento da concentración dun encima sobre as cifras normais, por descenso da concentración do correpresor ou por unha mutación que diminúe a formación do aporrepresor, ou como reacción a un represor completo. 2. En xenética, inhibición da substancia represora producida polos xenos reguladores, de xeito que o xene operador quede libre para iniciar-lo proceso de formación de polipéptidos. Tamén se di **desrepresión do xene.**

destemperanza *s.f.* Sensación xeral de malestar sen síntomas ou signos precisos.

destemperar *v.* 1. Diminuí-la temperatura ou a forza. 2. Desconcerta-las funcións intestinais producindo diarrea. 3. Sentir no corpo unha temperatura inferior á normal. 4. Sentir calafríos ou indicios de febre.

desteta *s.f.* Cesación da lactación, para nutri-lo neno con novos alimentos. Tamén se di **deslactación**, **ablactación**, **apogalactia**.

destetar *v.* Privar da teta a nenos ou animais. Tamén se di **desleitar**.

destilación *s.f.* Operación que consiste en separar, pola calor, a parte volátil da non volátil dunha substancia. // **D. destructiva ou seca**. Acción de descompoñer un sólido por queimamento para recolle-los produtos volátiles da descomposición. / **D. fraccionada**. A que separa as substancias volátiles segundo o seu punto de ebulición. / **D. no baleiro**. A que se realiza a baixa presión.

destilado *s.m.* Material obtido por destilación.

destilar *v.* 1. Vaporiza-la parte volátil dunha substancia líquida ou sólida e condensala por arrefriamento. 2. Deixar caer gota a gota, gotexar, pingar.

destiroidismo *s.m.* Síntomas debidos á ausencia da glándula tiroide ou das hormonas que segrega.

destorcedura *s.f.* 1. Distensión dos ligamentos ou articulacións. Tamén se di **escordadura**. 2. Desviación dun membro da súa posición normal.

destorsión *s.f.* Corrección dunha curvatura ou deformidade.

destoxicación *s.f.* Destoxificación.

destoxificación *s.f.* 1. Eliminación das propiedades tóxicas dos venenos. 2. Recuperación dos efectos tóxicos causados por unha droga. 3. Conversión metabólica de principios farmacoloxicamente activos noutros menos activos. Tamén se di **destoxicación**.

destronación *s.f.* Decapitación, principalmente do feto.

desuar *v.* 1. Deixar de suar. 2. Enxuga-la suor.

desulfhidrase *s.f.* Enzima que desdobra a cisteína en sulfuro de hidróxeno, amoníaco e ácido pirúvico. Tamén se di **desulfurase**.

desulfurase *s.f.* Desulfhidrase.

desvarío *s.m.* 1. Acto de loucura. 2. Delirio, alucinación, desacerto.

desvascularización *s.f.* Interrupción da circulación do sangue dun órgano ou rexión anatómica, causada por obstrución ou destrución dos vasos sanguíneos que os irrigan.

desvelo *s.m.* Insomnio, falta de sono por algunha preocupación ou indisposición.

desviar *v.* 1. Muda-la dirección. 2. Afastar do punto onde se encontraba. 3. Muda-la posición, dislocar.

desvío *s.m.* 1. Acto ou efecto de desviar. 2. Separación da dirección ou da posición normal dunha parte ou órgano. 3. En oftalmoloxía, tendencia dos eixes visuais dos ollos a desaliñarse a causa de desequilibrio muscular. // **D. á dereita, á esquerda**. Predominio de neutrófilos adultos ou novos, respectivamente na fórmula leucocitaria. / **D.**

conxugado. Dirección de partes similares no mesmo sentido simultaneamente, como a dos ollos e a cabeza nas hemorrxias cerebrais, cerebelosas e protuberanciais. / **D. da columna vertebral**. Cifose, lordose ou escoliose. / **D. do complemento**. Inhibición da hemólise inmunitaria mediada polo complemento en presenza de exceso de anticorpo. / **D. dos dentes**. Anomalias na dirección das pezas dentarias que comprenden a eversión, inversión, inclinación lateral e rotación sobre o eixe. / **D. uterino**. Cambio de dirección do útero en relación ás partes que o rodean.

desviómetro *s.m.* Aparello para medi-lo grao de desvío no estrabismo.

desvirgamento *s.m.* Acto ou efecto de desvirgar.

desvirgar *v.* 1. Facer que unha muller deixe de ser virxe. 2. Deixar de ser virxe unha muller, voluntaria ou involuntariamente, sen a participación dun varón. Tamén se di **desflorar, desvirxinar**.

desvirilización *s.f.* Castración, perda dos caracteres sexuais masculinos.

desvirilizar *v.* Castrar, tira-la virilidade.

desvitalización *s.f.* 1. Perda das propiedades vitais. 2. En odontoloxía, destrución da polpa dun dente.

desvitalizar *v.* Privar da vitalidade ou da vida.

detección *s.f.* Acción e efecto de detectar.

detectar *v.* Poñer de manifesto, por métodos físicos ou químicos, o que non pode ser observado directamente.

detector *s.m.* Aparello que descobre a presenza dalgunha cousa, por exemplo radiacións, ou a existencia de patoloxías. // **D. de mentiras**. Polígrafo.

detención *s.f.* Cesamento ou suspensión dun movemento ou función, inhibición. // **D. do desenvolvemento**. Cesamento do desenvolvemento normal dalgun elemento ou de todo o corpo.

determinación *s.f.* 1. Establecemento da natureza exacta dunha entidade, é dicir, dos caracteres propios dunha especie, órgano ou tecido. 2. Tendencia do sangue a coleccionarse nunha parte. // **D. embrionaria**. Perda da pluripontencialidade das partes do embrión e a súa orientación cara a unha meta inalterable. / **D. sexual**. Proceso polo que se establece o sexo dun organismo.

determinante *adx.* 1. Que determina, fixa ou establece. // *s.m.* 2. Factor que establece o carácter dunha entidade ou un acontecemento. 3. En bioloxía, xene ou grupo de xenes que teñen a función especial de desenvolver no descendente algunha característica particular do ascendente.

determinismo *s.m.* Teoría segundo a cal todo fenómeno depende da influencia xenética e non ocorre ó azar.

detersión *s.f.* Purificación ou limpeza por medio de remedios.

detersivo-a *adx.* Deterxente.

detersorio-a *adx.* Deterxente.

deterxente *adx.* 1. Que purifica ou aclara. // *s.m.* 2. Axente ou remedio que ten esta acción. 3. Composto orgánico que, ó acumularse na interfase, reduce a tensión superficial da auga ou dunha disolución. O xabón común é un deterxente típico, os alcohois e os alquilsulfonatos de tipo lineal teñen tamén acción deterxente.

detrimento *s.m.* Desgaste por fricción, como ocorre nos dentes.

detrito *s.m.* Partículas producidas polo desgaste ou a disgregación dunha substancia ou un tecido, que será orgánico ou inorgánico segundo o carácter da substancia orixinal.

detroncación *s.f.* Decapitación ou decolación, principalmente do feto. Tamén se di **derotomía**.

detrusor *s.m.* Parte do corpo que empurra cara abaixo. // *D. urinae.* Conxunto de fibras musculares lonxitudinais da vexiga urinaria, que actúan como un músculo único cando se contraen, expulsando a urina cara á uretra.

detumescencia *s.f.* Desaparición da tumefacción ou da turxescencia.

deuter-, deuter-, deuto- Prefixos do grego *deúteros* que significan segundo.

deuteranomalía *s.f.* Deuteranomalopía.

deuteranómalo,-a *adx.* Pertencente ou relativo á deuteranomalía ou caracterizado por ela.

deuteranomalopía *s.f.* Variante da visión anormal da cor, na que non falta ningún dos compoñentes para a percepción cromática completa, pero necesítase unha proporción maior cá acostumada de verde talio a vermello litio para equilibra-lo amarelo sodio fixo. O defecto pode ser conxénito ou adquirido e ocorre en distintos graos de gravidade. Ás veces chámase **debilidade do verde** e considérase unha etapa de transición para a **cegueira do verde**.

deuteranopía *s.f.* Defecto da visión da cor, de tipo dicromático, caracterizado pola retención do mecanismo sensorial unicamente para dúas cores (azul e amarelo) da cota normal das catro cores primarias, e que carece de recepción para o vermello e o verde e os seus derivados, sen perda da luminosidade nin desprazamento ou acurtamento do espectro. Tamén se di **aglaucopsia** e **deuteranopsia**.

deuteranopsia *s.f.* Deuteranopía.

deuterio *s.m.* Isótopo do hidróxeno, que se emprega como trazador das graxas e dos aminoácidos, de peso atómico 2,016 e símbolo D ou ^2H . Tamén se di **hidróxeno pesado**.

deuteromiceto *s.m.* Calquera dos fungos da clase *Deuteromycetes*, fungos imperfectos, filamentosos e levediformes ós que non se lles coñece reprodución sexual. A *Candida* e o *Cryptococcus* son fungos patóxenos deste grupo.

deuterón *s.m.* Núcleo do deuterio, que contén un protón que lle dá a carga positiva e un neutrón. Tamén se di **deutón** e **diplón**.

deuteropatía *s.f.* Enfermidade secundaria derivada dunha afección anterior.

deuteroplasma *s.m.* Materiais pasivos ou inactivos no protoplasma, especialmente alimentos de reserva como a xema. Tamén se di **deutoplasma**.

deuteroproteosa *s.f.* Deuteroalbumosa.

deuteroscopia *s.f.* Clarividencia.

deuterotoxina *s.f.* Grupo de toxinas que ten menor afinidade coas antitoxinas cá prototoxinas e maior cá tritoxinas.

deuterxía *s.f.* Acción secundaria dos medicamentos.

deutialosoma *s.m.* Núcleo maduro do óvulo.

deutobromuro *s.m.* Bromuro que contén dobre proporción de bromo. Tamén se di **debromuro**.

deutocloruro *s.m.* Cloruro que contén dobre proporción de cloro. Tamén se di **dicloruro**.

deutón *s.m.* Deuterón.

deutonefrón *s.m.* Mesonefrón ou corpo de Wolff.

deutoneurona *s.f.* Segunda neurona da cadea nerviosa que constitúe o arco reflexo.

deutoplasma *s.m.* Deuteroplasma.

deutosclerose *s.f.* Esclerose secundaria.

deutoscólex *s.m.* Escólex secundario, forma hidatídica da tenia.

deutospermatoblasto *s.m.* Célula do protospermatoblasto da que deriva o espermatozoide.

devolver *v.* Vomitar. Debrocar.

dexametasona *s.f.* Esteroides sintético que se presenta en forma de po branco cristalino, con potente acción glicocorticoide e antiinflamatoria e case ningunha acción mineralcorticoide empregado nas conectivopatías, enfermidades alérxicas, nalgunhas enfermidades neoplásicas, anemias hemolíticas, e que constitúe a base do exame e diagnóstico da síndrome de Cushing.

dexección *s.f.* 1. Descarga ou deposición de materia fecal, defecación, exacción. 2. Materia fecal, excremento. 3. Estado mental caracterizado por prostración, depresión e melancolía.

dexeneración *s.f.* 1. Decadencia, estado caracterizado por deterioro dos procesos mentais, físicos ou morais. 2. Alteración patolóxica dos tecidos ou elementos anatómicos, e perda dos caracteres e funcións esenciais. Cando hai cambios químicos da substancia constituínte trátase de dexeneración verdadeira. 3. Paso dun estado natural a outro inferior, dunha forma patolóxica a outra máis grave, dun tumor benigno a outro maligno, etc. // **D. adiposa.** Transformación do protoplasma celular en

graxa, capaz de determina-la necrose do núcleo e a morte da célula. / **D. amiloide.** Amiloidose. / **D. anémica.** Policromatofilia. / **D. calcaria.** Infiltración nun tecido de sales de cal. / **D. cancerosa.** Multiplicación das células dun órgano de maneira atípica, converténdoo en tecido dun cancro. / **D. caseosa.** Transformación, debida á acción bacilar que produce necrobiose das células epiteliais e xigantes, na que os tecidos se converten nunha materia amorfa, granulosa e opaca, semellante ó queixo, que ocorre especialmente na tuberculose. / **D. coloide.** Transformación do protoplasma celular en tecido coloide de aspecto xelatinoso. / **D. elastoide.** Dexeneración amiloide do tecido elástico da arterias. / **D. esclerótica.** Variedade de dexeneración hialina que afecta o tecido conxuntivo, especialmente a túnica íntima das arterias. / **D. fibrinosa.** Necrose con depósitos de fibrina nas células. / **D. fibrosa.** Formación de tecido fibroso. / **D. glicóxena.** Dexeneración na que o protoplasma acumula substancias hidrocarbonadas. / **D. graxa.** Dexeneración adiposa. / **D. gris.** Dexeneración da substancia branca medular na que hai perda da mielina e aparición de coloración agrisada. / **D. hematoxialoide.** Dexeneración hialina dos trombos sanguíneos. / **D. hepatolenticular.** Enfermidade metabólica, conxénita que afecta o cerebro e o fígado. / **D. hialina.** Transformación anormal do tecido conectivo nunha substancia de aspecto vidroso, translúcida e homoxénea. / **D. hidrópica.** Acumulación de líquido no protoplasma que rexeita o núcleo e as granulacions cara á periferia da célula. / **D. lipoide.** Dexeneración adiposa. / **D. megaloblástica.** Alteración da medula ósea nas anemias graves e que produce megaloblastos en sangue. / **D. mixoide** ou **mixomatosa.** Acumulación intersticial de mucopolisacáridos. / **D. mucinosa.** Dexeneración mixoide. / **D. queratoide.** Transformación do plasma celular en queratina. / **D. quística.** Formación de quistes. / **D. quitinosa.** Dexeneración amiloide. / **D. senil.** Proceso de involución da vellez. / **D. serosa.** Dexeneración hidrópica. / **D. traumática.** Dexeneración nun nervio seccionado ata o nódulo de Ranvier máis preto. / **D. urática** ou **úrica.** Dexeneración caracterizada polo depósito de uratos ou de ácido úrico. / **D. vacuolar.** Formación de vacúolos nas células dun tecido. / **D. vítrea.** Dexeneración hialina, necrose de coagulación.

dexenerado-a *adx.* 1. Que dexenerou, que está por debaixo do normal ou aceptable, que caeu a un nivel inferior. // *s.* 2. Persoa de constitución física ou mental alteradas. // **D. superior.** Individuo de mentalidade normal ou superior pero con tendencia a certas alteracións patolóxicas instintivas, emocionais ou da vontade.

dexiocardia *s.f.* Situación do corazón na metade dereita do tórax, conxénita por *situs inversus*, ou adquirida a causa de atelectase pulmonar dereita, adherencias, derramos no lado esquerdo, etc. O corazón pode estar só desprazado á dereita ou ademais coas súas cavidades traspostas. Tamén se di **dextrocardia**.

dexiotrópico-a *adx.* Enrolado en espiral de dereita a esquerda.

Dexon *s.m.* Nome comercial dun material sintético de sutura, o ácido poliglicólico, polímero completamente absorbible e non irritante.

dexpantenol *s.m.* Precursor do coenzima A que se administra por inxección intravenosa ou intramuscular para aumenta-lo peristaltismo na atonía e a parálise da porción inferior do intestino, por vía oral para alivia-la retención de gases e a distensión abdominal e tense aplicado topicamente para estimula-la cicatrización das lesións dermatolóxicas como queimaduras, feridas infectadas, eccema, erupción amoniacal e outras.

dextralidade *s.f.* Uso preferencial, nos actos motores voluntarios, do membro dereito na meirande parte dos órganos pares do corpo, como o ollo, a man ou o pé.

dextrano *s.m.* Polisacárido soluble da glicosa (dextrosa) de elevado peso molecular, unha das causas da viscosidade en líquidos, viño, leite, etc. que se ten empregado como expansor do volume plasmático, substituíndo o plasma sanguíneo, no tratamento das hemorraxias. Os preparados específicos designanse segundo o peso molecular medio dividido entre 1000, como dextrano 40, dextrano 45, e así sucesivamente.

dextranómero *s.m.* Preparado de polímeros moi hidrófilos de dextrano que se presenta en forma de boliñas, utilizado no desbridamento de feridas húmidas, como as úlceras venosas por estase. As boliñas esterilizadas colócanse sobre as feridas húmidas para absorbe-lo exsudado e impedi-la formación de cotras.

dextraural *adx.* Que oe mellor co oído dereito que co oído esquerdo.

dextrina *s.f.* Cada un ou a mestura dos produtos intermedios formados por hidrólise do amidón, que son dextróxiros hidrosolubles e son precipitados polo alcohol. A dextrina comercial ou azucre de amidón é un po branco ou amarelado que en solución acuosa forma mucilaxe. // **D. animal** ou **hepática.** Glicóxeno.

dextrinose *s.f.* Acumulación nos tecidos dun polisacárido anormal (dextrina). // **D. límite.** Enfermidade por almacenamento de glicóxeno, glicoxenose tipo III.

dextrinuria *s.f.* Presencia de dextrina na urina.

dextro- 1. Prefixo que denota relación coa dereita. 2. Prefixo fisicoquímico que pode ser substituído co símbolo (+) e indica que a substancia é o enantiomorfo dextrorrotatorio, é dicir, que xira o plano de polarización á dereita.

dextroanfetamina *s.f.* Isómero dextrorrotatorio da anfetamina, que ten máis efecto estimulante sobre o sistema nervioso central cá forma levorrotatoria (levanfetamina) ou as formas racémicas da anfetamina. O seu abuso pode orixinar dependencia.

dextrocardia *s.f.* Situación do corazón no hemitórax dereito coa punta orientada cara á dereita, que ocorre na transposición (*situs inversus*) das vísceras abdominais ou

sen esta transposición (dextrocardia illada). Tamén se di **dexiocardia**.

dextrocardiograma *s.m.* Rexistro da actividade do corazón dereito.

dextrocerebral *adx.* Que ten o hemisferio dereito do cerebro máis activo có esquerdo.

dextroclinación *s.f.* Rotación dos polos superiores dos meridianos verticais dos dous ollos á dereita. Tamén se di **dextrocicloducción** e **dextrotorsión**.

dextrocularidade *s.f.* Máis poder visual no ollo dereito que no esquerdo, razón pola que o seu uso é máis frecuente e prolongado.

dextroducción *s.f.* Movemento de cada un dos ollos cara á dereita.

dextrogastria *s.f.* Desprazamento do estómago cara á dereita.

dextroglicosa *s.f.* Dextrosa.

dextrograma *s.m.* Rexistro electrocardiográfico que amosa desviación do eixe eléctrico cara á dereita, que indica hipertrofia ventricular dereita.

dextroman *adx.* Que emprega preferentemente a man dereita, oposto a zurdo.

dextrometorfán *s.m.* Axente contra a tose que se presenta en forma de cristais brancos ou de pos cristalinos, que se administra pola boca.

dextropedal *adx.* Que emprega con preferencia o pé dereito.

dextrorrotatorio -a *adx.* Que volve o plano de polarización ou os raios de luz á dereita. Tamén se di **dextroxiro**.

dextrosa *s.f.* Monohidrato de D-glicosa, monosacárido chamado glicosa en bioquímica e fisioloxía, obtido por hidrólise do amidón e presentado en forma de cristais incoloros ou po cristalino ou graúdo branco.

dextrosinistro -a *adx.* 1. Que se estende da dereita á esquerda. 2. Zurdo adestrado para usa-la man dereita para algunhas tarefas.

dextrosuria *s.f.* Presencia de dextrosa na urina, glicosuria.

dextrotorsión *s.m.* Torsión cara ó lado dereito. Tamén se di **dextroclinación**.

dextrotrópico-a *adx.* Que se dirixe cara á dereita. Tamén se di **dextrotrópico**.

dextroversión *s.f.* 1. Viraxe ó lado dereito, especialmente dos ollos. 2. Localización do corazón no hemitórax dereito, na que o ventrículo esquerdo está á esquerda como na posición normal, pero diante do ventrículo dereito.

dextroxiración *s.f.* 1. Rotación cara á dereita. 2. Movemento do ollo e do plano de polarización.

dextroxiro *adx.* Que desvía o plano de polarización á dereita. Tamén se di **dextrorrotatorio**.

DFO Expresión da experiencia acumulada en caries dentais nos dentes permanentes: D representa o número de dentes cariados, F o número de dentes que faltan e O o número de dentes obturados.

DFP Diisopropilfluorofosfato.

dg Abreviatura do decigramo.

di- Prefixo latino que indica duplicación.

DI50 Dose infecciosa media, equivalente á cantidade de microorganismos patóxenos que producirían infección no 50% dos suxeitos de proba.

dia- Prefixo que significa a través de, a parte, mediante, entre, ó longo ou completamente.

día *s.m.* Espacio de 24 horas, comunmente, tempo que transcorre entre a saída e a posta do sol. // **D. branco.** Día a dieta de auga.

diabático -a *adx.* En física, que implica intercambio de calor.

diabete *s.f.* Síndrome metabólica caracterizada por elevación da glicosa sanguínea, excesiva segregación de urina (poliúria) e sede intensa (polidipsia). Cando se emprega sen cualificativo denota diabete mellitus ou sacarina. // **D. artificial.** A producida experimentalmente. / **D. artrítica.** Forma de diabete sacarina, a máis frecuente, con escasa glicosuria, nos obesos, gotosos, etc. / **D. clínica.** Estadio sintomático da diabete mellitus. Tamén se di **diabete sintomática**. / **D. do adulto tipo II.** Forma de diabete mellitus que se inicia na idade adulta, debida á resistencia periférica á insulina, que responde a antidiabéticos orais e dieta. / **D. esteroide.** Diabete mellitus secundaria a actividade glicocorticoidea. / **D. extrapancreática.** A producida polos efectos hiperglicemiantes dalgunhas hormonas. / **D. familiar.** Forma de diabete insípida transmitida hereditariamente por un xene autosómico dominante. / **D. glicémica.** Diabete mellitus. / **D. gravídica.** Diabete insípida que se presenta durante a xestación e que persiste no posparto. / **D. insípida.** Poliúria, polidipsia e polifaxia, sen glicosuria, debida a alteracións renais. / **D. insulinodependente.** Diabete mellitus que precisa insulinoterapia para o seu control. / **D. latente.** Forma asintomática de diabete mellitus, con curva de glicemia patolóxica ou hiperglicemias máis ou menos sintomáticas se se sensibiliza con glicocorticoides ou xorde unha situación de tensión (embarazo, infeccións, etc.). A resposta insulínica á sobrecarga con glicosa é intensa pero retardada. / **D. mellitus.** Síndrome metabólica e vascular secundaria á hipoprodución de insulina ou á resistencia dos tecidos ó seu efecto biolóxico. A sintomatoloxía de sede intensa, fame, adelgazamento progresivo e debilidade fai sospeita-lo diagnóstico. O metabolismo alterado dos carbohidratos e das graxas produce hiperglicemia, glicosuria lipemia, cetonuria con acidose e, ás veces, coma. A síndrome vascular consiste en aterosclerose e microangiopatía progresivas, e é a causa da neuropatía, retinopatía e nefropatía que presentan estes pacientes. Tamén son frecuentes as afeccións da pel e a diminución da resistencia ás infeccións

pióxenas. É unha enfermidade crónica, grave, que precisa insulino-terapia. / **D. nefroxénica ou renal.** Forma de diabete insípida producida por alteración tubular renal. / **D. psicoxénica.** Forma de diabete insípida debida a un trastorno psicolóxico que produce un desexo compulsivo de beber e, como consecuencia da cantidade de auga ingerida, a eliminación de grandes volumes de urina. / **D. sacarina.** Diabete mellitus. / **D. subclínica.** Forma de diabete mellitus asintomática, pero con curva de glicemia patolóxica e glicosurias ocasionais. / **D. verdadeira.** Diabete mellitus. / **D. xuvenil** ou **tipo I.** Diabete mellitus que se inicia antes dos trinta anos, orixinada por hipoproducción de insulina.

diabético-a *adx.* 1. Pertencente ou relativo á diabete. // *s.* 2. Persoa que padece diabete.

diabétide *s.f.* Dermopatía diabética.

diabetofobia *s.f.* Temor esaxerado, morboso, a padecer diabete.

diabetóxeno-a *adx.* Que produce diabete ou producido pola diabete.

diabrose *s.f.* Erosión, úlcera perforante.

diabrótico-a *adx.* Ulcerativo, cáustico.

diacáustico-a *adx.* Cáustico pola refracción, como as lentes biconvexas, que concentran os raios solares nun foco cáustico.

diacele *s.f.* Terceiro ventrículo.

diacepam *s.m.* Derivado da benzodiazepina, utilizado como ansiolítico e como relaxante muscular.

diacetalinida *s.f.* Derivado activo da acetanilida.

diacetemia *s.f.* Forma de acidose debida á presenza de ácido acetoacético no sangue.

diacético (ácido) *s.m.* Ácido cetobutírico, corpo cetónico da urina diabética, produto da oxidación incompleta das graxas.

diacetilmorfina *s.f.* Morfina.

diacetonuria *s.f.* Diaceturia.

diaceturia *s.f.* Excreción de ácido diacético pola urina.

diacinese *s.f.* 1. Etapa da primeira profase meiótica, na que o nucléolo e a cuberta nuclear desaparecen e se forman as fibras do fuso, caracterizada pola dispersión dos pares de cromosomas por toda a célula. 2. Fase do espirema segmentado no espermatocito.

diáclase *s.f.* Fractura cirúrxica dun óso, osteoclasia.

diaclasto *s.m.* Instrumento para perfora-lo cranio fetal na craniotomía.

diaclimose *s.f.* Enteroclise.

diácope *s.f.* Fractura ou fisura oblicua dun óso, especialmente do cranio.

diacorese *s.f.* Evacuación de excrementos, defecación.

diacorético-a *adx.* Evacuante.

diácrino -a *adx.* 1. Que expulsa a segregación a través da célula glandular, diferente a apócrino. 2. De certas células glandulares, como as do ril.

diacrise *s.f.* 1. Diagnóstico. 2. Enfermidade caracterizada polo estado patolóxico das segregacións. 3. Descarga ou excreción crítica.

diacrítico-a *adx.* 1. Que distingue ou identifica, que permite diferenciar. // *s.f.* 2. Diagnóstico.

diacronía *s.f.* Desenvolvemento ou sucesión de feitos no tempo.

diactinismo *s.m.* Facultade de transmisión dos raios química ou fisicamente activos.

diáde *s.f.* 1. Parella de dous seres ou cousas que interaccionan (marido e muller, paciente e médico). 2. Cada un dos cromosomas dobres na división da tétrada durante a meiose.

diadérmico-a *adx.* Que pasa a través da pel, percutáneo.

diadococinese *s.f.* Facultade de executar alternadamente unha serie de movementos opostos ou antagónicos de maneira rápida e sucesiva.

diáfano-a *adx.* Transparente, translúcido.

diafanometría *s.f.* Medición da transparencia dun líquido.

diafanoscopia *s.f.* Transiluminación, exame dunha cavidade pola introducción nela dunha luz.

diafanoscopio *s.m.* Aparello empregado para iluminar unha cavidade.

diafimetría *s.f.* Medición da sensibilidade táctil.

diafiláctico-a *adx.* Profiláctico.

diáfise *s.f.* O que separa dúas partes ou está situado entre ambas. 2. Parte cilíndrica dun óso longo situada entre os dous extremos ou epífises.

diafisectomía *s.f.* Escisión dunha porción da diáfise.

diafisite *s.f.* Inflamación dunha diáfise.

diaforese *s.f.* Sudoración, perspiración, especialmente a profusa.

diafragma *s.m.* 1. Tabique musculomembranoso que separa o abdome do tórax, constituído por un músculo impar, plano, case circular, carnoso na periferia e aponeurótico no centro, principal músculo da respiración. 2. Calquera membrana ou estrutura que separa. 3. Disco cunha ou máis aberturas, ou cun orificio axustable, montado nunha lente ou nunha fonte de radiación, gracias á cal parte da luz ou da radiación pode ser excluída da área. // **D. contraceptivo.** Diafragma de goma ou outro material que se coloca na vaxina, diante do colo uterino, con fins anticonceptivos. / **D. da pelve** ou **pelviano.** Porción do chan da pelve formada polos músculos elevadores do ano. / **D. de Akerlund, de Bucky.** Tipos especiais de diafragma empregados en radiografía. / **D. oral.** Chan da boca, especialmente o músculo milohioide. / **D.**

- pituitario** ou **da sela turca**. Repregamento anular da duramáter que cobre a fosa hipofisaria cunha abertura para o infundíbulo. / **D. uroxenital**. Tabique de carácter conxuntivo-muscular, situado no fondo da pelve, entre as ramas inferiores de ámbalas dúas pubes.
- diafragmalxia** *s.f.* Dor no diafragma.
- diafragmatite** *s.f.* Inflamación do diafragma. Tamén se di **diafragmite**.
- diafragmatocele** *s.f.* Hernia diafragmática.
- diafragmite** *s.f.* Diafragmatite.
- diafragmodinia** *s.f.* Dor no diafragma.
- diagnose** *s.f.* Diagnóstico.
- diagnóstico** *s.m.* 1. Arte de diferenciar unha enfermidade doutra. 2. Análise das características anatómicas, funcionais e patolóxicas dun suxeito para precisa-lo seu estado de saúde ou enfermidade. // *adx.* 3. Relativo á diagnose. // **D. biolóxico**. O que ten por base as probas experimentais en animais. / **D. citolóxico** ou **citohistolóxico**. Diagnóstico dos procesos benignos ou malignos por medio do estudo das células exfoliativas. / **D. clínico**. O baseado en signos, síntomas e datos de laboratorio en vida do suxeito. / **D. diferencial**. Arte de precisar cál de dúas ou máis enfermidades ou estados sofre un paciente, ó comparar sistematicamente os datos clínicos. / **D. ex juvenivus**. Diagnóstico fundado nos resultados do tratamento. / **D. físico**. Determinación dunha enfermidade por inspección, palpación, percusión ou auscultación. / **D. por exclusión**. Identificación dun padecemento ó descarta-las enfermidades coñecidas. / **D. prenatal**. O que se realiza durante a xestación por medio do exame físico, químico, enzimático, citoxenético, etc. do líquido amniótico utilizado para detectar alteracións dos cromosomas e erros do metabolismo. / **D. serolóxico**. O que se fai da análise do soro, inmunodiagnóstico.
- diágrafo** *s.m.* Instrumento para trazar e medi-los contornos do cranio, empregado en craniometría.
- diagrama** *s.m.* Representación gráfica, do xeito máis sinxelo, dun obxecto ou dunha noción. // **D. vectorial**. O que representa a dirección e a magnitude das forzas electromotrices do corazón durante todo un ciclo, fundamentado na análise do electrocardiograma escalar. / **D. de Werner**. Esquema no que se sinalan as clases de diplopía que se producen nas parálises dos músculos extrínsecos do ollo.
- dialisancia** *s.f.* Índice diminuto de recambio neto dunha substancia entre o sangue e un baño líquido, por unidade de gradiente de concentración entre sangue e baño, parámetro na cinética do ril artificial (non filtración) que na práctica equivale á depuración do ril natural.
- diálise** *s.f.* Proceso que consiste en separar cristaloides e coloides en solución valéndose da diferenza no índice de difusión a través dunha membrana semipermeable que os cristaloides atravesan facilmente e os coloides lentamente ou non a atravesan. // **D. peritoneal**. Técnica que permite a depuración sanguínea extrarrenal a través do peritoneo, e que consiste na introducción na cavidade peritoneal dun líquido de diálise que logo se extrae, de xeito continuo ou intermitente, repetíndoo varias veces durante un tempo determinado.
- dializado-a** *adx.* 1. Sometido a diálise. // *s.m.* 2. Substancia que pasa por diálise.
- dializador** *s.m.* 1. Aparello para efectua-la diálise. 2. Membrana usada na diálise.
- diámetro** *s.m.* Lonxitude dunha liña recta que pasa polo centro dun círculo e que une puntos opostos dunha circunferencia, e, en consecuencia, distancia entre dous puntos opostos, especificados na periferia dunha estrutura, como o cranio ou a pelve. // **D. anteroposterior**. Distancia entre dous puntos situados nas superficies anterior e posterior, respectivamente, da estrutura que se mide, por exemplo o diámetro conxugado verdadeiro da pelve ou o diámetro occipitofrontal do cranio. / **D. conxugado**. Distancia entre dous puntos opostos especificados na periferia do estreito pélvico superior, que se emprega en relación co diámetro conxugado verdadeiro. / **D. conxugado interno** ou **verdadeiro**. Diámetro promontospúbico. / **D. conxugado obstétrico**. Diámetro promontosubpúbico. / **D. craniais**. Distancias medidas entre algúns puntos do cranio, como por exemplo diámetros biparietal, bitemporal, cervicobregmático, frontomentoniano, occipitofrontal e suboccipitobregmático. / **D. útil**. Diámetro conxugado obstétrico.
- diamidina** *s.f.* Composto orgánico que contén dous grupos de amidina.
- diamina** *s.f.* 1. Sulfato de hidracida. 2. Composto orgánico que contén dous grupos aminos.
- diaminodifenilsulfona** *s.f.* Sulfamida especialmente eficaz contra os estreptococos.
- diaminopimélico (ácido)** *s.m.* Ácido que se atopa na vía metabólica da biosíntese da lisina. Esta vía (vía DAP ou diaminopimélica) é a que seguen as células procarióticas, algúns fungos e moitas algas. O ácido diaminopimélico pode encontrarse ademais formando parte do peptidoglicán, en especial na parede de bacterias gramnegativas.
- diaminuria** *s.f.* Presencia de diaminas na urina.
- diamniótico-a** *adx.* Que ten ou se desenvolve dentro de dúas cavidades amnióticas separadas, como os xemelgos diamnióticos.
- diamorfose** *s.f.* Desenvolvemento na forma normal.
- Diamox** *s.m.* Nome comercial dun preparado de acetazolamida empregado como diurético, anticonvulsionante e no tratamento do glaucoma.
- diandria** *s.f.* Diploidía na que o conxunto haploide adicional é de orixe paterna.
- dianoético-a** *adx.* Relativo ás funcións intelectuais, principalmente ó razoamento.

diapasón *s.m.* Vara metálica capaz de vibrar, en forma de U, empregada no diagnóstico dos trastornos da audición por condución aérea e ósea.

diapedese *s.f.* Paso a través das paredes vasculares intactas de elementos figurados do sangue, especialmente leucocitos. Tamén se di **diapirese, migración**.

diapiese *s.f.* Supuración. Tamén se di **diapirese**.

diapirese *s.f.* Diapedese.

diaplacentario-a *adx.* Que atravesa a placenta.

diaplase *s.f.* Reduccion dunha fractura ou dunha luxación, diortose.

diaplexía *s.f.* Parálise completa, oposto a monoplexía.

diapnoico-a *adx.* Relativo á transpiración, sudorífico.

diapófise *s.f.* Porción superior ou articular da apófise transversa dunha vértebra torácica ou a súa parte homóloga lumbar ou cervical.

diaporema *s.f.* Opresión respiratoria.

diarrea *s.f.* Aumento na cantidade e na frecuencia das deposicións, xeralmente de consistencia líquida. // **D. estercorácea.** Diarrea falsa producida pola irritación debida a materias fecais retidas. / **D. infantil.** Afección dos lactantes causada por *E. Coli*. / **D. pancreática.** Deposicións abundantes de feces graxas pola ausencia de enzimas pancreáticos.

diarticular *adx.* Pertencente ou relativo a dúas articulacións.

diartroanfiartrose *s.f.* Anfiartrose con lixeiros movementos.

diartrodial *adx.* Pertencente ou relativo a unha diartrose ou parecido a ela.

diartrose *s.f.* Articulación sinovial, que se move libremente.

diascopia *s.f.* 1. Exame que se realiza mediante o diascopio. 2. Transiluminación.

diascopio *s.m.* Placa plana de vidro a través da que poden ser examinadas lesións cutáneas ó exercer presión sobre a pel.

diascorina *s.f.* Alcaloide de acción semellante á picrotoxina, obtido da *Dioscorea hirsuta*.

diasóstico-a *adx.* Hixiénico.

diapironecrose *s.f.* Necrose difusa ou diseminada.

diásquise *s.f.* Interrupción da continuidade funcional entre neuronas ou centros nerviosos.

diastalse *s.f.* Tipo de peristalse no que a onda de contracción intestinal é precedida por unha onda de inhibición, como ocorre no tracto intestinal.

diastáltico-a *adx.* Referente á diastalse.

diástase *s.f.* 1. Separación de dous ósos contiguos sen luxación propiamente dita. 2. Separación sen fractura da

diáfise dun óso no punto de unión coa epífise. // **D. do corazón.** Período de descanso no ciclo cardíaco, inmediatamente antes da diástole. / **D. dos músculos rectos abdominais.** Separación dos músculos rectos do abdome, que ocorre ás veces no embarazo e despois das operacións abdominais.

diastase *s.f.* Fermento sólido, branco, amorfo, soluble, que se produce durante a xerminación das sementes da cebada, avea, trigo, etc., e contida en gran número de plantas que converte o amidón en dextrina e glicosa. // **D. animal.** Enzima amilolítica das segregacións orgánicas animais, saliva, zume pancreático. / **D. pancreática.** Fermento do páncreas. / **D. salival.** Ptialina.

diastaseмия *s.f.* Disociación dos corpúsculos vermello do sangue.

diastásico-a *adx.* 1. Relativo á diastase. 2. Pertencente ás diastases. Tamén se di **diastático**.

diastasimetría *s.f.* Medición do poder diastásico dunha substancia.

diastasíxeno-a *adx.* Que ten a propiedade de segregar unha diastase, especialmente un microbio.

diastasuria *s.f.* Presencia de diastase na urina.

diastático-a *adx.* Diastásico.

diastema *s.m.* 1. Espacio, fisura ou fendadura en calquera parte, en especial se é conxénita. 2. En odontoloxía, espacio entre dentes adxacentes do mesmo arco dentario. 3. En citoloxía, zona estreita do plano ecuatorial a través do que se divide o citosoma na mitose.

diastematelitria *s.f.* Fisura lonxitudinal da vaxina.

diastemático-a *adx.* Intersticial, aplícase á glándula intersticial do testículo.

diastematocrania *s.f.* Fisura saxital conxénita do cranio.

diastematoglodia *s.f.* Lingua fisurada, bífida.

diastematometría *s.f.* Fisura conxénita do útero.

diastematomielia *s.f.* División saxital conxénita da medula espiñal.

diastematopielia *s.f.* Fisura conxénita da pelve.

diastematoquilia *s.f.* Fisura labial, labio leporino.

diastematorraquia *s.f.* Fisura conxénita da columna vertebral, espiña bífida.

diastementería *s.f.* Fisura lonxitudinal do intestino.

diáster *s.m.* Anfiáster.

diastereoisómero *s.m.* Estereoisómero, isómeros opticamente activos que non son imaxe un do outro nun espello.

diástole *s.f.* Dilatación ou período de relaxación das cavidades cardíacas que permite o seu recheo, que alterna coa sístole ou contracción.

diastomielia *s.f.* Diastematomielia.

diastrofia *s.f.* Deformidade, dislocación.

diataxia *s.f.* Ataxia bilateral.

diatela *s.f.* Teito membranoso do terceiro ventrículo.

diaterma *s.f.* Unha parte do chan do terceiro ventrículo.

diatermancia *s.f.* Diatermia.

diatérmano-a *adx.* Permeable á radiación térmica, diatérmico.

diatermia *s.f.* Quentamento dos tecidos corporais pola resistencia ó paso de radiacións electromagnéticas de alta frecuencia, correntes eléctricas ou ondas ultrasónicas. Na diatermia médica (termopenetración) os tecidos son quentados pero non danados mentres que na diatermia cirúrxica (electrocoagulación) os tecidos son destruídos.

diatérmico-a *adx.* Pertencente ou relativo á diatermia, permeable ás radiacións electromagnéticas de alta frecuencia.

diátese *s.f.* Predisposición individual, conxénita, hereditaria, a enfermarse dun grupo determinado de doenzas, estado do organismo polo que os tecidos reaccionan de maneira especial a algúns estímulos extrínsecos facendo que a persoa sexa máis susceptible a determinadas enfermidades. // **D. hemorráxica.** Enfermidade hemorráxica (vascular, tromboécica, coagulopatía, etc.)

diatéctico-a *adx.* Pertencente ou relativo á diátese.

diatilenodiamina *s.f.* Antihelmíntico, piperacina.

diatomeas *s.f.pl.* Algas unicelulares microscópicas, os seus esqueletos silíceos atópanse no fondo limoso de certas augas.

diatómico-a *adx.* 1. Composto de dous átomos ou que ten dous átomos de hidróxeno substituíbles, divalente. 2. Composto de diatomeas.

diaxinia *s.f.* Transmisión hereditaria por vía materna.

diaxona *s.f.* Célula nerviosa que ten dous cilindroeixos.

diazo- Prefixo que indica posesión do grupo $-N_2-$.

diazocomposto *s.m.* Composto que contén o grupo $-N=N-$.

diazona *s.f.* Banda escura do esmalte que se pode ver nunha sección dentaria transversa.

diazonal *adx.* Situado a través dunha zona.

diazóxido *s.m.* Composto quimicamente parecido ós diuréticos tiacídicos, pero sen esta acción, antihipertensivo que se emprega por vía intravenosa, que produce retención de auga e sodio, así como hiperglicemia por inhibi-la liberación de insulina.

dibásico-a *adx.* Bibásico, que contén dous átomos de H substituíbles.

dibiose *s.f.* Propiedade de certos organismos unicelulares de ser aerobios ou anaerobios, segundo as condicións nas que se atopan.

diblástula *s.f.* Blástula na que existen o endoderma e o ectoderma.

dibucaína *s.f.* Potente anestésico local. Tamén se di **clorhidrato de dibucaína, nupercaína.**

dicefalia *s.f.* Anomalía conxénita caracterizada pola presenza de dúas cabezas.

dicéfalo *s.m.* Feto malformado con dúas cabezas. // **D. diauqueno** ou **monoauqueno.** Dicéfalo con dous ou un pescozo, respectivamente.

dicéleo-a *adx.* 1. Oco por ámbolos dous lados. 2. Que ten dúas cavidades. Tamén se di **dicelo.**

dicelo-a *adx.* Dicéleo.

dicéntrico-a *adx.* 1. Pertencente ou relativo a dous centros, ou que se forma a partir deles ou que os posúe. 2. En xenética, que ten dous centrómeros.

dicetopiperacina *s.f.* Composto orgánico derivado dos aminoácidos pola perda de auga.

dicigótico-a *adx e s.* Pertencente ou relativo a dous cigotos separados, ou derivado deles, como os xemelgos dicigóticos.

diclidite *s.f.* Inflamación dunha válvula, especialmente do corazón.

diclidostose *s.f.* Calcificación das válvulas das veas.

diclidotomía *s.f.* Sección dunha válvula, especialmente da válvula ou repregamento rectal, valvulotomía.

diclofenaco *s.m.* Fármaco pertencente ó grupo dos antiinflamatorios non esteroides, que se utiliza na terapéutica das enfermidades reumáticas.

diclonía *s.f.* Mioclonía que afecta soamente a ámbolos dous membros superiores ou inferiores.

dicloramina *s.f.* Substancia antiséptica que contén cloro activo, case insoluble en auga, empregada en apósitos cirúrxicos. Tamén se di **dicloramina T.**

dicloretilsulfuro *s.m.* Iperita, gas mostaza, tóxico irritante da pel e mucosa respiratoria.

diclorodifeniltricloroetano *s.m.* DDT, insecticida, tóxico ambiental pola súa difícil degradación.

diclorodifluorometano *s.m.* Freón, refrixerante e propulsor de aerosois.

dicloxacilina *s.f.* Tipo de penicilina.

dicoria *s.f.* Pupila dobre. Tamén se di **diplocoria.**

dicorial *adx.* Dicoriónico.

dicoriónico-a *adx.* Que ten dúas membranas coriónicas netas, en especial os xemelgos dicigóticos. Tamén se di **dicorial.**

dicotomía *s.f.* División en dúas partes.

dicoxenia *s.f.* Desenvolvemento dos tecidos de dous diferentes xeitos, segundo os cambios das condicións que os afectan.

dicroico-a *adx.* Relativo ó dicroísmo.

dicroísmo *s.m.* Propiedade que teñen algunhas substancias de presentar unha cor diferente á luz reflectida.

dicromasia *s.f.* 1. Dicromatopsia. 2. Dicroísmo.

dicrómata *s.* Individuo que presenta dicromatopsia.

dicromático-a *adx.* Pertencente ou relativo ó dicromatismo ou caracterizado por el.

dicromatismo *s.m.* 1. Calidade de presentarse en dúas cores distintas ou de mostralas. 2. Dicromatopsia.

dicromato *s.m.* Bicromato, calquera sal que contén o radical bivalente Cr_2O_7 .

dicromatopsia *s.f.* Variedade de cegueira para as cores na que soamente se distinguen dúas das 160 que pode distinguir-lo ollo normal, adoitando ser de azul complementario e amarelo ou máis raramente vermello e verde.

dicromofilia *s.f.* Capacidade de dobre coloración, ácida e básica.

dicromófilo-a *adx.* Que se tingue dobremente polos colorantes básicos e ácidos.

dicrótico-a *adx.* Pertencente ou relativo ó dicrotismo ou caracterizado por el.

dicrotismo *s.m.* Pulso dobre en cada latexo arterial, calidade de presentar dúas ondas esfigmográficas ou elevacións en cada latexo do pulso.

dictioide *adx.* En forma de rede, reticulado.

dictioma *s.m.* Tumor benigno ou maligno do epitelio ciliar con características semellantes ás do tecido retiniano embrionario.

dictiopsia *s.f.* Visión de moscas voadoras como unha rede delgada ou como unha tea de araña.

dictiosoma *s.m.* Fragmento no que se rompe o idiosoma dun espermatozoido na mitose.

dictioteno *s.m.* Período duradeiro semellante á profase en suspensión, no que o oocito primario persiste desde a vida fetal avanzada ata que é expulsado do ovario na puberdade ou despois dela.

dictite *s.f.* Retinite.

dicumarínicos *s.m.pl.* Medicamentos que iniben a formación de protrombina e outros factores plasmáticos da coagulación (factores V, VII e X), de acción máis retardada cá heparina.

dicumarol *s.m.* Un dos anticoagulantes cumarínicos, producido na actualidade por síntese que actúa ó inhibirla síntese hepática de factores da coagulación dependentes da vitamina K e adminístrase por vía oral.

didactilismo *s.m.* Defecto conxénito que consiste en ter unicamente dous dedos na man ou no pé.

didáctilo-a *adx.* Que está afectado de didactilismo.

didelfia *s.f.* Estado caracterizado pola presenza dun útero dobre.

didelfo-a *adx.* Que ten dobre útero.

didimalxia *s.f.* Dor testicular.

didímico-a *adx.* Xemelgo, disposto en pares.

didimite *s.f.* Inflamación do testículo, orquite.

dídimo *s.m.* 1. Xemelgo. 2. Testículo.

didimodinia *s.f.* Dor testicular. Tamén se di **didimalxia**.

didimofimia *s.f.* Tuberculose de testículo.

diducción *s.f.* Separación ou abducción de dúas partes.

diecoscopio *s.m.* Instrumento que permite identificar dous sons simultáneos na auscultación.

dieléctrico-a *adx.* Mal conductor da corrente eléctrica.

diencéfalo *s.m.* Parte do prosencéfalo, formada por epítalamo, hipotálamo e tálamo. Tamén se di **talamencéfalo**, **cerebro intermedio**.

diérese *s.f.* 1. División ou separación de partes normalmente unidas, solución de continuidade. 2. División ou sección accidental ou cirúrxica. // **D. espontánea**. Abertura natural de abscesos ou tumores.

dierético-a *adx.* Que divide, ulcera ou corroe.

diesófago *s.m.* Esófago dobre.

dieta *s.f.* 1. Alimentación ordinaria, comida e bebida en xeral. 2. Comida e bebida segundo prescrición médica, con cantidades e horarios de alimentación regulados. 3. Reducción da inxesta calórica para rebaixar peso. // **D. absoluta**. Privación completa de alimentos sólidos e líquidos. / **D. branda**. A que só contén alimentos desa consistencia. / **D. hídrica**. A que só contén auga a liberdade. / **D. hiposódica**. Dieta con baixo contido en sal sódico. / **D. láctea**. A constituída por leite. / **D. líquida**. A que inclúe unicamente alimentos en forma líquida. / **D. vexetal**. A que non contén alimentos de orixe animal.

dietético-a *adx.* 1. Relativo á dieta. 2. Relativo ós alimentos con baixo contido calórico. // *s.f.* 3. Parte da medicina que estudia os réximes alimentarios e as súas aplicacións na profilaxe e o tratamento da enfermidade.

dietilbarbiturato sódico *loc.* Barbital.

dietilbarbitúrico *s.m.* Barbital.

dietilbromoacetilurea *s.f.* Hipnótico non barbitúrico.

dietilcarbamacina *s.f.* Antihelmíntico.

dietilestilbestrol *s.m.* Estóxeno de síntese.

dietilmalonilurea *s.f.* Barbital.

dietilmetilsulfonmetano *s.m.* Sulfonal.

dietilsulfondietilmetano *s.m.* Fármaco hipnótico.

dietilsulfonmetilmetano *s.m.* Hipnótico de acción análoga ó sulfonal.

dietista *adx.* e *s.* Experto en dietética.

dietoterapia *s.f.* Tratamento con réximes alimentarios.

dietotóxico-a *adx.* Sen toxicidade en condicións normais, pero tóxicas nunha dieta ou réxime desequilibrados, como certas substancias, alimenticias ou non.

difalía *s.f.* Duplicidade do pene, anomalía conxénita rara que pode ir asociada a outras uroxenitais.

difásico-a *adx.* Dividido en dúas fases ou períodos.

difenilamina *s.f.* Composto empregado como reactivo do ácido nítrico e do cloro e para preparar materias colorantes.

difenilhidantoína *s.f.* Fenitoína, derivado da hidantoína que se emprega por vía oral no tratamento da epilepsia e por vía endovenosa no tratamento de certas arritmias, en particular as producidas pola dixital.

difenilhidramina *s.f.* Axente antihistamínico, antiespasmódico e sedante que se emprega en forma de clorhidrato (Benadryl®).

diferenciación *s.f.* 1. Distinción dunha substancia ou enfermidade doutras, diagnóstico diferencial. 2. Proceso de adquisición de caracteres individuais distintos, especialización.

dificultade *s.f.* Obstáculo, impedimento no cumprimento dunha función, por exemplo dificultade respiratoria.

difiodonte *s.m.* Que ten dúas denticións, unha decidua ou caduca e outra permanente, propio do animal que cambia os dentes ó longo da súa vida.

difluente *adx.* Que flúe espaxándose.

difonía *s.f.* Producción de dous tons ó falar, voz dobre. Tamén se di **diplofonía**.

difracción *s.f.* Propiedade dos raios luminosos, e en xeral de tódalas ondas, de desviarse da súa dirección ou descompoñerse cando pasan por un obstáculo.

difteria *s.f.* Enfermidade aguda epidémica debida ó *Corynebacterium diphtheriae* e á súa toxina, que provoca inflamación e formación dun exsudado fibrinoso nas mucosas da gorxa, do nariz e das vías respiratorias e dixestivas superiores, producindo síntomas locais de tumefacción, disfaxia, dispnea e febre. A toxina é a responsable de afectación miocárdica e neurolóxica.

difterina *s.f.* Toxina diftérica.

difterinorreacción *s.f.* Reacción de Schick.

difteriolisina *s.f.* Lisina que ten afinidade específica polo bacilo diftérico.

difteroide *adx.* 1. Semellante á difteria. // *s.m.* 2. Pseudodifteria ou enfermidade de Epstein, afección inflamatoria semellante á difteria polos seus caracteres anatómicos ou clínicos. 3. Calquera bacilo semellante ó *Corynebacterium diphtheriae*.

difterotoxina *s.f.* Toxina dos cultivos do bacilo diftérico.

diftonxia *s.f.* Producción de sons vocais dobres.

difundido-a *adx.* Que non está localizado con precisión. Tamén se di **difuso**.

difundir *v.* Facer pasar un líquido ou substancia a través dun tecido ou dunha estrutura, ou propagarse amplamente neles.

difusible *adx.* Susceptible de vir amplamente estendido ou propagado.

difusiómetro *s.m.* 1. Aparello para medir a velocidade dunha difusión. 2. Dializador.

difusión *s.f.* 1. Acción de volverse difuso ou amplamente dispersado, movemento espontáneo das moléculas ou doutras partículas en solución, a causa do movemento térmico aleatorio, para alcanzar concentración uniforme en todo o disolvente, proceso que non necesita engadirle enerxía ó sistema. 2. Diálise. 3. En radioloxía, cambio na dirección dun fotón ou dunha partícula subatómica como resultado de colisión ou interacción. // **D. dobre.** Proba de inmunodifusión na que o antíxeno e o anticorpo se difunden nunha área común, de xeito que, se presentan interacción o antíxeno e o anticorpo, combínanse para formar bandas de precipitado. / **D. en xel.** Proba na que o antíxeno e o anticorpo se difunden un cara ó outro a través dun medio de xel para formar un precipitado.

difuso-a *adx.* Que non está exactamente limitado ou localizado, amplamente distribuído.

digástrico-a *adx.* 1. Que ten dous ventres, biventral. // *s.m.* 2. Músculo.

diglicérido *s.m.* Glicerol esterificado con dúas moléculas de ácido graxo, emulsionante.

diglosia *s.f.* Trastorno do desenvolvemento que produce división lonxitudinal da lingua, lingua bífida.

dig nato *s.m.* Feto malformado que ten o maxilar inferior dobre.

digoxina *s.f.* Substancia derivada do lanatóside C, ten a mesma acción cá dixital, emprégase por vía oral ou parenteral.

dihíbrido-a *adx.* e *s.* Fillo de pais que difiren en dous caracteres.

dihídrico -a *adx.* Que ten dous átomos de hidróxeno en cada molécula.

diiodoformo *s.m.* Ioduro de carbono, tetraiodoetileno, poderoso cicatrizante substitutivo do iodoformo, sen cheiro nin toxicidade.

diiodosalol *s.m.* Composto de ácido diiodosalicílico e fenol, en agullas incoloras, empregado no reumatismo e nas enfermidades da pel.

diiodotirosina *s.f.* Derivado iodado da tirosina, considerado como hormona da glándula tiroide.

diioduro *s.m.* Ioduro que contén dous átomos de iodo na molécula. Tamén se di **biioduro**.

dilaceración *s.f.* 1. Rachadela, esgazadura, división violenta, discisión. 2. Escisión do cristalino catarático.

dilatación *s.f.* 1. Agrandamento fisiolóxico ou artificial dunha abertura, cavidade ou órgano oco. 2. Acción de

aumenta-la luz dun conducto. 3. Aumento de volume que experimenta un corpo por separación das súas moléculas a consecuencia da calor. 4. Medio de tratamento da este-nose do esófago pola introducción de sondas de calibre crecente. 5. Aumento distensivo normal que pode sufrir un órgano. // **D. aguda do estómago.** Complicación da cirurxía abdominal acompañada de oclusión intestinal. / **D. artificial do colo do útero.** Método empregado para provoca-lo parto ou o aborto. / **D. cardíaca.** Aumento das cavidades cardíacas, ás veces con hipertrofia das paredes, que acaba en insuficiencia cardíaca. / **D. conxénita do colon.** Megacolon, enfermidade de Hirschsprung. / **D. dos bronquios.** Bronquiectasias. / **D. dixital.** Dilatación dun orificio que se realiza cos dedos.

dilatador *s.m.* 1. Instrumento que serve para agrandar cavidades. 2. Músculo que pola súa contracción dilata as paredes das cavidades nas que se insire. 3. Substancia que dilata unha estrutura como a pupila.

dilatometría *s.f.* Método que permite determina-la relación sólido-líquido nunha graxa, que se basea no distinto volume específico da fase sólida e da fase líquida.

dilución *s.f.* 1. Acción de reduci-la concentración dunha solución. 2. Solución debilitada ou atenuada.

diluyente *s.m.* 1. Axente ou medicamento ó que se atribúe a propiedade de fluidifica-lo sangue e outros líquidos orgánicos. // *adx.* 2. Que dilúe ou fai máis débil ou acuoso.

dímero-a *adx.* 1. Formado por dúas partes. // *s.m.* 2. En química, combinación de dúas moléculas semellantes sen perda de átomos.

dimetilaminoazobenzol *s.m.* Substancia colorante amarela que se emprega como indicador na reacción do ácido clorhídrico libre do zume gástrico.

dimetilbenzol *s.m.* Xilol.

dimetilxantina *s.f.* Teobromina.

dimetría *s.f.* Útero dobre, útero didelfo.

dimórfico-a *adx.* Dimorfo.

dimorfismo *s.m.* 1. Propiedade de certos sólidos de presentarse en dúas formas cristalinas distintas, isomería física. 2. Diferencia de forma ou aspecto entre individuos da mesma especie, segundo sexan estes machos ou femias. 3. Calidade de existir en dúas formas, como os fungos que poden crecer como mofos ou fermentos.

dimorfo-a *adx.* 1. Que ocorre en dúas formas distintas. 2. Que posúe dimorfismo.

dimorfiótico -a *adx.* Que mostra alternancia de xeracións e ten un período parasitario e outro non parasitario no transcurso da súa vida.

dina *s.f.* Unidade de forza do sistema ceguesimal, forza que aplicada sen interrupción sobre o gramo masa, proporciónalle unha aceleración de 1 cm por segundo ó cadrado.

dinámica *s.f.* Parte da mecánica que se refire ós movementos dos corpos e ás forzas que os producen.

dinámico-a *adx.* Relativo á forza ou ó movemento.

dinamismo *s.m.* 1. Enerxía, vitalidade. 2. Doutrina fisiolóxica contraria ó mecanicismo, que considera as forzas como independentes das condicións estáticas e da composición do organismo.

dinamización *s.f.* Aumento hipotético da eficacia dos medicamentos pola dilución e a trituración.

dinamo- Prefixo do grego coa significación de forza.

dinamógrafo *s.m.* Dinamómetro autorrexistrador.

dinamoloxía *s.f.* Tratado das forzas.

dinamómetro *s.m.* Aparello para medi-lo grao de forza muscular.

dinamoneurona *s.f.* Neurona espinal en conexión cos músculos.

dinamopático-a *adx.* Que lles afecta ás forzas.

dinamoscopia *s.f.* Auscultación dun músculo contraído.

dinamoxénese *s.f.* Dinamoxenia.

dinamoxenia *s.f.* Transformación de enerxía ou forza, como ocorre nos músculos e nos nervios. Tamén se di **dinamoxénese.**

dineína *s.f.* Proteína que forma parte dos cilios das células epiteliais, indispensable para a súa motilidade.

dinéurico-a *adx.* Que ten dúas neuronas ou prolongacións cilindroaxiais.

dínico-a *adx.* Relativo á vertixe.

dinofobia *s.f.* Temor morboso á vertixe ou aquilo que produce vertixe, como a altura.

dinomanía *s.f.* Coreomanía.

dinormocitose *s.f.* Isonormocitose, normalidade no número e forma das hemacias.

dinucleótido *s.m.* Produto da desintegración dos ácidos nucleicos, que poden desdoblarse en mononucleótidos.

díodo *s.m.* Compoñente eléctrico que presenta unha resistencia moi grande ó paso da corrente eléctrica nun sentido, pero non no outro.

diodoquina *s.f.* Antiamebiano enérxico.

dionisiaco-a *adx.* 1. Que presenta vexetacións córneas ós lados da fronte, semellantes ós cornos de Baco. 2. Que para el prima a vida sensual e material.

dionismo *s.m.* Amor normal entre sexos distintos, oposto a uranismo.

diopsímetro *s.m.* Instrumento empregado para medi-la extensión do campo visual.

dioptrometría *s.f.* Medición da acomodación e a refracción do ollo.

- dioptrómetro** *s.m.* Instrumento empregado no exame e medición da refracción ocular.
- dioptría** *s.f.* Unidade de potencia refrinxente dada por unha lente que ten a distancia focal dun metro, de xeito que unha lente de dúas dioptrías ten a distancia focal de medio metro.
- dióptrica** *s.f.* Parte da óptica que trata da refracción da luz.
- dioptromería** *s.f.* Dioptrimetría.
- dioptroscopia** *s.f.* Exame da refracción ocular por medio do oftalmoscopio.
- diorrose** *s.f.* Diaplaste, corrección cirúrxica ou endereitamento manual dunha deformidade.
- diosa** *s.f.* Azucre de fórmula $C_2H_4O_2$, biosa, glicolaldehído.
- diótico-a** *adx.* Relativo ós oídos, biaural.
- diovulatorio-a** *adx.* Que libera dous óvulos en lugar dun.
- dioxano** *s.m.* Composto orgánico empregado en histología como axente secante.
- dioxiacetona** *s.f.* Composto formado pola oxidación de glicerina con ácido nítrico. Tamén se di oxantina, quetotriosa.
- dioxibenzona** *s.f.* Composto orgánico de uso tópico como filtro solar.
- dioxipurina** *s.f.* Xantina.
- dip** *s.m.* Descenso protodiastólico rápido e profundo presente na curva do cateterismo ventricular dereito, seguido dun aumento brusco da presión diastólica. Ese rexistro adopta despois a forma plana (meseta) e obsérvase nas pericardites constrictivas ou afeccións endomiocárdicas.
- dipeptidase** *s.f.* Enzima que desdobra os dipéptidos.
- dipéptido** *s.m.* Proteína que resulta da unión de dous aminoácidos por medio dunha unión CO-NH.
- dipigo** *s.m.* Feto malformado con pelve dobre.
- dipiridamol** *s.m.* Derivado piperidínico con propiedades semellantes á papaverina empregado no tratamento da anxina de peito e como antiagregante plaquetario.
- diplexía** *s.f.* Parálise que afecta partes iguais a cada lado do corpo, parálise bilateral. // **D. atónica.** Diplexía na que domina a atonía sobre a espasticidade. / **D. cerebral infantil.** Enfermidade de Little. / **D. espástica.** Enfermidade de Little. / **D. facial.** Parálise facial bilateral.
- diplo-** Prefixo do grego coa significación de dobre.
- diploacuse** *s.f.* Audición simultánea por un ou ámbolos dous oídos de dous sons diferentes, orixinados dun estímulo único. // **D. disharmónica.** Percepción dun mesmo son con ton diferente nun e noutro oído. / **D. ecoica** ou **en eco.** Percepción dun son por un oído e logo polo outro, pero con menor intensidade, paracusia dobre.
- diplobacilo** *s.m.* Bacilo emparellado. // **D. de Morax-Axenfeld.** Axente responsable dun tipo de conxuntivite.
- diplobacteria** *s.f.* Forma bacteriana constituída por dúas células unidas.
- diploblástico-a** *adx.* Formado en dúas capas xerminativas.
- diplocardia** *s.f.* Estado no que o corazón dereito está separado, en certo modo, do esquerdo, por unha fenda.
- diplocefalia** *s.f.* Malformación caracterizada por cabeza dobre.
- diplocéfalo** *s.m.* Feto malformado de cabeza dobre, bicéfalo, dicéfalo.
- diplococcus** *s.m.* Bacteria cocoide con tendencia a dispoñerse en parellas, como por exemplo *Neisseria*, *Moraxella*, *Streptococo pneumoniae*.
- diplococemia** *s.f.* Presencia de diplococos no sangue.
- diplococo** *s.m.* Microorganismo constituído por dous cocos asociados.
- diplococoide** *adx.* Semellante a un diplococo.
- diplocoria** *s.f.* Pupila dobre. Tamén se di **dicoria**, **discoria**.
- diploé** *s.m.* Capa central de tecido óseo esponxoso, entre as dúas capas de tecido compacto dos ósos planos do cráneo.
- diplofonía** *s.f.* 1. Difonía. 2. Na auscultación da voz, fenómeno polo que se perciben sons dobres, o que indica a existencia de cavernas pulmonares.
- diplogastría** *s.f.* Malformación fetal que consiste na duplicidade do tronco e do abdome.
- diploide** *adx.* 1. Dos cromosomas emparellados normais despois do desdoblamento dos cromosomas primitivos das células xerminativas na fecundación. 2. Da célula que contén o dobre do número gamético normal de cromosomas, é dicir un derivado do pai e outro da nai.
- diploidía** *s.f.* Constitución cromosómica dobre, é dicir, por parellas, nas células somáticas.
- diplomielia** *s.f.* Fisura lonxitudinal que dá aparencia dobre á medula espiñal, diastematomielia.
- diplonema** *s.m.* Cromosoma dobre no estado de diplo-nema.
- diploneuria** *s.f.* Innervación producida por dous nervios de orixe diferente.
- diplopago** *s.m.* Xemelgos unidos que teñen un ou máis órganos en común.
- diplopiómetro** *s.m.* Instrumento para medir o grao de diplopsia.
- diplopsia** *s.f.* Percepción dun só obxecto coma se fosen dous, debida á incoordinación dos músculos oculomotores. // **D. cruzada** ou **heterónima.** Diplopsia na que a imaxe desprazada se ve no lado oposto ó do ollo estrá-

bico. / **D. directa** ou **homónima**. Forma inversa á anterior. / **D. paradoxal**. A cruzada. / **D. simple**. A homónima. / **D. vertical**. Diplopsia na que unha imaxe é vista encima doutra.

diploscoxia *s.f.* Visión binocular.

diploscopio *s.m.* Aparello no que cada ollo observa un campo distinto e permite obter informacións precisas da súa integración.

diplosoma *s.m.* Centrosoma ou centríolo dobre.

diplosomía *s.f.* Xemelgos completos funcionalmente independentes que están unidos por algunha parte dos seus corpos.

diploteno *s.m.* Cuarto estadio da profase da meiose, na que se produce a separación das parellas de cromosomas homólogos excepto na rexión dos quiasmas.

diplopteratoloxía *s.f.* Suma de coñecementos relativos ás monstruosidades dobres.

diploxénese *s.f.* Monstro fetal dobre.

diplóxeno *s.m.* Deuterio.

diprósopo *s.m.* Xemselgo unido ó outro polo corpo, que presentan dúas caras. // **D. tetroto**. Diprósopo con catro orellas. / **D. trioftlamo**. Diprósopo con tres ollos.

dipso- Prefixo que significa sede.

dipsomanía *s.f.* Compulsión recorrente polas bebidas alcohólicas con intervalos libres da obsesión. Tamén se di **alcoholofilia paroximal**.

dipsopatía *s.f.* Dipsomanía.

directoscopio *s.m.* Instrumento para o exame directo da larinxe.

dirigación *s.f.* Facultade de fixa-la atención nalgunha parte do corpo e controlar de forma voluntaria funcións ordinariamente involuntarias.

dirigomotor *adx.* Que dirixe o movemento e a actividade muscular.

dirrinia *s.f.* Nariz dobre.

dis- 1. Prefixo que denota inversión, separación ou duplicación. 2. Prefixo coa significación de dificultade, imperfección, mal estado, anormalidade ou dor.

disacaridase *s.f.* Enzima que hidroliza disacáridos.

disacárido *s.m.* Produto da unión de dous monosacáridos con perda de auga.

disacusia *s.f.* 1. Deterioro da audición. 2. Dor no oído exposto ó son, disestesia auditiva. Tamén se di **disacusma**.

disacusma *s.f.* Disacusia.

disadrenalismo *s.m.* Función alterada ou defectuosa das cápsulas suprarrenais. Tamén se di **disadrenia**.

disadrenia *s.f.* Disadrenalismo.

disafia *s.f.* Trastorno do sentido do tacto.

disalelognatia *s.f.* Falta de concordancia entre os maxilares superior e inferior.

disanagnosia *s.f.* Forma de dislexia na que se len outras palabras distintas das escritas.

disantigrafía *s.f.* Variedade de disgrafía na que é imposible o copiado de escritos, debido a unha lesión nas vías de asociación.

disaponotocia *s.f.* Distocia sen dor.

disarteriotonía *s.f.* Anormalidade da presión arterial.

disartria *s.f.* 1. Trastorno na articulación da linguaxe. 2. Deformidade ou malformación dunha articulación. Tamén se di **disartrose**.

disartrose *s.f.* Disartria.

disautonomía *s.f.* Calquera alteración do sistema nervioso autónomo ou vexetativo.

disbacteriose *s.f.* Alteración da flora bacteriana intestinal, xeralmente con diminución ou desaparición das bacterias intestinais.

disbarismo *s.m.* Síndrome clínica causada por unha diferenza entre a presión atmosférica e a presión total de gases nos tecidos, líquidos e cavidades do corpo. Inclúe estados como barotite media, barosinusite ou expansión de gases nas vísceras ocas.

disbasia *s.f.* Dificultade para camiñar.

disbetalipoproteinemia *s.f.* Acumulación de lipoproteínas beta anormais no sangue. // **D. familiar**. Hiperlipoproteinemia familiar de tipo III.

disbolismo *s.m.* Trastorno do metabolismo.

disbulia *s.f.* Debilitamento ou perversión da vontade.

disbúlico-a *adx.* Pertencente ou relativo á disbulia.

disc- Prefixo que denota relación cun disco ou indica forma de disco.

discal *adx.* Relativo ou pertencente a un disco.

discarirose *s.f.* Cambios anormais nos núcleos celulares, como os atopados nas células epiteliais do colo uterino durante a xestación.

discariótico-a *adx.* Pertencente ou relativo á discarirose, caracterizado por ela ou que a fomenta.

discefalia *s.f.* Malformación do cranio e os ósos da cara.

disciforme *adx.* En forma de disco.

discinesia *s.f.* 1. Trastorno da capacidade para efectuar movementos voluntarios, que dá orixe a movementos fragmentarios ou incompletos. 2. Calquera movemento anormal involuntario propio das enfermidades nerviosas (tremor, mioclonos, tics, etc.).

discinesiografía *s.f.* Trastorno da escritura por afectación muscular.

discinético-a *adx.* Pertencente ou relativo á discinesia.

- discisión** *s.f.* Incisión, corte ou separación. // **D. da catarata.** Acción de abri-la cápsula e rompe-la substancia do cristalino nas cataratas brandas. / **D. da pleura.** Sección da pleura cortical no tratamento do empiema organizado. / **D. do colo uterino.** Operación que consiste na escisión de seccións cuneiformes en cada lado do colo uterino, para o tratamento da estenose do mesmo.
- discite** *s.f.* Inflamación dun disco, particularmente dunha cartilaxe interarticular ou intervertebral.
- discinación** *s.f.* Rotación cara a fóra dos polos superiores dos meridianos verticais dos dous ollos, oposto a conclinación.
- disco-** Prefixo coa mesma significación que disc-.
- disco** *s.m.* Órgano ou parte arredondados e planos. // **D. interarticular.** Fibrocartilaxe ou menisco entre as superficies óseas articulares. / **D. intervertebral.** Fibrocartilaxe entre os corpos das vértebras. / **D. xerminativo.** Zona plana no ovo fecundado na que aparecen os primeiros indicios do embrión.
- discoblástula** *s.f.* Blástula especializada que se forma ó segmentarse un óvulo fecundado, que consta dunha carapucha celular (o disco xerminativo ou blastoderma) separada polo blastocele do chan da xema non segmentada.
- discogástrula** *s.f.* Gástrula segmentada en forma de disco sobre o vitelo nutritivo.
- discoide** *adx.* 1. En forma de disco. // *s.m.* 2. En odontoloxía, escavador de folla semellante a un disco.
- discolia** *s.f.* Calquera alteración da bile.
- discondroplasia** *s.f.* Condrodisplasia, enfermidade de Ollier, proliferación de cartilaxe nas metáfises dos ósos, que cursa con alteración do crecemento e fracturas.
- discondrosteose** *s.f.* Forma de condrodisplasia.
- discontinuo-a** *adx.* Sen continuidade, interrompido, discreto, intermitente.
- discopatía** *s.f.* Enfermidade dunha cartilaxe ou disco intervertebral. // **D. traumática.** Rotura dun disco intervertebral por traumatismo físico.
- discoplacenta** *s.f.* Placenta discoide.
- discordancia** *s.f.* 1 En xenética, aparición dunha tendencia dada nun só membro dunha parella de xemelgos, por exemplo unha enfermidade. Oposto a concordancia. 2. En psiquiatría, disociación.
- discordante** *adx.* Que amosa discordancia.
- discoria** *s.f.* Anormalidade na forma da pupila ou nas reaccións de ámbalas dúas pupilas.
- discoxénico-a** *adx.* Causado por alteración dun disco intervertebral.
- discrania** *s.f.* Alteración na forma do cranio.
- discrasia** *s.f.* Alteración na composición do sangue.
- discreto-a** *adx.* Formado de partes separables ou caracterizado por lesións que non se fusionan.
- discromatopsia** *s.f.* Dicromatismo, identificación imperfecta das cores, cegueira incompleta para as cores. Tamén se di **alocromasia**. // **D. cromática.** Distinción de dúas ou máis cores, pero non dos seus matices. / **D. dicromática.** Distinción de dúas cores soamente, branco e negro.
- discromía** *s.f.* Calquera alteración pigmentaria da pel ou do pelo.
- discromodermia** *s.f.* Discromía.
- discronismo** *s.m.* Alteración da percepción do tempo. Tamén se di **discronación**.
- discronometría** *s.f.* Retardo no comezo e no final dos movementos.
- disdacria** *s.f.* Alteración da segregación lacrimal.
- disdemorrise** *s.f.* Alteración da circulación capilar do sangue.
- disdiaclasto** *s.m.* Disco elemental birrefrinxente na fibra muscular primitiva.
- disdiadocinesia** *s.f.* Trastorno da función de diadocinesia.
- disdipsia** *s.f.* 1. Dificultade na deglutición dos líquidos. 2. Calquera anomalía da sensación de sede.
- disébacea** *s.f.* Trastorno dos folículos sebáceos que se atopa na deficiencia de riboflavina, caracterizado por seborrea na porción media da cara, con eritema nos repregamentos nasais, cantos e outros repregamentos da pel.
- disecante** *adx.* Que diseca, como certos aneurismas e inflamacións.
- disecar** *v.* Cortar, separar e expoñer estruturas corporais dun cadáver, en especial para o seu estudio anatómico.
- disección** *s.f.* 1. Acción de disecar. 2. Parte dun órgano ou todo o organismo preparado por disección. // **D. cortante.** A que se realiza ó secciona-los tecidos cun bordo afiado. / **D. roma.** A que se realiza para separa-los tecidos seguindo planos naturais de despegamento sen cortar.
- disectase** *s.f.* Dificultade na abertura ou dilatación dun orificio.
- disector -a** *adx.* 1. Que diseca, aplicado especialmente a persoas. // *s.m.* 2. Preparador anatómico, prosector.
- disembrioma** *s.m.* Tumor orixinado en restos embrionarios. Tamén se di **teratoma**.
- disembrioplasia** *s.f.* Malformación de orixe embrionaria.
- disemese** *s.f.* Vómito difícil.
- disemia** *s.f.* 1. Trastorno da utilización dos símbolos da linguaxe. 2. Alteración do sangue.
- diseminación** *s.f.* Extensión ou dispersión por todo o organismo.

- disencefalia** *s.f.* Mala conformación do encéfalo. // **D. esplacnoquística**. Asociación de encefalocele con quiste nos riles, fígado e páncreas. Tamén se di **síndrome de Meckel**.
- disencrisia** *s.f.* Alteración das funcións segregadoras, discriminia.
- disendocrinia** *s.f.* Alteración das funcións de segregación interna.
- disendografía** *s.f.* Trastorno da linguaxe gráfica interna, correspondente a unha agrafia central.
- disentería** *s.f.* Trastorno caracterizado por inflamación do intestino, especialmente o colon, acompañado de dor no abdome, tenesmo e deposicións frecuentes, mucosas e purulentas. O axente causal pode ser un irritante químico, bacterias, protozoarios ou vermes parasitos. // **D. amebiana**. A causada por *Entamoeba histolytica* con ulceración da mucosa intestinal. / **D. bacilar**. Enfermidade infecciosa causada por *Sigheilla*. / **D. viral**. A causada por virus, ocorre en epidemias e caracterízase por diarrea acuosa aguda.
- disenteriforme** *adx.* Semellante á disentería.
- diseretismo** *s.m.* Resposta lenta ós estímulos.
- diserigmia** *s.f.* Eructación difícil ou imposible.
- diserxia** *s.f.* Incoordinación muscular na execución de movementos voluntarios.
- disestesia** *s.f.* 1. Trastorno da sensibilidade en xeral, sen chegar á anestesia. 2. Trastorno dun sentido, vista, oído, olfacto ou gusto, pero especialmente do tacto. 3. Produción de sensacións desagradables por estímulos comúns.
- disfagocitose** *s.f.* Incapacidade das células para inxerir ou dixerir bacterias ou alteración nas diferentes etapas da fagocitose.
- disfasia** *s.f.* 1. Trastorno na adquisición da linguaxe correcta, que se caracteriza pola falta de coordinación e incapacidade para ordena-las palabras debidamente, e é debida a unha lesión central. 2. Forma leve de afasia.
- disfaxia** *s.f.* Dificultade para tragar. // **D. lusoria**. Disfagia debida á compresión do esfago pola arteria subclavia dereita na súa situación anómala.
- disfemia** *s.f.* Tartamudez ou outro trastorno da linguaxe falada, debido a unha psiconeurose.
- disfonía** *s.f.* Trastorno da voz, dificultade para falar. Algunhas veces sinónimo de rouquén.
- disfónico-a** *adx.* Pertencente ou relativo á disfonía ou caracterizado por ela.
- disforia** *s.f.* Intranquilidade, ansiedade, malestar angustiados.
- disfrasia** *s.f.* Alteración da pronunciación da linguaxe cando os órganos fonadores son normais, debida a unha lesión cerebral.
- disfunción** *s.f.* Calquera alteración dunha función orgánica. // **D. sexual**. Impotencia, exaculación prematura ou anorgasmia debido a alteracións psicolóxicas máis cás físicas.
- disgalactia** *s.f.* Trastorno da segregación do leite.
- disgammaglobulinemia** *s.f.* Anormalidade nas gammaglobulinas hemáticas, especialmente a alteración da súa porcentaxe de distribución.
- disglandular** *adx.* Relativo ou debido a unha función glandular alterada, especialmente das glándulas endócrinas.
- disglicemia** *s.f.* Calquera trastorno da concentración de azucre no sangue.
- disgnatia** *s.f.* Calquera anomalía bucal que afecta ós dentes e ó maxilar superior, ó inferior ou ámbolos dous, oposto a eugnatia.
- disgnático-a** *adx.* Pertencente ou relativo ás anomalías do maxilar superior e do inferior, ou caracterizado por elas.
- disgnosia** *s.f.* Calquera trastorno cognoscitivo.
- disgónico-a** *adx.* Do cultivo bacteriano de crecemento lento, escaso, mal sementado.
- disgrafía** *s.f.* 1. Dificultade para escribir. 2. Cambra dos escribentes.
- disgramatismo** *s.m.* Agramatismo, entencemento verbal na afasia motora en período de recuperación.
- disgregación** *s.f.* 1. Dispersión, disociación. 2. Para algúns sinónimo de desdoblamento. En xeral, estado de desorganización das ideas e da conducta, observable nas demencias e os delirios. 3. Incapacidade da mente histérica para relacionar sensacións novas entre si.
- disgripnia** *s.f.* Trastorno do sono.
- dishematopoeise** *s.f.* Alteración na formación do sangue.
- dishemia** *s.f.* Alteración do sangue.
- dishemopoeise** *s.f.* Dishematopoeise.
- dishesión** *s.f.* 1. Trastorno da adherencia celular. 2. Perda da cohesión intercelular, unha característica de malignidade, estimada ó valerse da citoloxía por biopsia por aspiración.
- dishidrose** *s.f.* 1. Trastorno da sudación. 2. Afección cutánea das mans e pés caracterizada por prurito e lesións vesiculosas. Tamén se di **ponfólrix**, **quiroponfólrix** e **podoponfólrix**. // **D. tricofítica**. Pé de atleta.
- dishipofisia** *s.f.* Dishipofisismo.
- dishipofisismo** *s.m.* Alteración funcional da hipófise. Tamén se di **dispituitarismo**. Tamén se di **dishipofisia**.
- dishormonismo** *s.m.* Trastorno na segregación de hormonas. Tamén se di **disendocrinia**.
- disialia** *s.f.* Trastorno da segregación salival.

disimbolia *s.f.* 1. Asimbolia de grao moderado. 2. Trastorno na concepción das ideas e na súa expresión mediante a linguaxe.

disimetría *s.f.* Asimetría.

disimilación *s.f.* Desasimilación.

disimulación *s.f.* Acción pola que se oculta a verdade dunha situación, especialmente o estado de saúde, para conseguir algún beneficio.

disinerxía *s.f.* Trastorno da coordinación muscular, diserxia.

disinmidade *s.f.* Inmidade alterada ou mal dirixida.

disinsulinismo *s.m.* Alteración da actividade dos illotes de Langerhans con trastorno da segregación de insulina. Tamén se di **disinsulinose**.

disinsulinose *s.f.* Disinsulinismo.

disistolia *s.f.* Alteración da sístole.

dislaceración *s.f.* Dilaceración.

dislalia *s.f.* Defecto da articulación dos fonemas.

dislexia *s.f.* 1. Dificultade ou incapacidade para aprender a ler, sen que existan lesións neurolóxicas de tipo sensorial ou neuropsicolóxico aparentes. 2. Forma incompleta de alexia.

dislipemia *s.f.* Enfermidade do metabolismo dos lípidos caracterizada por unha alteración dos niveis normais de lípidos circulantes na que se distinguen 5 tipos segundo a fracción lipídica alterada e a existencia ou falta dun patrón hereditario.

dislipoproteinemia *s.f.* Presencia de lipoproteínas anormais no sangue.

dislocación *s.f.* Cambio de lugar, desprazamento. Tamén se di **luxación**. // **D. vertical do estómago**. Gastroptose na que o eixe do estómago é vertical.

dislocación *s.m.* Desarticulación, luxación dun membro.

dislocar *v.* Desarticularse, desconxuntarse unha articulación do corpo.

disloquia *s.f.* Supresión ou alteración do fluxo loquial.

disloxia *s.f.* 1. Trastorno da facultade de razoar. 2. Trastorno da linguaxe debido a alteracións mentais. Tamén se di **logoneurose**.

dismadurez *s.f.* Madurez incompleta ou imperfecta da placenta nos embarazos prolongados.

dismasese *s.f.* Mastigación dolorosa ou difícil.

dismelia *s.f.* Malformación dunha ou máis extremidades a consecuencia dun trastorno do desenvolvemento embrionario, que inclúe defectos por desenvolvemento excesivo ademais de deformidades por redución. Tamén se di **amelia** e **focomelia**.

dismenorrea *s.f.* Irregularidade da función menstrual acompañada de dor, menstruación difícil. // **D. conxectiva**. As molestias da menstruación atribúense a conxec-

ción uteroovárica. / **D. espasmódica**. Acompañada de contracción uterina. / **D. funcional**. Dismenorrea sen explicación anatómica ou patolóxica. / **D. inflamatoria**. A debida á inflamación do útero ou dos anexos. / **D. obstrutiva**. A debida a obstrución á saída do fluxo menstrual, por estenose, coágulos ou flexión uterina. Tamén se di **dismenorrea mecánica**. / **D. ovárica, tubárica, uterina, vaxinal**. Dismenorrea debida a enfermidade nesta localización.

disimetría *s.f.* Apreciación incorrecta da distancia nos movementos ou accións musculares ou da extensión dos mesmos, trastorno da capacidade para controlalo arco do movemento na acción muscular. Na hipermetría, os movementos musculares van máis aló da meta proposta, e na hipometría os movementos musculares voluntarios non chegan a ela.

dismetropsia *s.f.* Trastorno da apreciación visual do tamaño dos obxectos.

disminia *s.f.* Trastorno da linguaxe mímica.

dismiotonía *s.f.* Distonía muscular, tonicidade anormal dun músculo.

dismnesia *s.f.* Alteración da memoria ou mala memoria.

dismorfia *s.f.* 1. Dismorfismo. 2. Deformidade.

dismorfismo *s.m.* 1. Forma defectuosa dun aparato ou órgano. 2. Aparición en formas distintas segundo as condicións ambientais. 3. Alomorfismo.

dismorfofobia *s.f.* Temor morboso ás deformidades.

dismorfose *s.f.* Deformidade.

disociación *s.f.* 1. Acción e efecto de separar. 2. Descomposición por calquera reacción lítica, dun agregado molecular noutros máis sinxelos. 3. Desestructuración dos procesos inconscientes de asociación que rexen o curso do pensamento. // **D. albuminocitolóxica**. Hiperalbuminose do líquido cefalorraquídeo sen o aumento correspondente dos elementos celulares. / **D. auriculoventricular**. Bloqueo cardíaco, enfermidade de Stokes-Adams. / **D. da sensibilidade**. Perda da sensibilidade á dor e á temperatura, con conservación da sensibilidade táctil e muscular, frecuente na siringomielia. / **D. dos reflexos**. Desaparición dos reflexos cutáneos e conservación dos tendinosos ou, máis raramente, o contrario.

disocial *adx.* Que padece un trastorno da personalidade que non é antisocial, pero caracterízase por non facer caso das regras sociais, por predación ou por maior ou menor criminalidade.

disoclúir *v.* Rebaixar un dente de xeito que non toque o seu antagonista ó efectuar calquera dos movementos da mastigación.

disodia *s.f.* 1. Cheiro do alento. 2. Rinite atrófica.

disódico-a *adx.* 1. Que ten dous átomos de sodio en cada molécula. 2. Relativo á disodia.

disodontíase *s.f.* Dificultade ou retardo na saída dos dentes. Tamén se di **disodontose**.

disodontose *s.f.* Disodontíase.

disolución *s.f.* 1. Fenómeno polo que ó engadir un líquido, un sólido ou un gas a un líquido, se obtén un novo líquido homoxeneo. 2. Mestura que resulta de disolver calquera substancia nun líquido. 3. Descomposición, morte.

disolvente *adx.* 1. Que dissolve, que é capaz de destruí-la agregación das moléculas dun corpo soluble. // *s.m.* 2. Axente ou medicamento capaz de disolver concrecións dentro do corpo.

disolver *v.* Facer pasar ó estado de solución.

disomnía *s.f.* Alteración do sono.

disoniría *s.f.* Pesadelos e terrores nocturnos.

disontoloxía *s.f.* Estudio dos trastornos do desenvolvemento.

disontoxénese *s.f.* Desenvolvemento defectuoso dun organismo. Tamén se di **disontoxenia**.

disontoxenia *s.f.* Disontoxénese.

disopsia *s.f.* Calquera defecto ou alteración na visión.

disorexia *s.f.* Alteración do apetito.

disorganoplastia *s.f.* Displasia dun órgano.

disosmía *s.f.* Alteración do sentido do olfacto.

disostose *s.f.* Disostoxénese. // **D. cleidocranial**. Alteración conxénita pouco frecuente na que hai osificación defectuosa das cartilaxes craniais con persistencia das fontanelas.

disostoxénese *s.f.* Formación defectuosa de óso, disostose.

disovaria *s.f.* Disfunción ovárica. Tamén se di **disovarismo**.

disovarismo *s.m.* Disovaria.

dispar *adx.* Desigual, non semellante.

dispareunia *s.f.* Coito doloroso.

dispensación *s.f.* Conxunto de operacións necesarias na preparación das receitas maxistrais.

dispensar *v.* 1. Entregar medicinas. 2. Preparar unha prescrición médica.

dispensario *s.m.* 1. Establecemento onde se dispensa asistencia medicofarmacéutica a pacientes ambulatorios. 2. Laboratorio onde se preparan os medicamentos compostos.

dispepsia *s.f.* Trastorno da dixestión, aplicado ás molestias epigástricas que seguen as comidas. // **D. ácida**. Variedade con acidez excesiva no estómago.

dispéptico-a *adx.* Pertencente ou relativo á dispepsia.

dispermia *s.f.* 1. Trastorno na produción de espermatozoides. 2. Entrada de dous espermatozoides no óvulo.

dispersar *v.* Disemina-las partes compoñentes, por exemplo, dun tumor, ou as partículas finas dun sistema coloide.

dispersidade *s.f.* Grao de dispersión dun coloide, grao a que se reduciron as dimensións das partículas dispersas na formación dun coloide.

dispersioloxía *s.f.* Parte da química que trata dos coloides.

dispersión *s.f.* 1. Diseminación, separación. 2. Desviación dos raios luminosos refractados, que dan por resultado a aberración de refranxibilidade. 3. Solución coloide. 4. Cambio de dirección das partículas subatómicas cando colisionan.

dispersoide *s.m.* Coloide.

dispirema *s.m.* Período de división celular que segue o diáster, chamado así porque o protoplasma se divide en dúas partes, e en cada unha a cromatina adoita a forma dun rolo ou espiral.

dispixia *s.f.* Desenvolvemento anómalo do sacro e do cóccix.

displasia *s.f.* 1. Anomalía do desenvolvemento. 2. En patoloxía, alteración da forma, das dimensións e da organización das células adultas. // **D. alveolar conxénita**. Síndrome de insuficiencia respiratoria do neonato. / **D. broncopulmonar**. Enfermidade pulmonar crónica dos nenos de peito, relacionada con efecto tóxico do osíxeno ou con barotraumatismo, caracterizada por metaplasia bronquiolar e fibrose intersticial. / **D. condroectodérmica**. Acondroplasia que ocorre en relación con desenvolvemento defectuoso da pel, do pelo e dos dentes, poli-dactilia e defecto dos tabiques cardíacos. / **D. cretinoide**. Anomalía do desenvolvemento característica do cretinismo, que consiste en osificación retardada e pequenez dos órganos internos e sexuais. / **D. dental**. Anomalía do desenvolvemento que produce relacións anormais dos dentes cos seus antagonistas. / **D. ectodérmica hereditaria**. Enfermidade rara, caracterizada por anomalías nas formacións ectodérmicas, pel lucente, ausencia de glándulas sudoríparas, dentes e pelos defectuosos, etc., asociada algunhas veces con deficiencia mental. / **D. fibrosa poliostótica**. Defecto conxénito do desenvolvemento esquelético, afecta os ósos longos en forma de fibrose da medula diafisaria. / **D. neuroectodérmica**. Trastorno conxénito dos tecidos cerebrais asociado con tumores da pel, como nas enfermidades de Lindau e Recklinghause.

displásico-a *adx.* 1. Pertencente ou relativo á displasia. 2. Que non se adapta a ningún dos tres tipos corporais principais: atlético, asténico ou pícnico. Tamén se di **displástico**.

displástico-a *adx.* Displásico.

dispnea *s.f.* Dificultade na respiración. // **D. funcional**. Insuficiencia respiratoria que non depende de enfermidade orgánica e que non garda relación co exercicio, pero acompaña a estados de ansiedade. / **D. paroxística**

- nocturna.** Dificultade respiratoria que garda relación coa postura, especialmente ó deitarse, e que se atribúe á insuficiencia cardíaca conxestiva con edema pulmonar.
- dispneico-a** *adx.* Pertencente ou relativo á dispnea.
- disponotocia** *s.f.* Distocia con dor.
- dispositivo** *s.m.* Algo ideado para un propósito específico. // **D. intrauterino.** Aparello que se introduce na cavidade uterina co fin de evita-lo embarazo e se mantén durante varios anos. Coñécese polas siglas DIU.
- disproteínia** *s.f.* Alteración da proporción normal das proteínas hemáticas.
- disqueratose** *s.f.* Queratinización anormal, prematura ou imperfecta dos queratinocitos.
- disquesia** *s.f.* Dor coa defecación, que acompaña o estreñimento de orixe rectal ou proctóxena.
- disquilia** *s.f.* Trastorno na quilificación ou alteración do quilo.
- disquiria** *s.f.* 1. Alteración na función coordinada das mans. 2. Trastorno da sensibilidade polo que o paciente non pode identifica-lo lado do corpo onde se lle toca.
- disrafia** *s.f.* Fusión defectuosa do tubo neural primitivo ou outros rafes laterais, da que son consecuencia a espiña bífida, a siringomielia, o labio leporino, hernias, etc. Tamén se di **disrafismo**.
- disrafismo** *s.m.* Disrafia.
- disritmia** *s.f.* Alteración do ritmo, por exemplo anomalía do ritmo ó falar. A disritmia neurofrásica é a anormalidade do ritmo da palabra falada por defecto na respiración, mentres que a disritmia prosódica consiste en colocar equivocadamente o énfase e a disritmia tónica é a inflexión defectuosa. // **D. cerebral.** Trastorno no ritmo das ondas cerebrais rexistradas no encefalograma. / **D. encefalográfica.** Disritmia cerebral.
- disrupción** *s.f.* Acción e efecto de separar pola forza.
- distal** *adx.* Remoto, periférico, máis afastado do centro, orixe ou cabeza, oposto a proximal.
- distancia** *s.f.* Espacio entre dous obxectos ou dous puntos de referencia. // **D. focal.** Espacio entre o punto focal e o centro óptico dunha lente ou a superficie dunha espello cóncavo. / **D. infinita.** En oftalmoloxía, a de 6 m ou máis, pois con esta separación os raios compórtanse coma se viñesen do infinito.
- distasia** *s.f.* Dificultade para mante-la posición erecta.
- distaxia** *s.f.* Dificultade para controla-los movementos voluntarios, grao leve de ataxia.
- diteatose** *s.f.* Trastorno da segregación sebácea, asteatose moderada.
- disteleoloxía** *s.f.* Estudio dos órganos rudimentarios ou imperfectos.
- distenia** *s.f.* Astenia moderada.
- distensibilidade** *s.f.* Capacidade de ser distendido ou estirarse.
- distensión** *s.f.* 1. Estiramento violento dos tecidos e partes ligamentosas dunha articulación. 2. Lesión resultante dos tecidos que experimentan unha tensión violenta. 3. Cambio de forma que sufriu un corpo sobre o que se exerceu unha forza externa.
- distermia** *s.f.* Hipertermia pouco intensa e de longa duración, na que o exame clínico non atopa ningunha causa que a explique.
- distermose** *s.f.* Alteración na produción de calor.
- distesia** *s.f.* Malestar, impaciencia nos enfermos, disforia.
- distimia** *s.f.* Trastorno do ánimo.
- distimismo** *s.m.* Trastorno da función do timo.
- distiquia** *s.f.* Fileira accesoria anormal e conxénita de pestanas nunha pálpebra normal. Tamén se di **distiquiase**.
- distiquíase** *s.f.* Distiquia.
- distireose** *s.f.* Distiroidismo.
- distiroidismo** *s.m.* Desenvolvemento imperfecto, disfunción da glándula tiroide e estado consecutivo.
- distítia** *s.f.* Aleitamento difícil ou doloroso.
- distobucal** *adx.* Pertencente ou relativo ó ángulo formado polas caras distal e bucal dun dente ou polas paredes distal e bucal dunha cavidade dentaria.
- distobucooclusal** *adx.* Pertencente ou relativo ás superficies distal, bucal e oclusal dun dente.
- distobucopolpar** *adx.* Pertencente ou relativo ó ángulo formado polas paredes distal, bucal e polpar da cavidade dun dente.
- distocervical** *adx.* 1. Pertencente ou relativo á superficie distal do colo dun dente. 2. Distoxinxival.
- distocia** *s.f.* Parto difícil. // **D. fetal.** A debida a anormalidade do feto. / **D. materna.** Distocia causada por problemas físicos na nai. / **D. placentaria.** Retención ou expulsión difícil da placenta.
- distoclusión** *s.f.* 1. Oclusión distal. 2. Mala oclusión na que o arco mandibular se articula nunha posición distal á normal.
- distoma** *s.m.* Verme do xénero de trematodos: *Paragonimus*, *Fasciola*, *Schistosoma*, *Opisthorchis*, *Dicrocoelium*, etc. // **D. do fígado.** *Fasciola hepática* / **D. do sangue.** *Schistosoma Haematobium*.
- distomatose** *s.f.* 1. Distomia. 2. Distomíase, infección por vermes parasitos, calquera trematodo ou doela.
- distomia** *s.f.* Presencia de dúas bocas.
- distomíase** *s.f.* Estado morbo, producido por vermes do xénero *Distoma*. // **D. hemática.** Esquistosomíase. / **D. hepática.** Clonorquíase, infestación coa *Clonorchis sinensis*, *Fasciola hepática* ou *Dicrocoelium*. / **D. intes-**

- tinal.** Infestación coa especie *Fasciolopsis Buskii*. / **D. pulmonar.** Infestación dos pulmóns co trematodo *Paragonimus westernianii*. / **D. sanguínea.** Esquistosomíase.
- distonía** *s.f.* Estado de tonicidade anormal. // **D. muscular deformante.** Espasmo infantil de torsión progresiva, caracterizado por hipertonia muscular en acción e hipotonía en repouso.
- distopia** *s.f.* Mala posición dun órgano, ectopía, dislocación.
- distorsión** *s.f.* 1. Torcedura ou escordadura. 2. Mecanismo de defensa que axuda a reprimir ou disfraza-los pensamentos inaceptables. 3. Forma de aberración na que os obxectos, vistos a través dos bordos dunha lente, aparecen de forma ou tamaño diferente.
- distoversión** *s.f.* 1. Distocolocación, mala posición dun dente. 2. Distancia maior da normal dun dente á liña media.
- distracción** *s.f.* 1. Extensión dunha extremidade para separar superficies articulares ou os extremos dun óso fracturado. 2. Dificultade de fixa-la mente ou concentrarse.
- distractibilidade** *s.f.* Posibilidade de facer varia-lo curso dos pensamentos por influencias exteriores, que diminúe ou incluso desaparece nos estados de depresión ou inhibición.
- distribución** *s.f.* 1. Paso ou traxecto das ramas dunha arteria ou nervio polos territorios que irrigan ou innervan. 2. Área que irrigan ou innervan. 3. Número relativo de individuos en diferentes poboacións ou categorías.
- distripse** *s.f.* Alteración da dixestión intestinal ou pancreática debida á falta de tripsina.
- distriquia** *s.f.* 1. División dos cabelos ou pelos no seu extremo. 2. Nacemento de dous pelos dun só folículo. Tamén se di **distriquíase, distrix.**
- distriquíase** *s.f.* Distriquia.
- distrix** *s.f.* Distriquia.
- distrofia** *s.f.* 1. Trastorno da nutrición. 2. Escaso desenvolvemento dunha parte ou dun órgano.
- disulfiram** *s.m.* Disulfuro de tetraetilouram, antioxidante que interfere na degradación metabólica normal do alcohol impedindo a transformación do acetaldehído en ácido acético, quelante no envelenamento con cobre e níquel.
- disulfurase** *s.f.* Enzima que lisa a cistina.
- disuria** *s.f.* Dor ou dificultade na micción. // **D. espasmódica** ou **espásmica.** Disuria por espasmo do colo da vexiga. / **D. psíquica.** Micción difícil ou imposible en presenza doutras persoas.
- disvitaminose** *s.f.* Trastorno debido a unha mala regulación no aproveitamento vitamínico.
- disxenesia** *s.f.* 1. Alteración da facultade de procrear. 2. Desenvolvemento defectuoso. // **D. gonadal.** Anomalía do desenvolvemento gonadal que inclúe aplasia gonadal, síndrome de Turner, hermafroditismo e pseudohermafroditismo.
- disxenia** *s.f.* Disxenesia.
- disxenitalismo** *s.m.* Desenvolvemento defectuoso ou anómalo dos órganos xenitais internos ou externos ou calquera das súas consecuencias.
- disxeria** *s.f.* Vellez penosa, enfermiza.
- disxerminoma** *s.m.* Tumor sólido, ovárico ou testicular, derivado de epitelio xerminativo no que non se atopan ben diferenciadas as células de tipo masculino ou feminino.
- disxeusia** *s.f.* Perversión do sentido do gusto.
- disxunción** *s.f.* 1. División, separación, desprendemento de partes xeralmente contiguas. 2. Separación de pares de cromosomas na anafase da división celular // **D. da coordinación.** Fixación do ollo mentres o outro fai os seus movementos. / **D. epifisaria.** Desprendemento dunha epífise.
- diszoospermia** *s.f.* Trastorno na formación de espermatozoides.
- ditio** *s.m.* Designación do grupo químico -S₂-.
- diureido** *s.m.* Ureido derivado dunha dobre molécula de urea por substitución do H cun radical.
- diurese** *s.f.* Segregación de urina polo ril. // **D. acuosa** ou **hídrica.** Poliúria debida á inxesta aumentada de auga. / **D. osmótica.** A provocada pola presenza de substancias osmoticamente activas nos túbulos renais que limitan a reabsorción de auga (manitol, urea, sulfato de sodio).
- diurético-a** *adx.* 1. Que aumenta a segregación de urina. // *s.m.* 2. Axente ou medicamento que ten esta acción.
- diúria** *s.f.* Frecuencia urinaria durante o día.
- divalente** *adx.* Bivalente.
- divaricación** *s.f.* Separación, diverxencia. // **D. das pálpebras.** Ectropio.
- DIVAS** Siglas de ansiografía dixital.
- diverticular** *adx.* Relativo ou semellante a un divertículo.
- diverticulectomía** *s.f.* Extirpación ou corrección cirúrxica dun divertículo, do tubo dixestivo especialmente.
- diverticulipexia** *s.f.* Fixación do fondo dun divertículo esofáxico nunha posición que resulte imposible ó checho cos alimentos.
- diverticulite** *s.f.* Inflamación dun divertículo, especialmente colónico, estado inflamatorio das pequenas bolsas ou divertículos de Graser do colon.
- diverticulización** *s.f.* Formación de divertículos, bolsas, etc., durante o desenvolvemento.
- divertículo** *s.m.* Bolsa ou saco que se abre nun órgano tubular ou sacular, como no intestino ou na vexiga. // **D.**

de Graser. Pequenas bolsas múltiples do colon, especialmente no sigmoide, constituídas por divertículos falsos. / **D. de Meckel.** Apéndice sacular accidental da porción inferior do íleo, de 5 a 6 cm de lonxitude, de estrutura semellante á do intestino delgado, derivado da falta de obliteración do conducto vitelino, que pode determinar accidentes de estrangulación interna. / **D. de Rockitansky.** Divertículo por tracción do esófago. / **D. de Vater.** Papila duodenal. / **D. de Zenker.** Bolsa diverticular, por presión, no esófago, na súa unión coa larinxe. / **D. esofáxico.** Dilatación do esófago limitada a un punto da parede, terminada en fondo de saco, que comunica coa luz do tubo dixestivo por un orificio estreito. / **D. falso.** Divertículo intestinal debido á protrusión da membrana mucosa a través dunha esgazadura da capa muscular. / **D. por pulsión.** Divertículo esofáxico por protrusión da mucosa a través da capa muscular. / **D. por tracción.** Divertículo esofáxico consecutivo á tracción por adherencias da parede do esófago cun ganglio inflamado e supurado e o retraemento do tecido cicatricial. / **D. verdadeiro.** Divertículo formado por toda a parede do conducto intestinal. / **D. vesical.** Prolapso da mucosa a través da parede da vexiga urinaria.

diverticulose *s.f.* Presencia, en calquera tramo do intestino, de divertículos adquiridos na idade adulta por pulsión.

diverxencia *s.f.* 1. Separación, a medida que se afastan, de dúas ou máis liñas que parten dun mesmo punto. 2. En oftalmoloxía, non converxencia dos eixes visuais.

división *s.f.* 1. Separación en dúas ou máis partes. 2. Ramificación dun vaso ou nervio en dúas ou máis ramas. // **D. celular directa.** Amitose. / **D. celular indirecta.** Mitose.

divulsión *s.f.* 1. Separación dunha parte. 2. Dilatación violenta das paredes dunha cavidade.

divulsor *s.m.* Instrumento para practicala dilatación forzada, normalmente da uretra, ou dalgunha outra cavidade ou conducto.

dixénese *s.f.* Alternancia de xeracións, xeración alterante.

dixenético-a *adx.* Que posúe dúas etapas de multiplicación, unha sexual na forma madura, a segunda asexual en etapa larvaria, como en moitos parasitos.

dixestibilidade *s.f.* Calidade dunha substancia de ser dixerible ou dixestible.

dixestión *s.f.* 1. Acción e efecto de converte-los alimentos en substancias químicas que poden ser absorbidas e asimiladas. 2. Maceración dunha substancia á temperatura do corpo, operación farmacéutica. // **D. artificial.** A que se efectúa fóra do corpo. / **D. biliar.** Acción que exerce a bile sobre os alimentos. / **D. gástrica.** Acción que o estómago e o zume gástrico exercen sobre os alimentos. / **D. salival.** Conversión do amidón en maltosa pola acción da saliva. / **D. secundaria.** Preparación final dos alimentos para a asimilación.

dixestivo-a *adx. e s.m.* 1. Relativo á dixestión. 2. Que facilita a dixestión. 3. Que se empregaba para favorecer a supuración das feridas e chagas. 4. Pícnico, na clasificación de tipos de Sigaud.

dixestólogo -a *s.* Especialista nas afeccións do aparello dixestivo.

dixestor *s.m.* 1. Aparello para a disolución das substancias orgánicas e a extracción dos seus principios inmediatos. 2. Especie de autoclave para cocer rapidamente materias orgánicas. // **D. de Papin.** Vaso metálico cunha tapa hermética, provisto de válvula de seguridade, que se usa para someter substancias á acción da auga a unha temperatura superior ós 100° C.

dixitación *s.f.* 1. Prolongación semellante a un dedo, fascículo destacado de inserción no bordo de certos músculos, como por exemplo o serrato maior. 2. Amputación na que se deixa o toco fendido para formar un extremo con dúas gallas. // **D. do hipocampo.** Cada unha das catro ou cinco prolongacións irregulares localizadas no extremo inferior do pé do hipocampo.

dixitado-a *adx. e s.m.* Que ten varias prolongacións semellantes a dedos, dixitiforme.

dixital *s.f.* 1. Planta da familia das escrofulariáceas da que se empregan as súas follas secas en terapéutica, xa que produce aumento da forza de contracción cardíaca e diminución da frecuencia. Ten acción acumulativa e produce intoxicación. // *adx.* 2. Pertencente ou relativo a un dedo ou efectuado con el. 3. Semellante á pegada dun dedo. 4. Relativo a métodos numéricos ou a variables distintas.

dixitalina *s.f.* Alcaloide da dixital, de propiedades exactamente iguais ás da planta da que procede.

dixitalismo *s.m.* Intoxicación pola dixital ou polos seus glicósidos.

dixitalización *s.f.* Administración de dixital de xeito programado para producir e manter concentracións terapéuticas óptimas dos glicósidos cardiotónicos.

dixitiforme *adx.* Que garda semellanza cun dedo.

dixitopltar *adx.* Relativo ás dedas e á planta do pé.

dixitoxina *s.f.* Glicósido da dixital, o compoñente máis activo.

DL50 Dose letal 50%.

DNA Sigla do ácido desoxinucleótido.

Dnase Desoxirribonuclease.

dó *s.m.* 1. Dor, afección ou sentimento. 2. En psicanálise situación de elaboración psíquica pola que o suxeito supera os efectos resultantes da perda dun obxecto ó que estaba ligado por cargas libidinais, como por exemplo a perda dun ser querido.

doador -a *adx. e s.* Que fai doazón, que subministra sangue ou un órgano ou parte do mesmo para transplante. // **D. universal.** Doador que ten unhas células sanguíneas

que non son aglutinadas polo soro sanguíneo de ningún dos demais grupos.

dobre *adx. e s.* Constituído por dous fenómenos, obxectos ou cousas en xeral. // **D. ton de Traube.** Na insuficiencia da válvula aórtica, ó comprimir co estetoscopio a arteria femoral na lingua percíbese, despois do ton arterial normal, un segundo ton cos mesmos caracteres. / **Manobra d.** Técnica obstétrica na versión podálica, que consiste en tirar dos pés mentres se rexeita a parte que se presenta.

DOCA Acetato de desoxicorticosterona.

docimasia *s.f.* Ensaio ou exame, proba oficial. // **D. auricular.** Signo de Wreden de respiración do neonato, deducido do exame do oído do mesmo, o que, en caso afirmativo, contén aire. / **D. hepática.** Investigación do glicóxeno e da glicosa no fígado dun cadáver, xa que a presenza ou ausencia destas substancias indica que o suxeito faleceu en plena saúde ou despois de longa agonía, respectivamente. / **D. pneumohepática.** Relación entre o peso dos pulmóns dun neonato morto e o do fígado, que é 1:1 antes da respiración e 1:3 despois. / **D. pulmonar.** Determinación da existencia de aire nos pulmóns dun neonato morto, para decidir se ten respirado e, polo tanto, vivido fóra do seo materno. Esta determinación pode ser hidrostática e óptica.

docimasioloxía *s.f.* Ciencia da investigación ou exame, conxunto de regras que deben observarse nun exame médico, cirúrxico ou de laboratorio.

dodecadactilite *s.f.* Inflamación do duodeno.

dodecadactilon *s.m.* Duodeno.

doela *s.f.* Distoma.

doenza *s.f.* Achaque, enfermidade mental ou corporal, de carácter crónico e invalidante.

dogmatista *adx. e s.* Que é partidario do dogmatismo, médico que se rexe por principios xerais ou dogmas.

dol *s.m.* Unidade de sensibilidade á dor que equivale aproximadamente á décima parte do limiar.

dolantina *s.f.* Clorhidrato de meperidina, que ten acción analxésica.

dolico- Forma prefixa do grego que significa longo.

dolicocefalia *s.f.* Deformación do cranio debida a unha fusión primaria da sutura saxital, cun aumento do diámetro anteroposterior, e índice cefálico entre 65 e 75.

dolicocefálico-a *adx.* Que presenta dolicocefalia. Tamén se di **dolicocefalo**.

dolicocefalo-a *adx.* Dolicocefálico.

dolicoenemia *s.f.* Perna longa en relación coa coxa.

dolicocon *s.m.* Colon anormalmente longo, megacolon.

dolicocono-a *adx.* Que ten o pescozo anormalmente longo.

dolicocondueno *s.m.* Duodeno anormalmente longo.

dolicoentería *s.f.* Lonxitude anormalmente maior do intestino nos nenos raquíuticos con dispepsia atónica.

dolicoeuromesocefalia *s.f.* Dolicocefalia con anchura marcada na rexión temporal.

dolicoeuropisocefalia *s.f.* Dolicocefalia con anchura marcada na rexión occipital.

dolicoeuroprocefalia *s.f.* Dolicocefalia con anchura marcada na rexión frontal.

dolico gastría *s.f.* Estómago longo.

dolicomegalia *s.f.* Lonxitude e dilatación anormal dunha estrutura anatómica.

dolicoprosopia *s.f.* Cara anormalmente longa.

dolicorrinia *s.f.* Nariz anormalmente longo.

dolicosigmoide *s.m.* Lonxitude anormal da asa sigmoide do colon.

dolicostenomelia *s.f.* Deformidade conxénita dos membros, caracterizada pola excesiva lonxitude e adelgazamento dos mesmos. Tamén se di **aracnodactilia, síndrome de Marfan**.

dolicouréter *s.m.* Uréter anormalmente longo, no que a súa luz ten un diámetro maior có normal.

dolorido-a *adx.* Que padece ou sente dor, especialmente as rexións ou partes dolorosas.

dolorífico-a *adx.* Que produce dor.

dominancia *s.f.* Calidade ou condición de dominante, nun descendente híbrido, dun ou dos dous caracteres antagónicos dos proxenitores. // **D. cerebral.** Predominio da función dun hemisferio cerebral sobre o outro. / **D. ocular.** Predominio dun ollo sobre o outro.

dominante *adx.* 1. Que rexe ou controla. 2. En xenética, do xene que enmascara a acción do seu aleomorfo (o recesivo) cando ámbolos dous están presentes na forma heterocigótica. Fálase de efecto dominante cando a información xenética dun só alelo é suficiente para producir unha manifestación xenotípica. 3. Do carácter herdado dun proxenitor, que se desenvolve con exclusión do carácter contrario doutro proxenitor.

dopa Sigla da hidroxifenilalanina. // **D. oxidase.** Enzima cutáneo que oxida a hidroxifenilalanina, producindo melanina, dopase.

dopamina *s.f.* Catecolamina fisiolóxica intermediaria do metabolismo da tiroxina precursora na síntese de noradrenalina e adrenalina, presente no sistema nervioso central como transmisora nos núcleos do sistema extrapiramidais, no hipotálamo e no sistema límbico.

dor *s.f.* 1. Sensación penosa ou desagradable experimentada por un órgano ou parte e transmitida ó cerebro polos nervios sensitivos. // *s.f.pl.* 2. En obstetricia, contraccións uterinas no parto. // **D. central.** Dor debida a unha lesión no sistema nervioso central. / **D. ciática.** Ciática. / **D. cólica.** Cólico. / **D. concuasante.** Dor expulsiva intensísima cando a cabeza fetal chega á vulva. / **D. de**

Brodie. Dor producida ó belisca-la pel preto das articulacións afectas de neuralxia. / **D. de costado.** Dor na pneumonía e a pleuresía. / **D. de fame.** Dor do estómago baleiro, característica da úlcera gástrica ou duodenal. / **D. dilatante.** Dor no primeiro período do parto pola dilatación do colo uterino. / **D. do crecemento.** Dor de carácter reumático nos rapaces. / **D. en cinto.** Sensación dolorosa como unha corda que aperta a cintura. / **D. errante** ou **errática.** Dor que varía de localización. / **D. expulsiva.** Sensación dolorosa que acompaña as contraccións uterinas no período de expulsión. / **D. irradiada.** Dor producida por irritación dunha raíz ou tronco nervioso. / **D. pantasma.** Dor sentida nunha parte que foi amputada. / **D. pulsátil.** Latexo doloroso que se experimenta nas partes inflamadas, rítmico coa pulsación das arterias. / **D. referida.** Dor visceral ou musculoponeurótica percibida nunha zona cutánea distante. / **D. reflexa.** Dor nun punto distinto do punto onde asenta a lesión. / **D. terebrante.** Dor intensa, que o enfermo percibe como se fose producida pola acción dunha barrena. / **D. trofoprodromica.** Dor por isquemia arterial que precede os trastornos tróficos e a gangrena. / **D. urente.** Dor con sensación de calor ou queimadura.

dorafobia *s.f.* Temor patolóxico á pel ou ó pelo dos animais.

dornase *s.f.* Desoxirribonuclease. // **D. pancreática.** Producto estabilizado do encima desoxirribonuclease, preparado por precipitación fraccionada de extractos acuosos ácidos de páncreas de boi que actúa como fluidificador de exsudados e segregacións.

doromanía *s.f.* Costume patolóxico de facer regalos.

dorsal *adx.* 1. Relativo ó dorso ou costas, oposto a ventral, palmar ou plantar. // *s.m.* 2. Músculo ou arteria.

dorsalización *s.f.* Anomalía do desenvolvemento pola que unha vértebra da rexión cervical adquire os caracteres do metámero dorsal, coa transformación da apófise transversa da vértebra CVII nunha costela máis ou menos desenvolvida, costela cervical, fenómeno análogo á occipitalización do atlas e á sacralización da vértebra LV.

dorsalxia *s.f.* Dor nas costas.

dorsartria *s.f.* Espondiloartrite dorsal.

dorsicomisura *s.f.* Comisura gris da medula.

dorsiductor -a *adx.* Que atrae cara ás costas ou ó dorso.

dorsiflexión *s.f.* Flexión cara ó dorso.

dorso *s.m.* 1. Porción posterior do corpo humano, desde a última costela cervical ata a última lumbar, lombo, costas. 2. Superficie posterior ou superior de calquera parte do corpo: dorso do pé, da man, do pene, etc. // **D. do nariz.** Porción anterior arredondada do nariz, entre a raíz e o lobo. / **D. en garfo.** Deformidade do pulso característica das fracturas do extremo inferior do radio.

dorsoacromial *adx.* 1. Relativo ó dorso e á apófise acromial. // *s.m.* 2. Músculo trapecio.

dorsoanterior *adx.* Que ten o dorso dirixido cara a diante.

dorsocervical *adx.* Relativo ás costas e á rexión posterior do colo ou á porción cervical da columna vertebral.

dorsocostal *adx.* 1. Relativo ó dorso e ás costelas. // *s.m.* 2. Músculo serrato.

dorsodinia *s.f.* Dor nas costas, dorsalxia.

dorsolateral *adx.* Que ten o dorso dirixido cara a un lado.

dorsolumbar *adx.* Relativo ás costas e á porción lumbar da columna vertebral.

dorsomedial *adx.* Relativo á liña media das costas.

dorsonasal *adx.* Relativo ó dorso ou ponte do nariz.

dorsoposterior *adx.* Que ten o dorso dirixido cara atrás.

dorsoscapular *adx.* 1. Relativo á cara posterior da escápula. // *s.m.* 2. Músculo romboide.

dorsotraqueliano *adx.* Relativo ó dorso e ás apófises transversas das vertebra cervicais.

dorsoventral *adx.* Relativo ó dorso e ó ventre ou dirixido do dorso ó ventre.

dosaxe *s.f.* Dosificación.

dose *s.f.* Cantidade dunha droga ou fármaco que debe tomarse ou aplicarse dunha vez ou en cantidades fraccionadas durante un tempo determinado. // **D. absorbida.** Enerxía absorbida por unidade de masa. / **D. amitóica.** Dose de raios X necesaria para dete-la mitose. / **D. carcinoma.** Cantidade de raios X necesaria para a curación do carcinoma. / **D. curativa.** Dose dun fármaco que produce a curación. / **D. de recordo.** Dose que se administra dunha vacina despois de certo período de tempo da primeira, co fin de mante-lo estado inmune. / **D. de sostemento.** Cantidade suficiente dunha droga para mante-lo enfermo baixo os seus efectos despois da dose inicial. / **D. diaria.** Suma das doses que deben administrarse en 24 horas. / **D. eficaz.** Mínima cantidade de medicamento que posúe acción terapéutica. / **D. epilante, eritema.** Unidades de radiación que producen, respectivamente, depilación transitoria ou eritema. / **D. fraccionada.** Dose menor da ordinaria e administrada a intervalos máis curtos. / **D. letal.** Dose mínima mortal. / **D. letal 50%.** Dose dunha toxina, de calquera substancia tóxica ou dunha suspensión bacteriana que nun tempo determinado mata aproximadamente o 50% dos animais dun grupo incluído nun ensaio e sometido a condicións prefixadas empregada para valora-la toxicidade ou virulencia de diversos preparados e como control de doses de organismos patóxenos nos ensaios de vacinas. / **D. máxima.** A cantidade maior de medicamento que pode administrarse sen provocar accidentes tóxicos. / **D. mínima.** A menor cantidade de medicamento capaz de producir efectos fisiolóxicos. / **D. oligodinámica.** Cantidade mínima de metais puros en solución en auga destilada que obra sobre organismos unicelulares. / **D. óptima.** A que produce os efectos desexados sen ningún efecto

desfavorable. / **D. reaccionante, sensibilizante.** Segunda e primeira dose, respectivamente, dunha proteína ou antígeno na anafilaxe. / **D. tolerable.** Cantidade máxima de radiacións ionizantes que poden recibirse sen lesións perceptibles. / **D. tóxica.** A que produce accidentes tóxicos. / **D. única nominal.** Dose que produce unha reacción clínica similar á dunha dose fraccionada determinada de radiación. Exprésase en rets.

dosificación *s.f.* Determinación e regulación das doses. Tamén se di **dosaxe**.

dosimetría *s.f.* 1. Determinación exacta e sistemática das doses. 2. Medición das doses de raios X. 3. Sistema terapéutico de Burggrave, que consiste na administración dos alcaloides en forma de gránulos de potencia definida.

dosímetro *s.m.* Instrumento empregado para a medición dos raios X, cuantímetro.

doudenoxexunostomía *s.f.* Anastomose cirúrxica entre o duodeno e o xexuno.

doutor -a *s.* 1. Persoa que recibiu o último grao académico que confire unha universidade ou outro establecemento autorizado. 2. Médico aínda que non teña o grao académico de doutor.

doxepina *s.f.* Antidepressivo tricíclico.

doxiciclina *s.f.* Tetraciclina.

doxomanía *s.f.* Manía de gloria, ambición excesiva.

doxógeno-a *adx.* Producido por concepción ou representación mental.

DPN Sigla de difosfopiridín nucleótido.

dracma *s.f.* No sistema farmacéutico, oitava parte dunha onza, 3 escrúpulos ou 72 grans, equivalente a 3,594 g.

dramatismo *s.m.* Actitudes dramáticas e linguaxe pomposa nos alienados.

drapetomanía *s.f.* Desexo compulsivo de fuxir do fogar, dromomanía.

drástico-a *adx.* 1. Que actúa con eficacia e forza. // *s.m.pl.* 2. Purgante de acción enérxica, como a xalapa, a colquintida, o espiño cerval, a escamonea, diversos sales metálicos, etc.

dren *s.m.* Tubo, dispositivo ou material para practicala drenaxe cirúrxica que orixinariamente consistía nun tubo de goma con orificios laterais.

drenaxe *s.f.* 1. Procedemento cirúrxico para extraer de forma continua líquidos e derramos dunha ferida, absceso ou cavidade. // **D. aspirativa.** A que se produce ó face-lo baleiro no espazo residual ou cavidade que se debe drenar. / **D. de Penrose.** A constituída por un tubo de goma fina, aplanado e con luz virtual, no que se introduce unha gasa enrolada que sobresa polos extremos. / **D. de Redon.** Método de drenaxe aspirativa continua, mediante tubos de polietileno conectados a un depósito no que se ten efectuado o baleiro previo. / **D. definitiva.** A que se abandona indefinidamente cando non se ten

logrado restablece-la solución de continuidade dun sistema tubular orgánico, por exemplo nas reconstrucións de perdas de substancia do colédoco ou do uréter. / **D. postural.** Tratamento das bronquiectases e dos abscesos pulmonares ó facer que o enfermo se deite na cama coa cabeza máis baixa có resto do corpo, co fin de favorecer-lo baleirado das cavidades.

drepaniforme *adx.* Falciforme.

drepanocitemia *s.f.* Anemia drepanocítica.

drepanocito *s.m.* Glóbulo vermello falciforme, característico da drepanocitemia. Tamén se di **eritrocito falciforme**.

drepanocitose *s.f.* Anemia drepanocítica.

droga *s.f.* 1. Primeira materia dos medicamentos oficinais ou maxistrais, medicamento sinxelo. 2. Axente terapéutico en xeral. 3. Calquera substancia, deprimente ou estimulante, que pode crear costume ou adicción.

drogadicto-a *adx. e s.* Toxicómano.

dromomanía *s.f.* Impulso incontrolable de vagar ou viaxar, poriomanía, drapetomanía.

dromoterapia *s.f.* Emprego terapéutico da marcha.

dromotrópico-a *adx.* Relativo á conductividade dunha fibra muscular ou nerviosa, especialmente a acción que modifica a conductividade das fibras do miocardio para os estímulos mecánicos. Tamén se di **dromotropo**.

dromotropismo *s.m.* Influencia na conductividade dunha fibra muscular ou nerviosa, pode ser negativo ou positivo, segundo diminúa ou aumente a conductividade.

dromotropeo-a *adx.* Dromotrópico.

dropacismo *s.m.* Arrincamento dos pelos por medio dun emplasto.

droperidol *s.m.* Deshidrobenzoperidol.

drusa *s.f.* 1. Roseta de granulacións amarelas observada nas lesións actinomicóticas. 2. Conxunto arredondado de cristais incompletos, xeralmente de oxalato cálcico, dispostos ó redor dun núcleo común.

dualismo *s.m.* Teoría ou doutrina que admite a coexistencia, antagonismo ou independencia dos principios, orixes ou fenómenos, como por exemplo a doutrina de que o ser humano está composto de corpo e alma, a teoría de que os fenómenos físicos e psíquicos son fundamentalmente independentes e de diversa natureza, etc. En medicina son varias as teorías dualistas: a de Ehrlich sobre a diferente orixe dos leucocitos provistos de granulacións e os privados delas, a da distinta orixe das células linfáticas e as células mieloides, etc.

ducha *s.f.* Proxección dun chorro ou chorros de auga, aire, vapor ou gas sobre o corpo ou unha parte ou cavidade do mesmo. // **D. ascendente.** Inxección no recto ou na vaxina de auga estando o suxeito sentado. / **D. de aire.** Corrente de aire dirixida a unha cavidade, especialmente ó conducto auditivo e ó tímpano para desobstruí-la

trompa de Eustaquio. / **D. ocular.** Ducha fría sobre o ollo nas conxuntivites purulentas por medio dun sifón somerido nun recipiente de auga situado a certa altura. / **D. uterina.** A dirixida cara ó colo uterino, especialmente para esperta-las contraccións do útero.

ductus *s.m.* (lat.) Conducto.

dumping *s.m.* Voz inglesa que significa baleirado rápido.

duodenal *adx.* Relativo ou pertencente ó duodeno.

duodenectase *s.f.* Dilatación crónica do duodeno.

duodenectomía *s.f.* Escisión total ou parcial do duodeno.

duodenite *s.f.* Inflamación do duodeno.

duodeno *s.m.* Primeira porción do intestino delgado, que rodea a cabeza do páncreas e recibe os conductos colédoco e pancreático.

duodenocistostomía *s.f.* Formación dunha abertura ou comunicación entre o duodeno e a vexiga biliar.

duodenocolanxióite *s.f.* Inflamación do duodeno e o conducto biliar común ou colédoco.

duodenocolecistotomía *s.f.* Duodenocistostomía.

duodenoenterostomía *s.f.* Creación artificial dun paso desde o duodeno a outra porción do intestino delgado.

duodenogastrectomía *s.f.* Gastroduodenectomía.

duodenografía *s.f.* Radiografía do duodeno. // **D. hipotónica.** Estudio duodenal con contraste baritado, eliminando previamente o peristaltismo do duodeno.

duodenoileostomía *s.f.* Anastomose cirúrxica do duodeno e unha porción do íleo.

duodenopilorectomía *s.f.* Resección parcial ou completa do duodeno e do píloro.

duodenoscopia *s.f.* Exame endoscópico do duodeno.

duodenostomía *s.f.* Formación cirúrxica dun orificio permanente no duodeno.

duodenotomía *s.f.* Incisión do duodeno.

duoparental *adx.* Derivado de dous pais ou dous elementos sexuais.

duplicación *s.f.* Acción ou efecto de duplicar ou duplicarse. // **D. cromosómica.** Repetición dun fragmento cromosómico.

duplicidade *s.f.* 1. Calidade de dobre. 2. Monstruosidade dobre, diploxénese. // **D. anterior.** Duplicidade da porción cefálica. / **D. posterior.** Duplicidade da rexión pélvica. / **D. simétrica** ou **asimétrica.** Monstro dobre no que, respectivamente, os xemelgos están igualmente desenvolvidos ou un deles é autósite e o outro parasito.

dura *s.f.* Duramáter.

dural *adx.* Relativo ou pertencente á duramáter.

duraluminio *s.m.* Aliaxe de aluminio, cobre e magnesio para aplicacións ortopédicas.

duramáter *s.f.* A máis externa, grosa e fibrosa das tres meninxes que rodean o encéfalo e a medula espiñal. Tamén se di **dura** e **paquimeninx**.

duraplastia *s.f.* Operación plástica na duramáter.

durematoma *s.m.* Hematoma da duramáter.

dureza *s.f.* 1. Calidade de duro. 2. Calosidade. 3. Poder penetrante dos raios X, dependente da súa lonxitude de onda: a menor lonxitude, maior poder penetrante. 4. Presencia na auga de sales solubles de cal e magnesio. // **D. de oído.** Debilitación da sensibilidade do sentido do oído.

durite *s.f.* Inflamación da duramáter, paquimeninxite.

durmancia *s.f.* En bacterioloxía, estado de inactividade dun organismo durante un tempo antes de comeza-lo seu desenvolvemento, sono, letarxia.

durmideira *s.f.* Planta papaverácea da que se extrae o opio.

duro -a *adx.* Firme, resistente, que non é brando, especialmente unha clase de pulso, o chancro sifilítico e as radiacións penetrantes dos raios X.

duroaracnite *s.f.* Inflamación da duramáter e a aracnoide.

E

E Símbolo de electrón, emetropía e forza electromotriz.

Eales, enfermidade de V. **enfermidade**.

Eaton, axente de *Mycoplasma Pneumoniae*. V. **Mycoplasma**.

Eberth, bacilo de Bacteria do xénero *Salmonella*.

Eberthella Xénero de microorganismos no que antigamente se incluían as bacterias do actual xénero *Salmonella*.

eberthemia *s.f.* Presencia no sangue do bacilo de Eberth. Tamén se di **tifemia**.

eberthiano -a *adx.* Relativo ó bacilo de Eberth ou que está producido por el.

Ebner, glándulas de V. **glándulas**.

ebriación *s.f.* Alteración mental causada polo excesivo consumo de alcohol.

Ebstein, enfermidade ou **cardiopatía de** V. **enfermidade**.

ebulición *s.f.* 1. Fenómeno físico que acompaña o paso de estado líquido a estado de vapor, cando este paso ocorre non só na superficie do líquido, senón tamén no seu interior, o que produce a formación de burbullas de vapor no seu seo. 2. Estado dun líquido que ferve.

eburnación *s.f.* 1. Condensación excesiva dun óso, con formación dunha materia semellante ó marfil. 2. Calcificación das cartilaxes articulares. 3. Depósito nun tumor de fosfatos e carbonatos de cal, provocando o seu endurecemento, de xeito que adquira consistencia ósea.

ecbólico -a *adx.* 1. Que acelera ou provoca as contraccións do útero ou mesmo o parto. // *s.m.* 2. O propio axente que posúe esta acción.

eccema *s.m.* Dermatite papulovesicular con próido que aparece como un cadro reactivo fronte a múltiples axentes endóxenos ou esóxenos. Pódese presentar cunha gran variedade de lesións, sendo as máis características o eritema, o edema, a esponxiose, o infiltrado inflamatorio na derme, a formación de vesículas e posterior escamación na fase aguda, e a liquenificación da pel, con rozaduras por rascado e hiper ou hipopigmentación das zonas

de lesión. // **E. agudo** Forma de eccema causada por un alérxeno, con vesículas e eritema con próido. / **E. atópico** Dermatite atópica. / **E. constitucional** Dermatite atópica. / **E. cotroso** Eccema caracterizado pola formación de cotras que teñen cor amarela. / **E. da ama de casa** Eccema localizado nas mans causado por unha excesiva e longa exposición a deterxentes ou xabóns. / **E. da nenez** Dermatite atópica. / **E. de contacto** Dermatite de contacto. / **E. de tensión** Neurodermatite. / **E. de Wilson** Eccema queratósico ou córneo localizado nas palmas das mans. / **E. de Willan** Eccema agudo. / **E. do lactante** Eccema que aparece cara ós dous meses de idade comezando como unha erupción eritematosa nas meixelas, podéndose estender con posterioridade por todo o corpo. / **E. eritematoso** O que se caracteriza por un curso leve e predominio de zonas de eritema. / **E. folicular** O que se orixina arredor dun folículo piloso. / **E. hipertrófico** Variedade de lique hipertrófico caracterizada polo engrosamento das papilas da pel. / **E. húmido** Eccema vesiculoso con superficie zumegante. / **E. impetixinizado** Eccema con infección microbiana engadida e caracterizado pola formación de cotras melicéricas. / **E. infantil** Dermatite atópica. / **E. intertrix** O que se localiza en zonas de rozamento de dúas superficies cutáneas, como nas pregaduras da pel. / **E. liquenoide** Eccema con engrosamento da pel e presenza de pápulas de lique. / **E. marxinado** Doenza causada por unha infección micótica caracterizada por presentar manchas de cor vermella e bordos eccematosos, que se localizan principalmente nas coxas e os sobrazos. / **E. microbiano** Eccema causado pola sensibilidade a diversas substancias de orixe bacteriana, vírica ou micótica, que se localiza esencialmente nas coxas e os sobrazos. / **E. neurítico** O que se atopa limitado ás áreas innervadas por nervios cutáneos. / **E. numular** O que está constituído por manchas vesiculosas ou eritematosas de pequeno tamaño e con próido, ou folículos saíntes con forma de moedas cotrosas. / **E. papuloso** Eccema con próido intenso e predominio de pequenas lesións papulosas de consistencia dura e cor vermella. / **E. pustuloso** Variedade de eccema con lesións pustulosas causadas por unha infección bacteriana. / **E. queratósico** Queratose palmar simétrica sobre lesións de tipo eccematoso. / **E. seborreico** V. **seborrea**.

/ **E. seco** Ecceema que cursa sen formación de vexigas. / **E. simple** Ecceema vesiculoso. / **E. solar** Lique trópico. / **E. varicoso** Anxioderme purpúrica e pigmentada. / **E. vesiculoso** Ecceema no que as lesións predominantes son vesículas de pequeno tamaño. / **E. xerótico** O que está causado pola deshidratación da pel; cursa con descamación, arroubamento e gretamento fino. Tamén se di **xerose, proído invernal**.

eccemátide *s.f.* Dermatose eritematoescamosa semellante ó ecceema.

eccematización *s.f.* Transformación dunha lesión da pel en ecceema, sendo frecuentemente unha complicación dun tratamento local inadecuado.

eccematoide *adx.* Das lesións cutáneas semellantes ó ecceema.

eccematose *s.f.* Doenza crónica constitucional que cursa con lesións ecematosas persistentes.

eccemóxeno -a *adx.* 1. Que pode producir lesións de tipo ecematoso // *s.m.* 2. O propio axente que teña un efecto ecemóxeno.

eccentrocondrodisplasia *s.f.* Doenza de orixe familiar caracterizada por presenta-los ósos varios centros de osificación en lugar dun só. Como consecuencia produce ananismo e deformidades corporais. Tamén se di **eccentroosteocondrodisplasia**.

eccentroosteocondrodisplasia *s.f.* V. **eccentrocondrodisplasia**.

ecciese *s.f.* Embarazo extrauterino.

ecdemomanía *s.f.* Desexo morboso de abandona-la patria ou o fogar. Tamén se di **drapetomanía, dromomanía**.

ecfima *s.m.* Excrecencia ou protuberancia.

ecfisia *s.f.* Saída ruidosa dos gases acumulados nunha cavidade.

ecflise *s.f.* Erupción cutánea de carácter vesicular.

ECG Abreviatura usual de *electrocardiograma*. En ocasións utilízase EKG.

Echinacea Xénero de plantas da familia das compostas. A especie *Echinacea angustifolia* posúe propiedades tónicas e afrodisíacas.

Echinococcus Xénero de vermes cestodos. A especie *Echinococcus granulosus* é a productora dos quistes hidatídicos. V. **equinococo**.

Echinostoma Xénero de vermes trematodos parasitos intestinais do home e os animais.

ECHO *s.m.* Sigla correspondente a *Enteric Citopatic Human Orphan*, virus da familia dos *Picornaviridae*, xénero *Enterovirus*, axente responsable dalgunhas variedades da meninxite, procesos febrís, arrefriado común, etc.

Eck, fístula de V. **fístula**.

Ecker, cisura de V. **cisura**.

Ecklin, enfermidade de V. **enfermidade**.

eclabio *s.m.* Eversión anómala dun dos labios.

eclampsia *s.f.* Convulsión tónico-clónica seguida en xeral de perda da conciencia, que pode ter diversas causas e na actualidade utilízase como sinónimo de *eclampsia gravídica*. // **E. gravídica** Forma de eclampsia que se produce en embarazadas cun cadro de toxemia gravídica. Cursa con hipertensión arterial, edema, albuminuria, convulsións e coma.

eclecticismo *s.m.* Actitude ou corrente filosófica que pretende a elaboración dunha doutrina propia collendo de cada teoría, sistema, método, etc., aquilo que considera mellor ou máis valioso.

ecléctico -a *adx.* 1. Relativo ó eclecticismo. 2. Do individuo ou escola partidaria do eclecticismo.

eclegma *s.m.* Preparación farmacéutica medicinal consistente nunha pasta formada por unha droga en po, mesturada cun xarope ou con mel. Tamén se di **electuario**.

eclesiofobia *s.f.* Temor morboso ás igrexas.

eclimia *s.f.* V. **bulimia**.

eclipsia *s.f.* Esvaecemento súpeto e transitorio.

eclosión *s.f.* Aparición ou manifestación repentina dun fenómeno // **E. ovárica** Parte da ovulación na que se produce a apertura do ovario e expulsión do óvulo cara ás trompas de Falopio. / **E. sexual** Aparición dos caracteres sexuais secundarios durante a puberdade.

ecmetropía *s.f.* V. **ametropía**.

eco- Prefixo do gr. *echo* (eco, resonancia), utilizado na formación de palabras que teñen que ver con estes termos.

eco- Prefixo do gr. *oiko* (casa), utilizado na formación de palabras referidas ó fogar, como por exemplo ecofobia.

eco *s.m.* Repetición dun son ó ser reflectido por unha superficie grande e dura. // **E. anfórico** Voz anfórica que segue á voz oral despois dun intervalo de tempo. / **E. do pensamento** Variedade de alucinación auditiva caracterizada pola percepción verbal repetida dos pensamentos do doente. / **E. metálico** Son particular de carácter metálico que se percibe nalgunhas ocasións asociado ós ruídos cardíacos no pneumotórax e no pneumopericardio, ou ben producido pola tose nos casos de hidropneumotórax.

ecoausia *s.f.* Audición subxectiva de ecos despois de sons normais.

ecocardiograma *s.m.* Representación gráfica das estruturas e dos fenómenos dinámicos cardíacos obtida mediante un aparello emisor de ondas de ultrasóns.

ecocinese *s.f.* Emulación involuntaria e impulsiva da mímica doutros individuos. Tamén se di **ecomimia, ecomotismo, ecopraxia**.

ecoencefalografía *s.f.* Estudio das estruturas intracraniais por medio de aparellos emisores de ondas de ultrasóns.

ecofobia *s.f.* Temor morboso ó fogar doméstico. Tamén se di **oicofobia**.

ecofonía *s.f.* Fenómeno caracterizado pola audición dun son semellante ó dun eco que se percibe despois dun son vocal normal na auscultación torácica.

ecofotonía *s.f.* Fenómeno caracterizado pola percepción de visión coloreada asociada ós sons.

ecofrasia *s.f.* V. **ecolalia**.

ecografía *s.f.* 1. Técnica exploratoria baseada na obtención de imaxes gráficas formadas pola recepción de ecos de ultrasóns. Tamén se di **sonografía**. 2. Variedade de afasia que se caracteriza pola posibilidade de copiar textos escritos e a imposibilidade de expresa-las propias ideas mediante a escritura.

ecoide *s.m.* Estroma incoloro dunha hemacia. Tamén se di **corpúsculo sombra**.

ecolalia *s.f.* Repetición automática de palabras ou sílabas escoitadas a un interlocutor que aparece nalgunhas alteracións mentais.

ecoloxía *s.f.* Parte da bioloxía que estudia as especies na natureza e as súas relacións co medio ambiente.

ecomanía *s.f.* Infelicidade e mal humor anómalos en relación coa propia familia.

ecomatismo *s.m.* Alteración mental caracterizada pola presenza de ecocinese e ecolalia.

ecomimia *s.f.* V. **ecocinese**.

ecomotismo *s.m.* V. **ecocinese**.

econdroma *s.m.* Tumor do tecido cartilaxinoso. Tamén se di **econdrose**. // **E. fisaliforme** V. **cordoma**.

econdrose *s.f.* V. **econdroma**.

economía *s.f.* Sistema de regras e principios que regulan o funcionamento dunha cousa. // **E. animal** Conxunto de tódalas funcións fisiolóxicas dos seres vivos.

ecoparasito *s.m.* Variedade de parasito que non produce dano no hóspede.

ecopraxia *s.f.* V. **ecocinese**.

ecosito *s.m.* V. **ecoparasito**.

ecpiese *s.f.* Doenza pustulosa da pel.

ecrinoloxía *s.f.* Parte da fisioloxía que estudia os fenómenos de excreción e secreción.

ecrise *s.f.* Segregación de materiais excrementicios.

ectasia *s.f.* Alteración caracterizada pola dilatación, inchazón ou extensión dunha parte do organismo ou dun órgano.

-ectasia Sufixo do gr. *-ectasia*, (dilatación).

ectásico -a *adx.* Relativo ou pertencente á ectasia.

ectilótico -a *adx.* 1. V. **depilatorio**. // *s.m.* 2. Axente utilizado para destruí-los calos e as verrugas.

ectima *s.f.* Úlcera cutánea, normalmente dun tamaño menor ós 2 cm, que posúe unha cotra localizada no leito da lesión. Atópase xeralmente nas extremidades, sobre pequenos traumas ou asociada á piodermite ampolosa. Está producida por bacterias pioxénicas (estreptococos e estafilococos), existindo a posibilidade dunha autoinoculación ó raña-la pel coas unllas.

ectimatiforme *adx.* Das lesións semellantes á ectima.

ectimóxeno -a *adx.* Que provoca lesións semellantes ás da ectima.

ectipia *s.f.* Desviación do tipo normal.

ectireose *s.f.* Falla da función ou ausencia da glándula tiroide.

ectiris *s.m.* Capa externa do iris. Tamén se di **membrana de Zinn**.

ecto- Prefixo do gr. *ektós* (fóra).

ectoantíxeno *s.m.* Antíxeno procedente do ectoplasma dunha bacteria ou da súa superficie.

ectoblasto *s.m.* 1. V. **ectoderma**. 2. Membrana celular.

ectocardia *s.f.* Desprazamento do corazón desde a súa posición normal.

ectocolostomía *s.f.* Construcción, mediante cirurxía, dunha abertura no colon a través da parede abdominal.

ectocórnea *s.f.* Capa externa da córnea.

ectocoroide *s.f.* Parte máis externa da coroide.

ectoderma *s.m.* Folla externa ou superficial do disco embrionario ou blastoderma da que derivan a epiderme, os órganos dos sentidos e o sistema nervioso. Tamén se di **ectoblasto**, **exoderma**.

ectodermose *s.f.* Lise ou disolución do ectoplasma.

ectómero *s.m.* Blastómero que contribúe á conformación do ectoderma.

ectomesoderma *s.m.* Capa celular derivada do ectoderma e non diferenciada aínda do mesoderma.

-ectomía Forma sufixa do gr. *ektomé* (corte ou sección), utilizada na formación de palabras que se refiren a estes termos.

ectomía *s.f.* V. **escisión**.

ectonuclear *adx.* Que está situado ou que acontece fóra do núcleo celular.

ectópago *s.m.* Monstro fetal dobre no que as partes se encontran unidas pola zona lateral do tórax e polo abdome.

ectoparasito *s.m.* Parasito que vive na superficie do corpo do hóspede.

ectopaxia *s.f.* Monstruosidade fetal dobre na que as partes están unidas pola zona lateral do abdome e polo tórax.

ectoperitoneal *adx.* Relativo ou pertencente á superficie externa do peritoneo.

ectoperitonite *s.f.* Inflamación da superficie externa do peritoneo.

ectopía *s.f.* Anormalidade, principalmente de orixe conxénita, na situación ou posición natural dun órgano.

ectopismo *s.m.* V. **anotropismo**.

ectoplacenta *s.f.* 1. Endotelio pertencente ás lagoas placentarias. 2. Zona do ectoderma na que o ovo se une á mucosa do útero.

ectoplasma *s.m.* Capa externa do citoplasma, principalmente nos organismos unicelulares. Tamén se di **ectoplasto**, **exoplasma**.

ectoplasto *s.m.* V. **ectoplasma**.

ectopociste *s.f.* V. **extrofia vesical**.

ectoquelostomía *s.f.* Manobra consistente no desprazamento manual dun saco herniano a través da parede do abdome.

ectorretina *s.f.* Capa externa da retina.

ectosqueleto *s.m.* V. **exosqueleto**.

ectostose *s.m.* Osificación que se realiza desde fóra do pericondrio.

ectosuxestión *s.f.* Suxestión realizada por un suxeito exterior, en contraposición a autosuxestión.

ectotoxina *s.f.* Variedade de toxina producida por algunhas bacterias. Actúa fóra ou independentemente do microorganismo produtor. Tamén se di **exotoxina**.

ectotrix *s.m.* Grupo de fungos dermatofitos, causantes de tiñas, con micelios formados arredor do talo do pelo e da súa raíz.

ectóxeno -a *adx.* V. **esóxeno**.

ectozoario *s.m.* Ectoparasito animal. Tamén se di **epizoario**, **epizoo**.

ectrodactilia *s.f.* Monstruosidade caracterizada pola falla conxénita dun ou máis dedos.

ectromelia *s.f.* Monstruosidade producida pola falla ou ausencia de desenvolvemento dun ou máis órganos. V. **focomelia**, **hemimelia**.

ectromelo *s.m.* Monstro fetal caracterizado pola ausencia ou desenvolvemento defectuoso dun ou máis membros.

ectropía *s.f.* 1. V. **ectropio** 2. V. **extrofia**.

ectropio *s.m.* Desviación do bordo de algo cara ó exterior, principalmente referido ás pálpebras inferiores. // **E. cicatricial** Ectropio da pálpebra inferior consecutivo á retracción dunha cicatriz. / **E. paralítico** Ectropio da pálpebra inferior consecutivo a unha parálise facial. / **E.**

senil Ectropio das pálpebras inferiores causado pola perda de ton e relaxación do músculo orbicular, propias das idades avanzadas.

ectrosindactilia *s.f.* Ausencia conxénita dalgún dedo e sindactilia dos restantes.

ectrótico -a *adx.* V. **abortivo**.

ectroxenia *s.f.* Proceso de produción de anomalías corporais a causa da ausencia ou detención do desenvolvemento dos órganos.

ecuación *s.f.* Forma de igualdade entre dúas cantidades que contén unha ou máis incógnitas. // **E. química** Forma abreviada de representar cuantitativa e cualitativamente unha reacción química.

ecuador *s.m.* Plano que divide a un órgano en dúas partes iguais.

edatamil *s.m.* V. **edta**.

edea *s.f.* Órganos xenitais.

edeagra *s.f.* Dor de orixe gotosa localizada nos órganos xenitais.

edeato *s.m.* Sal do ácido edético (ácido etilendiaminotetraacético ou EDTA), usado como axente quelante dalgúns metais. V. **etilendiaminotetraacético**.

Edebohls, operación, posición de V. **operación, posición**.

edecéfalo *s.m.* V. **edocéfalo**.

edeíte *s.f.* Inflamación dos xenitais, principalmente dos externos.

Edelmann, anemia de V. **anemia**.

edema *s.m.* Acumulación excesiva de líquido no espazo subcutáneo, espazo intersticial ou tecido celular, que pode ter diversas causas. // **E. agudo paroximal** V. **Enfermidade de Quincke** ou **E. anxioneurótico**. / **E. anxioneurótico** Edema localizado de causa autoinmune, que afecta á cavidade bucal e ás vías respiratorias superiores. Tamén se di **edema de Milton**. / **E. branco doloroso** V. **flegmasia alba dolens**. / **E. cardíaco** Edema causado polo aumento da presión venosa na insuficiencia cardíaca. / **E. conxuntival** V. **quemose**. / **E. da glote** Edema das pregaduras mucosas da glote, cursa con dispnea intensa e é frecuentemente mortal. / **E. de Huguenin** Edema conxectivo agudo do cerebro. / **E. de Milton** V. **E. anxioneurótico**. / **E. de pulmón** Infiltración edematosa do tecido pulmonar. / **E. de Quincke** V. **E. anxioneurótico**. / **E. do escroto** V. **hidrocele**. / **E. en esclavina** Edema de distribución cervical e torácica superior, característico da compresión da vea cava superior. / **E. gasoso** Enfisema subcutáneo. / **E. inflamatorio** Forma de edema consecutiva a unha infección ou agresión dos tecidos. / **E. linfático** Edema causado polo líquido procedente dos vasos linfáticos. / **E. maligno** V. **pústula maligna**. / **E. mucoso** V. **mixedema**. / **E. nefróxeno** Edema que aparece como consecuencia da insufi-

- ciencia renal / **E. sólido** V. **mixedema**. / **E. traumático da retina** Diminución da visión consecutiva a un traumatismo próximo a un ollo. / **E. venoso** Edema causado por líquido procedente das veas.
- edemático -a** *adx.* 1. Relativo ou pertencente ó edema. 2. Que ten edema. Tamén se di **edematoso**.
- edematización** *s.f.* Acción e efecto de poñerse edematoso.
- edematoso -a** *adx.* V. **edemático**.
- edematóxico -a** *adx.* Que pode producir edema.
- edentado -a** *adx.* Que carecen de dentes. Tamén se di **desdentado**, **anodonto**.
- edeoblenorraxia** *s.f.* V. **edeoblenorrea**.
- edeoblenorrea** *s.f.* Fluxo purulento nos órganos xenitais. Tamén se di **edeoblenorraxia**.
- edeocéfalo** *s.m.* Monstro fetal caracterizado por carecer de boca, posuír unha única cavidade orbitaria e o nariz en forma semellante a un pene.
- edeodinia** *s.f.* Dor nos órganos xenitais.
- edeografía** *s.f.* Parte da anatomía que estudia os órganos xenitais.
- edeoloxía** *s.f.* Ciencia que estudia os órganos xenitais.
- edeomanía** *s.f.* Esaxeración do apetito sexual. Tamén se di **ninfomanía**, **satiriase**.
- edeopsofía** *s.f.* Emisión de ruídos pola vaxina.
- edeorrea** *s.f.* Emisión de fluxo abundante polos órganos xenitais.
- edible** *adx.* Comestible.
- Edinger, núcleo de** V. **núcleo**.
- edipismo** *s.m.* 1. Traumatismo nos ollos causado polo doente a si mesmo. 2. Relativo ó complexo de Edipo.
- Edipo, complexo de** V. **complexo**.
- edovacina** *s.f.* Vacina administrada por vía oral.
- Edowes, enfermidade de** V. **enfermidade**.
- edrofonio** *s.m.* Composto que inhibe en forma reversible a acetilcolinesterase, empregado no diagnóstico da miastenia gravis pseudoparalítica.
- Edsall, enfermidade de** V. **enfermidade**.
- EDTA** Siglas do ácido etilendiaminotetraacético. É un axente quelante de metais di e trivalentes.
- educto** *s.m.* Substancia extraída da materia orgánica sen ningunha alteración na súa composición. É contrario a produto.
- edulcoración** *s.f.* Adición de azucre ou xarope a unha substancia.
- edulcorante** *s.m.* Substancia que edulcora os alimentos. Tamén se di **adozante**.
- Edwarsiella** Xénero de bacilos gramnegativos e flaxelados, pertencentes á familia *Enterobacteriaceae*. // **E. tarda** Especie única do xénero *Edwarsiella*, que ás veces pode se-la responsable ocasional de episodios de gastroenterite e infeccións urinarias na especie humana.
- EEG** Abreviatura usual de *electroencefalograma* e de *electroencefalografía*.
- efébrico -a** *adx.* Relativo á puberdade.
- efeboloxía** *s.f.* Ciencia que estudia a puberdade e os seus fenómenos.
- efeboxénese** *s.f.* 1. Cambios estruturais do organismo que se producen durante a puberdade. 2. Desenvolvemento espontáneo anómalo de células xerminais masculinas, posible orixe dos teratomas testiculares.
- efecto** *s.m.* Resultado necesario ou accidental procedente da acción dunha causa. // **E. Doppler** Efecto producido cando se fai incidir un feixe de ultrasóns procedentes dun transductor sobre un fluxo líquido de partículas en suspensión. A frecuencia dos ultrasóns aumenta se as partículas se moven cara ó transductor, e diminúe se se afastan del. / **E. placebo** Efecto psicolóxico e fisiolóxico obtido pola administración dun placebo.
- efector -a** *adx.* 1. Relativo a calquera impulso que produce unha acción fisiolóxica. 2. Do órgano nervioso terminal que distribúe os impulsos activadores musculares e a secreción das glándulas. 3. Que responde a un estímulo.
- efedrina** *s.f.* Alcaloide fenilmetilaminopropanol obtido de varias especies de plantas do xénero *Efedra*. A súa composición e os seus efectos son semellantes ós da adrenalina.
- efélide** *s.f.* Mancha cutánea de pequeno tamaño provocada pola exposición solar. Tamén se di **léntigo**.
- efémera** *s.f.* V. **febre efémera**.
- efémero -a** *adx.* 1. Que dura un só día. V. **efémera** 2. Fugaz, pasaxeiro.
- efeminamento** *s.m.* Aparición de caracteres sexuais secundarios femininos nun home. Tamén se di **feminismo**.
- eferente** *adx.* Que conduce sangue, secrecións ou impulsos, dunha parte central a outra periférica. É oposto a aferente. Tamén se di **centrífugo**.
- efervescencia** *s.f.* Formación de burbullas dun gas nun líquido rebentando na superficie deste.
- efidrofobia** *s.f.* Temor morboso a suar.
- efidrose** *s.f.* 1. Sudación excesiva, epidrose ou hiperhidrose. 2. Suor na crise dalgunhas enfermidades. // **E. cruenta** Sudación sanguínea.
- eflorescencia** *s.f.* 1. Exantema, erupción cutánea. 2. Lesión elemental da pel. 3. Proceso de transformación dun corpo en materia en po pola perda de auga, de cristalización ou por reacción química co aire.

efluvio *s.m.* 1. Emanación sutil e invisible percibida polo olfacto. 2. Desprendemento de partículas moi liviás de calquera corpo. 3. Perda ou caída do cabelo. // **E. anáxeno** Caída do cabelo na fase de anáxeno. / **E. telóxeno** Caída do cabelo na fase de telóxeno.

efluvioterapia *s.f.* Terapia baseada na aplicación de efluvios eléctricos.

efluxión *s.f.* Expulsión, xeralmente inadvertida, do produto da concepción nos primeiros días do embarazo.

efluxo *s.m.* 1. Acto de saír un líquido dunha cavidade. 2. Efluxión.

efodifobia *s.f.* Temor morboso ós preparativos das viaxes.

efracción *s.f.* V. **efractura**.

efractura *s.f.* 1. Esgazadura ou solución de continuidade superficial. 2. Fractura cranial. Tamén se di **efracción**.

efusión *s.f.* V. **derramo**.

egagrópilo *s.m.* V. **bezoar**.

ego *s.m.* V. **eu**.

egobroncofonía *s.f.* Combinación de egofonía e broncofonía propia das pleuropneumonías.

egocéntrico-a *adx.* Relativo á persoa con actos e ideas encamiñados sempre cara a ela mesma, principalmente fai referencia ó delirio no que o enfermo se considera centro da atención de tódolos pensamentos e actos das demais persoas.

egocentrismo *s.m.* 1. Calidade de egocéntrico. 2. Actitude psicolóxica (normal na segunda infancia), caracterizada por non distinguir entre a realidade subxectiva e a realidade obxectiva.

egofonía *s.f.* Son característico dos derramos pulmonares, percibido co estetoscopio, semellante ó meo dunha cabra. // **E. de retorno** Egofonía que se percibe de novo, na base do tórax, despois de diminuír un derramo pleural, que impedía a súa audición.

egomanía *s.f.* Egoísmo morboso, esaxerado.

egotropismo *s.m.* V. **egomanía**.

Ehlers-Danlos, síndrome de V. **síndrome**.

Ehrenritter, ganglio de V. **ganglio**.

Ehret, enfermidade de V. **enfermidade**.

Eichstedt, enfermidade de V. **enfermidade**.

eiconómetro *s.m.* Instrumento usado para o exame da aniseiconía.

ecosanoico (ácido) *s.m.* Ácido graxento saturado, de vinte átomos de carbono. Tamén se di **ácido araquídico**.

ecosatetranoico (ácido) *s.m.* Ácido graxo insaturado de vinte átomos de carbono presente nas lecitinas. Tamén se di **ácido araquidónico**.

eideísmo *s.m.* Facultade de evocación da imaxe dun obxecto, non soamente como representación visual, senón tamén como percepción.

eidoptometría *s.f.* Medición da agudeza visual para a percepción de formas.

eiloide *adx.* Que ten forma de rizo ou espiral.

Eimeria Xénero de esporozoos que contén especies parasitas de vertebrados e invertebrados.

eiruga *s.f.* Tipo de larva con forma semellante a un verme, típica dos lepidópteros. As pertencentes a algunhas especies, principalmente *Cnethocampa processionnea* (procesionaria), posúen pelos urticantes que ó contactar coa pel producen unha erupción xeneralizada carente de gravidade.

eiva *s.f.* 1. Achaque, indisposición habitual e lixeira. 2. Tolledura ou imposibilidade dun membro.

eivado -a *adx.* 1. Que padece unha molestia habitual e lixeira. 2. Tolleito, que non se pode mover, ou non pode mover algún dos seus membros, ou ben carece dalgúns destes. 3. Chepudo, corcovado.

eixe *s.m.* Liña recta real ou imaxinaria que pasa polo centro dun corpo, ó redor da que este corpo efectúa ou pode efectuar un movemento de rotación. // **E. anatómico do ollo** Liña imaxinaria que vai desde a entrada do nervio óptico no globo ocular, ata o centro da córnea. / **E. auditivo** Liña imaxinaria que une os centros dos orificios dos conductos auditivos. / **E. biauricular** V. **e. auditivo** / **E. cerebrospinal** V. **neuroeixe**. / **E. do parto** V. **e. pélvico**. / **E. encefalomedular** V. **neuroeixe**. / **E. óptico ou visual** Diámetro anteroposterior do ollo, desde o centro da córnea ata a mancha amarela. / **E. pélvico** Liña imaxinaria curva que pasa polo centro dos diámetros anteroposteriores da pelve. Tamén se di **eixe do parto**.

elaboración *s.f.* Resultado do traballo ou actividade anabólica dalgúns órganos, sobre as substancias que penetran no organismo ou sobre as súas propias, de xeito que se tornan asimilables ou aptas para desenvolver funcións vitais.

elasticidade *s.f.* Calidade propia dos corpos elásticos. V. **elástico**.

elástico -a *adx.* Que pode recupera-la súa forma orixinal despois de perdela por unha causa mecánica exterior.

elección *s.f.* Acto ou efecto de elixir. // **E. de obxecto** Na teoría psicanalítica refírese á elección dunha persoa determinada como obxecto de amor.

electividade *s.f.* 1. Calidade do que é electivo. 2. Calidade que posúen certas substancias ou medicamentos de se poder fixar ou actuar en certos órganos, elementos ou humores, modificándoos como consecuencia.

electivo -a *adx.* 1. Relativo á elección, que se pode elixir. 2. Do medicamento que ten electividade. 3. Propio dos remedios que actúan de modo froxo. 4. Relativo á colo-

ración que actúa só sobre determinadas partes das células ou dos tecidos.

electricidade *s.f.* Conxunto de fenómenos derivados da enerxía asociada ás cargas eléctricas en repouso ou en movemento. // **E. dinámica** Electricidade en estado de movemento. / **E. estática** Electricidade en estado de repouso que se orixina pola fretaxe de dous corpos. / **E. farádica** Electricidade desenvolvida por inducción. / **E. galvánica** Electricidade dinámica desenvolvida por unha acción química. / **E. inducida** V. **corrente inducida** / **E. magnética** Electricidade desenvolvida por un imán / **E. voltaica** V. **e. galvánica**.

electricismo *s.m.* Conxunto de fenómenos producidos pola electricidade.

eléctrico -a *adx.* 1. Pertencente ou relativo á electricidade ou ás súas aplicacións. 2. Que contén, comunica ou utiliza electricidade. 3. Propio dos fenómenos nos que intervéñen a electricidade.

electrificación *s.f.* 1. Acto ou efecto de electrificar. 2. Substitución dunha forza motriz por enerxía eléctrica.

electroacústica *s.f.* 1. Rama da electrónica que estuda a conversión da enerxía eléctrica en enerxía sonora e á inversa. 2. Técnica de rexistro da produción e reprodución dos fenómenos acústicos por métodos eléctricos.

electrobioloxía *s.f.* Estudio dos fenómenos eléctricos que se producen nos seres vivos.

electrocardiografía *s.f.* Método de rexistro da actividade eléctrica do corazón coa finalidade de estudia-la súa función.

electrocardiógrafo *s.m.* Aparello para a práctica da electrocardiografía.

electrocardiograma *s.m.* Representación gráfica das correntes eléctricas xeradas pola actividade do músculo cardíaco.

electrochoque *s.m.* Producción dunha perda gradual do coñecemento seguido de convulsións, por aplicacións da corrente eléctrica a través da caixa cranial, usada no tratamento de certas psicoses, especialmente na melancolía, manía ou catatonía.

electrocinética *s.f.* Parte dos estudos sobre a electricidade que investiga a corrente eléctrica e os fenómenos relacionados con ela.

electrocución *s.f.* Morte real ou aparente producida por unha descarga eléctrica.

electrodiagnose *s.f.* Método da investigación e diagnóstico das enfermidades mediante o uso da electricidade. Dise tamén **electrodiagnóstico**.

electrodiagnóstico *s.m.* V. **electrodiagnose**.

electrodialise *s.f.* Separación dos electrólitos existentes nunha disolución coloidal por aplicación dunha diferenza de potencial a través dunha membrana semipermeable.

electrodinámica *s.f.* Parte da física que se ocupa do estudo da acción das correntes eléctricas.

electrodinamómetro *s.m.* Instrumento para medi-la intensidade das correntes eléctricas.

electrodo *s.m.* 1. Extremo dun conductor en contacto cun medio ó que leva ou do que recibe unha corrente eléctrica. En electroterapia, instrumento de forma variada que é usado para a aplicación directa da corrente eléctrica ó corpo. // **E. negativo** V. **ánodo**. / **E. positivo** V. **cátodo**.

electroencefalografía *s.f.* Método utilizado para o rexistro gráfico por medio do electroencefalógrafo dos fenómenos eléctricos que ocorren no cerebro.

electroencefalograma *s.m.* Rexistro gráfico obtido mediante electroencefalografía das ondas bioeléctricas do cerebro, empregado no diagnóstico de diversas afeccións morbosas cerebrais.

electrofisioloxía *s.f.* Estudio das reaccións eléctricas dos seres vivos en estado de saúde.

electrófono *s.m.* Aparello para reforza-los sons da voz humana usado no tratamento da xordeira.

electroforese *s.f.* 1. Desprazamento de micelas ou partículas en solución ou emulsión pola influencia dun campo eléctrico. 2. Método utilizado para conseguilo devandito desprazamento.

electróforo *s.m.* Instrumento que produce, por inducción, e que conserva pequenas cantidades de electricidade estática, sendo usado para demostra-la produción desta enerxía.

electrografía *s.f.* Conxunto de técnicas que permiten a observación e o rexistro dos fenómenos eléctricos que se producen pola actividade dos sistemas orgánicos excitables (corazón, músculo, etc.).

electrohemostase *s.f.* Técnica que permite a consecución da hemostase mediante o uso da corrente eléctrica.

electroimán *s.m.* Aparello que produce un campo magnético mediante un sistema de bobinas cun núcleo de ferro doce macizo, polas que circula unha corrente eléctrica.

electrólise *s.f.* Descomposición química ou desintegración orgánica dun corpo producida pola corrente eléctrica.

electrólito *s.m.* 1. Elemento que en estado líquido pode ser descomposto pola acción dunha corrente eléctrica. Os electrólitos son unicamente os ácidos, bases ou sales fundidos, disolvidos en auga ou noutro medio disolvente apropiado. 2. Composto que nun medio acuoso se ioniza ou disocia en partículas cargadas electricamente.

electroloxía *s.f.* Ciencia que estuda os fenómenos e leis da electricidade. // **E. médica** Parte da física que estuda as aplicacións médicas da electricidade.

electromagnetismo *s.m.* Parte da física que estuda as relacións entre a electricidade e mailo magnetismo.

electrómetro *s.m.* Instrumento que serve para medir as diferenzas de potencial eléctrico.

electrometrografía *s.f.* Rexistro gráfico das correntes eléctricas producidas polas contraccións do útero.

electromiografía *s.f.* Estudo das contraccións musculares realizado por medio dun electromiograma.

electromiograma *s.m.* Rexistro gráfico da actividade eléctrica producida na contracción muscular.

electrón *s.m.* Partícula fundamental con carga eléctrica negativa que entra na constitución de todos os átomos da natureza. Cada tipo de átomo contén un determinado número de electróns, proporcionando estes a maior parte das características macroscópicas da materia.

electronarcese *s.f.* Narcese profunda producida pola aplicación de correntes eléctricas nas tempas.

electronegativo -a *adx.* Relativo ós elementos químicos con átomos que poden captar doadamente electróns, e que na electrólise se desprenden do ánodo ou polo positivo e van cara ó cátodo ou polo negativo.

electrónica *s.f.* 1. Parte da física que estuda e emprega as variacións das magnitudes eléctricas, (campos electromagnéticos, cargas, correntes e tensións eléctricas), para captar, transmitir, e aproveita-la información. 2. Técnica derivada desta ciencia, que aplica estes coñecementos á industria.

electrónico -a *adx.* Pertencente ou relativo ós electróns ou á electrónica.

electronistagmografía *s.f.* Técnica que permite seguir os movementos oculares nistágmicos por medio do seu rexistro electrográfico.

electronistagmometría *s.f.* Medición dos movementos nistágmicos do ollo por medio do seu rexistro electrográfico.

electrooculografía *s.f.* Estudo dos potenciais de repouso das células do epitelio pigmentario e das células visuais da retina (conos e bastóns).

electropirexia *s.f.* V. **electrotermia**.

electropiroterapia *s.f.* V. **electrotermoterapia**.

electroquímica *s.f.* 1. Estudo das transformacións recíprocas entre a enerxía química e a eléctrica, e a técnica empregada para o devandito estudo. 2. Conxunto dos fenómenos químicos producidos no organismo ó aplicarlle correntes eléctricas.

electroquímico -a *adx.* Que pertence ou ten relación coa electroquímica.

electrorradioloxía *s.f.* Aplicación da electricidade (electroloxía), e das radiacións (radioloxía), no estudio diagnóstico e na terapéutica das enfermidades.

electrorretinografía *s.f.* Rexistro dos cambios dos potenciais eléctricos da retina provocados por estímulos luminosos.

electroscopia *s.f.* Estudo da presenza das cargas eléctricas por medio do electroscopio.

electroscopio *s.m.* Aparello baseado nas accións electrostáticas que é utilizado para determinar a presenza e a natureza da electricidade da que está cargada un corpo.

electrostática *s.f.* Parte da física que estuda a electricidade en equilibrio existente sobre os corpos electrizados.

electrotaxe *s.f.* Fenómeno que comprende as reaccións de orientación das células e organismos vivos a través das correntes eléctricas.

electuario *s.m.* V. **eclegma**.

elixir *s.m.* 1. Licor composto de substancias medicinais disoltas xeralmente en alcohol, éter ou viño. 2. Medicamento ou remedio que se considera que ten propiedades maravillosas. // **E. da xuventude**. Producto que se cre que dá vigor xuvenil.

emaciación *s.f.* Estado de adelgazamento extremo producido por causas patolóxicas.

emasculación *s.f.* Extirpación ou inutilización dos órganos xenitais. Tamén se di **castración**.

embalsamamento *s.m.* Preservación por medios artificiais dun cadáver contra os efectos da putrefacción.

embarazo *s.m.* Estado da muller desde a fecundación dun óvulo ata o parto. // **E. abdominal** Embarazo ectópico no que a implantación do óvulo fecundado ten lugar na cavidade abdominal. / **E. ampular** Embarazo ectópico no que a implantación do óvulo fecundado ten lugar na ampola da trompa de Falopio. / **E. cervical** Embarazo ectópico no que a implantación do óvulo fecundado ten lugar na porción cervical do útero. / **E. ectópico** Embarazo no que a implantación do óvulo fecundado sucede fóra da cavidade do útero. Tamén se di **embarazo extrauterino**. / **E. extrauterino** Embarazo ectópico. / **E. falso** Presencia de signos típicos de embarazo e ausencia de período menstrual sen que sucedese unha fecundación ovular. / **E. intersticial** Embarazo ectópico no que a implantación do óvulo fecundado ten lugar na porción da trompa de Falopio que transcorre dentro da parede muscular do útero. Tamén se di **embarazo mural**. / **E. intraligamentoso** Embarazo ectópico no que a implantación do óvulo fecundado ten lugar no seo do ligamento ancho do útero. / **E. molar** Desenvolvemento anormal das vilosidades da placenta que ten como resultado a formación dunha masa de bochas que conteñen un líquido claro e que en conxunto lembran un acio de uvas. / **E. múltiple** Aquel que ten como resultado da fecundación o desenvolvemento de máis dun embrión. / **E. mural** V. **e. intersticial**. / **E. ovárico** Embarazo ectópico no que a implantación do óvulo fecundado ten lugar no seo dun ovario. / **E. tubárico** Embarazo ectópico no que a implantación do óvulo fecundado ten lugar en calquera das porcións da trompa de Falopio.

embolectomía *s.f.* Eliminación por medios cirúrxicos dun émbolo localizado nun vaso sanguíneo.

embolia *s.f.* Obstrucción brusca dun vaso arterial por un émbolo ou corpo estraño que circule polo seu interior procedente doutro segmento circulatorio ou ben introducido desde o exterior. // **E. cerebral** A que ocorre nalgunha das ramas arteriais da circulación cerebral. / **E. coronaria** A que ocorre nalgunha das ramas das arterias da circulación coronaria. / **E. de líquido amniótico** Obstrucción brusca da microcirculación pulmonar debida á entrada de líquido amniótico na circulación venosa durante un parto ou unha cesárea. / **E. gasosa** Obstrucción da circulación arterial producida por burbullas de gas introducidas desde o exterior durante a realización dalgunhas manobras abortivas, irrigacións vaxinais con peras de goma, inxeccións intravenosas, por entrada de gas libre no sistema cardiovascular durante unha operación a corazón aberto ou procedentes do pulmón como consecuencia dunha descompresión mal realizada durante a fase de ascenso das inmersións subacuáticas. / **E. graxa** A producida pola introducción de graxa neutra na circulación venosa, xeralmente trala produción de fracturas óseas graves. / **E. pulmonar** Obstrucción total ou parcial da circulación arterial pulmonar por émbolos que proceden xeralmente da circulación venosa profunda das extremidades inferiores. / **E. séptica** A producida por un émbolo que contén microorganismos con capacidade infecciosa.

embolización *s.f.* Proceso da formación dun émbolo. // **E. terapéutica** Técnica cirúrxica pola que se realiza a obstrucción da luz dun vaso mediante a introducción de émbolos artificiais destinados a impedi-lo rego dun tumor antes da súa extirpación, evitando así unha hemorragia excesiva.

émbolo *s.m.* Partícula de diversa composición que circula polo torrente sanguíneo ata que se detén obstruíndo a luz dun vaso.

embriectomía *s.f.* Extirpación do embrión resultante dun embarazo extrauterino.

embrioloxía *s.f.* Ciencia que estudia o proceso de desenvolvemento dos organismos vivos desde a fecundación ata o momento do nacemento.

embrioma *s.m.* Neoplasia derivada de tecidos embrionarios.

embrión *s.m.* Etapa do desenvolvemento dos animais que comprende desde o momento da fecundación ata que acadan o estadio de feto. No ser humano denomínanse así os individuos durante as oito primeiras semanas de vida despois da fecundación, período durante o cal se forman os principais sistemas orgánicos.

embriopatía *s.f.* Proceso patolóxico que afecta a un embrión.

embrioplástico -a *adx.* Pertencente ou relativo ó proceso de formación do embrión.

embriotomía *s.f.* Sección dun embrión morto dentro da cavidade uterina durante un parto distócico.

emético -a *adx.* Que provoca o vómito.

emétrope *adx.* Que posúe unha visión normal, sen alteracións da refracción.

emetropía *s.f.* Estado normal da refracción ocular caracterizado porque os raios luminosos que inciden sobre a superficie ocular se reúnen na porción sensible da retina.

emoción *s.f.* Estado afectivo que transforma transitoriamente o equilibrio psicofísico do individuo.

empacho *s.m.* Sensación de malestar no estómago, indigestión.

empiema *s.m.* Acumulación de pus nunha cavidade corporal, principalmente na pleura.

empinxa *s.f.* Erupción cutánea que cando supura forma cotras ou escamas.

emplasto *s.m.* Preparado medicamentoso de uso externo, composto por unha pasta que se abranda coa calor e se aplica directamente sobre a pel.

enantema *s.m.* Erupción localizada nunha mucosa.

enartrose *s.f.* Tipo de articulación composta por un fragmento de esfera dun óso que se introduce nunha cavidade redondeada pertencente a outro.

encaixamento *s.m.* Fase do parto durante a cal o diámetro biparietal da cabeza fetal descende ata un nivel por debaixo da entrada da pelve.

encefalalxia *s.f.* Dor localizada na cabeza.

encefalina *s.f.* Substancia polipeptídica endóxena de baixo peso molecular que é sintetizada no córtex suprarrenal e que actúa a través da unión cos receptores opiáceos aínda que non se relaciona quimicamente coa morfina. Libéranse no organismo como parte da resposta simpática durante as situacións de tensión.

encefalite *s.f.* Proceso inflamatorio do encéfalo.

encéfalo *s.m.* Porción do sistema nervioso central aloxada no interior da cavidade cranial.

encefalocele *s.f.* Hernia de tecido encefálico a través dunha abertura conxénita ou traumática do cráneo.

encefalografía *s.f.* Técnica radiolóxica que permite o exame dos espazos menínxeos e os ventrículos cerebrais despois da inxección mediante unha punción lumbar ou suboccipital de aire ou outro gas que se distribúe polos devanditos espazos.

encefaloide *adx.* Que é semellante ou ten analoxía co encéfalo, principalmente en canto á consistencia.

encefalolitíase *s.f.* Formación de concrecións no cerebro.

encefaloma *s.m.* 1. Tumor do encéfalo. 2. Hernia do cerebro. 3. Cancro encefaloide.

encefalomalacia *s.f.* Abrandamento patolóxico do encéfalo.

encefalomeningocele *s.f.* Hernia do tecido cerebral coas envolturas menínxeas a través do cráneo.

encefalomeninxite *s.f.* Proceso inflamatorio que afecta ó cerebro e ás capas menínxeas.

encefalomielite *s.f.* Afectación inflamatoria do encéfalo e a medula espiñal ó mesmo tempo. // **E. aguda diseminada** Encefalomielite de comezo brusco, que cursa con innumerables pequenos focos diseminados de lesións de desmielinización, xunto con infiltrado inflamatorio perivenular. Xeralmente ten lugar despois de procesos infecciosos virais agudos ou vacinación antirrábica ou antivariólica. / **E. hemorráxica necrotizante aguda** Encefalomielite de comezo explosivo varios días despois dunha infección das vías respiratorias altas, que cursa coa destrución da meirande parte do tecido dos hemisferios cerebrais e en ocasións tamén do tronco encefálico e a medula espiñal.

encefalomielopatía *s.f.* Doenza que abrangue o encéfalo e a medula espiñal.

encefalopatía *s.f.* Denominación xeral dada ás doenzas que afectan ó encéfalo. // **E. de Wernicke** Encefalopatía de comezo agudo, caracterizada por trastornos mentais, parálise de movementos oculares e ataxia, debida a déficit nutricional de tiamina. Tamén se di **polioencefalite hemorráxica superior aguda**. / **E. desmielinizante** Calquera dos trastornos de orixe conxénita e curso progresivo causados pola dexeneración da substancia branca cerebral. / **E. hipertensiva** Conxunto de alteracións cerebrais causadas pola hipertensión.

encefalopiose *s.f.* Absceso ou supuración localizados no encéfalo.

encefalopsia *s.f.* Estado no que o doente asocia determinadas cores con determinadas palabras, números, etc.

encefalorraquídeo -a *adx.* Relativo ou relacionado co encéfalo e maila raque. Tamén se di **cerebrospinal, encefalospinal**.

encefalorraxia *s.f.* Hemorraxia localizada no encéfalo.

encefalose *s.f.* Tipo de encefalopatía de carácter orgánico e dexenerativo, a diferenza das encefalites, que son de carácter inflamatorio.

encefalotlipse *s.f.* Compresión do encéfalo.

encefalotomía *s.f.* V. **craniotomía**.

enciese *s.f.* Embarazo uterino normal.

encinta *adx.* Embarazada.

enclave *s.m.* V. **inclusión**.

encolpismo *s.m.* Medicación administrada por medio de supositorios e inxeccións vacinais.

encolpíte *s.f.* V. **endocolpíte**.

endondroma *s.m.* Tumor de tecido cartilaxinoso que se desenvolve no interior do óso.

endondrosarcoma *s.m.* Sarcoma de tecido cartilaxinoso.

encoprese *s.f.* Incontinencia fecal.

encordamento *s.m.* Erección dolorosa e arqueada do pene no curso dunha blenorrxia.

encordio *s.m.* Inflamación dos ganglios das inguas ou doutras partes do corpo.

encravamento *s.m.* 1. Penetración dun fragmento dunha fractura, noutro fragmento da mesma fractura. 2. En embrioloxía, parte que se desprende da súa situación normal e queda fixada noutro lugar, orixinando un quiste ou unha tumoración. 3. En obstetricia, situación de inmovilidade da cabeza fetal no estreito superior da pelve. 4. Tratamento cirúrxico das fracturas óseas mediante cravos.

encrucillada *s.f.* Lugar de cruzamento de rúas ou camiños; por extensión úsase para designar algunhas formacións corporais onde se produce un cruzamento de elementos anatómicos.

endamebease *s.f.* Infección causada por parasitos do xénero *Endamoeba*.

endamébidos *s.m.pl.* Familia de rizópodos ameboides parasitos intestinais de vertebrados e invertebrados, con dous xéneros principais: *Endamoeba* e *Entamoeba*, sendo as primeiras parasitos de invertebrados e as segundas de vertebrados.

Endamoeba Xénero de amebas da familia dos endamébidos, formadoras de quistes en cascudas e térmites.

endarterite *s.f.* Inflamación da túnica interna das arterias. A proliferación de tecido fibroso (endarterite proliferante) nesta capa arterial, pode traer como consecuencia o peche da luz (endarterite obliterante) das arterias de pequeno calibre.

endemia *s.f.* Enfermidade, xeralmente infecciosa, que radica de forma constante ou periódica nunha área xeográfica determinada, debido á influencia dunha causa local especial. No caso de se producir cambios na incidencia ou na área de extensión afectada, pódese transformar nunha epidemia.

endemoepidémico -a *adx.* Que é endémico e que en ocasións se fai epidémico.

endemoñado -a *adx.* Que está posuído polo demo ou espírito maligno.

endereitamento *s.m.* Acción e efecto de endereitar unha parte ou un órgano desviados da súa posición normal.

endo- Prefixo do gr. *éndon* (dentro).

endoabdominal *adx.* Relativo ó interior do abdome.

endoanxio *s.m.* Túnica interna dos vasos sanguíneos

endoanxite *s.f.* Inflamación do endoanxio. Tamén se di **endovasculite**.

endoaortite *s.f.* Inflamación da túnica interna da arteria aorta.

endoapendicite *s.f.* Inflamación da mucosa do apéndice vermiforme sen afectación do peritoneo. Tamén se di **apendicite catarral**.

endoaxoneurona *s.f.* Neurona que posúe un cilindroeixe localizado dentro da medula espiñal.

endobacilar *adx.* Que está contido dentro dos bacilos.

endobiose *s.f.* Vida parasitaria no interior dun organismo calquera.

endoblasto *s.m.* V. **endoderma**.

endocardio *s.m.* Membrana endotelial que recobre a superficie interna das cavidades do corazón (endocardio venoso e arterial), e as válvulas cardíacas (endocardio valvular).

endocardite *s.f.* Inflamación do endocardio aguda ou crónica, normalmente microbiana, que pode estar localizada nas válvulas (endocardite valvular), ou estenderse ás paredes do corazón (endocardite parietal). // **E. bacteriana ou micótica** Aquela que se produce por unha colonización por bacterias das estruturas endocárdicas. / **E. de Loeffler** Enfermidade endomiocárdica eosinófila; subcategoría da síndrome hipereosinófila na que se afecta principalmente o corazón. Prodúcese un engrosamento dun ou ámbolos dous ventrículos con presenza ademais de grandes trombos murais que poden ser orixe de embolizacións periféricas. Tamén está lesionado o miocardio. Acompaña-se de infiltración eosinofílica doutros órganos e hepatomegalia. / **E. infecciosa** A que se orixina por unha infección por microorganismos, principalmente por bacterias e fungos. / **E. por rickettsias** Endocardite subaguda orixinada por unha infección por *Coxiella burnetii*, que aparece como secuela crónica da febre Q, afectando principalmente á válvula aórtica. / **E. reumática** Aquela producida como consecuencia dun episodio de febre reumática. / **E. trombótica non bacteriana** Aquela na que as vexetacións son de fibrina, sen estar colonizadas por bacterias. / **E. valvular** A que afecta principalmente ás válvulas cardíacas. / **E. verrugosa** Variedade na que as lesións están constituídas por vexetacións ou verrugas localizadas no endocardio, podendo estar ou non infectadas. Tamén se di **endocardite vexetante**. / **E. verrugosa de Libman-Sachs** Variedade de endocardite verrugosa que aparece no lupus eritematoso disseminado. / **E. vexetante** V. **endocardite verrugosa**.

endoceliaco -a *adx.* Relativo ou situado dentro dunha cavidade corporal

endocelular *adx.* Que está situado ou do que ten lugar dentro das células. Tamén se di **intracelular**.

endocervicite *s.f.* Inflamación da mucosa do colo do útero. Tamén se di **endotraquelite**.

endocistite *s.f.* Inflamación da mucosa da vexiga urinaria.

endocitose *s.f.* Invaxinación da membrana celular seguida da formación de vacúolos no citoplasma para a introducción de materiais solubles no interior da célula; inclúe a pinocitose, a fagocitose e a rofeocitose.

endocolite *s.f.* Inflamación da mucosa do colon.

endocolpite *s.f.* Inflamación da mucosa da vaxina.

endocondral *adx.* Que se desenvolve dentro da cartilaxe. // **Osificación e.** Tipo de osificación no que previamente existe un molde de cartilaxe do óso que se vai formar, e no interior deste molde comeza a osificación en diferentes puntos.

endocrinia *s.f.* Segregación interna.

endocrínide *s.f.* Manifestación cutánea de orixe endócrina.

endócrino -a *adx.* Pertencente ou relativo ás glándulas de segregación interna e ás súas células compoñentes, que posúen un produto de segregación que é vertido directamente no sangue.

endocrinólogo -a *s.* Especialista ou experto en endocrinoloxía.

endocrinoloxía *s.f.* Ciencia que estudia o funcionamento e a patoloxía das glándulas de segregación interna, ou glándulas endócrinas.

endocrinolóxico -a *adx.* Pertencente ou relativo á endocrinoloxía.

endocrinopatía *s.f.* Alteración nas glándulas endócrinas.

endocrinoterapia *s.f.* Tratamento das enfermidades por medio da administración de preparacións endócrinas.

endoderma *s.m.* Folla interna do disco embrionario. Tamén se di **endoblasto**.

endodermefitose *s.f.* V. **tiña imbricata**.

endodermerreacción *s.f.* Método de diagnose que intenta determinar se hai ou non sensibilización a un determinado antíxeno mediante a inxección do devandito antíxeno no tecido celular, e a posterior observación da reacción que produce.

Endodermophyton Xénero de fungos parasitos incluído actualmente no xénero *Trichophyton*.

endodixestivo -a *adx.* Que está situado ou que ocorre no interior do tubo dixestivo.

endodoncia *s.f.* Parte da odontoestomatoloxía que estudia os tecidos da polpa e da raíz do dente, así como as súas enfermidades e tratamento.

endodontite *s.f.* Inflamación da polpa ou raíz dental.

endoectomía *s.f.* Resección da mucosa dun órgano ocorrendo non pode ser resecado o órgano completo, principalmente da vesícula biliar.

endoectotrix *s.m.* Fungo parasito que invade as estruturas internas e externas do pelo.

endoenterite *s.f.* Inflamación da mucosa intestinal.

endoepiderme *s.f.* Zona máis profunda da epiderme.

endofarinxe *s.f.* Zona interna da farinx.

endoflebite *s.f.* Inflamación da túnica interna das veas.

endoforia *s.f.* V. **esoforia**.

endoftalmía *s.f.* Inflamación dos tecidos internos compoñentes do ollo.

endoftalmite *s.f.* V. **endoftalmía**.

endogamia *s.f.* 1. Fecundación producida pola unión de gametos cunha orixe xenética común. 2. Matrimonio realizado entre persoas pertencentes á mesma comunidade.

endogastrectomía *s.f.* Extirpación da mucosa do estómago.

endogástrico -a *adx.* Relativo ó que está situado ou ten lugar dentro do estómago.

endogastrite *s.f.* Inflamación da mucosa do estómago.

endolaberintite *s.f.* Inflamación do labirinto membranoso.

endolarínxeo -a *adx.* Situado ou que ten lugar dentro da larínxe.

endolinfa *s.f.* Líquido do interior do labirinto membranoso do oído interno dos animais vertebrados, que enche as cavidades das canles semicirculares, utrículo, sáculo e canle coclear.

endomastoidite *s.f.* Inflamación da cavidade e das celas mastoides.

endometrectomía *s.f.* Extirpación do endometrio. Tamén se di **raspado uterino**.

endometrio *s.m.* Capa mucosa que tapiza a cavidade do útero.

endometriode *adx.* Que é semellante ó endometrio.

endometrioma *s.m.* Tumor benigno constituído por elementos idénticos ós do endometrio, situado fóra do útero. Tamén se di **solenoma**, **adenomioma**.

endometriose *s.f.* Crecemento ectópico de tecido endometrial, que pode localizarse dentro da musculatura do propio útero, constituíndo entón a adenomiose ou endometriose interna, ou ben fóra das estruturas uterinas, dando lugar á endometriose externa.

endometrite *s.f.* Inflamación do endometrio.

endomiocardite *s.f.* Inflamación conxunta do endocardio e miocardio.

endonasal *adx.* Que está situado ou ten lugar dentro do nariz.

endonefrite *s.f.* V. **pielite**.

endoneurite *s.f.* Inflamación do endoneuro.

endoneuro *s.m.* Tecido conxuntivo situado entre as diferentes fibras dun fascículo nervioso.

endonuclear *adx.* Que está localizado ou que ten lugar dentro da célula.

endopélvico -a *adx.* Que está localizado ou que sucede no interior da pelve.

endopeptidase *s.f.* Calquera dos enzimas da clase das hidrolases que catalizan a hidrólise dos enlaces do interior das cadeas peptídicas.

endoperiarterite *s.f.* Endoarterite e periarterite combinadas.

endoperimiocardite *s.f.* Inflamación simultánea do endocardio, miocardio e pericardio. Tamén se di **cardite total**.

endoplasma *s.m.* Zona do protoplasma celular situada arredor do núcleo. Tamén se di **entoplasma**, **endosarco**.

endoplasto *s.m.* Núcleo celular.

endorfina *s.f.* Substancia derivada da β -lipotropina, que posúe, como as encefalinas pertencentes ós péptidos opiáceos endóxenos, actividade parecida á da morfina.

endorraque *s.f.* Duramáter pertencente á medula espiñal.

endorrinite *s.f.* Inflamación das mucosas das fosas nasais.

endosalpinxite *s.f.* Inflamación da mucosa da trompa de Falopio.

endosarco *s.m.* V. **endoplasma**.

endoscopia *s.f.* Exame das cavidades ou conductos corporais por medio de instrumentos ópticos introducidos directamente nas devanditas cavidades. // **E. (técnicas de)** Conxunto das técnicas que permiten a realización dunha endoscopia.

endoscopio *s.m.* Aparello óptico usado na realización das endoscopias, denominándose de acordo co órgano ó que é aplicado en cada caso, e así temos broncoscopio, laringoscopia, esofagoscopia, etc.

endósmose *s.f.* 1. Penetración de auga nas células vivas situadas nun medio líquido a favor do gradiente de concentración molecular. 2. Corrente establecida entre dous líquidos de diferente concentración osmótica separados por unha membrana ou placa porosa. // **E. eléctrica** Técnica na que se usa a existencia de cargas eléctricas para consegui-lo paso de substancias a través das membranas.

endosomático -a *adx.* Que está situado ou que ten lugar dentro do corpo.

endospora *s.f.* Espora endóxena, formada no interior do esporanxio.

endosporo *s.m.* Capa interna da membrana das esporas.

endosqueleto *s.m.* Esqueleto óseo que posúen os vertebrados superiores.

endosteíte *s.f.* Inflamación do endostio.

endosteoma *s.m.* Tumor localizado na cavidade medular dun óso. Tamén se di **endostoma**.

endostetoscopia *s.m.* Aparello constituído por unha combinación de estetoscopia e sonda esofáxica que é empregado para o rexistro acústico dos ruídos cardíacos dende o interior do esófago.

endostio *s.m.* Tecido que recobre a cavidade medular dun óso longo.

endostoma *s.m.* V. **endosteoma**.

endostose *s.f.* Osificación da cartilaxe.

endotelial *adx.* 1. Pertencente ou relativo o endotelio. 2. Que posúe unha estrutura de endotelio.

endotelio *s.m.* Capa celular formada por un único estrato de células, que constitúe a superficie interna das membranas serosas, das membranas sinoviais e da túnica interna dos vasos sanguíneos.

endoteliofagocitose *s.m.* Célula fagocitaria endotelial. Tamén se di **histiocito**.

endoteliofagocitose *s.f.* Proliferación anormal dos endoteliofagocitos.

endotelioide *adx.* Que ten unha estrutura semellante ós endotelios.

endotelioinoma *s.m.* Tumor fibroso do endotelio.

endoteliolisina *s.f.* Citotoxina que pode desintegra-lo tecido endotelial.

endoteliofagocitose *s.m.* Tumor maligno constituído pola proliferación e acumulación de células endoteliais.

endoteliofagocitose *s.f.* Hiperplasia ou proliferación anómala do endotelio.

endoteliofagocitose *s.f.* V. **endoteliolisina**.

endotérmico -a *adx.* Relativo á reacción que se realiza con absorción de calor.

endoscopia *s.m.* Variedade de endoscopia utilizada na exploración do oído.

endotoxina *s.f.* Compoñente da parede das bacterias gramnegativas que posúe propiedades tóxicas, aparecendo pola lise das devanditas bacterias.

endotoxina *s.m.* Toxina preparada a partir dunha endotoxina.

endotriquitose *s.f.* V. **endocervicitose**.

endotrix *s.m.* Parasito xeralmente tricofítico que invade o interior do talo do pelo.

endovascularite *s.f.* V. **endoarterite**.

endovenoso -a *adx.* V. **intravenoso**.

endoxénese *s.f.* Reproducción que ten lugar por divisións sucesivas do núcleo e o protoplasma da célula nai, dando así orixe a varias células fillas.

endóxeno -a *adx.* Que se orixina dentro do organismo, o contrario de exóxeno.

endofobia *s.f.* Temor morboso a vestirse.

endurecemento *s.m.* 1. Aumento da consistencia dun corpo ou dunha materia. 2. Procedemento para endurecer un tecido, coa finalidade de face-lo máis doado de cortar no intre de realiza-las preparacións que se van examinar nun microscopio.

enema *s.m.* 1. Inxección dunha masa líquida no recto a través do ano coa finalidade de conseguir un efecto laxante. 2. O propio líquido que se inxecta no recto durante a realización dun enema. // **E. baritado** Enema opaco. / **E. cego** Introdución dun tubo de goma no recto coa finalidade de conseguir-la evacuación dos gases acumulados no mesmo. / **E. evacuante** Enema simple. / **E. medicamentoso** Aquel no que se introduce un medicamento no organismo mediante este sistema cando por calquera causa non é posible a súa inxección oral. / **E. oleoso** Enema con finalidade laxante composto de aceite de oliva, de liñaza ou de améndoas doces. / **E. opaco** Aquel que utiliza unha solución radiopaca de bario para utilizala en exploracións radioscópicas ou radiográficas. / **E. simple** Enema de auga destinado a evacua-lo recto do seu contido de feces.

enequético -a *adx.* Relativo ó tipo constitucional de Mauz caracterizado pola lentitude, viscosidade, detallismo, afectividade pouco desenvolvida, vida interior pobre e fisicamente pola tendencia á displasia e á amorfia.

energómetro *s.m.* Aparello utilizado para o exame do pulso, que mide a presión necesaria para dete-la onda pulsátil e a enerxía utilizada pola devandita onda para vencer esta presión.

enervación *s.f.* 1. Sección dun nervio. Tamén se di **neurectomía**. 2. Falla da enerxía nerviosa.

enerxética *s.f.* Ciencia e técnica derivada da mesma que estudia a produción da enerxía, o seu uso e a conversión das súas diferentes formas.

enerxía *s.f.* Facultade que posúe un corpo para producir un traballo mecánico ou o seu equivalente en calor.

enérxida *s.f.* Zona constituída por un núcleo e a porción do citoplasma controlada por este nos tipos celulares polinucleados.

enfermeiro -a *s.* Persoa dedicada profesionalmente á asistencia sanitaria ós doentes como auxiliar do médico.

enfermería *s.f.* 1. Lugar ou departamento destinado ós doentes dentro dos cuarteis, colexios, etc. 2. Disciplina sanitaria ou conxunto de técnicas referentes a esta disciplina.

enfermidade *s.f.* 1. Perda ou alteración do estado normal da saúde. 2. Alteración ou desviación de causa coñecida ou descoñecida da estrutura ou función normal dun órgano, sistema ou calquera parte do corpo, que se manifesta por un conxunto de síntomas e signos particulares, e ten unha evolución e un pronóstico máis ou menos previsible. // **E. adquirida** Calquera enfermidade que non sexa congénita. / **E. aguda** Aquela que aparece de xeito rápido e ten unha evolución rápida. / **E. amiloide** V. **amiloidose**. / **E. articular dexenerativa** V. **osteoartrite**. / **E. autoinmune** A que está producida polo efecto sobre o organismo de autoanticorpos. / **E. autolimitada** Aquela que segue un curso cara a curación espontánea, nun período de tempo xeralmente curto. / **E. celíaca** Intole-

rancia intestinal permanente á gliadina, proteína do glute presente nos cereais. Comeza na infancia, e caracterízase principalmente por diarrea crónica, anorexia, feces pálidas e de mal cheiro, atraso na ganancia de peso e ás veces tamén do talle e diminución da masa muscular, principalmente das zonas proximais; tamén hai alteracións histolóxicas típicas na biopsia do intestino delgado proximal. O seu tratamento esixe unha dieta sen glute durante toda a vida. Tamén se di **esprú celíaco infantil**. / **E. celíaca do adulto V. esprú non tropical**. / **E. constitucional** Aquela que é propia da constitución do individuo, presentándose sen necesidade da intervención dun factor exterior, ou que presenta sintomatoloxía inespecífica. / **E. contaxiosa** A causada por un axente infeccioso, podéndose transmitir dun enfermo a outro mediante segregacións, fomites, etc. / **E. conxénita** A que aparece xa no nacemento. / **E. crónica** A que ten unha evolución lenta e longa. / **E. cuarta V. E. de Dukes**. / **E. cuarta venérea** 1. Granuloma inguinal. 2. Balanoptose gangrenosa. / **E. da urina en xarope de pradairo** Enfermidade producida por unha alteración do catabolismo dos aminoácidos que afecta á leucina, isoleucina e á valina. Caracterízase por graves trastornos no sistema nervioso central que comezan inmediatamente despois do parto e conducen con frecuencia á morte. A urina e os mesmos nenos teñen un cheiro que semella o do xarope de pradairo. Tamén se di **enfermidade de Menkes**. / **E. de Abrami** Ictericia hemolítica adquirida. / **E. de Acosta V. mal de montaña**. / **E. de Adams-Stokes V. síndrome de Adams-Stokes**. / **E. de Addison** Enfermidade causada pola insuficiencia das glándulas suprarrenais e, caracterizada por hipotensión, diminución de peso, anorexia, debilidade e en ocasións hiperpigmentación da pel. Tamén se di **insuficiencia suprarrenal**. / **E. de Albers-Schönberg** Osteopetrose. Tamén se di **enfermidade dos ósos marmóreos**. / **E. de Albright V. e. de Fuller-Albright**. V. **síndrome de Albright**. / **E. de Alpers** Polidistrofia infantil progresiva / **E. de Alport** Doenza de herdanza dominante ligada ó sexo, caracterizada por nefropatía hematúrica, xordeira e en ocasións alteracións oculares. / **E. de Alzheimer** Enfermidade dexenerativa do sistema nervioso central con demencia progresiva, que comeza habitualmente despois da idade media da vida. Caracterízase anatomopatologicamente por destrución e desaparición de neuronas do córtex cerebral e por dúas lesións histolóxicas características: os nobelos de dexeneración neurofibrilar de Alzheimer, intraneuronais, e cúmulos intracorticais de prolongacións neuronais engrosadas denominados placas senís ou placas neuríticas. / **E. de Andersen** Enfermidade por almacenamento de glicóxeno tipo IV. / **E. de Apert** Acrocefalosindactilia. / **E. de Aran-Duchenne** Atrofia muscular progresiva que comeza nas mans, por afectación das neuronas motoras medulares. En realidade trátase dunha síndrome ou síntoma característico de máis dunha doenza como a siringomieliá ou a esclerose lateral amiotrófica, etc. / **E. de Ayerza-Arillaga** Insuficiencia cardíaca dereita especial e progresiva, causada por hipertensión pulmonar prolongada por esclerose dos vasos pulmonares de orixe

diversa, antigamente con frecuencia sifilítica, e acompañada de cianose intensa e hipertrofia da medula ósea. / **E. de Bastrup** Osteoartrite interespinal de dúas vértebras lumbares. / **E. de Baker-Rosenbah** Erisipeloide. / **E. de Ballet** Oftalmoplexía externa. / **E. de Baló** Esclerose unilobular concéntrica caracterizada por un único foco de esclerose e desmielinización. Cursa con hemiplexía, hemiparestesia e afasia. / **E. de Bamberger** Corea rítmica de forma saltareira. / **E. de Bamberger-Marie V. e. de Marie**. / **E. de Bang** Aborto infeccioso das vacas provocado por *Brucella abortus*. / **E. de Banti** Cirrose atrófica do fígado, con esplenomegalia e pancitopenia, antigamente descrita como un trastorno primario do bazo, hoxe considerada secundaria á hipertensión portal. / **E. de Barlow V. escorbuto infantil**. / **E. de Barraquer ou Barraquer-Simons** Lipodistrofia parcial progresiva que comeza entre os catro e os oito anos e que afecta ó tecido subcutáneo adiposo da cara e en ocasións do colo e tórax, e aumento non constante do tecido adiposo da parte inferior do corpo. / **E. de Basedow V. e. de Graves**. / **E. de Bazin V. eritema indurado**. / **E. de Bechzet**. Enfermidade dexenerativa da parede aórtica con notacións xenéticas. / **E. de Behcet V. síndrome de Behcet**. / **E. de Bekhterev ou Bechterew ou Betcherew-Strümpell** Espondilite anquilosante. / **E. de Bence-Jones** Mieloma múltiple. / **E. de Berger** Glomerulonefrite causada por depósitos mesanxiais de Ig A. / **E. de Besnier-Boeck** Sarcoidose. / **E. de Best** Dexeneración conxénita da mácula lútea nos nenos. / **E. de Biermer** Anemia perniciosa. / **E. de Binswagner** Forma de demencia senil causada pola arteriosclerose. / **E. de Blackfan-Diamon** Anemia causada por unha anomalidade da eritroxénesis. / **E. de Blocq** Astasia-abasia. / **E. de Blumenthal V. eritroleucemia**. / **E. de Boeck** Sarcoidose. / **E. de Bornholm** Pleurodinia epidémica causada polo virus *Coxsackie*. / **E. de Bouchard** Dilatación do estómago causada por unha insuficiencia da súa capa muscular. / **E. de Bourneville** Esclerose tuberosa do cerebro. / **E. de Bowen** Carcinoma epidermoide intraepidérmico que se asocia con frecuencia a neoplasias viscerais, especialmente pulmonares, aínda que tamén gastrointestinais e xenito-urinarias. / **E. de Breda** Pian ou frambesia. / **E. de Briesky** Craurose vulvar. / **E. de Brill-Zinser** Recaída tardía dun episodio de tifo epidémico. / **E. de Brodie** Fibroadenoma de mama con aparencia clínica de tumor maligno. / **E. de Buschke V. esclerodema de Buschke**. / **E. de Cacchi-Ricci** Ril esponxoso medular ou esponxiose renal. Trátase dunha doenza esporádica aínda que en ocasións herdada de xeito autosómico dominante, que se manifesta na adolescencia ou en adultos novos e se caracteriza pola dilatación dos conductos de Bellini formando quistes que conteñen frecuentemente cálculos de oxalato cálcico, e clinicamente hai con frecuencia infección e hematuria. / **E. de Calvé** Osteocondrite vertebral, vértebra plana dos nenos de cinco a dez anos. / **E. de Calvé-Legg-Perthes** Osteoartrite coxofemoral deformante. / **E. de Canavan ou Canavan-van Bogaert-Bertrand** Dexeneración esponxosa do tecido do sistema nervioso central. / **E. de Caroli**

Dilatación quística dos conductos biliares intrahepáticos. / **E. de Chagas** ou **Chagas-Cruz** Tripanosomíase americana causada polo *Trypanosoma cruzi* e transmitida polas chinches do xénero *Triatoma*. Aparece unicamente en América central e do sur. Preséntase de xeito agudo fundamentalmente nos nenos, nos que cursa con síntomas xerais, erupción cutánea e signo de Romaña, e posteriormente con afectación muscular, cardíaca e do sistema nervioso central. A forma crónica máis importante é unha miocardiopatía que é a causa máis frecuente de morte da enfermidade, podendo presentar tamén megaesófago, megacolon, e meningoencefalite crónica. / **E. de Charcot** 1. Reumatismo articular crónico progresivo. 2. Claudicación intermitente. 3. Artropatía tabética. 4. Esclerose lateral amiotrófica. / **E. de Charcot-Marie-Tooth** Atrofia muscular peronea neuropática e progresiva. / **E. de Chediak-Steinbrink-Higasi** Doenza familiar hereditaria dos granulocitos, que cursa con hepatoesplenomegalia, alteracións na pigmentación cutánea e infeccións en diversos órganos causadas por unha anomalía na quimiotaxe e na función bacteriolítica das devanditas células. / **E. de Chevalier** Púrpura inflamatoria crónica que constitúe unha variante da síndrome de Schönlein-Henoch. / **E. de Christmas** Deficiencia do factor IX da coagulación. / **E. de Churg-Strauss** Vasculite granulomatosa que afecta a múltiples órganos e sistemas, especialmente ó pulmón. Tamén se di **anxiite e granulomatose alérxica**. / **E. de Cooley** Anemia eritroblástica familiar. / **E. de Cori V. e. por almacenamento de glicóxeno tipo III**. / **E. de Corrigan** Insuficiencia valvular aórtica. / **E. de Costello** Eritema penfigoide polimorfo. / **E. de Creutzfeld-Jakob** Doenza dexenerativa mortal do sistema nervioso central que xeralmente afecta a persoas con idades comprendidas entre os 50 e os 75 anos. Está causada por un virus lento e evoluciona rapidamente con demencia e mioclonías, tendo unha duración media de oito meses. Tamén se di **enfermidade de Jakob**. / **E. de Crigler-Najjar** Ictericia neonatal intensa e prolongada causada por unha anomalía enzimática da glicuronoconjugación da bilirrubina. Hérdase con carácter autosómico recesivo. / **E. de Crohn** Enfermidade inflamatoria crónica de orixe descoñecida que afecta a calquera parte do traxecto dixestivo, pero especialmente á porción terminal do íleo, sendo esta afectación segmentaria, en toda a espesura da parede do intestino e con formación de granulomas. / **E. de Crouzon** Disostose craniofacial con atrofia óptica, agrandamento da sela turca, e hipercalcemia. / **E. de Cushing** Síndrome de Cushing cando está causada por unha excesiva produción de ACTH de orixe hipofisaria. Tradicionalmente fálase de enfermidade de Cushing cando a orixe do exceso de ACTH é un adenoma hipofisario, pero tamén se usa en calquera outro caso de hiperprodución desta hormona aínda que non sexa detectable ningunha tumoración na hipófise. / **E. de Darier** Xenodermatose de herdanza autosómica dominante con alteración da queratinización e caracterizada por lesións papulosas e escamosas que poden chegar a ser verrugosas e vexetantes. Forman placas localizadas en zonas seborreicas. / **E. de**

Davidson Anemia megaloblástica refractaria. / **E. de De Quervain-Crile V. tiroidite subaguda, granulomatosa ou de células xigantes**. / **E. de Dejerine-André** Thomas Atrofia olivopontocerebelosa. / **E. de Devic V. síndrome de Devic**. / **E. de Di Guglielmo** Hemopatía maligna aguda que afecta esencialmente á serie vermella. No sangue periférico hai unha eritroblastemia con formas anormais. / **E. de Diamond-Blackfan** Anemia da nenez lentamente progresiva causada por unha anomalía na eritroxénese. / **E. de Döhle** Aortite sífilítica. / **E. de Down V. síndrome de Down**. / **E. de Dressler** Hemoglobinuria recorrente. / **E. de Dubin-Johnson** Ictericia crónica conxénita que se inicia na nenez e que está orixinada por unha anomalía na eliminación da bilirrubina dos hepatocitos, o que polo tanto causa unha elevación no sangue da bilirrubina directa ou conxugada. / **E. de Duchenne** Distrofia muscular progresiva que se herda de forma recesiva ligada ó sexo. Comeza na nenez e causa unha debilidade muscular progresiva que afecta especialmente á musculatura proximal das extremidades, con máis intensidade nas pernas, e ós músculos flexores do colo. Tamén hai contracturas articulares, escoliose e frecuente deterioro intelectual. Evoluciona xeralmente ata chegar á morte, causada xeralmente por graves infeccións respiratorias. / **E. de Dukes** ou **de Dukes-Filatow** Enfermidade febril, contaxiosa e moderada infantil, está causada por un virus do grupo Coxsackie-ECHO, é semellante ás outras enfermidades exantemáticas da infancia, polo que se denomina tamén como cuarta enfermidade exantemática. / **E. de Dupuytren** Retracción da aponeurose palmar que orixina unha contractura en flexión dos dedos. / **E. de Durand-Nicolas-Favre** Linfogranuloma venéreo. / **E. de Duroziez** Estenose aórtica conxénita. / **E. de Dühring-Brocq** Dermatite crónica herpetiforme polimorfa e dolorosa. As lesións distribúense simetricamente nas superficies de extensión das pernas e brazos, nos sobrazos, inguas, na rexión sacra e nos glúteos. Evoluciona con accesos prolongados e fases de remisión e acompáñase con frecuencia da síndrome da mala absorción. Algúns casos teñen carácter de lesión paraneoplásica acompañante de tumores viscerais. / **E. de Eales** Doenza caracterizada por hemorrxias recorrentes da retina e do vítreo. / **E. de Ebstein** Anormalidade valvular cardíaca conxénita causada por unha inserción anómala das valvas da válvula tricúspide. Evoluciona con insuficiencia do ventrículo dereito e incompetencia tricúspide. Acompáñase con frecuencia da síndrome de Wolff-Parkinson-White. Tamén se di **anomalía de Ebstein**. / **E. de Ecklin** Eritroblastose fetal por incompatibilidade fetomaterna tipo Rh. / **E. de Edowes V. osteoxénese imperfecta**. / **E. de Ehret** Parálise dos músculos peroneos con contracción dos antagonistas. / **E. de Eichstedt** Tiña versicolor. / **E. de Engel-Recklinghausen** Distrofia ósea conxénita dos ósos longos do cranio. / **E. de Engelmann** Distrofia ósea conxénita que afecta ós ósos longos e mailo cranio. / **E. de Engman** Dermatite eccematosa secundaria a unha infección pióxena. / **E. de Erb-Charcot** Parálise espinal espasmódica. / **E. de Erichsen** Doenza caracterizada pola aparición de fenómenos

medulares morbosos, consecutivos a accidentes. / **E. de Eulenburg** Paramitonía conxénita. / **E. de Fabry** Enfermidade por acumulación de lisosomas que se transmite por herdanza ligada ó cromosoma X. Prodúcese por acumulación do trihexósido galactosilglicosilcerárido a causa da deficiencia do encima alfa-galactosidase A, o que ocasiona acumulación de ceramidas no corazón e no ril. / **E. de Fallot V. triloxía, tetraloxía e pentalexía de Fallot.** / **E. de Fanconi V. mucoviscidose.** / **E. de Farber** Enfermidade por acumulación de lisosomas do metabolismo da ceramida causada por unha deficiencia da ceramidase. / **E. de Fölling** Oligofrenia fenilpirúvica. / **E. de Fontana** Cromoblastomicose. / **E. de Forbes V. E. por almacenamento de glicóxeno tipo III.** / **E. de Fordyce** Existencia de pequenas glándulas sebáceas na superficie da mucosa e semimucosa dos labios e na mucosa xeniana que forman numerosas e pequenas elevacións amareladas. / **E. de Forestier-Rotés-Querol** Hiperostose anquilosante da columna e das extremidades, con afectación do estado xeral, febrícula e ás veces irite ou iridociclite. / **E. de Friedländer** Arterite obliterante. / **E. de Friedreich** 1. Paramioclonio múltiple 2. V. **ataxia de Friedreich.** / **E. de Frölich** Osteíte tuberculosa localizada na apófise espiñosa da vértebra C VII. / **E. de Fuller-Albright** ou **de Albright** Displasia ósea fibrosa, pigmentación en placas e pubertade precoz. / **E. de Gaisböck V. policitemia relativa.** / **E. de Gaucher** Lipidose de glicosilcerámidos herdada de xeito autosómico recesivo e causada por deficiencia de glicosilceramidase, o que ocasiona acumulación de glicocerebrósidos nas células do fígado, bazo, ganglios linfáticos, capilares alveolares e medula ósea. Hai unha forma infantil, unha xuvenil e outra típica de adultos denominada forma non neuropática ou enfermidade de Gaucher de tipo I, que é a enfermidade por almacenamento lisosómico máis frecuente. Tamén se di **lipidose de cerebrósidos.** / **E. de Gibert** Pitiríase rubra. / **E. de Gilbert** Ictericia crónica constitucional que se produce por unha deficiencia da captación da bilirrubina e fundamentalmente por unha alteración na glicuronoconjugación, polo que se acumula no sangue bilirrubina indirecta ou non conjugada. Hérdase de xeito recesivo ligado ó sexo. / **E. de Gilles de la Tourette** Tic convulsivo da infancia acompañado de coprolalia e ecolalia. / **E. de Glanzmann** Tromboastenia de Glanzmann. V. **tromboastenia.** / **E. de Glénard** Esplanchnoptose. / **E. de Glisson** Raquitismo. / **E. de Goldflam-Erb** Miastenia grave pseudoparalítica. / **E. de Goldstein** Telanxiectasia hereditaria con epistaxe. / **E. de Gottinga** Febre tifoide. / **E. de Gowers** Espasmo saltatorio. / **E. de Grancher** Esplenomegalia. / **E. de Graves** Hipertiroidismo con bocio difuso, oftalmopatía cun compoñente espástico e outro mecánico, e dermatopatía caracterizada esencialmente por mixedema localizado ou pretibial. Tamén se di **enfermidade de Basedow, enfermidade de Parry.** / **E. de Greenfield** Encefalopatía desmielinizante infantil. / **E. de Greenwald** Pentosuria esencial hereditaria sen tradución clínica. / **E. de Griffith** Artrite osificante xeneralizada con anquilose. / **E. de Gruber** Porencefalia acompañada

de lesións poliquísticas en diversos órganos, como o fígado, o páncreas ou o ril. / **E. de Hageman** Deficiencia do factor de Hageman ou factor XII da coagulación, o que ocasiona unha prolongación do tempo de coagulación do sangue. / **E. de Hailey-Hailey** Pénfigo benigno familiar no que se orixinan ampolas principalmente nas zonas de rozamento e nas pregaduras da pel (axila, ingua, etc). Hérdase de xeito autosómico dominante pero irregularmente. / **E. de Hallopeau** 1. Acropatía ulceromutilante. 2. Dermateite pustulosa crónica que se caracteriza pola formación de focos pustulosos que progresan de xeito excéntrico. 3. Eritema circinante con tendencia a recidivar. 4. Lique escleroso. 5. Pénfigo. / **E. de Hamman-Rich** Fibrose pulmonar intersticial difusa de orixe descoñecida que evoluciona cara á morte por insuficiencia respiratoria nun curto espazo de tempo. / **E. de Hand-Schüller-Christian** Forma de granulomatose de células de Langerhans, granuloma eosinófilo ou histiocitose X con afectación multifocal ósea e dislipidose, que afecta tamén á hipófise provocando unha diabete insípida. / **E. de Hansen** Lepra. / **E. de Harada** Encefalite diseminada acompañada de uveíte, coroidite exsudativa difusa, desprendemento de retina, xordeira e afectación de pares craniais. / **E. de Harley** Hemoglobinuria paroxística a *frígore*. / **E. de Hartnup** Trastorno do transporte renal dos aminoácidos monoaminomonocarboxílicos que se herda con carácter autosómico recesivo. A exposición á luz solar orixina un exantema eritematoso semellante á pelagra. Acompáñase ademais de ataxia cerebelosa, inestabilidade emocional, delirio e aminoaciduria. / **E. de Hashimoto** Doenza inflamatoria crónica da tiroide relacionada con factores autoinmunitarios. O bocio é a principal manifestación desta enfermidade que co tempo evoluciona á insuficiencia tiroide. Acompaña frecuentemente a outras doenzas autoinmunes, e é a principal causa de bocio esporádico nos nenos. / **E. de Heberden** 1. Anxina de peito. 2. Formación de nódulos duros nas articulacións interfalánxicas distais (nódulos de Heberden), que constitúen a forma máis frecuente de osteoartrite idiopática. / **E. de Henoch** 1. Anxina gangrenosa da escarlatina. 2. Cardite recorrente. 3. Púrpura fulminante da meningocemia. / **E. de Hers V. e. por almacenamento de glicóxeno tipo VI.** / **E. de Heubner** Enderterite sifilítica dos vasos cerebrais. / **E. de Heubner-Herter** Celiaquia ou enfermidade celíaca. / **E. de Hildebrand** Tifo exantemático. / **E. de Hippel-Lindau V. e. de Lindau.** / **E. de Hirschsprung** Megacolon conxénito. / **E. de His-Werner** Febre das trinchiras. / **E. de Hodgkin** Variedade de linfoma maligno que se caracteriza por un crecemento indoloro e progresivo dos ganglios linfáticos, do bazo e do resto do tecido linfático. Xeralmente os doentes non presentan síntomas relacionados coa enfermidade, aínda que frecuentemente hai sintomatoloxía xeral, principalmente febrícula, suor nocturna e perda do máis do dez por cento do peso corporal. Tamén poden existir síntomas relacionados coa localización do proceso neoplásico. Histopatoloxicamente son características as células de Reed-Sternberg localizadas nos ganglios e tecidos afectados. Existen

catro tipos histolóxicos que teñen importancia no curso clínico e no prognóstico da enfermidade. / **E. de Hodgson** Dilatación aneurismática da porción ascendente do caxato aórtico que se acompaña frecuentemente de dilatación ou hipertrofia cardíaca. / **E. de Horton** Arterite temporal. / **E. de Huntington** Corea con demencia progresiva que comeza na metade da vida adulta e que se herda de xeito autosómico dominante. Tamén se di **corea de Huntington**. / **E. de Hutchinson-Gilford** Proxeria. / **E. de inclusións citomegálicas** Doenza causada por citomegalovirus e caracterizada pola presenza de células xigantes multinucleares características e corpos de inclusión nucleares e citoplasmáticos nas células infectadas. Existe unha forma conxénita que afecta ós neonatos e na que hai hepatoesplenomegalia, cirrose, e microcefalia con atraso mental ou atraso motor, e unha forma adquirida que ten un curso clínico que semella a mononucleose infecciosa. / **E. de Jakob V. e. de Creutzfeldt-Jakob**. / **E. de Kaposi** Anxiosarcomatose múltiple maligna que se inicia con formación de nódulos ou placas de cor vermella ou violácea, xeralmente nas extremidades inferiores e que vai acompañada polo xeral de edema elefantásico. Posteriormente esténdese de xeito centrípeto e mesmo chega a afectar ás vísceras, principalmente ó fígado. Afecta normalmente a persoas de idade avanzada e a mozos con SIDA, nos que a diseminación extracutánea do sarcoma e moito máis frecuente que nos casos nos que non vai acompañado desta síndrome. / **E. de Kataiama** Infección causada por *Schistosoma japonicum* e caracterizada clinicamente por síntomas disentéricos, hepatoesplenomegalia dolorosa, febre, anemia e hidropisia. / **E. de Kienböck** 1. Osteíte crónica necrosante e progresiva que afecta ó óso semilunar do carpo. 2. Formación traumática de cavidades na medula espinal. / **E. de Klippel** Pseudoparálise xeral de orixe artrítica. / **E. de Klippel-Trénaunay** Nevo osteohipertrófico conxénito que afecta ás extremidades, especialmente á inferior e que se acompaña dun anxiooma plano máis ou menos extenso, hipertrofia xeral do membro afectado e hipoplasia da rede venosa profunda e secundariamente a esta dilatacións varicosas da rede superficial. / **E. de Köbner** Epidermólise ampolar / **E. de Köhler** 1. Osteocondrose que afecta ó óso escafoide do tarso nos nenos secundariamente a un traumatismo. 2. Doenza que afecta ó segundo óso metatarsiano e que está caracterizada polo engrosamento da diáfise e cambios na cabeza articular. / **E. de König** Osteocondrite disecante da cadeira con desprendemento do sequestro da cabeza do fémur. / **E. de Krabbe** Lipidose por galactosilcerámidos. Trátase dunha doenza encadrada dentro das enfermidades por almacenamento lisosómico, causada por unha deficiencia do enzima galactosilcerámidido β -galactosidase. Hérdase de xeito autosómico recesivo e clinicamente caracterízase por presentar atraso mental, leucodistrofia metacromática, atrofia óptica e gran irritabilidade. Tamén se di **leucodistrofia de células globoides**. / **E. de Kümmell** Complexo sintomático que aparece unha semana despois dun traumatismo da columna vertebral e que ocasiona dor na raque, neuralxia

intercostal, alteracións motoras nas pernas e xibosidade dolorosa se se preme e que se pode reducir de xeito fácil mediante extensión. / **E. de La Peyronie** Induración plástica dos corpos cavernosos do pene que provoca unha curvatura fibrosa do mesmo. / **E. de Laennec** Cirrose hepática de orixe alcohólica. Tamén se di **cirrose de Laennec**. / **E. de Landry** Parálise ascendente aguda. / **E. de Laségue** Delirio de persecución de evolución sistemática. / **E. de Leber** Atrofia óptica hereditaria en homes novos. / **E. de Legg-Calvé-Perthes** Osteocondrite deformante da cadeira (coxa plana da segunda infancia). Tamén se di **enfermidade de Perthes**. / **E. de Leigh** Encefalomielopatía necrotizante subaguda que cursa con polimioclonías progresivas con convulsións, ataxia cerebelosa e unha alteración relativamente leve da función intelectual. / **E. de Lenegre** Enfermidade esclerodexenerativa primaria do tecido cardíaco de conducción que ocasiona un bloqueo aurículo-ventricular xeralmente asociado a un bloqueo de rama. A diferenza da enfermidade de Lev, non se afecta o esqueleto fibroso do corazón nin o miocardio. / **E. de Leriche** Osteoporose dolorosa postraumática. Tamén se di **enfermidade de Leriche-Sudeck, osteodistrofia de Sudeck**. / **E. de Lermoyez** Xordeira, z Unidos nos oídos e vertixe paroxística causados por un espasmo da arteria auditiva interna. / **E. de Letterer-Siwe** Reticuloendoteliose aguda dos lactantes de etioloxía descoñecida. Caracterízase por hemorraxias, erupción ecematiforme, hepatomegalia, esplenomegalia, linfadenopatía, anemia progresiva e hiperplasia xeneralizada dos macrófagos tisulares de distintos órganos. Hoxe pénsase que representa unha forma pouco frecuente de linfoma maligno. / **E. de Lev** Enfermidade dexenerativa do sistema de conducción cardíaco que cursa con calcificación e esclerose do esqueleto fibroso do corazón, afectando xeralmente ás válvulas mitral e aórtica ó corpo fibroso central e ó vértice do tabique interventricular. Igual que na enfermidade de Lenegre hai bloqueo aurículo-ventricular con bloqueo de rama. / **E. de Libmann-Sacks** Endocardite verrugosa que se produce nalgúns casos de lupus eritematoso diseminado. / **E. de Lignac** Alteración metabólica que asocia ananismo, raquitismo vitamínorresistente, hepatomegalia, depósitos de cistina no cristalino e insuficiencia renal. Tamén se di **enfermidade de Lignac-Fanconi**. / **E. de Lindau** Facomatose hereditaria caracterizada por anxioomatose conxénita do cerebelo e da retina. Pódese acompañar de lesións semellantes na medula espinal e de quistes de páncreas, riles e doutras vísceras, convulsións e atraso mental. Tamén se di **Hippel-Lindau** / **E. de Lipschütz** Úlcera aguda da vulva. / **E. de Little** Rixidez espástica conxénita das extremidades que constitúe unha forma de parálise cerebral espástica causada por unha alteración no desenvolvemento das vías piramidais. / **E. de Lobstein** Osteoxénese imperfecta tipo I. / **E. de Lutz-Splendore-Almeida** Paracoccidiodomicose. / **E. de Lyell** Necrólise epidérmica tóxica. Variedade da síndrome da pel escaldada estafilocócica que se produce nos adultos. / **E. de Lyme** Espiroquetose causada pola *Borrelia burgdorferi* e trans-

mitida polo ácaro *Ixodes dammini* e outras carrachas ixodidas. A enfermidade comeza xeralmente por unha lesión cutánea, o eritema crónico migratorio que se acompaña de síntomas pseudogripais ou pseudomeninxíticos, constituíndo así a fase 1 cadro. Na fase 2 hai meninxite verdadeira e outras síndromes neurolóxicas, cardíacas e musculoesqueléticas, e na fase 3 existen alteracións articulares, cutáneas ou neurolóxicas. / **E. de Marchiafava-Bignami** Variedade de encefalopatía alcohólica que produce unha desmielinización difusa dos hemisferios cerebrais. / **E. de Marchiafava-Micheli** Hemoglobinuria paroxística nocturna. V. **hemoglobi-nuria**. / **E. de Marfan** Paraplexia espasmódica progresiva nos nenos con sífilis hereditaria, causada pola inflamación dos cordóns piramidais. / **E. de Marie** 1. Acromegalia. 2. Heredoataxia cerebelosa. 3. Osteoartropatía pulmonar hipertrófica ou enfermidade de Bamberger-Marie. V. e. de **Bamberger-Marie**. 4. Espondilose rizomélica, correspóndese coa espondilite anquilosante ou **enfermidade de Marie-Strümpell** ou **enfermidade de Betcherew**. / **E. de Marie-See** Hidrocefalia causada por unha hipervitaminose A. / **E. de Marie-Strümpell** V. e. de **Marie** 4. / **E. de Marie-Tooth** Atrofia muscular peronea de causa neuropática progresiva. / **E. de Martorell e Fabrè**. Enfermidade oclusiva con orixe nos troncos supraórticos. / **E. de Mc Ardle** V. e. por **almacenamento de glicóxeno tipo V**. / **E. de membrana hialina** Doenza que afecta a neonatos, xeralmente prematuros, e que se caracteriza pola conformación dunha membrana de tipo hialino nas vías respiratorias terminais que orixina unha insuficiencia respiratoria a causa dunha inmadurez na produción do surfactante pulmonar que mantén expandidos os alvéolos pulmonares. / **E. de Ménière** Combinación de hipoacusia, zunido nos oídos e vertixe que se acompaña dunha produción excesiva de endolinfa e que é xeralmente unilateral. Tamén se di **vertixe de Ménière**. / **E. de Menkes** V. e. da **urina en xarope de pradairo**. / **E. de Mikulicz** Hipertrofia crónica das glándulas lacrimais e salivares causada por unha substitución do tecido glandular normal por un infiltrado de células linfoides. / **E. de Milroy** Variedade de linfedema hereditario das pernas orixinado por unha obstrución linfática crónica. / **E. de Millar** Larinxite estridulosa. / **E. de Miller** Osteomalacia. / **E. de Minamata** Trastorno neurolóxico grave orixinado por unha intoxicación por alquimercuriais. Caracterízase por parestesias periféricas e peribucais, ataxia, disartria e perda da visión periférica con evolución crónica que pode levar á morte. / **E. de Morgagni** Hiperostose endocranial. / **E. de Morquio** 1. Disociación aurículo-ventricular asociada a unha malformación do tabique ou a unha tumoración do tabique causada por unha endocardite fetal. 2. Disostose endocondral metaepifisaria familiar que se manifesta cando o neno comeza a andar e se caracteriza por un esmagamento vertebral, subluxación da cadeira e *genu valgo* bilateral. / **E. de Munk** Nefrose lipoide. / **E. de Myà** Megacolon conxénito. / **E. de Nicolas-Favre** Linfogranuloma inguinal. / **E. de Niemann ou Niemann-Pick** Trátase dunha lipi-

dose de esfingomielina. Caracterízase por unha deficiencia importante de esfingomielinase nos tipos A e B. O tipo A da enfermidade comeza pouco despois do nacemento e evoluciona con hepatoesplenomegalia, afectación neurolóxica e atraso no desenvolvemento. Hai manchas de cor vermella cereixa na retina, e nalgunhas ocasións convulsións e hiperesplenismo. O diagnóstico realízase ó descubri-la célula de Niemann-Pick na biopsia de medula ósea e confírmase mediante análise enzimática. O tipo B é mais benigno, cursando sen dano neurolóxico. O tipo C non está causado por unha deficiencia da esfingomielinase, e ten unha acumulación masiva de colesterol nos lisosomas por unha anomalía na utilización intracelular do mesmo. Tamén se di **lipidose de fosfátidos**. / **E. de Nonne-Milroy** Linfedema familiar hereditario. / **E. de ocupación ou ocupacional** Aquela que está causada pola profesión na que se traballa. / **E. de Oguchi** Despigmentación hereditaria da retina acompañada de hemeralopía. / **E. de Ohara** Tularemia. / **E. de Ollier** Doenza caracterizada por ficaren restos da cartilaxe epifisaria no interior do óso mentres medra a epífise, causando un engrosamento dos extremos e unha diminución do crecemento lonxitudinal do óso afectado. Con frecuencia aféctanse varios ósos, xeralmente dun só membro, o que orixina o acurtamento do mesmo. Tamén se di **discondroplasia**. / **E. de Olmer** Febre exantemática ou botonosa mediterránea. / **E. de Oppenheim-Urbach** Dermatite atrofiante lipóidica que aparece nos diabéticos. / **E. de Osgood-Schlatter** Apofisite tibial anterior dos adolescentes. / **E. de Osler** Variedade de endocardite lenta e de evolución maligna. / **E. de Paget** 1. Lesión cutánea da mamila que constitúe unha propagación cutánea precoz dun carcinoma de mama subxacente. A lesión é unha placa de aspecto eccematiforme, crónica e exsudativo-cotrosa de localización unilateral e resistente ó tratamento, que borra pausadamente o relevo da mamila. Histoloxicamente caracterízase pola presenza das chamadas células de Paget. 2. Neoformación vulvar e en ocasións tamén de localización perianal semellante tanto pola súa evolución clínica como pola súa histoloxía á enfermidade de Paget da mamila. 3. Osteíte deformante. Enfermidade ósea de etioloxía descoñecida con destrución e formación desorganizada de óso, o que deforma as partes danadas do esqueleto. Pode afectar calquera óso, especialmente á tibia, ó cranio e á pelve. Clinicamente pode existir dor e aumento local da temperatura, pero normalmente hai unha dilatación asintomática do cranio, curvatura dos ósos longos ou cifose da columna dorsal. Pódese complicar con fracturas, insuficiencia cardíaca, osteosarcomas, xordeira, cegueira e estenose espiñal que ocasiona unha síndrome de compresión da cola de cabalo. / **E. de Párkinson** V. **parálise axitante**. / **E. de Parrot** Osteíte sífilítica dos neonatos que pode causar fracturas con impotencia funcional que semellan unha parálise. Tamén se di **pseudoparálise de Parrot**. / **E. de Parry** V. e. de **Graves**. / **E. de Pel-Ebstein** Linfadenoma con accesos periódicos de febre. / **E. de Pelizaeus-Merzbacher** Variedade de leucoencefalopatía familiar ligada ó cromosoma X, que probable-

mente sexa causada por unha alteración de almacenamento lisosómico. / **E. de Personage-Turner** Amiotrofia neurálxica do home. / **E. de Perthes V. e. de Legg-Calvé-Perthes.** / **E. de Peyronie** Endurecemento dos corpos cavernosos do pene, o que orixina unha curvatura de calidade fibrosa no mesmo. / **E. de Pfeiffer** Mononucleose infecciosa. / **E. de Pick** Enfermidade dexenerativa cerebral de curso progresivo semellante nas súas manifestacións clínicas e evolución á enfermidade de Alzheimer, aínda que é moito menos frecuente que esta. Hai atrofia cerebral que afecta esencialmente ós lobos frontais e temporais. Transmítese frecuentemente de xeito dominante, predominando as manifestacións nas mulleres. / **E. de Plummer** Adenoma tóxico da glándula tiroide. / **E. de Pollitzer** Hidradenite supurada. / **E. de Pompe V. e. por almacenamento de glicóxeno tipo II.** / **E. de Potel** Septicemia grave dos neonatos ocasionada por *Listeria monocytogenes*, que pode orixinar asemade unha meninxite de carácter moi grave. Tamén se di **granulomatose infantiséptica.** / **E. de Pott** Tuberculose de localización raquídea. Tamén se di **espondilite tuberculosa, mal de Pott.** / **E. de Pringle** Adenomas sebáceos múltiples da cara asociados a esclerose tuberosa. / **E. de Puente** Quilite angular simple. / **E. de Purtscher** Retinopatía hemorráxica venosa. / **E. de Queyrat** Eritropiliasia; alteración precancerosa das mucosas que se caracteriza por unha placa de cor vermella, brillante e limitada que evoluciona cara ó epiteloma espinocelular. / **E. de Quincke** Edema agudo anxioneurótico de aparición brusca e localizado principalmente na cara, labios, pálpebras, xenitais e mucosas, principalmente a larínxea. Na forma hereditaria da enfermidade (edema anxioneurótico familiar), hai unha deficiencia (no tipo I), do inhibidor do factor C1 do complemento, ou ben o devandito inhibidor preséntase en cantidade normal, pero non é activo (no tipo II). / **E. de Raynaud** Alteración vascular idiopática caracterizada por ataques bilaterais nas extremidades superiores do fenómeno de Raynaud. Afecta con maior frecuencia a mulleres novas de entre 20 e 40 anos, e para chegar ó diagnóstico esíxese que o carácter primario da enfermidade permaneza polo menos durante dous anos. É menos frecuente cá síndrome do mesmo nome, (o mesmo fenómeno cando está asociado a outras patoloxías). / **E. de Recklinghausen** Neurofibromatose. V. **neurofibromatose.** / **E. de Refsum** Alteración de carácter hereditario dominante caracterizada por polineurite, ataxia cerebelosa, hemeralopía con diminución concéntrica do campo visual e retinose pigmentaria. / **E. de Rendu-Osler-Weber** Doenza hereditaria e familiar caracterizada por presentar anxiomatose hemorráxica, esplenomegalia e hepatomegalia. / **E. de Riedel** Fibrose da glándula tiroide que lle proporciona unha consistencia de tipo leñoa. / **E. de Rietti-Greppi-Micheli** Talasemia menor. / **E. de Ritter** Dermatite exfoliativa dos nenos de etioloxía estafilocócica, na que a pel se desprende formando grandes pellosos. / **E. de Rokitansky-Frerichs** Forma grave de hepatite aguda, caracterizada pola necrose masiva do fígado. / **E. de Rust** Espondilite de orixe tuberculosa que afecta ás vértebras cervicais. / **E. de**

Sanders Queratoconxutivite epidémica. / **E. de Schönlein V. púrpura de Schönlein-Henoch.** / **E. de Schultz** Anxina agranulocítica. / **E. de Schüller** Osteoporose dolorosa circunscrita ó cranio. / **E. de Secrétan** Edema traumático grave. / **E. de Seligmann** Enfermidade da cadea pesada α ou H α . / **E. de Serkavi** Kala-azar. / **E. de Sever** Osteonecrose aséptica da epífise posterior do óso calcaño, propia da xente nova. / **E. de Shaver** Variedade de pneumoconiose producida pola inhalación de compostos de bauxita que se produce nos traballadores das fundicións deste mineral. / **E. de Siam** Febre amarela. / **E. de Simonds** Caquexia hipofisaria, estado de avellentamento prematuro orixinado por unha atrofia da adenohipófise. / **E. de Sprengel** Elevación conxénita da escápula. Tamén se di **escápula alada.** / **E. de Stanton** Mieloidose. / **E. de Stargardt** Dexeneración da mácula lútea da retina que ocorre na época prepupal. / **E. de Steele-Richardson** Oftalmoplexía supranuclear. / **E. de Steinert** Distrofia miotónica. / **E. de Sternberg** Granuloma maligno. / **E. de Still** Variante seronegativa da artrite reumatoide que afecta a nenos ou a adultos novos. / **E. de Strümpell** 1. Variedade hereditaria da esclerose lateral amiotrófica na que se produce afectación fundamentalmente nas pernas. 2. Polioencefalomielite. / **E. de Sturge-Weber V. síndrome de Sturge-Weber.** / **E. de Sudeck V. osteodistrofia de Sudeck.** / **E. de Sutton** 1. *Delirium tremens.* 2. Doenza cutánea caracterizada pola presenza dun nevo en halo, é dicir un nevo pigmentario no centro dunha zona de vitilix. 3. Periadente mucosa necrótica recorrente. 4. Granuloma fisurado. / **E. de Sydenham V. corea de Sydenham.** / **E. de Takayasu** Panarterite que afecta principalmente ó caxato aórtico e ás ramas arteriais derivadas do mesmo, aínda que tamén se pode dana-la aorta torácica e a abdominal. Afecta máis a mulleres de orixe asiática. Hai sintomatoloxía xeral na fase aguda e síntomas derivados da obstrución dunha arteria importante nas etapas crónicas. Evoluciona en brotes e non ten tratamento específico, empregándose en ocasións a derivación cirúrxica do vaso estenosado. / **E. de Tangier** Alteración autosómica recesiva do metabolismo lipídico que comeza na infancia e se manifesta clinicamente por te-las amígdalas hipertrofiadas e de cor laranxa, opacidades na córnea e polineuropatía recidivante. No plasma, o colesterol está diminuído e os triglicéridos normais ou aumentados. Non ten tratamento. / **E. de Tauri V. e. por almacenamento de glicóxeno tipo VII.** / **E. de Tay-Sachs** Idiocia amaurótica familiar, doenza causada por un erro no metabolismo, causado por unha deficiencia de hexosaminidase A, o que orixina un almacenamento de gangliósido G_{M2}, causando atraso mental, convulsións, cegueira, macrocefalia, e hiperacusia na forma infantil. Hérdase de xeito autosómico recesivo, non existindo ningún tratamento específico. / **E. de Tietze** Inflamación dolorosa non supurativa das cartilaxes costais. / **E. de Tilbury-Fox** Impetixe non estreptocócica. / **E. de transmisión sexual** Enfermidade transmitida por contacto sexual. Habitualmente faise referencia a elas coa sigla ETS. / **E. de Trousseau** 1. Eritema nodoso. 2. Tromboflebite migratoria de orixe neoplásica. / **E. de**

Unna Eccema seborreico. / **E. de Vaquez** Policitemia vera ou esencial. / **E. de Vincent V. anxina de Vincent.** / **E. de Vogt** Diplexia cerebral espástica. / **E. de Volkman** 1. Quilite glandular. 2. Retracción isquémica muscular que se produce principalmente nos nenos, de xeito secundario a un traumatismo do cóbado. Por un déficit da irrigación sanguínea prodúcese a morte das células musculares que se substitúen por tecido fibroso, o que orixina a devandita retracción. 3. Luxación conxénita tibiotarsiana, denominada tamén **deformidade de Volkman.** / **E. de von Economo** Encefalite letárxica ou epidémica, detectada por vez primeira no 1917. Anotopatologicamente correspóndese cunha infección viral do tálamo e do mesencéfalo, aínda que nunca se identificou un axente viral causante da doenza. Actualmente é case inexistente. / **E. de von Gierke V. e. por almacenamento de glicóxeno tipo I** / **E. de von Hippel-Lindau V. e. de Lindau.** / **E. de von Willebrand** Diátese hemorráxica conxénita causada pola deficiencia do factor VIII da coagulación herdada de xeito autosómico dominante. Hai prolongación do tempo de hemorraxia e frecuentemente alteración da adherencia ó vidro das plaquetas. Clinicamente maniféstase por tendencia á epistaxe, á hemorraxia causada por traumatismos ou intervencións cirúrxicas, á menorraxia e á hemorraxia posparto. / **E. de Vrolik** Osteoxénese imperfecta de orixe tardía. / **E. de Waldenström** 1. Macroglobulinemia esencial, síndrome hemorráxica con anemia, adenomegalia e esplenomegalia, derramos serosos e ás veces polineurite, e presenza no plasma dunha globulina de peso molecular elevado. Tamén se di **macrolobulinemia de Waldenström.** 2. Hiperlobulinemia con púrpura. 3. Osteocondrose da epífise da cabeza femoral. / **E. de Watson** Porfiria aguda intermitente. / **E. de Weil** Espiroquetose ou leptospirose icterohemorráxica. / **E. de Werdnig-Hoffmann** Atrofia muscular espiñal infantil ou AME infantil aguda ou de tipo I, de herdanza autosómica recesiva, segue un curso progresivo cara á morte que ocorre antes dos tres anos. Existe unha variante desta doenza, denominada AME infantil crónica ou AME de tipo II, que segue unha evolución máis lenta podendo vivi-lo enfermo ata a época preadolescente e incluso chegar a adulto. / **E. de Werlhof** Púrpura trombocitopénica idiopática, síndrome purpúrica con múltiples hemorraxias, sen afectación do estado xeral e sen unha causa determinada, que cura espontaneamente en oito ou dez días. / **E. de Wernicke V. encefalopatía de Wernicke.** / **E. de Westphal** Mioplexía familiar intermitente con hipopotasemia. / **E. de Whipple** Lipodistrofia intestinal, doenza que afecta principalmente a homes brancos de idade mediana e caracterizada clinicamente por artrite, diarrea de longa duración, mala absorción e perda de peso, hiperpigmentación da pel, linfadenopatías, febre e afectación do SNC. Na lámina propia do intestino ou no interior dos macrófagos escumosos intestinais ou en ámbalas dúas situacións, existen estruturas bacilares PAS positivas que constitúen un achado importante para o diagnóstico. / **E. de White** Corazón pulmonar crónico, (*cor pulmonale* crónico). / **E. de Whitmore** Meliodose. / **E. de**

Williams Kwashiorkor. / **E. de Wilson** Doenza hereditaria autosómica recesiva da eliminación hepática do cobre, que causa unha acumulación do devandito metal no fígado, cerebro e outros órganos. É característica a deficiencia plasmática de ceruloplasmina. / **E. de Wohlfart-Kugelberg-Welander** Atrofia muscular espiñal xuvenil, ou AME de tipo III. Comeza nos últimos anos da nenez e presenta unha evolución lenta e indolente. Como o resto das AME hérdase de xeito recesivo. / **E. de Wolman** Enfermidade por almacenamento lisosomal causada pola deficiencia de lipase ácida que afecta a nenos menores de tres meses. Os materiais que se almacena son ésteres de colesterol e triglicéridos. Caracterízase clinicamente por hepatosplenomegalia, atraso mental leve, e atraso máis importante do desenvolvemento físico. / **E. de Zenker** Pneumoconiose causada polo po de tabaco. / **E. do coláxeno** Grupo de enfermidades que posúen como característica común a dexeneración fibrinoide xeneralizada da substancia fundamental do tecido conxuntivo. / **E. do lexionario V. lexionelose.** / **E. do sono** Correspóndese coa fase final das tripanosomíases africanas gambiana e rodesiana, na que se produce unha afectación neurolóxica brusca ou progresiva ata chegar a un estado de coma profundo irreversible. Tamén se di **mal africano.** / **E. do soro** Síndrome ocasionada pola inxección de doses relativamente grandes de soros heterólogos, que ocasionan unha reacción de hipersensibilidade de tipo III con exceso de antíxenos. Clinicamente despois de uns oito días da inxección comeza a enfermidade, que se caracteriza por un aumento da temperatura, inchazón dos ganglios linfáticos, urticaria xeneralizada, e inchazón dolorosa das articulacións. Analiticamente prodúcese unha diminución do complemento sérico e albuminuria transitoria. / **E. dos ósos marmóreos V. e. de Albers-Schönberg.** / **E. endémica** Aquela que se presenta cunha incidencia constante nunha comunidade determinada. / **E. endoepidémica** Aquela enfermidade endémica na que de cando en vez se producen brotes que aumentan notablemente a incidencia da mesma. / **E. epidémica** Aquela que se presenta como unha epidemia. / **E. esencial** Aquela que non ten unha etioloxía nin unha patoxenia coñecida. Tamén se di **enfermidade idiopática.** / **E. específica** Aquela que está causada por un axente único e constante. / **E. esporádica** Aquela da que unicamente aparecen casos illados. / **E. familiar** Aquela que se transmite xeneticamente, aparecendo en suxeitos pertencentes a unha mesma familia. / **E. fibroquística do páncreas V. mucoviscidose.** / **E. focal** A que está localizada nun ou máis focos. / **E. funcional** Enfermidade que se produce e evoluciona sen cambios estruturais definidos. / **E. granulomatosa crónica** Conxunto de alteracións cunha base metabólica común e caracterizadas por unha carencia da capacidade bactericida dos granulocitos orixinada por unha deficiencia na produción de peróxido de hidróxeno, o que ocasiona infeccións repetidas e localizadas en múltiples lugares do organismo. Hérdase de xeito autosómico recesivo ou ligada ó cromosoma X. / **E. hemolítica do neonato** Eritroblastose fetal. / **E. hereditaria** Aquela

causada por unha anormalidade cromosómica transmissible á descendencia. / **E. iatroxénica** A que aparece como consecuencia dun acto médico. / **E. idiopática V. e. esencial.** / **E. infecciosa** A que se debe a un axente vivo patóxeno, ben sexa unha bacteria, un virus, un fungo o un parasito calquera. / **E. mental** Síndrome psicolóxica ou da conducta importante clinicamente. / **E. orgánica** A que se asocia a cambios morfolóxicos das estruturas anatómicas ou dos órganos. / **E. pandémica** A que aparece causando unha pandemia. / **E. parasitaria** A causada por un parasito. / **E. periódica** Aquela que aparece en intervalos periódicos ou na mesma época do ano. / **E. por almacenamento** Grupo de enfermidades nas que por un trastorno metabólico unha substancia se acumula en cantidade excesiva nalgúns tecidos. / **E. por almacenamento de glicóxeno** Grupo de trastornos xenéticos que afectan ás vías de almacenamento e utilización do glicóxeno. Tipo Ia ou enfermidade de Von Gierke, por déficit de glicosa-6-fosfatase. Tipo Ib, por déficit de glicosa-6-fosfato-translocasa microsómica. Tipo II ou enfermidade de Pompe, por déficit de α -glicosidase lisosómica. Tipo III ou enfermidade de Cori ou de Forbes, por déficit de enzima desramificadora. Tipo IV ou enfermidade de Andersen, por déficit de enzima ramificadora. Tipo V ou enfermidade de Mc Ardle, por déficit de fosforilase muscular. Tipo VI ou enfermidade de Hers, por déficit de fosforilase hepática. Tipo VII ou enfermidade de Tauri, por déficit de fosfofructocinase. Tipo VIII ou IX, (antiga VIb), por déficit de cinase da fosforilase hepática. Coñécense ata catorce tipos ou subtipos desta alteración metabólica, sendo os restantes menos frecuentes. / **E. profesional** A derivada das actividades ou do medio ambiente propios dunha ocupación laboral. / **E. psicossomática** Aquelas alteracións funcionais ou orgánicas de orixe psicóxena. / **E. venérea** Enfermidade infecciosa transmitida por contacto sexual; comprende a gonorrea, sífilis, cancro brando, linfogranuloma venéreo e o granuloma inguinal.

enfermizo -a *adx.* Que ten gran propensión a adquirir enfermidades.

enfermo -a *s.* Persoa que padece algunha enfermidade. Tamén se di **doente**.

enfisema *s.m.* Distensión dun tecido causada pola acumulación de gases no mesmo, especialmente aquela orixinada pola presenza de aire no tecido celular subcutáneo ou pulmonar. // **E. ampolar** Distensión do espazo alveolar pulmonar a xeito de dilatacións voluminosas, maiores de 1 cm de diámetro, únicas ou múltiples, sendo ás veces de orixe conxénita, pero atopándose a meirande parte das veces asociadas a un enfisema xeneralizado ou a un proceso fibrótico progresivo. / **E. atrófico** Enfisema pulmonar senil causado por cambios atróficos dos tecidos, especialmente pola perda de tecido elástico. / **E. centroacinoso** Enfisema pulmonar caracterizado pola dilatación dos bronquíolos respiratorios e as canles alveolares, mentres que se conservan os alvéolos terminais, sendo consecuencia dunha obstrucción crónica da vía aérea. Tamén se di **enfisema centrolobular.** / **E. centro-**

lobular V. e. centroacinoso. / **E. cicatrizal** Enfisema causado por unha hiperdistensión e destrucción dos tabiques alveolares nas zonas que arrodean unha cicatriz. Tamén se di **enfisema pericatricial.** / **E. cirúrxico** Aquel enfisema traumático consecutivo a unha intervención cirúrxica / **E. cutáneo** Enfisema subcutáneo. / **E. interlobular** Aquel caracterizado pola acumulación de aire nos espazos existentes entre os lobos pulmonares. / **E. intersticial** Escape de aire dos espazos aéreos cara ó intersticio pulmonar, ó mediastino ou ó tecido subcutáneo. / **E. intestinal** Acumulación de gas baixo a túnica serosa do intestino. / **E. lobular** Enfisema pulmonar cando afecta a meirande parte dos lobos do pulmón. / **E. lobular conxénito** Enfisema que aparece en raras ocasións nos lactantes orixinado pola presenza dun mecanismo de tipo valvular nun bronquio, tendo como consecuencia a rápida distensión do espazo distal ó devandito mecanismo, o que pode ter un grave risco para a vida do neno. / **E. mediastínico** Presencia de aire no espazo mediastínico. Tamén se di **pneumomediastino.** / **E. panacinoso** Enfisema pulmonar consecutivo a unha afectación primitiva das paredes alveolares, tendo como consecuencia a dilatación de tódolos segmentos pulmonares, incluíndo a dilatación e a confluencia dos alvéolos terminais. Tamén se di **enfisema panlobular.** / **E. panlobular V. e. panacinoso.** / **E. paraseptal** Enfisema consecutivo á distensión e destrucción dos tabiques alveolares ó longo do bordo dos ácinos. Nos casos nos que se localiza na pleura visceral pode causar episodios de pneumotórax espontáneo. / **E. pericatricial V. e. cicatrizal.** / **E. pulmonar** Alteración pulmonar caracterizada pola dilatación dos espazos aéreos existentes máis alá dos bronquíolos terminais e pola desaparición parcial dos tabiques interalveolares. / **E. senil** Ectasia alveolar propia da vellez. / **E. subcutáneo** Enfisema intersticial caracterizado pola presenza de aire no tecido subcutáneo. / **E. vesicular** Enfisema panacinoso ou panlobular.

enflise *s.f.* Erupción de tipo vesicular.

engastamento *s.m.* V. **encaixamento.**

engaste *s.m.* V. **encaixe.**

engastro *s.m.* Monstruosidade fetal dobre na que un dos fetos está contido dentro do abdome do outro.

Engel, síndrome de V. **síndrome.**

Engel-Recklinghausen, enfermidade de V. **enfermidade.**

Engelmann, discos de, enfermidade de V. **disco de Hensen.** V. **enfermidade.**

englobamento *s.m.* 1. Inclusión dunha parte dentro dunha cicatriz. 2. Penetración dentro dunha célula dunha partícula inorgánica, un microorganismo ou un resto celular.

Engman, enfermidade de V. **enfermidade.**

éngua *s.f.* V. **ingua.**

engrenaxe *s.f.* Sinartrose característica dos ósos da bóveda cranial.

enhematopora *s.f.* Forma de espora característica do parasito do paludismo. Tamén se di **merozoíto**.

enofobia *s.f.* Temor morboso ó viño.

enoftalmía *s.f.* Afundimento anormal do ollo. Tamén se di **enoftalmos**.

enoftalmos *s.m.* V. **enoftalmía**.

enol *s.m.* Viño utilizado como excipiente en preparacións farmacéuticas.

enolado *s.m.* Preparación farmacéutica que ten o viño como excipiente.

enolase *s.f.* Enzima do grupo das hidratasas que intervén na glicoxenolise e na glicoxenoxénese catalizando a deshidratación en forma reversible do ácido fosfoglicérico en ácido fosfoenolpirúvico.

enólico -a *adx.* 1. Relativo ou pertencente ó enol. 2. Que ten viño como excipiente.

enomanía *s.f.* Propensión irresistible polas bebidas alcohólicas.

enomel *s.f.* Mestura composta de viño e mel.

enomelado -a *adx.* Relativo ás antigas preparacións medicinais compostas dunha mestura de enomel e diversos principios medicamentosos.

enosimanía *s.f.* 1. Alteración mental consistente na experimentación dun terror esaxerado. 2. Crenza obsesiva de que se cometeu un pecado imperdoable.

enostose *s.f.* Excrecencia ósea ou osteoma desenvolvida cara ó interior da cavidade dun óso ou do interior do cráneo.

enquistamento *s.m.* 1. Proceso defensivo do organismo con formación dunha capa de tecido laminar ó redor dun corpo estraño ou dun produto patolóxico calquera. 2. Forma de resistencia adquirida por algúns microorganismos como método defensivo contra un ambiente desfavorable, pola que se rodean dunha capa dura e case impermeable dentro da que permanecen en estado de latencia.

ensaio *s.m.* 1. Acto e máis efecto de ensaiar, de comprobar se unha cousa é axeitada para o fin ó que estea destinada. 2. Experimento, intento.

ensalmo *s.m.* Conxunto de palabras rituais, invocacións ou rezos que pronuncia unha meiga ou un curandeiro para sandar un enfermo.

enseladura *s.f.* Forma esaxerada da lordose da columna vertebral lumbar.

ensiforme *adx.* Que ten forma de espada. Tamén se di **xifoide**.

ensisterno *s.m.* Parte inferior do esterno. Tamén se di **apéndice xifoide**.

ensónfalo *s.m.* Monstruosidade fetal dobre na que os fetos teñen os corpos unidos, pero mantendo cadanseu embigo e cordón umbilical.

entstrofia *s.f.* Inversión dunha parte, principalmente dos bordos palpebrais.

entalado *s.m.* Acción e efecto de estabilizar con táboas finas ou con férulas un óso fracturado.

entalladura *s.f.* Ferida producida por un aparello cortante que bate oblicuamente na zona afectada.

entalpía *s.f.* Función de estado característica dos medios fluídos, que aumenta dependendo da cantidade de calor recibida polo sistema, mantendo este a presión constante.

entamebíase *s.f.* Infección producida por entamoeba.

Entamoeba Xénero de rizópodos ameboides parasitarios dos vertebrados, con algunhas especies patóxenas para o home. A meirande parte delas poden producir quistes que actúan como formas de resistencia da especie. // **E. coli** Especie de entamoeba non patóxena que pode habitar no intestino humano. / **E. gingivalis** Especie non patóxena habitante da cavidade bucal do home e outros vertebrados. / **E. hartmanni** Especie non patóxena que se pode atopar no intestino humano. / **E. histolytica** Especie patóxena causante da disentería amebiana e de abscesos hepáticos.

entase *s.f.* Espasmo muscular tónico.

entelminto *s.m.* Calquera dos vermes parasitarios do intestino. Tamén se di **entohelminto**.

enteomanía *s.f.* Monomanía relixiosa.

entepicóndilo *s.m.* Cóndilo interno do úmero.

enteradenite *s.f.* Inflamación dos ganglios linfáticos intestinais.

enteralxia *s.f.* Dor de orixe intestinal. Tamén se di **enterodinia**.

enteramina *s.f.* Substancia hormonal orixinada na mucosa intestinal, idéntica á serotonina.

enteratrofia *s.f.* Atrofia da mucosa intestinal.

enterauxa *s.f.* Hipertrofia da mucosa intestinal.

enterectasia *s.f.* Dilatación ou distensión intestinal.

enterectomía *s.f.* Resección dunha parte do intestino.

enteremia *s.f.* Conxestión dos vasos sanguíneos intestinais.

enterite *s.f.* Inflamación do intestino, especialmente cando afecta ó segmento delgado do mesmo. // **E. aguda** Inflamación da mucosa intestinal, frecuentemente de orixe infecciosa, tendo como consecuencia síntomas do tipo da diarrea, cólicos abdominais, timpanismo e en ocasións febre. / **E. poliposa** Enterite na que hai unha proliferación de tecido conxuntivo formando pólipos. / **E. rexional** ou **segmentaria** Enfermidade de Cronh.

enterítico -a *adx.* Pertencente ou relativo á enterite.

entero- Prefixo do gr. *énteron*, (intestino).

enteroanastomose *s.f.* Anastomose ou comunicación realizada mediante cirurxía entre dous segmentos do intestino.

Enterobacter Xénero de bacterias da familia das enterobacteriaceas. Son bacilos gramnegativos e anaerobios facultativos, flaxelados e móbiles, fermentan a lactosa e producen gas; comensais do intestino humano, poden ser patóxenos en ocasións producindo sepse e infeccións urinarias. // **E. aeroxenes** Formas móbiles flaxeladas clasificadas anteriormente como *Aerobacter aerogenes*. // **E. cloacae** Formas de enterobacter clasificadas anteriormente como *Aerobacter cloacae*.

enterobacteriaceas *s.f.pl.* Familia de bacterias gramnegativas, anaerobias facultativas, oxidase negativas, fermentan glicosa e reducen nitratos a nitritos, medran en medios de cultivo ordinarios sen necesidade de substratos específicos; algunhas posúen mobilidade gracias a cilios ou flaxelos implantados de xeito lateral na súa parede, (flaxelación peritrica), e poden ter, dependendo da especie, unha serie de antixenos flaxelares, somáticos, de cilios, de fimbrias, ou antixenos de virulencia. Algunhas son saprófitas habituais do intestino humano, e poden ser patóxenas dependendo da cepa, como *Escherichia coli*, outras actúan como patóxenos oportunistas como *Serratia*, e outras como *Salmonella*, *Yersinia* e *Shigella* son patóxenos humanos intrínsecos.

enterobiase *s.f.* Infestación producida por *Enterobius vermicularis*. Tamén se di **oxiuriase**.

Enterobius Xénero de vermes nematodos (vermes cilíndricos ou filiformes), parasitos intestinais. // **E. vermicularis** ou **Oxyuris vermicularis** Verme de cor branca, filiforme e pequeno tamaño (4 mm o macho e uns 10 mm a femia), parasito do intestino goso humano, aínda que tamén pode parasita-lo delgado, produce a enterobiase ou oxiuriase, caracterizada principalmente por un intenso próiido na rexión anal ou perineal, xeralmente nocturno, e manifestacións debidas ó rañado reflexo da zona, como fendeduras ou infeccións secundarias. Trátase dunha infección practicamente universal nos nenos e adultos novos.

enterobrose *s.f.* V. **enterobrosia**.

enterobrosia *s.f.* Perforación do intestino. Tamén se di **enterobrose**.

enterocele *s.f.* Herniación intestinal que contén un fragmento do intestino delgado. // **E. vaxinal** V. **colpocele**.

enteroceliaco -a *adx.* Relativo ou pertencente á cavidade abdominal.

enterocentese *s.f.* Punción cirúrxica do intestino.

enterocinase *s.f.* Enzima do zume intestinal que actúa na activación dos precursores dos fermentos proteolíticos tripsina, quimotripsina e carboxipeptidase, segregados polo páncreas á luz do intestino. Tamén se di **enteroquinase**.

enterocistocele *s.f.* Hernia constituída por unha porción de intestino e vexiga urinaria.

enterocistoma *s.m.* Quiste de orixe conxénita causado por unha anomalía no desenvolvemento do conducto onfalomesentérico, desenvolvido ás veces na parede do abdome preto do embigo ou ben no intestino delgado na proximidade da válvula ileocecal.

enterocistoqueocele *s.f.* Herniación escrotal da vexiga urinaria e o intestino.

enterocleise *s.f.* 1. Peche dunha ferida intestinal. 2. Oclusión da luz do intestino. // **E. epiploica** Peche dunha perforación do intestino por medio do emprego dunha porción do epíploon.

enteroclise *s.f.* Inxección dun líquido no intestino vía rectal.

enterococo *s.m.* Estreptococos do grupo D de Lancefield, que comprenden o *Streptococcus faecalis*, o *S. faecium* e o *S. durans*. Trátase de bacterias grampositivas polimorfos que no organismo se presentan como diplococos, anaerobios facultativos, medran en medios de cultivo dende os 20°C. Son causantes de infeccións urinarias, sepse, endocardite e procesos supurativos profundos.

enterocolecistostomía *s.f.* Anastomose cirúrxica realizada entre o intestino delgado e a vesícula biliar.

enterocolite *s.f.* Inflamación simultánea do intestino delgado e mailo colon.

enterocolostomia *s.f.* Anastomose cirúrxica establecida entre o intestino delgado e mailo colon.

enteroconiose *s.f.* Afección intestinal producida por partículas de po de calquera orixe.

enterodinia *s.f.* V. **enteralxia**.

enteroenterostomía *s.f.* Anastomose cirúrxica realizada entre dúas porcións normalmente non comunicadas do intestino.

enteroepiplocele *s.f.* Herniación conxunta do intestino delgado e mailo epíploon.

enteroepiplonfalocele *s.f.* Herniación umbilical do intestino delgado e o epíploon.

enterogastrite *s.f.* Inflamación do intestino delgado e mais do estómago. Tamén se di **gastroenterite**.

enterogastrocele *s.f.* Hernia constituída por porcións de estómago e intestino.

enterogastrona *s.f.* Hormona da mucosa duodenal que posúe acción inhibitora da motilidade e a segregación gástrica.

enteroglicagon *s.m.* Hormona producida pola mucosa do intestino que posúe unha acción semellante ó glicagon pancreático.

enterografía *s.f.* Radiografía do intestino.

enterohemia *s.f.* V. **enteremia**.

- enterohepatite** *s.f.* Inflamación conxunta do intestino e o fígado.
- enterohepatocele** *s.f.* Hernia conxénita constituída por porcións de fígado e intestino.
- enterohidrocele** *s.f.* Hernia intestinal complicada con hidrocele.
- enterólise** *s.f.* Liberación mediante cirurxía de adherencias intestinais.
- enterolitíase** *s.f.* Presencia de cálculos de localización intestinal.
- enterólito** *s.m.* Cálculo de localización intestinal.
- enterólogo -a** *s.* Especialista en enfermidades intestinais.
- enteroloxía** *s.f.* Parte da gastroenteroloxía que estudia as enfermidades intestinais.
- enteromalacia** *s.f.* Abrandamento patolóxico do intestino.
- enteromegalia** *s.f.* Aumento anormal de tamaño dunha parte ou de todo o intestino.
- enteromicose** *s.f.* Enfermidade intestinal producida por fungos ou bacterias.
- Enteromonas** Xénero de microorganismos flaxelados tetramitidos. A especie *E. hominis* é parasitaria do intestino humano, podendo chegar a ocasionar enterites graves.
- enteronfalocele** *s.f.* Hernia umbilical con contido intestinal.
- enteroparálise** *s.f.* Parálise intestinal.
- enteroparesia** *s.f.* Paresia intestinal.
- enteropatía** *s.f.* Enfermidade intestinal. // **E. por glute** Esprú non tropical.
- enteropexía** *s.f.* Fixación dunha parte do intestino mediante cirurxía á parede do abdome.
- enteropiría** *s.f.* Febre de orixe intestinal. // **E. tifoide** V. febre tifoide. / **E. asiática** V. cólera. / **E. biliosa** V. febre biliosa.
- enteroplastia** *s.f.* Cirurxía plástica realizada sobre o intestino, principalmente referida ó ancheamento das estenoses intestinais.
- enteroplexía** *s.f.* V. **enteroparálise**.
- enteropneumotose** *s.f.* Presencia esaxerada de gases intestinais.
- enteroproccia** *s.f.* Realización dun ano artificial.
- enteroptose** *s.f.* Caída ou descendemento dunha parte do intestino dende a súa localización habitual. Tamén se di **prolapsos intestinal**.
- enteroquinase** *s.f.* V. **enterocinase**.
- enterorrafia** *s.f.* Realización dunha sutura no intestino.
- enterorraxia** *s.f.* Hemorraxia intestinal.
- enterorreca** *s.f.* V. **diarrea**.
- enterorrectostomía** *s.f.* Anastomose realizada entre unha porción calquera do intestino delgado co recto.
- enterorrexe** *s.f.* Rachadura do intestino.
- enteroscopia** *s.f.* Endoscopia do intestino.
- enterospasmo** *s.m.* Espasmo intestinal.
- enterosqueocele** *s.f.* Hernia escrotal con contido intestinal.
- enterostenose** *s.f.* Estenose dun segmento de intestino.
- enterostomía** *s.f.* Realización mediante cirurxía dunha abertura entre un segmento do intestino e o exterior a través da parede do abdome.
- enterotomía** *s.f.* Abertura cirúrxica dalgún segmento do intestino.
- enterótomo** *s.m.* Variedade de tesoura de uso cirúrxico empregada para corta-lo intestino lonxitudinalmente.
- enterotoxina** *s.f.* Variedade de toxinas orixinadas en microorganismos parasitarios intestinais, que alteran o funcionamento normal do tracto dixestivo.
- enterovacina** *s.f.* 1. Vacina elaborada a partir de bacterias de orixe intestinal. 2. Vacina administrada por vía bucal.
- enterovaxinal** *adx.* Relativo á vacina e mais ó intestino.
- enterovirus** *s.m.pl.* Grupo de virus pertencentes á familia *Picornaviridae* que posúen unha única cadea de RNA espido e simetría cúbica; localízanse no aparello dixestivo dos vertebrados, sendo principalmente identificados nas feces, aínda que o lugar primario de crecemento sexa o tracto dixestivo, é raro que produzan só unha enterite, podendo ser causa de infeccións dixestivas, exantemáticas, cardíacas, respiratorias, do sistema nervioso central, e afeccións febrís inespecíficas. Pertencen a este grupo os poliovirus, os virus ECHO e *Coxsackie*, e outros axentes denominados xenericamente como enterovirus que inclúen os serotipos do 68 ó 72, pertencendo este último ó virus da hepatite A.
- enteróxeno -a** *adx.* Que se orixina dentro do intestino.
- enterozoario** *s.m.* Organismo animal parasitario que vive no intestino doutro animal.
- enteruria** *s.f.* Presencia de constituíntes da urina no tracto intestinal.
- entlase** *s.f.* Variedade de fractura conminuta do cranio con afundimento dos segmentos óseos.
- ento-** Prefixo do gr. *ento-* (dentro).
- entoblasto** *s.m.* V. **endoblasto**.
- entocito** *s.m.* Contido celular.
- entocóndilo** *s.m.* Cóndilo interno dun óso.
- entocondrostose** *s.f.* Desenvolvemento de osificación dentro dunha cartilaxe.
- entocono** *s.m.* Cúspide posterior interna dun molar.

entocórnea *s.f.* Capa máis interna da córnea. Tamén se di **membrana de Descemet**.

entocoroide *s.f.* Capa interna da coroide.

entófito *s.m.* Organismo vexetal parasitario dos animais.

entoglúteo *s.m.* Músculo glúteo menor.

entohelminto *s.m.* V. **entelminto**.

entoiris *s.m.* Capa posterior de pigmento do iris. Tamén se di **úvea do iris**.

entomo *s.m.* Aparello utilizado para a corrección das este-noses da uretra.

entomofobia *s.f.* Temor morboso ós insectos.

entomoloxía *s.f.* Parte da zooloxía que estudia os insectos. Tamén se di **insectoloxía**. // **E. cadavérica** Estudio dos insectos que se atopan nos cadáveres. En determinadas circunstancias forma parte da análise forense.

entópico -a *adx.* Que está localizado no lugar que normalmente lle corresponde, oposto a ectópico.

entoplasma *s.m.* V. **endoplasma**.

entopterigoide *s.m.* 1. V. **apófise pterigoide**. 2. Músculo pterigoide interno.

entóptico -a *adx.* Que está localizado ou se desenvolve no interior do ollo.

entorbitario -a *adx.* Que está dentro da órbita ou do lobo orbitario.

entorretina *s.f.* Porción nerviosa constituída pola zona máis interna da retina.

entótico -a *adx.* Que está situado ou se orixina dentro do oído.

entotimpánico -a *adx.* Que está situado ou se orixina por dentro da membrana do tímpano.

entozoario *s.m.* Animal parasitario que vive dentro doutro animal, animal endoparasito.

entozoo *s.m.* V. **entozoario**.

entrañas *s.f.pl.* Conxunto dos órganos interiores do corpo humano. Tamén se di **vísceras**.

entrecruzamento *s.m.* Acción e efecto de cruzar dúas ou máis cousas entre si. // **E. xenético** Proceso no que dous cromosomas homólogos intercambian fragmentos durante o proceso de meiose. Denomínase frecuentemente co termo inglés *Crossing over*.

entreperna *s.f.* Cara ou parte interna das coxas.

entropio *s.m.* Inversión do bordo da pálpebra cara ó globo ocular, podendo ser causada por unha contracción muscular, (entropio espasmódico ou muscular), ou ben por retracción dunha cicatriz, (entropio cicatricial).

entubamento *s.m.* V. **intubación**.

entumecemento *s.m.* Entorpecemento ou dificultade nos movementos, con sensación de gravidez ou inchazón dunha parte do corpo.

enucleación *s.f.* Liberación dun tumor das adherencias que posúa e posterior extirpación do mesmo. // **E. ocular** Extirpación do globo ocular.

enurese *s.f.* Micción involuntaria. // **E. nocturna** Enurese que ocorre durante o sono e que constitúe un estado morboso da infancia e da adolescencia.

envenenamento *s.m.* Estado morboso, agudo ou crónico, producido pola acción dun veneno administrado de forma accidental ou criminal. V. **intoxicación**.

envellecemento *s.m.* Conxunto de modificacións que suceden co paso do tempo no ser vivo. Tamén se di **avellentamento**.

envexa *s.f.* Sentimento de desgusto ou pesar que experimenta un individuo diante da felicidade allea ou polo desexo que ten dalgunha cousa material ou non que outro posúe. // **E. do pene** Concepto da psicanálise que se refire ó desexo intenso de posuír un pene que xorde na infancia nas nenas dende o intre do descubrimento da diferenza anatómica existente entre os sexos.

envoltura *s.f.* 1. Capa externa que envolve algunha cousa. 2. Cuberta ou membrana que protexe unha parte ou órgano. 3. Aplicación nunha rexión enferma dunha untura medicamentosa. // **E. fría** Método de refrixeración corporal mediante o emprego de compresas molladas en auga fría e aplicadas localmente ou sabas igualmente molladas para envolver todo o corpo e conseguir así o descenso da temperatura do mesmo.

enxerto *s.m.* 1. Calquera tecido ou órgano utilizada para realizar unha implantación ou un transplante. 2. Acción e efecto de implantar ou transplantar un tecido.

enxesado -a *adx.* Que está composto ou endurecido con xeso ou ben envolvido co mesmo.

enxesar *v.* Colocar un xeso nunha extremidade ou noutra parte do corpo, co fin de inmovilizala e facilita-la curación de fracturas ou outros procesos patolóxicos.

enxiva *s.f.* Parte modificada da mucosa bucal, que cobre os arcos dentais e está adherida ó colo dos dentes.

enxival *adx.* Relativo ou pertencente ás enxivas.

enzima *s.m.* Substancia de orixe biolóxica e natureza proteica que actúa como catalizador en certas reaccións químicas, acelerándoas ou facéndoas posibles, sen experimentar no proceso ningunha transformación. Tamén se di **fermento**.

enzimático -a *adx.* Pertencente ou relativo ós enzimas.

enzimoloxía *s.f.* Tratado ou estudo dos enzimas.

enzimopatía *s.f.* Grupo de alteracións no funcionamento dos enzimas na regulación de procesos metabólicos, case sempre polo seu defecto total ou parcial, ou ben por exceso ou anomalía dos mesmos, dando orixe a diversas

enfermidades con sintomatoloxía derivada da alteración nos procesos catalizados polos devanditos enzimas.

enzimuria *s.f.* Presencia de enzimas na urina.

eonismo *s.m.* Alteración da conducta sexual normal, que se caracteriza polo desexo de vestirse con indumentaria identificada habitualmente coa do outro sexo.

eosina *s.f.* Materia colorante ácida, de cor vermella, constituída pola tetrabromofluoresceína. Tingue as células de cor rosa, principalmente as hemacias e as fibras musculares.

eosinocito *s.m.* V. **eosinófilo**.

eosinofilia *s.f.* 1. Apetencia de certos compoñentes celulares ou dos tecidos polos colorantes ácidos, principalmente pola eosina. 2. Aumento anómalo dos leucocitos eosinófilos no sangue ou nos tecidos.

eosinófilo -a *adx.* 1. Que se tingue facilmente con eosina. // 2. *s.m.* Variedade de leucocitos caracterizados por conter no seu citoplasma granulacións eosinófilas. Tamén se di **célula de Ehrlich**, **eosinocito** ou **leucocito polinuclear eosinófilo**.

eosinofiloblasto *s.m.* Célula da medula ósea precursora dos diferentes elementos celulares compoñentes da liña dos eosinófilos.

eosinopenia *s.f.* Diminución anormal do número de eosinocitos no sangue.

epéndima *s.m.* Membrana fina que tapiza as cavidades ventriculares cerebrais (epéndima ventricular) e o conducto central da medula espiñal (epéndima espiñal).

ependimite *s.f.* Inflamación do epéndima.

ependimoblasto *s.m.* Célula embrionaria precursora dos ependimocitos.

ependimocito *s.m.* Célula constitutiva do epéndima. Tamén se di **célula ependimaria**.

ependimoma *s.m.* Tumor desenvolvido a partir das células ependimarias, que aparece principalmente no cuarto ventrículo, na medula sacrolumbar e no *filum terminale*. Histoloxicamente son tumores benignos, que aparecen especialmente en nenos e adolescentes.

Ephedra Xénero de plantas arbustivas da familia das efedráceas. Comprenden unhas 35 especies que viven en climas temperados e subtropicais. Das especies *E. equisetina* e *E. vulgaris* obtense a efedrina.

epi- Prefixo do gr. *epi* (enriba).

epiagnato *s.m.* Individuo que ten o maxilar superior de tamaño anormalmente pequeno.

epiblastico -a *adx.* Relativo ó epiblasto.

epiblasto *s.m.* Capa máis externa que recobre o embrión nas primeiras fases. Nos embrións, da cuberta externa ou ectoderma, derivan dúas estruturas principais: o neuroblasto, que dá orixe ó sistema nervioso, e o epiblasto, que

será o que forme a capa máis externa do revestimento cutáneo.

epibléfaron *s.m.* Pregadura de orixe conxénita na pel ó longo do bordo da pálpebra inferior, que fai que as pestanas medren contra o globo ocular. Tamén pode ser debido a unha relaxación da vellez da pel da pálpebra.

epicantite *s.f.* Inflamación da carúncula lacrimal.

epicanto *s.m.* Pregadura cutánea vertical que aparece en ocasións no ollo humano, por diante da carúncula, podendo chegar a tapa-lo ángulo interno do ollo e agachar parcialmente o globo ocular. Esta anomalía é frecuente no mongolismo, diferenciándose da brida mongólica, normal nas razas mongolas, en que esta última representa unha prolongación cara a abaixo dunha pregadura da pálpebra superior que cobre o ángulo interno da mesma en dirección oblicua.

epicardia *s.m.* Porción esofáxica que vai dende o cardia ó hiato esofáxico do diafragma.

epicardiectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica do epicardio.

epicardio *s.m.* Folla visceral ou interna do pericardio en contacto co corazón.

epicefalia *s.f.* Monstruosidade fetal na que un feto presenta unha cabeza accesoria sobreposta á normal.

epicéfalo *s.m.* Monstro fetal que presenta epicefalia.

epicistite *s.f.* Inflamación dos tecidos situados encima da vexiga urinaria.

epicito *s.m.* 1. Célula epitelial. 2. Membrana celular.

epicitoma *s.m.* Epitelioma maligno.

epicólico-a *adx.* Que se atopa situado por encima do colon. Tamén se di **epicolónico**.

epicolónico -a *adx.* V. **epicólico**.

epicondialxia *s.f.* Dor localizada nos músculos inseridos no epicóndilo umeral.

epicondilite *s.f.* Perioestite dun epicóndilo. // **E. umeral externa** V. **cóbad de tenis**.

epicóndilo *s.m.* Protuberancia ósea encima dun cóndilo, principalmente fai referencia ás dos extremos inferiores do úmero e o fémur.

epicono *s.m.* Porción da medula espiñal situada inmediatamente por riba do cono medular terminal, que está limitada por arriba pola saída da V raíz medular.

epicoracoide *adx.* Que está situado por riba da apófise coracoide.

epicostal *adx.* Que está situado por riba das costelas.

epicranio *s.m.* 1. Conxunto das partes brandas que cobren a bóveda do cráneo: periosteo externo dos ósos craniais, capa de tecido conxuntival laso, músculo occipitofrontal, e a aponeurose epicranial. 2. Músculo occipitofrontal.

epicrise *s.f.* Conxunto de fenómenos que acaecen despois da crise dunha enfermidade e que completan a mesma.

epicrítico -a *adx.* Que fai relación á determinación exacta de algo, aplicado á sensibilidade recollida por terminacións nerviosas cutáneas para o tacto e a temperatura. V. **sensibilidade epicrítica**.

epicrose *s.f.* Mancha pigmentada da pel. // **E. lenticular** V. **efélide**. / **E. precilia** V. **vitilixe**. / **E. spilus** V. **nevo pigmentado**.

epidemia *s.f.* Doenza transitoria, de etioloxía xeralmente infecciosa, que afecta ó mesmo tempo e na mesma rexión xeográfica a un número de persoas superior a unhas determinadas cifras de referencia.

epidemicidade *s.f.* Calidade de epidémico.

epidemiografía *s.f.* Descrición das epidemias.

epidemioloxía *s.f.* 1. Parte da medicina e da hixiene que trata das epidemias. 2. Ciencia que estudia os factores que interveñen na aparición das enfermidades ou de diferentes fenómenos morbosos, así como a frecuencia dos mesmos, a súa distribución e evolución e os medios necesarios para prevelos ou erradicalos.

epidemiolóxico -a *adx.* Relativo ou pertencente á epidemioloxía ou ás epidemias.

epiderme *s.f.* Capa máis superficial da pel, situada sobre a derme e constituída por cinco estratos: basal ou xerminativo, corpo espiñoso, estrato filamentosos ou corpo mucoso de Malpighi, capa granulosa, *stratum lucidum* e capa córnea.

epidérmico -a *adx.* Relativo á epiderme.

epidermización *s.f.* Proceso de cubrir ou cubrirse con epiderme.

epidermizado -a *adx.* Que está recuberto de epiderme, principalmente aplicado ás lesións nas que houbo perda da cuberta cutánea, no intre en que están en fase de curación.

epidermodisplasia *s.f.* Desenvolvemento anómalo da epiderme. // **E. verruciforme de Lewandowsky-Lutz** Afección cutánea pouco frecuente de posible orixe vírica que se caracteriza pola presenza de capas papuloqueratóticas que semellan verrugas planas de aparición máis frecuente nos pés e no dorso das mans e que poden dexeñar en epiteloma espinocelular.

epidermofitía *s.f.* Infección cutánea por fungos.

epidermofítide *s.f.* Erupción cutánea producida por fungos do xénero *Epidermophyton*.

epidermofitose *s.f.* Infección por fungos do xénero *Epidermophyton*. // **E. cruris** V. **tiña cruris**. / **E. interdixital** V. **pé de atleta**.

epidermoide *adx.* 1. Que ten semellanza coa epiderme. 2. Relativo ó tumor ou quiste formado pola inclusión de células epidérmicas da pel ou das mucosas.

epidermólise *s.f.* 1. Desprendemento e destrución da epiderme por efecto de axentes cáusticos ou físicos. // **E. ampolosa conxénita** Grupo de doenzas cutáneas heredi-

tarias caracterizadas pola formación de ampolas. / **E. necrosante sobreaguda** V. **síndrome de Lyell**.

Epidermophyton Xénero de fungos dermatófitos, cunha especie, o *E. floccosum* que produce algunhas micoses nos humanos.

epidermoplastia *s.f.* Enxerto cutáneo.

epidermose *s.f.* Doenza cutánea con afectación principalmente da epiderme.

epidermotrópico -a *adx.* Que ten afinidade especial pola pel.

epididimario -a *adx.* Pertencente ou relativo ó epidídimo.

epididimectomía *s.f.* Exérese cirúrxica do epidídimo. Tamén se di **operación de Umbert**.

epididimite *s.f.* Proceso inflamatorio agudo ou crónico que afecta ó epidídimo. // **E. de Dron** Inflamación do epidídimo que ten lugar no período secundario da sífilis. / **E. erótica** A que se orixina como consecuencia dunha excitación sexual esaxerada.

epidídimo *s.m.* Pequeno corpo con forma de capuchón situado no polo superior de cada testículo, formado pola acumulación dos vasos seminíferos.

epididimodeferentectomía *s.f.* Exérese cirúrxica do epidídimo e dos vasos deferentes.

epididimoorquite *s.f.* V. **orquiepididimite**.

epididimotomía *s.f.* Realización dunha abertura no epidídimo.

epididimovasostomía *s.f.* Técnica cirúrxica consistente na realización dunha sección no conducto deferente e a posterior anastomose co epidídimo, realizada nos casos de esterilidade por obstrución do conducto deferente.

epidural *adx.* Que está situado por riba ou por fóra da duramáter. Tamén se di **supradural, extradural**.

epifarinx *s.f.* V. **nasofarinx**.

epifisario -a *adx.* 1. Pertencente ou relativo ás epífises óseas. 2. Pertencente ou relativo á glándula epífise.

epífise *s.f.* 1. Extremidade dos ósos longos, unida ó corpo ou á diáfise pola cartilaxe de crecemento durante o crecemento, cartilaxe que fica calcificada en etapas posteriores, dando orixe ó óso adulto. 2. V. **glándula pineal**.

epifisiolise *s.f.* Desprendemento dunha epífise ósea.

epifisiopatía *s.f.* Alteración patolóxica que afecta á epífise glandular ou ás epífises óseas.

epifisite *s.f.* Inflamación dunha epífise ósea ou da cartilaxe que a separa da diáfise.

epífito ou **epifito** *s.m.* 1. Vexetal que sen ser parasito vive sobre a superficie doutros vexetais, coma os fentos, musgos, liques, etc. 2. Parasito vexetal que se localiza en superficies animais.

epifoliculite *s.f.* Inflamación dos folículos pilosos.

epífora *s.f.* Efusión das bágoas, ben polo exceso na súa produción ou por existir un obstáculo que impida a súa saída pola canle lacrimal.

epifrenal *adx.* Que está localizado por encima do músculo diafragma. Tamén se di **epifrénico**.

epifrénico -a *adx.* V. **epifrenal**.

epigastralxia *s.f.* Dor localizada no epigastrio.

epigástrico -a *adx.* Pertencente ou relativo ó epigastrio.

epigastrio *s.m.* Rexión superior do abdome, limitada por arriba pola apófise xifoide do esterno, e chegando por abaixo preto do embigo e lateralmente deica as costelas falsas.

epigastrios *s.m.* Monstruosidade fetal dobre na que o parasito é de pequeno tamaño e está unido ó epigastrio do autósite.

epigastrocele *s.f.* Hernia situada na rexión epigástrica.

epiglote *s.f.* Lámina de tecido fibrocartilaxinoso, delgado e flexible, situada enriba do orificio superior da larinxe para pechalo no intre da deglución, co fin de impedi-lo paso dos alimentos ás vías respiratorias.

epiglotectomía *s.f.* Exérese cirúrxica da glote.

epiglotite *s.f.* Inflamación da epiglote e dos tecidos circundantes.

epignato *s.m.* Monstruosidade fetal dobre na que o feto parasito está unido á mandíbula do autósite.

epígone *s.m.* V. **rótula**.

epilarínxeo -a *adx.* Que se sitúa por encima da larinxe.

epilema *s.m.* Vaña das fibriñas nerviosas terminais.

epilepídoma *s.m.* Lepídoma de orixe epiblastica.

epilepsia *s.f.* Doenza crónica de diversa etioloxía e caracterizada pola presenza de crises recorrentes causadas por unha descarga eléctrica excesiva das neuronas cerebrais que ocasionalmente orixina unha diversidade de manifestacións clínicas ou paraclínicas. // **E. alcohólica** Variedade rara de epilepsia na que as crises, xeralmente tonico-clónicas suceden en alcohólicos crónicos durante ou despois da inxestión excesiva de alcohol. / **E. benigna dos nenos** Variedade de epilepsia parcial propia da infancia na que as crises predominan durante o sono e se caracterizan especialmente por convulsións unilaterais principalmente na cara, salivación e ás veces alteracións da linguaxe. Caracteristicamente no electroencefalograma hai descargas nas intercrises localizadas na rexión centrottemporal dun ou de ámbolos dous hemisferios. / **E. catamenial** Variedade na que as crises ocorren principalmente nos días anteriores, durante ou nos días que seguen á menstruación. / **E. do espertar** Aquela na que as crises ocorren ó pouco tempo de esperta-la persoa. / **E. do lobo temporal** Epilepsia parcial provocada por descargas neuronais localizadas no lobo temporal. / **E. diencefálica** Aquela que ten a súa orixe en descargas neuronais localizadas nas estruturas diencefálicas. / **E. familiar**

Aquela que se presenta en varios membros da mesma familia, debido a unha predisposición hereditaria acentuada. / **E. funcional** Forma de epilepsia atribuída a unha alteración da función cerebral e non a unha causa orgánica. / **E. infantil** Aquela que aparece nos nenos ata os tres anos de idade. / **E. jacksoniana** Variedade de epilepsia caracterizada pola presenza de crises somatomotoras; crises convulsivas tónicas ou clónicas que afectan a unha parte do corpo e que se van propagando ás zonas contiguas. / **E. orgánica** Aquela na que as crises están provocadas por unha lesión cerebral de calquera tipo, constituíndo esta o tipo máis frecuente de etioloxía epiléptica coñecida. / **E. parcial** Variedade caracterizada por presentar crises parciais, podendo ser á súa vez simple ou complexa dependendo de que exista ou non perda da conciencia, e podendo haber ademais en calquera dos tipos unha xeneralización secundaria. / **E. postraumática** Variedade de epilepsia orgánica na que a lesión cerebral é de orixe traumática. / **E. reflexa** Variedade rara na que a crise se orixina por estímulos sensoriais. / **E. sintomática** Cadro epiléptico que forma parte da sintomatoloxía doutra enfermidade de base. / **E. uncinada** Aquela na que as descargas neuronais que orixinan a crise se localizan no lobo temporal, no uncus da circunvolución do hipocampo. / **E. xeneralizada** Forma de epilepsia que se caracteriza por presentar crises xeneralizadas dende o comezo, independentemente do tipo de sintomatoloxía que apareza.

epileptiforme *adx.* Que ten semellanza coa epilepsia. Dise tamén **epileptoide**.

epileptoide *adx.* 1. Epileptiforme. 2. Que presenta viscosidade psíquica e carácter impulsivo e tendente ás explosións de cólera, dentro da biotipoloxía de Kretschmer.

epileptoloxía *s.f.* Parte da ciencia que estudia a epilepsia.

epileptose *s.f.* Cadro patolóxico incluído dentro da epilepsia.

epileptóxeno -a *adx.* 1. Que é capaz de provocar unha crise epiléptica. 2. Dos centros ou zonas que cando son irritados poden producir unha crise epiléptica.

epiloia *s.f.* V. **esclerose tuberosa**.

epilose *s.f.* V. **calvicie**.

epimastigoto *s.m.* Fase da evolución dalgúns microorganismos tripanosómidos, caracterizada por presentar un corpo alongado, flaxelo lateral e á veces membrana ondulante.

epimaxilar *adx.* Que está situado por riba da mandíbula.

epimenorrea *s.f.* Ciclo menstrual de menor duración do normal.

epímero *s.m.* 1. Parte dorsal do mesoderma. 2. Parte dorsal dun miotoma. 3. Composto isómero que só se diferencia doutro pola configuración dun único átomo asimétrico.

epimisio *s.m.* Vaña fibrosa dun músculo.

epinefrectomía *s.f.* V. **adrenalectomía**.

epinefrina *s.f.* V. **adrenalina**.

epinefrite *s.f.* 1. Inflamación da cápsula suprarrenal. Tamén se di **adrenalite**, **suprarrenalite**. 2. Inflamación da cápsula adiposa do ril.

epinefroma *s.m.* V. **hipernefroma**.

epinefros *s.m.* V. **cápsula suprarrenal**.

epineurio *s.m.* Vaíña que recobre os fascículos nerviosos. Tamén se di **perineurio**.

epiótico -a *adx.* Que está situado encima da orela.

epipial *adx.* Que se sitúa por riba da piamáter.

epipectomía *s.f.* Resección do epíploon.

epiplenterocele *s.f.* Hernia con contido de epíploon e intestino.

epipleural *adx.* Que está situado por riba da pleura.

epiplocele *s.f.* Hernia do epíploon.

epiploíte *s.f.* Inflamación do epíploon.

epiplomerocele *s.f.* Epiplocele en situación crural ou femoral.

epiplonfalocele *s.f.* Hernia umbilical con contido de epíploon.

epíploon *s.m.* Pregura do peritoneo que une as vísceras entre si e leva no seu seo os vasos e nervios que irrigan as estruturas espláncnicas. // **E. gastrocólico** Epíploon maior. / **E. gastrohepático** Epíploon menor. Tamén se di **mesogastrio**. / **E. gastrosplénico** Ligamento epiploico que vai desde a cara posterior do estómago ó hilo do bazo. / **E. hepatocólico** Prolongación dunha porción do epíploon menor ó longo da porción ascendente do colon. / **E. maior** Porción do epíploon situada entre a curvatura maior do estómago e o colon transversal, cobre as asas do intestino delgado. / **E. mediano** Epíploon gastrosplénico. / **E. menor** Parte do epíploon que vai desde o lado dereito do cardias ó hilo hepático e á fendedura do ligamento venoso. / **E. pancreaticosplénico** Pregura do peritoneo que vai desde a cola do páncreas ó bazo.

epiploplexia *s.f.* Sutura do epíploon á parede do abdome.

epiploplastia *s.f.* Plastia peritoneal na que se empregan porcións de epíploon para o recubrimento das zonas cruentas.

epiplorrafia *s.f.* Sutura do epíploon.

epiplosqueocele *s.f.* Hernia escrotal con contido de epíploon.

epirrotuliano -a *adx.* Que está situado por riba da rótula. Tamén se di **suprarrotuliano**.

episclera *s.f.* Capa de tecido conxuntival que está situada entre a esclerótica e a conxuntiva. Tamén se di **episclerótica**.

episclerite *s.f.* Inflamación da episclera.

episclerótica *s.f.* V. **episclera**.

episcomenia *s.f.* Desaparición do fluxo menstrual.

episio- Prefixo do gr. *episio* (vulva).

episiocele *s.f.* Prolapso da parede anterior da vaxina.

episioclisia *s.f.* Oclusión cirúrxica da abertura vulvar.

episioelitrorafia *s.f.* Operación cirúrxica que realiza un estreitamento da vulva e da vaxina co fin de soste un útero prolapsado.

episioíte *s.f.* Inflamación da vulva.

episioepineorrafia *s.f.* Sutura da vulva co perineo para soste un útero prolapsado.

episioplastia *s.f.* Cirurxía plástica da vulva ou do perineo.

episiorrafia *s.f.* Restauración mediante sutura dunha esgazadura do perineo.

episiostenose *s.f.* Estreiteza anormal da fendedura vulvar.

episiotomía *s.f.* Sección cirúrxica xeralmente lateral do orificio vulvar que se realiza no parto durante o desprendemento da parte que se presenta, coa finalidade de previr unha esgazadura grave do perineo.

episoma *s.m.* Plásmido integrado de xeito reversible no xenoma bacteriano, tendo por tanto capacidade para se transmitir a outras células, podendo replicarse nelas como unha unidade autónoma ou ben integrada no xenoma bacteriano.

epispadia *s.m.* 1. Malformación conxénita da uretra masculina consistente na abertura da mesma á cara superior do pene. Tamén se di **fisura uretral superior**. 2. Fisura na cara superior da uretra feminina.

epispiñal *adx.* Que está situado encima da medula espiñal ou da columna vertebral.

episplenite *s.f.* Inflamación da cápsula do bazo.

epistase *s.f.* 1. Alteración na función do sistema nervioso causada por unha excitación mínima do mesmo, que repercute en forma reflexa na función doutros aparellos. 2. Detención dun fluxo ou dun derramo. 3. Escuma ou película formada na superficie da urina. 4. Forma de interacción entre dous xenes non alelos pola que os alelos dun locus poden agachar un carácter que deberán expresa-los alelos doutro locus.

epistaxe *s.f.* Hemorragia das fosas nasais.

epistemoloxía *s.f.* Filosofía da ciencia, ocupándose da lóxica, a semántica, a noseoloxía, os métodos, a ontoloxía, a axioloxía e a ética na investigación e nos coñecementos científicos.

epistemolóxico -a *adx.* Pertencente ou relativo á epistemoloxía.

episterno *s.m.* Primeira porción do esterno. Tamén se di **manubrio do esterno**.

epistótono *s.m.* V. **emprostótono**.

epistrófeo *s.m.* Axe ou segunda vértebra cervical.

epitálamo *s.m.* Parte dorsal do diencéfalo que abarca a comisura posterior, o pedículo e a glándula pineal.

epitarso *s.m.* Anomalía ocular consistente na presenza dunha pregaura conxuntival que vai dende o fondo de saco ata preto do bordo da pálpebra. Tamén se di **pterixión conxénito**.

epitelio *s.m.* 1. Tecido celular que serve de revestimento ás superficies externas ou internas do corpo e caracterizado por estar constituído por unha ou varias capas de células con forma e disposición variables, sen vasos nin substancia intercelular. 2. Capa superficial das mucosas. // **E. ciliado** Tipo de epitelio con células posuidoras de cilios nos seus extremos libres. / **E. cilíndrico** ou **columnar** Epitelio constituído por células cilíndricas. / **E. cúbico** Epitelio formado por células de forma cúbica. / **E. de transición** Epitelio formado por capas celulares diferentes, que representan a transición da capa contigua da que proceden, nas zonas de confluencia de dous epiteliolos diferentes. / **E. escamoso** Epitelio de células planas, simple ou estratificado. / **E. especializado** Epitelio formado por células cunha función especial, como as glandulares. / **E. glandular** Epitelio formado por células secretoras, situadas nos ácinos das glándulas. / **E. pavimentoso** ou **estratificado** Epitelio composto de varias capas superpostas de células, sendo planas as da superficie. / **E. pavimentoso simple** O formado por unha soa capa de células planas. / **E. piramidal** V. **e. cilíndrico**.

epitelioblastoma *s.m.* Tumor constituído por células epiteliais, como os papilomas, adenomas, etc.

epitelioide *adx.* Que é semellante ó tecido epitelial ou ós seus constituíntes. // **Célula e.** Certos tipos celulares que semellan células epiteliais por estaren moi próximas entre si, e que aparecen nalgunhas lesións patolóxicas como as da tuberculose.

epiteliólise *s.f.* Destrución de células epiteliais.

epiteliolisina *s.f.* Enzima lítico celular formado no soro dos animais en contacto con células epiteliais doutro animal de distinta especie que actúa destruíndo as devanditas células.

epitelioma *s.m.* Tumor ou neoplasia maligna que se orixina a partir de células epiteliais de neoformación, con maior ou menor grao de anaplasia e capacidade para invadir tecidos veciños ou provocar metástases a distancia. // **E. basocelular** Tipo máis frecuente e benigno de epitelioma que deriva das células basais do epitelio e das mucosas, medra lentamente inzando os tecidos locais, non producindo xeralmente metástases a distancia. Tamén se di **carcinoma basocelular** ou **carcinoma de células basais**. / **E. espinocelular** Tipo máis maligno que aparece xeralmente en suxeitos de maior idade derivado das células da capa intermedia da epiderme, que posúe tendencia á formación escamosa e de globos córneos. Os epiteliomas das mucosas sempre

son espinocelulares. Tamén se di **carcinoma espinocelular** ou **carcinoma de células escamosas**. / **E. mixto** Epiteliomas con características intermedias entre os dous anteriores.

epiteliomatose *s.f.* Estado patolóxico debido ó desenvolvemento de epiteliomas, principalmente cando aparecen múltiples deles sobre queratose senil.

epiteliomatoso -a *adx.* Pertencente ou relativo ó epitelioma.

epiteliomuscular *adx.* Constituído por tecido epitelial e muscular.

epiteliiose *s.f.* Afección producida por virus con afinidade especial por tecidos epiteliais.

epiteliotoxina *s.f.* Variedade de toxina con capacidade de destrución das células epiteliais.

epitelización *s.f.* Proceso de rexeneración do epitelio das superficies cutáneas ou mucosas.

epítima *s.m.* 1. Medicamento tópico que non é unguento nin emplasto. 2. Cuberta celular estratificada.

epitendón *s.m.* Vaña fibrosa dos tendóns.

epítese *s.f.* Corrección cirúrxica das deformidades dos membros.

epitimpánico -a *adx.* Que está situado por encima do tímpano.

epitímpano *s.m.* V. **ático**.

epitopo *s.m.* Zona do antíxeno na que reside a antixenicidade. Trátase dunha zona das moléculas antixénicas que posúe unha configuración molecular tal que se pode combinar con outra zona complementaria dunha molécula dun anticorpo. Tamén se di **determinante antixénico**.

epitriquio *s.m.* Capa superficial da epiderme que xeralmente desaparece antes do nacemento.

epitróclea *s.f.* Prominencia situada no bordo interno da epífise inferior do úmero, enriba da tróclea. Tamén se di **epicóndilo medial do úmero**.

epitrocLEAR *adx.* Relativo á epitróclea.

epitrocleo- Prefixo que indica relación coa epitróclea.

epivertebral *adx.* Que está situado por riba dunha vértebra.

epizoario *s.m.* V. **ectozoario**.

epizoicida *s.m.* Axente que destrúe os parasitos epizoarios.

epizoo *s.m.* V. **ectozoario**.

epizoonose *s.f.* Enfermidade cutánea que está producida por epizoarios.

epizootia *s.f.* Enfermidade epidémica que afecta a unha ou máis especies animais ó tempo.

epizoótico -a *adx.* Relativo ou pertencente á epizootia.

epizootioloxía *s.f.* Ciencia que estuda as epizootias.

epofoorectomía *s.f.* Escisión cirúrxica do paraovario ou dunha tumoración do mesmo.

eponimia *s.f.* Designación de calquera cousa tirada do nome propio dunha persoa. En medicina son epónimos moitos dos nomes de partes anatómicas, enfermidades, manobras, etc.

epónimo *s.m.* Personaxe real, imaxinario ou mítico que dá nome a algunha cousa, lugar, cidade, enfermidade, etc.

eponiquia *s.f.* Vexiga ou ampola con pus, que aparece na epiderme que corresponde ó eponiquio.

eponiquio *s.m.* Tecido córneo embrionario, epitriquio engrosado do que se desenvolve a unlla.

epoóforo *s.m.* Paraovario ou órgano de Rosenmüller.

Epstein, enfermidade, pérolas, síndrome de V. enfermidade, pérola, síndrome. / **E.-Barr, virus de V. virus.**

eptocéfalo *s.m.* Individuo dolococéfalo coa cabeza anormalmente alta e estreita.

epúlide *s.f.* Tumoración da enxiva, refírese principalmente ós tumores fibromatosos ou ós sarcomatosos do periósteeo do maxilar.

equidnina *s.f.* Veneno de orixe animal, especialmente o das serpes. Tamén se di **equidnotoxina**.

equidnismo *s.m.* Estado patolóxico orixinado polo veneno das picadas de serpe.

equidnotoxina *s.f.* V. **equidnina**.

equidnovacina *s.f.* Antitoxina contra os venenos de serpe que se prepara a partir do propio veneno extraído do animal privado das súas propiedades tóxicas.

equilibración *s.f.* Acto ou efecto de equilibrar calquera cousa ou sistema.

equilibrio *s.m.* 1. Estado de repouso dun corpo, resultado da acción sobre o mesmo de forzas contrarias que se contrarrestan de forma exacta. 2. Posición vertical do corpo humano. 3. Mantemento adecuado das distintas partes do corpo e do mesmo corpo en relación ó espazo // **E. ácido-básico** Proporción normal entre os compoñentes ácidos e os básicos dos medios orgánicos; mantemento dunha concentración iónica constante no plasma, que en condicións normais supón un pH de 7,4. / **E. fisiolóxico** Equilibrio orgánico polo que a cantidade de materiais que ingresan no corpo é igual á dos que se perden. / **E. homeostático** V. **homeostasia**. / **E. nitroxenado** ou **protéimico** Equivalencia entre o ingreso de nitróxeno cos alimentos e a súa perda por metabolización ou excreción.

equimolecular *adx.* Que contén igual número de moléculas de dous ou máis compostos.

equimoma *s.m.* V. **equimose**.

equimose *s.f.* 1. Infiltración de sangue nos tecidos. 2. Mancha avermellada ou escura que aparece na pel pola

infiltración de sangue no tecido celular subcutáneo ou a consecuencia da rotura dos capilares subcutáneos. Tamén se di **equimoma**, **hematoma**, **negrón**. // **E. cadavérica** Manchas que aparecen un tempo despois da morte nas partes declives do cadáver, e que constitúen un dos signos de morte real.

equinado -a *adx.* V. **equinulado**.

equinismo *s.m.* 1. Estado do pé equino. 2. Marcha que semella a do cabalo a causa de lesións nas pernas.

equino -a *adx.* Do cabalo, ou que semella algunha calidade do cabalo. // **Pé e.** V. **pé**.

equinocito *s.m.* Hemacia que ten unha forma semellante á dos ourizos de mar, causada por unha deformidade da membrana, a cal se proxecta cara ó exterior en forma de espiñas.

equinococo *s.m.* 1. Verme plano (platihelminto) e segmentado (cestodes), causante da equinocose (termo referido principalmente ós animais) ou hidatidose (termo empregado xeralmente para o ser humano), con dúas especies capaces de parasitar os humanos, o *Echinococcus granulosus* e o *Echinococcus alveolaris* ou *multilocularis*. 2. Quiste ou tumor hidatídico producido polos equinococos.

equinocose *s.f.* Doenza producida pola infestación por equinococos.

equinocotomía *s.f.* Escisión cirúrxica dun quiste de equinococos.

equinoftalmía *s.f.* Inflamación das pálpebras que se caracteriza pola proxección lonxitudinal das pestanas, semellando pugas.

equinulado -a *adx.* Que presenta pequenas espiñas ou pugas, especialmente aplicado ás células corporais ou ás bacterias.

equipo *s.m.* 1. Conxunto de material destinado a un labor determinado. 2. Conxunto de persoas encargadas dun labor médico ou cirúrxico determinado.

equivalente *adx.* 1. Que equivale a outra cousa. 2. Que se lle atribúe o mesmo significado que a determinadas afeccións paroxísticas, e que aparece no intervalo que media entre estas, como equivalentes cardíacos da anxina de peito, equivalentes respiratorios da asma, ou equivalentes gastrointestinais relacionados coas crises de úlcera péptica, equivalentes epilépticos, etc. // **E. antiséptico** Dose mínima dun produto antiséptico que se necesita introducir nun kg de substancia nutritiva para impedi-lo desenvolvemento dun microorganismo. / **E. gramo** Masa dun corpo puro, do que o seu valor en gramos se expresa polo mesmo número có seu equivalente químico. / **E. químico** Peso do elemento que nunha reacción se combina cun átomo de hidróxeno ou pode substituílo. / **E. tóxico** Cantidade mínima dun veneno que pode matar por inxección intravenosa a un animal de 1 kg.

Er Símbolo químico do erbio.

Erb-Charcot, enfermidade de V. **enfermidade**.

erbedeiro *s.m.* Planta arbustiva da familia das ericáceas, especie *Arbustus unedo*, de froito comestible, que medra nas rexións tépedas de Europa. As súas follas, empregadas en infusión, posúen propiedades astrinxentes e diuréticas. Tamén se di **érbedo**.

érbedo *s.m.* V. **erbedeiro**.

erbio *s.m.* Metal do grupo das terras raras, con número atómico 68 e masa atómica 167,27, utilizado na fabricación de láseres.

erección *s.f.* Endereitamento, referido especialmente ó aumento da consistencia e do volume do pene e o clítoris pola afluencia de sangue ós corpos cavernosos e esponxosos destes órganos.

eréctil *adx.* Que é capaz de pórse en erección.

erector -a *adx.* 1. Da erección. 2. Que erixe, referido a certas estruturas anatómicas que posúen ou producen erección, como o centro erector da medula espiñal, os músculos erectores do pelo, que ó se contraer danlle á pel aspecto de “pel de galiña”, ou os nervios erectores de Eckard, que interveñen na erección dos xenitais.

eremacausia *s.f.* Combustión ou oxidación que ocorre sen desprendemento manifesto de calor.

eremofobia *s.f.* Temor morboso á soidade.

erepsina *s.f.* Fermento ou peptidase da mucosa do intestino con acción sobre as peptonas e deuteroalbumina, pero non sobre a albumina inalterada.

eretismo *s.m.* Exaltación das propiedades fisiolóxicas normais dun órgano.

ereutofobia *s.f.* 1. Temor morboso a ruborizarse, que vai acompañado de rubor real. Tamén se di **eritrofobia**. 2. Temor morboso á cor vermella; eritrofobia.

ereutose *s.f.* Rubor, eritrose.

erg *s.m.* Unidade de enerxía, traballo e cantidade de calor do sistema C.G.S., equivalente a 10^{-7} joules. Tamén se di **ergo**.

ergasia *s.f.* Actividade funcional.

ergasidermatose *s.f.* Dermatose profesional.

ergasiofobia *s.f.* Aversión patolóxica ó traballo.

ergasiomanía *s.f.* Tendencia patolóxica á actividade continua.

ergasiopatía *s.f.* Enfermidade profesional.

ergastenia *s.f.* Astenia secundaria a un excesivo traballo.

ergastoplasma *s.m.* Retículo endoplasmático rugoso.

ergo *s.m.* V. **erg**.

ergobasina *s.f.* V. **ergonovina**.

ergocalciferol *s.m.* Vitamina D₂.

ergocristina *s.f.* Principio activo do caruncho.

ergodinamógrafo *s.m.* Aparello que rexistra a forza e o traballo muscular.

ergofobia *s.f.* V. **ergasiofobia**.

ergógrafo *s.m.* Aparello para rexistra-lo traballo realizado co exercicio muscular.

ergomanía *s.f.* V. **ergasiomanía**.

ergometrín *s.f.* V. **ergonovina**.

ergonomía *s.f.* Estudio cuantitativo e cualitativo do rendemento do traballo humano.

ergonovina *s.f.* Alcaloide do caruncho que ademais da propiedade oxitócica dos demais alcaloides do caruncho ten un rápido efecto e ausencia de efectos tóxicos ou necrosantes. Tamén se di **ergobasina**, **ergometrín**, **ergostetrín**, **ergotocín**. É utilizado en obstetricia para impedi-las hemorraxias posparto.

ergoplasma *s.m.* V. **ergatoplasma**.

ergosterín *s.f.* V. **ergosterol**.

ergosterol *s.m.* Alcohol secundario da familia dos esteroides, de fórmula C₂₈H₄₄O, illado nun principio do caruncho e máis recentemente do fermento da cervexa. Pola acción dos raios ultravioleta transfórmase nunha serie de isómeros, sendo un deles a vitamina D₂, calciferol ou factor antirraquítico.

ergostetrín *s.f.* V. **ergonovina**.

ergotamín *s.f.* Alcaloide extraído do caruncho, de fórmula C₃₃H₃₅N₅O₅, polo seu efecto vasoconstrictor emprégase no tratamento das xaquecas, sendo asemade un poderoso hemostático uterino.

ergoterapia *s.f.* 1. Método terapéutico de reeducación activa, que pretende a reinserción social dos diminuídos psíquicos ou físicos con problemas de motricidade mediante a aprendizaxe e a práctica de técnicas artesanais, úsase tamén como tratamento de certos estados psiconeuróticos coa finalidade de volver socializalo doente por medio do grupo e da disciplina que supón o propio traballo. 2. Método de realización de exercicio pasivo mediante a aplicación de estímulos eléctricos no tratamento da obesidade e algunhas cardiopatías.

ergotín *s.f.* Substancia extraída do caruncho que contrae a musculatura lisa, principalmente da parede arterial e do útero, posúe unha considerable toxicidade.

ergotismo *s.m.* Intoxicación aguda ou crónica provocada por inxestión de caruncho. // **E. crónico** Intoxicación provocada polo consumo usual de pan de centeo contaminado por caruncho.

ergotizado -a *adx.* Intoxicado ou contaminado polo caruncho.

ergotocín *s.f.* V. **ergonovina**.

ergotoxín *s.f.* Producto cristalino illado do caruncho, con propiedades vasoconstrictoras, bloqueante de receptores α- adrenérxicos e oxitócicas. Está composto dunha

mestura de tres alcaloides: ergocristina, ergocriptina e ergocomina.

ergotropía *s.f.* Reacción das células a estímulos non específicos para estimular as defensas orgánicas xerais, máis cá produción de anticorpos específicos.

Erichsen, enfermidade de V. enfermidade.

erina *s.f.* Aparello metálico con forma de gancho que se emprega nas diseccións e operacións para coller, elevar, separar ou sosteñer partes. // **E. de Marjolin** Erina dobre que se emprega na extracción das amígdalas.

Eriodyction Xénero de plantas hidrófiláceas. A *E. californicum* úsase no tratamento das bronquites.

erimetría *s.f.* Técnica de medición do diámetro de fibras diminutas utilizando o erímetro, baseada no tamaño dos aneis de cor producidos pola difracción da luz, usada na medición do tamaño das hemacias.

erisífacio *s.m.* Aparello utilizado en oftalmoloxía para a extracción total da catarata por medio da realización dun baleiro.

erisipela *s.f.* Enfermidade aguda infecciosa causada por *Streptococcus Pyogenes* e en raras ocasións por outros estreptococos e por *Staphylococcus aureus*, afecta principalmente a lactantes, nenos pequenos e anciáns, e caracterízase pola inflamación superficial da pel, as mucosas e os linfáticos cutáneos, xeralmente circunscrita na cara, con tendencia a estenderse, e normalmente non deixa secuelas ó sandar. // **E. catamenial** Forma leve de erisipela que ten recorrencia nalgunhas mulleres durante a menstruación, xeralmente circunscrita á cara. / **E. crónica** V. **erisipeloide**. / **E. farínxea** V. **anxina erisipelatosa**. / **E. flegmonosa** A que se complica con supuración do tecido celular subcutáneo. / **E. maligna** Erisipela flegmonosa ou gangrenosa de curso grave. / **E. pustulosa** A que cursa con vesículas purulentas. / **E. serpixinosa** A que se vai estendendo por contigüidade ós tecidos veciños. / **E. vesiculosa** A que cursa con formación de vesículas e ampolas.

erisipeloide *s.m.* Dermatite infecciosa causada por *Erysipelothrix suis*, que semella a erisipela pero sen presenza de febre, afecta principalmente a persoas que tratan con gando porcino, normalmente ocasiona poucas molestias curando en tres semanas espontaneamente ou en menos tempo co uso de antibióticos. Tamén se di **enfermidade de Baker-Rosenbach**.

eritema *s.m.* Avermellamento da pel ou das mucosas difuso ou en zonas limitadas, producido pola dilatación conxestiva dos capilares, e que desaparece por vitropresión. // **E. crónico migratorio** Lesión eritematosa ben delimitada e única, conformada por unha banda de eritema que se vai espallando, orixinado probablemente por infección con rickettsias. / **E. do neonato** Eritema difuso benigno que aparece en nenos de tres ou catro días de vida desaparecendo sobre o décimo día. / **E. elevatum diutinum** Forma de vasculite crónica infrecuente de etiología descoñecida, cursa con pápulas, placas e nódulos

persistentes, de cor púrpura ou amarelada, con distribución xeralmente simétrica arredor das articulacións. / **E. escarlatiniforme** Erupción de forma semellante á da escarlatina, con proído e descamación, pero sen sintomatoloxía xeral. / **E. exantemático** Eritema difuso de aparición brusca, xeralmente debido a infección por virus. / **E. infeccioso** (quinta enfermidade exantemática) Exantema benigno causado probablemente por enterovirus, que xorde en forma epidémica na primavera e no verán. / **E. intertrix** Eritema situado nas grandes pregaduras da pel, especialmente inguas, sobrazo e baixo as mamas colgantes, causado pola fricción e maceración. / **E. marxinado** Eritema anular localizado no tórax que xorde na febre reumática / **E. morbiliforme** Forma con máculas de cor pardo-avermellada, que rematan uníndose e formando un eritema difuso, frecuente nas reaccións medicamentosas. / **E. multiforme** V. **eritema polimorfo**. / **E. nodoso** Resposta de hipersensibilidade a diversos procesos patolóxicos, que cursa con nódulos grandes eritematosos con compoñente inflamatorio doloroso, localizados preferentemente nas pernas, e de duración limitada a semanas / **E. perno** Áreas de tumefacción sobre as que aparecen zonas eritematocianóticas, que xorden en dedos e dedas por exposición ó frío, cursando con dor e proído intenso, e ás veces ulceración, comunmente coñecido como frieira. / **E. polimorfo** Cadro reaccional cutáneo de etiología descoñecida aínda que relacionado con virus, medicamentos ou neoplasias, cursa con lesións polimorfas en distintos pacientes, pero monomorfos no mesmo individuo, podendo ser papulosas, eritematosas, en escarapela ou herpes iris, e formas ampulosas xeralmente máis intensas e con participación de mucosas. Causan sensación de ardentía, sendo o brote autolimitado a semanas, con recidivas e ritmo estacional, (fin do inverno e comezo da primavera). / **E. solar** O causado por exposición ó sol. / **E. tóxico** O causado por axentes tóxicos externos. / **E. xeneralizado** Eritema de distribución extensa.

eritemómetro *s.m.* Aparello usado para determinar a sensibilidade da pel á luz solar.

eritemoide *adx.* Que semella un eritema.

eritemóxeno -a *adx.* Que produce eritema.

eritralxia *s.f.* 1. Avermellamento e dor ó mesmo tempo dunha parte. 2. V. **eritromelalxia**.

eritrasma *s.m.* Dermatomicose localizada nas pregaduras da pel, especialmente no sobrazo, e tamén na ingua e no escroto, caracterizada por presentar unha placa ben delimitada e máis ou menos extensa de cor avermellada e con pouca sintomatoloxía, que é causada por fungos *Microsporum* ou *Nocardia minutissimum*.

eritrina *s.f.* Alcaloide obtido de sementes de arbustos do xénero *Erythrina*, que posúe unha acción semellante ó curare.

eritrismo *s.m.* Coloración vermella do cabelo e a barba en individuos de razas con pel escura.

eritro- Prefixo do gr. *erythrós* (vermello).

eritroblastemia *s.f.* V. **eritroblastose**.

eritroblasto *s.m.* Célula nucleada inmatura presente na medula ósea, precursora da serie eritrocítica. Atendendo á basofilia do seu citoplasma que vai diminuindo segundo progresa a maduración distínguense varios tipos: proeritroblastos, eritroblastos basófilos, eritroblastos policromatófilos, e eritroblastos acidófilos ou ortocromáticos. Deste último, e por expulsión do núcleo derivan os reticulocitos, anucleados, que xa se atopan presentes normalmente no sangue, e estes por un proceso madurativo dan orixe ós eritrocitos adultos. Tamén se di **eritrocitoblasto**.

eritroblastoma *s.m.* Variedade de mieloma constituída por eritroblastos.

eritroblastose *s.f.* Formación ou presenza excesiva de eritroblastos no sangue, que acompaña xeralmente a estados morbosos como anemias hemolíticas, ictericia neonatal grave, etc. // **E. fetal** Enfermidade hemolítica dos neonatos que se produce cando a nai ten sangue con factor Rh- e desenvolve anticorpos contra o factor Rh+ dos eritrocitos do feto.

eritrocatalíse *s.f.* V. **eritrocitólise**.

eritrocianose *s.f.* Coloración anómala da pel na que existen zonas avermelladas e outras cianóticas e frías. // **E. das pernas ou supramaleolar** Cianose que aparece en mulleres novas coa pubertade, afectándolle-las pernas de xeito simétrico con infiltración da pel no tercio inferior, arrefriamento e manchas vermellas.

eritrocito *s.m.* Célula sanguínea encargada do transporte do osíxeno ós tecidos, con forma de disco bicóncavo, carente de núcleo e de organelas citoplasmáticas, que posúe un diámetro de 6-8 μ e un grosor de 2 μ . Tamén se di **glóbulo vermello, hemacia**. // **E. acrómico** Eritrocito incoloro. / **E. basófilo** Eritrocito que se tingue con colorantes básicos. / **E. crenado** Eritrocito no que a perda de auga produce uns bordos con aspecto arpadado. / **E. falciforme** Eritrocito con forma de fouce. Tamén se di **drepanocito**. / **E. nucleado** Eritrocito inmaturado. Tamén se di **eritroblasto**. / **E. ortocromático** O que se tingue unicamente con colorantes ácidos. / **E. policromático ou policromatófilo** Aquel que unha vez tinguido posúe varios matices de cor vermella e azul.

eritrocitoblasto *s.m.* V. **eritroblasto**.

eritrocitólise *s.f.* Disolución ou destrución das hemacias do sangue, principalmente no bazo. Tamén se di **eritrocatalíse, eritrolíse, hemólise**.

eritrocitolisina *s.f.* V. **hemolisina**.

eritrocitómetro *s.m.* Aparello utilizado para conta-las hemacias. Tamén se di **hematímetro, hematocitómetro**.

eritrocitopenia *s.f.* V. **eritropenia**.

eritrocitopoiese *s.f.* V. **eritropoiese, eritroxénese**.

eritrocitorrexe *s.f.* Proceso natural de destrución das hemacias por fragmentación. Tamén se di **eritroclase, eritrorrexe, plasmorrexe**.

eritrocitose *s.f.* Aumento da concentración dos glóbulos vermellos no sangue, sen aumento da súa masa total no organismo. Tamén se di **pseudopolicitemia, síndrome de Gaisböck, poliglobulia benigna ou relativa**.

eritrocitosquise *s.f.* Alteración morfolóxica das hemacias pola que estas se transforman en corpos discoides semellantes ás plaquetas. Tamén se di **plasmosquise**.

eritrocitotrópico -a *adx.* Que posúe afinidade polos eritrocitos.

eritroclase *s.f.* V. **eritrocitorrexe**.

eritrocromía *s.f.* Coloración vermella anormal dunha parte, principalmente referido ó líquido cefalorraquídeo.

eritrodermatite *s.f.* Inflamación da pel con arroibamento. Tamén se di **eritrodermite**. // **E. descamativa dos lactantes** V. **enfermidade de Ritter**.

eritrodermia *s.f.* Dermatose xeneralizada e caracterizada por un arroibamento inflamatorio intenso e uniforme e escamación ou supuración. / **E. ictiosiforme conxénita** Eritrodermia conxénita semellante á ictiose que afecta principalmente ás superficies flexoras. / **E. maculopapular** Aquela caracterizada por unha erupción maculopapulosa de coloración vermella.

eritrodermite *s.f.* V. **eritrodermatite**.

eritrodoncia *s.f.* Arroibamento dos dentes.

eritroedema *s.m.* Polineuropatía da infancia caracterizada pola inchazón con cianose das mans e os pés, alteracións tróficas e dixestivas, artrite, astenia muscular, taquicardia, poliglobulia, etc. Tamén se di **enfermidade de Swift, enfermidade de Selter-Feer, acrodinia, eritema artríticoepidémico, dermatopolineurite, parálise infantil do sistema vexetativo, trofodermatose, enfermidade rosada**.

eritrofobia *s.f.* V. **eritrofobia**.

eritrofosia *s.f.* Sensación subxectiva de percepción de luz de cor vermella.

eritroide *adx.* 1. Que semella a cor vermella. // *s.f.* 2. Túnica muscular e arroibada do testículo formada polas fibras do músculo cremáster.

eritroidina *s.f.* Alcaloide extraído das sementes da *Erythrina coralloides*, que posúe propiedades semellantes ó curare.

eritroleucemia *s.f.* Variedade de leucemia caracterizada por presenza no sangue periférico de eritroblastos e mieloblastos atípicos. Tamén se di **leucemia eritroide**.

eritroleucoblastose *s.f.* Eritroblastose que cursa con alteracións concomitantes nos leucocitos.

eritroleucotrombocitemia *s.f.* Hiperplasia das series eritroblástica, leucoblástica e megacarcítica, que cursa

con presenza de células non maduras destas series no sangue periférico.

eritrólise *s.f.* V. **eritrocitólise**.

eritrolisina *s.f.* Substancia que produce eritrólise. Tamén se di **hemolisina**.

eritromelalxia *s.f.* Doenza de orixe descoñecida que cursa con crises de dor e arroibamento nas extremidades, xeralmente inferiores. Tamén se di **acromelalxia**, **enfermidade de Weir-Mitchel**, **enfermidade de Gerhardt**.

eritromelia *s.f.* Doenza caracterizada por arroibamento progresivo da pel nas superficies dorsais dos brazos e pernas, e atrofia cutánea. Tamén se di **acrodermatite crónica atrófica**, **enfermidade de Herxheimer**, **enfermidade de Pick**.

eritromicina *s.f.* Antibiótico bacteriostático do grupo dos macrólidos obtido de cultivos de *Streptomyces erythreus*, activo fronte á *Mycoplasma pneumoniae*, *Legionella*, *Haemophilus*, *Bordetella* e moitos cocos G+ e G-. Úsase vía oral ou intravenosa, con escasa toxicidade, producindo ás veces intolerancia gastrointestinal, e administrada como estolato pode producir hepatite colostática; raramente causa ototoxicidade ou eosinofilia.

eritropenia *s.f.* Déficit no número de hemacias.

eritropía *s.f.* V. **eritropsia**.

eritroplasia *s.f.* Afección caracterizada por placas de cor vermella e indoloras no epiteliu pavimentoso das mucosas xenitais e orais, ten tendencia á malignización, (eritroplasia de Queyrat), considérase un estado precanceroso.

eritropoiese *s.f.* Conxunto de procesos celulares que levan á produción das hemacias para ó recambio das que se van destruíndo a causa dos procesos fisiolóxicos normais.

eritropoiético -a *adx.* Das substancias que promoven a eritropoiese ou dos órganos nos que se realiza a mesma.

eritropoietina *s.f.* Sialoglicoproteína formada no fígado e no ril, que posúe acción hormonal estimulante da eritropoiese.

eritroprosopalxia *s.f.* Doenza que cursa con arroibamento doloroso que afecta á cara.

eritropsia *s.f.* Visión de cor vermella dos obxectos, que sucede con frecuencia trala extracción de cataratas ou en certas crises epilépticas.

eritropsina *s.f.* Pigmento visual dos bastóns da retina; antiga púrpura retiniana. Tamén se di **rodopsina**.

eritroqueratodermia *s.f.* Doenza familiar autosómica dominante que cursa con formación de placas hiperqueratóticas irregulares e zonas de eritrodermia que cambian de localización e de tamaño dependendo dos días. Tamén se di **eritroqueratodermia variabilis**, **síndrome de Mendes da Costa**.

eritrorrexe *s.f.* V. **eritrocitorrexe**.

eritrose *s.f.* Coloración vermella da pel e mucosas consecutiva a plétora arterial.

eritrosedimentación *s.f.* Sedimentación dos eritrocitos.

eritrosina *s.f.* Materia colorante constituída por tetraiodofluoresceína, usada para colorear preparacións microscópicas e algúns alimentos.

eritrosinófilo -a *adx.* Que se tingue facilmente con eritrosina.

eritrotoxina *s.f.* Toxina que actúa sobre os glóbulos vermellos.

eritrotrombonoblastose *s.f.* Doenza caracterizada polo exceso no sangue de eritroblastos, plaquetas e normoblastos, que cursa con esplenomegalia, atrofia ósea e hipermetabolismo.

eritroxénese *s.f.* Proceso de produción dos eritrocitos.

eritroxéno -a *adx.* Que promove a produción de eritrocitos.

eritruuria *s.f.* Emisión de urina de cor vermella.

errosión *s.f.* Ulceración ou ferida superficial da epiderme, mucosas ou outros tecidos, consecutiva a traumatismos liviáns como rozaduras, fricción, compresión, etc. // **E. interdixital blastomicética** Erosións nas caras laterais das dedas producidas por fungos tricofíticos. Tamén se di **pé de atleta**.

errostratismo *s.m.* Comisión de delitos por ansia de notoriedade.

erotismo *s.m.* 1. Amor sensual, gusto polas satisfaccións sexuais. 2. Esaxeración patolóxica das apetencias sexuais. // **E. anal** Satisfacción sexual asociada á defecación. / **E. oral** Satisfacción sexual asociada ó acto de comer ou outras actividades bucais.

erotodromomanía *s.f.* Afán morboso de viaxar como forma de escapatoria dunha situación sexual penosa.

erotofobia *s.f.* Temor morboso ó coito.

erotografomanía *s.f.* Hábito morboso de escribir cartas de contido amoroso.

erotomanía *s.f.* 1. Preocupación esaxerada por fantasías ou temas sexuais. 2. Delirio interpretativo no que o individuo cre ser amado.

erotomaniaco -a *adx.* Que está afecto de erotomanía.

erotoxénico -a *adx.* Eroxénico.

eróxénico -a *adx.* Que orixina sensacións eróticas, como as zonas do corpo susceptibles de provocar estas sensacións. Tamén se di **erotoxénico**.

erradicación *s.f.* Avulsión, extirpación.

errante *adx.* 1. Que vaga libremente dunha parte a outra. 2. Da enfermidade ou síntoma que evoluciona en forma irregular ou que cambia de localización no organismo.

error *s.m.* Concepto equivocado ou xuízo falso. // **E. conxénito do metabolismo** Grupo de enfermidades

provocadas por unha alteración xenética que afecta á síntese dun ou máis enzimas.

eructo *s.m.* Gas do estómago que se expulsa pola boca.

erupción *s.f.* 1. Brote súpeto das lesións de localización cutánea dunha enfermidade. Tamén se di **exantema**. 2. Lesión cutánea elemental de calquera tipo: mácula, pápula, pústula, etc. 3. Saída dun órgano fóra das partes que o envolven, como consecuencia do seu desenvolvemento natural. // **E. dentaria** Comezo da saída dos dentes pola enxiva. / **E. eritematosa pustulosa, vesiculosa, etc** A caracterizada pola formación de eritema, pústulas, vesículas, etc.

Eryngium Xénero de plantas herbáceas con follas planas de bordo máis ou menos espiñoso. Comprende unhas 200 especies que medran en climas temperados ou cálidos. As especies *E. campestre* e *E. maritimum*, son empregadas en forma de infusión como sudoríferas e diuréticas nas inflamacións vesicais.

Erysimum Xénero de plantas herbáceas que medran en rexións de clima temperado do hemisferio norte. As especies *E. officinale* e *E. aureum* son tónicas expectorantes empregadas en infusión e as súas sementes posúen propiedades cardiotónicas.

Erysipelothrix Xénero de bacterias das que a especie *E. rhusiopathiae* é a causante do erisipeloide.

Erythraea Xénero de plantas herbáceas cunhas 40 especies que medran nas rexións temperadas do hemisferio norte, entre as que a especie *E. centaurium* posúe propiedades tónicas e estomáquicas.

Erythrina Xénero de plantas arbóreas ou arbustivas que medran en rexións cálidas. Da especie *E. corallodendron*, (árbore do coral ou poró), obtense un extracto con propiedades hipnóticas e sedantes.

Erythroxylon Xénero de plantas arbóreas, arbustivas ou subarbustivas que medran en rexións tropicais e que comprenden unhas 100 especies. Da especie *E. coca* obtense a folla de coca.

esaxeración *s.f.* 1. Acción e efecto de esaxerar. 2. Intensificación, maior actividade da función dun aparello, referido especialmente ós reflexos.

esbirro *s.m.* Expulsión violenta, sonora e reflexa de aire polas vías respiratorias superiores, (nariz e boca), de carácter espasmódico, que actúa como mecanismo de defensa das mucosas das vías respiratorias. Tamén se di **espiro**.

escabícida *adx.* 1. Que cura a sarna. // *s.m.* 2. Produto ou axente que posúe acción escabícida.

escabiofobia *s.f.* Temor morboso á sarna.

escabiosa *s.f.* Planta herbácea da familia das dipsacáceas da que algunhas especies (*Trichera arvensis*, *Succisa pratensis*), foron utilizadas en medicina como depurativos e contra a sarna.

escabiose *s.f.* V. **sarna**.

escabioso -a *adx.* Relativo á sarna. Tamén se di **sarnoso**.

escafandro *s.m.* Cuberta de tea que cobre a cabeza e a cara, exceptuando os ollos, dos cirurxiáns durante as operacións.

escafo- Prefixo do gr. *skáphe* (pía, gamela), utilizado na formación de palabras que indican estruturas con forma de gamela.

escafocefalia *s.f.* Deformidade do cranio en forma de quilla producida por osificación prematura da sutura saxital. Tamén se di **esfenocefalia**.

escafoide *s.m.* 1. Óso máis externo da primeira fila do carpo. // *adx.* 2. Que ten forma semellante a un barco. // **E. do tarso** V. **Óso navicular**.

escafoidite *s.f.* Inflamación do óso escafoide. // **E. tarsiana** Osteíte causada por un traumatismo no escafoide do tarso. Tamén se di **enfermidade de Köhler**.

escala *s.f.* 1. Serie ordenada de cousas distintas dunha mesma especie. 2. Serie de liñas de división gravadas nun instrumento de medición. 3. Serie de valores fixados por convención para medi-la intensidade dun fenómeno calquera. 4. Calquera dos tres conductos da cóclea ou caracol. // **E. de acomodación** Espacio no que un obxecto se pode mover sen deixarse de ver. / **E. de Baumé** Hidrómetro para determina-lo peso específico dos líquidos. / **E. de Charrière** Escala que mide o calibre das sondas uretrais. / **E. de Löwenburg ou escala media** Conducto coclear. / **E. do tímpano** Conducto timpánico. / **E. do vestíbulo** Conducto vestibular.

escalariforme *adx.* Que ten forma de escaleira ou de escala.

escaldadura ou **escalda** *s.f.* Queimadura producida por un líquido ou vapor húmido quentes.

escaldazo *s.m.* Ardor ou queimura.

escalenectomía *s.f.* Extirpación dun músculo escaleno.

escaleno *s.m.* Músculo do colo con tres porcións (anterior, media e posterior), que en conxunto serven como axuda na inspiración, para inclina-lo colo e como fixación da columna vertebral.

escalenotomía *s.f.* Sección cirúrxica dos músculos escalenos dun lado preto da inserción nas costelas, practicada para diminuí-la actividade respiratoria da porción superior do tórax na tuberculose pulmonar.

escapelo *s.m.* Instrumento cortante dotado dun ou dous fíos e mango, usado nas diseccións e na cirurxía.

escama *s.f.* 1. Lamela formada por células epidérmicas adheridas á superficie da pel. 2. Parte con forma de escama dalgúns ósos, (escamas frontal, temporal, occipital).

escamocelular *adx.* Que posúe células escamosas, como o carcinoma escamocelular.

escamocigomático -a *adx.* Relativo á porción escamosa e á apófise cigomática do óso temporal.

escamoparietal *adx.* Relativo á porción escamosa do temporal e o óso parietal.

escandio *s.m.* Metal que acompaña nos minerais o itrio e os lantánidos, aínda que non pertence a estes. Número atómico 21 e masa atómica 44,956; símbolo Sc.

escáner *s.m.* Aparello utilizado na exploración radiográfica, co que se practica a tomografía axial computadorizada. O aparello manda a radiación concéntricamente ó eixe lonxitudinal do corpo, esta radiación é recollida despois por un sistema de detectores e a información recibida é analizada por un ordenador que compón a imaxe completa de sucesivas seccións transversais da rexión explorada.

escansión *s.f.* Forma anómala de falar separando as sílabas das palabras que se atopa nalgúns enfermidades neurolóxicas, especialmente na esclerose en placas.

escape *s.m.* 1. Acción de escapar. 2. Fuga dun gas ou líquido por algún orificio ou fendadura. // **E. ventricular** Arritmia cardíaca na que o impulso do nodo auriculoventricular ten lugar antes có normal correspondente ó nodo sinoauricular.

escapismo *s.m.* Dirección do pensamento cara a unha actividade imaxinativa que cause ledicia para afastarse da rutina e a realidade.

escápula *s.f.* V. **omoplata**.

escapulalxia *s.f.* Dor localizada na rexión da omoplata. Tamén se di **escapulodinia**, **omalxia**.

escapulectomía *s.f.* Exérese cirúrxica da omoplata.

escapuloclavicular *adx.* Relativo á escápula e a clavícula.

escapulodinia *s.f.* V. **escapulalxia**.

escapulopexia *s.f.* Práctica cirúrxica consistente en fixar a escápula ás costelas, que se realiza nalgúns miopatías.

escapulorradial *adx.* 1. Relativo á escápula e ó raio. // *s.m.* 2. Músculo bíceps braquial.

escapulotroquítere -a *adx.* 1. Relativo á escápula e ó troquíter. // *s.m.* 2. Músculo subespinal.

escapuloumeral *adx.* 1. Relativo á escápula e o úmero. // *s.m.* 2. Músculo redondo maior.

éscara *s.f.* Costra de cor negra ou parda que resulta da mortificación e desorganización dun tecido consecuencia da acción dun axente necrosante, como a calor, traumatismos, enfermidades neurolóxicas ou polo efecto dun cáustico.

escarificación *s.f.* 1. Producción dunha escara accidentalmente ou mediante cirurxía. 2. Serie de incisións superficiais pequenas causadas cun escarificador, bisturí ou lanceta con obxectivo revulsivo ou derivativo.

escarificador *s.m.* Aparello utilizado para practicala escarificación.

escarlatina *s.f.* Enfermidade infecciosa, contagiosa, endémica ou epidémica e exantemática, que se dá normalmente na infancia, producida por un estreptococo beta-hemolítico do grupo A, (*S. pyogenes*), da rinofarinx, dotado dunha toxina eritroxénica producida por un bacteriófago. Tras un período prodrómico dun día ou pouco máis de duración desenvólvese o exantema que comeza como manchas puntiformes, de cor leve ó principio, tornándose máis tarde escarlata, moi xuntas, dando a impresión de confluír. O exantema xorde polo tronco e o colo e invade despois as extremidades, facendo especial incidencia nas pregaduras do sobrazo e da ingua e respectando na cara a zona arredor da boca. A duración da enfermidade é de dúas ou tres semanas nos casos favorables, tendo como complicación principal unha glomerulonefrite productora ás veces de insuficiencia renal. // **E. hemorráxica** A que cursa con equimose ou hematúria. / **E. maligna** Escarlatina con síntomas graves ou aquela na que o exantema desaparece pronto e con rapidez. / **E. miliar** A que cursa con erupción de vesículas miliares. / **E. papulosa** Escarlatina con predominio de erupción papulosa. / **E. puerperal** Exantema eritematoso escarlatiniforme de orixe infecciosa, que aparece consecutivamente á febre puerperal. / **E. rubéolica** Cuarta enfermidade exantemática.

escarlatiniforme *adx.* Do exantema que semella escarlatina.

escarlatinoide *adx.* 1. Escarlatiniforme. // *s.m.* 2. Cuarta enfermidade exantemática.

escato- 1. Prefixo do gr. *skór, skatós*, (excremento). 2. Prefixo do gr. *éschatos*, (último).

escatofaxia *s.f.* Coprofaxia.

escatofilia *s.f.* Afección morbosa ós excrementos.

escatol *s.m.* Substancia presente nas feces humanas de cheiro a materia fecal, produto da descomposición das proteínas no intestino.

escatolalia *s.f.* Coprolalia.

escatoloxía *s.f.* 1. Estudo das materias fecais. 2. Conxunto de teorías ou crenzas referentes ó destino final do home e o universo.

escatolóxico -a *adx.* Relativo á escatoloxía.

escatoma *s.m.* Estercoroma.

escatoscopia *s.f.* Exame das feces.

escavación *s.f.* 1. Acción de realizar unha escavación nunha parte do organismo. 2. A mesma cavidade realizada. 3. Estructura anatómica que posúe forma de cavidade. 4. Alteración en forma de cavidade, debida a diferentes procesos patolóxicos, de estruturas anatómicas que normalmente non teñen esta morfoloxía. // **E. atrófica** Escavación que xorde na papila óptica por atrofia do nervio óptico. / **E. fisiolóxica** Escavación normal existente na papila óptica. / **E. glaucomatosa** Escavación da papila óptica causada pola excesiva presión intraocular existente en casos de glaucoma. / **E. pélvica** Porción da

pelve situada por debaixo da liña ileopectínea. Tamén se di **pelve menor**.

escavador *s.m.* Aparello cirúrxico con forma de culler, utilizado para desprender tecidos danados. // **E. dental** Escavador utilizado para extrae-los restos de carie das pezas dentarias afectadas.

escelalxia *s.f.* Dor na perna.

escelastenia *s.f.* Debilidade nas pernas.

esceptofilaxe *s.f.* 1. Inmunidade temporal adquirida de xeito inmediato mediante a administración dunha pequena cantidade dunha substancia normalmente tóxica para os animais. 2. Método de desensibilización alérxica realizada pola inxección durante un certo tempo de pequenas cantidades do axente alérxico ó paciente.

escevolismo *s.m.* Automutilación.

Escherichia Xénero de bacterias da familia das enterobacteriáceas que se atopan como saprófitas no tubo dixestivo do home e outros vertebrados. *E. coli* é a enterobacteriáceas saprófita máis frecuente no intestino humano, e é asemade o axente máis frecuente nas infeccións urinarias, dixestivas e noutros procesos patolóxicos provocados por enterobacterias. Dependendo dos antíxenos somático (O), flaxelar (H) e capsular (K), clasifícase en diversos tipos.

esciасcopia *s.f.* Esquiascopia.

escíbalо *s.m.* Masa fecal de consistencia dura e seca.

escieropía *s.f.* Escieropsia.

escieropsia *s.f.* Alteración da visión na que os obxectos se ven sombreados.

escindir *v.* Separar, dividir.

escintigrafía *s.f.* 1. Método de diagnose no que despois de inxectar no organismo unha substancia radioactiva que queda fixada selectivamente nun órgano, se pode obter unha imaxe do devandito órgano pola captación nunha pantalla dos raios gamma emitidos polo radioisótopo; gammagrafía. 2. Imaxe obtida por este procedemento.

escintilación *s.f.* 1. Emisión de luz escintilante, como faíscas. 2. Sensación visual subxectiva de escintileo.

escintilar *v.* Brillar cunha especie de trepidación rápida. Tamén se di **resplandecer**.

escirro *s.m.* Tumor canceroso de consistencia dura, con predominio de tecido conxuntivo. // **E. do pulmón** Induración gris do pulmón na pneumonía crónica.

escirroblefaronco *s.m.* Tumor de carácter escirro localizado nas pálpebras.

escirrocele *s.f.* Tumor escirro localizado nos testículos. Tamén se di **sarcocele**.

escisión *s.f.* 1. Extirpación mediante un instrumento cortante dun tecido, un órgano ou parte do mesmo. Tamén se di **ablación**, **excisión**, **exérese**, **extirpación**,

resección. 2. Fendedura, desdoblamento ou división dun tecido ou órgano por medio dunha incisión. 3. En química refírese ó desdoblamento dunha molécula complexa en dúas ou máis simples.

escisiparidade *s.f.* Forma de reprodución asexuada por fisión ou segmentación, no que a célula se divide en dúas partes aproximadamente iguais. Tamén se di **fisiparidade**.

esclera *s.f.* V. **esclerótica**.

escleradenite *s.f.* Inflamación e endurecemento dunha glándula ou ganglio

escleral *adx.* Relativo á esclerótica.

esclerectasia *s.f.* Distensión ou dilatación dunha parte da esclerótica.

esclerectomía *s.f.* Extirpación dunha parte da esclerótica.

escleréctomo *s.m.* Aparello utilizado na práctica da esclerectomía.

escleredema *s.m.* Edema duro. Tamén se di **esclerema do neonato**. // **E. de Buschke** Estado parecido ó esclerema do neonato, pero producido nos adultos. Tamén se di **esclerema do adulto** ou **enfermidade de Buschke**.

esclerema *s.m.* Estado de esclerose ou endurecemento dun tecido, principalmente a pel. // **E. do neonato** Enfermidade que comeza poucos días despois do nacemento, e que cursa con arrefriamento e endurecemento da pel, atrepsia e morte, posiblemente causada por endurecemento da graxa por carencia de ácido oleico. Tamén se di **escleredema**. / **E. adiposo** Esclerema do tecido adiposo. / **E. do adulto** V. **escleroderme**.

esclerencefalia *s.f.* Esclerose do encéfalo.

esclerite *s.f.* Esclerotite.

esclero- Prefixo do gr. *sklerós* (duro).

escleroadiposo -a *adx.* Que está composto de tecido escleroso e adiposo.

esclerocatarata *s.f.* Catarata de consistencia dura.

escleroconxuntival *adx.* Relativo á esclerótica e á conxuntiva.

escleroconxuntivite *s.f.* Inflamación da esclera e da conxuntiva ocular.

esclerócórnea *s.f.* Conxunto formado pola esclera e maila córnea.

esclerocoroide *s.f.* Inflamación da esclerótica e da coroide.

esclerodactilia *s.f.* Escleroderme limitada ós dedos ou dedas.

esclerodermite *s.f.* Inflamación e endurecemento simultáneo da pel.

esclerodermia *s.f.* Afección dermatolóxica de etioloxía descoñecida, caracterizada polo engrosamento e esclerose profunda da pel que perde a súa flexibilidade natural

e se atrofia de forma máis ou menos completa. Pódese presentar como formas localizadas (morfea, morfea xeneralizada e esclerodermia lineal), ou formas xeneralizadas (esclerodermia sistémica). Tamén se di **escleredema de Buschke**, **corionite**, **cute tensa crónica**, **dermatoesclerose**, **escleroestenose cutánea**. // **E. do neonato** Esclerema do neonato. / **E. circunscrita en placas** Morfea. / **E. difusa**. Esclerema do adulto. V. **esclerema**.

esclerodermite *s.f.* Esclerodermatite.

esclerodesmia *s.f.* Esclerose dos ligamentos.

escleroestenose *s.f.* Induración e mais contracción ou estenose. // **E. cutánea** Esclerodermia.

escleroftalmía *s.f.* Desenvolvemento anómalo da esclerótica e da córnea, no que a primeira invade a segunda deixando tan só transparente a zona central da mesma.

escleroide *adx.* Semellante ó tecido escleroso.

escleroirite *s.f.* Inflamación simultánea da esclerótica e do iris.

esclerolipomatose *s.f.* Esclerose e adipose conxuntas.

escleroma *s.m.* Foco endurecido de tecido de granulación localizado na pel ou nas mucosas.

escleromalacia *s.f.* Abrandamento patolóxico da esclera.

escleroniquia *s.f.* Engrosamento e sequidade das unllas.

esclerooforite *s.f.* Inflamación de carácter escleroso do ovario.

escleropatía *s.f.* Afección que cursa con esclerose.

escleroqueratite *s.f.* Inflamación simultánea da esclera e a córnea.

esclerosante *adx.* Que provoca esclerose.

esclerose *s.f.* Induración patolóxica dun órgano ou tecido por aumento do seu tecido conxuntivo, principalmente do intersticio dun órgano a consecuencia dunha inflamación. // **E. anterolateral** Esclerose dos cordóns anteriores e laterais da medula espiñal. / **E. arterial** ou **arteriocapilar** V. **arterioesclerose**. / **E. cerebral** Esclerose múltiple do cerebro / **E. cerebrospinal** V. **e. múltiple**. / **E. combinada** Esclerose dos cordóns laterais e posteriores da medula. / **E. coronaria** A que lles afecta ás arterias coronarias. / **E. de Mönckeberg** Dexeneración da capa media das arterias con atrofia dos elementos musculares e depósitos calcarios neles. / **E. diseminada**, **local** ou **insular** V. **e. múltiple**. / **E. fasciculada** A que afecta a un segmento dun ou varios fascículos da medula. / **E. lateral amiotrófica** ou **lateral simétrica** Forma máis común de enfermidade progresiva da neurona motora, orixinada pola perda progresiva de motoneuronas do córtex cerebral, das hastas anteriores da medula espiñal e dos núcleos motores correspondentes do tronco do encéfalo, coa conseguinte denervación e atrofia das fibras musculares innervadas por estas motoneuronas (amiotrofia). A perda de fibras das columnas laterais xunto coa gliose reactiva produce unha consistencia especial (esclerose) nos tecidos afectados. As neuronas necesarias para a motilidade ocular e as dos esfínteres do intestino e vexiga non se afectan. A morte prodúcese xeralmente no prazo de tres a cinco anos de forma inevitable. / **E. múltiple** ou **en placas** Enfermidade desmielinizante do sistema nervioso central (SNC), caracterizada pola aparición de áreas ben delimitadas de desmielinización (placas), e gliose fibrilar reactiva que proporciona consistencia de esclerose, localizadas en calquera zona da substancia branca, máis tipicamente en zonas paraventriculares do cerebro, subpiiais, tronco do encéfalo e medula espiñal, sen afectarlle ó sistema nervioso periférico. Orixina tipicamente neurite óptica con alteracións da visión, nistagmo, disartria, diminución do sentido da posición e vibración, ataxia e tremor de intención, debildade ou parálise dun ou varios membros, espasticidade, alteracións vesicais, e afectacións emocionais, sobre todo depresión. A evolución é en brotes recorrentes no transcurso de moitos anos e non existe ningún tratamento eficaz. / **E. posterolateral** V. **e. combinada**. / **E. renal** A que afecta as estruturas renais como fenómeno terminal dun gran número de enfermidades renais. / **E. tuberosa** Enfermidade conxénita autosómica dominante do cerebro que cursa con lesión na pel, en forma de manchas e adenomas sebáceos, tumores subependimarios calcificados, e tumores noutros órganos como o ril, corazón e os ollos, e atraso mental e convulsións. Tamén se di **epiloia**, **enfermidade de Bourneville**. / **E. unilobular concéntrica** V. **enfermidade de Balo**.

esclerostomía *s.f.* Técnica cirúrxica que consiste na creación dunha abertura na esclera co fin de aliviarlo glaucoma.

escleroterapia *s.f.* Método terapéutico utilizado nas hedras e consistente na inxección de substancias esclerosantes.

escleroterapia *s.f.* Método terapéutico utilizado nas hedras e consistente na inxección de substancias esclerosantes.

esclerótica *s.f.* Túnica externa do ollo, de cor branca, opaca, dura e fibrosa, cobre nas cinco sextas partes o globo ocular, deixando unha abertura na zona posterior para o paso do nervio óptico, e outra, maior, na parte anterior, pechada pola córnea, a través da que penetra a luz. Tamén se di **esclera**, **branco do ollo**.

esclerotite *s.f.* Inflamación da esclerótica. // **E. anterior** Aquela que afecta ó segmento anterior da esclera. / **E. anular** Forma de esclerotite que adquire morfloxía anular arredor da córnea / **E. posterior** A que lle afecta ó segmento posterior da esclera. / **E. profunda** V. **esclerocoroidite**. / **E. superficial** V. **episclerite**.

esclerotomía *s.f.* Incisión cirúrxica da esclera. // **E. anterior** Abertura da cámara anterior do ollo no tratamento de descompresión do glaucoma. / **E. posterior** Abertura do corpo vítreo atravesando a esclerótica, utilizada no tratamento do desprendemento da retina ou para a extracción de corpos estraños.

esclerótomo *s.m.* Aparello utilizado na realización das esclerotomías.

esclerotriquia *s.f.* Estado anómalo de sequidade e dureza do pelo.

escleroxénese *s.f.* Proceso de desenvolvemento de tecido escleroso.

escleróxeno -a *adx.* Que esclerosa ou endurece os tecidos.

escobillón *s.m.* Aparello de forma semellante a unha vasoira de pequeno tamaño ou a un hisopo, que é utilizado para facer toques na limpeza do interior das cánulas ou sondas, ou o fondo dunha cavidade.

escodismo *s.m.* Fenómeno físico consistente no aumento da sonoridade pulmonar en situacións de derramo pleural ou de hidrotórax, por riba do nivel do líquido, e tamén ocorre nas pneumonías no punto oposto ó foco de consolidación.

escola *s.f.* Doutrina, principios ou sistema dun autor ou conxunto de autores.

escoleciase *s.f.* Estado de enfermidade causado pola presenza de larvas ou vermes no organismo.

escólex *s.m.* Extremidade anterior ou cabeza dos vermes cestodos, provista de órganos en forma de ventosas con ganchos ou sen eles (cestodes ciclofilidos), ou ben dunha especie de fendeduras laterais chamadas botridios (cestodes pseudofilidos), para fixarse na mucosa intestinal.

escoliocifose *s.f.* V. **cifoscoliose**.

escoliometría *s.f.* Técnica utilizada na medición das curvas.

escoliómetro *s.m.* Aparello utilizado na medida das curvas, principalmente as que existen nos diferentes tramos da columna vertebral.

escoliose *s.f.* Desviación lateral da columna vertebral.

esconxuro *s.m.* V. **conxuro**.

escopofilia *s.f.* Perversión sexual na que o pracer se obtén mirando o corpo espido ou os órganos sexuais doutra persoa ou ben un acto sexual realizado por outros. Tamén se di **escoptofilia**, **voyeurismo**.

escopofobia *s.f.* Temor morboso a ser visto.

escopolamina *s.f.* Alcaloide de fórmula $C_{17}H_{21}NO_4$ obtido da *Hyoscyamus niger* e doutras plantas da familia da beladonna; posúe accións parasimpaticolíticas semellantes ás da atropina. Tamén se di **hioscina**.

escopometría *s.f.* Método utilizado para determinar a densidade óptica dun precipitado, co fin de obter a concentración de substancias que están en suspensión.

escoptofilia *s.f.* V. **escopofilia**.

escorbuto *s.m.* Conxunto de manifestacións clínicas ocasionadas pola carencia de vitamina C, que ocasiona lesións perifoliculares con caída do pelo, hemorrxias purpúricas e equimóticas na pel, nos músculos dos brazos e pernas, intraarticulares e nos leitos das unllas; nos

suxeitos con dentes hai afectación das enxivas en forma de inchazón, hemorrxias, infeccións, friabilidade e afrouxamento das pezas dentarias, cicatrización deficiente, hemorrxias purpúricas viscerais e alteracións emocionais, nos nenos e lactantes tumefaccións óseas dolorosas por hemorrxias no periósteeo, afundimento do esterno con rosario costal escorbútico, hemorrxias retrobulbares, cerebrais e subaracnoides, e anemia en tódalas idades. // **E. infantil** O que se produce en lactantes alimentados exclusivamente con leite esterilizado ou industrial. Tamén se di **raquitismo hemorráxico, enfermidade de Barlow**.

escordadura *s.f.* Distensión violenta dunha articulación sen chegar á luxación pero con posibilidade de rachadura dalgún ligamento ou grupo próximo de fibras musculares, que cursa con dor, inchazón e incapacidade funcional da articulación afectada. Tamén se di **torcedura**, **esnogadura**.

***escordo** *s.m.* V. **escordadura**.

escorpión *s.m.* Arácnido pertencente á orde dos escorpións que habita zonas xeográficas de clima tépedo e posúe no derradeiro segmento da cola unhas glándulas venenosas e un aguillón con función atacante ou defensiva. A súa picadura produce unha gran dor e unha reacción local intensa edematosa e ás veces un cadro tóxico xeral, podendo provocar en raras ocasións a morte por parálise respiratoria. Tamén se di **alacrán**.

escotodinia *s.f.* Doenza caracterizada por un estado de vertixe, cefalaxia e escuridade na visión.

escotofobia *s.f.* Temor morboso á escuridade.

escotoma *s.m.* Deficiencia parcial no campo visual, que se manifesta como unha mancha escura máis ou menos extensa que cobre unha porción do campo de visión do individuo, sendo a consecuencia da insensibilidade dunha área da retina. // **E. absoluto** Zona do campo visual para a que o ollo é absolutamente cego. / **E. anular** Escotoma circular que rodea a parte central do campo visual. / **E. de Bjerrum** Variedade de escotoma que se produce pola lesión dos fascículos nerviosos que pasan polo bordo temporal da papila, aparecendo no campo visual como unha extensión da mancha cega en forma de arco. / **E. escintilante** Impresión visual de escintilación en zigzag. Tamén se di **teicopsia**, **espectro de fortificación**. / **E. fisiolóxico** Mancha cega da retina. / **E. periférico** Escotoma localizado en calquera parte do campo visual situado fóra do punto de fixación. / **E. positivo** Escotoma que percibe o paciente.

escotomatógrafo *s.m.* Aparello utilizado para rexistrar os escotomas.

escotómetro *s.m.* Aparello utilizado na localización e medición da extensión dos escotomas.

escototerapia *s.f.* Método terapéutico que utiliza a ausencia total de luz no tratamento dalgúns enfermidades.

escoupro *s.m.* Aparello cirúrxico, cun extremo afiado, que semella un cicel, utilizado nas operacións realizadas sobre os ósos.

escritura *s.f.* Acto ou efecto de escribir. // **E. en espello** Escritura trazada da dereita á esquerda que semella unha escritura normal occidental reflectida nun espello.

escrófula *s.f.* 1. Estado morboso indeterminado, constitucional, caracterizado por afeccións variables dos sistemas tegumentario, linfático e óseo. Segundo Escherich, trátase dunha tuberculose asociada a linfatismo, o que daría orixe a escrófula, forma de tuberculose atenuada que evolucionaría sobre un terreo especial. Tamén se di **estruma**. 2. Tuberculose crónica dos ganglios linfáticos, ósos e articulacións. // **E. mesentérica** V. **tabes mesentérica**.

escrofúlida *s.f.* Lesión que aparece na escrófula.

escrofulofima *s.f.* Tumoración de orixe tuberculosa localizada na pel.

escrofuloma *s.m.* Tumoración de natureza escrofulosa.

escrofulose *s.f.* Estado escrofuloso determinado polo conxunto das alteracións orgánicas de orixe tuberculosa.

escrotectomía *s.f.* Escisión dunha parte do escroto.

escrotite *s.f.* Inflamación do escroto.

escroto *s.m.* 1. Bolsa testicular formada pola pel, dartos, e as túnicas celular, muscular, fibrosa e vaxinal. 2. Pel da devandita bolsa.

escrotocele *s.f.* Hernia localizada no fondo do escroto.

escrúpulo *s.m.* Dúbida ou receo que orixina inqueda na persoa, aparecendo frecuentemente en estados obsesivos.

escrupulosidade *s.f.* Exactitude no exame e nas investigacións das cousas, así como no cumprimento estricto do que se ten encomendado ou se emprende; cando é esaxerada en cuestións morais ou de conciencia pode levar á pantofobia.

escudo *s.m.* 1. Lámina ou placa delgada. 2. Estructura escamosa. 3. Porción ósea ou óso. // **E. timpánico** Placa ósea delgada situada entre o ático do tímpano e as celas mastoides.

escuma *s.f.* 1. Conxunto de burbullas formadas na superficie dos líquidos e adheridas con máis ou menos consistencia entre si. 2. Saliva escumosa formada por burbullas grosas na cavidade oral, que aparece en certas enfermidades do sistema nervioso.

escuti- Prefixo do lat. *scutum* (escudo pequeno).

escutiforme *adx.* Que posúe forma de escudo.

escútula *s.f.* Cotra de pequeno tamaño con forma de escudo ou disco, especialmente a do favo.

esencia *s.f.* 1. Aquilo que constitúe a natureza propia dunha cousa ou ser, en virtude do cal existe e se diferencia das demais. 2. Líquido volátil e recendente, que

lles proporciona o aroma ás plantas, chamados tamén aceites esenciais ou volátiles. 3. Disolucións alcohólicas dos anteriores, utilizadas en perfumería. 4. Medicamento composto, como o viño de extracto de Smith (esencia de silvamar). 5. V. **cimeno**. // **E. de trementina** (augarrás) Líquido incoloro, urente e de olor moi penetrante, obtido da trementina de varias especies do xénero *Pinus*, estimulante, antiséptico, vermífugo e anticatarral.

esencial *adx.* 1. Que forma a parte imprescindible das cousas, ás que lles dá as súas propiedades particulares. 2. Das enfermidades de orixe e patoxenia descoñecidas. Tamén se di **idiopático**.

eseridina *s.f.* Alcaloide da faba do Calabar, de propiedades semellantes ás da eserina pero menos potentes.

eserina *s.f.* Alcaloide da faba do Calabar (froitado *Physostigma venenosum*), que posúe propiedades parasimpaticomiméticas. Tamén se di **fisostigmina**.

esfácelo *s.m.* 1. Masa de tecido gangrenado. 2. Gangrena húmida.

esfaceloderma *s.m.* Gangrena da pel.

esfenio *s.m.* Punto craneométrico situado no ángulo do parietal correspondente co esfenoides.

esfeno- Prefixo do gr. *sphén*, *sphenós* (cuña), utilizado na formación de palabras que denotan formas cuneiformes.

esfenobasilar *adx.* Relativo ó esfenoides e mais á apófise basilar do óso occipital.

esfenoccipital *adx.* Relativo ó esfenoides e mais ó occipital.

esfenocéfalo *s.m.* Monstruosidade fetal caracterizada por presenta-la cabeza en forma de cuña na rexión da fontela bregmática por causa dunha sinostose prematura na devandita rexión.

esfenocigomático -a *adx.* Relativo ó esfenoides e mais ó arco cigomático.

esfenoetmoidal *adx.* Relativo ó esfenoides e mais ó etmoide.

esfenofrontal *adx.* Relativo ó esfenoides e mais ó frontal.

esfenoidal *adx.* Pertencente ou relativo ó esfenoides.

esfenoides *s.m.* 1. Óso impar pertencente á base do cranio, situado por diante do occipital e detrás do etmoide. // *adx.* 2. Que ten forma de cuña.

esfenoidite *s.f.* Inflamación da mucosa dos seos esfenoidais.

esfenomalar *adx.* Relativo ó esfenoides e mais ó óso malar.

esfenomaxilar *adx.* Relativo ó esfenoides e mais ó maxilar.

esfenómetro *s.m.* Aparello utilizado para medi-las cuñas de óso que se extraen nas operacións destinadas á corrección das curvaturas anómalas dos mesmos.

esfenopalatino -a *adx.* Relativo ó esfenoide e mais ó padal.

esfenoparietal *adx.* Relativo ó esfenoide e mais ó parietal.

esfenopetroso -a *adx.* Relativo ó esfenoide e mais ó rochedo do temporal.

esfenopterigopalatino -a *adx.* 1. Relativo ó esfenoide e mais ó músculo peristafilino externo. // *s.m.* 2. Músculo peristafilino externo.

esfenorbitario -a *adx.* Relativo ó esfenoide e mais ás órbitas.

esfenoscamoso -a *adx.* Relativo ó esfenoide e mais á porción escamosa do temporal.

esfenotemporal *adx.* Relativo ó esfenoide e mais ó temporal.

esfenovomeriano -a *adx.* Relativo ó esfenoide e mais ó vómer.

esfera *s.f.* Sólido limitado en tódalas direccións por unha superficie pechada, estando calquera punto desta superficie á mesma distancia exacta do centro cós demais. // **E. de Redlich-Fischer** Lesións particulares da enfermidade de Alzheimer no córtex cerebral. / **E. embrionaria** V. **mórula**. / **E. sensorial** Zonas do córtex cerebral onde se localizan anatomicamente os centros específicos dos sentidos.

esfero- Prefixo do gr. *spháira* (esfera).

esferocito *s.m.* Eritrocito de pequeno tamaño, con diámetro dunhas 6 μ e forma realmente esférica que aparecen principalmente nas anemias esferocíticas conxénitas (esferocitose hereditaria), e tamén, aínda que non con tanta preponderancia, noutros tipos de anemia, especialmente as inmuno-hemolíticas. Tamén se di **microsferocito**.

esferocitose *s.f.* Forma de anemia hemolítica caracterizada pola presenza, na serie vermella do sangue, de esferocitos. // **E. hereditaria** Anemia esferocítica conxénita que se caracteriza por presentar eritrocitos esféricos de pequeno tamaño (esferocitos). O curso da enfermidade transcurre con accesos de hemólise, que está causada polo lento paso dos esferocitos a través das sinusoides do bazo por seren estes indeformables, acabando por rachar no medio ambiente esplénico pobre en glicosa e ácido.

esferoestesia *s.f.* Sensación morbosa de ter contacto cunha bóla ou esfera.

esferoidal *adx.* Pertencente ó esferoide ou que posúe a súa forma.

esferoide *adx.* Semellante a unha esfera.

esferólito *s.m.* Cada un dos pequenos depósitos de forma esférica que se poden atopar no tecido adiposo do ril dos neonatos, formados probablemente por sedimentos de urato.

esferómetro *s.m.* Aparello utilizado para medir os raios das esferas e os graos de curvatura das superficies, especialmente das lentes ópticas.

esferoplasto *s.m.* Forma dexenerada das bacterias e fungos unicelulares que aparece cando se produce a perda total ou unha alteración na parede celular dos mesmos, adquirindo así un aspecto máis ou menos esférico.

esferospermia *s.f.* Estado da evolución dos espermatozoides no que presentan unha forma esférica e sen cola.

esfigmo- Prefixo do gr. *sphigmós* (pulso).

esfigmocardigrafía *s.f.* 1. Método de rexistro do pulso arterial e do latexo cardíaco ó tempo por medio da utilización dun esfigmocardiógrafo. 2. O propio rexistro gráfico obtido co esfigmocardiógrafo.

esfigmocardiógrafo *s.m.* Aparello utilizado na realización das esfigmocardigrafías.

esfigmocardioscopia *s.f.* Método de rexistro das ondas do pulso, do latexo cardíaco e dos sons que producen.

esfigmocardioscopio *s.m.* Aparello utilizado na realización das esfigmocardioscopías.

esfigmografía *s.f.* 1. Método de rexistro gráfico das variacións do pulso arterial por medio da utilización dun esfigmógrafo. 2. O propio rexistro gráfico obtido por medio da esfigmografía.

esfigmógrafo *s.m.* Aparello utilizado para rexistrar graficamente os movementos, a forza e a forma do pulso arterial.

esfigmograma *s.m.* Rexistro gráfico da pulsación arterial obtido mediante un esfigmógrafo.

esfigmomanometría *s.f.* Técnica utilizada na medición da presión arterial por medio da utilización dun esfigmomanómetro e que se basea na medida da presión necesaria para suspenderla do pulso arterial.

esfigmomanómetro *s.m.* Aparello utilizado para medir a presión arterial, que pode ter diferentes formas, pero basicamente consta dun manguito que se coloca arredor da zona onde se tomará a medida e dun manómetro que rexistra a presión necesaria para anular a onda do pulso.

esfigmometría *s.f.* Técnica do rexistro da presión do pulso e do número e a frecuencia dos seus movementos.

esfigómetro *s.m.* Aparello empregado para medir a presión do pulso e o número e frecuencia dos seus movementos.

esfigmopalpación *s.f.* Palpación das ondas do pulso.

esfigmopletismógrafo *s.m.* Tipo de pletismógrafo que debuxa unha gráfica da onda do pulso ó tempo que efectúa o rexistro das variacións do volume.

esfigmoscílómetro *s.m.* Variedade de esfigmomanómetro no que as variacións na presión do pulso están indicadas por medio dunha agulla oscilante.

esfigmotonografía *s.f.* Técnica utilizada para medir a presión sanguínea e a elasticidade das arterias mediante a utilización dun esfigmotonómetro.

esfigmotonógrafo *s.m.* Aparello utilizado para medir a presión sanguínea e a elasticidade das arterias durante a realización dunha esfigmotonografía.

esfigmoviscosimetría *s.f.* Técnica utilizada para medir a presión do pulso e a viscosidade do sangue.

esfingolípido *s.m.* Lípido que contén esfingosina, como son as ceramidas, cerebrosídeos, gangliosídeos e esfingomielinas.

esfingolipidose *s.f.* Enfermidade producida por almacenamento patolóxico nos lisosomas de esfingolípidos como consecuencia da deficiencia hereditaria dos enzimas necesarios para a súa posterior metabolización. Son esencialmente a gangliosidose GM₁ debida á deficiencia da β-galactosidase, de herdanza autosómica recesiva, e a gangliosidose GM₂, por deficiencia de hexosaminidase A (enfermidade de Tay-Sachs), ou hexosaminidase A e B (enfermidade de Sandhoff), que se herdan tamén con carácter autosómico recesivo.

esfingomielina *s.f.* Éster fosfórico da colina e dunha N-acetil esfingosina, que se atopan no cilindroeixe das células nerviosas no cerebro, medula espiñal, e tamén no ril e na xema de ovo.

esfingosina *s.f.* Amino-2 octadeceno-4 diol-1,3, base dialcohólica nitroxenada que se atopa nas membranas celulares dos seres vivos; os seus derivados N-acilados aparecen como ésteres fosfóricos nas esfingomielinas, cerebrosídeos e gangliosídeos.

esfínter *s.m.* Sistema muscular, xeralmente circular, que cando actúa abre ou pecha un orificio natural. // **E. anorrectal** Sistema esfínter que pecha a saída do recto ó exterior, composto dun esfínter interno, de músculo liso, continuación da capa interna circular da musculatura da parede do recto, e un esfínter externo, de músculo estriado. / **E. cardial** Esfínter constituído por un engrosamento de fibras circulares na vertente esofáxica da unión esofáxica-gástrica. Tamén se di **esfínter esofáxico inferior** / **E. da uretra** Sistema esfínter situado arredor da uretra prostática e membranosa no home e da porción libre na muller, por encima do esfínter liso ou interno. / **E. da vexiga** Grupo de fibras musculares que constitúen un esfínter arredor do colo da vexiga. / **E. de Oddi** Esfínter constituído por un engrosamento do colédoco no colo da ampola de Vater. / **E. do iris** Músculo situado arredor da pupila que coa súa contracción produce o peche da mesma. / **E. dos labios** Músculo orbicular dos labios. / **E. dos ollos** Músculo orbicular dos ollos. / **E. esofáxico inferior** V. e. **cardial**. / **E. ileocólico** Esfínter formado polo engrosamento das fibras musculares circulares do intestino na rexión de unión do íleo co colon. / **E. pilórico** O constituído polo engrosamento da capa muscular do estómago ó redor da unión deste co duodeno. / **E. prepilórico** O constituído por unha banda de fibras musculares situada por riba do anterior.

esfínteraxia *s.f.* Dor localizada no esfínter anorrectal.

esfínterectomía *s.f.* Resección dun esfínter.

esfínterismo *s.m.* Espasmo localizado nun esfínter, especialmente no anorrectal.

esfínterite *s.f.* Inflamación dun esfínter.

esfínteroplastia *s.f.* Operación cirúrxica mediante a que se procede á reparación dun esfínter ou á confección artificial do mesmo.

esfínteroscopia *s.f.* Exame visual dun esfínter, especialmente o anorrectal, realizado cun esfínteroscopio.

esfínteroscopio *s.m.* Variedade de espéculo utilizada para examina-lo esfínter anorrectal.

esfínterotomía *s.f.* Incisión realizada sobre un esfínter, xeralmente coa finalidade de diminuí-la presión anormalmente elevada do mesmo.

esfínterectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica do martelo do oído medio.

esfínterotomía *s.f.* Extirpación cirúrxica dunha porción do martelo.

esforzo *s.m.* Mobilización voluntaria de forzas físicas ou intelectuais coa finalidade de realizar ou vencer unha resistencia. // **E. muscular** Contracción muscular para vencer unha resistencia ou realizar unha función natural máis ou menos dificultosa.

esgarro *s.m.* Esputo.

esmalte *s.m.* Tecido, o de maior dureza do organismo, que reviste e protexe a coroa dos dentes.

esmegma *s.m.* Substancia que se atopa no suco balano-prepucial e nos labios menores, produto da acumulación de segregacións e células epiteliais escamadas, de mal cheiro, calidade untuosa e cor abrancazada.

esmegmólito *s.m.* Cálculo de esmegma localizado no prepucio.

esmiuzar *v.* Separar un tecido en fragmentos moi pequenos con agullas para efectuar estudos microscópicos.

esnogadura *s.f.* V. **escordadura**.

esocatoforia *s.f.* Alteración da capacidade de visión binocular na que os eixes visuais se dirixen cara a abaixo e cara a dentro.

esofagalxia *s.f.* Dor localizada no esófago. Tamén se di **esofagodinia**.

esófago *s.m.* Conducto musculomembranoso que vai dende a farinx e ó estómago para realiza-la conducción a este último dos alimentos ingeridos.

esofagocardiograma *s.m.* Rexistro electrocardiográfico realizado cunha derivación intraesofáxica.

esofagocardiografía *s.f.* Operación cirúrxica que consiste en seccionar de xeito lonxitudinal unha porción da capa muscular do esófago na área do cardia, sen dana-

la capa mucosa, para solucionar los casos de acalasia; miotomía extramucosa ou operación de Heller.

esofagodinia *s.f.* V. **esofagalxia**.

esofagoduodenostomía *s.f.* Anastomose cirúrxica realizada entre o esófago e o duodeno trala escisión do estómago.

esofagoenterostomía *s.f.* V. **esofagoduodenostomía**.

esofagogastrostomía *s.f.* Anastomose cirúrxica realizada entre o esófago e o estómago trala extirpación dun fragmento do esófago.

esofagogastroxexunostomía *s.f.* Operación cirúrxica consistente na interposición dunha asa de xexuno entre o esófago e o estómago, coa finalidade de substituír unha porción do esófago, extirpada por estar estenosada. Tamén se di **esofagoxexunogastrostomose**.

esofagograma *s.m.* Exploración radiolóxica seriada do esófago utilizando un contraste radiopaco de bario.

esofagomalacia *s.f.* Amolecemento das paredes do esófago.

esofagopatía *s.f.* Alteración do esófago.

esofagoptose *s.f.* Prolapso esofáxico.

esofagorraxia *s.f.* Hemorragia esofáxica.

esofagoscopia *s.f.* Exploración do esófago mediante un esofagoscopio.

esofagoscopio *s.m.* Aparello utilizado para examinala mucosa do esófago por intubación. Consta dun tubo longo, máis ou menos flexible, dotado de luz e instrumental óptico que lle transmite a imaxe ó observador.

esofagospasmo *s.m.* Espasmo de localización esofáxica. Tamén se di **esofaxismo**.

esofagostenose *s.f.* Estreitura anómala do traxecto esofáxico.

esofagostomía *s.f.* Comunicación artificial entre a luz do esófago e a superficie cutánea.

esofagotomía *s.f.* Incisión realizada sobre o esófago.

esofagoxexunogastrostomose *s.f.* V. **esofagogastroxexunostomía**.

esofaguectasia *s.f.* Dilatación esofáxica.

esofaguectomía *s.f.* Resección dunha porción ou de todo o esófago.

esofaxismo *s.m.* V. **esofagospasmo**.

esofaxite *s.f.* Inflamación do esófago. // **E. alcalina** ou **biliar** A que se produce en doentes aclorhídricos polo refluxo duodeno-biliar-pancreático ó esófago. / **E. bacteriana** A que é consecuencia dunha infección por bacterias, xeralmente *Lactobacillus* e estreptococos beta-hemolíticos en doentes inmunodeprimidos. / **E. candidiásica** Esofaxite causada pola infección do esófago por diversas especies de *Cándida* en estados de inmunodeficiencia. / **E. cáustica** V. **e. corrosiva**. / **E. corrosiva**

Esofaxite causada pola inxestión de substancias químicas corrosivas, sexan alcalinas ou ácidas. / **E. flegmonosa** Esofaxite causada por un flegmón localizado na parede do esófago, que ocasiona o desprendemento da mucosa. / **E. péptica** A que se produce polo refluxo ó esófago do contido do estómago. / **E. por pímulas** A consecutiva á inxestión dalgunhas pímulas, xeralmente antibióticas ou antiinflamatorias esteroides e non esteroides. / **E. por radiación** Esofaxite consecutiva á radiación, que se produce xeralmente durante o tratamento dos carcinomas de pulmón, mediastino e esófago. / **E. por refluxo** Esofaxite producida polo refluxo ó esófago do contido gástrico ou intestinal. Segundo sexa o axente produtor pode ser denominada péptica, alcalina ou biliar. / **E. viral** A que se produce por infeccións virais do esófago.

esoforia *s.f.* Estrabismo converxente; tendencia anómala dos eixes visuais cara á converxencia.

esopexia *s.f.* Fixación cirúrxica dun órgano fóra do seu lugar normal.

esóxeno -a *adx.* Orixinado ou debido a unha causa externa ó corpo.

espacio *s.m.* Área, zona ou cavidade real ou virtual do organismo. // **E. alveolodentario** Espacio do alvéolo dentario que rodea o vértice dun dente. / **E. bregmático** Fontanela superior ou bregmática. / **E. de Blessig** Dexe-neración cistoide na periferia da retina dos anciáns. / **E. de Bowman** Espacio capsular das nefronas que comunica coa luz glomerular a través dunha parede integrada polo endotelio glomerular, a membrana basal do glomérulo e as células epiteliais da folla visceral da cápsula de Bowman. / **E. de Burns** Espacio localizado entre as distintas capas da fascia cervical profunda. / **E. de Colles** O que está situado debaixo da aponeurose perineal e que contén os músculos transverso do perineo, isquiocavernoso e bulbocavernoso, ademais dos vasos e nervios posteriores do escroto ou dos labios e a porción bulbosa da uretra. / **E. de Disse** Espacio situado entre os sinusoides hepáticos e os hepatocitos a través do que teñen lugar os intercambios de produtos entre o sangue e as células do fígado. / **E. de Douglas** Fondo de saco formado polo peritoneo por diante do recto. / **E. de Havers** Cavidades dos ósos esponxosos e dos ósos en período de crecemento que conteñen medula ósea. / **E. de Henke** Espacio situado entre a columna vertebral, a farinxe e o esófago que contén tecido conxuntivo. / **E. de His** Espacios linfáticos perivasculares da medula espiñal. / **E. de Magendie** Espacios linfáticos situados entre a piamáter e a aracnoide que se corresponden cos principais sucos do cerebro. / **E. de Retzius** V. **e. retroúbico**. / **E. de Tenon** Espacio linfático situado entre a esclerótica e a cápsula de Tenon. Tamén se di **espacio epicleral**. / **E. epidural** Espacio situado entre a duramáter e o periosteio situado por riba dela. / **E. epiescleral** V. **e. de Tenon**. / **E. epiespinal** Espacio situado entre a duramáter e a medula espiñal. / **E. epitimpánico** Ático do tímpano, espacio superior do tímpano que comunica coas celas mastoides a través do *aditus ad antrum*. / **E. intercostal** O que está

situado entre dúas costelas adxacentes. / **E. interpeduncular** Espacio perforado posterior. / **E. interpleural** Mediastino. / **E. linfático** Espacio ocupado por calquera dos elementos do sistema linfático. / **E. medular** Espacio que contén a medula ósea no seo dos ósos. / **E. morto** 1. Espacio que queda tralo peche das feridas cirúrxicas ou traumáticas e no que se produce acumulación de sangue ou soro, feito que atrasa a cicatrización. 2. Nas vías respiratorias, espacio morto anatómico, que é o constituído por aquela parte das devanditas vías nas que hai aire, pero este non intervéñ no intercambio dos gases, e espacio morto fisiolóxico, que está formado polo espacio morto anatómico e o espacio daqueles alvéolos que está ocupado por aire, pero que tampouco intervéñ no intercambio de gases. / **E. palmar** Espacio aponeurótico da palma da man que está dividido por un tabique fibroso nun espacio mediopalmar e un espacio tenar. / **E. perforado anterior** Espacio situado a cada lado da cara inferior do cerebro, entre o pedúnculo do corpo caloso, a fitiña óptica e a raíz do nervio do olfacto; atópase cuberto por unha lámina de substancia gris que está furada por numerosos vasos sanguíneos. Tamén se di **substancia perforada anterior**. / **E. perforado posterior** Espacio constituído por unha superficie de substancia gris furada por vasos sanguíneos e situada entre os pedúnculos cerebrais e os tubérculos mamilares. / **E. plantar** Espacio aponeurótico da planta do pé. / **E. pneumático** O formado por aquelas partes dos ósos que conteñen celas ocupadas por aire, principalmente os ósos da cabeza que forman os seos paranasais e as celas mastoides. / **E. poplíteo** Espacio comprendido entre as dúas ramas nas que se divide a liña áspera do fémur, localizado na cara posterior da epífise inferior do devandito óso. / **E. PQ** Espacio que aparece nun trazado electrocardiográfico entre o final da onda P e o comezo da onda Q. Expresa o tempo da conduction auriculoventricular. A súa duración normal é de 0,12 a 0,21 sg. Tamén se di **intervalo PQ**. / **E. PR** Espacio que existe nun trazado electrocardiográfico entre o final da onda P e o comezo da onda R. Expresa o mesmo có espacio PQ naquelas derivacións nas que non aparece a onda Q. Tamén se di **intervalo PR**. / **E. QRS** Espacio que existe nun trazado electrocardiográfico entre o comezo da onda Q e o final da onda S. Expresa o tempo que dura a activación ventricular. A súa duración máxima é de 0,10 sg. Tamén se di **intervalo QRS**. / **E. QT** Espacio que existe nun trazado electrocardiográfico entre o comezo da onda Q e o final da onda T. Expresa o tempo que dura a activación e a repolarización ventricular. A súa duración máxima é de 0,40 sg. Tamén se di **intervalo QT**. / **E. retrofarínxeo** Espacio situado detrás da farinx que contén tecido areolar. / **E. retroperitoneal** Espacio localizado entre o peritoneo parietal posterior e a parede abdominal posterior. / **E. retropúbico** O localizado entre a cara inferior do vértice da vexiga e a fascia transversa e a cara posterosuperior da sínfise da pube. Tamén se di **espacio de Retzius**. / **E. ST** Espacio que aparece nun trazado electrocardiográfico entre o final da onda S e o comezo da onda T. Correspóndese co período de despolarización ventricular.

Tamén se di **intervalo ST**. / **E. subaracnoide** Espacio menínxeo situado entre a aracnoide e a piamáter polo que circula o líquido cefalorraquídeo. / **E. subdural** Espacio localizado entre a duramáter e a aracnoide. / **E. subfrénico** Espacio localizado entre o diafragma e os órganos abdominais subxacentes. / **E. supraesternal** V. e. de **Burns**. / **E. suprapúbico** O comprendido entre o músculo recto do abdome e a fascia transversal, localizado enriba da pube no sitio onde estas estruturas comezan a separarse entre si. / **E. tenar** Espacio da palma da man que se atopa entre o terceiro óso metacarpiano e o tendón do músculo flexor longo do dedo polgar.

esparadrappo *s.m.* Tira de tea, tafetá ou papel cuberta por unha das súas caras por un emplasto adherente, usado para suxeitar vendaxes, e excepcionalmente, como apósito medicamentoso directo.

espárrago *s.m.* Gromo tenro da esparragueira (*Agromus officinalis*), utilizado como comestible, que posúe propiedades diuréticas.

espasmo *s.m.* Contracción involuntaria persistente dun músculo ou grupo muscular, especialmente de fibra lisa. // **E. cadavérico** V. **rixidez cadavérica**. / **E. clónico** Serie de contraccións musculares e posterior relaxación. / **E. da glote** Contracción espasmódica dos músculos da glote que causa sufocación súbita, podendo chegar á cianose e ás convulsións. / **E. da vexiga** O provocado pola contracción dolorosa da vexiga urinaria, causada pola presenza de cálculos. / **E. de acomodación** Espasmo dos músculos ciliares do ollo que provoca dificultade de acomodación para os obxectos próximos. / **E. de Romberg** Espasmo dos músculos da mastigación innervados polo nervio trixémimo. / **E. difuso do esófago** Alteración da motilidade do esófago ocasionada ben pola inxestión de alimentos, de bebidas a temperaturas extremas, ou ben de xeito espontáneo, e que cursa con intensa dor retroesternal e disfaxia. / **E. facial** V. **tic convulsivo**. / **E. móbil** Convulsión tónica dos membros, acompañada de movementos irregulares dos mesmos, que xorden xeralmente despois das hemiplejías. Tamén se di **atetose**. / **E. nictitante** Espasmo do músculo orbicular das pálpebras. / **E. pilórico** Espasmo do esfínter pilórico. / **E. profesional** Espasmo doloroso de grupos musculares pobremente irrigados causado pola repetición continua dos mesmos movementos, como pode ocorrer ó escribir. / **E. respiratorio** Espasmo nos músculos da respiración. / **E. saltatorio** Espasmo clónico dos músculos do papo da perna, que orixina un movemento lixeiro de salto. Tamén se di **enfermidade de Bamberger**. / **E. tetánico** ou **clónico** Contracción muscular persistente. / **E. uterino** Contracción das fibras musculares do útero durante ou despois do parto.

espasmodermia *s.f.* Afección espasmódica da pel.

espasmodinia *s.f.* Espasmo de carácter doloroso.

espasmodismo *s.m.* Estado espasmódico.

esposmofilia *s.f.* Hiperexcitabilidade neuromuscular, que pode ter diversas manifestacións, como lipotimias, pares-

tesias ou aumento de reflexos osteotendinosos, podéndose evidenciar asemade como un estado indistinguible da tetania.

espasmoligmo *s.m.* Salouco espasmódico.

espasmólise *s.f.* Supresión dos espasmos.

espasmolítico -a *adx.* Que suprime os espasmos.

espasmotoxina *s.f.* Principio tóxico que aparece nos cultivos do bacilo tetánico.

espasmóxico -a *adx.* 1. Que ten capacidade de orixinar espasmos 2. Das localizacións corporais que se comprimen ou excitan, que orixinan espasmos ou convulsións.

espasticidade *s.f.* Hipertonía causada por atoparse danadas as fibras do sistema piramidal.

espátula *s.f.* Aparello con forma de paleta de pequeno tamaño, empregado para estender emplastos e outros diversos usos farmacéuticos. // **E. do martelo** Extremitade plana do mango do martelo que se insire na membrana timpánica.

especia *s.f.* Condimento para os alimentos procedente de vexetais aromáticos.

especialidade *s.f.* Cada unha das diferentes ramas da práctica médica.

especialista *s.* Médico que practica unha especialidade determinada.

especie *s.f.* 1. Conxunto de individuos, animais ou vexetais, emparentados polas semellanzas existentes nas fases evolutivas da súa vida e nos seus xenotipos, que se reproducen única ou preferentemente entre eles. 2. Mestura de diferentes partes vexetais que constitúen preparados con propiedades medicinais semellantes (aromáticas, astrinxentes, laxantes, etc).

especificidade *s.f.* 1. Calidade do que é específico. 2. En inmunoloxía, afinidade dun anticorpo por un antíxeno determinado.

específico -a *adx.* 1. Relativo á especie. // *s.m.* 2. Medicamento preparado nos laboratorios farmacéuticos ou calquera outro medicamento destinado ó tratamento dunha doenza particular. // **Enfermidade e. V. enfermidade.** / **Peso e. V. peso.**

espécime *s.m.* 1. Individuo dunha especie que se toma como representante dela. 2. Mostra ou porción dunha substancia destinada ó exame das propiedades da mesma.

espectinomicina *s.f.* Antibiótico derivado do aminoclitol obtido da bacteria *Streptomyces spectabilis*.

espectro *s.m.* 1. Variedade de elementos, aplicacións ou tendencias de que consta un grupo. 2. Conxunto das radiacións monocromáticas que resultan da descomposición dunha luz ou radiación complexa. // **E. actínico** Rexión do espectro de luz que actúa sobre a placa fotográfica. / **E. bacteriano** Conxunto das especies bacterianas que son sensibles a un determinado medicamento,

especialmente referido ós antibióticos. Tamén se di **espectro terapéutico.** / **E. cromático** Fracción do espectro de luz que comprende as radiacións visibles. **V. e. de luz visible.** / **E. de fortificación** **V. escotoma escintilante.** / **E. de luz invisible** O correspondente ás radiacións luminosas de lonxitude de onda menor de 3.900 Å (raios ultravioleta, raios X e raios gamma), e as que están entre 7.770 e 120.000 Å (raios infravermellos). / **E. de luz visible** O correspondente ás radiacións luminosas con lonxitude de onda comprendida entre 7.700 e 3.900 Å, que se percibe polo ollo como luz. / **E. ocular** Impresión visual que perdura cando a imaxe real xa non é visible. / **E. solar** O correspondente ás radiacións solares. / **E. terapéutico** **V. e. bacteriano.**

espectrocolorímetro *s.m.* Aparello que illa unha cor do espectro de luz visible, usado para revela-la cegueira para unha cor.

espectrofotometría *s.f.* 1. En óptica, técnica que permite a comparación das distribucións espectrais de dúas radiacións. 2. En química analítica, técnica de análise espectroscópica na que se mide cun detector fotoeléctrico a relación de dúas magnitudes fotométricas que teñen a mesma natureza, en función da lonxitude de onda que posúen.

espectrofotómetro *s.m.* Aparello que permite medi-la intensidade relativa de radiacións simples escollidas voluntariamente entre unha mostra dada.

espectrografía *s.f.* Estudio dos espectros por medio do espectrógrafo.

espectrógrafo *s.m.* Aparello utilizado para rexistra-los espectros, tanto luminosos como de calquera outro tipo.

espectrometría *s.f.* 1. Estudio dos espectros realizado por medio dos espectrómetros. 2. Aplicación da espectroscopia ós métodos físicos de análise mediante a medición cualitativa ou cuantitativa das radiacións.

espectrómetro *s.m.* Aparello que permite medi-la distribución dunha radiación complexa, tendo en conta a lonxitude de onda ou a frecuencia no caso das ondas, e a masa ou a enerxía das partículas individuais no caso das partículas.

espectroscopia *s.f.* Conxunto dos métodos e as técnicas utilizadas no estudio das radiacións emitidas, absorbidas ou difundidas por unha substancia.

espectroscopio *s.m.* Aparello que proporciona unha representación visual dun espectro de frecuencia ou de enerxía.

especular *adx.* 1. Relativo ó espello ou que semella un espello. 2. Que semella ser visto nun espello, como certas formas de escritura anormais.

espéculo *s.m.* Instrumento usado para dilata-la entrada de certas cavidades corporais e manter separadas as paredes das mesmas coa finalidade de permiti-la súa exploración; recibe diferentes denominacións dependendo do lugar no

que se aplica, así hai espéculos anais, nasais, vaxinais, etc.

espellismo *s.m.* Ilusión óptica causada pola refracción dos raios luminosos na atmosfera, o que fai que os obxectos afastados do espectador se vexan invertidos coma se se reflectisen na auga. Pódese observar con frecuencia nas rexións desérticas. Tamén se di **miraxe**.

espello *s.m.* Superficie pulimentada que ten a propiedade de reflecti-la luz e as imaxes situadas diante dela. // **Escritura en e**. Trastorno da escritura que se manifesta pola inversión das letras dunha frase escrita, coma se estivesen reflectidas nun espello. / **E. frontal** Espello circular plano ou cóncavo, fixado na cabeza do explorador, usado xeralmente en forma conxunta con distintos tipos de espéculos. / **Linguaxe en e**. Trastorno da linguaxe no que se inverten ó falar as sílabas ou as letras das palabras.

espenuca *s.f.* Caverna pulmonar.

esperma *s.m.* 1. Seme, segregación testicular. 2. Substancia exaculada durante o orgasmo sexual masculino, composta ademais de seme puro, de líquido procedente das vesículas seminais, líquido prostático e de segregación das glándulas de Cooper. // **E. de balea** Substancia cerosa de cor branca obtida do seo cranial de certos cetáceos, principalmente do cachalote, composta de palmitato de acetilo. Úsase como emoliente formando parte dalgúns emplastos e unguentos. Tamén se di **espermacete**.

espermacete *s.m.* V. **esperma de balea**.

espermacrasia *s.f.* 1. Deficiencia de espermatoxenos no seme. 2. Alteración do seme.

espermatanerxia *s.f.* Esterilidade masculina.

espermatenfraxe *s.f.* Obstrución á exaculación do seme.

espermática *adx.* 1. Que ten capacidade para mata-los espermatoxenos. // *s.m.* 2. Produto que ten capacidade espermática.

espermático -a *adx.* Relativo ó esperma.

espermátido *s.m.* Célula derivada dun espermatoxeno secundario por fisión celular e que por diferenciación dá orixe ós espermatoxenos maduros. Tamén se di **espermatoxeno**.

espermátite *s.f.* Inflamación dun conducto deferente. Tamén se di **deferentite**, **funiculite**.

espermato- Prefixo do gr. *spérma-atos* (semente), utilizado na formación de palabras que indican relación co seme ou cos seus elementos constitutivos.

espermatoxeno *s.m.* V. **espermátido**.

espermatocele *s.f.* Dilatación quística do epidídimo ou da rede testicular que contén os espermatoxenos. Tamén se di **gonocele**.

espermatoxectomía *s.f.* Exérese das vesículas seminais. Tamén se di **vesiculectomía**.

espermatoxite *s.f.* Inflamación das vesículas seminais.

espermatoxisto *s.m.* Vesícula seminal. V. **vesícula**.

espermatoxistomía *s.f.* Incisión das vesículas seminais para proceder a drenalas.

espermatoxito *s.m.* Célula proxenitora do espermatoxeno maduro. // **E. primario** Célula derivada do espermatoxeno, orixe dos espermatoxenos secundarios. / **E. secundario** Cada unha das dúas células nas que se divide un espermatoxeno primario e das que derivan os espermatoxenos.

espermatoxixénese *s.f.* Período inicial do desenvolvemento dos espermatoxenos, no que os espermatoxenos se transforman en espermatoxenos primarios.

espermatoxenia *s.f.* V. **espermatoxeno**.

espermatoxeno *s.m.* Célula indiferenciada que se orixina no tubo seminal e que por división, e despois de diversas reordenacións, dá lugar ós espermatoxenos primarios. Tamén se di **espermatoxenia**.

espermatoxólise *s.f.* Destrución ou disolución dos espermatoxenos.

espermatoxopatía *s.f.* Alteración patolóxica do seme.

espermatoxopoiése *s.f.* Proceso de elaboración do seme.

espermatorrea *s.f.* Efusión anormal e involuntaria de esperma. // **E. falsa** V. **prostatoreia**.

espermatoxose *s.f.* Segregación de esperma.

espermatoxotoxina *s.f.* Substancia do soro dalgúns animais que é capaz de matar ou aglutina-los espermatoxenos. Tamén se di **espermatoxotoxina**, **espermatoxolisina**.

espermatoxixénese *s.f.* Serie de fases evolutivas que dan lugar á formación dos espermatoxenos maduros.

espermatoxozoario *s.m.* V. **espermatoxeno**.

espermatoxeno *s.m.* Célula sexual masculina madura, que consta dunha cabeza que contén o núcleo celular, segmento intermedio, cola e segmento terminal, posúe mobilidade e, igual có óvulo, un número haploide de cromosomas. Tamén se di **espermatoxeno**, **espermatoxeno**.

espermatoxeno *s.m.* V. **espermatoxeno**.

espermaturia *s.f.* Presencia de seme na urina.

espermatoxectomía *s.f.* Exérese dunha porción do cordón espermático.

espermina *s.f.* 1. Substancia cristalizable obtida do seme, do esputo e outras segregacións animais, utilizada antigamente no tratamento de doenzas nerviosas. 2. Poliamina que se atopa en tódalas bacterias e na maior parte das células animais.

espermiograma *s.m.* Reconto dos espermatozoides e descrición das formas anormais existentes.

espermioxénese *s.f.* Parte da espermatoxénese que comprende a evolución dos espermátidos a espermatozoides maduros.

espermocitoma *s.m.* V. **seminoma**.

espermocultivo *s.m.* Cultivo de esperma coa finalidade de realizar un exame bacteriolóxico do mesmo.

espermoflebectasia *s.f.* Dilatación varicosa das veas espermáticas.

espermolisina *s.f.* V. **espermatotoxina**.

espermólito *s.m.* Cálculo localizado nas vías espermáticas.

espermoneuralxia *s.f.* Dor neurálxica localizada no conducto deferente.

espermotoxina *s.f.* V. **espermatotoxina**.

espículo *s.m.* Corpo ou fragmento con forma de agulla ou de punta.

espiga *s.f.* Peza de forma cilíndrica feita dun metal resistente e inerte, que se introduce na cavidade medular dos ósos longos fracturados para impedi-lo seu desvío lateral durante o proceso de reparación.

espiniforme *adx.* Que ten forma de espiña.

espiña *s.f.* 1. Estructura anatómica con forma de espiña, principalmente ósea. 2. Acne. 3. Calquera gran que sae na cara. 4. Columna vertebral. // **E. bífida** Anomalía conxénita dos arcos vertebrais consistente na formación dunha fendadura a través da que pode saír unha parte da medula coas envolturas menínxeas, formando unha tumoración de maior ou menor tamaño debaixo da pel, que dependendo da variedade e da magnitude da alteración, ocasiona diferentes déficits neurolóxicos. Tamén se di **esquistorraque**, **meningomielocele**, **mielomeningocele**, **mielorraquequise**. / **E. bífida oculta** Variedade de espiña bífida na que unicamente hai un defecto óseo da lámina da vértebra afectada, e segundo sexa a extensión deste defecto poderanse ou non producir déficits neurolóxicos. / **E. ciática ou esciática** Espiña situada entre as depresións ciáticas maior e menor a cada lado da pelve. / **E. da omoplata** V. **e. escapular**. / **E. da tibia** Espiña que sobresaie entre os cóndilos da cabeza da tibia. / **E. de Henle** Apófise en punta do óso temporal, localizada por encima e detrás do meato auditivo. / **E. da pube** V. **tubérculo da pube**. / **E. dorsal** V. **columna vertebral**. / **E. escapular** Espiña horizontal e triangular situada na cara posterior da escápula á que divide nas zonas supra e infraespal. / **E. esfenoidal** Crista situada na cara anterior do esfenoides que se articula co óso etmoide. / **E. frontal** Espiña nasal superior. / **E. ilíaca** Cada un dos extremos das cristas ilíacas: espiñas ilíacas superiores, anterior e posterior e outras dúas prominencias separadas das anteriores por depresións (espiñas ilíacas inferiores, anterior e posterior). / **E. isquiática** V. **espiña ciática**. / **E. nasal** Apófise superior, inferior, anterior e inferopos-

terior situadas arredor das fosas nasais. / **E. palatal ou palatina** Un dos bordos da cara inferior da apófise palatal do maxilar superior. / **E. troclear** Saínte na superficie orbitaria do óso frontal, no que se insire a polea do músculo oblicuo superior do ollo.

espiñal *adx.* Relativo á espiña dorsal.

espiñazo *s.m.* V. **columna vertebral**.

espiñela *s.f.* 1. Apéndice cartilaxinoso en que remata o esterno. Tamén se di **apéndice xifoide**. 2. Omoplata. // **E. caída**. Enfermidade indeterminada que se caracteriza por ausencia de apetito, cansazo, opresión no peito, etc.

espiñobulbar *adx.* Relativo á espiña dorsal e ó bulbo raquídeo.

espiñocelular *adx.* Pertencente ou relativo ó estrato espiñoso do tecido epitelial.

espiñocerebeloso -a *adx.* Relativo á espiña dorsal e mais ó cerebelo.

espiñocostal *adx.* Relativo á columna vertebral e mais ás costelas.

espira *s.f.* Cada unha das voltas dunha espiral ou dunha hélice.

espiradenoma *s.m.* Adenoma localizado nas glándulas sudoríparas.

espiral *adx.* 1. Pertencente á espira ou en forma de espira. // *s.f.* 2. Liña curva que dá indefinidas voltas arredor dun punto afastándose máis con cada volta. 3. Estructura histolóxica e histopatolóxica do organismo caracterizada por dar voltas arredor dun centro. // **E. de Curschmann** Fibras de mucina enroladas que ás veces aparecen nos eputos dos enfermos de asma. / **E. de Herxheimer** V. **fibras de Herxheimer**.

espiramicina *s.f.* Antibiótico bacteriostático do grupo dos macrólidos que se obtén dos cultivos de *Streptomyces ambofaciens*. Adminístrase por vía oral, sendo activo contra xermes Grampositivos, especialmente pneumococos e estafilococos.

espiriláceas *s.f.pl.* Familia de bacterias con forma espiral ou curvada, que comprende os xéneros *Spirillum* e *Campylobacter*.

espirilo *s.m.* Microorganismo pertencente ó xénero *Spirillum*.

espirilose *s.f.* Estado morboso causado pola infección por espirilos.

espiritismo *s.m.* 1. Doutrina que cre na supervivencia das almas e na posibilidade de comunicarse con elas. 2. Prácticas que pretenden a comunicacións cos espíritos.

espiritista *s.* Persoa que practica o espiritismo.

espírito *s.m.* 1. Principio inmaterial que anima os corpos viventes. 2. Producto líquido e volátil medicamentoso obtido por destilación. // **E. alcalino** V. **amoníaco**. / **E. de madeira** V. **alcohol metílico**. / **E. de xofre** Anhídrido sulfuroso, obtido da queima do xofre.

- espirituoso -a** *adx.* Relativo ás bebidas que teñen unha ampla proporción de alcohol na súa composición.
- espiro-** Prefixo do gr. *speîra* (rolo, espiral), utilizado na formación de palabras que denotan formas espiroidais.
- espirobacteria** *s.f.* Bacteria espiral, espiroqueta, espirilo ou vibrión.
- espirografía** *s.f.* Rexistro gráfico das medidas do fluxo respiratorio, que se obtén durante unha manobra de expiración forzada, mediante a utilización dun espirógrafo.
- espirógrafo** *s.m.* Aparello utilizado para rexistrar graficamente os fluxos respiratorios durante a realización das espirografías.
- espirograma** *s.m.* Trazado gráfico que se obtén na realización dunha espirografía.
- espiroide** *adx.* Que ten forma semellante a unha espiral.
- espiroma** *s.m.* V. **espiradenoma**.
- espirometría** *s.f.* Medición mediante un espirómetro dos volumes e capacidades do aparello respiratorio dun individuo, coa finalidade de avalia-la súa función ventilatoria.
- espirómetro** *s.m.* Aparello utilizado na determinación da función ventilatoria dun individuo durante a realización dunha espirometría.
- espiromonas** *s.f.* V. **spiromonas**.
- espirolactona** *s.f.* Substancia esteroide antagonista por un mecanismo competitivo da acción da aldosterona nos túbulos contornados distais do ril, feito que produce un aumento na eliminación urinaria de sodio e auga e unha diminución na eliminación de potasio, polo que se denomina “diurético aforador de potasio”, usándose combinado con outros diuréticos coa finalidade de contrarresta-lo efecto eliminador de potasio destes últimos.
- espiroqueta** *s.f.* Bacteria espiral ou ondulada de parede fina e flaxelos axiais internos (endoflaxelos), que posúe unha gran mobilidade e avanza rotando sobre o seu eixe lonxitudinal, con metabolismo aerobio ou anaerobio facultativo. Constan de tres xéneros patóxenos para o home e para moitos animais: *Leptospira*, *Borrelia* e *Treponema*.
- espiroquetemia** *s.f.* Presencia de espiroquetas no sangue.
- espiroquetose** *s.f.* Enfermidade producida por espiroquetas.
- espiroqueturia** *s.f.* Eliminación de espiroquetas pola urina.
- espiroscopio** *s.m.* Aparello destinado ó estudo dos movementos respiratorios e a capacidade pulmonar.
- espirro** *s.m.* Esbirro.
- esplancnectopía** *s.f.* Desprazamento anómalo dunha víscera desde a súa situación normal.
- esplancnenfraxe** *s.f.* Obstrucción dunha víscera, principalmente o intestino.
- esplancnicectomía** *s.f.* Sección dunha porción do nervio espláncnico.
- espláncnico -a** *adx.* 1. Relativo ás vísceras. // *s.m.* 2. Nervio (espláncnico maior e espláncnico menor), con función vasomotora no territorio do ganglio celíaco, plexo celíaco e plexo renal.
- esplancnicotomía** *s.f.* Sección do nervio espláncnico.
- esplancno-** Prefixo do gr. *splágchnon* (vísceras, entrañas).
- esplancnoapófise** *s.f.* Calquera elemento do esqueleto que estea en conexión co tubo dixestivo.
- esplancnodiastase** *s.f.* Separación ou desprazamento dunha víscera.
- esplancnodinia** *s.f.* Dor de localización visceral, principalmente no abdome.
- esplancnografía** *s.f.* 1. Anatomía descritiva das vísceras. 2. Radiografía dos territorios espláncnicos.
- esplancnólito** *s.m.* Cálculo localizado nunha víscera calquera.
- esplancnomegalia** *s.f.* Aumento anómalo do tamaño dunha víscera.
- esplancnopatía** *s.f.* Doenza visceral.
- esplancnoptose** *s.f.* Prolapso dunha víscera calquera. Tamén se di **visceroptose, enfermidade de Glenard**.
- esplancnosclerose** *s.f.* Esclerose das vísceras.
- esplancnosqueleto** *s.m.* Porción do esqueleto que está en contacto directo coas vísceras, especialmente as partes óseas que nalgúns animais entran a formar parte de certos órganos.
- esplancnotomía** *s.f.* Disección das vísceras.
- esplen-** ou **espleno-** Prefixo do gr. *splén-enos* (bazo).
- esplenadenoma** *s.m.* Hiperplasia linfoide ou adenoma do bazo.
- esplenalxia** *s.f.* Dor localizada no bazo. Tamén se di **esplenodinia**.
- esplenatrofía** *s.f.* Atrofía do bazo.
- esplenauxa** *s.f.* V. **esplenomegalia**.
- esplenectasia** *s.f.* Distensión do bazo.
- esplenectomía** *s.f.* Extirpación total ou parcial do bazo.
- esplenectopía** *s.f.* Desprazamento do bazo da súa posición normal.
- esplenemia** *s.f.* Conxestión do bazo.
- esplenhepatite** *s.f.* Inflamación do bazo e do fígado.
- esplénico -a** *adx.* Relativo ó bazo.
- espleniforme** *adx.* Que ten aspecto semellante ó bazo.

esplenio *s.m.* 1. Extremo posterior arredondado do corpo caloso. 2. Músculo da caluga constituído por dúas porcións musculares, con función de extensión, rotación e inclinación da cabeza.

esplenite *s.f.* Inflamación do bazo. Tamén se di **lienite**.

esplenización *s.f.* Aumento da consistencia dun órgano facendo que adquira un aspecto semellante ó do tecido esplénico, principalmente referido á presenza dun infiltrado inflamatorio intenso no pulmón no transcurso dunha pneumonía.

esplenocoele *s.f.* Hernia do bazo. Tamén se di **lienocoele**.

esplenocito *s.m.* 1. Célula propia constitutiva do tecido esplénico. 2. Variedade de célula do sistema mononuclear fagocitario localizada no bazo.

esplenocitoma *s.m.* Tumor constituído por células mononucleares fagocitarias do bazo.

esplenocólico -a *adx.* Relativo ó bazo e mais ó colon.

esplenodinia *s.f.* V. **esplenalxia**.

esplenoflebite *s.f.* Inflamación da vea esplénica.

esplenofrénico -a *adx.* Relativo ó bazo e mais ó diafragma.

esplenografía *s.f.* Exploración radiográfica do bazo coa axuda dun contraste radiopaco. Tamén se di **lienografía**.

esplenohepatomegalia *s.f.* Aumento de tamaño do bazo e mais do fígado.

esplenoide *adx.* Que ten aspecto semellante ó bazo.

esplenolinfático -a *adx.* Relativo ó bazo e mais ós ganglios linfáticos.

esplenólise *s.f.* Destrución de tecido do bazo.

esplenoma *s.m.* Tumor do bazo.

esplenomalacia *s.f.* Amolecemento anormal do tecido esplénico. Tamén se di **lienomalacia**.

esplenomedular *adx.* Pertencente ou relativo ó bazo e mais á medula. Tamén se di **lienomedular**.

esplenomegalia *s.f.* Aumento de tamaño do bazo. Tamén se di **esplenauxa**, **megalosplenía**. // **E. conxestiva** Aumento do tamaño do bazo que ocorre de xeito secundario a unha hipertensión portal, o que repercute na arteria esplénica e por conseguinte no bazo. / **E. hemolítica** Aumento do tamaño do bazo que se acompaña dunha anemia por destrución dos glóbulos vermellos dentro do tecido esplénico. / **E. infecciosa** A secundaria a un proceso infeccioso. / **E. xigante** Grao moi intenso de esplenomegalia. Tamén se di **hiperesplenomegalia**.

esplenonéfrico -a *adx.* Relativo ó bazo e mais ó ril. Tamén se di **esplenorrenal**.

esplenonefropose *s.f.* Prolapso simultáneo do bazo e mais do ril esquerdo.

esplenopancreático -a *adx.* Relativo ó bazo e mais ó páncreas.

esplenopatía *s.f.* Doenza do bazo. Tamén se di **lienopatía**.

esplenopexia *s.f.* Fixación cirúrxica do bazo.

esplenopneumonía *s.f.* Forma clínica de pneumonía na que existe esplenización do pulmón.

esplenopografía *s.f.* Exploración radiográfica das veas esplénica e porta con axuda dunha substancia de contraste radiopaca.

esplenopose *s.f.* Prolapso do bazo.

esplenorrafia *s.f.* Sutura das feridas localizadas no bazo.

esplenorraxia *s.f.* Hemorragia de localización esplénica.

esplenorrenal *adx.* V. **esplenonéfrico**.

esplenosclerose *s.f.* Endurecemento anómalo do bazo.

esplenose *s.f.* Existencia de nódulos de tecido esplénico na cavidade peritoneal.

esplenotomía *s.f.* Incisión cirúrxica do bazo.

esplenotrombose *s.f.* Trombose da vea esplénica.

esplenóxeno -a *adx.* Que se forma ou produce no bazo.

espondilalxia *s.f.* Dor localizada nas vértebras. Tamén se di **espondilodinia**.

espondilartrite *s.f.* Inflamación das articulacións intervertebrais.

espondilite *s.f.* Inflamación dunha ou de máis vértebras.

// **E. anquilopóésica** Proceso inflamatorio do esqueleto axial de orixe descoñecida, que tamén pode afectar as articulacións periféricas e diversas estruturas extraarticulares, provoca dor e anquilose da columna e da cadeira, afectando especialmente a homes na segunda ou na terceira década da vida. Tamén se di **enfermidade de Marie-Strümpell**, **enfermidade de Bekhterev**, **espondilite rizomélica**. / **E. brucelósica** Forma de espondilite que se produce na brucelose crónica, con afectación principal na columna dorso-lumbar. / **E. rizomélica** V. **e. anquilopóésica**. / **E. tuberculosa** Afectación das articulacións intervertebrais no curso da tuberculose. Tamén se di **enfermidade de Pott**, **mal de Pott**.

espóndilo- Prefixo do gr. *spóndylos* (vértebra).

espóndilo *s.m.* Vértebra.

espondiloclise *s.f.* Variedade de espondilolistese na que o corpo vertebral da vértebra que se despraza se dirixe cara á pelve.

espondilodese *s.f.* Inmobilización cirúrxica de dúas ou máis vértebras mediante un enxerto óseo situado entre as apófises espiñosas das mesmas. Tamén se di **espondilosindese**.

espondilodídimo *s.m.* Monstruosidade fetal dobre na que os xemelgos están unidos polas vértebras.

espondilodinia *s.f.* V. **espondilalxia**.

espondilólise *s.f.* Destrución ou disolución dunha vértebra.

espondilolistese *s.f.* Desprazamento dunha vértebra sobre outra.

espondilomalacia *s.f.* Abrandamento anormal dunha vértebra.

espondilomielite *s.f.* 1. Inflamación da medula ósea das vértebras. 2. Espondilite e mielite simultáneas.

espondilopatía *s.f.* Doenza vertebral.

espondilopiose *s.f.* Supuración das vértebras.

espondiloptose *s.f.* Grao extremo de espondilolistese.

espondilose *s.f.* 1. Anquilose dunha articulación vertebral. 2. Alteración dexenerativa da columna vertebral que causa compresión da medula espiñal e das raíces medulares adxacentes. // **E. anquilopoésica**. V. **espondilite anquilopoésica**. / **E. rizomélica** V. **espondilite anquilopoésica**.

espondilosindese *s.f.* V. **espondilodese**.

espondilosquise *s.f.* Fendedura conxénita nun arco vertebral.

espondiloterapia *s.f.* Tratamento das doenzas vertebrais por medios físicos.

espondilotomía *s.f.* Abertura cirúrxica do conducto vertebral. Tamén se di **raquetomía**.

esponxa *s.f.* Corpo poroso e elástico formada polo esqueleto da *Spongia officinalis* ou *S. usitatissima*, organismos esponxarios mariños que son empregados para diversos usos domésticos e na medicina, principalmente como absorbentes. Por extensión denomínanse igual aqueles elementos artificiais que posúen as mesmas características das esponxas naturais.

esponxiforme *adx.* Que ten aparencia de esponxa.

esponxioblasto *s.m.* Célula embrionaria indiferenciada que se desenvolve arredor do tubo neural, transformándose en células da neuroglía ou en células do epéndice. 2. Célula amacrina.

esponxioblastoma *s.m.* Tumor que contén esponxioblastos. Tamén se di **glioblastoma**, **gliosarcoma**.

esponxiocito *s.m.* 1. Célula compoñente da neuroglía. 2. Célula compoñente da capa esponxosa da zona fasciculada do córtex suprarrenal. 3. Célula protoplasmática da glándula paratiroide.

esponxiose *s.f.* Edema intercelular da capa esponxosa da pel ou capa de Malpighio.

esponxiosite *s.f.* Inflamación do corpo esponxoso do pene.

esponxoso -a *adx.* Que recorda a unha esponxa pola súa estrutura.

espora *s.f.* 1. Elemento reproductivo característico das criptógamas (fentos, algas, fungos e musgos), formado por un conxunto de células xeralmente haploides. 2. Corpo de aspecto ovalado ou redondo que constitúe unha forma de resistencia das bacterias nun medio hostil no

que non se pode reproducir, pero no que gracias á formación destes corpos, conserva unha vida latente ata que unhas novas condicións ambientais favorables lle permitan activarse e reproducirse outra vez.

esporádico -a *adx.* Que aparece nunha comunidade de forma ocasional, non endémica nin epidémica.

esporanxio *s.m.* Célula especializada dos fungos ou protozoos productora de esporas.

esporífero -a *adx.* Que contén ou produce esporas.

esporoaglutinación *s.m.* Aglutinación de esporas empregada no diagnóstico das esporotricoses.

esporoblasto *s.m.* 1. Esporocisto inmaturo dos coccidios. 2. Masa de células formadoras de esporas carente de membrana panesporoblástica.

esporocisto *s.m.* 1. Quiste, envoltura ou calquera receptáculo que contén esporas ou células reproductoras. 2. Estadio da evolución dalgúns protozoos coccidios cando se atopan no interior dun oocisto. 3. Estadio xerminal en forma de saco do ciclo evolutivo dos vermes trematodos dixenéticos.

esporogonia *s.f.* Forma de esporulación que implica a segmentación dun esporonte, dando lugar á formación dos esporozoítos.

esporón *s.m.* Eminencia anatómica con forma de esporón de galo. // **E. calcáneo** Prominencia na cara inferior do óso calcáneo. / **E. de Morand** Hipocampo menor, eminencia situada no chan dos ventrículos laterais cerebrais. / **E. traqueal** V. **carina**.

esporonte *s.m.* Cigoto dos protozoos coccidios que se atopa nos oocistos.

esporotricose *s.f.* Infección producida polo fungo *Sporothrix (Sporotrichum) schenckii*.

esporoxénese *s.f.* Formación das esporas.

esporoxénico -a *adx.* Que se reproduce por esporas.

esporozoario *s.m.* 1. Protozoo endoparasito que posúe unha reprodución alternante, esquizogónica ou sexual e asexual ou por esporas. // *adx.* 2. Que pertence ou está relacionado cos esporozoarios.

esporozoíto *s.m.* Estadio infectivo dos protozoos coccidios, produto final da esporogonia.

esporozoo *s.m.* V. **esporozoario**.

esporozoose *s.f.* Infección producida por esporozoos.

espórula *s.f.* Espora de pequeno tamaño.

esporulación *s.f.* Liberación de esporas, ou, no caso das bacterias, transformación en esporas.

espórulo *s.m.* V. **espórula**.

espremedura *s.f.* Acto de espremer, de evacuar mediante presión un corpo dun contido máis ou menos líquido. // **E. do útero** Manobra realizada durante o parto, para conseguirla expulsión do feto ou da placenta. Realízase

pressionando coas mans o fondo do útero a través da parede do abdome.

esprú *s.m.* Grupo de enfermidades incluídas nas síndromes de mala absorción, que teñen como principal característica a esteatorrea; poden ser primarias, de etiología non clara (esprú tropical, esprú non tropical e enfermidade celíaca infantil), ou secundarias a diversas doenzas do sistema dixestivo. // **E. celíaco infantil** V. **enfermidade celíaca**. / **E. non tropical** Trastorno por mala absorción intestinal, con anomalía estrutural do intestino delgado e intolerancia ó glute, que probablemente constitúe unha variante nos adultos da enfermidade celíaca infantil. Tamén se di **e. nostras, enfermidade celíaca do adulto, esteatorrea idiopática**. / **E. nostras** V. **e. non tropical**. / **E. secundario** Esprú que aparece en distintos procesos gástricos, hepáticos, do páncreas ou intestinais. / **E. tropical** Proceso de mala absorción característico de zonas tropicais e subtropicais, de probable orixe bacteriana ou vírica, e clínica semellante ás outras formas de esprú.

espulla *s.f.* Erupción cutánea formada por pequenos grans.

espundia *s.f.* Doenza da pel producida por unha infección por protozoos do xénero *Leishmania*.

esputo *s.m.* 1. Segregación procedente das vías respiratorias baixas que chega á boca por expectoración e que se cuspe ou traga. Tamén se di **esgarro**. 2. Moco ou moco con pus e ás veces sangue que é expulsado polo recto no curso dalgunhas proctites. // **E. ferruxento** Esputo con cor parda escura causada pola hemoglobina transformada por fermentos de orixe leucocitaria que aparece nas fases de comezo das pneumonías. / **E. fibrinoso** Esputo formado por fibrina que aparece nas pneumonías e na bronquite crónica. / **E. hemoptoico** Esputo con sangue fresco. / **E. mucoso** Aquel de cor esbrancuxada, que sobre as superficies dos recipientes conforma pequenas esferas pola cohesión que lle achegan os elementos de moco que posúe, é típico das infeccións agudas da árbore traqueobronquial. / **E. purulento** Esputo con contido de pus, de cor amarela-verdosa que aparece nos procesos supurativos do pulmón, como a tuberculose, os abscesos ou as bronquiectasias. / **E. seroso** Esputo de carácter fluído, e cor rosada, característico do edema agudo do pulmón.

esquelético -a *adx.* 1. Relativo ó esqueleto. 2. Que está nun estado de delgadeza extrema.

esqueletización *s.f.* 1. Estado de emaciación extrema. 2. Separación do esqueleto das partes brandas do organismo. 3. Evolución dun corpo morto ó estado de esqueleto.

esqueleto *s.m.* Armazón dura dun organismo animal, e especialmente o conxunto de ósos dos animais vertebrados. // **E. apendicular** Esqueleto das extremidades. / **E. axial** Esqueleto da cabeza e mais do tronco. / **E. do corazón** Aneis de fibrocartilaxe nos que se insiren os músculos cardíacos. / **E. externo** Esqueleto dos inverte-

brados situado no exterior do seu corpo. / **E. visceral** Partes do esqueleto que lles proporcionan protección ás vísceras.

esquenite *s.f.* Inflamación dos conductos parauretrais ou glándulas de Skene.

esquiascopia *s.f.* Exame do estado da refracción ocular mediante un oftalmoscopio, observando os movementos da luz e a sombra da pupila no fondo do ollo. Tamén se di **pupiloscofia, retinoscopia**.

esquieropía *s.f.* Alteración da visión consistente na visión escura dos obxectos. Tamén se di **esquieropsia**.

esquieropsia *s.f.* Esquieropía.

esquindílese *s.f.* Variedade de enartrose na que unha lámina fina dun óso fica encaixada nunha fendedura doutro. Dáse unicamente na articulación da lámina do etmoide co vómer.

esquistase *s.f.* Fendedura conxénita do corpo.

esquistocéfalo *s.m.* Monstro fetal caracterizado por presenta-la cabeza cunha fendedura.

esquistocelia *s.f.* Fendedura conxénita no abdome.

esquistocito *s.m.* Fragmento de hemacia que se atopa no sangue nalgunhas anemias hemolíticas, principalmente hipercrómica e perniciososa.

esquistocitose *s.f.* Acumulación de esquistocitos no sangue.

esquistocormo *s.m.* Monstro fetal que presenta unha fendedura no tronco.

esquistoglosia *s.f.* Fendedura conxénita da lingua.

esquistomelia *s.f.* Fendedura conxénita das extremidades.

esquistomelo *s.m.* Monstro fetal que presenta esquistomelia.

esquistómetro *s.m.* Aparello para medi-la a abertura da glote.

esquistoprosopia *s.f.* Fendedura conxénita da cara.

esquistoprosopo *s.m.* Monstro fetal que presenta esquistoprosopia.

esquistorraque *s.m.* V. **espiña bífida**.

esquistosoma *s.m.* Parasito dos trematodos pertencente ó xénero *Schistosoma*.

esquistosomía *s.f.* Fendedura conxénita no abdome con eventración.

esquistosomíase *s.f.* Enfermidade producida por infestación con varias especies de vermes trematodos da familia *Schistosomatidae*. Existen catro especies desta familia patóxenas para o home: *Sch. haematobium*, *Sch. mansoni*, *Sch. japonicum* e *Sch. intercalatum*. Tamén se di **bilharziase**.

esquistosomo *s.m.* Monstro fetal que presenta esquistosomía.

esquistotórax *s.m.* Fendedura conxénita do peito.

esquizo- Prefixo do gr. *schízein*, (dividir), utilizado na formación de palabras que denotan a separación ou a división de algo.

esquizofasia *s.f.* Fala anormal, incompreensible e desordenada, propia da esquizofrenia.

esquizofrenia *s.f.* Grupo de trastornos psicóticos caracterizados por disociación intrapsíquica que produce inhibición con bloqueo ou falla da coherencia no decurso do pensamento, despersonalización, autismo, alteracións psicomotrices, trastornos da afectividade, alteracións sensoriais e perceptivas, trastornos da linguaxe, da conciencia, atención e memoria e delirio paranoide. Evoluciona habitualmente con exacerbacións e remisións, e pode levar a unha síndrome deficitaria da personalidade; distínguense varias formas clínicas, que varían dependendo das diferentes clasificacións existentes desta enfermidade.

esquizogonia *s.f.* Variedade de reprodución asexual na que as células fillas aparecen por división múltiple do núcleo da célula nai (estado de esquizonte), continuando despois coa segmentación do citoplasma, que forma masas arredor de cada novo núcleo. É característica de certos esporozoos e sarcodinas.

esquizoide *adx.* 1. Que se caracteriza por timidez, sensibilidade, introversión, afastamento social e afectividade anormal ou inadecuada. 2. Que presenta trazos semellantes á esquizofrenia que posúen algunhas persoas, que indican predisposición a esta enfermidade.

esquizoniquia *s.f.* Fendedura das unllas.

esquizonte *s.m.* Estadio multinuclear que ocorre no desenvolvemento dalgúns esporozoos e sarcodinas durante a esquizogonia.

esquizotonía *s.f.* División do ton muscular dunha parte ou de todo o corpo, de xeito que uns grupos musculares permanecen hipertónicos mentres que outros están hipotónicos.

esquizotriquia *s.f.* División do extremo dos cabelos.

esquioxénese *s.f.* Reproducción dun organismo mediante fisión.

esquioxiria *s.f.* Estado no que as circunvolucións cerebrais presentan fendeduras cuneiformes.

estación *s.f.* 1. Xeito que ten unha persoa de estar de pé, que en ocasións é diagnóstico de certas doenzas do SNC, actitude. 2. Localización da parte que presenta o feto na canle do parto con respecto a unha liña imaxinaria trazada entre as dúas espiñas isquiáticas. Numérase entre -5 e +5 dependendo do número de centímetros ós que estea a devandita parte da liña imaxinaria de referencia. 3. Cada un dos catro períodos climatolóxicos nos que se divide o ano.

estacional *adx.* Das enfermidades que se presentan cun estado climatolóxico determinado ou nunha determinada estación do ano.

estacionario -a *adx.* Que permanece estable, sen cambiar de forma, volume, situación espacial, etc.

estadio *s.m.* Período ou fase no desenvolvemento dunha enfermidade.

estado *s.m.* 1. Situación na que se atopa unha persoa ou cousa, en relación cos factores que inflúen na súa condición. 2. Fase dunha enfermidade na que os síntomas están na súa maior intensidade. 3. Maneira de ser dun corpo ou substancia segundo a súa cohesión, fluidez (sólido, líquido, gasoso), disposición dos seus átomos ou moléculas (amorfo, cristalino, mesomorfo) ionización dos seus átomos, etc. // **E. actual** Conxunto dos síntomas dun paciente no momento da observación. / **E. álxido** Estado que cursa con colapso e arrefriamento da pel, pulso débil e síntomas nerviosos. / **E. convulsivo** O que se caracteriza pola sucesión de convulsións. / **E. crepuscular** Estado transitorio caracterizado pola realización de actos inconscientes por un individuo, sen poder ser despois lembrados, e sen perda do coñecemento. / **E. epiléptico** Crise de epilepsia de longa duración e repetida con frecuencia, de xeito que o individuo permanece nun estado permanente de epilepsia. Tamén se di **status epiléptico**. / **E. febril** Existencia de febre nun individuo. / **E. hipnagóxico** Estado intermedio entre o sono e a vixilia que ocorre no momento de deitarse a durmir ou no de espertar. / **E. hipnótico ou de hipnose** V. **hipnose**. / **E. linfático** V. **linfatismo**. / **E. puerperal** Estado da muller despois do parto que abrangue o período do puerperio. / **E. tífico** Estado propio dalgúns enfermidades infecciosas, especialmente a febre tifoide, caracterizado por adinamia, estupor, a boca seca, delirio, pulso débil e incontinencia. / **E. vertixinoso** Estado de vertixe prolongado.

estafilectomía *s.f.* Extirpación da úvula.

estafiledema *s.m.* Aumento de tamaño ou inchazón da úvula.

estafilino -a *adx.* 1. Que ten forma dun acio de uvas. 2. Pertencente ou relativo á úvula. // *s.m.* 3. Músculo da úvula ou palatostafilino. // **E. externo** Músculo tensor do veo do padal. / **E. interno** Músculo elevador do veo do padal.

estafilite *s.f.* Inflamación da úvula.

estafilo- Forma prefixa do gr. *staphylé* (acio), que se usa na formación de palabras referidas á úvula e a estruturas con forma de acio.

estafilococemia *s.f.* Presencia de estafilococos no sangue.

estafilococia *s.f.* Infección causada por estafilococos, especialmente na pel.

- estafilococo** *s.m.* Variedade de cocos que vistos ó microscopio adquiren disposición en acio de uvas. V. *staphylococcus*.
- estafilococose** *s.f.* Infección causada por estafilococos.
- estafilodermia** *s.f.* Infección pióxena da pel por estafilococos.
- estafilodiálise** *s.f.* Relaxación da úvula.
- estafilofarínxeo -a** *adx.* 1. Relativo á úvula e mais á farinxe. // *s.m.* 2. Músculo estafilofarínxeo.
- estafilogloso** *s.m.* Músculo glosostafilino.
- estafilolisina** *s.f.* Toxina hemolizante producida polos estafilococos.
- estafiloma** *s.m.* Protuberancia ou convexidade anómala da córnea ou da esclerótica causada por traumatismo ou inflamación. // **E. cónico** V. **queratocono**.
- estafiloplastia** *s.f.* Cirurxía reparadora do padal brando e a úvula.
- estafiloptose** *s.f.* Alongamento da úvula.
- estafilorrafia** *s.f.* Corrección cirúrxica dunha fendedura media da úvula e da porción branda do padal. Tamén se di **palatorrafia**.
- estafilosquise** *s.f.* Fisura da úvula e mais do padal brando.
- estafilotomía** *s.f.* 1. Incisión realizada na úvula, ou extirpación dunha parte da mesma. Tamén se di **uvulotomía**. 2. Extirpación dun estafiloma.
- estafilotoxina** *s.f.* Toxina producida nos cultivos de estafilococos.
- estalmometría** *s.f.* Técnica de diagnose baseada na medición da tensión superficial dos líquidos orgánicos determinando o número e o tamaño das gotas que hai nunha cantidade concreta dos devanditos líquidos.
- estalmómetro** *s.m.* Aparello utilizado na práctica da estalmometría.
- estancación** *s.f.* V. **estase**.
- estancamento** *s.m.* V. **estase**.
- estannoso -a** *adx.* Que contén estaño.
- estaño** *s.m.* Elemento químico metálico de cor branca arxénte, de peso atómico 118 e símbolo *Sn*.
- estapedectomía** *s.f.* Extirpación do estribo e, por extensión, operación consistente na substitución do estribo por unha prótese artificial.
- estapedio** *s.m.* Músculo do estribo, que se localiza na parede interna da caixa timpánica, inserido no conducto da pirámide e no bordo posterior da cabeza do estribo, que ten como función o afrouxamento da membrana do tímpano e a diminución da presión intralabiríntica.
- estapediotenotomía** *s.m.* Sección do tendón do músculo estapedio.
- estapediovestibular** *adx.* Relativo ó músculo estapedio e mailo vestíbulo.
- estase** *s.f.* Estancamento do sangue ou doutro líquido nalgunha parte do corpo. Tamén se di **estancamento**. // **E. intestinal** V. **coprostase**. / **E. papilar** V. **edema de papila**. / **E. varicosa** V. **insuficiencia venosa**.
- estasisfobia** *s.f.* Temor morboso a poñerse de pé.
- estatística** *s.f.* 1. Conxunto de datos de observación relativos a un grupo de individuos ou a un grupo de calquera unidade. 2. Conxunto dos métodos polos que se obteñen, tratan e interpretan os anteditos datos.
- estatoacústico -a** *adx.* 1. Relativo ou pertencente ó equipo e á audición. // *s.m.* 2. Oitavo par cranial.
- estatoconia** *s.f.* Otoconia.
- estatofobia** *s.f.* Temor morboso a permanecer de pé.
- estatólito** *s.m.* Otoconia.
- estatómetro** *s.m.* Aparello utilizado para medi-lo grao de exoftalmía. Tamén se di **exoftalmómetro**.
- estatura** *s.f.* Altura dunha persoa posta de pé.
- estaxe** *s.f.* Hemorragia.
- estearato** *s.m.* Calquera sal, éster ou forma aniónica do ácido esteárico.
- esteárico (ácido)** *s.m.* Ácido octadecanoico, ácido graxo de 18 átomos de carbono, que se atopa esencialmente como glicérido na graxa animal e no aceite vexetal hidroxenado.
- estearina** *s.f.* Éster esteárico da glicerina.
- estearo-** Prefixo do gr. *stéar, steatos* (graxa, sebo).
- esteatite** *s.f.* Inflamación do tecido adiposo.
- esteato-** Prefixo do gr. *stéar, steatos* (graxa, sebo).
- esteatocele** *s.f.* Masa adiposa formada dentro do escroto.
- esteatocistoma** *s.m.* Quiste graxento da pel.
- esteatólise** *s.f.* Proceso de emulsión e hidrólise que sofren as materias graxas no intestino antes da súa absorción.
- esteatoma** *s.m.* 1. Lipoma. 2. Masa adiposa que se atopa retida no interior dunha glándula sebácea.
- esteatomatose** *s.f.* 1. Presencia de múltiples esteatomas. 2. Esteatocistoma múltiple.
- esteatonecrose** *s.f.* Necrose do tecido adiposo.
- esteatopatía** *s.f.* Doenza das glándulas sebáceas.
- esteatopixia** *s.f.* Presencia dunha gran cantidade de graxa nas nádegas e na cadeira. Vese xeralmente nas mulleres, especialmente nas pertencentes ós pobos bosquimanos e hotentotes, nas que constitúe unha característica común.
- esteatorrea** *s.f.* Presencia dunha cantidade excesiva de graxa nas feces. // **E. idiopática** V. **esprú non tropical**.
- esteatose** *s.f.* Infiltración ou dexeneración graxa dos elementos anatómicos. // **E. cardíaca** Cardiomiolipose.

estela *s.f.* Lasca desprendida total ou parcialmente dun óso.

estelectomía *s.f.* Sección cirúrxica do cordón simpático cervical por riba da localización do ganglio estrelado.

esteno- Prefixo do gr. *stenós* (estreito).

estenobregmático -a *adx.* Que ten estreita a zona anterior e superior da cabeza.

estenocefalia *s.f.* Estreitura excesiva da cabeza.

estenocoria *s.f.* Estreitura excesiva da pupila.

estenose *s.f.* Estreitura patolóxica conxénita ou adquirida dun orificio ou conducto dunha víscera ou conxunto anatómico. // **E. aórtica** Estreitamento do orificio da válvula aórtica do corazón ou da mesma arteria aorta / **E. cicatrizal** A consecutiva á retracción dunha cicatriz. / **E. espasmódica** A que se produce como consecuencia dun espasmo muscular. / **E. mitral** Estenose do orificio da válvula mitral do corazón. / **E. pilórica** A que afecta o píloro; pode ser conxénita ou adquirida en forma secundaria a unha úlcera duodenal ou a un cancro de estómago. / **E. pulmonar** Estenose do orificio da válvula pulmonar do corazón ou da arteria pulmonar. / **E. subaórtica hipertrófica idiopática** Cardiomiopatía de orixe descoñecida que se caracteriza por presentar unha obstrución dinámica á saída do sangue do ventrículo esquerdo. / **E. tricuspídea** Estenose no orificio da válvula tricúspide do corazón.

estenostomía *s.f.* Microstomía.

estenotérmico -a *adx.* Que é capaz de desenvolverse unicamente entre unha estreita marxe de temperaturas, como ocorre cos cultivos bacterianos.

estenotórax *s.m.* Estreitura anormal do tórax.

éster *s.m.* Composto formado por un alcohol e un ácido por eliminación da auga.

esterase *s.f.* Enzima da clase das hidrolases que cataliza a hidrólise dos enlaces de éster dando como resultado a descomposición destes en alcohol e ácido.

estercobilina *s.f.* Pigmento biliar produto do catabolismo da bilirrubina, de cor parda-alaranxada-vermella, contribúe na cor das feces e da urina.

estercobilinóxeno *s.m.* Metabolito da bilirrubina e precursor da estercobilina, que se forma por redución do urobilinóxeno.

estercólito *s.m.* Concreción fecal. Tamén se di **fecálito**, **coprólito**.

estercoremia *s.f.* Estado de autointoxicación ocasionado polas substancias tóxicas procedentes da estase fecal. Tamén se di **copremia**.

estercoroma *s.m.* Acumulación de materia fecal no recto formando unha gran masa. Tamén se di **coproma**, **escatoma**, **fecaloma**.

estereo- Prefixo do gr. *stereós* (sólido, relevo), utilizado na formación de palabras que denotan relevo nalgunha cousa ou fenómeno.

estereoagnosia *s.f.* Perda da estereognose.

estereoartrólise *s.f.* Formación mediante cirurxía dunha articulación nova e móbil nos casos de anquilose ósea.

estereocampímetro *s.m.* Aparello utilizado para o estudo dos escotomas centrais e outros defectos da área central da retina.

estereocilio *s.m.* Cilio ou filamento protoplasmático inmóbil dunha célula.

estereoencefalotomía *s.f.* Cirurxía estereotáxica.

estereoencefalótomo *s.m.* Aparello de guía empregado na realización dunha estereoencefalotomía.

estereognose *s.f.* 1. Facultade de recoñecer polo tacto as formas e os obxectos. 2. Percepción da solidez dos obxectos por medio dos sentidos.

estereoisomería *s.f.* Isomería consistente na distinta disposición espacial dos átomos dunha mesma substancia.

estereoisómero *s.m.* Cada un dos compostos dun grupo que presentan estereoisomería.

estereoquímica *s.f.* Rama da química que estudia a ordeñación tridimensional dos átomos das moléculas.

estereoscopia *s.f.* Visión en relevo coa axuda dun estereoscopio.

estereoscópico -a *adx.* Que se ve con aparencia tridimensional.

estereoscopio *s.m.* Aparello óptico utilizado no exame de obxectos estereoscópicos, que permite ver en relevo os devanditos obxectos.

estereotaxe *s.f.* Movemento que ocorre como consecuencia dun estímulo de contacto ou dun estímulo táctil, podendo ser cara ó obxecto que estimula (positiva), ou afastándose do mesmo (negativa). Tamén se di **tigmotaxe**.

estereotaxia *s.f.* Localización dunha estrutura cerebral precisa axudándose de referencias fixas, ben sexan referencias óseas ou outras intracerebrais que se poidan ver con técnicas radiográficas.

estereotáxico -a *adx.* Que se caracteriza por ter unha posición precisa no espazo, principalmente áreas cerebrais que controlan funcións específicas.

estereotipia *s.f.* Repetición constante de palabras ou xestos automáticos e inconscientes.

estereotropismo *s.m.* Orientación dun organismo provocado por un contacto ou por un estímulo táctil. Tamén se di **tigmotropismo**.

estéril *adx.* 1. Infecundo, que non é capaz de ter descendencia ou dar froito. Tamén se di **infecundo**. 2. Carente de toda clase de microorganismos vivos.

esterilidade *s.f.* 1. Natureza ou calidade do que é estéril. 2. Imposibilidade dun ser vivo para reproducirse. 3. Ausencia absoluta de microorganismos vivos nun medio.

esterilización *s.f.* 1. Destrución ou eliminación total dos microorganismos vivos dun medio que se realiza por métodos físicos, químicos, mecánicos ou mediante radiacións. 2. Procedemento polo que se fai que un individuo sexa incapaz para a reprodución.

esterilizador -a *adx.* 1. Que causan esterilización. 2. Que realiza unha esterilización. 3. Que se utiliza para esterilizar medios.

esternal *adx.* Relativo ou pertencente ó esterno.

esternalxia *s.f.* Dor localizada no esterno. Tamén se di **esternodinia**.

esterno *s.m.* Óso impar situado na parte media e anterior do tórax. Componse de tres porcións, que de arriba a abaixo son: manubrio, corpo e apéndice xifoide. Artículase coas clavículas e coas sete primeiras costelas a cada lado. Tamén se di **escudo do corazón**, **óso do peito**.

esternoclavicular *adx.* Pertencente ó esterno e mais á clavícula.

esternocleidohioide *s.m.* Músculo que vai dende o mango do esterno ó corpo do óso hioide, tendo como función descende-la larinx e o propio hioide.

esternocleidomastoideo *s.m.* Músculo da rexión anterolateral do colo que flexiona, inclina e rota a cabeza. A inserción superior localízase na cara externa da apófise mastoide e na liña superior da noca e a inferior na cara anterior do manubrio do esterno e no tercio interno da clavícula.

esternocostal *adx.* Relativo ó esterno e mais ás costelas.

esternodimia *s.f.* Monstruosidade fetal caracterizada pola unión dos xemelgos pola parede anterior do tórax. Tamén se di **esternopaxia**.

esternodinia *s.f.* Esternalxia.

esternohioide *adx.* 1. Relativo ó esterno e mais ó óso hioide. // *s.m.* 2. Esternocleidohioide.

esternomastoide *adx.* 1. Relativo ó esterno e mais á apófise mastoide. // *s.m.* 2. Esternocleidomastoideo.

esternopaxia *s.f.* V. **esternodimia**.

esternoscapular *adx.* Relativo ó esterno e mais á escápula.

esternosquise *s.f.* Fendedura conxénita presente no esterno.

esternotiroide *adx.* 1. Relativo ó esterno e mais á cartilaxe tiroide. // *s.m.* 2 Músculo da rexión infratiroidal que ten función depresora da larinx.

esternotomía *s.f.* Sección do óso esterno.

esternotraqueal *adx.* Relativo ó esterno e mais á traquea.

esternovertebral *adx.* Relativo ó esterno e mais ás vértebras.

esteroide *s.m.* Substancia que posúe na súa composición química unha estrutura de ciclopentanoperhidrofentreno. Existe tanto en animais coma en vexetais, atopándose entre eles as hormonas placentarias, as derivadas do córtex suprarrenal, as gonadais, os ácidos biliares, os esteroides, etc.

esteroidoxénese *s.f.* Síntese ou produción de esteroides.

esterol *s.m.* Alcohol policíclico derivado do núcleo de ciclopentanoperhidrofentreno, con solubilidade de tipo lipídico, sendo o principal de todos o colesterol.

estertor *s.m.* 1. Respiración ansiosa con ronquido asubiante que se produce nos agonizantes e en certos comas polo paso do aire a través dos bronquios de calibre groso, traquea e larinx ategados de moco. 2. Son anómalo que se percibe na auscultación do tórax que se produce polo paso do aire a través dos líquidos acumulados nos bronquios ou pola resonancia do tórax nalgunhas enfermidades dos bronquios. // **E. cavernoso** Estertor orixinado nunha formación cavernosa pulmonar, o que fai que teña resonancia metálica. / **E. consoante** Estertor que se percibe coma se estivese dentro do oído, ó orixinarse nunha zona pulmonar cercada por tecido condensado. / **E. crepitante** Estertor producido por burbullas de pequeno tamaño, iguais e numerosas, durante ou ó final da inspiración. / **E. de burbullas** Estertor que semella producido pola formación e rotura de burbullas, que poden ser grandes, pequenas ou medianas segundo a súa calidade. / **E. expiratorio** O que se percibe soamente no movemento de expiración pulmonar. / **E. extratorácico** O producido na larinx ou na traquea cheas de mucosidades. Tamén se di **estertor gutural**. / **E. gutural** V. **e. extratorácico**. / **E. húmido** Estertor producido pola existencia de líquido nos bronquios ou nas cavidades pulmonares. / **E. inspiratorio** O que se percibe unicamente na inspiración. / **E. larínxeo** O que ten orixe na larinx. / **E. metálico** Estertor orixinado nos bronquios rodeados dunha zona de consolidación, o que lle proporciona unha sonoridade metálica. / **E. non consoante** Estertor percibido como afastado do oído ó se orixinar nunha zona de pulmón non rodeada de condensación. / **E. rouco** V. **e. seco**. / **E. seco** O que se produce pola presenza nos tubos bronquiais dunha segregación mesta, ou por engrosamento inflamatorio das paredes dos mesmos. / **E. sibilante** Estertor de carácter seco e ton agudo, que produce un asubío característico da asma en fase aguda e de procesos bronquíticos e broquiolíticos en fase secretante. / **E. subcrepitante** Estertor de carácter húmido e de burbullas de distintos tamaños, percibido na inspiración e na expiración, que se orixina por obstrución dos bronquios finos por líquido, mucosidade, sangue ou pus.

estesioloxía *s.f.* Ciencia que estudia as sensacións e os órganos dos sentidos.

estesimetría *s.f.* Medición da sensibilidade do tacto. Tamén se di **hafemetría**.

estesiómetro *s.m.* Aparello empregado para medi-la sensibilidade do tacto.

esteseurose *s.f.* Calquera tipo de trastorno dos nervios sensoriais.

estetalxia *s.f.* Dor localizada no peito.

esteto- Prefixo do gr. *stêthos* (peito), utilizado na formación de palabras que denotan algunha relación co tórax.

estetómetro *s.m.* Aparello empregado para medi-lo contorno e a expansión do tórax.

estetoscopia *s.f.* Exame realizado a través dun estetoscopia.

estetoscopio *s.m.* Instrumento de varias formas e materiais empregado para a auscultación de diversas zonas corporais. V. **fonendoscopia**. // **E. biauricular** Estetoscopia con dúas ramas para acomodar unha en cada oído.

estibialismo *s.m.* Doenza producida pola intoxicación con antimónio.

estigma *s.f.* 1. Calquera mancha, cicatriz ou marca na pel. 2. Espacio ou orificio entre as células endoteliais. 3. Área dos epiteliós susceptible de se colorear nos puntos de unión de grupos celulares. 4. Calquera síntoma ou signo persistente no corpo a causa dunha enfermidade determinada. 5. Parte do pistilo das flores que xeralmente secreta unha substancia viscosa, e que está destinada a rete-lo pole. // **E. de Fournier** Estigmas propios da sífilis conxénita. / **E. de Malpighi** Punto no que as veas de pequeno tamaño do bazo penetran noutras maiores. / **E. do folículo de De Graaf** Estigma formado na superficie do ovario que indica o punto polo que sairá o óvulo.

estigmasterol *s.m.* Esterol de orixe vexetal que se atopa na soia e na faba do Calabar.

estigmatismo *s.m.* 1. Normalidade dos medios de refracción do ollo, oposto a astigmatismo. 2. Propiedade dalgúns sistemas ópticos pola que poden proporcionar unha imaxe puntual dun obxecto tamén puntual.

estilete *s.m.* Sonda metálica de pequeno calibre que se introduce nun catéter ou cánula coa finalidade de facelos máis ríxidos ou para libra-la súa luz dos materiais que a obstrúan.

estilo- Prefixo do gr. *stylos* (punzón), utilizado nas palabras que fan referencia á apófise estiloide do óso temporal.

estilofarínxeo -a *adx.* 1. Relativo ou pertencente á apófise estiloide e á farinx. // *s.m.* 2. Músculo con este nome situado na parte lateral do colo e con función elevadora da farinx.

estilogloso- a *adx.* 1. Relativo á apófise estiloide e á lingua. // *s.m.* 2. Músculo da lingua que a leva cara atrás e arriba.

estiloideo *adx.* 1. Relativo á apófise estiloide e ó óso hioide. // *s.m.* 2. Músculo situado por riba do hioide e que posúe unha función elevadora deste óso.

estiloide *adx.* 1. Que ten forma semellante a un estilete ou a un punzón. // *s.f.* 2. Apófise estiloide.

estiloidite *s.f.* Inflamación dos tecidos situados arredor da apófise estiloide.

estilolarínxeo -a *adx.* 1. Relativo á apófise estiloide e á larinxe. // *s.m.* 2. Nome dado á porción do músculo estilofarínxeo que se insire na cartilaxe tiroide e a epiglote.

estilomastoide *adx.* 1. Relativo ás apófises estiloide e mastoide. // *s.m.* 2. Denominación do burato situado entre as apófises estiloide e mastoide do óso temporal polo que pasan o nervio facial e a arteria estilomastoide.

estilomaxilar *adx.* Relativo á apófise mastoide e ó maxilar inferior.

estilostafilino -a *adx.* Relativo á apófise estiloide e ó veo do padal.

estimulador *adx.* Que estimula unha función corporal.

estimulante *adx.* 1. Que estimula ou serve para estimular. // *s.m.* 2. Substancia ou medicamento que aumenta ou facilita o desenvolvemento dunha actividade orgánica.

estímulo *s.m.* Axente ou influencia que pode provocar unha resposta nun sistema vivo excitable.

estíptico -a *adx.* 1. Dise das substancias que teñen acción astringente. // *s.m.* 2. Substancia que posúe esta acción.

estirpe *s.f.* 1. Raíz e tronco dunha familia ou liñaxe. 2. Raza. 3. Termo de Galton par denomina-lo agregado de unidades orgánicas do óvulo fecundado. // **E. celular** Conxunto de células procedentes dunha mesma célula nai.

estola *s.f.* Fita de tea que poñen os sacerdotes sobre os ombreiros para oficia-la misa ou administra-los sacramentos, e que, nalgunhas ocasións, se utiliza en ritos pagáns para quita-lo mal de ollo ou o meigallo.

estoma *s.f.* 1. Poro, orificio ou abertura de pequeno tamaño presente nunha superficie. 2. Abertura realizada para comunicar unha porción do tracto dixestivo coa superficie corporal ou para realizar unha anastomose entre dúas porcións do intestino.

estomacal *adx.* 1. Pertencente ou relativo ó estómago. Tamén se di **estomáquico, gástrico**. // *adx.* e *s.m.* 2. Medicamento que favorece a dixestión e serve para trata-la dispepsia.

estómago *s.m.* Órgano musculomembranoso, que constitúe a porción máis dilatada do tubo dixestivo, situado na cavidade abdominal, no epigastrio e parte do hipocondrio esquerdo, comunica co esófago por arriba a través do cardias e co duodeno que o continúa a través do píloro; posúe unha cara anterosuperior e outra posteroinferior, un bordo superior cóncavo ou curvatura menor, outro inferior convexo ou curvatura maior e dous extremos que constitúen fondos de saco, o maior no cardias e o menor

no píloro. Histoloxicamente ten catro capas que de fóra a dentro son: externa, formada por serosa peritoneal; muscular, que á súa vez ten unha capa de fibras lonxitudinais, unha de fibras circulares e outra de fibras oblicuas; unha submucosa que contén a *mucularis mucosae* e unha mucosa.

estomáquico -a *adx.* Estomacal.

estomatite *s.f.* Inflamación da mucosa da boca. // **E. aftosa** A que cursa con formación de úlceras pequenas e superficiais na mucosa da boca. / **E. angular** Inflamación da comisura labial. V. **boqueira**. / **E. escorbútica** V. **escorbuto**. / **E. gangrenosa** V. **noma**. / **E. pseudomembranosa** Estomatite de carácter grave que cursa con ulceracións cubertas de exudación en forma de pseudomembranas. / **E. ulcerativa** Forma que cursa con formación de úlceras superficiais e dolorosas na superficie mucosa das meixelas, lingua e beizos. / **E. ulceromembranosa** V. **E. pseudomembranosa**.

estomato- Prefixo do gr. *stóma-atos* (boca), empregado en palabras que denotan relación coa boca.

estomatodinia *s.f.* Dor localizada na boca.

estomatodisodia *s.f.* Fedor da boca e o alento.

estomatolalia *s.f.* Voz nasal producida pola obstrución dos orificios posteriores das fosas nasais. Denomínase tamén **rinolalia pechada**.

estomatólogo -a *s.* Médico especialista nas enfermidades da boca. Tamén se di **estomatoloxista**.

estomatoloxía *s.f.* Parte da medicina que estudia a boca e as súas doenzas.

estomatoloxista *s.* V. **estomatólogo**.

estomatomalacia *s.f.* Amolecemento dos tecidos da boca.

estomatomicose *s.f.* Infección da boca por fungos.

estomatopatía *s.f.* Calquera alteración patolóxica da boca.

estomatoplastia *s.f.* Reparación mediante cirurxía plástica dos defectos da boca.

estomatorraxia *s.f.* Hemorragia da boca. // **E. enxival** Hemorragia das enxivas.

estomatoscopia *s.m.* Aparello utilizado no exame da cavidade bucal.

estomatosquise *s.f.* Nome xenérico das diversas variedades de fendeduras da boca.

estomenorraxia *s.f.* Hemorragia oral cíclica.

estomocéfalo *s.m.* Monstro fetal cunha única órbita en posición central e boca e maxilares rudimentarios e a xeito de trompa, ó caer sobre eles formando pregaduras a pel do seu arredor.

estrabismo *s.m.* Alteración ocular consistente na desviación dun ou ámbolos dous ollos, de xeito que os eixes visuais non se poden dirixir ó tempo a un mesmo punto,

dando como resultado a proxección dunha imaxe en puntos distintos do plano da retina en cada ollo. Tamén se di **heterotropía**. // **E. absoluto** Estrabismo que se produce para calquera distancia do punto de fixación. / **E. alternante** Estrabismo que afecta ós dous ollos en forma alternativa. / **E. concomitante** Aquel no que o ollo desviado segue ó outro ollo. / **E. converxente** Desviación dun ollo cara a dentro. Tamén se di **esotropía**. / **E. diverxente** Desviación dun ollo cara a fóra. Tamén se di **exotropía**. / **E. espasmódico** O que se produce pola contracción persistente dos músculos oculares. / **E. interno** V. **e. converxente**. / **E. latente** Tendencia á aparición de estrabismo por insuficiencia ou fatiga dos músculos oculares. / **E. monolateral** Estrabismo no que o ollo desviado é sempre o mesmo. / **E. non concomitante** Estrabismo no que o grao de desviación do ollo afectado varía dependendo da dirección da mirada. / **E. paralítico** Estrabismo consecutivo á parálise dun ou varios dos músculos oculares. / **E. relativo** O que se produce unicamente en determinadas posicións da mirada. / **E. suprimido** V. **heteroforia**.

estrabotomía *s.f.* Sección cirúrxica dun tendón dun músculo ocular na corrección do estrabismo.

estrabótomo *s.m.* Instrumento cortante para relizar unha estrabotomía.

estradiol *s.m.* Hormona estroxénica, parte esencial da segregación de estróxenos na muller durante o período de vida fértil. O estradiol de síntese emprégase en terapéutica e como contraceptivo, principalmente como etínicos-estradiol.

estramonio *s.m.* Planta da familia das solanáceas (*Datura stramonium*), con follas e sementes con propiedades narcóticas e antiespasmódicas, que no caso de intoxicación producen un cadro de tipo atropínico, semellante á intoxicación por beladona.

estrangulación *s.f.* 1. Acción e efecto de estrangular, comprimi-lo colo por unha forza allea á persoa que obstrúe as vías respiratorias altas impedindo o paso do aire, e causando finalmente a morte por asfixia. Tamén se di **estrangulamento**. 2. Detención da circulación do sangue en calquera parte do organismo, provocada por compresión dos vasos sanguíneos da devandita parte.

estrangulamento *s.m.* V. **estrangulación**.

estranguria *s.f.* Micción lenta e dolorosa provocada por espasmos da uretra ou da vexiga urinaria.

estrano *s.m.* Hidrocarburo saturado tetracíclico do que proceden os estróxenos naturais.

estraño-a *adx.* Que é alleo á natureza ou condición do conxunto do que forma parte.

estrapefobia *s.f.* Temor morboso a treboadas, lóstregos e tempestades.

estratificación *s.f.* Disposición en estratos ou capas.

estratiforme *adx.* Que está formando estratos.

estratigrafía *s.f.* Serie radiográfica realizada en planos paralelos.

estrato *s.m.* Capa ou serie de capas superpostas que conforman as estruturas histolóxicas ou anatómicas. // **E. basal** A capa máis profunda da epiderme, composta por células cilíndricas que están separadas da derme pola membrana basal. Dado que desta capa nacen o resto das células da epiderme. Tamén se di **capa** ou **estrato xerminativo**. / **E. cerebral da retina** Estrato da retina en contacto co corpo vítreo e formado á súa vez por varias capas celulares diferentes; contén o aparello de excitación para transmitir-lo estímulo sensorial nervioso. Constitúe a segunda e a terceira neurona da vía óptica. / **E. córneo** Capa máis superficial da epiderme, formada por células córneas sen núcleo e co citoplasma ocupado por un complexo de queratina de consistencia dura e en contacto co exterior. / **E. de Malpighi** ou **Malpighio** Estrato da epiderme composta por varias capas celulares poliédricas entre as que existen unhas pontes de unión a xeito de finas fibríñas cun engrosamento na súa parte media (*nódulos de Bizzozero*), o que lles proporciona un aspecto ourizado polo que tamén se coñece este estrato como **estrato espiñoso** ou **capa espiñosa, corpo mucosos de Malpighi** e **estrato filamentosos**. / **E. espiñoso** V. e. de **Malpighi**. / **E. esponxoso** Capa media da caduca uterina. / **E. filamentosos** V. e. de **Malpighi**. / **E. ganglionar** capa que contén as células ganglionares da retina. / **E. granuloso** Estrato de células epidérmicas situado entre o estrato de Malpighi e a capa córnea e formado por tres ou catro capas de células de eixe maior horizontal e con granulacións, (gránulos de queratohialina), citoplasmáticas. A este nivel comeza a lise do núcleo e organelas celulares da epiderme. / **E. lúcido** Zona situada entre as dúas capas máis superficiais da epiderme, que carece aparentemente de estrutura celular, e que se pode ver con claridade nada máis que nas zonas de pel grosa. Para algúns non é unha verdadeira capa senón que constituiría unha especialización da capa córnea superficial. / **E. neuroepitelial da retina** Estrato máis externo da retina que está en contacto coa coroide e que á súa vez está formada por varias capas celulares diferentes; contén a primeira neurona da vía óptica. / **E. papilar** Capa externa do corion. / **E. pigmentario da retina** Estrato que contén as capas de conos e bastóns. Forma parte á súa vez do estrato neurosensorial da retina. / **E. xerminativo** V. e. **basal**.

estreito -a *adx.* 1. Dise do que ten menos anchura que outras cousas da mesma clase. // *s.m.* 2. Zona ou vía de entrada a algunhas estruturas. // **E. pelviano** Cada unha das dúas zonas de entrada (superior e inferior) á pelve, constituíndo a primeira o límite entre a pelve maior e a menor.

estreitura *s.f.* Diminución anómala do calibre dun orificio ou conducto anatómico. Tamén se di **estenose**.

estrela *s.f.* Nome que reciben distintos órganos ou partes anatómicas con forma de estrela.

estrelado -a *adx.* Que ten forma de estrela.

estremecemento *s.m.* 1. Acción e feito de estremecer. 2. Tremor máis ou menos xeneralizado con ou sen piloerección, que antecede ou vai acompañando os calafríos. 3. Vibración percibida polo tacto. Tamén se di **frémito**. // **E. catario** ou **gatuno** Vibración percibida pola man sobre unha superficie corporal, semellante ó rosmar dos gatos, típica dalgunhas lesións valvulares crónicas do corazón, como as estenoses mitral e aórtica. / **E. hidatídico** Sensación de tremor que se nota ó apalpa-los quistes hidatídicos que semella a sensación percibida ó toca-las masas de xelatina.

estreptobacilo *s.m.* Bacteria pertencente ó xénero *Streptobacillus*.

estreptocinase *s.f.* Enzima proteolítico producido polos estreptococos hemolíticos. Produce fibrinolise ó transforma-lo plaminóxeno en plasmina. Utilízase en terapéutica como axente trombolítico. Tamén se di **estreptoquinase**.

estreptococemia *s.f.* Presencia de estreptococos no sangue.

estreptococia *s.f.* Infección por estreptococos.

estreptococo *s.m.* Bacteria pertencente ó xénero *Streptococcus*. // **E. hemolítico** Estreptoco que ter a capacidade de provoca-la hemólise dos eritrocitos ou de producir unha zona de hemólise nas colonias de cultivo en ágar-sangue. A este grupo pertencen os principais estreptococos patóxenos.

estreptodermia *s.f.* Infección cutánea producida por estreptococos.

estreptodornase *s.f.* Enzima producido por algunhas cepas de estreptococos hemolíticos que produce a liquefacción dos exsudados purulentos. Emprégase para eliminar coágulos de sangue ou acumulacións purulentas.

estreptolisina *s.f.* Toxina producida por algunhas cepas de estreptococos do grupo A de Lancefield. Existen dous tipos: a estreptolisina O (osíxeno lábil), e a estreptolisina S (osíxeno estable).

estreptomycin *s.f.* Antibiótico bactericida pertencente ó grupo dos aminoglicósidos que se obtén a partires de cultivos do actinomiceto *Streptomyces griseus*. Utilízase en ocasións no tratamento antibacteriano de procesos infecciosos intestinais.

estreptoquinase *s.f.* V. **estreptocinase**.

estreptozocina *s.f.* Antibiótico antineoplásico que se obtén a partires de cultivos de *Streptomyces achromogenes* ou ben mediante técnicas de síntese química. Utilízase especialmente no tratamento de tumores endócrinos.

estría *s.f.* 1. Liña ou suco fino que se atopa nalgunhas estruturas anatómicas, especialmente nos ósos. 2. Liña que resalta entre as estruturas que a rodean e que resulta da xustaposición de fibras ou outros elementos anatómicos.

estribo *s.m.* 1. O máis interno dos pequenos ósos da cadea do oído, articulado pola cabeza coa bigornia e pola base coa fiestra vestibular. Tamén se di **pedistíbulo**. 2. Tipo de vendaxe para a cura da sangría do pé.

estricnina *s.f.* Alcaloide moi venenoso que se obtén da noz vómica e doutras especies do xénero *Strychnos*.

estricninomanía *s.f.* Alteración mental causada por intoxicación con estricnina.

estridor *s.m.* Calquera son agudo, semellante a un asubío.
// **E. larínxeo** Estridor que se produce por espasmo da glote nos nenos.

estriduloso -a *adx.* Dise dos ruídos que teñen calidade estridente, especialmente dos pertencentes á larínxe e á traquea.

estrina *s.f.* Termo xeral para designa-los estróxeos ováricos.

estriocelular *adx.* Que está composto de fibras musculares estriadas e de células.

estriocerebeloso -a *adx.* Que afecta ou pertence ó corpo estriado e ó cerebelo.

estriol *s.m.* Hormona esteroideal estroxénica, que se atopa esencialmente nas mulleres embarazadas. Prodúcese por hidratación da estrona.

estro *s.m.* Fase do ciclo sexual das femias dos mamíferos na que hai maior atracción sexual polo sexo contrario e ademais modificacións hormonais e cambios nas mucosas dos órganos xenitais.

estroboscopia *s.m.* Aparello que permite iluminar mediante escintileos espaciados regularmente un fenómeno que sucede a alta velocidade.

estrófulo *s.m.* Dermatose infantil caracterizada por urticaria que se asocia xeralmente a alteracións dixestivas e á saída dos dentes.

estroma *s.m.* Tecido que forma a trama de sostén dos órganos, en contraposición ó parénquima ou tecido funcional dos mesmos.

estromanía *s.f.* Esaxeración anormal do apetito sexual.

estromatólise *s.f.* Disolución do estroma dun órgano.

estrona *s.f.* Hormona esteroideal estroxénica que se atopa principalmente nas mulleres embarazadas. Procede da oxidación do estradiol.

estroncio *s.m.* Metal alcalino-terroso, semellante ó bario, de cor amarela escura, símbolo *Sr*, número atómico 38 e peso atómico $Sr = 87,3$. Algúns dos seus sales úsanse como moderadores da segregación gástrica, sedantes, etc.

estronxiloide *s.m.* Verme nematodo do xénero *Strongyloides*.

estronxiloidíase *s.f.* Infestación por vermes estronxiloides.

estroxeno *s.m.* 1. Denominación xeral das substancias que provocan o estro nas femias. 2. Substancias hormo-

nais, esteroides derivados dun núcleo de ciclopentano-perhidrofenantreno, que contan con 18 átomos de carbono. Elaborados no ovario, testículo, córtex suprarrenal e placenta, actúan no mantemento dos caracteres sexuais secundarios femininos, e no crecemento, trofismo e función dos órganos xenitais da muller.

estructura *s.f.* 1. Distribución e orde das partes do corpo ou calquera outra cousa. 2. En psicoloxía, sistema que posúe leis ou propiedades de totalidade, diferentes das dos elementos integrantes. // **E. química** Disposición espacial dos átomos, moléculas ou ións nas especies químicas nos seus distintos estados físicos. / **E. xenética** Conxunto das frecuencias dos alelos dun locus, ou dos xenotipos que aparecen nunha xeneración determinada nunha poboación dada.

estruma *s.m.* Bocio.

estrumectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica dun bocio.

estrumite *s.f.* Inflamación da glándula tiroide. Tamén se di **tiroidite**.

estufa *s.f.* Denominación xeral dos diferentes aparellos destinados a producir calor coa finalidade de realizar cultivos microbianos, esterilizar materiais, etc.

estupefaciente *adx.* 1. Que causa estupor. // *s.m.* 2. Substancia de propiedades narcóticas e analxésicas que altera as condicións psíquicas do individuo que a utiliza, causando un estado de especial euforia. O seu uso pode provocar dependencia. Comprenden principalmente os derivados da morfina e demais opiáceos, a cocaína e para algúns os derivados do *Cannabis*.

estupidez *s.f.* Incapacidade intelectual profunda, xeralmente conxénita. Tamén se di **asinesia**.

estupor *s.m.* Grao de inconsciencia parcial con diminución de movementos e de reacción ós estímulo.

estuporante *adx.* Que causa estupor.

estuporoso -a *adx.* Que padece estupor.

estupro *s.m.* Delicto consistente no acceso carnal por parte dunha persoa a outra de entre doce e dezoito anos dende unha situación de superioridade ou cunha maior de doce e menor de dezaseis por medio de engano.

etacrinato *s.m.* Base conxugada do ácido etacrínico, utilizada en forma de etacrinato sódico.

etacrínico (ácido) *s.m.* Axente diurético de acción rápida e potente. Actúa impedindo a reabsorción do sodio na porción ascendente da asa de Henle das nefronas.

etambutol *s.m.* Axente antimicrobiano con acción antituberculosa potente. Actúa mediante a inhibición da síntese dos metabolitos necesarios para a multiplicación da bacteria, especialmente do ácido ribonucleico. Úsase sempre asociado a outros antituberculosos.

etano *s.m.* Hidrocarburo saturado de fórmula CH_3-CH_3 , incoloro e inodoro, compoñente importante do gas natural. Úsase como combustible.

etanol *s.m.* Alcol etílico ou alcol.

etapa *s.f.* V. fase.

eteno *s.m.* Etileno.

éter *s.m.* 1. Denominación corrente do óxido de etilo. 2. Denominación xenérica dos óxidos de alquilo ou de arilo.

eterato *s.m.* Composto formado por unha disolución de principios medicamentosos en éter.

etéreo -a *adx.* Relativo ó éter, que ten a súa natureza ou que contén éter.

eterificación *s.f.* Proceso de formación do éter ou de transformación do alcol en éter.

eterismo *s.m.* 1. Estado de anestesia inducido polo éter. 2. Conxunto de fenómenos fisiopatolóxicos causados pola absorción de éter, mediante inhalación ou como bebida.

eterocloroformo *s.m.* Composto utilizado como anestésico xeral, elaborado mediante unha mestura a partes iguais de éter e cloroformo.

eterolado -a *adx.* Dise dos compostos que levan éter como disolvente.

eteromanía *s.f.* Toxicomanía asociada ó consumo de éter.

eterómano -a *adx.* Que padece eteromanía.

etilendiaminotetraacético (ácido) *s.m.* Axente quelante do calcio e de ións de metais pesados, usado como anticoagulante para mostras hematolóxicas, como edetato cálcico no diagnóstico e tratamento das intoxicacións por chumbo, e como edetato disódico no diagnóstico e tratamento dalgunhas hipercalcemias. Désígnase habitualmente coa sigla EDTA.

etileno *s.m.* 1. Hidrocarburo de fórmula $\text{CH}_2=\text{CH}_2$, incoloro, inflamable e tóxico, atópase no gas de coque e no gas natural, e pódese obter por deshidratación do etanol sobre aluminio a 430° , e mediante outros métodos industriais. Utilizábase como anestésico por inhalación. Tamén se di **eteno**. // **Óxido de e.** Axente bactericida que se presenta como un gas incoloro e recendente, usado como desinfectante. 2. Radical divalente de fórmula $-\text{CH}_2-\text{CH}_2-$.

etílico -a *adx.* 1. Pertencente ou relativo ó etilismo ou alcoholismo. 2. Relativo ó etilo.

etilideno *s.m.* Radical divalente de fórmula $\text{CH}_3-\text{CH}=\text{}$. // **Cloruro de e.** Líquido incoloro e volátil, utilizado como anestésico.

etilismo *s.m.* Intoxicación por alcohol etílico. Tamén se di **alcoholismo**.

etilo *s.m.* Radical monovalente de fórmula CH_3-CH_2- . // **Acetato de e.** Éster do ácido acético e alcohol etílico. / **Alcohol de e.** V. **etanol**. / **Aminobenzoato de e.** Po de carácter cristalino utilizado como anestésico local da pel e das mucosas. Denomínase habitualmente *benzocaína*. / **Cloruro de e.** Líquido incoloro e inflamable utilizado como anestésico local e xeral, ten tamén propiedades estimulantes. / **Salicilato de e.** Éter ácido salicílico de

alcohol etílico, posúe propiedades semellantes ós salicilatos.

etilestradiol *s.m.* Estróxeno sintético derivado do estradiol, de acción potente e prolongada, adminístrase por vía oral ou sublingual.

etiodiol (diacetato de) *s.m.* Prosestáxeno de fórmula $\text{C}_{24}\text{H}_{32}\text{O}_4$. Utilízase como medicamento anticonceptivo, sempre combinado cun estróxeno.

etioloxía *s.f.* Parte da patoloxía que estudia as causas das enfermidades.

etionamida *s.f.* Substancia sintética derivada da piridina e do ácido isonicotínico. Trátase dun composto xofrado con acción antituberculosa potente, usado no tratamento da tuberculose como medicamento de segunda liña e sempre combinado con outros axentes.

etiopatoxenia *s.f.* Xeito de obrar das causas das enfermidades.

etmocardite *s.f.* Inflamación do tecido conxuntivo do corazón.

etmocéfalo *s.m.* Monstro fetal coa cabeza imperfecta, as órbitas moi achegadas e o nariz rudimentario e xeralmente desprazado cara arriba.

etmofrontal *adx.* Relativo ós ósos etmoide e frontal.

etmoidal *adx.* Relativo ou pertencente ó óso etmoide.

etmoide *s.m.* O menor dos ósos da base do cráneo, esponxoso, criboso, impar e simétrico, atópase encaixado na escotadura etmoidal do frontal. Está constituído por unha lámina vertical central moi fina e dúas masas laterais. A parte superior da lámina vertical sobreesa na base do cráneo constituíndo a apófise "cristagalli". A lámina horizontal do óso está cribada para permiti-lo paso das fitas do nervio olfactivo. As masas laterais conteñen as celas etmoidais, e forman parte da cara interna da órbita. A cara nasal forma os cornetes nasais superior e medio.

etmoidectomía *s.f.* Extirpación das celas etmoidais ou dunha parte do etmoide.

etmoidite *s.f.* Inflamación do óso etmoide.

etmoturbinal *adx.* Relativo ós cornetes superior e medio do nariz.

etnia *s.f.* Grupo humano cunha estrutura homoxénea que se funda nunha unidade de lingua, cultura e conciencia de grupo, aínda que se pertenza a razas diferentes.

étnico -a *adx.* Pertencente ou relativo á etnia.

etnobioloxía *s.f.* Estudio científico dos caracteres físicos das razas humanas.

etnoloxía *s.f.* Ciencia que estudia os caracteres das etnias, coa finalidade de establecer-la súa estrutura e evolución social.

etoloxía *s.f.* Ciencia que estudia o comportamento dos animais e a súa significación biolóxica.

etomidato *s.m.* Carboxilato de imidazol, anestésico venoso de acción breve.

etosuximida *s.f.* Fármaco antiepiléptico derivado da succinimida. Parece actuar antagonizando as canles de calcio voltaxe-dependentes de tipo T nas neuronas talámicas. Utilízase no tratamento das epilepsias xeneralizadas de tipo ausencias e mioclónica.

eu- Prefixo do gr. *eû* (ben), utilizado na formación de palabras que denotan un estado conforme coa normalidade.

eu *s.m.* Termo da psicanálise para designa-la segunda das instancias do aparello psíquico que permitiría a defensa do individuo contra a realidade e as súas pulsións.

Eu Símbolo químico do europio.

Eubacterium Xénero de bacterias da familia *Propionibacteriaceae*, grampositivas, anaerobias, con forma de bastón e inmóbiles, saprófitos da terra e a auga, que se atopan na flora da pel e cavidades dos mamíferos e interveñen nalgúnhas infeccións dos tecidos brandos.

eucalipto *s.m.* Planta arbórea da familia das mirtáceas, pertencente ó xénero *Eucalyptus*. As súas follas úsanse en diferentes preparacións polas súas propiedades estimulantes, diaforéticas, anticatarras, antisépticas e febrífugas. // **Esencia de e.** Esencia extraída das follas do eucalipto que posúe propiedades estimulantes e antisépticas.

eucaliptol *s.m.* Líquido incoloro de forte cheiro semellante ó alcanfor, que se obtén da esencia de eucalipto e se emprega como axente para dar sabor, como expectorante e antiséptico local.

eucapnia *s.f.* Taxa normal de anhídrido carbónico no sangue.

eucariota *s.m.* Organismo celular con núcleo limitado por unha membrana nuclear, dentro da que están os cromosomas. Ademais presentan división celular por mitose. Ós eucariotas pertencen as células de vexetais e animais superiores, as células dos fungos, as dos protozoos e as da maior parte das algas.

eucariótico -a *adx.* Pertencente ou relativo ós eucariotas.

euciese *s.f.* Embarazo normal.

eucinesia *s.f.* Capacidade de movemento normal.

euclorhidria *s.f.* Segregación normal de ácido clorhídrico polo estómago.

eucolia *s.f.* Estado normal da bile.

eucrasia *s.f.* Estado de equilibrio dos factores físicos e psíquicos que interveñen no mantemento dun estado normal ou bo de saúde.

eucromatina *s.f.* Estado da cromatina cunha composición química especial que fai que apareza condensada e localizada nalgúns fragmentos cromosómicos e que se tinga con debilidade; é xeneticamente activa e está parcialmente desenvolvida.

eucromatopsia *s.f.* Visión normal das cores.

euestesia *s.f.* Estado normal dos sentidos.

eufonía *s.f.* 1. Calidade dos sons agradables ó oído. 2. Voz clara e normal.

euforbia *s.f.* Nome xenérico de varias especies do xénero *Euphorbia*; familia euforbiáceas, plantas herbáceas ou leñosas que segregan un látex de cor branca moi cáustico, con propiedades eméticas, catárticas e tóxicas.

euforia *s.f.* 1. Sentimento de gran alegría, satisfacción e contento. 2. Sensación intensa de benestar, satisfacción e optimismo, que pode corresponder cunha melloría real ou imaxinaria no curso dunha enfermidade, ou pertencer á fase de exaltación da psicose maníaco-depresiva, ou ben ser provocada por algunhas drogas ou fármacos.

euglobulina *s.f.* Globulina caracterizada por ser insoluble en auga, pero soluble en solucións acuosas.

euglicemia *s.f.* Cantidade normal de azucre no sangue.

eulalia *s.f.* Fala normal.

Eulenburg (enfermidade de) V. enfermidade.

eumenorrea *s.f.* Menstruación de características normais.

eumetría *s.f.* Realización de xeito preciso dos movementos musculares voluntarios, apreciando adecuadamente as distancias e a potencia necesaria para executalos.

eumicetos *s.m.pl.* Grupo de fungos no que se inclúen os fungos perfectos ou verdadeiros, caracterizados por posuír división sexual ademais dunha forma de división asexual.

eunuco *s.m.* Home castrado. // **E. completo** Eunuco con carencia total de pene, testículos e escroto. / **E. imperfecto** O que unicamente carece de testículos.

eunucoidismo *s.m.* Anomalía do desenvolvemento dos testículos ou da segregación testicular, que orixina diminución da potencia sexual, hábito semellante ó dos eunucos e, ás veces, presenza de caracteres sexuais secundarios femininos.

euosmia *s.f.* Estado normal do sentido do olfacto.

eupepsia *s.f.* Dixestión funcionalmente normal e sen molestias.

eupirexia *s.f.* Febre lixeira que aparece no primeiro período dunha infección. Considérase como unha resposta do organismo para intentar combater-la enfermidade.

euplasia *s.f.* Formación ou rexeneración adecuada dos tecidos.

euploide *adx.* 1. Que posúe un número normal de pares de cromosomas. // *s.m.* 2. Individuo ou célula que posúe un número euploide de cromosomas.

eupnea *s.f.* Estado de respiración normal.

eupraxia *s.f.* Desenvolvemento normal dunha función ou movementos coordinados.

euquilia *s.f.* Estado normal do quilo.

euribléfaron *s.m.* Anomalía conxénita das pálpebras caracterizada por unha gran anchura das mesmas.

euricéfalo -a *adx.* Que posúe a cabeza curta en sentido anteroposterior. Tamén se di **braucicéfalo**.

eurignato -a *adx.* Que posúe unha mandíbula ancha.

eurioptía *s.f.* Abertura anormalmente ancha dos ollos.

eurisomía *s.f.* Forma corporal excesivamente ancha.

europio *s.m.* Metal do grupo das terras raras, de símbolo *Eu*, número atómico 63, e masa atómica 152.

eurritmia *s.f.* Pulso normal e regular.

eusplacnia *s.f.* Estado normal dos órganos e vísceras.

Eustaquio (conducto, trompa, válvula de) V. **conducto, trompa, válvula**.

eustaquite *s.f.* Inflamación da trompa de Eustaquio.

eutanasia *s.f.* 1. Morte natural sen sufrimento físico. 2. Conxunto de métodos para provocar unha morte sen sufrimento no marco dunha agonía ou no caso dunha enfermidade moi dolorosa ou irreversible.

eutaxia *s.f.* Disposición adecuada das distintas partes do corpo.

eutérmico -a *adx.* Que ten unha temperatura adecuada.

eutireose *s.f.* Estado de normal funcionamento da glándula tiroide. Tamén se di **eutiroidismo**.

eutiroidismo *s.m.* V. **eutireose**.

eutocia *s.f.* Parto ou nacemento normais, en contraposición a distocia.

eutonía *s.f.* Ton muscular normal.

eutópico -a *adx.* Que está normalmente situado.

eutricose *s.f.* Desenvolvemento normal do cabelo.

eutrofia *s.f.* Estado de nutrición adecuado.

euxenesia *s.f.* Conxunto de métodos destinados a mellora-lo patrimonio xenético da humanidade, dificultando a reprodución dos xenes considerados prexudiciais (euxenesia negativa), ou ben facilitando a dos xenes positivos (euxenesia positiva). Tamén se di **euxenía**.

euxenía *s.f.* V. **euxenesia**.

euxeria *s.f.* Boa vellez.

evacuación *s.f.* 1. Acto e efecto de baleirar ou evacuar. 2. Deposición ou dexección intestinal. 3. Saída natural ou artificial de material excrementicio ou patolóxico por calquera punto.

evanescente *adx.* 1. Que se esvae ou esvaece. 2. Efémero.

Evans, síndrome de V. **síndrome**.

evaxinación *s.f.* Saída dunha parte a través dunha vaíña que a envolve.

eventración *s.f.* 1. Saída ou herniación de vísceras fóra do abdome a través dunha cicatriz traumática ou cirúrxica. 2. Extracción das vísceras abdominais.

evolución *s.f.* 1. Proceso de cambio ou transformación progresiva que afecta a un fenómeno ou a un organismo. 2. Proceso de desenvolvemento dun órgano ou organismo mediante o cal estes adquiren maior complexidade, a través da diferenciación progresiva das súas partes constituíntes. 3. Fases consecutivas dunha enfermidade dende o seu comezo ó seu final.

evulsión *s.f.* Acto de arrincar algo.

Ewart, signo de V. **signo**.

Ewing, sarcoma de V. **sarcoma**.

ex- Prefixo gr. e lat. *ex* (fóra, fóra de).

exa- Prefixo usado para nomear unidades de medida equivalentes a 10¹⁸ veces a unidade designada pola raíz coa que se combina.

exacerbación *s.f.* Aumento da gravidade dun síntoma, dor ou evolución dunha enfermidade.

exaculación *s.f.* Emisión enérxica e súbita dun líquido, principalmente do seme. // **E. ante portas** Alteración da función sexual pola que a exaculación se produce de forma inesperada antes da introducción do pene na vaxina / **E. precoz** Alteración psíquica da función sexual consistente na emisión prematura do esperma durante o coito, aínda que a delimitación no tempo para definir unha exaculación como precoz é incerta. Denomínase tamén **e. prematura**. / **E. prematura** V. **e. precoz**. / **E. retardada** Alteración da función sexual que consiste en que a exaculación se produce despois da realización do coito, mediante masturbación ou polución nocturna.

exaculador -a *adx.* Que contribúe á exaculación. // **Conducto e.** Conducto espermático.

exaltación *s.f.* 1. Acto ou efecto de exaltar ou exaltarse. 2. Estado de ánimo e mental caracterizado por un aumento da afectividade e da ideación. 3. Aumento exaxerado da acción dun órgano ou sistema.

exame *s.m.* Indagación e observación por medio dos sentidos, con ou sen a utilización de aparellos, do estado dunha parte do corpo ou dun órgano.

exánime *adx.* 1. Que non dá sinal ningún de vida. 2. Que está extremadamente desfalecido.

exantema *s.f.* 1. Erupción cutánea. 2. Enfermidade na que as erupcións cutáneas son a súa principal característica. // **E. súbito**. Enfermidade infantil de orixe probablemente vírica (herpesvirus-6 humano), de curso agudo e curta duración, que afecta a lactantes e nenos de seis a dezaioito meses. Caracterízase por febre alta de tres ou catro días de duración que termina en forma de crise e vai seguida dunha erupción maculosa ou máculo-papulosa

no tronco que se estende posteriormente ós brazos e colo e desaparece en vinte e catro horas.

exantemático -a *adx.* 1. Das enfermidades que se manifiestan especialmente mediante un exantema. Tamén se di **exantematoso**. 2. Relativo ou pertencente ó exantema. 3. Da natureza do exantema.

exantematoso -a *adx.* V. **exantemático**.

exarterite *s.f.* Inflamación da capa externa das arterias.

exarticulación *s.f.* 1. Amputación dunha extremidade a nivel dunha articulación. 2. Extracción dunha parte dunha articulación.

excéntrico -a *adx.* 1. Que está situado ou que sucede fóra do centro. 2. Que ten hábitos fóra do corrente.

excerebración *s.f.* Extirpación do cerebro, principalmente nos fetos durante a realización dunha embriotomía.

excicloria *s.f.* Cicloria na que o polo superior do eixe vertical do ollo se desvía cara ó exterior, afastándose do nariz e achegándose á rexión temporal.

exciclotropía *s.f.* Ciclotropía na que o polo superior do eixe vertical do ollo se desvía cara ó exterior, afastándose do nariz e achegándose á rexión temporal.

excipiente *s.m.* Substancia terapeuticamente inerte utilizada nas preparacións farmacolóxicas para proporcionar-lles consistencia e volume, facilitando deste xeito a súa administración.

excisión *s.f.* V. **escisión**.

excitabilidade *s.f.* Facultade dun sistema ou tecido de responder a un estímulo.

excitación *s.f.* 1. Acción e efecto de excitar ou excitarse. Tamén se di **activación**. 2. Activación do funcionamento dun órgano ou aparello. Tamén se di **estimulación**. 3. Estado de aceleración da actividade normal dalgunha función.

exclusión *s.f.* Operación consistente en afastar unha parte dun órgano do resto do mesmo, pero sen chegar a extirpala do corpo.

excocleación *s.f.* Raspado dunha cavidade. Tamén se di **legrado**, **raspado**.

excrecencia *s.f.* Tumor que sobresaé na superficie dun órgano, especialmente os localizados na pel ou nas mucosas.

excreción *s.f.* 1. Acción de expulsar das células vivas os produtos tóxicos ou innecesarios para a súa actividade biolóxica. 2. Expulsión dos devanditos produtos fóra do organismo por parte dos órganos excretorios. 3. Vertedura dos produtos de segregación dunha glándula, ou dun órgano onde estean almacenados. 4. A propia substancia expulsada ou segregada.

excremento *s.m.* Materia fecal produto da dixestión dos alimentos e substancias. Tamén se di **feces**. // **E. recremencio** Humor que, segregado previamente nunha

glándula, é en parte reabsorbido con posterioridade, como sucede co leite, o cuspe ou as bágoas.

excursión *s.f.* Movemento dunha parte móbil dende a súa posición de repouso.

excección *s.f.* V. **dexección**.

excéfalo *s.m.* Monstro fetal que presenta un cranio anormal e a masa encefálica por fóra do mesmo.

exencefalocele *s.f.* Hernia cerebral.

exenteración *s.f.* Extirpación cirúrxica dos órganos internos, principalmente do intestino.

exenterite *s.f.* Inflamación da cuberta de peritoneo do intestino.

exercicio *s.m.* 1. Acción de pór en movemento activo todo o corpo ou unha parte do mesmo. 2. Práctica dunha profesión.

exérese *s.f.* Extirpación cirúrxica dun órgano, unha parte ou un corpo estraño.

exesta *s.f.* Materia expulsada ou excretada. Tamén se di **excremento**.

exfoliación *s.f.* Desprendemento a xeito de escamas ou láminas dunha parte ou órgano, principalmente das capas superficiais da epiderme.

exhalación *s.f.* 1. Acción e efecto de exhalar, de despedir gases, vapores ou olores pola superficie da pel ou polos pulmóns. 2. Os mesmos gases, vapores ou olores exhalados.

exhausto -a *adx.* Falto de forzas, esgotado en extremo.

exhemia *s.f.* Depósito anómalo de sangue no espacio intersticial, quedando desta maneira excluída da circulación.

exhibicionismo *s.m.* 1. Perversión da conducta sexual na que o individuo obtén pracer da exhibición de partes do seu corpo, especialmente dos órganos xenitais. 2. Conducta pola que ó individuo lle gusta chama-la atención sobre si mesmo.

exhibicionista *s.* Persoa adicta ó exhibicionismo.

exhumación *s.f.* Acción de tirar da terra un cadáver.

exicose *s.f.* Estado morbosos causado por unha insuficiente inxestión de auga polo organismo.

exilopía *s.f.* Úlcera consecutiva a un absceso no ángulo interno do ollo.

existencia *s.f.* 1. Feito de ser, de posuír unha realidade. 2. Por antonomasia, a vida humana.

exitus (lat.) *s.m.* 1. Saída. 2. Morte

exo- Prefixo do gr. *éxo* (fóra).

exocardia *s.f.* Desprazamento ou posición anormal do corazón.

exocataforia *s.f.* Anomalía na que os eixes visuais xiran cara a abaixo e ó exterior, afastándose do polo nasal e achegándose ó temporal.

exoceloma *s.m.* Porción do celoma que está situada na rexión extraembrionaria.

exocervicite *s.f.* Inflamación da superficie externa do colo do útero.

exocitose *s.f.* 1. Expulsión por parte das células de partículas de tamaño grande que non poden difundir a través da parede celular, oposto á endocitose.

exocolite *s.f.* Inflamación da capa externa ou serosa do colon.

exócrino -a *adx.* Relativo á segregación externa das glándulas, oposto a endócrino.

exoderma *s.m.* V. **ectoderma**.

exodoncia *s.f.* 1. Rama da odontoloxía que trata da extracción dos dentes. 2. A propia extracción dunha peza dental.

exoenzima *s.f.* Enzima que actúa fóra da célula na que se produce.

exoflebite *s.f.* Inflamación da capa externa das veas.

exoftalmía *s.f.* Proxección anormal cara ó exterior do globo ocular. Tamén se di **exoftalmo**.

exoftalmo *s.m.* V. **exoftalmía**.

exoftalmómetro *s.m.* V. **estatómetro**.

exogamia *s.f.* Fecundación propia dos protozoarios mediante a unión de elementos que non proceden da mesma célula.

exogastrite *s.f.* Inflamación da capa externa ou serosa do estómago.

exometrite *s.f.* Inflamación da superficie externa ou peritoneal do útero.

exónfalo *s.m.* Hernia umbilical conxénita.

exonuclease *s.f.* Calquera das hidrolases que catalizan a hidrólise dos enlaces finais dunha cadea de desoxirribonucleótidos ou ribonucleótidos liberando como consecuencia un mononucleótido.

exopeptidase *s.f.* Hidrolase que cataliza a hidrólise dos enlaces finais das cadeas peptídicas, liberando como consecuencia un só aminoácido.

exosmose *s.f.* Osmose que sucede de dentro a fóra dunha superficie.

exospora *s.f.* Espora esóxena que se forma no exterior doutra célula ou aparello esporífero, e non dentro dun esporanxio.

exosqueleto *s.m.* 1. Esqueleto externo superficial dalgúns invertebrados que é un produto cuticular do ectoderma, como a cutícula superficial dos anélidos, esqueleto de artrópodos, cunchas dos moluscos, etc. 2. Diversas partes

duras da epiderme dos vertebrados, como pelos, unllas, etc.

exostose *s.f.* Crecemento óseo benigno situado na superficie dos ósos e que está normalmente cuberto de cartilaxe. // **E. cartilaxinosa** Osteocondroma. / **E. hereditaria múltiple** Exostose múltiple. / **E. múltiple** Doenza hereditaria con exostoses localizadas no extremo das diáfises dos ósos longos.

exotelioma *s.m.* V. **meninxíoma**.

exotoxina *s.f.* V. **ectotoxina**.

exotropía *s.f.* Estrabismo diverxente.

expansor *adx.* Que ten a propiedade de expandir algo. // **E. do plasma** Grupo de substancias naturais ou sintéticas usadas como substitutas do plasma sanguíneo, que actúan aumentando o volume do mesmo e teñen a propiedade de reter líquido no interior do sistema vascular e de atraelo desde o espazo intersticial ó sangue, polo que aumentan máis a volemia do que o faría o simple volume de substancia administrada.

expectoración *s.f.* 1. Acción da expulsión por medio da tose dos materiais mucosos contidos nas vías respiratorias. 2. A mesma materia expulsada na expectoración. Tamén se di **esputo**, **esgarro**.

expectorante *adx.* 1. Que provoca expectoración. // *s.m.* 2. Medicamento que favorece a expulsión por expectoración das mucosidades do interior das vías respiratorias inferiores.

experimentación *s.f.* 1. Acción consistente na realización de experimentos. 2. Método científico de investigación que se basea na realización de experimentos.

experimental *adx.* Relativo ou pertencente á experimentación.

experimento *s.m.* Determinación, provocación ou observación dun fenómeno como medio de investigación científica.

expiración *s.f.* 1. Acto de bota-lo aire dos pulmóns no segundo tempo da respiración. 2. Este segundo tempo da respiración.

expirador *adx.* Dos músculos do tórax que interveñen na expiración.

exploración *s.f.* Investigación ou exame realizado para avalia-lo estado dun órgano ou sistema corporal.

expresión *s.f.* Signos exteriores, especialmente da cara, cos que se amosa un estado físico ou anímico.

expresividade *s.f.* Grao no que se manifesta un efecto ou defecto xenético.

expulsión *s.f.* Evacuación do contido dun órgano ou conducto mediante a acción dos mecanismos de contractilidade dos mesmos.

exquisito -a *adx.* Que é moi fino, agudo, cortante ou punzante, en especial referido á dor.

exsangüe *adx.* 1. Que perdeu o sangue. 2. Exhausto, sen forzas.

exsanguinotransfusión *s.f.* Substitución parcial ou total do sangue dun doente pola mesma cantidade de sangue doutro ou outros individuos.

exsudación *s.f.* 1. Saída por zumegamento dun humor do vaso ou resorvorio onde estea contido. 2. O propio humor exsudado.

exsudado *s.m.* Humor segregado pola exsudación dos vasos sanguíneos e que se deposita no intersticio dos tecidos ou nas cavidades das serosas.

éxtase *s.m.* Estado mental pasaxeiro de contemplación fixa, con exaltación mental e ausencia de movemento e sensibilidade, durante o que se experimenta unha intensa alegría, sendo o obxecto deste estado xeralmente de natureza relixiosa ou erótica. Algúns consideran o éxtase como unha manifestación histórica.

extensión *s.f.* 1. Movemento mediante o que os extremos dunha parte articulada ou as partes que constitúen un membro se separan entre si, tendendo á coloca-la parte estendida en posición máis ou menos recta, oposto á flexión. 2. Manobra mediante a que se colocan en liña recta os extremos dun óso fracturado ou luxado. 3. Porción de espazo ocupada por un corpo. 4. Preparación dun tecido adecuado ou líquido orgánico a xeito dunha delgada capa que se coloca sobre un portaobxectos para examinala cun microscopio. // **E. continua** Método de tratamento das fracturas dos membros, principalmente aplicado no fémur, para previ-lo acurtamento das extremidades mediante unha tracción exercida sobre o membro fracturado cun aparello constituído por férulas aplicadas ás partes implicadas e pesas que tiran da extremidade.

extensor *adx.* Que estende ou fai que se estenda unha cousa, especialmente diversos músculos con función extensora das partes nas que se insiren.

extenuación *s.f.* Situación na que existe un grao extremado de cansazo.

extenuado -a *adx.* Que padece extenuación.

exterior *adx.* 1. Que está situado fóra de algo. 2. Dos movementos das partes que se afastan do eixe central do corpo, ou das zonas do organismo que están situadas cara ó exterior do corpo con respecto a outra interior.

exteriorización *s.f.* 1. Exposición temporal dun órgano ou parte del ou un tumor fóra do corpo. 2. Formación dunha referencia correcta mental dun obxecto visto. 3. En psiquiatría, proxección cara ó exterior, dos seus pensamentos ou intereses por parte dun individuo.

externo -a *adx.* 1. Que está situado ou que ocorre fóra de algo. 2. Das partes anatómicas situadas cara ó exterior do corpo con respecto a outras localizadas na parte media do mesmo; hoxe téndese a denominalas máis exactamente como laterais. // *s.m.* 3. Estudante de medicina ou

médico que asiste ós doentes dun hospital, pero que non é residente do mesmo.

exteroceptor *s.m.* Terminacións nerviosas sensitivas situadas na pel e nas mucosas, que se excitan por estímulos procedentes do ambiente externo.

exteroactivo -a *adx.* Das estruturas que responden a estímulos externos, concretamente ó sistema cerebrospinal.

extinción *s.f.* Supresión, desaparición ou cesamento da actividade dun fenómeno, principalmente do lume ou de estímulos luminosos.

extirpación *s.f.* 1. Acción e efecto de extirpar. 2. Separación completa dunha parte ou órgano mediante cirurxía.

extorsión *s.f.* Torsión cara ó exterior de algo.

extra- Prefixo do lat. *extra* (fóra, máis alá de).

extraarticular *adx.* Que está situado ou que ocorre fóra dunha articulación.

extrabronquial *adx.* Que está situado ou que sucede fóra dos bronquios.

extrabucal *adx.* Que está localizado ou que sucede fóra da boca.

extrabulbar *adx.* Que está localizado ou que sucede fóra dun bulbo, especialmente o bulbo da raque.

extracapsular *adx.* Que está localizado ou que sucede fóra dunha cápsula.

extracardiaco -a *adx.* Que está localizado ou que sucede fóra do corazón.

extracarpiano -a *adx.* Que está localizado ou que sucede fóra do corpo.

extracción *s.f.* 1. Acción e efecto de extraer. 2. Separación dunha substancia do composto do que forma parte. 3. Operación cirúrxica consistente en retirar ou arrincar un corpo estraño, unha substancia ou calquera elemento patolóxico do organismo.

extracelular *adx.* Que está ou que sucede fóra das células.

extracístico -a *adx.* Que está ou que sucede fóra da vesícula biliar ou da vexiga urinaria.

extracorporal *adx.* Que está situado ou que sucede fóra do corpo. Tamén se di **extracorpóreo**. // **Circulación e.** Conxunto de técnicas utilizadas para libra-lo corazón da súa función como bomba impulsora do sangue mentres se realizan sobre este intervencións cirúrxicas. Basicamente os sistemas que utilizan esta técnica constan dunha serie de elementos que deben de extrae-lo sangue venoso do corazón, osixenalo e introduci-lo de novo no sistema arterial.

extracorpóreo -a *adx.* V. **extracorporal**.

extracorpúscular *adx.* Que está ou que sucede fóra dun corpúsculo.

extracranial *adx.* Que está localizado ou que sucede fóra do cranio.

extracto *s.m.* Preparación que se obtén dunha disolución de orixe vexetal ou animal sometida a disolventes e evaporando posteriormente a auga ata obter unha concentración determinada. // **E. de fígado** Extracto que se obtén do fígado fresco de animais, e que se utiliza no tratamento da anemia perniciososa. / **E. placentario** Extracto obtido de placentas humanas. / **E. suprarrenal** Principio activo procedente das glándulas suprarrenais, ten propiedades como vasoconstrictor local e como tónico cardíaco. V. **adrenalina**

extractor *s.m.* Aparello utilizado para extraer cálculos ou corpos estraños das cavidades ou dos tecidos. // **E. de baleiro** Aparello extractor utilizado no parto, consiste nunha campá de metal que se aplica á cabeza do neno, un tubo de succión cunha cadea no seu interior que vai enganchada á campá. O neno extráese facendo o baleiro no tubo ó tempo que se tracciona da cadea.

extradural *adx.* V. **epidural**.

extraembrionario -a *adx.* Que, sendo produto da concepción, non forma parte do propio embrión, como as membranas extraembrionarias ou o celoma extraembrionario.

extrahepático -a *adx.* Que está situado ou sucede fóra do fígado.

extralobular *adx.* Situado ou que sucede fóra dun lóbulo calquera.

extramastoidite *s.f.* Inflamación da superficie externa da mastoide e dos tecidos do arredor.

extramedular *adx.* Que está situado ou que sucede fóra do tecido medular, especialmente da medula espiñal.

extramural *adx.* Que está situado ou que sucede fóra da parede dun órgano.

extranuclear *adx.* Que está ou que sucede fóra dun núcleo, especialmente dun núcleo celular.

extraparenquimatoso -a *adx.* Que está ou que sucede fóra do parénquima dun órgano.

extrapelviano -a *adx.* Que está situado ou sucede fóra da pelve. Tamén se di **extrapélvico**.

extrapélvico -a *adx.* V. **extrapelviano**.

extraperitoneal *adx.* Que está situado ou que sucede fóra do peritoneo.

extrapiramidal *adx.* Relativo ou pertencente ó sistema ou ás vías extrapiramidais. // **Sistema e.** V. **sistema** / **Vía e.** V. **vía**.

extraplacentario -a *adx.* Que está situado ou que sucede fóra da placenta.

extrapleural *adx.* Que está situado ou que sucede fóra da pleura.

extrapulmonar *adx.* Que está situado ou que sucede fóra dos pulmóns.

extraselar *adx.* Que está situado ou que sucede fóra da sela turca do esfenoido.

extraseroso -a *adx.* Que está fóra dunha cavidade serosa.

extrasístole *s.f.* Contracción prematura das aurículas, dos ventrículos ou de todo o corazón, que ten lugar independentemente do ritmo cardíaco normal, e que se produce por un estímulo que comeza nun sitio diferente do nódulo sinoauricular. Denomínase tamén **latexo prematuro**. // **E. auricular** Aquela na que o estímulo nace na aurícula, pero nun sitio distinto do nódulo sinusal. / **E. auriculo-ventricular** Extrasístole que se orixina por un impulso nacido no nódulo auriculoventricular. / **E. infranodal** Extrasístole ventricular. / **E. nodal** Extrasístole auriculoventricular. / **E. retrógrada** Extrasístole nacida no corazón e transmitida ás aurículas en dirección ascendente, xeralmente a través das ramas do feixe de His. / **E. ventricular** Aquela na que o estímulo que orixina a extrasístole está situado nun ventrículo.

extrasistolia *s.f.* Alteración do ritmo cardíaco normal caracterizada pola presenza de extrasístoles.

extrasomático -a *adx.* Que está situado fóra do corpo ou que non ten relación con el.

extratimpánico -a *adx.* Que sucede ou está situado fóra da caixa do tímpano.

extrauterino -a *adx.* Que sucede ou que está situado fóra do útero.

extravaxinal *adx.* Que está situado ou que sucede fóra da vaxina ou dunha vaxina ou cuberta.

extravasación *s.f.* Escape dun humor dos vasos ou vías onde está normalmente.

extravascular *adx.* Situado ou que sucede fóra dos vasos, especialmente dos sanguíneos.

extraventricular *adx.* Que está situado ou que sucede fóra dos ventrículos, especialmente pertencentes ó corazón.

extraxenital *adx.* Que está situado ou que sucede fóra dos órganos xenitais, xeralmente referidos ós chancros sifilíticos ou lesións normalmente situadas nesa zona, cando non se atopan nela.

extremidade *s.f.* 1. Extremo dunha cousa. 2. Membro. // **E. inferior** Perna. / **E. superior** Brazo.

extrínseco -a *adx.* Que se produce ou se orixina no exterior do órgano ou da parte na que se atopa.

extrofia *s.f.* Anormalidade conxénita na formación dun órgano interno, principalmente os ocos, pola que ten parte da súa superficie interna ó descuberto. // **E. vesical** Deformidade conxénita causada pola falla de desenvolvemento da parede do abdome e da parede anterior da vexiga urinaria, que ocasiona que a cara interna da parede posterior deste órgano saia á vista na rexión anteroinferior do abdome. Tamén se di **ectopociste**.

extroversión *s.f.* 1. Versión ó exterior dun órgano. Tamén se dí **extrofia**. 2. Orientación cara ó exterior da actividade psíquica dunha persoa.

exuberante *adx.* Que amosa unha proliferación excesiva ou do que é moi abundante.

exumbilicación *s.f.* 1. Hernia umbilical. 2. Embigo excesivamente protuberante.

F

F 1. Símbolo químico do fluor. 2. Abreviatura dos graos Fahrenheit

faba *s.f.* 1. Planta da familia das leguminosas con froito e vaíña comestibles, que corresponde á especie *vicia faba*, da familia das papilionáceas. 2. Froito desa planta. 3. Tumor que se forma no gando cabalar detrás dos dentes incisivos. // **F. do Calabar** Semente velenosa da *Physostigma venenosum*, planta leguminosa que se atopa en África occidental, que ten nos alcaloides fisostigmina ou eserina e na calabarina os seus principios activos. Posúe propiedades mióticas, antiespasmódicas e depresivas. Utilízase nalgunhas doenzas do sistema nervioso e como estimulante nas bronquites e na atonía do intestino.

fabela *s.f.* Fibrocartilaxe sesamoide que nalgunhas ocasións se pode atopar nos músculos xemelgos e no músculo sóleo.

fabismo *s.m.* Enfermidade endémica da Sardeña e tipicamente mediterránea, caracterizada pola produción de fenómenos de hemólise trala inxestión da variedade de fabas *Vicia faba* por parte de suxeitos con deficiencia do enzima glicosa-6-fosfato deshidroxenase.

Fabry, enfermidade de V. enfermidade.

fabulación *s.f.* Tendencia morbosa á esaxeración constante ou á mentira.

face *s.f.* Rostro, cara dunha persoa. Tamén se di **faciana**.

faceta *s.f.* Cara ou área de pequeno tamaño que constitúe unha superficie plana, con frecuencia destinada a articular ósos, ou ben situada no exterior dos propios ósos formando parcelas para a inserción de músculos ou ligamentos. // **F. auricular** Superficie plana con forma de orella localizada no óso coxal e que se articula con outra faceta homónima do sacro.

facetectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica dunha faceta articular.

facial *adx.* 1. Que está relacionado ou que pertence á cara. // *s.f.* 2. Arteria, rama da carótida externa con distribución na cara e na farinxe. // *s.m.* 3. Nervio que conforma o VII par cranial.

faciana *s.f.* V. **face**.

facies *s.f.* 1. Superficie anterior da cabeza dende a fronte ó queixo, ámbolos dous incluídos. 2. Superficie específica dunha estrutura corporal, dunha parte ou dun órgano. 3. Aspecto ou expresión característica que adquire a cara en diferentes estados patolóxicos. // **F. adenoide** Expresión facial característica dos nenos con vexetacións adenoideas. Caracterízase esencialmente pola boca aberta e certa expresión de imbecilidade. / **F. cianótica** Aspecto da cara con coloración azulada, especialmente nos labios, típica das broncopneumopatías crónicas e da insuficiencia cardíaca dereita. / **F. de lúa chea** Cara inchada e arredondada característica do mixe-dema. Tamén se di **facies lunar**. / **F. febril** Aspecto da cara coas meixelas rosadas e a pel brillante, típico dos cadros febrís. / **F. leonina** Aspecto da cara que semella a dos leóns, típica especialmente na lepra lepromatosa e en certos casos de erisipela. / **F. lunar** V. **f. de lúa chea**. / **F. mongólica** Cara con trazos xerais característicos das razas mongólicas e propia dalgunhas enfermidades, especialmente da síndrome de Down. / **F. sardónica** Ricto facial característico do tétano e da tetania, caracterizado por rixidez causada por espasmo da musculatura facial e trismo. V. **riso sardónico**.

facioplastia *s.f.* Cirurxía plástica da cara.

facioplexía *s.f.* Parálise facial.

fac- Prefixo do gr. *phakós* (de forma lenticular).

facioanafilaxia *s.f.* Hipersensibilidade ás proteínas do cristalino que se produce cando escapa material da cápsula do mesmo.

facocele *s.f.* Hernia ou desprazamento do cristalino.

facocistectomía *s.f.* Extirpación dunha porción da cápsula do cristalino na cirurxía das cataratas.

facocistite *s.f.* Inflamación da cápsula do cristalino. Tamén se di **facohimenite**.

facocisto *s.m.* Cápsula do cristalino.

facioemulsificación *s.f.* Método para extrae-las cataratas mediante a fragmentación do cristalino con vibracións de ultrasóns e posterior aspiración.

facoérese *s.f.* Método de Barraquer para extrae-las cataratas cun erisífacio.

facohimenite *s.f.* Facocistite.

facólise *s.f.* Disección do cristalino e posterior extracción realizada na corrección de miopías graves.

facoma *s.m.* Calquera dos tumores hamartomatosos que se poden atopar nas facomatoses.

facomalacia *s.f.* Amolecemento anómalo do cristalino.

facomatose *s.f.* Enfermidade hereditaria e conxénita do desenvolvemento, que afecta a tecidos de orixe ectodérmica e cursa coa formación de hamartomas gliais (facomas) nos devanditos tecidos. Dentro deste grupo de enfermidades as principais son: a esclerose tuberosa, a neurofibromatose, a síndrome de Sturge-Weber, a enfermidade de von Hippel-Lindau e a ataxia-telanxiectasia.

facometacorese *s.f.* Desprazamento do cristalino da súa posición normal.

facómetro *s.m.* 1. Aparello que permite medi-la capacidade de refrinxencia do cristalino. 2. Aparello que permite medi-la capacidade dióptrica das lentes dos antellos.

facoplanese *s.f.* Mobilidade anormal do cristalino.

facosclerose *s.f.* Endurecemento anormal do cristalino.

facoscopio *s.m.* Aparello que permite ve-los cambios de acomodación do cristalino.

facoscotoma *s.m.* Escurecemento do cristalino.

facticio -a *adx.* Artificial ou non natural, especialmente aplicado a certas doenzas cando son producidas polo propio paciente de xeito voluntario.

factor *s.m.* Calquera das diversas substancias ou elementos necesarios para obter un resultado. // **F. acelerador** Factor V da coagulación ou proacelerina. / **F. activador das plaquetas** Substancia liberada polos basófilos e os mastocitos nas reaccións de hipersensibilidade inmediata, e polos macrófagos e os neutrófilos noutras reaccións inflamatorias. / **F. antihemorráxico** Vitamina K. / **F. antineurítico** Vitamina B₁. / **F. antinuclear** Calquera dos diversos anticorpos dirixidos contra compoñentes do núcleo celular que se poden atopar en distintas enfermidades autoinmunes, esencialmente nas colaxenoses. / **F. antipelagra** Ácido nicotínico. / **F. antixerótico** Vitamina A. / **F. citrovorum** Ácido fólico, forma activa do ácido fólico. / **F. de activación** ou **activador** Factor II da coagulación ou protrombina. / **F. de risco** Característica dun individuo ou acontecemento epidemiolóxico que se relaciona coa posterior aparición dunha determinada enfermidade. / **F. extrínseco** Cianocobalamina ou vitamina B₁₂, relacionada inicialmente co factor intrínseco de Castle. / **F. intrínseco de Castle** Proteína segregada na mucosa gástrica, que permite a absorción intestinal da vitamina B₁₂. / **F. LE** Inmunoglobulina que reacciona cos núcleos dos leucocitos e que se atopa no soro dos enfermos con lupus eritematoso diseminado. / **F. libe-**

rador de histamina Linfocina que produce a degranulación dos linfocitos. / **F. liberadores** Factores que teñen como acción promove-la liberación de hormonas; especialmente os que liberados no hipotálamo favorecen a liberación das hormonas da adenohipófise. / **F. nefrítico C3 (C3 NeF)** Autoanticorpo que actúa contra a convertase da vía alternativa do sistema do complemento; atópase no soro de enfermos con glomerulonefrite membrano-proliferativa de tipo II. / **F. plaquetario** Factores implicados no proceso de coagulación do sangue e que se atopan dentro ou están fixados ás plaquetas. O factor plaquetario 1 é o factor V plasmático da coagulación; o factor plaquetario 2 é unha proteína plasmática que actúa como acelerador da reacción trombina-fibrinóxeno; o factor plaquetario 3 intervén na activación intrínseca da protrombina; o factor plaquetario 4 ou antiheparínico, inhibe a acción da heparina e precipita o fibrinóxeno. / **F. plasmático da coagulación** Cada unha das substancias plasmáticas que interveñen no proceso da coagulación sanguínea. Coa excepción do factor IV, que é o calcio, o resto son proteínas. Tipicamente fálase de trece factores, que son: factor I: fibrinóxeno; factor II: protrombina, factor III: tromboplastina hística; factor IV: calcio; factor V e VI: proacelerina ou factor lábil; factor VII: proconvertina; factor VIII: factor antihemofílico A; factor IX: factor antihemofílico B, factor Christmas ou PTC (compoñente plasmático da tromboplastina); factor X: factor Stewart-Power; factor XI: factor antihemofílico C, de Rosenthal ou PTA (antecedente tromboplastínico do plasma); factor XII: factor de Hageman; factor XIII: Factor estabilizante da fibrina (FSF). / **F. reumatoide** Autoanticorpos dirixidos contra determinantes antixénicos da rexión Fc das IgG, que se atopan esencialmente en moitos enfermos de artrite reumatoide e tamén doutras colaxenoses. / **F. rh** ou **Rhesus** Aglutinóxeno que se atopa na membrana dos glóbulos dos monos do xénero *Rhesus*, e tamén no 85% dos individuos humanos, que se denominan por iso Rh-positivos.

facultade *s.f.* 1. Aptitude, física ou mental. 2. Corpo de profesores dunha ciencia ou carreira que se ensina na universidade e, por extensión, tamén o edificio que acolle os devanditos estudos.

facultativo -a *adx.* 1. Que é voluntario ou opcional e non obrigado. // *s.m.* 2. Médico ou cirurxián.

fago *s.m.* Virus que se reproduce nas bacterias, bacteriófago.

fagocitario -a *adx.* Relativo ós fagocitos ou que está producido por eles. Tamén se di **fagocítico**.

fagocítico -a *adx.* V. **fagocitario**.

fagocito *s.m.* Célula que ten a propiedade de inxerir partículas de materia de calquera natureza.

fagocitoblasto *s.m.* Célula da que se orixina un fagocito.

fagocitolise *s.f.* Lise ou destrucción dos fagocitos.

fagocitose *s.f.* Fenómeno polo que se produce a endocitose e destrución de partículas por parte dos fagocitos.

fagomanía *s.f.* 1. Anomalía psíquica caracterizada porque o suxeito que a padece ten unha fame insaciable. 2. Obsesión polas cuestións gastronómicas.

fagopirismo *s.m.* Estado de hipersensibilidade para algúns alimentos, de xeito que a súa inxestión determina síntomas de intoxicación.

fagopirose *s.f.* Pirose consecutiva á inxestión de alimentos.

fagosoma *s.m.* Vexiga introcitoplasmática rodeada de membrana celular que aparece nos fagocitos e que se forma pola invaxinación da membrana celular e do material fagocitado pola célula.

fala *s.f.* 1. Facultade de expresión mediante as palabras e xeito normal ou patolóxico de facelo. 2. Acción e efecto de falar.

falanxe *s.f.* Pequeno óso longo constituínte dos dedos das mans ou dos pés, numerándose como primeiras ás que están a carón do carpo ou do tarso, segundas ás intermedias entre as primeiras e as terceiras e terceiras ás situadas no extremo distal dos dedos. // **F. distal** Terceira falanxe. / **F. media** Segunda falanxe. / **F. proximal** Primeira falanxe.

falanxectomía *s.f.* Amputación cirúrxica dunha falanxe.

falanxeta *s.f.* Terceira falanxe ou falanxe distal.

falanxiña *s.f.* Falanxe segunda ou media.

falanxite *s.f.* Inflamación dunha ou máis falanxes.

falciforme *adx.* Que ten forma semellante a unha fouce.

falcografía *s.f.* Exploración radiolóxica da fouce do cerebro mediante a inxección dunha substancia de contraste no seo lonxitudinal do mesmo.

falectomía *s.f.* Amputación cirúrxica do pene.

fálico- a *adx.* Relativo ou pertencente ó pene ou fallo.

Fallot, enfermidade, pentaloixía, triloxía, tetraloxía de V. enfermidade, pentaloixía, tetraloxía e triloxía.

falo *s.m.* Pene, membro sexual masculino.

falocampse *s.f.* Curvatura do pene en erección.

faloidina *s.f.* Veneno propio do cogumelo *Amanita phalloides*. Trátase dun polipéptido composto de sete aminoácidos, termoestable, extremadamente tóxico e de acción rápida, que orixina astenia, diarrea, convulsións e morte. Un único exemplar do devandito cogumelo pode causa-la morte a unha persoa.

Falopio, acueducto, hiato, ligamento, trompa de V. acueducto, hiato, ligamento e trompa.

faloplastia *s.f.* Cirurxía plástica do pene.

falso -a *adx.* Aparente pero non real, xeralmente que semella o xenuíno pola súa aparencia. // **F. negativo** 1. Resultado dunha proba que descarta equivocadamente un

individuo dunha categoría diagnóstica ou doutra índole á que realmente pertence. 2. O propio individuo clasificado como falso negativo. / **F. positivo** 1. Resultado dunha proba que asigna equivocadamente un individuo a unha categoría diagnóstica ou doutra índole á que realmente non pertence. 2. O propio individuo clasificado como falso positivo. / **F. vía** Accidente producido durante a realización dunha sondaxe ou dun cateterismo ó se introduci-la sonda utilizada a través da parede do conducto polo que discorre penetrando nos tecidos veciños.

falx *s.f.* Voz latina utilizada na denominación dalgunhas estruturas anatómicas con forma de fouce. // **F. cerebelli** Pregadura da duramáter que separa os hemisferios do cerebelo. / **F. cerebri** Fouce do cerebro, pregadura da duramáter que, introducíndose pola cisura lonxitudinal, separa os hemisferios do cerebro.

fame *s.f.* 1. Sensación interna que indica a necesidade de inxerir alimentos. 2. Apetencia dalgunha cousa.

familia *s.f.* 1. Grupo de individuos que descenden dun antecesor común. 2. Subdivisión taxonómica subordinada a unha orde e inmediatamente superior á tribo ou subfamilia.

familiar *adx.* 1. Relativo á familia. 2. Relativo á enfermidade ou ó carácter que afecta a algúns dos membros dunha familia de xeito máis frecuente do que correspondería polo azar.

Fanconi, enfermidade de V. enfermidade.

faneromanía *s.f.* Atención obsesiva ou anormalmente persistente sobre unha excrecencia corporal como as verrugas ou as unllas por parte dun individuo.

faneroscopia *s.f.* Exame da pel cun faneroscopio.

faneroscopio *s.m.* Aparello destinado a ilumina-la pel coa finalidade de facela translúcida para o seu exame.

fantascopio *s.m.* Aparello que facilita a converxencia dos ollos coa finalidade de poder observar certos fenómenos da visión binocular.

fantasía *s.f.* 1. Percepción ilusoria dun obxecto inexistente. 2. Construción mental imaxinaria que se produce nun individuo e pode ter diversas formas de presentación, a xeito de soños diurnos ou como estruturas inconscientes subxacentes a contidos manifestos. Na psicanálise considérase que representan a realización dun desexo inconsciente.

fantasma *s.m.* Imaxe ou figura imprecisa ou sombreada que carece da consistencia característica da realidade. // **Eritrocito f.** Membrana residual dun eritrocito que permanece enteira despois da morte celular.

fantasmatomía *s.f.* Demencia caracterizada pola presenza de ilusións absurdas.

faquite *s.f.* Inflamación do cristalino. Tamén se di **lentite**.

farad *s.m.* Faradio, na nomenclatura internacional.

faraday *s.m.* Unidade de medida eléctrica equivalente á cantidade de electricidade necesaria para depositar un

equivalente-gramo dun elemento durante a electrólise. Equivale a 96510 culombios.

faradio *s.m.* Unidade de capacidade eléctrica no Sistema Internacional (SI), equivalente á capacidade dun condensador que cargado con 1 culombio produce unha diferenza de potencial de 1 volt.

Farber, enfermidade de V. enfermidade.

farcinoma *s.m.* Tumor do mormo.

farcinose *s.f.* Mormo, especialmente o cutáneo.

fariña *s.f.* Po resultante de moer-lo gran, xeralmente dos cereais e das leguminosas.

fariñento -a *adx.* Que ten natureza ou aparencia semellante á fariña.

faringalxia *s.f.* Dor da farinxe. Tamén se di **faringodinia**.

faringo- Prefixo que denota relación coa farinxe.

faringoamigdalite *s.f.* Inflamación da farinxe e das amígdalas.

faringocele *s.f.* Formación herniaria dunha porción da farinxe.

faringodinia *s.f.* V. **faringalxia**.

faringoepiglótico -a *adx.* Relativo á farinxe e á epiglote.

faringoesofáxico -a *adx.* Relativo á farinxe e ó esófago.

faringolarínxeo -a *adx.* Relativo á farinxe e á larinxe.

faringolarinxite *s.f.* Inflamación da farinxe e a larinxe.

faringomaxilar *adx.* Relativo á farinxe e ó óso maxilar.

faringomicose *s.f.* Enfermidade da farinxe producida por fungos.

faringopalatino -a *adx.* Relativo á farinxe e ó padal.

faringopatía *s.f.* Doenza da farinxe.

faringoplastia *s.f.* Operación plástica da farinxe.

faringoplexía *s.f.* Parálise dos músculos da farinxe.

faringorraxia *s.f.* Hemorragia da farinxe.

faringorrinite *s.f.* Inflamación rino-farinxe ou nasofarinxe.

faringostenose *s.f.* Estreitura da luz da farinxe.

faringostomía *s.f.* Creación dunha abertura artificial na farinxe.

faringotomía *s.f.* Incisión cirúrxica da farinxe.

faringótomo *s.m.* Aparello cirúrxico utilizado para a realización dunha faringotomía.

faringotonsilite *s.f.* Faringoamigdalite.

faringoxerose *s.f.* Sequidade da farinxe.

farinxe *s.f.* Conducto musculomembranoso situado entre a boca, as coanas, a larinxe e o esófago e que ten a función de conducir-lo aire cara ás vías respiratorias inferiores e os alimentos ó aparello dixestivo.

farinxectasia *s.f.* Dilatación anormal da farinxe.

farinxectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica dunha parte da farinxe.

farinxismo *s.m.* Espasmo muscular da farinxe.

farinxite *s.f.* Inflamación da farinxe. // **F. aguda** Inflamación debida xeralmente ó arrefriamento e caracterizada pola dor, principalmente manifestada como disfaxia, sequidade e conxestión da mucosa. / **F. atrófica** Farinxite crónica con atrofia do tecido subcutáneo. / **F. crónica** A consecutiva a episodios repetidos de farinxite aguda ou ben a procesos crónicos que afectan a este órgano. / **F. flegmonosa** Farinxite con formación posterior dun flegmón ou absceso na farinxe. / **F. membranosa** Farinxite con presenza de exsudado fibrinoso e formación de falsas membranas.

farmacéutico -a *adx.* 1. Relativo á farmacia. // *s.* 2. Persoa licenciada en farmacia.

farmacia *s.f.* 1. Ciencia que se ocupa da preparación dos fármacos e das súas formas de administración. 2. Local onde se preparan e expenden fármacos.

farmaco- Forma prefixa do gr. *phármakon*, (medicamento ou droga).

fármaco *s.m.* Produto con propiedades medicinais.

farmacocinética *s.f.* Parte da farmacoloxía que estudia os fenómenos que acompañan o transcurso dos fármacos polo organismo.

farmacodinámica *s.f.* Parte da farmacoloxía que estudia os efectos bioquímicos e fisiolóxicos dos fármacos no organismo e o mecanismo das súas accións.

farmacofobia *s.f.* Temor morboso ós fármacos.

farmacognosia *s.f.* Parte da farmacoloxía que estudia os medicamentos naturais.

farmacoloxía *s.f.* Ciencia que estudia os medicamentos e a súa acción sobre o organismo.

farmacopea *s.f.* Tratado oficial de cada país que determina a normativa legal sobre a preparación, o ensaio, a administración e todo o relacionado co manexo dos fármacos.

farmacoterapia *s.f.* Tratamento das enfermidades mediante fármacos.

farmacoxenética *s.f.* Parte da farmacoloxía que estudia as diferentes respostas ós medicamentos no organismo orixinadas polas variacións xenéticas dos individuos.

fascia *s.f.* Capa ou envoltura de tecido conxuntivo fibroso que cobre as estruturas musculares, e por extensión, calquera das envolturas dos órganos do corpo. // **F. bicipital** Aponeurose que, partindo do tendón do músculo bíceps braquial, continúa coa aponeurose profunda do brazo. / **F. cremastérica** Fascia do músculo cremáster situada por riba do mesmo e entre as súas fibras. / **F. cribiforme** Parte da fascia lata que cobre o hiato safeno e se atopa furada por múltiples orificios. / **F. de Colles**

Capa profunda da fascia perineal superficial. / **F. de Cooper** Lámina celulosa do cordón espermático superposta ó músculo cremáster. / **F. de Scarpa** Porción da capa profunda da fascia superficial do abdome que se atopa encima do ligamento inguinal. / **F. ilíaca** Lámina fibrosa que cobre os músculos psoas e ilíaco. / **F. iliopectínea** Lámina fibrosa que cobre o chan da fosa iliopectínea. / **F. isquiorrectal** Lámina fibrosa que cobre a cara perineal do músculo elevador do ano. / **F. lata** Aponeurose da coxa que cobre tódolos músculos dela formando dous compartimentos, un anterior e outro posterior. / **F. superficial** Capa de tecido laminar que se atopa en tódalas partes do corpo debaixo da pel excepto na cara. / **F. transversal** Lámina fibrosa situada entre o músculo transverso e o peritoneo.

fasciculación *s.f.* Contracción breve e espontánea de fibras musculares esqueléticas illadas, que se produce por unha soa descarga máxima de impulsos das neuronas motoras que o innervan, que non teñen efecto motor, pero son visibles.

fasciculado -a *adx.* Que se atopa agrupado en feixes ou fascículos.

fascículo *s.m.* Feixe ou grupo regular de fibras musculares ou nerviosas. Tamén se di **feixe**.

fasciectomía *s.f.* Escisión total ou parcial dunha fascia.

fasciodese *s.f.* Operación cirúrxica consistente na sutura dunha aponeurose á súa inserción esquelética.

fasciola *s.f.* Estructura con forma de tira ou corda. // **F. cinérea** Prolongación da fascia dentada que circunda o corpo caloso.

Fasciola Xénero de vermes trematodos caracterizado por posuír un tubo dixestivo ramificado. A especie *F. hepática* pode parasita-lo fígado humano despois da ingestión de plantas acuáticas contaminadas, xeralmente agróns, producindo un cadro de fasciolíase ou distomatose hepática.

fasciolíase *s.f.* Infestación do organismo pola *Fasciola hepática*, que produce un cadro de obstrucción dos conductos biliares intrahepáticos, con dor epigástrica, eosinofilia, urticaria, proído, diarrea e ictericia obstructiva, chegando finalmente á fibrose hepática.

fascioplastia *s.f.* Cirurxía plástica dunha fascia.

fasciorrafia *s.f.* Sutura dunha fascia ou fascias.

fasciotomía *s.f.* Incisión cirúrxica dunha fascia ou aponeurose.

fascite *s.f.* Inflamación dunha fascia ou aponeurose.

fase *s.f.* Cada un dos distintos estados polos que pasa calquera fenómeno biolóxico, físico ou químico. // **F. álxida** Alteración caracterizada por presentar un pulso inestable, temperatura inferior á normal e síntomas nerviosos. / **F. anal** Segundo período do desenvolvemento psicosexual infantil, segundo a psicanálise, que aparece entre 1 e 3 anos de idade e no que as actividades, intereses e sentimentos do neno se sitúan na zona anal. /

F. anfibólica Fase dunha enfermidade infecciosa que se sitúa entre o acme e a declinación e na que o prognóstico é incerto. / **F. de dispersión** ou **interna** Material en emulsión ou suspensión dun coloide. / **F. estroxénica** V. **fase folicular**. / **F. de latencia** 1. Fase de incubación de calquera período infeccioso, que transcorre dende a entrada do microorganismo no organismo ata o comezo dos síntomas. 2. Período que ocorre nalgunhas infeccións despois dunha fase de actividade da mesma e no que o organismo patóxico está latente antes de iniciar un novo período de actividade. 3. Na psicanálise, fase que vai dende os 5-6 anos ata a adolescencia, na que hai un cesamento do interese polo sexo contrario. Temporalmente sitúase entre a fase fálica e a xenital. / **F. estróxena** V. **f. folicular**. / **F. externa** Medio de dispersión dun coloide. / **F. fálica** Terceiro período do desenvolvemento psicosexual infantil na psicanálise, que aparece entre os 3 e os 6 anos e se caracteriza pola converxencia das pulsións parciais e as experiencias prazenteiras nos órganos xenitais. / **F. folicular** Fase do ciclo ovárico caracterizada pola maduración e rotura do foliculo de De Graaf coa conseguinte ovulación e o crecemento do endometrio. Prodúcese pola influencia das hormonas estroxénicas. Tamén se di **fase estroxénica** e **fase proliferativa**. / **F. proliferativa** V. **f. folicular**. / **F. xenital** Segundo a psicanálise, derradeiro dos períodos do desenvolvemento psicosexual, preséntase na pubertade e durante el a persoa pode conseguila satisfacción sexual derivada do contacto xenital-xenital e dunha relación madura cunha persoa do sexo contrario.

fastigium *s.m.* Voz latina que significa *cume* ou *cima*. Utilízase clasicamente para designar algunhas estruturas anatómicas. V. **fastixio**.

fastío *s.m.* 1. Repugnancia á comida. 2. Molestia ou desgusto provocado por algo. 3. Tedio, aburrimiento.

fastixio *s.m.* 1. Acme ou punto máis alto de algo. 2. Punto máis alto do teito do cuarto ventrículo cerebral situado na unión do veo medular superior co vermis.

fatiga *s.f.* Sensación e estado que se experimenta despois dunha grande actividade física ou psíquica e que se caracteriza por molestias e unha diminución da eficiencia muscular ou psíquica.

fauces *s.f.* Zona de tránsito da boca á farinxe. Tamén se di **istmo das fauces**.

favo *s.m.* Lesión característica dunha variedade de tiña producida xeralmente polo fungo *Trichophyton schoenleini* e que afecta principalmente ó cráneo formando cotras de consistencia dura e seca.

favoso -a *adx.* Que ten forma semellante a un favo ou panal de mel. Aplícase normalmente á variedade de tiña, (tiña favosa), producida polo *Trichophyton schonleini*.

favus *s.m.* Voz latina que significa favo ou panal utilizada para denominar estruturas con esta forma. V. **favo**.

faxedénico -a *adx.* Relativo ás úlceras.

faxedenismo *s.m.* Tendencia ás ulceracións de calquera natureza.

faxedeno *s.m.* Úlceras corrosivas.

-fagia Sufixo do gr. *phageîn* (comer), utilizado en palabras que teñen relación co acto de comer.

fazula *s.f.* Parte carnosa de cada un dos lados da cara.

Fe Símbolo químico do ferro.

febre *s.f.* 1. Aumento da temperatura corporal por riba dos niveis normais 2. Calquera enfermidade que curse con aumento da temperatura corporal. // **F. aftosa** Estomatite aftosa, doenza caracterizada pola formación de úlceras superficiais na mucosa bucal. / **F. álxida** Febre caracterizada pola gran duración ou intensidade dos calafríos. / **F. amarela** Enfermidade infecciosa epidémica e endémica de certas zonas de América do sur e de África, producida por un virus RNA monocatenario e esférico do grupo dos flavivirus. Caracterízase histoloxicamente pola dexeneración adiposa do fígado e a conxestión das mucosas do tracto gastrointestinal. A transmisión prodúcese pola picadura do mosquito *Stegomyia fasciata* ou *Aedes aegypti*. Tamén se di **vómito negro**, **febre tropical**. / **F. artificial** Febre provocada por medios artificiais con finalidade terapéutica. V. **piretoterapia**. / **F. aséptica** Aquela que aparece en ausencia de toda causa infecciosa. / **F. asténica** Aquela que se acompaña de pulso débil e depresión. / **F. biliosa** Estado febril acompañado de complicacións hepáticas e vómitos biliosos. / **F. bilioséptica** Febre biliosa intermitente, causada pola infección das vías biliares. / **F. botonosa mediterránea** Enfermidade infecciosa transmitida por carrachas e causada pola *Rickettsia conorii*. É endémica da área mediterránea, península de Crimea, África e India. Caracterízase por febre, calafríos, a mancha negra na pel, e unha erupción que aparece entre o segundo e o cuarto día. Tamén se di **febre exantemática mediterránea**, **enfermidade de Olmer**. / **F. carbuncular** Variedade de ántrax maligno dos animais que se caracteriza pola aparición de tumefaccións circunscritas na pel e posterior gangrena. / **F. catamenial** Febrícula que aparece días antes da regra e desaparece despois da mesma. / **F. central** Febre persistente causada pola lesión dos centros termorreguladores do hipotálamo. / **F. continua** Aquela que se caracteriza por variacións lixeiras da temperatura sen baixar nunca a cifras normais. / **F. cotiá** Febre intermitente con accesos diarios. / **F. crítica** Intre de máxima elevación da temperatura no curso dunha enfermidade que se considera como un dos signos que anuncian a crise da mesma. / **F. cuartá** Febre palúdica na que os accesos de febre están separados por períodos de dous días de apirexia. / **F. das Montañas Rocosas** Enfermidade infecciosa aguda causada pola *Rickettsia rickettsii* e transmitida por varias especies de carrachas do xénero *Ixodes*, principalmente *Dermacentor andersoni*, *Dermacentor variabilis* e *Amblyoma americanum*, sendo o reservorio o can e os roedores. Aparece en América do Norte e do Sur e cursa con febre de comezo brusco, mialxias e exantema que aparece no terceiro ou cuarto día. / **F. das trincheiras**

rickettsiose causada pola *Rochalimaea quintana*, sendo o vector o piollo *Pediculus corporis* e o reservorio o home. Trala incubación de doce a vinte días comeza con dores musculotendinosas, óseas e febre de dous días de duración, desaparecendo despois os síntomas e volvendo ó cabo de cinco días, ciclo que se pode repetir numerosas veces. En ocasións acompáñase de exantema escarlatini-forme fugaz. Tamén se di **febre quintana** ou **dos cinco días**. / **F. de fatiga** Aquela que se produce como consecuencia dun exercicio excesivo e da absorción de produtos catabólicos. / **F. de Lassa** Febre hemorráxica aguda e epidémica producida por un virus da familia dos *arenaviridae*. Presenta petequias e equimoses, dano renal e pleuropulmonar, alteracións sensoriais e unha elevada mortandade. / **F. de Malta** Brucelose propia da rexión mediterránea e producida pola *Brucella melitensis*. O reservorio natural son os animais domésticos, e ás veces tamén os salvaxes. A transmisión prodúcese hoxe en día fundamentalmente polo contacto coas segregacións dos devanditos animais, sendo considerada como unha enfermidade profesional propia dos que manexan animais ou os seus derivados. Posúe unha variada sintomatoloxía e moitas formas de comezo. Despois dun período prodromico aparece febre ondulante e cíclica, alxias musculares e articulares, retraemento, esplenomegalia, adenomegalia e hepatomegalia, cefalea, debilidade crecente, anemia e nas formas crónicas, espondilite, alteracións neurolóxicas, hepáticas e cardíacas. Tamén se di **febre do mediterráneo**. / **F. de Oroya** Enfermidade infecciosa producida polo cocobacilo *Bartonella baciliformis* en individuos non inmunes, e transmitida pola picadura dun mosquito *Lutzomyia* do xénero *Phlebotomus*. A enfermidade límitase a certos vales da cordilleira dos Andes. Caracterízase por febre elevada e irregular, anemia macrocítica e posibilidade de diversas infeccións intercorrentes favorecidas polo deterioro da función reticuloendotelial e inmunitaria, ademais nos estadios terminais aparece cefalea, mialxias, altralxias, insomnio, delirio e coma. / **F. de Pel-Ebstein** Tipo de febre remitente que aparece na enfermidade de Hodgkin e se caracteriza pola presenza de períodos de febre elevada entre sete e dez días, seguidos de temperatura normal durante dúas ou tres semanas. / **F. do feo** Estado alérxico periódico que aparece na primavera e verán e caracterizado pola presenza de conxuntivite, rinite, e posibilidade de crise asmática, estando causado polo pole das gramíneas. / **F. do leite** V. f. láctica. / **F. do Mediterráneo** V. f. de Malta. / **F. dos cinco días** V. f. das trincheiras. / **F. entérica** V. f. tifoide. / **F. enteromesentérica** V. f. tifoide. / **F. errática** Febre que aparece a intervalos irregulares. / **F. eruptiva** Calquera das doenzas infecciosas, febrís e contaxiosas, caracterizadas por unha erupción cutánea específica, (varicela, sarampelo, etc). / **F. esencial** Febre de causa descoñecida. / **F. española** Epidemia de gripe de 1918-1919, denominada así por se pensar que foi no primeiro país no que apareceu. / **F. faringoconxuntival** Enfermidade febril causada por un adenovirus que orixina epidemias nos nenos nas escolas e que se caracteriza por febre, farinxite, rinite, conxuntivite e linfadenopatía.

nopatías na área cervical. / **F. funcional** Aquela que se produce polo funcionamento esaxerado dun tecido ou órgano. / **F. hemorráxicas** Grupo de enfermidades víricas, frecuentemente distribuídas nos trópicos e transmitidas por picadas de mosquitos ou contacto con roedores infectados. Comparten aspectos clinicopatolóxicos, como a febre, as manifestacións hemorráxicas, trombopenia, choque, insuficiencia renal e alteracións neurolóxicas. / **F. herpética** Doenza caracterizada por febre, farinxite e erupción herpética na cara. / **F. hiperpírica** Aquela que se caracteriza por temperaturas superiores a 40°. / **F. homótona** Febre continua que mantén a mesma intensidade, sen paroxismos nin remisións. / **F. intermitente** Aquela que se caracteriza por accesos febrís seguidos de períodos apiréticos de diversa duración. / **F. láctica** Febre de tipo funcional que aparece durante a lactancia. Tamén se di **febre do leite**. / **F. medicamentosa** Reacción febril caracterizada polo aumento persistente da temperatura coincidindo coa administración dun medicamento, que normalmente desaparece ó suspende-la administración do mesmo. / **F. mediterránea familiar** Doenza hereditaria, autosómica recesiva, frecuente entre os xudeus sefardís e armenios, e caracterizada por crises recorrentes de febre e dor abdominal, torácica ou articular e eritema semellante ó da erisipela. / **F. menstrual** Acceso de febre que precede ou acompaña á menstruación. / **F. miliar** Afección exantemática que presenta pequenas pápulas vermellas que lembran o millo e que aparece no transcurso de diversas enfermidades e no puerperio. / **F. ondulante** 1. Aquela que no conxunto do cadro febril debuxa nas gráficas unha serie de ondulacións, sendo a máis característica a existente na brucelose. Tamén se di **febre oscilante**. 2. Febre de Malta. / **F. oscilante V. f. ondulante**. / **F. paratifoide** Doenza caracterizada por presentar febre continua e síntomas semellantes ou idénticos ós da febre tifoide, pero con reacción de Widal negativa, estando producida por varios bacilos do xénero *Salmonella*. / **F. por mordedura de rata** Calquera das dúas doenzas infecciosas semellantes, orixinadas xeralmente pola mordedura dunha rata e causadas polo *Streptobacillus moniliformis* ou polo *Spirillum minus*. Ámbalas dúas cursan con febre e exantema, engadándose artrite no caso do *Streptobacillus*, e posibilidade de endocardite no do *Spirillum*. / **F. puerperal** Doenza consecutiva ó parto ou ó aborto causada por infeccións adquiridas ó través das feridas, principalmente por estreptococos. / **F. Q** Rickettsiose causada pola *Coxiella burnetti*, transmitida a través da picada da carracha do gando vacún, sendo o reservorio os roedores e os ruminantes. Caracterízase pola aparición dunha pneumonía atípica, esplenomegalia e rara vez exantema maculopapuloso. / **F. quintana V. f. das trincheiras**. / **F. recorrente** Calquera das enfermidades infecciosas causadas por microorganismos do xénero *Borrelia*, principalmente a *B. recurrentis*, endémicas en numerosas zonas de todo o mundo e en ocasións epidémicas. Caracterízase por un ou máis episodios de febre, con cefalea e dor muscular, que duran unha semana e desaparecen cunha sudoración abundosa, para volver ó

cabo dun período variable. / **F. remitente** Aquela na que a variación diurna da temperatura é de 1º ou máis, pero sen regresar a cifras normais. / **F. residual** Febre que persiste despois da curación dun cadro infeccioso sen que exista evidencia de complicacións. / **F. reumática** Doenza febril que ocorre como complicación tardía das infeccións por certas cepas de estreptococos hemolíticos do grupo A, caracterizándose por múltiples lesións inflamatorias focais das estruturas do tecido conxuntivo, principalmente do corazón, onde afecta ás tres capas da parede do mesmo, das articulacións, vasos sanguíneos e pel, producindo ademais síntomas neurolóxicos e diversas alteracións analíticas características que evidencian esencialmente a infección pasada polo estreptococo. / **F. séptica** A causada pola penetración de toxinas sépticas no sangue. / **F. terciá** Febre palúdica orixinada polo *Plasmodium vivax*, na que os accesos febrís aparecen cada dous días estando separados por un de apirexia (acceso-día libre-acceso). / **F. tifoide** Enfermidade febril aguda xeneralizada, causada pola *Salmonella Typhi* e caracterizada por bacteriemia persistente e invasión e multiplicación do microorganismo dentro das células fagocíticas do fígado, bazo, ganglios linfáticos e placas de Peyer intestinais. Clinicamente presenta febre prolongada, malestar xeral, erupción transitoria característica, dor abdominal, esplenomegalia, bradicardia e leucopenia. / **F. tropical V. f. amarela**. / **F. uveoparotídea** Enfermidade de Heerfordt.

febrento -a adx. Febril, que ten febre.

febricida adx. 1. Que diminúe a temperatura corporal nos estados de febre. // *s.m.* 2. Axente que diminúe a febre.

febricitante adx. Que ten febre.

febrífacete adx. Que produce febre.

febrífugo -a adx. 1. Que combate ou diminúe a febre. // *s.m.* 2. Axente que combate a febre.

febril adx. 1. Relativo á febre. 2. Do individuo que ten febre.

febrón s.m. Forte acceso de febre.

fecal adx. Relativo ás feces ou da súa natureza.

fecálito s.m. Concreción dura de materia fecal localizada no intestino.

fecoioide adx. Que semella ás feces, principalmente os vómitos presentes nas obstrucións intestinais.

fecaloma s.m. Concreción de materias fecais no interior do intestino, dando lugar a unha masa palpable no abdome.

fecaluria s.f. Presencia de materia fecal na urina.

fécula s.f. 1. Amidón que se extrae dalgúns vexetais, especialmente da pataca. 2. Borra, sedimento.

feculento -a adx. 1. Que contén fécula. 2. Que ten sedimento ou feces.

fecoioide adx. Semellante á fécula.

fecundación *s.f.* Penetración do espermatozoide no óvulo coa fusión dos seus pronúcleos e estimulación dos procesos de maduración do produto resultante. Tamén se di **fertilización** // **F. artificial** Fecundación que ten lugar pola inxección do seme no útero mediante unha xiringa. / **F. externa** Aquela na que a fusión dos gametos sucede fóra do corpo dos proxenitores como en moitas especies de peixes. / **F. in vitro** A que se realiza fóra do corpo por medio de técnicas de laboratorio. / **F. interna** Aquela na que a unión dos gametos sucede no interior do corpo da femia como ocorre nos mamíferos.

fecundidade *s.f.* Facultade de reproducirse dos seres vivos.

fecundo -a *adx.* 1. Fértil, que ten capacidade para reproducirse por medios naturais. 2. Fértil, abondoso.

fedor *s.m.* Cheiro fétido. // **F. hepático** Cheiro particular, desagradable, que aparece no alento dos pacientes con insuficiencia hepática.

feixe *s.m.* V. **fascículo**.

fel *s.m.* Bile.

felación *s.f.* Estimulación oral dos xenitais masculinos.

fellatio *s.f.* Voz latina utilizada usualmente para referirse á felación. V. **felación**.

femia *s.f.* 1. Animal sexuado con glándulas sexuais produtoras de óvulos. 2. Peza dun aparello que posúe un burato no que se introduce e encaixa outra peza denominada macho.

feminismo *s.m.* Medicamento, estado caracterizado pola aparición de caracteres sexuais secundarios femininos nun home. Tamén se di **efeminamento**.

feminización *s.f.* 1. Desenvolvemento normal dos caracteres sexuais femininos nunha muller. 2. Desenvolvemento anómalo de caracteres sexuais femininos nun home. // **F. testicular** Estado no que un individuo que fenotipicamente é unha femia, carece de cromatina sexual e posúe un sexo cromosómico XY.

femoral *adx.* Relativo ó fémur. // **Arteria f.** Arteria denominada normalmente como femoral ou femoral superficial, que procede da arteria ilíaca externa e se distribúe pola porción inferior da parede abdominal, porción superior da coxa, xenitais, xeonllo e perna. A arteria femoral profunda deriva da anterior e rega os músculos da coxa e a articulación da cadeira. / **Vea f.** vea que continúa a vea poplítea e segue o curso da arteria femoral, terminando ó nivel do ligamento inguinal na vea ilíaca externa.

femorocalcáneo -a *adx.* Relativo ó fémur e ó óso calcáneo. // **Músculo f.** Músculo da rexión posterior da perna que ten unha función auxiliar dos músculos gastrocnemio sóleo. Tamén se di **músculo plantar** ou **plantar delgado**.

femorocele *s.f.* Hernia crural.

femorocutáneo -a *adx.* Relativo ó fémur e á pel. // **Nervio f.** Nervio sensitivo que se orixina nas raíces

lumbares II e III e innerva a pel das nádegas e da rexión anteroexterna das coxas.

femto- Prefixo utilizado para denominar unidades de medida de magnitude equivalente a 10^{-15} a unidade de referencia.

fémur *s.m.* Óso da coxa, o máis longo do corpo, que se articula coa tibia no xeonllo e co coxal na pelve.

fenacetina *s.f.* Axente derivado do p-aminofenol, posúe propiedades antitérmicas e analxésicas en dores leves e moderadas.

fenantreno *s.m.* Hidrocarburo tricíclico de fórmula $C_{14}H_{10}$.

fenato *s.m.* Sal alcalino ou éter óxido dun fenol. Tamén se di **fenolato**.

fenciclidina *s.f.* Substancia alucinóxena de maior potencia có LSD e de forte efecto analxésico.

fenedura *s.f.* Abertura anatómica estreita e longa ou suco profundo e prolongado. // **F. branquial** Cada un dos espazos localizados entre os arcos branquiais dos embrións. / **F. bucal** A que corresponde á liña de contacto entre o labio superior e o inferior. / **F. cigomático esfenoidal** V. **fisura orbitaria superior**. / **F. esfenomaxilar** V. **fisura orbitaria inferior**. / **F. palpebral** Abertura existente entre a pálpebra superior e a inferior. / **F. vulvar** Espacio delimitado entre os labios da vulva.

fenelcina *s.f.* Inhibidor da monoaminoxidase (MAO) utilizada para o tratamento dalgunhas formas de depresión.

fenestra *s.f.* Abertura ou orificio de pequeno tamaño na parede dalgunhas estruturas anatómicas.

fenestración *s.f.* 1. Acción e efecto de furar ou realizar aberturas nas estruturas corporais. 2. Operación cirúrxica consistente na realización dunha nova abertura permanente no labirinto do oído medio, para substituí-la fiestra oval, inutilizada a causa dunha otosclerose.

fenestrado -a *adx.* Das estruturas anatómicas ou artificiais furadas nun ou en múltiples sitios.

fenetidina *s.f.* Etoxianilina, de fórmula $C_2H_5O-C_6H_4-NH_2$, utilizada na síntese de colorantes e o seu isómero para a preparación da fenacetina.

fenetol *s.m.* Etoxibenceno, líquido oleoso de fórmula $C_6H_5O-C_2H_5$.

fenfluramina *s.f.* Fármaco adrenérxico utilizado en forma de clorhidrato como anoréxico no tratamento a curto prazo da obesidade de orixe esóxena.

fenformina *s.f.* Biguanida usada no tratamento oral da diabete do adulto. O seu efecto depende probablemente da inhibición da gliconeoxénese hepática e do aumento do número de receptores de insulina nos tecidos periféricos. O seu uso pode estar relacionado coa aparición de acidose láctica.

fenicado -a *adx.* Que contén ácido fénico ou fenol.

féxico (ácido) *s.m.* V. **fenol**.

fenilalanina *s.f.* Aminoácido esencial, cíclico, de fórmula $C_6H_5-CH_2-CH(NH_2)-CO_2H$, precursor biolóxico da dopamina e das demais catecolaminas.

fenilamina *s.f.* V. **anilina**.

fenilbutazona *s.f.* Derivado sintético da pirazolona con actividade antitérmica, analxésica, e antiinflamatoria, empregado nas doenzas de carácter reumático e flebítico.

fenilbutírico (ácido) *s.m.* Ácido inibidor da síntese orgánica do colesterol. Tamén se di **ácido feniletilacético**.

fenilcetonuria *s.f.* Doenza hereditaria grave derivada dun erro no metabolismo da fenilalanina causado pola carencia do enzima fenilalanina-hidroxilase do fígado, o que orixina unha acumulación sanguínea da propia fenilalanina e de produtos derivados dunha vía metabólica secundaria da mesma como os ácidos fenilpirúvico, feniláctico e fenilacético. Os nenos nacen normais e a enfermidade comeza no segundo semestre de vida, caracterizándose por posuír pelo louro, palidez cutánea, atraso mental e a pel con cheiro semellante ó dos ratos (causado pola acumulación de ácido fenilacético). Tamén se di **oligofrenia fenilpirúvica**.

fenilefrina (clorhidrato de) *s.f.* Fármaco que posúe propiedades semellantes ás da adrenalina. Simpaticomimético, vasoconstrictor e midríatico. Úsase no tratamento da hipotensión, como desconxestionante nasal e como midríatico.

feniletanolamina *s.f.* Composto sintético con propiedades semellantes ás da efedrina.

feniletilacético (ácido) *s.m.* V. **fenilbutírico**.

feniletilbarbitúrico (ácido) *s.m.* V. **fenobarbital**.

fenilhidracina *s.f.* Líquido oleoso, derivado da anilina, empregado en forma de clorhidrato como reactivo da glicosa e no tratamento da eritemia.

fenílico -a *adx.* 1. Relativo ó fenilo. 2. Dos compostos, principalmente éteres ou ésteres que conteñen o radical fenilo.

fenilisopropilamina *s.f.* Amina simpática cunha potente acción sobre o sistema nervioso central.

fenilo *s.m.* Radical monovalente derivado do benceno e de fórmula C_6H_5 .

fenilpirúvico (ácido) *s.m.* Ácido formado como produto do metabolismo da fenilalanina. É un dos produtos que se acumulan na fenilcetonuria ou oligofrenia fenilpirúvica.

fenilurea *s.f.* Derivado fenílico da urea de fórmula $R_2NCONHC_6H_5$, que serve para caracteriza-las aminas que están en contacto co isocianato de fenilo.

feniticilina *s.f.* Fenoxietilpenicilina, de fórmula $C_{17}H_{19}KN_2O_5S$, variedade de penicilina de administra-

ción oral utilizada no tratamento de infeccións do aparello respiratorio alto.

fenitoína *s.f.* V. **difenilhidantoína**.

fenobarbital *s.m.* Ácido feniletilbarbitúrico, de fórmula $C_{12}H_{12}N_2O_3$, derivado do ácido barbitúrico. Po de cor branca, inodoro e case insoluble en auga, é a principal das substancias con acción barbitúrica e utilízase como antiepiléptico, anticonvulsivo e hipnótico. Tamén se di **fenobarbitona**.

fenobarbitona *s.f.* V. **fenobarbital**.

fenocigo -a *adx.* Que ten o cranio máis estreito cá faciana.

fenocopia *s.f.* Modificación corporal causada pola influencia do medio e que non se transmite á descendencia.

fenol *s.m.* Derivado monohidroxilado do benceno de fórmula C_6H_5OH , incoloro e cristalizado, obtense da destilación da brea de hulla. Antiséptico, desinfectante, xermicida e tóxico. Tamén se di **ácido féxico**, **ácido carbólico**, **hidroxibenceno**.

fenolase *s.f.* Enzima que oxida os fenóis e as aminas aromáticas.

fenolato *s.m.* V. **fenato**.

fenolemia *s.f.* Presencia de fenóis no sangue.

fenolftaleína *s.f.* Substancia produto da condensación do fenol co ácido ftálico. Utilízase como indicador de cor, xa que nos medios ácidos é incolora e nos alcalinos adquire unha coloración vermella-violácea. Posúe ademais propiedades laxantes.

fenolsulfonftaleína *s.f.* Substancia colorante que se presenta como un po cristalino de cor vermella e que se utiliza na medición do pH por colorimetría e tamén na avaliación da función renal que dependerá do tempo de aparición da substancia na urina despois da súa inxección.

fenoltetraclorftaleína *s.f.* Substancia derivada da fenolftaleína usada como laxante inxectada de xeito subcutáneo e como indicador da función hepática mediante unha inxección intravenosa.

fenómeno *s.m.* Feito ou acontecemento observable. // **F. da roda dentada** Fenómeno que aparece nas lesións extrapiramidais e consistente en que ó estender de xeito pasivo o brazo previamente flexionado do paciente, percíbense os resaltes consecutivos da musculatura antagonista ó ceder á contracción dos músculos agonistas. / **F. de Arthus** Reacción de hipersensibilidade mediada por complexos inmunes (reacción de tipo III) cando esta reacción se produce en presenza dun exceso de anticorpo, dando lugar a unha reacción eritematosa no sitio da inxección do antígeno (nos casos de inxección experimental do mesmo). / **F. de Babinski** Extensión e separación das dedas en lugar da flexión normal despois da excitación da planta do pé. Aparece nos adultos nos casos de lesión das vías piramidais. / **F. de Bell** Movemento anormal do globo ocular cara a arriba e a fóra ó intentar

pecha-lo ollo do lado afectado nos casos de parálise facial periférica. / **F. de Gowers** Aparición de dor no traxecto do nervio ciático orixinado pola flexión dorsal pasiva do pé nos casos de ciática. / **F. de Koebner** Aparición de lesións de psoríase en zonas traumatizadas. / **F. de Rumpel-Leede** Aparición de pequenas hemorraxias subcutáneas no brazo por debaixo dunha ligadura elástica mantida durante 10 minutos de xeito pouco apertado, característico da escarlatina. / **F. de Schultz-Charlton** Fenómeno que aparece na escarlatina e que serve para confirma-lo diagnóstico da mesma, consistente na desaparición do exantema da enfermidade no lugar onde se realiza unha inxección intracutánea de soro procedente dunha persoa normal ou convalescente desta doenza. / **F. do amencer** Aumento na mañanciña da concentración de glicosa no sangue nos doentes de diabete insulino-dependente coa conseguente necesidade de administrar insulina para volver ás cifras normais. / **F. piezoeléctrico** Dilatacións e contraccións sucesivas dun cristal de cuarzo ó abrir e pechar un campo eléctrico no que estea disposto, vibración que está na base das radiacións de ultrasóns. / **F. Somogy** Fenómeno que se produce na diabete insulino-dependente e consistente en hipoglicemia causada por unha excesiva administración de insulina; isto estimula a liberación de hormonas contrarreguladoras, o que orixina unha hiperglicemia e cetose de rebote.

fenoprofeno *s.m.* Axente antiinflamatorio utilizado no tratamento da artrite reumatoide e da osteoartrite.

fenotiacina *s.f.* Membro dun grupo de compostos que posúen na súa estrutura un núcleo de fenotiacina, axentes psicoterapéuticos que se utilizan no tratamento dalgunhas psicoses graves como a esquizofrenia ou a psicose maníaco-depresiva, síndromes cerebrais orgánicas e tamén como antieméticos ou no proído.

fenotipo *s.m.* 1. Conxunto dos caracteres externos e propiedades biolóxicas dun organismo, tanto hereditarios como non hereditarios e que son determinados polo xenotipo e o medio. 2. Expresión dun xene simple ou dun conxunto de xenes.

fenoxibenzamina *s.f.* Axente con potentes propiedades como bloqueador α -adrenérxico que se utiliza como antihipertensivo.

fento *s.m.* Planta criptógama vascular, con frondes provistas de esporanxios, xeralmente no envés. O fento macho emprégase principalmente como axente terapéutico contra os vermes planos, en forma de extracto etéreo.

fentolamina *s.f.* Derivado da imidazolina con propiedades α -bloqueantes.

feo *s.m.* Planta gramínea ou herba segada e seca que serve de alimento ó gando. // **Febre do f.** V. **febre**.

feocromo -a *adx.* Que se tingue de cor escura cos sales de cromo, como algunhas células embrionarias e outras células de varias glándulas de segregación interna. Tamén se di **cromafín**.

feocromoblasto *s.m.* Calquera das células embrionarias que se desenvolve como célula feocroma ou cromafín.

feocromocito *s.m.* Célula cromafín.

feocromocitoma *s.m.* Neoplasia da medula adrenal que segrega catecolaminas, dando lugar a fenómenos propios do aumento brusco das mesmas no organismo.

ferida *s.f.* 1. Perda da solución de continuidade das partes brandas. 2. Calquera lesión orixinada por unha violencia exterior. // **F. aberta** Ferida que posúe os seus bordos separados. / **F. aséptica** Ferida que non está infectada por xermes patóxenos. / **F. contusa** Ferida que se produce polo impacto dun obxecto contuso. / **F. incisiva** Ferida producida por un aparello cortante. / **F. lacerada** Ferida na que existe unha esgazadura dos tecidos afectados. / **F. penetrante** 1. Ferida que se produce cun obxecto punzante. 2. Ferida que deixa aberta unha cavidade do corpo ou que atravesa a este de parte a parte. / **F. por esmagamento** Variedade de ferida contusa na que os tecidos fican esmagados por atrición. / **F. séptica** Ferida que se atopa infectada por xermes patóxenos.

fermentación *s.f.* Proceso constituído por reaccións biolóxicas de oxidación-redución, nas que se forma enerxía en forma de adenosintrifosfato (ATP), e nas que os aceptores finais dos electróns son compostos orgánicos.

fermentemia *s.f.* Presencia de fermentos no sangue.

fermento *s.m.* V. **enzima**.

fermio *s.m.* Elemento químico radioactivo obtido sinteticamente, da familia dos transuránicos, de símbolo Fm e número atómico 100.

feromona *s.f.* Substancia química de natureza hormonal, que unha vez segregada ó ambiente por un organismo, provoca nos individuos da mesma especie reaccións de comportamento específicas.

férrico -a *adx.* Que contén ferro na súa forma de maior valencia, é dicir, como ión férrico (Fe^{+++}).

ferritina *s.f.* Composto ferroproteico formado pola unión de ferro férrico e apoferritina. Atópase na mucosa gastrointestinal, fígado, bazo e medula ósea; constitúe unha das formas de almacenamento de ferro no organismo.

ferro *s.m.* Elemento metálico, de símbolo Fe e peso atómico 55,9. Existe no organismo, principalmente formando parte da hemoglobina, doutras proteínas e depositado en forma de ferritina e hemosiderina. Utilízase terapéuticamente no tratamento das anemias ferro-pénicas en forma de sales absorbibles por vía oral, principalmente ferrosos e como compostos inxectables, en forma de ferro-dextrano.

ferrocínética *s.f.* Conxunto dos fenómenos de transformación química do ferro no organismo.

ferropenia *s.f.* Diminución da cantidade normal de ferro no organismo.

ferropénico -a *adx.* Relativo ou causado pola ferropenia.

ferroporfirina *s.f.* Substancia cun núcleo porfírico que contén ferro e que constitúe o grupo prostético de numerosos pigmentos respiratorios.

ferroso -a *adx.* Que contén ferro na súa forma de menor valencia, é dicir como ión ferroso (Fe^{++}).

ferroterapia *s.f.* Uso terapéutico do ferro ou dos seus compostos.

ferruxe *s.f.* Óxido de ferro hidratado que se forma na superficie deste metal ó permanecer exposta ó aire húmido.

ferruxinoso -a *adx.* 1. Que contén ferro. 2. Que ten ferruxe.

fértil *adx.* Fecundo, non estéril, que se pode reproducir por medios naturais.

fertilización *s.f.* V. **fecundación**.

férula *s.f.* Táboa de diversos materiais, ríxida ou flexible, utilizada para manter nunha posición funcional ou adecuada para a curación partes movibles ou desprazadas, principalmente ósos fracturados ou articulacións luxadas. // **F. de abducción** Férula utilizada para manter-lo brazo fracturado en abducción, nunha posición máis ou menos horizontal. / **F. de ancoraxe** Férula utilizada nas fracturas da mandíbula que mantén os dentes xuntos mediante un arame. / **F. de Asch** Férula en forma de tubo utilizada nas fracturas dos ósos do nariz. / **F. de coaptación** Férulas de pequeno tamaño que se axustan sobre os fragmentos dunha extremidade fracturada coa finalidade de que os devanditos fragmentos se adapten reciprocamente. / **F. de Dupuytren** Férula lateral para a redución da fractura de Pott. / **F. de Thomas** Aparello utilizado no tratamento de urxencia das fracturas da extremidade inferior, principalmente do fémur e que basicamente consiste en dúas barras de metal paralelas que nun dos extremos se axustan a un anel e noutro se unen por unha barra transversal na que se aplica a tracción. Existen tamén férulas deste tipo para o tratamento de fracturas da extremidade superior. / **F. de Watson-Williams** Férula metálica para o tratamento das fracturas dos ósos do nariz. / **F. dinámica** Aparello de soporte ou protección que axuda a comeza-lo movemento das partes lesionadas. Tamén se di **ferula funcional**. / **F. funcional** V. **f. dinámica**. / **F. intranasal de Carter** Férula con forma de ponte, fenestrada, que se utiliza na operación do nariz deprimido.

festinación *s.f.* Tendencia involuntaria a aumenta-la velocidade da marcha para non caer cara adiante, que se produce na enfermidade de Párkinson e noutras enfermidades do sistema nervioso. Tamén se di **marcha festinante**.

fetación *s.f.* 1. Proceso do desenvolvemento do feto no útero. 2. Embarazo ou xestación.

fetal *adx.* Pertencente ou relativo ó feto.

fetalización *s.f.* Conservación durante a vida adulta de caracteres fetais.

fetichismo *s.m.* Parafilia na que o suxeito asocia as súas sensacións eróticas con obxectos inanimados (fetiches), xeralmente prendas de vestir, pertencentes á persoa sobre as que dirixe as súas fantasías eróticas.

feticidio *s.m.* Destrución do feto no útero.

fétido -a *adx.* Que ten un cheiro forte e desagradable.

feto *s.m.* Producto da concepción dende o final do terceiro mes ata o final do embarazo. // **F. arlequín** Forma grave de ictiose conxénita, enfermidade autosómica recesiva queratinizante, na que o feto se cobre completamente de láminas córneas. / **F. autósito** Feto membro dunha monstruosidade dobre capaz de nutrirse independentemente e que nutre o outro feto parasito. / **F. momificado** Estado dun feto morto *in utero*, caracterizado pola desecación e contracción do mesmo. / **F. papiráceo** Feto morto e esmagado ó medra-lo xemelgo vivo. / **F. parasito** Feto menor incompleto unido a outro maior e máis desenvolvido ou autósito do que se nutre.

fetografía *s.f.* Radiografía do feto dentro do útero.

fetometría *s.f.* Medición dos diferentes parámetros do feto, principalmente dos diámetros da cabeza.

fetoplacentario -a *adx.* Relativo ó feto e á placenta.

fetor *s.m.* Voz latina utilizada para designar algúns cheiros fétidos característicos. // **F. hepaticus** Cheiro desagradable do alento característico da insuficiencia hepática. / **F. oris** Halitose.

fetoscopia *s.f.* Visión directa do feto dentro do útero mediante un sistema óptico dotado de iluminación, introducido na cavidade amniótica mediante unha punción transabdominal.

fibra *s.f.* 1. Elemento anatómico ou histolóxico longo e moi delgado. 2. En nutrición as fibras son os compoñentes da dieta que non son dixeridos polos enzimas gastrointestinais. // **F. A** Fibras mielínicas do sistema nervioso somático que posúen un diámetro de 1 a 22 μ e unha velocidade de condución de 5 a 120 m por sg. / **F. aceleradoras** Fibras adrenérxicas que transmiten impulsos que aumentan a frecuencia cardíaca. / **F. adrenérxicas** Fibras nerviosas que liberan nos espazos sinápticos substancias semellantes á adrenalina en resposta a un impulso transmitido polo nervio. A meirande parte son fibras posganglionares do sistema simpático. / **F. alfa** Fibras nerviosas motoras e propioceptivas de tipo A, con velocidade de condución de 70 a 120 m por sg e diámetro de 13 a 22 μ . / **F. amielínicas** Fibras nerviosas que posúen unha cantidade de mielina menor cás mielínicas, tendo tamén un menor diámetro, sendo especialmente abundosas nos nervios simpáticos. Denomínanse tamén **fibras de Remak**. / **F. arciformes** Fibras curtas de asociación, que dentro do córtex cerebral conectan unhas circunvolucións adxacentes. Denomínanse tamén **fibras arqueadas do cerebro**. / **F. arqueadas do cerebro** V. **f. arciformes**. / **F. B** Fibras do sistema nervioso autónomo, preganglionares e mielínicas, cun diámetro de 3 μ e unha velocidade de condución de 3 a 15 m por sg. / **F. basi-**

lares Fibras que forman a capa media da zona arqueada e pectinada do órgano de Corti do oído. / **F. beta** Fibras do tacto e da temperatura de tipo A, con velocidade de condución de 30 a 70 m por sg e diámetro de 8 a 13 μ . / **F. coláxena** Fibras brancas, brandas e flexibles que constitúen o compoñente máis típico de tódolos tipos de tecido conxuntivo. / **F. colinérxica** Fibra nerviosa motora que na súa terminación libera ós espazos sinápticos unha substancia semellante á aceticolina en resposta ós estímulos nerviosos. / **F. de Burdach** Fibras nerviosas conectadas co núcleo de Burdach. / **F. de Goll** Fibras nerviosas que partindo do núcleo de Goll conectan este co vermis cerebeloso. / **F. de Gottstein** Fibras nerviosas que forman parte da expansión do nervio auditivo na cóclea. / **F. de Gratiolet** Fibras radiantes que van dende o centro óptico no lobo occipital ó corpo xeniculado lateral. Denomínanse tamén **radiacións de Gratiolet**. / **F. de Herxheimer** Fibras espirais de pequeno tamaño localizadas no estrato mucoso da pel. / **F. de Meynert** Fibras nerviosas que transmiten as sensacións luminosas dende os colículos superiores ó núcleo oculomotor. / **F. de Purkinje** Fibras musculares cardíacas que forman unha rede no tecido subendotelial dos ventrículos e transmiten o impulso de despolarización que chega dende as aurículas. / **F. de Reissner** Fibra libre no conducto central da medula espinal. / **F. de Remak** Fibras nerviosas amielínicas. / **F. de reticulina** Fibras arxentófilas do tecido conxuntivo que forman a armazón reticular do tecido linfoide e mieloide e no tecido intersticial dos órganos linfoides. Denomínanse tamén **f. reticulares**. / **F. elásticas** Fibras de propiedades elásticas que atravesan a substancia intercelular do tecido conxuntivo. / **F. estriadas** Fibras musculares propias dos músculos voluntarios e do miocardio. / **F. gamma** Fibras que innervan as fibras intrafusais do fuso muscular e que conducen sensacións de tacto e de presión a unha velocidade de 15 a 40 m por sg, cun diámetro de 3 a 7 μ . / **F. grises** Fibras nerviosas amielínicas que se presentan principalmente nos nervios simpáticos. / **F. lisas** Fibra muscular carente de estrías propia dos músculos da vida vexetativa. / **F. mielínicas** ou **meduladas** Fibras nerviosas nas que o seu cilindroeixe está rodeado dunha capa de mielina máis grosa cá das amielínicas. / **F. motora** Fibras dos nervios mixtos que transmiten impulsos motores. / **F. musculares** Elemento anatómico que constitúe o músculo. Distínguense dous tipos diferentes: fibras musculares estriadas e fibras musculares lisas. / **F. nerviosas** Prolongacións delgadas das neuronas, especialmente os axons, que conducen impulsos nerviosos centrifugamente. Distínguense dous tipos dependendo da cantidade de mielina que posúan: fibras nerviosas mielínicas e amielínicas. / **F. nerviosas de asociación** Fibras nerviosas que conectan unhas partes con outras do córtex cerebral dentro dun hemisferio. / **F. piramidais** Fibras nerviosas da mobilidade voluntaria que forman o sistema piramidal. / **F. posganglionares** Fibras nerviosas que forman as neuronas posganglionares, conectando os ganglios simpáticos coas vísceras. / **F. preganglionares** Fibras nerviosas que forman as neuronas preganglionares,

conectando o ganglio simpático coa medula espinal. / **F. radiculares** Fibras nerviosas localizadas nas raíces dos nervios raquídeos. / **F. reticulares** V. **f. de reticulina**. / **F. somáticas** Fibras nerviosas que estimulan o músculo somático e os tecidos somáticos. / **F. vasomotoras** Fibras nerviosas amielínicas que innervan principalmente os músculos arteriollares.

fibrila *s.f.* Fibra ou filamento de pequeno tamaño.

fibrilación *s.f.* Contracción muscular local, involuntaria e de pequena intensidade, non visible na superficie corporal, que é o resultado da activación espontánea de células musculares ou fibras musculares illadas. // **F. auricular** Arritmia auricular caracterizada por unha actividade rápida e incoordinada da aurícula cunha frecuencia superior habitualmente a 350 contraccións por minuto, que no ECG se manifesta como ondas irregulares, de morfoloxía, duración e voltaxe variable, e resposta ventricular tamén frecuentemente irregular, dependendo da frecuencia de estimulación e da existencia ou non dun bloqueo aurículo-ventricular. / **F. ventricular** Actividade rápida e incoordinada dos ventrículos cunha frecuencia variable de 150-500 contraccións por minuto, que no ECG aparece como ondas ventriculares irregulares, de morfoloxía, duración e voltaxe variables, sendo incompatible o seu mantemento coa vida.

fibrina *s.f.* Proteína insoluble que se forma pola acción proteolítica da trombina sobre o fibrinóxeno no proceso de coagulación normal do sangue.

fibrinación *s.f.* Formación dunha cantidade anormalmente grande de fibrina.

fibrinasa *s.f.* Factor XIII da coagulación. V. **factor**.

fibrinemia *s.f.* Presencia de fibrina no sangue. Tamén se di **inosemia**.

fibrinoceular *adx.* Que está formado por unha combinación de fibrina e células.

fibrinoide *adx.* 1. Semellante á fibrina. // *s.m.* 2. Substancia homoxénea, eosinófila e refrinxente que posúe algunha das propiedades de tinguidura da fibrina.

fibrinólise *s.f.* Disolución enzimática da fibrina.

fibrinolisina *s.f.* V. **plasmina**.

fibrinopenia *s.f.* Diminución do fibrinóxeno no sangue.

fibrinopéptido *s.m.* Substancia que se produce pola acción da trombina sobre o fibrinóxeno durante a coagulación do sangue.

fibrinopurulento -a *adx.* Que está formado de fibrina e pus.

fibrinopenemia *s.f.* Exceso de fibrinóxeno no sangue.

fibrinoxénico -a *adx.* Que produce ou orixina fibrina.

fibrinóxeno *s.m.* Glicoproteína plasmática de alto peso molecular sintetizada no fígado. Intervén no proceso de

coagulación do sangue ó se transformar en fibrina pola acción da trombina.

fibrinoxenólise *s.f.* Disolución ou inactivación do fibrinóxeno no sangue.

fibrinoxenopenia *s.f.* Diminución do fibrinóxeno no sangue.

fibrinuria *s.f.* Presencia de fibrina na urina.

fibro- Prefixo que indica relación coas fibras.

fibroadenoma *s.m.* Variedade de adenoma que contén tecido fibroso.

fibroadiposo -a *adx.* Que está constituído por tecido fibroso e adiposo.

fibroareolar *adx.* Que ten tecido fibroso e areolar.

fibroblasto *s.m.* Célula do tecido conxuntivo, alongada e plana, con prolongacións citoplasmáticas nos extremos e núcleo vesicular plano e ovalado. Constitúe a célula elemental dos tecidos fibrosos. Tamén se di **fibrocito**.

fibroblastoma *s.m.* Tumor derivado dos fibroblastos. Diferéncianse en fibromas e fibrosarcomas.

fibrocalcario -a *adx.* Que ten consistencia fibrosa e calcaria á vez.

fibrocalcificado -a *adx.* Relativo ou pertencente ó tecido fibroso parcial ou totalmente calcificado.

fibrocarcinoma *s.m.* Carcinoma que contén tecido fibroso.

fibrocartilaxe *s.f.* Variedade de cartilaxe que na súa substancia fundamental posúe unha cantidade importante de tecido fibroso branco.

fibrocaseoso -a *adx.* Fibroso e caseoso ó tempo.

fibrocélula *s.f.* Célula muscular lisa.

fibrocito *s.m.* V. **fibroblasto**.

fibrocondrite *s.f.* Inflamación dunha fibrocartilaxe.

fibrocondroma *s.m.* Tumor con características propias dos fibromas e dos condromas.

fibroelástico -a *adx.* Que está composto de tecido fibroso e elástico ó tempo.

fibroelastose *s.f.* Proliferación excesiva de elementos fibroelásticos. // **F. endocárdica** Estado caracterizado pola hipertrofia da parede do ventrículo esquerdo e conversión do endocardio nunha capa fibroelástica que xeralmente provoca unha diminución da capacidade do devandito ventrículo.

fibroepitelioma *s.m.* Tumor formado por elementos fibrosos e epiteliais.

fibroglioma *s.m.* Tumor con características propias dos fibromas e dos gliomas.

fibroide *adx.* 1. Que semella un fibroma ou que ten estrutura fibrosa. // *s.m.* 2. V. **fibroma**.

fibroidectomía *s.f.* Extirpación dun fibroide ou fibroma do útero.

fibrolipoma *s.m.* Lipoma que posúe unha gran cantidade de tecido fibroso.

fibroma *s.m.* Denominación dos tumores constituídos principalmente por tecido fibroso ou conxuntivo maduros. Tamén se di **fibroide**, **inoma**. // **F. osteoxénico** Osteoblastoma. / **F. peduncular** Tumor pedunculado de tecido fibroso localizado na pel.

fibromatoide *adx.* Semellante ó fibroma.

fibromatose *s.f.* Doenza caracterizada pola produción de múltiples fibromas. // **F. xeneralizada** Enfermidade de Von Recklinhausen.

fibromectomía *s.f.* Extirpación dun fibroma. Tamén se di **fibromiotomía**.

fibromembranoso -a *adx.* Que está composto por unha membrana que posúe abundante tecido fibroso.

fibromiectomía *s.f.* Extirpación dun fibromioma.

fibromiite *s.f.* V. **fibromiosite**.

fibromioma *s.m.* Tumor benigno constituído pola proliferación conxunta de tecido conxuntivo denso e tecido muscular liso. Tamén se di **inomioma**. // **F. uterino** Fibromioma localizado no útero.

fibromiosite *s.f.* Inflamación e dexeneración fibrosa dun músculo. Tamén se di **fibromiite**.

fibromiotomía *s.f.* V. **fibromiectomía**.

fibromixoma *s.m.* Mixoma que posúe abundante tecido fibroso.

fibromixosarcoma *s.m.* Mixosarcoma con abundante tecido fibroso.

fibromuscular *adx.* Que está composto de tecido fibroso e muscular.

fibronectina *s.f.* Glicoproteína que circula no plasma, onde actúa como opsonina, e na superficie celular, onde participa nos fenómenos de adherencia celular.

fibroneuroma *s.m.* V. **neurofibroma**.

fibropapiloma *s.m.* Papiloma con abundante tecido fibroso.

fibropericardite *s.f.* Pericardite fibrinosa. V. **pericardite**.

fibroplasia *s.f.* Producción de tecido fibroso. // **F. retrolental** Retinopatía bilateral que ocorre nos prematuros tratados con excesivas concentracións de osíxeno, que leva á retina a transformarse nunha masa fibrosa que se pode ver por detrás do cristalino, con resultado final de cegueira.

fibroquístico -a *adx.* Fibroso e quístico ó tempo.

fibrorreticulado -a *adx.* Que está formado por unha rede de fibras.

fibrosarcoma *s.m.* Tumor maligno sarcomatoso derivado dos fibroblastos. Producen metástases por vía hemática e con menor frecuencia por vía linfática. // **F. odontóxenos** Fibrosarcoma que se orixina nos maxilares a partir dun dos compoñentes mesenquimatosos dos dentes ou dos xermes dentais.

fibroscopio *s.m.* Aparello utilizado para transmitir imaxes por medio de cables de fibra óptica na realización de manobras endoscópicas.

fibrose *s.f.* Proceso normal ou patolóxico de formación de tecido fibroso. // **F. endomiocárdica** Miocardiopatía idiopática, endémica dalgunhas rexións africanas, que se caracteriza por presentar cardiomegalia, engrosamento do miocardio e formación de tecido fibroso, e clinicamente por insuficiencia cardíaca. / **F. hepática conxénita** Doenza conxénita do fígado, caracterizada pola formación de bandas de fibrose con quistes dos conductos biliareis terminais nos espazos portais, que provocan constricción vascular e hipertensión portal. / **F. mediastínica** Formación de tecido fibroso duro no mediastino superior, o que ocasiona compresión e deformación da vea cava superior, bronquios e grandes vasos pulmonares. / **F. pulmonar idiopática** Inflamación crónica idiopática e fibrose progresiva das paredes dos alvéolos pulmonares, que ocasiona dispnea progresiva e insuficiencia respiratoria. / **F. quística do páncreas** V. **mucoviscidose**. / **F. retroperitoneal** Proceso de fibrose do retroperitoneo que pode causar obstrución de vasos e de uréteres.

fibroso -a *adx.* Que está composto de elementos fibrosos, pero presenta unha superficie serosa.

fibrosite *s.f.* Inflamación non supurativa do tecido fibroso de calquera parte do corpo.

fibrotórax *s.m.* Estado que se caracteriza pola adherencia das dúas capas da pleura, de xeito que se produce unha diminución importante da capacidade respiratoria do hemitórax afectado.

fibrovascular *adx.* Que está composto por tecido fibroso e vasos sanguíneos.

ficomicetos *s.m.pl.* Orde de fungos nos que a reprodución se realiza pola unión de dous gametos iguais.

ficomicose *s.f.* Calquera das micoses causadas por fungos da orde *Phycomycetes*.

fígado *s.m.* Órgano visceral impar e asimétrico, localizado na parte superior do abdome, debaixo da cúpula dereita do diafragma, prolongándose cara á esquerda no epigastrio e baixo da cúpula esquerda do diafragma. Trátase da maior das vísceras do organismo, pesando entre 1,5 e 2 kg nos adultos. Posúe catro lobos, que só son visibles conxuntamente na cara inferior, onde se localiza o hilo hepático, no que se atopan a vea porta, a arteria hepática e as vías biliareis, estando a vesícula biliar localizada nun ensachamento do suco anteroposterior dereito. A cara superior está dividida polo ligamento superior en dous lobos, dereito e esquerdo. A cara posterior presenta dous

sucos, dos que o dereito contén a vea cava inferior. Posúe múltiples funcións, mediante as que intervén na maioría dos procesos metabólicos e de síntese que se producen no organismo, segrega a bile, para a realización de procesos dixestivos, posúe funcións de depósito de diversas substancias, funcións desintoxicantes, actúa como órgano hematopoiético accesorio, etc.

figo *s.m.* Froito da figueira. Posúe propiedades laxantes, emolientes e un gran poder nutritivo.

figueira *s.f.* Árbore pertencente á especie *figus* e á familia das moráceas, que segrega un látex amargo e astrinxente.

figura *s.f.* Forma exterior dun obxecto pola que se diferencia dos demais. // **F. acromática** Fuso acromático. V. **fuso**. / **F. mitótica** Estadio da agregación cromosómica que presenta un modelo determinado de mitose.

filamento *s.m.* Corpo filiforme, flexible ou ríxido, presente en numerosas estruturas biolóxicas. // **F. axial** Axón ou cilindroeixe dunha fibra nerviosa. / **F. terminal** *Filum terminale*. Prolongación inferior delgada fibrosa da medula espiñal que vai dende o final do cono terminal á base do cóccix.

filamentoso -a *adx.* Con forma de fío.

Filaria Especie da superfamilia *Filiariodea*. // **F. bancrofti** V. **wuchereria bancrofti**.

filariase *s.f.* Estado morbosos orixinado pola presenza de filarias, especialmente *Wuchereria bancrofti*, no organismo.

filaricida *adx.* 1. Que destrúe filarias. // *s.m.* 2. Axente destructor de filarias.

filariforme *adx.* Que ten forma semellante ás filarias.

filete *s.m.* Banda ou cinta longa de fibras nerviosas.

filia *s.f.* Inclinación ou tendencia cara a algunha cousa determinada.

-filia Sufixo do gr. *philia* (amizade), usada en palabras que designan inclinación ou afección por algo.

filiforme *adx.* Que ten forma ou aparencia de fío.

filoneísmo *s.m.* Afección anormalmente esaxerada polas cousas novas.

filópodo *s.m.* Pseudópodo delgado, filamentosos, constituído por citoplasma.

filopresión *s.f.* Compresión dun vaso sanguíneo mediante un fío.

filovaricose *s.f.* Desenvolvemento de varicosidades no cilindroeixe das células nerviosas.

filoxénese *s.f.* Estudio do desenvolvemento das especies ou das razas dende a súa orixe.

filtrable *adx.* Que pode atravesar os poros dun filtro.

filtración *s.f.* 1. Paso dun líquido a través dun filtro. 2. En radioterapia, paso do feixe de raios X a través dunha folla de diversos metais coa finalidade de eliminar as radiacións brandas e deixar pasar só as duras ou penetrantes.

filtrado *s.m.* Líquido que atravesou un filtro.

filtro *s.m.* 1. Corpo poroso ou aparello de diversos materiais e tamaños de poro, a través do que se fai pasar un líquido ou un gas, para conseguirla súa esterilización ou limpeza de certas partículas que contén en suspensión. 2. Na radioloxía, pantalla de diversos materiais que deixa pasar algúns tipos de radiacións e impide o paso doutras. // **F. de Wood** Pantalla que absorbe as radiacións de luz visible do espectro e deixa pasar as ultravioletas. / **F. Millipore** Filtro de acetato de celulosa utilizado para esterilizar solucións inestables á calor.

filum *s.m.* Voz latina utilizada para designar algunhas estruturas anatómicas ou histolóxicas con forma de fío. // **F. terminale** V. **filamento terminal**.

fima *s.m.* Calquera tumor dérmico ou tubérculo cutáneo.

fimatose *s.f.* Estado morbosos caracterizado pola presenza de fimas.

fimbria *s.f.* 1. Estructura anatómica con características de franxa, bordo ou orla, especialmente a porción terminal ovárica da trompa de Falopio. 2. Apéndice filamentoso, de menor tamaño e máis numeroso cós flaxelos, que posúen algunhas bacterias. // **F. ovárica** Extremidade da trompa de Falopio con forma de franxa que recolle os óvulos desprendidos do ovario en cada ciclo menstrual.

fimbriocèle *s.f.* Hernia que contén o pavillón da trompa de Falopio.

fimose *s.f.* Estreiteza natural, conxénita ou adquirida da abertura do prepucio, que ten como consecuencia a imposibilidade de descubri-la glándula.

fío *s.m.* 1. Fibra ou filamento dunha materia téxtil de procedencia natural ou artificial, utilizado para a realización de ligaduras e suturas. 2. Arame delgado que pode ser de diversos metais, utilizado coa mesma finalidade cós fíos téxtiles.

física *s.f.* Ciencia que estudia as propiedades fundamentais da materia e a enerxía mediante a experimentación e a elaboración de conceptos e as leis que tenden a modificarlo seu estado ou movemento sen altera-la súa natureza.

físico -a *adx.* 1. Pertencente ou relativo ós corpos, ás cousas materiais ou á física. // *s.* 2. Persoa dedicada profesionalmente á física ou que posúe abundantes coñecementos da mesma.

físicoquímico -a *adx.* Relativo ou pertencente á física e á química ó mesmo tempo.

fisio- Prefixo do grego *Phýsis* (natureza), que denota relación coa natureza ou a fisioloxía.

fisiocracia *s.f.* Curación natural das enfermidades, con pouca ou nula intervención médica terapéutica.

fisiólise *s.f.* Destrución ou desintegración natural dos tecidos.

fisiólogo -a *s.* Persoa especialista en fisioloxía ou dedicada a ela. Tamén se di **fisioloxista**.

fisioloxía *s.f.* Ciencia que estudia as funcións e as propiedades dos órganos e dos tecidos dos seres vivos.

fisioloxista *s.* Fisiólogo.

fisión *s.f.* 1. Ruptura ou segmentación de algo. 2. Reproducción asexual mediante a división do corpo en dúas ou máis partes, formando cada unha delas un novo individuo independente. // **F. binaria** División do núcleo celular e posteriormente do citoplasma en dúas partes iguais; común nos protozoos. / **F. nuclear** División do núcleo dun átomo mediante un bombardeo neutrónico, liberándose no proceso abundante enerxía.

fisionomía *s.f.* 1. Conxunto das faccións do rostro e expresión particular que resulta dese conxunto. 2. Determinación do temperamento e do carácter a partir dos trazos faciais.

fisiopatoloxía *s.f.* Parte da fisioloxía que estudia as funcións orgánicas no transcurso das enfermidades.

fisiolóxico -a *adx.* Pertencente ou relativo á química fisiolóxica ou clínica.

fisioterapeuta *s.* Persoa especialista en fisioterapia.

fisioterapia *s.f.* Ciencia que utiliza diversos axentes físicos no tratamento das enfermidades.

fisioxénese *s.f.* Orixe e desenvolvemento natural do organismo.

fisiparidade *s.f.* Variedade de reprodución asexual por fisión, na que as dúas partes resultantes da mesma teñen un tamaño aproximadamente igual. Tamén se di **escisiparidade**.

fisocéfalia *s.f.* Tumefacción enfisematosa da cabeza. Tamén se di **pneumatocefalia**.

fisocèle *s.f.* 1. Tumoración con contido de gases. Tamén se di **pneumatocele**. 2. Hernia intestinal con contido de gases. 3. Dilatación do escroto por gases.

fisohidrómetra *s.m.* Presencia de gases e mais de líquido no interior da cavidade do útero.

fisómetra *s.m.* Aire ou gases na cavidade uterina.

fisopiosalpinx *s.m.* Presencia de gases e máis de pus na trompa de Falopio.

fisostigmina *s.f.* Alcaloide da semente da faba do Calabar, de gran toxicidade, con propiedades estimulantes do sistema nervioso simpático. Úsase de forma tópica para producir miose e diminuí-la presión intraocular no tratamento do glaucoma e por vía parenteral como antagonista dos efectos das sobredoses de fármacos anticolinéxicos sobre o SNC.

fisotórax *s.m.* V. **pneumotórax**.

fístula *s.f.* 1. Traxecto ou conducto patolóxico conxénito ou adquirido que comunica entre si dous órganos (fístula interna), ou un órgano ou estrutura anatómica co exterior (fístula externa). 2. Comunicación artificial, cirúrxica ou experimental, que comunica entre si dous órganos ou un órgano co exterior. // **F. abdominal** A que

comunica a superficie do abdome cunha víscera oca intraabdominal. / **F. anal** A que está próxima ó ano e comunica ou non co recto ou a pel. / **F. arteriovenosa** Comunicación anormal entre unha arteria e unha vea, que pode ser traumática ou conxénita. / **F. biliar** Aquela que comunica un segmento das vías biliares coa parede do abdome (fístula biliar externa), ou cun órgano oco ou conducto internos (fístula biliar interna). / **F. branquial** Fístula conxénita que resulta da persistencia anormal dun segmento de fendedura branquial. / **F. cega** Aquela que só ten aberto un dos seus extremos, terminando o outro nun fondo de saco. Tamén se di **fístula incompleta** / **F. completa** A que está aberta nos dous extremos. / **F. de Eck** Comunicación anormal entre os sistemas porta e cava. / **F. do conducto tirogloso** Fístula que resulta da infección secundaria e posterior apertura ó exterior dos restos do conducto tirogloso. / **F. enterovaxinal** A que comunica a luz intestinal coa vaxinal. / **F. enterovesical** A que comunica a luz intestinal e a cavidade vesical. / **F. esofáxica** A que comunica o esófago coa superficie cervical ou coa luz do traxecto traqueobronquial. / **F. externa** A que comunica unha víscera oca ou un conducto interno coa superficie corporal. / **F. incompleta** V. **f. cega**. / **F. interna** Aquela que non comunica coa superficie corporal. / **F. intestinal** A que comunica a luz do intestino coa superficie da pel ou dous segmentos de intestino entre si. / **F. onfalomesentérica** Comunicación conxénita do embigo coa luz intestinal causada pola persistencia do conducto onfalomesentérico fetal. / **F. parietal** Fístula que sae ó exterior a través das paredes torácica ou abdominal. / **F. torácica** Fístula que sae á superficie na parede do tórax. / **F. traqueoesofáxica** Comunicación anómala conxénita entre a traquea e maillo esófago. / **F. umbilical** Aquela que se abre na pel do anel umbilical. / **F. uretral** Comunicación anormal entre a luz da uretra e a pel do pene ou un órgano veciño á uretra. / **F. urinaria** Traxecto anormal orixinado nas vías urinarias, que transcorre por diversos órganos ou áreas anatómicas e polo que circula a urina. / **F. uroxenital** V. **f. xenitourinaria**. / **F. vesical** Comunicación anormal entre a vexiga urinaria e un órgano da súa veciñanza, nomeándose dependendo do órgano que comunica coa vexiga, como fístulas vesicouterinas, vesicointestinais, vesicovaxinais, etc. / **F. xenitourinaria** A que comunica un segmento das vías urinarias con outro do aparello xenital. Tamén se di **fístula uroxenital**.

fistulátomo *s.m.* Aparello utilizado para cortar unha fístula.

fistulectomía *s.f.* Escisión cirúrxica dunha fístula.

fistulización *s.f.* Formación dunha ou máis fístulas.

fistulografía *s.f.* Radiografía dun traxecto fistuloso coa axuda dun medio de contraste.

fistulotomía *s.f.* Incisión dun traxecto fistuloso.

fisura *s.f.* Fendadura lonxitudinal normal ou patolóxica das estruturas anatómicas. // **F. anal** Úlcera lineal superficial no esfínter anal que orixina dor durante a defeca-

ción e espasmo do esfínter. / **F. cigomaticoesfenoidal** V. **f. orbitaria inferior**. / **F. conxénita** Solución de continuidade nunha parte ou órgano, orixinada pola detención do desenvolvemento e a falla da soldadura dos elementos anatómicos integrantes da mesma. / **F. de Glaser** Fendadura que divide en dúas partes o fondo da cavidade glenoide do óso temporal. / **F. de Henle** Cada un dos espacios localizados entre as fibras musculares do corazón, ocupados por tecido conxuntivo. / **F. de Santorini** Fisura localizada na cartilaxe do conducto auditivo externo. / **F. esfenomaxilar** V. **f. orbitaria inferior**. / **F. lonxitudinal do cerebro** A que separa ámbolos dous hemisferios cerebrais. / **F. orbitaria inferior** Fendadura localizada entre a á maior do esfenoide e a lámina orbitaria do maxilar. Tamén se di **fisura esfenomaxilar**. / **F. orbitaria superior** fendadura localizada entre as ás maiores e as menores do esfenoide. Tamén se di **fisura cigomaticoesfenoidal**. / **F. ósea** Fractura leve e incompleta, sen separación de fragmentos.

fisuración *s.f.* Producción de fisuras nunha parte ou órgano.

fito- Prefixo do grego *phytón* (planta).

-fito Sufixo do grego *phytón* (planta).

fitoanafilactógeno -a *adx.* Das proteínas de orixe vexetal que poden causar reaccións anafilácticas.

fitobezoar *s.m.* Bezoar composto de fibras vexetais.

fitófago -a *adx.* Que se alimenta de vexetais. Tamén se di **vexetariano**.

fitofotodermatite *s.f.* Dermatite fototóxica orixinada pola exposición á luz solar despois do contacto con certas plantas que conteñen substancias fotosensibilizantes.

fitol *s.m.* Alcohol alifático procedente da hidrólise da clorofila, relacionado coa xantofila, os carotenoides e a vitamina A, que se usa na preparación da vitamina E e da fitonadina.

fitonadina *s.f.* Vitamina liposoluble do grupo K que se extrae das plantas verdes ou se sintetiza.

fitonose *s.f.* Enfermidade orixinada polas plantas.

fitoparasito *s.m.* Parasito vexetal.

fitoplasma *s.m.* Citoplasma das células vexetais.

fitoprecipitina *s.f.* Precipitina producida por inmunización con substancias proteicas de orixe vexetal.

fitosterina *s.f.* Alcohol semellante ó colesterol que se atopa nas sementes ou nos talos dalgunhas plantas. Tamén se di **fitosterol**.

fitosterol *s.m.* V. **fitosterina**.

fitoterapia *s.f.* Terapéutica baseada nas plantas ou nas substancias de orixe vexetal.

fitotoxina *s.f.* Exotoxina procedente dalgunhas especies de plantas superiores.

fiúncho *s.m.* Planta herbácea, recendente, pertencente á familia das umbelíferas, que posúe propiedades estimulantes, diuréticas e emenagogas.

fixación *s.f.* 1. Acción e efecto de manter un corpo ou unha parte anatómica nunha posición fixa. 2. Técnica histolóxica que mantén un tecido no seu estado orixinal mediante unha serie de tratamentos químicos ou físicos, con obxecto da súa posterior observación microscópica. 3. Suspensión do desenvolvemento psicolóxico nunha determinada etapa como resposta ós fracasos ou dificultades, que, dependendo da súa duración, pode ou non ser normal. 4. En oftalmoloxía, dirección da mirada de forma que a imaxe visual do obxecto impacte sobre a fóvea central da retina. 5. Tratamento das películas fotográficas que serve para elimina-los sales non revelados, de forma que só fican os sales de prata revelados para formar unha imaxe permanente. // **F. do complemento** Consumo do complemento sérico que se produce en reaccións con complexos inmunes que conteñen anticorpos fixadores do complemento. Esta reacción realizada nun laboratorio en presenza de sistemas indicadores da fixación, serve de base para numerosas probas diagnósticas que detectan antíxenos ou anticorpos determinados. / **F. telescópica** Fixación dos fragmentos dunha fractura mediante a introducción da punta dun deles na cavidade medular do outro.

fixador *s.m.* Substancia usada para impedi-la dexeneración das mostras histolóxicas ou citolóxicas.

flabelado -a *adx.* Que ten forma de abano.

flabelo *s.m.* Serie de fibras radiadas en forma de abano localizadas no corpo estriado.

flaccidez *s.f.* Lasitude e debilidade muscular.

flácido -a *adx.* Que está laso, débil e brando.

flamexarmento *s.m.* Procedemento de esterilización mediante a exposición do obxecto que se esteriliza á acción dunha lapa.

flanco *s.m.* Rexión lateral do tronco que vai dende as costelas ata o óso ilíaco. Tamén se di **costado**.

flato *s.m.* Aire ou gas que se acumula no interior do corpo, especialmente no aparello gastrointestinal.

flatulencia *s.f.* Distensión do estómago e do intestino orixinada por unha acumulación de gases nos mesmos.

flavina *s.f.* Calquera dun grupo de pigmentos naturais que conteñen o núcleo de isoaloxacina, principalmente a riboflavina. Teñen cor amarela e unha intensa fluorescencia verde en estado oxidado.

Flavivirus Xénero de virus da familia dos *Togaviridae*, do que o prototipo é o virus da febre amarela. Son virus RNA monocatenarios, cúbicos e con envoltura.

flavo -a *adx.* Da cor do trigo maduro ou do ouro.

Flavobacterium Xénero de bacterias gramnegativas, aerobias ou anaerobias facultativas, con forma de bastón

e productoras dun pigmento amarelo. Son patóxenos oportunistas do intestino humano.

flavoenzima *s.f.* Enzima pertencente ás flavoproteínas.

flavoproteína *s.f.* Proteínas conxugadas que teñen de grupo prostético derivados da isoaloxicina, o que lles dá unha cor amarela.

flaxelación *s.f.* 1. Proceso de formación de flaxelos. 2. Aberración sexual na que o pracer sexual se obtén dando ou recibindo azoutas. 3. Variedade de masaxe que se realiza batendo cos dedos sobre unha superficie corporal.

flaxelado -a *adx.* 1. Que ten flaxelos. // *s.m.* 2. Protozoo do subfilo *Mastigophora*. 3. Microorganismo que ten flaxelos.

flaxelo *s.m.* Prolongación celular filiforme dotada de mobilidade, que actúa como elemento de locomoción en diversos microorganismos.

flaxelospora *s.f.* Espora que posúe un ou máis flaxelos.

flebalxia *s.f.* 1. Dor no traxecto dunha vea varicosa. 2. Neuralxia producida por varicosidades nun tronco nervioso.

flebanestesia *s.f.* Narcose producida mediante unha inxección intravenosa.

flebanxioma *s.m.* Aneurisma venoso.

flebarteriectasia *s.f.* Dilatación xeral de veas e arterias.

flebastenia *s.f.* Insuficiencia das paredes das veas.

flelectasia *s.f.* Dilatación ou variz dunha vea.

flelectomía *s.f.* Operación cirúrxica consistente na extirpación parcial ou total dunha vea.

flelectopía *s.f.* Desprazamento dunha vea da súa posición normal.

flebenfraxe *s.f.* Obstrucción dunha vea por un coágulo.

flebismo *s.m.* Obstrucción dunha vea e turxescencia anormal consecuenta.

flebite *s.f.* Proceso inflamatorio que lle afecta á parede dunha ou máis veas. // **F. aguda** Flebite de curta duración caracterizada pola infiltración das paredes do vaso e a formación dun trombo de sangue. Clinicamente presenta dor, edema e unha formación dura e vermella no traxecto da vea. / **F. crónica** Flebite de longa duración caracterizada pola esclerose da parede e ás veces calcificación. / **F. obliterante** Flebite que ocasiona a oclusión da luz das veas. / **F. puerperal** Flebite séptica consecutiva ó parto. / **F. recorrente** Aquela que evoluciona con episodios separados por intervalos de tempo variables. / **F. séptica** Flebite aguda consecutiva a procesos sépticos. Tamén se di **flebite supurativa**. / **F. supurativa** V. f. **séptica**.

fleboclise *s.f.* Inxección de líquido nunha vea.

fleboflebotomía *s.f.* Anastomose cirúrxica dunha vea con outra.

flebografía *s.f.* 1. Técnica de exame radiolóxico das veas, principalmente das extremidades inferiores, despois da

inxección dun contraste radiopaco. 2. Rexistro gráfico do pulso venoso mediante un flebógrafo.

flebógrafo *s.m.* Aparello utilizado para rexistra-lo pulso venoso.

flebograma *s.m.* Trazado do pulso venoso realizado cun flebógrafo.

flebolitíase *s.f.* Estado caracterizado pola presenza de cálculos no interior das veas.

flebólito *s.m.* Concreción calcaria no interior dunha vea. Son case sempre consecuencia dunha flebite.

flebomanómetro *s.m.* Aparello destinado á medición da presión sanguínea venosa.

flebomiotomose *s.f.* Desenvolvemento esaxerado ou neoformación de fibras musculares nas paredes das veas.

flebopatía *s.f.* Calquera doenza que afecte ás veas.

fleboplastia *s.f.* Reparación plástica dunha vea.

fleborrafia *s.f.* Sutura dunha vea.

fleborraxia *s.f.* Hemorraxia procedente dunha vea.

fleborrexe *s.f.* Rotura dunha vea.

flebosclerose *s.f.* Endurecemento dunha vea.

flebostase *s.f.* 1. Retardo da circulación sanguínea nas veas. 2. Supresión temporal dunha porción do sangue da circulación xeral mediante a compresión das veas dun membro.

flebotomía *s.f.* Incisión dunha vea.

flebótomo *s.m.* Lanceta utilizada para realizar sangrías.

flebotrombose *s.f.* Trombose venosa.

flebóxeno -a *adx.* Que se orixina dentro das veas, especialmente os anxiomas que se orixinan nos *vasa vasorum* das veas.

fledonía *s.f.* Delirio de grandeza presente nalgunhas enfermidades mentais.

flegma *s.f.* 1. Un dos catro humores da medicina antiga. 2. Mucosidade procedente das vías respiratorias, especialmente do nariz e da gorxa. 3. Apatía, calma, pachorra.

flegmagogo -a *adx.* 1. Que favorece a evacuación das flegmas. // *s.m.* 2. Axente que posúe esta acción.

flegmasía *s.f.* Inflamación. // **F. alba dolens** Forma de flebite obliterante, que afecta xeralmente á vea femoral e que aparece nalgunhas ocasións despois do parto ou en enfermos encamados moito tempo. Caracterízase por un edema branco doloroso no membro afectado. / **F. cerulea dolens** Variedade de *flegmasía alba dolens* que presenta unha cor azulada debida a unha complicación nas veas superficiais.

flegmón *s.m.* Inflamación difusa do tecido conxuntivo. // **F. circunscrito** O que se caracteriza por ter unha extensión ben delimitada e unha evolución xeralmente benigna. / **F. de Dupuytren** Supuración flegmonosa localizada na rexión anterolateral do pescozo. / **F. difuso**

Inflamación aguda e extensa do tecido celular, con evolución progresiva, tendencia á necrose e síntomas xerais graves. / **F. enfisematoso** Flegmón difuso no que ademais hai presenza de gases.

flegmorraxia *s.f.* Secreción de abundantes mucosidades.

flexibilidade *s.f.* Calidade de flexible. // **F. cérea** Estado catatónico e cataléptico no que os membros manteñen a posición na que se colocan, opoñendo unha resistencia que semella a da cera ó moveiros.

flexible *adx.* Que se pode dobrar con facilidade sen partir.

flexímetro *s.m.* Aparello para medi-lo grao de flexibilidade das articulacións.

flexión *s.f.* 1. Acción ou efecto de dobrar ou dobrarse. 2. Acción de dobrar unha extremidade ou parte do corpo articulada. // **F. do útero** Desprazamento do corpo do útero sobre o colo do mesmo cara a adiante, sendo esta posición normal (anteflexión), cara atrás (retroflexión), ou lateralmente (lateroflexión).

flexor -a *adx.* 1. Que produce flexión, aplicado ós músculos que ó contraer producen a flexión dunha extremidade ou de parte da mesma. // *s.m.* 2. Músculo que produce flexión.

flexura *s.f.* Porción curva dunha estrutura ou órgano; curva ou pregadura anatómicas. // **F. do cóbado** Liña anterior onde se efectúa a flexión do antebrazo. / **F. duodenoxexunal** Curvatura intestinal localizada na unión do duodeno co xexuno. / **F. esplénica** Curva do colon localizada na unión das súas porcións transversal e descendente. / **F. hepática** Curva do colon localizada na unión das súas porcións ascendente e transversal. / **F. sigmoide** Porción curva do colon anterior ó recto, que posúe forma de sigma.

flictena *s.f.* Lesión da pel consistente nunha ampola ou vincha formada pola elevación da epiderme e chea de soro, que se produce nas queimaduras.

flicténula *s.f.* Flictena de pequeno tamaño ou nódulo ulcerado localizado na córnea ou na conxuntiva.

flictenular *adx.* Asociado á formación de flicténulas ou semellante a elas.

floculación *s.f.* Precipitación dos coloides dunha solución formando partículas a xeito de folepas en lugar de precipitar coma unha masa coagulada.

flora *s.f.* 1. Conxunto das plantas dunha área ou rexión determinada. 2. Conxunto das bacterias e microorganismos habituais ou saprófitos dun órgano ou parte.

flotante *adx.* Que non permanecen fixado a unha parte, referido a algunhas estruturas anatómicas. // **Costelas f.** Par último de costelas de cada lado do corpo, que non se unen coma as demais ó óso esterno.

floxuridina *s.f.* Antineoplásico utilizado por vía intraarterial no tratamento das metástases hepáticas nas neoplasias gastrointestinais.

fluctuación *s.f.* 1. Variación que se observa arredor dun valor fixo. 2. Movemento ondulatorio comunicado a un líquido acumulado nunha cavidade corporal, que se realiza comprimindo nunha parte o devandito líquido e percibindo o movemento coa outra man no lado contrario.

fludrocortisona *s.f.* Esteroido sintético que posúe unha importante acción glico e mineralocorticoide. Úsase como acetato de fludrocortisona.

flufenacina *s.f.* Derivado trifluorometilado da perfenacina que constitúe o tranquilizante fenotiacínico de acción máis potente.

fluído *s.m.* Líquido, gas ou plasma, corpo que debido á pouca cohesión das súas moléculas, ten a propiedade de adoptar-la forma do recipiente que o contén.

fluocinolona (acetónido de) *s.f.* Glicocorticoide sintético, utilizado como antiinflamatorio tópico nas dermatoses que responden a estes compostos.

fluocinonida *s.f.* Éster do acetónido de fluocinolona que se utiliza tópicamente no tratamento dalgunhas dermatoses.

fluor *s.m.* Elemento non metálico, monovalente, primeiro elemento da familia dos halóxenos, gasoso, de cor amarela pálida, irritante, semellante ó cloro, moi reactivo, de símbolo F e de peso atómico, 19.

fluoresceína *s.f.* Colorante de cor amarela-alaranxada da familia das ftaleínas, que proporciona unha fluorescencia verde moi intensa. Úsase comunmente para evidencia-las erosións corneais.

fluorescencia *s.f.* Propiedade que teñen algúns corpos de absorber luz dunha determinada lonxitude de onda e emitila despois en forma dunha radiación de lonxitude de onda maior.

fluorhídrico (ácido) *s.m.* Solución acuosa de fluoruro de hidróxeno, ácido de gran toxicidade e irritante das mucosas.

fluorimetría *s.f.* Técnica analítica utilizada para detectar cantidades moi pequenas dun elemento ó medi-la lonxitude de onda que emite durante a fluorescencia.

fluorómetro *s.m.* Aparello utilizado na fluorimetría, que consta dunha fonte de enerxía para producir fluorescencia, monocromatores para elixi-la lonxitude de onda e un detector das radiacións emitidas.

fluoroscopia *s.m.* Aparello utilizado para examinar estruturas profundas mediante raios X. Consta dunha pantalla (pantalla fluorescente), cuberta de cristais de tungstato de calcio, na que se proxectan as sombras dos raios X que atravesan o corpo, o que está colocado entre a pantalla e a fonte da radiación.

fluorose *s.f.* Estado morbo causado pola exposición a concentracións excesivas de fluor ou dos seus compostos. Caracterízase por alteracións esqueléticas, consistentes en osteosclerose e osteomalacia e manchas

no esmalte dental, no caso de ocorre-la exposición durante a formación do esmalte. // **F. endémica crónica** Doenza dentaria crónica orixinada por unha excesiva concentración de fluor na auga potable, e caracterizada por unha coloración amarela-parda ou case negra dos dentes.

fluoruracilo *s.m.* 5-fluoruracilo, análogo pirimidínico, que produce a inhibición da síntese do DNA e/ou proteínas, actúa como antimetabolito das bases pirimidínicas, como anticanceroso e inmunodepresor. Utilízase por vía oral no tratamento de certas neoplasias e, de forma tópica, no tratamento das queratites premalignas da pel e nos carcinomas de células basais.

fluoruro *s.m.* Combinación de fluor cun metal ou cun metaloide.

fluracepam *s.m.* Benzodiazepina con acción hipnótica utilizado no tratamento farmacolóxico do insomnio simple.

flúter *s.m.* Vibración ou pulsación rápida. // **F. auricular** Arritmia cardíaca caracterizada por contraccións rápidas e regulares cunha frecuencia entre 250 e 350 contraccións por minuto, que no ECG aparece como ondas regulares, de morfología, duración e voltaxe constantes. / **F. diafragmático** Contraccións rápidas e ondulatorias do diafragma de orixe descoñecida, que poden ser paroxísticas de curta duración ou permanentes. / **F. ventricular** Actividade rápida e coordinada dos ventrículos cunha frecuencia de 200 contraccións por minuto, que no ECG aparece como ondas ventriculares regulares, de aspecto sinusoidal.

flujo *s.m.* Efusión ou evacuación continua dunha cantidade máis ou menos importante dun líquido normal ou patolóxico ó exterior. // **F. bilioso** Diarrea composta na meirande parte por bile. / **F. branco** V. **leucorrea**. / **F. catamenial** V. **menstruación**.

Fm Símbolo químico do fermio.

fobia *s.f.* Medo excesivo, irracional e persistente diante dun obxecto, actividade ou situación determinados, que ocasiona un intenso desexo de evitar aquilo que se teme. Para que a fobia teña entidade clínica, o medo ten que ser recoñecido polo individuo que o sofre como excesivo e irracional e a conducta de evitación ten que orixinar algún grao de incapacidade.

fobofobia *s.f.* Estado de psicastenia caracterizado polo medo a ter fobias.

focal *adx.* Pertencente ou relativo a un foco.

fociño *s.m.* 1. Parte da cabeza dalgúns animais na que están a boca e o nariz. 2. Coloquialmente e aplicado ás persoas, cara ou parte da mesma formada pola boca e o nariz. // **F. catatónico** Proxección cara adiante dos labios debido a contracción involuntaria do músculo orbicular dos mesmos. / **F. de tenca** Porción vaxinal do colo do útero, onde se localiza o orificio externo do mesmo.

foco *s.m.* 1. Punto onde converxen os raios luminosos reflectidos nun espello cóncavo ou refractados nunha lente convexa ou as ondas acústicas. 2. Centro principal dun proceso morbosos. // **F. de Ghon** Foco primario tuberculoso que conxuntamente coa linfanxite tuberculosa e as adenopatías hiliares constitúe o complexo primario. / **F. purulento** Localización onde se forma o pus nun proceso supurativo.

focomelia *s.f.* Anomalía do desenvolvemento caracterizada pola ausencia da parte proximal dun ou ámbolos dous membros superiores ou inferiores.

focomelo *s.m.* Monstro fetal que presenta focomelia.

folato *s.m.* Forma aniónica do ácido fólico.

fólico (ácido) *s.m.* Ácido pteroilglutámico, vitamina do complexo B que serve de portador de grupos dun carbono en moitas reaccións metabólicas.

foliculite *s.f.* Inflamación dun ou máis folículos ou de calquera estrutura folicular.

folículo *s.m.* Denominación de diversas estruturas anatómicas ou histolóxicas que conforman unha depresión, saco ou cavidade, localizadas en diferentes zonas do organismo, principalmente nas mucosas ou na pel, e que posúe xeralmente unha función glandular segregadora. // **F. atrésico** Folículo ovárico que experimentou involución. / **F. de De Graaf** Cada unha das vesículas ováricas que conteñen un oocito. / **F. de Montgomery** Depresións localizadas na membrana mucosa do útero. / **F. de Naboth** Formacións que semellan quistes, orixinadas polo peche da luz das glándulas da mucosa cervical e a acumulación das segregacións que non poden saír ó exterior. / **F. dentario** Órgano con forma de saco localizado no interior dos maxilares, que contén o dente antes da súa erupción. / **F. intestinal** ou **de Lieberkühn** Criptas intestinais tubulares situadas na mucosa do intestino delgado. / **F. linfático** 1. Acumulacións de tecido linfoide de pequeno tamaño localizadas en distintas áreas da mucosa do traxecto intestinal. 2. Acumulación de linfocitos proliferantes localizada na codia dos ganglios linfáticos. / **F. lingual** Prolongacións da mucosa na raíz da lingua, que se orixinan por masas de tecido linfoide subxacente que forman a amígdala lingual. / **F. piloso** Invaginación tubular da epiderme que envolve os cabelos e da que nacen os mesmos. / **F. primordial** Folículo de De Graaf non maduro. / **F. sebáceo** Glándula sebácea da pel.

foliculose *s.f.* Doenza caracterizada polo desenvolvemento excesivo dos folículos linfáticos.

foliculoso -a *adx.* Folicular, relativo ós folículos.

folínico (ácido) *s.m.* Forma activa do ácido fólico. Tamén se di **factor citrovorum**.

folium *s.m.* Estructura anatómica con forma de folla. // **F. vermis** Porción posterior da parte superior do vermis cerebeloso.

folla *s.f.* 1. Órgano xeralmente laminar e verde que sae do talo ou das pólas das plantas. 2. Parte da anatomía

delgada e extensa ou laminar. // **F. blastodérmica** Cada unha das tres porcións do blastoderma embrionario: ectoderma, endoderma e mesoderma. / **F. parietal** Porción dunha membrana serosa, pleura ou peritoneo que establece contacto coa parede torácica ou abdominal. / **F. visceral** Porción dunha membrana serosa, da pleura ou do peritoneo que establece contacto coas vísceras.

Fölling, enfermidade de V. enfermidade.

fomento *s.m.* Medicamento líquido que se aplica na superficie do corpo por medio de panos quentes.

fomite *s.m.* Obxecto que non sendo patóxeno pode sen embargo aloxar microorganismos que si o sexan, transmitindo deste xeito unha enfermidade infecciosa.

fonación *s.f.* Emisión da voz ou de sons articulados.

fonastenia *s.f.* Debilidade da voz; fonación difícil causada por fatiga.

fondo *s.m.* Base ou parte dun órgano oco máis afastada da súa boca ou entrada. // **F. de saco de Douglas** Fondo de saco peritoneal que se atopa entre o recto e o útero nas mulleres, ou o recto e a vexiga nos homes. / **F. do estómago** Porción cardial do estómago. / **F. do ollo** Porción máis profunda ou posterior do globo ocular examinado cun oftalmoscopio. / **F. do útero** Parte superior do útero, por riba da saída das trompas de Falopio. / **F. timpánico** Chan da cavidade timpánica. / **F. vesical** Base da vexiga urinaria.

fonendoscopio *s.m.* Instrumento utilizado na exploración clínica médica para auscultalos sons que se producen nas diferentes vísceras e aparellos do organismo, principalmente os cardíacos e pulmonares. Esencialmente consta dunha pequena campá cunha membrana que, aplicada na superficie do corpo, recolle os sons, que son á súa vez transmitidos por dous tubos, xeralmente de goma, ata uns auriculares. Tamén se di **estetoscopio**.

foniatría *s.f.* Parte da medicina que realiza o tratamento dos defectos da linguaxe falada.

fono- Prefixo do grego *phoné* (voz, son) que se utiliza en palabras que indican relación co son.

fonocardiografía *s.f.* Representación gráfica dos sons cardíacos. Tamén con esta técnica se rexistran o choque da punta do corazón (apexcardiograma), o fluxo sanguíneo na arteria carótida (carotidograma), e na vea xugular (xugulograma).

fonocardiograma *s.m.* Trazado que se obtén ó rexistralos rúidos do corazón na realización dunha fonocardiografía.

fonofobia *s.f.* Temor morbosos a falar en voz alta.

fonómetro *s.m.* Aparello utilizado para rexistrala intensidade dos sons.

fonomiografía *s.f.* Rexistro dos rúidos producidos pola contracción muscular, que se recollen por medio dun micrófono aplicado ó músculo.

fonopatía *s.f.* Doenza ou alteración nos órganos da linguaxe.

fonopsia *s.f.* Sensación subxectiva consistente na visión de cores producida pola percepción de sons.

fonorreceptor *s.m.* Receptor de estímulos sonoros.

Fontana, enfermidade de V. enfermidade.

fontanela *s.f.* Espacios sen osificar existentes nos puntos de confluencia dos ósos do cranio dos nenos. // **F. anterior** A que existe na unión das suturas frontal, coronal e saxital. Tamén se di **fontanela bregmática**, **fontanela maior**. / **F. bregmática** *V. f. anterior*. / **F. lambdoide** *V. f. posterior*. / **F. mastoide** Aquela situada nos bordos adxacentes dos ósos parietal, occipital e a porción mastoide do temporal. / **F. maior** *V. f. anterior*. / **F. menor** *V. f. posterior*. / **F. metópica** Fontanela supernumeraria situada na sutura metópica ou mediofrontal. / **F. posterior** A situada na unión das suturas lambdoide e saxital. Tamén se di **fontanela menor**, **fontanela lambdoide**.

forame *s.m.* Burato, orificio anatómico. // **F. magnum** Burato occipital.

Forbes, enfermidade de V. enfermidade.

fórceps *s.m.* 1. Aparello que consta de dúas pas e un mango, que se utiliza en intervencións cirúrxicas para coller ou comprimir tecidos, e tamén para manexar vendas estériles e diverso material cirúrxico. 2. Aparello obstétrico con forma de pinzas que se utiliza ás veces para extrae-la cabeza do feto durante o parto. 3. Estructura anatómica con forma de pinzas.

Fordyce, enfermidade de V. enfermidade.

forense *adx.* 1. Pertencente ó foro ou tribunais de xustiza. // *s.* 2. Médico que traballa para a administración de xustiza coa finalidade de identifica-las causas da morte, ou informar sobre as lesións sufridas por unha persoa ou en todas aquelas cuestións nas que o requira a devandita administración.

Forestier-Rotés-Querol, enfermidade de V. enfermidade.

foria *s.f.* Dirección ou tendencia das liñas visuais.

forma *s.f.* Configuración ou forma exterior dun corpo.

formación *s.f.* Tecido ou estrutura de forma definida. // **F. reticular** Rede que forman as prolongacións da substancia gris, que se estende dende a porción inferior do bulbo raquídeo ata a porción superior do tronco cerebral. Ten función nos ritmos do estado de vixilia e nos automatismos.

formaldehido *s.m.* Gas desinfectante potente que se empregaba para desinfectar cuartos, roupas, etc. A solución acuosa ó 40%, volátil e incolora, coñécese cos nomes de formol e formalina, e emprégase como solución antiséptica xeral e como solución preservativa.

formalina *s.f.* *V. formaldehido*.

formiato *s.m.* Sal do ácido fórmico.

formicación *s.f.* Alucinación táctil na que se ten a sensación de que pequenos insectos andan sobre a pel.

formiciase *s.f.* Irritación na pel producida pola picadura das formigas.

fórmico (ácido) *s.m.* Ácido incoloro, de fórmula CH_2O_2 , de cheiro penetrante, procedente da destilación das formigas, ou tamén do ácido oxálico, a glicerina e da oxidación do formaldehido. Irritante e cáustico, utilízase na forma pura e en forma de sal cálcica e sódica como conservante de produtos alimentarios.

formigo *s.m.* 1. Sensación máis ou menos molesta na pel semellante a un proído ou comechón pouco intenso. 2. Costro, primeiro leite que aparece despois do parto.

formilase *s.f.* Fermento que intervéen na conversión do ácido acético en ácido fórmico inestable.

formilo *s.m.* Radical monovalente de fórmula H-CO- .

formol *s.m.* *V. formaldehido*.

fórmula *s.f.* Enunciado específico realizado con números ou outros símbolos, no que se indica a composición ou as instrucións para preparar un composto, como unha medicina ou calquera outro, ou un procedemento para obter un resultado ou un valor determinado. // **F. dental** Expresión mediante símbolos da composición e disposición das pezas dentarias dos maxilares humanos. / **F. empírica** Fórmula química que expresa a proporción de elementos que se presentan nunha substancia. / **F. leucocitaria** Proporción entre as diversas variedades de leucocitos no sangue. / **F. maxistral** Fórmula dun composto terapéutico que prepara o farmacéutico. / **F. molecular** Expresión que mostra a constitución teórica dunha molécula concreta. / **F. química** Expresión mediante símbolos da composición química dunha substancia.

formulario *s.m.* Colección de fórmulas, receitas ou prescricións oficinais e maxistrais, de carácter oficial ou privado.

fórnix *s.m.* 1. Espacio con forma de arco ou de bóveda. 2. Trígono cerebral, lámina triangular de substancia branca situada debaixo do corpo caloso e do tabique transparente dos ventrículos laterais, que forma a bóveda do terceiro ventrículo.

foro- Prefixo e sufixo do gr. *phorós*, utilizado para indicar unha relación co movemento ou a idea de levar ou conter algo.

forocito *s.m.* Célula do tecido conxuntivo.

forocitose *s.f.* Proliferación dos forocitos.

foróptero *s.m.* Aparello utilizado no exame da visión, que contén 36 lentes que se poden combinar de xeito automático.

forótono *s.m.* Aparello utilizado para exercita-los músculos do ollo.

fortificante *adx.* Substancia que posúe propiedades tónicas ou analépticas.

forza *s.f.* Enerxía ou potencia, aquilo capaz de modificar o estado de repouso ou movemento dun corpo. // **F. animal** Enerxía muscular. / **F. de Van der Waals** Forzas de atracción entre átomos e moléculas relativamente débiles e de curto alcance. / **F. electromotriz** Forza que por diferencias de potencial orixina unha corrente eléctrica.

fosa *s.f.* Cavidade anatómica de anchura e profundidade variable. // **F. acetabular** Fondo non articular do acetábulo. / **F. amigdalina** Cada un dos ocos situados entre os piares do padal onde se atopan as amígdalas. / **F. ancónea** V. **f. olecraniana**. / **F. axilar** Axila ou sobrazo. / **F. canina** Zona do maxilar superior que se relaciona coas partes brandas das meixelas, e que corresponde ó segundo premolar e ós dous primeiros molares. / **F. carotídea** Espacio comprendido entre os músculos infrahioides, o bordo anterior do esternocleidomastoideo, o ventre posterior do digástrico e a parede da farinx. / **F. cranial** Cada unha das cavidades situadas no chan do cranio para aloxa-los lobos do cerebro e do cerebelo; divídese nunha fosa anterior, unha media e unha posterior. / **F. hipofisaria** Cavidade localizada no corpo do óso esfenoide, que aloxa a hipófise. / **F. infraclavicular** Depresión ancha localizada debaixo da clavícula, limitada polos músculos pectoral maior, pectoral menor e deltoide. / **F. infraorbitaria** Depresión localizada na cara externa do maxilar, por riba da localización do dente canino. / **F. infrapiñosa** Zona inferior da omoplata, localizada por debaixo da espiña deste óso. / **F. inguinal externa** Fosa de pequeno tamaño localizada na superficie interna da parede anterior do abdome, onde se localiza o anel inguinal superficial. / **F. inguinal interna** Fosiña localizada na superficie interna da parede anterior do abdome, entre a arteria umbilical e o uraco. / **F. inguinal media** Fosiña localizada na superficie interna da parede abdominal, entre a arteria epigástrica e a umbilical obliterada. / **F. lacrimal** Depresión na porción anterior da parede superior da órbita, onde se atopa aloxada a glándula lacrimal. / **F. mandibular** Cavidade localizada na base da apófise cigomática no óso temporal, que pertence á articulación temporomandibular. / **F. mastoide** Depresión localizada na parte interior da apófise mastoide, que forma parte do seo venoso lateral. / **F. nasal** Cada unha das dúas cavidades contiguas á liña media da cara, no nariz, que serven para o paso do aire durante a respiración e conteñen os elementos do sentido do olfacto. / **F. navicular** 1. Cavidade pequena localizada detrás da abertura da vaxina 2. Depresión localizada na apófise pterigoide do óso esfenoide. 3. Fosiña localizada entre o hélix e o antehélix na orella. / **F. occipital** Cada unha das catro depresións, dúas superiores e dúas inferiores, localizadas na cara anterior do óso occipital, que aloxan os lobos occipitais do cerebro e o cerebelo. / **F. olecraniana** Cavidade na porción inferior da cara posterior do úmero, que serve para aloxa-lo olecrano do cúbito durante os movementos de extensión da articulación do cúbado. / **F.**

orbitaria Órbita. / **F. oval** 1. Fosiña localizada na aurícula dereita do corazón, resto do buraco oval do mesmo. 2. Depresión localizada na parede interna do oído medio, onde se atopa a fiestra oval ou vestibular. / **F. poplítea** Espacio localizado na parte posterior da articulación do xeonllo. / **F. redonda** Depresión situada na parede interna do oído medio, no fondo da cal se abre a fiestra redonda ou coclear. / **F. suprapiñosa** Porción da cara posterior da omoplata situada por riba da espiña da mesma. / **F. suprasternal** Depresión localizada na base do colo entre as insercións dos músculos esternocleidomastoideos. / **F. xugular** Depresión localizada no rochedo do temporal detrás do conducto carotídeo, que aloxa a vea xugular.

fosfatase *s.f.* Hidrolase que cataliza as reaccións de hidrólise dos ésteres monofosfóricos liberando fosfato inorgánico. Atópase en tódolos tecidos do organismo. // **F. ácida** Enzima segregada pola próstata, que aparece na puberdade e aumenta coa madurez sexual, alcanzando entón un valor fixo. O seu aumento por riba dos valores normais é un indicador de cancro de próstata con metástases óseas. / **F. alcalina** Enzima producido polos osteoblastos e as células proliferativas das cartilaxes e o periósteeo. Aumenta durante o crecemento, na enfermidade de Paget, nas ictericias obstructivas, hepatopatías e no cancro de fígado. / **F. alcalina leucocitaria** Enzima que se atopa nas células granulocíticas. Diminúe na leucemia mieloide.

fosfatemia *s.f.* Presencia de fosfatos no sangue.

fosfatidose *s.f.* Lipidose constituída principalmente por fosfátidos.

fosfato *s.m.* Calquera sal, éster ou forma aniónica do ácido fosfórico.

fosfaturia *s.f.* Cantidade excesiva de fosfatos na urina.

fosfeno *s.m.* Sensación luminosa que se produce ó preme-lo globo ocular.

fosfocreatina *s.f.* Composto de creatina e ácido fosfórico que intervéen no metabolismo muscular, desdobrándose en creatina e fósforo inorgánico. Trátase dunha importante forma de almacenamento de fosfato de alta enerxía, utilizado como fonte de enerxía para a contracción muscular.

fosfodiesterase *s.f.* Enzima que inactiva o AMP cíclico.

fosfofructocinase *s.f.* Enzima dos espermatozoides que lles permite utiliza-la fructosa como fonte de enerxía.

fosfoglicérido *s.m.* Lípido complexo composto de glicerol esterificado con dúas cadeas de ácido graxo e un alcohol fosforilado. É un dos compoñentes principais das membranas celulares. Tamén se di **glicerilfosfátido**.

fosfoglicoproteína *s.f.* Glicoproteína que contén fósforo.

fosfolipase *s.f.* Enzima que cataliza a hidrólise dun fosfolípido. Clasifícanse como fosfolipase A,B,C e D.

fosfolípido *s.m.* Calquera tipo de lípido que contén fósforo, incluídos os fosfoglicéridos e a esfingomielina.

Son a forma principal dos lípidos nas membranas celulares.

fosfocetose *s.f.* Necrose producida por fósforo.

fosfonuclease *s.f.* Enzima que desdobra os nucleótidos en nucleósidos e ácido fosfórico.

fosfopenia *s.f.* Deficiencia de fósforo no organismo.

fosfoproteína *s.f.* Proteína á que se atopan unidos dous ou máis grupos fosfato nos residuos de serina ou treonina e raramente a tirosina.

fosforado -a *adx.* Que contén fósforo ou que se combina co mesmo.

fosforescencia *s.f.* Luminosidade caracterizada pola persistencia da emisión de luz durante un tempo apreciable despois de que cesou a excitación causal.

fosfórico (ácido) *s.m.* Ácido derivado do anhídrido fosfórico, de fórmula P_2O_3 .

fosforilación *s.f.* Proceso metabólico consistente na introducción dun grupo fosfato nunha molécula orgánica. // **F. oxidativa** Formación de enlaces de fosfato de alta enerxía mediante a fosforilación de ADP a ATP, proceso que sucede na membrana interna das mitocondrias.

fosforilase *s.f.* Enzima que cataliza a fosforólise dun composto mediante o ácido fosfórico.

fosforismo *s.m.* Intoxicación crónica polo fosfato.

fósforo *s.m.* Elemento non metálico, alotrópico, altamente tóxico e inflamable, con símbolo P e número atómico 15.

fosforólise *s.f.* Rotura dunha molécula polo ácido fosfórico como efecto dunha fosforilase.

fosfuro *s.m.* Composto binario de fósforo e outro elemento ou radical.

fotalxia *s.f.* Dor ocular producida pola luz.

fotestesia *s.f.* Sensibilidade á luz.

fotismo *s.m.* Imaxe visual ou sensación de cor producida por un estímulo auditivo, gustativo, olfativo ou táctil.

foto- Prefixo do gr. *phôs, photós* (luz), utilizado na composición de palabras que denotan relación coa luz.

fotoablación *s.f.* Volatilización dun tecido mediante a radiación ultravioleta emitida por un láser.

fotoactínico -a *adx.* Que desprende raios luminosos e actínicos.

fotoactivo -a *adx.* Que reacciona quimicamente coa luz solar ou coas radiacións ultravioletas.

fitobioloxía *s.f.* Parte da bioloxía que estudia os efectos da luz sobre os organismos.

fotocatálise *s.f.* Catálise producida pola luz.

fotocauterío *s.m.* Aparello para produci-la fotocauterización.

fotocauterización *s.f.* Cauterización conseguida mediante a utilización de raios X e substancias radioactivas cun fotocauterío.

fotocinético -a *adx.* Que se move ou funciona como resposta ós estímulos luminosos.

fotocoagulación *s.f.* Método destinado a provoca-la coagulación nas diferentes estruturas do globo ocular mediante a emisión controlada dun feixe de luz intensa, por medio dunha lámpada de xenon, argon ou láser. Utilízase principalmente para o tratamento do desprendemento de retina e na destrución de vasos anormais da retina ou de masas tumorais intraoculares.

fotocromógeno -a *adx.* Dos microorganismos que desenvolven a súa pigmentación como resultado da exposición á luz.

fotodermatose *s.f.* Dermatose orixinada pola exposición á luz solar.

fotoelectricidade *s.f.* Electricidade desenvolvida pola acción da luz.

fotoelectrón *s.m.* Electrón emitido por unha superficie metálica ó incidir nela unha radiación luminosa.

fototerema *s.m.* Eritema causado pola exposición á luz.

fotostable *adx.* Que non varía pola influencia da luz.

fotofobia *s.f.* Intolerancia á luz, especialmente a intolerancia visual que se produce en doenzas oculares como as conxuntivites.

fotofalmía *s.f.* Oftalmía orixinada pola exposición a luces intensas, como a reflectida na neve ou a luz eléctrica intensa.

fotohemotacómetro *s.m.* Aparello que rexistra fotograficamente a velocidade da corrente sanguínea.

fotólise *s.f.* Descomposición química e orgánica pola acción da luz.

fotoluminescencia *s.f.* Emisión de luz producida por unha radiación ultravioleta, infravermella ou de luz visible.

fotoma *s.m.* Alucinacións elementais de luz e cor.

fotometahemoglobina *s.f.* Composto formado pola acción da luz sobre a hemoglobina.

fotometría *s.f.* Medición das variacións da intensidade luminosa.

fotómetro *s.m.* Aparello utilizado para medi-las variacións na intensidade da luz.

fotomicroscopia *s.f.* Fotografía de imaxes ampliadas de obxectos microscópicos. Tamén se di **microfotografía**.

fotón *s.m.* Partícula elemental ou cuanto específico da luz.

fotopatía *s.f.* Doenza producida pola luz.

fotoperiodicidade *s.f.* Variacións fisiolóxicas ou da conducta producidas nos organismos vivos polos cambios periódicos da duración da luz e da escuridade.

fotoperíodo *s.m.* Período do día no que un organismo permanece exposto á luz natural ou artificial.

fotopsia *s.f.* Sensación luminosa semellante ás faíscas ou ós lóstregos producida pola irritación da retina.

fotoptarmose *s.f.* Esbirro producido pola influencia da luz.

fotopimetría *s.f.* Medición da percepción luminosa.

fotopómetro *s.m.* Aparello utilizado no exame da agudeza visual, baseado na medición da menor intensidade de luz á que se pode ver un obxecto.

fotoquímica *s.f.* Rama das ciencias químicas que estudia as propiedades químicas e os efectos da luz ou doutras radiacións sobre os materiais e os seres vivos.

fotoquimioterapia *s.f.* Modalidade terapéutica baseada na aplicación de radiacións de luz ultravioleta de tipo A combinada con fármacos que reaccionan coa devandita luz. Utilízase principalmente no tratamento da psoríase e a micose fungoide.

fotorradiómetro *s.m.* Aparello utilizado para medir a cantidade de raios X que penetran nunha superficie determinada.

fotorreacción *s.f.* Reacción producida pola influencia da luz.

fotorreceptor *s.m.* Receptor fisiolóxico que capta sensacións luminosas e as converte en estímulos nerviosos. No caso da retina esta función fotorreceptora correspóndelles ós conos e os bastóns da mesma.

fotorretinite *s.f.* Inflamación da retina causada por unha exposición excesiva á luz intensa.

fotosensibilización *s.f.* Desenvolvemento de reactividade cutánea anormal á luz.

fotosíntese *s.f.* Reacción bioquímica producida nas plantas verdes e algas verdeazuis pola acción da luz, mediante a cal, a partir de moléculas minerais simples, se forman moléculas orgánicas de hidratos de carbono.

fototactismo *s.m.* Reacción de movemento dun organismo producida como resposta a un estímulo luminoso. Tamén se di **fototropismo**.

fototerapia *s.f.* Tratamento das enfermidades pola exposición á luz natural ou artificial, por exemplo, o tratamento da hiperbilirrubinemia pola exposición á luz, o que desdobra a bilirrubina en diversos produtos que se poden eliminar.

fototrófico -a *adx.* Capaz de obter enerxía a partir da luz.

fototropismo *s.m.* 1. V. **fototactismo**. 2. Cambio de cor dunha substancia producida pola acción da luz.

fotoxénese *s.f.* Producción de luz ou de fosforescencia.

fotoxénico -a *adx.* 1. Relativo ós efectos da luz sobre certos corpos. 2. Que produce imaxes pola acción da luz.

fotóxeno -a *adx.* 1. Que produce luz. // *s.m.* 2. Substancia existente nas bacterias fotóxenas, responsable da produc-

ción da luminosidade nas mesmas. 3. Impresión visual dunha imaxe que persiste cando a propia imaxe xa non se pode ver.

foturia *s.f.* Emisión de urina de aspecto luminoso.

fouce *s.f.* Pregadura membranosa que posúe esta forma. // **F. do cerebelo** Prego da duramáter que separa os hemisferios cerebelosos. / **F. do cerebro** Pregadura lonxitudinal da duramáter que separa os hemisferios cerebrais.

fóvea *s.f.* Fosa ou depresión anatómica de pequeno tamaño. // **F. central da retina** Depresión localizada na mácula lútea ou mancha amarela da retina, caracterizada pola ausencia de bastóns e pertencente á primeira neurona da vía óptica, situada exactamente no eixe visual e que contén a meirande parte dos 6,5 millóns de conos da retina. Constitúe o punto de maior agudeza visual. / **F. costal** Faceta articular localizada no corpos das vértebras torácicas para se articular coas cabezas das costelas correspondentes. / **F. dentaria** Faceta articular localizada na cara posterior do arco do atlas na que se articula a apófise odontoide do axe. / **F. troclear** Fosiña localizada na porción orbitaria do óso frontal na que se insire a polea do músculo oblicuo superior do ollo.

foveola *s.f.* Fóvea de pequeno tamaño, depresión ou fosa moi pequena.

fractura *s.f.* Rotura dunha parte, especialmente dun óso. // **F. aberta** Aquela na que existe unha comunicación directa entre a fractura e a superficie da pel. / **F. articular** Fractura da superficie articular dun óso. / **F. completa** Fractura que comprende todo o óso e separa máis ou menos os fragmentos resultantes da mesma. / **F. complicada** Fractura que se acompaña da lesión das partes adxacentes e comunica co exterior. / **F. con impacto ou impactada** Aquela na que un fragmento do óso fracturado penetra noutro. / **F. conminuta** Aquela na que un óso rompe en máis de dous fragmentos. / **F. conxénita** A que se produce no feto dentro do útero. / **F. de Barton** Fractura que afecta á superficie articular do extremo inferior do radio; asóciase a inestabilidade radiocarpiana. / **F. de Bennett** Fractura-luxación lonxitudinal da base do primeiro metacarpiano, de xeito que un fragmento da base se atopa separado da diáfise metacarpiana, a cal fica en aducción e desprazada en sentido proximal. / **F. de Colles** Fractura do extremo inferior do radio con desprazamento posterior do fragmento distal. / **F. de Colles invertida** V. **f. de Smith**. / **F. de Dupuytren** Fractura do extremo inferior do peroné con diástase da articulación tibioperonea inferior. V. **f. de Pott**. / **F. de Galeazzi** Fractura desprazada da metade inferior da diáfise radial con luxación do extremo inferior do cúbito. / **F. de Guerin** Fractura horizontal do maxilar superior que afecta á lámina vertical do óso palatino. / **F. de Le Fort** Fractura horizontal bilateral do maxilar superior. / **F. de Maisonneuve** Unha das fracturas do nocello producidas pola rotación externa do mesmo. V. **f. de Pott**. / **F. de Monteggia** Fractura do cúbito con luxación anterior ou posterior da cabeza do radio. / **F. de Pott** Fractura do nocello producida pola rotación externa do mesmo. A

fractura do extremo inferior do peroné con esgazadura do ligamento lateral interno e xeralmente fractura do maléolo interno ou rachadura do ligamento tibioperoneo anterior e tibioperoneo posterior é a denominada **fractura-luxación de Dupuytren**. A que produce unha fractura maleolar interna e unha fractura do extremo proximal do peroné é a de **Maisonneuve**. / **F. de Quervain** Fractura do escafoide con luxación do semilunar cara a adiante. / **F. de Shepherd** Fractura do astrágalo con desprendemento da porción externa do mesmo. / **F. de Smith** Fractura do extremo inferior do radio con desprazamento anterior do fragmento distal. Tamén se di **fractura de Colles invertida**. / **F. de Stieda** Fractura e separación do cóndilo interno do fémur. / **F. directa** Aquela que se produce no lugar onde incide o traumatismo. / **F. dobre** Fractura en dous puntos do mesmo óso. / **F. en bolboreta** Variedade de fractura conminuta na que hai dous fragmentos, situados cada un a carón doutro principal. / **F. en cuña** V. **f. en V**. / **F. en dorso de garfo** Fractura de Colles, que lembra esta forma. / **F. en talo verde** Fractura incompleta que se produce cando un óso longo racha polo seu lado convexo, pero nada máis que se dobra polo cóncavo. Típica dos ósos longos dos nenos, cando aínda conservan algunha elasticidade. / **F. epifisaria** Fractura que afecta á liña de unión da epífise coa diáfise. / **F. espiral** Aquela na que a liña de rotura ten unha dirección máis ou menos espiral respecto do eixe do óso. / **F. incompleta** Aquela na que o óso non perde a súa continuidade completamente. / **F. indirecta** Fractura que se produce nun punto distante do traumatizado, frecuente nos traumatismos craniais. / **F. lonxitudinal** Fractura que segue unha dirección lonxitudinal respecto do eixe do óso. / **F. múltiple** Aquela na que existen dúas ou máis liñas de fractura do mesmo óso ou ben fracturas independentes. / **F. oblicua** Aquela na que a liña de fractura ten unha dirección oblicua respecto do eixe do óso. / **F. patolóxica** A que se orixina sen antecedente traumático ou sendo este mínimo, característica dalgunhas enfermidades que cursan con fragilidade ósea. / **F. pechada** V. **f. simple**. / **F. simple** Aquela na que non hai comunicación entre o óso fracturado e a superficie exterior da pel, de xeito que o óso está protexido da contaminación e da infección. / **F. subperióstica** Fractura incompleta, en talo verde ou intraperióstica na que non se perde a dirección normal do óso a causa da integridade do periósteeo. / **F. transversa** Aquela na que a liña de fractura forma un ángulo recto co eixe do óso.

fragmento *s.m.* 1. Cada unha das partes dun óso fracturado ou dunha estrutura anatómica rota. 2. Cada unha das partes en que se pode dividir unha estrutura completa. // **F. Fab** Cada un dos dous fragmentos monovalentes idénticos que se poden combinar cun antixeno formando un complexo soluble que non precipita, que se obtéñen mediante a división dunha molécula de IgG pola acción da papaína. Cada fragmento Fab está composto pola cadea lixeira e unha porción da pesada da molécula da inmunoglobulina unidas por pontes disulfuro. / **F. Fc** O terceiro dos fragmentos resultantes da acción da papaína sobre a molécula de IgG, que non ten capacidade

para se combinar co antixeno. Está composto polo resto das dúas cadeas pesadas da molécula de inmunoglobulina, unidas tamén mediante pontes disulfuro.

framboesa *s.f.* Enfermidade infecto-contaxiosa tropical producida polo *Treponema Pertenu*, caracterizada por unhas excrecencias que semellan framboesas, que se ulceran e cobren de cotras, localizadas na cara, as mans e o corpo. Como na sífilis, nesta enfermidade distínguense unha etapa primaria, unha secundaria e unha terciaria. Pódense considerar esta e outras trepanomatoses como variantes da sífilis adaptadas ó medio no que se desenvolven.

frambofilia *s.f.* Tendencia morbosa a romper obxectos.

francio *s.m.* Elemento metálico do grupo dos alcalinos, radioactivo, de número atómico 87, e símbolo Fr.

Francisella Xénero de bacterias gramnegativas. A *F. tularensis* é a causante da tularemia humana.

Frankenhauser, ganglio de V. **ganglio**.

Franklin, enfermidade de V. **enfermidade**.

fragilidade *s.f.* Susceptibilidade dun obxecto ou parte para romper con facilidade. // **F. capilar** Falta de resistencia dos vasos capilares ante determinadas circunstancias con aumento da tensión sobre os mesmos. / **F. eritrocítica** Falta de resistencia dos eritrocitos á lise, cando se expoñen a solucións salinas progresivamente máis hipotónicas (fragilidade osmótica), ou a traumatismos mecánicos (fragilidade mecánica). / **F. ósea** Falta de resistencia dos ósos ante traumatismos mínimos ou situacións de tensión.

frecuencia *s.f.* 1. Número de veces que ocorre un proceso periódico por unidade de tempo, como a frecuencia cardíaca ou a respiratoria. 2. Número de veces que ocorre un suceso concreto, ou número de membros dunha poboación ou mostra estatística que quedan dentro dunha determinada categoría.

frega *s.f.* V. **fricción**.

frémite *s.m.* Estremecemento ou vibración, principalmente aquela que se percibe mediante palpación. // **F. aneurismático** Aquel que se percibe na sístole por riba dun aneurisma. / **F. catario** Estremecemento que se percibe mediante palpación da rexión precordial, que semella o rosar dun gato. Típico dalgunhas lesións valvulares crónicas do corazón. / **F. hidatídico** Vibración percibida pola man ó apalpar un quiste hidatídico. / **F. vibratorio** ou **vocal** Vibración das ondas sonoras procedentes da larinxe, percibida a través das paredes torácicas ó apalpa-lo peito.

fren- ou **freno-** Prefixo do gr. *phrén, phrenós* (mente ou diafragma), utilizados en palabras relacionadas coa mente e o diafragma.

frenalxia *s.f.* Dor localizada no diafragma. Tamén se di **frenodinia**.

frenastenia *s.f.* Debilidade mental.

- frenectomía** *s.f.* Sección e mais exérese do nervio frénico.
- frenesí** *s.m.* 1. Delirio furioso. 2. Exaltación violenta e manifesta do ánimo.
- frénico -a** *adx.* 1. Relativo ó diafragma. // *s.m.* 2. Nervio frénico.
- frenicotomía** *s.f.* Sección cirúrxica dun nervio frénico.
- frenite** *s.f.* Inflamación do diafragma.
- frenoclonía** *s.f.* Convulsión clónica do diafragma.
- frenocólico -a** *adx.* Pertencente ou relativo ó diafragma e ó colon.
- frenocolopexia** *s.f.* Operación cirúrxica consistente na fixación ó diafragma dun colon prolapsado.
- frenocostal** *adx.* Relativo ou pertencente o diafragma e ás costelas.
- frenodinia** *s.f.* V. **frenalxia**.
- frenogástrico -a** *adx.* Pertencente ou relativo ó diafragma e ó estómago.
- frenoglótico -a** *adx.* Relativo ou pertencente o diafragma e á glote.
- frenógrafo** *s.m.* Aparello que rexistra os movementos do diafragma.
- frenohepático -a** *adx.* Pertencente ou relativo ó diafragma e ó fígado.
- frenópata** *adx.* Enfermo mental.
- frenopatía** *s.f.* 1. Enfermidade ou desorde mental en xeral. 2. Doenza do diafragma.
- frenopático -a** *adx.* Relativo ás enfermidades mentais.
- frenopatoloxía** *s.f.* Parte da patoloxía que estudia as enfermidades mentais.
- frenopericardite** *s.f.* Pericardite adhesiva ó diafragma.
- frenoplexía** *s.f.* Parálise do diafragma.
- frenoptose** *s.f.* Caída ou desprazamento do diafragma cara a abaixo.
- frenoplénico -a** *adx.* Pertencente ou relativo ó diafragma e ó bazo.
- freo** *s.m.* Pregadura membranosa que limita os movementos dunha parte anatómica, como o freo da lingua, o do prepucio ou o do clítoris.
- freetomía** *s.f.* Sección cirúrxica dun freo, principalmente do lingual.
- *fresesía** *s.f.* V. **alferecía**.
- fresa** *s.f.* Aparello de aceiro con forma de cono utilizado para aumenta-los orificios realizados cun trépano.
- Freud, teoría de** V. **psicanálise**.
- freudiano -a** *adx.* Relativo a Freud ou ás súas teorías e prácticas.
- friable** *adx.* Que se pode pulverizar ou esmiazar con facilidade.
- frialdade** *s.f.* 1. Calidade de frío ou sensación de frío. 2. V. **frixidez**.
- fricción** *s.f.* Acción de frega-lo corpo ou unha parte do mesmo como medio de masaxe ou para aplicar substancias medicamentosas. Tamén se di **frega, freta**.
- Friedländer, bacilo, enfermidade de** V. **bacilo, enfermidade**.
- Friedreich, ataxia, enfermidade de** V. **ataxia, enfermidade**.
- frieira** *s.f.* Eritema pernio, tumefacción da pel máis ou menos circunscrita sobre a que aparecen áreas eritemato-cianóticas que se poden ulcerar. Aparece con máis frecuencia no inverno e co tempo frío, especialmente nos dedos, dedas e orellas. Clinicamente caracterízanse principalmente polo pródigo e a dor.
- frigorismo** *s.m.* Estado morboso orixinado polo frío.
- frigoterapia** *s.f.* Tratamento mediante a aplicación de frío. Tamén se di **crioterapia**.
- frinoderma** *s.m.* Hiperqueratose folicular.
- frío** *s.m.* Falta de calor e sensación que produce.
- frixidez** *s.f.* Carencia de apetito sexual.
- Frölich, enfermidade de** V. **enfermidade**.
- frontal** *adx.* 1. Relativo á fronte. // *s.m.* 2. Plano lonxitudinal do corpo. 3. Óso frontal ou coronal do cráneo.
- fronte** *s.f.* Parte superior da cara, comprendida entre as tempas, e limitada polas cellas e a raíz dos cabelos.
- frontoetmoidal** *adx.* Pertencente ou relativo ós ósos frontal e etmoide.
- frontomalar** *adx.* Relativo ou pertencente ós ósos frontal e malar.
- frontomaxilar** *adx.* Relativo ou pertencente ós ósos frontal e maxilar superior.
- frontonasal** *adx.* Relativo ou pertencente ó óso frontal e ó nariz.
- frontooccipital** *adx.* Relativo á fronte e ó occipicio.
- frontoparietal** *adx.* Relativo ou pertencente ós ósos frontal e parietal.
- frontotemporal** *adx.* Relativo ou pertencente ós ósos frontal e temporal.
- frotis** *s.m.* Mostra preparada sobre un portaobxectos para o seu estudio microscópico. Tamén se di **extensión**.
- fructocinase** *s.f.* Enzima do xénero transferase presente no fígado, o intestino e o córtex renal.
- fructosa** *s.f.* Ceto-hexosa de fórmula $C_6H_{12}O_6$, presente no mel e moitos froitos doces. Tamén se di **levulosa**.
- fructosemia** *s.f.* Presencia de fructosa no sangue.

fructosuria *s.f.* Presencia de fructosa na urina.

frustración *s.f.* Estado de tensión emocional orixinada polo fracaso ou a incapacidade para conseguir algunha cousa desexada.

ftaleína *s.f.* Composto formado pola condensación do ácido ftálico co fenol.

ftálico (ácido) *s.m.* Ácido ortobencenodicarboxílico, $C_6H_4(CO_2H)_2$, que se obtén pola oxidación do naftaleno.

fucosa *s.f.* Monosacárido que se presenta en forma de L-fucosa en diversos mucopolisacáridos e mucoproteínas.

fucosidase *s.f.* Enzima que cataliza a hidrólise de fucósido en alcohol e D-fucosa.

fucsina *s.f.* Colorante vermello ou púrpura de triaminotri-fenilmetano, que se emprega como colorante nas preparacións microscópicas. Existen dúas variedades, a fucsina ácida e a básica.

fucsínófilo -a *adx.* Que se tingue facilmente con fucsina.

fuga *s.f.* Realización inconsciente e sen recordos de actos cun propósito máis ou menos determinado. // **F. de ideas** Cambio nos temas dun discurso que se presenta de xeito rápido e con frecuencia. Característica dos episodios de manía e hipomanía. // **F. psicóxena** Variedade de trastorno dissociativo ou neurose histérica de tipo dissociativo, na que un individuo, xeralmente despois dunha tensión grave, inicia unha viaxe repentina a lugares máis ou menos arredados, asumindo unha nova personalidade máis ou menos completa. Trala recuperación non lembran o episodio.

fulguración *s.f.* 1. Conxunto dos danos orixinados por un raio nos seres vivos. 2. Método utilizado para destruír tecidos mediante a aplicación de faíscas eléctricas de alta frecuencia.

Fuller-Albright, enfermidade de V. enfermidade.

fulminante *adx.* Dos aspectos dun cadro clínico que aparecen de súpeto e con gran intensidade.

fumarase *s.f.* Enzima que cataliza a reacción de transformación do ácido fumárico en ácido málico.

fumarato *s.m.* Sal do ácido fumárico, utilizado como fumarato ferroso no tratamento das anemias hipocrómicas e ferropénicas.

fumárico (ácido) *s.m.* Ácido transbutanodioico, isómero do ácido maleico. Produto intermedio do ciclo dos ácidos tricarboxílicos.

fumaxilina *s.f.* Antibiótico obtido do fungo *Aspergillus fumigatus*. Posúe acción antiamebiana.

fumigación *s.f.* Exposición dun espazo ou dun obxecto á acción de fumes ou vapores de substancias medicamentosas ou desinfectantes.

función *s.f.* Acción propia normal dunha parte, órgano ou aparello.

funcional *adx.* 1. Pertencente ou relativo ás funcións. 2. Dependente da alteración da función dun órgano, sen lesión anatómica aparente do mesmo.

fundectomía *s.f.* Exérese cirúrxica do fondo dun órgano.

funduplicatura *s.f.* Mobilización do extremo inferior do esófago e plicatura do fondo do estómago arredor do mesmo.

fundoscopia *s.f.* Observación do fondo o ollo. Tamén se di **oftalmoscopia**.

fundoscopio *s.m.* V. **oftalmoscopio**.

fundus *s.m.* Estructura que supón o fondo ou a base dalgunha parte ou órgano, ou a parte dun órgano oco máis afastada da súa boca.

fungo *s.m.* Protista eucariota, como os liques, os mofos, etc., caracterizados pola ausencia de clorofila e por presentar unha parede celular ríxida.

fungosidade *s.f.* Excrecencia carnosa funxiforme desenvolvida frecuentemente na superficie das feridas ou úlceras, constituíndo un tecido de granulación morboso.

fungiclite *s.f.* 1. Inflamación dun cordón espermático. 2. Inflamación da parte dunha raíz dun nervio raquídeo situada no buraco de conxunción.

fungículo *s.m.* Estructura que semella un cordón.

fungiculocentese *s.f.* Punción do cordón umbilical durante a xestación, coa finalidade de extraer mostras de sangue do feto para o seu exame ou de realizar unha transfusión.

funguloepididimite *s.f.* Inflamación do cordón espermático e do epidídimo.

fungulopexia *s.f.* Fixación ou sutura do cordón espermático ós tecidos contiguos.

funxicida *adx.* Que ten a propiedade de destruí-los fungos.

funxiforme *adx.* Que ten forma de fungo.

funxistático -a *adx.* 1. Que ten a propiedade de inhibilo crecemento dos fungos. // *s.m.* 2. Substancia que posúe propiedades funxistáticas.

furfuráceo -a *adx.* Semellante ó farelo, como algunhas lesións, especialmente da pel.

furibundo -a *adx.* V. **furioso**.

furioso -a *adx.* Que está cheo de furia. Tamén se di **furi-bundo**.

furor *s.m.* Estado de ira na súa máxima intensidade, con axitación, berros e conducta agresiva e violenta. // **F. epiléptico** Ataque intenso de ira que ocorre nalgúns estados epilépticos.

furosemida *s.f.* Diurético potente e de acción rápida que actúa impedindo a absorción do sodio na porción ascendente da asa de Henle.

furuncular *adx.* Pertencente a un furúnculo ou da súa natureza.

furúnculo *s.m.* Nódulo doloroso formado na pel pola inflamación circunscrita dunha glándula pilosebácea. A unión de varios furúnculos forman o ántrax.

furunculose *s.f.* Estado morbozo caracterizado pola aparición simultánea ou por brotes sucesivos de varios furúnculos.

fuscina *s.f.* Pigmento de cor castaña do epitelio da retina.

fusídico (ácido) *s.m.* Antibiótico con estrutura esteroide que se extrae dos cultivos do fungo *Fusidium coccineum*. Bactericida para cocos grampositivos e negativos. Admístrase sempre con penicilina ou eritromicina.

fusiforme *adx.* Que ten forma de fuso.

fusión *s.f.* 1. Licuación dun corpo sólido polo efecto da calor. 2. Unión de corpos ou partes adxacentes. 3. Coordinación das imaxes separadas recollidas por cada ollo de xeito que formen unha soa. // **F. diafisoeipifisaria** Unión operatoria da diáfise e a epífise dun óso coa finalidade de dete-lo seu crecemento lonxitudinal. / **F. nuclear** Unión de dous núcleos atómicos para formar un só núcleo máis pesado, proceso que libera grandes cantidades de enerxía.

fuso *s.m.* Obxecto redondeado e alongado que vai adelgazando dende o centro cara ós extremos. // **F. aórtico** Porción dilatada da aorta que se atopa por debaixo do istmo da mesma. / **F. cromático** Feixe de filamentos localizado entre os centrosomas dispostos nos dous polos da célula durante a profase da mitose. / **F. de Kühne** V. **f. neuromuscular**. / **F. neuromuscular** Estructura fusiforme que se atopa nos músculos, composta por fibras musculares estriadas incluídas nunha vaíña de tecido conxuntivo e innervadas por unha fibra nerviosa. Detecta os estiramentos musculares e constitúe o punto de partida dos reflexos miotáticos. Tamén se di **fuso de Kühne**.

Fusobacterium Xénero de bacterias gramnegativas, aerobias, da familia *Bacteroidaceae*. Algunhas delas son patóxenas orixinando infeccións purulentas ou gangrenosas.

fusocelular *adx.* Que posúe células fusiformes.

fusospirilose *s.f.* Infección conxunta con bacilos fusiformes e espirilares, como ocorre caracteristicamente na anxina de Plaut-Vincent.

fusospiroquetose *s.f.* Infección producida conxuntamente por bacilos fusiformes e espiroquetas.

G

g 1. Símbolo de gramo. 2. Símbolo da constante de gravitación universal.

Ga Símbolo químico do galio.

GABA Sigla do ácido gamma-aminobutírico.

gadolinio *s.m.* Metal do grupo das terras raras, de número atómico 64, masa atómica de 167,26; símbolo Gd.

gadoupa *s.f.* V. **garra**.

Gadus Xénero de peixes ó que pertence o bacallao (*Gadus morrhua*), do seu fígado extráese un aceite rico en vitaminas A e D (aceite de fígado de bacallao).

gafo -a *adx.* 1. Leproso. 2. Sarnoso. 3. Que produce ou transmite unha infección.

Gaisböck, enfermidade de V. **enfermidade**.

galact- Prefixo do gr. *gala, galaktos*, (leite).

galactán *s.m.* Carbohidrato de hemicelulosa que produce galactosa mediante un proceso de hidrólise.

galacto- Prefixo do gr. *gala, galaktos* (leite).

galactocele *s.f.* 1. Quiste con contido de leite, formado nunha glándula mamaria. 2. Hidrocele que contén un líquido de aspecto leitoso, característica das infeccións por filarias.

galactocimase *s.f.* Enzima que produce a liquefacción do amidón.

galactocinase *s.f.* Enzima que cataliza a transformación da galactosa en galactosa 1-fosfato. Tamén se di **galactocinase**.

galactófago -a *adx.* Que se alimenta de leite.

galactoforite *s.f.* Inflamación dos conductos galactóforos das glándulas mamarias.

galactóforo -a *adx.* Que leva ou transporta leite.

galactogogo-a *adx.* Que activa ou aumenta a segregación do leite nas glándulas mamarias. Tamén se di **lactagogo**, **galactóxico**.

galactoide *adx.* Que posúe un aspecto ou propiedades semellantes ós do leite.

galactómetro *s.m.* Aparello utilizado para medir a densidade específica do leite. Tamén se di **lactodensímetro**, **lactómetro**.

galactopoeise *s.f.* Proceso fisiolóxico de produción ou formación do leite.

galactocinase *s.f.* V. **galactocinase**.

galactorrea *s.f.* Segregación anormalmente excesiva de leite. Tamén se di **lactorrea**.

galactosa *s.f.* Aldohexosa de fórmula $\text{CH}_2\text{OH}-(\text{CHOH})_4-\text{CHO}$, epímero da glicosa. Obtense da lactosa mediante unha acción enzimática ou mediante ebulición cun ácido mineral. Atópase no azucre do leite, nos cerebrósidos do cerebro, nos legumes, o ágar, a pectina e en moitas gomas e algas.

galactosemia *s.f.* Calquera das alteracións xenéticas orixinadas polo metabolismo anormal da galactosa, causado por unha deficiencia do enzima galactosa-1-fosfato-uridiltransferase no fígado e noutras vísceras. Como consecuencia prodúcese unha acumulación de galactosa, galactosa-1-fosfato e galactitol ou galactita. Clinicamente orixina unha alteración hepática, que pode levar á morte no período neonatal nas formas agudas. Nas formas crónicas existen ademais catarata e subnormalidade.

galactosidase *s.f.* Enzima que cataliza a conversión dos galactósidos en galactosa. Existen dúas formas, a α -galactosidase ou melibíase, e a β -galactosidase ou lactase.

galactósido *s.m.* Denominación xeral dos glicósidos que conteñen galactosa na súa composición.

galactostase *s.f.* 1. Detención da segregación do leite. 2. Acumulación anormal do leite nas glándulas mamarias.

galactosuria *s.f.* Presencia de galactosa na urina.

galactóxico -a *adx.* Que estimula a produción de leite. V. **galactogogo**.

galacturia *s.f.* Emisión de urina con aspecto leitoso.

galea *s.f.* Casco que empregaban os soldados romanos. Úsase na denominación dalgunhas estruturas anató-

micas e da distribución dalgunhas dores. // **G. aponeurótica** Aponeurose epicranial. / **G. capitis** Acrosoma ou carapucha dos espermatozoides.

Galeazzi, fractura de V. **fractura**.

galénico -a *adx.* 1. Relativo a Galeno e á súa doutrina. 2. Designación dos preparados terapéuticos vexetais ou de composición indefinida.

Galeno, vea de Vea par e simétrica que drena o sangue venoso dos núcleos grises centrais do cerebro. As dúas veas de Galeno xúntanse cara atrás formando a gran vea de Galeno que desemboca no seo recto.

***galiño** *s.m.* V. **úvula**.

galio *s.m.* Metal raro, de número atómico 31, masa atómica 69,72 e símbolo Ga. // **G. 67** Radioisótopo do galio que posúe unha semivida de 78.1 horas. Utilízase na produción de imaxes gammagráficas de tumores de tecidos brandos na enfermidade de Hodgkin e no carcinoma broncoxénico.

galvánico -a *adx.* Referente á corrente eléctrica continua derivada dunha batería química.

galvanismo *s.m.* Resultado da acción da corrente continua sobre os órganos vivos.

galvanización *s.f.* Aplicación da electricidade galvánica ós métodos terapéuticos ou diagnósticos.

galvano- Prefixo derivado do nome de Luigi Galvani, que indica relación cunha corrente galvánica.

galvanocauterio *s.m.* Cauterio constituído por un arame a través do que pasa unha corrente galvánica.

galvanocontractilidade *s.f.* Proceso de contracción muscular que se produce como consecuencia da acción dunha corrente galvánica.

galvanómetro *s.m.* Aparello utilizado para medir pequenas intensidades de corrente por medio das súas accións electromagnéticas.

galvanoquímico -a *adx.* Relativo á acción química da corrente galvánica.

galvanoterapia *s.f.* Utilización terapéutica da acción das correntes galvánicas sobre os seres vivos.

galvanoterapia *s.f.* Método de quentamento realizado por medio dunha corrente galvánica.

gameto *s.m.* 1. Célula sexual masculina (espermatozoide), ou feminina (óvulo). 2. Forma sexual do parasito no ciclo dalgúns protozoos, que se atopa no interior do intestino do mosquito vector como forma masculina (microgameto), ou feminina (macrogameto). Da fertilización do segundo polo primeiro xorde o cigoto (oocineto).

gametocida *adx.* Que destrúe gametos.

gametocito *s.m.* Célula nai productora de gametos, masculinos (espermatozoides), ou femininos (oocitos).

gametogonía *s.f.* Fase do ciclo evolutivo do plasmodio palúdico e outros esporozoarios no home da que resultan os gametos masculino e feminino.

gametotrópico -a *adx.* Que ten afinidade polos gametos.

gametoxénese *s.f.* Proceso de desenvolvemento dos gametos.

-gamía Sufixo do gr. *gámos* (casamento).

gamma *s.f.* 1. Terceira letra do alfabeto grego, (**g**). 2. Equivalente de microgramo (milésima de miligramo). // **Raios g** (γ) Radiacións electromagnéticas emitidas no transcurso das transicións nucleares, utilizadas no tratamento dos tumores cancerosos. Prodúcense mediante cobalto radioactivo (bomba de cobalto), ou con aceleradores de partículas.

gamma-aminobutírico (ácido) *s.m.* Aminoácido monocarboxílico que ten función como neurotransmisor inhibitorio no sistema nervioso central. Normalmente represéntase coas siglas GABA.

gammaglobulina *s.f.* V. **globulina g**.

gammagrafía *s.f.* Técnica radiolóxica diagnóstica que permite detecta-los estados patolóxicos de diferentes órganos mediante a captación cun detector Geiger dos escintileos emitidos dende o órgano despois da administración dun isótopo radioactivo que se fixa nos tecidos da zona que se explora.

gammapatía *s.f.* Doenza caracterizada por unha anormalidade na síntese e produción das inmunoglobulinas. As gammapatías poden ser monoclonais, naqueles casos nos que aumenta unha das fraccións ou tipos de inmunoglobulina, ou policlonais, cando aumentan de xeito xeral tódalas inmunoglobulinas.

gamo- Prefixo do gr. *gámos* (casamento).

gamomanía *s.f.* Alienación mental que se caracteriza por unha fixación morbosa polo matrimonio.

gamoxénese *s.f.* Reprodución de carácter sexual.

gamsodactilia *s.f.* Deformidade dos dedos do pé caracterizada pola hiperextensión da primeira falanxe e a flexión da segunda e a terceira.

gancho *s.m.* 1. Instrumento cirúrxico formado por un talo rematado en curva nun dos seus extremos. Utilízase para fixar ou tirar dunha parte. 2. Parte anatómica con forma de gancho. // **G. da circunvolución do hipocampo** Extremo con forma de gancho da circunvolución do hipocampo. Tamén se di **uncus**. / **G. do páncreas** Extremidade do páncreas oposta á cola, e situada por diante da cabeza do órgano, coa que forma unha porción con forma de gancho. Tamén se di **proceso uncinado** ou **gyrus uncinatus**. / **G. lacrimal** Saínte con forma de gancho do óso lacrimal que se une co tubérculo lacrimal do maxilar.

ganchudo *s.m.* Cuarto óso da segunda ringleira do carpo.

ganciclovir *s.m.* Fármaco antiviral análogo da guanina usado nas infeccións por citomegalovirus.

gangliectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica de ganglios.

ganglio *s.m.* Cada un dos grupos de corpos das células nerviosas que se atopan fóra do sistema nervioso central. Por extensión e a causa da súa forma, aplícase tamén ós nódulos linfáticos. // **G. axilar** Cada un dos nódulos linfáticos presentes na axila. / **G. basal** Denominación xeral dalgúns núcleos nerviosos localizados debaixo do córtex cerebral; comprende os seguintes núcleos: o tálamo, os corpos estriados, os corpos xeniculados, os colículos superior e inferior e o tubérculo cinéreo. / **G. bronquial** Cada un dos nódulos linfáticos localizados na bifurcación traqueal, arredor dos bronquios e no interior dos pulmóns. / **G. cardíaco** Cada un dos ganglios nerviosos do plexo cardíaco localizados cerca do ligamento arterial. / **G. carotídeo** V. **glomo carotídeo**. / **G. cavernoso** V. **glomo carotídeo**. / **G. celíaco** 1. V. **g. semilunar**. 2. Grupo de nódulos linfáticos localizados na parte anterior da aorta abdominal. / **G. cerebrospinal** Ganglios nerviosos relacionados cos nervios craniais e raquídeos. / **G. cervical** 1. Cada un dos nódulos linfáticos que se localizan na parte posterior e lateral do colo. 2. Cada un dos ganglios da cadea do sistema simpático cervical. / **G. cervicouterino** Ganglio localizado na porción cervical do útero. Tamén se di **ganglio de Frankenhäuser**. / **G. ciliar** Ganglio nervioso localizado no fondo da órbita, do que parten os nervios ciliares curtos e longos. Tamén se di **ganglio oftálmico** ou **orbitario**. / **G. de Andersch** Ganglio inferior do nervio glossofarínxeo do que xorde o nervio de Jacobsen. / **G. de Bochdalek** Engrosamento localizado na unión dos nervios alveolares superior e medio que forma o *plexo dental superior*. / **G. de Cloquet** Engrosamento do nervio nasopalatino localizado no conducto palatino anterior. Tamén se di **ganglio nasopalatino**. / **G. de Corti** Ganglio coclear localizado na lámina espiral do caracol que emite filamentos cara ó órgano de Corti da audición. Tamén se di **ganglio espiral**. / **G. de Frankenhäuser** V. **g. cervicouterino**. / **G. de Gasser** Ganglio localizado na raíz simpática do nervio trixémimo do que xorden os nervios oftálmico, maxilar e mandibular. Tamén se di **ganglio do nervio trixémimo**. / **G. de Gudden** Ganglio localizado na porción posterior do corpo mamilar do cerebro. / **G. de Ludwig** Grupo de células nerviosas conectado co plexo cardíaco, localizadas no tabique interauricular. / **G. de Meckel** Ganglio nervioso localizado na fosa pterigomaxilar por fóra do orificio esfenopalatino. Tamén se di **ganglio esfenopalatino**, **nasal** ou **pterigopalatino**. / **G. de Meissner** Pequenos nódulos ganglionares formados por acumulacións das células nerviosas que constitúen o plexo submucoso de Meissner, no aparello gastrointestinal. / **G. de Remak** Ganglio simpático localizado na parede cardíaca, próximo á vea cava superior. Tamén se di **ganglio seoauricular**. / **G. de Scarpa** Ganglio localizado cerca do conducto auditivo externo, na unión do nervio facial coa rama vestibular do nervio coclear. / **G. de Sömering** Substancia negra do pedúnculo cerebral. / **G. de Troisier** Ganglio linfático de localización supraclavicular que aparece nalgúns casos de neoplasias gástricas. / **G. de Wisberg** Ganglio nervioso localizado

detrás do xaxato da aorta, formado por raíces nerviosas simpáticas e vagais. Del xorden ramas nerviosas cara ó resto dos ganglios cardíacos. / **G. diafragmático** Ganglio localizado debaixo do diafragma, na unión do nervio frénico dereito e do plexo frénico. Tamén se di **ganglio frénico**. / **G. do nervio trixémimo** V. **g. de Gasser**. / **G. esfenopalatino** V. **g. de Meckel**. / **G. espiñal** Cada un dos ganglios localizados no traxecto da raíces posteriores dos nervios espiñais. / **G. espiral** V. **g. de Corti**. / **G. frénico** V. **g. diafragmático**. / **G. hipogloso** Ganglio localizado na raíz posterior do nervio hipogloso. / **G. inguinal** Cada un dos nódulos linfáticos localizados nas inguas. / **G. linfático** Órganos localizados no traxecto dos vasos linfáticos, que contén linfocitos T e B, e outras células do sistema inmunitario. Son esenciais nos procesos de defensa inmune. / **G. mesentérico** Cada un dos nódulos linfáticos ou dos ganglios nerviosos que se atopan no mesenterio. / **G. nasal** V. **g. de Meckel**. / **G. nasopalatino** V. **g. de Cloquet**. / **G. nervioso** Engrosamento de substancia nerviosa localizada no traxecto dun nervio. Contén corpos celulares neuronais dos que saen axons que transmiten os impulsos a outros elementos do sistema nervioso. Poden pertencer ó sistema nervioso simpático ou ó parasimpático. / **G. oftálmico** V. **g. ciliar**. / **G. orbitario** V. **g. ciliar**. / **G. ótico** Ganglio parasimpático que se atopa na fosa infratemporal, por debaixo do buraco oval e por dentro do nervio maxilar inferior. / **G. pterigopalatino** V. **g. de Meckel**. / **G. semilunar** 1. Cada un dos ganglios nerviosos, dereito e esquerdo, localizados na cara anterior do corpo da primeira vértebra lumbar, dos que xorden ramificacións que posteriormente constitúen o plexo solar. 2. V. **g. de Gasser**. / **G. seoauricular** V. **g. de Remak**. / **G. simpático** Cada un dos ganglios pertencentes ó sistema nervioso simpático que se atopan formando unha cadea a ambos lados da medula espiñal. / **G. xeniculado** Ganglio do nervio facial. Localízase no conducto de Falopio. / **G. xugular** Ganglio do nervio vago, de pequeno tamaño, localizado no burato xugular.

ganglioblasto *s.m.* Célula embrionaria dos ganglios cerebrospinais.

gangliocitoma *s.m.* Tumoración benigna constituída por fibras nerviosa e células ganglionares maduras. Tamén se di **ganglioneuroma**.

ganglioglioma *s.m.* Glioma rico en células neuronais maduras.

ganglioide *adx.* Que posúe unha forma ou estrutura semellante á dos ganglios.

ganglioma *s.m.* Tumoración ganglionar, especialmente a derivada dos ganglios linfáticos.

ganglión *s.m.* Tumor formado por dexeneración cística das cápsulas articulares ou das vaíñas tendinosas do dorso das mans ou dos pés. Posúe carácter benigno.

ganglionectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica dun ganglión.

ganglioneuroblastoma *s.m.* Gangliocitoma constituído por células inmatúras.

ganglioneuroma *s.m.* Gangliocitoma.

ganglionite *s.f.* Proceso inflamatorio localizado nun ou máis ganglios.

gangliopléxico -a *adx.* Dos axentes que bloquean a transmisión dos impulsos nerviosos a nivel gangliónar.

gangliorradiculite *s.f.* Inflamación dos ganglios e das raíces espinais posteriores. Orixínase principalmente por unha infección causada polo virus do herpes zóster.

gangliósido *s.m.* Cada un dos membros pertencentes a unha clase de cerebrósidos que conteñen galactosa e se atopan no sistema nervioso central. Son glicolípidos constituídos por esfingosina, ácido graxo esteárico e ácido neuramínico N-acetilado ou ácido siálico.

gangliosidose *s.f.* Grupo de enfermidades de almacenamento lisosómico orixinadas por unha deficiencia enzimática, que se caracterizan pola acumulación de gangliósidos GM1 ou GM2 e glicolípidos ou oligosacáridos relacionados con estes, existindo ademais, dende a infancia, un deterioro psicomotor progresivo, e diversas manifestacións viscerais, esqueléticas, oculares e hematolóxicas. V. **esfingolipidose**.

gangliosimpatectomía *s.f.* Extirpación dun ganglio pertencente ó sistema nervioso simpático.

gangrena *s.f.* Mortificación dun tecido ou de parte ou da totalidade dun órgano, que pode orixina-la súa necrose e morte, debida a causas físicas, químicas, tóxicas, circulatorias, infecciosas ou nerviosas. // **G. diabética** Gangrena húmida que ocorre nalgúns enfermos de diabete. / **G. embólica** A que se orixina polo bloqueo do rego sanguíneo con produción de isquemia tisular local, a causa dunha embolia. / **G. enfiematosa** Gangrena gasosa. / **G. gasosa** Gangrena aguda grave, extensa e dolorosa do tecido celular subcutáneo e dos músculos, nos que se produce gas e un exsudado serosanguinolento, cursando cun estado xeral moi grave, causada por bacterias do xénero *Clostridium*. / **G. húmida** Aquela que se caracteriza pola infiltración inflamatoria dos tecidos e o derramo dun líquido cheirento. / **G. múltiple** A que afecta a varias partes ó mesmo tempo. / **G. primaria** A que aparece sen unha inflamación anterior da parte onde se localiza. / **G. seca** Gangrena caracterizada polo endurecemento e a sequidade dos tecidos. Causada por unha obstrución arterial. / **G. secundaria** A que se produce despois dun proceso inflamatorio local. / **G. simétrica** Tipo de gangrena que afecta ós dedos das extremidades de xeito simétrico, a causa de alteracións vasomotoras, como pode suceder no fenómeno sindrómico de Raynaud. / **G. trófica** Aquela que ten a súa orixe na alteración dos nervios que manteñen o trofismo dunha parte.

gargallo *s.m.* Flegma de procedencia nasal ou farínxea que se expulsa pola boca. Tamén se di **esputo**, **esgarro**.

garganta *s.f.* 1. Farinxe ou gorxa. 2. Parte anterosuperior do pescozo.

gargarexo *s.m.* Acción que consiste en manter un líquido medicamentoso na gorxa, pasando ó mesmo tempo o aire expulsado das vías respiratorias a través do devandito líquido, de xeito que se enxauguen as mucosas.

gargarismo *s.m.* 1. Gargarexo. 2. Líquido medicamentoso que se usa para realizar gargarexos coa finalidade de trata-las doenzas da boca e a farinxe.

gargolismo *s.m.* Mucopolisacaridose de tipo I-H, enfermidade hereditaria caracterizada clinicamente por un fenotipo particular e retardo mental progresivo. Os nenos presentan no nacemento estatura curta, cabeza grande cos arcos orbitais sobresañtes, raíz nasal afundida, lingua grande, caluga breve, mans pequenas e bastas, cifose e opacidade corneal. Tamén se di **síndrome de Pfaundler-Hurler**.

garra *s.f.* Unlla forte, curva e aguzada que posúen algúns animais cazadores e as aves de rapina. Tamén se di **gadoupa**, **pouta**. // **G. cubital** Variedade incompleta da man en garra, orixinada por unha lesión no nervio cubital. / **Man en g.** Deformidade da man que ocorre na atrofia dos músculos interóseos. Caracterízase pola extensión das primeiras falanxes e a flexión das segundas e terceiras.

gas *s.m.* Corpo que se atopa como un fluído aeriforme á temperatura e presión ordinarias.

gasa *s.f.* Tecido de fío ou algodón, de urdido moi claro, que se emprega como vendas ou compresas, en ocasións previamente esterilizadas ou impregnadas de substancias antisépticas.

gasmetría *s.f.* Técnica que permite a cuantificación e a determinación das características físicas dos gases. // **G. sanguínea** Técnica de laboratorio que permite medir as taxas de gases (O₂ e CO₂), no sangue arterial e venoso.

gasoso -a *adx.* 1. Dos corpos que permanecen en estado de gas. 2. Que desprende gas.

Gasser, ganglio de V. ganglio.

gaster- Prefixo do grego *gaster* (estómago, ventre), usado na formación dalgunhas palabras relacionadas co estómago.

gasteranxiefraxe *s.f.* Obstrución dos vasos sanguíneos que regan o estómago.

gasto *s.m.* Cantidade total do producido por un sistema do organismo. // **G. cardíaco** Cantidade total do sangue expulsado polo corazón nunha unidade de tempo (un minuto).

gastralxia *s.f.* Dor do estómago. Tamén se di **gastrodinia**.

gastrectasia *s.f.* Dilatación do estómago.

gastrectomía *s.f.* Extirpación dunha porción (gastrectomía parcial, gastrectomía subtotal), ou da totalidade (gastrectomía total), do estómago.

gastrina *s.f.* Hormona polipeptídica segregada nas células G das glándulas pilóricas do antro gástrico e noutras

fontes extragástricas intestinais pola acción do nervio vago e do contido alimentario do estómago a través de diversos estímulo. A súa acción fundamental é estimular a segregación do ácido gástrico e da pepsina.

gastrinoma *s.m.* Tumor de células non beta do páncreas que segrega grandes cantidades de gastrina de xeito incontrolado, provocando a denominada síndrome de Zollinger-Ellison, caracterizada pola aparición de múltiples úlceras duodenais, frecuentemente de localización atípica e resistentes ó tratamento convencional.

gastrite *s.f.* Inflamación da mucosa do estómago. // **G. atrófica** Gastrite crónica que no final da súa evolución orixina atrofia da mucosa e das glándulas do estómago. / **G. crónica tipo A** Aquela forma de gastrite crónica que afecta esencialmente ó corpo e ó fondo do estómago preservando a rexión do antro. / **G. crónica tipo B** Forma de evolución crónica que afecta principalmente ó antro pilórico nos rapaces e á totalidade do estómago nos pacientes de máis idade. É a variedade máis frecuente de gastrite crónica. / **G. eosinofílica** Aquela caracterizada por unha intensa infiltración por eosinófilos da parede do estómago e eosinofilia no sangue periférico. Pode aparecer como unha manifestación illada do estómago ou formando parte dunha gastroenterite eosinofílica xeneralizada. / **G. erosiva aguda** Variedade aguda na que hai unha erosión difusa do epitelio da mucosa e clinicamente caracterízase pola existencia dunha hemorraxia. Tamén se di **gastrite hemorráxica aguda**. / **G. fibrinosa** Gastrite aguda na que hai unha gran cantidade de fibrina no exsudado. / **G. flegmonosa** Forma rara de gastrite infecciosa bacteriana, que cursa cunha intensa inflamación da parede, necrose dos tecidos gástricos e septicemia. / **G. folicular** Gastrite crónica na que existe un predominio da inflamación das glándulas da mucosa. / **G. granulomatosa** A que presenta múltiples lesións granulomatosas na biopsia da parede. Pode estar asociada a doenzas entéricas, do tipo da enfermidade de Crohn, ser de orixe infecciosa, e máis raramente, idiopática ou eosinofílica. / **G. hemorráxica aguda** V. **g. erosiva aguda**. / **G. hipertrófica xigante** Gastrite crónica na que se produce unha gran proliferación da mucosa do estómago, que orixina un importante aumento de tamaño das pregaduras da parede do órgano. / **G. infecciosa** Aquelas variedades relacionadas coa infección da mucosa do estómago, sendo o axente principal o *Campylobacter pylori*. As infeccións causadas por outros microorganismos son bastante infrecuentes. / **G. poliposa** Gastrite hipertrófica na que existen formacións polipoides que se proxectan cara á luz gástrica. / **G. pseudomembranosa** Variedade de gastrite que se caracteriza pola existencia de falsas membranas. / **G. tóxica** Aquela provocada pola acción dun veneno ou dun axente corrosivo.

gastro- Prefixo do gr. *gastrós* (estómago) utilizada na formación de palabras relacionadas co estómago.

gastroadenite *s.f.* Inflamación das glándulas do estómago.

gastroanastomose *s.f.* Realización cirúrxica dunha anastomose entre a porción cardial e a pilórica do estómago, despois da resección do resto do órgano. Tamén se di **gastrogastrostomía**.

gastrobrose *s.f.* Perforación da parede do estómago.

gastrocele *s.f.* Herniación do estómago ou dunha porción do mesmo.

gastrocólico -a *adx.* Relativo ó estómago e mais ó colon.

gastrocolite *s.f.* Inflamación do estómago e do colon.

gastrocoloptose *s.f.* Prolapso do estómago e do colon.

gastrocolostomía *s.f.* Realización cirúrxica dunha anastomose entre o estómago e o colon.

gastrocolotomía *s.f.* Incisión cirúrxica do estómago e do colon.

gastrodiafanoscopia *s.f.* Exploración do estómago cunha técnica de transparencia realizada mediante a introducción na cavidade gástrica, a través do esófago, dunha lámpada eléctrica.

gastrodídimo *s.m.* Monstro fetal dobre dotado dun só abdome.

gastrodinia *s.f.* V. **gastralxia**.

gastroduodenal *adx.* Relativo ó estómago e ó duodeno.

gastroduodenectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica parcial ou total do estómago e o duodeno.

gastroduodenite *s.f.* Inflamación do estómago e do duodeno.

gastroduodenostomía *s.f.* Creación cirúrxica dunha anastomose entre o estómago e o duodeno previamente separados por unha operación realizada para extirpar algunha porción dos mesmos.

gastroenteralxia *s.f.* Dor do estómago e dos intestinos.

gastroentérico -a *adx.* Relativo ó estómago e mais ó intestino. Tamén se di **gastrointestinal**.

gastroenterite *s.f.* Inflamación do estómago e do intestino.

gastroenteroanastomose *s.f.* Realización cirúrxica dunha anastomose entre o estómago e unha porción do intestino. Tamén se di **gastroenterostomía**. // **G. anti-peristáltica** Aquela na que os segmentos gástrico e intestinal da anastomose se colocan de xeito que as ondas peristálticas dos mesmos teñan direccións contrarias. / **G. isoperistáltica** Gastroenteroanastomose na que as ondas peristálticas dos segmentos gástrico e intestinal levan a mesma dirección.

gastroenterocolite *s.f.* Inflamación do estómago, do intestino delgado e do colon.

gastroenterólogo -a *s.* Médico especialista en enfermidades do estómago e do intestino.

gastroenteroloxía *s.f.* Rama da medicina que estuda as enfermidades do tubo dixestivo.

- gastroenteropatía** *s.f.* Denominación xeral dada ás enfermidades do tubo dixestivo.
- gastroenteroptose** *s.f.* Prolapso do estómago e do intestino.
- gastroenterostomía** *s.f.* V. **gastroenteroanastomose**.
- gastroenterotomía** *s.f.* Incisión cirúrxica do estómago e do duodeno.
- gastroepiploico -a** *adx.* Relativo ó estómago e ó epíploon.
- gastroesofagostomía** *s.f.* Realización dunha anastomose cirúrxica entre o estómago e o esófago despois da resección dun segmento dalgún dos mesmos, xeralmente da porción inferior do esófago naquelas doenzas que producen unha estenose insalvable da mesma.
- gastroesofáxico -a** *adx.* Relativo ó estómago e ó esófago.
- gastroesofaxite** *s.f.* Inflamación simultánea do estómago e o esófago.
- gastrofrénico -a** *adx.* Relativo ó estómago e ó diafragma.
- gastrogastrostomía** *s.f.* V. **gastroanastomose**.
- gastrohepático -a** *adx.* Relativo ó estómago e ó fígado.
- gastrohepatite** *s.f.* Inflamación do estómago e do fígado.
- gastrohisterectomía** *s.f.* Extirpación do útero realizada por vía abdominal.
- gastroileíte** *s.f.* Inflamación simultánea do estómago e do íleo.
- gastrointestinal** *adx.* V. **gastroentérico**.
- gastrólise** *s.f.* Separación cirúrxica das adherencias patolóxicas existentes entre o estómago e outros órganos ou partes anatómicas próximas.
- gastrólito** *s.m.* Cálculo localizado na cavidade gástrica.
- gastromalacía** *s.f.* Abrandamento anormal das paredes do estómago.
- gastromegalia** *s.f.* Tamaño anormalmente grande do estómago.
- gastromelia** *s.f.* Monstruosidade fetal caracterizada pola implantación das extremidades no abdome.
- gastromicose** *s.f.* Enfermidade do estómago orixinada por fungos.
- gastromixorreia** *s.f.* Segregación excesiva anormal de mucosidade polo estómago.
- gastroparesia** *s.f.* Diminución patolóxica da mobilidade do estómago.
- gastroparietal** *adx.* Relativo ó estómago e á parede do abdome.
- gastropatía** *s.f.* Denominación xeral dada ás doenzas propias do estómago.
- gastroperitonite** *s.f.* Inflamación simultánea do estómago e do peritoneo.
- gastropexia** *s.f.* Fixación cirúrxica do estómago á parede do abdome ou a outra parte.
- gastropilorectomía** *s.f.* Extirpación da porción do estómago correspondente ó esfínter pilórico.
- gastroplastia** *s.f.* Cirurxía plástica aplicada á corrección das deformidades do estómago.
- gastroplexía** *s.f.* Parálise da musculatura do estómago.
- gastroplicación** *s.f.* Operación cirúrxica destinada á corrección dun estómago dilatado. Realízase mediante a formación dunha pregadura na parede do órgano e a sutura a esta ou a exérese da pregadura.
- gastropneumónico -a** *adx.* Relativo ó estómago e ós pulmóns. Tamén se di **gastropulmonar**.
- gastroptose** *s.f.* Descenso do estómago dende a súa posición anatómica normal a outra inferior.
- gastropulmonar** *adx.* V. **gastropneumónico**.
- gastrorrafia** *s.f.* Sutura dunha ferida ou dunha incisión localizadas no estómago.
- gastrorraxia** *s.f.* Hemorragia orixinada no estómago.
- gastrorrrea** *s.f.* Segregación excesiva de mucosidade ou de zume gástrico.
- gastrorexex** *s.f.* Rotura do estómago.
- gastroscopia** *s.f.* Técnica endoscópica mediante a que se realiza a visualización directa do interior da cavidade gástrica mediante a utilización dun endoscopio con finalidade diagnóstica e terapéutica.
- gastroscopio** *s.m.* Aparello óptico destinado á exploración directa da cavidade do estómago. Consta dun tubo longo e flexible dotado dun sistema de iluminación e outro de lentes que permiten a visión en vivo da mucosa e a luz do estómago.
- gastrose** *s.f.* Denominación xeral dada ás enfermidades do estómago.
- gastroselectivo -a** *adx.* Que ten afinidade polos receptores que participan na regulación das actividades gástricas ou por outros elementos pertencentes ó estómago.
- gastrospasmo** *s.m.* Contracción anormal persistente da musculatura da parede do estómago.
- gastrosplénico -a** *adx.* Relativo ó estómago e ó bazo.
- gastroquise** *s.f.* Fendedura localizada na parede do ventre.
- gastrostaxe** *s.f.* Exsudación de sangue pola mucosa do estómago, propia das gastrites hemorráxicas.
- gastrostenose** *s.f.* Tamaño anormalmente pequeno da cavidade do estómago.

gastrostomía *s.f.* Realización cirúrxica dunha abertura artificial permanente entre o estómago e a parede do abdome.

gastrotimpanismo *s.f.* Distensión abdominal orixinada por unha acumulación de gases no estómago.

gastrotomía *s.f.* Incisión cirúrxica da parede do estómago.

gastrotoracópago *s.m.* Monstro fetal dobre caracterizado porque os fetos están unidos polo abdome e mailo tórax.

gastrotrópico -a *adx.* Que ten afinidade especial polas estruturas do estómago ou, que ten un efecto especial sobre o mesmo.

gastroxexuno-esofagostomía *s.f.* V. **esofagoxexuno-gastrostomose**.

gastroxexunostomía *s.f.* Variedade de gastroenterostomía realizada entre o estómago e a porción xexunal do intestino.

gástrula *s.f.* Etapa temperá do desenvolvemento dos óvulos fecundados que segue á fase de blástula e que se caracteriza por te-lo embrión unha capa de endoderma, outra de ectoderma e pola aparición do mesoderma. Existe ademais unha gran cavidade, o arquéntero, formada por unha invaginación embrionaria, que se comunica co exterior mediante o blastoporo e outra cavidade localizada entre as capas endodérmica e ectodérmica.

gastrulación *s.f.* Proceso da transformación do embrión dende a fase de blástula á de gástrula.

gatillo *s.m.* Variedade de pinzas, rectas ou curvas, utilizada na extracción das pezas dentais.

gatofilia *s.f.* Afección esaxerada, morbosa, ós gatos.

gatofoobia *s.f.* Temor morboso ós gatos.

Gaucher, enfermidade de V. **enfermidade**.

gaulterina *s.f.* Glicósido existente en numerosas plantas do xénero *Gaultheria* e na cortiza do bidueiro. Pola acción da gaulterase desdóbrase en glicosa e salicilato de metilo. O sal sódico deste último posúe propiedades anti-reumáticas.

gausio *s.m.* Unidade C.G.S. electromagnética de indución magnética, de símbolo Gs.

gauss *s.m.* Denominación do gausio na nomenclatura internacional. V. **gausio**.

gavaxe *s.f.* Alimentación forzada, especialmente aquela realizada mediante unha sonda introducida ata o estómago.

Gd Símbolo do gadolinio. V. **gadolinio**.

Ge Símbolo do Xermanio. V. **xermanio**.

Giardia Xénero de protozoos flaxelados dos que a especie *G. lamblia* é parasito do intestino humano.

giardiase V. **xiardiase**.

Gibert, enfermidade de V. **enfermidade**.

Gilles de la Tourette, enfermidade de V. **enfermidade**.

glabela *s.f.* Prominencia do óso frontal que corresponde na superficie da pel ó espazo localizado entre as cellas. Úsase como punto de referencia na medición da lonxitude da caixa cranial.

glabro -a *adx.* Das zonas da superficie corporal que carecen de pelos, coma as plantas dos pés ou as palmas das mans.

gladiolo *s.m.* Corpo do óso esterno.

glande *s.f.* Zona anatómica de pequeno tamaño que posúe unha forma redondeada. Tamén se di **bálano**. // **G. do clítoris** Porción de tecido eréctil localizada na punta do clítoris. / **G. do pene** Porción terminal do pene cuberta polo prepucio e formada pola ampliación do corpo esponxoso, no extremo anterior da cal desemboca a uretra.

glandilema *s.m.* Cápsula externa dunha glándula.

glándula *s.f.* Calquera dos órganos constituídos por células que segregan ou excretan substancias. // / **G. adrenal** V. **g. suprarrenal**. / **G. anal** Glándula sudorípara da mucosa do ano. / **G. apócrina** Aquela que na súa segregación inclúe substancia pertencente á estrutura das propias células segregadoras. / **G. bulbocavernosa** V. **g. de Cowper**. / **G. bulbouretral** V. **g. de Cowper**. / **G. cardial** Cada unha das glándulas localizadas no cardias do estómago. / **G. ceruminosas** Glándulas localizadas no conducto auditivo externo do oído. A súa función consiste na segregación do cerume. / **G. cervicais uterinas** Aquelas localizadas na parede do colo do útero. / **G. ciliar** V. **g. de Moll**. / **G. composta** Aquela que ten unha estrutura composta por diversas unidades glandulares máis pequenas, os conductos excretores das cales xúntanse formando progresivamente conductos de maior grosor. / **G. cutánea** Calquera dos diferentes tipos glandulares que se atopan na pel. / **G. de Bartholin** Cada unha das dúas glándulas homólogas ás bulbouretrais do home, localizadas profundamente na vulva, a ámbolos dous lados do orificio vaxinal. / **G. de Bochdalek** Quistes linguais localizados no traxecto do conducto tirogloso primitivo. / **G. de Bruch** Foliculos linfáticos localizados na conxuntiva da pálebra inferior. / **G. de Brunner** Glándulas acinosas da mucosa duodenal. / **G. de Cowper** Cada unha das dúas glándulas acinosas localizadas no esfínter da uretra masculina inmediatamente detrás da porción membranosa da mesma. / **G. de Lieberkühn** Glándulas tubulares da mucosa do intestino. / **G. de Meibomio** Foliculos sebáceos localizados entre o tarso e a conxuntiva palpebral. / **G. de Moll** Conxunto de pequenas glándulas sudoríparas modificadas que se localizan no bordo das pálebras. / **G. de Monro** Porción orbitaria da glándula lacrimal. / **G. de Montgomery** Glándulas sebáceas da auréola da mamila. / **G. de Peyer** Foliculos linfáticos intestinais que se atopan illados ou

formando placas. / **G. de Rosenmüller** Porción palpebral da glándula lacrimal. / **G. de segregación externa** Aquelas que verten a súa segregación ó exterior do corpo ou á luz dunha cavidade corporal. / **G. de segregación interna** V. **g. endócrinas**. / **G. de Skene** Conductos parauretrais da uretra feminina. / **G. de Tyson** Glándulas sebáceas da coroa da glande e dos labios menores da vulva, segregadoras de materia compoñente do esmegma. / **G. de Zeis** Glándulas sebáceas localizadas no bordo libre das pálpebras. / **G. diana** Glándula sobre a que actúa especificamente unha substancia ou produto calquera. / **G. duodenal** V. **g. de Brunner**. / **G. ecrina** Glándulas merócrinas sudoríparas do corpo. Son do tipo merócrino. / **G. endócrinas** Aquelas que carecen de conductos excretores, vertendo o seu produto, de carácter hormonal, directamente no sistema circulatorio. Denomínanse tamén **glándula de segregación interna**. / **G. exócrina** V. **G. de segregación externa**. / **G. fúndica** Cada unha das glándulas do fondo do estómago que segregan zume gástrico. / **G. gástrica** Nome xenérico que reciben os diferentes tipos de glándulas propias do estómago. / **G. heterócrina** Aquela que posúe unha segregación mixta, mucosa e serosa. / **G. holócrina** Tipo de glándula no que as células que a compoñen se transforman e se desprenden para pasar a formar parte do produto segregado. / **G. lacrimal** Glándula que segrega as bágoas, formada por dúas porcións, unha orbitaria, superoexterna e, outra, localizada na pálpebra superior, en situación inferointerna con respecto á anterior. / **G. linfática** Ganglio linfático. / **G. lingual** Cada un dos distintos tipos de glándulas localizados na lingua. / **G. mamaria** Mama. / **G. merócrina** Aquelas nas que o produto da segregación non inclúe ás células segregadoras. / **G. mixta** Glándula de segregación externa e interna ó mesmo tempo, ou con segregación conxunta mucosa e serosa. / **G. mucosa** A que segrega moco. / **G. oxíntica** Calquera das glándulas da mucosa do estómago que segregan o compoñente ácido do suco gástrico. / **G. paratiroide** Pequenas glándulas localizadas a cada lado da tiroide, en número variable, de unha a catro, sendo as segregadoras da hormona paratiroidal. / **G. parotidiana** O maior dos tres pares das glándulas salivais principais, localizadas debaixo do conducto auditivo externo. / **G. péptica** Glándulas da mucosa gástrica responsables da segregación ácido-péptica. / **G. pilórica** Calquera das glándulas localizadas na mucosa pilórica do estómago, segregadoras de pepsina. / **G. pilosa** Calquera das glándulas sebáceas dos foliculos pilosos. / **G. pituitaria** V. **hipófise**. / **G. prepucial** V. **g. de Tyson**. / **G. prostática** V. **próstata**. / **G. salival** Calquera das glándulas segregadoras de saliva. / **G. sebácea** Calquera das glándulas acinosas da pel que segregan o sebo. / **G. seromucosa** Aquel tipo glandular que segrega unha substancia serosa e mucosa ó mesmo tempo. / **G. serosa** Aquela glándula que segrega unha substancia de carácter acuoso. / **G. sexual** Glándulas masculinas e femininas (testículo e ovario respectivamente), que interveñen nos procesos reproductivos. / **G. sublingual** Glándulas salivais situadas no chan da boca. / **G. submaxilar** Unha das tres

principais glándulas salivais, que posúe unha segregación predominantemente serosa, e que se atopa en parte por arriba e en parte por debaixo da metade posterior do maxilar inferior. / **G. sudorípara** Calquera das glándulas da pel, formada por un tubo longo e enrolado, que segrega a suor. Poden ser da variedade écrina ou da apócrina. / **G. suprarrenal** Cada un dos órganos aplanados e retroperitoneais localizados no polo superior dos riles. Segregan hormonas esteroides (glicocorticoides, mineralocorticoides, andróxenos e proxestáxenos) na codia e catecolaminas (adrenalina e noradrenalina), na medula. / **G. tiroide** V. **tiroide**. / **G. tubular** A que está formada por un tubo simple ou por un ou varios tubos ramificados. / **G. unicelular** Célula única que funciona como unha glándula, segregando o seu produto ó exterior, como as células caliciformes. / **G. uterina** Calquera das glándulas localizadas na mucosa do endometrio. / **G. vaxinal** Calquera das glándulas que se atopan excepcionalmente na mucosa da vaxina. / **G. xeniana** Glándula salival localizada no tecido submucoso das meixelas. / **G. xenival** Pregaduras epiteliais glandulares localizadas na unión da mucosa das enxivas cos dentes.

glandular *adx.* Pertencente ou relativo ás glándulas.

Glanzmann, tromboastenia ou **enfermidade de V. tromboastenia**.

Glaser, fisura de V. fisura.

glauco -a *adx.* De cor verde clara.

glaucoma *s.m.* Enfermidade ocular na que se inclúen diversos cadros patolóxicos que teñen en común o aumento da presión intraocular por riba das cifras consideradas normais, feito que supón na evolución da enfermidade, cambios patolóxicos na papila óptica e anomalías típicas no campo visual. // **G. absoluto** Fase final da evolución do glaucoma agudo, que se caracteriza pola cegueira total e unha gran dureza do globo ocular. / **G. agudo** Elevación da tensión intraocular que acaece en poucas horas, acompañada de dureza pétreo do globo ocular, inxección conxuntival, tumefacción edematosa das pálpebras, córnea mate, pupila dilatada, ovalada e ríxida, que non reacciona coa exposición á luz, iris hiperémico, o que fai que troque a súa cor normal, dor intensa orixinada no ollo, que transmitida polos nervios corneais, pode localizarse nas sens, na caluga ou nos maxilares, pola irradiación que sucede a través das ramas do nervio trixémico e, todo, pódese acompañar de intensas manifestacións xerais. Evoluciona con accesos, que conducen á cegueira se non se trata o cadro. / **G. conxénito** Elevación da presión intraocular que aparece durante o primeiro ano da vida. Pode ser uni ou bilateral e leva ó aumento do tamaño do ollo. A herdanza é autosómica recesiva. / **G. crónico** Variedade que se caracteriza pola elevación persistente da presión intraocular. Dependendo da súa evolución clínica e principalmente da amplitude do ángulo camerular, distínguese unha forma crónica simple, normalmente bilateral, típica da vellez e caracterizada esencialmente polo defecto campimétrico e outra forma crónica conxestiva, na que hai un claro estreita-

mento do ángulo camerular e predisposición a ataques de glaucoma agudo. / **G. fulminante** Glaucoma que segue un curso clínico hiperagudo e moi intenso. / **G. maligno** Aquel que a pesar da intervención cirúrxica continúa evolucionando con rapidez. / **G. primario** O que ocorre sen outra enfermidade previa do ollo. / **G. secundario** Aquel que aparece como consecuencia doutra enfermidade previa do ollo.

glucose *s.f.* Cegueira secundaria a un glaucoma.

glena *s.f.* Denominación das cavidades pouco profundas dun óso nas que encaixa e articula outro óso.

Glénard, enfermidade de V. enfermidade.

glenoide *adx.* 1. Semellante a unha glena. // *s.f.* 2. Cavidade articular pouco profunda que permite movementos moi amplos das partes que a conforman, como sucede na articulación da omoplata co úmero (articulación glenoumeral).

glenoumeral *adx.* Relativo á cavidade glenoide e ó úmero.

glía *s.f.* V. **neuroglía**.

gliacito *s.m.* Célula propia da neuroglía. Tamén se di **gliocito**.

gliadina *s.f.* Proteína do glute do trigo, responsable do cadro clínico da enfermidade celíaca.

glicagón *s.m.* Hormona polipeptídica segregada polas células alfa dos illotes do páncreas. A súa acción é hiperglicemiante, ó induci-la glicoxenólise hepática, contrastando o efecto hipoglicemiante da insulina.

glicemia *s.f.* Presencia e determinación de azucre no sangue. // **Curva de g.** Determinación en períodos de tempo preestablecidos das variacións da concentración da glicosa no sangue trala inxestión dunha cantidade determinada da mesma.

glicerato *s.m.* Sal ou éster do ácido glicérico.

glicérico (ácido) *s.m.* Ácido dihidroximonobásico, que se obtén pola oxidación do gliceraldehído e do glicerol.

glicérido *s.m.* Éster do glicerol ou glicerina e dos ácidos graxos.

glicerilfosfatido *s.m.* V. **fosfoglicérido**.

glicerilo *s.m.* Radical trivalente, C_3H_5 , que resulta da supresión dos tres grupos OH da glicerina. // **Trinitrato de g.** Nitroglicerina.

glicerina *s.f.* Propanotriol-1,2,3, de fórmula $C_3H_5(OH)_3$. Tamén se di **glicerol**. Emprégase como medio de conservación de tecidos biolóxicos, na preparación de pezas histolóxicas, como sucedáneo do azucre na diabete, en forma de supositorios ou de lavativas no estrinximento intestinal, no tratamento esclerosante das varices en forma de preparados inxectables, como emoliente en diversas doenzas da pel e como excipiente para a preparación de colutorios, pomadas, locións, gotas auriculares e glicerolados.

glicerocinase *s.f.* Enzima que actúa na transformación do glicerol en α -glicerolmonofosfato.

glicerofosfato *s.m.* Cada un dos diversos sales do ácido glicerofosfórico.

glicerofosfórico (ácido) *s.m.* Monoéster fosfórico da glicerina. A mestura dos isómeros α e β utilízase como sal cálcico nos tratamentos de recalcificación.

glicerol *s.m.* V. **glicerina**.

glicerolado *s.m.* Preparación farmacéutica semisólida baseada na glicerina. Utilízase esencialmente na dermatoloxía para o tratamento das fisuras e gretas da pel.

glicerosa *s.f.* Azucre composto da mestura de gliceraldehído e dihidroxiacetona que se obtén pola oxidación da glicerina utilizada na síntese da fructosa.

glícido *s.m.* Composto propio da materia viva que contén carbono, osíxeno e hidróxeno, varios alcohois e un grupo reductor denominado aldehído ou cetona. Tamén se di **hidrato de carbono e sacárido**.

glicina *s.f.* Aminoácido monocarboxílico de fórmula H_2N-CH_2-COOH , compoñente esencial das proteínas, precursora dos núcleos de porfirina e purina. Nalgunhas neuronas da medula espiñal e do tronco cerebral ten un papel como neurotransmisor inhibitor. Utilízase no tratamento dalgunhas miopatías e miocardites. Tamén se di **glicocola, ácido aminoacético**.

glicinuria *s.f.* Aminoaciduria caracterizada polo defecto da reabsorción nos túbulos renais do aminoácido glicina, o cal aparece na urina. Pode producir clínica de litíase renal.

glicirrónico (ácido) *s.m.* Glicósido insípido e inodoro, de fórmula $C_{42}H_{62}O_{16}$, compoñente da raíz da regalicia e outras leguminosas.

glicirrícina *s.f.* Ácido glicirrónico. V. **glicirrónico (ácido)**.

glico- Prefixo do grego *glykys* (doce).

glicocálix *s.m.* Revestimento exterior glicoproteico da membrana plasmática de moitas células. Intervén na xénese dalgúns fenómenos inmunolóxicos.

glicocola *s.f.* V. **glicina**.

glicocolato *s.m.* Sal do ácido glicocólico.

glicocólico (ácido) *s.m.* Ácido cristalizado de fórmula $C_{26}H_{43}NO_6$, compoñente da bile en forma de glicocolato de sosa.

glicocorticoide *s.m.* Calquera dos esteroides do córtex suprarrenal que interveñen esencialmente no metabolismo dos hidratos de carbono, favorecendo a gliconeoxénese, o depósito hepático de glicóxeno, e aumentando a glicemia. Interven ademais no metabolismo das graxas e das proteínas. Algúns teñen tamén unha moderada actividade mineralocorticoide, intervindo deste xeito na regulación do balance dos electrólitos e a auga.

glicofosfomutase *s.f.* Enzima que cataliza a conversión de glicosa-1-fosfato en glicosa-6-fosfato.

glicol *s.m.* 1. Denominación común do etanodiol-1-2. 2. Denominación xeral dada ós dialcoholes.

glicólise *s.f.* Proceso metabólico de degradación enzimática da glicosa para obter enerxía almacenable en forma de ATP.

glicolítico -a *adx.* Relativo á glicólise.

glicometría *s.f.* Técnica utilizada para determinar a cantidade de glicosa presente nun medio líquido.

gliconeoxénese *s.f.* Proceso metabólico mediante o cal se forma glicosa a partir doutras substancias orgánicas non glicídicas, como os aminoácidos proteicos, o lactato ou as graxas. Tamén se di **neoglicoxénese**.

glicopenia *s.f.* Diminución da cantidade de glicosa orgánica por debaixo das cifras consideradas normais. Tamén se di **hipoglicemia**.

glicopéptido *s.m.* Substancia peptídica que contén carbohidratos.

glicopenia *s.f.* Proceso de fixación do azucre ós tecidos orgánicos mediante a transformación da glicosa (azucre circulante), no seu polímero de almacenamento, o glicóxeno (azucre de reserva).

glicoproteína *s.f.* Proteínas compostas que resultan da unión dunha fracción glicídica con outra proteica. Atópase no plasma humano.

glicorraquia *s.f.* Presencia e determinación de glicosa no líquido cefalorraquídeo. A cantidade normal é aproximadamente a metade da do sangue.

glicorrea *s.f.* Calquera descarga abundante de glicosa, principalmente pola urina.

glicosa *s.f.* Monosacárido, de fórmula $\text{CH}_2\text{OH}(\text{CHOH})_4\text{-CHO}$, que se atopa nalgúns alimentos, especialmente nas froitas, e no sangue do home e dos animais. É o produto final do metabolismo dos carbohidratos e constitúe a principal fonte de enerxía dos organismos vivos. Segundo as necesidades do organismo, a glicosa, mediante o proceso da glicoxenoxénese, almacénase en forma de glicóxeno no fígado e nos músculos ou libérase polo proceso de glicoxénese, a partir do glicóxeno, coa finalidade de obter a enerxía necesaria para o metabolismo, mediante a glicólise. // **G. -6-fosfato** Derivado fosforado da glicosa, produto intermedio e esencial do metabolismo dos carbohidratos / **G. 6-fosfatodeshidroxenase** Enzima esencial no metabolismo da glicosa-6-fosfato pola vía das pentosas, que nas hemacias permite a produción de NADPH, produto esencial para a protección dos glóbulos vermellos contra os axentes oxidantes. A deficiencia hereditaria deste enzima é a causa de crises de anemia hemolítica en situacións de tensión oxidante.

glicosado -a *adx.* Do que contén glicosa. // **Soro g.** Variedade de soro, que se administra esencialmente por vía intravenosa en goteiros e que contén unha proporción variable, pero importante, de glicosa na súa composición.

glicosamina *s.f.* Amino-2desoxi-2glicosa, un dos compoñentes esenciais de moitas neuroproteínas, da heparina e da mucina, das que se obtén mediante hidrólise.

glicosialia *s.f.* Presencia de glicosa na saliva.

glicosialorrea *s.f.* Fluxo excesivo de saliva con presenza de glicosa na mesma.

glicosidase *s.f.* Enzima hidrolítico que rompe os enlaces glicosídicos dos glicósidos.

glicósido *s.m.* Composto que posúe unha molécula de carbohidrato. Existe unha ampla variedade en produtos naturais, esencialmente de orixe vexetal. Mediante unha acción hidrolítica enzimática, os glicósidos rachan, liberando glicosa e unha fracción non glicídica, denominada aglicona. Dependendo do tipo de azucre que conteña a molécula, reciben diferentes denominacións; glicósido, galactósidos, fructósidos, etc., cando levan glicosa, galactosa, fructosa, etc., respectivamente.

glicosuria *s.f.* Presencia de glicosa na urina.

glicotrópico -a *adx.* Que posúe afinidade polo azucre.

glicoxenase *s.f.* Enzima hepático que hidroliza o glicóxeno, formando dextrina e maltosa.

glicoxénese *s.f.* Proceso de descomposición mediante hidrólise, do glicóxeno de reserva, para obter glicosa circulante. Tamén se di **glicoxenólise**.

glicóxeno *s.m.* Polisacárido que constitúe a principal forma de almacenamento de carbohidratos no organismo. Trátase dun polímero de cadea longa de glicosa que se sintetiza e almacena no fígado e en menor cantidade nos músculos. A súa función principal é a de servir de forma de reserva de glicosa, liberándose como tal, no caso de necesidade, ou almacenándose no fígado cando existe un exceso de azucre.

glicoxenólise *s.f.* V. **glicoxénese**.

glicoxenose *s.f.* Enfermidade por almacenamento de glicóxeno. V. **enfermidade**.

glicoxenoxénese *s.f.* Proceso metabólico mediante o cal a glicosa almacénase como glicóxeno (azucre de reserva) no organismo.

glicurese *s.f.* Presencia de glicosa na urina en ausencia de hiperglicemia.

glicurónico (ácido) *s.m.* Ácido urónico derivado da glicosa por oxidación da mesma. Constitúe un dos principais vehículos eliminadores de substancias tóxicas do organismo, ó formar no fígado compostos hidrosolubles conxugados con el, que se poden eliminar pola urina.

glicuronidase-b *s.f.* Enzima que hidroliza o enlace glicosídico nos glicurónidos. Prodúcese no bazo, no fígado e nas glándulas endócrinas.

glicuroniltransferase *s.f.* Enzima hepático que cataliza a conxugación da bilirrubina libre ou indirecta co ácido glicurónico, formando deste xeito a bilirrubina conxugada ou directa, que se pode eliminar cara ó exterior. A

súa diminución ou ausencia, orixina diversas doenzas relacionadas coa acumulación da bilirrubina indirecta no organismo, como a síndrome de Crigler-Najjar, na que hai unha deficiencia conxénita do encima, ou a ictericia fisiolóxica dos neonatos, causada pola inmadurez deste sistema enzimático.

glicuronoconxugación *s.f.* Proceso de conxugación co ácido glicurónico, esencialmente no fígado, de diversas substancias tóxicas, coa finalidade de facelas hidrosolubles, permitindo deste xeito a súa eliminación do organismo a través da urina.

glicuronuria *s.f.* Presencia de ácido glicurónico na urina.

glioblastoma *s.m.* Astrocitoma maligno, tamén denominado glioma maligno, astrocitoma de grao 3 ou 4 e glioblastoma multiforme. Trátase dun tumor das células da glía, que aparece no tronco encefálico, o cerebelo, a medula espiñal e nos hemisferios cerebrais, que constitúen a súa localización máis frecuente. Histoloxicamente caracterízase por estar composto de células gliais heteroxéneas, con astrocitos, células xigantes e proliferación de capilares. Non existe un tratamento eficaz, evolucionando cara á morte nun período de tempo relativamente breve.

gliocito *s.m.* V. **gliacito**.

glioma *s.m.* Tumor que se orixina nas células da glía. Comprende os glioblastomas (astrocitomas de grao 3 e 4), os astrocitomas de baixo grao (graos 1 e 2), os ependimomas, os meduloblastomas, os oligodendrogliomas e os papilomas dos plexos coroides.

gliomatose *s.f.* Proliferación excesiva de células da neuroglía que recibe diferentes denominación dependendo da súa localización. // **G. cerebral** Infiltración lentamente progresiva da substancia branca cerebral que ocorre na evolución dalgúns astrocitomas, caracterizándose histoloxicamente pola presenza de astrocitos individuais atípicos, sen presenza de masa tumoral localizada.

gliomioma *s.m.* Tumor histoloxicamente composto por elementos de tipo glial e miomatosos.

gliomixoma *s.m.* Tumor composto por células gliais e elementos mixomatosos.

glioneuroma *s.m.* Tumor que contén células gliais e elementos neuromatosos.

gliose *s.f.* Proliferación patolóxica da astroglía e raramente da microglía nas áreas lesionadas do sistema nervioso central.

glisonite *s.f.* Inflamación da cápsula de Glisson do fígado.

Glisson, cápsula de, enfermidade de V. **cápsula e enfermidade**.

globina *s.f.* Grupo proteico integrante da hemoglobina e da mioglobina. Na hemoglobina está constituído por catro cadeas polipeptídicas, unidas cada unha delas a un grupo prostético, e na mioglobina, por unha soa cadea, tamén unida a un grupo prostético.

globo *s.m.* Corpo esférico. // **G. histérico** Sensación subxectiva de ter unha masa na gorxa, que se presenta en ocasións nos estados histéricos ou de ansiedade. / **G. ocular** Estructura do ollo, sen os elementos musculares externos e as demais estruturas complementarias que o rodean. / **G. pálido** Porción interna do núcleo lenticular do cerebro. Tamén se di **globus pállidus**. / **G. uterino** Masa formada pola retracción do útero despois da saída da placenta. / **G. vesical** Formación globular causada pola distensión da vexiga nos casos de retención urinaria.

globulina *s.f.* Clase de proteínas de peso molecular superior a 150.000, caracterizadas por ser insolubles na auga, solubles nas solucións salinas diluídas e precipitar nas solucións de fosfato amónico ó 50%. // **G. aceleradora** Factor V da coagulación. V. **factor acelerador**. / **G. alfa** (a) Globulinas plasmáticas que posúen unha mobilidade electroforética de tipo alfa. / **G. beta** (b) Globulinas plasmáticas que posúen unha mobilidade electroforética de tipo beta, intermedia entre a alfa e a gamma. / **G. gamma** (g) Globulinas do plasma que posúen unha mobilidade electroforética de tipo gamma. A maior parte das globulinas gamma son inmunoglobulinas. / **G. inmunitaria** Preparación concentrada que contén inmunoglobulinas, maioritariamente do tipo IgG, que se emprega no tratamento de diversas doenzas infecciosas e inmunitarias.

globulinuria *s.f.* Presencia de globulinas na urina.

glóbulo *s.m.* Masa ou corpo esferoidal de pequeno tamaño, xeralmente microscópico. // **G. branco** V. **leucocito**. / **G. vermello** V. **eritrocito**.

globus *s.m.* Denominación latina para algunhas estruturas anatómicas con forma de globo. // **G. major e minor** Extremidade superior e inferior respectivamente do epidídimo. / **G. pallidus** V. **globo pálido**.

glomerulite *s.f.* Inflamación dos glomérulos renais.

glomérulo *s.m.* Conxunto apertado de corpúsculos, xeralmente de forma globular. Utilízase o termo para designar algunhas estruturas anatómicas que posúen esta forma. // **G. olfactorio** Grupo de fibras nerviosas amoreadas localizadas no extremo inferior do bulbo olfactorio, que conteñen a primeira neurona da vía olfactoria. / **G. renal** Acumulación globular dos capilares derivados das arteríolas aferentes dos riles. Son as estruturas a través das cales se realiza a filtración das substancias do sangue, cara á luz da cápsula de Bowman, para ser eliminadas coa urina ou reabsorbidas nos túbulos renais.

glomerulonefrite *s.f.* Grupo heteroxéneo de enfermidades que teñen como característica común a presenza de alteracións morfolóxicas e funcionais nos glomérulos renais, non sempre de orixe inflamatoria. Clasifícanse dependendo das lesións anatomopatolóxicas que presenten no exame co microscopio óptico, co microscopio electrónico e coas técnicas de inmunofluorescencia. Clinicamente dan lugar a diversas síndromes, sendo as máis características a síndrome nefrótica, a síndrome nefrítica aguda, a síndrome nefrítica crónica, a glomerulonefrite rapidamente progresiva, as anomalías

urinarias asintomáticas do tipo da microhematuria e a proteinuria e a hematuria macroscópica e recidivante.

glomerulopatía *s.f.* Denominación xeral das enfermidades ou alteracións que afectan ós glomérulos renais.

glomerulosclerose *s.f.* Fibrose e formación de tecido cicatrizal nos glomérulos renais.

glomo *s.m.* Masa vascular de pequeno tamaño composta por unha acumulación de vasos sanguíneos. Denomínase tamén habitualmente coa súa voz latina, *glomus*. // **G. aórtico** Estructura neurosensorial localizada na parede do arco aórtico. / **G. carotídeo** Estructura ganglionar neurosensorial localizada na parede da arteria carótide interna, dentro do seo cavernoso. Tamén se di **ganglio carotídeo, ganglio cavernoso**. / **G. coroide** Engrosamento do plexo coroide do ventrículo lateral, localizado na raíz da hasta posterior. / **G. cutáneo** Glomo neurovascular subcutáneo que se localiza principalmente nos dedos e nas dedas. / **G. neurovascular** Anastomose arteriovenosa constituída por unha arteríola e unha vénula, rodeadas por fibras musculares lisas e ricamente innervada. / **G. xugular** Glomo formado por un conxunto de quimiorreceptores localizados no bulbo da vea xugular.

glomus *s.m.* V. **glomo**.

glosalxia *s.f.* Dor da lingua. Tamén se di **glosodinia**.

glosectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica, total ou parcial, da lingua.

glosite *s.f.* Inflamación da lingua.

gloso- Prefixo derivado do grego *glōssa* (lingua), utilizado en palabras que teñen relación con esta estrutura.

glosocele *s.f.* Edema e prominencia da lingua.

glosodesmo *s.m.* Freo da lingua, estrutura localizada na cara inferior desta e que a une ó chan da boca.

glosodinamómetro *s.m.* Aparello utilizado para avaliar a forza da lingua.

glosodinia *s.f.* Dor da lingua V. **glosalxia**.

glosoepiglótico -a *adx.* Relativo á lingua e á epiglote.

glosofarínxeo -a *adx.* Relativo á lingua e á farinxe. // (**Nervio**) **g.** Denominación do IX par cranial. / (**Músculo**) **g.** Porción superior do músculo constrictor superior da farinxe.

glosógrafo *s.m.* Aparello utilizado para rexistrar os movementos da lingua durante a fala.

glosohioide *adx.* Relativo á lingua e mais ó óso hioide.

glosolalia *s.f.* Fala anormal caracterizada pola abundancia de neoloxismos e a inadaptación ás regras sintácticas. Típica da esquizofrenia.

glosopalatino -a *adx.* Relativo á lingua e ó padal.

glosopatía *s.f.* Denominación xeral das enfermidades da lingua.

glosopeda *s.f.* Enfermidade febril contaxiosa, típica do gando vacún e dos porcos, que a poden transmitir ó

home. Caracterízase pola aparición de vesículas na mucosa da boca e nos pezuños. Tamén se di **estomatite epidémica** ou **epizoótica, mal de unlla**.

glosoplastia *s.f.* Cirurxía plástica correctora de defectos da lingua.

glosoplexía *s.f.* Parálise da lingua.

glosoptose *s.f.* Caída da lingua cara a atrás.

glosorrafia *s.f.* Sutura cirúrxica da lingua.

glosorraxia *s.f.* Hemorraxia orixinada na lingua.

glosospasmo *s.m.* Contracción mantida involuntaria da musculatura lingual.

glostafilino -a *adx.* Relativo á lingua e mais á úvula ou ó veo do padal. // (**Músculo**) **g.** Músculo da lingua, localizado no piar anterior do veo do padal, dirixe a lingua cara a arriba e atrás. Tamén se di **músculo palatogloso**.

glosotriquia *s.f.* Lingua pilosa, anormalidade das papilas linguais que adquiren unha conformación alongada, semellando pelos.

Glossina Xénero de moscas entre as que se atopan as moscas tse-tse, axentes transmisores da tripanosomíase ou enfermidade do sono. A *G. palpalis* e a *G. tachinoides*, son os principais axentes transmisores da enfermidade do sono gambiana, e a *G. morsitans* e a *G. palpalis* da enfermidade do sono rodesiana.

glote *s.f.* Aparello vocal da larinxe, constituído polas cordas vocais e o espacio triangular situado entre elas, denominado abertura glótica.

glotite *s.f.* Inflamación da glote.

glutámico (ácido) *s.m.* Aminoácido de fórmula HOCO-(CH₂)₂-CHNH₂-COOH, compoñente esencial das proteínas. Actúa en tódalas células como elemento metabólico de nutrición e tamén na síntese das proteínas e do ácido gammaaminobutírico. Ten tamén un papel como mediador excitador dalgunhas neuronas do tronco cerebral, a medula espiñal e o córtex cerebral.

glutamina *s.f.* Monoamida do ácido glutámico, transportador importante do amoníaco urinario.

glutaminase *s.f.* Enzima orgánico que cataliza a transformación da glutamina en ácido glutámico.

glutación *s.m.* Tripéptido composto por cisteína, ácido glutámico e glicina, que se atopa en tecidos animais e vexetais. Ten un papel importante no mantemento dos enlaces disulfuro, no transporte dos aminoácidos a través das membranas celulares e na defensa contra as lesións por oxidación nos eritrocitos.

glute *s.m.* Compoñente proteico da fariña do trigo e doutros cereais.

glúteo -a *adx.* Relativo ou pertencente ás nádegas. // **Arterias g.** Arterias derivadas da arteria ilíaca interna que regan a rexión das nádegas e a articulación da cadeira. Divídense en glútea superior e glútea inferior. / **Músculos g.** Músculos que constitúen a rexión das

nádegas. Divídense en glúteo maior, situado na parte máis superficial, glúteo mediano, localizado debaixo do anterior e, glúteo menor, que é o máis profundo. Interveñen esencialmente nos movementos das coxas. / **Nervios g.** Nervios orixinados no plexo sacro que innervan os músculos glúteos, a pel do perineo, o escroto e a rexión posterior das coxas.

gluteofemoral *adx.* Relativo ás nádegas e ás coxas.

glutite *s.f.* Inflamación das nádegas ou dos músculos glúteos.

gnat-, gnato- Formas prefixas do grego *gnathós* (mandíbula), utilizadas na formación de palabras que teñen relación con esta estrutura.

gnatalxia *s.f.* Dor localizada na mandíbula.

gnatión *s.m.* Punto anatómico localizado na liña media da mandíbula.

gnatite *s.f.* Inflamación da mandíbula.

gnatocefalia *s.f.* Monstruosidade fetal caracterizada porque no lugar da cabeza existe unicamente unha mandíbula.

gnatodinómetro *s.m.* Aparello utilizado para medir a forza de contracción da mandíbula.

gnatoplastia *s.f.* Cirurxía plástica correctora da rexión mandibular.

gnatoplexía *s.f.* Parálise que lle afecta á musculatura mandibular.

gnatoptose *s.f.* Caída da mandíbula.

gnatosquise *s.f.* Fendedura conxénita localizada na mandíbula.

gnatostomiase *s.f.* Infestación producida polo verme nematodo *Gnathostoma spinigerum*.

-gnose Sufixo do gr. *gnōsis* (coñecemento ou percepción).

gnosia *s.f.* Capacidade de percibir e recoñecer.

-gnosia Sufixo do gr. *gnōsis* (coñecemento ou percepción).

goitrina *s.f.* Substancia presente nalgúns vexetais, que ten efecto bocióxeno.

Goldflam-Erb, enfermidade de V. enfermidade.

Goldstein, enfermidade de V. enfermidade.

golpe *s.m.* Impacto ou contusión sobre unha parte do corpo. // **G. de calor** Estado causado por unha excesiva exposición a altas temperaturas que se caracteriza clinicamente por cefalea, sede, vertixe, náuseas e cambras musculares.

goma *s.f.* 1. Substancia de orixe vexetal, máis ou menos viscosa e pegañenta, de natureza glicídica, inodora, inalterable e insípida, que no contacto coa auga aumenta de volume, formando solucións coloidais viscosas ou masas xelatinosas. // *s.m.* 2. Lesión elemental dermatolóxica primitiva, consistente nunha proliferación nodular locali-

zada na zona profunda da derme ou no hipoderma, inicialmente sólida, que evoluciona posteriormente cara ó abrandamento ó mesmo tempo que se adhire á superficie da pel, e forma finalmente unha úlcera que se abre ó exterior. // **G. arábica** Segregación natural do tronco e das pólas de varias especies do xénero *Acacia*. Utilízase na farmacia como emoliente e para a preparación de xaropes, pílulas e mucilaxes. / **G. sifilítico** Lesión característica da sífilis terciaria, formada por un tecido semellante ó de granulación que se atopa esencialmente na pel e no tecido celular subcutáneo e con menor frecuencia en diversos órganos internos. / **G. tuberculoso** Granuloma infeccioso característico da enfermidade tuberculosa. Tamén se di **escrofuloderma**.

gónada *s.f.* Glándula productora de gametos, ben sexa a masculina (testículo) ou a feminina (ovario).

gonadectomía *s.f.* Extirpación dunha gónada.

gonadopausia *s.f.* Cesamento da actividade dunha gónada causado polo avellentamento normal da mesma.

gonadotrófico -a *adx.* Que ten unha afinidade especial polas gónadas, especialmente referido ás hormonas hipofisarias que actúan directamente sobre os ovarios ou sobre os testículos, estimulando os seus procesos metabólicos e o mantemento do trofismo.

gonadotropina *s.f.* Calquera das hormonas, especialmente as de orixe hipofisaria, que actúan sobre as gónadas. A hipófise anterior segrega dúas: a hormona luteinizante (LH) e a hormona estimulante dos folículos (FSH). Na muller, a FSH intervéñen na maduración dos folículos ováricos e na segregación dos estróxenos e a LH, na ovulación e na formación do corpo amarelo. No home, a FSH intervéñen estimulando a espermatoxénese e a LH, regulando a segregación de testosterona nas células de Leydig dos testículos. // **G. coriónica** Hormona segregada polo sincitiotrofoblasto da placenta nas primeiras etapas do embarazo e posteriormente na placenta. Pódese obter da urina da muller embarazada, constituíndo a súa presenza, a base das probas inmunolóxicas de dosificación cuantitativa, diagnósticas de embarazo.

gonagra *s.f.* Enfermidade gotosa localizada nos xeonllos.

gonalxia *s.f.* Dor localizada nos xeonllos.

gonanxiectomía *s.f.* Sección cirúrxica dun conducto deferente. Tamén se di **vasectomía**.

gonartrite *s.f.* Proceso inflamatorio localizado na articulación dos xeonllos.

gonartrocace *s.m.* Edema brando ou tumor branco dos xeonllos orixinado por unha artrite tuberculosa.

gonartrotomía *s.f.* Incisión cirúrxica da articulación do xeonllo.

gonecistite *s.f.* Inflamación das vesículas seminais.

gonecisto *s.m.* Vesícula seminal.

gonecistopiose *s.f.* Infección purulenta das vesículas seminais.

gonio- Forma prefixa do gr. *gonía* (ángulo).

goniocraniometría *s.f.* Técnica da medición dos ángulos craniais.

gonioma *s.m.* Tumor derivado das células sexuais.

goniómetro *s.m.* Aparello utilizado para medir ángulos, xeralmente utilizados para medir a amplitude dos movementos articulares, principalmente como método para avaliar as secuelas producidas despois dun traumatismo ou dunha enfermidade con afectación articular. // **G. dixital** Goniómetro utilizado para medir os límites de flexión e de extensión das articulacións interfalánxicas dos dedos das mans.

gonión *s.m.* Punto craniométrico localizado na conxunción do bordo posterior e o bordo inferior do arco mandibular.

gonioscopio *s.m.* Aparello óptico utilizado no exame do ángulo da cámara anterior do ollo e comproba-la mobilidade e a rotación oculares.

goniotomía *s.f.* Operación cirúrxica utilizada no tratamento do glaucoma congénito. Consiste esencialmente na escisión do tecido mesodérmico persistente no ángulo camerular (membrana de Barkan) mediante un goniótomo.

goniótomo *s.m.* Variedade de bisturí utilizado especificamente na realización das goniotomías.

gono- Forma prefixa do gr. *gónos* (semente), utilizada en palabras que teñen relación coas células sexuais ou cos órganos reproductivos.

gonoblasto *s.m.* Calquera das células sexuais, óvulo ou espermatozoide.

gonocele *s.f.* V. **espermatocele**.

gonocito *s.m.* Célula reproductora primitiva do embrión.

gonococemia *s.f.* Presencia de gonococos no sangue.

gonococia *s.f.* Infección causada por gonococos.

gonococida *adx.* Que destrúe gonococos.

gonococo *s.m.* Microorganismo pertencente á especie *Neisseria gonorrhoeae*, cocos gramnegativos que se dispoñen xeralmente en parellas e son os axentes produtores da blenorragia ou gonorrea. Distínguense doutras Neiserias porque utilizan a glicosa, pero non a maltosa, a sacarosa ou a lactosa. Tamén se diferencian por reaccións inmunolóxicas características da especie.

gonorrea *s.f.* Infección causada polo microorganismo *Neisseria gonorrhoeae*, que se transmite principalmente mediante contacto sexual. No home caracterízase pola uretrite e a segregación purulenta, sendo na muller xeralmente asintomática aínda que se pode estender, provocando anexite e peritonite. En ámbolos dous sexos pode orixinar unha bacteriemia que se caracteriza pola presenza de lesións cutáneas e articulares e a posibilidade de meninxite e endocardite.

gonosoma *s.m.* Calquera dos cromosomas sexuais, o X e o Y.

gonotoxemia *s.f.* Estado tóxico producido pola presenza de gonococos no sangue.

gota *s.f.* 1. Doenza causada por unha alteración do metabolismo das purinas e das pirimidinas que se caracteriza pola elevación do ácido úrico no sangue e se acompaña de artrite inflamatoria aguda recorrente, que afecta especialmente ás articulacións metatarsofalánxicas das primeiras dedas, aínda que pode facelo noutras articulacións, como nos xeonllos, os ombreiros etc., dando lugar a depósitos toféceos de cristais de uratos nas articulacións das extremidades e arredor das mesmas e litíase renal por cálculos de ácido úrico. 2. Porción minúscula dun líquido desprendida dunha masa principal do mesmo pola acción da gravidade. Tamén se di **pinga**.

gotero *s.m.* Aparello utilizado para administrar un líquido gota a gota.

goteo *s.m.* Infusión dun líquido gota a gota, xeralmente por vía intravenosa.

Gottinga, enfermidade de V. **enfermidade**.

Gowers, enfermidade, fenómeno de V. **enfermidade e fenómeno**.

gradiente *s.m.* Medida da variación dunha magnitude fisiolóxica ou bioquímica dun ser vivo.

grafestesia *s.f.* Calidade do sentido do tacto que permite reconece-lo significado do que se escribe sobre a pel.

-grafía Forma sufixa do gr. *gráphein* (escribir), utilizada nas voces médicas que teñen relación cos procesos de escritura ou rexistro ou cos métodos de rexistro.

gráfica *s.f.* Gráfico

gráfico -a *adx.* 1. Relativo á escritura. 2. Das descrições que se realizan mediante debuxos ou signos. // *s.m.* 3. Representación gráfica de calquera dato biomédico ou das relacións variables entre series de datos.

grafo- Sufixo do gr. *gráphein* (escribir), utilizado en palabras que teñen relación coa escritura ou co rexistro de datos.

grafoanálise *s.m.* Análise do carácter dunha persoa mediante o estudo da súa escritura.

grafoloxía *s.f.* Técnica que estudia a escritura como unha extensión e expresión do carácter dun individuo, sendo polo tanto factible a detección de posibles alteracións da personalidade mediante o seu estudo.

grafomanía *s.f.* Alteración psiquiátrica que se caracteriza pola tendencia do individuo que a padece a escribir continuamente e sen sentido. Tamén se di **graforreia**.

grafomotor -a *adx.* Relativo ós movementos necesarios na escritura.

graforreia *s.f.* V. **grafomanía**.

grafospasmo *s.m.* Cambra dos escribentes; dor intensa acompañada de impotencia funcional localizada na man e o antebrazo durante o proceso de escribir.

gramicidina *s.f.* Antibiótico polipeptídico neutro que se obtén dos cultivos de *Bacillus brevis* e que xunto coa tirocidina forma a tirotricina, que constitúe a súa forma de presentación farmacéutica.

gramo *s.m.* Unidade principal de masa do sistema métrico decimal, equivalente á masa dun centímetro cúbico de auga destilada tomada na súa densidade máxima de 4^o de temperatura. Símbolo g.

grampa *s.f.* Peza de metal cos extremos dobrados cara a abaixo, usada para aproxima-los extremos dunha ferida coa finalidade de procurar un peche seguro da mesma e unha mellor cicatrización ou ben na realización das osteosínteses.

gran *s.m.* Erupción cutánea inespecífica, circunscrita, elevada e de pequeno tamaño.

Grancher, enfermidade de V. enfermidade.

granulación *s.f.* 1. Conxunto de gránulos. 2. Fase de formación, no proceso de reparación das feridas, do tecido de granulación. 3. Proceso de formación de gránulos citoplasmáticos celulares. // **G. aracnoides** Conxunto de pequenas formacións elevadas pertencentes ás vilosidades aracnoides, debaixo da duramáter, que producen a causa da presión, unhas lixeiras depresións na superficie interna do cráneo. Tamén se di **glándula de Pacchioni**. / **G. de Pacchioni** V. **g. Aracnoides**.

granulado -a *adx.* 1. Que está composto de gránulos. // *s.m.* 2. Preparación farmacéutica en forma de gránulos.

gránulo *s.m.* 1. Partícula ou gran de pequeno tamaño. 2. Pequena pílula que contén unha mínima cantidade de medicamento e que se administra en forma de granulado.

granuloadiposo -a *adx.* Relativo ó estado de dexeneración graxa dun tecido determinado. Caracterízase pola aparición nese tecido de gránulos de graxa.

granuloblasto *s.m.* Célula embrionaria da que proceden os granulocitos maduros do sangue.

granulocitario -a *adx.* Das células ou das series celulares que conteñen granulacións.

granulocito *s.m.* Leucocito que contén no seu citoplasma granulacións basófilas, eosinófilas ou neutrófilas. V. **leucocito**.

granulocitopenia *s.f.* Diminución do número de granulocitos no sangue por debaixo das cifras consideradas normais.

granulocitopoesa *s.f.* Proceso de formación e maduración dos granulocitos na medula ósea.

granulocitose *s.f.* Aumento anormal do número de granulocitos no sangue.

granuloma *s.m.* Calquera agregación nodular ben delimitada de células inflamatorias mononucleares. Nos

granulomas pódense atopar diversos tipos celulares como macrófagos, células epitelioides, eosinófilos, células plasmáticas, células xigantes, etc. // **G. anular** Doenza dermatolóxica de causa descoñecida e caracterizada pola formación de lesións anulares, de poucos centímetros de diámetro, con bordo papuloso, consistencia firme e cor de pel normal, pálida ou lixeiramente rosada. O centro da lesión pode estar deprimido. Típico de nenos pequenos ou adolescentes. Segue unha evolución máis ou menos crónica, con esporádicas curacións espontáneas. / **G. apical** Lesión granulomatosa esférica que se localiza xunto a unha raíz dental, frecuentemente como complicación dunha pulpíte. / **G. da liña media** Enfermidade destructiva de orixe descoñecida que afecta exclusivamente ás vías respiratorias altas e á cara. Caracterízase por unha inflamación aguda ou crónica con necrose, e formación de granulomas non caseosos. Tamén se di **granuloma granescens, maligno** ou **mortal da liña media**. / **G. de corpo estraño** Proceso reactivo de inflamación crónica inespecífica que se desenvolve na derme fronte a unha substancia parcialmente indestruíble introducida na pel, xeralmente a causa dun traumatismo. / **G. eosinófilo** 1. Granulomatose das células de Langerhans. 2. Doenza semellante á gastroenterite eosinófila, que se caracteriza pola formación de lesións nodulares na submucosa e nas paredes musculares do estómago, principalmente localizadas na rexión pilórica, causadas por unha infiltración por eosinófilos. 3. Variedade de histiocitose inflamatoria idiopática que afecta ós ósos dos nenos de entre cinco e dez anos, no que hai unha formación granulomatosa nos ósos infiltrados por eosinófilos. Afecta principalmente ó cráneo, ás vértebras, ás costelas, á pelve, ós fémures e ós úmeros. / **G. granescens V. g. da liña media**. / **G. mortal da liña media** V. **g. da liña media**. / **G. infeccioso** Granuloma causado por unha reacción inmunolóxica contra un microorganismo infectante. / **G. inguinal** Enfermidade infecciosa causada polo *Calymmbacterium granulomatis*, transmitida xeralmente mediante contacto sexual. Caracterízase por presentar unhas pequenas úlceras, únicas ou múltiples, que afectan á vulva e ó perineo, e pola formación de granulomas que poden afectar a diversas rexións extraxenitais, principalmente á pel e ós ósos. Tamén se di **granuloma venéreo** ou **ulcerativo dos xenitais**. / **G. lipofáxico** Inflamación caracterizada pola necrose ou alteración da graxa dos adipocitos, a cal, ó saír destes, é fagocitada polas células histiocitárias, que se convierten así en células escumosas. Engádense ademais infiltrados de linfocitos e de leucocitos polinucleares e células xigantes de corpo estraño. Tamén se di **paniculite**. / **G. maligno** V. **g. da liña media**. / **G. pióxénico** Tumor vascular de pequeno tamaño, elevado ou pediculado, que medra rapidamente e sangra con facilidade. Está relacionado frecuentemente con traumatismos. A súa relación coas infeccións pióxenas non son sempre claras, considerándose máis ben como unha tumoración benigna vascular. Tamén se di **botriomicoma** ou **granuloma telanxiectásico**. / **G. telanxiectásico** V. **g. pióxénico**. / **G. ulcerativo dos xenitais** V. **g. inguinal**. / **G. venéreo** V. **g. inguinal**.

granulomatose *s.f.* Doenza caracterizada pola formación de múltiples granulomas. // **G. maligna** V. **enfermidade de Hodgkin**. / **G. de Wegener** Enfermidade caracterizada por unha vasculite granulomatosa que afecta ás vías respiratorias superiores e inferiores, produce glomerulonefrite e graos diversos de vasculite diseminada das arterias e veas de pequeno calibre.

granuloplástico -a *adx.* Que forma ou produce granulomas.

grave *adx.* 1. Relativo ó estado dunha persoa no que hai perigo de morte ou de complicacións importantes, causado por unha enfermidade ou un traumatismo. 2. Relativo ás enfermidades que poñen en perigo a vida de quen as sofre. 3. Calidade do son producido por unha baixa frecuencia de vibracións sonoras.

Graves, enfermidade de V. **enfermidade**.

gravidade *s.f.* 1. Calidade ou estado de grave. 2. Forza de atracción que a masa da Terra ou de calquera outro corpo celeste exercen sobre os corpos situados na súa proximidade.

gravidese *s.f.* Estado das femias durante o tempo no que se desenvolve o embarazo.

grávido -a *adx.* 1. Relativo ó estado dos órganos que interveñen na xestación, durante o período que dura a mesma. 2. Relativo á muller durante o tempo que dura o embarazo.

gravímetro *s.m.* Instrumento utilizado para medir a intensidade dun campo gravitatorio.

graxa *s.f.* 1. Tecido adiposo que se atopa na derme e no hipoderma no home e nos animais vertebrados. Ten unha función de reserva enerxética e de capa protectora contra o frío. 2. Éster de glicerol con ácidos graxos, principalmente ácido oleico, palmítico ou esteárico. // **G. insaturada** Aquela que contén ácido graxo con máis dun dobre enlace na súa cadea. / **G. poliinsaturada** Aquela que contén ácido graxo con máis dun dobre enlace na súa cadea. / **G. saturada** Aquela que contén un ácido graxo sen dobres enlaces na súa cadea.

graxo (ácido) *s.m.* Calquera dos ácidos que se atopan nas graxas formando ésteres co glicerol.

gray *s.m.* Unidade do SI de dose de radiación ionizante absorbida, que equivale a 100 rads. Símbolo *Gy*.

Greenfield, enfermidade de V. **enfermidade**.

Greenwald, enfermidade de V. **enfermidade**.

Gregarina Xénero de protozoos que se atopan no intestino de diferentes artrópodos.

gregarinose *s.f.* Doenza causada pola infección con gregarinas.

greta *s.f.* Fendedura lonxitudinal de pequeno tamaño localizada na epiderme e na porción superficial da derme.

grifa *s.f.* Picadura elaborada coas follas e as flores do *Cannabis sativa* (cánabo indio), que se fuma como droga

mesturada con tabaco. As súas propiedades psicoactivas dependen esencialmente do seu contido en tetrahidrocannabinol (THC). Tamén se di **marihuana**.

Griffith, enfermidade de V. **enfermidade**.

gripe *s.f.* Doenza infecciosa epidémica ou pandémica, anual, causada por un virus, *Influenzavirus*, do que existen tres tipos (A, B e C), que non producen inmunidade cruzada entre eles. Caracterízase pola aparición de febre, cefalea, dores musculares xeneralizadas, malestar xeral e sintomatoloxía respiratoria. Tamén se di **influenza**.

gripose *s.f.* Curvatura anormal dunha parte anatómica, principalmente das articulacións (artrogripose) ou das unllas (onicogripose).

griseofulvina *s.f.* Antibiótico de espectro reducido que se obtén dos cultivos do fungo *Penicillium griseofulvum* e *P. patulum*. Derivado do benzofurano, ten actividade antifúnxica, utilizándose na terapia das dermatomicoses ou dermatofitoses. Non é activo sobre *C. Albicans*, nin nas micoses profundas. Tampouco posúe actividade antibacteriana. Adminístrase oral ou localmente.

grosella *s.f.* Froito da groselleira con forma de baía de pequeno tamaño agrupada en acios, de cor avermellada e sabor agridoce. Utilízase na elaboración de xaropes e bebidas.

grosso -a *adx.* Que ten un diámetro considerable ou un gran volume.

Gruber, enfermidade de V. **enfermidade**.

grumo *s.m.* Corpo sólido de pequeno tamaño que se forma ó callarse un líquido ou ó quedar deficientemente diluída unha substancia nun líquido de dilución.

grumoso -a *adx.* Que ten grumos.

grupo *s.m.* Conxunto de persoas ou cousas que posúen certas analoxías. // **G. de casos** Grupo de individuos que nos estudos de casos-contróis representa os que padecen a enfermidade que se estudia. / **G. de contróis** Grupo de individuos que nos estudos de casos-contróis representa os que non padecen a enfermidade que se estudia. / **G. prostético** Composto non proteico de baixo peso molecular que se une a un compoñente proteico para formar unha proteína con actividade biolóxica. / **G. sanguíneo** Alotipo eritrocítico caracterizado polos grupos antixénicos destas células, determinados á súa vez por xenes alélicos. Os máis coñecidos e utilizados para determinar a compatibilidade de dúas mostras de sangue coa finalidade de seren utilizadas nunha transfusión son os grupos A, B, AB, O.

Gs Símbolo das unidades gauss ou gausio. V. **gauss** e **gausio**.

guanetidina *s.f.* Axente simpaticopléxico derivado da guanidina, utilizado como hipotensor arterial.

guanidase *s.f.* Enzima que actúa sobre a guanetidina descompoñéndoa en urea e amoníaco.

guanidina *s.f.* Base tóxica formada na descomposición das proteínas da que se obteñen diversos derivados con acción simpaticopléxica. // **Clorhidrato de g.** Composto derivado da guanidina utilizado no tratamento da miasmenia gravis.

guanina *s.f.* Composto básico derivado da purina que constitúe unha das bases esenciais que forman as cadeas dos ácidos nucleicos.

guano *s.m.* Producto procedente da descomposición das moreas dos excrementos das aves mariñas. Contén guanina e outras bases nitroxenadas, uratos e fosfatos. Utilízase como abono.

guanosina *s.f.* Nucleósido, de fórmula $C_{10}H_{13}N_5O_5$, que resulta da condensación da guanina e a ribosa.

guanosinhidrase *s.f.* Enzima que actúa sobre a guanosina dividíndoa en guanina e glúcidos.

gubernaculum *s.m.* Voz latina, que significa temón ou estrutura que guía. Utilízase na denominación dalgunhas estruturas anatómicas. // **G. testis** Ligamento fetal unido ó extremo inferior do epidídimo e no outro extremo, ó fondo do escroto. Serve de guía ó testículo no seu descendemento cara ó escroto, atrofiándose posteriormente.

gubia *s.f.* Formón oco semiesférico utilizado para cortar e extraer partes óseas.

Gudden, ganglio de V. ganglio.

Guerin, fractura de V. fractura.

guillotina *s.f.* Aparello cirúrxico utilizado para seccionar as amígdalas ou a úvula. Tamén se di **amigdalótomo.**

gusto *s.m.* Sentido corporal polo que se percibe o sabor das substancias solubles.

gustometría *s.f.* Técnica que examina a capacidade de discriminación dunha persoa entre os distintos sabores.

gutapercha *s.f.* Látex coagulado, purificado e desecado procedente das árbores da familia das sapotáceas (varias especies do xénero *Palaquium* e *Payena*), de estrutura molecular semellante á do caucho. Utilízase na odontoloxía para pechar temporalmente as cavidades dos dentes ou obturar definitivamente o conducto radicular dos mesmos, tamén na fabricación de sondas e na preparación de vendaxes ortopédicas.

gutural *adx.* 1. Relativo á garganta. 2. Dos sons articulados producidos ó se tocar ou aproxima-lo dorso da lingua coa parte posterior do veo do padal.

guturotetania *s.f.* Contracción espasmódica da musculatura da garganta.

gy Símbolo do gray. V. **gray.**

gyrus *s.m.* Voz latina que se utiliza para a designación das circunvolucións do cerebro.

H

H Símbolo do hidróxeno

habénula *s.f.* Estructura anatómica con forma de renda, como o pedículo da glándula pineal.

hábitat *s.m.* Parte do contorno definida por un conxunto de factores xeofísicos na que se desenvolve a vida dunha especie, dun conxunto de especies, dun individuo ou dunha poboación.

hábito *s.m.* 1. Facilitade ou práctica adquirida pola repetición constante dun exercicio determinado. 2. Disposición orgánica determinada, resultado da influencia dunha acción repetida. 3. Tipo de temperamento e disposición corporal. 4. Aumento da tolerancia a fármacos ou drogas tóxicas, con diminución progresiva dos seus efectos, como consecuencia da administración repetida dos mesmos. 5. Estado orixinado polo uso abusivo dunha substancia, que crea unha situación de dependencia respecto dela. // **H. atlético** Hábito corporal caracterizado por un gran desenvolvemento musculoesquelético, con corpo delgado, e cranio estreito e alto. / **H. de Stiller** Hábito corporal asténico. / **H. glaucomatoso** Forma particular do ollo, que predispón ó glaucoma agudo. Caracterízase polo aplanamento da cámara anterior, diámetro da córnea pequeno, corpo ciliar hipertrófico e ángulo camerular estreito. Dáse xeralmente en pacientes hipermétropes. / **H. leptosomático** Hábito corporal caracterizado por unha constitución débil e corpo delgado. / **H. pícnico** Aquel caracterizado por unha constitución corporal forte e grosa.

habitación *s.f.* 1. Adaptación gradual a un estímulo. 2. Desenvolvemento de tolerancia a unha droga ou fármaco, orixinada polo seu consumo habitual.

habromanía *s.f.* Estado de ánimo anormalmente alegre.

hadefobia *s.f.* Temor morboso ó inferno.

Haemadipsa Xénero de sambesugas terrestres da familia *Gnathobdellidae* que se atopan en zonas tropicais.

Haemagogus Xénero de mosquitos do que algunhas especies poden actuar como axentes transmisores da febre amarela en certas áreas tropicais de América do Sur.

Haementeria Xénero de sambesugas. A especie *H. officinalis* utilízase terapêuticamente nalgunhas áreas de México e América central.

Haemodipsus Xénero de piollos, dos que a especie *H. ventricosus* (piollo do coello) pode ser un axente transmisor da *Pasteurella tularensis*, microorganismo produtor da tularemia.

Haemophilus Xénero de bacilos, gramnegativos, non entéricos, anaerobios facultativos, inmóbiles, con cepas capsuladas e cepas non capsuladas. Non son fermentadores e as distintas especies necesitan diferentes factores sanguíneos para medrar nos medios de cultivo, feito que se utiliza para a súa identificación. // **H. aegyptius** Bacilo de Koch-Weeks, axente causante dun tipo de conxuntivite aguda purulenta. / **H. aphrophilus** *Haemophilus* responsable dalgúns cadros de absceso cerebral e dalgunhas endocardites en cardiópatas. / **H. ducreyi** Axente produtor do cancro brando. / **H. influenzae** Bacilo de Pfeiffer, responsable de procesos pneumónicos, sinusite, meninxite, principal responsable da epiglotite nos nenos e nos adultos, da bacteriemia nos nenos pequenos, da artrite entre o primeiro mes e o primeiro ano e doutros diversos procesos infecciosos menos frecuentemente. / **H. parainfluenzae** Axente ocasional, responsable de cadros de endocardite sobre valvulopatías e outros procesos infecciosos.

hafalxesia *s.f.* Estado de hipersensibilidade sensorial para a dor.

hafefobia *s.f.* Temor morboso ó contacto con outra persoa.

hafemetría *s.f.* V. **estesimetría**.

hafnio *s.m.* Metal raro semellante ó circonio, de símbolo Hf; número atómico: 72 e peso atómico: 178,5.

Hageman, enfermidade de V. **enfermidade**.

Hailey-Hailey, enfermidade de V. **enfermidade**.

halciononida *s.f.* Glicocorticoide sintético empregado como antiinflamatorio.

haliectotoxina *s.f.* Toxina bacteriana que se atopa nos peixes rancios.

halistérese *s.f.* V. osteomalacia.

hálito *s.m.* Aire expirado. Tamén se di **alento**, **bafo**.

halitose *s.f.* Alento de cheiro desagradable ou anormal.

Hallopeau, enfermidade de V. enfermidade.

hallux *s.m.* Dedo polgar do pé. // **H. malleus** Dedo gordo do pé deformado en forma de martelo, que aparece nalgunhas enfermidades reumáticas. / **H. valgus** Desviación do dedo polgar do pé cara ás demais dedas, ás que cruza por encima ou por debaixo. / **H. varus** Separación do dedo polgar do pé das demais dedas.

halmatoxénese *s.f.* Alteración do tipo dunha xeración á seguinte.

halo *s.m.* Círculo ou aréola, máis ou menos marcado, que rodea unha parte anatómica, como a zona escura que se atopa arredor do bico do peito. // **H. glaucomatoso** Anel coloreado arredor das fontes de luz, que perciben ocasionalmente os enfermos de glaucoma agudo antes do ataque e que forma parte dos signos prodrómicos e subxectivos do mesmo. Prodúcese polo edema epitelial da córnea. Tamén se di **anel de Newton**.

halófilo -a *adx.* Que ten unha afinidade especial polo sal, especialmente determinados microorganismos que necesitan unha alta concentración de sal para medrar.

haloide *adx.* Semellante ó sal común, especialmente os sales que resultan da mestura dun elemento halóxeno cun metal.

halomegalia *s.f.* Hipertrofia do dedo polgar do pé.

halómetro *s.m.* 1. Aparello utilizado para medir os halos oculares. 2. Aparello utilizado para avaliar as alteracións das hemacias medindo os diferentes halos de difracción que orixinan.

haloperidol *s.m.* Medicamento neuroléptico da familia das butirofenonas que se utiliza esencialmente no tratamento da sintomatoloxía psicótica e no control das emisións vocais e os tics da síndrome de Gilles de la Tourette.

halotano *s.m.* Bromo-2 cloro-2 trifluor-1,1,1 etano, anestésico inhalatorio potente, volátil, pouco tóxico, ininflamable e non explosivo, de baixo poder analxésico, que actúa de xeito rápido sobre o sistema nervioso central producindo unha narcose que aumenta progresivamente.

halóxeno *s.m.* Elementos químicos da columna VII B da táboa periódica, que comprende o fluor, o cromo, o bromo, o iodo e o astato. Son electronegativos e poden formar sales haloides co sodio e coa maior parte dos demais metais.

hamartia *s.f.* Defecto da combinación normal dos elementos constituíntes dun tecido durante o desenvolvemento embrionario.

hamartofobia *s.f.* Temor morboso a comportarse incorrectamente.

hamartoma *s.m.* Tumoración constituída polos elementos normais dun tecido, pero cunha disposición anormal nas súas proporcións.

hamartoplasia *s.f.* Desenvolvemento esaxerado dun tecido durante un proceso de reparación.

hamartrite *s.f.* Inflamación simultánea de múltiples articulacións.

Hamman-Rich, enfermidade de V. enfermidade.

hamulus *s.m.* Estructura anatómica con forma de gancho ou anzol de pequeno tamaño, como a terminación da parte interna ósea da lámina espiral da cóclea.

Hand-Schüller-Christian, enfermidade de V. enfermidade.

Hansen, enfermidade de V. enfermidade.

haploide *adx.* Relativo ós seres vivos ou ás células que no seu núcleo posúen unha soa serie de cromosomas non homólogos, resultado dunha máis ou menos próxima división reduccional, como sucede nos gametos. No ser humano, o número haploide de cromosomas é de 23.

haploidía *s.f.* Carácter ou estado de haploide das células sexuais dun ser vivo.

haplopatía *s.f.* Enfermidade que evoluciona sen complicacións.

haplopía *s.f.* Estado da visión normal, caracterizado pola visión simple dos obxectos, en contraposición á visión dobre da diplopía.

haploscopio *s.m.* Instrumento óptico utilizado para o exame dos eixes visuais.

hapteno *s.m.* Partícula capaz de ser recoñecida como antígeno, pero incapaz de orixinar unha resposta inmune de anticorpos, a non ser que estea combinada con outra partícula portadora (comunmente denominada *carrier* ou transportador).

háptico-a *adx.* Relativo ó tacto.

haptodisforia *s.f.* Sensación desagradable experimentada polo contacto con determinados obxectos.

haptoglobina *s.f.* Globulina plasmática α_2 que se une de forma irreversible á hemoglobina formando un complexo hemoglobina-haptoglobina que pode ser captado polo fígado, impedindo deste xeito a eliminación urinaria da hemoglobina libre.

haptómetro *s.m.* Aparello que serve para medir a sensibilidade cutánea mediante a utilización dun sistema de pancas que exercen diferentes presións sobre a pel.

Harada, enfermidade de V. enfermidade.

Harley, enfermidade de V. enfermidade.

harpaxofobia *s.f.* Temor morboso ós ladróns.

Hartnup, enfermidade de V. enfermidade.

Hasimoto, enfermidade de V. enfermidade.

haxioterapia *s.f.* Curación supostamente milagrosa e realizada a través da intercesión dos santos.

haxix *s.m.* Preparación das follas e flores da *Cannabis sativa* (cánabio indio), realizada mediante pulverización das mesmas e posterior desecación nunha estufa a 45°. Consómese normalmente fumándoo en pipa, mesturado con tabaco en forma de cigarro ou inxerido con alimentos xeralmente doces. Os efectos do consumo do Cannabis son moi variables e dependen de diversos factores, como a cantidade consumida, o grao de actividade, a vía de administración, a procedencia da substancia, as características do individuo e o seu grao de experiencia. En xeral posúe un efecto de euforia, relaxación, indiferencia e diminución da atención. Poden existir alteracións na percepción do espazo e do tempo. Consumido a altas doses, pode producir sensacións de pánico, terror e alucinacións, así como cadros psicóticos pasaxeiros, frecuentes entre os principiantes que utilizan produtos de gran actividade.

Hb Abreviatura de hemoglobina.

He Símbolo do helio.

hebdomadario -a *adx.* Que aparece con periodicidade semanal.

hebefrenia *s.f.* Unha das variedades da clasificación clásica de Kraepelin da esquizofrenia. Corresponde a aquela que aparece en persoas novas, adolescentes, e caracterízase polo aspecto anenado da fala e do comportamento, o predominio das alteracións afectivas e emocionais e o pensamento desorganizado. Ten peor pronóstico ca outras formas de esquizofrenia. Tamén se di **esquizofrenia desorganizada**.

Heberden, enfermidade de *V. enfermidade.*

hebético -a *adx.* Relativo á puberdade.

hebetismo *s.m.* Estado de apatía ou entorpecemento mental que constitúe o primeiro grao do estupor.

hectárea *s.f.* Medida de superficie equivalente a cen áreas ou a dez mil m². Abreviatura: ha.

hecto- Prefixo do gr. *hekatón* (cento), utilizado na formación de palabras que se refiren a esta cantidade.

hectogramo *s.m.* Medida de peso equivalente a cen gramos. Abreviatura: hg.

hectolitro *s.m.* Medida de capacidade equivalente a cen litros. Abreviatura: hl.

hectómetro *s.m.* Medida de lonxitude equivalente a cen metros. Abreviatura: hm.

Hedera Xénero de plantas monocotiledóneas, arbustivas, rubideiras, ó que pertence a hedra común (*H. hélix*).

hederiforme *adx.* Que ten forma de hedra, propio dalgunhas terminacións nerviosas da pel.

hederina *s.f.* Saponina extraída do tronco das hedras vellas, utilizada na medicina como excitante e emenagogo.

hedonismo *s.m.* Doutrina filosófica que ten como principio de moral a busca do pracer.

hedra *s.f.* Planta rubideira, que corresponde a diversas especies do xénero *Hedera* (familia das araliáceas), de cor verde e folla perenne. As súas bagas son purgantes.

hedras *s.f. pl.* Varices. *V. variz.*

hedratresia *s.f.* Ano non perforado.

hedrocele *s.f.* 1. Saída ou prolapso de asas do intestino a través do ano. 2. Hernia das asas intestinais que ocorre no prolapso total do recto.

hefestiorrafia *s.f.* Cauterización dos bordos dunha ferida coa finalidade de procura-la súa cicatrización.

helcópodo -a *adx.* Relativo a un tipo de marcha anormal na que un dos membros inferiores se leva a rastro.

hélice *s.f.* Pregadura semicircular que forma o bordo externo do pavillón auricular.

hélico- Prefixo do gr. *helikos* (espiral) utilizado na composición de palabras que expresan a idea de hélice ou espiral.

helicoidal *adx.* Que ten forma de hélice.

helicópodo -a *adx.* Dun tipo de marcha anormal na que un pé fai un movemento de circunducción, semellante ó que se realiza ó utilizar unha fouce. Propio das parálises postictais.

helicoproteína *s.f.* Substancia glicoproteica extraída dos caracois.

helicotrema *s.m.* Pequeno orificio de paso que conecta a rampla timpánica coa rampla vestibular do caracol do oído interno.

helio- Prefixo do gr. *helios* (sol) utilizado na formación de palabras que expresan a idea de sol.

helio *s.m.* Gas nobre, o máis lixeiro de todos eles, que se atopa na atmosfera en proporción de 5 cm³ de helio por cada 1 m³ de aire, o seu símbolo é He, o número atómico 2 e o peso atómico 4,0026. Úsase mesturado con osíxeno para respiralo en ambientes con varias presións atmosféricas e nalgunhas dispneas por obstrucción das vías respiratorias.

helioencefalite *s.f.* Encefalite secundaria a unha insolación.

heliofobia *s.f.* Temor morboso á luz do sol.

heliopatía *s.f.* Denominación xeral das doenzas orixinalas pola luz do sol.

heliose *s.f.* *V. insolación.*

heliotalasoterapia *s.f.* Terapia física que combina a acción dos raios do sol coa da auga do mar.

heliotaxe *s.f.* Propiedade que presentan algúns organismos de moverse inducidos pola luz solar.

helioterapia *s.f.* Terapéutica baseada na acción dos raios solares.

heliotropismo *s.m.* Propiedade que presentan algúns organismos, especialmente vexetais, de medrar inducidos pola luz do sol.

helmintagogo-a *adx.* V. **antihelmíntico**.

helmintamese *s.f.* Vómito constituído por parasitos helmintos.

helmintíase *s.f.* Calquera infestación producida por helmintos.

helminticida *adx.* V. **antihelmíntico**.

helmineto *s.m.* Verme, especialmente os vermes parasitarios do aparello dixestivo do home e dos animais.

helmintofobia *s.f.* Temor morboso ás infestacións por vermes.

helmintoide *adx.* Que ten forma semellante á dos vermes.

helmintoloxía *s.f.* Parte da zooloxía que estuda ós vermes.

helmintoma *s.m.* Masa ou tumoración producida por unha acumulación de helmintos.

heloma *s.m.* Calo ou calosidade da man ou do pé.

helotomía *s.f.* Extirpación ou recorte dos calos.

hem *s.m.* Composto ferroso derivado da hematorporfirina, que constitúe o grupo prostético dalgunhas proteínas esenciais, como a hemoglobina, a mioglobina, a citocromo-oxidase, a catalase e a peroxidase. Componse dun anel de protoporfirina e un átomo de ferro divalente na súa parte central. Tamén se di **hemo**, **hematina**.

hema-, hemo-, hemat-, hemato- Prefixo do gr. *haima* (sangue), utilizados na composición de palabras que expresan a idea de *sangue*.

hemabarómetro *s.m.* Aparello utilizado para cuantificalo peso específico do sangue.

hemacia *s.f.* V. **eritrocito**.

hemacitómetro *s.m.* Aparello utilizado para a cuantificación manual das células sanguíneas.

hemacitoozo *s.m.* Microorganismo animal parasito do sangue ou das súas células.

hemacrino-a *adx.* Dos animais que teñen o sangue frío.

hemacrose *s.f.* Coloración excesivamente vermella do sangue.

hemafecia *s.f.* Presencia de sangue nas feces.

hemaférese *s.f.* Método mediante o que se extrae sangue, separando posteriormente unha parte (plasma, glóbulos vermellos, plaquetas, glóbulos brancos, etc), que se conserva, sendo o resto reinxectado ó doador.

hemaglutinación *s.f.* Aglutinación das hemacias mediante hemaglutininas. Tamén se di **hemoaglutinación**.

hemaglutinina *s.f.* Tipo de inmunoglobulina que produce a aglutinación dos glóbulos vermellos do sangue.

hemaglutinógeno *s.m.* Antíxeno que se atopa na superficie dos glóbulos vermellos e que constitúe o substrato sobre o que actúan as hemaglutininas. Dependendo dos hemaglutinógenos existentes nas superficies celulares, clasifícanse os diferentes grupos sanguíneos.

hemagogo-a *adx.* Da substancia fisiolóxica ou fármaco que favorece o fluxo do sangue.

hemalbumina *s.f.* Fracción da albumina presente no sangue.

hemalopía *s.f.* Derramo de sangue no ollo.

hemalum *s.m.* Colorante nuclear composto de hematoxilina e alume.

hemanálise *s.f.* Análise ou exame do sangue.

hemanxiectasia *s.f.* Dilatación dos vasos sanguíneos.

hemanxioblasto *s.m.* Célula embrionaria mesodérmica que orixina o endotelio vascular e hemocitoblastos.

hemanxioblastoma *s.m.* Tumor vascular do cerebro, de localización case exclusivamente infratentorial. Probablemente ten a súa orixe nas células endoteliais dos capilares. Poden ser únicos ou múltiples, formando xeralmente, neste último caso, parte da enfermidade de Von Hippel-Lindau.

hemanxiendotelioblastoma *s.m.* Tumor mesenquimatoso no que as células tenden a forma-lo endotelio vascular.

hemanxiendotelioma *s.m.* Variedade de hemangioma no que predominan as células endoteliais.

hemangioma *s.m.* Tumor vascular benigno, moi frecuente, resultado dunha malformación do tecido anxioblástico durante a vida fetal. Tamén se di **anxioma**.

hemanxiomatose *s.f.* Estado caracterizado pola presenza de hemanxiomas múltiples.

hemanxiopericitoma *s.m.* Tumor vascular constituído por capilares neoformados e unha proliferación atípica de pericitos. Preséntase como unha pequena elevación da pel de lento crecemento.

hemanxiosarcoma *s.m.* Tumor vascular maligno formado por unha proliferación de tecido endotelial e fibroso.

hemartrose *s.f.* Derramo sanguíneo nunha articulación ou na súa cavidade sinovial.

hematémese *s.f.* Vómito de sangue.

hematermo-a *adx.* Que ten o sangue quente, aplicado ós animais que manteñen o sangue a temperatura constante. Tamén se di **hematotermo**.

hemático -a *adx.* Pertencente ou relativo ó sangue.

hematímetro *s.m.* V. **eritrocitómetro**.

hematina *s.f.* V. **hem.**

hematinemia *s.f.* Presencia de hematina libre no sangue.

hematuria *s.f.* Presencia de hematina na urina.

hematobilia *s.f.* Hemorraxia localizada nas vías biliares. Tamén se di **hemobilia**.

hematocéfalo *s.m.* Feto que ten a cabeza distendida a causa do sangue.

hematocele *s.f.* Derramo sanguíneo nunha cavidade, especialmente na túnica vaginal do testículo.

hematocelia *s.f.* Derramo sanguíneo na cavidade peritoneal.

hematocito *s.m.* Calquera das células do sangue. Tamén se di **hemocito**.

hematocitómetro *s.m.* V. **eritrocitómetro**.

hematocituria *s.f.* Presencia de células sanguíneas na urina.

hematocolpia *s.f.* Acumulación do sangue menstrual na vagina causada normalmente pola presenza dun hime non perforado.

hematocolpómetra *s.f.* Acumulación do sangue menstrual na vagina e no útero.

hematócrito *s.m.* 1. Aparello centrifugador, que permite estima-lo volume de hemacias presente nunha mostra de sangue con respecto do total do volume sanguíneo. 2. Por extensión, valor obtido utilizando este procedemento.

hematodistrofia *s.f.* Calquera dos estados caracterizados por unha proporción anormal das células do sangue. Tamén se di **hemodistrofia**.

hematoespermatocèle *s.f.* Espermatocèle con contido sanguíneo.

hematófago-a *adx.* Que se alimenta de sangue.

hematofaxia *s.f.* 1. Alimentación co sangue doutro animal. 2. Proceso da fagocitose dos glóbulos vermellos do sangue. 3. Utilización do sangue bebido como medida terapéutica. Tamén se di **hematoposia**, **hemofaxia**.

hematófita *s.m.* Microorganismo vexetal que vive no medio sanguíneo.

hematofobia *s.f.* Temor morboso ó sangue ou malestar intenso diante da visión do sangue, que pode chegar a ocasionar, nas persoas sensibles, unha síncope. Tamén se di **hemofobia**.

hematohialina *s.f.* Substancia hialina que se forma na dexeneración dos trombos sanguíneos.

hematohidrose *s.f.* Presencia de sudación de aspecto sanguinolento debida ó paso de substancias derivadas da hemoglobina á suor.

hematoide *adx.* Con aparencia de sangue.

hematoidina *s.f.* Substancia que se asemella á bilirrubina pero que se orixina localmente nos tecidos, a partir da

hemoglobina, especialmente durante as situacións de hipoxia.

hematolinfaxioma *s.m.* Tumoración composta por vasos sanguíneos e linfáticos.

hematólise *s.f.* V. **hemólise**.

hematólito *s.m.* Cálculo localizado na luz ou na parede dos vasos sanguíneos. Tamén se di **hemólito**.

hematólogo -a *s.* Médico especialista en hematoloxía.

hematoloxía *s.f.* Rama da medicina que estuda a patoloxía do sangue e a terapéutica correspondente á mesma.

hematoma *s.m.* Tumoración orixinada por unha acumulación localizada de sangue, xeralmente callado, nos tecidos, causada pola rotura da parede dun vaso sanguíneo. // **H. subdural** Acumulación de sangue no espacio subdural.

hematómetra *s.m.* Acumulación de sangue na cavidade do útero.

hematometría *s.f.* Estimación da cantidade de hemoglobina e das diversas células sanguíneas presentes nun volume determinado de sangue.

hematomicose *s.f.* Presencia de fungos no sangue.

hematomielia *s.f.* Derramo sanguíneo na medula espiñal.

hematomielite *s.f.* Mielite aguda orixinada por un derramo sanguíneo na medula espiñal.

hematomieloporose *s.f.* Doenza caracterizada pola formación de conductos ou cavidades na medula espiñal, causados pola presenza de hemorraxias na mesma.

hematonefrosc *s.f.* Presencia de sangue na pelve renal. Tamén se di **hemonefrosc**.

hematopelve *s.f.* Acumulación de sangue na pelve.

hematopoes *s.f.* Proceso de produción dos elementos constitutivos do sangue. Tamén se di **hematoxénese**, **hemocitopoes**, **hemopoes**.

hematoposia *s.f.* V. **hematofaxia**.

hematoquecía *s.f.* Defecación de sangue.

hematoquiluria *s.f.* Presencia de sangue e quilo na urina, característico das infestacións pola filaria *Wuchereria bancrofti*.

hematorraque *s.f.* Hemorraxia que se produce na medula espiñal, xeralmente circunscrita á substancia gris da mesma.

hematorrea *s.f.* Hemorraxia, principalmente cando é abundosa.

hematosalpinxe *s.f.* Acumulación de sangue nunha trompa de Falopio, complicación característica dun embarazo extrauterino.

hematoscopio *s.m.* Aparello utilizado para o exame espectroscópico do sangue.

- hematose** *s.f.* Proceso de intercambio de gases entre o aire respirado e o sangue que circula polos capilares pulmonares. Comprende a incorporación do osíxeno ó sangue e a eliminación do anhídrido carbónico ó exterior.
- hematospectrofotómetro** *s.m.* Espectrofotómetro utilizado para determina-la cantidade de hemoglobina presente no sangue.
- hematospermia** *s.f.* Presencia de sangue no seme. Tamén se di **hemospermia**.
- hematósteon** *s.m.* Hemorraxia na cavidade medular dun óso.
- hematoterapia** *s.f.* Conxunto das técnicas que utilizan o sangue como medio terapéutico. Tamén se di **hemoterapia**.
- hematotermino-a** *adx.* V. **hematermo**.
- hematotímpano** *s.m.* Derramo de sangue na cavidade timpánica. Tamén se di **hemotímpano**.
- hematotórax** *s.m.* V. **hemotórax**.
- hematotóxico -a** *adx.* Que é prexudicial ou tóxico para o sangue. Tamén se di **hemotóxico**.
- hematotoxina** *s.f.* Toxina que posúe acción hemolítica. Tamén se di **hemotoxina**.
- hematoxénese** *s.f.* V. **hematopoesis**.
- hematóxeno-a** *adx.* 1. De orixe sanguíneo. 2. Que induce a formación de sangue.
- hematoxilina** *s.f.* Substancia que supón a parte principal do colorante extraído do pao de campeche, de fórmula $C_{16}H_{14}O_2$, está presente na composición de numerosos colorantes utilizados en citoloxía e histoloxía.
- hematuria** *s.f.* Presencia de sangue na urina. // **H. microscópica** Aquela que non se pode apreciar mediante un exame visual directo.
- hemeralopía** *s.f.* Diminución considerable da agudeza visual en condicións de luz escasa.
- hemi-** Prefixo do gr. *hemi* (metade), utilizado na formación de palabras que teñen o significado da metade de algo.
- hemiacíigos** *s.f.* Vea que, orixinada na lumbar ascendente esquerda, distribúese posteriormente pola porción lateral esquerda da columna vertebral, terminando mediante un caxato na vea ácigos.
- hemiacromatopsia** *s.f.* Cegueira para as cores, localizada na metade do campo visual dun ou dos dous ollos.
- hemialxia** *s.f.* V. **xaqueca**.
- hemiamaurose** *s.f.* V. **hemianopsia**.
- hemiamiostenia** *s.f.* Diminución da forza muscular nunha metade do corpo.
- hemianacusia** *s.f.* Perda da audición nun oído.
- hemianalxesia** *s.f.* Perda da sensibilidade dolorosa dunha metade do corpo.
- hemianestesia** *s.f.* Perda da sensibilidade total dunha metade do corpo.
- hemianopsia** *s.f.* Visión defectuosa ou cegueira dunha metade do campo visual dun ou de ámbolos dous ollos. // **H. absoluta** Aquela que afecta á visión da luz, das cores e das formas. / **H. altitudinal** Aquela que afecta á metade superior ou á inferior do campo visual. / **H. binasal** Cegueira na metade nasal ou temporal de ámbolos dous ollos. Tamén se di **hemianopsia bitemporal**. / **H. bitemporal** V. **h. binasal**. / **H. congruente** Hemianopsia homónima, na que os defectos da visión de cada ollo son totalmente simétricos no que respecta á posición, ó grao, á forma e ó tamaño. / **H. cruzada** Hemianopsia altitudinal que afecta á metade superior dun ollo e á inferior doutro. / **H. heterónima** Aquela que afecta á metade nasal ou á temporal de ámbolos dous ollos. / **H. homónima** Aquela que afecta á metade nasal do campo visual dun ollo e á temporal doutro. / **H. nasal** Hemianopsia heterónima que afecta á metade nasal de ámbolos dous campos visuais. / **H. temporal** Hemianopsia heterónima que afecta á metade temporal de ámbolos dous campos visuais.
- hemianosmia** *s.f.* Perda do sentido do olfacto nunha metade da mucosa nasal.
- hemiapraxia** *s.f.* Perda da capacidade para relizar movementos cunha finalidade determinada que afecta a un só lado do corpo.
- hemiataxia** *s.f.* Incoordinación motora que afecta a unha metade lateral do corpo.
- hemiatetose** *s.f.* Presencia de movementos atetósicos nunha metade lateral do corpo.
- hemiatrofia** *s.f.* Diminución nas dimensións ou no volume dun lado do corpo ou da metade dun órgano ou dunha parte anatómica.
- hemibalismo** *s.m.* Movemento involuntario, violento e desordenado, que se produce nunha metade do corpo, afectando especialmente ás extremidades superiores, causado por unha lesión do núcleo subtalámico de Luys.
- hemibloqueo** *s.m.* Dificultade da condución do impulso cardíaco en calquera das dúas divisións principais do feixe de His. // **H. anterior esquerdo** O que afecta á división anterosuperior esquerda. / **H. posterior esquerdo** O que afecta a división posteroinferior esquerda.
- hemicefalia** *s.f.* Ausencia conxénita dunha metade da caixa cranial.
- hemicerebro** *s.f.* Cada un dos dous hemisferios (dereito e esquerdo) do cerebro.
- hemicigosidade** *s.f.* Posesión dun só dos alelos correspondentes a un par alélico, especialmente o estado dos xenes correspondentes ó único cromosoma X dos homes.
- hemicigótico-a** *adx.* Dos xenes correspondentes ós cromosomas X dos homes.
- hemiclónia** *s.f.* Presencia de movementos mioclónicos que afectan a unha metade do corpo.

- hemicolectomía** *s.f.* Resección cirúrxica parcial do colon.
- hemicoorea** *s.f.* Presencia de movementos coreicos nunha metade lateral do corpo.
- hemicrania** *s.f.* V. **xaqueca**.
- hemicraniose** *s.f.* Estado caracterizado pola hipertrofia dunha metade do cranio ou da cara.
- hemicromosoma** *s.m.* Corpo resultante da división lonxitudinal dun cromosoma.
- hemidesmosoma** *s.m.* Estructura de unión celular que equivale á metade dun desmosoma e que se atopa na superficie basal dalgunhas células epiteliais formando o sitio de unión entre as células basais e a membrana basal do epitelio.
- hemidiafragma** *s.m.* Cada unha das metades (dereita ou esquerda) do diafragma.
- hemidistrofia** *s.f.* Desenvolvemento desigual das dúas metades (dereita ou esquerda) do corpo.
- hemiepilepsia** *s.f.* Epilepsia que afecta a unha metade (dereita ou esquerda) do corpo.
- hemiespasmio** *s.m.* Presencia de contracción mantida e involuntaria das estruturas musculares dunha soa metade (dereita ou esquerda) do corpo.
- hemifacial** *adx.* Relativo, pertencente ou que afecta a unha metade da cara.
- hemigastrectomía** *s.f.* Exérese cirúrxica da metade do estómago.
- hemiglosite** *s.f.* Inflamación dunha metade da lingua.
- hemiglosoplexía** *s.f.* Parálise dunha metade da lingua.
- hemihiperestesia** *s.f.* Aumento da sensibilidade, especialmente a dolorosa, nunha metade (dereita ou esquerda) do corpo.
- hemihiperhidrose** *s.f.* Aumento anormal da suor nunha metade (dereita ou esquerda) do corpo ou da cara.
- hemihipertonía** *s.f.* Aumento do ton muscular nunha metade (dereita ou esquerda) do corpo.
- hemihipertrofia** *s.f.* Aumento excesivo do tamaño dunha metade do corpo, ou dunha metade dunha parte anatómica.
- hemihipoalxesia** *s.f.* Diminución da sensibilidade á dor nunha metade (dereita ou esquerda) do corpo.
- hemihipoestesia** *s.f.* Diminución da sensibilidade xeral nunha metade (dereita ou esquerda) do corpo.
- hemihipotermia** *s.f.* Diminución da temperatura dunha metade do corpo.
- hemihipotonía** *s.f.* Diminución do ton muscular nunha metade (dereita ou esquerda) do corpo.
- hemilaminectomía** *s.f.* Exérese cirúrxica dun ou máis arcos vertebrais posteriores dun só lado da raque.
- hemilarinsectomía** *s.f.* Extirpación dunha metade da larinx.
- hemilateral** *adx.* Pertencente, relativo ou que afecta a unha metade lateral da parte á que se refire.
- hemilingual** *adx.* Relativo, pertencente ou que afecta a un lado da lingua.
- hemimacroglosia** *s.f.* Aumento de tamaño dunha metade da lingua.
- hemimelia** *s.f.* Monstruosidade fetal caracterizada pola ausencia total ou parcial da extremidade distal dun membro, superior ou inferior.
- hemimiastenia** *s.f.* Debilidade muscular anormal que afecta a unha metade lateral do corpo.
- heminefrectomía** *s.f.* Extirpación dunha porción renal.
- hemiparálise** *s.f.* V. **hemiplexía**.
- hemiparesia** *s.f.* Diminución da forza muscular dunha metade (dereita ou esquerda) do corpo.
- hemiparestesia** *s.f.* Alteración da sensibilidade xeral dunha metade (dereita ou esquerda) do corpo.
- hemiplexía** *s.f.* Parálise dunha metade (dereita ou esquerda) do corpo.
- hemirraquisquise** *s.f.* Variedade de raquisquise na que non existe prolapsos da medula espiñal.
- hemisferectomía** *s.f.* Extirpación total ou parcial dun hemisferio cerebral ou cerebeloso.
- hemisferio** *s.m.* Metade de calquera estrutura ou órgano máis ou menos esférico, especialmente do cerebro e do cerebelo. // **H. dominante** Hemisferio cerebral que realiza a maior parte da integración das sensacións e dos actos voluntarios. Normalmente corresponde ó hemisferio esquerdo nos destros e na maior parte dos zurdos, e ó hemisferio dereito, nalgúns zurdos.
- hemisfinterectomía** *s.f.* Resección parcial do esfínter pilórico.
- hemisporose** *s.f.* Doenza producida por unha infección con fungos do xénero *Hemispora*.
- hemistrumectomía** *s.f.* Resección parcial da glándula tiroide. Tamén se di **hemitiroidectomía**.
- hemitermoanestesia** *s.f.* Perda da sensibilidade térmica dun lado do corpo.
- hemitetania** *s.f.* Estado de tetania que afecta a un lado do corpo.
- hemitiroidectomía** *s.f.* V. **hemistrumectomía**.
- hemitórax** *s.m.* Cada unha das dúas metades, dereita ou esquerda, do tórax.
- hemivértebra** *s.f.* Anomalía que se caracteriza polo desenvolvemento incompleto dun lado dunha vértebra.
- hemo-** Forma prefixa do gr. *háima* (sangue), utilizado na formación de palabras que se refiren a este elemento.

hemo *s.m.* V. **hem**.

hemoaglutinación *s.f.* V. **hemaglutinación**.

hemoalcalímetro *s.m.* Aparello utilizado para determina-la alcalinidade do sangue.

hemobilia *s.f.* V. **hematobilia**.

hemoblasto *s.m.* Célula nai primitiva e indiferenciada da que derivarían tódalas células do sangue. Tamén se di **hemocitoblasto**.

hemoblastose *s.f.* Proliferación indeterminada dos elementos ou dos tecidos hematopóicos.

hemocatérese *s.f.* Proceso de destrución dos elementos celulares do sangue. Tamén se di **hemólise**, **hemocitólise**.

hemocianina *s.f.* Pigmento respiratorio azul, fisioloxicamente semellante á hemoglobina pero cun átomo de cobre, que se atopa no sangue dalgúns crustáceos, arácnidos e moluscos.

hemocito *s.m.* V. **hematocito**.

hemocitoblasto *s.m.* V. **hemoblasto**.

hemocitoblastoma *s.f.* Tumor que contén tódalas células características da medula ósea.

hemocitólise *s.f.* V. **hemocatérese**.

hemocitología *s.f.* Ciencia que estudia as células sanguíneas.

hemocitómetro *s.m.* Aparello utilizado para medi-lo tamaño dos elementos celulares do sangue.

hemocitopose *s.f.* V. **hematopose**.

hemocitose *s.f.* Aumento do número de células sanguíneas por encima de cifras normais.

hemocitotripsia *s.f.* Destrución das células sanguíneas orixinada por diferencias excesivas de presión.

hemocitoozo *s.m.* Elemento parasitario das células sanguíneas.

hemocolecisto *s.m.* Hemorragia da vesícula biliar.

hemoconcentración *s.f.* Aumento da concentración dos elementos celulares no sangue resultante dunha diminución do volume da fracción plasmática do mesmo.

hemoconia *s.f.* Partículas sanguíneas graxas de pequeno tamaño, que se atopan nas plaquetas, visibles co microscopio de campo escuro.

hemoconiose *s.f.* Cantidade anormalmente elevada de hemoconias no sangue.

hemocromatose *s.f.* Doenza de orixe metabólica que ocasiona unha acumulación dos depósitos de ferro no organismo, como consecuencia dun aumento inadecuado da absorción intestinal do mesmo. O ferro almacenado produce alteracións histolóxicas e funcionais en diferentes órganos e tecidos, principalmente no fígado, no páncreas, no corazón e na hipófise. Descoñécese o

defecto metabólico que permite este aumento da absorción.

hemocromoproteína *s.f.* Variedade de proteína conxugada presente no sangue dos animais que posúe unha función respiratoria.

hemocromóxeno *s.m.* Pigmento ferroso que aparece no proceso de metabolización da hemoglobina.

hemocultivo *s.m.* Método diagnóstico baseado no cultivo de sangue dun enfermo coa finalidade de evidenciar unha posible infección bacteriana do mesmo.

hemodiagnóstico *s.m.* Diagnóstico realizado mediante o exame de mostras de sangue.

hemodiálise *s.f.* Método de depuración extracorpórea do sangue, que comprende esencialmente unha membrana semipermeable (dializador), a través da cal se produce un intercambio de substancias entre o sangue do doente e un líquido de diálise, regulando deste xeito o equilibrio electrolítico e ácido-básico do organismo.

hemodializador *s.m.* Membrana semipermeable que permite a depuración do sangue durante os procedementos de hemodiálise.

hemodilución *s.f.* Diminución da concentración das células do sangue orixinada por un aumento no volume da porción plasmática do mesmo.

hemodinámica *s.f.* Estudio da circulación sanguínea e das forzas relacionadas con ela.

hemodinamómetro *s.m.* Manómetro utilizado para medi-la presión sanguínea. O máis utilizado é o esfigmomanómetro.

hemodistrofia *s.f.* Calquera dos estados anormais do sangue.

hemodrómico -a *adx.* Do que acelera a circulación do sangue.

hemodromómetro *s.m.* Aparello que serve para medi-la velocidade do sangue no torrente circulatorio.

hemoendotelial *adx.* Da variedade de placenta na que o sangue materno contacta co endotelio dos vasos coriónicos.

hemofaxia *s.f.* V. **hematofaxia**.

hemofilia *s.f.* Anomalía hereditaria do proceso normal da coagulación do sangue. Existen dous tipos, a hemofilia A, causada por unha alteración do factor VIII e a hemofilia B, na que hai unha alteración do factor IX da coagulación (factor Christmas). En ámbolos dous tipos a anomalía dos factores pódese deber a un defecto da súa síntese ou a unha inactivación dos mesmos. Clinicamente non son distinguibles, polo que é esencial o diagnóstico de laboratorio. Caracterízanse por presentar hemorragias espontáneas ou producidas por traumatismos leves, principalmente cutaneomucosas, pero tamén musculares, viscerais e articulares. As hemorragias desta última localización, producen ó longo do tempo deformidades articulares características. A herdanza en ámbolos dous tipos está

ligada ó cromosoma X de xeito recesivo, polo que a transmisión se produce por vía materna ós homes.

hemofílico -a *adx.* 1. Pertencente ou relativo á hemofilia. 2. Que padece hemofilia.

hemófilo -a *adx.* Dos microorganismos que viven no sangue ou que medran en medios de cultivo que o conteñan.

hemoflaxelado -a *adx.* Dos microorganismos protozoarios flaxelados que son parasitos do sangue.

hemofobia *s.f.* V. **hematofobia**.

hemoftalmía *s.f.* Derramo sanguíneo dentro das cámaras do ollo.

hemoglobina *s.f.* Heteroproteína representada coa abreviatura Hb, presente nas hemacias. É a molécula encargada de transporta-lo osíxeno polo torrente circulatorio ata os diferentes tecidos do organismo. Ten un peso molecular de 68.000. Estructuralmente está formada por catro cadeas de globina, cada unha delas unida a un grupo hemo, o que contén á súa vez un átomo de ferro, que se pode unir de xeito reversible a dúas moléculas de osíxeno. Dependendo do tipo de cadea de globina que posúa a molécula, pódense distinguir asemade diferentes tipos normais de hemoglobina, que no ser humano son: **Hb A₁** formada por dúas cadeas de globina de tipo α e dúas de tipo β , representa o 96-98% da Hb dos adultos. **Hb A₂**, formada por dúas cadeas de tipo α e dúas de tipo δ , constitúe o 1,5-3% do total nos adultos. **Hb F**, formada por dúas cadeas de tipo α e dúas de tipo γ , é o 0,5% nos adultos. // **H. corpuscular media** Parámetro que expresa a cantidade media de hemoglobina que se atopa en cada eritrocito, sendo a cifra normal de 29 ± 2 pg (picogramos). / **H. F** Variedade de hemoglobina formada por dúas cadeas de tipo a e dúas de tipo g que normalmente constitúe máis do cincuenta por cento da hemoglobina no feto e se atopa tamén en pequenas proporcións nos adultos. Tamén se di **hemoglobina fetal**. / **H. fetal** V. **h. F** / **H. glicosilada** Fracción de hemoglobina unida á glicosa, constituíndo a súa determinación unha forma de control do tratamento insulínico da diabeite mellitus. / **H. Gowers** Variedade de hemoglobina normal durante a vida embrionaria, formada por dúas cadeas de tipo ψ e dúas de tipo ϵ . / **H. Gowers 2** Variedade normal de hemoglobina do embrión, formada por dúas cadeas de tipo α e dúas de tipo ϵ . / **H. osixenada** Forma normal de hemoglobina circulante ou oxihemoglobina. / **H. Portland** Variedade normal de hemoglobina do embrión, formada por dúas cadeas de tipo ψ e dúas de tipo ϵ . / **H. reducida** Hemoglobina presente no sangue venoso, que posúe menor proporción de osíxeno cá oxihemoglobina, por telo cedido anteriormente ós tecidos. / **H. S** Variedade anormal de hemoglobina que produce a drepanocitose nos suxeitos homocigotos para o xene responsable.

hemoglobinemia *s.f.* Presencia anormal de hemoglobina libre no plasma sanguíneo.

hemoglobinólise *s.f.* Proceso de lise ou desdoblamento da hemoglobina que ocorre de xeito normal despois da destrución dos eritrocitos maduros.

hemoglobinómetro *s.m.* Aparello utilizado para medir a hemoglobina do sangue.

hemoglobinopatía *s.f.* Doenza hereditaria caracterizada pola presenza de hemoglobinas estruturalmente anormais que ocasiona ás veces cadros de anemia, e sempre anomalías clínicas e de laboratorio características.

hemoglobinuria *s.f.* Presencia anormal de hemoglobina libre na urina. // **H. da marcha** Hemoglobinuria que se produce como consecuencia do traumatismo muscular que sucede nas marchas prolongadas. / **H. paroxística “a frigore”** Doenza autoinmune que se caracteriza pola aparición de hemoglobinuria, causada pola destrución intravascular dos eritrocitos, por parte dos anticorpos que reaccionan ó baixa-la temperatura. / **H. paroxística nocturna** Variedade de anemia hemolítica, orixinada por unha susceptibilidade anormal das hemacias á lise producida polo sistema do complemento ó baixa-lo pH do sangue, caracteristicamente pola noite, aínda que se pode producir tamén durante o día, relacionada con infeccións ou co embarazo. Asíciase coa anemia aplásica e coa leucemia aguda non linfoblástica. Tamén se di **enfermidade de Marchiafava-Micheli**.

hemograma *s.m.* Reconto ou fórmula sanguínea na que se indican o número e a proporción dos diferentes tipos celulares do sangue periférico.

hemolinfaxioma *s.m.* Formación tumoral constituída por vasos sanguíneos e linfáticos.

hemólise *s.f.* Proceso de desintegración das células sanguíneas, especialmente das hemacias, que supón a liberación da hemoglobina que conteñen. Pode ter diferentes causas. Tamén se di **hemocatérese**. // **H. extracorpúscular** Aquela que se debe a un factor alioo á estrutura das hemacias. / **H. extravascular** A que se localiza fóra do torrente sanguíneo, esencialmente no fígado e no bazo. / **H. fisiolóxica** A que sucede ó chegaren as hemacias ó final do seu ciclo vital. / **H. intracorpúscular** A que se orixina como consecuencia dunha anomalía intrínseca das hemacias. / **H. intravascular** Aquela que se localiza no interior dos vasos sanguíneos.

hemolisina *s.f.* Denominación xeral das substancias capaces de orixina-la hemólise das hemacias.

hemolítico -a *adx.* Relativo á hemólise ou que produce hemólise.

hemólito *s.m.* V. **hematólito**.

hemolización *s.f.* Proceso da rotura das células sanguíneas.

hemolizante *adx.* Que produce hemólise.

hemomediastino *s.m.* Derramo de sangue localizado no mediastino.

hemómetra *s.m.* V. **hematómetra**.

hemometrectasia *s.f.* Dilatación do útero a causa dun hematómetra.

hemometría *s.f.* Proceso da medición da hemoglobina ou das células sanguíneas.

hemopleura *s.f.* V. **hematótorax**.

hemopoese *s.f.* V. **hematopoese**.

hemoprecipitina *s.f.* Anticorpo que orixina reaccións de precipitación ó reaccionar con antíxenos pertencentes ás células sanguíneas.

hemoprofilaxe *s.f.* Método de prevención contra unha enfermidade infecciosa realizado mediante a inxección de sangue procedente dun suxeito resistente á mesma.

hemoproteína *s.f.* Proteína conxugada que contén o hem como grupo prostético.

hemopsonina *s.f.* Partícula opsonizante que ó contactar cos eritrocitos volve a estes susceptibles de inducir unha reacción inmunitaria contra eles mesmos.

hemoptise *s.f.* Expectoración de sangue ou dun esputo tinguido de sangue.

hemoptísico -a *adx.* Doente que ten hemoptise.

hemoptoico-a *adx.* Relativo ós esputos tinguidos de sangue, característicos da hemoptise.

hemorraque *s.f.* Derramo sanguíneo no conducto raquídeo.

hemorragia *s.f.* Saída de sangue cara ó exterior dos vasos sanguíneos, a través dunha solución de continuidade producida nos mesmos. // **H. arterial** Escape de sangue procedente dunha arteria. / **H. capilar** Perda de sangue a través dos vasos capilares / **H. discrásica** Hemorragia debida a algunha anomalía no sistema da coagulación sanguínea. / **H. en saba** Hemorragia capilar continua ó longo da superficie interna dun órgano. / **H. esencial** Aquela que se produce espontaneamente, sen unha causa obxectiva. / **H. externa** Aquela na que o sangue sae fóra do corpo. / **H. interna** Aquela na que o sangue permanece no interior do corpo. / **H. oculta** Perda escasa de sangue procedente da mucosa dixestiva, que unicamente se pode detectar mediante probas específicas para detección de sangue oculto nas feces, ou polo exame microscópico ou espectroscópico destas. / **H. parenquimatoso** Hemorragia que ocorre no tecido parenquimatoso dun órgano calquera. / **H. petequial** Aquela constituída por pequenas hemorragias subcutáneas, que se manifestan pola formación de lesións petequiais na pel. / **H. puntiforme** Hemorragias capilares que se manifestan como pequenos puntos hemorráxicos no interior dos tecidos. / **H. venosa** Escape de sangue procedente dunha vea.

hemorroide *s.f.* Dilatación varicosa das veas pertencentes ós plexos hemorroidais superior ou inferior. Popularmente denomínanse **almorrás**. // **H. externa** Dilatacións varicosas do plexo hemorroidal inferior ou externo, localizado no tercio inferior da canle anal e no bordo do

ano, estando recubertas de pel. / **H. interna** Dilatacións varicosas das veas pertencentes ó plexo hemorroidal superior, localizadas nos dous tercios superiores da canle anal.

hemorroidectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica dunha hemorroide.

hemosiderina *s.f.* Forma de depósito do ferro orgánico, procedente do catabolismo lisosómico da ferritina. Está composta por unha mestura inespecífica de proteínas parcialmente degradadas, lípidos e o propio ferro. O ferro localizado na hemosiderina practicamente non participa no metabolismo celular, xa que a liberación do devandito metal desta forma de depósito ocorre de xeito lento, incontrolado e sen relación precisa coas necesidades do organismo.

hemosiderinuria *s.f.* Presencia de hemosiderina na urina.

hemosiderose *s.f.* Aumento focal ou xeral das reservas férricas dos tecidos pero sen causar dano tisular. // **H. pulmonar** Aumento anormal do depósito de hemosiderina no pulmón, procedente dunha hemorraxia no tecido intersticial pulmonar.

hemospermia *s.f.* V. **hematospermia**.

hemosporidios *s.m.pl.* Denominación dos esporozoos pertencentes á suborde dos hemosporidios. Son elementos parasitarios das células do sangue dos vertebrados. Entre eles atópanse os xéneros *Plasmodium* e *Babesia*.

hemosporidiose *s.f.* Infección producida por hemosporidios.

hemostase *s.f.* 1. Proceso de detención dunha hemorraxia. 2. Proceso fisiolóxico polo que se produce a detención dun fluxo hemorráxico.

hemostásico -a *adx.* Que produce hemostase.

hemostato *s.m.* Aparello utilizado para deter unha hemorraxia.

hemotacómetro *s.m.* Aparello utilizado para medir a velocidade da corrente sanguínea.

hemoteca *s.f.* Banco de sangue.

hemoterapia *s.f.* V. **hematoterapia**.

hemotímpano *s.m.* V. **hematotímpano**.

hemotipo *s.m.* Cada un dos grupos xenotípicos do sangue.

hemotórax *s.m.* Presencia dun derramo de sangue nalgunha estrutura torácica, principalmente da cavidade pleural. Tamén se di **hematotórax**, **hemopleura**.

hemotóxico -a *adx.* V. **hematotóxico**.

hemotoxina *s.f.* V. **hematotoxina**.

hemotrofia *s.f.* Proceso da nutrición mediante o sangue, como sucede co embrión.

hemotrópico -a *adx.* Que ten afinidade polo sangue.

Henoch, enfermidade de V. enfermidade.

heparina *s.f.* Mucopolisacárido ácido composto polo ácido D-glicurónico e pola D-glicosamina, que posúe propiedades anticoagulantes. Atópase en diversos tecidos, especialmente no fígado e no pulmón. Actúa impedindo a formación da tromboplastina e inhibindo a conversión da protrombina en trombina. Úsase terapêuticamente en moitas doenzas nas que hai formación de trombos sanguíneos ou en intervencións médicas nas que interesa previla coagulación do sangue.

heparinase *s.f.* Enzima que produce a hidrólise da heparina.

hepatalxia *s.f.* Dor orixinada no fígado. Tamén se di **hepatodinia**.

hepatarxia *s.f.* Estado de insuficiencia hepática total e a autointoxicación causada por ela.

hepatauxia *s.f.* Hipertrofia hepática.

hepatectomía *s.f.* Extirpación total ou parcial do fígado.

hepatemia *s.f.* Conxestión sanguínea do fígado.

hepático -a *adx.* Pertencente ou relativo ó fígado.

hepaticocolanxiocolecistenterostomía *s.f.* Realización dunha anastomose cirúrxica entre a vesícula biliar e o conducto hepático e entre a propia vesícula biliar e o intestino.

hepaticoduodenostomía *s.f.* Anastomose cirúrxica realizada entre o conducto hepático e o duodeno.

hepaticogastrostomía *s.f.* Anastomose cirúrxica realizada entre o conducto hepático e o estómago.

hepaticolitotomía *s.f.* Operación cirúrxica consistente na realización dunha incisión no conducto hepático, coa finalidade de extraer un ou mais cálculos.

hepaticorrafia *s.f.* Sutura realizada no conducto hepático.

hepaticostomía *s.f.* Realización dunha abertura permanente no conducto hepático.

hepaticotomía *s.f.* Incisión cirúrxica realizada sobre o conducto hepático.

hepatite *s.f.* Proceso inflamatorio do fígado. // **H. A** Enfermidade hepática infecciosa producida polo virus da hepatite A (VHA). Transmítese fundamentalmente pola vía feco-oral. / **H. anictérica** Forma de hepatite que evoluciona sen ictericia, sendo máis frecuente cás formas ictéricas. / **H. B** Enfermidade infecciosa hepática, producida polo virus da hepatite B (VHB). Transmítese esencialmente por vía parenteral. / **H. C** Inflamación hepática producida pola infección co virus da hepatite C (HVC). Transmítese por vía parenteral, sexual e de xeito perinatal. Produce hepatite crónica no 20-50% dos casos. Constituía unha parte dos diagnósticos de hepatite non A non B. / **H. colestásica** Complicación dunha hepatite vírica, caracterizada pola ictericia colestásica persistente e o proído. / **H. crónica** Proceso inflamatorio prolongado

do fígado que se produce por diversos axentes, tanto víricos como tóxicos. Pode conducir a unha cirrose hepática. Entre os procesos víricos, prodúcese esencialmente nas infeccións polo virus B, sendo agravado o cadro clínico no caso das sobreinfeccións dunha hepatite crónica B por un virus delta. / **H. delta** Infección hepática polo virus delta da hepatite (VHD), que infecta o fígado, ben de xeito simultáneo coa hepatite B, ben orixinando unha superinfección da hepatite B. A transmisión é xeralmente por vía parenteral e rara vez por vía sexual ou como unha transmisión vertical. / **H. E** Hepatite viral producida por un calicivirus/picornavirus RNA semellante ó virus da hepatite A, que se transmite por vía feco-oral. Como o virus da hepatite C, constituía unha parte dos diagnósticos de hepatite non A non B. / **H. fulminante** Cadro de necrose hepática masiva que se produce no transcurso dunha hepatite vírica. Dáse máis frecuentemente nas hepatites B e nas sobreinfeccións polo virus D. / **H. G** Posible axente causante de hepatite non A non B, descuberto en 1995. Trátase dun virus RNA capaz de causar un cadro de hepatite fulminante. / **H. medicamentosa** Forma de hepatite producida por diversos fármacos, como o paracetamol, a isoniácida, o halotano, a clorpromacina ou os anticonceptivos orais. / **H. non A non B** Forma de hepatite viral aguda que non presenta antixenemia das hepatites A ou B. Representa a principal causa da hepatite postransfusional. / **H. recorrente** Recaída da hepatite A que se produce semanas ou meses despois da recuperación aparente dunha fase aguda. Caracterízase pola elevación das aminotransferases, a reaparición dos síntomas e, ás veces, presenza do virus nas feces. / **H. tóxica** Forma de hepatite producida por diversos tóxicos de uso industrial, como o tetracloruro de carbono ou, o tricloroetileno, e tamén polas substancias tóxicas dalgúns cogomelos das especies *Amanita* e *Galerina*. / **H. vírica** Inflamación do fígado orixinada pola infección de diversos virus hepatotropos, como os virus da hepatite A, B, C, D, E, G, que non posúen efecto citopático directo e outros virus, como o citomegalovirus, o virus de Epstein-Barr, o virus do herpes simple e o virus da varicela-zóster.

hepatización *s.f.* Transformación dun tecido do organismo, especialmente do pulmonar, de xeito que adquira un aspecto semellante ó do fígado.

hepato- Prefixo do gr. *hêpar, hépatos* (fígado), utilizado na composición de palabras que se refiren a esta víscera.

hepatoatrofia *s.f.* Atrofia do fígado.

hepatobiliar *adx.* Relativo ou pertencente ó fígado e á bile ou ás vías biliares.

hepatocele *s.f.* Hernia dunha porción do fígado.

hepatocelular *adx.* Relativo ou pertencente ás células do fígado.

hepatocirrose *s.f.* Proceso de dexeneración cirrótica que afecta ó tecido hepático.

hepatocístico -a *adx.* Relativo ou pertencente ó fígado e á vesícula biliar.

- hepatocolanxioenterostomía** *s.f.* Anastomose cirúrxica realizada entre os conductos biliare e unha porción do intestino.
- hepatocólico-a** *adx.* Relativo ou pertencente ó fígado e ó colon.
- hepatodinia** *s.f.* Dor no fígado. Tamén se di **hepatáxia**.
- hepatoentérico-a** *adx.* Relativo ou pertencente ó fígado e ó intestino.
- hepatoesplenomegalia** *s.f.* Aumento de tamaño do fígado e do bazo.
- hepatoflebite** *s.f.* Inflamación de estruturas venosas localizadas no fígado.
- hepatogástrico-a** *adx.* Relativo ou pertencente ó fígado e ó estómago.
- hepatografía** *s.f.* Imaxe radiográfica do fígado obtida despois da inxección dunha substancia de contraste.
- hepatoide** *adx.* De estrutura semellante á do fígado.
- hepatolenticular** *adx.* Relativo ou pertencente ó fígado e ó núcleo lenticular. Refírese concretamente a un tipo de dexeneración causada por un erro metabólico que afecta a estas estruturas.
- hepatólise** *s.f.* Rotura das células hepáticas.
- hepatolitiúase** *s.f.* Presencia de cálculos nos conductos biliare intrahepáticos.
- hepatólito** *s.m.* Cálculo biliar, principalmente o que se localiza nos conductos intrahepáticos.
- hepatoloxía** *s.f.* Parte da medicina que estudia as enfermidades do fígado e das estruturas relacionadas co mesmo e os seus medios de tratamento.
- hepatoma** *s.m.* Tumor do tecido hepático, principalmente o carcinoma hepatocelular.
- hepatomalacia** *s.f.* Amolecemento patolóxico do tecido hepático.
- hepatomegalia** *s.f.* Aumento do tamaño do fígado.
- hepatomelanose** *s.m.* Coloración moura do tecido hepático, característica da síndrome de Dubin-Johnson.
- hepatopatía** *s.f.* Denominación xeral dada ás doenzas do fígado.
- hepatopexia** *s.f.* Fixación cirúrxica dun fígado desprazado da súa localización habitual.
- hepatopneumónico -a** *adx.* Pertencente ou relativo ó fígado e ós pulmóns.
- hepatoportál** *adx.* Pertencente ou relativo ó sistema portal do fígado.
- hepatoptose** *s.f.* Descenso anormal do fígado dende a súa posición normal.
- hepatorrafia** *s.f.* Sutura do tecido hepático.
- hepatorraxia** *s.f.* Hemorraxia localizada no fígado.
- hepatorrea** *s.f.* Segregación excesiva de bile.
- hepatorrenal** *adx.* Relativo ou pertencente ó fígado e ós riles.
- hepatorrexe** *s.f.* Rotura do fígado.
- hepatose** *s.f.* Denominación xeral dada ós trastornos da función hepática.
- hepatosplénico -a** *adx.* Relativo ou pertencente ó fígado e ó bazo.
- hepatosplenite** *s.f.* Inflamación simultánea do fígado e do bazo.
- hepatostomía** *s.f.* Formación cirúrxica dunha abertura entre o fígado e a parede do abdome.
- hepatoterapia** *s.f.* Utilización terapéutica de produtos de procedencia hepática.
- hepatotomía** *s.f.* Incisión cirúrxica realizada no fígado.
- hepatotoxemia** *s.f.* Intoxicación sanguínea de orixe hepática, característica dos graos avanzados de insuficiencia hepática.
- hepatotoxina** *s.f.* Calquera toxina que dane ou destrúa as células hepáticas ou que se orixine no propio fígado.
- hepatotrópico -a** *adx.* Que ten afinidade especial polo fígado.
- hepta-** Prefixo do gr. *heptá* (sete), utilizado na composición de palabras que se refiren a este número.
- heptacrómico -a** *adx.* 1. Pertencente ou relativo a sete cores, especialmente as do espectro de luz visible. 2. Que pode distingui-las sete cores que compoñen o espectro de luz visible.
- heptosa** *s.f.* Calquera monosacárido de sete átomos de carbono.
- herba** *s.f.* 1. Planta fanerógama de pequeno tamaño e talo tenro, sen tecidos leñosos, da que as partes aéreas morren cada ano. 2. Conxunto destas plantas que nacen nun terreo, posuíndo moitas delas propiedades medicinais.
- herbívoro -a** *adx.* Que se alimenta de vexetais.
- hercio** *s.m.* Unidade de frecuencia equivalente a un ciclo por segundo. Símbolo: Hz. Tamén se di **hertz**.
- herdanza** *s.f.* Conxunto dos caracteres ou calidades que se transmiten dos ascendentes ós descendentes. // **H. dominante** Aquela que se transmite mediante un xene de carácter dominante. / **H. en mosaico** Variedade de herdanza pola que un carácter se expresa dun xeito nunhas células e de xeito diferente noutras. / **H. ligada ó sexo** Aquela que se transmite mediante un xene pertencente ó cromosoma X. / **H. polixénica** Herdanza dun carácter controlado por varios xenes. / **H. recesiva** Aquela que se transmite mediante un xene recesivo e polo tanto unicamente se expresa fenotípicamente naqueles individuos homocigóticos para o carácter en cuestión.

herdopatía *s.f.* Denominación xeral dada ás enfermidades de carácter hereditario.

hermafroditismo *s.m.* Estado que se caracteriza pola presenza de órganos sexuais con caracteres masculinos e femininos e características morfolóxicas sexuais ambiguas. // **H. verdadeiro** Aquel caracterizado por un cariotipo 46XX ou 46XY (pero sempre con material de cromosoma Y), existencia de tecido testicular e ovárico ó mesmo tempo (ovoteste) e desenvolvemento de caracteres sexuais externos variables (dependendo da gónada predominante).

hermético -a *adx.* Que está pechado de xeito tal que impide o paso de calquera fluído ou substancia.

hernia *s.f.* Tumoración formada pola protuberancia ou saída dunha parte ou de todo un órgano a través dunha abertura anormal. Tamén se di **crebadura**. // **H. abdominal** Saída dunha ou máis estruturas viscerais a través dunha abertura anormal localizada na parede do abdome. / **H. cerebral** Saída dunha parte do parénquima cerebral a través dunha abertura anormal localizada no cráneo. / **H. conxénita** Aquela que aparece xa no intre do nacemento ou que se produce por algunha anomalía embriolóxica preexistente. / **H. crural** Hernia que sae a través do orificio crural. Poden ser internas ou externas, dependendo da súa localización con respecto ós vasos femorais. Tamén se di **hernia femoral**, **merocele**. / **H. de Barth** Hernia dunha asa de intestino, localizada entre a túnica serosa da parede do abdome e a dun conducto onfalomesentérico persistente. / **H. de Béclard** Variedade de hernia crural que sae a través do infundíbulo crural e do orificio da safena interna. / **H. de Bochdalek** Hernia diafragmática posterolateral de orixe conxénita. / **H. de Cloquet** Hernia crural que sae por detrás dos vasos femorais, sobre a aponeurose pectínea. Tamén se di **hernia pectínea**. / **H. de Cooper** V. h. **retroperitoneal**. / **H. de Laugier** Hernia crural que se produce a través do ligamento de Gimbernat. / **H. de Littré** Hernia dun divertículo de Meckel. Tamén se di **hernia diverticular**. / **H. de Morgagni** Hernia diafragmática de localización retroesternal e orixe conxénita. / **H. de Petit** Calquera das saídas viscerais a través da parede lumbar polo triángulo de Petit. / **H. de Richter** Aquela na que o saco herniario contén no seu interior un segmento da circunferencia dunha asa delgada. / **H. de Rokitansky** V. h. **mucosa**. / **H. de Winslow** V. h. **retroperitoneal**. / **H. diafragmática** Saída de vísceras da cavidade abdominal cara á cavidade torácica, a través dun orificio localizado no diafragma. Tamén se di **hernia frénica**. / **H. discal** Saída do núcleo polposo dun disco intervertebral a través dunha fendedura do anel fibroso. / **H. diverticular** V. h. **de Littré**. / **H. encarcerada** Hernia irreductible a causa dunha estreitura do anel herniario, na que se pode ou non producir un estrangulamento / **H. estrangulada** Hernia encarcerada na que se produce unha oclusión da luz do intestino e unha intensa compresión vascular, de xeito que evoluciona cara á obstrución intestinal e a necrose da parte herniada. / **H. femoral** V. h. **crural**. / **H. frénica** V. h. **diafragmática**. / **H. hiatal** Herniación dunha ou

máis vísceras abdominais, xeralmente o esófago e o estómago, a través do hiato esofáxico do diafragma. / **H. incompleta** Hernia crural ou inguinal na que o seu saco e o seu contido non atravesaron completamente o anel herniario. / **H. inguinal** Hernia que se localiza no conducto inguinal. / **H. inguinocrural** Forma combinada dunha hernia inguinal e unha femoral. Tamén se di **hernia inguinofemoral**. / **H. inguinofemoral** V. h. **inguinocrural**. / **H. irreductible** Hernia que non se pode reducir mediante manipulación externa. / **H. mucosa** Invaginación da mucosa intestinal a través dunha fendedura da capa muscular do propio intestino. Tamén se di **hernia de Rokitansky**. / **H. obturatriz** Invaginación dunha víscera a través do buraco obturador. / **H. paraesofáxica** Variedade de hernia hiatal na que se produce unha invaginación da cúpula do estómago a través do hiato esofáxico do diafragma, pero sen que se produza un desprazamento do cardias que, polo tanto, se atopa na súa posición normal. / **H. pectínea** V. h. **de Cloquet**. / **H. reductible** Aquela que se pode reintegrar na súa posición normal mediante unha manipulación externa. / **H. retroperitoneal** Hernia interna producida pola saída de vísceras cara ás pregaduras peritoneais. Unha variedade especial fórmase coa penetración de vísceras na transcavidade dos epíploons a través do hiato de Winslow, constituíndo a hernia de Winslow ou de Cooper. / **H. umbilical** Invaginación dunha porción visceral abdominal a través do anel umbilical.

herniación *s.f.* Formación ou desenvolvemento dunha hernia.

herniado-a *adx.* Que posúe unha hernia ou que está contido nunha hernia.

herniario -a *adx.* Relativo ou pertencente a unha hernia.

hernioplastia *s.f.* Operación plástica dirixida á reconstrución dun defecto herniario mediante a colocación de enxertos ou próteses.

herniorrafia *s.f.* Peche dun defecto herniario mediante a realización dunha sutura.

herniotomía *s.f.* Operación cirúrxica consistente na sección do saco herniario para a reparación dunha hernia estrangulada

heroína *s.f.* Éter diacético semisintético da morfina cunha potencia analxésica de dúas a tres veces maior ca esta e un gran poder aditivo. Tamén se di **diacetilmorfina**.

heroínomano -a *adx.* Adicto á heroína.

herpanxina *s.f.* Enfermidade infecciosa aguda causada polos virus Coxackie A e B, que se caracteriza por presentar lesións ulcerativas e vesiculosas sobre a mucosa da gorxa, disfaxia, febre, vómitos e malestar xeral.

herpes *s.m.* Enfermidade infecciosa causada por un herpesvirus. Clinicamente caracterízase pola presenza de pequenas vesículas arremuíadas en diferentes localizacións da pel e das mucosas. // **H. febril** Herpes simple causado polo virus de tipo I. / **H. labial** Herpes febril

localizado nos labios. / **H. simple** Grupo de infección orixinadas polos herpesvirus de tipo I e II, que se caracterizan pola aparición de vesículas pequenas, enchidas de líquido, sobre unha base eritematosa elevada. Localízanse na pel ou nas mucosas, podendo recorrer en diversas ocasións. / **H. xenital** Herpes simple causado polo herpesvirus tipo II, que se transmite principalmente por vía sexual, afectando á rexión xenital en ámbolos dous sexos. / **H. xestacional** Doenza cutánea propia do embarazo, caracterizada pola aparición dunha erupción polimorfa, dolorosa e cun intenso proído. Pode recorrer nos embarazos seguintes. / **H. zóster** Doenza infecciosa aguda que se produce pola reactivación dun virus da varicela-zóster latente, adquirido nunha ocasión previa, na que se manifestou como a varicela clásica. Caracterízase por unha dor intensa nas áreas de distribución dos nervios sensitivos afectados e pola aparición de grupos de vesículas acumuladas sobre a área do dermatoma correspondente. / **H. zóster oftálmico** Variedade de herpes zóster que afecta á rama oftálmica do nervio trixémimo.

Herpesvirus Xénero de virus DNA da familia *Herpesviridae*, entre os que se atopan os virus do herpes simple I e II, o virus da varicela-zóster, o virus de Epstein-Barr e os citomegalovirus, ademais doutros virus que afectan a diversas especies animais. // **H. hominis** Herpesvirus causantes do herpes simple, dos que existen dous tipos inmunolóxicos, o *H. hominis* tipo I, causante de infeccións principalmente extraxenitais e o *H. hominis* tipo II, que ocasiona infeccións xeralmente xenitais.

herpetiforme *adx.* Das lesións cutáneas semellantes ás do herpes.

Hers, enfermidade de V. enfermidade.

hertz *s.m.* Hercio, na nomenclatura internacional. V. **hercio**.

heteralio *s.m.* Monstro fetal dobre caracterizado porque o suxeito dominante posúe outro accesorio, limitado a unha cabeza incompleta e implantada na propia cabeza do primeiro.

heterauxia *s.f.* Desproporción no desenvolvemento entre dúas partes dun mesmo corpo.

heterestesia *s.f.* Diferencia no grao de sensibilidade entre zonas contiguas da pel.

hetero- Prefixo do gr. *héteros* (outro, diferente).

heteroantixeno *s.m.* Antixeno pertencente a unha especie diferente da productora do anticorpo correspondente.

heteroblástico -a *adx.* Que procede de distintos tecidos.

heterocefalia *s.f.* Monstruosidade fetal caracterizada por posuí-lo feto dúas cabezas de distinto tamaño.

heterocelular *adx.* Que se compón de células pertencentes a distintas clases de tecidos.

heterocíclico -a *adx.* Dos compostos químicos cíclicos ou dispostos en cadea pechada, que posúen átomos de diferentes elementos.

heterocigosidade *s.f.* Estado caracterizado pola posesión de diferentes alelos nun locus determinado para un carácter xenotípico dado.

heterocigoto *s.m.* Individuo que posúe alelos distintos para un locus xenético determinado, con respecto a un carácter xenotípico dado.

heterocitotrópico -a *adx.* Que ten afinidade por varios tipos celulares diferentes.

heterocrinia *s.f.* Segregación de máis dunha clase de substancia por parte dun órgano, dunha glándula ou dunha mesma célula.

heterocromatina *s.f.* Segmento cromosómico que se volve heteropicnótico nun momento determinado da interfase do ciclo celular, tomando ademais unha coloración escura, diferente da normal e adquirindo unha disposición enrolada, de xeito que forma grumos irregulares ou corpos de Barr, visibles no núcleo da célula.

heterocromía *s.f.* Propiedade pola que unha mesma parte ten diversas cores, cando normalmente posúe unha soa. Refírese especialmente ó caso no que os iris dunha persoa teñen diferente cor, ou ó caso de que un mesmo iris posúa partes de diferente coloración.

heterocromo -a *adx.* Que se caracteriza por posuír diversas cores.

heterocromosoma *s.m.* Denominación dada ós cromosomas sexuais, X e Y.

heterodérmico -a *adx.* Do enxerto cutáneo que procede dunha especie diferente á do individuo receptor.

heterodonto *adx.* Que posúe dentes de diferentes tipos, como o ser humano.

heterodromo -a *adx.* Do impulso que se propaga en diversas direccións.

heteroenxerto *s.m.* Enxerto procedente dun animal de diferente especie á do receptor. Tamén se di **xenoenxerto**.

heterofaxia *s.f.* Proceso de dixestión celular caracterizado pola formación de fagolisosomas intracelulares nos que as células proceden a dixer-lo material incorporado previamente mediante fagocitose ou picnocitose.

heterófilo -a *adx.* Pertencente a calquera grupo de anticorpos de reacción cruzada que aparecen en diferentes especies.

heterofonía *s.f.* Fonación anómala. Tamén se di **disfonía**.

heteroforia *s.f.* Calquera das anomalías caracterizadas pola ausencia de paralelismo normal existente entre os eixes visuais.

heteroftalmía *s.f.* Diferencia na cor dos ollos ou na dirección dos eixes visuais.

heterogamia *s.f.* Posesión de gametos de diferente tamaño e estrutura, como sucede na especie humana.

heterografía *s.f.* Alteración neurolóxica pola que un individuo escribe diferentes palabras das que pretende escribir.

heterohemaglutinación *s.f.* Aglutinación dos eritrocitos pertencentes a unha especie determinada por unha aglutinina doutra especie distinta.

heterohemaglutinina *s.f.* Aglutinina que actúa sobre eritrocitos de especies diferentes.

heterohemolisina *s.f.* Hemolisina pertencente a unha especie determinada capaz de destruí-las células sanguíneas doutra especie diferente.

heteroinmунidade *s.f.* Estado de inmунidade producido pola inxección a un animal dunha especie de produtos procedentes doutro animal dunha especie diferente.

heterólise *s.f.* Rotura das células dunha especie causada por unha citolisina pertencente a outra especie.

heterólogo -a *adx.* 1. Que está constituído por un tecido anormal para a parte da que se trata. 2. Que deriva dunha especie diferente.

heterometaplasia *s.f.* Transformación do tecido pertencente a unha parte noutro tecido alleo á mesma.

heterometropía *s.f.* Estado no que hai diferencias na refracción dos dous ollos. Tamén se di **anisometropía**.

heteromorfo -a *adx.* Que ten forma ou estrutura anormal.

heterónimo -a *adx.* Pertencente ás metades verticais non correspondentes (nasal e temporal) do campo visual de ámbolos dous ollos.

heterónimo -a *adx.* 1. Que está suxeito a diferentes formas de crecemento. 2. En psicoloxía, que está suxeito a outra vontade, como sucede no hipnotismo.

Heterophytes Xénero de vermes trematodos parasitos do intestino delgado do home e doutros animais ictiófagos.

heteroplasia *s.f.* Formación dun tecido anormal ou patolóxico nun tecido previamente normal, ou disposición defectuosa das células normais dunha estrutura.

heteroplastia *s.f.* Transplante dun enxerto procedente dun individuo de diferente especie á do receptor. Tamén se di **heterotransplante**.

heteroploide *adx.* Do individuo que posúe un número de cromosomas que non é un múltiplo exacto do número haploide normal da especie á que pertence.

heteroploidía *s.f.* Calidade de heteroploide.

heteropodia *s.f.* Alteración caracterizada pola diferenca de tamaño entre os pés.

heteroproteido *s.m.* V. **heteroproteína**.

heteroproteína *s.f.* Composto formado pola combinación dunha proteína cunha substancia non proteica. A súa hidrólise produce aminoácidos e un grupo prostético. Tamén se di **heteroproteido**.

heteropsia *s.f.* Estado caracterizado pola visión diferente entre os dous ollos.

heteroscopio *s.m.* Aparello utilizado para determinar a diferenca no paralelismo entre os eixes visuais de ámbolos dous ollos.

heterosexual *adx.* 1. Pertencente ou referido ó sexo contrario 2. Do individuo que ten atracción sexual polo sexo contrario.

heterosexualidade *s.f.* Atracción sexual polo sexo contrario.

heterosmia *s.f.* Alteración caracterizada pola confusión na identificación de diferentes tipos de olores.

heterosomía *s.f.* Diferencia anormal no desenvolvemento entre as dúas metades, dereita e esquerda, do corpo.

heterosporo -a *adx.* Dos organismos que posúen dúas clases de esporas.

heterotermo -a *adx.* Dos animais que teñen o sangue frío.

heterotipia *s.f.* Monstruosidade fetal dobre na que existe unha gran diferenca entre o tamaño do feto autósite e o do parasito.

heterotonía *s.f.* Estado caracterizado polas variacións no ton ou na tensión.

heterotopía *s.f.* Desprazamento de partes ou de órganos ou presenza dun tecido nun sitio que non lle corresponde.

heterotransplante *s.m.* V. **heteroplastia**.

heterotricose *s.f.* Estado caracterizado pola presenza de pelo con diferentes características nunha porción do corpo.

heterotrofia *s.f.* 1. Denominación xeral dada ós estados caracterizados por unha nutrición anómala. 2. Calidade de heterótrofo.

heterótrofo -a *adx.* Dos organismos que non son capaces de elaborar materia orgánica a partir de elementos inorgánicos.

heterotropía *s.f.* V. **estrabismo**.

heterovacina *s.f.* Vacina composta de elementos pertencentes a organismos diferentes dos que orixinan a enfermidade que se pretende previr.

heteróxéneo -a *adx.* Que posúe partes de diferente natureza na súa composición.

heteróxeno -a *adx.* Dos microorganismos parasitarios que necesitan máis dun hóspede para completa-lo seu ciclo vital.

Heubner, enfermidade de V. **enfermidade**. // **Heubner-Herter, enfermidade de** V. **enfermidade**.

hex- Prefixo do gr. *hex* (seis).

hexa- Prefixo do gr. *hexa* (de seis).

hexacanto-a *adx.* Que posúe seis ganchos, principalmente referido ó embrión dos cestodos (embrión hexacanto).

hexaclorobenceno *s.m.* Composto químico, de fórmula C_6Cl_6 , que se orixina pola substitución dos átomos de hidróxeno de benceno por átomos de cloro.

hexaclorofeno *s.m.* Producto antiséptico, de fórmula $C_{13}H_6Cl_6O_2$, especialmente útil nas infeccións por xermes grampositivos. Utilízase en forma de xabón e preparados dermatolóxicos para desinfectarlas mans na cirurxía e na xinecoloxía, e tamén no tratamento da acne, da seborrea e das infeccións bacterianas extensas na pel intacta.

hexacrómico-a *adx.* Que é capaz de distinguir soamente seis das sete cores do espectro.

hexadactilia *s.f.* Presencia de seis dedos nunha man ou nun pé.

hexadecanoico (ácido) *s.m.* Ácido graxo saturado de dezaseis átomos de carbono que se atopa nas graxas e nos aceites naturais. Tamén se di **ácido hexadecílico**, **ácido palmítico**.

hexadecílico (ácido) *s.m.* V. **hexadecanoico (ácido)**.

hexano *s.m.* 1. Hidrocarburo alifático, de fórmula C_6H_{14} , pertencente á serie do metano. 2. Denominación xeral dada ós hidrocarburos saturados de fórmula C_6H_{14} .

hexápodo-a *adx.* Que posúe seis patas, característica que distingue ós artrópodos da clase insectos.

hexobarbital *s.m.* Fármaco barbitúrico de acción breve, utilizado como sedante, de fórmula $C_{12}H_{16}N_2O_3$.

hexoquinase *s.f.* Enzima que cataliza a fosforilización dunha hexosa mediante a transferencia dun radical fosfórico procedente do ATP ó C6 da hexosa.

hexosa *s.f.* Denominación xeral dada ós monosacáridos de seis átomos de carbono.

hexosafosfato *s.f.* Monofosfato de hexosa que se atopa no músculo, onde participa na produción dos procesos de contracción.

Hf Símbolo químico do hafnio.

Hg Símbolo químico do mercurio.

hialina *s.f.* Substancia albuminoide, translúcida e acelular que se atopa normalmente nalgúns tecidos corporais coma o corpo vítreo ou as cartilaxes e pode aparecer nalgúns situacións patolóxicas como un produto de dexeneración (dexeneración hialina).

hialinización *s.f.* Proceso da formación dunha substancia hialina patolóxica.

hialino -a *adx.* Que ten aparencia semellante ó vidro.

hialinose *s.f.* Variedade de dexeneración dos tecidos na que se forma substancia hialina.

hialite *s.f.* Inflamación do humor ou do corpo vítreo.

hialo- Prefixo do gr. *hýalos* (vidro).

hialoendroma *s.m.* Tumor formado por tecido pertencente á cartilaxe hialina.

hialofaxia *s.f.* Apetencia anormal pola ingestión de vidro que aparece algunhas veces na síndrome pica.

hialofobia *s.f.* Temor morboso ó vidro.

hialoide *adx.* De aspecto semellante ó do vidro ou que ten as súas propiedades.

hialoides *s.f.* Membrana que envolve ó corpo vítreo.

hialoidite *s.f.* Inflamación da membrana hialoides.

hialoidomalacía *s.f.* Amolecemento do corpo vítreo.

hialómera *s.f.* Zona do citoplasma celular caracterizada pola súa homoxeneidade, especialmente a zona plaquetaria que rodea a porción granulosa central.

hialonixe *s.f.* Punción cirúrxica realizada no corpo vítreo.

hialoplasma *s.m.* Substancia fundamental pertencente ó citoplasma celular.

hialoproptose *s.f.* Desprazamento cara a adiante do corpo vítreo.

hialose *s.f.* Proceso dexenerativo do humor vítreo. // **H. asteroide** Estado do humor vítreo, xeralmente unilateral, caracterizado pola aparición de zonas opacas esféricas ou con forma estrelada. Aparece principalmente nos homes anciáns.

hialoserosite *s.f.* Variedade de inflamación das membranas serosas que se caracteriza pola hialinización do exsudado orixinado nas devanditas membranas.

hialóxeno *s.m.* Substancia albuminosa existente nas cartilaxes, no humor vítreo e noutros tecidos.

hialurónico (ácido) *s.m.* Polisacárido hialino viscoso que constitúe a porción máis importante da substancia amorfa do tecido conxuntivo.

hialuronidase *s.f.* Enzima que cataliza a hidrólise e a despolimerización do ácido hialurónico. Atópase no esperma, onde ten a función de facilita-la penetración do espermatozoide no óvulo durante a fecundación, en numerosas bacterias patóxenas, onde constitúe un factor que favorece a difusión das súas toxinas e nalgúns venenos animais. Utilízase con finalidade terapéutica para aumenta-la difusión das substancias inxectadas por vía subcutánea.

hiato *s.m.* Orificio ou fendedura anatómica polo que pasan algunhas estruturas ou que constitúe o punto de entrada a algunhas cavidades. // **H. aórtico** Abertura localizada no diafragma, que serve de punto de paso entre o abdome e o tórax para a arteria aórtica e o conducto linfático torácico. / **H. de Bochdalek** Orificio do diafragma fetal que, se persiste no individuo adulto, pode orixinar as hernias que levan o mesmo nome. V. **hernia de Bochdalek**. Tamén se di **hiato pleuroperitoneal**. / **H. de Falopio** Abertura localizada no rochedo do oso temporal por onde pasa a rama petrosa do nervio vidiano.

/ **H. de Winslow** Orificio de comunicación entre a cavidade peritoneal e a cavidade epiploica posterior, que se localiza debaixo do fígado e encima da primeira porción do duodeno. / **H. esofáxico** Orificio do diafragma que serve de paso ó esófago entre a cavidade torácica e o abdome. / **H. pleuroperitoneal** V. **h. de Bochdalek**.

hibernación *s.f.* Estado de letarxia ou diminución das actividades metabólicas normais que afecta a algúns animais durante o inverno. // **H. artificial** Estado de diminución da actividade metabólica inducido mediante a refrixeración do organismo e a acción de certas substancias farmacolóxicas.

hibernoma *s.m.* Neoplasia graxa, benigna e pouco frecuente, localizada nas zonas dorsais do tronco ou arredor das cadeiras. Denomínase deste xeito pola semellanza que posúe coas acumulacións de graxa localizadas no dorso dos mamíferos que hibernan.

hibernoterapia *s.f.* Método terapéutico que utiliza as técnicas de hibernación para o tratamento dalgunhas doenzas.

hibridación *s.f.* Proceso de produción ou formación de híbridos.

híbrido-a *adx. e s.* Do individuo descendente de dous proxenitores de especies diferentes ou de dúas variedades distintas dunha mesma especie.

hidantoína *s.f.* Imidazolidinedión-2,4, de fórmula $C_3H_4N_2O_2$, base cristalina que se atopa nos residuos dos azucres e que se pode obter sinteticamente. Utilízase como antiepiléptico e antiarrítmico.

hidátide *s.f.* 1. Larva do *Echinococcus granulosus* ou vesícula que o contén. 2. Quiste hidatídico. 3. Tumoraición quística con contido líquido. // **H. do útero** Mola hidatiforme.

hidatidiforme *adx.* Semellante a un quiste hidatídico, especialmente as molas uterinas. Tamén se di **hidatiforme**.

hidatidoma *s.m.* Tumoraición constituída por hidátides.

hidatidose *s.f.* Estado morbosos producido pola infección con *Echinococcus*.

hidatidostomía *s.f.* Abertura cirúrxica e drenaxe dun quiste hidatídico.

hidatidóxeno-a *adx.* Que xera hidátides ou que se produce pola presenza de hidátides.

hidatiduria *s.f.* Presencia na urina de restos de quistes hidatídicos.

hidatiforme *adx.* V. **hidatidiforme**.

hidatismo *s.m.* 1. Son que se produce pola presenza dun líquido nunha cavidade. 2. Vibración característica que se produce durante a palpación dos quistes hidatídicos.

hidatoide *adx.* Semellante á auga.

hidracida *s.f.* Denominación xeral dos compostos procedentes dos ácidos pola substitución do grupo OH dos mesmos por un grupo NH-NH₂ ou NH-RH₂.

hidrácido *s.m.* Denominación xeral dos ácidos formados por hidróxeno combinado cun ou varios non metais.

hidracina *s.f.* 1. Diamina gasosa incolora de fórmula HN₂-NH₂. 2. Composto orgánico que procede de substituír por un radical hidrocarbonado un ou varios átomos de hidróxeno do composto precedente.

hidradenite *s.f.* Inflamación das glándulas sudoríparas. Tamén se di **hidrosadenite**.

hidradenoma *s.m.* Adenoma localizado nunha glándula sudorípara.

hidragogo-a *adx.* Das substancias que orixinan feces líquidas.

hidralacina *s.f.* Hidracino-1 ftalacina, de fórmula C₈H₈N₄, utilizado en forma de clorhidrato como antihipertensivo.

hidramnios *s.m.* Exceso de líquido amniótico.

hidranencefalia *s.f.* Hidrocefalia na que existe unha ausencia case completa dos hemisferios cerebrais.

hidrartrose *s.f.* Acumulación de líquido acuoso nunha cavidade articular. Tamén se di **hidropisía articular**.

hidrarxirismo *s.m.* Intoxicación por mercurio, especialmente referido ás formas crónicas. Tamén se di **hidrarxirose**.

hidrarxiromanía *s.f.* Variedade de loucura orixinada por unha intoxicación mercurial.

hidrarxirose *s.f.* V. **hidrarxirismo**.

hidrarxirosialorreia *s.f.* Salivación excesiva causada por unha intoxicación mercurial.

hidrase *s.f.* Enzima que engade ou elimina auga a un composto sen realizar un proceso de hidrólise.

hidratación *s.f.* 1. Combinación con auga ou incorporación de auga a un corpo ou substancia. 2. Restitución da auga perdida polo organismo.

hidrato *s.m.* 1. Composto combinado cunha ou varias moléculas de auga. 2. Sal ou outro composto que contén auga de cristalización.

hidráulica *s.f.* Parte da mecánica dos fluídos que estudia as propiedades dos líquidos.

hídrico-a *adx.* 1. Pertencente ou relativo á auga. 2. Relativo ó hidróxeno ou ós compostos combinados co mesmo.

hidrión *s.m.* Denominación do ión hidróxeno.

hidro- Prefixo do gr. *hýdor* (auga) ou *hýdros* (suor), utilizado na formación de palabras relacionadas con estes elementos.

hidroa *s.f.* Doenza cutánea caracterizada pola erupción de vesículas sobre unha base de pel eritematosa. // **H. estival**

Doenza da infancia, frecuentemente recidivante, caracterizada pola aparición estival de lesións vesiculosas sobre placas de eritema solar. Tamén se di **hidroa infantil** ou **vacciniforme**. / **H. infantil** V. **h. estival**. / **H. vacciniforme** V. **h. estival**. / **H. xestacional** V. **herpes xestacional**.

hidroadipsia *s.f.* Carencia de sede.

hidroaéreo-a *adx.* Constituído por aire e auga.

hidrobléfaron *s.m.* Edema localizado nas pálpebras.

hidrocarburo *s.m.* Composto formado unicamente por hidróxeno e carbono. Tamén se di **carburo de hidróxeno**. // **H. alicíclico** Hidrocarburo que ten estrutura cíclica e propiedades alifáticas. / **H. alifático** Aquel no que os seus átomos de carbono non forman un anel. / **H. aromático** Aquel que ten polo menos unha estrutura cíclica bencénica.

hidrocefalia *s.f.* Estado caracterizado pola dilatación dos ventrículos cerebrais que se produce por unha acumulación anormal de líquido cefalorraquídeo. // **H. comunicante** Aquela que se produce por unha anomalía na produción ou na reabsorción do líquido cefalorraquídeo, pero sen obstrucción na circulación do mesmo. / **H. non comunicante** V. **h. obstructiva**. / **H. obstructiva** Aquela orixinada por unha obstrucción na circulación do líquido cefalorraquídeo. Tamén se di **hidrocefalea non comunicante**.

hidrocefalocele *s.f.* Tipo de encefalocele conxénita na que se produce a hernia dunha porción distendida dun ventrículo cerebral. Tamén se di **hidroencefalocele**.

hidrocele *s.f.* Acumulación circunscrita de líquido, especialmente a localizada na túnica vaxinal do testículo ou no cordón espermático.

hidrocelectomía *s.f.* Escisión cirúrxica dunha hidrocele.

hidrocinética *s.f.* Parte da mecánica que estudia as leis que rexen o movemento dos líquidos. Tamén se di **hidrodinámica**.

hidrocirsocele *s.f.* Hidrocele combinada cunha varicocele.

hidrocisto *s.m.* Quiste que contén líquido.

hidrocistoma *s.m.* Enfermidade quística que afecta ás glándulas sudoríparas da cara e que se caracteriza pola dilatación das devanditas glándulas.

hidroclorotiácida *s.f.* Diurético pertencente ó grupo das tiácidas ou derivados da benzotiadiazina.

hidrocolecisto *s.m.* Acumulación de líquido transudado na vesícula biliar.

hidrocolerese *s.f.* Segregación hepática de bile de carácter máis acuoso, menos densa e con menor contido de materiais sólidos do habitual.

hidrocoloide *s.m.* Coloide cunha fase de auga e outra composta esencialmente por ágar-ágar. Úsase como material de modelado na toma de improntas dentais.

hidrocolpos *s.m.* Acumulación de líquido acuoso na cavidade vaxinal.

hidrocortisona *s.f.* 17-hidroxicorticosterona, de fórmula $C_{21}H_{30}O_5$, corticoide principal elaborado no córtex suprarrenal, que se obtén tamén de forma sintética. Utilízase no tratamento de diversas enfermidades inflamatorias, alérxicas, colaxenoses, neoplasias, insuficiencia suprarrenal, estados de shock, no tratamento sintomático do proído, etc.

hidrocución *s.f.* Morte súbita que se produce pola inmersión nun líquido antes de que se produza a asfixia causada pola aspiración do mesmo.

hidroderma *s.m.* Edema da pel.

hidrodiarrea *s.f.* Diarrea de carácter líquido.

hidrodiascopio *s.m.* Aparello óptico semellante a uns anteollos provistos dunha cámara líquida que se utiliza na corrección do queratocono e do astigmatismo.

hidrodictiotomía *s.f.* Incisión cirúrxica realizada na retina coa finalidade de corrixi-lo edema ou o desprendemento da mesma.

hidrodifusión *s.f.* Calquera difusión dunha substancia que se realice nun medio acuoso.

hidrodinámica *s.f.* V. **hidrocinética**.

hidroeléctrico -a *adx.* Dos sistemas que combinan o uso da auga e da electricidade.

hidroencefalocele *s.f.* V. **hidrocefalocele**.

hidrofalo *s.m.* Edema localizado no pene.

hidrófilo -a *adx.* Que ten unha afinidade especial pola auga ou que absorbe auga con facilidade. Tamén se di **higroscópico**.

hidrofimose *s.f.* Estreiteza producida na abertura do prepucio como consecuencia dun edema localizado no mesmo.

hidrofisómetra *s.f.* Acumulación de líquido e gases na cavidade uterina.

hidroflegmasia *s.f.* Proceso inflamatorio con produción de líquido de carácter seroso.

hidrofobia *s.f.* 1. Aborrecemento morboso pola auga e os líquidos en xeral. 2. Denominación antiga da rabia.

hidrófobo -a *adx.* 1. Que non absorbe auga ou que o fai con dificultade ou que resulta prexudicado pola auga. 2. Das substancias que carecen de grupos polares, o que determina a súa insolubilidade na auga.

hidroftalmos *s.m.* Aumento do tamaño e da dureza do ollo que se orixina por un aumento da tensión intraocular a causa dunha obstrucción, con frecuencia conxénita, na drenaxe do humor acuoso.

hidrohematocele *s.f.* Hidrocele causada por un derramo sanguíneo.

- hidrohematonefrose** *s.f.* Hidronefrose que se acompaña de emisión de urina sanguenta.
- hidrohematorrea** *s.f.* Emisión nunha parte calquera dun fluxo hidrosanguento.
- hidrohimenite** *s.f.* Inflamación dunha membrana serosa.
- hidroide** *adx.* Semellante á auga.
- hidrolábil** *adx.* 1. Do que varía con respecto á proporción da auga que contén. 2. Do que é inestable nun medio acuoso.
- hidrolado** *s.m.* Denominación xenérica dos medicamentos que se obteñen mediante a solución dunha droga en auga.
- hidrolase** *s.f.* Denominación xenérica dos enzimas que catalizan a escisión entre o carbono e outros átomos mediante a adición de moléculas de auga.
- hidrolato** *s.m.* 1. Medicamento que se obtén mediante a destilación dunha droga na auga. 2. Auga destilada.
- hidrolipomatose** *s.f.* Retención excesiva de auga por parte da graxa corporal que se produce nalgúns casos de obesidade.
- hidrólise** *s.f.* Reacción química consistente no desdobraemento dunha substancia mediante a adición de auga. No curso desta reacción, o radical hidroxilo incorpórase nun fragmento e o átomo de hidróxeno noutro.
- hidrólito** *s.m.* Denominación xenérica das substancias que experimentan unha reacción de hidrólise.
- hidroloxía** *s.f.* Ciencia que estudia as propiedades mecánicas e fisicoquímicas da auga. // **H. médica** Estudio das propiedades terapéuticas das augas minerais.
- hidroma** *s.m.* Tumoración ou quiste distendido por unha acumulación de líquido. Tamén se di **higroma**.
- hidromanía** *s.f.* Alteración mental caracterizada por unha tendencia ó suicidio por inmersión.
- hidromel** *s.m.* Bebida realizada cunha mestura de auga e mel utilizada na medicina clásica como antiinflamatorio e laxante.
- hidromelado** *s.m.* Preparación medicamentosa composta por hidromel e diversas materias farmacolóxicas.
- hidromeningocele** *s.f.* Protuberancia das meninxes a través dun defecto do cranio ou da columna vertebral, formando un saco que contén líquido cefalorraquídeo.
- hidrómetra** *s.m.* Distensión do útero causada por unha acumulación de líquido seroso.
- hidrometría** *s.f.* Determinación da densidade dun líquido mediante a utilización dun hidrómetro.
- hidrómetro** *s.m.* Aparello utilizado para determina-la densidade dos líquidos.
- hidrometrocolpos** *s.m.* Distensión da vaxina e do útero causadas por unha acumulación de líquido seroso.
- hidromicrocefalia** *s.f.* Tamaño anormalmente pequeno das estruturas craniais que se acompaña dunha acumulación excesiva de líquido cefalorraquídeo.
- hidromielia** *s.f.* Estado patolóxico caracterizado por unha dilatación do conducto central da medula espiñal, causada por unha acumulación anormal de líquido cefalorraquídeo. Tamén se di **hidrorraque interna**.
- hidromielocele** *s.f.* Espiña bífida cunha dilatación causada por presenza de líquido seroso no interior do saco que cobre o defecto vertebral.
- hidromielomeningocele** *s.f.* Defecto medular espiñal caracterizado pola protuberancia das membranas e do tecido medular, formando un saco cheo de líquido.
- hidromioma** *s.m.* Tumor muscular de carácter quístico, xeralmente localizado na espesura do tecido uterino.
- hidronefrose** *s.f.* Distensión da pelve e dos cálices renais orixinada por unha acumulación de urina a consecuencia dunha obstrucción das vías urinarias, que trae como consecuencia a compresión do parénquima renal e unha posible atrofia do mesmo, coa conseguinte perda da función do órgano.
- hidrónfalo** *s.m.* Quiste ou tumor umbilical con contido líquido.
- hidronio** *s.m.* Protón hidratado, H_3O^+ , forma na que os protóns aparecen nunha solución acuosa.
- hidroforia** *s.f.* Edematización do ovario.
- hidroparasalpinxe** *s.f.* Acumulación de líquido acuoso arredor das trompas de Falopio.
- hidroparótida** *s.f.* Distensión da glándula parótida causada por unha acumulación de líquido na mesma.
- hidropatía** *s.f.* Denominación xeral das afeccións causadas polas alteracións fisiopatolóxicas da auga e a suor.
- hidropericardio** *s.m.* Distensión da cavidade pericárdica causada por unha acumulación de líquido na mesma.
- hidropericardite** *s.f.* Inflamación do pericardio acompañada dun derramo de líquido seroso na cavidade do mesmo.
- hidroperitoneo** *s.m.* Distensión da cavidade peritoneal causada por unha acumulación de líquido na mesma.
- hidrópico -a** *adx.* Relativo ou pertencente á hidropisía ou que está afectado pola mesma.
- hidropionefrose** *s.f.* Distensión da pelve e os cálices renais causada por unha acumulación de urina e de pus nos mesmos.
- hidropisía** *s.f.* Acumulación excesiva de líquido seroso na espesura dun tecido orgánico ou nunha cavidade corporal.
- hidropismo** *s.m.* Estado de hidropisía.
- hidroplasma** *s.m.* Estado caracterizado pola proporción excesiva de auga no plasma sanguíneo.

hidropleura *s.f.* V. **hidrotórax**.

hidropneumatocele *s.f.* Hernia ou tumoración que contén líquidos e gases.

hidropneumatose *s.f.* Estado caracterizado pola acumulación excesiva de líquido e gases nun tecido.

hidropneumopericardio *s.m.* Distensión da cavidade do pericardio causada por unha acumulación de líquido e aire na mesma.

hidropneumoperitoneo *s.m.* Distensión da cavidade peritoneal causada por unha acumulación de líquido e gases na mesma.

hidropneumotórax *s.m.* Distensión da cavidade pleural causada por unha acumulación de líquido e aire na mesma.

hidropoterapia *s.f.* Utilización terapéutica do líquido ascítico.

hidrorraque *s.f.* Acumulación de líquido no conducto medular vertebral. // **H. externa** Acumulación de líquido no espazo subaracnoide raquídeo. / **H. interna** Acumulación de líquido no conducto epidural da medula espinal. Tamén se di **hidromielia**.

hidrorraquecentese *s.f.* Punción terapéutica realizada para evacuar o líquido acumulado nunha hidrorraque.

hidrorrea *s.f.* Fluxo abondoso dun líquido acuoso.

hidrosadenite *s.f.* V. **hidradenite**.

hidrosalpinxe *s.f.* Dilatación dunha trompa de Falopio a consecuencia dunha acumulación de líquido no seu interior.

hidrosarcocele *s.f.* Hidrocele que se forma en presenza dunha tumoración testicular sólida.

hidroscopio *s.m.* Aparello utilizado para descubri-la presenza de auga oculta.

hidrose *s.f.* 1. Proceso da segregación da suor. 2. Denominación xeral das doenzas das glándulas sudoríparas.

hidrosíntese *s.f.* Proceso químico da formación de auga.

hidrosiringomielia *s.f.* Hidromielia asociada a un proceso dexenerativo medular caracterizado pola aparición e desenvolvemento de cavidades na substancia medular.

hidrotórax *s.m.* Derramo líquido na cavidade pleural. Normalmente ten as características dun exsudado ou dun transudado. // **H. quilloso** Derramo de quilo na cavidade pleural, consecuencia dunha rotura do conducto linfático torácico.

hidrotropismo *s.m.* Tendencia dalgúns organismos a movérense atraídos pola auga.

hidroureter *s.m.* Distensión anormal do uréter debida a unha acumulación de urina causada por unha obstrución na luz do conducto.

hidroxenase *s.f.* Enzima que cataliza a redución de diversas substancias por medio da adición de hidróxeno molecular.

hidróxeno *s.m.* Elemento químico gasoso, inflamable, incoloro, inodoro e insípido, de símbolo H, peso atómico 1 e peso específico 0,069. Normalmente está constituído por un único protón, arredor do que gravita un só electrón. Coñécense dous isótopos do hidróxeno: o deuterio e o tritio.

hidroxicafeína *s.f.* Fármaco diurético obtido a partir da cafeína clorada.

hidroxicina *s.f.* Fármaco sedante obtido a partir do difenilmetano.

hidroxicolecalciferol *s.m.* Derivado hidroxilado do colecalciferol no carbono 25, forma principal da vitamina D3 no sangue e precursor da forma activa da mesma vitamina, o dihidroxicolecalciferol, (derivado hidroxilado nos carbonos 1 e 25).

hidroximarina *s.f.* Derivado hidroxilado da cumarina, de fórmula $C_9H_6O_3$.

hidróxido *s.m.* Base que contén grupos hidroxilo (OH-).

hidroxilado-a *adx.* Dos elementos que conteñen un grupo hidroxilo (OH-) na súa composición.

hidroxilamina *s.f.* Derivado hidroxilado do amoníaco, de fórmula HO-NH₂. Poderoso reductor, utilízase en forma de clorhidrato como antiséptico da pel.

hidroxilase *s.f.* Enzima do grupo das osixenases, que cataliza a fixación do osíxeno e orixina os grupos hidroxilo.

hidroxílico-a *adx.* Relativo ós grupos hidroxilo.

hidroxilo *s.m.* Radical monovalente, OH, que se atopa na auga, nos hidróxidos, nos alcohois, etc. // **Íon h.** Radical OH cunha carga negativa orixinada ó capturar un electrón. Tamén se di **oxhidrilo**.

hidroxiprolina *s.f.* Aminoácido alcohol, de fórmula $C_5H_9NO_3$, constituínte de moitas proteínas e presente abundantemente no coláxeno.

hidroxiprolinemia *s.f.* Anomalía do metabolismo dos aminoácidos, orixinada por unha deficiencia do enzima hidroxiprolina-oxidase e caracterizada pola presenza excesiva de hidroxiprolina no plasma e na urina.

hidroxitolueno *s.m.* Derivado hidroxilado do tolueno, de fórmula C_7H_7OH .

hidroxioiurea *s.f.* Composto antineoplásico, de fórmula $H_2N-CO-NH-OH$. Actúa inibindo o enzima ribonucleósido-difosfato-reductase. Utilízase esencialmente no tratamento da leucemia granulocítica crónica.

hidroxocobalamina *s.f.* Derivado da cobalamina no que o grupo CN da cobalina se substitúe por un grupo OH. Ten as mesmas accións cá cobalamina, pero máis prolongadas. Utilízase no tratamento da anemia de Biermer e nalgunhas alteracións neurolóxicas causadas por defi-

ciencia de vitamina B₁₂, sendo ademais un antídoto do ácido cianhídrico.

hidrozono *s.m.* Solución concentrada de auga oxixenada que posúe propiedades deterxentes e antisépticas.

hidruria *s.f.* Presencia dunha diurese abundante e acuosa. Tamén se di **poliúria**.

hidruo *s.m.* Denominación xenérica dos elementos formados pola combinación de hidróxeno cun corpo simple ou composto.

hieralxia *s.f.* Dor localizada na rexión sacra.

hierofobia *s.f.* Temor morboso ós aspectos relacionados coa relixión.

hierolistese *s.f.* Desprazamento anormal do sacro.

hieromanía *s.f.* Afección desmedida pola relixión ou polos asuntos relixiosos.

hieroterapia *s.f.* Tratamento das enfermidades mediante ritos relixiosos.

hifa *s.f.* Cada un dos filamentos que constitúen o micelio dos fungos.

hifema *s.m.* Hemorraxia espontánea ou traumática localizada na cámara anterior do globo ocular.

hifomicetoma *s.m.* Tumoración constituída por fungos do grupo dos hifomicetos.

hifomicetos *s.m.pl.* Grupo de fungos imperfectos que presentan conidios externos e posúen conidióforos que se desenvolven na superficie do substrato sobre o que asentan. Carecen de reprodución sexual.

hifomicose *s.m.* Infección producida por fungos do grupo dos hifomicetos.

higro- Prefixo do gr. *hygrós* (húmido).

higrodermia *s.f.* Humidade excesiva da pel.

higroftálmico -a *adx.* Que serve para humidifica-lo ollo.

higroloxía *s.f.* Ciencia que estudia os humores do organismo.

higroma *s.m.* V. **hidroma**.

higrometría *s.f.* Técnica utilizada para medi-la porcentaxe de vapor acuoso na atmosfera. Tamén se di **higroscopía**.

higrómetro *s.m.* Aparello utilizado na determinación da humidade atmosférica. Tamén se di **higroscopio**.

higroscopía *s.f.* V. **higrometría**.

higroscópico-a *adx.* 1. Relativo á higroscopía. 2. V. **hidrófilo**.

higroscopio *s.m.* V. **higrómetro**.

hilarante *adx.* Que provoca risa ou produce alegría. // **Gas h.** Denominación dada antigamente ó gas anestésico óxido nitroso (NO₂) ou protóxido de nitróxeno debido á excitación psíquica con produción de risa que produce a determinadas concentracións.

Hildebrand, enfermidade de V. enfermidade.

hilite *s.f.* Inflamación dun hilo.

hilo *s.m.* Fendedura ou escavación nunha víscera, por onde penetran nela os vasos sanguíneos, os linfáticos e os elementos nerviosos.

hiloma *s.m.* Denominación xenérica dos tumores derivados dos tecidos embrionarios.

hime *s.m.* Pregadura membranosa que pecha parcial ou totalmente o orificio externo da vaxina nas mulleres virxes. Tamén se di **membrana virxinal**. // **H. imperforado** Aquel que oclúe totalmente o orificio de entrada á vaxina. Pode ser unha causa de amenorrea primaria.

himen- Prefixo do gr. *hymén* (membrana), utilizado na formación de palabras que fan referencia ó hime ou ás membranas en xeral.

himenectomía *s.f.* Escisión cirúrxica do hime.

himenite *s.f.* Inflamación dunha membrana, especialmente do hime.

himenoiide *adx.* Que semella unha membrana ou que posúe propiedades semellantes ás das membranas.

himenolepíase *s.f.* Infestación con vermes do xénero *Hymenolepis*.

himenoloxía *s.f.* Ciencia que estudia as membranas e as súas propiedades.

himenomalacía *s.f.* Amolecemento anormal das membranas.

himenorrafia *s.f.* Sutura cirúrxica realizada nunha membrana.

himenorrexe *s.f.* Esgazadura dunha membrana, especialmente do hime.

himenotomía *s.f.* Incisión cirúrxica dunha membrana, especialmente do hime imperforado.

hioepiglótico-a *adx.* Relativo ó óso hioide e mais á epiglote.

hiofarínxeo -a *adx.* 1. Relativo ó óso hioide e mais á farinx. // *s.m.* 2. Músculo constrictor medio da farinx.

hio-gloso -a *adx.* 1. Relativo ó óso hioide e mais á lingua. // *s.m.* 2. Músculo da lingua, par e delgado, situado entre o óso hioide e o tabique lingual, constituído por dúas porcións: o músculo queratogloso e o músculo basio-gloso. Ten unha función depresora da lingua.

hioide *adx.* 1. Que ten forma semellante á letra grega ípsilon. 2. Relativo ó óso hioide. // *s.m.* 3. Óso impar, central e simétrico, con forma de ípsilon, localizado na parte anterior do colo, encima da larinxe e debaixo da lingua, na que forma o seu esqueleto. Posúe dúas caras, dous bordos, dous extremos e catro prolongacións laterais ou hastas, maiores e menores.

hiosciamina *s.f.* Alcaloide obtido do beleño e doutras plantas solanáceas, isómero da hioscina e da atropina,

bloqueante do sistema parasimpático, posúe propiedades hipnóticas e antiespasmódicas.

hioscina *s.f.* V. **escopolamina**.

hiotiroide *adx.* Relativo ó óso hioide e mais á cartilaxe tiroide.

hipamnios *s.m.* Deficiencia de líquido amniótico.

hipantropía *s.f.* Variedade de zoantropía na que o doente pensa que se transformou nun cabalo.

hipenxiofobia *s.f.* Temor morboso á responsabilidade.

hiper- Prefixo do gr. *hypér* (sobre, encima ou máis alá), utilizado na formación de palabras que denotan exceso, transgresión ou superioridade.

hiperacantose *s.f.* Hipertrofia do estrato espiñoso da pel.

hiperacidez *s.f.* Grao excesivo de acidez para un medio determinado, especialmente a dixestiva.

hiperactividade *s.f.* Actividade esaxerada dun órgano, dun sistema ou dunha persoa.

hiperacusia *s.f.* Aumento da sensibilidade auditiva. Tamén se di **hiperestesia acústica**, **hiperestesia auditiva**.

hiperadenose *s.f.* Hipertrofia dunha glándula ou dun ganglio linfático.

hiperadipose *s.f.* Aumento excesivo da proporción de graxa nun órgano ou sistema.

hiperadrenalismo *s.m.* Actividade esaxerada das glándulas suprarrenais e estado que produce.

hiperadrenocorticismo *s.m.* Actividade esaxerada do córtex suprarrenal e estado que produce. Tamén se di **síndrome de Cushing**.

hiperafia *s.f.* Aumento esaxerado da sensibilidade táctil. Tamén se di **hiperestesia cutánea**, **hiperestesia táctil**, **hiperpselafesia**.

hiperagudo-a *adx.* Propio das enfermidades ou síntomas que evolucionan con extremada rapidez.

hiperalbuminose *s.f.* Exceso de materias albuminoides nun sistema orgánico.

hiperaldosteronismo *s.m.* Aumento excesivo da segregación de aldosterona no córtex suprarrenal e estado patolóxico que produce.

hiperalxesia *s.f.* Estado morboso caracterizado por unha sensibilidade excesiva á dor. Tamén se di **hiperestesia dolorosa**.

hiperaminoacidemia *s.f.* Aumento excesivo de aminoácidos no sangue.

hiperaminoaciduria *s.f.* Exceso de eliminación de aminoácidos pola urina.

hiperanabolismo *s.m.* Aumento excesivo dos procesos anabólicos do organismo.

hiperastenia *s.f.* Estado caracterizado por unha debilidade física extremada.

hiperazoemia *s.f.* Presencia de produtos nitroxenados no sangue por encima das cifras consideradas normais.

hiperazouría *s.f.* Eliminación excesiva de produtos nitroxenados pola urina.

hiperbárico -a *adx.* Do estado caracterizado por un aumento de presión ou de densidade

hiperbarismo *s.m.* Estado morboso causado por unha exposición a unha presión gasosa ou atmosférica superiores ás que existen dentro dos sistemas e cavidades do organismo.

hiperblastose *s.f.* Estado caracterizado polo desenvolvemento excesivo dun tecido embrionario.

hiperbulia *s.f.* Esaxeración morbosa da vontade. Contrario á abulia.

hipercalcemia *s.f.* Aumento da concentración sanguínea de calcio por riba dos límites considerados normais. Clinicamente caracterízase por anorexia, náuseas, vómitos, estrinximento, hipotonía, depresión, e ás veces, letarxia e coma. Pódese asociar, principalmente se vai acompañada dun aumento do fosfato, a depósitos extraesqueléticos de calcio e fosfato, principalmente nos vasos sanguíneos, no tecido conectivo periarticular, na mucosa gástrica, na córnea e no parénquima renal.

hipercalcinuria *s.f.* Eliminación excesiva de calcio pola urina.

hipercalcipexia *s.f.* Fixación excesiva de calcio por parte dun tecido.

hipercaliemia *s.f.* Aumento por riba dos límites normais da concentración de potasio no sangue. Clinicamente, o máis característico son as arritmias cardíacas, podendo ocasionar algunhas veces unha hipopotasemia moderada ou intensa, unha debilidade muscular ascendente, que pode progresar ata chegar a unha cuadriplexía flácida e parálise respiratoria. Tamén se di **hiperpotasemia**.

hipercamerrinia *s.f.* Estado no que a anchura do nariz é igual ou superior á súa lonxitude.

hipercapnia *s.f.* Presencia de dióxido de carbono no sangue por riba das cifras consideradas normais.

hipercarotinemia *s.f.* Concentración excesiva de carotenos no sangue.

hipercedemonia *s.f.* 1. Estado caracterizado pola angustia ou ansiedade extremadas. 2. Coidado ou celo esaxerado patoloxicamente.

hipercementose *s.f.* Desenvolvemento excesivo do cemento dentario.

hipercenestesia *s.f.* Sensación esaxerada de benestar ou de euforia que ocorre nalgúns casos de parálise xeral.

hipercetonuria *s.f.* Eliminación excesiva de corpos cetónicos pola urina.

- hipercetose** *s.f.* Excesiva produción de corpos cetónicos, característica dos estados diabéticos non tratados.
- hipercianose** *s.f.* Estado caracterizado pola coloración azul extremada da pel e das mucosas causado por un aumento excesivo da hemoglobina reducida no sangue.
- hipercieese** *s.f.* Embarazo múltiple.
- hipercinése** *s.f.* Estado morboso caracterizado polo movemento esaxerado.
- hipercinesia** *s.f.* Movemento excesivo ou esaxerado dunha parte ou da totalidade do corpo. Tamén se di **hiperquinesia**.
- hipercitemia** *s.f.* Aumento anormal do número de células presentes nun tecido, especialmente dos glóbulos vermello do sangue.
- hipercloremia** *s.f.* Presencia de cloruros no sangue por riba das cifras consideradas normais.
- hiperclorhidria** *s.f.* Estado caracterizado pola excesiva segregación de ácido clorhídrico polas glándulas do estómago que condiciona un exceso de concentración de ácido clorhídrico no zume gástrico. Tamén se di **hiperquilia**.
- hipercloruria** *s.f.* Excesiva eliminación de cloruros pola urina.
- hipercolesterolemia** *s.f.* Concentración de colesterol sanguíneo por riba das cifras consideradas normais.
- hipercolia** *s.f.* Aumento excesivo da segregación hepática de bile.
- hipercorrección** *s.f.* Corrección excesiva dun defecto, especialmente dos correspondentes á refracción visual.
- hipercorticalismo** *s.m.* Aumento anormal da función do córtex suprarrenal. Tamén se di **hipercorticismo**.
- hipercorticismo** *s.m.* V. **hipercorticalismo**.
- hipercrualxesia** *s.f.* Sensibilidade excesiva ó frío.
- hipercrinia** *s.f.* Exceso de segregación das glándulas endócrinas.
- hipercrise** *s.f.* Episodio ou crise especialmente violentos dunha enfermidade.
- hipercromafinismo** *s.m.* Estado producido pola hiperactividade das células do sistema cromafín.
- hipercromatismo** *s.m.* 1. Pigmentación excesiva. 2. Forma de dexeneración do núcleo celular, caracterizada pola formación de múltiples partículas pigmentarias ou cromatina.
- hipercromatopsia** *s.f.* Estado caracterizado pola visión excesivamente coloreada dos obxectos.
- hipercromemia** *s.f.* Excesiva coloración do sangue. Tamén se di **hipercromía**.
- hipercromía** *s.f.* 1. V. **hipercromatismo**. 2. Pigmentación anormal da pel. 3. Aumento do contido de hemoglobina nos glóbulos vermello que produce un aumento da intensidade da coloración normal da mesma. Tamén se di **hipercromemia**.
- hipercupremia** *s.f.* Presencia de cifras de cobre no sangue por riba das consideradas normais.
- hiperdacriose** *s.f.* Excesiva segregación de bágoas.
- hiperdactilia** *s.f.* Existencia de dedos supernumerarios.
- hiperdesmose** *s.f.* Aumento excesivo da proporción de tecido conxuntivo nun órgano ou sistema.
- hiperdiástole** *s.f.* Diástole excesivamente prolongada.
- hiperdinamia** *s.f.* Actividade esaxerada dun órgano ou sistema, especialmente a muscular. // **H. uterina** Actividade excesiva do útero durante o parto.
- hiperdistensión** *s.f.* Distensión excesiva dunha parte anatómica. Tamén se di **hiperectasia**.
- hiperdiurese** *s.f.* Producción excesiva de urina.
- hiperectasia** *s.f.* V. **hiperdistensión**.
- hiperémese** *s.f.* Estado caracterizado pola presenza constante de vómitos. // **H. gravídica** Presencia de vómitos excesivos e incoercibles durante o embarazo.
- hiperemia** *s.f.* Acumulación excesiva de sangue nun órgano ou parte anatómica.
- hiperemotividade** *s.f.* Estado caracterizado pola emotividade excesiva ou esaxerada.
- hiperempatía** *s.f.* Sintonía afectiva desmedida cunha realidade allea.
- hipereosinofilia** *s.f.* Grao extremado de concentración de leucocitos eosinófilos no sangue.
- hiperepidermotrofia** *s.f.* Hipertrofia da capa epidérmica da pel.
- hiperepitimia** *s.f.* Desexo anormalmente esaxerado.
- hiperergasia** *s.f.* Actividade funcional esaxerada dun órgano ou sistema.
- hipererxia** *s.f.* Resposta alérxica extremada ante un alérxeno determinado.
- hiperesoforia** *s.f.* Tendencia do eixe visual a se desviar cara a dentro e arriba.
- hiperesplenismo** *s.m.* Aumento anormal da actividade do bazo, que se caracteriza clinicamente por esplenomegalia e pancitopenia debida ó secuestro anormalmente alto das células sanguíneas na retícula esplénica.
- hiperesplenomegalia** *s.f.* Aumento extremado no tamaño do bazo. Tamén se di **esplenomegalia xigante**.
- hiperesteatose** *s.f.* Grao extremado de dexeneración adiposa dun órgano ou parte anatómica.
- hiperestenia** *s.f.* Forza ou ton muscular maiores do normal.
- hiperestesia** *s.f.* Aumento anormal de calquera tipo de sensibilidade. // **H. acústica** V. **hiperacusia**. / **H. auditiva** V. **hiperacusia** / **H. cutánea** V. **hiperafia**. / **H. dolo-**

rosa V. **hiperalxesia**. / **H. gustativa** Agudeza extremada do sentido do gusto. Tamén se di **hiperxeusia**. / **H. olfactiva** Agudeza extremada do sentido do olfacto. Tamén se di **hiperosmia** / **H. táctil** V. **hiperafia**.

hiperestroxenemia *s.f.* Aumento excesivo da concentración de estróxenos no sangue.

hipereuriopía *s.f.* Abertura palpebral anormalmente grande.

hiperexoforia *s.f.* Desviación do eixe visual cara a fóra e arriba.

hiperextensión *s.f.* Movemento de extensión esaxerado nunha articulación.

hiperfalanxismo *s.m.* Existencia dun número maior do normal de falanxes nos dedos.

hiperfibrinoxenemia *s.f.* Aumento anormal da concentración sérica de fibrinóxeno.

hiperfisemia *s.f.* Exceso de gases no sangue.

hiperflexión *s.f.* Flexión esaxerada ou excesiva dunha articulación.

hiperflogose *s.f.* Grao extremado de inflamación.

hiperfonía *s.f.* Fonación anormalmente elevada.

hiperforia *s.f.* Elevación dun eixe visual sobre o contrario.

hiperfosfatasia *s.f.* Elevación anormal dos niveis de fosfatasas no organismo.

hiperfosfatemia *s.f.* Elevación dos niveis de fosfato no sangue por riba das cifras normais.

hiperfosfaturia *s.f.* Eliminación dunha cantidade excesiva de fosfatos pola urina.

hiperfrenia *s.f.* Excitación mental ou actividade psíquica excesiva.

hiperfunción *s.f.* Aumento anormal da actividade dun órgano ou sistema.

hipergalactose *s.f.* Segregación anormalmente elevada de leite.

hipergamia *s.f.* Parella na que o home é maior cá muller.

hipergammaglobulinemia *s.f.* Concentración de gammaglobulinas no sangue por riba das cifras consideradas normais.

hiperglicemia *s.f.* Concentración de glicosa no sangue por riba das cifras consideradas normais.

hiperglicinemia *s.f.* Concentración plasmática de glicina por riba das cifras normais.

hiperglicinuria *s.f.* Aumento anormal da segregación urinaria de glicina.

hiperglicorraquia *s.f.* Exceso da concentración de glicosa no líquido cefalorraquídeo.

hiperglicosuria *s.f.* Aumento esaxerado da eliminación de glicosa pola urina.

hiperglicoxenólise *s.f.* Degradación excesiva do glicóxeno de reserva almacenado.

hiperglobulia *s.f.* Exceso da cantidade de glóbulos vermellos no sangue. Tamén se di **poliglobulia**. // **H. relativa** Aquela na que se produce un aumento da concentración sanguínea de glóbulos vermellos, causada por unha diminución da cantidade de soro no sangue, pero na que non existe realmente un aumento nas cifras absolutas de hemacias. Tamén se di **eritrocitose**, **poliglobulia relativa**.

hipergonadismo *s.m.* Actividade ovárica ou testicular anormalmente elevada.

hiperhemoglobulinemia *s.f.* Cantidade de hemoglobina no sangue por riba das cifras normais.

hiperhidrose *s.f.* Estado caracterizado pola sudación excesiva, que pode ser xeral ou unicamente afectar a unha parte. Tamén se di **hipersudación**.

hiperhistaminemia *s.f.* Aumento anormal da concentración de histamina no sangue.

hiperinmune *adx.* Que posúe unha concentración moi alta de anticorpos específicos no soro.

hiperinmunidade *s.f.* Capacidade de resposta inmune maior do normal fronte a determinados antíxenos.

hiperinmunización *s.f.* Técnica consistente na administración de grandes cantidades de produtos inmunizantes, coa finalidade de induci-la produción de grandes cantidades de anticorpos fronte ás mesmas.

hiperinmunoglobulinemia *s.f.* Niveis anormalmente elevados de inmunoglobulinas no plasma.

hiperinsulinismo *s.m.* Estado de hipoglicemia producido por unha segregación esaxerada de insulina polo páncreas ou pola administración dunha dose excesiva da mesma.

hiperinvolución *s.f.* Regresión extremada dun órgano a un estado anterior, como a que pode ter lugar no útero despois do parto.

hiperlactacidemia *s.f.* Concentración excesiva de ácido láctico no sangue.

hiperlactación *s.f.* Prolongación excesiva do período de lactación.

hiperlecitinemia *s.f.* Concentración excesiva de lecitina no sangue.

hiperleucocitose *s.f.* Grao extremadamente aumentado de concentración de leucocitos no sangue.

hiperlicuorrea *s.f.* Producción dunha cantidade anormalmente elevada de líquido cefalorraquídeo.

hiperlipemia *s.f.* Denominación xeral dada ó aumento da concentración dos diferentes lípidos no sangue e ó estado que produce. Tamén se di **hiperlipidemia**.

hiperlipidemia *s.f.* V. **hiperlipemia**.

hiperlipoproteinemia *s.f.* Elevación dos niveis plasmáticos de lipoproteínas producidos por aumento na súa síntese ou por unha dificultade na súa eliminación, o que pode traer como consecuencia arteriosclerose ou pancreatite. Poden ser defectos primarios ou secundarios a outra enfermidade subxacente. Divídense en dous grupos: trastornos orixinados por un só xene e trastornos multifactoriais. As primarias á súa vez son: a deficiencia familiar de lipoproteín-lipase, a deficiencia familiar de lipoproteína CII, a hiperlipoproteinemia familiar de tipo 3, a hipercolesterolemia familiar, a hipertrigliceridemia familiar e a hiperlipidemia familiar combinada ou hiperlipidemia múltiple.

hiperlituria *s.f.* Exceso de ácido úrico (ácido lítico) na urina.

hipermaduro -a *adx.* Que presenta un estado de madurez excesivo.

hipermagnesemia *s.f.* Concentración excesiva de magnesio no plasma.

hipermanía *s.f.* Anomalía do comportamento caracterizada pola presenza dunha manía extremada.

hipermastia *s.f.* 1. Presencia de glándulas mamarias superumerarias. 2. Hipertrofia da glándula mamaria.

hipermegasomía *s.f.* Estado caracterizado polo desenvolvemento esaxerado do corpo.

hipermenorrea *s.f.* Hemorraxia menstrual anormalmente abundante pero de duración normal.

hipermetabolismo *s.m.* Metabolismo anormalmente aumentado.

hipermetaplasia *s.f.* Transformación moi acusada dun tipo histolóxico noutro diferente.

hipermetría *s.f.* Forma de dismetría caracterizada polos movementos excesivamente amplos.

hipermétrope *adx.* Que padece hipermetropía. Tamén se di **hipérope**.

hipermetropía *s.f.* Anomalía da refracción ocular na que os raios luminosos que penetran no ollo converxen nun punto situado por detrás da retina, como resultado dun globo ocular excesivamente curto no sentido anteroposterior. Tamén se di **hiperopía**. // **H. absoluta** Aquela que non se pode corrixir mediante os mecanismos normais de acomodación do ollo. / **H. adquirida** Aquela producida pola parálise do músculo ciliar, por unha dexeneración debida á idade ou pola extracción cirúrxica do cristalino. / **H. axil** Aquela que se debe a unha diminución conxénita do diámetro anteroposterior do ollo. Tamén se di **hipermetropía conxénita**. / **H. conxénita V. h. axil**. / **H. latente** Aquela que se compensa mediante un esforzo de acomodación por parte do ollo.

hipermimia *s.f.* Mímica corporal esaxerada. Tamén se di **hiperseμία**.

hipermiotonía *s.f.* Aumento anormal do ton muscular.

hipermiotrofia *s.f.* Aumento anormal da masa muscular.

hipermnesia *s.f.* Aumento anormal da capacidade de memorización.

hipermnésico -a *adx.* Relativo á hipermnesia.

hipermobilidade *s.f.* Mobilidade esaxerada ou excesiva.

hipernatremia *s.f.* Concentración de sodio no sangue por riba das cifras consideradas normais.

hipernefrite *s.f.* Inflamación das cápsulas suprarrenais.

hipernefroide *adx.* Semellante ás cápsulas suprarrenais.

hipernefroma *s.m.* Carcinoma renal que presenta unha estrutura celular semellante ó tecido do córtex suprarrenal. Tamén se di **tumor de Grawitz**.

hiperneocitose *s.f.* Leucocitose na que existe un número excesivo de formas inmatúras.

hiperneuria *s.f.* Estado caracterizado por unha actividade nerviosa esaxerada.

hipernitremia *s.f.* Concentración excesiva de substancias nitroxenadas no sangue.

hipernormocitose *s.f.* Aumento anormal da proporción de neutrófilos no sangue.

hipernucleose *s.f.* Presencia de leucocitos polimorfonucleares no sangue por riba das cifras consideradas normais.

hipernutrición *s.f.* Alimentación excesiva e estado derivado da mesma.

hiperonicose *s.f.* Aumento anormal do tamaño das unllas. Tamén se di **hiperoniquia**.

hiperoniquia V. **hiperonicose**.

hipérope *s.m.* V. **hipermétrope**.

hiperopía *s.f.* V. **hipermetropía**.

hiperorexia *s.f.* Aumento anormal do apetito.

hiperorquidia *s.f.* Aumento esaxerado da segregación testicular.

hiperortocitose *s.f.* Aumento extremado dos leucocitos mantendo a proporción normal entre os diversos tipos dos mesmos.

hiperosmia *s.f.* V. **hiperestesia olfactiva**.

hiperosmolaridade *s.f.* Concentración osmolar aumentada nos líquidos corporais.

hiperostose *s.f.* Hipertrofia localizada ou xeneralizada do tecido óseo. // **H. cortical xeneralizada** Enfermidade transmitida con carácter autosómico recesivo, caracterizada por osteosclerose do cranio, das costelas, do maxilar inferior, das clavículas e das diáfises dos ósos longos e aumento da concentración da fosfatase alcalina no sangue. / **H. cortical infantil** Enfermidade dos lactantes caracterizada pola tumefacción dos tecidos brandos localizados encima dos ósos afectados pola hiperostose, febre e irritabilidade. Cursa con períodos de remisión e outros de exaceración. / **H. frontal interna** Engrosamento da táboa interna do óso frontal, que pode cursar con hiper-

trícose e obesidade e que afecta normalmente a mulleres nas etapas próximas á menopausa. Tamén se di **hiperostose de Morgagni**. / **H. de Morgagni**. V. **h. frontal interna**.

hiperoxemia *s.f.* Exceso de osíxeno no sangue.

hiperoxia *s.f.* Estado que presenta un organismo sometido a unha exposición a concentracións moi elevadas de osíxeno.

hiperoxidación *s.f.* Oxidación excesiva dun corpo.

hiperpalestesia *s.f.* Aumento esaxerado da sensibilidade vibratoria.

hiperpancreatismo *s.m.* Actividade esaxerada da función do páncreas.

hiperparasito *s.m.* Parasito que vive á conta doutro parasito.

hiperparatireose *s.f.* V. **hiperparatiroidismo**.

hiperparatiroidismo *s.m.* Actividade anormalmente aumentada das glándulas paratiroides que produce unha excesiva segregación da hormona paratiroide, ocasionando descalcificación ósea, alteración nos túbulos renais, na mucosa gastrointestinal e hipotonía muscular. // **H. primario**. Aquel que se produce como consecuencia dunha anomalía da propia glándula paratiroide, producida por unha neoplasia (xeralmente adenomas benignos) ou por unha hiperplasia celular. / **H. secundario** Aquel que se produce pola estimulación da glándula paratiroide por unha situación de hipocalcemia, como sucede caracteristicamente na insuficiencia renal crónica ou nas deficiencias de vitamina D.

hiperparotidismo *s.m.* Aumento da actividade das glándulas parótidas. Tamén se di **hiperparatireose**.

hiperpepsinia *s.f.* Segregación excesiva de pepsina gástrica.

hiperperistaltismo *s.m.* Aumento esaxerado dos movementos peristálticos do tubo dixestivo. Tamén se di **hiperperistalse**.

hiperpermeabilidade *s.f.* Permeabilidade excesiva, principalmente dos vasos sanguíneos.

hiperpiese *s.f.* Aumento da presión sanguínea por riba das cifras normais ou hipertensión sanguínea arterial, especialmente a esencial.

hiperpigmentación *s.f.* Exceso de pigmentación da pel, das mucosas ou doutras partes do organismo.

hiperpinealismo *s.m.* Segregación excesiva da glándula pineal ou epífise e estado morbosos consecutivos a un exceso de función da mesma.

hiperpirexia *s.f.* Aumento excesivo da temperatura corporal por riba das cifras consideradas normais. Tamén se di **hipertermia**.

hiperpituitarismo *s.m.* Aumento esaxerado da función da hipófise ou glándula pituitaria e estado morbosos consecutivos ó mesmo.

hiperplasia *s.f.* Exceso do número de células normais dun tecido, conservando a disposición normal do mesmo.

hiperplasmia *s.f.* Exceso da proporción de plasma no sangue.

hiperplatirrinia *s.f.* Nariz esaxeradamente ancho. Tamén se di **hiperrinoplastia**.

hiperploidía *s.f.* Presencia dun número de cromosomas maior do normal para unha especie determinada.

hiperpnea *s.f.* Aumento da amplitude e da frecuencia dos movementos respiratorios.

hiperpolarización *s.f.* Aumento na cantidade das cargas eléctricas separadas por unha membrana celular, que ten como consecuencia un aumento no potencial eléctrico transmembrana.

hiperpolipeptidemia *s.f.* Exceso de polipéptidos no sangue.

hiperpotasemia *s.f.* V. **hipercaliemia**.

hiperpraxe *s.f.* Actividade mental anormalmente aumentada. Tamén se di **hiperpraxia**.

hiperpraxia *s.f.* V. **hiperpraxe**.

hiperprebetalipoproteinemia *s.f.* Cantidade excesiva de prebetalipoproteínas no sangue.

hiperprosexia *s.f.* Grao esaxerado de atención.

hiperproteose *s.f.* Estado morbosos ocasionado por un exceso de proteínas no sangue.

hiperpselfesia *s.f.* V. **hiperafia**.

hiperpsicose *s.f.* Grao extremado de psicose.

hiperqueratomicose *s.f.* Hipertrofia da capa córnea da pel causada por unha infección fúnxica.

hiperqueratose *s.f.* Hipertrofia da capa córnea da pel. // **H. folicular** Aquela que ocorre nos orificios dos foliculos pilosos.

hiperquilia *s.f.* V. **hiperclorhidria**.

hiperquinesia *s.f.* V. **hipercinesia**.

hiperreflexia *s.f.* Grao esaxerado das respostas reflexas.

hiperresonancia *s.f.* Resonancia esaxerada, principalmente a que sucede durante a auscultación ou a percusión.

hiperrinoplastia *s.f.* V. **hiperplatirrinia**.

hipersalivación *s.f.* Exceso de segregación de saliva. Tamén se di **sialorrea**.

hipersarcose *s.f.* Desenvolvemento esaxerado de tecido de granulación nas feridas.

hipersegregación *s.f.* Segregación excesiva por parte dunha glándula ou dun órgano.

hiperseemia *s.f.* V. **hipermimia**.

hipersensibilidade *s.f.* 1. Aumento esaxerado dun ou máis sentidos ou da emotividade. 2. Hipersensibilización

inmunolóxica a un ou máis alérxenos. Tamén se di **anafilaxe**.

hipersensibilización *s.f.* Proceso de produción dun estado de hipersensibilidade ou anafilaxe.

hipersimpaticotonía *s.f.* Ton nervioso simpático esaxerado.

hipersístole *s.f.* Aumento anormal da duración ou da forza da fase sistólica do ciclo cardíaco.

hipersistolía *s.f.* Estado caracterizado pola presenza de hipersístole.

hipersomnía *s.f.* Estado caracterizado pola presenza dun sono excesivo.

hipersudación *s.f.* V. **hiperhidrose**.

hipertelia *s.f.* Aumento anormal do tamaño da mamila.

hipertelorismo *s.m.* Separación excesiva entre dúas partes anatómicas ou órganos. // **H. ocular** Separación excesiva entre os dous ollos ou as dúas órbitas, que frecuentemente se asocia cunha disostose cleidocranial ou craniofacial.

hipertensina *s.f.* V. **anxiotensina**.

hipertensinóxeno *s.m.* Globulina plasmática de procedencia hepática, que pola acción da renina se transforma en hipertensina ou anxiotensina.

hipertensión *s.f.* Aumento da presión nun órgano ou sistema, especialmente no sistema vascular. // **H. arterial maligna** Forma grave da hipertensión esencial que cursa con encefalopatía hipertensiva, insuficiencia renal e cardíaca. / **H. arterial benigna** Hipertensión esencial que permanece durante anos sen orixinar alteracións patolóxicas importantes. / **H. endocranial** Hipertensión localizada dentro das estruturas cerebrais do sistema nervioso central, que se evidencia por un aumento da presión do líquido cefalorraquídeo. Tamén se di **hipertensión intracranial**. / **H. intracranial** V. **h. endocranial**. / **H. ocular** Aumento persistente da tensión intraocular. / **H. portal** Aquela que afecta á vea porta, ás súas veas afluentes e ás estruturas drenadas por estas. / **H. pulmonar** Aumento da presión dentro do circuíto sanguíneo pulmonar. / **H. renovascular** Hipertensión arterial orixinada por unha alteración renal. / **H. venosa sistémica** Hipertensión do circuíto vascular venoso, xeralmente producida por unha dificultade no retorno do sangue ó corazón.

hipertermalxesia *s.f.* Sensibilidade extremada á calor. Tamén se di **hipertermestesia**.

hipertermestesia *s.f.* V. **hipertermalxesia**.

hipertermia *s.f.* V. **hiperpirexia**.

hipertérmico -a *adx.* Que ten unha temperatura superior á normal.

hipertimergasia *s.f.* Aumento esaxerado da actividade mental acompañado de excitación e grande emotividade.

hipertimia *s.f.* Ánimo exaltado pero sen chegar á manía.

hipertimismo *s.m.* Actividade esaxerada da glándula tímica e estado patolóxico consecuente á mesma.

hipertiroidismo *s.m.* Aumento da función da glándula tiroide e estado patolóxico producido pola mesma. Tamén se di **tirotoxicose**. Caracterízase clinicamente por manifestacións cardíacas, como taquicardia, fibrilación articular e palpitacións, alteracións oculares, fatiga, nerviosismo, tremor, sudación excesiva, intolerancia á calor, pel quente, lisa e húmida, debilidade muscular, diminución do peso, diarrea e labilidade emocional. // **H. primario**. Aquel que se produce por unha alteración na función da propia glándula tiroide. / **H. secundario** Aquel que se orixina por unha alteración no eixe hipotálamico-hipofisario.

hipertiroxinemia *s.f.* Aumento da concentración sanguínea da hormona tiroide 3,5,3',5' tetraiodotironina, (tiroxina ou T₄), que xunto coa elevación da 3,5,3' triiodotironina (T₃), orixina as manifestacións da tirotoxicose ou hipertiroidismo.

hipertonía *s.f.* 1. Ton ou tensión esaxerada, especialmente referido ó ton muscular. 2. Estado do fluído cunha concentración molecular superior á do plasma. 3. Hipertensión.

hipertónico -a *adx.* Do fluído que posúe unha concentración molecular maior ca outro, xeralmente o plasma, que se toma como referencia.

hipertricrofridia *s.f.* Cantidade esaxerada de pelo nas células.

hipertricrose *s.f.* Desenvolvemento esaxerado do pelo, principalmente da peluxe. Tamén se di **hirsutismo**.

hipertrofia *s.f.* Agrandamento ou crecemento excesivo dun órgano ou dunha parte dun órgano como consecuencia dun aumento de tamaño das células constituíntes do mesmo.

hipertrombocitose *s.f.* Elevación anormal do número de plaquetas no sangue.

hiperuricemia *s.f.* Aumento da concentración de ácido úrico no sangue por riba das cifras normais.

hiperuricosuria *s.f.* Eliminación esaxerada de ácido úrico pola urina.

hipervascularizado -a *adx.* Do órgano ou sistema que presenta maior vascularización da que posúe normalmente.

hiperventilación *s.f.* Aumento anormal do recambio de aire nos alvéolos pulmonares, consecuencia directa dun aumento da frecuencia e da profundidade dos movementos respiratorios. A hiperventilación mantida leva a un descenso da concentración de bióxido de carbono no sangue e polo tanto a unha alcalose respiratoria.

hiperviscosidade *s.f.* Aumento anormal da viscosidade dunha substancia ou dun líquido, especialmente do sangue.

hipervitaminose *s.f.* Denominación xeral dada ós estados morbosos producidos por un aumento de consumo de vitaminas.

hipervixilia *s.f.* Grao máximo de estado de conciencia, caracterizado por un aumento da tensión psicolóxica e fisiolóxica, e fenómenos como a diminución da tolerancia á dor, á fatiga, insomnio, etc.

hipervolemia *s.f.* Aumento anormal do volume sanguíneo circulante.

hiperxénese *s.f.* Desenvolvemento ou hipertrofia excesiva dunha parte anatómica, dun órgano ou dun organismo en xeral.

hiperxenitalismo *s.m.* Actividade esaxerada das gónadas, principalmente durante a infancia.

hiperxeusia *s.f.* V. **hiperestesia gustativa**.

hipnagogo -a *adx. e s.m.* Que produce sono ou somnolencia. Tamén se di **hipnótico**.

hipnagóxico -a *adx.* Dos fenómenos psíquicos en forma de fantasías, delirios ou alucinacións que preceden inmediatamente o sono, que aparecen durante a fase de transición entre a vixilia e o sono.

hipnalxia *s.f.* Dor que se produce durante o sono e que desaparece ó espertar. Tamén se di **nictalxia**.

hipnestesia *s.f.* Sensación de sono ou somnolencia.

hipniatría *s.f.* Terapéutica das enfermidades nerviosas baseada no sono ou no hipnotismo.

hipno- Forma prefixa do gr. *hýpnos* (sono), utilizada na formación de palabras que teñen relación co sono.

hipnoanálise *s.f.* Método terapéutico que utiliza a hipnose asociada á teoría da psicanálise para o tratamento de enfermidades psiquiátricas.

hipnoanestesia *s.f.* Anestesia inducida mediante a hipnose.

hipnofobia *s.f.* Temor morbosos ó sono.

hipnofrenose *s.f.* Denominación xeral dada ós trastornos do sono.

hipnoloxía *s.f.* Ciencia que estudia os fenómenos relacionados co sono e a hipnose.

hipnopómpico -a *adx.* Dos fenómenos psíquicos que se presentan ó espertar, como algunhas alucinacións, ou das fantasías ou soños que persisten despois de espertar.

hipnose *s.f.* Estado semellante ó sono, provocado mediante a suxestión e caracterizado por unha susceptibilidade aumentada á influencia do hipnotizador. Utilízase na actualidade no tratamento dalgunhas enfermidades psíquicas, como as neuroses ou nas alteracións psicossomáticas, estando totalmente contraindicada nas psicoses, utilizándose tamén para producir unha anestesia lixeira nalgúns casos de cirurxía menor.

hipnosédante *s.m.* Denominación xeral dos fármacos que provocan sedación e inducen o sono, como as benzodiazepinas e os barbitúricos.

hipnoterapia *s.f.* Método terapéutico que utiliza a hipnose como medio de tratamento das enfermidades.

hipnótico -a *adx.* 1. Relativo ó sono e ó hipnotismo. 2. Que produce sono. // *s.m.* 3. Axente ou fármaco que induce o sono. Tamén se di **hipnagogo**.

hipnotismo *s.m.* 1. Teoría e conxunto das técnicas que permiten producir un estado de hipnose. 2. Mesmerismo.

hipnotizador-a *adx. e s.* Que hipnotiza.

hipo- Forma prefixa do gr. *hýpó* (debaixo de), que indica unha localización espacial inferior ou unha situación de inferioridade.

hipoacidemia *s.f.* Deficiencia de radicais ácidos no sangue.

hipoacidez *s.f.* Falta da acidez normal en calquera medio.

hipoactividade *s.f.* Actividade diminuída dun órgano ou dun sistema.

hipoacusia *s.f.* Diminución anormal da agudeza auditiva.

hipoadrenalismo *s.m.* Actividade anormalmente diminuída das glándulas suprarrenais, como sucede na enfermidade de Addison. Tamén se di **hiposuprarrenalismo**.

hipoalbuminose *s.f.* Concentración anormalmente baixa de albumina no sangue.

hipoalimentación *s.f.* Alimentación insuficiente e estado morbosos que produce.

hipoaloniemia *s.f.* Diminución da concentración de sales no sangue.

hipoalxesia *s.f.* Diminución da sensibilidade á dor.

hipoamnesia *s.f.* Diminución da memoria.

hipoanfotonía *s.f.* Diminución da actividade dos sistemas vago e simpático.

hipoastenia *s.f.* Debilidade ou astenia moderada.

hipoazouria *s.f.* Diminución da eliminación de substancias nitroxenadas pola urina.

hipobarismo *s.m.* Estado resultante dunha exposición a unha presión de gases ambientais ou a presións atmosféricas inferiores ás do organismo.

hipobaropatía *s.f.* Denominación xeral dada ós trastornos experimentados pola exposición a unha presión atmosférica excesivamente baixa.

hipobulia *s.f.* Diminución leve da vontade.

hipocalcemia *s.f.* Diminución da concentración de calcio no sangue por debaixo do normal.

hipocalcípexia *s.f.* Diminución da fixación normal dos sales de calcio nos tecidos.

hipocaliemia *s.f.* Concentración anormalmente baixa de potasio no sangue.

hipocampo *s.m.* Quinta circunvolución temporal. Recibe informacións ópticas, acústicas, táctiles e viscerais e emite eferencias cara ó hipotálamo, ós núcleos do septum e ó cíngulo. Tamén se di **lobo do hipocampo**.

hipocapnia *s.f.* Redución da presión parcial de CO₂ no sangue arterial por debaixo das cifras normais.

hipocatalasemia *s.f.* Nivel anormalmente baixo de catalase no sangue.

hipocatalasia *s.f.* Diminución anormal da catalase nos tecidos.

hipocenestesia *s.f.* Diminución da sensación normal de benestar.

hipociclose *s.f.* Acomodación ocular insuficiente causada pola función anormal do músculo ciliar ou pola excesiva rixidez do cristalino.

hipocinesia *s.f.* Diminución anormal do movemento nunha parte ou organismo determinado.

hipocloremia *s.f.* Diminución anormal da concentración de cloruros no sangue.

hipoclorhidria *s.f.* Diminución anormal da concentración de ácido clorhídrico no zume gástrico.

hipoclorito *s.m.* Sal do ácido hipocloroso, dos que os máis utilizados son o hipoclorito sódico e o potásico, como desinfectantes e como axentes branqueadores.

hipocloroso (ácido) *s.m.* Composto, de fórmula CLOH, utilizado como axente desinfectante.

hipocloruria *s.f.* Diminución da eliminación normal de cloruros pola urina.

hipocolesterolemia *s.f.* Diminución anormal da concentración de colesterol no sangue.

hipocolia *s.f.* Diminución anormal da segregación de bile.

hipocoluria *s.f.* Diminución anormal da cantidade de pigmentos biliares eliminados pola urina.

hipocondíleo -a *adx.* Localizado debaixo dun cóndilo.

hipocondría *s.f.* Síndrome psiquiátrica somatoforme na que predomina un temor esaxerado a padecer unha enfermidade determinada, máis ca unha auténtica somatización. Pódese observar nas psicoses, onde toma carácter de delirio ou formando parte dun trastorno neurótico.

hipocondrio *s.m.* Rexión superior e lateral do abdome a cada lado da rexión superior central ou epigastrio.

hipocrático -a *adx.* Pertencente ou relativo a Hipócrates ou ás súas doutrinas médicas. // **Calvicie h.** Forma corrente de calvicie masculina na que a perda do pelo se localiza na cúspide do cranio, con persistencia dunha coroa de pelo na rexión parietal e occipital. / **Dedos h.** Deformidade dos dedos caracterizada por un engrosamento da terceira falanxe e unha convexidade das unllas. Prodúcese caracteristicamente nas doenzas broncopulmonares crónicas. / **Facies h.** Rictus particular da facies dos moribundos descrita orixinalmente por Hipócrates.

hipocratismo *s.m.* Sistema terapéutico baseado na observación e imitación dos procesos da natureza. // **H. dixital** Aumento do tamaño da falanxe distal dos dedos, que adquiren ademais unha forma semellante ás baquetas dun tambor. V. **hipocrático (dedos)**.

hipocromático -a *adx.* 1. Que ten carencia de materia colorante. 2. Que contén un número anormalmente baixo de cromosomas.

hipocromatismo *s.m.* Pigmentación deficiente, especialmente a diminución de cromatina do núcleo celular.

hipocromía *s.f.* Diminución da coloración normal, especialmente a que se produce no sangue pola insuficiencia do contido de hemoglobina nas hemacias.

hipodactilia *s.f.* Número de dedos menor do normal.

hipoderma *s.m.* Tecido celular subcutáneo. Trátase dun tecido graxo que posúe células adiposas grandes cunha pinga central de graxa neutra e un núcleo desprazado á periferia, que se reúnen formando lobos graxos separados entre si mediante tabiques de tecido conxuntivo.

hipodermoclise *s.f.* Inxección terapéutica de líquido no tecido celular subcutáneo.

hipodermolítase *s.f.* Presencia de cálculos na hipoderme.

hipodiafragmático -a *adx.* Que se localiza debaixo do diafragma. Tamén se di **hipofrénico**, **subfrénico**.

hipodinamia *s.f.* Diminución anormal da forza muscular.

hipoectasia *s.f.* Ectasia ou dilatación lixeira dunha parte anatómica.

hipoencéfalo *s.m.* 1. Cerebelo do embrión. 2. Corpus cuadrixéminos, protuberancia anular e bulbo raquídeo, aquelas partes do sistema nervioso central localizadas inmediatamente por debaixo das estruturas encefálicas.

hipoeosinofilia *s.f.* Diminución anormal do número de eosinófilos no sangue.

hipoesoforia *s.f.* Estrabismo caracterizado pola desviación da mirada cara a dentro e cara abaixo.

hipoesplenismo *s.m.* Diminución da función do bazo.

hipoestesia *s.f.* Diminución de calquera tipo de sensibilidade.

hipoexoforia *s.f.* Estrabismo caracterizado pola desviación da mirada cara a fóra e cara a abaixo.

hipofalanxismo *s.m.* Número de falanxes menor do normal.

hipofarinxe *s.f.* Laringofarinxe ou porción inferior da farinxe. Constitúe o comezo da vía aérea cara á larinxe e da vía dixestiva a través do seo piriforme cara ó esófago.

hipofibrinopenemia *s.f.* Descenso da concentración normal de fibrinóxeno no plasma, que causa trastornos hemorráxicos pola alteración que se produce nos mecanismos da coagulación.

hipófise *s.f.* Glándula endócrina única, localizada na cadeira turca do óso esfenóide, que se conecta co cerebro mediante o talo pituitario. O seu lóbulo anterior segrega esencialmente hormona de crecemento (GH), hormona tireotrópica (TRH), hormona corticotrópica (CRH), hormona foliculoestimulante (FSH), hormona luteinizante (LH), prolactina e hormona estimulante dos melanocitos (MSH). O seu lóbulo posterior segrega hormona antidiurética (vasopresina) e oxitocina. A parte intermedia entre os dous lóbulos (*pars intermedia*), ten máis importancia nalgunhs animais inferiores ca no ser humano.

hipofisectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica da glándula hipofisaria.

hipofisite *s.f.* Inflamación da hipófise.

hipofobia *s.f.* Diminución anormal da reacción de medo diante dun perigo certo.

hipofonía *s.f.* Diminución da potencia da voz.

hipoforia *s.f.* Estado no que un eixe visual é inferior ó outro.

hipofosfatasia *s.f.* Deficiencia de fosfatase alcalina no organismo, da que existen catro formas: perinatal con evolución mortal, da primeira infancia, da segunda infancia e do adulto. Clinicamente, nas formas da primeira e da segunda infancia prodúcese raquitismo, e na forma do adulto aparece osteomalacia e depósito de pirofosfato cálcico.

hipofosfatemia *s.f.* Diminución anormal da concentración de fosfatos no sangue.

hipofosfato *s.m.* Sal do ácido hipofosfórico.

hipofosfaturia *s.f.* Diminución da eliminación normal de fosfatos pola urina.

hipofosfito *s.f.* Sal do ácido hipofosforoso.

hipofosfórico *s.m.* Anhídrido de fórmula P_2O_4 e ácido correspondente $H_4P_2O_6$. O ácido hipofosfórico é un sólido que funde ós 55 °C, posúe funcións ácidas e non ten propiedades reductoras.

hipofosforoso (ácido) *s.m.* Ácido de fórmula $H_2PO_2H_4$, líquido incoloro, que pode cristalizar cerca dos 0 °C, reductor enérxico.

hipofrenia *s.f.* Retardo mental.

hipofrénico -a *adx.* 1. Que padece hipofrenia. 2. V. **hipodiafragmático**.

hipofunción *s.f.* Diminución da función normal dun órgano ou sistema.

hipogalactia *s.f.* Insuficiencia da segregación láctea.

hipogamia *s.f.* Parella na que a muller é maior có home.

hipogammaglobulinemia *s.f.* Diminución da concentración normal de todas ou dalgunha clase de inmunoglobulinas.

hipogastrio *s.m.* Rexión do abdome localizada na porción media e inferior do mesmo, entre as dúas fosas ilíacas e por debaixo do embigo.

hipogastrocele *s.f.* Eventración localizada na rexión hipogástrica.

hipogastrodídimo *s.m.* Monstro dobre, no que ámbolos dous fetos permanecen unidos a través do hipogastrio. Tamén se di **hipogastrópago**.

hipogastrópago *s.m.* V. **hipogastrodídimo**.

hipogastroquise *s.f.* Fendedura do abdome localizada na rexión do hipogastrio.

hipoglicemia *s.f.* Diminución da concentración de glicosa no sangue por debaixo das cifras normais. A diminución moderada, con cifras de glicemia arredor de 70 mg/dl, unicamente produce unha disfunción subliminal do sistema nervioso central, que orixina unha anomalía nos potenciais evocados auditivos; se a cifra da glicemia descende ata uns 50 mg/dl, existen síntomas de actividade adrenérxica, como fame, ansiedade, sudación, taquicardia e tremor; cando as cifras chegan a uns 20 mg/dl, hai unha disfunción grave do sistema nervioso central, que produce cefalea, diminución da agudeza mental, defectos na actividade motora fina, e diminución no nivel de conciencia, podéndose chegar ó coma.

hipoglicemiante *adx.* Que produce unha diminución da concentración de glicosa no sangue.

hipoglicorraque *s.f.* Diminución da concentración normal de glicosa no líquido cefalorraquídeo.

hipoglicoxenólise *s.f.* Diminución anormal dos procesos de hidrólise do glicóxeno para producir glicosa.

hipoglobulia *s.f.* Diminución do número de glóbulos vermello no sangue.

hipoglose *s.f.* Cara inferior ou raíz da lingua.

hipoglosite *s.f.* Inflamación da raíz da lingua.

hipognato -a *adx.* Que ten o maxilar inferior excesivamente prominente.

hipogonadismo *s.m.* Diminución da función das gónadas e estado morbosos producido, caracterizado polo retardo no crecemento e no desenvolvemento sexual. Tamén se di **hipoxenitalismo**.

hipogranulocitose *s.f.* Diminución por debaixo das cifras normais do número de leucocitos granulares no sangue.

hipohedonia *s.f.* Diminución morbosos da capacidade para experimentar pracer, característica dos estados depresivos.

hipohemia *s.f.* Diminución anormal do volume de sangue.

hipohidrose *s.f.* Diminución anormal do volume de sudación.

- hipoinmunidade** *s.f.* Diminución anormal da función inmunitaria.
- hipoinosemia** *s.f.* V. **hipofibrinoxenemia**.
- hipoinsulinismo** *s.m.* Diminución anormal da segregación de insulina polo páncreas e estado que produce.
- hipolipidemia** *s.f.* Concentración de lípidos no plasma por debaixo das cifras normais.
- hipolipose** *s.f.* Deficiencia anormal da proporción de graxa nos tecidos.
- hipomanía** *s.f.* Estado exaltado do ánimo sen chegar ó característico da manía.
- hipomastía** *s.f.* Insuficiencia no desenvolvemento das glándulas mamarias.
- hipomenorrea** *s.f.* Menstruación insuficiente en canto á súa duración ou á súa intensidade, pero que sucede a intervalos periódicos normais.
- hipometabolismo** *s.m.* Estado no que hai unha diminución da intensidade do metabolismo xeral.
- hipometría** *s.f.* Anomalía da realización dos movementos voluntarios na que estes non chegan ó alcance necesario.
- hipomicrosomía** *s.f.* Mínima das estaturas dentro das consideradas normais para un sexo determinado.
- hipomimia** *s.f.* Diminución anormal da mímica que acompaña as emocións ou a expresión normal.
- hipomineralización** *s.f.* Diminución anormal da mineralización dos tecidos.
- hipomiotonía** *s.f.* Diminución anormal do ton muscular.
- hipomixia** *s.f.* Diminución anormal da segregación de moco.
- hipomnesia** *s.f.* Diminución anormal da memoria.
- hipomobibilidade** *s.f.* Diminución anormal da mobilidade dunha parte ou de todo o corpo.
- hiponatremia** *s.f.* Diminución da concentración de sodio por debaixo das cifras normais.
- hiponiquio** *s.m.* Capa da epiderme sobre a que se localizan as unllas.
- hipoparatiroidismo** *s.m.* Insuficiencia da segregación de hormona paratiroide polas glándulas paratiroides e estado morbo que produce. // **H. primario** Aquel que se produce por unha anomalía da función das propias glándulas paratiroides. / **H. secundario** Aquel que se orixina por unha causa diferente dunha disfunción primaria das glándulas paratiroides, sendo xeralmente consecuencia dunha extirpación das devanditas glándulas durante unha operación cirúrxica realizada sobre a glándula tiroide. A ausencia destas glándulas produce unha diminución da concentración plasmática de calcio e un aumento do nivel de fosfato, o que ten como consecuencia unha diminución da reabsorción ósea normal cara ó plasma e un aumento na densidade do óso.
- hipopepsia** *s.f.* Dixestión defectuosa causada por unha diminución anormal da segregación de enzimas gástricos.
- hipoperistalse** *s.f.* Diminución anormal dos movementos peristálticos do tubo dixestivo.
- hipopexia** *s.f.* Diminución da fixación normal dunha substancia pola parte dun tecido.
- hipopiese** *s.f.* Diminución anormal dunha presión orgánica.
- hipopinealismo** *s.m.* Función insuficiente da glándula pineal e estado morbo consecutivo á mesma.
- hipopion** *s.m.* Presencia dunha colección purulenta na cámara anterior do ollo.
- hipopituitarismo** *s.m.* Función insuficiente da hipófise e estado morbo consecutivo á diminución da concentración das diferentes hormonas que produce. // **H. primario** Aquel que se produce por unha anomalía na función da propia glándula hipofisaria. / **H. secundario** Aquel que resulta dunha hipofunción do hipotálamo, o que orixina unha diminución da liberación dos factores hipotalámicos que regulan a segregación das hormonas hipofisarias.
- hipoplasia** *s.f.* Desenvolvemento incompleto dun órgano, dunha parte ou dun tecido.
- hipopnea** *s.f.* Diminución anormal da frecuencia e da amplitude dos movementos respiratorios.
- hipoporose** *s.f.* Formación deficiente dun calo de fractura ósea.
- hipoprosxia** *s.f.* Diminución anormal da atención considerada como esforzo que se aplica na relación co medio externo a un mesmo.
- hipoprotombinemia** *s.f.* Deficiencia da concentración de protrombina no sangue.
- hipopselafesia** *s.f.* Diminución anormal do sentido do tacto.
- hipoquilia** *s.f.* Deficiencia de formación de quilo.
- hiporreflexia** *s.f.* Diminución anormal da intensidade dos reflexos.
- hiposensibilización** *s.f.* Método terapéutico que busca conseguir a diminución da resposta inmunolóxica a un alérxeno mediante a exposición progresiva a doses crecentes do mesmo.
- hiposexualidade** *s.f.* Desenvolvemento deficitario das características sexuais físicas ou psíquicas.
- hiposfagma** *s.m.* Colección hemática localizada debaixo da conxuntiva bulbar.
- hiposialadenite** *s.f.* Inflamación da glándula salivar submaxilar.
- hiposialia** *s.f.* Diminución anormal da segregación de saliva.

hiposimpaticotonía *s.f.* Diminución da actividade do sistema nervioso simpático.

hiposinexia *s.f.* Coordinación muscular deficiente ou incompleta.

hiposistolia *s.f.* Sístole cardíaca insuficiente.

hiposmia *s.f.* Diminución anormal do sentido do olfacto.

hiposomía *s.f.* Desenvolvemento insuficiente do corpo. Tamén se di **ananismo**.

hiposomnia *s.f.* Sono anormalmente curto ou superficial.

hipospadía *s.m.* Abertura anormal conxénita da uretra, localizada na cara inferior do pene.

hipostenuria *s.f.* Diminución anormal da capacidade de concentración da urina polo ril.

hiposulfito *s.m.* Calquera dos sales do ácido hiposulfuroso.

hiposuprarrenalismo *s.m.* V. **hipoadrenalismo**.

hipotálamo *s.m.* Porción ventral do diencefalo que forma o chan e parte da parede lateral do terceiro ventrículo cerebral. Está constituído por unha serie de núcleos que se poden dividir en tres grupos: 1. Grupo anterior, constituído polo núcleo paraventricular, o núcleo anterior e o núcleo supraóptico; 2. Grupo medio, formado polo núcleo dorsomediano, o núcleo ventromediano e o núcleo arqueado; 3. Grupo posterior, formado polo núcleo posterior e o tubérculo mamilar. Funcionalmente, o hipotálamo intervéen na regulación do sistema nervioso vexetativo e na regulación das segregacións hormonais, especialmente da hipófise anterior, sendo tamén o lugar de orixe das hormonas segregadas pola hipófise posterior. Controla a conservación do equilibrio hídrico mediante o mecanismo da sede, a regulación térmica, o comportamento alimenticio, as necesidades enerxéticas e intervéen nas reaccións do comportamento, nas emocións, no control da conducta sexual, na memoria e nas reaccións de defensa.

hipotaxia *s.f.* Grao leve de ataxia ou incoordinación muscular.

hipotenar *adx. e s.* Da prominencia localizada na palma da man ó longo do seu bordo cubital, formada polos músculos hipotenares. // **Músculo h.** Cada un dos catro músculos que forman a prominencia hipotenar: opoñente, palmar curto, flexor do maimiño e palmar cutáneo.

hipotensión *s.f.* Presión anormalmente baixa, especialmente a arterial. // **H. ortostática** Diminución da presión arterial cando o individuo pasa dunha posición de decúbito a outra de pé. Tamén se di **hipotensión postural**.

hipotensor -a *adx.* Que diminúe a tensión, especialmente a arterial.

hipotermia *s.f.* Diminución da temperatura corporal por debaixo do normal e estado morbosos que produce.

hipotimia *s.f.* Diminución do estado de ánimo, pero sen chegar a un estado depresivo.

hipotimismo *s.m.* Diminución anormal da función da glándula tímica e estado morbosos que produce.

hipotiroidismo *s.m.* Diminución da función da glándula tiroide e estado morbosos consecutivo á mesma. Caracterízase por un descenso da taxa metabólica basal, astenia, letargo, sensibilidade aumentada ó frío e, nas mulleres, alteracións do ciclo menstrual. Se non se trata progresa ata un hipotiroidismo grave, que produce un cadro de mixedema, caracterizado por unha acumulación de mucopolisacáridos hidrófilos na matriz da derme e noutros tecidos, con engrosamento dos trazos faciais e induración da pel. // **H. primario** Aquel que se produce por unha alteración propia da glándula tiroide. / **H. secundario** Hipotiroidismo producido por unha diminución da segregación da hormona estimulante da tiroide pola parte da hipófise. / **H. terciario** Aquel que se orixina por unha diminución da función hipotalámica.

hipotonía *s.f.* 1. Estado de diminución dun ton fisiolóxico, especialmente dos músculos. 2. Estado dun fluído cunha concentración molecular menor cá do soro sanguíneo normal.

hipotoxicidade *s.f.* Toxicidade diminuída dun axente calquera con respecto á que posúe normalmente.

hipotrasferrinemia *s.f.* Diminución da concentración de transferrina no plasma por debaixo das cifras normais.

hipotricose *s.f.* Diminución anormal da cantidade de pelo corporal, especialmente do cabelo.

hipotrofia *s.f.* 1. Desenvolvemento escaso dunha parte anatómica ou dun órgano. 2. Nutrición deficiente.

hipotrombinemia *s.f.* Diminución da concentración de trombina no sangue.

hipotropía *s.f.* Estrabismo caracterizado pola desviación cara a abaixo dun eixe ocular.

hipouocrinia *s.f.* Diminución da eliminación da urina.

hipovitaminose *s.f.* Denominación xeral dada ós estados morbosos consecutivos á deficiencia orgánica dunha ou máis vitaminas.

hipovolemia *s.f.* Diminución total do volume de líquido circulante no organismo.

hipoxemia *s.f.* Diminución da osixenación do sangue, caracterizada polas cifras de presión parcial de osíxeno sanguíneo por debaixo das consideradas normais.

hipoxénese *s.f.* Anomalía ou defecto do desenvolvemento dun órgano ou dunha parte anatómica.

hipoxenitalismo *s.m.* V. **hipogonadismo**.

hipoxeusia *s.f.* Diminución do sentido do gusto.

hipoxia *s.f.* Diminución da osixenación dos tecidos corporais, por debaixo das cifras fisiolóxicas. // **H. anémica** Aquela que se produce por unha diminución da capacidade do sangue para transportar osíxeno, debido a unha carencia de hemoglobina ou a unha función anormal desta. / **H. hipóxica** Aquela que depende dunha

diminución na achega de osíxeno ó sangue. / **H. histotóxica** Aquela que depende dunha dificultade na utilización do osíxeno polos tecidos corporais.

Hippel-Lindau, enfermidade de V. enfermidade.

hipsarritmia *s.f.* Anomalía do rexistro electroencefalo-gráfico caracterizada pola formación de ondas e espigas lentas de alta voltaxe e aleatorias, que xorden a partir de múltiples focos cerebrais, e se estenden a través de todo o córtex cerebral. Aparece xeralmente nos lactantes, nalgunhas formas de epilepsia como a síndrome de West.

hipsofobia *s.f.* Temor morboso ás alturas. Tamén se di **acrofobia**.

hipsofonía *s.f.* Voz caracterizada por un timbre elevado.

hipuria *s.f.* Exceso de eliminación de ácido hipúrico na urina.

hipuricase *s.f.* Enzima que cataliza a hidrólise do ácido hipúrico en ácido benzoico e glicina.

hipúrico (ácido) *s.m.* Ácido resultante da combinación da glicocola co ácido benzoico. Atópase na urina, especialmente na dos ruminantes, eliminándose polas vías urinarias cando hai inxestión de ácido benzoico, ácido cinámico ou tolueno. // **Test do ácido h.** Test utilizado para comproba-la función desintoxicadora do fígado. Baséase na facultade do fígado para formar ácido hipúrico, mediante a conxugación do ácido benzoico inxerido, con glicocola. No caso de existir unha alteración hepática, diminúe a eliminación urinaria de ácido hipúrico.

hipuropatía *s.f.* Denominación xeral das doenzas que producen unha alteración na función das raíces nerviosas que forman a cola de cabalo.

hircismo *s.m.* Intensidade excesiva no cheiro do sobrazo.

Hirschsprung, enfermidade de V. enfermidade.

hirsutismo *s.m.* V. **hipertricoso**.

hirsuto -a *adx.* Do pelo duro e abondoso e do que está cuberto por esta clase de pelo. Tamén se di **híspido**.

hirudina *s.f.* Principio activo anticoagulante que se atopa nas glándulas bucais das samesugas.

hirudiniase *s.f.* Infestación con samesugas.

Hirudo Xénero de samesugas do que algunhas especies poden infesta-lo ser humano. A especie *H. medicinalis* ou *officinalis*, samesuga común, era antigamente utilizada para a realización de sangrías locais.

hisopo *s.m.* Planta da familia das labiadas (*Hyssopus officinalis*), que posúe propiedades estimulantes, tónicas e antitusíxenas.

híspido -a *adx.* V. **hirsuto**.

histamina *s.f.* Amina primaria derivada do imidazol, de fórmula $C_5H_9N_3$, que se atopa amplamente distribuída en tecidos vexetais, principalmente no caruncho, e nos tecidos animais. Derivada da histidina por decarboxila-

ción, produce vasodilatación, contracción do músculo liso, aumento da frecuencia cardíaca e aumento da segregación gástrica. Ademais intervéñen nas reaccións de hipersensibilidade inmediata.

histaminase *s.f.* Enzima que hidroliza a histamina, transformándoa nunha substancia inerte.

histaminemia *s.f.* Presencia e determinación da concentración de histamina no sangue.

histaminérxico -a *adx.* Pertencente ou relativo ás reaccións que se producen pola interacción da histamina cos seus receptores. Estes receptores son de dous tipos: 1. Receptores H_1 , que interveñen na contracción do músculo liso e nos efectos sobre os capilares sanguíneos. 2. Receptores H_2 , que interveñen no aumento da frecuencia cardíaca e da segregación ácida gástrica.

histaminose *s.f.* Estado de choque cardiovascular provocado por un exceso de histamina.

histeralxia *s.f.* Dor localizada no útero. Tamén se di **histerodinia**.

histeratresia *s.f.* Atresia ou estreitura do útero.

histerectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica total ou parcial do útero. Tamén se di **metrectomía**.

histereurínter *s.m.* Axente farmacolóxico ou aparello utilizado para dilata-lo colo do útero.

histereurise *s.f.* Dilatación dos orificios ou da cavidade uterina.

histeria *s.f.* Estructura neurótica da personalidade, caracterizada pola baixa autoestima e a inseguridade, manifestándose clinicamente por un síntoma clave: a ansiedade. Esta ansiedade transfórmase en síntomas corporais de carácter esporádico, como crises convulsivas, lipotimias, etc., ou ben de carácter fixo, como alteracións sensoriais, parálises de distintas zonas corporais, manifestacións fóbicas, etc. // **H. de angustia** Aquela caracterizada polo predominio de síntomas fóbicos asociados á angustia. / **H. de conversión** Aquela que se caracteriza polo predominio de síntomas de conversión, e dicir, pola transformación da carga emocional do individuo en síntomas somáticos e pola ausencia de manifestación de angustia.

histéxico-a *adx.* 1. Que padece histeria. 2. Relativo ó útero.

histeriforme *adx.* Semellante á histeria. Tamén se di **histeroide**.

histerocatalepsia *s.f.* Forma de histeria de conversión na que se presentan síntomas catalépticos.

histerocele *s.f.* V. **hernia uterina**.

histerocervicotomía *s.f.* Incisión do colo do útero e do segmento inferior do corpo do mesmo.

histerociese *s.f.* Embarazo uterino normal.

histerocístico -a *adx.* Relativo ó útero e á vexiga urinaria.

histerocistocele *s.f.* Hernia do útero e da vexiga urinaria.

histerodinia *s.f.* V. **histeralxia**.

histeroepilepsia *s.f.* Forma de histeria con sintomatoloxía conversiva que imita as crises motoras epilépticas.

histeróforo *s.m.* Denominación dos pesarios utilizados para soste-lo útero na súa posición normal nos casos de prolapso do mesmo.

histerogastrorrafia *s.f.* Fixación cirúrxica do útero á parede do estómago.

histerografía *s.f.* Radiografía uterina con introducción previa no mesmo dunha substancia radiopaca. Tamén se di **metrografía**.

histeroide *adx.* V. **histeriforme**.

histerólito *s.m.* Cálculo localizado no útero.

histeroma *s.m.* Denominación xeral dos tumores uterinos.

histeromalacia *s.f.* Abrandamento patolóxico do tecido uterino.

histeromioma *s.m.* Tumor conformado por elementos celulares musculares localizado no útero.

histeromiomectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica dun mioma uterino.

histeronarcolepsia *s.f.* Forma de histeria de conversión con aparición dun estado anormal de sono profundo.

histerooforectomía *s.f.* Operación cirúrxica consistente na extirpación simultánea do útero e do ovario.

histeropatía *s.f.* Denominación xeral dada ás doenzas que afectan ó útero.

histeropexia *s.f.* Fixación cirúrxica nunha posición funcional dun útero desprazado. Tamén se di **metro-pexia**.

histeropía *s.f.* Forma de histeria de conversión con aparición de sintomatoloxía oftalmolóxica. Tamén se di **histeropsia**.

histeroplexía *s.f.* Parálise das contraccións uterinas normais durante o parto.

histeropsia *s.f.* V. **histeropía**.

histeroptose *s.f.* Prolapso ou caída do útero.

histerorrafia *s.f.* Sutura cirúrxica dunha incisión realizada no útero ou dunha esgazadura do mesmo.

histerorraxia *s.f.* V. **metrorraxia**.

histerosalpingografía *s.f.* Radiografía das cavidades e conductos do útero e das trompas de Falopio trala administración dunha substancia de contraste radiopaca. Tamén se di **metrosalpingografía**.

histerosalpingooforectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica simultánea do útero, das trompas de Falopio e dos ovarios.

histerosalpingostomía *s.f.* Anastomose cirúrxica realizada entre o útero e unha trompa de Falopio, realizada trala extirpación dunha porción irreversiblemente obstruída desta última.

histeroscopia *s.f.* Exploración do útero realizada cun histeroscopio. Tamén se di **metroscopia**.

histeroscopio *s.m.* Aparello endoscópico utilizado na observación visual directa do interior do colo e da cavidade uterina. Tamén se di **metroscopio**.

histerospasmo *s.m.* Contracción mantida da musculatura do útero.

histerotomía *s.f.* Incisión cirúrxica do útero. Tamén se di **metrotomía**.

histerotraquelectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica do colo do útero.

histerotraquelorrafia *s.f.* Sutura cirúrxica do colo do útero.

histerotraquelotomía *s.f.* Incisión cirúrxica do colo do útero.

histerotraumatismo *s.m.* Aparición de síntomas de tipo hístico despois dun traumatismo.

histerovaxinoenterocele *s.f.* Hernia que contén o útero, a vaxina e unha porción de intestino.

histeroxénico -a *adx.* Que desencadea crises hísticas.

hístico -a *adx.* Relativo ós tecidos orgánicos.

histidina *s.f.* Aminoácido de fórmula $C_6H_9N_3O_2$, non esencial para o ser humano, glicoxerador e precursor da histamina. Atópase na maior parte das proteínas, incluído nos loci catalíticos da maioría dos enzimas e, nunha proporción de arredor do 8.5%, na hemoglobina.

histioblasto *s.m.* V. **histiocito local**.

histiocito *s.m.* Célula grande fagocitaria, pertencente ó sistema reticuloendotelial. Tamén se di **endoteliocito**. // **H. local** Célula pertencente ó sistema reticuloendotelial, que se atopa no endotelio dos vasos sanguíneos e linfáticos. Tamén se di **histioblasto**.

histiocitoma *s.m.* Tumor constituído por histiocitos.

histiocitose *s.f.* Estado caracterizado pola proliferación excesiva de histiocitos (macrófagos) nos ganglios linfáticos e noutras localizacións do sistema hematopoésico. // **H. X** Denominación xeral que abarca o granuloma eosinófilo, a enfermidade de Letterer-Siwe dos lactantes e a enfermidade de Hand-Schüller-Christian.

histo- Forma prefixa do gr. *hístos* (tecido, tea).

histoclástico -a *adx.* Dos axentes ou organismos que posúen capacidade para rompe-los tecidos.

histocompatibilidade *s.f.* Grao de semellanza dos caracteres antixénicos de dous tecidos, polo que un deles se pode enxertar no outro, sen que se produzan reaccións de rexeitamento entre ambos.

histoincompatibilidade *s.f.* Grao de diferenza entre os caracteres antixénicos de dous tecidos, polo que estes non se poden utilizar para a realización dun enxerto ou dun transplante dun sobre o outro.

histólise *s.f.* Proceso de desintegración dos tecidos.

histólogo -a *s.* Especialista no estudo da composición celular dos tecidos orgánicos.

histoloxía *s.f.* Ciencia que estuda a composición e a estrutura microscópica dos tecidos orgánicos.

histoma *s.m.* Tumor constituído polas células características dun tecido determinado.

histona *s.f.* Proteína básica simple existente no núcleo das células.

histoneuroloxía *s.f.* Parte da histoloxía que estuda o relativo ó tecido nervioso.

histonuria *s.f.* Presencia e determinación de histona na urina.

histopatoloxía *s.f.* Parte da histoloxía que estuda os tecidos celulares patolóxicos.

Histoplasma Xénero de fungos da familia *Moniliaceae*, orde *Moniliales*, axente produtor da histoplasmosse clásica.

histoplasmina *s.f.* Antíxeno utilizado na realización de probas cutáneas, preparado a partir de organismos de *Histoplasma capsulatum*. Nas áreas endémicas, a positividade ante este antíxeno indica soamente unha exposición previa ó mesmo.

histoplasmosa *s.m.* Colección granulomatosa redondeada, localizada no pulmón, orixinada por unha infección por *Histoplasma capsulatum*.

histoplasmosse *s.f.* Enfermidade orixinada pola inhalación ou a inxestión de esporas do fungo *Histoplasma capsulatum*. Asintomática na maioría dos casos, pode causar unha pneumonía aguda ou unha hiperplasia reticuloendotelial diseminada, con hepatomegalía, esplenomegalía, anemia, ou unha enfermidade semellante á gripe, con derramo articular e eritema nodoso.

historradiografía *s.f.* Técnica que aplica os medios radiográficos ó estudo dos tecidos.

historrexe *s.f.* Rotura dun tecido.

histoterapia *s.f.* Denominación xeral das técnicas terapéuticas que utilizan tecidos animais no tratamento de determinadas enfermidades.

histotomía *s.f.* Disección histolóxica dos tecidos.

histotóxico -a *adx.* Dos axentes que resultan tóxicos para os tecidos.

histotribo *s.m.* Pinza utilizada para comprimir unha masa de tecido que contén vasos sanguíneos abundantes coa finalidade de parar unha hemorraxia.

histotripsia *s.f.* Proceso de esmagamento e destrución dun tecido.

histotrófico -a *adx.* Que estimula a nutrición e o mantemento dos tecidos orgánicos.

histotrópico -a *adx.* Que ten afinidade especial polos tecidos orgánicos en xeral.

histoxénese *s.f.* Conxunto dos procesos comprendidos no desenvolvemento dos tecidos orgánicos.

histozoo *s.m.* Denominación xeral dada ós parasitos protozoarios que viven nos tecidos orgánicos.

histicriase *s.f.* Erección anormal do pelo corporal.

histrionismo *s.m.* Reforzamento morboso da mímica corporal, que aparece tipicamente nalgúns trastornos da personalidade.

His-Werner, enfermidade de *V. enfermidade.*

hixiene *s.f.* Parte da medicina que estuda os medios apropiados para a conservación da saúde e os métodos de prevención das enfermidades que xorden da interrelación entre o ser humano e o medio. // **H. bucal** A que trata do mantemento da limpeza e da hixiene xeral dos dentes e das demais estruturas bucais. / **H. industrial** Parte da hixiene que trata dos problemas da saúde en relación coas diferentes profesións ou oficios. / **H. mental** Parte da hixiene que ten como obxecto a saúde mental. / **H. pública** Aquela que busca a mellora da saúde pública a través da elaboración de normas hixiénicas de cumprimento xeral. / **H. sexual** Aquela que trata da conduta e da educación sexual.

hixienista *s.* Especialista en hixiene.

hixienización *s.f.* Establecemento e práctica das condicións hixiénicas adecuadas a un medio determinado.

hixiolatría *s.f.* Atención excesiva e mesmo morbosa dirixida cara á propia saúde.

Hodgkin, enfermidade de *V. enfermidade.*

Hodgson, enfermidade de *V. enfermidade.*

hodo- Prefixo do gr. *hodo* (camiño), utilizado na formación de palabras relacionadas cos camiños ou vías.

hodofobia *s.f.* Temor morboso ás viaxes ou ós camiños.

hodoloxía *s.f.* Parte da neuroloxía que estuda as vías nerviosas.

holergasia *s.f.* Alteración profunda das funcións psíquicas.

holmio *s.m.* Metal do grupo das terras raras, de símbolo Ho, de número atómico 67 e masa atómica 164,94.

holo- Prefixo gr. *holós* (todo) utilizado na formación de palabras que teñen significado de grande amplitude ou totalidade.

holoblástico -a *adx.* Dos ovos que experimentan unha segmentación na que participan tódalas súas partes constitutivas.

holocardio *s.m.* Monstro fetal carente de corazón.

holócrino -a *adx.* Das glándulas nas que as células segregadoras forman parte do produto da segregación.

holodiastólico -a *adx.* Relativo ó ciclo total da diástole, especialmente ós ruídos cardíacos que ocupan a diástole na súa totalidade.

holofítico -a *adx.* Daqueles organismos especialmente microscópicos que posúen as características propias dunha planta.

holomastígota *adx.* Dos microorganismos protozoarios que posúen flaxelos por toda a súa superficie.

holomorfose *s.f.* Proceso de rexeneración completa dunha perda de substancia orgánica.

holoplasia *s.f.* Proceso de reconstitución natural completa dun órgano ou dunha parte.

holosistólico -a *adx.* Relativo á duración do ciclo completo da sístole, especialmente ós ruídos cardíacos que ocupan a totalidade da sístole.

holotomía *s.f.* Extirpación completa dunha parte anatómica ou dun órgano.

holotonía *s.f.* Espasmo muscular xeneralizado.

holotrico -a *adx.* Que está cuberto de pelos ou de cilios.

holoxínico -a *adx.* Dos caracteres xenéticos herdados exclusivamente polas femias da especie.

holozoico -a *adx.* Dos organismos que posúen tódalas características propias dun animal.

homalocéfalo -a *adx.* Que ten o cranio aplanado.

home *s.m.* 1. Individuo da especie humana. 2. Individuo humano de sexo masculino.

homeo- Prefixo gr. *hómoios* (semellante).

homeobiótico -a *adx.* Semellante á vida.

homeogamia *s.f.* Falta de diferenciación das células do saco embrionario.

homeomorfa *s.f.* Igualdade de tipo morfolóxico na evolución biolóxica.

homeópata *s.m.* Médico que se dedica á práctica da homeopatía.

homeopatía *s.f.* Método terapéutico baseado na aplicación en doses mínimas de substancias que en maior cantidade producirían efectos ou alteracións semellantes ás que se pretenden combater, e tamén na individualización dos tratamentos e nunha concepción global, somatopsíquica, do ser humano e as súas doenzas.

homeoplastia *s.f.* Proceso de formación dun tecido novo e normal para o medio no que se localiza.

homeostase *s.f.* V. **homeostasia**.

homeostasia *s.f.* Tendencia fisiolóxica a mante-lo equilibrio das constantes orgánicas. Tamén se di **homeostase**.

homeoterapia *s.f.* Terapéutica baseada na aplicación de axentes semellantes, pero non iguais ó axente causante do padecemento.

homeoxénese *s.f.* Fenómeno da evolución paralela de diversos grupos de sistemas orgánicos.

homo- Prefixo gr. *homós* (igual, semellante).

Homo Xénero de primates que na clasificación actual dos seres vivos comprende o ser humano.

homocéntrico -a *adx.* Que ten o mesmo centro. Tamén se di **concéntrico**.

homocíclico -a *adx.* Dos elementos químicos cíclicos compostos por átomos pertencentes ó mesmo elemento.

homocigose *s.f.* Formación dun cigoto pola unión de gametos que presentan un ou máis alelos idénticos.

homocigotía *s.f.* Calidade de homocigoto.

homocigótico -a *adx.* Relativo á homocigose.

homocigoto *s.m.* Individuo que posúe alelos idénticos nun locus determinado do mesmo par cromosómico.

homocisteína *s.f.* Aminoácido mercaptano, de fórmula HS-(CH₂)-CHNH₂-CO₂H, produto intermedio da síntese da cisteína.

homocrono -a *adx.* Dos fenómenos que se producen na mesma época da vida durante sucesivas xeracións.

homodonto -a *adx.* Dos animais que presentan tódolos dentes iguais.

homodromo -a *adx.* Que se move na mesma dirección.

homoenxerto *s.m.* V. **aloenxerto**.

homogamético -a *adx.* Relativo ó sexo que posúe gametos dunha soa clase con respecto ós seus cromosomas sexuais. Nos seres humanos, a muller (XX) é o sexo homogamético.

homohemoterapia *s.f.* Tratamento realizado con sangue da mesma especie da correspondente ó individuo tratado.

homolateral *adx.* Que está localizado ou que sucede no mesmo lado.

homólogo -a *adx.* 1. Relativo ós órganos pares, iguais entre si ou a cada unha das metades correspondentes dun órgano impar. 2. Dos órganos ou partes anatómicas correspondentes entre diversas especies. 3. De cada un dos cromosomas correspondentes a un par.

homoloxía *s.f.* Calidade propia do que é homólogo.

homómero -a *adx.* Dos órganos que posúen partes semellantes entre si.

homomorfismo *s.m.* Semellanza na forma e estrutura entre dous organismos diferentes.

homomorfo -a *adx.* De dous ou máis compostos orgánicos que teñen a mesma forma ou dun mesmo organismo sen diferencias na súa estrutura ou composición.

homónimo -a *adx.* 1. Das palabras que teñen a mesma ortografía ou a mesma pronunciación ca outra, pero significados diferentes. 2. Que ten o mesmo nome ca outra persoa ou cousa. 3. Relativo ás lesións que se localizan no mesmo lado do corpo ou dunha parte anatómica.

homoplastia *s.f.* Substitución dunha perda de tecido cunha parte semellante doutro individuo da mesma especie. Tamén se di **aloexerto**, **homotransplante**.

homosexual *adx.* 1. Relativo á homosexualidade ou pertencente ó mesmo sexo. 2. Que presenta homosexualidade.

homosexualidade *s.f.* Atracción sexual cara ás persoas do mesmo sexo.

homosporo -a *adx.* Dos organismos esporulados que só posúen unha clase de esporas.

homotermo -a *adx.* Que ten unha temperatura constante, como os animais de sangue quente.

homotípico -a *adx.* Semellante na súa constitución a outro corpo.

homotónico -a *adx.* De tensión ou ton constante.

homotransplante *s.m.* V. **homoplastia**.

homotropismo *s.m.* Propiedade que posúen as células para atraer outras células do mesmo tipo.

homoxeneidade *s.f.* Calidade de homoxéneo.

homoxéneo -a *adx.* Formado por elementos de igual natureza e condición.

homoxénese *s.f.* 1. Afinidade sexual entre individuos pertencentes a especies diferentes. 2. Semellanza entre os individuos resultantes do cruzamento entre razas diferentes dunha mesma especie.

homoxentísico (ácido) *s.m.* Ácido 2,5-dihidroxifenilacético, produto intermedio do catabolismo da tirosina. Atópase na urina das persoas que padecen alcaptonuria.

homoxentisinuria *s.f.* Presencia de ácido homoxentísico na urina.

horizonte *s.m.* Cada unha das etapas numeradas do desenvolvemento embrionario humano.

hormión *s.m.* Punto medio anterior da porción basal do óso occipital.

hormona *s.f.* Substancia química específica producida por unha glándula endócrina ou algunhas células dun tecido, que ó segregarse ó medio interno produce unha acción fisiolóxica específica sobre outros órganos ou células. // **H. adenohipofisaria** Cada unha das hormonas segregadas pola porción anterior da hipófise, que esencialmente son: somatotropina ou hormona do crecemento (GH); tirotropina ou hormona estimulante do tiroide (TSH); hormona foliculoestimulante (FSH); hormona luteinizante (LH); corticotropina ou hormona estimulante do córtex suprarrenal (CRH); hormona estimulante dos melanocitos ou melanotropina (MSH) e prolactina. / **H. adrenocorticotrópica** Hormona segregada pola adenohipofise que regula a función das glándulas suprarrenais. Tamén se di **adrenocorticotropina**, **corticotropina**. / **H. adrenomedulares** Substancias segregadas pola medula suprarrenal, que inclúen a adrenalina e a noradrenalina. / **H. antidiurética** Hormona de orixe hipotalámica que se almacena e se segrega na porción posterior da hipófise. Actúa sobre o túbulo contornado distal dos riles, aumentando a súa permeabilidade e permitindo deste xeito a reabsorción da auga nos mesmos. Posúe tamén un efecto vasoconstrictor sobre os capilares e as arteriolas de diversas zonas corporais, polo que produce un aumento da presión sanguínea. / **H. estimulante dos melanocitos** Hormona peptídica segregada pola adenohipofise, que estimula a produción de melanina e a pigmentación cutánea. Tamén se di **melanotropina**. / **H. foliculoestimulante** Hormona gonadotrópica producida pola adenohipofise, que estimula o crecemento e o desenvolvemento dos folículos ováricos e a espermatoxénese nos testículos. / **H. gonadotrópica** Cada unha das hormonas que exercen a súa acción sobre as gónadas. Comprenden a hormona foliculoestimulante (FSH) e a hormona luteinizante (LH). / **H. hipotalámica** Cada unha das hormonas que se sintetizan nos núcleos do hipotálamo e que, circulando polos axons das neuronas do mesmo, se segregan na eminencia media, desde onde pasan ó sistema porta hipotálamo-hipofisario, a través do que chegan finalmente á porción anterior da hipófise, regulando nela a segregación das hormonas correspondentes a esta. Comprenden esencialmente: hormona reguladora da hormona do crecemento (GH-RH); hormona liberadora de gonadotropinas (Gn-RH); hormona liberadora da melanotropina (MSH-RH); somatostatina ou hormona inhibidora da hormona do crecemento; factor hipotalámico inhibidor da prolactina (PIF). / **H. intestinal** Cada unha das hormonas que se segregan na mucosa do intestino e que esencialmente son: secretina, colecistocinina, péptido intestinal vasoactivo (VIP), polipéptido inhibidor gástrico (GIP) e enteroglicagón. / **H. luteinizante** Hormona gonadotrópica producida pola adenohipofise, que estimula a segregación de hormonas ováricas e testiculares conxuntamente coa hormona foliculoestimulante. / **H. neurohipofisaria** Cada unha das hormonas segregadas na porción posterior da hipófise ou neurohipofise, das que as principais son a hormona antidiurética (ADH) e a oxitocina. / **H. ovárica** Cada unha das hormonas segregadas polo ovario, que comprenden os estróxenos e proxestáxenos ováricos. / **H. pancreática** Cada unha das hormonas segregadas polo páncreas, que comprenden a insulina e o glicagón. / **H. paratiroide** Hormona polipeptídica segregada polas glándulas paratiroides, que produce a reabsorción do calcio do óso cara ó líquido extracelular mediante a activación dos osteoblastos, e aumenta a absorción intestinal e a reabsorción tubular renal do mesmo. / **H. placentaria** Cada unha das hormonas que produce a placenta durante o embarazo, que inclúen a gonadotropina coriónica e diversas substancias con actividade estroxénica, proxesterónica e adrenocoricoide. / **H. tireotropa** Tirotropina, hormona segregada pola adenohipofise, que regula o funcionamento da

glándula tiroide. / **H. tiroide** Cada unha das hormonas segregadas pola tiroide, que comprenden a tiroxina ou tetraiodotironina (T4), triiodotironina (T3), triiodotironina inversa (rT3) e calcitonina.

hormonopenxia *s.f.* Proceso de fixación das hormonas polas células ou órganos brancos das mesmas.

hormonopoe *s.f.* V. **hormonoxénese**.

hormonoterapia *s.f.* Utilización de hormonas naturais ou sintéticas no tratamento das enfermidades.

hormonoxénese *s.f.* Proceso fisiolóxico da produción das hormonas. Tamén se di **hormonopoe**.

horripilación *s.f.* Estremecemento causado polo medo que orixina o arrepío de tódolos pelos corporais.

Horton, enfermidade de V. **enfermidade**.

hóspede *s.m.* 1. Animal ou planta que alberga outro organismo parasitario. 2. Xemelgo relativamente normal ou autótipo unido a outro máis anormal, denominado parasito. 3. Receptor dun trasplante.

hospital *s.m.* Establecemento destinado a proporcionarlle a unha poboación determinada, asistencia médico-sanitaria completa, sendo ademais centro de formación sanitaria e de investigación. // **H. de día** Establecemento hospitalario no que os enfermos reciben asistencia, especialmente psiquiátrica, durante o día, pasando a noite nos seus fogares. / **H. de noite** Establecemento hospitalario no que os doentes pasan a noite, mentres que realizan as súas actividades habituais durante o día fóra do mesmo.

hospitalización *s.f.* Ingreso e instalación dun doente nun centro sanitario. Tamén se di **internamento**.

Huguenin, edema de V. **edema**.

humectante *adx.* 1. Que proporciona humidade ó ambiente ou a unha parte. // *s.m.* 2. Medicamento líquido que refresca, dilúe ou lle proporciona o grao adecuado de humidade a unha parte que carece patolóxicamente dela.

humidade *s.f.* 1. Calidade ou estado de húmido. 2. Contido de auga no chan ou na atmosfera. 3. Líquido co que está impregnado un corpo. 4. Presencia excesiva de vapor de auga mesturado co aire.

húmido -a *adx.* Impregnado de vapor de auga ou doutro líquido.

humor *s.m.* 1. Calquera dos fluídos orgánicos. 2. Na psicoloxía, estado afectivo que presenta unha persoa nun momento determinado. // **H. acuoso** Líquido producido nos procesos ciliares da cámara posterior do ollo e que, pasando á cámara anterior do mesmo, se reabsorbe a nivel do ángulo camerular. É o principal condicionante da tensión intraocular. / **H. ocular** Cada un dos humores do ollo, o acuoso ou o vítreo. / **H. vítreo** Substancia acuosa semellante ó humor acuoso, que se atopa contida no intersticio do estroma do corpo vítreo, na cámara posterior do ollo.

humus *s.m.* Materia procedente da descomposición e transformación química e biolóxica das substancias orgánicas vexetais do chan.

Huntington, enfermidade de V. **enfermidade**.

Hutchinson-Gilford, enfermidade de V. **enfermidade**.

hydrops *s.m.* Denominación latina da hidropisía, utilizada habitualmente para designar algunhas variedades da mesma. V. **hidropisía**.

Hymenolepis Xénero de vermes platihelminthos cestodos, eucestodos, ciclofilídeos, que miden de 2,5 a 4 cm de lonxitude e son parasitos do home e dos animais. A *H. nana* ou *murina* é unha tenia anana, que na súa forma adulta se atopa no intestino do home, no que pode realiza-la súa evolución completa, sen hóspede intermedio, sendo corrente a autoinfección e posible a transmisión de persoa a persoa. A *H. diminuta*, atópase máis frecuentemente nos roedores e con menos frecuencia no ser humano.

I

I Símbolo químico do iodo

ibuprofeno *s.m.* Antiinflamatorio non esteroide, derivado do ácido arilalcaloico, que actúa mediante a inhibición da síntese das prostaglandinas. Posúe propiedades antiinflamatorias, analxésicas e antipiréticas.

icnograma *s.m.* Rexistro das pegadas dos pés que se utiliza como proba complementaria nalgunhas enfermidades coa finalidade de determina-lo xeito de pisar do doente. Utilízase tamén nalgúns centros de maternidade como método de identificación dos neonatos.

icor *s.m.* Denominación dada ó líquido seroso que flúe por algunhas chagas e úlceras.

ictamol *s.m.* Líquido viscoso rico en xofre, que se obtén mediante sulfonación e amonización dos produtos da destilación dos xistos bituminosos do Tirol, que conteñen restos de fósiles animais. Soluble totalmente na auga, parcialmente no alcohol e no éter e mesturable cos aceites; utilízase na práctica dermatolóxica como anti-séptico, queratoplástico, desconxestionante e antiprurixinoso, principalmente no tratamento dos eccemas. Tamén se di **ictiol**, **ictiolamonio**.

ictericia *s.f.* Coloración amarela da pel, das mucosas e das segregacións, causada por un aumento anormal dos pigmentos biliares no sangue. // **I. acolúrica** Aquela producida por un aumento excesivo da bilirrubina indirecta ou non conxugada que ó non ter propiedades hidrosolubles non se pode eliminar na urina e polo tanto non aparece nela. / **I. acolúrica familiar** Aquela que se presenta como consecuencia das anemias hemolíticas familiares, principalmente da esferocitose hereditaria. / **I. colestática** Ictericia que se produce como consecuencia da detención do fluxo biliar. Tamén se di **ictericia obstructiva**. / **I. colúrica** Aquela producida por un aumento excesivo da bilirrubina directa ou conxugada, que ó ser hidrosoluble se pode eliminar pola urina e aparece polo tanto na mesma. / **I. de Halbrecht** Ictericia benigna dos neonatos, producida por unha incompatibilidade ABO entre a nai e o feto. / **I. do neonato** V. **i. fisiolóxica**. / **I. fisiolóxica** Ictericia benigna transitoria dos neonatos, causada principalmente por unha inmaduridade no sistema da gliconil- transferase, que orixina unha defi-

ciente conxugación no fígado da bilirrubina. Tamén se di **ictericia do neonato**. / **I. flavescente** Ictericia que orixina nos tecidos unha coloración amarela sucia. / **I. hemolítica** Aquela que se produce como consecuencia dunha destrución excesiva dos eritrocitos durante as anemias hemolíticas, o cal sobrepasa a capacidade de conxugación da bilirrubina polo fígado. / **I. latente** Aquela na que existe un aumento da concentración da bilirrubina no sangue, sen producirse unha pigmentación dos tecidos. / **I. melánica** Aquela na que hai unha coloración verdosa escura da pel. / **I. nuclear** Ictericia que aparece nos neonatos, na que existe un cadro clínico neurolóxico causado por unha acumulación da bilirrubina indirecta nos núcleos da base do cerebro. V. **querníctero**. / **I. obstructiva** V. **i. colestática**.

ictérico -a *adx.* 1. Relativo ou pertencente á ictericia. 2. Que padece ictericia.

icterohematúrico -a *adx.* Caracterizado pola ictericia e a hematuria.

icterohemoglobinuria *s.f.* Combinación de ictericia e hemoglobinuria.

icterohepatite *s.f.* Hepatite con ictericia manifesta.

icteroide *adx.* Semellante á ictericia.

icteroxénico -a *adx.* Que produce ictericia.

ictiofobia *s.f.* Aversión morbosa ó peixe.

ictiol *s.m.* V. **ictamol**.

ictiolamonio *s.m.* V. **ictamol**.

ictiolato *s.m.* Substancia que contén ictiol na súa composición.

ictiosarcotoxismo *s.m.* Intoxicación producida pola inxestión de peixes venenosos.

ictiose *s.f.* Trastorno cutáneo, que se inclúe dentro das xenodermatoses e se caracteriza pola sequidade da pel, que aparece cuberta de escamas de cor máis ou menos escura, adherentes e planas, que lembran as escamas dos peixes. // **I. conxénita grave** Forma na que o feto nace cunha intensa ictiose que afecta a todo o corpo e que é incompatible coa vida. Tamén se di **feto arlequín**. / **I.**

laminar Variedade de ictiose que comeza no nacemento e afecta a toda a superficie da pel, na que aparecen escamas de gran tamaño formando láminas. Hérdase de xeito recesivo / **I. vulgar** Forma máis frecuente de ictiose, que aparece entre os dous e os cinco anos de idade e progresa ata a puberdade, momento no que se estabiliza e comeza a mellorar. Caracterízase pola formación de escamas finas que se atopan esencialmente nas zonas de extensión das extremidades e na espalda, sen aparecer nas pregaduras de flexión e raramente no abdome e na cara. Advírtese sequidade nas palmas e nas plantas e queratose folicular, existindo frecuentemente atopía. Hérdase de xeito autosómico dominante. / **I. X** Ictiose transmitida de xeito ligado ó cromosoma X, polo que a padecen normalmente os homes, sendo as mulleres portadoras. Comeza antes cá ictiose vulgar e a distribución é máis ampla, afectando ás pregaduras de flexión das extremidades, á cara e ó coiro cabeludo. As escamas son grandes e de cor escura, non existe queratose folicular, non se asocia a atopía nin mellora despois da puberdade.

ictiotoxina *s.f.* Calquera das substancias tóxicas procedentes dos peixes.

ictómetro *s.m.* Aparello utilizado para medi-la forza do choque cardíaco na parede torácica.

ictus *s.m.* Situación clinicopatolóxica caracterizada por aparecer subitamente, especialmente utilizada no caso dos accidentes cerebrovasculares e as convulsións.

id *s.m.* 1. Na teoría psicanalítica, aspecto innato, inconsciente e primitivo da personalidade, dominado polo principio do pracer. 2. Reacción cutánea estéril, xeneralizada ou localizada que se produce como unha reacción alérxica (reacción de id) a un axente que produciu unha infección primaria noutra localización do organismo.

idade *s.f.* Tempo transcorrido desde o nacemento, e que normalmente se divide en catro períodos: infancia, adolescencia, madurez e senectude. // **I. adulta** Idade na que organismo humano alcanza o seu desenvolvemento completo. / **I. biolóxica** Idade revelada pola funcionalidade e anatomía da persoa. / **I. cronolóxica** Suma dos anos transcorridos desde o nacemento. / **I. provectora** Idade moi avanzada. / **Terceira i.** Vellez.

-ide Sufixo do gr. *eidés* (semellante a).

idea *s.f.* Contido mental, produto da actividade intelectual, que se pode compoñer de imaxes reais ou imaxinarias, conceptos ou pensamentos. // **I. compulsiva** Idea que se introduce, se repite e persiste nun suxeito contra a súa vontade e raciocinio. / **I. de referencia** Suposición que fai un paciente de que as palabras ou os actos realizados por outra persoa refírense a el mesmo ou ben son a proxección das causas das súas propias dificultades imaxinarias con respecto a outra persoa. / **I. delirante** Convicción falsa que constitúe a base dos delirios. / **I. obsesiva** Idea unida a un acto compulsivo que o suxeito recoñece como anormal, pero que non pode eliminar da súa conciencia.

ideación *s.f.* Conxunto dos fenómenos psicolóxicos que interveñen na formación de conceptos, ideas, obxectos ou imaxes na mente.

ideal *adx.* 1. Referente ás ideas, impresións ou pensamentos. // *s.m.* 2. Norma ou modelo que se toma como estado de perfección con respecto a algunha cousa ou norma concreta. // **I. do eu** Na teoría psicanalítica, compoñente do supereu que se refire á idea e imaxe interiorizada do que un desexa ser.

idealización *s.f.* Na psicanálise, proceso a través do cal un suxeito sobrevalora, engrandece e inviste de calidades, que non posúe realmente, ó obxecto do desexo.

identidade *s.f.* Conxunto de características polas que un individuo se recoñece como tal polos demais.

identificación *s.f.* 1. Na medicina legal, proceso para identificar un suxeito vivo ou un cadáver e o resultado final do mesmo. 2. Na psicanálise, proceso psíquico inconsciente mediante o cal un suxeito asimila un aspecto parcial ou total da identidade doutra persoa que constitúe o seu modelo.

ideoglandular *adx.* Referente á actividade glandular inducida mediante a influencia mental.

ideoloxía *s.f.* Conxunto de ideas que caracterizan a un individuo ou a unha comunidade social.

ideomoción *s.f.* Movemento ou actividade muscular que non é nin reflexa nin voluntaria, senón inducida por algunha idea dominante.

ideomotor -a *adx.* Relativo ós movementos involuntarios producidos por unha idea ou pensamento.

ideovascular *adx.* Relativo ós cambios vasculares producidos pola ideación.

idio- Prefixo do gr. *ídios* (propio, especial).

idiocia *s.f.* Retardo mental profundo correspondente a un coeficiente intelectual menor de 25. Tamén se di **idiotex**. // **I. amaurótica familiar** Grupo de enfermidades hereditarias, transmitidas de xeito autosómico recesivo, nas que existe unha anormalidade no metabolismo dos lípidos, que se caracteriza pola acumulación dos mesmos no sistema nervioso central. Caracterízanse polo retardo mental progresivo, a amaurose e finalmente a morte. / **I. cretinoide** Retardo mental grave asociado ó cretinismo. / **I. epiléptica** Retardo mental grave combinado con epilepsia. / **I. hidrocefálica** Retardo mental grave asociado á hidrocefalia. / **I. microcefálica** Retardo mental grave asociado á microcefalia. / **I. mongólica** Retardo mental asociado á síndrome de Down.

idiocromatina *s.f.* Cromatina que interveñen na reprodución celular.

idiocromidio *s.m.* Cromatina extranuclear que interveñen na reprodución celular.

idioglosia *s.f.* Articulación verbal anormal con emisión de sons vocais carentes de significado.

idiograma *s.m.* Representación esquemática da composición cromosómica dunha especie determinada.

idiohipnotismo *s.m.* Experiencia hipnótica espontánea ou autoinducida.

idioloxía *s.f.* Expresión verbal característica dunha persoa.

idiometrite *s.f.* Inflamación do parénquima do útero.

idiomuscular *adx.* Propio do músculo, especialmente referido ás contraccións musculares que aparecen en ausencia dun estímulo nervioso nalgúns casos de dexeneración muscular.

idioparasito *s.m.* Parasito que se orixina dentro do hóspede.

idiopatía *s.f.* Enfermidade ou doenza de orixe descoñecida.

idioplasma *s.m.* Porción reproductiva da célula, contida nos cromosomas do núcleo e da que dependen os caracteres hereditarios.

idiorreflexo *s.m.* Reflexo que se orixina como consecuencia dunha causa propia do órgano no que se produce.

idiorretinal *adx.* Relativo á sensación luminosa orixinada na propia retina, sen necesidade dun estímulo visual.

idiosincrasia *s.f.* 1. Temperamento particular e propio dun individuo ou dunha comunidade. 2. Sensibilidade persoal especial ante unha determinada substancia, fármaco ou alimento.

idiosincrático -a *adx.* Relativo ou pertencente á idiosincrasia, especialmente referido ó tipo de sensibilidade particular dun individuo ante un determinado elemento.

idiota *s.m.* Persoa que padece idiocia. // **I. erético** Idiota que posúe unha gran actividade psicomotora. / **I. moral** Persoa, incapaz de distinguir-la natureza moral das súas accións, aínda que poida ter un coeficiente intelectual normal. / **I. sapiente** Persoa que padece un retardo mental grave, pero que posúe unhas calidades especialmente desenvolvidas, incluso por encima do normal nalgúns aspectos, como na música, as matemáticas, etc. / **I. tórpido** Idiota que padece inhibición psicomotora.

idiotéz *s.f.* V. **idiocia**.

idioventricular *adx.* Propio dos ventrículos do corazón, especialmente do ritmo cardíaco que se orixina nas células ventriculares cando se produce un bloqueo na transmisión do impulso eléctrico orixinado normalmente nas aurículas.

idoxuridina *s.f.* Fármaco antiviral, de fórmula $C_9H_{11}IN_2O_5$, composto de orixe sintética derivada da pirimidina, diferenciándose da timidina unicamente pola substitución dun grupo metilo por un átomo de iodo, podendo en consecuencia actuar como un antimetabolito do devandito nucleósido. Inhibe a síntese do DNA viral, utilizándose no tratamento da queratite herpética

mediante a aplicación tópica do produto. Denomínase habitualmente mediante as siglas IDU.

IDU V. **idoxuridina**.

igniextirpación *s.f.* Extirpación dunha parte mediante un cauterio.

ilaqueación *s.f.* Operación consistente no endereitamento das pestanas invertidas propias da triquiáse, por medio da realización de suturas a través das pálpebras.

ilectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica do íleo ou dunha porción do mesmo.

ileíte *s.f.* Inflamación do íleo. // **I. rexional** Enfermidade de Crohn que afecta á porción terminal do íleo.

íleo *s.m.* 1. Porción do intestino delgado que se estende entre o xexuno e o colon. 2. Obstrución intestinal. // **I. adinámico** Aquel que resulta dunha inhibición da mobilidade do intestino. Tamén se di **íleo paralítico**. / **I. dinámico** Aquel que se orixina pola contractura permanente dun segmento intestinal. Tamén se di **íleo espástico**. / **I. espástico** V. **i. dinámico**. / **I. mecánico** Aquel que se produce por unha causa mecánica, como un tumor, un cálculo, un fecaloma, etc. / **I. meconial** O que se produce pola acumulación intestinal do meconio nos neonatos. / **I. paralítico** V. **i. adinámico**.

ileocecal *adx.* Relativo ó íleo e ó cego.

ileocecostomía *s.f.* Anastomose cirúrxica realizada entre o íleo e o cego.

ileocleise *s.f.* Oclusión do íleo.

ileocólico -a *adx.* Relativo ó íleo e ó colon.

ileocolite *s.f.* Inflamación do íleo e o colon.

ileocolorrectoplastia *s.f.* Anastomose cirúrxica entre o colon e o recto, realizada mediante unha asa do íleo.

ileocolostomía *s.f.* Anastomose cirúrxica realizada entre o íleo e o colon.

ileoproctostomía *s.f.* Anastomose cirúrxica realizada entre o íleo e o recto.

ileosigmoidostomía *s.f.* Anastomose cirúrxica realizada entre o íleo e o sigma.

ileostomía *s.f.* Realización dunha abertura cirúrxica no íleo.

ileotomía *s.f.* Incisión cirúrxica realizada no íleo.

ileotransversostomía *s.f.* Anastomose cirúrxica realizada entre o íleo e o colon transverso.

ileso -a *adx.* Que non padece dano ou lesión.

ilíaco -a *adx.* 1. Relativo ó íleo. 2. Relativo ó óso ilíaco. // *s.m.* 3. Óso da pelve, par e plano, composto por tres porcións: ilio, isquion e pube. Forma parte do esqueleto da cadeira articulándose co fémur, e da pelve ó se articular co óso ilíaco contralateral e mais co sacro. Tamén se di **óso coxal**, **óso innominado**.

ilio- Prefixo que denota relación co ilio, flanco ou óso ilíaco.

ilio *s.m.* Óso que forma parte do esqueleto da cadeira, constituíndo a porción superior e posterior ensanchada do óso coxal. Durante a vida fetal é independente do resto dos ósos da cadeira.

ilioabdominal *adx.* Relativo ó ilio e ó abdome.

iliococcíxeo -a *adx.* Relativo ó óso ilíaco e ó cóccix.

iliocolotomía *s.f.* Colotomía realizada na rexión ilíaca.

iliofemoral *adx.* Pertencente ou relativo ó ilio e o fémur.

iliolumbar *adx.* Pertencente ou relativo ás rexións ilíaca e lumbar.

iliopectíneo -a *adx.* Pertencente ou relativo ó ilio e á pube. Tamén se di **iliopubiano**.

iliopélvico -a *adx.* Pertencente ou relativo á rexión ilíaca e á pelve.

iliopsoas *s.m.* Denominación do músculo formado polas porcións musculares ilíaca e psoas maior, consideradas como un só músculo. Tamén se di **psaosiliaco**.

iliopsoíte *s.f.* Inflamación do músculo psaosilíaco.

iliopubiano -a *adx.* V. **iliopectíneo**.

iliotibial *adx.* Relativo ó óso ilíaco e á tibia.

iliotoracópago *s.m.* Monstro fetal dobre no que cada un dos dous compoñentes está unido ó outro polo tórax e a pelve.

illa *s.f.* Porción de tecido ou grupos celulares anatómica ou histoloxicamente illados. // **I. de Reil** Lobo do córtex cerebral, localizado no fondo da fisura de Silvio, de xeito que non se pode ver dende o exterior, formado por cinco circunvolucións que conxuntamente teñen unha forma triangular. Está funcionalmente relacionado co gusto e coas vías da audición que forman parte das circunvolucións transversas de Hesch. Tamén se di **lobo de Reil**, **lobo da illa de Reil**. / **I. olfactoria** Acumulación de células piramidais na parte caudal do espazo perforado anterior.

illote *s.m.* Masa formada por unha acumulación pequena e circunscrita de células pertencentes a un tecido. // **I. de Langerhans** Estructuras celulares presentes no páncreas que conforman a porción endócrina deste órgano. Teñen varios tipos de células diferentes: células alfa (α), produtoras de glicagón; células beta (β), as máis numerosas e encargadas da produción da insulina e células delta (δ), segregadoras de somatostatina.

iluminación *s.f.* Aplicación de luz natural ou artificial a unha parte anatómica ou a unha cavidade corporal coa finalidade de permiti-la súa exploración.

ilusión *s.f.* Interpretación falsa dunha imaxe ou dun estímulo sensorial real.

imago *s.m.* 1. Insecto que experimentou a súa derradeira metamorfose, alcanzando polo tanto o seu desenvolve-

mento completo. 2. Na psicanálise, imaxe mental inconsciente, elaborada a partir das primeiras relacións intersubxectivas, reais ou non, coas persoas claves da rede vincular familiar ou social.

imán *s.m.* Calquera substancia que teña a propiedade de atrae-lo ferro.

imaxe *s.f.* Representación artificial de maior ou menor semellanza á realidade obxectiva. // **I. accidental** Impresión que permanece na retina despois de desaparecer-la imaxe real que a produciu inicialmente. Tamén se di **imaxe consecutiva**. / **I. acústica** Concepto mental correspondente a un determinado son. / **I. consecutiva** V. **i. accidental**. / **I. corporal** Concepción tridimensional da situación espacial dos segmentos corporais que se rexistra permanentemente no córtex cerebral. / **I. dereita** Aquela producida polos raios luminosos antes de chegaren ó seu foco. Tamén se di **imaxe directa, virtual**. / **I. directa** V. **i. dereita**. / **I. falsa** Aquela que se forma nun ollo estrábico. / **I. heterónima** Imaxe dun obxecto cando o ollo ten enfocado un punto máis remoto có devandito obxecto. / **I. hipnagóxica** Imaxe que se produce durante a transición entre a vixilia e o sono. / **I. hipnópica** Aquela que se produce cando o suxeito comeza a durmir. / **I. invertida** Aquela que se produce no foco real dunha lente ou dun espello cóncavo. Tamén se di **imaxe real**. / **I. mental** Representación mental dalgunha cousa percibida polos sentidos. / **I. onírica** Aquela que aparece nos sonhos. / **I. óptica** Aquela que se produce pola reflexión ou a refracción dos raios luminosos. / **I. pareidólica** Imaxe construída pola imaxinación, pero a partir dunha imaxe real, como sucede coas imaxes construídas a partir das nubes, manchas, etc. / **I. real** V. **i. invertida**. / **I. retiniana** Imaxe dun obxecto que se forma na retina. / **I. táctil** Imaxe mental correspondente a un obxecto percibido polo tacto. / **I. virtual** V. **i. dereita**. / **I. visual** Aquela que corresponde a un obxecto percibido mediante o sentido da vista.

imaxinación *s.f.* 1. Facultade psíquica mediante a cal unha persoa pode evocar no presente, en forma de imaxes mentais, obxectos ou feitos coñecidos anteriormente. Tamén se di **memoria imaxinativa**. 2. Facultade mediante a cal se poden inventar seres ou acontecementos non reais. 3. Capacidade mental mediante a cal se poden crear imaxes ou conceptos novos en calquera campo da actividade intelectual, ou resolver problemas teóricos ou prácticos. Tamén se di **invención**.

imaxinario -a *adx.* Que non é real, existindo unicamente na imaxinación.

imbécil *adx. e s.* Que padece imbecilidade.

imbecilidade *s.f.* Estado de deficiencia mental correspondente a un coeficiente intelectual entre 25 e 50.

imbricación *s.f.* Entrelazado parcial de capas ou estratos de fibras ou tecidos.

imbricado -a *adx.* Dos tecidos que se entrelazan parcialmente, de xeito semellante ás tellas dos tellados.

imida *s.f.* Amina secundaria, composto que posúe o grupo divalente NH, co que se unen unicamente radicais ácidos.

imidazol *s.m.* Composto heterocíclico aromático, de fórmula $C_3H_4N_2$, que se atopa frecuentemente na natureza, de xeito monocíclico (histidina), ou de xeito policíclico (purinas, bencimidazoís). Forma parte tamén dalgúns medicamentos, como as hidantoínas ou en diversos compostos antifúnxicos.

imido- Prefixo que indica a presenza dun grupo NH unido a un radical ácido.

imino- Prefixo que indica a presenza dun grupo NH unido a un radical non ácido.

imipramina *s.f.* Fármaco antidepressivo tricíclico pertencente ó grupo das dibenzacepinas.

imitación *s.f.* Reproducción aproximada da forma de ser ou de actuar de alguén. Nalgunhas ocasións posúe carácter morboso.

impactado -a *adx.* Que sufriu un impacto.

impacto *s.m.* 1. Choque dun corpo contra outro. 2. Sinal ou pegada que deixa o choque entre dous obxectos.

impalpable *adx.* Que non se descobre mediante o tacto.

impedancia *s.f.* Resistencia que presenta un circuíto ó paso dunha corrente eléctrica. // **I. acústica** Expresión da resistencia que existe ó paso dunha onda sonora, que depende da densidade e da elasticidade dunha substancia.

impedanciometría *s.f.* Técnica para medi-la impedancia acústica no oído medio.

impedanciómetro *s.m.* Aparello destinado á medición da impedancia.

imperforación *s.f.* Pechamento conxénito anormal dun orificio ou dun conducto corporal.

impermeable *adx.* Que non permite o paso dos líquidos.

impetixe ou **empinxé** *s.f.* Dermatose producida por unha infección con estreptococos, estafilococos ou con flora mixta e caracterizada pola formación de lesións vesiculopustulosas subcorneais, tanto illadas como acumuladas, que cando rachan deixan unha superficie erosiva e exsudativa, cunha segregación que ó secar forma unhas cotras amarelas, cun aspecto semellante ó do mel seco (cotra melicérica), que posteriormente caen sen deixar cicatriz. As lesións autoinocúlanse e contáxianse con facilidade, localízanse principalmente na cara e son máis frecuentes nos meniños. // **I. ampolar** Piodermite caracterizada pola presenza de pústulas ou bochas purulentas. // **I. circinado** Impetixe que ten tendencia a crecer polos seus bordos e a regresar polo centro das lesións. // **I. contaxiosa** Impetixe propiamente dita. Tamén se di **impetixe vulgar**. // **I. folicular** Impetixe contaxiosa localizada no foliculo pilosebáceo. Está causada sempre por estafilococos. Tamén se di **impetixe simple**. // **I. granulada** Variedade de impetixe que afecta ó coiro cabeludo e na que as cotras se adhíren ós pelos e teñen forma de grans // **I. sifilítica**

Erupción pustulosa que aparece na sífilis. // **I. simple** V. i. **folicular**. // **I. vulgar** V. i. **contaxiosa**.

impetixinización *s.f.* Desenvolvemento dunha impetixe en calquera lesión cutánea.

implantación *s.f.* 1. Fixación dun óvulo fecundado na mucosa uterina, feito que no ser humano sucede entre seis e sete días despois da propia fecundación, a que ten lugar normalmente no tercio externo da trompa de Falopio. 2. Enxerto dun tecido ou órgano nunha localización corporal distinta á de procedencia orixinal. 3. Introducción dun medicamento sólido debaixo da pel. 4. Introducción de bacterias no sangue ou nun tecido corporal coa finalidade de examinalo seu poder bactericida.

impo *s.m.* Contracción súbita do diafragma e a glote, que produce unha sacudida das paredes torácica e abdominal, ocasionando un son agudo característico. Tamén se di **salouco**.

impotencia *s.f.* Incapacidade para realizar un acto, especialmente para realiza-la cópula o home. // **I. coundi** Incapacidade para realiza-lo coito o macho ou a femia. // **I. erigendi** Incapacidade para obter a erección do pene. // **I. generandi** Incapacidade para procrear, aínda que sexa posible a realización do coito. Tamén se di **esterilidade**. // **I. psíquica** Aquela que non depende dunha causa orgánica senón dunha alteración psíquica.

impresión *s.f.* 1. Sinal ou pegada que un órgano ou unha parte anatómica calquera deixa sobre outra zona veciña coa que entra en contacto. 2. Efecto producido nos sentidos, na mente ou no corpo por unha causa exterior. 3. Depresión ou desigualdade localizada na superficie dun óso, de forma fisiolóxica. // **I. aórtica** Suco deixado pola arteria aorta sobre o lado esquerdo da porción dorsal da columna vertebral. // **I. basilar** Deformidade da porción superior do óso occipital e da extremidade superior da columna vertebral cervical, na que esta última parece empurrar cara a arriba a base do occipital. // **I. cardíaca** Concavidade localizada na superficie mediastínica do pulmón pola presión que realiza o corazón. // **I. deltoide** Suco localizado na porción superior e externa do úmero no que se insire o músculo deltoide. // **I. dixital** Cada unha das depresións localizadas na superficie interna do cranio, que se producen pola presión sobre estas das circunvolucións cerebrais. // **I. hepática** Aquela que deixa o fígado sobre o ril no punto no que ámbolos dous entran en contacto.

impúbere *adx. e s.* Que aínda non alcanzou a puberdade.

impulsión *s.f.* Propensión irresistible, morbosa, á realización de impulsos, sen ter en conta a opinión dos demais nin a presión do supereu, conducta típica dos nenos e dos adultos cunha organización psíquica débil.

impulsivo -a *adx.* 1. Que se deixa levar polas impresións dun momento, procedendo sen reflexión e sen ningunha precaución. 2. Que impele ou pode impeler, que proporciona impulso.

impulso *s.m.* 1. Determinación súbita e incontrolada de actuar. 2. Forza súbita impelente. Tamén se di **pulo**. // **I. cardíaco** Movemento da parede torácica producido polos latexos do corazón. / **I. ectópico** Impulso cardíaco que se orixina nunha zona do corazón diferente e independentemente do nódulo sinusal. / **I. nervioso** Cambio fisicoquímico transmitido a través das fibras nerviosas ata os tecidos innervados polas mesmas.

in- Prefixo latino que significa *dentro, dentro de* ou que indica negación.

In Símbolo químico do indio.

inacción *s.f.* Ausencia de reacción ante un estímulo normal.

inactivación *s.f.* 1. Supresión da actividade normal dunha substancia calquera. 2. Destrución da actividade biolóxica dun virus ou dun enzima pola acción de medios físicos ou químicos. // **I. do complemento** Perda da acción normal do sistema do complemento do soro pola acción da calor. Tamén se di **inactivación do soro**. / **I. do soro** V. **i. do complemento**.

inactivo -a *adx.* Que non posúe acción, de xeito transitorio ou permanente.

inaglutinable *adx.* Que non se pode aglutinar.

inanición *s.f.* Estado caracterizado pola debilidade extrema, a perda de peso e a diminución do metabolismo, como resultado dunha alimentación insuficiente de longa duración.

inanimado -a *adx.* 1. Carente de vida. 2. Carente de movemento.

inapetencia *s.f.* 1. Falta de apetito. Tamén se di **anorexia**. 2. Falta de desexo por algunha cousa.

inarticulado -a *adx.* 1. Da voz ou dos sons vocais carentes de significado propio. 2. Dos animais que carecen de articulacións.

inasimilable *adx.* Que non se pode asimilar ou utilizar como alimento.

incapacidade *s.f.* 1. Falta da capacidade para realiza-las funcións normais ou habituais, dende o punto de vista físico ou psíquico. 2. Estado do enfermo mental privado dos seus dereitos. // **I. absoluta** Estado dun suxeito polo que perde totalmente a súa capacidade para realiza-lo seu traballo habitual de xeito permanente. Tamén se di **incapacidade total**. / **I. total** V. **i. absoluta**. / **I. transitoria** Estado dun suxeito polo que perde a capacidade para realiza-lo seu traballo habitual de xeito temporal.

incenso *s.m.* Gomorresina recendente que se extrae de varias especies de árbores da familia das burseráceas. Forma parte da composición dalgúns emplastos, antidotos e bálsamos.

incesto *s.m.* Relación sexual entre individuos consanguíneos, dentro dos graos nos que se prohibe o matrimonio.

incicloforia *s.f.* Cicloforia na que o polo superior do eixe vertical do ollo se desvía cara á liña media da cara.

incicotropía *s.f.* Ciclotropía na que o polo superior do eixe vertical do ollo se desvía cara á liña media da cara.

incidencia *s.f.* 1. Número de veces no que se repite un determinado feito durante un período de tempo concreto. 2. Forma na que un corpo calquera entra en contacto con outro.

incineración *s.f.* Acción de reducir corpos orgánicos a cinsas mediante o uso do lume.

incipiente *adx.* Do suceso que está comezando.

incisión *s.f.* Fendedura cirúrxica realizada sobre unha estrutura anatómica cun aparello cortante.

incisivo -a *adx.* 1. Que serve para cortar. 2. Punzante, agudo, penetrante. // **(Dente) i.** Cada un dos dentes localizados entre os caninos na parte anterior e central dos maxilares, posúen unha coroa cortante. No ser humano existen oito incisivos, catro laterais e catro centrais. A súa función é coller e corta-los alimentos.

incisura *s.f.* Fendedura ou cavidade. // **I. cerebelosa anterior** Fendedura de forma semilunar localizada na parte anterior do cerebelo que contén os pedúnculos cerebelosos superiores e os tubérculos cuadrixéminos inferiores. / **I. cerebelosa posterior** Fendedura localizada entre os hemisferios cerebelosos que contén a fouce do cerebelo.

inclusión *s.f.* Corpo ou partícula incluídos nun medio calquera. // **I. celular** Corpúsculo, xeralmente inanimado e temporal, localizado no citoplasma ou no núcleo dunha célula.

incoercible *adx.* Que non se pode deter ou conter, especialmente os vómitos.

incoherencia *s.f.* Relación contradictoria entre dúas ou máis cousas, especialmente referido ó discurso ou ó comportamento dunha persoa.

incoloro -a *adx.* Carente de cor. Tamén se di **acrómico**.

incombustible *adx.* Que non pode arder ou que ten grandes dificultades para facelo.

incompatibilidade *s.f.* Calidade de incompatible. // **I. biolóxica** Aquela que existe entre dous tipos cromosómicos de sexo oposto, pola que estes non se poden unir mediante fecundación. Este feito sucede frecuentemente entre especies diferentes dun mesmo xénero e constantemente entre xéneros distintos. / **I. sanguínea** Aquela que existe entre dous tipos de sangue diferentes, debido a que un deles posúe un tipo antixénico determinado e o outro o correspondente anticorpo contra o anterior. / **I. terapéutica** Imposibilidade para administrar dous ou máis medicamentos ó mesmo tempo, debido a que a súa interacción causa efectos contraproducentes ou tóxicos sobre o organismo.

incompatible *adx.* Dos elementos que non poden compartir un mesmo medio, que non se poden combinar ou que posúen efectos opostos sobre o organismo.

inconsciencia *s.f.* 1. Calidade de inconsciente. 2. Estado caracterizado pola perda ou ausencia da conciencia.

inconsciente *adx.* 1. Que perdeu a conciencia. 2. Que actúa sen ter conciencia dos seus actos. 3. Acto reflexo e inadvertido, non voluntario. // *s.m.* 4. Concepto principal da teoría psicanalítica de Freud, que designa aquelas partes do aparello psíquico constituídas polos impulsos primitivos e os desexos reprimidos. Nun sentido descriptivo, é aquela parte da actividade mental que non resulta facilmente accesible á conciencia. // **I. colectivo** Termo de Jung, que designa a parte do inconsciente idéntica en tódolos individuos da humanidade, independentemente do espacio e do tempo e que está integrada polas experiencias ancestrais comúns.

incontinencia *s.f.* 1. Incapacidade anormal para controlar as funcións excretoras voluntarias. 2. Falta de moderación no comportamento. 3. Perda da capacidade dun continente para rete-lo seu contido. // **I. fecal** Emisión involuntaria de feces. / **I. pigmentaria** Dermatose hereditaria, presente no nacemento, que afecta exclusivamente ó sexo feminino e que se caracteriza pola presenza inicial de ampolas, seguido da aparición de lesións papulosas e verrugas e, finalmente, da aparición de manchas dérmicas irregulares causadas por un exceso de melanina. O cadro dérmico vai acompañado de diversas alteracións oculares, dentarias e do pelo. Tamén se di **incontinentia pigmenti**. / **I. urinaria** Emisión involuntaria de urina, causada por unha perda na capacidade de regulación voluntaria dos esfínteres vesical e uretral. Tamén se di **enuresis**.

incontinentia pigmenti *s.f.* Incontinencia pigmentaria. V. **incontinencia**.

incoordinación *s.f.* Ausencia da relación normal existente entre os diversos elementos musculares que realizan un movemento complexo. Tamén se di **ataxia**.

incorporación *s.f.* 1. Unión de dúas ou máis substancias, formando unha nova substancia composta. 2. Acción de sentar ou reclinar un corpo que anteriormente se atopaba deitado. 3. Na psicanálise, modo de relación de obxecto, con características do estadio sádico-oral (facer penetrar o obxecto no interior do corpo experimentando pracer con iso, destruíndoo ou conservándoo coa finalidade de asimilalas súas calidades). Pódese experimentar dun xeito real ou fantástico. Non se ten que limitar á actividade nin á fase oral, podéndose estender a outras zonas eróxicas e a obxectos parciais.

incremento *s.m.* 1. Aumento ou acrecentamento de calquera cousa, cantidade na que aumenta un valor determinado. 2. Materia que fica dentro do organismo que a produce, oposto a excremento.

incruento -a *adx.* Que se realiza sen derramar sangue, aplicado a certos métodos ou prácticas médico-cirúxicas.

incubación *s.f.* 1. Período de latencia que transcorre entre o contaxio dunha enfermidade infecciosa e as primeiras manifestacións clínicas da mesma. 2. Desenvolvemento

do embrión dentro do ovo, nos animais ovíparos. 3. Mantemento controlado da temperatura, da humidade e do osíxeno dentro dunha incubadora, coa finalidade de permiti-lo desenvolvemento dos neonatos prematuros. 4. Mantemento dunha temperatura adecuada nunha estufa, coa finalidade de favorecer-lo crecemento de cultivos bacterianos ou de medios celulares.

incubadora *s.f.* 1. Aparello utilizado para realizar incubacións artificiais de cultivos celulares ou bacterianos. 2. Aparello utilizado para manter os neonatos, especialmente os prematuros, nunhas condicións adecuadas para procura-lo seu desenvolvemento normal.

íncubo *s.m.* 1. Pesadelo. 2. Demo ou espírito con aparencia de home que, segundo a crenza popular, mantén relacións sexuais cunha muller mentres esta dorme.

incudectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica da bigornia.

incudomáleo -a *adx.* Pertencente ou relativo á bigornia e máis ó martelo.

incudostapedio -a *adx.* Pertencente ou relativo á bigornia e ó estribo.

incurable *adx.* Que non se pode curar ou que non pode sandar.

incus *s.m.* Bigornia, un dos ósos do oído medio.

indemne *adx.* Ileso, que non sufriu dano.

indicador *s.m.* 1. Músculo extensor propio do dedo maimiño. 2. Substancia que, engadida a un medio, manifesta a existencia dunha determinada reacción que se quere determinar, mediante un cambio nalgunha das características do devandito medio, especialmente a cor ou o pH.

indicana *s.f.* Denominación xeral dos derivados naturais do indoxilo. // **I. vexetal** Glicósido do D-3-hidroxiindol, que se atopa nas plantas que conteñen índigo ou anil. / **I. urinaria** Producto da transformación do triptófano en indol pola acción das bacterias intestinais, unicamente aparece na urina humana durante a insuficiencia hepática, a enfermidade de Hartnup ou en fermentacións intestinais intensas.

indicaneemia *s.f.* Presencia de indicana no sangue.

indicanhidrose *s.f.* Sudación de cor azul.

indicaneuria *s.f.* Presencia de indicana na urina.

índice *s.m.* 1. Segundo dedo da man, localizado entre o polgar e o medio. 2. Relación numérica comparativa entre unha cantidade tipo e outra magnitude. 3. Relación constante entre dúas cantidades. // **I. cardíaco** Volume de sangue que bombea o corazón por m² de superficie corporal nun minuto. / **I. cardiorácico** Relación existente entre os diámetros transversais das siluetas radiográficas do corazón e do tórax. / **I. cefálico** Relación entre os diámetros transverso e anteroposterior do cranio. Tamén se di **índice cranial**. / **I. cranial** V. **i. cefálico**. / **I. de envellecemento** Proporción de persoas maiores de 65

anos por cada cen habitantes. / **I. de refracción** Poder de refracción dun medio calquera en comparación co do aire, ó que se lle asigna un poder de refracción de 1 por convenio. / **I. de resistencia** Comparación entre a proporción de leucocitos neutrófilos do sangue e o total de leucocitos existentes no mesmo. / **I. de saturación da hemoglobina** Índice que amosa a porcentaxe de saturación da hemoglobina con osíxeno ante unha determinada presión de O_2 . / **I. de saturación da transferrina** Indica proporción de transferrina unida ó ferro, que normalmente é do trinta por cento. / **I. de sedimentación** Cifra que indica os milímetros de sedimentación de glóbulos vermello despois de trinta minutos. / **I. fagocitario** Medida que indica a capacidade que posúen os neutrófilos para inxerir partículas opsonizadas. / **I. mitótico** Proporción entre o número de células dunha poboación que experimenta mitose e o número das que non o fan. / **I. pélvico** Relación existente entre os diámetros transversos e conxugado da pelve. / **I. quimioterápico** Índice que amosa a toxicidade que posúe unha droga para o organismo comparada coa que posúe para un parasito determinado. / **I. respiratorio** Diferencia, expresada en centímetros, que existe entre o perímetro do tórax durante unha inspiración profunda e o mesmo perímetro durante unha expiración forzada. / **I. terapéutico** Proporción existente entre a dose letal media (DL_{50}) e a dose eficaz media (DE_{50}) dun fármaco determinado. Utilízase para avalía-la seguridade que ofrece o devandito fármaco. / **I. vital** Proporción que existe entre o número de nacementos e o de defuncións nun período de tempo determinado dentro dunha poboación.

Indiella Xénero ó que pertencen algunhas especies de fungos, como *Indiella mansonii* ou *Indiella brumptii*, causantes do pé de Madura.

Índigo *s.m.* Materia colorante azul derivada dalgúns vexetais. Pódese obter de forma sintética.

Indigotina *s.f.* Composto de fórmula $C_{16}H_{10}O_2N_2$, que constitúe a maior parte dos colorantes do índigo natural e sintético.

Indiguria *s.f.* Presencia de índigo na urina.

Indio *s.m.* Metal raro, que presenta analoxías co aluminio, denominado así polo seu espectro, que presenta unha raía de cor índigo. É de cor branca, brillante, máis brando e maleable có chumbo, o seu número atómico é 49, a masa atómica 114,82 e o símbolo In.

Indirrubina *s.f.* Materia colorante, isómera da indigotina, coa que aparece na composición do índigo nativo.

Indisposición *s.f.* Alteración leve da saúde.

Individualidade *s.f.* Conxunto de caracteres que nunha especie diferencian a un individuo dos demais.

Individuo *s.m.* Cada un dos seres dunha especie ou xénero.

Indigestión *s.f.* Malestar abdominal vago que aparece despois das comidas e que se pode atribuír a diferentes causas. // **I. gástrica** Aquela que se produce por un tras-

torno localizado no estómago. / **I. intestinal** A que se orixina por un trastorno localizado no intestino.

indexesto -a *adx.* 1. Difícil de dixerir ou que orixina indigestión. 2. Que foi inxerido e non dixerido.

indofenol *s.m.* Colorante do tipo $O=C_6H_4=N-C_6H_4-OH$, que se obtén oxidando a mestura dun paraaminofenol e dun fenol.

indofenoloxidase *s.f.* Enzima que cataliza a oxidación do citocromo, pasando o ferro que posúe este último de estado ferroso a estado férrico.

indol *s.m.* Composto aromático bicíclico, de fórmula C_8H_7N , relacionado co pirrol. Derivado do índigo e da descomposición do triptófano nos intestinos, absórtese na mucosa intestinal e transfórmase en indoxilo no fígado, perdendo desta maneira o seu carácter tóxico, e atópase asemade nos cultivos do bacilo colérico. Tamén se di **benzopirrol**.

indolente *adx.* 1. Que non experimenta ningunha dor ou sufrimento. 2. Indiferente ou apático.

indoloro -a *adx.* Que non ocasiona dor.

indoluria *s.f.* Presencia de indol na urina.

indometacina *s.f.* Fármaco sintético derivado do indol, que posúe propiedades antipiréticas, analxésicas e antiinflamatorias, indicado especialmente no tratamento da espondilite anquilopóésica e da artrite reumatoide, tendo en xeral as mesmas indicacións có resto dos antiinflamatorios non esteroides.

indoxilemia *s.f.* Presencia de indoxilo no sangue.

indoxilo *s.m.* Producto procedente do metabolismo do indol que se elimina algunhas veces pola urina. Mediante a conxugación hepática co ácido sulfúrico forma a indicana urinaria. // **I. vermello** Materia colorante vermella, que se forma ó quentarse unha solución acuosa de indoxilo a 130° .

indoxiluria *s.f.* Presencia de indoxilo na urina.

inducción *s.f.* 1. Acción e efecto de inducir. 2. Proceso que orienta a diferenciación das células do embrión e controla a constitución da forma normal do mesmo. 3. Na bioquímica, fenómeno de adaptación que orixina a síntese dos enzimas esenciais para a vida celular. 4. Durante a anestesia, período que transcorre dende o adormecemento do suxeito ata chegar a unha anestesia estable e suficiente para comeza-la intervención cirúrxica. 5. Xeración de electricidade ou de fenómenos magnéticos nun corpo, mediante a influencia de correntes eléctricas ou de campos magnéticos sobre o devandito corpo. // **I. do parto** Estimulación artificial do comezo do parto.

inducido -a *adx.* Producido mediante inducción.

induración *s.f.* Endurecemento anormal dos tecidos dun órgano.

indurado -a *adx.* Que sofre un proceso de induración.

inercia *s.f.* 1. Calidade de inerte. 2. Falta de enerxía física ou psíquica.

inerte *adx.* 1. Carente de actividade ou de movemento propio. 2. Inactivo, ineficaz, inútil, estéril.

inespecífico -a *adx.* 1. Que non depende dunha única causa coñecida. 2. Que posúe un efecto xeral e non particular.

inestable *adx.* Que carece de estabilidade.

inexcitabilidade *s.f.* Falta de excitabilidade.

infancia *s.f.* Período da vida humana que vai dende o nacemento ata o comezo da adolescencia.

infantil *adx.* Relativo ou pertencente á infancia.

infantilismo *s.m.* Persistencia na adolescencia ou na idade adulta dos caracteres físicos ou psíquicos propios da infancia. // **I. mixedematoso** Infantilismo asociado a mixedema. Tamén se di **cretinismo**. / **I. sexual** Persistencia dos caracteres sexuais prepuberais despois da puberdade.

infarto *s.m.* Área de tecido necrosada como consecuencia dunha isquemia local. // **I. anémico** Área de necrose producida por unha obstrución arterial. Tamén se di **infarto branco**. / **I. branco** V. i. **anémico**. / **I. cardíaco** V. i. **do miocardio**. / **I. do miocardio** Aquel que afecta á capa miocárdica do corazón, como consecuencia dunha obstrución das arterias coronarias. Tamén se di **infarto cardíaco**. / **I. embólico** Infarto causado por unha obstrución orixinada por unha embolia. / **I. trombótico** O producido pola trombose dun vaso sanguíneo.

infausto -a *adx.* Desgraciado, infeliz, desafortunado, especialmente un prognóstico aciago.

infección *s.f.* Invasión dos tecidos corporais por parte de microorganismos patóxenos de calquera tipo e posterior multiplicación dos mesmos, podendo ocasionar un cadro morboso. // **I. aérea** Infección microbiana transmitida a través das partículas suspendidas no aire. / **I. criptoxénica** Aquela que non ten unha porta de entrada coñecida. / **I. directa** Aquela que se produce como consecuencia dun contacto cun individuo afectado. / **I. endóxena** Aquela orixinada por microorganismos existentes normalmente no organismo, que adquiren virulencia en determinadas circunstancias. / **I. esóxena** Aquela que se orixina a partir de xermes procedentes do ambiente exterior ó organismo infectado. / **I. focal** Aquela na que os microorganismos infecciosos se atopan confinados nunha localización concreta. / **I. indirecta** Aquela transmitida mediante a auga, os alimentos ou vías diversas. / **I. latente** Aquela na que os microorganismos infectantes permanecen vivos, pero sen orixinar manifestacións clínicas da enfermidade, no interior de diversas células do organismo infectado. / **I. mixta** Aquela producida por máis dun tipo de microorganismo ó mesmo tempo. / **I. nosocomial** A adquirida nos ambientes hospitalarios. / **I. oportunista** A producida a causa dunha diminución dos sistemas defensivos do organismo, por microorganismos que habitualmente non son patóxenos. / **I. simple** Infec-

ción na que existe unha única especie de microorganismo infectante. / **I. subclínica** Aquela que non produce sintomatoloxía, pero na que se pode demostrar por medios de laboratorio, a invasión do organismo por un axente patóxeno.

infecciosidade *s.f.* Grao ou calidade de infeccioso. Tamén se di **infectividade**.

infectado-a *adx.* Que sofre unha infección. Tamén se di **infecto**.

infectividade *s.f.* V. **infecciosidade**.

infecto -a *adx.* 1. V. **infectado**. 2. Sucio, noxento, repugnante.

infectopatía *s.f.* Enfermidade infecciosa.

infecundidade *s.f.* Calidade de infecundo.

infecundo-a *adx.* V. **estéril**.

inferior *adx.* 1. Das partes anatómicas situadas por debaixo doutras, ou que se dirixen cara a abaixo. 2. Que ocupa un nivel máis baixo no que respecta a un grao, dignidade, calidade, etc.

inferioridade *s.f.* Calidade de inferior.

inferolateral *adx.* Da parte anatómica que se atopa localizada por debaixo e a un lado con respecto a outra que se toma como referencia.

inferoposterior *adx.* Da parte anatómica que se atopa localizada por debaixo e por detrás doutra parte que se toma como referencia.

infertilidade *s.f.* Diminución ou falta da capacidade para ter descendencia. Non indica unha incapacidade total para a reprodución, como a esterilidade.

infestación *s.f.* Infección, especialmente aquela que se produce por parasitos macroscópicos, como os vermes ou os insectos.

infiltración *s.f.* Acumulación nun tecido ou nas células dun tecido de substancias alleas ós mesmos, ou nunha cantidade excesiva con respecto á normalmente existente.

infiltrado -a *adx.* 1. Afectado por unha infiltración // *s.m.* 2. Producto da reacción inflamatoria, rico en células, que se acumula no intersticio dos tecidos. 3. Calquera substancia depositada mediante un proceso de infiltración.

inflación *s.f.* Acción e efecto de inflar, de distender unha parte con aire ou gas.

inflamación *s.f.* Estado morboso ocasionado polos procesos exsudativos e proliferativos que se desenvolven nun tecido como consecuencia dunha reacción defensiva do organismo fronte a unha gran diversidade de axentes nocivos, que clinicamente se caracteriza pola aparición dunha serie de signos na área afectada, comprendendo estes clasicamente: a dor, a calor, o rubor, o tumor e a incapacidade funcional. // **I. aguda** Inflamación que se inicia de súpeto, seguida da manifestación intensa dos signos típicos / **I. catarral** Aquela que afecta esencial-

mente ás mucosas e se caracteriza pola presenza dun fluxo mucopurulento e restos epiteliais. / **I. crónica** Inflamación de curso lento. / **I. exsudativa** Aquela caracterizada pola produción dun líquido inflamatorio coas características dun exsudado. / **I. fibrinosa** Aquela caracterizada pola formación dun exsudado de fibrina. / **I. granulomatosa** Inflamación, xeralmente crónica, que se caracteriza pola formación de granulomas nas áreas afectadas / **I. intersticial** Inflamación que afecta principalmente ó estroma dos órganos implicados. / **I. metastática** Aquela que se produce a distancia do foco primitivo, polo transporte de material séptico a través do torrente sanguíneo ou linfático. / **I. necrótica** Inflamación de grande intensidade que produce unha área máis ou menos ampla de necrose no tecido afectado. / **I. parenquimatosa** Aquela que afecta principalmente os elementos histolóxicos esenciais dos órganos implicados. / **I. reactiva** Aquela que se orixina arredor dun corpo extraño ou dunha área de necrose. / **I. seca** Aquela que cursa sen produción de exsudado inflamatorio. / **I. serosa** Aquela que orixina un líquido inflamatorio de características semellantes ó soro. / **I. subaguda** Aquela que segue un curso clínico intermedio entre as inflamacións agudas e as crónicas. / **I. supurativa** Aquela que produce un exsudado de tipo purulento.

inflamatorio -a *adx.* Que produce inflamación.

inflexión *s.f.* 1. Flexión cara a dentro. 2. Modificación do timbre da voz.

influenza *s.f.* V. **gripe**.

influenzavirus *s.m.* Especie de virus pertencente ó xénero *Orthomyxovirus*, causante da gripe. Trátase dun virus RNA, con simetría helicoidal, envoltura e espículas. Dependendo das proteínas que presente na nucleocápside e na envoltura, distínguense tres tipos: A, B e C responsables das diferentes epidemias anuais de gripe.

infra- Prefixo do lat. *infra* (debaixo de).

infraamigdal *adx.* Localizado debaixo das amígdalas. Tamén se di **infratonsilar**.

infraaxilar *adx.* Que se localiza debaixo da axila.

infracción *s.f.* Fractura incompleta dun óso, sen desprazamento dos fragmentos.

infraclavicular *adx.* Que se localiza debaixo dunha clavícula.

infracortical *adx.* Que se localiza debaixo da porción cortical dun órgano.

infracostal *adx.* Que se localiza debaixo dunha ou máis costelas.

infracotiloide *adx.* Que se localiza debaixo da cavidade cotiloide.

infradiafragmático -a *adx.* Que se localiza debaixo do diafragma.

infradiano -a *adx.* Dos ciclos biolóxicos rítmicos que se repiten cunha frecuencia inferior á dos ritmos circadianos, e dicir, menos dunha vez cada día.

infraducción *s.f.* Rotación cara a abaixo do ollo sobre o seu eixe horizontal.

infraglenoide *adx.* Que se localiza debaixo da cavidade ou fosa glenoide.

infraglótico -a *adx.* Que se localiza debaixo da glote.

infrahioide *adx.* Que se localiza debaixo do óso hioide.

infranguinal *adx.* Que se localiza debaixo da ingua.

inframamario -a *adx.* Que se localiza debaixo das glándulas mamarias.

inframamilar *adx.* Que se localiza debaixo das mamilas.

inframandibular *adx.* Que se localiza debaixo das mandíbulas, especialmente do maxilar inferior. Tamén se di **inframaxilar**.

inframaxilar *adx.* V. **inframandibular**.

infranuclear *adx.* Que se localiza debaixo dun núcleo, especialmente dos pertencentes ó sistema nervioso central.

infraoclusión *s.f.* Mala oclusión dental pola que un dente non contacta co dente oposto, por non alcanza-la súa erupción completa.

infraorbitario -a *adx.* Localizado no chan da órbita ou por debaixo da mesma.

infrapatelar *adx.* Localizado por debaixo da rótula. Tamén se di **infrarrotuliano**.

infrapsíquico -a *adx.* Que é automático, de nivel psíquico inferior.

infrarrotuliano -a *adx.* V. **infrapatelar**.

infrascapular *adx.* Que se localiza debaixo dunha escápula.

infraspiñoso -a *adx.* Localizado debaixo da espiña da omoplata. // **Músculo infraspiñoso**. **Músculo** localizado na rexión posterior do ombreiro, ocupando a fosa infraspiñosa da escápula, que ten unha función de rotación sobre o ombreiro e de reforzo da articulación escapuloumeral.

infrasternal *adx.* Localizado debaixo do esterno.

infratemporal *adx.* Localizado ou situado debaixo da fosa ou do óso temporal.

infratentorial *adx.* Localizado debaixo da tenda do cerebelo.

infratonsilar *adx.* V. **infraamigdal**.

infratraqueal *adx.* Localizado debaixo da traquea.

infratrocLEAR *adx.* Localizado debaixo da tróclea.

infratubárico -a *adx.* Que se localiza debaixo da trompa de Eustaquio ou da trompa de Falopio.

infraumbilical *adx.* Localizado debaixo do embigo.

infundibuliforme *adx.* Con forma de funil.

infundíbulo *s.m.* Parte anatómica con forma de funil. // **I. coclear** Cavidade con forma de funil localizada na extremidade superior do conducto da cóclea. / **I. do corazón** Prolongación do ventrículo dereito do corazón, do vértice do que sae a arteria pulmonar. / **I. do hipotálamo** Prolongación hipotalámica con forma de funil, localizada por diante do *tuber cinereum* e que se estende ata a neurohipófise. / **I. etmoidal** Paso sinuoso que establece unha comunicación entre o meato nasal e as celas etmoidais. / **I. pélvico** Escavación pelviana. / **I. renal** cada unha das divisións da pelve renal.

infusible *adx.* Que non se pode fundir.

infusión *s.f.* Operación que consiste en poñer auga ou outro líquido a ferver, introducindo posteriormente unha substancia farmacolóxica, principalmente vexetais, ou vertendo o líquido sobre a mesma, e deixándoo quedar en contacto con ela durante certo tempo, para lle extrae-los principios activos.

infusorios *s.m.pl.* Clase de protozoos que posúen cilios vibrátiles, dos que algunhas especies como o *Balantidium coli*, son parasitos do ser humano.

ingrediente *s.m.* Compoñente que forma parte dunha fórmula farmacolóxica ou dun medicamento calquera.

ingua *s.f.* Parte do corpo onde se unen as coxas co ventre. Tamén se di **éngo**.

inguinoabdominal *adx.* Relativo ou pertencente á ingua e ó abdome.

inguinocrural *adx.* Relativo ou pertencente á ingua e ás coxas.

inguinodinia *s.f.* Dor localizada na ingua.

inguinolabial *adx.* Relativo ou pertencente á ingua e ós labios da vulva.

inguinoscrotal *adx.* Relativo ou pertencente á ingua e ó escroto.

inhalación *s.f.* Aspiración de aire ou de vapores.

inhalador *s.m.* Aparello utilizado para a administración de preparacións medicamentosas mediante inhalación.

inhibición *s.f.* 1. Detención ou enlentecemento das funcións do organismo. 2. Na psicanálise, limitación consciente ou inconsciente dun impulso ou dun desexo. // **I. competitiva** Proceso de inhibición dunha actividade enzimática na que o inhibidor se combina de xeito reversible co enzima, competindo co substrato para unirse ó mesmo. / **I. de contacto** Fenómeno que se observa nos cultivos celulares, consistente nunha detención da división das células cando as súas membranas entran en contacto. / **I. non competitiva** Inhibición da actividade enzimática mediante unha substancia que se combina co enzima sobre un sitio diferente ó utilizado polo substrato normal, provocando unha modificación na estrutura do catalizador e unha diminución na súa actividade.

inhibidor *s.m.* 1. Substancia que interfere cunha reacción química ou con calquera actividade biolóxica. 2. Substancia química que inhibe unha reacción enzimática.

inhibina *s.f.* Factor de natureza hormonal producido polos túbulos seminíferos, que posúe unha acción de retroalimentación negativa sobre a FSH.

inhumación *s.f.* Proceso de enterramento dun cadáver.

iniencefalia *s.f.* Monstruosidade fetal caracterizada pola presenza dunha fendedura occipital pola que sae o encéfalo.

iniódimo *s.m.* Monstro fetal que presenta dúas cabezas unidas polo occipicio.

inifacial *adx.* Relativo ou pertencente ó occipicio e á cara.

inión *s.m.* Punto craneométrico localizado no vértice da protuberancia occipital externa.

iniópago *s.m.* Monstro fetal dobre unido polo occipicio.

inmaturo -a *adx.* Que non está plenamente desenvolvido en canto ás súas características como adulto.

inmersión *s.f.* Introdución dun corpo sólido nun líquido. // **Obxectivo de i.** Variedade de obxectivo dos microscopios, que se utiliza interpoñendo entre o obxecto e o propio obxectivo un líquido cun índice de refracción elevado, coa finalidade de aumenta-lo poder de resolución.

inmobilización *s.f.* 1. Supresión temporal dun movemento articular mediante a aplicación dunha férula ou calquera outro método. 2. En odontoloxía, procedemento polo que se aplica unha restauración fixa, coa finalidade de unir dúas ou máis pezas dentais nunha soa unidade rixida. // **I. do treponema** Proba utilizada no diagnóstico serolóxico da sífilis, na que se enfronta o soro problema cunha suspensión de treponemas comerciais en presenza de complemento. Se no soro problema existen anticorpos antitreponema, reaccionarán con estes inmovilizándoos. Tamén se di **proba de Nelson**.

immune *adx.* 1. Que non pode contraer unha determinada enfermidade infecciosa por posuír defensas inmunolóxicas axeitadas contra a mesma, ben porque padeceu anteriormente a devandita enfermidade, ben por vacinarse con anterioridade contra a mesma. 2. Relativo ou pertencente ó sistema inmunitario.

inmunidade *s.f.* 1. Calidade de immune. 2. Conxunto de fenómenos que aparecen como consecuencia da reacción dun organismo vivo contra un antíxeno estraño a el. // **I. activa** Aquela adquirida polo organismo de xeito activo, como resultado dunha reacción contra unha infección previa ou por unha vacinación co microorganismo causal ou cos seus produtos antixénicos. / **I. adquirida** Aquela que adquire o individuo despois do nacemento, que pode ser activa ou pasiva. / **I. antibacteriana** Aquela que vai dirixida contra a acción das bacterias. / **I. antitóxica** Aquela que vai dirixida contra a acción das toxinas bacterianas. / **I. antivírica** Inmunidade desenvolvida contra os

virus ou os seus compoñentes antixénicos. / **I. artificial** Aquela que se adquire mediante a inoculación de vacinas ou de inmunoglobulinas. / **I. celular** Aquela dependente da acción inmunitaria dos linfocitos T. / **I. conxénita** A que posúen algúns individuos ou algunhas especies de xeito conxénito contra certos microorganismos infecciosos. Tamén se di **inmidade inherente** ou **innata**. / **I. cruzada** Aquela adquirida contra unha enfermidade, mediante a inoculación ou o contaxio dun microorganismo que non é o causante da devandita enfermidade. / **I. específica** Aquela que vai destinada contra unha enfermidade ou un antixeno particular. / **I. humoral** Aquela desenvolvida polos anticorpos, procedentes dos linfocitos B. / **I. inherente** V. i. **conxénita**. / **I. innata** V. i. **conxénita**. / **I. pasiva** Inmidade dependente do paso de inmunoglobulinas da nai ó feto durante o embarazo ou a lactancia, ou da inxección de factores defensivos nun individuo, tales como inmunoglobulinas específicas ou inespecíficas procedentes dun animal previamente inmunizado.

inmunitario -a *adx.* Relativo ou pertencente á inmidade.

inmunización *s.f.* Proceso de adquisición da inmidade. // **I. activa** Inoculación de antixenos capaces de aumentar ou provoca-la aparición de anticorpos. / **I. pasiva** Inoculación a un individuo de anticorpos procedentes doutro individuo ou dun animal que sexan inmunes.

inmunizador -ora *adx.* Que orixina ou que induce inmidade.

inmunoblasto *s.m.* Célula precursora dos linfocitos maduros. Tamén se di **virocito**.

inmunicito *s.m.* Linfocito T, entendido como célula efectora da inmidade celular.

inmunicitoaderencia *s.f.* Proceso da adhesión dun antixeno á superficie dun inmunicito ó que é especificamente sensible.

inmunicomplexo *s.m.* Complexo macromolecular formado por un antixeno e o seu anticorpo correspondente.

inmundeficiencia *s.f.* Proceso patolóxico caracterizado por unha anomalía na función inmunitaria.

inmundefusión *s.f.* Técnica baseada na difusión dos antixenos ou dos anticorpos a través dun medio semisólido, composto normalmente por ágar-ágar ou por un xel de agarosa. O resultado final é a formación de precipitinas.

inmudominancia *s.f.* Grao no cal unha subunidade dun determinante antixénico participa na unión cun anticorpo específico.

inmunolectroforese *s.f.* Técnica que combina a electroforese das proteínas e a inmundefusión. As proteínas sepáranse mediante electroforese nun xel de agarosa, depositándose posteriormente os antisoros específicos nun suco escavado de xeito paralelo á migración das

proteínas, deixando que as proteínas e os anticorpos se difundan a través do devandito xel, precipitando en forma de arco.

inmunoestimulación *s.f.* Método utilizado para estimular as defensas inmunitarias, como o que se realiza coa inoculación da vacina BCG.

inmuno fluorescencia *s.f.* Técnica mediante a que un antixeno ou un anticorpo determinado se mesturan cun colorante fluorescente, feito que permite posteriormente a súa localización e identificación cando, despois de introducido no organismo, o produto así marcado se fixa co seu anticorpo ou o seu antixeno correspondente nunha localización determinada do organismo.

inmuno globulina *s.f.* Glicoproteína que se atopa no plasma e noutros líquidos orgánicos da maioría dos animais vertebrados e que posúe unha función como anticorpo nas reaccións inmunitarias. Sintetízase nos linfocitos B e nas células plasmáticas en resposta a un estímulo antixénico, tendo a característica de unirse especificamente co antixeno que provocou a súa formación. Existen cinco clases de inmunoglobulinas, que de maior a menor concentración no plasma sanguíneo dun adulto normal son: Ig G, Ig A, Ig M, Ig D e Ig E. Compóñense de catro cadeas peptídicas, dúas pesadas e dúas lixeiras, unidas por forzas iónicas e por enlaces disulfuro, que en conxunto adquiren unha configuración espacial en forma de i grego (Y). Existen catro tipos diferentes de cadeas pesadas, que se denominan coa letra minúscula grega homónima da latina coa que se nomea a molécula completa da inmunoglobulina, sendo as seguintes: cadeas de tipo gamma (γ), de tipo alfa (α), de tipo mi (μ), de tipo delta (δ) e de tipo épsilon (ϵ). Existen ademais catro subtipos de cadea gamma e dous de cadea alfa. As cadeas lixeiras poden ser de dous tipos: cadeas de tipo Kappa (κ) ou de tipo lambda (λ). Nunha molécula determinada de inmunoglobulina, as dúas cadeas lixeiras son idénticas entre si, así como tamén o son as dúas cadeas pesadas entre elas. Cada clase e subclase de inmunoglobulina posúe diferentes propiedades biolóxicas, gracias ás que interveñen nos diversos aspectos dos procesos inmunitarios.

inmuno hemólise *s.f.* Hemólise dos glóbulos vermello producida por unha reacción de anticorpo con activación do sistema do complemento, contra os antixenos da superficie celular eritrocitaria.

inmuno histoquímico -a *adx.* Da aplicación de interaccións antixeno-anticorpo ás técnicas histoquímicas.

inmuno insuficiente *adx.* Que carece dunha capacidade de resposta inmunitaria fronte a unha agresión antixénica.

inmuno lóxico -a *s.* Especialista en inmunoloxía.

inmuno loxía *s.f.* Ciencia que estudia os procesos inmunitarios nos seres vivos.

inmuno proteína *s.f.* Proteína que actúa como inmunitante ou como anticorpo nos procesos inmunitarios.

- inmunoquímica** *s.f.* Estudo da química das substancias e das reaccións participantes nos procesos inmunitarios.
- inmuno-reacción** *s.f.* Reacción que ten lugar nun organismo entre un antíxeno e o seu anticorpo correspondente.
- inmuno-supresión** *s.f.* Anulación ou depresión artificial das respostas inmunitarias que se realiza de xeito terapéutico nas técnicas de transplante de órganos, ou que forma parte dos efectos secundarios dalgúns fármacos ou das radiacións.
- inmuno-terapia** *s.f.* Conxunto de técnicas que utilizan a manipulación dos procesos inmunitarios no tratamento das diversas doenzas nas que estes non funcionan adecuadamente.
- inmuno-toxina** *s.f.* Molécula formada pola unión dunha toxina cun antíxeno ou un anticorpo.
- inmuno-transfusión** *s.f.* Transfusión de sangue procedente de doadores previamente inmunizados porque pasaron unha determinada enfermidade infecciosa ou se vacinaron contra a mesma.
- inmuno-xenética** *s.f.* Parte da inmunoloxía que estudia as bases xenéticas da resposta inmunitaria.
- inmuno-xenicidade** *s.f.* Propiedade que proporciona a unha substancia a capacidade de producir unha resposta inmune ou grao no que unha substancia posúe esta propiedade.
- inmuno-xeno -a** *adx.* Que induce unha resposta inmuno-lóxica.
- innato -a** *adx.* Que ten carácter conxénito.
- innervación** *s.f.* Disposición dos nervios ou dos sistemas nerviosos nas diferentes localizacións do organismo.
- innominado -a** *adx.* Que non posúe nome. // **Óso i.** Óso ilíaco.
- ino-** Prefixo do gr. *ís, inós* (fibra).
- inocondrite** *s.f.* Inflamación dunha fibrocartilaxe.
- inocuidade** *s.f.* Calidade de inocuo.
- inoculable** *adx.* 1. Transmisible mediante inoculación. 2. Que non é inmune contra unha enfermidade transmisible mediante inoculación.
- inoculación** *s.f.* 1. Introdución no organismo, de xeito accidental ou voluntario, de axentes patóxenos (vivos, atenuados ou mortos) e as súas toxinas, con finalidade terapéutica ou experimental. 2. Introdución dunha substancia patóxena en medios de cultivo.
- inóculo** *s.m.* Substancia que se inocula.
- inocuo -a** *adx.* Que non fai dano, inofensivo.
- inodoro -a** *adx.* Que non ten cheiro ningún.
- inohimenite** *s.f.* Inflamación dunha membrana fibrosa.
- inoleiomioma** *s.m.* Tumor constituído por tecido muscular de fibra lisa.
- inólito** *s.m.* Concreción ou cálculo de tecido fibroso.
- inoma** *s.m.* V. **fibroma**.
- inomioma** *s.m.* V. **fibromioma**.
- inoperable** *adx.* Que non se pode curar mediante unha operación cirúrxica.
- inorgánico -a** *adx.* Calquera corpo que carece de procesos metabólicos vitais.
- inosclerose** *s.f.* Induración de características fibrosas.
- inoscopia** *s.f.* Método bacterioscópico consistente nun primeiro paso no que se provocan coágulos nos líquidos orgánicos, e nun segundo paso no que se realiza a dixestión destes coágulos e se buscan os posibles microorganismos englobados por eles.
- inosculación** *s.f.* Anastomose realizada entre dúas arterias, veas ou conductos do mesmo calibre, na que a unión se realiza abocando entre si os extremos abertos dos mesmos.
- inosemia** *s.f.* V. **fibrinemia**.
- inosina** *s.f.* Denominación corrente do ribósido da hipoxantina. Precursor bioquímico da adenosina e a guanosina.
- inosita** *s.f.* V. **inositol**.
- inosite** *s.f.* Inflamación dun tecido fibroso.
- inositol** *s.m.* Hexahidroxi-1,2,3,4,5,6 ciclohexanos, de fórmula $C_6H_{12}O_6$. Posúe nove formas isoméricas diferentes, das que a máis coñecida e única importante é a denominada mioinositol ou mesoinositol, que non se descompón en enantiómeros e que se atopa nos tecidos musculares e no cerebro. Trátase dun factor lipotrópico que pertence ó grupo das vitaminas B. Tamén se di **inosita**.
- inosituria** *s.f.* Presencia de inositol na urina.
- inotrópico -a** *adx.* Relativo á forza ou á enerxía das contraccións musculares, especialmente dos nervios ou dos medicamentos que inflúen positiva (inotrópico positivo) ou negativamente (inotrópico negativo) sobre a forza de contracción do músculo cardíaco.
- inoxénese** *s.f.* Proceso da formación ou produción de tecido fibroso.
- inquiétude** *s.f.* Desacougo ou axitación moderada.
- inquilino** *s.m.* Parasito que non se alimenta do seu hóspede.
- insalivación** *s.f.* Impregnación dos alimentos coa saliva durante a mastigación dos mesmos.
- insalubre** *adx.* Non saudable, que é daniño para a saúde. Tamén se di **insán, malsán**.
- insán** *adx.* V. **insalubre**.
- inscripción** *s.f.* Parte dunha fórmula farmacolóxica ou dunha prescrición que contén os nomes dos medicamentos e as súas doses correspondentes.

insecticida *s.m.* Producto que mata os insectos.

insectífugo -a *adx.* Que repele os insectos.

insecto *s.m.* Calquera dos artrópodos pertencente á clase insectos. Teñen como característica principal a presenza de seis patas (hexápodos).

inseminación *s.f.* Depósito do líquido seminal dentro da vaxina. // **I. artificial** Depósito mediante técnicas artificiais do líquido seminal dentro da vaxina ou do útero, coa finalidade de procura-la fecundación do óvulo.

insensibilidade *s.f.* 1. Calidade de insensible. 2. Analxesia, anestesia.

insensibilización *s.f.* 1. Produción da insensibilidade mediante o uso de analxésicos ou de anestésicos. 2. Produción dunha ausencia de reacción inmunolóxica fronte a un antíxeno, mediante a inxección repetida no organismo de pequenas cantidades do mesmo. Utilízase no tratamento dalgunhas doenzas de carácter alérxico.

insensible *adx.* 1. Que carece de sensibilidade ou conciencia. 2. Que non se pode apreciar polos sentidos. 3. Que non reacciona inmunoloxicamente fronte a un antíxeno.

inserción *s.f.* 1. Acción e efecto de inserir, de implantar ou introducir unha cousa noutra. 2. Adherencia íntima dun músculo, un tendón ou un ligamento noutra parte anatómica, especialmente nun óso.

insidioso -a *adx.* Que ten un comezo lento e pouco sintomático.

insípido -a *adx.* Que non posúe sabor. Tamén se di **insulso**.

insoluble *adx.* Que non se pode disolver nun líquido.

insomnio *s.m.* Dificultade para durmir. // **I. de conciliación** Insomnio no que a persoa ten dificultade para colle-lo sono. Tamén se di **insomnio de tipo 1**. // **I. de despertar precoz** Aquel no que a persoa non ten dificultade para concilia-lo sono, pero este dura pouco tempo, despertando en poucas horas. Tamén se di **insomnio de tipo 2**. // **I. de tipo 1 V. i. de conciliación**. // **I. de tipo 2 V. i. de despertar precoz**.

insorción *s.f.* Proceso de paso dunha substancia dende o tubo dixestivo ata o sangue.

inspección *s.f.* Exame detido do corpo, realizado especialmente coa vista, coa finalidade de buscar posibles anomalías que puidesen ter un carácter patolóxico.

inspiración *s.f.* Movemento respiratorio polo que o aire entra nos pulmóns.

inspirómetro *s.m.* Aparello utilizado para medir o volume do aire mobilizado durante unha inspiración.

instancia *s.f.* Cada unha das diferentes subestructuras do aparello psíquico consideradas por Freud.

instilación *s.f.* Administración dun líquido pinga a pinga.

instilador *s.m.* Aparello usado para realizar instilacións.

instinto *s.m.* 1. Conxunto de reaccións exteriores, herdadas, que son comúns a tódolos individuos dunha mesma especie e adaptadas a un determinado fin, das que o suxeito que actúa xeralmente non ten conciencia. 2. Por extensión, actividade, especialmente mental, espontánea e adaptada a unha determinada finalidade, que non é o froito dunha experiencia adquirida, nin da educación, nin dun proceso de reflexión.

instrucción *s.f.* Parte dunha prescrición médica ou dunha fórmula maxistral, na que se indica a forma de usala.

instrumentación *s.f.* 1. Uso dos aparellos ou instrumentos. 2. Traballo realizado con instrumentos.

instrumental *adx.* 1. Relativo ós instrumentos ou que se realiza con eles. // *s.m.* 2. Conxunto dos instrumentos necesarios para a práctica dunha operación cirúrxica ou dunha manobra determinada.

instrumentista *s.* Na cirurxía, axudante que coida e proporciona os instrumentos ó operador.

instrumento *s.m.* Aparello ou máquina utilizado para a realización dunha operación ou manobra calquera.

insuficiencia *s.f.* Diminución da capacidade dun órgano ou sistema para realiza-la súa función. // **I. aórtica** Pechamento incompleto das válvulas sigmoides aórticas, polo que existe un refluxo do sangue dende a arteria aorta cara ó corazón, durante a diástole. // **I. cardíaca** Síndrome resultante da incapacidade do corazón para manter un gasto cardíaco adecuado ás necesidades do organismo. // **I. coronaria** Diminución do fluxo sanguíneo a través das arterias coronarias, como consecuencia dunha diminución do seu calibre causada por placas de aterosomatose, ou como consecuencia dun espasmo das propias arterias coronarias, ou por un aumento da masa muscular do corazón sen un aumento equivalente do fluxo sanguíneo a través das devanditas arterias. // **I. hepática** Fallo do fígado para realiza-las súas funcións habituais que, con diferentes graos, se caracteriza pola presenza de manifestacións xerais, circulatorias, cutáneas, endocrinolóxicas, ascite e edema, hiper ou hipoglicemia, alteracións nas probas da función hepatocelular e, cando a insuficiencia é grave, pola presenza ademais de “fedor hepático”, ictericia, diátese hemorráxica, insuficiencia renal funcional, edema pulmonar e encefalopatía hepática. // **I. mitral** Oclusión incompleta da válvula mitral durante a sístole do corazón, que permite o refluxo do sangue á cavidade auricular esquerda durante este período. // **I. pulmonar** Oclusión incompleta da válvula pulmonar durante a diástole do corazón. // **I. renal** Incapacidade dos riles para cumpri-las súas funcións de elimina-los refugallos orgánicos e as substancias estrañas ó organismo, do mantemento das constantes do medio interno e das súas funcións endócrinas. // **I. respiratoria** Fallo dos mecanismos respiratorios para manter unha adecuada osixenación do sangue ou dos tecidos. // **I. suprarrenal V. enfermidade de Addison**. // **I. tricúspide** Oclusión incompleta da válvula tricúspide durante a sístole cardíaca, que permite o refluxo do sangue á cavidade auricular dereita

durante este período. / **I. valvular** A que afecta a unha válvula do organismo, especialmente ás das cavidades cardíacas. / **I. valvular funcional** Insuficiencia valvular, especialmente cardíaca, causada, non por un defecto da estrutura da válvula, senón por unha dilatación do orificio onde se atopa implantada. / **I. venosa** Insuficiencia que afecta ás válvulas venosas, producindo unha alteración no retorno do sangue cara ó corazón, orixinando un estancamento do mesmo, que ten como consecuencia a aparición dun edema e, ocasionalmente, dependendo da intensidade e da duración da alteración, de úlceras localizadas nos nocellos e na parte inferior das pernas.

insuficiente *adx.* Dos órganos ou sistemas incapaces de realiza-la súa función normal.

insuflación *s.f.* 1. Acción e efecto de inxectar un líquido, po, aire ou outro gas a presión nun conducto ou nunha cavidade. 2. Dilatación dun órgano oco ou dunha cavidade orgánica por medio de aire ou líquido, coa finalidade de proceder ó seu exame.

insulina *s.f.* Hormona proteínica, de 51 aminoácidos, composta por dúas cadeas peptídicas, denominadas A e B, unidas por un enlace disulfuro. Segrégana as células beta dos illotes pancreáticos, posúe esencialmente unha acción hipoglicemiante, provocando a entrada nas células da glicosa procedente dos alimentos, dos ácidos graxentos e dos aminoácidos, o que favorece a síntese do glicóxeno, das proteínas e dos lípidos, e inhibe a gliconeoxénese, a degradación do glicóxeno, a das proteínas e a lipólise. Utilízase terapéuticamente para o control clínico da diabete. // **I. cinc-globina** Insulina de absorción lenta e de acción intermedia, que posúe unha duración no seu efecto de aproximadamente 18 horas. / **I. isofánica** Insulina protamina-cinc, neutra e cristalina. Tamén se di **insulina NPH**. / **I. NPH** V. **i. isofánica**. / **I. protamina-cinc** Insulina que leva na súa composición protamina e cloruro de cinc. / **I. regular** Principio activo insulínico que se obtén do páncreas de animais e que se usa como unha solución ácida estéril.

insulinase *s.f.* Enzima que cataliza a hidrólise da insulina.

insulinemia *s.f.* Presencia de insulina no sangue.

insulinismo *s.m.* Segregación excesiva de insulina ou administración esóxena esaxerada da mesma, que orixina unha hipoglicemia grave.

insulinochoqueterapia *s.f.* Método terapéutico consistente na provocación dun choque hipoglicémico, mediante a administración de insulina. Utilizouse no tratamento da esquizofrenia e dalgunhas paranoias. Tamén se di **choque insulínico**.

insulinoide *adx.* Que posúe unha acción semellante á da insulina, especialmente algúns factores de crecemento, como as somatomedinas, que median na acción da hormona do crecemento sobre os tecidos.

insulinoma *s.m.* Adenoma dos illotes pancreáticos que se caracteriza pola segregación de grandes cantidades de insulina.

insulinorresistencia *s.f.* Resistencia anormal dos tecidos periféricos fronte á acción da insulina.

insulinoterapia *s.f.* Método terapéutico que utiliza a insulina no tratamento de certas enfermidades, especialmente da diabete *mellitus*.

insulinoxénese *s.f.* Proceso de formación da insulina polos illotes pancreáticos.

insulite *s.f.* Infiltración celular dos illotes de Langerhans, que se atopa formando parte dos procesos que levan cara ó fallo pancreático na patoxénese da diabete *mellitus*.

insulso -a *adx.* V. **insípido**.

integración *s.f.* Proceso de asimilación ou de actividade anabólica.

integridade *s.f.* Calidade de íntegro.

íntegro -a *adx.* Enteiro, completo.

intelecto *s.m.* Mente, entendemento, facultade de entender.

intelectualización *s.f.* Na psicanálise, mecanismo inconsciente de defensa no que se utiliza o razoamento para evitar ter que se enfrontar cun impulso inaceptable percibido polo eu, eludindo deste xeito a ansiedade.

intelixencia *s.f.* Conxunto de funcións psíquicas superiores que inclúen a facultade de pensar, de coñecer e comprender.

intención *s.f.* Respecto da cicatrización das feridas, xeito de curar das mesmas, que pode ser por primeira ou por segunda intención, segundo se produza a reparación do defecto cos bordos da feridas contactando, ou con estes separados, respectivamente.

intencional *adx.* Relativo á intención ou que ocorre durante un acto intencionado. // **Tremor i.** Aquel que se produce durante a realización dun acto voluntario.

intensímetro *s.m.* Aparello para medi-la intensidade dos raios X.

inter- Prefixo do lat. *inter-* (entre, no medio de).

interacción *s.f.* Relación existente entre os dous elementos dun sistema, pola que a acción de cada un dos devanditos elementos depende da actividade do outro. // **I. medicamentosa** Influencia que posúe un fármaco sobre a acción ou a toxicidade doutro.

interalveolar *adx.* Situado no espacio localizado entre os alvéolos pulmonares.

interangular *adx.* Localizado entre dous ou máis ángulos.

interanular *adx.* Localizado entre dous aneis anatómicos.

interapofisario -a *adx.* Localizado entre dúas apófises óseas.

interaritennoide *adx.* Localizado entre as cartilaxes aritennoides.

interarticular *adx.* Situado no espazo localizado entre dúas superficies articulares.

interaauricular *adx.* Localizado entre as aurículas do corazón ou entre os pavillóns auditivos.

intercalado -a *adx.* Localizado ou interposto entre dous ou máis elementos ou partes.

intercambio *s.m.* Cambio recíproco entre dous ou máis órganos, partes corporais ou sistemas.

intercanalicular *adx.* Localizado entre canalículos.

intercapilar *adx.* Localizado entre os vasos capilares ou entre os cabelos.

intercarotídeo -a *adx.* Localizado entre as dúas ramas da arteria carótide primitiva.

intercarpiano -a *adx.* Localizado entre os ósos do carpo.

intercartilaxinoso -a *adx.* Localizado entre cartilaxes. Tamén se di **intercondral**.

intercavernoso -a *adx.* Localizado entre dous corpos cavernosos.

intercelular *adx.* Localizado entre as células dun tecido calquera.

intercervical *adx.* Localizado entre as vértebras cervicais.

intercililar *adx.* Localizado entre as células.

intercinese *s.f.* Intervalo entre dúas divisións celulares sucesivas no que os cromosomas non se diferencian individualmente, continuando os procesos fisiolóxicos normais. Tamén se di **interfase celular**.

interclavicular *adx.* Localizado entre as dúas clavículas.

interclinoide *adx.* Localizado entre as dúas apófises clinoides do óso esfenoide.

intercoccíxeo -a *adx.* Localizado entre as porcións vertebrais coccíxeas.

intercolumnar *adx.* Localizado entre dúas columnas ou piares anatómicos ou histolóxicos.

intercondíleo -a *adx.* Localizado entre dous condíloos óseos.

intercondral *adx.* V. **intercartilaxinoso**.

intercorrente *adx.* Do fenómeno que aparece durante o transcurso dunha enfermidade ou proceso calquera.

intercostal *adx.* Localizado entre as costelas.

intercostoumeral *adx.* Relativo a un espazo intercostal e mailo úmero.

intercruiral *adx.* Localizado entre as coxas. Tamén se di **interfemoral**.

intercutaneomucoso -a *adx.* Localizado entre a pel e unha mucosa.

interdeferencial *adx.* Localizado entre os conductos deferentes testiculares.

interdental *adx.* Localizado entre dúas pezas dentais.

interdisciplinario -a *adx.* Que se realiza coa cooperación de varias disciplinas diferentes.

interdixitación *s.f.* Entrecruzamento de partes saíntes a xeito dos dedos dunha man cos da outra.

interdixital *adx.* Localizado entre os dedos ou as dedas.

interepitelial *adx.* Localizado entre as células dun epitelio.

interespiñoso -a *adx.* Situado entre dúas espiñas anatómicas ou entre as apófises espiñosas vertebrais.

interfalánxico -a *adx.* Localizado nas articulacións interfalánxicas.

interfascicular *adx.* Localizado entre dous ou máis fascículos anatómicos.

interfase *s.f.* Espazo de tempo entre dúas ou máis partes dun proceso calquera. // **I. celular** V. **intercinese**.

interfemoral *adx.* V. **intercruiral**.

interferón *s.m.* Elemento pertencente a unha familia de glicoproteínas que teñen a propiedade de interferir nas infeccións víricas mediante a inducción da transcrición dos xenes celulares que codifican as proteínas antivíricas, o que produce un aumento da expresión dos antígenos do complexo principal de histocompatibilidade (CPH), a activación das células NK, dos linfocitos e dos macrófagos e a inhibición da duplicación vírica. Posúen ademais funcións de inmunorregulación e poden inhibir o crecemento de parasitos intracelulares non víricos. Coñécense tres tipos de interferóns (IF): alfa (IF α), constitúe unha familia dunhas quince moléculas producidas polos leucocitos en xeral; beta (IF β), que se divide en IF β_1 , producido polas células non inmunitarias, e o IF β_2 , que se corresponde exactamente coa interleuquina 6 (IL 6) e gamma (IF γ) ou interferón inmune, producido polos linfocitos T activados, e ás veces polos macrófagos.

interfibrilar *adx.* Localizado entre fibrilas anatómicas ou histolóxicas.

interfibroso -a *adx.* Localizado entre fibras anatómicas.

interganglionar *adx.* Localizado entre ganglios ou que conecta dous ou máis ganglios.

interglúteo -a *adx.* Localizado entre os músculos glúteos ou entre as nádegas.

interhemisférico -a *adx.* Localizado ou que sucede entre os hemisferios cerebrais ou cerebelosos.

interictal *adx.* Que ocorre entre ataques ou paroxismos sucesivos.

interisquiático -a *adx.* Localizado entre os isquions ou entre as espiñas isquiáticas.

interlabial *adx.* Localizado entre os labios da boca ou da vulva.

interlaminar *adx.* Localizado entre dúas láminas.

interleucina *s.f.* Mediador soluble producido polos leucocitos, que intervéen na regulación da resposta inmunitaria. O termo engloba as linfocinas e as monocinas, elaboradas respectivamente polos linfocitos e os monocitos. Actualmente téndense a denominar como citocinas ou citoquinas, xa que tamén existen células alleas ó sistema inmune relacionadas con elas. Hoxe coñécense uns trece tipos de interleucinas, que se designan xeralmente coa sigla IL e se numeran dende o 1 (IL1) ó 13 (IL13). Tamén se di **interleuquina**. V. **citocina**, **linfocina**.

interleuquina *s.f.* V. **interleucina**.

interligamentoso -a *adx.* Localizado entre dous ou máis ligamentos.

interlobular *adx.* Localizado entre dous ou máis lobos.

interlobulite *s.f.* Pleuresía localizada entre dous lobos pulmonares.

intermaleolar *adx.* Localizado entre dous maléolos óseos.

intermamario -a *adx.* Localizado entre as mamas.

intermamilar *adx.* Localizado entre as mamilas.

intermarxinal *adx.* Localizado entre dous bordos ou marxes.

intermaxilar *adx.* 1. Localizado entre ambos maxilares superiores. 2. Localizado entre os maxilares superior e inferior ou mandíbula.

intermediario -a *adx.* Que media entre dúas ou máis persoas, sistemas ou cousas. // **I. de Wisberg** Denominación do nervio que forma a raíz externa do nervio facial, leva a innervación parasimpática e o sentido do gusto do mesmo, e proporciona ramas que saíndo do ganglio xeniculado innervan a glándula lacrimal.

intermedio -a *adx.* Situado entre dúas partes ou entre dous períodos de tempo.

intermembranoso -a *adx.* Localizado entre membranas.

intermenínxeo -a *adx.* Localizado entre as membranas menínxeas.

intermenstrual *adx.* Que sucede entre dous períodos menstruais.

intermetacarpiano -a *adx.* Localizado entre dous ósos do metacarpo.

intermetamérico -a *adx.* Localizado entre dúas metámeras.

intermetatarsiano- a *adx.* Localizado entre dous ósos do metatarso.

intermitente *adx.* Que ten períodos de interrupción na súa actividade ou que ocorre a intervalos separados.

intermuscular *adx.* Localizado entre dous ou máis músculos.

internamento *s.m.* 1. V. **hospitalización**. 2. Confinamento dun alienado nun establecemento psiquiátrico, facendo uso dos procedementos legais pertinentes.

internasal *adx.* Localizado entre as fosas nasais.

interneurona *s.f.* Neurona pertencente a unha cadea neuronal, que se atopa entre a neurona aferente primaria (sensitiva) e a neurona motora final.

internista *adx. e s.* Médico especialista que posúe un campo de actividade que abrangue os procedementos diagnósticos e terapéuticos das doenzas de todo o organismo, excluíndo aquelas pertencentes ó ámbito da cirurxía.

interno -a *adx.* 1. Situado ou que sucede no interior dalgunha cousa. 2. Relativo ou pertencente á parte máis interior do organismo. 3. Que, con respecto a outra parte tomada de referencia, se atopa máis cerca da liña media do corpo ou da estrutura onde se localice. // *adx. e s.* 4. Que traballa nun hospital coa finalidade de completa-la súa formación como médico.

internodo *s.m.* Parte localizada entre dous nodos.

internodular *adx.* Localizado entre dous nódulos.

internuclear *adx.* Localizado entre dous ou máis núcleos.

internuncial *adx.* Que actúa como mediador entre as neuronas ou os centros nerviosos.

interoceptor *s.m.* Sistema sensitivo que recolle a información das actividades viscerais.

interoinferior *adx.* Localizado na parte interna e inferior dunha estrutura.

interolivar *adx.* Localizado entre as olivas do bulbo raquídeo.

interorbitario -a *adx.* Localizado entre as órbitas.

interóseo -a *adx.* 1. Localizado entre dous ou máis ósos. // *s.m.* 2. Cada un dos músculos da man e do pé, localizados nos espazos intermetacarpianos e intermetatarsianos respectivamente, que actúan como flexores e extensores dos dedos e as dedas.

interpalpebral *adx.* Localizado entre as pálpebras.

interpapilar *adx.* Localizado entre dúas ou máis papilas.

interparietal *adx.* 1. Localizado entre os ósos parietais. 2. Localizado entre dúas paredes anatómicas.

interpedicular *adx.* Localizado entre estruturas pediculares.

interpeduncular *adx.* Localizado entre os pedúnculos cerebrais.

interpial *adx.* Localizado entre as dúas follas da piamáter.

interpleural *adx.* Localizado entre as dúas follas da pleura.

interpolación *s.f.* En estatística, operación consistente en determinar valores descoñecidos a partir doutros coñecidos nunha serie estatística.

interpolarm *adx.* Localizado ou que ocorre entre dous polos.

interpretación *s.f.* Na psicanálise, deducións do psicanalista extraídas do sentido latente ou agachado do discurso, comportamento ou experiencias do doente.

interpúbico -a *adx.* Localizado entre os dous ósos da pube.

interpupilar *adx.* Localizado entre as pupilas.

interrenal *adx.* Localizado entre os riles.

intersección *s.f.* Lugar onde liñas, volumes ou superficies se encontran e se cortan.

intersegmentario -a *adx.* Localizado entre dous ou máis segmentos.

intersexual *adx.* Que padece intersexualidade.

intersexualidade *s.f.* Estado no que se mesturan en diversos graos caracteres sexuais pertencentes a ámbolos dous sexos.

intersticial *adx.* Relativo, pertencente ou localizado nos intersticios dunha parte.

intersticio *s.m.* Espacio pequeno localizado entre dous corpos ou entre as partes constitutivas dun corpo.

intertransverso -a *adx.* Localizado entre as apófises transversas das vértebras.

intertrix *s.f.* Dermatitis superficial que se localiza nas áreas expostas a rozamentos, especialmente nas grandes pregaduras da pel como os sobrazos, na pregadura interglútea, na ingua, etc.

intertrocantéreo -a *adx.* Localizado entre os trocánteres dun fémur.

interuretral *adx.* Localizado entre os uréteres.

intervalo *s.m.* 1. Espacio situado entre dous puntos de referencia. 2. Tempo que transcorre entre a aparición de dous fenómenos determinados. // **I. auriculocarotídeo** Período de tempo que transcorre entre as ondas auricular e carotídea no trazado do pulso xugular. / **I. auriculoventricular** Período de tempo que transcorre entre a sístole auricular e o comezo da ventricular, que no ECG se expresa mediante o espazo P-Q ou P-R. / **I. lúcido** 1. Período de tempo de normalidade durante dous episodios nas psicoses cíclicas ou recorrentes. 2. Período de tempo que transcorre entre un traumatismo cranial e a aparición de síntomas consecutivos á formación dun hematoma subdural. / **I. PQ** V. **espazo PQ**. / **I. PR** V. **espazo PR**. / **I. QRS** V. **espazo QRS**. / **I. QT** V. **espazo QT**.

intervalvular *adx.* Localizado entre dúas válvulas, especialmente as cardíacas.

intervascular *adx.* Localizado entre elementos vasculares sanguíneos ou linfáticos.

intervención *s.f.* Acción e efecto de intervir. // **I. cirúrxica** Operación cirúrxica.

interventricular *adx.* Localizado entre estruturas ventriculares, especialmente os ventrículos cardíacos ou os cerebrais.

intervertebral *adx.* Localizado entre dúas vértebras.

intestino *s.m.* Porción do tubo dixestivo estendida entre o esfínter pilórico do estómago e o ano. // **I. delgado** Porción intestinal que se localiza entre o píloro e o cego. Divídese en duodeno, xexuno e íleo. / **I. grosso** Porción intestinal localizada entre o cego e o ano. Divídese en cego, colon e recto.

íntima *s.f.* Túnica ou capa máis interna dunha arteria.

intimite *s.f.* Inflamación da capa íntima dunha arteria.

intolerancia *s.f.* Reacción adversa ou estado de hipersensibilidade producida polo contacto do organismo cun produto calquera. // **I. farmacolóxica** Aquela que se produce coa administración das doses terapéuticas normais dun medicamento.

intoxicación *s.f.* Estado morboso producido polo contacto ou a inxestión de cantidades excesivas dunha substancia, de xeito agudo ou crónico. Tamén se di **envenenamento**.

intra- Prefixo do lat. *intra* (dentro de).

intraabdominal *adx.* Localizado dentro do abdome.

intraapendicular *adx.* Localizado dentro dun apéndice.

intraarterial *adx.* Localizado dentro das arterias.

intraarticular *adx.* Localizado dentro das articulacións.

intraatrial *adx.* Localizado dentro das aurículas. Tamén se di **intraauricular**.

intraauricular *adx.* V. **intraatrial**.

intrabronquial *adx.* Localizado dentro dos bronquios.

intraabucal *adx.* Localizado dentro da boca. Tamén se di **intraoral**.

intraanalicular *adx.* Localizado dentro dunha ou máis estruturas canaliculares.

intraabscapsular *adx.* Localizado dentro dunha ou máis cápsulas.

intraabcardíaco -a *adx.* Localizado dentro do corazón.

intraabcartilaxinoso -a *adx.* Localizado dentro das estruturas cartilaxinosas.

intraabcavitario -a *adx.* Localizado dentro dunha ou máis cavidades.

intraabcelular *adx.* Localizado dentro das células.

intraabcerebeloso -a *adx.* Localizado dentro das estruturas pertencentes ó cerebelo.

intraabcerebral *adx.* Localizado dentro das estruturas do cerebro.

- intracervical** *adx.* Localizado dentro do colo do útero.
- intracolónico -a** *adx.* Localizado dentro do colon.
- intracorpúscular** *adx.* Localizado dentro dun ou máis corpúsculos.
- intracostal** *adx.* Localizado na superficie interna das costelas ou na substancia das mesmas.
- intracranial** *adx.* Localizado dentro da caixa cranial.
- intracutáneo -a** *adx.* Localizado nas estruturas da pel.
- intrademerreacción** *s.f.* Método diagnóstico consistente na avaliación da reacción inflamatoria intracutánea que ocorre despois de inxectar na derme unha pequena cantidade dunha toxina ou dunha substancia antixénica. Utilízase para coñece-lo grao de susceptibilidade dun individuo fronte á substancia inxectada.
- intradérmico -a** *adx.* Localizado na capa dérmica da pel.
- intradural** *adx.* Localizado dentro da duramáter.
- intraescleral** *adx.* Localizado dentro da esclerótica do ollo.
- intraescrotal** *adx.* Localizado dentro da bolsa do escroto.
- intrafascicular** *adx.* Localizado dentro de estruturas fasciculares.
- intrafistuloso -a** *adx.* Localizado dentro dun ou máis traxectos fistulosos.
- intragástrico -a** *adx.* Localizado dentro do estómago.
- intraglandular** *adx.* Localizado dentro dunha ou máis glándulas.
- intraglobular** *adx.* 1. Localizado dentro dunha estrutura anatómica globular, especialmente do globo ocular. 2. Localizado dentro dos glóbulos vermellos do sangue.
- intrahepático -a** *adx.* Localizado dentro do fígado.
- intraintestinal** *adx.* Localizado dentro do intestino.
- intralaringeo -a** *adx.* Localizado dentro da larinxe.
- intraeucocitario -a** *adx.* Localizado dentro dos leucocitos.
- intraeucocitario -a** *adx.* Localizado dentro dun ou máis ligamentos.
- intraeucocitario -a** *adx.* Localizado dentro dunha ou máis estruturas lobulares.
- intraeucocitario -a** *adx.* Localizado na luz dun órgano oco, dunha estrutura vascular ou dun conducto.
- intraeucocitario -a** *adx.* Localizado dentro das glándulas mamarias.
- intraeucocitario -a** *adx.* Localizado dentro da cavidade medular dun óso ou da medula espiñal.
- intraeucocitario -a** *adx.* Localizado dentro dunha ou máis membranas.
- intraeucocitario -a** *adx.* Localizado dentro da capa miocárdica do corazón.
- intramural** *adx.* Localizado no grosor dunha parede orgánica. Tamén se di **intraparietal**.
- intramuscular** *adx.* Localizado dentro das estruturas musculares.
- intranasal** *adx.* Localizado nas fosas nasais.
- intraeucocitario -a** *adx.* Localizado dentro dun nervio ou dunha estrutura nerviosa.
- intranuclear** *adx.* Localizado dentro dun núcleo celular ou anatómico.
- intraocular** *adx.* Localizado dentro dos ollos.
- intraoral** *adx.* V. **intraeucocitario -a**.
- intraorbital** *adx.* Localizado dentro das órbitas.
- intraeucocitario -a** *adx.* Localizado no interior dunha estrutura ósea.
- intraeucocitario -a** *adx.* Localizado dentro dos ovarios.
- intrapapilar** *adx.* Localizado dentro dunha estrutura papilar.
- intraparenquimatoso -a** *adx.* Localizado dentro do parénquima dun órgano.
- intraparietal** *adx.* 1. Localizado dentro dos lobos parietais do cerebro ou do óso parietal do cráneo. 2. V. **intraeucocitario -a**.
- intraeucocitario -a** *adx.* Localizado dentro da pelve.
- intraeucocitario -a** *adx.* Localizado dentro das estruturas do perineo.
- intraeucocitario -a** *adx.* Localizado dentro do peritoneo.
- intraeucocitario -a** *adx.* Localizado dentro da piaamáter.
- intraeucocitario -a** *adx.* Do suceso que ocorre durante un acceso febril.
- intraeucocitario -a** *adx.* Localizado dentro da placenta.
- intraeucocitario -a** *adx.* Localizado na cavidade pleural ou nas capas da pleura.
- intraeucocitario -a** *adx.* Localizado dentro da ponte de Varolio.
- intraeucocitario -a** *adx.* Localizado no protoplasma celular.
- intraeucocitario -a** *adx.* Dos fenómenos que suceden formando parte dos procesos de activación mental ou psíquica.
- intraeucocitario -a** *adx.* Localizado dentro dun quiste ou dunha vexiga.
- intraeucocitario -a** *adx.* Que se localiza no conducto vertebral.
- intraeucocitario -a** *adx.* Localizado dentro do recto.
- intraeucocitario -a** *adx.* Localizado no interior da sela turca do esfenóide.

intrasinovial *adx.* Localizado dentro dunha cavidade sinovial.

intratimpánico -a *adx.* Localizado na cavidade timpánica do oído medio.

intratorácico -a *adx.* Localizado dentro do tórax.

intratubárico -a *adx.* Localizado dentro da trompa de Falopio ou da trompa de Eustaquio.

intratubular *adx.* Localizado dentro dunha estrutura tubular.

intrauterino -a *adx.* Localizado dentro da cavidade do útero.

intrautricular *adx.* Localizado dentro dos utrículos do oído interno.

intravascular *adx.* Localizado dentro das estruturas vasculares, sanguíneas ou linfáticas.

intravaxinal *adx.* Localizado dentro da cavidade da vaxina.

intravenoso -a *adx.* Localizado dentro dunha ou máis veas.

intraventricular *adx.* Localizado no interior dunha ou máis estruturas ventriculares, especialmente cardíacas ou cerebrais.

intravertebral *adx.* Localizado no grosor dunha vértebra.

intravesical *adx.* Localizado dentro da vexiga urinaria.

intravesicular *adx.* Localizado dentro dunha estrutura vesiculosa, principalmente da vesícula biliar.

intravítreo -a *adx.* Localizado dentro do corpo vítreo do ollo.

intro- Prefixo do lat. *inter* (cara a dentro, interior).

introflexión *s.f.* Flexión cara a dentro dunha parte anatómica.

introito *s.m.* Porción que conforma a entrada a unha cavidade ou a un espacio corporal, especialmente a que comunica a cavidade da vaxina co exterior.

intromisión *s.f.* Inserción dunha parte anatómica ou dun órgano dentro doutra parte.

introspección *s.f.* Exame dos propios pensamentos ou sentimentos. Tamén se di **introvisión**.

introversión *s.f.* 1. Xiro máis ou menos completo que realiza un órgano dende fóra cara a dentro. 2. Trazo da personalidade dun individuo que o fai prescindir en maior ou menor medida do mundo exterior a si mesmo.

introvertido -a *adx.* Do que ten unha personalidade tendente á introversión.

introvisión *s.f.* V. **introspección**.

introxección *s.f.* Proceso psíquico inconsciente mediante o cal o individuo incorpora os obxectos exteriores e as

súas calidades ás diversas instancias do aparello psíquico.

intrusismo *s.m.* Incumprimento dos requisitos legais para a práctica da medicina ou calquera outra profesión. Este incumprimento pode orixinar un delito, unha falta ou unha transgresión administrativa, segundo as cualificacións do código penal.

intubación *s.f.* Introdución dun tubo ou dunha sonda nun conducto ou nun órgano oco do corpo. // **I. bucal** Inserción dunha sonda nas vías respiratorias ou gastrointestinais a través da boca. / **I. endotraqueal** Introdución dunha sonda ou dunha cánula na traquea. / **I. gástrica** Introdución dunha sonda permanente polo nariz ata o estómago, coa finalidade de procura-la alimentación dun doente ou de aspira-lo contido gástrico. / **I. intestinal** Introdución dunha sonda no intestino, coa finalidade de proceder á súa aspiración durante a oclusión do mesmo. / **I. nasal** Introdución dunha sonda no aparello respiratorio ou gastrointestinal a través do nariz.

intubador *s.m.* Aparello utilizado para realizar unha intubación.

intumescencia *s.f.* Tumefacción ou inchazón dunha parte.

intususpección *s.f.* Prolapso dunha porción do intestino dentro da luz doutra porción inmediatamente distal á anterior. Tamén se di **invaxinación intestinal**.

inulina *s.f.* Polióside que se atopa no rizoma dalgunhas plantas compostas. Elimínase polo ril por unha simple filtración renal, sen que exista reabsorción nin excreción tubular da mesma, polo que o seu aclaramento se pode utilizar como unha medida da filtración glomerular e, polo tanto, da función deste órgano.

inválido -a *adx. e s.* Incapacitado por unha enfermidade, lesión ou mutilación.

invasión *s.f.* 1. Penetración de xermes no organismo, que se pode seguir ou non dunha infección. 2. Proliferación e penetración de elementos dun tecido, normais ou patolóxicos, noutros tecidos adxacentes.

invasor -a *adx.* Que invade, especialmente das técnicas diagnósticas que necesitan a introducción dalgún elemento no organismo.

invaxinación *s.f.* 1. Proceso cirúrxico consistente na introdución e a sutura dun cabo de intestino noutro, durante a operación dunha hernia estrangulada. 2. Proceso embrionario, no cal, unha porción da parede dunha cavidade se dirixe e contacta coa parede oposta, de xeito que se forma unha nova cavidade independente e sen comunicación coa primeira. // **I. intestinal** V. **intususpección**.

inversión *s.f.* 1. Cambio total na relación espacial normal dun órgano ou parte anatómica. 2. Na xenética, aberración cromosómica producida por un cruzamento entre dous segmentos cromosómicos rotos de dous cromosomas homólogos, producíndose a inversión dun dos

devanditos segmentos, de xeito que os seus xenes constituíntes aparecen nunha orde inversa á normal. 3. Homosexualidade.

invertebrado -a *adx.* e *s.* 1. Dos animais pertencentes ó grupo dos invertebrados. // 2. *s.m.pl.* Animais caracterizados por careceren de columna vertebral ou corda dorsal.

inveterado -a *adx.* Das doenzas crónicas e de cura difícil.

invisible *adx.* Que non se pode percibir polo sentido da vista.

involución *s.f.* Cambio regresivo normal ou patolóxico dun organismo ou dun órgano. // **I. senil** Cambios dexeñerativos que experimentan de xeito natural os organismos nas idades avanzadas da súa vida. / **I. uterina** Cambios que experimenta o útero para regresar ó seu tamaño normal despois do parto.

invólucro *s.m.* Cuberta ou vaña que envolve algunha cousa.

involuntario -a *adx.* Que se efectúa independentemente da vontade, especialmente os movementos reflexos e dos músculos de fibra lisa. // **Sistema nervioso i.** Porción do sistema nervioso independente do sistema nervioso central, que comprende o sistema nervioso parasimpático e o sistema nervioso simpático. Tamén se di **sistema nervioso vexetativo**.

inxeción *s.f.* 1. Acción de introducir de xeito forzado, mediante un aparello inxector, un líquido ou un gas nunha parte do organismo. 2. A propia substancia que se inxecta. 3. Conxestión sanguínea, especialmente a que se produce nos vasos conxuntivais ou nos ciliares. // **I. capilar** Conxestión dos vasos capilares, de orixe xeralmente inflamatoria / **I. hipodérmica** Aquela que se efectúa nos tecidos subcutáneos. / **I. intracardiaca** Inxeción que se realiza directamente no músculo cardíaco. / **I. intracutánea** Aquela que se realiza no grosor das capas da pel. Tamén se di **inxeción intradérmica**. / **I. intradérmica** V. **i. intracutánea**. / **I. intramuscular** Aquela que se realiza no interior dun músculo. / **I. intrarraquídea** Aquela que se realiza no conducto da raque. / **I. intravascular** A que se realiza nunha vea ou nunha arteria. / **I. intravenosa** Aquela que se realiza no interior dunha vea / **I. subcutánea** V. **i. hipodérmica**.

inxectable *adx.* 1. Que se pode inxectar // *s.m.* 2. A propia substancia que se vai inxectar.

inxectado -a *adx.* 1. Dos vasos capilares cheos de sangue. 2. Do suxeito no que se realizou unha inxeción.

inxectar *v.* Acción de introducir, baixo presión e mediante un aparello adecuado, unha substancia líquida ou gasosa nunha parte orgánica calquera.

inxesta *s.f.* Conxunto de materias que, introducidas por vía oral, ingresan no organismo con finalidade alimenticia.

inxestión *s.f.* Acto de introducir no organismo alimentos, medicamentos ou calquera outra cousa a través da boca.

Io Símbolo químico do ionio.

ión *s.m.* Partícula formada por un átomo ou un grupo de átomos que posúen carga eléctrica positiva (catián) ou negativa (anián), debido á perda ou á captura dun ou varios electróns.

ionio *s.m.* Isótopo radioactivo do torio, de masa atómica 230 e período de 80.000 anos.

ionización *s.f.* 1. Proceso mediante o cal un átomo neutro gaña ou perde electróns, adquirindo deste xeito carga eléctrica. 2. Introducción mediante unha corrente eléctrica de ións de sales solubles nos tecidos corporais, con finalidade terapéutica. Tamén se di **iontoforese**.

ionóforo *s.m.* Calquera substancia que aumenta a permeabilidade das membranas celulares para un ión específico.

ionograma *s.m.* Determinación cuantitativa e rexistro da concentración de diversos ións nun líquido orgánico.

ionometría *s.f.* Determinación da cantidade ou da intensidade dos corpos radioactivos mediante un ionómetro.

ionómetro *s.m.* Aparello utilizado para dosificar los elementos radioactivos aplicados durante unha terapia.

ionóxeno -a *adx.* Que forma ou subministra ións.

iontoforese *s.f.* V. **ionización**.

ipeca *s.f.* Raíz da planta *Cephaelis ipecacuanha*, que posúe como principio activo a emetina. Utilízase en forma de xarope (xarope de ipecacuaña) para provoca-lo vómito ou como expectorante, dependendo da dosificación. Tamén se di **ipecacuaña**.

ipecacuaña *s.f.* V. **ipeca**.

iproniacida *s.f.* Droga derivada da hidracina, análoga á isoniacida, que posúe a propiedade de inhibilo enzima monoaminoxidase (MAO), sendo o primeiro composto que foi descuberto con esta acción, que lle proporciona actividade antidepressiva. Como a isoniacida posúe propiedades antituberculosas, pero, pola súa acción como inhibidora da MAO, utilizouse esencialmente como fármaco antidepressivo, rexeitándose actualmente pola súa toxicidade hepática e pola existencia de fármacos máis eficaces para esta finalidade e con menos efectos secundarios.

ipsolateral *adx.* Que se localiza ou sucede no mesmo lado ca outra cousa que se toma de referencia, especialmente os síntomas neurolóxicos que aparecen no mesmo lado da lesión cerebral que os produce.

Ir Símbolo do iridio.

iridalxia *s.f.* Dor do iris.

iridauxese *s.f.* Engrosamento ou hipertrofia do iris.

iridectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica dunha porción do iris.

- iridéctomo** *s.m.* Aparello cortante utilizado na realización das iridectomías.
- iridectropión** *s.m.* Ectropión ou versión do iris cara á cámara anterior do ollo.
- iridemia** *s.f.* Conxestión ou hemorraxia do iris.
- iridencleise** *s.f.* Operación utilizada no tratamento cirúrxico do glaucoma, caracterizada pola realización dunha fístula entre a cámara anterior e posterior do ollo a través do iris, fixando unha porción do mesmo na esclera, realizando esta porción unha función de mecha para facilitar a drenaxe do humor acuoso cara á cámara anterior, equilibrando deste xeito a presión intraocular.
- iridentropión** *s.m.* Entropión ou inversión do iris cara á cámara posterior do ollo.
- irideremia** *s.f.* Ausencia conxénita do iris. V. **aniridia**.
- iridiano -a** *adx.* Relativo ou pertencente ó iris.
- iridio** *s.m.* Elemento metálico pouco frecuente, análogo ó platino, de número atómico 77 e masa atómica 192,2. De cor branca agrisada, insoluble nos ácidos. Utilízase xeralmente formando unha aliaxe con platino (platino iridiado), aliaxe escollida para a construción de patróns métricos, utilizándose tamén na fabricación de pares termoeléctricos. O seu símbolo é Ir.
- iridiscente** *adx.* Que reflicte as cores do arco da vella.
- iridización** *s.f.* Percepción subxectiva de aneis coloreados (aneis de Newton) arredor dos obxectos luminosos no glaucoma agudo conxectivo, orixinados pola dispersión da luz a causa do edema epitelial da córnea.
- iridoavulsión** *s.f.* Esgazadura completa do bordo periférico do iris.
- iridocapsulite** *s.f.* Inflamación do iris e da cápsula do cristalino.
- iridocele** *s.f.* Hernia dunha porción do iris a través da córnea.
- iridoclectomía** *s.f.* Extirpación cirúrxica do iris e do corpo ciliar.
- iridociclite** *s.f.* Inflamación do iris e do corpo ciliar.
- iridocicloroide** *s.f.* Inflamación do iris, corpo ciliar e coroide.
- iridocinese** *s.f.* Movements de expansión e de contracción do iris.
- iridocoloboma** *s.m.* Defecto conxénito dunha porción do iris que orixina unha fendedura a través do mesmo.
- iridoconstrictor** *s.m.* 1. Axente farmacolóxico ou tóxico que provoca a contracción da pupila. 2. Músculo ciliar ou constrictor da pupila.
- iridocorneoesclerectomía** *s.f.* Extirpación dunha porción do iris, da córnea e da esclerótica durante o tratamento cirúrxico do glaucoma.
- iridocoroide** *s.f.* Inflamación do iris e da coroide.
- iridodiálise** *s.f.* Separación ou lasitude do iris na súa inserción no corpo ciliar.
- iridodiastase** *s.f.* Ausencia ou alteración conxénita parcial da raíz do iris.
- iridodilatador -a** *adx.* Do que dilata a pupila.
- iridodonese** *s.f.* Tremor anormal no iris durante os movementos oculares.
- iridoleptinse** *s.f.* Delgadeza anormal ou atrofia do iris.
- iridomalacia** *s.f.* Amolecemento anormal do iris.
- iridomotor -a** *adx.* Pertencente ou relativo ós movementos do iris.
- iridonco** *s.m.* Tumor ou tumefacción do iris.
- iridoparese** *s.f.* Parálise incompleta do iris.
- iridoperifacite** *s.f.* Inflamación do iris e da cápsula do cristalino.
- iridopexia** *s.f.* Fixación cirúrxica do iris á esclera ou á córnea.
- iridoplexía** *s.f.* Parálise do iris.
- iridoptose** *s.f.* Prolapso do iris.
- iridopupilar** *adx.* Relativo ou pertencente ó iris e á pupila.
- iridoqueratite** *s.f.* Inflamación do iris e da córnea.
- iridorraxia** *s.f.* Sutura cirúrxica do iris.
- iridorrexe** *s.f.* Esgazadura do iris.
- iridospasmo** *s.m.* Espasmo do iris.
- iridosquise** *s.f.* Fendedura orixinada no estroma mesodérmico do iris, que o divide en dúas capas, de xeito que a anterior se separa e forma fibrilas, que flotan polo seu extremo libre na cámara anterior do ollo.
- iridostérese** *s.f.* Ausencia, perda ou extirpación dunha parte ou da totalidade do iris.
- iridotase** *s.f.* Operación cirúrxica destinada a estreita-lo iris no tratamento do glaucoma.
- iridotomía** *s.f.* Incisión cirúrxica realizada no iris.
- iris** *s.m.* Membrana circular pigmentada que, xunto co cristalino, separa a cámara anterior da posterior do ollo. Ten a función de diafragma ocular e no seu centro presenta un orificio móbil que constitúe a pupila. Consta dunha capa estromática anterior e doutra capa pigmentaria posterior e de orixe ectodérmica. A capa estromática atópase dividida polo colar do iris en dúas zonas: a porción pupilar co músculo do esfínter e a porción ciliar, que contén a raíz do iris e o músculo dilatador do mesmo. A capa pigmentaria, que constitúe a superficie posterior do iris e reviste o bordo da pupila, actúa impedindo o paso da luz, protexendo deste xeito a retina do deslumbramento.
- irite** *s.f.* Inflamación do iris, caracterizada clinicamente pola dor, fotofobia, lacrimación, blefarospasmo, inyec-

ción ciliar e miose arreactiva. // **I. purulenta** Irite con exsudación de carácter purulento. / **I. serosa** Irite con exsudación de características serosas.

irmán -á *s.* Individuo que, respecto doutro, é fillo dos mesmos pais, ou polo menos dun deles.

irradiación *s.f.* 1. Acción e efecto de irradiar, isto é, de despedir un corpo radiacións luminosas, térmicas, magnéticas ou de calquera outra clase. 2. Acción dunha radiación sobre unha materia viva ou inanimada e efecto producido pola devandita radiación. 3. Diseminación dos impulsos nerviosos orixinados nunha zona encefálica ou medular. 3. Disposición das fibras ou elementos anatómicos que se espallan despois de partir dun centro común.

irreductible *adx.* 1. Que non se leva ó lugar que orixinalmente ocupaba, principalmente as hernias ou fracturas que presentan esta característica. 2. Que non se pode transformar noutra substancia máis simple.

irregular *adx.* 1. Que non é regular, simétrico ou homoxéneo. 2. Que non se realiza conforme ás leis, normas, usos, etc. 3. Que non sucede a intervalos regulares de tempo ou espazo, especialmente do pulso ou da respiración.

irreparable *adx.* Que non se pode curar ou restaurar a un estado normal ou de suficiencia funcional.

irrespirable *adx.* Do gas ou do ambiente que non se pode respirar, por ser tóxico ou inadecuado para facelo.

irrigación *s.f.* 1. Lavado dunha superficie ou cavidade corporal con auga ou cun líquido de acción terapéutica. 2. Mecanismo mediante o cal o sangue chega a unha parte do organismo a través dos vasos sanguíneos.

irrigador *s.m.* Aparello utilizado para realizar irrigacións ou enemas.

irritabilidade *s.f.* 1. Propiedade da materia viva de responder a un estímulo. 2. Reactividade esaxerada dun órgano ou dun sistema ante estímulos lixeiros. 3. Estado psicolóxico polo que un individuo reacciona esaxeradamente ante estímulos exteriores.

irritable *adx.* 1. Da materia viva capaz de reaccionar a un estímulo. 2. Que resulta esaxeradamente sensible ós estímulos.

irritación *s.f.* 1. Estimulación ou excitación. 2. Estado producido pola acción dun axente calquera sobre a materia viva. 3. Inflamación.

isco- Prefixo do gr. *íschein* (reter).

iscoblenia *s.f.* Retención dun fluxo mucoso.

iscocolia *s.f.* Retención da bile.

isofonía *s.f.* Dificultade na pronunciación de certos sons consoantes.

iscoloquia *s.f.* Retención dos loquios tra-lo parto.

iscomenia *s.f.* Retención dos produtos da menstruación.

iscopiose *s.f.* Retención dun fluxo purulento.

iscospermia *s.f.* Retención do fluído seminal.

iscuria *s.f.* Retención do fluxo urinario.

iso- Prefixo do gr. *ísos* (igual).

isoaglutinación *s.f.* Aglutinación das hemacias producida pola acción das aglutininas procedentes doutro individuo pertencente á mesma especie.

isoaglutinina *s.f.* Moléculas presentes no soro dos individuos que poden aglutinar as hemacias doutro individuo da mesma especie. Tamén se di **isohemaglutinina**.

isoanafilaxe *s.f.* Reacción anafiláctica provocada polo contacto cun soro procedente dun individuo da mesma especie.

isoanticorpo *s.m.* Denominación dos anticorpos que reaccionan especificamente con antíxenos procedentes de individuos da mesma especie.

isoantígeno *s.m.* Antígeno procedente dun determinado individuo que ó posuír varias formas alélicas, pode desencadear unha resposta inmunolóxica noutro individuo da mesma especie con formas alélicas diferentes para o antígeno en cuestión. O exemplo máis típico de isoantígenos é o correspondente ós grupos sanguíneos humanos.

isóbaro -a *adx.* 1. Que indica a mesma presión atmosférica. // *s.f.* 2. Liñas trazadas nun mapa, que unen as zonas coa mesma presión atmosférica. // *s.m.* 3. Denominación dada na física atómica ós nucleidos que posúen o mesmo número de masa pero diferentes números atómicos.

isocarboxida *s.f.* Substancia de fórmula $C_{12}H_{13}N_3O_2$, que actúa como inhibidora do enzima monoaminoxidase (MAO), o que lle proporciona actividade antidepressiva.

isocelular *adx.* Do que está constituído por células pertencentes ó mesmo tipo histolóxico.

isocíclico -a *adx.* Dos compostos formados por unha cadea pechada no que tódolos átomos constituintes son do mesmo elemento.

isocitose *s.f.* Igualdade no tamaño celular; refrese especialmente ó tamaño dos glóbulos vermello do sangue.

isocoria *s.f.* Igualdade no tamaño das pupilas.

isocromático -a *adx.* Da mesma cor.

isocromosoma *s.m.* Cromosoma anómalo formado por dous brazos homólogos situados de forma simétrica a ámbolos dous lados do centrómero.

isócrono -a *adx.* 1. Sincrónico, que se realiza no mesmo tempo. 2. Que se repiten con intervalos iguais.

isodactilia *s.f.* Estado dos dedos cando a súa lonxitude é igual ou semellante.

isodinamia *s.f.* De igual forza.

isodonto -a *adx.* Que presenta o mesmo tamaño e forma en tódolos seus dentes, como os peixes, os réptiles e os odontocetos.

isoeléctrico -a *adx.* Que non presenta variacións no seu potencial eléctrico.

isoenergético -a *adx.* Que posúe igual enerxía.

isoenzima *s.m.* Cada unha das múltiples formas nas que se pode presentar un enzima no organismo. Todas realizan a mesma función catalizadora, pero posúen diferentes propiedades físicas, químicas e inmunolóxicas.

isófono -a *adx.* Que posúe a mesma frecuencia ou potencia de voz.

isoforia *s.f.* Estado dos ollos cando se sitúan no mesmo plano horizontal.

isogamia *s.f.* Reproducción mediante gametos iguais no seu tamaño e estrutura, como sucede nos organismos protozoarios.

isoglicemia *s.f.* Estado no que a glicose persiste constantemente na mesma concentración sanguínea.

isognato -a *adx.* Que posúe as mandíbulas do mesmo tamaño.

isohemaglutinina *s.f.* V. **isoaglutinina**.

isohemolisina *s.f.* Molécula presente no soro dos individuos, que produce a lise das hemacias doutro individuo da mesma especie.

isohidria *s.f.* Equilibrio ácido-básico dos líquidos do organismo.

isohipercitose *s.f.* Aumento do número de leucocitos, gardando a proporción normal entre os seus compoñentes. Tamén se di **isoleucocitose**.

isohipocitose *s.f.* Diminución do número global de leucocitos, gardando a proporción normal entre os seus compoñentes.

isoiconía *s.f.* Igualdade entre as imaxes visuais recollidas polos ollos.

isoimmunización *s.f.* Inmunización realizada nun individuo mediante o contacto con antíxenos procedentes doutro individuo da mesma especie.

isoleucocitose *s.f.* V. **isohipercitose**.

isomerase *s.f.* Calquera dos enzimas que catalizan as reaccións de reordenación intramolecular, formando derivados coa mesma composición elemental, pero con propiedades fisicoquímicas e estrutura diferentes ás do composto do que proceden.

isomería *s.f.* Fenómeno polo que certos compostos, formados polos mesmos elementos, posúen propiedades físicas ou químicas diferentes, causadas pola diferente posición relativa no espazo dos átomos constituíntes da molécula.

isométrico -a *adx.* 1. Que posúe as mesmas medidas ca outro. 2. Das contraccións musculares que suceden sen

modifica-las dimensións do músculo onde se producen, como ocorre na primeira fase da sístole ventricular.

isometropía *s.f.* Igualdade na capacidade de refracción de ámbolos dous ollos.

isomorfo-a *adx.* Dos corpos que posúen igual forma, especialmente dos que teñen unha composición química diferente, pero a mesma estrutura molecular e igual forma cristalina.

isoniacida *s.f.* Hidracida do ácido isonicotínico, de fórmula $C_6H_7N_3O$, que posúe acción bacteriostática sobre os bacilos da tuberculose e da lepra, utilizándose como parte esencial dos tratamentos da tuberculose de calquera localización.

isonicotínico (ácido) *s.m.* Ácido de fórmula $C_6H_5NO_2$, que se pode obter a partir da oxidación da γ -picolina, a hidracida da cal é a isoniacida.

isoprecipitina *s.f.* Precipitina presente no soro dos animais, que reacciona contra antíxenos doutros individuos da mesma especie.

isoprenalina *s.f.* Catecolamina sintética, con efecto principal β -adrenérxico, e moi escaso ou nulo efecto α -adrenérxico, polo que posúe acción como broncodilatador no tratamento da asma e como estimulante cardíaco. Tamén se di **isoproterenol**.

isoproterenol *s.m.* V. **isoprenalina**.

isorrea *s.f.* Conservación dun volume e dunha composición constante do líquido corporal.

isosexual *adx.* Relativo ó mesmo sexo ou característico do mesmo sexo.

isosmia *s.f.* Anomalía do sentido do olfacto pola que non se poden distingui-los olores.

isosmótico -a *adx.* Que ten a mesma presión osmótica ca outra solución. Tamén se di **isotónico**.

isosorbida *s.f.* Éter bicíclico derivado do glicitol, utilizado como diurético osmótico para diminuí-la presión intraocular.

isospora *s.f.* 1. Isogameto dos organismos que se reproducen por esporas. 2. Espora asexual, que se desenvolve directamente cara á súa forma adulta, sen conxugación previa.

Isospora Xénero de protozoos coccidianos caracterizados pola presenza de dous esporoblastos en cada oocito e de catro esporozoítos en cada esporoblasto, dos que algunhas especies, como *I. belli* e *I. hominis*, son parasitos asintomáticos do home, aínda que nalgunhas ocasións a *I. belli* orixina diarreas de carácter leve ou grave nos casos de SIDA.

isosténico -a *adx.* De igual forza.

isostenuria *s.f.* Alteración da función renal na que se produce unha incapacidade para concentrar ou diluí-la urina.

isosueroterapia *s.f.* Método terapéutico que consiste na inxección a un individuo enfermo de soro procedente doutro individuo que anteriormente padecera a mesma enfermidade.

isotermo -a *adx.* Dos corpos que posúen unha temperatura constante ou dos fenómenos que ocorren á mesma temperatura.

isotermognose *s.f.* Alteración da sensibilidade na que os diferentes estímulos dolorosos, táctiles ou de frío se perciben como sensación de calor.

isotonía *s.f.* 1. Igualdade da presión osmótica entre dúas solucións ou entre dous elementos presentes nunha solución. 2. Igualdade no ton, na tensión ou na actividade entre dous fenómenos ou partes.

isotonicidade *s.f.* Calidade de isotónico.

isotónico -a *adx.* 1. Isosmótico. 2. Da fase da contracción muscular na que o músculo varía de lonxitude, pero mantén a mesma tensión, como ocorre na segunda fase da sístole ventricular.

isótopo *s.m.* Denominación dos elementos químicos con diferente número de masa e co mesmo número atómico, ocupando polo tanto o mesmo lugar na clasificación periódica. // **I. radioactivo** Isótopo que posúe propiedades radioactivas, dos que algúns deles son utilizados na práctica médica con finalidade diagnóstica e terapéutica.

isotoxina *s.f.* Toxina presente nun individuo mediante a inoculación no mesmo dunha substancia procedente doutro individuo da mesma especie.

isoxénese *s.f.* Semellanza nos procesos de desenvolvemento dun organismo.

isquemia *s.f.* Ausencia de rega sanguínea nunha parte do organismo e estado consecutivo á mesma.

isquialxia *s.f.* Dor localizada na cadeira. Tamén se di **isquiodinia**.

isquiatite *s.f.* Inflamación dolorosa do nervio ciático. Tamén se di **ciática**.

isquioanal *adx.* Relativo ou pertencente ó isquion e ó ano.

isquiobulbar *adx.* Relativo ou pertencente ó isquion e ó bulbo da uretra.

isquiocavernoso -a *adx.* 1. Relativo ou pertencente ó isquion e ó corpo cavernoso. // *s.m.* 2. Músculo da rexión perineal anterior, que actúa como erector do pene e do clítoris.

isquiocele *s.f.* Hernia que se produce a través da incisura sacrociática.

isquioclitorídeo -a *adx.* Relativo ou pertencente ó isquion e ó clítoris.

isquiococcíneo -a *adx.* 1. Relativo ou pertencente ó isquion e ó cóccix. // *s.m.* 2. Músculo da rexión perineal posterior que posúe unha función non ben determinada.

isquiodinia *s.f.* V. **isquialxia**.

isquion *s.m.* Porción que forma a parte inferior do óso coxal.

isquioperineal *adx.* Relativo ou pertencente ó isquion e ó perineo.

isquioprostático -a *adx.* 1. Relativo ou pertencente ó isquion e á próstata. // *s.m.* 2. Músculo depresor da vexiga.

isquiopúbico -a *adx.* Pertencente ou relativo ó isquion e á pube.

isquiorrectal *adx.* Relativo ou pertencente ó isquion e ó recto.

isquiouretral *adx.* Pertencente ou relativo ó isquion e á uretra.

istmectomía *s.f.* Extirpación dunha porción ístmica do organismo, especialmente o pertencente á glándula tiroide.

istmite *s.f.* Inflamación dunha porción ístmica do organismo, especialmente do istmo das fauces.

istmo *s.m.* Paso estreito que conecta dúas cavidades ou porcións dun órgano ou dunha parte anatómica calquera. // **I. da farinxe** Estreitura que separa a farinxe da cavidade posterior das fosas nasais, limitada polos piares posteriores do veo do padal. / **I. das fauces** Paso estreito localizado entre a boca e a farinxe, que corresponde á gorxa / **I. do tiroide** Parte media da glándula tiroide, localizada entre os dous lobos da mesma. / **I. do útero** Porción do útero localizada entre o corpo e o colo do mesmo.

istmoplexía *s.f.* Parálise do istmo das fauces.

-ite Sufixo que denota a inflamación da parte ou do órgano indicado.

iteración *s.f.* Repetición de palabras ou movementos.

iterbio *s.m.* Elemento metálico do grupo das terras raras, de número atómico 70 e de masa atómica 173,04. O seu símbolo é Yb.

itícifose *s.f.* Presencia de cifose estricta, sen curvatura lateral.

itolordose *s.f.* Presencia de lordose estricta, sen curvatura lateral.

itrio *s.m.* Metal próximo ó grupo dos lantánidos, de número atómico 39 e de masa atómica 88,906. Un isótopo radioactivo do itrio, o Y⁹⁰, utilízase en forma de agullas con finalidade terapéutica, especialmente para realizar hipofisectomías.

Ixodes Xénero de ácaros parasitos dos vertebrados, dos que algunhas especies poden transmitir diversas enfermidades infecciosas ó ser humano, como a enfermidade de Lyme, a tularemia, a febre amarela, etc.

ixodíase *s.f.* Estado morbosos provocado pola picada de ácaros do xénero *Ixodes*.

ixudina *s.f.* Extracto obtido dos ácaros do xénero *Ixodes* que posúe actividade anticoagulante.

J

J Abreviatura do joule na nomenclatura internacional

Jackson, lei de V. **lei**.

jacksoniano-a *adx.* Relativo á forma de epilepsia descrita por Jackson.

jacksoniana (epilepsia) *adx.* V. **epilepsia**.

Jakob, enfermidade de Enfermidade de Creutzfeld-Jakob V. **enfermidade**.

Janeway, manchas de V. **mancha**.

joule *s.m.* Unidade de traballo, enerxía e cantidade de calor na nomenclatura internacional. Abreviatura J.

K

K (vitamina) V. vitamina.

K Símbolo do potasio.

kala-azar *s.m.* Enfermidade parasitaria orixinada por unha infestación coa *Leishmania donovani*, protozoario flagelado do xénero *Leishmania*, pertencente á familia dos *trypanosómidos*. A transmisión prodúcese dende os animais, principalmente cánidos e roedores, ó home, sendo rara a transmisión persoa-persoa, a través da picada dun mosquito do xénero *Phlebotomus*. Dentro das leishmanioses existe unha forma cutánea e outra visceral, sendo esta última a que recibe o nome de Kala-azar (febre negra). Trátase dunha infección crónica e grave do sistema monocito-fagocitario, que clinicamente se caracteriza por febre recorrente crónica, calafríos, esplenomegalia, pancitopenia con intensa leucopenia, diminución de peso e unha alta mortalidade. Dependendo da zona xeográfica, existen variacións desta enfermidade, sendo tres as principais: kala-azar mediterráneo ou infantil, kala-azar da India e kala-azar africano.

kalium *s.m.* Voz latina, que significa potasio.

kallak *s.m.* Dermatite pustulosa, frecuente entre os esquimós.

kanamicina *s.f.* Antibiótico aminoglicósido que se obtén dos cultivos de *Streptomyces kanamycetus*. Bactericida, adminístrase por vía intramuscular. Como os demais aminoglicósidos posúe toxicidade renal e acústica.

Kaposi, enfermidade de V. enfermidade.

Kataiama, enfermidade de V. enfermidade.

kéfir *s.m.* Bebida obtida por fermentación láctica e alcohólica a partir de leite de vaca, cabra, ou ovella. Utilízase como produto dietético na fermentación intestinal patolóxica.

kerníctero *s.m.* V. querníctero.

kernícterus *s.m.* V. querníctero.

Kienböck, enfermidade de V. enfermidade.

ki-mo *s.m.* Enfermidade contaxiosa endémica de Laos e caracterizada por brotes febrís acompañados de ulceracións cutáneas cubertas de vexetacións.

kitasamicina *s.f.* Antibiótico macrólido extraído do *Streptomyces kitasatoensis*. Ten un espectro de actividade antibacteriana semellante á eritromicina.

Klebsiella Xénero de bacilos gramnegativos e anaerobios facultativos, pertencente á familia das enterobacteriaceas, que son inmóbiles e capsuladas. Atópanse no chan e na auga e habitualmente como saprófitas das vías respiratorias e do intestino. // **K. ozaenae** Axente responsable da ocena. / **K. pneumoniae** Axente causante de infeccións respiratorias e urinarias graves e septicemia. Tamén se di **bacilo de Friedländer**. / **K. rhinoschleromatis** Axente produtor do rinoescleroma.

Klippel, enfermidade de V. enfermidade. Klippel-Trénaunay, enfermidade de V. enfermidade.

Köbner, enfermidade de V. enfermidade.

Koch, bacilo de V. bacilo.

Koebner, fenómeno de V. fenómeno.

König, enfermidade de V. enfermidade.

Kr Símbolo químico do cripton.

Krabbe, enfermidade de V. enfermidade.

Kraepelin (clasificación de) Clasificación e descrición das enfermidades mentais proposta por Emil Kraepelin e baseada na importancia das mesmas.

Kümmell, enfermidade de V. enfermidade.

kuru *s.m.* Enfermidade crónica dexenerativa do sistema nervioso central, descrita en caníbales das zonas montañosas de Nova Guinea e caracterizada por presentar unha síndrome cerebelosa progresiva e demencia nas fases finais da enfermidade. Afectaba predominante a nenos de ambos sexos e mulleres e parece transmitida a través de porcións inxeridas de sistema nervioso. Aínda que o axente específico responsable da enfermidade non foi aínda identificado, poderíase tratar dun virus do grupo lentivirus, que presenta un período de incubación de meses ou anos.

Kwashiorkor *s.m.* Voz de procedencia africana que significa “neno afastado ou destetado”, utilizada para nomear a doenza causada por unha malnutrición grave

proteica e calórica que aparece en nenos de catro meses a cinco anos de idade. Caracterízase pola anorexia, astenia, diarrea, desnutrición crónica, detención do crecemento, perda de peso superior ó vintecinco por cento, edema,

pigmentación pardo-vermella da pel e do pelo, esplenomegalia, hepatomegalia, trastornos psíquicos e atrofia do páncreas. Tamén se di **malnutrición proteica infantil**.

L

L- Prefixo que denota que un composto químico presenta unha forma levoxira.

l Símbolo do litro

La Peyronie, enfermidade de V. enfermidade.

la *s.f.* Pelo ou vélaro dalgúns mamíferos, especialmente dos óvidos.

La Símbolo do lantano.

labiadas *s.f.pl.* Plantas herbáceas ou leñosas, moitas das cales son empregadas na medicina como excitantes ou tónicos. Comprende unhas tres mil especies que se atopan nas rexións tépedas e quentes de todo o mundo, como a lavanda, o romeo ou as ortigas.

labiado -a *adx.* Que posúe labios ou con forma de labio.

lábil *adx.* 1. Pouco estable. 2. Fráxil ou débil.

labilidade *s.f.* Calidade de lábil. // **L. afectiva** Inestabilidade emocional caracterizada pola tendencia a amosar un estado alternante de alegría e tristura.

labio *s.m.* 1. Cada unha das dúas partes carnosas cubertas de semimucosa que circunscriben o orificio da boca. Tamén se di **beizo**. 2. Cada un dos bordos dunha ferida. 3. Parte anatómica con forma de labio. // **L. maior** Cada un dos dous pregos cutáneos localizados a ambos lados da entrada da vulva. / **L. menor** Cada un dos dous pregos mucosos localizados na entrada da vulva por debaixo dos labios maiores.

labioalveolar *adx.* 1. Relativo ou pertencente á superficie labial dun ou máis dentes. 2. Relativo ou pertencente ós labios e ós dentes.

labiomicose *s.f.* Enfermidade dos labios producida por fungos.

labionasal *adx.* Relativo ou pertencente ós labios e ó nariz.

labiopalatino -a *adx.* Relativo ou pertencente ós labios e ó padal.

labirintectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica do labirinto do oído interno.

labirintite *s.f.* Inflamación do labirinto do oído interno.

labirinto *s.m.* 1. Conxunto das estruturas que compoñen o oído interno. Comprende: a cóclea ou caracol (órgano da audición), o vestíbulo e as canles semicirculares (órgano sensorial do equilibrio). 2. Denominación xeral dada ós conxuntos de cavidades ou conductos anatómicos máis ou menos complexos e comunicados entre si. // **L. membranoso** Conxunto das porcións membranosas ou sensoriais do oído interno localizadas no interior do labirinto óseo. / **L. óseo** Conxunto das porcións do óso temporal que conteñen o labirinto membranoso no seu interior.

laboratorio *s.m.* Local axeitado para a realización de traballos científicos experimentais, de análise ou para a preparación de substancias farmacolóxicas ou químicas.

laborterapia *s.f.* Variedade terapéutica aplicada nalgunhas enfermidades mentais, que consiste na realización de diversos traballos, especialmente manuais, por parte do doente. Tamén se di **terapia ocupacional**.

labrum *s.m.* Estructura anatómica con forma de labio ou que forma un bordo. // **L. acetabular** Anel fibrocartilaxinoso unido ó bordo do acetábulo da cadeira. / **L. glenoidal** Anel fibrocartilaxinoso unido ós bordos da cavidade glenoide do úmero.

laca *s.f.* Gomorresina procedente de varias especies de árbores do extremo oriente, que se utiliza na preparación dalgunhas substancias tónicas e astrinxentes e dalgúns vernices.

laceración *s.f.* 1. Acción e efecto de lacerar, de producir unha ferida esgazada. 2. Esgazadura nalgunha parte do corpo.

lacorrinostomía *s.f.* Operación cirúrxica realizada para comunica-lo lago lacrimal coas fosas nasais.

lacr *s.f.* Pegada, sinal ou eiva que deixa unha doenza.

lacrimal *adx.* Relativo ou pertencente ás bágoas. // **Glándula l.** Cada unha das glándulas que segregan bágoas. Comprenden unha serie de pequenas glanduliñas lacrimais accesorias localizadas nos pregos de reflexión das conxuntivas, productoras da segregación lacrimal basal e as glándulas lacrimais principais, localizadas inmediatamente por debaixo da zona temporal do rebordo orbitario,

que constan dunha porción superior ou orbitaria e outra inferior ou palpebral separadas pola parte lateral do músculo elevador da pálpebra superior.

lácrimo- Prefixo do lat. *lacrima* (bágoa).

lacrimolabial *adx.* 1. Relativo ou pertencente ás glándulas lacrimais e ós labios // *s.m.* 2. Músculo superficial da cara que se localiza entre a rexión lacrimal e a labial.

lacrimonasal *adx.* Relativo ou pertencente ás glándulas lacrimais e ó nariz // *s.m.* 2. Conducto localizado entre o saco lacrimal e o meato inferior das fosas nasais.

lacrimotomía *s.f.* Incisión cirúrxica realizada no conducto ou no saco lacrimal.

lacrimótomo *s.m.* Aparello cortante utilizado na realización de incisións nas vías lacrimais.

lacrimóxico -a *adx.* Que estimula a segregación de lágrimas.

lactacidemia *s.f.* Presencia de ácido láctico no sangue.

lactaciduria *s.f.* Presencia de ácido láctico na urina.

lactación *s.f.* 1. Período da vida no que o ser humano se alimenta esencialmente de leite. 2. Alimentación dos bebés mediante leite. 3. Proceso de segregación do leite polas glándulas mamarias. // **L. artificial** Utilización de leite artificial, non materno, para a alimentación dos lactantes. / **L. materna** Lactación realizada mediante leite de procedencia materna. / **L. mixta** Utilización de leite materno e leite artificial durante a fase da lactación.

lactagogo -a *adx.* V. **galactagogo**.

lactalbumina *s.f.* Variedade de albumina presente no leite.

lactamase *s.f.* Enzima bacteriano (β -lactamase), que produce a hidrólise do anel betalactámico presente na estrutura dalgúns antibióticos como as penicilinas ou as cefalosporinas, sendo as responsables das resistencias bacterianas a este tipo de antibióticos. A β -lactamase I actúa preferentemente sobre as penicilinas (penicilinase) e a β -lactamase II sobre as cefalosporinas (cefalosporinase).

lactante *adx.* Do individuo que se atopa no período durante o cal se alimenta esencialmente de leite.

lactase *s.f.* Galactosidase, enzima elaborado polas células da mucosa intestinal que produce a hidrólise das moléculas de lactosa escindíndoas en galactosa e glicosa.

lactato *s.m.* Sal ou éster do ácido láctico. // **L.- deshidroxenase** Isoenzima que transfere hidróxeno ó citocromo e cataliza o paso de lactato a piruvato. A súa taxa no soro aumenta nalgunhas situacións patolóxicas, esencialmente no infarto de miocardio, nalgunhas distrofias e destrucións musculares e nalgunhas casos de neoplasias.

lácteo -a *adx.* 1. Relativo ou pertencente ó leite 2. Que se compón de leite. 3. Semellante ó leite.

láctico (ácido) *s.m.* Ácido presente no organismo e que constitúe o principal produto da degradación do glicó-

xeno nun medio anaerobio. Presenta dous isómeros opticamente activos. A forma dextroxira prodúcese durante a contracción muscular a consecuencia da degradación anaerobia da glicosa procedente do glicóxeno dos músculos. A pesar de ser opticamente dextroxiro, posúe unha configuración espacial correspondente á forma levoxira, polo que se designa como ácido l-láctico. A forma levoxira procede da fermentación da lactosa polas bacterias e presenta unha configuración espacial dextroxira, polo que se designa como ácido D-láctico.

lactífugo -a *adx.* Que suprime a segregación láctea.

lactívoro -a *adx.* Que se alimenta de leite.

lacto- Prefixo do lat. *lac, lactis* (leite).

Lactobacillus Xénero de bacterias bacilares, grampositivas, non esporuladas, saprófitas dalgunhas partes do organismo humano, como a boca, o aparello dixestivo e a vaxina. Son escasamente patóxenos, relacionándose ás veces coa carie dental. Producen unha gran proporción de lactatos durante o seus procesos metabólicos.

lactodensímetro *s.m.* V. **galactómetro**.

lactoflavina *s.f.* Vitamina B2, hidrosoluble, de cor amarela, que se atopa no leite e na casca do arroz. Actúa como coenzima, que unida a certas deshidroxenases específicas lle permiten participar nas oxidacións celulares. Tamén se di **riboflavina**.

lactofosfato *s.m.* Sal resultante da combinación dos ácidos láctico e fosfórico co calcio.

lactoglobulina *s.f.* Globulina presente no leite, coagulable pola calor.

lactómetro *s.m.* V. **galactómetro**.

lactona *s.f.* Denominación xenérica dada ós ésteres cíclicos orixinados por un proceso de esterificación interna dalgúns ácidos-alcohois ou ácidos-fenois.

lactoplasma *s.m.* Parte líquida do leite.

lactoproteína *s.f.* Denominación xenérica dada ás proteínas presentes no leite.

lactorrea *s.f.* V. **galactorrea**.

lactosa *s.f.* Disacárido composto de glicosa e galactosa, presente no leite dos mamíferos, de fórmula $C_{12}H_{22}O_{11}$.

lactosado -a *adx.* Que contén lactosa ou que se preparou con lactosa.

lactoscopia *s.m.* Aparello para determina-la proporción de nata presente no leite.

lactosoro *s.m.* Soro do leite, líquido que resulta de callarse o leite. Posúe propiedades como diurético e anti-séptico intestinal.

lactosuria *s.f.* Presencia de lactosa na urina.

lactoterapia *s.f.* Método terapéutico que utiliza o leite ou as dietas lácteas.

lactotoxina *s.f.* Denominación xenérica dada ás substancias tóxicas procedentes do leite.

lactotrófica (célula) *s.f.* Célula acidófila presente na hipófise anterior encargada da segregación da prolactina.

lactovexetariano -a *adx.* Que segue un réxime ou dieta alimenticia composta exclusivamente de leite e vexetais.

lactulosa *s.f.* Disacárido sintético, de fórmula $C_{12}H_{22}O_{11}$, utilizado como catártico e no tratamento da encefalopatía hepática.

lado *s.m.* 1. Parte do corpo humano comprendida entre a axila e a cadeira. 2. Cada unha das dúas metades, esquerda e dereita, dun corpo calquera.

Laennec, enfermidade, cirrose de V. enfermidade e cirrose.

lago *s.m.* Espacio anatómico máis ou menos pechado que posúe un contido líquido.

lagoa *s.f.* Denominación que se aplica a algúns espazos anatómicos de pequenas dimensións.

lagofthalmía *s.f.* Anomalía conxénita ou adquirida das pálpebras que impide a súa oclusión total, causando a desecación da superficie ocular. Tamén se di **lagofthalmos**.

lagofthalmos *s.m.* V. **lagofthalmía**.

lágrima *s.f.* Pinga pertencente á segregación producida polas glándulas lacrimais. Tamén se di **bágoa**, **bagulla**.

lalación *s.f.* 1. Forma infantil da linguaxe caracterizada pola pronunciación imperfecta, vacilante ou balbuciente. 2. Lambdacismo.

lialatría *s.f.* Ciencia do estudio e tratamento dos trastornos da linguaxe.

lalofobia *s.f.* Temor morboso a falar.

laloneurose *s.f.* Trastorno da linguaxe de orixe psíquica.

lalopatía *s.f.* Denominación xeral das alteracións da linguaxe.

laloplexía *s.f.* Parálise que afecta a parte ou a tódolos órganos da linguaxe.

lalorreia *s.f.* Fluxo anormal e excesivo de palabras. Tamén se di **logorreia**, **verborrea**.

lama *s.f.* Barro formado de arxila mesturada con detritos orgánicos, que se atopa no fondo dos estanques, superficies pantanosas, etc. Tamén se di **limo**.

lambda *s.m.* Punto craniométrico localizado na fontanela posterior no que se encontran as suturas lambdoides coa sutura saxital.

lambdacismo *s.f.* 1. Substitución na linguaxe falada do r polo l. 2. Imposibilidade de pronunciar correctamente o l.

lambdoide *adx.* Que posúe unha forma semellante á letra grega lambda (λ).

lamblíase *s.f.* Infestación co parasito *Giardia lamblia*. Tamén se di **xiardiase**.

lamelar *adx.* Que posúe unha disposición en láminas.

lameliforme *adx.* Que ten forma de lámina.

lámina *s.f.* Estructura anatómica que se dispón nunha superficie extensa e de pouco grosor. // **L. basal** Zona lonxitudinal do tubo neural embrionario, localizada ventralmente con respecto ó suco limitante, a partir da cal se desenvolven as porcións ventrais da substancia gris medular e os centros motores do cerebro. / **L. basal da coroide** Capa interna da coroide, localizada entre o estrato coriocapilar da mesma e o epitelio pigmentario da retina. Tamén se di **l. vítrea**, **membrana de Bruch**. / **L. basal do corpo ciliar** Lámina localizada entre a estroma do corpo ciliar e a capa pigmentaria da retina, que supón unha prolongación da lámina basal da coroide. / **L. clinóide** Porción do esfenoide localizada por detrás da sela turca. / **L. coriocapilar da coroide** Capa media da coroide, formada por unha densa rede capilar, localizada entre as láminas vascular e basal da mesma. / **L. cribosa** Espacio furado, anterior e posterior, da base do encéfalo. / **L. cribosa da esclera** Parte furada da esclera pola que pasan os axons das células ganglionares da retina cara ó nervio óptico. / **L. cribosa do etmoide** Porción horizontal do óso etmoide, que forma o teito da cavidade nasal. Tamén se di **l. horizontal do etmoide**. / **L. dentaria** Invaginación do epitelio da boca que orixina os dentes. / **L. elástica anterior** Capa delgada da córnea localizada entre o epitelio corneal superficial e a estroma desta estrutura. Tamén se di **membrana de Bowman**. / **L. elástica posterior** Capa da coroide localizada entre a estroma da mesma e o seu estrato endotelial. Tamén se di **membrana de Descemet**. / **L. espiral** Placa dobre oseomembranosa que separa a rampla timpánica do caracol da rampla media ou conducto coclear do mesmo e da rampla vestibular. / **L. horizontal do etmoide** V. **l. cribosa do etmoide**. / **L. ósea externa** Táboa de tecido óseo compacto, localizada na parte externa dos ósos planos do cranio. / **L. ósea interna** Táboa de tecido óseo compacto, localizada na parte interna dos ósos planos do cranio. / **L. papirácea do etmoide** Porción do óso etmoide que forma parte da parede interna da órbita. Tamén se di **óso plano do etmoide**. / **L. perpendicular do etmoide** Lámina ósea que forma a porción media do etmoide. / **L. propia da membrana do tímpano** Capa fibrosa media da membrana timpánica. / **L. vascular da coroide** Capa máis externa da coroide, que contén os vasos sanguíneos da mesma. / **L. vertebral** Porción vertebral, disposta en forma de láminas anchas, que une as apófises espiñosas coas articulares. / **L. vítrea** V. **l. basal da coroide**.

laminado -a *adx.* Disposto en láminas ou formado por láminas.

laminectomía *s.f.* Escisión cirúrxica do arco posterior dunha vertebra.

laminografía *s.f.* Radiografía seriada de planos paralelos. Tamén se di **tomografía**.

laminotomía *s.f.* Sección cirúrxica dunha ou máis láminas vertebrais.

lámpada *s.f.* 1. Fonte artificial de irradiación de luz visible, raios ultravioletas ou infravermellos. 2. Aparello que fai de soporte dunha fonte de luz artificial. // **L. de fendedura** Lámpada utilizada no exame da porción anterior do ollo.

lamparóns *s.m.pl.* Escrófulas ou sinais que estas deixan por inflamación dos ganglios do pescozo.

laña *s.f.* 1. Greta na pel, nas mucosas ou nos labios, especialmente a causa do frío. 2. **V. grampa.**

lanaiña *s.f.* Graxa procedente da la purificada.

lanatósido *s.m.* Glicósido procedente das follas da *Digitalis lanata*. O lanatósido C utilízase como medicamento cardiotónico.

lanceolado -a *adx.* Que posúe forma de lanza.

lanceta *s.f.* Aparello cirúrxico cortante, de dobre gume e acabado nunha punta aguda, que se utiliza nalgunhas operacións cirúrxicas, como abrir abscesos, incidi-las enxivas, etc.

lancinante *adx.* Que produce dor moi aguda cunha sensación de picada.

Landry, enfermidade de **V. enfermidade.**

Langerhans, illotes de **V. illotes.**

languidez *s.f.* Decaemento psíquico, falta de forzas.

lanolina *s.f.* Substancia constituída por unha mestura de ácidos graxos e alcohois, pertencente ó grupo dos esteroides, de consistencia semellante ás graxas e que se extrae da la das ovelas. Utilízase como excipiente na elaboración de pomadas, nas que favorece a absorción dos medicamentos pola pel.

lantaxia *s.f.* Dor localizada na planta do pé.

lantánido *s.m.* Calquera dos elementos químicos pertencentes ó grupo das terras raras. O primeiro elemento da serie é o lantano.

lantano *s.m.* Metal do grupo das terras raras, de número atómico 57 e peso atómico 138,92. O seu símbolo é La.

laparectomía *s.f.* Escisión dunha parte da parede abdominal.

laparo- Prefixo do gr. *lapára* (abdome, parede abdominal, epigastrio, lombo, flanco). Utilízanse na formación de palabras que se refiren ó abdome ou á parede abdominal.

laparocèle *s.f.* Hernia abdominal.

laparocistectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica da vexiga urinaria, dun quiste ou da vesícula biliar trala realización previa dunha laparotomía.

laparocistotomía *s.f.* 1. Laparotomía con extracción do contido dun quiste. 2. Incisión da vexiga urinaria a través da parede abdominal.

laparoclise *s.f.* Inxección no peritoneo, a través da parede abdominal, dunha solución salina fisiolóxica.

laparocolostomía *s.f.* Realización dunha abertura artificial no colon a través da parede abdominal.

laparocolotomía *s.f.* Incisión do colon realizada a través da parede do abdome.

laparocolpotomía *s.f.* Incisión cirúrxica realizada por vía abdominal e vaxinal simultaneamente.

laparoenterostomía *s.f.* Realización cirúrxica dunha abertura no intestino a través da parede abdominal.

laparoenterotomía *s.f.* Incisión do intestino a través dunha abertura realizada na parede do abdome.

laparogastrotomía *s.f.* Incisión do estómago a través dunha abertura realizada na parede abdominal.

laparohisterectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica do útero pola vía abdominal.

laparohisteropexia *s.f.* Fixación cirúrxica do útero á parede abdominal.

laparohisterotomía *s.f.* Abertura do útero a través dunha sección realizada na parede abdominal.

laparoileotomía *s.f.* Incisión do íleo realizada a través dunha abertura realizada na parede abdominal.

laparomiíte *s.f.* Inflamación dos músculos do flanco ou da parede abdominal.

laparonefrectomía *s.f.* Extirpación dos riles através dunha abertura realizada na parede abdominal.

laparoplastia *s.f.* Cirurxía plástica da parede abdominal.

laparorrafia *s.f.* Sutura da parede abdominal.

laparosalingooferectomía *s.f.* Extirpación das trompas de Falopio e dos ovarios realizada a través dunha abertura practicada na parede abdominal.

laparosalpinctomía *s.f.* Extirpación das trompas de Falopio realizada a través dunha abertura practicada na parede abdominal.

laparoscopia *s.f.* 1. Exame da cavidade peritoneal realizado cun endoscopio introducido a través dunha abertura practicada na parede do abdome. 2. Exame interno do abdome trala realización dunha abertura practicada na parede do mesmo.

laparoscopio *s.m.* Aparello óptico de exploración que se introduce na cavidade abdominal a través dunha abertura realizada na parede do abdome.

laparóstato *s.m.* Aparello utilizado para manter separados os labios da incisión durante a realización dunha laparotomía.

laparotomía *s.f.* Incisión cirúrxica realizada na parede abdominal. Poden ser verticais, transversais ou oblicuas, mixtas e toracoabdominais, con diferentes técnicas para cada un dos tipos e localizacións.

laparotoracosopia *s.f.* Laparoscopia e toracosopia combinadas.

lapso *s.m.* 1. Período de tempo transcorrido entre dous momentos precisos. 2. Erro involuntario. Tamén se di **lapsus**.

lapsus *s.m.* V. **lapso**.

lardaceína *s.f.* Substancia proteica que se atopa nos tecidos que padecen unha dexeneración amiloide.

lardo *s.m.* 1. Parte graxa purificada do touciño do porco. 2. Graxa dos animais en xeral, especialmente do porco.

laring- Prefixo do gr. *láryx, láryggos* (larinx).

laringalxia *s.f.* Dor localizada na larinx. Tamén se di **laringodinia**.

laringocele *s.m.* Dilatación sacular do ventrículo larínxeo.

laringocentese *s.f.* Punción cirúrxica da larinx.

laringodinia *s.f.* V. **laringalxia**.

laringofarinxe *s.f.* Porción da farinx situada por debaixo do bordo superior da glote, localizada entre a orofarinxe por arriba e o esófago que a continúa pola súa porción inferior.

laringofarínxeo -a *adx.* 1. Relativo ou pertencente á laringofarinxe. // *s.m.* 2. Músculo constrictor inferior da farinx.

laringofarinxite *s.f.* 1. Inflamación da laringofarinxe. 2. Inflamación da larinx e da farinx.

laringografía *s.f.* 1. Rexistro dos movementos da larinx mediante un laringógrafo. 2. Exame radiolóxico da larinx, xeralmente realizado con medios de contraste radiolóxicos.

laringógrafo *s.m.* Aparello que rexistra os movementos da larinx, utilizado para a realización das laringografías.

laringoloxía *s.f.* Rama da medicina que estuda a larinx e as súas enfermidades.

laringomalacia *s.f.* Anormalidade conxénita caracterizada por un abrandamento anómalo do vestíbulo larínxeo. O principal síntoma é o estridor inspiratorio que pode ser constante ou presentarse só coa excitación.

laringonecrose *s.f.* Necrose das cartilaxes da larinx.

laringoparálise *s.f.* Parálise dos músculos da larinx. Tamén se di **laringoplexía**.

laringopatía *s.f.* Denominación xeral dada ós trastornos patolóxicos da larinx.

laringopiocele *s.m.* Laringocele que presenta acumulación de pus.

laringoplastia *s.f.* Cirurxía plástica reparadora da larinx.

laringoplexía *s.f.* V. **laringoparálise**.

laringorraxia *s.f.* Hemorraxia localizada na larinx.

laringorrea *s.f.* Segregación excesiva dun fluído procedente da larinx.

laringoscopia *s.f.* Exame visual da larinx, especialmente o realizado mediante un laringoscopio. // **L. directa** A realizada con laringoscopio, sen utiliza-lo espello reflector. / **L. indirecta** Aquela realizada utilizando o espello reflector.

laringoscopio *s.m.* Aparello utilizado para realiza-lo exame visual da larinx. Utilízase na intubación da larinx durante as manobras avanzadas de reanimación e para a realización de diversas técnicas anestésicas e cirúrxicas.

laringospasmo *s.m.* Contracción espasmódica da musculatura da larinx que produce diversos graos de oclusión da luz da mesma.

laringostenose *s.f.* Estreiteza da luz da larinx, producida xeralmente por traumatismos mecánicos.

laringostomía *s.f.* Realización cirúrxica dunha abertura permanente na larinx a través do pescozo.

laringostroboscopia *s.m.* Aparello óptico utilizado para a observación dos fenómenos que se producen durante a fonación no interior da larinx.

laringotomía *s.f.* Incisión cirúrxica da larinx.

laringótomo *s.m.* Aparello cortante utilizado para a realización das laringotomías.

laringotraqueal *adx.* Relativo ou pertencente á larinx e á traquea.

laringotraqueíte *s.f.* Inflamación da larinx e a traquea.

laringoxerose *s.f.* Sequidade da larinx.

larinx *s.f.* Estructura musculocartilaxinosa, oca e revestida de mucosa, localizada na parte anterior e superior do pescozo, conectada coa farinx por debaixo da base da lingua e do óso hioide. Protexe a entrada da traquea e constitúe un órgano esencial na fonación. Posúe nove cartilaxes, que son: tiroide, cricoide, epiglote, dúas aritenoides, dúas corniculadas e dúas cuneiformes.

larinxectomía *s.f.* Extirpación parcial ou total da larinx.

larínxeo -a *adx.* Relativo ou pertencente á larinx.

larinxismo *s.m.* Espasmo dos músculos da larinx que produce a oclusión da glote e asfixia ó impedi-lo paso do aire. Tamén se di **larinxite espasmódica**. // **L. estriduloso** Espasmo larínxeo súbito con estridor inspiratorio e cianose.

larinxite *s.f.* Inflamación da larinx, especialmente da súa capa mucosa. Clinicamente caracterízase pola sequidade e dor da garganta, a tose e a disfaxia. // **L. espasmódica** V. **larinxismo**. / **L. estridulosa** V. **larinxismo estriduloso**. / **L. membranosa** Aquela na que forman falsas membranas de tipo diftérico / **L. subglótica** A que se localiza por debaixo das cordas vocais, particularmente frecuente entre os seis meses e os tres anos. Produce un cadro clínico semellante pero xeralmente menos agudo e grave có da epiglote aguda, comprendendo ámbalas dúas patoloxías o que habitualmente se coñece como crup.

larva *s.f.* Forma animal que aparece coa eclosión do ovo e que precisa dun proceso de transformación antes de alcanza-lo estado adulto. As formas larvárias preséntanse en case todo o mundo animal, exceptuando os vertebrados amniotas, a maior parte dos arácnidos e algúns moluscos terrestres. Diversos tipos de larvas son parasitas do ser humano.

larvado -a *adx.* Das doenzas que presentan síntomas de xeito moi atenuado ou diferentes ós que aparecen habitualmente.

larvicida *adx.* Que destrúe as formas larvárias.

Lasègue, enfermidade, V. enfermidade.

láser *s.m.* Sigla da expresión inglesa *Light Amplification by Stimulated Emission of Radiation* (amplificación da luz mediante emisión estimulada de radiación). Aparello baseado no fenómeno láser que transforma a luz de diferentes frecuencias nun feixe de radiación monocromática moi intenso, pequeno e case non diverxente, na rexión visible de luz e con tódalas ondas en fase. Utilízase como aparello cirúrxico, diagnóstico, terapéutico e na realización de estudos fisiolóxicos.

lasitude *s.f.* Calidade de laso. Distensión ou falta de ton nunha estrutura. // **L. ligamentosa** Estado no que os ligamentos se distenden con facilidade, causando inestabilidade nas articulacións ás que pertencen.

laso -a *adx.* Relaxado ou frouxo, sen forza ou tensión nas fibras pertencentes a unha estrutura.

latencia *s.f.* 1. Calidade ou condición de latente. 2. Período que transcorre entre a realización dun estímulo e a reacción que provoca. 3. Período de incubación dunha enfermidade.

latente *adx.* Que existe, pero non se manifesta cara ó exterior. Utilízase especialmente no caso das infeccións sen manifestacións clínicas aparentes.

lateral *adx.* Relativo ou situado a un lado dunha parte calquera.

laterocele *s.m.* Hernia localizada na parede lateral do abdome.

laterodesviación *s.f.* Desviación dunha parte cara a un lado.

lateroducción *s.f.* Movemento dun ollo cara a un lado ou outro.

lateroflexión *s.f.* Flexión dunha parte cara a un lado.

lateropulsión *s.f.* Tendencia involuntaria durante a marcha a desviarse cara a un lado.

laterotorsión *s.f.* Inclinação cara a un lado do eixe vertical dun órgano.

lateroversión *s.f.* Desviación dun órgano cara a un lado.

látex *s.m.* Líquido de composición variable, con carácter de emulsión e aspecto xeralmente leitoso, segregado por diversas especies vexetais, especialmente do xénero

Hevea, ó que pertencen as árbores productoras do látex do caucho.

latexo *s.m.* Pulsación producida pola contracción do corazón ou pola transmisión desta pulsación ás arterias. // **L. da punta** Choque que produce o vértice cardíaco contra a parede costal, que se percibe principalmente no quinto espazo intercostal esquerdo, na liña medioclavicular. / **L. de escape** Latexo cardíaco que se orixina despois dunha pausa anormalmente prolongada. / **L. ectópico** Pulsación cardíaca orixinada nun punto diferente do nodo sinoauricular. / **L. forzado** Extrasístole producida por un estímulo artificial do corazón. / **L. prematuro** Extrasístole.

latirismo *s.m.* Intoxicación crónica producida pola inxestión habitual de alimentos que conteñen fariña de chícharo bravo (*Lathyrus cicera*). Produce unha variedade de paraplexía espástica dolorosa.

latroductismo *s.m.* Cadro tóxico producido pola picada das arañas do xénero *Latroductus*, entre as que destaca a coñecida como viúva negra americana (*L. mactans*).

Latroductus Xénero de arañas pezoñosas das rexións tépedas do planeta, de abdome redondeado e globoso, a máis coñecida é a *Latroductus mactans* ou viúva negra, que vive en América do norte e pode provocar un cadro tóxico grave que nalgúns casos chega á morte.

láudano *s.m.* Denominación dada ás preparacións ou tinturas de opio.

Laurus Xénero de plantas arbustivas ou arbóreas, perennes, con follas alternas, que comprende dúas especies que se atopan nas rexións mediterráneas, coñecidas como loureiro. V. **loureiro**.

lavado *s.m.* Irrigación dunha parte ou órgano.

lavativa *s.f.* 1. Enema ou irrigación. 2. Aparello destinado á realización de enemas ou irrigacións.

laxante *adx.* e *s.m.* Que posúe unha acción purgante suave.

lazareto *s.m.* 1. Recinto sanitario, xeralmente illado, onde se someten a observación, e eventualmente a tratamento, as persoas procedentes de lugares afectados por unha epidemia ou os enfermos contaxiosos. 2. Hospital de leprosos. Tamén se di **leprosería**, **malatería**.

Le Fort, fractura de V. fractura.

Leber, enfermidade de V. enfermidade.

lecanópago *s.m.* Monstro fetal dobre, no que os seus compoñentes están unidos pola pelve e as extremidades inferiores.

lecitina *s.f.* Grupo de lípidos complexos, compostos de ácido fosfórico, glicerina e dunha base orgánica, a colina. Son constituíntes normais de tódalas membranas celulares e atópanse nas estruturas do sistema nervioso, fígado, páncreas, corazón, na xema dos ovos, no esperma dos peixes, no leite, etc.

lecitinase *s.f.* Enzima que hidroliza os ésteres das lecitinas e das cefalinas.

lecitinemia *s.f.* Presencia de lecitina no sangue.

lécito *s.m.* Xema do ovo.

lecitoide *adx.* Semellante á xema do ovo.

lecranartrite *s.f.* Inflamación da articulación do cóbado.

Leede, fenómeno de V. fenómeno de Rumpel-Leede.

Legg-Calvé-Perthes, enfermidade de V. enfermidade.

Legionella Xénero de bacterias gramnegativas e aerobias estrictas, pertencentes á familia das lexioneláceas, axentes etiolóxicos da lexionelose e da febre de Pontiac.

legra *s.f.* Instrumento cortante utilizado para desprende-lo periósteeo e raspa-las superficies óseas ou mucosas. Tamén se di **periostótomo**.

legrado *s.m.* Raspado efectuado mediante unha legra, especialmente o que se realiza para desprende-lo endometrio, o endocérnix ou ámbolos dous tecidos.

lei *s.f.* Regra ou norma constante e invariable que expresa a relación que enlaza entre si fenómenos naturais.

Leigh, enfermidade de V. enfermidade.

Leishmania Xénero de protozoos flaxelados parasitarios do ser humano. A *L. donovani* produce a febre negra ou kala-azar, con diversas variedades segundo a subespecie xeográfica predominante; a *L. trópica*, o botón de oriente, a *L. brasiliensis*, a espundia e diversas doenzas cutaneo-mucosas, que varían dependendo da subespecie parasitaria e a *L. mexicana*, a úlcera dos chichleros e outras doenzas cutáneas, dependendo tamén da subespecie infectante.

leishmaniase *s.f.* Enfermidade producida pola infección con protozoarios do xénero *Leishmania*.

leite *s.m.* 1. Producto da segregación das glándulas mamarias das femias dos mamíferos, que serve de alimento ós seus fillos durante o primeiro período da vida. Componse esencialmente de caseína, lactosa, graxas, sales e auga en diversas proporcións dependendo das diferentes especies. 2. Emulsión ou suspensión semellante ó leite dos mamíferos. // **L. adaptado** Leite de vaca modificado de xeito que se adapta ás necesidades nutritivas e capacidade dixestiva dos nenos de distintas idades. / **L. albuminoso** Leite agre, rico en proteínas e pobre en hidratos de carbono e graxas, utilizado no tratamento das diarreas infantís. / **L. concentrado** Leite que se prepara evaporando aproximadamente un 65% da auga da súa composición e que se pode reconstituír mediante a adición de auga / **L. condensado** Leite concentrado ó que se lle engade unha proporción importante de azucre, ata que adquira unha consistencia de mel espeso. / **L. en po** Leite deshidratado case totalmente e envasado en forma dun po que se obtén mediante procedementos de secado. / **L. esterilizado** Leite que se quenta a 120° en recipientes pechados. / **L. fermentado** Leite esterilizado mediante

calor e posteriormente inoculado con fermentos (principalmente lácteos) coa finalidade de obter un leite callado sen escorre-lo soro ou unha bebida máis ou menos gasosa denominada kéfir. / **L. homoxeneizado** O tratado nun homoxeneizador de xeito que o grosor dos seus glóbulos de graxa diminúe, mesturándose intimamente co resto dos seus compoñentes. O leite así tratado non forma tona ó ferverlo. / **L. maternizado** Leite de vaca modificado mediante a adición de lactosa e a extracción de caseína e graxa ata obter unha proporción semellante á que presenta o de muller. / **L. modificado** Leite de vaca ó que se engaden auga e lactosa ata conseguir unha proporción adecuada para a alimentación dos nenos. / **L. pasteurizado** Leite esterilizado mediante un queimado rápido a 70° e posteriormente arrefriado tamén rapidamente.

leito *s.m.* 1. Cama ou base sobre a que descansa unha estrutura. 2. Organismo ou base sobre a que se implanta un enxerto. // **L. da unlla** Tecido cuberto pola unlla que contribúe á formación da mesma.

lemmoblasto *s.m.* Lemmocito inmaturo.

lemmocito *s.m.* Célula derivada da crista neural e que formará unha célula do neurilema das fibras nerviosas.

lemnisco *s.m.* 1. Fita ou banda. 2. Denominación que reciben varias bandas ou feixes de fibras neuronais do sistema nervioso central.

lemoparálise *s.f.* Parálise do istmo das fauces.

lemostenose *s.f.* Estreitura anormal ou estenose da farinxe ou do esófago.

lendia *s.f.* Ovo depositado polo piollo no pelo.

Lenegre, enfermidade de V. enfermidade.

lenitivo -a *adx.* 1. Que pode abrandar, amolecer ou suavizar. // *s.m.* 2. Axente utilizado para amolecer algunha substancia. 3. Medicamento utilizado para mitiga-la dor.

lente *s.f.* 1. Disco de cristal ou de calquera outra substancia refrincente, limitado por dúas superficies xeralmente curvas. 2. Instrumento óptico composto por dúas lentes e unha montura para suxeitalas ó nariz e ás orellas. Utilízase para corrixir algúns defectos da refracción ocular. // **L. bicóncava** Lente que ten cóncavas ámbalas dúas superficies. / **L. biconvexa** Lente que ten convexas ámbalas dúas superficies. / **L. bifocal** Lente elaborada con dous segmentos dotados de diferente poder de refracción. / **L. concavoconvexa** Aquela que posúe unha superficie cóncava e outra convexa. / **L. de contacto** Lente pequena, delgada e curva, de material plástico, ríxida ou flexible, que se aplica sobre a superficie da córnea para corrixir-los defectos visuais causados polas anomalías da curvatura da mesma, na afaquia e nos defectos da refracción.

lentella *s.f.* 1. Planta herbácea rubideira da familia das papilionáceas (*Lens esculenta*), productora de sementes comestibles. 2. Semente desta planta.

lenticono *s.m.* Anomalia do cristalino consistente nunha protuberancia cónica da substancia do mesmo, recuberta por unha cápsula de tecido conxuntivo e localizada xeralmente sobre a superficie posterior desta lente afectando con máis frecuencia un só ollo.

lenticular *adx.* 1. Relativo ou pertencente a unha lente. 2. Pertencente ou relativo ó cristalino. 3. Que posúe forma de lente. 4. Pertencente ou relativo ó núcleo lenticular. // *s.m.* 5. O menor dos ósos do oído medio, situado entre a apófise vertical ou longa da bigornia e o estribo. Tamén se di **apófise lenticular**.

lentigo *s.m.* Mancha circunscrita, pequena, plana e pigmentada da pel, orixinada pola acumulación dun gran número de melanocitos normais na capa basal da epiderme. A este patrón corresponden os lunares normais da pel. // **L. maligno** Placa pigmentada que medra lentamente, localizada exclusivamente nas zonas descubertas da pel, case sempre na cara, de contornos definidos e forma irregular. Nunha terceira parte dos casos, nalgún momento da súa evolución, comeza a desenvolver nun punto da súa superficie un nódulo tumoral hemisférico, que representa o melanoma sobre o lentigo maligno. Tamén se di **melanose precancerosa**. / **L. senil benigno** Variedade benigna de lentigo que aparece tardiamente na pel descuberta exposta constantemente ó sol.

lentímetro *s.m.* Aparello utilizado para determina-lo carácter, forza e o eixe dunha lente ou dunha combinación de lentes.

lentite *s.f.* V. **faquite**.

lentixinose *s.f.* Discromía cutánea caracterizada pola presenza de numerosas lesións de lentigo. // **L. centrofacial** Agrupacións de lentigos nas rexións nasal e infraorbitaria que nalgunhas ocasións se asocia con malformacións do sistema nervioso central. / **L. peribucal** Lentixinose circunscrita na zona peribucal e na mucosa bucal que constitúe un dos elementos característicos da síndrome de Peutz-Jeghers, caracterizada pola polipose intestinal e de herdanza autosómica dominante.

lento -a *adx.* Que evoluciona con pouca rapidez, especialmente certas febres e o pulso que posúe esta característica. Tamén se di **tardo**.

leontíase *s.f.* Facies leonina característica das fases avanzadas da lepra lepromatosa, producida pola infiltración tegumentaria difusa da cara.

lepa *s.f.* Segregación sebácea das glándulas de Meibomio, de cor amarelada, que se acumula no bordo libre das pálpebras, especialmente no seu ángulo interno e principalmente durante o sono. Tamén se di **remela**.

lepídico -a *adx.* 1. Pertencente ou relativo ás escamas. 2. Pertencente ou relativo ás capas embrionarias.

lepido- Prefixo do gr. *lepís, -ídos* (escama).

lepidose *s.f.* Denominación xeral dada ás erupcións de tipo escamoso.

leporino -a *adx.* 1. Pertencente ou relativo á lebre. 2. Que presenta o labio fendido de xeito semellante ó das lebres.

lepotricose *s.f.* Micose nodosa do pelo da axila.

lepotrix *s.m.* Afección micótica do pelo, especialmente da pube e da axila.

lepra *s.f.* Enfermidade infecciosa crónica xeneralizada, producida polo *Mycobacterium leprae* ou bacilo de Hansen. As manifestacións clínicas fundamentais afectan á pel e ó sistema nervioso periférico, podendo existir frecuentemente unha afectación caracterizada por lesións granulomatosas noutros órganos, especialmente nas mucosas, ganglios linfáticos e bazo, ósos, fígado, riles, etc. // **L. bipolar** V. **I. dimorfa**. / **L. borderline** V. **I. dimorfa** / **L. dimorfa** Lepra que se presenta nos doentes cunha situación inmunolóxica intermedia entre a lepra tuberculoides e a lepromatosa e unha capacidade defensiva inestable. Caracterízase pola inestabilidade e a variabilidade clínica. O estudio bacteriolóxico case sempre é positivo e a leprominorreacción xeralmente negativa. Tamén se di **I. bipolar**, **I. intermediaria**, **I. borderline**. / **L. indeterminada** Aquela que presenta casos benignos e relativamente inestables. Clínicamente caracterízase pola presenza dunha mácula hipocrómica plana, acompañada algunha veces por un lixeiro compoñente eritematoso. Esta mácula presenta anestesia selectiva á dor e á calor conservando a sensibilidade táctil. Dentro dela pódense distinguir dúas variedades: a lepra indeterminada pretuberculoides e a lepra indeterminada pretuberculosa. / **L. intermediaria** V. **I. dimorfa**. / **L. lepromatosa** Variedade maligna e estable de lepra, con presenza de numerosos bacilos no exame bacteriolóxico. Caracterízase clinicamente pola presenza de lepromas, pola leprominorreacción negativa e, xeralmente, lesións infiltrativas difusas, que na cara tenden a ocupa-la mesma localización cós lepromas, podéndose chegar nos casos máis avanzados a unha facies de tipo leonino. / **L. tuberculoides** Variedade que presenta lesións cutáneas e neurais, sen participación clínica doutros órganos ou sistemas. Tipo xeralmente benigno con bacterioloxía negativa e leprominorreacción positiva, máis intensa nas formas con placa única ca nas formas diseminadas, que supoñen sempre unha diseminación hematolóxica previa e teñen peor pronóstico.

lepralxia *s.f.* Dor muscular que se presenta na lepra.

leprechaunismo *s.m.* Doenza familiar mortal, caracterizada pola presenza dun abdome avultado, pilosidade, hipertelorismo, exoftalmos, orellas longas e de implantación baixa e alteracións endócrinas graves.

lépride *s.f.* Lesión cutánea da lepra.

leprofobia *s.f.* Temor morboso á lepra.

leproma *s.m.* Lesión característica da lepra lepromatosa, lesión tuberosa, cun tamaño que oscila entre o dun chícharo ata chegar a ocupar grandes superficies, que presenta unha elevación circunscrita da pel, cunha superficie hemisférica, cuberta por unha pel fina, atrófica e de coloración eritematosa. A nivel da lesión hai unha perda

da sensibilidade para a calor e a dor, conservándose o tacto. Localízase nas superficies de extensión das extremidades, nádegas, cara, tronco e abdome. Aparecen lentamente e permanecen estables, tendendo a medrar lentamente e ás veces a ulcerarse.

leprosería *s.f.* Asilo, hospital ou colonia para leprosos. Tamén se di **lazareto**, **malatería**.

leptiménia *s.f.* Delgadeza anómala das membranas.

leptismo *s.m.* Extenuación ou debilidade extremada.

lepto- Prefixo do gr. *leptós* (delgado, fino).

leptocéfalo -a *adx.* Dolicocéfalo coa cabeza anormalmente alta e estreita.

leptocito *s.m.* V. **dianocito**.

leptocroa *s.f.* Finura anormalmente esaxerada da pel. Tamén se di **leptodermia**.

leptocromático -a *adx.* Que posúe unha rede fina de cromatina.

leptodactilia *s.f.* Delgadeza anómala dos dedos.

leptodermia *s.f.* V. **leptocroa**.

leptodonto -a *adx.* Que ten os dentes anormalmente delgados.

leptofonía *s.f.* Debilidade esaxerada da voz.

leptomeninx *s.f.* Denominación dada á piamáter e á aracnoide consideradas como unha unidade funcional.

leptomeninxoma *s.m.* Tumor localizado na leptomeninx.

leptomeninxite *s.f.* Inflamación da leptomeninx.

leptomona *s.f.* Forma flaxelada que presentan durante o seu ciclo evolutivo algúns tripanosómidos. No xénero *Leishmania* é a forma que se atopa infectando os vertebrados e constitúe a forma propia do xénero *Leptomonas*.

Leptomonas Xénero de protozoos flaxelados parasitarios da familia *Trypanosomatidae* que se atopan no tubo dixestivo de diversos insectos.

leptopélvico -a *adx.* Que ten a pelve estreita.

leptorrinia *s.f.* Nariz longo e estreito.

leptosomático -a *adx.* Que posúe unha constitución corporal caracterizada polo talle baixo e delgadeza do corpo.

Leptospira Xénero de espiroquetas da familia das espiroquetáceas. Son bacterias helicoidais, cos extremos curvados, aerobias e dotadas de mobilidade gracias a un filamento axial. Existen dúas especies, a *Leptospira interrogans*, que posúe diversos serotipos e serogrupos, algúns dos cales poden ser patóxenos para o ser humano, e a *Leptospira biflexa*, que comprende cepas saprofitas ou de vida libre.

leptospirose *s.f.* Cadro clínico producido por unha infección por leptospiras.

leptoteno *s.m.* Etapa inicial da primeira profase da meiose na que os cromosomas se atopan enrolados formando finos filamentos illados.

Leptothrix Xénero de microorganismos da familia *Chlamidobacteriaceae*, bacilos flaxelados e con vaina, saprófitos da auga doce.

Leptotrichia Xénero de bacterias da familia das bacteroidáceas, bacilos gramnegativos, anaerobios estrictos, inmóbiles e saprófitos da cavidade oral. A *Leptotrichia bucalis* considérase, xuntamente co *Treponema vincentii*, un axente produtor da anxina de Plaut-Vincent.

leptotricose *s.f.* Infección producida por microorganismos do xénero *Leptothrix*.

leptotriquia *s.f.* Delgadeza ou finura excesiva do pelo.

Leriche, enfermidade de V. enfermidade.

Lermoyez, enfermidade de V. enfermidade.

lesbianismo *s.m.* Homosexualidade feminina.

lesbiano -a *adx.* 1. Pertencente ou relativo ó lesbianismo. // *s.f.* 2. Muller homosexual.

lesión *s.f.* Ferida, dano ou alteración orgánica ou funcional nunha parte, órgano ou sistema.

letal *adx.* Capaz de produci-la morte.

letalidade *s.f.* Calidade de letal.

letargo *s.m.* 1. Estado patolóxico da conciencia caracterizado pola presenza de sono profundo e prolongado. Tamén se di **letarxia**. 2. Estado de somnolencia no que entran ciclicamente durante os períodos invernales do ano algunhas especies animais.

letarxia *s.f.* V. **letargo**.

leteomanía *s.f.* Adición ós narcóticos.

Letterer-Siwe, enfermidade de V. enfermidade.

leucemia *s.f.* Enfermidade neoplásica dos órganos produtores das células sanguíneas, caracterizada pola proliferación maligna de calquera dos tipos celulares maduros presentes na medula ósea e no sangue periférico ou dos seus precursores medulares. Pódense clasificar como agudas ou crónicas dependendo da duración da enfermidade, como leucémicas ou aleucémicas dependendo da presenza ou non de células leucémicas no sangue periférico, e como linfoides ou mieloides dependendo da serie celular á que pertence o clon celular que prolifera. Tamén se di **leucocitemia**.

leucémide *s.f.* Erupción cutánea polimorfa que acompaña á leucemia.

leuceoide *adx.* Semellante á leucemia.

leucemóxeno -a *adx.* Que causa leucemia.

leucina *s.f.* Ácido aminoisocaproico, de fórmula $C_6H_{13}NO_2$, aminoácido esencial non sintetizado polo organismo, polo que se debe inxerir coa dieta, sendo un constituínte esencial das proteínas.

leucinaminapeptidase *s.f.* Enzima da mucosa intestinal que hidroliza os enlaces peptídicos a partir dos aminoácidos aminoterminais pertencentes ós péptidos presentes na luz intestinal.

leucínose *s.f.* Doenza de orixe metabólica caracterizada por unha anomalía enzimática na degradación dos aminoácidos de cadea ramificada (valina, leucina e isoleucina), que condiciona a presenza excesiva dos mesmos no organismo. A urina e os propios nenos posúen un cheiro característico a xarope de pradairo. Produce inmediatamente despois do parto graves alteracións no sistema nervioso central que frecuentemente levan á morte en pouco tempo. A enfermidade pódese detectar prenatalmente, sendo o tratamento a restricción durante toda a vida das cantidades destes aminoácidos ás doses estritamente requeridas para a nutrición.

leucinuria *s.f.* Presencia de leucina na urina.

leuco- Prefixo do gr. *leukós* (branco, brillante).

leucoaglutinina *s.f.* Aglutinina que actúa sobre os leucocitos.

leucoblasto *s.m.* Célula precursora dos leucocitos maduros. Tamén se di **leucocitoblasto**.

leucoblastose *s.f.* Proliferación anómala de leucocitos.

leucocidina *s.f.* Exotoxina producida por algunhas especies bacterianas, capaz de destruí-los leucocitos polimorfonucleares. Tamén se di **leucocitolisina**, **leucolisina**.

leucocitemia *s.f.* V. **leucemia**.

leucocito *s.m.* Célula incolora nucleada do sangue que constitúe a fracción das células brancas do mesmo. Divídense en granulocitos ou polinucleares, dotados de granulacións e un núcleo segmentado e agranulocitos ou mononucleares, entre os que se atopan os linfocitos e os monocitos, carentes de granulacións e cun núcleo redondeado e non segmentado. // **L. basófilo** Leucocito con granulacións que se tinguen mediante colorantes básicos. / **L. eosinófilo** Aquel con granulacións que se tinguen con colorantes ácidos. / **L. mononuclear** Leucocito que posúe un só núcleo redondeado e non segmentado. / **L. neutrófilo** Aquel con granulacións que se tinguen indistintamente con colorantes ácidos ou básicos. / **L. polinuclear** Leucocito que posúe un núcleo segmentado e citoplasma granuloso. Tamén se di **leucocito polimorfonuclear**. / **L. polimorfonuclear** V. **L. polinuclear**.

leucocitoblasto *s.m.* V. **leucoblasto**.

leucocitoide *adx.* Semellante a un leucocito.

leucocitolise *s.f.* Proceso de destrución ou disolución dos leucocitos. Tamén se di **leucólise**.

leucocitolisina *s.f.* V. **leucocidina**.

leucocitoma *s.m.* Acumulación de leucocitos formando un tumor.

leucocitómetro *s.m.* Aparello utilizado para conta-los leucocitos presentes no sangue.

leucocitopenia *s.f.* Número de leucocitos por debaixo das cifras consideradas normais. Tamén se di **leucopenia**.

leucocitopese *s.f.* Proceso de formación dos leucocitos. Tamén se di **leucocitoxénese**, **leucopese**.

leucocitose *s.f.* Aumento do número dos leucocitos no sangue periférico por encima das cifras consideradas normais. // **L. absoluta** Aumento no número total dos leucocitos por encima das cifras normais. / **L. mononuclear** Aquela que se produce por un aumento anormal dos leucocitos mononucleares. / **L. polinuclear** Aquela que se produce por un aumento anormal dos leucocitos polinucleares. / **L. relativa** Aumento anormal da proporción dun tipo de leucocitos, sen que exista un aumento das cifras absolutas dos mesmos.

leucocitotaxe *s.f.* Fenómeno consistente na migración dos leucocitos cara ás zonas onde se produce un proceso inflamatorio. Tamén se di **leucotaxe**.

leucocitoxénese *s.f.* V. **leucocitopese**.

leucocituria *s.f.* Presencia de leucocitos na urina.

leucocoria *s.f.* Aspecto branco da pupila que aparece en diversas doenzas oculares.

leucodermia *s.f.* Perda da pigmentación da pel, especialmente a parcial e conxénita.

leucodistrofia *s.f.* Grupo de enfermidades comprendidas dentro das alteracións do almacenamento lisosómico, nas que se produce unha alteración do metabolismo dos lípidos das vañas de mielina, feito que provoca unha desmielinización diseminada da substancia branca, permanecendo intactos os somas das células nerviosas. // **L. de células globoides** V. **enfermidade de Krabbe**. / **L. metacromática** Leucodistrofia producida por unha deficiencia do encima Arilsulfatase A (cerebrósido sulfatase), caracterizada inicialmente pola hipotonía con diminución dos reflexos tendinosos profundos e presenza de trastornos da marcha que comezan xeralmente entre o segundo e o cuarto ano da vida. Progresar durante a primeira década, ata producir ataxia, aumento do ton muscular, descorticación e descerebración, ficando finalmente o individuo desprovisto de calquera contacto co ambiente. A herdanza é autosómica recesiva. / **L. metacromática do adulto** Variedade da leucodistrofia metacromática que comeza despois dos vinteun anos de idade, afecta esencialmente a homes e ten unha progresión máis lenta cás anteriores. A herdanza é xeralmente autosómica recesiva. / **L. metacromática xuvenil** Variedade que comeza entre os catro e os vinte anos de idade e segue un curso clínico máis prolongado cá anterior. A herdanza é autosómica recesiva.

leucoencefalite *s.f.* Inflamación da substancia branca do encéfalo.

leucoeritroblastose *s.f.* Presencia simultánea no sangue circulante de elementos inmaturos eritroides e mieloides.

leucofaquia *s.f.* Opacidade abrancazada, de pequeno tamaño e transitoria do cristalino.

leucograma *s.f.* Fórmula da distribución dos leucocitos dunha mostra de sangue.

leucólise *s.f.* V. **leucocitólise**.

leucolisina *s.f.* V. **leucocidina**.

leucoma *s.m.* Opacidade de cor branca da córnea, ocasionada por unha perda de substancia da mesma.

leucomelanodermia *s.f.* Alteración da pigmentación cutánea caracterizada pola hipopigmentación e a hiperpigmentación simultáneas.

leucomielite *s.f.* Inflamación da substancia branca da medula espiñal.

leucomielopatía *s.f.* Mielopatía que afecta á substancia branca da medula espiñal.

leuconiquia *s.f.* Descoloración parcial ou total das unllas.

leucopatía *s.f.* Denominación xeral dada ás dermatoses caracterizadas pola deficiencia da pigmentación cutánea.

leucopédese *s.f.* Proceso do paso dos leucocitos a través das paredes dos vasos sanguíneos.

leucopenia *s.f.* V. **leucocitopenia**.

leucoplaquia *s.f.* Lesión das mucosas caracterizada pola formación de manchas brancas, planas ou algo elevadas. Consideradas lesións premalignas, en ocasións coexisten coa presenza dun carcinoma *in situ*. Tamén se di **leucoplasia**.

leucoplasia *s.f.* V. **leucoplaquia**.

leucopoese *s.f.* V. **leucocitopoese**.

leucorraxia *s.f.* Leucorrea abundosa.

leucorrea *s.f.* Fluxo abrancazado procedente da vaxina ou da cavidade uterina.

leucosarcoma *s.m.* Cadro clínico de tipo leucémico que aparece en enfermos que orixinalmente padecían un linfoma linfocítico maligno.

leucosarcomatose *s.f.* Estado caracterizado pola formación de sarcomas múltiples compostos por células leucémicas.

leucoscopio *s.m.* Aparello utilizado para o exame da cegueira para as cores.

leucose *s.f.* Proceso neoplásico que afecta ós glóbulos brancos do sangue.

leucotaxe *s.f.* V. **leucocitotaxe**.

leucotaxina *s.f.* Factor presente no exsudado inflamatorio que atrae leucocitos cara ó foco da inflamación e aumenta a permeabilidade vascular capilar e o proceso de diapédese dos leucocitos.

leucoterapia *s.f.* Terapia baseada na administración de leucocitos.

leucotomía *s.f.* Sección cirúrxica das fibras nerviosas da substancia branca cerebral que conectan o córtex con outras zonas do cerebro.

leucótomo *s.m.* Aparello utilizado para a realización dunha leucotomía.

leucotoxina *s.f.* Citotoxina que actúa producindo dano ou destruindo os leucocitos.

leucotriquia *s.f.* Cor branca dos cabelos e pelos en xeral.

leucourobilina *s.f.* Producto incoloro procedente da descomposición da urobilina.

Lev, enfermidade de V. enfermidade.

levanfetamina *s.f.* Forma levoxira da anfetamina, de fórmula $C_9H_{13}N$, que posúe unha actividade menos potente, pero semellante á da forma dextroxira.

levarterenol *s.m.* Isómero levoxiro da noradrenalina.

levedeforme *adx.* Semellante ós lévedos.

lévedo *s.m.* 1. Fungo que posúe un corpo vexetativo ou talo formado por células individualizadas, xeralmente redondas, únicas e sinxelas. Son organismos saprófitos que posúen típicamente unha reprodución asexual mediante xemación, aínda que algúns poden formar pseudomicelios ou micelios verdadeiros, e outros reproducense por fisión ou sexualmente mediante esporulación. Fermentan os hidratos de carbono e o alcohol, utilizándose industrialmente con esta finalidade, podendo algunhas causar infeccións no ser humano (principalmente o xénero *Candida*). 2. Masa constituída polos devanditos microorganismos. 3. Por extensión, substancia que fermenta o corpo co que se mestura.

levigación *s.f.* Método de selección das partículas dunha substancia pulverizada baseado na propiedade das partículas máis finas de permanecer en suspensión na auga mentres as máis pesadas se depositan no fondo do recipiente.

levitación *s.f.* Sensación alucinatória de flotar no aire sen ningún punto de apoio. Normalmente prodúcese por intoxicación con substancias alucinatorias.

levo- Prefixo do lat. *laevus* (esquerdo).

levocardiograma *s.m.* Electrocardiograma que representa a función eléctrica do ventrículo esquerdo.

levodopa *s.f.* Aminoácido de fórmula $C_9H_{11}NO_4$, que se forma no organismo e no encéfalo a partir da L-tirosina. O utilizado terapêuticamente obtense da alanina mediante síntese. Existen dous isómeros L e D, sendo activo o levoxiro ou levodopa (L-dopa). Emprégase como antiparkinsoniano.

levoducción *s.f.* Movemento dunha parte cara á esquerda.

levoforia *s.f.* Desviación cara á esquerda dos eixes visuais.

levorrotatorio -a *adx.* Relativo ós compostos químicos que xiran no plano de polarización da luz nun sentido inverso ó das agullas dun reloxo. Tamén se di **levoxiro**.

levotorsión *s.f.* Torsión dunha parte cara á esquerda.

levoversión *s.f.* Desviación dunha parte cara á esquerda.

levoxiro -a *adx.* V. **levorrotatorio**.

levulosa *s.f.* V. **fructosa**.

levulosemia *s.f.* Presencia de levulosa no sangue.

levulosuria *s.f.* Presencia de levulosa na urina.

levúride *s.f.* Lesión cutánea que aparece como consecuencia dunha alerxia secundaria a unha infección por lévedos.

lexioneláceas *s.f.pl.* Familia de bacterias na que se inclúen os xéneros *Legionella*, *Tatlockia* e *Fluoribacter*, bacilos gramnegativos, aerobios estrictos, responsables de diversos procesos infecciosos graves, principalmente respiratorios.

lexionelose *s.f.* Cadro clínico producido pola infección causada polos microorganismos da familia *Legionellaceae*. A doenza principal deste grupo é a enfermidade do lexionario, pneumonía producida pola infección coa bacteria *Legionella pneumophila*, que permanecendo na auga se espalla en forma de aerosol desde escavacións, circuitos de aire acondicionado, etc. Aparece en forma de epidemias producindo unha sintomatoloxía que varía entre a infección asintomática e a aparición dunha broncopneumonía grave que se acompaña dun cadro clínico xeral con presenza de cefalea, mialxias, encefalopatía tóxica, síntomas dixestivos e hematuria. Un signo característico é a bradicardia relativa. Afecta esencialmente a anciáns e persoas inmunodeprimidas. Outra doenza típica constitúe a síndrome de Pontiac, cadro pseudogripal de curación espontánea en 2-5 días.

Li Símbolo do litio.

liase *s.f.* Calquera dos enzimas que incorporan ou separan grupos dun substrato sen realizar unha hidrólise.

liastenia *s.f.* Debilidade que afecta ás fibras do sistema muscular liso.

liberomotor -a *adx.* Relativo ás accións ou movementos voluntarios ou inconscientes.

libídine *s.f.* V. **libido**.

libido *s.f.* 1. Desexo sexual. Tamén se di **libídine**. 2. Na psicanálise, enerxía psíquica da pulsión sexual.

Libmann ou **Libmann-Sacks, enfermidade de V. enfermidade**.

licaconitina *s.f.* Alcaloide tóxico procedente da especie *Aconitium lycoctonum*.

licantropía *s.f.* Alteración mental na que o doente imaxina estar convertido en lobo.

licántropo -a *s.* Persoa que padece licantropía.

licoperdonose *s.f.* Doenza respiratoria causada pola inhalación de esporas de fungos da especie *Lycoperdon*.

licopina *s.f.* Pigmento vexetal especialmente abundante nos tomates.

licopinemia *s.f.* Aumento de licopinas no sangue e depósito das mesmas nos tecidos, adquirindo a pel unha coloración amarela-laranxa.

licopodio *s.m.* 1. Variedade de fento pertencente ó xénero *Lycopodium*. 2. Po fino de cor amarela constituído polas esporas de fentos do xénero *Lycopodium*. Utilízase como absorbente e secante e para cubri-las pílulas medicamentosas.

licor *s.m.* 1. Bebida alcohólica preparada sen fermentación a partir de alcohol, diversos produtos vexetais, auga e produtos azucrados. 2. Líquido ou humor do organismo. Tamén se di **liquor**. 3. Denominación dada a algunhas preparacións farmacéuticas, especialmente ás solucións acuosas que conteñen unha substancia medicinal. Tamén se di **liquor**.

licuación *s.f.* Proceso da transformación dun gas ou dun sólido nun líquido.

licuorrea *s.f.* Derramo dun líquido ou licor orgánico, especialmente a perda de líquido cefalorraquídeo a través das fosas nasais, frecuente tralas fracturas da base do cranio.

lidocaína *s.f.* Fármaco de fórmula $C_{14}H_{22}N_2O$, que posúe propiedades anestésicas, sedantes, analxésicas, anticonvulsionantes e depresoras cardíacas. Utilízase como anestésico local e como antiarrítmico.

lien- Prefixo do lat. *lien, lienis* (bazo).

liencéfalo-a *adx.* Dos animais que posúen un cerebro liso, carente de circunvolucións ou con estas moi escasas.

lienite *s.f.* V. **esplenite**.

lienoccele *s.f.* Hernia do bazo. Tamén se di **esplenoccele**.

lienografía *s.f.* V. **esplenografía**.

lienomalacía *s.f.* V. **esplenomalacía**.

lienomedular *adx.* V. **esplenomedular**.

lienopatía *s.f.* V. **esplenopatía**.

lientería *s.f.* Diarrea na que aparecen feces con alimentos sen dixerir.

ligadura *s.f.* 1. Fío realizado con fibras naturais ou sintéticas, utilizado para ligar un vaso ou fixar unha estrutura anatómica, implante ou prótese nunha posición precisa. 2. Atadura que cingue e suxeita.

ligamento *s.m.* 1. Banda, fita ou membrana de tecido conxuntivo que serve como medio de unión ou de reforzo entre as diferentes partes que forman unha articulación. 2. Pregos ou láminas membranosas que manteñen a posición normal dun órgano. 3. Expansión dunha aponeurose que semelle un ligamento. // **L. accesorio** Fascículo de fibras ligamentosas que reforza ou mantén a acción doutro ligamento principal. / **L. acromiocracoide** Lámina fibrosa localizada entre a apófise coracoide e o acromio, que forma parte do arco coracoacromial. / **L. amarelo** Ligamento de tecido elástico que une as láminas vertebrais entre si. Tamén se di **L. elástico**. / **L. ancho**

Ligamento formado por unha dobre folla de peritoneo que se estende dende a superficie lateral do útero ata a parede da pelve. O bordo superior envolve a trompa de Falopio, prolongándose por fóra dela ata a parede pelviana, constituíndo o ligamento infundibulopélvico. Dende o bordo inferior da trompa, o ligamento ancho vai cara a abaixo para cubri-lo ligamento redondo, constituíndo esta porción o mesosalpinx. / **L. anococcíneo** Fita de tecido fibroso localizada entre o esfínter anal e o vértice do cóccix. / **L. anular** Ligamento en forma de banda, localizado arredor de varias articulacións, como a radiocubital proximal, a articulación do pulso ou a articulación do nocello. / **L. arqueado** Lámina forte e fibrosa localizada por debaixo da sínfise da pube. / **L. articular** Ligamento que forma parte dunha articulación. / **L. atlantoaxoide** Ligamento que mantén unida a articulación entre o atlas e o axe. / **L. auricular** Ligamento que mantén unida a orela ó cranio. / **L. braquiorradial** Ligamento colateral cubital e radial da articulación do cóbado. / **L. cadrado** Lámina fibrosa cuadrangular que se estende entre o cúbito e o radio na articulación radio-cubital superior. / **L. calcaneoastragalino** Ligamento (interóseo, externo e posterior) da articulación calcaneo-astragalina. / **L. calcaneocuboide** Ligamento (superior e inferior) da articulación calcaneocuboide. / **L. calcaneo-navicular** Fibrocartilaxe de forma triangular localizada entre o óso navicular e a apófise menor do calcáneo. / **L. calcaneoscafoide** V. **L. calcaneonavicular**. / **L. cardinal** V. **L. de Mackenrodt**. / **L. conoide** Porción interna do ligamento coracoclavicular. / **L. coracoclavicular** Ligamento localizado entre a apófise coracoide e a clavícula, composto por un fascículo denominado conoide e outro denominado trapezoide. / **L. coracoumeral** Lámina fibrosa ancha, forte e grosa que se estende entre a apófise coracoide e os tubérculos maior e menor do úmero. / **L. coracoide** Fita fibrosa que se estende entre a apófise coracoide e porción superoposterior do escote coracoide. / **L. coronario** 1. Prego do peritoneo, que se estende entre o bordo superior do fígado e o diafragma. 2. Ligamento anular do radio. / **L. costocentral** Feixe fibroso que fixa a cabeza da costela ó corpo da vértebra. / **L. costoclavicular** Ligamento localizado entre a primeira costela e a cara inferior da clavícula. Tamén se di **L. romboide**. / **L. costocólico** Prego peritoneal localizado entre as costelas e o colon. / **L. costopericárdico** Ligamento que une a primeira articulación costosternal co pericardio. / **L. costotransverso** Feixe fibroso localizado entre a tuberosidade dunha costela e a apófise transversa da vértebra correspondente. / **L. costovertebral** Cada un dos ligamentos, anterior e posterior das articulacións costovertebrais. / **L. cruciforme** Ligamento formado polos fascículos lonxitudinais e o ligamento transverso da articulación atlantoaxoide. / **L. crural** Bordo inferior da aponeurose do músculo oblicuo maior localizado entre a espiña ílaca anterosuperior e a espiña da pube. Tamén se di **L. inguinal**, **ligamento iliopúbico**. / **L. cruzado** Cada un dos dous ligamentos, anterior e posterior, localizados no interior da articulación do xeonllo, entre a espiña da tibia e o cóndilo externo o primeiro, e dende

detrás da espiña tibial ata o cóndilo interno o segundo. / **L. de Arancio** Ligamento formado polos restos do conducto venoso fetal. / **L. de Arnold** 1. Feixe fibroso atlantoaxoide lateral. 2. Ligamento suspensorio que une a bigornia e o teito do tímpano. / **L. de Bellini** Feixe de fibras ligamentosas localizadas entre a cápsula coxofemoral e o trocánter maior. / **L. de Bertin** Fascículo que reforza a cápsula articular coxofemoral, localizado entre a porción inferior da espiña ílaca anterosuperior e a liña oblicua do fémur. Tamén se di **L. iliofemoral**. / **L. de Bichat** Ligamento localizado entre a apófise transversa da quinta vértebra lumbar e a base do sacro. Tamén se di **L. sacrovertebral**. / **L. de Botal** Restos persistentes do conducto arterioso. / **L. de Brodie** Fascículo ligamentoso transversal que converte en conducto a canle bicipital do úmero. Tamén se di **L. umeral transverso**. / **L. de Burns** Prolongación falciforme da fascia lata. / **L. de Cloquet** Resto persistente do conducto fetal, que conecta a túnica vaxinal coa cavidade peritoneal. / **L. de Colles** Porción da aponeurose do músculo oblicuo maior que se estende entre o ligamento inguinal e a liña alba do abdome. Tamén se di **L. inguinal reflexo**. / **L. de Cooper** 1. Fascículos ligamentosos localizados entre a base do olécrano e a apófise coronoide. 2. Prego da fascia transversal localizado entre a eminencia iliopectínea e a espiña da pube. / **L. de Cowper** Porción da fascia lata que se insire na crista da pube. / **L. de Cruveilhier** Ligamento anterior das articulacións metacarpofalánxicas. / **L. de Gimbernat** Porción da aponeurose do músculo oblicuo que vai cara á liña pectínea e que posúe unha delgada base que forma o límite interno do anel femoral. / **L. de Hasselbach** Fita fibrosa delgada, que vai dende a cara posterior da fascia transversal ata o ligamento anular e a pube. Tamén se di **L. interfoveolar**. / **L. de Henle** Reforzo da fascia transversal constituído por fibras verticais que se insiren por debaixo no ligamento de Cooper. / **L. de Hensig** Prego seroso localizado entre o extremo superior do colon descendente e a parede abdominal. / **L. de Hunter** Cordón conxuntivo-muscular que, dende as caras laterais do útero, por debaixo e por diante das trompas, pasa polo conducto inguinal e termina no tecido celuloso do monte de Venus, na ingua e nos labios maiores. Tamén se di **ligamento redondo do útero**. / **L. de Lisfranc** Fita fibrosa localizada entre a cara inferior do primeiro óso cuneiforme e a cara interna da base do segundo metatarsiano. / **L. de Luschka** Fita fibrosa localizada entre a cara inferior do pericardio e cara posterior do esterno. / **L. de Mackenrodt** Engrosamento do bordo inferior do ligamento ancho do útero, cunha condensación de tecido conectivo e algunhas fibras musculares, que forman unha especie de banda. Representan condensacións da aponeurose endopélvica, a cal continúa coa aponeurose transversal na cavidade abdominal. Tamén se di **L. cardinal**, **L. transverso de Mackenrodt**. / **L. de Meckel** Banda ligamentosa que fixa o martelo á parede do tímpano. / **L. de Petit** Bordos ligamentosos do fondo de saco de Douglas. / **L. de Sómmering** Ligamento suspensorio da glándula lagrimal. / **L. de Toynebee** Ligamento anterior tensor do martelo. / **L. de Trolard** Liga-

mento localizado entre as costelas o bordo inferior das láminas vertebrais. Tamén se di **ligamento laminocostal de Trolard**. / **L. de Valsalva** Ligamento que une o pavillón do oído co óso temporal. / **L. de Weber** Fibras posteriores da cápsula da articulación coxofemoral. / **L. de Weitbrecht** Fita fibrosa localizada entre o cúbito e o radio, por encima do ligamento interóseo do antebrazo. Tamén se di **ligamento redondo**. / **L. de Winslow** Ligamento posterior do xeonllo. / **L. de Zinn** Ligamento anular formado pola unión dos tendóns dos músculos oculares extrínsecos, excepto o músculo oblicuo inferior, na parte posterior da cavidade orbitaria. Tamén se di **anel tendinoso de Zinn**. / **L. deltoide** Capa superficial de forma triangular pertencente ó ligamento lateral interno da articulación do nocello. / **L. dentado** Prolongacións da piamáter medular que se insiren na duramáter entre os orificios de saída das raíces nerviosas. / **L. do ovario** Cordón fibromuscular que se estende entre o extremo interno do ovario e o ángulo correspondente do útero, por debaixo e por detrás da inserción da trompa, formando parte do ligamento ancho do útero. Tamén se di **ligamento infundibulopélvico** / **L. elástico V. I. amarelo**. / **L. esternoclavicular** Cada un dos tres ligamentos, anterior, posterior e superior que unen entre si a clavícula, o esterno e a primeira cartilaxe costal. / **L. esternopericárdico** Feixes fibrosos que unen o esterno co pericardio. / **L. estilohioideo** Ligamento que une a apófise estiloide coa hasta menor do hioide. / **L. estilomandibular** Ligamento accesorio pertencente á articulación temporomandibular, que se estende entre a apófise estiloide e o ángulo inferior da mandíbula. Tamén se di **ligamento estilomaxilar**. / **L. estilomaxilar V. I. estilomandibular**. / **L. falciforme** Ligamento suspensorio do fígado. / **L. frenocólico** Porción do mesocolon localizada entre o colon e a parede abdominal. / **L. glenoumeral** Cada unha das tres fitas fibrosas, superior, media e inferior, pertencentes á cápsula da articulación do cóbado. / **L. glosopiglótico** Fita ligamentosa localizada entre a base da lingua e a epiglote. / **L. hepatocólico** Prego do peritoneo localizado entre o fígado e o colon. / **L. hepatoduodenal** Prego do peritoneo localizado entre o fígado e o peritoneo. / **L. hepatorenal** Prego do peritoneo localizado entre o fígado e os riles. / **L. hepatoumbilical** Cordón que representa a vea umbilical, localizado entre o embigo e o bordo anterior do fígado. Tamén se di **ligamento redondo**. / **L. iliofemoral V. I. de Bertin**. / **L. iliolumbar** Formación fibrosa localizada entre a porción inferior da columna lumbar e o óso ilíaco. / **L. iliopúbico V. I. crural**. / **L. infundibulopélvico V. I. do ovario**. / **L. inguinal V. I. crural**. / **L. inguinal reflexo V. I. de Colles**. / **L. interarticular** Ligamento que se atopa dentro da cápsula dunha articulación. / **L. interclavicular** Ligamento esternoclavicular superior. / **V. I. esternoclavicular**. / **L. intercondral** Feixe fibroso que se estende entre as cartilaxes costais. / **L. interespiñoso** Ligamento localizado entre dúas apófises espiñosas. / **L. interfoveolar V. I. de Hasselbach**. / **L. interóseo** 1. Disco ou menisco intervertebral localizado entre os corpos das vértebras. 2. Lámina fibrosa que vai dende a

crista que separa as caras articulares das costelas ata o disco intervertebral. 3. Membrana fibrosa localizada nos espacios que separan o radio do cúbito e a tibia do peroné, que serve de lugar de inserción a numerosos músculos. 3. Ligamento localizado entre os ósos do carpo, tarso, metatarso e metacarpo. 5. Fibrocartilaxe da articulación interpubiana. 6. Fascículo de fibras curtas e fortes pertencentes ó ligamento sacroilíaco posterior. / **L. intertransverso** Ligamento que une as apófises transversas das vértebras entre si. / **L. interuretral** Prego da membrana mucosa vesical, localizado entre ambos orificios dos uréteres, que constitúe a base do trígono vesical. / **L. isquiofemoral** Fascículo de reforzamento da cápsula coxofemoral, localizado entre o bordo do acetábulo e o trocánter maior. / **L. lagunar V. I. de Gimbernat**. / **L. laminocostal de Trolard V. I. de Trolard**. / **L. lonxitudinal** Ligamento, anterior e posterior, que se estende entre o occipital e o sacro, nas caras anterior e posterior respectivamente, dos corpos vertebrais. Tamén se di **ligamento vertebral común**. / **L. lumbocostal** Bordo grosso superior da lámina anterior da fascia lumbar. / **L. occipitoatloide** Ligamento, anterior e posterior, que se estende entre o bordo do buraco occipital e os arcos anterior e posterior do atlas respectivamente. / **L. occipitoaxoide** Ligamento que se estende entre o occipital e o vértice da apófise odontoide do axe. Tamén se di **L. occipitoodontoide**. / **L. occipitoodontoide V. I. occipitoaxoide**. / **L. orbicular** Ligamento anular da articulación radiocubital proximal. / **V. I. anular**. / **L. palmar** Ligamento que une entre si os ósos do carpo, e estes cos metacarpianos pola súa cara anterior. / **L. palpebral** Cada un dos ligamentos que nos ángulos externo e interno dos ollos serven de lugar de inserción para o músculo orbicular das pálpebras. / **L. patelar** Ligamento anterior da articulación do xeonllo, que se estende entre o vértice da rótula e a tuberosidade anterior da tibia. Considérase a porción terminal do tendón do cuádriceps. / **L. pectíneo** 1. Fibrilas da membrana de Descemet que se estenden entre a membrana de Döllinger e a cara anterior do iris. 2. / **V. I. de Cooper**. / **L. peroneoastragalino** Fascículo anterior e posterior do ligamento lateral externo da articulación tibioperoneoastragalina. / **L. peroneocalcáneo** Fascículo medio do ligamento lateral externo da articulación do nocello. / **L. poplíteo** Fascículo fibroso da porción media do ligamento posterior do nocello, dos cales o fascículo arqueado está constituído por fibras propias e o fascículo oblicuo por unha expansión do tendón recorrente do semimembranoso. / **L. pterigomaxilar** Ligamento accesorio da articulación temporomandibular, que se estende entre a á interna da apófise pterigoide e o bordo alveolar da mandíbula. / **L. pterigospinoso** Ligamento que se estende entre a espiña do esenoide e o extremo superior da lámina externa da apófise pterigoide. / **L. púbico** Cada un dos tres ligamentos, anterior, posterior e superior, da sínfise da pube. / **L. pubofemoral** Conxunto de fascículos fibrosos que reforzan a cápsula coxofemoral. / **L. pubovesical** Cada un dos dous ligamentos laterais que se estenden entre a sínfise da pube e o colo da vexiga. / **L. radiocubital** Feixe de fibras dispostas de xeito irregular

nas caras anterior e posterior da articulación radiocubital inferior. / **L. redondo** 1. Fita fibrosa localizada no interior da articulación coxofemoral, entre a cabeza do fémur e o escote do acetábulo. 2. **V. I. de Hunter**. 3. **V. I. de Weitbrecht**. 4. **V. I. hepatoumbilical**. / **L. romboide** **V. I. ligamento costoclavicular**. / **L. rotuliano** **V. I. patelar**. / **L. sacrociático maior** Lámina fibrosa estendida dende as espiñas ilíacas posteriores e a fosa ilíaca externa ó bordo correspondente do sacro e do cóccix e ó vértice da espiña ciática. Tamén se di **ligamento tuberoso**. / **L. sacrociático menor** Lámina triangular fibrosa que se estende entre o bordo do sacro e do cóccix e o vértice da espiña ciática. Tamén se di **L. sacrospinoso**. / **L. sacrocóccixeo** Ligamento anterior, posterior e lateral que une o sacro co cóccix. / **L. sacroiliaco** Ligamento, anterior e posterior, pertencente á articulación sacroilíaca. / **L. sacrospinoso** **V. I. sacrociático menor**. / **L. sacrovertebral** **V. I. de Bichat**. / **L. suprapiñoso** Cordón fibroso que se estende ó longo da columna vertebral, adherido intimamente ó vértice de cada unha das apófises espiñosas vertebrais. / **L. suspensorio** Prego do peritoneo que sostén unha víscera na súa posición normal. / **L. suspensorio de Cooper** Prolongación fibrosa que une a fascia superficial do tórax coa glándula mamaria. / **L. suspensorio do clítoris** Ligamento que se estende entre a sínfise da pube e a fascia profunda do clítoris. / **L. suspensorio do pene** Ligamento que se estende entre a sínfise da pube e a fascia profunda do pene. / **L. transverso** Estructura ligamentosa que se estende transversalmente entre dúas ou máis estruturas. / **L. transverso de Mackenrodt** **V. I. de Mackenrodt**. / **L. triangular** Fibrocartilaxe interósea da articulación radiocubital inferior. / **L. tuberoso** **V. I. sacrociático maior**. / **L. umeral transverso** **V. I. de Brodie**. / **L. uterorrectosacro** Continuación da aponeurose endopélvica que se fusiona medialmente coas fibras posteriores dos ligamentos cardinais de Mackenrodt, para se mesturar coa cobertura aponeurótica da porción superior da vagina e do colo do útero. Esténdense cara a atrás e ós lados, para se mesturar de novo coas fibras da aponeurose endopélvica anterior, ata chegar ás caras laterais do sacro, no sitio da unión entre a segunda e a terceira vértebra deste óso. Tamén se di **ligamento uterosacro**. / **L. uterosacro** **V. I. uterorrectosacro**. / **L. vertebral común** **V. I. lonxitudinal**. / **L. vesiculoumbilical** **V. I. uraco**. / **L. vesicouterino** Ligamento anterior uterino, formado por pregos do peritoneo, que se estende dende o útero ata a cara posterior da vexiga.

ligamentopexia *s.f.* Acurtamento e fixación do ligamento redondo do útero, utilizada nas retrodesviacións do mesmo coa finalidade de mante-lo órgano na súa posición.

ligando *s.m.* 1. Molécula orgánica que doa os electróns necesarios para formar enlaces covalentes coordinados con ións metálicos. 2. Calquera ión ou molécula que forma un complexo con outra molécula.

ligase *s.f.* Calquera dos enzimas que catalizan a unión de dúas moléculas acopladas coa participación dun enlace pirofosfato de ATP ou doutro trifosfato semellante.

Lignac, enfermidade de **V. enfermidade**. // **L.-Fanconi, enfermidade de** Enfermidade de Lignac. **V. enfermidade**.

ligofilia *s.f.* Afección morbosa ós lugares escuros.

lígula *s.f.* Estructura anatómica formada por unha fita de substancia branca cerebral localizada nos bordos lateroinferiores do cuarto ventrículo, estendéndose dende o extremo inferior do mesmo ata os seus ángulos laterais, onde constitúe o recesso lateral do cuarto ventrículo.

Ligula Xénero de vermes plathelminths cestodos pseudofilídeos, con escólex indiferenciado, que poden parasita-las aves ictiofagas.

lima *s.f.* 1. Instrumento de aceiro de forma plana e estreita, provisto dunha superficie estriada nun ou dous sentidos, utilizado para desbastar ou pulir superficies duras en odontoloxía. 2. Froito da limeira (*citrus aurantifolia*).

limadura *s.f.* Partículas miúdas que se desprenden dunha superficie coa lima.

límbo -a *adx.* Relativo ou pertencente a un limbo ou marxe.

limbo *s.m.* Estructura anatómica que forma un bordo, unha marxe ou unha orla. // **L. esclerocorneal** Zona circular que marca o límite entre a esclerótica e a córnea.

límite *s.m.* Confin, linde ou termo de algo.

límitrofe *adx.* 1. Que limita con outro territorio ou estrutura. 2. Que pola súa capacidade intelectual se atopa entre a debilidade mental e a normalidade. 3. Entre a normalidade e a enfermidade. Frecuentemente aplícase o termo inglés *border line* para as dúas últimas acepcións.

limitrófico -a *adx.* Do que regula a nutrición, especialmente dos ganglios simpáticos e as súas conexións.

Limnaea Xénero de gasterópodos pulmonados hermafroditas de auga doce, dos que a especie *L. trunculata* actúa como hósede da *Fasciola hepática*, axente produtor da fasciolase.

limnoloxía *s.f.* Ciencia que estudia as condicións biolóxicas e físicas dos lagos e pantanos.

limo- Prefixo do gr. *limós* (fame).

limo *s.m.* **V. lama**.

limoeiro *s.m.* Árbore da familia das rutáceas, especie *Citrus limonum*, que dá como froito o limón.

limón *s.m.* Froito do limoeiro, de cor amarela e sabor acedo, que posúe abundante vitamina C.

limonina *s.f.* Principio amargo neutro e cristalino, de fórmula $C_{26}H_{30}O_8$ que se obtén das sementes do limón e da laranxa.

limonita *s.f.* Óxido férrico hidratado, amorfo, que constitúe a forma de mineral de ferro máis abundosa.

limose *s.f.* Fame anormal morbosa.

limioterapia *s.f.* 1. Cura de fame. 2. Denominación dada ós tratamentos que utilizan como axente terapéutico a lama.

limotise *s.f.* Caquexia, delgadeza patolóxica extremada causada pola carencia de alimentos.

límpido -a *adx.* Que é moi claro e transparente. Tamén se di **puro, nidio**.

liña *s.f.* Trazo continuo real ou imaxinario. // **L. adrenal** Liña branca que aparece ó raña-la pel nos casos de hipoadrenalismo. Tamén se di **l. de Sergeant, l. branca suprarenal**. / **L. alba** Liña fibrosa que se estende entre a apófise xifoide do esterno e a sínfise da pube na superficie do abdome, formada polo entrecruzamento das aponeuroses dos músculos anteriores abdominais. Tamén se di **l. de Hunter**. / **L. angular** Liña irregular que divide a cara anterior do iris nunha zona externa ou ciliar e outra interna ou pupilar. / **L. arqueada** Porción ilíaca da liña iliopectínea ou innominada. / **L. áspera do fémur** Eminencia rugosa que forma o bordo posterior do fémur e serve de lugar de inserción a numerosos músculos. / **L. axilar** Cada unha das dúas liñas imaxinarias, anterior e posterior, que se estenden dende os límites do sobrozo cara a abaixo. / **L. azul** Liña desta cor que aparece nas enxivas na intoxicación por chumbo. Tamén se di **liña de Burton** / **L. biauricular** Liña imaxinaria que se estende entre os dous meatos auditivos externos. / **L. bicigomática** Liña imaxinaria da base do cranio que se estende entre os dous tubérculos cigomáticos. / **L. bimaistoide** Liña imaxinaria da base do cranio que se estende entre as dúas apófises mastoideas. / **L. branca suprarenal V. l. adrenal**. / **L. curva do ilíaco** Cada unha das tres liñas, anterior, posterior e inferior, localizadas na cara externa do óso ilíaco, que limitan as zonas de inserción dos tres músculos glúteos. Tamén se di **liña glútea**. / **L. curva do occipital** Cada unha das tres liñas, suprema, superior e inferior, localizadas na cara posterior do óso occipital, que serven de zonas de inserción para diversos músculos. Tamén se di **liña nocal**. / **L. de Burton V. l. azul**. / **L. de Clapton** Liña de cor verde que aparece nas enxivas nas intoxicacións con cobre. / **L. de Corrigan** Liña de cor púrpura que aparece nas enxivas nas intoxicacións por cobre. / **L. de Damoiseau** Liña curva que aparece nas radiografías do tórax e indica a presenza dun derramo pleural. Tamén se di **liña de Ellis-Damoiseau**. / **L. de Ellis-Damoiseau V. l. de Damoiseau**. / **L. de fixación** Liña recta imaxinaria que se estende entre o centro de rotación do ollo e o obxecto que se mira. / **L. de Sergeant V. l. adrenal**. / **L. de Thompson** Liña vermella que aparece nas enxivas na tuberculose pulmonar. / **L. de Wagner** Liña abrancazada localizada na unión das epífises coas diáfises óseas, que se forma polo inicio da calcificación. / **L. embrionaria** Estría que se localiza no centro da área xerminativa do embrión. Tamén se di **liña primitiva**. / **L. epifisaria** 1. Liña que separa as epífises das diáfises nos ósos longos. 2. Liña de baixa densidade que se observa nas radiografías dos ósos longos e que indica a zona sen calcificar das cartilaxes de crecemento. / **L. espiñal** Liña lonxitudinal que pasa a través das

apófises espiñosas das vértebras. / **L. esternal** Cada unha das liñas topográficas que pasan a través do eixe e dos bordos do esterno. / **L. glútea V. l. curva do ilíaco**. / **L. iliopectínea** Liña dos ósos da pelve que indica o límite do estreito superior da mesma. Tamén se di **liña innominada**. / **L. infracostal** Liña que une os bordos inferiores das décimas cartilaxes costais. Tamén se di **liña subcostal**. / **L. infrascapular** Liña horizontal localizada a nivel dos ángulos inferiores das escapúlas. / **L. innominada V. l. iliopectínea**. / **L. intercondílea** Liña que se estende entre os cóndilos do fémur. / **L. intertrocantérea** Cada unha das liñas, anterior e posterior que se estende entre os trocánteres do fémur. Tamén se di **liña oblicua do fémur**. / **L. mamaria** Liña imaxinaria horizontal que une as mamilas do peito. / **L. mamilar** Liña vertical que pasa polo centro das mamilas. / **L. mandibular interna** Crista ósea localizada na cara interna da mandíbula, entre as apófises xenianas e os últimos molares, nas que se insire o músculo milohioide. Tamén se di **l. milohioide**. / **L. media** Liña imaxinaria que divide o corpo en dúas metades iguais. / **L. milohioide V. l. mandibular interna**. / **L. nasolabial** Suco que se estende entre as ás do nariz e os ángulos da boca. / **L. negra** Liña escura que aparece nas embarazadas entre o embigo e a pube. / **L. nocal V. l. curva do occipital**. / **L. oblicua do fémur V. l. intertrocantérea**. / **L. pectínea** Porción da liña iliopectínea que discorre pola pube. / **L. poplítea** Liña oblicua localizada na cara posterior da tibia, na que se insire o músculo poplíteo. / **L. primitiva V. l. embrionaria**. / **L. subcostal V. l. infracostal**. / **L. supraorbitalia** Liña transversal da fronte localizada inmediatamente por encima da raíz da apófise cigomática do frontal. / **L. temporal** Liña do óso temporal que marca o límite entre as porcións escamosa e petrosa do mesmo. / **L. tiroide vermella** Liña eritematosa que se produce pola irritación da pel do pescozo no hipertiroidismo. Constitúe o denominado **signo de Maraño**n. / **L. transversa** Liña tendinosa do abdome localizada entre a liña alba e a liña semilunar. / **L. xenival** Liña que constitúe o límite entre as enxivas e os dentes.

linalol *s.m.* Alcohol terpénico terciario de moitas esenciais. Atópase en forma levoxira nos extractos de lináloe, bergamota e outros e en forma dextroxira nos extractos de laranxa, mandarina e coandro.

lincomicina *s.f.* Antibiótico bacteriostático ou bactericida dependendo da dose, pertencente á familia das lincosamidas, illado dos cultivos de *Streptomyces lincolnensis*, que posúe un espectro de acción semellante ó da eritromicina. Actúa esencialmente contra bacterias grampositivas, como estafilococos, estreptococos alfa e beta hemolíticos, posuíndo escasa actividade fronte ós enterococos e ó pneumococo, sendo algo activa fronte ós xéneros *Clostridium* e *Corynebacterium*. Poden orixinar resistencias, especialmente respecto dos estafilococos, e en ocasións causar unha resistencia cruzada cos macrólidos.

Lindau, enfermidade de V. enfermidade.

linfa *s.f.* 1. Líquido transparente e de cor amarelada que, procedente dos tecidos, circula polos vasos linfáticos. Posúe elementos celulares, especialmente linfocitos, e unha composición semellante ó do sangue, con máis auga e urea e menos albumina, outras proteínas, fibrina e sales. Posúe reacción alcalina, sabor salgado e calla como o sangue, pero de xeito máis lento. 2. Substancia de aspecto semellante ó da linfa. // **L. de vacina** Material que contén o virus da vacina, procedente do exsudado das vesículas da vacina dos tenreiros. Utilízase para a inmunización activa contra a varíola. / **L. humanizada** Virus da vacina de procedencia humana.

linfadenctomía *s.f.* Extirpación cirúrxica dun ou máis ganglios linfáticos.

linfadenectasia *s.f.* Dilatación dun ganglio linfático.

linfadenia *s.f.* Hipertrofia ou hiperplasia dos ganglios linfáticos.

linfadenite *s.f.* Inflamación dos ganglios linfáticos. V. **adenite**.

linfadenocèle *s.m.* Quiste dun ganglio linfático.

linfadenografía *s.f.* Técnica radiográfica para examinar os ganglios linfáticos, despois da inxección dun medio de contraste nun vaso linfático.

linfadenograma *s.m.* Fórmula que expresa as cantidades absolutas e porcentuais das diferentes células presentes nunha extensión coloreada dunha punción dos ganglios linfáticos.

linfadenóide *adx.* Semellante a un ganglio ou ó tecido linfático.

linfadenoma *s.m.* V. **linfoma**.

linfadenomegalia *s.f.* Aumento do volume dos ganglios linfáticos.

linfadenopatía *s.f.* Doenza dos ganglios ou do tecido linfático. Tamén se di **linfopatía**.

linfadenose *s.f.* Hipertrofia xeneralizada dos ganglios linfáticos.

linfagogo -a *adx.* Que promove a produción de linfa.

linfanxiectasia *s.f.* Dilatación dos vasos linfáticos.

linfanxiendoitelioma *s.m.* Neoplasia maligna que dá lugar á formación de estruturas linfáticas irregulares, revestidas por capas de células endotelioides atípicas.

linfanxioblebite *s.f.* Inflamación dos vasos linfáticos e das veas dunha parte.

linfanxiografía *s.f.* Radiografía do traxecto dos vasos linfáticos, despois da inxección nos mesmos dun medio de contraste radiolóxico. Tamén se di **linfografía**.

linfanxioma *s.m.* Tumor benigno constituído por unha masa de vasos linfáticos e células endoteliiais, que pode ter unha orixe adquirida ou conxénita.

linfanxiomiomatose *s.f.* Doenza propia das mulleres en idade fértil, caracterizada pola proliferación intersticial

nodular e difusa de músculo liso nos pulmóns, ganglios linfáticos e conducto linfático torácico.

linfanxioplastia *s.f.* Reparación ou substitución cirúrxica dos vasos linfáticos. Tamén se di **linfoplastia**.

linfanxiosarcoma *s.m.* Tumor maligno dos vasos linfáticos, que xeralmente aparece na localización dun edema linfático crónico.

linfanxite *s.f.* Inflamación dos vasos linfáticos.

linfático -a *adx.* 1. Relativo ou pertencente á linfa ou ós vasos linfáticos. 2. Dun tipo de temperamento caracterizado pola tendencia á obesidade, pel fina, respiración superficial e falta de enerxía. // *s.m.* 3. Vaso linfático.

linfaticostomía *s.f.* Abertura cirúrxica permanente do conducto linfático torácico.

linfatismo *s.m.* 1. Estado característico da constitución ou temperamento linfático. 2. Estado caracterizado polo crecemento excesivo dos tecidos linfoides e dos órganos que o conteñen, do timo, bazo e medula ósea, que orixina alteracións no desenvolvemento e diminución da vitalidade. Tamén se di **linfoidotoxemia**, **linfotoxemia**.

linfatolisina *s.f.* Substancia lítica que actúa no sistema linfático.

linfedema *s.m.* Edema crónico e bilateral das extremidades, provocado pola obstrución dos vasos linfáticos ou por trastornos dos ganglios linfáticos.

linfoblasto *s.m.* Célula inmadura, precursora dos linfocitos maduros. Tamén se di **linfocitoblasto**.

linfoblastoma *s.m.* Linfoma constituído por linfoblastos ou por células inmaduras da serie linfocitaria.

linfoblastomatose *s.f.* Exceso de linfoblastos no sangue. Tamén se di **linfoblastose**.

linfoblastose *s.f.* V. **linfoblastomatose**.

linfocele *s.m.* Tumoración composta por unha colección de linfa extravasada.

linfocina *s.f.* Primeira denominación xeral dada ós mediadores solubles elaborados polos linfocitos que interveñen na regulación dos procesos da resposta inmune ante as agresións contra o organismo. Os mediadores deste tipo, elaborados polos monocitos, recibían inicialmente a denominación de monocinas ou monoquinas. Posteriormente englobáronse os dous termos baixo a denominación de interleucinas ou interleuquinas. Hoxe, téndense a denominar citocinas ou citoquinas, posto que tamén existen células alleas ó sistema inmune que as producen ou que actúan como células diana para elas. Tamén se di **linfoquina**.

linfocitemia *s.f.* Exceso de linfocitos nun líquido normal ou predominio destas células en calquera derramo inflamatorio. Tamén se di **linfocitose**.

linfocito *s.m.* Leucocito mononuclear que posúe cromatina densa e citoplasma que se tingue dunha coloración azul pálida. Teñen un papel esencial na defensa inmuno-

lóxica, sendo os linfocitos de tipo B os que levan a cabo a resposta inmunolóxica humoral (elaboración de anticorpos) e os T a resposta celular.

linfocitoblasto *s.m.* V. **linfoblasto**.

linfocitoma *s.m.* Tumoración do tecido linfático, constituído esencialmente por linfocitos maduros ben diferenciados.

linfocitomatose *s.f.* Estado clínico producido pola presenza de linfocitomas.

linfocitopenia *s.f.* Diminución da cantidade sanguínea de linfocitos por debaixo das cifras consideradas normais. Tamén se di **linfopenia**.

linfocitopoes *s.f.* Proceso da produción normal dos linfocitos.

linfocitose *s.f.* V. **linfocitemia**.

linfocitotoxina *s.f.* Toxina bacteriana que actúa especificamente sobre os linfocitos. Tamén se di **linfotoxina**.

linfodermia *s.f.* Doenza caracterizada pola afectación dos vasos linfáticos da pel.

linfoepitelioma *s.m.* Carcinoma pleomórfico mal diferenciado que ten a súa orixe no epitelio modificado que cobre o tecido linfoide da nasofarinxe. É especialmente frecuente en Oriente e no norte de África, principalmente en adultos novos.

linfoglándula *s.f.* Ganglio ou nódulo linfático.

linfognia *s.f.* Célula nai indiferenciada, precursora da estirpe linfoide.

linfografía *s.f.* V. **linfanxiografía**.

linfogranuloma *s.m.* Doenza caracterizada pola produción de granulomas ou lesións granulomatosas en diversos órganos. // **L. venéreo** Infección de transmisión sexual causada pola *Chlamydia trachomatis*, tipos L1, L2 (o principal) e L3. Comeza pola aparición dunha pápula ou pústula inicial na vaxina, no colo uterino ou nos xenitais externos, seguido dunha adenite inguinal supurativa ou *bubón*. O proceso afecta basicamente ós linfáticos ou produce unha hipertrofia dos mesmos, linfedema e traxectos fistulosos supurados. Posteriormente poden aparecer estenoses uretrais e rectais. Pode tamén afectar a órganos extraxenitais, principalmente ó fígado e ás meninxes.

linfogranulomatose *s.f.* Doenza caracterizada pola aparición de linfogranulomas múltiples.

linfohematoma *s.m.* Linfocele con sangue no seu interior.

linfoide *adx.* Semellante á linfa.

linfoidectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica de tecido linfoide.

linfoidotoxemia *s.f.* V. **linfatismo**.

linfoloxía *s.f.* Parte da medicina que estudia o sistema linfático.

linfoma *s.m.* Denominación xeral dada ós trastornos neoplásicos do tecido linfático. Tamén se di **linfadenoma**.

linfomatose *s.f.* 1. Hiperplasia do sistema linfoide. 2. Doenza caracterizada polo desenvolvemento de múltiples linfomas no organismo.

linfomixoma *s.m.* Tumor benigno constituído por tecido adenoide mixomatoso.

linfopatía *s.f.* Denominación xeral dada ás doenzas que afectan ó sistema linfático.

linfopenia *s.f.* V. **linfocitopenia**.

linfoplastia *s.f.* V. **linfanxioplastia**.

linfopoes *s.f.* V. Proceso da produción da linfa. Tamén se di **linfoxénese**.

linfoquina *s.f.* V. **linfocina**.

linfoquiste *s.m.* Quiste cheo de líquido linfático.

linfoquistose *s.f.* Doenza caracterizada pola presenza de numerosos linfoquistes.

linforraxia *s.f.* Derramo de linfa procedente de vasos linfáticos. Tamén se di **linforrea**.

linforrea *s.f.* V. **linforraxia**.

linforreticulose *s.f.* Proliferación excesiva das células linforreticulares dos ganglios linfáticos.

linfosarcoma *s.m.* Neoplasia do tecido linfoide caracterizada pola presenza de diversas células linfoides con características de malignidade. Non inclúe a enfermidade de Hodgkin.

linfosarcomatose *s.f.* Estado morbozo caracterizado pola presenza de linfosarcomas múltiples.

linfostase *s.f.* Detención con estancamento da corrente linfática.

linfotaxe *s.f.* Propiedade de atraer ou rexeita-los linfocitos.

linfótomo *s.m.* Instrumento cortante utilizado para escindi-las vexetacións adenoides.

linfotoxemia *s.f.* V. **linfatismo**.

linfotoxina *s.f.* V. **linfocitotoxina**.

linfotrofia *s.f.* Proceso de nutrición das células pola linfa.

linfoxénese *s.f.* V. **linfopoes**.

linfóxeno -a *adx.* 1. Que promove a produción da linfa. 2. Producido pola linfa ou nos linfáticos.

linfuria *s.f.* Presencia de linfa na urina. Tamén se di **quiluria**.

lingua *s.f.* Aparello musculomembranoso móbil, localizado no chan da boca, órgano principal do gusto, que contribúe á mastigación, á deglutición e á articulación dos sons. / **L. de amorodo** Lingua cuberta de papilas puntiformes, vermellas, que aparece durante as primeiras vinte e catro horas despois de desaparecer a erupción da

escarlatina. / **L. de framboesa branca** Lingua de cor branca sucia, con papilas vermellas elevadas que aparece nos primeiros estadios da escarlatina. / **L. de Sandwich** Lingua lisa e limpa que aparece nos estadios finais da pelagra. / **L. negra vilosa** Lingua que presenta unha lanuxe de cor escura, ás veces moi intensa, como consecuencia da hiperplasia e da queratinización das papilas. Atópase frecuentemente despois da realización dun tratamento antibiótico, acompañada doutros signos de disbaacteriose. / **L. pilosa** Aquela que presenta papilas hipertrofiadas semellantes a pelos. / **L. saburral** Lingua cuberta por unha capa de saburra, característica dalgunhas doenzas intestinais. / **L. xeográfica** Lingua que presenta placas denudadas irregulares rodeadas de epitelio engrosado que debuxan figuras características e cambiantes, sen producir molestias subxectivas. Pode ser de orixe familiar.

lingual *adx.* Relativo ou pertencente á lingua.

Linguatula Xénero de artrópodos pantastómidos, parasitos dos vertebrados adultos, de forma alongada, corpo anelado e carente de apéndices. Parasitan as fosas nasais dalgúns vertebrados e raramente afectan ó ser humano.

linguatulíase *s.f.* Infestación con parasitos do xénero *Linguatula*.

linguaxe *s.f.* 1. Capacidade dos seres humanos para expresa-lo seu pensamento e comunicarse mediante un conxunto de signos vocais e eventualmente gráficos. 2. Sistema estruturado de signos non verbais que posúe unha función de comunicación. 3. Forma de expresarse. 4. Estilo ou forma de falar ou de escribir de cada un en particular. // **L. articulada** Aquela composta por un sistema de signos fónicos. Tamén se di **linguaxe oral**, **linguaxe falada**. / **L. automática** Linguaxe na que se produce unha repetición de series de palabras sen que exista un intento de comunicación. / **L. en espello** Linguaxe anormal na que se inverte a orde dos grafemas, letras ou sílabas. / **L. explosiva** Linguaxe anormal caracterizada pola expresión súbita de palabras en voz alta. / **L. falada** V. **I articulada**. / **L. oral** V. **I articulada**.

línghula *s.f.* Denominación dada a diversas estruturas anatómicas que posúen a forma dunha pequena lingua. // **L. esfenoidal** Prominencia ósea localizada entre o corpo e a á maior do esfenoido. / **L. mandibular** Prominencia ósea localizada no bordo do buraco superior do conducto mandibular, na que se insire o ligamento esfenomandibular. Tamén se di **línghula maxilar**. / **L. maxilar** V. **I mandibular**. / **L. pulmonar** Proxección do lóbulo superior do pulmón esquerdo, que se expande dende a parte inferior deste lóbulo ata unha porción situada xusto por debaixo da fendedura cardíaca. Correspóndese cos segmentos 4 e 5 do lóbulo medio do pulmón dereito.

lingulectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica da línghula do pulmón esquerdo.

linguodental *adx.* Relativo á lingua e ós dentes.

linguopapilite *s.f.* Inflamación da lingua caracterizada pola presenza de pequenas úlceras redondeadas localizadas arredor das papilas do bordo da lingua.

linimento *s.m.* Preparación farmacéutica en forma de unguento, pomada ou líquido, que se aplica externamente mediante friccións na pel. Componse dun aceite ou graxa e unha substancia activa que lle dá o nome.

linite *s.f.* Inflamación do tecido celular gástrico. // **L. plástica** Proliferación fibrosa difusa do tecido conxuntivo submucoso do estómago que provoca engrosamento e fibrose no mesmo, de xeito que se torna ríxido e duro.

liño *s.m.* 1. Planta herbácea do xénero *Linum*, utilizada esencialmente como materia téxtil, da que se empregan na medicina dúas especies, o liño común (*Linum usitatissimum*), do que se utilizan as sementes para fabricar unha fariña utilizada na composición de cataplasmas de propiedades emolientes, e o liño catártico (*Linum catharticum*), que posúe follas amargas de propiedades purgantes. 2. Materia téxtil obtida desta planta.

linoxantina *s.f.* Pigmento de cor amarela-alaranxada producido polo microorganismo *micrococcus luteus*.

liño- Prefixo do gr. *leĩos* (liso).

lioderme *s.f.* Estado anormal da pel caracterizado por ser esta excesivamente lisa e brillante.

liofílico -a *adx.* Que ten unha especial afinidade polos disolventes. Aplícase ós sistemas coloidais nos que o solvente e as partículas dispersas se atraen mutuamente, permanecendo estable o medio.

liofilización *s.f.* Procedemento consistente na deshidratación dun produto mediante unha conxelación rápida seguida dunha sublimación do xeo formado.

liofobo -a *adx.* Que non posúe afinidade polos medios de dispersión.

liomioma *s.m.* Tumor miomatoso formado por tecido muscular liso.

liomiosarcoma *s.m.* Tumor maligno formado por células que lembran as das fibras musculares lisas.

lionización *s.f.* Proceso da inactivación dos cromosomas X das células que conteñen máis dun.

liótrico -a *adx.* Do pelo liso.

liotrópico -a *adx.* Que se dissolve con facilidade.

lip- Prefixo do gr. *lípos* (graxa, gordura).

lipacidemia *s.f.* Presencia de ácidos graxos no sangue.

lipaciduria *s.f.* Presencia de ácidos graxos na urina.

liparo- Prefixo do gr. *liparós* (graxo).

liparocele *s.m.* 1. Tumor adiposo localizado no escroto. 2. Hernia que contén graxa.

liparóide *adx.* Semellante á graxa.

liparónfalo *s.m.* Tumor adiposo localizado no embigo.

liparotriquia *s.f.* Estado dos cabelos caracterizado polo exceso de graxa.

lipase *s.f.* Calquera dos diversos enzimas producidos en distintos tecidos que hidrolizan os enlaces estéricos dos ácidos graxos.

lipasuria *s.f.* Presencia dunha lipase na urina.

lipectomía *s.f.* Extirpación dunha porción de tecido adiposo.

lipedema *s.m.* Depósito anormal de graxa subcutánea que semella un edema.

lipemia *s.f.* Presencia de lípidos no sangue. // **L. retinal** Aspecto leitoso das veas e arterias da retina que aparece como consecuencia dunha concentración elevada de lípidos no sangue.

lípido *s.m.* Substancia de orixe animal ou vexetal composta por unha cadea hidrocarbonada ligada a un grupo funcional ácido, aldehídico, alcohólico ou amínico. Caracterízanse pola súa insolubilidade na auga e a súa solubilidade nos disolventes orgánicos. Quimicamente son ésteres dos ácidos graxos aínda que tamén se inclúen algunhas substancias de diferente composición que posúen propiedades físicas semellantes ós lípidos. Forman parte esencial das membranas celulares e son un produto importante de reserva metabólica, ademais de participar noutras funcións biolóxicas. Pódense clasificar en tres grupos: lípidos sinxelos, lípidos complexos e substancias relacionadas con eles.

lipidose *s.f.* Alteración do metabolismo dos lípidos caracterizada pola presenza de depósitos anormais dos mesmos nas células. Tamén se di **lipoidose**. // **L. de cerebrósidos** V. **enfermidade de Gaucher**. / **L. de colesterol** V. **enfermidade de Hand-Schüller-Christian**. / **L. de fosfátidos** V. **enfermidade de Niemann-Pick**. Tamén se di **lipoidose**.

lipo¹- Prefixo do gr. *leípo* (faltar, omitir), utilizado na formación de palabras que denotan carencia dunha parte ou dunha función.

lipo²- Prefixo do gr. *lípos* (graxa), utilizado na formación de palabras que se refiren ós lípidos ou graxas.

lipoartrite *s.f.* Inflamación da graxa dunha articulación.

lipoatrofia *s.f.* Atrofia do tecido adiposo.

lipoblasto *s.m.* Célula precursora das células adiposas maduras.

lipoblastoma *s.m.* 1. Tumor constituído por tecido adiposo. 2. Tumor constituído esencialmente por lipoblastos.

lipocardia *s.f.* Estado do corazón caracterizado polo exceso de graxa no mesmo.

lipocito *s.m.* Célula adiposa madura.

lipocromo *s.m.* Pigmento natural soluble nas graxas ou en solventes orgánicos.

lipodistrofia *s.f.* Trastorno da distribución das graxas no organismo

lipofaxia *s.f.* 1. Alimentación mediante graxas. 2. Proceso de consumo da graxa orgánica de reserva, que se produce durante a inanición prolongada e nalgúns estados morbosos.

lipofibroma *s.m.* Tumor constituído por elementos de tecido adiposo e fibroso.

lipofilia *s.f.* Afinidade pola graxa.

lipofrenia *s.f.* Deficiencia na capacidade mental dun individuo.

lipofuscina *s.f.* Pigmento de cor apardazada, formado pola disolución doutro pigmento nunha graxa.

lipofuscinose *s.f.* Trastorno caracterizado pola acumulación anormal de lipofuscinas.

lipogranuloma *s.m.* Nódulo de material lipóide incluído nun tecido de granulación.

lipogranulomatose *s.f.* Doenza caracterizada pola presenza de lipogranulomas múltiples.

lipóide *adx.* Semellante ás graxas.

lipoidemia *s.f.* Presencia de materiais lipóides no sangue.

lipoidose *s.f.* V. **lipidose**.

lipoiduria *s.f.* Presencia de materiais lipóides na urina.

lipólise *s.f.* Proceso metabólico da descomposición ou destrución das graxas.

lipolítico -a *adx.* Que rompe as graxas.

lipoma *s.m.* Tumor benigno constituído por tecido graxento.

lipomanía *s.f.* Tristura imaxinaria.

lipomatose *s.f.* 1. Estado patolóxico caracterizado pola acumulación anormal de graxa nos tecidos. 2. Proceso de dexeneración adiposa dun tecido. 3. Estado caracterizado pola presenza de múltiples lipomas.

lipomería *s.f.* Monstruosidade fetal caracterizada pola carencia dun membro ou dunha parte anatómica.

lipometabolismo *s.m.* Metabolismo xeral das graxas.

lipomioma *s.m.* Tumor constituído por tecido graxo e muscular.

liponecrose *s.f.* Necrose do tecido graxo subcutáneo.

lipopenia *s.f.* Estado patolóxico caracterizado pola deficiencia xeral de lípidos ou dunha fracción lipídica.

lipopexia *s.f.* Proceso de acumulación ou de fixación das graxas nos tecidos.

lipoproteína *s.f.* Partícula globular de alto peso molecular, que transporta lípidos non polares polo plasma. Cada unha componse dun núcleo non polar, hidrófobo, constituído por numerosas moléculas de triglicéridos e ésteres de colesterol e dunha envoltura superficial de fosfolípidos, que permite que a partícula permaneza en

solución no plasma. Esta envoltura contén ademais pequenas cantidades de colesterol sen esterificar e proteínas específicas (apoproteínas), características de cada un dos diferentes tipos de lipoproteína e responsables das súas propiedades metabólicas. Dependendo da súa densidade divídense en diferentes tipos: quilomicros e partículas residuais dos quilomicros, de baixa densidade e transportadoras dos lípidos da dieta; VLDL ou partículas de moi baixa densidade; IDL ou partículas de densidade intermedia; LDL ou partículas de alta densidade e HDL ou partículas de moi alta densidade, todas elas transportadoras de lípidos de procedencia interna.

lipopsiquia *s.f.* V. **lipotimia**.

liposarcoma *s.m.* Tumor maligno sarcomatoso que posúe elementos de tipo lipóide.

liposixenase *s.f.* Enzima que cataliza a adición de osíxeno molecular ós dobres enlaces dos ácidos graxos non saturados, formándose deste xeito derivados peroxidados. Tamén se di **lipoxidase**.

liposoluble *adx.* Das substancias que se poden disolver nunha graxa.

liposoma *s.f.* Partícula xeralmente esférica de materia lipóide que se mantén emulsionada nos tecidos.

lipostomía *s.f.* 1. Anormalidade caracterizada pola ausencia de abertura bucal. 2. Atrofia da boca.

lipotimia *s.f.* Perda súbita da conciencia.

lipotrofia *s.f.* Aumento da graxa ou dos lípidos do organismo.

lipotrópico -a *adx.* Que ten afinidade polas graxas.

lipovacina *s.f.* Vacina preparada mediante unha suspensión de microorganismos en aceite vexetal, coa finalidade de retardar-la absorción das substancias antixénicas.

lipoxénese *s.f.* Proceso metabólico da produción das graxas.

lipoxenia *s.f.* Proceso de abandono do hóspede por parte dun parasito.

lipóxeno -a *adx.* Que promove a produción de graxa.

lipoxidase *s.f.* V. **liposixenase**.

Lipschütz, enfermidade de V. **enfermidade**.

lipotriquia *s.f.* Caída do cabelo.

lipuria *s.f.* Presencia de lípidos na urina. Tamén se di **adiposuria**.

líque *s.m.* 1. Dermatose caracterizada pola formación de pápulas firmes, de pequeno tamaño, próximas entre si e acompañadas de intenso próiido. 2. Criptógama composta, formada pola simbiose dunha alga microscópica e dun fungo filamentosos. // **L. amiloidoso** Pápula liqueoide moi prurixinosa, caracterizada pola amiloidose cutánea localizada. / **L. ampolar** Variedade de líque plano constituído por vesículas e ampolas. / **L. anular** Variedade de líque plano de configuración anular, que se

localiza principalmente no pene, podendo producir atrofia e hiperpigmentación no centro da lesión. / **L. atrófico** Variedade de líque plano, caracterizado pola presenza de atrofia na zona central da pápula. / **L. eritematoso** Variedade de líque plano, caracterizado pola aparición de pápulas eritematosas que palidecen ó premelas. / **L. escleroso atrófico** Estado atrófico crónico da pel, caracterizado por manchas brancas cun halo eritematoso arredor e tapóns córneos nos foliculos pilosos. As lesións poden confluír formando grandes placas atróficas. / **L. escrofuloso** Erupción formada por pápulas foliculares, queratóticas de pequeno tamaño e indoloras, no tronco e nas extremidades, que aparece en individuos tuberculosos. / **L. folicular** Variedade de líque plano na que aparece un predominio das pápulas de localización folicular, principalmente no tronco. A lesión produce unha elevación folicular espiñosa ó tacto. Tamén se di **líque plano papilar**. / **L. hipertrófico** Variedade de líque con formación de placas elevadas de aparencia verrucosa que se asocian a un brote típico e se localiza esencialmente nas pernas. Tamén se di **L. verrucoso**. / **L. lineal** Forma lineal moi estendida da enfermidade, localizada xeralmente nunha extremidade ou no tronco. / **L. mixe-dematoso** Erupción liqueoide xeneralizada, producida por un depósito de mucopolisacáridos na derme. / **L. plano** Enfermidade inflamatoria da pel, con formación de pápulas amplas, planas e violáceas, acompañadas de intenso próiido, que aparecen como manchas circunscritas e persistentes. Pode afectar a calquera parte da superficie cutánea, sendo raras as lesións na cara. Tamén se di **L. ruber**. / **L. plano crónico** Variedade de líque plano de longa duración, caracterizado pola presenza de placas violáceas prurixinosas e lesións hipertróficas. / **L. plano papilar** V. **L. folicular**. / **L. ruber** V. **L. plano**. / **L. simple crónico** Enfermidade cutánea psicóxena, caracterizada por unha erupción papular, con próiido, normalmente localizada nunha rexión determinada. / **L. ulcerativo** Variedade de líque plano caracterizado pola aparición de ampolas e úlceras, principalmente localizadas nos pés, con perda das unllas das dedas e alopecia cicatricial. / **L. verrucoso** V. **L. hipertrófico**.

líquenificación *s.f.* Adquisición por parte dunha epiderme normal de caracteres semellantes ós que presentan as lesións do líque, caracterizadas principalmente polo engrosamento da epiderme, consecuencia xeralmente dunha rañadura sobre unha área de próiido crónico.

líqueoide *adx.* Semellante ó líque.

líquido -a *adx.* e *s.m.* Propio do estado da materia non sólido nin gasoso, no cal as moléculas das substancias manteñen unha disposición entre elas que lles permite adaptarse ós recipientes que as conteñen, sen tender á separación, como ocorre cos gases. // **L. amniótico** Líquido que rodea o embrión e o feto no interior da cavidade amniótica e que se expulsa ó exterior durante o proceso do parto. / **L. ascítico** Líquido de carácter seroso que se acumula na cavidade peritoneal cando existe unha ascite. / **L. cefalorraquídeo** Líquido seroso que circula

polos ventrículos cerebrais, o espacio subaracnoide e o conducto endocéfalo. Tamén se di **líquido cerebrospinal**, **líquido subaracnoide**. / **L. cerebrospinal** V. I. **cefalorraquídeo**. / **L. intersticial** Líquido extracelular que baña as células da maior parte dos tecidos, pero que non está contido nos vasos sanguíneos nin nos linfáticos. / **L. intracelular** Parte da auga corporal total, cos seus correspondentes solutos, que se atopa por dentro das membranas celulares / **L. seminal** Líquido abranzado, espeso, composto de espermatozoides e segregacións das vesículas seminais, a próstata e outras diversas glándulas, ademais de células epiteliais e outros compoñentes menos importantes. Tamén se di **seme**. / **L. sinovial** Líquido transparente e viscoso que se atopa nas cavidades articulares, segregado polas células das membranas sinoviais, e composto esencialmente de mucina e sales minerais. / **L. subaracnoide** V. I. **cefalorraquídeo**.

liquor *s.m.* V. **licor**.

lisado -a *adx.* e *s.m.* 1. Que resulta da lise celular bacteriana. 2. Produto procedente da desintegración dun produto, substancia ou célula.

lise *s.f.* 1. Proceso de destrución das células normais ou das bacterias mediante lisinas. 2. Fase final dunha enfermidade, caracterizada polo esmorecemento gradual dos síntomas da mesma.

-lise Sufixo utilizado na composición de palabras que denotan a destrución ou a disolución dalgunha cousa.

lisemia *s.f.* Proceso da disolución ou desintegración do sangue.

lisencefalia *s.f.* Estado anormal do cerebro no que este carece das circunvolucións presentes normalmente.

lisérxico (ácido) *s.m.* Estructura cíclica común a tódolos derivados activos do caruncho, dos que o principal é a liserxida.

liserxida *s.f.* LSD, dietilamida do ácido lisérxico. V. LSD.

Lisfranc, ligamento de V. **ligamento**.

lisímetro *s.m.* Instrumento utilizado para medir a solubilidad das substancias.

lisina *s.f.* 1. Anticorpo ou substancia que posúe a propiedade de disolver unha célula. 2. Ácido α , ϵ -diaminocaproico, de fórmula $H_2N-(CH_2)_4-CH(NH_2)-CO_2H$, que forma parte dos aminoácidos esenciais.

lisinose *s.f.* Pneumoconiose producida pola inhalación de fibras téxtiles.

lisinoxénese *s.f.* Proceso de produción das lisinas.

lisinóxeno -a *adx.* Que induce a produción de lisinas.

liso -a *adx.* Plano, sen arestas nin estrías.

lisosoma *s.m.* Vesícula citoplasmática, rica en enzimas hidrolíticas que, actuando tanto no interior coma no exterior das células, pode lisa-la maioría dos constituíntes

celulares e dos produtos ingeridos polas propias células. Os lisosomas atópanse en tódalas células vivas excepto nas hemacias, e abundan especialmente nos macrófagos, nos leucocitos polinucleares e nas células hepáticas. / **L. secundario** Lisosoma fusionado cun fagosoma, de xeito que os seus compoñentes hidrolíticos entran en contacto cos produtos ingeridos pola célula, producindo a súa dixestión.

lisoxenización *s.f.* Fenómeno polo que se produce a incorporación do xenoma dun fago ó dunha bacteria lisóxena, que o pode transmitir á súa descendencia de xeito atenuado en forma de profago.

lisóxeno -a *adx.* Das cepas bacterianas que acollen bacteriófagos nunha forma latente (profago), integrada no cromosoma das devanditas bacterias.

lisozima *s.f.* Enzima lítica existente na maioría das segregacións corporais e dos tecidos, que actúa como un antibiótico natural, inhibindo mediante lise a proliferación de numerosas bacterias patóxenas.

Listeria Xénero de bacterias grampositivas, cocoides ou bacilares, con flaxelos periféricos, non esporuladas, anaerobias facultativas e patóxenas para o home e os animais. // **L. monocytogenes** Especie de listeria saprófita do intestino humano, causante máis frecuente das infeccións producidas por este xénero de microorganismos.

listeriose *s.f.* Denominación xenérica das enfermidades causadas por unha infección con bacterias do xénero listeria.

listerismo *s.m.* Principio e práctica da cirurxía antiséptica e aséptica.

litagogo-a *adx.* 1. Do que produce e elimina cálculos. // *s.m.* 2. Axente que produce esta acción.

litanguria *s.f.* Doenza calculosa das vías urinarias.

litectasia *s.f.* Extracción de cálculos urinarios a través da uretra dilatada con medios mecánicos.

litectomía *s.f.* Extracción dun cálculo urinario mediante a realización dunha incisión na vexiga ou na porción membranosa da uretra. Tamén se di **litotomía**.

litemia *s.f.* 1. Exceso de ácido úrico no sangue. 2. Determinación da concentración de litio no sangue que se realiza periodicamente ós enfermos tratados con el.

litíase *s.f.* Doenza caracterizada pola formación de cálculos ou concrecións en diversos lugares do organismo, especialmente nas vías urinarias e biliarias. // **L. biliar** Formación de cálculos nas vías urinarias. Tamén se di **colecistíase**. / **L. bronquial** Formación de concrecións no interior das vías bronquiais. Tamén se di **broncolitíase**. / **L. pancreática** Formación de cálculos nos conductos pancreáticos. / **L. salival** Formación de cálculos nos conductos de segregación das glándulas salivais ou no interior das propias glándulas. / **L. urinaria** Formación de cálculos nas vías urinarias. Tamén se di **nefrolitíase**.

lítico -a *adx.* 1. Relativo ou pertencente á lise ou á lisina. 2. Que produce lise. 3. Relativo ou pertencente ós cálculos. 4. Relativo ou pertencente ó litio.

liticose *s.f.* Pneumoconiose que afecta ós canteiros e ós traballadores das pedras.

litina *s.f.* Hidróxido de litio, de fórmula LiOH.

litio *s.m.* Metal alcalino, o máis lixeiro dos metais, de número atómico 3 e masa atómica 6,941. O seu símbolo é Li. Os seus sales constitúen o medicamento de elección na prevención e no tratamento das psicoses maníaco-depresivas, tendo unha marxe terapéutica moi estreita e unha alta teratoxenicidade.

lito- Prefixo do gr. *lithos* (pedra).

litocnose *s.f.* Eliminación dos fragmentos dun cálculo despois de se produci-la súa descomposición.

litocistotomía *s.f.* Abertura cirúrxica realizada na vexiga para a extracción dos cálculos presentes nela.

litoclasto *s.m.* Aparello utilizado para creba-los cálculos na vexiga urinaria a través da uretra. Tamén se di **litotritor**.

litoclima *s.m.* Proceso da inxección na vexiga de líquidos disolventes dos cálculos.

litocólico (ácido) *s.m.* Ácido biliar secundario que, xunto co desoxicólico, resulta da acción das bacterias intestinais sobre os ácidos biliares primarios, e constitúen a forma de eliminación fecal dos sales biliares.

litolabo *s.m.* Instrumento utilizado para suxeitar un cálculo vesical para proceder á súa extracción.

litolapaxia *s.f.* Esmiuzamento dos cálculos no interior da vexiga para proceder á súa posterior extracción mediante unha sonda aspiradora.

litoleína *s.f.* Líquido amarelo, análogo da vaselina, que se utiliza como antiséptico e antiparasitario tópico nas doenzas da pel.

litólise *s.f.* Proceso da disolución dos cálculos, especialmente cando se realiza de xeito artificial.

litólito *s.m.* Instrumento utilizado para a práctica da litólise na vexiga.

litoloxía *s.f.* Parte da medicina que estudia os cálculos e o seu tratamento.

litomalacía *s.f.* Amolecemento espontáneo que sucede nalgúns cálculos.

litómetra *s.m.* Proceso da calcificación do útero.

litómetro *s.m.* Instrumento utilizado para medi-lo tamaño dos cálculos.

litonefrite *s.f.* Nefrite de orixe calculosa.

litonefrotomía *s.f.* Abertura realizada nun ril para proceder á extracción dos cálculos presentes nel.

litopedion *s.m.* Feto morto que permanece no interior do útero e experimenta un proceso de calcificación.

litoquelifopiedion *s.m.* Variedade de litopedion no que se calcifican o feto e as súas membranas.

litoquelifos *s.m.* Proceso de calcificación durante o embarazo que se limita ás membranas do embrión ou feto.

litoscopio *s.m.* Instrumento óptico utilizado para o exame dos cálculos na vexiga.

litose *s.f.* Pneumoconiose que se produce pola inhalación crónica de partículas finísimas de po procedente de pedras.

litotomía *s.f.* V. **litectomía**.

litotrese *s.f.* Proceso mediante o que se fura un cálculo coa finalidade de favorecer posteriormente unha litotricia.

litotricia *s.f.* Esmiuzamento dun cálculo localizado na vexiga, realizado a través da uretra, mediante a utilización dun litotritor. Tamén se di **litotripsia**.

litotripsia *s.f.* V. **litotricia**.

litotriptoscopia *s.f.* Litotricia na que se utiliza o auxilio dun litotriptoscopio.

litotriptoscopio *s.m.* Cistoscopio especial utilizado na realización dalgúns litotricias.

litotritor *s.m.* V. **litoclasto**.

litóxese *s.f.* Proceso de formación dos cálculos.

litóxeno -a *adx.* Que promove a formación de cálculos.

litro *s.m.* Unidade de capacidade do sistema métrico decimal, equivalente ó contido de 1 dm³. O seu símbolo é *l*.

Little, enfermidade de V. **enfermidade**.

liturese *s.f.* Presencia de areñas na urina.

lituria *s.f.* Exceso de ácido úrico ou de uratos na urina.

livedo *s.f.* Mancha lívida da pel. // **L. annularis** V. **l. reticularis**. / **L. reticularis** Alteración vascular periférica, caracterizada pola formación dunha rede de cor azul avermellada, que se localiza sobre a pel das extremidades. Tamén se di **cute marmorata**, **l. annularis**.

lividez *s.f.* Estado da pel no que esta adquire unha coloración violácea, entre negra e vermella. // **L. cadavérica** Mancha que aparece nas porcións inferiores do corpo despois da morte e que constitúe un dos signos de certeza da mesma.

lívido -a *adx.* 1. Que presenta lividez. 2. Que presenta unha intensa palidez.

lixivia *s.f.* 1. Solución alcalina ou salina obtida mediante lixiviación. 2. Solución concentrada de sosa ou de potasa.

lixiviación *s.f.* Método químico e farmacolóxico utilizado para obte-los perfumes, os alcaloides ou outros principios contidos nas substancias orgánicas. Esencialmente consiste en pasar lentamente un disolvente, xeralmente auga, éter ou alcohol, a través dunha substancia pulveri-

zada e disposta nunha capa, coa finalidade de extraer unha ou varias substancias solubles.

lm Abreviatura do lumen. V. **lumen**.

Loa Xénero de vermes nematodos filarioides, da superfamilia dos filaroides, parasitos do ser humano. A forma adulta, duns 5 cm. de lonxitude, vive no tecido conxuntivo subcutáneo e a microfilaria no sangue. // **Loa loa** Especie principal do xénero *Loa*, que infecta o ser humano mediante a picada de dípteros do xénero *Chrysops*, que actúa como hóspede intermedio e como vector, moi frecuente no oeste e no centro de África. Os vermes adultos atópanse frecuentemente na conxuntiva do ollo, mentres as microfilarias circulan polo sangue, para ir a distintas áreas do tecido subcutáneo, no que producen zonas de inflamación características, formando o denominado edema do Calabar. O tratamento esencial é a dietilcarbamicina.

loaiase *s.f.* Infestación producida por filarias do xénero *Loa*.

lobectomía *s.f.* Denominación xeral dada á extirpación cirúrxica dun lobo.

Lobelia Xénero de plantas da familia das lobeliáceas. Comprende unhas trescentas especies, que se atopan nas rexións cálidas e tépedas da terra, das que a *L. inflata* (tabaco indio), posúe propiedades sedantes, depresivas, eméticas e expectorantes.

lobelina *s.f.* Alcaloide extraído do tabaco indio (*L. inflata*), que posúe propiedades estimulantes do sistema nervioso central, principalmente do bulbo. Utilizouse terapêuticamente como analéptico respiratorio, aínda que actualmente se discute a súa eficacia.

lobelismo *s.m.* Intoxicación producida por plantas do xénero *Lobelia*.

lobiño *s.m.* 1. Popularmente, tumor quístico subcutáneo, especialmente o quiste sebáceo. 2. Popularmente, bocio.

lobite *s.f.* Inflamación dun lobo, especialmente do pulmón. V. **lobulite**.

lobo *s.m.* 1. Porción arredondada e saínte de diversos órganos. 2. Cada unha das partes máis ou menos diferenciadas anatomicamente nas que se divide un órgano, principalmente o fígado, o cerebro e o pulmón. // **L. apendicular** Anomalía estrutural do fígado, consistente nunha porción de substancia hepática con forma de lingua, accesoria do lobo dereito deste órgano. Tamén se di **lobo de Riedel**. / **L. cacuminal** Lobo semilunar superior do cerebelo. / **L. cadrado** Lobo hepático localizado na cara inferior deste órgano, por diante do suco transversal. Tamén se di **eminencia porta anterior do fígado**. / **L. caudado** 1. Porción do lobo medio ou central do cerebelo. 2. Pequeno lóbulos hepático, limitado á dereita pola vea cava inferior e á esquerda pola inserción do ligamento gastrohepático, que o separa do lobo esquerdo do fígado. Tamén se di **lobo de Spiegel**, **eminencia porta posterior do fígado**. / **L. central do cerebelo** Porción do vermis do cerebelo, localizada entre a línula, que o limita por

diante, e o culmen que o fai por detrás. / **L. cerebeloso** Cada unha das divisións do cerebelo, que segundo a clasificación de Larsell consta de lobo floculonodular, lobo anterior, lobo medio e lobo posterior. / **L. cerebral** Cada un dos lobos, frontais, parietais, temporais, occipitais, do corpo caloso, límbico e da illa de Reil, nos que se divide externamente o cerebro. / **L. cuadrilátero** 1. Porción do lobo parietal do cerebro localizada pola cara interna do mesmo e limitada por diante pola fendedura calosa marxinal, por detrás pola fendedura perpendicular interna e por debaixo polo suco subparietal. Tamén se di **circunvolución parietal superior**, **circunvolución parietal interna**, **preuña**. 2. Lobo dos hemisferios do cerebelo, localizado entre a á do lobo central e o lobo semilunar superior. Divídese nun lobo cuadrilátero anterior e un lobo cuadrilátero posterior, separados pola fendedura prima. / **L. cuneiforme** Sexta circunvolución do lobo occipital do cerebro, localizada na cara interna do mesmo. Tamén se di **uña**. / **L. da hipófise** Cada unha das dúas porcións nas que se divide a glándula hipófise humana, anterior ou adenohipófise e posterior ou neurohipófise, separadas pola pars intermedia, que no ser humano non está desenvolvida coma noutros vertebrados superiores. / **L. da illa** Lobo da illa de Reil. V. **illa**. / **L. da illa de Reil** V. **illa**. / **L. da orella** Porción inferior carnosa da orella. / **L. de Reil** Lobo da illa de Reil. V. **illa**. / **L. de Riedel** V. **l. apendicular**. / **L. de Spiegel** V. **L. caudado**. / **L. de Wrisberg** Porción de pequeno tamaño do lobo superior do pulmón separado do resto pola vea ácigos. / **L. digástrico** Lobo dos hemisferios do cerebelo, localizado na cara inferior do mesmo, entre o lobo semilunar inferior e as amígdalas cerebelosas. / **L. do corpo caloso** Lobo situado na cara interna dos hemisferios cerebrais, limitado polo corpo caloso, a fendedura calosa marxinal, o suco subparietal e a unión da fendedura perpendicular interna e a fendedura calcarina. Rodea o corpo caloso e continúa coa circunvolución parahipocámpal, a través do istmo. Tamén se di **circunvolución do corpo caloso**. / **L. do hipocampo** V. **hipocampo**. / **L. fusiforme** Porción posterior da primeira circunvolución temporoccipital. / **L. hepático** Cada un dos lobos, dereito, esquerdo, cadrado e de Spiegel ou caudado, pertencentes ó fígado. / **L. límbico** Lobo cerebral descrito por Broca, constituído pola quinta circunvolución temporal e o lobo ou circunvolución do corpo caloso. No seu interior localízanse as circunvolucións intralímbicas. Tamén se di **circunvolución límbica**. / **L. olfactorio** Porción engrosada ou bulbo do nervio olfactorio, localizado na porción superior da lámina cribosa do etmoide. / **L. piramidal da tiroide** Prolongación de forma piramidal do bordo superior do istmo do tiroide, xeralmente localizado á esquerda da liña media deste órgano. / **L. semilunar** Cada un dos dous lobos, superior e inferior dos hemisferios cerebelosos, que se encontran localizados entre o lobo cuadrilátero posterior e o lobo digástrico e separados entre si polo suco circunferencial. / **L. vermiforme** Parte central do cerebelo, alongada e de aspecto anelado, localizada entre os hemisferios cerebelosos. Tamén se di **vermis**.

lobópodo *s.m.* Pseudópodo con forma lobulada.

lobotomía *s.f.* Sección cirúrxica dun lobo. // **L. cerebral** Sección cirúrxica da substancia cerebral, utilizada na corrección dalgúns trastornos mentais.

Lobstein, enfermidade de V. enfermidade.

lobulite *s.f.* Inflamación dun lobo.

lóbulo *s.m.* Lobo pequeno ou subdivisión dun lobo. // **L. do epidídimo** Cada unha das partes con forma de cuña da cabeza do epidídimo, que comprenden un conducto deficiente único. / **L. hepático** Unidade estrutural clásica do fígado, dun ou dous milímetros de diámetro, forma hexagonal e bordos imprecisos, limitadas polos espazos porta, localizados na confluencia de varias destas estruturas e centradas pola vea central do lóbulo.

local *adx.* Do que se encontra circunscrito a un punto ou a unha parte.

localización *s.f.* Fixación do lugar preciso do organismo no que se orixina ou se desenvolve un proceso morboso calquera.

localizado -a *adx.* Que afecta a unha parte ou a unha rexión e non á totalidade do organismo.

localizador *s.m.* Instrumento que utiliza raios X, usado para encontra-la localización de partículas sólidas no interior do globo ocular.

loción *s.f.* Preparación farmacéutica líquida, composta de auga e substancias específicas, que se aplica directamente sobre a pel.

locomoción *s.f.* Facultade que posúen os animais de moverse autonomamente dun lugar a outro.

locuacidade *s.f.* Calidade de locuaz.

locuaz *adx.* Que fala moito.

locus *s.m.* 1. En anatomía, estrutura corporal. 2. En xenética, rexión dun cromosoma ocupada por un xene. // **L. cinereus** Mancha amarela localizada no chan do cuarto ventrículo cerebral, preto da parte superior do suco medio do mesmo. Tamén se di **locus coeruleus**, **locus ferrugineus**. / **L. coeruleus** V. **L. cinereus**. / **L. ferrugineus** V. **locus cinereus**. / **L. niger** Substancia gris que separa as capas superior e inferior da substancia branca dos pedúnculos cerebrais. Tamén se di **l. de Sömering**. / **L. de Sömering** V. **l. niger**.

logadectomía *s.f.* Extirpación dunha porción da conxuntiva.

logadite *s.f.* Inflamación da conxuntiva ou da esclerótica.

logastenia *s.f.* Dificultade para a compresión da linguaxe.

logoclonia *s.f.* Trastorno da linguaxe caracterizado pola repetición das sílabas finais das palabras, presente nalgúns trastornos psiquiátricos.

logocofose *s.f.* Xordeira verbal ou incapacidade para comprende-la linguaxe falada, pero non a escrita.

logomanía *s.f.* V. **logorrea**.

logopedia *s.f.* Ciencia que estudia os trastornos da linguaxe e o seu tratamento.

logoplexía *s.f.* Parálise dos órganos da linguaxe.

logorrea *s.f.* Fala incontinente que aparece nalgúns alteracións mentais. Tamén se di **logomanía**, **verborrea**.

logospasmo *s.m.* 1. Trastorno da linguaxe caracterizado pola pronunciación espasmódica das palabras. 2. Espasmo que afecta ós órganos da articulación da palabra.

lomba *s.f.* Corcova, chepa ou xiba; vulto que posúen algunhas persoas no lombo.

lombo *s.m.* 1. Porción dorsal do corpo humano localizada entre o tórax e a pelve. 2. Porción do corpo dos animais localizada entre o pescozo e as ancas.

lomboabdominal *adx.* Relativo ó lombo e ó abdome.

lombocolostomía *s.f.* Abertura permanente no colon a través dunha incisión realizada na rexión lumbar.

lombocostal *adx.* Relativo ás vértebras lombares e ás costelas.

lomboiliaco -a *adx.* Relativo ó lombo e ó ilio.

lombosacro -a *adx.* Relativo ó lombo e ó sacro.

lomboumeral *adx.* Relativo ó lombo e ó úmero.

lombriga *s.f.* 1. Denominación popular dada ós vermes parasitarios do intestino, especialmente ó *Ascaris lumbricoides*, verme nematelminto parasito do intestino humano. 2. Verme da familia dos lumbrícidos, de corpo cilíndrico e anelado que vive en terreos húmidos, que se utiliza frecuentemente como cebo para a pesca. Tamén se di **miñoca**.

lombriguento -a *adx.* Do que está parasitado por lombrigas intestinais.

longo -a *adx.* Que ten máis lonxitude que anchura.

lonxevidade *s.f.* Calidade de lonxevo.

lonxevo -a *adx.* Moi vello, que ten unha idade moi avanzada.

lonxitudinal *adx.* 1. Pertencente ou relativo á lonxitude. 2. Colocado no sentido ou dirección do eixe maior do corpo.

loquiocito *s.m.* Célula decidual presente caracteristicamente nos loquios.

loquicolpos *s.m.* Distensión da vaxina producida pola retención dos loquios no seu interior.

loquiómetra *s.m.* Distensión do útero producida pola retención dos loquios no mesmo.

loquiometrite *s.f.* Inflamación uterina que ocorre durante o puerperio.

loquiópira *s.f.* Febre que aparece durante o período puerperal.

loquiorrea *s.f.* Fluxo de loquios anormalmente abondoso.

loquios *s.m.pl.* Fluxo serosanguinolento vaxinal, procedente do útero, que se produce durante as primeiras semanas despois do parto.

loquiosquese *s.f.* Retención dos loquios no interior da vaxina ou no útero. Tamén se di **loquiostase**.

loquiostase *s.f.* V. **loquioquese**.

loracepam *s.m.* Fármaco benzodiacepínico de vida media curta e fórmula $C_{15}H_{10}C_{12}O_2$. Utilízase como ansiolítico.

lordoscoliose *s.f.* Lordose asociada a escoliose.

lordose *s.f.* Cada unha das curvaturas de convexidade anterior, que existen normalmente na columna vertebral nas rexións cervical e lumbar.

louco -a *adx. e s.* Afectado pola loucura. Tamén se di **toló**.

loucura *s.f.* Trastorno caracterizado pola alteración profunda das facultades mentais, psicose. Tamén se di **tolemia**.

loureiro *s.m.* Árbore ou arbusto da familia do xénero *Laurus*, que posúe follas de cor verde escura e flores aromáticas agrupadas. Utilízase como planta medicinal e como condimento alimentario.

loxapina *s.f.* Medicamento pertencente ó grupo dos antidepressivos tricíclicos. Fórmula $C_{18}H_{18}CLN_3O$.

-loxía Sufixo que significa estudo, tratado ou ciencia da área indicada pola raíz á que vai unida.

loxociese *s.f.* Posición oblicua dun útero grávido.

loxótico -a *adx.* Do que está en posición oblicua ou inclinada.

loxotomía *s.f.* Amputación oblicua dunha parte.

LSD Siglas da dietilamida do ácido lisérxico (*Lysergic acid diethylamide*), composto semisintético obtido dos alcaloides do caruncho, e concretamente do ácido lisérxico, que posúe unha acción esencialmente psicotomimética, producindo excitación psíquica, que orixina distorsión das sensacións, alucinacións, esencialmente visuais, e fenómenos de despersonalización. Tamén se di **liserxida**.

Lu Símbolo químico do lutecio.

luar *s.m.* 1. Luz da lúa. 2. Claro da lúa.

lucidez *s.f.* Claridade e precisión do razoamento.

lúcido -a *adx.* Que posúe un razoamento claro, especialmente dos intervalos de normalidade que ocorren nalgunhas alteracións psiquiátricas e o tempo que transcorre entre o padecemento dun traumatismo cranial e a perda da conciencia posterior ó mesmo.

lucífugo -a *adx.* Que evita ou rexeita a luz. Tamén se di **fofóbo**.

Lucilia Xénero de dípteros braquíceros ciclorrafos, de cores metálicas con iridescencias verdes e azuis, das que algunhas especies como *L. caesar* e *L. hominivorax*

poden ser parasitarias do home ó deposita-los seus ovos nas fosas nasais ou nos ollos.

ludoterapia *s.f.* Psicoterapia que utiliza o xogo como elemento terapéutico.

Ludwig, anxina, ganglio de V. anxina, ganglio.

lúes *s.f.* Sífilis.

luetina *s.f.* Cultivo puro de *Treponema pallidum*, utilizado na realización de probas de dermorreacción sifilítica.

lumbago *s.m.* Sensación dolorosa localizada na rexión lumbar. Tamén se di **lumbalxia**.

lumbalxia *s.f.* V. **lumbago**.

lumbar *adx.* Pertencente ou relativo á rexión lumbar.

lumbartria *s.f.* Espondilartrite localizada nas vértebras lombares.

lumbrical *adx.* 1. Relativo ou pertencente ás lombrigas. // *s.m.* 2. Músculo da palma da man e da planta do pé que posúe unha función flexora da primeira falanxe e extensora da segunda e da terceira.

lumbricida *adx.* Do que mata as lombrigas ou os vermes.

lumbricoide *adx.* Semellante ás lombrigas.

lumbricose *s.f.* Infestación con vermes intestinais.

Lumbricus Xénero de vermes anélidos ó que pertence a lombriga de terra.

lumen *s.m.* 1. Luz dos vasos ou dos conductos orgánicos. 2. Unidade de fluxo luminoso. O seu símbolo é *lm*.

luminal *adx.* 1. Relativo ó lumen. 2. Ácido feniletilbarbitúrico, utilizado como hipnótico e antiepiléptico.

luminescencia *s.f.* Emisión de luz por un corpo sen aumento apreciable da temperatura, sendo esta luz case unicamente visible na escuridade, como sucede coa que desprenden os vagalumes ou algunhas madeiras e mineirais.

luminescente *adx.* Do que posúe luminescencia.

luminosidade *s.f.* 1. Calidade de luminoso. 2. Intensidade da luz emitida por un corpo luminoso.

luminoso -a *adx.* Que posúe luz propia.

lumisterol *s.m.* Producto que se obtén da irradiación do ergosterol con luz ultravioleta.

lunar *adx.* 1. Relativo ou pertencente á lúa. // *s.m.* 2. Mancha pigmentaria máis ou menos escura localizada en calquera parte da pel e constituída por acumulacións de melanocitos funcionantes.

lunático -a *adx. e s.* 1 Que padece loucura ou cambios de carácter temporais. 2. Caprichoso ou fantasioso.

lúnula *s.f.* Espacio abrancazado de forma semilunar localizado na raíz das unllas.

lupa *s.f.* Lente converxente coa que se ve aumentado o tamaño dos obxectos.

lúpico -a *adx.* Relativo ou pertencente ó lúpus.

lupinina *s.f.* Alcaloide tóxico que se obtén de diversas especies do xénero *Lupinus*, especialmente da fariña do chícharo bravo.

lupinose *s.f.* Estado tóxico que se produce pola inxestión de chícharos bravos.

lupinotoxina *s.f.* Principio aromático tóxico que se obtén da fariña dos chícharos bravos.

Lupinus Xénero de plantas leguminosas da familia das papilionáceas, que comprende máis de 250 especies entre as que se encontra o chícharo bravo (*L. albus*), utilizado como alimento nalgúns países mediterráneos e tamén na realización de cataplasmas.

lupoide *adx.* Semellante ó lúpus.

lupoma *s.m.* Tubérculo do lúpus.

lupulina *s.f.* Principio amargo e acedo do lupulino.

lupulino *s.m.* Po resinoso, amargo, de cor amarela, que se obtén do lúpulo. Posúe propiedades tónicas, diuréticas, sedantes e estomáquicas. Utilízase esencialmente para aromatiza-la cervexa, á que dá o seu sabor amargo, ó tempo que favorece a súa conservación.

lúpulo *s.m.* Planta rubideira da familia das cannabáceas, da que se utilizan os seus froitos para proporcionar aroma e sabor á cervexa e da que se obtén o lupulino.

lupus *s.m.* Doenza da pel e das mucosas, caracterizada pola aparición de tubérculos que se ulceran e pola tendencia á expansión. // **L. eritematoso** Denominación que engloba o lupus eritematoso fixo ou discoide e o lupus eritematoso sistémico. / **L. eritematoso crónico** V. **L. eritematoso discoide**. / **L. eritematoso discoide** Dermatite inflamatoria superficial crónica, xeralmente destructiva, caracterizada inicialmente pola aparición de placas ben delimitadas, cunha lixeira infiltración superficial, eritematosas, cos orificios foliculares marcados, dilatados e ás veces hiperqueratósicos. Estas lesións mantéñense moito tempo, cunha lenta tendencia a se estender polos seus contornos, aparecendo de cando en vez algunha nova lesión. Co paso do tempo desenvólvese unha atrofia esclerosa das lesións, formándose deste xeito áreas de cicatrices sobre as zonas afectadas, que son normalmente o coiro cabeludo e as áreas descubertas da pel, principalmente na cara, sobre as rexións malares, dorso do nariz e pavillón auricular, cunha distribución característica en forma de ás de bolboreta. Tamén se di **lupus eritematoso crónico**, **L. eritematoso fixo**. / **L. eritematoso diseminado** V. **L. eritematoso sistémico**. / **L. eritematoso fixo** V. **L. eritematoso discoide**. / **L. eritematoso profundo** Variante do lupus eritematoso discoide ou do lupus eritematoso sistémico, na que aparecen nódulos subcutáneos ou lesións induradas profundas, debaixo dunha pel normal ou afectada por placas de lupus eritematoso. / **L. eritematoso sistémico** Enfermidade multisistémica de etiología descoñecida, que afecta case sempre a mulleres en idade fértil, caracterizada por unha afectación da pel e de practicamente

calquera sistema do organismo. Caracteristicamente fórmanse unha gran variedade de autoanticorpos e inmunocomplexos patóxenos, que xunto coa incapacidade do organismo para eliminalos, constitúen as alteracións subxacentes básicas desta enfermidade. Xeralmente evoluciona presentando períodos de actividade e outros de relativa inactividade, aínda que o curso pode ser moi variable, dende leve e intermitente ata persistente e incluso mortal. A supervivencia media é aproximadamente do 71% ós dez anos, sendo as principais causas da morte as infeccións e a insuficiencia renal. Tamén se di **lupus eritematoso diseminado**, **L. eritematoso xeneralizado**. / **L. eritematoso xeneralizado** V. **L. eritematoso sistémico**. / **L. hipertrófico** Variante do lupus vulgar na que aparecen lesións vexetativas verrugosas, xeralmente con cotras exsudativas, localizadas principalmente sobre outras lesións húmidas nas áreas da pel próximas ós orificios do corpo. / **L. inducido por fármacos** Cadro clínico semellante ó lupus eritematoso diseminado, provocado polo uso de diversos fármacos, esencialmente hidralacina, isoniacida, diversos anticonvulsionantes e procainamida. / **L. pernio** Lesións cutáneas características da sarcoidose, que forman infiltracións difusas localizadas no lobo da orella, no nariz, nas rexións malares e no dorso das mans, de cor eritematocianótica e conxestivas. / **L. vulgar** Forma máis corrente e grave da tuberculose cutánea, que afecta principalmente á cara, caracterizándose pola aparición de manchas castaño-avermelladas, formadas por unha acumulación de nódulos, que curan lentamente nalgunhas zonas, mentres progresan estendéndose en sentido periférico por outras, con aparición dunha atrofia central e ulceración cicatricial, producindo a destrución das cartilaxes das zonas afectadas.

Luschka, ligamento de V. **ligamento**.

lutecio *s.m.* Elemento químico metálico do grupo das terras raras, de número atómico 71 e masa atómica 175. Símbolo Lu.

luteína *s.f.* Pigmento de cor amarela que se atopa no corpo lúteo, nas follas dos vexetais e na xema dos ovos.

luteinización *s.f.* Proceso mediante o cal un folículo ovárico postovulatorio, baixo a acción da LH, se transforma en corpo lúteo, caracterizado polo aumento da vascularización, a hipertrofia das células foliculares e a acumulación de lípidos nas mesmas.

lúteo -a *adx.* De cor amarela, aplicado a algunhas formacións anatómicas que posúen esta cor, como o corpo lúteo ou a mácula ou mancha lútea ou amarela do ollo.

luteoma *s.m.* 1. Tumor das células da granulosa e da teca no que produce un proceso de luteinización. 2. Hiperplasia nodular das células luteínicas do ovario que aparece algunhas veces durante a fase final do embarazo.

luteotrófico -a *adx.* Que estimula a formación e o mantemento do corpo lúteo.

Lutz-Splendore-Almeida, enfermidade de V. **enfermidade**.

lux *s.m.* Unidade de luminosidade no sistema internacional. Equivale a un lumen por metro cadrado. Símbolo lx.

luxación *s.f.* Dislocación dunha parte, especialmente aquelas lesións caracterizadas polo desprazamento dun óso fóra do lugar onde está normalmente articulado. // **L. completa** Aquela na que se separan completamente as superficies que compoñen unha articulación. / **L. complicada** Aquela na que a articulación comunica co exterior a través dunha ferida. Tamén se di **luxación composta**. / **L. composta** V. l. **complicada**. / **L. conxénita** Luxación que ocorre antes do nacemento ou durante o parto, ou ben posteriormente como consecuencia dunha anomalía do desenvolvemento articular do neno. / **L. do cristalino** Desprazamento do cristalino da súa posición normal como consecuencia da rotura dos seus medios de fixación. / **L. espontánea** V. l. **patolóxica**. / **L. incompleta** Aquela na que se produce o desprazamento parcial das superficies articulares dunha articulación, mentres os ósos que a compoñen permanecen en contacto. Normalmente produce unha lasitude residual. Tamén se di **subluxación**. / **L. patolóxica** Aquela que se produce cando existe unha certa lasitude inherente ligamentosa, ou unha tracción muscular anormal, como sucede nalgúns trastornos neurolóxicos nos que existe unha parálise muscular. Tamén se di **l. espontánea**. / **L. pechada** A que non se complica con ningunha ferida ou traumatismo. Tamén se di **luxación simple**. / **L. recidivante** Aquela que se repite frecuentemente, aínda en ausencia dun traumatismo, como consecuencia da aparición dunha articulación inestable cando, tras unha primeira luxación, persiste unha brecha non cicatrizada na cápsula articular.

/ **L. simple** V. l. **pechada**. / **L. traumática** Aquela que se produce como consecuencia dun traumatismo sobre a articulación afectada. Constitúe o mecanismo máis frecuente de produción das luxacións.

luz *s.f.* 1. Radiación electromagnética, que nas lonxitudes de onda entre 400 e 780 nm corresponde á zona de sensibilidade do ollo humano normal, no que produce, mediante a estimulación da retina, a sensación da visión. 2. Interior dun vaso ou dun conducto calquera. / **L. de Wood** Luz procedente dunha fonte de vapor de mercurio que pasa a través dun filtro de óxido de níquel (filtro de Wood), o cal elimina as radiacións visibles, deixando pasa-las radiacións do espectro de luz ultravioleta, que excitan a fluorescencia. Utilízase como medio diagnóstico nalgunhas dermatopatías, como diversas micoses do coiro cabeludo, o eritema, as porfirias e detecta a presenza de minerais fluorescentes. Tamén se di **l. negra**. / **L. intrínseca da retina** Luz mínima que existe sempre no campo visual. / **L. iridorretiniana** Sensación de luz que se produce en ausencia total de ondas electromagnéticas. / **L. negra** V. l. **de Wood**. / **L. polarizada** Aquela na que as súas vibracións se producen sobre un plano en círculos ou elipses.

lx Símbolo do lux. V. **lux**.

Lycoperdon Xénero de gasteromicetos de forma ovoide, parasitos de organismos vexetais, que posúen aparellos aéreos produtores de esporas, e que na madurez se converte nun saco cheo de esporas.

Lyell, enfermidade de V. **enfermidade**.

Lyme, enfermidade de V. **enfermidade**.

M

M Abreviatura de *mega-* e de *molar* (concentración).

m Abreviatura de *metro*, *mediana* e *mili-*.

mA Abreviatura de miliampere.

Macaca Xénero de primates da familia dos cercopitécidos entre os que se inclúen os macacos. A especie *Macaca mulata* utilízase frecuentemente en medios de laboratorio para estudos fisiolóxicos.

macela *s.f.* 1. Planta herbácea semellante á macela común (*Matricaria chamomilla*) que comprende diversas especies dos xéneros *Anacyclus*, *Anthemis*, *Artemisia*, *Cota*, *Cotula*, *Matricaria* e *Santolina*. A macela común utilízase na composición de infusións, aceites, augas, bálsamos, electuarios, fomentos e unguentos. A macela romana (*Anthemis nobilis*), utilízase en infusión como dixestivo e posúe propiedades vermífugas, antipiréticas, tónicas, estimulantes e antiespasmódicas. 2. Flor ou conxunto de flores destas plantas. 3. Infusión realizada coas flores da macela, utilizada como axente dixestivo.

maceración *s.f.* Operación consistente en introducir unha substancia orgánica nun líquido durante un certo tempo, coa finalidade de obter unha disolución dos principios solubles da devandita substancia. // **M. fetal** Conxunto de modificacións que sofre, pola acción do líquido amniótico, un feto morto e retido no interior da cavidade uterina.

macerado -a *adx.* 1. Sometido a maceración. // *s.m.* 2. Líquido que contén os principios solubles dunha substancia obtidos mediante un proceso de maceración.

macho *s.m.* 1. Animal pertencente ó sexo masculino dunha especie. 2. Variedade de tubérculo que aparece na leishmaniose cutánea.

Mackenrodt, ligamento de V. ligamento.

macro- Prefixo do gr. *makrós* (grande).

macrobiótico-a *adx.* 1 Relativo ó réxime alimenticio baseado na inxesta de cereais integrais, hortalizas en xeral, legumes e algas mariñas non sometidos a procesos de transformación industrial nin tratamentos químicos. // *s.f.* 2 Ciencia que estudia os medios adecuados para vivir moitos anos.

macroblasto *s.m.* Eritrocito nucleado anormalmente grande con trazos megaloblásticos.

macroblefaria *s.f.* Tamaño anormalmente grande das pálpebras.

macrobraquia *s.f.* Presencia de brazos anormalmente grandes ou longos.

macrocardio *s.m.* Monstro fetal caracterizado polo tamaño anormalmente grande do corazón.

macrocefalia *s.f.* Tamaño anormalmente grande da cabeza. Tamén se di **megacefalia**, **megalocéfalia**.

macrocisto *s.m.* Vexiga urinaria de tamaño anormalmente grande.

macrocitemia *s.f.* Presencia de macrocitos no sangue.

macrocito *s.m.* Eritrocito de tamaño maior do considerado normal. Tamén se di **megalocito**.

macrocitose *s.f.* Predominio dos macrocitos na fórmula sanguínea. Tamén se di **megalocitose**.

macrocnemia *s.f.* Presencia de pernas de tamaño ou lonxitude anormalmente grande. Tamén se di **macroscelia**, **macroscuelia**.

macrococo *s.m.* Microorganismo de tipo coco que posúen un gran tamaño.

macrocolon *s.m.* Colon de tamaño anormalmente grande. V. **megacolon**.

macrocórnea *s.f.* Córnea de tamaño anormalmente grande.

macroductilia *s.f.* Anormalidade morfolóxica caracterizada polo desenvolvemento excesivo dos dedos. Tamén se di **megalodactilia**.

macrodontía *s.f.* Anomalía morfolóxica caracterizada polo desenvolvemento excesivo dos dentes.

macroencefalia *s.f.* Anomalía morfolóxica caracterizada pola presenza dun encéfalo de tamaño anormalmente grande.

macrófago *s.m.* Calquera das células fagocitarias pertencentes ó sistema reticuloendotelial que se atopan distribuídas en diferentes tecidos do organismo. Entre elas

inclúense os monocitos-macrófagos sanguíneos, as células de Langerhans, as células de Kupffer do fígado, os osteoclastos, as células da microglía do sistema nervioso, as células epitelioides, as células sinoviais de tipo A, as células mensanxiais dos riles e os macrófagos alveolares.

macrofalo *s.m.* Falo ou pene de tamaño anormalmente grande.

macrofisocefalia *s.f.* Aumento do tamaño da cabeza do feto provocado por un enfisema da mesma.

macroftalmía *s.f.* Anomalía morfolóxica caracterizada por un tamaño anormalmente grande dos ollos. Tamén se di **megaloftalmía**.

macrogameto *s.m.* Gameto feminino dalgúns organismos protozoarios, de maior tamaño có gameto masculino ou microgameto. Tamén se di **macrogametocito**, **megagameto**.

macrogametocito *s.m.* V. **macrogameto**.

macrogamia *s.f.* Proceso de conxugación dos protozoos durante a fase de trofozoíto.

macroglía *s.f.* Conxunto das células neurogliais de orixe ectodérmica, entre as que se atopan os astrocitos e os oligodendrocitos.

macroglobulina *s.f.* Globulina plasmática de peso molecular superior a 400.000, que corresponde a inmunoglobulinas da clase M. Ademais das macroglobulinas normais existen macroglobulinas patolóxicas, que se manifestan nas macroglobulinemias, sendo semellantes ás grandes globulinas dos mielomas plasmáticos.

macroglobulinemia *s.f.* Doenza caracteriza pola existencia no plasma dunha cantidade anormalmente elevada de macroglobulinas. // **M. de Waldenström** V. **enfermidade de Waldenström**.

macrogllosia *s.f.* Tamaño anormalmente grande da lingua. Tamén se di **megaloglosia**.

macrognato-a *adx.* 1. Que posúe unha mandíbula de tamaño excesivamente grande. // 2. *s.f.* Presencia dunha mandíbula excesivamente grande.

macrografía *s.f.* Anormalidade patolóxica da escritura, caracterizada pola realización de letras de tamaño desmesurado.

macrolabia *s.f.* Anomalía morfolóxica caracterizada pola presenza de labios de tamaño anormalmente grande. Tamén se di **macroqueilia**.

macrólido *s.m.* Calquera dos antibióticos pertencentes ó grupo dos macrólidos, entre os que se atopan a eritromicina, a espiramicina, a oleandomicina, a kitasamicina e os novos macrólidos como a roxitromicina, a claritromicina ou a midecamicina. A eritromicina é activa fronte *Mycoplasma pneumoniae*, *Legionella*, *Haemophilus*, *Bordetella*, algúns cocos grampositivos (estreptococos β-hemolíticos do grupo A e pneumococos) e cocos gramnegativos. Os novos macrólidos teñen unha mellor

penetración intracelular e unha dosificación máis cómoda, presentando algúns maior actividade in vitro e un espectro de acción máis amplo.

macrolinfocito *s.m.* Linfocito de tamaño anormalmente grande.

macrolinfocitose *s.f.* Presencia dun número anormalmente elevado de macrolinfocitos no sangue.

macromanía *s.f.* Anomalía mental caracterizada por unha interpretación do tamaño dos obxectos ou das partes do corpo dun tamaño maior ó real.

macromastia *s.f.* Tamaño anormalmente grande das mamas.

macromelia *s.f.* V. **acromegalia**.

macromieloblasto *s.m.* Mieloblasto de tamaño excesivamente grande.

macromolécula *s.f.* Molécula grande constituída por cadeas poliméricas, entre as que se atopan proteínas, polisacáridos e outros polímeros naturais ou sintéticos.

macromonocito *s.m.* Monocito de tamaño maior ó considerado normal.

macroniquia *s.f.* Unllas excesivamente grosas ou de lonxitude esaxerada.

macronormoblasto *s.m.* Normoblasto de tamaño maior ó considerado normal.

macronúcleo *s.m.* Núcleo de maior tamaño dos dous que presentan os protozoos ciliados. Posúe funcións vexetativas. Tamén se di **megalonúcleo**.

macroorquidia *s.f.* Tamaño anormalmente grande dos testículos.

macroparasito *s.m.* Organismo parasitario macroscópico.

macropodia *s.f.* Tamaño anormalmente grande dos pés. Tamén se di **megalopodia**.

macropsia *s.f.* Ilusión óptica na que os obxectos se ven dun tamaño maior ó real. Tamén se di **megalopía**, **megalopsia**.

macroqueilia *s.f.* V. **macrolabia**.

macroqueria *s.f.* Tamaño anormalmente grande das mans. Tamén se di **megaloqueiria**.

macrorrinia *s.f.* Tamaño anormalmente grande do nariz.

macroscelia *s.f.* V. **macrocnemia**.

macroscopia *s.f.* Exame dos tecidos a simple vista, sen utilización de medios ópticos de aumento.

macroscópico -a *adx.* Que se percibe a simple vista, sen necesidade de utilizar medios ópticos de aumento.

macrosigma *s.f.* Tamaño ou dilatación excesiva do colon sigmoide.

macrosmia *s.f.* Sentido do olfacto esaxeradamente desenvolvido.

macrosoma *s.m.* Denominación dos gránulos de gran tamaño que se atopan no interior do núcleo das células.

macrosomía *s.f.* Tamaño excesivo do corpo ou dunha parte do mesmo. Tamén se di **megasomía**.

macrosplacnia *s.f.* Tamaño excesivo dunha ou máis vísceras. Tamén se di **megalosplacnia**.

macroscuelia *s.f.* V. **macrocnemia**.

macrostereognosia *s.f.* Alteración do sentido do tacto, na que os obxectos se perciben dun tamaño maior ó real.

macrostesia *s.f.* Percepción táctil esaxerada.

macrostomía *s.f.* Tamaño anormalmente grande da boca.

macrotia *s.f.* Tamaño anormalmente grande das orellas.

macrotiria *s.f.* Tamaño anormalmente grande da glándula tiroide.

macroxenitosomía *s.f.* Desenvolvemento precoz e excesivo dos xenitais externos e dos caracteres sexuais secundarios do home, xeralmente secundario a unha hiperplasia conxénita suprarrenal ou a algúns outros trastornos orgánicos ou funcionais que afectan á regulación das hormonas sexuais.

macroxina *s.f.* Femia de tamaño superior ó normal naquelas especies nas que existe polimorfismo sexual.

mácula *s.f.* 1. Lesión elemental plana e macroscópica da pel, consistente nun cambio na coloración normal da mesma. Tamén se di **mancha**. 2. Estructura anatómica caracterizada polo seu pequeno tamaño ou por un cambio na coloración con respecto ó tecido que a rodea. // **M. albida** Mancha abrancazada que aparece nas serosas despois da morte. / **M. cribosa** Zona furada localizada na parede do vestíbulo, que constitúe un lugar de paso dos filamentos do nervio auditivo. Tamén se di **mancha acústica**. / **M. densa** Área especializada da parte recta do epitelio dos túbulos contornados distais das nefronas, que se atopa no lugar no que os túbulos contactan cos seus glomérulos, entre as arteriolas aferente e eferente. Forma parte do aparello xustaglomerular, elemento fundamental do compoñente estrutural do sistema renina-anxiotensina. / **M. lútea** Punto de mellor visión da retina, localizado por debaixo e por fóra da papila óptica. Tamén se di **mancha amarela**.

maculopápula *s.f.* Lesión cutánea, morfoloxicamente constituída por unha combinación das características típicas das máculas e as pápulas.

macumba *s.f.* Culto de orixe africana no que os participantes entran en trazo ó seren posuídos polos deuses.

macumbista *s.* Persoa que practica a macumba.

madarose *s.f.* Perda anormal dos pelos das células ou das pestanas.

Madura, pé de *s.m.* Micetoma endémico da rexión de Madura, na India, que aparece frecuentemente en tódalas áreas tropicais e ocasionalmente en calquera outra parte

do mundo. Prodúcese pola infección con diversas especies de fungos saprófitos do chan, que penetran no organismo a través de pequenos traumatismos da pel. Afecta principalmente á extremidade inferior, aínda que tamén pode afectar á superior. Caracterízase pola tumefacción do pé e a presenza na pel do mesmo de vesículas e nódulos, propagándose posteriormente ós planos óseos profundos, onde ocasiona unha gran destrución de tecido con formación de fístulas abertas ó exterior que drenan unha escasa cantidade de pus con grans de diversas cores dependendo do axente causal da enfermidade. Estes grans son brancos nas infeccións orixinadas por *Nocardia*, *Allescheria* e *Streptomyces*, excepto o *S. pelletieri*, que produce grans de cor vermella; as infeccións causadas por *Madurella* producen pus con grans de cor negra. Tamén se di **maduromicose**.

maduración *s.f.* 1 Proceso da evolución física e psíquica do ser humano cara ó estado adulto. 2. Proceso da formación do pus no transcurso das patoloxías infecciosas pióxenas. 3. Proceso da transformación dunha serie celular ata chegar ó seu estado máis desenvolvido. 4. Proceso do desenvolvemento dunha lesión corporal.

madurativo -a *adx.* Dos mecanismos utilizados para favorece-la formación de pus nas lesións infectadas.

Madurella Xénero de fungos patóxenos, entre os que se atopa o *M. mycetomi*, un dos axentes causantes dos micetomas do pé e da man.

madurez *s.f.* Estado dos organismos maduros.

maduro -a *adx.* 1. Que completou plenamente o seu desenvolvemento acadando o seu estado adulto. 2. Dos abscesos nos que finalizou o proceso de formación de pus.

maduromicose *s.f.* V. **Madura, pé de**.

magaldrato *s.m.* Combinación de hidróxido de aluminio e hidróxido de magnesio, utilizado como antiácido oral.

magma *s.m.* 1. Refugallo espeso que queda dunha substancia calquera despois de se espremer. 2. En farmacia, suspensión dunha grande cantidade de precipitado en moi pouco líquido. 3. En química, mestura de substancias en estado pastoso.

magnesemia *s.f.* Determinación da cantidade de magnesio ou dos seus compostos presente no sangue.

magnesia *s.f.* Óxido ou hidróxido de magnesio, substancia branca, terrosa, inodora, insípida e lixeiramente alcalina, que posúe propiedades absorbentes, antiácidas e laxantes.

magnesio *s.m.* Metal branco e lixeiro, de número atómico 12, masa atómica 24,302 e de símbolo Mg. // **Citrato de m.** Po ou gránulos inodoros utilizados como catárticos lixeiros. / **Fosfato de m.** Po branco pesado utilizado como antiácido. / **Hidróxido de m.** Po branco utilizado como antiácido e catártico. / **Óxido de m.** V. **magnesia**. / **Salicilato de m.** Sal de magnesio do ácido salicílico utilizado como axente anticatártico.

magnesita *s.f.* Carbonato de magnesio natural, utilizado na elaboración de vendas e apósitos.

magnetismo *s.m.* 1. Forza de atracción dos imáns. 2. Conxunto dos fenómenos de atracción ou de repulsión producidos pola acción dos imáns ou das correntes eléctricas. 3. Rama da física que estudia as propiedades da materia imantada e dos imáns. // **M. animal** Teoría de Mesmer, segundo a cal a influencia dos corpos celestes, semellante á dos imáns, exerce sobre os seres vivos a través dun fluído no que estes se atopan mergullados. O home podería concentrar este fluído e dirixilo sobre outros seres, mediante un contacto inmediato ou a distancia. As enfermidades serían unha consecuencia dunha insuficiencia ou dun bloqueo deste fluído no organismo e poderíanse tratar mediante unha terapia de desbloqueo ou de recarga do mesmo. Tamén se di **hipnotismo**, **mesmerismo**.

magnetita *s.f.* Mestura magnética de óxidos de ferro. É unha mena esencial do ferro.

magnetización *s.f.* Acción de comunicar a un corpo propiedades magnéticas e efecto desta acción.

magnetoterapia *s.f.* Rama terapéutica que pretende o tratamento das enfermidades mediante a utilización de imáns ou do hipnotismo.

magnetropismo *s.m.* Influencia do magnetismo sobre o crecemento ou a dirección dun organismo.

magnificación *s.f.* 1. Aumento aparente de tamaño producido por un sistema óptico de amplificación. 2. Calquera proceso que produza un aumento aparente do tamaño dun obxecto.

magnolia *s.f.* 1. Planta arbórea ou arbustiva da familia das magnoliáceas, xénero *Magnolia*. As especies *M. glauca* e *M. tripetala*, de América do Norte, posúen unha cortiza agre de propiedades estimulantes, diaforéticas e antipiréticas. 2. Flor e froito desta planta.

magro -a *adx.* Fraco, delgado, carente de materia graxa.

maicina *s.f.* Proteína que se atopa nas sementes do millo.

maimiño *s.f.* Denominación dada ó quinto dedo do pé e da man.

Maisonneuve, fractura de *V. fractura*.

mal *s.m.* Enfermidade ou doenza. // **M. africano** *V. enfermidade do sono*. / **M. ardente** Enfermidade epidémica gangrenosa, descrita na idade media, producida probablemente por unha intoxicación ergótica a causa da inxestión de pan elaborado con fariña contaminada con caruncho. / **M. comicial** Epilepsia. / **M. curial** Sífilis. / **M. das montañas** Estado morbosos provocado pola diminución da presión atmosférica a grandes alturas, caracterizado pola aparición de vertixe, somnolencia, cefalea, dispnea, hipertensión, vómitos, etc. Tamén se di **mal de altura**. / **M. de altura** *V. m. das montañas*. / **M. de pedra** Litíase renal ou biliar. / **M. de Pott** *V. enfermidade de Pott*. / **M. de unlla** Glosopeda. / **M. francés** Sífilis. / **M. perforante** Lesión que posúe tendencia a

profundar nos tecidos. / **M. perforante plantar** Trastorno que aparece nalgunhas doenzas nerviosas e medulares, esencialmente na lepra, tabe dorsal e na neurite diabética, causado pola presión persistente sobre un punto, que non se rectifica, ben por unha incapacidade motora para facelo ou por unha alteración da sensibilidade táctil, pola que non se percibe a sensación dolorosa. Caracterízase pola formación dunha calosidade na planta do pé, seguida da aparición dunha lesión ulcerosa, inflamación e posible infección das serosas, das membranas sinoviais tendinosas e articulares, osteíte e necrose dos ósos próximos. / **M. venéreo** Sífilis.

malabsorción, síndrome de *V. síndrome*.

malacia *s.f.* 1. Amolecemento anormal dunha parte do organismo. 2. Anomalía do apetito caracterizada polo desexo vehemente de inxerir alimentos moi especiados e de sabor intenso. Tamén se di **malacose**.

malaco- Prefixo do gr. *malakós* (brando, mol).

malacoma *s.m.* Masa orgánica ou tumor de consistencia anormalmente branda.

malacopatía *s.f.* Doenza orixinada polo amolecemento anormal dunha parte ou órgano.

malacoplaquia *s.f.* Presencia de placas de consistencia branda nunha mucosa.

malacosarcose *s.f.* Estado patolóxico caracterizado polo amolecemento anormal dos músculos.

malacose *s.f.* *V. malacia*.

malar *adx.* 1. Relativo ou pertencente ás meixelas. // *s.m.* 2. Óso par, curto e compacto, localizado nos lados da cara, debaixo do frontal, entre o maxilar e os ósos que forman a fosa temporal. Tamén se di **óso cigomático**.

malaria *s.f.* Paludismo.

Malassezia *s.m.* Fungo do xénero *Pityrosporum*. // **M. furfur** Fungo non cultivable, axente causal da pitiríase versicolor. A fase blastosporada do mesmo (*Pityrosporum orbiculare*) é saprófita, atopándose frecuentemente sobre pel de características normais.

malatería *s.f.* *V. leprosería*.

malato *s.m.* Sal do ácido málico.

malleína *s.f.* Substancia extraída dos cultivos do bacilo do mormo (*Malleomyces mallei*), utilizada para realiza-la diagnose desta enfermidade mediante a súa inxección nos animais enfermos e a observación posterior da reacción local que se produce.

maleinización *s.f.* Acción e efecto de inocular con malleína.

maleolar *adx.* Relativo ou pertencente os maléolos.

maléolo *s.m.* Cada unha das prominencias óseas, interna ou tibial e externa ou peronea, existentes no extremo inferior da perna, que forman parte do nocello.

maleotomía *s.f.* 1. Operación cirúrxica consistente na división do martelo do oído medio, utilizada no tratamento da anquilose da cadea de osíños do oído. 2. Operación cirúrxica consistente na separación dos maléolos, mediante a sección dos ligamentos que os unen na articulación do nocello.

malestar *s.m.* Sensación vaga e imprecisa de enfermidade que forma parte do espectro sindrómico de moitas doenzas.

malformación *s.f.* Deformidade dunha parte do corpo de orixe conxénita ou adquirida. // **M. de Arnold-Chiari** Anomalía conxénita caracterizada polo descenso anormal das formacións cerebelosas (ectopía cerebelosa) e bulbares no conducto raquídeo, por debaixo do burato occipital.

málico (ácido) *s.m.* Ácido hidroxí-2 butanodioico, que na súa forma levoxira constitúe un dos metabolitos intermedios do ciclo dos ácidos tricarbóxicos.

malignidade *s.f.* Calidade de maligno.

maligno -a *adx.* Que evoluciona de xeito grave, con perigo para a vida, especialmente os tumores invasivos e metastatizantes.

malnutrición *s.f.* Estado morbo causado por unha nutrición alterada, por exceso, por defecto ou por unha mala asimilación dos nutrientes. // **M. calórico-proteica** Aquela que deriva dunha contribución calórica e proteica insuficiente, a causa dunha dieta escasa ou por diversas circunstancias que impiden unha adecuada asimilación dos nutrientes polo organismo, como sucede nos trastornos da deglución, nas síndromes de malabsorción, etc. Clinicamente ocasiona unha gran diversidade de manifestacións que dependen esencialmente de que se trate dunha carencia total ou parcial de alimentos. Nos nenos existe unha diminución da medra, en tódolos casos adelgazamento, cansazo, apatía, irritabilidade, sensación de frío, edema, diversas alteracións cutáneas, do aparello circulatorio, dos riles, das glándulas endócrinas, do aparello locomotor e do aparello circulatorio. Existe anemia moderada, hipoalbuminemia e tendencia a acidose. / **M. primaria** Aquela que deriva dunha mala conducta alimentaria. / **M. proteica infantil** V. **Kwas-hiorkor**. / **M. secundaria** Aquela na que aínda sendo normal a dieta, esta é insuficiente, porque o seu contido non se absorbe ou dixire adecuadamente, ou porque existe un aumento das necesidades do organismo.

maloclusión *s.f.* Oclusión defectuosa dos dentes do maxilar superior sobre os mandibulares.

malocorion *s.m.* Corion primitivo dos mamíferos.

malónico (ácido) *s.m.* Díácido formado na oxidación do ácido málico.

maloplastia *s.f.* Cirurxía plástica-reparadora realizada sobre as meixelas.

malparto *s.m.* 1. Parto dificultoso. 2. Aborto.

malsán -á *adx.* V. **insán**.

Malta, febre de V. febre.

maltase *s.f.* Enzima que cataliza a hidrólise da maltosa en dúas moléculas de glicosa.

malte *s.m.* 1. Cebada xerminada artificialmente e posteriormente torrada, utilizada na elaboración da cervexa. É rica en substancias de reserva, principalmente glicídica e enzimas como a diastase. Utilízase como dixestivo e nutritivo. 2. A mesma cebada utilizada en infusión. // **M. verde** Malte sen torrar.

maltosa *s.f.* Disacárido de fórmula $C_{12}H_{22}O_{11}$, que se obtén mediante a acción da amilase sobre o amidón. Mediante a hidrólise orixinada pola acción da maltase presente no epitelio intestinal transfórmanse en dúas moléculas de glicosa.

maltósido *s.m.* Composto análogo ós glicósidos, pero no que o azucre presente é a maltosa en lugar da glicosa.

maltosuria *s.f.* Presencia de maltosa na urina.

malva *s.f.* Planta herbácea, do xénero *Malva*, o cal comprende unhas 20 especies, entre as que a *M. sylvestris*, cultivada como planta ornamental, posúe follas e flores utilizadas en infusións como pectorais. A especie *M. rotundifolia* utilízase como emoliente.

malvarisco *s.m.* Planta da familia das malváceas, xénero *Althaea*, que posúe un rizoma groso, follas dentadas e flores de cor bracarrosada. A raíz e as follas da especie *A. officinalis* teñen propiedades emolientes e empréganse tamén na preparación dun xarope usado como vehículo para diversos medicamentos antitusíxenos.

mama *s.f.* Órgano glandular modificado que posúen as femias dos mamíferos, no que se produce o leite necesario para a alimentación dos neonatos. Tamén se di **teta**, **seo**, **peito**. // **M. accesoria** Unha ou máis mamas existentes nalgún punto anómalo do corpo. Tamén se di **m. supernumeraria**. / **M. péndula** Caída ou descenso excesivo das mamas. Tamén se di **mastoptose**. / **M. supernumeraria** V. **m. accesoria**.

mamalxia *s.f.* Dor localizada nas mamas. Tamén se di **mastalxia**, **mastodinia**.

mamectomía *s.f.* Extirpación dunha parte ou da totalidade dunha mama. Tamén se di **mastectomía**.

mamíferos *s.m.pl.* Clase dos vertebrados tetrápodos caracterizados especialmente pola presenza de pelo e de mamas, a temperatura constante, a respiración pulmonar, a presenza de articulación mandibular e de tres osíños no oído medio. A alimentación das crías faise co leite producido polas glándulas mamarias das femias da especie.

mamila *s.f.* Prominencia cónica ou cilíndrica, carnosa e eréctil, de cor parda ou avermellada, localizada no centro da mama e na que desembocan os conductos galactóforos desta glándula. Tamén se di **bico do peito**.

mamiloplastia *s.f.* Técnica de cirurxía plástica realizada sobre as mamilas.

mamografía *s.f.* Procedemento radiográfico utilizado na exploración das glándulas mamarias. Tamén se di **mastografía**.

mamógrafo *s.m.* Aparello radiográfico utilizado para a realización de mamografías.

mamoplastia *s.f.* Técnica de cirurxía plástica realizado sobre as mamas. Tamén se di **mastoplastia**.

mamotomía *s.f.* Incisión cirúrxica das mamas. Tamén se di **mastotomía**.

mamotropina *s.f.* V. **prolactina**.

man *s.f.* Parte distal da extremidade superior que se une ó antebrazo a través da articulación do pulso. Comprende o carpo, o metacarpo e os dedos. Constitúe o sistema de presión do organismo e a zona principal do sentido do tacto. // **M. de araña** Man anormalmente longa con dedos igualmente longos e delgados, característica da síndrome de Marfan. / **M. de comadrón** Posición característica provocada pola contracción tónica dos músculos da man que aparece na tetania. / **M. de escritor** Posición da man que semella a que se adopta para escribir, característica da parálise axitante. / **M. de mono** Forma que adopta a man na parálise do nervio mediano; caracterízase pola extensión permanente do dedo polgar. / **M. de predicador** Forma que adopta a man frecuentemente na siringomielia, caracterizada pola extensión forzada da man sobre o antebrazo e a flexión das últimas articulacións interfalánxicas. / **M. en gadoupa** Disposición da man caracterizada pola extensión do pulso e a flexión das articulacións interfalánxicas. Aparece nas lesións do nervio cubital, na lepra e na siringomielia. / **M. fendida** Malformación na que a división existente entre os dedos continúa entre os ósos do metacarpo. / **M. simiesca** Forma caracterizada pola atrofia da musculatura localizada na eminencia ténar, típica da parálise do nervio radial.

maná *s.m.* Substancia resinosa doce que flúe pola incisión dos troncos de diversas árbores e vexetais de distintas partes do mundo. Posúe propiedades como laxante, purgante e incluso como elemento alimenticio, dependendo da árbore de orixe.

mancha *s.f.* 1. Área circunscrita dun órgano ou tecido, especialmente da pel, que posúe unha coloración diferente ó resto do tecido que a rodea. V. **mácula**. 2. Sinal ou marca que deixa unha substancia nun corpo ou tecido calquera. // **M. acústica** V. **mácula cribosa**. / **M. amarela** V. **mácula lútea**. / **M. atrófica** Placa abrancazada semellante a unha cicatriz, que se produce nas zonas de pel atrófica. / **M. de Brushfield** Manchas do iris causadas por pequenos focos de despigmentación que proporcionan unha coloración branca-cinsenta, características dos individuos con síndrome de Down. / **M. de Filatov** V. **m. de Koplik**. / **M. de Flindt** V. **m. de Koplik**. / **M. de Janeway** Lesións subcutáneas eritematosas, maculopapulares e non dolorosas, que se atopan na xema dos dedos durante os episodios de endocardite bacteriana aguda. / **M. de Koplik** Pequenas manchas

abrancazadas, rodeadas dunha aréola vermella, que se localizan na cara interna das meixelas e dos labios durante a fase prodrómica do sarampelo. Tamén se di **mancha de Filatov**, **mancha de Flindt**. / **M. de Mariotte** Mancha ou punto cego da retina. / **M. de Morgan** Manchas de cor avermellada, semellantes a nevos, que aparecen ás veces en individuos con cancro. / **M. de Paltauf** Aquelas que se forman por extravasacións subpleurais de sangue diluído con auga aspirada, típicas da asfixia por inmersión. / **M. de Roth** Manchas redondas ou ovaladas cun centro claro, formadas por fibrina coagulada, que aparecen na retina en diversas enfermidades nas que unha hemorraxia retiniana vai seguida da curación da mesma. Aparecen algunhas veces na endocardite bacteriana aguda. / **M. melánica** Nevo pigmentado. / **M. mongólica** Nevo melanocítico conxénito, que aparece en forma de manchas planas azuladas ou cinsentas, localizadas na rexión lumbar central, que aparece ás veces nos neonatos de raza mongólica e desaparece xeralmente antes dos cinco anos.

manco -a *adx.* Que lle falta completa ou parcialmente un ou os dous brazos ou unha ou as dúas mans.

mandélico (ácido) *s.m.* Ácido fenilglicólico, ácido alcohol procedente das amendoas amargas que posúe propiedades bacteriostáticas, usado como antiséptico nas infeccións das vías urinarias, xeralmente en forma de sal de amonio ou de calcio.

mandíbula *s.f.* Peza ósea na que se insiren os dentes, especialmente o maxilar inferior. Tamén se di **queixada**. // **M. superior** Óso inmóbil formado polos maxilares superiores e o padal.

mandibular *adx.* Relativo ou que pertence ás mandíbulas.

mandioca *s.f.* Planta euforbiácea (*Manihot utilissima*), tropical, cunha raíz que posúe unha fécula alimenticia, velenosa acabada de extraer, pero comestible en forma de *tapioca*, obtida despois de somete-la fécula verde a unha lixeira cocción.

mandrágora *s.f.* Planta herbácea que comprende varias especies da familia das solanáceas, xénero *Mandrágora*. Este xénero comprende catro especies amplamente distribuídas no mundo, sendo a principal a *M. officinarum*. Na antigüidade atribuíronlle diversas propiedades máxicas e terapéuticas. A súa raíz, grosa, bifurcada, con forma humanoide nalgunhas ocasións, posúe propiedades semellantes ás da beladona, e foi utilizada como narcótico e sedante.

mandragorina *s.f.* Alcaloide tóxico obtido da mandrágora, que posúe propiedades anticolinérxicas semellantes ás da atropina.

mandril *s.m.* Fío ou peza fina alongada, xeralmente metálicos que se introduce nas sondas, cánulas ou nas agullas de inxección, para aumenta-la súa resistencia, mante-la súa luz permeable ou ocluí-lo conducto en caso de necesidade.

manganesismo *s.m.* Intoxicación crónica producida xeralmente en mineiros por inhalación de po con manganeso ou sales do mesmo. Afecta esencialmente ó sistema nervioso, producindo unha síndrome de tipo encefalítica, síndrome parkinsoniana, psicose e tamén afectación pulmonar de tipo pneumoconiótica, aparecendo clínica de astenia, tremor, hipotonía ou parálise, anorexia, apatía, cefalea, impotencia, cambras nas pernas e alteracións da linguaxe.

manganeso *s.m.* Metal pertencente ó grupo dos metais de transición, que presenta algunhas analoxías co ferro e se utiliza frecuentemente na formación de aliaxes. O seu número atómico é 25, a masa atómica 54,938 e o símbolo Mn.

mango *s.m.* 1. Parte máis ou menos alongada e estreita pola que se collen coa man as ferramentas ou aparellos. 2. Estructura ósea que semella o mango dunha ferramenta. 3. Árbore da familia das anacardiáceas, orixinaria da India (*Mangifera indica*), cultivado en África e América tropical, produtor de froitos de igual nome que posúen propiedades astrinxentes. // **M. do esterno** Porción superior ou primeira das tres que posúe este óso. Artículase por abaixo coa segunda porción (corpo) e lateralmente coa clavícula e a primeira costela. / **M. do martelo** Porción inferior do primeiro dos osiños da cadea do oído medio. No oído normal pódese ver a través da membrana timpánica.

manguíño *s.m.* Estructura que rodea unha parte ó xeito dunha manga. // **M. dos músculos rotadores** Conxunto muscular da articulación do ombreiro formado polos músculos supraespiñoso, infraespiñoso, redondo menor e subescapular. Suxeitan firmemente a cabeza do úmero dentro da articulación glenomerall durante a realización de movementos coa mesma, especialmente durante a primeira fase da abducción.

manía *s.f.* 1. Fase dos trastornos bipolares caracterizada por unha grande excitación psicomotriz, euforia, hiperactividade, verborrea, fuga de ideas, ideas delirantes congruentes (como delirios de grandeza) e ás veces alucinacións. 2. Tendencias, conductas ou ideas persistentes patolóxicas e irreductibles.

-manía Sufixo do gr. *manía* (loucura), utilizada na formación de palabras que se refiren a unha acción extravagante ou a unha idea fixa.

manicodepresivo -a *adx.* Doente que padece unha psicose maníaco-depresiva ou trastorno bipolar.

manicomio *s.m.* Hospital ou residencia para enfermos mentais.

manierismo *s.m.* Alteración motora que aparece principalmente nos enfermos de esquizofrenia, caracterizada pola realización de movementos superficiais e inútiles que dificultan a execución dos actos motores ordinarios.

maniluvio *s.m.* Procedemento terapéutico para as doenzas das mans, principalmente das cutáneas, que

utiliza o baño ou o lavado das mesmas con diversas substancias tratantes.

manipulación *s.f.* Operación realizada coas mans ou con calquera instrumento.

manitol *s.m.* Alcohol hexatómico que se atopa en numerosos vexetais, especialmente no maná de freixo (*Fraxinus ornus*). Obtense tamén mediante a redución da fructosa ou da manosa. Posúe propiedades laxantes e diuréticas osmóticas. O D-manitol utilízase en solución hipertónica perfundida para aumenta-la presión osmótica e regula-la retención hidrosalina. A medición do “aclaramento de manitol” emprégase para explora-la función glomerular.

manobra *s.f.* Operación ou serie de movementos manuais regulamentados realizados cun fin concreto. // **M. de Amussat** Realización dunha micción contra o meato pechado, liberándoo de súpeto posteriormente, coa finalidade de que a corrente brusca producida poida arrastrar un corpo extraño localizado na uretra. / **M. de Bragard** Flexión dorsal do pé realizada coa perna estendida, que provocará dor no caso de que exista unha neurite ou unha neuralxia do nervio ciático. / **M. de Credé** Parto realizado mediante a presión manual no útero. / **M. de Heimlich** Manobra de compresión abdominal brusca realizada coa finalidade de expulsar un corpo extraño que obstrúa a vía aérea. A súa realización varía dependendo do estado de consciencia ou inconsciencia ou da idade do suxeito. / **M. de Nágeli** Elevación da cabeza do paciente realizada cunha man colocada debaixo do occipicio e a outra no maxilar inferior coa finalidade de cohibir unha epistaxe. / **M. de Schober** Manobra realizada para explora-la flexibilidade da columna lumbar. Co paciente de pé e cos talóns xuntos, efectúanse marcas sobre a columna, cinco centímetros por debaixo e dez por encima da unión lumbosacra. Posteriormente o paciente inclínase cara a diante o máximo que poda, sen flexiona-los xeonllos, medíndose entón a distancia entre as dúas marcas. Cando a flexibilidade da columna lumbar é normal, a distancia aumenta cinco ou máis centímetros. Se a mobilidade da columna está diminuída, esta distancia é menor de catro centímetros. / **M. de Strauss** Extensión do pulso contra a resistencia que lle opón a man do explorador. Comparando a forza existente en cada man pódese avalia-la debilidade muscular dun lado parésico. / **M. de Toynebee** Realización dunha deglutición coas ventás nasais pechadas; se a trompa de Eustaquio é permeable, a membrana timpánica desprázase cara a dentro. / **M. de Valsalva** 1. Realización dunha expiración forzada mantendo a glote pechada. O aumento que se produce na presión intratorácica interfire no retorno sanguíneo cara ó corazón. 2. Realización dunha expiración forzada contra as ventás nasais e a boca pechadas; o aumento da presión na trompa de Eustaquio e no oído medio despraza a membrana timpánica cara a fóra.

manómetro *s.m.* Aparello destinado a medi-la presión dos gases ou dos líquidos contidos nun espazo pechado.

manopla *s.f.* Pa realizada en distintos materiais e aplicada á man mediante unha vendaxe coa finalidade de mantela estendida.

manosa *s.f.* Aldohexosa, epímero da glicosa, que se obtén xunto coa fructosa da oxidación do manitol.

Mansonella Xénero de filarias, dos que a especie *M. ozzardi*, que se atopa en América Central e do Sur, causa parasitacións no mesenterio e no tecido adiposo visceral.

Mansonia Xénero de mosquitos tropicais que actúan como axentes transmisores de diversas microfilarias e virus.

manteiga *s.f.* 1. Graxa dos animais, principalmente dos porcos, que adecuadamente preparada se utiliza como base de pomadas e unguentos. 2. Principio graxo alimenticio que se obtén batendo a tona do leite das vacas. / **M. vexetal** Substancia graxa obtida dos vexetais.

manto *s.m.* Denominación dalgunhas capas ou cubertas que envolven ou cobren algunhas estruturas orgánicas.

Mantoux, reacción de V. reacción.

manual *adx.* 1. Que que se realiza coas mans. // *s.m.* 2. Libro no que se compendia os coñecementos substanciais dunha materia.

manubrio *s.m.* Empuñadura ou mango de certos mecanismos que se fan virar á man. // **M. do esterno** Mango ou porción superior do óso esterno, unida ó corpo do mesmo e articulado lateralmente coas clavículas.

MAO Sigla da monoaminoxidase.

mapa *s.m.* Representación gráfica bidimensional dunha distribución espacial. // **M. xenético** Mapa que representa as posicións dos loci xenéticos nos cromosomas.

marasmático -a *adx.* Relativo ó marasmo.

marasmo *s.m.* 1. Malnutrición proteicocalórica no seu máximo grao, que se presenta esencialmente durante o primeiro ano da vida, e que se caracteriza principalmente polo retardo na medra e o esgotamento progresivo da graxa subcutánea. 2. Estado caracterizado pola perda intensa da vitalidade dun organismo como consecuencia dunha enfermidade crónica consuntiva. // **M. senil** Atrofia normal dos tecidos que ocorre durante a velez.

marcapasos *s.m.* 1. Aparello eléctrico que permite o control e a realización das contraccións cardíacas cando non se realizan espontaneamente. 2. Centro fisiolóxico do corazón ou do útero no que se localiza a orixe da corrente de excitación que marca o ritmo das contraccións cardíacas ou das uterinas durante o parto.

marcha *s.f.* 1. Forma ou xeito de andar. 2. Curso ou evolución dunha enfermidade. // **M. antálxica** Marcha que adoptan as persoas que padecen unha coxalxia, evitando carga-lo peso do corpo sobre a articulación afectada. / **M. atáxica** Marcha inestable e incoordinada, caracterizada por unha base ampla e os pés colocados cara a fóra e realizada elevando moito os pés e deixándoos caer bruscamente despois sobre o chan. Aparece na

ataxia locomotriz. / **M. cerebelosa** Marcha inestable característica das alteracións cerebelosas. / **M. equina** Forma de andar caracterizada pola flexión esaxerada da articulación da cadeira, de xeito que se levanta moito o pé para separa-las dedas do chan. Orixinada por unha parálise dos músculos peroneos e tibiais anteriores, o que non permite a flexión do pé. Aparece nas lesións da neurona motora inferior. / **M. festinante** V. **festinación**. / **M. labiríntica** Aquela orixinada pola lesión do labirinto do oído interno, caracterizada polo desprazamento do suxeito cara ó lado do labirinto afectado.

Marchiafava-Micheli, enfermidade de V. enfermidade.

marcial *adx.* Dos compostos ferruxinosos que os alquimistas dedicaban ó deus Marte. // **Terapéutica m.** Aquela que utiliza os compostos de ferro no tratamento das doenzas caracterizadas pola deficiencia deste metal no organismo.

mareo *s.m.* Doenza de tipo neurovexetativo con predominio vagotónico, que se caracteriza por náuseas, vómitos, sialorrea, sudoración, inestabilidade, palidez, miose, cefalea, acompañado de angustia e unha intensa sensación de malestar xeral. Aparece como consecuencia dun estímulo anormal e reiterado dos centros vestibulares a consecuencia de cambios posturais pasivos, como os que ocorren nun barco, nun coche, etc.

Marfan, enfermidade, síndrome de V. enfermidade e síndrome.

marfanoide *adx.* Que ten un hábito corporal semellante ó que aparece na síndrome de Marfan.

marfil *s.m.* 1. Materia dura de cor abranzada que se obtén dos cabeiros ou dos incisivos dalgúns animais, especialmente dos elefantes. 2. Capa de dentina dos dentes.

margarina *s.f.* Emulsión estabilizada de graxas comestibles e auga. A parte graxa pode ter unha orixe animal, vexetal ou mixta, de ámbalas dúas procedencias. Tódalas margarinas se compoñen dunha fase acuosa, unha fase lípida, emulsionantes e aditivos (monoglicéridos, sal e leite). Utilízase como alimento substitutivo da manteiga, posuíndo o mesmo valor calórico ca esta.

Margaropus Xénero de arácnidos acarinos, parasitos do gando bovino e doutros animais. A especie *M. annulatus*, de Norteamérica, transmite a febre de Texas.

Marie, enfermidade de V. enfermidade. // **M.-See, enfermidade de V. enfermidade.** / **M.-Strümpell, enfermidade de V. enfermidade.** / **M.-Tooth, enfermidade de V. enfermidade.**

marihuana *s.f.* V. **grifa**.

marmelo *s.m.* Froito do marmeleiro (*Cydonia vulgaris*). A mucilaxe das sementes utilízase na preparación de colirios e substancias tóxicas emolientes. Posúe tamén propiedades astrinxentes.

marmota *s.f.* Mamífero roedor da familia dos esciurinos, xénero *Marmota*. É un dos reservorios naturais da peste.

marsupialización *s.f.* Operación cirúrxica consistente na creación dunha bolsa, especialmente a que se forma cortando a parede anterior dun quiste e suturando o resto da parede do mesmo ós bordos adxacentes da pel aberta, formándose deste xeito unha bolsa que posteriormente se tapona e cura pola formación dun tecido de granulación. Empregábase esencialmente nas intervencións cirúrxicas realizadas para eliminar un quiste hidatídico.

martelo *s.m.* 1. Aparello que consiste nunha cabeza percutora de diversos materiais (dependendo da función que se pretenda) e un mango que a atravesa. Utilízase para percutir sobre unha parte, coa finalidade de realizar manobras exploratorias ou cirúrxicas. 2. O primeiro dos osíños que constitúen a cadea do oído medio, localizado inmediatamente por detrás da membrana timpánica. Consta de cabeza, que se articula coa bigornia, colo, mango, unha apófise curta e outra longa. // **M. percutor** Martelo de pequeno tamaño utilizado para a exploración dos reflexos tendinosos.

marxe *s.f.* Bordo, beira ou contorno dun orificio.

marxinación *s.f.* Proceso de adherencia dos leucocitos ó bordo dos vasos durante as primeiras fases da inflamación.

marxinoplastia *s.f.* Cirurxía plástica dun bordo ou marxe, especialmente das pálpebras.

masa *s.f.* 1. Corpo brando, espeso e consistente resultante da mestura lograda mediante a incorporación dun líquido a unha materia sólida ou pulverizada. 2. Volume, conxunto ou reunión de células, tecidos, etc. 3. Medida da cantidade de materia, representada por un número positivo e invariable, característico dun obxecto dado. // **M. atómica** Masa do átomo dun elemento químico, que se expresa en unidades de masa atómica, é dicir, é a relación entre a masa do átomo e 1/12 da masa do átomo de C¹². Xeralmente utilízase de xeito equivalente, aínda que non correcta, a denominación **peso atómico**. / **M. encefálica** Conxunto dos elementos que constitúen o encéfalo. / **M. magra corporal** Masa corporal libre da graxa. / **M. molecular** Suma das masas molares atómicas dos elementos constituíntes das moléculas dun corpo. / **M. sanguínea** Volume total do sangue contido no organismo.

masaxe *s.f.* Método terapéutico e hixiénico que consiste en fretar, premer, amasar ou percutir sobre unha ou máis partes da superficie corporal coas propias mans ou con diferentes aparellos coa finalidade principal de aliviar dores ou de activa-la circulación sanguínea da pel e dos músculos subxacentes. // **M. cardíaco** Aquel que se realiza manualmente sobre o corazón, mediante a compresión do esterno (masaxe cardíaco pechado) ou directamente sobre a superficie do órgano, despois de realizar unha abertura na parede torácica.

masaxista *s.m. e f.* Especialista na administración de masaxes.

mascaladenite *s.f.* Inflamación dos ganglios da axila.

mascaloma *s.m.* Tumoración localizada na axila.

máscara *s.f.* 1. Aspecto da cara ou facies. V. **facies**. 2. Utensilio aplicado sobre a cara, utilizado con finalidade terapéutica ou cosmética. 3. Sensación ou signo subxectivo que se distribúe na área facial. 4. Dispositivo realizado con diferentes materiais e de distintas formas, que se aplica sobre a cara, cubrindo unha parte da mesma, principalmente a boca e o nariz, utilizado con diversos fines, como a administración de osíxeno ou gases anestésicos ou, como elemento protector contra unha posible contaminación ou intoxicación procedente do ambiente. // **M. de Hutchinson** Sensación subxectiva semellante ó efecto que produciría unha máscara que comprimira a cara, que aparece ás veces na tabe dorsal. / **M. equimótica** Cianose cervicofacial, acompañada de edema facial e equimose, causada por unha presión prolongada do tórax e do abdome, que se produce nalgúns traumatismos ou esmagamentos do corpo. / **M. luética** Pigmentación que aparece sobre a fronte, meixelas e as sens nalgúns casos de sífilis terciaria. / **M. pelagrosa** Eritema facial característico da pelagra.

masculinismo *s.m.* Desenvolvemento de caracteres sexuais masculinos nunha femia. Tamén se di **virilismo**.

mascuzamento *s.m.* 1. Movemento continuo involuntario de mastigación, con separación mínima dos maxilares, que realizan os enfermos con parálise xeral ou algunhas outras doenzas cerebrais. 2. Mastigación mala ou inadecuada.

masér *s.m.* Siglas da expresión inglesa *Microwave Amplification by Stimulated Emission of Radiation* (amplificación de microondas por emisión estimulada de raios electromagnéticos), dispositivo que produce un feixe moi intenso, pequeno e practicamente non diverxente de radiación monocromática na rexión de microondas, con tódalas ondas en fase.

maseter *s.m.* Músculo da cara externa da rama mandibular que eleva a mandíbula, intervindo deste xeito na mastigación.

masivo -a *adx.* 1. Grande, abondoso ou forte, especialmente as doses de medicamento que se aproximan ós límites de tolerancia do organismo. 2. Que agrupa un gran número de individuos ou unidades dalgunha cousa.

masol *s.m.* Excipiente utilizado na composición de pímulas, composto de xelatina, glicerina, azucre en po e auga.

masoquismo *s.m.* Parafilia na que o pracer sexual vai unido ós sufrimentos físicos ou psíquicos experimentados polo propio individuo.

masoquista *adx.* Persoa que practica o masoquismo.

masoterapia *s.f.* Método terapéutico baseado na masaxe.

mast- Prefixo do gr. *mastós* (mama).

Mastadenavirus Xénero de virus da familia dos Adenovirus. Saprófitos do ser humano e dalgúns animais. Consideráanse os axentes responsables das febres adeno-faringoconxuntivais, da queratoconxuntivite epidémica e da cistite hemorráxica infantil.

mastadenite *s.f.* V. **mastite**.

mastadenoma *s.m.* Tumor do tecido mamario.

mastaxia *s.f.* V. **mamalia**.

mastatrofia *s.f.* Atrofia do tecido mamario.

mastauxa *s.f.* Hipertrofia da mama.

mastectomía *s.f.* V. **mamectomía**.

mastelcose *s.f.* Ulceración do peito ou da glándula mamaria.

mastigación *s.f.* Esmagamento ou trituración dos alimentos sólidos na boca por medio da acción que exerce sobre eles, a través das pezas dentarias, o movemento do maxilar inferior contra o superior. Constitúe a primeira fase da dixestión dos alimentos.

mastigador -a *adx.* 1. Que posúe acción mastigadora. // *s.m.* 2. Nervio mastigador, raíz motora do nervio trixémino.

mastigatorio -a *adx.* Relativo á mastigación.

mastite *s.f.* Inflamación da glándula mamaria. Tamén se di **mastadenite**.

masto- Prefixo do gr. *mastós* (mama).

mastoccipital *adx.* Relativo á apófise mastoide e mais ó óso occipital.

mastocito *s.m.* V. **célula cebada**.

mastocitose *s.f.* Enfermidade caracterizada polo infiltrado mastocitario dos tecidos e de diversos órganos, como a urticaria pigmentosa, a mastocitose sistémica, o mastocitoma e a telanxiectasia persistente.

mastocondroma *s.m.* Tumor cartilaxinoso da mama.

mastodinia *s.f.* V. **mamalia**.

mastografía *s.f.* V. **mamografía**.

mastoidalxia *s.f.* Dor localizada na apófise mastoide.

mastoide *adx.* 1. En forma de mamila. // *s.f.* 2. Apófise localizada na parte inferior, posterior e externa do óso temporal, que se forma pola unión das apófises das porcións petromastoide e escamosa deste óso. Non existe no momento do nacemento, comezando a formarse pouco despois deste e completando o seu desenvolvemento a medida que aumenta a tracción do músculo esternocleidomastoideo sobre a devandita apófise, cando o lactante comeza a mante-la cabeza erguida.

mastoidectomía *s.f.* Escisión do antro ou das celas da mastoide.

mastoidite *s.f.* Inflamación da apófise mastoide. // **M. esclerosante** Aquela na que existe endurecemento e

condensación do óso, con desaparición das cavidades pneumáticas.

mastoidocentese *s.f.* Punción cirúrxica das celas mastoides ou do antro da mastoide.

mastoidotomía *s.f.* Abertura cirúrxica do antro da mastoide.

mastoparietal *adx.* Relativo á apófise mastoide e mais ó óso parietal.

mastopatía *s.f.* Doenza da glándula mamaria.

mastopexia *s.f.* Técnica de mamoplastia realizada coa finalidade de fixa-las mamas péndulas nunha posición adecuada.

mastoplastia *s.f.* V. **mamoplastia**.

mastoptose *s.f.* V. **mama péndula**.

mastorraxia *s.f.* Hemorraxia procedente da glándula mamaria.

mastoscamoso -a *adx.* Relativo ás porcións mastoide e escamosa do óso temporal.

mastotomía *s.f.* V. **mamotomía**.

masturbación *s.f.* Estimulación dos órganos xenitais propios ou alleos mediante a manipulación dos mesmos coa finalidade de obter pracer sexual.

mate *adx.* 1. Carente de brillo. 2. Apagado, sen sonoridade, aplicado ó son que se produce mediante a percusión das partes carnosas do corpo, das cavidades cheas de líquido ou dos órganos conxestionados ou inflamados, en contraposición á sonoridade que produce a percusión das partes ocas. // *s.m.* Infusión que se prepara coas follas secas de varias plantas do xénero *Ilex* (herba mate). Posúe propiedades diuréticas, diaforéticas, excitantes e alimenticias.

maternidade *s.f.* 1. Condición ou calidade de nai. 2. Establecemento hospitalario destinado á atención das mulleres parturientes e os neonatos.

materno -a *adx.* Relativo ou propio da nai.

maternoloxía *s.f.* Ciencia que estudia o relativo á maternidade.

matraz *s.m.* Recipiente, xeralmente de vidro, de base xeralmente esférica e gorxa alongada, recta e estreita, utilizada nos laboratorios para macerar substancias e outros diversos usos.

matriz *s.f.* 1. Útero. // *adx.* e *s.f.* 2. Materia básica na súa clase da que derivan outras. // **M. da cartilaxe** Substancia intercelular das cartilaxes, constituída por células e fibras extracelulares, mergulladas nunha substancia básica amorfa. / **M. da unlla** 1. Prego da pel no que encaixa o extremo posterior ou raíz da unlla. 2. Tecido no que descansa a superficie profunda da unlla. / **M. interterritorial** Rexión das cartilaxes localizada entre as matrices territoriais das mesmas. / **M. ósea** Substancia intercelular do óso, constituída por fibras de osteocoláxena, mergullada nunha substancia básica amorfa e sales

inorgánicos. / **M. territorial** Material basófilo que rodea grupos de células cartilaxinosas.

matrona *s.f.* Enfermeira especializada na asistencia técnica ó parto. Tamén se di **comadroa**.

maxilar *adx.* 1. Relativo ou pertencente ós ósos maxilares ou ás mandíbulas. // *s.m.* 2. Cada un dos ósos, dous superiores e un inferior, que forman as mandíbulas.

maxilodental *adx.* Relativo ós maxilares e mais ós dentes.

maxiloetmoidetomía *s.f.* Extirpación da parte do maxilar superior que rodea o seo maxilar, da lámina cribosa e das celas etmoidais anteriores.

maxilofarínxeo -a *adx.* Relativo ós maxilares e mais á farinx.

maxilolabial *adx.* Relativo ós maxilares e mais ós labios.

maxilomandibular *adx.* Relativo ós maxilares superior e inferior.

maxilonasal *adx.* 1. Relativo ós maxilares e mais ó nariz. // *s.m.* 2. Músculo compresor das ás do nariz, localizado na porción cartilaxinosa das mesmas.

maxilopalatino-a *adx.* Relativo ós maxilares e mais ó óso palatino.

maxilopalpebral *adx.* 1. Relativo ós maxilares e mais ás pálpebras. // *s.m.* 2. Músculo orbicular das pálpebras, localizado por debaixo da pel, na porción anterior da órbita, formando un anel, constituído por unha porción orbitaria e outra palpebral. A súa función é a de pecha-la fendedura palpebral, axudando ademais deste xeito na difusión das bágoas polo ollo.

maxilosclerótico -a *adx.* 1. Relativo ós maxilares e mais á esclerótica. // *s.m.* 2. Músculo oblicuo inferior ou menor do ollo, que dirixe o ollo cara a abaixo e a fóra.

maxilotomía *s.f.* Corte cirúrxico dos maxilares superiores realizado coa finalidade de corrixir unha posición inadecuada dos mesmos.

maxiloxugal *adx.* Relativo ós maxilares e mais ás meixelas.

máximo -a *adx.* Que alcanzou o grao máis alto de calquera proceso ou fenómeno medible.

maxistral *adx.* 1. Relativo ou pertencente ó mestre. 2. Dos preparados terapéuticos realizados por un farmacéutico seguindo unha fórmula ou receita realizada directamente por un médico, sen intervención dun proceso farmacolóxico industrial.

maza *s.f.* 1. Aparello de madeira ou doutro material, composto dunha cabeza e dun mango, utilizado para bater sobre unha cousa coa finalidade de esmagala. 2. Calquera corpo con forma de maza.

mazá *s.f.* 1. Froito da maceira. 2. Conxunto de ósos que forman a cadeira. 3. Prominencia formada pola cartilaxe tiroide no pescozo. Tamén se di **nó da gorxa**. // **M. da cara** V. **meixela**. / **M. da perna** Parte traseira da perna,

formada pola prominencia dos músculos xemelgos. Tamén se di **barriga da perna, papo da perna**.

mazadura *s.f.* Marca ou sinal producida por un traumatismo.

mazoplasia *s.f.* Hiperplasia do epitelio dos ácinos mamaros que se produce de xeito reactivo á ovulación.

Mc Abreviatura de megaciclo. V. **megaciclo**.

Mc Ardle, enfermidade de V. **enfermidade**.

Mci Abreviatura de megacurie. V. **megacurie**.

meato *s.m.* 1. Conducto ou canle corporal de pequeno tamaño. 2. Abertura ou orificio externo dun conducto ou canle corporal. // **M. auditivo externo** Abertura do conducto auditivo externo cara ó exterior. / **M. auditivo interno** Conducto que serve de paso ós nervios facial, vestibulococlear e á arteria labiríntica do oído. / **M. nasal** Cada un dos espazos estreitos ou canles superior, media e inferior, localizadas na parede externa das fosas nasais, entre os cornetos. / **M. nasal común** Espacio anterior das fosas nasais no que conflúen os tres cornetos. / **M. urinario** Orificio externo da canle uretral.

meatorrafia *s.f.* Intervención cirúrxica consistente na sutura na glande dos bordos dunha incisión realizada no meato urinario coa finalidade de agrandalo.

meatoscopia *s.f.* Inspección ocular dun meato, principalmente do meato urinario.

meatostenose *s.f.* Estreitura disfuncional conxénita ou adquirida dun meato, especialmente do urinario.

meatotomía *s.f.* Incisión cirúrxica realizada nun meato, principalmente no urinario.

mecamilamina *s.f.* Droga gangliopléxica antihipertensiva, do grupo das aminas secundarias e a clase dos compostos de nitróxeno terciario. Pódese utilizar unicamente nos casos de hipertensión moi graves, como na hipertensión maligna ou acelerada ou como último recurso nas crises hipertensivas graves.

mecánica *s.f.* Rama da física que estuda as forzas e os movementos. // **M. animal** Rama da fisioloxía que aplica a mecánica ó estudio dos movementos dos seres vivos.

mecanicismo *s.m.* Rama da filosofía que explica os fenómenos da natureza mediante leis automáticas de causa e efecto, sen consideracións teleolóxicas ou finalistas.

mecanismo *s.m.* 1. Combinación ou conxunto de pezas ou órganos apropiados para producir, transformar ou transmitir un movemento. 2. Forma de realizar unha actividade ou función calquera. // **M. de defensa** Proceso inconsciente utilizado polo ego para neutraliza-los sentimentos de angustia emerxente, que xorden como consecuencia dunha represión incompleta das pulsións e que ameazan a integridade do mesmo. Entre eles atópanse a represión, a conversión, o desprazamento, a proxección, a negación, o illamento, a anulación retroactiva, a formación reactiva, etc. Gracias a estes, as pulsións alcanzan

unha expresión parcial e transformada, que se expresa mediante diversas sintomatoloxías, en forma de cadros de histeria, fóbicos, obsesivos-compulsivos, etc., dependendo do mecanismo de defensa predominante. / **M. do parto** Conxunto de fenómenos mecánicos fisiolóxicos que permiten o paso de feto e os seus anexos a través da canle do parto durante o nacemento.

mecnograma *s.m.* Trazado obtido mediante o rexistro dos movementos mecánicos dos músculos.

mecnoterapia *s.f.* Método terapéutico que utiliza diversos medios mecánicos, como a ximnasia activa ou pasiva, a masaxe, etc.

mecha *s.f.* Torcida de fias en forma de cordón que se introduce nunha fístula ou nunha ferida durante as operacións cirúrxicas.

mecismo *s.m.* Alongamento anormal dunha parte ou órgano.

mecistocefalia *s.f.* Anomalía na conformación da cabeza causada por un alongamento vertical ou anteroposterior esaxerado.

Meckel, divertículo, ganglio, ligamento de V. divertículo, ganglio, ligamento.

mecómetro *s.m.* Aparello utilizado para medi-la lonxitude dun feto ou dun neno.

meconato *s.m.* Calquera dos sales do ácido mecónico.

mecónico (ácido) *s.m.* Substancia branca e cristalina derivada do opio. Posúe propiedades narcóticas suaves.

meconio *s.m.* 1. Materia de cor pardoverdosa que constitúe a primeira expulsión fecal dos neonatos. A súa presenza no líquido amniótico é un sinal de sufrimento fetal. 2. Zume que se obtén mediante unha incisión practicada na casula das durmideiras.

meconiorrea *s.f.* Evacuación dunha gran cantidade de meconio.

media *s.f.* 1. Capa ou túnica media das arterias. 2. Medida estatística de centralización que expresa o valor medio dunha distribución ordenada. Obtense sumando os valores de tódolos casos da distribución e dividindo posteriormente o valor obtido entre o número total de casos. 3. Prenda axustada de diversas materias e propiedades que cobre completa ou parcialmente unha perna. Utilízanse frecuentemente no tratamento das alteracións circulatorias periféricas das extremidades inferiores.

medial *adx.* 1. Pertencente ó medio ou á metade. 2. Que se localiza na zona media dun órgano ou parte anatómica.

mediana *s.f.* Medida de centralización estatística que expresa o valor situado no punto medio dunha distribución de casos.

mediano -a *adx.* 1. Central ou situado no medio. 2. De tamaño intermedio, nin grande nin pequeno.

mediastinite *s.f.* Termo xeral que designa a inflamación dalgunha das estruturas localizadas no espacio medias-tínico.

mediastino *s.m.* Espacio localizado na liña media da caixa torácica, comprendido entre as dúas pleuras, o óso esterno por diante, a columna vertebral por detrás, o estreito torácico por arriba e o diafragma por debaixo. Divídese habitualmente nunha porción anterior, unha media e unha posterior. O mediastino anterior é a porción do mesmo localizada por diante e por encima do corazón; contén o timo, as extensións subesternais da glándula tiroide e das glándulas paratiroides, o arco aórtico e as súas ramas principais, as veas innominadas, ganglios e vasos linfáticos e tecido areolar laso. O mediastino medio encóntrase localizado por detrás e por debaixo do anterior; contén o corazón co pericardio, a traquea, os brónquios principais, o hilo pulmonar, os nervios vago e frénico e diversos ganglios linfáticos. O mediastino posterior é a porción que fica dentro das marxes das vértebras dorsais nas proxeccións radiolóxicas laterais; contén o esófago, a aorta descendente, as veas ácigos maior e menor, o conducto linfático torácico, o nervio vago, as cadeas ganglionares simpáticas e diversas estruturas ganglionares. Denomínanse de igual xeito as porcións intermedias dalgunhas estruturas anatómicas. // **M. do cerebelo** Fouce do cerebelo. / **M. do cerebro** Fouce do cerebro. / **M. testicular** Corpo de Highmore testicular, tabique parcial do testículo formado por tecido fibroso cerca do seu extremo superior.

mediastinopericardite *s.f.* Inflamación do pericardio e das estruturas do mediastino.

mediastinotomía *s.f.* Abertura cirúrxica do mediastino.

mediato -a *adx.* 1. Próximo a unha cousa, pero con outra situada entrambas. 2. Que se realiza de xeito indirecto, co auxilio dun medio.

medicación *s.f.* Administración metódica dun ou máis medicamentos a un doente.

medicamento *s.m.* 1. Axente ou substancia aplicado a un doente con finalidade terapéutica 2. Preparado farmacéutico con propiedades terapéuticas. Tamén se di **medicina, menciña**.

medicamentoso -a *adx.* Relativo ou pertencente a un medicamento.

medicina *s.f.* 1. Ciencia que ten como finalidade o estudo, a prevención e o tratamento das enfermidades do ser humano. 2. V. **medicamento**. // **M. ambiental** Parte da medicina que estudia as repercusións do ambiente sobre a saúde do ser humano. / **M. clínica** Estudo das enfermidades mediante a exploración directa do paciente. / **M. de urxencias** Rama da medicina que trata dos procesos patolóxicos que requiren un tratamento urxente ó poñe-la vida en perigo inmediato ou comprometer gravemente a saúde. / **M. deportiva** Rama da medicina que estudia os aspectos fisiolóxicos e patolóxicos derivados da práctica deportiva. / **M. do traballo** Rama da medicina que se ocupa da prevención e tratamento das

enfermidades derivadas do eido laboral. / **M. empírica** Suma de coñecementos médicos derivados da experiencia. / **M. experimental** Aquela baseada na experimentación con animais ou por medios de laboratorio. / **M. forense** Ciencia que aplica os coñecementos médico-biolóxicos á resolución dos problemas derivados da práctica xurídica. Tamén se di **medicina legal**, **medicina xudicial**. / **M. interna** Rama da medicina que estudia os aspectos puramente médicos, excluindo os cirúrxicos, das enfermidades e os trastornos das estruturas internas do corpo. / **M. legal** V. **m. forense**. / **M. preventiva** Parte da medicina que estudia os aspectos preventivos e epidemiolóxicos das enfermidades. / **M. psicosomática** Sistema médico que pretende descubri-la natureza das relacións existentes entre o mundo psíquico e as funcións corporais, e as repercusións que o primeiro ten sobre a saúde xeral do organismo. / **M. tropical** Rama da medicina que estudia as enfermidades propias das rexións tropicais e subtropicais do mundo. / **M. xudicial** V. **m. forense**.

medicinal *adx.* 1. Que posúe propiedades terapéuticas. 2. Relativo ás medicinas ou medicamentos.

médico -a *adx.* 1. Pertencente ou relativo á medicina. // *s.* 2. Persoa legalmente autorizada para profesar e exercer-la medicina.

medicolegal *adx.* Relativo á medicina legal ou forense.

medio -a *adx.* 1. Que corresponde aproximadamente á metade de algo. // *s.m.* 2. Parte ou punto que se localiza no centro de algo ou está nunha posición intermedia no espacio ou no tempo. 3. Terceiro dedo das mans ou dos pés. 4. Procedemento utilizado para obter un resultado. // **M. de contraste** Substancia opaca ós raios X, que se introduce nunha parte do organismo coa finalidade de facela visible nunha exploración radiolóxica. / **M. de cultivo** Substancia utilizada para o cultivo de microorganismos. / **M. interno** Aquel no que se atopan mergulladas as células.

Mediterráneo, febre do Febre de Malta. V. **febre**.

medo *s.m.* Perturbación do estado de ánimo que produce unha sensación de angustia e temor diante dun perigo real ou imaxinario.

medroxiproxesterona (acetato de) *s.f.* Derivado da proxesterona utilizado como anticonceptivo.

medula *s.f.* Parte central dun órgano ou dunha estrutura, en contraposición á codia. // **M. adiposa** V. **m. ósea**. / **M. española** Porción intrarraquídea do sistema nervioso central, que se estende entre o buraco occipital ata a segunda ou terceira vértebra lumbar. Tamén se di **m. raquídea**, **m. vertebral**. / **M. oblonga** Bulbo raquídeo. / **M. ósea** Substancia de consistencia branda que enche as cavidades e as canles óseas. Distínguese unha medula ósea vermella, propia dos ósos con función hematopóica e a medula ósea amarela, propia dos ósos longos do adultos, que carece da devandita función. Tamén se di **m. adiposa**. / **M. raquídea** V. **m. española**. / **M. renal** Parte interna da substancia do ril, constituída polas pirámides

renais. / **M. tímica** Porción central dos lobos do timo, que posúe unha maior trama de células epiteliais e corpúsculos de Hassall e menos linfocitos cá área de córtex que a circunda. / **M. vertebral** V. **m. española**.

meduloblasto *s.m.* Célula non diferenciada do tubo neural embrionario. Pódese transformar posteriormente nun neuroblasto ou nun esponxioblasto.

medulocultivo *s.m.* Cultivo bacteriano que utiliza como medio substancia medular.

meduloepitelioma *s.m.* Tumor cerebral raro composto por células neuroepiteliais primitivas que envolven os espacios tubulares.

medulose *s.f.* Proceso dexenerativo da medula española.

mefítico -a *adx.* Dos compostos gasosos que resultan nocivos, insalubres ou pestilentos.

mefitismo *s.m.* Presencia no aire dun axente mefítico.

mega- Prefixo do gr. *mégas*, *megále*, *méga* (grande).

megacardia *s.f.* Aumento anormal do tamaño do corazón. Tamén se di **cardiomegalia**.

megacarioblasto *s.m.* Megacariocito inmaturo.

megacariocito *s.m.* Célula voluminosa da medula ósea, precursora das plaquetas.

megacefalia *s.f.* V. **macrocefalia**.

megacoco *s.m.* Bacteria cocácea de gran tamaño.

megacolon *s.m.* Colon anormalmente grande ou dilatado. Tamén se di **macrocolon**. // **M. adquirido** Dilatación do colon por encima dun proceso orgánico que provoca unha estenose do mesmo. / **M. agangliónico** Megacolon conxénito causado pola axenesia das células ganglionares dos plexos de Meissner e de Auerbach. Tamén se di **enfermidade de Hirschsprung**, **megacolon conxénito**. / **M. conxénito** V. **m. agangliónico**. / **M. tóxico** Dilatación colónica acompañada de colite amebiana ou ulcerosa.

megacurie *s.m.* Unidade de radioactividade equivalente a un millón de curies. Abreviatura: Mci.

megadontismo *s.m.* Dentes de tamaño anormalmente grande.

megaesófago *s.m.* Presencia dun esófago anormalmente dilatado. Prodúcese nas fases avanzadas dalgunhas enfermidades que afectan á mobilidade deste órgano, como sucede na acalasia.

megafonía *s.f.* Presencia dunha voz de ton anormalmente alto ou excesivamente forte.

megagameto *s.m.* V. **macrogameto**.

megahertz *s.m.* Unidade de frecuencia equivalente a un millón de hertz (ciclos por segundo). A súa abreviatura é MHz.

megalencefalia *s.f.* Presencia dun encéfalo de tamaño excesivo.

-megalia Sufixo do gr. *mégas*, *megále*, *méga* (grande).

megalo- Prefixo do gr. *mégas, megále, méga* (grande).

megaloblasto *s.m.* Célula nucleada xigante, pertencente a unha serie eritrocitaria anormal, que aparece na anemia perniciosa e noutras anemias megaloblásticas.

megalocardia *s.f.* V. **megacardia**.

megalocefalia *s.f.* 1. V. **macrocefalia**. 2. Leontíase ósea.

megalocito *s.m.* V. **macrocito**.

megalocitose *s.f.* V. **macrocitose**.

megalocórnea *s.f.* Tamaño anormalmente grande da córnea.

megalodactilia *s.f.* V. **macroductilia**.

megaloeiritema *s.m.* Eritema acompañado de tumefacción da parte afectada.

megaloftalmía *s.f.* V. **macroftalmía**.

megalogastría *s.f.* Tamaño anormalmente grande do estómago.

megaloglosia *s.f.* V. **macroglosia**.

megalomanía *s.f.* Delirio consistente na convicción irracional da propia grandeza, poder, riqueza, etc. Tamén se di **delirio de grandeza**.

megalómano -a *adx.* Que padece megalomanía.

megalomelia *s.f.* V. **acromegalia**.

megalonicose *s.f.* Hipertrofia ou grosor excesivo das unllas.

megalopía *s.f.* V. **macropsia**.

megaloplastocito *s.m.* Plaqueta de tamaño anormalmente grande.

megalopodia *s.f.* V. **macropodia**.

megalopsia *s.f.* V. **macropsia**.

megaloqueria *s.f.* V. **macroqueria**.

megaloscopio *s.m.* Lente ou espello de aumento. Tamén se di **megascopio**.

megalosindactilia *s.f.* Presencia de dedos anormalmente grandes e con adherencias entre si.

megalosplacnia *s.f.* V. **macrosplacnia**.

megalosplenia *s.f.* V. **esplnomegalia**.

megalxia *s.f.* Presencia de dor de carácter moi intenso.

meganúcleo *s.m.* V. **macronúcleo**.

megaprosopia *s.f.* Amplitude ou lonxitude excesiva da cara.

megascopio *s.m.* V. **megaloscopio**.

megasigma *s.m.* Dilatación excesiva do sigma.

megasomía *s.f.* V. **macrosomía**.

megastoma *s.f.* Boca de tamaño anormalmente grande.

megauréter *s.m.* Tamaño excesivo, conxénito ou adquirido do uréter.

megavolt *s.m.* Unidade equivalente a un millón de volt. A súa abreviatura é **Mv**.

Meibomio, glándula de V. glándula.

meibomite *s.f.* Inflamación das glándulas de Meibomio.

meigo-a *s.* Persoa que se considera que ten poderes sobrenaturais, polo que pode adiviña-lo porvir ou realizar curacións.

meiopraxia *s.f.* Actividade funcional diminuída nun órgano ou sistema.

meiose *s.f.* División reduccional, método especial de división celular que se produce durante a maduración das células sexuais, caracterizado por recibir-la célula filla a metade dos cromosomas da célula proxenitora. Trátase dun proceso básico no mantemento da constancia do número de cromosomas dunha especie.

Meissner, ganglio de V. ganglio.

meixela *s.f.* Porción lateral e prominente da cara, limitada por arriba pola sen e o ollo, por dentro polo nariz e a boca, por debaixo polo queixo e posteriormente pola orella. Tamén se di **mazá da cara**.

mel *s.m.* Substancia azucrada elaborada polas abellas a partir do néctar das flores ou doutras segregacións procedentes das plantas.

mela- Pef. de gr. *mélas* (negro).

melagra *s.f.* Dor procedente dos músculos das extremidades.

melalxia *s.f.* Dor das extremidades de orixe neurálxica.

melan- Prefixo do gr. *mélas, mélaina, mélan* (negro).

melancolía *s.f.* Psicose caracterizada por unha intensa depresión, que cursa con inhibición psicomotriz, ideas delirantes congruentes e lentitude do pensamento. Ten un risco elevado de suicidio. / **M. simple** Aquela que cursa sen trazos psicóticos.

melanemese *s.f.* Vómito de cor negra que aparece ás veces na febre amarela.

melanhidrose *s.f.* Sudoración de cor negra ou escura.

melanífero -a *adx.* Que contén melanina ou un pigmento escuro.

melanina *s.f.* Pigmento amorfo, de cor negra ou parda escura, presente de xeito normal no pelo, na pel, no iris, a retina e a cuberta corioide do ollo e no sistema nervioso central nas leptomeninxes e a substancia negra cerebral. Preséntase ademais de xeito anormal en diversos tumores. Elaborada polas células melanocíticas, bioquimicamente procede da oxidación enzimática da tirosina.

melano- Prefixo do gr. *mélas, mélaina, mélan* (negro).

melanoacantoma *s.m.* Tumorción cutánea de carácter benigno, formada por un crecemento papilomatoso da

- epiderme con presenza abundosa de queratinocitos e melanocitos.
- melanoblasto** *s.m.* Célula orixinada na crista neural e que por un proceso de diferenciación se transforma nun melanocito.
- melanoblastoma** *s.m.* Tumoración derivada dunha proliferación anormal dos melanoblastos.
- melanocarcinoma** *s.m.* Melanoma maligno.
- melanocito** *s.m.* Célula dendrítica clara derivada dos melanoblastos da crista neural desde onde emigra á capa basal da epiderme e a outras estruturas do organismo. Sintetiza melanina a partir dun substrato de tirosina dentro duns órganos celulares especiais denominados melanosomas, que posteriormente son transferidos ás células veciñas, proporcionándolle deste xeito a coloración á pel.
- melanocitoma** *s.m.* Hamartoma ou neoplasia composta de melanocitos.
- melanodermatite** *s.f.* Dermateite acompañada dun aumento do depósito de melanina que proporciona un aumento da pigmentación da pel.
- melanodermia** *s.f.* Estado caracterizado por un aumento da pigmentación cutánea causado por un exceso de melanina na mesma.
- melanoedema** *s.m.* Edema de tonalidade escura que aparece no ántrax cutáneo.
- melanófago** *s.m.* Denominación das células macrofágicas cargadas con pigmento melánico.
- melanofóro -a** *adx.* Do que contén ou transporta melanina.
- melanoide** *adx.* Semellante á melanina.
- melanoleucodermia** *s.f.* Alteración da coloración da pel caracterizada pola presenza de vitilix e manchas pigmentadas.
- melanoma** *s.m.* Tumor maligno procedente do sistema melanocítico da pel e doutros órganos. Pódese orixinar na pel, nas mucosas ou nas estruturas pigmentadas do globo ocular. // **M. benigno xuvenil** Tumor que aparece principalmente entre os catro e os dez anos, localizado xeralmente na cara, que medra rapidamente, deténdose posteriormente o crecemento. Posúe forma cupuliforme e cor rosada e negra. A súa evolución é totalmente benigna. Tamén se di **nevo de Spitz**. / **M. de expansión superficial** Melanoma que aparece en calquera parte da superficie cutánea, xeralmente en idades medias da vida, formando unha placa discoide, de contorno máis ou menos irregular, ben definido e algo elevada sobre a pel veciña. A súa cor é moura ou negra, aínda que tamén cinsenta. Sobre o mesmo desenvólvese posteriormente unha formación nodular. / **M. maligno** Neoplasia maligna de células pigmentarias, que pode presentarse sobre unha pel sa ou proceder da dexeneración dun nevo. / **M. nodular** Variedade de melanoma que se inicia como unha formación hemisférica, verrugosa ou pediculada, de cor negra, azulada e incluso non pigmentada. Medra rapidamente facéndose ulceroso.
- melanomatose** *s.f.* Doenza caracterizada pola presenza de múltiples melanomas.
- melanoniquia** *s.f.* Ennegrecemento das unllas causado por pigmentación melánica.
- melanopatía** *s.f.* Denominación xeral das doenzas caracterizadas por unha alteración do sistema de pigmentación orgánico.
- melanoplaquia** *s.f.* Presencia anormal de placas pigmentadas, principalmente nas mucosas.
- melanose** *s.f.* Estado caracterizado pola coloración escura dos tecidos, a causa do depósito nos mesmos de melanina. // **M. do colon** Coloración escura da mucosa do colon, causada pola presenza de macrófagos cargados de pigmento melánico dentro da lámina propia. / **M. episcleral** Pigmentación negra difusa da esclerótica causada pola presenza de células cargadas de pigmento melánico. / **M. falsa** Pigmentación escura dun tecido, causada por un pigmento diferente da melanina. / **M. precancerosa V. lentigo maligno**.
- melanosoma** *s.m.* Gránulo celular presente no citoplasma dos melanocitos, que contén tirosinase e sintetiza o pigmento melánico. Os melanosomas transfírense posteriormente ós queratinocitos, proporcionándolle deste xeito a súa coloración á pel.
- melanotriquia** *s.f.* Pigmentación negra do pelo.
- melanotropina** *s.f.* MSH ou hormona estimulante dos melanocitos.
- melanuria** *s.f.* Emisión de urina de cor escura ou negra.
- melarsoprol** *s.m.* Composto orgánico de arsénico, de fórmula $C_{12}H_{15}AsN_6OS_2$, que constitúe o único arsenical aínda utilizado de xeito xeneralizado no tratamento de enfermidades no home. Emprégase no tratamento das tripanosomíases. Identifícase coa abreviatura “Mel B”.
- melasma** *s.m.* Mancha de cor escura que aparece na pel da cara a consecuencia de diversos procesos normais ou patolóxicos.
- melatonina** *s.f.* Hormona sintetizada na glándula pineal, estimulante da función dos melanocitos.
- melaza** *s.f.* Líquido consistente, de cor parda escura e doce, que fica como residuo da cristalización do azucre.
- melena** *s.f.* Evacuación intestinal de feces negras, de aspecto alcatranado, debido á presenza nelas de pigmentos sanguíneos ou sangue alterado. Típica das hemorraxias dixestivas.
- meli-** Prefixo do gr. *méli*, *mélitos* (mel) ou do lat. *mel*, *mellis* (mel).
- melia** Sufixo do gr. *mélos* (membro).
- melibiosa** *s.f.* Disacárido procedente da melaza. Mediante un proceso de hidrólise convértese en galactosa e glicosa.

melioidose *s.f.* Enfermidade infecciosa dos animais e o ser humano, semellante ó mormo, producida pola infección coa bacteria *Pseudomona pseudomallei* (bacilo de Whitmore). Endémica do sueste de Asia, produce infeccións supuradas localizadas no punto de entrada, septicemia e infeccións pulmonares agudas e abscesos agudos e crónicos en diversos órganos.

melisa *s.f.* Planta labiada do xénero *Melissa*. Comprende tres ou catro especies das que a *M. officinalis* (melisa) posúe follas recedentes con propiedades estomacais, estimulantes e antiespasmódicas. Utilízase para preparar a auga e o alcohol de melisa e a auga do Carne.

melisofobia *s.f.* Temor morboso ás picadas das abellas e avésporas.

melisoterapia *s.f.* Utilización terapéutica do veneno das abellas.

melite *s.f.* Inflamación da meixela.

melito *s.m.* Xarope realizado con mel en lugar de azucre.

melituria *s.f.* Presencia de calquera tipo de azucre na urina.

-melo Sufixo do gr. *mélos* (membro).

melomanía *s.f.* Afección extremada e incluso morbosa á música.

melómelo *s.m.* Monstro fetal que presenta membros supernumerarios rudimentarios.

melonco *s.m.* Tumor ou tumefacción da meixela.

melonematina *s.f.* Substancia amarga, de propiedades eméticas e purgantes que se obtén da raíz do melón.

meloplastia *s.f.* 1. Técnica de cirurxía plástica-reparadora realizada sobre as meixelas. 2. Técnica de cirurxía plástica-reparadora realizada sobre as extremidades.

melorreostose *s.f.* Variedade de osteoartropatía hipertrófica que afecta ós ósos longos das extremidades.

melosalxia *s.f.* Dor localizada nos membros.

melosquise *s.f.* Fendedura conxénita das meixelas formada pola prolongación da fendedura bucal cara ó exterior.

melotia *s.f.* Anomalía do desenvolvemento fetal na que aparece unha ou as dúas orellas implantadas de xeito ectópico nas meixelas.

melotrídimos *s.m.* Monstro fetal caracterizado por presentar tres pares de membros.

membrana *s.f.* Capa delgada de tecido que cobre unha superficie, reviste unha cavidade ou divide un espazo ou un órgano. // **M. adventicia** Capa ou túnica externa das arterias. / **M. anal** Membrana que pecha o extremo anal do intestino embrionario. / **M. bacteriana** Primeira envoltura do citoplasma bacteriano. / **M. basal** Capa delgada extracelular, formada por unha condensación de mucopolisacáridos e proteínas, subxacente ó epiteliu das mucosas e das glándulas secretoras. Tamén se di **m.**

hialina. / **M. basilar** Porción membranosa dos tabiques do conducto do caracol do oído interno. / **M. caduca** **V. caduca**. / **M. celular** Envoltura citoplasmática propia de toda célula, procariota ou eucariota. Tamén se di **m. citoplasmática**, **membrana protoplasmática**. / **M. citoplasmática** **V. m. celular**. / **M. coriocalpilar** Capa interna ou vascular da coroide. / **M. cricotiroide** Membrana fibrosa que conecta a cartilaxe tiroide coa cricoide. / **M. cruposa** Pseudomembrana que se forma nos casos de crup. / **M. cuadrangular** Membrana fibrosa que se estende entre a epiglote e as cartilaxes aritenoides. / **M. de Bichat** Capa máis externa da túnica interna das arterias. Tamén se di **m. fenestrada de Henle**. / **M. de Bowman** capa superficial do estroma corneal. Tamén se di **lámina anterior córnea**. **V. lámina**. / **M. de Bruch** Capa interna ou basal da coroide. Tamén se di **lámina basal da coroide**. **V. lámina**. / **M. de Brunn** Capa epitelial da rexión olfactiva da pituitaria. / **M. de Corti** Membrana localizada sobre o órgano de Corti do caracol do oído interno. / **M. de Descemet** Membrana posterior da estroma corneal. Tamén se di **lámina posterior córnea**, **membrana vítrea**. **V. lámina**. / **M. de Henle** Capa fibroelástica subendotelial das arterias. / **M. de Jacob** Capa de conos e bastóns da retina. / **M. de Kölliker** Membrana que forma unha rede sobre o órgano de Corti do oído interno. Tamén se di **m. reticulada**. / **M. de Reissner** Membrana delgada localizada entre o conducto coclear e a escala do vestíbulo. Tamén se di **m. vestibular**. / **M. de Ruysch** Capa capilar ou dos pequenos vasos da coroide. / **M. de Sattler** Estrato intervascular da coroide, constituído por fibras elásticas. / **M. de Scarpa** Membrana que pecha a ventá redonda do oído. / **M. de Schneider** Membrana mucosa das fosas nasais. Tamén se di **m. pituitaria**, **membrana olfactiva**. / **M. de Schwan** **V. neurilema**. / **M. de Shrapnell** Porción ou pars flácida, localizada na parte superior da membrana timpánica. / **M. de Slavianski** Membrana basal do foliculo de De Graaf. / **M. de Volkmann** Membrana amarelada e delgada que tapiza a parede dos abscesos tuberculosos. / **M. de Wachendorf** Membrana que pecha a pupila durante a vida fetal. Tamén se di **m. pupilar**. / **M. de Zinn** **V. ectiris**. / **M. diftérica** Pseudomembrana característica da difteria, producida pola necrose de coagulación. / **M. falsa** Pseudomembrana, constituída xeralmente por elementos procedentes da exsudación celular. / **M. fenestrada de Henle** **V. m. de Bichat**. / **M. fetal** Cada unha das membranas do ovo, corion, amnios ou alantoide. / **M. granulosa** Capa celular que tapiza a superficie interna do foliculo de De Graaf. / **M. hialina** 1. **V. m. basal**. 2. Membrana localizada entre a raíz do pelo e a parede externa do foliculo piloso. / **M. hialoide** Membrana que envolve o corpo vítreo do ollo. / **M. interósea** Membrana ligamentosa localizada entre o cúbito e o raio ou entre a tibia e o peroné. / **M. intracitoplasmática** Cada unha das envolturas intracelulares das organelas das células eucariotas. / **M. limitante** Membrana basal do epiteliu glandular. / **M. limitante interna** Capa elástica que separa as túnicas íntima e media das arterias. / **M. mucosa** Cada unha das

membranas que tapizan as cavidades e conductos que comunican co exterior do corpo. / **M. mucocutánea** Membrana de transición entre unha mucosa e a pel. / **M. nictitante** Terceira pálpebra que posúen algúns animais, representado no ser humano polo repregamento semilunar da conxuntiva. / **M. nuclear** Calquera das membranas, interna e externa, que comprenden a cuberta nuclear. / **M. obturatriz** Membrana grosa e fibrosa que pecha o burato obturado. / **M. olfactoria** V. m. de **Schneider**. / **M. ovárica** Membrana que constitúe a envoltura externa do óvulo. Tamén se di **m. vitelina**. / **M. pituitaria** V. m. de **Schneider**. / **M. plasmática** Parte especializada do citoplasma que regula a permeabilidade celular. / **M. protoplasmática** V. m. **celular**. / **M. pupilar** V. m. de **Wachendorf**. / **M. reticulada** V. m. de **Kölliker**. / **M. semipermeable** Membrana que permite o paso a través dela dun solvente como a auga, pero que é impermeable para as moléculas da substancia disolta. / **M. serosa** Membrana que forma un saco sen abertura que tapiza as cavidades viscerais. / **M. sinovial** Membrana fibroserosa que tapiza as cavidades articulares, as bolsas mucosas ou as vañas dos tendóns. / **M. timpánica** Membrana delgada e fibrosa, semitransparente, que separa o oído externo do oído medio. / **M. tirohioidea** A que une o bordo superior da cartilaxe tiroide co óso hioide. / **M. vestibular** V. m. de **Reissner**. / **M. virxinal** V. **hime**. / **M. vitelina** V. m. **ovárica**. / **M. vítrea** V. m. de **Descemet**.

membraniforme *adx.* De estrutura semellante a unha membrana.

membranoso -a *adx.* Que posúe aspecto ou consistencia de membrana.

membro *s.m.* Cada unha das extremidades do home ou dos animais. // **M. inferior** Cada unha das dúas extremidades formadas no ser humano polas coxas as pernas e os pés. / **M. superior** Cada unha das dúas extremidades formadas no ser humano polos brazos, os antebrazos e as mans.

memoria *s.f.* Capacidade mental que lle permite ó ser humano almacenar, conservar e posteriormente reactualizar ou utilizar informacións adquiridas durante a súa existencia. // **M. anterógrada** Capacidade para lembralos sucesos afastados no tempo. / **M. imaxinaria** V. **imaxinación**. / **M. inmunolóxica** Capacidade do sistema inmunolóxico dun organismo que lle permite recoñecer e reaccionar con maior rapidez e efectividade contra un axente invasor co cal xa tivera contacto anteriormente. / **M. retrógrada** Capacidade para lembralos acontecementos recentes ou inmediatos.

menadiona *s.f.* 2-metil 1,4-naftoquinona, vitamina K sintética ou vitamina K₃.

menarquía *s.f.* Establecemento da primeira menstruación.

menciña *s.f.* V. **medicamento**.

menciñeiro-a *s.* Persoa sen coñecementos científicos sobre medicina, que trata de cura-las enfermidades utili-

zando fundamentalmente remedios preparados con herbas. Tamén se di **curandeiro**.

Ménière, enfermidade de V. **enfermidade**.

meningo- Prefixo do gr. *mênigx*, *-iggos* (membrana ou menínxe).

meningoarterite *s.f.* Inflamación das arterias menínxeas.

meningoblastoma *s.m.* Blastoma localizado nas membranas menínxeas.

meningocele *s.f.* Malformación conxénita producida como consecuencia dunha anomalía vertebral que impide o peche do tubo neural, que se atopa cuberto por unha capa constituída de fóra a dentro pola pel, a duramáter, a aracnoide e líquido cefalorraquídeo.

meningococia *s.f.* Infección sistémica orixinada polo meningococo (*Neisseria meningitidis*).

meningococo *s.m.* *Neisseria meningitidis*. V. **Neisseria**.

meningocortical *adx.* Relativo ás meninxes e ó córtex cerebral.

meningoencefalite *s.f.* Inflamación simultánea do encéfalo e das meninxes.

meningoencefalocele *s.m.* Tumoración cranial formada por unha hernia das meninxes que contén unha porción de encéfalo.

meningoencefalomielite *s.f.* Inflamación simultánea das meninxes, o encéfalo e a medula espiñal.

meningomalacia *s.f.* Amolecemento anormal dunha membrana, especialmente referido ás meninxes.

meningomielite *s.f.* Inflamación simultánea da medula espiñal e das súas cubertas menínxeas.

meningomielocele *s.m.* V. **espiña bífida**.

meningomielorrafia *s.f.* Sutura cirúrxica da medula espiñal e das cubertas menínxeas.

meningopatía *s.f.* Doenza que afecta ás meninxes.

meningorradiculite *s.f.* Inflamación simultánea das meninxes e das raíces espiñais.

meningorraquídeo -a *adx.* Relativo á raque e mais ás meninxes.

meningorraxia *s.f.* Hemorraxia procedente dos vasos menínxeos.

meninguria *s.f.* Presencia na urina de formacións con aspecto membranoso.

menínxe *s.f.* Membrana en xeral, especialmente cada unha das tres que envolven o encéfalo e a medula espiñal, duramáter, aracnoide e piamáter.

menínxeocortical *adx.* Relativo ás meninxes e ó córtex cerebral.

meninxeorrafia *s.f.* Sutura cirúrxica dunha membrana menínxe.

meninxíoma *s.m.* Tumor procedente das células das meninxes, frecuentemente moi vascularizado e calcificado. Localízase principalmente na zona supratentorial, esencialmente na porción anterior da fouce do cerebro. Produce síntomas derivados da compresión que orixinan sobre as estruturas subxacentes. Tamén se di **exotelioma**.

meninxíomatose *s.f.* Doenza caracterizada pola presenza de múltiples meninxíomas.

meninxismo *s.m.* Cadro sintomático semellante a unha meninxite, pero que aparece en ausencia ou con escasa inflamación das cubertas menínxeas.

meninxite *s.f.* 1. Inflamación das meninxes. 2. Cadro clínico orixinado pola inflamación das meninxes. // **M. aséptica aguda** Forma benigna pouco frecuente, caracterizada pola infección das vías respiratorias altas, con síntomas menínxeos. Tamén se di **m. linfocitaria benigna**. / **M. bacteriana** Aquela que se produce pola infección cun microorganismo bacteriano. / **M. basilar** Aquela que afecta esencialmente ás membranas localizadas na zona basal do cerebro. / **M. cerebrospinal** Inflamación das meninxes cerebrais e espiñais ó mesmo tempo. / **M. espiñal** Inflamación das meninxes espiñais, xeralmente asociada á meninxite cerebral ou á mielite. / **M. linfocitaria benigna** V. **m. aséptica aguda**. / **M. micótica** Aquela orixinada por unha infección fúnxica. / **M. purulenta** Aquela na que o exsudado, determinado pola análise do líquido cefalorraquídeo, é purulento. / **M. serosa** Aquela que posúe un exsudado de características serosas. / **M. tuberculosa** Meninxite grave causada por unha infección co *Mycobacterium tuberculosis*. / **M. vírica** Aquela que se orixina pola infección cun virus.

meniscetomía *s.f.* Extirpación cirúrxica parcial ou total dun menisco.

meniscite *s.f.* Inflamación dun menisco.

menisco *s.m.* 1. Lámina de fibrocartilaxe que se localiza entre algunhas superficies articulares facilitando a concordancia entre as mesmas. 2. Lente de superficies esféricas. // **M. lateral** Cartilaxe semilunar externa do xeonllo. / **M. medial** Cartilaxe semilunar interna do xeonllo. / **M. negativo** Lente convexocóncava. / **M. positivo** Lente concavoconvexa.

meniscopexia *s.f.* Fixación mediante sutura dun menisco articular.

Menkes, enfermidade de V. **enfermidade**.

meno- Prefixo do gr. *mén*, *menós*, *mes*, utilizado na formación de palabras que denotan relación coa menstruación.

menoloxía *s.f.* Parte da medicina que estuda o relativo á menstruación.

menometrorraxia *s.f.* Menstruación caracterizada por unha abundancia excesiva e presentación irregular.

menopausa *s.f.* Cesamento definitivo e natural dos períodos menstruais e período da vida no que sucede,

normalmente entre os 45 e os 55 anos. Tamén se di **climaterio**. // **M. prematura** Aquela que sucede antes dos 35 anos de idade.

menorrraxia *s.f.* Menstruación anormalmente abundante e duradeira.

menorrea *s.f.* Fluxo menstrual normal.

menosepse *s.f.* Septicemia causada por unha retención menstrual.

menosquese *s.f.* Anormalidade da menstruación caracterizada pola retención do fluxo menstrual. Tamén se di **menostasia**.

menostasia *s.f.* V. **menosquese**.

menostaxe *s.f.* Menstruación escasa e anormalmente prolongada no tempo.

menotoxina *s.f.* Substancia tóxica hipotética existente no sangue e nas segregacións corporais femininas durante o período menstrual.

menstruación *s.f.* Fenómeno fisiolóxico propio do ciclo sexual feminino, mediante o cal periodicamente se elimina ó exterior a porción superficial da mucosa uterina mesturada con sangue e moco.

menstruo *s.m.* Menstruación ou fluxo menstrual. V. **menstruación**.

menta *s.f.* Planta herbácea da familia das labiadas, de cheiro forte e agradable, que corresponde a varias especies do xénero *Mentha*. Algunhas das súas especies utilízanse como carminativas, estimulantes, antieméticas, antiespasmódicas e emenagogas.

mentagra *s.f.* Dermatose folicular da barba causada por organismos fungoides do xénero *Trichophyton*.

mentalidade *s.f.* Conxunto de ideas que caracterizan a personalidade dun grupo ou dun individuo, xeito ou maneira de pensar.

mente *s.f.* Sistema ou organización dos procesos mentais ou actividades psíquicas dun individuo.

mentol *s.m.* Alcohol aromático secundario que se extrae da esencia de menta. Utilízase como analxésico e antiprurixinoso local, antiséptico e anticatarral das vías respiratorias superiores. Emprégase tamén como aditivo.

mepéridina *s.f.* Carboxilato de etilmetilfenilpiperidina, hipnoanalxésico sintético con accións semellantes á morfina e á codeína.

mEq Abreviatura de miliequivalente. V. **miliequivalente**.

meralxia *s.f.* Dor localizada nas coxas.

mercaptano *s.m.* Denominación xeral dos compostos orgánicos que presentan grupos sulfhidrilos enlazados co carbono (R-SH).

mercapto- Forma prefixa que indica a presenza dun grupo sulfhidriilo (SH-).

mercurial *s.m.* Denominación xeral dos preparados de mercurio.

mercúrico -a *adx.* 1. Relativo ó mercurio. 2. Do óxido de mercurio (HgO) e dos sales do mercurio divalente.

mercurio *s.m.* Metal líquido a temperatura ordinaria. Trátase do elemento químico de número atómico 80 e masa atómica 200,59, con símbolo Hg. Utilízase con finalidade terapéutica en diversas preparacións con propiedades purgantes, antisépticas, antisifilíticas, desinfectantes, astrinxentes e en procesos inflamatorios crónicos. Posúe unha alta toxicidade para o organismo.

mercurioso -a *adx.* Dos compostos do mercurio monovalente.

mercurocromo *s.m.* Denominación común do sal sódico do dibromhidroximercurifluoresceína, substancia colorante vermella que posúe un gran poder como antiséptico tóxico.

merergasia *s.f.* Alteración psíquica caracterizada pola ansiedade e a inestabilidade emocional.

mericismo *s.m.* Ruminación que se observa en ocasións nos meniños e nalgúns pacientes con trastornos psicóticos.

meridiano *s.m.* Liña imaxinaria trazada sobre a superficie dun corpo esférico, que sinala a intersección coa superficie dun plano imaxinario que pasa polo seu eixe. // **M. da córnea** Meridiano que pasa pola porción máis sobresaínte da cara anterior da córnea.

meridrose *s.f.* Sudoración excesiva anormal localizada nunha parte.

mero- 1. Prefixo do gr. *méros* (parte). 2. Prefixo do gr. *merós* (coxa).

meroblástico -a *adx.* Dos ovos nos que unicamente se divide o vitelo.

merocele *s.m.* Hernia crural.

merocito *s.m.* Núcleo dos ovos meroblásticos.

merócrino -a *adx.* Das glándulas que posúen un tipo de segregación na que as células productoras non forman parte do produto final segregado.

merodiastólico -a *adx.* Relativo ós fenómenos do ciclo cardíaco que abarcan unha porción da duración da diástole.

merogástrula *s.f.* Denominación da fase embrionaria de gástrula que xorde no desenvolvemento normal dos ovos meroblásticos.

merogonía *s.f.* Fenómeno caracterizado polo desenvolvemento dun organismo a partir dunha porción dun ovo, principalmente dunha porción anucleada dun ovo fecundado.

meromicrosomía *s.f.* Tamaño anormalmente pequeno dunha parte do corpo.

meronecrose *s.f.* Necrose parcial dunha parte calquera do organismo.

meroparestesia *s.f.* Alteración parcial da sensibilidade subxectiva dunha parte do organismo.

meropía *s.f.* Cegueira parcial. Tamén se di **meropsia**.

meropsia *s.f.* V. **meropía**.

merorraquisquise *s.f.* Espiña bífida parcial conxénita.

merosistólico -a *adx.* Relativo ós fenómenos do ciclo cardíaco que abarcan unha porción da duración da sístole.

merosmia *s.f.* Anomalía do olfacto caracterizada pola percepción de unicamente unha porción do espectro normal de olores.

merotomía *s.f.* División en segmentos dunha parte, especialmente dunha célula.

merozoíto *s.m.* Cada un dos segmentos nos que se divide o esquizonte dos protozoos esporozoarios e que se comporta como un esporozoíto.

mes *s.m.* 1. Cada un dos doce períodos nos que se divide o ano. 2. Período de tempo comprendido entre unha data dun mes e a mesma data do mes seguinte. 3. Período menstrual dunha muller.

mesa *s.f.* Moble consistente nunha táboa horizontal lisa e unha base constituída por un ou máis pés. // **M. de operacións** Mesa especial, xeralmente metálica e con partes móbiles sobre a que se coloca o doente durante un acto cirúrxico.

mesanxio *s.m.* Estructura localizada entre os capilares glomerulares ós que serve de soporte. Posúe dous elementos fundamentais: matriz mesanxial e células, consideradas células musculares lisas modificadas. Ademais da súa función como soporte glomerular, o mesanxio posúe capacidade contráctil e unha función fagocitaria, atribuíndoselle un papel importante no aclaramento dos refugallos durante o proceso da filtración glomerular.

mesaortite *s.f.* Inflamación da capa media da aorta.

mesarterite *s.f.* Inflamación da capa media das arterias.

mesaticéfalo -a *adx.* Do cranio que posúe unha forma intermedia entre o dolococéfalo e o braquicéfalo.

mesectoderma *s.m.* Porción do mesénquima derivada do ectoderma, especialmente da crista neural. Contén as células migratorias que contribúen á formación das meninxes e das células pigmentarias.

mesencefálico -a *adx.* Relativo ou pertencente ó mesencefalo.

mesencefalite *s.f.* Inflamación do mesencefalo.

mesencefalo *s.m.* Porción da masa encefálica que deriva da vesícula media do cerebro embrionario. Localízase entre a protuberancia anular e o cerebro. Comprende, esencialmente, os pedúnculos cerebrais e os tubérculos cuadrixéminos. Tamén se di **mesoencefalo**.

mesencefalotomía *s.f.* Intervención cirúrxica consistente na escisión de estruturas mesencefálicas, especial-

mente das vías que interveñen na condución das sensacións dolorosas. Utilízase algunhas veces para aliviar-las dores intratables por outros medios.

mesénquima *s.m.* Tecido conxuntivo embrionario do cal derivan os vasos sanguíneos e linfáticos e os diferentes tipos de tecidos conxuntivais.

mesenquimoma *s.m.* Tumoración constituída por elementos celulares derivados do mesénquima.

mesenterectomía *s.f.* Escisión dunha parte ou da totalidade do mesenterio.

mesenterio *s.m.* Porción do peritoneo que fixa os órganos ás paredes do corpo, especialmente o prego de peritoneo que fixa o intestino delgado contra a parede dorsal do corpo.

mesenteriopexia *s.f.* Intervención cirúrxica consistente na fixación mediante sutura do mesenterio a unha parte.

mesenteriorrafia *s.f.* Sutura cirúrxica realizada no mesenterio.

mesenterite *s.f.* Inflamación do mesenterio.

mesénteron *s.m.* Porción media da cavidade embrionaria da que derivan os órganos dixestivos, o fígado, o páncreas e os pulmóns.

mesión *s.m.* Plano medio lonxitudinal do corpo que o divide en dúas partes iguais.

mesmerismo *s.m.* Teoría terapéutica creada por Mesmer, baseada en métodos que denominaba magnéticos, pero que realmente tiñan como fundamento a suxestión. Elaborou a doutrina do magnetismo animal, segundo a cal cada organismo posúe un fluído magnético que se podería transmitir ós demais.

mesmerización *s.f.* Magnetismo animal. V. **magnetismo**.

meso- Prefixo do gr. *mésos* (medio).

meso *s.m.* Mesenterio propio dunha víscera.

mesoapéndice *s.m.* Porción do mesenterio pertencente ó apéndice.

mesoblasto *s.m.* V. **mesoderma**.

mesocardia *s.f.* Localización atípica do corazón na que o ápice se sitúa na liña media do tórax.

mesocardio *s.m.* 1. Porción do mesenterio embrionario que conecta o corazón coa parede corporal por diante e co intestino anterior por detrás. 2. Porción do pericardio que rodea á orixe dos grandes vasos.

mesocego *s.m.* Porción do mesenterio pertencente ó cego.

mesocisto *s.m.* Prego do peritoneo que fixa a vesícula biliar á cara inferior do fígado.

mesocito *s.m.* Célula propia do tecido conxuntivo do mesoderma.

mesocolon *s.m.* Meso que fixa o colon á parede abdominal posterior.

mesocondrio *s.m.* Matriz na que se encontran incluídas as células propias da cartilaxe hialina.

mesocórtex *s.m.* Córtex insular situado entre o córtex do polo inferior da illa e o da porción superior da mesma.

mesocortical *adx.* 1. Relativo ó mesocórtex. 2. Dunha vía nerviosa dopaminérxica no que os corpos celulares se atopan situados na parte superior do mesencéfalo e se proxectan sobre o córtex da porción frontal.

mesocranio *s.m.* Porción superior media ou vértice do cráneo.

mesoderma *s.m.* Capa xerminal media do embrión, localizada entre o ectoderma e o endoderma, da cal derivan o tecido conxuntivo, óseo, cartilaxinoso, muscular, os vasos sanguíneos e linfáticos, os órganos linfoides, o notocordio, a pleura, o pericardio, o peritoneo, os riles e as gónadas.

mesodermopatía *s.f.* Doenza que afecta ós órganos derivados do mesoderma.

mesodiastólico -a *adx.* Relativo á parte media da diástole cardíaca.

mesoduodeno *s.m.* Prego do peritoneo existente durante o período fetal, persistente as veces durante o período adulto, que fixa o duodeno á parede do abdome.

mesoencéfalo *s.m.* V. **mesencéfalo**.

mesoepidídimo *s.m.* Prego da túnica vaxinal que ás veces conecta o epidídimo cos testículos.

mesofarinxe *s.f.* Orofarinxe, porción media da farinxe, localizada entre a nasofarinxe e a laringofarinxe.

mesoflebite *s.f.* Inflamación da túnica media das veas.

mesogastrio *s.m.* 1. Rexión media do abdome, localizada a nivel do embigo, por debaixo do epigastrio e por encima do hipogastrio. 2. Mesenterio do estómago embrionario, a partir do cal se desenvolve o epíploon maior. 3. Epíploon gastrohepático.

mesoíleo *s.m.* Porción do mesenterio pertencente ó íleo.

mesomélico -a *adx.* Relativo á porción media dos membros.

mesometrio *s.m.* 1. Miometrio, capa muscular media do útero. 2. Mesenterio do útero, constituído polos ligamentos anchos.

mesometrite *s.f.* Inflamación do mesometrio.

mesonasal *adx.* Relativo ou que pertence ó medio do nariz ou das fosas nasais.

mesonefoma *s.m.* Tumor maligno orixinado a partir dos restos do mesonefros embrionario.

mesonefros *s.m.* Sistema de excreción que se localiza entre o pronefros e o ril definitivo ou metenfros durante o período de desenvolvemento embrionario.

mesoneurite *s.f.* Inflamación da substancia propia dos nervios.

- mesopneuma** *s.m.* Prego pleural localizado no hilo do pulmón.
- mesorquio** *s.m.* Prego do peritoneo que envolve o testículo fetal no abdome e que constitúe posteriormente a túnica vaxinal.
- mesorraquisquise** *s.f.* Fendedura conxénita localizada na porción media da columna vertebral.
- mesorrecto** *s.m.* Prego do peritoneo que fixa o recto á cara anterior do sacro.
- mesorretina** *s.f.* Parte media da espesura das capas da retina.
- mesosálpinx** *s.m.* Meso propio da trompa de Falopio.
- mesosigma** *s.m.* Porción do mesocolon correspondente ó sigma.
- mesosigmoidopexia** *s.f.* Operación cirúrxica consistente na pregadura e a fixación do mesosigma para a corrección do prolapso do recto.
- mesosistólico -a** *adx.* Relativo á parte media da sístole cardíaca.
- mesosoma** *s.m.* Cada unha das pregaduras internas da membrana citoplasmática que presentan algunhas bacterias, especialmente grampositivas.
- mesosterno** *s.m.* Porción media ou corpo do óso esterno.
- mesotarsiano -a** *adx.* Das estruturas localizadas entre as dúas ringleiras dos ósos do tarso.
- mesotelio** *s.m.* 1. Capa celular derivada do mesoderma que tapiza o celoma embrionario. 2. Capa de células escamosas que tapiza as superficies das membranas serosas.
- mesotelioma** *s.m.* Variedade de tumor maligno derivado das superficies serosas.
- mesotendón** *s.m.* Pregadura da membrana sinovial que fixa o tendón á súa vaña fibrosa.
- mesotórax** *s.m.* Porción media do tórax.
- mesovario** *s.m.* Pregadura do peritoneo que fixa o ovario na súa posición normal.
- mesoxexuno** *s.m.* Porción do mesenterio que corresponde ó xexuno.
- mestizo -a** *adx.* Nacido de proxenitores pertencentes a razas diferentes dunha mesma especie.
- mestura** *s.f.* Producto máis ou menos homoxéneo, obtido da xuntanza ou incorporación de varias cousas ou substancias diferentes.
- meta-** Prefixo do gr. *metá* (entre, máis alá, despois de) que denota translación, cambio, posterioridade, transformación ou localización detrás de algo.
- metaartrítico -a** *adx.* Dos fenómenos que suceden despois dun episodio de artrite.
- metabionte** *adx.* Dos organismos que presentan fenómenos de metabiose.
- metabiose** *s.f.* Relación interdependente entre diferentes organismos de forma que un deles use o substrato e o prepare para que o utilicen outros organismos ou conxuntamente con eles.
- metabólico-a** *adx.* Relativo ó metabolismo.
- metabolismo** *s.m.* Conxunto de tódolos procesos físicos e químicos que ocorren nos seres vivos, encamiñados ó mantemento da vida, ó crecemento dos individuos e á súa reprodución. // **M. aerobio** Aquel que ten lugar en presenza de osíxeno. // **M. anaerobio** Aquel que ten lugar en ausencia de osíxeno. // **M. basal** Gasto mínimo de enerxía necesario para mante-las funcións vexetativas.
- metabolito** *s.m.* Producto derivado da transformación dun corpo químico orgánico por un procesos metabólico.
- metabolopatía** *s.f.* Enfermidade derivada das anomalías dos procesos metabólicos.
- metaboloxía** *s.f.* Ciencia que estudia o relativo ós procesos metabólicos.
- metacarpectomía** *s.f.* Resección cirúrxica do metacarpo.
- metacarpiano -a** *adx.* 1. Relativo ou que pertence ó metacarpo. // *s.m.* 2. Cada un dos cinco ósos que constitúen o esqueleto do metacarpo.
- metacarpo** *s.m.* Parte media da man localizada entre o carpo e os dedos e constituída polos cinco ósos metacarpianos.
- metacarpofalánxico -a** *adx.* Relativo ó metacarpo e mais ás falanxes, especialmente as articulacións que unen estas estruturas.
- metaceloma** *s.m.* Parte do celoma embrionario da cal deriva a cavidade pleuroperitoneal.
- metacéntrico -a** *adx.* Do cromosoma que posúe un centrómero central, de xeito que durante a duplicación presenta uns brazos dunha lonxitude similar.
- metaciese** *s.f.* Embarazo ectópico ou extrauterino.
- metacolina** *s.f.* Éster da acetilcolina de propiedades vasodilatadoras e vagotónicas cardíacas.
- metacrítico -a** *adx.* Dos fenómenos que suceden inmediatamente despois da fase crítica dun proceso patolóxico.
- metacromasia** *s.f.* Fenómeno polo cal algunhas substancias colorantes cambian de cor cando entran en contacto coas diferentes estruturas dun tecido.
- metacromático -a** *adx.* Das materias colorantes que posúen a propiedade de tinguir un tecido dunha cor diferente á que posúe orixinalmente a devandita materia.
- metadona** *s.f.* Substancia opiácea sintética, que posúe efectos semellantes ós da morfina. Utilízase algunhas veces na deshabitación da adicción ós opiáceos, especialmente á heroína.

metafase *s.f.* Período da división mitótica localizado entre a profase e a anafase. Nela ten lugar o desdoblamento dos cromosomas no plano ecuatorial.

metafisario -a *adx.* Relativo ás metafíses dos ósos longos ou que se localiza nelas.

metáfise *s.f.* Porción dos ósos longos que forma a zona de unión entre a diáfise e a epífise.

metagonimíase *s.f.* Infestación intestinal con vermes trematodos do xénero *Metagonimus*.

Metagonimus Xénero de vermes trematodos que parasitan os peixes de auga doce en diversas zonas da terra. Poden parasita-lo intestino humano.

metagripal *adx.* Dos fenómenos físicos que ocorren inmediatamente despois dun episodio de gripe e se relacionan co mesmo.

metahemoglobina *s.f.* Producto derivado da oxidación incompleta da hemoglobina. A metahemoglobina en pequenas cantidades constitúe un elemento normal do sangue. O aumento da cantidade desta substancia por riba das cifras normais, produce hipoxia tisular, ó non ser reversible a súa unión co osíxeno.

metahemoglobinemia *s.f.* Presencia de cifras anormalmente elevadas de metahemoglobina no sangue.

metahemoglobinuria *s.f.* Presencia de metahemoglobina na urina.

metainfectivo -a *adx.* Dos fenómenos físicos que ocorren inmediatamente despois dun proceso infeccioso e relacionados co mesmo.

metal *s.m.* 1. Elemento químico caracterizado por unha forte conductividade térmica e eléctrica, un brillo especial, maleabilidade e tendencia á formación de ións. 2. Calquera material formado por estes elementos químicos ou por unha mestura ou aliaxe dos mesmos.

metalización *s.f.* Tratamento ou impregnación con metais.

metallofobia *s.f.* Temor morboso ó contacto cos metais.

metaloide *s.m.* Antigamente, elemento químico non metálico, especialmente elementos como o fósforo ou o xofre, que dan óxidos ácidos.

metaloproteína *s.f.* Proteína composta que posúe un metal como grupo prostético.

metalose *s.f.* Denominación xeral dos estados patolóxicos caracterizados pola intoxicación con metais.

metámera *s.f.* Segmento primitivo embrionario derivado do mesoderma que se divide dorsalmente en bloques regulares desde a cabeza á cola. Tamén de si **somita**.

metamería *s.f.* 1. División primitiva do mesoderma, a ambos lados da corda dorsal, en metámeras ou segmentos primitivos. 2. Característica daquelas especies que posúen un corpo dividido en metámeras. // **M. cutánea** División da superficie da pel segundo os segmentos

correspondentes á innervación dun par cranial ou dun nervio raquídeo.

metamérico -a *adx.* Relativo ás metámeras ou á metamería.

metamielocito *s.m.* Célula precursora da serie granulocítica na que se inicia o polimorfismo nuclear, evolutivamente posterior ós mielocitos e anterior ós leucocitos granulares maduros.

metamorfopsia *s.f.* Alteración visual caracterizada pola percepción anormal do tamaño ou a forma dos obxectos.

metamorfose *s.f.* 1. Transformación que sofre un insecto ó pasar do seu estado larvario ó de ninfa e deste ó de imago. 2. Cambio de forma dun individuo, producido despois da súa saída dun ovo e que constitúe unha das etapas do seu desenvolvemento normal. 3. Cambio de forma, carácter ou estrutura que experimenta un organismo ou unha cousa calquera.

metanefros *s.m.* Órgano excretor embrionario definitivo, que constitúe posteriormente o ril permanente dos mamíferos adultos.

metanémico -a *adx.* Dos fenómenos físicos que ocorren con posterioridade a un estado anémico e relacionados co mesmo.

metanfetamina *s.f.* Droga adrenérxica do grupo das fenilaminas e derivada da fenilisopropilamina ou anfetamina. Posúe acción estimulante do sistema nervoso central, b-adrenérxica cardíaca, aínda que é depresora cardíaca a altas doses, vasoconstrictora periférica e estimulante do centro respiratorio, polo que aumenta a frecuencia e amplitude dos movementos respiratorios. Utilízase no tratamento do déficit de atención infantil e como substancia anorexígena nalgúns réximes dietéticos.

metano *s.m.* Hidrocarburo saturado de fórmula CH₄ que se orixina durante a descomposición por fermentación das materias orgánicas (gas natural ou gas dos pantanos) ou por pirólise (gas da iluminación, gas das refinéras).

metanol *s.m.* Alcohol metílico, de fórmula CH₃OH, que constitúe o prototipo dos alcohois.

metanúcleo *s.m.* Núcleo ovular despois da súa exclusión da vesícula xerminativa.

metapirético -a *adx.* Dos fenómenos físicos que ocorren despois dun episodio de febre e relacionados co mesmo.

metaplasia *s.f.* Cambio no tipo das células adultas dun tecido cara a outro tipo non normal no devandito tecido.

metaplasma *s.m.* Partículas inorgánicas incluídas no protoplasma celular.

metaplexo *s.m.* Plexo coroideo pertencente ó cuarto ventrículo.

metapneumónico -a *adx.* Dos fenómenos físicos que suceden despois dunha pneumonía e relacionados coa mesma.

metapófise *s.f.* Pequena prominencia localizada nas apófises articulares superiores dalgunhas vértebras.

metaproteína *s.f.* Produto resultante da acción dun ácido ou dunha base sobre as proteínas.

metaraminol *s.m.* Amina simpaticomimética sintética, utilizada no tratamento dos estados hipotensivos.

metarbital *s.m.* Axente de fórmula $C_9H_{14}N_2O_3$, utilizado como anticonvulsionante.

metarteríola *s.f.* Precapilar, vaso sanguíneo intermedio entre as arteríolas e os capilares.

metasífilis *s.f.* 1. Sífilis conxénita sen lesións locais apreciáveis. 2. Fenómeno físico consecutivo ou posterior á sífilis e relacionado coa mesma.

metasimpático -a *adx.* Dos ganglios e os nervios simpáticos localizados nas vísceras.

metástase *s.f.* Aparición dun ou máis focos dunha enfermidade de xeito secundario a outro foco inicial ou primitivo. Pódese orixinar mediante a transferencia de microorganismos, nas metástases sépticas ou de células pertencentes a un tecido canceríxeno nas metástases tumorais.

metasterno *s.m.* Cartilaxe xifoidea, porción terminal do óso esterno.

metátalamo *s.m.* Parte do diencéfalo localizada por debaixo da extremidade caudal do tálamo dorsal, constituído polos corpos xeniculados medial e lateral.

metatarsalxia *s.f.* Dor localizada no metatarso.

metatarsectomía *s.f.* Escisión ou amputación do metatarso.

metátese *s.f.* 1. Transferencia artificial dun produto patolóxico ou dun proceso morboso dun punto a outro do organismo. 2. Reacción química na que un elemento ou radical dun composto determinado intercambia o seu lugar cun elemento ou radical doutro composto.

metatípico -a *adx.* Dos tumores que están constituídos por elementos histolóxicos normais do tecido no que se desenvolven, pero dispostos dun xeito atípico.

metatopia *s.f.* Proliferación excesiva nun tecido de elementos celulares non habituais no mesmo.

metatuberculose *s.f.* 1. Estado consecutivo a unha infección tuberculosa. 2. Estado no que o organismo amosa reaccións propias da tuberculose, pero sen presentar lesións características da mesma.

metazoo *s.m.* Animal pertencente ó subreino dos metazoos, organismos pluricelulares, con células diferenciadas morfolóxica e funcionalmente, agrupadas en tecidos. Comprende tódolos animais, exceptuando os protozoos.

metencéfalo *s.m.* Porción do encéfalo embrionario da que posteriormente derivan a ponte de Varolio e o rombencéfalo.

meteorismo *s.m.* Distensión do abdome a consecuencia dos gases acumulados no tubo dixestivo.

meteorización *s.f.* Proceso da formación do meteorismo.

meteorolábil *adx.* Que é sensible ás variacións atmosféricas. Tamén se di **meteorosensitivo**.

meteoropatía *s.f.* Trastorno causado polas condicións climáticas ou atmosféricas.

meteororresistente *adx.* Do que é insensible ás variacións climáticas ou atmosféricas.

meteorosensitivo -a *adx.* V. **meteorolábil**.

meteorotrópico -a *adx.* Dos fenómenos biolóxicos que resultan influídos polas condicións atmosféricas.

metergase *s.f.* Modificación no traballo ou na función de calquera elemento do organismo.

metecilina *s.f.* Metecilina sódica, unha das penicilinas penicilinasarresistentes, caracterizada por ser inestable nos medios ácidos, feito que impide a súa administración oral, polo que require unha administración parenteral.

metilación *s.f.* Substitución nunha molécula dun ou varios átomos de hidróxeno por un radical metilo ($-CH_3$).

metilamina *s.f.* Gas tóxico e inflamable con cheiro a amoníaco, de fórmula NCH_5 . Utilízase como elemento refrixerante.

metilarsinato *s.m.* Calquera dos sales do ácido metilarsínico.

metilato *s.m.* Derivado metálico do metanol, de fórmula xeral CH_3OM .

metilcelulosa *s.f.* Éster metílico da celulosa. Utilízase como axente de suspensión para aumenta-la viscosidade e como excipiente de comprimidos en preparados farmacéuticos. Adminístrase por vía oral como catártico e topicamente na córnea para protexer e lubrica-la córnea durante algúns procedementos cirúrxicos.

metildopa *s.f.* Análogo metilado da DOPA de fórmula $C_{10}H_{13}NO_4$. Utilízase como tratamento nalgúns casos de hipertensión arterial, sendo un dos antihipertensivos de elección durante o embarazo.

metileno *s.m.* Radical divalente do metano de fórmula $-CH_2-$ ou $CH_2=$.

metilfenidato *s.m.* Derivado piperidínico que posúe actividade estimulante do sistema nervioso central e da respiración. Utilízase esencialmente no tratamento medicamentoso do trastorno de déficit de atención e hiperactividade motriz da infancia.

metílico -a *adx.* Dos compostos que conteñen un grupo metilo ou que derivan do alcohol metílico.

metilmercaptano *s.m.* Gas, de fórmula CH_3SH , formado no intestino pola descomposición das proteínas. Utilízase para a síntese da metionina.

metilmorfina *s.f.* V. **codeína**.

metilo *s.m.* Radical monovalente, de fórmula CH_3 , prototipo dos radicais alquilos.

metilprednisolona *s.f.* Corticosteroide sintético que posúe unha actividade glicocorticoide equivalente a cinco veces a do cortisol e escasa actividade mineralocorticoide.

metimazol *s.m.* Derivado da tiourea, de fórmula $\text{C}_4\text{H}_6\text{N}_2\text{S}$, pertencente ó grupo dos antiroides bociógenos.

metionina *s.f.* Aminoácido esencial, de fórmula $\text{C}_5\text{H}_{11}\text{NO}_2\text{S}$. Encóntrase presente na maior parte das proteínas, exceptuando as protaminas e as histonas máis simples. Precursora da síntese da cisteína e da cistina. Actúa como axente metilante.

metirapona *s.f.* Fármaco inhibidor da 11 β -hidroxilase do córtex suprarrenal. Utilízase nas probas de valoración da integridade do eixe hipófiso-suprarrenal.

metiserxida *s.f.* Axente antagonista da serotonina, que posúe efectos vasoconstrictores directos. Utilízase no tratamento farmacolóxico da hemicrania.

metocarbamol *s.m.* Axente sintético derivado do propandiol, que posúe unha acción relaxante da musculatura esquelética por acción directa sobre o sistema nervioso central, a nivel das neuronas internunciais da medula espiñal. Utilízase xunto con outras drogas do mesmo grupo para atenuar-los espasmos que afectan á musculatura estriada.

método *s.m.* Técnica ou procedemento; conxunto de operacións ordenadas coas que se pretende obter un resultado.

metodoloxía *s.f.* 1. Conxunto dos métodos que se deben seguir na práctica dunha arte ou dunha ciencia. 2. Aplicación coherente dun método.

metodontíase *s.f.* Desenvolvemento anómalo da dentición.

metogastrose *s.f.* Gastrite producida por inxestión alcohólica.

metomanía *s.f.* Desexo morboso polas bebidas alcohólicas.

metonimia *s.f.* Na psiquiatría, desorde mental caracterizada polo emprego incorrecto dos termos.

metop- Prefixo do gr. *métopon* (fronte).

metopantroxia *s.f.* Dor localizada nos seos frontais.

metopantrite *s.f.* Inflamación dos seos frontais.

metopión *s.m.* Glabela, punto craneométrico localizado na liña media da fronte, entre as eminencias frontais.

metopismo *s.m.* Persistencia no adulto da sutura metópica.

metoplastia *s.f.* Técnica de cirurxía plástica-reparadora aplicada á fronte.

metopodinia *s.f.* Cefalea de localización frontal.

metopon *s.m.* Fronte.

metopópago -a *adx.* Dos monstros fetais dobres unidos pola fronte.

metotrexato *s.m.* Ácido 4-amino-4-desoxi- N^{10} -metilfólico, de fórmula $\text{C}_{20}\text{H}_{22}\text{N}_8\text{O}_6$. Substancia sintética de estrutura semellante ó ácido fólico do que é antagonista, conseguindo deste xeito bloquea-la formación dos ácidos nucleicos e interferindo así no crecemento das células neoplásicas. Utilízase no tratamento dalgúns tipos de leucemias e cánceres, na artrite reumatoide e na psoríase.

metoxaleno *s.m.* Axente derivado do metoxipsoraleno, utilizado para aumenta-la tolerancia da pel á luz solar e facilita-la pigmentación no tratamento da vitilix.

metoxamina *s.f.* Axente simpaticomimético de acción directa. Utilízase no tratamento da hipotensión, taquicardia paroxística auricular e aplicado topicamente como desconxectivo nasal.

metoxifluorano *s.m.* Éter 2,2-dicloro-1,1-difluoroetilmetílico. Éter fluorado líquido, que se evapora facilmente a temperatura ambiente, axente anestésico pertencente á clase dos anestésicos xerais por inhalación.

metra- Prefixo do gr. *métra* (útero ou matriz).

metralxia *s.f.* Dor localizada no útero. Tamén se di **metrodinia**.

metratresia *s.f.* Oclusión da abertura vaxinal do útero.

metratrofia *s.f.* Perda de masa uterina.

metrauxa *s.f.* Aumento anómalo do volume ou da masa do útero.

metrectasia *s.f.* Dilatación dun útero non grávido.

metrectomía *s.f.* V. **histerectomía**.

metrectopía *s.f.* Ectopía ou desprazamento do útero da súa posición normal.

metrelcose *s.f.* Ulceración da parede do útero.

metreurínter *s.m.* Aparello consistente nunha bolsa inflable, utilizado para dilata-la canle cervical do útero.

metreurise *s.f.* Manobra consistente na dilatación do colo do útero mediante un metreurínter.

-metria Sufixo do gr. *métra* (matriz ou útero).

metrite *s.f.* Inflamación do útero. // **M. cervical** Inflamación do colo do útero. / **M. intersticial** Inflamación do tecido conxuntivo do útero. / **M. parenquimatosa** Inflamación do tecido muscular propio do útero. / **M. puerperal** Inflamación do útero durante o período do puerperio.

metro- Prefixo do gr. *métra* (matriz ou útero).

metroblenorrea *s.f.* Fluxo uterino mucoso excesivo causado por unha infección gonocócica.

metrocace *s.m.* Gangrena localizada no tecido uterino.

metrocarcinoma *s.m.* Carcinoma do útero.

metrocele *s.m.* Hernia uterina.

metrocolpocele *s.m.* Herniación do útero cara á vaxina ou hernia uterina e vaxinal conxuntas cara ó exterior.

metrodinamómetro *s.m.* Instrumento utilizado para medi-la forza de contracción do útero durante o parto.

metrodinia *s.f.* V. **metralxia**.

metrodístocia *s.f.* Parto dificultoso causado por unha alteración no funcionamento do útero.

metroelitrorafía *s.f.* Intervención cirúrxica consistente na sutura do colo do útero á vaxina.

metroendometrite *s.f.* Inflamación do parénquima e da mucosa do útero.

metrofibroma *s.m.* Fibroma localizado no útero.

metroflebite *s.f.* Inflamación das veas do útero.

metroflebotrombose *s.f.* Trombose venosa localizada no útero.

metrografía *s.f.* V. **histerografía**.

metroleucorrea *s.f.* Fluxo abranzado e abondoso de orixe uterina.

metrolinfaxite *s.f.* Inflamación dos vasos linfáticos uterinos.

metroloxía *s.f.* Parte da medicina que estudia o relativo ó útero.

metromalacia *s.f.* Amolecemento patolóxico do útero.

metronania *s.f.* Tamaño anormalmente pequeno do útero.

metronidazol *s.m.* Fármaco derivado do imidazol, utilizado como antiinfeccioso de uso vaxinal para o tratamento da tricomoníase, como antibacteriano tóxico vaxinal, para o tratamento da lambliase e diferentes formas de amebíase e como antibacteriano antimicroorganismos anaerobios de uso xeral.

metronoscopia *s.m.* Aparello utilizado para corrixi-las alteracións da coordinación dos movementos oculares.

metropatía *s.f.* Alteración patolóxica da matriz.

metroperitonite *s.f.* Inflamación do peritoneo, xeralmente localizada, causada por unha afección uterina.

metropexia *s.f.* V. **histeropexia**.

metroptose *s.f.* Descenso do útero cara ó exterior a través da vaxina, prolapso do útero.

metroquistose *s.f.* Doenza caracterizada pola aparición de quistes no útero.

metrorraxia *s.f.* Hemorraxia uterina anormalmente abondosa ou irregular. Tamén se di **histerorraxia**. // **M. miopática** Hemorraxia posparto producida por unha insuficiencia na contracción uterina.

metrorrea *s.f.* Calquera fluxo anormal e abondoso procedente do útero.

metrorrexe *s.f.* Rotura do útero.

metrosalpingografía *s.f.* V. **histerosalpingografía**.

metrosalpinxe *s.m.* Trompa de Falopio.

metrosalpinxite *s.f.* Inflamación simultánea do útero e da trompa de Falopio.

metroscopia *s.f.* V. **histeroscopia**.

metroscopio *s.m.* V. **histeroscopio**.

metrose *s.f.* Doenza uterina que non ten unha orixe infecciosa ou inflamatoria.

metrostaxe *s.f.* Hemorraxia uterina escasa e persistente.

metrostenose *s.f.* Estreitamento anormal conxénito ou adquirido da cavidade uterina.

metrotomía *s.f.* V. **histerotomía**.

mezcalina *s.f.* Substancia alucinóxena pertencente ó grupo das fenilalquilaminas, obtida dunha variedade de cacto mexicano, o peiote. O seu consumo produce síntomas físicos, como náuseas, midríase e taquicardia e síntomas psíquicos, como ansiedade, axitación, ilusións e alucinacións, principalmente visuais.

Mg Símbolo químico do magnesio.

mialxia *s.f.* Dor de orixe muscular. Tamén se di **miodinia**.

miase *s.f.* Enfermidade orixinada polas moscas ou as súas larvas.

miasma *s.f.* Efluvio ou emanación nociva, putrefacta e cheirenta.

miastenia *s.f.* Debilidade anómala que afecta ós músculos. // **M. gravis** Doenza orixinada pola acción de anticorpos contra os receptores de acetilcolina da unión neuromuscular. Clinicamente caracterízase por unha debilidade anormal da musculatura voluntaria despois da súa utilización repetida e a tendencia á recuperación da forza muscular despois dun período de repouso. / **M. neonatal** Miastenia transitoria que lles afecta ós neonatos de mulleres con miastenia gravis, causada polo paso dos anticorpos contra os receptores de acetilcolina desde a nai cara ó feto.

miationía *s.f.* Deficiencia do ton muscular.

miatrofia *s.f.* V. **amiotrofia**.

micción *s.f.* Acción e efecto de evacua-los ouriños. // **M. involuntaria** V. **enurese**. / **M. por rebordamento** Aquela na que se produce unha repleción excesiva da vexiga, que non se pode conter pola acción do esfínter vesical. / **M. reflexa** Emisión involuntaria parcial ou total dos ouriños, que se produce nos casos de paraplexía de longa evolución.

micelio *s.m.* Parte vexetativa dos fungos, constituída por unha masa de filamentos denominados hifas.

micelioides *adx.* Dise do que posúe unha forma semellante a un micelio.

micetemia *s.f.* Presencia de fungos no sangue. Tamén se di **micohemia**.

micétice *s.f.* Lesión cutánea de orixe fúnxica.

miceto- Prefixo do gr. *mýkes, -etos* (fungo).

miceto *s.m.* V. **fungo**.

micetoloxía *s.f.* V. **micoloxía**.

micetoma *s.m.* Lesión producida durante a evolución dalgunhas micoses profundas, que se caracteriza pola produción dunha reacción inflamatoria infiltrante, profunda e extensa, con tendencia á formación de abscesos múltiples no seo dunha induración leñosa e á formación de fistulas que drenan pus en escasa cantidade, que contén masas de fungos formando grans duros e de diferentes cores dependendo do axente causal. Fórmanse micetomas na actinomicose, nas nocardioses e na maduromicose.

micetose *s.f.* V. **micose**.

micetóxeno -a *adx.* Producido por fungos.

Mickulicz, enfermidade de V. **enfermidade**.

mico- Prefixo do gr. *mýkes, -etos* (fungo).

micobacteria *s.f.* Bacteria pertencente ó xénero *Mycobacterium*. V. **mycobacterium**.

micobacteriáceas *s.f.pl.* Familia de bacterias da orde dos actinomicetais, que inclúe unicamente o xénero *Mycobacterium*. Tamén se di **Mycobacteriaceae**.

micobacteriose *s.f.* Enfermidade producida por unha infección con micobacterias.

micodermatite *s.f.* Dermatite producida por fungos.

micodermoterapia *s.f.* Utilización terapéutica dos fungos levduriformes.

micohemia *s.f.* V. **micetemia**.

micoloxía *s.f.* Ciencia que estudia os fungos. Tamén se di **micetoloxía**.

micomirinxite *s.f.* Inflamación da membrana timpánica producida por unha infección fúnxica.

miconazol *s.m.* Axente antifúnxico con acción funxiestática, pertencente ó grupo dos imidazoles. Actúa alterando a permeabilidade da membrana dos fungos mediante a inhibición da síntese do ergosterol. Posúe un amplo espectro antifúnxico, que inclúe dermatofitos e levduras. Tamén ten acción contra as tricomonas vaxinais. Pódese administrar topicamente e por vía oral.

micoproteína *s.f.* Proteína de procedencia bacteriana ou fúnxica.

micoplasma *s.m.* Microorganismo pertencente ó xénero *Mycoplasma*. V. **mycoplasma**.

micose *s.f.* Doenza producida por fungos. // **M. fungoide** Forma crónica ou rapidamente progresiva do linfoma cutáneo de células T, que ás veces pode evolucionar cara

á formación dun linfoma xeneralizado, con tendencia á afectación ganglionar, hematóxena e visceral.

micotoxina *s.f.* Toxina de procedencia bacteriana ou fúnxica.

micro- 1. Prefixo do gr. *mikros* (pequeno). 2. Prefixo que indica a millonésima parte (10^{-6}) dunha unidade.

microacria *s.f.* Tamaño anormalmente pequeno das porcións distais dos membros.

microacústico -a *adx.* Relativo ós sons moi débiles, non perceptibles polo oído humano.

microaerófilo -a *adx.* Dos microorganismos que unicamente requiren unha baixa cantidade de osíxeno libre para a súa supervivencia.

microanálise *s.m.* Análise química realizada sobre cantidades moi pequenas de substancia; por convención de 0,1 a 5 mg.

microanxiopatía *s.f.* Doenza que afecta ós capilares e vasos sanguíneos de pequeno calibre.

microbacteria Xénero de eubacterias composto por microorganismos bacilares de 1,5 a 3 m de tamaño, grampositivos, inmóbiles e fermentadores do leite. Tamén se di *microbacterium*.

Microbacterium V. **microbacteria**.

microbicida *adx.* Dos axentes físicos ou químicos capaces de destruí-los microbios.

micróbide *s.f.* Lesión cutánea producida por unha reacción alérxica ás bacterias ou ós seus produtos.

microbio *s.m.* Organismo microscópico unicelular.

microbiofobia *s.f.* Temor morboso ós microbios.

microbioloxía *s.f.* Ciencia que estudia os organismos microscópicos e ultramicroscópicos.

microbiose *s.f.* Estado morboso producido por microbios.

microbléfaron *s.m.* Pálpebras de tamaño anormalmente pequeno.

microbraquicefalia *s.f.* Cabeza curta en sentido antero-posterior e de pequeno tamaño.

microcardia *s.f.* Tamaño anormalmente pequeno do corazón.

microcefalia *s.f.* Tamaño da cabeza anormalmente pequeno.

microcéfalo -a *adx.* Que padece microcefalia.

microcesárea *s.f.* Histerotomía realizada a través dunha abertura abdominal de tamaño mínimo. Xeralmente realízase para evacua-lo útero durante a primeira metade do embarazo.

microcirurxía *s.f.* Técnica cirúrxica realizada coa axuda do microscopio operatorio e instrumental miniaturizado específico.

microcitemia *s.f.* Presencia de microcitos no sangue.

microcito *s.m.* Glóbulo vermello de tamaño menor do normal.

microcnemia *s.f.* Tamaño anormalmente pequeno das pernas. Tamén se di **microscelia**.

Micrococcaceae *s.f.* V. **micrococáceas**.

micrococáceo-a *adx.* Dos organismos pertencentes á familia das micrococáceas.

micrococáceas *s.f. pl.* Familia de eubacterias constituída por cocos ou cocobacilos grampositivos, catalase positivos e aerobios estrictos. Comprende diversos xéneros de bacterias saprófitas do ser humano e doutros animais. Tamén se di **Micrococcaceae**.

Micrococcus Xénero de microorganismos eubacteriais que comprende cocos grampositivos inmóbiles, non esporulados e fermentadores de lactosa. Inclúe especies saprófitas e parasitas facultativas.

micrococo *s.m.* Bacteria pertencente ó xénero *Micrococcus*.

microcolon *s.m.* Colon de tamaño anormalmente pequeno.

microcoria *s.f.* Pupila de tamaño anormalmente pequeno.

microcórnea *s.f.* Tamaño anormalmente pequeno da córnea.

microcurie *s.m.* Unidade equivalente á millonésima parte dun curie. Abreviatura: μCi .

microdactilia *s.f.* Tamaño anormalmente pequeno dos dedos.

microdentia *s.f.* Tamaño anormalmente pequeno dos dentes.

microencefalia *s.f.* Tamaño anormalmente pequeno do encéfalo.

micrófago *s.m.* Fagocito de pequeno tamaño, principalmente o leucocito neutrófilo móbil capaz de fagocitar.

microfalo *s.m.* Pene de tamaño anormalmente pequeno. Tamén se di **micropene**.

microfaquia *s.f.* Tamaño anormalmente pequeno do cristalino.

microfarad *s.m.* Unidade equivalente á millonésima parte dun farad. Abreviatura: μF .

microfauna *s.f.* Conxunto da fauna microscópica dunha rexión.

microfilamento *s.m.* Estructura filamentosa ultramicroscópica presente no citoplasma celular.

microfilaria *s.f.* Estado larvario das filarias, causante das filariases humanas.

microfonía *s.f.* Voz anormalmente débil.

microfotografía *s.f.* Fotografía realizada coa axuda de técnicas microscópicas.

microftalmía *s.f.* Tamaño anormalmente pequeno dos ollos.

microgameto *s.m.* Gameto masculino característico dalgúns protozoarios.

microgastria *s.f.* Tamaño anormalmente pequeno do estómago ou do ventre.

microglía *s.f.* Tecido de sostén das estruturas do sistema nervioso central, constituído por células non neurais de orixe mesodérmica. Actúan como fagocitos deste sistema.

microglosia *s.f.* Tamaño anormalmente pequeno da lingua.

micrognatia *s.f.* Tamaño anormalmente pequeno do maxilar inferior.

microgonioscopio *s.m.* Aparello utilizado para medir a amplitude dos movementos nas articulacións de pequeno tamaño.

micrografía *s.f.* Escritura caracterizada pola utilización de letras anormalmente pequenas.

microgramo *s.m.* Unidade equivalente á millonésima parte dun gramo. Abreviatura: μg .

microhematuria *s.f.* Presencia microscópica de sangue na urina.

microhepatía *s.f.* Tamaño anormalmente pequeno do fígado.

microlegrado *s.m.* Biopsia endometrial realizada cunha culleriña moi pequena, xeralmente durante os estudos funcionais do endometrio.

microlesión *s.m.* Lesión de estruturas microscópicas.

microleucofaquia *s.f.* Opacidade de pequeno tamaño localizada no cristalino.

microlitíase *s.f.* Litíase producida por cálculos de pequeno tamaño.

microlitro *s.m.* Unidade equivalente á millonésima parte dun litro. Abreviatura: μl .

micromanía *s.f.* Alienación caracterizada pola crenza na redución do tamaño do propio corpo ou dalgunha das súas partes.

micromastía *s.f.* Tamaño anormalmente pequeno das mamas.

micromegalopsia *s.f.* Anormalidade da visión caracterizada pola visión alternativa de obxectos de tamaño anormalmente grande e pequeno.

micromelia *s.f.* Tamaño anormalmente pequeno das extremidades.

micrometría *s.f.* Técnica da medición do tamaño dos obxectos microscópicos.

micrómetro *s.m.* 1. Instrumento utilizado para medir obxectos vistos mediante o microscopio. 2. Unidade

- equivalente á millonésima parte dun metro. Abreviatura: μm .
- micromiela** *s.f.* Tamaño anormalmente pequeno da medula espiñal.
- micron** *s.m.* Unidade de lonxitude equivalente á millonésima parte dun metro (10^{-6} m.). Abreviatura μ .
- microniquia** *s.f.* Tamaño anormalmente pequeno das unllas.
- micronodular** *adx.* Que está constituído por nódulos de pequeno tamaño.
- micronúcleo** *s.m.* 1. Núcleo de pequeno tamaño. 2. Núcleo sexual dos infusorios.
- microorganismo** *s.m.* Calquera ser vivo que unicamente é visible mediante técnicas microscópicas.
- microorquidia** *s.f.* Tamaño anormalmente pequeno dos testículos.
- microparasoito** *s.m.* Parasito unicamente visible mediante técnicas microscópicas.
- micropene** *s.m.* V. **microfalo**.
- micropilo** *s.m.* Abertura presente na membrana ovular de certos animais pola que penetra o espermatozoide durante a fecundación.
- micropipeta** *s.f.* Pipeta extremadamente fina que se utiliza para as microinxeccións realizadas nas células.
- microplastocito** *s.m.* Plaqueta de pequeno tamaño.
- micropodia** *s.f.* Tamaño anormalmente pequeno dos pés.
- micropoliadenopatía** *s.f.* Presencia de gran número de adenopatías de pequeno tamaño.
- microprecipitación** *s.f.* Fenómeno de precipitación que unicamente se pode observar con técnicas microscópicas.
- micropsia** *s.f.* Anomalía da visión na que os obxectos se ven dun tamaño máis pequeno có real.
- microqueilia** *s.f.* Tamaño anormalmente pequeno dos labios.
- microquímica** *s.f.* Parte da Química que se ocupa das estruturas microscópicas.
- microquiria** *s.f.* Tamaño anormalmente pequeno das mans.
- microrradiografía** *s.f.* Radiografía dunha mostra microscópica, ampliándoa posteriormente cun microscopio.
- microrrinia** *s.f.* Tamaño anormalmente pequeno do nariz.
- microscelia** *s.f.* V. **microcnemia**.
- microscopia** *s.f.* Exame ou investigación por medio do microscopio.
- microscopio** *s.m.* Instrumento óptico destinado á observación de obxectos, estruturas ou organismos de tamaño moi pequeno mediante sistemas de lentes ópticas, acústicas ou electrónicas e diferentes técnicas de observación. // **M. binocular** Aquel que posúe dous oculares, facendo posible deste xeito a observación cos dous ollos. / **M. composto** Aquel que posúe dous sistemas de lentes, un próximo ó obxecto da observación (obxectivo), que proporciona unha imaxe real e invertida do obxecto, e outro próximo ó ollo (ocular), que proporciona unha imaxe virtual e ampliada da primeira. / **M. de campo escuro** O que posúe un dispositivo de detención central no condensador, que permite desviar os raios de luz, iluminando deste xeito o obxecto dende un lado, véndose os obxectos sobre un fondo escuro. / **M. de contraste de fase** Microscopio que converte as variacións no índice de refracción do obxecto en variacións na intensidade da imaxe. Permite observar detalles das células vivas ou de elementos pouco coloreados. / **M. de fluorescencia** Aquel que permite a observación, con luz ultravioleta, de material tinguido con colorantes fluorescentes. / **M. de luz** Aquel no que os obxectos se examinan con luz visible normal. / **M. de raios X** Aquel no que se emprega un feixe de raios X en lugar de luz normal, reproducindo xeralmente a imaxe nunha película fotográfica. / **M. de varrido** Microscopio electrónico no que as radiacións realizan un varrido sobre a superficie da mostra, obtendo unha imaxe en relevo da mesma. / **M. electrónico** Aquel no que un feixe de electróns, enfocado mediante un campo magnético, forma unha imaxe visible nunha pantalla fluorescente ou nunha placa radiográfica, permitindo aumentos moito maiores ca un microscopio convencional. / **M. estereoscópico** Microscopio binocular e biobxectivo ou microscopio binocular e monoobxectivo modificado, de xeito que permita unha observación tridimensional dos obxectos. / **M. infravermello** Aquel no que se emprega radiación lumínica pertencente ó espectro de ondas infravermellas. / **M. operatorio** Microscopio binocular utilizado en técnicas de microcirurxía. / **M. simple** Aquel formado por un só sistema de lentes. / **M. ultrasónico** Aquel que utiliza a reflexión de ondas ultrasónicas sobre os obxectos, analizándoas posteriormente mediante a súa proxección sobre unha pantalla de televisión. / **M. ultravioleta** Aquel que utiliza unha radiación de luz ultravioleta para a observación dos obxectos.
- microsección** *s.f.* Mostra extremadamente fina realizada con aparellos de corte especiais e utilizada para a observación microscópica.
- microsegundo** *s.m.* Unidade equivalente a unha millonésima de segundo. Abreviatura: μs .
- microferocito** *s.m.* V. **esferocito**.
- microferocitose** *s.f.* Predominio dos microferocitos na fórmula sanguínea, característico de diversas formas de anemia hemolítica, especialmente da esferocitose conxénita.
- microsmático -a** *adx.* Que posúe un sentido do olfacto escasamente desenvolvido.

microsoma *s.m.* Corpo granuloso de tamaño moi pequeno presente no citoplasma celular.

microsomía *s.f.* Desenvolvemento menor do normal, pero sen chegar ó ananismo.

microspectroscopio *s.m.* Aparello que combina un espectroscopio cun microscopio, utilizado no exame das radiacións espectroscópicas dos obxectos microscópicos.

microspira *s.f.* Bacteria do xénero *Treponema*.

microsplenia *s.f.* Tamaño anormalmente pequeno do bazo.

microspóride *s.f.* Lesión cutánea producida polos fungos do xénero *Microsporium*.

microsporose *s.f.* Tricofitose producida por fungos do xénero *Microsporium*.

Microsporium Xénero de fungos, da orde dos moniliais, parasitos da pel e do pelo. Comprenden: *M. audouinii*, *M. canis*, *M. fulvum* e *M. gypseum*.

microsquelia *s.f.* Tamaño anormalmente pequeno das pernas.

microstesia *s.f.* Trastorno da sensibilidade táctil, polo que os obxectos se perciben de tamaño menor có real.

microstomía *s.f.* V. **estenostomía**.

microtécnica *s.f.* Calquera das técnicas que requiren a utilización de medios microscópicos na súa realización.

microtelia *s.f.* Tamaño anormalmente pequeno das mamilas.

microtia *s.f.* Tamaño anormalmente pequeno das orellas.

microtomía *s.f.* Técnica da realización de cortes cun micrótopo.

micrótopo *s.m.* Aparello utilizado para a realización de cortes finísimos de tecidos orgánicos ou calquera outra estrutura, empregados posteriormente na preparación de mostras para a observación microscópica.

microtonómetro *s.m.* Instrumento utilizado para medi-la presión dos gases en pequenas mostras de sangue.

microtrauma *s.m.* Traumatismo ou lesión orgánica de carácter microscópico.

microtriquia *s.f.* Curtidade ou finura anormal do pelo.

microtrombo *s.m.* Trombo sanguíneo de pequeno tamaño, que afecta ós capilares e ós pequenos vasos sanguíneos.

microtrombose *s.f.* Presencia de microtrombos nos capilares ou nos vasos sanguíneos de pequeno tamaño.

microtúbulo *s.m.* Túbulo de moi pequeno tamaño, visible co microscopio electrónico, que forma parte de diversas estruturas celulares ou artificiais.

microvilosidade *s.f.* Cada unha das prolongacións cilíndricas da membrana celular que rodea un centro citoplasmático que contén un feixe de microfilamentos, presentes esencialmente nas superficies dos tecidos que realizan

funcións de absorción ou segregación de substancias, como o epitelio intestinal ou dos túbulos renais proximais, onde actúan aumentando a superficie funcional destas estruturas.

microviscosímetro *s.m.* Aparello utilizado para medi-la viscosidade do sangue e outros humores utilizando mostras moi pequenas dos mesmos.

microvolt *s.m.* Unidade que equivale á millonésima parte dun volt. Abreviatura: μV .

microxénese *s.f.* Xénese ou desenvolvemento anormalmente escaso dunha parte.

microxenía *s.f.* Tamaño anormalmente pequeno do queixo.

microxenitalismo *s.m.* Anomalía caracterizada polo tamaño excesivamente pequeno dos órganos xenitais externos.

microxiria *s.f.* Anomalía caracterizada polo escaso desenvolvemento das circunvolucións cerebrais.

microzoo *s.m.* Microorganismo animal.

midríase *s.f.* Dilatación da pupila, especialmente cando é anormal e permanente.

midriásico -a *adx.* Do que produce dilatación da pupila.

mictomía *s.f.* Escisión cirúrxica dunha porción muscular.

mictopía *s.f.* Desprazamento dun músculo da súa posición normal.

mielalxia *s.f.* Dor orixinado na medula espiñal.

mielatelia *s.f.* Desenvolvemento anormal da medula espiñal.

mielatrofia *s.f.* Diminución do volume da medula espiñal.

mielauxa *s.f.* Aumento anormal de tamaño da medula espiñal.

mielencefalite *s.f.* Inflamación do encéfalo e da medula espiñal.

mielencéfalo *s.m.* Porción do tronco encefálico derivada das vesículas do romboencéfalo embrionario que comprende a ponte de Varolio e o bulbo raquídeo.

mieleterose *s.f.* Alteración morbosa da medula espiñal.

mielina *s.f.* 1. Lipoproteína producida polas células de Schwann que, enrolada arredor dos axons neuronais, forma a denominada vaina de mielina. 2. Calquera membro dun grupo de substancias lipoides que se atopan en diferentes tecidos normais e patolóxicos e que se distinguen das graxas porque presentan refrinxencia dobre.

mielinización *s.f.* Proceso da elaboración da vaina de mielina arredor dos axons neuronais e os nervios periféricos durante o seu desenvolvemento. Tamén se di **mielinoxenia**.

mielinólise *s.f.* Desmielinización ou proceso de destrución das vainas de mielina.

mielinose *s.f.* Forma de dexeneración adiposa na que se produce mielina.

mielinotóxico -a *adx.* Que posúe un efecto tóxico sobre as vainas de mielina.

mielinoxenia *s.f.* V. **mielinización**.

mielite *s.f.* 1. Inflamación da medula espiñal. 2. Inflamación da medula ósea. // **M. transversa** Inflamación aguda da medula espiñal que afecta a un ou máis segmentos.

mielo- Prefixo do gr. *myelós* (medula).

mieloblastemia *s.f.* Presencia de mieloblastos no sangue.

mieloblasto *s.m.* Célula grande mononuclear presente na medula ósea, precursora da serie granulocítica.

mieloblastoma *s.m.* Tumor maligno constituído por mieloblastos que se observa nos casos de leucemia mieloide aguda.

mielocele *s.m.* Herniación da medula espiñal producida a través dun defecto do conducto raquídeo.

mielocistocele *s.m.* Dilatación quística do conducto da epéndima.

mielocistomeningocele *s.m.* Combinación dun defecto de peche do conducto raquídeo cunha dilatación quística do conducto ependimario espiñal.

mielocitemia *s.f.* Presencia dunha cifra anormalmente elevada de mielocitos no sangue. Tamén se di **mielocitose**.

mielocito *s.m.* Célula precursora da serie granulocítica, presente normalmente na medula ósea, intermedia entre o promielocito e o metamielocito.

mielocitose *s.f.* V. **mielocitemia**.

mielodiastase *s.f.* Proceso de desintegración da medula espiñal.

mielodisplasia *s.f.* Desenvolvemento defectuoso da medula espiñal.

mieloencefalite *s.f.* Inflamación da medula espiñal e do encéfalo.

mieloencefalopatía *s.f.* Doenza que afecta conxuntamente á medula espiñal e ó encéfalo.

mielófago *s.m.* Macrófago que fagocita e descompón a mielina.

mielofibrose *s.f.* Proceso de esclerose que afecta á medula espiñal. Tamén se di **mielosclerose**.

mielogonia *s.f.* Célula hipotética primitiva, indiferenciada, que sería a orixe de tódalas células do sistema mieloide.

mielografía *s.f.* Método exploratorio radiográfico da medula espiñal e dos espazos subaracnoides que utiliza a inxección dunha substancia de contraste radiopaca,

actualmente moi desprazada pola utilización da resonancia magnética nuclear.

mielograma *s.f.* 1. Radiografía da medula espiñal e dos espazos subaracnoides. 2. Fórmula que describe a composición celular da medula ósea.

mieloide *adx.* Pertencente, semellante ou derivado da medula, principalmente da medula ósea.

mieloidose *s.f.* Desenvolvemento excesivo do tecido mieloide.

mieloma *s.m.* Tumor constituído por células do tipo que normalmente se encontran na medula ósea. // **M. múltiple** Neoplasia maligna diseminada constituída por células plasmáticas, caracterizada pola presenza de múltiples focos tumorais na medula ósea e do denominado compoñente M (inmunoglobulina monoclonal ou fragmento de inmunoglobulina). Clinicamente existen numerosas lesións óseas líticas en sacabocados, dor ósea, fracturas patolóxicas e inmunodepresión que favorece as infeccións. Existe, ademais, hipercalcemia e anemia. Ocasionalmente aparece tamén amiloidose sistémica e insuficiencia renal.

mielomalacia *s.f.* Amolecemento patolóxico da medula espiñal.

mielomatoide *adx.* Semellante ó mieloma.

mielomeningocele *s.m.* Herniación da medula espiñal e das meninxes a través dun defecto do conducto raquídeo.

mielomeninxite *s.f.* 1. Inflamación das cubertas menínxeas da medula espiñal. 2. Inflamación das meninxes e da substancia propia da medula espiñal.

mielómera *s.m.* 1. Segmento da medula espiñal embrionaria que corresponde a un determinado número de raíces espiñais. 2. Territorio cutáneo innervado por un segmento da medula espiñal.

mieloparálise *s.f.* Parálise producida por unha lesión da medula espiñal. Tamén se di **mieloplexía**.

mielopatía *s.f.* Doenza medular, especialmente referido á medula espiñal.

mieloperoxidasa *s.f.* Hemoproteína presente nas granulacións azurófilas dos polinucleares neutrófilos e dos fagocitos mononucleares.

mieloplaxa *s.f.* Célula xigante multinuclear que se atopa nalgúns tumores óseos ou das vainas tendinosas.

mieloplaxoma *s.m.* Tumor óseo de células xigantes.

mieloplexía *s.f.* V. **mieloparálise**.

mielopoese *s.f.* Proceso de formación das células mieloides ou de tecido mieloide. // **M. extramedular** Formación de tecido e células mieloides fóra da medula ósea.

mielorradiculite *s.f.* Inflamación das raíces nerviosas da medula espiñal.

mielorrafi *s.f.* Sutura realizada na medula espiñal.

mielorraquisquis *s.f.* Espiña bífida.

mielorraxia *s.f.* Hemorraxia localizada na medula espiñal.

mielosarcoma *s.m.* Tumor maligno sarcomatoso localizado na medula ósea.

mielosclerose *s.f.* V. **mielofibrose**.

mielose *s.f.* Calquera doenza dexenerativa da medula espiñal.

mielosifilis *s.f.* Afectación sifilítica da medula espiñal.

mielotomía *s.f.* Sección cirúrxica de fibras nerviosas da medula.

mieloxénese *s.f.* Proceso do desenvolvemento embrionario da medula espiñal.

mielóxeno -a *adx.* 1. Que se orixina na medula espiñal ou na medula ósea. 2. Derivado de células de estirpe mieloide, aplicado a leucemias e tumores.

mifepristona *s.f.* Antagonista da proxesterona que, administrada ó final da fase folicular, inhibe a ovulación. Impide ademais ó óvulo fecundado aniñar no útero, utilizándose deste xeito para impedi-lo embarazo durante os días posteriores ó coito.

migración *s.f.* Cambio de localización que se produce en calquera fenómeno corporal, como o que realizan algúns grupos de células embrionarias dende a súa posición orixinal ata a que ocupan nos organismos adultos, o que sucede con algunhas estruturas anatómicas durante o proceso de desenvolvemento corporal ou o que sucede con algúns síntomas, especialmente os dolorosos, nalgunhas enfermidades. // **M. do óvulo** Paso do óvulo dende o ovario ata o útero pasando pola trompa de Falopio. / **M. testicular** Descenso que efectúa o testículo durante a vida fetal, dende a rexión lumbar ata a bolsa escrotal.

milacéfalo *s.m.* Monstro fetal acéfalo constituído unicamente por unha masa informe.

milfollas *s.f.* Planta herbácea, da familia das compostas, da especie *Achillea millefolium*, utilizada como tónica, hemostática, emenagoga, e contra a incontinenxia urinaria e as hemorroides. Posúe un principio con actividade antiespasmódica.

milfose *s.m.* Caída das pestanas.

mili- Prefixo que indica a milésima parte (10^{-3}) dunha unidade. Abreviatura: m.

miliampere *s.m.* Unidade eléctrica equivalente á milésima parte dun ampere.

miliamperímetro *s.m.* Instrumento utilizado para medir a intensidade dunha corrente eléctrica en miliampere.

miliar *adx.* Semellante ós grans de millo miúdo, aplicado a certas lesións que lembran esta forma.

miliaria *s.f.* Doenza da pel de orixe idiopática ou sintomática dalgunhas enfermidades. Prodúcese pola inflama-

ción das glándulas sudoríparas e caracterízase pola aparición de pápulas e lesións vesiculosas vermellas e prurixinosas que escaman con posterioridade.

milibar *s.m.* Unidade de medición da presión atmosférica, equivalente a unha milésima de bar.

milicurie *s.m.* Unidade de radioactividade, equivalente á milésima parte dun curie. Abreviatura: mCi.

miliequivalente *s.m.* Número de gramos dun soluto que contén un mililitro dunha solución normal. Abreviatura: mEq.

miligramo *s.m.* Unidade de peso equivalente á milésima parte dun gramo. Abreviatura: mg.

mililitro *s.m.* Unidade de capacidade, equivalente á milésima parte dun litro. Abreviatura: ml.

Millar, enfermidade de V. **enfermidade**.

Miller, enfermidade de V. **enfermidade**.

millo *s.m.* Planta da familia das gramíneas, orixinaria do continente americano, da especie *Zea mais*. Posúe un talo alto e recto e follas grandes e lanceoladas e produce unhas mazarocas con grans grosos de cor amarela. Dos grans obtense unha fécula alimenticia e, por fermentación, unha bebida alcohólica. Os estigmas e os estilos utilízanse en infusión para estimular a diurese.

milofarínxeo -a *adx.* 1. Relativo ós molares e mais á farinxe. // *s.m.* 2. Porción superior do músculo constríctor superior da farinxe.

milogloso -a *adx.* Relativo ós molares e mais á lingua. // *s.m.* 2. Músculo milofarínxeo. V. **milofarínxeo**.

milohioideo-a *adx.* 1. Relativo ós molares e mais ó óso hioide. // *s.m.* 2. Músculo da rexión suprahioidea, que forma parte do chan da boca e posúe unha función elevadora do óso hioide e da lingua, contribuíndo ó proceso da deglución.

miloptose *s.f.* Ptose ou caída da mandíbula.

Milroy, enfermidade de V. **enfermidade**.

Milton, edema de V. **edema**.

mimese *s.f.* Simulación do cadro clínico dunha enfermidade por parte doutra enfermidade diferente.

mimetismo *s.m.* Tendencia patolóxica á imitación de enfermidades.

mímica *s.f.* Expresión do pensamento mediante xestos corporais e movementos faciais que acompañan ou substitúen parcial ou totalmente a linguaxe oral.

mimmación *s.f.* Vicio da linguaxe consistente na adición do son [m] en palabras que non o conteñen.

Minamata, enfermidade de V. **enfermidade**.

mineral *adx.* e *s.m.* Pertencente ou relativo ás substancias naturais non orgánicas que constitúen a codia terrestre.

mineralización *s.f.* Adición de principios minerais a unha materia orgánica.

mineralocorticoide *adx.* Das hormonas segregadas polo córtex suprarrenal que actúan sobre o metabolismo dos electrólitos e a auga.

minerva *s.f.* Aparello ortopédico ou vendaxe enxesado que se coloca arredor do pescozo coa finalidade de mante-la cabeza erguida para o tratamento de diversos traumatismos cervicais.

mínimo -a *adx.* Da menor cantidade ou tamaño posibles ou necesarios.

minio *s.m.* Óxido de chumbo, de fórmula Pb_3O_4 .

miñoca *s.f.* V. **lombriga**.

minociclina *s.f.* Antibiótico semisintético de amplo espectro, de fórmula $C_{23}H_{27}N_3O_7$, pertencente ó grupo das tetraciclinas.

minoración *s.f.* Purgación suave realizada con minora-tivos.

minorativo *s.m.* Purgante ou laxante suave.

minoxidilo *s.m.* Composto vasodilatador potente e de longa acción, utilizado como antihipertensivo por vía oral e topicamente no tratamento da alopecia.

minusválido -a *adx.* Que padece unha incapacidade física ou psíquica parcial ou total.

mio- Prefixo do gr. *mys, myós* (músculo).

mioalbumina *s.f.* Albumina do tecido muscular.

mioatrofia *s.f.* Perda anormal de masa muscular. Tamén se di **amiotrofia**.

mioblasto *s.m.* Célula embrionaria mesodérmica, da que deriva a fibra muscular.

mioblastoma *s.m.* Tumor constituído por mioblastos.

miocardio *s.m.* Músculo cardíaco ou capa muscular do corazón, localizada entre o endocardio e o pericardio.

miocardiógrafo *s.m.* Instrumento utilizado para rexistra-los movementos do miocardio.

miocardiograma *s.f.* Rexistro gráfico dos movementos do miocardio obtido mediante un miocardiógrafo.

miocardite *s.f.* Inflamación do miocardio.

miocardose *s.f.* Doenza dexenerativa non inflamatoria do miocardio.

miocèle *s.m.* Hernia muscular que se produce a través dunha vaña aponeurótica.

miocelialxia *s.f.* Dor dos músculos abdominais.

miocelite *s.f.* Inflamación dos músculos abdominais.

mioceptor *s.m.* Parte da fibra muscular que recibe o estímulo nervioso da placa terminal do nervio motor.

miocerose *s.f.* Proceso de dexeneración cérea do músculo.

miocimia *s.f.* Alteración muscular benigna caracterizada polas contraccións tetánicas, espontáneas e breves de unidades motoras ou grupos de fibras musculares.

miocinase *s.f.* Enzima muscular que cataliza a transformación dunha molécula de AMP e unha de ATP en dúas moléculas de ADP.

miocinese *s.f.* Movemento ou contracción muscular.

miocinesímetro *s.m.* Instrumento utilizado para medi-la contracción muscular.

miocito *s.m.* Célula propia característica do tecido muscular.

mioclonía *s.f.* Contracción brusca, involuntaria e breve que afecta a un fascículo muscular, a un músculo ou a un grupo muscular. É secundaria a unha alteración de calquera das estruturas que participan na función motora. Tamén se di **mioclono**. // **M. espiñal** Aquela secundaria a unha descarga da motoneurona espiñal.

mioclono *s.m.* V. **mioclonía**.

miocordite *s.f.* Inflamación dos músculos das cordas vocais.

miocrismo *s.m.* Son perceptible ó auscultar un músculo en fase de contracción.

miocronoscopio *s.m.* Instrumento utilizado para medi-lo tempo que tarda en actuar un impulso motor.

miodemia *s.f.* Dexeneración adiposa dos músculos.

miodesopsia *s.f.* Fenómeno consistente na percepción das denominadas moscas voantes.

miodexeneración *s.f.* Calquera tipo de dexeneración das fibras musculares.

miodinamómetro *s.m.* Instrumento utilizado para medi-la forza muscular. Dise tamén **miostenómetro**.

miodinía *s.f.* V. **mialxia**.

miodistonía *s.f.* Alteración ou trastorno que afecta ó ton muscular.

miodistrofia *s.f.* Dexeneración ou desenvolvemento defectuoso que afecta ó tecido muscular.

mioedema *s.f.* Afección edematosa do tecido muscular.

mioeléctrico -a *adx.* Relativo ás propiedades eléctricas dos músculos.

mioendocardite *s.f.* Doenza cardíaca na que aparecen conxuntamente unha afectación inflamatoria do miocardio e do endocardio.

mioepitelial *adx.* Que está composto de tecido muscular e epitelial ou relativo a estes tecidos.

miófago *s.m.* Célula fagocitaria que consume tecido muscular.

miofascite *s.f.* Inflamación dun músculo e da súa aponeurose.

- miofibríña** *s.f.* Cada unha das pequenas fibras microscópicas constitutivas da fibra muscular.
- miofibroma** *s.m.* Tumor que combina as características anatomopatolóxicas dun mioma coas dun fibroma.
- miofibrose** *s.f.* Doenza caracterizada pola dexeneración fibrosa do tecido muscular.
- miofilamento** *s.m.* Calquera das estruturas microscópicas filiformes que se atopan formando feixes nas fibrilas musculares estriadas, formadas por actina e miosina.
- miófono** *s.m.* Instrumento utilizado para escoita-los sons producidos pola contracción muscular.
- miofuncional** *adx.* Relativo ou pertencente á función muscular.
- mioglobina** *s.f.* Pigmento transportador do osíxeno no músculo, proteína conxugada composta por unha cadea polipeptídica de globina e un grupo hem. Diferénciase da hemoglobina pola súa maior afinidade polo osíxeno, menor polo CO₂ e o seu menor peso molecular. Tamén se di **miohemoglobina**.
- mioglobulina** *s.f.* Proteína globular presente no soro muscular.
- mioglobulinuria** *s.f.* Presencia de mioglobina na urina.
- miognato** *s.m.* Monstro fetal caracterizado por presentar unha cabeza supernumeraria unida mediante músculos ó maxilar inferior da outra cabeza.
- miografía** *s.f.* Rexistro gráfico das contraccións musculares, realizado cun miógrafo.
- miógrafo** *s.m.* Aparello utilizado para rexistra-las características das contraccións musculares.
- miograma** *s.m.* Trazado da contracción muscular obtido cun miógrafo.
- miohemoglobina** *s.f.* V. **mioglobina**.
- miohipertrofia** *s.f.* Aumento de tamaño anormal dunha porción do tecido muscular.
- miode** *adx.* Que posúe características semellantes ás do músculo.
- miisquemía** *s.f.* Dificultade da rega sanguínea nunha porción de tecido muscular.
- miolipoma** *s.m.* Tumor constituído por elementos musculares e adiposos.
- miólise** *s.f.* Proceso da desintegración ou dexeneración das fibras musculares.
- mioloxía** *s.f.* Parte da medicina que estudia o relativo ós músculos.
- mioma** *s.m.* Tumor formado por tecido muscular.
- miomalacia** *s.f.* Amolecemento anormal do tecido muscular.
- miomatose** *s.f.* Doenza caracterizada pola presenza de miomas múltiples.
- miomectomía** *s.f.* Extirpación cirúrxica dun mioma ou de tecido muscular.
- miomelanose** *s.f.* Pigmentación escura do tecido muscular.
- miómera** *s.f.* Cada un dos segmentos musculares embrionarios.
- miometrio** *s.m.* Capa muscular da parede do útero.
- miometrite** *s.f.* Inflamación do miometrio.
- miómetro** *s.m.* Aparello utilizado para medi-la contracción muscular.
- mionefropexia** *s.f.* Nefropexia ou fixación do ril a unha parte realizada por medio dunha tira ou banda muscular.
- mioneural** *adx.* Relativo ós músculos e ós nervios, especialmente referido ás terminacións nerviosas nos músculos.
- mioneuralxia** *s.f.* Dor muscular orixinada por unha alteración do sistema nervioso.
- mioneurastenia** *s.f.* Debilidade, esgotamento ou relaxación muscular que sucede durante os cadros de neurastenia.
- mioparálise** *s.f.* Parálise total dun ou máis músculos. Tamén se di **mioplexía**.
- mioparesia** *s.f.* Parálise muscular parcial que afecta a un ou máis músculos.
- miopatía** *s.f.* Doenza muscular. // **M. conxénita** Enfermidade conxénita caracterizada polas alteracións histoquímicas e estruturais específicas no tecido muscular. Comprende a miopatía nemalínica, a enfermidade dos núcleos centrais, a miopatía miotubular e a desproporción conxénita no tipo de fibras. / **M. endócrina** Aquela secundaria a un trastorno endócrino. / **M. hereditaria** Enfermidade hereditaria caracterizada por ocasionar distrofia muscular. Comprende a distrofia muscular de Duchenne, a distrofia muscular de Becker, a distrofia muscular fascioescapuloumeral, a distrofia muscular das cinturas, a distrofia miotónica, a distrofia oculofarínxea, a miotonía conxénita, a distrofia muscular conxénita, que parece comprender varios trastornos diferentes, a distrofia muscular distal e a distrofia escapuloperonea. / **M. inflamatoria** Aquela caracterizada pola inflamación do tecido muscular. Comprende esencialmente a poli-miosite e a dermatomiosite. / **M. metabólica** Aquela producida por un trastorno metabólico sistémico ou propio do músculo. / **M. tóxica** Aquela producida por fármacos ou substancias químicas, que pode ser focal ou xeneralizada.
- miope** *adx.* Que padece miopía.
- miopericardite** *s.f.* Doenza cardíaca caracterizada pola afectación inflamatoria do miocardio e o pericardio.
- miopía** *s.f.* Trastorno da refracción ocular, caracterizado porque os raios luminosos procedentes dos obxectos distantes converxen por diante do plano da retina, o que produce unha visión defectuosa ó lonxe. // **M. áxil**

Aquela producida pola elongación do eixe óptico. / **M. maligna** Variedade de miopía progresiva asociada a unha dexeneración coroidea, que frecuentemente ocasiona desprendemento da retina e cegueira. / **M. progresiva** Aquela que aumenta en intensidade coa idade.

mioplastia *s.f.* Técnica de cirurxía plástica-reparadora aplicada ós músculos.

mioplexía *s.f.* V. **mioparálise**.

miopsina *s.f.* Enzima proteolítico presente no zume pancreático.

miorrafia *s.f.* Sutura cirúrxica realizada sobre tecido muscular.

miorrelaxante *adx.* Que produce unha perda ou diminución do ton e dos reflexos musculares.

miorrexe *s.f.* Rotura de tecido muscular.

miosalpinxite *s.f.* Inflamación do tecido muscular das trompas de Falopio.

miosarcoma *s.m.* Tumor maligno de características anatomopatolóxicas sarcomatosas que afecta a algunha porción do tecido muscular.

miosclerose *s.f.* Endurecemento dalgunha porción do tecido muscular.

miiose *s.f.* Contracción da pupila, tanto a que se produce fisioloxicamente nos procesos de acomodación visual, como aquela permanente producida de xeito artificial por substancias mióticas, ou espontaneamente en procesos patolóxicos.

miosimia *s.f.* Contracción muscular lenta e irregular que non produce un efecto motor.

miosina *s.f.* Proteína de elevado peso molecular, que constitúe a principal das proteínas contráctiles do músculo. Posúe actividade ATPase, ó se combinar coa actina forma a actinmiosina, que en presenza de ATP proporciona o acurtamento do sarcómero, e polo tanto da fibra muscular durante a contracción da mesma.

miosinuria *s.f.* Presencia de miosina na urina.

miosite *s.f.* Calquera doenza inflamatoria do tecido muscular. // **M. fibrosa** Aquela na que se produce unha hiperplasia do tecido conxuntivo do músculo. Tamén se di **m. intersticial**. / **M. intersticial** V. **miosite fibrosa**. / **M. osificante** Variedade caracterizada pola osificación muscular ou a produción de depósitos óseos nos músculos. / **M. parenquimatosa** Inflamación da substancia propia do músculo. / **M. triquinosa** Aquela producida pola infestación muscular coa *Trichinella spiralis*.

miospasmos *s.m.* Contracción involuntaria e persistente dun músculo ou dun grupo muscular.

miostase *s.f.* Extensión ou estiramento pasivo dun músculo.

miostático -a *adx.* Relativo ó estado de relaxación dun músculo.

miostenómetro *s.m.* V. **miodinamómetro**.

miotáctico -a *adx.* Relativo ó sentido propioceptivo dos músculos.

miotenosite *s.f.* Inflamación dun músculo e do seu tendón.

miotenotomía *s.f.* Sección cirúrxica dun tendón muscular ou dun músculo e do seu tendón.

miótico -a *adx.* 1. Relativo ou pertencente á miiose. 2. Que produce miiose. 3. Que padece miiose.

miotomía *s.f.* Sección dun ou máis músculos realizada cun miótomo. // **M. extramucosa** V. **esofagocardiotomía**.

miótomo *s.m.* Instrumento cortante utilizado para realizar unha miotomía.

miotonía *s.f.* Espasmo tónico dun músculo. // **M. conxénita** Enfermidade herdada de xeito autosómico dominante, caracterizada clinicamente pola hipertrofia, o espasmo tónico e a rigidez de certos grupos musculares cando se intentan mover despois dun período de descanso.

miotónico -a *adx.* Afectado por un espasmo tónico, aplicado ós grupos ou estruturas musculares.

miotono *s.m.* Espasmo tónico dun músculo ou grupo muscular.

miotonometro *s.m.* Instrumento utilizado para medir o ton muscular.

miotrofia *s.f.* Conxunto dos procesos que constitúen a nutrición muscular.

miotrófico -a *adx.* 1. Que aumenta o peso do músculo. 2. Relativo ou pertencente á miotrofia.

miotrópico -a *adx.* Que posúe afinidade polos tecidos musculares.

miotúbulo *s.m.* Fibra muscular en proceso de desenvolvemento, caracterizada pola presenza dun núcleo de localización central.

mioxenia *s.f.* Proceso de formación dos músculos ou do tecido muscular.

mioxénico -a *adx.* Que estimula a formación dos músculos ou do tecido muscular.

miraxe *s.f.* Espellismo, ilusión óptica producida en certas condicións atmosféricas.

mirimestesia *s.f.* Sensación de formigón ou comechón.

miringocentese *s.f.* Punción ou fenda realizada na membrana do tímpano, xeralmente coa finalidade de evacuarlo contido purulento acumulado no oído medio durante un proceso infeccioso do mesmo.

miringodermatite *s.f.* Inflamación da capa externa, dérmica, da membrana timpánica.

miringomicose *s.f.* Infección da membrana timpánica de orixe fúnxica.

miringoplastia *s.f.* Técnica de cirurxía plástica-reparadora aplicada á membrana timpánica.

miringoscopia *s.m.* Aparello óptico utilizado para examinala membrana timpánica.

miringotomía *s.f.* Corte ou abertura cirúrxica realizada na membrana do tímpano.

miringótomo *s.m.* Instrumento cortante utilizado na práctica das miringotomías.

mirinx *s.f.* Membrana timpánica.

mirinxectomía *s.f.* Escisión cirúrxica da membrana do tímpano.

mirinxite *s.f.* Proceso inflamatorio da membrana do tímpano.

miristicación *s.f.* Aspecto semellante ó da noz moscada que aparece nos cortes hepáticos cando existe unha estase pasiva do fígado na insuficiencia cardíaca dereita.

mirolado -a *adx.* Do medicamento que posúe unha esencia como excipiente.

mirra *s.f.* Gomorresina obtida da planta burserácea *Commiphora myrra*, procedente de Arabia e Abisinia. Posúe propiedades antiespasmódicas e estimulantes.

mirrina *s.f.* Resina procedente da mirra.

mirtiforme *adx.* Semellante ás follas do mirto.

mirto *s.m.* Planta arbustiva da familia das mirtáceas, xénero *Myrtus*, especie *M. communis*, moi recendente, que posúe propiedades astrinxentes e resolutivas.

mirtol *s.m.* Esencia obtida das follas do mirto. Utilízase nas doenzas bronquiais e pulmonares crónicas como anti-séptico e estimulante.

misantropía *s.f.* Aversión morbosa ó ser humano ou á sociedade que aparece frecuentemente nas depresións melancólicas.

misaxite *s.f.* Inflamación dos conductos das glándulas mucosas.

miso- 1. Prefixo do gr. *miseîn* (odiar), utilizado na formación de palabras que denotan fobia a algo. 2. Prefixo do gr. *mysos* (abominación, cousa abominable, noxo, repugnancia), utilizado na formación de palabras que denotan sucidade.

misofilia *s.f.* Afección morbosa á sucidade ou ós excrementos.

misogamia *s.f.* Aversión morbosa ó matrimonio.

misoloxía *s.f.* Aversión morbosa á palabra ou ó estudio.

misoneísmo *s.m.* Aversión morbosa ás novidades.

misoxinia *s.f.* Aversión morbosa ás mulleres.

mito- 1. Prefixo do gr. *mítos* (fío). 2. Prefixo do gr. *mythos* (palabra, relato imaxinario, lenda, fábula).

mitoblástico-a *adx.* Dos medicamentos que bloquean ou obstaculizan determinadas fases do proceso cariocinético.

mitocondria *s.f.* Compoñente celular de aspecto filiforme, que posúe unha dobre membrana. Constitúe a principal fonte de xeración de enerxía celular, contendo ademais os enzimas que interveñen no ciclo de Krebs, dos ácidos graxos e na respiración celular. Contén tamén DNA e RNA, podéndose replicar de xeito independente do resto da célula e podendo tamén codificala síntese dalgunhas das súas proteínas.

mitofobia *s.f.* Temor morboso á falsidade ou á mentira.

mitomanía *s.f.* V. **fabulación**.

mitoplasma *s.m.* Rede cromática do núcleo celular.

mitose *s.f.* Proceso de división celular constituído por catro fases: profase, anafase, metafase e telofase. Durante este proceso o núcleo das células fillas recibe o número de cromosomas característico das células somáticas da especie á que pertencen.

mitoxénese *s.f.* Xeración mediante mitose.

mitral *adx.* Relativo á válvula mitral.

mitridatismo *s.m.* Estado de inmunidade ou forte resistencia fronte a substancias tóxicas que se obtén mediante a inxestión crecente de pequenas doses das mesmas.

mixadenite *s.f.* Inflamación das glándulas mucosas.

mixadenoma *s.m.* Tumor constituído por unha mestura de elementos adenomatosos e mixomatosos.

mixastenia *s.f.* Doenza caracterizada pola deficiencia da segregación das glándulas mucosas.

mixedema *s.m.* Estado caracterizado por unha infiltración do tecido subcutáneo por un material mucinoso, constituído por proteínas que forman complexos de polisacáridos, que producen un edema duro que non orixina fôvea despois de premelo. Localízase principalmente na cara e nas extremidades. Asíciase ó hipotiroidismo primario. // **M. conxénito** O que aparece no cretinismo ou hipotiroidismo conxénito. / **M. hipofisario** Aquel causado por un hipotiroidismo secundario a unha deficiencia da segregación de hormona tirotrópica pola adenohipófise. / **M. pretibial** Mixedema localizado, que aparece nalgúns casos de enfermidade de Graves. Localízase caracteristicamente na rexión pretibial, pero tamén noutras zonas, como a cara, as mans, o dorso dos pés, etc.

mixedematoide *adx.* Semellante ó mixedema.

mixo- Prefixo do gr. *mýxa* (moco).

mixoblastoma *s.m.* V. **mixoma**.

mixocondroma *s.m.* Tumor caracterizado pola presenza de elementos mixomatosos e cartilaxinosos na súa estrutura.

mixocondrosarcoma *s.m.* Tumor constituído por elementos mixomatosos, cartilaxinosos e sarcomatosos.

mixofibroma *s.m.* Tumor mixomatoso con elementos fibromatosos. Tamén se di **mixoma fibroso**.

mixofibrosarcoma *s.m.* Tumor constituído por elementos sarcomatosos, fibromatosos e mixomatosos.

mixoglioma *s.m.* Glioma con dexeneración mixomatosa.

mixoide *adx.* Semellante ó moco.

mixolipoma *s.m.* Mixoma que posúe depósitos lipoides na súa estrutura. Tamén se di **mixoma lipoide**.

mixoma *s.m.* Tumor mesenquimatoso constituído por tecido conxuntivo primario. Tamén se di **mixoblastoma**. // **M. auricular** Mixoma que se localiza sobre as paredes da aurícula esquerda, especialmente no tabique interauricular, a carón da fosa oval. A maior parte deles son pediculados, variando de posición ó longo do ciclo cardíaco. A clínica simula xeralmente unha valvulopatía mitral, tanto unha estenose, como consecuencia do prolapso tumoral no orificio valvular durante a sístole, como unha insuficiencia, producida polo dano que ocasiona o tumor ó golpea-la propia válvula. É a forma máis frecuente de tumor primario cardíaco. / **M. quístico** Aquel que posúe no seu interior cavidades. / **M. fibroso** V. **mixofibroma**. / **M. lipomatoso** V. **mixolipoma**.

mixomatose *s.f.* Doenza caracterizada pola presenza de múltiples mixomas.

mixomatoso -a *adx.* Que posúe a natureza dos mixomas ou que é semellante a eles.

mixomioma *s.m.* Mioma con elementos mixomatosos na súa estrutura.

mixoneuroma *s.m.* Neuroma que contén elementos mixomatosos na súa estrutura.

mixopese *s.f.* Proceso de produción do moco.

mixorrea *s.f.* Fluxo mucoso excesivo. Tamén se di **mucorrea**.

mixosarcoma *s.m.* Tumor maligno de características sarcomatosas que contén elementos mixomatosos.

mixovirus *s.m.pl.* Grupo de virus, que abarca o virus da influenza, parainfluenza, parotidite e o da enfermidade de Newcastle. Caracterízanse por posuír nucleocápside de RNA e unha membrana lasa. Divídense en *Paramixovirus* e *Ortomixovirus*.

mixto -a *adx.* Que está composto de varios elementos distintos.

ml Abreviatura do mililitro.

mm Abreviatura do milímetro.

mmol Abreviatura de milimol.

Mn Símbolo químico do manganeso.

mnémico -a *adx.* Relativo ou pertencente á memoria.

mnemotecnia *s.f.* Técnica utilizada para auxilia-la memoria, empregando principalmente as asociacións de ideas.

Mo Símbolo do molibdeno.

moa *s.f.* Dente molar. V. **molar**.

mobilidade *s.f.* 1. Calidade de movible. 2. Facultade de moverse espontaneamente. Tamén se di **motilidade**.

mobilización *s.f.* Acción de poñer en movemento unha parte do aparello locomotor. // **M. activa** Aquela que se produce polo accionamento voluntario dos propios músculos. / **M. asistida** Mobilización activa realizada coa axuda doutra persoa. / **M. pasiva** Aquela realizada mediante un aparello ou mediante a acción doutra persoa, que moven diferentes partes do organismo sen que se produza unha activación voluntaria dos músculos das mesmas.

mocidade *s.f.* Estado ou idade do adolescente ou do adulto novo.

moco *s.m.* Substancia líquida ou semisólida, máis ou menos espesa e viscosa e elástica segregada polas glándulas mucosas, especialmente do nariz. Componse esencialmente de auga, sales inorgánicos, mucina, e algunhas células epiteliais e leucocitarias. Ten unha función protectora e lubricante das mucosas.

moda *s.f.* Medida de centralización estatística, que expresa o valor que máis veces se repite nunha distribución de casos. Unha serie de casos pode ter unha ou máis dunha moda, ou ben non ter ningunha.

modalidade *s.f.* 1. Modo de ser dunha cousa. 2. Cada unha das diferentes formas que pode presentar unha mesma cousa.

moderador -a *adx.* Que modera ou frea unha acción ou un proceso, especialmente os nervios vasomotores, o nervio pneumogástrico e un fascículo arqueado do ventrículo dereito.

modificador -a *adx.* Dos axentes capaces de modificar unha función orgánica.

modíolo *s.m.* Eixe ou columela do caracol do oído interno.

modorra *s.f.* Estado caracterizado pola somnolencia e a apatía.

modulación *s.f.* 1. Capacidade normal das células para se adaptar ó medio. 2. Modificación da frecuencia ou da amplitude das ondas eléctricas realizadas coa finalidade de facilita-la súa transmisión. 3. Modificación realizada no ton da voz ou dun son. 4. Acción de poñer ou dispoñer en módulos.

mofo *s.m.* Organismo micromicetal que se desenvolve sobre materias orgánicas en proceso de descomposición, especialmente os pertencentes á familia *mucorácea* e á dos *hifomicetes*.

mola *s.f.* Masa informe que se desenvolve no útero, especialmente aquela que aparece como consecuencia da dexeneración patolóxica das vilosidades do corion e a placenta. // **M. hidatídica** Masa uterina que se forma durante o embarazo, formada pola proliferación das vilo-

sidades do corion, que conforman unha estrutura semellante a un acio de uvas. Tamén se di **m. hidatiforme**, **mola vesicular**. / **M. hidatiforme** V. **m. hidatídica**. / **M. vesicular** V. **m. hidatídica**.

molalidade *s.f.* Nunha disolución, número de moles dun soluto que existen nun quilogramo de disolvente puro.

molar¹ *adx.* 1. Pertencente ou relativo á mola hidatídica. 2. Relativo ó mole.

molar² *adx.* 1. Pertencente ou relativo ás moas. 2. Relativo ó dente molar. // *s.m.* 3. Peza dental localizada despois dos cairos, na parte posterior da arcada dental, que serve para mastiga-los alimentos.

molaridade *s.f.* Número de moles dun soluto que existen nun litro de disolución.

molariforme *adx.* Que posúe forma semellante a unha mola ou a unha moa.

mole *s.m.* Unidade de cantidade de materia no Sistema Internacional, que equivale á cantidade de materia contida nun sistema que ten tantas entidades elementais (átomos, ións ou moléculas), como átomos existen en 0,012 kg de C¹².

molécula *s.f.* Partícula composta por átomos, constituínte dun corpo puro, do que representa a menor cantidade de materia que pode existir en estado libre mantendo os caracteres químicos propios do devandito corpo.

molibdeno *s.m.* Metal de transición, duro e de cor prateada, de número atómico 42 e masa atómica 95,94. Símbolo: Mb.

molismofobia *s.f.* Temor morboso á sucidade ou á contaminación.

Moll, glándulas de V. **glándula**.

moluria *s.f.* Concentración molecular da urina.

molusco *s.m.* Doenza da pel, caracterizada esencialmente pola formación de tumores brandos e redondeados. // **M. contaxioso** Dermatose caracterizada pola formación de tumores cutáneos brandos e umbilicados, de diferentes tamaños, que posúen no seu interior unha masa de aspecto sebáceo. Prodúcese pola infección cun poxvirus de transmisión unicamente humana. É autocontaxioso e localízase en calquera parte do corpo, pero especialmente nas pálpebras, na rexión periocular e nos xenitais, onde probablemente represente unha transmisión venérea.

momia *s.f.* Cadáver conservado de xeito natural ou mediante un proceso de embalsamamento.

momificación *s.f.* 1. Proceso da conversión natural ou artificial dun corpo ó estado de momia. 2. Desecamento dos tecidos na gangrena seca. 3. Proceso do desecamento dos tecidos dun feto morto retido no útero.

mónada *s.f.* 1. Elemento unicelular. 2. Cada un dos protozoos pertencentes o antigo grupo das mónadas. 3. Radical ou elemento univalente. 4. Durante a meiose, cada un dos membros da tétrada.

monadáceo -a *adx.* 1. Dos microorganismos flaxelados pertencentes á familia das monadáceas. // *s.f.* 2. Familia de flaxelados protomastigais caracterizados por posuír un flaxelo longo principal e un ou dous máis accesorios.

monáster *s.m.* Estado ou figura da cariocinese caracterizado pola formación dunha estrutura estrelada no ecuador do fuso acromático durante o final da profase da mitose.

monérula *s.f.* Denominación dada ó óvulo fecundado antes de que se advirta a diferenciación do núcleo.

mongólico -a *adx.* 1. Da raza mongol. 2. Semellante ós caracteres da raza mongol. 3. Que padece mongolismo ou síndrome de Down.

mongolismo *s.m.* Síndrome de Down.

monilérix *s.m.* Doenza do pelo caracterizada pola presenza nos cabelos de engrosamentos e estreituras, sequidade, fraxilidade, roturas e alopecia parcial.

Monilia Antigamente, xénero *Candida*.

monilíase *s.f.* Infección con especies de fungos do xénero *Monilia* ou *Candida*. Tamén se di **candidíase**.

monílide *s.f.* Lesión cutánea producida por unha infección con fungos do xénero *Monilia* ou *Candida*.

moniliforme *adx.* Semellante ou disposto do mesmo xeito cás doas dun colar.

monitor *s.m.* Aparello electrónico que permite mediante unha pantalla o rexistro e o control de datos fisiolóxicos.

monitorización *s.f.* Rexistro permanente mediante un monitor de diversos datos fisiolóxicos. // **M. fetal** Control mediante monitores de determinados signos fisiolóxicos fetais durante o parto, especialmente da resposta cardíaca fetal ante as contraccións uterinas, coa finalidade de establecer o estado de benestar ou o sufrimento do feto.

mono- Prefixo do gr. *mónos* (único).

monoácido -a *adx.* Que contén un átomo único de hidróxeno, substituíble por unha base.

monoaminofosfátido *s.m.* Fosfátido que posúe na súa molécula un átomo de nitróxeno e un de fósforo.

monoaminoxidase *s.f.* Enzima que intervéñ no catabolismo de diversas aminas biolóxicas como a adrenalina, a noradrenalina e a serotonina, transformando o grupo amino nun refugallo de carbonilo. Désígnase habitualmente coa sigla MAO.

monoartrite *s.f.* Inflamación dunha soa articulación.

monoatómico -a *adx.* Que posúe un só átomo.

monoaural *adx.* Relativo a unha soa orella ou oído ou que posúe unha soa orella.

monoavitaminose *s.f.* Estado carencial caracterizado pola deficiencia dunha soa vitamina.

- monobacilar** *adx.* Producido por ou que contén unha soa especie de bacilos.
- monobásico -a** *adx.* 1. Que posúe unha soa base. 2. Que contén un único átomo de hidróxeno substituíble por unha base.
- monoblasto** *s.m.* Célula inmatura precursora dos monocitos adultos.
- monoblepsia** *s.f.* 1. Alteración da visión na que esta mellora ó utilizar un só ollo. 2. Alteración da visión das cores caracterizada porque unicamente se percibe unha destas.
- monobraquia** *s.f.* 1. Anomalía do desenvolvemento fetal caracterizada pola formación dun só brazo. 2. Presencia dun só brazo.
- monobromofenol** *s.m.* Líquido empregado como anti-séptico externo, especialmente na erisipela.
- monocéfalo** *s.m.* Monstro fetal con dous corpos máis ou menos unidos e unha soa cabeza.
- monocelular** *adx.* Que posúe unha única célula. Tamén se di **unicelular**.
- monociese** *s.f.* Embarazo caracterizado pola xestación dun só feto.
- monocigótico -a** *adx.* Relativo a ou derivado dun só cigoto.
- monocito** *s.m.* Leucocito grande mononuclear, cun núcleo ovoide ou en forma de ril, que posúe cromatina lineal e un citoplasma abondoso e cheo de gránulos finos azurófilos. Formado na medula ósea, posteriormente diríxese ós tecidos periféricos nos que se transforma en macrófago.
- monocitopenia** *s.f.* Diminución da cantidade de monocitos no sangue por debaixo das cifras consideradas normais. Tamén se di **monopenia**.
- monocitose** *s.f.* Aumento da cantidade de monocitos no sangue por encima das cifras consideradas normais.
- monococo** *s.m.* Coco illado, sen formar parella nin grupo.
- monocorea** *s.f.* Movemento de corea que unicamente afecta a unha parte ou a un lado do corpo.
- monocoriónico -a** *adx.* Dos xemelgos monocigóticos, que posúen un só saco coriónico común.
- monocotilidóneas** *s.f.pl.* Plantas fanerógamas anxiospermas que presentan sementes cun só cotiledón.
- monocriptorquidia** *s.f.* Ausencia conxénita dun testículo na bolsa escrotal.
- monocromático -a** *adx.* 1. Que existe nunha soa cor ou que ten unha soa cor. 2. Pertencente ou relativo ó monocromatismo.
- monocromatismo** *s.m.* Cegueira completa ás cores, que produce unha visión monocromática.
- monocrotismo** *s.m.* Estado da onda do pulso caracterizado porque na súa parte descendente non posúe ningunha elevación secundaria.
- monocular** *adx.* 1. Relativo a un só ollo ou que posúe un só ollo. 2. Dos aparellos ópticos que posúen un só ocular.
- monóculo** *s.m.* Lente que se utiliza nun só ollo.
- monodactilia** *s.f.* Presencia dun só dedo na man ou no pé.
- monodermoma** *s.m.* Tumor orixinado nunha soa capa xerminativa.
- monodiplopía** *s.f.* Visión dobre que se presenta nun só ollo.
- monoestésico -a** *adx.* Relativo a un só sentido.
- monofásico -a** *adx.* Que posúe unha soa fase.
- monofaxia** *s.f.* Utilización exclusiva dunha soa clase de alimentos.
- monofilóxico -a** *adx.* Do organismo que se orixina ou descende dun tipo celular único.
- monofiodonto -a** *adx.* Dos animais que, como o ser humano, posúen unha soa ringleira de dentes.
- monofobia** *s.f.* Temor morboso á soitude.
- monoftalmía** *s.f.* 1. Calidade de monoftalmo. 2. Oftalmía dun só ollo. Tamén se di **monopsia**.
- monoftalmo -a** *adx.* Que posúe un só ollo útil.
- monogástrico -a** *adx.* Que posúe un só estómago.
- monogonio** *s.m.* Forma asexual do parasito do paludismo no sangue.
- monohémero -a** *adx.* Que só dura un día.
- monohídrico -a** *adx.* Que contén un só átomo de hidróxeno substituíble.
- monoinfección** *s.f.* Infección cunha soa especie de microorganismos.
- monolateral** *adx.* Que sucede ou se localiza nun só lado.
- monolepse** *s.f.* Fenómeno da transmisión á prole dos caracteres dun proxenitor con exclusión dos do outro.
- monomanía** *s.f.* Trastorno conductual, afectivo ou ideatorio caracterizado pola presenza dun núcleo central predominante que condiciona a clínica. Tamén se di **monopsicose**.
- monomaniáco -a** *adx.* Que padece monomanía.
- monomastigoto -a** *adx.* Dos organismos que posúen un só flaxelo.
- monomélico -a** *adx.* Relativo a un só membro ou que posúe un só membro.
- monomérico -a** *adx.* Relativo a un só segmento ou que posúe un só segmento.
- monomioplexía** *s.f.* Parálise muscular limitada a un só músculo.

monomiosite *s.f.* Inflamación muscular aguda ou crónica que afecta a un só músculo.

mononéfrico -a *adx.* Que posúe un só ril.

mononeurite *s.f.* Inflamación dun só nervio. // **M. múltiple** Inflamación simultánea de varios nervios distantes entre si.

monónfalo *s.m.* Monstro fetal dobre unido por un único embigo.

mononuclear *adx.* Que posúe un só núcleo, aplicado ós organismos celulares e especialmente ós leucocitos que posúen un núcleo non segmentado.

mononucleose *s.f.* Presencia dunha cifra anormalmente aumentada de leucocitos mononucleares no sangue. // **M. infecciosa** Enfermidade producida polo virus de Epstein-Barr, caracterizada clinicamente por febre, farinxite membranosa, hipertrofia dos ganglios linfáticos e do bazo e proliferación e presenza de linfocitos atípicos. Pódese complicar cunha hepatite e cunha encefalomeninxite. Afecta esencialmente a individuos novos, transmitíndose a través de pingas de cuspe e posiblemente por outras vías. Presenta reaccións serolóxicas típicas, cun título elevado de aglutininas antihemacias de carneiro (reacción de Paul-Bunell) e resposta de anticorpos heterófilos transitoria. / **M. por citomegalovirus** Enfermidade producida por citomegalovirus, semellante á mononucleose infecciosa, pero con anticorpos heterófilos negativos e sen farinxite nin adenopatía cervical. Pode aparecer de xeito espontáneo ou como consecuencia de transfusións múltiples de sangue.

monoparesia *s.f.* Debilidade que afecta a un só membro ou parte.

monoparestesia *s.f.* Alteración da sensibilidade que afecta a un só membro ou parte.

monopatía *s.f.* Enfermidade que afecta a un só órgano ou parte.

monopenia *s.f.* V. **monocitopenia**.

monoplexía *s.f.* Parálise que afecta a un só membro ou a un só grupo muscular.

monopodia *s.f.* Ausencia conxénita dun pé.

monopolar *adx.* Que posúe un só polo.

monopsia *s.f.* V. **monoftalmía**.

monopsicose *s.f.* V. **monomanía**.

monorquidia *s.f.* Presencia dun só testículo no escroto.

monorrinia *s.f.* Doenza que afecta a unha soa fosa nasal.

monosacárido *s.m.* Hidrato de carbono simple, que non se pode descompoñer mediante hidrólise noutros máis sinxelos.

monosexual *adx.* Que posúe as características propias dun só sexo.

monosifilide *s.f.* Lesión cutánea única producida por unha infección sifilítica.

monosintomático -a *adx.* Caracterizado pola presenza dun só síntoma.

monosomía *s.f.* Calidade de monosómico.

monosómico -a *adx.* Que presenta a deficiencia dun cromosoma nun par homólogo, aplicado a un individuo ou célula.

monospasmo *s.m.* Contracción involuntaria e persistente muscular que afecta a unha soa parte, grupo muscular ou membro.

Monosporium Xénero de fungos imperfectos entre os que se atopan algúns dos produtores dos micetomas.

monosquelia *s.f.* Ausencia conxénita dunha perna.

Monostoma Xénero de vermes trematodos, entre os que se atopa a especie *M. lentis*, productora dalgunhas infestacións do cristalino.

monostomidose *s.f.* Infestación con vermes do xénero *Monostoma*.

monostratificado -a *adx.* Que está disposto nunha soa capa ou estrato celular.

monotermia *s.f.* Temperatura uniforme durante unha enfermidade febril.

monotocia *s.f.* Parto simple, dun só feto.

monotrópico -a *adx.* Que afecta a ou se localiza unicamente nunha parte ou elemento.

monovalente *adx.* 1. Dos elementos químicos que teñen unha valencia de un. 2. Específico para un antíxeno ou organismo único, aplicado a antisoros, vacinas ou antitoxinas.

monovárico -a *adx.* Relativo ou que pertence a un só ovario ou que posúe un só ovario.

monoxerminal *adx.* Desenvolvido a partir dun só óvulo, especialmente os xemelgos que comparten un saco corial único.

monstro *s.m.* Individuo que posúe uns caracteres moi diferentes, completamente anormais e disfuncionais para o resto dos individuos da súa especie. // **M. autosito** Aquel capaz de levar unha vida independente. / **M. endocímico** Monstro parasito retido que constitúe a base dun tumor dermoide. / **M. parasito** Aquel ligado a un autosito, incapaz de levar unha vida independente. / **M. teratocéfalo** Monstro autosito caracterizado polas anomalías cefálicas. / **M. teratomélico** Monstro autosito caracterizado polas anomalías das extremidades. / **M. teratosómico** Monstro autosito caracterizado polas anomalías tronculares.

monstruosidade *s.f.* Deformidade conxénita insólita e grave que lle confire ó individuo que a padece o carácter de monstro.

monte *s.m.* Protuberancia ou saínte anatómico. // **M. de Venus** Prominencia celuloadiposa localizada na parte anterior da pube feminina, encima da vulva.

Monteggia, fractura de V. fractura.

montículo *s.m.* Elevación ou prominencia anatómica pequena. // **M. uretral** Elevación da mucosa vesical correspondente á entrada do uréter.

Moraxella Xénero de bacterias da familia das neisseriáceas, inmóbiles, aerobias e gramnegativas, frecuentemente causantes de infeccións oculares. // **M. lacunata** Bacteria do xénero *Moraxella*, causante dalgunhas variedades de conxuntivite no ser humano.

mórbido -a *adx.* 1. Que produce ou padece enfermidade. 2. Brando, suave e delicado.

morbilidade *s.f.* Número de casos dunha enfermidade que se presentan nunha poboación determinada e durante un período de tempo determinado.

morbiliforme *adx.* Das erupcións que semellan as do sarampelo.

morbo *s.m.* Enfermidade, doenza ou estado patolóxico.

morbosidade *s.f.* Estado ou condición de enfermidade.

morbozo -a *adx.* 1. Enfermizo ou malsán. 2. Referido á enfermidade ou que causa enfermidade. 3. Que se deleita en pensamentos desagradables ou malsáns.

mordedura *s.f.* Lesión producida pola acción de morder.

mordente *s.m.* Substancia utilizada para fixar unha materia colorante nos tecidos.

mordida *s.f.* 1. Pegada que deixan os dentes ou as enxivas nun material plástico, utilizada como molde para a realización de próteses dentais. 2. Forma particular que adopta en cada individuo a unión dos maxilares no acto de morder.

morfea *s.f.* Variedade localizada de esclerodermia, caracterizada por presentar lesións, circunscritas ou en placas. V. **esclerodermia**.

morfina *s.f.* Alcaloide fenantrénico do opio, que constitúe o principal e máis activo dos seus alcaloides naturais, de fórmula $C_{17}H_{18}NO_3$. Posúe efectos analxésicos, psicodolépticos e narcóticos dependentes da dose, ademais doutros efectos comúns ós opiáceos sobre o aparello gastrointestinal, o sistema cardiovascular e os centros respiratorios. Debido á súa escasa solubilidade, emprégase esencialmente en forma de sulfato ou clorhidrato. Utilízase principalmente como analxésico potente e no tratamento da dispnea presente na insuficiencia ventricular aguda con ou sen edema pulmonar. Causa tolerancia farmacolóxica e dependencia física e psíquica.

morfinano *s.m.* Compuesto sintético estruturalmente semellante á morfina.

morfínico-a *adx.* Relativo á morfina ou ós seus efectos.

morfinismo *s.m.* Estado de intoxicación aguda ou crónica causado pola morfina.

morfinización *s.f.* Sometemento á acción da morfina, con ou sen fins terapéuticos.

morfinomanía *s.f.* Estado producido pola adicción á morfina.

morfinómano -a *adx.* Adicto á morfina.

morfo- Prefixo do gr. *morphé* (forma).

morfoloxía *s.f.* Estudio xeral das formas e das estruturas dos seres organizados e das leis que as regulan.

morfometría *s.f.* Técnica da medición das formas dos organismos.

morfoxénese *s.f.* Evolución e desenvolvemento das formas orgánicas.

Morgagni, enfermidade de V. enfermidade.

morgue *s.f.* Lugar no que se expoñen os cadáveres para indaga-la súa identidade ou realizar investigacións médico-legais.

moria *s.f.* Tendencia anormal ás bromas parvas e escatolóxicas e á extravagancia, con frecuente perda do sentido ético e desinhibición psíquica xeral, que se observa en ocasións en diversas alteracións cerebrais, principalmente nos tumores localizados nos lobos frontais.

moribundo -a *adx.* Do que se atopa en estado de agonía, próximo a morrer.

morioplastia *s.f.* Técnica de reparación mediante cirurxía plástica das perdas de substancia.

mormo *s.m.* Enfermidade infecciosa propia do gando cabalar, transmisíble ó ser humano, causada pola *Pseudomona mallei*. Caracterízase pola inflamación purulenta das mucosas e a erupción de nódulos cutáneos e posteriormente a formación de úlceras profundas que poden acabar producindo a necrose das cartilaxes e os ósos subxacentes.

morno *s.m.* Popularmente, dor pouco intensa, case crónica, en xeral de longa duración.

Morquio, enfermidade de V. enfermidade.

morriña *s.f.* 1. Nostalxia por algo que está ausente. 2. Tristeza que produce certo abatemento. 3. Varíola do gando de la. 4. Enfermidade moral que senten algunhas persoas ó achárense lonxe da súa casa, familia, terra ou patria.

mortal *adx.* Que produce a morte. Tamén se di **mortífero**.

mortalidade *s.f.* 1. Calidade de mortal. 2. Número de mortes que se producen nunha poboación e nun período de tempo determinados.

morte *s.f.* Terminación da vida, suspensión permanente de tódalas funcións corporais vitais. // **M. aparente** Estado no que as funcións vitais son a penas perceptibles, semellando unha situación de morte real. / **M. cerebral** Dano cerebral irreversible caracterizado polo coma profundo, con ausencia total de resposta a calquera estímulo, ausencia de respiración espontánea, flaccidez xeneralizada e electroencefalograma isoelectríco durante un tempo mínimo de 30 minutos, en ausencia dunha situación de hipotermia ou unha intoxicación por axentes

- depresores do sistema nervioso central. / **M. súbita** Aquela que sobrevén repentinamente nun estado de saúde ou durante o padecemento dunha enfermidade.
- morteiro** *s.m.* Recipiente feito cun material duro, utilizado para esmagar ou triturar substancias.
- mortífero -a** *adx.* V. **mortal**.
- mortificación** *s.f.* Privación da vitalidade a algunha parte do corpo, como ocorre na necrose ou na gangrena.
- morto -a** *adx.* Que cesou total e permanentemente de vivir.
- mórula** *s.f.* Masa sólida de blastómeros, co aspecto dunha amora, que aparece durante a segmentación dun ovo fecundado, nun período anterior ó da formación da blástula. Tamén se di **esfera embrionaria**.
- morulación** *s.f.* Proceso de formación da mórula.
- mosaicismo** *s.m.* Presencia nun mesmo individuo de dúas ou máis liñas celulares derivadas dun mesmo cigoto, pero diferentes cariotípica e xenotípicamente.
- mosca** *s.f.* Especie de insectos pterigóxenos da orde dos dípteros, xénero *Musca*, dos que o máis frecuente é a mosca común (*Musca domestica*), que pode actuar como vehículo de transmisión de diversas enfermidades. // **M. tsetsé** Especie de mosca pertencente ó xénero *Glossina*, transmisoras das tripanosomíases africanas ou enfermidades do sono.
- moscas** *s.f. pl.* Depósitos benignos celulares, xeralmente móbiles, localizados no corpo vítreo. // **M. voantes** Fenómeno subxectivo, caracterizado pola percepción de puntos, que se producen como consecuencia da percepción dos depósitos de substancia do corpo vítreo ou de restos obliterados da arteria hialoide fetal. Tamén se di **miodesopsia**.
- mosquito** *s.m.* Insecto díptero nematócero de pequeno tamaño, pertencente á familia *Culicidae* e a diversos xéneros, entre os que os máis importantes son *Culex*, *Aedes*, *Anopheles*, *Mansonia* e *Haemagogus*. É o axente transmisor de diversas enfermidades como o paludismo, a febre amarela, etc.
- mostaza** *s.f.* 1. Planta herbácea que corresponde a diversas especies dos xéneros *Sinapis* e *Brassica*, da familia das crucíferas. As sementes ou a fariña dalgunhas especies utilízanse como condimento, como estimulante das funcións gastrointestinais, como vomitivo e para a elaboración de cataplasmas utilizadas como antiirritantes e revulsivas. 2. Semente destas plantas. 3. Condimento alimenticio que se obtén mediante a trituración das sementes de diversas especies de mostaza. // **M. nitroxenada** Grupo de compostos químicos homólogos do gas mostaza utilizados no tratamento dalgunhas leucemias e linfomas.
- mosto** *s.m.* Zume sen fermentar obtido das uvas ou doutras froitas.
- mostra** *s.f.* 1. Porción dun tecido ou produto utilizado para estudia-las propiedades do mesmo. 2. Parte extraída dun conxunto e representativa do mesmo.
- mostraxe** *s.f.* 1. Conxunto de mostras. 2. Acción de escolle-las mostras representativas dun todo. 3. Técnica empregada para escoller mostras.
- motilidade** *s.f.* V. **mobilidade**.
- motivo** *s.m.* 1. Que move ou posúe capacidade para mover. 2. Causa ou razón que determina unha acción.
- motoneurona** *s.f.* Neurona que intervéen na produción dos impulsos que determinan o movemento dunha parte do corpo.
- motor-a** *adx.* 1. Productor ou xerador de movemento, aplicado ós músculos, nervios ou centros que posúen esta función. // *s.m.* 2. Aparello que proporciona movemento a unha máquina.
- motricidade** *s.f.* Conxunto de funcións biolóxicas que permiten o movemento. // **Test de m.** Diversas probas utilizadas para medi-la actividade motriz elemental dun individuo.
- movemento** *s.m.* Acto mecánico que implica o desprazamento de todo un organismo ou dunha parte do mesmo en relación ás outras. // **M. activo** Aquel realizado espontaneamente, sen intervención dunha forza exterior ó corpo que se move. / **M. ameboide** Aquel propio dos organismos ameboides e diversas células, realizado pola expansión e a retracción consecutivas de prolongacións protoplasmáticas ou pseudópodos. / **M. automático** Movemento involuntario espontáneo, que se produce de xeito natural polas características fisiolóxicas propias da parte que se move. / **M. ciliar** Movemento propio dos cilios das células que os posúen. / **M. coordinado** Aquel efectuado por diversas partes dun organismo para conseguir un acto determinado. / **M. coreiforme** Movemento espontáneo, involuntario e irregular realizado por un músculo ou grupo de músculos, característico de diversas enfermidades neurolóxicas que afectan á función motora. / **M. elástico** Aquel debido á reposición ó estado inicial de repouso dun corpo elástico previamente estirado. / **M. espontáneo** Calquera movemento voluntario ou involuntario orixinado pola acción propia dun organismo con capacidade móbil, contrario ó movemento reflexo. / **M. involuntario** Aquel que se produce sen a intervención da vontade do individuo que se move. / **M. pasivo** Movemento dun organismo ou dunha parte do mesmo realizado por unha forza externa a el, sen participación activa da parte que se move. / **M. reflexo** Movemento involuntario realizado como resposta a un estímulo exterior. / **M. voluntario** Aquel que responde á propia vontade do individuo que se move.
- movible** *adx.* Que se pode desprazar no espacio.
- moxiartria** *s.f.* Dislalia ou tartamudez, dificultade para articular palabras. Tamén se di **moxifasia**, **moxilalia**. // **M. nacional** Imposibilidade ou dificultade na pronun-

ciación dun determinado fonema dun idioma estranxeiro, por non posuílo o idioma nativo.

moxifasia *s.f.* V. **moxiartria**.

moxigrafía *s.f.* Cambra ou espasmo dos escribentes, espasmo isquémico doloroso dos músculos da man producido ó escribir durante un certo tempo.

moxilalia *s.f.* V. **moxiartria**.

MSH Sigla da melanotropina ou hormona estimulante dos melanocitos.

mucedina *s.f.* Proteína amorfa presente no glute do trigo.

mucicarmín *s.m.* Colorante utilizado para tingui-la mucina.

múxico (ácido) *s.m.* Ácido galactárico, diácido que se obtén como produto da oxidación enérxica da galactosa ou de calquera hidrato de carbono que a conteña.

mucífero -a *adx.* Do que segrega moco.

mucilaxe *s.f.* 1. Substancia vexetal viscosa coagulable polo alcohol, semellante á goma, que se atopa especialmente nas rosáceas e nas leguminosas, onde actúan retendo a auga de reserva, principalmente nas plantas graxas. 2. En farmacia, preparación máis ou menos mesta, a consecuencia da presenza nela de gomas ou outras substancias de orixe natural, que se manteñen na auga en semisolución. Utilízanse para liga-los principios activos nas pímulas ou comprimidos, para emulsionar aceites ou resinas e para manter en solución substancias insolubles. Algunhas mucilaxes posúen propiedades como laxantes suaves.

mucilaxinoso -a *adx.* Semellante ó á mucilaxe ou que posúe as súas propiedades.

mucina *s.f.* Substancia composta por unha mestura complexa de mucopolisacáridos, presente en diversas segregacións corporais, como o cuspe, as segregacións mucosas, a bile, o líquido sinovial, a xelatina de Wharton, os mixomas e nalgúns líquidos patolóxicos.

mucinase *s.f.* Enzima que provoca a coagulación do moco.

mucinemia *s.f.* Presencia de mucina no sangue.

mucinoblasto *s.m.* Célula primitiva indiferenciada proxenitora das células mucosas.

mucínose *s.f.* Doenza caracterizada polos depósitos anormais de mucina na pel.

mucinoso -a *adx.* Semellante á mucina.

mucinuria *s.f.* Presencia de mucina na urina.

mucíparo -a *adx.* Que produce ou segrega moco. Tamén se di **mucíxeno**.

mucíte *s.f.* Inflamación dunha membrana mucosa.

mucíxeno -a *adx.* V. **mucíparo**.

mucocartilaxe *s.f.* Cartilaxe branda caracterizada por esta-las súas células mergulladas nunha matriz mucoide.

mucocele *s.m.* 1. Tumor constituído por moco. 2. Avultamento producido pola dilatación do saco lacrimal.

mucocito *s.m.* Célula constituínte dos tecidos mucosos.

mucocutáneo -a *adx.* Relativo a unha mucosa e a pel ou composto por mucosa e pel.

mucoepidermoide *adx.* Composto por células produtoras de moco e células epiteliais.

mucofibroso -a *adx.* Composto por tecido fibroso e mucoso.

mucogastrite *s.f.* Inflamación da mucosa das paredes do estómago.

mucoide *adx.* Semellante ó moco.

mucolipidose *s.f.* Enfermidade metabólica producida por almacenamento lisosómico, na que se acumula unha combinación de mucopolisacáridos, glicoproteínas, oligosacáridos e glicolípidos. Comprende tres enfermidades, clasificadas como mucolipidose I, II e III, das que a mucolipidose I probablemente sexa en realidade unha enfermidade específica por almacenamento de glicoproteínas.

mucolisina *s.f.* Variedade de lisina que produce a disolución do moco.

mucolítico -a *adx.* Que posúe unha acción destructora do moco.

mucomembranoso -a *adx.* Das estruturas membranosas que posúen un carácter mucoso.

mucómetra *s.m.* Distensión da cavidade uterina producida por unha acumulación de moco.

mucopericondrio *s.m.* Pericondrio que ten unha superficie mucosa, como o existente no tabique nasal.

mucoperiósteo *s.m.* Periósteo que ten unha superficie mucosa, como o que existe nalgunhas porcións do aparello auditivo.

mucopolisacaridase *s.f.* Enzima que cataliza a hidrólise dos mucopolisacáridos.

mucopolisacárido *s.m.* Polisacárido complexo que contén hexosamina na súa molécula. Divídense en mucopolisacáridos ácidos e neutros. Comprenden o heparansulfato, o dermatansulfato e o queratansulfato.

mucopolisacaridose *s.f.* Grupo de enfermidades metabólicas producidas por unha deficiencia dos enzimas que interveñen na degradación das tres clases existentes de mucopolisacáridos: heparansulfato, dermatansulfato e queratansulfato. Clinicamente presenta un fenotipo característico, con trazos rudos da cara, opacidade corneal, hepatosplenomegalia, rixidez articular, presenza de hernias, disostose múltiple, eliminación urinaria de mucopolisacáridos e tinguadura metacromática dos leucocitos e da medula ósea. O diagnóstico baséase nos estudos enzimáticos. Comprende unhas sete enfermidades que se clasifican como mucopolisacaridose IH, IS, II, III A, III B, III C, IV, VI e VII.

mucoproteína *s.f.* Proteína conxugada na que o grupo prostético é un polisacárido constituído por hexosaminas e ácidos combinados con restos acetílicos ou sulfónicos. Presente no tecido conxuntivo e nos tecidos de sostén.

Mucor Xénero de fungos da familia *Mucoraceae*, da orde dos mucorais, presentes no chan, na vexetación descomposta, en alimentos ricos en azucre e no esterco, dos que algunhas especies constitúen o axente causante da mucormicose.

mucormicose *s.f.* Doenza causada por unha infección por fungos da orde dos mucorais, especialmente as especies *Rhizopus*, *Rhizomucor* e *Cunninghamella*. A afectación límitase xeralmente a persoas con enfermidades graves previas, como transplantados, cadros neoplásicos e inmunodeficiencias. A infección adquirese desde a natureza, non existindo transmisión de persoa a persoa. Producen lesións de aparición súbita no tecido orbitario e nos seos paranasais, especialmente na diabete melitus mal controlada, causando nalgunhas ocasións un cadro invasivo e rapidamente mortal. Pode, ademais, producir invasións dixestivas e pulmonares.

mucorrea *s.f.* V. **mixorrea**.

mucosa *s.f.* Membrana mucosa. V. **membrana**.

mucosanguíneo -a *adx.* Composto por moco e sangue.

mucoseroso -a *adx.* Composto de moco e soro.

mucosidade *s.f.* Moco, especialmente a segregación mucosa abundosa.

mucosite *s.f.* Inflamación dunha membrana mucosa.

mucoso -a *adx.* Que posúe aspecto ou consistencia semellante ó moco.

mucoviscidose *s.f.* Trastorno multisistémico hereditario, caracterizado por unha alteración na función das glándulas exócrinas. Hérdase de xeito autosómico recesivo, estando causado por unha anomalía localizada no brazo longo do cromosoma 7. Produce alteracións en calquera nivel do aparello respiratorio, con infeccións características por cepas de *Pseudomona mucoide* e outros microorganismos, alteracións intestinais, pancreáticas e hepato-biliares, no aparello reprodutor, con esterilidade e infertilidade, repercusións cardíacas do tipo da hipertensión pulmonar, alteracións no crecemento dos nenos, perda de sal, hipertrofia das glándulas apócrinas e hemorrxias retinianas. Caracteristicamente existe unha perda de sal nas glándulas sudoríparas écrinas, de xeito que a cuantificación da mesma se utiliza como medio de diagnóstico. Tamén se di **enfermidade de Fanconi**, **enfermidade fibroquística do páncreas**, **fibrose quística do páncreas**.

muda *s.f.* Cambio de epiderme que se realiza nalgunhas especies animais periodicamente.

mudez *s.f.* Carencia conxénita ou adquirida da facultade para emitir palabras ou sons articulados. Tamén se di **mutismo**.

mudo -a *adx.* Que padece mudez.

muguet *s.m.* Doenza caracterizada pola aparición nas mucosas de placas abrancazadas orixinadas por una infección con *Candida albicans*. Prodúcese esencialmente no curso de enfermidades que provocan estados de inmunodeficiencia ou como efecto secundario de medicamentos como os corticoides.

mulato -a *adx.* Individuo descendente dun proxenitor branco e outro negro.

muleta *s.f.* Bastón alto cun traveseiro na parte superior para apoiar os brazos que serve de apoio para andar nas lesións e na parálise dos membros inferiores.

multi- Prefixo do lat. *multus* (moito).

multiarticular *adx.* Relativo ou que afecta a moitas articulacións. Tamén se di **poliarticular**.

multicapsular *adx.* Que posúe varias cápsulas.

multicéfalo -a *adx.* Que posúe varias cabezas. Tamén se di **múlticeps**.

multicelular *adx.* Composto de moitas células.

múlticeps *adx.* V. **multicéfalo**.

multiforme *adx.* Que posúe varias formas distintas. Tamén se di **polimorfo**.

multiganglionar *adx.* Relativo ou que afecta a diversos ganglios ou que posúe varios ganglios. Tamén se di **poliganglionar**.

multigrávida *adx.* Da muller que pasou máis de cinco xestacións.

multiinfección *s.f.* Infección producida por varias clases de microorganismos ó mesmo tempo.

multilobular *adx.* Que posúe varios lobos.

multilocular *adx.* Que posúe varios compartimentos.

multinuclear *adx.* Que posúe varios núcleos.

multípara *adx.* Da muller que tivo dous ou máis partos.

multipolar *adx.* Que posúe varios polos.

multirradicular *adx.* Relativo, que afecta ou que posúe varias raíces, especialmente nerviosas.

Munk, enfermidade de V. enfermidade.

mural *adx.* Relativo ou pertencente a unha parede anatómica ou que se atopa nela.

murámico (ácido) *s.m.* Heterósido derivado da glicosamina e do ácido láctico, constituínte esencial das paredes celulares animais.

murexina *s.f.* Substancia neurotóxica procedente da glándula hipobranquial dos gasterópodos do xénero *Murex*.

murmurio *s.m.* Son ou ruído leve. // **M. respiratorio** Ruído lixeiro, normal, que se percibe co estetoscopio ó ausculta-lo tórax, durante a inspiración e no principio da espiración, producido pola distensión dos alvéolos

pulmonares cando chega o aire ós mesmos. Taén se di **murmurio vesicular**. / **M. vesicular** V. **m. respiratorio**.

Mus Xénero de roedores simplicidentados miomorfo, que comprende numerosas especies de todo o mundo e entre os que se atopa o rato doméstico (*M. musculus*).

Musca Xénero de insectos dípteros, da familia dos múscidos, entre os que se atopa a mosca común (*M. domestica*).

muscarina *s.f.* Alcaloide tóxico obtido do fungo *Amanita muscaria* e de diversas especies dos xéneros *Inocybe* e *Cyrtocybe*. Posúe potentes propiedades parasimpaticomiméticas.

muscarínico -a *adx.* Das accións da acetilcolina, correspondentes á estimulación das fibras parasimpáticas posganglionares (corazón, músculo liso, glándulas), por seren semellantes ás que produce a muscarina, alcaloide tóxico que se atopa no fungo *Amanita muscaria*.

muscarinismo *s.m.* Intoxicación pola muscarina.

múscidos *s.m.pl.* Familia de insectos dípteros, na que se atopa o xénero *Musca*, ó que pertence a mosca común.

muscularis *s.f.* Capa muscular. // **M. mucosae** Capa de fibras musculares pertencentes a algunhas mucosas.

musculatura *s.f.* Conxunto de tódolos músculos do organismo.

musculina *s.f.* Proteína globulínica do tecido muscular.

músculo *s.m.* Cada un dos órganos ou masas de tecido composto por fibras contráctiles, que serven para produci-lo movemento das diferentes partes do corpo. // **M. abductor** Aquel que separa unha parte do eixe central do corpo. / **M. aductor** Aquel que aproxima unha parte ó eixe central do corpo. / **M. agonista** O que constitúe o elemento principal para a realización dun movemento. / **M. antagonista** Aquel que posúe unha acción oposta á realizada por un músculo agonista. / **M. antigravitatorio** V. **m. postural**. / **M. articular** Músculo que posúe un extremo inserido na cápsula dunha articulación. / **M. cutáneo** Aquel que posúe tódalas súas insercións na pel. Tamén se di **m. dérmico**. / **M. dérmico** V. **m. cutáneo**. / **M. erector** Cada un dos músculos que posúen unha función erectora dunha parte. / **M. esquelético** Músculo estriado que se insire nun óso e cruza tipicamente unha articulación. / **M. estriado** Aquel constituído por fibras musculares estriadas. / **M. extraocular** Cada un dos músculos que interveñen nos movementos do globo ocular. / **M. inspiratorio** Cada un dos músculos que contribúen ós movementos de inspiración do tórax. / **M. intrínseco** Aquel que posúe tódalas súas insercións nun mesmo órgano. / **M. involuntario** Músculo de fibra lisa ou estriada, que non se encontra sometido ó control da vontade. / **M. liso** Músculo involuntario constituído por fibras musculares lisas. / **M. mimético** Cada un dos músculos que interveñen na expresión facial. / **M. papilar** Cada un dos fascículos musculares que conforman as columnas carnosas das paredes internas dos ventrículos. / **M. postural** Cada un dos músculos que

interveñen no mantemento dunha posición do corpo contra a acción da gravidade. / **M. sinérxico** Cada un dos diferentes músculos que interveñen na realización dun mesmo movemento. / **M. estriado** Músculo de fibra estriada sometido ó dominio da vontade.

musculoponeurótico -a *adx.* Relativo a un músculo e á súa aponeurose.

musculocutáneo -a *adx.* 1. Relativo ós músculos e á pel. // *s.m.* 2. Nervio peroneo superficial, que innerva os músculos peroneos e dá ramas terminais para o dorso do pé.

musculaelástico -a *adx.* Composto por fibras musculares e elásticas.

musculofrénico -a *adx.* Relativo ós músculos e ó diafragma ou á porción muscular do diafragma.

musculointestinal *adx.* Relativo ós músculos e ós intestinos ou á porción muscular dos intestinos.

musculomembranoso -a *adx.* Composto por tecido muscular e membranoso.

musculotendinoso -a *adx.* Composto por fibras musculares e tendinosas.

musicomanía *s.f.* Inclinación morbosa pola música.

musicoterapia *s.f.* Método terapéutico que utiliza a música para tratar diversas doenzas, especialmente mentais.

mutabilidade *s.f.* 1. Calidade do que é mutable. 2. Inconstancia, inestabilidade.

mutable *adx.* Susceptible de sufrir cambios ou mutacións.

mutación *s.f.* 1. Cambio, muda ou variación que sucede nun fenómeno ou estrutura calquera. 2. En xenética, cambio permanente e transmisíbel á descendencia que ocorre no material xenético. 3. Individuo que presenta unha mutación.

mutante *adx. e s.* Que sufriu unha mutación.

mutase *s.f.* Enzima que transfere un grupo químico dunha parte a outra da mesma molécula.

mutaxénico -a *adx.* Dos axentes físicos ou químicos que provocan mutacións no material xenético. Tamén se di **mutáxeno**.

mutáxeno -a *adx.* V. **mutaxénico**.

mutilación *s.f.* Acción e efecto de cortar ou arrincar un membro ou unha parte calquera do corpo.

mutilante *adx.* Que posúe capacidade de mutilación, especialmente algunhas enfermidades que teñen capacidade para mutilar, como algunhas formas de lepra, tumores, etc.

mutismo *s.m.* 1. V. **mudez**. 2. Inhibición voluntaria ou involuntaria da fala que aparece nalgúns enfermidades mentais, especialmente nas psicoses e nalgúns simulacións. // **M. acinéxico** Aquel asociado a unha incapacitación.

dade para moverse espontaneamente e a incontinencia de esfínteres a causa dunha lesión do sistema nervioso central. / **M. electivo** Trastorno mental da infancia caracterizado pola negativa a falar en situacións sociais determinadas, facéndoo unicamente con algunhas persoas seleccionadas.

mutón *s.m.* Elemento de menor tamaño no que unha alteración pode causar unha mutación.

mutualismo *s.m.* Simbiose estricta, estado de asociación entre individuos de diferentes especies no que ámbalas dúas partes resultan beneficiadas.

mutualista *adx.* De cada un dos organismos participantes nun fenómeno de mutualismo. U.t.c.s.

Mv Abreviatura de megavolt. V. **megavolt**.

Myà, enfermidade de V. enfermidade.

Mycobacteriaceae *s.f.* V. **micobacteriáceas**.

Mycobacterium Xénero de bacterias da familia das micobacteriáceas. Trátase de bacilos grampositivos débiles, inmóbiles, delgados, non esporulados, aerobios estrictos, catalase positivos e ácido-alcohol resistentes. Divídense habitualmente en dous grupos, o primeiro constituído polas micobacterias típicas, no que se atopan o *M. tuberculosis* e o *M. bovis*, e o segundo constituído polas micobacterias atípicas, entre as que existen grupos de micobacterias fotocromóxenas, que producen pigmento cando se expoñen á luz, escotocromóxenas, que producen pigmento tamén na escuridade, e non cromóxenas, que non producen pigmento. O *M. leprae*, axente produtor da lepra, cumpre os criterios das micobacterias, pero non se pode cultivar. // **M. avium intrace-**

llulare Micobacteria atípica, non cromóxena e de crecemento lento, que produce infeccións no ser humano en condicións de inmunodeficiencia, especialmente na SIDA. / **M. bovis** Axente causal da infección tuberculosa no gando vacún, transmisible ó ser humano. / **M. fortitum** Micobacteria atípica de crecemento rápido, non cromóxena, ocasionalmente patóxena para o ser humano. / **M. kansasii** Micobacteria atípica, fotocromóxena e de crecemento lento, que causa infeccións no ser humano en condicións de inmunodeficiencia, especialmente na SIDA. / **M. leprae** Axente causal da lepra humana. / **M. marinum** Micobacteria atípica de crecemento lento, fotocromóxena, causante do granuloma das piscinas. / **M. smegmatis** Micobacteria atípica de crecemento rápido e non cromóxena, que se atopa no esmegma humano. / **M. tuberculosis** Bacilo de Koch, micobacteria típica que é o principal axente causal da tuberculose no ser humano.

Mycoplasma Xénero de bacterias da familia *Mycoplasmataceae*, orde *Mycoplasmatales*, clase *Mollicutes*, gramnegativas, pleomórficas, de pequeno tamaño e carentes de parede celular, que poden vivir extracelularmente. Causan esencialmente infeccións respiratorias e urinarias no ser humano. Tamén se di **micoplasma**. // **M. hominis** Micoplasma parasito habitual da vaxina e do colo do útero, patóxeno potencial do ser humano, no que pode producir infeccións das vías urinarias, xenitais, e no aparello respiratorio. / **M. pneumoniae** Axente causal da pneumonía atípica primaria. Tamén se di **axente de Eaton**.

Myxomya Subxénero de mosquitos anofelinos ó que pertencen o *Myxomya barbirostris*, transmisor do paludismo e da filariase en Oriente, e o *Myxomya paludis*, transmisor do paludismo en África.

N

N 1. Símbolo do índice de refracción. 2. Símbolo químico do nitróxeno. 3. Abreviatura de normal cando se refire a unha solución. 4. Símbolo dun determinante antixénico dos eritrocitos. 5. Abreviatura do Newton. 6. Abreviatura de norte. 7. Abreviatura de nervio. 8. Abreviatura de normal.

n Abreviatura de nano-.

NA Abreviatura de nómima anatómica, terminoloxía anatómica oficial aprobada en 1965.

Na Símbolo do sodio.

nacarado-a *adx.* De cor branca agrisada, translúcida e que reflicte a luz irisada a modo de nácara, como certas colonias bacterianas e dunha clase de ictiose.

nacela *s.f.* Fosa navicular da uretra.

nacemento *s.m.* 1. Acción e efecto de nacer, momento no que o feto viable sae do claustro materno. 2. Base ou punto de orixe dunha arteria, tumor, etc. // **N. múltiple.** Nacemento de dous ou máis fetos da mesma xestación.

NAD Siglas do coenzima nicotinadeninucleótido, que participa en moitas reaccións enzimáticas nas que actúa como portador de electróns ó experimentar alternadamente oxidación (NAD^+) e redución (NADH). Os produtos da hidrólise do NAD son unha molécula de adenina, dúas de alfa-ribosa, dous de ácido fosfórico e unha de nicotinamida. Tamén se di **codeshidroxenase I**, **coenzima I**, **nucleótidodifosfopiridina** e **difosfopiridin-nucleótido (DPN)**.

nádega *s.f.* Cada unha das masas carnosas grosas que constitúen o cu das persoas, formada principalmente polos músculos glúteos.

NADP Siglas do coenzima nicotinadeninucleótido-fosfato, derivado fosforilado da NAD, coenzima transportador de hidróxeno, con funcións similares á NAD. Tamén se di **codeshidroxenaseII**, **coenzimaII**, **nucleótidotrifosfopiridina** e **trifosfopiridin-nucleótido (TPN)**.

NADP⁺ Siglas da forma oxidada de NADP

NADPH Siglas da forma reducida de NADP

nafazolina *s.f.* Fármaco adrenérxico empregado como vasoconstrictor en aplicación tópica nas mucosas nasal e ocular.

nafta *s.f.* 1. Bencina líquida do petróleo, incolora de olor penetrante, inflamable. 2. Líquido moi inflamable, volátil e de olor intenso. // **N. acetosa.** Acetato de etilo. / **N. de madeira.** Alcohol metílico. / **N. de vitriolo.** Éter etílico.

naftaleno *s.m.* Hidrocarburo sólido, cristalino, de cor branca prateada, C_{10}H_8 , extraído do alcatrán de hulla, insoluble en auga, soluble en alcohol, éter, cloroformo e bencina, que se empregou como antiséptico na febre tifoide, como expectorante, e para uso externo en pomadas contra o prurito, a sarna, a psoríase, etc.

naftalina *s.f.* Naftaleno.

naftol *s.m.* Oxinaftalina, $\text{C}_{10}\text{H}_7\text{OH}$, substancia antiséptica cristalizabile obtida do alcatrán de hulla, que se presenta en dúas formas isómeras: a forma a (alfanaftol) e a forma b (betanaftol). // **N. alfa.** Composto cristalino, branco rosado, insoluble en auga, que a penas se emprega pola súa toxicidade. / **N. beta.** Corpo cristalino, incoloro, soluble en alcohol, éter e auga quente, empregado principalmente como antiséptico das vías dixestivas.

naftolismo *s.m.* Intoxicación producida polo naftol.

nalidíxico (ácido) *s.m.* Derivado da naftiridina, composto antiséptico que actúa inhibindo a síntese do DNA dos xermes gramnegativos, utilizado nas infeccións urinarias por xermes sensibles.

nalorfina *s.f.* N-alir-normorfina, análogo estrutural da morfina á que serve de antagonista dalgunhas das súas accións e doutros opiáceos.

naloxona *s.f.* N-alil-noroximorfona, antagonista das accións dos opiáceos, que carece de acción farmacolóxica cando se administra en ausencia de narcóticos. Úsase por vía parenteral en casos de sobredosificación ou intoxicación.

naltrexona *s.f.* Fármaco antagonista dos opiáceos, de acción máis prolongada cá naloxona, utilizado para evitar a recaída na dependencia, dado que a súa presenza evita que o opiáceo exerza os efectos esperados.

nanismo *s.m.* Defecto conxénito do crecemento. Tamén se di **ananismo**.

nano- 1. Prefixo nalgunhas expresións médicas que significa tamaño pequeno. 2. Prefixo que significa a milmillonésima parte (10^{-9}) da unidade que acompañe. A súa abreviatura é n.

nanocéfalo *s.m.* Microcéfalo.

nanocormia *s.f.* Ananismo do corpo ou tronco.

nanogramo *s.m.* Milmillonésima de gramo, 10^{-9} g. Abreviatura ng.

nanoide *s.m.* Individuo de talle pequeno, semellante a un anano.

nanomelo *s.m.* Monstro fetal con membros ananos.

nanómetro *s.m.* Milmillonésima parte do metro, 10^{-9} m. Abreviatura nm.

nanosomía *s.f.* Ananismo.

naproxeno *s.m.* Axente analxésico e antiinflamatorio empregado no tratamento das enfermidades reumáticas.

narceína *s.f.* Alcaloide do opio empregado principalmente como hipnótico en forma de clorhidrato.

narcilo *s.m.* Clorhidrato de etilnarceína, que se ten empregado como anestésico xeral.

narco- Prefixo do gr. *nárke*, entorpecemento que denota relación co estado de estupor.

narcoanálise *s.f.* Forma de psicoterapia psicanalítica na que se administran, por vía intravenosa, lentamente, fármacos hipnóticos de acción rápida (por exemplo barbitúricos), co fin de facilita-la manifestación de pensamentos suprimidos ou reprimidos.

narcoanestesia *s.f.* Anestesia no estado estuporoso, provocada pola inxección de substancias narcóticas.

narcocatarse *s.f.* Catarse verificada co suxeito sometido á acción narcótica.

narcodiagnóstico *s.m.* Narcoanálise.

narcofina *s.f.* Sal dobre de morfina e narcotina ou narceína, analxésico e narcótico.

narcotipnia *s.f.* Entorpecemento que precede ó despertar completo.

narcotipnose *s.f.* Suxestión hipnótica obtida baixo os efectos de fármacos narcóticos.

narcolepsia *s.f.* Estado patolóxico caracterizado por irresistibles desexos de durmir ou súbitos accesos de sono profundo, sono paroxismal.

narcoléptico -a *adx.* Pertencente ou relativo á narcolepsia, caracterizado por ela ou que a produce.

narcomanía *s.f.* Apetencia esaxerada de narcóticos.

narcose *s.f.* Depresión das funcións do sistema nervioso central producida por fármacos, sono artificial. // **N. basal.** Inconsciencia, amnesia e analxesia completas. / **N.**

de Nussbaum. Anestesia xeral producida polo éter ou o cloroformo, despois dunha inxección de morfina. / **N. medular.** Raquianestesia.

narcosíntese *s.f.* Narcoanálise.

narcospasmo *s.m.* Espasmo acompañado de depresión do sistema nervioso central.

narcostimulante *s.m.* Fármaco que posúe, simultaneamente, propiedades narcóticas e estimulantes.

narcosuxestión *s.f.* Suxestión aplicada estando o suxeito sumido na acción narcótica para aumentala súa eficacia.

narcoterapia *s.f.* Psicoterapia que se realiza estando o paciente baixo o efecto dun sedante ou narcótico.

narcótico-a *adx.* 1. Que produce sono, estupor ou inconsciencia, somnífero, estupefaciente. // *s.m.* 2. Substancia que ten estas propiedades. // **N. anódino.** Narcótico e analxésico.

narcotina *s.f.* Alcaloide do opio sen propiedades narcóticas, antitusivo.

narcotismo *s.m.* 1. Estado de estupor ou sono producido por unha droga narcótica. 2. Adicción ós narcóticos. Narcomanía.

narcotización *s.f.* Suxeición á influencia dun narcótico.

narcotizar *v.* Pór baixo a influencia dun narcótico.

nariz *s.m.* Estructura especializada da cara que serve como órgano do olfacto e comezo do aparello respiratorio, que na súa función respiratoria filtra e quenta o aire que se aspira. Atópase na parte media da cara, entre a fronte e a boca, ten forma de pirámide triangular, oca, de vértice superior e base inferior con dous buratos e está formada por ósos, cartilaxes, músculos, e pel. // **N. en anteollo.** Nariz achatado na súa parte media, debido á destrución dos ósos nasais. / **N. en sela de montar.** Nariz cun dorso que forma un ángulo entrante, deformidade característica da sífilis hereditaria. / **N. en martelo.** Rinofima.

nasal *adx.* 1. Relativo ó nariz. // *s.m.* 2. Óso nasal.

nasioiníaco-a *adx.* Relativo ó nasión e ó inión, á distancia que media entre a sutura frontonasal e a protuberancia occipital externa.

nasión *s.m.* Depresión a nivel da raíz do nariz que indica a posición da sutura frontonasal.

nasite *s.f.* Inflamación do nariz, rinite.

naso- Prefixo do lat. *nasus*, que indica relación co nariz.

nasoantral *adx.* Pertencente ou relativo ó nariz e ó seo maxilar.

nasoantrite *s.f.* Inflamación das fosas nasais e o seo maxilar.

nasociliar *adx.* Relativo ó nariz e ás células.

nasocular *adx.* 1. Relativo ó nariz e ó ollo. // *s.m.* 2. Nervio nasal.

- nasofaringoscopia** *s.m.* Instrumento óptico para o exame da nasofarinxe.
- nasofarinxe** *s.f.* Porción nasal da farinxe, situada enriba do padal brando, que na súa parte anterior se abre na cavidade nasal, farinxe nasal, rinofarinxe, epifarinxe.
- nasofarinxite** *s.f.* Inflamación da nasofarinxe.
- nasofrontal** *adx.* Pertencente ou relativo ó nariz e ós ósos frontais
- nasogástrico-a** *adx.* Pertencente ou relativo ó nariz e ó estómago, por exemplo aspiración nasogástrica do contido do estómago.
- nasolabial** *adx.* Pertencente ou relativo ó nariz e ós beizos.
- nasolacrimonial** *adx.* Pertencente ou relativo á cavidade nasal e ó aparello lacrimal ou os ósos nasal e lacrimal.
- nasolobular** *adx.* Pertencente ou relativo ó lobo do nariz.
- nasomanómetro** *s.m.* 1. Aparello para medi-lo grao de permeabilidade das ventás nasais. 2. Aparello para medi-la presión intranasal.
- nasopalatino -a** *adx.* Relativo á cavidade nasal e ó padal.
- nasopalpebral** *adx.* 1. Relativo ó nariz e á pálpebra. // *s.m.* 2. Músculo orbicular das pálpebras.
- nasoscopia** *s.m.* Instrumento para o exame das fosas nasais, espéculo nasal.
- nasoseptal** *adx.* Relativo ó tabique das fosas nasais.
- nasoseptite** *s.f.* Inflamación do tabique nasal.
- nasosinusite** *s.f.* Inflamación dos seos accesorios do nariz, nasosinuíte.
- nasoturbinal** *adx.* Relativo á cavidade nasal e ós cornetes.
- natal** *adx.* 1. Pertencente ou relativo ó nacemento. 2. Pertencente ou relativo ás nádegas.
- natalidade** *s.f.* Taxa de nacementos, proporción de nacementos nunha poboación determinada nun tempo determinado.
- naticefalia** *s.f.* Cranio natiforme.
- natiforme** *adx.* En forma de nádegas.
- natimortalidade** *s.f.* Proporción de fetos nacidos mortos entre unha poboación de nenos neonatos.
- natimorto-a** *adx.* Produto do embarazo en idade xestacional viable, que nace morto. Tamén se di **mortinato**.
- nativo-a** *adx.* Nacido naturalmente, natural, conxénito.
- natremia** *s.f.* Presencia de sodio no sangue.
- natriurético-a** *adx.* Pertencente ou relativo á natruresa.
- natrón** *s.m.* Carbonato de sodio nativo, hidróxido de sodio.
- natropenia** *s.f.* Diminución do sodio no sangue.
- natruresa** *s.f.* Segregación de cantidades anormais de sodio pola urina.
- natura** *s.f.* Natureza. // **N. medicatrix.** Forza natural do organismo capaz de logra-la curación sen axentes cirúrxicos ou medicinais.
- natural** *adx.* Nin artificial nin patolóxico, que forma parte da natureza.
- naturalismo** *s.m.* Sistema médico que considera só as forzas naturais, a *natura medicatrix*, como terapéutica, naturismo.
- naturalista** *adx.* e *s.* Persoa que practica o naturalismo.
- natureza** *s.f.* 1. Esencia e propiedade característica de cada cousa. 2. Universo. 3. Especie, xénero ou clase.
- naturismo** *s.m.* Naturalismo.
- naupatía** *s.f.* Mareo.
- náusea** *s.f.* 1. Vasca, arcada, sensación desagradable no epigastrio, ou de forma xeral en todo o abdome, que indica a proximidade do vómito. 2. Esfuerzo que acompaña a necesidade de vomitar. 3. Desgusto producido por certos alimentos. // **N. grávidicas.** As producidas no embarazo.
- nauseabundo-a** *adx.* Que produce náuseas.
- nauseoso-a** *adx.* Pertencente ou relativo ás náuseas ou que as provoca.
- navicular** *adx.* 1. De forma parecida ó casco dun barco. // *s.m.* 2. Óso escafoide.
- Nb** Símbolo do niobio ou columbio.
- NCTC** (*National Collection of Type Cultures*). Sigla da colección nacional inglesa de cepas bacterianas de referencia.
- Nd** Símbolo do neodimio.
- Ne** Símbolo do neon.
- neartrose** *s.f.* 1. Articulación falsa que se forma en fracturas mal consolidadas, pseudoartrose. 2. Articulación artificial elaborada na diáfise por medio dunha operación cirúrxica.
- néboa** *s.f.* Sistema coloide no que o medio de dispersión é un gas e as partículas dispersadas son un líquido.
- nébula** *s.f.* 1. Opacidade ou cicatriz da córnea, nubécula da córnea, que non interfere coa visión. 2. Turbidade da urina. 3. Preparación usada nun nebulizador.
- nebularina** *s.f.* Substancia antibiótica illada dos cultivos dun basidiomiceto, o *Clitocybe nebularis*.
- nebulización** *s.f.* 1. Vaporización dun líquido por unha corrente de aire, pulverización, atomización. 2. Aplicación de madicación en forma de vapor.
- nebulizador** *s.m.* Dispositivo empregado para converter un líquido ou solución en partículas finísimas que forman unha especie de néboa, útil para leva-la medicación á

parte máis profunda do aparello respiratorio. Tamén se di **atomizador, pulverizador**.

Necator Xénero de vermes parasitos nematodos da familia *Ancylostomidae*.

necatoríase *s.f.* Anquilostomíase. Infestación con vermes do xénero *Necator*.

necesidade *s.f.* 1. Sensación interna correspondente ó defecto de exercicio dunha función imprescindibile, como alimentación, respiración, micción, defecación, relacións sexuais, etc., ou á privación de substancias indispensables para o mantemento do organismo. 2. En psicanálise, estado de tensión interna que require de maneira imprescindible a satisfacción que brinda o obxecto específico, como por exemplo o alimento.

necistose *s.f.* Desenvolvemento de quistes no ril, ril quístico.

necrectomía *s.f.* Escisión ou separación de tecido morto.

necro- Prefixo do gr. *nekrós*, que significa morto, cadáver.

necrobacilose *s.f.* Infección polo bacilo de Schmorl, *Fusobacterium necrophorum*, caracterizada por lesións gangrenosas en especies animais.

necrobiose *s.f.* Dexeneración fisiolóxica das células ou tecidos dependente de cambios relacionados co desenvolvemento, envellecemento, uso, etc., que produce maduración e descamación das células epidérmicas, fagocitose de eritrocitos vellos, etc. e, ás veces, necrose real. // **N. lipoide dos diabéticos**. Dermatose que ocorre nos diabéticos dependente de alteracións do metabolismo dos lípidos, caracterizada por necrobiose do tecido elástico e conxuntivo da pel.

necrocitose *s.f.* Morte e deterioro das células.

necrocitotoxina *s.f.* Toxina que produce a morte das células.

necrófago-a *adx.* Que se alimenta de corpos mortos.

necrofilia *s.f.* 1. Atracción cara ós corpos mortos. 2. Relación sexual con cadáveres.

necrófilo-a *adx.* 1. Que vive sobre tecidos mortos como as bacterias necrófilas. 2. Pertencente ou relativo á necrofilia.

necrofobia *s.f.* Temor morboso á morte, tanatofobia, ou ós corpos mortos.

necrólise *s.f.* Separación ou exfoliación dun tecido por necrose. // **N. epidérmica tóxica**. Enfermidade exfoliativa da pel, que semella unha queimadura de segundo grao, de orixe medicamentosa por sensibilidade a un fármaco ou descoñecida. Tamén se di **síndrome de Lyell, síndrome da pel escaldada**.

necroloxía *s.f.* Estatística ou rexistro de defuncións.

necromanía *s.f.* Necrofilia.

necromimese *s.f.* 1. Simulación da morte. 2. Estado delirante no que o paciente cre que está morto.

necronectomía *s.f.* Escisión de secuestros ou outra parte necrosada, necrectomía.

necroparasito *s.m.* Parasito que vive sobre corpos mortos.

necropneumonía *s.f.* Gangrena pulmonar.

necropsia *s.f.* Exame dun corpo despois da súa morte, autopsia, exame *post mortem*.

necropulpectomía *s.f.* Extirpación da polpa dentaria trala súa desvitalización.

necrosar *v.* Volver necrótico ou experimentar necrose.

necroscopia *s.f.* Necropsia.

necrose *s.f.* Conxunto de cambios morfolóxicos que indican morte celular causada pola acción degradadora e progresiva dos enzimas, que pode afectar a grupos de células ou parte dunha estrutura ou dun órgano. A parte necrosada chámase secuestro. // **N. aséptica**. Aquela na que non intervén unha infección e ocorre na cabeza do fémur despois dunha luxación traumática. / **N. caseosa**. Dexeneración na que o tecido afectado se transforma nunha masa amorfa de consistencia friable e fráxil e aspecto opaco semellante ó queixo, como ocorre na tuberculose e na sífilis. Tamén se di **caseose, caseificación, dexeneración caseosa**. / **N. coagulativa**. Tipo de necrose que afecta principalmente ás células, na que os tecidos afectados conservan a súa consistencia e poden recoñecerse os seus límites celulares. / **N. colicuativa**. A caracterizada pola consistencia líquida dos tecidos afectos.

necrosemiótico-a *adx.* Relativo ós signos da morte.

necrospermia *s.f.* Estado do seme no que os espermatozoides morreron ou están inmóbiles.

necrosteose *s.f.* Necrose ósea.

necrostomía *s.f.* 1. Disección dun corpo morto, necroscopia. 2. Extracción ou escisión dun secuestro, secuestrotomía. // **N. osteoplástica**. Extracción dun secuestro óseo, tralo levantamento dun colgallo do óso, que se volve colocar despois da extracción daquel.

necroxénico-a *adx.* 1. Que se orixina na materia morta. 2. Productor de necrose ou morte.

necróxeno-a *adx.* Necroxénico.

nefelio *s.m.* Nubécula da córnea.

nefeloides *adx.* Nebuloso, turbio.

nefelometría *s.f.* Método de análise química e bacteriolóxica de tipo óptico para medi-la concentración dunha suspensión por medio do nefelómetro, baseado no efecto Tyndall.

nefelómetro *s.m.* Instrumento semellante a un colorímetro que permite medi-la turbidez dun líquido comparando a intensidade da luz reflectida polas súas partículas constituíntes en suspensión coa reflectida por unha suspensión de concentración coñecida do mesmo tipo de partículas, empregado para medi-la concentración de

- substancias en suspensión ou efectua-lo reconto bacteriano dunha suspensión.
- nefelopía** *s.f.* Diminución da visión por opacidade da córnea.
- nefelopsia** *s.f.* Nefelopía.
- nefradenoma** *s.m.* Adenoma do ril.
- nefralxia** *s.f.* Dor orixinada no ril, cólico renal, nefrodinia.
- nefranuria** *s.f.* Anuria de orixe renal.
- nefrapostase** *s.f.* Absceso ou inflamación supurativa do ril.
- nefrarctia** *s.f.* Contracción do ril.
- nefratonía** *s.f.* Atonía do ril.
- nefrectasia** *s.f.* Ectasia ou distensión do ril, ril sacciforme.
- nefrectomía** *s.f.* Extirpación do ril. // **N. abdominal**, ou **anterior**, **lumbar** ou **posterior**. Tipo de incisión ou forma de acceso para proceder á extirpación do ril.
- nefredema** *s.m.* Edema renal. Tamén se di **hidronefrose**.
- nefrelcose** *s.f.* Ulceración do ril.
- nefresia** *s.f.* Enfermidade renal.
- nefria** *s.f.* Nefrite.
- néfrico-a** *adx.* Pertencente ou relativo ó ril. Tamén se di **renal**.
- nefridio** *s.m.* Órgano excretor do embrión do que se desenvolve o ril.
- nefridose** *s.f.* Hidronefrose.
- nefrismo** *s.m.* Estado de caquexia debido a unha enfermidade renal.
- nefrite** *s.f.* Proceso proliferativo ou destrutivo difuso que afecta ó ril, podendo abarca-lo glomérulo, o túbulo ou o tecido intersticial, inflamación renal. // **N. ascendente**. Pielonefrite. / **N. glomerular**. Glomerulonefrite. / **N. intersticial**. Enfermidade primaria ou secundaria do tecido renal con predominio de lesións no intersticio, causada por alteración arterial, arteriolar, glomerular ou tubular que destrúe nefronas individuais, ou alteracións xerais (gota, fármacos, mercurio), que causan toxicidade nas células intersticiais e nos túbulos, e pode manifestarse de forma aguda ou crónica. / **N. lúpica**. Glomerulonefrite nas enfermidades do tecido conectivo de orixe inmunolóxica como o lupus eritematoso.
- nefrítico-a** *adx.* 1. Pertencente ou relativo á nefrite. 2. Pertencente ou relativo ós riles. // *s.m.* 3. Fármaco empregado nas enfermidades renais.
- nefro-, nefros-** Prefixos do gr. *nephros*, que indican relación co ril.
- nefroabdominal** *adx.* Relativo ó ril e á parede abdominal.
- nefroanxiosclore** *s.f.* Enfermidade renal de orixe arteriosclerótica que cursa con hipertensión.
- nefrobiopsia** *s.f.* Biopsia renal por punción transcutánea.
- nefroblastoma** *s.m.* Tumor embrionario do ril, tumor de Wilms.
- nefrocalcínose** *s.f.* Estado de insuficiencia renal debida á precipitación do fosfato cálcico nos tubos renais.
- nefrocapsectomía** *s.f.* Extirpación da cápsula do ril, decorticación do ril.
- nefrocardíaco-a** *adx.* Pertencente ou relativo ó ril e ó corazón.
- nefrocele** *s.m.* Protrusión herniaria dun ril.
- nefrocirrose** *s.f.* Cirrose renal.
- nefrocistanastomose** *s.f.* Anastomose cirúrxica do ril e a vexiga.
- nefrocistite** *s.f.* Inflamación dun ou ámbolos dous riles e a vexiga urinaria.
- nefrocólico -a** *adx.* 1. Pertencente ou relativo ó ril e ó colon. 2. Cólico renal.
- nefrocologopexia** *s.f.* Fixación cirúrxica do ril e o colon por medio do ligamento nefrocólico.
- nefrocologoptose** *s.f.* Desprazamento cara a abaixo ou caída do ril e o colon.
- nefrodinia** *s.f.* Nefralxia, dor orixinada no ril.
- nefrodistrofia** *s.f.* Nefrose.
- nefrofleymasía** *s.f.* Nefrite.
- nefrogástrico-a** *adx.* Relativo ó ril e ó estómago.
- nefrograma** *s.m.* Imaxe radiolóxica do parénquima renal, que se obtén mediante a inxección dunha substancia radioopaca, urografía.
- nefrohidrose** *s.f.* Hidronefrose.
- nefroide** *s.f.* Semellante a un ril, reniforme.
- nefrólise** *s.f.* 1. Destrución do parénquima renal, producida por nefrotoxinas. 2. Operación cirúrxica de separalo ril das súas adherencias con outras formacións, conservando a súa cápsula.
- nefrolisina** *s.f.* Nefrotoxina.
- nefrolitíase** *s.f.* Estado morboso debido á presenza de cálculos renais.
- nefrólito** *s.m.* Cálculo renal.
- nefrolitotomía** *s.f.* Extracción de cálculos renais por corte cirúrxico do corpo do ril.
- nefrólogo-a** *adx. e s.* Persoa experta nas enfermidades do ril.
- nefroloxía** *s.f.* Estudio ou tratado do ril, da súa anatomía, fisioloxía e patoloxía.

nefroma *s.m.* Tumor do tecido renal en xeral. // **N. embrionario.** Tumor de Wilms.

nefromalacia *s.f.* Abrandamento do ril.

nefromegalia *s.f.* Aumento de volume do ril.

nefrómera *s.f.* Nefrotoma.

nefrón *s.m.* Nefrona.

nefrona *s.f.* Unidade anatómica e funcional do ril, composta da cápsula de Bowman e o seu glomérulo, xunto co túbulo contornado proximal, asa de Henle, túbulo contornado distal e túbulo colector. Tamén se di **nefrón**.

nefronoptise *s.f.* Enfermidade con perda do parénquima renal, caracterizada por quistes de localización centromedular con atrofia tubular, manifestada por anemia, poliúria, uremia e acidose. Tamén se di **enfermidade quística medular**.

nefroomentopexia *s.f.* Fixación do omento ó ril isquémico descapsulado, para aliviar-la hipertensión.

nefropatía *s.f.* Enfermidade do ril. // **N. funcional.** A que non é debida a lesión orgánica. / **N. parenquimatosa.** A que presenta lesión do parénquima. / **N. primitiva.** Nefropatía de orixe renal. / **N. secundaria.** Nefropatía que se orixina a nivel sistémico.

nefropexia *s.f.* Fixación cirúrxica do ril.

nefropielite *s.f.* Pielonefrite.

nefropielograma *s.m.* Urografía, imaxe radiolóxica do parénquima e das cavidades renais obtida mediante a inxección dun contraste que se elimina pola urina.

nefropielolitotomía *s.f.* Extracción dun cálculo da pelve renal a través dunha sección do ril.

nefropieloplastia *s.f.* Cirurxía plástica da pelve renal.

nefropiose *s.f.* Supuración do ril, pionefrose.

nefroptose *s.f.* Desprazamento cara a abaixo ou prolapso do ril. Tamén se di **ril ectópico, móbil ou flotante**.

nefrorrafia *s.f.* Sutura dunha ferida do ril, nefropexia.

nefrorraxia *s.f.* Hemorragia do ril.

nefrosclerose *s.f.* Esclerose ou endurecemento do ril causada por enfermidade vascular renal, nefrite intersticial crónica, ril contraído. // **N. arteriolar.** Nefrosclerose que lles afecta principalmente ás arteríolas, acompañada de hipertensión e hipertrofia cardíaca, que produce insuficiencia renal, insuficiencia cardíaca conxestiva, e hemorragia cerebral. / **N. maligna.** A de curso rápido progresivo, con acentuada disfunción renal e asociada con hipertensión maligna.

nefrore *s.f.* Enfermidade renal, en especial a caracterizada por lesións dexenerativas dos túbulos renais (en oposición á nefrite), e ademais por edema (non inflamatorio), albuminuria e diminución da albumina plasmática (síndrome nefrótica). Tamén se di **nefropatía**.

nefrostoma *s.m.* Orificio infundibuliforme ciliado en conexión cos tubos de Wolff.

nefrostomía *s.f.* Formación cirúrxica dunha fístula permanente no ril ou pelve renal, pielostomía, coa fixación previa da parte á parede abdominal, para que a urina saia ó exterior.

nefrotifo *s.m.* Febre tifoide ou tifo con complicacións renais.

nefrotise *s.f.* Tuberculose renal.

nefrotoma *s.m.* Unha das divisións segmentarias do mesoderma da que se desenvolven os tubos excretorios do ril.

nefrotomía *s.f.* Incisión cirúrxica do ril, xeralmente por vía lumbar, para liberalo dun cálculo ou absceso.

nefrotomo *s.m.* Nefrotoma.

nefrotomografía *s.f.* Tomografía renal obtida durante a eliminación dun contraste iodado hidrosoluble.

nefrotóxico-a *adx.* Que é tóxico para as células do ril.

nefrotoxina *s.f.* Citotoxina que destrúe o tecido renal ou posúe efectos específicos sobre as células do ril.

nefrotuberculose *s.f.* Tuberculose renal.

nefroureterectomía *s.f.* Escisión do ril e do uréter.

nefróxeno-a *adx.* 1. Que se orixina no ril ou do ril. 2. Que forma tecido renal.

negación *s.f.* Mecanismo inconsciente de defensa polo que o suxeito rexeita e non acepta como propios os sentimentos, ideas ou desexos que lle son postos de manifesto e que foran completamente reprimidos por consideralos intolerables.

negativismo *s.m.* Tendencia a face-lo contrario do que se nos pide, oposición activa ou pasiva a toda solicitude proveniente do exterior.

negativo-a *adx.* 1. Que ten un valor menor que cero. 2. Non positivo, sen resultado ou inexistente. 3. Que se caracteriza por oposición ou resistencia. // *s.m.* 4. Clixé fotográfico negativo.

negatoscopio *s.m.* Aparello para examina-los clixés radiográficos.

negatrón *s.m.* Electrón negativo, en oposición a positrón.

Neisseria Xénero de bacterias da familia neisseriáceas, cocos gramnegativos, de 0,61 µm de diámetro, que se dispoñen en parellas, non esporulados e non móbiles, aerobios. As súas especies son parasitas dos mamíferos e algunhas son patóxenas. // **N. gonorrhoeae.** Gonococo ou coco de Neisser, axente causal da gonorreia, así como da oftalmía do neonato. Tamén se di *Diplococcus gonorrhoeae* e *Micrococcus gonorrhoeae*. / **N. Meninxite.** Meningococo, parasito da nasofarinxe, axente causal da meninxite cerebrospinal no home. Tamén se di *N. Intracellularis*, *Diplococcus intracellularis meningitidis*.

nema-, nemato- Prefixos do gr. *néma*, *-atos*, coa significación de fío.

nematoblasto *s.m.* Espermátide.

nematocida *adx.* e *s.m.* Que destrúe nematodos.

nematodíase *s.f.* Infestación con vermes nematodos.

nematodos *s.m.pl.* Orde de vermes que inclúe moitos helmintos parasitos do home, que parasitan o tracto intestinal (ascaris, anquilostoma) ou os tecidos linfáticos e as vísceras (filaria).

nematohelminto *s.m.* Verme nematodo.

nematoloxía *s.f.* Rama da zooloxía que estudia tódolos aspectos dos vermes nematodos, a súa bioloxía e as relacións co home.

nematose *s.f.* Infestación por nematodos.

nematospermia *s.f.* Dotación de espermatozoides de cola longa, como os humanos.

nenez *s.f.* Infancia, período da vida desde o nacemento ata a puberdade.

neo-a *adx.* e *s.* Que se atopa na etapa da nenez. // **N. peixe.** Feto arlequín.

neo- Prefixo do gr. *néos*, que significa novo.

neo Apócope de neoplasia ou neoplasma.

neoartrose *s.f.* Neartrose.

neoblástico-a *adx.* Relativo ós tecidos formados de novo.

neocatarse *s.f.* Procedemento psicanalítico polo que se fan recorda-las vivencias infantís.

neocerebelo *s.m.* Corticocerebelo. Porción do cerebelo que logrou o seu desenvolvemento máximo no home e outros primates e comprende os lobos laterais e o núcleo dentado.

neocinético-a *adx.* Do mecanismo motor nervioso que regula o control muscular voluntario, ten relación coa zona motriz do córtex cerebral e denomínase así porque a súa evolución ocorre despois da do sistema paleocinético.

neocito *s.m.* 1. Forma non adulta de leucocito. 2. Célula neoplásica.

neocitose *s.f.* Presencia de células non maduras, da serie branca, no sangue.

neocórtex *s.m.* Neopalio.

neodarwinismo *s.m.* Teoría de Darwin modificada, aplicando os coñecementos xenéticos modernos.

neodiatermia *s.f.* Diatermia de ondas curtas.

neoencéfalo *s.m.* Córtex cerebral, entendido como a formación máis recente na evolución do encéfalo, en oposición ás formacións máis antigas, os núcleos grises da base ou paleoencéfalo.

neofeto *s.m.* Organismo intrauterino no período de transición entre embrión e feto, ó redor da oitava semana.

neofilismo *s.m.* Afección esaxerada ás novidades ou novas ideas.

neofobia *s.f.* Temor morboso ás novidades, misoneísmo.

neoformación *s.f.* 1. Formación dunha neoplasia. 2. Proceso de rexeneración.

neofornativo-a *adx.* Relativo á formación do tecido novo, neoblástico, neoplásico.

neofrenia *s.f.* Desorde mental.

neohipocratismo *s.m.* Volta á actualidade da teoría e prácticas hipocráticas.

neolalia *s.f.* Utilización na linguaxe de moitos neologismos.

neolalismo *s.m.* Neolalia.

neoloxismo *s.m.* 1. Palabra de creación recente. 2. Invencción de palabras novas ou utilización de palabras xa existentes con novos significados, que ás veces só pode entender o paciente psicótico que as emprega.

neomaltusianismo *s.m.* Doutrina que, partindo da teoría de Malthus, sostén a necesidade dunha limitación de nacementos, para remedia-la desproporción entre os nacementos, que aumentan en progresión xeométrica, e os medios de subsistencia, que o fan en proporción aritmética.

neomicina *s.f.* Substancia antibacteriana obtida de cultivos do *Streptomyces fradiae* que non se absorbe por vía oral, polo que se usa como antiséptico das vías dixestivas, e pola súa toxicidade non se administra por vía parenteral.

neon *s.m.* Elemento gasoso inerte da atmosfera. Símbolo Ne. Peso atómico 20,2. Número atómico 10.

neopalio *s.m.* Parte máis grande do córtex cerebral, filoxeneticamente máis recente, formado por seis capas celulares que, nomeadas desde a superficie, son: molecular ou plexiforme, granulosa externa, piramidal externa, granulosa interna, piramidal interna ou ganglionar e multiforme ou polimórfica. Tamén se di **neocórtex**.

neoplasia *s.f.* Neoplasma.

neoplásico-a *adx.* 1. Relativo ou pertencente á neoplasia. 2. Semellante a un neoplasma.

neoplasma *s.m.* Crecemento novo e anormal, en especial crecemento tisular progresivo, no que a división celular non está regulada. Tamén se di **tumor**. // **N. benigno.** Tumor benigno. / **N. maligno.** Tumor maligno, cancro.

neoplastia *s.f.* Restauración de perdas de substancia por cirurxía plástica.

neostigmina *s.f.* Composto sintético con actividade de anticolinesterase utilizado no tratamento do fleo paralítico, na atonía da vexiga urinaria e na miastenia grave.

- neostomía** *s.f.* Creación cirúrxica dunha abertura nova ou artificial.
- neostriado** *s.m.* Porción do corpo estriado máis recentemente desenvolvida, representada polo núcleo caudado e o putame.
- neotálamo** *s.m.* Porción do tálamo máis recentemente desenvolvida conectada co neocórtex.
- neoxénese** *s.f.* Nova formación de tecidos ou células, rexeneración.
- nepioloxía** *s.f.* Antigamente, neonatoloxía.
- neptunio** *s.m.* Elemento radioactivo, que non existe na natureza, senón que se obtén polo bombardeo de uranio con neutróns e, debido á súa inestabilidade, transfórmase rapidamente en plutonio. Símbolo, Np. Número atómico 93. Peso atómico 237.
- nervimobilidade** *s.f.* Mobilidade por influencia nerviosa, nervimotilidade, neurimotilidade.
- nervimoción** *s.f.* Movemento muscular por influxo nervioso.
- nervimotilidade** *s.f.* Nervimobilidade.
- nervimotor -a** *adx.* Pertencente ou relativo a un nervio motor.
- nervio** *s.m.* Estructura en forma de cordón, visible a simple vista, conductor ou transmisor de impulsos ou sensacións entre unha parte do sistema nervioso central e algunha outra rexión do corpo. Están compostos por fascículos de fibras nerviosas rodeados por unha envoltura propia, perineurio, entre eles hai tabiques de tecido conxuntivo, endoneurio, e están reunidos por unha vaina común, epineurio. Segundo as fibras nerviosas teñan ou non mielina clasificámolas como mielínicas, brancas ou meduladas, e grises, non meduladas ou amielínicas. // **N. aferente.** O que transmite impulsos desde a periferia cara ó sistema nervioso central. / **N. eferente.** O que leva impulsos desde o sistema nervioso central á periferia. / **N. ganglionar.** Nervio do sistema nervioso simpático. / **N. somáticos.** Nervios motores e sensitivos que innervan o músculo esquelético e os tecidos somáticos.
- nerviosidade** *s.f.* Excitabilidade nerviosa esaxerada ou patolóxica con grande inquietude mental e física.
- nervioso-a** *adx.* 1. Pertencente ou relativo a un nervio ou a varios. 2. Extraordinariamente excitable, que sofre inestabilidade mental ou emocional.
- nervotabe** *s.f.* Síndrome atáxica secundaria a neurite periférica. Tamén se di **tabe periférica**, **pseudotabe**.
- nesidictomía** *s.f.* Extirpación dos illotes pancreáticos.
- nesidioblasto** *s.m.* Célula constitutiva dos illotes pancreáticos.
- nesoblastoma** *s.m.* Tumor dos illotes pancreáticos.
- neste** *s.m.* 1. Antigamente, xexuno. // *s.f.* 2. Fame ou inanición.
- neosteomía** *s.f.* Construcción cirúrxica dunha abertura no xexuno ó través da parede abdominal, xexunostomía.
- nestialxia** *s.f.* Fame dolorosa.
- nestiatría** *s.f.* Nestiterapia.
- nestiterapia** *s.f.* Cura de fame ou *diaeta famis*.
- nestoterapia** *s.f.* Nestiterapia.
- neuralxia** *s.f.* Dor paroxística que se estende ó longo da traxectoria dun nervio, sen alteracións anatomopatolóxicas visibles, moitas veces inducida ó tocar naqueles puntos onde o nervio se fai superficial ou en ramas cutáneas do mesmo (zonas gatillo).
- neuramebímetro** *s.m.* Instrumento para medi-lo tempo de resposta do nervio a calquera estímulo.
- neuraminidase** *s.f.* Enzima producido por certos virus (mixovirus), que racha o enlace químico do ácido neuramínico con outros carbohidratos.
- neuranaxénese** *s.f.* Rexeneración do tecido nervioso.
- neuraxiose** *s.f.* Alteración dos nervios dos vasos sanguíneos.
- neurapófise** *s.f.* Calquera das láminas do arco vertebral na vértebra tipo ou a súa parte homóloga nas vértebras craneais.
- neurapraxia** *s.f.* Suspensión transitoria da función dun nervio periférico por traumatismo pechado, compresión ou isquemia.
- neurarquía** *s.f.* Acción dominante do sistema nervioso sobre os procesos físicos do organismo.
- neurartropatía** *s.f.* Artropatía combinada con enfermidade dos nervios.
- neurastenia** *s.f.* Trastorno psicofisiolóxico ou psicossomático que acompaña a depresión, caracterizado por esgotamento permanente, fatigabilidade, diminución da atención, insomnio, etc. // **N. gripal.** Neurastenia que aparece como secuela da gripe. / **N. óptica.** Neurastenia con diminución do campo visual. / **N. traumática.** Neurastenia consecutiva a un traumatismo, neurose traumática.
- neurataxia** *s.f.* Ataxia de orixe cerebrosplinal.
- neuraxite** *s.f.* Encefalomielite. // **N. epidémica.** Encefalite epidémica.
- neuraxon** *s.m.* Axon, cilindroeixe.
- neurectasia** *s.f.* Operación cirúrxica para elongar ou estirar un nervio ou un tornco nervioso.
- neurectomía** *s.f.* Extirpación dun segmento dun nervio.
- neurectopía** *s.f.* 1. Desprazamento dun nervio. 2. Estado no que un nervio segue unha traxectoria anómala.
- neurentérico-a** *adx.* 1. Relativo ós nervios e ó intestino. 2. Relativo ó tubo neural e ó arquéntero do embrión, especialmente á canle que os conecta.

neurexérese *s.f.* Técnica cirúrxica para o tratamento das neuralxias que consiste en exérese, avulsión ou esgazadura dun tronco nervioso.

neuriatría *s.f.* Tratamento das enfermidades nerviosas.

neurilema *s.m.* Membrana delgada que envolve a traxectoria espinal das fibras nerviosas mielínicas. Tamén se di **membrana** ou **vaíña de Schwann**.

neurilémico-a *adx.* Pertencente ou relativo ó neurilema.

neurilemite *s.f.* Inflamación do neurilema.

neurilemoma *s.m.* Neoplasia benigna da membrana dos nervios periféricos, neurinoma, schwannoma.

neurina *s.f.* 1. Constituínte albuminoide do tecido nervioso. 2. Amina tóxica, produto da descomposición de materias animais, que tamén se atopa nos fungos venenosos.

neurinoma *s.m.* Nódulo ou tumor sobre un nervio, especialmente periférico, procedente da vaíña de Schwann. Tamén se di **neurocitoma**, **schwanoma**.

neurinomatoso *s.f.* Enfermidade caracterizada pola existencia de neurinomas múltiples.

neurita *s.f.* Antigamente, axon ou cilindroeixe.

neurite *s.f.* 1. Inflamación dun nervio caracterizada por dor, trastornos sensitivos, parálise e atrofia muscular na rexión que innerva, con abolición dos reflexos osteotendinosos. 2. Lesión non inflamatoria do sistema nervioso periférico, neuropatía. // **N. aguda do ombro**. Neuralxia amiotrófica do ombreiro caracterizada pola aparición brusca de intensas dores na zona do ombreiro, seguidas de amiotrofia da musculatura desta rexión, que adoita seguir un curso regresivo nalgúns meses. / **N. alcohólica, diabética, diftérica, etc.** Variedades de neurite debidas á causa expresada polas distintas denominacións. / **N. múltiple**. Polineurite. / **N. óptica**. Inflamación do nervio óptico, que pode afecta-la parte do nervio que está dentro do globo ocular (neuropapilite) ou a que está por detrás do mesmo (neurite retrobulbar ou postocular). / **N. saturnina**. A debida a unha intoxicación polo chumbo. / **N. pseudotabética**. Polineurite de orixe diversa (diabética, alcohólica, etc.) na que resultan afectadas as fibras da sensibilidade profunda, determinando unha ataxia similar á da tabe dorsal. / **N. tabética**. A de orixe sifilítica que acompaña á tabe dorsal. / **N. tóxica** ou **traumática**. A que depende dun veneno ou dun traumatismo, respectivamente.

neuro-, neur- Prefixos do gr. *enúron*, nervio, que denotan relación cos nervios ou co sistema nervioso.

neuroanastomose *s.f.* Operación cirúrxica que establece unións entre nervios.

neuroanatomía *s.f.* Rama da neuroloxía que estudia a anatomía do sistema nervioso.

neuroartropatía *s.f.* Trofoneurose que afecta a unha ou varias articulacións.

neuroastrocitoma *s.m.* Glioma composto principalmente por astrocitos, semellante ó astrocitoma, e que se atopa na base do III ventrículo e nos lobos temporais, aínda que pode orixinarse en calquera parte do sistema nervioso.

neuroaxe *s.m.* 1. Eixe cerebrospinal. 2. Cilindroeixe.

neurobiólogo-a *adx. e s.* Especialista en neurobioloxía.

neurobioloxía *s.f.* Rama da neuroloxía que estudia a bioloxía do sistema nervioso.

neurobiotaxe *s.f.* Teoría segundo a cal os corpos das células nerviosas tenden, durante o seu desenvolvemento, a dirixirse cara ás zonas das que reciben a maior parte dos estímulos.

neuroblasto *s.m.* Célula embrionaria que se converte en neurona ou célula nerviosa, esponxioblasto.

neuroblastoma *s.f.* Sarcoma orixinado no sistema nervioso, composto principalmente de células embrionarias ou neuroblastos, localizado en estruturas mediastínicas e retroperitoneais, máis frecuente na medula suprarrenal. Son moi comúns as metástases na cavidade cranial e o esqueleto, pulmóns, ganglios linfáticos e fígado. É de crecemento rápido e aféctalles principalmente ós nenos.

neurocardíaco-a *adx.* Pertencente ou relativo ó sistema nervioso e ó corazón.

neurocele *s.m.* Combinación dos ventrículos cerebrais e o conducto central da medula espiñal.

neurocentral *adx.* Pertencente ou relativo ó centro e ás masas laterais dunha vertebra en desenvolvemento.

neurocentro *s.m.* Elemento vertebral embrionario do que se desenvolven as apófises espiñosas das vértebras.

neuroceptor *s.m.* Elemento terminal da dendrita, que recibe o estímulo neuromotor dunha neurona adxacente.

neurociencia *s.f.* Rama das ciencias que estudia a embrioloxía, a anatomía, a fisioloxía, a bioquímica, a farmacoloxía, etc., do sistema nervioso.

neurocientífico -a *s.* Persoa experta en calquera das ramas da neurociencia.

neurocineto *s.m.* Instrumento percusor para a estimulación dos nervios.

neurocirculatorio-a *adx.* Pertencente ou relativo ós sistemas circulatorio e nervioso, por exemplo a astenia neurocirculatoria.

neurocirurxía *s.f.* Cirurxía do sistema nervioso.

neurocito *s.m.* Célula nerviosa, neurona.

neurocitoma *s.m.* 1. Tumor de orixe nerviosa, neuroblastoma, neuroepitelioma. 2. Sarcoma de orixe simpática que lles afecta ós nenos, simpatoblastoma. Tamén se di **neurinoma**.

neurocladismo *s.m.* 1. Rexeneración dos nervios seccionados. 2. En especial, forza pola que os axons formados de novo no toco proximal son atraídos polo toco perifé-

rico para formar unha ponte de fibras nerviosas entre os dous cabos, odoxénese.

neuroclónico-a *adx.* Caracterizado por espasmo nervioso.

neurocomunicacións *s.f.pl.* Rama da neuroloxía que estudia a transferencia e a integración de información dentro do sistema nervioso.

neurocondrita *s.f.* Cartilaxe embrionaria que se desenvolve no arco neural dunha vértebra.

neurocoriorretinite *s.f.* Inflamación simultánea do nervio óptico, a corioide e a retina.

neurocoroidite *s.f.* Inflamación do nervio óptico e a corioide.

neurocranial *adx.* Pertencente ou relativo ó neurocranio.

neurocranio *s.m.* Parte do cranio que protexe o cerebro.

neurocrinia *s.f.* 1. Segregación das neuronas hipotálamicas cara á neurohipófise. 2. Difusión de hormonas nos centros nerviosos.

neurócrino-a *adx.* Pertencente ou relativo á neurosegregación.

neurocristopatía *s.f.* Enfermidade que resulta do desenvolvemento defectuoso da crista neural.

neurocutáneo-a *adx.* 1. Neurodérmico, pertencente ou relativo ós nervios e á pel. 2. Pertencente ou relativo ós nervios cutáneos.

neurodendrita *s.f.* Dendrita.

neurodendrón *s.m.* Dendrita.

neuroderma *s.m.* Ectoderma epiblasto neural.

neurodermatite *s.f.* Dermate que se supón causada por prurito de orixe emocional. Tamén se di **dermatite neuropática**. // **N. crónica circunscrita**. Antigamente, erupción crónica liquenoide prurixinosa das rexións axilar e púbica. Tamén se di **lique sinxelo crónico, lique plano circunscrito**. / **N. diseminada**. Antigamente, eccema atópico, dermatite atópica. / **N. lineal crónica verrugosa**. Nevo lineal.

neurodermatomiosite *s.f.* Neurodermatite que afecta a tecido subcutáneo e músculos subxacentes.

neurodermatose *s.f.* Enfermidade da pel con síntomas de orixe nerviosa como o prurito, dermatoneurose.

neurodermia *s.f.* Enfermidade cutánea caracterizada por prurito intenso sen lesións anatomopatolóxicas apreciables.

neurodermite *s.f.* Neurodermatite.

neurodexenerativo-a *adx.* Relativo á dexeneración nerviosa ou caracterizado por ela.

neurodiagnose *s.f.* Diagnóstico das enfermidades do sistema nervioso.

neurodiagnóstico *s.m.* Neurodiagnose.

neurodinámico-a *adx.* Pertencente ou relativo á enerxía nerviosa.

neurodinia *s.f.* Dor nun ou máis nervios, neuralxia.

neurodocite *s.f.* Inflamación dos conductos óseos, fibrosos ou aponeuróticos polos que pasa un nervio, o que produce unha síndrome neurálxica.

neuroefector -a *adx.* Pertencente ou relativo á unión entre a neurona e o órgano efector que innerva.

neuroeixe *s.m.* 1. Cilindroeixe. 2. Eixe cerebrospinal, conxunto de encéfalo e medula espinal.

neuroelectroterapia *s.f.* Tratamento das enfermidades nerviosas con correntes eléctricas.

neuroencefalomielopatía *s.f.* Afección do encéfalo, medula e nervios.

neuroendocrinoloxía *s.f.* Estudio das interaccións do sistema nervioso e o sistema endócrino.

neuroentérico-a *adx.* Neurentérico.

neuroepidérmico-a *adx.* Relativo ou que dá orixe ós tecidos nervioso e epidérmico.

neuroepitelio *s.m.* 1. Epitelio cilíndrico sinxelo constituído por células especializadas que tapiza os órganos dos sentidos, con función sensitiva consistente na recepción dos estímulos externos. 2. Epitelio do epiblasto, do que se desenvolve o eixe cerebrospinal.

neuroepitelioma *s.m.* Tumor formado de neuroepitelio, neurocitoma.

neuroequilibrio *s.m.* Estado de tensión uniforme no sistema nervioso, con reacción favorable ós estímulos.

neuroesclerose *s.f.* Endurecemento dun nervio.

neuroespasmo *s.m.* Espasmo muscular debido a trastornos da innervación.

neurofarmacoloxía *s.f.* Rama da farmacoloxía que estudia especialmente a acción dos fármacos sobre o sistema nervioso.

neurofaxia *s.f.* Destrución de células nerviosas por acción fagocitaria.

neurofibríña *s.f.* Rede fibrilar que se estende en tódalas direccións polo citoplasma do corpo dunha neurona e que se estende desde unha dendrita cara a outras e ó axon. Co microscopio electrónico pode verse que está formada por agregacións de neurofilamentos e neurotúbulos.

neurofibroma *s.m.* Neoplasia benigna do tecido conxuntivo dos nervios periféricos, formada pola proliferación da vaíña de Schwann en forma desordenada, neurinoma.

neurofibromatose *s.f.* Trastorno familiar caracterizado por cambios do desenvolvemento no sistema nervioso, os músculos, os ósos e a pel, expresado a simple vista por tumores, manchas e nevos pigmentarios na pel. As neoformacións ou anomalías cerebromenínxeas, frecuentemente latentes, van acompañadas de modificacións do comportamento. Tamén se di **neuroma múltiple, polifi-**

- bromatose neurocutánea pigmentaria, enfermidade de von Recklinghausen.**
- neurofibrosite** *s.f.* 1. Fibrosite que ataca os filamentos nerviosos sensitivos. 2. Inflamación das fibras musculares (fibrosite) que rodean os filamentos nerviosos sensitivos.
- neurofilamento** *s.m.* Elemento fibrilar que ademais dos neurotúbulos forma unha neurofibríña, semellante ós microfilamentos que se presentan en moitas células fóra do sistema nervioso, e, ademais de ter unha función de citosqueleto, pode participar no transporte intracelular de metabolitos.
- neurofílico-a** *adx.* Neurotrópico.
- neurofisina** *s.f.* Proteína específica, sintetizada no hipotálamo, á que se axustan as hormonas neurohipofisarias para seren almacenadas ou transportadas ata o lobo posterior da hipófise.
- neurofisioloxía** *s.f.* Rama da neuroloxía que estudia a fisioloxía do sistema nervioso.
- neurofixación** *s.f.* Desenvolvemento de sífilis nerviosa consecutiva á curación dunha lesión sifilítica cutánea polos preparados arsenicais.
- neurofonía** *s.f.* Alteración nerviosa que produce espasmo ou tic dos músculos da fonación, orixinando berros involuntarios ou rúidos semellantes ós dos animais.
- neuroftalmoloxía** *s.f.* Rama da oftalmoloxía que estudia as relacións entre os sistemas ocular e nervioso.
- neuroganglio** *s.m.* Ganglio nervioso.
- neuroganglite** *s.f.* Inflamación dun ganglio nervioso ou neuroganglio.
- neurogástrico-a** *adx.* Pertencente ou relativo ós nervios e ó estómago ou á innervación do estómago.
- neuroglía** *s.f.* Estructura de sostemento do sistema nervioso consistente nunha membrana fina formada por elementos ectodérmicos modificados na que están incluídas células especiais moi ramificadas (células de neuroglía ou células gliais) de tres tipos: astrocitos e oligodendrocitos (chamados colectivamente macroglía) e células de microglía.
- neuroglial** *adx.* Pertencente ou relativo á neuroglía.
- neurogliocito** *s.m.* Célula da neuroglía.
- neuroglioma** *s.m.* Tumor constituído por tecido neuroglial, glioma, cerebroma. // **N. ganglionar.** Ganglioneuroma, tumor do sistema nervioso central formado de neuroglía, células ganglionares e fibras nerviosas.
- neurogliomatose** *s.f.* Trastorno caracterizado por neoformación de células neurogliais no cerebelo e a medula espiñal, con focos múltiples ou como unha neoplasia grande, enfermidade de von Recklinghausen ou neurofibromatose.
- neurogliose** *s.f.* Neurogliomatose.
- neurografía** *s.f.* Método para representa-lo estado dun nervio periférico, como o rexistro eléctrico ou a radiografía.
- neurograma** *s.m.* Pegada ou impresión que permanece na substancia cerebral despois de cada experiencia mental. A súa estimulación recupera a experiencia orixinal constituíndo o mecanismo da memoria.
- neurohematoloxía** *s.f.* Estudio das alteracións do sangue ocorridas nas enfermidades do sistema nervioso.
- neurohipnoloxía** *s.f.* Suma de coñecementos relativos ó estado hipnótico.
- neurohipófise** *s.f.* Lobo posterior (neural) da hipófise.
- neurohistoloxía** *s.f.* Anatomía microscópica do sistema nervioso.
- neurohormona** *s.f.* 1. Hormona que estimula os mecanismos nerviosos. 2. Hormona liberada por impulsos nerviosos ou formada por células neurosegredoras.
- neurohumor** *s.m.* Substancia química activa liberada nas terminacións nerviosas, con efectos excitantes sobre as estruturas adxacentes.
- neuroide** *adx.* Semellante a un nervio.
- neurolabirintite** *s.f.* Inflamación das estruturas nerviosas do labirinto.
- neurolema** *s.m.* Neurilema.
- neurolepíride** *s.f.* Trastorno trófico cutáneo debido á lepra.
- neurolepíptico-a** *adx.* 1. Que modifica a conducta psicótica ó calma-la axitación, a hiperactividade neuromuscular. 2. Medicamento con esta acción.
- neuroleptoanalxesia** *s.f.* Estado de tranquilidade e analxesia obtido pola administración dun axente analxésico narcótico e dun neurolepíptico, no que se observa certa somnolencia e indiferencia psíquica, considerado de tipo I ou II segundo predomine o analxésico ou o neurolepíptico, respectivamente
- neuroleptospirose** *s.f.* Infección por leptospiras que posúen un tropismo especial polo sistema nervioso.
- neurolinfa** *s.f.* Líquido cefalorraquídeo.
- neurolinfomatose** *s.f.* Invasión linfomatosa ou linfoblástica dun nervio.
- neurolingüística** *s.f.* Rama da neuropsicoloxía que estudia a base neuroanatómica das alteracións da linguaxe.
- neurolise** *s.f.* 1. Liberación dunha vaina nerviosa por incisión da mesma en sentido lonxitudinal. 2. Liberación dun nervio das súas adherencias. 3. Destrucción cirúrxica dalgún dos elementos do sistema nervioso. 4. Estiramento dun nervio para diminuí-la súa tensión. 5. Esgotamento da enerxía nerviosa.
- neurolisina** *s.f.* Lisina que destrúe especificamente as células nerviosas.

neuroлите *s.f.* Colon irritable, colite mucomembranosa.

neurólogo-a *adx. e s.* Persoa dedicada e experta en neuroloxía.

neuroloxía *s.f.* Rama da ciencia médica que estuda o sistema nervioso e as súas enfermidades. // **N. clínica.** Especialidade que trata do diagnóstico e do tratamento das alteracións do sistema nervioso.

neurolés *s.f.* Neurosífilis.

neuroma *s.m.* 1. Neoformación constituída principalmente por células e fibras nerviosas. 2. Tumor que se desenvolve nun nervio, que se especifica en distintas categorías dependendo das células que o forman, como ganglioneuroma, neurileno, etc. // **N. acústico.** Tumor benigno que crece progresivamente dentro do conducto auditivo e ten a súa orixe no VIII par cranial. Os síntomas poden consistir en perda de audición, cefalea, trastorno do equilibrio e a marcha, adormecemento e dor faciais, e zunchos. / **N. de amputación** ou **do toco.** Neuroma traumático que aparece algunhas veces despois dunha amputación. // **N. mielínico.** O que contén fibras mielínicas. / **N. múltiple.** Neurofibromatose. / **N. traumático.** O que se desenvolve no extremo cortado dun nervio periférico.

neuromalacía *s.f.* Amolecemento mórbido dos nervios ou dunha parte do sistema nervioso.

neuromatose *s.f.* Enfermidade caracterizada pola presenza de neuromas múltiples, neurofibromatose.

neuromelitococia *s.f.* Febre de Malta con afectación grave do sistema nervioso.

neurómera *s.f.* Parte da medula espiñal á que se unen un par de raíces dorsais e ventrais. Tamén se di **segmento neural, metámera espiñal, mielómera.**

neuromialxia *s.f.* Mialxia producida por alteracións nerviosas.

neuromicose *s.f.* Infección por fungos do sistema nervioso.

neuromielite *s.f.* Neurite combinada con inflamación da medula espiñal. // **N. óptica de Devic.** Infalación e desmielinización da medula espiñal e do nervio óptico, que cursa con cegueira e parálise, neuropticomielite.

neuromimese *s.f.* Simulación dunha enfermidade orgánica, frecuente nos histéricos e neuróticos.

neuromiosite *s.f.* Neurite e miosite asociadas.

neuromisor *s.m.* Elemento terminal no extremo periférico dunha neurona, que transmite os estímulos ó receptor dunha neurona contigua.

neuromuscular *adx.* Pertencente ou relativo ós nervios e ós músculos.

neurona *s.f.* Célula conductora do sistema nervioso central constituída por un corpo celular, que contén o núcleo, e o citoplasma e as súas prolongacións, unhas curtas (dendritas) e outra longa (axon), considerada como a unidade histolóxica e fisiolóxica do sistema nervioso. //

N. aferente. Neurona que conduce os impulsos nerviosos da periferia (órgano receptor) ó centro. / **N. de asociación** ou **intercalar.** Neurona que forma a segunda porción dun arco reflexo periférico, situada no sistema nervioso central, que recibe o impulso nervioso da neurona sensitiva periférica para transmitilo á neurona motora periférica. / **N. de proxección.** Neurona que transmite impulsos nerviosos sensoriais ou motores. / **N. eferente.** Neurona que conduce o impulso nervioso desde un centro cara a un órgano de reacción na periferia. / **N. inferior.** Neurona periférica. / **N. motora periférica.** Neurona eferente que conduce impulsos motores para transmitilos ó músculo voluntario. / **N. posganglionar, preganglionar.** A situada despois ou antes do ganglio nervioso autónomo, respectivamente. / **N. sensorial.** Neurona aferente que transmite impulsos dende a pel ou órganos dos sentidos ó córtex cerebral. / **N. sensorial periférica.** Neurona que forma a parte receptora do arco reflexo periférico e está situada fóra do sistema nervioso central. Ten unha rama periférica que forma unha fibra nerviosa sensitiva e unha rama central que se articula coas prolongacións da neurona intercalar. / **N. superior** ou **cortical.** Neurona de percepción da substancia gris do córtex cerebral. / **N. unipolar** ou **bipolar.** Neurona cunha ou dúas prolongacións, respectivamente.

neuronal *adx.* Pertencente ou relativo ás neuronas.

neurónéfrico-a *adx.* Pertencente ou relativo ós sistemas nervioso e renal, neurorenal.

neuronevo *s.m.* Nevo celular ou nevocítico, nevo dérmico difuso con diferenciación cara a estruturas cutáneas neurais que semella un neurofibroma.

neuronte *s.f.* 1. Inflamación dexenerativa das células nerviosas. 2. Polirradiculoneurite, en especial a forma inflamatoria aguda de Guillain-Barré, que se caracteriza pola presentación de parálises periféricas, arreflexia e disociación albúmino-citolóxica no líquido cefalorraquídeo, frecuentemente con trastornos sensitivos, de causa descoñecida, proceso inespecífico, ás veces secuela dunha infección vírica.

neurónixe *s.f.* Acupuntura dun nervio.

neurónófago *s.m.* Célula que destrúe as células nerviosas.

neurónofagocitose *s.f.* Neurofaxia.

neurónofaxia *s.f.* Neurofaxia.

neurónólise *s.f.* Neurofaxia.

neurónose *s.f.* Enfermidade de orixe nerviosa, neuropatía.

neurópapilite *s.f.* Neurite óptica. Inflamación do nervio óptico.

neuróparálise *s.f.* Parálise muscular debida á enfermidade do nervio ou o nervios que innervan a parte afectada.

neurópata *adx.* Que padece enfermidade do sistema nervioso ou que sofre neurose.

neuropatía *s.f.* Trastorno funcional, cambio patolóxico, ou ámbalas dúas cousas, do sistema nervioso periférico, forma non inflamatoria, especialmente as dexas, que lles afecta ós nervios periféricos. // **N. de atrapamento.** Neuropatía por inflamación dos tecidos adxacentes ó nervio ó que comprimen. / **N. intersticial hipertrofica progresiva.** Trastorno hereditario que se caracteriza por polineuropatía periférica progresiva, debido ó engrosamento e esclerose das fibras mielínicas, por hiperplasia do tecido conjuntivo intersticial. Tamén se di **enfermidade de Déjerine-Sottas.** / **N. peroneal.** Afección familiar, habitualmente de herdanza dominante, que se caracteriza por amiotrofia selectiva dos músculos da rexión anteroexterna da perna e, máis tarde, os da man. Tamén se di **enfermidade de Charcot-Marie-Tooth.** / **N. radicular sensitiva hereditaria.** Neuropatía sensitiva distal que lles afecta ás catro extremidades, con dores radiculares, trastornos tróficos dos pés (acropatía ulceromutilante familiar de Thévenard) e xordeira, habitualmente hereditaria, aínda que se teñen descrito formas esporádicas en relación con diabete, alcoholismo e desnutrición. Tamén se di **síndrome de Denny-Brown.**

neuropático -a *adx.* Pertencente ou relativo á neuropatía.

neuropatoloxía *s.f.* Rama da medicina que estudia os aspectos morfolóxicos das enfermidades do sistema nervioso.

neuropatoxenia *s.f.* Desenvolvemento das enfermidades do sistema nervioso.

neuropatoxenicidade *s.f.* Capacidade de producir cambios patolóxicos no tecido nervioso.

neuropilema *s.m.* Neurópilo.

neurópilo *s.m.* Sistema de conexións multineuronais establecida a modo de rede fina entre dendritas e neuritas das neuronas e das células de neuroglía no sistema nervioso central e nalgúñas partes do sistema nervioso periférico.

neurópira *s.f.* Febre nerviosa.

neuroplasma *s.m.* Protoplasma basófilo indiferenciado da célula nerviosa, substancia cementante das neurofibrilas, axoplasma.

neuroplastia *s.f.* 1. Cirurxía plástica reparadora dun nervio. 2. Producción, cicatrización ou rexeneración dos nervios.

neuropodio *s.m.* Terminación bulbar dun axon nun tipo de sinapse.

neuroporo *s.m.* Extremo aberto do tubo neural primitivo nos estadios embrionarios precoces.

neuropotencial *s.m.* Enerxía da célula nerviosa.

neuropraxia *s.f.* Sección funcional ou bloqueo transitorio da conductibilidade nerviosa.

neuroprobasia *s.f.* Propiedade que posúen certos virus neurótropos de progresar ó longo dos nervios.

neuropsicoloxía *s.f.* Rama da neuroloxía que estudia a relación entre a conducta e as estruturas cerebrais.

neuropsicopatía *s.f.* Afección do sistema nervioso que cursa con trastornos psíquicos.

neuropsiquiatría *s.f.* Rama da medicina que inclúe a neuroloxía e a psiquiatría.

neuropsíquico-a *adx.* Nervioso e psíquico ó mesmo tempo.

neuropticomielite *s.f.* Neuromielite óptica de Devic.

neuroqueratina *s.f.* Variedade de queratina que se considera constituínte da trama de sostemento da vaina de mielina das fibras nerviosas mielínicas.

neuroquímica *s.f.* Rama da neuroloxía que estudia a química do sistema nervioso.

neuroquitina *s.f.* Neuroqueratina que forma a trama de sostemento das fibras nerviosas.

neuroradioloxía *s.f.* Ciencia que se ocupa do estudo radilóxico do sistema nervioso.

neurorrafia *s.f.* Neurosutura, unión, xeralmente por sutura, das partes dun nervio dividido.

neurorrecidiva *s.f.* Empeoramento dos síntomas neurolóxicos da sífilis.

neurorretinite *s.f.* Inflamación do nervio óptico e da retina.

neurorrexe *s.f.* Exérese dun nervio.

neurosarcoleise *s.f.* Operación para o tratamento das neuralxias, que consiste na redución da compresión do nervio afectado mediante a resección parcial do conducto óseo que atravesa ou no transplante do nervio ós tecidos brandos.

neurosarcoma *s.m.* Tumor maligno con elementos neuromatosos.

neurosclerose *s.f.* Neuroesclerose.

neurose *s.f.* Trastorno emocional causado por conflitos non resoltos, nos que a ansiedade é a característica principal, que se manifesta con síntomas diversos, dos que o paciente é consciente do seu carácter patolóxico, e non presentan desorganización importante da personalidade, o que a diferencia das psicoses. // **N. accidental.** Neurose con síntomas histéricos, causada por accidente ou traumatismo. / **N. actual.** Para Freud, neurose que ten a súa orixe en conflitos presentes, causados por insatisfacción sexual (neuroses de angustia, neurastenia). / **N. de ansiedade.** Caracterízase por angustia, medo mórbido e injustificado e diversos síntomas somáticos. Para Freud está relacionada cunha insatisfacción sexual. Tamén se di **neurose de angustia.** / **N. depresiva.** Neurose caracterizada pola presenza de síntomas depresivos relacionados cun conflito interno ou cun acontecemento identificable. / **N. fóbica.** Neurose que ten como síntoma principal unha fobia, constituída por desprazamento da angustia sobre obxectos, persoas, animais ou situacións (obxecto

fobíxeno). / **N. hipocondríaca.** Neurose caracterizada por preocupación persistente polo corpo e medo a padecer enfermidades. / **N. obsesiva.** Neurose que se caracteriza pola presenza de pensamentos e actos compulsivos, dúbida e rituais obsesivos, que dominan a conducta do suxeito. / **N. traumática.** Neurose consecutiva a un choque emocional ante unha situación de intenso perigo para o suxeito (accidentes, catástrofes, situacións traumáticas diversas).

neurosensitivo-a *adx.* Relativo a un nervio sensitivo.

neurosifilis *s.f.* Sífilis que lle afecta ó sistema nervioso, especialmente ó central.

neurosoma *s.m.* 1. Corpo dunha célula nerviosa. 2. Grupo de partículas diminutas na substancia básica do protoplasma da neurona.

neurospasmo *s.m.* Contracción dun músculo debido a alteración da innervación.

neuroplácnico-a *adx.* Relativo ós sistemas nerviosos cerebrospinal e simpático.

neurospoxio *s.m.* 1. Neuroglía. 2. Antigamente, rede de fibrilas dentro das células nerviosas. 3. Capa reticular da retina.

neuroquelético-a *adx.* Pertencente ou relativo ó tecido nervioso e ó músculo esquelético.

neurotabe *s.f.* Polineurite con síntomas atáxicos.

neurotagma *s.m.* Disposición lineal dos elementos estruturais dunha célula nerviosa.

neuroteca *s.f.* Vaíña dun nervio.

neurotecite *s.f.* Inflamación da neuroteca ou vaíña dos nervios.

neurotele *s.m.* Papila nerviosa.

neurotelite *s.f.* Inflamación das papilas nerviosas.

neurotendinoso-a *adx.* Pertencente ou relativo a nervios e tendóns ou composto destes elementos.

neuroterapéutica *s.f.* 1. Tratamento das enfermidades e desordes nerviosas. Tamén se di **neuroterapia**. 2. Psicoterapia.

neuroterapia *s.f.* Neuroterapéutica.

neuroterminal *adx.* Relativo ás terminacións nerviosas.

neuroticismo *s.m.* Predominio da acción nerviosa.

neurótico -a *adx e s.* 1. Pertencente ou relativo á neurose ou afecto dela. 2. Pertencente ou relativo ós nervios. 3. Persoa nerviosa na que dominan as emocións sobre o razoamento. Tamén se di **neurópata**.

neurotización *s.f.* 1. Rexeneración dun nervio despois da súa sección. 2. Implantación cirúrxica dun nervio nun músculo paralizado.

neurotlipse *s.f.* Presión sobre o nervio.

neurotmese *s.f.* Sección parcial ou completa dun nervio con lesión do axon e da súa vaíña de mielina, que non se rexenera a pesar da aparente continuidade anatómica.

neurotoxía *s.f.* Parte da otoloxía que trata do oído interno en conexión coas vías nerviosas con el asociadas, otoneuroloxía.

neurotomía *s.f.* 1. Disección anatómica do sistema nervioso. 2. División cirúrxica dun nervio. // **N. opticociliar.** Sección ou resección dos nervios óptico e ciliares nun ollo cego co fin de evita-la oftalmía simpática. / **N. retrogasseriana.** Sección da raíz posterior do ganglio de Gasser na neuralxia facial.

neurotomo *s.m.* 1. Instrumento cortante en forma de agulla para diseccionar as fibras nerviosas. 2. Neurómera.

neurotonía *s.f.* 1. Estiramento dun nervio para aliviar a dor. 2. Inestabilidade esaxerada do sistema nervioso, especialmente do vexetativo.

neurotoxicidade *s.f.* Acción e efecto destructor ou velenoso sobre o tecido nervioso.

neurotóxico-a *adx.* Tóxico ou destructor do sistema nervioso.

neurotoxina *s.f.* Neurolisina, substancia velenosa ou destructora do tecido nervioso, especialmente toxinas que producen dexeneración graxa da vaíña de mielina dos nervios periféricos, da substancia branca do cerebro e da medula espiñal.

neurotransductor *s.m.* Neurona que sintetiza e libera hormonas.

neurotransmisor *s.m.* Substancia liberada das terminacións axónicas da neurona presináptica ó ser excitada para exercer a súa acción (activación ou inhibición) sobre a célula efectora. Tamén se di **substancia transmisora**.

neurotrauma *s.m.* Lesión mecánica dun nervio.

neurotripsia *s.f.* Aplanamento ou trituración dun nervio.

neurotrofastenia *s.f.* Trastorno da nutrición do sistema nervioso.

neurotrofia *s.f.* 1. Nutrición do tecido nervioso. 2. Regulación nerviosa da nutrición e conservación dos tecidos. 3. Atrofia do sistema nervioso ou dun nervio.

neurotropía *s.f.* Neurotropismo.

neurotrópico-a *adx.* Que ten afinidade selectiva polo sistema nervioso.

neurotropismo *s.m.* 1. Afinidade que posúen certas substancias, coma os colorantes básicos e algúns microorganismos, coma os virus, polo tecido nervioso. 2. Suposta tendencia das fibras nerviosas rexenerativas a orientalo seu crecemento cara a zonas específicas da periferia.

neurotúbulo *s.m.* Túbulo longo, recto e paralelo, situado dentro das neuronas que cos neurofilamentos forma neurofibrilas.

neurovacina *s.f.* Vacina obtida por cultivos sucesivos dun virus en cerebro de coello.

neurovaricose *s.f.* Estado varicoso que segue o traxecto dun nervio.

neurovascular *adx.* 1. Nervioso e vascular á vez. 2. Pertencente ou relativo ós nervios que regulan o ton e o calibre dos vasos sanguíneos.

neurovexetativo-a *adx.* Relativo ó sistema nervioso vexetativo.

neurovirose *s.f.* Infección vírica do sistema nervioso.

neurovisceral *adx.* Neurosplácnico, neurovexetativo, relativo á innervación das vísceras polo sistema nervioso autónomo.

neuroxénese *s.f.* Desenvolvemento do tecido nervioso.

neuróxico-a *adx.* 1. Que forma o tecido nervioso ou o estimula. 2. Que é de orixe nerviosa.

néurula *s.f.* Etapa do desenvolvemento embrionario despois da gástrula, durante a que ocorre a formación da placa neural e o seu peche para forma-lo tubo neural.

neurulación *s.f.* Formación no embrión incipiente da placa neural e o seu peche posterior co desenvolvemento do tubo neural.

neutralización *s.f.* 1. Anulación das propiedades dos ácidos ou das bases pola adición de cantidades suficientes de substancias alcalinas ou ácidas, respectivamente. 2. Anulación de calquera acción, proceso ou potencial.

neutralizar *v.* Facer neutro.

neutro-a *adx.* 1. Indiferente, que non amosa propiedades nin positivas nin negativas, nin masculino nin feminino. 2. En química, nin ácido nin básico.

neutrocito *s.m.* Leucocito neutrófilo.

neutrofilia *s.f.* Aumento no número de leucocitos neutrófilos no sangue, que constitúe a forma máis frecuente de leucocitose. Tamén se di **leucocitose neutrófila**.

neutrófilo -a *adx.* 1. Que se tingue polos colorantes neutros. // *s.m.* 2. Leucocito que ten un núcleo con varios nódulos e citoplasma con granulacións neutrófilas. Tamén se di **leucocito polimorfonuclear** ou **polinuclear**. // **N. en banda** ou **caxato**. Formas inmaturoas cos núcleos en forma de U. / **N. segmentado**. Neutrófilo maduro, con núcleo lobulado. / **N. xuvenil**. Metamielocito.

neutrón *s.m.* Partícula de materia electricamente neutra ou sen carga, que cos protóns constitúen o núcleo atómico. Dependendo do seu número variable orixina os isótopos dun elemento ó modifica-lo peso atómico.

neutropenia *s.f.* 1. Diminución de leucocitos neutrófilos no sangue. 2. Presencia de cantidades anormalmente baixas de neutrófilos no sangue periférico de forma crónica. // **N. maligna**. Agranulocitose, anxia linfomatososa.

neutrotaxe *s.f.* Fenómeno polo que os leucocitos neutrófilos son estimulados por unha substancia, de maneira que son atraídos ou repelidos por ela.

neve *s.f.* Auga conxelada cristalizada que cae en folerpas. // **N. carbónica**. Xeo líquido, bióxido de carbono sólido formado pola evaporación rápida de bióxido de carbono líquido, empregado en crioterapia para conxela-la pel, coa finalidade de producir anestesia local e dete-lo fluxo sanguíneo e destruír lesións cutáneas. / **N. de antimonio**. Óxido branco de antimonio sublimado.

nevo *s.m.* Malformación de orixe conxénita, localizada na pel e ás veces na mucosa bucal, especialmente coloreada, producida por exceso de pigmentación, desenvolvemento esaxerado dos vasos sanguíneos ou hipertrofia dos tecidos epidérmico e conxuntivo. // **N. anémico**. Mancha pálida ou grupo de manchas con poucos vasos sanguíneos. / **N. azul celular**. Lesión nodular benigna de crecemento lento e cor azul, composta de melanocitos e melanófagos dérmicos agrupados, xeralmente localizada nas nádegas e rexión sacrococcícea. / **N. azul de Jadassohn-Tieche**. Aumento de melanocitos dérmicos, fibrocitos e melanófagos, que aparece de cor azul aceiro na infancia, localizada na cara e nas extremidades inferiores, que non se maligniza. / **N. azul maligno**. Nevo azul con tendencia á malignización. / **N. comedónico**. Nevo epidérmico raro, caracterizado por unha ou máis manchas de 2 a 5 cm. de diámetro, no que existe acumulación de grandes comedóns. Prodúcese unilateralmente no tronco de maneira lineal e acompañanse de ictiose. / **N. de Becker**. Nevo pigmentado piloso epidérmico. / **N. de Ito**. Mancha mongólica na distribución das ramas supraclavicular e supraacromial do plexo cervical e do nervio accesorio do braquial cutáneo interno, sobre o ombreiro. / **N. de Ota**. Mancha mongólica que aparece ó nacer ou pouco despois, localizada na conxuntiva e na pel que rodea o ollo, seguindo a innervación das ramas I e II do trixémino. / **N. de Spitz**. Melanoma benigno xuvenil. / **N. intradérmico**. Agrupación de células nevóides na derme baixa. / **N. plano**. Nevo melanocítico macular epidérmico, de superficie lisa e cor bronce ou pardo, moteado con manchas máis pequenas e escuras. / **N. pigmentario**. Mancha pigmentaria da pel, de cor varia, sen alteración dos vasos. / **N. sanguíneo**. Anxioma. / **N. verrugoso**. Nevo con excrecencias semellantes a verrugas. / **N. xigante pigmentado**. Placa moi pigmentada sobre a que se atopan espaxeadas pequenas placas aínda máis pigmentadas, con pequenos nódulos e grosos cabelos.

nevocarcinoma *s.m.* Melanoma maligno ou nevo que se dexenerou.

nevocito *s.m.* Célula do nevo.

nevóide *adx.* Semellante a un nevo.

nevolipoma *s.m.* Nevo con elementos fibrosos e adiposos.

newton *s.m.* Unidade de forza do sistema internacional. Abreviatura N.

Ni Símbolo do níquel.

niacina *s.f.* Ácido nicotínico, vitamina hidrosoluble do complexo B que prevé a pelagra.

niacinamida *s.f.* Nicotinamida, amida da niacina.

niclosamida *s.f.* Composto sintético eficaz contra cestodos intestinais.

nicocromo *s.m.* Aliaxe de níquel e cromo, moi resistente á oxidación e á acción dos ácidos, coa que se fabrican instrumentos cirúrxicos.

nicotianina *s.f.* Principio cristalino aromático e volátil do tabaco, alcanfor do tabaco.

nicotina *s.f.* b-piridil-a-N-metilpirrolidona, de fórmula $C_{10}H_{14}N_2$, alcaloide volátil, soluble e moi venenoso, derivado do tabaco, que tamén se obtén sinteticamente, con acción estimulante en pequenas doses e depresora dos ganglios autónomos en doses máis grandes, que se pode empregar como insecticida.

nicotinamida *s.f.* Amida bioloxicamente activa do ácido nicotínico que constitúe un dos compoñentes básicos do coenzima nicotinadeninucleótido e da súa forma fosfato (NAD e NADP), usada na curación e prevención da pelagra.

nicotínico -a *adx.* Pertencente ou relativo ó efecto da nicotina e outros fármacos que estimulan nun principio e despois, a doses altas, iniben os impulsos nerviosos nos ganglios autónomos e na unión neuromuscular. // **Ácido n.** Ácido piridín-3-carboxílico, producido pola oxidación da nicotina, constituínte do grupo vitamínico B, factor antipelagra, empregado na profilaxe e tratamento desta enfermidade. Tamén se di **factor PP, niacina.**

nicotinismo *s.m.* Envenenamento pola nicotina ou polo tabaco, tabaquismo, caracterizado por estimulación e despois depresión dos sistemas nerviosos central e autónomo, con morte por parálise respiratoria.

nictafonía *s.f.* Perda da voz durante a noite de orixe histérica.

nictalbuminuria *s.f.* Albuminuria nocturna.

nictálope *adx.* Que ten mellor visión con luz escasa que con luz brillante.

nictalopía *s.f.* Calidade ou carácter do nictálope.

nictalxia *s.f.* Dor nocturna ou que se exacerba pola noite.

nictemeral *adx.* 1. Relativo a nictémero, ó período de vinte e catro horas que comprende un día e unha noite. 2. Relativo ás variacións ou ós ritmos biolóxicos dun ciclo de vinte e catro horas.

nictémero *s.m.* Espacio de tempo que comprende un día e unha noite, é dicir, vinte e catro horas.

nicteterino-a *adx.* 1. Que ocorre pola noite. 2. Escuro.

nictitación *s.f.* Acción de pestanexar.

nictitante *adx.* Que pestanexa, aplicado á membrana ou terceira pálpebra dalgúns animais, representado no home polo repregamento semilunar da conxuntiva.

nictóbata *adx.* Somnábulo.

nictofilia *s.f.* Preferencia anormal que algunhas persoas manifestan cara á noite en vez de cara ó día.

nictofobia *s.f.* Temor morboso á noite ou á escuridade e ó silencio. Tamén se di **noctifobia.**

nictofonía *s.f.* Nictafonía, perda ou diminución da voz durante a noite.

nictopía *s.f.* Nictalopía.

nictotiflose *s.f.* Cegueira nocturna.

nicturia *s.f.* Emisión de urina máis abundante pola noite.

nidal *adx.* Pertencente ou relativo a un niño.

nidificación *s.f.* Implantación do óvulo fecundado no endometrio.

nidiforme *adx.* Que ten a forma dun niño.

nifablepsia *s.f.* Cegueira temporal producida por reflexión da luz solar sobre a neve, cegueira da neve.

nifotiflose *s.f.* Nifablepsia.

nigra *s.f.* En neuroanatomía, a substancia negra.

nigral *adx.* Pertencente ou relativo á substancia negra.

nigredo *s.m.* Coloración negra, melasma.

nigrismo *s.m.* Nigredo.

nigrosina *s.f.* Tintura de anilina que ten unha afinidade especial polas células ganglionares, empregada para tinguir tecidos do sistema nervioso central para o seu estudio microscópico. Tamén se di **azul negro de anilina.**

nihilismo *s.m.* 1. Forma de delirio na que nada existe para o paciente, chegando mesmo a negar a súa existencia. 2. Doutrina filosófica na que nada existe, nada ten valor, nada é cognoscible.

ninfa *s.f.* Labio menor da vulva. // **N. de Krause.** Clítoris.

ninfectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica das ninfas. Tamén se di **ninfolepsia.**

ninfite *s.f.* Inflamación dos labios menores ou ninfas.

ninfo- Prefixo que denota relación coas ninfas ou labios menores.

ninfolepsia *s.f.* 1. Ninfectomía. 2. Exaltación ninfomaniaca.

ninfomanía *s.f.* Esaxerado desexo ou apetito sexual na muller. Tamén se di **furor uterino, metromanía.**

ninfonco *s.m.* Tumefacción das ninfas.

ninfotomía *s.f.* Ninfectomía, incisión cirúrxica das ninfas ou do clítoris, de igual significado que a circuncisión, practicada nas nenas nalgúns países orientais.

ninhidrina *s.f.* Reactivo de proteínas e aminoácidos, empregado para determinar aminoácidos libres, por exemplo no diagnóstico do embarazo.

niño *s.m.* 1. Punto de orixe ou foco dun proceso patolóxico. 2. Depresión fóvea, fosiña. 3. Pequena masa de células estrañas ó sitio no que se observan.

niobio *s.m.* Elemento químico, antes denominado columbio, que se atopa asociado ó tántalo. Número atómico 41. Peso atómico 92,91. Símbolo Nb.

níquel *s.m.* Elemento metálico, de cor branca e agrisada, semellante ó cobalto e moitas veces asociado con el. Algúns dos seus sales, bromuro e sulfato, empregáronse como sedantes, hipnóticos e antineuráxicos. Número atómico 28. Peso atómico 58,6. Símbolo Ni.

niquetamida *s.f.* Estimulante central e respiratorio, empregado para contrarresta-la depresión respiratoria e a insuficiencia circulatoria, que se administra por vía intramuscular e intravenosa.

niridazol *s.m.* Derivado do nitrotiazol, especialmente útil no tratamento das esquistosomíases.

nistágmico-a *adx.* Pertencente ou relativo ó nistagmo ou caracterizado por el.

nistagmiforme *adx.* En forma de nistagmo, nistagmoide.

nistagmo *s.m.* Movemento involuntario rápido do globo ocular que pode ser en sentido horizontal, vertical, rotatorio ou mixto, é dicir, de dúas variedades. // **N. aural.** Causado por trastornos do labirinto. / **N. calórico.** Inducido polo lavado do oído con auga ou aire quentes ou fríos. / **N. da mirada.** Maníéstase ó mirar cara á dereita ou á esquerda. / **N. de fixación.** Nistagmo que aparece só cando se mira fixamente un obxecto. / **N. de posición.** O que ocorre ou se altera en forma ou intensidade con certas posicións da cabeza. / **N. espontáneo.** O que ocorre sen estimulación vestibular. / **N. latente.** O que aparece só cando se tapa un ollo. / **N. vestibular** ou **labiríntico.** Nistagmo causado por un trastorno vestibular no que os movementos oculares son rítmicos, cun compoñente lento e outro rápido.

nistagmografía *s.f.* Técnica para rexistra-los movementos nistágmicos.

nistagmógrafo *s.m.* Instrumento que se emprega para rexistrar e medi-la amplitude dos movementos do globo do ollo no nistagmo.

nistagmograma *s.m.* Trazado ou rexistro gráfico dos movementos oculares no nistagmo.

nistagmoide *adx.* Semellante ó nistagmo.

nistatina *s.f.* Antibiótico producido por crecemento de *Streptomyces noursei*, presentado en forma de po de cor amarela ou parda, especialmente activo fronte á *Candida albicans*, que se administra por vía oral nas micoses do tubo dixestivo ou de forma tópica nas candidíases vaxinal e cutánea e é tóxico por vía parenteral.

nistaxe *s.f.* Nistagmo.

nitón *s.m.* Emanación de radio, radon.

nitrapam *s.m.* Un tipo de benzodiacepina.

nitratación *s.f.* Coloración dos elementos anatómicos con nitrato de prata.

nitratase *s.f.* Enzima bacteriano que cataliza a redución dos nitratos en nitritos.

nitrato *s.m.* Sal do ácido nítrico. Os nitratos orgánicos empréganse no tratamento da anxina de peito.

nitremia *s.f.* Exceso de compostos nitroxenados no sangue, azoemia.

nítrico-a *adx.* Pertencente ou relativo ó nítruxeno ou que o contén. // **Ácido n.** Corpo líquido incoloro, HNO₃, cáustico, que descompón as substancias orgánicas.

nitrificación *s.f.* Oxidación bacteriana do amoníaco para formar nitratos e nitritos que se produce no chan.

nitrificante *adx.* Das bacterias que oxidan o amoníaco ata nitrito (*Nitrosomonas*) e, a continuación, ata nitrato (*Nitrobacter*).

nitriilo *s.m.* Composto orgánico que contén nítruxeno trivalente unido a un átomo de carbono.

nitrito *s.m.* Sal do ácido nitroso, con propiedades antiespasmódicas e depresivas da tensión arterial, dos que os máis usados son os de sodio, potasio, amilo e etilo e os orgánicos úsanse no tratamento da anxina de peito.

nitritoide *adx.* Semellante ós nitritos. // **Crise n.** Conexión facial, vómitos, taquicardia e hipotensión que se observa ás veces tras unha inxección intravenosa de arsenobenzol, semellante á inhalación de grandes doses de nitrito de amilo, que pode ser mortal.

nitrituria *s.f.* Presencia de nitritos na urina.

nitro- Prefixo que indica a presenza do grupo NO₂.

Nitrobacter Xénero de bacterias da familia nitrobacteriáceas, bacterias nitrificantes que oxidan os nitritos a nitratos e fixan CO₂.

nitrobacteria *s.f.* Microorganismo que converte o amoníaco e outras substancias nitroxenadas en nitritos e os nitritos en nitratos.

nitrobacteriáceas *s.f.pl.* Familia de bacterias que oxidan o amoníaco para formar nitritos, ou estes para formar nitratos (bacterias nitrificantes).

nitrocelulosa *s.f.* Piroxilina empregada para fabricar colodión.

nitrocobalamina *s.f.* Vitamina B₁₂ que substituíu o grupo cianuro polo nitro. Vitamina B_{12c}.

nitrodextrosa *s.f.* Nitrato de dextrosa, de acción análoga á da nitroglicerina.

nitroeritrol *s.m.* Nitrato de eritrol, de análogas propiedades ás da nitroglicerina, pero de acción máis lenta e duradeira.

nitrofurantoína *s.f.* N-(5-nitro-2-furfurilideno)-1-amino-hidantoína, antibacteriano de síntese eficaz contra microorganismos gramnegativos e grampositivos,

empregado no tratamento das infeccións das vías urinarias.

nitrofurazona *s.f.* Furacina, po cristalino amarelado, derivado do furfural, que posúe propiedades bacteriostáticas e bactericidas, eficaz contra microorganismos gramnegativos e grampositivos, empregado como antiinfeccioso local en moitas lesións dérmicas (feridas, queimaduras, úlceras), no tratamento das otites media e externa, da uretrite e de infeccións oculares.

nitroglicerina *s.f.* Trinitrato de glicerilo, de fórmula $C_3H_5N_3O_9$, líquido oleoso, amarelado ou incoloro, de sabor doce, formado pola acción dos ácidos nítrico e sulfúrico sobre a glicerina. Moí explosivo, estala polos choques pero é estable cando se une ó manitol en tabletas. O preparado oficial ten propiedades espasmolíticas da fibra lisa e en especial vasodilatadoras, e emprégase na anxina de peito, asma, arteriosclerose, etc. Adminístrase por vía sublingual. Tamén se di **glonoína**, **trinitrina**.

nitromersol *s.m.* Composto mercurial en forma de gránulo ou de po que se administra como axente antiinfeccioso local topicamente na pel e nas mucosas, empregado tamén para desinfectar los instrumentos cirúrxicos e dentais.

nitrómetro *s.m.* Aparello para recoller e medir a cantidade de nitróxeno liberado nunha reacción.

nitromuriático (ácido) *s.m.* Auga rexia, mestura de ácidos nítrico e clorhídrico.

nitroprusiato *s.m.* Sal do ácido nitroprúsico ou nitroprusiato sódico, axente vasodilatador que se administra por vía intravenosa.

nitroso-a *adx.* Pertencente ou relativo ós compostos onde o nitróxeno está presente es estado trivalente. // **Ácido n.** Composto inestable que ten por fórmula HNO_2 , e que ó combinarse coas bases forma nitritos. / **Óxido n.** Gas incoloro, de sabor doce e olor agradable, empregado como anestésico xeral ou analxésico. Tamén se di **monóxido de nitróxeno**, **aire ficticio**, **gas da risa**.

nitrosobacteria *s.f.* Bacteria que oxida os nitritos para convertelos en nitratos.

nitrosococo *s.m.* Bacilo nitrificante.

nitrosourea *s.f.* Proteína liposoluble que actúan como axente de alquilarción e que, a causa da capacidade para chegar ó sistema nervioso central, emprégase como antineoplásico no tratamento da leucemia menínxea e os tumores cerebrais.

nitroxenado-a *adx.* Que contén nitróxeno.

nitroxenización *s.f.* Introdución de nitróxeno nunha molécula.

nitróxeno *s.m.* Elemento gasoso que se atopa libre no aire e constitúe aproximadamente as catro quintas partes do aire da atmosfera. É case inerte quimicamente, incoloro, inodoro e insípido, inadecuado para a respiración, aínda que non é tóxico, pero non proporciona osíxeno para o

intercambio gasoso. É constituínte básico dos aminoácidos, e polo tanto das proteínas, presente así mesmo en moitos compostos: amoniaco, ácido nítrico, cianuro, así como no chan e fertilizantes. En estado puro emprégase na práctica do pneumotórax artificial. Símbolo N. Peso atómico 14,01. Número atómico 7. Tamén se di **azote**. // **N. non protéico.** Constituínte nitróxeno do sangue con exclusión das proteínas, ou sexa, nitróxeno da urea, ácido úrico, creatinina, creatina, etc., e unha parte non determinada que se chama nitróxeno de repouso ou residual. / **N. ureico.** Nitróxeno urinario que se atopa como constituínte da urea.

nitruro *s.m.* Composto binario de nitróxeno cun metal.

nivel *s.m.* 1. Punto, altura, situación ou estado dentro dunha determinada escala de valores graduada. 2. Centro que coordina e integra os impulsos nerviosos. O primeiro nivel é medular, o segundo o do tronco cerebral e o terceiro o cortical. // **N. isoeléctrico.** Liña basal do electrocardiograma.

nixe *s.f.* Punción, paracentese.

NNN (medio de) *s.m.* Medio para o cultivo de protozoos, composto de ágar-ágar, cloruro de sodio e auga.

nó *s.m.* 1. Lazo formado por un ou máis fíos, arames ou tiras de tea que se pechan canto máis se tira deles, de maneira que non poden separarse con facilidade. 2. Masa de células ou de fibras con función especial. 3. Masa pequena de tecido en forma de tumefacción ben sexa normal ou patolóxica. 4. Nodosidade. // **N. da gorxa.** Eminencia na parte anterior do pescozo formada pola cartilaxe tiroides. / **N. do dedo.** Articulación interfalánxica da man.

No Símbolo químico do Nobelio.

nobelio *s.m.* Elemento químico obtido do curio nun acelerador lineal de ións pesados. Símbolo No. Número atómico 102. Peso atómico 253.

Nocardia Xénero de bacterias da familia nocardíaceas da orde actinomicetais, bacilos grampositivos, ramificados, aerobios, na meirande parte formas saprófitas para o home.

nocardiose *s.f.* Enfermidade producida por *Nocardia*.

noci- Prefixo que indica relación coas lesións ou con algún axente nocivo ou que fai dano.

nociasociación *s.f.* Descarga inconsciente de enerxía nerviosa baixo o estímulo dos traumatismos.

nociceptivo-a *adx.* Terminación nerviosa ou neurona receptora de estímulos dolorosos.

nociceptor -a *adx.* Receptor da dor. Tamén se di **nociceptivo**.

nocifensor -a *adx.* Do sistema de nervios superficiais encargado da defensa local contra estímulos nocivos.

nocivo-a *adx.* Que fai dano, danoso, que non é benéfico, prexudicial.

nocrotoxina *s.f.* Substancia ou factor producido por certos estafilococos que destrúe ou mata as células dos tecidos.

noctalbuminuria *s.f.* Nictalbuminuria.

noctambulismo *s.m.* Somnambulismo.

noctifobia *s.f.* Nictofobia.

noctimelalxia *s.f.* Alxias nocturnas nun ou ámbolos dous brazos.

nodal *adx.* 1. Nodular. 2. Pertencente ou relativo a un nódulo ou nó, particularmente ó nó auriculoventricular.

nodosidade *s.f.* 1. Calidade ou condición de nodoso. 2. Tumefacción ou induración circunscrita, protuberancia, nó, concreción, nódulo. // **N. de Bouchard.** Engrosamentos cartilaxinosos e óseos das articulacións interfalánxicas proximais dos dedos das mans, característicos da artrose de orixe dexenerativa. / **N. de Heberden.** Engrosamentos duros das articulacións interfalánxicas distais. / **N. de Meynet.** Nodosidades das cápsulas articulares e os tendóns nas formas graves de reumatismo articular agudo infantil. / **N. de Osler.** Pequenos nódulos dolorosos na polpa dos dedos na endocardite infecciosa aguda.

nódulo *s.m.* 1. Acumulación pequena de tecido ou vexetación. 2. Nó. // **N. acinoso.** Sombras escuras de bordos festonados que nas radiografías do pulmón revelan a agrupación de tubérculos ó redor dun bronquíolo. / **N. atrioventricular** ou **auriculoventricular.** Parte do sistema de excitocondución cardíaco, situado na desembocadura do seo coronario. **N. de Aschoff.** Lesión específica da febre reumática, que consiste en pequenas zonas de necrose perivascular descritas no miocardio. / **N. de Aschoff-Tawara.** Nódulo atrioventricular. Acumulación microscópica de fibras musculares cardíacas especializadas (fibras de Purkinje), localizada por debaixo do endocardio da aurícula dereita, e que se continúa coas fibras musculares e o feixe auriculoventricular, é semellante ó nódulo sinoauricular pero máis pequeno. / **N. de cantante.** Pequeno nódulo branco que se atopa na corda vocal en caso de cordite tuberosa. / **N. de Hensen.** Nó primitivo. Área de proliferación celular no blastocito, na que comeza a liña primitiva. / **N. de Keith, de Keith-Flack** Nódulo sinoauricular. / **N. De Küss.** Lesión primaria tuberculosa no pulmón en forma de nódulo fibroso, caseoso ou calcificado, que xunto coa infiltración dun ou máis ganglios linfáticos do hilo constitúe o complexo primario de Ranke. / **N. de Meynet.** Nódulos pequenos, dolorosos, cutáneos, na cardite reumática. / **N. de Ranvier.** Nós producidos polas constriccións das fibras nerviosas meduladas a intervalos de 1 mm. / **N. de Schmorl.** Nódulo que se observa na radioloxía de columna vertebral causado pola hernia do núcleo polposo do disco intervertebral. / **N. dos muxidores.** Nódulos circunscritos duros que aparecen nas mans dos muxidores, dermatose propagada polo leite de animais infectados por varíola bovina. / **N. frío tiroide.** Porción da glándula que non capta o iodo radioactivo na gamma-

grafía. / **N. sinusal** ou **sinoauricular.** Orixe do sistema de excitocondución do corazón que regula o seu ritmo, razón pola cal se denomina marcapasos do corazón, situado na aurícula dereita, na desembocadura da vea cava superior. / **N. vocal.** Cordite tuberosa.

noematacógrafo *s.m.* Noematacómetro.

noematacómetro *s.m.* Utensilio para apreciar e rexistrarlo tempo requirido nunha operación mental.

noemático-a *adx.* Pertencente ou relativo ós procesos mentais.

noese *s.f.* Coñecemento, especialmente o adquirido, intelixencia.

noético-a *adx.* Noemático.

noición *s.f.* Vontade negativa que se opón á realización dun acto.

noma *s.m.* Proceso gangrenoso da boca ou dos xenitais que se observa algunhas veces nos nenos afectos dunha enfermidade xeral grave. Na boca (estomatite ou úlcera gangrenosa) caracterízase polo desenvolvemento dunha úlcera gangrenosa na cara interna das meixelas, que chega á pel e se estende progresivamente polos tecidos faciais circundantes, e polo xeral resulta mortal. Nos xenitais (vulvite flegmonosa) aparece unha ulceración gangrenosa na vulva das nenas que afecta primeiro a un labio maior e a continuación ó outro. Neste caso chámase *noma pudendi* ou da vulva.

nomenclatura *s.f.* Terminoloxía, sistema clasificado de nomes propios dunha ciencia, por exemplo estruturas anatómicas, organismos, plantas, animais.

nomotópico-a *adx.* 1. Do lugar habitual ou normal. 2. Que ocorre ou se produce no lugar normal.

nomoxénese *s.f.* Teoría segundo a que a evolución está predeterminada por leis fixas, sen que inflúa para nada a casualidade.

non conductor-a *loc.* Substancia que non transmite facilmente a electricidade, a luz ou a calor.

non disxunción *loc.* 1. Incapacidade de dous cromosomas homólogos para pasar a células separadas durante a primeira división meiótica, polo que unha célula filla ten dous cromosomas e a outra ningún. 2. Incapacidade das dúas cromátides dun cromosoma para pasar cara a células separadas durante a mitose ou durante a segunda división meiótica, polo que unha célula filla ten dúas cromátides e a outra ningunha.

non electrólito *loc.* Substancia que en solución non conduce a electricidade.

non radical *v. nor-*

non unión *loc.* Incapacidade dos extremos dun óso fracturado para unirse de novo.

nonano -a *adx.* Que se produce ó noveno día.

noocleptia *s.f.* Crenza delirante de que son roubados os propios pensamentos.

nooloxía *s.f.* Estudio da intelixencia e do coñecemento humano.

noopsiquía *s.f.* Parte intelectual da psique, nootimopsiquía.

noosténico-a *adx. e s.* Axente ou medicamento que estimula as facultades mentais.

nootimopsíquico-a *adx.* Relativo ós procesos intelectuais e afectivos da psique, noopsiquía.

noótopo-a *adx.* Noosténico.

nor- Prefixo químico que denota: 1. Composto de estrutura normal (que posúe unha cadea non modificada de átomos de carbono) isómera doutro (que posúe unha cadea ramificada), por exemplo leucina e norleucina. 2. Non radical, composto que ten unha cadea cun radical metileno (CH₂) menos cá do seu homólogo, por exemplo adrenalina e noradrenalina.

noradrenalina *s.f.* Unha das catecolaminas naturais, que actúa como neurotransmisor principal das neuronas adrenérxicas, liberada polos nervios adrenérxicos posganglionares do sistema nervioso vexetativo e segregada tamén pola medula suprarrenal. Diferénciase da adrenalina pola ausencia do radical metileno, de aí nor (non-radical)-adrenalina e posúe efectos biolóxicos similares. Ten efectos débiles sobre o músculo liso bronquial, e a súa principal acción cardiovascular é a vasoconstrición. Tamén se di **norepinefrina**, **arterenol**.

norepinefrina *s.f.* Noradrenalina.

noretindrona *s.f.* Potente proxestáxeno que, asociado a estróxenos, forma parte de diferentes preparados anticonceptivos orais, empregado no tratamento da amenorrea, hemorraxia uterina anormal e endometriose.

norma *s.f.* 1. Regra, principio. 2. Liña que define o contorno e determina as superficies das partes do cráneo. // **N. anterior**, **facial** ou **frontal**. Contorno do cráneo visto por diante. / **N. basilar**, **inferior** ou **ventral**. Contorno da cara inferior do cráneo. / **N. lateral** ou **temporal**. Perfil do cráneo visto de lado. / **N. occipital** ou **posterior**. Contorno do cráneo visto por detrás. / **N. saxital**. Perfil do cráneo nunha sección saxital do mesmo. / **N. superior** ou **vertical**. Perfil do cráneo en sección vertical.

normal *adx.* 1. En estado natural. 2. San. 3. Que se axusta á regra ou norma. 4. En química, relativo á solución que contén 1g de peso equivalente da substancia activa por cada 1000 ml, ou nun hidrocarburo alifático, ó átomo de carbono que non se combina con máis doutros dous átomos de carbono. 5. En bacterioloxía, inmune, non tratado.

normalidade *s.f.* Estado ou calidade de normal.

normalización *s.f.* Reposición ou restauración ó estado normal.

normérxico-a *adx.* Que reacciona dun modo normal.

normoblasto *s.m.* Célula nucleada precursora do eritrocito, que pasa por catro etapas no desenvolvemento: o

pronormoblasto e os normoblastos basófilo, policromático e ortocromático. Tamén se di **eritroblasto**.

normoblastose *s.f.* Excesiva produción de normoblastos pola medula ósea.

normocito *s.m.* Hemacia ou eritrocito de tamaño, forma e cor normais.

normocitose *s.f.* Normalidade do sangue respecto dos elementos celulares.

normocrinia *s.f.* Segregación normal.

normocromía *s.f.* Cor normal dos glóbulos vermello, contido normal de hemoglobina no sangue.

normocrómico -a *adx.* Normocromo.

normocromo -a *adx.* 1. Que ten coloración normal, aplicado ós corpúsculos vermello. 2. Relativo á reacción colorante normal das células ou tecidos.

normodrómico-a *adx.* Que corre ou se propaga en dirección normal.

normoerxénico-a *adx.* Normérxico.

normoglicemia *s.f.* Estado caracterizado por unha concentración sanguínea de glicosa dentro dos límites normais.

normolineal *adx.* Edificado ou organizado sobre liñas normais, eumórfico.

normonormocitose *s.f.* Isonormocitose, estado leucocitario normal, tanto en número como en proporción relativa.

normoortocitose *s.f.* Estado do sangue no que o número total de leucocitos é maior, pero normal a proporción entre as súas variedades.

normosexualidade *s.f.* Sexualidade normal.

normosistolia *s.f.* En obstetricia, contraccións uterinas de intensidade, duración e frecuencia normais.

normosomía *s.f.* Corpo normal, normolineal.

normosqueocitose *s.f.* Estado do sangue no que o número de leucocitos é normal, pero con desviación á esquerda por presentar moitas formas non maduras.

normostenuria *s.f.* 1. Segregación urinaria de densidade normal. 2. Diuresis normal.

normotermia *s.f.* 1. Estado normal da temperatura corporal normal, ó redor dos 37° C. 2. Temperatura ambiental normal, estado no que a calor non excita nin deprime a actividade celular.

normotipo *s.m.* Tipo normal.

normotonía *s.f.* Ton e tensión normais.

normotopía *s.f.* Situación ou localización normal.

normovolemia *s.f.* Volume sanguíneo normal.

nortriptilina (clorhidrato de) *s.f.* Antidepressivo tricíclico en forma de po branco que se administra por vía oral.

- norxestrel** *s.m.* Potente progestáxeno que forma parte de diferentes preparados anticonceptivos orais en combinación con estróxenos.
- nosema** *s.f.* Mal ou enfermidade.
- nosemia** *s.f.* Enfermidade do sangue.
- nosencéfalo** *s.m.* Feto co cranio ou co encéfalo defectuoso.
- nosetioloxía** *s.f.* Estudio das causas das enfermidades.
- noso-** Prefixo do grego *nósos*, que denota relación coa enfermidade.
- nosocomial** *adx.* Pertencente ou relativo ó hospital ou orixinado no mesmo, por exemplo infección nosocomial.
- nosocomio** *s.m.* Hospital, enfermería, en xeral, establecemento onde se coidan os enfermos.
- nosocrise** *s.f.* Crise morbosa.
- nosooctonografía** *s.f.* Distribución xeográfica das enfermidades, nosoxeografía.
- nosofilia** *s.f.* Desexo morboso de padecer unha enfermidade. Tamén se di **patofilia**.
- nosófito** *s.m.* Organismo vexetal patóxeno.
- nosofobia** *s.f.* Temor morboso ás enfermidades ou a unha determinada. Tamén se di **patofobia**.
- nosóforo** *s.m.* 1. Aparello adaptable á cama dun enfermo, que se emprega para cambiar e mante-la posición deste. 2. Portador de enfermidades, patóforo.
- nosoftoria** *s.f.* Destrucción ou extinción das enfermidades.
- nosografía** *s.f.* Tratado sobre a patoloxía ou a práctica da medicina.
- nosohemia** *s.f.* Nosemia.
- nosointoxicación** *s.f.* Intoxicación polos produtos nocivos dunha enfermidade.
- nosoloxía** *s.f.* 1. Patoloxía. 2. Rama da medicina que estuda as enfermidades.
- nosomanía** *s.f.* Crenza incorrecta dun paciente de que padece unha enfermidade, hipocondría.
- nosometría** *s.f.* Proporción de enfermidades, morbosidade.
- nosomicose** *s.f.* Enfermidade por fungos parasitarios.
- nosonomía** *s.f.* Clasificación ou catálogo de enfermidades.
- nosoparasito** *s.m.* Parasito patóxeno, organismo que se atopa en conxunción cunha enfermidade, que non pode producir pero si modificar.
- nosopedia** *s.f.* Enfermidade da infancia.
- nosopoético-a** *adx.* Que causa ou produce unha enfermidade.
- nosotaxia** *s.f.* Clasificación das enfermidades.
- nosotoxicose** *s.f.* 1. Intoxicación pola retención dos produtos dun proceso morboso, autointoxicación. 2. Enfermidade debida a envelenamento ou asociada con el.
- nosotoxina** *s.f.* Calquera toxina asociada a unha enfermidade.
- nosotrofia** *s.f.* Coidado e nutrición dos enfermos.
- nosotrópico-a** *adx.* Oposto ou dirixido contra os cambios ou síntomas dunha enfermidade, dirixido contra a súa causa, o contrario de etiotrópico.
- nosoxenia** *s.f.* Patoxenia.
- nosoxeografía** *s.f.* Xeografía das enfermidades epidémicas e outras, nosooctonografía.
- nostalxia** *s.f.* Morriña, pena de verse ausente de lugares e persoas queridos, e trastornos morbosos ocasionados pola non satisfacción deste desexo.
- nostoloxía** *s.f.* Xerontoloxía.
- nostomanía** *s.f.* Nostalxia intensa, morbosa.
- not-** Prefixo do grego *nótos* ou *nóton*, que denota relación co lombo.
- notación** *s.f.* 1. Modo convencional de expresión nunha ciencia ou arte. 2. Representación de calquera sistema por signos ou símbolos.
- notalxia** *s.f.* Dorsalxia, dor no lombo ou rexión dorsal, raquialxia.
- notancefalia** *s.f.* Falta conxénita de cerebelo ou da parte posterior da cabeza.
- notanencefalia** *s.f.* Notancefalia.
- notencefalia** *s.f.* Hernia do cerebro na parte posterior da cabeza.
- notencefalocèle** *s.f.* Notencefalia.
- noto-** Prefixo co mesmo significado que not-, lombo, costa.
- notocorda** *s.f.* Notocordio.
- notocordio** *s.m.* 1. Nos vertebrados primitivos, estrutura axial primaria de sostemento do corpo da que se desenvolve o esqueleto. 2. En embrioloxía, corpo en forma cilíndrica, composto de células derivadas do mesoblasto por debaixo do suco primitivo do embrión, ó redor do que se desenvolve o primordio vertebral, corda dorsal.
- notomelo-a** *adx.* Do monstro fetal que posúe membros nas costas.
- notomielite** *s.f.* Inflamación da medula espinal.
- noúmeno** *s.m.* Intuición racional.
- novobiocina** *s.f.* Antibiótico de acción bacteriostática obtido de cultivos de *Streptomyces niveus* e outras especies de *Streptomyces*, activo contra cocos grampositivos, especialmente estreptococos e estafilococos e, entre os bacilos gramnegativos, sobre o *H. influenzae*. Adminístrase por vía oral e parenteral.

noxa *s.f.* 1. Todo o que exerce influencia desfavorable. 2. Bacteria patóxena.

noz *s.f.* Froito da nogueira do que a casca verde, astringente, considérase como antiescrolulosa e antihelmíntica.

Np Símbolo do neptunio.

NSD Dose única nominal.

Nt Símbolo do nitón.

nubécula *s.f.* 1. Opacidade lixeira da córnea, nefelio. 2. Enturbamento en forma de nube na urina.

nucleado-a *adx.* Que ten núcleo ou núcleos.

nuclear *adx.* Pertencente ou relativo a núcleo.

nuclease *s.f.* Enzima ou grupo de enzimas que desdobran o ácido nucleico en nucleótidos e outros productos. Atópase como enzimas dixestivos no tubo intestinal e, como enzima autolítico, en moitas células. Algunhas son específicas do RNA (ribonucleases) e outras do DNA (desoxirribonucleases).

nucleico -a *adx.* Pertencente ou relativo ó núcleo celular. // **Ácido n.** Ácido de orixe natural que se atopa nos núcleos e en determinadas estruturas do citoplasma das células, habitualmente combinado con proteínas de carácter básico, constituído por ácido fosfórico, unha pentosa (ribosa ou desoxirribosa) e bases purínicas (adenina, guanina) e pirimidínicas (timina, citosina, uracilo).

nucleido *s.m.* Composto de ácido nucleico e un elemento metálico, como ferro, cobre, prata, etc.

nucleiforme *adx.* En forma de núcleo.

nucleína *s.f.* Complexo nucleoproteico.

núcleo *s.m.* 1. Porción central dunha cousa. 2. Núcleo celular, corpúsculo, xeralmente redondeado, de bordos definidos e rodeado de protoplasma, que constitúe a parte esencial da célula. Está formado dunha rede de filamentos, cromatina, contidos nun líquido claro, acromatina, e distínguese do resto da célula pola súa afinidade polas materias colorantes e por ter nucleína. 3. Masa de substancia gris no sistema nervioso central. 4. Masa patolóxica no seo dun tecido normal. 5. Elemento central na molécula dun corpo composto. 6. Centro do átomo composto de protóns e neutróns de electricidade positiva, que constitúe case toda a masa do átomo. 7. Barra de ferro envolta de arame que constitúe un electroimán.

nucleoalbumina *s.f.* Nucleoproteína.

nucleoalbuminuria *s.f.* Presencia de nucleoalbumina na urina.

nucleoalbumosa *s.f.* Nucleoproteína que se deshidratou parcialmente, que se atopou na urina na osteomalacía.

nucleocápsida *s.f.* Unidade de estrutura viral que consiste nunha cápsida (cuberta proteínica) co ácido nucleico dentro.

nucleofugal *adx.* Que se separa ou parte do núcleo.

nucleófugo-a *adx.* Nucleofugal.

nucleohialoplasma *s.m.* Paracromatina do núcleo celular, linina.

nucleohistona *s.f.* Nucleoproteína especial do núcleo dos leucocitos, espermatozoides, eritrocitos aviarios e células somáticas en xeral, composta pola unión do ácido desoxirribonucleico e dunha histona.

nucleoide *adx.* 1. Semellante a un núcleo. // *s.m.* 2. Corpo de tipo nuclear que se observa ás veces no centro dos glóbulos vermellos. 3. Material xenético dun virus, situado no centro do virión. 4. Rexión nuclear dunha bacteria que contén os cromosomas pero que non está rodeada dunha membrana. // **N. de Landovski.** Esfera de atracción.

nucleoliforme *adx.* En forma de nucléolo.

nucleolina *s.f.* Substancia constituínte do nucléolo, plastina.

nucleolino *s.m.* Gránulo do nucléolo que se tingue intensamente.

nucléolo *s.m.* Corpo refrinxente, esférico, que se atopa dentro do núcleo da maioría das células, plasmosoma, onde se sintetiza o RNA ribosómico e aumenta de tamaño durante os períodos de síntese. Algunhas células teñen nucléolos múltiples. // **N. falso.** Cariosoma. / **N. secundario.** Corpo observado cerca dun nucléolo, que parece unha porción separada deste.

nucleólulo *s.m.* Mancha diminuta no nucléolo.

nucleomicrosoma *s.m.* Segmento minúsculo dunha fibra de cromatina.

nucleónica *s.f.* Física nuclear.

nucleónico-a *adx.* Nuclear.

nucleópeto-a *adx.* Que se dirixe cara ó núcleo.

nucleoplasma *s.m.* Carioplasma.

nucleoproteido *s.m.* Nucleoproteína.

nucleoproteína *s.f.* Complexo constituído pola asociación dunha proteína básica simple, polo xeral unha histona ou protamina, e un ácido nucleico (desoxirribonucleico, ribonucleico) que se manteñen unidos entre si por atraccións electrostáticas entre as cargas negativas dos grupos fosfato e as positivas das proteínas básicas.

nucleoquilema *s.m.* Substancia fundamental do núcleo celular.

nucleorretículo *s.m.* Rede intranuclear.

nucleosa *s.f.* Albumosa da clase á que pertencen as nucleoalbuminas vexetais, alimenticias, antisépticas, fagocitarias e diuréticas.

nucleosidase *s.f.* Enzima que lisa os nucleósidos (adenosinhidrolase, guanosinhidrolase, inosinhidrolase e xantosinhidrolase).

nucleósido *s.m.* Un dos compostos glicosídicos nos que se desdobra un nucleótido pola acción da nucleosidase, combinación dun azucre (hexosa ou pentosa) cunha base purínica ou pirimidínica.

nucleótido *s.m.* Un dos compostos nos que se desdobra o ácido nucleico pola acción da nuclease, composto por unha base nitroxenada, purina ou pirimidina, un azucre (ribosa ou desoxirribosa) e un grupo fosfato. // **Difosfopiridín n.** Coenzima amplamente distribuído na natureza, que contribúe a numerosas reaccións (DPN). / **Trifosfopiridín n.** Coenzima A, cofermento, TPN.

nucleotoxina *s.f.* Toxina que afecta ó núcleo celular.

núclido *s.m.* Especie de átomo caracterizado polo seu número atómico, masa, carga e número de neutróns, capaz de existir un tempo determinado. Os isómeros nucleares son núclidos separados, pero non se consideran núclidos os estados nucleares excitados de pronta desintegración nin os intermediarios inestables das reaccións nucleares.

nudofobia *s.f.* Aversión ós corpos nus ou a ir nu.

nudomanía *s.f.* Atracción polos corpos nus ou afección a ir nu.

nulípara *adx. e s.f.* Que non pariu nunca un neno viable.

núm. Abreviatura de número.

numeración *s.f.* Acción e efecto de numerar ou contar. // **N. globular.** Hematimetría, recuento.

número *s.m.* 1. Símbolo que expresa un certo valor ou a cantidade computada con relación a unha unidade. 2. Cifra ou algarismo. // **N. atómico.** Expresión da cantidade total de protóns nun átomo ou de electróns orbitarios no átomo neutro, característico de cada elemento. / **N. cromosómico.** Cantidade de cromosomas existentes nas células dun individuo, que no home normal é de 46 nas células somáticas (número diploide, símbolo 2n) e de 23 nos gametos (número haploide, símbolo n). / **N. de**

recambio. Número de moléculas de substrato sobre as que actúa unha molécula de enzima por minuto.

numular *adx.* 1. Do tamaño e a forma dunha moeda. 2. Constituído por discos redondeados planos, principalmente o esputo. 3. Acumulado como en morea de moedas. Tamén se di **numiforme.**

nutación *s.f.* Emprego demasiado frecuente dos sons en nasais ou nasalización dos sons ou das palabras.

nutación *s.f.* Movemento involuntario de oscilación como o da rotación parcial do sacro ó redor do seu eixe transversal ou da cabeza.

nutramina *s.f.* Vitamina.

nutriceptor *s.m.* Receptor ou cadea lateral que se combina coa materia nutritiva para a nutrición da célula.

nutricio-a *adx.* 1. Nutritivo. 2. Que procura alimento, especialmente os buratos nas superficies óseas polos que penetran as arterias.

nutrición *s.f.* Conxunto de procesos que participan na dixestión dos nutrientes e a asimilación e utilización dos mesmos. // **N. enteral.** A que se realiza por vía dixestiva, xeralmente dieta branda, preparada especialmente e administrada por sonda. / **N. parenteral.** Nutrición con preparados especiais por vía intravenosa.

nutricional *adx.* Pertencente ou relativo á nutrición.

nutriente *adx.* 1. Nutritivo. // *s.m.* 2. Substancia nutritiva, alimento ou compoñente dos alimentos.

nutrimento *s.m.* 1. Nutrición ou alimentación. 2. Substancia nutritiva ou alimento.

nutrioloxía *s.f.* Rama das ciencias que estudia a nutrición, os alimentos e o seu emprego en dietética e terapéutica.

nutritivo-a *adx.* 1. Pertencente ou relativo á nutrición. 2. Que nutre.

O

O Símbolo do osíxeno.

O₂ Símbolo do ozono.

oasis *s.m.* Parte de tecido san que se atopa nunha zona enferma.

obaudición *s.f.* Falsa interpretación auditiva do que se oe.

obcecación *s.f.* 1. Ofuscamento. 2. Crenza ou figuración tenaz de algo que non é real.

obdormición *s.f.* Entumecemento duna parte como consecuencia duna compresión nerviosa.

obducción *s.f.* Autopsique que se efectúa para descubrir-las causas da morte.

obelión *s.m.* Punto situado no cruzamento da sutura dixital cranial coa liña que une os dous orificios parietais.

obesidade *s.f.* Exceso de acumulación de graxa no corpo, co conseguinte aumento de peso. Tamén se di **adiposidade**, **lipomatose**. // **Índice de o.** Relación que existe entre o peso real e o teórico. / **O. alimentaria** Obesidade esóxena./ **O. endócrina** Obesidade causada por un trastorno funcional dalgunha das glándulas endócrinas, como a obesidade hipotiroide, hipogonadal, etc. / **O. endóxena** Obesidade causada por trastornos do metabolismo./ **O. esóxena** A producida por sobrealimentación.

obeso-a *adx.* Que ten exceso de tecido graxo.

óbito *s.m.* 1. Morte, falecemento. 2. Partida de defunción.

obituario *s.m.* Rexistro de defuncións.

oblea *s.f.* 1. Cápsula amilácea. 2. Persoa que presenta unha delgadeza extrema. 3. Caquexia.

oblicuidade *s.f.* Calidade de oblicuo. Tamén se di **asincitismo**. // **O. anterior** Inclinación da cabeza fetal na que a sutura saxital está máis cerca do promontorio sacro ca da sínfise pubiana. Tamén se di **sutura de Naegele**. / **O. posterior** Inclinación da cabeza fetal no estreito superior da pelve, de xeito que a sutura saxital está máis cerca da sínfise púbica ca do promontorio.

oblicuo-a *adx.* 1. Inclinado. // *s.m.* 2. V. **músculo**.

obliteración *s.f.* 1. Proceso no que se cerra un vaso ou conducto por obstrucción, e que pode ser debido a causas fisiolóxicas ou patolóxicas. 2. Extirpación dun órgano ou dunha parte del espontaneamente, por enfermidade ou por procedementos cirúrxicos.

oblongado-a *adx.* Que é máis longo ca largo, e cos bordos converxentes.

oblongo-a *adx.* V. **oblongado**.

obmutescencia *s.f.* Perda da fala.

obnubilación *s.f.* 1. Alteración na que descende levemente o nivel de conciencia. 2. Visión borrosa.

obrigado-a *adx.* Relativo á condición que resulta imprescindible para vivir, aplicado especialmente ós parasitos que non poden existir sen selo.

observación *s.f.* Exame dun fenómeno sen modificalo nin actuar sobre el.

observancia *s.f.* Cumprimento estrito dunha norma, regra ou prescrición.

obsesión *s.f.* Idea, acto ou desexo que se caracteriza por un sentimento de compulsión para levar a cabo algunha acción ou persistir nunha idea, recordar unha experiencia, etc., e que a persoa non pode retirar voluntariamente da súa conciencia.

obsolescencia *s.f.* Comezo da cesación dun proceso fisiolóxico.

obstetricia *s.f.* Rama da medicina que trata a xestación, o parto e o puerperio. Tamén se di **tocoloxía**.

obstétrico-a *adx.* 1. Relativo á obstetricia. // *s.* 2. Tocólogo.

obstipación *s.f.* 1. Retraemento pertinaz. 2. Obstrucción. Tamén se di **obturación**. 3. Inclinación, desviación, especialmente referida á escoliose.

obstrucción *s.f.* Condición na que existe un obstáculo mecánico nunha víscera oca, conducto ou vaso. // **O. das vías aéreas** Trastorno no que existe un obstáculo que impide a penetración de aire. / **O. fecal** Oclusión intestinal por materia fecal. / **O. intestinal** Íleo.

obstruínte *adx.* 1. Que fai referencia á obstrucción ou que a produce. 2. Axente que causa obstrucción.

obtundente *adx.* 1. Que fai perder sensibilidade. // *s.m.* 2. Medicamento que ten este efecto.

obturación *s.f.* Acto polo que se tapona ou obstrúe un conducto ó introducirse nel unha substancia.

obturador-a *adx.* 1. Relativo á placa ou membrana natural ou artificial que cerra unha abertura ou cavidade. 2. V. **arteria, nervio, músculo.**

obtusión *s.f.* Torpeza sensitiva ou intelectual.

obtusos-a *adx.* 1. Sen punta. 2. Pouco dotado intelectualmente.

obxectivo-a *adx.* 1. Que fai referencia ó mundo exterior ou ós obxectos. 2. Perceptible polos sentidos. // *s.m.* 3. Nun microscopio, lente ou sistema de lentes máis próximas ó obxecto. // **O. apocromático** Obxectivo microscópico que corrixe as imperfeccións cromáticas para tres cores, e tamén a da esfericidade. / **O. de inmersión** Obxectivo que ten a lente frontal somerxida nun líquido, que a une á preparación co fin de evitar a perda de luminosidade. / **Signo o.** Achado anormal que descobre o médico na exploración física do enfermo, e que pode ter carácter funcional ou orgánico.

obxecto *s.m.* 1. Todo aquilo que se pode coñecer polos sentidos ou pola intelixencia. 2. Materia ou asunto dunha ciencia. 3. Todo aquilo que lle serve de materia ou asunto ó exercicio das facultades mentais. // **O. sexual** Persoa ou cousa á que vai dirixido o desexo erótico, que produce excitación e satisfacción sexual.

ocasional *adx.* Accidental.

occipicio *s.m.* Parte posteroinferior da cabeza, correspondente ó oso temporal.

occipital *adx.* 1. Relativo ou pertencente ó occipicio. // *s.m.* 2. V. **óso.** 3. Parte posterior do músculo occipitofrontal. // **Orificio o.** Lugar por onde pasan o bulbo raquídeo, as arterias vertebrais e os nervios raquídeos.

occipitalización *s.f.* Sinostose do atlas co oso occipital.

occipitoanterior *adx.* Que ten o occipicio dirixido cada a diante en relación á pelve materna, aplicado á posición da cabeza fetal.

occipitoatloide *adx.* Relativo ós ósos occipital e atlas.

occipitoaxoide *adx.* Que fai referencia ó oso occipital e ó axis.

occipitobasilar *adx.* Relativo ó occipicio e á base do cranio.

occipitocervical *adx.* Que fai referencia ó occipicio e ó pescozo.

occipitofacial *adx.* Relativo ó oso occipital e á cara.

occipitofrontal *adx.* 1. Relativo ós osos frontal e occipital. // *s.m.* 2. V. **músculo.**

occipitolateral *adx.* Que ten dirixido o occipicio cara a un dos lados da pelve materna, aplicado á posición da cabeza fetal na presentación de vértice.

occipitomastoide *adx.* Relativo ó occipital e á apófise mastoide.

occipitoparietal *adx.* Relativo ós ósos ou ós lobos occipital e parietal.

occipitoposterior *adx.* Que ten dirixido o occipicio cara ó sacro materno, aplicado á posición da cabeza fetal.

occipitosacra *adx.* Que ten o occipicio dirixido cara ó sacro materno, aplicado á posición da cabeza fetal na presentación de vértice.

occipitotemporal *adx.* Relativo ós ósos ou ós lobos occipital e temporal.

occisión *s.f.* Morte violenta.

ocena *s.f.* Rinite atrófica con carapolas e con cheiro fedorento.

Ochsner, anel de V. anel.

oclese *s.f.* Enfermidade debida á aglomeración.

oclofobia *s.f.* Temor patolóxico ás multitudes.

oclusal ou **oclusional** *adx.* Relativo á superficie de mastigación dos molares e premolares.

oclusión *s.f.* 1. Obliteración, obstrucción, pechamento. 2. Contacto dos dentes dos dous maxilares cando se pecha a boca. 3. Propiedade que teñen certos corpos porosos de absorber e reter gran cantidade de gases. // **O. coronaria** Obstrucción dos vasos sanguíneos coronarios. Tamén se di **trombose coronaria.** / **O. intestinal** Situación na que non pasan feces nin gas nun punto do intestino. Tamén se di **íleo.**

oclusivo-a *adx.* Do que realiza un pechamento completo, como por exemplo unha vendaxe que impide a entrada de aire, ou un pesario que pecha completamente o orificio do útero.

oco *s.m.* Depresión, fosa, concavidade dunha rexión. // **O. axilar** Axila. / **O. da man** Cara anterior da man. / **O. epigástrico** Epigastrio. / **O. poplíteo** Rexión poplíteo.

ocrodermia *s.f.* Coloración pálida ou amarelada da pel.

ocronose *s.f.* Enfermidade metabólica familiar rara que cursa con pigmentación entre o gris e o negro das cartilaxes, tendóns e áreas cutáneas, acompañada de alcaptonuria. // **O. ocular** Manchas amareladas por acumulación de pigmento na esclerótica.

ocrópira *s.f.* Febre amarela.

octana *s.f.* Febre de curso intermitente na que aparece un pico febril cada oito días.

octano *s.m.* Hidrocarburo alifático presente no petróleo.

octovalente *adx.* Que ten oito valencias libres.

ocul- ou **oculo-** Prefixo do latín, ollo.

- ocular** *adx.* 1. Relativo ó ollo. // *s.m.* 2. No microscopio, lentes que se colocan cerca do ollo e que amplifican a imaxe.
- oculista** *s.* Médico especialista nas enfermidades dos ollos. Tamén se di **oftalmólogo**.
- oculística** *s.f.* Oftalmoloxía.
- oculocardiaco-a** *adx.* Relativo ó ollo e ó corazón. V. **reflexo**.
- oculocefaloxiro -a** *adx.* Relativo ó xiro dos ollos e da cabeza. V. **reflexo**.
- oculofacial** *adx.* Relativo ós ollos e á cara.
- oculometroscopio** *s.m.* Oftalmoscopio cun dispositivo que fai xirar automaticamente as lentes, que se emprega no exame retinoscópico.
- oculomicrose** *s.f.* Oftalmomicrose.
- oculomotor -a** *adx.* 1. Que fai referencia ós movementos do ollo. // *s.m.* 2. Nervio motor ocular común.
- oculomuscular** *adx.* Relativo ós músculos do ollo.
- oculonasal** *adx.* Relativo ó ollo e ó nariz.
- oculopalpebral** *adx.* Relativo ó ollo e ás pálpebras.
- oculopupilar** *adx.* Relativo ó ollo e á pupila.
- oculorreacción** *s.f.* Oftalmorreacción.
- oculóxiro -a** *adx.* Que fai xira-los ollos, aplicado ós nervios e músculos rotatorios do ollo.
- oculto-a** *adx.* Que é difícil de ver ou de sentir, aplicado especialmente ás hemorraxias microscópicas.
- oculus** *s.m.* (lat.) Ollo.
- OD** Abreviatura de ollo dereito.
- odaxismo** *s.m.* 1. Proído na enxiva que aparece antes da erupción dos dentes. 2. Mordedura da lingua que se produce nun ataque epiléptico.
- Oddi, esfínter de** V. **esfínter**.
- odeoloxía** *s.f.* Estudio científico do canto como actividade fisiolóxica.
- odeoponose** *s.f.* Cansazo da voz despois de cantar.
- odin-** ou **odino-** Prefixo do grego, dor.
- odinacuse** *s.f.* Audición dolorosa.
- odinagogo-a** *adx.* Que acelera as dores do parto.
- odinofaxia** *s.f.* Deglutición dolorosa.
- odinofobia** *s.f.* Temor patolóxico á dor. Tamén se di **algofobia**.
- odinólise** *s.f.* Alivio da dor.
- odinopoético-a** *adx.* Que produce ou que desencadea dor. Tamén se di **algóxeno**.
- odinuria** *s.f.* Micción dolorosa.
- odontagogo** *s.m.* Pinza que se emprega para a extracción dentaria.
- odontagra** *s.f.* Odontalxia
- odontalxia** *s.f.* Dor dos dentes.
- odontatrofia** *s.f.* Desenvolvemento imperfecto dos dentes.
- odontectomía** *s.f.* Escisión dun dente, incluído ou non no maxilar.
- odontemodia** *s.f.* Sensibilidade esaxerada dos dentes.
- odonterismo** *s.m.* Rinchamento dos dentes.
- odontíase** *s.f.* Dentición, ou calquera trastorno causado por ela.
- odontiatría** *s.f.* Odontoloxía.
- odóntico-a** *adx.* Dentario.
- odontinoide** *s.m.* 1. Odontoide. 2. Tumor formado por substancia dentaria.
- odontite** *s.f.* Inflamación do dente, en particular da polpa dentaria.
- odonto-** Prefixo do grego, dente.
- odontoblasto** *s.m.* Célula da polpa dentaria localizada na parede interna da dentina, a partir das cales se desenvolve a dentina. Tamén se di **fibroblasto**.
- odontoblastoma** *s.m.* Tumor formado por odontoblastos. Tamén se di **epúlido conxénita**.
- odontobotrio** *s.m.* Alvéolo dentario.
- odontobotrite** *s.f.* Inflamación dos alvéolos dentarios.
- odontocele** *s.f.* Quiste alveodental.
- odontoceramotecnia** *s.f.* Técnica empregada para facer dentes de porcelana.
- odontocia** *s.f.* Amolecemento dos dentes por descalcificación.
- odontocirurxía** *s.f.* Cirurxía dental.
- odontocisma** *s.m.* 1. Separación dos dentes. 2. Fisura dental.
- odontoclámide** *s.f.* Capucho de tecido xinxival sobre un dente en erupción.
- odontoclase** *s.f.* Rotura ou fractura dental.
- odontoclasto** *s.m.* Cada unha das células grandes e multinucleadas que reabsorben as raíces dos dentes de leite.
- odontodinia** *s.f.* Odontalxia.
- odontofobia** *s.f.* Temor patolóxico ós dentes, sobre todo ós de animais, e ás operacións dentarias.
- odontóglifo** *s.m.* Aparello que se emprega para rasca-los dentes.
- odontografía** *s.f.* 1. Descrición dental. 2. Radiografía dental.

- odontógrafo** *s.m.* Instrumento que rexistra a superficie do esmalte dentario.
- odontograma** *s.m.* Rexistro realizado polo odontógrafo.
- odontoide** *adx.* 1. Semellante a un dente. 2. Relativo á apófise odontoide.
- odontólito** *s.m.* Cálculo dentario formado pola concreción de sarrio dental.
- odontólogo-a** *s.* Persoa que practica a odontoloxía. Tamén se di **dentista**.
- odontoloxia** *s.f.* Irregularidade na posición dental.
- odontoloxía** *s.f.* Rama da medicina que se ocupa do estudio dos dentes, das súas enfermidades e do seu tratamento.
- odontoma** *s.m.* Tumor de estrutura semellante a un dente, que constitúe unha deformación no desenvolvemento dos tecidos odontoxénicos. // **O. adamantino** Odontoma que se desenvolve a partir do esmalte, ou formado principalmente por esmalte dentario. / **O. coronario** Exostose localizada na coroa dental. / **O. odontoplástico** Odontoma formado durante o desenvolvemento do dente. / **O. radicular** Exostose localizada na raíz dental.
- odontonecrose** *s.f.* Necrose ou carie masiva dun dente.
- odontoneuralxia** *s.f.* Neuralxia dentaria. Tamén se di **odontalxia**.
- odontonimia** *s.f.* Nomenclatura dental.
- odontonosoloxía** *s.f.* Patoloxía dentaria.
- odontoparalaxe** *s.f.* Alteración na aliñación dos dentes.
- odontopatía** *s.f.* Afección dentaria.
- odontoplastia** *s.f.* Ortodoncia.
- odontoplasto** *s.m.* Odontoblasto.
- odontoplerose** *s.f.* Acción de encher unha cavidade dentaria.
- odontoptose** *s.f.* Ptese ou caída dos dentes.
- odontorradiografía** *s.f.* Radiografía dental.
- odontorraxia** *s.f.* Hemorraxia que se produce trala extracción dental.
- odontortose** *s.f.* Ortodoncia dentaria.
- odontoscopia** *s.f.* Rexistro das impresións dos bordos dos dentes, empregado como método de identificación persoal.
- odontoscopio** *s.m.* Espello empregado para o exame dos dentes.
- odontose** *s.f.* 1. Dentición. 2. Odontoxenia.
- odontosquise** *s.f.* Odontocisma.
- odontostérese** *s.f.* Extracción dun ou máis dentes.
- odontoteca** *s.f.* Alvéolo dental.
- odontotecnia** *s.f.* Odontoloxía.
- odontoterapia** *s.f.* Tratamento das afeccións dentais. Tamén se di **odontiatría**.
- odontotomía** *s.f.* Sección dun dente, especialmente referido á incisión do conducto dentario.
- odontotripia** *s.f.* Perforación dental.
- odontotripse** *s.f.* Erosión ou desgaste dos dentes.
- odontoxénese** ou **odontoxenia** *s.f.* Proceso de formación e desenvolvemento dos dentes.
- odontóxeno-a** *adx.* 1. Que xera un dente. // *s.m.* 2. Substancia que se transforma en dentina.
- odor** *s.m.* (lat.) Suor.
- odorífero-a** *adx.* Que emite cheiro ou olor.
- odorimetría** *s.f.* Olfactometría.
- odoxénese** *s.f.* Neurocladismo.
- ofíase** *s.f.* Calvicie que adopta unha disposición en fitas serpeantes.
- oficina** *s.f.* Laboratorio de farmacia.
- oficinal** *adx.* Relativo ós medicamentos que se conservan preparados nas farmacias, segundo as regras da farmacopea, para a súa venda ou para a preparación doutros medicamentos.
- ofidiase** *s.f.* Ofidismo.
- ofidiofobia** *s.f.* Temor patolóxico ás serpes.
- ofidismo** *s.m.* Accidente ocasionado pola trabada dunha serpe.
- ofiotoxemia** *s.f.* Toxemia causada pola trabada dunha serpe. Tamén se di **ofidismo**.
- ofiotoxina** *s.f.* Unha das toxinas do veneno da cobra.
- ofrecedo** *s.m.* Promesa que se lle fai a Deus, á Virxe ou ós santos pola obtención dun favor.
- ofrión** *s.m.* Punto medio da liña supraorbitaria do cello.
- ofrite** *s.f.* Dermateite da rexión superciliar.
- oftalmacrose** *s.f.* Aumento do tamaño do globo ocular.
- oftalmagra** *s.f.* Dor aguda e súbita do ollo.
- oftalmalxia** *s.f.* Neuralxia ocular.
- oftalmatrofia** *s.f.* Atrofia do ollo.
- oftalmectomía** *s.f.* Extirpación cirúrxica do ollo.
- oftalmencéfalo** *s.m.* Conxunto do aparello nervioso visual formado pola retina, nervio óptico, quiasma, vías ópticas e centros visuais do cerebro.
- oftalmía** *s.f.* Proceso inflamatorio do ollo. // **O. blenorráxica** Inflamación aguda e purulenta da conxuntiva por contacto con pus da blenorraxia, que causa lesións na córnea e noutras membranas do ollo. / **O. ciliar** Blefarite. / **O. de Nivalis** Conxuntivite por reflexión da luz na neve. Tamén se di **cegueira das neves**. / **O. diftérica** Inflama-

- ción da conxuntiva con formación de pseudomembranas. / **O. do neonato** Forma de oftalmía blenorráxica dos nenos de peito, frecuentemente de orixe gonocócica, e que adoita causar cegueira infantil. / **O. gonorreica** Oftalmía blenorráxica. / **O. metastásica** Coroidite debida á presenza de émbolos sépticos. / **O. simpática** Forma de uveíte que se desenvolve nun ollo algún tempo despois de que o outro ollo sufrise unha uveíte por traumatismo grave. / **O. neuroparalítica** Queratite debida á lesión das ramas do quinto par ou do ganglio de Gasser. / **O. purulenta** Inflamación da conxuntiva con formación de pus. / **O. pustulosa** Tracoma. / **O. seca** Blefarite ciliar.
- oftalmiáco-a** *adx.* Relativo á oftalmía ou á persoa que a padece.
- oftalmiatra** *s.* Oculista, oftalmólogo.
- oftalmiatría** *s.f.* Tratamento das enfermidades dos ollos.
- oftalmite** *s.f.* Inflamación do globo ocular. Tamén se di **oftalmía, panoftalmía.**
- oftalmo-** Prefixo do grego, ollo.
- oftalmoblenorreia** *s.f.* Oftalmía purulenta ou blenorráxica.
- oftalmocace** *s.m.* Enfermidade ocular.
- oftalmocarcinoma** *s.m.* Carcinoma do globo ocular.
- oftalmocele** *s.f.* Exoftalmía.
- oftalmocentese** *s.f.* Punción cirúrxica do ollo.
- oftalmocopia** *s.f.* Astenopía.
- oftalmodesmite** *s.f.* Inflamación tendinosa ocular, conxuntivite.
- oftalmodiagnose** *s.f.* Diagnóstico que se realiza por medio da oftalmorreacción.
- oftalmodiastímetro** *s.m.* Instrumento oftalmolóxico utilizado para determina-la distancia á que se deben coloca-las lentes para que queden axustadas ós eixes oculares.
- oftalmodinamómetro** *s.m.* 1. Dinamómetro que se emprega para medi-lo poder de converxencia ocular. 2. Instrumento para medi-la presión da arteria oftálmica e da esclerótica.
- oftalmodinia** *s.f.* Dor ocular. Tamén se di **oftalmalxia.**
- oftalmodisfanoscopia** *s.m.* Diafanoscopia que se emprega para o exame do polo posterior do ollo por transmisión a través da esclera.
- oftalmodonese** *s.f.* Movemento tremendo dos ollos.
- oftalmofacómetro** *s.m.* Oftalmómetro que se emprega para medi-lo raio de curvatura do cristalino.
- oftalmofantoma** *s.m.* Ollo artificial que se emprega para o estudo do globo ocular e para prácticas de oftalmoscopia.
- oftalmofasmatoscopia** *s.f.* Estudio oftalmoscópico e espectroscópico do interior do ollo.
- oftalmofima** *s.m.* Tumefacción do globo ocular.
- oftalmoflebotomía** *s.f.* Flebotomía realizada nas veas conxuntivais.
- oftalmofundoscopia** *s.f.* Estudo do fondo do ollo.
- oftalmofundoscopia** *s.m.* Oftalmoscopia.
- oftalmografía** *s.f.* 1. Descrición ocular. 2. Rexistro fotográfico dos movementos oculares durante a lectura, mediante un aparello especial.
- oftalmoiconómetro** *s.m.* Aparello empregado para medi-las imaxes da retina.
- oftalmoleucoscopia** *s.m.* Instrumento que se emprega para estudia-la percepción cromática por medio da luz polarizada.
- oftalmólito** *s.m.* Cálculo nas vías lacrimais.
- oftalmólogo-a** *s.* Experto en oftalmoloxía. Tamén se di **oculista.**
- oftalmoloxía** *s.f.* Rama da medicina que estudia o ollo e as súas enfermidades.
- oftalmomalacia** *s.f.* Amolecemento do ollo cunha diminución da tensión ocular. Tamén se di **tise esencial do ollo** ou **oftalmotise.**
- oftalmomelanose** *s.f.* Pigmentación anormal do ollo, ou formación de melanomas nos ollos.
- oftalmometría** *s.f.* Medición do poder refrinxente e da agudeza visual dos ollos.
- oftalmómetro** *s.m.* 1. Instrumento que mide o grao de refracción do ollo e os trastornos por este defecto, empregando a medición do tamaño das imaxes reflectidas na córnea e no cristalino. 2. Instrumento que mide a capacidade das cámaras do ollo.
- oftalmometroscoopia** *s.m.* Combinación de oftalmoscopia e oftalmómetro.
- oftalmomicose** *s.f.* Micoses dos ollos.
- oftalmomiosite** *s.f.* Inflamación dos músculos oculares.
- oftalmomiotomía** *s.f.* Sección cirúrxica dos músculos oculares.
- oftalmomonco** *s.m.* Tumor ocular.
- oftalmoneurite** *s.f.* Neurite óptica.
- oftalmoneurólogo-a** *s.* Oftalmólogo especializado en oftalmoneuroloxía.
- oftalmoneuroloxía** *s.f.* Parte da oftalmoloxía que se ocupa de todo o relacionado co sistema nervioso ocular.
- oftalmoneuropatía** *s.f.* Afección do nervio óptico.
- oftalmonosoloxía** *s.f.* Patoloxía ocular.
- oftalmopatía** *s.f.* Enfermidade ou afección do ollo. // **O. externa** Oftalmopatía que afecta ós músculos extrínsecos do ollo, pálpebras, córnea ou conxuntiva. / **O. interna** Calquera afección das partes internas ou profundas do ollo.

oftalmopiorrea *s.f.* Oftalmía purulenta.

oftalmoplastia *s.f.* Cirurxía plástica do ollo ou dos seus anexos.

oftalmopleuroplexía *s.f.* Parálise dos movementos conxugados laterais do ollo.

oftalmoplexía *s.f.* Parálise dos músculos do ollo. // **O. basilar** Parálise debida a unha lesión dos nervios oculares na base do cráneo. / **O. de Parinaud** Parálise do recto externo dun ollo, acompañada dun espasmo do recto interno do outro. / **O. de Sauvigney** Parálise do recto interno dun ollo acompañada dun espasmo do recto externo do outro. / **O. dobre** ou **total** Oftalmoplexía que afecta á musculatura extrínseca e intrínseca dos ollos. / **O. externa** Parálise dos músculos extrínsecos do ollo, que afecta ós movementos do globo ocular. / **O. interna** Parálise da musculatura intrínseca do ollo (iris e músculo ciliar). / **O. fascicular** Oftalmoplexía debida a unha lesión na ponte de Varolio. / **O. de Graefe** Parálise progresiva dos músculos extrínsecos do ollo. / **O. nuclear** Oftalmoplexía por unha lesión dos núcleos dos nervios motores do ollo.

oftalmoopia *s.f.* Astenopía.

oftalmoptose *s.f.* Exoftalmía.

oftalmoraxia *s.f.* Hemorragia polo ollo.

oftalmorea *s.f.* Exsudamento de sangue polo ollo.

oftalmoreacción *s.f.* Reacción conxuntival con avermellamento consecutivo á instilación de toxinas (tifoide, tuberculínica, etc.). Tamén se di **reacción oftálmica**.

oftalmorexe *s.f.* Rotura do globo ocular.

oftalmoscopia *s.f.* Exame do fondo do ollo co oftalmoscopio, con fin diagnóstico (oftalmoscopia médica) ou para medi-lo grao de refracción dos medios oculares (oftalmoscopia métrica). // **O. directa** Observación da imaxe especular directa, para a cal o ollo do explorador e o oftalmoscopio están xunto ó ollo do paciente. / **O. indirecta** Oftalmoscopia na que o ollo do explorador e o oftalmoscopio están a uns 40 cm do ollo do paciente, con interposición dunha lente biconvexa dunhas 20 dioptrías a uns 5 cm do ollo observado, co que se obtén unha imaxe invertida e ampliada do fondo do ollo.

oftalmoscopio *s.m.* Instrumento que consiste nun espello plano ou cóncavo con buratos no centro e conectado a un mango, que se emprega para explora-lo fondo do ollo. // **O. binocular** Oftalmoscopio que posúe dúas pezas a través das cales o observador pode emprega-los dous ollos para realiza-lo exame estereoscópico do interior do ollo. / **O. de Loring** Oftalmoscopio de espello movable, cun disco de lentes completas. / **O. de refracción** O que ten unha serie de lentes graduadas regularmente para a medida dos diversos graos de refracción ocular. / **O. eléctrico** Oftalmoscopio que consta dunha lámpada que emite unha luz a través dunha lente condensadora convexa cun prisma reflector que proxecta a luz dentro do ollo.

oftalmospasmo *s.m.* Espasmo ocular.

oftalmóstato *s.m.* Instrumento que suxeita o globo ocular durante as intervencións cirúrxicas. Tamén se di **blefaróstato**.

oftalmostatómetro *s.m.* Instrumento que determina a posición e grao de protrusión do globo ocular.

oftalmostérese *s.f.* Perda ou ausencia dun ou dos dous ollos.

oftalmotise *s.f.* Oftalmomalacia.

oftalmotomía *s.f.* 1. Incisión cirúrxica no ollo. 2. Diseción do ollo.

oftalmótono *s.m.* Tensión ocular medida co tonómetro.

oftalmotonometría *s.f.* Medición da presión intraocular mediante o oftalmotonómetro.

oftalmotonómetro *s.m.* Tonómetro.

oftalmotoxina *s.f.* Toxina que actúa sobre o ollo.

oftalmótropo *s.m.* Instrumento que se emprega para demostra-la acción e a influencia de cada un dos músculos oculares.

oftalmotropometría *s.f.* 1. Medición dos movementos dos ollos. 2. Medición do estrabismo.

oftalmoxerose *s.f.* Xeroftalmía.

oftalmoxise *s.f.* Escarificación da conxuntiva.

oftalmoxistro *s.m.* Instrumento que se emprega para a escarificación da conxuntiva.

ofuscamento *s.m.* 1. Trastorno mental que impide pensar con rapidez. 2. Privación da visión por un exceso de luz ou de brillo moi intenso.

Ogino, método de V. método.

ohm *s.m.* Unidade de resistencia eléctrica que se define como a resistencia que lle opón ó paso da corrente unha columna de mercurio de 1 mm² de sección e 106,3 cm de lonxitude.

oicofobia *s.f.* Temor patolóxico a todo o relacionado coa casa e as actividades domésticas.

oicología *s.f.* Ecoloxía.

oicomanía *s.f.* Ecomanía.

oidiomucose *s.f.* Mucose debida a fungos do xénero *Cándida*. Tamén se di **candidiase**.

oído *s.m.* Órgano par da audición e do equilibrio situado na rexión lateral da cabeza. // **O. externo** Porción externa do aparello auditivo formada pola orella e o conducto auditivo externo, que chega ata o oído medio, do que o separa a membrana timpánica. / **O. interno** Porción que constitúe o elemento esencial do aparello auditivo e do equilibrio. Está formado por un grupo de cavidades escavadas no grosor do rochedo do temporal, e que en conxunto reciben o nome de labirinto. O labirinto comprende o vestíbulo, espazo polo que comunican os conductos semicirculares co caracol ou cóclea, que forma

o labirinto óseo, dentro do cal está o labirinto membranoso, rodeado por perilinfa e que contén a endolinfa. A cavidade do caracol está dividida por un tabique en dous conductos ou ramplas espirais: a rampla vestibular, que comunica co vestíbulo, e a rampla timpánica, que comunica co oído medio. A primeira está dividida pola membrana de Reissner en dúas partes: superior e inferior ou conducto coclear, que contén o órgano de Corti. Este órgano recibe as vibracións procedentes do oído medio e transfórmaas en impulsos nerviosos, que logo son interpretados polas neuronas cerebrais como sons específicos. / **O. medio** Está formado pola caixa timpánica, que contén o aparello transmisor do son e o órgano de acomodación. É una cavidade situada na base do cráneo, que comunica coas fosas nasais a través da trompa de Eustaquio, co vestíbulo a través da ventá oval, co caracol a través da ventá redonda e coas celas mastoides. Contén os osíños do oído: martelo, bigornia, lenticular e estribo.

oinomanía *s.f.* Enomanía.

oitavo par V. nervio auditivo.

oleandomicina *s.f.* Antibiótico macrólido illado de cultivos de *Streptomyces antibioticus*, bacteriostático. A súa estrutura e acción son semellantes ós da eritromicina.

olease *s.f.* Enzima do aceite de oliva que produce o rancio e o cambio de cor do aceite.

oleato *s.m.* 1. Sal do ácido oleico. 2. Disolución dun medicamento ou substancia en ácido oleico.

oleaxinoso-a *adx.* Aceitoso, oleoso.

olecranartrite *s.f.* Inflamación da articulación do cóbado.

olecranartrocace *s.m.* Tuberculose do cóbado.

olécrano *s.m.* Apófise ósea do extremo superior do cúbito.

oleico (ácido) *s.m.* Ácido graxo insaturado que abunda en forma de triglicéridos nos aceites e nas graxas vexetais e animais. É insoluble en auga e soluble en alcohol e éter.

olenite *s.f.* Inflamación do cóbado.

oleo- Prefixo do grego, aceite.

oleoartrose *s.f.* Inxección de aceite nunha articulación con fins terapéuticos.

oleobalsámico-a *adx.* Que está composto dun aceite balsámico.

oleocalcario-a *adx.* Que está composto de aceite e auga de cal.

oleoclisma *s.m.* Enema de aceite.

oleólico *s.m.* Preparación farmacolóxica que ten por excipiente o aceite.

oleoma *s.m.* Parafinoma.

oleomargarina *s.f.* Manteiga artificial obtida de graxas vexetais ou animais, formada por trideína, palmitina e estearina.

oleomienquise *s.f.* Eleomienquise.

oleorresina *s.f.* Combinación dunha resina e unha esencia, que se localiza nas plantas, como por exemplo o bálsamo do Perú ou a trementina.

oleoso-a *adx.* Que ten o aspecto ou a consistencia do aceite.

oleoterapia *s.f.* Tratamento que se leva a cabo con aceites, especialmente en inxeccións.

oleovitamina *s.f.* Solución oleosa que contén vitaminas liposolubles, especialmente A e D.

oleum *s.m.* (lat.) Aceite, esencia.

olfaccia *s.f.* Unidade de olfacción, definida como o estímulo normal liminal para un olor determinado, percibido por un gran número de persoas normais e expresado en gramos por litro dunha solución olorosa.

olfacción *s.f.* Acción de ulir.

olfacto *s.m.* Sentido co que se perciben os olores.

olfactoloxía *s.f.* Estudo da olfacción.

olfactometría *s.f.* Medición cuantitativa da capacidade olfactiva.

olfactómetro *s.m.* Instrumento que serve para determinar a sensibilidade do olfacto.

olfactorio *adx.* 1. Relativo ou pertencente ó olfacto. // *s.m.* 2. V. **nervio**.

oligo- Prefixo do grego, pouco, escaso.

oligoamnios *s.m.* Oligohidramnios.

oligoblasto *s.m.* Oligodendrocito primitivo.

oligocardia *s.f.* Bradicardia.

oligocitemia ou **oligocitose** *s.f.* Diminución do número de elementos celulares no sangue.

oligocolia *s.f.* Escasa secreción biliar.

oligocopria *s.f.* Retraemento.

oligocromemia *s.f.* Deficiencia de hemoglobina no sangue.

oligodacria *s.f.* Secreción deficiente do lacrimal.

oligodactilia *s.f.* Anomalía conxénita caracterizada pola ausencia dun ou máis dedos.

oligodendria *s.f.* Oligodendroglía.

oligodendroblastoma *s.m.* Tumor formado por células novas de oligodendroglía.

oligodendrocito *s.m.* Célula de oligodendroglía.

oligodendroglía *s.f.* Neuroglía ou tecido de sostén das células e fibras nerviosas.

oligodendrogloma *s.m.* Tumor da oligodendroglía.

- oligodinámico-a** *adx.* Que é activo en cantidades pequenas.
- oligodipsia** *s.f.* Diminución acentuada da sensación de sede.
- oligoelemento** *s.m.* Elemento químico necesario para o desenvolvemento e funcionamento normal do organismo, pero do que só se precisan cantidades ínfimas.
- oligoeritrocitemia** *s.f.* Escaseza de glóbulos vermellos no sangue.
- oligofosfaturia** *s.f.* Deficiencia na eliminación de fosfatos pola urina.
- oligofrenia** *s.f.* Deficiencia ou atraso no desenvolvemento intelectual, conxénito ou de comezo precoz. Inclúe tódolos graos de atraso mental. // **O. fenilpirúvica** Trastorno hereditario do metabolismo da fenilalanina, autosómico recesivo, debido á ausencia do enzima fanilalanina-hidroxilase, que cataliza a transformación de fenilalanina en tirosina. Caracterízase pola eliminación de ácido fenilpirúvico pola urina e ocasiona trastornos neurolóxicos graves. Tamén se di **fenilcetonuria**.
- oligogalactia** ou **oligogalia** *s.f.* Deficiente secreción de leite.
- oligoglobulia** *s.f.* Oligocitemia.
- oligohemia** *s.f.* Deficiencia na cantidade total de sangue. Tamén se di **anemia**.
- oligohidramnios** *s.m.* Insuficiencia, por debaixo de 500 ml, de líquido amniótico no embarazo.
- oligohidria** *s.f.* 1. Escaseza de líquidos no corpo. 2. Pouca secreción de suor.
- oligohidruria** *s.f.* Concentración anormalmente elevada da urina, por insuficiencia de auga.
- oligolecito** *s.m.* 1. Ovo con escasa xema. 2. Mielocito.
- oligoleucocitose** *s.f.* Leucopenia.
- oligomanía** *s.f.* Manía a un escaso número de ideas. Tamén se di **monomanía**.
- oligomeganefronia** *s.f.* Hipoplasia renal que acaba producindo hialinización e destrución renal e que se caracteriza por diminución do número de nefróns con aumento de tamaño do glomérulo renal. Localízase a nivel da rexión xustaglomerular e do túbulo proximal.
- oligomelia** *s.f.* Trastorno conxénito caracterizado por unha delgadeza extrema ou pola ausencia conxénita dalgún membro.
- oligomenorrea** *s.f.* Diminución da frecuencia da menstruación ou menstruación escasa.
- oligometálico-a** *adx.* Que contén pouca cantidade de metais.
- oligomorfo-a** *adx.* Escaso en formas ou en etapas do desenvolvemento.
- oligopepsia** *s.f.* Dixestión deficiente.
- oligoplasmia** *s.f.* Escaseza de plasma no sangue.
- oligopnea** *s.f.* Respiración superficial e de frecuencia lenta.
- oligoposia** *s.f.* Escasa inxestión de líquido.
- oligopsiquia** *s.f.* Oligofrenia.
- oligoquilia** *s.f.* Deficiente produción de quilo.
- oligoquimia** *s.f.* Deficiente produción de quimo.
- oligoquístico-a** *adx.* Que ten poucos quistes.
- oligoria** *s.f.* Forma de melancolía que se caracteriza por indiferencia ou aversión anormal cara ás persoas.
- oligosacáridos** *s.m.pl.* Glúcidos resultantes da unión glicosídica de dous ou máis monosacáridos en número pequeno (disacáridos, trisacáridos, etc.), a diferenza dos polisacáridos.
- oligosialia** *s.f.* Diminución patolóxica da produción de saliva.
- oligosideremia** *s.f.* Diminución do ferro no sangue.
- oligospermatismo** *s.m.* ou **oligospermia** *s.f.* Oligozoospermia.
- oligotricose** ou **oligotriquia** *s.f.* Escaso desenvolvemento do sistema piloso.
- oligotrofia** *s.f.* Nutrición insuficiente.
- oligoxénese** ou **oligoxenia** *s.f.* Limitación da reprodución.
- oligozoospermia** *s.f.* Escaso número de espermatozoides no seme.
- oliguria** *s.f.* Diminución da cantidade normal de urina producida polo organismo. // **O. fisiolóxica** Oliguria producida pola inxestión insuficiente de líquidos. / **O. ortostática** A causada pola posición de pé.
- olímpico-a** *adx.* Que ten o óso frontal avultado, obsérvase no cranio raquíutico e na sífilis hereditaria.
- oliva** *s.f.* 1. Forma anatómica que ten forma ovoidal ou parecida á do froito da oliveira. 2. Núcleo dentado do cerebelo. // **O. bulbar** Formación que se atopa a ámbolos dous lados do bulbo raquídeo, relacionada cos sistemas sensitivos ou coas fibras motoras. / **O. superior** ou **protuberancial** Núcleo dorsal do corpo trapezoide.
- olixergasia** *s.f.* Trastorno psíquico producido polo escaso desenvolvemento mental.
- ollal** *s.m.* 1. Pequena incisión cirúrxica nunha cavidade ou órgano. 2. Cavidade natural ou accidental, de pequeno tamaño.
- olleira** *s.f.* 1. Mancha algo denegrida na pálpebra inferior. 2. Vaso pequeno adaptado á forma do ollo, que se emprega para o baño da conxuntiva.
- ollo** *s.m.* Órgano da vista, formado polo globo ocular e os seus anexos. O globo ocular é unha estrutura case esférica, contida na cavidade ósea da órbita. Entre el e a parede ósea da órbita hai graxa, tecido conectivo,

músculos e glándulas lacrimais. Está suspenso por ligamentos, de xeito que os músculos voluntarios da órbita pódono mover, xirando cara a arriba, a abaixo ou ós lados. Está formado por tres capas: esclerótica (que inclúe a córnea), corioide e retina, e no seu interior contén os medios de refrinencia: humor acuoso, cristalino e humor vítreo. Na unión da esclerótica coa córnea está fixo o iris, que é unha membrana circular cun orificio no centro, a pupila, que divide o globo ocular en dúas partes: cámara anterior, que contén o humor acuoso, e cámara posterior, que contén o humor vítreo. // **O. artificial** Elemento de cristal, de plástico ou doutro material, que semella a parte visible do globo ocular, e que se adapta á cavidade orbitaria con fins estéticos. / **O. de boi** Hidroftalmos. / **O. clínico** ou **médico** Expresión que se aplica á aptitude dos médicos que realizan rapidamente un diagnóstico acertado.

olofonía *s.f.* Voz anormal causada por un defecto dos órganos de fonación.

olor *s.m.* Impresión que se percibe mediante o sentido do olfacto, procedente dun corpo oloroso.

oloroso-a *adx.* Que exhala olor ou fragancia.

-oma Sufixo do grego, tumor ou tumefacción.

omacéfalo *s.m.* Omocéfalo.

omagra *s.f.* Artrite gotosa que lle afecta ó ombro.

omalxia *s.f.* Dor no ombro.

omartria *s.f.* Osteopatía deformante da articulación do ombro.

omartrite *s.f.* Artrite do ombro.

omartrocace *s.m.* Artrite tuberculosa do ombro.

ombreiro *s.m.* Ombro.

ombro *s.m.* Rexión do corpo comprendida entre o pescozo e a articulación escapulo-umeral, tamén incluída. Tamén se di **ombreiro**.

ombrofobia *s.f.* Temor patolóxico á chuvia.

ombróforo *s.m.* Instrumento que se emprega para aplicar duchas de auga con anhídrido carbónico.

omega *s.f.* Última letra do alfabeto grego. // **O. melancólica** Engurra que se forma entre as cellas, considerada signo de melancolía, e que ten forma semellante á letra omega.

omeire *s.f.* Bebida feita con leite fermentado que se fai en África do Sur.

omental *adx.* Epiploico.

omentectomía *s.f.* Extirpación total ou parcial do epíploon maior.

omentite *s.f.* Inflamación do epíploon.

omento *s.m.* Epíploon.

omentofixación *s.f.* Omentopexia.

omentopexia *s.f.* Fixación cirúrxica do epíploon á parede abdominal ou sobre un órgano, co fin de protexer unha área débil ou desprotexida do peritонеo.

omentoplastia *s.f.* Utilización de enxertos epiploicos.

omentorrafia *s.f.* Sutura do epíploon.

omentotomía *s.f.* Incisión no epíploon.

omfalomonodídimo *s.m.* Monstro fetal dobre cun só abdome. Tamén se di **gastrodídimo**.

omite *s.f.* Inflamación do ombro. Tamén se di **omartrite**.

omnívoro-a *adx.* Que se nutre con toda clase de alimentos.

omo- Prefixo do grego, ombro.

omocace *s.m.* Omartrocace.

omocéfalo *s.m.* Feto coa cabeza incompleta e sen brazos.

omoclavicular *adx.* Relativo ó ombro e á clavícula.

omocolito *s.m.* Cavidade glenoide da omoplata.

omodinia *s.f.* Dor no ombro, omalxia.

omofaxia *s.f.* Hábito de inxerir comida crúa.

omohioide *s.m.* V. **músculo**.

omoplata *s.m.* V. **escápula**.

omosterno *s.m.* Cartilaxe interarticular da articulación do esterno coa clavícula.

omotocia *s.f.* Parto prematuro.

omotraqueliano-a *adx.* 1. Relativo á escápula e ás apófises cervicais transversas. 2. Músculo angular da escápula.

omphalus *s.m.* (lat.) Embigo.

OMS Siglas da Organización Mundial da Saúde.

onanismo *s.m.* 1. Masturbación. 2. Práctica do *coitus interruptus*, xeralmente con fins anticonceptivos.

Onchocerca Xénero de vermes filáridos parasitos do home e dos mamíferos. Comprende a especie *O. gibsoni*, que infesta o tecido subcutáneo do gando, causándolle tumefaccións nodulares, e a *O. volvulus*, moi frecuente en África, que causa lesións oculares e tumores de natureza fibrosa a nivel subcutáneo. Tamén se di **oncocerca**.

onco- Prefixo do grego, tumor, masa tumoral.

Oncocerca V. **Onchocerca**.

oncocercose ou **oncocercíase** *s.f.* Enfermidade parasitaria causada por vermes do xénero *Onchocerca*, e transmitida pola picadura de moscas, que se caracteriza por nódulos cutáneos, lesións prurixinosas na pel e lesións oculares.

oncocito *s.m.* Célula neoplásica.

oncografía *s.f.* Descrición dos procesos tumorais.

oncoide *adx.* Que ten forma de tumor.

oncólise *s.f.* Destrución de células tumorais.

oncólogo-a *s.* Médico especialista en oncoloxía.

oncoloxía *s.f.* Rama da medicina que se ocupa do estudo e tratamento dos tumores.

oncolóxico-a *adx.* Pertencente ou relativo á oncoloxía.

oncoma *s.m.* Tumor.

oncometría *s.f.* Medición dos cambios de tamaño das vísceras empregando un onómetro.

onómetro *s.m.* Especie de pletismógrafo utilizado para realiza-la oncometría.

Oncornavirus Xénero de virus RNA da familia *Retroviridae*, algúns dos cales inducen a transformación tumoral maligna das células que os levan. Son responsables de leucemias e sarcomas en mamíferos e aves, pero non se coñece ningún caso que lle afecte ó home.

oncose *s.f.* Afección caracterizada polo desenvolvemento de tumores.

oncósfera *s.f.* Larva de tenia que posúe ganchos, e que se atopa ás veces nas feces.

oncótico-a *adx.* 1. Neoplásico. 2. Relativo á forza de atracción que algunhas proteínas do plasma sanguíneo exercen sobre a auga, gracias á cal estas proteínas aumentan de volume.

oncotomía *s.f.* Incisión nun tumor, tumefacción ou absceso.

oncotrópico-a *adx.* Que ten afinidade polas células neoplásicas.

oncóxénese ou **oncoxenía** *s.f.* Orixe e desenvolvemento dunha neoplasia.

onda *s.f.* 1. Oscilación periódica que se propaga dun punto a outro nun medio, caracterizada pola ausencia de desprazamento permanente. Por este proceso propáganse a luz, o son, a calor, etc. 2. Liña curva dun trazado gráfico. // **O.** **anacrótica** Anacrotismo. / **O.** **catacrótica** Catacrotismo. / **O.** **curta** Onda cunha lonxitude inferior a 60 metros. / **O.** **dicrótica** Onda ascendente pequena que se observa na liña descendente do esfigmograma. / **O.** **de Pardee** Onda T invertida no ECG (patrón de isquemia cardíaca). / **O.** **electromagnética** Onda que se produce polas variacións ondulatorias dun campo eléctrico e un campo magnético. Segundo sexa a lonxitude de onda poden ser raios X, raios gamma, raios cósmicos, luminosos, ultravioleta, etc. / **O.** **lonxitudinal** Onda na que as partículas se moven na mesma dirección na que se propaga a onda, como por exemplo as ondas sonoras. / **O.** **peristáltica** Progresión da contracción da musculatura do intestino ó longo da súa parede. / **O.** **pulsátil** Expansión seguida de contracción dunha arteria percibida polo dedo, debida á sístole cardíaca propagada a tódalas arterias. / **O.** **S** Onda negativa do complexo ventricular QRS que se observa no electrocardiograma.

ondina *s.f.* Recipiente de cristal empregado para as irrigacións oculares.

onómetro *s.m.* Instrumento que mide a frecuencia das oscilacións da corrente de alta frecuencia.

ondulación *s.f.* Movemento en forma de onda. // **O.** **epigástrica** Contraccións peristálticas da musculatura do estómago. / **O.** **xugular** Pulso venoso.

ondulante *adx.* Que ten fluctuacións periódicas, a modo de onda, especialmente a febre de Malta.

ondulatorio-a *adx.* Ondulante.

onirismo *s.m.* Onirismo.

onfalectomía *s.f.* Escisión do embigo que se efectúa nas hernias umbilicais.

onfalelcese *s.f.* Ulceración do embigo.

onfalite *s.f.* Inflamación do embigo.

onfalo- Prefixo do grego, embigo.

onfalocele *s.m.* Hernia umbilical.

onfaloflebite *s.f.* Inflamación das veas umbilicais. Tamén se di **flebite umbilical**.

onfaloma *s.m.* Tumor do embigo.

onfalomesentérico-a *adx.* Relativo ó embigo e ó mesenterio.

onfalonco *s.m.* Onfaloma.

onfalópago *s.m.* Monstro fetal dobre cun cordón umbilical común.

onfaloproptose ou **onfaloptose** *s.f.* Prolapso do cordón umbilical.

onfalorraxia *s.f.* Hemorragia a través do embigo.

onfalorreia *s.f.* Fluxo seroso ou purulento a través do embigo.

onfalorrexex *s.f.* Rotura do embigo ou do cordón umbilical.

onfalotaxe *s.f.* Redución manual dunha hernia umbilical.

onfalotomía *s.f.* Sección do cordón umbilical.

onfalotribo *s.m.* Instrumento con forma de pinza empregado para esmaga-lo cordón umbilical.

onfalotripsia *s.f.* Esmagamento do cordón umbilical por medio do onfalotribo, no canto de ligalo.

onicalxia *s.f.* Dor na uña.

onicatrofia *s.f.* Atrofia ungueal.

onicauxe *s.f.* Atrofia ungueal que se observa en traumatismos e en certas enfermidades como a psoríase, ou a acromegalia.

onico- Prefixo do grego, uña.

onicoclase *s.f.* Rotura das uñas.

onicocriptose *s.f.* Uña encarnada.

onicodinia *s.f.* Onicalxia.

onicofaxia *s.f.* Hábito de morder ou de roe-las uñas.

onicofima *s.f.* Engrosamento das uñas.

onicógrafo *s.m.* Instrumento empregado para observar e rexistra-lo pulso e a circulación capilar no leito ungueal.

onicograma *s.m.* Trazado realizado polo onicógrafo.

onicogripose *s.f.* Hipertrofia das uñas, que se encurvan adquirindo aspecto de ganchos.

onicoheterotopía *s.f.* Heterotopía ungueal.

onicoide *adx.* Parecido ou que lembra unha uña.

onicólise *s.f.* Proceso de desprendemento ungueal debido a alteracións tróficas.

onicoma *s.m.* Tumor da uña ou do leito ungueal.

onicomadese *s.f.* Perda completa da uña.

onicomalacía *s.f.* Amolecemento das uñas.

onicomicosose *s.f.* Afección fúnxica localizada nas uñas, causada polo *Epidermophyton floccosus*, *Trichophyton* e *Cándida albicans*. Caracterízase polo aspecto abrancazado das uñas, que se volven fráxiles e crebadizas.

oniconose *s.f.* Onicose.

onicopatía *s.f.* Calquera enfermidade das uñas.

onicoptose *s.f.* Caída das uñas.

onicorrexe *s.f.* Rotura ou fisura espontánea das uñas debida a unha fragilidade anormal destas.

onicorriza *s.f.* Raíz da uña.

onicose *s.f.* Calquera enfermidade que lles afecta ás uñas.

onicosquise *s.f.* 1. Exfoliación das uñas. 2. Despegamento da uña do seu leito.

onicotomía *s.f.* Incisión dunha uña.

onicotrofia *s.f.* Nutrición das uñas.

onicoxénese ou **onicoxenía** *s.f.* Formación e crecemento das uñas.

oniomanía *s.f.* Desexo patolóxico de facer compras, mesmo extravagantes.

oniquectomía *s.f.* Escisión parcial ou total da uña.

oniquia *s.f.* Inflamación da matriz ungueal con caída das uñas. // **O. periungueal** Paroniquia. / **O. parasitaria** Onicomicosose.

oniquite *s.f.* Inflamación da matriz ungueal.

onírico-a *adx.* Relacionado cos soños ou pertencente a eles.

onirismo *s.m.* Estado da conciencia que, polo seu contido alucinatorio, se parece ós soños.

onirodinia *s.f.* Pesadelo.

onirofonía *s.f.* Acción de falar durante os soños.

onirofrenia *s.f.* Forma de esquizofrenia que se caracteriza por alteracións tales como alucinacións, ilusión, estupor, confusión, etc.

oniroloxía *s.f.* Estudio dos soños.

oniroscofia *s.f.* Análise dos soños con fins diagnósticos.

onixe *s.f.* Oniquia.

onixite *s.f.* Oniquia, onixe.

onomatofobia *s.f.* Temor patolóxico a certos nomes.

onomatomanía *s.f.* Modalidade de obsesión caracterizada polo feito de que un nome ou unha palabra ocupa a mente do paciente. Unhas veces o enfermo está obsesionado polo temor de esquecer un vocábulo ou nome propio, outras a angustia está vinculada ó valor máxico ou funesto de certas figuras verbais, e noutros casos a obsesión toma carácter impulsivo, sentíndose o enfermo impulsado a pronunciar unha palabra da cal a grosería ou incongruencia resultan escandalosas.

onomatopoeise *s.f.* Formación de palabras sen significado, propia de certos trastornos mentais.

ontoxénese ou **ontoxenia** *s.f.* Desenvolvemento biolóxico do individuo desde a fecundación do ovo ata o estado adulto.

ontoxénico-a *adx.* Relativo ou pertencente á ontoxenia.

oo- Prefixo do grego, ovo ou óvulo.

ooblasto *s.m.* Célula a partir da cal se desenvolve o óvulo.

oocarion *s.m.* Pronúcleo feminino.

oocéfalo *s.m.* Trigonocéfalo.

oociese *s.f.* Embarazo ovárico.

oocinese *s.f.* Movementos cariocinéticos do óvulo.

oocineto *s.m.* Parasito do paludismo na fase posterior á formación do cigoto, cando toma a forma vermicular.

oocitase *s.f.* Enzima que ten efectos destrutivos sobre as células ováricas.

oocitina *s.f.* Substancia hipotética obtida dos espermatozoides, á que se lle atribúe o poder de fecundar.

oocito *s.m.* Célula sexual feminina, que trala división meiótica produce o óvulo.

oofaralxia *s.f.* Ovarialxia.

oofaxia *s.f.* Alimentación a base de ovos.

ooforauxa *s.f.* Hipertrofia ovárica.

ooforectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica dun ou dos dous ovarios. Tamén se di **ovariectomía**, **ootectomía**.

ooforite *s.f.* Ovarite.

ooforo- Prefixo do grego, ovario.

ooforocistose *s.f.* Formación dun quiste ovárico.

ooforohisterectomía *s.f.* Ovariectomía e histerectomía combinadas.

ooforoma *s.m.* Tumor do ovario.

ooforomalacia *s.f.* Amolecemento do ovario.

ooforopatía *s.f.* Ovariopatía.

ooforopeliopexia *s.f.* Fixación do ovario á parede pélvica.

ooforopexia *s.f.* Anexopexia.

oofororrafia *s.f.* Fixación mediante sutura dun ovario.

ooforosalpinctomía *s.f.* Salpinctomía e ovariectomía combinadas.

ooforosalpinxite *s.f.* Salpingoovarite.

ooforostomía *s.f.* Drenaxe cirúrxica dun quiste ovárico.

oogamia *s.f.* Conxugación de dous gametos distintos sexualmente.

oogonia *s.f.* Célula maioritaria do tecido ovárico que é fonte de oocitos.

olema *s.m.* Membrana limitante do ovo ou da zona pelúcida.

oólito *s.m.* Concreción calcaria nun ovo.

oomicetos *s.m.pl.* Fungos ficomicetos que posúen esporanxios de varios tipos con reprodución sexual mediante esporas biflaxeladas.

oomycetes *s.m.pl.* Oomicetos.

ooplasma *s.m.* Citoplasma do ovo. Tamén se di **vitelo**.

ooscopia *s.f.* Exame dos cambios que sofre o ovo fecundado.

oosfera *s.f.* Óvulo.

oospermo *s.m.* Óvulo fecundado.

oospora *s.f.* Espora de fungo que se desenvolve a partir dunha oosfera, por partenoxénese ou por fecundación.

Oospora Xénero de fungos imperfectos da familia *Moniliáceas*, que producen a enfermidade dos cítricos.

oosporose *s.f.* Afección causada por fungos do xénero *Oospora*.

ooteca *s.f.* Ovario.

ootecalxia *s.f.* Ovarialxia.

ootectomía *s.f.* Ovariectomía.

oótide *s.f.* Célula derivada das divisións sucesivas do oocito primario.

ooxénese ou **ooxenia** *s.f.* Orixe e desenvolvemento dos óvulos.

opacidade *s.f.* 1. Calidade de opaco. 2. Calquera zona opaca da córnea ou do cristalino. // **O. anular de Caspar** Opacidade que ten forma de anel, causada por unha contusión ocular sobre a córnea.

opacificación *s.f.* Desenvolvemento de opacidade.

opaco-a *adx.* Que non deixa pasa-las radiacións, sexan luminosas, raios X, ou outras.

opalescente *adx.* Que presenta diversas cores, coma o ópalo.

opalino-a *adx.* Que ten un aspecto abrancazado semellante ó ópalo.

opalisina *s.f.* Proteína opalescente, que se atopa no leite humano.

opeidoscopio *s.m.* Instrumento empregado para estudar as vibracións da voz humana mediante a luz reflectida nun espello.

operabilidade *s.f.* Calidade de operable.

operable *adx.* Que pode ser intervido cirurxicamente.

operación *s.f.* Procedemento terapéutico cirúrxico efectuado por medio de procedementos manuais ou con instrumentos, que poden ser cruentos ou incruentos, sobre o corpo do paciente, seguindo unha técnica regrada ou orientada por principios cirúrxicos. // **O. aberta** Operación na que o cirurxián traballa con visión directa do campo operatorio. / **O. cesárea** Extracción do feto e a placenta a través dunha incisión efectuada na parede uterina, que se realiza nos casos de imposibilidade ou perigosidade do parto por vías naturais. / **O. compensadora do estrabismo** Tenotomía dun músculo ocular extrínseco, antagonista directo do outro paralizado. / **O. de Abbe** 1. Resección intracranial das ramas II e III do trixémimo para o tratamento da neuralxia deste nervio. 2. Anastomose intestinal latero-lateral practicada con aneis de catgut. / **O. de Abrashnoff** Oclusión de fístulas abdominais mediante colgalllos pediculados. / **O. de Albee** 1. Operación que ten por obxecto a limitación ou abolición dos movementos da columna vertebral, e que se practica para o tratamento do mal de Pott e de certas escolioses. 2. Operación que se realiza para evita-la luxación recidivante da rótula. / **O. de Babcock** Extracción da vea safena interna varicosa mediante a introducción dunha sonda olivar dentro da súa luz. (V. **operación de Keller-Babcock**). / **O. de Bailey** Valvulotomía mitral realizada mediante a eliminación do valvulótomo da válvula estenosada. / **O. de Baldy** ou **de Baldy-Webster** Operación destinada a corrixi-la retroflexión e retrodesviación do útero, que consiste en pasa-los ligamentos redondos a través dunhas perforacións realizadas nos ligamentos anchos, e fixalos á cara posterior do útero. / **O. de Barraquer** Operación de cataratas mediante a extracción simultánea do cristalino e da súa cápsula. Tamén se di **facórese**. / **O. de Barwel** Sección das metáfises tibiais proximais e distais para a corrección do xenu valgo. / **O. de Battle** Apendicectomía mediante a incisión sobre o bordo externo da vaíña dos rectos. / **O. de Bayer** Elongación cirúrxica mediante incisión en Z, escorregamento dos cabos e tenorrafia. / **O. de Best** Sutura subcutánea do anel umbilical nas hernias umbilicais. / **O. de Bevan** Intervención para corrixi-la ectopía testicular, facendo baixar e fixando o testículo ó escroto. / **O. de Billroth I** Extirpación cirúrxica do píloro no tratamento do cancro gástrico, anastomosándose o extremo proximal do duodeno ó estómago. Tamén se di **operación de Péan-**

Billroth. / **O. de Billroth II** Extirpación cirúrxica do píloro e o duodeno. O extremo seccionado do estómago anastomósase co xexuno a través do mesocolon transverso. / **O. de Bircher** Sutura dunha parte das paredes anterior e posterior do estómago para reduci-la dilatación gástrica. / **O. de Bischoff** Exérese do útero gravídico por vía abdominal. / **O. de Bissell** Resección dunha parte dos ligamentos redondo e ancho para corrixi-la retroversión uterina. / **O. de Blalock** Comunicación interauricular creada cirurxicamente para reduci-la hipertensión do circuíto menor nos casos de estenoses pulmonares moi importantes. / **O. de Blalock-Taussig** Anastomose cirúrxica dunha rama da aorta coa arteria pulmonar, como tratamento da tetraloxía de Fallot e outras cardiopatías conxénitas. Realízase para aumenta-la aireación do sangue nos pulmóns mediante un incremento do volume sanguíneo pulmonar obtido gracias á achega de sangue aórtico desaturado ó pulmón. / **O. de Blaskovicz** Corrección da blefaroptose mediante a extirpación dun fragmento do músculo elevador da pálpebra e da cartilaxe tarsal. / **O. de Boehm** Tenotomía dun músculo ocular para elimina-lo estrabismo. / **O. de Bogue** Ligaduras das veas espermáticas como tratamento do varicocele. / **O. de Brauer** Cardiólise. / **O. de Brock-Brailey** Comisurotomía mitral practicada mediante toracotomía esquerda. / **O. de Brophy** Tratamento da fisura palatina ósea mediante raspado da fendedura seguido de osteosíntese. / **O. de Bunge** Amputación subperióstica. / **O. de Byrd** Tratamento da imperforación anal por colostomía e creación dun ano perineal. / **O. de Caldwell-Luc** Operación para o tratamento da sinusite maxilar por legrado mediante trepanación endobucal practicada a nivel da fosa canina. / **O. de Calot** Corrección forzosa da xibosidade vertebral mediante anestesia xeral. / **O. de Castroviejo** Transplante corneal que se realiza nas opacidades da córnea. / **O. de Celso** 1. Litotomía perineal. 2. Resección do epiteloma labial mediante unha incisión en forma de V. 3. Amputación circular. / **O. de Chiene** Resección dunha cuña do cóndilo interno do fémur para corrixi-lo *genu valgum*. / **O. de Chipault** Liberación cirúrxica dos nervios tibiais anterior e posterior nos casos de mal perforante plantar. / **O. de Chopart** Amputación mediotarsiana do pé na que conserva o calcáneo e o astrágal. Tamén se di **desarticulación de Chopart**. / **O. de Clark** Uretroplastia reconstructora. / **O. de Cloué** Legrado do seo maxilar que se realiza nas sinusites crónicas mediante trepanación endonasal a través do meato inferior. / **O. de Clove-Seat** Trepanación do seo maxilar por vía nasal. / **O. de Codivilla** Tracción continua que se fai mediante un cravo colocado por transfixión na extremidade distal do óso. / **O. de Colonna** Artroplastia reconstructora que se realiza na articulación coxo-femoral nos casos de fractura intracapsular do colo do fémur. / **O. de Condomine** Cura radical da hernia umbilical. / **O. de Cooley-Debakey** Esofagogastrectomía polar superior e esplenectomía, como tratamento das varicorraxias esofáxicas por hipertensión portal. / **O. de Cotting** Resección lateral do leito ungueal infectado e o bordo da uña que medra cara a dentro, que se fai nos

casos de uña encarnada. / **O. de Crafford e Gros** Resección da coartación aórtica seguida de anastomose terminoterminal dos cabos. / **O. de Crile e Matas** Anestesia local por infiltración intraneural. / **O. de Cripps** Colostomía ilíaca. / **O. de Cunéo-Sénèque** Corrección do prolapso rectal mediante acurtamento dos músculos esfinterianos e do elevador do ano. / **O. de Davies-Colley** Resección dunha porción en cuña do lado externo do óso cuboide, que se realiza no tratamento do pé equino. / **O. de De Quervain** Esofaguetomía cervical trala realización dunha gastrectomía. / **O. de Delorme** Decorticación pleural que se realiza no empiema crónico. Tamén se di **pleurectomía**. / **O. de Desault** Apertura da larinxe por sección media da cartilaxe tiroide. / **O. de Díez** Resección bilateral da cadea simpática lumbar por abordaxe anterior ou posterior, que se efectúa nos casos de arteriopatías obliterantes do membro inferior. / **O. de Dos Santos** Tromboendarterectomía. / **O. de Ducroquet-Launay** Operación cirúrxica para corrixi-lo pé plano valgo doloroso. / **O. de Duehrssen** Operación cesárea vaxinal. / **O. de Duval e Proust** Miorrafia dos elevadores do ano que se realiza nos casos de prolapso xenital ou rectal. / **O. de Duverger** 1. Plastia correctora do entropio. 2. Extracción da catarata, na cal se colocan os fíos de sutura antes de realiza-la sección corneal. / **O. de Einar-Keg** Embolectomía de urxencia con extracción do émbolo e do coágulo que o prolonga. / **O. de Elliot** Operación para o tratamento das enfermidades oculares hipertensivas, como o glaucoma e a hidrofalmía. / **O. de Estlander** Toracoplastia con resección subperióstica dunha ou varias costelas, para obte-lo colapso da parede torácica e a obliteración da cavidade pulmonar patolóxica, no tratamento do empiema crónico. / **O. de Estlander-Abbe** Queiloplastia autóxena que se efectúa para a reparación do labio deforme traumático ou conxénito, mediante un colgallo tomado do outro labio. / **O. de Eversbusch** Tratamento da ptose palpebral mediante o acurtamento do músculo elevador da pálpebra por simple sutura. / **O. de Finney** Técnica de piloroplastia que logra unha boa comunicación gastroduodenal, consistente en anastomosa-la primeira porción do duodeno ó extremo pilórico do estómago usando unha incisión en U. / **O. de Finochietto** Técnica de corrección da fimose na que despois de realiza-las incisións precisas para descubri-la glánde efectúase unha plastia prepucial complementaria. / **O. de Foerster-Penfield** Resección total de tecido cicatrizal e do foco cortical epileptíxeno na epilepsia traumática. / **O. de Fowler** Pleurectomía para conseguila expansión do parénquima pulmonar. / **O. de Frank** Sinfisotomía subcutánea. / **O. de Frédet-Rammstedt** Piloroplastia por sección seromuscular, respectando a mucosa, do anel muscular hipertrófico do lactante nas estenoses pilóricas conxénitas. Tamén se di **piloromiotomía**. / **O. de Friedrich** 1. Limpeza cirúrxica das feridas recentes. 2. Pleuropneumólise. / **O. de Fruchaud** Extirpación de adenopatías satélites no cancro vulvar. / **O. de Gerdy** Resección do bordo da pálpebra no entropio. / **O. de Gil Vernet** 1. Vía de acceso ó seo renal, que permite a extracción do cálculos sen lesión nin traumatismo do parén-

quima e das vías excretoras. 2. Transplante renal con aproveitamento das vías excretoras do receptor. / **O. de Gill** Tratamento do pé equino mediante interposición dunha cuña ósea para limita-la flexión plantar. / **O. de Glueck-Sorensen** Larinxectomía total que se efectúa nos tumores malignos de farinxe. / **O. de Goldthwait** Tratamento da luxación recidivante da rótula por transposición e sutura da metade externa do tendón rotuliano sobre o periósteo da superficie anterointerna da tibia. / **O. de Halsted** Tratamento radical do carcinoma mamario mediante extirpación ampla da mama e músculos pectorais, e legrado ganglionar axilar. / **O. de Hartman** Exérese radical dos cancros altos de recto por extirpación do colon sigmoide e parte proximal do recto mediante laparectomía abdominal, seguida de colostomía esquerda, deixando para unha segunda intervención a continuidade intestinal por coloproctostomía cabo a cabo. / **O. de Heineke** Amputación do recto mediante unha incisión en forma de T, no carcinoma rectal. / **O. de Heineke-Mikulicz** Píloroplastia efectuada en casos de úlceras duodenais, cunha incisión antropíloroduodenal en sentido lonxitudinal, seguida de sutura dos bordos en sentido transversal. / **O. de Heisrath** Extirpación dos pregamentos tarsais no tracoma. / **O. de Hufnagel** Valvuloplastia que se efectúa sobre a aorta nos casos de insuficiencia cardíaca. / **O. de Jansen** Tratamento da sinusite supurada por sección da parede inferior e parte da anterior do seo frontal, e raspado da mucosa. / **O. de Jelks** Operación destinada a corrixi-la estenose rectal mediante incisión no tecido fibroso perirrectal. / **O. de Joly** Técnica de histerectomía total que se emprega en certos casos de prolapso uterino. / **O. de Kappeler** Colecistoxunostomía realizada coa primeira asa do xexuno. / **O. de Kehr** Extirpación da vesícula biliar e do conducto cístico con drenaxe do conducto mediante un tubo en T. / **O. de Kehrer** Operación plástica para corrixi-la depresión da mamila, que consiste en crear unha cicatriz retráctil mediante a extirpación dun segmento cutáneo que a circunda. / **O. de Keller** Intervención que se efectúa para corrixi-lo *hallux valgus*, resecao da base da primeira falanxe do dedo gordo do pé. / **O. de Keller-Babcock** Tratamento cirúrxico das varices do membro inferior que consiste en extirpa-la vea safena interna desde o caxato ata o maléolo interno do pé, mediante cateterismo e arrincándoa cun fleboextractor. / **O. de Kirschner** 1. Tratamento dunha hemorraxia esplénica mediante sutura seguida de epipoplastia, hoxe substituída por esplenectomía. 2. Prostactectomía perineal mediante extirpación da uretra prostática seguida de anastomose do cabo uretral co do colo vesical. / **O. de Kocher** 1. Método para acceder á glándula tiroide para a tiroidectomía, mediante unha incisión media e dúas laterais prolongadas ata o ángulo maxilar inferior. 2. Variante da gastroduodenostomía de Billroth I, na que o estómago se anastomosa terminolateralmente co duodeno. 3. Resección da articulación tibiotarsiana a través dunha incisión submaleolar externa con sutura fonal dos tendóns seccionados. 4. Método de redución da luxación escapuloumeral. Tamén se di **manobra de Kocher**. 5. Coledoco-

tomía transduodenal para eliminar cálculos aloxados no tramo distal do colédoco. 6. Extirpación do recto con conservación do esfínter, mediante a vía occiperineal. / **O. de Kuhnt-Szymanowsky** Blefaroplastia realizada para o tratamento do ectropio senil, mediante a creación dun colgallo triangular na comisura palpebral externa. / **O. de Kunlin** Enxerto vascular paralelo, chamado *by-pass*, unido polos seus dous extremos á luz permeable da arteria estenosada, co obxecto de eludi-la estenose. Existen moitas variantes técnicas, co emprego de diversos tipos de enxertos (homoplásticos, autoplásticos e aloplásticos), pero actualmente prefírese a vea safena interna, a mamaria, etc. do propio enfermo. / **O. de Küntscher** Tratamento das fracturas óseas mediante encravamento intramedular. / **O. de Küster** Abertura do *aditus ad antrum* e do tímpano para a evacuación de pus na mastoidite supurada. / **O. de Lane** Colectomía. / **O. de Larget** Tratamento das varices mediante ligaduras graduadas transcutánas das veas comunicantes, previamente localizadas. / **O. de Laroyenne** Punción do fondo do saco de Douglas para realiza-la drenaxe das supuracións pélvicas. / **O. de Lawson-Tait** Laparotomía que se realiza no tratamento da aneixe. / **O. de Le Chuiton** Tenoaponeurectomía realizada como tratamento cirúrxico da enfermidade de Dupuytren. / **O. de Lecène** Sección do ligamento anular anterior do campo para a drenaxe das supuracións da inflamación das vaíñas sinoviais dixitocarpianas. / **O. de Lennander** Extirpación dos ganglios inguinais e pélvicos. / **O. de Lenormant-Wilmoth** Tratamento das fracturas do calcáneo mediante enxertos osteoperiósticos. / **O. de Leriche** Simpaticectomía periarterial. / **O. de Lesser** Técnica para a extirpación do ganglio de Gasser para o tratamento da neuralxia do trixémimo. / **O. de Lillehei** Corrección cirúrxica da insuficiencia mitral baixo circulación extracorpórea. / **O. de Lisfranc** Desarticulación tarsometatarsiana. / **O. de Lotheissen** Tratamento da hernia inguinal e crural mediante abordaxe crural, apoiando os puntos de herniorrafia no ligamento do Cooper. / **O. de Ludloff** Osteotomía oblicua do primeiro metatarsiano para corrixi-lo *hallux valgus*. / **O. de Lund** Astragalectomía que se realiza para corrixi-lo pé zambro. / **O. de Mackenrodt** Fixación vaxinal dos ligamentos redondos para corrixi-la retroversión uterina. / **O. de Malgaigne** Desarticulación subastragalina. / **O. de Matas** Endoaneurismorrafia con tres variantes técnicas: restauradora, obliterante e reparadora. / **O. de Mayo** 1. Técnica de gastrectomía que consiste na extirpación dunha porción da sección pilórica do estómago, seguida do pechamento do duodeno e a posterior formación dunha anastomose entre o estómago proximal e a primeira asa do xexuno. 2. Tratamento cirúrxico da hernia umbilical mediante resección da masa herniaria e sutura das aponeuroses abdominais dispostas en capas transversas. 3. Tratamento das varices superficiais mediante ligaduras subcutáneas. / **O. de McBurney** Tratamento da hernia inguinal mediante a ligadura do saco a nivel do anel inguinal profundo, seguida de invaxinación e sutura da pel e os elementos tendinoaponeuróticos subxacentes. / **O. de McDowell** Extirpación dun

quiste ovárico ou dun ovario por laparotomía. / **O. de McFae** Tratamento das fistulas e quistes sacrococáceos, mediante resección en bloque da pel ó plano aponeurótico. / **O. de McGill** Prostatectomía suprapúbica. / **O. de Mercier** Prostatectomía transuretral. / **O. de Michaelis** Episiotomía. / **O. de Mikulicz** 1. Tenotomía do esternocleidomastoideo que se realiza no nas dores musculares que impiden move-lo pescozo. 2. Tratamento do espasmo do cardia mediante unha gastrotomía anterior pola que se introduce no esfago un dilatador que se abre ata 6 cm. / **O. de Millin** Prostatectomía retropubiana. / **O. de Nélaton** 1. Desarticulación do ombro. 2. Rinoplastia de colgallos procedentes da meixela. 3. Desarticulación subastragalina. 4. Extirpación de pólipos por vía bucal. / **O. de Niessen** Técnica cirúrxica antirrefluxo para o tratamento da hernia de hiato, que consiste en facer unha pregadura no manguito da cúpula gástrica arredor do esfago abdominal. / **O. de Ogston** 1. Resección do cóndilo externo do fémur no *genu valgo*. 2. Resección dunha cuña do tarso nos casos de pé plano para restaura-la bóveda plantar. / **O. de Pagenstecher** Corrección da ptose palpebral facendo, por medio de bridas, que o músculo occipital actúe sobre a pálpebra. / **O. de Panas** 1. Inserción do músculo frontal na pálpebra superior, na blefaroptose. 2. Corrección da triquíase mediante a liberación da parte inferior da cartilaxe do tarso, xirando o bordo da pálpebra cara a diante, mediante unha sutura, para corrixi-la dirección das pestanas. / **O. de Pancoast** Sección da rama mandibular do nervio trixémimo a nivel do orificio oval. / **O. de Pérez Fontana** Tratamento cirúrxico do quiste hidatídico pulmonar xunto coa membrana periquística que o separa do parénquima pulmonar. / **O. de Phemister-Adams** Esofagectomía por vía transpleural. / **O. de Pillore** Ano artificial por implantación do cego á parede abdominal. / **O. de Politzer** 1. Creación cunha abertura artificial na membrana timpánica mediante unha incisión e electrocoagulación. 2. Sección do ligamento anterior do martelo no tratamento de certos casos de xordeira crónica. / **O. de Postempsky** Técnica que se emprega no tratamento cirúrxico da hernia inguinal, na que se deixa por fóra da aponeurose do oblicuo maior o cordón espermático, pechándose o conducto inguinal mediante unha sutura entre o arco crural e os músculos oblicuo maior, menor e transversos. / **O. de Potts** Anastomose laterolateral da aorta coa rama esquerda da arteria pulmonar, que se realiza para mellora-la oxixenación sanguínea na tetraloxía de Fallot. / **O. de Power** Extirpación dun leucoma corneal seguida de transplante de córnea. / **O. de Récamier** Legrado uterino. / **O. de Reed** Ligadura venosa que se realiza na varicocele tubárica. / **O. de Riedel** Coledocoduodenostomía. / **O. de Routier** Método cirúrxico que se emprega para o tratamento da contractura de Dupuytren. / **O. de Ruotte** Fixación da vea safena á cavidade peritoneal para drena-la ascite nos casos de cirrose hepática. / **O. de Sauter** Histerectomía vaginal que se fai respectando os ovarios e as trompas. / **O. de Schlatter** Gastrectomía total. / **O. de Segura** Vía de acceso á hipófise por vía transesfenoidal. / **O. de Siebold** Técnica de pubiotomía.

/ **O. de Sluder** 1. Resección da amígdala palatina xunto coa cápsula. 2. Legrado da mucosa do seo etmoidal por vía endonasal. / **O. de Snellen** Operación do ectropio mediante sutura. / **O. de Swan** Peche cirúrxico da comunicación interauricular. / **O. de Talma** Operación destinada a impedi-la acumulación de líquido na ascite, mediante anastomose entre a circulación portal e a sistémica, actualmente en desuso. / **O. de Toti** Dacriocistorri-nostomía. / **O. de Trendelenburg** 1. Técnica empregada na exérese das varices. 2. Ligadura da vea safena interna. 3. Embolectomía da arteria pulmonar. / **O. de Trèves** Tratamento cirúrxico dos abscesos vertebrais causados polo mal de Pott. / **O. de Ueber** Exérese do epidídimo. / **O. de Vidal** Ligaduras venosas do plexo pampiniforme, como tratamento da varicocele. / **O. de Vineberg** Implantación da arteria mamaria interna no miocardio, como tratamento paliativo da insuficiencia coronaria. / **O. de Watson-Jones** Tratamento do ectropio mediante unha incisión en V que se converte en Y coa sutura. / **O. de Whipple-Parsons-Mullins** Exérese dos tumores da ampola de Vater, con reconstrución da zona gastroduodenopancreática biliar. / **O. de Wiltberger** Tratamento da espondilolistese mediante a introducción dun cilindro óseo tomado do óso ilíaco nunha cavidade creada no espazo intervertebral correspondente. / **O. de Van Buren** Tratamento do prolapso rectal por electrocoagulación. / **O. exploratoria** Operación que se fai con fins diagnósticos. / **O. plástica** Intervención cirúrxica para restaura-lo aspecto externo dunha parte do corpo, a súa función ou recuperar partes perdidas. / **O. radical** Operación que se emprega para acadar unha curación definitiva.

operador-a s. Cirurxián.

operativo-a *adx.* 1. Que obra e fai efecto. 2. Operatorio.

operatorio-a *adx.* 1. Que se pode operar. 2. Relativo ou pertencente ás operacións cirúrxicas.

opérculo *s.m.* 1. Peza redondeada que pecha aberturas do corpo como unha tapadeira, especialmente a porción de cerebro que rodea a cisura de Silvio e cobre a insua de Reil, dividida en catro partes ou opérculos: orbitario, frontal, rolándico ou frontoparietal e temporal. Tamén se di **opérculo de Arnold, de Burdach, da insua**. 2. Tapón de moco que pecha o conducto cervical no embarazo. // **O. de Varolio** Válvula ileocecal.

operón *s.m.* Conxunto formado polo xene operador cos xenes estruturais que controla.

opiáceo-a *adx.* 1. Que contén opio. // *s.m.* 2. Preparación de opio.

opiata *s.f.* Preparación de opio e doutras substancias.

opilación *s.f.* 1. Obstrución. 2. Estado de amenorrea das mulleres novas. 3. Hidropísia.

opilativo-a *adx.* Que constrinxen os poros, obstructivo.

opio *s.m.* Substancia obtida do froito inmaturo da durmideira, *Papaver somniferum*, por incisión das cápsulas seminíferas. Contén máis de vinte alcaloides, entre eles

morfina, codeína, tebaína, papaverina, narceína, etc., moitos dos cales son narcóticos e outros convulsionantes. A súa acción é diferente segundo a dose: en pequenas doses é estimulante cardíaco e cerebral; en doses medias provoca sono e diminúe a actividade motora, secretora, etc.; en doses máis elevadas provoca fenómenos de intolerancia, náuseas, vómitos, alteracións cardíacas, trastornos da temperatura, estupor profundo, etc. Emprégase como tóxico (estupefaciente), en terapéutica (analgésico) e localmente como astringente e antidiarreico. Como narcótico emprégase no tratamento do insomnio, como relaxante muscular no tétano, eclampsia, asma, vómitos, etc. Tamén é frecuente o seu uso como antitusíxeno.

opiofaxia *s.f.* ou **opiofaxismo** *s.m.* Hábito de inxerir opio.

opiomanía *s.f.* Desexo irresistible de inxerir opio.

opiómano-a *adx.* Afectado pola opiomanía.

opistenar *s.m.* Dorso da man.

opistencéfalo *s.m.* Cerebelo.

opistio *s.m.* Punto craniométrico situado na beira posterior do orificio occipital.

opistiofalocrose *s.f.* Calvicie occipital.

opisto- Prefixo do grego, detrás.

opistocranio *s.m.* Occipicio.

opistofalocrose *s.f.* Alopecia do occipicio.

opistogástrico-a *adx.* Situado detrás do estómago, especialmente o tronco celíaco.

opistoglifo *s.m.* Serpe que ten os dentes venenosos na parte posterior da boca.

opistognacia *s.f.* Escaso desenvolvemento da mandíbula inferior debido a causas xenéticas, que dá lugar ó prognatismo. Tamén se di **endognacia**.

opistognatismo *s.m.* Opistognacia.

opistótico-a *adx.* Situado ou que ocorre detrás do oído.

opistótomo *s.m.* Forma de espasmo tetánico dos músculos da caluga e da parte posterior do tronco, que dá lugar a unha rixidez arqueada do corpo, que se apoia no occipicio e nos talóns.

opistotonoide *adx.* Semellante ó opistótomo.

opistoxenia *s.f.* Escaso desenvolvemento do maxilar inferior, debido a unha anquilose precoz da articulación temporomaxilar.

opium *s.m.* (lat.) Opio.

opiumismo *s.m.* Consecuencia patolóxica do abuso frecuente do opio.

opo- Prefixo do grego, zume.

opocéfalo *s.m.* Monstro fetal coas orellas fusionadas, sen nariz nin boca, e cos ollos moi próximos ou cun só ollo.

opodídimo *s.m.* Monstro con dúas caras e unha soa cabeza.

oponente *adx.* 1. Que se opón a outra parte. // *s.m.* 2. V. **músculo**.

oportunista *adx.* Que non é patóxico para o home en condicións normais, pero que se comporta ás veces como patóxico en persoas que teñen diminuídos os mecanismos de defensa, aplicado ós microorganismos saprófitos.

oposición *s.f.* Movemento dos dedos da man no que o polgar se opón ós outros dedos.

opositopolar *adx.* Que ten dous polos en lados opostos dunha célula.

opoterapia *s.f.* Tratamento das enfermidades por zumes ou extractos de órganos de animais. Tamén se di **organo-terapia**.

opresión *s.f.* Sensación de dispnea, peso ou molestia sobre o tórax.

opsialxia *s.f.* Neuralxia facial.

opsinóxeno-a *adx.* Opsíxeno.

opsiómetro *s.m.* Optómetro.

opcionose *s.f.* Enfermidade da visión.

opsiúria *s.f.* Síndrome caracterizada por un retardo na eliminación de auga nos riles despois das comidas, no canto da poliúria normal, que é síntoma de hipertensión portal.

opsíxeno-a *adx.* Que nace serodiamente, aplícase especialmente á moa do xuízo.

opsoclonía *s.f.* Mioclonía atáxica dos ollos.

opsomanía *s.f.* Desexo morboso de certos alimentos.

opsomenorrea *s.f.* Retardo da menstruación. Tamén se di **oligomenorrea**.

opsonificación *s.f.* Aumento artificial do índice opsónico, que provoca a combinación dun antíxeno coas opsoninas, para facilitala fagocitose.

opsonina *s.f.* Anticorpo presente de forma natural no sangue, que se pode combinar quimicamente con antíxenos, facéndoos susceptibles de seren fagocitados. // **O. específica** ou **innune** Anticorpo que ten capacidade opsonizante.

opsonofilia *s.f.* Afinidade polas opsoninas.

opsonoloxía *s.f.* Estudio das opsoninas e da súa acción.

opsonometría *s.f.* Medición da cantidade de opsoninas.

opsonoterapia *s.f.* Método terapéutico que emprega vacinas para potencia-la acción opsónica do sangue, empregado en pacientes portadores de procesos infecciosos crónicos de causa coñecida.

opsonóxeno-a *adx.* Antíxeno que provoca a formación de opsoninas.

opsóxeno-a *adx.* Opsonóxeno.

optestesia *s.f.* Sensibilidade visual.

óptica *s.f.* Rama da física que se ocupa da luz e da visión.
// **O. electrónica** Parte da física que estudia o movemento dos electróns nos corpos magnéticos e eléctricos, de xeito que se canalizan coma se fosen luminosos en instrumentos ópticos.

óptico-a *adx.* 1. Relativo á visión. // *s.m.* 2. V. **nervio**. // *s.* 3. Persoa experta en óptica.

optociliar *adx.* Relativo ou pertencente ós nervios ópticos e ciliares.

optociliotomía *s.f.* Neurotomía optociliar.

optocinérea *s.f.* Substancia gris da vía óptica.

optocopular *adx.* Relativo ó nervio óptico e á pupila.

optómetro *s.m.* Optómetro.

optimismo *s.m.* Estado ou disposición da persoa que tende a creer que todo é mellor. Tamén se di **amenomanía**.

óptimo-a *adx.* 1. Que é favorable para o desenvolvemento dunha actividade ou dunha función, aplicado ó estado ambiental. 2. Que é máis conveniente nunha situación determinada, aplicado á cantidade de alimento.

optimum *adx.* (lat.) Óptimo.

opto- Prefixo do grego, visible.

optoblasto *s.m.* Célula ganglionar grande da retina.

optocele *s.f.* Acueducto de Silvio.

optodinamómetro *s.m.* Optómetro que se emprega para investiga-lo punto próximo do poder de acomodación.

óptofono *s.m.* Instrumento que transforma as ondas luminosas en ondas sonoras, que empregan os cegos para distingui-la luz da escuridade por medio do oído.

optografía *s.f.* Estudio das imaxes retinianas.

optograma *s.m.* Imaxe retinal obtida por destrucción da púrpura visual pola influencia da luz.

optomeninx *s.f.* Retina.

optimetría *s.f.* Rama da óptica que se ocupa da medición da agudeza visual e a corrección dos seus defectos mediante lentes.

optometrista *s.* Técnico diplomado en optimetría.

optómetro *s.m.* Instrumento que se emprega para a práctica da optimetría.

optomiómetro *s.m.* Instrumento que mide a forza dos músculos do ollo.

optoquina *s.f.* Etilhidrocupreína, po branco cristalino que se emprega no tratamento do paludismo.

optostriado-a *adx.* Relativo ou pertencente ó tálamo óptico e ó corpo estriado.

optotipo *s.m.* Conxunto de letras, signos e números de varios tamaños que empregan os oculistas e os optometristas para o exame da agudeza visual.

opzima *s.m.* Extracto de órganos patolóxicos, tumores ou glándulas endócrinas, que contén proteínas específicas deses órganos.

ora *s.f.* (lat.) Bordo.// **O. serrata**. Liña quebrada da retina que se atopa situada algo por detrás da unión da coróide e o corpo ciliar.

oraloxía *s.f.* Estomatoloxía.

orbicular *adx.* 1. Circular ou redondo. // *s.m.* 2. V. **músculo** 3. Óso lenticular do oído.

órbita *s.f.* Cavidade na que se aloxa o globo ocular e os tecidos anexos que o rodean, formada polos ósos frontal, esfenóide, etmoide, ungue, maxilar superior, palatino e pómulos.

orbital *s.m.* Punto máis baixo do bordo inferior da órbita.

orbitocele *s.f.* Tumor orbitario.

orbitomaxilolabial *s.m.* Músculo elevador do labio superior.

orbitonasal *adx.* Relativo á órbita e ó nariz.

orbitópago *s.m.* Monstro fetal dobre formado por un feto parasito inserido na órbita do autosito.

orbitopalpebral *adx.* 1. Relativo á órbita e á pálpebra. // *s.m.* 2. Músculo elevador da pálpebra superior.

orbitóstato *s.m.* Instrumento que se emprega para medi-lo eixe orbitario.

orbitotemporal *adx.* Relativo ou pertencente á órbita e á rexión temporal.

orbitotomía *s.f.* Incisión da órbita.

Orbivirus Xénero de virus RNA da familia *Reoviridae*, que son transmitidos por insectos e inclúen os axentes responsables de certos cadros de patoloxía animal.

orceína *s.f.* Pigmento vermello obtido por acción do amoníaco sobre a orcina, do cal se emprega a solución alcohólica para a tinción de fibras elásticas.

orchis *s.m.* (gr.) Testículo.

orcina *s.f.* Po branco cristalino, soluble en auga, obtido de diversos liques, que se emprega como antiséptico de uso externo en dermatoloxía.

orde *s.f.* Categoría taxonómica biolóxica, inferior á clase e superior á familia.

ordenada *s.f.* Liña vertical dun sistema de coordenadas.

orella *s.f.* Órgano externo da audición, que constitúe o pavillón do oído. Está formada por unha lámina fibrocartilaxinosa cuberta de pel, situada a ámbolos lados da cabeza. // **O. azteca** Orella sen lobo, inclinada cara a abaixo e cara a fóra. / **O. cretínica** Orella ancha, grande, separada en abano. / **O. de Darwin** Orella que presenta

- un avultamento no hélix. / **O. mongoloide** Orella irregular, con distintas formas.
- orellóns** *s.m.pl.* V. **parotidite**.
- orestón** *s.m.* Electrón positivo.
- orexia** *s.f.* Apetito.
- oreximania** *s.f.* Manía de alimentarse de forma esaxerada, provocada polo medo a adelgazar.
- orexíxeno-a** *adx.* Que estimula ou aumenta o apetito.
- organacidia** *s.f.* Presencia dun ácido orgánico, especialmente no estómago.
- organela** *s.f.* Inclusión celular citoplasmática que ten unha función específica, como as mitocondrias, ribosomas, lisosomas, etc.
- organicismo** *s.m.* Teoría médica que atribúe tódalas enfermidades a lesións orgánicas. En psiquiatría, fundaméntase na crenza de que existen lesións morfolóxicas do SNC en toda enfermidade mental.
- orgánico-a** *adx.* 1. Relativo a un órgano. 2. Somático, non funcional. 3. Relativo ós compostos do carbono.
- organismo** *s.m.* Ser vivo, animal ou vexetal.
- organización** *s.f.* 1. Acción de dotar de estrutura orgánica ou de formar órganos. 2. Transformación no interior do organismo dun trombo, exsudado, ou calquera masa sen vida en tecido conxuntivo vascular, por migración de células e vasos sanguíneos.
- organizado-a** *adx.* Dotado de organización de vida.
- organizador** *s.m.* En embrioloxía, substancia que regula a diferenciación dun determinado órgano.
- órgano** *s.m.* Parte estrutural do corpo formada por tecidos e células e dotada dunha ou varias funcións. // **O. acústico** Órgano de Corti. / **O. celular** Parte dunha célula con función definida. / **O. cromafín** Corpo ganglionar feocromo que está cerca dos ganglios simpáticos. / **O. de Corti** Órgano terminal acústico que inclúe as células auditivas, chamadas bastonciños de Corti, e os seus elementos de sostén. / **O. de Giralde**s Paradídimo. / **O. de Golgi** Órgano final dun nervio sensitivo, semellante a un fuso neuromuscular, situado na superficie do músculo, cerca do tendón. / **O. de Meyer** Área de papilas a cada un dos lados da porción posterior da lingua. / **O. de Rosenmüller** Paraovario. / **O. de Ruffini** Órgano sensitivo final da punta dos dedos. / **O. do esmalte** Prolongación epitelial sobre a papila dentaria, da que se desenvolve o esmalte. / **O. eréctil** Órgano que ten un tecido especial que, mediante un mecanismo vasomotor, sofre variacións de fluxo sanguíneo que lle permiten modifica-lo seu volume e consistencia. / **O. espiral** Órgano de Corti. / **O. final** Estructura situada no extremo dun nervio. / **O. rudimentario** Órgano que non se desenvolve completamente.
- organófilo-a** *adx.* 1. Que ten afinidade polos compostos orgánicos. 2. Que presenta afinidade por certos órganos ou tecidos do corpo.
- organografía** *s.f.* 1. Descrición dos órganos dun corpo vivo. 2. Radiografía dun órgano.
- organografismo** *s.m.* Fixación dos límites dos órganos mediante liñas, a través da percusión, para comproba-lo seu aumento ou diminución de tamaño.
- organoide** *adx.* 1. Semellante a un órgano. // *s.m.* 2. Formación propia da célula, como por exemplo as mitocondrias ou o aparello de Golgi, en contraposición a calquera inclusión esóxena.
- organoléptico-a** *adx.* 1. Que se pode percibir polos sentidos, especialmente polo olfacto e o gusto. 2. Capaz de percibir unha impresión sensorial.
- organoloxía** *s.f.* Estudio dos órganos.
- organoma** *s.m.* Tumor composto de órganos ou de porcións definidas dun órgano, como o quiste dermoide.
- organometálico-a** *adx.* Composto pola unión dun metal con radicais orgánicos.
- organon** *s.m.* (lat.) Órgano.
- organoneurose** *s.f.* Enfermidade psicossomática.
- organonimia** *s.f.* Nomenclatura dos órganos do corpo.
- organopatía** *s.f.* Enfermidade orgánica.
- organopatoloxía** *s.f.* Estudio das organopatías.
- organopexia** *s.f.* Fixación cirúrxica dun órgano.
- organoplastia** *s.f.* Cirurxía plástica dun órgano.
- organopoesis** *s.f.* Formación de órganos.
- organoscopia** *s.f.* Exame dos órganos en xeral, especialmente das vísceras abdominais, a través dun instrumento semellante ó citoscopia, introducido por unha incisión abdominal.
- organosol** *s.m.* Solución dun coloide nunha substancia orgánica, como alcohol, auga, etc.
- organotaxe** *s.f.* Fixación de certas substancias a órganos específicos.
- organoterapia** *s.f.* Opoterapia.
- organotrófico-a** *adx.* Relativo á nutrición dos órganos.
- organotropía** *s.f.* ou **organotropismo** *s.m.* Afinidade química dunha substancia ou dun microorganismo por un tecido ou un órgano determinado.
- organoxénese** ou **organoxenia** *s.f.* Formación e desenvolvemento dos diferentes órganos.
- organoxénico-a** *adx.* 1. Relativo á organoxenia. 2. Que se forma nun órgano.
- organóxeno** *adx.* 1. Organoxénico. // *s.m.* 2. Elemento químico característico das substancias orgánicas: carbono, nitróxeno, osíxeno, etc.
- organozoo** *s.m.* Parasito animal que vive no interior dun órgano.

orgánulo *s.m.* Órgano terminal de receptores sensoriais, como as papilas táctiles ou gustativas.

orgasmo *s.m.* Punto máximo de excitación sexual, que se acompaña de pracer.

orgo *s.m.* 1. Croque, vulto producido por un golpe na cabeza. // *s.m.pl.* 2. Ganglios inflamados. // **Ter orgos.** Ter bocio.

orientación *s.f.* 1. Determinación do lugar que se ocupa respecto ós obxectos próximos. 2. Función da conciencia mediante a cal a persoa ten noción da súa propia personalidade, do propio corpo ou do tempo e do espazo nos que se atopa.

orificación *s.f.* Obturación da carie dental con ouro.

orificador *s.m.* Instrumento empregado na orificación.

orificio *s.m.* Abertura de entrada ou saída dunha cavidade do corpo. Tamén se di **meato**. // **O. aórtico** Hiato aórtico do diafragma. / **O. auriculoventricular** Comunicación da aurícula co ventrículo correspondente. / **O. cardial** Abertura que comunica o esófago co estómago. / **O. herniario** Abertura natural da parede dunha cavidade do corpo que permite a saída das vísceras contidas nela.

orinoterapia *s.f.* Cura de altitude.

orixe *s.f.* 1. Principio, procedencia dunha cousa. 2. Causa de que se produza un feito. // **O. aparente** Punto polo que un nervio cranial ou raquídeo emerxe da superficie do sistema nervioso central. / **O. profunda** Orixe real. / **O. real** Nacemento verdadeiro das fibras nerviosas que constitúen un nervio cranial ou raquídeo na substancia nerviosa. / **O. superficial** Orixe aparente.

orizó *s.m.* Furuncho da pálpebra que se forma a partir dalgunhas glándulas sebáceas anexas a unha pestana. Pode ser externo, se lle afecta a unha glándula de Zeiss, ou interno, se lle afecta a unha glándula de Meibonio.

Ornithodoros Xénero de carrachos, que comprende algunhas especies parasitas do home e dos animais domésticos, transmisoras de varias formas de febres recorrentes. A *O. moubata*, de África do Sur, transmite a *Borrelia duttoni*, axente da febre dos carrachos.

ornitina *s.f.* Ácido diaminovaleriano, aminoácido non esencial que forma parte do ciclo da urea, produto da escisión hidrolítica da arxinina catalizada pola arxinase.

ornitose *s.f.* Zoonose que afecta a diversas aves e que se caracteriza por presentar un cadro infeccioso respiratorio e sistémico. Débese á infección por bacterias da especie *Chlamydia psittaci*. No home e nas aves psitácidas coñécese como psitacose.

oro- 1. Prefixo do latín, boca. 2. Prefixo do grego, montaña.

oroanal *adx.* Relativo á boca e ó ano, ou que se propaga dun ó outro.

orofarinxe *s.f.* 1. Farinxe propiamente dita. 2. Boca e farinxe consideradas coma unha soa cavidade.

orolingual *adx.* Relativo ou pertencente á boca e á lingua.

oronasal *adx.* Relativo ou pertencente á boca e ó nariz.

oronose *s.f.* Mal das montañas. Tamén se di **oropatía**.

oropatía *s.f.* Oronose.

oroterapia *s.f.* 1. Orinoterapia. 2. Orroterapia.

orótico (ácido) *s.m.* Composto orgánico intermediario no proceso de síntese das pirimidinas, constituínte dos ácidos nucleicos. Acumúlase no sangue e aparece na urina de pacientes afectados de aciduria orótica.

oroticoaciduria *s.f.* Trastorno conxénito do metabolismo das pirimidinas, caracterizado por anemia hiperocrómica, leucopenia, monocitose, megaloblastose e eliminación urinaria aumentada de ácido orótico en forma de cristais que poden producir obstrucción uretral.

orqui- ou **orquio-** Prefixos do grego, testículo.

orquialxia *s.f.* Neuralxia ou dor testicular. Tamén se di **orquidaxia**, **orquidinia**.

orquicatabase *s.f.* Descenso normal do testículo.

orquicele *s.f.* 1. Hernia escrotal. 2. Protrusión herniaria do testículo. 3. Tumor do testículo.

órquico-a *adx.* Relativo ou que ocorre nos testículos.

orquicoorea *s.f.* Corea testicular.

orquidaxia *s.f.* Orquialxia.

orquidectomía *s.f.* Orquiectomía.

orquidinia *s.f.* Orquialxia.

orquidocelioplastia *s.f.* Transplante dun testículo non descendido á cavidade abdominal.

orquiectomía ou **orquectomía** *s.f.* Extirpación cirúrxica dos testículos. Tamén se di **orquidectomía**.

orquiepididimite *s.f.* Inflamación do testículo e o epidídimo.

orquilitico-a *adx.* Que destrúe o tecido testicular.

orquionco *s.m.* Tumor do testículo.

orquioneuralxia *s.f.* Neuralxia testicular, orquialxia.

orquiopatía *s.f.* Afección testicular.

orquiopexia *s.f.* Fixación dun testículo ectópico no escroto.

orquioplastia *s.f.* Cirurxía plástica dos testículos.

orquiopse *s.f.* Caída do testículo por relaxación escrotal con desenvolvemento dunha varicocele.

orquiorrafia *s.f.* Fixación por sutura do testículo ós tecidos próximos.

orquioscirro *s.m.* Endurecemento do testículo.

orquiosclerose *s.f.* Esclerose do testículo.

orquiosquecele *s.f.* Tumor escrotal con hernia escrotal.

orquioterapia *s.f.* Opoterapia testicular.

orquiotomía *s.f.* Incisión cirúrxica no testículo.

orquite *s.f.* Inflamación aguda ou crónica do testículo. //

O. parotídea Orquite asociada ou consecutiva á parotidite. / **O. postoperatoria** A que aparece no postoperatorio de certas operacións abdominais. / **O. traumática** Orquite consecutiva a un traumatismo. / **O. variolosa** Inflamación do testículo asociada á varíola.

orro- Prefixo do grego, soro.

orrocisto *s.m.* Quiste seroso.

orrodianose *s.f.* Serodiagnóstico.

orroinmunidade *s.f.* Inmunidade pasiva creada pola inxección de soro.

orroloxía *s.f.* Seroloxía.

orromeninxite *s.f.* Meninxite serosa.

orronose ou **orropatía** *s.f.* Enfermidade do soro.

orrorrea *s.f.* Derramo ou secreción serosa.

orrorreacción *s.f.* Serorreacción.

orroterapia *s.f.* Seroterapia.

ortacusia *s.f.* Audición normal.

ortergasia *s.f.* Actividade normal.

Orthomyxoviridae Familia de virus RNA que presentan, formando parte da envoltura externa, dous tipos de puntas de hemaglutinina e de neuramina, e que inclúe os virus da gripe humana ou influenzavirus.

Orthopoxvirus Xénero de virus DNA da familia *poxyviridae*, con envoltura resistente ó éter, que se caracterizan porque as distintas especies teñen un antíxeno común. Inclúe o virus da varíola humana e da vacina, entre os máis importantes.

ortiga *s.f.* Planta do xénero *Urtica*, provista de pelos que conteñen un líquido irritante que penetra na epiderme cando entra en contacto con ela.

orto- Prefixo do grego, recto.

ortoalbuminuria *s.f.* Albuminuria ortostática.

ortoarteriotonía *s.f.* Tensión arterial normal.

ortobiose *s.f.* Vida normal, segundo as leis da saúde.

ortocaína *s.f.* Ortoformo.

ortocéfalo-a *adx.* Que ten a cabeza cun índice cefálico medio, entre 70 e 75. Tamén se di **mesaticéfalo**.

ortocéntrico-a *adx.* Que ten o punto central fronte ó centro da pupila, aplicado ás lentes.

ortocitose *s.f.* Estado no que tódolos elementos celulares do sangue son maduros, independentemente da súa proporción e cantidade total.

ortocorea *s.f.* Movemento coreico na posición de pé.

ortocrasia *s.f.* 1. Estado no cal o corpo reacciona dunha maneira normal á administración de medicamentos ou a calquera influencia exterior. 2. Temperamento normal.

ortocromático-a *adx.* 1. De cor normal ou que se tinxe normalmente. 2. Que é sensible a tódalas cores agás á vermella, aplicado a unha emulsión fotográfica.

ortocromía *s.f.* 1. Calidade de ortocromático. 2. Contido normal de hemoglobina nos eritrocitos.

ortocromófilo-a *adx.* Que se tinxe normalmente cos colorantes neutros.

ortodáctilo-a *adx.* Que ten os dedos rectos.

ortodontista *s.* Ortodontista.

ortodiagrafía *s.f.* Método radiográfico que se emprega para determina-la forma e tamaño dos órganos internos, especialmente do corazón, sen a distorsión que existe nas radiografías ordinarias, por medio dun dispositivo especial, o ortodiógrafo.

ortodiagrama *s.m.* Rexistro gráfico obtido por medio do ortodiógrafo.

ortodiascopia *s.f.* Exame do trazado do contorno dun órgano, proxectado sobre unha pantalla fluorescente.

ortodoncia *s.f.* Especialidade da odontoloxía que se ocupa do estudio, corrección e prevención das irregularidades dentais. Tamén se di **ortodontoloxía**.

ortodontista *s.* Especialista en ortodoncia.

ortodonto-a *adx.* Que ten dentes normais e ben situados.

ortodontoloxía *s.f.* Ortodoncia.

ortofonía *s.f.* 1. Pronunciación normal. 2. Corrección dos trastornos da fonación.

ortoforia *s.f.* 1. Situación normal dos órganos. 2. Equilibrio normal dos músculos oculares de ámbolos ollos, tanto na fixación a distancia como na próxima, de xeito que os eixes visuais non se desvían da súa posición relativa.// **O. asténica** Debilidade xeral dos músculos extrínsecos do ollo.

ortofrenia *s.f.* 1. Estado mental normal. 2. Corrección dos trastornos mentais.

ortofrenopedia *s.f.* Educación dos nenos con deficiencia mental.

ortognato *adx.* e *s.* Que ten os maxilares normais.

ortogrado-a *adx.* Que leva o corpo ergueito durante a marcha.

ortomelia *s.f.* 1. Disposición regular dos membros. 2. Corrección das deformidades dos membros.

ortómetro *s.m.* Instrumento que serve para determina-la protrusión relativa dos globos oculares.

Ortomixovirus V. *Orthomyxoviridae*.

ortomorfia *s.f.* 1. Forma normal. 2. Corrección cirúrxica e mecánica das deformidades. Tamén se di **ortopedia**.

ortopedia *s.f.* Corrección cirúrxica ou mecánica das desviacións e deformacións do sistema esquelético e as súas estruturas asociadas. // **O. dentaria** Ortodoncia,

- corrección das irregularidades ou deformacións dentarias. / **O. mecánica** Ortopraxia.
- ortopédico-a** *adx.* Relativo ou pertencente á ortopedia.
- ortopedista** *s.* Cirurxián especialista en ortopedia.
- ortopercusión** *s.f.* Percusión na que a última falanxe do dedo que fai de plexímetro se mantén perpendicular á parte que se percute.
- ortopía** ou **ortopsia** *s.f.* 1. Visión correcta ou normal. 2. Corrección e prevención do estrabismo.
- ortoplastocito** *s.m.* Plaqueta sanguínea normal.
- ortopnea** *s.f.* Dispnea que obriga ó paciente a estar de pé ou sentado. Tamén se di **dispnea cardíaca**.
- ortopraxia** *s.f.* Corrección mecánica das deformidades. Tamén se di **ortopedia mecánica**.
- ortopsiquiatría** *s.f.* Rama da psiquiatría que se ocupa do estudo, tratamento e prevención dos trastornos da conducta e da personalidade.
- ortóptica** *s.f.* Ciencia e técnica de adestra-lo sistema sensorial da visión binocular para funcionar correctamente.
- ortóptico-a** *adx.* Relativo á visión binocular correcta.
- ortoptoscópio** *s.m.* Instrumento que se emprega para o tratamento do estrabismo mediante exercicios ortópticos.
- ortorraquia** *s.f.* Corrección das desviacións da columna vertebral.
- ortorroentgenografía** *s.f.* Ortodiagrafía.
- ortoscopia** *s.f.* 1. Visión normal. 2. Exame do ollo por medio do ortoscópio.
- ortoscópio** *s.m.* Instrumento que neutraliza a refracción da córnea mediante unha capa de auga, e que se emprega para o exame do ollo.
- ortose** *s.f.* Endereitamento dunha parte torcida.
- ortosimpático** *s.m.* V. **sistema nervioso simpático**.
- ortostático-a** *adx.* Relativo ou pertencente á posición de pé.
- ortostatismo** *s.m.* 1. Posición ergueita do corpo. 2. Influencia da posición erecta sobre a función dos diversos órganos do corpo.
- ortostereoscópio** *s.m.* Instrumento usado para a ortodiagrafía estereoscópica.
- ortotasto** *s.m.* Instrumento que se emprega para corrixir curvaturas dos ósos.
- ortoterapia** *s.f.* Tratamento de certas enfermidades mediante a corrección da actitude postural.
- ortótico-a** *adx.* Relativo á ortose.
- ortótono** *s.m.* Espasmo tetánico no que o corpo forma un bloque rectilíneo.
- ortotrofia** *s.f.* Proceso de nutrición normal.
- ortotropía** *s.f.* Situación ocular na que ámbolos dous ollos miran cara a un mesmo punto durante a visión binocular, que se pode dar con ortoforia ou con heteroforia.
- ortotrópico-a** *adx.* Que segue unha dirección ascendente ou vertical.
- ortoxénese** ou **ortoxenia** *s.f.* 1. Evolución progresiva nunha dirección determinada, cunha tendencia á variación, debida a factores intrínsecos, sen participaren influencias da adaptación ó medio. 2. Teoría da predeterminación e fixación evolutiva.
- orturia** *s.f.* Micción normal.
- os** *s.m.* (lat.) 1. Boca ou orificio. 2. Óso.
- Os** Símbolo do osmio.
- osamenta** *s.f.* 1. Esqueleto. 2. Conxunto de ósos descartados.
- osamina** *s.f.* Cada un dos derivados aminados dos hidratos de carbono que se poden obter por hidrólise ou por hidroxenación das osazonas.
- osas** *s.f.pl.* Monosacáridos.
- osazona** *s.f.* Composto que forma os monosacáridos, como o azucre do leite, e a isomaltosa, con dúas moléculas de fenilhidracina. A reacción das osazonas é moi importante para illar e clasifica-los azucres.
- oscedo** *s.m.* (lat.) Boquexo.
- oscilación** *s.f.* Movemento alternativo dun lado ó outro respecto á posición de equilibrio, describindo unha traxectoria simétrica ós dous lados.
- oscilador** *s.m.* 1. Instrumento semellante a un vibrador que se emprega para realizar certos tipos de masaxes mecánicas. 2. Dispositivo para crear oscilacións mecánicas ou eléctricas.
- oscilatorio-a** *adx.* Relativo ou causado polas oscilacións.
- oscilógrafo** *s.m.* Instrumento que rexistra as oscilacións eléctricas, e que se emprega conectado a un galvanómetro para rexistra-la actividade do corazón.
- oscilograma** *s.m.* Rexistro realizado polo oscilógrafo.
- oscilometría** *s.f.* Sistema empregado para medir calquera tipo de oscilacións, como o cambio de volume das arterias que acompaña os latexos do corazón.
- oscilómetro** *s.m.* Instrumento que indica a presión máxima, media e mínima da corrente sanguínea, así como o índice oscilométrico.
- oscilopsia** *s.f.* Visión na que parece que os obxectos teñen movementos oscilantes, que se observa na esclerose múltiple.
- osciloscópio** *s.m.* Instrumento que indica o tipo de corrente eléctrica que o atravesa.
- oscitación** *s.f.* Boquexo.
- oscitante** *adx.* Que vai acompañada de frecuentes boquexos, aplicado a un tipo de febre.

osculum *s.m.* (lat.) Abertura moi pequena.

ose *s.f.* 1. Asa no extremo dun arame de platino que serve para recoller mostras. 2. Cantidad de líquido patolóxico, cultivo, etc., que se pode recoller cunha destas asas.

-ose Sufixo que se refire a un proceso, xeralmente a unha enfermidade.

oseína *s.f.* Substancia orgánica propia do tecido óseo, semellante ó coláxeno do tecido conxuntivo. Tamén se di **osteína**

óseo-a *adx.* Que forma parte do óso.

oseomucina *s.f.* Substancia fundamental do tecido óseo que mantén unidos o coláxeno e as fribriñas elásticas do óso.

osfialxia *s.f.* Lumbago.

osfite *s.f.* Inflamación lumbar.

osfrese *s.f.* Olfacción.

osfresio- Prefixo do grego, olor.

osfresiolagnia *s.f.* Teoría que relaciona os olores cos impulsos eróticos.

osfresiómetro *s.m.* Instrumento que mide a agudeza do sentido do olfacto.

Osgood, enfermidade de V. enfermidade.

osiculectomía *s.f.* Incisión cirúrxica na cadea de osíños do oído.

ósidos *s.m.pl.* Glícidos compostos que por hidrólise orixinan osas, glícidos máis simples.

osífero-a *adx.* Que contén ou que produce óso.

osificación *s.f.* Formación e desenvolvemento de tecido óseo, que pode ser de tipo cartilaxinoso ou endocondral, perióstico ou membranoso. Tamén se di **osteoxénese**. // **O. metaplástica** Desenvolvemento de tecido óseo en estruturas normalmente brandas, como arterias.

osifluente *adx.* Que flúe dun óso, como certos abscesos con esta característica.

osífono *s.m.* Instrumento que permite a audición por transmisión ósea.

osiforme *adx.* Que ten forma de óso.

osívoro-a *adx.* Que destrúe o tecido óseo.

osixenación *s.f.* Saturación con osíxeno.

osixenado-a *adx.* Mesturado con osíxeno.

osixenase *s.f.* Enzima que cataliza a reacción do osíxeno molecular cun substrato, mediante tres tipos de reacción catalizadora: a) transferencia de osíxeno directamente ó substrato; b) incorporación dun ou dous átomos de osíxeno ó substrato, reducíndose ó mesmo tempo o segundo átomo de osíxeno por combinación co hidróxeno (oxidases de función mixta); c) o osíxeno actúa como aceptor de electróns ou de compostos reductores.

osíxeno *s.m.* Elemento químico de símbolo O, indispensable para a vida de animais e plantas superiores, que

existe libre na atmosfera, e en combinación formando óxidos e a maioría dos ácidos. É esencial na respiración e na oxidación biolóxica, pero en estado puro ou en exceso é tóxico. Adminístrase en inhalacións, sobre todo en cadros de asfixia, intoxicacións por óxido de carbono, anemia, enfermidades pulmonares, cardíacas, etc. Envásase en tubos de aceiro en estado gasoso, pero tamén en forma líquida. // **O. hiperbárico** Forma de administración do osíxeno a presións superiores á atmosférica, con fins terapéuticos. / **O. pesado** Isótopo do osíxeno de peso atómico 18.

osixenoterapia *s.f.* Emprego de osíxeno con fins terapéuticos.

Osler, enfermidade, síndrome de V. enfermidade, síndrome.

osmático-a *adx.* 1. Que posúe un sentido do olfacto normal. 2. Relativo ou pertencente ó sentido do olfacto.

osmazoma *s.f.* Principio derivado da fibra muscular, responsable do cheiro característico da carne fritada ou asada.

ósmese *s.f.* Olfacción.

osmestesia *s.f.* Sensación percibida polo sentido do olfacto.

ósmico, ácido *s.m.* Anhídrido perómico, composto oloroso cáustico, colorante de graxas e fixador de preparacións histolóxicas pequenas, en disolución ó 1%.

osmidrose *s.f.* Suor de cheiro forte. Tamén se di **bromi-hidrose**.

osmio *s.m.* Elemento metálico, de símbolo Os, de cor gris, moi duro e case infusible.

osmo- Prefixo do grego, olor.

osmoceptor *s.m.* Terminación nerviosa que detecta as variacións de presión osmótica para o medio interno do organismo. A súa estimulación por incremento da presión osmótica do sangue desencadea a secreción de hormona antidiurética. Tamén se di **osmorreceptor**.

osmodisforia *s.f.* Rexeitamento ou desagrado por certos olores.

osmofílico-a ou **osmófilo-a** *adx.* Que presenta facilidade para a osmose.

osmofobia *s.f.* Temor enfermizo ós cheiros ou ós perfumes.

osmolagnia *s.f.* Osfresiolagnia.

osmolalidade *s.f.* Concentración de soluto por unidade de disolvente.

osmolaridade *s.f.* Número de moléculas osmoticamente activas por litro de solución.

osmología *s.f.* Rama da física que se ocupa da osmose.

osmoluria *s.f.* Concentración osmótica da urina.

osmómetro *s.m.* Instrumento que se emprega para determina-la presión osmótica.

osmomómetro *s.m.* Dispositivo que se utiliza para medir a agudeza do sentido do olfacto. Tamén se di **osfesiómetro, olfactómetro**.

osmonocividade *s.f.* Conxunto de alteracións mecánicas producidas pola inxección intravenosa dun líquido de concentración molecular distinta da que presenta normalmente o plasma sanguíneo.

osmonosoloxía *s.f.* Patoloxía do sentido do olfacto.

osmorreceptor *s.m.* Osmoceptor.

osmorregulador-a *s.m.* 1. Instrumento que rexistra o poder penetrante dos raios. // *adx.* 2. Que pode influír sobre os fenómenos osmóticos.

osmose *s.f.* Fenómeno físico polo cal ten lugar o paso de líquido dunha solución diluída a outra concentrada, a través dunha membrana semipermeable que as separa.

osmosoloxía *s.f.* Osmoloxía.

osmotaxe *s.f.* Movemento celular relacionado coa densidade do líquido que contén a célula.

osmoterapia *s.f.* Tratamento mediante a aplicación por vía intravenosa de solucións hipertónicas, para producir deshidratación.

osmóxico *s.m.* Substancia que dá lugar a un fenómeno activo.

óso *s.m.* Cada un dos órganos de gran dureza e certa elasticidade, de cor abrancazada, que constitúen a estrutura de sostén dos tecidos brandos do corpo, pois son a parte fundamental do esqueleto humano. Estructuralmente cumpren tres funcións fundamentais: a) función de protección das partes brandas; b) función de sostén de tódolos tecidos brandos; c) función de relación, ó serviren de base para a inserción dos músculos que posi-

bilitan o movemento e a locomoción. Ademais, son responsables doutras funcións biolóxicas, especialmente a formación de sangue, xa que é na medula ósea onde se xeran os seus elementos. Tamén constitúen a reserva máis importante de calcio do organismo. (V. **táboa alfabética de ósos**). // **O. ancho** Óso plano. / **O. central do carpo** Óso supernumerario que se atopa ás veces na rexión dorsal do carpo, entre o escafoide, o trapezoide e o óso grande. / **O. cigomático** Pómulo. / **O. coraoal Frontal.** / **O. cribiforme** Etmoide. / **O. curto** Óso que ten as tres dimensións case iguais, formado por tecido esponxoso cuberto dunha capa de tecido compacto. / **O. da resurrección** Sacro. / **O. de Riolan** Cada un dos pequenos ósos, semellantes ós ósos wormianos, situados na sutura occipital co rochedo do temporal. / **O. de Vesalio** Porción posterior e externa da tuberosidade do quinto metatarsiano. / **O. do carpo** Cada un dos oito ósos curtos que forman o pulso. / **O. dos cabaleiros** Formación ósea accidental no músculo aductor maior do fémur. / **O. innominado** Óso coxal. / **O. longo** Óso das extremidades, no que a dimensión predominante é a lonxitude. Consta de diáfise (corpo), un conducto medular central, e epífise (extremos), formada por tecido esponxoso rodeado de tecido compacto. / **O. navicular** Escafoide. / **O. orbicular** Óso lenticular do oído. / **O. petroso** Rochedo do temporal. / **O. plano** Óso que forma as paredes das cavidades espláncnicas, formado por dúas láminas de tecido compacto unidas por tecido esponxoso. / **O. pombo** Cóccix. / **O. sesamoide** Cada un dos pequenos ósos illados, planos, situados arredor das articulacións. / **O. sutural** Óso wormiano. / **O. trígono** Osiño que algunhas veces existe na parte posterior do astrágalo, independente del. / **O. turbinal** Corneto. / **O. wormiano** Cada un dos pequenos ósos irregulares situados entre as suturas craniais.

ÓSOS				
Nome	Descrición xeral	Situación e conexión	Puntos de osificación	Insercións musculares
Astrágalo	Curto, par, irregular, formado por: corpo, cabeza e colo. Ten 6 caras, todas máis ou menos articuladas.	Na parte superior da primeira fila do tarso, articulado coa tibia, peroné, calcáneo e escafoide	Un primitivo, do 6º ó 9º mes de vida fetal.	
Atlas	Vértebra C ₁ formada por 2 masas laterais unidas por dous arcos óseos, anterior e posterior, que delimitan o orificio raquídeo.	Debaixo do occipital e enriba do axis, e articulado con eles.	Dous primitivos, un no arco posterior e outro secundario para o arco anterior.	Longo do colo, resto anterior e menor da cabeza nos arcos anteriores; oblicuo maior, menor, recto lateral esplenio, angular, da omoplata, escaleno posterior, transverso do colo, intertransversos nas apófises transversas; recto posterior na apófise espiñenta.

Nome	Descrición xeral	Situación e conexión	Puntos de osificación	Insercións musculares
Axis	Vértebra C ₂ que presenta no corpo a apófise odontoide.	Debaixo do atlas e enriba da vértebra C ₃ , articulado con elas.	As de tódalas vértebras, e máis dous puntos primitivos para a apófise odontoide.	Longo do colo, escaleno posterior, angular da omoplata, esplenio, oblicuo maior, recto posterior da cabeza, intertransversos anterior e posterior do colo, transverso espiñento e interespiñento.
Calcáneo	Curto, par, asimétrico, de forma cúbica con seis caras, cas cales dúas son articulares.	Na parte inferior da 1ª fila do tarso. Artículase co astrágalo por riba e co cuboide por diante.	Un primitivo no 4º e 5º mes de vida fetal e outro secundario ós 8-10 anos na parte posterior. A soldadura completa realízase entre os 16-20 anos.	Plantar delgado, tríceps crural (tendón), flexor curto, aductor do dedo gordo, abductor do dedo pequeno, pedio.
Clavícula	Longo, par, en forma de S, con dúas curvaturas: interna e externa, e 2 caras: superior e inferior.	Na parte superior do tórax e ombro, entre o esterno e a omoplata, articulado con eles.	Un primitivo para o corpo e extremo externo ó final da 4ª semana de vida embrionaria, e outro secundario ós 20-22 anos para o extremo interno.	Deltoide, trapecio, esternocleidomastoide, subclavio, pectoral maior e esternocleidohioide.
Cóccix	Curto, impar, formado por 4-5 pezas soldadas, en forma de triángulo.	Debaixo do sacro, co que se articula formando a última peza ósea da columna vertebral.	5 primitivos e 10 secundarios, dos que se completa a soldadura ós 20-25 anos.	Glúteo maior, elevador do ano, isquiocóccixeo, esfínter do ano.
Corneto inferior	Lámina ósea con 2 caras externa, 2 bordos e 2 extremos.	Na porción inferior das fosas nasais. Artículase co etmoide, maxilar superior, ungue e palatino.	Un primitivo ó 4º-5º mes despois do nacemento.	
Costelas	Planos, en número de 12 a cada lado: 7 verdadeiras, 3 falsas e 2 flotantes, en forma de arco, con 2 caras: interna e externa, 2 bordos: superior e inferior, e 2 extremos.	No tórax, articuladas coa columna vertebral e co esterno, formando a caixa torácica.	Un primitivo ós 40 días de vida embrionaria e 3 secundarios, dos 8 ós 14 anos, para cada costela. Soldadura completa dos 16 ós 25 anos.	Escalenos, subclavio, serrato maior e menor, supracostais e intercostais internos e externos, sacro, lumbar, dorsal longo, dorsal ancho, pectoral maior e menor, infracostais, triangular do esterno, recto maior, oblicuo maior e menor, transverso do abdome, cadrado lumbar e diafragma.

Nome	Descrición xeral	Situación e conexión	Puntos de osificación	Insercións musculares
Coxal ou ilíaco	Par, plano, esponxoso, con forma de cuadrilátero irregular, formado por tres porcións: ilio, isquion e pube; con 2 caras, interna e externa, 4 bordos e 4 ángulos.	Na cadeira, articulado co seu homónimo oposto e co sacro para forma-la pelve, e co fémur.	3 primitivos para cada porción, entre o 3º e o 5º mes de vida fetal, e 9 secundarios desde os 12 ós 18 anos.	Sacrolumbar, dorsais, transversos espinais, cadrado lumbar, transversos do abdome, oblicuos e tensor da fascia lata na crista ilíaca; glúteos e recto anterior na fosa ilíaca externa; ilíaco e obturador interno na fosa ilíaca interna; sartorio, transversos do abdome, oblicuos, tensor da fascia lata na espina ilíaca anterosuperior; recto anterior da coxa e ilíaco na espina ilíaca anteroinferior; piramidal da pelve na escotadura ciática maior; xéminos, isquiococccíneo e elevador do ano na escotadura ciática menor; semimembranoso, semitendinoso, bíceps, cadrado crural, aductores, obturadores, transversos superficial do perineo, isquiocavernosos e transversos profundos no isquion e rama isquiopubiana; psoas maior, peptíneo, recto anterior, piramidal, aductores, obturadores, elevador do ano no corpo e rama horizontal da pube.
Cúbito	Longo, par, irregular, formado por un corpo triangular con tres caras (anterior, posterior, interna), 3 bordos e 2 extremos.	Na parte interna do antebrazo, articulado co úmero e o radio por arriba, e por abaixo co piramidal do carpo e co radio.	Un primitivo para a diáfise no 2º mes de vida embrionaria e 2 secundarios ou epifisarios: superior ou olecraniano, ós 14-18 anos, e inferior, ós 6-9 anos.	Braquial anterior, flexor superficial dos dedos, pronador redondo, flexor profundo, flexor longo do polgar na apófise coronoide; tríceps braquial, cubital anterior e ancóneo no olécrano; flexor profundo, pronador cadrado, ancóneo, cubital posterior, supinador curto, abductor longo, extensor do polgar, extensor do índice e cubitais no corpo.

Nome	Descrición xeral	Situación e conexión	Puntos de osificación	Insercións musculares
Cuboide	Curto, par, de forma irregularmente cúbica, con 6 caras, 3 delas articulares.	Na parte externa da 2ª fila do tarso, articulado co calcáneo, coa 3ª cuña e cos metatarsianos IV e V.	Un primitivo ó ano.	Tibial posterior, abductor oblicuo do dedo gordo e flexor curto do mesmo.
Cuñas ou cuneiformes	Curto, en número de 3 para cada pé, nomeados I, II e III de dentro a fóra, ou grande, pequena e mediana, respectivamente. Presentan catro caras, base e vértice.	Na 2ª fila do tarso, articuladas co escafoide por detrás, entre elas lateralmente, e por diante co I, II e III metatarsianos, respectivamente. Ademais, a I co II metatarsiano exteriormente, a III co II interiormente, e exteriormente co cuboide.	Un primitivo cada unha, ó ano a I e ós 4-5 anos a II e a III.	Tibiais e 1º interóseo dorsal na I cuña; prolongación tendinosa do tibial posterior na II; tibial posterior, flexor curto do dedo gordo e abductor oblicuo do mesmo na III.
Escafoide do carpo	Par, curto, esponxoso, de forma cuboide, con 6 caras, das cales 3 son articulares.	Primeiro óso extremo da 1ª fila do carpo, articulado co radio, semilunar, óso grande, trapezoide e trapecio.	1 ou 2 ó 3º ou 4º ano.	Abductor curto do polgar.
Escafoide do tarso	Par, asimétrico, con 2 caras, anterior e posterior, 2 bordos e 2 extremos, externo e interno.	Na parte interna da 2ª fila do tarso, articulado coa cabeza do astrágalo por detrás, coas cuñas por diante e co cuboide por fóra.	Un primitivo ós 4-5 anos.	Tibial posterior.
Escápula (V. Omoplata)				
Esfenoide	Impar, central e asimétrico, curto, de forma semellante á dun morcego, cun corpo cúbico, con 2 ás menores na cara superior, 2 ás maiores nas caras laterais, e 2 apófises na cara inferior.	Na parte media e inferior do cranio, entre o frontal e o etmoide por diante e co occipital por detrás. Artículase cos devanditos ósos e ademais cos parietais e temporais polos lados, cos pómulos por diante e cos palatinos e o vómer por debaixo.	4 para a porción anterior e 8 para a posterior, do 3º ó 7º mes de vida fetal.	Temporal e pterigoide externo nas ás maiores; elevador da pálpebra superior, oblicuo maior e rectos nas ás menores; pterigoides, constrictor superior da farinxe e periestafilino externo na apófise pterigoide.
Esterno	Plano, impar, simétrico, formado por varias pezas soldadas. Consta de mango, corpo e apéndice, con 2 caras: anterior e posterior, 2 bordos laterais e 2 extremos: superior ou base e inferior ou vértice.	Na parte central e anterior do tórax, entre as clavículas e as 7 primeiras costelas de cada lado.	1 primitivo e 2 secundarios para o mango no 6º mes de vida fetal; 8 primitivos para o corpo, do 7º ó 8º mes de vida fetal, e 1 para o apéndice, dos 3 ós 18 anos. A soldadura total ten lugar cara ós 25 anos.	Esternocleidomastoideo, pectoral maior e recto maior do abdome na cara anterior; esternocleidohioide, esternotiroido, triangular do esterno e diafragma na cara posterior; aponeurose do transverso no apéndice xifoide.

Nome	Descrición xeral	Situación e conexión	Puntos de osificación	Insercións musculares
Etmoide	Curto, composto, central, impar, formado por unha lámina vertical e media, unha horizontal e 2 masas laterais.	Na escotadura etmoidal do frontal, diante do esfenoide, articulado con eles e ademais cos palatinos por detrás, co óso propio do nariz por diante, cos maxilares superiores e o ungue por fóra e co vómer por baixo.	Dous laterais para as masas ó 4 meses de vida fetal, e 2 medios para as outras porcións ó ano.	
Falanxes da man	Longos, en número de 3 para cada dedo, agás o polgar que ten 2, chamadas I, II III ou falanxe, falanxiña, falanxeta. Consta dun corpo con 2 caras, 2 extremos, superior e inferior, articulares os dous na I e na II e só o superior na III	Nos dedos das mans, formando o seu esqueleto, articuladas a I co metacarpiano correspondente e coa II, a II coa I e coa III, e a III coa II.	Un primitivo para o corpo e o extremo inferior no 2º mes de vida fetal e un secundario para o extremo superior ós 6 anos.	Abductor, flexor, aductor e extensor curto do polgar na I falanxe do polgar; interóseos dorsais e palmares na I falanxe dos demais dedos; flexor curto e abductor do maimiño na I falanxe deste dedo; flexor común superficial, extensor común e extensores propios na II falanxe; extensor e flexor longo do polgar na falanxeta do polgar; extensor común, interóseos, lumbricais e flexor común profundo na III falanxe dos outros dedos.
Falanxes do pé	Longos, en número de 3 para cada dedo, agás o gordo que só ten 2, chamadas I, II e III ou falanxe, falanxiña e falanxeta. Constan dun corpo, 2 extremos, anterior e posterior, os dous articulares na I e II e só o posterior na III.	Nos dedos dos pés, formando o esqueleto, articuladas a I co metatarsiano correspondente, a II coa I e coa III, e a III coa II.	Un primitivo para o corpo e o extremo anterior ós 46 días de vida fetal e un secundario para o extremo posterior dos 3 ós 4 anos.	Pedio, tendón común do aductor, flexor curto do dedo gordo, tendón común do abductor e flexor curto do mesmo na I falanxe do dedo gordo; interóseos e lumbricais na I dos demais dedos; flexor curto e abductor do dedo pequeno na I deste dedo; tendón do extensor común e do flexor curto plantar na II dos catro últimos dedos; extensor e flexor longo propio do dedo gordo na II deste dedo; extensor común e flexor longo común na III dos catro últimos dedos.

Nome	Descrición xeral	Situación e conexión	Puntos de osificación	Insercións musculares
Fémur	Longo, par, formado por unha diáfise ou corpo triangular, con 3 caras: anterior, posterior e lateral; 3 bordos e 2 extremos ou epífises articulares.	Na coxa, formando o seu esqueleto, articulado co coxal polo extremo superior e coa rótula e a tibia polo inferior.	Un primitivo para o corpo no 2º mes de vida fetal e 4 complementarios, 3 para o extremo superior (ós 2 meses para a cabeza, 3 anos para o trocánter maior e 8 anos para o trocánter menor), e 1 para o extremo inferior, 15 días antes do nacemento.	Glúteos, piramidal da pelve, xéminos, obturadores, cadrado crural, vasto externo e psoas ilíaco no extremo superior; crural, cuádriceps, glúteo maior, aductores, peptíneo, bíceps, semimembranoso, xemelgos e plantar delgado no corpo; xemelgos, aductor maior e poplíteo nos cóndilos.
Frontal	Plano, impar, central e simétrico, con forma de cuncha, con 3 caras: anterior, posterior e inferior, e 3 bordos.	Diante dos parietais e do esenoide, e por riba do etmoide, dos ósos propios do nariz, pómulos, ungue e maxilares superiores, e articulado con todos eles.	Dous primitivos, un para cada metade, ós 40-50 días de vida embrionaria, e 6 secundarios.	Frontal (inconstante), superciliar, orbicular das pálpebras, elevador superficial da á do nariz e do labio superior e temporal.
Ganchudo ou inciforme	Par, curto, esponxoso, de forma piramidal con 5 caras, tres das cales son articulares.	Cuarto óso da 2ª fila do carpo, articulado co piramidal, óso grande, semilunar e IV e V metacarpianos.	1 ou 2 segundo os distintos autores, do 1º ó 3º ano.	Flexor curto e opoñente do maimiño e cubital anterior (inconstante).
Grande do carpo	Par, curto e esponxoso, de forma cuboide, formado por 3 porcións: cabeza, colo e corpo, con 6 caras, das cales 4 son articulares.	Terceiro óso da 2ª fila do carpo, articulado co escafoide, trapezoide, ganchudo e II, III e IV metacarpianos.	Un primitivo do 1º ó 3º ano.	Aductor e flexor curto do polgar.
Hioide	Curto, compacto, impar, central e simétrico, con forma de ípsilon, que consta dun corpo con 2 caras, 2 bordos, 2 extremos e 4 hastas (dúas, maior e menor, a cada lado).	Na parte anterior do colo, enriba da larinxe e debaixo da lingua, da cal forma o esqueleto.	6 primitivos: 2 para o corpo e 2 para as hastas maiores ó final da vida fetal, e 2 para as menores ó final da adolescencia.	Xenihioide, milohioide, digástrico, hipogloso, estilohioide, xeniogloso, esternocleidohioide, homohioide e tirohioideo no corpo; digástrico, estilohioide, tirohioide, constrictor medio da farinxe e hipogloso nas ás maiores; xeniogloso, constrictor medio e linguais nas hastas menores.

Nome	Descrición xeral	Situación e conexión	Puntos de osificación	Insercións musculares
Ilíaco (V. coxal)				
Lagrimal (V. ungue)				
Malar ou pómulos	Par, curto, en forma de cuadrilátero, con 2 caras: externa e interna, 4 bordos e 4 ángulos.	Nos lados da cara, debaixo do frontal, entre o maxilar superior e os ósos que forman a fosa temporal, articulado con todos eles.	De 1 a 3 segundo os autores, ó final do 2º mes fetal e totalmente soldados ó 5º mes de vida intrauterina.	Cigomáticos e elevador propio do labio superior na cara externa; temporal na cara interna; maseter no bordo posteroinferior.
Maxilar inferior	Plano, impar, central e simétrico, con forma de ferradura, formado por un corpo e dúas caras: interna e externa, con 4 bordos cada unha.	Na parte inferior e anterior da cara, formando a mandíbula inferior. Articúlase cos temporais e establece contacto co maxilar superior.	6 primitivos para cada metade, ós 50 días de vida fetal. A soldadura media realízase ós 3 meses do nacemento.	Borla do queixo, triangular dos labios e cadrado do queixo na cara anterior; xeniogloso, xenihioide, milohioide e constrictor superior da farinxe na cara posterior; bucinador no bordo superior; digástrico, cutáneo e transverso do queixo no bordo inferior; maseter, pterigoides e temporal nas ramas.
Maxilar superior	Par, en forma de cuadrilátero irregular, con 2 caras: interna e externa, 4 bordos e 4 ángulos.	No centro da cara, debaixo do frontal e do etmoide, articulado con eles e co maxilar superior do outro lado, ademais do pómulos, ungue, óso propio do nariz, vómer e corneto inferior.	5 primitivos: molar, orbitario, nasal, palatino e incisivo, cara ó final do 2º mes de vida embrionaria. A soldadura prodúcese no 6º mes de vida fetal.	Oblicuo menor do ollo na porción orbitaria; oblicuo das pálpebras, elevador común da á do nariz e labio superior, elevador propio do labio superior, maseter, bucinador, canino, transverso do nariz e dilatador da á do nariz na cara externa e apófise ascendente.

Nome	Descrición xeral	Situación e conexión	Puntos de osificación	Insercións musculares
Metacarpianos	Longos, en número de 5 (I, II, III, IV e V respectivamente, de fóra a dentro). Constan dun corpo prismático, triangular e 2 extremos: superior con 5 caras, das cales tres son articulares (agás o I que só ten unha e o II e o V que teñen dúas), e inferior cunha cara articular.	Na palma da man, formando o seu esqueleto. Artículanse polo extremo superior uns cos outros, e cos ósos da 2ª fila do carpo: o I co trapecio, o II co trapecio e trapezoide, o III co grande, o IV co grande e o ganchudo, e o V co ganchudo. Polo extremo inferior coas falanxes dos dedos respectivos.	Un primitivo para o corpo e extremo superior no 3º mes de vida fetal, e un secundario para a extremidade inferior ós 5-6 anos para o II, III, IV e V. Para o I, un primitivo ó 4º mes de vida fetal para o corpo e extremo inferior, e un secundario para o extremo carpiano ós 7 anos.	Abductor longo, extensor curto e opoñente do polgar e I interóseo dorsal no I metacarpiano; radial externo, palmar maior, aductor do polgar e interóseo dorsal no II; radial externo, aductor do polgar, interóseos dorsais II e III no III metacarpiano; interóseo palmar e interóseos dorsais no IV; cubital posterior, interóseo palmar, cubital anterior, opoñente do maimiño e interóseo dorsal no V.
Metatarsianos	Longos, en nº de 5 (I-V de dentro a fóra), formados por un corpo prismático triangular con 3 caras e 2 extremos: anterior e posterior, este último con 5 caras, das cales 3 son articulares (agás o I e o V que só teñen 2).	No metatarso, articulados polo extremo posterior uns con outros e cos ósos da 2ª fila do tarso: o I coa primeira cuña; o II coas tres cuñas; o III coa terceira cuña, e o IV e o V co cuboide. No extremo anterior coas falanxes dos dedos respectivos.	Un primitivo para o corpo e extremo posterior ó 3º mes de vida fetal, e un secundario para o extremo anterior ós 2-4 anos. A soldadura efectúase dos 16 ós 18 anos.	Tibial anterior, peroné lateral longo e interóseo dorsal no I; tibial anterior, abductor oblicuo do dedo gordo, 1º e 2º interóseos dorsais no II; tibial posterior, abductor oblicuo do dedo gordo, 1º e 2º interóseos dorsais e 1º interóseo plantar no III; tibial posterior, abductor oblicuo do dedo gordo, 3º e 4º interóseos dorsais e 2º plantar no IV; peroneo lateral curto e anterior, abductor, flexor curto e opoñente do 5º dedo, 4º interóseo dorsal e 3º plantar no V.
Occipital	Plano, impar, central e simétrico, de forma romboidal irregular, con 2 caras: postero-inferior e anterosuperior, 4 bordos e 4 ángulos.	Na parte posterior, inferior e media do cráneo, detrás do esfenoide e enriba do atlas, articulado con eles e ademais cos parietais por riba e cos temporais polos lados.	Cinco primitivos do 2º ó 3º mes de vida fetal para a apófise basilar e rexións condíleas e dous para a porción escamosa, e varios secundarios.	Occipitofrontal, trapecio, esternocleidomastoideo, esplenio, complexo maior, rectos e oblicuo menor na cuncha; recto lateral na apófise xugular, rectos anteriores e constrictor superior da farinx na apófise basilar.

Nome	Descrición xeral	Situación e conexión	Puntos de osificación	Insercións musculares
Omopecta	Par, plano, compacto, de forma triangular con 2 caras: anterior e posterior, 3 bordos: superior, inferior e externo, e 3 ángulos.	Na parte posterior e superior do tórax, formando coa clavícula o esqueleto do ombro. Articúlase coa clavícula e co úmero.	Un primitivo no centro do óso ós 55 días de vida fetal e 7 secundarios: 2 coracoides, acromial, glenoide superior e placa glenoide inferior e marxinal, desde os 18 meses ós 20 anos.	Supraespiñento, infraespiñento e redondos na cara posterior; trapecio e deltoides no acromio e na espiña; subescapular e serrato maior na cara anterior; omohioide e tríceps braquial nos bordos superior e axilar; bíceps curto, coracobraquial, pectoral menor e subclavio na apófise coracoide; romboides e dorsal ancho no vértice.
Palatino	Par, curto, compacto, de forma irregular, que consta de dúas partes ou láminas: horizontal e vertical, ambas con 2 caras e 4 bordos.	Detrás do maxilar superior, articulado con este óso, co palatino do lado oposto, co esfenoides, etmoides, corneto inferior e vómer.	Dous primitivos ós 45 días de vida fetal para a apófise piramidal e outro para o resto, e 2 secundarios para a apófise esfenoidal e orbitaria.	Palatostafilino, faringostafilino e peristafilino externo na porción horizontal; constrictor superior para a apófise esfenoidal e orbitaria.
Parietal	Plano, par, en forma de cuadrilátero, con 2 caras: interna e externa, e 4 bordos, cos seus respectivos ángulos.	Nos lados do cranio, detrás do frontal, diante do occipital e enriba do temporal. Articúlase ademais co parietal do lado oposto e co esfenoides.	Un primitivo ós 45 días de vida fetal.	Temporal.
Peroné	Longo, par, asimétrico, formado por un corpo prismático triangular con 3 caras: externa, interna e posterior, 3 bordos e 2 extremos: superior ou cabeza e inferior ou maléolo externo.	Na parte externa da perna, articulado por dentro coa tibia e por abaixo co astrágalo.	Un primitivo para o corpo ós 40 días de vida fetal e dous secundarios, un para cada extremo: o superior ós 4 anos e o inferior ós 10. O pechamento das epífises ten lugar ós 18-22 anos.	Bíceps crural, sóleo e peroneo lateral longo no extremo superior; peroneos laterais longo e curto, extensor común, peroneo anterior, extensor do dedo gordo, tibial posterior, sóleo e flexor longo do dedo gordo no corpo.
Piramidal	Par, curto, esponxoso, en forma de pirámide con 6 caras, das cales 4 son articulares.	Terceiro óso da 1ª fila do carpo. Articúlase co cúbito, pisiforme, semilunar e ganchudo.	Un primitivo ós 3-4 anos.	
Pisiforme	Par, curto, esponxoso, con 4 caras, das cales unha é articular, e 2 extremos: superior e inferior.	Cuarto óso da 1ª fila do carpo. Articúlase co piramidal.	Un primitivo dos 10 ós 16 anos.	Cubital anterior e abductor do maimiño.

Nome	Descrición xeral	Situación e conexión	Puntos de osificación	Insercións musculares
Propio do nariz	Par, curto, compacto, en forma de cuadrilátero, con 2 caras: anterior e posterior, e 4 bordos.	Entre o frontal e a apófise ascendente do maxilar superior. Articúlase con estes ósos, co etnoide e co homónimo do lado oposto.	Un primitivo ó 3º mes de vida intrauterina.	Piramidal e, ás veces, fibras do elevador común do nariz e labio superior.
Radio	Longo, par, asimétrico, formado por un corpo prismático triangular con 3 caras: anterior, posterior e externa, 3 bordos e 2 extremos: superior ou cabeza e inferior en forma de pirámide con 6 caras.	Na parte externa do antebrazo. Articúlase por riba co úmero e o cúbito, e por abaixo co cúbito, escafoide e semilunar.	Un primitivo para a diáfise ós 40 días e dous secundarios ou epifisarios ós 5-6 anos. A soldadura efectúase dos 16 ós 25 anos para a epífise inferior.	Bíceps braquial, supinador curto, flexor superficial dos dedos, flexor longo do polgar, pronador cadrado, flexor profundo, abductor longo do polgar, extensor curto do polgar e pronador redondo no corpo; supinador longo na apófise estiloide.
Rótula	Sesamoide, par, esponxoso, en forma de triángulo esférico con 2 caras, unha base, un vértice e 2 bordos.	Na parte anterior do xeonllo. Articúlase cos cóndilos do fémur.	Un primitivo ós 2-5 anos. A osificación é completa ós 15 anos.	Cuádriceps crural.
Sacro	Curto, plano, impar, central e simétrico, formado por 5 pezas unidas (vértebras sacras), en forma de pirámide triangular, cunha base, un vértice e 4 caras.	Debaixo da vértebra LV, enriba do cóccix e entre os ósos coxais, articulado con todos eles. Contribúe a forma-la columna vertebral e a pelve.	25 primitivos e 19 secundarios. A osificación complétase ós 25 anos.	Íliaco na base; piramidal na cara anterior; isquiococccíxeo nos tubérculos laterais e no vértice; gran dorsal, sacrolumbar, transversos e glúteo maior na cara posterior
Semilunar	Par, curto, esponxoso, de forma cuboide e de media lúa, con 6 caras, das cales 4 son articulares.	Segundo óso da 1ª fila do carpo. Articúlase co radio, escafoide, piramidal, ganchudo e óso grande.	Un primitivo ós 3-4 anos.	
Temporal	Par, de forma irregular. Comprende 3 porcións: escamosa, mastoide e petrosa ou rochedo.	Nos lados do cranio, articulado co parietal por arriba, occipital por detrás; por diante co esfenoide e o pómulu, por dentro e por fóra respectivamente, e por abaixo coa mandíbula.	Catro primitivos para a escama e o rochedo, e moitos secundarios. A osificación das tres porcións non ten lugar ata o 2º ano.	Temporal na escama; occipital, auricular posterior, esternocleidomastoideo, esplenio, complexo menor e digástrico na apófise mastoide; maseter na apófise cigomática; estilogloso, estilohioide e estilofarínxeo na apófise estiloide; peristaflino interno no rochedo.

Nome	Descrición xeral	Situación e conexión	Puntos de osificación	Insercións musculares
Tibia	Longo, par, asimétrico, en forma de S itálico alongado e retorcido, formado por unha diáfise prismática triangular con 3 caras: posterior e laterais, 3 bordos: anterior, interno e externo, e 2 extremos ou epífises articulares.	Na parte anterior e interna da perna. Artículase co fémur por arriba, co astrágalo por abaixo e co peroné por fóra.	Un primitivo para o corpo ós 40 días de vida fetal e 3 secundarios. A osificación da epífise ten lugar dos 16 ós 24 anos.	Bíceps crural, peroneo lateral longo, extensor común, tibial anterior, tendón rotuliano, fascículos dos vastos, tensor da fascia lata e semimembranoso no extremo superior; sartorio, semitendinoso, recto interno, tibial anterior, extensor propio do dedo gordo, poplíteo, sóleo, tibial posterior e flexor longo dos dedos no corpo.
Trapezio	Par, curto, esponxoso, de forma cuboide, con 6 caras, das cales 3 son articulares.	Primeiro óso externo da 2ª fila do carpo. Artículase co escafoide, trapezoide e os dous primeiros metacarpianos.	Un primitivo dos 4 ós 5 anos.	Opoñente, flexor curto e abductor curto do polgar; abductor longo do polgar (inconstante).
Trapezoide	Par, curto, esponxoso, de forma cuboide, con 6 caras, das cales 4 son articulares.	Segundo óso da 2ª fila do carpo. Artículase co escafoide, segundo metacarpiano, trapezio e óso grande.	Un primitivo dos 4 ós 5 anos.	Abductor do polgar, flexor curto do polgar (inconstante).
Úmero	Longo, par, asimétrico, cun corpo que ten 3 caras: externa, interna e posterior, 3 bordos: anterior, interior e exterior, e 2 extremos: superior ou cabeza, e inferior.	No brazo, formando o seu esqueleto, articulado coa omoplata por arriba e co cúbito e o radio por baixo.	Un primitivo na diáfise, ós 45 días de vida fetal, e 7 secundarios: 3 para o extremo superior, dos 4 meses ós 2 anos, e 4 para o extremo inferior, desde os 3 ós 12 anos.	Supraespiñento, infraespiñento, redondo menor e subescapular na cabeza; dorsal ancho, redondo maior, coracobraquial anterior, deltoides, tríceps braquial, pectoral maior, supinador longo e radial externo no corpo; pronador redondo, palmares, flexor superficial e profundo, cubital anterior, radial externo, extensor común, supinador curto, extensor do 5º dedo, cubital posterior e ancóneo no extremo inferior.

Nome	Descrición xeral	Situación e conexión	Puntos de osificación	Insercións musculares
Ungüe ou lagrimal	Pequena lámina ósea compacta, de forma cuadrilátera, con 2 caras e 4 bordos.	Na parte anterior da cara interna da órbita, entre o maxilar superior, o frontal e o etmoide. Artículase ademais co corneto inferior.	Un primitivo ó 3º mes de vida fetal.	Tendón reflexo do orbicular das pálpebras e músculo de Horner.
Vértebras	Curtos, en número de 7 cervicais, 12 dorsais e 5 lombares. Constan dun corpo, un orificio ou conducto detrás del, unha prolongación media posterior, ou apófise espiñenta; 6 prolongacións laterais, 2 transversas ou apófises transversas; 2 dirixidas cara a arriba e 2 cara a abaixo; apófises articulares; 2 porcións planas ou láminas, 2 pedículos que unen o corpo á masa apofisaria.	Superpostas unhas ás outras forman, xunto co sacro e cóccix, a columna vertebral. As dorsais artículanse ademais coas costelas.	3 primitivos: un central para o corpo e 2 laterais para as apófises articulares cara ó 2º mes de vida fetal, e 5 secundarios, dos 14 ós 16 anos para as apófises espiñentas, apófises transversas e 2 para o corpo, respectivamente.	Ademais dos citados para o atlas e axis, que tamén existen noutras vértebras, insírense no conxunto da columna vertebral: escaleno anterior, trapecio, dorsal ancho, romboides, serratos, complexos, cervical transverso, masa común dos músculos espiñentos, semiespiñento dorsal e da caluga, rotatorios do dorso, intertransversos do dorso e lombares; interespiñentos, dorsais e lombares, espiñentos do dorso e da caluga; oblicuo menor e transverso do abdome mediante aponeurose; cadrado lumbar, psoas ilíaco e psoas menor; piares do diafragma.
Vómer	Lámina cuadrilátera compacta, impar e central, con 2 caras e 4 bordos.	Na parte posterior das fosas nasais, formando o tabique nasal. Artículase co esfenoide e etmoide por arriba, cos palatinos e maxilares superiores por abaixo.	Dous primitivos no 2º mes de vida embrionaria.	

osqueíte *s.f.* Inflamación do escroto. Tamén se di **osquite**.

osqueo Prefixo do grego, escroto.

osqueocele *s.f.* 1. Hernia escrotal. 2. Tumor ou tumefacción do escroto.

osqueohidrocele *s.f.* Hidrocele no saco dunha hernia escrotal.

osqueólito *s.m.* Concreción nas glándulas sebáceas do escroto.

osqueoma *s.m.* Tumor no escroto. Tamén se di **osqueonco**.

osqueonco *s.m.* Osqueoma.

osqueoplastia *s.f.* Cirurxía plástica do escroto.

osquite *s.f.* Osqueíte.

ostalxia *s.f.* Dor nos ósos. Tamén se di **ostealxia**.

ostartrite *s.f.* Osteoartrite.

ostealxia *s.f.* Ostalxia.

osteameba *s.f.* Célula ósea ou osteoblasto, de forma ameboide.

ostectomía *s.f.* Extirpación do óso ou dunha porción del.

ostectopía *s.f.* Luxación ou desprazamento dun óso.

ostefibroma *s.m.* Tumor formado por elementos óseos e fibrosos.

osteico-a *adx.* Relativo ós ósos.

osteína *s.f.* Oseína.

osteíte *s.f.* Inflamación aguda ou crónica, xeralmente séptica, dun óso, e frecuentemente tamén da súa cavidade. Tamén se di **osteomielite**. // **O. caseosa** Osteomielite tuberculosa. / **O. central** Endosteíte. / **O. condensante** Osteíte con hierxénese ósea que produce condensación do tecido óseo con diminución da cavidade ósea. / **O. cortical** Periosteíte. / **O. deformante** Enfermidade de Paget. / **O. epifisaria** Periosteíte flegmonosa difusa. / **O. fibroquística** Osteodistrofia fibrosa xeneralizada causada por un trastorno das glándulas paratiroides, que afecta principalmente a nenos. / **O. osificante** Osteíte condensante. / **O. osteoplástica** Osteíte fibroquística. / **O. sarcomatosa** Mieloma múltiple. / **O. secundaria hiperplásica** Osteoartropatía hipertrófica pulmonar. / **O. sifilítica** Osteíte debida á sífilis. / **O. tuberculosa** Osteíte debida á tuberculose. / **O. vascular** Osteíte na que os espazos formados son ocupados por vasos sanguíneos.

ostembrión *s.m.* Osificación do produto embrionario.

ostempiese *s.f.* Supuración no interior do óso.

osteo- Prefixo do grego, óso.

osteoacuse *s.f.* Audición por transmisión ósea.

osteoanabrose *s.f.* Erosión ou atrofia ósea.

osteoanaxénese *s.f.* Rexeneración ósea.

osteoaneurisma *s.m.* Aneurisma que lles afecta ós vasos óseos.

osteoanxioma *s.m.* Anxioma vascular óseo frecuente na columna vertebral e no cranio.

osteoaponeurótico-a *adx.* Relativo ó óso e á aponeurose.

osteoarticular *adx.* Relativo ós ósos e ás articulacións.

osteoartrite *s.f.* Artrite complicada con lesións óseas que lles afectan ás superficies articulares. // **O. deformante** Artrite deformante. / **O. hiperplásica** Osteoartropatía hipertrófica pulmonar. / **O. sifilítica terciaria** Goma do xeonllo que lle afecta á cartilaxe e á membrana sinovial. / **O. tuberculosa** Artrite debida á tuberculose.

osteoartrocace *s.m.* Osteoartrite tuberculosa.

osteoartropatía *s.f.* Calquera enfermidade das articulacións e dos ósos que as forman. // **O. hipertrófica pulmonar** Síndrome que se caracteriza por hipertrofia das falanxes dos dedos das mans e dos pés, dedos hipocráticos e artralxias, que se observa en enfermidades crónicas cardíacas e pulmonares.

osteoartrose *s.f.* Osteoartropatía dexenerativa de carácter non inflamatorio.

osteoartrotomía *s.f.* Extirpación do extremo articular dun óso.

osteoblasto *s.m.* Célula formadora de tecido óseo contida nos espazos óseos chamados osteoplastos.

osteoblastoma *s.m.* Osteoma.

osteocampsia *s.f.* Curvatura dun óso.

osteocaquexia *s.f.* Caquexia producida por unha afección ósea.

osteocarcinoma *s.m.* Carcinoma dun óso.

osteoartilaxinoso-a *adx.* Relativo ó óso e á cartilaxe, ou composto de óso e de cartilaxe.

osteocefaloma *s.m.* Osteoencefaloma.

osteoccele *s.f.* 1. Hernia que ten o saco herniario de tipo cartilaxinoso. 2. Osteoma.

osteocia *s.f.* Diminución da densidade ósea.

osteocistoma *s.m.* Tumor quístico nun óso.

osteocito *s.m.* Célula ósea desenvolvida a partir dun osteoblasto.

osteoclasto *s.m.* 1. Instrumento que se emprega para fracturar cirurxicamente ósos. 2. Célula grande multinucleada da medula ósea que ten por función a destrución ósea.

osteoclastia *s.f.* 1. Fractura cirúrxica dun óso para corrixir unha deformidade, desviación ou angulación. 2. Destrucción de tecido óseo por células osteoclastas.

osteoclastoma *s.m.* Tumor óseo de células xigantes, polinucleadas, que se parecen ós osteoclastos. Tamén se di **tumor de células xigantes**.

osteocoma *s.m.* Peza dun conxunto óseo, como por exemplo as vértebras.

osteocondral *adx.* Osteoartilaxinoso.

osteocondrite *s.f.* Proceso inflamatorio do óso e da súa cartilaxe, que causa necrose dos dous tecidos. // **O. deformante xuvenil da cadeira** Afección que lle afecta á cabeza do fémur durante o crecemento, que causa un acurtamento e engrosamento do colo do fémur, e un aplanamento da cabeza. Tamén se di **coxa plana, enfermidade de Legg-Calvé-Perthes**. / **O. desecante** Afección que produce un desprendemento en capas da cartilaxe dunha articulación.

osteocondrodistrofia *s.f.* Trastorno da osificación da cartilaxe ou alteración da formación de cartilaxe. // **O. deformante** Enfermidade de Morquio.

osteocondrofibroma *s.m.* Tumor que contén elementos de osteoma, condroma e fibroma.

osteocondrófito *s.m.* Excrecencia ou tumoración formada por tecido óseo e cartilaxinoso.

osteocondrólise *s.f.* Osteocondrite desecante.

osteochondroma *s.m.* Tumor óseo formado por elementos óseos e cartilaxinosos.

- osteochondromatose** *s.f.* Estado caracterizado pola presenza de múltiples osteochondromas.
- osteochondropatía** *s.f.* Condroidistrofia.
- osteochondrosarcoma** *s.m.* Sarcoma formado por elementos óseos e cartilaxinosos.
- osteochondrose** *s.f.* Osteocondrite. // **O. da cabeza do fémur** Osteocondrite deformante da cadeira. / **O. da tuberosidade da tibia** Enfermidade de Osgood-Schlatter. / **O. das vértebras** Cifose dorsal xuvenil. / **O. do óso navicular** Escafoidite tarsal ou enfermidade de Köhler. / **O. do semilunar** Enfermidade de Kienboeck.
- osteócopo** *s.m.* Dor intensa nun ou en máis ósos, que xeralmente é síntoma de sífilis ósea.
- osteocranio** *s.m.* Cranio fetal en proceso de osificación.
- osteodentina** *s.f.* Dentina que se asemella ó óso.
- osteodermia** *s.f.* Presencia de depósitos óseos na pel causados por diversas afeccións.
- osteodesmose** *s.f.* 1. Osificación dun tendón. 2. Formación de óso e de tendón.
- osteodiastase** *s.f.* Diastase ou separación dun ou de dous ósos.
- osteodinia** *s.f.* Dor nun ou en máis ósos.
- osteodistrofia** *s.f.* Alteración da formación ou da nutrición do tecido óseo, que provoca deformacións óseas. Tamén se di **distrofia ósea**. // **O. deformante** Enfermidade ósea de Paget, ou osteíte deformante. / **O. fibrosa xeneralizada** Osteíte fibrosa quística. / **O. renal** Conxunto de alteracións óseas debidas a unha insuficiencia renal crónica na que o aumento dos fosfatos produce diminución da calcemia sérica, que dá lugar a un incremento da actividade compensadora da glándula paratiroide, a cal estimula a actividade osteoclástica, causando lesións esqueléticas, desmineralización ósea, etc.
- osteoencefaloma** *s.m.* Tumor encefaloide dun óso.
- osteoencondroma** *s.m.* Osteochondroma.
- osteopífise** *s.f.* Epífise ósea.
- osteofaxia** *s.f.* Alimentación con ósos para poder usa-los seus fosfatos.
- osteofima** *s.m.* Tumor ou neoplasia ósea.
- osteófito** *s.m.* Produción ósea que se desenvolve a expensas do periósteo na proximidade dun foco inflamatorio crónico.
- osteofitose** *s.f.* Exostose.
- osteoflebite** *s.f.* Inflamación das veas dun óso.
- osteófono** *s.m.* Audífono.
- osteografía** *s.f.* Osteoloxía.
- osteohalistérese** *s.f.* Perda ou defecto de elementos minerais nos ósos.
- osteoide** *adx.* 1. Semellante ó óso, como algúns tumores. 2. Produción ósea que se observa arredor das articulacións, tumores, etc., nas persoas anciás. 3. Tecido óseo novo antes da calcificación.
- osteoidoma** *s.m.* Tumor do tecido osteoide.
- osteolarinxectasia** *s.f.* Telanxiectasia dos capilares dun óso.
- osteolipocondroma** *s.m.* Condroma formado por elementos óseos e adiposos.
- osteolipoma** *s.m.* Lipoma con elementos óseos.
- osteólise** *s.f.* 1. Destrución progresiva de tecido óseo. 2. Perda de sales de calcio dos ósos.
- osteólito** *s.m.* Óso petrificado.
- osteoloxía** *s.f.* Tratado sobre os ósos.
- osteoma** *s.m.* Tumor benigno formado de tecido óseo ben diferenciado, que lle afecta sobre todo ó cranio. // **O. dos cabalistas** Miosite osificante. / **O. ebúrneo** Osteoma formado por laminiñas óseas concéntricas, sen vascularización sanguínea, que se desenvolve sobre todo na cara interna dos ósos craniais. / **O. homoplásico** Osteoma desenvolvido nun óso. / **O. medular** Osteoma esponxoso. / **O. sarcomatoso** Osteosarcoma.
- osteomalacia** *s.f.* Trastorno metabólico dos ósos que se caracteriza por unha desmineralización esquelética xeneralizada debida a unha insuficiencia da fixación do fósforo e do calcio sobre a matriz ósea, e que aparece principalmente despois de embarazos repetidos. Produce fragilidade dos ósos, que se volven ineficaces para realiza-las súas funcións, asociada con dores óseas, astenia progresiva, e acaba producindo a morte. Débese a un trastorno endócrino que causa unha deficiencia de vitamina D. // **O. infantil** Raquitismo.
- osteomalacose** *s.f.* Osteomalacia.
- osteomatose** *s.f.* Formación de osteomas múltiples.
- osteómera** *s.f.* Osteocoma.
- osteometría** *s.f.* Disciplina que se ocupa da medición dos ósos ou do esqueleto.
- osteomiélaxia** *s.f.* Dor na medula ósea.
- osteomiélite** *s.f.* Infección pióxena do óso e da medula ósea. // **O. aguda** Enfermidade da etapa do crecemento de etioloxía estafilocócica, que adoita caracterizarse por inflamación da substancia medular metafisaria, con formación de pus, e con afectación do estado xeral. Tamén se di **osteíte flegmonosa**, **osteíte traumática**. / **O. crónica** Osteomiélite que segue habitualmente a unha osteomiélite aguda non diagnosticada ou tratada tardíamente, caracterizada por rarefacción e condensación ósea e formación de abscesos. A súa causa principal é a tuberculose.
- osteomiélodisplasia** *s.f.* Displasia ósea caracterizada por diminución do espesor do óso, co conseguinte

aumento da cavidade medular, acompañado de leucopenia e febre.

osteomiografía *s.f.* Radiografía da medula ósea trala inxección de contraste por vía endovenosa.

osteón *s.m.* Unidade de óso compacto que consta dun conducto central arredor do cal se dispoñen laminiñas óseas concéntricas.

osteona *s.f.* Osteón.

osteonco *s.m.* Osteoma.

osteonecrose *s.f.* Necrose ósea.

osteoneuralxia *s.f.* Neuralxia ósea.

osteonose *s.f.* Osteopatía.

osteópata *adx.* 1. Que padece algunha doenza dos ósos. // 2. Persoa que se dedica ó tratamento das enfermidades dos ósos.

osteopatía *s.f.* Calquera enfermidade dos ósos. // **O. normocalcémica** Nome xenérico que se aplica ós procesos do sistema esquelético que xeralmente cursan con normocalcemia, na xénese dos cales participan alteracións endocrinometabólicas. / **O. de fame** Afección ósea caracterizada pola diminución da calcificación ósea debida a unha deficiencia na alimentación. / **O. mioloxénica** Enfermidade ósea causada por alteracións entre o tecido medular e o óseo.

osteopenia *s.f.* Calquera dos trastornos da remodelación ósea nos que existe perda de masa ou densidade esquelética, entre os cales se inclúen a osteomalacia e a osteoporose.

osteoperióstico-a *adx.* Relativo ou pertencente ó óso e ó periósteeo.

osteoperiostite *s.f.* Inflamación do óso e do periósteeo. // **O. alveolodentaria** Piorrea alveolar.

osteopetrose *s.f.* Osteopatía conxénita e hereditaria pouco frecuente, que se caracteriza por unha condensación ósea variable que enche a cavidade medular deformando os ósos e facéndoo anormalmente fráxiles. Débese a unha alteración entre os procesos de crecemento e de destrución ósea.

osteoplasia *s.f.* Neoformación de tecido óseo.

osteoplastia *s.f.* Cirurxía plástica dos ósos. // **O. perióstica** Produción artificial de tecido óseo por implantación de tecido perióstico.

osteoplástico-a *adx.* Relativo á osteoplastia.

osteoplasto *s.m.* Cavidade onde se atopan os osteoblastos.

osteopoiquilia *s.f.* Aspecto marmóreo que teñen os ósos na radiografía.

osteoporose *s.f.* Rarefacción dos ósos sen descalcificación, debida á formación de espazos anormais por agrandamento dos seus conductos. // **O. adiposa** Osteoporose na que os espazos agrandados están ocupados por graxa.

/ **O. por repouso excesivo, postraumática e senil** Osteoporose ocasionada respectivamente polas devanditas causas.

osteopsatirose *s.f.* Fraxilidade ósea conxénita hereditaria, con coloración azul das escleróticas, trastornos auditivos, endócrinos, etc. Tamén se di **osteoxénese imperfecta**.

osteorradiocrecrose *s.f.* Necrose ósea causada por radiacións.

osteorrafia *s.f.* Sutura de aproximación dos extremos dun óso fracturado.

osteorraxia *s.f.* Hemorraxia nun óso.

osteorrexe *s.f.* Fractura dun óso.

osteosarcoma *s.m.* Sarcoma dun óso ou sarcoma que contén tecido óseo.

osteosclerose *s.f.* Aumento anormal da densidade ou dureza do óso. // **O. condensante xeneralizada** Enfermidade familiar por calcificación excesiva dos ósos caracterizada por un incremento da substancia compacta, con fraxilidade ósea e aspecto marmóreo visto radioloxicamente. Tamén se di **osteopetrose**.

osteose *s.f.* 1. Lesión non inflamatoria ou dexenerativa dun óso. 2. Osteoxénese.

osteosepto *s.m.* Porción ósea do tabique nasal.

osteosinovite *s.f.* Sinovite con inflamación dos ósos próximos.

osteosíntese *s.f.* 1. Unión dos extremos dun óso fracturado por medios cirúrxicos. 2. Anquilose cirúrxica dunha articulación. 3. Osteorrafia.

osteosteatoma *s.m.* Esteatoma con elementos óseos.

osteostixe *s.f.* Punción cirúrxica dun óso.

osteotabe *s.f.* Atrofia da medula ósea.

osteotilo *s.m.* Calo que se produce sobre a fractura dun óso.

osteotomía *s.f.* Incisión ou sección cirúrxica dun óso.

osteótomo *s.m.* Escoplo que se emprega para realiza-la osteotomía.

osteotribo *s.m.* Instrumento que se utiliza para raspar ósos.

osteotrofia *s.f.* Nutrición do tecido óseo.

osteotrombose *s.f.* Trombose dos vasos dun óso.

osteotuberculose *s.f.* Tuberculose ósea.

osteoxénese *s.f.* Formación ou desenvolvemento de tecido óseo. // **O. imperfecta** Distrofia conxénita caracterizada pola fraxilidade ósea dos membros, que sofren múltiples fracturas. Tamén se di **displasia perióstica, fraxilidade ósea conxénita**.

osteoxénico-a *adx.* Que ten capacidade de formar tecido óseo, referido tanto ó periósteeo coma á cartilaxe de crecemento.

ostíolo *s.m.* Orificio diminuto.

ostium *s.m.* (lat.) Boca ou orificio, especialmente os das trompas de Falopio e de Eustaquio. // **O. arteriosum** Orificio aórtico ou pulmonar do corazón. / **O. atrioventricular** Cada un dos orificios auriculo-ventriculares. / **O. primum** Orificio de comunicación entre as dúas aurículas do corazón fetal, que logo diminúe de tamaño e se converte no *ostium secundum* ou orificio de Botal.

ostose *s.f.* Osteose.

ostráceo-a *adx.* Semellante a unha ostra.

ostreísmo ou **ostreotoxismo** *s.m.* Intoxicación pola ingestión de ostras.

otacústico-a *adx.* Relativo ou pertencente ó oído.

otáfono *s.m.* Otófono.

otagra *s.f.* Otalxia.

otalxia *s.f.* Dor no oído.

otemorrea *s.f.* Otorraxia.

otíatra *s.* Otólogo.

otiatría *s.f.* Terapéutica das enfermidades do oído.

ótico-a *adx.* Relativo ou pertencente ó oído.

otocodinia ou **otocodinose** *s.f.* Vertixe causada por unha doenza do oído.

otite *s.f.* Inflamación aguda ou crónica do oído. // **O. adhesiva** Otite media crónica caracterizada pola formación de tecido fibroso. / **O. dos aviadores** Aerotite media. / **O. descamativa** Otite media ou externa con descamación do epitelio cutáneo ou mucoso. / **O. esclerótica** Otite que produce un endurecemento das estruturas do oído. Tamén se di **catarro crónico seco do oído medio**. / **O. externa** Inflamación do oído externo. / **O. interna** Inflamación do oído interno. Tamén se di **labirintite**. / **O. media** Inflamación aguda ou crónica do oído medio, que pode ser catarral, purulenta, seca ou serosa. En canto á súa orixe pode ser primaria ou secundaria a diversos estados infecciosos, locais ou xerais. / **O. micótica** Otite causada por fungos. / **O. purulenta crónica** Otorrea. / **O. seca** Otite esclerótica.

otífico-a *adx.* Relativo á otite.

oto- Prefixo do grego, oído.

otoblenorrea *s.f.* Derramo mucopurulento polo oído.

otocebite *s.f.* Otoencefalite.

otocéfalo *s.m.* Monstro fetal que carece de maxilar inferior e que ten as orellas unidas debaixo da cara.

otocentese *s.f.* Paracentese do oído.

otocisto *s.m.* Vesícula auditiva do embrión.

otocleíse *s.f.* Oclusión dos conductos auditivos.

otoconia *s.f.* Substancia branca en forma de cristais pequenos de carbonato cálcico que se atopan no labirinto membranoso.

otocranio *s.m.* Cavidade do rochedo do temporal na que se atopa o oído interno.

otodinia *s.f.* Dor no oído.

otoencefalite *s.f.* Inflamación do encéfalo secundaria a unha otite.

otofarínxeo-a *adx.* Relativo ó oído e á farinx.

otófono *s.m.* 1. Aparello de uso externo para favorece-la audición. 2. Tubo empregado para auscultalo oído.

otoganglio *s.m.* Ganglio ótico ou de Arnold.

otografía *s.f.* 1. Descrición do oído. 2. Radiografía do oído.

otohematoma *s.m.* Hematoma no pavillón da orella.

otohemineurastenia *s.f.* Diminución da audición dun oído por trastornos psíquicos.

otohigroma *s.m.* Distensión do lobo da orella devida á presenza de líquido no seu interior.

otolaringoloxía *s.f.* Rama da medicina que se ocupa do estudo do oído e da larinxe, e da súa patoloxía e tratamento.

otolitíase *s.f.* Presencia de cálculos no oído.

otólito *s.m.* 1. Concreción calcúlada no oído. 2. Otoconia.

otólogo-a *s.* Médico especialista en otoloxía.

otoloxía *s.f.* Rama da medicina que se ocupa do estudo do oído, a súa patoloxía e tratamento.

otomasaxe *s.f.* Masaxe da caixa do tímpano e dos osíños.

otomastoidite *s.f.* Otite acompañada de mastoidite.

otomiastenia *s.f.* Debilidade dos músculos do oído que interveñen na audición.

otomicose *s.f.* Infección do oído externo por fungos, especialmente do xénero *Aspergillus*, que tamén lle pode afectar á membrana timpánica (miringomicose)

Otomyces Xénero de fungos, do cal algunhas especies, como o *O. hageni* e *O. purpureus*, poden infesta-lo oído.

otonco *s.m.* Tumor no oído.

otoneuralxia *s.f.* Dor neurálxica no oído. Tamén se di **otalxia**.

otoneurastenia *s.f.* Neurastenia debida a unha enfermidade do oído.

otoneuroloxía *s.f.* Afección do oído, especialmente do interno.

otopatía *s.f.* Afección do oído.

otopiorrea *s.f.* Supuración do oído. Tamén se di **otopiose**.

otopiose *s.f.* Otopiorrea.

- otoplastia** *s.f.* Cirurxía plástica para corrixi-las deformidades da orella.
- otorraxia** *s.f.* Hemorragia do oído.
- otorrea** *s.f.* Derramo de líquido, especialmente purulento, polo oído externo.
- otorrinolaringólogo-a** *s.* Médico especialista en otorrinolaringoloxía.
- otorrinolaringoloxía** *s.f.* Rama da medicina que se ocupa do estudo do oído, nariz e larinxe, e tamén da súa patoloxía e tratamento.
- otosalpinxe** *s.f.* Trompa de Eustaquio.
- otosclerectomía** *s.f.* Resección cirúrxica por anquilosamento do aparello transmisor de sons.
- otosclerose** *s.f.* Afección crónica caracterizada por esclerose dos tecidos do oído interno e medio, con formación de tecido esponxoso no labirinto e na caixa timpánica, que evoluciona de forma progresiva e constitúe a causa máis frecuente de xordeira de condución en adultos novos.
- otoscopia** *s.f.* Exame do oído por medio do otoscopio.
- otoscopio** *s.m.* Instrumento para o exame do conducto auditivo externo, da membrana timpánica ou do oído medio. // **O. de Brunton** Otoscopio iluminado por medio dun dispositivo situado no costado. / **O. de Siegle** Otoscopio que actúa por medio de condensación ou enrarecemento do aire do conducto auditivo, que permite ver a membrana timpánica. / **O. de Toynbee** Otoscopio destinado á auscultación do oído mediante unha especie de tubo que se introduce no oído durante a politizerización.
- otose** *s.f.* Sensación auditiva falsa.
- otosponxiose** *s.f.* Otosclerose.
- otósteon** *s.m.* 1. Otólito. 2. Osiño do oído.
- ototecnia** *s.f.* Técnica manual e instrumental para o tratamento das enfermidades do oído.
- ototomía** *s.f.* Disección ou anatomía do oído.
- otoxénico-a** ou **otóxeno-a** *adx.* Que se orixina no sistema auditivo.
- ouabaína** *s.f.* Glicósido da semente do *Strophantus gratus*, soluble en auga, que ten acción dixitalica.
- oulectomía** *s.f.* Ulectomía.
- ouro** *s.m.* Metal amarelo, maleable, de símbolo Au. Igual ca algún dos seus compostos, todos tóxicos, emprégase no tratamento da tuberculose, sífilis, artrite reumatoide, etc.
- oval** *adx.* Que ten forma de ovo.
- ovalbumina** *s.f.* Albumina do ovo.
- ovalocito** *s.m.* Hemacia en forma ovoide que, se está presente no sangue, revela un tipo de anemia hereditaria chamada ovalocitose. Tamén se di **eliptocito**.
- ovalocitose** *s.f.* Presencia de ovalocitos no sangue.
- ovarialxia** *s.f.* Dor no ovario. Tamén se di **ooforalxia**.
- ovariectomía** *s.f.* Extirpación dun ou dos dous ovarios. Tamén se di **ooforectomía**.
- ovario** *s.m.* Glándula sexual feminina par, situada a cada lado do útero, nos ligamentos anchos da rexión inferior do abdome. Consta dunha porción central ou substancia medular, que contén os foliculos de De Graaf cos óvulos correspondentes, e unha porción cortical ou túnica albu-xínea, chamada membrana xerminativa ou ovixena de Waldeyer. // **O. masculino** Hidátide de Morgagni.
- ovariocele** *s.f.* Hernia do ovario. Tamén se di **ooforocele**.
- ovariocentese** *s.f.* Punción cirúrxica dun quiste ovárico. Tamén se di **ooforocentese**.
- ovariociese** *s.f.* Embarazo ovárico.
- ovariodisneuria** *s.f.* Ovarialxia.
- ovariohisterectomía** *s.f.* Ooforohisterectomía.
- ovariolítico-a** *adx.* Que destrúe tecido ovárico.
- ovarioncia** *s.f.* Hernia do ovario.
- ovariopatía** *s.f.* Calquera afección ovárica.
- ovariopexia** *s.f.* Fixación do ovario. Tamén se di **anexo-pexia**.
- ovariosalpinxectomía** *s.f.* Extirpación cirúrxica do ovario e a trompa de Falopio. Tamén se di **ooforoslapin-xectomía**.
- ovariostérese** *s.f.* Ovariectomía.
- ovariostomía** *s.f.* Ovariectomía.
- ovarioterapia** *s.f.* Opoterapia ovárica.
- ovarioteste** *s.m.* Ovoteste.
- ovariotomía** *s.f.* Sección cirúrxica dun ou dos dous ovarios. Tamén se di **ooforotomía**.
- ovariotomista** *s.* Cirurxián especializado en ovariotomía.
- ovarioxénese** *s.f.* Desenvolvemento embrionario dos ovarios.
- ovariprivo-a** *adx.* Producido pola perda dos ovarios.
- ovarite** *s.f.* Inflamación dun ou dos dous ovarios. Tamén se di **ooforite**. // **O. escleroquística** Esclerose da superficie ovárica que impide a dehiscencia folicular, polo que o ovario aparece con múltiples quistes.
- ovarium** *s.m.* (lat.) Ovario.
- ovicápsula** *s.f.* Túnica interna do folículo de De Graaf.
- oviducto** *s.m.* Trompa de Falopio.
- ovífero-a** *adx.* Que contén óvulos.
- ovificación** *s.f.* Ovulación.
- oviforme** *adx.* Ovoide.

- ovíparo-a** *adx.* Que produce óvulos ou ovos que se incuban fóra do corpo.
- ovísaco** *s.m.* Vesícula de De Graaf.
- ovista** *adx.* Partidario da hipótese de que o embrión existe preformado no óvulo.
- ovixénese** *s.f.* Ovoxénese.
- ovixeno-a** *adx.* Que produce óvulos, aplicado á capa cortical do ovario.
- ovixerme** *s.m.* Célula que se converte en óvulo.
- ovíxero-a** *adx.* Que contén ou que produce óvulos.
- ovocentro** *s.m.* Centrosoma do óvulo durante a fecundación.
- ovocito** *s.m.* 1. Oocito. 2. Óvulo.
- ovoflavina** *s.f.* Riboflavina obtida da xema de ovo.
- ovoforite** *s.f.* Ovarite.
- ovoglobulina** *s.f.* Globulina da clara de ovo.
- ovogonio** *s.m.* Oogonio.
- ovoide** *adx.* Que ten forma de ovo.
- ovolecitina** *s.f.* Lecitina contida nos ovos, que se usa como reconstituínte en diversas enfermidades.
- ovolisina** *s.f.* Lisina que actúa hidrolizando a clara do ovo.
- ovoloxía** *s.f.* 1. Estudio do ovo ou do óvulo. 2. Embrioxenia.
- ovomucina** *s.f.* Glicoproteína da clara de ovo.
- ovoplasma** *s.m.* Protoplasma do óvulo non fecundado.
- ovoterapia** *s.f.* Uso terapéutico de extractos ováricos.
- ovoteste** *s.m.* Gónada hermafrodita con tecido testicular e ovárico.
- ovovitelina** *s.f.* Vitelina da xema de ovo.
- ovovivíparo-a** *adx.* Que se reproduce por ovos que se incuban dentro do corpo.
- ovoxénese** *s.f.* Orixe e desenvolvemento do óvulo. Tamén se di **ooxénese**.
- ovulación** *s.f.* Proceso de formación e desprendemento do óvulo maduro do folículo de De Graaf.
- ovulativo-a** ou **ovulatorio-a** *adx.* Relativo ou pertencente á ovulación.
- ovulíxeno-a** *adx.* Que produce óvulos.
- ovulíxero-a** *adx.* Que contén ou que leva óvulos.
- óvulo** *s.m.* 1. Célula sexual feminina formada e contida no ovario, que consta dun protoplasma ou vitelo contido nunha envoltura formada de dúas capas, e membrana vitelina e a zona pelúcida, cun núcleo grande ou vesícula xerminativa e un nucléolo ou mancha xerminativa. Do óvulo, se é fecundado, desenvólvese o embrión. 2. Supositorio vaginal. // **O. maduro** Óvulo no que desaparecen o núcleo e o nucléolo. / **O. primitivo** Célula ovárica do epitelio xerminativo, que se transforma en óvulo.
- ovum** *s.m.* (lat.) Óvulo, ovo.
- oxacepan** *s.m.* V. **benzodiazepina**.
- oxácido** *s.m.* Ácido que contén osíxeno.
- oxacilina** *s.f.* V. **penicilina**.
- oxalato-a** *adx.* Que se somete á acción do oxalato de sodio, especialmente o sangue tratado deste xeito, que non coagula.
- oxalato** *s.m.* Sal de ácido oxálico.
- oxalemia** *s.f.* Exceso de oxalatos no sangue.
- oxálico (ácido)** *s.m.* Ácido bibásico, cristalino e tóxico.
- oxalismo** *s.m.* Intoxicación por ácido oxálico ou por oxalatos.
- oxalose** *s.f.* Acumulación de cristais de oxalato de calcio nos riles, nos ósos, nas arterias, etc., que evoluciona causando a morte por insuficiencia renal e nefrocalcinose.
- oxaluria** *s.f.* Presencia de cantidades grandes de ácido oxálico ou de oxalatos, sobre todo oxalato cálcico, na urina.
- oxalúrico (ácido)** *s.m.* Ácido cristalizado que se atopa ás veces na urina normal, formado pola acción do ácido nítrico sobre o ácido úrico.
- oxi-** Prefixo do grego, ácido.
- oxiacoia** *s.f.* Hiperacusia. Tamén se di **oxiacuse**.
- oxiacrestia** *s.f.* Achea deficiente de glicosa ás neuronas, que produce coma hipoglicémico.
- oxiacuse** *s.f.* Oxiacoia.
- oxiafia** *s.f.* Hiperestesia do sentido do tacto.
- oxiartrite** *s.f.* Artrite aguda.
- oxiblepsia** *s.f.* Agudeza extraordinaria da visión. Tamén se di **oxiopia**.
- oxibuticacidemia** *s.f.* Presencia de ácido oxibutírico no sangue.
- oxibutiria** *s.f.* Presencia de ácido oxibutírico na urina.
- oxibutírico (ácido)** *s.m.* Ácido tóxico que se atopa ás veces na urina na diabete e outros trastornos.
- oxicalorímetro** *s.m.* Calorímetro que se emprega para determina-lo valor calórico dos alimentos, mediante a combustión dunha mostra de alimento e a medición do osíxeno consumido.
- oxicarbonismo** *s.m.* Intoxicación polo óxido de carbono.
- oxicefalia** *s.f.* Anomalía do desenvolvemento do cranio que se caracteriza por presenta-lo vértice da cabeza en forma afiada. Prodúcese por un ascenso brusco dos ósos parietais e occipital, debido a un pechamento prematuro

- das suturas coronais. Tamén se di **acrocefalia**, **turricéfalia**.
- oxicinesia** *s.f.* Dor durante os movementos. Tamén se di **cinesalxia**.
- oxicolina** *s.f.* Muscarina.
- oxicromático-a** *adx.* Que se tinxe por colorantes ácidos. Tamén se di **acidófilo**.
- oxicromatina** *s.f.* Parte da cromatina que se tinxe cos colorantes ácidos de anilina.
- oxidación** *s.f.* 1. Reacción química caracterizada pola fixación do osíxeno sobre un corpo ou unha substancia. 2. Por extensión, perda de cargas negativas por un elemento ou composto químico. // **O. beta** Degradación dos ácidos graxos por oxidación do átomo de carbono que está en posición β respecto a un grupo funcional de moléculas.
- oxidado-a** *adx.* Que está combinado co osíxeno.
- oxidase** *s.f.* Enzima que cataliza a transferencia de electróns ou pares de átomos de hidróxeno do substrato ó osíxeno, por mediación do coenzima ou grupo prostético.
- óxido** *s.m.* Composto de osíxeno e un elemento radical. // **O. nitroso** Protóxido de nitróxeno N_2O . Gas incoloro que actúa como anestésico xeral. Tamén se di **gas hilarante**.
- oxidorreducción** *s.f.* Oxirreducción.
- oxidose** *s.f.* Acidose.
- oxierigmia** *s.f.* Eructo acedo.
- oxiestesia** *s.f.* Hiperestesia.
- oxieteroterapia** *s.f.* Tratamento das infeccións pulmonares e da tose ferina mediante a inhalación de vapores de éter incorporados a unha corrente de osíxeno.
- oxifilo-a** *adx.* 1. Que se tinxe con tinguiduras ácidas. // *s.m.* 2. Elemento histolóxico que ten a propiedade de tinxirse con tinguiduras ácidas.
- oxiflegmasía** *s.f.* Infección violenta de carácter agudo.
- oxifonía** *s.f.* Agudeza normal da voz.
- oxihemocromóxeno** *s.m.* Hematina.
- oxihemoglobina** *s.f.* Forma oxixenada da hemoglobina dos glóbulos vermellos do sangue, que toman o osíxeno dos pulmóns e o transportan polas arterias para liberalo nos tecidos.
- oxihemoglobinómetro** *s.m.* Instrumento que mide o contido de oxihemoglobina no sangue.
- oxihidrocéfalo-a** *adx.* Que ten o cume da cabeza en forma afiada.
- oxilalia** *s.f.* Linguaxe falada que se caracteriza pola rapidez con que se pronuncian as palabras.
- oximel** *s.m.* Preparación farmacolóxica de mel e ácido acético.
- oximetría** *s.f.* 1. Medición da saturación de osíxeno no sangue arterial, mediante a colorimetría fotoeléctrica. 2. Medición da cantidade de osíxeno contido nunha solución ou mestura gasosa.
- oxíntico-a** *adx.* Que secreta substancias ácidas.
- oxiopía** *s.f.* Oxiblepsia.
- oxioptría** *s.f.* Unidade de medida da agudeza visual, que corresponde ó valor do ángulo visual expresado en graos. Unha oxiopía (1 grao) correspóndese coa facultade de conta-los dedos da man a unha distancia dun metro.
- oxiose** *s.f.* Acidose.
- oxiosfresia** *s.f.* Agudeza esaxerada do sentido do olfacto. Tamén se di **oxiosmia**.
- oxiosmia** *s.f.* Oxiosfresia.
- oxipatía** *s.f.* 1. Agudeza das sensacións. 2. Autointoxicación ácida por defecto da eliminación dos ácidos inoxidables que prexudican ó organismo o se combinaren cos álcalis fixos nos tecidos.
- oxiplasma** *s.m.* Parte oxífila do citoplasma.
- oxipurina** *s.f.* Purina que contén osíxeno, entre as cales se inclúen o ácido úrico, a xantina e a lupoxantina.
- oxirigmia** *s.f.* Eructo con sabor ácido.
- oxirreducción** *s.f.* Conxunto de reaccións químicas nas que se produce unha transferencia de electróns entre un par de átomos ou compostos. O doador de electróns recibe o nome de reductor, e o aceptor chámase oxidante.
- oxirrino-a** *adx.* Que ten o nariz moi afiado ou o olfacto moi agudo.
- oxisácara** *s.m.* Mestura de vinagre e azucre.
- oxisal** *s.m.* Sal dun oxiácido.
- oxitetraclina** *s.f.* V. **tetraclina**.
- oxitimia** *s.f.* Emoción violenta.
- oxitocia** *s.f.* Parto rápido.
- oxitócico-a** *adx.* Que acelera o parto.
- oxitocina** *s.f.* Unha das dúas hormonas (a outra é a vasopresina) formadas no hipotálamo e almacenadas no lobo posterior da hipófise, que ten a propiedade de estimular as contraccións uterinas.
- oxitoxina** *s.f.* Substancia producida pola oxidación dunha toxina.
- oxitropismo** *s.m.* Reacción das células vivas fronte ó estímulo do osíxeno.
- oxituberculina** *s.f.* Tuberculina obtida de cultivos de bacilos virulentos e modificados mediante oxidación.
- oxiuríase** *s.f.* Infestación por oxiúros. Tamén se di **enterobiase**, **oxiurose**.
- oxiurcida** *adx.* Que destrúe os oxiúros.

oxiúro *s.m.* Verme nematodo intestinal da especie *Enterobius vermicularis*.

oxiurose *s.f.* Oxiuríase.

oxixeusia *s.f.* Agudeza extraordinaria do sentido do gusto.

oxonemia *s.f.* Acetonemia.

oxonuria *s.f.* Acetonuria.

oxopsia *s.f.* Oxiblepsia.

oxprenolol *s.m.* Bloqueante β adrenérxico.

Oxyuris V. *Enterobius*.

ozocrocía *s.f.* Cheiro penetrante da pel.

ozonización *s.f.* 1. Conversión do osíxeno en ozono. 2. Acción de cargar un corpo con osíxeno ozonizado.

ozonizado-a *adx.* Que contén ozono.

ozono *s.m.* Forma alotrópica do osíxeno de molécula triatómica, máis oxidante e enerxético có osíxeno, e con propiedades antisépticas e desinfectantes. Preséntase en forma de gas azulado, de cheiro penetrante, que ataca as mucosas, polo que é perigoso para a respiración. É máis soluble en auga có osíxeno, e fórmase pola acción de descargas eléctricas en atmosferas de osíxeno. Existe en pequenas cantidades no aire, especialmente no campo, onde é desprendido polas plantas verdes durante a función clorofílica. Tamén se atopa na capa alta da atmosfera.

ozonóforo *s.m.* Gránulo do protoplasma celular.

ozonómetro *s.m.* Instrumento que detecta a existencia de ozono no aire.

ozonoscopio *s.m.* Instrumento empregado para estudar o ozono e os seus efectos.

ozostomía *s.f.* Halitose.

P

P 1. Símbolo do fósforo. 2. Símbolo de presión. 3. Abreviatura de *para* en química. 4. Abreviatura de poise. // **P, onda** Onda auricular do ECG, ligada á contracción das aurículas.

pa *s.f.* Parte ancha dos dentes incisivos. // **P. do lombo** Omoplata. / **P. do peito** Parte exterior do peito.

PABA *V. ácido paraaminobenzoico.*

pabular *adx.* Alimenticio.

pabulina *s.f.* Producto graxo e albuminoso da dixestión que se atopa no sangue despois de comer.

pábulo *s.m.* Alimento. // **P. vitae.** Principio fundamental da nutrición, osíxeno.

pachocha *s.f.* Fam. vulva. (Úsase como eufemismo).

Pachon, método de Método empregado para determinar os valores da presión arterial mediante a apreciación da amplitude con que se distende a parede arterial ó paso da onda de presión. // **Oscilómetro de P.** Instrumento que mide as oscilacións da corrente sanguínea e con ela as tensións máxima, media e mínima.

paciente *s.m.* 1. Enfermo, doente. 2. Cliente dun médico.

Pacini, corpúsculos de Masas ovais visibles constituídas por membranas concéntricas de tecido conxuntivo, que rodean un bulbo granuloso central no que remata unha neurofibríña. Son abundantes nas palmas das mans, plantas dos pés, xenitais externos, e considéranse órganos periféricos da sensibilidade xeral.

pacómetro *s.m.* *V. paquímetro.*

paculose *s.f.* *V. paquiloze.*

padal *s.m.* 1. Parte superior da cavidade bucal. 2. Gusto. // **P. artificial** Placa que se aplica para cubrir unha fisura ou fendedura palatina. / **P. brando** ou **veo do p.** Parte posterior muscular e móbil do padal. / **P. duro** ou **p. óseo** Parte anterior do teito da boca, formada por unha porción dos ósos maxilares e palatinos. / **P. premaxilar** ou **p. primitivo** Masa de tecido dependente do saco olfactivo que, no embrión, se estende desde os orificios nasais ata as coanas. / **P. secundario** O que resulta da fusión na liña

media das cristas palatinas, que se orixina nas prolongacións maxilares superiores do primeiro arco branquial.

padecer *v.* Sufrir, ter algunha doenza.

padiola *s.f.* Taboleiro ou tea rectangular con dous varais paralelos, para o transporte de enfermos ou feridos. Tamén se di **angarellas, andas.**

padioleiro-a *s.* Persoa encargada de transportalos enfermos ou feridos na padiola.

padrao *s.m.* Porción de pel que se levanta a carón das uñas das mans.

pagoplexía *s.f.* Frieira, conxelación.

paidodoncia *s.f.* Estomatoloxía infantil.

paidofonía *s.f.* Infanticidio.

paidoloxía *s.f.* Conxunto de coñecementos relativos á infancia.

paidopsiquiatría *s.f.* Psiquiatría infantil.

paixón *s.f.* 1. Emoción intensa. 2. Dor ou sufrimento. // **P. histórica** *V. histerismo.* / **P. ilíaca** Oclusión intestinal.

palabra *s.f.* *Fig.,* Linguaxe, capacidade de falar.

paladio *s.m.* Elemento semellante ó platino, que se emprega para purificarlo hidróxeno, como catalizador en ortodoncia.

palanestesia *s.f.* Falta de sensibilidade para as vibracións, especialmente as do diapasón. Tamén se di **apalestesia.**

palatabilidade *s.f.* Calidade de agradar ó padal un alimento.

palatal *adx.* Pertencente ou relativo ó padal.

palatalizar *v.* Darlle a un son articulación palatal.

palatiforme *adx.* Semellante ó padal.

palatino-a *adx.* 1. Relativo ó padal. // *s.m.* 2. Óso par situado por detrás do maxilar superior, que forma a parte posterior do padal duro.

palatinoide *adx.* Relativo á forma farmacéutica usada para administrar as menciñas desagradables ou volátiles.

palatinoscopia *s.f.* Técnica de toma e estudo das impresións palatinas, que segundo certos autores se pode empregar como sistema de identificación das persoas, dada a variedade dos patróns formados polas rugosidades palatinas.

palatite *s.f.* Inflamación do padal brando.

palato- Prefixo do latín, padal.

palatodinia *s.f.* Dor na rexión palatina debida xeralmente a unha neuralxia da segunda rama do trixémimo.

palatoestafilino-a *adx.* 1. Relativo ó padal e á úvula. // *s.m.* 2. Músculo par situado na cara posterior do veo do padal. Tamén se di **palatostafilino**.

palatofarínxeo-a *adx.* 1. Relativo ó padal e á farinx. // *s.m.* 2. Músculo elevador da farinx e larinx, constrictor do istmo nasofarínxeo e dilatador da trompa auditiva.

palatogloso-a *adx.* 1. Relativo ó padal e á lingua. // *s.m.* 2. Músculo que dirixe a lingua cara a arriba e atrás.

palatognato-a *adx.* Que ten fisura conxénita do padal.

palatografía *s.f.* Rexistro dos movementos do veo do padal durante a emisión de voz, mediante o palatógrafo. Tamén se di **palatomiografía**.

palatógrafo *s.m.* Instrumento empregado para rexistrar-los movementos do veo do padal no acto de falar.

palatograma *s.m.* Marca feita pola lingua no padal artificial, para sinala-lo punto exacto de articulación dun son palatal ou palatalizado.

palatolabial *adx.* Relativo ó padal e ós labios.

palatomaxilar *adx.* Relativo ó padal e ó maxilar.

palatómetro *s.m.* Instrumento empregado para medi-lo padal óseo.

palatomiografía *s.f.* V. **palatografía**.

palatonasal *adx.* Relativo ó padal e ás fosas nasais.

palatoplastia *s.f.* Cirurxía plástica do padal.

palatoplexía *s.f.* Parálise do veo do padal.

palatopterigoide *adx.* Relativo ó palatino e á apófise pterigoide. Tamén se di **pterigopalatino**.

palatorrafia *s.f.* Sutura dunha fisura palatina. Tamén se di **estafilorrafia**, **uranorrafia**.

palatosalpínxeo-a *adx.* Relativo ó padal e á trompa de Eustaquio. Tamén se di **músculo peristafilino**.

palatosquise *s.f.* Malformación conxénita que consiste na prolongación da fisura do labio leporino ata a bóveda palatina. Tamén se di **fisura palatina**, **uranosquise**.

palatostafilino-a *adx.* V. **palatoestafilino**.

palatum *s.m.* (lat.) Padal.

paleantropoloxía *s.f.* V. **paleoantropoloxía**.

palencéfalo *s.m.* V. **paleoencéfalo**.

palencefalografía *s.f.* Método de exploración cerebral baseado no rexistro de vibracións infraaudibles que se producen no cranio.

paleo- Prefixo do grego, antigo, vello.

paleoantropoloxía *s.f.* Rama da paleontoloxía dedicada ó estudo do home fósil, primitivo.

paleocerebelo *s.m.* Parte do cerebelo máis primitiva desde o punto de vista filoxenético, formada polo vermis e o flóculo. O lobo flóculo-nodular, chamado tamén arquicerebelo, encárgase de mante-las conexións co sistema vestibular.

paleocerebeloso-a *adx.* Pertencente ou relativo ó paleocerebelo.

paleocinesia *s.f.* Movemento automático asociado que depende do control do corpo estriado. Representa un tipo de control motor primitivo. Tamén se di **palicinesia**.

paleocinético-a *adx.* Pertencente ou relativo á paleocinesia.

paleocórtex *s.m.* Parte do córtex cerebral que corresponde ás áreas de terminación das vías olfactorias e que filoxeneticamente ocupa unha posición intermedia entre o arquicórtex e o neocórtex. Tamén se di **paleopalio**.

paleoencéfalo *s.m.* Encéfalo primitivo que comprende todo o cerebro agás o córtex e as súas dependencias. Tamén se di **encéfalo primitivo**.

paleoestriado *s.m.* División do corpo estriado baseada nun criterio embriolóxico e fisiopatolóxico que comprende o globo pálido, formado polos dous segmentos internos do núcleo lenticular.

paleominia *s.f.* Tipo de paleocinesia que consiste na repetición espontánea e constante dun certo movemento, presente na enfermidade de Párkinson, en demencias e en parálises pseudobulbares.

paleoneuroloxía *s.f.* Rama da paleontoloxía que, baseándose nos restos fósiles, estudia a evolución do sistema nervioso.

paleontoloxía *s.f.* Ciencia que estudia os restos fósiles de animais e vexetais. // **P. estratigráfica** Estudio da fauna e flora na súa relación coas épocas xeolóxicas.

paleopalio *s.m.* V. **paleocórtex**.

paleopatoloxía *s.f.* Estudio das enfermidades polos datos atopados en fósiles ou momias.

paleopsicoloxía *s.f.* Estudio dos fenómenos mentais e dos xeitos de conducta dos individuos dos pobos primitivos.

paleostriatum *s.m.* V. **paleoestriado**.

paleotálamo *s.m.* Parte filoxeneticamente máis antiga do tálamo. Porción interna ou central do mesmo.

paleoxenesia *s.f.* Aparición de caracteres ancestrais en xeracións sucesivas. Tamén se di **palinxénese**.

palescencia *s.f.* Palidez.

palestesia *s.f.* Sensibilidade ósea para as vibracións. Sensación vibratoria experimentada ó colocar un diapason sobre algunha prominencia ósea subcutánea. Tamén se di **palmanestesia**, **palmestesia**.

paleta *s.f.* 1. Omoplata. 2. Pa de madeira ou cartón para mante-la man estendida en certas vendaxes. Tamén se di **manopla**. 3. Vaso graduado para recolle-lo sangue da sangría. 4. Cartilaxe na que remata o esterno. 5. Doenza caracterizada por cansazo xeral e malestar na boca do estómago.

***paletilla** *s.f.* V. **espiñela**.

paliación *s.f.* Acción ou efecto de paliar.

paliar *adx.* Relativo ó palio.

paliar *v.* Atenuar ou mitigar unha enfermidade ou doenza.

paliativo-a *adx.* Que proporciona alivio a unha doenza, pero non a cura.

palicinesia *s.f.* V. **paleocinesia**.

palidal *adx.* Relativo ó globo pálido.

palidez *s.f.* Perda da cor natural da pel, especialmente a da cara.

pálido-a *adx.* Esbrancuxado, falto de cor. // **Globo p.** Porción descolorida interior do núcleo lenticular. Tamén se di **pallidum**.

pálido-estriado-a *adx.* Do sistema extrapiramidal.

palidotomía *s.f.* Produción dunha lesión no globo pálido como tratamento dos movementos involuntarios de orixe extrapiramidal.

palifemia *s.f.* V. **palinfrasia**.

palilalia *s.f.* V. **palinfrasia**.

palimnese *s.f.* Memoria anterógrada.

palindromía *s.f.* Recidiva dunha enfermidade.

palindrómico-a *adx.* Recidivante.

palinestesia *s.f.* Restablecemento da sensibilidade na anestesia xeral.

palinfrasia *s.f.* Repetición patolóxica dunha palabra ou frase. Tamén se di **palifemia**, **palilalia**.

palingrafía *s.f.* Repetición patolóxica, na escritura, de letras, sílabas ou palabras.

palinxénese *s.f.* 1. Rexeneración ou restauración dunha substancia ou dunha parte que se perdera. 2. V. **paleoxenesia**.

palio *s.m.* Córtex cerebral e substancia branca subxacente. Tamén se di **pallium**.

paliopsia *s.f.* Perseveranza visual patolóxica de orixe neurolóxica, onde o enfermo segue vendo os obxectos despois de desapareceren do seu campo visual.

palirrea *s.f.* 1. V. **regurxitación**. 2. Repetición dun derramo ou fluxo.

palisilabia *s.f.* Repetición involuntaria e explosiva dunha sílaba, característica dos tateos.

pallidum *s.m.* V. **globo pálido**.

pallium *s.m.* V. **palio**.

pallor *s.m.* V. **palidez**. // **P. eximius** Palidez extrema. / **P. virginum** V. **clorose**.

palma *s.f.* Cara anterior da man desde o pulso ata os dedos. // **P. plicata** Pregadura da mucosa vaxinal.

palnado-a *adx.* V. **palmeado**.

palmanestesia *s.f.* V. **palanestesia**.

palmar *adx.* Relativo ou pertencente á palma da man. // **Músculos p.** Músculos da palma da man.

palmatura *s.f.* V. **sindactilia**.

palmeado-a *adx.* Que está provisto de membrana interdixital. Tamén se di **palnado**.

palmés,-esa *adx.* V. **pateño**.

palmestesia *s.f.* V. **palestesia**.

pálmico-a *adx.* Relativo ó latexo ou ó pulso.

palmidactilia *s.f.* V. **sindactilia**.

palmitato *s.m.* Sal derivado do ácido palmítico.

palmítico (ácido) *s.m.* Ácido graxo (C₁₆H₃₂O₂) presente en moitas graxas animais e vexetais, especialmente no aceite de palma. Tamén se di **ácido hexadecanoico**.

palmitina *s.f.* Triglicérido do ácido palmítico que se obtén do aceite de palma.

palmitoleico (ácido) *s.m.* Ácido graxo presente en moitos lípidos. Tamén se di **ácido hexadecenoico**.

palmo *s.m.* 1. Lonxitude desde a punta do polgar ata a do maimiño coa man estendida. 2. Choque, latexo, salto.

palmoplantar (signo) *s.m.* Descoloración amarela nas partes prominentes das palmas das mans e plantas dos pés na febre tifoide. Tamén se di **signo de Filipovich**.

palmoscopia *s.f.* Observación ou estudo dos latexos cardíacos.

palmospasma *s.m.* Espasmo clónico dos músculos na atrofia muscular progresiva ó interrompe-la corrente que os atravesaba.

palmus *s.m.* V. **palmo**.

palógrafo *s.m.* Esfigmógrafo no que os impulsos se transmiten a unha columna de líquido encerrada nun tubo en U, que permite rexistrar graficamente os movementos da superficie do líquido situado na rama aberta do tubo.

palpabilidade *s.f.* Calidade de palpable.

palpable *adx.* Que se pode percibir polo tacto ou pola palpación.

palpación *s.f.* Medio de exploración diagnóstica que consiste en aplicar, cunha lixeira presión, os dedos ou a cara anterior da man sobre unha superficie para notar

certas calidades ou o límite dos órganos subxacentes. // **P. bimanual** Palpación feita coas dúas mans. / **P. mensuradora** Palpación bimanual usada en obstetricia para percibi-lo tamaño do feto en relación coa pelve.

palpar *v.* Tocar coas mans para recoñecer ou examinar algo. Tamén se di **apalpar**.

palpatopercusión *s.f.* Palpación combinada con percusión

pálpebra *s.f.* Cada unha das membranas que, ó se pecharen, cobren e protexen o globo ocular. // **P. frontalis** e **p. malaria** Pálpebra superior e inferior, respectivamente. / **P. tertia** Membrana nictitante.

palpebrado-a *adx.* Que ten pálpebras.

palpebral *adx.* 1. Relativo ás pálpebras. // *s.m.* 2. Músculo orbicular das pálpebras.

palpebrite *s.f.* V. **blefarite**.

palpitación *s.f.* 1. Latexo violento do corazón percibido polo paciente. 2. Acción e efecto de palpar.

palpitante *adx.* Que se contrae, latexa ou palpita. Tamén se di **latexante**.

palpitar *v.* Latexar.

palpite *s.f.* V. **palpitación**.

pálpito *s.m.* V. **palpitación**.

paludial *adx.* V. **palúdico**

palúdico-a *adx.* Relativo ó paludismo. Tamén se di **paludial**.

palúdide *s.f.* Manifestación cutánea de orixe palúdica.

paludismo *s.m.* Enfermidade infecciosa endémica causada polas especies do xénero *Plasmodium* (hematozoario de Laveran) e transmitida polos mosquitos infectados do xénero *Anófele*. No home, as especies causantes son *Plasmodium falciparum*, *Plasmodium vivax*, *Plasmodium malariae*, *Plasmodium ovale*. A enfermidade caracterízase por febres de distintos tipos, esplenomegalia e presenza do parasito no sangue, no que invade e destrúe os glóbulos vermello. O paroxismo palúdico coincide coa saída do parasito dos glóbulos vermello; está constituído polos tres estadios de frío, calor e suor, con remisión dos síntomas no intervalo dos paroxismos. Recibe distintas denominacións, segundo o axente causal, os órganos principalmente afectados ou o síntoma dominante. Tamén se di **malaria**, **paludose**.

paludíxeno-a *adx.* Que produce paludismo.

paludoloxía *s.f.* Estudio ou tratado sobre o paludismo.

paludose *s.f.* V. **paludismo**.

paludoterapia *s.f.* Paludismo inducido. Piretoterapia realizada co hematozoario do paludismo. Tamén se di **malioterapia**.

palustre *adx.* 1. Palúdico. 2. Pantanoso.

PAM (procaína-aluminium-monosterate). V. **pralidoxina**.

pamaquina *s.f.* Derivado da aminoquinolina, primeiro antipalúdico sintético introducido en terapéutica. Tamén se di **plasmaquina**.

PAMBA (Ácido P-aminometilbenzoico). Antifibrinolítico.

pamblástico-a *adx.* Relativo a tódalas capas do blastoderma.

pampiniforme *adx.* En forma de pámpano ou gromo da vide. // **P. plexo** Rede de vasos venosos, espermáticos ou ováricos.

pampinocele *s.f.* V. **varicocele**.

pan- Prefixo do grego, todo, universal.

pan *s.m.* Alimento preparado con masa de fariña e auga que sofre un proceso de fermentación con lévedo e que se coce posteriormente no forno.

panacea *s.f.* Remedio universal ó que se lle atribúe a propiedade de curar tódalas doenzas.

panadenopatía *s.f.* Adenopatía xeral dos ganglios linfáticos.

panado-a *adx.* Relativo á auga ou calquera líquido que tivo en infusión pan torrado.

panaglutinina *s.f.* Aglutinina que actúa sobre os glóbulos de tódolos grupos sanguíneos.

panalxia *s.f.* Dor xeneralizada.

Panamá, febre do *s.f.* Paludismo maligno endémico das ribeiras do río Chagres, en Panamá. Tamén se di **febre do Chagres**.

pananxite *s.f.* Inflamación de tódalas capas dun vaso sanguíneo.

panariciu *s.m.* Inflamación purulenta dos dedos das mans, que segundo onde se presenta pode ser: subepidérmica, subcutánea e profunda ou tendinosa. Tamén se di **paroniquia**, **uñeiro**, **unlleiro**.

panarterite *s.f.* Inflamación das capas dunha arteria. // **P. nodosa** Inflamación de moitas arterias do corpo.

panartrite *s.f.* Inflamación de tódalas articulacións ou de tódalas estruturas dunha articulación.

panastenia *s.f.* Astenia xeral, neurastenia.

panatrofia *s.f.* Atrofia xeral ou que afecta a moitas partes.

Panax quinquefolium *s.m.* Planta araliácea, da raíz da cal se extrae o *ginseng*, afrodisíaco chino.

pancardite *s.f.* Inflamación xeral do corazón. Endocardite, miocardite e pericardite simultáneas.

pancitopenia *s.f.* Diminución de tódolos elementos celulares do sangue. Tamén se di **anemia aplásica**.

Pancoast, tumor de V. **tumor de Pancoast, tumor de Pancoast-Tobías**.

páncreas *s.m.* Glándula de 15 a 16 cm de lonxitude localizada no abdome detrás do estómago e diante das vértebras L I e L II, entre o duodeno e o bazo. A maior parte das súas células están destinadas á secreción exócrina (principalmente tripsina, lipases, amilases, enzimas pancreáticos que interveñen na dixestión dos alimentos formando parte do zume pancreático que se secreta no duodeno polo conducto de Wirsung). A secreción endócrina localízase sobre todo nos illotes de Langerhans, produtores de insulina e glicagón, que interveñen no metabolismo dos hidratos de carbono. // **P. aberrante** Masa illada de tecido pancreático totalmente separada do páncreas, provista dun conducto excretor e situada na capa submucosa do estómago, do duodeno ou do xexuno. Tamén se di **p. accesorio, supernumerario ou heterotrópico.** / **P. anular** Malformación conxénita do páncreas caracterizada por unha ponte de parénquima pancreático que rodea coma un anel a segunda porción do duodeno. / **P. artificial** Dosificador automático de insulina capaz de controla-lo nivel de azucre hemático nos diabéticos. / **P. De Willis ou de Winslow** Páncreas menor, porción pequena do páncreas, parcialmente desprendida, que se atopa situada por detrás da cabeza do devandito órgano.

pancreatixia *s.f.* Dor no páncreas.

pancreatomía *s.f.* Extirpación total ou parcial do páncreas. Tamén se di **pancrectomía.**

pancreatelcose *s.f.* Ulceración no páncreas.

pancreatenfraxe *s.f.* Conxestión ou tumefacción do páncreas por obstrución do conducto pancreático.

pancreático-a *adx.* Relativo ou pertencente ó páncreas.

pancreaticocolecistotomía *s.f.* Implantación dunha anastomose pancreática na vesícula biliar.

pancreaticoduodenal *adx.* Relativo ó páncreas e ó duodeno.

pancreaticoduodenostomía *s.f.* Anastomose cirúrxica entre o páncreas e o duodeno.

pancreaticoenterostomía *s.f.* Anastomose cirúrxica entre o páncreas e unha parte do intestino.

pancreaticografía *s.f.* Exploración radiolóxica para estudia-las características morfolóxicas do páncreas.

pancreaticosplénico-a *adx.* Relativo ó páncreas e ó bazo.

pancreaticotomía *s.f.* Incisión no conducto pancreático.

pancreaticoxexunotomía *s.f.* Anastomose cirúrxica do conducto pancreático co xexuno.

pancreatina *s.f.* Produto que contén enzimas, principalmente amilase pancreática, tripsina e lipase, obtidas do páncreas fresco de animais, que se emprega en terapéutica.

pancreatismo *s.m.* Exceso de actividade do páncreas.

pancreatite *s.f.* Inflamación do páncreas con áreas de necrose. Maniféstase clinicamente por un cadro de

abdome agudo con amilasemia e amilaturia. A inflamación pode ser aguda ou crónica, caracterizada esta por fibrose pancreática.

pancreatoduodenectomía *s.f.* Extirpación da cabeza do páncreas xunto coa asa duodenal que a rodea.

pancreatografía *s.f.* Imaxe radiolóxica das vías excretoras do páncreas. // **P. operatoria** A que se obtén trala inxección de contraste radiopaco no conducto de Wirsung.

pancreatoide *adx.* Parecido ó páncreas.

pancreatolipase *s.f.* Lipase que existe no zume pancreático.

pancreatólisa *s.f.* V. **pancreólise.**

pancreatolitectomía *s.f.* Extirpación dunha concreción pancreática.

pancreatólito *s.m.* Cálculo ou concreción pancreática.

pancreatolitotomía *s.f.* Incisión no páncreas para a extracción dun cálculo. Tamén se di **pancreolitotomía.**

pancreatolitotripsia *s.f.* Litotripsia ou litotricia no conducto pancreático.

pancreatomía *s.f.* V. **pancreatotomía.**

pancreatonco *s.m.* Tumor ou tumefacción do páncreas.

pancreatopatía *s.f.* Enfermidade do páncreas. Tamén se di **pancreopatía.**

pancreatostimulina *s.f.* V. **pancreocimina.**

pancreatostomía *s.f.* Creación dunha fístula cirúrxica no conducto pancreático.

pancreatotomía *s.f.* Incisión cirúrxica do páncreas. Tamén se di **pancreatomía.**

pancreatotrópico-a ou **pancreotrópico-a** *adx.* Que ten afinidade polo páncreas.

pancreatóxeno-a *adx.* Que se xera no páncreas.

pancrectomía *s.f.* V. **pancreatotomía.**

pancreocimina *s.f.* Hormona producida pola mucosa duodenal, que estimula a secreción dalgúns enzimas do zume pancreático por parte do páncreas exócrino. Tamén se di **pancreatostimulina.**

pancreólise *s.f.* Destrución do tecido pancreático.

pancreolitotomía *s.f.* V. **pancreatolitotomía.**

pancreopatía *s.f.* V. **pancreatopatía.**

pancreoprivo-a *adx.* Privado do páncreas ou da súa secreción.

pancreoterapia *s.f.* Uso terapéutico do tecido pancreático.

pancuronio *s.m.* Esteroide con actividade semellante á tubocurarina. // **Bromuro de p.** Relaxante muscular usado como auxiliar na anestesia.

pandemia *s.f.* Enfermidade epidémica que se estende a moitos países e que ataca a case tódolos individuos.

Pander, follíñas de Follas blastodérmicas. / **P., capa de** Zona esplenoopleural do mesoblasto.

pandiculación *s.f.* Movemento xeral de extensión ou de estirón de tódalas partes do corpo con ou sen bocexos.

Pandy, reacción de V. **reacción.**

panelectroscopio *s.m.* Instrumento para o exame con luz eléctrica das cavidades do corpo: estómago, recto, uretra, etc. Tamén se di **panendoscopio, cistoscopio.** // **P. de McCarthy** Aparato que permite a visión da vexiga e da uretra.

panendoscopio *s.m.* V. **panelectroscopio.**

panesclerose *s.f.* Esclerose ou induración total dunha parte ou órgano.

panesfigmógrafo *s.m.* Dispositivo que rexistra simultaneamente os movementos cardíacos, torácicos e do pulso.

panestesia *s.f.* Conxunto ou suma de sensacións experimentadas.

Paneth, células de Células situadas no fondo das glándulas de Lieberkiihn, que conteñen gránulos eosinófilos que elaboran un enzima, cimóxeno. Tamén se di **células de Davidoff.**

panfaxia *s.f.* Afección ou tendencia insá a comer de todo.

panfobia *s.f.* Temor ou ansiedade por todo. Tamén se di **pantofobia.**

panglosia *s.f.* Locuacidade.

panhematopoético-a *adx.* Que afecta a tódolos factores que interveñen na formación do sangue.

panhemocitopenia *s.f.* Diminución anormal de tódolos elementos celulares do sangue. Tamén se di **pancitopenia.** // **P. central** A falta de produción está na medula ósea. / **P. esplénica primaria** Destrución por hiperesplenismo de tódolos elementos celulares sanguíneos. / **P. periférica** Secundaria á destrución esaxerada dos elementos celulares.

panhemocitose *s.f.* Dexeneración ou mala formación das células do sangue.

panhidrose *s.f.* Suor xeneralizada de todo o corpo.

panhiperemia *s.f.* Plétora xeral.

panhipopituitarismo *s.m.* Insuficiencia hipofisaria global, é dicir, que lles afecta a tódalas hormonas producidas pola hipófise anterior. Tamén se di **caquexia hipofisaria** ou **pituitaria, enfermidade de Simmons.**

panhisterectomía *s.f.* Extirpación total do útero e do colo uterino.

panhisterocolpectomía *s.f.* Extirpación completa de útero e vaxina, e obliteración da cavidade resultante no prolapsos uterino.

panhisterooforectomía *s.f.* Extirpación do útero, colo uterino e ovarios.

panhisterosalpingooforectomía *s.f.* Extirpación completa do útero, trompas e ovarios.

panhisterosalpinxectomía *s.f.* Extirpación do útero, colo uterino e trompas.

paniculalxia *s.f.* V. **adiposalxia.**

paniculite *s.f.* Inflamación do panículo ou tecido adiposo, que se manifesta pola rixidez local e dor á presión e ós movementos. // **P. recidivante febril non supurativa** Formación de nódulos dolorosos no tecido adiposo subcutáneo. Tamén se di **enfermidade de Weber-Christian.**

panículo *s.m.* Capa, acumulación de tecido. // **P. adiposo** Capa subcutánea de graxa. // **P. carnoso** Capa muscular delgada dentro da envoltura superficial en moitos animais; no home está representado polo músculo cutáneo ou platisma. // **P. celuloadiposo** Tecido celular subcutáneo.

panidrose *s.f.* V. **panhidrose.**

panigao *s.m.* Dermatite tropical que lles afecta ós membros inferiores, producida pola larva do anquilostoma duodenal.

paninmunidade *s.f.* Inmunidade a varias afeccións.

panis *s.m.* (lat.) Pan.

panívoro-a *adx.* 1. Que se alimenta de pan. 2. Que vive no pan ou sobre a súa superficie.

panmastite *s.f.* Flegmón difuso da mama. Tamén se di **mastite total.**

panmieloide *adx.* Relativo a tódolos elementos da medula ósea.

panmielopatía *s.f.* Estado patolóxico de toda a medula ósea.

panmielose *s.f.* Xeración de tódolos elementos da medula ósea.

panmielotise *s.f.* Aplasia xeral da medula ósea.

panmixia *s.f.* Unión sexual de individuos de diferentes razas. Apareamento non selectivo. Tamén se di **pantogamia.**

panneurite *s.f.* Neurite xeral ou múltiple. // **P. endémica** V. **beriberi.**

panniculus *s.m.* (lat.) Panículo.

pannus *s.m.* (lat.) 1. Trastorno da córnea que se caracteriza pola neoformación de tecido conxuntivo ricamente vascularizado, en forma de manto que cobre a metade superior da córnea; adoita ser unha secuela do tracoma. 2. Tecido de granulación procedente da sinovial, que recobre a superficie articular na artrite. 3. Manchas cutáneas que aparecen no rostro en certos estados patolóxicos ou fisiolóxicos, especialmente na muller en estado avanzado de xestación. Tamén se di **pano.**

pano *s.m.* V. **pannus**.

panoftalmía *s.f.* V. **panoftalmite**.

panoftalmite *s.f.* Inflamación purulenta de todo o ollo.

panóptico-a *adx.* Que fai visibles tódalas cousas, especialmente os colorantes que diferencian tódolos tecidos dunha mostra ou preparado. Tamén se di **pantóptico**.

panoptose *s.f.* Ptose xeral das vísceras abdominais. Tamén se di **pantoptose**.

panorama *s.m.* Amplo espacio ambiental que rodea o ergograma.

panosteíte *s.f.* Inflamación de tódolos tecidos que forman o óso. Tamén se di **osteomielite**.

panotite *s.f.* Inflamación de tódalas estruturas do oído.

panplexía *s.f.* Parálise total.

panquiblofáron *s.m.* Anquiblofáron completo.

pansinusite *s.f.* Sinusite xeral. Inflamación de tódolos seos dos ósos faciais.

panspermatismo *s.m.* 1. Diseminación universal dos xermes viventes. 2. Hipótese que explica a aparición da vida no noso planeta polo transporte de xermes en meteoritos. // **P. atmosférico** Presencia na atmosfera de xermes patóxenos mesturados co po. Tamén se di **panspermia**.

panspermia *s.f.* V. **panspermatismo**.

Panstróngylus Xénero de chinches redúvidas; algunhas das especies son vectores de tripanosomas.

pantacromático-a *adx.* Acromático por completo.

pantafobia *s.f.* Falta de todo temor ou medo.

pantalla *s.f.* Superficie destinada a proxectar imaxes ou a dete-las radiacións. // **P. fluorescente** Lámina de papel, cartón ou cristal cunha capa de material fluorescente, empregada en radioscopia e radiografía. / **P. intensificante** Dispositivo composto de materiais fluorescentes que se aplica ás placas radiográficas para reduci-la cantidade de radiación que recibe o paciente.

pantalxia *s.f.* V. **panalxia**.

pantamorfia *s.f.* Deformidade ou anormalidade xeral.

pantanencefalia *s.f.* Anencefalia completa.

pantatrofia *s.f.* Atrofia xeral por desnutrición.

panterapia *s.f.* Terapéutica que utiliza toda clase de medios e de medicamentos.

pantiatría *s.f.* Medicina xeral.

panto- Prefixo do grego, todo.

pantocaína *s.f.* Clorhidrato de tetracaína. Úsase como anestésico local, especialmente nas mucosas nasal e farínxea.

pantocromismo *s.f.* Existencia de dúas ou máis formas con diferentes cores.

pantódico-a *adx.* Que irradia en tódalas direccións. Refírese especialmente ós impulsos nerviosos.

pantofobia *s.f.* V. **panfobia**.

pantogamia *s.f.* V. **panmixia**.

pantógrafo *s.m.* 1. Instrumento usado para trazar gráficamente o contorno do tórax. 2. Instrumento utilizado para copiar, ampliar ou reducir debuxos ou planos.

pantomicina *s.f.* V. **eritromicina**.

pantomórfico-a *adx.* Que pode adoptar tódalas formas.

pantopaque *s.m.* Iofendilato, medio de contraste empregado nas mielografías.

pantóptico-a *adx.* V. **panóptico-a**.

panoptose *s.f.* V. **panoptose**.

panoscópico-a *adx.* Relativo ás lentes bifocais adaptadas para a visión próxima e remota.

panostato *s.m.* Aparello que produce corrente farádica.

panoténico (ácido) *s.m.* Factor dietético esencial presente en todo tipo de organismos e células. É unha vitamina do complexo B, que forma parte integral do coenzima A.

panotermia *s.f.* Estado caracterizado por variacións da temperatura corporal, sen causa aparente.

pantrópico-a *adx.* Que ten afinidade por moitos tecidos, especialmente os virus.

panulado-a *adx.* De cor semellante á da codia do pan, como a da pel a consecuencia de abscesos e furunchos repetidos.

panus *s.m.* Tumefacción, ganglio linfático inflamado sen supuración. // **P. inguinalis** V. **bubón**.

panuveíte *s.f.* Inflamación de todo o tracto uveal (coroide, corpos ciliares e iris) do globo ocular.

pánxema *s.f.* Furúnculo maligno.

panza *s.f.* 1. Abdome. 2. Primeira cavidade do estómago dos ruminantes.

panzootia *s.f.* Enfermidade que ataca a moitos animais ó mesmo tempo.

papa *s.f.* 1. Alimento de fariña ou outra substancia cocida, de pouca consistencia. 2. Substancia con aspecto de pasta mol ou de papas. // **P. ateromatosa** Materia amarelada semellante ó pus do ateroma.

papaína *s.f.* Fermento dixestivo que se obtén do zume do froito da árbore *Carica papaya*. Emprégase para dixerir proteínas.

Papanicolau, coloración de Método de diagnóstico precoz do cancro, no que se tinxen as células do epitelio vaxinal, do colo uterino, etc. Tamén se di **colpocitloxía**.

papas *s.f. pl.* Fariña cocida en auga ou leite.

Papaveri Xénero de plantas papaveráceas. Da especie *Papaveri somniferum* ou durmideira extráese o opio.

papaverina *s.f.* Alcaloide do opio que tamén se pode obter por síntese, e que actúa como relaxante muscular.

papeira *s.f.* Bocio.

papeiras *s.f. pl. V. parotidite.*

papel *s.m.* 1. Pasta composta de celulosa formada a partir de vexetais e disposta en follas. 2. Dose de medicamento en po que se expende en papelíños. // **P. antiasmático** Papel impregnado de solución de nitrato potásico, beladona, estramonio e mirra, que se lles fai inhalar ós enfermos asmáticos. / **P. reactivo** Fitas de papel impregnadas dunha solución colorante vexetal, por exemplo o tornasol.

papeleta *s.f.* Nos hospitais, folha de admisión do doente.

papila *s.f.* Pequena prominencia en forma de mamila que se produce principalmente na pel e nas mucosas. // **P. acústica** Órgano de Corti. / **P. caliciforme** Cada unha das papilas da base da lingua, dispostas en forma de V. Tamén se di **p. lingual**. / **P. da mama** Mamila. / **P. de Santorini** V. **ampola de Vater**. / **P. dentaria** Pequena masa do fóliculo dental, a partir da cal se forma a dentina e a polpa dentaria. / **P. dérmica** Pequena masa redondeada que se proxecta desde o corion cara á epiderme. Tamén se di **p. do corion**. / **P. duodenal** Elevación do duodeno na que se atopan as saídas dos conductos colédoco e pancreático. / **P. interdentaria** Porción da enxiva en forma de pirámide, que enche o espazo entre o colo dos dentes. / **P. lacrimal** Papila situada no ángulo interno do ollo, que amosa os puntos lacrimais. / **P. óptica** Disco redondo situado algo por dentro do polo posterior do globo ocular, por onde entra o nervio óptico e os vasos sanguíneos da retina. Tamén se di **p. do nervio óptico**, **disco óptico**. / **P. táctil** Papila da derme que contén os corpúsculos do tacto. / **P. renal** Vértice dunha pirámide renal.

papilar *adx.* Relativo ás papilas.

papilectomía *s.f.* Ablación dunha papila, especialmente as renais, para trata-la hematuria. Tamén se di **papilotomía**.

papiledema *s.m.* Edema da papila óptica. Tamén se di **papilestase**.

papilestase *s.f.* Papiledema.

papilífero-a *adx.* Que ten forma de papila.

papiliforme *adx.* Que ten forma de papila.

papilite *s.f.* Inflamación dunha papila, especialmente a óptica. Tamén se di **neurite óptica**.

Papillomavirus Xénero de virus da familia *papoviridae*, no que se inclúe o virus da verruga normal.

papiloadenocistoma *s.m.* Papiloma combinado con adenoma e cistoma.

papilocarcinoma *s.m.* Carcinoma que presenta excrecencias papilares.

papiloma *s.m.* 1. Tumor benigno do tecido epitelial que aparece sobre a pel e mucosas. Teñen aspecto de papilas

ou dixitacións e comprenden verrugas, condilomas, calos, pólipos e vexetacións. 2. Hipertrofia papilar de causa inflamatoria con neoformación de tecido conxuntivo. // **P. acuminado** Condiloma venéreo. / **P. córneo** Papiloma cuberto de epitelio pavimentoso, como as verrugas e cornos. / **P. de Hopman** V. **pólipo de Hopman**. / **P. difuso** V. **papilomatose**. / **P. lineal** V. **ictiose lineal**. / **P. mucoso** Papiloma cuberto de epitelio de igual natureza cá mucosa na que se asenta. / **P. piloso** Papiloma que se atopa na vexiga urinaria ou pelve renal.

papilomacular *adx.* Relativo á papila e á mácula; aplícase a un fascículo das fibras que constitúen o nervio óptico.

papilomatose *s.f.* Formación de múltiples papilomas. Tamén se di **papiloma difuso**.

papiloneurite *s.f.* Inflamación da papila óptica que se estende á retina. Tamén se di **neurorretinite**.

papilosarcoma *s.m.* Papiloma maligno.

papilotomía *s.f.* V. **papilectomía**.

papiráceo-a *adx.* Semellante ó papel, especialmente a lámina ósea que limita por fóra as células do óso etmoide ou o feto momificado dun embarazo extrauterino.

papo *s.m.* 1. Papada, bocio. 2. (pop.) Estómago, barriga. 3. Órganos xenitais externos da muller. 4. Xema do dedo. // **P. da perna** Parte carnosa, avultada, formada polos músculos xemelgo e solear na parte posterior da perna, debaixo da rexión poplítea. Tamén se di **barriga da perna**.

papoviridae *s.m.pl.* Familia de virus ADN, a maioría dos cales poden causar tumoracións benignas ou malignas nos vertebrados. O ácido nucleico do virus pode integrarse no da célula hóspede, ocasionando a transformación tumoral. Destaca o xénero *Papillomavirus*.

papovirus V. *papoviridae*.

Pappenheim, coloración de Coloración usada para diferenciar-las granulacións basófilas das hemacias e os fragmentos nucleares.

pappus (lat.) Peluxe.

pápula *s.f.* Lesión elemental da pel que consiste nunha pequena elevación sólida e circunscrita. Tamén se di **roncha**. **P. de Celso** Lique agre. / **P. mucosa** Condiloma sifilítico. / **P. seca** Pápula primitiva do chancro.

populación ou **populización** *s.f.* Formación de pápulas nas enfermidades eruptivas.

papulífero-a *adx.* Que ten pápulas.

papuliforme ou **populoide** *adx.* En forma de pápula ou semellante a ela.

papulorritematoso-a *adx.* Caracterizado por pápulas sobre un fondo eritematoso.

papulonecrótico-a *adx.* Caracterizado por pápulas e fenómenos necróticos.

- papulopustuloso-a** *adx.* Caracterizado por pápulas e pústulas.
- papuloscamoso-a** *adx.* Caracterizado por pápulas e escamas.
- papulose** *s.f.* Enfermidade caracterizada pola presenza de numerosas pápulas. // **P. atrófica maligna** V. **enfermidade de Degos.**
- papulovesicular** *adx.* Caracterizado pola presenza de pápulas e vesículas.
- paqui-** Prefixo do grego, denso, grosso, espeso.
- paquiacría** *s.f.* Estado de engrosamento do coiro cabeleudo e da pel da cara e extremidades, principalmente dedos en maza, e deformidades óseas. Tamén se di **acro-paquidermia**, **pseudoacromegalia** ou **síndrome de Brugsch.**
- paquibléfaron** *s.m.* Engrosamento do bordo palpebral por inflamación crónica.
- paquicaroidite** *s.f.* Engrosamento da coróide pola formación dunha capa de tecido fibroso.
- paquicefalia** *s.f.* Grosor esaxerado das paredes do cranio.
- paquicolia** *s.f.* Bile anormalmente densa.
- paquicolpismo.** V. **paquivaxinite.**
- paquicromático-a** *adx.* Que ten fíos de cromatina espesos.
- paquidactilia** *s.f.* Engrosamento dos dedos.
- paquidermatocele** *s.f.* 1. V. **dermatólise.** 2. Neuroma moi grande de tipo plexiforme.
- paquidermatose** *s.f.* Paquidermia crónica.
- paquidermia** *s.f.* Engrosamento anormal da pel. Tamén se di **elefancia.** // **P. larínxea** Engrosamento irregular do epitelio das cordas vocais adquirindo caracteres epidermoides, sobre todo en catarros larínxeos crónicos, especialmente en fumadores e alcohólicos. / **P. linfanxiectásica** Infiltración edematosa e hiperplasia do tecido conxuntivo da pel causada pola obstrucción dos vasos linfáticos.
- paquiglosia** *s.f.* Engrosamento anormal da lingua.
- paquignato-a** *adx.* Que ten a mandíbula grosa ou grande.
- paquihemia** *s.f.* Acción de espesa-lo sangue.
- paquilose** *s.f.* Enfermidade crónica na que a pel, especialmente a das pernas, se volve dura, grosa e seca.
- paquimemia** *s.f.* Engrosamento cutáneo ou dunha membrana.
- paquimeninx** *s.f.* Duramáter.
- paquimeninxite** *s.f.* Inflamación da duramáter.
- paquímetro** *s.m.* Instrumento empregado para medi-lo grosor dos obxectos Tamén se di **pacómetro.**
- paquinema** *s.m.* Estadio postsináptico da mitose, no cal a cromatina adopta forma de espirema grosso.
- paquínse** *s.f.* Engrosamento, especialmente, engrosamento anormal.
- paquioniquia** ou **paquionixe** *s.f.* Engrosamento das unllas.
- paquiostose** *s.f.* Hipertrofia ósea.
- paquiotia** *s.f.* Engrosamento marcado das orellas.
- paquipelviperitonite** *s.f.* Pelviperitonite con engrosamento das partes afectadas.
- paquiperiosteodermia** *s.f.* Enfermidade rara que lles ataca ós adultos de 20-40 anos con paquidermia e alteracións óseas de tipo acromegálico.
- paquiperiostite** *s.f.* Periostite dos ósos que fai que estes engrosen anormalmente.
- paquipleurite** *s.f.* Engrosamento e endurecemento pleural de carácter inflamatorio.
- paquipodia** *s.f.* Tamaño anormalmente grosso dos pés.
- paquiqueilia** *s.f.* Engrosamento anormal dos labios.
- paquiquilia** *s.f.* Viscosidade anormal do quimo.
- paquisalpingoovarite** *s.f.* Induración inflamatoria, atrófica e crónica do ovario e trompa de Falopio.
- paquisalpinxite** *s.f.* Inflamación crónica da trompa de Falopio con engrosamento da mesma.
- paquisinovite** *s.f.* Induración inflamatoria dunha membrana sinovial. Tamén se di **higroma crónico.**
- paquitriquia** *s.f.* Espesura notable dun pelo ou cabelo.
- paquivaxinalite** *s.f.* Engrosamento inflamatorio da túnica vaxinal do testículo. Tamén se di **periorquite.**
- paquivaxinite** *s.f.* Vaxinite crónica con engrosamento das paredes da vaxina. // **P. cística** V. **colpite enfisematosa.**
- par** *adx.* 1. Igual ou semellante. // *s.m.* 2. Conxunto de dúas partes ou órganos iguais ou simétricos. // **P. cranial** Cada un dos doce pares de nervios craniais que nacen nas diversas partes do encéfalo e saen polos orificios do cranio. / **P. raquídeos** Cada un dos trinta e un pares de nervios vertebrais ou espiñais que nacen da medula espiñal e saen polos orificios de conxunción; divídense en 8 pares cervicais, 12 torácicos, 5 lumbares, 5 sacros e 1 coccíxio.
- para-** Prefixo do grego, cerca, parte de, xunto a, fóra de, en comparación con. En química indica a substitución nun derivado do anel bencénico de dous átomos unidos a carbonos opostos.
- paraameba** *s.f.* V. **paramoeba.**
- paraaminobenzoico (ácido)** *s.m.* Substancia que forma parte do complexo vitamínico B. É esencial para o metabolismo das bacterias e é inhibidor da acción das sulfamidas. Corrixe a canicie prematura, e emprégase no tratamento da rickettsiase Tamén se di **PABA.**

paraaminosalicílico (ácido) *s.m.* Substancia cristalina, soluble en auga, que ten acción bacteriostática contra o bacilo da tuberculose. Tamén se di **PAS**.

paraaminosulfónico (ácido) *s.m.* Ácido do que derivan as sulfamidas.

paraanalgésia *s.f.* Analgesia de ámbolos dous brazos ou ámbalas dúas pernas, especialmente a referida á metade inferior do corpo.

paraanestesia *s.f.* Anestesia dos brazos ou as pernas, especialmente da metade inferior do corpo.

paraapendicite *s.f.* Apendicite complicada con inflamación dos tecidos veciños.

parabacteria *s.f.* Bacteria que, por desenvolverse en contacto con outros organismos, reacciona de xeito diferente ó que lle é propio.

parabánico (ácido) *s.m.* Substancia sólida, cristalina, por oxidación do ácido úrico. Tamén se di **oxalilurea**.

parabiión *s.m.* Organismo que vive xunto a outro en condicións de parabiose.

parabióse *s.f.* 1. Unión de dous individuos, que pode ser natural, como a dos xemelgos fusionados, ou artificial, por intervención cirúrxica en animais de investigación. 2. Supresión temporal da excitabilidade e conductividade dun nervio. // **P. vascular** Cruzamento da circulación entre dous individuos. Tamén se di **transfusión sanguínea directa**.

parablasto *s.m.* Parte do mesoblasto da que se desenvolven os vasos sanguíneos, linfáticos, etc.

parablastoma *s.m.* Tumor formado por tecido parablástico.

parablenorráxico-a *adx.* Que ten relación indirecta coa blenorragia.

parablepsia *s.f.* Visión falsa ou alterada, como nas alucinacións. Tamén se di **paropsia**.

parabucal *adx.* Administrado por vía diferente da bucal.

parabulia *s.f.* Alteración da vontade.

paracantoma *s.m.* Tumor da pel orixinado nas células espiñosas da capa de Malpighi.

paracantose *s.f.* Hiperplasia das células espiñosas da capa de Malpighi.

paracardiaco-a *adx.* Situado a carón do corazón. Tamén se di **exocardiaco**.

paracéfalo-a *adx.* Relativo ó feto con cabeza rudimentaria e órganos sensoriais, tronco e membros imperfectos.

paracelo *s.m.* Ventrículo lateral do cerebro.

paracelsiano-a ou **paracelsista** *adx.* Relativo a Paracelso ou partidario das súas ideas.

paracenesia *s.f.* Cenestesia alterada. Tamén se di **cenestopatía**.

paracentese *s.f.* Procedemento cirúrxico polo que, mediante punción, se extrae líquido ou unha porción de tecido, con fins diagnósticos. // **P. abdominal** Punción abdominal que se efectúa sobre todo na ascite. / **P. timpánica** Punción da membrana timpánica para a súa drenaxe ou irrigación. / **P. torácica** Toracocentese.

paracentral *adx.* Que está próximo ó centro.

paraceratose *s.f.* Paraqueratose.

paracetamol *s.m.* V. **acetaminofén**.

paracetofenetidina *s.f.* V. **fenacetina**.

paraciese *s.f.* Embarazo extrauterino.

paracinese ou **paracinesia** *s.f.* 1. Cinese incoordinada que ó superpoñerse a un movemento voluntario desorganízao e vólveo grotesco. Obsérvase habitualmente na corea de Huntington. Tamén se di **parapraxia**. 2. En oftalmoloxía, acción irregular dun músculo ocular extrínseco.

paracistio *s.m.* Conxunto de tecidos arredor da vexiga urinaria ou da vesícula biliar.

paracistite *s.f.* Inflamación dos tecidos que rodean a vexiga urinaria ou a vesícula biliar.

paracisto *s.m.* V. **paracistio**.

paracma ou **paracmé** *s.f.* Período de declinación ou remisión.

Paracoccidioides Xénero de fungos de clasificación dubidosa dentro dos deuteromicetos, antes denominados *blastomyces*. O *Paracoccidioides brasiliensis*, fungo unicelular de estrutura semellante á dos fermentos, é o responsable da paracoccidioidomicose ou blastomicose sudamericana.

paracoccidioidomicose *s.f.* Enfermidade producida por *Paracoccidioides brasiliensis* e caracterizada por unha forma cutaneomucosa (úlceras de fondo granuloso na cara e infartos dos ganglios rexionais) e formas viscerais (lesiões do aparato dixestivo con diarreas, hepatoesplenomegalia e adenopatías abdominais) Tamén se di **blastomicose sudamericana** ou **brasileira**.

paracólera *s.m.* Enfermidade semellante ó cólera asiático pero na que o axente etiolóxico é distinto do vibrión colérico.

paracolia *s.f.* Secreción biliar alterada. Tamén se di **ictericia hepática**.

paracolite *s.f.* Inflamación da capa externa do colon e tecidos próximos.

paracolpio *s.m.* Tecido celular que rodea a vaxina.

paracolpíte *s.f.* Inflamación do tecido celular que rodea a vaxina. Tamén se di **paravaxinite**.

paracónide *s.f.* Cúspide dun molar inferior.

paracono *s.m.* Cúspide mesiolingual dun molar superior.

paracordal *adx.* Situado a carón do notocordio.

paracoxalxia *s.f.* Doenza semellante á coxalxia.

paracresol *s.m.* Unha das tres formas isómeras do cresol, usada como desinfectante.

paracrinia *s.f.* Trastorno da secreción. Tamén se di **paraecrise**.

paraecrise *s.f.* Crise irregular ou alterada.

paracroia *s.f.* Coloración anormal. Tamén se di **paracromía**.

paracromatina *s.f.* Substancia cromófila contida na porción máis delicada do núcleo e no fuso da cariocinese.

paracromatismo V. **paracromatopsia**.

paracromatoblepsia. V. **paracromatopsia**.

paracromatopsia *s.f.* Percepción defectuosa das cores.

paracromatose V. **discromía**.

paracromía V. **paracroia**.

paracromóforo-a *adx.* Que segrega un pigmento e o retén dentro do seu corpo.

paracueducto *s.m.* Extensión lateral do acueducto cerebral.

paracusia ou **paracuse** *s.f.* Trastorno do sentido do oído. // **P. acris** Hiperacusia. / **P. de Willis** Diminución da audición nas condicións normais de quietude, mellorando co ruído. Tamén se di **xordeira paradoxal** ou **perversa**. / **P. dobre** Diplacusia, estrabismo ótico. / **P. imaxinaria** V. **tinnitus aurium**. / **P. de localización** Imposibilidade de localizar correctamente a orixe dos sons.

parada *s.f.* Acción de parar ou deterse unha función fisiolóxica // **P. cardíaca** Cesamento das contraccións do corazón. / **P. respiratoria** Interrupción da respiración pulmonar.

paradenite *s.f.* Inflamación dos tecidos próximos ó ganglio ou glándula.

paradentario-a *adx.* Situado a carón dun ou máis dentes.

paradentite *s.f.* V. **parodontite**.

paradentose *s.f.* Atrofia do leito óseo dentario e da enxiva correspondente. Tamén se di **parodontose**.

paradiabete *s.f.* Estado caracterizado por algunhas manifestacións da diabete, pero sen os síntomas típicos de poliúria e glicosuria.

paradiagnóstico *s.m.* Diagnóstico case totalmente correcto.

paradídimo *s.m.* Estructura rudimentaria situada enriba do epidídimo, que consta de tubos cerrados e representa o resto da porción posterior do corpo de Wolff. Tamén se di **masa innominada**, **órgano de Giralde**s, **paraepídimo**.

paradiftérico-a *adx.* Relacionado indirectamente coa difteria

paradisentería *s.f.* Diarrea semellante a unha disentería.

paradoxo *s.m.* Afirmación ou feito que parece absurdo e non o é ou pode non selo. // **P. de Weber** Elongación dun músculo que foi tan estirado que xa non pode contraerse.

paraecrise V. **paracrinia**.

paraentérico-a V. **parentérico**.

paraepicelio *s.m.* Fosa lateral no epicelio ou IV ventrículo.

paraepidídimo *s.m.* V. **paradídimo**.

paraepigástrico-a *adx.* Que está cerca do epigastrio.

paraepilepsia *s.f.* Ataque epiléptico abortado que consta só da aura, sen convulsións. É un equivalente epiléptico.

paraescarlatina *s.f.* Eritema súbito.

paraesternal *adx.* V. **paresternal**.

paraestesia *s.f.* V. **parestesia**.

parafasia *s.f.* Trastorno afásico que consiste na deformación ou substitución de palabras, fonemas, etc., por outros. / **P. fonémica** ou **literal** Alteración da combinación de unidades fonémicas (desprazamentos, substitucións, adicións). / **P. sintágmica** Substitución dunha palabra ou sintagma por outro. / **P. verbal morfolóxica** Substitución de palabras a partir dunha proximidade morfolóxica. / **P. verbal semántica** Substitución de palabras a partir da súa proximidade semántica.

parafemia *s.f.* V. **parafasia**.

parafia *s.f.* Anomalía do sentido do tacto. Tamén se di **parapse**, **parapsia**.

parafibrinóxeno *s.m.* Composto semellante á fibrina, que se obtén por precipitación repetida de fibrinóxeno por sal.

parafilia *s.f.* Perversión sexual.

parafimose *s.f.* Trastorno caracterizado pola imposibilidade de volver coloca-lo prepucio na súa posición normal unha vez repregado por detrás da glande, causado por un prepucio estenosado ou inflamado.

parafina *s.f.* Mestura de hidrocarburos sólidos obtidos por destilación do petróleo. Úsase en histoloxía como materia de inclusión e como vehículo medicamentoso. // **P. branda** V. **vaselina**. / **P. plástica** ou **cirúrxica** Parafina disposta en película dúctil, propia para o tratamento das queimaduras.

parafinoma *s.m.* 1. Tumefacción inflamatoria que ás veces segue á inxección de parafina nos tecidos. Tamén se di **vaselinoma**. 2. Granuloma crónico producido pola exposición continuada á acción irritante da parafina.

paráfise *s.f.* Estructura en forma de saco de paredes delgadas derivadas do teito do mesencéfalo.

paráfito *s.m.* Parasito vexetal.

paraflexelo *s.m.* Flaxelo accesorio.

parafobia *s.f.* Fobia lixeira.

parafonía *s.f.* V. **disfonía**.

paráfora *s.f.* Distracción ou desorde mental leve.

paraforia *s.f.* Efecto consecutivo á paravariación nas xeracións seguintes.

paraformaldehido *s.m.* Polímero do formaldehido obtido pola acción da calor, usado como desinfectante en fumigacións.

parafrasia *s.f.* V. **parafasia**.

parafrenia *s.f.* 1. Para Kraepelin, psicose paranoide crónica, caracterizada por delirios fantásticos e conservación das capacidades intelectuais. Segundo as características do delirio e a súa evolución distínguense catro formas: confabuladora, expansiva, fantástica e sistemática. 2. Para Freud, esquizofrenia.

parafrenite *s.f.* Inflamación dos tecidos próximos ó diafragma.

parafucsina *s.f.* Colorante empregado no tratamento da tripanosomíase.

parafuncional *adx.* Función alterada ou pervertida.

paragamacismo *s.m.* Dificultade para pronuncia-lo g.

paraganglio *s.m.* Corpo redondeado con cápsula conxuntiva que forma grupos independentes de tecido cromafín en distintos órganos do corpo.

paraganglioma *s.m.* Tumor formado a partir de tecidos do paraganglio. // **P. medular** V. **feocromocitoma**. / **P. non cromafín** Tumor do corpo carotídeo.

paraglobulina ou **paraglobina** *s.f.* Globulina anormal do soro e células sanguíneas, linfa e tecido conxuntivo. Tamén se di **seroglobulina**, **fibroplastina**, **fibrinoplastina**, **serina**, **substancia fibrinoplásica**.

paraglobulinuria *s.f.* Eliminación de paraglobulinas pola urina.

paraglose ou **paraglosite** *s.f.* Inflamación dos tecidos situados debaixo da lingua.

paraglutinación *s.f.* Aglutinación de grupo.

paragnato *s.m.* Monstro fetal con mandíbula supernumeraria.

paragnose *s.f.* ou **paragnóstico** *s.m.* Diagnóstico dunha enfermidade dun personaxe histórico, deducido de datos ou relatos contemporáneos del.

paragonfose *s. f* 1. Articulación inmóbil por encaixe dun óso na cavidade doutro, coma na inserción dun dente. 2. Encravamento da cabeza fetal na pelve menor.

paragonimíase *s.f.* Infestación con parasitos do xénero *Paragonimus*.

Paragonimus Xénero de trematodos que parasitan nos pulmóns e outros órganos dos mamíferos e do home. // **P. de Westermani** Atópase en quistes pulmonares, da pleura, do fígado e da cavidade abdominal dos afectados,

é propia dos países asiáticos e infesta a homes e animais. Tamén se di **doela pulmonar**.

paragrafía *s.f.* Trastorno da linguaxe escrita que consiste na substitución dunha unidade lingüística por outra. // **P. grafémica** Substitución dun grafema por outro, ben sexa porque representan o mesmo fonema, ou ben polo seu parecido en canto ós seus trazos constitutivos. / **P. literal** Paragrafía na que a letra é a unidade lingüística substituída. / **P. sintágmica** Substitución dun fragmento sintágmico, paralela á parafasia sintágmica. / **P. verbal** Substitución dunha palabra por outra, correspondéndose coa parafasia verbal na linguaxe oral.

paragramatismo *s.m.* Trastorno afásico, presente nas afasias sensoriais, caracterizado por unha deformación da sintaxe.

paragripal *adx.* Provocado indirectamente pola gripe.

parahemoglobina *s.f.* Hemoglobina escura, que se atopa en estado cristalino nos tecidos nos estados graves de destrución sanguínea.

parahepático-a *adx.* Situado a carón do fígado.

parahepatite *s.f.* Inflamación dos tecidos que rodean o fígado.

parahereditario-a *adx.* Non transmitido xeneticamente da célula nai á célula filla, de xeito directo.

parahidrose *s.f.* Trastorno ou alteración da secreción de suor. Tamén se di **paridrose**.

parahipnose *s.f.* Trastorno do sono, coma o pesadelo, somnambulismo, etc.

parahipófise *s.f.* Hipófise accesoria.

parahormona *s.f.* Substancia que sen ser hormona ten unha acción semellante, regulando a actividade dun órgano distante.

parainfección *s.f.* Estado no que os síntomas son semellantes ós dunha infección pero que non se debe ós xermes causantes desta.

parainfeccioso-a *adx.* Debido ás condicións producidas pola infección, máis que pola infección mesma.

paraláctico (ácido) *s.m.* Unha das tres formas estereoisómeras do ácido láctico.

paralagma *s.f.* Dislocación dun óso ou dos seus fragmentos.

paralalia *s.f.* V. **parafasia**.

paralambdacismo *s.m.* Defecto de pronunciación do *l*, ou substitución por outro.

paralaxe *s.f.* Aparente desprazamento dun obxecto debido ó cambio de posición da cabeza do observador.

paralbumina *s.f.* Pseudomucina.

paraldehido *s.m.* Elemento líquido claro, de cheiro e sabor desagradable, soluble en auga, alcohol e éter, que posúe propiedades hipnóticas e sedantes e que se

emprega no *delirium tremens*, manía, e como antídoto da morfina.

paraldehismo *s.m.* Estado patolóxico producido polo abuso do paraldehido.

paralelismo *s.m.* Doutrina segundo a cal os procesos mentais e os procesos cerebrais son independentes, sen se interferiren.

paralelocinesia *s.f.* Reproducción polo membro afectado dos movementos pasivos exercidos polo san. Obsérvase ás veces na hemiplexía.

paralepra *s.f.* Forma leve ou abortada da lepra.

paralepsia *s.f.* V. **psicolepsia**.

paralerema *s.f.* Delirio ou trastorno mental moderado observado nalgunhas hipertermias. Tamén se di **paraleres**.

paralergia *s.f.* Estado de alerxia intensa que reacciona a estímulos non específicos. Tamén se di **patergia**.

paralergia *s.f.* Antíxeno produtor de reaccións paraléxicas.

paralexia *s.f.* Trastorno da facultade de ler, que se caracteriza pola transposición de palabras e sílabas, dando lugar a combinacións sen significado.

paralinina *s.f.* V. **cariolinfa**.

paralipofobia *s.f.* Apreensión angustiosa de ter descoitado ou omitido actos e ser causa por iso de graves danos a persoas achegadas.

parálise *s.f.* Trastorno caracterizado pola perda da función muscular, coa conseguinte perda de movemento dunha ou varias partes do corpo, debida a unha lesión. Ten orixe nerviosa ou muscular, e pode afectar a unha parte do músculo, a todo o músculo ou a un grupo deles. Cando a parálise é incompleta chámase paresia. // **P. alcohólica** Parálise producida polo alcoholismo / **P. alterna** Hemiplexía. / **P. amiotrófica** Atrofia muscular progresiva. / **P. ascendente** Parálise espinal que progresa de abaixo cara a arriba. / **P. ascendente aguda** Parálise progresiva e moi rápida, que se estende desde os pés ata as partes superiores, que acaba causando a morte por parálise dos centros respiratorios. Tamén se di **síndrome de Landry**. / **P. atrófica aguda infantil** Poliomielite anterior aguda. / **P. axitante** Enfermidade de Párkinson. / **P. axitante xuvenil** Síndrome de Hunt. / **P. braquial** ou **braquiofacial** Parálise que lle afecta ó brazo ou ó brazo e á cara. / **P. bulbar** Enfermidade crónica caracterizada pola parálise e atrofia progresiva dos músculos dos labios, lingua, farinxe e larinxe, debida á dexeneración dos núcleos motores dos nervios hipogloso, facial, trixémino, espinal e pneumogástrico. Tamén se di **parálise de Duchenne**, **glosolabial**, **labioglosofarínxea**, ou **labioglosolarínxea**. / **P. capsular** Hemiplexía por lesión da cápsula interna. / **P. central**. Por lesión no encéfalo ou na vía piramidal da medula espinal. / **P. cerebral** Parálise debida a unha lesión intracranial. A súa forma xenuína e máis común é a parálise cerebral infantil. / **P. cortical**

Parálise por lesión do córtex cerebral. / **P. cruzada**. Hemiplexía alterna ou cruzada. / **P. da acomodación** Parálise do músculo ciliar do ollo, que impide a súa acomodación. / **P. de Bell** Parálise facial periférica. / **P. de Brown-Séguard** Parálise do movemento dun lado e anestesia térmica e dolorosa do outro por hemisección medular. / **P. de Duchenne-Erb** Parálise do plexo braquial por afectación das raíces C_v e C_{vI}. / **P. de Klumpke ou de Klumpke-Déjerine** Parálise atrófica por lesión das raíces C_{vIII} e D_I que lles afecta ós músculos do brazo e da man. / **P. de Landry** Parálise ascendente aguda, frecuentemente mortal. / **P. de Lissauer** Parálise xeral progresiva na que están afectados principalmente os lobos temporal e parietal. / **P. de Little** Parálise espasmódica infantil. / **P. de Miller-Gluber** Hemiplexía alterna. / **P. de Remak** Parálise dos músculos extensores dos dedos e do pulso, por lesión da raíz C_{vIII}. / **P. de Todd** Debilidade muscular transitoria que ás veces se produce tralas convulsións jacksonianas localizadas. / **P. diftérica** A que lle afecta ó veo do padal ou ó músculo de acomodación, consecutiva a unha polineurite diftérica. / **P. dos mergulladores** Estado que se caracteriza por ataques apoplejiformes, paraplexías por lesión medular, dores articulares, epistaxe, etc. Obsérvase en persoas que traballan a unha elevada presión atmosférica, como os mergulladores, cando volven respirar ó aire libre sen unha descompresión controlada. / **P. espinal infantil** Poliomielite anterior aguda. / **P. facial** Parálise do VII par ou facial. / **P. flácida** Parálise con hipotonía muscular, propia de lesións da neurona motora periférica, como a poliomielite ou a polineurite. / **P. glosofaringo-vagospinal** Síndrome de Vernet ou do furado esgazado posterior. / **P. glosofaringo-vagospinal-hipogloso** Síndrome de Collet-Sicard. / **P. histérica** Parálise psicóxena. / **P. infantil** Poliomielite. / **P. laringohipogloso** Síndrome de Tapia. / **P. local** Parálise dun músculo ou dun grupo de músculos. / **P. obstétrica** Parálise no neonato ou no neno, causada por traumatismo durante o parto. / **P. ocular** Oftalmoplexía. / **P. periférica** Parálise por lesión localizada entre o núcleo de orixe dun nervio e a periferia. / **P. por compresión** Parálise debida á presión sobre un nervio periférico. / **P. pseudobulbar** Parálise que lles afecta principalmente ós músculos da cara e aseméllase a unha parálise bulbar, pero é debida a lesións supranucleares. / **P. pseudohipertrófica** Distrofia muscular infantil de Duchenne. / **P. reflexa** A causada por unha irritación periférica. / **P. supranuclear** Parálise por lesión de vías ou centros situados por enriba dos núcleos de orixe. / **P. tóxica** Parálise causada por tóxicos. / **P. traumática** A producida por unha presión inferida nun nervio. / **P. vasomotriz** Parálise do sistema vasomotor. / **P. veolaringo-glosospinal** Síndrome de Jackson. / **P. veolaringo-glosospinal** Síndrome de Schmidt. / **P. veolarínxea** Síndrome de Avellis.

paralísia *s.f.* Parálise.

paralítico-a *adx.* Que sofre de parálise.

paralizador-a *adx.* Paralizante.

paralizante *adx.* 1. Que causa parálise. 2. Que impide ou prevén unha reacción química.

paralizar *v.* 1. Causa-la parálise dun membro ou órgano do corpo. 2. Deixar de ter movemento.

paraloxía *s.f.* Trastorno da mente caracterizado por unha linguaxe ilóxica ou delirante. // **P. temática** Alteración na que o enfermo razoa iloxicamente sobre un tema ou idea.

paraloxismo *s.m.* Linguaxe sen significado ou ilóxica, propia dos dementes.

paralxesia *s.f.* Parestesia dolorosa, sensación dolorosa anómala. Tamén se di **paralxia**.

paramagnetismo *s.m.* Propiedade de ser atraído por un imán e adoptar unha posición paralela á forza magnética.

paramanía *s.f.* Forma de paratimia na que o individuo experimenta satisfacción ó expresar laios ou queixas.

paramastigóforo *s.m.* Microorganismo que posúe un flaxelo accesorio ó lado doutro maior.

paramastite *s.f.* Inflamación dos tecidos arredor da glándula mamaria. Tamén se di **flegmón perimamario**.

paramastoidite *s.f.* Inflamación arredor da apófise mastoide.

Paramecium Xénero de protozoos de auga doce, moi usado nas investigacións citolóxicas e xenéticas. // **P. coli** *Balantidium coli*.

paramediano-a *adx.* Situado cerca da liña media.

paramedicina *s.f.* Que ten relación indirecta ou secundaria coa medicina.

paramenia *s.f.* Dismenorrea.

parameningococo *s.m.* Microorganismo semellante ó meningococo pero que difire polas reaccións serolóxicas.

parametadona *s.f.* Derivado da oxazolidinodiona indicado nas ausencias epilépticas.

parametasona *s.f.* Esteroide sintético con actividade glicocorticoide e antiinflamatoria, e sen actividade mineralocorticoide.

parametrio *s.m.* Conxunto de tecidos que rodean o útero.

parametrite *s.f.* Inflamación do parametrio. Tamén se di **pelvicelulite**. // **P. anterior** Inflamación do tecido celular entre o útero e a vexiga. / **P. posterior** Inflamación do tecido que rodea os ligamentos uterosacos.

parámetro *s.m.* Variable que, nun sistema de elementos, serve para identificar cada un deles polo seu valor numérico.

parametropatía *s.f.* Enfermidade do parametrio.

paramimia *s.f.* Trastorno da expresión mímica no que se empregan xestos erróneos ou impropios que non corresponden á idea que quere expresa-lo enfermo. Tamén se di **mímica paradoxal**.

paramioclonía *s.f.* ou **paramioclono** *s.m.* Contracción mioclónica de varios músculos. // **P. múltiple** Enfermi-

dade dexenerativa caracterizada por contraccións mioclónicas paroxísticas dos músculos das extremidades, que desaparecen cos movementos voluntarios e co sono. Tamén se di **enfermidade de Friedrich**.

paramiosinóxeno *s.m.* Proteína semellante á miosina derivada do plasma muscular.

paramiotonía *s.f.* Forma atípica de mionía. Tamén se di **paramiotono**.

paramiotono *s.m.* Estado caracterizado por espasmos musculares tónicos.

paramitoma *s.m.* Hialoplasma.

Paramixoviridae ou **Paramixovirus** *s.m.pl* Familia de virus RNA que comprende tres xéneros: *Paramixovirus* (virus da parotidite, virus paragripal e virus da enfermidade de Newcastle), *Pneumovirus* (virus respiratorio sincitial) e *Morbillivirus* (virus do xarampón).

paramnesia *s.f.* Trastorno da expresión caracterizado pola perda de memoria das palabras e os seus signos, de xeito que as palabras non teñen ningunha relación lóxica co pensamento do paciente.

Paramoeba Xénero semellante ó das amebas, incluído no xénero *Craigia*, axente da craixiase.

paramolar *s.m.* Molar supernumerario que existe ás veces xunto ó segundo ou terceiro molares.

paramonoclorofenol *s.m.* Substancia preparada pola acción do cloro sobre o fenol, que se emprega como anti-séptico e antituberculoso, en aplicacións locais e inhalacións.

paramorfia *s.f.* Malformación.

paramorfina *s.f.* Tebaína.

paramucina *s.f.* Glicoproteína que se distingue da mucina por reduci-la solución de Fehling, antes de acidular e ferver. As veces atópase nos quistes ováricos.

paramusia *s.f.* Amusia parcial ou incompleta.

paranalxesia *s.f.* Analxesia das extremidades inferiores.

paranéfrico-a *adx.* 1. Próximo ó ril. 2. Relativo ás cápsulas suprarrenais.

paranefrina *s.f.* Adrenalina.

paranefrite *s.f.* Inflamación do tecido conxuntivo que rodea o ril.

paranefroma *s.m.* Tumor da cápsula suprarrenal.

paranefros *s.m.* Antigamente, cápsula suprarrenal.

paraneural *adx.* 1. Paralelo a un nervio ou tronco nervioso. 2. Relativo á anestesia resultante da inxección dun anestésico na proximidade dun tronco nervioso.

paranfistomíase *s.f.* Infestación por trematodos do xénero *Gastrodiscus*.

paranoia *s.f.* Carácter paranoico ou psicose paranoica. O carácter paranoico caracterízase pola desconfianza, orgullo, rixidez do pensamento, falta de autocrítica, falsi-

dade nos xuízos, agresividade, etc. A psicose paranoica adoita darse en individuos de carácter paranoico e caracterízase por delirios sistematizados que se expresan en forma desordenada e con aparente coherencia e lucidez. Predominan os mecanismos intuitivos e interpretativos sen afectación importante das demais funcións psíquicas.

paranoico-a *adx.* 1. Relativo á paranoia. 2. Que padece paranoia.

paranoide *adx.* Semellante á paranoia. Actualmente, este adxectivo designa unha estrutura delirante, distinta da paranoica, que se dá esencialmente nos estados esquizofrénicos.

paranomía *s.f.* Afasia caracterizada por esquecemento dos nomes das cousas e designación destas mediante termos improprios. // **P. miotáctica** Paranomía dos obxectos tocados ou sentidos. / **P. visual** Paranomía dos obxectos vistos.

paranormal *adx.* 1. Lixeiramente anormal. 2. Relativo ós fenómenos ou problemas que constitúen o obxecto de estudo da parapsicoloxía.

paranúcleo *s.m.* Corpo semellante a un núcleo e que se observa cerca del no protoplasma celular. Tamén se di **parasoma**.

paranucléolo *s.m.* Corpúsculo basófilo situado no núcleo, a carón do nucléolo.

paranxina *s.f.* Anxina anómala.

paraoccipital *adx.* Situado cerca do óso ou rexión occipital.

paraonfálico-a ou **paronfálico-a** *adx.* Paraumbilical.

paraoperatorio-a *adx.* Relativo ós accesorios dunha operación.

paraovario *s.m.* Epoóforo ou órgano de Rosenmüller, situado entre a trompa e o ovario. Constitúe restos embrionarios aloxados entre as capas peritoneais dos ligamentos anchos.

parapancreático-a *adx.* Situado cerca do páncreas.

paraparesia *s.f.* Paresia dos membros inferiores. Tamén se di **paraplexía lixeira**.

parapareunia *s.f.* Coito extravaxinal.

parapatía *s.f.* Trastorno de contido emocional similar á psicose.

parapédese *s.f.* Paso dos pigmentos biliares ós capilares sanguíneos en vez de pasar ós capilares biliares.

paraperitoneal *adx.* Próximo ó peritoneo.

parapeste *s.f.* Peste leve.

parapexiano-a *adx.* Que está próximo ó ápex ou punta do corazón.

paraplasia ou **paraplastia** *s.f.* Que presenta poder formativo alterado ou anómalo.

paraplasma *s.m.* 1. Substancia fundamental citoplasmática na que están en suspensión os orgánulos e as incluícións. Tamén se di **hialoplasma**. 2. Material nutricional de reserva no óvulo. Tamén se di **deutoplasma**. 3. Anomalía ou deformidade.

paraplético-a ou **paraplético-a** *adx.* Que padece paraplexía.

parapletiforme *adx.* Semellante a paraplexía.

parapleurite *s.f.* Pleuresía falsa. Tamén se di **peripleurite**.

paraplexía *s.f.* Parálise completa de partes simétricas do corpo, en especial de ámbalas pernas. // **P. cerebral infantil** V. **enfermidade de Little**. / **P. de Alajouanine** Paraplexía en flexión con exaltación dos reflexos de defensa do automatismo medular por lesión do encéfalo. / **P. espasmódica familiar** V. **enfermidade de Strümpell-Lorrain**. / **P. espástica** Paraplexía por lesión bilateral das vías piramidais ou corticospinais a nivel das motoneuronas das hastas anteriores. / **P. flácida** Paraplexía por lesión das motoneuronas periféricas que innervan directamente o músculo.

paraplexo *s.m.* Plexo coroide do ventrículo lateral.

parapneumonía *s.f.* Enfermidade que aparece con ocasión dunha pneumonía e se engade a ela.

parapófise *s.f.* Apófise transversa inferior dunha vértebra.

parapoplexía *s.f.* Estado de estupor parcial que se asemella á apoplexía.

paraportal *adx.* Relativo ó paso directo á vea cava de substancias nutritivas absorbidas no intestino cando non pasan pola vea porta e fígado, debido a algunha anomalía vascular.

Parapoxvirus Xénero de virus da familia *Poxviridae*, que lles afecta ós ungulados.

parapraxia *s.f.* Incapacidade para a execución correcta de movementos intencionados.

paraproctal *adx.* V. **pararrectal**.

paraproctite *s.f.* Inflamación dos tecidos arredor do recto e o ano.

paraprocto *s.m.* Conxunto de tecidos que rodean o recto e o ano.

paraprosexia *s.f.* Alteración cualitativa da atención por estados nos que a conciencia non está completamente lúcida.

paraproteína *s.f.* Inmunoglobulina producida por un clon de células plasmocitárias de proliferación patolóxica. Obsérvanse no mieloma, na macroglobulinemia de Waldenström e na amiloidose. Tamén se di **inmunoglobulina monoclonal**.

paraproteínia *s.f.* Enfermidade na que se observa a presenza de paraproteínas ou proteínas anormais no soro sanguíneo.

parapsia ou **parapse** *s.f.* V. **parafia**.

parapsicoloxía *s.f.* Estudio de certos fenómenos non explicados pola psicoloxía científica, tales como a telepatía, clarividencia, hipnotismo, espiritismo, etc. Tamén se di **criptopsiquismo**, **metapsiquismo**.

parapsilose *s.f.* Parapsrú.

parapsoríase *s.f.* Para Brocq, complexo heteroxéneo de dermatose crónica de aparencia psoriasiforme, lique-noide e maculopapuloso moi resistente ó tratamento.

paraqueratose *s.f.* Trastorno da capa córnea da pel. // **P. ostrácea** Enfermidade do coiro cabeludo con formación de carapela que envolve os cabelos. / **P. psoriasiforme** Caracterizada pola formación de carapolas similares ás da psoríase. / **P. variegata** Parapsoríase.

pararreacción *s.f.* 1. Reacción consecutiva a outra. 2. Para Meyer, estado paranoide e esquizofrénico.

pararrectal *adx.* Situado a carón do recto.

pararreflexia *s.f.* Alteración dos reflexos.

pararrenal *adx.* Situado a carón do ril.

pararritmia *s.f.* Arritmia cardíaca na que existen dous ritmos cardíacos independentes ó mesmo tempo

pararrítmo *s.m.* Ritmo alterado.

pararrosanilina *s.f.* Parafucsina.

pararrotacismo *s.m.* Pronunciación alterada do son [r] ou substitución deste por outros.

parartria *s.f.* Articulación imperfecta dos sons. Tamén se di **disartria**. // **P. silábica** Tartamudez.

parartrose *s.f.* 1. Parartria. 2. Luxación incompleta.

parasacro-a *adx.* Situado ou que ocorre a carón do sacro.

parasalpínxeo-a *adx.* Situado a carón da trompa de Falopio.

parasaxital *adx.* Paralelo ó plano medio ou saxital.

parascarlatina *s.f.* Eritema infeccioso.

parasecreción *s.f.* Alteración da secreción, ou secreción anormal.

parasemia *s.f.* Alteración da linguaxe mímica onde o xesto é discrepante cos estados emocionais, frecuente nos estados catatónicos.

parasexualidade *s.f.* Sexualidade pervertida.

parasífilis *s.f.* Manifestación terciaria da sífilis como a tabe dorsal, parálise xeral ou aneurisma aórtico.

parasifilose *s.f.* Parasífilis.

parasigmatismo *s.m.* Pronunciación imperfecta do son [s] ou substitución deste por outro.

parasigmoidite *s.f.* Peritonite localizada a carón do colon sigmoide.

parasimpático-a *adx.* Referido a unha das dúas partes en que se divide o sistema nervioso autónomo ou vexeta-

tivo, representado pola parte cranial, da que o vago é a porción máis importante, e a parte espiñal, constituída por fibras simpáticas das raíces dorsais da medula espiñal e os seus núcleos.

parasimpaticolítico-a *adx.* Que bloquea a acción das fibras nerviosas parasimpáticas. Tamén se di **anticolinérxico**.

parasimpaticomanía *s.f.* Perturbacións derivadas da sensibilidade especial do sistema parasimpático.

parasimpaticomimético-a *adx.* Semellante ó efecto producido pola estimulación do sistema nervioso parasimpático. Refírese tamén ás substancias con esa acción.

parasimpaticotonía *s.f.* Vagotonía.

parasinapse *s.f.* Unión dos cromosomas homólogos lado por lado durante a meiose.

parasinoideal ou **parasinusal** *adx.* Situado arredor do seo.

parasinovite *s.f.* Inflamación dos tecidos periarticulares.

parasíntese *s.f.* Unión lonxitudinal dos cromosomas homólogos.

parasístole *s.f.* Intervalo anormal de tempo entre sístole e diástole.

parasistolia *s.f.* Arritmia cardíaca caracterizada pola existencia doutro centro de automatismo sinusal que segue a súa actividade independente do centro normal, estando o ritmo cardíaco gobernado por dous centros, o normal e o desprazado, chamado paracentro.

parasitaxe *s.f.* Vida de parasito.

parasitemia *s.f.* Presencia de parasitos no sangue.

parasitocida *adx.* Destructivo para os parasitos.

parasitífero-a *adx.* Que lle serve de hósede a un parasito.

parasitismo *s.m.* 1. Relación existente entre parasito e hósede. 2. Infestación con parasitos.

parasito-a *adx.* e *s.* Organismo animal, vexetal, ou microorganismo que vive sobre outro ou dentro del nutréndose á súa conta. // **P. accidental** Organismo parasito ocasional. / **P. cariozoico**, **citozoico** ou **hemozoico** Parasito que vive nos núcleos das células ou no sangue, respectivamente. / **P. comensal** Parasito que se nutre do alimento do hósede sobre o que vive, o cal non o beneficia nin prexudica. / **P. facultativo** Organismo parasito, pero capaz de ter vida libre. / **P. falso** ou **p. inquilino** Organismo que vive sobre o hósede sen nutrirse nin vivir a expensas del. / **P. obrigado** Parasito incapaz de vida libre.

parasitofobia *s.f.* Temor a contraer enfermidades parasitarias ou ós mesmos parasitos.

parasitoide *adx.* Semellante a un parasito, ou que vive coma un parasito.

parasitólogo-a *adx.* e *s.* Especialista en parasitología.

parasitología *s.f.* Ciencia que estudia os parasitos.

parasitose *s.f.* Enfermidade orixinada polos parasitos.

parasitotropía *s.f.* ou **parasitotropismo** *s.m.* Afinidade dunha substancia por un parasito.

parasitótropo-a *adx.* Que ten afinidade especial polos parasitos.

parasitóxico-a *adx.* Que está causado por parasitos.

parasoma *s.m.* V. **paranúcleo**.

parasomnia *s.f.* 1. Conxunto de trastornos que están nos límites do sono normal ou que, sendo patolóxicos, aparecen en relación ou durante o sono normal. Poden ser cerebrospinais (sacudidas presómnicas, axitación motriz), vexetativas (enurese, crises larínxeas) ou psíquicas (terrores nocturnos, somnambulismo). 2. Estado que resulta dunha mestura de sono normal e patolóxico, por exemplo, o sono postraumático dun individuo que sufriu unha conmoción cerebral.

paraspadias *s.m.* Abertura da uretra a un lado do pene.

paraspasmo *s.m.* Espasmo de ámbolos membros inferiores.

paraspécifico-a *adx.* Que ten outras propiedades ademais das específicas.

parasplénico-a *adx.* Situado arredor do bazo.

parasprú *s.m.* Afección semellante ó esprú, pero que se diferencia dela por un menor adelgazamento, sen sequidade da pel nin disfaxia, e con deposicións espumosas cun contido de graxa superior ó 40 %. Tamén se di **parapsilose**.

parasteatose *s.f.* Alteración da esteatose ou secreción sebácea.

parastenía *s.f.* Funcionamento irregular ou a intervalos anormais.

parasternal *adx.* Que ocorre ou que está situado a carón do esterno. Tamén se aplica á zona situada entre a liña media esternal e mamilar.

parastruma *s.m.* Certo tipo de tumefacción desenvolvida a partir da glándula paratiroide.

paratarso *s.m.* Porción lateral do tarso.

paraténar *adx.* Situado a carón da rexión ténar.

paratendón *s.m.* Tecido adiposo do compartimento aponeurótico no que se atopa o tendón.

paratereseomanía *s.f.* Afección maníaca a ver cousas novas ou manía de observalo todo.

paratermia *s.f.* Diatermia de ondas curtas.

paraterminal *adx.* Situado xunto a un extremo.

parateste *s.f.* Epidídimo.

parathormona *s.f.* Hormona da paratiroide que regula o equilibrio do calcio e o fósforo. Tamén se di **paratirina**.

paratífico-a *adx.* Dos procesos semellantes ós tifoides e dos bacilos que os producen. Tamén se di **paratifoide**.

paratiflite *s.f.* Inflamación do tecido retroperitoneal do cego.

paratifo *s.m.* Febre paratifoide.

paratifoide *adx.* Febre semellante á tifoide, de evolución máis benigna e causada por bacilos paratíficos.

paratifóidico-a *adx.* Paratifoide.

paratimia *s.f.* Trastorno da afectividade na que se presenta unha emoción inadecuada respecto á situación obxectiva na que se atopa o individuo.

paratión *s.m.* Composto organofosforado, inhibidor do enzima acetilcolinesterase. Foi usado en agricultura como insecticida e produciu moitos casos de intoxicación accidental.

paratípico-a *adx.* Que é diferente do tipo orixinal.

paratiropria ou **paratiropria** *s.f.* Estado resultante da ablación ou ausencia das glándulas tiroides.

paratirina *s.f.* V. **parathormona**.

paratiroide *adx.* 1. Situado cerca da glándula paratiroide. 2. Relativo á glándula paratiroide. // *s.f.* 3. Glándula endócrina, en número dunha a catro, situada en dous grupos detrás da tiroide. Producen a hormona paratiroide ou parathormona e interveñen no metabolismo do fósforo e do calcio.

paratiroidectomía *s.f.* Extirpación das glándulas paratiroides.

paratiroidina *s.f.* Extracto dos principios activos da glándula paratiroide de animais.

paratiroidoma *s.m.* Tumor orixinado a partir da glándula paratiroide ou composto por tecido desta glándula.

paratiropatía *s.f.* Enfermidade da glándula paratiroide.

paratirotóxico *s.f.* Enfermidade resultante da hiperfunción das glándulas paratiroides.

paratirotópico-a *adx.* Que ten afinidade pola glándula paratiroide.

paratonía *s.f.* Tensión excesiva ou hipertensión.

paratopía *s.f.* Desprazamento, dislocación ou ectopía.

paratrás *s.m.* Síncope, vaído.

paratricose *s.f.* Anomalía no modo de ser ou situación dos cabelos.

paratripse *s.f.* 1. Irritación, esgazadura. 2. Retardo dos procesos catabólicos.

paratríptico-a *adx.* Que prevén o desgaste orgánico ou nervioso.

paratrofia *s.f.* Alteración da nutrición.

paratuberculose *s.f.* Doenza de natureza non tuberculosa pero que é producida polas condicións da tuberculose.

paraumbilical *adx.* Que está situado ou que ocorre cerca do embigo.

parauretra *s.f.* Conducto uretral accesorio.

parauretrite *s.f.* Inflamación da parauretra. Tamén se di **periuretrite**.

parauterino-a *adx.* Situado a carón do útero.

paravacina *s.f.* Erupción de nódulos de cor vermella, que aparece ás veces despois dunha vacinación, sen que sexa debida a ela.

paravacinal *adx.* Relativo á paravacina.

paravariación *s.f.* Variación condicionada polo ambiente, non hereditaria.

paravariola *s.f.* Forma de variola benigna que se dá en moitos países tropicais. Probablemente sexa unha variedade mitigada desta enfermidade. Tamén se di **alastrim**, **sarna cubana**, **pseudovariola**, etc.

paravaxinal *adx.* Situado a carón da vaxina.

paravaxinite *s.f.* Paracolpíte.

paravenoso-a *adx.* Que está situado ou que ocorre a carón dunha vea.

paravertebral *adx.* 1. Que está situado ó longo da columna vertebral. 2. Relativo á anestesia producida pola inxección venosa dun anestésico local arredor dos nervios espinais ó saíren estes da columna vertebral.

paravesical *s.f.* Situado a carón da vexiga.

paravitaminose *s.f.* Estado de deficiencia de vitaminas sen trastornos específicos.

paraxantina *s.f.* Composto tóxico cristalino que se pode atopar na urina e produce rixidez e perda da mobilidade muscular, dificultade respiratoria, etc. Tamén se di **uroteobromina**.

paraxeusia *s.f.* Alteración do sentido do gusto, ou mal sabor na boca.

paraxial *adx.* Paralelo a un eixe.

paraxón *s.m.* Rama colateral dun cilindroeixe.

parazoo *s.m.* Organismo parasitario animal.

parche *s.m.* Anaco de papel ou tea embebido nun líquido ou bálsamo, que se aplica sobre calquera parte do corpo para aliviar-la dor ou a inflamación. // **P. poroso** Parche que ten numerosos poros ou intersticios.

pardo-a *adx.* Da cor da terra, ou vermella amarelada. // **P. de Bismarck** ou **de Manchester** Colorante básico de anilina en solución ó 1% usado en técnicas histolóxicas.

páreas *s.f.* Conxunto de anexos do embrión: placenta, membrana e cordón umbilical. Tamén se di **secundinas**.

parectasia ou **parectase** *s.f.* Distensión excesiva dunha parte ou órgano.

parectropía *s.f.* Apraxia.

paredre *s.f.* Superficie que cerra ou limita unha cavidade ou órgano. // **P. celular** Estructura que protexe a membrana das células.

paredrina *s.f.* Hidroxianfetamina, droga derivada da anfetamina que se emprega como midríatica e desconxectiva nasal.

paregoría *s.f.* Calidade de paregórico.

paregórico-a *adx.* Adormentador, calmante.

pareidolia *s.f.* Ilusión debida a unha percepción falseada pola fantasía, como ver figuras fantásticas nas nubes, obxectos estraños en manchas, etc.

parelectrotomía *s.f.* Estado de diminución da forza dunha corrente eléctrica que pasa por un músculo.

parencefalia *s.f.* Deformidade conxénita do cranio.

parencefalite *s.f.* Inflamación do cerebelo.

parencéfalo *s.m.* V. **cerebelo**.

parencefalocele *s.f.* Hernia ou protrusión do cerebelo.

parénquima *s.m.* Tecido constituído por células diferenciadas e cun fin específico, a diferenza do tecido intersticial.

parenquimatite *s.f.* Inflamación dun parénquima.

parenquimatoso-a *adx.* Pertencente ou relativo ó parénquima.

parenquímula *s.f.* Fase embrionaria posterior ou consecutiva á denominada de blástula cerrada, na cal o blastocele está cheo de células.

parental *adx.* Relativo ós pais ou ascendentes.

parenteral ou **parentérico-a** *adx.* Que se efectúa por vía distinta da dixestiva ou intestinal.

parepicelio *s.m.* Fosiña lateral do IV ventrículo.

parepitimia *s.f.* 1. Appetito anormal. 2. Ansiedade enfermiza.

parergasia *s.f.* Para Meyer, trastorno psíquico caracterizado por reaccións anormais da personalidade, propio da esquizofrenia e da paranoia. Tamén se di **parerxia**.

parerxia *s.f.* Parergasia.

paresia *s.f.* Parálise lixeira ou incompleta por lesión nerviosa ou muscular.

paresiar *v.* Causar paresia.

paresioanalxesia *s.f.* Paresia con analxesia.

paresternal *adx.* Arredor do esterno. Tamén se di **paraesternal**.

parestesia *s.f.* Sensación subxectiva en forma de formigos, adormecemento, entumecemento, etc. producido por alteracións de estruturas do sistema nervioso

- central ou periférico en relación coa sensibilidade. // **P. de Bernhardt V. meralxia parestésica.**
- parestésico-a** *adx.* Relativo ou pertencente á parestesia.
- parético-a** *adx.* Relativo á parestesia ou afectado por ela.
- pareunia** *s.f.* Coito.
- parhepatía** *s.f.* Trastorno funcional da célula hepática.
- parhormona** *s.f.* Substancia metabólica do corpo que inflúe sobre as funcións doutros órganos ou tecidos.
- pari-** Prefixo do latín referente á idea de par ou igual.
- parida** *s.f.* Puérpera.
- paridade** *s.f.* 1. Igualdade, similitude. 2. Número de partos que se tiveron.
- parideira** *adx.* 1. Que está en idade fértil. 2. Moi fecunda.
- paridensidade** *s.f.* Igualdade da densidade da urina fraccionada emitida por un mesmo individuo nas 24 horas.
- paridrose** *s.f.* Alteración da secreción da suor.
- paries** (lat.) *s.f.* Parede.
- parietal** *adx.* Relativo á parede dunha cavidade. Tamén se di **parietario**. // **Óso p.** Óso par que forma a parte media da bóveda cranial.
- parietario-a** *adx.* V. **parietal**.
- parietite** *s.f.* Inflamación dunha parede.
- parietofrontal** *adx.* Relativo ós ósos ou lobos parietal e frontal.
- parietooccipital** *adx.* Relativo ós ósos ou lobos parietal e occipital.
- parietoscamudo-a** *adx.* Relativo ó óso parietal e á porción escamuda do óso temporal.
- parietosfenoidal** *adx.* Relativo ós ósos parietal e esfenoidal.
- parietoplácnic-a** *adx.* V. **parietovisceral**.
- parietotemporal** *adx.* Relativo ós ósos ou lobos parietal ou temporal.
- parietovisceral** *adx.* Relativo ás paredes dunha cavidade e ás vísceras contidas nela.
- pariforme** *adx.* Que ten igual forma.
- Parinaud, conxuntivite de, síndrome de** V. **conxuntivite, síndrome**.
- parir** v. Dar a luz.
- Paris, síndrome de** V. **acrodinia**.
- paristmio** *s.m.* V. **amígdala**.
- paristmite** *s.f.* V. **amígdalite**.
- Parkes-Weber, síndrome de** V. **síndrome**.
- Pákinson, enfermidade ou síndrome de** V. **enfermidade**. / **P., facies de** Facies patognomónica da enfermidade de Pákinson, caracterizada por hipomimia debida á hipocinesia, escaso pestanexo espontáneo e aumento do pestanexo á ameaza, e, ás veces, sialorrea.
- parkinsonismo** *s.m.* Enfermidade que presenta os mesmos síntomas da enfermidade de Pákinson. Distínguense dúas grandes formas de parkinsonismo: o parkinsonismo involuntario ou arteriosclerótico (enfermidade de Pákinson clásica) e o parkinsonismo postencefálico, que depende moito máis dos antecedentes etiolóxicos e da idade que dos respectivos cadros clínicos.
- parodontio** ou **parodoncio** *s.m.* Conxunto dos tecidos de sostén do dente. Comprende o óso alveolar, o ligamento alveolodental (periodonto), o cemento que envolve a raíz e a enxiva.
- parodontite** ou **paradentite** *s.f.* Proceso inflamatorio que lle afecta ó parodontio ou aparato de sostén do dente.
- parodontose** *s.f.* Doenza non inflamatoria, de tipo denerativo, do parodontio.
- paroftalmía** ou **paroftalmite** *s.f.* Inflamación do tecido conxuntivo que rodea o ollo.
- parolivar** *adx.* Situado cerca do corpo olivar.
- paromomicina** *s.f.* Antibiótico obtido a partir de cultivos do *Streptomyces rimosus*. É activo sobre bacilos gramnegativos e sobre a *Entamoeba histolytica* e o *Trichomonas vaginalis*.
- paronfalocele** *s.f.* Hernia situada cerca do embigo.
- paronicose** *s.f.* Formación de uñas nun lugar anómalo.
- paroniquia** *s.f.* Panadizo, especialmente o periungueal.
- paroniria** *s.f.* Sono anormal ou morboso.
- paroóforon** *s.m.* V. **paraovario**.
- paropsia** ou **paropse** *s.f.* Trastorno da visión.
- parorase** *s.f.* Dificultade para distingui-la cor dos obxectos.
- parorexia** *s.f.* Perversión do apetito, de carácter nervioso.
- parorgánico-a** *adx.* Accidental ou anómalo no organismo.
- parorquidia** *s.f.* V. **ectopía testicular**.
- parosfresia** ou **parosmia** *s.f.* Alteración do sentido do olfacto caracterizada pola sensación subxectiva dun olor, xeralmente desagradable.
- parosteíte** ou **parostose** *s.f.* Osificación dos tecidos fóra do periósteeo, en ligamentos, músculos, etc.
- parótico-a** *adx.* Situado ou que ocorre cerca do oído.
- paróide** *s.f.* Glándula salivar par, situada na parte máis lateral e posterior da boca, nunha escavación limitada polo arco cigomático por arriba, o bordo posterior da mandíbula por diante, e o conducto auditivo externo e a apófise mastoide por detrás. Verte a súa secreción na boca a través do conducto parotidiano ou de Stenon. // **P. accesoria** Lobo glandular illado que verte a súa secre-

ción, mediante pequenos conductos, no conducto parotidiano.

parotidectomía *s.f.* Escisión da glándula parótide.

parotidiano-a *adx.* Relativo ás parótides.

parotidite *s.f.* Proceso inflamatorio da glándula parótide, xeralmente consecutivo a un estado infeccioso xeral, caracterizado pola tumefacción e supuración da glándula. Tamén se di **bubón parotídeo**. // **P. celiaca** A que é consecutiva a unha infección abdominal. / **P. epidémica, contaxiosa** ou **infecciosa** Enfermidade infectocontaxiosa que afecta especialmente a adolescentes e xente nova, producida por un virus do xénero *Paramyxovirus*, caracterizada pola inflamación das parótides, aínda que ás veces afecta tamén a outras glándulas salivares (submaxilares e sublinguais). É frecuente durante a enfermidade ou na súa declinación a aparición dunha orquite ou ovarite nos adultos, ás veces con atrofia dos órganos afectados. A meningoencefalite é outra das complicacións que poden observarse. Tamén se di **papeiras, orellóns**. / **P. flegmonosa** A que evoluciona cara á supuración. / **P. metastática** P. con complicación dos testículos, mamas ou ovarios.

parotidoauricular *adx.* 1. Relativo á parótide e á orela. // *s.m.* 2. Músculo pouco frecuente na especie humana, que se insire na fascia da parótide e na cara anterior da cuncha do pavillón auditivo.

parotidoesclerose *s.f.* Esclerose da glándula parótide.

parotina *s.f.* Factor proteico illado da glándula parótide, que tería actividade hormonal.

parotite *s.f.* V. **parotidite**

parovario *s.m.* V. **paraovario**

parovariotomía *s.f.* Extirpación dun quiste do parovario.

parovarite *s.f.* Inflamación do parovario.

paroxismal, paroxísmico-a ou **paroxístico-a** *adx.* Relativo ó paroxismo ou que ocorre en paroxismos.

parrocha *s.f.* Órgano xenital feminino. Úsase familiarmente e como eufemismo.

pars *s.f.* (lat.) Porción ou parte, parte de certas estruturas anatómicas. // **P. basilaris** Apófise basilar do occipital. / **P. caeca** e **óptica** Partes da retina anterior e posterior, respectivamente, á *ora serrata*. / **P. cavernosa** e **membranácea** Porcións cavernosa e membranosa da uretra. / **P. flácida** e **tensa** Porción flácida ou membrana de Shrapnell e porción tensa, respectivamente, do tímpano. / **P. intermedia** Revestimento epitelial do lobo posterior da hipófise.

parte *s.f.* 1. Porción dun todo. 2. Órgano, rexión ou zona. // *s.m.* 3. Comunicación verbal ou escrita.

parteiro-a *s.* Persoa que asiste a muller no parto. Tamén se di **comadrón-comadroa**.

partenoplastia *s.f.* Restauración da virxindade anatómica por suturación do hime esgazado.

partenoxénese *s.f.* Reproducción virxinal ou asexual, sen fecundación por un gameto masculino. // **P. artificial** Desenvolvemento dun ovo non fecundado, por medios físicos ou químicos.

partes *s.f.pl.* Órganos xenitais externos.

partexamento *s.m.* Acto de partexar.

partexar *v.* Auxiliar como parteira.

partícula *s.f.* Parte moi pequena ou corpúsculo. // **P. alfa** Partícula de carga positiva saída do núcleo dun átomo radioactivo. Estas son as partículas constitutivas dos raios alfa. / **P. beta** Electrón desprendido na desintegración dos elementos radioactivos. / **P. colide** Partículas orgánicas dunha fase dispersa. / **P. de Dane** Partícula vírica esférica, clasificada provisionalmente como *parvovirus*, de aproximadamente 45 mm de diámetro, que se atopa no soro de pacientes con hepatitis B, en cantidade variable. Consta dunha dobre envoltura que contén DNA bicatenario, e suponse que é o axente responsable da hepatitis. Tamén se di **HBV** / **P. elemental de Zimmermann** Plaqueta.

partimutismo *s.m.* Xordomudez.

partinio ou **partinium** *s.m.* Aliaxe de aluminio e tungsteno, máis barata e máis forte có aluminio.

partixeno *s.m.* Elemento constitutivo hipotético dun antixeno, que provocaría a formación de anticorpos particulares, sendo a suma deles capaz de producir inmunidade. Tamén se di **antixeno parcial**.

parto *s.m.* Conxunto de procesos fisiolóxicos mediante os cales a nai expulsa os produtos da concepción maduros ou case maduros. Tamén se di **apociese, parturición**. Respecto do feto comprende cinco fases: redución, descenso, rotación interna, desprendemento e rotación externa. Respecto da nai comprende tres períodos: premonitorio, dilatación e expulsión. // **P. agripino** Parto no que o feto se presenta de nádegas. / **P. artificial** Parto inducido ou facilitado por manobras manuais ou instrumentais. / **P. complicado** Parto no que ocorren accidentes, hemorraxia, eclampsia, etc. / **P. contra natura** Parto por vías non naturais, ou no que o feto se presenta noutra forma que non sexa de cabeza ou de nádegas. / **P. dístócico** Parto anormal por unha causa materna ou fetal. / **P. espontáneo** ou **fisiolóxico** Expulsión espontánea polas vías naturais do feto a termo. Tamén se di **parto natural, eutócico** / **P. inducido** Parto provocado por medios artificiais con obxecto de salva-la vida da nai, do feto ou dos dous, que estarían comprometidas se se deixase chega-lo embarazo a termo Tamén se di **parto provocado**. / **P. múltiple** Parto de máis de dous fetos / **P. prematuro** Parto dun feto viable antes dos 260 días de embarazo. / **P. prolongado** Parto que dura máis de 12 horas nas múltiparas e de 24 horas nas primíparas. / **P. tardío** Parto despois dos 280 días de embarazo. / **P. xemelgar** Parto de dous fetos.

parturición *s.f.* Parto.

parturiente *s.f.* Muller que está de parto ou que acaba de parir.

parturifaciente *adx.* Que facilita ou induce o parto.

parturiómetro *s.m.* Instrumento que mide a forza expulsiva do útero.

partus *s.m.* (lat.) Parto

párule *s.m.* Flegmón ou absceso na enxiva, complicación da periodontite flegmonosa.

paruria *s.f.* Trastorno da emisión de urina. Tamén se di **disuria**.

parvi- Prefixo do latín, pequeno ou exíguo.

parvicelular *adx.* Formado por células pequenas.

parvo-a *adx.* 1. Que ten pouca intelixencia. 2. Que está pasmado.

Parvobacteria Xénero de bacilos gramnegativos (*Pasteurella*, *Brucella*, *Haemophilus*) que se clasificaban na familia Parvobacteriáceas, e que actualmente (clasificación de Bergey) se estudian separadamente. Tamén se di **parvobacteriáceas**.

Parvobacteriáceas *s.f.* V. **parvobacteria**.

Parvoviridae ou **Parvovirus** *s.m.pl.* Familia de virus pequenos que conteñen ADN monocatenario e son moi resistentes ós axentes externos. Téñense asociado a enfermidades como eritema infeccioso e crises aplásicas das anemias hemolíticas. Inclúe os xéneros: *Adenosallite virus*, *Densovirus* e *Parvovirus*.

párvulo-a *adx.* 1. Moi pequeno // *s.* 2. Neno de poucos anos. // *s.m.* 3. Pílula ou comprimido moi pequeno.

PAS V. **Ácido paraaminosalicílico**.

pasa *s.f.* Froita, especialmente uva, secada ó sol. As uvas pasas empréganse como pectoral.

pasamento *s.m.* 1. Morte. 2. Agonía, intres derradeiros da vida.

pasaxe *s.f.* Conducto ou meato. Tamén se di **vía**, **paso**.

pascal *s.m.* Unidade de medida da presión no sistema M.K.S., equivalente á presión exercida por unha forza de 1 newton sobre unha superficie de 1 m². Tamén se di **pascalio**.

pascalio *s.m.* V. **pascal**.

pasible *adx.* Susceptible de padecer ou de sentir.

pasivismo *s.m.* 1. Perversión sexual con sometemento á vontade do outro. 2. Condición de pederasta pasivo.

pasivo-a *adx.* Nin espontáneo, nin activo; debido a un esforzo ou acción alleos.

pasmar *v.* Contrae-lo pasmo.

pasmo *s.m.* 1. Lipotimia, desmaio. 2. Efecto dun arrefriado que se manifesta por unha forte dor de ósos e outras molestias. Catarro.

paso *s.m.* 1. Movemento dos pés e espacio entre estes ó andar. 2. Introdución de material infeccioso nun medio de cultivo diferente do que estaba ou nun animal experimental. 3. Introdución dunha sonda ou catéter a través dun conducto. 4. Conducto ou meato.

pasta *s.f.* Preparación farmacéutica tópica que contén un ingrediente farmacoloxicamente activo nunha base graxa, viscosa ou mucilaxinosa, ou nunha mestura de amidón e vaselina. Constitúe unha das formas de presentación dos preparados farmacéuticos de aplicación externa. // **P. caterética** Mestura de sulfato de cinc en po de glicerina. / **P. cáustica** Mestura a partes iguais de cal vivo e xabón branco / **P. de Abbot** Masa composta de ácido arsenioso, morfina e creosota, que se usa para destruí-los nervios da polpa na carie dentaria. / **P. de Alexander** Composta de ictiol, aceite de oliva e lanolina. / **P. de Beck** Composta dunha parte de subnitrito de bismuto e dúas de vaselina esterilizada; empregábase para o tratamento das cavidades e fístulas tuberculosas. / **P. de Bongard** Pasta cáustica composta de sublimado corrosivo, sulfuro mercúrico, cloruro de cinc, arsénico, amidón e fariña. / **P. de Bourdin** Formada por ácido nítrico mesturado con xofre sublimado, de acción escarótica. / **P. de Brooke** Pasta composta de oleato de mercurio, vaselina, ictiol, amidón, óxido de cinc e ácido salicílico, que se usa para certas enfermidades da pel. / **P. de Buckley** P. formada por trioximetileno, que se usa en odontiatría para desensibilizala dentina. / **P. de Delbet** P. composta por tintura de iodo, cloroformo e cera, que se usa para a cura de feridas. / **P. de Dreuw** P. formada por ictiol, xofre purificado e pasta de Lassar. / **P. de Dupuytren** Pasta cáustica formada por anhídrido arsenioso, calomelanos e goma. / **P. de Esmarch** Pasta cáustica composta de arsénico, sulfato de morfina, calomelanos e goma arábica. / **P. de Landolfi** Pasta composta dunha mestura de cloruro de cinc, antimonio, bromo e ouro. / **P. de Lassar** Pasta composta de vaselina, óxido de cinc, amidón e lanolina, usada no intertrix, eccema, etc. / **P. de London** Pasta que contén cal vivo e sosa cáustica. / **P. de Marsden** Mestura de dúas partes de ácido arsenioso e unha de goma arábica. / **P. de Mayet** Pasta cáustica composta de óxido de cinc, cloruro de cinc e fariña, que se emprega para o tratamento do cancro cutáneo. / **P. de Robiquet** Pasta cáustica composta de cloruro de cinc, fariña e gutapercha. / **P. de Schleich** ou **p. peptonata** Pasta adhesiva para a fixación de vendaxes. / **P. de Socin** Mestura a partes iguais de óxido de cinc e unha solución de cloruro de cinc ó 10%. / **P. de Unna** Pasta de óxido de cinc, mucilaxe de goma e glicerina. / **P. de Veiel** Mestura a partes iguais de óxido de cinc e vaselina con ácido bórico. / **P. de Viena** Pasta cáustica composta de potasa e cal. / **P. dextrinada** Pasta composta a partes iguais de dextrina, glicerina e auga destilada, que se emprega como vehículo de pastas. / **P. pectoral** Pasta composta de infusión de especies pectorais con azucre, goma arábica e opio.

pastequeiro-a *s.* Persoa que se cre que ten poderes para curar maleficios.

Pasteur, cultivo, teoría de V. cultivo, teoría.

Pasteurella Xénero de bacterias gramnegativas. A especie *Pasteurella multocida* produce a septicemia hemorráxica nos animais, que pode transmitirse ó home a través de mordeduras.

pasteurelose *s.f.* Grupo de enfermidades infecciosas que atacan a diversas especies de animais, das que a súa forma aguda evoluciona con fenómenos de septicemia hemorráxica, e que son producidas por microorganismos do xénero *Pasteurella*.

pasteuriano-a *adx.* Relativo a Pasteur ou ós seus métodos.

pasteurización *s.f.* Destrución mediante calor das bacterias patóxenas que puidese haber nos alimentos, alterando o menos posible as propiedades físicas e bioquímicas destes. O método, ideado por Pasteur, consiste en quenta-la substancia durante 30 minutos a 68 °C e arrefriala rapidamente despois.

pasteurizador *s.m.* Persoa ou aparello que pasteuriza.

pasteurizar *v.* Esterilizar unha substancia seguindo o método de Pasteur.

Pastia, signo de V. signo.

pastilla *s.f.* Forma de presentación dun preparado farmacéutico para utilizar oralmente, ben sexa tragada, mastigada ou disolta

pastómetro *s.m.* Instrumento que indica a temperatura de pasteurización.

pastoso-a *adx.* 1. Brando coma unha pasta. 2. Referido á boca cando ten a lingua cuberta de saburra e sen gusto.

pata *s.f.* Pé e perna dos animais. // **P. de galo** Engurras diverxentes que se forman no ángulo externo do ollo coa vellez. / **P. de ganso** Reunión dos tendóns terminais dos músculos recto interno, sartorio e semitendinoso na porción superior da cara interna da tibia

pataca *s.f.* Tubérculo comestible da planta solanácea *Solanum tuberosum*, moi utilizada na nutrición humana. Úsase tamén como medio de cultivo de bacterias.

patefacción *s.f.* Acción e efecto de deixar algo aberto.

patela *s.f.* Rótula.

patelapexia *s.f.* Fixación cirúrxica da rótula no extremo inferior do fémur para a artrodese parcial da articulación, na parálise infantil.

patelar *adx.* Rotuliano, xeralmente referido ó reflexo tendinoso desta rexión.

patelectomía *s.f.* Extirpación da rótula.

pateliforme *adx.* Que ten forma semellante á rótula.

patematoloxía *s.f.* Patoloxía con especial referencia ás alteracións da conducta.

patño-a *adx.* *Genu varum*, que ten as pernas torcidas cara a fóra e os xeonllos moi xuntos. Tamén se di **trengo**, **zambro**, **carranas**, **carrandán**, **carrancholas**.

patergasia *s.f.* Trastornos mentais que, segundo Adolf Meyer, se caracterizan fundamentalmente por alteracións da conducta.

paternidade *s.f.* Calidade, estado ou circunstancia de ser pai. // **Investigación da p.** Determinación da posibilidade ou non da relación hereditaria en casos de posible paternidade, baseada no estudio dos marcadores xenéticos, especialmente os dos grupos sanguíneos de pais e fillo. Permite excluí-la paternidade se o fillo mostra un antíxeno que falta no presunto pai e na nai, ou ben se o fillo non presenta certo antíxeno que o pai debería transmitirle. En cambio, a afirmación da paternidade só se pode facer de forma probable, pero non absoluta.

patexia *s.f.* Reactividade anormal do organismo, en especial dos tecidos cutáneos, en virtude da cal non só hai reacción ó alérxeno para o cal o individuo foi sensibilizado, senón que tamén reacciona a outros alérxenos distintos. Ocorre particularmente cando a sensibilidade é recente e intensa. Tamén se di **paralaxia**.

patético *s.m.* 1. Nervio cranial ou IV par. 2. Músculo oblicuo superior do ollo. // *adx.* 3. Relativo ós sentimentos ou paixóns.

patetismo *s.m.* Hipnotismo.

-patía Sufixo do grego, enfermidade.

pato- Prefixo do grego, enfermidade.

patoanatomía *s.f.* Anatomía patolóxica.

patobioloxía *s.f.* V. **patoloxía**

patobolismo *s.m.* V. **patometabolismo**.

patoclise *s.f.* Afinidade específica de certas toxinas por determinados sistemas ou órganos.

patocrinia *s.f.* Patoloxía das secrecións, especialmente das internas.

patodixia *s.f.* Tendencia anormal a exhibir partes traumatizadas ou enfermas, especialmente da guerra.

patodoncia *s.f.* Patoloxía dentaria.

patofilia *s.f.* Adaptación da forma de ser ou vivir a algunha enfermidade crónica incurable.

patofobia *s.f.* Temor morboso ás enfermidades. Tamén se di **hipocondría**.

patoforese *s.f.* Transmisión ou contaxio das enfermidades.

patóforo-a *adx.* Que leva ou transmite enfermidades. Tamén se di **portador**.

patognomia ou **patognomonía** *s.f.* Estudio dos signos característicos dunha enfermidade.

patognómico-a ou **patognomónico-a** *adx.* Relativo ó signo ou síntoma específico dunha enfermidade, que é

- suficiente para establece-lo diagnóstico. Tamén se di **patognóstico**. // **P. negativo** Signo ou síntoma que falta nunha enfermidade constantemente.
- patografía** *s.f.* Historia ou descrición das enfermidades.
- patólise** *s.f.* Desaparición dunha enfermidade.
- patólogo-a** *adx. e s.* Facultativo experto en patoloxía.
- patoloxía** *s.f.* Rama da medicina que ten por obxecto o estudo das enfermidades en tódolos seus aspectos. // **P. celular** Estudio das alteracións dos elementos microscópicos como base da análise xeral dos fenómenos patolóxicos. / **P. cirúrxica** Parte da patoloxía que está relacionada cunha terapéutica cirúrxica. / **P. clínica** Patoloxía aplicada especialmente á solución dos problemas clínicos. / **P. comparada** Estudio comparativo das enfermidades nas diferentes especies, incluíndo aquelas que son transmisibles dos animais ó home e viceversa. / **P. especial** Estudio particular de cada unha das enfermidades a que está suxeito o home. / **P. experimental** Estudio dos cadros clínicos a que dan lugar determinadas lesións provocadas. / **P. funcional** V. **fisioloxía patolóxica**. / **P. humoral** ou **solidista** Estudio das enfermidades partindo da antiga doutrina de que os estados patolóxicos dependen das alteracións dos humores. / **P. interna** ou **médica** Parte da patoloxía que estudia as enfermidades localizadas no interior do corpo non accesibles ós procedementos cirúrxicos. / **P. vexetal** V. **fitopatoloxía**. / **P. xeográfica** Estudio das enfermidades en relación co clima, orografía e demais condicións xeográficas. / **P. xeral** Parte da patoloxía que estudia os elementos comúns a tódalas enfermidades.
- patomaína** *s.f.* Alcaloide cadavérico patóxeno.
- patomanía** *s.f.* V. **loucura moral**.
- patomeiose** *s.f.* Tendencia da persoa enferma a diminuí-la importancia ou gravidade da súa enfermidade.
- patometabolismo** *s.m.* Metabolismo nas enfermidades.
- patometría** *s.f.* Estudio cuantitativo das infeccións parasitarias en individuos ou grupos de individuos, e das causas que fan varia-lo número de atacados por elas.
- patomimese** *s.f.* Imitación ou simulación máis ou menos voluntaria das enfermidades. Tamén se di **patomimia**.
- patomimia** *s.f.* V. **patomimese**.
- patomorfismo** *s.m.* Morfoloxía anormal ou alterada.
- patomorfose** *s.f.* Variacións que no transcurso dos anos experimenta o cadro clínico dunha enfermidade infecciosa.
- patonomía** *s.f.* Conxunto de leis que regulan as enfermidades.
- patopleiose** *s.f.* Tendencia do enfermo a esaxera-la importancia ou gravidade da súa enfermidade. Tamén se di **patopliose**.
- patopose** *s.f.* 1. Tendencia do individuo a enfermarse. 2. Orixe e formación das enfermidades.
- patopsicoloxía** *s.f.* V. **psicopatoloxía**.
- patopsicose** *s.f.* Psicose asociada a alteracións orgánicas.
- patorradiografía** *s.f.* Estudio radiolóxico das lesións.
- patose** *s.f.* Estado de enfermidade.
- patoterapia** *s.f.* V. **nosoterapia**.
- patotropismo** *s.m.* Tropismo ou afinidade dos fármacos por zonas enfermas.
- patoxenia** ou **patoxénese** *s.f.* Orixe e desenvolvemento das enfermidades, especialmente o modo cómo actúa a causa morbosa sobre o organismo.
- patoxenicidade** *s.f.* Calidade de patóxeno.
- patóxeno-a** *adx.* Que produce ou causa enfermidades.
- patrilíneal** *adx.* Descendente por liña paterna.
- patrón** *s.m.* Secuencia estrutural das moléculas monoméricas polimerizadas dunha macromolécula que proporcionan o modelo para a síntese doutra macromolécula cunha secuencia complementaria ou característica. Ex.: o DNA é patrón na síntese dunha banda complementaria de DNA na división celular.
- paucibacilar** *adx.* Que contén poucos bacilos.
- paulocardia** *s.f.* 1. Bradicardia. 2. Sensación subxectiva de detención do corazón.
- pausa** *s.f.* Interrupción momentánea dunha actividade durante un tempo. // **P. cardíaca** Repouso do corazón despois da contracción dos ventrículos. / **P. compensatoria** Pausa prolongada que segue a unha extrasístole cardíaca. / **P. respiratoria** Cada unha das pausas ó final dos movementos respiratorios de inspiración e espiración.
- pausiménia** *s.f.* Menopausa.
- pavex** *s.m.* Aparato empregado para producir exercicio vascular pasivo no tratamento das enfermidades circulatorias.
- pavillón** *s.m.* Dilatación dun extremo dun tubo ou conducto. // **P. auricular** ou **do oído** Orella. / **P. da trompa uterina** ou **de Falopio** Extremidade ovárica da trompa de Falopio, con franxas e en forma de funil.
- pavimentoso-a** *adx.* Que ten aspecto de pavimento. // **Epitelio p.** V. **epitelio**.
- Pavlov, reflexo de** V. **reflexo**.
- pavor** *s.m.* Temor con espanto ou sobresalto. Tamén se di **terror**.
- pavoría** *s.f.* V. **pavor**.
- paxarela** *s.f.* Bazo dos animais, especialmente do porco.
- Pb** Símbolo químico do chumbo.
- PBE** Siglas tomadas do alemán *Perlsucht Bacillenemulsion*, variedade de tuberculina preparada dos cultivos de bacilos bovinos.

pé *s.m.* Segmento terminal do membro inferior humano, que comprende tarso, metatarso e dedas. // **P. asirio** Luxación do pé cara a adiante, chamada así pola súa semellanza cos pés das antigas estatuas asirias. / **P. blenorráxico** Aquilodinia de natureza blenorráxica. / **P. calcáneo** Pé talo. / **P. cavo** Pé oco, coa planta excesivamente curvada. / **P. de atleta** Tricofitose dos pés, caracterizada polo arrobamento, vesiculación e desenvolvemento de fendas entre as dedas. / **P. de cegoña** Aspecto dos pés e das pernas na atrofia muscular progresiva. / **P. de Charcot** Pé deforme por artropatía tabética. / **P. de elefante** V. **elefancia**. / **P. de inmersión** Gangrena dos pés producida pola súa inmersión longa e continuada en auga fría. / **P. de Madura** Micetoma. Tamén se di **enfermidade de Ballingal**. / **P. de Morand** Pé con oito dedas. / **P. de Morton** V. **neuraxia de Morton**. / **P. de trincheira** Estado dos pés dos soldados nas trincheiras, semellante á conxelación, debido á acción prolongada da humidade, ó frío e á inactividade. / **P. débil** Pé plano incipiente. / **P. do pedúnculo** Porción cerebral por debaixo do *locus níger*. / **P. equinvalgo** ou **equinvaro** Combinación das deformidades constituídas polo pé equino e o pé varo ou valgo. / **P. escavado** V. **pé cavo**. / **P. forzado** Tumefacción dura e dolorosa da parte media do pé, observada despois de marchas prolongadas, debida probablemente á fractura dun dos metatarsianos. / **P. fungoso** V. **micetoma**. / **P. oco** V. **pé cavo**. / **P. plano** Deformidade da planta do pé que consiste na desaparición da curvatura normal da planta. / **P. planovalgo** Pé valgo combinado con pé plano. / **P. tabético** Pé contrafeito por unha artropatía tabética. / **P. talo** Pé deforme en flexión excesiva, producida xeralmente por parálise dos músculos do talón de Aquiles, que só se pousa polo talón. / **P. talovalgo** ou **talovaro** Combinación do pé talo co pé valgo ou varo. / **P. urente** Manifestación da carencia de riboflavina caracterizada por unha sensación de queimadura nas plantas dos pés e nas palmas das mans, xunto coa inflamación dos ángulos bucais. Obsérvase entre as poboacións desnutridas do sur da India e África Occidental. / **P. valgo** Pé desviado cara a fóra, que pousa no chan polo bordo interno. / **P. varo** Pé desviado cara a dentro, que pousa no seu bordo externo. / **P. zambro** Pé contrafeito, xeralmente de tipo equinvaro.

pecante *adx.* Que produce dano ou enfermidade.

pectase *s.f.* Enzima que cataliza a desmetilación da pectina con produción de ácido péctico.

pecten *s.m.* 1. Óso pube. 2. Porción anal entre a liña de Hilton e as papilas anais. // **P. pube** Elevación na pube entre a eminencia iliopéctinea e o tubérculo da pube.

pectenite *s.f.* Inflamación do pecten anal.

pectenose *s.f.* Fibrose do pecten do ano que conduce á formación dun anel constrictivo.

pectenotomía *s.f.* Sección do anel fibroso formado no pecten anal.

péctico (ácido) Ácido obtido por tratamento químico da pectina. Emprégase como acidificante.

pectina *s.f.* Polisacárido hidrosoluble presente nas plantas, particularmente no zume de certos froitos. Na industria farmacéutica úsase como soporte de unturas e pomadas e, en medicina, para tratar trastornos gastroentéricos, así como polas súas propiedades hemostáticas.

pectinado-a *adx.* 1. Semellante a un peite. 2. Relativo ás columnas musculares na parede das aurículas cardíacas.

pectíneo-a *adx.* 1. Relativo á pube ou ó óso pube. // *s.m.* 2. Músculo abductor da parte superior e interna da coxa.

pectiniforme *adx.* Con forma de peite.

pectinóxeno *s.m.* V. **pectosa**.

pectización *s.f.* Coagulación ou xelatinización.

pectolítico-a *adx.* Que pode afectar á hidrólise da pectina.

pectoralxia *s.f.* Dor no peito.

pectoriloquia *s.f.* Fenómeno en virtude do cal se produce resonancia da voz e tose a través das paredes torácicas, que indica a existencia de cavidades pulmonares, como cavernas, bronquiectasia, etc. Combinada coa broncofonía indica consolidación do tecido pulmonar. // **P. áfona** Percepción nítida por auscultación torácica da voz bisbada, que adoita indica-la existencia dun derramo pleural seroso, serofibrinoso ou condensación pulmonar ampla. / **P. caprina** V. **egofonía**.

pectorofonía *s.f.* Resonancia da voz percibida por auscultación. Tamén se di **voz cavernosa**.

pectosa *s.f.* Composto glícido presente en certos vexetais, que se transforma en pectina pola acción da pectosa, cando as froitas empezan a madurar.

pectúnculo *s.m.* Pequena crista lonxitudinal no acueducto de Silvio.

pectus (lat) *s.m.* Peito, tórax. // **P. carinatum** Prominencia anormal do esterno. Tamén se di **tórax en quilla**. / **P. excavatum** Tórax en funil.

pedal *adx.* Relativo ós pés.

pedaliforme *adx.* Con forma de pé.

pedartrocace *s.m.* Tumor ou carie de tipo tuberculoso das falanxes das mans que se presenta habitualmente en nenos de cinco anos. Polo xeral afecta á diáfise, e é de pronóstico benigno. Tamén se di **espiña ventosa**.

pedatrofia *s.f.* Atrepsia.

pederastia *s.f.* Contacto sexual entre un adulto e un neno, especialmente o referido ó coito anal cun neno. Tamén se di **sodomía**.

pederose *s.f.* Inclinação erótica cara ós nenos e abuso sexual con eles.

pedese *s.f.* Movemento molecular. Tamén se di **movemento browniano**.

pedialxia *s.f.* Dor neurálxica no pé.

pediatra *s.m.* Médico especialista nas enfermidades dos nenos.

pediatría *s.f.* Rama da medicina que estuda as enfermidades da infancia e o seu tratamento.

pediátrico-a *adx.* Relativo á pediatría.

pedíctero ou **pedícterus** *s.m.* Ictericia dos neonatos.

pediculación *s.f.* 1. Proceso polo cal se forma un pedículo. 2. Pediculose.

pediculado-a *adx.* Que ten un pedículo.

pedicular *adx.* 1. Relativo ós piollos ou producido por eles. 2. Relativo a un pedículo.

pediculicida *adx.* Que destrúe os piollos.

pediculización *s.f.* Proceso natural ou artificial de formación dun pedículo nun tumor.

pedículo *s.m.* 1. Porción estreita que serve de base de implantación para un tumor. 2. Porción lateral da vértebra que une a masa da apófise co corpo e limita os furados de concunción. 3. Conxunto de elementos vasculares, linfáticos e nerviosos que penetran no órgano polo hilo.

pediculofobia *s.f.* Temor enfermizo á infestación con piollos.

Pediculoides ventricosus *s.m.* Ácaro atopado na palla de colchóns que produce unha peculiar dermatite prurixinosa.

pediculose *s.f.* Infestación con piollos, ou afección cutánea causada por eles. // **P. capitis** Presencia de piollos ou lendias na cabeza. / **P. inguinalis** ou **pubis** Os piollos ou lendias localízanse na pube. / **P. vestimenti** As lendias e/ou piollos están localizados na roupa. Tamén se di **pediculose corporis**.

Pediculus Xénero de insectos anopluros pedicúlidos, ó que pertencen os piollos.

pedifalanxe *s.f.* Falanxe do pé.

pediforme *adx.* Que ten forma de pé.

pediluvio *s.m.* Baño de pés, que pode ser medicamentoso ou simple.

pedio *adx.* 1. Relativo ó pé. // *s.m.* 2. Músculo extensor curto das dedas do pé.

Pediococcus Xénero de cocos grampositivos da familia das estreptocócaceas. Producen fermentación con formación de ácido láctico na materia orgánica e nas bebidas fermentadas.

pediofobia *s.f.* **V. pedofobia.**

pedion ou **pedium** *s.m.* 1. Feto ou neno. 2. Planta do pé.

pedionalxia *s.f.* Dor na planta do pé. Tamén se di **neuralxia plantar**.

pedioponfólix *s.m.* Doenza dos pés semellante ó quiropofólix.

pedistíbulo *s.m.* **V. óso estribo do oído.**

pedo- Prefixo do grego *paidos*, neno.

pedodoncia ou **pedodontia** *s.f.* Paidodoncia.

pedofilia *s.f.* Atracción sexual dos adultos polos nenos.

pedofobia *s.f.* Aversión morbosa ós nenos.

pedogamia *s.f.* Matrimonio entre nenos.

pedografía *s.f.* Impresión da superficie da planta do pé nun papel para estudia-lo tipo de marcha dos nenos ou para a súa identificación.

pedoloxía *s.f.* Estudio integral e completo do neno no aspecto biolóxico, antropolóxico e psicolóxico.

pedometría *s.f.* Conxunto de medidas para aprecia-lo crecemento dos nenos.

pedómetro *s.m.* Instrumento co que se contan os pasos ou a velocidade de quen anda.

pedomorfismo *s.m.* Conservación dos caracteres infantís na idade adulta.

pedonosoloxía *s.f.* Pediatría.

pedontoloxía *s.f.* Paidodoncia.

pedopatía *s.f.* 1. Enfermidade dos pés. 2. Enfermidade propia da infancia.

pedopsiquiatría *s.f.* Paidopsiquiatría.

pedotrofia *s.f.* Tratado sobre a nutrición dos nenos.

pedra *s.f.* 1. Substancia mineral, xeralmente dura e compacta. 2. Cálculo vesical ou vesicular. 3. Enfermidade micótica que lle afecta ó cabelo e outros pelos, caracterizada pola formación de nódulos graduados, causada polo *Trichosporon beigeli* (pedra branca, que lles afecta ós pelos do bigote e da barba) ou polo *Piedraia hortae* (pedra negra, que lles afecta só ós cabelos).

Pedro-Pons, signo de V. signo.

pedúnculo *s.m.* Estructura nerviosa en forma de prolongación ou apéndice que une diferentes partes de masa encefálica. Tamén se di **pedículo**. // **P. cerebeloso** Cada un dos tres pares de prolongacións que parten do cerebelo e se dirixen: os inferiores ó bulbo raquídeo, os medios á protuberancia anular e os superiores ó tálamo óptico. / **P. cerebral** Cada un dos dous cordóns de substancia branca cerebral diante da protuberancia anular, que conecta o bulbo raquídeo cos hemisferios cerebrais. / **P. do corazón** Conxunto dos grandes vasos do corazón que saen e penetran no corazón. / **P. do flóculo** Parte interna do flóculo que se continúa co veo medular posterior. / **P. do pulmón** **V. hilo pulmonar.** / **P. do tubérculo mamilar** Fascículo que nace no tubérculo mamilar, penetra no pedúnculo cerebral e pasa caudalmente ó núcleo vermello. / **P. olfactivo** Fitiña que segue o bulbo olfactivo. / **P. pineal** Cada unha das tres prolongacións (superior, media e inferior) que parten da porción anterior da glándula pineal e van ó tálamo óptico. / **P. talámico** Fascículos fibrosos que unen o tálamo óptico con diversas partes do córtex cerebral.

pedunculotomía *s.f.* Incisión dun pedúnculo.

peido *s.m.* Ventosidade emitida polo ano.

peinoterapia *s.f.* Cura de fame ou *dieta famis*.

peito *s.m.* 1. Porción anterior do tórax. 2. Cada unha das mamas da muller.

peitoral *adx.* 1. Relativo ó peito. 2. Das vías respiratorias. // *s.m.* 3. Músculo do peito.

pel *s.f.* Tegumento ou cuberta externa, resistente e flexible, que cobre o corpo, e que a nivel dos orificios naturais segue coas mucosas ou tegumento interno. Está formada por dúas partes: a epiderme e a derme, separadas entre elas pola membrana basal e o tecido celular subcutáneo. A súa coloración varía segundo as granulacións pigmentarias nas células da capa de Malpighi, desde branca ou albina ata negra. Como anexos da pel atopamos pelos, uñas, glándulas sebáceas, papilas nerviosas da derme, glándulas sudoríparas, etc., que fan da pel un órgano do tacto, da protección e da termorregulación. // **P. apergamiñada** Pel típica da atrofia cutánea. / **P. brillante** Aspecto que ten a pel que carece de innervación trófica. / **P. bronceada** Pel da cor do bronce que se observa na hipofunción cortical suprarrenal. / **P. de crocodilo** Ictiose sauroderma. / **P. de galiña** Cute anserina. / **P. de mariñeiro** Esclerose e pigmentación senil nas zonas expostas, seguidas con frecuencia de epiteloma. / **P. de sapo** Frinoderma.

pelada *s.f.* Calvicie en placas redondeadas de aparición máis ou menos brusca, localizadas no coiro cabeludo, barba, etc., no que a pel é lisa e brillante. Tamén se di **alopecia areata**. // **P. acrómica** Variedade de pelada na que a pel está atrofiada e branca. / **P. ofiásica** Pelada infantil localizada fundamentalmente na caluga.

peladoide *s.f.* Variedade de pelada de orixe neurotrófica.

peladura *s.f.* 1. Queimadura, ferida ou sinal producidos polo lume ou obxectos e substancias quentes. 2. Calvicie.

pelagra *s.f.* Síndrome debida á carencia de ácido nicotínico que se manifesta na pel, aparato dixestivo e sistema nervioso. Caracterízase por eritema e edema nas partes do corpo expostas á luz, seguida de escamadura, atrofia e pigmentación da pel. Produce decaemento, debilidade, trastornos dixestivos (diarrea, anorexia, ardor gástrico), dores raquídeas, convulsións, cambras e trastornos mentais nos casos máis graves. Tamén se di **mal da rosa**. // **P. sine pellagra** Forma de pelagra sen erupción cutánea.

pelagrofobia *s.f.* Temor morboso á pelagra.

pelagroide *adx.* Relativo a un estado semellante á pelagra.

pelagroxénico-a *adx.* Que produce pelagra. Tamén se di **pelagroxeno**.

pelagroxeno-a *adx.* V. **pelagroxénico**.

pelame *s.f.* Conxunto de cabelos e pelos de todo o corpo. Tamén se di **pelaxe**.

pelanca ou **pelanga** *s.f.* Pel flácida e pendente.

pelar v. 1. Quedar sen pel ou pelo. 2. Queimarse, escaldarse.

pelaxe *s.f.* V. **pelame**.

pelaxia *s.f.* Lesión de tipo erisipelatosa nas mans e cara.

pelaxismo *s.m.* V. **mareo**.

pelicalxia *s.f.* Dor que se orixina na pelve.

pelico- Prefixo do grego, pelve.

pelico *s.m.* Pel.

pelicografía *s.f.* Radiografía da pelve. Tamén se di **pelicorradiografía**.

pelicometría *s.f.* V. **pelvimetría**.

pelicoquirometría *s.f.* Determinación manual dos diámetros pélvicos. Tamén se di **pelvimetría manual**.

pelicorradiografía *s.f.* V. **pelicografía**.

pelicoscopia *s.f.* Exame da pelve.

pelicotomía *s.f.* V. **pelvitomía**.

pelicóxeno-a *adx.* Que se orixina na pelve.

película *s.f.* Pel ou membrana moi fina que cobre calquera cousa ou que se forma na superficie dun líquido. // **P. de Duncan-Bulkley** Película que se desprende das lesións psoriásicas por raspado metódico e que está constituída polas últimas capas córneas da pel. / **P. radiográfica** Película usada para a impresión de imaxes por acción dos Raios X.

pelidisi *s.m.* Unidade que representa o índice de Pirquet para determina-lo estado de desnutrición dos nenos. Obtense dividindo a raíz cúbica do décuplo do peso (en gramos) pola altura en posición sentada (en centímetros). Un pelidisi de 94 ou inferior indica desnutrición; entre 95 e 100, boa nutrición; e igual ou superior a 101, sobrenutrición.

pelidnoma *s.m.* V. **pelioma**.

pelioma *s.m.* 1. Mancha lívida. 2. V. **púrpura**.

Pellegrini-Stieda, enfermidade de V. **enfermidade de P-S**

pelmalxia *s.f.* Pedionalxia.

pelmático-a *adx.* Relativo á planta do pé.

pelmatograma *s.m.* Impresión da planta do pé nun papel axeitado. Tamén se di **impresión plantar**.

pelo *s.m.* Formación epidérmica filamentosa que existe en case toda a superficie libre da pel. Está composto por unha parte oculta chamada raíz, que se aloxa no folículo piloso. Na base deste folículo a raíz avulta formando o bulbo piloso, onde se aloxa o órgano xerador dos pelos, a papila pilosa. O talo ou corpo, libre, é de cor distinta e de nome variado segundo o lugar onde se localice: cabelo, cella, pestana, barba, etc. Constitúe unha substancia fundamental, formada por células epiteliais sen núcleo, coloreado ou non por melanina. A medula no centro de dita substancia está formada por células nucleadas polié-

dricas, e a capa epitelial ou epidérmica está formada por células pavimentosas // **P. auditivo** Formado por células epiteliais especializadas. Forman filamentos na crista e mácula acústica. / **P. bambú** V. **tricorrexenodosa**. / **P. de Frey** Pelos ríxidos montados nun mango para o exame da sensibilidade da pel á presión. / **P. moniliforme ou nodoso** V. **moniletrix**. / **P. peládico** Pelo típico da alopecia areata, fino e descolorido na raíz. / **P. táctil** Pelos longos e grosos do beizo superior do focinho de moitos mamíferos, de gran sensibilidade.

peloheemia *s.f.* Viscosidade anormal do sangue.

peloide *adx.* 1. Semellante ó barro. // *s.m.* 2. Barro terapéutico que está constituído por materias orgánicas e inorgánicas, que se forman a partir de procesos xeolóxicos moi complexos. Segundo a constitución química poden recomendarse para a súa aplicación externa con fins terapéuticos.

pelopsia *s.f.* Trastorno visual caracterizado pola ilusión de achegamento anormal dos obxectos.

pelota *s.f.* Parte do bragueiro que efectúa a contención.

peloteo *s.m.* Sensación de vaivén que se obtén mediante a manobra palpatoria destinada a investigar a existencia dun embarazo ou outra masa abdominal. // **P. renal** Movimentos do ril provocados pola palpación bimanual.

peloterapia *s.f.* Uso dos barras ou lamas (peloides) mineromedicinais con fins terapéuticos.

pelotón *s.m.* Masa ou novelo. // **P. cromático** Espirema. / **P. de Imlach** Acumulación de graxa no orificio externo do conducto inguinal da muller.

peltación *s.f.* Inmunización, protección.

peltado-a *adx.* En forma de escudo.

pelúcido-a *adx.* Transparente, translúcido.

peluxe *s.f.* 1. Pelo suave, curto e fino que cobre case todo o corpo. 2. Pelo do feto.

pelve *s.f.* Porción do esqueleto óseo en forma de bacía que se articula por unha parte coa columna vertebral e, pola outra, cos membros inferiores. Está formada polos ósos coxais ou ilíacos ós lados e o sacro e cóccix detrás, unidos entre si por superficies articulares ou sínfises (a pubiana por diante, a sacrocóccixea e as dúas sacroilíacas por detrás) e sostida por un gran número de ligamentos. Está dividida pola liña ileopectínea en pelve maior ou falsa e pelve menor, verdadeira ou cavidade pélvica, onde se aloxan importantes vísceras, entre elas as do aparato xenital. Esta última está limitada polo estreito superior ou abdominal e inferior ou perineal. Tanto no estreito superior coma no inferior, márcanse diámetros de grande importancia anatómica e obstétrica e tamén relacionados co acto do parto, xa que ten que te-la amplitude suficiente para que a cabeza do feto poida saír ó exterior no devandito acto. A pelve ten diámetros distintos segundo o sexo. Debido ás distintas funcións, predominan os verticais no sexo masculino e os horizontais no feminino. // **P. anana** V. **p. justo minor**. / **P. ancha** V. **p. maior**. / **P. androide**

Pelve feminina con caracteres de masculina. / **P. angosta** V. **pelve estreita**. / **P. antropoide** Pelve semellante á dos monos antropoides: o diámetro anteroposterior é maior có transverso, co cal a pelve resulta posteriormente estreita. / **P. atrófica** Pelve mal conformada por detención do desenvolvemento, na que tódolos diámetros son máis pequenos. / **P. branda** Conxunto de partes brandas que forman e cerran a pelve en oposición á pelviósea. / **P. braquipélica** Pelve que ten o diámetro transverso de 1 a 3 cm maior có anteroposterior / **P. cifoscoliótica** Pelve irregular, estreitada debido á cifoscoliose raquíutica. / **P. cifótica** Pelve en funil debido ó aumento do estreito superior e diminución do estreito inferior. / **P. coxálica** ou **de Chorbak** Pelve asimétrica co estreito superior moi reducido nun dos seus diámetros oblicuos, debido a unha enfermidade da articulación coxofemoral. / **P. de Deventer** Pelve curta en sentido anteroposterior. / **P. de Guéniot** Deformidade da p. consecutiva a unha luxación conxénita ou traumática de cadeira. / **P. de Hauder** V. **p. espiñenta**. / **P. de Kilian** V. **p. osteomalácica**. / **P. de Litzmann** P. raquíutica con separación conxénita da sínfise da pube, o cal permite que o sacro se afunda libremente na escavación pélvica pola falta de tensión pubiana que contrarreste as traccións dos ligamentos sacroilíacos posteriores. Tamén se di **pelve afundida**. / **P. de Nägele** Pelve na que o diámetro conxugado ten unha dirección oblicua debida a unha falta de desenvolvemento dunha das metades da pelve. Tamén se di **pelve oblicua** ou **pelve oblicuo-oval**. / **P. de Otto** Protuberancia do acetábulo dentro da pelve. / **P. de Robert** Deformidade pélvica a consecuencia dunha osteoartrite que lles afecta ás dúas articulacións sacroilíacas, que conduce a unha anquilose. Caracterízase pola gran diminución dos diámetros transversos e oblicuos, e un sacro rudimentario. / **P. de Rokitsky** V. **p. espondilolística**. / **P. dolícopélica** V. **p. antropoide**. / **P. elástica** V. **p. osteomalácica**. / **P. en funil** V. **p. cifótica**. / **P. en oito** Pelve raquíutica na que o sacro está moi achegado á pube. / **P. escoliótica** Pelve mal conformada a consecuencia da escoliose lumbar. É unha pelve oblicua na que o lado correspondente á convexidade da columna é menor có oposto. / **P. espiñenta** Pelve raquíutica coa crista da pube moi afiada. / **P. espondilolística** Pelve obstruída pola dislocación da última vértebra lumbar sobre a primeira sacra. / **P. estreita** Pelve cos diámetros máis pequenos do normal. / **P. falsa** V. **p. maior** / **P. fetal** V. **p. androide** / **P. fisurada** Pelve raquíutica na que os bordos do estreito superior son paralelos. / **P. halisterérica** V. **P. osteomalácica**. / **P. infantil** Forma especial de p. en funil / **P. justo maior-justo minor** Pelve cos diámetros maiores ou menores, respectivamente, en proporcións iguais. / **P. lordótica** Pelve mal conformada pola lordose da columna lumbar. / **P. maior-menor** Parte da pelve situada enriba e debaixo, respectivamente, da liña ileopectínea. / **P. malacósteon** V. **p. osteomalácica**. / **P. masculina** V. **p. androide** / **P. obtecta** Variedade de espondilolistese na que a columna vertebral cobre horizontalmente o estreito superior da pelve. / **P. osteomalácica** Pelve moi deforme e estreita como consecuencia da

amolecemento óseo. / **P. oval** Fosiña na parede interna do tímpano, que ten no seu fondo a ventá oval. / **P. plana** ou **platipeloide** Pelve con diminución dos diámetros anteroposteriores. / **P. raquítica** Pelve deformada polo raquitismo. / **P. redonda** Pelve co estreito superior de forma circular. / **P. reducida** V. **P. justo minor**. / **P. renal** Conducto membranoso aplanado que se orixina dentro do ril pola confluencia dos cálices, e que se estreita a medida que descende ata seguir co uréter. Tamén se di **pelve uretral**. / **P. reniforme** P. co estreito superior en forma de ril, que se observa en pelves planas. / **P. rostrata** P. alongada en sentido anteroposterior. / **P. rotunda** Fosiña na parede interna do tímpano, que ten no seu fondo a ventá redonda. / **P. triangular** Pelve que ten o estreito superior en forma de triángulo. / **P. viciada** Pelve que presenta anomalías.

pelvi- Prefixo do latín, pelve.

pelviano-a *adx.* Relativo á pelve.

pelvicefalografía *s.f.* Radiografía da pelve e da cabeza fetal.

pelvicefalometría *s.f.* Medida dos diámetros da cabeza fetal en relación cos diámetros da pelve materna.

pelvicelulite *s.f.* Inflamación do tecido celular da pelve.

pelviclisómetro *s.m.* Instrumento empregado para medir o diámetro e inclinación da pelve.

pelvicrural *adx.* Relativo á pelve e ó membro inferior.

pelvifixación *s.f.* Fixación cirúrxica dun órgano pélvico dislocado ou desprazado.

pelvígrafo *s.m.* Pelvímtero rexistrador.

pelvilitotomía *s.f.* V. **pielolitolomía**.

pelvimetría *s.f.* Medición dos diámetros da pelve. // **P. combinada** Medición dos diámetros externos e internos da pelve. / **P. dixital** ou **manual** A que se realiza co dedo ou dedos introducidos na vaxina. / **P. externa** ou **interna** Medición dos diámetros externos ou internos, respectivamente, da pelve. / **P. instrumental** A que se realiza co pelvímtero. / **P. radiolóxica** V. **radiopelvimetría**. / **P. ultrasónica** Medición dos diámetros pélvicos mediante ecografía uni ou bidimensional.

pelvímtero *s.m.* Instrumento usado para medir os diámetros e capacidade da pelve. // **P. de Baudelocque** Compás de espesura para medir os diámetros da pelve exteriormente. / **P. de Contouly** e **de Stein** Pelvímteros para a medición interna da pelve.

pelvineostomía *s.f.* Ureteroneopielostomía.

pelvipertonite *s.f.* Peritonite pelviana, inflamación do peritoneo que cobre a cavidade e órganos que contén a escavación da pelve.

pelviplastia *s.f.* Ampliación permanente da pelve mediante cirurxía plástica.

pelvirradiografía *s.f.* Radiografía da pelve.

pelvirrectal *adx.* Relativo á pelve e ó recto.

pelvisacro-a *adx.* Relativo á pelve e ó sacro.

pelviscopia *s.f.* Exame radiolóxico da pelve renal trala inxección intravenosa dun medio de contraste que se elimina pola urina. Tamén se di **pieloscopia**.

pelvisoporte *s.m.* Instrumento para soste-la pelve en certas curas e aplicacións de apósitos.

pelvitermo *s.m.* Aparato para a aplicación de calor nos órganos pelvianos por vía vaxinal. Tamén se di **colpotermo**.

pelvitomía *s.f.* Sección cirúrxica da pelve en calquera punto, co fin de facilita-lo parto. Tamén se di **pielotomía**.

pelvitrocantéreo-a *adx.* Relativo á pelve e ó trocánter maior do fémur.

pemphigus ou **pemphix** (lat.) *s.m.* Pénfigo.

penca *s.f.* Mancha pequena e parda na pel, especialmente da cara.

pencado-a *adx.* Que ten pencas.

Pendjeh, botón ou **mal de V. furúnculo oriental**.

pene *s.m.* Órgano masculino eréctil da copulación e da excreción urinaria, situado por diante da sínfise da pube e destinado a leva-lo seme á vaxina e os ouriños ó exterior da vexiga urinaria. Está formado por raíz, corpo e glande, e constituído por dous corpos cavernosos e un corpo esponxoso, que contén a uretra. Tamén se di **falo**, **membro viril**, **penis**, etc. / **P. cativo** Dificultade ou imposibilidade de retira-lo pene da vaxina durante ou despois do coito, debida ó espasmo dos músculos constritores da vaxina. / **P. palmado** Pene encerrado total ou parcialmente na pel do escroto.

peneal ou **peneano-a** *adx.* Relativo ó pene.

penetración *s.f.* 1. Introdución dun corpo noutro. 2. Profundidade focal dunha lente.

penetrancia *s.f.* Forza de expresión dun xene, medida en tanto por cento de individuos portadores nos que se manifesta un carácter.

penetrante *adx.* 1. Que se introduce profundamente. 2. Referido ás feridas estreitas que afectan a órganos viscerais.

penetrómetro *s.m.* Aparato para medir o poder de penetración e a intensidade dos Raios X.

Penfield, síndrome de V. síndrome.

pénfigo *s.m.* Enfermidade da pel caracterizada principalmente pola formación de vesículas ou flictenas (que rompen con facilidade deixando placas en carne viva) de volume variable, producidas pola perda de unión das células do corpo espiñento da epiderme (acantólise). // **P. agudo** Cadro de tipo septicémico de evolución rápida, xeralmente a consecuencia dunha ferida infectada. / **P. circinado** Variedade na que as flictenas se dispoñen en círculos. / **P. contaxioso** Enfermidade endémica nalgúns países cálidos, caracterizada por unha erupción vesicular que lle afecta ás inguas e ás axilas principalmente. / **P.**

das mucosas Erupción de tipo ampolar nas mucosas, especialmente da boca, estómago, intestinos e conxuntiva. / **P. diftérico** Pénfigo seguido de esfácelo superficial. / **P. eritematoso** Pénfigo benigno, clinicamente semellante ó lupus eritematoso, no que as lesións aparecen no nariz, meixelas, tórax e lombo. Tamén se di **enfermidade** ou **síndrome de Senear-Usher**. / **P. foliáceo** Variedade caracterizada por ampolas flácidas sobre as cales se forman escamas que se desprenden de maneira abundante e incesante. / **P. frambesiodes** V. **p. vexetante**. / **P. gangrenoso** Pénfigo asociado á gangrena. / **P. hemorráxico** Pénfigo asociado a hemorraxia. / **P. histérico** Pénfigo achacable a trastornos histéricos ou dos órganos xenitais. / **P. leproso** Erupción de flictenas na lepra. / **P. neonatorum** Variedade de orixe microbiana que lle ataca ós neonatos, distinta do pénfigo sifilítico. / **P. papilar** V. **p. vexetante**. / **P. prurixinoso** Variedade de pénfigo asociado a intenso prurito. / **P. sifilítico** Pénfigo conxénito localizado nas mans e nos pés, que coexiste con outros signos de sífilis hereditaria. / **P. traumático** V. **epidermólise**. / **P. vexetante** Forma maligna na que as flictenas rompen deixando unha entrecocadura que se recobre de peluxe de aspecto fungoide que prolifera en amplas placas. Tamén se di **enfermidade de Neumann**. / **P. vulgar** Variedade de tipo crónico que adoita aparecer na etapa media da vida, e que se caracteriza pola aparición de ampolas e vesículas en todo o corpo, cheas de líquido, que despois se cobren de carapolas por infección bacteriana. Tamén lles afecta ás mucosas.

penfigoide *adx.* Semellante ó pénfigo.

peniano-a *adx.* V. **peneano**.

penicilado-a *adx.* En forma de pincel. Referido a certas arterias do bazo.

penicilamina *s.f.* Axente quelante do cobre, mercurio, cinc e chumbo, que promove a súa eliminación pola urina. Úsase na intoxicación por mercurio, na enfermidade de Wilson e na artrite reumatoide.

penicílico (ácido) Substancia antibiótica illada de cultivos de *Penicillium puberulum* e *Penicillium cyclopeum*.

penicilina *s.f.* Substancia que forma parte dun amplo grupo de antibióticos con actividade bactericida, os primeiros dos cales se obtiveron do fungo *Penicillium notatum*, e posteriormente doutros fungos do xénero *Penicillium* e do *Aspergillus*. Tódalas penicilinas teñen un núcleo común, o ácido 6-aminopenicilánico, e segundo a súa orixe, resistencia ós ácidos (posibilidade de administración por vía oral), resistencia á penicilinase e espectro de actividade; clasifícanse como segue: penicilinas naturais, sensibles ós ácidos, á penicilinase e de espectro intermedio, das cales a máis importante é a penicilina G ou bencilpenicilina, sódica ou potásica; penicilinas semisintéticas, das cales existen varias clases: 1) resistentes ós ácidos, pero non á penicilinase e de espectro intermedio: as fenoxipenicilinas. 2) Sensibles ós ácidos pero resistentes á penicilinase: a metecilina. 3)

Resistentes ós ácidos e á penicilinase: as penicilinas isoxazólicas. 4) Resistentes ós ácidos pero non á penicilinase e de amplo espectro: ampicilina e amoxicilina. 5) Penicilinas con indicacións especiais como as infeccións producidas por pseudomonas e certos tipos de *proteus*: carbenicilina e indanilcarbenicilina. Penicilinas retardadas, derivados insolubles da penicilina G, que liberan lentamente o antibiótico despois da administración intramuscular: p. procaína e p. benzatina.

penicilinase *s.f.* Enzima producido por algunhas especies bacterianas, en particular estafilococos, que inactiva a molécula de penicilina.

peniciliose *s.f.* Enfermidade producida por fungos parasitos do xénero *Penicillium*, de localización pulmonar.

Penicillium Xénero de fungos saprófitos. Algunhas das súas especies son parasitas do home, e do cultivo doutras obtéñense varias substancias antibióticas, penicilinas.

penico *s.m.* Recipiente para recolle-los ouriños.

penis *s.m.* Pene.

penite *s.f.* Inflamación do pene. Tamén se di **falite**.

penniforme *adx.* 1. Con forma de pluma. 2. Relativo ó músculo con fibras que se insiren a cada lado do tendón central.

penoscrotal *adx.* Relativo ó pene e ó escroto.

Penrose V. **dren**.

pensamento *s.m.* Proceso cognitivo que permite formar e ordenar na conciencia ideas e conceptos. Actividade psíquica que permite a utilización simbólica de obxectos e feitos. / **Disgregación do p.** Asociación de ideas ó chou, sen que teñan ningún vínculo ou relación. / **Roubado p.** Convencemento de que un poder superior cativa o pensamento.

penta- Prefixo do grego, cinco.

pentacrómico-a *adx.* 1. Que ten facultade de distinguir só cinco cores. 2. Da persoa ou ollo que ten este defecto.

pentadáctilo-a *adx.* Que ten cinco dedos.

pental *s.m.* Hidrocarburo etilénico, anestésico por vía inhalatoria.

pentaloxía *s.f.* Grupo de cinco síntomas ou defectos. / **P. de Fallot** Malformación conxénita do corazón que consiste nos catro elementos da tetraloxía, ós que se lles engade a comunicación interauricular.

pentámero-a *adx.* Que ten cinco partes.

pentametilendiamina *s.f.* Producto da descomposición bacteriana por descarboxilación da lisina. Tamén se di **cadaverina**.

pentametonio *s.m.* Derivado do metonio que posúe propiedades gangliopléxicas e que se emprega no tratamento da hipertensión arterial.

pentamidina *s.f.* Diamidina empregada no tratamento das leishmanioses e das tripanosomíases.

pentano *s.m.* Hidrocarburo saturado líquido, de fórmula C_5H_{12} , obtido por destilación do petróleo, e usado como anestésico.

pentaquina *s.f.* Composto usado como antipalúdico, moi eficaz se se administra con quinina, pero moi tóxico para ser usado como preventivo.

Pentastoma Xénero de artrópodos endoparasitos do home. A especie *P. denticulatum* atópase nas fosas nasais.

pentastomíase *s.f.* Infestación con parasitos do xénero *Pentastoma*.

pentazocina *s.f.* Derivado do benzomorfanó que ten propiedades analxésicas semellantes ás da morfina.

pentilentetrazol *s.m.* Estimulante inespecífico do SNC. Actualmente emprégase no diagnóstico da epilepsia e como analéptico respiratorio.

pentobarbital *s.m.* V. **barbitúrico**.

pentosa *s.f.* Monosacárido que ten cinco átomos de carbono na súa molécula.

pentosuria *s.f.* Presencia de pentosa, especialmente arabinosa, na urina. Non ten significado patolóxico. É unha síndrome moi rara que se transmite como carácter hereditario recesivo.

peonina *s.f.* Colorante que se emprega como reactivo dos ácidos e álcalis. Tamén se di **coralina vermella**.

peoría *s.f.* Acción e efecto de empeorar.

peotilomanía *s.f.* Tic que se observa ás veces nos nenos, e que consiste en tirar polo pene. Tamén se di **pseudomasturbación**.

peotomía *s.f.* Extirpación cirúrxica do pene. Tamén se di **falectomía**.

pepsina *s.f.* Enzima presente no zume gástrico que hidroliza as proteínas dos alimentos en polipéptidos (peptonas). A secreción da pepsina localízase nas glándulas da mucosa gástrica, que a producen intermitentemente ante determinados estímulos como a hora das comidas, o cheiro dos alimentos, etc. Actúa no medio ácido do estómago e a súa acción remata cando o quimo penetra no duodeno, que ten un medio alcalino.

pepsinóxeno-a *adx.* 1. Que produce pepsina. // *s.m.* 2. Cimóxeno das glándulas gástricas que se converte en pepsina por acción do ácido clorhídrico.

pepsinuria *s.f.* Presencia de pepsina na urina.

péptico-a *adx.* Relativo á pepsina ou á dixestión.

peptidase *s.f.* Enzima que desdobra os péptidos en aminoácidos.

péptido *s.m.* Cadea molecular constituída pola combinación de dous ou máis aminoácidos, con unión do grupo carboxilo dun co grupo amino do outro, eliminando unha molécula de auga. Segundo o número de aminoácidos clasifícanse en dipéptidos, tripéptidos ou polipéptidos.

peptidoglicán *s.m.* Polímero formado por unidades de ácido N-acetilmurámico e N-acetilglicosamina e cadeas curtas de péptidos que se atopan na parede celular dos organismos procariotas. Tamén se di **mureína, glicopéptido**.

peptocrinina *s.f.* Substancia obtida da mucosa intestinal, de propiedades semellantes ás da secretina.

peptona *s.f.* Polipéptido de baixo peso molecular, hidrosoluble, que se forma durante a hidrólise das proteínas pola acción dos enzimas dixestivos, principalmente a pepsina.

peptonemia *s.f.* Presencia de peptonas no sangue.

peptoniterapia *s.f.* Tratamento de certos cadros de anafíaxe polas peptonas.

peptonuria *s.f.* Presencia de peptonas na urina. Tamén se di **prepeptonuria, albumosuria**. // **P. enteróxena, hepatóxena** ou **nefróxena** Peptonuria debida a unha enfermidade intestinal, hepática ou renal, respectivamente. / **P. pióxena** Peptonuria asociada cun proceso supurativo. / **P. puerperal** Peptonuria normal durante o puerperio.

peptostreptocóceas *s.f.pl.* Familia de cocos grampositivos pequenos (0,3-1 milimicrons), dispostos en masas, paquetes ou cadeas. Son anaerobios estritos, saprófitos habituais da mucosa bucal, respiratoria e dixestiva, e da mucosa xenital feminina. Íllanse nun 30% das infeccións anaerobias, sobre todo en infeccións de feridas operatorias abdominais e pélvicas. A esta familia pertencen dous xéneros de interese en patoloxía humana: *Peptococcus* e *Peptostreptococcus*.

peptotoxina *s.f.* Substancia tóxica que se desenvolve a partir dunha peptona ou que se atopa en certas peptonas e proteínas en descomposición. // **P. colérica** Substancia tóxica similar a unha peptona producida polo bacilo do cólera.

peptóxeno-a *adx.* 1. Productor de pepsina ou de peptona. // *s.m.* 2. Axente que estimula ou promove a dixestión.

pequeno mal ou **petit mal** *s.m.* Tipo de epilepsia caracterizada polas chamadas "ausencias típicas": detención súbita da actividade consciente, sen actividade convulsiva nin caída ó chan do enfermo. Estas crises van asociadas a unha descarga electroencefalográfica bilateral, simétrica e sincrónica de puntos e ondas repetidas ritmicamente a unha frecuencia de 3 por segundo. A supresión da conciencia é transitoria, e a crise non adoita durar máis de 15-30 segundos.

per os loc. Do latín, pola boca.

per- Prefixo 1. Do latín, por, a través de. 2. Aumentativo, que en química indica a maior cantidade de elemento electronegativo que entra nunha combinación.

pera *s.f.* Obxecto de materia elástica que se emprega para insuflar aire, gas, líquido, etc. // **P. de Politzer** Pera de goma para insuflar-lo oído medio.

perácido *s.m.* Ácido que contén máis cantidade de osíxeno cá ordinaria.

peratodinia *s.f.* Dor terebrante.

percepción *s.f.* Proceso mental mediante o cal o individuo se decata de datos externos ou internos por medio de procesos orixinados nos sentidos. Para isto é necesario o bo funcionamento das zonas cerebrais relacionadas coa integración das sensacións.

perceptibilidade *s.f.* Capacidade de recibir impresións sensoriais, e de transformalas en sensacións.

percloruro *s.m.* Cloruro que contén máis cloro do ordinario.

percluso-a *adx.* Sen movemento.

percoamento *s.m.* Extracción das partes solubles dunha substancia polo paso dun líquido disolvente a través dela.

percusión *s.f.* Método de exploración clínica ideado por Auenbrugger, que consiste en petar nunha parte do corpo cun obxecto e aprecia-las variacións de sonoridade desta parte para deduci-los seus límites ou o seu estado. // **P. auscultatoria** Auscultación do son producido por percusión. / **P. bimanual** ou **dixital** O dedo medio dunha man é colocado contra a parede do corpo, e sometido a golpes breves co extremo do dedo medio da outra man flexionado. / **P. co puño** Percusión ideada por Murphy, que consiste en petar co puño sobre a outra man colocada aberta sobre a rexión renal, para detecta-la existencia dun estado patolóxico no ril. / **P. comparativa** Percusión de dúas ou máis zonas co obxecto de comparar sons. / **P. de Krönig** Percusión do vértice dos pulmóns que se practica para o diagnóstico da tuberculose apical. / **P. de piano** Percusión ideada por Murphy, que consiste en petar cos catro dedos sucesivamente, comezando polo maimiño, para apreciar unha pequena cantidade de líquido na cavidade abdominal sobre vísceras ocas. / **P. de Plesch** Percusión dun espazo intercostal, na que o dedo plesímetro está flexionado en ángulo recto. / **P. directa** ou **inmediata** A que se practica sen plesímetro. / **P. en resorte** A que se practica no derramo peritoneal libre, no que o dedo percusor flexionado se dispara contra a parede abdominal. / **P. instrumental** ou **mediata** Aquela que se practica con plesímetro. / **P. palpatoria** Percusión que se combina con palpación. / **P. respiratoria** Percusión practicada durante os tempos respiratorios para aprecia-la diferenza de son entre a inspiración e a expiración. / **P. tanxencial** Percusión na cal o plesímetro se coloca verticalmente, e se peta nel en dirección paralela á pel.

percusor *s.m.* Aparello en forma de martelo, empregado para a percusión diagnóstica ou terapéutica.

percutáneo-a *adx.* Que se realiza a través da pel, especialmente os métodos de aplicación de produtos terapéuticos: baños, fregas, electroforese, etc.

perda *s.f.* Carencia, diminución, dano. // **P. de calor** Arrefriado. / **P. de memoria** Amnesia. / **P. de substancia** Destrución dunha parte de tecido. / **P. erráticas** Perdas xenitais femininas variables. / **P. fonética da respiración**

Expiración rápida en exceso debida á parálise dun músculo cricoaritenóide. / **P. sanguínea** Hemorragia. / **P. seminal** Espermatorrea.

perencefalia *s.f.* Enfermidade quística do cerebro.

perenne *adx.* Que permanece no tempo.

perfeccionismo *s.m.* Tendencia psicolóxica a unha perfección imposible, que leva a un sentimento de frustración

perfenacina *s.f.* V. **fenotiacina**.

perflación *s.f.* Acción de soprar nun espazo ou cavidade para arrastrar ó exterior as secrecións ou outras substancias.

perforación *s.f.* 1. Acción e efecto de perforar. 2. Abertura ou furado accidental nun órgano ou parte. // **P. de Benzold** Trepanación da cara interna da apófise mastoide.

perforado-a *adx.* Que ten orificios ou que está atravesado por outro órgano. // **P. de Casserio** Músculo coracobraquial.

perforador ou **perforacranion** *s.m.* Instrumento para perfora-los ósos da cabeza, especialmente os da cabeza fetal. Tamén se di **diaclasto**.

perforamembranas *s.m.* Instrumento para perfora-las membranas no parto.

perforante *adx.* Que atravesa outro órgano, chamado perforado, como certos nervios e arterias, e tamén o flexor profundo dos dedos, os tendóns do cal atravesan os do flexor superficial.

perforatorium *s.m.* Parte aguzada da cabeza do espermatozoide. Tamén se di **acrosoma**.

perfricación *s.f.* Fricción, rozadura.

perfrixeración *s.f.* Conxelación.

perfusión *s.f.* Paso artificial a través dun órgano dun líquido de composición tal que manteña as funcións de dito órgano.

perhidrol *s.m.* Solución que contén o 30% do seu peso de peróxido de hidróxeno, coa que se prepara extemporaneamente a auga osixenada

peri- Prefixo do grego, arredor de.

periacinoso-a *adx.* Situado arredor dun ácido.

periadénite *s.f.* Inflamación dos tecidos que rodean unha glándula, ganglio, etc. // **P. mucosa necrótica recidivante** Enfermidade da boca caracterizada pola formación de nódulos que se poden ulcerar. Tamén se di **periganglite**.

periadénoidite *s.f.* Inflamación da farinx nasal que rodea as vexetacións adenoides.

periadventicio-a *adx.* Arredor ou fóra da túnica adventicia.

perialienite *s.f.* Perixenite.

periamigdalite *s.f.* Inflamación dos tecidos que rodean as amígdalas. Tamén se di **peritonsilite**.

perianal *adx.* Que rodea ou que ocorre arredor do ano.

periantrite *s.f.* V. **perisinusite**.

perianxiocolite *s.f.* Inflamación dos tecidos que rodean os conductos biliares ou capilares interlobulares do fígado.

perianxioma *s.m.* Tumor que se desenvolve arredor dun vaso.

perianxite *s.f.* Inflamación arredor dun vaso sanguíneo ou linfático. Tamén se di **perivasculite**.

periaórtico-a *adx.* Que rodea ou que ocorre arredor da aorta.

periaortite *s.f.* Inflamación do tecido que rodea a aorta.

periapendicite *s.f.* Inflamación do apéndice e dos tecidos que o rodean. // **P. decidual** P. concomitante cun embarazo tubárico, na que se atopan células deciduais no peritoneo do apéndice.

periapendicular *adx.* Situado ou que ocorre arredor do apéndice vermiforme.

periapical *adx.* Situado arredor dun vértice, especialmente o da raíz dun dente.

periarterial *adx.* Que ocorre ou se sitúa arredor dunha arteria.

periarterite *s.f.* Inflamación dos tecidos que rodean unha arteria, ou dos que forman a súa parede externa. // **P. nodular** ou **nodosa** Arterite aguda, que se inclúe dentro das enfermidades do coláxeno, de causa descoñecida. Afecta a tódalas capas de arterias pequenas e medianas, con produción de nódulos inflamatorios na parede externa. As lesións consisten en necrose e exsudación. Tamén se di **poliarterite nodosa**, **panarterite**, **enfermidade de Kussmaul**.

periarticular *adx.* Situado ou que ocorre arredor dunha articulación.

periartrite *s.f.* Inflamación dos tecidos que rodean unha articulación.

periatrrial *adx.* Situado arredor dun atrio ou aurícula.

periauricular *adx.* 1. Situado arredor dunha orella. 2. Situado arredor dunha aurícula.

periaxial *adx.* Situado ou que ocorre arredor dun eixe.

periaxonal ou **periaxónico-a** *adx.* Que ocorre ou está situado arredor dun eixe ou cilindroeixe.

periblasto *s.m.* Porción do blastoderma dos ovos teleleocitos, coas células carentes de membrana celular.

periblepse *s.f.* Mirada perdida, propia dos delirantes.

peribronquial *adx.* Situado ou que ocorre arredor dos bronquios.

peribronquiolite *s.f.* Inflamación dos tecidos que rodean os bronquíolos.

peribronquite *s.f.* Inflamación da capa externa dos bronquios e do tecido que os rodea.

peribulbar *adx.* Situado ou que ocorre arredor dun bulbo medular ou ocular.

pericanalicular *adx.* Que ocorre arredor dun canalículo.

pericapsular *adx.* Situado ou que ocorre arredor dunha cápsula.

pericardicentese *s.f.* Punción cirúrxica do pericardio.

pericardiectomía *s.f.* Escisión parcial ou completa do pericardio, que se adoita facer nas pericardites crónicas.

pericardio *s.m.* Saco membranoso, de natureza fibroelástica, que rodea o corazón. Está formado por unha capa externa, fibrosa, en forma de cono, de base adherida ó centro frénico do diafragma e de vértice superior que se continúa na capa externa dos grandes vasos; unha capa interna, serosa, que rodea o corazón directamente (folla visceral ou epicardio), e a nivel dos grandes vasos reflíctese para tapiza-la cara interna da capa fibrosa (folla parietal). Entre ámbalas follas existe un espacio potencial ou cavidade pericárdica.

pericardiocentese *s.f.* V. **pericardicentese**.

pericardiofrénico-a *adx.* Relativo ou pertencente ó pericardio e diafragma.

pericardiólise *s.f.* Liberación cirúrxica das adherencias entre as follas visceral e parietal do pericardio.

pericardiorrafia *s.f.* Operación de suturar unha ferida do pericardio.

pericardiostomía *s.f.* Abertura cirúrxica do pericardio a través da parede torácica para a drenaxe dos derramos pericardiácos.

pericardiotomía *s.f.* Incisión cirúrxica practicada no pericardio.

pericardite *s.f.* Proceso inflamatorio do pericardio. // **P. adhesiva** Formación de falsas membranas que establecen adherencias entre as dúas follas da serosa pericardiáca ou entre o pericardio e o mediastino, diafragma ou parede torácica. / **P. aguda** Inflamación primitiva ou secundaria do pericardio, caracterizada subxectivamente por febre, dor precordial, pulso rápido, tose, dispnea, etc., e obxectivamente polo ruído de rozamento pericardiáco cos latexos cardíacos, na fase de exsudación fibrinosa, e polo abombamento e matidez da rexión precordial na fase de derramo pericardiáco. / **P. calculosa** Formación de depósitos calcarios no pericardio. / **P. calosa** Variedade de pericardite crónica caracterizada por edema, cianose facial e ingurxitación das veas xugulares, propia da infancia. / **P. carcinomatosa** A causada pola carcinomatose do pericardio. / **P. epistencardiáca** Pericardite seca, consecutiva a un infarto de miocardio. / **P. externa-interna** Pericardite que lles afecta principalmente ás superficies externa ou interna, respectivamente, do pericardio. / **P. fibrosa** Pericardite crónica na que as adherencias son bandas fibrosas. / **P. localizada** Variedade de

- pericardite seca con lesións en forma de placas leitosas e sen adherencia. / **P. mediastínica** Inflamación da superficie exterior do pericardio e do tecido do mediastino. / **P. obliterante** Pericardite adhesiva que causa a obstrucción da cavidade pericardíaca. / **P. seca** Pericardite sen formación de derramo. / **P. tuberculosa** Variedade producida polo bacilo de Koch. / **P. vilosa** Pericardite externa con exsudados fibrinosos na superficie do pericardio.
- pericarion** *s.m.* Masa citoplasmática que rodea o núcleo.
- pericecal** *adx.* Que ocorre ou está situado arredor do cego.
- pericecite** *s.f.* V. **peritiflíte.**
- pericefálico-a** *adx.* Situado ou que ocorre arredor da cabeza.
- pericelular** *adx.* Arredor dunha célula. Tamén se di **pericitario.**
- pericementite** *s.f.* Inflamación arredor da raíz dentaria. Tamén se di **periodontite, peridentite.**
- pericemento** *s.m.* Membrana ou tecido entre a raíz dun dente e o alvéolo maxilar. Tamén se di **membrana alveolodentaria, periodontio.**
- pericementoclasia** *s.f.* Destrución do pericemento e do alvéolo óseo sen desintegración do tecido enxival correspondente. V. **piorrea alveolar.** Tamén se di **peridentoclasia.**
- pericentese** *s.f.* Método hemostático que consiste na ligadura en masa dos tecidos arredor do vaso que sangra.
- pericerebral** *adx.* Que rodea o cerebro.
- pericístico-a** *adx.* Arredor dunha vexiga ou quiste.
- pericistio** *s.m.* Envoltura vascular de certos quistes.
- pericistite** *s.f.* Inflamación dos tecidos que rodean a vexiga urinaria.
- pericitario-a** *adx.* V. **pericelular.**
- pericito** *s.m.* Célula con longas prolongacións citoplasmáticas e rodeadas de membrana basal. Ó microscopio electrónico percíbese a carencia de miofibrilas, polo que non ten función contráctil. Localízanse ó longo das metarteriolas, capilares e vénulas. Tamén se di **célula peritelial.**
- pericolanxite** *s.f.* Inflamación dos tecidos que rodean un conducto biliar. Tamén se di **perianxiocolite.**
- pericolecistite** *s.f.* Inflamación dos tecidos que rodean a vesícula biliar.
- pericolite** *s.f.* Inflamación da membrana serosa peritoneal do colon. Tamén se di **pericolonite.** / **P. dereita** Pericolite que lle afecta ó colon ascendente. / **P. esquerda** Inflamación do tecido conxuntivo e do peritoneo do colon descendente na súa parte inferior. / **P. membranosa** Estado patolóxico que resulta da presenza de membrana de Jackson. / **P. postapendicular** Formación de bostelas que estreitan a luz do colon despois dun ataque de apendicite.
- pericolonite** *s.f.* Pericolite.
- pericolpíte** *s.f.* Inflamación dos tecidos que rodean a vaxina. Tamén se di **perivaxinite.**
- pericondrio** *s.m.* Membrana de tecido conxuntivo fibroso que cobre a superficie da cartilaxe.
- pericondrite** *s.f.* Inflamación do pericondrio.
- pericondroma** *s.m.* Tumor orixinado no pericondrio.
- pericorneal** *adx.* Situado ou que ocorre arredor da córnea. Tamén se di **periquerático.**
- pericoronite** *s.f.* Inflamación da enxiva arredor dun dente.
- pericowperite** *s.f.* Inflamación do tecido conxuntivo arredor das glándulas de Cowper.
- pericoxite** *s.f.* Inflamación dos tecidos que rodean a articulación da cadeira.
- pericranite** *s.f.* Periostite do cranio.
- pericroma** *s.m.* Célula nerviosa na que os corpos de Nissl están dispostos en serie, formando un arco debaixo da membrana celular.
- peridectomía** *s.f.* V. **peritomía, sindectomía.**
- peridentario-a** *adx.* Que rodea un dente ou dentes. Tamén se di **periodontal.**
- peridentite** *s.f.* V. **pericementite.**
- peridentoclasia** *s.f.* V. **pericementoclasia.**
- periderma** *s.f.* 1. Cutícula ou epiderme. 2. Rede de Malpighi da pel.
- peridesmio** *s.m.* Membrana que cobre os ligamentos.
- peridesmite** *s.f.* Inflamación do peridesmio.
- peridiástole** *s.f.* Intervalo anterior á diástole. Tamén se di **prediástole.**
- perididimite** *s.f.* Inflamación do peridídimo. Tamén se di **vaxinalite.**
- peridídimo** *s.m.* Túnica vaxinal do testículo.
- peridiverticulite** *s.f.* Inflamación da serosa peritoneal que rodea un divertículo intestinal.
- periduodenite** *s.f.* Inflamación crónica do peritoneo localizada arredor do duodeno, que o deforma e fixa con adherencias.
- periecofobia** *s.f.* Fobia referida a fenómenos físicos ambientais.
- periencefalite** *s.f.* Inflamación das estruturas superficiais do cerebro, caracterizada por meninxite asociada a encefalite cortical. // **P. crónica difusa** Parálise xeral progresiva.
- periencefalografía** *s.f.* Radiografía das meninxes cerebrais.

peridendotelioma *s.m.* Tumor cos caracteres do peritendotelioma e do endotelioma.

perienterite *s.m.* Inflamación da serosa peritoneal do intestino.

periepitelioma *s.m.* Tumor caracterizado por unha proliferación de células redondeadas, ovais ou fusiformes, de tamaño uniforme, situado arredor dos espazos vasculares revestidos dunha soa capa de células endoteliais. O diagnóstico diferencial con outros tumores mesenquimatosos ben vascularizados é difícil. É difícil tamén distingui-la forma maligna da benigna, polo que a súa evolución é impredecible. Tamén se di **hemangioperitoma**.

periesofaxite *s.f.* Inflamación dos tecidos que rodean o esófago.

periesplenite ou **perisplenite** *s.f.* Inflamación da serosa peritoneal que rodea o bazo.

perifacite ou **perifaquite** *s.f.* Inflamación da cápsula do cristalino.

perifarínxeo-a *adx.* Situado ou que ocorre arredor da farínxe.

periflebite *s.f.* Inflamación dos tecidos que rodean unha vea ou da súa capa externa.

perifocal *adx.* Situado ou que ocorre arredor dun foco, xeralmente infeccioso.

perifoliculite *s.f.* Inflamación arredor dos folículos pilosos. // **P. pustulosa superficial** Dermatose estafilocócica caracterizada por pequenas pústulas nos orificios das glándulas pilosebáceas do coiro cabeludo e extremidades especialmente. / **P. tuberculosa** Lique escrofuloso.

perifrasia *s.f.* Uso de palabras ou frases innecesarias e expresións redundantes.

perifrenite *s.f.* Inflamación do diafragma e dos tecidos que o rodean.

periganglionar *adx.* Situado ou que ocorre arredor dos ganglios.

periganglíte *s.f.* V. **periadénite**.

perigastrite *s.f.* Inflamación da serosa peritoneal do estómago.

periglial *adx.* Arredor das células de neuroglía.

periglosite *s.f.* Inflamación dos tecidos que rodean a lingua.

periglote *s.f.* Membrana mucosa da lingua.

perignático-a *adx.* Situado ou que ocorre arredor da mandíbula.

perihepatite *s.f.* Inflamación aguda ou crónica da folla peritoneal que rodea o fígado. Tamén se di **capsulite perihépática**. // **P. crónica hiperplásica** Variedade na que a folla peritoneal se cobre de masas esbrancuxadas similares ás do azucre dun pastel. / **P. purulenta** P. debida a unha inflamación próxima e caracterizada pola

formación de pus. / **P. seca** P. consecutiva xeralmente a unha cirrose hepática.

perihepatóxeno-a *adx.* 1. Que se orixina no peritoneo hepático. 2. De certas formas de fibrose subcapsular (pseudocirrose)

perilabirintite *s.f.* Inflamación dos tecidos que rodean o labirinto.

perilarinxite *s.f.* Inflamación do tecido areolar que rodea a larínxe.

perilenticular *adx.* Situado ou que ocorre arredor do cristalino.

perilimbotomía *s.f.* Sección cirúrxica da conxuntiva ó longo do limbo corneal.

perilinfá *s.f.* Líquido que enche o espazo comprendido entre o labirinto membranoso e o óseo do oído interno. A súa composición química presenta certa similitude coa do líquido cefalorraquídeo. Tamén se di **humor de Valsalva** ou **de Cotugno**.

perilinfanxite *s.f.* Inflamación arredor dos vasos linfáticos.

perilinfático-a *adx.* 1. Situado ou que ocorre arredor dun vaso ou ganglio linfático. 2. Relativo á perilinfá.

perimastite *s.f.* Inflamación do tecido conxuntivo que rodea a glándula mamaria.

perimaxilite *s.f.* Perióstite dun maxilar.

perimeninxite *s.f.* Inflamación da duramáter. Tamén se di **paquimeninxite**. // **P. espiñal** Inflamación do tecido celular entre a duramáter e a parede do conducto raquídeo.

perimetría ou **perioptometría** *s.f.* Procedemento para examinar e medi-los límites e a continuidade do campo visual.

perimetrio *s.m.* Folla serosa do útero, que provén do peritoneo visceral pelviano.

perimetrite *s.f.* Inflamación do perimetrio.

perímetro *s.m.* 1. Liña que segue o bordo externo dun obxecto ou figura plana. 2. Aparello utilizado para medi-lo campo visual, composto dun semicírculo que pode facerse xirar sobre un punto e adopta-la posición de diversos meridianos.

perimielite *s.f.* 1. Meninxite espiñal. 2. Inflamación do tecido que cobre a cavidade medular dun óso (endóstee). Tamén se di **endosteíte**.

perimieli *s.m.* Endostio.

perimielografía *s.f.* Radiografía da medula espiñal, trala inxección dun contraste no espazo subaracnoide da mesma.

perimiendocardite *s.f.* Pericardite asociada con miocardite e endocardite.

perimisio *s.m.* Vafiña moi delgada de tecido conxuntivo que rodea o músculo (perimisio externo), pola que

chegan as terminacións nerviosas ata a placa muscular, e envía prolongacións que illan os diversos fascículos (perimísio interno ou endomísio).

perimísio *s.f.* Inflamación do perimísio.

perinatal *adx.* Referido ó período de tempo que vai desde a semana vixésimo oitava de xestación ata o sétimo día do neonato.

perinatoloxía *s.f.* Especialidade médica que se ocupa da fisioloxía e patoloxía do período perinatal.

perineauxese *s.f.* Colpoperineorrafia.

perinefrite *s.f.* Inflamación aguda ou crónica dos tecidos que rodean o ril. // **P. esclerosa** ou **fibrolipomatosa** Perinefrite crónica que dá lugar á esclerose ou á formación de graxa, respectivamente. / **P. purulenta** Inflamación primaria ou secundaria do tecido celular que rodea o ril con formación de pus asociada con síntomas locais e xerais graves.

perineo *s.m.* Rexión anatómica do extremo inferior do tronco entre as coxas, de forma romboidal, limitada por diante polas ramas isquiopubianas, por detrás polo sacrocóccix, e polos lados polos ligamentos sacroilíacos. Anatomicamente distínguense dúas partes triangulares: o perineo anterior, por diante da liña que une as dúas tuberosidades isquiáticas, e con vértice na pube; o peritoneo posterior, con vértice no óso cocccíxeo e a base na citada liña que une as tuberosidades isquiáticas.

perineocele *s.f.* Hernia perineal, entre o recto e a próstata ou entre o recto e a vaxina.

perineoclitórideo-a *adx.* 1. Relativo ó peritoneo e clótoris. // *s.m.* 2. Músculo constrictor da vaxina.

perineoplastia *s.f.* Cirurxía plástica do perineo.

perineorrafia *s.f.* Sutura do perineo coa fin de reparar unha esgazardura.

perineoscrotal *adx.* Relativo ó perineo e ó escroto.

perineostomía *s.f.* Uretrostomía a través do perineo.

perineotomía *s.f.* Incisión cirúrxica a través do perineo.

perineurio *s.m.* Vaíña que envolve un fascículo de fibras dun tronco nervioso. Tamén se di **epineuro**.

perineurite *s.f.* Inflamación do perineurio.

periodicidade *s.f.* Repetición a intervalos regulares de tempo. // **P. filárica** Reparación diaria nocturna da filaria no sangue da persoa infectada. / **P. palúdica** Reparación máis ou menos regular, a intervalos duns dous ou tres días, de paroxismos febrís no paludismo.

periodismo *s.m.* 1. Periodicidade. 2. En cardioloxía, forma de bloqueo parcial na que a contracción auricular coincide a intervalos regulares, cada dúas ou tres pulsacións, coa contracción dos ventrículos.

período *s.m.* 1. Intervalo ou división do tempo. 2. Fase distinta no curso dunha enfermidade. 3. Menstruación. 4. Tempo que transcorre entre dous accesos nas febres inter-

mitentes. 5. Tempo necesario para a repetición regular dun fenómeno. // **P. álxido, de acme** ou **de estado** Período máis grave dunha enfermidade. / **P. anfibiólico** Período comprendido entre o de estado e o de declinación. / **P. de declinación** ou **de defervescencia** Fase na que os síntomas dunha enfermidade diminúen a súa intensidade. / **P. de descanso** Período do ciclo menstrual inmediatamente posterior á menstruación; fase na que o núcleo non experimenta cambios de división. / **P. de erupción** ou **de eflorescencia** Fase de desenvolvemento da erupción nunha enfermidade exantemática. / **P. de frío, de calor, de suor** Constitúen os tres estados característicos dun acceso palúdico. / **P. de incubación** ou **de latencia** Primeira fase dunha enfermidade infecciosa, desde a implantación dun axente patóxeno no organismo ata o período de invasión (período asintomático). / **P. de invasión** ou **prodromico** Período no que aparecen os primeiros síntomas dunha enfermidade infecciosa. / **P. de Wenckebach** Alongamento progresivo do intervalo PR do ECG no bloqueo cardíaco aurículo-ventricular de primeiro grao. / **P. isoeléctrico** Momento do ciclo cardíaco sen deflexión no electrocardiograma. / **P. proliferativo** Fase da mucosa uterina despois do período de descanso, na que aparece hipertrofia xeral dos seus elementos. / **P. refractario** Fase que segue á actividade máxima dun nervio ou músculo, durante a cal non poden responder a un segundo estímulo.

periodontal *adx.* V. **peridentario**.

periodontio ou **periodonto** *s.m.* Periósteo do alvéolo dentario. Tamén se di **pericemento**.

periodontite ou **peridentite** *s.f.* Inflamación da raíz dentaria. Tamén se di **pericementite**. // **P. apical** P. do vértice da raíz dun dente. / **P. expulsiva** V. **piorrea alveolar**.

periodontoclasia *s.f.* V. **pericementoclasia**.

perioftalmía ou **perioftalmite** *s.f.* Inflamación dos tecidos que rodean o globo ocular. Tamén se di **tenonite**.

perionfálico-a *adx.* Periumbilical.

perioniquio *s.m.* Área da epiderme que limita a unha.

perionixe *s.f.* Inflamación da pel que rodea a unha.

perioforite ou **periovarite** *s.f.* Inflamación dos tecidos que rodean o ovario.

periooperatorio *s.m.* Intervalo de tempo centrado por unha intervención cirúrxica. Comprende o preoperatorio e o postoperatorio.

perioptometría *s.f.* Perimetría.

perioral *adx.* Situado ou que ocorre arredor da boca. Tamén se di **peristomal, circumoral**.

periorquio *s.m.* Túnica vaxinal.

periorquite *s.f.* Inflamación da túnica vaxinal do testículo. Tamén se di **perididimite, vaxinalite, albuxinite**. // **P. adhesiva** Tipo de periorquite na que se pegan as dúas follas da túnica vaxinal do testículo.

periósteo *s.m.* Membrana fibrosa, branca, vascular, resistente e dura en distinto grao segundo as idades, que envolve tódolos ósos, agás as superficies articulares, os puntos de incrustación das cartilaxes e de inserción dos tendóns. Está formada por dúas capas: unha externa conxuntiva e unha interna formada por fibras elásticas e osteoblastos. Serve para a distribución de vasos sanguíneos no tecido óseo e para a formación e rexeneración do mesmo. // **P. alveolodentario** V. **pericemento**. / **P. interno** V. **endósteo**.

periosteofito *s.m.* V. **periosteoma**.

periosteoma ou **periostoma** *s.m.* Tumor no periósteo. Tamén se di **periosteofito**.

periosteomedulite ou **periosteomielite** *s.f.* Inflamación xeral do óso que afecta ó periósteo e á medula ósea.

periosteoxénese *s.f.* Osteoxénese do periósteo.

periostite *s.f.* Inflamación do periósteo que pode ser aguda ou crónica. A forma aguda é infecciosa e caracterízase por dor, supuración, síntomas xerais e ordinariamente necrose. // **P. albuminosa** Forma de p. caracterizada pola acumulación debaixo do periósteo dun líquido claro e viscoso que contén fibrina e albumina. Tamén se di **absceso seroso**, **ganglio perióstico**. / **P. flegmonosa difusa** Osteomielite aguda. / **P. hiperplásica** Osteoartropatía pulmonar hipertrófica. / **P. interna do cranio** Paquimeninxite externa. / **P. precoz** Osteoperiostite sifilítica que aparece como síntoma primitivo.

periostose *s.f.* Neoformación ósea arredor dun óso. Tamén se di **exostose**.

periostosteíte *s.f.* Periostite e osteíte simultáneas.

periostotomía *s.f.* Incisión cirúrxica no periósteo.

periostótomo *s.m.* Instrumento para seccionar e desprende-lo periósteo. Tamén se di **legra**.

perióstico-a *adx.* Situado arredor do oído, especialmente do interno.

peripancreatite *s.f.* Inflamación dos tecidos que rodean o páncreas.

peripaquimeninxite *s.f.* Inflamación entre a duramáter e o óso. Tamén se di **perimeninxite** ou **paquimeninxite externa**.

peripatético-a *adx.* 1. Que anda dun lugar a outro. 2. Ambulante. 3. Referido á febre tifoide ambulatoria.

peripericardite *s. f.* Inflamación arredor do pericardio con produción de adherencias entre o pericardio e a pleura ou a parede torácica.

peripiema *s.f.* Supuración arredor dun órgano ou parte del.

peripileflebite *s.f.* Inflamación dos tecidos que rodean a vea porta.

peripílico-a *adx.* Situado ou que ocorre arredor da vea porta.

peripleural *adx.* Situado ou que ocorre arredor da pleura.

peripleurite *s.f.* Inflamación dos tecidos situados entre a pleura e a parede torácica.

peripneumonía ou **peripneumonite** *s.f.* Pneumonía cortical ou pleuropneumonía. // **P. nota** ou **bastarda** Bronquite aguda que se asemella a unha pneumonía.

periproctite *s.f.* Inflamación dos tecidos que rodean o ano e o recto. // **P. séptica difusa** Flegmón difuso perianorrectal.

periprostatite *s.f.* Inflamación dos tecidos que rodean a glándula prostática.

peripsoíte *s.f.* Inflamación dos tecidos que rodean o músculo psoas.

periquerático-a *adx.* Pericorneal.

periquístico-a *adx.* Que está arredor dun quiste.

perirrectite *s.f.* Periproctite.

perirrenal *adx.* Perinefrítico.

perirrinial ou **perrínico-a** *adx.* Situado ou que ocorre arredor do nariz ou fosas nasais.

perisalpinxe *s.f.* Cuberta peritoneal da trompa de Falopio.

perisalpinxite *s.f.* Inflamación do peritoneo e outros tecidos que rodean a trompa de Falopio.

perisclerite *s.f.* Episclerite.

periscópico-a *adx.* 1. Que subministra un amplo campo de visión. 2. De certas lentes.

perisigmoidite *s.f.* Inflamación da serosa peritoneal do colon sigmoide.

perisindectomía *s.f.* Perilimbotomía na que se extirpa un anaco de conxuntiva perilímbica.

perisinovite *s.f.* Inflamación da túnica conxuntiva que rodea a membrana sinovial.

perisinusite *s.f.* Inflamación dos tecidos que rodean un seo ou antro. Tamén se di **periantrite**.

perisístole *s.f.* Pausa do ritmo cardíaco entre a sístole e a diástole.

perisodáctilo-a *adx.* Que ten un número impar de dedos.

perispermatite *s.f.* Inflamación dos tecidos que rodean o cordón espermático. // **P. serosa** Hidrocele enquistada do cordón.

perisplácnico-a *adx.* Situado ou que ocorre arredor dunha víscera. Tamén se di **perivisceral**.

perisplénico-a *adx.* Que ten lugar ou que está localizado arredor do bazo.

perispondílico-a *adx.* V. **perivertebral**.

perispondilite *s.f.* Inflamación dos tecidos que rodean unha vértebra.

peristafilino-a *s.m.* 1. Músculo elevador do veo do padal. // *adx.* 2. Situado arredor da úvula.

peristalse *s.f.* ou **peristaltismo** *s.m.* Movemento característico de certos órganos tubulares provistos de fibras musculares lonxitudinais, especialmente o intestino que, a modo de contraccións vermiculares, fai progresalo contido intestinal. // **P. en masa** Movementos peristálticos fortes que duran pouco tempo pero que moven o contido intestinal dunha sección do colon a outra.

perístase *s.f.* 1. Medio ambiente que inflúe no metabolismo dun ser vivo que está inmerso nel. 2. Primeira fase dos fenómenos vasculares que ocorre na inflamación na que por inactividade dos vasoconstrictores se produce hiperemia arteriolar, capilar, venular, etc. Tamén se di **hiperemia peristáltica**.

perístole *s.f.* Capacidade tónica das paredes do conducto dixestivo, sobre todo as do estómago, de se adaptaren ó contido despois de inxerilos alimentos.

peristoma *s.m.* Contorno da boca ou o dun orificio.

peristomal *adx.* V. **perioral**.

peristroma *s.m.* Estroma ou cápsula arredor dun órgano.

peritelio *s.m.* 1. Capa de células e fibrilas de tecido conectivo que rodea os capilares e pequenos vasos, que constitúe a súa capa adventicia. Tamén se di **peritelio de Eberth** 2. Aréola da mamila.

peritelioma *s.m.* Tumoración por proliferación do peritelio. Parece ser que se orixina na túnica adventicia dos vasos sanguíneos, especialmente do cerebro.

peritendinite *s.f.* Inflamación da vaíña tendinosa. Tamén se di **peritenonite**. // **P. serosa** V. **ganglión**.

peritendinoso-a *adx.* Situado ou que ten lugar arredor dun tendón.

peritenón ou **peritoneo** *s.m.* Estructura de tecido conxuntivo laso que cobre os tendóns e ligamentos.

peritenonite *s.f.* V. **peritendinite**.

periteste *s.m.* V. **peridídimo**.

peritíflico-a *adx.* Situado ou que ocorre arredor do cego. Tamén se di **pericecal**.

peritiflíte *s.f.* Inflamación dos tecidos que rodean o cego. Tamén se di **pericecite**. // **P. actinomicótica** Actinomicose arredor do cego.

peritiroidite *s.f.* Inflamación da cápsula da glándula tiroide.

peritomía *s.f.* 1. Tratamento do *pannus* pola escisión dun anel da conxuntiva arredor da córnea. Tamén se di **peridectomía**. 2. Circuncisión.

peritomista *s. e adx.* Experto na práctica da circuncisión entre os xudeus.

peritonealxia *s.f.* Dor no peritoneo.

peritoneo *s.m.* Membrana serosa, forte, que recobre as paredes abdominais e a superficie inferior do diafragma (peritoneo parietal), que se reflicte en varios puntos sobre as vísceras, formando un recubrimento completo sobre algunhas e incompleto sobre outras (peritoneo visceral). Esta membrana forma un saco pechado que serve para manter as vísceras na súa posición e para a distribución vascular mediante os dobramentos: os mesos, que relacionan as vísceras coa parede abdominal posterior; os epíploons, que son dobramentos unidos ó estómago; ligamentos do fígado, bazo, estómago, riles, útero, vexiga, etc. O espazo comprendido entre o peritoneo visceral e o peritoneo parietal chámase cavidade peritoneal, e está ocupado por un líquido peritoneal que facilita o esvaramento dunha folla sobre a outra sen rozaduras. Esta cavidade está dividida en dúas porcións, unha maior e outra menor, que se comunican polo orificio epiploico ou hiato de Winslow.

peritoneocentese *s.f.* Paracentese da cavidade abdominal.

peritoneoclise *s.f.* Inxección de soro na cavidade peritoneal.

peritoneopexia *s.f.* Fixación cirúrxica do útero por vía vaxinal.

peritoneoplastia *s.f.* V. **peritonización**.

peritoneorraxia *s.f.* Hemorragia peritoneal.

peritoneorrexe *s.f.* Esgazamento do peritoneo.

peritoneoscopia *s.f.* Técnica exploratoria da cavidade peritoneal mediante un endoscopio que se introduce a través dunha incisión practicada na parede abdominal, despois de insuflar aire ou gas. Tamén se di **laparoscopia**.

peritoneotomía *s.f.* Incisión cirúrxica no peritoneo.

peritonismo *s.m.* Complexo sintomático que semella clinicamente unha peritonite, pero sen inflamación do peritoneo. Tamén se di **pseudoperitonite**.

peritonite *s.f.* Inflamación aguda ou crónica do peritoneo, producida por bacterias ou por substancias irritantes introducidas na cavidade abdominal. Na forma aguda adoita ser consecutiva a unha inflamación ou lesión próxima, e evoluciona en tres fases: irritativa, con dor, vómitos, meteorismo, fleo; silente, con escasa sintomatoloxía; tóxica, por resorción dos exudados peritoneais, con taquicardia, hiperpirexia, delirio, etc. // **P. adhesiva** Peritonite caracterizada por adherencias entre o peritoneo parietal e o visceral. / **P. aséptica** Peritonite consecutiva a substancias cirúrxicas, manipulación durante o curso dunha intervención, raios X, etc. / **P. circunscrita, localizada** ou **parcial** Peritonite na que a inflamación está limitada a unha zona do peritoneo de forma aguda ou crónica, pola capacidade deste de impedi-la extensión dun foco inflamatorio. / **P. crónica** Peritonite que pode ser debida á evolución das formas agudas que non se resolveron no seu momento, pero máis frecuentemente a súa orixe adoita estar en enfermidades

crónicas como a tuberculose, procesos cancerixenos, etc. / **P. difusa** ou **xeneralizada** Peritonite que afecta todo o peritoneo, de forma aguda ou crónica. / **P. enquistada** Peritonite localizada, na que se formou un derramo de calquera tipo limitado por adherencias. / **P. hemorráxica, purulenta, serosa** Peritonite caracterizada, respectivamente, pola natureza do exsudado: sangue, pus, soro. / **P. por perforación** Peritonite debida a unha perforación do tubo dixestivo causada por un proceso ulcerativo. / **P. séptica** Peritonite debida á acción microbiana. / **P. tuberculosa** Peritonite séptica, de curso crónico e común na infancia e adolescencia. Reviste varias formas: infiltrada, fibrosa, ascítica.

peritonización *s.f.* Técnica cirúrxica encamiñada a cubrir superficies sen envoltura dunha víscera abdominal con peritoneo veciño. Tamén se di **autoplastia peritoneal, peritoneoplastia**.

peritonsilar *adx.* Situado arredor dunha amígdala.

peritonsilite *s.f.* Periamigdalite.

perítrico-a *adx.* Rodeado de pelos, especialmente as bacterias provistas de flaxelos.

peritrocantéreo-a *adx.* Situado arredor dun trocánter.

periungueal *adx.* Que ten lugar ou está localizado arredor dunha unha.

periureteral *adx.* Que ocorre ou está localizado arredor dun uréter.

periuretral *adx.* Que ten lugar ou está localizado arredor do uréter.

periuretrite *s.f.* Inflamación do tecido celular que rodea o uréter.

periueterino-a *adx.* Situado ou que ocorre arredor do útero.

perivascular *adx.* Situado ou que ocorre arredor dun vaso.

perivascularite *s.f.* Inflamación da capa adventicia dos vasos. Tamén se di **periarterite, periflebite**.

perivaxinite *s.f.* Pericolpíte.

perivertebral *adx.* Situado ou que ocorre arredor dunha vértebra ou da columna. Tamén se di **perispondílico**.

perivesical *adx.* Situado ou que ocorre arredor da vexiga urinaria.

perivesicular *adx.* Que ten lugar ou está situado arredor dunha vesícula, especialmente a biliar.

perivesiculite *s.f.* Inflamación dos tecidos que rodean a vesícula seminal.

perivisceral *adx.* Situado ou que ocorre arredor dunha ou varias vísceras.

perivitelino-a *adx.* Situado arredor do vitelo ou xema.

perixenite *s.f.* Inflamación que se produce arredor dun corpo estraño. Tamén se di **perialienite**.

perixexunite *s.f.* Inflamación dos tecidos que rodean o xexuno.

perla *s.f.* Cápsula esférica de xelatina que contén unha dose dun medicamento volátil ou de mal sabor. Tamén se di **albugo**. // **P. de Epstein** Pequena masa branco-amarelada que se observa no padal dos neonatos. / **P. de Laennec** Masas xelatinosas redondeadas nos esputos dos individuos que padecen asma bronquial. / **P. epitelial** ou **epidérmica** Formacións cutáneas papulosas e brancas que aparecen na periferia dalgúns tumores epidérmicos. Tamén se di **globo epidérmico**.

perlesía *s.f.* 1. Parálise. 2. Debilidade muscular debida a unha enfermidade ou á idade avanzada.

perlingual *adx.* Que ten lugar a través da lingua, vía de administración dalgúns medicamentos dos cales interesa unha absorción rápida colocándoos enriba ou debaixo da lingua.

permanente *adx.* 1. Duradeiro, constante. 2. Relativo á sonda uretral que se deixa por un tempo.

permanganato *s.m.* Sal do ácido permangánico. Todas elas son oxidantes e antisépticas, e o p. potásico úsase frecuentemente en solucións como antiséptico externo.

permeabilidade *s.f.* Calidade de permeable. // **P. capilar** Propiedade do endotelio capilar de permiti-lo paso de determinados compoñentes do sangue cara ós tecidos. / **P. menínxea** Paso de substancias naturais ou accidentais do sangue ó líquido cefalorraquídeo. / **P. renal** Paso de substancias a través dos riles.

permeable *adx.* 1. Que pode ser atravesado por líquidos ou gases. 2. Relativo a un vaso non obstruído.

perna *s.f.* Porción do membro inferior comprendida entre o xeonllo e o pé, formada por dous ósos: tibia e peroné. // **P. artificial** Prótese que substitúe a perna amputada. / **P. cruzadas** ou **en tesoiras** Deformidade na que as pernas se cruzan pola aducción extrema provocada por unha coxalxia dobre. / **P. de polichinela** Perna con parálise dos extensores debida á neurite alcohólica. / **P. en O Genu varo**. / **P. en X Genu valgo**.

pernasal *adx.* Efectuado a través do nariz.

pernicioso-a *adx.* 1. Que tende a un fin fatal. 2. De certas enfermidades graves.

pernio *s.m.* Frieira.

perniose *s.f.* Enfermidade cutánea producida polo frío.

pernoctación *s.f.* Insomnio.

pero- Prefixo do grego, mutilado, deforme.

perobraquio-a *adx.* Cos brazos deformes.

procéfalo-a *adx.* Coa cabeza deforme.

perodáctilo-a *adx.* Cos dedos deformes ou mutilados.

perodinia *s.f.* Gastralxia ou cardialxia.

peromelo-a *adx.* Cos membros deformes.

peromoplastia *s.f.* Corrección cirúrxica dun toco deforme por prominencia do óso.

peronartrose *s.f.* Tipo de articulación que ten as superficies articulares convexas nunha dirección e cóncavas en dirección perpendicular.

peroné *s.m.* Óso longo e delgado situado na parte externa da perna.

peroneo-a *adx.* Relativo ó peroné. // V. **arterias, músculos, nervios p.**

peroneomaleolar *adx.* 1. Relativo ó maléolo externo. 2. V. **safena externa.**

peroperatorio-a *adx.* Realizado no curso dunha intervención cirúrxica. Tamén se di **intraoperatorio.**

peroplasia *s.f.* Malformación por anomalía do desenvolvemento.

peropus *adx.* Cos pés deformes.

peróquiro-a *adx.* Coas mans deformes.

peroral *adx.* Que se efectúa a través da boca.

perose *s.f.* Formación ósea defectuosa asociada con deficiencia de certos factores dietéticos.

peróseo-a *adx.* Que se transmite polo óso.

perósmico (ácido) *s.m.* Substancia cristalina amarela, tóxica, utilizada como colorante en preparacións de anatomía patolóxica.

perosomía *s.f.* Monstruosidade.

perosomo *s.m.* Monstro fetal con gran deformación do corpo.

perosplacnia *s.f.* Malformación ou deformidade visceral.

peroxidase *s.f.* Grupo de enzimas, sobre todo vexetais, que catalizan os compostos utilizando o peróxido de hidróxeno e non o osíxeno. Un tipo particular de peroxidase é a catalase, que cataliza a reacción $H_2O_2 + H_2O_2 = O_2 + 2H_2O$, na cal unha das moléculas de peróxido de hidróxeno funciona como doador de H e a outra como aceptor, de xeito que se desprende osíxeno molecular.

peróxido *s.m.* Óxido dun elemento que contén maior cantidade de osíxeno que de ordinario. // **P. de osíxeno** Auga osixenada.

peroxisomas *s.f.pl.* Orgánulos celulares que conteñen oxidase e catalase, que interveñen no metabolismo celular.

peripleural *adx.* Transpleural.

perplexidade *s.f.* Estado de confusión, indecisión, abraio ou ansiedade que caracteriza algúns trastornos da afectividade, en particular a esquizofrenia.

perplicación *s.f.* Oclusión cirúrxica dun vaso seccionado que consiste na introducción do seu extremo sangrante nunha incisión feita na parede do mesmo vaso, para que o sangue se volva a introducir nel.

perseveración *s.f.* 1. Fenómeno observado en enfermos que padecen trastornos neurolóxicos, consistente na repetición dunha mesma resposta. 2. Persistencia nunha resposta ou idea a estímulos ou preguntas diferentes en enfermos mentais. // **P. clónica** Reproducción constante dun mesmo movemento. / **P. tónica** Mantemento prolongado dunha mesma posición.

persoa *s.f.* 1. Suxeito activo ou pasivo con capacidade xurídica para os dereitos e deberes. 2. Para Jung, personalidade, nos seus caracteres externos, en oposición ó ser interior da personalidade.

persodina *s.f.* Preparación de persulfatos.

personalidade *s.f.* Organización integrada polo conxunto total das características cognoscitivas, afectivas, conativas e físicas que distinguen unha persoa e que determinan o seu xeito específico de reacción fronte ó seu medio. // **P. antisocial** Tipo de personalidade de límites imprecisos que se caracteriza por unhas actitudes e conductas claramente contrarias ós costumes convencionais e ós principios morais aceptados pola sociedade, inestabilidade emocional, impulsividade, práctica de perversións e delincuencia, disposición á toxicomanía, etc. Tamén se di **personalidade psicopática.** / **P. ciclotímica** Tipo de personalidade caracterizada por oscilacións extremas do estado de ánimo desde a euforia ata a depresión. / **P. depresiva** Personalidade caracterizada por unha disposición á tristura, apatía, hipoactividade e diminución da autoestima. / **P. dobre** ou **múltiple** Trastorno da personalidade con carácter disociativo, polo cal o individuo adopta dúas ou máis personalidades, cada unha independente das outras. / **P. esquizoide** Personalidade que, sen chegar a ser esquizofrénica, presenta trazos deste trastorno dentro dunha relativa normalidade: introversión, pensamento autista, dificultade na manifestación dos afectos, tendencia ó illamento e a evitar relacións interpersoais estreitas. / **P. fóbica** Trastorno caracterizado por timidez, inhibición e bloqueo nas relacións interpersoais e conductas esquivas fronte a situacións de ansiedade ou de risco. / **P. histérica** Personalidade caracterizada por inmadurez, dependencia, inestabilidade emocional, excitabilidade, actitudes teatrais e sedutoras. / **P. obsesivo-compulsiva** Personalidade caracterizada por excesiva sensibilidade, con forte adhesión ás normas morais e de conciencia, conductas obsesivas (detallismo, meticulosidade, etc.), control dos estados afectivos, pensamento ríxido, inhibicións diversas e tendencia a realizar actos rituais e compulsivos. / **P. paranoide** Personalidade caracterizada pola excesiva desconfianza, susceptibilidade, egocentrismo, tendencia a conductas reivindicativas e querelantes. / **P. psicopática** Personalidade antisocial. / **Trastorno da p.** Desviación psicopatolóxica (neurose, psicose, perversións, etc.). Algúns autores designan así o desenvolvemento anormal da estrutura da personalidade que altera o individuo e a súa relación cos demais (psicopatía, sociopatía, etc.)

perspiración *s.f.* Transpiración ou perda de auga por difusión a través da pel. // **P. insensible** Perda de auga

que se está producindo continuamente, sen que a persoa se decate, a través da pel, e por evaporación nos pulmóns. / **P. sensible** Sudación.

perstricción *s.f.* Ligadura ou compresión dun vaso sanguíneo.

persuasión *s.f.* Método psicoterápico que trata de convence-lo enfermo para que tome parte activa na súa curación.

persulfato *s.m.* Sulfato que contén maior cantidade de ácido sulfúrico. Tódolos persulfatos son oxidantes enérxicos.

Perthes, enfermidade de V. enfermidade.

pertubación *s.f.* Insuflación da trompa de Falopio para facela permeable.

perturbación *s.f.* Trastorno, alteración, especialmente a provocada. // **P. crítica** Aparición de variacións no curso dunha febre continua, que precede o descenso da temperatura por crise.

pertusoide *adx.* Relativo á tose parecida á da tose ferina.

pertussis *s.f.* (lat.) Tose ferina ou coqueluche.

perversidade *s.f.* Intención de facer actos que causen dano ou sufrimento ós demais, que adoita estar relacionada co desexo ou necesidade de ir contra as normas éticas e morais. Obsérvase frecuentemente nas perversións e sociopatías.

perversión *s.f.* Trastorno do carácter, da personalidade e da conducta social. O concepto de conducta desviada debe referirse sempre a unha estrutura social determinada, pois os criterios que delimitan as perversións son variables. Dentro das perversións inclúense aquelas conductas agresivas como a piromanía, cleptomanía, toxicomanías e desviacións sexuais.

pervertido-a *adx.* Que sofre perversión, especialmente as persoas co comportamento sexual deformado.

pervio-a *adx.* Permeable.

pesabebés *s.m.* Balanza cun pratiño especialmente deseñado en forma de cesta para coloca-lo neno nel e controla-lo seu peso.

pesadelo *s.m.* Soño angustiados e desagradable de contidos pavorosos que frecuentemente espertan o individuo.

pesaleite *s.m.* Lactómetro.

pesario *s.m.* Prótese de forma e dimensións variables que se introduce na vaxina co obxecto de corrixir malposicións uterinas. A súa indicación principal é o tratamento do prolapso uterino, cando non é posible facelo cirurxicamente, e en ocasións como método anticonceptivo.

pescozo *s.m.* Parte do corpo que une a cabeza ó tronco.

pesimismo *s.m.* Tendencia a xulga-las cousas baixo o aspecto máis negativo. // **P. terapéutico** Tendencia a

menospreza-las propiedades curativas dos medicamentos.

peso *s.m.* Forza coa que un corpo é atraído cara á terra. // **P. atómico** Peso dun átomo dun elemento químico, en relación co dun átomo de hidróxeno, que se considera como unidade. / **P. específico** Relación entre a masa dunha substancia e a dunha masa de auga que ocupe o mesmo volume. / **P. molecular** Suma dos pesos atómicos que conforman cada molécula dunha substancia.

pestanda *s.f.* Pelos que medran nos bordos das pálpebras. Tamén se di **cilios** ou *cilium*. // **P. vibrátil** Cilio dotado de movementos vibrátiles, coma os que teñen certas células epiteliais dalgunhas mucosas.

pestanexar *s.f.* Acción de abrir e pecha-las pálpebras.

pestanexo *s.f.* 1. Acción de pestanexar. 2. Movemento anormal das pálpebras.

peste *s.f.* Enfermidade infecciosa aguda que lle afecta ó ser humano e animais (especialmente ós roedores), causada pola bacteria *Yersinia pestis* (*Pasteurella pestis*). É unha das enfermidades catalogadas na actualidade como corentenables. O reservorio son as ratas e outros animais inmunes á infección. A transmisión dun animal a outro e da rata ó home faise a través da pulga da rata. Outra vía de contaxio é a aérea, a partir dunha persoa enferma cunha forma pulmonar. A enfermidade pode presentarse en tres formas: 1) Peste bubónica, a máis frecuente, caracterizada por grandes inflamacións ganglionares chamadas bubóns, necrotizantes, que acaban supurando, e lesións hemorráxicas na pel. 2) Forma septicémica, moi grave, na cal hai unha invasión dos bacilos no sangue, que causa a morte antes de que aparezan os bubóns ou as manifestacións respiratorias. Xeralmente o enfermo morre a causa das hemorraxias internas. 3) Forma pulmonar, que se adquire por inhalação do xerme, con afectación de todo o parénquima pulmonar; é a forma máis contaxiosa. A mortalidade é moi alta nas formas septicémica e pulmonar. É endémica no Tíbet, India, África Central, algúns países de América do Sur, etc. A introducción dos praguicidas e o desenvolvemento dos antibióticos permitiron o control definitivo desta enfermidade. Para as zonas endémicas desenvóléronse vacinas, aínda que a inmunidade que proporcionan é de curta duración. // **P. ambulatoria** Forma leve da peste bubónica, perigosa como medio de contaxio e de extensión da enfermidade. / **P. hemorráxica** Variedade da peste bubónica con hemorraxias subcutáneas e submucosas. Tamén se di **peste negra**. / **P. negra** 1. Peste hemorráxica. 2. Epidemia de peste bubónica que afectou a Europa e Asia na Idade Media.

pesticemia *s.f.* Peste bubónica siderante ou septicémica.

pestífero-a *adx.* 1. Que propaga ou causa a peste. 2. Que ten mal olor.

pestilencia *s.f.* Epidemia dunha enfermidade infectocontaxiosa, en particular da peste.

pestilente *adx.* 1. Fedorento. 2. Pestífero.

pestis *s.f.* Peste.

petarelo *s.m.* V. **úvula**.

petequia *s.f.* Mancha pequena na pel formada por unha hemorraxia intradérmica, que non desaparece coa presión.

petequiase *s.f.* Tendencia á aparición de petequias.

petiscar *v.* Comer unha cantidade moi pequena de alimento.

Petri, placa de V. **placa**.

petrificación *s.f.* Transformación en substancia pétre.

petrofarínxeo-a *adx.* 1. Relativo ó rochedo e á farinx. // *s.m.* 2. Músculo anómalo inserido na cara inferior do rochedo e na farinx.

petrolado *s.m.* Vaselina. // **P. líquido** Parafina líquida.

petrolán *s.m.* Mestura de aceites minerais e xabón que se emprega no tratamento dalgunhas dermatoses crónicas.

petrolatoma *s.m.* Vaselineoma.

petroleína *s.m.* Vaselina.

petróleo *s.m.* Aceite mineral que se extrae de pozos subterráneos. Componse de hidrocarburos, predominando os saturados (parafinas, naftenos). Por destilación extráense diversos tipos de produtos de aplicación industrial e farmacéutica: éter de p., bencina, vaselinas, etc. En medicina emprégase como vermífugo e antiparasitario, especialmente contra a sarna.

petrolización *s.f.* Extensión dunha capa de petróleo sobre as augas pantanosas co fin de destruí-las larvas de mosquitos que alí existan.

petromastoide *adx.* Relativo ó rochedo e á apófise mastoide.

petrooccipital *adx.* Relativo ó rochedo e ó óso occipital.

petrosa *s.f.* (lat.) Rochedo do óso temporal.

petrosite *s.f.* Osteíte do rochedo do temporal.

petroso-a *adx.* 1. Parecido a unha rocha ou pena. 2. Relativo ó rochedo do temporal.

petrotafilino-a *adx.* 1. Relativo ó rochedo e á úvula. // *s.m.* 2. V. **músculo**.

Peutz, síndrome de V. **síndrome**.

pexia ou **peixe** *s.f.* Fixación, que pode ser cirúrxica mediante sutura ou por medio dos tecidos. Úsase tamén como sufixo, co mesmo significado.

pexinóxeno *s.m.* Reninóxeno.

Peyer, glándula, placa de V. **glándula, placa**.

pez *s.f.* Substancia resinosa extraída das coníferas.

pezoña *s.f.* Veleno, especialmente o das serpes, escorpións, etc.

pezorellos *s.m.pl.* V. **parotidite, orellóns**.

pH Símbolo empregado para expresa-la concentración de ións de hidróxeno ou a medida da alcalinidade e da acidez. O Ph dunha solución expresa a cantidade de ións H actualmente ionizados, e constitúe a acidez real ou actual, mentres que a acidez titulable está constituída pola suma de ións H ionizados e ións H ionizables. O pH 7 é o punto neutro. Por riba de 7 a solución é alcalina, e por debaixo é ácida. A definición de pH aceptada na actualidade é de tipo operativo, determinada pola diferenza de forza electromotriz entre dúas células ou electrodos situados un nunha disolución estándar (S) e o outro nunha disolución descoñecida (X). Para o cálculo do pH aplícase a ecuación $\text{pH}_x - \text{pH}_s = (E_x - E_s) K$, onde $K = 2,3026 \times \text{RT/F}$. R = constante xeral dos gases; T = temperatura absoluta; F=farad. E_x e E_s exprésanse en volts, para unha temperatura de 25°C.

pía *s.f.* Piamáter.

pialina *s.f.* Lipase.

piamáter *s.f.* A máis interna das membranas que constítuen as meninxes. É unha membrana vascular, fina e transparente.

pian *s.m.* Enfermidade semellante á sífilis propia dos países cálidos, que lles afecta ás persoas novas de raza negra, caracterizada por erupción na cara, nas mans, nos pés e nas rexións xenitais dunhas excrecencias fungosas semellantes ás framboesas, que se poden ulcerar, entre as cales existe unha maior, ulcerada e purulenta, que se chama pian nai. Atribúese a súa causa ó *Treponema pertenue*, propagado por mosquitos. Tamén se di **buras, frambesía, etc.**

pian *s.m.* Estructura anatómica que posúe unha función de soporte ou inserción. // **P. do anel inguinal externo** Fascículos de fibras aponeuróticas do músculo oblicuo maior do abdome que circunscriben dito anel. / **P. do corazón** Músculos papilares do corazón. / **P. do diafragma** Formacións musculotendinosas que insiren o diafragma nas primeiras vértebras lumbares. / **P. do fórnix** Fascículos cilíndricos que saen do extremo anterior e parte posterior do trigono cerebral. / **P. do veo do padal** Dobramentos laterais do veo do padal anterior e posterior que determinan un espacio triangular onde se aloxan as amígdalas.

piaracnite *s.f.* Inflamación das membranas menínxeas piamáter e aracnoides. Tamén se di **leptomeningite**.

piaremia *s.f.* V. **lipemia**.

piaartrose *s.f.* Formación de pus nunha cavidade articular.

pica *s.f.* Trastorno do apetito con tendencia a comer substancias estrañas ou non comestibles. Adoita observarse no histerismo, na clorose e en mulleres embarazadas.

picacismo *s.m.* Dropacismo.

picadura *s.f.* 1. Pequena ferida, dolorosa penetrante, xeralmente prurixinosa, producida habitualmente polo aguillón de certos insectos. 2. Carie dentaria incipiente. // **P. anatómica** Punción da pel das mans ou dedos produ-

cida no curso dunha autopsia ou disección dun cadáver, seguida ou non de accidentes debidos á penetración de substancias sépticas.

picnemia ou **picnohemia** *s.f.* Aumento da densidade do sangue.

pícnico-a *adx.* Pequeno, robusto e grosso, especialmente o tipo constitucional humano caracterizado pola preponderancia relativa das dimensións horizontais sobre as verticais.

picno- Prefixo do grego, denso, espeso, frecuente, grosso.

picnocardia *s.f.* Taquicardia.

picnoepilepsia ou **picnolepsia** *s.f.* Epilepsia xeneralizada caracterizada por ausencias frecuentes.

picnofrasia *s.f.* Pronunciación dificultosa.

picnose *s.f.* 1. Engrosamento ou aumento da densidade, especialmente dexeneración celular na que o protoplasma se fai máis denso e o tamaño da célula máis pequeno. 2. Coloración intensa e uniforme do núcleo celular na que non se distingue a rede de cromatina, debida á morte do núcleo.

pico- Prefixo que significa a billonésima parte da unidade á que precede.

picodnavirus *s.m. Parvoviridae.*

Picornaviridae ou **Picornavirus** *s.m.pl.* Familia de virus con RNA monocatenario no seu virión, de simetría cúbica e moi pequeno, que comprende catro xéneros, dous dos cales lle afectan ó home (*Euterovirus* e *Rhinovirus*), e os outros dous son patóxenos animais principalmente (*Aphthovirus* e *Cardiovirus*).

picrámico (ácido) *s.m.* Monoaminodinitrofenol, ácido que se atopa no sangue no envelenamento polo ácido pícrico, en forma de grans vermellos que poden estar libres ou incluídos nos leucocitos.

pícrico (ácido) *s.m.* Trinitrofenol, resultado da acción do ácido nítrico sobre o fenol. Emprégase como colorante, reactivo, etc., e en medicina como tópico, e nas queimaduras en solución ó 1%.

picro- Prefixo do grego, amargo.

picrocarmín *s.m.* Colorante histolóxico composto de carmín, amoníaco, ácido acético e ácido pícrico, que se usa en microscopia.

picroformol *s.m.* Axente fixador composto dunha solución saturada acuosa de ácido pícrico mesturada cunha solución de formaldehído ó 6%.

picrol *s.m.* Po antiséptico amargo (di-iodorresorcinamonosulfato de potasio) que se usa na limpeza de feridas.

picroxeusia *s.f.* Sabor amargo.

pielectasia *s.f.* Dilatación da pelve renal.

pielite *s.f.* Inflamación da pelve renal debida principalmente á presenza de cálculos, inflamación próxima ou refluxo da urina. // **P. calculosa** Pielite producida por

cálculo. / **P. catarral** Pielite producida polo paso dunha urina cargada de substancias tóxicas ou balsámicas. / **P. fibrinosa ou hemorráxica** Pielite caracterizada, respectivamente, pola presenza de fibrina ou sangue na urina. / **P. gravídica** Pielite que se observa no embarazo. / **P. hematóxena ou uróxena** Pielite na que a infección procede, respectivamente, do sangue ou da urina. / **P. supurada** Pielite que se caracteriza pola eliminación de pus pola urina.

pielo- Prefixo do grego, pelve.

pielocistite *s.f.* Inflamación da pelve renal e vexiga.

pielocistostomía ou **pielocistostomose** *s.f.* Anastomose cirúrxica entre a pelve e a vexiga.

pielografía ou **pieloureterografía** *s.f.* Radiografía da pelve renal e uréteres, trala administración dun contraste. // **P. ascendente ou retrógrada** Pielografía na que o medio de contraste se introduce por vía uretral. / **P. de eliminación, excreción ou intravenosa** Pielografía na que o medio de contraste se inxecta por vía intravenosa, eliminándose rapidamente pola urina.

pielograma *s.m.* Radiograma da pelve renal.

pielolitomía *s.f.* Extracción cirúrxica dos cálculos renais mediante incisión da pelve.

pielometría ou **pelvimetría** *s.f.* Medición da pelve renal.

pielonefrite *s.f.* Pielite e nefrite simultáneas. // **P. ascendente ou descendente** Inflamación que progresa da vexiga ó ril ou do ril á vexiga, respectivamente.

pielonefros *s.f.* Enfermidade do ril e da pelve.

pieloplastia *s.f.* Cirurxía plástica da pelve renal.

pieloplicación *s.f.* Diminución de tamaño da pelve renal dilatada mediante a realización de dobramentos nas súas paredes e fixación por medio de suturas.

pieloscopia *s.f.* Exame radiolóxico da pelve trala administración intravenosa dun medio de contraste que se elimina pola urina.

pielostomía *s.f.* Abertura cirúrxica da pelve renal para deriva-la urina ó exterior.

pielotomía *s.f.* Incisión cirúrxica na pelve renal, xeralmente para a extracción de cálculos.

pielovenoso-a *adx.* Relativo á pelve renal e ás veas, especialmente a drenaxe da pelve renal ó sistema venoso en casos de presión retrógrada.

pielovesical *adx.* Relativo á pelve renal e á vexiga.

piemese *s.f.* Vómito de substancias purulentas.

piémide *s.f.* Enfermidade cutánea metastática desenvolvida no curso dunha piohemia.

piencéfalo *s.m.* Absceso cerebral. Tamén se di **piocefalia**.

pieise *s.f.* V. **piose**.

piesestesia *s.f.* 1. Sensación de peso. 2. Sensibilidade á presión. Tamén se di **barestesia**.

piesímetro *s.m.* Aparello para medi-la sensibilidade da pel ós cambios de presión. // **P. de Hales** Tubo de vidro que se introduce nunha arteria co obxecto de medi-la presión sanguínea segundo a altura que acada o sangue no tubo.

piesómetro ou **piezómetro** *s.m.* Piesímetro.

piezograma *s.m.* Gráfica da presión arterial obtida polo piesímetro.

pigalxia *s.f.* Dor nas nádegas.

pigmentación *s.f.* 1. Coloración dunha zona debida a un pigmento. 2. Presencia de pigmentos nos tecidos. // **P. carotinoide** V. **aurantíase**. / **P. extrínseca** ou **estraña** Pigmentación producida por un colorante procedente do exterior. / **P. hematóxena** Pigmentación producida por depósito de derivados da hemoglobina. / **P. retinal** Aparición na retina de masas coloreadas de forma irregular, debidas á hiperxénese da capa pigmentaria da corioide.

pigmento *s.m.* Substancia colorante que existe en condicións normais ou anormais nos elementos anatómicos e nos líquidos do organismo. // **P. biliar** Calquera das substancias que lle dan á bile a súa cor particular: bilirrubina, urobilina, biliverdina, etc. / **P. hematóxeno** Pigmento derivado do metabolismo da hemoglobina: hematina, hemosiderina, hematoporfirina, etc. / **P. hepatóxeno** Pigmento biliar formado pola desintegración da hemoglobina no fígado. / **P. melanótico** Melanina. / **P. metabólico** Pigmento producido pola acción metabólica das células. / **P. respiratorio** Substancia que ten afinidade polo osíxeno e contribúe á respiración, como a hemoglobina. / **P. visual** Pigmento fotoquímico sensible á luz que se localiza no interior das células da retina, e que lle permite capta-la enerxía lumínica.

pigmentodermia *s.f.* Hiper Cromía.

pigmentófago-a *adx.* Das células que fagocitan pigmento.

pigmentolisina *s.f.* Lisina que destrúe pigmento.

pigoamorfo-a ou **pigoteratoide** *adx.* Tumor teratoide na zona sacra.

pigodídimo *s.m.* Monstro fetal con pelve dobre.

pigomelo *s.m.* Monstro fetal cun ou varios membros supernumerarios unidos ás nádegas ou cerca delas.

pigópago *s.m.* Monstro fetal dobre unido polas nádegas.

piúco-a *adx.* Purulento.

piúte *s.f.* Inflamación da piamáter.

pileflectasia *s.f.* Ectasia da vea porta.

pileflebite *s.f.* Inflamación da vea porta. // **P. adhesiva** ou **piletromboflebite** Inflamación e trombose da vea porta. / **P. supurativa** Piopileflebite.

pilenfraxe *s.f.* Obstrucción da vea porta.

píleo *s.m.* 1. Membrana que ás veces cobre a cabeza do feto no parto. 2. Un dos hemisferios do cerebelo. // **P. ventricular** Bulbo duodenal.

piletrombose *s.f.* Trombose da vea porta.

piliación *s.f.* Producción de pelos ou cabelos.

pílico-a *adx.* Relativo á vea porta.

pilífero-a *adx.* Provisto de pelos.

piliforme *adx.* En forma de pelo ou de cabelo.

pilimicción *s.f.* Emisión de ouriños que conteñen filamentos de moco vesical ou verdadeiros pelos procedentes dun quiste dermoide. Tamén se di **triquiose vesical**.

pilomatrixoma *s.m.* Tumor epitelial benigno, calcificante, que deriva das células da matriz pilosa. Manifestase como unha masa redondeada intracutánea de 1 cm ou máis. Aparece normalmente na cara, pescozo e brazos.

pilomotor-a *adx.* Que causa movementos dos pelos.

piloquístico-a *adx.* Relativo ós quistes que conteñen pelos.

piloquisto *s.m.* Quiste piloso.

piloraxia *s.f.* Dor procedente da zona do píloro.

pilorectomía *s.f.* Extirpación do píloro ou gastrectomía parcial.

pilorite *s.f.* Inflamación do píloro ou porción pilórica do estómago.

píloro *s.m.* Estreitamento final do estómago que o comunica co bulbo duodenal. Nas paredes desta abertura ensánchase a capa de fibras musculares circulares do estómago para forma-lo esfínter pilórico.

piloroduodenite *s.f.* Inflamación do píloro e do duodeno.

pilorogastrectomía *s.f.* Extirpación da porción pilórica do estómago. Tamén se di **gastropilorectomía**.

piloromiotomía *s.f.* Incisión do esfínter muscular pilórico ata a submucosa, nos casos de pilorospasmo. Tamén se di **operación de Ramsted**.

piloroplastia *s.f.* Cirurxía plástica do píloro para reparar unha lesión, sobre todo nos casos de estenose pilórica.

piloroftose *s.f.* Ptose ou descenso da porción pilórica do estómago.

pilorospasmo *s.m.* Contractura do esfínter pilórico que causa diminución do orificio. É frecuente en lactantes.

pilorostomía *s.f.* 1. Abertura cirúrxica no extremo pilórico do estómago, a través da parede abdominal. 2. Fístula gástrica no píloro.

pilorotomía *s.f.* Incisión no píloro. Tamén se di **piloromiotomía**.

pilosebáceo-a *adx.* Relativo ós pelos ou folículos pilosos e ás glándulas sebáceas.

pilosidade *s.f.* V. **vilosidade**.

piloso-a *adx.* V. **viloso**.

pílula *s.f.* 1. Unha das formas de presentación das menciñas para a súa administración por vía oral. Consiste nunha masa esférica ou ovoide que contén un ou varios medicamentos e un excipiente apropiado. 2. Coloquialmente, anticonceptivo oral.

pilular *adx.* Relativo á pílula ou á súa forma.

pimelite *s.f.* Inflamación do tecido adiposo.

pimeloma *s.m.* Lipoma.

pimelopterixión *s.m.* Pterixión adiposo da conxuntiva.

pimelortopnea *s.f.* Dispnea intensa debida á obesidade.

pimelose *s.f.* Obesidade ou adipose.

pimeluria V. **lipuria**.

pincel *s.m.* Conxunto de pelos ou outro material flexible xuntos cun mango. // **P. eléctrico** Electrodo en forma de pincel con pelos de metal para a electrización da pel. / **P. farínxeo ou larínxeo** Pincel para a aplicación de medicamentos líquidos na farinxo ou larinxo, respectivamente. / **P. de Kruse** Pincel de arames de platino que se utiliza nos laboratorios para estender material bacteriano sobre a superficie dun medio de cultivo.

pineal *adx.* 1. Que ten forma semellante á dunha piña. 2. Relativo ou pertencente á glándula pineal.

pinelectomía *s.f.* Extirpación da glándula pineal.

pinealismo *s.m.* Estado producido por unha disfunción da glándula pineal.

pinealoma *s.m.* Tumor desenvolvido a partir da glándula pineal.

pingallo *s.m.* Pel pendente debaixo do queixo nas persoas moi delgadas ou velhas.

pingallón *s.m.* V. **úvula**.

pinguécula ou **pinguícula** *s.f.* Pequena mancha amarelada que aparece, especialmente na vellez, na conxuntiva ocular a nivel do limbo esclerocorneal, sobre todo no lado nasal, debida a unha dexeneración hialina do tecido conxuntivo e fibras elásticas.

pinna *s.f.* Pavillón da orella.

pínula *s.f.* Pregadura do bordo libre dos ligamentos anchos do útero.

pinocito *s.m.* Célula macrófaga que absorbe e dixire líquidos hísticos.

pinocitose *s.f.* Fagocitose de tipo líquido por parte dunha célula. Ten lugar sobre todo nas células da mucosa intestinal.

pinosoma *s.m.* Vacúolo citoplasmático que contén líquido procedente da pinocitose.

pinoterapia *s.f.* V. **peinoterapia**.

pinta *s.f.* 1. Mancha ou sinal na pel. 2. Enfermidade infecciosa da pel observada en México e América Central, caracterizada por manchas en diversas partes do corpo con tendencia á ulceración. Está causada pola espiroqueta *Treponema carateum*. Tamén se di **caratea**, **mal de Pintos**.

píntide *s.f.* Lesión da pel secundaria da pinta.

pinzamento *s.m.* Situación pola cal un órgano ou estrutura queda atrapada entre dúas superficies articulares ou non articulares.

pinzas *s.f.pl.* Instrumento de metal ou doutro material, provisto de dúas ramas unidas por un extremo, e que polo extremo libre se poden aproximar presionando sobre elas, co fin de coller, suxeitar, atraer ou comprimir. As de bocado forte chámanse fórceps. // **P. arteriais** Pinzas empregadas para facer hemostase das arterias. / **P. clamps** Variedade de pinzas nas que as ramas son dentadas a partir da articulación, utilizadas para a compresión de pedículos vasculares, asas intestinais, etc. / **P. de Chaput** Pinzas que teñen o bocado rematado en cinco dentes, para agarra-la pel. / **P. de curación** Pinzas con mangos semellantes ás tesoiras, que se usan para asir gases, tubos de drenaxe, etc., durante a curación de feridas. / **P. de disección** Pinzas compostas de dúas ramas planas e paralelas unidas por un extremo, que se separan polo outro polo seu propio resorte e que se unen pola presión dos dedos. / **P. de Gauss** Pinzas que se usan para a tracción do coiro cabeludo fetal, coa fin de favorece-lo descenso da cabeza do feto. / **P. de Kocher** Pinzas de forcipresión cunha das ramas rematada nun dente que encaixa entre os dous dentes da outra, que se usa para a fixación de tecidos durante unha operación ou para comprimir vasos que sangran. / **P. de Peán** Pinzas hemostáticas ordinarias. / **P. hemostáticas** Pinzas destinadas á compresión dos vasos sanguíneos que sangran durante as intervencións. / **P. traqueais** Pinzas de ramas longas e delgadas, para extraer corpos estraños da traquea.

pio- Prefixo do grego, pus.

pioblenorrea *s.f.* Blenorrea con pus abundante.

piocefalia *s.f.* ou **piocéfalo** *s.m.* 1. Absceso cerebral. 2. Presencia de pus nos ventrículos cerebrais. Tamén se di **cefalopiose**, **piencéfalo**.

piocele *s.m.* Distensión dunha cavidade por acumulación de pus.

piocelia *s.f.* Pus na cavidade abdominal.

piocianase *s.f.* Substancia antibacteriana que se obtén dos cultivos de *Pseudomonas aeruginosa*, bactericida para moitos xermes e lítica para outros.

piociánico-a *adx.* Relativo ó pus con coloración azul ou ó *Pseudomonas aeruginosa*.

piocianolisina ou **piocina** *s.f.* Bacteriocina producida por algunhas cepas de *Pseudomonas aeruginosa*.

piocito *s.m.* Corpúsculo ou célula de pus, especialmente a procedente da dexeneración dun leucocito, que participa na supuración.

piococo *s.m.* Coco pióxeno.

piocolecistite *s.f.* Colecistite supurada.

piocolpocele *s.f.* Proceso tumoral na vaxina que contén pus.

piocolpos *s.m.* Pus localizado no interior da vaxina.

pioctanina *s.f.* Colorante azul de anilina, violeta de rosa metilo ou metilosanilina que se emprega en microscopia e en medicina como antiséptico en solución ó 1% nas supuracións da conxuntiva, vías lacrimais, oído, nariz, etc.

piocultivo *s.m.* Exame bacteriolóxico comparativo do pus dunha lesión.

piodermia *s.f.* Dermate de tipo purulento. Existen numerosas formas segundo a estrutura cutánea que resulte afectada. Así, as piodermias que lles afectan ós anexos cutáneos adoitan estar causadas por estafilococos: foliculos da barba, furúnculos, furunculoses, ántrax, hidradenites e unlleiros. As piodermias difusas non ligadas ós anexos da pel adoitan estar causadas por estreptococos: impetixe, erisipela, ectima, abscesos, flegmóns.

piodermatite ou **piodermite** *s.f.* Inflamación da pel de tipo supurativo.

piodermatose *s.f.* Piodermia.

pioemese *s.f.* Vómito de tipo purulento.

piofaxia *s.f.* Deglutición de pus.

piofecia *s.f.* Pioquecia.

piofiláctico-a *adx.* Que actúa como defensa contra as infeccións purulentas.

piofisómetra *s.m.* Piómetra con acumulación de gases.

pioftalmía *s.f.* Oftalmopatía de tipo purulento.

piohemia *s.f.* Septicemia xeral producida por xermes produtores de pus polo paso destes ó sangue, caracterizada pola formación de numerosos abscesos en distintas partes do corpo, acompañada de febre, calafríos, sudación, ictericia e dores articulares. // **P. arterial** Piohemia debida á diseminación de émbolos procedentes dunha trombose cardíaca. / **P. criptoxénica** Piohemia de orixe descoñecida ou que procede dun tecido profundo. / **P. portal** Piohemia que ten a orixe nunha víscera relacionada coa vea porta.

piohemotórax *s.m.* Acumulación de pus e sangue na cavidade pleural.

pioide *adx.* Parecido ó pus.

piolabirintite *s.f.* Inflamación purulenta do labirinto.

pioollo *s.m.* Insecto áptero do xénero *Pediculus*, parasito do home e doutros mamíferos. Distínguense en parasitología

humana tres especies: *Pediculus capitis* ou pioollo da cabeza, *Pediculus vestimenti* ou pioollo do corpo e dos vestidos, e *Pediculus pubis* ou pioollo da pube.

piómetra *s.f.* ou **piómetrio** *s.m.* Acumulación de pus dentro do útero.

piómetrite *s.f.* Inflamación do útero de tipo purulento.

piómiite ou **piómiosite** *s.f.* Inflamación de tipo supurativo do tecido muscular.

piónefrite *s.f.* Nefrite de tipo purulento. Tamén se di **absceso renal**.

piónefrolitíase *s.f.* Presencia de pus e cálculos no ril.

piónefro *s.f.* Distensión da pelve renal e do ril con destrucción do parénquima renal por unha acumulación de pus.

pioovario *s.m.* Absceso do ovario

pioovarite *s.f.* 1. Ovarite con formación de pus. 2. Pioovario.

piopericardio *s.m.* Acumulación de material purulento no pericardio.

piopericardite *s.f.* Inflamación do pericardio de tipo purulento.

pioperihepatite *s.f.* Peritonite de tipo purulento localizada no peritoneo perihepático. Tamén se di **absceso subfrénico** ou **empiema subfrénico**.

pioperitoneo *s.m.* Acumulación de pus na cavidade peritoneal.

pioperitonite *s.f.* Peritonite de tipo purulento.

piopielectase *s.f.* Dilatación da pelve renal por acumulación de pus na mesma.

piopileflebite *s.f.* Pileflebite de tipo supurativo.

pioplania *s.f.* Metástase de tipo supurativo.

pio pneumocolecistite *s.f.* Inflamación e distensión da vesícula biliar con acumulación de pus e aire.

pio pneumohidátide *s.f.* Quiste hidatídico con presenza de pus e gases.

pio pneumopericardio *s.m.* Presencia de pus e gases na cavidade pericárdica.

pio pneumoperihepatite *s.f.* Absceso do fígado con pus e gas dentro da súa cavidade.

pio pneumoperitoneo *s.m.* Presencia de pus e gas na cavidade peritoneal.

pio pneumoperitonite *s.f.* Peritonite con pus e gas na cavidade peritoneal.

pio pneumotórax *s.m.* Acumulación de material purulento e aire ou gas na cavidade pleural. // **P. subfrénico** Absceso gasoso subfrénico.

piopoe *s.f.* Que produce pus. Tamén se di **pio xenia**.

pioptise *s.f.* Expectoración de material purulento.

pioquecia *s.f.* Presencia de pus nas feces.

pioquisto *s.m.* Quiste de contido purulento.

piorrea *s.f.* Saída ou derramo de material purulento. // **P. alveolar** Inflamación purulenta do periósteeo dos alvéolos dentarios, con necrose progresiva destes e desprendemento dos dentes. Na actualidade este termo está en desuso e substitúese por outros como **parodontite**, **peridontite**, **xenxivite expulsiva**.

piortopnea *s.f.* Pimelortopnea.

piosalpingooforite ou **piosalpingovarite** *s.f.* Inflamación de tipo purulento da trompa de Falopio e do ovario.

piosalpinxite *s.f.* Salpinxite de tipo purulento.

piosapremia ou **piosepticemia** *s.f.* Piohemia combinada con septicemia. Tamén se di **septicopiohemia**.

piose *s.f.* Supuración. // **P. de Corlett** Impetixe contaxiosa ampolar. / **P. de Manson** Pénfigo contaxioso.

piospermia *s.f.* Presencia de pus no seme.

piosplenite *s.f.* Esplenite de tipo purulento.

piostático-a *adx.* Que detén a supuración.

piostomatite *s.f.* Inflamación de tipo supurativo da boca.

pioterapia *s.f.* Emprego do pus con fins terapéuticas, ou forma empírica de proteínoterapia.

piotórax *s.m.* Acumulación de pus na pleura. // **P. subfrénico** V. **piopneumoperihepatite**.

piotoxinemia *s.f.* Presencia no sangue de toxinas de microorganismos pióxenos.

piovesiculose *s.f.* Acumulación de pus nunha vesícula, seminal ou biliar.

pioxénese ou **pioxenía** *s.f.* Produción de pus.

pioxenina *s.f.* Composto derivado das células do pus.

pipemídico (ácido) *s.m.* Substancia antimicrobiana empregada como antiséptico urinario.

pipercacina *s.f.* Antihelmíntico moi eficaz nas infestacións por oxiúros e ascáride.

pipeta *s.f.* Tubo de vidro que se usa en laboratorio para tomar ou medir pequenas cantidades de líquido.

piramidal *adx.* 1. Que ten forma de pirámide. // *s.m.* 2. Óso da primeira fila do carpo. 3. V. **músculo**. 4. V. **fascículo**.

pirámide *s.f.* Estructura anatómica que ten aproximadamente a forma desta figura xeométrica. // **P. anterior do bulbo** Cada un dos cordóns situados a ambos lados da fisura media da cara anterior do bulbo, que son continuación dos fascículos de Goll. / **P. do tímpano** Eminencia na parede interna do oído medio.

piramidón *s.m.* Antipirético de fórmula $C_{13}H_{17}ON_3$.

piramidotomía *s.f.* Sección do feixe piramidal para o tratamento do hemiparkinsonismo postencefálico.

pirazolona *s.f.* Substancia antipirética, analxésica e antiinflamatoria derivada do pirazol. O seu emprego en terapéutica redúcese a descubrir efectos tóxicos sobre a medula ósea.

pirenemia *s.f.* Presencia de glóbulos vermellos nucleados no sangue.

pirenoide *adx.* Da apófise odontoide do axe denominado así polo seu parecido coa carabuña dunha froita.

pirenólise *s.f.* Destrucción ou disolución do nucléolo dunha célula.

pirético-a *adx.* Relativo á febre ou á súa natureza.

pireticose *s.f.* Afección de tipo febril.

pireto- Prefixo do grego, febre.

piretografía *s.f.* 1. Descrición das febres. 2. Gráfica febril.

piretólise *s.f.* Diminución ou redución da febre.

piretoloxía *s.f.* Estudo ou tratado sobre a febre.

piretómetro *s.m.* Termómetro clínico.

piretoterapia *s.f.* 1. Tratamento dunha enfermidade mediante a elevación da temperatura do paciente por medio da inxección ou aplicación de axentes piróxenos. 2. Tratamento da febre.

piretotifose *s.f.* Delirio ou estupor propio da febre.

piretoxénese ou **piretoxenia** *s.f.* Conxunto de factores e mecanismos que orixinan febre.

piretóxeno-a *adx.* V. **piróxeno**.

piretrina *s.f.* Principio activo que se illa da raíz do piretro, e posúe propiedades antihelmínticas.

pirexia *s.f.* Estado febril.

pirexiofobia *s.f.* Temor morboso á febre.

pirgocefalia *s.f.* V. **acrocefalia**.

piridoxina *s.f.* Vitamina B₆.

piriforme *adx.* 1. Que ten forma de pera. // *s.m.* 2. V. **músculo**.

pirimidina *s.f.* Composto nitroxenado do que derivan as bases timina, citosina e uracilo, bases fundamentais dos ácidos nucleicos. Numerosos derivados pirimidínicos obtidos por síntese posúen importancia como axentes farmacolóxicos e quimioterapéuticos.

piro- Prefixo do grego, lume.

piroflíctide *s.f.* Pústula maligna.

pirofobia *s.f.* Temor morboso ó lume.

pirofosfórico (ácido) *s.m.* Ácido de fórmula $P_2H_7O_4$ que se obtén quantando ácido fosfórico.

piroide *adx.* Parecido ó lume. Tamén se di **fosforescente**.

pirólise *s.f.* Descomposición ou lise de substancias orgánicas producidas pola acción da calor.

pirolización *s.f.* Descomposición pola calor.

piromanía *s.f.* Tendencia incendiaria que presentan algúns individuos.

pirómetro *s.m.* Termómetro especial para rexistrar temperaturas moi elevadas, que exceden a escala termométrica habitual.

pironina *s.f.* Colorante básico empregado en histoloxía. As pironinas son diaminoxantinas metiladas.

pironixe *s.f.* Ignipuntura.

pirosal *s.m.* Acetilsalicilato de antipirina.

piroscopio *s.m.* Aparello usado para determina-la intensidade das radiacións calóricas.

pirose *s.f.* Sensación de ardentía no estómago e no esófago que sobe á farinxe acompañada de eructos agres, debida a unha dispepsia de tipo acedo.

pirotermia *s.f.* Hipertermia artificial causada pola aplicación de ondas curtas.

pirotoxina *s.f.* Toxina que orixina a febre.

piróxeno-a *adx.* 1. Que produce febre. Tamén se di **piretóxeno**. // *s.m.* 2. Grupo de substancias que se atopan con frecuencia na auga esterilizada, producidas por bacterias que morren durante o proceso de esterilización, e que deixan produtos na auga que serían causantes de aumento da temperatura consecutivo ás inxeccións intravenosas.

pirrol *s.m.* Base alcalina volátil, líquida e incolora, de fórmula C_4H_5N , por destilación seca de substancias animais. É indispensable para a hematopoeise.

pirrolina *s.f.* Líquido oleoso formado pola acción do ácido acético e po de cinc sobre o pirrol.

piruvato *s.m.* Sal do ácido pirúvico. // **P. descarboxilado** V. **carboxilase**.

pirúvico (ácido) *s.m.* Substancia formada como consecuencia da glicólise aeróbica dos hidratos de carbono. Tamén se obtén por destilación do ácido tartárico.

piruvicodescarboxilase *s.f.* Enzima que cataliza e acelera a descarboxilación oxidativa do ácido pirúvico e a súa transformación en Acetil-CoA.

pisiforme *adx.* 1. En forma de chícharo. // *s.m.* 2. Último óso da primeira fila do carpo, que se articula co piramidal.

pitecoide *adx.* De aspecto simiesco.

pitiatismo *s.m.* Para Babinski, conxunto de trastornos de tipo histerico que son produto da suxestión e que se poden tratar por persuasión.

pitiríase *s.f.* Afección da pel caracterizada por escamaduras furfuráceas (semellantes ó farelo). // **P. alba atrófica** Escamadura da pel seguida de atrofia. / **P. alba parasitaria** V. **tiña tonsurante**. / **P. capitis** V. **seborrea**. / **P. circinada e marxinada** Variedade de pitiríase semellante á de Gibert, pero causada polo fungo *Microsporon*. / **P. de**

Gibert Pitiríase rosada de evolución cíclica, que comeza por unha placa solitaria de bordos rosados e centro descoolorido, cuberta de escamiñas, e logo aparecen en diversas partes do corpo, sobre todo no tronco, placas anulares secundarias. Relaciónase con virus. / **P. de Hebra**. V. **p. rubra**. / **P. furfurácea** V. **seborrea**. / **P. lingual** V. **glosite exfoliativa marxinada**. / **P. liquenoide** Eritrodermia máculo-papular. Tamén se di **enfermidade de Jodasohn**. / **P. pilaris** V. **queratose folicular**. / **P. rosada** V. **pitiríase de Gibert**. / **P. rubra** Pitiríase xeneralizada moi grave, que adoita acabar coa vida do paciente. Caracterízase por avermellamento e escamadura moi intensos, e pode ter unha evolución aguda ou crónica. / **P. rubra pilaris** Variedade de pitiríase caracterizada pola queratinización da epiderme, que se exfolia en laminiñas. De curso crónico, non lle afecta ó estado xeral do paciente. Tamén se di **enfermidade de Devergie**. / **P. simple** V. **seborrea**. / **P. versicolor** Dermatose causada polo fungo *Microsporon furfur*, caracterizada por manchas amareladas diseminadas, das que se desprenden escamas pola rascadura. Tamén se di **dermatose furfurácea**. / **P. vulgar** V. **seborrea**.

pitiroide *adx.* Parecido ó farelo. Tamén se di **furfuráceo**.

pitoxénese *s.f.* Xeración dun proceso de descomposición ou putrefacción.

pitóxeno-a *adx.* Que causa putrefacción, ou ben causado por ela.

pitresina *s.f.* Solución que contén a vasopresina, hormona con acción presora e antidiurética do lobo posterior da hipófise.

pituitico *s.m.* Célula da pars nerviosa da hipófise.

pituíta *s.f.* 1. Líquido dos ventrículos cerebrais, que antigamente se cría que era recollido pola hipófise e se eliminaba polas fosas nasais (membrana pituitaria). Era un dos catro humores considerados polos antigos. 2. Moco ou fleagma de tipo filante, viscoso e esbrancuxado expulsado polo vómito, regurxitación ou expectoración.

pituitaria *s.f.* Membrana das fosas nasais, mucosa nasal ou olfactiva. Tamén se di **membrana de Schneider**. // **Glándula p.** V. **hipófise**.

pituitarismo *s.m.* Alteración da función da hipófise.

pituitectomía *s.f.* V. **hipofisectomía**.

pituitoso-a *adx.* Que contén abundante moco ou pituíta, ou relativo a este.

pituítrina *s.f.* Extracto da neurohipófise.

Pityrosporon Xénero de fungos da familia Criptococáceas, algúns dos cales causan lesións na pel e coiro cabe-ludo. // **P. orbiculare** Fungo que causa a pitiríase versicolor.

piúria *s.f.* Presencia de pus na urina.

pixigrafía *s.f.* Exploración mediante cápsulas que permiten tomar mostras de líquidos a calquera nivel do tubo dixestivo.

pK Símbolo que representa o logaritmo negativo da constante de disociación. Emprégase habitualmente para as constantes de acidez.

placa *s.f.* Superficie, área ou zona que presenta unha serie de características diferenciáveis do resto. // **P. alopecíca** Zona desprovista de pelos, debida xeralmente a unha dermatose. / **P. auditiva** Parte do óso temporal que forma o teito do conducto auditivo externo. / **P. ateromatosa** Lesión de aspecto amarelado producida por dexeneración das paredes arteriais, que produce engrosamento da capa íntima vascular. / **P. de cultivo** Placa de cristal para os cultivos en ágar-ágar ou xelatina. / **P. dental** 1. Formación dentaria sobre a superficie dun dente, que se supón actúa como medio de proliferación bacteriana, tendo importancia na xénese de carie e outras alteracións dentarias. 2. Placa de metal ou acrílica que se axusta á bóveda da boca e serve de soporte para os dentes postizos. / **P. metálica** En ortopedia e traumatoloxía, medio empregado para o tratamento de diversas fracturas co fin de fixa-los fragmentos fracturados. / **P. motora** Terminais nerviosos que se atopan na unión neuromuscular entre unha fibra nerviosa e unha fibra do músculo esquelético. / **P. de Petri** Prato, disco ou caixa que contén bacterias en cultivo aptas para a inoculación. / **P. de Peyer** Agrupación de nódulos linfáticos dispostos en placas alongadas, no intestino delgado, fronte á zona de inserción do mesenterio.

placebo *s.m.* Preparación farmacolóxica que non contén principios activos farmacolóxicos, que se emprega en medicina para estudos de control co fin de determinala efectividade dun produto farmacéutico, ou que se prescribe para producir un efecto terapéutico por suxestión.

placenta *s.f.* Órgano esponxoso con forma de disco que se forma no interior do útero durante a xestación e establece as relacións entre a nai e o feto. A través dela ten lugar o intercambio nutritivo por medio do cordón umbilical. Desenvólvese a partir do trofoblasto do embrión (corion) e da decidua basal do útero da nai. Mide aproximadamente 15 cm de diámetro e 3 cm de espesura, cun peso de arredor de 500 gramos. Consta dunha porción fetal que é a membrana corial e está revestida polo amnio (membrana delgada que circunscribe a cavidade amniótica, tapiza a cara interna da placenta e recobre o cordón umbilical), que continúa co cordón umbilical, e unha porción materna que está formada por unha lámina basal e uns septos placentarios. Estes septos dividen a placenta en lóbulos ou cotiledóns. A placenta presenta un seo ou vea circular que se comunica coas veas da mucosa uterina. Desempeña dúas grandes funcións: facilita o intercambio de produtos entre o feto e a nai, e tamén funciona como glándula endócrina (productora de esteroides, gonadotropina coriónica, lactóxeno placentario, etc.). / **P. accesoria** Lobos placentarios separados da placenta principal coa cal mantén tres conexións vasculares. / **P. accreta** Adherencia anormal dunha parte da placenta ó músculo uterino por ausencia da decidua no lugar da placenta. / **P. bipartida** ou **dobre** Placenta dividida en varias partes que poden estar xuntas ou separadas

por completo. / **P. espuria** Parte accesoria da placenta que non ten conexión vascular coa placenta principal. / **P. fenestrada** Aquela á que lle falta nalgunha zona tecido placentario. / **P. previa** Placenta que en vez de estar implantada na parte alta do útero, se implanta no seu segmento inferior. No parto pode presentarse antes có feto, podendo ser causa de hemorraxia grave. Identificáronse tres tipos desta anormalidade: central, cando o orificio interno do útero está totalmente cuberto pola placenta; parcial, cando este orificio está parcialmente cuberto por ela; e marxinal, cando o bordo da placenta invade a marxe deste orificio sen se estender máis aló del. Esta anomalía ocasiona hemorraxias durante o embarazo, sobre todo nos tres últimos meses. / **P. retida** Retención da placenta despois do parto por adherencia anormal da mesma ou por contraccións uterinas anormais.

placentación *s.f.* Proceso de formación e inserción placentaria.

placentario-a *adx.* 1. Relativo ou pertencente á placenta. 2. Mamífero que posúe placenta.

placentiforme *adx.* Que ten forma de placenta.

placentite *s.f.* Inflamación da placenta.

placentografía *s.f.* Técnica de exploración da placenta a través de radiografías, trala inxección de contraste. / **P. por ultrasóns** Técnica de visualización mediante ecografía bidimensional.

placentoide *adx.* Que se asemella á placenta.

placentoma *s.m.* Neoplasia orixinada de restos placentarios retidos despois dun aborto ou dun parto. / **P. maligno** V. **deciduoma maligno**.

placentoterapia *s.f.* Uso terapéutico das preparacións de placenta.

placentoxénese *s.f.* Orixe e desenvolvemento da placenta.

placoda *s.f.* Placa ectodérmica que forma o primeiro esbozo dos órganos sensoriais. // **P. auditiva** Dá lugar ó oído interno. / **P. cristalina** Dela deriva o cristalino. / **P. dorsolaterais** Orixinan parte dos órganos acústicos. / **P. epibranquiais** Forman os ganglios dos pares craniais. / **P. olfactoria** Dá lugar ó nervio olfactorio.

pladaroma *s.m.* ou **pladarose** *s.f.* Tipo de tumor brando da pálpebra.

Planck, constante de V. constante.

plancto *s.m.* Conxunto de organismos diminutos, animais e vexetais, que flotan en tódalas augas naturais, seguindo a corrente delas.

plániceps *adx.* Que ten a cabeza plana.

planímetro *s.m.* Instrumento empregado para medir a superficie dunha zona.

plano *s.m.* 1. Superficie plana. 2. Superficie delimitada pola posición de tres puntos no espazo. // **P. de Addison** Planos empregados como referencia na topografía do

tórax e abdome. / **P. de Hodge** Serie de planos pelvianos paralelos ó estreito superior da pelve. / **P. esternal** Superficie anterior do esterno. / **P. frontal** Plano paralelo ó eixe maior do corpo e perpendicular ó plano saxital. / **P. horizontal** Plano transverso perpendicular ó eixe maior do corpo. / **P. medial** Plano saxital. / **P. visual** Plano que pasa a través dos eixes visuais dos ollos. Tamén se di **plano orbitario**.

planocelular *adx.* Constituído por células planas.

planocito *s.m.* Célula vagabunda. Leucocito.

planodia *s.f.* Vía falsa causada por unha sondaxe lacrimal mal feita.

planografía *s.f.* V. **tomografía**.

planotopocinesia *s.f.* Trastorno do sentido da orientación respecto ós obxectos do espacio.

planta *s.f.* 1. Parte inferior do pé desde o calcañar ata as dedas. 2. Aspecto.

plantalxia *s.f.* Dor na zona plantar.

plantar *adx.* 1. Relativo á planta. // *s.* 2. V. **arteria, músculo, nervio**.

plánula *s.f.* Fase do desenvolvemento embrionario na que o embrión consta só de dúas capas primitivas: ectoderma e endoderma. // **P. invaxinada** V. **gástrula**.

planum (lat) Plano.

planuria *s.f.* Micción por un sitio anómalo.

plaqueta *s.f.* Elemento constituínte do sangue, cun diámetro de 2 a 3 microns, relacionado coa coagulación sanguínea e coa retracción do coágulo. Existen nun número aproximado de 250.000 por mm³. Tamén se di **corpúsculo de Zimmerman, trombocito**, etc.

plaquetopenia *s.f.* V. **trombopenia**.

plaquetose *s.f.* V. **trombocitose**.

-plasia Sufixo do grego, neoformación natural.

plasma *s.m.* 1. Compoñente líquido do sangue. Tamén se di **plasma sanguíneo**. 2. Substancia orgánica fundamental das células e tecidos. Tamén se di **protoplasma**. 3. Porción líquida da linfa. // **P. intersticial** Medio interno. / **P. xenerativo** Idioplasma.

plasmacito *s.m.* Célula plasmática. Tamén se di **plasmocito**.

plasmacitose *s.f.* Presencia de células plasmáticas no sangue.

plasmácula *s.f.* Partícula moi pequena de alto índice de refracción que existe no plasma sanguíneo. Tamén se di **hemoconia**.

plasmaférese *s.f.* 1. Extracción do plasma do sangue separando os seus compoñentes por centrifugación, de xeito que se inxectan de novo as partículas e se retén o plasma. 2. Saída do plasma sanguíneo dos capilares por alteración das súas paredes.

plasmalema *s.m.* Membrana plasmática.

plasmaquina *s.f.* Pamaquina.

plasmarrexe ou **plasmatorrexe** *s.f.* Rotura do citoplasma celular por aumento da presión interior.

plasmase *s.f.* Trombina.

plasmatogamia *s.f.* Unión de células na que se conserva o núcleo de cada unha.

plasmátose *s.f.* Licuefacción protoplasmática dunha célula.

plasmaxene *s.m.* Xene teórico que non está no cromosoma e si no plasma.

plasmexidrose *s.f.* Exsudación de plasma a través das paredes vasculares.

plásmido *s.m.* Molécula de DNA bicatenario que mide desde 1,5 ata 200 megadaltons, e que ten capacidade de autorreproducción. Son frecuentes nas bacterias, e poden ser portadoras de xenes que codifiquen funcións metabólicas tóxicas, de resistencia a antibióticos. Aumentan a capacidade de adaptación e funcional da bacteria. Son capaces de se autotransferir a outras células da mesma especie por conxugación ou a cromosomas (episomas). // **Factor R plásmido** Factor que codifica a resistencia a antibióticos: ampicilina, tetraciclina, sulfamidas, etc. Tamén se di **factor R, factor de resistencia**.

plasmina *s.f.* Enzima proteolítico similar á tripsina, que causa fibrinólise descompoñendo a fibrina en diversas partes. Fórmase por activación do plasminóxeno, glicoproteína que se sintetiza no fígado.

plasminóxeno *s. m* Proteína plasmática inactivada que se transforma en plasmina e intervéen na fibrinólise.

plasmocito *s.m.* Célula plasmática.

plasmocitoma *s.m.* Plasmoma.

plasmocitose *s.f.* Presencia de abundantes células plasmáticas no sangue.

plasmodesma *s.m.* Pontes ou unións protoplasmáticas entre células contiguas ou próximas. Permite a circulación intercelular de líquidos e dos estímulos que actúan sobre as células.

plasmocida *adx.* Que destrúe os plasmodios.

plasmódidos *s.m.pl* Familia de hemosporídeos que comprende o xénero *Plasmodium*.

plasmodio *s.m.* 1. Protozoario do xénero *Plasmodium*. 2. Masa citoplasmática formada pola fusión de varias células, permanecendo os seus núcleos independentes. Tamén se di **sincitio**.

plasmodioma *s.m.* Tumor que se orixina a partir do ectoderma embrionario.

plasmodiotrofoblasto *s.m.* Capa externa da mórula que alimenta o óvulo ata que se establece a circulación placentaria. Tamén se di **trofoblasto**.

Plasmodium Xénero de protozoos da familia plasmódidos. Algunhas das súas especies son os axentes etiolóxicos do paludismo, e son transmitidos polos mosquitos do xénero anófele previamente infectados. O ciclo vital comprende dúas fases de desenvolvemento: unha asexual que ten lugar no hóspede (o home), e outra sexual que se produce no tubo dixestivo da femia do mosquito anófele. Cando este mosquito pica, introduce esporocitos situados nas glándulas salivares. No home os esporocitos chegan ás sinusoides hepáticas a través do sangue, e penetran no citoplasma das células hepáticas, onde medran e se dividen formándose quistes microscópicos (esquizontes) que conteñen os merozoitos (fase preeritrocítica). O período de incubación entre a picadura infectante e a presenza dos parasitos no sangue varía segundo as especies de 10 a 37 días. Cando os merozoitos se verten no sangue invaden os glóbulos vermellos (fase eritrocítica), parasitándoos. A rotura dos glóbulos vermellos pola parasitación coincide cos accesos febrís ou ataque palúdico, no que os merozoitos liberados parasitan novas hemacias. As especies que poden causar paludismo no home son: *Plasmodium vivax*, *Plasmodium ovale*, *Plasmodium falciparum*, *Plasmodium malariae*.

plasmogamia *s.f.* Plasmogamia.

plasmólise *s.f.* 1. Proceso biolóxico de tipo osmótico mediante o cal o volume do protoplasma celular se reduce por perda de auga e sales a través da membrana. 2. Disolución do protoplasma celular.

plasmoloxía *s.f.* 1. Estudio do protoplasma celular. 2. Estudio das partículas máis pequenas da materia viva.

plasmoma *s.m.* Tumor formado por células plasmáticas. Tamén se di **plasmocitoma**.

plasmoptise ou **plasmotise** *s.f.* Saída do protoplasma celular por rotura da membrana celular.

plasmorraxia *s.f.* Paso dos coloides sanguíneos ós tecidos. Tamén se di **plasmorreia**, **plasmose**.

plasmorreia *s.f.* Plasmorraxia.

plasmose *s.f.* Plasmorraxia.

plasmosoma *s.m.* Núcleo verdadeiro dunha célula.

plasmosquise *s.f.* División ou fragmentación do protoplasma. Tamén se di **plasmarrexe**.

plasmoterapia *s.f.* Administración de plasma humano con fins terapéuticos.

plasmotomía *s.f.* Reproducción que se efectúa ó se separaren ou desprenderen da célula nai dalgúns protozoos masas protoplasmáticas con substancia nuclear.

plasmotropía *s.f.* ou **plasmotropismo** *s.m.* Destrución de glóbulos vermellos no sistema retículo-endotelial (bazo, figado, medula ósea)

plasmóxeno *s.m.* Parte máis importante do protoplasma. Tamén se di **bioplasma**.

plasmozima *s.f.* Protrombina.

plasodermatose *s.f.* Dermatose na que se produce un novo tecido que pode ser epitelial ou conxuntivo.

plasoma *s.m.* Unidade hipotética de protoplasma vivo. Tamén se di **bióforo**, **micela**, **plastídula**.

plasteína *s.f.* Substancia proteica producida pola acción de enzimas dixestivos sobre as proteínas.

plastia *s.f.* Reconstrucción cirúrxica ou neoformación artificial de tecidos ou órganos. Emprégase tamén como sufixo.

plástica *s.f.* Especialidade cirúrxica que se ocupa de reparar defectos anatómicos do corpo humano.

plástico-a *adx.* 1. Que reconstrúe tecidos. // *s.m.* 2. Material sintético, moldeable, composto principalmente por resinas industriais.

plástide *s.f.* 1. Orgánulo membranoso presente nas células de plantas e algas, de función especializada. 2. Unidade elemental, como as células.

plastídula *s.f.* Unidade menor de protoplasma vivo. Tamén se di **bióforo** ou **plasoma**.

plastiosoma *s.m.* Mitocondria.

plastocito *s.m.* Plaqueta sanguínea.

plastocitopenia *s.f.* Trombocitopenia.

plastocitose *s.f.* Trombocitose.

plastocondrio *s.m.* Mitocondria.

plastodinamia *s.f.* Capacidade ou habilidade para desenvolverse.

plastosoma *s.m.* Condriosoma.

plastrón *s.m.* Zona indurada situada nun foco inflamatorio.

plati- Prefixo do grego, ancho.

platibasia ou **platibase** *s.f.* Malformación da base do cráneo na que o occipicio e a columna vertebral na súa porción máis alta se invaxinan na foxa cranial posterior. A configuración da cabeza e colo é anormal. Tamén se di **impresión basilar**.

platicefalia *s.f.* Bóveda cranial aplanada con diminución do diámetro vertical da cabeza ou cabeza ancha. Tamén se di **platicrania**.

platicelo-a *adx.* Que é plano e cóncavo.

platicito *s.m.* Variedade de célula epitelióide que se atopa nos nódulos tuberculosos, intermedia entre un leucocito e unha célula gigante.

platicnemia *s.f.* Aplanamento da tibia en sentido lateral (tibia en forma de sabre).

platicoria *s.f.* Midríase.

platicrania *s.f.* Platicefalia.

platiglosia *s.f.* Que ten a lingua plana e ancha.

platihelminhos *s.m.pl.* Filum de vermes aplanados ou acintados parasitos. Son animais pluricelulares que posúen unha capa musculocutánea que lles permite moverse. Divídense en dúas clases: os trematodos, que son planos e non segmentados, parasitos do home, e presentes nos climas tropicais, e cestodos, segmentados e caracterizados por non posuír aparello dixestivo e ser hermafroditas. Entre estes témo-las tenias.

platihiérico-a *adx.* Que ten o sacro ancho.

platimeria *s.f.* Fémur aplanado en sentido anteroposterior na súa parte superior. É unha anomalía observada en fémures humanos fósiles.

platimioide *adx.* De certas células musculares que teñen o estrato contráctil disposto en forma plana.

platimorfia *s.f.* Trastorno do desenvolvemento do globo ocular caracterizado pola diminución do seu diámetro anteroposterior e que ten como consecuencia a hipermetropía.

platina *s.f.* Parte do microscopio cun orificio por onde pasa a luz e na que se coloca o portaobxectos.

platino *s.m.* Metal de cor branca cincenta de peso atómico 194,3 e símbolo químico Pt. Emprégase ás veces en química por ser inatacable polos ácidos. É moi irritante para a pel e mucosas e causa con bastante frecuencia reaccións de sensibilización que son coñecidas polo nome de platinose.

platinoso-a *adx.* Que contén platino na forma de menor valencia.

platiopía *s.f.* Anchura acentuada da cara.

platipelia *s.f.* Pelve ancha e plana.

platipodia *s.f.* Pé plano.

platirrinia *s.f.* Calidade de te-lo nariz ancho, é dicir, cun índice nasal superior a 53.

platispondilia *s.f.* Aplanamento conxénito dos corpos vertebrais.

platisquelia *s.f.* Platicnemia.

platistencefalia *s.f.* Trastorno do desenvolvemento cranial con dolicocefalia, ancheamento do occipital e prognatismo, observado en África do Sur.

platodos *s.m.pl.* Platihelminhos.

platoniquia *s.f.* Distrofia da uña na que a curvatura é lonxitudinal en lugar de ser transversal.

plaxiocefalia *s.f.* Asimetría e irregularidade de tipo oblicuo da cabeza, por alteración do desenvolvemento das suturas craniais.

plaxioprosofia *s.f.* Asimetría facial de tipo oblicuo.

plegafonía *s.f.* Auscultación torácica combinada coa percusión da larinxe ou da traquea nos casos nos que o paciente non pode falar. Deste xeito, as vibracións producidas pola percusión substitúen as das cordas vocais.

pléiade *s.f.* Conxunto de adenopatías localizadas nunha rexión determinada.

pleiocitose *s.f.* Aumento do número de células do líquido cefalorraquídeo. Tamén se di **pleocitose**.

pleiotropía *s.f.* Efectos fenotípicos múltiples causados por un só xene. Tamén se di **pleotropía**.

pleo- Prefixo do grego, máis numeroso, máis grande.

pleocitose *s.f.* Pleiocitose.

pleocloruria *s.f.* Exceso de eliminación de cloruros pola urina.

pleocolia *s.f.* Incremento da secreción de bile.

pleocromático-a ou **pleocroico-a** *adx.* Que presenta diversas cores baixo certas circunstancias, como os cristais que teñen a capacidade de absorber certos raios de luz, determinando diferentes cores segundo se coloque o cristal respecto da luz.

pleocromía *s.f.* Aumento da coloración. Emprégase habitualmente referido ás feces, como consecuencia dunha pleocolia.

pleomastia *s.f.* Polimastia.

pleomeria *s.f.* Polimería.

pleomorfa *s.f.* ou **pleomorfismo** *s. m.* 1. Presentación de formas distintas por un só organismo, especie ou bacteria durante o seu ciclo vital, baixo certas circunstancias. 2. Propiedade de cristalizar en varias formas que teñen algúns compostos químicos ou minerais. 3. Polimorfismo.

pleonético-a *adx.* Do sangue que contén unha cantidade de osíxeno superior á normal (máis do 80%).

pleonemia *s.f.* Incremento do volume sanguíneo.

pleonexia *s.f.* 1. Desexo enfermizo de ter beneficios. 2. Estado no cal a hemoglobina e o osíxeno circulando se combinan con maior estabilidade que habitualmente, proporcionando ós tecidos menor cantidade de osíxeno da normal.

pleonosteose *s.f.* Osificación excesiva e prematura.

pleonuria *s.f.* Aumento da excreción de urina.

pleóptica *s.f.* Técnica oftalmolóxica para o tratamento da ambliopía, coa fin de que o ollo desenvolva a súa agudeza visual.

pleotropía *s.f.* Pleiotropía.

pleoceroide *s.m.* Período de larva da tenia que transcorre nos tecidos dos hóspedes intermediarios, logo de atravesar a parede intestinal.

plerose *s.f.* 1. Restauración dos tecidos perdidos, tal como se observa despois dunha enfermidade. 2. Plétora.

plerótico-a *adx.* Que promove a formación de granulacións.

plestesia *s.f.* Percusión palpatoria que consiste en percutir cun dedo dunha man contra outro dedo da outra man aplicado sobre a superficie que se explora.

plesímetro *s.m.* Placa de madeira, vidro, etc., que se aplica sobre as zonas que se exploran e percútese co dedo en martelo.

Plesimonas Xénero bacteriano da familia vibriónáceas. Son bacilos gramnegativos, oxidasepositivos, que se moven con movementos de tipo flaxelar. // **P. shigelloides** Plesimonas que causa cadros de tipo epidémico de gastroenterite no home.

plesimorfo-a *adx.* De forma semellante.

plesor *s.m.* Percusor.

pletismografía *s.f.* Rexistro efectuado polo pletismógrafo.

pletismógrafo *s.m.* Aparato empregado para medir as variacións de volume dunha zona do corpo debidas ó efecto do fluxo sanguíneo.

pletismograma *s.m.* Trazado gráfico feito polo pletismógrafo.

pletismometría *s.f.* Pletismografía.

pletomelia *s.f.* Polimelia.

plétora *s.f.* Exceso de sangue ou doutros líquidos no organismo. // **P. apocóptica** Plétora consecutiva a unha amputación na que non houbo perda de sangue por derivación previa da zona que se vai amputar. / **P. hidrémica** ou **acuosa** Aumento da cantidade de auga no sangue. / **P. sanguínea** Estado caracterizado polo exceso de sangue, turxescencia vascular e pulso cheo, que adoita acompañarse de epistaxe, tensión cefálica, conxestión en diversos órganos e face rubicunda.

pleura *s.f.* Cada unha das membranas serosas, independentes entre elas, que recobren os pulmóns (pleura visceral) e o diafragma, mediastino, e superficie interna da parede torácica (pleura parietal). Dóbranse a nivel do hilo pulmonar formando unha cavidade chamada pleural, que en condicións normais é unha cavidade virtual que contén unha pequena cantidade de líquido pleural, o cal facilita os movementos do pulmón dentro do tórax. // **P. cervical** Porción de pleura parietal que se estende ata a abertura superior do tórax. / **P. costal** Pleura parietal que recobre a superficie interna das costelas. / **P. mediastínica** Continuación da pleura parietal que cobre o lado do pulmón correspondente ó mediastino. / **P. pericárdica** Parte da pleura mediastínica que cobre ou se confunde co pericardio.

pleuracentese *s.f.* Pleurocentese.

pleuracotomía *s.f.* Toracotomía.

pleuralxia *s.f.* Dor na pleura ou na parede torácica. Tamén se di **pleurodinia**.

pleurapófise *s.f.* Costela considerada como parte do arco anterior dunha vértebra.

pleurectomía *s.f.* Escisión cirúrxica parcial da pleura. Tamén se di **operación de Fowler, descorticación pulmonar**.

pleuresía *s.f.* Inflamación aguda ou crónica da pleura de etioloxía variada. Tamén se di **pleurite**. // **P. adhesiva** Pleuresía de tipo crónico caracterizada pola formación de adherencias de tipo fibrinosas na cavidade pleural. Tamén se di **pleuresía fibrinosa**. / **P. aguda** Pleuresía que pode ser de tipo primario ou secundario. Caracterízase pola conxestión e engrosamento da pleura, seguido de exsudación fibrinosa. Esta exsudación de tipo seco (período seco) posteriormente vai seguida dunha exsudación serosa, que aumenta en cantidade e acaba comprimindo o pulmón e órganos próximos (período de derramo). Clínicamente caracterízase por calafríos, febre, dor en punta no costado, tose seca, dispnea e imposibilidade de decúbito sobre o lado enfermo, sobre todo na fase seca. Na fase de derramo diminúe a dor, aumenta ou continúa a dispnea e o enfermo pode deitarse sobre o lado enfermo. Os signos físicos na fase seca son característicos: ruído de rozamento, diminución do ruído respiratorio pola dor. Na fase de derramo: diminución ou desaparición do murmurio vesicular, matidez á percusión torácica, sopro de tipo tubárico con broncofonía. Evoluciona en dúas ou tres semanas cara á curación. / **P. crónica** Pleuresía de tipo seco ou purulenta de longa duración na que se mitigan os síntomas da fase aguda. É unha forma xeralmente tuberculosa. / **P. exsudativa** Pleuresía con derramo. / **P. falsa** V. **pleurodinia**. / **P. fibrinosa** Pleuresía seca. / **P. hemorráxica** Variedade caracterizada pola presenza de sangue no exsudado pleural. Adoita darse nos procesos neoplásicos e tuberculosos. / **P. húmida** Pleuresía exsudativa. / **P. purulenta** V. **piotórax**. / **P. quílosa** Pleuresía con líquido de aspecto leitoso e elevada proporción de graxa, semellante ó quilo. / **P. seca** P. aguda que non pasou a primeira fase ou crónica sen líquido exsudado ou purulento. / **P. serofibrinosa** Pleuresía aguda na cal o exsudado seroso contén abundante fibrina. / **P. serosa** Pleuresía de tipo agudo cun derramo claro e acuoso. / **P. tuberculosa** Inflamación da pleura producida pola tuberculose.

pleurite *s.f.* Pleuresía.

pleuritóxeno-a *adx.* Que causa pleuresía.

pleurobronquite *s.f.* Pleuresía asociada a bronquite.

pleurocele *s.f.* Hernia de tecido pulmonar ou pleural que sae por un costado.

pleurocenadelfo *s.m.* Monstro fetal cenadelfo no cal os dous corpos están unidos polo costado.

pleurocentese *s.f.* Punción da pleura. Tamén se di **toracocentese**.

pleurocentro *s.f.* Elemento lateral dun corpo vertebral.

pleuroclise *s.f.* Inxección de líquidos na cavidade pleural, xeralmente para lavar esta cavidade.

pleurocolecistite *s.f.* Colecistite asociada á pleuresía.

pleurocutáneo-a *adx.* Relativo á pleura e á pel.

pleurodinia *s.f.* Dor aguda nos músculos e nervios intercostais, xeralmente causada por unha pleurite. // **P. diafragmática epidémica** Mialxia epidémica ou enfermidade de Bornholm

pleurografía *s.f.* Radiografía da pleura.

pleurohepatite *s.f.* Hepatite con inflamación da pleura próxima.

pleurólise *s.f.* Intervención cirúrxica consistente en separa-las adherencias pleurais da parede torácica.

pleurólito *s.m.* Presencia de cálculos na cavidade pleural.

pleuromelo *s.m.* Monstro fetal polimelo cunha extremidade supernumeraria que se implanta no costado.

pleuroparietopexia *s.f.* Intervención cirúrxica que consiste en fixa-la pleura visceral á parietal, e polo tanto o pulmón á parede torácica.

pleuropatía *s.f.* Enfermidade da pleura.

pleuropericardite *s.f.* Pleurite asociada a pericardite.

pleuroperipneumonía *s.f.* Pleurite asociada a pneumonía cortical.

pleuroperitoneo *s.m.* Pleura e peritoneo considerados como unha soa estrutura.

pleuropiese ou **pleuropiose** *s.f.* Produción de pus na cavidade pleural. Tamén se di **empiema**.

pleuroplexía *s.f.* Oftalmopleuroplexía.

pleuropneumectomía *s.f.* Intervención consistente en reseca en bloque o pulmón coa pleura parietal e visceral.

pleuropneumólise *s.f.* Resección hemilateral das costelas para causa-lo colapso do pulmón afectado, ben na tuberculose unilateral ou no absceso pulmonar. Tamén se di **operación de Friedrich**.

pleuropneumonía *s.f.* Pneumonía combinada con pleuresía. // **P. bovina** Enfermidade do gando vacún causada polo *Mycoplasma mycoide*.

pleuroprosoquise *s.f.* Fisura lateral ou oblicua da cara.

pleuropulmonar *adx.* Relativo á pleura e ó pulmón.

pleurorraxia *s.f.* Hemorragia pleural.

pleurorrea *s.f.* Derramo pleural ou pleurítico.

pleurortopnea *s.f.* Ortopnea por dor no costado.

pleuroscopia *s.f.* Técnica endoscópica para examina-la cavidade pleural. Tamén se di **toracoscopia**.

pleuroscopio *s.m.* Endoscopio para examina-la cavidade pleural trala incisión da parede torácica.

pleurosomo *s.m.* Monstro fetal que presenta protrusión intestinal lateral e desenvolvemento imperfecto do membro superior do mesmo lado.

pleurosteose *s.f.* Calcificación da pleura.

pleurotifo *s.m.* Febre tifoide complicada con pleurite.

pleurotomía *s.f.* Incisión cirúrxica da pleura a través dun espacio intercostal.

pleurotótonos *s.m.* Forma de espasmo tetánico no que predomina a contractura dos músculos dun lado do corpo, atopándose este inclinado cara a ese lado.

pleurotuberculose *s.f.* Pleuresía tuberculosa.

pleurovisceral *adx.* Referente á pleura e vísceras.

pleuróxeno-a *adx.* Que se orixina na pleura.

plexalxia *s.f.* 1. Neuralxia pola irritación dun plexo nervioso. 2. Estado no que se atopan as tropas despois dunha longa parada, caracterizado por dores difusas, fatiga, excitabilidade e insomnio.

plexiforme *adx.* Que ten forma de plexo ou rede.

plexímetro *s.m.* V. **plesímetro**.

plexite *s.f.* Inflamación dun plexo nervioso causando trastornos sensomotores.

plexo *s.m.* Estructura en forma de rede, especialmente a formada por entrecruzamento de vasos ou nervios. // **P. accesorio** Parte da rede nerviosa intracorneal situada debaixo da membrana limitante anterior da córnea. Tamén se di **plexo de Ranvier**. / **P. anular** Plexo nervioso arredor da córnea. / **P. aórtico** Plexo nervioso simpático arredor da aorta. / **P. arteriovenoso de Walther** V. **p. cavernoso**. / **P. axilar** Plexo linfático da axila. / **P. basilar** Seo transverso. / **P. braquial** Plexo nervioso formado pola anastomose das ramas ventrais dos nervios cervicais V a VII e do primeiro dorsal, do que saen ramas que innervan todo o membro superior e se estenden desde os lados da columna vertebral ó oco axilar. Del saen o nervio cubital, radial, mediano e circunflexo entre outros. / **P. cardíaco** Plexo nervioso situado na base do corazón, formado polos seis nervios cardíacos do gran simpático, no centro do cal se atopa o ganglio Wrisberg. / **P. carotídeo** Anastomose entre as divisións da rama anterior do nervio eferente do ganglio cervical superior no interior do conducto carotídeo. / **P. carotídeo común, externo** ou **interno**. Constituído por plexos nerviosos arredor da arteria carótide primitiva, carótide externa e interna, respectivamente. / **P. caudal** Parte coccíxea do plexo sacrococcíxeo. / **P. cavernoso** 1. Plexo nervioso simpático, que envolve a arteria carótide interna dentro do seo cavernoso. Tamén se di **plexo de Walther** 2. Plexo nervioso na raíz do pene, derivado do plexo hipogástrico que innerva os plexos cavernosos do pene. / **P. celiaco** Plexo solar. / **P. cervical** Plexo nervioso formado polas ramas ventrais dos catro primeiros pares dos nervios cervicais. De aquí saen ramas que se dividen en cutáneas ou superficiais e profundas, que innervan a pel do pescozo, ombro, peito, occipicio e os músculos esternocleidomastoideo, trapecio, escaleno, diafragma, etc. / **P. cervical posterior** Plexo nervioso na rexión cervical posterior formado polas ramas dorsais do primeiro, segundo e terceiro pares cervicais, detrás e a carón do atlas e axe. / **P. cervical profundo** Ramas cervi-

cais superficiais do plexo cervical. / **P. cervicobraquial** Plexo formado por plexo cervical e plexo braquial tomados en conxunto. / **P. cólico, dereito e esquerdo** Partes dos plexos mesentéricos superior e inferior, respectivamente. / **P. coroides** Plexos vasculares que forma a piamáter ó introducirse nos ventrículos laterais do cerebro. / **P. coronario** Plexo anterior ou posterior, ou plexo gástrico. Tamén se di **plexo coronario estomáquico**. / **P. de Auerbach** Plexo de fibras simpáticas entre as capas musculares do intestino. Tamén se di **plexo mientérico**. / **P. de Cruveilhier** 1. Plexo cervical posterior. 2. Forma de anxioma constituído por veas varicosas. / **P. de Exner** Rede de fibras mielínicas situadas preto da superficie do córtex cerebral. / **P. de Haller** Plexo larínxeo. / **P. de Heller** Rede arterial na submucosa do intestino. / **P. de Hovius** Plexo venoso da rexión ciliar relacionado co conducto de Sinleem. / **P. de Jacobson** Plexo nervioso do tímpano. / **P. de Leber** Plexo de Hovius. / **P. de Meissner** Rede de fibras nerviosas na submucosa do intestino delgado e do estómago. / **P. de Panizza** Plexos linfáticos profundos ós lados do freo do prepucio. / **P. de Ranvier** Plexo accesorio. / **P. de Raschrow** Rede de fibras nerviosas que se atopan debaixo dos odontoblastos na papila dental cando se forma a dentina. / **P. de Remak** Plexo de Messner. / **P. de Santorini** 1. Plexo venoso vesicoprostático. 2. Plexos nerviosos formados por fibras do nervio maxilar inferior no furado oval. / **P. de Sappey** Plexo linfático debaixo da auréola da mamila. / **P. de Stenon** Rede venosa que rodea o conducto de Stenon. / **P. de Walter** Plexo cavernoso. / **P. entérico** Plexo solar. / **P. farínxeo** 1. Plexo nervioso simpático, formado por ramas farínxeas do ganglio cervical anastomosadas con ramas do glosofarínxeo e pneumogástrico. 2. Plexo nervioso en contacto coa superficie externa da parte alta da farinxe. / **P. gangliforme** Plexo que provén das raíces de orixe do nervio maxilar inferior. / **P. ganglionar cefálico** Plexo formado polos catro ganglios parasimpáticos, ciliar, ótico, esfenopalatino e submandibular que están en relación topográfica coas ramas do V par e en conexión co ganglio cervical simpático superior. / **P. gástrico, gastroduodenal ou gastroepiploico** Plexo formados por plexos secundarios ó plexo solar. / **P. hemorroidal** Plexo venoso rectal. / **P. hemorroidal superior, medio ou inferior** Formados por plexos nerviosos secundarios dos plexos hipogástrico e lumboaórtico. / **P. hipogástrico** Plexo nervioso constituído polas ramas anteriores dos ganglios simpáticos sacros, localizado arredor do recto, vexiga ou vaxina, e do que dependen outros plexos: hemorroidal medio, vaxinal, vesical, uterino, prostático e vesicoseminal. / **P. iliaco** Plexo simpático dependente do plexo aórtico abdominal que acompaña a arteria ilíaca primitiva. / **P. inguinal** Plexo de vasos e ganglios linfáticos localizados na foxa iliopectínea. / **P. intercarótideo** Plexo nervioso simpático localizado na bifurcación da arteria carótide primitiva, formado por ramas anteriores eferentes do ganglio cervical superior, ramas do pneumogástrico e glosofarínxeo, do que son dependentes outros plexos: lingual, maxilares, temporal, menínxeo, tiroide superior,

facial, etc. / **P. intraviloso de Cajal** Plexo formado por filetes nerviosos das vilosidades intestinais que forman unha rede que encerra numerosas células fusiformes, estreladas, etc. / **P. larínxeo ou de Haller** Plexo nervioso formado por ramas do ganglio cervical superior que se anastomosan con filetes do nervio larínxeo superior. / **P. lumbar** Plexo nervioso formado polas ramas anteriores do XII nervio torácico e dos catro primeiros pares lombares. De aquí saen os nervios femoral, xenitofemoral, iliocrural, etc. / **P. lumboaórtico** Plexo nervioso simpático lumbar do que derivan plexos secundarios que toman nome das arterias que acompañan: cólico esquerdo, hemorroidal superior, etc. / **P. maxilar interior** Plexo dependente do carótideo que segue a arteria maxilar interna e do que se desprende a raíz simpática do ganglio ótico. / **P. mesentérico superior e inferior** Plexo nerviosos dependentes do p. solar. / **P. mientérico** Plexo de Auerbach. / **P. nervioso** Estructura de forma reticular que resulta do intercambio de fibras entre dúas ou máis neuronas. / **P. oftálmico** Plexo nervioso que rodea a arteria oftálmica e o nervio óptico. / **P. pélvico** Plexo hipogástrico. / **P. pubovesical** Plexo de Santorini. / **P. podendo** Porción do plexo sacro formada polas ramas anteriores dos pares III e IV sacros. / **P. sacro** Plexo nervioso formado polas ramas anteriores do V par lumbar e dos catro primeiros nervios sacros. / **P. sacrococíxco** Plexo formado polas ramas anteriores dos pares IV e V sacros e nervio cocíxco. / **P. solar** Rede nerviosa formada por entrecruzamento das ramas eferentes dos ganglios simpáticos semilunares, diante da aorta e arredor do tronco celíaco, do que resultan numerosos plexos secundarios que levan os nomes das arterias que acompañan. Tamén se di **plexo cerebro abdominal**. / **P. submucoso** Plexo de Meissner. / **P. triangular do trixémimo** P. que resulta da raíz grosa do trixémimo antes de chegar ó ganglio de Gasser. / **P. uterino, vaxinal, uterovaxinal** Plexos nerviosos simpáticos que dependen do hipogástrico. / **P. vertebral** Ramas simpáticas procedentes do ganglio cervical inferior que acompañan as arterias vertebrais e as súas ramas. / **P. vesicoprostático** Plexo podendo.

plica *s.f.* Pregadura ou crista. // **P. polonesa** Pediculose da cabeza caracterizada pola aglomeración de cabelos por caspa, graxa ou carapola, onde se aloxan un gran número de parasitos.

plicación *s.f.* Intervención cirúrxica que consiste na formación de pregaduras na parede dun órgano para reduci-lo seu tamaño, igualar un cabo con outro de menor diámetro como se fai ás veces no aparello dixestivo, ou para formar un esfínter antirrefluxo.

plicatura *s.f.* Pregadura ou plicación.

plicotomía *s.f.* Sección cirúrxica da pregadura posterior da membrana timpánica ou da pregadura maleolar posterior.

plombaxe *s.f.* Operación consistente en encher un espacio baldeiro do corpo (dente, óso, etc.) con material

- inerte, ou unha cavidade artificial na que as paredes deben ser separadas cunha substancia sólida inalterable.
- ploración** *s.f.* Fluxo lacrimal.
- plúmbeo-a** *adx.* 1. Semellante ó chumbo. 2. Relativo á cor que adquire a pel en certas infeccións graves.
- plumbismo** *s.m.* Intoxicación por chumbo. Tamén se di **saturnismo**.
- Plummer, enfermidade, síndrome de V. enfermidade de Plummer, síndrome de Plummer-Vinson.**
- plúmula** *s.f.* Sucos finos na parede superior do acueducto de Silvio.
- pluri-** Prefixo do latín, máis, varios, moitos.
- pluricelular** *adx.* Formado por máis dunha célula.
- pluriceptor** *s.m.* Receptor que ten máis de dous grupos complementófilos.
- pluricordonal** *adx.* De certas células nerviosas que teñen varias prolongacións.
- pluridiscrinia** *s.f.* Trastorno da secreción de varias glándulas endócrinas.
- plurifetación** *s.f.* Fecundación sucesiva de dous óvulos ou máis correspondentes a períodos menstruais diferentes.
- pluriglandular** *adx.* Referido a varias glándulas.
- plurigrávida** *adx.* Con máis dun embarazo.
- plurilocular** *adx.* Multilocular.
- plurimamia** *s.f.* Polimastia.
- plurinuclear** *adx.* Que ten varios núcleos. Tamén se di **polinuclear** ou **multinuclear**.
- plurípara** *adx.* Que tivo dous ou máis partos. Tamén se di **multípara**.
- pluripolar** *adx.* Das células que teñen varios polos.
- pluripotente** *adx.* Que ten a facultade de actuar en varios sentidos.
- plutomanía** *s.f.* Forma de trastorno mental na que o paciente cre que é inmensamente rico.
- plutonio** *s.m.* Elemento químico de peso atómico 242, símbolo químico Pu e número atómico 94, isótopo do neptunio, que á súa vez é isótopo do uranio. É un elemento radioactivo producido artificialmente, e xunto co uranio é o compoñente principal da bomba atómica.
- plutonismo** *s.m.* Estado patolóxico que se observa en individuos expostos ás radiacións que emite o plutonio, caracterizado por alteracións cutáneas, perda de cabelo, alteracións hepáticas e trastornos sanguíneos.
- pneuma** *s.m.* Aire dos pneumatistas.
- pneumartrose** *s.f.* 1. Presencia de gas ou de aire nunha articulación. 2. Inxección de osíxeno nunha articulación, con fins radiográficos.
- pneumascopio** *s.m.* Instrumento para apreciar os movementos torácicos na respiración.
- pneumatemia** *s.f.* 1. Presencia de aire ou de gas no sangue. 2. Embolia gasosa. 3. Parálise dos mergulladores.
- pneumática** *s.f.* Ciencia que trata das propiedades físicas dos gases.
- pneumático-a** *adx.* Relativo ó aire ou á respiración.
- pneumatismo** *s.m.* Doutrina dos pneumatistas, fundada por Ateneo de Atalia, que combinou o *pneuma* ou principio vital de Erasístrato cos elementos, e atribúe tódalas enfermidades á alteración na constitución deste principio.
- pneumatización** *s.f.* Formación de celas ou cavidades pneumáticas nun tecido, especialmente no do óso temporal.
- pneumato-** Prefixo do grego, aire ou pulmón.
- pneumatocardia** *s.f.* Presencia de aire nas cavidades cardíacas.
- pneumatocéfalo-a** *adx.* V. **pneumocéfalo**.
- pneumatocele** *s.f.* 1. Tumor gasoso, especialmente o enfisema do escroto. 2. Protrusión herniaria de tecido pulmonar. // **P. cranial** Presencia de aire entre os ósos do cráneo e o seu periosteo, por traumatismo directo dos seus frontais e das células mastoides.
- pneumatodispnea** *s.f.* Dispnea por enfisema pulmonar.
- pneumatóforo** *s.m.* Saco ou balón de osíxeno para diversos fins.
- pneumatógrafo** *s.m.* Instrumento para rexistrar os movementos do tórax. Tamén se di **pneumógrafo**.
- pneumatograma** *s.m.* Trazado obtido por medio do pneumatógrafo.
- pneumatoloxía** *s.f.* Tratado do aire e dos gases, e das súas propiedades. Tamén se di **pneumoloxía**.
- pneumatoma** *s.m.* 1. Tumor gasoso. 2. Pneumatocele.
- pneumatometría** *s.f.* Medición do aire inspirado e expirado por medio dunha variedade de espirómetro, o pneumatómetro. Destes o máis coñecido é o de Waldenburg, en forma de manómetro de mercurio.
- pneumatómetro** *s.m.* Aparello para efectuar a pneumatometría.
- pneumatorraque** *s.f.* Presencia de gases na columna vertebral. Tamén se di **pneumorraque**.
- pneumatorrético-a** *adx.* Da respiración profunda e acelerada que se produce en determinados casos de anoxia.
- pneumatoscopio** *s.m.* 1. Instrumento para determinar a presenza de pus ou corpos estraños nas celas ou seus mastoides. 2. Instrumento de Gabrichewski para auscultar desde a boca os sons producidos pola percusión do tórax. V. **pneumatógrafo**.

pneumatose *s.f.* Presencia de aire ou de gases nunha parte ou nun órgano que non os contén normalmente ou que os contén en moi escasa cantidade. O meteorismo e o enfisema son exemplos de pneumatose. // **P. *cystoides intestinalis*** Presencia de quistes gasosos na túnica serosa dos intestinos. / **P. pericardiaca** V. **pneumopericardio**. / **P. pulmonar** Enfisema pulmonar. / **P. sanguínea** Pneumatemia.

pneumatoterapia *s.f.* V. **pneumoterapia**.

pneumaturia *s.f.* Presencia de aire ou de gases na urina, por fermentación amoniacal na vexiga ou por fistula rectovesical ou vesicovaxinal.

pneumectomía *s.f.* Ablación ou escisión total ou parcial (lobectomía) dun pulmón.

pneumencefalografía *s.f.* 1. Pneumoencefalografía. 2. Encefalografía.

pneumo- Prefixo do grego, aire ou pulmón.

pneumoalveografía *s.f.* Radiografía dos alvéolos pulmonares.

pneumoartrografía *s.f.* Radiografía dunha articulación trala inxección de aire ou osíxeno.

pneumobacilemia *s.f.* 1. Infección xeral co pneumobacilo. 2. Presencia de pneumobacilos no sangue.

pneumobacilo *s.m.* Bacilo de Friendländer, *Klebsiella pneumoniae*.

pneumobroncotomía *s.f.* Incisión cirúrxica do pulmón e dos bronquios.

pneumobronquite *s.f.* Inflamación do pulmón e dos bronquios. Tamén se di **pneumonía masiva**.

pneumocardiaco-a *adx.* Relativo ou pertencente ó pulmón e ó corazón. Tamén se di **cardiopulmonar**.

pneumocefalia *s.f.* Presencia de aire na cavidade cranial.

pneumocéfalo *s.m.* V. **pneumocefalia**.

pneumocele *s.f.* 1. Hernia pulmonar. 2. Pneumatocele.

pneumocentese *s.f.* Punción cirúrxica do pulmón, co obxecto de evacuar unha cavidade ou unha caverna.

pneumocirurxía *s.f.* Cirurxía do pulmón.

pneumocisternografía *s.f.* Imaxe encefalográfica obtida trala introdución dun gas nas cisternas intracraniais. Habitualmente lévase a cabo por unción lumbar.

pneumocistografía *s.f.* Radiografía da vexiga urinaria despois da súa insuflación con aire.

pneumococemia *s.f.* Presencia de pneumococos no sangue.

pneumococia *s.f.* Estado morboso producido por pneumococos. Tamén se di **pneumocose**.

pneumocócico-a *adx.* Relativo ós pneumococos ou producido por eles.

pneumococo *s.m.* V. *streptococcus pneumoniae*.

pneumococólise *s.f.* Lise ou destrución de pneumococos.

pneumococose *s.f.* Infección con pneumococos. Tamén se di **pneumococemia**.

pneumocolon *s.m.* Insuflación do colon por aire ou por gases, natural ou artificialmente, utilizada principalmente como medio de axuda ó diagnóstico.

pneumoconiose *s.f.* Conxunto de alteracións broncopulmonares fibrosas, producidas pola inhalación de po orgánico ou inorgánico. Recibe distintas denominacións segundo a natureza das partículas inhaladas: bisinose, siderose, tabacose, calicose, silicose, etc.

pneumocrania *s.f.* Presencia de aire dentro do cranio. Tamén se di **pneumocefalia**.

pneumoderma *s.m.* Enfisema subcutáneo.

pneumodinámica *s.f.* Dinámica da función respiratoria ou estudio das forzas que actúan na respiración.

pneumodógrafo *s.m.* Aparello que rexistra o grao de suficiencia respiratoria nasal.

pneumoempiema *s.m.* Empiema con formación de gases.

pneumoencefalografía *s.f.* Visualización do sistema ventricular e dos espazos subaracnoides do encéfalo por radiografía despois da extracción parcial de líquido cefalorraquídeo e inxección de aire ou doutro gas.

pneumoencefalograma *s.m.* Radiograma obtido por pneumoencefalografía.

pneumoencefalomiografía *s.f.* Exame radiográfico dos espazos cerebrospinais insuflados con aire ou outro gas.

pneumofasciografía *s.f.* Radiografía dos espazos aponeuróticos inxectados con aire.

pneumofimia *s.f.* Tuberculose pulmonar.

pneumoflebite *s.f.* Inflamación das veas pulmonares.

pneumogalactocele *s.f.* Galactocele que contén aire ou outros gases.

pneumogástrico-a *adx.* 1. Relativo ó pulmón e ó estómago. // *s.m.* 2. V. **nervio pneumogástrico** ou **vago**.

pneumogastrografía *s.f.* Radiografía do estómago insuflado de aire.

pneumografía *s.f.* 1. Descrición anatómica dos pulmóns. 2. Rexistro gráfico dos movementos respiratorios. 3. Radiografía obtida despois da inxección de aire. Tamén se di **pneumorradiografía**.

pneumógrafo *s.m.* Aparello para rexistra-los movementos respiratorios. Tamén se di **estetógrafo**, **pneumatógrafo**.

pneumograma *s.m.* 1. Trazado ou rexistro gráfico dos movementos respiratorios. 2. Radiografía obtida por pneumografía.

pneumohemopericardio *s.m.* Presencia de aire e de sangue no pericardio.

pneumohemotórax *s.m.* Presencia de aire ou gases e de sangue na cavidade pleural.

pneumohidrómetra *s.m.* Colección de gases e de líquido na cavidade uterina.

pneumohidropericardio *s.m.* Colección de gases e líquido seroso no saco pericardíaco.

pneumohidrotórax *s.m.* Colección de aire ou gases e de líquido seroso na cavidade pleural. Tamén se di **hidropneumotórax**.

pneumólise *s.f.* Operación cirúrxica consistente en libralo pulmón das súas adherencias pleurais á parede torácica para facilita-lo seu colapso (pleurólise ou pneumólise extrapleural). A pneumólise ou pleurólise intrapleural consiste na destrución das adherencias entre as follas visceral e parietal da pleura. // **P. costoplástica** Toracoplastia extrapleural.

pneumolitíase *s.f.* Litíase pulmonar.

pneumólito *s.m.* Cálculo ou concreción pulmonar.

pneumoloxía *s.f.* Estudo ou tratado das enfermidades dos pulmóns ou vías respiratorias en xeral. Tamén se di **pneumatoloxía**.

pneumomalacia *s.f.* Amolecemento patolóxico do tecido pulmonar.

pneumomasaxe *s.f.* 1. Masaxe aérea do oído medio. 2. Emprego alterno de aire comprimido e enrarecido para que inflúa mecanicamente sobre unha parte do corpo.

pneumomastografía *s.f.* Imaxe radiolóxica da glándula mamaria que se obtén mediante a introducción de gas no seu seo.

pneumomediastino *s.m.* 1. Inxección de aire no mediastino para o exame radiográfico das súas partes. 2. Presencia de aire no mediastino.

pneumomelanose *s.f.* Pigmentación do tecido pulmonar por inhalación de po de carbón. Tamén se di **antracose**.

pneumomicose *s.f.* Afección pulmonar producida por fungos. Tamén se di **pneumonomicose**.

pneumomiografía *s.f.* Radiografía da columna vertebral trala inxección de aire no conducto raquídeo.

pneumonectasia *s.f.* Ectasia ou enfisema pulmonar.

pneumonectomía *s.f.* Pneumectomía.

pneumonedema *s.m.* Edema pulmonar.

pneumonemia *s.f.* 1. Conxestión pulmonar. 2. Pneumatemia.

pneumonía *s.f.* Inflamación do parénquima pulmonar na que se produce exsudación e infiltración celular nos alvéolos, intersticio e bronquíolos respiratorios. Tamén se di **pulmonía**. // **P. abortiva** Forma de pneumonía de curso rápido e favorable. / **P. aguda** V. **p. fibrinosa**. / **P.**

caseosa Forma aguda e hiperérxica da tuberculose, caracterizada anatomicamente pola infiltración caseosa do pulmón, que lembra a hepatización da pneumonía lobular. / **P. crónica intersticial** Inflamación do tecido conxuntivo dos alvéolos e dos bronquíolos, que pode ser primitiva ou secundaria a unha broncopneumonía e que remata coa induración atrófica do tecido pulmonar. / **P. dobre** A que lle afecta a ámbolos dous pulmóns. / **P. fibrinosa** ou **franca** Enfermidade febril aguda producida polo pneumococo *Diplococcus pneumoniae*, caracterizada anatomicamente pola consolidación dunha porción máis ou menos extensa do tecido pulmonar, debida á repleción dos alvéolos e dos bronquíolos por un exsudado fibrinoso. Pode evolucionar en tres fases: conxestión ou ingurxitación, de hepatización vermella, na que o exudado se solidifica, e de hepatización amarela ou período de regresión da fibrina e de resorción e eliminación dos exsudados. Nas pneumonías que non se resolven existe unha cuarta fase, de hepatización gris ou infiltración purulenta. A enfermidade comeza subitamente por un calafrío, intenso, único e prolongado, seguido de febre, vómitos e dor de costado, dispnea, tose e expectoración característica sanguinolenta de cor vermella de ladrillo (esputo ferruginoso); dura aproximadamente unha semana e remata, de ordinario, pola resolución completa, por crise ou pola morte. / **P. masiva** Pneumonía fibrinosa cun exsudado que non só enche os alvéolos e os bronquíolos, senón os bronquios grosos de todo o pulmón. / **P. metastásica** Pneumonía supurativa da septicemia. / **P. por aspiración** A debida á inhalación de alimentos ou dun material nocivo ou infectivo procedente do aparello dixestivo. / **P. por inhalación** Pneumonía por aspiración. / **P. purulenta** Pneumonía que remata pola conversión do exsudado en pus. / **P. tuberculosa** Reacción pulmonar exsudativa provocada polo bacilo tuberculoso, que simula, tanto clínica como radiograficamente, a pneumonía producida por outros xerms. / **P. vírica** Denominación etiolóxica dun amplo grupo de pneumonías de patrón intersticial.

pneumonite *s.f.* Pneumonía.

pneumono- Prefixo do grego, pulmón.

pneumonocele *s.f.* Pneumocele.

pneumonocentese *s.f.* Pneumocentese.

pneumonocirrose *s.f.* Cirrose pulmonar, pneumonía intersticial.

pneumonoconiose *s.f.* Pneumoconiose.

pneumomicose *s.f.* Pneumomicose.

pneumonose *s.f.* Pneumopatía, afección dexenerativa dos epiteliolos alveolares e capilares e trastornos consecutivos.

pneumonotise *s.f.* Tuberculose pulmonar.

pneumonotomía *s.f.* Pneumotomía.

pneumopaludismo *s.m.* Manifestación pulmonar do paludismo, con localización das lesións nos vértices,

acompañada de tose e febre. Tamén se di **enfermidade de Bruns**.

pneumoparesia *s.f.* Estado morbosos pulmonar caracterizado pola conxestión e infiltración progresivas dos alvéolos pulmonares.

pneumopatía *s.f.* Enfermidade dos pulmóns.

pneumopericardio *s.m.* Presencia de aire no saco pericardíaco, xeralmente consecutiva a unha ferida penetrante no mesmo. Tamén se di **pneumatose pericardíaca**.

pneumoperitoneo *s.m.* 1. Presencia de aire ou de gases na cavidade peritoneal. Tamén se di **tímpatino**, **meteorismo**. 2. Inxección de aire ou dun gas na cavidade peritoneal, co fin de realizar unha radiografía.

pneumoperitonite *s.f.* Peritonite con acumulación de aire ou de gases na cavidade peritoneal.

pneumopexia *s.f.* Fixación cirúrxica do pulmón á parede torácica.

pneumopielografía *s.f.* Pielografía na que se ten inxectado osíxeno na pelve renal.

pneumopiopericardio *s.m.* Presencia de aire e de pus no saco pericardíaco.

pneumopiotórax *s.m.* Presencia de aire e de pus na cavidade pleural.

pneumopleuroparietopexia *s.f.* Sutura do pulmón, coa súa pleura parietal, ó bordo dunha ferida torácica.

pneumoquise *s.f.* Edema pulmonar.

pneumorradiografía *s.f.* Radiografía obtida trala inxección de aire ou de gas. Tamén se di **pneumografía**.

pneumorrafia *s.f.* Sutura do pulmón.

pneumorraque *s.f.* 1. **V. pneumatorraque**. 2. Inxección dun gas no conducto vertebral, para o exame radiográfico.

pneumorraxia *s.f.* Hemorraxia ou apoplexia pulmonar. Tamén se di **hemoptise**.

pneumorresección *s.f.* Pneumectomía.

pneumorroperitoneo *s.m.* Inxección precocécica de osíxeno ou de aire no espazo retroperitoneal, especialmente para facer visible o ril polos raios X.

pneumoscroto *s.m.* Enfisema no escroto.

pneumose *s.f.* Pneumopatía.

pneumoserotórax *s.m.* Presencia de aire e serosidade na cavidade pleural. Tamén se di **hidropneumotórax**.

pneumotacógrafo *s.m.* Instrumento para rexistrar-la velocidade do aire respirado.

pneumoterapia *s.f.* Terapéutica pneumática; tratamento de certas enfermidades polo aire enrarecido ou condensado.

pneumotímpano *s.m.* Acumulación de aire no tímpano.

pneumotomía *s.f.* Incisión cirúrxica do pulmón.

pneumotórax *s.m.* Acumulación de aire ou de gas na cavidade pleural. // **P. a tensión** Pneumotórax hiperbárico. / **P. aberto** O que está en comunicación co pulmón. / **P. artificial** O producido cirurxicamente pola inxección de aire ou de nitróxeno. É un medio ideado por Forlanini para logralo colapso e a inmovilización do pulmón no tratamento da tuberculose pulmonar. / **P. espontáneo** O que resulta dun accidente patolóxico ou traumático. / **P. extrapleural** Formación dunha bolsa aérea por desprendemento da folla parietal da pleura cando as adherencias entre as dúas follas pleurais impiden a insuflación da cavidade. / **P. hiperbárico** Aquel no que a presión intrapleural é superior á atmosférica. / **P. parcial ou enquistado** Acumulación de aire na cavidade pleural tabicada por adherencias. / **P. sufocante ou valvular** Aquel no que a abertura ou fístula pleural por onde penetra o aire está disposta de tal xeito que actúa como unha válvula, permitindo a entrada do aire na cavidade durante a inspiración e impedindo a súa saída na expiración. Produce unha sufocación e asfixia rápidas.

pneumotoxina *s.f.* Toxina producida polo pneumococo.

pneumotrópico-a *adx.* Que ten afinidade electiva polo pneumococo.

pneumoventriculografía *s.f.* Ventriculografía trala inxección de osíxeno ou doutro gas nos ventrículos cerebrais.

pneumovirus *s.m.* *Paramyxoviridae*.

pnigofobia *s.f.* Temor patolóxico á asfixia.

PO Abreviatura de *per os*.

po *s.m.* 1. Substancia sólida formada pola unión de finísimas partículas, obtidas por trituración, porfirización ou outro medio mecánico. 2. Presentación farmacolóxica sólida constituída por partículas sólidas dun diámetro determinado para cada caso, e dun aspecto homoxéneo e composición uniforme en toda a súa masa.

Po Símbolo do polonio.

poción *s.f.* Preparado farmacolóxico líquido que se administra a culleradas, composto por un elemento farmacolóxico activo ó que se lle engade un vehículo acuoso que o dilúa e lle dea sabor. Este vehículo acuoso pode estar formado por augas aromáticas, xaropes ou mucilaxes.

poculiforme *adx.* En forma de copa.

podacace *s.m.* Podartroace.

podagra *s.f.* ou **podagrismo** *s.m.* Gota, especialmente a que lle afecta á articulación metatarsalánxica da primeira deda do pé.

podal *adx.* Relativo ó pé.

podálico-a *adx.* 1. Que se fai co pé. 2. Relativo á presentación obstétrica na que os pés do feto ocupan o estreito superior da pelve.

podalxia *s.f.* Dor no pé. Tamén se di **pododinia**.

podartrite *s.f.* Inflamación da articulación do pé.

podartrocace *s.f.* Podartrite xeralmente de tipo tuberculoso.

podasteroide *adx.* Que ten o pé estrelado.

podedema *s.m.* Edema nos pés.

podelcoma *s.m.* Úlcera do pé, especialmente micetoma ou pé de Madura.

podencéfalo *s.m.* Monstro fetal sen cranio que ten o cerebro colgando dun pedículo.

poder *s.m.* Capacidade, potencia, facultade de actuar. // **P. de absorción** Capacidade dos corpos para verter ondas ou radiacións. / **P. de resolución** Capacidade do ollo ou dunha lente de percibir por separado dous puntos moi próximos entre eles. / **P. dióptrico** Capacidade dunha lente para dar imaxes ampliadas dun obxecto.

pódex *s.m.* Rexión anococcícea.

podíatra *s.* Podólogo.

podo- Prefixo do grego, pé.

podobromhidrose *s.f.* Bromhidrose dos pés.

pododinamómetro *s.m.* Aparato para determina-la forza dos músculos da perna.

pododinia *s.f.* Dor de tipo neuráxico na planta e calcañar dos pés. Tamén se di **podalxia**.

podofilina *s.f.* Resina do podófilo, empregada como purgante no estrinximento crónico e no tratamento de papilomas, en forma tópica.

podograma *s.m.* Rexistro gráfico das superficies de apoio plantares.

podólogo *s.m.* Especialista en podoloxía ou nos trastornos que lles afectan ós pés.

podoloxía *s.f.* Especialidade médica que estudia e trata as enfermidades dos pés.

podoponfólix *s.m.* Dermatose dos pés similar ó quironfólix.

podremia *s.f.* Estado de putrefacción. // **P. dos hospitais** Complicación gangrenosa de feridas e úlceras, que noutras épocas se observaba nos hospitais debido á falta de condicións hixiénico-sanitarias, aglomeración, etc. Tamén se di **gangrena nosocomial, mal do hospital, etc.**

poecilocito *s.m.* Poiquilocito.

-poese Sufixo do grego, formación.

pogoniase *s.f.* 1. Hipertricose da barba. 2. Presencia de barba nas mulleres.

pogonión *s.m.* Punto máis saínte na liña media do queixo. Tamén se di **punto do queixelo**.

poiquilionía *s.f.* Variación na concentración iónica do sangue.

poiquilo- Prefixo do grego, variado, irregular.

poiquiloblasto *s.m.* Eritroblasto de forma irregular que constitúe unha célula precursora da hemacia.

poiquilocitemia ou **poiquilocitose** *s.f.* Estado caracterizado pola presenza de poiquilocitos no sangue.

poiquilocito *s.m.* Eritrocito deformado e de maior tamaño que se observa nalgúns trastornos hematolóxicos como a anemia perniciosa. Adoita indicar un trastorno na hematopoese.

poiquilodermatomiosite *s.f.* Variedade de poiquilodermia con afectación muscular.

poiquilodermia *s.f.* Dermatose caracterizada, tras unha fase previa de tipo pseudoinfeccioso (artralxias, mialxias, edemas faciais, etc.), pola aparición de pápulas, pigmentación, eritema telanxiectásico xeneralizado, que forma unha especie de redes de tipo capilar, no centro da cal a pel se atrofia. // **P. localizada** Obsérvase sobre todo na cara e no pescozo de mulleres menopáusicas. Tamén se di **enfermidade de Civatte**.

poiquilonimia *s.f.* Confusión ou mestura de termos de diferentes sistemas de nomenclatura.

poiquiloplastocito *s.m.* Poiquilotrombocito.

poiquiloploidía *s.f.* Presencia dun número variable de cromosomas en diferentes células.

poiquilopocria *s.f.* Capacidade do ril para eliminar elementos acedos do sangue coa fin de evita-la alteración do equilibrio ácido-básico do sangue.

poiquilotermismo *s.m.* Capacidade dos animais de sangue frío, bacterias e plantas de se adaptaren á temperatura ambiente.

poiquilotermo-a *adx.* Relativo ós seres vivos de sangue frío que son capaces de sufrir variacións de temperatura.

poiquilotimia *s.f.* Estado mental caracterizado por variacións entre períodos de excitación e de depresión.

poiquilotrombocito *s.m.* Plaqueta de forma irregular.

poise *s.m.* Unidade de viscosidade dun líquido no sistema cegesimal. O seu símbolo é P.

Poiseuille, espacio, lei de V. espacio, lei

polacina *s.f.* Solución de proteínas de pole empregada no tratamento da asma e no exame da sensibilidade cutánea ó pole.

polaqui- Prefixo do grego, con frecuencia.

polaquicoprose *s.f.* Defecación moi frecuente, xeralmente anormal.

polaquihipnia *s.f.* Sono frecuente moi repetido.

polaquíuria *s.f.* Aumento do número de miccións nas cales a cantidade de urina emitida é moi pequena. Tamén se di **sicnuria**.

pole *s.m.* Gránulos en forma de po, fecundantes dos estames das flores. // **P., enfermidade do V. enfermidade.**

polenose ou **polinose** *s.f.* Enfermidade do pole.

polenóxeno-a *adx.* Causado polo pole das plantas.

polgar *s.m.* Primeiro dedo da man, o máis externo e oposto a tódolos demais, que se distingue por ter dúas falanxes. // **Signo do p.** Na contractura hemipléxica, dóbrase espontaneamente o polgar ó estende-los outros dedos.

polgarización *s.f.* Intervención cirúrxica que substitúe o polgar polo segundo metacarpiano, na perda total daquel dedo. Tamén se di **policización**, **polización**.

poli- Prefixo do grego, moito.

poli *s.m.* Apócope do leucocito polimorfonuclear.

poliacústico-a *adx.* Que aumenta o son.

poliadenia *s.f.* 1. Poliadenite. 2. Pseudoleucemia.

poliadenite *s.f.* Inflamación de múltiples ganglios. // **P. maligna** Peste bubónica.

poliadenoma *s.m.* Adenoma ou hipertrofia de moitas glándulas.

poliadenopatía *s.f.* Enfermidade que afecta a varias glándulas ou ganglios.

poliadenose *s.f.* Poliadenopatía, especialmente endócrina.

polialcohol *s.m.* Compostos orgánicos que conteñen na súa molécula varias funcións alcohólicas.

polialveólise *s.f.* Paradentose.

polialxesia *s.f.* Sensación dolorosa múltiple provocada por un só estímulo.

polianxite *s.f.* Anxite múltiple.

poliarterite *s.f.* Inflamación de varias arterias ó mesmo tempo. // **P. nodosa** V. **periarterite nodular** ou **nodosa**.

poliarticular *adx.* Que fai referencia a varias articulacións.

poliartrite *s.f.* Inflamación simultánea de varias articulacións. // **P. aguda febril** Reumatismo articular agudo. / **P. crónica anquilosante primaria** Artrite crónica. / **P. crónica progresiva da infancia** V. **enfermidade de Still**. / **P. crónica vilosa** Inflamación crónica da sinovia. / **P. deformante** Reumatismo articular crónico. / **P. tuberculosa** Poliartrite asociada coa tuberculose como factor desencadeante. Tamén se di **osteoartrópata pulmonar**.

poliatómico-a *adx.* Que está constituído por varios átomos ou que ten varios átomos de hidróxeno substituíbles por bases.

poliauxotrófico-a *adx.* Relativo ó organismo que require múltiples factores de crecemento.

poliavitaminose *s.f.* Avitaminose por deficiencia de varias vitaminas ó mesmo tempo.

poliberosite *s.f.* V. **poliorromeninxite**.

poliblasto *s.m.* Para Maximov, célula mononuclear que aparece no exsudado inflamatorio.

poliblenia *s.f.* Secreción abundante de tipo mucoso.

policardia *s.f.* Taquicardia.

policariocito *s.m.* Célula xigante con varios núcleos.

policelular *adx.* Que ten moitas células.

policceptor *s.m.* Amboceptor capaz de unir diferentes complementos.

policieise *s.f.* Embarazo múltiple.

policitemia *s.f.* Aumento do número de glóbulos vermellos por unidade de volume do sangue. Tamén se di **poliglobulia**. / **P. crónica esplenomegálica**, **p. mielopática**, **p. primitiva** V. **policitemia vera**. / **P. relativa** Diminución do volume plasmático co mantemento do volume globular normal, que se observa en pacientes ansiosos, hipertensos ou obesos. Tamén se di **enfermidade de Gaisböck**. / **P. secundaria** Policitemia na que hai un aumento de volume globular eritrocitario debido a unha excesiva liberación de eritropoetina, ben fisiolóxica ou non. Obsérvase nos individuos que viven en altitude, cortocircuitos dereita-esquerda, enfermidade pulmonar crónica, etc. / **P. vera**, **vermella** ou **rubra** Enfermidade ou síndrome mieloproliferativa na que existe un aumento da hemocitopoeise en tódolos sectores medulares, en especial a serie eritropoética. Manifestase por cefalea, visión borrosa, coloración vermello púrpura da pel e mucosas, tendencia á trombose debida ó aumento da viscosidade do sangue, cianose, esplenomegalia, etc. A biopsia medular amosa incremento de megacariocitos e da serie vermella. Tamén se di **enfermidade de Vázquez-Osler**.

policitose *s.f.* Incremento anormal do número de tódalas células sanguíneas tanto da serie vermella coma da branca.

policización *s.f.* V. **polgarización**.

policlínica *s.f.* Institución médica onde se tratan toda clase de enfermidades. Tamén se di **centro hospitalario urbano**.

policlonía *s.f.* Mioclonos múltiple.

policloruria *s.f.* Exceso de eliminación de cloruros pola urina.

policolia *s.f.* Exceso de secreción de bile.

policopria *s.f.* Formación excesiva de feces.

policoria *s.f.* Anomalía conxénita do iris que consiste na existencia de máis dunha pupila no ollo ou aparencia pola existencia de varios orificios. // **P. vera** Existencia no ollo de máis dunha pupila, cada unha co seu esfínter.

policresto-a *adx.* Que é útil no tratamento de moitas enfermidades.

policromasia *s.f.* Policromatofilia.

policrómata *adx.* Que pode distinguir moitas cores.

policromático-a ou **policromo-a** *adx.* Que ten moitas cores.

policromatofilia *s.f.* Afinidade para colorearse con colorantes ácidos e básicos. Esta propiedade preséntana certos eritrocitos novos en casos de intensa rexeneración eritrocítica. Tamén se di **policromasia**, **policromatose**.

policromatose *s.f.* V. **policromatofilia**.

policromemía *s.f.* Aumento da substancia colorante do sangue.

policromía *s.f.* Aumento excesivo da pigmentación.

policrótico-a ou **policroto-a** *adx.* Relativo ó pulso que presenta varias ondas secundarias en cada latexo.

polidacria *s.f.* Fluxo lacrimal excesivo.

polidactilia *s.f.* Anomalía conxénita do desenvolvemento na que aparecen dedos supernumerarios.

polidipsia *s.f.* Necesidade de beber con frecuencia e abundantemente. Tamén se di **hidromanía**, **anadipsia**.

polidisplasia *s.f.* Displasia que afecta a varias estruturas orgánicas. // **P. ectodérmica hereditaria** Grupo de enfermidades de tipo familiar caracterizadas por anomalías do desenvolvemento dos órganos de orixe ectodérmica. Tamén se di **síndrome de Siemens**.

polieixe *s.m.* Célula nerviosa da que se desprenden varios eixes.

poliembriónismo *s.f.* Formación de máis dun embrión a partir dun só ovo fecundado.

poliendocrinose *s.f.* Síndrome poliglandular.

poliérxico-a *adx.* Que ten a facultade de actuar en diferentes sentidos. Tamén se aplica ós antisoros monoxénicos que reaccionan contra antíxenos heterólogos.

poliestesia *s.f.* Alteración da sensibilidade táctil pola cal un só obxecto parece sentirse en varios sitios á vez. Trastorno observado frecuentemente na tabe dorsal.

polifalanxismo *s.m.* Número excesivo de falanxes nun dedo.

polifármaco *adx.* e *s.* Relativo ó medicamento ou fórmula composta de moitas drogas.

polifásico-a *adx.* 1. Que ten varias fases. 2. Relativo á corrente alterna.

polifaxia *s.f.* 1. Inxestión excesiva ou voraz de alimentos. 2. Desexo de toda clase de alimentos.

polifibromatose *s.f.* Presencia de moitos fibromas no corpo. // **P. neurocutánea pigmentaria**. Neurofibromatose ou enfermidade de Von Recklinghausen.

polifiodonto-a *adx.* Que desenvolve varias series de dentes sucesivamente ó longo da vida.

polifisia *s.f.* Exceso de gases no aparello dixestivo. Tamén se di **flatulencia**.

polifobia *s.f.* Temor patolóxico a moitas cousas.

polifoliculina *s.f.* Secreción excesiva de foliculina.

polifrasia *s.f.* Locuacidade excesiva e irracional que se observa en certos trastornos mentais.

poligalactia *s.f.* Secreción excesiva de leite.

poliganglionar *adx.* Que afecta ou que posúe varios ganglios linfáticos ou nerviosos.

poligastria *s.f.* Exceso de secreción de zume gástrico.

poligástrico-a *adx.* Que ten varios estómagos.

poliglobulia *s.f.* Policitemia.

polignato *s.m.* 1. Monstro fetal caracterizado pola presenza de maxilares supernumerarios en forma de apéndices á altura dunha mandíbula. 2. Monstro fetal dobre no que o feto parasito está implantado na mandíbula do autótipo.

polígono *s.m.* Porción do plano limitada por liñas rectas. // **P. arterial de Willis** ou **círculo de Willis** Polígono arterial situado na base do cerebro, constituído polas arterias cerebrais anteriores unidas pola comunicante anterior, e polas arterias cerebrais posteriores e comunicantes posteriores, que van desde a carótide interna ata as devanditas cerebrais posteriores.

polígrafo *s.m.* Especie de esfigmógrafo que rexistra simultaneamente o pulso arterial, venoso, latexo da punta cardíaca e movementos respiratorios.

polígrama *s.m.* Trazado feito polo polígrafo.

polihemia *s.f.* Exceso de volume sanguíneo. // **P. acuosa** ou **serosa** Aumento do volume por exceso de auga ou de soro respectivamente. / **P. hiperalbuminosa** Exceso de albumina no plasma. / **P. policitémica** Aumento total da cantidade de sangue.

polihíbrido-a *adx.* Híbrido con proxenitores que difiren entre eles en máis de dous caracteres.

polihidramnios *s.m.* Exceso de líquido amniótico a termo do embarazo. Tamén se di **hidramnios**.

polihidrose *s.f.* Hiperhidrose.

polihidruria *s.f.* Dilución moi acentuada da urina.

polihipermenorrea *s.f.* Menstruación frecuente e abundante.

poliinfeción *s.f.* Infeción polimicrobiana.

poliléptico-a *adx.* Relativo ó proceso que ten moitos accesos ou exacerbacións.

poliloxia *s.f.* Polifrasia.

polimastia *s.f.* Anomalía do desenvolvemento mamario na que aparecen máis de dúas mamas. Tamén se di **politelia**.

polimelia *s.f.* Anomalía caracterizada pola presenza de membros supernumerarios.

poliménorrea ou **poliménia** *s.f.* Trastorno menstrual que presenta uns ciclos moi frecuentes, menores de 21 días, pero normais na cantidade e duración.

polimería *s.f.* 1. Anomalía caracterizada pola presenza de órganos ou partes supernumerarias. 2. Forma de isomería na cal varias moléculas dunha mesma substancia se unen para formaren outra distinta que ten igual fórmula molecular, pero o seu peso molecular é múltiplo da substancia simple. 3. En xenética, participación de numerosos xenos no control dun carácter.

polimerización *s.f.* Unión química de dúas ou máis moléculas dunha substancia para formar un novo composto.

polímero-a *adx.* Relativo á substancia complexa formada pola unión de varias moléculas sinxelas, como as proteínas obtidas pola unión de aminoácidos. Teñen un peso molecular elevado, e as súas propiedades físicas e químicas difiren das substancias das que proceden.

polimialxia *s.f.* Mialxia que afecta a varios músculos.

polimicrobiano-a *adx.* Que se caracteriza pola presenza de varias especies microbianas.

polimicrolipomatoso *s.f.* Lipomatoso caracterizada pola presenza de numerosos tumores pequenos.

polimicrotomo *s.m.* Microtomo que efectúa varias seccións de corte á vez.

polimioclonía *s.f.* Mioclonía de tipo múltiple. Tamén se di **policlónia**.

polimiosite *s.f.* Inflamación simultánea en moitos músculos na que aparece dor, tumefacción muscular, edema, febre, etc. Ás veces acompáñase de hemorraxias (p. hemorráxica) e trastornos da pel e veas periféricas. // **P. triquinosa** V. **triquinose**. / **P. tropical** Piohemia de tipo estafilocócico localizada nos músculos.

polimixina *s.f.* Antibiótico de tipo polipeptídico, de espectro reducido, illado a partir de cultivos de *Bacillus polymixa* e de *Bacillus colistinus*. Existen diversos tipos, pero só dous teñen aplicación médica, a polimixina B e a polimixina E. // **P. B** Polimixina que resulta da mestura de dúas polimixinas B₁ e B₂, ámbalas dúas activas sobre a maioría dos bacilos gramnegativos, incluídas as pseudomonas. Emprégase por vía parenteral e tópica local. / **P. E** Mestura de dúas polimixinas E₁ e E₂. Emprégase por vía parenteral e oral e ten un espectro de actividade parecido ó da polimixina B. Tamén se di **colistina**.

polimorfismo *s.m.* Capacidade de manifestarse de diferentes formas en distintas fases do desenvolvemento. // **P. xenético** Recorrenza dentro da poboación de dúas ou máis variantes xenéticas discontinuas dun carácter específico, en tales proporcións que non se manteñan só por mutación, como o factor RH e os grupos sanguíneos.

polimorfo-a *adx.* 1. Que pode adoptar diversas formas. // *s.m.* 2. Leucocito polimorfonuclear.

polimorfocelular *adx.* Que ten células de moitas formas.

polimorfocito *s.m.* Mielocito.

polimorfonuclear *adx.* Que ten núcleos de formas diversas, especialmente os leucocitos polinucleares nos

que o núcleo presenta varias lobulacións, simulando varios núcleos.

polinesia *s.f.* 1. Aumento do número dos illotes de Langerhans no páncreas. 2. Que se presenta en múltiples focos.

polineural *adx.* Que fai referencia a varios nervios ou que está innervado por varios nervios.

polineuralxia *s.f.* Neuralxia que lles afecta a varios nervios.

polineuramina *s.f.* V. **vitamina B₁**.

polineurite *s.f.* Síndrome producida por afectación do sistema nervioso periférico, con predominio distal e case sempre en forma simétrica. Clinicamente maniféstase por síntomas motores (parálises flácidas e amiotróficas), síntomas sensitivos. Prodúcese por dexeneración do eixe ou por desmielinización. Etioloxicamente clasifícanse en: 1) Dexenerativas, que poden ser debidas a: tóxicos exógenos metálicos ou non, toxinas bacterianas e medicamentosas, causas metabólicas (diabete, porfiria, enfermidade de Refsum), carenciais (alcohólica, beribérica, pelagraide), ou por amiloidose; 2) Inflamatorias, que poden ser: primitiva (en forma aguda ou lenta), secundaria (posvacinal, a enfermidades víricas, posteruptiva), por inflamacións específicas, neoplásica, postinfecciosa ou idiopática.

polineurítico-a *adx.* 1. Que ten varias neuronas 2. Relativo á polineurite.

polineuropatía *s.f.* Enfermidade que lles afecta a varios nervios. Tamén se di **neuropatía múltiple**.

polineurorradiculite *s.f.* Polineurite con afectación radicular.

polinose *s.f.* 1. Febre ou asma do feo. 2. Reacción alérxica desencadeada polo pole en individuos predispostos ou hipersensibles.

polinucleado-a ou **polinuclear** *adx.* 1. Que posúe varios núcleos ou que ten un núcleo poliforme. // *s.m.* 2. Leucocito polinuclear.

polinucleolar *adx.* Que posúe varios nucléolos.

polinucleose *s.f.* Presencia dun gran número de leucocitos polinucleares no sangue ou no exsudado.

polio- Prefixo do grego, cor gris.

polio *s.f.* Apócope de poliomielite epidémica.

polioclasta ou **polioclástico-a** *adx.* Que destrúe a substancia gris do sistema nervioso, como os virus da poliomielite, da encefalite epidémica e da rabia.

poliodistrofia *s.f.* Enfermidade de tipo metabólico que lles afecta ás neuronas cerebrais. Pode ser primaria ou secundaria á hipoxia ou á hipoglicemia. // **P. cerebral infantil** Polidistrofia primaria de tipo autosómico recesivo caracterizada por espasticidade progresiva, mioclonía, cegueira, etc.

poliodoncia *s.f.* Presencia de dentes supernumerarios.

polioencefalite *s.f.* Enfermidade caracterizada por inflamación e dexeneración da substancia gris do SNC, e sobre todo das hastas anteriores da medula espiñal. // **P. anterior aguda** Polioencefalite caracterizada por producir lesións destrutivas da substancia gris das hastas anteriores da medula. Isto tradúcese clinicamente por parálise e atrofia dos grupos musculares correspondentes á lesión medular. É de tipo infeccioso, causada polo poliovirus do xénero *Enterovirus*. A diseminación da enfermidade ten lugar de persoa a persoa por vía oral a través dos produtos de refugo da persoa enferma (feces). Tamén se di **parálise infantil epidémica, parálise atrófica aguda infantil, enfermidade de Heine-Medin.** / **P. anterior crónica** Polioencefalite caracterizada pola atrofia muscular mielopática por dexeneración das neuronas das hastas anteriores, que ocorre en pacientes que sufriron hai moito tempo unha poliomielite anterior aguda. / **P. anterior subaguda** Polioencefalite que lles afecta ás hastas anteriores da medula. É moi rara e de etioloxía descoñecida. Posiblemente de orixe infecciosa. Tamén se di **poliomielite anterior subaguda de Foix-Alajouanine.** / **P. de Alajouanine** V. **poliomielite anterior subaguda.** / **P. posterior** Polioencefalite na que a inflamación afecta ós ganglios posteriores da substancia gris da medula. Por exemplo, o herpes Zóster, producido por un virus específico.

poliomielopatía *s.f.* Enfermidade que lle afecta primariamente á substancia gris da medula espiñal.

polioneurómera *s.f.* Segmento de substancia gris en cada neurómero.

polioniquia *s.f.* Presencia de uñas supernumerarias.

poliopía *s.f.* Estado caracterizado pola recepción de máis dunha imaxe dun obxecto. // **P. monocular** Visión ou percepción múltiple dun obxecto cun só ollo, debida a unha desigualdade da refracción co cristalino ou a un espasmo da acomodación do ollo.

polioplasma *s.m.* Protoplasma granular da célula.

poliopsia *s.f.* Poliopía.

poliorco-a *adx. e s.* Persoa con máis de dous testículos.

poliorquia *s.f.* Presencia de máis de dous testículos nun individuo. Tamén se di **poliorquidia, poliorquidismo** ou **poliorquismo.**

poliorromeninxite ou **poliorromenite** *s.f.* Inflamación de varias membranas serosas. Tamén se di **poliberosite.**

poliose *s.f.* Aparición prematura dunha coloración gris no cabelo. // **P. circunscrita** Ausencia conxénita de pigmentación do coiro cabeludo en zonas definidas.

poliotía *s.f.* Presencia de máis dunha orella nun ou en ámbolos dous lados.

poliotriquia *s.f.* Poliose.

poliovirus *s.m.* Virus do xénero *Enterovirus*, axente causante da poliomielite anterior chamada parálise infantil. Coñécense tres tipos de poliovirus (I, II, III).

polipapiloma *s.m.* V. **pian.**

poliparesia ou **poliparese** *s.f.* Paresia xeral ou parese múltiple.

polipatía *s.f.* Presencia de varias enfermidades simultaneamente.

polipectomía *s.f.* Intervención cirúrxica para a extirpación de pólipos.

polipedia *s.f.* 1. Embarazo múltiple. Tamén se di **policiese.** 2. Presencia de pés supernumerarios. Tamén se di **polipodia.**

polipeptidemia *s.f.* Aumento anormal de polipéptidos no sangue, observado en persoas con choque debido a politraumatismo, caquexia cancerosa, etc.

polipéptido *s.m.* Composto formado pola unión de dous ou máis aminoácidos, por exemplo, enzimas, proteínas, etc.

polipeptidorraquia *s.f.* Presencia de polipéptidos no líquido cefalorraquídeo.

polipeptidotoxia *s.f.* Intoxicación por polipéptidos.

polipiforme *adx.* Que ten forma de pólipo.

poliplasmia *s.f.* Exceso de plasma sanguíneo en relación cos elementos formes do sangue.

poliplasto-a ou **poliplásico-a** *adx.* 1. Que contén moitos elementos constituíntes ou estruturais. 2. Que experimenta moitos cambios durante o desenvolvemento.

poliplastocitose *s.f.* Aumento do número de plaquetas no sangue.

polipleurodiafragmatomía *s.f.* Intervención cirúrxica que consiste en reseca varias costelas e secciona-lo diafragma para obter unha vía de acceso á cara superior do fígado.

poliplexía *s.f.* Parálise simultánea de varios músculos.

poliploide *adx.* 1. Relativo á célula cun número de cromosomas múltiplo do haploide. 2. Relativo ó individuo con células poliploides.

poliploidia *s.f.* Estado caracterizado pola presenza de máis de dous grupos completos de cromosomas homólogos.

polipnea *s.f.* Aumento da frecuencia da respiración e da súa profundidade.

pólipo *s.m.* Tumor que se desenvolve a expensas dalgún dos elementos dunha membrana mucosa, ou en estruturas glandulares. Pola súa conformación os pólipos divídense en pediculados e sésiles. Os pólipos pediculados teñen un pedículo alongado polo que se unen á superficie da cal emerxen. Os pólipos sésiles caracterízanse por teren unha base de unión ancha. O criterio histolóxico é o máis importante para a súa clasificación, xa que algúns

- deles poden ter un potencial maligno. // **P. adenomatoso** Pólipo glandular benigno. / **P. de Hopmann** Hipertrofia papilar da membrana mucosa nasal. / **P. intestinal** Pólipo que vai formando unha protuberancia desde a mucosa cara á luz do intestino. Segundo as súas características histolóxicas pódese clasificar en inflamatorio, hamartomatoso (propio da polipose múltiple de Peutz-Jeghers), hiperplásico, etc., algúns dos cales teñen tendencia a malignizarse. / **P. vascular** Anxioma polipoide.
- polipodesmo** *s.m.* Instrumento empregado para a ligadura dos pólipos nasais.
- polipodia** *s.f.* Presencia de pés supernumerarios.
- polipoide** *adx.* Que se asemella a un pólipo. Tamén se di **polipiforme**.
- poliporoso-a** *adx.* Que presenta moitos poros.
- polipose** *s.f.* Desenvolvemento de múltiples pólipos nunha rexión. // **P. gástrica ou intestinal** Presencia de múltiples pólipos na mucosa do estómago ou intestino.
- poliposia** *s.f.* Polidipsia.
- polipótomo** *s.m.* Instrumento cirúrxico empregado para extirpar pólipos.
- polipotribo** ou **polipotrito** *s.m.* Instrumento utilizado para esmagar ou triturar pólipos.
- polipragmasia** *s.f.* Prescrición de moitos fármacos a un mesmo tempo. Tamén se di **polifarmacia**.
- poliptiquio-a** *adx.* Que está disposto en varias capas, como a glándula que ten as células dispostas en estratos.
- poliqueiria** ou **poliquiria** *s.f.* Calidade de posuír máis de dúas mans.
- poliquilia** *s.f.* Hiperquilia.
- poliquimioterapia** *s.f.* Tratamento por administración simultánea de varios axentes quimioterápicos.
- poliquístico-a** *adx.* Que presenta moitos quistes.
- poliquistose** *s.f.* Enfermidade poliquística conxénita que lles afecta ós riles.
- polirradiculite** *s.f.* Inflamación de raíces nerviosas.
- polirradiculoneurite** *s.f.* Polineurite que se acompaña de radiculite. Tamén se di **síndrome de Guillain-Barré**.
- polirradioterapia** *s.f.* Formas distintas de radioterapia.
- polirrea** *s.f.* Fluxo excesivo. Tamén se di **hidrorrea**.
- polirribosoma** *s.m.* Agrupación de ribosomas.
- polisacárido** *s.m.* Hidrato de carbono constituído por varias unidades de monosacáridos, como as pentosas, glicóxenos, amidón, etc. // **P. bacteriano ou capsular** Polisacárido elaborado por bacterias, que ten importancia inmunolóxica xa que posúe propiedades antixénicas, e en certos grupos de bacterias, como o pneumococo por exemplo, nos que determinan o tipo de especificidade.
- polisarcia** *s.f.* Aumento anormal do volume do corpo causado polo desenvolvemento excesivo do tecido muscular ou do adiposo. Tamén se di **obesidade, corpulencia**.
- poliscelia** *s.f.* Anomalía causada pola presenza de pernas supernumerarias.
- poliscelo** *s.m.* Monstro fetal con pernas supernumerarias.
- poliscleradenite** *s.f.* Escleradenite de tipo múltiple.
- poliserosite** *s.f.* Inflamación que lles afecta a varias membranas serosas. Tamén se di **poliorromenite**.
- polisfigmógrafo** *s.m.* Aparato que pode rexistrar simultaneamente trazados do movemento cardíaco, respiratorio e arterial.
- polisialia** *s.f.* Exceso na secreción de saliva. Tamén se di **ptialismo, sialorrea**.
- polisináptico-a** *adx.* Relativo a dúas ou máis sinapses.
- polisinovite** *s.f.* Inflamación de varias membranas simultaneamente.
- polisinusite** *s.f.* Sinusite de tipo múltiple.
- polisoma** *s.m.* Polirribosoma.
- polisomía** *s.f.* 1. Presencia dalgún cromosoma replicado por riba do número diploide normal, debido á non dixunción cromosómica durante a meiose na maduración dos gametos. O cromosoma pode estar en número de tres (trisomía), de catro (tetrasomía) ou máis. 2. Monstro fetal que presenta dous ou tres corpos.
- polisómico-a** *adx.* Relativo á polisomía.
- polisomo** *s.m.* Monstro fetal que presenta polisomía.
- polispermia** *s.f.* 1. Secreción excesiva de esperma. 2. Penetración de máis dun espermatozoide no óvulo.
- polístato** *s.m.* Instrumento mediante o cal se pode transformar a corrente eléctrica ordinaria en galvánica, farádica, etc.
- polistiquia** *s.f.* Presencia de dúas ou máis filas de pestanas nunha pálpebra.
- politelia** *s.f.* Existencia de máis dunha mamila nunha mama. Tamén se di **polimastia**.
- politendinite** *s.f.* Tendinite de tipo múltiple.
- politenia** *s.f.* Replicación de cadeas cromosómicas que non van seguidas de mitose, é dicir, non ten lugar a separación da cromátida, formándose un cromosoma politénico de numerosos filamentos.
- politeno-a** *s.m.* 1. Polímero do etileno que se emprega como material plástico en medicina e cirurxía. // *adx.* 2. Que está composto por varias fibras de cromatina.
- politocia** *s.f.* Parto múltiple.
- polítopo-a** *adx.* Relativo ó proceso patolóxico que ten varias localizacións.
- politricense** ou **politriquia** *s.f.* Hipertricense.
- politrofia** *s.f.* Sobrealimentación.

politrópico-a *adx.* De certos virus ou de certos tóxicos que afectan a máis dun tecido ou órgano.

Politzer, pera, proba de V. pera, proba.

politzerización *s.f.* Insuflación do oído medio mediante a pera de Politzer. // **P. negativa** Aspiración da secreción do oído medio empregando a pera de Politzer.

poliúria *s.f.* Incremento da cantidade de urina emitida en 24 horas (uns 1500-2000 ml nun individuo adulto en condicións normais).

poliuridíptico-a *adx.* Que aumenta a eliminación de urina polo incremento da inxestión de líquidos.

polivinilpirrolidona *s.f.* Substancia coloidal obtida da vinilpirrolidona, que ten a propiedade de reter gran cantidade de auga. Administrada por vía intravenosa aumenta a presión oncótica e a viscosidade do sangue. Emprégase como expansor do plasma en forma de solución.

polixenia *s.f.* Carácter que depende da acción de varios xenos.

polixenismo *s.m.* Teoría que afirma que as razas humanas proveñen de especies diferentes que terían evolucionado de forma independente. Oponse ó monoxenismo.

polixeno-a *adx.* Referido ó antisoro producido polo emprego de máis dun antígeno.

polixinia *s.f.* Unión conxugal dun home con varias mulleres.

polixiria *s.f.* Anomalía caracterizada pola existencia dun número maior có normal de circunvolucións cerebrais.

polización *s.f.* V. **polgarización**.

pollex *s.m.* Polgar. // **P. extensus** Desviación do polgar cara a atrás. // **P. flexus** Flexión permanente do polgar. // **P. valgus** ou **varus** Desviación do polgar cara ó lado cubital ou radial respectivamente.

polo *s.m.* 1. Cada un dos extremos opostos dun órgano ou estrutura oval, ou cada un dos dous puntos que teñen propiedades físico-químicas opostas. // **P. anterior** ou **posterior** Partes anteriores ou posteriores, respectivamente, do eixe anteroposterior do cristalino ou do globo ocular. // **P. cefálico** ou **pelviano** Extremos correspondentes, respectivamente, á cabeza ou á pelve do feto no claustro uterino. // **P. frontal** ou **occipital** Partes anterior e posterior respectivamente dos hemisferios cerebrais. // **P. magnético** Calquera dos dous puntos nos que o imán atrae ou repele materiais metálicos. // **P. negativo** ou **positivo** Cátodo ou ánodo dun elemento eléctrico en conexión cos seus elementos electropositivo e electronegativo. // **P. vexetativo** Punto do ovo que contén a parte nutritiva ou xema do mesmo. // **P. xerminativo** Punto do ovo no que comeza o desenvolvemento embrionario.

polocito *s.m.* Corpo polar.

polonio *s.m.* Metal descuberto en 1898 na pechblenda por Pierre e Marie Curie, que contén propiedades radioactivas menos intensas có radio. O seu símbolo químico é Po.

polpa *s.f.* Tecido brando ou carnoso, animal ou vexetal. Tamén se di **parénquima**. // **P. cerebral** Substancia branca do cerebro. // **P. dentaria** Tecido brando de tipo conxuntivo con vasos e nervios, que ocupa a cavidade central do dente, e do cal depende a vida deste. // **P. dixital** Extremo carnoso e mol dos dedos. // **P. esplénica** Tecido parenquimatoso do bazo, que se atopa rodeado por unha cápsula e dividido mediante trabéculas en compartimentos comunicados entre eles. Diferéncianse: polpa vermella, na que se atopan os seos esplénicos, e polpa branca, que contén os corpúsculos de Malpighi. // **P. vertebral** Porción branca central dun disco intervertebral.

polpalxia *s.f.* Dor na polpa dentaria. Tamén se di **odontalxia**.

polpectomía *s.f.* Extirpación da polpa dentaria .

poltoxia *s.f.* Costume anormal de mastiga-los alimentos ata convertelos en papa.

polución *s.f.* 1. Emisión involuntaria de seme durante o sono que pode ir acompañada ou non de erección e orgasmo. 2. Contaminación do ambiente causada polos residuos industriais ou biolóxicos. // **P. nocturna** Exacuación causada por soños eróticos. // **P. voluntaria** Masturbación.

polus *s.m.* Polo. // **P. lentis** Cristalino.

pomada *s.f.* Preparación farmacolóxica para uso externo, de consistencia branda, composta dun ou varios principios activos (analgésicos, desinfectantes, astrinxentes, queratolíticos) incorporados a un excipiente, que pode ser graxa animal ou vaselina, que lle dá consistencia. // **P. de colaxenase** Pomada empregada para o tratamento das úlceras por decúbito, queimaduras, etc. // **P. de Pagenstecher** Pomada oftálmica de óxido amarelo de mercurio. // **P. de cinc** Preparación a base de óxido de cinc ó 20 % en aceite mineral ou vaselina, que se usa como protector cutáneo.

pómulo *s.m.* Óso malar.

pomum adami *s.m.* Prominencia da cartilaxe tiroide no pescozo. Tamén se di **nó da gorxa**.

ponderal *adx.* Relativo ó peso.

pondostatural *adx.* Relativo á estatura e ó peso.

ponfo *s.m.* Elevación circunscrita da pel. Tamén se di **roncha**, **flictena**, **ampola**.

ponfólix *s.m.* Afección dérmica caracterizada pola formación de vesículas ou ampolas.

pono- Prefixo do grego, pena, fatiga, sufrimento.

ponofobia *s.f.* Temor patolóxico á dor e á fatiga.

ponógrafo *s.m.* Instrumento que se emprega para saber cal é a sensibilidade dolorosa.

ponopalmose *s.f.* 1. Palpitación polo esforzo. 2. Para Clifford Albutt, astenia neurocirculatoria.

ponose *s.f.* Fatiga debida a autointoxicación por substancias que sobreestiman as funcións físicas.

ponóxeno-a *adx.* 1. Que produce fatiga. 2. Catabolito.

pons *s.f.* (lat) Ponte, estrutura de unión. // **P. varolii** Ponte de Varolio ou protuberancia anular.

pons-oblongata *s.f.* Ponte de Varolio e bulbo raquídeo considerados en conxunto.

ponte *s.f.* 1. Porción de tecido que une dúas partes dun órgano. 2. Medio para soste un dente ou dentes artificiais, fixado ós dentes naturais ou raíces adxacentes. // **P. de Varolio** Protuberancia anular no mesocéfalo. / **P. intercelular** Ponte de unión entre células.

pontículo *s.m.* 1. Especie de ponte constituída por finas láminas de substancia branca que atravesan o extremo anterior da pirámide, por debaixo da protuberancia anular. 2. Engrosamento lineal da cartilaxe auricular, onde se insire o músculo auricular posterior. // **P. hepático** Istmo que une o lobo de Spiegel co lobo hepático dereito.

pontino-a *adx.* Relativo á ponte de Varolio.

pontocerebeloso-a *adx.* Relativo á protuberancia e ó cerebelo.

pool *s.m.* Agrupación, acumulación ou depósito de substancias ou células nunha parte do organismo. Por exemplo, pool de células nai da medula ósea.

poplíteo-a *adx.* Que fai referencia á cara posterior do xeonllo.

poradenia ou **poradenite** *s.f.* Enfermidade dos ganglios inguinais caracterizada pola formación de múltiples abscesos. Tamén se di **enfermidade de Nicolas-Favre** ou **linfogranuloma venéreo**.

porcelana *s.f.* Mestura fundida composta de caolín, cuarzo e feldespato, entre outros materiais, que se emprega para a fabricación de dentes artificiais.

porción *s.f.* Parte, cantidade segregada dun todo. // **P. intermedia de Wrisberg** Nervio intermedio entre o facial e o acústico. / **P. maior** ou **menor** Raíces sensitiva e motora, respectivamente, do trixémimo.

porencefalia *s.f.* Presencia de quistes ou cavidades a nivel do córtex cerebral causados pola paralización do desenvolvemento ou por anomalías conxénitas que producen atrofia. Clinicamente pódese traducir en crises epilépticas, atetose, idiocia, etc.

porfina *s.f.* Anel fundamental do núcleo das porfirinas.

porfiria *s.f.* Grupo de enfermidades que se orixinan por un trastorno familiar no metabolismo das porfirinas, consistente na eliminación pola urina, feces, etc., de cantidades anormais de porfirina, especialmente de uroporfirina. Tamén se di **hematoporfiria**. // **P. cutánea tardía** ou **tarda** Porfiria caracterizada pola fotosensibilización das zonas do corpo expostas á luz e ó rozamento, con formación de ampolas nestas zonas. / **P. eritropoética** Porfiria conxénita. / **P. macular** Porfiria disposta en

manchas. / **P. variegata** Porfiria común, autosómico dominante, que se dá en África do Sur,

porfirina *s.f.* Substancia de estrutura cíclica formada por catro aneis porrólicos unidos por pontes metínicas, con distintos radicais segundo a porfirina da que se trate. Están presentes nos organismos vexetais, animais e microorganismos, xa que constitúen a base dos pigmentos respiratorios. As máis coñecidas son: protoporfirina, hematoporfirina, uroporfirina.

porfirinemia *s.f.* Presencia de porfirinas no sangue.

porfirinuria ou **porfiruria** *s.f.* Presencia de porfirinas (uroporfirina ou coproporfirina) de procedencia tóxica na urina.

porfirización *s.f.* Acción de reducir a po unha substancia por trituración.

porfobilina *s.f.* Pigmento escuro causado pola acción do ácido clorhídrico sobre o porfobilinóxeno.

porfobilinóxeno *s.m.* Derivado pirrólico formado pola condensación de dúas moléculas do ácido delta aminolevulínico, intermediario na síntese das porfirinas e derivados (grupo hem, clorofila).

poria (lat.) Plural de porio.

porio *s.m.* En craneimetría, punto craneométrico que coincide co punto máis alto do conducto auditivo externo.

poriomanía *s.f.* Tendencia irresistible á marcha errante. Tamén se di **automatismo ambulatorio**, **dromomanía**.

poro *s.m.* 1. Orificio moi pequeno nunha superficie. Tamén se di **meato**. 2. Calquera dos orificios da superficie externa da pel, a través dos cales as glándulas verten a súa secreción. 3. Cavidade cerebral na porencefalia. // **P. acústico externo** Extremo externo do conducto auditivo externo. / **P. acústico interno** Abertura ó cráneo do conducto auditivo interno. / **P. de Galeno** Conducto inguinal. / **P. de Kohn** Poro dos alvéolos pulmonares. / **P. nuclear** P. a nivel do núcleo celular, que permiten o intercambio entre o núcleo e o citoplasma. / **P. óptico** Abertura na esclerótica que permite o paso do nervio óptico. / **P. puntiforme** Desembocadura do conducto de Wharton da glándula submaxilar.

porocefaliase ou **porocefalose** *s.f.* Parasitación por artrópodos do xénero *Porocephalus*.

porocele *s.f.* Hernia escrotal con endurecemento e engrosamento das paredes do testículo.

poroencefalia *s.f.* Porencefalia.

poroma *s.m.* 1. Induración de carácter inflamatorio. 2. Calosidade. // **P. ecrino** Tumor da extremidade distal ou intraepidérmica da glándula sudorípara ecrina. / **P. foliular** Tumor derivado da parte intraepidérmica do folículo piloso.

porónfalo *s.m.* Hernia umbilical de paredes duras.

poropatía *s.f.* Forma terapéutica empírica de curación na que se aplican os fármacos sobre a superficie cutánea

situada por enriba do órgano enfermo, actuando así sobre o órgano enfermo a través dos poros da pel.

poroqueratose *s.f.* Enfermidade crónica e hereditaria da pel, localizada principalmente nas mans e nos pés, e que se caracteriza pola hipertrofia do estrato córneo que se localiza arredor dos poros das glándulas sudoríparas, seguida posteriormente da atrofia progresiva. Tamén se di **poroqueratose excentricial**. // **P. de Mantoux** Quera-tose puntiforme de localización palmoplantar.

porose *s.f.* 1. Induración de tipo inflamatorio. Tamén se di **poroma**. 2. Formación de calo óseo nas fracturas. 3. Formación de cavidades. 4. Porencefalia. // **P. cerebral** Presencia de numerosas cavidades no cerebro, de distinto tamaño, debidas a unha alteración cadavérica como resultado da formación de gases.

porotomía *s.f.* Meatotomía.

porráceo-a *adx.* Que ten unha cor verde escura, semellante á do porro, como certos vómitos, bile ou esputos.

pórrigo *s.m.* Enfermidade do coiro cabeludo, especialmente a tiña. // **P. decalvante** Alopecia areata. / **P. favoso** Tiña fávica. / **P. larval** Eccema con impetixe do coiro cabeludo.

porrigófito *s.m.* Tricófito.

porrixinoso-a *adx.* Parecido ou da natureza do pórriigo.

porropsia *s.f.* Sensación de afastamento e diminución do tamaño dos obxectos en movemento, que forma parte da aura epiléptica.

porta *s.f.* (lat) Hilo.

portaácidos *s.m.* Contagotas para a aplicación local dun ácido.

portaagullas *s.m.* Instrumento cirúrxico en forma de pinzas que fixan e sosteñen a agulla durante a sutura.

portacaústicos *s.m.* Recipiente usado para conter e levar substancias cáusticas

portador-a *adx.* 1. Que leva ou trae unha cousa dunha parte a outra. // *s.* 2. Individuo infectado de xermes que actúa como propagador dunha enfermidade, que pode presentar síntomas ou non, ou ben estar convalescente da enfermidade, pero en calquera caso é quen de transmitila. // **P. activo** Persoa que alberga xermes patóxenos no seu corpo despois de ter padecido a enfermidade. / **P. convalescente** Persoa portadora de xermes no período da convalecencia. / **P. crónico** Persoa na que persiste o axente patóxeno durante moito tempo despois da curación clínica. / **P. de gametos** Persoa que transmite a enfermidade a través de parasitos, como ocorre no paludismo. / **P. pasivo** Individuo que se infecta de xermes patóxenos sen ter padecido a enfermidade. / **P. por contacto** Persoa que estivo exposta á infección, pero sen contaxiarse, e que pode actuar como portadora dos axentes da mesma. / **P. san** Persoa que transmite os xermes patóxenos sen padece-la enfermidade.

portaligaduras *s.m.* Instrumento empregado para realizar ligaduras en partes profundas.

portamechas *s.m.* Sonda cunha especie de forza nun extremo que serve para introducir ou colocar drenaxes nunha ferida ou fístula.

portanós *s.m.* Aparato empregado para realizarlles ligaduras ós pedículos tumorais.

portaobxectos *s.m.* Placa de vidro, xeralmente rectangular, sobre a cal se colocan preparacións para o exame microscópico.

portio *s.f.* (lat.) Porción, parte.

portiplexo *s.m.* Plexo que se une ós plexos coroides laterais pasando polo orificio de Monro.

portografía *s.f.* Radiografía da vea porta trala inxección de contraste. // **P. esplénica** P. tras inxección percutánea no bazo de substancia contraste, xeralmente a través do noveno espacio intercostal na liña media clavicular.

pos- ou **post-** Prefixo do latín, despois, detrás.

posbraquial *adx.* Situado na cara posterior do brazo.

posbucal *adx.* Situado detrás da rexión bucal.

posbulbar *adx.* 1. Situado detrás do bulbo raquídeo ou en dirección distal. 2. Situado en sentido distal ó bulbo duodenal.

poscerebeloso-a *adx.* Situado detrás do cerebelo ou na cara posterior.

poscerebral *adx.* Situado detrás do cerebro.

poscibal *adx.* Que ocorre despois da inxestión de alimentos.

posclavicular *adx.* Situado detrás da clavícula.

posclimatérico-a *adx.* Que ten lugar despois do climatario ou menopausa.

poscomisural *adx.* Situado detrás dunha comisura cerebral.

poscondíleo-a *adx.* Situado detrás dun cóndilo.

posconnubial *adx.* Que ocorre despois do matrimonio.

posconvulsivo-a *adx.* Que se presenta despois dunha convulsión.

poscordial *adx.* Detrás do corazón.

poscubital *adx.* Situado detrás do cúbito ou na cara posterior do antebrazo.

posdiastólico-a *adx.* Que se presenta despois da diástole.

posdicrótico-a *adx.* Que ocorre despois da elevación dicrótica do esfigmograma.

posdiftérico-a *adx.* Que sucede despois dun ataque de difteria.

posdixestivo-a *adx.* Consecutivo á dixestión.

posdural *adx.* Situado detrás da duramáter.

posfarínxeo-a *adx.* Situado detrás da farinx.

posfebril *adx.* Que sucede como resultado da febre.

posganglionar *adx.* Situado detrás dun ganglio ou cadea.

posglenoide *adx.* Situado detrás da cavidade glenoide.

posgripal *adx.* Consecutivo á gripe.

posición *s.f.* 1. Calquera das actitudes posturais que pode adoptar o corpo dunha persoa espontaneamente ou cun fin determinado. 2. En obstetricia, presentación que toma o feto na pelve materna, é dicir, relación dun punto fixo da parte fetal con outro punto da pelve materna. En cada presentación cóllese un punto de referencia fetal: occipicio, fronte, queixo, sacro, ombro ou cabeza, que se relacionan con puntos fixos de referencia materna, que son os extremos dos diámetros oblicuos da pelve. As diversas posicións adoitan indicarse coas iniciais, por exemplo, occipitoilíaca dereita: OID. // **P. anatómica** Posición na que a persoa está de pé, cos brazos caídos ó longo do tronco, e as palmas das mans dirixidas cara a adiante. / **P. antálica** Posición que adopta o enfermo para ter menos dor. / **P. de Azoulay** Posición en decúbito supino cos brazos e as pernas levantadas para que chegue máis sangue venoso ó corazón e aumente a intensidade dos ruídos e sopros cardíacos. / **P. de decorticación** Posición na que o paciente ten as extremidades superiores en flexión ríxida en cóbado e pulso. Indica lesión mesencefálica. / **P. de descerebración** Posición na que os brazos están estendidos en rotación interna, e as pernas estendidas e cos pés en flexión plantar forzada. Indica compresión do tronco encefálico. / **P. de Fowler** Posición dorsal inclinada que se obtén erguendo a cabeceira da cama uns 50 cm, e que se emprega para facilita-la drenaxe da cavidade abdominal en individuos con peritonite. / **P. de prece mahometana** Posición xenucubital ou xenupectoral. / **P. de Trendelenburg** Posición supina sobre unha mesa cunha inclinación de 45°, coa cabeza cara a abaixo e as pernas colgando do extremo máis elevado. Emprégase sobre todo en operacións pelvianas. / **P. forzada** Posición que adoptan os enfermos para non ter algún síntoma molesto. / **P. funcional** Posición que debe darse a diversas partes do corpo en caso de inmovilización prolongada. / **P. prona** Posición en decúbito abdominal. / **P. supina** Posición dorsal. / **P. xenucubital** ou **xenupectoral** Actitude do paciente apoiado sobre xeonllos e cóbados ou sobre xeonllos e peito, respectivamente. Tamén se di **posición de prece mahometana**. / **P. xinecolóxica** Posición na que se coloca o paciente en decúbito dorsal, coas pernas flexionadas e as coxas en abducción. Emprégase para realizar exames xinecolóxicos, intervencións cirúrxicas vía vaginal, etc.

posiomanía *s.f.* Dipsomanía.

positrón *s.m.* Partícula que posúe igual masa e carga có electrón, pero de signo contrario.

posmaduro-a *adx.* Feto que superou as 42 semanas de xestación.

posmalárico-a *adx.* Pospalúdico.

posmediastino *s.m.* Mediastino posterior.

posmeiótico-a *adx.* Da fase que segue á redución dos cromosomas ou meiose.

posmenopáusico-a *adx.* Que ocorre despois da menopausa.

posmesentérico-a *adx.* Que ocorre ou que se sitúa detrás do mesenterio.

posmolar *s.m.* Molar posterior ou molar definitivo.

posmortal *adx.* Que sucede despois da morte.

posnasal *adx.* Que ocorre ou que está situado detrás do nariz.

posnatal *adx.* Que sucede despois do nacemento.

posnecrótico-a *adx.* Que ocorre despois da morte ou gangrena dunha parte.

posneurítico-a *adx.* Que segue a unha neurite.

posnodular *adx.* Situado detrás dun nódulo.

posoloxía *s.f.* Parte da terapéutica que trata da dosificación dos medicamentos.

pospalúdico-a *adx.* Que segue a un ataque palúdico.

posparalítico-a *adx.* Que segue a un ataque de parálise.

posparto *s.m.* Que sucede despois do parto. Tamén se di **puerperio**.

pospicnótico-a *adx.* Que ocorre despois do período de picnose do protoplasma celular.

pospiramidal *adx.* Que ocorre ou se sitúa detrás dos fascículos piramidais.

pospneumónico-a *adx.* Consecutivo á pneumonía.

pospoñente *adx.* Das febres intermitentes nas que os accesos se atrasan.

pospontino-a *adx.* Que sucede ou se sitúa detrás da ponte de Varolio.

posprandial *adx.* Que se presenta despois dunha comida.

pospuberal *adx.* Que aparece no período que segue á puberdade ou que fai referencia a el.

pospubiano-a *adx.* Detrás da pube.

posrinoscopia *s.f.* Rinoscopia posterior.

posrolándico-a *adx.* Situado detrás da cisura de Rolando.

post mortem (lat.) Despois da morte.

postaxil *adx.* Situado detrás dun eixe.

postectomía ou **postetomía** *s.f.* Circuncisión.

postema *s.f.* Absceso aberto en supuración. Tamén se di **apostema**.

postembrionario-a *adx.* Que sucede despois do período embrionario.

postencefálico-a *adx.* Que segue a unha encefalite.

- postepiléptico-a** *adx.* Consecutivo a un ataque de epilepsia.
- posterior** *adx.* Situado na parte de atrás.
- posteroanterior** *adx.* De atrás adiante. Tamén se di **dorsoventral**.
- posteroinferior** *adx.* Localizado atrás e embaixo.
- posterointerno-a** *adx.* Localizado detrás e cara a dentro.
- posterolateral** *adx.* Localizado detrás e a un lado.
- posteromediano-a** *adx.* Situado na parte media da cara posterior.
- posteroparietal** *adx.* Situado na porción posterior do óso parietal.
- posterosuperior** *adx.* Situado detrás e arriba.
- postérula** *s.f.* Espacio entre os cornetos e as coanas.
- postescarlatinoso-a** *adx.* Que ocorre despois da escarlatina.
- postesfígmico-a** *adx.* Despois dun latexo ou pulso. Aplícase a unha fase sistólica.
- postesofáxico-a** *adx.* Situado detrás do esófago.
- postesplénico-a** *adx.* Situado detrás do bazo.
- postetmoide** *adx.* Situado detrás do óso etmoide.
- postexpiratorio-a** *adx.* Que se produce despois da expiración.
- posthemipléxico-a** *adx.* Secundario a un ataque de hemiplejía.
- posthemorráxico-a** *adx.* Secundario a unha hemorraxia.
- posthepático-a** *adx.* Situado detrás do fígado.
- posthoide** *adx.* Situado na parte posterior do óso hioide.
- posthipnótico-a** *adx.* Secundario ó estado hipnótico.
- posthipófise** *s.f.* Lobo posterior da hipófise.
- posticus** (lat.) Posterior.
- postifóidico-a** *adx.* Que sucede despois da febre tifoide.
- postinfeccioso-a** *adx.* Que ocorre despois dun proceso infeccioso.
- postioplastia** *s.f.* Cirurxía plástica do prepucio.
- postite** *s.f.* Inflamación do prepucio.
- postólito** *s.m.* Cálculo prepucial.
- postoral** *adx.* Que sucede ou está situado detrás da boca.
- postorbitario-a** *adx.* Que ocorre ou se sitúa detrás da órbita.
- postransfusional** *adx.* Que ocorre despois dunha transfusión.
- postraumático-a** *adx.* Que ocorre despois dun traumatismo.
- postulado** *s.m.* Hipótese que se establece para fundar unha demostración. // **P. de Koch V. lei.**
- póstumo-a** *adx.* 1. Que ocorre despois da morte. 2. Nacido despois da morte do pai.
- postura** *s.f.* Posición.
- postural** *adx.* Relativo á postura ou posición.
- potabilidade** *s.f.* Calidade de potable.
- potable** *adx.* Apropriado para beber.
- potamofobia** *s.f.* Temor enfermizo á auga.
- potasa** *s.f.* Hidróxido de potasio, de fórmula KO_4 , chamado potasa cáustica, de propiedades altamente alcalinas e cáusticas. Causa queimaduras moi importantes se contacta coa pel. A súa inxestión causa feridas moi graves.
- potasemia** *s.f.* Presencia de potasio no sangue.
- potasio** *s.m.* Elemento químico metálico, sólido e brando, de símbolo químico K e peso atómico 39,3. Moitos dos seus sales empréganse en medicina. No organismo atópase fundamentalmente en forma iónica (K^+). É o principal catión intracelular, desempeñando xunto co sodio un importante papel na regulación do equilibrio da auga e electrólitos, no equilibrio ácido-básico, na función cardíaca, contracción muscular e na actividade nerviosa.
- potasismo** *s.m.* Intoxicación por potasa. Tamén se di **calismo**.
- potasuria** *s.f.* Presencia de potasio na urina.
- potencia** *s.f.* Capacidade para producir un efecto ou realizar algo. // **P. medicamentosa** poder dun medicamento para producir un certo efecto específico a unha dose determinada. / **P. sexual** Capacidade do home para realiza-lo acto sexual.
- potenciación** *s.f.* V. **potencialización**.
- potencial** *adx.* 1. Que está disposto para a acción, pero non se atopa en actividade. // *s.m.* 2. Forza necesaria para leva-la unidade de carga positiva dun punto a outro dun campo eléctrico. // **P. de acción** Actividade eléctrica desenvolvida por un músculo ou nervio durante a súa actividade. / **P. bioeléctrico** Diferencia de potencial eléctrico entre o interior e o exterior dunha célula ou entre solucións separadas por unha membrana semipermeable. / **P. de membrana** Potencial que existe en ámbolos dous lados da membrana celular.
- potencialización** *s.f.* Acción combinada de dous ou máis medicamentos, que é maior cá suma dos efectos de cada un deles por separado. Tamén se di **potenciación**, **sinerxía**.
- potomanía** *s.f.* Necesidade irresistible de beber auga.
- potra** *s.f.* Hernia escrotal.
- pouso** *s.m.* Sedimento dun líquido.

Poxavirus ou *Poxviridae* *s.m.pl.* Familia de virus DNA que son hóspedes de certos mamíferos, paxaros, etc., e algúns teñen capacidade tumoral.

PP, factor *s.m.* Nicotinamida, factor preventivo da pelagra, presente no complexo vitamínico B.

práctica *s.f.* Exercicio da arte médica segundo as regras.

practicante *s.m.* Auxiliar técnico do médico.

práctico-a *adx.* Relativo á práctica.

praga *s.f.* 1. Peste. 2. Suceso que causa dano a moita xente. 3. Enfermidade ou dano que lle ocorre a unha persoa.

pragmatagnosia *s.f.* Perda da capacidade de recoñecer os obxectos antes coñecidos.

pragmatamnesia *s.f.* Perda da capacidade de lembra-lo aspecto dos obxectos.

pragmático-a *adx.* Que se ocupa dos aspectos prácticos.

pralidoxina *s.f.* Reactivador do enzima colinesterase, que pode actuar como antagonista das anticolinesterases.

prandial *adx.* Relativo ás comidas.

prata *s.f.* Elemento químico metálico de cor branca, moi dúctil e maleable, de peso atómico 107, e símbolo químico Ag. Emprégase na fabricación de instrumentos de cirurxía pola súa propiedade de non oxidarse. Os seus sales empréganse como xermicidas.

pratiño *s.m.* Estructura semellante a un prato. // **P. tibial** Cada unha das superficies articulares da tibia que se articulan cos cóndilos femorais. Tamén se di **cavidade glenoide**.

praxioloxía *s.f.* Estudio da conducta.

praxis *s.f.* 1. Práctica, praxe. 2. Actividade fisiolóxica ou física ordenada cara a un resultado.

pre- Prefixo do latín, diante.

preacción *s.f.* 1. Acción previa. 2. En hidroterapia, quen-tamento do corpo polo exercicio físico antes de aplica-la hidroterapia.

preadulto-a *adx.* Anterior ó estado adulto.

prealbumínico-a *adx.* Que se presenta antes de que apareza a albuminuria.

preanal *adx.* Diante do ano.

preanestesia *s.f.* Medicación a base de fármacos sedantes ou tranquilizantes que se aplica antes da anestesia xeral.

preaórtico-a *adx.* Diante da aorta.

preatáxico-a *adx.* Que se presenta antes da instauración da ataxia.

preauricular *adx.* Situado diante da orella ou diante da aurícula.

preaxial *adx.* Situado diante dun eixe.

prebacilar *adx.* Que se presenta antes da penetración dos bacilos no organismo ou antes do seu recoñecemento.

prebacteriolóxico-a *adx.* Anterior ó desenvolvemento da bacterioloxía.

prebasilar *adx.* Situado diante da apófise basilar do occipital.

precanceroso-a *adx.* Que, nun prazo de tempo máis ou menos longo, pode evolucionar a cancro.

precapilar *s.m.* Vénula ou arteríola.

precarcinomatoso-a *adx.* Que precede ó desenvolvemento dun cancro.

precardíaco-a *adx.* Precordial.

precartilaxe *s.f.* Tecido cartilaxinoso embrionario.

precimóxico *s.m.* Substancia celular que se converte en cimóxico.

precinese *s.f.* Período da intercinese comprendido entre o final da síntese do DNA e o comezo da mitose.

precipitación *s.f.* 1. Proceso de separación dun sólido mantido en forma de po, cristais, etc. 2. Formación de precipitinas.

precipitado *s.m.* Substancia que por precipitación se separa do seu disolvente no fondo do recipiente.

precipitador *s.m.* Instrumento eléctrico ou térmico usado para determina-lo número de partículas de po no aire.

precipitante *adx.* Substancia que provoca a precipitación química ou mecanicamente.

precipitina *s.f.* 1. Substancia proteica que, nun medio fisiolóxico, provoca unha precipitación. 2. Anticorpo que, ó reaccionar especificamente cun antíxeno na súa forma soluble, dá lugar a un precipitado.

precipitodiagnóstico *s.m.* Diagnóstico inmunolóxico que se realiza pola investigación de precipitinas.

precipitóforo *s.m.* Grupo químico dunha precipitina que causa precipitación. Equivale a unha parte da molécula de inmunoglobulina.

preclínico-a *adx.* Que ocorre antes de manifestarse clinicamente a enfermidade.

precocidade *s.f.* Desenvolvemento anticipado de certos trazos físicos ou psíquicos.

precoma *s.m.* Fase inicial que precede ó coma, na que aínda se conserva a consciencia ou parte dela, onde hai unha perda de control dos procesos neuropsicolóxicos que precisan a integridade funcional do córtex cerebral.

preconsciente *s.m.* Unha das tres áreas nas que se subdivide a psique segundo a hipótese de Freud. Comprende os contidos psíquicos (pensamentos, vivencias) que nun momento dado non son conscientes, pero pódense converter en tales mediante un esforzo da atención.

precordial *adx.* 1. Que está situado diante do notocordio. // *s.f.* 2. Moa que aparece antes da do xuízo.

precordial *adx.* Relativo á zona situada diante do corazón.

precordialxia *s.f.* Dor na rexión precordial.

precordio *s.m.* Rexión precordial, que comprende a parte anterior e inferior do hemitórax esquerdo e o epigastrio.

precostal *adx.* Que está diante das costelas.

precoz *adx.* Que se produce ou desenvolve antes de tempo.

precranial *adx.* Situado na parte anterior do cranio.

precrítico-a *adx.* Previo á aparición da crise.

precursor-a *adx.* Que precede ou anuncia algo que se desenvolve posteriormente. Tamén se di **premonitorio**.

predentina *s.f.* Substancia fibrilar branda, que constitúe a dentina primaria ou primitiva.

prediabete *s.f.* Fase dun individuo xeneticamente predisposto á diabete, antes de que exista ningunha manifestación clínica ou funcional de carácter diabético. Tamén se di **diabete potencial**.

prediástole *s.f.* Intervalo que precede inmediatamente á diástole.

predisposición *s.f.* Susceptibilidade de tipo conxénito ou adquirido cara a unha enfermidade determinada.

predixestión *s.f.* 1. Dixestión artificial dos alimentos antes da súa inxestión. 2. Proceso previo á dixestión: mastigación, insalivación, etc.

prednisolona *s.f.* Glicocorticoide obtido por deshidroxenación da hidrocortisona cunha maior actividade antiinflamatoria e glicocorticoide, e menor actividade mineralocorticoide.

prednisona *s.f.* Glicocorticoide obtido por deshidroxenación da cortisona, con maior actividade glicocorticoide e antiinflamatoria e menor actividade mineralocorticoide.

predorsal *adx.* Que está situado diante do dorso.

pre eclampsia *s.f.* Síndrome gravídica que precede a eclampsia, caracterizada por hipertensión, edemas, proteinuria, náuseas, vómitos, etc., e que se diferencia da eclampsia pola ausencia de convulsións e coma.

predema *s.f.* Fase que precede a aparición do edema, durante a cal os tecidos aumentan o grao de hidratación por retención de sal.

preepiglótico-a *adx.* Que está situado ou que ten lugar diante da epiglote.

preeruptivo-a *adx.* Que precede a erupción.

preformación *s.f.* Preexistencia.

prefrontal *adx.* Situado na parte anterior da rexión ou lobo frontal.

pregadura *s.f.* 1. Engurra, dobra ou desigualdade que se forma nunha superficie. 2. Válvula. // **P. aritenoepiglótica** Pregaduras da mucosa larínxea que se estenden entre os bordos laterais da epiglote e a parte superior da carti-

laxe aritenoide. / **P. axilar** Pregaduras musculocutáneas da pel que forman as paredes anterior e posterior da cavidade axilar por substitución dos músculos dorsal ancho e pectorais ó atoparse o brazo en abducción. / **P. cecal** Cada unha das pregaduras do peritoneo que forma o mesocolon ascendente. / **P. cerebral** Circunvolución cerebral. / **P. conxuntival** Dobra da conxuntiva que chega ata a porción máis externa da pálpebra. / **P. de Douglas** Pregadura do peritoneo entre o útero e o recto. Tamén se di **P. rectouterina**. / **P. glútea** Pregadura de separación entre a nádega e a coxa. / **P. de Hasner** Pregadura lacrimal. / **P. de Nélaton** Pregadura transversal situada na mucosa do recto que marca a unión do seu tercio inferior co seu tercio medio. / **P. ileocólica** ou **de Luschka** Pregadura peritoneal que forma parte do mesenterio, colon e cego. / **P. rectal** V. **válvula de Houston**. / **P. rectovaxinal** ou **rectovesical** V. **saco de Douglas**.

preganglionar *adx.* Que está situado diante dun ganglio.

pregnandiol *s.m.* Esteroido derivado do metabolismo da proxesterona que se elimina pola urina mentres funciona o corpo marelo.

pregnano *s.m.* Hidrocarburo esteroide saturado, con fórmula química C₂₁H₃₆. Do 5^B-pregnano derivan varias hormonas, como a proxesterona.

pregnanolona *s.f.* Metabolito da proxesterona.

pregneno *s.m.* Esteroido cristalino non saturado que constitúe o núcleo principal da proxesterona.

pregnenolona *s.f.* Esteroido producido sinteticamente a partir do colesterol ou illado na placenta suprarrenal e considerado un precursor de numerosas hormonas esteroides.

pregonio *s.m.* Escotadura sobre o bordo inferior do corpo da mandíbula diante do seu ángulo, debida ó paro da arteria facial. Tamén se di **canle facial**.

pregravídico-a *adx.* Que é anterior á xestación.

prehallux *s.m.* Óso supernumerario do pé, que ás veces se desenvolve no bordo interno do escafoide.

prehepático *s.m.* Masa de tecido conxuntivo embrionario que posteriormente formará o tecido intersticial do fígado.

prehioide *adx.* Que está situado diante do óso hioide.

prehipertensión *s.f.* Fase de hipertensión lábil, na que os aumentos de tensión arterial son aínda episódicos, producindo trastornos que máis adiante desaparecen ó establecerse a hipertensión constante.

prehipófise *s.f.* Lobo anterior da hipófise.

preinducción *s.f.* Modificación que aparece a partir da terceira xeración dos descendentes do mesmo individuo pola influencia ambiental sobre as células xerminativas.

preinmunización *s.f.* Inmunización artificial que se efectúa nos nenos ou mesmo antes de naceren.

preínsua *s.f.* Porción anterior da insua de Reil.

prelacrimal *adx.* Situado diante do óso, glándula ou saco lacrimais.

prelácteo-a *adx.* 1. Que precede a lactación. 2. Que se lle administra ó neonato antes do aleitamento completo.

prelarínxeo-a *adx.* Que está situado diante da larinxe.

preleucemia *s.f.* Estado caracterizado por alteracións inespecíficas de tipo hematolóxico, que poden preceder en meses ou anos á aparición do cadro leucémico, e que dependerían de anomalías nas células nai ou stemcells. Dentro deste estado temos as anemias aplásicas, anemias macrocíticas, monocitoses inespecíficas, etc.

prelímico-a *adx.* Que está situado diante do limbo.

preliminar *adx.* Que precede o principal, preparatorio.

prelum *s.m.* (lat.) Prensa. // **P. abdominale** Presión intraabdominal, presión que se exerce sobre as vísceras abdominais entre o diafragma e as paredes do abdome na defecación, micción, e no parto.

prelumar *adx.* Que está situado diante do lombo ou das vértebras lumbares.

pre maligno-a *adx.* Que precede os caracteres de malignidade. Tamén se di **pre canceroso**.

premaníaco-a *adx.* Que precede a un ataque de manía.

prematuro-a *adx.* 1. Que sucede antes do tempo apropiado. // *s.* 2. Neno nacido antes da 38ª semana de xestación.

premaxilar *adx.* Que está situado diante da mandíbula.

premedicación *s.f.* Medicación preliminar, especialmente a medicación sedante, tranquilizante, hipnótica ou anticolinérxica administrada antes da anestesia xeral. Ten como prioridade seda-lo enfermo e potencia-los efectos do anestésico, neutralizando as reaccións adversas: náuseas, vómitos, reaccións nerviosas, etc.

premenstrual *s.m.* Período que antecede inmediatamente o da menstruación.

premielocito *s.m.* Mielocito embrionario, célula intermedia entre o mieloblasto e o mielocito. Tamén se di **promielocito**.

premioblasto *s.m.* Mieloblasto embrionario, precursor do mielocito.

premolar *adx.* 1. Que está situado diante dos molares. // *s.m.* 2. Peza dentaria bicúspide, situada entre o canino e o primeiro molar. Atópanse en número de dous en cada unha das catro arcadas dentarias sumando en total oito. 3. Molar da primeira dentición.

premonitorio-a *adx.* Que serve de precursor ou de aviso, como os síntomas. Tamén se di **prodrómico**.

premoriencia *s.f.* Determinación en dúas ou máis persoas da orde en que faleceron. Ten importancia médico-legal cando os falecidos estaban destinados a se sucederen segundo as leis civís.

premortal *adx.* Que ocorre pouco antes da morte.

premunición *s.f.* 1. Prevención. 2. Inmuidade relativa que adquire un organismo fronte a unha infección e que, establecida unha vez que esta pasou á fase crónica, prevalece mentres o axente patóxeno responsable permanece no organismo. Tamén se di **premunidade**.

preunitivo-a *adx.* Preventivo.

preñada *adx.f.* Embarazada.

pre narcose *s.f.* Narcose inducida previa á anestesia xeral.

prenasal *adx.* Situado ou que ocorre diante do nariz.

prenatal *adx.* Que precede o nacemento.

preneoplásico-a *adx.* Que precede o desenvolvemento do tumor.

preñez *s.f.* Embarazo.

prensa *s.f.* Aparato para comprimir. // **P. de Herófilo** Confluencia dos senos da duramáter a nivel da protuberancia occipital interna. Tamén se di **prensa de Tórculo**.

prénsil *adx.* Que serve para coller.

prensión *s.f.* Acción de coller.

preoperatorio-a *adx.* Que precede a unha operación.

preóptico-a *adx.* Que está situado ou que ocorre antes dos tubérculos cuadrixéminos anteriores ou lobos ópticos.

preoral *adx.* Que está situado diante da boca.

prepalatino-a *adx.* Situado ou que ocorre diante do padal.

prepalio *s.m.* Parte do córtex cerebral situada diante da cisura de Rolando.

preparación *s.f.* 1. Conxunto de operacións físicas, químicas, etc., que permiten obter unha substancia. 2. Preparado farmacolóxico. 3. Productu anatómico, histolóxico ou patolóxico disposto para o seu estudo e conservación. // **P. maxistral ou oficial** Medicamento que se conserva preparado nas farmacias para a súa venda ou para a preparación doutros medicamentos.

preparador-a *s. V. amboceptor.* // **P. anatómico** Anatómista encargado da disección anatómica para o seu estudo nas facultades de Medicina.

preparante *adx.* Que prepara, en especial as dores do comezo do parto, que dilatan o colo uterino.

prepatelar *adx.* Prerrotuliano.

preperitoneal *adx.* Que está situado ou que ocorre diante do peritoneo.

preplacentario-a *adx.* Que ocorre antes da formación da placenta.

preponderancia *s.f.* Exceso de peso, forza ou influencia dunha cousa con respecto doutra. // **P. ventricular** Desenvolvemento desproporcionado entre os ventrículos do corazón, que se diagnostica por ECG.

prepontino-a *adx.* Que está situado diante da protuberancia.

prepsicose *s.f.* Estado previo ó desenvolvemento dunha psicose, ou estrutura estable da personalidade que presenta unha tendencia ó autismo, trastornos do comportamento, etc., que se diferencia da psicose por ter un contacto maior coa realidade.

prepsicótico-a *adx.* 1. Relativo á prepsicose. // *s.* 2. Persoa afectada de prepsicose.

prepubescente *adx.* Anterior á puberdade.

prepubiano-a *adx.* Que está situado ou que ocorre diante da pube.

prepucio *s.m.* Pregadura monocutánea da pel que recobre a glande. // **P. do clítoris** Pregadura mucosa formada polos labios menores que cobren o clítoris.

prepuotomía *s.f.* Incisión no dorso do prepucio para o tratamento da fimose.

prerrectal *adx.* Que está situado ou que ocorre diante do recto.

prerrotuliano-a *adx.* Que está situado ou que ocorre diante da rótula. Tamén se di **prepatelar**.

presa *s.f.* Acción de coller un órgano ou parte, manualmente ou mediante instrumentos.

presbiacusia *s.f.* Diminución da agudeza auditiva, común nas persoas anciás.

presbicia *s.f.* Trastorno da visión que aparece arredor dos 45 anos e aumenta coa velez, causado pola diminución, crecente e regular pero fisiolóxica, da amplitude da acomodación, por debilidade do músculo ciliar e perda de elasticidade do cristalino. O seu tratamento é óptico.

presbifacelo *s.m.* Gangrena senil.

presbifrenia *s.f.* Forma de demencia senil, cun deterioro mental menos acusado ca outras demencias, caracterizado por perda de memoria, desorientación, fabulación e dificultades para fixa-la atención. Tamén se di **síndrome de Wernicke**

presbiope *adx. e s.* Persoa afectada de presbiopía.

presbiopía ou **presbiopsia** *s.f.* V. **presbicia**.

présbita *adx. e s.* Presbiope.

presbitismo *s.m.* Presbicia.

prescripción *s.f.* Receita.

presecreta *s.f.* Substancia que existe na mucosa duodenal, da que deriva a secreta por acción do ácido clorhídrico.

presenil *adx.* Relativo ó estado semellante ó senil, pero que ocorre antes da ancianidade.

presenilidade *s.f.* Velez prematura. Tamén se di **proxeria**.

presentación *s.f.* En obstetricia, parte do corpo fetal que aparece no estreito superior pelviano. // **P. cefálica**

Presentación de calquera parte da cabeza fetal (fronte, cara, occipicio) durante o parto. / **P. de cara** Presentación cefálica coa cabeza flexionada. / **P. de nádegas** Presentación do extremo pelviano fetal, que comprende tres variedades: de nádegas, de xeonllos, de pés. / **P. de tronco ou transversa** Presentación do feto por un dos seus planos laterais, que comprende tres variedades: acromial, cubital e braquial. / **P. lonxitudinal** Presentación dun dos extremos, cefálico ou pelviano, da elipse fetal.

preserva *s.f.* Substancia libre de descomposición por calquera procedemento: desecación, conxelación, etc.

preservación *s.f.* Profilaxe.

preservativo-a *adx.* 1. Que evita o desenvolvemento dunha enfermidade ou que prevén un dano. // *s.m.* 2. Cuberta fina de goma para o pene que se emprega durante o coito para previla fecundación ou infección. Tamén se di **condón**, **profiláctico**.

presión *s.f.* 1. Acción e efecto de comprimir. 2. Forza, tensión aplicada ou que actúa contra unha superficie ou resistencia. // **P. arterial** P. que exerce o sangue sobre as paredes das arterias ó circular por elas impulsada pola forza contráctil do corazón. O seu valor depende da enerxía da actividade cardíaca, da elasticidade das paredes arteriais, da resistencia capilar, e do volume e viscosidade do sangue. / **P. atmosférica** P. exercida pola atmosfera, que a nivel do mar é de aproximadamente 760 mm Hg. / **P. diastólica** P. que se dá durante a diástole cardíaca. Depende da elasticidade dos vasos, do volume e do grao de viscosidade do sangue. Tamén se di **presión arterial mínima**. / **P. oncótica** P. que se orixina por difusión de solucións de diferentes concentracións a través dunha membrana. / **P. sanguínea** P. que exerce o sangue sobre os vasos, que pode ser arterial ou venosa. / **P. sistólica** P. arterial exercida durante a sístole, que depende sobre todo da enerxía de contracción cardíaca e do volume sistólico. Tamén se di **presión arterial máxima**. / **P. venosa** P. sanguínea exercida sobre as paredes venosas, que diminúe gradualmente desde os capilares ata a aurícula dereita.

presístole *s.f.* Intervalo que precede inmediatamente a sístole. Tamén se di **sístole auricular**.

presor-a *adx.* 1. Que provoca constricción dos vasos sanguíneos e o conseqüente aumento da presión arterial. // *s.m.* 2. Substancia ou nervio que ten acción presora.

presorreceptor *s.m.* Receptor ou terminación nerviosa sensible ás variacións de presión. Tamén se di **barorreceptor**.

prestase *s.f.* Hiperemia por dilatación de vasos capilares, precapilares e poscapilares, con diapédese de glóbulos vermellos.

presupurativo-a *adx.* Que ocorre antes da supuración.

presura *s.f.* 1. Opresión. 2. Unlleiro na raíz da uña.

pretarsal *adx.* Que está diante do tarso.

pretibial *adx.* Que está diante da tibia.

pretimpánico-a *adx.* Que está situado ou que ocorre diante do tímpano.

pretiroide *adx.* Que está situado diante da glándula ou da cartilaxe tiroide.

pretraqueal *adx.* Situado ou que ocorre diante da traquea.

preuretrite *s.f.* Inflamación da mucosa vulvar por diante do meato urinario.

prevalencia *s.f.* En estatística sanitaria, proporción entre enfermos novos e vellos, por 1.000 habitantes, dunha enfermidade determinada.

preventorio *s.m.* Institución onde se illan os enfermos co fin de previ-la propagación de enfermidades infecciosas.

preventriculose *s.f.* Obstrucción do cardias esofáxico por espasmo das fibras esofáxicas.

prevertebral *adx.* Que está situado diante dunha vértebra ou da columna vertebral.

prevesical *adx.* Que está situado diante da vexiga.

previtamina *s.f.* Composto a partir do cal se forma a vitamina. // **P. A** Caroteno.

prexenital *adx.* Relativo á fase infantil anterior ó desenvolvemento xenital completo.

priapismo *s.m.* Enfermidade caracterizada pola aparición de ereccións anormais, dolorosas, sen desexo sexual, e que non conduce a ningunha exaculación. Ás veces as causas son debidas a enfermidades da vexiga, uretra, próstata, medula espiñal, etc. // **P. nasal** Conxestión permanente dos cornetos.

priapite *s.f.* Inflamación do pene. Tamén se di **falite**.

priapo *s.m.* Pene.

prilocaína *s.f.* Clorhidrato usado como anestésico local.

primaquina *s.f.* Quimioterápico de síntese, derivado da 8-aminoquinolina, usado no tratamento do paludismo.

primario-a *adx.* Principal, primeiro en orde ou grao.

primates *s.m.pl.* Grupo superior na escala zoolóxica que comprende o home e os antropoides.

primigrávida *s.f.* Muller embarazada por primeira vez.

primípara *s.f.* Muller que pariu unha soa vez, estea vivo ou non o feto.

primitivo-a *adx.* 1. Orixinal, primeiro, que non ten nin toma orixe doutra cousa. 2. En clínica, úsase para expresar que unha lesión constitúe o punto de partida doutros procesos ou lesións chamados secundarios.

primoinfección *s.f.* Infección producida por primeira vez no organismo por axentes patóxenos. Xeralmente refírese á tuberculose.

primordial *adx.* Primitivo, primeiro, principio fundamental de calquera cousa.

primordio ou *primordium* *s.m.* Rudimento.

primovacinação *s.f.* Vacinación que se efectúa por primeira vez.

principio *s.m.* 1. Elemento químico. 2. Substancia da cal dependen certas propiedades dunha droga. 3. Base, orixe, lei fundamental na que se basean ou da que derivan as demais. // **P. activo** Constituínte farmacolóxico activo das drogas. / **P. antianémico** Constituínte do fígado e outros tecidos, de acción hematopoética na anemia perniciososa.

Prinzmetal, síndrome de V. síndrome

prisma *s.m.* 1. Corpo sólido de sección triangular ou poligonal, con varias caras paralelas a unha recta chamada eixe. 2. En óptica, medio transparente limitado por dúas superficies planas que forman un ángulo diedro, que ó desvia-la luz branca cara á súa base, descomponse nas sete cores primitivas.

prismoide *adx.* Que é semellante a un prisma.

prismómetro ou **prisómetro** *s.m.* Instrumento para determina-las ametropías por medio dun prisma xiratorio.

privación *s.f.* Falta ou carencia.

pro- Prefixo do grego, diante.

proamnio *s.m.* Amnios primitivo.

proatlas *s.m.* Vértebra rudimentaria observada como anomalía rara no home.

proba *s.f.* 1. Ensaio ou experiencia empregados con obxecto de recoñecer ou investiga-la existencia dunha substancia, lesión, anomalía, etc., ou o xeito de efectuarse unha función. 2. En psicoloxía, conxunto de métodos estandarizados que permiten determina-las características psicolóxicas dun individuo. // **P. a cegas** P. na que o paciente descoñece a administración dun placebo ou dun medicamento activo. / **P. da autocampimetría de Palomar-Petit** Procedemento utilizado para diagnostica-las hemianopsias e cuadrantanopsias: sitúase o individuo a uns 15 cm dun espello mirando fixamente entre as súas cellas, e pode ocorrer que vexa os seus dous ollos, un deles, toda a súa cara, a metade superior ou a inferior. / **P. de aglutinación V. reacción de Widal.** / **P. de Apgar V. índice de Apgar.** / **P. de Babinski-Weil** P. que se usa para o diagnóstico da ataxia labiríntica, para a cal se lle pide ó paciente que ande cos ollos pechados e dea dez pasos cara a adiante e outros dez cara a atrás. Se existe trastorno desvíase cara a un lado tanto ó avanzar como ó retroceder. / **P. de Bechterew** Proba que se emprega para o diagnóstico da ciática: co paciente sentado na cama, pídeselle que estenda ámbalas dúas pernas ó mesmo tempo; os individuos con ciática non poden facelo, pero si estendelas alternativamente. / **P. de Binet ou de Binet-Simon** Método para valorar-la capacidade mental dos nenos mediante probas adaptadas á capacidade normal segundo as diversas idades. / **P. de conducción nerviosa** Proba de electrodiagnóstico para determina-la integridade dos nervios periféricos. Mide o tempo que tarda un impulso en percorrer un segmento determinado dun

nervio, e úsase para o diagnóstico da síndrome de compresión nerviosa, polineuropatías, etc. / **P. de Coombs** Proba para demostra-la existencia de anticorpos anti-RH no soro. / **P. de Dick** Proba para determina-lo grao de susceptibilidade á escarlatina, consistente en aprecia-lo avermellamento da pel trala inxección cutánea de 0,1 ml de filtrado diluído do estreptococo hemolítico desta enfermidade. / **P. dedo-nariz** Proba empregada para examina-la coordinación motora. / **P. de fibrinóxeno** Proba que se emprega para o exame da función hepática. A diminución de fibrinóxeno indica insuficiencia hepática. / **P. de Koch** Proba utilizada para o diagnóstico de diátese hemorráxica. Consiste en pica-lo tecido subcutáneo e ver se hai efusión sanguínea arredor das picadas. / **P. de Patrick** Co paciente en decúbito supino, flexiónase a coxa e o xeonllo e colócase o maléolo externo sobre o xeonllo da perna oposta. Se existe unha artrite coxo-femoral, aparece dor intensa cando se preme cara a abaixo o xeonllo do membro flexionado. / **P. de Paul** Proba que se emprega para o diagnóstico da varíola. Aplícase o líquido procedente dunha vesícula supostamente variólida sobre a córnea escarificada dun coello, que posteriormente se extrae e se observa ó microscopio; se o líquido é de varíola ou de vacina, obsérvase un estado de epitelióse conxuntival. / **P. de Perthes** Proba que se realiza para comprobar se hai circulación colateral nas veas profundas do membro inferior, en pacientes con veas varicosas: aplícase unha vendaxe por debaixo do xeonllo e díselo ó paciente que camiña. Se hai circulación colateral as veas varicosas baléiranse a pesar da compresión. / **P. de Politzer** Proba utilizada para diagnóstica-la xordeira unilateral: colócase un diapasón en vibración fronte ás ventás nasais no momento da deglutición. Neste momento, a vibración é percibida só polo oído san. / **P. de Rinne** Proba que se usa para diferenza-la xordeira de condución da xordeira perceptiva. Baséase no feito de que no individuo con audición normal ou con xordeira perceptiva dura máis a percepción do son dun diapasón cando se coloca fronte ó meato auditivo externo (vía aérea) que cando se aplica na apófise mastoide do mesmo lado (vía ósea). Polo contrario, nos individuos que padecen xordeira de condución, a duración da percepción do son transmitido por vía ósea é igual ou maior cá do son transmitido por vía aérea. / **P. de Romberg** Proba utilizada para determina-lo estado do equilibrio estático. Para realízala colócase o paciente cos pés xuntos, os ollos cerrados e a cabeza erecta, e compróbase a desviación da vertical. / **P. de Schiller** Proba empregada para o diagnóstico precoz do cancro do colo uterino: pincélase a mucosa con solución iodoiodurada. O epitelio san, que ten glicóxeno, tñguese de castaño; se existe un carcinoma "in situ", no cal as células carecen de glicóxeno, adquire unha cor abrancazada ou amarelada. No caso de leucoplasia, esta proba dá resultados semellantes, polo que o diagnóstico diferencial débese facer mediante biopsia. / **P. de Shilling** Proba demostrativa da falta de absorción da vitamina B₁₂, que consiste en administra-la citada vitamina marcada cun isótopo radioactivo e determina-la cantidade de

isótopo excretado pola urina. Dá valores baixos na anemia perniciososa e nas síndromes de malabsorción. / **P. de talón-xeonllo** Proba empregada para diagnóstica-la ataxia dinámica dos membros inferiores, que se realiza facendo que o paciente en decúbito e cos ollos pechados, toque un xeonllo co talón do outro pé. / **P. de Trendelenburg** Proba empregada para investiga-la circulación periférica e determina-la capacidade funcional das válvulas dos membros inferiores. Consiste en levanta-la perna por riba do nivel do corazón, estando o paciente deitado, ata baleira-las veas; logo báixase a perna rapidamente, e se as veas se distenden inmediatamente é indicio de varicosidade e insuficiencia valvular. / **P. de Weber** Proba empregada para diferenza-la xordeira de condución da percepción, para a cal se aplica un diapasón en vibración no vértice da cabeza. Se a xordeira é conductiva o paciente oírá mellor polo oído enfermo debido ó aumento da propagación do son pola vía ósea, mentres que se a xordeira é de percepción, oírá polo oído san, porque entre dous oídos medios normais predominará o oído interno mellor. / **P. de Ziehen** Proba que se emprega en psiquiatría, consistente en que o paciente describa e explique as diferenzas entre obxectos distintos. / **P. dobre cego** Proba que consiste en administrar un produto do cal ignoran, tanto o médico como o paciente, se se trata dun fármaco activo ou dun placebo. / **P. WAIS** Proba de intelixencia para adultos de Wechsler-Bellvue. / **P. WISC** Proba de intelixencia para nenos de Wechsler-Bellvue.

probenecid *s.m.* Derivado do ácido benzoico que inhibe o transporte tubular renal dos ácidos orgánicos. Emprégase no tratamento da hiperuricemia ou gota e para aumenta-los niveis plasmáticos de penicilina.

probeta *s.f.* Vasilla de laboratorio, xeralmente de vidro ou outro material semellante, utilizada para medir líquidos.

procaína *s.f.* 2-dietilaminoetil-P-aminobenzoato, anestésico derivado do ácido paraaminobenzoico. // **Clorhidrato de p.** ou **novocaína** Anestésico local e espiñal, de sabor amargo, que se presenta en forma de po cristalino soluble e que se utiliza en solución do 1 ó 4%, menos tóxico cá cocaína e sen acción vasoconstrictora. Actualmente úsase como anestésico local unido á penicilina para retarda-la absorción e prolonga-la acción desta.

procainamida *s.f.* Composto sintético análogo á procaína pero máis estable. Emprégase no tratamento de certas arritmias.

procariota *adx.* Dos organismos formados por células cun só cromosoma e sen membrana que o ille do citoplasma. Non se reproducen por mitose e o seu DNA non contén histonas. Case todos presentan parede, da cal o elemento principal é o ácido murámico. Na súa composición atópanse substancias que non aparecen noutros seres vivos, como a D-alanina, D-glutámico, N-acetil-murámico. A membrana non ten esteroides, e o citoplasma é pobre en organelos, presentando abundantes ribosomas 70S. É a estrutura propia dos organismos inferiores, como as bacterias.

- procatártico-a** *adx.* 1. Primario. 2. Predispoñente. 3. Que causa unha enfermidade.
- procedemento** *s.m.* Método.
- procefálico-a** *adx.* Relativo á parte anterior da cabeza.
- procelia** *s.f.* ou **procelio** *s.m.* Ventrículo lateral do cerebro. Tamén se di **paracelo**.
- procesionaria** *s.f.* Eiruga que produce a miúdo reaccións urticariformes.
- proceso** *s.m.* 1. Evolución dunha serie de fenómenos ou de lesións relacionados cunha enfermidade. 2. Desenvolvemento ou evolución das fases sucesivas dun fenómeno. 3. En anatomía, apófise, prolongación, proliferación. // **P. ciliares** Prolongacións vasculomusculares que se estenden desde a cara interna da zona coroide ata a circunferencia do cristalino, formando a coroa ciliar.
- processus** *s.m.* (lat.) 1. Proceso. 2. Apófise.
- procesual** *adx.* Das enfermidades que seguen un curso evolutivo.
- procidencia** *s.f.* Prolapso ou caída dun órgano ou parte del, especialmente a do útero ou a do cordón umbilical.
- procigose** *s.f.* Sincefalia.
- procole** *s.f.* Cabalo no que a cabeza se inclina cara a adiante.
- procondral** *adx.* Que se xera antes da formación da cartilaxe.
- procordial** *adx.* Que está situado ou que ocorre diante do notocordio.
- procorese** *s.f.* Progresión do alimento ó longo do conducto dixestivo.
- procorion** *s.m.* 1. Capa de natureza albuminosa que recobre o óvulo cando atravesa a trompa de Falopio. 2. Zona translúcida do ovo fecundado no útero.
- procreación** *s.f.* Xeración de descendencia, multiplicación.
- procreativo-a** *adx.* Que é quen de concibir.
- procromatina** *s.f.* Substancia que forma parte dos nucleolos. Tamén se di **paranucleína**.
- proctagra** ou **proctaxia** *s.f.* Dor no ano ou no recto.
- proctatresia** *s.f.* Anomalía conxénita que causa atresia ou imperforación do recto.
- proctectasia** *s.f.* Ectasia ou dilatación do recto ou do ano.
- proctectomía** *s.f.* Extirpación cirúrxica parcial ou completa do recto.
- proctencleíse** *s.f.* Constricción ou estenose do recto ou do ano.
- procteurínter** *s.m.* Saco ou pera de goma empregado ás veces para dilata-lo recto.
- proctite** *s.f.* Inflamación do recto. Tamén se di **rectite**. // **P. blenorráxica** Proctite causada polo gonococo.
- procto-** Prefixo do grego, ano ou recto.
- proctocele** *s.f.* 1. Prolapso ou caída do recto. 2. Hernia do recto.
- proctocistoplastia** *s.f.* Cirurxía plástica do recto e vexiga.
- proctocistotomía** *s.f.* Cistomía e proctotomía combinadas.
- proctoclise** *s.f.* Enema ou lavativa. // **P. continua** Administración dun líquido isotónico por vía rectal mediante un dispositivo especial que deixa pasa-lo líquido gota a gota. Tamén se di **tratamento de Murphy**.
- proctococcipexia** *s.f.* Fixación do recto ó cóccix por medio de suturas.
- proctocolite** *s.f.* Inflamación do recto e do colon.
- proctocolonoscopia** *s.f.* Exame do interior do recto e da última porción do colon.
- proctocolpoplastia** *s.f.* Cerramento cirúrxico dunha fístula rectovaxinal.
- proctodeo** *s.m.* Invaxinación do ectoblasto embrionario no punto que máis tarde será o ano.
- proctodinia** *s.f.* Proctagra ou proctaxia.
- proctoelitroplastia** *s.f.* Cirurxía plástica do recto e vaxina. Tamén se di **proctocolpoplastia**.
- proctofobia** *s.f.* Aprehensión patolóxica á dor. É común en persoas con algunha enfermidade do recto.
- proctólogo-a** *s.* Médico especialista en proctoloxía.
- proctoloxía** *s.f.* Parte da medicina que se ocupa das enfermidades do recto e do ano.
- proctoparálise** *s.f.* Proctoplexía.
- proctopatía** *s.f.* Enfermidade do ano ou do recto.
- proctoperineoplastia** ou **proctoperineorrafia** *s.f.* Cirurxía plástica do recto e peritoneo.
- proctopexia** *s.f.* Fixación do recto a outra parte do corpo por medio de suturas.
- proctoplastia** *s.f.* Cirurxía plástica do recto e do ano.
- proctoplexía** *s.f.* Parálise dos músculos do recto e do ano.
- proctopólipo** *s.m.* Pólipo do recto.
- proctoptoma** *s.m.* ou **proctoptose** *s.f.* Prolapso do recto.
- proctorrafia** *s.f.* Sutura do recto.
- proctorraxia** *s.f.* Hemorraxia no recto.
- proctorrea** *s.f.* Fluxo mucoso anorrectal.
- proctoscopia** *s.f.* Inspección, mediante o proctoscopio ou rectoscopio, do recto. Tamén se di **rectoscopia**.
- proctoscopio** *s.m.* Instrumento utilizado para dilatar e examina-lo recto. Tamén se di **rectoscopio**. // **P. de**

- Tuttle** Espéculo provisto dunha pequena lámpada eléctrica e un dispositivo para a visión da ampola rectal.
- proctosigmoidectomía** *s.f.* Extirpación do recto e o colon sigmoide.
- proctosigmoidite** *s.f.* Inflamación do recto e do colon sigmoide.
- proctospasmo** *s.m.* Contracción espasmódica do recto ou do esfínter anal. Tamén se di **rectospasmo** ou **tenesmo rectal**.
- proctostase** *s.f.* 1. Acumulación de excrementos no recto. 2. Estrinximento por anomalía da sensibilidade do recto ó estímulo da defecación.
- proctostato** *s.m.* Tubo portador de sales de radio que se emprega para o tratamento radioterapéutico do cancro de recto.
- proctostenose** *s.f.* Estenose do recto ou do ano.
- proctotomía** *s.f.* 1. Incisión dunha estenose anal ou rectal. 2. Abertura dun ano imperforado. Tamén se di **rectotomía**.
- proctótomo** *s.m.* Bisturí que se emprega para face-la proctotomía.
- proctotoreuse** *s.f.* Creación cirúrxica dun ano artificial.
- proctoxénico-a** ou **proctóxeno-a** *adx.* Que deriva do ano ou do recto.
- procúbite** *s.m.* 1. Decúbite prono. 2. Prolapso do cordón umbilical sen rotura de membranas.
- procumbente** *adx.* Que está posto cara a abaixo.
- procurativo-a** *adx.* Que está caracterizado por unha tendencia a inclinarse ou a correr cara a diante.
- procurvación** *s.f.* Deformidade esquelética que produce inclinación cara a adiante.
- prodiagnose** *s.f.* 1. Diagnóstico precoz. 2. Descubrimento de signos predispoñentes a unha enfermidade.
- prodrómico-a** *adx.* Relativo ou pertencente ó pródromo.
- pródromo** *s.m.* Síntoma ou signo precursor dunha enfermidade ou estado de malestar que o precede antes de que se manifeste de forma declarada.
- producción** *s.f.* Acción ou efecto de producir. // **P. accidental** Tecido anómalo desenvolvido a partir dun tecido san do corpo. Esta produción chámase plásica cando é debida a unha inflamación do tecido.
- productivo-a** *adx.* Que ten capacidade de producir, especialmente certas formas de inflamación. Tamén se di **proliferativo**.
- producto** *s.m.* Calquera substancia, corpo, órgano, etc., orixinado pola actividade doutro corpo, órgano ou tecido. // **P. de descomposición** Substancia resultante da descomposición de moléculas grandes noutras máis sinxelas.
- proencéfalo** *s.m.* Proencéfalo.
- proenzima** *s.m.* Substancia que, baixo a influencia dun activador, dá lugar a un enzima. Tamén se di **cimóxeno**.
- proeritroblasto** *s.m.* Eritroblasto basófilo, que é a célula máis nova e inmatura na xénese dos eritrocitos ou glóbulos vermellos do sangue.
- proeritrocito** *s.m.* Hematoblasto.
- proestro** *s.m.* Fase do ciclo estrual dos animais que precede á do celo.
- prófago** *s.m.* Forma inactiva dun bacteriófago.
- profase** *s.f.* Primeira fase da mitose, durante a cal se producen cambios na constitución físico-química do citoplasma, mentres que no núcleo os cromosomas aumentan o seu grosor e se desprazan cara á membrana nuclear. Cando esta membrana comeza a desintegrarse, remata a profase e iníciase a metafase.
- profermento** *s.m.* Cimóxeno.
- profibrinolisisina** *s.f.* Plasminóxeno.
- profiláctico-a** *adx.* Relativo ou pertencente á profilaxe. // *s.f.* 2. Hixiene. // *s.m.* 3. Preservativo.
- profilactodoncia** *s.f.* Odontoloxía preventiva.
- profilaxe** *s.f.* Conxunto de medidas aplicadas para preservar de enfermidades o individuo ou a sociedade. Tamén se di **tratamento preventivo**.
- proflavina** *s.f.* Sulfato de diaminoacridina, usado no tratamento de feridas infectadas.
- profluvium** *s.m.* (lat.) Fluxo abundante. // **P. alvi** Diarrea. / **P. muliebre** Leucorrea. / **P. seminis** Saída do seme depositado na vaxina durante o coito.
- profuso-a** *adx.* Abundante, copioso, sobre todo as hemorrxias e as diarreas.
- progámico-a** *adx.* Que ocorre antes da fecundación do óvulo.
- proglose** *s.f.* Ápice lingual.
- prognatía** *s.f.* V. **prognatismo**.
- prognatismo** *s.m.* Desenvolvemento excesivo do maxilar superior, inferior ou de ámbolos dous (neste caso chamado prognatismo completo). Tamén se di **prognatía, exognatismo**.
- prognose** *s.f.* (lat.) Prognóstico, previsión, coñecemento anticipado dun suceso.
- prognóstico** *s.m.* 1. Predicción acerca da gravidade e evolución dunha enfermidade ou afección, baseado nos factores que condicionan a evolución do proceso patolóxico. // *adx.* 2. Que permite prever un resultado probable.
- progonoma** *s.m.* Tumor xerado por ectopía de residuos embrionarios que reproducen estruturas de especies filoxeneticamente ancestrais.
- progranulocito** *s.m.* Célula da serie granulocítica intermedia entre o granuloblasto e o granulocito. Tamén se di **promielocito**.

progresión *s.f.* Acción de moverse ou camiñar cara a adiante.

progresivo-a *adx.* 1. Que avanza, progresa ou aumenta a súa cantidade. 2. Das enfermidades que tenden a empeorar.

proinsulina *s.f.* Macromolécula proteica sintetizada nas células B do páncreas, a partir da cal se forma a insulina.

proinvasina *s.f.* Precursor da hialuronidase.

proiocia *s.f.* Desenvolvemento sexual precoz.

proiomenorrea *s.f.* Menstruación precoz.

proioisístole *s.f.* Sístole prematura ou extrasístole.

prolactina *s.f.* Hormona da porción anterior da hipófise, que estimula a secreción láctea e desempeña un papel importante no mantemento do corpo lúteo nalgunhas especies, polo que tamén se coñece co nome de hormona luteótropa. Tamén se di **hormona lactóxena**.

prolán *s.m.* Hormona prehipofisaria gonadotrópica.

prolapso *s.m.* Caída ou descenso dun órgano, víscera ou parte dela, desde a súa posición normal, a consecuencia de fallos dos medios de suxeición. // **P. anal** Prolapso da mucosa rectal a través do ano. / **P. do cordón** Expulsión ou saída prematura do cordón umbilical no parto. / **P. do recto** Caída do recto a través do ano. / **P. xenital** Descenso do útero ou da vaxina ata saír ás veces fóra da vulva.

prolepse *s.f.* Recidiva antes do tempo esperado.

proléptico-a *adx.* Das enfermidades nas que aparecen paroxismos antes do tempo esperado ou con intervalos de tempo progresivamente máis curtos.

proliferación *s.f.* Multiplicación moi activa de elementos orgánicos similares: células, bacterias, quistes, etc.

proliferante *adx.* Que se multiplica en formas semellantes.

proliferativo-a *adx.* V. **productivo**.

prolífico-a *adx.* Fértil, productivo, que ten capacidade de concibir.

prolina *s.f.* Ácido alfa-pirrolidincarboxílico, compoñente importante do coláxeno do tecido conxuntivo.

prolíxero-a *adx.* Que leva xermes ou ovos.

prolixidade *s.f.* Trastorno do pensamento que se observa en persoas epilépticas ou con atraso mental, no que o individuo se amosa moi detallista e sobrecargado, dificultando a comprensión e o curso das ideas.

prolongación *s.f.* 1. Acción e efecto de alongar, dilatar ou estender unha cousa. 2. Parte prolongada dunha cousa. // **P. protoplasmática** Dendrita. / **P. raquídea** Medula espiñal.

promegaloblasto *s.m.* Célula grande de citoplasma basófilo e de cromatina granular, precursora do megalo-blasto.

promesa *s.f.* Oferta que se lle fai a Deus, á Virxe ou ós santos para obter algunha gracia.

prometacina *s.f.* Fenotracina.

promielocito *s.m.* Premielocito.

promina *s.f.* Substancia que se emprega no tratamento da lepra.

prominencia *s.f.* Elevación, tuberosidade, apófise. // **P. larínxea** Nó da gorxa. / **P. maleolar** Punto abrancazado e saínte que se observa na membrana timpánica, debido á apófise do martelo.

promitose *s.f.* Forma de división celular simple que se observa en células tumorais, na que o nucléolo se divide coma na mitose e o resto da división lévase a cabo coma na amitose.

promonocito *s.m.* Célula intermedia entre o monoblasto e o monocito.

promontorio *s.m.* Estructura anatómica elevada, sobre todo a elevación ósea formada polo ángulo sacro-vertebral na pelve. // **P. do tímpano** Prominencia situada na parede interna do tímpano, que corresponde á rampla externa do caracol e ó lado externo do vestíbulo. / **P. sacro** Ángulo sacro-vertebral.

promorfose *s.f.* Cambio dunha forma inferior a outra superior.

pronación *s.f.* Movemento do antebrazo que fai rota-la man de fóra a dentro, quedando coa palma cara a abaixo. // **P. dolorosa** Subluxación da cabeza do radio nun punto distal con respecto ó ligamento anular.

pronador-a *adx.* 1. Que vira a palma da man cara a atrás ou cara a abaixo. // *s.m.* 2. V. **músculo**.

pronatoflexor-a *adx.* Que é pronador e flexor ó mesmo tempo.

pronefros *s.m.* Primeiro aparello xenital que se diferencia no embrión, formado pola porción anterior do corpo de Wolff. Está constituído por unha serie de túbulos rudimentarios que son substituídos polo mesonefros ou conducto de Wolff, que formará posteriormente a cabeza do epidídimo e o conducto exaculador do home.

prono-a *adx.* Deitado cara a abaixo ou, referido á man, coa palma cara a abaixo e atrás.

pronómetro *s.m.* Instrumento utilizado para medi-lo grao de pronación ou supinación do antebrazo.

pronúcleo *s.m.* Cada un dos núcleos do espermatozoide e do óvulo, antes da conxugación, dos cales a fusión constitúe o fenómeno esencial da fecundación.

proótico-a *adx.* Que está situado diante do oído. Tamén se di **preótico**.

propagación *s.f.* 1. Multiplicación da especie por reprodución. 2. Extensión ou diseminación dunha lesión ou enfermidade.

propanidida *s.f.* Anestésico intravenoso non barbitúrico, rapidamente metabolizado polo organismo en metabolitos inactivos e atóxicos, que permite unha reversibilidade rápida da narcose.

propatía *s.f.* Enfermidade anterior ó estado actual.

propedéutica *s.f.* Estudos preliminares a unha ensinanza máis completa.

propepsina *s.f.* Pepsinóxeno.

propeptona *s.f.* Producto intermedio da escisión das proteínas en peptonas.

properdina *s.f.* Globulina presente no soro normal, que ten importancia na lise de bacilos en presenza do complemento e de ións magnesio. Forma parte do sistema properdina, que é capaz de activa-lo sistema complemento pola chamada vía alternativa.

properitoneal *adx.* 1. Que está situado ou que ocorre diante do peritoneo. 2. Relativo á hernia situada entre o peritoneo parietal e a parede abdominal.

propio-a *adx.* Que é individual ou especial dunha parte ou dun órgano.

propiocepción *s.f.* Apreciación da posición, do equilibrio e dos cambios no sistema muscular, tendinoso, óseo, etc., especialmente referido á locomoción.

propioceptivo-a *adx.* Relativo á propiocepción. // **Sistema p.** Parte do sistema nervioso encargado de recibir, transmitir ou percibi-las modificacións musculares, óseas, tendinosas e articulares.

propioceptor *s.m.* Receptor sensorial de tipo nervioso localizado nos músculos, tendóns, etc., que serve para percibi-la posición das distintas partes do corpo no espacio.

Propionibacterium Xénero de bacterias da familia Pionibacteriaceas. Son grampositivas, bacilares, anaerobias e presentan frecuentemente pleomorfismo. Son saprófitas da boca e aparello dixestivo do home.

proplasmocito *s.m.* Elemento precursor da célula plasmática. Tamén se di **célula de Turk**.

propositus *s.m.* (lat.) Primeiro individuo cun trastorno físico ou mental, que serve de base para os estudos de herdanza xenética. Tamén se di **caso índice**.

propoxifeno *s.m.* Análogo estrutural da metadona con menor potencial de dependencia ca ela. Úsase como analxésico en dores leves ou moderadas, e en ocasións emprégase en asociación coa aspirina.

propranolol *s.m.* Fármaco bloqueante beta-adrenérxico, que foi o prototipo dos bloqueantes beta-adrenérxicos, entre os que se atopan o oxprenolol, pindolol, atenolol, metoprolol, etc. Emprégase no tratamento da anxina de peito, hipertensión arterial, taquiarritmias cardíacas, feocromocitoma, etc.

proptise *s.f.* Expectoración.

proptómetro *s.m.* Instrumento empregado para medi-lo grao de proptose.

proptose *s.f.* Prolapso, protuberancia, desprazamento cara a adiante dun órgano. // **P. ocular** Exoftalmía.

propulsión *s.f.* Tendencia involuntaria a caer cara a diante, como ocorre na enfermidade de Párkinson. Tamén se di **festinación**.

prorrafia *s.f.* Avanzamento.

prorrenina *s.f.* Reninóxeno.

prorropsia *s.f.* Proxección visual ó lonxe dos obxectos que están arredor. Dáse en enfermos con alteracións da circunvolución do hipocampo.

prorrupción *s.f.* Erupción.

proscólex *s.m.* Embrión dos vermes trematodos e cestodos.

prosecretina *s.f.* Suposta substancia precursora da secretina contida na mucosa intestinal duodenal, que por hidrólise ácida se convertería en secretina.

prosector-a *s.* 1. Persoa que realiza preparacións anatómicas para a ensinanza práctica da anatomía. 2. Encargado das autopsias e dos estudos anatomopatolóxicos nun hospital.

proscéfalo *s.m.* Porción anterior da vesícula cerebral do embrión, a partir da cal se orixinan os hemisferios cerebrais, corpo estriado, lobos olfactorios, tálamo, ventrículos lateral e III. Tamén se di **cerebro anterior**.

prosodemia *s.f.* Epidemia na que a infección se propaga persoa a persoa por contacto individual, en lugar de facelo por medios máis xerais: auga, alimentos, etc.

prosogáster *s.m.* Intestino anterior.

prosop- ou **prosopo-** Prefixo do grego, cara.

prosopagnosia *s.f.* Segundo Bodamer, agnosia visual caracterizada pola perda da facultade de recoñecer fisionomías.

prosopalxia ou **prosopodinia** *s.f.* Neuralxia facial, tic doloroso ou neuralxia do trixémimo. Tamén se di **enfermidade de Fothergill**.

prosopantrite *s.f.* Inflamación dos seos da cara.

prosopectasia *s.f.* Aumento dos diámetros da cara. Tamén se di **facies lunar**.

prosoplasia *s.f.* 1. Diferenciación anormal dos tecidos. 2. Metaplasia cara a un estado máis perfecto de organización ou de funcionamento.

prosopodiplexía *s.f.* Parálise da cara e dun dos membros inferiores.

prosopodismorfia *s.f.* Hemiatrofia facial.

prosoponeuralxia *s.f.* Prosopalxia.

prosopoplexía *s.f.* Parálise facial.

prosoposcopia *s.f.* Estudio do aspecto da cara, e especialmente dos cambios que nela producen as diversas enfermidades.

prosopospasmo *s.m.* Espasmo dos músculos da cara. Tamén se di **tic convulsivo**, **risa sardónica**.

prosoposquise *s.f.* Fisura conxénita da cara. // **P. lateral oblicua** V. **melosquise** ou **macrostomía**.

prosoposternodimia *s.f.* Monstruosidade fetal dobre que consiste na unión de ámbolos dous fetos pola cara e o esterno.

prosopotocia *s.f.* Parto con presentación de cara.

prosopotoracópago *s.m.* Monstro fetal dobre coas caras e os tórax fusionados.

prosopotriquia *s.f.* Exceso de pelo na cara.

prostaciclina ou **prostaglandina** *s.f.* Substancia pertencente ó grupo dos ácidos graxos. Son factores biolóxicos moi activos presentes practicamente en tódolos tipos celulares, agás os eritrocitos. Algúns destes compostos, como o tromboxano A₂ e a prostaciclina (PGI₂), desempeñan papeis importantes na homeostase. O primeiro induce a agregación plaquetaria e é un potente vasoconstrictor, e a prostaciclina compórtase como agregante plaquetario e vasodilatador. Outros influen na percepción da dor e na inflamación. Teñen diversos usos terapéuticos: indución ó parto, tratamento de úlceras pépticas, etc. Descubríronse na próstata, de aí o seu nome, a pesar de que non reflicte en absoluto a súa orixe e distribución hística, nin a súa natureza química.

próstata *s.f.* Glándula do aparello uroxenital masculino, de secreción externa, que rodea o colo da vexiga e parte da uretra, formada por dous lobos laterais separados por un suco e un lobo medio. Está constituída por músculo liso e tecido conxuntivo, e contén un elevado número de glándulas que se baleiran polos conductos excretores na porción prostática da uretra. Produce o líquido prostático que é descargado na uretra e que se mestura co esperma no momento da exaculación.

prostatalxia ou **prostatodinia** *s.f.* Dor na próstata.

prostatauxa *s.f.* Hipertrofia prostática.

prostatectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica total ou parcial da próstata, a través de distintas vías: perineal, retropubiana, etc.

prostático-a *adx.* 1. Relativo á próstata. // *s.m.* 2. Individuo que padece unha enfermidade da próstata.

prostatismo *s.m.* Afección determinada pola hipertrofia prostática, especialmente o adenoma prostático.

prostatite *s.f.* Inflamación aguda ou crónica da próstata.

prostatocistite *s.f.* Inflamación da uretra prostática e da vexiga.

prostatocistotomía *s.f.* Incisión cirúrxica da próstata e da vexiga.

prostatografía *s.f.* Radiografía prostática.

prostatólito *s.m.* Cálculo prostático.

prostatomegalia *s.f.* Incremento do volume ou hipertrofia da próstata.

prostatomiomectomía *s.f.* Escisión cirúrxica dun mioma prostático.

prostatorrea *s.f.* Emisión pola uretra dun líquido leitoso (fóra da exaculación) procedente da próstata, xeralmente debida a infeccións ou prostatismos de diversas causas.

prostatotomía *s.f.* Sección cirúrxica da próstata.

prostatovesiculite *s.f.* Inflamación da próstata e vesículas seminais.

prostese *s.f.* Prótese.

prosteson ou **prostiön** *s.m.* Punto alveolar.

prostético-a *adx.* Do grupo químico das proteínas conxugadas de natureza non proteica.

prostodoncia *s.f.* Prótese dentaria.

prostoma *s.m.* Blastoporo.

prostración *s.f.* Esgotamento extremo, impotencia, abatemento.

protactinio *s.m.* Elemento químico radioactivo de peso atómico 231 que, xunto co radio, existe na pechblenda e outros minerais.

protal *adx.* Que é conxénito.

protamina *s.f.* Proteína de carácter básico, hidrosoluble, que por hidrólise dá aminoácidos exentos de xofre. O seu carácter básico débese fundamentalmente á arxinina. As protaminas son antagonistas da heparina.

protándricas *adx.* Das especies hermafroditas nas cales as gónadas masculinas maduran antes das femininas.

protanomalopsia *s.f.* Discromatopsia.

protanope *adx.* Que padece protanopía.

protanopía *s.f.* Cegueira para a cor vermella, por defecto no primeiro constituínte necesario para a visión cromática. Tamén se di **aneritropsia**.

protargol *s.m.* Combinación de prata e proteína en forma de po hidrosoluble, que se emprega como bactericida no tratamento de afeccións conxuntivais.

protease *s.f.* Enzima que intervéen na degradación das proteínas. Inclúe en xeral ás proteinases, peptidases e protaminases.

proteico-a *adx.* Relativo ás proteínas.

proteidemia ou **protidemia** *s.f.* Presencia de proteína ou de prótidos no sangue.

proteido *s.m.* Proteína.

proteiforme *adx.* Que é semellante ás proteínas.

proteína *s.f.* Grupo de compostos nitroxenados de elevado peso molecular, estruturado segundo un modelo común, que forma os constituíntes principais dos tecidos

vivos, células, substancias intercelulares, líquidos orgánicos, etc. Tódalas proteínas constan de carbono, osíxeno, hidróxeno, nitróxeno, ás veces xofre, fósforo, etc. Son coagulables pola calor e polos ácidos insolubles en éter e alcohol. Son macromoléculas constituídas pola polimerización de aminoácidos e derivados que se unen entre eles por enlaces de tipo peptídico. Tamén se di **prótido**, **proteido**, **substancia proteica**. / **P. autóloga** Proteína que está presente nos líquidos ou tecidos do corpo. / **P. bacteriana** Proteína formada pola acción das bacterias sobre os tecidos, como a toxialbumina. / **P. de Bence-Jones** Globulina antixenicamente distinta das outras proteínas do sangue, que se atopa frecuentemente na urina do mieloma múltiple. Coagula ós 60°. / **P. contráctil** Proteína como a actina e a miosina, que actúan no sistema contráctil do músculo esquelético. / **P. C-reactiva** Proteína do soro sanguíneo que aparece cando existe inflamación, necrose ou tumor. / **P. defensivas** Proteínas que protexen o corpo contra as agresións, como as inmunoglobulinas ou anticorpos, fibrinóxeno, trombina, etc. / **P. de transporte** Proteínas plasmáticas que se unen á molécula ou ós ións específicos que transportan, por exemplo a hemoglobina, lipoproteína, etc. / **P. enzimática** Proteína con acción catalizadora. / **P. estruturais** Proteínas que lles dan ás estruturas biolóxicas forza, protección, etc., coma o coláxeno, elastina, queratina, etc. / **P. nutritivas e de reserva** Neste grupo atopamos a caseína, ferritina, ovoalbumina, etc. / **P. plasmáticas ou do soro** Entre elas atópanse as albuminas, globulinas, fibrinóxeno, factores de coagulación, etc. / **P. simple** Proteína que por hidrólise só desprende aminoácidos ou derivados: albuminas, globulinas, histonas, protaminas, etc.

proteínase *s.f.* Enzima que hidroliza as proteínas.

proteíнемia *s.f.* Taxa de proteínas no plasma sanguíneo.

proteínívoro-a *adx.* Que se alimenta de proteínas.

proteínocromóxeno *s.m.* Triptófano.

proteínofobia *s.f.* Aversión cara ás substancias proteicas.

proteínograma *s.m.* Gráfica que representa a taxa das diferentes fraccións proteicas do soro sanguíneo.

proteinoide *adx.* Semellante a unha proteína.

proteínose *s.f.* Acumulación de proteínas nos tecidos, especialmente de proteínas anormais. // **P. alveolar** Acumulación nos alvéolos de substancias constituídas por mucoproteínas, que constitúe un trastorno pulmonar de causa descoñecida. / **P. lipídica** Acumulación de substancias lipídicas na pel e mucosas. Constitúe unha enfermidade cutánea por un trastorno do metabolismo das grasas. Tamén se di **enfermidade de Urbach-Wiethe**.

proteínoterapia *s.f.* Forma de vacinoterapia non específica mediante o emprego terapéutico de substancias proteicas estrañas ó organismo, co obxecto de estimular as reaccións de defensa inmunitaria.

proteínóxeno-a *adx.* Que produce proteínas.

proteínuria *s.f.* Presencia de proteínas sanguíneas na urina. Tamén se di **albuminuria**. // **P. de Bence-Jones** Presencia na urina da proteína de Bence-Jones. / **P. glomerular** Inclúe a maioría das proteinurias presentes nas nefropatías glomerulares. Pode ser: selectiva, cando aparecen na urina proteínas de baixo peso molecular, ou non selectivas, cando aparecen case tódalas proteínas plasmáticas na urina. / **P. ortostática** Proteinuria benigna por estar moito tempo o paciente de pé. Tamén se di **p. postural**. / **P. tubular** Proteinuria de globuloproteínas de baixo peso molecular.

proteoclástico-a *adx.* Que causa desdoblamento das moléculas proteicas.

proteólise *s.f.* Hidrólise das proteínas por acción enzimática en peptonas.

proteolisina *s.f.* Substancia específica, anticorpo que produce proteólise.

proteometabolismo *s.m.* Metabolismo das proteínas.

proteomórfico-a *adx.* Que adopta formas variadas de proteínas.

proteopepse *s.f.* Dixestión das proteínas.

proteopexe *s.f.* Fixación das proteínas no organismo.

proteosa *s.f.* Albumosa.

proteosuria *s.f.* Albumosuria.

proteoterapia *s.f.* Proteinoterapia.

proteotóxico *s.f.* Estado tóxico debido á administración de proteínas. Tamén se di **anafilaxe**.

proteotóxina *s.f.* Anafilatoxina.

prótese *s.f.* 1. Parte da terapéutica cirúrxica que ten por obxecto substituí-la falta dun órgano ou parte del por outro artificial. 2. Calquera peza auto, homo, hereto ou aloplástica, así como calquera aparato usado como substituto dun órgano ou parte del. // **P. dentaria** Substitución artificial de pezas dentarias. / **P. ocular** Substitución dun ollo ausente por un órgano artificial. / **P. ortopédica** Substitución dun membro ou dunha parte.

protésico-a *adx.* Relativo á prótese.

proteuria *s.f.* V. **proteínuria**.

Proteus Xénero de bacteria gramnegativa da familia Enterobacteriaceas, que se atopan no chan e nas augas contaminadas, en material putrefacto e como parasito no intestino. É patóxeno para o home e animais. Comprende cinco especies: a *Proteus mirabilis* presenta un crecemento invasor e é negativa á proba do indol. É a que con máis frecuencia se atopa de forma saprófita e se illa como patóxeno para o home. É sensible á maioría dos antibióticos. As outras catro especies (*Proteus vulgaris*, *Proteus morgani* e *Proteus rettgeri*, que poden illarse como responsables de infeccións urinarias, e *Proteus inconsistencies*, que pode causar procesos diarreicos) son indolpositivas, oportunistas e responden mal ós antibióticos.

prótido *s.m.* 1. Polímero que resulta da unión de aminoácidos por enlaces peptídicos. 2. Composto que por hidrólise produce aminoácidos.

protidólise *s.f.* Proteólise.

protimia *s.f.* Precocidade no desenvolvemento da mentalidade.

protio ou **protium** *s.m.* Hidróxeno ordinario.

proto- Prefixo do grego, primeiro.

protobacterias *s.f.pl.* Grupo de nitrobacterias (non aceptado nas clasificacións actuais) que se alimentan da oxidación de compostos inorgánicos simples de carbono ou hidróxeno.

protoblasto *s.m.* 1. Célula embrionaria. 2. Núcleo dun óvulo. 3. Blastómero do que se desenvolve un órgano.

protocondrio *s.m.* Cartilaxe primitiva. Tamén se di **precartilaxe**.

protocono ou **protocónido** *s.m.* Cúspide mesolingual dun molar superior ou inferior.

protodiástole *s.f.* Primeira parte da diástole.

protoduodeno *s.m.* Porción do duodeno comprendida entre o píloro e a papila duodenal.

protoeritrocito *s.m.* Eritroblasto.

protófito *s.m.* Organismo unicelular vexetal.

protogonocito *s.m.* Calquera das dúas células que resultan da primeira división do óvulo fecundado.

protoleucocito *s.m.* Célula linfocítica do sistema hematopoiético supostamente precursora do linfocito.

protomedicato *s.m.* Tribunal formado por examinadores e protomédicos que recoñecían a capacidade dos aspirantes a médicos e concedían a licenza para o exercicio da medicina.

protomédico *s.m.* Médico xefe que formaba parte do protomedicato.

protomera *s.f.* Micela.

protómetro *s.m.* Instrumento para medi-lo grao de protrusión do globo ocular.

protón *s.m.* Partícula elemental que xunto co neutrón constitúe o núcleo do átomo. Forma por si só o núcleo positivo do átomo de hidróxeno. Os núcleos de tódolos elementos conteñen o número de protóns indicado polo seu número atómico.

protona *s.f.* Substancia peptonoide formada por hidrólise dunha protamina.

protonefros *s.m.* Ril embrionario que inclúe pronefros, mesonefros e metanefros.

protoneurona *s.f.* Neurona sensitiva periférica.

protopatía *s.f.* Enfermidade primeira ou esencial, non secundaria a outra.

protopático-a *adx.* 1. Primitivo, idiopático. 2. Que fai referencia á sensibilidade primitiva e indiscriminada.

protoplasia *s.f.* Formación primaria de tecido.

protoplasma *s.m.* Substancia contida dentro da membrana celular, máis ou menos líquida, coloidal e de composición química complexa, con gran contido en auga e onde se atopan disoltas ou en suspensión corpos orgánicos e sales inorgánicas.

protoplasto *s.m.* 1. Célula. 2. Tipo ou modelo dun ser inorgánico. 3. Para Meyer, materia viva celular (núcleo, citoplasma, membrana, etc.) con exclusión das estruturas non vitais: cápsulas, inclusións, vacúolos, etc.

protoporfirina *s.f.* Composto derivado da porfirina que, unido a unha proteína e ó ferro, existe na hemoglobina, miohemoglobina, etc.

protopse *s.f.* Protrusión do ollo.

protosífilis *s.f.* Sífilis primaria.

protosístole *s.f.* Primeiro tempo da sístole.

protospasmo *s.m.* Espasmo dunha área limitada, que posteriormente se pode irradiar.

protostoma *s.m.* Blastoporo.

prototipo *s.m.* Forma orixinal a partir da cal derivan outras formas.

prototoxina *s.f.* Porción dunha toxina que ten maior capacidade de combinación coa antitoxina.

protovértebra *s.f.* Somita.

protoxinia *s.f.* Hermafroditismo no cal as gónadas femininas maduran antes cás masculinas.

protoxide *s.m.* Toxide que ten máis afinidade pola antitoxina correspondente cá que ten a toxina.

protozoario *s.m.* Protozoo.

protozoo *s.m.* Tipo de organismos unicelulares eucariotas que se clasifican no subreino dos animais microscópicos. Son heterótrofos e algúns parasitos. Entre eles atópanse especies patóxicas para o home e para os animais como o plasmodium (malaria), tripanosoma (enfermidade do sono) e a eutamoeba (disentería amebiana).

protozoófago *s.m.* Célula fagocitaria de protozoos.

protozoose *s.f.* Enfermidade causada por protozoos.

protozooterapia *s.f.* Quimioterapia das enfermidades producidas por protozoos.

protracción *s.f.* 1. Tracción maior do normal cara a adiante de certas partes, especialmente a da lingua ou o maxilar. 2. División da dose de radiación.

protractor *s.m.* Instrumento para a extracción de balas, secuestros óseos ou corpos estraños.

protripsina *s.f.* Tripsinóxeno.

protrombina *s.f.* Globulina plasmática sintetizada no fígado, que pola acción de factores plasmáticos se

- converte en trombina no proceso de coagulación. Tamén se di **factor plasmático II**.
- protrusión** *s.f.* Desprazamento anormal dunha parte, estrutura ou órgano por aumento de volume ou por unha causa posterior que o preme, por exemplo, o globo ocular.
- protuberancia** *s.f.* Elevación ou prominencia na superficie dun órgano, estrutura, etc. // **P. anular ou cerebral** Segmento do tronco encefálico que conectan o cerebro, cerebelo e bulbo raquídeo, comprendido entre o bulbo e os pedúnculos cerebrais. Tamén se di **ponte de Varolio** ou **mesocéfalo**.
- provértebra** *s.f.* Somita.
- provitamina** *s.f.* Substancia precursora dunha vitamina. // **P. A** ou **D** Caroteno e ergosterol, respectivamente.
- provocativo-a** *adx.* Que estimula a produción de algo.
- proxección** *s.f.* 1. Prominencia. 2. Lanzamento ou extensión dunha cousa. 3. Acto de referir-las impresións sensoriais á localización dos obxectos que as producen. 4. En psicanálise, mecanismo de defensa inconsciente. // **P. errónea** Idea errónea da posición dun obxecto causada por trastornos oculares. / **P. radiolóxica** Cada unha das posicións adoptadas polo corpo en relación co tubo e placa de Raios X.
- proxenia** *s.f.* Desenvolvemento excesivo da mandíbula, que ocasiona un defecto na oclusión dos arcos dentais.
- proxenie** *s.f.* Xeración ou familia que descende dun individuo. Tamén se di **descendencia**.
- proxenitor-a** *s.* Ascendente en liña directa.
- proxeria** *s.f.* 1. Vellez prematura. Tamén se di **presenilidade**. 2. Variedade do infantilismo, na que o aspecto xeral é semellante ó dun vello. // **P. de Gilford** Senilidade precoz e ananismo.
- proxestacional** *adx.* Que ocorre antes da xestación ou que conduce ó embarazo, como a fase do ciclo menstrual anterior á menstruación, na que o corpo lúteo está activo e o endometrio en fase de secreción.
- proxestáxeno** *s.m.* Substancia que posúe actividade proxestacional.
- proxesterona** *s.f.* Hormona sexual do corpo lúteo que prepara o endometrio para o aniñamento do óvulo fecundado. Emprégase no tratamento de mulleres con abortos repetidos e con trastornos menstruais. Tamén se di **proxestina**, **luteosterona**.
- proxestina** *s.f.* V. **proxesterona**.
- proxestóxico** *s.m.* Fármaco capaz de transforma-la fase proliferativa do endometrio, debida á acción dos estrógenos, en fase secretoria.
- proximal** *adx.* Da parte máis próxima á inserción, á liña media ou ó punto de orixe. Oponse a distal.
- próximo-a** *adx.* Inmediato, a curta distancia.
- proximoataxia** *s.f.* Ataxia que afecta á parte proximal dun membro.
- prozona** *s.f.* Fenómeno que pode aparecer en reaccións antixeno-anticorpo positivas, polo cal un soro con alta concentración de aglutininas deixa de aglutinar bacterias, pero segue a aglutinalas en concentracións máis baixas. Isto explícase polo exceso de anticorpos, pola presenza de anticorpos incompletos (bloqueantes) e pola inhibición inespecífica por outros anticorpos.
- prurito** *s.m.* Sensación cutánea que incita ou obriga a rascarse. // **P. anal** Prurito na zona anal, frecuente nas parasitoses intestinais e nas artrites. / **P. da dentición** Prurito que ten lugar nas enxivas na época da primeira dentición. / **P. de Duhring** Prurito que aparece co frío. / **P. esencial ou idiopático** Prurito que non se pode atribuír a ningún tipo de dermatose. / **P. senil** Prurito propio dos anciáns ligado polo xeral a un proceso neurotrófico. / **P. vulvar** Prurito nos órganos xenitais, frecuente durante o embarazo e tamén na diabete.
- prurixe** *s.f.* Grupo de enfermidades diversas da pel que se caracterizan por prurito e pápulas, e adoitan comezar na infancia. // **P. de Hebra** Prurixe típica que aparece na época da primeira dentición e remata coa puberdade. / **P. de Hutchinson** Prurixe da primeira dentición. / **P. estival** Prurixe que se presenta de forma recidivante nas épocas de máis calor, e que se localiza nas áreas descubertas. / **P. sintomática** Prurixe que aparece como manifestación dunha enfermidade particular: diabete, sarna, etc.
- prurixeno-a** *adx.* Que produce prurito.
- prurixinoso-a** *adx.* Que produce prurixe ou relativo a ela.
- Prusia, azul de** *s.m.* Ferrocianuro férrico.
- prúsico (ácido)** *s.m.* Ácido cianhídrico.
- psamocarcinoma** *s.m.* Carcinoma que contén substancias de tipo calcario.
- psamoma** *s.m.* 1. Tumor con concrecións calcarias que teñen consistencia de area. 2. Meninxoma con estas características. // **Corpos de p.** Áreas tumorais coas características do psamoma.
- psamoterapia** *s.f.* Tratamento mediante baños de area. Tamén se di **amoterapia**.
- pselafesia** *s.f.* Sensibilidade táctil.
- pselafobia** *s.f.* Temor patolóxico ó tacto.
- pselismo** *s.m.* Tartamudez.
- pseudacusia** ou **pseudacusma** *s.f.* Sensación subxectiva de alteración dos sons.
- pseudafia** *s.f.* Falsa interpretación das sensacións táctiles.
- pseudarrenia** *s.f.* Pseudohermafroditismo feminino externo.
- pseudencéfalo** *s.m.* Monstro fetal embrionario cun tumor vascular no lugar do encéfalo.

pseudestesia *s.f.* Sensación falsa ou imaxinaria, sen estímulo externo ou que non corresponde ó estímulo que a produce.

pseudo- Prefixo do grego, falso.

pseudoacolia *s.f.* Coloración esbrancuxada das feces polo aumento do seu contido en graxas.

pseudoacromegalia *s.f.* Engrosamento das extremidades sen afectación da hipófise. Tamén se di **acropaquia**.

pseudoalbuminuria *s.f.* Albuminose que non é causada por enfermidade renal. Tamén se di **albuminuria advencitia**.

pseudoalopecia atrófica *loc.* Foliculite decalvante.

pseudoalucinación *s.f.* Percepción de imaxes ou sons, sen estímulo obxectivo, referidos ó espazo interior: a persoa ve cos ollos cerrados e oe no interior da súa mente sen situa-lo percibido no mundo exterior.

pseudoanafilaxe *s.f.* Reacción semellante á da anafilaxe, causada pola inxección dun soro tratado con ágar-ágar, amidón, caolín ou outras substancias.

pseudoanemia *s.f.* Palidez da pel sen síntomas clínicos nin hematolóxicos de anemia.

pseudoanxina *s.f.* Síndrome de carácter psíquico que semella unha anxina de peito.

pseudoapendicite *s.f.* Estado no que o individuo presenta síntomas semellantes ós da apendicite, sen que o apéndice estea afectado.

pseudoapoplexía *s.f.* Estado semellante ó da apoplexía sen lesión cerebral.

pseudoartrite *s.f.* Enfermidade de carácter histérico con síntomas que lembran os da artrite.

pseudoartrose *s.f.* Falsa articulación coma a que se pode observar ás veces despois dunha fractura non consolidada.

pseudoasma *s.f.* Dispnea de tipo paroxístico pero sen presenta-los caracteres anafiláticos da asma bronquial.

pseudoataxia *s.f.* Estado de incoordinación motora de orixe histérica.

pseudoatetose *s.f.* Tremor dos dedos cando o paciente estende o brazo cos ollos pechados nos casos de tabe e esclerose combinadas.

pseudobacilo *s.m.* ou **pseudobacteria** *s.f.* Poiquilocito ou célula moi pequena, de xeito que parece un microorganismo.

pseudobasedow *s.m.* Baseloide.

pseudoblenorrxia *s.f.* Uretrite non específica.

pseudoblepse *s.f.* Alucinación visual, imaxe visual alterada. Tamén se di **pseudopsia**.

pseudobulbar *adx.* Que parece debido a unha lesión bulbar, sen que exista tal lesión.

pseudocardiaco-a *adx.* Que está situado fóra do corazón. Tamén se di **exocardiaco**.

pseudocartilaxe *s.f.* Tecido de tipo condroide.

pseudocefalocele *s.f.* Cefalocele adquirido por enfermidade ou traumatismo. Tamén se di **enfermidade de Billroth**.

pseudocele *s.f.* Cavidade do *septum lucidum*.

pseudochalazión *s.m.* Lesión palpebral de tipo sifilítico.

pseudochancro *s.m.* Úlcera indurada semellante ó chancro.

pseudociese *s.f.* Embarazo imaxinario.

pseudocirrose *s.f.* Aparente cirrose hepática sen lesión aparente do fígado

pseudoclonus *s.m.* Resposta clónica de breve duración.

pseudocolesteatoma *s.m.* Acumulación de restos celulares epiteliais parecida a un colesteatoma.

pseudocoloboma *s.m.* Cicatriz ou liña do iris que toma o aspecto dun coloboma.

pseudocoloide *s.m.* Substancia de tipo mucoide que se atopa ás veces nos quistes ováricos. // **P. dos labios** V. **enfermidade de Fordyce**.

pseudocorea *s.f.* Corea imitativa.

pseudocoxalxia *s.f.* V. **osteocodrite deformante xuvenil** ou **enfermidade de Perthes**.

pseudocrise *s.f.* Caída brusca pero transitoria da febre.

pseudocromestesia *s.f.* Sensación de cor provocada polo son. Tamén se di **audición coloreada**.

pseudocromhidrose *s.f.* Sudación de cor debida probablemente á acción bacteriana.

pseudocrup *s.m.* Larinxite estridulosa.

pseudodemencia *s.f.* Sensación de apatía semellante á da demencia, pero sen trastorno do pensamento.

pseudodesma *s.f.* Ligamento falso. Tamén se di **brida**.

pseudodiastólico-a *adx.* Que é semellante á diástole pero sen selo.

pseudodifteria *s.f.* Anxina con formación de falsas membranas non debidas ó bacilo diftérico.

pseudodisentería *s.f.* Estado semellante á disentería, debido a unha irritación local.

pseudodispepsia *s.f.* Dispepsia psíquica.

pseudoedema *s.f.* Estado de tumefacción parecido ó edema.

pseudoembarazo *s.m.* V. **pseudociese**.

pseudoendometrite *s.f.* Estado parecido á endometrite no que existen cambios vasculares e tróficos da mucosa uterina.

pseudoenfisema *s.m.* Estado patolóxico parecido ó do enfisema pulmonar debido a unha obstrucción temporal dalgúns bronquios.

pseudoerisipela *s.f.* Flegmón con arroibamento erisipeloido da pel.

pseudoexoforia *s.f.* Tendencia do eixe visual a desviarse cara a fóra, debida á diminución da facultade de acomodación.

pseudofaquia *s.f.* Substitución dos cristalinos por tecido conxuntivo.

pseudoflegmón *s.m.* Tumefacción ou arroibamento da pel consecutivo a lesións irritativas dos nervios. // **P. de Hamilton** Tumefacción circunscrita, vermella e indurada que nunca supura.

pseudofluctuación *s.f.* Sensación semellante á de fluctuación, que se ten ó premer un lipoma ou un sarcoma.

pseudofotestesia *s.f.* Percepción da luz por estímulos anormais.

pseudoganglio *s.m.* Engrosamento dun nervio que semella un ganglio.

pseudoglioma *s.m.* Exsudado no vítreo, encapsulado, causado por patoloxía metastásica de orixe purulenta, que no exame do fondo de ollo pode confundirse cun glioma.

pseudoglobulina *s.f.* Globulina que se distingue das euglobulinas por ser soluble en auga destilada e en solucións salinas diluídas.

pseudoglote *s.f.* Espacio que existe entre as cordas vocais falsas.

pseudogonorrea *s.f.* Pseudoblenorraxia.

pseudografía *s.f.* Dificultade ou imposibilidade para a escritura por trastornos neurolóxicos ou neuropsicolóxicos en mecanismos non intrinsecamente ligados ó sistema da linguaxe gráfica.

pseudohemaglutinación *s.f.* Falsa aglutinación dos glóbulos vermellos que se deriva da observación da acumulación destes glóbulos en moreas.

pseudohemofilia *s.f.* Enfermidade de Von Willebrand.

pseudohemoptise *s.f.* Expulsión pola boca de sangue que non procede do pulmón nin dos bronquios.

pseudohermafroditismo *s.m.* Estado no cal as gónadas son dun sexo pero as anormalidades dos xenitais ou dos caracteres sexuais secundarios fan dudar sobre o verdadeiro sexo. Tamén se di **hermafroditismo falso** ou **espurio**. // **P. feminino** Estado no cal existen gónadas femininas pero as características sexuais externas parecen masculinas. Tamén se di **xinandria**. / **P. masculino** Estado caracterizado pola presenza de gónadas masculinas pero con caracteres sexuais externos femininos. Tamén se di **androxinia**.

pseudoheroínomanía *s.f.* Cadro clínico que presentan algúns drogadictos que se cren dependentes da heroína,

cando en realidade non o son, por estar adulterada a heroína que consomen.

pseudohidartose *s.f.* Falsa hidartose. // **P. do xeonllo** Tumefacción do xeonllo producida pola inflamación da bolsa subrotuliana.

pseudohidronefroze *s.f.* Quiste pararrenal.

pseudohipertrofia *s.f.* Falsa hipertrofia, aumento de volume dun órgano por desenvolvemento de tecido adiposo, conxuntivo, etc., estando invariable o tecido parenquimatoso. // **P. muscular** Aumento de volume dos músculos producido pola proliferación de tecido conxuntivo e adiposo con diminución do número e volume das fibras musculares. Tamén se di **atrofia muscular lipomatoso de Duchenne**.

pseudoictericia *s.f.* Cambio de coloración da pel non debida á presenza de pigmentos biliares no sangue.

pseudoisocromático-a *adx.* 1. Que parece da mesma cor. 2. Referido ás solucións usadas no exame da cegueira para as cores, que conteñen pigmentos que poden ser distinguidos polo ollo normal, pero non polo ollo afectado por esta cegueira.

pseudoleucemia *s.f.* Grupo de procesos que se asemellan entre eles por presentaren esplenomegalia, hipertrofia ganglionar, nódulos linfáticos e características clínicas que os fan parecer cadros leucémicos, pero sen as alteracións sanguíneas características destes procesos. Baixo este termo inclúense a enfermidade de Hodgkin, mieloma múltiple, tuberculose, sífilis, linfosarcoma de Kunderat. // **P. cute** Pseudoleucemia con lesións cutáneas. / **P. infecciosa infantil** V. **kala-azar**. / **P. mielóxena** V. **mieloma**.

pseudolinfocito *s.m.* Leucocito semellante a un linfocito pequeno cun núcleo que se tingue intensamente rodeado dunha capa de protoplasma que contén gránulos neutrófilos.

pseudolipoma *s.m.* Edema localizado que semella un lipoma de orixe neuropática ou anxioneurótico.

pseudolitíase *s.f.* Enfermidade que presenta síntomas semellantes a un cólico hepatobiliar ou renal, pero que non son debidos a cálculos senón a espasmos da musculatura lisa.

pseudolupus *s.m.* Enfermidade cutánea parecida ó lupus, posiblemente producida por fungos do xénero *Oidium*.

pseudoluxación *s.f.* Subluxación.

pseudomalaria *s.f.* Pseudopaludismo.

pseudomanía *s.f.* 1. Falsa loucura. 2. Manía caracterizada por falsidades ou mentiras.

pseudomasturbación *s.f.* Peotilomanía.

pseudomegacolon *s.m.* Dilatación do colon en persoas adultas, que lembra o megacolon conxénito infantil.

pseudomelanose *s.f.* Coloración dos tecidos despois da morte, causada polos pigmentos hemáticos.

pseudomelena *s.f.* Feces de cor negra causadas pola inxestión de determinadas substancias.

pseudomembrana *s.f.* Formación que ten o aspecto de membrana sen selo, como o exsudado de aspecto abrazado, fibrinoso e pegañento, que se observa na mucosa farínxea, larínxea e nasal na difteria. Tamén se di **neomembrana**.

pseudomeniere *s.m.* Afección de tipo vertixinoso que se dá no histerismo, aura epiléptica, etc., sen existir lesión orgánica de oído.

pseudomeninxite *s.f.* Meninxismo.

pseudomenstruación *s.f.* Hemorragia uterina sen que se produzan os cambios endometriais que se dan no proceso menstrual.

pseudomicose *s.f.* Afección que semella unha micose.

pseudomicrocefalia *s.f.* Microcefalia causada por atrofia do hemisferio cerebral ou debida a cambios causados por unha encefalite ou hidrocefalia fetal.

pseudomiotonía *s.f.* Enfermidade parecida á miotonía, pero na cal hai contracción e relaxación muscular, aínda que lentas. Obsérvase, por exemplo, no mixedema.

pseudomnesia *s.f.* Estado no que o paciente cre lembrar feitos que en realidade non experimentou.

Pseudomonas Xénero de bacterias da familia *Pseudomonadaceae*. Son bacilos gramnegativos, quimiorganótrofos, amplamente diseminados polo chan e a auga, e cun importante papel nos procesos de mineralización. Utilizan o osíxeno como aceptor final de electróns e o seu metabolismo é respiratorio oxidativo obrigado. // **P. aeruxinosa** Pseudomona patóxena oportunista que se illa en infeccións urinarias, queimaduras, etc. / **P. pseudomallei** Axente produtor da melioidose. Tamén se di **bacilo de Whitmore**. / **P. putida** Bacilo que causa ocasionalmente infeccións urinarias, cirúrxicas, etc.

pseudomotor-a *adx.* Que causa movementos anormais.

pseudomucina *s.f.* Variedade de mucina atopada en quistes ováricos. Tamén se di **paralbumina**, **metalbumina**.

pseudoneoplasia *s.f.* Formación transitoria semellante a un tumor. Tamén se di **tumor pantoasma**.

pseudoneuralxia *s.f.* Dor irradiada ó longo das raíces nerviosas, pero sen as características da neuralxia.

pseudoneurite *s.f.* Hiperemia e avermellamento da papila óptica asociados á hipermetropía que se observa como anomalía conxénita.

pseudoneuroma *s.m.* Tumor que semella un neuroma e está situado sobre un nervio. // **P. de atrición** Engrosamento do nervio causado pola proliferación de tecido conxuntivo cicatricial despois dun traumatismo.

pseudonistagmo *s.m.* Movementos nistagmiformes que aparecen nas posicións extremas da mirada.

pseudoosteomalacía *s.f.* Estreitamento da pelve de tipo raquíptico, de aspecto semellante ó da osteomalacía.

pseudopaludismo *s.m.* Enfermidade con síntomas parecidos ós do paludismo, pero causada por trastornos nutricionais de carácter tóxico.

pseudoparafasia *s.f.* Incoherencia total da linguaxe que resulta de aplicarlle a todo nomes equivocados.

pseudoparálise *s.f.* Perda aparente de forza muscular sen que exista verdadeira parálise, xeralmente por dor ou outra causa que non sexa lesión da vía motora voluntaria. // **P. miasténica** V. **miastenia pseudoparalítica**. / **P. sifilítica** ou **de Parrot** Afectación inflamatoria das epífises dos ósos dos nenos, que lles dificulta ou impide os movementos, de causa sifilítica.

pseudoparaplexía *s.f.* Parálise dos membros inferiores, na que se conservan os reflexos cutáneos e tendinosos.

pseudoparasitismo *s.m.* V. **simbiose**, **parasitismo transitorio**.

pseudoparesia *s.f.* Estado, xeralmente de orixe psíquica, que presenta os síntomas de paresia, pero sen que exista esta.

pseudopelada *s.f.* Perifoliculite crónica do coiro cabeludo que ocasiona atrofia do cabelo e produce unha alopecia en forma de cicatriz branca e deprimida.

pseudoperitonite *s.f.* Peritonismo.

pseudopleurite *s.f.* Pleurodinia.

pseudoplexía *s.f.* Pseudoparálise ou parálise histérica.

pseudópodo *s.m.* 1. Prolongación protoplásmica transitoria dunha célula móbil, ameba ou leucocito, que lle serve para a locomoción, presión e alimentación. 2. En alergoloxía, prolongación irregular do bordo dunha roncha ou dunha pápula.

pseudoporencefalia *s.f.* Estado semellante ó da porencefalia, no cal os microquistes cerebrais constituídos pola piamáter non comunican cos ventrículos a través dos poros.

pseudopriapismo *s.m.* Plétora dos corpos cavernosos do pene.

pseudopsia *s.f.* Visión falsa ou pervertida. Tamén se di **pseudoblepse**.

pseudopterixión *s.m.* Adherencia dun dobramento da conxuntiva á córnea, que presenta o aspecto do pterixión, consecutiva a traumatismo, cauterización, difteria, etc., pero na que cando se separa da súa adherencia corneal, a conxuntiva retráese e adopta a posición normal.

pseudoptose *s.f.* Ptose aparente ou falsa, especialmente a que se observa na pálpebra superior, por engrosamento, tumor, etc.

pseudoquiste *s.m.* Formación semellante a un quiste, pero que carece de revestimento epitelial ou de membrana limitante definida.

pseudorexia *s.f.* Apetito pervertido.

pseudorrabia *s.f.* 1. Enfermidade de Aujesky. 2. Lisofobia.

pseudorraquitismo *s.m.* Infantilismo renal con osteodistrofia.

pseudorreacción *s.f.* Reacción cutánea non debida a proteínas específicas.

pseudorreducción *s.f.* 1. Reducción en masa dunha hernia. 2. Reducción aparente do número de cromosomas na sinapse.

pseudorreumatismo *s.m.* Localización de procesos sépticos, xeralmente nas articulacións, que simulan un cadro de reumatismo poliarticular.

pseudoscarlatina *s.f.* Estado febril con erupción similar á da escarlatina, pero causada por intoxicación séptica.

pseudosclerema *s.m.* Adiponecrose.

pseudosclerose *s.f.* Enfermidade que presenta algúns síntomas da esclerose múltiple, pero non as súas lesións. // **P. de Westphal-Strümpell** Variante tardeira da deneración hepatolenticular de Wilson.

pseudosmia *s.f.* Ilusión ou alucinación olfactiva.

pseudosolución *s.f.* Solución coloidal.

pseudotabe *s.f.* Síndrome atáxica semellante á tabe dorsal sifilítica, pero sen presenta-lo signo de Argyll-Robertson, producida pola afectación das fibras sensitivas dos nervios periféricos. Pódese dar por exemplo na polineurite alcohólica e diabética.

pseudotétano *s.m.* Contraccións musculares persistentes que se parecen ó tétano, pero que non son causadas pola presenza do *Clostridium tetani*. Tamén se di **tetania**.

pseudotifoide *s.f.* Estado caracterizado polos síntomas da febre tifoide, pero sen as lesións que a caracterizan, e independente do bacilo tífico.

pseudotise *s.f.* Enfermidade consuntiva de natureza non tuberculosa.

pseudotracoma *s.m.* Enfermidade ocular e palpebral semellante ó tracoma.

pseudotriquinose *s.f.* Dermatomiosite de síntomas semellantes ós da triquinose.

pseudotuberculose *s.f.* Conxunto de afeccións con semellanza anatomopatolóxica e clínica coa tuberculose, pero causados por bacilos non ácido-resistentes, como a *Pasteurella pseudotuberculose*.

pseudotumor *s.m.* Falso tumor. // **P. cerebral** Proceso non tumoral que reproduce os síntomas dun proceso expansivo, como a hipertensión endocranial por edema cerebral.

pseudourticaria *s.f.* Dermogravismo.

pseudovaríola *s.f.* Varicela.

pseudovómito *s.m.* Regurxitación.

pseudoxantoma *s.m.* Enfermidade cutánea semellante ó xantoma. // **P. elástico** V. **elastoma** ou **nervio elástico**.

pseudoxeusestesia *s.f.* Falsa sensación de gusto.

pseudoxeusia *s.f.* Sensación de gusto que carece de estímulo externo que a produza.

pseudozunido *s.m.* Falso zunido. // **P. de oído** Zunido obxectivo audible polo observador e causado por enfermidade orgánica (aneurisma arteriovenoso cerebral) ou por contraccións dos músculos timpánicos.

psicagogía *s.f.* Método psicoterápico educacional e reeducacional das relacións do individuo co ambiente social.

psicalgalia *s.f.* Algopsicalia.

psicalxia *s.f.* Neuralxia ou dor de tipo psicolóxico.

psicanálise *s.f.* 1. Método psicoterapéutico creado por Sigmund Freud, baseado na investigación e interpretación de recordos, desexos ou imaxes dos cales a presenza no subconsciente causa trastornos psíquicos. A técnica psicanalítica desenvolveuse a través do método da asociación libre, análise dos soños, etc., e transcorre no marco do estudo da relación transferencial psicanalítica. 2. Conxunto de teorías psicolóxicas e psicopatolóxicas sistematizadas a partir dos datos achegados polo método de exploración e tratamento psicanalítico.

psicanalista *adx. e s.* Experto en psicanálise.

psicanopsia *s.f.* Anopsia ou cegueira psíquica.

psicastenia *s.f.* Para Janet, trastorno mental caracterizado por estados de temor, ansiedade, obsesión, sentimentos de irracionalidade, despersonalización, etc.

psicataxia *s.f.* Ataxia de tipo mental; trastorno que se caracteriza pola incapacidade do paciente para concentrarse.

psicauditivo-a ou **psicacústico-a** *adx.* Relativo á percepción consciente dos sons.

psico- Prefixo do grego, psique, mente.

psicobacilose *s.f.* Bacterioterapia das enfermidades mentais, especialmente da demencia precoz.

psicobioloxía *s.f.* Sistema psicobiolóxico de A. Meyer que estudia a bioloxía da mente sobre a base de que a personalidade do individuo depende do marco ambiental.

psicocinesia *s.f.* 1. Acción súbita e explosiva debida a un defecto de inhibición cerebral. 2. En parapsicoloxía, facultade de controla-la materia coa mente.

psicocirurxía *s.f.* Tratamento de certas enfermidades mentais mediante cirurxía cerebral.

psicocoma *s.m.* Estupor mental.

psicocroma *s.m.* Asociación mental subxectiva entre unha sensación orgánica e unha determinada cor.

psicocromestesia *s.f.* Asociación de estímulos auditivos con sensacións de cor. Tamén se di **audición coloreada**.

psicodélico-a *adx.* Relativo ós estados mentais caracterizados polo incremento e alteración da sensibilidade e modificación do estado de ánimo (euforia, depresión). Aplícase ós efectos psíquicos causados por certas drogas, como o LSD e a mezcaldina, e ós actos que se fan en tal estado.

psicodiagnóstico *s.m.* 1. Método de exame mental baseado na interpretación de tests ou probas psicolóxicas, co fin de determina-las causas dunha conducta anormal. 2. Avaliación da personalidade por medio do test de Rorschach.

psicodinámica *s.f.* Ciencia que estudia o desenvolvemento e cambios dos procesos psíquicos.

psicodisléptico *s.m.* Substancia psicótropa que actúa sobre o estado da consciencia con produción de alucinación, ilusión, etc. Tamén se di **alucinógeno**.

psicodimetría *s.f.* Medición do tempo nos procesos mentais.

psicodrama *s.m.* Forma de terapia de grupo introducida por J.L. Moreno, que consiste nunha representación teatral, xeralmente con intervención do mesmo paciente, na que cada persoa representa os seus problemas emocionais mediante a interpretación dun papel. Desenvolveuse e conceptualizouse coa achega de distintas teorías psicolóxicas (psicanálise, Gestalt) que deron lugar a diversas aplicacións e modalidades técnicas.

psicofármaco *s.m.* Fármaco empregado no tratamento dos trastornos psiquiátricos. Segundo a súa acción clasifícanse en: hipnóticos, antidepressivos, antipsicóticos e estimulantes.

psicofarmacoloxía *s.f.* Rama da farmacoloxía que estudia a acción dos medicamentos sobre os procesos psíquicos.

psicofilaxe *s.f.* Profilaxe das enfermidades mentais.

psicofísica *s.f.* Ciencia que estudia as relacións entre a actividade mental e as súas manifestacións físicas. Tamén se di **psicoloxía experimental**.

psicognose *s.f.* Estudio dos procesos psíquicos por medio da hipnose.

psicógrafo *s.m.* 1. Instrumento destinado a rexistra-los trazos da personalidade dun individuo. 2. Rexistro escrito do funcionamento mental dunha persoa

psicograma *s.m.* 1. Rexistro obtido co psicógrafo. 2. Sensación visual asociada cunha idea.

psicolábil *adx.* Inestable desde o punto de vista psíquico.

psicolepsia *s.f.* Estado caracterizado por un exceso de tensión psíquica seguido dun estado de diminución mental ou depresivo, segundo a teoría de Janet.

psicoloxía *s.f.* Rama da ciencia que estudia os procesos psíquicos. // **P. analítica** 1. Análise da psique segundo os conceptos de Jung. 2. Escola psicolóxica que, mediante unha análise baseada na introspección, pretende alcanzalos elementos simples que constitúen os fenómenos

psíquicos. / **P. clínica** **P.** que utiliza os coñecementos e técnicas psicolóxicas no diagnóstico e tratamento das enfermidades mentais. / **P. comparada** Rama da psicoloxía dedicada a comparar entre si a conducta e os procesos psíquicos característicos das diferentes especies. / **P. conductista** **V. conductismo**. / **P. da forma** **V. xestaltismo**. / **P. experimental** Rama da psicoloxía que estudia os fenómenos psicolóxicos baseándose nos métodos experimentais. / **P. médica** Rama da psicoloxía que estudia as diversas facetas da vida psíquica, pero poñendo o acento sobre as condicións biolóxicas destas actividades. / **P. social** Rama da psicoloxía que estudia a conducta do individuo ou grupo na sociedade e a influencia da sociedade sobre eles. / **P. xenética** Rama da psicoloxía que estudia a orixe e desenvolvemento dos fenómenos psicolóxicos no individuo ou na especie.

psicomotilidade *s.f.* Conxunto de efectos motores relacionados coa actividade psíquica.

psicomotor-a *adx.* Relativo ós efectos motores da actividade psíquica.

psicomotricidade *s.f.* Aspecto psicolóxico do comportamento motor.

psiconomía *s.f.* Ciencia das leis da actividade psíquica.

psiconosoloxía *s.f.* Estudio das enfermidades psíquicas.

psicópata *adx.* e *s.* Que presenta psicopatía.

psicopatía *s.f.* 1. Trastorno mental. 2. Trastorno psíquico caracterizado por unha deficiencia do control dos impulsos e emocións, ou inadaptación ás normas morais ou sociais, tendencia a conductas antisociais, etc. **V. personalidade antisocial** ou **psicopática**.

psicopático-a *adx.* Relativo á psicopatía.

psicopatoloxía *s.f.* Rama da psicoloxía que estudia a natureza e causa das alteracións do comportamento humano e das enfermidades mentais.

psicoplasticidade *s.f.* Aptitude, xeralmente de tipo histórico, para xerar síndromes patolóxicas.

psicorritmia *s.f.* Repetición involuntaria e rítmica de certas accións mentais.

psicose *s.f.* Trastorno mental de etioloxía psíquica ou orgánica, con presenza de desorganización profunda da personalidade, alteracións do xuízo crítico e da relación coa realidade, trastornos do pensamento, ideas e construcións delirantes e, frecuentemente, alucinacións. // **P. afectiva** **V. p. maníacodepresiva**. / **P. alcohólica** Psicose debida a unha lesión orgánica consecutiva ó alcoholismo crónico, como a psicose de Korsakov, *delirium tremens*, etc. / **p. alucinatoria aguda** **V. p. delirante aguda**. / **P. alucinatoria crónica** Psicose caracterizada por delirios crónicos con importantes e intensas alucinacións. / **P. circular** **V. p. maníacodepresiva**. / **P. confusional** Psicose caracterizada por obnubilación da consciencia, desorientación temporoespacial e delirios oníricos. / **P. de Korsakov** Psicose de etioloxía alcohólica caracterizada por unha síndrome confusional con desorientación,

amnesia con fabulación e alucinación, acompañado polo xeral de polineuropatías. / **P. delirante aguda** Psicose que se caracteriza pola aparición súbita dun delirio transitorio variable nos seus temas (delirio de grandeza, de persecución, de influencia, etc.). Segundo o mecanismo do delirio diferéncianse formas imaxinativas, interpretativas, alucinatorias, etc. / **P. depresiva** V. **melancolía**. / **P. esquizofrénica** V. **esquizofrenia**. / **P. fantástica** V. **parafrenia**. / **P. funcional** Psicose na que non existe alteración nin disfunción orgánica ou cerebral. / **P. maniaco-depresiva** Psicose na que se suceden episodios de manía seguidos doutros de melancolía a intervalos variables, separados por períodos de certa estabilidade psíquica. / **P. orgánica** Psicose debida a unha lesión cerebral. / **P. poli-neurítica** V. **p. de Korsakov**. / **P. reactiva** Psicose desencadeada por circunstancias vitais ou ambientais traumáticas. / **P. simbiótica** Psicose infantil que aparece arredor dos dous anos, na que existe unha relación simbiótica nai-fillo. / **P. tóxica** Trastorno psicótico debido á acción de substancias tóxicas.

psicosensorial *adx.* Relativo á percepción consciente dos impulsos sensoriais.

psicosexual *adx.* Relativo ós aspectos psíquicos da actividade sexual.

psicosoma *s.m.* Relación dos elementos psíquicos e somáticos en conxunto.

psicosomático-a *adx.* Dos trastornos e/ou fenómenos somáticos funcionais de orixe psíquica.

psicotecnia *s.f.* Aplicación de métodos psicolóxicos ó estudo de problemas individuais e sociais.

psicoterapia *s.f.* Método terapéutico dos trastornos psíquicos, que se leva a cabo por medios verbais, individualmente ou en grupo, no marco da relación paciente-psicoterapeuta en lugar de usar medios físicos. // **P. analítica** Psicoterapia baseada nos postulados teóricos e técnicos da psicanálise, pero que non segue estrictamente as súas técnicas. / **P. conductista** Psicoterapia que trata de elimina-los síntomas e modifica-los hábitos mal adaptativos do comportamento por procedementos de condicionamento e descondicionamento. / **P. de apoio** Psicoterapia que tende a reforza-los mecanismos útiles do paciente e diminuí-los síntomas e a ansiedade. / **P. de grupo** Psicoterapia aplicada conxuntamente a un grupo reducido de pacientes, coa participación dun ou máis psicoterapeutas. / **P. dinámica** Psicoterapia que se interesa polos impulsos, motivacións e conflitos psíquicos como causantes das perturbacións psicolóxicas do individuo. / **P. familiar** Psicoterapia dirixida á familia, polo que participan algúns ou tódolos seus membros.

psicótico-a *adx.* Relativo á psicose, ou individuo que a padece.

psicotropo-a *adx.* Dos fármacos capaces de modifica-lo comportamento psíquico. Tamén se di **psicofármaco**.

psicóxene ou **psicoxenia** *s.f.* Orixe e desenvolvemento da mente e dos fenómenos mentais.

psicóxeno-a *adx.* De orixe psíquica.

psicro- Prefixo do grego, frío.

psicroalxia *s.f.* Sensación dolorosa de frío.

psicroestesia *s.f.* Sensación de frío.

psicrófilo-a *adx.* 1. Que ten afinidade polo frío. 2. Relativo ás bacterias que se desenvolven mellor entre os 15 °C e os 20 °C.

psicrofobia *s.f.* Temor morboso ó frío.

psicrolusia *s.f.* Balneoterapia fría.

psicrómetro *s.m.* Aparello empregado para medir a humidade atmosférica por determinación do grao de frío necesario para precipitala.

psicroterapia *s.f.* Tratamento das enfermidades mediante a aplicación de frío.

psilose *s.f.* Caída do cabelo. Tamén se di **alopecia**.

psilotron *s.m.* Depilatorio.

psique *s.f.* Relativo á mente considerada como entidade funcional, mediante a cal o organismo se adapta ás necesidades ou esixencias do medio.

psiquiatra *s.* Especialista en psiquiatría.

psiquiatría *s.f.* Rama da medicina que se ocupa do estudo, diagnóstico e tratamento das enfermidades mentais. // **P. biolóxica** Rama da psiquiatría baseada no estudo do home como ser vivo, coas súas implicacións internas (modificación do organismo a través do SNC) e externas (interacción co medio). / **P. comunitaria** Psiquiatría baseada na comprensión e modificación do grupo social próximo ó individuo. / **P. existencial** Psiquiatría orientada segundo os principios filosóficos existencialistas. / **P. forense** Psiquiatría que se ocupa dos aspectos legais da enfermidade mental. / **P. infantil** Rama da psiquiatría que se ocupa do diagnóstico e tratamento das enfermidades mentais infantís. / **P. social** Psiquiatría orientada cara ós factores sociolóxicos que rodean e condicionan a enfermidade mental.

psíquico-a *adx.* Relativo á mente. // **Vida p.** Vida mental tanto consciente como inconsciente.

psiquismo *s.m.* Conxunto de actividades psíquicas dun individuo.

psitacose *s.f.* Enfermidade infecciosa causada por un microorganismo do xénero das *Clamydias*, que se transmite ó home por medio de diversas aves domésticas, e que se caracteriza por un estado de tipo tifoide con temperatura elevada. Responde ás tetraciclinas.

psaos *s.m.* Músculo da rexión lumbar e inguinal do abdome.

psaosilíaco *s.m.* Músculo formado pola unión do psaos maior e o músculo ilíaco.

psóite *s.f.* Inflamación do psaos.

psomofaxia *s.f.* Mastigación incompleta e deglutición dos alimentos incompletamente mastigados.

psora *s.f.* 1. Sarna. 2. Psoríase.

psorelcase *s.f.* Ulceración causada pola sarna.

psorentería *s.f.* Prominencia anormal dos folículos linfáticos na mucosa intestinal, debida a procesos inflamatorios.

psoríase *s.f.* Dermatite eritematosa de etioloxía descoñecida, que afecta sobre todo á raza branca, na idade media da vida, persistente ou con brotes repetidos e remisións temporais. // **P. anular** ou **circinada** Tipo de psoríase con forma de placas que se estenden moito e deixan no medio un espazo de pel curada. / **P. bucal** ou **lingual** V. **leucoplasia**. / **P. follicular** Psoríase localizada nas aberturas dos folículos sebáceos e pilosos. / **P. guttata** Psoríase que aparece en pequenas placas irregulares. / **P. liquenoide** V. **lique plano**. / **P. numular** Psoríase en forma de placas circulares semellantes a pequenas moedas. / **P. palmar** ou **plantar** Psoríase que se localiza nas zonas palmar ou plantar, respectivamente. / **P. pustulosa** Psoríase que presenta lesións fistulares moi pequenas, amicrobianas, localizadas en palmas e plantas, de evolución crónica e recidivante. / **P. unguar** Punteado da unha semellante ó da cara exterior dun dedal.

psoriasiforme *adx.* Semellante á psoríase.

ptármico-a ou **ptarmóxeno-a** *adx.* Relativo ós espirros ou ó que os produce.

pterigofarínxeo-a *adx.* 1. Relativo á apófise pterigoide e á farinxe. // *s.m.* 2. Fascículos do constrictor superior da farinxe.

pterigoide *adx.* 1. Que ten forma de á. 2. Relativo á apófise pterigoide. // *s.m.* 3. Cada un dos dous músculos pares que interveñen na mastigación.

pterigoma *s.m.* Tumefacción dos labios menores da vulva.

pterigomaxilar *adx.* Relativo á apófise pterigoide e ó maxilar.

pterigopalatino-a *adx.* Relativo á apófise pterigoide e ó óso palatino.

pterión *s.m.* Punto craneométrico situado na unión dos ósos frontal, temporal, parietal e á maior do esenoide.

pterixión *s.m.* Enfermidade dexenerativa da conxuntiva ocular, na que aparece unha lesión amarelada de forma triangular, xeralmente na parte interna ou nasal do ollo, que se estende cara á córnea, e mesmo pode invadila e dificulta-la visión ocular. Resulta de procesos irritativos ou cicatrizais da conxuntiva. // **P. colli** Pregadura cutánea na parte lateral do colo debido a unha malformación conxénita, que afecta ó tecido conxuntivo e fascia, desde a rexión mastoide á clavicular. / **P. conxénito** V. **epitarso**.

pternalxia *s.f.* Dor no calcañar. Tamén se di **talaxia**.

PTH Siglas da hormona paratiroide.

ptial- Prefixo do grego, saliva.

ptialagogo-a *adx.* Sialagogo.

ptialectasia *s.f.* Dilatación cirúrxica ou patolóxica dos conductos das glándulas salivares.

ptialina *s.f.* Enzima presente na saliva que hidroliza o amidón en dextrorsa e maltosa. É segregada sobre todo polas glándulas parotidianas.

ptialinoxeno *s.m.* Substancia hipotética que existiría nas glándulas salivares e sería precursora da ptialina.

ptialismo *s.m.* Secreción esaxerada de saliva. Tamén se di **sialorrea**.

ptiálito *s.m.* Cálculo salivar.

ptialo- Prefixo, V. **ptial-**

ptialocele *s.f.* Tumor quístico cheo de saliva. // **P. sublingual** Ránula.

ptialografía *s.f.* Sialografía.

ptialolitíase *s.f.* Presencia de cálculos salivares. Tamén se di sialolitíase.

ptialorrea *s.f.* Pتيالismo, sialorrea.

ptialosa *s.f.* Maltosa producida pola acción da ptialina sobre o amidón.

ptialose *s.f.* Pتيالismo.

ptialóxeno-a *adx.* Que produce saliva. Tamén se di **sialóxeno**.

ptilose *s.f.* 1. Caída ou perda de pestanas. 2. Variedade de pneumoconiose causada pola inhalación de pos de pluma de avestruz.

ptiocrino-a *adx.* Relativo ás glándulas unicelulares que elaboran a súa secreción en forma de gránulos que finalmente son excretados.

ptiríase *s.f.* Pediculose.

ptiriofobia *s.f.* Temor ós piollos.

ptise *s.f.* 1. Acción de cuspir ou expectorar. 2. Cansazo, extenuación.

ptisma *s.f.* Saliva.

ptismagogo-a *adx.* Relativo ó axente que promove a secreción de saliva ou esputos.

ptomaína *s.f.* Substancia alcalina nitroxenada que se atopa na materia orgánica en descomposición, producida pola degradación das proteínas.

ptomainemia *s.f.* Presencia de ptomaína no sangue.

ptomainuria *s.f.* Presencia de ptomaína na urina.

ptose *s.f.* Prolapso ou descenso dun órgano ou parte del. // **P. abdominal** ou **visceral** V. **esplacnoptose**. / **P. de Horner** ou **simpática** Ptose por lesión do nervio simpático cervical. / **P. palpebral** V. **blefaroptose**.

PTT Siglas da púrpura trombótica trombocitopénica.

pubarquía *s.f.* Aparición do pelo pubiano.

pube *s.f.* 1. Porción anterior do óso coxal ou ilíaco. 2. Parte media inferior do hipogastrio.

púbere *adx. e s.* Persoa que chegou á puberdade.

pubertade *s.f.* Período da vida comprendido aproximadamente entre os 12 e os 14 anos, no que se desenvolven os caracteres sexuais somáticos e que marca o comezo da vida sexual reproductiva. // **P. precoz** Madurez sexual que ocorre antes da idade normal, de tipo patolóxico.

pubescencia *s.f.* 1. Puberdade. 2. Aparición de pelo na pube.

pubescente *adx.* 1. Que acadou ou vai acadar a puberdade. 2. Que está cuberto de pelos.

pubetrotomía *s.f.* Sección do óso pube e da porción inferior da parede abdominal.

pubofemoral *adx.* 1. Relativo ó óso pube e ó fémur. // *s.m.* 2. Músculo aductor da coxa.

puboplastia *s.f.* Cirurxía plástica da pube.

pubotomía *s.f.* Sección cirúrxica do óso pube a un lado da liña media, co fin de ampliar o diámetro da pelve no momento do parto. Tamén se di **operación de Gigli, piebosteotomía**.

puboubilical *adx.* 1. Relativo á pube e ó embigo. // *s.m.* 2. Músculo piramidal do abdome.

pudendagra *s.f.* Dor nos xenitais externos, sobre todo feminina.

pudendo-a *adx.* Relacionado cos xenitais externos.

pudendum *s.m.* (lat.) Órgano xenital externo. // **P. muliebre.** Vulva.

puericia *s.f.* Segunda infancia, período comprendido entre os sete anos e a puberdade.

puericultura *s.f.* Rama da pediatría que se ocupa do estudio dos cuidados necesarios para o mellor desenvolvemento dos nenos.

pueril *adx.* Relativo á infancia.

puerilismo *s.m.* Infantilismo.

puérpera *s.f.* Muller que acaba de parir ou que se atopa no puerperio.

puerperilidade *s.f.* Período que transcorre desde o inicio do embarazo ata a fin do puerperio.

puerperio *s.m.* Período que transcorre desde o parto ata que os órganos xenitais e o estado xeral da muller recuperan o estado que tiñan antes do embarazo.

pulga *s.f.* Insecto sifonóptero parasito do home e animais.

pulicaria *s.f.* (lat.) Erupción cutánea constituída por lesións semellantes ás picaduras de pulga.

pulicida *adx.* Que destrúe ás pulgas.

pulícidos *s.m.pl.* Familia de insectos afanípteros, de tórax grande, cabeza pequena e enormes patas, que comprende a maioría das pulgas.

pulicose *s.f.* Irritación cutánea causada polas pulgas.

pulmólito *s.m.* Cálculo pulmonar. Tamén se di **pneumólito**.

pulmometría *s.f.* Medición da capacidade pulmonar.

pulmómetro *s.m.* Espirómetro.

pulmón *s.m.* Órgano par, esencial do aparello respiratorio, no que se produce o intercambio de gases entre o aire respirado e o sangue. Teñen como función, xa que logo, osixenar-lo sangue. Sitúanse un a cada lado do tórax, separados entre eles polo corazón e órganos do mediastino. Son órganos moles, flexibles, comprensibles, en forma de cono irregular, de vértice superior que chega á primeira costela, e a base apóiase no diafragma. O pulmón dereito é máis grande có esquerdo, e presenta dúas cisuras que o dividen en tres lobos desiguais; o esquerdo ten só dous lobos. Están rodeados pola folla visceral da pleura, e constituídos por tecido conxuntivo subseroso e parénquima formado pola reunión de lóbulos pulmonares unidos entre eles por tecido conxuntivo. Cada un destes lóbulos consta dun bronquíolo, chamado bronquíolo lobular, que se ramifica en bronquíolos acinosos que rematan nunha dilatación da que parten os infundíbulos que conteñen os alvéolos pulmonares, cada un dos cales está rodeado dunha fina rede de capilares sanguíneos. // **P. de aceiro** Aparello utilizado para manter durante un tempo longo a respiración artificial. / **P. en panal** Imaxe radiográfica típica do pulmón poliúístico.

pulmonectomía *s.f.* Pneumectomía.

pulmonía *s.f.* Pneumonía.

pulsación *s.f.* 1. Expansión dun órgano de forma sincrónica co pulso. 2. Cada un dos latexos das arterias. // **P. abdominal** Latexos producidos pola impulsión da aorta a nivel abdominal. / **P. hepática** Elevación da rexión hepática perceptible ó tacto nos casos de insuficiencia tricuspídea, por refluxo do sangue nas veas cava inferior e suprahepática.

pulsátil ou **pulsativo-a** *adx.* Que presenta latexos rítmicos ou pulsacións.

pulsión *s.f.* En psiquiatría, impulso, tendencia instintiva a realizar un acto. Segundo a teoría freudiana, o home posúe unhas tendencias instintivas que se atopan a nivel do inconsciente, e existiría unha oposición entre os instintos da vida ou instintos sexuais básicos, e os da morte ou instintos da agresividade.

pulso *s.m.* 1. Expansión e contracción sucesivas e periódicas das arterias, diástole e sístole respectivamente percibidas polos dedos na palpación. 2. Sucesión das pulsacións arteriais cun número no adulto que oscila entre 65 e 75 por minuto. O pulso é a manifestación das variacións de presión creadas polo fluxo de sangue desde o corazón á aorta, que se transmiten a tódalas arterias en

forma de onda. A súa amplitude depende da diferenza entre a presión sistólica e a diastólica, e pode ser pequena (pulso parvus) ou estar aumentada (pulso saltón ou de Corrigan). // **P. alternante** Sensación de latexos fortes e débiles, que indica unha posible lesión miocárdica. / **P. anacrótico** Pulso no que hai dúas ou máis expansións arteriais en cada latexo. / **P. arritmico** Pulso irregular, sen ritmo. / **P. bixémico** Pulso caracterizado pola sucesión rápida de dúas pulsacións seguidas dun intervalo longo, no que a segunda pulsación é unha extrasístole. Tamén se di **bixeminismo**. / **P. brando** Pulso de baixa tensión, de pouca duración e declinación rápida, que se perde facilmente por unha pequena presión. / **P. bulbar de Bamberger** Signo de Bamberger na insuficiencia tricuspídea, que consiste na pulsación perceptible do bulbo da vea xugular sincrónica coa sístole. / **P. capilar** Pulsación dos capilares caracterizada por fases alternativas de arrobamento e palidez nunha rexión, especialmente no leito ungueal, observada na insuficiencia aórtica. Tamén se di **pulso de Quincke**. / **P. celer** ou **de Corrigan** Pulso con expansión plena seguida dun colapso súbito, característico da insuficiencia valvular aórtica, que permite o refluxo sanguíneo da aorta ó ventrículo. / **P. de Quincke V. p. capilar**. / **P. de Wenckebach** Pulso pequeno na inspiración e amplo na expiración, propio das mediastinopericardiopatías e derramos pleurais. / **P. dicrótico** Pulso dobre en cada latexo arterial. Tamén se di **dicrotismo**. / **P. febril** Pulso acelerado, frecuentemente dicrótico. / **P. hipertenso** Pulso caracterizado por ser de duración longa, declinación lenta e estado de dureza da arteria entre os latexos. / **P. hipotenso** Pulso de elevación súbita ou curta e declinación rápida, que se oblitera facilmente por presión. / **P. paradoxal** Diminución esaxerada ou desaparición do pulso arterial nas inspiracións profundas, que se observa pericardite constrictiva. / **P. periférico** Pulso que se aprecia nas arterias distantes da aorta. / **P. precordial** Choque da punta do corazón. / **P. saltón V. p. de Corrigan**. / **P. venoso** Pulsacións observadas en veas, sobre todo na vea xugular.

pulsógrafo *s.m.* Esfigmógrafo.

pulsómetro *s.m.* Aparello utilizado para medi-la amplitude da onda sanguínea.

pultáceo-a *adx.* Semellante a unha papa. Referido ós exsudados de certas anxinas.

pululación *s.f.* Multiplicación rápida de microorganismos ou parasitos, ou dos elementos dun tecido.

pulverización *s.f.* Redución dunha substancia a po mediante trituración, ou redución dun líquido a partículas extremadamente finas por medio dun pulverizador.

pulverizador *s.m.* Aparello utilizado para reducir a po substancias sólidas, ou para pulverizar medicamentos líquidos destinados a seren inhalados.

pulvinar *s.m.* Porción posterior e interna do tálamo óptico.

puna *s.f.* Sensación de malestar e abatimento que se experimenta en certas rexións elevadas. Tamén se di **mal da montaña**.

punción *s.f.* 1. Operación que consiste en introducir un trocar, agulla ou bisturí nunha parte ou nunha cavidade, con fins variados. Tamén se di **paracentese**. 2. Ferida feita cun obxecto punzante. // **P. lumbar** ou **raquídea** P. do conducto raquídeo entre as vértebras L III e L IV, co fin de extraer líquido cefalorraquídeo. Tamén se di **punción de Quincke**.

punctómetro *s.m.* Instrumento utilizado para medi-lo grao de acomodación.

punta *s.f.* Extremo agudo dun obxecto ou parte. Tamén se di **vértice**, **ápice**. // **P. do corazón** Vértice do corazón. Clinicamente é o lugar onde se perciben os latexos cardíacos. / **P. dun absceso** Lugar no que o pus se atopa máis cerca da superficie.

punteado-a *adx.* Marcado con puntos ou manchas. // **P. basófilo** Manchas que aparecen nas hemacias en algunhas anemias.

puntiforme *adx.* Que presenta a forma e o tamaño dun punto.

puntillaxe *s.f.* Masaxe coa punta dos dedos.

punto *s.m.* Área ou espazo moi pequeno, ou lugar determinado. // **P. apendicular** Calquera dos puntos dolorosos á presión na parede abdominal, na apendicite. / **P. cego** Pequena área da retina que é insensible á luz. Corresponde á papila ou disco óptico, que é o punto de onde parte o nervio óptico. / **P. costumuscular** Punto doloroso no vértice do ángulo que forma a última costela e a masa muscular sacrolumbar, positivo na pielite. / **P. de costado** Dor punxitiva do tórax na pneumonía, pleuresía, etc. / **P. de McBurney** Punto de sensibilidade especial na apendicite, situado a uns tres dedos por riba da espiña ílaca anterior e superior dereita, nunha liña que vai desde ela ata o embigo. / **P. de McEwen** Punto sensible na parte superior do músculo recto nas afeccións da vesícula biliar. / **P. de Munro** Punto no centro dunha liña que vai desde o embigo á espiña ílaca anterior e superior esquerda, punto de elección na paracentese. / **P. de osificación** Punto onde comeza o proceso de osificación no óso. / **P. de Sudeck** Porción do recto entre a última arteria sigmoide e a bifurcación da hemorroidal superior. A ligadura desta arteria por debaixo da devandita porción produce gangrena no recto. / **P. de Valleix** Cada un dos puntos dolorosos que se observan ó longo dos traxectos nerviosos nas neuralxias. / **P. de Ziemsen** Punto de entrada dos nervios motores nos músculos, de elección para a electroterapia muscular. / **P. focal** Punto de converxencia dos raios luminosos. / **P. lacrimal** Desembocadura das canles lacrimais nos bordos das pálpebras, cerca do seu ángulo interno. / **P. neurálxico** Punto onde nacen as ramas cutáneas do nervio, ou onde se fai superficial.

puntura *s.f.* 1. Punción. 2. Ferida causada por un instrumento con punta. 3. Picadura.

punxente *adx.* Punzante, referido especialmente á dor producida pola pleuresía.

punzada *s.f.* 1. Dor breve e agudo. 2. Ferida de punta.

punzante *adx.* Agudo ou penetrante.

pupa *s.f.* Carapola, especialmente a que aparece na superficie dos labios.

pupila *s.f.* Abertura dilatable e contráctil situada no centro do iris, pola que entran os raios luminosos. Tamén se di **meniña do ollo**. // **P. de Adie** V. **síndrome**. / **P. de Argyll-Robertson** V. **signo**. / **P. artificial** Abertura artificial no iris. Tamén se di **iridectomía**. / **P. de Bumke** Dilatación da pupila por un estímulo psíquico. / **P. de Hutchinson** Pupila dilatada só nun ollo. / **P. puntiforme** Pupila extremadamente contraída que se observa na intoxicación por opio. / **P. tónica** V. **síndrome de Adie**.

pupilonía *s.f.* Atonía pupilar.

pupílometro *s.m.* Instrumento utilizado para medi-lo diámetro da pupila.

pupiloplexía *s.f.* Parálise da pupila. Tamén se di **pupilonía**.

pupilostatómetro *s.m.* Instrumento que se emprega para medi-la distancia entre os centros de ámbalas dúas pupilas.

pupilonía *s.f.* Diminución da velocidade do reflexo pupilar. V. **síndrome de Adie**.

purga *s.f.* Substancia con acción purgante.

purgación *s.f.* 1. Efecto dunha substancia purgante. Tamén se di **catarse**. 2. Blenorrxia.

purgante *s.m.* Fármaco que facilita a evacuación intestinal, e que recibe diversos nomes segundo o mecanismo da súa acción: formadores de masa, irritantes do colon, amolecentes de feces, laxantes osmóticos, etc.

purgativo-a *adx.* Que purga.

purificación *s.f.* Acción de elimina-lo que é estraño a unha cousa ou a unha substancia.

puriforme *adx.* Semellante ó pus.

purina *s.f.* Composto químico derivado da pirimidina, que non existe en forma libre na natureza, pero que se atopa presente en moitos derivados da pirimidina. As máis importantes son as bases purínicas, a adenina e a guanina, que participan fundamentalmente na composición dos ácidos nucleicos.

purinemia *s.f.* Presencia de bases de purina no sangue.

purinómetro *s.m.* Aparello usado para determina-la cantidade de purina presente no sangue.

puomucoso-a *adx.* Mucopurulento.

púrpura *adx.* 1. De cor vermella violácea intensa. // *s.f.* 2. Afección caracterizada pola formación de manchas vermellas na pel, constituídas por pequenas extravasacións de sangue subcutáneas, síntoma de diversas enfer-

midades. // **P. abdominal ou anafiláctica** V. **p. de Schönlein-Henoch**. / **P. anular telanxiectásica** Erupción en forma anular, e logo pigmentada por depósito de hemosiderina, en ámbalas dúas pernas, que coexiste con equimose e telanxiectasias. Tamén se di **p. de Majocchi**. / **P. capilarotóxica secundaria** Púrpura observada en infeccións, neoplasias, amiloidose, etc. / **P. crioglobulinémica** Púrpura que se presenta de forma idiopática en mielomas, leucemias, etc., causada pola presenza de crioglobulinas. / **P. de Bateman** Púrpura senil por fraxilidade capilar localizada no dorso das mans e no antebrazo. / **P. de Majocchi** V. **p. telanxiectásica**. / **P. de Rendu-Osler** Síndrome caracterizada pola presenza de telanxiectasias, fístulas arterio-venosas múltiples e púrpuras de tipo anxiopático. / **P. de Schönlein-Henoch** Púrpura de orixe anxiopática por alteración do endotelio vascular debida a unha reacción de hipersensibilidade fronte a diversos antíxenos. Presenta síntomas cutáneos hemorráxicos (petequias, equimoses), inflamatorios (eritemas, pápulas), alteracións articulares (artralgias), dor abdominal e alteracións da función renal. Afecta a nenos e mozos, e é de curso benigno. / **P. fulminante de Henoch** Púrpura observada en nenos, de causa múltiple, que adoita ser mortal. / **P. hemorráxica trombopénica sintomática** Púrpura secundaria a varios procesos (infeccións, intoxicacións, hepatopatías, etc.), dos cales constitúe un síntoma máis ou unha complicación. / **P. hiperglobulinémica de Waldenström** Púrpura petequial crónica localizada en ámbolos dous membros inferiores, que lles afecta a mulleres de certa idade, e que se acompaña de hiperglobulinemia. Existen formas idiopáticas e formas secundarias a certas enfermidades. / **P. maligna** V. **síndrome de Waterhouse-Friderichsen**. / **P. ortostática** Púrpura observada en individuos con debilidade capilar latente, que aparece nas pernas debida a ortostatismo prolongado. / **P. reumática** V. **síndrome de Waterhouse-Friderichsen**. / **P. senil** Erupción purpúrica nas pernas en persoas debilitadas ou en anciáns. / **P. simple** Forma de enfermidade leve por fraxilidade capilar, caracterizada por manchas hemorráxicas e trastornos xerais leves. / **P. trombopénica** Púrpura moi grave debida a unha importante diminución de plaquetas no sangue. / **P. trombopénica idiopática** Púrpura orixinada por mecanismos autoinmunes, que se caracteriza pola aparición de hemorraxias cutáneas e mucosas, provocadas por unha diminución de plaquetas. Existen dúas formas, unha aguda que adoita afectarlles ós nenos, e outra crónica que afecta sobre todo a mulleres adultas. Tamén se di **enfermidade de Werlhof**.

purpurífero-a *adx.* Que produce un pigmento púrpura.

purpurina *s.f.* 1. Uroeritrina. 2. Principio cristalizabile vermello da rabia.

purpurinuria *s.f.* Porfirinuria, ou presenza de uroeritrina na urina.

purpuróxeno-a *adx.* Productor de púrpura visual ou dodopsina.

purulento-a *adx.* Que contén ou está formado por pus.

puruloide *adx.* Puriforme.

purupuru *s.m.* Dermatose infecciosa endémica do Brasil na que a pel branca progresivamente.

pus *s.m.* Líquido espeso e opaco, de aspecto leitoso e cor variable, produto dunha infección aguda ou crónica, constituído por unha parte líquida ou soro e outra parte sólida formada por glóbulos vermellos, piocitos, leucocitos, partículas de graxa, restos de tecidos, microorganismos, etc. // **P. caseoso** Pus espeso case sólido, semellante ó queixo. / **P. cremoso** Pus espeso por predominio de elementos sólidos. / **P. icoroso** Pus claro, acre, de cheiro desagradable, segregado por superficies patolóxicas ou enfermas. / **P. loable** Pus amarelado espeso, debido á presenza de gran cantidade de fibrina, característico dos abscesos quentes e das superficies de granulación. / **P. seroso** Pus semitransparente moi fluído, debido ó exceso de líquido. / **P. tuberculoso** Pus causado polo bacilo de Koch, fluído, mal ligado e granuloso.

pústula *s.f.* Elevación circunscrita cutánea, de contido purulento, que pode estar localizada nun folículo piloso (pústula folicular) ou de forma independente. O seu tamaño e forma é variable, podendo estaren agrupadas ou illadas. // **P. maligna** Enfermidade infecciosa da pel causada polo *Bacillus anthracis*, tamén chamada cara-funcho ou ántrax maligno.

pustulación *s.f.* Formación de pústulas.

pustulante *adx.* 1. Que causa pústulas. 2. Axente que produce pustulación.

pustular *adx.* Que ten pústulas.

pustulocrustáceo-a *adx.* Que está formado por pústulas e carapolas.

pustulose *s.f.* Afección cutánea caracterizada pola aparición de pústulas.

pustuloulcerativo-a *adx.* Caracterizado pola presenza de pústulas de evolución ulcerosa.

putame *s.m.* Porción externa do núcleo lenticular que forma parte do corpo estriado.

putrefacción *s.f.* Conxunto de fenómenos físico-químicos que ocorren en cadáveres por acción de xermes saprófitos, que causan degradación e descomposición dos tecidos, desprendéndose gases fedorentos e substancias aminadas fortemente alcalinas.

putrílago *s.m.* Materia ou substancia pútrida que se forma en tecidos gangrenados.

putrilaxinoso-a *adx.* Reducido ó estado de putrílago.

puxar *v.* Contraer voluntaria ou involuntariamente a prensa abdominal, durante a fase expulsiva do parto.

Q

Q, febre V. febre.

QRS, complexo No ECG, onda que corresponde á despolarización dos ventrículos.

quantum *s.m.* (lat.) Cantidade por determinar.

quebrado-a *adx.* Herniado.

quebradura *s.f.* Hernia.

quecemento *s.m.* Acción ou efecto de quecer.

Queckenstedt, signo de V. signo.

queil- ou **queilo-** Prefixo do grego, labio.

queilectomía *s.f.* 1. Ablación dunha parte do labio. 2. Operación que consiste en extirpa-los bordos óseos irregulares dunha cavidade articular, para facilita-lo movemento.

queilectropio *s.m.* Eversión do labio.

queilite *s.f.* Inflamación dos labios. // **Q. actínica** Irritación dos labios por exposición ós raios solares. / **Q. comisural** Boqueira. / **Q. exfoliativa** Dermate seborreica que afecta ó bordo cutáneo-mucoso. / **Q. impetiginosa** Impetixe dos labios. / **Q. tóxica** Queilite causada por substancias químicas irritantes.

queiloanxioscopia *s.f.* Exame microscópico da circulación sanguínea nos labios.

queilocace *s.m.* Tumefacción con endurecemento e arrouamento dos labios.

queilodírese *s.f.* Labio leporino.

queilofaxia *s.f.* Hábito de morde-los labios.

queilognatopalatosquise *s.f.* Deformidade conxénita que se caracteriza pola asociación de labio leporino con fisura de padal.

queilognatoprosoposquise *s.f.* Anomalía conxénita caracterizada pola fisura facial oblicua que afecta ó labio e ó maxilar superior.

queilognatos *s.m.* Labio leporino.

queilognatosquise *s.f.* Labio leporino no que a fisura labial se estende ó maxilar superior.

queilonco *s.m.* Tumor ou tumefacción labial.

queilopalatognatos *s.m.* Labio leporino asociado a fisura de padal.

queiloplastia *s.f.* Cirurxía plástica dos labios.

queilorraxia *s.f.* Sutura dunha ferida ou dunha fisura labial.

queilorraxia *s.f.* Hemorraxia labial.

queilose *s.f.* Enfermidade caracterizada pola escamación e fisuras nas comisuras labiais, causada por deficiencia de riboflavina.

queilosquise *s.f.* Labio leporino.

queilotomía *s.f.* 1. Incisión no labio ou nunha parte del. 2. Incisión dunha excrecencia ósea no extremo articular dun óso longo.

queilotomoplastia *s.f.* Cirurxía plástica da boca e dos labios.

queima *s.f.* 1. Acción ou efecto de queimar. 2. Cremación. 3. Furúnculo.

queimadela *s.f.* Queimadura.

queimadura *s.f.* 1. Lesión causada nos tecidos por un axente de natureza térmica (lume, radiación, electricidade, axentes cáusticos, etc.). Segundo a intensidade das lesións clasifícanse en tres graos: 1º: eritema (afecta só á epiderme); 2º: flictenas (son máis profundas, cun aumento da permeabilidade capilar); 3º: éscaras (destrúese toda a capa cutánea). 2. Ardor de estómago.

queimafobia *s.f.* Temor patolóxico ó frío.

queimura *s.f.* Ardor de estómago.

queiro *s.m.* Dente canino. Tamén se di **cairo**.

queixa *s.f.* Lamentación, expresión de dor.

queixada *s.f.* Maxilar ou mandíbula.

queixo *s.m.* 1. Alimento que se obtén pola fermentación da caseína do leite callado. 2. Maxilar inferior, parte inferior do rostro, debaixo dos labios.

quelación *s.f.* Proceso químico caracterizado pola incorporación dun ión metálico a un composto orgánico,

formando un composto soluble pero non dissociable. En medicina empréganse substancias quelantes de metais para o tratamento de intoxicacións ou acumulacións patolóxicas de certos metais.

quelante *adx.* Que ten capacidade de fixar ións metálicos.

queloide *s.m.* Cicatriz hipertrófica que adquire o aspecto dun tumor cutáneo sobrelevado, de consistencia densa, cor rosada e superficie lisa. Prodúcese cando no proceso de cicatrización dunha lesión cutánea existe unha proliferación excesiva de coláxeno no tecido conectivo cicatrizal.

queloide-a *adx.* 1. Semellante a un lunar ou a unha penca. 2. Parecido a un queleide.

queloidose *s.f.* Formación de múltiples queleoides.

queloplastia *s.f.* Cirurxía plástica das cicatrices.

quelotomía *s.f.* Herniotomía.

quemocéfalo *s.m.* Persoa de cabeza aplanada no sentido vertical.

quemodectoma *s.m.* Tumor benigno de orixe vascular localizado nos quimiorreceptores. Sitúase con máis frecuencia no glomo xugular e carotídeo. Non se volven malignos nin dan metástase frecuentemente, pero recidivan a miúdo. Tamén se di **paraganglioma non cromafin**.

quemose *s.f.* Edema inflamatorio da conxuntiva ocular, especialmente na parte bulbar, formando unha rodela arredor da córnea.

quenodesoxicólico (ácido) *s.m.* Composto empregado no tratamento e profilaxe da litíase biliar.

quenofobia *s.f.* Cenofobia.

quentura *s.f.* 1. Calor. 2. fig. Febre.

queracele *s.f.* Tumor córneo.

queratalxia *s.f.* Dor na córnea.

queratectasia *s.f.* Protrusión da córnea.

queratectomía *s.f.* Escisión dunha parte da córnea.

queratíase *s.f.* Presencia de formacións córneas na pel.

queratina *s.f.* Proteína fibrosa que constitúe o elemento esencial da capa córnea da epiderme, pelo, uñas e matriz orgánica do esmalte dentario. Dálle á pel unha gran resistencia fronte ás agresións físicas, químicas e biolóxicas ás que está sometida. Polas súas propiedades (insolubilidadade en líquidos ácidos e solubilidade en solucións alcalinas) emprégase en farmacia para recubrir pímulas.

queratinización *s.f.* 1. Adquisición de queratina por parte dun tecido, que adquire natureza córnea. 2. Método empregado para cubrir pímulas cunha capa de queratina.

queratinocito *s.m.* Célula epitelial epidérmica.

queratinoide *adx.* 1. Semellante á queratina. 2. Relativo ás pímulas insolubles no estómago pero solubles no intestino.

queratinosa *s.f.* Albuminosa obtida por hidrólise da queratina.

queratite *s.f.* Proceso inflamatorio da córnea, superficial ou profundo, que clinicamente se manifesta polo xeral con dor, que aumenta co pestanexo, fotofobia, fluxo lacrimal e diminución da agudeza visual. A orixe das queratites superficiais pode ser traumática, bacteriana, neuromparalítica ou vírica (entre estas destaca a queratite hepática). Na orixe da queratite profunda destaca a sífilis conxénita e a tuberculose. // **Q. dendrítica** Queratite causada polo virus do herpes. / **Q. logoftálmica** Queratite causada pola exposición da córnea ó aire na logoftalmía. / **Q. micótica** Queratite causada por fungos. / **Q. neuro-paralítica** Queratite resultante da parálise do trixémimo. / **Q. tracomatosa** V. **pannus**.

querato- Prefixo do grego, córnea ou tecido córneo.

queratoacantoma *s.m.* Tumor de natureza epitelial de curación espontánea. Tamén se di **queratoma benigno, hiperplasia pseudoepiteliomatosa idiopática**.

queratoanxioma *s.m.* Anxioqueratoma.

queratocele *s.f.* Hernia da membrana de Descemet da córnea por ulceración desta. Tamén se di **descemetocele**.

queratocentese *s.f.* Punción da córnea.

queratocono *s.m.* 1. Deformidade crónica da córnea. 2. Variedade de estafiloma transparente.

queratoconxuntivite *s.f.* Proceso inflamatorio que afecta á córnea e á conxuntiva. // **Q. epidémica** Infección aguda moi contagiosa de tipo vírico. É a máis frecuente das infeccións que afectan o ollo.

queratocromatose *s.f.* Coloración da córnea.

queratodermia *s.f.* Hipertrofia do estado córneo da pel que se localiza especialmente nas rexións palmar e plantar. Pode ter orixe primaria (enfermidade de Meleda) ou secundaria a diversas causas (traumáticas, endócrinas, tóxicas, infecciosas, etc.). // **Q. palmoplantar climatérica** Hiperqueratose circunscrita ás palmas das mans e ás plantas dos pés, que se presenta en mulleres durante o climaterio.

queratodermatite *s.f.* Inflamación da capa córnea da pel.

queratofarínxeo *s.m.* Fascículo do constrictor medio da farinxe, que se insire nos cornos do hioide.

queratófito *s.m.* Producción córnea da pel de maneira accidental.

queratoglobulo *s.m.* Anomalía do desenvolvemento da córnea, que presenta unha deformidade en forma de globo, pero conserva a transparencia; a tensión ocular, fondo de ollo e visión permanecen normais. Tamén se di **córnea globulosa, estafiloma globuloso**.

queratogloso-a *adx.* 1. Relativo ás hastas da tiroide e á lingua. // *s.m.* 2. Músculo hiogloso.

queratohelcose *s.f.* Ulceración da córnea.

queratohemia *s.f.* Presencia de depósito de sangue na córnea por traumatismo, hipema, etc.

queratohial *adx.* Relativo ó corno do óso hioide.

queratohialina *s.f.* Substancia de tipo córneo das células do estrato granuloso da pel. Tamén se di **eleidina**, **proqueratóxeno**.

queratoide-a *adx.* Semellante ó tecido córneo.

queratoidite *s.f.* Queratite.

queratoiridite *s.f.* Inflamación da córnea e iris.

queratoiridocilite *s.f.* Inflamación da córnea, iris e corpo ciliar.

queratoiridoscopio *s.m.* Forma de microscopio para o exame do ollo.

queratoleptinse *s.f.* Operación que consiste en separar-las capas anteriores engrosadas da córnea e cubri-la área denudada coa conxuntiva bulbar.

queratoleucoma *s.m.* Opacidade branca da córnea.

queratólise *s.f.* 1. Epidermólise. 2. Destrucción da capa córnea da pel por acción de axentes queratolíticos. // **Q. exfoliativa** Afección dérmica caracterizada por desprendemento da epiderme na palma das mans e planta dos pés sobre todo. / **Q. do neonato** V. **dermatite exfoliativa infantil**.

queratoma *s.m.* 1. Tumor cutáneo córneo. 2. Queratose. // **Q. difuso** V. **ictiose conxénita**. / **Q. maligno difuso conxénito** Forma grave de hiperqueratose ictiosiforme xeneralizada, incompatible coa vida. / **Q. senil** Verruga senil.

queratomalacia *s.f.* Abrandamento da córnea causado por déficit de vitamina A.

queratómetro *s.m.* Aparato para medir as curvaturas da córnea.

queratomicose *s.f.* Afección da córnea de tipo micótico.

querátomo *s.m.* Bisturí usado para realizar queratotomía.

queratonose *s.f.* 1. Anomalía na estrutura corneal da pel. 2. Enfermidade da córnea.

queratoplasia *s.f.* Queratinización das células epidérmicas.

queratoplastia *s.f.* Cirurxía plástica da córnea. Realízase con fins ópticos, estéticos, etc. Pode realizarse queratoplastia laminar (superficial) ou queratoplastia penetrante (substitución da córnea en todo o seu grosor).

queratoproteína *s.f.* Proteína do tecido córneo. Tamén se di **queratina**.

queratoprótese *s.f.* Prótese de material transparente con que se substitúe a zona central da córnea opacificada.

queratorrexe *s.f.* Rotura da córnea por úlcera ou traumatismo.

queratosclerite *s.f.* Inflamación da córnea e esclerótica.

queratoscopia *s.f.* Exploración ou exame da córnea, especialmente da reflexión da luz na cara anterior da mesma.

queratoscopio *s.m.* Instrumento empregado para examinar-la curvatura da córnea.

queratose *s.f.* 1. Dermatose que se caracteriza por unha anomalía na queratinización dos tegumentos. 2. Calquera formación córnea como verrugas, calosidades, etc. // **Q. arsenical** Lesións queratósicas que aparecen na intoxicación por substancias arsénicas. / **Q. blenorráxica** Lesións hiperqueratósicas na pel asociadas á blenorraxia. / **Q. folicular** Dermatose que se caracteriza por elevacións córneas adherentes arredor dos folículos pilosos. Tamén se di **acne sebácea córnea**, **ictiose folicular**, **queratose pilaris**, **xerodermia folicular**. / **Q. mucosae oris** Leucoplasia. / **Q. nigricans** Dermatose caracterizada por neoformacións verrugosas de cor escura na caluga, pel do peito e axilar. Tamén se di **acantose nigricans**. / **Q. palmar ou plantar** Apresamento do estrato córneo da palma das mans ou da planta dos pés. / **Q. pilaris** ou **pilosa** Queratose folicular. / **Q. senil** Forma de queratose que se observa na cara e nas rexións descubertas do corpo, causada pola sequidade e dureza na pel, típica da velez.

queratotomía *s.f.* Incisión cirúrxica practicada na córnea.

queratótomo *s.m.* Bisturí para a práctica da queratotomía. Tamén se di **querátomo**.

queratoxénese *s.f.* Formación e desenvolvemento de tecido córneo.

queraunofobia *s.f.* Ceraunofobia.

querectase *s.f.* Querectasia.

querectomía *s.f.* Querectomía.

querión *s.m.* Afección inflamatoria do coiro cabeludo, de tipo pustuloso. Tamén se di **tiña querión**. // **Q. de Celso** Inflamación pustulosa dos folículos pilosos do coiro cabeludo na tiña tonsurante.

queriterapia *s.f.* Ceriterapia.

querníctero *s.m.* Impregnación dos núcleos grises do cerebro e medula por bilirrubina con dexeneración das células nerviosas, forma grave de ictericia do neonato.

querofofia *s.f.* Desagrado de tipo enfermizo ante a alegría.

queroide *adx.* Queratoide.

queromanía *s.f.* Manía caracterizada por unha sensación excesiva de alegría.

querulancia *s.f.* En psiquiatría, conducta ou actitude reivindicativa.

Quervain, enfermidade de V. **enfermidade**.

quetolítico-a *adx.* Cetolítico.

quetona *s.f.* Cetona.

quetonemia *s.f.* Cetonemia.

quetónico-a *adx.* Que fai referencia á acetona.

quetonuria *s.f.* Cetonuria.

quetose *s.f.* Cetose.

quetosteroide *s.m.* Cetosteroide.

quetoxénico-a *adx.* Cetoxénico

quiasma *s.m.* Entrecruzamento en forma de x dalgúns elementos anatómicos. // **Q. celular** Lugar onde se fai o intercambio de material xenético dos cromosomas maternos e paternos durante a mitose. / **Q. óptico** Lugar do hipotálamo onde se cruzan as fibras internas das cintas ópticas. / **Q. tendinoso** ou **de Camper** Cruzamento dos tendóns do músculo flexor profundo dos dedos cos do flexor superficial.

quiasmatipia *s.f.* Intercambio de material xenético entre cromosomas. Tamén se di *crossing over*.

quiasmatodaquía *s.f.* Mordedura dental cruzada.

quiasómetro *s.m.* Aparato para medi-la desviación dos eixes ópticos do seu paralelismo normal.

quiescente *adx.* Que está en estado de repouso.

quifose *s.f.* Cifose.

quilanxioma *s.m.* Tumor formado por vasos linfáticos interlineais dilatados por retención de quilo.

quilectasia *s.f.* Dilatación dun vaso quilífero.

quilemia *s.f.* Presencia de quilo no sangue.

quildrose *s.f.* Sudación de aspecto quiloso.

quilifacción *s.f.* Formación de quilo.

quilífero-a *adx.* 1. Que leva quilo. // *s.m.* 2. Cada un dos vasos linfáticos do intestino que conducen o quilo.

quilificación *s.f.* Dixestión intestinal. Formación do quilo.

quilificar *v.* Converter en quilo.

quiliforme *adx.* Quiloso.

quilo- Prefixo do grego, mil

quilo *s.m.* Líquido de aspecto leitoso alcalino que se forma despois da dixestión no intestino, composto de linfa e graxa emulsionada, que é absorbido polos vasos linfáticos intestinais. Pasa ás veas subclavia e xugular a través do conducto torácico, mesturándose co sangue.

quilocaloría *s.f.* Cantidade equivalente a mil calorías. É a cantidade de calor que se precisa para elevar 1° a temperatura dun litro de auga que está a 15 °C.

quilocele *s.f.* Hidrocele de contido quiloso, xeralmente de orixe filárica.

quilocisto *s.m.* Receptáculo do quilo. Tamén se di *cisterna de Pecquet*.

quilodermia *s.f.* Linfodermia.

quilóforo,-a *adx.* Quilífero.

quilogramo *s.m.* Unidade fundamental de masa no Sistema Internacional. Símbolo: Kg.

quiloide *adx.* Parecido ó quilo. Tamén se di **quiloso**.

quilolitro *s.m.* Medida de capacidade que equivale a 1000 litros. Abreviatura: Kl.

quilómetro *s.m.* Medida de lonxitude equivalente a 1000 metros. Abreviatura: Km.

quilomicrón *s.m.* Partícula de graxa emulsionada de aproximadamente 1 mm de diámetro que se atopa no sangue durante a dixestión das graxas.

quilonema *s.m.* Unidade de valor nutricional, subministrada por un litro de leite, que equivale a 667 calorías.

quiloperitoneo *s.m.* Presencia de quilo no peritoneo.

quiloplastia *s.f.* Operación cirúrxica mediante a cal se restauran os labios.

quilopleura *s.f.* Quilotórax

quilopoiese *s.f.* Formación de quilo. Tamén se di **quilificación**.

quilopondio *s.m.* Unidade de forza que equivale ó peso de 1 Kg sometido á gravidade normal.

quilorrea *s.f.* 1. Diarrea de natureza quilosa debida á rotura dos vasos linfáticos intestinais. 2. Derramo do quilo por rotura do conducto torácico.

quilose *s.f.* Proceso de formación e absorción do quilo a partir dos alimentos no intestino.

quilotórax *s.m.* Derramo do quilo na cavidade torácica.

quilovolt *s.m.* Medida de tensión eléctrica equivalente a 1.000 volts.

quilowatt *s.m.* Unidade de potencia eléctrica que equivale a 1.000 watts.

quiluria *s.f.* Presencia de graxa na urina, que lle dá un aspecto leitoso. Tamén se di **lipuria**.

quimatótrico *s.m.* Modalidade de cabelos ondulados.

quimera *s.m.* En bioloxía, organismo constituído por un mosaico de células de dúas especies ou razas distintas.

quimerismo *s.m.* Presencia, nun organismo, de células procedentes de máis dun cigoto.

química *s.f.* Ciencia que estudia os elementos, os compostos que resultan da súa combinación e das forzas que rexen estas combinacións. // **Q. analítica** Parte da química que trata da análise das substancias. / **Q. biolóxica** Parte da química que estudia os procesos químicos dos fenómenos biolóxicos. Tamén se di **bioquímica**. / **Q. farmacéutica** Parte da química que estudia a composición e preparación de substancias medicamentosas. / **Q. forense** Rama que aplica a química á resolución dos problemas legais, en especial criminais. / **Q. inorgánica ou mineral** Rama da química que estudia os compostos inorgánicos. / **Q. médica ou patolóxica** Rama que

estudia a relación da química biolóxica cos procesos patolóxicos. / **Q. orgánica** Rama que estudia os compostos de carbono.

quimicobiolóxico-a *adx.* Que fai relación ós procesos químicos na materia viva.

quimicofísico-a *adx.* Relativo á química fisiolóxica.

quimificación *s.f.* Formación do quimo. Tamén se di **dixestión gástrica**.

quimio- Prefixo do grego, mestura de zumes.

quimiocauterización *s.f.* Cauterización por métodos químicos.

quimioceptor *s.m.* Receptor adaptado ás estimulacións por substancias químicas, por exemplo, os receptores olfactivos, gustativos, etc.

quimiocinese *s.f.* Incremento da actividade dun elemento causado pola presenza de substancias químicas.

quimioinmunidade *s.f.* Inmunoquímica.

quimioinmunoloxía *s.f.* Estudio dos procesos químicos que se dan na inmunidade.

quimiólise *s.f.* Descomposición, destrución por procedementos químicos.

quimioluminescencia *s.f.* Luz producida por accións químicas, ou que as produce.

quimioprofilaxe *s.f.* Profilaxe por medio de substancias químicas.

quimiorreceptor *s.m.* Quimioceptor.

quimiorreflexo *s.m.* Reflexo causado pola acción dun estímulo químico.

quimiorresistencia *s.f.* Resistencia de tipo específico adquirida polas células para a acción das substancias químicas.

quimiosensible *adx.* Sensible ós cambios na composición química.

quimiosíntese *s.f.* Formación de compostos químicos orgánicos debida á enerxía producida polas reaccións químicas.

quimiotactismo *s.m.* ou **quimiotaxe** *s.f.* Proceso polo cal as células se moven nunha dirección determinada debido á influencia de estímulos químicos. Esta acción pode ser positiva ou negativa segundo a substancia que exerza esa influencia, de xeito que as células poden ser atraídas ou rexeitadas. Tamén se di **quimiotropismo**.

quimioterapia *s.f.* Tratamento mediante substancias químicas baseado na afinidade destas substancias por microorganismos determinados, sen lesionalos tecidos orgánicos.

quimiotropismo V. **quimiotactismo** ou **quimiotaxe**.

quimismo *s.m.* Actividade química.

quimografía *s.f.* Método radiográfico que rexistra os movementos dos órganos ó escorrer unha reixa interposta entre a placa e o paciente.

quimosina *s.f.* Renina, enzima de laboratorio.

quimotripsina *s.f.* Enzima proteolítico do intestino, derivado do quimotripsinóxeno do páncreas pola acción da tripsina, e que con ela transforma as proteínas en polipéptidos e aminoácidos.

quimotripsinóxeno *s.m.* Enzima do zume pancreático que dá lugar á quimotripsina.

quimotriquia *s.f.* Ondulación do pelo.

Quincke V. **enfermidade, método, punción, signo**.

quinesiólogo-a *s.* Especialista na recuperación da normalidade nos movementos corporais.

quinesioloxía *s.f.* Cinesioloxía.

quinesiterapia *s.f.* Cinesioterapia.

quinidina *s.f.* Alcaloide da quina que exerce unha acción depresora sobre a excitación e condución do músculo cardíaco, e que se emprega no tratamento de certas arritmias.

quinina *s.f.* Alcaloide da cortiza do quino. É unha substancia branca, inodora, de sabor amargo e pouco soluble, que se aplica en terapéutica nos procesos palúdicos, dos que é fármaco específico, como antipirético na febre tifoide, e como tónico nunha serie de enfermidades que causan debilidade.

quininismo *s.m.* Intoxicación por quinina.

quininización *s.f.* Emprego profiláctico da quinina, sobre todo nos países onde existe paludismo endémico.

quinoblepsia *s.f.* Cegueira causada pola neve.

quinofobia *s.f.* Temor patolóxico á neve.

quinta enfermidade *loc.* Eritema infeccioso.

quinta *s.f.* Acceso de tose, sobre todo no coqueluche.

quintaesencia *s.f.* Extracto concentrado dunha substancia, ou principio volátil dun corpo.

quintana *adx.* Das febres intermitentes con crises separadas por intervalos de tres días sen febre.

quintillizo-a *adx.* Nacido nun parto quántuplo.

quintípara *adx.* Que pare ou pariu por quinta vez.

quinto par *loc.* Nervio trixémico.

quiragra *s.f.* Dor de tipo gotoso que se localiza na man.

quirapsia *s.f.* Frega ou masaxe coa man.

quirartrite *s.f.* Artrite da man ou dos dedos.

quirartrocace *s.m.* Tumefacción das articulacións da man.

quirismo *s.m.* 1. Espasmo da man. 2. Manipulación.

quiro- Prefixo do grego, man.

quirocinestesia *s.f.* Percepción subxectiva dos movementos da man.

quirófano *s.m.* Recinto para realizar operacións cirúrxicas, acondicionado de maneira que poidan ser observadas a través dunha separación de cristal. Por extensión, calquera sala onde se realizan intervencións cirúrxicas.

quiromnomía *s.f.* Estudo do carácter dun individuo mediante a observación da man.

quiromnóstico-a *adx.* Que ten capacidade para distinguir a man dereita da esquerda, ou ben o lado dereito do esquerdo do corpo.

quiroloxía *s.f.* Linguaxe para a comunicación dos xordomudos, a través das mans. Tamén se di **dactiloloxía**.

quiromegalia *s.f.* Aumento do tamaño das mans sen que exista acromegalia.

quioplastia *s.f.* Cirurxía plástica aplicada ás mans.

quiropodalxia *s.f.* Dor localizada nas mans e nos pés. Tamén se di **acrodinia**.

quiropodista *s.m.* Calista, pedicuro.

quiroponfólix *s.m.* Dermatose caracterizada pola formación de vesículas localizadas na palma das mans. Tamén se di **dishidrose**.

quiopráctica ou **quiopraxia** *s.f.* Sistema terapéutico orixinario de América do Norte, baseado na teoría de que a enfermidade é causada polo funcionamento anormal do sistema nervioso, polo que pretende restablece-lo normal funcionamento deste sistema a través da manipulación das estruturas, especialmente as da columna vertebral.

quiopractor-a *adx. e s.* Experto en quiopráctica.

quiroscoPIO *s.m.* Aparato empregado na realización de exercicios ortópticos para adestra-los músculos oculares, co fin de corrixi-lo estrabismo.

quirosparmo *s.m.* Espasmo da man, chamado tamén cambra dos escribáns.

quiroteca *s.f.* Vendaxe en forma de luva para as mans.

quiste *s.m.* Formación tumoral en forma de cavidade cerrada, coa parede interna revestida de tecido epitelial, xeralmente chea de líquido ou dunha substancia semisólida. Pode ser normal ou patolóxico. // **Q. achocolatado** Quiste con contido líquido sanguinolento, característico da endometriose. / **Q. adventicio** Quiste formado arredor dun corpo extraño ou dun exsudado. Carece de revestimento epitelial. / **Q. aéreo do pulmón** Dilatación quística pulmonar conxénita. / **Q. broncoxénico** Cavidade quística orixinada no tecido bronquial. / **Q. coloide** Quiste que contén material de tipo xelatinoso. / **Q. composto** O que está dividido por tabiques que delimitan varias cavidades. / **Q. de Baker** Protrusión herniaria da membrana sinovial dunha articulación, a través da cápsula articular. / **Q. de Cowper** O formado pola dilatación dunha glándula de Cowper, causado pola retención de secreción. / **Q. de equinococos** Quiste hidatídico. / **Q. de involución** Dexeneración quística dos galactóforos

que ocorre despois da menopausa. / **Q. de Meibomio** O formado no bordo libre da pálpebra, debido á distensión e inflamación dunha glándula de Meibomio. / **Q. de Naboth** O formado pola retención da secreción das glándulas do colo uterino. / **Q. de Wolff** Quiste que se desenvolve no ligamento largo do útero debido, segundo se cre, a restos do corpo de Wolff. / **Q. dermoide** Quiste de orixe embrionaria, formado por unha parede de estrutura semellante á da pel e que contén elementos dela, como por exemplo graxa, pelos, dentes, glándulas, etc. / **Q. do ovario** Quiste localizado no ovario que pode ser debido a unha disfunción deste órgano ou ter orixe tumoral. / **Q. endotelial** O que ten as súas cavidades revestidas de endotelio. / **Q. epitelial** Quiste dermoide. / **Q. falso** Quiste adventicio. / **Q. folicular** O debido á obstrución do conducto dun foliculo glandular. / **Q. gasoso** Quiste de orixe bacteriana que contén gases. / **Q. hemorráxico** Quiste que contén sangue extravasada. / **Q. hidatídico** O formado polo desenvolvemento dunha larva de *Taenia echinococcus* (tenia do can) que, introducida no estómago, é transportada a diversos órganos. Estes quistes causan trastornos polo espacio que ocupan e a compresión que producen, debidos ó tamaño que chegan a adquirir. / **Q. luteínico** Quiste do corpo lúteo do ovario. / **Q. mucoide** O que ten a cavidade formada por unha parede mucosa. / **Q. mucoso** O que se forma pola retención de moco. / **Q. neural** O formado pola dilatación dun ventrículo ou dun espacio linfático do encéfalo ou da medula. / **Q. nevoide** Quiste que ten as paredes moi vascularizadas. / **Q. pilonidal** Quiste localizado na rexión sacrococcícea coa cavidade formada por epitelio escamoso, que contén pelos e que ás veces se prolonga profundamente. / **Q. piloso ou pilífero** Variedade de quiste dermoide, especialmente do ovario, que contén pelos no interior da materia sebácea da que está formado. / **Q. por dilatación ou por distensión** O que se forma por dilatación ou distensión dun conducto ou dunha cavidade preexistente. / **Q. por retención** O formado pola retención da secreción dunha glándula. / **Q. por secuestro** Quiste dermoide separado da pel, debido a un desprazamento embrionario dunha parte dela. / **Q. prolífero** Formación quística dun adenocarcinoma. / **Q. radicular** O que se orixina nun granuloma dunha raíz dentaria. / **Q. sebáceo** Quiste orixinado pola retención da secreción dunha glándula sebácea. / **Q. seroso** O que contén soro, que pode derivar dunha membrana serosa como a pleura ou o pericardio. / **Q. simple** Quiste que contén un produto de secreción ou de excreción. / **Q. sinovial** Ganglión. / **Q. sublingual** Ránula. / **Q. tecal** O formado por distensión circunscrita da vaina dun tendón. / **Q. umbilical ou vitelointestinal** Quiste localizado na rexión umbilical, debido á persistencia do conducto umbilical. / **Q. unilocular** O que está formado por unha soa cavidade. / **Q. vascular** Quiste orixinado pola dilatación dun ou varios vasos.

quistectomía *s.f.* Extirpación dun quiste.

quístico-a *adx.* Que fai referencia a un quiste ou que se caracteriza pola presenza de quistes.

quistoptose *s.f.* Prolapso da vaxina que inclúe a vexiga e a uretra.

quitina *s.f.* Substancia de tipo córneo que forma o esqueleto dos animais artrópodos.

quitoneuro *s.m.* Vaíña nerviosa en xeral. Tamén se di **perineuro, neurilema.**

quitonite *s.f.* Inflamación de calquera membrana envolvente.

R

R 1. Símbolo de resistencia. 2. Onda positiva do ECG que forma parte do complexo QRS, que corresponde coa despolarización ventricular no ciclo cardíaco

Ra Símbolo químico do radio.

rabadilla *s.f.* Parte inferior da columna vertebral formada polo cóccix e a parte final do sacro.

rabdo- Prefixo do grego, bastón, vara. Tamén indica relación co músculo estriado.

rabdocito *s.m.* Leucocito polimorfo nuclear con núcleo en forma de banda. Tamén se di **metamielocito**.

rabdofofia *s.f.* Temor patolóxico ós bastóns ou ás bastonadas.

rabdoide *adx.* 1. Semellante a un cilindro ou bastón. 2. Referido a certo tipo de sutura saxital.

rabdomicondroma *s.m.* Condroma combinado con elementos de rabdomioma.

rabdomioma *s.m.* Mioma composto de fibras musculares estriadas.

rabdomiomixoma *s.m.* Tumor mixto formado por elementos de rabdomioma e de mixoma.

rabdovirus *s.m.* V. *rhabdoviridae*.

rabia *s.f.* Enfermidade infecciosa específica, debida ó virus do xénero *Lyssavirus*, que pertence á familia dos *Rhabdovirus*, propia de certos animais (can, lobo, gato, etc.), transmisíbel ó home e a outros animais case sempre por mordeduras, xa que o virus se atopa na saliva. Caracterízase por unha fase de incubación variable, entre un e seis meses, despois da cal aparece a enfermidade, que afecta sobre todo á sensibilidade e ó movemento, e na que se distinguen tres períodos consecutivos: 1) prodrómico, no que está afectado o carácter e aparecen trastornos da sensibilidade, dores, etc; 2) de excitación, con espasmos musculares na farinxe, tronco, extremidades, hidrofobia, alucinacións, etc; 3) de depresión, con parálise das extremidades e dos nervios craniais, podendo levar á morte por parada respiratoria. Descríbense lesións específicas nos centros nerviosos como os corpos de Negri. Tamén se di **hidrofobia**, **lisa**. // **R. canina** A rabia dos cans e gatos. / **R. de laboratorio** A contraída

por manipulación da vacina preventiva. / **R. paralítica** Variedade de rabia canina na que o síntoma característico é a parálise.

rabícida *adx.* Que destrúe o virus da rabia.

rabífico-a ou **rabixeno-a** *adx.* Que pode causa-la rabia.

rabuñada ou **rabuñadura** *s.f.* Rascadura, ferida leve e superficial na pel producida coas uñas ou cun instrumento con punta.

racémico-a *adx.* Relativo ó composto que é ópticamente inactivo por estar formado por dous isómeros enantiomórficos.

racemización *s.f.* Conversión dunha substancia ópticamente inactiva en activa.

racha *s.f.* 1. Estela, lasca. 2. Abertura, fenda.

rachadela *s.f.* Rachadura pequena.

rachado *s.m.* Orificio da base do cranio con forma irregular.

rachadura *s.f.* 1. Fenda. 2. Acción ou efecto de rachar.

rachis *s.m.* Raque.

ración *s.f.* Cantidade fixa de alimento que se considera que debe de inxerir diariamente unha persoa adulta sa ou enferma. A ración dun adulto san debe comprender de 80-120 g. de proteínas, 50-70 g. de graxa e 350-500 g. de hidratos de carbono, todo o cal achega aproximadamente as 2700 calorías que son precisas para unha persoa que traballa.

racional *adx.* Que ten capacidade de razoar, ou que se axusta á razón e ó bo xuízo.

racoma ou **racose** *s.f.* Fisura ou escoriación na pel ou outra parte.

RAD *s.m.* Siglas en inglés de *Roentgen Absorbed Dose*, unidade empregada en radioloxía e radioterapia, que expresa a dose de radiación absorbida (é a cantidade de enerxía que se libera nunha unidade de masa dunha substancia irradiada que corresponde a 100 ergos por gramo de tecido).

radarterapia *s.f.* Terapéutica antiinflamatoria e analxésica por ondas de radar.

radectomía *s.f.* Escisión da raíz dun dente, parcial ou totalmente. Tamén se di **radiectomía**

radiable *adx.* Que ten a facultade de ser penetrado por raios X ou outros.

radiación *s.f.* 1. Enerxía das ondas electromagnéticas (espectro visible, infravermello ou ultravioleta) emitida en forma de fotóns. 2. Emisión de raios de luz, de calor, químicos, etc. 3. Enerxía emitida polo núcleo de certos elementos (radio, uranio) en forma de partículas α , partículas β , ou raios γ . Os elementos que emiten este tipo de radiación chámanse radioactivos. 4. Tratamento por substancias radioactivas. 5. En Anatomía, grupo de fibras que diverxen dun centro común. // **R. branda** Radiación dunha lonxitude de onda longa con pouco poder de penetración. / **R. corpuscular** Radiación asociada con partículas subatómicas, como electróns, neutróns, protóns, ou as súas combinacións, que se moven a grandes velocidades. / **R. de Gratiolet** ou **óptica** Sistema de fibras nerviosas continuas coas da coroa radiante, derivadas do corpo xeniculado e da vía óptica. / **R. do corpo caloso** Fibras que van desde o corpo caloso ó centro medular de cada hemisferio cerebral. / **R. electromagnética** Ondas que se desprazan coa velocidade da luz, pero con lonxitudes de onda moi variables, desde as hercianas ás cósmicas. / **R. piramidal** Fibras que van desde o fascículo piramidal ó córtex cerebral. / **R. talámica** Sistema de fibras que van desde o tálamo óptico ó hemisferio cerebral correspondente.

radial *adx.* Relativo ó óso radio. V. **óso, arteria, nervio.**

radián *s.m.* En oftalmometría, arco de circunferencia de lonxitude igual ó raio da súa curva.

radiante *adx.* 1. Brillante. 2. Radioactivo. 3. Que emite radiacións.

radical *adx.* 1. Que fai referencia a unha raíz. 2. Que se usa para combater-la orixe ou raíz dunha enfermidade. // *s.m.* 3. Grupo de átomos capaces de combinarse como nun corpo simple pero que non se atopan en estado libre. 4. Grupo haptóforo dun anticorpo. // **R. ácido** Elemento electronegativo que se combina co hidróxeno para formalo ácido. / **R. composto** Radical formado de dous ou máis elementos, que se combina e separa dos compostos a modo de corpo simple.

radícula *s.f.* Estructura pequena que ten forma de raíz.

radiculaxia *s.f.* Neuralxia das raíces nerviosas.

radiculectomía *s.f.* Extirpación dunha raíz nerviosa.

radiculite *s.f.* Inflamación das raíces dos nervios espinais.

radiculoganglionite *s.f.* Inflamación das raíces dorsais dos nervios espinais e dos seus ganglios.

radiculoneurite *s.f.* Síndrome de Guillain Barré.

radiculoneuropatía *s.f.* Enfermidade das raíces nerviosas e nervios periféricos.

radiectomía *s.f.* Radectomía.

radífero-a *adx.* Que contén radio ou emite radiación.

radio *s.m.* 1. Óso. V. **óso radio.** 2. Elemento metálico radioactivo. É un metal moi raro, de cor branca fosforescente, con peso atómico 226, número atómico 86 e símbolo Ra. Emite raios α , β e γ e tamén radon.

radioactinio *s.m.* Elemento formado pola desintegración do actinio (que emite raios α e se desintegra á súa vez en actinio x).

radioactividade *s.f.* 1. Propiedade que teñen certos elementos de emitir continua e espontaneamente raios capaces de atravesar medios opacos á luz, impresionar placas fotográficas ou converterlos gases en conductores de electricidade. 2. Descomposición espontánea dos átomos con emisión de raios α , β e γ . // **R. artificial** ou **inducida** Radioactividade temporal dun elemento colocado no campo de acción dun corpo radioactivo. / **Lesións por r.** Conxunto de danos causados pola radioactividade, xa sexa natural (raios cósmicos, elementos radioactivos que se atopan na natureza) ou artificial (bombas atómicas, reactores, etc.); ocasiona unha serie de síntomas e signos histolóxicos que varían segundo a dose de radiación, tempo de exposición, superficie irradiada, etc.

radioactivo-a *adx.* Con propiedades radioactivas: actinio, polonio, radio, torio.

radioanafilaxe *s.f.* Sensibilización alérxica ou anafiláctica á radiación.

radioaterpia *s.f.* Síndrome caracterizada por malestar xeral, cefalalxia, náuseas e vómito causado pola aplicación de grandes doses de radiación (raios X, isótopos radioactivos, etc.). Tamén se di **radionose.**

radioautografía *s.f.* Fotografía de tecidos inxectados previamente con substancias radioactivas.

radiobioloxía *s.f.* Estudio do efecto das radiacións sobre os tecidos vivos.

radiocalcio *s.m.* Isótopo radioactivo do calcio, cunha vida media de 180 días, que se emprega como marcador no estudio do metabolismo do calcio. Símbolo: Ca^{45} .

radiocarbono *s.m.* Isótopo radioactivo do carbono, de símbolo: C^{14} , cunha vida media de varios miles de anos. Importante como marcador radioactivo.

radiocardiografía *s.f.* Técnica radiográfica de exploración que informa do paso a través das cavidades do corazón de radioisótopos inxectados por vía endovenosa.

radiocarpiano-a *adx.* Que fai referencia ó radio e carpo.

radiocinematografía *s.f.* Sistema de combinación dunha cámara cinematográfica cun tubo de raios X facendo posible a visión dos órganos internos.

radiocromómetro *s.m.* Aparato que mide a capacidade de penetración dos raios X.

radiocubital *adx.* Que fai referencia ó radio e ó cúbito.

radiodermite *s.f.* Dermate causada pola incidencia de radiacións sobre a pel.

radiodiagnóstico *s.m.* Diagnóstico feito a partir de técnicas radiolóxicas.

radiodixital *adx.* Relativo ó radio e dedos.

radiodoncia *s.f.* Radioloxía dental.

radiodosimetría *s.f.* Dosificación das radiacións.

radioelectrocardiografía *s.f.* Técnica que rexistra a concentración nas cavidades cardíacas dun radioisótopo inxectado no sangue.

radioelemento *s.m.* Elemento radioactivo.

radioepidermite *s.f.* Inflamación da epiderme por exposición á radiación.

radiofobia *s.f.* Temor de tipo patolóxico ós efectos nerviosos dos raios X.

radiofósforo *s.m.* Fósforo radioactivo.

radiografía *s.f.* Impresión dunha placa fotográfica por raios X. Tamén se di **roentgenografía**. // **R. seriada por planos paralelos** Radiografía dunha sección con exclusión das demais partes. Tamén se di **planigrafía**, **tomografía**.

radiograma *s.m.* Fotografía obtida por raios X.

radioinmunidade ou **radioinmunización** *s.f.* Menor sensibilidade á radiación que se produce tras someterse repetidamente a esta.

radioinmunoanálise *s.f.* Método de análise inmunolóxica baseado na reacción de dous antíxenos iguais (un marcado cun radioisótopo) co seu anticorpo. En medicina úsase para determina-la concentración de hormonas nos fármacos, antíxenos, etc., no sangue, urina ou líquidos biolóxicos.

radioisótopo *s.m.* Isótopo radioactivo dun elemento (fósforo, ferro, iodo, sodio, etc.), producido artificialmente por bombardeos ó núcleo atómico do elemento con partículas atómicas de elevada enerxía, cargados positivamente ou con neutróns. Úsanse como marca-dores.

radiolábil *adx.* Sensible á acción dos raios X.

radiólogo-a *adx. e s.* Experto en radioloxía.

radioloxía *s.f.* Rama da medicina que estudia as radiacións, sobre todo os raios X, con fins diagnósticos ou terapéuticos.

radiolúcido-a *adx.* Que é translúcido ós raios X.

radioluminescencia *s.f.* Luminescencia causada por determinadas substancias radioactivas na que os seus raios chocan cunha pantalla tratada con medios axei-

tados. Gracias a isto, os raios X, que son invisibles, pódense detectar directamente coa vista.

radiómetro *s.m.* Aparato para determina-la cantidade e calidade da enerxía radiante.

radiomicroómetro *s.m.* Aparato para detectar cambios de enerxía radiante.

radiomimético,-a *adx.* Que bloquea os procesos celulares (mitose) rompendo cromosomas, despolarizando nucleoproteínas, etc., cunha acción semellante ás das radiacións. V. **antimitótico**.

radiomutación *s.f.* Mutación por exposición á radiación.

radión *s.m.* Partícula radiante emitida por unha substancia radioactiva.

radionecrose *s.f.* Necrose causada por radiacións.

radioneurite *s.f.* Neurite causada por manipulación de elementos radioactivos.

radionose *s.f.* Radioaterpia.

radionúclido *s.m.* Núclido que presenta radioactividade.

radiopaco-a *adx.* Que non permite o paso de enerxía radioactiva. Tamén se di **radiacións nos tecidos**.

radiopelvigrafía *s.f.* Radiografía da pelve.

radiopelvimetría *s.f.* Radiografía da pelve para medi-los diversos diámetros pélvicos, así como para o estudo da morfoloxía.

radioplastia *s.f.* Método que se usa para obte-la imaxe plástica dun órgano sobre a base de medicións radioscó-picas.

radiopraxe *s.f.* Emprego das diversas clases de radiación no tratamento das enfermidades.

radioprotector *s.m.* Substancia natural ou artificial, mineral ou orgánica que, administrada antes da exposición dun órgano ás radiacións, diminúe os efectos nocivos destas. As máis importantes son as que conteñen na súa composición o grupo sulfidrilo (SH).

radioquímica *s.f.* Rama da química que trata dos fenó-menos de radioactividade.

radiorreacción *s.f.* Reacción orgánica, especialmente cutánea, ás radiacións.

radiorresistencia *s.f.* Diminución da sensibilidade ás radiacións por exposicións espaciadas a elas. Tamén se di **radioinmunidade**.

radiosclerómetro *s.m.* Aparato que mide a dureza dos raios X. Tamén se di **penetrómetro**.

radioscopia *s.f.* Exploración radiolóxica na que a imaxe dos raios X sobre un corpo se fai visible sobre unha placa fluorescente.

radiosensibilidade *s.f.* Maior ou menor sensibilidade ós raios X, variable segundo os tecidos orgánicos, intensi-dade e calidade das radiacións.

radiosensitivo-a *adx.* Que é sensible á radioactividade.

radiostimulación *s.f.* Estimulación polo emprego de raios X en pequenas doses para conseguir fenómenos de estimulación funcional.

radioterapéutica *s.f.* Radioterapia.

radioterapia *s.f.* 1. Tratamento das enfermidades por medio de radiacións, sobre todo as oncolóxicas. 2. Tratamento polo radio ou polos seus sales. // **R. de contacto** Emprego de radiacións brandas procurando aplica-la radiación no foco tumoral preservando os tecidos peritumorais. / **R. de movemento** Técnica de radioterapia antitumoral na que se fai xira-lo tubo ou o enfermo tomando o tumor como centro do movemento circular. Ó variar continuamente o punto de incidencia conséguese que os tecidos peritumorais reciban doses mínimas. / **R. endocavitaria** Terapéutica na que contacta directamente o radioelemento coa zona tumoral. / **R. profunda** Radioterapia que emprega voltaxes de 200-300 KV. Aplícase directamente sobre o tumor, especialmente en tumores internos. Tamén se di **radioterapia convencional** ou **de ortovoltaxe**. / **R. semipenetrante** Intermedia entre a radioterapia superficial e a profunda. / **R. superficial** Radioterapia na que a pel absorbe a radiación. A voltaxe empregada non chega ós 100 KV.

radiotomía *s.f.* Radiografía seriada por planos. Tamén se di **tomografía**.

radiotoxemia *s.f.* Toxemia causada polas radiacións.

radiotóxico *s.m.* Substancia radioactiva que ten un efecto tóxico á parte da súa radioactividade.

radiotropismo *s.m.* Tropismo influído polas radiacións.

radióxeno-a ou **radioxénico-a** *adx.* Que produce raios X ou ben ten lugar pola acción destes.

radon *s.m.* Elemento radioactivo gasoso incoloro obtido por desintegración do radio, con peso atómico 222 e símbolo Rn. Utilízase en radioterapia e aplícase almacenado en tubos sobre certos tumores.

rafe *s.m.* Liña prominente ou rego que marca o sitio de unión das metades dunha estrutura simétrica, como a do escroto, perineo, padal, etc.

-rafia Sufixo do grego, sutura.

rágade ou **ragadía** *s.f.* Escoriación superficial da pel que adoita aparecer arredor dos orificios naturais a nivel da unión cutáneo-mucosa. Tamén se di **fisura**.

ragadiforme *adx.* En forma de fisura ou de rágade.

ragocito *s.m.* Leucocito polinuclear que presenta granulacións citoplasmáticas e que contén combinacións de IgG, IgM e de fibrina. Atópase no líquido sinovial na poliartrite crónica.

ragoide *adx.* Que ten forma de uva, como a úvea.

raia *s.f.* Sinal, fendedura longa e estreita. // **R. branca de Sergent** Liña branca que aparece no abdome na insuficiencia renal ó fetalto cun obxecto con punta.

raiado-a *s.m.* 1. Legrado uterino de tipo biópsico. Tamén se di **microlegrado**. // *adx.* 2. Que ten raias, sucos ou estrías. 3. Disposto en forma de raios. 4. Que está formado por raios diverxentes.

raial *adx.* Relativo a un raio.

raiante *adx.* Que diverxe a partir dun centro común.

raigón *s.m.* Raíz dun dente que permanece no alvéolo dentario despois da destrución da coroa.

raio *s.m.* 1. Descarga eléctrica, radioactiva, actínica, etc. 2. Liña de luz ou calor. 3. Cada un dos trazos ou formacións rectilíneas que, partindo dun centro, se distribúen en tódalas direccións. // **R. actínico** Raio luminoso que causa cambios químicos, por exemplo, os raios solares. / **R. alfa** Os formados por átomos de helio sen os seus electróns periféricos, emitidos polos elementos radioactivos. Son moi penetrantes. // **R. beta** Os constituídos por partículas de radio 2.000 veces máis pequenas cás partículas de raios α , de velocidade que pode ser similar á da luz e cun poder de penetración moi grande. Están cargados de electricidade negativa. Son desviados por un imán. Constitúen o 19 % da radiación total do radio. Poden ser brandos, duros e medianos. / **R. catódicos** Os constituídos por electróns que flúen nun tubo de baleiro, en ángulo recto con respecto á superficie do cátodo, e afastándose do mesmo independentemente da posición do ánodo. Desprázanse en liña recta, agás que sexan desviados por un campo eléctrico ou magnético, e impregnan placas fotográficas, estimulan a fluorescencia de diversas substancias e xeran raios X. / **R. cósmicos** Ondas electromagnéticas que chegan á Terra desde o espacio interplanetario, parecidas ós raios gamma do radio, pero de lonxitude de onda menor, e maior poder de penetración. / **R. de Becquerel** Raios emitidos polo uranio. Foron os primeiros que se descubriron. Posúen as propiedades penetrantes dos raios X, pero son susceptibles de seren polarizados, reflectidos e refractados. / **R. delta** Constituídos por radiacións moi penetrantes de radio ou doutras substancias radioactivas. / **R. gamma** Radiación electromagnética de curta lonxitude de onda emitida polo núcleo dun átomo durante unha reacción nuclear. Están formados por fotóns de alta enerxía, que non teñen masa nin carga eléctrica e viaxan á velocidade da luz / **R. infravermellos** Raios do espectro solar invisible, cunha lonxitude de onda entre 770 e 50.000 nm. e de efectos térmicos. / **R. láser** V. **láser**. / **R. ultravioleta** Raios do espectro solar invisible, de lonxitude de onda entre 400 e 20 nm., con propiedades actínicas, químicas e bactericidas. / **R. X** Radiación electromagnética de lonxitude de onda máis curta cá lonxitude de onda da luz visible, que se produce cando os electróns que viaxan a alta velocidade chocan contra certos materiais como o tungsteno. Poden atravesala maior parte das substancias e utilízanse para investiga-la integridade de certas estruturas, para destruír tecidos tumorais enfermos, e para conseguir imaxes fotográficas con fins diagnósticos.

raíz *s.f.* 1. Feixe de fibras nerviosas que se unen a outros fascículos formando un tronco nervioso. 2. Parte dun

- órgano implantado nun tecido. / **R. anterior** Raíz raquídea formada por fibras motoras que emerxen da hasta anterior da medula espiñal e se unen á raíz posterior despois do ganglio raquídeo para forma-los nervios espiñais. / **R. dorsal** V. **raíz posterior**. / **R. dos dentes** Parte do dente incluída no alvéolo dentario. / **R. motora** V. **raíz anterior**. / **R. pilosa** Porción de pelo localizado no interior da pel. / **R. posterior** Raíz raquídea formada por fibras sensitivas que emerxen da hasta posterior da medula espiñal e na que se atopa o ganglio raquídeo. / **R. raquídea** Parte dos nervios espiñais comprendida entre a súa saída da medula e a parte externa do burato de conxunción. / **R. sensitiva** V. **raíz posterior**. / **R. da uña** Parte proximal da uña que está cuberta pola pel. / **R. ventral** V. **raíz anterior**.
- rama** *s.f.* 1. División principal dun vaso sanguíneo ou nervio. 2. Prolongación distinta do órgano ou corpo. 3. Porción oposta ó mango dos instrumentos formados por dúas partes iguais (pinzas). / **R. anastomótica** Conxunto de fibras nerviosas ou de vasos que van dun nervio ou vaso a outro. / **R. colateral** Rama que sae dun tronco dun vaso ou nervio. / **R. comunicante** V. **r. anastomótica**. / **R. interfunicular** Ramas de conexión entre dúas cadeas simpáticas. / **R. do isquion** Cada unha das porcións ascendente e descendente do óso isquion. / **R. terminal** A que pon fin a un vaso.
- ramallete** *s.m.* Conxunto de estruturas anatómicas colocadas ou dispostas de xeito semellante a un ramo de flores. // **R. de Riolo** Conxunto de ligamentos e músculos que se insiren na apófise estiloide do óso temporal: estiloso, estilofarínxeo e estilohioide.
- ramex** (*lat.*) *s.m.* 1. Hernia. 2. Varicocele.
- ramificación** *s.f.* Distribución en ramas de diverxencia en varias direccións de vasos, nervios, etc.
- ramo** *s.m.* Rama secundaria ou que sae doutra principal.
- Ramón y Cajal, célula de** V. **célula**.
- rampla** *s.f.* Cada unha das dúas divisións do caracol separadas pola lámina espiral: unha, a timpánica, que remata na ventá redonda, e outra, a vestibular, que comunica co vestíbulo.
- Ramsay Hunt, síndrome de** V. **síndrome**.
- raña** *s.f.* Sarna, especialmente a que lles afecta ás ovelas e ós cabalos.
- rancor** *s.m.* Xenreira ou odio profundo, duradeiro e a miúdo reprimido.
- ranino-a** *adx.* Relativo á ránula ou á rexión sublingual onde ela aparece.
- ránula** *s.f.* Tumoración quística de contido xelatinoso que se forma debaixo da lingua debido á obstrución e dilatación de glándulas salivares ou mucosas desta zona.
- Ranvier, membrana, nódulo de** V. **membrana, nódulo**.
- rapaz** *s.m.* Neno ou adolescente.
- rapto** *s.m.* Impulso, arrouto, arrebatado súbito e violento. // **R. bacteriémico** Paso súbito de bacterias ó sangue. / **R. hemomáxico** Conxestión activa. / **R. melancólico** Impulso súbito de axitación que aparece en persoas melancólicas e que pode levar ó suicidio.
- raque** *s.f.* Columna vertebral.
- raqueta** *s.f.* Incisión cutánea con esta forma, que se practica para amputacións e desarticulacións.
- raquialxia** *s.f.* Dor na columna vertebral.
- raquianalxesia** *s.f.* Raquianestesia.
- raquianestesia** *s.f.* Anestesia inducida pola inxección dun anestésico no conducto raquídeo.
- raquicele** *s.f.* Hernia das meninxes e do contido do conducto raquídeo. V. **espiña bífida, meningocele**.
- raquicentese** *s.f.* Técnica de punción lumbar para a extracción de líquido cefalorraquídeo.
- raquicifose** *s.f.* Cifose.
- raquídeo-a** *adx.* Que fai referencia á raque ou columna vertebral.
- raquidinia** *s.f.* Raquialxia.
- raquígrafo** *s.m.* Aparato para rexistra-las desviacións da columna vertebral.
- raquílise** *s.f.* Tratamento das desviacións da columna vertebral con métodos de tracción e presión.
- raquimeninxite** *s.f.* Meninxite espiñal.
- raquiocampse** *s.f.* Curvatura da columna vertebral.
- raquiocentese** *s.f.* Raquicentese.
- raquímetro** *s.m.* Instrumento que mide as curvaturas da columna vertebral.
- raquiomielite** *s.f.* Mielite da medula espiñal.
- raquioscoliose** *s.f.* Escoliose da columna vertebral.
- raquiotomía** *s.f.* Raquiotomía.
- raquiplejía** *s.f.* Parálise espiñal
- raquisagra** *s.f.* Dor na columna vertebral, especialmente a de tipo gotoso.
- raquisensible** *adx.* Que ten sensibilidade anormal á anestesia espiñal.
- raquisquise** *s.f.* Fisura conxénita parcial ou total da columna vertebral a través da cal se poden exteriorizar meninxes e estruturas nerviosas. Tamén se di **espiña bífida**.
- raquite** *s.f.* Afección inflamatoria da columna vertebral.
- raquitismo** *s.m.* Trastorno de tipo metabólico dos ósos que dá lugar a deformidades nestes. Adoita afectar no período de crecemento case sempre debido a un déficit de vitamina D; tamén se pode relacionar con distintas alteracións do metabolismo do Ca⁺ e do fósforo (raquitismo vitamínorresistente). Clinicamente o raquitismo caracte-

rízase por deformidades óseas como *genu varo*, *genu valgo*, aumento do tamaño do cráneo, deformidades da columna vertebral, etc., hiperlasitude articular, hipotonía muscular, malnutrición, tendencia a infeccións de repetición. Tamén se di **enfermidade de Glisson**. // **R. agudo** Escorbuto infantil ou enfermidade de Barlow. / **R. conxénito** Acondroplasia. / **R. dos adolescentes** Trastornos do esqueleto que aparecen na puberdade. / **R. hemorráxico** Escorbuto infantil.

raquitomía *s.f.* Abertura cirúrxica do conducto vertebral.

raquitomo *s.m.* Aparato para realiza-la raquitomía.

raquitóxico-a *adx.* Que pode causar raquitismo.

rarefacción *s.f.* Mingua do peso e resistencia dun órgano como consecuencia da atrofia por reabsorción con conservación do volume.

rascadura *s.f.* Lesión causada por algo que rasca.

rasceta *s.f.* Dobramentos transversais na superficie palmar do pulso.

rash *s.m.* Erupción cutánea cunha morfoloxía típica dunha enfermidade ben caracterizada. Tamén se di **exantema**.

rasión *s.f.* Operación que consiste en reducir a pequenas partículas as materias sólidas que pola súa constitución non poden ser pulverizadas.

Rasmussen, aneurisma de V. aneurisma.

raspado *s.m.* Técnica que se utiliza para a obtención de material para a súa posterior análise, así como para fins terapéuticos (raspado da zona enferma do útero en certas endometrites ou en abortos; do óso en certas caries, etc.) mediante unha culleriña cortante.

rasquizo *s.m.* Carraspeira.

rata¹ *s.f.* Mamífero roedor da familia dos múridos, prexudicial non só polos danos que produce, senón porque aloxa moitos parasitos transmisibles ó home. É unha das vías de propagación da peste bubónica, enfermidade que padece e transmite a través das pulgas.

rata² *s.f.* 1. Parte proporcional. 2. Variación por unidade de tempo.

ratocida *s.f.* Substancia que se emprega para a destrución das ratas.

ratímetro *s.m.* En radioloxía, aparato que mide a rata ou velocidade da dose.

rato *s.m.* Mamífero roedor da familia dos múridos. // **R. articular** Corpo osteocartilaxinoso libre nunha cavidade articular.

raucedo *s.m.* (lat.) Rouquén.

Raynaud, enfermidade de V. enfermidade

raza *s.f.* Conxunto de individuos que se diferencian doutros grupos da mesma especie por certos trazos morfolóxicos que se transmiten por herdanza. En antropoloxía unha das clasificacións das razas máis xeneralizadas é a baseada na cor da pel.

Rb Símbolo do rubidio.

re- Prefixo do latín, detrás, contrario, novo.

Re Símbolo do renio.

reacción *s.f.* 1. Acción contraria a outra ou que tende a contrarresta-lo efecto do axente que a ocasionou. 2. Fenómeno químico característico dun corpo, provocado pola acción dun axente chamado reactivo. 3. Provocación, mediante un determinado axente, de fenómenos biolóxicos específicos, dentro ou fóra do organismo, con fins diagnósticos. 4. En psicoloxía, estado emocional que se desenvolve ante situacións especiais. 5. Efecto producido por un estímulo. 6. En química, interacción de dous ou máis compostos que forman outro ou máis compostos. 7. Comportamento químico dunha solución segundo a súa concentración de ións de hidróxeno. // **R. ácida** 1. Reacción dunha solución que posúe unha concentración de ións de hidróxeno superior á concentración de ións oxhidrilo. 2. Cambio de cor dun reactivo pola acción dun ácido. / **R. adversa** Calquera efecto nocivo ou non esperado dunha medicación, proba diagnóstica ou actuación con fins terapéuticos. / **R. alcalina** 1. Reacción dunha solución que posúe unha concentración de ións oxhidrilo superior á concentración de ións de hidróxeno. 2. Reacción pola que se recoñece a alcalinidade mediante o cambio de cor do reactivo pola acción dun líquido alcalino. / **R. alérxica** Resposta de hipersensibilidade ante un alérxeno fronte ó cal un organismo estivo exposto previamente, e contra o que desenvolve anticorpos. / **R. anafiláctica V. anafilaxe**. / **R. anamnéica** Reacción inmunolóxica que se produce nun individuo anteriormente inmunizado cun antíxeno determinado. Cando se volve administrar este antíxeno, fai aumenta-la taxa do anticorpo correspondente ou faino reaparecer se xa tiña desaparecido. / **R. energástica** Reacción psicótica causada por unha lesión cerebral, que se manifesta por defectos na memoria e na capacidade de xuízo, convulsións e parálise, seguidos ás veces dun cadro comatoso. / **R. anfixena** ou **anfotérica** Reacción que presenta cores diferentes para unha mesma substancia. / **R. anserina** Pel de galiña. / **R. antálxica** Resposta corporal co fin de evita-la dor. / **R. antíxeno-anticorpo** Reacción que ocorre cando se combina un antíxeno cun anticorpo específico. / **R. antitriptica** Reacción baseada na capacidade que ten o soro sanguíneo de inhibi-la acción da tripsina. Esta capacidade inhibitoria aumenta en determinados procesos: carcinoma, nefrite, embarazo, tuberculose, etc. / **R. biolóxica** Provocación, mediante un determinado axente, de fenómenos biolóxicos específicos, dentro ou fóra do organismo, con fins diagnósticos. / **R. consensual** Reacción que ocorre no organismo independentemente da vontade, especialmente o reflexo consensual á luz. / **R. conxuntival** Reacción oftálmica. / **R. corneopterigoide** Reacción que ocorre nos casos de coma grave, nos que a estimulación corneal ocasiona propulsión do maxilar inferior. / **R. cruzada** Aquela que ten lugar cando un anticorpo reacciona cun determinante antixénico idéntico ó doutra molécula de antíxeno distinta da que induciu a súa formación. / **R. cutánea** Dermorreacción ou cutirreac-

ción. / **R. cutánea diferencial** Reacción que se emprega para diferencia-las infeccións tuberculosas bovina e humana. / **R. da bencidina** A empregada para investiga-la presenza de sangue oculto. Consiste en engadirlle a 1 ml. da solución a investigar 3 ml. de solución saturada de bencidina en ácido acético glacial e 1 ml. de peróxido de hidróxeno. Se a reacción é positiva prodúcese unha coloración verde ou azul. Tamén se di **reacción de Adler**, de **Schumm** ou de **Wagner/ R. da escarificación** Cutirreacción. / **R. da histamina** Incremento da secreción gástrica como consecuencia da administración subcutánea dun mililitro de solución de histamina ó 0,1%. Realízase como proba funcional para a determinación da aquilia gástrica. / **R. da tuberculina** Reacción percutánea intradérmica ou subcutánea empregada para determinar-la existencia de tuberculose. / **R. de aglutinación** Reacción serolóxica. No sangue de persoas infectadas prodúcense aglutininas capaces de producir aglutinación do axente específico causante da infección. V. **r. de Widal**. / **R. de alarma** Primeira fase da síndrome xeral de adaptación de Selye. V. **síndrome**. / **R. de Bayer** Reacción empregada para investiga-la presenza de acetona na urina. Mestúranse cantidades iguais de urina e nitrobenzaldehído con auga alcalina. Se hai acetona, o líquido vólvese de cor azul. / **R. de Bechterev** Reacción muscular que se observa na tetania ante estímulos eléctricos; nestes casos, o mínimo de corrente eléctrica para provocar contracción debe ser diminuído a cada interrupción ou cambia-la intensidade para previ-la contracción tetánica. / **R. de Bence-Jones** Reacción empregada para identifica-la proteína de Bence-Jones. Baséase no feito de que esta proteína precipita por quentamento a 55-601 °C, disólvese por ebulición e volve formar un precipitado por arrefriamento. / **R. de Bergmann-Meyer** Reacción antitriptica. / **R. de Beyerinck** Coloración vermella característica que se observa nun cultivo de bacilos de cloro ó engadirlle ácido sulfúrico concentrado. / **R. de Calmette** Reacción oftálmica. / **R. de Coombs** Serve para coñece-la sensibilidade eritrocitaria na eritroblastose fetal. A reacción consiste en poñer en contacto dúas pingas dunha suspensión de glóbulos vermellos lavados sospeitosos, con dúas pingas de soro de cobaia que conteñan antiglobulinas humanas, inactivado polo calor; se ós 30 minutos existe aglutinación de eritrocitos quere dicir que existían anticorpos sensibilizados neles. / **R. de Cushing** Reacción que indica a existencia de hipopituitarismo. Consiste en administrar subcutaneamente 1 ml. de extracto de lóbulo anterior de hipófise de boi; se a temperatura se eleva máis de 11 °C, é indicio de hipopituitarismo. / **R. de Deen** Reacción para investiga-la presenza de sangue no zume gástrico por medio da tinctura de guaiaco e do ácido acético. / **R. de dexeneración** Reacción de estimulación eléctrica que se observa no músculo despois da dexeneración do seu nervio motor: consiste na perda ou diminución de excitabilidade farádica dos músculos e aumento da excitabilidade galvánica, inverténdose a fórmula das reaccións musculares. / **R. de Dreyer** Reacción de aglutinación para distingui-las infeccións tifoide e paratifoide doutras en enfermos vaci-

nados contra as primeiras. / **R. de Duchenne** Na alteración do trofismo muscular, existe unha diminución da excitabilidade muscular á corrente farádica. / **R. de Eegle** Reacción empregada para o diagnóstico da sífilis, na que se emprega antixeno alcohólico de corazón de boi, reforzado cunha combinación de colesterol e sitosterol. / **R. de Ehrlich** Reacción observada en certas enfermidades, sobre todo na febre tifoide, que consiste na aparición na urina dunha cor vermella pola adición de ácido diazobenzolsulfónico e amoníaco que reaccionan con certas substancias que se atopan na urina nestes estados patolóxicos. / **R. de Ellermann e Erlandsen** Reacción para determina-la hipersensibilidade do organismo á tuberculina. / **R. de esgotamento** Cambios que se observan nos tecidos vivos en estado de esgotamento, como, por exemplo, a elevación do límite de resposta a un estímulo eléctrico. / **R. de fatiga** Elevación da temperatura, polo esforzo muscular, observada en persoas con tuberculose activa. / **R. de Fernández** Reacción precoz á lepromina, con formación de nódulos eritematosos indurados ás 48 horas. / **R. de Gerhardt** Reacción para detectar pigmentos biliares na urina. Nun tubo métese a partes iguais urina e cloroformo, axítanse e engádesse tinctura de iodo e hidróxido potásico. A aparición dunha cor de tonalidade verdosa indica a existencia de ácidos biliares. / **R. de Gordon** Reacción empregada para investiga-la presenza de globulina-albumina no LCR. Cóllese 1 ml. de LCR e engádeselle 0,1 ml. dunha solución de bicloruro de mercurio ó 1 % en auga destilada.; a formación dun precipitado despois dunha hora de repouso indica a presenza de globulina-albumina. / **R. de Graham** Administración intravenosa ou oral de tetraiodofenolftaleína para a exploración radiográfica da vesícula biliar/ **R. de Gruber** Reacción de Widal. / **R. de Henle** Coloración castaña escura que se observa nas células da medula suprarrenal cando son tratadas con sales de cromo. / **R. de inmunidade** Reacción que indica o grao de inmunidade ou sensibilidade do organismo. / **R. de Jolly** Proba reactiva empregada para o diagnóstico da *miastenia gravis*, que se caracteriza pola conservación da contracción voluntaria e pola reacción á excitación galvánica, pero faltando a reacción muscular á estimulación farádica. Este fenómeno non é patognomónico, pois obsérvase tamén na polineurite, poliomielite, distrofias musculares, etc. / **R. de Klimov** Reacción para investiga-la presenza de sangue na urina. Consiste en engadirlle a unha mostra de urina igual cantidade de auga osixenada e unha pouca aloína en po. A aparición dunha cor púrpura indica a presenza de sangue. / **R. de Kraus** Reacción de aglutinación que se observa na febre tifoide polo emprego dunha mestura de estratos de bacilos tíficos e soro tífico. / **R. de Kveim** Reacción para o diagnóstico da sarcoidose, que consiste en inxectar por vía intradérmica antixeno preparado cunha suspensión de líquido sarcoidal. As tres semanas compróbase mediante biopsia. É positiva nun 75 % dos casos de sarcoidose activa. / **R. de Mantoux** Reacción alérxica cutánea empregada para o diagnóstico da tuberculose. Consiste en inxectar 0,05 ml. de tuberculina vella diluída intradermicamente. Os

resultados lense entre 48 e 72 horas. Considérase reacción positiva a aparición dunha pápula acompañada dunha infiltración e hiperemia arredor do punto de inxección. Tamén se di **reacción de Mendel**. / **R. de Mitsuda** Proba inmunolóxica que se utiliza para sabe-la resposta que ten unha persoa fronte ó bacilo *Mycobacterium Leprae*, co fin de preve-la súa receptividade a esta infección, que se realiza mediante a inxección intradérmica de lepromina. A reacción é tardía, e consiste na aparición dun nódulo ós 20-30 días da inxección. Tamén se di **proba da lepromina**. / **R. de Moritz-Weiss** A que se efectúa para determina-la presenza de urocromóxeno na urina, engadindo tres pingas de permanganato potásico ó 1:1000 a un tubo de ensaio cunha parte de urina e dúas de auga. A aparición dunha cor amarela indica a presenza de urocromóxeno, que sería indicio de infección tuberculosa. / **R. de Oestreicher** Reacción xantoproteica. / **R. de oxidación-reducción** Modificación cirúrxica na que se eliminan electróns dunha molécula (oxidación) mediante transferencia simultánea destes electróns (reducción) a outra molécula. / **R. de Pagano** Reacción que segue á aplicación de tuberculina no meato urinario. / **R. de Pandy** Reacción empregada para investigar globulinas no líquido cefalorraquídeo. / **R. de Paul-Bunnell** Reacción serolóxica que se emprega para diagnostica-la mononucleose infecciosa. Neste caso aparecen no soro do enfermo, a partir do quinto día da enfermidade, anticorpos especiais capaces de aglutina-las hemacias de carneiro. / **R. de Penzoldt** Reacción que se emprega para determina-la presenza de glicosa na urina: engádeselle á urina unha solución de hidróxido de sodio e unha solución algo alcalina de diazobenzolsulfónico; axítase e, no caso de haber glicosa, aparece unha cor vermella ou amarela. / **R. de Porter-Silber** Reacción de cambio de coloración a amarelo que indica a cantidade de esteroides suprarrenais excretados por día na urina. Emprégase para avalia-la función adrenocortical. / **R. de Prausnitz-Küstner** Sensibilización local pasiva pola inxección intradérmica de soro dunha persoa alérxica. / **R. de Prendergast** A empregada para diagnostica-la febre tifoide, inxectando intradermicamente 5 mg. de vacina anti-tifoide. Nas persoas que non padecen esta febre fórmase ás 24 horas unha zona eritematosa arredor do punto da inxección. / **R. de Remak** Contracción lenta de carácter vermicular como resposta á estimulación eléctrica galvánica. / **R. de Riesman** Reacción que axuda ó diagnóstico do bocio exoftálmico: neste caso, percíbese un ruído ó aplica-lo estetoscopio sobre o ollo. / **R. de Rivalta** A empregada para distingui-los líquidos exsudados dos transudados: déixase caer unha pinga do líquido que se quere estudar, extraído por punción, nun tubo de ensaio con auga destilada e unha pinga de ácido acético ó 50%. Se o líquido é exsudado, ó chega-la pinga ó fondo do tubo adquire un aspecto de anel azulado, que se vai ancheando e deformando. / **R. de Roche** Na torsión testicular non é posible distinguir mediante exploración o epidídimo. / **R. de Romaña** Oftalmía unilateral que se observa na enfermidade de Chagas. / **R. de Romberg** Vacilación do corpo estando o paciente cos pés xuntos e

os ollos pechados, que indica ataxia locomotora. / **R. de Roser-Braun** Ausencia de pulsación dural que é signo de proceso expansivo intracranial, por tumor ou absceso. / **R. de Rossolino** Flexión dos dedos do pé por percusión da cara plantar no suco metacarpofalánxico, que indica lesión piramidal. / **R. de Rotch** Matidez á percusión no quinto espacio intercostal dereito, que indica derramo pericárdico. / **R. de Rovighi** Estremecemento percibido á palpación e percusión dun quiste hidatídico hepático superficial. / **R. de Rovsing** A presión no lado esquerdo, no punto correspondente ó de McBurney no dereito, produce dor nos casos de apendicite, pero non noutras enfermidades abdominais. / **R. de Saenger** Reparación do reflexo pupilar á luz despois dunha curta exposición á escuridade, que indica sífilis cerebral, e que non se dá na ataxia locomotriz. / **R. de Sahli** Dermorreacción. / **R. de Sahli-Nencki** A que se emprega para determina-la actividade lipolítica do páncreas mediante a administración de salol, que debe ser eliminado como ácido salicílico. / **R. de Saundby** A que se emprega para aprecia-la presenza de sangue nas feces: a unha pequena cantidade de feces engádenselle 19 pingas dunha solución saturada de bencidina e a continuación 30 de auga osixenada. A presenza de sangue produce a aparición dunha cor azul escura. / **R. de sedimentación eritrocítica** Tempo que tardan en sedimenta-los glóbulos vermellos nun tubo de ensaio graduado con sangue citratada. / **R. de Van den Bergh** Reacción que se emprega para determina-la presenza de bilirrubina no plasma, baseada en que as solucións que conteñen esta substancia, tratadas con diazorreactivo, coloréanse debido á formación de azorrubina. Existen dous tipos desta reacción: 1) directa, por agregación simple de diazorreactivo ó soro sanguíneo, na que se produce primeiro unha coloración violeta azulada (reacción directa inmediata), indicadora da presenza de bilirrubina sen combinar e por tanto indicio de ictericia obstructiva; ó cabo duns minutos comeza a coloración avermellada que se escurece ata tornar violeta (reacción directa retardada), que indica unha hipofunción hepática. 2) Indirecta, por agregación do mesmo reactivo ó soro previamente tratado con alcohol e centrifugado. Se a reacción é positiva prodúcese axiña unha coloración vermella violada, debida á fixación da bilirrubina ás proteínas sanguíneas, o que indica ictericia hemolítica. / **R. de Waaler-Rose** Proba de laboratorio que se emprega para detecta-la presenza de factor reumatoide na artrite reumatoide, e que consiste na aglutinación de hemacias de ovella sensibilizadas con inmunoglobulina G de coello. É positiva cando a aglutinación das hemacias se acada con disolucións en proporción de 1/32. / **R. de Wasserman** Proba serolóxica que se realiza para o diagnóstico da sífilis, na que se emprega antixeno de corazón de boi, como anticorpo soro do enfermo, e como complemento soro fresco de cobaia e ademais un sistema hemolítico formado por unha suspensión ó 10% de eritrocitos de carneiro e soro hemolítico anticarneiro como sensibilizador. Realízase poñendo en contacto soro inactivado do enfermo co antixeno, engadir complemento e logo o sistema hemolítico, que actúa como indicador, revelando

se se produce fixación do complemento. / **R. de Weil A** que se utiliza para determina-la existencia de sífilis, baseada no feito de que as hemacias sifilíticas son especialmente resistentes ó poder hemolítico do veneno de cobra. / **R. de Weil-Felix** Proba para o diagnóstico do tifo exantemático, baseada no feito de que o soro sanguíneo de enfermos tifosos produce aglutinación bacteriana en contacto cunha suspensión de *Proteus vulgaris*. / **R. de Wenzell A** que se realiza para determina-la presenza de estricnina, tratando o material a estudar cunha solución composta por unha parte de permanganato potásico en 2000 partes de ácido sulfúrico. En presenza de estricnina produce coloración. / **R. de Wernicke A** que se observa en certos casos de hemianopsia nos que o estímulo luminoso que incide nun lado da retina causa contracción do iris, e o que incide no outro lado non produce reacción. / **R. de Westergren** Reacción de sedimentación eritrocítica. V. **velocidade de sedimentación globular**. / **R. de Widal** Reacción de aglutinación que se emprega para diagnosticar-la febre tifoide, e que consiste en engadir unha parte de soro sanguíneo do enfermo a dez partes dun cultivo en caldo de bacilos de Eberth. É positiva cando os bacilos se aglutinan e van perdendo a mobilidade. / **R. decidual** Reacción do endometrio ó embarazo, caracterizado polo desenvolvemento de células decíduais. / **R. dérmica** Dermorreacción. / **R. do urocromóxeno** Reacción de Moritz-Weisz. / **R. DOPA** Conversión da DOPA en melanina pola acción da DOPA-oxidase. / **R. focal A** que se dá no foco dun proceso patolóxico, por unha toxina ou vacina transportada pola corrente sanguínea ó foco da enfermidade. / **R. intradérmica** Reacción que segue á inxección na derme, case sempre con fins diagnósticos. / **R. leucemoide** Leucopoiése alterada por unha enfermidade infecciosa ou tumoral da medula ósea, que produce un cadro sanguíneo semellante a unha leucemia. / **R. lonxitudinal de Doumer-Ghilar-ducci** Reacción muscular eléctrica a distancia, é dicir, o músculo non reacciona cando se lle aplican os electrodos directamente sobre el, pero si o fai cando se aplican sobre os tendóns. / **R. miasténica** Diminución da excitabilidade muscular á corrente farádica. / **R. miotónica** Incremento da excitabilidade farádica na miotonía conxénita. / **R. neurotónica** Persistencia da contracción muscular despois de ter cesado o estímulo que a provocou. / **R. neutra A** que indica o equilibrio entre a concentración ácida e a alcalina. / **R. nuclear de Feulgen** Reacción que serve para recoñecer-lo DNA, baseada no emprego de fucsina tratada con sulfato sódico, alcohol metílico e ácido clorhídrico. As partes que conteñen DNA (núcleolos e restos nucleares) tinguense de cor vermella violada. / **R. percutánea A** que se produce pola simple aplicación do antíxeno sobre a pel intacta. / **R. psicopática de Hoffmann e Bielschowsky** Os tumores localizados no córtex visual occipital producen abolición dos reflexos ópticos de fixación, acomodación e converxencia, así como o pestanexo de defensa. / **R. pupilar dolorosa** Dilatación das pupilas que se produce ó senti-la dor. / **R. pupilar hemioptica** Reacción de Wernicke. / **R. terapéutica negativa** Agravamento ou persistencia da

clínica, durante o tratamento psicanalítico, en circunstancias en que debería haber unha melloría. Suponse que se debe ó sentimento de culpabilidade inconsciente, que obriga á persoa ó sufrimento, dificultándolle a curación. / **R. vitais** Reaccións dos seres vivos consecutivas ás lesións, que no caso dos cadáveres permiten diferenciar se as lesións se produciron en vida ou despois da morte. / **R. xantoproteica** Reacción para detecta-la existencia de proteínas, baseada na aparición dunha cor amarela cando se pon en contacto ácido nítrico concentrado cos grupos aromáticos da tirosina e triptófano.

reactancia *s.f.* Perda que ten unha corrente eléctrica alterna ó pasar a través dun fío. Tamén se di **resistencia inducida**.

reactivación *s.f.* 1. Restauración da actividade a un corpo inactivo. 2. Actuación de determinadas enfermidades que permanecían en situación latente, como a sífilis, tuberculose, etc.

reactividade *s.f.* Capacidade dun organismo vivo de responder á acción dun estímulo, como a resposta motivada pola entrada de antíxenos no organismo.

reactivo *s.m.* Substancia empregada para producir unha reacción determinada ou para descubri-la presenza doutra substancia.

reanimación *s.f.* Conxunto de medidas que permiten restablece-las funcións vitais, momentaneamente comprometidas. // **R. médica** Aquela que permite asegura-lo equilibrio normal do medio interno tan pronto como sexa posible. / **R. cirúrxica** Método que acode a medidas especiais: masaxe cardíaca, respiración artificial, traqueotomía, etc.

reaxina *s.f.* Inmunoglobulinas.

rebordamento *s.m.* Emisión involuntaria de urina debida a unha excesiva retención na vexiga.

rebordo *s.m.* Formación que sobresa da superficie dun órgano ou estrutura. // **R. basal** Rebordo con forma de U situado na base da coroa dentaria. Tamén se di **cíngulo**. / **R. cotiloide ou glenoide** Prominencia ósea e ligamentosa que limita as cavidades do mesmo nome.

reboscemia *s.f.* Perna ou pernas tortas.

rebose *s.f.* Desviación ou curvatura.

recaída *s.f.* Reparición dunha enfermidade, especialmente as infecciosas, durante a convalecencia da mesma. V. **recidiva**.

recalcificación *s.f.* Restablecemento das sales de calcio nos tecidos orgánicos.

recambio *s.m.* Acción e efecto de substituír. // **R. metabólico** Número de moles de substrato transformado por mol de enzima, por unidade de tempo. Permite valora-la actividade dos enzimas en termos absolutos. Tamén se di **Turnover**.

receita *s.f.* Prescrición ou fórmula; escrito que fai o médico, no que indica o modo de preparación e adminis-

tración dun produto farmacéutico. Adoita constar de tres partes: inscrición, que contén o nome e dose das compoñentes; subscrición ou modo de preparación, e instrución, na que se lle indica ó enfermo o modo de emprego.

receptividade *s.f.* 1. Susceptibilidade de padecer un determinado proceso patolóxico. 2. Susceptibilidade de percibir sensacións.

receptor *s.m.* 1. Terminación nerviosa sensitiva dos órganos periféricos que reciben estímulos de varias clases, segundo as cales se chaman: exteroceptor, interoceptor e propioceptor. 2. Grupo químico presente na superficie de toda célula inmunoloxicamente activa, que ten a facultade de se combinar cun antíxeno. 3. Individuo que recibe sangue, tecido ou un órgano nunha transfusión, enxerto ou transplante, respectivamente. // **R. universal** Individuo que pode recibir sangue de calquera tipo.

recesión *s.f.* 1. Proceso de separar gradualmente unha cousa do seu lugar normal. 2. En odontoloxía, proceso de retracción ou desprazamento da enxiva.

recesivo-a *adx.* 1. Que ten tendencia a regresar. 2. En xenética, termo oposto a dominante, referido ó carácter que pode non manifestarse, pero que existe latente e se pode transmitir.

recessus *s.m.* (lat.) Cavidade pequena. Tamén se di **seo**.

recidiva *s.f.* Reparación dunha afección patolóxica despois de pasado un tempo sen se manifestar. // **R. tumoral** Reprodución dun tumor no mesmo sitio onde se extirpara.

récipe (lat.) Tómese. O símbolo R/, que adoita encabezar as receitas, interprétase agora como abreviatura de *récipe*, aínda que orixinalmente era o símbolo de Xúpiter.

Recklinghausen, enfermidade de V. **enfermidade**.

reclinamento *s.m.* Descenso, inclinación, prolapso.

reclusión *s.f.* Peche, voluntario ou forzoso, dun enfermo mental nunha institución psiquiátrica.

recombinación *s.f.* En xenética, alteración da distribución dos xenes por entrecruzamento de segmentos cromosómicos homólogos, levando con eles a creación de novos xenotipos. // **R. xenética bacteriana** Agregación de determinantes xenéticos ó cromosoma dunha célula receptora a partir dun fragmento de DNA procedente doutra célula doadora, que se fai normalmente por cruzamento. Este determinante pode penetrar directamente, por un plásmido ou por un virus.

recoñecemento *s.m.* Inspección ou exame, total ou parcial, dunha persoa, para emitir un xuízo sobre ela ou co obxecto legal de determina-la súa identidade.

reconstitución *s.f.* 1. Devolver algo ás súas condicións normais. 2. Tipo de rexeneración dunha superficie lesionada, na cal se forma un novo órgano por rexeneración de tecidos máis que por neoformación. 3. Retorno á forma líquida do soro ou plasma sanguíneos previamente desecados, mediante disolución en auga destilada.

reconstituínte *adx.* e *s.m.* Tónico.

reconto *s.m.* Valoración por cómputo dun número de elementos: bacterias, hemacias, leucocitos, plaquetas, etc. // **R. de Addis** Reconto das células de sedimento urinario de 24 horas.

recorrenza *s.f.* Reparación dos síntomas dunha enfermidade despois dunha fase de remisión. Tamén se di **recidiva**.

recorrente *adx.* 1. Que se estende cara ó lugar de orixe. 2. Que reaparece despois dunha remisión. 3. V. **arteria**, **nervio**.

recorrentoterapia *s.f.* Inoculación da febre recorrente con fins terapéuticos.

recremento *s.m.* Substancia do organismo que, despois de ser secretada, é reabsorbida ou permanece no propio organismo cumprindo unha función, por exemplo, o humor acuoso, sinovial, etc. // **R. excrementicio** Do humor excretado que en parte é reabsorbido e en parte excretado, como a saliva, bile, etc.

rectalxia *s.f.* Dor no recto. Tamén se di **proctaxia**.

rectectomía Proctectomía.

rectificación *s.f.* 1. Endereitamento, corrección. 2. Destilación repetida dun líquido co fin de purificalo ou de concentralo.

recto-a *s.m.* 1. Parte terminal do intestino groso que abarca desde o colon sigmoide ata o ano, e que se sitúa na parte posterior esquerda da pelve. Ten forma cilíndrica e remata nunha ampola. 2. V. **músculo**. // *adx.* 3. Dereito, que non se inclina cara a un lado nin cara ó outro.

rectocele *s.f.* Proctocele.

rectocolite *s.f.* Inflamación simultánea do recto e do colon. Tamén se di **colorrectite**.

rectografía *s.f.* Radiografía do recto.

rectoperineorrafia *s.f.* Operación cirúrxica plástica que corrixe o prolapso do recto mediante sutura do esfínter anal. Tamén se di **proctoperineorrafia**.

rectorromanoscopio *s.m.* Rectosigmoidoscopia.

rectosigmoide *s.m.* Porción inferior do colon sigmoide e superior do recto.

rectosigmoidoscopia *s.f.* Exploración do recto e do colon sigmoide mediante o rectosigmoidoscopia. Tamén se di **proctosigmoidoscopia**.

rectosigmoidoscopia *s.m.* Endoscopia empregado para a exploración do recto e do colon sigmoide.

rectostenose *s.f.* Estenose do recto.

rectostomía *s.f.* Proctostomía.

rectotomía *s.f.* Proctotomía.

rectouterino-a *adx.* Relativo ó recto e ó útero.

rectovaxinal *adx.* Relativo ó recto e á vaxina.

recumbente *adx.* Deitado, recostado.

recuperación *s.f.* En terapéutica, conxunto de medidas dirixidas a recupera-la funcionalidade dunha parte do organismo danada, especialmente do aparato locomotor

recurvación *s.f.* Curvatura cara a atrás.

redaño *s.m.* Dobramento grande, semellante a unha rede, no peritoneo, que suxeita os intestinos á cavidade abdominal.

rede *s.f.* Entrecruzamento de fibras, vasos, nervios, etc. // **R. acromática** Rede de substancias protoplasmáticas que non se tinguen con colorantes. / **R. capilar** Disposición en forma de rede que adoptan moitas divisións dos vasos capilares nos diferentes órganos. / **R. de Golgi** Rede formada por pequenas fibras dos cilindroeixes das neuronas que se anastomosan entre elas. / **R. de Haller** Rede testicular. / **R. de Langerhaus** Plexo de fibras nerviosas amielínicas que se atopan no corpo mucoso da pel. / **R. de Malpighi** Capa máis interna da epiderme. V. **corpo mucoso de Malpighi**. / **R. de Purkinje** V. **fibras de Purkinje**. / **R. testicular** Anastomose entre os tubos seminíferos rectos no corpo de Highmore do testículo. Tamén se di **rede de Haller**.

redisolación *s.f.* Luxación recidivante.

reducción *s.f.* Corrección dunha fractura, luxación ou hernia ata devolvela ó seu lugar normal. // **R. aberta ou cerrada** Redución de fracturas, mediante intervención cirúrxica ou por manipulación, respectivamente. / **R. en masa** Redución dunha hernia estrangulada incluída no seu saco, de maneira que non se reduce ou alivia a estrangulación.

reductase *s.f.* Enzima que exerce acción reductora sobre certas substancias químicas.

reduplicación *s.f.* 1. Repetición dun ou de ámbolos dous ruídos do corazón. 2. Acción de aumentar unha cousa ó dobre do que era anteriormente.

redúvidos *s.m.pl.* Familia de hemípteros transmisora da tripanosomíase americana.

redux *adx.* (lat.) De volta, de novo, como certas lesións, por exemplo as do chancro, que reaparecen despois de curadas.

Reed, V. célula de Sternberg-Reed.

reeducación *s.f.* Método de rehabilitación que consiste en ensinarlle a un paciente unha serie de movementos ou actos que están impedidos ou dificultados por unha lesión, nerviosa ou doutro tipo.

refinación *s.f.* Purificación ou depuración dunha substancia co fin de separa-los corpos estraños que contén.

reflector *s.m.* Instrumento para reflecti-la luz ou o son.

reflexión *s.f.* Cambio de dirección que experimenta un raio luminoso, calorífico, ou onda sonora ó chocar cunha superficie que se atopa na súa traxectoria e que non pode atravesar

reflexo *s.m.* Resposta involuntaria, consciente ou inconsciente, que pode ser motora ou secretora, que se manifesta de xeito inmediato trala aplicación dun estímulo sobre un receptor específico ou sobre as fibras nerviosas aferentes dun arco reflexo. // **R. abdominal ou cutáneo-abdominal** Contracción dos músculos abdominais pola estimulación por fretamento cara a abaixo da parede do abdome. É indicio de integridade da medula espiñal entre D_{VIII} e D_{XII}. / **R. abdominocardiaco** Reflexo cardíaco causado pola excitación do simpático abdominal. / **R. adquirido** V. **r. condicionado**. / **R. anal** Contracción do esfínter anal por estimulación da pel do peritoneo. / **R. aquíleo** Contracción dos músculos do papo da perna e flexión simultánea do pé ó percuti-lo tendón de Aquiles. / **R. auditivo** Reflexo causado pola estimulación do nervio auditivo, por exemplo o pechamento dos ollos a causa dun ruído ou son repentino. / **R. bicipital** Contracción do bíceps braquial cando se golpea o tendón na zona da flexura do cóbado. / **R. ciliar** V. **r. pupilar**. / **R. ciliopíñal** Dilatación da pupila pola estimulación da pel do pescozo. / **R. condicionado** Reflexo que se adquire. Son inestables, e só se desenvolven sobre outro reflexo preexistente, sexa conxénito ou tamén condicionado. Xéranse por repetición, usando as vías dos reflexos conxénitos, e na súa realización intervén en algo o córtex cerebral. / **R. consensual luminoso** Contracción reflexa na pupila dun ollo como consecuencia da estimulación por unha luz do outro ollo. / **R. conxuntival ou corneal** Oclusión das pálpebras ó toca-la conxuntiva. / **R. cremastérico** Retracción dun testículo por estimulación da pel da cara interna da coxa. Indica normalidade da medula espiñal entre L_I e L_{II}. / **R. cutáneo** Contracción muscular causada pola excitación da pel. / **R. cutáneo plantar** V. **signo de Babinski**. / **R. de acomodación** Cambios na pupila, cristalino, etc., coordinados entre eles para adapta-lo ollo á visión próxima ou afastada. / **R. de Babinski** V. **signo**. / **R. de Bainbridge** Aumento da frecuencia cardíaca consecutiva ó incremento de presión nas cavidades do corazón e nas grandes veas. / **R. de Brudzinski** V. **signo**. / **R. de defensa** Contracción da masa muscular situada por riba dunha lesión inflamatoria visceral ó realiza-la palpación abdominal. / **R. de Guillen-Barré** Flexión plantar lenta de tódalas dedas como resposta á estimulación plantar, que aparece en traumatismos medulares moi graves. / **R. de Hering-Brener** Mecanismo nervioso para a autorregulación do ritmo respiratorio por estimulación das terminacións do nervio vago ó distendérense os pulmóns durante a respiración. / **R. de Moro** ou **r. da aberta** Proxección dos brazos cara a adiante que realizan os lactantes ó seren deitados en decúbito supino sobre unha superficie plana, se se golpea esta a calquera lado do neno, ou por unha perda súbita de sostén, medo intenso, etc. / **R. de Oppenheim** V. **signo**. / **R. de Pavlov** Secreción de zume pancreático como consecuencia da introducción dun ácido no duodeno. / **R. de Weiss** Reflexo en forma semilunar que se observa co oftalmoscopio do lado nasal do disco óptico, especialmente na miopía. / **R. de Westphal ou de Westphal-Piltz** Contracción da pupila ó facer un esforzo

para cerra-las pálpebras, que se manteñen separadas. Tamén se di **reflexo pupilopalpebral**. / **R. do cutáneo** Contracción da pupila ó belisca-lo músculo cutáneo. / **R. do seo carotídeo** Bradicardia, hipotensión, etc., causada pola compresión da arteria carotídea á altura do seo carotídeo. / **R. do tríceps** Extensión do antebrazo por percusión do tendón do tríceps no cúbado, mentres se mantén o antebrazo formando ángulo recto co brazo. / **R. do veo do padal** Elevación do veo do padal ó ser estimulado. / **R. espiñal** Reflexo do cal o arco está conectado a un centro medular. / **R. estapedial** Contracción do músculo do estribo por estimulación acústica tanto do mesmo oído coma do contrario. Explórase mediante impedanciometría. / **R. estático-cinético** Conxunto de reflexos que aseguran o equilibrio do corpo mediante estímulos procedentes dos músculos, tendóns, articulacións, oído interno, cerebelo, etc. / **R. gastrocólico** Peristalse que se produce no colon pola entrada de alimentos no estómago. / **R. gastroiliaco** Apertura da válvula ileocecal como consecuencia da entrada de alimentos no estómago. / **R. hepatoxugular** Distensión das veas xugulares por presión sobre o fígado. Indica insuficiencia cardíaca no lado dereito. / **R. larínxeo** Tose por irritación da larínxe. / **R. mientérico** Contracción e relaxación por riba e por debaixo, respectivamente, dun punto do intestino estimulado. / **R. oculocefalóxiro** Movements asociados do ollo, da cabeza e do corpo, cando se efectúa a atención visual sobre un obxecto. / **R. patelar** V. r. **rotuliano**. / **R. patolóxico** Reflexo dependente dunha afección patolóxica, que pode ser signo dunha enfermidade. / **R. periós-tico** Contracción muscular causada por un golpe nos ósos dunha extremidade, que aparece nas afeccións dos cordóns laterais da medula espiñal. / **R. pilomotor** Erección dos pelos pola estimulación do frío, certas emocións, etc. / **R. plantar** Flexión das dedas por estimulación da planta do pé. / **R. propioceptivo** Reflexo consecutivo a un estímulo que actúa no propio organismo. / **R. pupilar** Contracción da pupila por estimulación da luz sobre a retina. / **R. químico** Reflexo causado pola acción de substancias químicas, como as hormonas, os neurotransmisores, etc. / **R. radial** Flexión do antebrazo e flexión simultánea dos dedos por percusión do extremo inferior do radio. / **R. rotuliano** Extensión da articulación do xeonllo por contracción reflexa do cuádriceps crural, que se produce trala percusión do tendón rotuliano. / **R. vesical** Desexo de orixinar por distensión moderada da vexiga debida á acumulación de urina. Tamén se di **reflexo de micción**. / **R. visceral** 1. Reflexo causado pola estimulación dun órgano interno. 2. Luz ou imaxe reflectida por un obxecto. 3. Representación, imaxe.

reflexófilo-a *adx.* Caracterizado pola actividade dos reflexos.

reflexógrafo *s.m.* Instrumento empregado para o rexistro gráfico dun reflexo.

reflexoloxía *s.f.* Estudio dos movementos reflexos.

reflexometría *s.f.* Medición da forza necesaria para producir contraccións miotásicas.

reflexopatía *s.f.* Lesión causada de modo reflexo.

reflexoterapia *s.f.* Tratamento dalgunhas afeccións mediante o uso terapéutico de certos reflexos.

refluxo *s.m.* Fluxo do contido dun órgano ou conducto, en sentido contrario ó normal. // **R. hepatoxugular** Distensión da vea xugular causada pola compresión do fígado. É un signo indicativo dunha alteración do retorno venoso na insuficiencia cardíaca. / **R. vesicoureteral** Paso de urina da vexiga ós uréteres.

refracción *s.f.* Desviación que experimenta un raio luminoso ó pasar dun medio transparente a outro con distinta densidade óptica. // **R. dinámica** Acomodación normal do ollo que ten lugar continuamente, sen esforzo consciente. / **R. estática** Refracción ocular que se produce cando a acomodación está paralizada. / **R. ocular** Refracción da luz cando atravesas as diferentes estruturas oculares (córnea, cristalino, etc.), da cal resulta a converxencia dos raios na retina.

refraccionista *adx. e s.* Experto en determinar e corrixi-los erros da refracción ocular.

refractar *v.* Cambiar de dirección o raio de luz ó pasar a un medio de distinta densidade.

refractario-a *adx.* 1. Que non cede facilmente ó tratamento. 2. Propio dunha fase da actividade muscular ou nerviosa (V. **período**).

refractograma *s.m.* Receita para a corrección óptica dunha ametropía.

refractometría *s.f.* Medición dos índices de refracción dos medios oculares.

refractura *s.f.* Intervención cirúrxica consistente en fracturar de novo un óso fracturado e curado con deformidade. Tamén se di **osteoclacia**.

refrescamento *s.m.* Raspado dos bordos dunha ferida ou dunha úlcera, co fin de logra-la súa coaptación inmediata.

refrixeración *s.f.* Diminución provocada da temperatura dun organismo. // **R. terapéutica** Baño, hidroterapia.

refrixerante *adx. e s.m.* Que diminúe a calor, a febre ou a sede.

refusión *s.f.* Separación transitoria e posterior reingresso do sangue á circulación.

regalicia *s.f.* Planta medicinal da familia das leguminosas, da cal se emprega a raíz como edulcorante e como antiulceroso gastroduodenal.

regaña *s.f.* Rego longo e estreito, incisivo, que se atopa principalmente no óso. // **R. digástrica** Suco na cara posterior da apófise mastoide no que se insire o cunículo digástrico. / **R. do hélix** Pequena depresión entre o hélix e o antihélix da orella. / **R. mastoide** V. **regaña digástrica**.

regra *s.f.* 1. Guía, principio, norma, pauta. 2. Menstruación. // **R. de Clark** Método para establece-la dose farmacolóxica en pediatría, que se basea na obtención de porcentaxes da dose do adulto en relación coa superficie corporal. / **R. de Van't Hoff** Regra segundo a cal a velocidade dunha reacción química se duplica cada vez que a temperatura se eleva 1 °C. / **R. de Young** Método empregado para determina-la dose de medicamento que se debe administrar a un neno, en relación coa dose dos adultos, e que consiste en sumar 12 á idade do neno, e dividi-lo resultado desta suma tamén pola idade. O resultado será o denominador dunha fracción que ten como denominador 1. Por exemplo, para un neno de 6 anos de idade, $6+12=18$; $18/6=3$; a dose será $1/3$ da dose do adulto.

regresión *s.f.* 1. Remisión dos síntomas dunha doenza. 2. Volta a unha etapa anterior. 3. En psiquiatría, inicio de pautas de conducta máis primitivas ou infantís, que non concordan coa idade ou co estado social actual do individuo.

regresivo-a *adx.* 1. Que se caracteriza pola regresión. 2. En vía de atrofia normal.

regulación *s.f.* 1. Adaptación ás condicións variables. 2. Posta en orde dunha cousa, segundo unhas normas.

regular *adx.* 1. Axustado ó normal. 2. Relativo ó pulso, e en xeral de todo o que ocorre a intervalos iguais.

regurxitación *s.f.* Refluxo dun líquido en dirección contraria, en especial a subida de pequenas cantidades de alimento mesturadas con zumes dixestivos á boca, sen vómitos nin náuseas, por movementos antiperistálticos. Do paso do sangue, durante a sístole ventricular, pola válvula mitral e aórtica.

rehabilitación *s.f.* Proceso terapéutico destinado a recupera-las capacidades físicas perdidas por traumatismo ou enfermidade.

rehidratación *s.f.* Tratamento da deshidratación dirixido a restablece-lo equilibrio hídrico normal.

reimplantación *s.f.* Reaplicación dunha parte que fora extraída do seu lugar natural.

reinduración *s.f.* V. **chancro redux**.

reinfección *s.f.* Segunda infección nun paciente xa totalmente restablecido dunha enfermidade, causada polo mesmo xerme ou por outros semellantes.

reinoculable *adx.* Relativo ó xerme que pode ser inoculado de novo no mesmo individuo.

reinoculación *s.f.* Inoculación repetida no mesmo individuo co mesmo xerme patóxeno.

reinserción *s.f.* 1. Nova inclusión dunha cousa noutra. 2. Reimplantación nun alvéolo dental dun dente perdido por diversas causas: traumatismo, extracción, etc.

reintegración *s.f.* 1. Restauración, rexeneración. 2. Restauración da función mental normal despois dunha alteración psíquica. 3. Fenómeno psíquico, que constitúe un principio básico da aprendizaxe, polo cal unha

resposta completa pode ser provocada por unha parte dos estímulos que normalmente a provocan.

reinversión *s.f.* Restitución ó seu lugar normal dun órgano invertido, como por exemplo o útero.

Reiter, síndrome de V. síndrome.

relación *s.f.* 1. Situación dun órgano respecto doutro. 2. Afinidade, parentesco, analoxía. 3. Proporción entre elementos, ou correspondencia dunha causa con outra. // **R. albumina/globulina** Proporción entre albumina e globulina existentes no plasma. / **R. nucleocitoplasmática** Relación entre o volume do núcleo e o citoplasma celular.

relapso *s.m.* Recaída, recidiva.

relaxación *s.f.* ou **relaxamento** *s.m.* 1. Diminución da tensión, o contrario de contracción. 2. Estado de lasitude extrema. 3. Método terapéutico baseado na diminución da tensión muscular, que se aplica a estados de ansiedade, de excitación nerviosa, etc. // **R. isométrica** Relaxación que se produce nun músculo sen diminución da súa lonxitude.

relaxante *adx.* Que produce relaxación, en especial a droga que ten este efecto ou capacidade.

relaxina *s.f.* Hormona do corpo lúteo que causa relaxación dos ligamentos pélvicos durante o embarazo.

REM 1. Siglas de *Roetgen Equivalence Man*: unidade empregada para medi-la cantidade de radiación ionizante absorbida polo home. 2. V. **sono**.

remedio *s.m.* Aquilo que prevén, cura ou alivia unha doenza ou trastorno. // **R. inimico** En homeopatía, medicamentos de acción antagónica.

remineralización *s.f.* Reposición dos elementos minerais do organismo perdidos.

remisión ou **remitencia** *s.f.* Diminución da intensidade ou desaparición dos síntomas dunha enfermidade.

remitente *adx.* Que se caracteriza por alternar períodos de remisión e de exacerbação.

renal *adx.* Relativo ou pertencente ós riles.

rénculo ou **renículo** *s.m.* Cada un dos lobos que constitúen o ril.

renegación *s.f.* Mecanismo de defensa mediante o cal a persoa rexeita a realidade dunha percepción traumática.

renicápsula *s.f.* Cápsula renal ou suprarrenal.

renina *s.f.* 1. Substancia enzimática de natureza proteica secretada polas células xustaglomerulares do ril, que actúa sobre o anxiotensinóxeno do sangue dando lugar á liberación do decapeptido anxiotensina I, que se transforma en anxiotensina II ó pasar polo pulmón, onde se atopa o enzima de conversión. A anxiotensina II é a substancia de maior potencia vasoconstrictora. 2. Enzima coagulante do leite, que se atopa sobre todo no zume gástrico dalgúns animais. Tamén se di **quimosina**.

reninóxeno *s.m.* Proenzima secretado polas glándulas gástricas que se converte en renina.

reniportal *adx.* Relativo ó ril e á vea porta.

renite *s.f.* Nefrite.

renitencia *s.f.* Resistencia á presión ou a unha influencia.

renocutáneo-a *adx.* Relativo ó ril e á pel.

renogástrico-a *adx.* Relativo ó ril e ó estómago. Tamén se di **nefrogástrico**.

renografía *s.f.* Radiografía do ril.

renointestinal *adx.* Relativo ó ril e ó intestino.

renopatía *s.f.* Nefropatía.

renopulmonar *adx.* Relativo ó ril e ó pulmón.

renorrenal *adx.* Relativo a ámbolos dous riles.

renotrófico-a *adx.* Que favorece o aumento de tamaño dos riles ou que causa a súa hipertrofia.

rentschlerización *s.f.* Destrucción de bacterias polos raios ultravioletas dunha lonxitude de onda de 253,7 nm., método de Harvey Rentschler.

réculo *s.m.* V. **rénculo** ou **renículo**.

reo- Prefixo do grego, corrente.

reobase *s.f.* Intensidade mínima de corrente eléctrica necesaria para producir un estímulo.

reocardiograma *s.m.* Gráfica que rexistra e mide os cambios rítmicos na impedancia do corpo.

reocardio *s.m.* Reóstato.

reoencefalograma *s.m.* Gráfica das variacións da impedancia intracranial en relación coas modificacións de fluxo vascular, con obxecto de estudar a circulación cerebral.

reóforo *s.m.* Electrodo.

reograma *s.m.* Representación gráfica da impedancia transmitida ás moléculas do sistema hemático.

reoloxía *s.f.* Estudio do fluxo de líquidos como o sangue a través do corazón e dos vasos.

reómetro *s.m.* Instrumento utilizado para medir a velocidade da corrente sanguínea. Tamén se di **galvanómetro**.

reoscopio *s.m.* Instrumento que se emprega para comprobar a existencia dunha corrente eléctrica. Tamén se di **galvanoscopio**.

reóstato *s.m.* Aparato que regula e varía a resistencia da corrente eléctrica, o que permite variar a súa intensidade.

reostose *s.f.* Hiperostose caracterizada pola presenza de estrías nos ósos.

reotaquígrafía *s.f.* Rexistro fotográfico da curva de variación da acción electromotriz dos músculos.

retropismo *s.m.* Fenómeno que consiste na mobilización dun órgano en dirección contraria á da corrente eléctrica do líquido no que se atopa.

reótopo *s.m.* Instrumento que permite inverter unha corrente eléctrica. Tamén se di **conmutador**.

Reoviridae Familia de virus RNA, que comprende dous xéneros fundamentais; *Reovirus* e *Rotavirus*.

Reovirus Xénero de virus da familia *Reoviridae*. Son saprófitos habituais do aparello dixestivo e respiratorio, e non se lles coñecen responsabilidades directas en ningún proceso patolóxico.

reoxidación *s.f.* Oxidación repetida, coma a da hemoglobina do sangue.

repelente *adx.* Que repele, especialmente as substancias que polo seu olor ou natureza teñen a capacidade de repeler insectos ou parasitos.

repercoloración *s.f.* Filtración repetida cos mesmos materiais.

replantación *s.f.* Reimplantación.

repleción *s.f.* Acción e efecto de estar cheo, colmado. Plétora.

replicación *s.f.* Mecanismo mediante o cal as moléculas de DNA ou de RNA forman outras moléculas idénticas ás orixinais. Este proceso é fundamental na reprodución.

replicón *s.m.* Estructuras de ácido nucleico con capacidade de autoduplicación. Por exemplo, son replicóns os cromosomas das células eucariotas, o DNA nuclear dos procariotas, os plásmidos e os ácidos nucleicos dos virus.

repolarización *s.f.* Proceso mediante o cal a célula despolarizada se polariza de novo na superficie da súa membrana, por restablecemento gradual das cargas positivas na superficie exterior e das negativas no interior.

reposición *s.f.* Manobra destinada a colocar unha parte en posición normal. Tamén se di **redución**.

reposo *s.m.* Descanso, cesamento temporal dunha actividade. // **Cura de r.** Tratamento imprescindible para curar certas enfermidades ou trastornos.

representación *s.f.* En filosofía e psicoloxía, contido perceptual concreto dun pensamento.

represión *s.f.* Proceso mediante o cal o individuo rexeita da consciencia ou mantén no inconsciente ideas, impulsos ou sentimentos que non son aceptados polo individuo. A represión intervéñe no desenvolvemento psicolóxico normal da persoa (formando parte do inconsciente), e desempeña un papel importante na formación da psique. Tamén constitúe o mecanismo principal da histeria, e forma parte de diversos procesos psicopatolóxicos.

reproducción *s.f.* 1. Proceso biolóxico de formación de novos individuos dunha especie, con posibilidade de desenvolver unha vida independente en canto a nutrición e actividade. Ten como misión substituí-los organismos

que morren. 2. Restauración dunha parte danada ou destruída. // **R. asexual** Reproducción que non precisa de dous seres de sexo distinto para que teña lugar, como por exemplo, a división celular, xemación, etc. / **R. sexual** Aquela que se realiza por fecundación dunha célula sexual feminina cunha célula sexual masculina. / **R. somática** Reproducción asexual.

reproductor-a *adx.* Que serve para a reprodución. V. **aparello**.

repudio *s.m.* Para J. Lacan, proceso psíquico, que estaría presente na base da produción do fenómeno psicótico, mediante o cal o individuo rexeita unha representación transcendental que non é significativa na súa conciencia. Este fenómeno desenvólvese en torno a temas como a castración e na esfera conceptual da teoría do simbólico.

repulsión *s.f.* Forza que tende a separa-los corpos.

resastenia *s.f.* Fonastenia dos oradores.

rescisión *s.f.* Ablación, escisión.

rescrito *s.m.* Especie de amuleto contra o mal de ollo, que consiste nun papel cun conxuro escrito por un sacerdote, e que metido nunha bolsa de tea se coloca como escapulario, ou tamén, cosido a unha peza de roupa.

reseccable *adx.* Susceptible de resección.

resección *s.f.* Extirpación dunha parte dun órgano ou dun óso, especialmente a dos extremos dos ósos e dos tecidos que forman parte da articulación. // **R. articular** Extirpación da articulación para conseguirla súa anquilose cirúrxica. / **R. nerviosa** Extirpación dunha porción dun nervio sensitivo que se efectúa nos casos de neuralxias rebeldes. / **R. ortopédica** Resección que se practica nun óso para corrixir unha actitude viciosa. / **R. subperióstica** Extirpación dunha porción ósea, conservando o perióstio co fin de permitirla rexeneración ósea.

resectoscopia *s.f.* Prostactomía transuretral da próstata, realizada mediante o resectoscopio.

resectoscopia *s.m.* Especie de cistoscopia provisto dun electrobisturí, que se emprega para efectuar a resección transuretral da próstata.

reserpina *s.f.* Alcaloide con propiedades antihipertensivas e sedantes, baseadas na depleción que fai dos depósitos neuronais de catecolaminas e serotonina do sistema nervioso central e periférico. É un fármaco moi empregado como elemento de investigación farmacolóxica.

reserva *s.f.* Cosa almacenada e dispoñible para a súa utilización futura. // **R. alcalina** Cantidade de bicarbonato existente no sangue. / **R. cardíaca** Capacidade de reserva que ten o corazón para contraerse, e que pode ser utilizada no caso de emerxencia. / **R. enerxética** Cantidade de substancias en forma de proteínas, lípidos e glúcidos que son almacenadas para a súa utilización segundo as necesidades. / **R. respiratoria fetoplacentaria** Reserva funcional da placenta en relación á súa capacidade de subministrar osíxeno ó feto, que inflúe na capacidade dun feto para tolera-la tensión do parto.

Mídese mediante a monitorización biofísica prenatal ou a análise das características do líquido amniótico.

reservorio *s.m.* Cavidade na que se almacena un líquido como o saco lagrimal, vesícula biliar, etc. // **R. de infección** Organismo no cal se reproducen virus, bacterias ou parasitos, e que xeralmente non se ve afectado por eles. / **R. do quilo** V. **cisterna de Pecquet**.

residente *s.* Licenciado en medicina que para a súa formación reside nun centro hospitalario.

residuo *s.m.* Porción que queda dunha ou varias substancias despois da separación doutras por evaporación, combustión ou por outro procedemento. Tamén se di **resto**.

resina *s.f.* Substancia vexetal amorfa, sólida ou semisólida, transparente ou translúcida, soluble en alcohol, éter e aceites volátiles e insoluble en auga, que flúe naturalmente ou por incisión da cortiza dalgúns árbores, e que tamén se pode obter por síntese. As resinas son corpos terciarios ricos en carbono e hidróxeno e pobres en osíxeno. // **R. de intercambio iónico** Composto sintético de peso molecular elevado, que polas súas características físico-químicas é capaz de ceder ou tomar ións. Poden ser aniónicas ou catiónicas. // **R. elástica depurada** Caucho.

resinoide *adx.* Semellante á resina.

resinol *s.m.* Retinol.

resistencia *s.f.* 1. Forza que se opón ó movemento ou a unha determinada actitude. 2. Oposición que ofrece un conductor ó paso da corrente eléctrica. 3. Propiedade que teñen certas bacterias para resistiren a acción de axentes destructores. 4. Capacidade natural dos individuos para toleraren os efectos prexudiciais de toxinas, microorganismos, etc. 5. En psiquiatría, defensa psicolóxica dun suxeito contra a rememoración de experiencias reprimidas ou desagradables. // **R. ácido ou alcohol** Capacidade de certas bacterias de resistir a acción de alcohois e ácidos. / **R. globular** Propiedade dos glóbulos vermello de non hemolizarse cando se someten a medios salinos hipotónicos con respecto ó plasma. A relación entre estas dúas concentracións mide o grao de resistencia, é dicir, o grao de fragilidade globular, a cal diminúe na ictericia hemolítica. / **R. periférica** Resistencia que opoñen os capilares ó paso do sangue.

resoador *s.m.* 1. Instrumento que intensifica os sons ou aumenta as oscilacións eléctricas. 2. Dispositivo que pode presentar un efecto de resonancia.

resoante *adx.* Que produce un son vibrante cando se percute.

resolución *s.f.* Remate dunha inflamación, edema, etc., por curación espontánea.

resolutivo-a *adx.* 1. Que ten capacidade de provocar ou favorece-la resolución dunha lesión. // *s.m.* 2. Axente ou droga que inflúe de modo directo na resolución dun proceso patolóxico, por exemplo os emolientes, antiflaxísticos, etc.

resolvente *adx.* 1. Resolutivo. 2. Das lentes con capacidade para dar imaxes claras dos detalles dun obxecto.

resonancia *s.f.* 1. Intensificación e alongamento do son pola transmisión das súas vibracións nunha cavidade, especialmente referido ó son por percusión dunha cavidade. 2. Son vocal percibido por auscultación. // **R. anfórica** Son percibido por auscultación, que semella ó que se produce ó soprar na boca dunha botella baldeira. / **R. magnética nuclear** Método de diagnóstico inocuo e moi selectivo que permite obter imaxes dixitais de diversas partes do corpo sen necesidade de usar radiacións ionizadas nin substancias de contraste, senón mediante o estudo da resonancia dos átomos de hidróxeno das moléculas dos tecidos sometidos a un campo magnético. Tamén se coñece como NMR (*nuclear magnetic resonance*). / **R. timpánica** Son de tambor que se produce pola percusión do abdome ou doutra cavidade chea de aire. / **R. vocal** Son da voz percibido por auscultación a través das paredes torácicas.

resorcina *s.f.* Fenol con accións queratolíticas e antisépticas. Tamén se di **resorcinol**.

resorcinoftaleína *s.f.* Fluoresceína.

resorcinol *s.m.* V. **resorcina**.

resorción *s.f.* Desaparición total ou parcial de material secretado ou excretado, tanto se é un produto normal coma se é patolóxico, no seo dos tecidos.

respirable *adx.* Que se pode respirar, especialmente os gases.

respiración *s.f.* Función común a tódolos seres vivos que consiste esencialmente en captar osíxeno e eliminar CO₂. No ser humano esta función está desempeñada polos pulmóns, e comprende dous movementos: inspiración, que introduce O₂, e expiración, que elimina CO₂, auga, etc., transformando o sangue venoso en sangue arterial. Ademais dos pulmóns interveñen na respiración diversos órganos anexos: vías aéreas, músculos intercostais, diafragma, nervios, etc. A frecuencia respiratoria no home oscila entre 17-25 por minuto. A cantidade que ingresa con cada movemento inspiratorio sitúase arredor dos 500 cc. A cantidade eliminada na expiración é algo menor, quedando nos pulmóns despois dunha expiración forzada un volume residual duns 1500cc. // **R. abdominal** Respiración que se realiza sobre todo coa musculatura abdominal e diafragmática. / **R. acelerada** Aquela que excede os 25 movementos inspiratorios por minuto. / **R. aeróbica** Transformación oxidativa de certos substratos en substancias moi simples, con liberación de enerxía. / **R. anaeróbica** Forma de respiración na que a enerxía é liberada por reaccións químicas nas que non intervén o osíxeno libre. / **R. artificial** Conxunto de medidas que manteñen e estimulan a respiración por medios artificiais ou mecánicos. Os métodos de respiración artificial máis empregados son os de Brist, Byrd, Nielsen, Eve, Marshall Hall, Silvester, etc. / **R. asistida** Técnica que asegura o control total ou parcial da ventilación pulmonar durante unha anestesia ou en certos

estados patolóxicos. / **R. boca a boca** Axuda para respirar que se realiza aplicando a boca sobre a do paciente e expirando fortemente para distenderlle os pulmóns. / **R. bronquial ou cavernosa** V. **sopro bronquial ou cavernoso**. / **R. cerebral** Respiración superficial acelerada, soprante, que ten lugar en individuos con enfermidades cerebrais. / **R. de Biot** Respiración meninxítica. / **R. de Cheyne-Stokes** Respiración caracterizada por variacións rítmicas na súa intensidade, que se pode observar en estados comatosos de orixe cerebral, e que consiste nun aumento gradual dos movementos respiratorios ata un máximo, seguido por un descenso gradual, chegando a parar por completo por espazo de 10 a 40 segundos. / **R. de Kussmaul** Forma de dispnea caracterizada por unha inspiración profunda e ruidosa que se mantén durante un breve tempo, e seguida por unha expiración curta e queixosa. Obsérvase en estados de acidose metabólica, por exemplo, o coma diabético. / **R. fetal** Respiración que ten lugar entre a nai e o feto por medio da placenta. / **R. interna** Intercambio de gases entre os capilares e os tecidos. / **R. meninxítica** Patrón respiratorio anormal que se caracteriza por unha respiración irregular con períodos de apnea. Pode aparecer en persoas normais durante o sono, pero constitúe un signo de mal prognóstico nas meninxites. Tamén se di **respiración de Biot**. / **R. pueril** Respiración na que os sons respiratorios teñen unha intensidade maior cá normal, polo que lembran ós da infancia. / **R. ruda** Respiración caracterizada por sons auscultatorios ásperos, que semellan mestura de murmurio vesicular pueril e sopro bronquial. / **R. sincopal** Respiración na que cada ciclo está separado do seguinte por un intervalo cada vez máis longo, ata a detención final. / **R. torácica** Aquela que se efectúa fundamentalmente mediante os músculos intercostais. / **R. tubárica** Respiración caracterizada por sons semellantes ós que se producen ó soprar por un tubo, que se percibe por auscultación en individuos con condensacións pulmonares. / **R. vicariante** Respiración aumentada nun pulmón para compensar un déficit respiratorio do outro.

respirador *s.m.* 1. Aparello que se utiliza para purifica-lo aire que se respira. 2. Instrumento empregado en anestesiología e reanimación para a ventilación mecánica dun paciente.

respirómetro *s.m.* Instrumento utilizado para determinar-lo carácter dos movementos respiratorios.

resposta *s.f.* Reacción a un estímulo. // **R. anamnésica** Resposta inmunolóxica que segue á administración dunha segunda dose dun antíxeno, e que se caracteriza por unha resposta moito máis rápida, intensa e duradeira cá obtida coa primeira dose. / **R. autoimmune** Resposta inmunitaria na que o autoanticorpo se dirixe a un antíxeno propio.

restablecemento *s.m.* Recuperación da saúde despois dunha enfermidade.

restitutio ad integrum (lat.) Restauración total dunha parte lesionada.

resto *s.m.* Residuo. // **R. de Malassez** Fragmentos epiteliais da vaíña de Hertwig na membrana periodóntica, dos que xorden ás veces quistes dentarios. / **R. embrionario ou fetal** Anaco de tecido embrionario que queda retido no organismo adulto.

restra *s.f.* Conxunto de cousas que se suceden unhas despois das outras.

restrópico-a *adx.* Que actúa sobre o sistema reticuloendotelial.

resublimado-a *adx.* Obtido por procesos de sublimación repetidos.

resucitación *s.f.* Resurrección, reanimación.

resurrección *s.f.* Restablecemento da vida nos casos de morte aparente, mediante respiración artificial, masaxe cardíaca, etc.

retardo *s.m.* Atraso dunha función, desenvolvemento ou movemento. // **R. do crecemento fetal** Desenvolvemento do feto a velocidade inferior á normal, que pode ser debido a causas intrínsecas (cromosomopatías, malformacións, etc.) ou extrínsecas (alcoholismo, tabaquismo, infeccións, etc.). / **R. mental** Atraso no proceso de desenvolvemento intelectual.

retelioma *s.m.* Reticulosarcoma.

retención *s.f.* Dificultade para eliminar substancias que normalmente se excretan. // **R. clorurada** Eliminación insuficiente de cloruros polo ril, que constitúe un factor importante de edemas. / **R. de bile ou urina** Acumulación destes líquidos debida a dificultades mecánicas ou doutro tipo nas vías de excreción. / **R. placentaria** Persistencia da placenta ou fragmentos dela na cavidade uterina despois do parto. / **R. testicular** V. **criptorquidia**.

reteteste *s.f.* Rede testicular.

reticular *adx.* 1. Semellante a unha rede. 2. Pertencente a un retículo. // **Fibras r.** Fibras do tecido conectivo laso, dispostas en forma de rede, que se observan onde este tecido linda con estruturas epiteliais. Están presentes sobre todo no fígado, nos epiteliol glandulares, e forman parte da membrana basal do epiteliol de revestimento. / **Substancia r.** Sistema formado por un conxunto de neuronas do tronco cerebral que se estende desde o bulbo raquídeo ó hipotálamo.

reticulina *s.f.* Escleroproteína que contribúe á formación das fibras conxuntivas do tecido reticular ou linfático.

retículo *s.m.* 1. Estructura fibrilar en forma de rede, especialmente o protoplasmático ou nuclear. 2. Segunda división do estómago dos ruminantes. // **R. de Ebner** Rede de células que se atopan nos tubos seminíferos. / **R. endoplasmático** Sistema citoplasmático formado por canles, vesículas e túbulos constituídos por unidades de membrana. Existen dúas variedades: o rugoso, que presenta ribosomas pegados á superficie das membranas, e que abunda nas células que forman as proteínas, e liso, que carece destes ribosomas. Intervén fundamentalmente na síntese de hormonas esteroides.

reticulocito *s.m.* Eritrocito inmatureo no que, mediante colorantes basófilos, se aprecia unha rede de granulacións e pequenas fibras. Considérase como un elemento de formación medular prematureo, e son frecuentes nas anemias posthemorráxicas.

reticulocitopenia *s.f.* Taxa de reticulocitos no sangue inferior á normal (menos do 2%).

reticulocitose *s.f.* Exceso de reticulocitos no sangue (máis do 2%).

reticuloendotelial *adx.* Referente ó reticuloendotelio. // **Sistema r.** V. **sistema**.

reticuloendotelio ou **reticulotelio** *s.m.* Tecido que presenta características reticulares e endotelias.

reticuloendelioma *s.m.* Tumor no reticuloendotelio.

reticuloendeliose *s.f.* Enfermidade que afecta difusamente a todo o grupo celular dos sistemas reticuloendotelias do bazo, fígado, ganglios linfáticos, medula ósea, etc., caracterizada polo desenvolvemento de lesións granulomatosas, con produción excesiva de histiocitos. Abarca tres clínicas: granuloma eosinófilo, enfermidade de Hand-Schüller Cristian e enfermidade de Letterer-Siwe. Tamén se di **histiocitose X**, **reticulose**

reticuloma *s.m.* Tumor derivado das células do sistema reticuloendotelial.

reticulosarcoma *s.m.* Linfoma maligno derivado do sistema reticuloendotelial, que con moita frecuencia causa metástase.

reticulose *s.f.* Reticuloendeliose.

retiforme *adx.* Reticular.

retina *s.f.* Membrana interna, transparente, duns 0,2 mm. de grosor, situada na metade posterior do ollo, revestindo a cara interna da coroides, e formada por células nerviosas encargadas de capta-las sensacións luminosas que chegan ó fondo do ollo, e transmitilas a través do nervio óptico ós centros cerebrais. O punto onde penetra o nervio óptico no globo ocular corresponde á papila óptica (punto cego). Ten no centro a mácula lútea que presenta unha pequena depresión no centro chamada fóvea central. Esta mácula é moi sensible ós estímulos. // **R. cortical** Zona do córtex occipital que se corresponde coa zona estriada da cisura calcarina, onde se proxectan os puntos correspondentes á retina, que constitúe o centro visual do córtex cerebral. / **R. inferior ou superior** Metades inferior ou superior, respectivamente, da retina. / **R. nasal ou tempal** Metades interna ou externa, respectivamente, da retina.

retináculo *s.m.* Estructura a modo de aponeurose que sostén un órgano ou tecido. // **R. de Morgagni** Freo da válvula ileocecal.

retineno *s.m.* Pigmento carotenoides da retina, precursor da púrpura visual. É un aldehído da vitamina A

retinite *s.f.* Proceso inflamatorio agudo ou crónico da retina, caracterizado por edema, exsudación, infiltración,

hiperemia, opacidade difusa, trastornos da visión, etc. // **R. actínica** Retinite debida á exposición ós raios luminosos. / **R. de Jacobson** Retinite sifilítica. / **R. diabética** Forma de retinite caracterizada por puntos hemorráxicos, exsudados abrancizados, conxestión venosa, etc., que se observa en pacientes diabéticos. / **R. hemorráxica** Retinite que afecta á visión, e que se considera unha manifestación local de enfermidades xerais. / **R. hipertensiva** Retinite caracterizada por alteracións vasculares, hemorraxias, exsudados, estase papilar e alteracións parenquimatosas, que se presenta en persoas con hipertensión arterial. / **R. metastásica** Retinite por émbolos de células cancerixenas. / **R. nefrítica** Retinite debida a enfermidades renais. Tamén se di **retinite albuminúrica**. / **R. pigmentaria** V. **retinose pigmentaria**.

retinoblastoma *s.m.* Tumor maligno conxénito que se desenvolve a partir das células xeminadas retinianas. Tamén se di **gliosarcoma**.

retinocitoma *s.m.* Glioma retiniano.

retinocoroidite *s.f.* Inflamación simultánea da retina e da corioide. Tamén se di **coriorretinite**. // **R. xustapapilar** Enfermidade da retina observada en persoas novas, que afecta ó fondo da retina e á papila. Tamén se di **retinite de Jensen**.

retinodiálise *s.f.* Desprendemento da retina a nivel da ora serrata.

retinofluoresceingrafía *s.f.* Técnica de coloración do fondo do ollo trala inxección por vía intravenosa de fluoresceína, que permite ve-lo estado da circulación e das estruturas do fondo e segmento anterior do ollo.

retinografía *s.f.* Fotografía da retina.

retinol *s.m.* Vitamina A.

retinomalacía *s.f.* Amolecemento da retina.

retinoscopia *s.f.* Oftalmoscopia.

retinose *s.f.* Enfermidade dexenerativa da retina. // **R. pigmentaria** Enfermidade hereditaria e progresiva da retina, caracterizada por esclerose progresiva, acompañada de pigmentación e atrofia, formación de depósitos de pigmentos, adelgazamento dos vasos, diminución do campo visual e hemeralopía.

retinosquise *s.f.* Separación das capas internas das medias da retina, por atrofia da capa plexiforme externa. Ten semellanza cun cadro de desprendemento de retina.

retintín *s.m.* Ruído auscultatorio metálico, semellante ó son dunha campañá, que se pode escoitar nas cavernas pulmonares extensas e no pneumotórax. Tamén se di **tintineo**.

retisolución *s.f.* Disolución do aparello de Golgi.

retotelioma *s.m.* Sarcoma reticuloendotelial.

retoteliose *s.f.* Reticuloendoteliase.

retracción *s.f.* 1. Contracción dunha parte ou dun órgano. 2. Redución de volume en certos tecidos orgánicos. // **R.**

da aponeurose palmar V. **enfermidade de Dupuytren**. / **R. do útero** Diminución de volume do útero durante o parto. / **R. muscular** Diminución do volume da masa muscular nos casos de fracturas e luxacións.

retráctil *adx.* Dos órganos ou partes que se poden retraer ou acurtar.

retractor *s.m.* 1. Instrumento que se emprega para manter separados os bordos dunha ferida ou as partes musculares cando se fai unha amputación. 2. Músculo que se retrae. // **R. de Moorehead** Retractor empregado en odontoloxía. / **R. de Percy** Retractor que se emprega nas amputacións dos membros para separalas partes brandas cara á raíz da extremidade e deixa-lo óso ó descuberto. / **R. de Young** Instrumento empregado na prostatectomía para facer baixa-la próstata cara ó perineo.

retro- Prefixo do latín, cara a atrás, detrás.

retroacción *s.f.* En fisioloxía, regulación automática mediante mecanismos que transmiten ós outros elementos a información necesaria para que readapten o seu funcionamento, cerrándose o ciclo automaticamente. // **R. biolóxica** Efecto que produce un proceso biolóxico sobre o sistema do que procede, quedando regulada a súa actividade.

retroalimentación *s.f.* Mecanismo fisiolóxico que regula a actividade das glándulas endócrinas. Tamén se di **retroacción**, **autorregulación**, **homeostase**.

retroauricular *adx.* Situado detrás da orela, ou detrás da aurícula cardíaca.

retrobronquial *adx.* Situado detrás dos bronquios.

retrobucal *adx.* Relativo á parte posterior da boca.

retrobulbar *adx.* Situado ou que ten lugar detrás do bulbo raquídeo ou do globo ocular.

retrocardíaco-a *adx.* Situado detrás do corazón.

retrocateterismo *s.m.* Cateterismo retrouretral.

retrocavidade *s.f.* Cavidade posterior. // **R. das fosas nasais** Rinofarinxe. / **R. do epíploon** V. **trascavidade dos epíploons**.

retrocecal *adx.* Situado ou que ocorre detrás do cego.

retrocedente *adx.* 1. Metastásico. 2. Que volve atrás ou que retrocede.

retrocervical *adx.* Situado ou que ocorre detrás do colo, especialmente do uterino.

retrocesión *s.f.* 1. Volta ou desprazamento cara a atrás dun órgano ou parte del. 2. Interrupción do parto iniciado a termo. 3. Metástase, repercusión.

retroclavicular *adx.* Situado ou que ten lugar detrás da clavícula.

retrocole *s.m.* Cabalo, torcemento espasmódico do pescozo e da cabeza cara a atrás.

retrocólico-a *adx.* Situado ou que ocorre detrás do colon.

retrodesviación *s.f.* Desviación cara a atrás: retroflexión, retroposición e retroversión.

retroesofáxico-a *adx.* Situado ou que acontece detrás do esófago.

retrofarinxe *s.f.* Parte posterior da farinxe.

retroflexión *s.f.* Flexión cara á parte de atrás dun órgano, especialmente a referida ó útero. // **R. incarcerada** Retroflexión irreductible do útero con compresión da vexiga, uretra e recto.

retrognatia *s.f.* Deformidade da queixada, que queda desprazada cara a atrás en relación co plano da fronte.

retrogrado-a *adx.* Que vai cara a atrás, que dexenera ou que volve a un estado máis primitivo.

retrografía *s.f.* Escritura en espello.

retrogresión *s.f.* Volta a un estado máis primitivo, dexeneración, regresión.

retroinfección *s.f.* Infección da nai, procedente do feto.

retrolingual *adx.* Situado detrás da lingua.

retrolistese *s.f.* Retropulsión dun corpo vertebral.

retromamario-a *adx.* Situado ou que ten lugar detrás da glándula mamaria.

retromaxilar *adx.* Situado ou que ocorre detrás da mandíbula.

retroocular *adx.* Situado ou que acontece detrás do ollo. Tamén se di **retrobulbar**.

retroperitoneal *adx.* Situado ou que sucede detrás do peritoneo.

retroplasia *s.f.* 1. Anaplasia. 2. Dexeneración.

retroposición *s.f.* Desprazamento cara a atrás.

retropulsión *s.f.* 1. Acción de empurrar cara atrás a cabeza do feto mal encaixada no parto. 2. Tendencia a marchar ou a caer cara a atrás, observada nalgunhas enfermidades do sistema nervioso.

retropondilolistese *s.f.* Sacrolistese.

retrostalse *s.f.* Antiperistalse.

retrosternal *adx.* Situado ou que ocorre detrás do esterno.

retroversioflexión *s.f.* Retroversión e retroflexión combinadas.

retroversión *s.f.* Desviación ou inclinación cara a atrás de todo un órgano, como por exemplo o útero, onde o fondo uterino se despraza cara a atrás e o colo faino cara a adiante.

retrovertido-a *adx.* Que se atopa en estado de retroversión.

Retroviridae ou **retrovirus** *s.m.pl.* Familia de virus RNA, que dependen para a súa replicación da célula á que infestan. O virus penetra a través da membrana celular ata o citoplasma, onde se replica gracias ó enzima

codificado polo seu xenoma, que transforma o RNA viral nunha dobre hélice de DNA que se integra no DNA da célula hóspede, desde onde dirixe a replicación dos novos virus. Os retrovirus humanos identificados son: HTL V-I, axente responsable da leucemia de células T no adulto; HTL V-II, do que a acción como axente etiolóxico non se puido comprobar; VIH (LAV/HTL V-III), causante da SIDA.

retroxección *s.f.* Lavado dunha cavidade por inxección de líquido.

retrusión *s.f.* 1. Malformación dentaria, especialmente dos dentes anteriores, pola cal estes se atopan por detrás da liña de oclusión. 2. Acción de leva-los dentes cara a atrás.

reuma *s.f.* 1. Reumatismo. 2. Secreción catarral. // **R. epidémica** V. **gripe**.

reumápira *s.f.* Reumatismo agudo. Tamén se di **febre reumática**.

reumartrite *s.f.* Artrite reumática.

reumatalxia *s.f.* Dor reumática.

reumaticose *s.f.* Estado xeral observado no reumatismo en nenos.

reumátide *s.f.* Dermatose relacionada ou causada polo reumatismo.

reumatismo *s.m.* Proceso patolóxico que afecta ó tecido conxuntivo do aparello locomotor, sobre todo ás articulacións, que ten como síntomas máis característicos a dor e a rixidez dalgunha estrutura deste aparello. Tamén se di **reumatismo articular**. // **R. articular agudo** Complicación autoinmune da enfermidade infecciosa producida polo estreptococo hemolítico do grupo A causante da farinxite e da erisipela, caracterizada por inchazón, dor, febre, calafríos e albuminuria, afectando a unha ou a varias articulacións. Evoluciona con complicacións cardíacas sobre todo. Tamén se di **febre reumática**, **poliartrite aguda febril**. / **R. articular crónico** Forma crónica consecutiva a varios ataques de reumatismo articular agudo, que se acompaña de deformidade progresiva das articulacións, por atrofia e hipertrofia combinadas de cartilaxes e ósos. Tamén se di **poliartrite deformante**, **reumatismo deformante**. / **R. cardíaco** Complicación frecuente do reumatismo articular agudo, consistente en endocardite e pericardite. / **R. de Heberden** Reumatismo das articulacións dixitais caracterizado pola formación de nodosidades. / **R. de Poncet** Reumatismo de natureza tuberculosa. / **R. inflamatorio**. Reumatismo articular agudo. / **R. lumbar** Lumbago. / **R. nodoso** Forma crónica de reumatismo que afecta a persoas novas, e que se caracteriza pola formación de nódulos nas rexións das articulacións. / **R. óseo** Artrite deformante. / **R. visceral** Reumatismo que afecta a unha víscera ou órgano interno, como a pleura, pulmón, corazón, ril, cerebro, etc.

reumatocele *s.f.* Púrpura reumática.

reumatólogo-a *adx. e s.* Especialista en reumatoloxía.

reumatoloxía *s.f.* 1. Estudio dos diferentes tipos de reumatismo. 2. Por extensión, especialidade médica que se ocupa das enfermidades do aparello locomotor.

reumatose *s.f.* Alteración de orixe reumática.

réumico-a *adx.* Da reuma ou de natureza reumática.

reunión *s.f.* Aproximación dos bordos dunha ferida, a súa curación ou cicatrización.

revacunación *s.f.* Segunda ou terceira vacinación.

revelente *adx.* Revulsivo.

reversible *adx.* Que se pode modificar nun ou noutro sentido.

reversión *s.f.* 1. Volta dunha cousa ó estado que tiña anteriormente. 2. Aparición de caracteres xenéticos que non se tiñan manifestado en varias xeracións. 3. Recidiva dun exantema. 4. Desenvolvemento anormal dun órgano rudimentario representante doutro órgano dunha especie inferior.

revitalización *s.f.* 1. Restauración das facultades vitais de organismos ou seres que se atopan en estado de vida latente. 2. Reparación dunha reacción cutánea por administración subcutánea de tuberculina nunha persoa á que previamente se lle fixera a proba tuberculínica. Tamén se di **reacción recorrente**.

revulsión *s.f.* Provocación dunha irritación superficial co obxecto de aliviar-lo estado inflamatorio de estruturas profundas, xa que estas se desconxestionan. Segundo o grao denomínanse rubefacción ou vesicación.

revulsivo-a *adx.* Que causa revulsión.

-rexe Sufixo do grego, rotura.

rexeitamento *s.m.* 1. Acción ou efecto de rexeitar. 2. Proceso biolóxico observado nos transplantes, consistente na eliminación do órgano ou tecido transplantado, como resposta inmunitaria.

rexeitar *v.* Repeler, non aceptar algo que vén de fóra do organismo, por exemplo, un órgano transplantado.

rexeneración *s.f.* Reparación dun tecido lesionado.

rexenerado-a *adx.* Rehabilitado, corrixido.

réxime *s.m.* Conxunto de medidas dietéticas dirixidas a manter ou conserva-la saúde. Tamén se di **dieta**. // **R. cetóxeno** Réxime que contén grandes cantidades de graxas e proporcións mínimas de proteínas e de hidratos de carbono. / **R. de convalecente** Réxime abundante e nutritivo adecuado para a recuperación orgánica. / **R. de eliminación** Réxime dirixido a saber a qué clase de alimento reacciona alerxicamente o paciente. / **R. diabético** Réxime no que se prohibe o azucre, pan, amidón, fariñas e froitas. / **R. lactovexetariano** Réxime no que só se consumen leite e vexetais.

rexión *s.f.* Zona do corpo delimitada natural ou artificialmente. O seu nome xeralmente procede do órgano subxacente. // **R. abdominal** Abdomene. / **R. basilar** Base do cranio. / **R. C ou constante** Nas inmunoglobulinas, zona

das cadeas pesadas ou lixeiras, correspondente ó carboxilo terminal. / **R. ciliar** Zona do ollo ocupada polo corpo ciliar e os procesos ciliares. / **R. precordial** Parte do tórax e do abdome que cobre o corazón e o epigastrio. / **R. volar** Palma ou cara anterior da man.

rexo-a *adx.* Duro, forte, resistente, vigoroso, robusto.

rexuvenecemento *s.m.* Recuperación de caracteres xuvenís, que pode efectuarse de xeito natural ou artificial, en particular aplicado á función das glándulas sexuais.

RH 1. Siglas do factor Rhesus: aglutinóxeno descuberto por Landsteiner e Wiener no 1940 nos glóbulos vermellos dos monos do xénero *Rhesus*, e que existen normalmente no 85% dos individuos, chamados por isto Rh-positivos. O 15% restante son Rh-negativos. Este factor está constituído por un complexo de seis antíxenos fundamentais, formado por tres pares de xenes alelos, Cc, Dd e Ee. A transfusión de sangue RH positivo a individuos RH negativos orixina a formación de anticorpos que en sucesivas transfusións poden producir aglutinacións dos eritrocitos do doador RH positivo. O antíxeno de máis poder sensibilizante é o D. 2. Símbolo do rodio.

Rhabdoviridae Familia de virus RNA á que pertence o xénero *Lysavirus*.

Rhinovirus Xénero de virus da familia picornavirus, que inclúe os axentes responsables do arrefriado común no home, onde se describiron máis de cen serotipos.

RIA Siglas en inglés de Radio Immune Assay (radioinmunoanálise).

riboflavina *s.f.* Vitamina B₂: factor termoestable do complexo B que existe nos ovos, froita, leite, etc. A súa deficiencia produce fisuras na comisura labial, glosite e vascularización corneal. Tamén se di **lactoflavina**.

ribonuclease *s.f.* Enzima que cataliza as despolimerizacións de ácido ribonucleico. Tamén se di **ribonucleodespolimerase**.

ribonucleico, ácido *s.m.* Ácido nucleico constituído por unha cadea de nucleótidos formados por un azucre, a ribosa, unha base nitroxenada e ácido fosfórico. Atópanse no núcleo e citoplasma de tódalas células e nalgún virus, e permiten a síntese de proteínas nucleares. As súas siglas son ARN ou RNA. Identificáronse varias fraccións: ácido ribonucleico de transferencia (ARN-t), que serve para transporta-los aminoácidos activados no curso da síntese proteica, e ácido ribonucleico mensaxeiro (ARN-m), que é o vector do código xenético usado polos ribosomas na síntese de proteínas.

ribonucleodespolimerase *s.f.* Ribonuclease.

ribonucleótido *s.m.* Nucleótido derivado do ARN.

ribosa *s.f.* Pentosa que forma parte da composición dos nucleótidos.

ribosoma *s.m.* Orgánulo duns 200 amgstroms de diámetro, rico en ARN. Atópanse no retículo endoplas-

mático e nas mitocondrias, e interveñen na síntese de proteínas.

Rickettsia Xénero de bacterias gramnegativas, parasitos intercelulares de certos artrópodos (pulgas, piollos, carra-chos) e que polas súas picaduras son transmitidos ós hóspedes, incluído o home. Algunhas especies comparten antíxenos con certas cepas de Protens. // **R. akari** Axente da varíola rickettsial transmitida por ácaros. / **R. mooseri** *Rickettsia typhi*. / **R. prowazekii** Axente causal do tifo exantemático, que se transmite polas picaduras de piollos. / **R. typhi** Axente do tifo exantemático endémico, transmitido polas pulgas.

rickettsiose *s.f.* Enfermidade infecciosa do home transmitida por parasitos e ocasionada por axentes patóxenos do xénero *Rickettsia*, que se caracteriza por exantema cutáneo, afectación visceral, vasculite, etc.

rictus *s.m.* Contracción dos labios que lle dá á boca un aspecto de riso forzado, e que se observa en certos espasmos nerviosos, crises de dor, etc.

ridectomía *s.f.* Operación cirúrxica plástica coa finalidade de elimina-las engurras. Tamén se di **ritidectomía**.

rifamicina *s.f.* Antibiótico extraído do cultivo dos fungos *Streptomyces mediterranei*. Existen varios tipos, dos cales o máis coñecido e empregado é a rifamicina B ou rifampicina.

rifampicina *s.f.* Antibiótico do grupo das rifamicinas, activo fronte á maior parte dos xermes grampositivos, algúns gramnegativos, como o *Neisseria meningitidis*, e fronte á *Mycobacterium tuberculosis*. Actúa inhibindo a síntese de RNA dos xermes sensibles. Adminístrase por vía oral na profilaxe da meninxite meningocócica e no tratamento da tuberculose, en combinación con outros antituberculosos.

rigor *s.m.* 1. Calafrió. 2. Rixidez. // **R. mortis** Rixidez cadavérica.

rigose *s.f.* Sensación de frío.

ril *s.m.* Órgano par situado na rexión lumbar, coa función principal de eliminar do sangue os produtos catabólicos e as substancias nocivas, segregando urina. A súa forma é oval, aplanada, cunha cisura na parte interna chamada hislo, pola que entran e saen vasos e nervios, e de onde parte o uréter. Están rodeados de tecido celular adiposo e formados por dúas partes: unha cortical e outra medular. A parte medular está constituída polas pirámides de Malpighi, en número de nove a dezaseis, e envolta pola parte cortical, agás no vértice ou papila, que se proxecta nos cálices da pelve renal e que se continúa co uréter. A parte cortical está constituída polos corpúsculos de Malpighi, cada un dos cales contén un glomérulo vascular. O ril, coa secreción de urina, contribúe a regula-las concentracións normais dos elementos do sangue por excreción de auga e de substancias consideradas de refugo. Ó mesmo tempo, subministra substancias que participan na regulación da presión sanguínea. Ademais actúa como glándula de secreción interna. // **R. adiposo** ou **amiloide** Ril afecto de dexeneración adiposa ou

amiloide. / **R. artificial** Aparello destinado á depuración extrarrenal por hemodiálise extracorpórea. / **R. atrófico** Ril afectado de nefrite intersticial crónica. / **R. ectópico** Anomalía conxénita na que o ril ocupa un lugar distinto do normal. / **R. en ferradura** Anomalía conxénita na que os riles están unidos polos seus polos superiores ou inferiores. / **R. poliquistico** Ril formado por quistes que lle dan un aspecto semellante ó dun acio de uvas. / **R. super-numerario** Presencia dun terceiro ril ou ben formación rudimentaria anormal que semella outro ril. / **R. único** Anomalía conxénita na cal o individuo só ten un ril.

rima *s.f.* Abertura, fisura.

rímula *s.f.* Fisura diminuta situada no encéfalo ou na medula.

rinalerxia *s.f.* V. **rinite alérxica**.

rinalxia *s.f.* Dor no nariz. Tamén se di **rinodinia**.

rinantralxia *s.f.* Dor nos seos nasais.

rinchamento *s.m.* Ruído producido polo fretamento de dous ou máis corpos, especialmente referido ós dentes. Na maior parte dos casos relaciónase con trastornos psíquicos. Tamén se di **bruxismo**.

rinedema ou **rinoedema** *s.m.* Edema do nariz.

rinelcose *s.f.* Ulceración do nariz.

rinencefalia *s.f.* Rinocefalia.

rinencéfalo *s.m.* Porción do cerebro formada polo bulbo olfativo, cinta olfatoria e circunvolución subcalosa, que se ocupa do sentido do olfacto.

rinenquise *s.f.* Inxección dun líquido medicamentoso no nariz.

rinestesia *s.f.* Sentido do olfacto.

rinneurínter *s.m.* Bolsiña dilatada de goma que se utiliza para distender unha fosa nasal ou para deter unha epistaxe.

Ringer, solución de V. **solución**.

riniatría *s.f.* Rinoloxía.

rinión *s.m.* Extremo inferior da sutura entre os ósos nasais.

rinismo *s.m.* Son nasal da voz.

rinite *s.f.* Inflamación da mucosa das fosas nasais. Tamén se di **coriza**. // **R. alérxica** Rinite de causa alérxica. Tamén se di **rinalerxia**, **febvre do feo**. / **R. atrófica** Forma crónica da rinite, caracterizada por atrofia da membrana mucosa das fosas nasais. / **R. catarral** Catarro. / **R. hipertrófica** Forma de catarro crónico caracterizado polo engrosamento da mucosa nasal. / **R. vasomotora** Rinite alérxica.

Rinne, proba de V. **proba**.

rino- Prefixo do grego, nariz.

rinoartrite *s.f.* Inflamación da cavidade nasal e do antro de Highmore.

rinobiión *s.m.* Taponamento nasal.

rinoblenorrea *s.f.* Fluxo nasal mucopurulento.

rinobronquite *s.f.* Inflamación das mucosas nasal e bronquial.

rinocantectomía *s.f.* Escisión do canto interno do ollo. Tamén se di **rinomectomía**.

rinocefalia *s.f.* Calidade de rinocéfalo.

rinocéfalo *s.m.* Monstro fetal cun nariz parecido a unha trompa.

rinocelo *s.m.* Ventrículo do lobo olfactorio do cerebro.

rinocifose *s.f.* Protrusión importante do dorso do nariz.

rinocleise *s.f.* Obstrucción das vías nasais.

rinodacriólito *s.m.* Concreción lacrimal no conducto nasal.

rinoderme *s.m.* Queratose pilaris.

rinodinia *s.f.* Rinalxia.

rinofaringocele *s.f.* Tumor na rinofarinxe.

rinofaringólito *s.m.* Cálculo na rinofarinxe.

rinofaringoscopia *s.f.* Exploración da rinofarinxe mediante o rinofaringoscopo.

rinofarinxe *s.f.* Farinxe nasal ou nasofarinxe: parte da farinxe situada por detrás do nariz.

rinofarinxite *s.f.* Inflamación da rinofarinxe.

rinofima *s.f.* Hipertrofia do nariz debida á proliferación de vasos, glándulas sebáceas e tecido conxuntivo, que lle dan un aspecto tuberoso e desfigurado ó devandito órgano, ademais dunha cor avermellada (nariz de pemento). Adoita ser unha forma de acne rosácea.

rinofonía *s.f.* Rinolalia.

rinolalia *s.f.* Trastorno da fonación causado por unha enfermidade ou defecto das cavidades nasais. // **R. aberta** Rinolalia debida á excesiva abertura da cavidade nasal, que fai que se nasalicen tódalas vibracións consonánticas. / **R. pechada** Rinolalia causada pola redución da resonancia nasal debida a unha malformación ou hipertrofia das mucosas, vexetacións, pólipos, etc., que implica unha pronunciación incorrecta das consoantes nasais.

rinolaringoloxía *s.f.* Ciencia que estudia o nariz, a larinxe, e as súas relacións e enfermidades.

rinolarinxite *s.f.* Inflamación da mucosa do nariz e da larinxe.

rinólito *s.m.* Cálculo nasal.

rinoloxía *s.f.* Parte da otorrinolaringoloxía que estudia as enfermidades do nariz e das fosas nasais.

rinomanómetro *s.m.* Aparello que mide o grao de permeabilidade das fosas nasais ó paso do aire.

rinomectomía *s.f.* Rinocantectomía.

rinomeiose *s.f.* Reducción cirúrxica do tamaño do nariz.

rinómetro *s.m.* Instrumento que se emprega para medir o nariz e as fosas nasais.

rinonecrose *s.f.* Necrose dos ósos nasais.

rinoplastia *s.f.* Cirurxía plástica que ten por obxecto corrixi-las deformidades ou as perdas de tecido do nariz.

rinopólipo *s.m.* Pólipo nasal.

riñoquiloplastia *s.f.* Cirurxía plástica do nariz e dos labios.

rinorrafia *s.f.* Intervención cirúrxica para corrixi-lo epicanto, que consiste en escindir un dobramento cutáneo do nariz e sutura-la ferida que resulta.

rinorrea *s.f.* Derramo de abundante mucosidade nasal líquida. Tamén se di **hidrorrea**. // **R. cerebrospinal** Eliminación de líquido cefalorraquídeo polo nariz.

rinosalpinxite *s.f.* Rinite acompañada de inflamación da trompa de Eustaquio.

rinoscleroma *s.m.* Enfermidade inflamatoria infecciosa e crónica do nariz e nasofarinxe, causada por unha bacteria do xénero *Klebsiella*, e caracterizada pola neoformación dun tecido granulomatoso tumoral que produce deformación e aumento de tamaño do nariz.

rinoscopia *s.f.* Exploración ocular das fosas nasais, que pode ser anterior ou posterior, segundo se faga polos orificios nasais anteriores ou pola nasofarinxe.

rinoscopio *s.m.* Espéculo nasal.

rinoseptoplastia *s.f.* Operación cirúrxica que consiste en realizar conxuntamente unha septoplastia e unha rinoplastia.

rinosporidiose *s.f.* Micose localizada sobre todo na rinofarinxe e na conxuntiva, causada polo fungo *Rhinosporidium seeberi*. Caracterízase pola formación de pólipos.

rinosquise *s.f.* Nariz fendido.

rinostenose *s.f.* Estenose, obstrucción dunha fosa nasal.

rinotomía *s.f.* Operación cirúrxica consistente nunha disección do nariz co fin de descubri-la parte anterior das fosas nasais e deste xeito ter acceso ós seus paranasais e á rinofarinxe.

rinotriquia *s.f.* Exceso de pelos no nariz.

rinotrix *s.f.* Vibrisas.

rinovacunación *s.f.* Vacinación por vía nasal.

rinovirus *s.m.* *Rhinovirus*.

rinóxeno-a *adx.* Que se orixina no nariz.

ripa *s.f.* 1. Beira. 2. Liña que sinala a reflexión do epéndimo dos ventrículos cerebrais sobre un plexo.

riparia *s.f.* Sucidade, sarrio dentario.

ripofaxia *s.f.* Tendencia ou inclinación a comer desperdicios

ripofobia *s.f.* Temor á sucidade.

risa *s.f.* ou **riso** *s.m.* Movemento dos músculos faciais acompañado dun son característico, que constitúe unha manifestación de ledicia ou un reflexo a consecuencia das cóxegas. // **R. canina** ou **sardónica** Contracción facial tetánica que semella a risa. / **R. espasmódica** Accesos de risa incontrolada característicos dos individuos afectados pola parálise bulbar.

ristocetina *s.f.* Antibiótico illado do cultivo da *Nocardia lurida*, de actividade e estrutura semellante á da vancomicina.

ritidectomía *s.f.* Ridectomía.

ritidose *s.f.* Enfermidade caracterizada pola existencia de engurras cutáneas en persoas novas, que lles dan aspecto de vellos.

rítmico-a *adx.* Que posúe ou que se caracteriza polo ritmo.

ritmo *s.m.* 1. Movemento repetido a intervalos regulares, coma o do corazón, pulso, etc. 2. Curso periódico dun fenómeno biolóxico. // **R. acoplado** Na sucesión dos ruídos cardíacos, ritmo caracterizado pola aparición dun ou dous ruídos moi próximos ó segundo ruído cardíaco normal, e separados do seguinte por unha longa pausa. Non orixinan onda pulsátil, e corresponden a unha extrarístole. / **R. alfa** Ritmo uniforme das ondas dun electroencefalograma normal dun adulto, cunha frecuencia de 8-10 ciclos por segundo, e que predomina na rexión parietooccipital. Tamén se di **ritmo de Berger**. / **R. auriculoventricular** V. **ritmo nodal**. / **R. beta** No electroencefalograma, ritmo que orixina ondas máis pequenas cás do ritmo alfa, e cunha frecuencia de 18-35 ciclos por segundo. Estas ondas predominan nas rexións frontais do cerebro. / **R. de galope** Ritmo cardíaco, semellante ó galope dun cabalo, pola adición dun terceiro ruído entre os ruídos cardíacos normais. / **R. delta** No EEG, ritmo das ondas lentas cunha frecuencia de 1-4 ciclos por segundo, que se observa durante o primeiro ano de vida do nenno normal, e como manifestación de patoloxía no adulto. / **R. fetal** V. **embriocardia**. / **R. idioventricular** Ritmo cardíaco que se establece cando o feixe de His ou as súas ramas asumen a función de marcapasos do ritmo, debido a un bloqueo cardíaco. / **R. nodal** Ritmo que se establece no corazón cando o nódulo auriculoventricular actúa como marcapasos do ritmo cardíaco, cunha frecuencia de 50-60 latexos por minuto. / **R. sinusal** Ritmo cardíaco normal orixinado no nódulo sinoauricular. / **R. theta** Ondas EEG caracterizadas por oscilacións lentas (4-7 ciclos/seg.). Obsérvanse en nenos, nas rexións parietotemporais, nos casos de sufrimento cerebral. / **R. ventricular** Contraccións ventriculares que aparecen en casos de bloqueos cardíacos completos.

ritmófono *s.m.* Aparello utilizado para amplificar os ruídos dos latexos do corazón.

ritmomanía *s.f.* Tic nervioso que induce a cantar continuamente.

ritmoterapia *s.f.* Emprego do ritmo no tratamento de certos trastornos como a tartamudez.

rixa *s.f.* Pequena fístula lagrimal no ollo.

rixidez *s.f.* 1. Falta de flexibilidade, especialmente a de tipo patolóxico. 2. Resistencia que ofrece unha parte do corpo á mobilidade activa ou pasiva, especialmente a que se produce en certos trastornos extrapiramidais. // **R. cadavérica** Rixidez que presentan os cadáveres debida á alteración do plasma muscular (pola penetración de ácido láctico formado post mortem nas miofibras), que se manifesta entre 15 minutos e 7 horas despois da morte e desaparece ó iniciarse o proceso de putrefacción. / **R. de descortización** Hipertonía na que as extremidades superiores se manteñen en flexión e as inferiores en extensión, debida a lesións localizadas nun nivel superior a aqueles que causan rixidez de descerebración. / **R. de descerebración** Hipertonía das extremidades superiores en extensión e pronación e as inferiores en extensión, con posible tendencia ó opistótonos. A súa aparición indica sufrimento mesencefálico. Experimentalmente pódese producir por sección do mesencéfalo por debaixo do núcleo vermello entre os tubérculos cuadrixéminos, o que dá lugar a unha hiperactividade de formación reticular activadora descendente protuberancial, que é a causa da rixidez. / **R. extrapiramidal** Forma de hipertonía que depende da afectación do sistema extrapiramidal, especialmente o sistema nigro-estriado. Diminúe ou cede co repouso e esaxérase co movemento (rixidez cinética). Afecta sobre todo á raíz dos membros, é dicir, é unha rixidez plástica, que determina un aspecto especial no enfermo: cabeza flexionada, tronco inclinado cara a adiante, brazos pegados ó tronco e movementos espontáneos lentos. Obsérvase en síndromes parkinsonianas postencefálicas e en certas intoxicacións farmacolóxicas. / **R. hemipléxica** Rixidez limitada á metade do corpo, debida sobre todo a lesión do sistema piramidal. / **R. piramidal** Hipertonía causada pola afectación da vía piramidal ou vía corticospinal, que afecta ás extremidades da metade contralateral do corpo, sobre todo cando a lesión está situada por enriba do entrecruzamento piramidal bulbar. Neste caso, mellor que rixidez débese chamar espasticidade. / **R. pupilar** Falta de reacción da pupila á luz ou falta de acomodación.

rixido-a *adx.* Teso, irto, carente de flexibilidade.

rixa-a *adx.* Rexo, forte, duro.

rizanestesia *s.f.* Anestesia das raíces nerviosas españais.

rizo- Prefixo do grego, raíz.

rizomélico-a *adx.* Das raíces dos membros: ombro e cadeira.

rizómera *s.f.* Área cutánea relacionada cun ganglio espiñal e coas raíces que saen del.

rizoneura *s.f.* Célula que forma unha raíz nerviosa.

rizoniquia *s.f.* Raíz da uña.

rizotomía *s.f.* Sección cirúrxica das raíces medulares. Tamén se di **radicotomía**.

RMN Siglas de resonancia magnética nuclear.

Rn Símbolo do radon.

RNA Siglas en inglés de ácido ribonucleico.

roborante *adx. e s.m.* Tónico, fortificante.

rochedo *s.m.* Porción petrosa do óso temporal, en forma de pirámide de catro caras. No seu interior localízanse as cavidades que conteñen os órganos da audición.

roda *s.f.* Estructura circular que pode xirar arredor dun eixe central. // **R. dentada, fenómeno da** Ó estender pasivamente o antebrazo flexionado do paciente, percíbense os resaltes sucesivos da musculatura antagonista, que cede á contracción dos agonistas. Este fenómeno é característico da rixidez extrapiramidal.

rodela *s.f.* Anel fibrocartilaxinoso que aumenta a superficie articular. // **R. acetabular** Rodela que protexe o bordo do acetábulo. / **R. glenoide** Rodela que protexe a cavidade glenoide da escápula.

rodenticida *s.m.* Veneno ou substancia tóxica para eliminar os roedores.

rodio *s.m.* Elemento metálico raro, duro, branco, de símbolo Rh e peso atómico 102,9. Pertence ó grupo do platino.

rodocito *s.m.* Eritrocito.

rodofilaxe *s.f.* Propiedade que se lle atribúe ó epitelio retiniano de protexer ou aumenta-lo poder da púrpura retiniana visual para volver toma-la cor despois de se descolorar.

rodonalxia *s.f.* Eritromelalxia.

rodopsina *s.f.* Púrpura visual ou eritropsina. É un pigmento vermello púrpura sensible á luz, que se localiza nos bastóns da retina e que palidece pola acción da luz. Trátase dunha proteína conxugada, da que forma parte a vitamina A.

rodoxénese *s.f.* Proceso de conversión da púrpura visual en rodopsina despois de ser branqueada pola acción da luz.

roemento *s.m.* Dor de ósos ou malestar de estómago. Aplícase, popularmente, á típica dor producida polo cancro gástrico ou abdominal.

Roentgen, unidade *s.f.* Dose de exposición ós raios X e ós raios gamma, que equivale á cantidade destes raios que nun milímetro cúbico de aire, a unha temperatura de 0 °C e a unha presión de 760 mm de Hg produce ións que transportan unha unidade electrostática de cantidade de electricidade dun ou doutro signo. (Nesta forma e os seus derivados a secuencia **ge** pronúnciase como **gue**).

roentgendermatite *s.f.* Dermatitis debida á aplicación dos raios Roentgen, que se divide en tres graos: eritema, coriación e ulceración.

roentgenintoxicación *s.f.* Conxunto de trastornos de tipo xeral consecutivos á aplicación de raios X, como malestar, náuseas, caquexia, etc.

roentgenismo *s.m.* 1. V. **roentgenoterapia**. 2. Efectos malignos causados polos raios X.

roentgenización *s.f.* Exposición á acción dos raios X

roentgenocardiograma *s.m.* Trazado poligráfico dos latexos cardíacos polos raios X.

roentgenografía *s.f.* Fotografía realizada por medio de raios X.

roentgenograma *s.m.* Radiografía.

roentgenólogo-a *s.* Especialista no diagnóstico e tratamento por raios X. Tamén se di **radiólogo**.

roentgenoloxía *s.f.* Estudio dos raios X e das súas aplicacións no diagnóstico e tratamento das enfermidades. Tamén se di **radioloxía**.

roentgenometría *s.f.* 1. Medición do poder terapéutico ou de penetración polos raios X. 2. Medición dos órganos a través da roentgenografía.

roentgenoquimografía *s.f.* Rexistro radiográfico do movemento dos órganos internos.

roentgenoscopia *s.f.* Exame mediante raios X, con pantalla fluorescente. Tamén se di **radioscopia**.

roentgenoterapia *s.f.* Emprego con fins terapéuticos dos raios X. Tamén se di **radioterapia**.

roibo-a *adx.* 1. De cor avermellada. 2. Que ten o cabelo louro avermellado. Tamén se di **roxo, rubio**.

Rokitansky, úlcera de V. úlcera.

rol *s.m.* En psicoloxía, conducta que un grupo espera de cada un dos seus membros, segundo a forma na que se produce o seu inserimento nese grupo.

rolo *s.m.* Formación ou obxecto en forma cilíndrica.

romanopexia *s.f.* Fixación do S ílfaco. Tamén se di **sigmoidopexia**.

romanoscopia *s.f.* Exame do S ílfaco, actualmente substituído pola **sigmoidoscopia**.

rombencéfalo *s.m.* Parte do cerebro embrionario que dá lugar ó cerebelo, á parte ventral do bulbo raquídeo e á protuberancia anular. Comprende o mielencéfalo e o metencéfalo.

Romberg, signo de V. signo.

romboatloide *s.m.* V. **músculo**.

rombocelio *s.m.* Distensión terminal do conducto vertebral.

romboide *adx.* Que ten forma de rombo. // **R. de Michaelis** Área romboidal situada sobre a cara posteroinferior do lombo, limitada polos ocos das espiñas ílfacas posteriores e superiores, ó comezo do suco interglúteo, e polas foxas que forma a apófise espiñenta da vértebra LV. É moi sensible na muller.

roncha *s.f.* Elevación edematosa circunscrita da pel, de elevación fugaz, e prurixinosa. É unha lesión típica da urticaria. Tamén se di **pápula**.

ronquido *s.m.* Son producido pola vibración do padal brando durante o sono, especialmente durante a inspiración.

rosácea *s.f.* Acne rosácea. // **R. hipertrófica** V. **paquidermia**.

rosario *s.m.* Estructura semellante a unha restra de doas. // **R. raquíctico** Nodosidades que se observan ó longo das unións costoesternais en nenos raquícticos.

roseína *s.f.* V. **fucsina**.

Rosenthal, síndrome de V. **síndrome**.

roséola *s.f.* Erupción cutánea formada por manchas rosadas, non prominentes. // **R. colérica** Exantema que se observa ás veces no cólera. / **R. epidémica** Rubéola. / **R. escarlatinosa** V. **cuarta enfermidade**. / **R. infantil** Exantema súbito. / **R. púdica** A que se observa en individuos de carácter tímido e como expresión dun trastorno vasomotor. / **R. sífilítica** Erupcións escasas que caracterizan o comezo do período secundario da sífilis. / **R. tífica** Manchas rosadas que se observan en pacientes afectados de febre tifoide. / **R. tóxica ou medicamentosa** A que é causada pola inxestión de drogas. / **R. vacinal** Rash observado ás veces despois dunha vacinación.

rotación *s.f.* 1. Movemento xiratorio arredor dun eixe. 2. Xiro de 90° da parte presentada do feto, mediante o cal este se acomoda na canle do parto.

rotacismo *s.m.* Modalidade de dislalia que consiste na pronunciación incorrecta do son do r ou a súa substitución por outro.

rotatorio-a *adx.* 1. Caracterizado ou causado pola rotación. 2. Que xira parcialmente sobre o seu eixe, como certos músculos.

Rotavirus Xénero de virus da familia *Reoviridae*, que son responsables de cadros diarreicos en nenos non epidémicos, e que constitúen unha das principais causas de mortalidade infantil en países subdesenvolvidos.

rótula *s.f.* Óso sesamoide triangular situado na cara anterior do xeonllo, dentro do tendón do músculo cuádriceps femoral. // **R. partida** Rótula que está dividida en dúas ou máis partes, o que constitúe un defecto conxénito.

rotuliano-a *adx.* Pertencente ou relativo á rótula.

rouco-a *adx.* 1. Do son ou da voz áspera. 2. Que sofre rouquén. // *s.m.* 3. V. **estertor rouco**.

rouquén *s.m.* Modificación do timbre da voz, que se fai rouca e pouco sonora, debida a unha afección larínxea.

roxo-a *adx.* 1. De cor roibo. 2. Que ten o cabelo desta cor. Tamén se di **roibo**, **rubio**.

rozadura *s.f.* Erosión ou escoriación causada por fretamento.

rozamento *s.m.* Ruído que se percibe por auscultación, debido ó fretamento de dúas membranas serosas inflamadas: pleura, pericardio ou peritoneo.

Rp Abreviatura de recipe, coa que se encabeza as receitas, e que significa recibe, toma.

Ru Símbolo do rutenio.

rubedo *s.m.* Rubor ou calquera outro avermellamento da pel.

rubefacción *s.f.* Avermellamento da pel debido a un proceso inflamatorio, irritativo, etc. Tamén se di **conxestión cutánea**.

rubefaciente *adx.* Que produce rubefacción.

rubéola *s.f.* Enfermidade infectocontaxiosa, epidémica, de carácter vírico, que se manifesta cos mesmos síntomas da escarlatina ou do sarampelo, pero coa particularidade de que cando o enantema é sarampeloso o exantema é escarlatinoso e viceversa, ou ben tanto o enantema como o exantema poden ser simultaneamente caracteres mixtos de ámbalas dúas enfermidades. Nas mulleres embarazadas pode causar embiopatías. Tamén se di **roséola epidémica**, **sarampelo alemán**. // **R. escarlatinosa** Forma de rubéola na que o exantema se fai confluyente en grandes áreas do corpo. Tamén se di **cuarta enfermidade**.

rubeeose *s.f.* Avermellamento, rubicundez. // **R. iris** Neoformación de tipo conxuntivovascular na superficie do iris. / **R. retiniana** Neoformación vascular na retina, sobre todo na zona papilar, característica da retinite diabética.

rubescence *adx.* Que se avermella.

rubicundo-a *adx.* Colorado.

rubidio *s.m.* Elemento metálico alcalino, de símbolo Rb e que se emprega nas células fotoeléctricas.

rubio-a *adx.* Roibo, de cabelo alaranxado amarelado. Tamén se di **roxo**.

Rubivirus Xénero de virus da familia *Togaviridae*, que inclúe os axentes responsables da rubéola.

rubixinoso-a *adx.* Dos esputos de cor ferruxenta.

rubor *s.m.* 1. Avermellamento súbito da pel, sobre todo na cara e pescozo, por unha afluencia de sangue á superficie cutánea, producido por vergoña, pudor, etc. 2. Avermellamento inflamatorio.

rubriblasto ou **rubricito** *s.m.* Célula no período de formación dos eritrocitos.

rúbrico-a *adx.* Relativo ó núcleo vermello.

rubrospinal *adx.* Relativo ó núcleo vermello e á medula espinal.

rudimento *s.m.* 1. Órgano ou parte del no primeiro período do desenvolvemento. 2. Órgano ou parte que ten pouca ou ningunha función, pero que a tivo nun período anterior, ben ontoxénico ou ben filoxénico.

rugitus *s.m.* Do latín, ruído intestinal.

rugosidade *s.f.* 1. Calidade de rugoso. 2. Dobramento, engurra.

ruído *s.m.* Son ou murmurio que se escoita na auscultación, especialmente aqueles que son de natureza patolóxica. // **R. anfórico** V. **sopro anfórico**. / **R. de batuxada** Ruído que se percibe no estómago ó ser axitado, cando ten moita cantidade de gas ou de líquido. / **R. de burbujillas** V. **estertor**. / **R. de estalo** Ruído causado polo contacto súbito de dúas partes, sobre todo das válvulas cardíacas. / **R. de Korotkoff** Ruídos que se auscultan ó determina-la presión sanguínea, causados pola distensión repentina da arteria que, previamente, tiña relaxadas as paredes polo manguito pneumático que as rodeaba. / **R. de rozamento** Ruído causado polo rozamento dunha superficie sobre outra (pleura, pericardio, peritoneo, etc.). / **R. de sopro** V. **sopro**. / **R. de sucusión** Son hidroaéreo ou de batuxada causado pola axitación brusca do líquido contido nunha cavidade dilatada cando se exerce presión sobre as súas paredes. / **R. hidroaéreo** Son debido á presenza de gas e líquido nunha cavidade. / **R. mesodiastólico** Son que se percibe inmediatamente antes do primeiro ruído cardíaco, causado pola sístole auricular. / **R. metálico** Ruído de timbre semellante ó do metal que se escoita no hidropneumotórax. / **R. respiratorio** V. **murmurio vesicular**.

ruminación *s.f.* Variedade de regurxitación típica de persoas neuróticas.

rumor *s.m.* Ruído.

rupia *s.f.* Afectación da pel caracterizada pola formación de carapolas concéntricas estratificadas, semellantes á cuncha dunha ostra, que case sempre é unha manifestación da sífilis terciaria.

rusticación *s.f.* Sometemento do organismo ós factores ambientais do campo, con fins terapéuticos.

rutenio *s.m.* Elemento metálico branco moi duro, de símbolo Ru, que se atopa ás veces co platino.

rutidose *s.f.* Ritidose.

rutilante *adx.* De cor vermella brillante, como o sangue arterial.

rutilismo *s.m.* Coloración avermellada do cabelo.

rutina *s.f.* Hábito inveterado de face-las cousas por mera práctica.

rutinismo *s.m.* Práctica invariable e sistemática no tratamento das enfermidades.

ruzo-a *adx.* 1. Pardento, de cor que tira a parda e agrisada. 2. Que perdeu a súa cor orixinal. 3. O que ten cabelos brancos e negros.

S

S Símbolo do xofre.

***sabañón** *s.m.* V. **frieira**.

sabia *s.f.* Muller que cura enfermidades ou predí o futuro por medio das cartas, de esconxuros ou de bebedizos.

sabor *s.m.* Sensación que certos corpos producen a través dos órganos do gusto.

Sabouraud, cultivo de V. **cultivo**.

sabuloso-a *adx.* Areoso.

saburra *s.f.* Capa mucosa e espesa que se acumula, xunto con outros produtos escamativos, nas paredes do estómago, e que nos estados de dispepsia se aprecia sobre a lingua, onde forma unha característica tona abrancazada. (saburra gástrica), ou costras formadas por restos de alimentos, microorganismos e células epiteliais que se acumulan nos dentes e labios durante unha enfermidade febril.

sacabocados *s.m.* Instrumento que se emprega para cortar un anaco de tecido con fins diagnósticos.

sacamoas *s.* 1. Persoa non cualificada que extrae dentes.
2. Despectivamente, dentista.

sacarase *s.f.* Invertase.

sacarefidrose *s.f.* Presencia de azucre na suor.

sacárido *s.m.* Composto dunha serie de hidratos de carbono que inclúe os azucres. Divídense en monosacáridos, disacáridos, trisacáridos e polisacáridos, segundo o número de sacáridos que interveñan na súa composición.

sacarífero-a *adx.* Que contén ou que produce azucre.

sacarificación *s.f.* Conversión dunha substancia en azucre.

sacarimetría *s.f.* Determinación da cantidade de azucre presente nunha solución mediante un polarímetro que indica a proporción de azucre polo número de graos que fai xira-lo plano de polarización, ou ben mediante un hidrómetro que determina esta proporción polo peso específico da solución, ou tamén por medio dun aparello onde fermenta a solución e se calcula a cantidade de azucre polo volume de ácido carbónico que desprende.

sacarímetro *s.m.* Instrumento que determina a cantidade de azucre presente nunha solución. Pode ser de dous tipos: polarímetro ou aerómetro. // **S. de fermentación** Sacarímetro con aspecto de tubo graduado, en forma de cóbado, e pechado nun extremo, que determina a cantidade de azucre polo volume de gas que se acumula en tal extremo. Emprégase tamén para determina-la cantidade de azucre na urina. / **S. de Lohnstein** Aparello empregado para realiza-la reacción de fermentación cuantitativa do azucre urinario.

sacarina *s.f.* Substancia cristalina, sulfamida benzoica de gran poder edulcorante, que se emprega no canto do azucre na diabete, e como correctivo de fármacos de mal sabor. En cantidades elevadas é tóxica. Tamén se di **sacarinol**, **sacarina glúcida**.

sacaro- Prefixo do grego, azucre.

sacarobiosa *s.f.* Disacárido que procede da cana de azucre.

sacarocoria *s.f.* Noxo ó azucre e en xeral ós alimentos doces.

sacargalactorrea *s.f.* Secreción abundante de leite que contén exceso de azucre.

sacaroide *adx.* 1. Que ten aspecto de azucre. // *s.m.* 2. Polisacárido de elevado peso molecular que non fermenta por hidrólise pero que cede facilmente azucre.

sacarolado *s.m.* Preparación farmacolóxica da que é excipiente o azucre.

sacarometabolismo *s.m.* Metabolismo do azucre.

sacaromices *s.m.* Fungo ou fermento do xénero *Saccharomyces*.

sacaromicose *s.m.* Enfermidade causada polos fermentos. V. **blastomicose**.

sacarorrea *s.f.* V. **diabete sacarina**.

sacarosa *s.f.* Disacárido dextroxiro que por ebulición con ácidos ou pola acción de certos enzimas se desdobra en glicosa e levulosa.

sacaroscopio *s.m.* V. **sacarímetro**.

sacarosuria *s.f.* Presencia de sacarosa na urina. Tamén se di **sucrosuria**.

sacaróxeno-a *adx.* Que produce azucre.

Saccharomyces Xénero de ascomicetos unicelulares da familia sacaromicetáceas, que viven no chan, en viñas e en árbores froiteiras. Pertencen a este xénero os fungos e fermentos que son capaces de produci-la fermentación de substancias en azucres. Algunhas cepas empréganse na industria do pan, cervexa, viño e sidra.

sacciforme *adx.* De forma semellante á dun saco.

saceliforme *adx.* Sacciforme.

saciedade *s.f.* Estado de satisfacción ou fartura que se experimenta despois dunha comida. A persoa regula a inxestión de alimentos mediante as sensacións de fame e saciedade, que inducen a comer e a deixar de facelo, respectivamente. Os centros nerviosos que interveñen nelas localízanse no hipotálamo. O da fame inhíbese transitoriamente unha vez inxerido o alimento pola acción do centro da saciedade.

saco *s.m.* Estructura anatómica con esta forma. // **S. abdominal** Celoma embrionario que se desenvolve na cavidade abdominal. / **S. alveolar** Conxunto de alvéolos que comparten unha cavidade aérea pulmonar central común. Tamén se di **saco aéreo**. / **S. amniótico** Cavidade embrionaria que contén líquido amniótico, que se orixina durante o desenvolvemento do ectoderma embrionario. / **S. conxuntival** Cada un dos dous fondos de saco, superior e inferior, que forma a conxuntiva palpebral ó pregarse sobre o globo ocular. / **S. de Douglas** Saco rectouterino. / **S. de Willis** Epíploon menor. / **S. epiploico** Bolsa formada polas porcións ascendente e descendente do epíploon maior. / **S. herniario** Envoltura peritoneal dunha hernia. / **S. embrionario** Vesícula blastodérmica. / **S. lacrimal** Parte superior dilatada do conducto nasolacrimal, que recibe bágoas dos canálculos lacrimais. / **S. onfaloentérico** Saco vitelino. / **S. pleural** Cavidade da pleura. / **S. podendo** Dartos feminino. / **S. rectouterino** Fondo de saco peritoneal situado por diante do recto. / **S. vitelino** Saco que contén o vitelo ou xema dun embrión. Tamén se di **saco onfaloentérico**.

sacralización *s.f.* Anomalía ósea conxénita que consiste nun desenvolvemento esaxerado da apófise transversa da vértebra Lv e fusión desta co sacro (S₁).

sacralxia *s.f.* Dor no sacro. Tamén se di **hialxia**.

sacrartróxeno-a *adx.* Que se orixina nunha articulación sacra.

sacrectomía *s.f.* Extirpación do sacro ou dunha parte del.

sacro *s.m.* Óso sacro. V. **óso**. // **S. basculado** Sacrolistese.

sacrociático-a *adx.* Do óso sacro e do isquion.

sacrocóccix *s.m.* Sacro e cóccix considerados conxuntamente.

sacrocóccixeo-a *adx.* Dos ósos sacro e cóccix.

sacrocoxalxia *s.f.* Dor na articulación sacrocóccixea.

sacrodinia *s.f.* Sacralxia.

sacrofemoral *adx.* 1. Do sacro e do fémur. // *s.m.* 2. Músculo glúteo maior.

sacroilíaco-a *adx.* Do sacro e o ilio, e os ligamentos que os unen.

sacroiliotrocantéreo-a *adx.* 1. Dos ósos sacro, ilíaco e trocante do fémur. // *s.m.* 2. Músculo piramidal da coxa.

sacrolistese *s.f.* Estado no que o sacro se atopa nun plano anterior con respecto á V vértebra lumbar, por relaxación das articulacións sacroilíacas.

sacrolumbar *adx.* 1. Do sacro e a musculatura lumbar. // *s.m.* 2. Músculo iliocostal.

sacroperineal *adx.* Do sacro e o perineo.

sacrospinoso-a *adx.* Do sacro e a apófise espiñosa dos ósos ilíaco.

sacrotomía *s.f.* Operación que consiste en seccionar a parte inferior do sacro.

sacrouterino-a *adx.* Do sacro e o útero.

sacrovertebral *adx.* Do sacro e as vértebras.

sactosalpinxe *s.f.* Dilatación quística da trompa de Falopio por retención das secrecións.

sacudida *s.f.* Acurtamento brusco e involuntario dun músculo, por efecto dunha excitación única e momentánea dunha fibra muscular. A fusión de varias sacudidas produce contracción. // **S. presómnica** Fenómeno normal consistente nunha sacudida xeneralizada e rápida do corpo cando se pasa da vixilia ó sono

saculación *s.f.* Sáculo ou bolsiña. // **S. do colon** Cavidade formada entre os dobramentos semilunares do colon.

sáculo *s.m.* 1. Saco pequeno. 2. Vesícula membranosa situada debaixo do utrículo e unido con el, que comunica co vestíbulo do caracol por medio do conducto de Hensen. Tamén se di **sáculo vestibular**. // **S. común** Utrículo do oído. / **S. larínxeo** ou **de Hilton** Bolsa membranosa situada entre as cordas vocais superiores e a cartilaxe tiroide.

sadismo *s.m.* Sentimento de satisfacción polo sufrimento alleo. Constitúe unha tendencia perversa no comportamento sexual pola cal o pracer se obtén mediante o sufrimento provocado no outro. Por extensión, satisfacción pola agresión a outras persoas.

safena *s.f.* Cada unha das dúas veas (interna e externa) da extremidade inferior, que drenan o sangue do pé e da perna.

safenectomía *s.f.* Extirpación total ou parcial da vea safena no tratamento das varices.

safeno-a *adx.* 1. Da vea safena. // *s.m.* 2. V. **nervio**.

safismo *s.m.* Homosexualidade feminina. Tamén se di **tribadismo**, **lesbianismo**.

safranina *s.f.* Colorante que forma parte dun grupo de colorantes artificiais derivados das azinas. O máis empregado é a safranina O, que se utiliza como colorante nuclear.

safranófilo-a *adx.* Relativo ás células e demais elementos que se tinguen coa safranina.

sal *s.m.* 1. Producto da reacción química entre un ácido e unha base na que os ións de hidróxeno do ácido son substituídos polos radicais da base. 2. Cloruro sódico (CINa) ou sal común. // **S. ácido** O que contén un ou máis átomos de hidróxeno sen substituír por átomos ou radicais. / **S. básico** Sal que contén un ión hidróxido non substituído da base que o xera. / **S. buffer** Sal que é quen de absorber ácidos ou álcalis sen que varíe a concentración correspondente ó hidróxeno. / **S. diurético** Acetato potásico. / **S. de Vichy** Bicarbonato de sodio.

salaio *s.m.* Choro entrecortado con inspiracións bruscas e convulsivas con contracción do diafragma e oclusión espasmódica da glote. Tamén se di **salouco**.

salamandrina *s.f.* Base tóxica que se extrae da pel de certas especies de píntega.

salbutamol *s.m.* Estimulante dos receptores beta-adrenérxicos empregado en forma de aerosol no tratamento da asma bronquial, e usado tamén por vía interna para atrasa-los partos prematuros.

salicilamida *s.f.* Amida do ácido salicílico que se emprega como analxésico, antipirético e antirreumático.

salicilase *s.f.* Enzima que oxida o aldehido salicílico, dando lugar ó ácido salicílico.

salicilato *s.m.* Sal do ácido salicílico.

salicilaxe *s.f.* Tratamento con ácido salicílico que se aplica a substancias alimenticias para a súa conservación.

salicilazosulfapiridina *s.f.* Derivado sulfamídico empregado no tratamento da colite ulcerosa.

salicílico (ácido) *s.m.* Composto cristalino derivado do fenol que forma un po branco empregado en dermatoloxía en forma tópica, como antirreumático, e tamén como axente conservador de alimentos polas súas propiedades de paraliza-la fermentación e impedi-la putrefacción. O seu derivado acetilado, a aspirina, emprégase en terapéutica. Tamén se di **ácido ortoóxibenzoico**.

salicilismo *s.m.* Estado provocado por unha dose excesiva de ácido salicílico ou dos seus sales.

saliciterapia *s.f.* Tratamento efectuado con preparados salicilados.

salífero-a ou **salino-a** *adx.* Que contén sal.

salificable *adx.* Que pode combinarse cun ácido ou cunha base para formar un sal.

salímetro *s.m.* Hidrómetro que se emprega para determina-las concentracións das solucións salinas.

salipirina *s.f.* Salicilato de antipirina. Po cristalino, soluble en auga quente máis ca na fría, que se emprega como antineurálxico e antipirético.

salitre *s.m.* Nitrato potásico.

saliva *s.f.* Líquido alcalino claro e viscoso segregado polas glándulas salivares. Contén auga, mucina, albúmina, ptialina, globulina, leucocitos, restos epiteliais, carbonatos e fosfatos alcalinos, toxinas, etc. Serve para amolece-los alimentos na boca, facilitando así a mastigación; ademais, o enzima ptialina converte o amidón en maltosa. Tamén lubrifica e humedece a mucosa bucal, o que facilita a articulación. Recibe distintos cualificativos: lingual, parotídea, sublingual, submaxilar, etc., segundo as glándulas das que procede, sendo algo diferente a súa composición física e química. // **S. mixta** Mestura do produto da secreción de tódalas glándulas salivares. / **S. simpática** Saliva segregada pola glándula submaxilar por estimulación simpática da mesma. Esta saliva ten unha consistencia máis viscosa e espumosa que cando non é excitada deste xeito a glándula.

salivatorio-a *adx.* Que produce salivación. Tamén se di **sialagogo**.

salivina *s.f.* Pتيالina.

salivolitíase *s.f.* Sialolitíase.

salivomanía *s.f.* Sialomanía.

Salmonela Xénero de bacterias da familia enterobacteriaceas, descubertas polo patólogo norteamericano Daniel Elmer Salmon. Bioquimicamente caracterízanse por producir SH₂, non formar indol e empregar citrato como fonte única de carbono. Son parasitas ou patóxenas para a especie humana. Distínguense catro subxéneros. No primeiro grupo inclúense a maioría das salmonelas (*S. typhi*, *S. choleraesuis*, *S. paratyphi A*, *S. paratyphi B*, *S. paratyphi C*, *S. enteridis*, etc.) Clinicamente as especies patóxenas para o home pódense dividir en: salmonelas tifoparatíficas (*S. typhi*, *S. paratyphi A*, etc.) e salmonelas gastroentéricas (*S. choleraesuis*, *S. enteridis*, etc.).

salmonelose *s.f.* Enfermidade causada por salmonela, que pode estar producida pola salmonela mesma ou polas súas toxinas presentes en alimentos, bebidas, etc. // **S. gastrointestinal** Cadro de gastroenterite por salmonela debida a unha toxina termoestable secretada no intestino, onde se multiplican os xermes inxeridos en alimentos contaminados. O curso da enfermidade adoita durar de catro a cinco días, pero o enfermo segue a ser portador durante cinco ou seis semanas. Considérase unha intoxicación alimentaria que cursa con febre, diarrea, náuseas, vómitos e espasmos abdominais. / **S. tifoide e paratifoide** Diferéncianse da salmonelose gastrointestinal en que son cadros infecciosos.

salobre *adx.* Que contén sal, que ten sabor salgado.

salouco *s.m.* V. **salaio**.

salpingo- Prefixo do grego, tubo, trompa.

salpingocateterismo *s.m.* Cateterismo da trompa de Eustaquio.

salpingocele *s.f.* Protrusión herniaria dunha trompa de Falopio.

salpingociese *s.f.* Embarazo tubárico.

salpingofarínxeo-a *adx.* 1. Da trompa de Eustaquio e da farínxe. // *s.m.* 2. Fascículo elevador do padal brando.

salpingografía *s.f.* Radiografía da trompa de Falopio, previa inxección de contraste.

salpingohisteriociese *s.f.* Embarazo localizado en parte tubárica e en parte uterina.

salpingólise *s.f.* Liberación cirúrxica das adherencias que fixan as trompas uterinas.

salpingomáleo-a *adx.* 1. Da trompa de Eustaquio e o óso martelo. // *s.m.* 2. Músculo interno do martelo.

salpingooforectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica da trompa de Falopio e do ovario.

salpingooforite *s.f.* Inflamación da trompa uterina e do ovario. Tamén se di **salpingoovarite**.

salpingooforocele ou **salpingootecocele** *s.f.* Hernia que contén ó ovario e á trompa de Falopio.

salpingootectomía *s.f.* Salpingooforectomía.

salpingoovarite *s.f.* Inflamación da trompa e do ovario.

salpingoovarotripsia *s.f.* Exérese dos anexos uterinos.

salpingoperitonite *s.f.* Inflamación do peritoneo que cobre a trompa de Falopio. Tamén se di **perisalpinxite**.

salpingopexia *s.f.* Fixación cirúrxica da trompa de Falopio.

salpingorrafia *s.f.* Sutura da trompa de Falopio.

salpingoscopia *s.m.* Aparello para examina-la trompa de Eustaquio e a nasofarínxe.

salpingostafilino-a *adx.* 1. Da trompa de Eustaquio e a úvula. // *s.m.* 2. Músculo peristafilino interno.

salpingostenocoria *s.f.* Estenose da trompa de Eustaquio ou da de Falopio.

salpingostomatotomía ou **salpingostomatoplastia** *s.f.* Resección parcial da trompa uterina e creación dun novo orificio abdominal.

salpingostomía *s.f.* 1. Creación cirúrxica dunha abertura na trompa de Falopio para a súa drenaxe. 2. Restauración cirúrxica da permeabilidade da trompa uterina.

salpingotomía *s.f.* Incisión cirúrxica na trompa uterina. Tamén se di **salpinxectomía**.

salpinxe *s.f.* Trompa de Falopio ou de Eustaquio.

salpinxectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica dunha trompa de Falopio.

salpinxenfraxe *s.f.* Obstrucción dunha trompa de Falopio ou de Eustaquio.

salpinxite *s.f.* Inflamación da trompa de Falopio. // **S. blenorráxica** A causada polo gonococo. / **S. catarral** Salpinxite por inflamación da mucosa da trompa de Eustaquio. / **S. hemorráxica** Salpinxite acompañada de derramo hemorráxico. Tamén se di **hematosalpinxe**. / **S. purulenta** Salpinxite acompañada de supuración. Tamén se di **piosalpinxe**. / **S. tuberculosa** Salpinxite debida ó bacilo de Koch.

salsedina *s.f.* Variedade de pelagra.

saltación *s.f.* Corea.

saltatorio-a *adx.* Que se caracteriza polos saltos. V. **espasmo**.

salterio *s.m.* Comisura do trígono cerebral.

salto *s.m.* Palpitación violenta do corazón. Tamén se di **extrasístole**. // **S. atrás** Atavismo.

salubridade *s.f.* Calidade de salubre ou saudable.

salurese *s.f.* Eliminación de ións de sodio e cloro pola urina.

salurético-a *adx.* Que provoca salurese.

salva *s.f.* Sucesión rápida e rítmica de sacudidas musculares. // **S. de extrasístoles** Extrasístoles que se presentan bruscamente e en rápida sucesión.

Salvarsán *s.m.* Marca rexistrada da arsfenamina.

salvatela *s.f.* Vea do dorso da man que se continúa no antebrazo coa vea cubital anterior, na que antigamente se realizaban as sangrías.

sambesuga ou **samesuga** *s.f.* Anélido do xénero dos hirudínidos que vive nas augas doces e se alimenta do sangue que zuga dos vertebrados, e do que existen varias especies (*Hirudo medicinalis*, *H. obscura*, *H. albocunctata*, etc.). Foi moi utilizado en medicina para facer sangrías, especialmente locais, e das súas glándulas salivares obtense a hirudina, substancia usada como anticoagulante.

san (*f. sa*) *adx.* 1. Que goza de boa saúde. 2. Saudable.

sanatorio *s.m.* Hospital especializado no tratamento de enfermidades de longa duración, como a tuberculose, enfermidades psiquiátricas, etc.

saneamento *s.m.* Mellora das condicións hixiénicas dun ambiente determinado, especialmente dun terreo, por desaugue do mesmo.

sangradoira *s.f.* 1. Lanceta. 2. Recipiente que se usaba para recolle-lo sangue das sangrías.

sangrador *s.m.* Barbeiro ou cirurxián que antigamente se dedicaba á práctica de sangrías.

sangradura ou **sangría** *s.f.* Extracción dunha certa cantidade de sangue con fins terapéuticos, especialmente por flebotomía. // **S. arterial** Arteriotomía. / **S. capilar** Sangría realizada por medio de sambesugas ou de ventosas escarificadas. / **S. depletiva** Sangría que ten por obxecto diminuí-la cantidade de sangue nun individuo

pletórico. / **S. local** Sangría que desconxestiona só o sistema capilar onde se realiza. / **S. venosa** Flebotomía. / **S. xeral** Aquela que se efectúa incidindo nunha vea ou arteria para desconxestionar todo o sistema vascular.

sangue *s.m.* Líquido vermello e espeso que circula a través dos vasos por tódalas partes do corpo mantendo constantes as condicións de vida de tódalas células. Está formado por elementos formes (hemacias, leucocitos, plaquetas) e unha substancia líquida, o plasma sanguíneo, que contén unha serie de substancias (proteínas, mine-rais, elementos gasosos, etc.). O peso total do sangue equivale aproximadamente a 1/13 do peso do corpo. Contén un 78% de auga e un 22% de elementos sólidos. A súa función máis importante é transportar osíxeno e nutrientes ás células, e retirar CO₂ e outros produtos de refugo. // **S. arterial** Sangue que despois de pasar polos pulmóns e ser osixenado se distribúe polos vasos arteriais co obxecto de osixenar, recoller CO₂ e repartir elementos nutritivos a todo o organismo. / **S. conservado** Sangue destinado a transfusións, ó que se lle engaden anticoagu-lantes ou substancias conservadoras co fin de podela usar semanas ou meses despois da súa extracción. / **S. de reserva** Sangue remansado en órganos ou zonas internas. / **S. oculto** Sangue que existe en pequenas proporcións no tubo dixestivo e na urina, e da cal a presenza só pode detectarse mediante reaccións químicas ou por exame microscópico. / **S. total** Sangue ó que non se lle retirou ningún dos seus compoñentes. / **S. venoso** O que procede dos capilares dos tecidos, que transporta produtos de secreción e de refugo, e que é conducido ó corazón dereito para ir de aquí ós pulmóns, onde ten lugar a hemostase, despois da cal este sangue se converte en arterial.

sanguento-a *adx.* 1. Que bota sangue. 2. Cheo ou manchado de sangue. Tamén se di **sanguinolento**.

***sangesuga** *s.f.* V. **sambesuga**.

sanguícola *adx.* Que vive no sangue.

sanguifaciente *adx.* Que produce sangue.

sanguificación *s.f.* Proceso de formación do sangue.

sanguíneo-a *adx.* 1. Do sangue. 2. De aspecto pletórico, xeralmente hipertenso, e de carácter facilmente irritable.

sanguinolento-a *adx.* Sanguento, tinguido ou cheo de sangue.

sanguinopoético-a *adx.* Hemopoético.

sanguisucción *s.f.* Extracción de sangue por succión, mediante sambesugas ou outros parasitos.

sanidade *s.f.* 1. Calidade de san. 2. Conxunto de servicios gubernativos ordenados para preserva-la saúde común dos cidadáns.

sanie *s.f.* Material fedorento procedente dunha ferida ou dunha úlcera, composto de soro, pus e sangue. Tamén se di **icor**.

sanioso-a *adx.* Purulento, que ten sanie.

sanitario-a *adx.* 1. Da sanidade e a saúde, ou que a conserva e a promove. 2. Que pertence a un servizo sani-tario.

sanitas *s.f.* (lat.) Saúde.

sanoformo *s.m.* Substancia pouco soluble en auga, que se emprega como substituto do iodoformo.

Santorini, tubérculo, vea de V. **tubérculo, vea**.

sapo *s.m.* (lat.) Xabón.

saponáceo-a *adx.* Xabonoso, semellante ó xabón.

saponado-a *adx.* 1. Que contén xabón. // *s.m.* 2. Prepara-ción farmacéutica que resulta da unión do xabón con substancias medicinais.

saponificable *adx.* Susceptible de se transformar en xabón ou de se desdobrar en glicerina e ácidos graxos.

saponificación *s.f.* 1. Proceso de transformación das graxas en xabón e glicerina. 2. En química, hidrólise dun éster cun álcali.

saponina *s.f.* Grupo de glicósidos moi estendido no reino vexetal capaz de diminuí-la tensión superficial formando unha intensa espuma en solución acuosa. Debido a esta capacidade forman emulsións en aceites e substancias resinosas, e pola súa tendencia a altera-la permeabilidade das paredes celulares son tamén tóxicas, hemolíticas e irritantes.

saponuro *s.m.* Preparación farmacolóxica formada por xabón e unha esencia (substancia resinosa).

saporífico-a ou **saporífero-a** *adx.* Que produce sabor.

saporimetría *s.f.* Medición da agudeza do sentido do gusto. Tamén se di **gustometría**.

sapoxenina *s.f.* Substancia derivada da saponina pola acción dos ácidos e da calor.

Sappey, ligamento de, vea de V. **ligamento, vea**.

sapremia *s.f.* Septicemia, que se cría que era causada polo sangue de tecidos pútridos.

sapro- Prefixo do grego, podre.

saprodoncia *s.f.* Carie dentaria.

saprófago-a *adx.* Que se alimenta de materias orgánicas en putrefacción.

saprófilo-a *adx.* Dos organismos que viven sobre a materia orgánica en putrefacción.

saprofitismo *s.m.* Estado de saprófito.

saprófito *s.m.* Microorganismo vexetal, especialmente bacterias, que viven a expensas da materia orgánica en descomposición e non de organismos vivos.

saprópira *s.f.* Febre de orixe pútrida. Tifo.

sapróxeno-a *adx.* Que produce putrefacción.

saprozoíto *s.m.* Microorganismo animal que vive sobre a materia orgánica en descomposición.

sarabullo *s.m.* Erupción cutánea de burbullas ou ronchas.

sarampelo *s.m.* Enfermidade infecciosa moi contagiosa, epidémica, causada por un paramixovirus. Caracterízase por un exantema precedido de síntomas catarrais. A súa fase de incubación dura dunha a dúas semanas, e séguelle unha fase de invasión, contagiosa, que comeza habitualmente con febre, coriza, conxuntivite, tose, etc. Posteriormente aparecen as manchas de Kloplik na mucosa bucal a erupción exantemática aparece de tres a catro días despois, primeiro na cara, colo e ó longo do tórax e extremidades. Este exantema consiste en pequenas máculas rosadas illadas, ás veces confluentes, que palidecen ó cabo de 3-4 días e van seguidas dunha descamación furfurácea da epiderme. Os síntomas xerais decrecen habitualmente coa erupción. // **S. alemán** Rubéola. / **S. hemorráxico** Forma grave na que as máculas son de tipo petequiral.

sarapuz *s.m.* Persoa que ten os pés planos.

sarcidia *s.f.* Verruga, espulla.

sarco- Prefixo do grego, carne.

sarcoadenoma *s.m.* Adenosarcoma.

sarcoblasto *s.m.* Célula primitiva que orixina un elemento muscular. Tamén se di **mioblasto**.

sarcocarcinoma *s.m.* Sarcoma con elementos de carcinoma.

sarcocele *s.f.* ou **sarcodídimo** *s.m.* Tumor sólido testicular. // **S. sifilítico** ou **tuberculoso** Variedade de orquite crónica secundaria á sífilis ou á tuberculose, respectivamente.

sarcocisto *s.m.* Forma quística que aparece nos músculos polo desenvolvemento de sarcosporidias do xénero *Sarcocystis*. Tamén se di **corpúsculo de Rainey**.

sarcocito *s.m.* 1. Célula muscular. 2. Capa media do ectoplasma dun protozoo.

Sarcocystis Xénero de protozoos sarcosporídeos que parasitan as fibras musculares dos mamíferos e aves. Son parasitos ocasionais do home, que se infesta ocasionalmente ó comer carne pouco cocida. Os quistes que orixinan son difíciles de observar.

sarcodina *s.f.* Clase de protozoos do subfilum *Sarcosporidia*. Morfoloxicamente presentan formas moi dispares, desde células espidas (amebas) ata formas con esqueleto. Son protozoos de vida libre no chan, na auga, etc. Algunhas especies son patóxenas para o home, destacando entre elas a *Entamoeba histolítica*.

sarcoencondroma *s.m.* Tumor que presenta combinadas as características dun sarcoma e as dun encondroma.

sarcoepiplocele *s.f.* Hernia epiploica combinada cunha sarcocele.

sarcoepoplónfalo *s.m.* Hernia umbilical epiploica carnosa.

sarcofaxia *s.f.* Réxime alimentario carnívoro.

sarcoglia *s.f.* Sarcoplasma.

sarcolidrocele *s.f.* Tumor testicular acompañado de hidrocele.

sarcoide *s.m.* Neoplasia cutánea semellante ó sarcoma, pero de natureza linfoide, que aparece sobre todo na pel, de desenvolvemento limitado e con posible regresión. Son tumores de natureza reticulohistiocitaria, e no seu seo conteñen unha tumoración epitelióide con tecido de granulación. Atópanse en gran número na sarcoidose. // **S. de Boeck** Sarcoidose. / **S. de Darier-Roussy** Sarcoide múltiple benigno, caracterizado polo tamaño grande dos nódulos de localización cutánea.

sarcoláctico, ácido *s.m.* Ácido paraláctico, isómero do ácido láctico presente nos músculos.

sarcolema *s.m.* Membrana plasmática que reviste cada unha das fibras musculares estriadas. Tamén se di **miolema**.

sarcólito *s.m.* Cálculo localizado nos tecidos brandos.

sarcología *s.f.* Anatomía relativa ás partes brandas.

sarcoma *s.m.* Tumor maligno derivado das células mesenquimatosas, que se pode formar a partir das células de tecido conectivo (fibrosarcoma), do tecido conectivo diferenciado (condrosarcoma, miosarcoma, liposarcoma, etc.) ou do tecido ganglionar (linfosarcoma, reticulosarcoma, etc.). // **S. anxiolítico** Psamona. / **S. botrioides** Sarcoma embrionario en forma de acio constituído por células musculares que se localizan no colo uterino. / **S. cartilaxinoso** Condrosarcoma. / **S. de Ewing** Variedade de sarcoma óseo que afecta habitualmente á diáfise. Tamén se di **mieloma endotelial**. / **S. de Kaposi** Sarcoma caracterizado por múltiples nódulos de cor azulada na pel, con hemorrxias, e de aspecto neoplásico. Obsérvase en persoas anciás, inmunodeprimidos (sida, transplantados). Tamén se di **sarcoma idiopático múltiple hemorráxico**. / **S. de mieloplaxas** Sarcoma de células xigantes multinucleadas, que se observa nos ósos. / **S. linfático** Linfosarcoma. / **S. melánico** Melanosarcoma. / **S. mucoso** Mixosarcoma. / **S. osteoblástico** Osteosarcoma. / **S. reticuloendotelial** Reticulosarcoma.

sarcomatoides *adx.* Semellante ó sarcoma.

sarcomatose *s.f.* Estado caracterizado pola formación de sarcomas múltiples. Tamén se di **sarcome**. // **S. cute** Desenvolvemento de tumoracións sarcomatosas na pel.

sarcomelanina *s.f.* Pigmento negro dos sarcomas melánicos.

sarcómera *s.f.* Cada un dos segmentos en que queda dividida a fibrilla muscular polas liñas de Krause, que constitúe a unidade de contracción das miofibrillas que forman parte da fibra muscular estriada.

sarcomices *s.m.* Neoplasia con fungosidades de tipo carnoso.

sarcomicina *s.f.* Metabolito producido polo *Streptomyces erythrochromoxenes*, de acción antimitótica.

sarcomixoma *s.m.* Sarcoma combinado con elementos característicos do mixoma.

sarconfalocce *s.f.* Onfalocce carnosa.

sarcopioide *adx.* Que está formado por carne e pus, como os esputos purulentos moi espesos.

sarcoplasma *s.m.* Citoplasma das células musculares.

sarcopioese *s.f.* Xeración de tecido muscular.

Sarcoptes Xénero de ácaros ó que pertence o *Sarcoptes scabiei*, especie parasita que infesta os animais e que causa a sarna no home.

sarcose *s.f.* 1. Sarcomatose. 2. Aumento anormal do tecido muscular.

sarcosepse *s.f.* Sepse debida á presenza de bacterias nos tecidos.

sarcosina *s.f.* Substancia que procede da descomposición da creatina.

sarcoso-a *adx.* Do tecido muscular ou da carne.

sarcosporidias *s.f.* V. **Sarcocystis**.

sarcosporidiase *s.f.* Estado patolóxico causado por sarcosporidias.

sarcostose *s.f.* Osificación dos tecidos brandos.

sarcótomo *s.m.* Instrumento para a sección de partes brandas.

sarcotripsia *s.f.* Trituración de partes brandas. Tamén se di **histotripsia**.

sarcóxeno-a *adx.* Que forma tecido muscular.

sarna *s.f.* Dermatose humana contaxiosa, causada polo ácaro *Sarcoptes scabiei*, caracterizada por prurito, sobre todo nocturno, lesións debidas ó rañado, e sucros. Estes constitúen a lesión típica da sarna, e localízanse sobre todo nas pregaduras interdixitais das mans. Tamén se di **escabiose**, **raña**. // **S. animal** Sarna causada por *Sarcoptes* que infestan animais e que accidentalmente parasitan o home (*Sarcoptes canis*, *Sarcoptes ovis*, etc.). / **S. dos barbeiros** Sicose. / **S. dos cereais** A causada polo ácaro *Pediculoides ventricosus*, que vive nos talos de certas gramíneas. / **S. noruega** Sarna causada por unha especie de *Sarcoptes*, parasito do lobo, caracterizada pola formación de carapolas e pústulas.

sarrío *s.m.* Substancia amarelada áspera ou calcaria que cobre o colo e a raíz dos dentes.

sartorio *s.m.* V. **músculo**

satélite *s.m.* 1. Vea, músculo ou nervio que acompañan a unha arteria. 2. Lesión menor que está cerca doutra máis importante.

satelitismo *s.m.* Sintrofismo.

satelitose *s.f.* Acumulación de células da neuroglía arredor de células ganglionares do córtex cerebral, que se observa nalgúns casos de parálise xeral e noutras enfermidades nerviosas.

satiríase ou **satiromanía** *s.f.* Exaltación esaxerada do impulso sexual no home.

saturación *s.f.* 1. Estado dunha disolución que non admite máis cantidade de soluto para un volume de disolvente determinado. 2. Estado dun composto orgánico no que tódalas valencias do carbono están unidas a outros átomos radicais ou grupos químicos sen que existan dobres ou triples unións entre dous átomos deste elemento.

saturnismo *s.m.* Intoxicación aguda ou crónica polo chumbo ou os seus compostos. Tamén se di **plumbismo**.

saturnoterapia *s.f.* Emprego terapéutico do chumbo ou dos seus sales. Tamén se di **tratamento de Bell**.

saudable *adx.* San, que serve para restablece-la saúde.

saudación *s.f.* Acción de saudar. // **S. convulsiva** Espasmo nutans ou de salaam.

saudador-a *s.* Curandeiro que cura co alento, a saliva e certas fórmulas.

saúde *s.f.* Estado normal das funcións orgánicas e psíquicas. Segundo a OMS, o termo saúde corresponde ó estado completo de benestar físico, psíquico e social dun individuo, e non simplemente á ausencia de enfermidade ou invalidez.

Sauer, vacina de V. vacina.

sauríase *s.f.* Ictiose.

sauriderma *s.f.* Ictiose hystrix.

sauriose *s.f.* 1. Sauríase. 2. Queratose folicular.

saxífrago-a *adx.* Que pode romper ou fragmentar cálculos. Tamén se di **litotrito**.

saxina *s.f.* Substancia edulcorante, unhas 500 veces máis doce có azucre.

saxital *adx.* 1. En forma de frecha. 2. Recto, dereito. 3. Que ten dirección anteroposterior.

Sb Símbolo do antimónio.

Sc Símbolo do escandio.

scabrities *s.f.* (lat.) Estado engurrado da pel. // **S. unguinum** Estado de deformidade e engrosamento das uñas.

Schiller, proba de V. proba.

Schistosoma Xénero de vermes trematodos, parasitos do sangue e de diversos órganos, como o intestino, fígado, SNC, etc. Son axentes causantes da esquistosomíase. Tamén se di **bilharzia**, **distoma**. As especies principais son: *Schistosoma haematobium*, frecuente nos países cálidos de África e causante da esquistosomíase vesical; *Schistosoma mansoni*, frecuente en América do Sur, causante da esquistosomíase intestinal, *Schistosoma japonicum*, frecuente nos países asiáticos, que causa a febre de Katayama.

schistosomiase *s.f.* Infección crónica causada por vermes do xénero *Schistosoma*. V. **esquistosomiase**.

Schögastia Xénero de ácaros dos cales as larvas parasitan o home. Causan dermatites sobre todo nas pernas, coxas, xenitais externos e axilas.

Schönlein-Henoch, púrpura de V. púrpura de Schönlein-Henoch

Schwann, vaíña de V. vaíña.

schwannoma *s.m.* Tumor na vaíña de Schwann.

Scopulariopsis Xénero de fungos parecido morfoloxicamente ó *Penicillium*, causante da onicomícoses.

scutulum *s.m.* (lat.) Carapola discoide da tiña favosa.

Se Símbolo do selenio.

sebáceo-a *adx.* 1. Que participa na formación de sebo ou que ten aparencia semellante a el. 2. Relativo á substancia graxa e lubrificante que segregan certas glándulas.

sebácina *s.f.* Materia de natureza sebácea. Chámase así tamén a substancia obtida da noz moscada.

sebífero-a *adx.* Que produce secreción sebácea ou graxa.

sebo *s.m.* 1. Secreción das glándulas sebáceas densa, semifluída e amarelada, composta de graxa e restos epiteliais. 2. Graxa que se obtén dalgúns animais, que se ten empregado nas preparacións de certos unguentos.

sebólito *s.m.* Cálculo formado nunha glándula sebácea.

seborrea *s.f.* Alteración funcional das glándulas sebáceas con produción esaxerada de sebo, con alteración tamén na súa composición, e acompañada de queratose na pel. Tamén se di **acne sebácea**. // **S. adiposa** Seborrea oleosa. / **S. capilar** Seborrea que afecta ó coiro cabeludo, xeralmente de forma seca e pitiriásica, precursora ás veces da calvicie. / **S. con carapolas** Seborrea caracterizada pola formación de carapolas, que se observa en nenos ou en anciáns en forma de verruga plana. / **S. conxestiva** Seborrea que afecta á cara, con hiperemia, que constitúe o primeiro grao do lupus eritematoso. / **S. do neonato** Queratose folicular. / **S. eccematosa** Complicación inflamatoria da seborrea capilar. / **S. negra** ou **s. nigricans** Seborrea caracterizada pola súa secreción escura, debida a unha infección micótica secundaria. / **S. seca** Seborrea cunha descamación excesiva.

seborroide *s.f.* Dermatose da cal a causa predispoñente é a seborrea.

sebum *s.m.* (lat.) Sebo. // **S. palpebrale** Lagaña. / **S. praeputiale** Esmegma.

sección *s.f.* 1. División feita nun corpo cun instrumento cortante. Tamén se di **corte**. 2. Segmento comprendido entre dous cortes. 3. Parte dun órgano ou dun todo. 4. Obducción. // **S. abdominal** Laparactomía. / **S. lonxitudinal** A que se fai nun corpo seguindo a dirección do seu eixe maior. / **S. transversal** Corte perpendicular ó eixe maior. / **S. saxital** Sección lonxitudinal dun corpo en dirección anteroposterior.

secernente *adx.* Secretante.

seclusión *s.f.* Separación. // **S. da pupila** Sinequia posterior anular.

seclusivo-a *adx.* Apartado, cun tipo de personalidade que se caracteriza pola reserva e o illamento.

secobarbital *s.m.* V. **barbitúrico**.

secondoto-a *adx.* Que posúe dentes molares de bordos cortantes.

secreción *s.f.* 1. Proceso mediante o cal un tecido, órgano, etc., elimina do sangue substancias, modificándoas ou elaborando con elas unha substancia nova, que verte ou que devolve ó sangue. Tamén se di **segregación**. 2. Substancia secretada. // **S. exterior** Secreción que se verte na superficie externa ou interna, xeralmente a través dun conducto excretor. / **S. interna** Secreción que se verte directamente no sangue ou noutro fluído orgánico. Adoitan ser secrecións moi importantes para o metabolismo, e función de moitos órganos ou tecidos, por exemplo, as glándulas suprarrenais, hipófise, páncreas, etc. / **S. morfolóxica** Secreción da cal a parte esencial é un elemento anatómico, como a dos testículos, na que o elemento anatómico é o espermatozoide.

secreta *s.f.* Secreción dunha glándula.

secretado-a *adx.* Producido por secreción.

secretagogo-a *adx.* Que estimula a secreción das glándulas.

secretina *s.f.* 1. Hormona segregada polas células epiteliais da mucosa do duodeno e do xexuno, cando entra o quimo ácido no intestino. É transportada ó sangue e estimula a secreción pancreática. 2. Hormona que estimula a secreción glandular. // **S. gástrica** Gastrina.

secretinase *s.f.* Enzima que inactiva a secretina.

secretomotor-a *adx.* Que estimula a secreción, especialmente os nervios que estimulan a secreción glandular.

secretorio-a *adx.* Que ten a facultade da secreción.

séctil *adx.* Que pode ser cortado ou seccionado.

sectio *s.f.* (lat.) Sección. // **S. cadaveris** Autopsia. / **S. legalis** Obducción.

secuela *s.f.* Lesión ou afección que segue a outra e é consecuencia dela.

secuencia *s.f.* Orde de aparición dos síntomas e signos dunha enfermidade e da súa desaparición.

secuestrectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica dun secuestro.

secuestro *s.m.* Parte de tecido morto ou necrosado, especialmente óseo, que permanece máis ou menos separado do tecido normal por un proceso inflamatorio que intenta eliminalo. // **S. óseo** Fragmento óseo necrótico que queda rodeado de óso vital no curso dunha osteomielite.

secundario-a *adx.* 1. Segundo en orde, tempo ou lugar, e non principal, ou subordinado a outro. 2. Relativo ás

- patoloxías que son consecuencia doutras. Tamén se di **accesorio**.
- secundigrávida** *s.f.* Muller que se atopa embarazada por segunda vez.
- secundinas** *s.f. pl.* Conxunto formado pola placenta e as membranas fetais que se expulsa no parto.
- secundípara** *s.f.* Muller que pariu por segunda vez. Tamén se di **bípara**.
- seda** *s.f.* Substancia filamentosa que se obtén do casulo do verme da seda, que se emprega en cirurxía como elemento de sutura.
- sedación** *s.f.* 1. Sosegamento, produción dun efecto calmante. 2. Efecto causado por un calmante.
- sedante** *s.m.* Fármaco que calma a dor e a excitabilidade nerviosa, e que recibe distintos nomes segundo actúe sobre un órgano ou outro: cerebral, xenital, vascular, nervioso, etc.
- sedativo-a** *adx.* Que causa unha acción sedante ou tranquilizante.
- sede** *s.f.* Necesidade ou desexo de beber.
- sedela** *s.f.* Mecha de tea, algodón ou fío que se introduce subcutaneamente e se move tirando por un extremo que se deixa fóra, co fin de evitar que as secrecións sexan retidas e poder eliminalas.
- sedentario-a** *adx.* 1. De hábitos inactivos ou de pouca actividade física. 2. En posición sentada.
- sedes** *s.f.* (lat.) 1. Deposición. 2. Asento. // **S. cruenta** Deposición con sangue.
- sedimentación** *s.f.* Xeración dun depósito de sedimento. // **S. eritrocítica** Depósito dos glóbulos vermellos sobre unha columna de sangue tratada con anticoagulantes, favorecida ás veces por un proceso de centrifugación. Realízase por distintos métodos: Cutler, Westergren, Wintrobe, etc.
- sedimentador** *s.m.* Centrifugador para separalo sedimentado ou os precipitados.
- sedimento** *s.m.* Elemento sólido formado pola precipitación espontánea de substancias disolutas ou en suspensión nun líquido. // **S. urinario** Depósito de materia sólida que se forma nun vaso de urina en repouso.
- sedoso-a** *adx.* Semellante á seda.
- segmentación** *s.f.* División en partes máis ou menos semellantes, especialmente a serie de sucesivas divisións que teñen lugar no ovo despois da fecundación para a formación do embrión. // **S. completa holoblástica** Segmentación na que toma parte todo o óvulo. / **S. incompleta, parcial** ou **meroblástica** Segmentación na que só se divide o vitelo formativo, quedando sen dividirse a maior parte do vitelo nutritivo.
- segmentario-a** *adx.* 1. Pertencente a un segmento ou que o forma. 2. Que experimenta segmentación.
- segmento** *s.m.* Parte cortada dun órgano ou parte del, sexa dun xeito efectivo ou por liñas imaxinarias. // **S. cranial** Cada unha das porcións occipital, parietal, temporal e frontal en se que pode dividi-lo cranio. / **S. de Ranvier** Porción de fibra nerviosa comprendida entre dous nódulos de Ranvier. / **S. larínxeo** Cada unha das zonas en que se divide a cavidade larínxea: supraglótica ou vestibulo, glótica (entre as cordas vocais) e subglótica. / **S. medular** Anaco de medula comprendido entre dúas seccións imaxinarias situadas por enriba e por debaixo dun par de nervios. / **S. mesoderma** ou **primitivo** Somita. / **S. RST** Porción do electrocardiograma, xeralmente isoelectrónica, que corresponde coa fase de despolarización ventricular completa. Normalmente pode estar lixeiramente elevada ou deprimida. / **S. uterino** Cada unha das porcións en que se diferencia o útero ó iniciarse o parto: a porción superior, grosa e contráctil, e a inferior, de paredes delgadas e non contráctil.
- segredo** *s.m.* Reserva, sixilo. // **S. médico** Obrigación que ten o médico e o seu persoal auxiliar de gardar reserva sobre feitos que coñeza no exercicio da súa profesión, agás nos casos que preceptúa a lei.
- segregación** *s.f.* 1. Separación, dispersión, disgregación ou secreción. 2. En xenética, separación dos dous xenes alélicos de cada par para constituíren as dotacións haploides dos gametos.
- segregador** *s.m.* Instrumento empregado para recoller urina de cada ril por separado.
- segundo-a** *adx.* O que segue inmediatamente ó primeiro. // **S. intención** V. **curación por segunda intención**. / **S. par** Nervio óptico.
- seisestesia** *s.f.* Sensación táctil na que se perciben vibracións nun medio aéreo ou líquido.
- sela turca** *s.f.* Fosa na cara superior do corpo do óso esfenoide que contén a hipófise e o seo cavernoso.
- selección** *s.f.* Elección, escolla, escolma. // **S. natural** Concepto ligado ó da evolución das especies, que se refire ó proceso de prevalencia dunhas determinadas especies fronte a outras, nun medio no que se atopan mellor preparadas para afrontar-la súa adaptación.
- selenio** *s.m.* Elemento químico metaloide sólido, tóxico, semellante ó xofre, de símbolo Se e peso atómico 78,96. En dermatoloxía emprégase o seu sulfuro como antiseboreico.
- selenose** *s.f.* 1. Manchas brancas en forma de media lúa que aparecen sobre as uñas. 2. Intoxicación por selenio.
- selo** *s.m.* Forma farmacéutica empregada na administración de medicamentos, de olor e sabor desagradable. Componse dunha cápsula de amidón ou outra substancia semellante, que perde consistencia e se disgrega en contacto coa humidade, especialmente co zume gástrico.
- seme** *s.m.* Líquido abrancazado e espeso, secretado polos testículos e a próstata, que contén espermatozoides. Tamén se di **esperma**.

semelincidente *adx.* Que ocorre ou que ataca unha soa vez.

semente *s.f.* Óvulo fecundado e maduro dalgunhas plantas, que se atopa no interior do froito.

sementeira *s.f.* Colocación dun material que contén xermes nun medio de cultivo para observa-lo crecemento das colonias.

semenuria *s.f.* Presencia de seme na urina. Tamén se di **espermatúria**.

semi- Prefixo do latín, medio.

semianular *adx.* En forma de medio anel.

semiarticulación *s.f.* Anfiartrose.

semibaño *s.m.* V. **semicupio**.

semicartilaxinoso-a *adx.* Parcialmente cartilaxinoso.

semicircular *adx.* Con aspecto da metade dun círculo. // **Conducto** *s.* V. **conducto**.

semicoma *s.m.* Coma non moi grave, do que o enfermo se restablece.

semicupio *s.m.* Baño da parte inferior do corpo. Tamén se di **semibaño**.

semiespinal ou **semiespiñoso-a** *adx.* V. **músculo**.

semiflexión *s.f.* Posición dunha extremidade entre a flexión e a extensión.

semilunar *adx.* 1. Que ten forma de media lúa. // *s.m.* 2. Óso segundo da primeira fila do carpo. // **Ganglio** *s.* Estación da sinapse do nervio do trixémimo que se aloxa na foxa do óso temporal ou cada un dos dous ganglios nerviosos situados fronte á primeira vértebra lumbar, e que forman parte do plexo solar.

semiluxación *s.f.* Subluxación.

semimembranoso-a *adx.* 1. Que está formado en parte por aponeurose. 2. V. **músculo**.

seminal *adx.* Do seme.

seminarcose *s.f.* Narcose parcial. Tamén se di **sono crepuscular**.

seminífero-a *adx.* Que conduce ou que transporta seme. // **Conductos** *s.* Túbulos epiteliais do parénquima testicular nos que se forman os espermatozoides.

seminoma *s.m.* Tumor maligno orixinado nos testículos, que afecta preferentemente ós homes entre 20 e 40 anos. Dáse máis raramente no ovario e retroperitoneo e moi escasamente no mediastino e no SNC na área da glándula pineal. Está formado por células provistas de núcleo grande, que se cre que derivan do epitelio seminífero, cun aspecto que lembra as células xerminais embrionarias. Tamén se di **disxerminoma** cando se orixina no ovario ou na glándula pineal. // **S. anaplásico** Variedade formada por células pleomórficas de comportamento moi agresivo e de moi mal pronóstico.

seminuria *s.f.* Espermatúria.

semioctecnia *s.f.* Conxunto ordenado de procedementos e métodos do que se serve o clínico para obter síntomas e signos co fin de facer con eles un diagnóstico.

semiografía *s.f.* Descrición dos síntomas e signos clínicos dunha enfermidade.

semioloxía ou **semiótica** *s.f.* Sintomatoloxía.

semiorbicular *adx.* Semicircular.

semipeniforme *adx.* Relativo ó músculo no que as fibras se insiren nun só tendón.

semipermeable *adx.* Que permite o paso de certas substancias.

semiplexía *s.f.* Hemiplexía.

semirrecumbente *adx.* Reclinado pero non deitado de todo.

semis *s.f.* (lat.) Metade.

semisideración *s.f.* Hemiplexía.

semitendinoso-a *adx.* 1. Que está formado en parte por tendóns. 2. V. **músculo**.

semiterciá *s.f.* Parcialmente cotiá e en parte terciá.

semitranslúcido-a *adx.* Algo translúcido

semivalente *adx.* Que posúe a metade do poder de combinación.

sen *s.f.* Rexión lateral da cabeza, ós lados da fronte, situada sobre o arco cigomático. Tamén se di **tempa**.

senescencia *s.f.* Avellentamento.

senicultura *s.f.* Conxunto dos coidados e hixiene dirixidos ós individuos de idade avanzada.

senil *adx.* Propio da vellez ou causado por ela.

senilidade *s.f.* Estado de debilitamento das funcións orgánicas que aparece na vellez.

senilismo *s.m.* Vellez prematura. Tamén se di **nanismo senil**, **xeromorfismo**, **proxeria**.

senopía *s.f.* Cambio da visión que sucede coa vellez. Tamén se di **xerontopía**, **presbicia**.

sensación *s.f.* Percepción ou experiencia que ten lugar cando se produce a estimulación dun receptor sensorial, interno ou externo, transmitida por un nervio aferente. // **S. articular** Sensación producida polo contacto de superficies articulares en movemento. / **S. especial** Sensación que se orixina nos órganos dos sentidos (visual, táctil, auditiva, gustativa e olfactiva). // **S. externa** Impresión que un obxecto externo produce na mente, por medio dos órganos dos sentidos. Tamén se di **sensación obxectiva**. / **S. interna** Aquela que só é perceptible para o suxeito mesmo, e non garda relación con ningún obxecto situado fóra do seu organismo. Tamén se di **sensación subxectiva**. / **S. reflexa** ou **referida** Sensación percibida nun lugar distinto daquel no que se aplica o estímulo. / **S. secundaria** Sensación asociada a outra sensación doutro tipo. / **S. sucesiva** Signo de Remak.

sensibilidade *s.f.* 1. Capacidade de percibir sensacións de orixe cutánea, profunda e interoceptiva. 2. Idiosincrasia reactiva fronte a un fármaco ou un antíxeno. // **S. artrocinética** Sensibilidade referida ós desprazamentos de partes ou segmentos do corpo, que está ligada á capacidade propioceptiva. / **S. barestésica** Aquela que fai referencia á sensación de presión. / **S. bária** Sensibilidade relativa ó peso dos obxectos. Tamén se di **barognosia**. / **S. dolorosa** A que fai referencia á dor. / **S. epicrítica** Sensibilidade cutánea que proporciona discriminacións finas de tacto e temperatura. / **S. estereognósica** Recoñecemento da forma dos obxectos. / **S. interoceptiva** Sensibilidade que depende da estimulación de receptores viscerais. / **S. palestésica** Sensibilidade das sensacións vibratorias. / **S. profunda** Sensibilidade que inclúe o coñecemento da posición dos diversos órganos, a sensibilidade palestésica, a barestésica, a estereognósica, etc. / **S. propioceptiva** A que nos permite coñece-la posición e o estado dos músculos e das articulacións mediante receptores localizados nos músculos e nos tendóns, permitindo a regulación postural. Neste tipo de sensibilidade intervén o cerebelo. / **S. protopática** A que ten un carácter toscó, non discriminativo, relacionado principalmente con algunha forma de dor e coa temperatura. / **S. somestésica** Percepción somática, agás as procedentes de órganos sensoriais especializados. / **S. superficial** Sensibilidade que inclúe a sensibilidade táctil, térmica e dolorosa. / **S. táctil** Sensibilidade relativa ó tacto. / **S. térmica** Sensibilidade relativa á temperatura.

sensibilización *s.f.* 1. Acción de facer algo máis sensible. 2. En inmunoloxía, presenza no organismo de anticorpos que poden causar anafilaxe ó entraren en contacto co antíxeno sensibilizante. A sensibilización é, xa que logo, unha resposta modificada a unha substancia específica, como resultado dun contacto previo con esta substancia. 3. Preparación dun tecido ou dun órgano por unha hormona para que responda funcionalmente á acción doutra hormona. // **S. activa** Sensibilización que resulta da inxección directa dun antíxeno. / **S. pasiva** Sensibilización por inxección de soro inmune. / **S. RH** Sensibilización ó factor RH como resultado dunha transfusión ou paso de sangue RH positivo ou dun embarazo con feto RH positivo nunha muller RH negativa.

sensibilizador-a *adx.* 1. Que sensibiliza. // *s.m.* 2. Amboceptor. 3. Reactivo que fai que un corpo se modifique facilmente por outro.

sensible *adx.* 1. Perceptible polos sentidos. 2. Que está dotado de sensibilidade.

sensífero-a *adx.* Transmisor de sensacións.

sensímetro *s.m.* Aparello que mide o grao de sensibilidade en áreas anestésicas e hiperestésicas do corpo.

sensitínóxeno *s.m.* Antíxeno que ten efectos sensibilizantes.

sensitivo-a *adx.* 1. Que fai referencia ós sentidos ou sensacións. 2. Capaz de percibir ou de transmitir unha sensación.

sensitivomotor-a *adx.* Sensitivo e motor ó mesmo tempo, sobre todo os nervios mixtos.

sensíxeno-a *adx.* Que xera impulsos sensoriais.

sensoabilidade *s.f.* Capacidade que teñen o home e os animais de se moveren en resposta a un estímulo sensorial.

sensoparálise *s.f.* Parálise dun nervio sensorial.

sensorimuscular *adx.* Que orixina unha acción muscular reflexa como resultado dunha estimulación sensorial.

sensorio *s.m.* Conxunto das actividades psíquicas conscientes.

sensorivascular *adx.* Que orixina alteracións vasculares como resposta ós estímulos de nervios sensoriais.

sensual *adx.* 1. Sensitivo, relativo ós sentidos ou ás súas sensacións. 2. Que fai referencia ó apetito sexual.

sensualismo *s.m.* 1. Inclinação ós praceres dos sentidos, sobre todo ós sexuais. 2. Corrente filosófica que atribúe a xeración de ideas e de coñecemento á acción dos sentidos externos.

sentido *s.m.* 1. Órganos receptores das sensacións exteriores. 2. Facultade pola que se perciben as modificacións dos órganos ou das vísceras. 3. Órgano que capta os estímulos físicos e químicos de natureza orgánica e inorgánica. Os órganos dos sentidos poden percibir información do medio interno gracias ós receptores internos, ou do medio externo, mediante os receptores externos. // **S. ácido** Facultade que ten o estómago de regula-la secreción ácida de clorhídrico segundo as necesidades da dixestión. / **S. do equilibrio** ou **estático** Sentido que lle permite ó home manterse en posición erecta. / **S. especial** Cada un dos cinco sentidos: vista, oído, olfacto, gusto e tacto. / **S. estereognóstico** Percepción das formas e solidez dos obxectos. / **S. térmico** Facultade de percibir-las diferenzas de temperatura.

sentimento *s.m.* Sensación de tipo afectivo relacionada cun mesmo ou con outras persoas, cousas, situacións, etc. // **S. de culpabilidade** Sentimento consciente ou inconsciente asociado, segundo a psicanálise, á autocrítica e á busca do castigo. / **S. de inferioridade** Sentimento que, segundo Adler, se xera na infancia por deficiencias físicas ou funcionais que fan que o individuo cree mecanismos psicolóxicos de compensación.

seo *s.m.* 1. Dilatación vascular ou linfática. 2. Conducto venoso dentro do cranio. 3. Mama. // **S. aéreo** Cada unha das cavidades cheas de aire, especialmente as que se comunican coas fosas nasais. / **S. aórtico** Cada unha das pequenas dilatacións delimitadas superiormente polas tres valvas da válvula semilunar aórtica. / **S. auricular** Parte principal das aurículas do corazón. / **S. basilar** Seo localizado arredor do burato occipital, que une os seos petrosos inferiores. / **S. carotídeo** 1. Dilatación proximal da arteria carótide interna, por riba da división da carótide común. Nel localízanse os barorreceptores, receptores que controlan as variacións de presión arterial

Tamén se di **bulbo carotídeo**. 2. Extensión do seo cavernoso no conducto carotídeo. / **S. cavernoso** Encrucillada neurovascular formada por dous seos venosos a cada lado da sela turca, entre a fendadura esfenoidal e o vértice do rochedo, que comunican cos seos petrosos. / **S. cerebral** Conductos localizados no cranio formados polas escavacións que presenta a cara interna dos ósos do cranio e a duramáter, que conteñen sangue venoso. / **S. coronario** Veia coronaria situada no suco que separa posteriormente a aurícula do ventrículo esquerdo, que desemboca na aurícula dereita do corazón. / **S. costodiafragmático** Seo pleural localizado na unión das pleuras costal e diafragmática. / **S. da duramáter** Cada un dos conductos venosos existentes na duramáter, en número de 10, 7 pares (transverso, cavernoso, petroso superior, petroso inferior, occipital, sigmoide e esfenoparietal) e 3 impares (saxital superior, saxital inferior e recto). / **S. de Valsalva** Seos aórticos e pulmonares. / **S. esfenoparietal** Porción anterior do seo cavernoso, na súa comunicación coa vea oftálmica. / **S. lateral** Seo transversal. / **S. lonxitudinal** Cada un dos dous seos venosos superior e inferior, localizados nos bordos superior e inferior, respectivamente, da fouce do cerebro, e que comunican: o primeiro coa prensa de Herófilo e o segundo co seo recto. / **S. oftálmico** Seo esfenoparietal. / **S. paranasal** Cada un dos seos aéreos que comunican coas fosas nasais: seo esfenoidal, seo etmoidal, seos frontais e seos maxilares, situados na parte grosa dos ósos craniais, dos que toman os seus nomes. / **S. petroso** Seo venoso: o superior localízase entre o seo cavernoso e o seo lateral, no bordo superior do rochedo; o inferior está situado entre o seo cavernoso e a vea xugular interna, no bordo inferior do rochedo. / **S. pulmonar** Cada unha das pequenas dilatacións situadas no comezo da arteria pulmonar, correspondente a cada segmento valvular. Tamén se di **seo de Valsalva**. / **S. recto** Seo venoso da duramáter, situado entre a base da fouce do cerebro e a tenda do cerebelo; comunica coa prensa de Herófilo. / **S. saxital** Seo lonxitudinal. / **S. sigmoide** Porción do seo transversal, en forma de S, situado enriba da apófise xugular do óso occipital. / **S. transverso** Seo venoso cranial que parte da prensa de Herófilo e desemboca na vea xugular interna.

seoauricular *adx.* Do seo venoso e do auricular. Tamén se di **sinoauricular**.

separador *s.m.* 1. Aparello empregado para realiza-la separación das paredes dunha cavidade ou os bordos dunha ferida. 2. En odontoloxía, dispositivo que permite separa-los dentes veciños. // **S. de Adson** Aparello con fortes ramas que se emprega para separa-las masas musculares en laminectomía. / **S. de Doyen** Separador dobrado que se emprega en cirurxía abdominal para separa-las masas musculares e o peritoneo. / **S. de Volkman** Separador con aspecto de garfo pero cos dentes dobrados. / **S. dobrado** Separador formado por unha lámina dobrada en ángulo recto nun dos extremos.

sepedoxénese *s.f.* Producción dun estado séptico.

seps *s.f.* Infección xeneralizada do organismo polo paso de xermes e toxinas ó sangue. Tamén se di **septicemia**. // **S. metastásica** Piohemia. / **S. puerperal** A que ocorre despois do parto, debida á absorción de material séptico do aparello xenital, especialmente do útero.

sepsina *s.f.* Ptomáina tóxica da carne en putrefacción.

septación *s.f.* División en partes por un septo ou tabique.

septana *s.f.* Febre intermitente que recidiva cada sete días.

septectomía *s.f.* Extirpación parcial do tabique nasal.

septicemia *s.f.* Síndrome causada pola existencia no sangue de bacterias patóxenas e dos produtos das mesmas, que se manifesta por un cadro tóxico con febre, calafríos, fenómenos inflamatorios, sudación, gran prostración e metástase. // **S. criptóxena** Septicemia da cal o foco inicial non se pon en evidencia. / **S. de Bruce** Febre de Malta. / **S. gangrenosa** Edema maligno. / **S. puerperal** Septicemia que ten o foco de infección nunha lesión da mucosa uterina producida durante o parto. / **S. tifoide** Infección xeneralizada causada por bacilos tíficos.

septicidade *s.f.* Calidade de séptico.

septicina *s.f.* Sepsina.

séptico-a *adx.* 1. Que produce putrefacción ou está causado por ela. 2. Que contén xermes. // **Foco s.** Localización que determina o paso de xermes ó sangue.

septicopiohemia *s.f.* Septicemia e piohemia simultáneas.

septífero-a *adx.* Transmisor da infección séptica.

septo *s.m.* Tabique que divide completamente ou non unha cavidade ou parte do corpo.

septomarxinal *adx.* Do bordo dun tabique.

septómetro *s.m.* Instrumento que se emprega para medir-lo grosor do tabique nasal.

septonasal *adx.* Do tabique nasal.

septoplastia *s.f.* Corrección cirúrxica da desviación do tabique nasal.

septotomía *s.f.* Incisión ou resección do tabique nasal que se fai nas operacións de rinoplastia.

septum *s.m.* (lat.) Tabique, septo.

serial *adx.* Disposto en serie, ou que forma serie.

sérico-a *adx.* 1. De seda ou relativo a ela. 2. Que fai referencia ó soro.

serie *s.f.* 1. Conxunto de elementos ou de acontecementos que se atopan relacionados uns cos outros, ou ordenados dunha forma sistemática. 2. En hematoloxía, sucesión de tipos celulares no desenvolvemento dunha célula sanguínea. Considéranse cinco series: 10) granulocita ou mielóide, composta por mieloblasto, promielocito, mielocito, metamielocito e granulocitos neutrófilos, basófilos e eosinófilos; 20) linfoide, composta de linfo-

blasto, prolinfocito e linfocito; 30) monocítica, composta de monoblasto, monocito inmaturo e monocito adulto; 40) eritrocítica, formada por proeritroblasto, eritroblasto basófilo, eritroblasto policromatófilo, eritroblasto acidófilo, reticulocito e eritrocito; 50) trombocítica ou megariocítica, composta de megarioblasto, megariocito basófilo, megariocito adulto e trombocito. // **S. alifática** Serie de compostos orgánicos formada por hidrocarburos de cadea aberta ou ramificada. / **S. aromática** Serie composta de cadeas cerradas derivadas de hidrocarburos cíclicos. / **S. graxa** Serie alifática.

seriescopia *s.f.* Serie de radiografías en planos paralelos e en distintas direccións que se examinan superpostas e se desprazan ata que coinciden as proxeccións dos distintos planos do obxecto.

serifluxo *s.m.* Secreción fluída e acuosa.

seriografía *s.f.* Técnica empregada para o estudo dos órganos en movemento, que consiste na realización de radiografías da área ou zona que se quere examinar, practicadas en breves intervalos de tempo.

seriógrafo *s.m.* Aparello que realiza radiografías en serie.

seroaglutinación *s.f.* Método de diagnóstico empregado no laboratorio, no que os anticorpos dirixidos contra antígenos de superficie dan lugar a aglomeracións que se ven a simple vista ou con microscopio. Esta técnica aplícase en medicina para demostra-la presenza de anticorpos antisalmonela na proba de Widal.

seroalbumina *s.f.* Albumina do soro sanguíneo.

seroalbuminuria *s.f.* Presencia de seroalbumina na urina.

seroanafilaxe *s.f.* Anafilaxe producida pola inxección de soro sanguíneo.

seroatenuación *s.f.* Moderación dos síntomas dunha enfermidade infecciosa pola inxección de soro sanguíneo dunha persoa convalescente da mesma enfermidade.

serobacterina *s.f.* Vacina bacteriana sensibilizada que foi tratada co soro inmune correspondente.

serocele *s.f.* 1. Derramo seroso. 2. Hidrocele.

serocoagulación *s.f.* Reacción de Welman empregada nas enfermidades hepáticas e biliares.

serocolite *s.f.* Inflamación da superficie serosa do colon.

serocromo *s.m.* Material colorante do soro normal.

serocultivo *s.m.* Cultivo bacteriano no soro sanguíneo.

serodermatose *s.f.* Dermatosose con derramo seroso.

serodiagnóstico ou **serodiagnose** *s.f.* Diagnóstico feito por medio de reaccións causadas no soro sanguíneo ou polo soro sanguíneo de persoas enfermas por aglutinación e fixación do complemento. Tamén se di **inmuno-diagnóstico**.

seroenterite *s.f.* Inflamación da capa serosa do intestino.

serofibrinoso-a *adx.* Seroso e fibrinoso ó mesmo tempo. Tamén se di **seroplástico**.

seropatía *s.f.* Enfermidade do soro.

seroperitoneo *s.m.* Ascite.

seroplástico-a *adx.* Serofibrinoso.

seropneumotórax *s.m.* Hidropneumotórax.

seropositivo-a *adx.* Que é positivo ás probas serolóxicas, especialmente referido á reacción de Wassermann.

seroprecipitación *s.f.* Reacción de precipitación dun soro ou por un soro.

seroprofilaxe *s.f.* Inxección de soro inmune con fins profiláticos.

seroprogóstico *s.m.* Prognóstico deducido polo estudo das serorreaccións.

seroproteínas *s.f.* Proteínas presentes no soro sanguíneo, que contribúen a regula-la presión osmótica, ó transporte de substancias e á función defensiva.

seropurulento-a *adx.* Seroso e purulento simultaneamente.

seropús *s.m.* Pus seroso.

seroquístico-a *adx.* Formado por quistes serosos.

serorreacción *s.f.* 1. Reacción que ocorre nun soro ou debida a un soro. 2. Reacción de Widal. 3. Serodiagnóstico.

serorresistente *adx.* Que resiste os efectos destructores do soro, especialmente algunhas bacterias que teñen esta propiedade.

serosa *s.f.* Capa de tecido conxuntivo que forma o revestimento externo de determinados órganos. Tamén se di **membrana serosa**.

serpentín *s.m.* Tubo longo en espiral, somerxido en auga fría, polo que pasan os vapores do alambique para seren refrixerados e condensados.

serpentina *s.f.* Alcaloide de Rauwolfia.

serpigo *s.m.* 1. Ulceración ou erupción serpixinosa. 2. Tiña.

serpixinoso-a *adx.* 1. Das lesións ou ulceracións da pel que cicatrizan por un lado e progresan polo outro. 2. Policíclico.

serra *s.f.* Instrumento cortante cunha folla de aceiro que se emprega para a sección de estruturas óseas. // **S. de Adams** Serra constituída por unha folla recta unida a un mango, empregada en osteotomía.

serraduras *s.f.pl.* Partículas que se desprenden ó serrar. // **S. articulares** Corpos libres dentro dunha cavidade articular.

Serratia Xénero de bacterias da familia das enterobacteriaceas, gramnegativas, que se atopan no chan e nas augas. Algunhas cepas son patóxenas para o home, actuando como oportunistas. Producen un pigmento

vermello característico, a prodixiosina. A *Serratia marcescens* foi illada como axente responsable de sepses, procesos respiratorios agudos, infeccións urinarias, etc., adquiridas con frecuencia en medios hospitalarios, en persoas con enfermidades graves (diabéticos, leucémicos, inmunodeprimidos, etc.). É moi resistente á maioría dos antibióticos actuais.

serrátil *adx.* Relativo ó pulso no que os dedos perciben pulsacións en distintos puntos á vez.

serrato-a *adx.* 1. Que ten un bordo semellante a unha serra. // *s.m.* 2. V. **músculo**.

serrulado-a *adx.* Denticulado.

servosistema *s.f.* Sistema que ten un mecanismo de auto-control ou retroalimentación que continuamente exerce unha función de regulación.

sesamoide *adx.* Dos ósos da man e do pé que están incluídos no seo dos tendóns ou dos ligamentos.

sésil *adx.* Que está unido a outra estrutura por unha base extensa. Tamén se di **non pediculado**.

setáceo-a *adx.* Delgado e ríxido coma unha serda.

setemesiño-a *adx.* Nacido ós sete meses de xestación.

sétimo par *s.m.* Nervio facial.

sevicia *s.f.* Malos tratos, crueldade.

sex- Prefixo do latín, seis.

sexdixitado-a *adx.* Que posúe seis dedos na man ou no pé.

sexdixitismo *s.m.* Anomalía conxénita que consiste na presenza dun dedo supernumerario.

sexo *s.m.* 1. Conxunto de caracteres que permiten clasificar ou distinguir un macho dunha femia. 2. Aparato xenital masculino ou feminino. // **S. cromatínico** Sexo nuclear. / **S. cromosómico** ou **xenético** Sexo determinado polos cromosomas sexuais: a presenza de dous cromosomas X determina o sexo feminino, e a presenza dun cromosoma X e outro Y determina o sexo masculino. / **S. fenotípico** Sexo determinado polo desenvolvemento de caracteres sexuais secundarios. / **S. gonadal** Sexo determinado pola presenza de tecido das gónadas, ovario ou testículo. / **S. heterogamético** Sexo no cal os membros posúen un par de cromosomas sexuais distintos. / **S. homogamético** Sexo onde se posúen un par de cromosomas iguais. / **S. legal** Sexo determinado pola inscrición no rexistro civil de acordo co certificado de nacemento realizado polo facultativo. / **S. nuclear** Sexo determinado pola presenza dun corpúsculo de cromatina próximo ó nucléolo, chamado tamén corpúsculo de Barr. Gracias a este corpúsculo as células clasifícanse en cromatina sexual positiva (femia) e cromatina sexual negativa (macho). / **S. psicolóxico** Sexo determinado polo comportamento psicolóxico, no que a identificación está ligada ó rol sexual. / **S. xenital** Sexo determinado pola morfoloxía, tanto externa coma interna.

sexoloxía *s.f.* Ciencia que estudia todo o referente ó sexo, conducta sexual, etc.

sexta enfermidade *s.f.* Febre exantemática dos tres días que aparece entre os seis meses e os tres anos.

sextana *s.f.* Febre intermitente que recidiva cada seis días.

sextigrávida *s.f.* Muller embarazada por sexta vez.

sexillizo-a *adx.* Nacido nun parto múltiple con seis irmáns.

sextípara *s.f.* Muller que pare por sexta vez.

sexto par *loc.* Nervio motor ocular externo.

sexualidade *s.f.* 1. Maneira de vivi-lo individuo o seu propio sexo. 2. Conxunto de actividades relacionadas coa vida sexual.

sexunción *s.f.* Para Wernicke, interrupción da continuidade dos procesos de asociación que conduce á dispersión da personalidade do individuo

Sheehan, síndrome de V. síndrome.

Shigella Xénero de bacterias gramnegativas da familia das enterobacteriáceas, bioquimicamente relacionadas coa *E. coli*. Comprende catro especies que se diferencian por probas bioquímicas e antixénicas: *S. dysenteriae*, *S. boydii*, *S. flexneri* e *S. sonnei*. Algunhas cepas son produtoras de enterotoxinas. Son responsables da disentería bacilar e poden causar procesos gastroenteríticos agudos.

shigelose *s.f.* Enfermidade endemoepidémica do intestino, causada polo microorganismo *Shigella*. Tamén se di **disentería bacilar**.

SI Siglas do Sistema Internacional de unidades.

Si Símbolo do silicio.

siagantrite *s.f.* Inflamación da mucosa do antro de Highmore ou seo maxilar.

siagonagra *s.f.* Dor no maxilar.

sialadenite *s.f.* Inflamación das glándulas salivais.

sialadeno *s.m.* Glándula salivar.

sialadenonco *s.m.* Tumor na glándula salivar.

sialagogo-a *adx.* 1. Que favorece a secreción de saliva. // *s.m.* 2. Axente ou medicamento que ten esta acción.

sialemese *s.f.* Expulsión de saliva, xeralmente observada en cadros de histerismo.

siálico-a *adx.* Salivar.

sialismo *s.m.* Salivación excesiva.

sialo- Prefixo do grego, saliva.

sialoadenectomía *s.f.* Extirpación dunha glándula salivar.

sialoaerofaxia *s.f.* Deglución de aire e de saliva.

sialoanxiectasia *s.f.* Dilatación dun conducto salivar.

sialoanxite *s.f.* Inflamación dun conducto salivar.

sialocele *s.f.* Quiste ou tumor salivar. Tamén se di **ránula**.

sialocrinia *s.f.* Sialorrea.

sialodocoplastia *s.f.* Cirurxía plástica dun conducto salivar.

sialodoquite *s.f.* Inflamación do conducto salivar con retención de saliva. // **S. fibrinosa** Ránula aguda.

sialoductite *s.f.* Inflamación do conducto salivar, especialmente do conducto de Stenon.

sialófano-a *adx.* Relativo ó medicamento que se elimina pola saliva.

sialofaxia *s.f.* Deglución continua de saliva acompañada de aerofaxia.

sialografía *s.f.* Técnica radiográfica que permite visualiza-los conductos salivais cunha inxección previa de contraste.

sialolitíase *s.f.* Formación de cálculos nas glándulas e conductos salivares.

sialólito *s.m.* Cálculo salivar.

sialolitotomía *s.f.* Incisión nun conducto ou glándula salivar co obxecto de extraer un cálculo.

sialoma *s.m.* Tumor salivar. Tamén se di **sialocele**, **sialadenonco**.

sialomanía *s.f.* Hábito patolóxico de cuspir continuamente sen que exista sialorrea.

sialonco *s.m.* Tumor salivar.

sialorrea *s.f.* Secreción excesiva de saliva. Tamén se di **pialismo**.

sialosemioloxía *s.f.* Estudo químico, físico e clínico da secreción salivar.

sialosirinx *s.f.* 1. Fístula salivar. 2. Instrumento que se emprega para lavar ou drenar un conducto salivar.

sialosquese *s.f.* Supresión da secreción salivar.

sialostenose *s.f.* Estenose dun conducto salivar.

sialóxeno-a *adx.* Que crea salivación. Tamén se di **sialogogo**.

siamés-esa *adx.* Xemelgo unido ó seu irmán.

sibilancia *s.f.* Ruído respiratorio en forma de estertor agudo e seco, propio de procesos que estreitan a parede dos bronquios, como a fase inicial da asma e a bronquite.

sibilante *adx.* Que ten carácter de asubío ou se asemella a ese son, en especial, os rúidos pulmonares adventicios que se producen ó entrar e saí-lo aire polas vías respiratorias cando existen obstáculos de orixe patolóxica.

sicose *s.f.* Dermatose caracterizada pola inflamación de folículos pilosos, especialmente os da barba, con formación de pequenas pústulas agrupadas. Xeralmente é unha dermatose de natureza fúnxica, producida polo fungo do xénero *Trichophyton tonsurans*, afectando a zonas da

cara e da barba. Tamén se di **sicose da barba**. // **S. cocóxena** Sicose vulgar causada polo xerme estafilococo. / **S. tarsal** Blefarite.

sicostábil *adx.* Que non se destrúe ou se altera pola sequidade.

SIDA Siglas de Síndrome de Inmunodeficiencia Adquirida.

sideración *s.f.* Estado de depresión profunda que se presenta de súpeto e que antigamente se lle atribuíu ós astros.

siderante *adx.* Fulminante, que causa sideración.

sideremia *s.f.* Presencia de ferro no sangue.

sideroblasto *s.m.* Eritroblasto que contén hemosiderina no seu citoplasma.

siderodermia *s.f.* Siderose cutánea.

siderodromofobia *s.f.* Temor patolóxico ás viaxes por ferrocarril.

siderofibrose *s.f.* Depósito de ferro no bazo.

siderofilina *s.f.* Transferrina.

siderófilo-a *adx.* Que tende a absorber ferro.

sideropenia *s.f.* Deficiencia de ferro no sangue.

sideroscopia *s.m.* Aparello que se emprega para determina-la presenza de ferro metálico nos tecidos.

siderose *s.f.* 1. Acumulación xeneralizada de ferro e de pigmentos que o conteñen nos tecidos. 2. Exceso de ferro no sangue. 3. Pneumoconiose por depósito de ferro nos pulmóns. // **S. hepática** Depósito anormal de ferro no fígado que causa inflamación do parénquima hepático e finalmente cirrose.

siderosilicose *s.f.* Fibrose pulmonar por inhalación de po de sílice e sales de ferro.

sifilecose *s.f.* Ulceración de natureza sifilítica.

sifilide *s.f.* Lesión cutánea que aparece como manifestación clínica durante o período secundario da sífilis. Pódense observar distintas morfoloxías. // **S. acneiforme** Sifilide pustulosa. / **S. ectimatos** Ectima sifilítica observada en persoas moi debilitadas. / **S. exantemática** ou **eritematosa** Erupción macular rosada, que é manifestación secundaria e precoz da enfermidade, e que aparece principalmente nas coxas e no tronco. / **S. folicular** Sifilide papulosa que afecta ós folículos pilosos. Tamén se di **lique sifilítico**. / **S. gomosa** Goma sifilítica. / **S. impetiginosa** Sifilide serodia formada por partículas cubertas de carapolas amareladas que aparecen na cara e no coiro cabeludo. Tamén se di **impetixe sifilítica**. / **S. lenticular** Sifilide precoz en forma de condilomas ou pápulas planas. / **S. pigmentaria** Manifestación moi común da sífilis secundaria caracterizada pola presenza de áreas de despigmentación rodeadas de pel hiperpigmentada, sobre todo no pescoco. Tamén se di **leucoderme sifilítica**. / **S. pustulosa** Sifilide secundaria constituída por pequenas pústulas no coiro cabeludo. / **S. secundaria** Manifesta-

ción cutánea ou mucosa da sífilis. / **S. terciaria** Sífilide que aparece na fase terciaria da sífilis. / **S. vexetante** Sífilide secundaria que ten aspecto variado: granular, condilomatosa, placas, etc., que se poden desenvolver no mesmo chancro ou en tecido san, e que constitúe unha das causas máis frecuentes de contaxio.

sifilífero-a *adx.* Portador de sífilis.

sifilifobia *s.f.* Sifilofobia.

sifilionto *s.m.* Erupción sifilítica escamosa de cor cobreada.

sífilis *s.f.* Enfermidade infecciosa crónica, de transmisión sexual, causada por unha espiroqueta, o *Treponema pallidum*, que evoluciona durante anos desde unha simple lesión no punto de entrada do xerme (chancro luético) ata a súa extensión por todo o organismo, con produción de lesións en diferentes tecidos do corpo. Xeralmente transmítese por contacto directo ou sexual e tamén por herdanza. Tamén se di **mal francés, lúes**. // **S. conxénita** Fetopatía orixinada por transmisión materno-fetal do treponema, que pode ocasionar aborto ou aparición de diferentes patoloxías no neno: coriza, pneumonía, hepatite, goma, lesións cutáneas, osteocondrite, etc. Tamén se di **sífilis hereditaria**. / **S. decapitada** Sífilis que se desenvolve sen que se teña demostrado a existencia dun chancro primitivo. / **S. primaria** Primeiro período da sífilis caracterizado por unha lesión indurada, indolora, rosada e redondeada, cunha base lixeiramente infiltrada que se acompaña dunha adenopatía rexional, chamada tamén chancro primitivo, que aparece entre os dez e os catorce días seguintes á infección. A localización máis habitual do chancro son os xenitais, rexión anal e rexión bucal. Este primeira fase conclúe coa cicatrización do chancro ás 7-10 semanas da súa inoculación. / **S. secundaria** Segundo período da sífilis no que aparecen os síntomas xerais que revelan a invasión do organismo. Comeza ós tres meses da aparición do chancro e caracterízase por febre, sífilides, erupcións diversas, condilomas planos, alopecia, cefalea, dores óseas e articulares. / **S. terciaria** Terceiro período caracterizado por lesións como o goma sifilítico, rupia, pénfigo, ectima e lesións máis profundas coma ulceracións mucosas, lesións óseas ou viscerais. Esta fase aparece ó cabo de tres a cinco anos da inoculación. / **S. vacinal** Sífilis transmitida pola vacinación. / **S. visceral** Lesión determinada pola sífilis nas vísceras, tanto na fase secundaria como na fase terciaria.

sifilismo *s.m.* 1. Estado sifilítico. Tamén se di **sifilose**. 2. Susceptibilidade de contraer-la sífilis.

sifilización *s.f.* Inoculación de sífilis.

sifiloderma *s.m.* Manifestación cutánea da infección sifilítica, con áreas de impo e hiperpigmentación da pel, especialmente no pescozo. Tamén se di **sifilide**.

sifilofima *s.m.* Excrecencia de orixe sifilítica.

sifilofobia *s.f.* Temor morboso á sífilis. Tamén se di **sifilifobia**.

sifilografía *s.f.* Tratado sobre a sífilis.

sifiloide *s.f.* Afección semellante á sífilis.

sifilolepe *s.f.* Erupción sifilítica de tipo escamoso.

sifiloma *s.m.* Tumor de orixe sifilítico. Tamén se di **goma**.

sifilomanía *s.f.* Manía na que o paciente cre que está enfermo de sífilis e atribúelle a esta enfermidade calquera lesión cutánea que observe. Tamén se di **sifilofobia**.

sifilomices *s.f.* Placas mucosas.

sifiloniquia *s.f.* Afección ungueal de natureza sifilítica.

sifilopatía *s.f.* Manifestación de tipo sifilítico.

sifilopsicose *s.f.* Psicose de causa sifilítica.

sifilose *s.f.* Afección sifilítica xeneralizada.

sifilotrópico-a *adx.* Que é sensible ou vulnerable á sífilis.

sifilóxeno-a *adx.* Que causa ou produce a sífilis.

sifiloxía *s.f.* Conxunto de coñecementos relativos á sífilis.

sifón *s.m.* Tubo curvo con dous brazos desiguais que se emprega para transvasar líquidos, drenar fluídos ou para realizar lavados de estómago. / **S. de Duguet** Tubo de goma provisto dun trocar que se utiliza para realizar toracenteses sen aspiracións.

sifonácteros *s.m.pl.* Orde de insectos ó cal pertencen as pulgas.

sifonoma *s.m.* Cilindroma.

sigma *s.f.* 1. Letra grega. 2. Colon sigmoide ou S ilíaco.

sigmatismo *s.m.* Pronunciación incorrecta do s.

sigmoide *s.m.* 1. S ilíaco do colon. // *adx.* 2. Pertencente ó colon sigmoide.

sigmoidectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica dunha porción do S do colon.

sigmoidite *s.f.* Inflamación do colon sigmoide.

sigmoidopexia *s.f.* Fixación cirúrxica do colon sigmoide na parede abdominal que se realiza co fin de corrixi-lo prolapso rectal.

sigmoidoproctostomía *s.f.* Creación dunha abertura artificial na unión do colon sigmoide co recto.

sigmoidoscopia *s.f.* Exploración do colon sigmoide por medio do sigmoidoscopio. Tamén se di **sigmoscopia**.

sigmoidoscopio *s.m.* Espéculo empregado para examinalo colon sigmoide.

sigmoidostomía *s.f.* Intervención cirúrxica na que se crea un ano artificial desde o colon sigmoide ata a parede abdominal.

sigmoscopio *s.m.* Sigmoidoscopio.

signa *s.f.* (lat.) Sinal ou marca.

signo *s.m.* 1. Manifestación obxectiva ou física dunha enfermidade. 2. Cousa que evoca a idea doutra. Tamén se di **sinal, símbolo**. // **S. accesorio** Signo de enfermidade

que non é patognomónico nin cardinal. / **S. antecedente** Pródromo. / **S. cardinal** Signo que orienta cara ó diagnóstico preciso dunha enfermidade. / **S. da fontanela** Avultamento da fontanela anterior en nenos con procesos meninxíticos agudos ou con aumento da presión intracranial. / **S. de Argyll-Robertson** Signo caracterizado pola perda do reflexo pupilar á luz, con conservación dos reflexos de acomodación e de converxencia. Indica lesión dos tubérculos cuadrixéminos e a causa máis frecuente é a neurosífilis. / **S. de Arnoux** Ritmo característico do latexo cardíaco fetal semellante ó trote dun cabalo, que se dá nos casos de xestación de xemelgos. / **S. de Auspitz** Superficie vermella, lisa e brillante, con pinguiñas de sangue, que se observa ó eliminar as escamas dunha placa de lesión psoriásica. / **S. de Babinski** Extensión das dedas do pé sobre o metatarso cando se estimula o bordo externo da planta do pé desde atrás cara a adiante, en vez da flexión plantar normal. Este signo indica unha disfunción da vía piramidal e ten relación coa exaltación dos reflexos de defensa nociceptivo-flexores da extremidade inferior, e constitúe a expresión máis precoz desta. / **S. de Barang** 1. Nos casos de alteración do equilibrio do aparello vestibular, a dirección da caída está influída polo cambio de posición da cabeza. 2. En caso de lesión labiríntica, se se irriga o oído normal con auga quente (entre 40 e 50 graos) ten lugar un nistagmo rotatorio cara ó lado irrigado e, pola contra, se se irriga con auga fría o nistagmo non se dá. / **S. de Battle** Pequena mancha hemorráxica detrás do pavillón auricular, que constitúe un sinal de fractura ósea cranial. / **S. de Bechterew** 1. Anestesia do oco poplíteo nos casos de tabe dorsal ó efectuar a compresión do nervio ciático poplíteo externo contra a cabeza do peroné. 2. Reflexo pupilar paradoxal. / **S. de Bernard-Horner** Síndrome de Horner. / **S. de Bessau** Debilidade muscular ó poñelo neno de pé e ó andar, nos casos de poliomielite. / **S. de Biot** V. **respiración de Biot**. / **S. de Blumberg** Dor interna que se produce cando, despois de facer unha presión moderada cos dedos no punto de McBurney, se ergue a man subitamente. É signo de apendicite aguda con complicación peritoneal. / **S. de Bouveret** Distensión do cego e da fosa ílfaca dereita nos casos de obstrución do intestino groso. / **S. de Bragard** Estando o paciente en posición de decúbito dorsal, flexiónaselle o membro inferior sobre a pelve, co xeonllo estendido, ata que manifeste dor. Se nesta posición aumenta a dor ó lle flexionalo pé, é signo de ciática. / **S. de Brudzinski** Se se dobra a cabeza do paciente prodúcese un movemento de flexión das coxas e das pernas, en caso de meninxite. Tamén na meninxite, a flexión pasiva dun membro inferior provoca un movemento semellante no membro oposto. / **S. de Burton** Beira azul na unión dos dentes coas enxivas que se observa nos casos de intoxicación por chumbo. / **S. de Charcot** 1. Elevación da célula que se observa nos casos de parálise facial periférica. Nos casos de contractura facial advírtese en cambio o descenso dela. 2. Coxeira intermitente que se observa na arteriosclerose de pernas e pés. / **S. de Charcot-Mari** Tremor xeneralizado e rapidísimo que se observa na enfermidade de Basedow. / **S. de**

Cole Deformidade do contorno duodenal que se observa na radiografía nos casos de úlcera duodenal. / **S. de Cope** Dor que aparece a nivel do apéndice cando ó estende-lo membro inferior se pon tenso o psoas. / **S. de Corrigan** V. **pulso de Corrigan**. / **S. de Cruveilhier** Frémito que se percibe á compresión da vea safena varicosa na ingua cando se lle pide ó paciente que tusa. Esta sensación táctil que se percibe é comparable coa que orixina un chorro de auga ó entrar nunha dilatación varicosa. / **S. de Cullen** Coloración azulada que aparece na pel na rexión periumbilical nos casos de hemorraxias intraperitoneais, especialmente por rotura dun embarazo ectópico. / **S. de Déjerine** Agravación dos síntomas de radiculite pola tose, espirro, esforzos, etc. / **S. de Dupuytren** 1. Sensación de crepitação que se ten ó premer nun óso sarcomatoso. 2. Movemento de ascenso e descenso da cabeza do fémur na luxación conxénita de cadeira. / **S. de Duroziez** V. **sopro**. / **S. de Filopovitch** Coloración amarelada das partes prominentes das palmas das mans e plantas dos pés que aparece en individuos con febre tifoide. / **S. de Hamman** Son de burbullas e estralos fortes que se observan coa actividade cardíaca, auscultados nos casos de enfisema espontáneo de mediastino. / **S. de Haudek** Sombra radiográfica que se observa nos casos de úlcera gástrica penetrante debida á penetración do contraste nos nichos ulcerosos da parede estomacal. Tamén se di **nicho de Haudek**. / **S. de Heberden** Nodosidades nas articulacións interfalánxicas nas formas benignas de osteoartrite. / **S. de Heimlich** Sinal universal de dificultade respiratoria, ou sinal de asfixia. / **S. de Homans** Dor na parte inferior da perna con dorsiflexión do pé, que constitúe sinal de tromboflebite. / **S. de Hope** Dobre impulso precordial cardíaco que se observa nos casos de aneurisma da aorta. / **S. de Kerning** Signo típico de meninxite que revela un estado de contractura muscular constante. Consiste na imposibilidade de coloca-la perna en extensión completa cando a coxa está en ángulo recto con respecto á pelve. / **S. de Kocher** Asincronismo entre os movementos dos globos oculares e as pálpebras superiores ó dirixi-la mirada cara a arriba. É signo da enfermidade de Basedow. / **S. de Koplik** Aparición nas mucosas da meixela de pequenas manchas vermellas centradas por un puntíño abrancazado no período prodromico do sarampelo. / **S. de Kussmaul** 1. Repleción das veas xugulares durante a inspiración observada nos casos de tumores mediastínicos. 2. Respiración de Kussmaul. 3. Pulso paradoxal. / **S. de Laennec** Presencia de masas xelatinosas redondeadas (perlas de Laennec) no esputo de persoas que padecen asma bronquial. / **S. de Lasègue** Na ciática a flexión do membro inferior estendido sobre a cadeira é dolorosa, pero se está dobrado o xeonllo, a flexión é fácil e non dolorosa; este signo distingue as enfermidades articulares da ciática. / **S. de Leriche** O paciente non pode manter máis de cinco minutos en posición sentada as pernas cruzadas sobre os xeonllos nos casos de tromboanxite obliterante. / **S. de Mac Burney** Punto de Mac Burney. / **S. de Mahler** Incremento rápido do pulso sen a correspondente elevación da temperatura, que se rexistra nos casos de trombose. / **S. de Mayor** No

embarazo, percepción dos latexos fetais mediante auscultación. / **S. de Mendelsohn** Na miocardite, recuperación lenta do ritmo normal despois de efectuar un esforzo que causa taquicardia. / **S. de Moebius** Imposibilidade de mante-los ollos en converxencia por insuficiencia dos músculos rectos internos. É signo de bocio exoftálmico. / **S. de Morquio** Imposibilidade de pasar da posición deitada á sentada, a menos que as pernas se flexionen pasivamente, na poliomielite. / **S. de Murphy** Ó preme-lo médico profundamente cos dedos dentro do arco costal dereito, o paciente con patoloxía biliar nota dor se fai unha inspiración profunda. / **S. de Nikolsky** Separación fácil do estrato córneo da epiderme, que se dá no pérfigo e certas enfermidades que forman ampolas. / **S. de Oppenheim** Extensión dorsal dos dedos dos pés, que se provoca ó premer co polgar a cara interna da tibia de arriba cara a abaixo. Signo de piramidismo. / **S. de Ortolani** Resalte que se percibe na articulación coxo-femoral ó realiza-la abducción das coxas na luxación conxénita de cadeira. / **S. de Osler** Pequenas tumefaccións eritematosas dolorosas da pel das mans e dos pés nos casos de endocardite maligna. / **S. de Pardee** Elevación das ondas R-T ou S-T e negatividade da onda T do ECG que se observa en individuos que sufriron un infarto de miocardio. / **S. de Parkinson** Facies inexpressiva e inmóbil que se observa en persoas que padecen parálise axitante. / **S. de Parrot** Dilatación da pupila ó belisca-la pel do pescozo, observada na meninxite. / **S. de Pastia** Liñas transversais, de dúas a tres xeralmente, que se observan no dobramento do cóbado en persoas con escarlatina, dunha cor rosada ó principio e posteriormente de cor escura. / **S. de Paul** Debilidade do choque da punta cardíaca con impulso forte no resto do corazón. Indica a existencia de adherencias pericárdicas. / **S. de Payr** Dor á presión no lado interno do pé, signo inminente de trombose postoperatoria. / **S. de Pedro-Pons** Epifisite destructiva no ángulo anterosuperior dunha ou máis vértebras, xeralmente lumbares. Obsérvase na radiografía lateral nos casos de espondilite por brucelose. / **S. de Pende** Reflexo pilomotor causado por irritación da pel. Signo de hipofunción suprarrenal. / **S. de Queckenstedt** Invariabilidade da presión do L.C.R. cando se comprimen as veas xugulares a nivel do colo nos casos de bloqueo do conducto espiñal. / **S. de Quincke** Pulso capilar. / **S. de Remack** Dobre sensación producida por unha agulla nos casos de tabe dorsal. / **S. de Romberg** Vacilación que ten o paciente cando está de pé, con eles xuntos e os ollos pechados. Signo de ataxia locomotriz. / **S. de Rovsing** Indicador de apendicite aguda, segundo o cal a presión sobre o cuadrante inferior esquerdo do abdome causa dor tamén no cuadrante inferior dereito. / **S. de Schelisinger** Na tetania, se se sostén un membro inferior polo xeonllo e se flexiona fortemente a cadeira, prodúcese ó cabo de pouco tempo, un espasmo extensor no xeonllo con supinación extrema do pé. Tamén se di **fenómeno de Pool** ou **da perna**. / **S. de Strümpell** 1. Flexión dorsal do pé e elevación do bordo interno por contracción do músculo tibial anterior. Obsérvase en persoas que padecen parálise axitante cando se lles

ordena que flexionen a perna sobre a pelve. 2. Imposibilidade de pecha-lo puño sen efectuar unha marcada flexión dorsal do pulso, que se observa nos casos de parálise do nervio radial. / **S. de Tarnier** Desaparición do ángulo que normalmente existe entre os segmentos inferior ou superior do útero grávido. Signo de aborto inminente. / **S. de Tinel** Sensación de formigo que se provoca no extremo distal dun membro cando se percute a nivel do punto de interrupción dun nervio periférico seccionado. Indica rexeneración deste. / **S. de Traube** Dobre sopro (sistólico e diastólico) percibido por auscultación a nivel da arteria femoral na insuficiencia valvular aórtica. / **S. de Trélat** Pequenas manchas amarelas xunto ás úlceras tuberculosas da boca. / **S. de Trousseau** 1. Espasmo muscular da man cando se comprime o brazo, indicativo de tetania latente; en xeral, espasmo muscular por presión das arterias e nervios que se observa na tetania. 2. Trombose das extremidades que se observa no cancro visceral. / **S. de Velpeau** Deformidade en dorso de garfo que se observa nos casos de fractura do extremo inferior do pulso. / **S. de Vicent** Signo de Argyll-Robertson. / **S. de Vigoroux** Diminución da resistencia eléctrica da pel no bocio exoftálmico. / **S. de Vincent** Perda da sensibilidade da zona innervada polo nervio dentario inferior, que se observa nos pacientes de osteomielite mandibular. / **S. de Wanner** A diminución da condución ósea dos sons sen afectación labiríntica indica alteración orgánica dos ósos. / **S. de Wartenberg** 1. Limitación dos movementos pendulares do brazo ó andar, nas enfermidades cerebelosas. 2. Sincinesia piramidal na que se flexiona involuntariamente o polgar ó flexionar fortemente os outros catro dedos. / **S. de Warthin** Ruídos pulmonares esaxerados que se escoitan nos casos de pericardite aguda. / **S. de Weber** Parálise do nervio motor ocular común dun lado e hemiplejía do outro lado. / **S. de Weil** Aparición de pequenas hemorraxias na parte superior do brazo por unha presión moi forte dunha venda de goma durante dez minutos. Obsérvase na escarlatina e na diátese hemorráxica. Tamén se di **fenómeno de Rumpel-Leede**. / **S. de Weiss** Contracción dos músculos faciais cando se percute lixeiramente o nervio facial no ángulo orbitario externo, que se observa en casos de tetania, histerismo, etc. / **S. de Wenckebach** Inmobilidade do tercio inferior do esterno durante a inspiración, que se observa nos casos de pericardite adhesiva, cando o apéndice xifoide está fixado por bridas fibrosas. Radioloxicamente o perfil lateral do tórax durante a inspiración atravesada ningún punto o perfil do tórax en repouso. / **S. de Wernicke** Reacción que se observa en certos casos de hemianopsia debida a unha lesión das fibras de Gratiolet, na que o estímulo da luz proxectada na retina causa a contracción do iris, mentres que se se proxecta no outro ollo non causa esta reacción. / **S. de Westermarck** Ausencia de datos radiolóxicos sobre a presenza de vasos sanguíneos máis aló da localización do embolismo pulmonar. / **S. de Westphal** Perda do reflexo rotuliano. / **S. de Wilder** Signo precoz do bocio exoftálmico, caracterizado por lixeira oscilación do globo ocular nos movementos laterais do ollo. / **S. de**

Zaufal Nariz en sela de montar que indica afección sifilítica conxénita dos seus nasais. / **S. do abano** Signo de Babinski. / **S. dos dedos dos pés** Signo de Babinski. / **S. obxectivo** Manifestación física dunha enfermidade. / **S. patognomónico** Signo que caracteriza unha enfermidade e que é suficiente el só para establece-lo diagnóstico. / **S. subxectivo** Síntoma.

silencio *s.m.* Intervalo entre dous ruídos cardíacos ou tons. / **S. abdominal** Na auscultación abdominal non se aprecia ningún ruído de movemento de asas intestinais. Tamén se di **parálise intestinal**.

silepse *s.f.* Embarazo.

silepsioloxía *s.f.* Tratado relativo á concepción ou embarazo.

S ilíaco *s.m.* Colon sigmoide.

silicato *s.m.* Sal do ácido silícico. En odontoloxía emprégase como material de obturación nos casos de carie o cemento de silicato.

silicatose *s.f.* Pneumoniose por inhalación de postsilicatos.

silíce *s.f.* Óxido de silicio (Si O₂), anhídrido de silicio ou cuarzo. Substancia empregada na fabricación de vidro, moi abundante na natureza.

silicio *s.m.* Elemento non metálico que pode presentarse en estado amorfo, como po, ou ben cristalino. Símbolo: Si.

silicose *s.f.* Enfermidade pulmonar debida á inhalación de po de sílice. Tamén se di **enfermidade dos picapedreiros, asma dos mineiros, silicatose**.

silicosiderose *s.f.* Pneumoconiose por inhalación de po de sílice e de ferro.

silueta *s.f.* Perfil dunha figura.

Silvio, acueducto, arteria, cisura de V. acueducto, arteria, cisura.

simbalófono *s.m.* Estetoscopio dobre que fai posible a comparación simultánea de dúas rexións torácicas.

simbiose *s.f.* Relación que representa o grao maior de interdependencia entre dous organismos distintos sen prexuízo ou con utilidade mutua. En xeral, comprende tódolos graos de vida conxunta, desde o comensalismo ata o parasitismo. Nesta relación participan dous tipos de organismos: o hóspede e o simbiote. / **S. facultativa** Na que non é indispensable o estado asociado para a supervivencia do hóspede e do simbiote. / **S. obrigatoria** O simbiote depende do hóspede para sobrevivir; aquí o simbiote pode afectarlle ó hóspede de varias maneiras. Segundo o proveito que implica a relación simbiótica para o hóspede e o simbiote, estas relacións clasifícanse en *mutualismo* (as dúas partes obteñen algún proveito), *comensalismo* (só se beneficia unha parte, mentres que á outra non lle afecta a relación) e *parasitismo* (unha parte aprotéitase da outra mentres que a outra resulta prexudicada). / **S. fusocelular** V. **anxina de Vincent**.

simbionte *s.m.* Organismo que vive en simbiose.

simbléfaron *s.m.* Adherencia cicatricial entre a conxuntiva da pálpebra e a do globo ocular. // **S. anterior** ou **posterior** Adherencia do bordo palpebral libre ou do fondo do saco conxuntival, respectivamente.

simblefaropterixión *s.m.* Combinación de simbléfaron e de pterixión. É unha forma de simbléfaron onde a pálpebra se une ó globo ocular mediante unha brida cicatricial semellante a un pterixión.

simblefarose *s.f.* Simbléfaron.

simbolía *s.f.* Facultade de reaccionar á natureza dos obxectos mediante o sentido do tacto.

simbolismo *s.m.* Na psicanálise, mecanismo inconsciente polo cal unha idea ou desexo reprimido se expresa de xeito indirecto, mediante representacións que, aínda que gardan relación co reprimido, preséntanse de tal maneira que encobren o verdadeiro significado.

simbolización *s.f.* Proceso subconsciente no que se representa unha idea ou un obxecto mediante outro, debido a que ámbolos dous teñen algunha calidade ou característica común.

símbolo *s.m.* 1. Sinal que indica unha cousa. 2. En química, letra ou letras que representan un átomo ou un elemento. 3. En psicanálise, substitución inconsciente da libido por unha idea ou obxecto que non está relacionado coa sexualidade.

simbolofobia *s.f.* Temor a que certos actos poidan ter algún significado simbólico.

simbraquidactilia *s.f.* Dedos curtos e adheridos entre eles por membranas.

simelia *s.f.* Anomalía do desenvolvemento caracterizada pola fusión de pés e pernas. Tamén se di **simpodio**.

simelo *s.m.* Monstro fetal que presenta simelia.

simestesia *s.f.* Percepción táctil de vibracións.

simetría *s.f.* Disposición dun obxecto de xeito que ten unha correspondencia exacta a ámbolos dous lados dun eixe central.

simetromanía *s.f.* Tendencia anormal a efectuar movementos simétricos cos brazos e cos pés.

simillium *s.m.* (lat.) En homeopatía, remedio que dá lugar ós mesmos síntomas que ocasiona a enfermidade.

simpatalxia *s.f.* Dor nun nervio, ganglio ou plexo simpático.

simpatectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica da cadea simpática ganglionar situada ó longo da columna vertebral, da que saen os nervios simpáticos. // **S. periarterial** Operación de Leriche. / **S. química** Interrupción das vías nerviosas simpáticas por medio de substancias químicas.

simpatese *s.f.* Simpatose.

simpatía *s.f.* 1. Influencia que se transmite dunha persoa a outra, ou reflexo de imitación polo que un individuo

repite os actos que a outra persoa fai, por exemplo o boquexo, vómito, etc. 2. Relación que existe entre o corpo e a mente, pola que ámbolos dous inflúen entre eles. 3. Influencia da alteración dun órgano de xeito que se altera ou afecta a outro órgano.

simpaticalxia *s.f.* Simpatalxia.

simpaticismo *s.m.* Neuralxia simpática.

simpático-a *adx.* 1. Da simpatía ou producido por ela. // *s.m.* 2. Sistema nervioso vexetativo, fundamentalmente adrenérxico, aínda que tamén ten fibras colinérxicas. V. **sistema nervioso**.

simpaticoblasto *s.m.* Simpatoblasto.

simpaticolítico-a *adx.* Dos fármacos ou axentes que bloquean a actividade nerviosa simpática.

simpaticomimético *s.m.* Fármaco ou axente que exerce no organismo unha acción semellante á que ten lugar ó estímulo-los nervios adrenérxicos.

simpaticoneurite *s.f.* Inflamación dos nervios simpáticos.

simpaticopatía *s.f.* Enfermidade debida a trastornos do sistema nervioso simpático.

simpaticoterapia *s.f.* Terapia que se serve da administración de fármacos simpaticomiméticos. Tamén se di **reflexoterapia**.

simpaticotonía *s.f.* Estado do sistema nervioso vexetativo no que predomina a actividade do sistema nervioso simpático sobre o parasimpático, caracterizado por aumento de tensión arterial, midríase, taquicardia, vasoespasmo, etc.

simpaticotónico-a *adx.* Que ten unha constitución na que predominan as funcións que controla o sistema nervioso simpático.

simpaticotrópico-a *adx.* Dos fármacos que teñen afinidade polo sistema nervioso simpático, ben estimulándoo ou ben bloqueándoo.

simpatina *s.f.* Para Bacq e Cannon, substancia liberada trala estimulación das fibras adrenérxicas simpáticas, que actualmente se corresponde coa noradrenalina.

simpatismo *s.m.* Susceptibilidade á influencia hipnótica ou á suposta transferencia de sensación dunha persoa a outra.

simpatizador-a *adx.* Relativo ó ollo que se inflama por simpatía despois de enferma-lo outro.

simpatoblasto *s.m.* Célula embrionaria que dá lugar á célula gangliónar simpática.

simpatoblastoma ou **simpatogonioma** *s.m.* Neuroblastoma maligno do simpático. V. **neuroblastoma**.

simpatoloxía *s.f.* Estudio do sistema nervioso simpático, das súas relacións e enfermidades.

simpatoma *s.m.* Tumor constituído por tecido nervioso simpático.

simpatose *s.f.* Trastorno do sistema nervioso simpático.

simpexe *s.f.* 1. Concreción aplicada fundamentalmente ás acumulacións de corpúsculos nos ganglios linfáticos, vesículas, etc. 2. Disposición dos eritrocitos segundo as leis da tensión superficial.

simplasma *s.m.* Tecido que carece de estrutura celular.

simplasmata *s.f.* Agregado de bacterias.

simple *adx.* Que é único, só, ou do que non é complexo.

simpodio *s.m.* Monstro fetal coas pernas e os pés fusionados. Tamén se di **simelia**, **sirenomelio**.

simptose *s.f.* Desfalecemento ou decaemento gradual de todo o organismo.

simulación *s.f.* Esaxeración ou imitación dos síntomas co fin de obter indemnizacións e prestacións por situación de incapacidade.

simulador-a *adx.* Que finxe padecer unha enfermidade.

simultagnosia *s.f.* Incapacidade de aprende-lo conxunto e o significado dunha imaxe, mentres que si poden ser percibidos os detalles por separado. Tamén se di **agnosia simultánea**.

simultáneo-a *adx.* Que sucede ó mesmo tempo.

sin-, sim- Prefixo do grego, xunto con, simultaneamente.

sinadelfo *s.m.* Monstro fetal que ten unha soa cabeza e un só tronco, pero con membros dobres.

sinafiminite *s.f.* Conxuntivite.

sinagodoncia *s.f.* Agrupamento dentario.

sinalelognatia *s.f.* Relación constante entre ambos maxilares, pese ás diferencias faciais entre as distintas razas.

sinalxia *s.f.* Dor referida na que existen dúas zonas dolorosas, nunha das cales radica a lesión, e na outra recíbese o estímulo da primeira.

sinanastomose *s.f.* Anastomose de varios vasos.

sinantema *s.m.* Erupción local que consiste nun grupo de lesións do mesmo tipo.

sinapismo *s.m.* 1. Cataplasma a base de sementes de mostaza negra. 2. Marca que deixa na pel a aplicación da devandita cataplasma.

sinapse *s.f.* 1. Rexión dunha célula nerviosa por onde se comunica e transmite impulsos entre o axón dunha neurona e as dendritas ou corpo celular doutra neurona. É unha relación de contigüidade. 2. Relación funcional entre as dendritas das células nerviosas. 3. Unión de cromosomas homólogos dos pronúcleos. Tamén se di **sindese**.

sinaptoloxía *s.f.* Rama da neuroloxía que estudia as relacións sinápticas do sistema nervioso.

sinaraxia *s.f.* Afrontamento dos dentes entre ámbolos dous maxilares.

sinartrofise *s.f.* Anquilose gradual das articulacións.

sinartrose *s.f.* Articulación situada entre dous extremos óseos e constituída por tecido conxuntivo, que carece de movemento, por exemplo, as articulacións dos ósos do cranio. Segundo a evolución que siga o tecido conxuntivo distínguense varios tipos: sinfibrose, se se transforma en tecido fibroso, e sicondrose se se transforma en cartilaxe. // **S. diartrodial** Anfiartrose.

sincanto *s.m.* Adherencia dos ángulos do globo ocular ós tecidos da órbita.

sincefalia *s.f.* Anomalía fetal caracterizada pola fusión de dúas cabezas.

sincéfalo *s.m.* Monstro fetal dobre con cabeza e tronco fusionados.

sinceloma *s.m.* Conxunto de cavidades periviscerais do organismo consideradas como unha estrutura: pleural, pericárdica, peritoneal e túnica vaxinal do testículo.

sincinese *s.f.* Movemento esaxerado e involuntario dunha parte do corpo, que ten lugar ó mobilizar voluntariamente outra.

sincipicio *s.m.* Parte superior e anterior da cabeza. Tamén se di **bregma**.

sincipital *adx.* Do occipicio.

sincitial *adx.* Do sincitio.

sincitio *s.m.* 1. Célula que posúe varios núcleos. 2. Tecido composto de células epiteliais que forman a capa externa fetal da placenta sobre a capa de Langhaus, que constitúe a verdadeira glándula de secreción interna, dotada de poder histolítico sobre os tecidos maternos.

sincitioma *s.m.* Tumor formado a partir do sincitio. Tamén se di **cariona**. // **S. maligno** Variedade de tumor epitelial que se orixina no punto de implantación da placenta durante o embarazo ou o puerperio, composto de células derivadas do sincitio e das células de Langhaus. Tamén se di **corioepitelioma**, **placentoma**, **sarcoma deciduocelular**.

sincitiotrofoblasto *s.m.* Sincitio.

sinclitismo *s.m.* Posición na cal o diámetro biparietal da cabeza fetal e os planos pélvicos están paralelos durante o parto, de xeito que a sutura saxital se mantén a igual distancia da pube e do sacro.

sinclono *s.m.* Contracción muscular clónica ou tremor das fibras musculares de varios músculos.

sicondrose *s.f.* Articulación na que os extremos óseos están unidos por cartilaxes, por exemplo, as costelas e o esterno, o sacro e o óso coxal, dúas vértebras adxacentes, etc.

sincondrotomía *s.f.* Sección dunha sicondrose, especialmente a da sínfise da pube.

síncope *s.f.* Perda brusca e transitoria do coñecemento por unha anoxia cerebral aguda. Pola contra, se só se produce obnubilación fálaase de lipotimia ou desmaio. // **S. anxiosa** Síncope cardíaca por insuficiencia coronaria aguda.

/ **S. cardíaca** A debida a alteración do ritmo cardíaco. / **S. larínxeo** Vértece larínxeo. / **S. senil** Forma de síncope frecuente nas persoas anciás. / **S. tusíxeno** Síncope que aparece coa tose. / **S. vasovagal** Síncope que se dá en persoas cun sistema vasomotor inestable, ante situacións de emoción, pola presión do vago a nivel do pescozo, etc.

sincranial *adx.* Do maxilar superior, pola súa unión íntima co cranio.

sincrónico-a *adx.* Que ocorre ó mesmo tempo.

sindactilia *s.f.* Unión ou adherencia de dous ou máis dedos entre eles, que pode ser conxénita ou accidental.

sindectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica dunha banda circular da conxuntiva no tratamento do pannus. Tamén se di **peridectomía**.

sindese *s.f.* 1. Artrodese. 2. Sinapse.

sindesmectomía *s.f.* Extirpación total ou parcial dun ligamento.

sindesmectopía *s.f.* Situación anormal dun ligamento.

sindesmia *s.f.* Unión de ligamentos.

sindesmíte *s.f.* 1. Inflamación dun ligamento. 2. Conxuntivite.

sindesmo- Prefixo do grego, atadura. Relaciónase con ligamentos ou tecido conxuntivo.

sindesmodiastase *s.f.* Separación de ligamentos.

sindesmodontoide *adx.* 1. Do ligamento transverso do atlas e da apófise odontoide. // *s.f.* 2. Articulación atloaxoide posterior.

sindesmofarínxeo *s.m.* Fascículo do constrictor superior da farinx.

sindesmófito *s.m.* Excrecencia ósea amorfa que segue un percorrido paralelo á dirección dun ligamento.

sindesmografía *s.f.* Descrición de ligamentos.

sindesmología *s.f.* Rama da anatomía que estuda os ligamentos.

sindesmoma *s.m.* Tumor composto de tecido conxuntivo.

sindesmopexia *s.f.* Fixación cirúrxica dun ligamento.

sindesmoplastia *s.f.* Cirurxía plástica reparadora dun ligamento.

sindesmorrafia *s.f.* Sutura dun ligamento.

sindesmose *s.f.* Unión de dous extremos óseos mediante ligamentos ou membranas.

sindesmotomía *s.f.* Sección dun ligamento.

síndrome *s.f.* Conxunto de signos e síntomas cun mesmo curso e evolución por procederen dunha mesma causa, calquera que sexa esta, e que definen un determinado estado patolóxico. // **S. abdominal aguda** Abdome agudo. / **S. adiposoxenital** Síndrome caracterizada por obesidade de tipo feminoide, atrofia xenital e infantilismo, causada por tumores hipofisarios. / **S. adreno-**

nitil Cadro clínico causado pola hiperfunción corticossuprarrenal, con hipersecreción de andróxenos, causado pola hiperplasia ou tumoración do córtex suprarrenal, e que dá como resultado na muller a aparición de caracteres sexuais secundarios masculinos. / **S. anxinosa** V. **anxina de peito**. / **S. apopléctica** Instauración brusca dun déficit neurolóxico focal. / **S. boca-man-pé** Síndrome de etiología vírica caracterizada por un exantema na boca e na pel das mans e dos pés. / **S. bulbar** Conxunto de síndromes debidas a lesións do bulbo raquídeo. Neste segmento do sistema nervioso existen os núcleos dos pares craniais VIII, IX, X, XI e XII, que desempeñan un papel crucial, e ademais o núcleo vermello, oliva bulbar e núcleo bulbar lateral. O cadro xeral das lesións do bulbo é : hemiplejía cruzada, sen parálise do nervio facial, parálise directa dos nervios bulbares, trastornos da sensibilidade, e signos cerebelosos. / **S. bulbar anterior** Síndrome causada por lesión na parte anterior do bulbo, caracterizada por hemiplejía cruzada que non lle afecta á cara, e parálise do hipogloso con hemiatrofia da lingua. Tamén se di **síndrome de Dejerine**. / **S. bulbar hemilateral** Síndrome de Babinski-Nageotte: síndrome por lesión localizada enriba da decusación piramidal, caracterizada por hemiplejía e hemianestesia do lado oposto ó da lesión, ataxia e lateropulsión no lado do corpo onde se asenta a lesión. / **S. bulbar lateral** Síndrome de Wallemborg, causada por unha lesión da metade lateral posterior do bulbo que se caracteriza por hemianestesia do tronco e membros do lado oposto ó da lesión, hemianestesia da cara, síndrome cerebelosa, parálise palatofaringolarínxea e síndrome de Bernard-Horner no lado do corpo onde se sitúa a lesión. / **S. carcinoide** Síndrome asociada a tumores carcinoides, como resultado da hipersecreción de serotonina e prostaglandinas. As súas manifestacións clínicas son: avermellamento facial, cefalea, taquicardia, diarrea acuosa, etc. / **S. cerebelosa** A que se manifesta principalmente a través de trastornos da marcha, na cal o paciente amplía a base de sustentación e fai oscilacións ó camiñar, diminución do ton muscular, trastornos da linguaxe, nistagmos, etc. / **S. da canle carpiá** Síndrome producida pola compresión do nervio mediano a nivel do ligamento anular do carpo, que se manifesta por dor, parestesias, trastornos motores, e que afecta sobre todo ó segundo e terceiro dedo da man. / **S. da cola de cabalo** Síndrome que se manifesta por compresión ou lesión das raíces lombares e sacras que constitúen a cola de cabalo, e que se caracteriza por paraplejía flácida, anestesia dolorosa na rexión anal, perineal, xenital e glútea (anestesia en sela de montar, abolición dos reflexos rotulianos e do aquíleo, disturbios esfinterianos e impotencia). / **S. da costela cervical** Síndrome caracterizada por crises de espasmo vascular no membro superior e alxias no lombo con irradiación cervical. / **S. da evacuación gástrica rápida** ou **de Dumping** Síndrome caracterizada por malestar xeral, suor fría, dor abdominal, lipotimia, diarrea e sensación de fame, pouco tempo despois da ingestión de alimentos, que se observa en individuos gastrectomizados e que é causada pola evacuación rápida do estómago. / **S. da**

hasta anterior A causada por lesión da hasta anterior medular que produce parálise flácida, hipotonía, hiporreflexia, atrofia muscular e alteracións da conduction eléctrica. / **S. da pel escaldada** Necrólise epidérmica tóxica. / **S. das pernas inqueadas** A causada por unha labilidade vasomotriz que ocasiona parestesias dos membros inferiores, e que fai que a persoa teña que move-las pernas, especialmente cando se atopa na posición sentada. / **S. de abstinencia** A que se manifesta en persoas alcohólicas, toxicómanas, etc., cando se suprime bruscamente o tóxico. / **S. de Achard-Thiers** Trastorno hormonal que se observa en mulleres, caracterizado por diabetes e hipertricose. / **S. de Adams-Stokes** Estado que se presenta nos casos de insuficiencia circulatoria aguda, por diminución do ritmo cardíaco, por bloqueo, taquicardia ventricular paroxística ou paro cardíaco, e que se caracteriza por crises neurolóxicas paroxísticas que se manifestan con convulsións e ataques sincopais. / **S. de Ahumada del Castillo** Forma de amenorrea secundaria que pode asociarse a un trastorno hipofisario. / **S. de Albright** Trastorno caracterizado por displasia ósea fibrosa, máculas na pel e disfunción endócrina, que é causa de puberdade precoz nas nenas. / **S. de ansiedade** Conxunto de síntomas físicos que acompañan ó estado de ansiedade, como palpitacións, respiración rápida, suor, palidez, pánico, etc. / **S. de Argyll-Robertson** Síndrome caracterizada por perda do reflexo pupilar con conservación da acomodación e da converxencia, miopía, anisocoria, etc. É signo patognomónico da neurosífilis. / **S. de Arnold-Chiari** V. **malformación**. / **S. de aspiración fetal** Aspiración de líquido amniótico polo feto no momento do parto, debida ó sufrimento fetal. / **S. de ataxia-telanxiectasia** Síndrome caracterizada por ataxia progresiva familiar e telanxiectasias oculares, relacionada cunha diminución das defensas inmunitarias. Tamén se di **síndrome de Louis-Bar**. / **S. de Avellis** Parálise velolarínxea de etiología bulbar ou periférica. / **S. de Balin** Síndrome ligada a unha lesión parietooccipital bilateral, caracterizada por parálise da fixación da mirada, agnosia espacial e ataxia visual-motriz. / **S. de Banti** Síndrome composta de esplenomegalia conxestiva, pancitopenia, hipertensión portal e hemorragia dixestiva. / **S. de Behçet** Enfermidade de carácter autoinmune que se manifesta por lesións ulcerosas bucais e xenitais dolorosas e recorrentes, artrite, lesións vasculífticas, uveíte, etc. / **S. de Bernard-Horner** V. **s. de Horner**. / **S. de Bernard-Soulier** Trastorno da coagulación por déficit da agregación plaquetaria, debida á ausencia dunha glicoproteína da membrana das plaquetas. Nestas persoas o consumo de aspirina pode causar hemorragias. / **S. de Brown-Séquard** Hemiplejía con anestesia cruzada, consecutiva a unha hemisección medular, na cal o membro paralizado corresponde ó lado afectado e o anestesiado ó san. / **S. de Budd-Chiari** Obstrucción das veas suprahepáticas de causa tumoral ou trombótica, que ocasiona hipertensión portal e ascite. / **S. de Charcot** V. **enfermidade**. / **S. de Chiari-Frommel** Síndrome endócrina posgravídica caracterizada por atrofia uterina e trastornos psíquicos, en ausencia de tumor hipofisario. / **S. de**

Christian-Schüller Síndrome que se caracteriza por diabete insípida, exoftalmía e depósitos de colesterol. / **S. de Claude-Bernard-Horner** V. s. de **Horner**. / **S. de Collet** ou de **Collet-Sicard** Síndrome glosolaringoescapulofaríngea debida a lesión dos nervios craniais IX, X, XI e XII. / **S. de compresión** ou de **esmagamento** Síndrome caracterizada por espasmos, hipertonia muscular, dor, hiperestesia, ás veces parálise, tumefacción, avermellamento, hematuria, oliguria, descenso da presión arterial e lesións renais, probablemente por produtos de destrución muscular, particularmente mioglobina. Obsérvase en pacientes que sofren esmagamentos de membros ou masas musculares, do encéfalo ou medula espinal. / **S. de Creutz-Feldt-Jakob** V. **enfermidade**. / **S. de Curvoisier-Terrier** Dilatación da vesícula biliar indolora, ictericia por obstrucción causada por un tumor na ampola de Vater. / **S. de Crigler-Najjar** Ictericia familiar conxénita transmitida de forma autosómica recesiva debida á ausencia do enzima glicuroniltransferase, que pode causar un cadro de querníctero. / **S. de Cushing**. 1. Síndrome caracterizada por adipose facial, no colo e tronco, hirsutismo, estrías purpúreas cutáneas, distrofia sexual, debilidade muscular, hipertensión e policitemia por aumento da produción de glicocorticoides, tanto endóxena como esóxena. 2. Síndrome que se presenta cando existen tumores no ángulo pontocerebeloso e que se caracteriza por tinnitus, hipoacusia, vertixe, hiperestesia facial e parálise dos nervios craniais VI e VII. / **S. de Danlos** Distrofia hereditaria do mesénquima, de tipo autosómico dominante, que se caracteriza por hiperlasitude articular, hiperelasticidade cutánea, pseudotumores postraumáticos. Tamén se di **síndrome de Ehlers-Danlos**. / **S. de Déjerine-Klumpke** Síndrome caracterizada por parálise e atrofia dos pequenos músculos da man e do antebrazo, xeralmente asociada á síndrome de Horner, causada por lesión das raíces inferiores do plexo braquial, especialmente a nivel dos nervios orixinados na primeira raíz dorsal. / **S. de desconexión interhemisférica** Síndrome causada pola interrupción das vías do corpo caloso ou doutros sistemas interhemisféricos. / **S. de deshidratación** Síndrome que resulta da perda de auga e electrolitos, caracterizada por sequidade da pel e mucosas, oliguria, hemoconcentración, hiperuremia, cambras, astenia, febre, etc. / **S. de distrés respiratorio do neonato** Enfermidade pulmonar aguda do neno que acaba de nacer, caracterizada pola ausencia de aire nos alvéolos e ausencia de elasticidade pulmonar, causadas por un déficit de surfactante pulmonar. Tamén se di **enfermidade de membranas hialinas**. / **S. de Down** Síndrome ocasionada por unha anomalía conxénita debida a un trastorno cromosómico (trisomía 21) que se caracteriza por atraso mental, facies mongoloide, macroglosia, braquicefalia, braquidactilia, regos palmares, hipotonía muscular, e tendencia a presentar malformacións cardíacas e óseas. Tamén se di **mongolismo**, **trisomía 21**. / **S. de Dressler** Síndrome que se presenta en persoas que sufriron infarto de miocardio e que se caracteriza por pericardite con derramo pleural e afectación pulmonar. Esta síndrome

preséntase ás dúas ou tres semanas do infarto. / **S. de Dreyfus** 1. Síndrome hiperfolículo premenstrual acompañada de trastornos cardíacos, trastornos nerviosos e psíquicos. 2. Platispondilia xeneralizada caracterizada por cifose, anquilose vertebral, colo curto e ananismo relativo. / **S. de Dubin-Johnson** Síndrome debida a un trastorno conxénito dos sistemas enzimáticos responsables do transporte de bilirrubina desde os microsomas ata o capilar biliar, dando lugar a unha ictericia. As probas son normais, agás a da bromosulfoftaleína. / **S. de Duchenne-Erb** 1. Parálise braquial superior debida á destrución das raíces cervicais 5 e 6 e que lles afecta ós músculos deltoides, bíceps braquial anterior e supinador longo. 2. Distrofia muscular progresiva pseudohipertrofica. / **S. de Edwards** Trisomía 18 caracterizada por alteracións craniais, boca pequena con fisuras labiais e palatinas e micrognatia. / **S. de Ehlers-Daouls** V. **síndrome de Danlos**. / **S. de Eisenmenger** Cardiopatía conxénita caracterizada pola comunicación interventricular dereita, desprazamento da aorta cara á dereita, dilatación da arteria pulmonar e das súas ramas. / **S. de Epstein** V. **síndrome nefrítica**. / **S. de Erb** Síndrome caracterizada por paraplexía espástica medular dos membros inferiores por dexeneración da vía piramidal, moi semellante á causada pola sífilis. / **S. de Evans** Síndrome caracterizada pola asociación de anemia hemolítica de tipo autoinmune e púrpura trombocitopénica idiopática. / **S. de Fabry** Enfermidade familiar que lles afecta ós homes, causada por un déficit do enzima ceramidotrihexosidase, que ocasiona un trastorno do metabolismo lipídico. Caracterízase por anxioqueratomas espallados e lesións viscerais. / **S. de Fallot** V. **tetraloxía de Fallot**. / **S. de Fanconi** Síndrome caracterizada por unha pancitopenia hereditaria con anemia aplásica familiar, hemorrxias e malformacións óseas, que acaba por ocasionar-la morte do enfermo. / **S. de Feldman** Variedade de lique plano do coiro cabeludo que causa destrución dos folículos pilosos, alopecia e prurito intenso. / **S. de Felty** Enfermidade caracterizada por artrite crónica deformante, esplenomegalia, linfadenopatía e leucopenia. / **S. de Foix** Síndrome do seo cavernoso con afectación dos nervios motores oculares e trixémimo. / **S. de Foster-Kennedy** V. **síndrome de Kennedy**. / **S. de Fournier** Síndrome de hipertensión portal. / **S. de Foville** Parálise dos movementos conxugados e laterais da mirada. / **S. de Friedmann** Conxunto de síntomas debidos á encefalite subaguda progresiva de orixe traumática, que inclúe cefalea, vertixe, insomnio, cansazo físico, trastornos da memoria, etc. / **S. de Fröhlich** Síndrome adiposoxenital. / **S. de Froment** Síndrome caracterizada por pericardite tuberculosa de evolución subaguda constrictiva. / **S. de Gardner** Enfermidade hereditaria que se caracteriza por polipose difusa no colon e tumores subcutáneos e óseos. / **S. de Gerstmann** Síndrome caracterizada por agnosia dos dedos das mans, desorientación dereita-esquerda, agrafía e acalculia. / **S. de Gilbert** V. **enfermidade**. / **S. de Gilford** Síndrome que se caracteriza por senilidade precoz e ananismo. / **S. de Goodposture** Síndrome caracterizada por pneumonía hemorráxica, glomerulone-

frite e morte por síndrome urémica. / **S. de Gougerot-Howers-Sjögren** Síndrome caracterizada por sequidade da pel e trastornos de calcificación osteoarticular. Tamén se di **xerodermosteose**. / **S. de Gradenigo** Síndrome caracterizada por parálise unilateral do IV par e dores intensas de tipo neurálxico na zona marcada pola rama oftálmica do trixémimo (zona temporoparietoorbitaria), debido a unha petrosite ou a unha tromboflebite dun pequeno seo venoso. / **S. de Gubler-Millard** Hemiplexía alterna por afectación unilateral da parte inferior da ponte de Varolio. / **S. de Guillain-Barre** Síndrome caracterizada por unha polirradiculoneurite con dor, debilidade muscular, aumento das proteínas no LCR, etc. Esta síndrome preséntase despois dun cadro gripal ou catarral. É benigna a maioría das veces, pouco febril, e xeralmente non orixina trastornos sensitivos nin esfinterianos. / **S. de Hamman-Rich** Fibrose intersticial pulmonar. / **S. de Hand-Christian-Schüller** V. s. de **Christian-Schüller**. / **S. de Heerfordt** Febre uveoparotidiana. / **S. de hipertensión endocranial** Síndrome de etioloxía diversa: tumores, edema cerebral, alteración da circulación do LCR, etc., que produce cefalea, vertixe, edema de papila e vómitos. / **S. de Hippel-Lindau** Síndrome caracterizada por hemangiomas cutáneos asociados a hemangiomas na retina, cerebelo e medula espiñal, asociada a outras anomalías como enfermidade poliquística renal e hipernefomas. / **S. de Hoffmann** Síndrome distrófica mixedema-miotónico. / **S. de Horner** Síndrome que se caracteriza por miose, ptose palpebral e afundimento do globo ocular debido a unha afectación do nervio simpático-cervical. / **S. de Hunter** Síndrome debida a un trastorno hereditario no metabolismo dos mucopolisacáridos, que se herda de forma recesiva ligada ó cromosoma X. Tamén se di **mucopolisacaridose II**. / **S. de Hurler** Síndrome debida a un trastorno metabólico dos mucopolisacáridos que provoca diversas deformacións. As persoas que o sofren teñen unha facies característica con fronte prominente, dorso nasal deprimido, hipertelorismo, macroglosia, ananismo, cifose, atraso mental, malformacións cardíacas, etc. Hérdase en forma autosómica recesiva e é debida á deficiencia do encima alfa-L-iduronidase. Tamén se di **mucopolisacaridose I**, **lipcondrodistrofia**. / **S. de Hutchinson** V. **tríade de H**. / **S. de Hutchinson-Gilfor** Proxerxa. / **S. de inmunodeficiencia adquirida** Síndrome causada polo virus VIH, que ocasiona inmunodeficiencia celular caracterizada polo desenvolvemento de infeccións oportunistas e neoplasias coma o sarcoma de Kaposi. Esta síndrome ocasiona unha diminución dos linfocitos T colaboradores e un aumento das gammaglobulinas. / **S. de insuficiencia respiratoria ideopática** Enfermidade da membrana hialina. / **S. de Jackson** Síndrome caracterizada por parálise do padal brando, larinxe e hemilingua, con parálise dos músculos trapecios e esternocleidomastoideos debido a lesións dos nervios craniais: pneumogástrico, accesorio e hipogloso. / **S. de Jacod** Síndrome caracterizada por neuralxia do trixémimo, oftalmoplexía ou amaurose, debida ó desenvolvemento de tumores nasofarínxeos que se estenden á encrucillada petroesfenoidal. / **S.**

de Jiménez Díaz Síndrome caracterizada por cianose, protrusión ocular, acúfenos, mareos, vertixes e sensación de morte, provocado por trastornos da circulación venosa. / **S. de Kartagener** Síndrome que se caracteriza pola asociación de bronquiectasias, sinusite e dextrocardia. / **S. de Klinefelter** Síndrome caracterizada por hipogonadismo masculino por hialinización dos tubos seminíferos, que non lles afecta ás células de Leydig, con atrofia testicular e azoospermia, xinecomastia e incremento do nivel de gonadotrofinas. Está asociada con anomalías de cromosomas sexuais (cariotipo XXY), sempre con exceso de cromosomas X. / **S. de Klippel-Trémaunay** Síndrome de Parker-Weber. / **S. de Korsakov** Psicose de Korsakov. / **S. de Krauss** V. **hipersuprarrenalismo**. / **S. de Kussmaul** V. **coma diabético**. / **S. de Landry** Parálise ascendente aguda. / **S. de Lartigue** Morte súbita que se produce nos mergullados por síncope orixinada por un reflexo vasomotor. / **S. de Lasègue** Síndrome que se dá no hiperismo, e que produce a imposibilidade de efectuar ningún movemento do membro anestesiado sen axuda da vista. / **S. de Launois** Xigantismo primario por aumento da secreción hipofisaria. / **S. de Leriche** Síndrome orixinada pola obstrucción da bifurcación aórtica por trombose, o cal orixina criostesia, claudicación, amiotrofia, impotencia e gangrena dos membros inferiores. / **S. de Libman-Sacks** Síndrome caracterizada por febre persistente de tipo séptico, anemia progresiva, erupcións cutáneas eritematosas e purpúricas, que se dá en persoas novas. / **S. de Loeffler** Síndrome que se caracteriza por unha infiltración pulmonar transitoria, asociada con eosinofilia e manifestacións sistémicas. / **S. de Loewe** ou **Löwe** Síndrome caracterizada por atraso mental acusado, glaucoma e cataratas, que se transmite de forma recesiva, ligada ó cromosoma X. Tamén se di **síndrome oculocebreorrenal**. / **S. de Lorain-Levi** Síndrome caracterizada por ananismo hipofisario con infantilismo. / **S. de Lutenbacher** Síndrome caracterizada por unha estenose mitral con defecto do tabique interauricular. / **S. de Lyell** Síndrome que se caracteriza por unha dermatite ampolar aguda con despegamento masivo da epiderme e trastornos xerais moi graves, orixinada frecuentemente por estafilococos ou estreptococos. Tamén se di **necrólise epidérmica tóxica**. / **S. de MacKenzie** Síndrome caracterizada por parálise unilateral que lles afecta á metade da lingua, do padal brando e das cordas vocais. / **S. de mala absorción** Síndrome caracterizada por unha deficiente absorción intestinal dos nutrientes, sobre todo das graxas e substancias liposolubles. Distínguense unha forma primaria (enfermidade celíaca, esprú, etc.) e outra secundaria (obstrucción biliar, insuficiencia pancreática, etc.). Manifestase por esteatorrea, desnutrición, anemia ferro-pénica, polineurite, etc. Os síntomas dependen sobre todo da deficiencia en vitaminas, electrólitos, oligoelementos, etc. / **S. de Mallory-Weiss** Síndrome caracterizada por unha esgazadura esofáxica tras un vómito violento. / **S. de Marchiafara-Micheli** Síndrome caracterizada por unha anemia hemolítica crónica con hemoglobinuria paroxística nocturna, hemosiderinuria e tendencia á

trombose. / **S. de Marfan** Conxunto de malformacións conxénitas e hereditarias de forma autosómica dominante, causadas por alteracións embriolóxicas dos tecidos ectomesodérmicos. Esta distrofia hereditaria do tecido conxuntivo caracterízase por anomalías do crecemento das extremidades, con delgadeza e excesiva lonxitude, espiña bífida, cifoescoliose, luxación de cadeira, polidactilia, cardiopatías conxénitas, etc. / **S. de Marie** Acromegalia. / **S. de Marie-Foix** Síndrome de Weber acompañada de signos cerebelosos homolaterais. / **S. de Markus V. s. de Adie**. / **S. de Martorel** Síndrome caracterizada por asociación de úlceras isquémicas das pernas con hipertensión arterial maligna. / **S. de Melkersen** Síndrome caracterizada pola coexistencia de parálise facial periférica recidivante con edema facial en beizos e lingua, de tipo escrotal. Asíciase ás veces con craniofaringioma e megacolon. / **S. de Mendelson** Síndrome caracterizada por pneumonía por aspiración do contido gástrico. / **S. de Ménière** Síndrome que se caracteriza por vertixe, hipoacusia e acúfenos. Tamén se di **vertixe de Ménière**. / **S. de Mikulicz** Síndrome caracterizada por engrosamento da glándula parotidiana e lagrimal, o que orixina sequidade da boca e ausencia de bágoas. Esta síndrome obsérvase en leucemias, sarcoidose, enfermidade de Hodgkin e tuberculose. / **S. de Milkman** Forma de osteomalacia caracterizada pola presenza de liñas laterais e simétricas de absorción, que indican pseudo-fracturas en ósos longos hipocalcificados. / **S. de Millard-Gubler** Obsérvase nos casos de lesións protuberanciais, e consiste en parálise alterna con hemiplexía contralateral, na que se pode afectar tamén o VII par cranial, dando lugar a unha parálise facial periférica no mesmo lado da lesión. / **S. de Milles** Síndrome caracterizada por unha anximatomose oculocutánea con anxiooma coróide e trastornos neurolóxicos. / **S. de Moebius** ou **Möbius** Acinesia álxera. / **S. de Monakov** Síndrome caracterizada por hemiplexía do lado oposto á lesión, na obstrución da arteria coróide anterior, acompañado de hemianestesia e heminopía. / **S. de Morgagni** Síndrome caracterizada por unha hiperostose frontal interna, virilismo e obesidade. / **S. de Morquio** Osteocondrodistrofia deformante. Tamén se di **muopolisacaridose IV**. / **S. de Müller** Síndrome caracterizada por accidentes vasculares que se presentan precozmente no curso de lipidemias esenciais familiares, e no de xantomatoses. / **S. de Münchhausen** Síndrome característica de certas persoas que solicitan ser tratadas en hospitais, alegando sufrir unha enfermidade da cal ofrecen unha historia coherente pero falsa. / **S. de Munk** Nefrose lipoide. / **S. de Naegeli** Síndrome caracterizada por trombopatía familiar con hemoraxias espontáneas, o tempo de sangrado aumentado e fragilidade capilar. / **S. de Naffziger** Síndrome do escaleno anterior que se manifesta por unha síndrome de Raynaud do membro superior por compresión da arteria subclavia e do plexo braquial. / **S. de Negro** Síndrome caracterizada por unha miastenia de causa periférica xeralmente debida á difteria. / **S. de Neumann** Péñfigo crónico vexetante. / **S. de Nevin** Miopatía progresiva tardía do adulto. / **S. de Nielsen** Síndrome hipoadrenalé-

mica con profunda debilidade e atrofia muscular e fasciculacións, que aparece tras unha actividade física intensa. / **S. de Nonne-Marie** Ataxia cerebelosa hereditaria. / **S. de Noonan** Síndrome caracterizada por unha asociación de estatura baixa con colo curto, orellas prominentes e de implantación baixa e disxenesia gonadal. Tamén se di **síndrome de Turner masculina**. / **S. de Ondina** Síndrome caracterizada por unha alteración do control automático da respiración cando dorme o paciente. / **S. de Opalski** Síndrome de Wallenberg, que determina ademais unha hemiplexía homolateral por afectación da vía piramidal xa cruzada. / **S. de Oppenheim** Síndrome das bágoas de crocodilo de Bogorad. Choradeira unilateral, sobre todo cando se inxiren bebidas quentes. / **S. de Ortnet** Síndrome caracterizada por unha parálise larínxea por compresión do nervio recorrente larínxeo. / **S. de Osler-Libman-Sacks** Lupus eritematoso diseminado. / **S. de Osler-Rendu-Weber** Anximatomose hemorráxica familiar e hereditaria. / **S. de Packard-Wechler** Síndrome caracterizada por unha insuficiencia suprarrenal crónica do adulto, que se caracteriza por anorexia, hipertensión, astenia, delgadeza, etc., sen alteracións pigmentarias. / **S. de Page** Síndrome diencefálica acompañada de taquicardia, hipertensión e manifestacións por irritación dos centros simpáticos e parasimpáticos do diencefalo. Obsérvase en mulleres novas. / **S. de Paget-Schroetter** Síndrome caracterizada por unha obstrución venosa do membro superior, case sempre debida a unha compresión mecánica por causas locais das veas axilares e subaxilares. / **S. de Pancoast** Síndrome que se caracteriza por unha combinación da síndrome de Horner cun tumor maligno no vértice pulmonar observado radiograficamente. / **S. de Pansini** Síndrome cerebelosa acompañada de disartria, ocasionada polo paludismo. / **S. de Papillon-Lefèvre** Síndrome caracterizada por unha hiperqueratose palmar e plantar, periodontose e branqueamento do pelo. Hérdase de forma autosómica recesiva. / **S. de Papp** Síndrome caracterizada por crises paroxísticas de taquicardia supraventricular recidivante e de moi curta duración. / **S. de Parhon** Hiperhidropisía con infiltración dos tecidos do tronco e extremidades inferiores en mulleres con dismenorrea e trastornos psíquicos, debida a un trastorno de secreción da hormona ADH. Tamén se di **edema idiopático recidivante**. / **S. de Parinaud** Síndrome caracterizada por unha parálise dos movementos verticais conxugados dos ollos, sen parálise de converxencia. Obsérvase en persoas que padecen lesión a nivel mesencefálico. / **S. de Paris** Acrodinia. / **S. de Parke** Síndrome caracterizada por unha asociación de acidose infantil con vómitos acetónicos. / **S. de Parkes-Weber** Síndrome caracterizada por hipertrofia dun membro asociado a hemanxiomias, varices e aneurismas arterio-venosos. / **S. de Parkinson** Síndrome caracterizada por rixidez muscular, inmovilidade facial, tremor de repouso, abolición dos movementos automáticos e asociados e sialorrea. Tamén se di **parálise axitante**. / **S. de Parnas-Wagner** Variedade de glicoxenose hepática con clínica de diabete. / **S. de Pasini** Epidermólise ampolar distrófica localizada no tronco e

no lombo. É unha afección conxénita. / **S. de Passow** Asociación de malformacións oculares e alteracións adriáticas: labio leporino, espiña bífida, etc. / **S. de Patton** Síndrome vaso-vagal. / **S. de Pellizzi** Desenvolvemento precoz dos xenitais externos, crecemento anormal dos ósos longos e signos de hidrocefalia interna que indican lesión do corpo pineal. Tamén se di **síndrome epifisaria**. / **S. de Pende** Síndrome orixinada por unha hiperplasia e hiperfunción da glándula tímica, que se caracteriza por adiposidade, atraso no desenvolvemento xenital e macrosomía. / **S. de Penfield** Síndrome caracterizada por unha epilepsia diencefálica con fenómenos vexetativos intensos: inquietude, vasodilatación cutánea, aumento da presión arterial, lacrimación sudación, salivación, dilatación ou contracción pupilar, etc. Esta crise desátase pola descarga do foco epileptógeno na rexión do núcleo dorsal do tálamo. / **S. de Peutz-Jeghers** Síndrome caracterizada por unha asociación de polipose intestinal e pigmentacións cutáneo-mucosas, sobre todo na boca. É unha afección de carácter hereditario e familiar. / **S. de Pickwick** Síndrome caracterizada por unha asociación de obesidade extrema, somnolencia, respiración de Cheyne-Stokes nocturna, policitemia e insuficiencia cardíaca conxestiva. Tamén se di **síndrome de obesidade-hipoventilación alveolar**. / **S. de Plummer-Vinson** Síndrome caracterizada por disfaxia, glosite, atrofia da mucosa oral, esofáxica e glosofarínxea, anemia hipocrómica de tipo microcítico. Tamén se di **síndrome de Paterson**. / **S. de Prinz-Metal** Síndrome dolorosa a nivel torácico anterior que ocorre despois de ter infartos de miocardio. / **S. de Putnam** Acroparestesia. / **S. de radiación aguda** Síndrome producida por unha exposición do corpo a cantidades nocivas de radiacións penetrantes das bombas atómicas producindo cambios dexenerativos agudos no sangue e órganos hemoepoéticos e intestino, caracterizada clinicamente por prostración, diátese hemorráxica, náuseas, vómitos, diarrea, etc. / **S. de Ramsay-Hunt** Síndrome caracterizada por un herpes-zóster no pavillón auricular acompañado de parálise facial periférica. / **S. de Raynaud** Síndrome caracterizada por isquemia intermitente, simétrica e paroxística dos dedos das mans, secundaria a afeccións orgánicas ou funcionais (crioglobulinemias, colaxenose, trombanxite obliterante, etc.) / **S. de Refsum** Síndrome caracterizada por retinite pigmentaria, polineurite crónica con progresiva parálise dos membros distais e signos cerebelosos. Acompañaase de aumento de proteínas do LCR. Outras manifestacións asociadas son: ictiose, xordeira, anosmia, malformacións esqueléticas, etc. / **S. de Reichert** Neuralxia da rama timpánica do glosofarínxeo con dor paroxística irradiada ó conducto auditivo externo. Tamén se di **tic doloroso do nervio de Jacobson**. / **S. de Reiter** Síndrome caracterizada por un grupo sintomático de artrite, uretrite, aftas bucais e conxuntivite. V. **enfermidade de R.** / **S. de Remak** Parálise radicular do plexo braquial. / **S. de Ridley** Síndrome caracterizada por dispnea súbita e edema pulmonar que se presenta en casos de asma cardíaca. / **S. de Roger** Sialorrea continua debida a unha patoloxía de tipo tumoral esofáxica. / **S. de**

Rokitansky-Küster Síndrome debida a unha aplasia da parte inferior dos conductos de Müller, dando lugar á ausencia de vexina e útero. / **S. de Rosenthal** Síndrome caracterizada por diátese hemorráxica similar á hemofilia por unha deficiencia do factor XI da coagulación (factor Rosenthal). Tamén se di **hemofilia tipo C**. / **S. de Roth** Meralxia parestésica. / **S. de Sabin** Toxoplasmose adquirida ou conxénita causada polo toxoplasma transmitido ó home polos animais domésticos. A forma conxénita produce hidrocefalia, calcificacións cerebrais, trastornos neurolóxicos e oculares. A forma adquirida pode causar cadros parecidos ó tifo. / **S. de Sander** Queratoconxuntivite de tipo epidémica. / **S. de Sanfilippo** Mucopolisacáridose grao III. Presenta as mesmas características cá síndrome de Hurler, pero con alteracións somáticas máis leves, aínda que o atraso mental é profundo. Herdado de forma autosómica recesiva. / **S. de Sauvignea** Síndrome caracterizada por unha oftalmoplexía con parálise do músculo ocular recto interno dun lado e espasmo do recto externo do oposto (inverso ó de Parinaud). / **S. de Schaumann** Sarcoidose xeneralizada que se caracteriza por hipertrofia dos ganglios linfáticos, pneumoconiose e perda de peso. / **S. de Scheffer** ou **Schäffer** Hiperqueratose conxénita hereditaria con trastornos psíquicos e crises epilépticas. / **S. de Schmit** Síndrome que se caracteriza por unha lesión homolateral dos núcleos do pneumogástrico e do espiñal, que dá lugar a unha parálise unilateral do veo do padal, das cordas vocais e parálise do músculo trapecio e do esternocleidomastoideo. / **S. de Schönlein-Henoch** Púrpura anafilactoide caracterizada por lesións purpúricas, artrite, dor abdominal e hemorrixias de mucosas. / **S. de Schroeder** Síndrome caracterizada por hipertensión arterial, obesidade de tipo central, diminución acentuada do contido salino na suor e trastornos xinecolóxicos. Esta síndrome está orixinada por unha hiperfunción da glándula suprarrenal. / **S. de Schüller V. s. de Weber-Christian**. / **S. de Schultz** Anxina agranulocítica. / **S. de Schwartz-Bartter** Síndrome de secreción inadecuada de hormona antidiurética (SIADH). Obsérvase en pacientes con cancro bronquial. / **S. de Seeman** Síndrome que inclúe trastornos cerebelosos, vestibulares e disartria. / **S. de Selye** Síndrome caracterizada por un conxunto de reaccións sistémicas inespecíficas que se producen no organismo cando é sometido a un estímulo nocivo de natureza e intensidade variable de forma prolongada. Comprende unha reacción de alarma cunha fase inicial de choque seguida doutra de contra-choque na que se produce unha hiperplasia do córtex suprarrenal e paso das hormonas corticais ó sangue. Unha segunda fase de adaptación ou fase de resistencia, na que melloran ou desaparecen os síntomas, e unha terceira fase final ou de esgotamento na que aparecen fenómenos citolíticos, infartos e necrose. Tamén se di **síndrome xeral de adaptación**. / **S. de Senear-Usher** Pénfigo eritematoso. / **S. de Sergent** Síndrome caracterizada por parálise da corda vocal esquerda e asincronía de ámbolos dous pulsos radiais. / **S. de Sharp** Síndrome reumática que simula unha esclerodermia, un lupus e unha dermatomiosite. Tamén se di **enfermidade mixta do tecido conxun-**

tivo. / **S. de Sheehan** Síndrome caracterizada por unha necrose hipofisaria puerperal. / **S. de Sheie** Síndrome similar ó de Hurler, pero esta non presenta atraso mental debido a unha deficiencia da enzima α -L-iduronidase e transmítese de forma autosómica recesiva. Tamén se di **mucopolisacaridose V** / **S. de Sicard-Collet** Síndrome da fisura esfenoidal posterior con afectación dos últimos catro nervios craniais. Tamén se di **síndrome de Collet**. / **S. de Siemens** Síndrome caracterizada por pel seca, lisa e brillante de cor branca agrisada, diminución do número de glándulas sudoríparas e intolerancia á calor. Estes pacientes presentan unha cara con protuberancias frontais e orellas deformadas. Tamén se di **displasia ectodérmica hereditaria**. V. **displasia**. / **S. de Simon** Cancro de mama con metástase hipofisaria e con intensa poliúria. / **S. de Sjögren** Xerodermatose con sequidade da pel e trastornos de calcificación osteoarticular. Tamén se di **síndrome de Gongerot-Sjögren**. / **S. de Sluder** Neuralxia do ganglio esfenopalatino. / **S. de Shapper** Xantomatose ósea xeneralizada. / **S. de Stein-Leventhal** Síndrome caracterizada por amenorrea, hipertricose e esterilidade. / **S. de Steinbrocker** Síndrome caracterizada por trastornos osteo-articulares a nivel de ombro-man que se producen en pacientes que sufriron infarto de miocardio. Suponse orixinado por mecanismos reflexos de orixe simpática. Tamén se di **síndrome de ombro-man**. / **S. de Stevens-Johnson** Forma moi grave de eritema polimorfo con manifestacións cutáneas, mucosas e oculares. / **S. de Stokes V. s. de Adams-Stokes** / **S. de Strachan** Síndrome caracterizada por unha polineuropatía sensitivo-sensorial secundaria a déficits nutricionais. Tamén se di **vertex dos campos de concentración**. / **S. de Strümpell** Anemia esplénica. / **S. de Strümpell-Lorrain** Síndrome caracterizada por unha paraplexía espástica familiar progresiva de causas diversas. / **S. de Stuart** Díatase hemorráxica por defecto conxénito relacionado coa trombina. / **S. de Sturge** Nevo facial acompañado de hemiplexía, epilepsia e amencia. / **S. de Sturge-Weber** Síndrome caracterizada por nevos de tipo vascular na cara, coiro cabeludo, tronco, extremidades e leptomeninxes; anxiomas oculares, glaucoma conxénito, calcificacións encefálicas, crises epilépticas e atraso mental. / **S. de Swan** Estrabismo diverxente dun globo ocular cando se fixa a mirada sobre un obxecto para que a imaxe se forme sobre un punto cego, co fin de evitar unha diplopía. / **S. de Swyer** Disxenesia gonadal pura na muller caracterizada por talle normal e ausencia de malformacións somáticas. / **S. de Tapia** Síndrome caracterizada por parálise unilateral da lingua e corda vocal do mesmo lado sen que estea afectado o veo do padal, con disfonía e disfaxia. Débese a unha lesión cervical que lle afecta ó hipogloso. Tamén se di **hemiplexía glosofarínxea**. / **S. de Terry** Retinopatía que se dá en nenos prematuros que produce cegueira por fibroplasia retrolental. / **S. de Thayssen** Síndrome caracterizada por crises dolorosas perirectais, nocturnas, de duración variable (minutos, horas), con irradiación perineal e ó colon. Dáse en intelectuais neurovexetativos. / **S. de Thorn** Nefrite hipoclorémica que causa perda de auga e

sal debido a unha nefropatía de tipo tabular, pielonefrite, ril poliquístico, etc. / **S. de Tietz** Síndrome caracterizada por albinismo, xordomudez e hipoplasia de células con ollos normais. / **S. de Tietze** Síndrome caracterizada por dor e tumoracións das cartilaxes costais. / **S. de Trotter** Síndrome caracterizada por xordeira, trastornos da motilidade do veo do padal e neuralxia do trixémimo. Constitúen a tríade dos tumores a nivel laterofarínxeo. / **S. de Turner** Anomalía xenética con cariotipo 45 XO que afecta a persoas con fenotipo feminino e que se caracteriza por gónadas rudimentarias, ananismo, infantilismo sexual, *pterygium colli* e cúbito valgo. / **S. de Turner Albright V. s. de Turner**. / **S. de Turner masculina** Síndrome caracterizada por unha disfunción testicular asociada a trazos fenotípicos similares ós da síndrome de Turner feminina, pero con cariotipo 46 XX. / **S. de Turner-Parsonage** Amiotrofia neurálxica do ombro. / **S. de Unverricht-Lunborg** Afección caracterizada por asociación de mioclonías illadas con crises epilépticas xeneralizadas, deterioro mental progresivo, con signos piramidais e extrapiramidais ás veces, e alteracións difusas no EEG. / **S. de uñas amarelas** Linfedema primario asociado con uñas amarelas e derramo pleural. Tamén se di **síndrome de Samman**. / **S. de uñas verdes** Síndrome caracterizada por onicólise da parte distal e coloración verdosa das zonas desprendidas. Asíciase con paroniquia. / **S. de Vail** Síndrome caracterizada por neuralxias do nervio vidiano con dores paroxísticas no nariz, cara, colo e ombro acompañadas ás veces de sinusite nasal. As crises adoitan ser nocturnas, afectan a mulleres e desencadéanse sen que existan estímulos externos. / **S. de Vernet** Parálise unilateral dos pares craniais IX, X e XI. Tamén se di **síndrome da fisura esfenoidal**. / **S. de Vidal-Jacquet** Síndrome caracterizada por reumatismo de tipo gonocócico asociado a queratose plantar. / **S. de Villaret** Síndrome do espacio retroparotidiano con afectación dos pares craniais IX, X, XI e XII e do simpático cervical. / **S. de Waardenburg** Síndrome xenotípica que se caracteriza por xordomudez, heterocromía do iris e anomalías morfolóxicas das pálpebras, células e raíz do nariz. / **S. de Wallenberg** ou **Wallenberg-Foix** Síndrome caracterizada por infarto bulbar lateral retroolivar, zona da arteria cerebelosa posteroinferior, rama da arteria vertebral. Caracterízase por síntomas homolaterais: vestibulares (vertexes, nistagmo, alteración do equilibrio), do núcleo ambiguo (disfaxia e disfonía), raíz do trixémimo (termoanalxesia facial), do simpático ocular (síndrome de Cl. Bernard-Horner), do pedúnculo cerebeloso inferior (discronometría) e síntomas contralaterais (termoanalxesia cruzada no tronco e extremidades por afectación do feixe espiñotalámico). Tamén se di **síndrome lateral de Déjerine**. / **S. de Wartenberg** Disestesia braquial nocturna. Causa parestesia transitoria e dor no membro superior seguindo o traxecto do nervio cubital, en decúbito. Dáse en mulleres por compresión do plexo braquial debida á relaxación da musculatura da cintura escapular. / **S. de Waterhouse-Friderichsen** Síndrome caracterizada por unha bacteriemia xeralmente meningocócica, acompa-

ñada de insuficiencia suprarrenal aguda, case sempre bilateral. Adoita comezar bruscamente con febre, colapso, manchas purpúricas na pel e mucosas, equimose subcutánea e coma. / **S. de Weber** Síndrome causada por lesión do pedúnculo cerebral, caracterizada por parálise do nervio motor ocular común do lado da lesión e hemiplexía contralateral. / **S. de Wegener** Inflamación vásculo-nerviosa da mucosa respiratoria e do pulmón con periarterite nodosa diseminada que lle afecta ó ril, causando insuficiencia renal. Asociada a cadros de artrite, neurite, cardite, etc. Xeralmente é unha enfermidade progresiva e de curso evolutivo fatal. Tamén se di **granulomatose de Wegener**. / **S. de Weill** Hemihiperestesia neuromuscular no lado homólogo das lesións, que se observa ás veces na tuberculose pulmonar. / **S. de Weill-Marchesani** Síndrome de Marchesani. / **S. de Weisenburg** Neuralxia do glosofarínxeo e do trixémimo secundaria a tumores do ángulo pontocerebeloso. / **S. de Werdnig-Hoffmann** V. **enfermidade de Werdnig-Hoffmann**. / **S. de Werner** Síndrome pluriglandular de Rothmund no adulto, frecuentemente con proxerxia, esclerodermia e catarata. / **S. de Wernicke** Síndrome caracterizada por producir unha dexeneración das estruturas grises situadas xunto ó acueducto de Silvio no mesencéfalo, estendéndose cara ó diencéfalo. Clínicamente produce nistagmo, oftalmoplexías e trastornos da conciencia. Pode asociarse a unha síndrome de Korsakov. A súa orixe habitualmente é o alcoholismo e a desnutrición, por unha deficiencia de Tiamina. Tamén se di **presbifrenia**. / **S. de West** Encefalopatía mioclónica infantil con hipsarritmia, de causa descoñecida que se inicia entre os 3-6 meses de idade de modo espontáneo ou como complicación dunha enfermidade cerebral. Caracterízase por crises epilépticas de tipo tónico, atraso psicomotor e hipsarritmia. / **S. de Westphal-Piltz** Reacción pupilar neurótica, ou sexa, contracción pupilar polo cerre palpebral. / **S. de Wheler** Quiste diverticular na parte inferior do colédoco. / **S. de White** Síndrome caracterizada por trastornos circulatorios con edema que aparece no pé que estivo moito tempo somerxido na auga (náufragos). Tamén se di **pé de inmersión**. / **S. de White-Warren-Lecomte** Síndrome da membrana hialina do neonato. / **S. de Widal** Icteroanemia. / **S. de Wilkins** Síndrome suprarrenoxenital caracterizada por pseudohermafroditismo en mulleres e macroxenitosomía nos nenos. / **S. de William-Joly-Richtie** Arritmia auricular. / **S. de Williams** Hipercalemia idiopática infantil asociada con estenose aórtica supravulvar. / **S. de Wolff-Parkinson-White** Síndrome caracterizada por crises de taquicardia paroxística acompañada de modificación do ECG (aparece un intervalo P-R curto e un complexo e prolongado QRS), que se observa en persoas novas. Débese a que, ademais do fascículo de His, existen unha ou varias pontes musculares accesorias para a transmisión dos impulsos das aurículas ós ventrículos. / **S. de Wright** Síndrome caracterizada por trastornos neurovasculares que producen parestesias, cargación, dores e tumefacción das mans, e ás veces gangrena das extremidades dos dedos. Débense á hiperabducción prolongada dun ou dos

dous brazos. / **S. de Wunderlich** Hematoma perirrenal espontáneo que se manifesta por dor violenta e brusca na rexión renal. É signo de hemorrxia interna e tumoración retroperitoneal. / **S. de Young** Síndrome causada por unha hiperfunción da hormona somatotrópica que se caracteriza por aumento de peso durante o embarazo, neonato con máis de 4 kg. e hiperlactación. Pode aparecer ademais na menopausa e nas persoas con diabeite mellitus. / **S. de Ziemssen** Parálise periférica dos nervios recorrentes larínxeos que se manifesta pola inmovilización das cordas vocais, que permanecen abertas, pero o paciente pode falar. / **S. de Zieve** Asociación de hepatopatía, hiperlipemia e anemia hemolítica en persoas alcohólicas. / **S. de Zollinger-Ellison** Síndrome caracterizada por úlceras pépticas atípicas, acidez de instauración brusca, ausencia de células pancreáticas beta e tumores dos illotes pancreáticos, que segregan gastrina. / **S. do aceite tóxico** V. **s. tóxica**. / **S. do cono terminal** Afectación sensitivomotora das raíces nerviosas de S II a S V caracterizada por parálise de perna e coxa, con posibilidade de marcha, contraccións fasciculares, anestesia disociada, dores de tipo urente, trastornos esfinterianos e sexuais, menos graves cós producidos pola síndrome da cola de cabalo. / **S. do corpo caloso** Síntomas que se observan en casos de tumores ou lesións vasculares do corpo caloso, e que fundamentalmente consisten en trastornos psíquicos como apraxia, ataxia, ás veces paresia e contracturas musculares das extremidades. / **S. do corpo de Luys** Síndrome que produce contraccións de tipo coreiforme, defecto na linguaxe e hipotonía. / **S. do corpo estriado** Síndrome caracterizada por rixidez conxénita, con atetose, ataques espasmódicos de risa e choro, sen parálise nin trastornos sensitivos. / **S. do escaleno** Síndrome que se caracteriza por crises vasomotrices e dolorosas, localizadas na man e no antebrazo. / **S. do globo pálido** Síndrome de Hunt. / **S. do lactante brando (floppy infantil)** Miopatía conxénita que se manifesta por hipotonía e debilidade muscular producida por alteracións na fibra muscular estriada (inclusiones eosinófilas, fragmentación miofibrilar e ancheamento da banda Z). / **S. do miaño** Síndrome caracterizada por microcefalia, hipertelurismo, epicanto, base nasal ampla, micrognatismos, dermatoglifos anormais e deficiencia mental. Aféctalle sobre todo ó sexo feminino, e os neonatos que o padecen emiten un berro débil parecido a un miaño. Débese á deleción parcial do brazo curto dun dos cromosomas do quinto par. / **S. do neno golpeado** Síndrome caracterizada por lesións óseas e de tecidos brandos en nenos que foron sometidos a malos tratos. / **S. do seo carotídeo** Síncope vasovagal causada pola compresión ou pola hipersensibilidade do seo, que se caracteriza por síncope con ou sen convulsións. / **S. do seo cavernoso** Síndrome caracterizada por edema da conxuntiva, da pálpebra superior e do nariz, con parálise dos pares craniais III, IV e VI, producida na trombose do seo cavernoso. / **S. do tronco basilar** Síndrome caracterizada por perda do coñecemento, parálise pseudobulbar, tetraplexía e reacción miótica pupilar na oclusión do tronco basilar. / **S. do vermis** Síndrome cerebelosa que se presenta en

nenos afectos de meduloblastoma e na atrofia cerebelosa tardía dos anciáns. A ataxia afecta o tronco e raíz das extremidades inferiores. / **S. epifisaria** Caracterízase polo desenvolvemento precoz dos xenitais externos, crecemento anormal dos ósos longos, signos de hidrocefalia. É indicio dunha lesión do corpo pineal. / **S. epifré-nica** Conxunto de trastornos que se asemellan á síndrome anxinosa causada por trastornos esofáxicos de tipo funcional. / **S. estriada** Conxunto de síntomas ligados a alteracións do corpo estriado, caracterizada por monoclonías, movementos coreicos e atetósicos e aumento da distensibilidade muscular. / **S. extrapiramidal** Trastornos causados por unha alteración do sistema extrapiramidal. Afecta fundamentalmente o ton muscular e a regulación dos movementos involuntarios e automáticos. Agrúpanse en diferentes tipos: parkinsoniano, coreas, etc. / **S. farmacopriva** Síndrome de abstinencia. / **S. gastrocardíaca** Síndrome caracterizada por trastornos cardíacos e vasculares consecutivos a anomalías da función gástrica, que se caracteriza por palpitacións, arritmia, dispnea paroxística pseudoasmática, dores anxinosas, síncope por distensión diafragmática debida a esofaxia. Tamén se di **síndrome de Römheld**. / **S. gris** Síndrome que se observa en neonatos prematuros que recibiron cloranfenicol, caracterizada por cianose, coloración agrisada da pel, hipotonía, hipotensión e colapso circulatorio. / **S. hemiparapléxica** Síndrome de Brown-Séquard. / **S. hipofisaria** Síndrome adiposoxenital. / **S. hipotalámica** Síndrome que se caracteriza por hemianopsia lateral homónima, hemiplejía, asinerxía e alteracións do ton muscular, observada nas lesións subtalámicas. / **S. hipotónica de Foerster** Parálise cerebral infantil por afectación cerebelosa. Tamén se di **síndrome de Foerster**. / **S. leite-alcalinis** Afección que se presenta nos grandes bebedores de leite e alcalinos, así como nos ulcerosos de tipo gastroduodenal, caracterizada por hipercalcemia e insuficiencia renal. Tamén se di **síndrome de Burnett**. / **S. lupoides** Síndrome que aparece trala inxestión de certos fármacos durante bastante tempo ou en doses altas, e que clinicamente e histologicamente é indiferenciable do lupus eritematoso sistémico. / **S. mediastínica** Síndrome que resulta da compresión dos órganos mediastínicos. Segundo cal sexa o órgano así serán os síntomas: a compresión da vea cava superior causa edema en esclavina, vertixe, cefaleas. A compresión dun bronquio dá lugar a atelectasias, dispnea, etc. A do nervio frénico produce parálise e impo. A do nervio vago produce tose ferina, dispnea, etc. A do nervio simpático, síndrome de Horner, e a do nervio recorrente esquerdo causa unha voz bitonal. / **S. menínxea** Síndrome que se manifesta por unha irritación menínxea, e que se observa nas meninxites víricas, bacterianas, etc., e, hemorragias menínxeas. Os síntomas son dor de cabeza, contractura da caluga, vómitos de orixe central en escopetada, fotofobia, convulsións, hiperestesias cutáneas, alteración do LCR, etc. / **S. menopáusicas** Síndrome caracterizada por rubián facial con sensación de calor, calafríos, sudación, cefalea, nerviosismo, irritabilidade, depresión, palpitacións, mareos, etc. Preséntase de xeito

transitorio e recorrente en mulleres menopáusicas. Tamén se di **síndrome climatérica**. / **S. metamérica** Síndrome segmentaria. / **S. mieloproliferativa** Proceso que presenta unha proliferación medular ou extramedular dunha ou varias series celulares da medula ósea (mielocítica, eritoblástica ou megacariocítica), por exemplo leucemias, trombocitemias, etc. / **S. nefrítica** Síndrome caracterizada por hipertensión arterial, anomalías do sedimento urinario (hematuria, leucocituria) e insuficiencia renal. / **S. nefrótica** Síndrome que se caracteriza por oliguria, proteinuria (máis de 3,5 g./24 horas), hipo-proteinemia, hipoalbuminemia, hiperlipidemia e edema. As súas causas son moi variadas. / **S. ocular simpática** S. de Horner. / **S. palidal** S. de Hunt. / **S. palidez-hipertermia** Síndrome que se produce nos lactantes ás veces ante calquera intervención mastoide, que se caracteriza por hipertermia, palidez, polipnea, hipotensión e morte. / **S. parietal** Conxunto de síntomas causados pola lesión do lobo parietal, sendo o principal síntoma a estereognosia. / **S. parkinsoniana** Síndrome semellante en canto á clínica á de Parkinson, pero de etiloxía viral, tóxica, tumoral, e arteriosclerótica. / **S. piramidal** Síndrome caracterizada por hemiplejía, hiperreflexia tendinosa, arreflexia cutánea, clono da rótula e do pé e atrofia de tipo dexenerativo. / **S. poliglandular** Conxunto de síntomas atribuído a trastornos de varias glándulas de secreción interna. / **S. prostática** Síndrome caracterizada por polaquiúria, disuria, retención de urina e dor na rexión perineal. Preséntase no caso de prostatite, tumores, etc. / **S. pseudobulbar** Síndrome caracterizada por disartria, risa e choro espasmódicos e marcha a pequenos pasos. / **S. radicular** Síndrome caracterizada por síntomas sensitivos, motores e reflexos causados por irritación das fibras nerviosas que se manifestan no dermatoma ou miotoma correspondente. / **S. radicular posterior** Síndrome tabética. / **S. segmentaria** Síndrome causada pola lesión da substancia gris da medula espiñal. / **S. tabética** Tabe. / **S. talámica** Síndrome caracterizada pola combinación de distintos signos: hemianestesia superficial, hemiplejía, hemiataxia e astereognose, dores persistentes no lado hemipléxico e movementos coreoatetósicos nos membros do lado paralizado. / **S. tóxica** Síndrome observada en España no ano 1981, producida polo consumo de aceite tóxico que contiña anilinas e anilidas dos ácidos graxos. Clinicamente esta síndrome presenta unha clínica moi polimorfa, afectando os pulmóns, sistema nervioso, corazón, fígado e pel. Histologicamente caracterízase por unha vasculite non necrotizante localizada en arterias e veas. A evolución é variable: uns morren polas complicacións e outros presentan secuelas, fundamentalmente neurolóxicas, mentres que outros evolucionaron favorablemente cara á curación. / **S. toxicopriva** Síndrome de abstinencia. / **S. vasovagal** Síndrome caracterizada pola angustia precordial, ansiedade, náuseas, dispnea, sensación de morte, etc. / **S. vestibular** Síndrome causada por unha lesión vestibular central ou periférica, que se manifesta por alteracións da marcha e do ton muscular, nistagmo e vertixe case sempre de tipo rotatorio. / **S. xenitosuprarrenal**

Síndrome caracterizada por hipersuprarrenalismo que ocasiona en nenas precocidade sexual, adiposidade, hirsutismo e virilismo.

sinecoloxía *s.f.* Estudo do medio externo ou dos factores ambientais en conxunto.

sinectomía *s.f.* Sección cirúrxica dunha sinequia ou adherencia.

sinencefalia *s.f.* Monstruosidade fetal dobre na que ambos fetos están unidos pola cabeza.

sinencefalocèle *s.f.* Encefalocèle con adherencias ás partes adxacentes.

sinequenterotomía *s.f.* Liberación cirúrxica dunha adherencia intestinal.

sinequia *s.f.* Adherencia de partes, especialmente a do iris coa córnea ou co cristalino. // **S. anterior** Adherencia do iris coa córnea. / **S. posterior** Adherencia do iris co cristalino. / **S. circular** Adherencia de todo o bordo pupilar co cristalino.

sinérese *s.f.* Contracción dun xel ou coágulo.

sinerxía *s.f.* ou **sinerxismo** *s.m.* 1. Asociación de varios órganos para realizar unha función conxunta, máis forte. 2. Asociación de varias substancias para potencia-la súa acción.

sinestesia *s.f.* 1. Trastorno da percepción de sensacións no que se percibe unha sensación nunha parte, secundaria á producida noutra parte. 2. Sensación percibida nun sentido por estímulo doutro.

sinestésialxia *s.f.* Sinestesia dolorosa.

sinfalanxia *s.f.* ou **sinfalanxismo** *s.m.* Anquilose das articulacións das falanxes.

sinfióxénese *s.f.* Combinación dos efectos debidos á herdanza xenética e os debidos á influencia do ambiente.

sinfise *s.f.* Tipo de articulación cartilaxinosa na cal os ósos están unidos por tecido fibroso ou fibrocartilaxinoso. // **S. cardíaca** Adherencia anormal entre as follas visceral e parietal do pericardio, secundaria a unha pericardite. / **S. cartilaxinosa** Sincondrose. / **S. pubiana** Unión entre os ósos pubianos ou ósos ilíacos.

sinfisectomía *s.f.* Extirpación da sínfise da pube.

sinfiseólise *s.f.* Eliminación ou destrución dunha sínfise.

sinfiseorrafia *s.f.* Sutura dunha sínfise separada ou seccionada.

sinfiseotomía *s.f.* Sección cirúrxica da fibrocartilaxe da sínfise da pube para aumenta-lo diámetro da pelve e deste xeito facilita-lo parto. Tamén se di **pubeotomía**, **operación de Sigault**, **sincondrotomía**.

sinfisiótomo *s.m.* Instrumento empregado para a pubiotomía.

sinfisodactilia *s.f.* Sindactilia.

sinfisopía *s.f.* Ciclopía.

sinfisosquelia *s.f.* Fusión das extremidades inferiores. Tamén se di **sirenomelia**, **simpodia**.

sinfonalaxe *s.f.* Defecto da pronunciación de consoantes que consiste no emprego dun son consonántico por outro.

sinforese *s.f.* Conxestión sanguínea.

sinгамia *s.f.* Reproducción sexual ou unión de gametos na fertilización.

singulto *s.m.* Impo, salouco.

sinicese *s.f.* 1. Oclusión, contracción. 2. Fase de acumulación da cromatina nuclear durante a mitose. // **S. pupilar** Contracción da pupila.

sinidrose *s.f.* Asociación dun exceso de sudación con outro estado.

sinistraural ou **sinistráurico-a** *adx.* Que oe mellor co oído esquerdo ca co dereito.

sinistrina *s.f.* Inulina.

sinistro- Prefixo do latín, esquerdo.

sinistocardia *s.f.* Desprazamento do corazón cara á esquerda.

sinistrocerebral *adx.* Que usa preferentemente o hemisferio esquerdo do cerebro.

sinistrocular *adx.* Que ve mellor co ollo esquerdo que co dereito.

sinistrómano-a *adx.* Que usa preferentemente a man esquerda.

sinistropedal *adx.* Que usa preferentemente o pé esquerdo.

sinistrosa *s.f.* Levulosa.

sinistrose *s.f.* Estado mental observado nalgúns accidentes, que se caracteriza por unha inhibición da boa vontade e esaxeración da impotencia funcional e con tendencias reivindicativas con vistas a unha indemnización máxima do prexuízo causado.

sinistrotorsión *s.f.* Torsión cara ó lado esquerdo.

sinistroversión *s.f.* Versión cara á esquerda.

sinoatrial ou **sinoauricular** *adx.* Do seo venoso e o atrio ou aurícula do corazón.

sinobronquite *s.f.* Infección dos seos craniais e bronquios.

sinocia *s.f.* Fusión teratolóxica das orellas.

sinofre *s.f.* Unión das células.

sinoftalmía *s.f.* Forma común de ciclopía na que os ollos se atopan máis ou menos fusionados. Tamén se di **ciclopía**.

sinopse *s.f.* 1. Variedade de sinestesia na que existe unha asociación de fenómenos visuais ás sensacións percibidas polos outros sentidos. 2. Visión de conxunto.

sinóptóforo *s.m.* Amblioscopio de miras móbiles que serve para o diagnóstico e tratamento do estrabismo.

sinóptómetro *s.m.* Sinóptóforo modificado que permite explora-lo olo estrábico en circunstancias máis semellantes ás ambientais.

sinoptoscopia *s.m.* Aparello que permite o diagnóstico e tratamento do estrabismo.

sinorquidia *s.f.* ou **sinorquismo** *s.m.* Fusión parcial ou completa dos testículos entre si ou axenesia dun deles.

sinosteoloxía *s.f.* Artroloxía.

sinosteotomía *s.f.* Sección das articulacións.

sinostose *s.f.* Tipo de articulación na que os dous ósos están unidos por tecido óseo, de xeito que unha sinostose reúne dous ósos nun só, debido á osificación da fibrocartilaxe nas sincondroses. // **S. senil** Fusión das suturas craniais propias da vellez. / **S. tribasilar** Fusión dos ósos da base do cráneo, que causa atraso mental se ocorre na infancia.

sinoto *s.m.* Anomalía do desenvolvemento caracterizada pola fusión das orellas a nivel da rexión anterosuperior do pescozo.

sinovectomía *s.f.* Sección cirúrxica dunha membrana sinovial. Tamén se di **artrectomía**.

sinovia *s.f.* Líquido viscoso e transparente das cavidades articulares e vañas tendinosas, segregado pola membrana sinovial, composto de mucina e sales mine-rais.

sinovialoma ou **sinovioma** *s.m.* Tumor orixinado na membrana sinovial, vaña tendinosa, etc.

sinovíparo-a *adx.* Que produce sinovia.

sinovite *s.f.* Inflamación da membrana sinovial. // **S. bursal** Bursite. / **S. dendrítica** Sinovite de orixe traumática que produce pilosidades dentro da vaña sinovial. / **S. fungosa** Forma de sinovite tuberculosa caracterizada pola formación de fungosidades. / **S. purulenta** Sinovite aguda que orixina pus. / **S. seca** Sinovite con escasa secreción, que aparece no curso de certas enfermidades como a sífilis ou o reumatismo agudo. / **S. tendinosa** Inflamación dunha vaña tendinosa.

sinquilia *s.f.* Adherencia conxénita dos beizos.

sinquiria *s.f.* Condición pola cal a sensación causada por un estímulo nun lado do corpo é referido ó outro lado.

sínquise *s.f.* 1. Confusión. 2. Lesión do globo ocular con licuefacción do humor vítreo. // **S. escintilante** Percepción de pequenos puntos brillantes movibles debida á presenza de partículas flotantes de colesterol no humor vítreo.

sintáctico-a *adx.* Que fai referencia á sintaxe ou á coordinación adecuada das palabras no discurso nunha variedade de afasia.

sintaxe *s.f.* 1. Tensión. 2. Articulación. 3. Sutura.

sintenose *s.f.* Articulación por medio de tendóns.

sintérmico-a *adx.* Isotérmico.

sintescopio *s.m.* Aparato para ve-los efectos do contacto de dous líquidos.

síntese *s.f.* 1. Proceso químico mediante o cal se forman compostos a partir de compostos máis simples. 2. Xuntanza de partes separadas. 3. Creación dun concepto pola combinación de ideas separadas. 4. En psicoloxía, proceso polo cal volven á conciencia experiencias que se desdobraran ou disociaran. 5. Unión cirúrxica de fragmentos dunha estrutura anatómica lesionada. // **S. de contigüidade** Unión das beiras dunha ferida, ou dos extremos dun óso fracturado. / **S. morfolóxica** Histoxénese. / **S. silábica** Combinación de sílabas de varias palabras para crear unha nova. É un fenómeno común na esquizofrenia.

sintexe *s.f.* Consunción, atrofia, emaciación.

síntoma *s.m.* Fenómeno provocado no organismo por unha alteración orgánica ou funcional, apreciable só polo paciente, por exemplo, a dor, ou ben que pode ser comprobado polo médico (neste último caso falamos de signo). // **S. accesorio** Síntoma que sen ser principal ou patognomónico pode contribuír ó diagnóstico de enfermidades. / **S. antecedente** Pródromo. / **S. característico** Síntoma patognomónico. / **S. concomitante** Síntoma non esencial pero que pode ter valor para o diagnóstico da enfermidade. / **S. consecutivo** Síntoma que aparece na convalecencia dunha enfermidade e que non ten conexión con ela. / **S. constitucional** Síntoma causado por un trastorno xeral de todo o organismo. / **S. de abstinencia** Síntoma que aparece en individuos adictos a drogas ou bebidas alcohólicas, cando se suprimen de forma súbita. / **S. de Anton** Síntoma que se observa en certas persoas cegas que son incapaces de recoñecer-la súa cegueira. / **S. de compresión** Síntoma nervioso debido a fenómenos de compresión da medula, encéfalo, raíz nerviosa, etc., como a dor, espasmo, hiperestesia, parálise, etc. / **S. de disociación** Anestesia á dor, calor e frío e sen perda da sensibilidade táctil, que se observa na siringomielia. / **S. de proximidade** Síntoma ocasionado nun órgano por afección dunha parte próxima. / **S. de supresión** Síntoma de abstinencia. / **S. de Trendelenburg** Maneira de andar semellante á dos parrulos, por parálise dos músculos glúteos. / **S. de Wartenberg** Próido na punta do nariz e nas fosas nasais que se dá en certos tumores cerebrais. / **S. equívoco** Síntoma que pode ser causado por varias enfermidades diferentes. / **S. estático** Síntoma indicador do estado de algún órgano en particular, independentemente do resto do corpo. / **S. extrapiramidal** Síntoma que depende dunha lesión do sistema extrapiramidal, como a hipertonia, movementos coreicos, atetósicos, etc. / **S. focal** Síntoma que aparece limitado a un órgano determinado. / **S. inducido** Síntoma causado intencionalmente. / **S. local** Síntoma debido a unha lesión local. / **S. obxectivo** Síntoma evidente ós sentidos do médico. / **S. patognomónico** Síntoma característico dunha enfermidade determinada co cal se fai o seu diagnóstico. / **S.**

precursor Pródromo, aura. / **S. reflexo** O que se presenta nunha parte distante de onde se localiza a enfermidade. / **S. subjectivo** Síntoma percibido unicamente polo enfermo. / **S. xeral** O que supón unha alteración de todo o organismo, como a febre.

sintomatolítico-a *adx.* Que causa a desaparición dos síntomas.

sintomatoloxía *s.f.* 1. Parte da patoloxía que estuda os síntomas das enfermidades. 2. Conxunto de síntomas que adoitan presentarse no curso dunha determinada enfermidade.

sintonía *s.f.* Fusión harmónica do comportamento do suxeito co ambiente que o rodea. A sintonía é unha característica da ciclotimia e opónse á esquizofrenia. O sintónico está contento nun ambiente alegre e triste nun ambiente triste.

sintopía *s.f.* Posición dun órgano en relación cos órganos veciños.

sintoxoide *s.m.* Toxoide que ten a mesma afinidade por unha antitoxina que por unha toxina.

sintripse *s.f.* Fractura conminuta.

sintrófico-a *adx.* Conxénito.

sintrofismo *s.m.* Estimulación do crecemento de microorganismos mediante factores metabólicos que son liberados por outras colonias de microorganismos, e que eles aproveitan por non poderen producilos.

sintropía *s.f.* 1. Correlación de certos factores ou estados patolóxicos no desenvolvemento dunha enfermidade. 2. Dirección de varias partes ou órganos nun mesmo sentido.

sintrópico-a *adx.* Da sintropía.

sinulose *s.f.* Cicatrización.

sinulótico-a *adx.* Que favorece a cicatrización.

sinuoso-a *adx.* Tortuoso, ondulado, que presenta seos ou curvas.

sinus *s.m.* Seo.

sinuscopia *s.f.* Exame dos seos anexos do nariz por transiluminación.

sinusectomía *s.f.* Extirpación do chan ou parede dun seo nos casos de sinusite, tumores, etc.

sinusite *s.f.* Inflamación dos seos da cara. // **S. esfenoidal, frontal, maxilar** Inflamación da mucosa destes seos.

sinusohidrorrea *s.f.* Hidrorrea nasal procedente dun seo.

sinusoidal *adx.* Dun sinusoide.

sinusoide *adx.* 1. En forma de seo. // *s.m.* 2. Vaso pequeno que percorre o interior das vísceras parenquimatosas que posúen capa endotelial pero carecen de capa adventicia, coma o fígado, páncreas, glándulas suprarrenais, etc.

sinusotomía *s.f.* Incisión dun seo.

sinuventricular *adx.* Do seo venoso auricular e o ventrículo do corazón.

sinxenesioplastia *s.f.* Transplante de tecido dun individuo a outro pero da mesma especie e familia (nai a fillo, irmán a irmá, etc.).

sinxénico-a *adx.* Conxénito.

sirnomelia *s.f.* Monstruosidade fetal caracterizada pola fusión de ambas pernas e pés.

siriase *s.f.* Forma de insolación con elevación da temperatura corporal.

sirigmo *s.m.* Asubío dos oídos.

sirigmofonía *s.f.* Son agudo ou sibilante da voz.

siringadenoma *s.m.* 1. Adenoma dos conductos das glándulas sudoríparas. 2. Linfangioma tuberoso múltiple.

siringo- Prefixo do grego, trompa fístula, tubo.

siringobulbia *s.f.* Afección do bulbo caracterizada pola presenza de cavidades no bulbo raquídeo, con trastornos tróficos e sensitivos na zona dos nervios bulbares. Tamén se di **siringomiéla do bulbo raquídeo**.

siringocele *s.f.* Espiña bífida na que a hernia da medula espiñal contén unha cavidade.

siringocistoadenoma ou **siringocistoma** *s.m.* Adenoma frecuentemente quístico que se desenvolve a expensas de glándulas sudoríparas, caracterizado polo desenvolvemento de pápulas pequenas e duras. Tamén se di **hidradenoma, linfangioma tuberoso múltiple, siringadenoma, siringoma**.

siringoencefalia *s.f.* Formación de cavidades anormais no encéfalo.

siringoide *adx.* 1. Semellante a un tubo. 2. Fistuloso.

siringoma *s.m.* Siringocistoadenoma.

siringomiéla *s.f.* Síndrome da medula espiñal caracterizada anatomicamente por unha escavación xunta ó conducto ependimario da medula, cunha proliferación glial. Clinicamente caracterízase por unha alteración da sensibilidade táctil e profunda (disociación siringomiélica), amiotrofia segmentaria, síntomas piramidais por debaixo da lesión, síntomas tróficos como edema duro, pel lisa e brillante, panaricio analxésico, artropatías, cifoescoliose e mal perforante plantar. Pode afecta-lo bulbo raquídeo dando lugar á siringomiélobulbia. É unha síndrome de evolución crónica e conduce á morte. As súas causas poden ser gliomas, tumores medulares, anomalías do desenvolvemento como a espiña bífida, traumatismos que causan hemorraxias intramedulares que se enquistan e infeccións.

siringomielo *s.m.* Dilatación do conducto central da medula espiñal e conversión da substancia gris nun tecido conxuntivo.

siringomielocele *s.f.* Espiña bífida ou mielocele na cal a cavidade do saco herniario comunica co conducto central da medula. Tamén se di **mielocistocele**.

siringoplastia *s.f.* Oclusión cirúrxica de fístulas ou traxectos fistulosos.

siringoscopia *s.f.* Endoscopia dos órganos tubulares.

siringosistrotrofia *s.f.* Torsión dun tubo ou trompa, especialmente a da trompa de Falopio.

siringotomía *s.f.* Incisión dunha fístula, en particular a dunha fístula anal.

siringótomo *s.m.* Bisturí empregado antigamente na operación de fístulas anais.

sirinsectomía *s.f.* Escisión das paredes dunha fístula.

sirinxite *s.f.* Inflamación dun tubo ou trompa, especialmente a de Eustaquio.

siruposos-a *adx.* Que ten a consistencia dun xarope.

sirupus *s.m.* (lat.) Xarope.

sisarcese *s.f.* Unión de ósos por medio de músculos, como por exemplo a conexión que existe entre o óso hioide e o maxilar inferior ou entre a escápula e a parede lateral do tórax.

sismoterapia *s.f.* Tratamento de enfermidades por medio de vibracións mecánicas.

sisomía *s.f.* Monstruosidade fetal que consiste nun feto con dúas cabezas e cos corpos unidos.

sistáltico-a *adx.* Que se contrae e se expansiona alternativamente.

sistase *s.f.* 1. Asociación de varias afeccións. 2. Afección común de varias facultades sensoriais.

sistema *s.m.* 1. En medicina, conxunto de estruturas ou de órganos compostos dun mesmo tecido e dotados de funcións semellantes, que colaboran na execución dalgunha acción determinada: sistema óseo, sistema muscular, etc. 2. Doutrina ou método de práctica. 3. Organismo no seu conxunto. // **S. absorbente** Sistema linfático. / **S. adiposo** Conxunto dos tecidos adiposos do organismo. / **S. adrenal** Conxunto de partes ou órganos formados por células cromafíns: cápsulas suprarrenais, corpos carotídeos, etc. / **S. amortecedor** Sistema dotado de capacidades de amortecer-las variacións de hidroxenións, causadas pola adición de ácidos ou de bases, e de manter un PH estable. Entre os sistemas amortecedores de tipo inorgánico destaca o sistema bicarbonato sódico-ácido carbónico (ácido débil) e do fosfato. Tamén se di **buffer, tampón, etc.** / **S. APUD** Siglas do inglés *Amine Precursor Uptake and Decarboxylation* (que capta e descarboxila os precursores de aminos) Está formado por células neuroendócrinas, que emigran da crista neural durante o desenvolvemento e colonizan órganos derivados do tubo dixestivo primitivo. / **S. arterial** Conxunto de vasos arteriais do organismo. / **S. capilar** 1. Conxunto de vasos sanguíneos capilares. 2. Sistema piloso. / **S. ceguesimal** Sistema físico de unidades de medida que emprega como unidades fundamentais o centímetro, o gramo e o segundo. / **S. celular** Conxunto de tecidos celulares do corpo. / **S. cerebrospinal** Sistema nervioso

central. / **S. cinético** Sistema de órganos por medio dos cales a enerxía latente se converte en calor e movemento, entre os que se atopan o cerebro, o fígado, o páncreas, a tiroide e as cápsulas suprarrenais. / **S. circulatorio** Sistema vascular. / **S. cranio-sacro** Sistema nervioso parasimpático. / **S. cromafín** Sistema adrenal. / **S. cutáneo** Sistema formado pola pel e os anexos (glándulas, uñas, etc.). / **S. de asociación** Grupo de fibras nerviosas a nivel do cerebro, mediante as cales se asocian os estímulos sensoriais. / **S. de proxección** Serie de fibras nerviosas no encéfalo que parten dos pedúnculos do cerebro. / **S. dentario** Conxunto dos dentes. / **S. dérmico** Sistema cutáneo. / **S. dixestivo ou alimentario** Sistema formado polo tubo gastrointestinal coas glándulas anexas, linfáticas, quilíferas, etc. / **S. dosimétrico** Dosimetría. / **S. endócrino** Conxunto de glándulas que elaboran secrecións internas. / **S. endotelial** Sistema reticuloendotelial. / **S. exócrino** Conxunto de glándulas que elaboran secrecións externas. / **S. exteroceptivo** Sistema receptor dos estímulos da superficie do corpo. / **S. extrapiramidal** Sistema de estruturas de función fundamentalmente eferente con interconexións e vías de proxección, distintas do sistema piramidal. Está formado por un conxunto de núcleos grises localizados na rexión subcortical e subtalámica. Na rexión subcortical localízase o corpo estriado e o pálido. As formacións subtalámicas inclúen o núcleo vermello, o corpo de Luys, o *locus niger* e o núcleo de Deiters. Todas estas formacións grises reciben proxeccións do córtex cerebral. Funcionalmente o caudado e a putame do lenticular forman o corpo estriado, mentres que zonas internas do lenticular forman o pálido. A función principal do sistema extrapiramidal é a regulación do ton muscular e dos movementos involuntarios e automáticos. / **S. glandular** Conxunto das estruturas glandulares do organismo considerados globalmente. / **S. haversiano** Sistema de canículas en conexión cun conducto de Havers. / **S. hematopoético** Conxunto de órganos formadores de sangue: medula ósea e tecido linfático. / **S. intermediario** Tecido óseo dos espazos entre o sistema de Havers. / **S. leucoblástico** Conxunto de tecidos dos cales se orixinan os glóbulos brancos, subdividido en: sistema mieloide, xerador dos granulocitos e sistema linfadenóide, xerador de linfocitos. / **S. linfático** Conxunto dos vasos, ganglios e espazos linfáticos e quilíferos. / **S. macrófago** Sistema reticuloendotelial. / **S. muscular** Conxunto de tódolos músculos do corpo. / **S. nervioso** Conxunto formado por nervios, centros, tecidos e ganglios nerviosos. / **S. nervioso autónomo** ou **vexetativo** Parte do sistema nervioso independente do central que inclúe o sistema nervioso parasimpático ou cranio-sacro e o sistema nervioso simpático. / **S. nervioso central e periférico** Sistema que inclúe encéfalo, medula, nervios craniais e espiñais cos seus ganglios. / **S. nervioso involuntario** Sistema nervioso autónomo. / **S. nervioso parasimpático** Porción do sistema autónomo constituída por fibras preganglionares orixinadas no mesencéfalo, xunto co nervio oculomotor, facial, glossofarínxeo e vago, e pola porción sacra da medula espiñal. / **S. nervioso simpático** Sistema consti-

tuído por dous cordóns nerviosos a cada lado da columna vertebral que presentan no seu percorrido ganglios, os cales reciben ramas aferentes da medula, e emiten ramas eferentes, algunhas das cales se unen ós nervios espiñais e craniais e outras expándense polos diversos órganos formando ou contribuíndo a formar plexos: carotídeo, cavernoso, celíaco, hipogástrico, etc. Este sistema innerva os músculos de fibra lisa e o corazón, ten relación coas secrecións, movementos vasculares e procesos tróficos. / **S. óseo** Sistema que inclúe o conxunto de tódolos ósos do corpo. / **S. porta** Sistema venoso do fígado e hipófise nos cales a vea se capilariza para xuntarse de novo en vea. / **S. portal accesorio de Sappey** Conxunto de pequenos vasos sanguíneos que se forman arredor do fígado nos casos de cirrose. / **S. properdina** Sistema formado por proteínas termolábiles que se localizan no soro normal. En presenza de certas substancias (polisacáridos, endotoxinas) e de ións magnesio activan o complemento pola vía alternativa. / **S. reticular activador ascendente** Sistema neuronal localizado no mesencéfalo que recibe fibras da maioría dos sistemas aferentes (sensitivos, sensoriais) específicos que se proxectan sobre o córtex cerebral. Establece relacións íntimas cos núcleos talámicos. A activación deste sistema é responsable da reacción de despertar, e pola súa relación co córtex crea as bases neurofisiolóxicas da conciencia da vixilia. / **S. reticuloendotelial** Sistema que agrupa un conxunto de elementos celulares de orixe mesenquimatoso, localizados por todo o organismo pero sobre todo no fígado (células de Kupffer), bazo, sistema linfático, medula ósea, etc., con características reticulares e endoteliais. Atribúenselle funcións defensivas de tipo fagocítico, hematopoéticas, de metabolismo e inmunidade, e de formación de pigmentos. / **S. rubrospinal** Sistema formado polo núcleo vermello e o fascículo de Monakov. / **S. tendinoso** Sistema formado polo conxunto de ligamentos e tendóns. / **S. toracolumbar** Sistema nervioso simpático. / **S. uroxenital** Sistema formado polos órganos que forman o aparello uroxenital cos seus mecanismos e funcións conexas. / **S. vascular** Conxunto de tódolos vasos do corpo humano (sanguíneos, linfáticos). / **S. vasomotor** Parte do sistema nervioso que rexe a contracción e dilatación do sistema vascular. / **S. venoso** Conxunto de tódalas veas do organismo. / **S. venoso portal** Vea porta. / **S. vexetativo** Sistema nervioso autónomo.

sistemizado-a *adx.* Que está clarificado ou ordenado seguindo unha estrutura lóxica. V. **delirio sistemizado**.

sistematoloxía *s.f.* Tratado dos sistemas.

sistémico-a *adx.* 1. Que fai referencia á totalidade do sistema. 2. Relativo á afección ou doenza que lles afecta ós diferentes elementos pertencentes a un mesmo tecido do sistema 3. Da circulación xeral.

sístole *s.f.* Período de contracción cardíaca no que expulsa o sangue procedente das aurículas á arteria aorta e á pulmonar. Correspóndese co primeiro ruído do corazón.

// **S. abortada** Sístole non apreciable no pulso debido á regurxitación mitral do sangue. / **S. anticipada** Extrasístole. / **S. arterial** Presión sistólica que se xera nas arterias en cada sístole cardíaca. / **S. auricular** Contracción das aurículas durante a cal o sangue é forzado por elas a pasar ós ventrículos. / **S. ventricular** Contracción ventricular ou sístole propiamente dita.

sistolómetro *s.m.* Instrumento empregado para determina-la calidade dos ruídos cardíacos.

sistrema *s.m.* Cambra dos músculos do papo da perna.

sitiierxia *s.f.* Repugnancia ou noxo ós alimentos. Tamén se di **anorexia histérica**.

sitiofobia ou **sitofobia** *s.f.* Temor de tipo mórbido á inxestión de alimentos.

sitioloxía ou **sitoloxía** *s.f.* Conxunto de coñecementos sobre alimentación, nutrición e dietética.

sitiomanía ou **sitomanía** *s.f.* Inclinação irresistible a comer. Tamén se di **bulimia**.

sitioterapia ou **sitoterapia** *s.f.* Cura dietética Tamén se di **dietoterapia**.

sitiotoxismo ou **sitotoxismo** *s.m.* Intoxicación por alimentos en malas condicións de conservación. V. **botulismo**.

sitiotropismo ou **sitotropismo** *s.m.* Influencia de atracción ou de repulsión dos alimentos sobre as células.

situación *s.f.* 1. Colocación dun órgano en relación a outros. 2. Conxunto de circunstancias que lle afectan a unha persoa. // **S. traumática** En psicoloxía, conxunto de factores ou experiencias nocivas para a persoa e que poden provocar traumas psíquicos.

situs *s.m.* (lat.) Sitio ou posición. // **S. inversus viscerum** Transposición lateral das vísceras do tórax e do abdome. Tamén se di **situs transversus**.

smog *s.m.* Axente de contaminación atmosférica formado nas cidades debido á condensación da néboa sobre as partículas de fume.

Sn Símbolo do estaño.

sobaco *s.m.* Concavidade que existe debaixo da articulación do ombro co brazo. Tamén se di **sobrazo**, **axila**.

soberbio *s.m.* Músculo recto superior do ollo.

sobreactividade *s.f.* Aumento da actividade dun órgano. Tamén se di **hiperactividade**.

sobreagudo-a *adx.* Extremadamente agudo.

sobrealimentación *s.f.* 1. Inxestión de alimentos en cantidade maior da precisa para as necesidades do organismo. 2. Método de tratamento de certas enfermidades consuntivas.

sobrecarga *s.f.* 1. Exceso de carga. 2. Administración dunha elevada cantidade dunha substancia determinada con finalidades terapéuticas ou de investigación. 3. En odontoloxía, presión excesiva soportada polos dentes e

estructuras óseas relacionadas con eles. // **S. acuosa** Proba empregada para o diagnóstico funcional de insuficiencia renal: trala inxestión en xaxún dun litro de auga, mídese a cantidade de urina eliminada que, ó cabo de varias horas, debe alcanzar esta cantidade. / **S. articular** Sobre esforzo ó que se somete unha articulación. / **S. diastólica** Aspecto do ECG que se observa cando o ventrículo recibe, a consecuencia de condicións patolóxicas, unha afluencia sanguínea anormal que o forza a unha actividade maior. / **S. sistólica** Aspecto do ECG observado no caso de aumento da resistencia ó paso do sangue impulsado polo corazón.

sobrecorrección *s.f.* Emprego de lentes excesivamente fortes para corrixi-los defectos de refracción.

sobredente *s.m.* Dente supernumerario.

sobredeterminación *s.f.* Segundo a psicanálise, concorrencia de factores que interveñen na causalidade dos distintos elementos do inconsciente (soños, lapsos, etc.)

sobreexcitación *s.f.* Incremento excesivo da excitación.

sobreextensión *s.f.* Hiperextensión.

sobrefatiga *s.f.* Fatiga en grao extremo. Termo intermedio entre fatiga e esgotamento. Tamén se di **ponose**.

sobreparto *s.m.* Puerperio.

sobreproducción *s.f.* Producción excesiva.

sobresalto *s.m.* Alteración do ánimo por algo inesperado ou imprevisto.

sobresaturación *s.f.* Saturación excesiva. Adición dunha maior cantidade de substancia a unha solución saturada.

sobrevivente *adx.* Supervivente.

socioloxía *s.f.* Ciencia que estudia as leis, relacións e fenómenos sociais.

sociopatía *s.f.* Trastorno da conducta que se caracteriza polo desprezo das normas sociais.

socioterapia *s.f.* Terapia baseada no emprego dos factores socioambientais para reestructura-la personalidade do paciente.

socorrismo *s.m.* Organización e adestramento para socorrer en caso de accidente.

socorrista *s.* Persoa preparada para axudar en caso de accidente.

soda *s.f.* Bebida refrescante composta por auga carbónica e edulcorada.

sodemia *s.f.* Presencia de sodio no sangue. Tamén se di **natremia**.

sodio *s.m.* Elemento químico metálico, de cor branca, de peso atómico 23 e símbolo Na. Está moi difundido na natureza nos seus diversos compostos, especialmente o bicarbonato sódico e o cloruro sódico. Ten grande afinidade polo osíxeno e outros elementos non metálicos. É o principal catión do plasma sanguíneo e en xeral dos líquidos extracelulares, onde se atopa en forma de cloruro

e de bicarbonato. Pola súa concentración é un importante factor da presión osmótica plasmática. En xeral case tódolos alimentos naturais conteñen sodio en cantidades variables. Ademais do sal empréganse outros compostos no tratamento industrial dos alimentos. A auga potable tamén o contén. // **Bomba de s.** Mecanismo mediante o cal as células eliminan ións a través da súa membrana. / **Cloruro de s.** Sal común, alimento indispensable, pois forma a maior parte dos constituíntes inorgánicos do soro sanguíneo, polo que é o preferido para facer solucións isotónicas co sangue.

sodoku *s.m.* Enfermidade infecciosa causada pola espiroqueta *Spirillum minus*, inoculada ó home pola mordedura de ratas infectadas. Caracterízase por trastornos locais nas zonas de inoculación, seguidos por febre, calafríos e cefalea con tendencia á recidiva.

soduria *s.f.* Eliminación de ións de sodio pola urina.

sofomanía *s.f.* Crenza de tipo morboso na propia sabedoría.

sofraxe *s.f.* Xarrete.

sofroloxía *s.f.* Estudo ou práctica terapéutica da repercusión sobre a conciencia e o organismo de técnicas psicossomáticas como a relaxación, suxestión, ioga, etc. Ten como finalidade axudar a que as persoas sexan conscientes das súas posibilidades mentais reais e a potencia-las ó máximo.

sol *s.m.* 1. Dispersión coloidal dun sólido nun líquido. 2. Abreviatura de solución.

solación *s.f.* Transformación dun xel en sol.

solar *adx.* Semellante ó sol, sobre todo o plexo celíaco e ganglios do gran simpático pola forma radiada dos seus nervios.

solario ou **solarium** *s.m.* Local ou lugar adecuado para tomar baños de luz solar natural ou artificial.

solarización *s.f.* Exposición á luz solar e efectos causados por esta luz.

solea *s.f.* (lat.) Planta do pé.

solear *s.m.* Músculo da cara posterior da perna.

solenoma *s.m.* Endometrioma.

solenoniquia *s.f.* Deformación da unha en forma de canle.

solferino *s.m.* Fucsina ou vermello de anilina.

solidificación *s.f.* Conversión dun líquido ou gas en sólido.

sólido-a *s.m.* 1. Estado que presentan as substancias nas cales as moléculas manteñen unha posición fixa e unha forte cohesión entre elas. // *adx.* 2. Forte, macizo.

solipsismo *s.m.* Doutrina segundo a cal a existencia de calquera outro ser pensante é só unha percepción da conciencia do individuo e non unha existencia real.

solitaria *s.f.* V. **tenia**.

solubidade *s.f.* 1. Calidade de soluble. 2. Grao no que unha substancia posúe a propiedade de ser soluble. O grao de solubidade é a concentración dunha solución saturada a unha temperatura determinada.

soluble *adx.* Susceptible de se disolver en maior ou menor grao, dando lugar a unha solución.

solución *s.f.* 1. Disolución dunha substancia nun líquido. 2. Mestura formada por un sólido, líquido ou gas con outras substancias sólidas ou gasosas distintas e que non son diferenciábeis entre elas unha vez que forman parte da mestura. Nunha solución o compoñente que se atopa en maior proporción chámase disolvente ou fase dispersante, e o outro, a substancia disolta, chámase soluto ou fase dispersa. 3. Forma farmacéutica líquida formada por unha solución acuosa de substancias químicas, que se emprega para uso externo ou cutáneo. // **S. acuosa** ou **alcohólica** Solución na que o disolvente ou excipiente líquido é auga ou alcohol, respectivamente. / **S. anisotónica** Solución que non é isotónica, é dicir, que non ten a mesma presión osmótica que aquela coa que se compara. / **S. coloidal** Disolvente que contén partículas diminutas suspendidas. Neste caso o disolvente chámase fase continua e a materia en suspensión fase dispersa. / **S. de Burow** Solución formada por: solución de alume, 5 partes; acetato de chumbo, 25 partes; auga, 500 partes. Emprégase no tratamento das queimaduras e do eczema. / **S. de contigüidade** Dislocación de partes contiguas, por exemplo, luxación articular. / **S. de continuidade** Separación ou división de partes continuas, como por exemplo, fractura de ósos ou feridas de tecidos. / **S. de Gram** Solución colorante empregada para tingui-las bacterias. Componse de iodo, ioduro potásico e auga, e é a base para a clasificación das bacterias en grampositivas ou gramnegativas, segundo se coloreen ou non. / **S. fisiolóxica** Solución acuosa isotónica de cloruro sódico. / **S. fisiolóxica de Ringer** Solución formada por cloruro de sodio, cloruro de potasio, cloruro de calcio, bicarbonato de sodio, fosfato monosódico, dextrosa e auga. Emprégase nos casos de deshidratación, acidose, calculose e para mellora-la actividade renal. Tamén se di **solución de Ringer**. / **S. hipertónica** Solución que ten unha presión osmótica superior a unha solución estándar de referencia. / **S. hipotónica** Solución cunha presión osmótica inferior a unha solución estándar de referencia. / **S. isotónica** A que presenta unha presión osmótica igual á dunha solución de referencia. Por exemplo, o soro fisiolóxico é unha solución isotónica respecto ó sangue. / **S. molar** A que contén un mol de soluto nun litro. / **S. salina** Solución de cloruro de sodio en auga destilada. Contén de 0,6 a 0,75% de sal. Tamén se di **solución normal** ou **fisiolóxica**. / **S. saturada** Solución que contén a cantidade máxima de soluto que pode disolver unha cantidade determinada de disolvente. / **S. tampón** Solución que se opón a un cambio de PH por adición moderada de álcalis ou de ácidos.

soluto *s.m.* Substancia disolta nunha solución.

solvato *s.m.* Composto formado entre o soluto e o solvente nunha solución.

solvente *adx.* 1. Que dissolve ou que resolve. // *s.m.* 2. Líquido capaz de disolver ou compoñente que se atopa en maior proporción nunha solución.

solvólise *s.f.* Reacción de dobre descomposición (hidrólise, amoniólise).

soma *s.m.* 1. Conxunto de tódalas células dun organismo agás as xerminais, destinadas á reprodución. 2. Corpo, especialmente en oposición a mente.

soma-, somat-, somato- Prefixo do grego, corpo.

somáculo *s.m.* A partícula máis pequena do protoplasma.

somasecse *s.f.* Ximnasia.

somastenia *s.f.* Astenia de orixe orgánica.

somatalxia *s.f.* Dor no corpo.

somatestesia *s.f.* Conciencia de posuír un corpo.

somático-a *adx.* 1. Do corpo. 2. En xenética, das células do soma destinado a morrer, distintas das células xerminativas, destinadas á reprodución e propagación da especie. 3. En psiquiatría e neuroloxía, das alteracións con base orgánica (síntomas somáticos), opostas ás de base psíquica (síntomas psíquicos). 4. Innervado polo SNC (órgano somático), en oposición ós innervados polo sistema nervioso vexetativo (órgano visceral).

somaticoplácnico-a ou **somaticovisceral** *adx.* Do corpo ou as vísceras.

somatización *s.f.* Fenómeno polo cal un trastorno psíquico dá lugar a unha alteración somática.

somatoblasto *s.m.* Citoblasto.

somatoceptor *s.m.* Receptor encargado de recibir os estímulos procedentes da musculatura somática ou esquelética.

somatoderma *s.m.* Capa somática do mesoderma. Tamén se di **somatopleura**.

somatodimia *s.f.* Monstruosidade fetal caracterizada pola fusión dos corpos nos casos de monstros dobres, que recibe diversos nomes segundo a parte fusionada.

somatofrenia *s.f.* Estado mental no que se esaxeran ou se imaxinan enfermidades corporais.

somatognosia *s.f.* Coñecemento ou percepción do propio corpo e da posición das súas partes.

somatoloxía *s.f.* Estudo e coñecementos anatómicos, fisiolóxicos, funcionais, etc., do corpo.

somatomedina *s.f.* Hormona polipeptídica que se forma no fígado e no ril, que se atopa no sangue e que resulta imprescindible para a acción biolóxica da hormona do crecemento sobre as cartilaxes. Tamén se di **factor de sulfatación**.

somatomegalia *s.f.* Xigantismo.

somatometría *s.f.* Medición do corpo, sobre todo en relación coa biotipoloxía.

somátomo *s.m.* 1. Instrumento que se utiliza para secciona-lo corpo do feto. 2. Somita.

somatopatía *s.f.* Trastorno ou enfermidade orgánica. Termo oposto a psicopatía.

somatoplasma *s.m.* Protoplasma das células somáticas.

somatopleura *s.f.* Capa somática externa do mesoblasto, que se une ó epiblasto para forma-la parede primitiva do corpo.

somatopsicose *s.f.* Para Southard, afección mental sintomática dunha enfermidade orgánica.

somatopsíquico-a *adx.* Do corpo e da mente. Tamén se di **psicosomático**.

somatoscopia *s.f.* Exame ou exploración do corpo.

somatoplacnopléurico-a *adx.* Da somatopleura e a esplacnopleura.

somatopsiquise *s.f.* Anomalía do desenvolvemento caracterizada por unha fisura do corpo, especialmente vertebral.

somatostatina *s.f.* Hormona inhibidora da liberación hipofisaria da hormona de crecemento, glicagón, insulina e gastrina. Prodúcese nas células pancreáticas, intestino e SNC.

somatotipia *s.f.* Clasificación das persoas de acordo coas características físicas e constitucionais do corpo.

somatotomía *s.f.* Disección dun corpo. Tamén se di **anatomía**.

somatotrópico-a *adx.* Que ten afinidade polos corpos, fundamentalmente celulares.

somatotropina *s.f.* Hormona sintetizada e segregada polo lobo anterior e que estimula o crecemento corporal. Tamén se di **hormona de crecemento (GH ou STH)**.

somatoxénese ou **somatoxenia** *s.f.* 1. Formación ou aparición de estruturas ou de caracteres orgánicos de orixe ambiental, non hereditarios. 2. Formación do somatoplasma.

sombra *s.f.* Enfermidade como a anemia, o raquitismo e outras que se cre están producidas pola sombra dun morto ou de certos animais.

somestesia *s.f.* Sensibilidade corporal. Tamén se di **somatestesia**.

somita, somite ou **somito** *s.m.* Segmento primitivo mesodérmico do tronco do embrión, composto de dermatoma, miotoma e esclerotoma. Tamén se di **metámera**.

somnambulismo *s.m.* Estado de actividade motora durante o sono que se produce de forma automática ou provocada por hipnotismo.

somnámbulo-a *adx.* Que realiza actos de automatismo ambulatorio espontáneo durante o sono.

somnifaciente *adx.* Somnífero.

somnífero-a *adx.* 1. Que produce sono. // *s.m.* 2. Axente ou droga que ten a propiedade de provoca-lo sono. Tamén se di **hipnótico**.

somniloquia *s.f.* Acción de falar durante o sono, ou automatismo verbal durante o sono.

somnipatía *s.f.* Trastorno do sono.

somnolencia *s.f.* 1. Preguiza, falta de actividade, letargo, desexo irresistible de durmir, sopor. 2. Estado intermedio entre o sono e a vixilia.

somnolismo *s.m.* Hipnotismo.

son *s.m.* 1. Sensación que se produce nos órganos de audición polas vibracións do aire ou doutro medio. 2. Ruído normal ou anormal auscultado dentro do corpo. // **S. auscultatorio** Ruído percibido por auscultación. / **S. gástrico** ou **intestinal** Son timpánico. / **S. mate** Son producido pola percusión de órganos ou partes macizas coma o fígado, masas musculares, etc. / **S. timpánico** Son semellante ó que se produce pola percusión dun pandeiro, que se percibe cando se percute sobre unha cavidade chea de aire.

sonda *s.f.* Instrumento longo e fino, cilíndrico, destinado a explora-los conductos naturais ou accidentais do organismo, evacuar contido ou introducir substancias con fins terapéuticos ou diagnósticos. Tamén se di **cánula**, **catéter**. // **S. acanalada** Sonda longa e delgada en forma de canle por unha das súas caras, que se emprega con fins exploratorios ou para guiar instrumentos de fío cortante. / **S. de Malacot** Sonda de goma empregada para o cateterismo da uretra. / **S. duodenal** Sonda empregada para extrae-los zumes duodenais (bile, zume pancreático) ou para introducir medicamento. / **S. en forma de cóbado** Sonda ou catéter que posúe un cóbado ou ángulo agudo cerca do extremo. / **S. esofáxica** Sonda longa e flexible empregada para a alimentación ou para a exploración do esófago. / **S. gástrica** Sonda de goma cun extremo romo e perforado para evacua-lo contido do estómago. / **S. intestinal** Sonda de goma de dobre luz de 2 a 3 m. de longo, que se introduce pola boca ou por un orificio nasal e que se emprega para baldeira-lo intestino nas oclusións ou para a análise dos diversos fragmentos intestinais. / **S. prostática** Sonda metálica empregada para sonda-los enfermos de adenoma de próstata. / **S. uretral** Sonda provista dun cistoscopio para o cateterismo, exploración ou dilatación da uretra, por exemplo, a de Malacot, a de Pezzer, etc. / **S. vesical** Sonda para a drenaxe ou exploración da vexiga urinaria.

sondaxe *s.f.* Cateterismo.

sonitus *s.m.* (lat.) Son ou ruído. // **S. aurium** Ruído ou zunido dos oídos. Tamén se di **tinnitus aurium**.

sono *s.m.* 1. Estado fisiolóxico periódico caracterizado pola suspensión reversible das actividades nerviosas asociadas á vida de relación, diminución das funcións do SNC e enlenteceamento das principais funcións do organismo. Trátase dun mecanismo de adaptación para previ-

-lo esgotamento do sistema nervioso en particular e do organismo en xeral, de xeito que durante este estado o organismo recupérase da fatiga. Por electroencefalografía poden detectarse unhas fases de sono lento caracterizado por un retardo e sincronización de ondas, e unhas fases de sono rápido ou paradoxal (REM) na que existe unha desincronización do trazado con ondas rápidas, hipotonía muscular, movemento rápido dos ollos, etc. 2. Gana ou desexo de durmir. // **Cura de s.** Inducción ó sono por medio da administración de hipnóticos con fins terapéuticos. / **S. eléctrico** Perda do movemento voluntario e estado de anestesia xeral causada pola aplicación dunha corrente eléctrica rapidamente interrompida. / **Enfermidade do s. V. enfermidade.** / **S. paroxístico** Narcolepsia.

sonografía *s.f.* V. **ecografía**.

soño *s.m.* Representación de imaxes ou sucesos durante o sono. En canto ó seu contido, na psicanálise diferénciase o contido manifesto e o contido latente do sono. O primeiro é consecuencia do traballo do sono e refírese a imaxes, ideas e sucesos do sono na forma en que son evocados polo soñante ó contalo. O contido latente está formado polos desexos reprimidos e inclúe o conxunto de significados que se revelan a través da análise do contido manifesto do sono. // **S. en vixilia dirixido** Método psicoterapéutico de R. Desoille que consiste na interpretación das fantasías que xorden a partir de imaxes ou temas sacados polo terapeuta.

sopor *s.m.* Sono profundo, letarxia.

soporífero-a *adx.* Que induce ó sono ou sopor.

soporte *s.m.* Sostén, aparello ou instrumento que suxeita.

sopro *s.m.* Ruído suave que se percibe por auscultación, semellante ó ruído emitido cando se expulsa aire ou cando pasa unha columna de líquido por un conducto estreito. // **S. accidental** O causado por unha circunstancia transitoria. / **S. anémico** Sopro cardíaco ou vascular debido á falta de glóbulos vermellos. / **S. anfórico** Ruído que resulta da transmisión do sopro tubárico a través dun pneumotórax ou caverna pulmonar, semellante ó que se produce soprando enriba do colo aberto dunha botella. / **S. aórtico** Sopro que indica unha lesión das válvulas aórticas. / **S. bronquial** O que se ausculta sobre os bronquios, tanto na inspiración como na expiración. / **S. cardíaco** Sopro agregado que se escoita sobre a rexión cardíaca. / **S. cardiopulmonar** Sopro causado polo choque do corazón contra o tecido pulmonar. / **S. cavernoso** Ruído de tonalidade grave e timbre característico de algo oco producido durante a respiración polo paso de aire a través dunha cavidade pulmonar patolóxica que actúa como resoador. / **S. crecente** Sopro que se observa na estenose mitral, caracterizado polo aumento progresivo do seu timbre. / **S. de Austin Flint** Sopro diastólico que se presenta na insuficiencia aórtica. Tamén se di **sopro de Flint**. / **S. de Drummond** Sopro que se percibe na traquea nos casos de aneurisma aórtico, debido ós movementos deste. / **S. de Duroziez** Sopro

vascular dobre percibido na arteria femoral nos casos de insuficiencia da válvula aórtica. / **S. de Graham-Steell** Sopro causado pola insuficiencia pulmonar relativa percibido durante a diástole no III espacior intercostal esquerdo, e que se propaga ó longo do esterno. / **S. de Parrot** Sopro suave que se escoita na asistolia en vez do ton cardíaco. / **S. diastólico** Sopro correspondente á diástole cardíaca, que despois do II ruído indica insuficiencia sigmoide ou unha estenose mitral ou tricúspide. / **S. fetal** Sopro que depende da circulación do feto, e é isocrónico cos seus latexos cardíacos. / **S. funcional** Sopro cardíaco producido por anemia ou por unha frecuencia cardíaca rápida. / **S. mitral** ou **tricúspide** Sopro causado por lesión das válvulas mitral ou tricúspide, respectivamente. / **S. orgánico** Sopro debido a unha alteración orgánica do corazón ou dos vasos. / **S. placentario** ou **materno** O causado polo paso de sangue pola placenta, que é isocrono co pulso da nai. / **S. pulmonar** O debido a unha afección das válvulas pulmonares. / **S. sistólico** Sopro correspondente á sístole cardíaca, que indica unha insuficiencia mitral ou tricúspide. / **S. tubárico** ou **bronquial** Sopro que se produce en toda a árbore bronquial, pero que só se percibe nas alteracións do pulmón ou pleura: pneumonía, derramo pleural, etc. / **S. uterino** Ruído que produce o sangue nas arterias do útero gravídico. / **S. vascular** Ruído anormal producido nun vaso sanguíneo por alteración do vaso ou do sangue. / **S. venoso** Sopro suave, continuo, non sistólico coma o arterial, que se percibe auscultando unha vea grosa. / **S. vesicular** Murmurio vesicular.

sorbefaciente *adx.* Que promove a absorción.

sorbitol *s.m.* Substancia de sabor doce, empregada como laxante e como diurético.

sordes *s.f.* (lat.) Substancia escura e sucia que se acumula sobre os beizos e os dentes nalgunhas enfermidades febrís graves, coma o tifo, e que consiste nunha mestura de alimentos, restos epiteliais e microorganismos.

soro *s.m.* Parte clara dun líquido orgánico: sangue, leite, linfa, etc., despois da coagulación do mesmo. O soro sanguíneo é unha solución acuosa moi rica en albumina, compostos nitroxenados (urea, aminoácidos, ácido úrico, creatinina) e diversos ións minerais. Ademais contén outras substancias, en especial enzimas e hormonas. A análise cuantitativa dalgúns compoñentes do soro constitúe un elemento de diagnóstico e é o obxecto de estudo da seroloxía. En terapéutica non adoita usarse o soro sanguíneo, pero si os chamados soros salinos. // **Enfermidade do s.** Reacción patolóxica orixinada por usar soros terapéuticos ricos en albumina. / **Enfermidade do s. activo** Soro que posúe complemento. / **S. anti-RH** Soro que contén anticorpos do factor RH, que se emprega en clínica para identifica-los individuos que posúen factor RH positivo. / **S. antitetánico** Soro específico obtido de animais sans inmunizados coa toxina do *Clostridium tetani*. / **S. artificial** Solución salina que se inxecta, sobre todo por vía venosa. A máis común é a solución acuosa de cloruro de sodio. V. **solución salina**.

/ **S. da verdade** Preparado a base de barbitúricos, escopolamina, etc., que produce un nivel de conciencia que permite indagar ideas reprimidas. / **S. de Ringer** V. **solución de Ringer**. / **S. de Yersin** Soro profiláctico e curativo da peste bubónica. / **S. específico** Soro que contén anticorpos contra microorganismos específicos ou contra antígenos tamén específicos. / **S. fisiolóxico** Solución salina normal. / **S. glicosado** Soro fisiolóxico que contén glicosa. / **S. hiperimmune** Soro moi rico en anticorpos que se obtén dunha persoa convalescente que foi inmunizada ademais co microorganismo activo da enfermidade. / **S. inactivo** Soro inactivado mediante un proceso de queimamento a 58 °C - 60 °C para destruí-la actividade do complemento. / **S. isotónico** Soro salino con igual presión osmótica cá do plasma. / **S. profiláctico** Soro que se obtén por inoculación a animais de xermes atenuados ou non, de xeito que provoquen no animal a formación de anticorpos. Se son específicos estes anticorpos chámase soro immune, que contén o anticorpo específico do antígeno empregado para a inmunización.

soroche *s.m.* Mal das montañas.

sorodiagnóstico *s.m.* V. **serodiagnóstico**.

sororiación *s.f.* Aumento do tamaño dos peitos na puberdade.

soroterapia *s.f.* Seroterapia.

sosa *s.f.* Nome comercial do carbonato de sodio, bicarbonato de sodio e hidróxido de sodio. // **S. cáustica** Hidróxido de sodio.

sozalbumina *s.f.* Proteína defensiva presente no organismo, destructora de bacterias e de toxinas.

spansule *s.f.* Cápsula de efecto diferido.

Spirillum Xénero de bacterias da familia espiriláceas. Son aeróbicas, quimiorganotróficas, gramnegativas, de forma bacilar e con flaxelos. Desenvólvense en augas pútridas. Unha das súas especies, a *Spirillum minor*, é parasita dos roedores e no home é o axente causal do sodoku, ou febre por mordedura de rata.

Spirochaeta Xénero de microorganismos bacterianos da familia espiroquetáceas, que se desenvolven en augas doces ou salgadas con materia orgánica en descomposición. Algunhas das súas especies, como a *S. recurrentis*, é transmitida ó home por ácaros e é a causante da febre recorrente.

splitting *s.m.* Mecanismo mental propio da esquizofrenia ou da histeria.

Sporothrix Xénero de fungos parasitos, do cal algunha especie é causante da esporotricose no home e en animais.

Sr Símbolo do estroncio.

ST No ECG, segmento comprendido entre o final do QRS e o comezo da onda T.

stadium *s.m.* (lat.) Período.

Staphylococcus Xénero de bacterias da familia micrococáceas. Son cocos grampositivos, anaerobios facultativos, quimiorganotróficos e catalase-positivos. Pódense atopar como parasitos e/ou patóxenos para o home, e producen substancias extracelulares como coagulase, penicilina, leucodina, enterotoxina, pigmentos, etc. // **S. aureus** Produce pigmentos con coagulase-positivo. É responsable de furúnculos, mastite, infeccións de feridas, osteomielite, cadros respiratorios e procesos de gastroenterite. Tamén se di *S. pyoxenes*. / **S. epidermidis** Estafilococo non pigmentado, coagulase-negativo, saprófito da pel e das mucosas e patóxeno oportunista. Pode causar infeccións urinarias, endocardite, infeccións valvulares, etc. / **S. saprophyticus** Estafilococo coagulase-negativo raramente patóxeno. Diferénciase do *S. epidermidis* pola súa resistencia á novobiocina.

status *s.m.* (lat.) Estado ou condición.

Steiner, tumor de V. tumor de Steiner.

Stein-Levental, síndrome de V. síndrome de Stein-Levental.

stem cells Célula nai. Adoita usarse para designa-las células proxenitoras da hematopoese.

stercus *s.m.* (lat.) Feces.

Stevens-Johnson, síndrome de V. síndrome de Stevens-Johnson.

Stokes, síndrome de V. síndrome de Adams-Stokes.

Stomoxys Xénero de moscas zugadoras de sangue. A *S. calcitrans* é a mosca das cortes e pode actuar como axente transmisor pasivo do botón de Oriente.

Streptobacillus Xénero de bacterias gramnegativas aerobias ou anaerobias facultativas. A *S. moniliformis* é o axente da febre por mordedura de rata.

Streptococcus Xénero de bacterias da familia estreptococáceas. Son cocos grampositivos que se dispoñen en cadeas, quimiorganotrófos, anaerobios facultativos e catalase-negativos. Atópanse como parasitos e/ou patóxenos no home nas vías respiratorias ou no aparello dixestivo. En placas de ágar-sangue poden provocar hemólise de dous tipos diferentes: hemólise beta ou hemólise completa de hemacias, e hemólise alfa incompleta ou viridans. Poden producir diversas substancias extracelulares, como leucodinas, estreptolisina 0 e 5, nucleases extracelulares, etc. A clasificación é moi complexa e faise atendendo ó tipo de hemólise que causa en placa ágar-sangue, carbohidrato C da parede celular e proteína M tamén da parede celular. Abarca máis de vinte especies, das que interesan especialmente *S. agalactiae*, *S. faecalis*, *S. mutans*, *S. pneumoniae*, *S. pyogenes* e *S. salivarius*. // **S. agalactiae** É hemolítico beta e causa procesos sépticos graves no neonato que se contaxian na canle do parto. / **S. faecalis** Enterococo que pode ser non hemolítico ou hemolítico alfa ou beta. É saprófito no intestino e nas vías respiratorias altas, e pode causar infeccións urinarias e endocardite bacteriana subaguda. É pouco sensible ós antibióticos. / **S. mutans** Desempeña

un papel importante na formación de caries. / *S. pneumoniae* Pneumococo que causa pneumonías, infeccións pióxenas, otite ou meninxite. Sobre placas ágar-sangue causa hemólise tipo alfa. Clasifícanse segundo o tipo de cápsula. / *S. pyogenes* É hemolítico tipo beta e pertence ó grupo A de Lancefield. Causa procesos sépticos como anxinas, erisipela, escarlatina, panaricios, otite, etc., e procesos postinfecciosos como polirreumatismo agudo e glomerulonefrite. É moi sensible á penicilina G. / *S. salivarius* Estreptococo hemolítico alfa, saprófito nas vías aéreas superiores, responsable de cadros de endocardite. / *S. viridans* A maioría ocasiona hemólise alfa en placas ágar-sangue. Son saprófitos habituais das vías respiratorias altas e responsables do 90% dos cadros de endocardites bacterianas subagudas.

Streptomyces Xénero de bacterias grampositivas aeróbicas da familia estreptomicetáceas. Algunhas das súas especies producen antibióticos antibacterianos de grande interese, como estreptomycinina, kanamicina, lincomycinina, tetraciclina, etc.

Streptothrix Xénero de bacterias que posúen vaíña de hialina e están moi difundidas na auga doce.

Strongyloidea Orde de vermes nematodos parasitos. Comprende varios xéneros, dos cales os patóxenos para o home son os xéneros *Ancylostoma*, *Necator* e *Trichostrogylus*.

Strongyloides Xénero de vermes nematodos da orde *Rhabdiasoidea*, que son parasitos intestinais de animais herbívoros e do home. Entre os parasitos do home destaca o *S. intestinalis* ou *S. stercoralis*, parasito da parede do tubo dixestivo e responsable da estronxiloidose, frecuente en países tropicais e que se caracteriza por unha diarrea intermitente.

Strümpell, signo, síndrome de V. signo, síndrome.

Stuart, síndrome de V. síndrome.

suar v. Transpirar, deitar suor polos poros da pel.

sub- Prefixo do latín, debaixo, inferior.

subabdominal *adx.* Situado ou que ocorre por debaixo do abdome.

subacetabular *adx.* Situado debaixo do acetábulo.

subacidez *s.f.* Acidez inferior á normal.

subagudo-a *adx.* Intermedio entre agudo e crónico.

subalimentación *s.f.* Alimentación insuficiente. Tamén se di **hipoalimentación**.

subapical *adx.* Situado nun ápice ou vértice.

subaponeurótico-a *adx.* Situado ou que ocorre debaixo da aponeurose.

subaracnoide *adx.* Situado debaixo da aracnoide.

subareolar *adx.* Situado ou que ocorre debaixo do vértice da mama.

subastragalino-a *adx.* Situado debaixo do astrágalo.

subatloide *adx.* Situado ou que ocorre debaixo do atlas.

subauricular *adx.* Situado ou que ocorre debaixo da orella ou da aurícula.

subaxial *adx.* Debaixo dun eixe.

subaxoide *adx.* Situado debaixo do axe.

subcalcarino-a *adx.* Situado debaixo da fisura calcarina.

subcartilaxinoso-a *adx.* 1. Situado debaixo dunha cartilaxe. 2. Que é parcialmente cartilaxinoso.

subcerebeloso-a *adx.* Situado debaixo do cerebelo.

subcerebral *adx.* Situado debaixo do cerebro.

subclavicular *adx.* Situado debaixo da clavícula.

subclavio-a *adx.* 1. Subclavicular. 2. V. **arteria, nervio**.

subclínico-a *adx.* Que non presenta manifestacións clínicas.

subcondral *adx.* Situado debaixo da cartilaxe.

subconsciencia *s.f.* Conxunto de fenómenos psíquicos que actúan xunto á consciencia pero ocultos a esta.

subconsciente *adx.* 1. En estado de subconsciencia. // *s.m.* 2. Inconsciente ou estadio intermedio entre o inconsciente e o consciente.

subconxuntival *adx.* Que ocorre debaixo da conxuntiva.

subcortical *adx.* Da porción de encéfalo situada debaixo do córtex cerebral.

subcostal *adx.* Situado debaixo das costelas.

subcostalxia *s.f.* Dor por debaixo das costelas.

subcrepitante *adx.* Escasamente crepitante.

subcrural *adx.* Das fibras musculares inseridas na porción inferior da cara anterior do fémur e na cápsula articular do xeonllo.

subcutáneo-a *adx.* 1. Que ocorre ou se sitúa debaixo da pel. 2. Que se insire ou se implanta debaixo da pel. Tamén se di **hipodérmico**.

subcute *s.f.* Tecido subcutáneo.

subcuticular *adx.* Subepidérmico.

subdelirio *s.m.* Delirio incompleto do cal o enfermo sae cando se reclama a súa atención.

subdeltoide *adx.* Debaixo do músculo deltoide.

subdérmico-a *adx.* Hipodérmico, subcutáneo.

subdiafragmático-a *adx.* Que ocorre ou está situado debaixo do diafragma.

subducción *s.f.* 1. Tracción cara a abaixo. 2. Movemento do ollo cara a abaixo pola acción do músculo recto inferior.

subdural *adx.* Situado debaixo da duramáter.

subencéfalo *s.m.* Conxunto formado polo bulbo, protuberancia, pedúnculos e corpos cuadrixéminos.

subendotelio *s.m.* Membrana de Débove.

subependimario-a *adx.* Situado debaixo do epéndima.

subepidérmico-a *adx.* Situado ou que ocorre debaixo da epiderme.

subepiglótico-a *adx.* Situado ou que ocorre debaixo da epiglote.

subepitelial *adx.* Situado ou que ocorre debaixo do epitelio.

suberose *s.f.* Enfermidade respiratoria de tipo alérxico por inhalación de po de madeira.

subescapular *adx.* 1. Situado debaixo da escápula. // *s.m.* 2. V. **músculo, nervio.**

subespiñoso-a *adx.* Situado ou que ocorre debaixo da apófise espiñosa da escápula. Tamén se di **infraespiñoso.**

subesternal *adx.* Debaixo do esterno.

subexcitación *s.f.* Excitación incompleta.

subfalcial *adx.* Situado debaixo da fouce do cerebro.

subfebril *adx.* Algo febril, que non excede moito da temperatura normal.

subfrénico-a *adx.* Subdiafragmático.

subglenoide *adx.* Situado debaixo da fosa glenoide.

subglosite *s.f.* Inflamación da cara inferior da lingua ou dos tecidos situados debaixo dela. // **S. difteroides** Afta caquécica. Tamén se di **enfermidade de Riger.**

subglótico-a *adx.* 1. Que ocorre debaixo da glote. 2. Sublingual.

subhepático-a *adx.* Que ocorre debaixo do fígado. Tamén se di **infrahepático.**

subhialoide *adx.* Que ocorre ou se sitúa debaixo da membrana hialoide.

subhioide *adx.* Que ocorre debaixo do óso hioide. Tamén se di **infrahioide.**

subictérico-a *adx.* De tingidura ictérica pouco intensa.

subículo *s.m.* 1. Soporte. 2. Parte da circunvolución do hipocampo.

subilíaco-a *adx.* Situado debaixo do óso ilíaco.

subinfeción *s.f.* Infección abortada pola destrución das bacterias que invadiron o organismo antes de que as toxinas puidesen completa-la infección.

subinflamación *s.f.* Inflamación leve.

subintrante *adx.* Dos accesos ou paroxismos que se suceden tan próximos que comeza un antes de rematar completamente o anterior.

subinvolución *s.f.* Incapacidade para recupera-lo tamaño normal, por exemplo no caso dun órgano que sufriu unha hipertrofia. // **S. do útero** Detención da involución normal do útero despois do parto.

sublaio *s.m.* ou **sublación** *s.f.* Separación, desprendemento. // **S. retinae** Desprendemento da retina.

subletal *adx.* Lixeiramente inferior a unha dose letal.

sublimación *s.f.* 1. Paso dunha substancia do estado sólido ó estado gasoso ou viceversa, sen pasar polo estado líquido. 2. Mecanismo psíquico mediante o cal se modifica a finalidade dun impulso que creaba conflito no individuo. A sublimación foi estudada sobre todo polos psicanalistas como satisfacción das pulsións sexuais a través de finalidades non sexuais.

sublimado-a *adx.* 1. Obtido por sublimación. // *s.m.* 2. Sólido resultado da sublimación, que constitúe un primeiro grao de purificación.

subliminar *adx.* Que está situado por debaixo do limiar de percepción sensorial.

sublingual *adx.* Situado debaixo da lingua. V. **glándula, arteria.**

sublingüite *s.f.* Inflamación da glándula sublingual.

sublumbar *adx.* Situado ou que ocorre debaixo da zona lumbar.

subluxación *s.f.* Luxación incompleta, é dicir, aquelas nas que a cabeza articular non perdeu totalmente as relacións normais de contacto. // **S. de Volkman** Forma de artrite tuberculosa do xeonllo que produce contractura en flexión, rotación externa da perna e curvatura da porción superior da tibia.

submaleolar *adx.* Situado ou que ocorre debaixo dos maléolos.

submandibular *adx.* Situado ou que ocorre debaixo da mandíbula. Tamén se di **submaxilar.**

submanía *s.f.* V. **hipomanía.**

submarxinal *adx.* Situado ou que ocorre debaixo dunha marxe ou beira.

submatidez *s.f.* Diminución da sonoridade á percusión.

submaxilar *adx.* Situado debaixo do maxilar. // V. **glándula.**

submaxilite *s.f.* Inflamación da glándula submaxilar.

submaxilofacial *adx.* Relativo ó músculo triangular dos labios.

submembranoso-a *adx.* Situado ou que ocorre debaixo dunha membrana.

submenínxeo-a *adx.* Situado ou que ocorre debaixo das meninxes.

submersión *s.f.* Introdución dun corpo ou substancia debaixo da auga. Variedade de asfixia dos afogados.

submucosa *s.f.* Capa de tecido celular situada debaixo da mucosa.

subnasal *adx.* Situado ou que ocorre debaixo do nariz.

subneural *adx.* Situado debaixo dun nervio.

subnormal *adx.* Que ten unha idade mental inferior á que lle corresponde pola súa idade cronolóxica, deficiente mental.

subnotocordal *adx.* Situado ou que ocorre debaixo do notocordio. Tamén se di **subcordal**.

subnutrición *s.f.* Defecto ou deficiencia na nutrición.

suboccipital *adx.* Situado debaixo do occipicio.

subopérculo *s.m.* Porción da circunvolución occipital que cobre a illa de Reil.

suborbitario-a *adx.* Situado debaixo da órbita.

subparietal *adx.* Situado ou que ocorre debaixo do óso ou rexión parietal.

subpericárdico-a *adx.* Que ocorre ou que se sitúa debaixo do pericardio.

subperióstico-a *adx.* Que está situado debaixo do perióstio.

subperitoneal *adx.* Que sucede ou se sitúa debaixo do peritoneo.

subpleural *adx.* Situado ou que ocorre debaixo da pleura.

subpontino-a *adx.* Situado debaixo da ponte de Varolio.

subprostático-a *adx.* Situado ou que ocorre debaixo da próstata.

subpubiano-a *adx.* Situado ou que ocorre debaixo da pube.

subrotuliano-a *adx.* Infrarrotuliano.

subscrición *s.f.* Parte da prescrición ou receita na que se indica o modo de preparación.

subseroso-a *adx.* Situado ou que ocorre debaixo dunha membrana serosa.

subsistencia *s.f.* Desaparición gradual dun acceso ou enfermidade.

substancia *s.f.* 1. Materia da que está formado un corpo ou un órgano. 2. Tecido. // **S. accesoria alimenticia** Vitamina. / **S. adamantina** Esmalte dos dentes. / **S. albuminoide** Albuminoide. / **S. amiloide** Amiloide. / **S. bacteri-cida** Complemento. / **S. bacteriotrópica** Oponina. / **S. beta** Corpus de Heinz. / **S. branca** Porción do cerebro e da medula espiñal formada por fibras nerviosas mielinizadas. / **S. branca de Schwann** Mielina. / **S. cimoplásica** Substancia existente nos tecidos que estimula a coagulación do sangue. / **S. coloide** Substancia de consistencia xelatinosa, de orixe epitelial e constitución química descoñecida, que se forma na dexeneración coloide. / **S. compacta** Tecido óseo no que as trabéculas se apegan unhas ás outras sen deixaren cavidades intermedias. / **S. cortical** Substancia que forma o córtex do cerebro ou doutro órgano, como o ril. / **S. cromafín** Substancia que ten afinidade polo ácido crómico ou polos seus sales, por exemplo, a substancia que constitúe a medula suprarrenal. / **S. cromófila** ou **cromófoa** Substancia constituintes celulares con ou sen afinidade, respectivamente,

polas substancias colorantes. / **S. de Nissl** Substancia cromófila das células nerviosas motoras. / **S. ebúrnea** Dentina. / **S. esponxosa** Tecido óseo formado por trabéculas finas que separan pequenas cavidades. / **S. feocroma** Substancia cromafín. / **S. ferruxinosa** Corpúsculos que limitan pola parte inferior o *locus coeruleus* da base do IV ventrículo, dos cales se pensa que derivan as fibras tróficas do nervio trixémimo. / **S. fundamental** Substancia homoxénea e amorfa, de natureza coláxena, que forma parte das diferentes variedades do tecido conxuntivo e dentro da cal se atopan células, fibras elásticas, coláxenas e de reticulina. Tamén se di **substancia intercelular**. / **S. gris** Substancia composta de células nerviosas, células de neuroglía, fibras nerviosas e vasos, que forman o córtex cerebral, os ganglios centrais e o eixe da medula espiñal. / **S. H** Substancia semellante á histamina que resulta dunha irritación da pel, e que se considera a causa do edema e do eritema local producido polo irritante. / **S. hemolítica** Substancia contida no soro sanguíneo, que destrúe os glóbulos vermello administrados por transfusión. / **S. hialina** Porción intersticial máis fluída do protoplasma celular. / **S. innominada** Capa de substancia gris situada debaixo do núcleo lenticular. / **S. interesponxioplásica** Hialoplasma. / **S. liminal** Da substancia presente no sangue que se excreta pola urina só cando se atopa neste nunha proporción que excede certos valores. Por exemplo, o azucre. / **S. lipotrópica** Substancia que aumenta o tránsito hepático dos lípidos e que se opón á dexeneración do fígado. / **S. medular** Substancia formada no parénquima dun órgano. / **S. mucosa** Mucina. / **S. negra** *Locus niger*. / **S. ósea** Cemento dentario. / **S. presora** ou **depresora** Substancia que aumenta ou diminúe, respectivamente, a presión arterial. / **S. preventiva** ou **sensibilizante** Amboceptor. / **S. propia** Tecido esencial dun órgano. / **S. reticular** Formación de agregados de células separadas por fibras en disposición reticular. Estas formacións constitúen certas rexións do encéfalo que interveñen na actividade reflexa. / **S. tigreide** Corpus de Nissl. / **S. tromboplásica** Tromboplastina ou substancia cimoplásica. / **S. vagal** Substancia que se libera nas terminacións vagais e que ten efecto inhibitorio sobre o corazón.

substitución *s.f.* 1. Acción e efecto de poñer unha cousa ou un elemento no canto doutro. 2. En química, cambio dun átomo ou dun radical por outro, sen que o resto da molécula se modifique. 3. En psicanálise, mecanismo inconsciente mediante o cal un obxecto ou emoción inaceptables son substituídos por outros aceptables. // **S. adiposa** Dexeneración adiposa. / **S. celular** Rexeneración fisiolóxica das células sanguíneas.

substitutivo-a *adx.* Que realiza unha substitución de síntomas ou funcións. Especialmente do tratamento derivativo e do transplante de órganos.

substrato *s.m.* 1. Substancia sobre a cal un enzima exerce a súa acción. 2. Capa ou estrato inferior. 3. Substancia intercelular ou substancia fundamental.

subsultus tendinum *loc.* (lat.) Movement brusco dos tendóns como consecuencia de contraccións musculares, que se observan en enfermidades neurolóxicas, nas febres tíficas, etc.

subtálamo *s.m.* Hipotálamo.

subtarsal *adx.* Situado ou que ocorre debaixo do tarso.

subtegumentario-a *adx.* Subcutáneo.

subterciá *s.f.* Afección palúdica maligna causada polo *Plasmodium falciparum*.

subtimpánico-a *adx.* 1. Que ten un son case timpánico. 2. Situado debaixo do tímpano.

subtiroide *adx.* 1. Situado ou que ocorre debaixo da tiroide. // *s.m.* 2. Músculo formado pola unión das porcións superior e inferior do músculo tiroaritenóide.

subtiroidismo *s.m.* Hipotiroidismo.

subtotal *adx.* Case total.

subtrocantéreo-a *adx.* Situado debaixo do trocánter.

subúber *s.m.* Neno lactante.

subumbilical *adx.* Situado ou que ocorre debaixo do embigo.

suburetral *adx.* Situado ou que ocorre debaixo da uretra.

subvaxinal *adx.* Situado debaixo dunha vaña ou debaixo da vaxina.

subvertebral *adx.* Situado debaixo das vértebras.

subviril *adx.* De virilidade deficiente.

subvitaminose *s.f.* Hipovitaminose.

subvola *s.f.* Espacio entre o segundo e o terceiro dedo da man.

subxacente *adx.* Situado debaixo de algo.

subxectivo-a *adx.* Percibido só pola persoa afectada, e non perceptibles polos sentidos doutra persoa, como síntomas ou sensacións.

subxugal *adx.* Situado debaixo do óso malar.

sucagogo-a *adx.* 1. Estimulante da secreción. // *s.m.* 2. Axente con esta acción.

succínico, ácido *s.m.* Ácido dicarboxílico presente en tódolos seres vivos, que constitúe un importante produto intermedio do metabolismo do ácido tricarbóxico.

succinilcolina *s.f.* Substancia despolarizante da placa motora do músculo esquelético, empregada como relaxante muscular en cirurxía.

succinilsulfatiazol *s.m.* Substancia derivada das sulfamidas con acción bacteriostática, especialmente sobre as bacterias intestinais, por ser un composto pouco soluble e absorbible. Emprégase no tratamento pre e postoperatorio de intervencións cirúrxicas intestinais.

succino *s.m.* Ámbar.

succintum *s.m.* (lat.) Diafragma.

succión *s.f.* 1. Acción ou proceso de chupar ou aspirar. 2. Acto reflexo do neonato mediante o cal succiona leite materno aplicando a boca á mama da nai. // **S. postusú-xena** Son de succión que se percibe nunha caverna pulmonar despois dun acceso de tose.

succus *s.m.* (lat.) Zume.

sucedáneo-a *s.m.* 1. Substancia que pode substituír a outra por ter propiedades semellantes. // *adx.* 2. Que segue ou que está en lugar doutro.

suco *s.m.* Depresión ou canle lonxitudinal e superficial. Tamén se di **rego, fisura**. // **S. alveolar** Espacio ou fondo de saco entre as enxivas e os beizos. / **S. anterolateral** Suco da medula correspondente á liña de orixe das raíces nerviosas anteriores. / **S. auriculo-ventricular** Suco localizado na aurícula e no ventrículo esquerdos, onde se atopa o seo coronario. / **S. balanoprepucial** Suco circular que limita a coroa da glánde. / **S. basilar** Suco medial da protuberancia, que constitúe o percorrido da arteria basilar. / **S. bicipital** Suco que sinala o límite entre o músculo bíceps e o braquial anterior. / **S. calcarino** V. **fisura calcarina**. / **S. carótide** ou **cavernoso** Suco ou depresión entre o corpo e a base da á maior do esfenoide, onde se aloxa a arteria carótide interna e o seo cavernoso. / **S. carpiano** Concavidade situada na superficie anterior dos ósos do carpo. / **S. coronario** Suco que circunda a superficie externa do corazón, entre as aurículas e os ventrículos. / **S. de Beau** V. **liña de Beau**. / **S. de Blessig** Suco situado no ollo do embrión nunha posición que corresponde á futura ora serrata. / **S. de Liebermeister** Suco anteroposterior situado na superficie superior do fígado, debido ó desenvolvemento imperfecto deste órgano. / **S. de Monro** V. s. **hipotalámico**. / **S. de Reil** Suco circular da illa. / **S. de Waldeyer** Suco que se interpón entre o limbo da lámina espiral ósea e o órgano de Corti. / **S. dixital** Depresión da superficie palmar da man. / **S. enxival** Fendedura que rodea o dente. / **S. hipotalámico** Suco localizado na parede do III ventrículo, que vai desde o orificio interventricular ata o acueducto de Silvio. / **S. intertubercular do úmero** Suco ou canle bicipital pola que pasa o tendón longo do bíceps. / **S. lagrimal de Verga** Suco polo que se continúa o orificio inferior do conducto lagrimoneural. / **S. medular** Suco localizado na liña dorsal do embrión, que forma o tubo neural. / **S. milohioide** Suco situado nas caras internas das ramas mandibulares, por onde pasan a arteria e o nervio milohioide. / **S. nasolabial** Suco situado entre o nariz e o labio superior. / **S. nasopalatino** Suco que se localiza na superficie lateral do vómer, por onde pasa o nervio nasopalatino. / **S. olfactivo** Canle olfactiva. / **S. parietooccipital** Suco situado entre os lobos occipital e parietal. / **S. posterolateral** Suco localizado no bulbo raquídeo, onde se sitúan as raíces dos nervios vago e glossofarínxeo. / **S. radial** Depresión situada na cara posterior do úmero, para o nervio radial e a arteria umeral. Tamén se di **sulcus radialis**. / **S. timpánico** Depresión situada no anel timpánico, onde se insire o tímpano. / **S. transverso** Suco localizado no óso parietal, onde se sitúa o seo lateral. / **S. venosos** SUCOS da super-

ficie cerebral dos ósos do cranio onde se aloxan as veas menínxeas. / **S. vertebral** Cada unha das canles da columna vertebral a cada lado das apófises espiñosas. / **S. xenital** Depresión localizada nos xenitais embrionarios, a partir da cal se orixina a uretra.

sucorrea *s.f.* Fluxo excesivo dun zume ou secreción.

sucrase *s.f.* V. **invertase**.

sucrosa *s.f.* Sacarosa.

sucrosuria *s.f.* V. **sacarosuria**.

suctorial *adx.* Do órgano que realiza a succión.

suctorio-a *adx.* Que serve para chupar ou zugar.

suculento-a *adx.* 1. Saboroso e nutritivo. 2. Que contén moito zume. 3. Tumefacto por infiltración edematosa ou linfática. // **Man s.** Aspecto da man en certas patoloxías, debida a infiltración edematosa do tecido subcutáneo.

sucusión *s.f.* Acción de sacudir unha parte do corpo para descubri-la presenza de líquido. // **S. hipocrática** Método de exploración torácica que consistía en sacudilo enfermo polos ombros, ó mesmo tempo que se auscultaba, para o diagnóstico de hidropneumotórax ou piopneumotórax.

sudación *s.f.* Exhalación de suor, especialmente provocada con fins terapéuticos. Tamén se di **exsudación**.

sudámina *s.f.* Dermatose caracterizada pola formación de vesículas diminutas e transparentes na pel, de aspecto miliar, e que reteñen a suor, a consecuencia de procesos que xeran sudación abundante.

sudán *s.m.* Pigmento colorante pardo, en forma de po, que se emprega especialmente para tingui-lo tecido adiposo. Existen variedades como o sudán amarelo, derivado da anilina e do resorcinol, e o sudán III, colorante vermello derivado do amidobenceno e do naftol-beta, empregado para tingui-los bacilos tuberculosos.

sudanofilia *s.f.* 1. Estado no que os leucocitos conteñen partículas que se tinguen facilmente co sudán vermello. Parece relacionada con estados de supuración. 2. Afinidade pola coloración do sudán.

sudatorio-a *adx.* 1. Sudorífero, sudorífico. // *s.m.* 2. Lugar onde se provoca suor por medio de baños de aire quente.

sudoqueratose *s.f.* Queratose das glándulas ou dos conductos sudoríparos.

sudorese *s.f.* Sudación profusa.

sudorífero-a *adx.* Sudoríparo.

sudorífico-a *adx.* 1. Que segrega ou que produce suor. Tamén se di **diaforético**. // *s.m.* 2. Axente con acción sudorífica.

sudoríparo-a *adx.* Que segrega suor.

sudorrea *s.f.* Hiperhidrose.

sufocación *s.f.* 1. Dificultade de respirar. 2. Asfixia por obstrucción das vías respiratorias ou por estar en

ambientes enrarecidos. 3. Ardencia ou sensación súbita de calor de natureza conxestiva, xeralmente acompañada de avermellamento.

sufocante *adx.* Que sufoca, especialmente unha anxina ou un catarro bronquial.

sufrimento *s.m.* Padeceamento físico ou psíquico máis ou menos duradeiro. // **S. fetal** Estado patolóxico do feto por hipoxia durante o embarazo ou o parto. As causas poden ser maternas, uterinas, umbilicais e mesmo placentarias.

sufusión *s.f.* Derramo, especialmente sanguíneo, ou hemorragia con infiltración nos tecidos.

suicidio *s.m.* Acción de quita-la propia vida voluntariamente. Tamén se di **autofonía**.

suicidiomanía *s.f.* Tendencia de tipo morboso ó suicidio. Tamén se di **autofonomanía**.

sulciforme *adx.* En forma de suco ou rego.

sulcus *s.m.* (lat.) Canle, fisura, suco. // **S. lunatus** Suco semilunar que se ve ás veces na cara externa do lobo occipital. / **S. ventralis** Suco mediano anterior da medula espiñal.

sulf- Prefixo do latín, xofre.

sulfacetamida *s.f.* Sulfamida empregada tónicamente nas infeccións oftálmicas.

sulfadiacina *s.f.* Sulfonamida de acción e excreción rápida e con pouca toxicidade.

sulfaldehido *s.m.* Substancia líquida oleosa e axofrada que se emprega como hipnótico.

sulfamida *s.f.* Fármaco quimioterápico de actividade antibacteriana, derivado da sulfanilamida. Introducidos en terapéutica en 1937, foron os axentes quimioterápicos máis importantes para o tratamento das infeccións ata a aparición dos antibióticos, os cales teñen efectos moito menos tóxicos, polo que o papel das sulfamidas decaeu moito desde aquela.

sulfanemia *s.f.* Anemia causada polas sulfamidas.

sulfanilamida *s.f.* Núcleo químico común dos quimioterápicos do grupo das sulfamidas. É a para-aminobenzenosulfonamida, substancia que se presenta en cristais brancos ou en po, soluble, de acción bacteriostática, eficaz contra os estreptococos beta-hemolíticos, meningococo, gonococo, estafilococo, *Brucella* e *Clostridium perfringens*. Anteriormente foi empregada no tratamento de procesos infecciosos, sendo substituídas por derivados menos tóxicos ou por antibióticos.

sulfapiracina *s.f.* Isómero da sulfapiridina, eficaz nas infeccións pneumocócicas, estreptocócicas, por *Escherichia coli* e *Shigella*.

sulfapiridina *s.f.* Derivado da sulfanilamida-2-paraaminobenzenosulfamidopiridina.

sulfapirimidina *s.f.* Sulfadiacina.

sulfatado-a *adx.* Que contén sulfato.

sulfatase *s.f.* Enzima que hidroliza ésteres de ácido sulfúrico.

sulfatemia *s.f.* Presencia de sulfato no sangue.

sulfatiazol *s.m.* Sulfamida de acción antibacteriana. N¹-2-tiazolilsulfanilamida.

sulfátido *s.m.* Tipo de substancias lipoides formado por ésteres compostos de ácido sulfúrico que se atopan nas fibras nerviosas.

sulfato *s.m.* Sal ou éster do ácido sulfúrico. En medicina empréganse dous tipos: metálicos alcalinos (sulfato de magnesio, de cinc, etc.) e orgánicos, ou sales resultantes da combinación cunha base orgánica. // **S. de bario** Sal empregada como medio de contraste para o estudio do aparello dixestivo. / **S. de magnesio** Purgante de acción rápida e inocua que se emprega tamén como antídoto en intoxicacións, no tétano, corea, etc., pola acción depresiva que exerce o ión magnesio sobre o sistema nervioso.

sulfentanil *s.m.* Analxésico opiáceo sintético de acción central mil veces máis potente cá da morfina.

sulfhídrico (ácido) *s.m.* Gas tóxico de fórmula H₂S, resultante da hidroxenación do xofre, con cheiro a ovos podres, empregado como reactivo. De xeito natural despréndese nas fumarolas dos volcáns e nos mananciais. Tamén se produce na putrefacción de materiais orgánicos.

sulfhidrilo *s.m.* Radical monovalente SH.

sulfhidrismo *s.m.* Intoxicación por inhalación de vapores de hidróxeno sulfurado.

sulfhidrometría *s.f.* Determinación do ácido sulfhídrico contido en augas sulfurosas.

sulfito *s.m.* Sal do ácido sulfuroso.

sulfmethemoglobina *s.f.* Sulfohemoglobina.

sulfobacteria *s.f.* Bacteria que vive en medios sulfurosos e acumula xofre no seu corpo.

sulfocarbol *s.m.* Sulfofenol.

sulfocarbonismo *s.m.* Intoxicación polo sulfuro de carbono.

sulfoconxugado-a *adx.* Dos ésteres do ácido sulfúrico con diversas substancias, sobre todo de tipo fenolítico, esteroides, etc., excretados pola urina. A través deste mecanismo conséguese desintoxica-los organismos de substancias tóxicas que se combinan co ácido sulfúrico para forma-los ésteres do ácido sulfúrico que se eliminan pola urina.

sulfofenol *s.m.* Composto oleoso de cor vermella que se emprega coma o fenol en solucións do 1-10%.

sulfohemoglobina *s.f.* Substancia derivada da hemoglobina pola acción do sulfuro de hidróxeno, que adoita localizarse no sangue trala administración de fenacetina. A absorción de pequenas cantidades de sulfuro de hidróxeno polo intestino pode causar aumento na concentra-

ción de sulfohemoglobina no sangue, o que lle confire unha tinguadura azulada a este.

sulfoide *s.m.* Xofre coloidal.

sulfona *s.f.* 1. Composto orgánico caracterizado por ter un ou máis grupos sulfónicos (-SO₂) unidos a radicais aromáticos ou alquílicos. 2. Radical SO₂. 3. Derivado da diaminodifenilsulfona.

sulfonamida *s.f.* Composto químico NH₂SO₂ que comprende os derivados da sulfanilamida de acción bacteriostática. Son eficaces no tratamento de infeccións causadas por microorganismos grampositivos (estreptococo, pneumococo) e gramnegativos (meningococo, gonococo, *E. coli*). Actúan evitando o crecemento normal, desenvolvemento e multiplicación, pero non destrúen os xermes maduros.

sulfonamidoterapia *s.f.* Tratamento por sulfamidas.

sulfonilurea *s.f.* Composto do grupo das arilsulfonilureas que ten unha actividade hipoglicémica por estimula-la secreción de insulina dos illotes de Langerhans. Emprégase no tratamento da diabete insulino non dependente.

sulfopiretoterapia *s.f.* Piretoterapia por inxección de preparados de xofre.

sulfopirina *s.f.* Paraamidobenzolsulfonato de antipirina. Actúa como antineurálxico e antipirético.

sulfoproteína *s.f.* Calquera das series de albumina que conteñen xofre en forma inestable.

sulfoxel *s.m.* Xel no que o medio é o ácido sulfúrico en vez de auga.

sulfoxismo *s.m.* Envenenamento con ácido sulfúrico.

sulfur *s.m.* (lat.) Xofre.

sulfurado-a *adx.* Que contén sulfuro ou xofre.

sulfuraria *s.f.* Sedimento de certas augas medicinais de Italia formado por algún barro que contén xofre, sulfuro de calcio, sílice, etc. Emprégase no tratamento dalgunhas enfermidades da pel.

sulfúrico, ácido *s.m.* Ácido moi forte de fórmula SO₄H₂, cáustico e tóxico. Emprégase en química, en medicina e na fabricación de explosivos, plásticos, etc.

sulfurilo *s.m.* Radical SO₂.

sulfuro *s.m.* Composto binario de xofre e outro elemento. Os sulfuros alcalinos empréganse en medicina.

sulfurosa, auga *s.f.* Auga que basea a súa acción terapéutica no contido de xofre. Emprégase en forma de bebidas, baños, inhalacións, etc., e está indicada en enfermidades da pel, como eccemas, acne, urticarias, enfermidades respiratorias como asma e bronquite, e enfermidades reumáticas.

sulfuroso, ácido *s.m.* Disolución acuosa de anhídrido sulfuroso, que se emprega como antiséptico nos procesos de fermentación.

sumación *s.f.* 1. Reforzo da actividade muscular ou nerviosa, pola acción dun maior número de unidades contráctiles ou conductoras, ou ben pola repetición do estímulo. No primeiro caso fállase de sumación espacial, no segundo caso, de sumación temporal. 2. Potenciación dos efectos producidos por dous ou máis fármacos, de xeito que a súa acción combinada equivale á suma das accións individuais.

sunamitismo *s.m.* Sistema xeriátrico que se basea en fomenta-lo trato das persoas anciás con xente nova.

suor *s.f.* Produto da secreción das glándulas sudoríparas da pel. A suor é un líquido claro e de sabor salgado, formado principalmente por auga e unha pequena proporción (1%) de substancias sólidas: sales, sobre todo de sodio, ácidos graxos, colesteroína, urea e outros compostos. A reacción é alcalina ou ácida segundo as distintas rexións do corpo. // **S. colicuativa** Suor copiosa e extenuante dos últimos períodos da tuberculose. / **S. fría** Suor que se observa en certos estados emocionais ou de anoxia. / **S. miliar** Suor eritematosa caracterizada pola aparición na pel de vesículas miliares, cheas dun líquido claro. Tamén se di **febre miliar**. / **S. nocturna** Sudación durante o sono, que é síntoma frecuente de enfermidades infecciosas, como a tuberculose, brucelose, etc. / **S. sanguínea** Hematidrose.

suorento-a *adx.* Que súa moito ou que é propenso a facelo.

supedáneo-a *adx.* Da planta dos pés.

super- Prefixo do latín que significa exceso ou posición superior.

superabducción *s.f.* Abducción excesiva.

superacidez *s.f.* Acidez excesiva. Tamén se di **hiperacidez**.

superactividade *s.f.* Hiperactividade, hipercinesia.

superalbuminose *s.f.* Formación excesiva de albumina. Tamén se di **hiperalbuminose**.

superalcalinidade *s.f.* Alcalinidade excesiva. Tamén se di **hiperalcalinidade**.

superalimentación *s.f.* Sobrealimentación.

supercarbonato *s.m.* Bicarbonato.

superciliar *adx.* Da rexión da cella.

supercilium *s.m.* (lat.) Cella.

superdistensión *s.f.* Distensión excesiva. Tamén se di **hiperdistensión**.

superego *s.m.* Na psicanálise, parte inconsciente da personalidade que controla as actividades conscientes. O superego é unha especie de censura que inspira o sentimento neurótico de culpabilidade e de autocastigo, pois é a instancia represora, o soporte de tódalas prohibicións e de tódalas obrigacións sociais e culturais.

superfecundación *s.f.* Fecundación de dous ou máis óvulos durante o mesmo período menstrual, por esper-

matozoides procedentes dun mesmo individuo ou de individuos distintos.

superfetación *s.f.* Fecundación de dous ou máis óvulos correspondentes a distintos períodos menstruais, ou tamén fecundación dun óvulo nunha muller embarazada.

superficial *adx.* 1. Relativo á superficie. 2. Pouco profundo.

superficie *s.f.* Parte externa ou límite exterior dun corpo. // **S. articular** Parte dos ósos revestida de cartilaxe, que entra en contacto nas articulacións. / **S. axial** Superficie dun dente paralela ó eixe maior. / **S. bucal, labial** ou **lingual** Superficie dental que mira cara á fazula, labios ou lingua, respectivamente. / **S. de contacto** Cara dun dente que está en contacto con outro do mesmo arco dentario. / **S. distal** ou **proximal** Superficie de contacto dun dente que mira ó que lle segue ou ó que lle precede, respectivamente. / **S. oclusal** Superficie de mastigación dos molares. / **S. respiratoria** Conxunto de superficies dos alvéolos pulmonares. / **S. tentorial** Porción do cerebro en contacto coa tenda do cerebelo.

superflexión *s.f.* Flexión excesiva. Tamén se di **hiperflexión**.

superimpregnación *s.f.* 1. Superfecundación ou superfetación. 2. Ingreso de máis dun espermatozoide no óvulo. Tamén se di **polispermia**.

superinfección *s.f.* Nova infección contraída por un individuo que xa estaba anteriormente infectado e non curado. É unha complicación do proceso inicial de curación.

superinvolución *s.f.* Exceso de involución que pode sufrilo útero despois do parto, quedando dun tamaño inferior ó habitual.

superior *adx.* Do que está máis alto respecto doutra cousa.

superlactación *s.f.* 1. Secreción excesiva de leite. 2. Lactación excesivamente prolongada.

superletal *adx.* Superior á dose de droga letal mínima.

supermicroscopio *s.m.* Microscopio electrónico que proporciona aumentos superiores a 1200 diámetros.

supermobilidade *s.f.* Mobilidade excesiva dun órgano ou parte.

supernumerario-a *adx.* Que existe en número superior ó normal. Xeralmente trátase de órganos ou estruturas de carácter malformativo.

supernutrición *s.f.* Nutrición excesiva ou sobrealimentación.

superolateral *adx.* Situado na parte superior e lateral.

superovulación *s.f.* Aceleración extraordinaria da ovulación.

superparasitismo *s.m.* Infestación con máis parasitos dunha especie dos que o hóspede pode soportar en condi-

- cións tales que poidan cumprir nel o ciclo evolutivo correspondente.
- superpigmentación** *s.f.* Hiperpigmentación.
- superposición** *s.f.* Posición dunha parte, órgano ou plano enriba doutros.
- supersaturación** *s.f.* Saturación excesiva.
- supersecreción** *s.f.* Hipersecreción ou secreción excesiva.
- supersedante** *adx.* Curativo ou que prevén unha enfermidade.
- supersensibilización** *s.f.* Hipersensibilización.
- supersexual** *adx.* Que ten os caracteres sexuais, masculinos ou femininos, esaxerados.
- supersónico-a** *adx.* 1. Superior á velocidade do son ou que acada tal velocidade. 2. Relativo ás ondas de frecuencia excesivamente alta para seren oídas.
- supervención** *s.f.* Desenvolvemento dalgún proceso adicional a outro xa existente.
- supervirulento-a** *adx.* Virulento en exceso.
- supervivencia** *s.f.* 1. Acción e efecto de sobrevivir ou de seguir vivindo despois da morte doutros ou despois de determinado suceso ou etapa. 2. Prolongación da vida celular despois da morte do individuo.
- supinación** *s.f.* 1. Movemento de rotación do antebrazo polo cal a palma da man se fai anterior. 2. Decúbito supino ou dorsal.
- supinador** *s.m.* Músculo que leva o antebrazo e a man á supinación.
- supino-a** *adx.* Co dorso cara a abaixo, oposto a prono.
- suplagotoxina** *s.f.* Toxina da peste porcina.
- suplementario-a** *adx.* Que serve para suplir unha cousa ou para complementala.
- supositorio** *s.m.* Preparación farmacéutica para a administración rectal ou vaxinal de fármacos, na que o principio activo está mesturado cun excipiente graxo como manteiga de cacao, glicerina, etc., que se funde á temperatura do corpo humano. Ó fundirse no recto o excipiente, os principios activos quedan libres e son absorbidos polas veas hemorroidais.
- supra-** Prefixo do latín, enriba, sobre.
- supraacromial** *adx.* Situado ou que ocorre enriba do acromio.
- supraacromiomerale** *adx.* Do músculo deltoide.
- supraauricular** *adx.* Situado enriba da aurícula ou da orella.
- supraaxilar** *adx.* Situado enriba da axila.
- supraciliar** *adx.* Superciliar.
- supraclavicular** *adx.* 1. Situado enriba da clavícula. // *s.m.* 2. V. **músculo**.
- supracoccíneo-a** *adx.* Situado enriba do cóccix.
- supracondíleo-a** *adx.* Situado enriba do cóndilo.
- supracoroide** *adx.* 1. Situado enriba da coroide. // 2. *s.f.* Tecido laso, entre a esclerótica e a coroide, que constitúe a capa máis externa do recubrimento vascular do ollo. Tamén se di **ectocoroide**.
- supracostal** *adx.* Situado enriba da fosa das costelas, como certos músculos da rexión costal posterior do tórax.
- supracotiloide** *adx.* Situado enriba da cavidade cotiloide.
- supracranial** *adx.* Que se atopa sobre a superficie superior do cráneo.
- supradiafragmático-a** *adx.* Situado ou que ocorre enriba do diafragma.
- supraepicondíleo-a** *adx.* Situado enriba do epicóndilo.
- supraepitroclee** *adx.* Situado enriba da epitroclee.
- supraglótico-a** *adx.* Situado ou que ocorre enriba da glote.
- suprahepático-a** *adx.* Situado enriba do fígado.
- suprahioide** *adx.* Situado enriba do óso hioide.
- suprainguinal** *adx.* Situado ou que ocorre enriba da ingua.
- supraliminal** *adx.* Que está por riba do limiar de percepción sensorial.
- supralumbar** *adx.* Situado por riba da zona lumbar.
- supramaleolar** *adx.* Situado ou que ocorre por riba dun maléolo.
- supramamario-a** *adx.* Situado enriba da glándula mamaria.
- supramandibular** *adx.* Situado enriba da mandíbula, especialmente da inferior.
- supramastoide** *adx.* Situado enriba da apófise mastoide.
- supramaxilar** *adx.* 1. Situado enriba do maxilar. // *s.m.* 2. Maxilar superior.
- supranasal** *adx.* Situado enriba do nariz.
- supraneural** *adx.* Situado ou que ocorre enriba dun nervio ou do eixe neural.
- supranuclear** *adx.* Situado enriba dun núcleo.
- supraoblicuo** *s.m.* Músculo oblicuo superior do ollo.
- supraoccipital** *adx.* Situado na parte superior do occipicio.
- supraoclusión** *s.f.* Oclusión dos dentes na cal as caras oclucionadas están por riba do plano de oclusión normal, e disto resulta unha separación dos dentes anteriores.
- supraocular** *adx.* Situado enriba do globo ocular.
- supraóptimo-a** *adx.* Superior á temperatura óptima para o desenvolvemento dun organismo.

supraorbitario-a *adx.* Que ocorre por riba da órbita.

suprapatelar *adx.* Suprarrotuliano.

suprapelviano-a *adx.* Que ocorre por riba da pelve.

suprapubiano-a *adx.* Situado ou que ocorre por riba da pube.

suprarrenal *adx.* 1. Situado enriba do ril. // *s.f.* 2. V. **cápsula, glándula.**

suprarrenalectomía *s.f.* Escisión da glándula suprarrenal.

suprarrenalemia *s.f.* Exceso de hormonas suprarrenais no sangue.

suprarrenalina *s.f.* Adrenalina.

suprarrenalismo *s.m.* Exceso de actividade das glándulas suprarrenais.

suprarrenalite *s.f.* Inflamación das cápsulas suprarrenais.

suprarrenalopatía *s.f.* Enfermidade das cápsulas suprarrenais.

suprarrenina *s.f.* Adrenalina.

suprarrenoma *s.m.* Tumor da cápsula suprarrenal.

suprarrenotrópico-a *adx.* Que inflúe sobre as cápsulas suprarrenais ou que ten afinidade por elas. Tamén se di **adrenotrópico.**

suprarrenotropismo *s.m.* Estado endócrino no que predomina a hormona suprarrenal.

suprarrotuliano-a *adx.* Situado ou que ocorre enriba da rótula.

suprascapular *adx.* Que se sitúa na parte superior da escápula.

suprasfenoide *adx.* Situado enriba do óso esfenoide.

supraspinal *adx.* Situado ou que ocorre enriba da columna vertebral.

supraspiñoso-a *adx.* 1. Situado enriba da apófise espiñoso. // *s.m.* 2. V. **músculo.**

suprasternal *adx.* Situado enriba do esterno.

suprasterol *s.m.* Tipo de esterol tóxico producido pola irradiación do ergosterol.

supratemporal *adx.* Situado na parte superior do óso ou da zona temporal.

supratimpánico-a *adx.* Situado enriba do tímpano.

supratonsilar *adx.* Situado na superficie amigdalal ou tonsilar, ou por riba dela.

supratorácico-a *adx.* Situado enriba do tórax.

supraumbilical *adx.* Situado enriba do embigo.

supravaxinal *adx.* Situado por riba ou fóra dunha túnica vaxinal ou da vaxina. // **Colo s.** Parte do colo uterino situada por riba da inserción da vaxina.

supresión *s.f.* 1. Interrupción dunha secreción, excreción, fluxo ou drenaxe normal. 2. En xenética, efecto dunha

segunda mutación que anula un cambio fenotípico producido por unha mutación anterior. 3. En psicanálise, exclusión dun contido psíquico do campo da conciencia.

supuración *s.f.* 1. Formación de pus nun foco inflamatorio. 2. Derramo de pus.

supurativo-a *adx.* Que produce supuración.

sura *s.f.* (lat.) Papo da perna.

sural *adx.* Do papo da perna.

suramina *s.f.* Composto empregado na prevención e tratamento de enfermidades do sono. Foi introducido en 1920 trala observación da súa actividade tripanocida.

surfactante *s.m.* Composto formado por unha parte de carácter hidrofóbico e outra hidrofílica, que ten a propiedade de acumularse na interfase dun sistema, diminuindo a tensión superficial e favorecendo o incremento da superficie da interfase e a adhesividade do líquido sobre as superficies molladas. // **S. pulmonar** Composto elaborado polo pulmón, que diminúe a tensión superficial e favorece a distensión pulmonar durante os movementos respiratorios. A súa cuantificación dentro do líquido amniótico permítenos valora-la madurez do pulmón do feto.

surmenaxe *s.f.* Estado, que pode ser xeral ou local, intelectual ou físico, provocado por un exercicio prolongado máis aló da sensación de cansazo, debido a unha intoxicación polas substancias de refluxo que non puideron ser eliminadas, ou a unha incapacidade de recuperación.

surra *s.f.* Enfermidade mortal dalgúns animais domésticos que se caracteriza por febre, edema, petequias nas mucosas, anemia, etc., causada polo *Trypanosoma evansi* e transmitida por moscas e tabáns.

sursumducción *s.f.* Acción de levar cara a arriba. En particular, da elevación dun eixe visual sobre o outro.

sursumversión *s.f.* Acción e efecto de virar ou dirixir cara a unha parte, especialmente a acción de dirixi-los dous ollos simultaneamente cara a arriba.

sursumverxencia *s.f.* Variedade de estrabismo dirixido cara a arriba.

susceptibilidade *s.f.* 1. Predisposición ou falta de resistencia a unha enfermidade. 2. Disposición para ser modificado ou impresionado.

susceptible *adx.* Non inmune, ou non resistente a cambios ou impresións.

suscitación *s.f.* Excitación.

suspensión *s.f.* 1. Sistema formado pola dispersión de partículas grandes dentro dun líquido. 2. Elevación dunha parte do corpo, que se pendura nun soporte. 3. Cesamento temporal dun acto ou dun fenómeno. // **S. coloidal** Dispersión na que as partículas suspendidas son moi pequenas e non están inhibidas polo dispersante.

suspensorio-a *adx.* 1. Que suxeita un órgano ou extremidade, que pode ser un músculo ou un ligamento. // *s.m.* 2. Vendaxe empregada para suxeitar un órgano ou parte del, especialmente aquela que ten forma de bolsa e que serve

para soste-lo escroto e o seu contido nas afeccións testiculares, epididimarias ou do cordón espermático.

susurrus *s.m.* (lat.) Murmurio.

sutho *s.m.* Especie de lepra observada en Corea.

sutil *adx.* Moi fino ou delicado.

sutura¹ *s.f.* En anatomía, tipo de articulación fibrosa inmóbil, característica dos ósos do cranio e da cara, na cal o tecido conxuntivo situado entre os distintos ósos é moi escaso e as superficies articulares atópanse case en contacto directo, polo que non teñen mobilidade. Tamén se di **sutura anatómica**. // **S. basililar** Sincondrose esfenoccipital. / **S. bimaxilar** Sutura intermaxilar. / **S. biparietal** Sutura saxital. / **S. cigomaticomaxilar** Sutura entre os ósos cigomático e maxilar. / **S. coronal** Liña de articulación entre o frontal e os dous parietais. / **S. craniana** Unións fibrosas entre as beiras da bóveda cranial, que durante a vida da persoa van sendo substituídas progresivamente pola osificación e finalmente desaparecen. / **S. dentada** Unión fibrosa na que as beiras dos ósos que se unen presentan forma de dentes de serra. / **S. escamuda** 1. Tipo de sutura anatómica formada pola superposición de superficies óseas en bisel ancho. 2. Sutura anatómica entre a porción escamuda do temporal e o parietal. / **S. escamudomastoide** Sutura ósea inconstante entre a escama do temporal e a porción mastoide do temporal. / **S. esfenobasililar** Sincondrose esfenoccipital. / **S. esfenocigomática** Sutura ósea entre o esfenoid e a porción cigomática do malar. / **S. esfenoescamosa** Sutura ósea entre a escama e a á maior do esfenoid. Tamén se di **sutura esfenotemporal**. / **S. esfenotmoidal** Sutura ósea entre a crista esfenoidal e a lámina perpendicular do etmoide. / **S. esfenofrontal** Sutura anatómica entre o esfenoid e o frontal. / **S. esfenomaxilar** Sutura ósea inconstante entre a apófise pterigoide e o maxilar. / **S. esfenoccipital** Sincondrose esfenorbitaria. Sutura entre a apófise orbitaria do palatino e o corpo do esfenoid. / **S. esfenoparietal** Sutura ósea entre a á maior do esfenoid e o parietal. / **S. esfenopetrosa** Sincondrose entre o esfenoid e a porción petrosa do temporal. / **S. esfenotemporal** 1. Sincondrose esfenopetrosa. 2. Sutura esfenoescamuda. / **S. esfenovomeriana** Sutura entre o vómer e o esfenoid. / **S. etmoidelacrimonal** Sutura do óso ungue co etmoide. / **S. etmoidemaxilar** Sutura entre o etmoide e a cara orbitaria do maxilar. / **S. falsa** Sutura por aposición simple entre dous ósos, como por exemplo, a sutura escamuda e a plana. / **S. frontal** Sutura ósea inconstante entre ámbalas dúas metades do óso frontal. Tamén se di **sutura metópica**. / **S. frontocigomática** Unión entre o frontal e o cigomático. / **S. frontoesfenoidal** Sutura esfenofrontal. / **S. frontotmoidal** Sutura entre o frontal e o etmoide. / **S. frontolagrimal** Sutura entre o frontal e o ungue. / **S. frontomalar** Sutura frontocigomática. / **S. frontomaxilar** Sutura entre o frontal e o maxilar. / **S. frontoparietal** Sutura coronaria ou coronal. / **S. incisiva** Sutura ósea ocasional entre os ósos maxilar superior e incisivo, cando este persiste independentemente. Tamén se di **sutura premaxilar**. / **S. intermaxilar** Unión dos dous maxilares superiores entre eles.

/ **S. interparietal** Sutura saxital. / **S. lacrimomaxilar** Sutura ósea entre o maxilar superior e o ungue. / **S. lambdoide** Sutura entre o occipital e os parietais. Tamén se di **sutura occipitoparietal**. / **S. metópica** Sutura frontal. / **S. nasal** Sutura entre os dous ósos nasais. / **S. nasomaxilar** Sutura entre o maxilar e o nasal. / **S. occipitomastoide** Sutura entre o occipital e a apófise mastoide. / **S. occipitoparietal** Sutura lambdoide. / **S. ósea** Sutura entre dúas superficies óseas, con pouco tecido fibroso entre elas. / **S. palatina media** Sutura ósea situada na liña media da bóveda palatina, entre os maxilares e os palatinos de cada lado. / **S. palatina transversa** Sutura ósea na bóveda palatina, entre os maxilares superiores e ámbolos dous palatinos. / **S. palatoetmoidal** Sutura entre o palatino e o etmoide. / **S. palatomaxilar** Sutura ósea entre a cara lateral do palatino e o maxilar superior. / **S. palatopterigoide** Sutura entre o palatino e a apófise pterigoide. / **S. parietal** Sutura saxital. / **S. parietomastoide** Sutura entre o parietal e a apófise mastoide. / **S. petrosooccipital** Sutura entre a porción petrosa e o occipital. / **S. premaxilar** Sutura incisiva. / **S. rabdoide** Sutura saxital. / **S. saxital** Sutura na liña media da bóveda, entre os ósos parietais. Tamén se di **sutura biparietal**, **interparietal**, **rabdoide** ou **xugal**. / **S. temporcigomática** Sutura ósea entre o temporal e o cigomático. / **S. transversa** Sutura frontocigomática, frontomaxilar e frontonasal, consideradas como unha soa. / **S. xugal** Sutura saxital.

sutura² *s.f.* En cirurxía, unión cirúrxica realizada con fíos ou grampas, para reparar unha incisión, un esgazamento ou unha ferida. // **S. absorbible** Sutura que se efectúa cunha substancia asimilable polos tecidos orgánicos, coma o catgut, de xeito que chegan a desaparecer. / **S. circular** Sutura que se realiza arredor dun órgano cilíndrico, como arterias, intestino ou tendóns, co fin de unir seccións transversais. / **S. composta** Sutura interrompida con dobre fío, apoiada ou anoada ós dous lados da ferida sobre tubos paralelos de goma ou de gasa. / **S. continua** Sutura na cal un só fío segue toda a lonxitude da ferida, cun nó de suxeición ó comezo e outro ó remate. / **S. de Albert** Modificación da sutura de Czerny na que a primeira ringleira de puntos atravesa toda a túnica do intestino. / **S. de aposición** A que só atravesa a pel. / **S. de aproximación** A realizada con puntos profundos que emerxen a distancia das beiras da ferida. / **S. de Bell** Sutura na que se introduce a agulla polo lado interno da ferida e se saca polo externo, de forma alterna en cada beira. / **S. de Billroth** Sutura interrompida na que os puntos se apoian e se anoan en placas semellantes a botóns, para impedi-la sección dos tecidos. Tamén se di **sutura en botón**. / **S. de Bozeman** ou **sutura de colchoeiro** Sutura continua na que cada punto atravesa perpendicularmente o eixe da ferida, pero en dirección oposta á anterior. É unha variedade de sutura en botón. / **S. de Connell** Variedade de sutura continua empregada en feridas intestinais, na que os puntos inverten e invaxinan a mucosa no interior da luz e producen unha unión serosa completa. / **S. de Cushing** Sutura continua invertida que atravesa as capas serosa e muscular do aparello gastroin-

testinal. / **S. de Czerny** 1. Sutura intestinal que atravesa só a capa mucosa. 2. Sutura tendinosa para alargar un tendón seccionado, que consiste en realizar un colgallo nun dos cabos e suturalo ó cabo oposto. / **S. de Czerny-Lembert** Combinación das suturas de Czerny e de Lembert. / **S. de Doyen** Sutura continua na que cada tres ou catro puntos se volve a agulla cara a atrás, pasándoa por riba e por debaixo do punto anterior, co fin de evitar que os puntos afrouxen. Tamén se di **sutura de punto pasado**. / **S. de Dupuytren** Modalidade de sutura de Lembert continua. / **S. de Gaillard-Arlt** A empregada para corrixi-lo entropio. / **S. de Gould** Sutura intestinal de colchoeiro. / **S. de guanteiro** Sutura continua simple na que cada punto enlaza co anterior. / **S. de Gussenbauer** Modalidade de sutura intestinal en forma de oito que se practica para suturar esgazaduras intestinais. / **S. de Halsted** Variedade de sutura de colchoeiro que se realiza para a reparación de feridas intestinais. / **S. de Harris** Sutura circular que se realiza no intestino, denuando a mucosa do cabo distal, que se aproxima ó cabo proximal e logo sutíranse os dous. / **S. de Jobert** Sutura de puntos separados realizada para uni-los extremos do intestino seccionados en sentido transversal, e previamente invaxinados. / **S. de Le Denter** A que se realiza para uni-las seccións dun tendón. / **S. de Lembert** Modalidade de sutura intestinal na que os puntos atravesan a capa serosa e a muscular ós dous lados da ferida, de xeito que as beiras da ferida quedan invaxinadas ó ata-los cabos do fío. / **S. de Pancoast** A que se realiza cunha fita que se obtén dunha das beiras da ferida e aplicada sobre un suco aberto na outra. Tamén se di **sutura plástica**. / **S. de Paré** Unión das beiras dunha ferida mediante fitas de tea pegadas ó longo delas e suturadas entre si. / **S. de punto atrás** Sutura continua simple na que cada dous ou tres puntos a agulla vírase cara a atrás e pasa de novo polos dous últimos puntos. / **S. de punto pasado** Sutura de Doyen. / **S. de puntos en asa** ou **de puntos en U** Sutura na que cada punto pasa dunha beira á outra da ferida facendo un percorrido en forma de U, de xeito que os extremos do fío quedan no mesmo lado da ferida, onde se atan. / **S. de puntos separados** Sutura interrompida. / **S. de Ramdohr** Sutura intestinal na que previamente se invaxina o cabo superior no inferior. / **S. de Rigal** Modalidade de sutura entrelazada que se utiliza nas correccións do labio leporino. / **S. de Ritish** Sutura intestinal na que se levan os fíos cara a fóra a través da ferida externa. / **S. de Schmieden** Sutura gastrointestinal por puntos realizados desde o plano mucoso ó seroso, de xeito que as beiras se enfronten sen invaxinación. / **S. de Simon** A que se realiza para reparar esgazaduras perineais na que se suturan por separado as mucosas rectal e vaxinal. / **S. de transfixión** Aquela na que as beiras da ferida se aproximan mediante alfinetes que se manteñen no seu lugar suxeitos cun fío. / **S. de Wysler** Sutura seromuscular para aproxima-las capas peritoneais do intestino. / **S. de Wölfler** 1. Sutura intestinal na que as superficies mucosas se unen mediante unha sutura continua, e as serosas por sutura de Lembert. 2. Sutura tendinosa cunha única asa. / **S. diferida** Sutura na que primeiro se realiza unha sutura frouxa, tápase a ferida durante varias horas e

finalmente cérrase definitivamente apertando os puntos e anoándoo. / **S. en bolsa de tabaco** Sutura continua arredor dunha ferida ou orificio que se cerra ó tirar e ata-los dous cabos do fío. / **S. en cadea** Sutura continua na que unha asa do fío se enlaza coa asa anterior. / **S. en festón** Sutura a punto pasado na que a agulla pasa sobre o material de sutura de cada punto efectuado. / **S. en forma de oito** Sutura na que se aproximan as beiras da ferida por medio de alfinetes que se manteñen no seu sitio coa axuda dun fío que se enrola en forma de oito. / **S. en masa** Sutura na que cada punto atravesa tódolos planos da ferida, desde a superficie ata a parte máis fonda. Úsase en casos de urxencia. / **S. enterrada** Sutura agachada debaixo da pel. / **S. espiral** Sutura continua. / **S. incruenta** Sutura na que se pasan os puntos a través de dúas fitas de emplasto adhesivo colocadas paralelamente ás beiras da ferida, en vez de pasaren por ditas beiras. / **S. interrompida** Sutura de puntos individuais que se atan por separado, sen que o fío teña continuidade. / **S. intra-dérmica** Sutura que se realiza con fins estéticos, especialmente na cara, para evitar cicatrices dos puntos, na cal os puntos non atravesan a epiderme senón que van paralelos e alternativos ós dous lados, na derme. / **S. invaxinante** A formada por puntos que ó seren cerrados invaxinan e aproximan as beiras da ferida. / **S. invertida** Sutura na que se dobran cara a dentro as beiras que se unen. / **S. metálica** A que se realiza con fíos de metal. / **S. plástica** Sutura de Pancoast. / **S. por planos** Aquela sutura na que a unión se vai realizando por capas de tecido. / **S. primaria** A realizada xusto despois de se produci-la ferida. / **S. profunda** A que se realiza por debaixo da pel. / **S. seca** Sutura incruenta. / **S. secundaria** A que se realiza algún tempo despois de ter lugar a ferida. / **S. superficial** Sutura que non afecta os tecidos subcutáneos, senón só a pel. / **S. transitoria** Sutura da que se retiran os puntos despois de pasado certo tempo, ou ben aquela que se realiza con material absorbible.

suxeito *s.m.* Persoa ou animal sometido a observación, tratamento ou experimentación.

suxestibilidade *s.f.* Estado de debilidade mental no que a persoa é moi sensible ás suxestións.

suxestión *s.f.* Mecanismo psicofisiolóxico mediante o cal un suxeito acepta, sen valoralas previamente, ideas que son determinantes sobre o seu comportamento ou pensamento. A suxestión pode nacer no propio suxeito (auto-suxestión) ou pode partir da acción doutro suxeito (heterosuxestión). // **S. directa** Afirmación da idea que se quere impoñer. / **S. hipnótica** Suxestión aplicada a unha persoa que se atopa en estado de hipnose, mediante a cal se lle fan crer cousas contrarias á realidade. / **S. indirecta** Método de psicoterapia que consiste en insinuar unha idea a unha persoa de xeito que esta a considere como súa propia. / **S. posthipnótica** Inducción dunha idea ou acto a unha persoa en hipnose, pero que leva a realiza-la acción suxerida cando recupera o estado normal.

suxilación *s.f.* 1. Equimose cutánea. 2. Lividez cadavérica.

T

T 1. Abreviatura de temperatura e de tensión. 2. Forma de certas cousas, partes ou órganos: vendaxe, fibra. 3. Onda do ECG que segue ó espazo ST e que corresponde á fase de repolarización ventricular

Ta Símbolo químico do tántalo.

tabaco *s.m.* *Nicotina tabacum*, planta da familia das solanáceas, coas follas da cal se fabrican os labores de tabaco para fumar ou mastigar.

tabacose *s.f.* 1. Pneumoconiose causada polo po do tabaco. 2. Tabaquismo.

Tabánidos Xénero de insectos dípteros que se alimentan de sangue dos animais. Algunhas especies, coma o *Tabanus bovinus*, son transmisoras de tripanosomas.

tabaqueira *s.f.* Caixa para o tabaco en po. // **T. anatómica** Oco situado na parte dorsal da base do primeiro metacarpiano en extensión e abducción, formado polos tendóns do extensor longo e do extensor curto do polgar.

tabaquismo *s.m.* Intoxicación aguda ou crónica polo abuso do tabaco. Tamén se di **nicotinismo** ou **nicotismo**.

tabardillo *s.m.* Forma de febre aguda e grave, con síntomas nerviosos e alteracións hematolóxicas, que é endémica en México e países da súa área, e que ás veces se confunde coa febre tifoide.

tabe *s.f.* 1. Consunción, atrofia progresiva e gradual dunha parte do organismo en calquera enfermidade crónica. 2. Ataxia locomotriz progresiva ou ataxia dorsal. // **T. abortiva** Tabe dorsal que presenta poucos síntomas e que se mantén estacionaria durante moito tempo. / **T. cerebral** Parálise xeral progresiva. / **T. cervical** Tabe dorsal que afecta especialmente as extremidades superiores. / **T. diabética** Pseudotabe. / **T. dorsal** Ataxia locomotriz progresiva. / **T. ergótica** Estado de características semellantes ás da tabe dorsal, causado polo ergotismo. / **T. escrofulosa** Tabe mesentérica. / **T. familiar** ou **hereditaria** Enfermidade de Friedreich. / **T. mesentérica** Tuberculose dos ganglios mesentéricos. / **T. periférica** Pseudotabe.

tabefacción *s.f.* Caquexia.

tabella *s.f.* (lat.) Pastilla, tableta.

tabescencia *s.f.* Enfraquecemento. Marasmo.

tabético-a *adx.* Afectado de tabe.

tabetospasmódico-a *adx.* 1. Que posúe caracteres da ataxia e do espasmo. 2. Que anda dunha maneira que posúe estas características.

tábido-a *adx.* Tabético.

tabificación *s.f.* Emaciación, caquexia.

tabífico-a *adx.* Que produce caquexia.

tabique *s.m.* Estructura delgada que separa dúas cavidades ou dous espazos. Tamén se di **septo**. // **T. bronquial** Carina traqueal. / **T. bulbar** Tabique que divide o bulbo cardíaco en tronco aórtico e tronco pulmonar. / **T. cartilaxinoso** Parte cartilaxinosa do tabique nasal. / **T. de Bigelow** Capa de tecido óseo e duro no colo do fémur. / **T. de Cloquet** Tabique femoral formado por unha membrana fibrosa e delgada que se deriva da fascia transversalis que cerra o anel femoral. / **T. de Douglas** Tabique formado pola unión das pregaduras de Rathke, que forman o recto no feto. / **T. dos seos frontais** Lámina ósea que divide os seos frontais. / **T. escrotal** Tabique fibromuscular que divide o escroto en dúas partes. / **T. esfenoidal** Lámina ósea do corpo do esenoide que divide os seos frontais. / **T. femoral** Tabique de Cloquet. / **T. interauricular** Tabique que separa as aurículas. / **T. interventricular** O que separa os ventrículos. / **T. lingual** Lámina fibrosa media e vertical da lingua. / **T. membranoso** 1. Parte inferior e anterior da cartilaxe do nariz. 2. Parte superior do tabique interventricular. / **T. nasal** ou **das fosas nasais** Tabique osteocartilaxinoso, formado polo vómer e a cartilaxe nasal, que separa lonxitudinalmente as fosas nasais. / **T. peptiniforme** Tabique que divide os corpos cavernosos do pene. / **T. rectovaxinal** ou **rectovesical** Tabique que separa o recto da vaxina e o recto da base da vexiga e da próstata. / **T. urorrectal** Tabique de Douglas. / **T. vesicovaxinal** Unión da parede posterior da vexiga á vaxina.

tableta *s.f.* Preparado farmacéutico sólido que se obtén por compresión dunha substancia medicinal pulverizada ou granulada, pura ou mesturada cun excipiente. Tamén se di **comprimido**, **pastilla**, **trocisco**. // **T. rañurada**

Tableta cunha ou varias rañuras que facilitan o seu fraccionamento.

tabloide *s.m.* Pastilla ou tableta.

táboa *s.f.* 1. Lámina plana de tecido óseo, especialmente as que forman as superficies interna e externa dos ósos do cranio. 2. Relación ou cadro no que a información e os datos se colocan en orde e/ou relacionados entre eles. // **T. de Aub-Dubois** Táboa dos metabolismos basais normais nas diferentes idades. / **T. de Manouvrier** Táboa na que se expresa a correspondencia entre a lonxitude dos ósos e o talle. / **T. de Stintzing** Táboa que amosa o valor medio da excitabilidade dos músculos e dos nervios. / **T. vítrea** Lámina interna dos ósos do cranio.

taboparálise *s.f.* Tabe asociada con parálise xeral.

tabú *s.m.* 1. Superstición que lle atribúe carácter sagrado a unha cousa ou a un ser, prohibindo o seu uso ou o contacto con el. // *adx.* 2. Sagrado e intocable. // **T. do incesto** Prohibición das prácticas sexuais entre membros da mesma familia.

tábula *s.f.* (lat.) 1. Táboa. 2. Tableta.

TAC Siglas de Tomografía Axial Computerizada.

taciturnidade *s.f.* Estado morbosos que se caracteriza por un comportamento silencioso, que é consecuencia normalmente dun estado depresivo.

tacografía *s.f.* Rexistro gráfico da velocidade do sangue.

tacograma *s.m.* Gráfica que rexistra a velocidade da corrente sanguínea.

tacómetro *s.m.* Instrumento para o rexistro da velocidade sanguínea. Tamén se di **hemotacómetro**.

tacose *s.f.* Enfermidade contaxiosa das cabras causada polo *Micrococcus caprinus*.

tactación *s.f.* Tacto.

táctil *adx.* Relativo ou pertencente ó sentido do tacto.

tactismo *s.m.* Influencia física ou química que exercen certas substancias sobre o protoplasma. Tamén se di **tropismo**.

tacto *s.m.* 1. Sentido mediante o cal percibimos sensacións de contacto, calor, frío, presión, dor, etc., e coñecemos-la forma, tamaño, textura e consistencia dos obxectos. O órgano do tacto é a pel, especialmente a das mans. 2. Acción de palpar ou explorar unha cavidade cos dedos. // **T. combinado** Tacto rectal ou vaxinal acompañado de palpación abdominal. / **T. dobre** Exame dixital simultáneo do recto e a vaxina. / **T. real**. Antiga práctica que realizaban os reis de Inglaterra e Francia que tocaban os enfermos de escrófula (mal do rei) para curalos. / **T. rectal** ou **vaxinal** Exploración mediante os dedos destas cavidades.

tactómetro *s.m.* Instrumento empregado para apreciar a agudeza do sentido do tacto. Tamén se di **estesiómetro**.

tactor *s.m.* Órgano táctil.

taedium vitae *loc.* (lat.) Desgusto enfermizo que pode levar ó suicidio.

taenia *s.f.* En anatomía, tira de tecido brando semellante a unha fita.

Taenia Xénero de vermes cestodos parasitos intestinais do home e dos animais. As principais especies parasitas do home son: *Taenia echinococcus*, especialmente a variedade equinococcus granuloso, que na súa etapa adulta vive no intestino do can, que acaba sendo o hóspede definitivo, e as súas larvas, hidátides ou equinococos causan no home o chamado quiste hidatídico. A *Taenia solium* ou solitaria, de 1 a 3 metros de lonxitude, vive na súa etapa adulta no intestino humano, e en estado larvario nos músculos do porco. A *tenia saginata*, de 3 a 8 metros de lonxitude, vive no intestino humano en estado adulto e carece de ganchos para adherirse a el, e a súa larva, *Cysticercus bovis*, vive nos músculos do boi.

tafiofobia *s.f.* Temor enfermizo a ser enterrado vivo.

tagma *s.f.* 1. Agregado de moléculas. 2. Masa molecular do protoplasma.

talalxia *s.f.* Dor no talón.

talamencéfalo *s.m.* División posterior do prosencéfalo. Tamén se di **diencefalo**.

tálamo *s.m.* Cada un dos dous núcleos de substancia gris do diencefalo, que limitan polos lados o III ventrículo, formando o chan dos ventrículos laterais, e que se localizan enriba dos pedúnculos cerebrais. Tamén se di **tálamo óptico**. Representa a parte interna dos núcleos optostriados. Está unido ó córtex cerebral, co resto dos núcleos optostriados, cos núcleos da rexión hipotalámica e coa oliva bulbar. Existen tres grandes núcleos talámicos: a) núcleos de transmisión, que reciben vías sensitivas ou sensoriais e emiten fibras ás áreas corticais correspondentes. Por exemplo, o núcleo posterolateroventral, que recibe a fita de Reil e o feixe espiñotalámico e se proxecta sobre as áreas sensitivas parietais; o corpo xeniculado lateral que forma parte da vía visual; o corpo xeniculado interno, que forma parte da vía auditiva. b) Núcleos de asociación, que forman parte dos sistemas intrínsecos do cerebro anterior, por exemplo o núcleo pulvinar. c) Núcleos de acción difusa, que están conectados co sistema reticular activador ascendente do mesencéfalo. Por exemplo, núcleos da liña media, núcleo reticular e núcleos intralaminares. As funcións do tálamo son complexas. Representa un importante centro de tódalas vías sensitivas, receptor e elaborador de certas formas de sensibilidade. É o centro da dor, e constitúe un filtro que preserva o córtex das entradas de información sensitiva moi intensa, e ten certo papel na regulación da electroxénese cerebral.

talamocelo *s.m.* Terceiro ventrículo.

talamocortical *adx.* Relativo ó tálamo e ó córtex cerebral.

talamocrural *adx.* Talamopeduncular.

talamolenticular *adx.* Relativo ó tálamo óptico e ó núcleo lenticular.

talamomamilar *adx.* Relativo ó tálamo e ós corpos mamilares.

talamopeduncular *adx.* Relativo ó tálamo e ós pedúnculos cerebrais.

talamotomía *s.f.* Destrución cirúrxica dalgún dos núcleos talámicos, que se realiza para paliar certos síntomas extrapiramidais e dores rebeldes.

talantropía *s.f.* Nistagmo.

talasemia ou **talasanemia** *s.f.* Anemia hereditaria de tipo hemolítico, causada por unha alteración na síntese dunha das cadeas polipeptídicas (alfa, beta ou delta) das hemoglobinas normais A, F ou A₂. Segundo a cadea afectada distínguese entre talasemia alfa, beta ou delta. // **T. alfa** Dificultade na formación das hemoglobinas normais por alteración da cadea alfa, formándose hemoglobinas patolóxicas: hemoglobina H e hemoglobina Bart. As formas homocigóticas son graves e orixinan hidropisía fetal, mentres que as heterocigóticas poden ser graves ou leves, ou ben as persoas afectas poden ser portadores sans. / **T. beta** Alteración da formación da cadea beta, polo que non se forma hemoglobina A normal, pero existen outras hemoglobinas normais (F, A₂). Clinicamente distinguímonos dúas formas: a talasemia maior ou anemia de Cooley, que aparece en nenos entre os dous meses e os dous anos, que cursa con aumento da hb F, alteracións óseas con facies orientaloide, hepatoesplenomegalia e en sangue periférico aprécianse abundantes hemacias en diana (dianocitos), eritroblastos e hipersideremia. A talasemia menor, que se dá só en adultos, cursa cun aumento da hb A₂, poucos dianocitos e abundantes poiquilocitos e esquistocitos. / **T. delta** Diminución da hb A₂ por dificultade da síntese da cadea delta. Adoita ser asintomática. / **T. F** Talasemia causada pola alteración da síntese das cadeas beta e delta. Na súa forma homocigótica está afectada a hb F. / **T. lepore** Talasemia caracterizada pola presenza de hb lepore, formada por dúas cadeas alfa normais e unha mestura de cadeas beta e delta. As formas homocigóticas cursan cun cadro semellante á talasemia maior, e as heterocigóticas de xeito semellante á talasemia menor.

talasina *s.f.* Principio irritante derivado da anémona mariña.

talasofobia *s.f.* Medo enfermizo ó mar e ás viaxes por mar.

talasoterapia *s.f.* Utilización do clima marítimo, a auga do mar, as algas mariñas, area, lodos, etc., con fins terapéuticos.

talco *s.m.* Mineral mol e untuoso, formado por silicato de magnesio, que se emprega en forma de po sobre partes húmidas, e na fabricación de preparados farmacéuticos.

talcose *s.f.* Pneumoconiose causada polo po de talco.

talcoquina *s.f.* Substancia verdosa que se orixina na reacción de auga de cloro e amoníaco, que se realiza para o recoñecemento de quinina.

talidomida *s.f.* Imida empregada como hipnótico e sedante. O seu uso en mulleres embarazadas deu lugar a malformacións fetais, polo que foi retirada do mercado, e actualmente emprégase de xeito moi restrinxido contra o bacilo de Hansen.

talio *s.m.* Elemento metálico brando, de cor azulada, de símbolo Tl, peso atómico 204,2 e peso específico 11,8. Forma sales moi tóxicos, polo que se deixou de utilizar en terapéutica contra as tiñas. Sen embargo algúns sales seguen a ser empregados como pesticidas.

talipédico-a *adx.* Que ten os pés zambros.

talipes *s.m.* Anomalía conxénita que constitúe o pé zambro ou contrafeito. // **T. calcaneus, equinus, valgus, varus** Pé calcáneo, equino, valgo e varo, respectivamente.

talipómano *s.m.* Deformidade da man que consiste nunha forte flexión e aducción.

tallada *s.f.* Porción pequena de certos comestibles.

tallado-a *adx.* 1. Cortado. 2. Colocado ou disposto como é debido.

talle *s.m.* 1. Estatura, altura dunha persoa desde a planta dos pés ata a parte superior da cabeza. 2. Cistotomía. 3. Pano esterilizado que se coloca no campo cirúrxico para delimitar e cubri-las partes circundantes. 4. Cintura, van, parte do tronco que comprende desde os ombros ata a cadeira.

talo *s.m.* 1. Parte cilíndrica e alongada. 2. Órgano das plantas que emerge do chan. // **T. encefálico** ou **cerebral** Parte do encéfalo que queda despois de separados os hemisferios cerebrais e o cerebelo. / **T. pituitario** Parte cilíndrica entre o *tuber cinereum* e o corpo pituitario. Tamén se di **infundíbulo**.

talocalcáneo-a *adx.* Relativo ó astrágalo e ó calcáneo.

talocrural *adx.* Relativo á articulación tibioastragalina.

talófito *s.f.* Planta criptógama, como os fungos e as algas.

talón *s.m.* Calcaño, parte posterior do pé formada polo óso calcáneo.

taloperoneal *adx.* Relativo ó astrágalo e ó peroné.

talosa *s.f.* Monosacárido isómero da glicosa.

taloscafoide ou **talonavicular** *adx.* Relativo ou pertencente ó astrágalo e ó escafoide.

talotibial *adx.* Relativo ó astrágalo e á tibia.

talotoxicose *s.f.* Envenenamento por sales de talio.

talpa *s.f.* Quiste subcutáneo situado na cabeza, onde se aprecian levantamentos irregulares da pel.

talpose *s.f.* Sensación de calor.

taludo-a *adx.* 1. Que medra moito en pouco tempo. 2. Que ten dificultade para deixar unha cousa por estar afeito a ela.

talus *s.m.* (lat.) 1. Talón, calcaño. 2. Astrágalo. 3. Pé talo ou *talus*, que apoia só no talón.

tama *s.f.* (lat.) Inchazón das pernas e dos pés.

tambor *s.m.* 1. Tímpano. 2. Peza que forma parte de aparellos rexistradores das vibracións do aire.

tampón *s.m.* 1. Peza de algodón ou outro material absorbente que se utiliza para detectar hemorraxias, especialmente vaxinais. 2. Solucións que, ó engadírselles pequenas cantidades de ácidos ou bases, non modifican sensiblemente o seu pH.

tanato- Prefixo do grego, morte.

tanatocronoloxía *s.f.* Procedemento para coñece-lo tempo transcorrido desde a morte, mediante o estudo do grao de evolución dos fenómenos cadavéricos.

tanatofidio *s.m.* Serpe velenosa.

tanatofilia *s.f.* Tendencia ó suicidio.

tanatofobia *s.f.* Trastorno neurótico que se manifesta por un temor esaxerado e obsesivo á morte.

tanatognomónico-a *adx.* Que constitúe un indicio da proximidade da morte.

tanatoide *adx.* Semellante á morte.

tanatoloxía *s.f.* Rama da medicina que estudia a morte e os aspectos que teñen relación con ela.

tanatomanía *s.f.* Manía suicida ou homicida.

tanatopsia *s.f.* Necropsia.

tanatose *s.f.* Necrose.

tangaraño *s.m.* Raquitismo ou deformidade atribuídos a un embruxamento.

tánico, ácido ou **tanino** *s.m.* Grupo heteroxéneo de compostos fenólicos que se presenta de xeito natural na cortiza e nas bugallas de moitas árbores, e que se empregan como astrinxentes e hemostáticos, así como no tratamento das queimaduras.

tanixeno *s.m.* Éter acético do tanino que se prepara en forma de po gris, insoluble en auga, e que se emprega como astrinxente nas diarreas, enterites, rinites e farinxites.

tántalo *s.m.* Elemento metálico raro, de símbolo Ta e de peso atómico 181,5, que se emprega na fabricación de filamentos de lámpadas.

tantrum *s.m.* Acceso violento de cólera espontánea que se pode dar en persoas con trastornos mentais.

tapetum *s.m.* (lat.) 1. Alfombra ou revestimento. 2. Fascículos nerviosos que van desde o corpo caloso ata o lobo occipital. // **T. alveoli** Periosteó alveolar.

Tapia, síndrome de V. síndrome.

tapinocefalia *s.f.* Forma aplanada da bóveda cranial.

tapioca *s.f.* Fécula alimenticia que se obtén da raíz da *Jatropha manihot* ou mandioca.

tapón *s.m.* 1. Anaco de algodón ou gasa que en medicina se usa para o taponamento ou absorción de líquidos ou secrecións. 2. Masa de secrecións ou de calquera substancia que oclúe un conducto ou abertura corporal. // **T. de Corner** Masa de epíploon introducida nunha ferida gástrica ou intestinal. / **T. de Dittrich** Masas granuladas, de cor abrancazada ou amarelo-verdosa e de cheiro desagradable presentes no esputo de enfermos de bronquite séptica e de gangrena pulmonar. / **T. de Imlach** Masa de tecido adiposo que ás veces se atopa no anel inguinal externo. / **T. de Tranbe** Tapón de Dittrich. / **T. mucoso** Masa de moco cervical segregada polas glándulas do colo uterino para formar unha barreira mecánica e antibacteriana que protexe o útero durante o embarazo. Tamén se di **tapón cervical**. / **T. traqueal** ou **de Trendelenburg** Bolsa de goma inchable que rodea o tubo da traqueotomía, utilizada para previla entrada de sangue na traquea durante as operacións de boca e nariz.

taponamento *s.m.* Acción e efecto de tapar unha ferida, orificio ou cavidade corporal. // **T. cardíaco** Compresión aguda do corazón debida a un derramo pericárdico abundante. / **T. cardíaco crónico** Compresión do corazón de carácter crónico por tecido fibroso calcificado. / **T. de Dührsenn** Taponamento da vaxina con gasa iodofórmica, para corta-la hemorraxia uterina. / **T. de Gottstein** Taponamento das fosas nasais con boliñas de algodón en enfermos de ocena. / **T. de Rose** Taponamento cardíaco.

taqui- Prefixo do grego, rápido.

taquialerxia *s.f.* Xeración rápida de fenómenos alérxicos.

taquiarritmia *s.f.* Arritmia con aumento da frecuencia do pulso. // **T. auricular** Flúter auricular.

taquiauxese *s.f.* Crecemento irregular na que unha parte do organismo medra máis rapidamente có conxunto.

taquicardia *s.f.* Aumento da frecuencia e o ritmo dos latexos do corazón. // **T. auricular, auricoventricular** ou **ventricular** Taquicardia que ten a súa etiología, respectivamente, nas aurículas, no nódulo auriculoventricular ou nos ventrículos, recoñecible no ECG. / **T. esencial paroxística** Enfermidade cardíaca que se caracteriza por paroxismos de aceleración cardíaca separados por intervalos de normalidade. Tamén se di **enfermidade de Bouveret**. / **T. exoftálmica** Taquicardia sinusoidal que se dá en enfermos de bocio exoftálmico. / **T. ortostática** A que se produce ó pasa-la persoa da posición de decúbite á vertical, e que se observa en neuróticos, sendo a súa posible causa a hipotensión arterial. Tamén se di **fenómeno de Thomayer**. / **T. paroxística** Taquicardia de aparición brusca e que se repite por accesos. / **T. reflexa** A causada por trastornos independentes do sistema circulatorio. / **T. sinusoidal** Arritmia sinusoidal con orixe no nódulo sinusal.

taquifasia ou **taquifemia** *s.f.* Taquifrasia.

taquifaxia *s.f.* Inxestión dos alimentos moi rápida, case sen salivar nin mastigar.

taquifilaxe *s.f.* Incremento progresivo da tolerancia inmunolóxica que se produce pola administración repetida de pequenas doses dunha substancia. Tamén se di **esqueptofilaxe**.

taquifrasia *s.f.* Rapidez e volubidade na fala, que ás veces constitúe un signo de trastorno mental.

taquifrenia *s.f.* Actividade mental rápida e esaxerada.

taquilalia *s.f.* Taquifrasia.

taquímetro *s.m.* Instrumento empregado para medi-la velocidade de certos movementos do corpo.

taquipnea *s.f.* Incremento do ritmo respiratorio superficial. Tamén se di **polipnea**.

taquipraxia *s.f.* Rapidez de acción

taquipsiquía *s.f.* Taquifrenia, rapidez dos procesos mentais.

taquirritmia *s.f.* Taquicardia.

taquisinecia *s.f.* Taquifilaxe.

taquisistolia *s.f.* Aumento anormal do ritmo das sístoles cardíacas. // **T. auricular** Flúter auricular.

taquistoscopia *s.f.* Rama da óptica que se ocupa de medi-la velocidade de percepción visual consciente.

taquitoscopio *s.m.* Instrumento que se emprega para a taquistoscopia, que xera estímulos visuais de moi escasa duración.

taquiúria *s.f.* Actividade renal moi rápida.

taquiúrxia *s.f.* Habilidade de operar rapidamente.

tara *s.f.* 1. Peso do envase dunha substancia. 2. Eiva. 3. Enfermidade infecciosa observada na cidade de Tara, en Siberia, que se caracteriza pola presenza de tumores por distintas partes do corpo, e síntomas xerais graves.

tarantismo *s.m.* Variedade de corea histórica semellante á corea danzante, da cal se atribúe a causa á picadura da tarántula, e a curación á sudación provocada pola danza.

tarántula *s.f.* *Lycosa tarantula*, araña velenosa que se supón provoca o tarantismo coa súa picadura.

taraxe *s.f.* 1. Trastorno. 2. Histerismo masculino. 3. Para Novy, anafilaxe, por crer que se debía a unha substancia tóxica, a taraxina, que se forma no sangue pola inxección dunha substancia estraña que reaccionaría con outra substancia xa existente no soro sanguíneo, chamada taráxeno.

tardío-a *adx.* Que tarda ou ocorre fóra do seu debido tempo.

tarlatana *s.f.* Gasa con fíos gordos que se emprega en vendaxes de xeso.

tarsadenite *s.f.* Inflamación do tarso da pálpebra e das glándulas de Meibomio.

tarsal *adx.* Tarsiano.

tarsalxia *s.f.* Dor no tarso, que xeralmente aparece na adolescencia como consecuencia de marchas prolongadas por aplanamento do arco plantar con desviación do pé cara a fóra. Tamén se di **pé plano** ou **valgo doloroso**.

tarsectomía *s.f.* 1. Extirpación total ou parcial do tarso. 2. Extirpación da cartilaxe tarsal palpebral. // **T. anterior** Resección dunha cuña ósea da base superior externa, que inclúe o cuboide, o extremo anterior do calcáneo e unha parte do astrágalo e do escafoide. / **T. posterior** Extirpación do astrágalo e dunha parte do calcáneo.

tarsectopía *s.f.* Ectopía ou luxación do tarso.

tarsite *s.f.* Inflamación do tarso palpebral ou blefarite.

tarso *s.m.* 1. Parte posterior do pé situada entre os ósos da perna e os do metatarso, formada por sete ósos: astrágalo, calcáneo, escafoide, cuboide e tres cuñas. 2. Tarso palpebral ou lámina fibrosa situada nas pálpebras, entre o músculo orbicular e a conxuntiva.

tarsoclase *s.f.* Fractura cirúrxica dos ósos do tarso.

tarsofalánxico-a *adx.* Relativo ou pertencente ó tarso e á falanxe.

tarsofima *s.m.* Tumor do tarso.

tarsomalacía *s.f.* Amolecemento do tarso palpebral.

tarsomegalía *s.f.* Displasia epifisaria hemimélica que se caracteriza polo desenvolvemento anormal da epífise do fémur e da tibia, así como dos ósos do tarso.

tarsometatarsiano-a *adx.* Relativo ou pertencente ó tarso e ó metatarso.

tarsoplastia *s.f.* 1. Blefaroplastia. 2. Corrección cirúrxica do pé contrafeito por resección dalgúns ósos do tarso.

tarsoptose *s.f.* Caída do tarso. Tamén se di **pé plano**.

tarsoquiloclastia *s.f.* Cirurxía plástica das beiras das pálpebras.

tarsorrafia *s.f.* Sutura das cartilaxes tarsianas, de carácter total ou parcial. Tamén se di **blefarorrafia**.

tarsostrofia *s.f.* Intervención que se realiza no tracoma, consistente en desecar un colgallo mirtiforme do tarso e invertelo.

tarsotibial *adx.* Relativo ó tarso e á tibia.

tarsotomía *s.f.* Incisión ou sección do tarso.

tartamudeo *s.m.* Fala entrecortada e repetitiva de sílabas ou sons, debida á tartamudez.

tartamudez *s.f.* Trastorno da fala que se caracteriza por dificultade da emisión dos sons, repetición espasmódica ou interrupción na pronunciación de sons, sílabas ou palabras. Estes trastornos acompañanse de manifestacións asociadas, como alteracións respiratorias, desordes motores e neurovexetativos, e fenómenos psicomotores.

Na súa etioloxía considéranse factores como a herdanza, hiperactividade, conflitos neuróticos familiares, choques emotivos, atraso no desenvolvemento psicomotor, etc. Existen dúas formas de tartamudez: na tartamudez clónica o comezo da emisión dunha palabra, ben no inicio ou no transcurso do enunciado, faise difícil de súpeto, repetíndose a primeira sílaba da palabra detida, de forma rápida e explosiva, ata que a frase continúa normalmente. Na tartamudez tónica faise subitamente imposible a emisión dunha palabra durante un tempo, no cal a persoa fai un esforzo, ás veces con expulsión ruidosa de aire, ata que finalmente pronuncia a palabra de forma rápida.

tartarato *s.m.* Sal de ácido tartárico. O tartarato de antimónio e de potasio empréganse como revulsivo e hemético, o de bismuto e potasio como antilúético e o de sodio e potasio como laxante.

tartárico, ácido *s.m.* Composto orgánico ($C_4H_6O_2$), en forma de po branco que se obtén dos pousos do viño, e que se atopa presente en moitos froitos. Ten propiedades laxantes e refrescantes e emprégase na fabricación de bebidas refrescantes, en panadería, etc.

tártaro *s.m.* Antigamente, tartarato. // **T. dentario** Sarrio dentario.

tasicinesia *s.f.* Tendencia enfermiza a erguerse e camiñar, con imposibilidade de quedar sentado. Tamén se di **acatasia**.

TAT Siglas de Test de Apercepción Temática.

tatexar *v.* Tartamudear, falar entrecortadamente.

tatexo-a *adx.* Tartamudo.

tatuaxe *s.f.* Debuxo permanente que se realiza na pel mediante punción e inserción de substancias colorantes indelebles. // **T. da córnea** Método que se emprega para disimular as manchas leucomatosas da córnea por medio da introducción de tinta chinesa nas súas capas superficiais.

taumatropo *s.m.* Instrumento utilizado para demostrar a duración das sensacións visuais, provisto de imaxes nos lados opostos dunha táboa, que se fusionan coa súa rotación.

taumatúrxico-a *adx.* Milagroso, prodixioso.

taurina *s.f.* Ácido amino-etil sulfónico. Aminoácido que se atopa na bile, produto da hidrólise do ácido taurocólico. Tamén se atopa nos músculos e nos pulmóns, en pequenas cantidades.

taurocolemia *s.f.* Presencia de ácido taurocólico no sangue.

taurocólico (ácido) *s.m.* Substancia presente na bile, onde se atopa dissociada en forma de taurocolato de sodio, debido ó pH da bile, constituído por ácido cólico conxugado mediante un enlace peptídico coa taurina.

tautofonía *s.f.* Repetición de sons.

tautomenial *adx.* Pertencente ó mesmo período.

tautomería *s.f.* Fenómeno polo que un composto aparece en forma de dous isómeros de estrutura distinta, polo que se lles debe dar unha fórmula diferente.

tautómero-a *adx.* 1. Relativo ó composto ou substancia que pode existir en diversas formas en equilibrio, cunha disposición estrutural dos átomos diferente. 2. Relativo ós órganos que se atopan nun lado do corpo, non simétricos, como o bazo ou o fígado, ou ben das neuronas que relacionan só estruturas dun lado.

taxa *s.f.* Medida, índice, porcentaxe.

taxe *s.f.* Conxunto de manobras que constitúen o procedemento manual de redución dunha hernia.

-taxia ou **-taxe** Sufixo do grego, reacción a un estímulo, ou movemento dun organismo.

taxidermia *s.f.* Desecamento dos animais para seren conservados.

taxoloxía ou **taxonomía** *s.f.* Ciencia que se ocupa das clasificacións de animais, plantas e outros organismos, agrupándoos segundo as súas características.

taylorismo *s.m.* Sistema baseado en estudos sobre o traballo e a fatiga, que orixinaron métodos para obter o máximo rendemento dos obreiros co mínimo consumo enerxético posible, sen ter en conta aspectos psicolóxicos e fisiolóxicos fundamentais da persoa.

Tb Símbolo químico do terbio.

TB-1 Tiosemicarbazona: droga utilizada no tratamento da tuberculose.

Tc Símbolo químico do tecnecio.

té *s.m.* 1. Planta da familia das teáceas da que se utilizan as follas secas, que conteñen teína, en infusión. 2. Infusión de follas de té.

Te Símbolo químico do telurio.

tea *s.f.* 1. Tecido de la, seda ou outra fibra. 2. Formación anatómica semellante a unha peza téxtil. // **T. adiposa** Tecido adiposo. / **T. coroide** Teito membranoso dos ventrículos cerebrais III e IV. / **T. vascular** Plexo coroide.

tebaico-a *adx.* Derivado do opio.

tebaína *s.f.* Alcaloide tóxico do opio.

tebaísmo *s.m.* Envelenamento por opio.

Tebesio, válvula, vea de V. válvula, vea.

teca *s.f.* Caixa, envoltura, vaíña. Refírese especialmente á vaíña dos tendóns. // **T. folicular** Envoltura do folículo ovárico durante a fase de maduración.

tecido *s.m.* Conxunto de células diferenciadas do organismo que teñen a mesma estrutura e función análoga. // **T. adenoide** Variedade de tecido conxuntivo formado por unha rede de fibras nas que se atopan os nódulos linfáticos, e que constitúe o tecido linfoide. / **T. adiposo** Tecido conxuntivo formado por células adiposas entre unha trama de tecido areolar. / **T. análogo** Tecido acci-

dental semellante a un tecido normal do organismo. / **T. areolar** Tecido conxuntivo. / **T. cartilaxinoso** Variedade de tecido conxuntivo que forma a substancia das cartilaxes. Está composto por un substrato hialino ou fibroso que contén espazos nos que se aloxan os condrocitos ou células cartilaxinosas. / **T. cavernoso** Tecido eréctil. / **T. celular** Variedade de tecido conxuntivo laso. / **T. cicatrizal** Tecido fibroso denso derivado dun tecido de granulación e forma unha escama ou cicatriz. / **T. citóxico** Tecido adenoide. / **T. coláxeno** Tecido conxuntivo da derme, que contén unha substancia que se converte, por ebulición prolongada, en xelatina. / **T. compacto** Tecido que forma a parte exterior, dura, dos ósos. / **T. conxuntivo** ou **conectivo** Tecido de sostén que se deriva do mesoblasto e está formado por fibras conxuntivas e elásticas e fibroblastos. Inclúe o tecido conxuntivo propiamente dito (laso ou denso) e os tecidos adenoide, adiposo, elástico, óseo e cartilaxinoso. / **T. cordal** Tecido do notocordio embrionario. / **T. cribiforme** Tecido conxuntivo laso. / **T. cromafín** Tecido composto por células cromafíns, que se atopa na cápsula suprarrenal e que está relacionado coa produción de adrenalina e noradrenalina. / **T. dartoide** Tecido muscular contráctil semellante ó darto. / **T. de granulación** Tecido conxuntivo novo moi vascularizado que se forma durante o proceso de cicatrización dunha ferida. / **T. elástico** Tecido conxuntivo formado fundamentalmente por fibras elásticas, que se atopa sobre todo na cara media dos vasos, nos ligamentos e nos tendóns. / **T. embrionario** Tecido conxuntivo do embrión que forma o mesénquima e que se orixina a partir do mesoderma. Tamén está presente nalgunhas neoplasias. / **T. endotelial** Tecido que forma o endotelio. / **T. epitelial** Tecido que forma o epitelio. Deriva do mesoblasto e contén células en contacto directo con moi pouca substancia intercelular. / **T. eréctil** Tecido que contén espazos venosos en comunicación directa coas arterias, que se enchen de sangue e poñen en erección o órgano que forma este tecido: pene, clítoris, etc. / **T. esplénico** O que forma o bazo. / **T. esponxoso** Tecido óseo que forma a parte central dos ósos planos e dos curtos, e a diáfise e a epífise dos longos. Está constituído por unha rede de espículas que lle dan ese aspecto de esponxa que o caracteriza. / **T. esquelético** Tecido fibroso, cartilaxinoso, óseo, etc. Tamén se di **tecido escleroso**. / **T. fibroso** Variedade de tecido conxuntivo que contén fibras xuntas en fascículos compactos, que forman os tendóns, aponeuroses, etc. / **T. glandular** Variedade de tecido epitelial que forma o parénquima das glándulas. / **T. heterólogo** ou **homólogo** Aquel tecido que é semellante ou que non o é, respectivamente, a calquera outro tecido. / **T. indiferente** Tecido embrionario primitivo. / **T. intersticial** Tecido conxuntivo que se atopa entre os elementos celulares propios dun órgano, que forma o estroma. / **T. linfático** Tecido adenoide. / **T. linfoide** 1. Tecido linfático. 2. Tecido linfático que aparece en lugares anormais. / **T. mesenquimatoso** Rede difusa de tecido que deriva do mesoderma embrionario, formado por células estreladas contidas nun material cartilaxinoso con fibras reticulares. / **T. mieloide**

Tecido que forma a medula vermella dos ósos, e que no adulto forma os globos vermellos, granulocitos e trombocitos. / **T. mucoide** Tecido xelatinoso. / **T. mucoso** Tecido que forma as mucosas. / **T. muscular** Tecido que forma os músculos, así como a capa muscular dos vasos e dos diferentes órganos, como o intestino, vexiga, útero, etc. Ten orixe mesodérmica e está formado por células alongadas que conteñen filamentos delgados, rodeadas de tecido conxuntivo e orientadas no sentido da contracción, que xeralmente se agrupan en feixes ou capas. / **T. nervioso** O formado polas células nerviosas e as súas prolongacións, e por células de neuroglía. / **T. nodular** O formado por fibras musculares e nerviosas, como o que forma o nódulo sinoauricular do corazón. / **T. óseo** Tecido conxuntivo duro formado por unha substancia mol, a oseína, e sales en distintas proporcións, e fibras que cos sales forman as láminas óseas separadas por espazos chamados osteoplastos, dentro dos cales se atopan os osteoblastos ou células óseas. / **T. osteoide** Tecido óseo novo no cal a substancia intercelular aínda está sen calcificar. / **T. osteóxico** Parte do periosteo que contribúe á formación de tecido óseo. / **T. parénquimatoso** Tecido que constitúe o parénquima dun órgano. / **T. primario** Tecido embrionario. / **T. reticular** Tecido conectivo formado por células e fibras reticulares. / **T. subcutáneo** Tecido conxuntivo laso situado debaixo da pel. Tamén se di **hipoderma**. / **T. sustentacular** Tecido non nervioso da retina, formado polas fibras de Müller. / **T. xelatinoso** Tecido conxuntivo con aspecto de xelatina, que constitúe o mesénquima do embrión e enche os espazos existentes entre os esbozos dos órganos. Tamén se di **tecido mucoide**.

tequite *s.f.* Inflamación da vañña dun tendón.

tecnecio *s.m.* Elemento metálico radioactivo de símbolo Tc, número atómico 43 e peso atómico 99, obtido artificialmente polo bombardeo de molibdeno con neutróns ou deuteróns, e que se atopa tamén nos produtos de fisión do átomo de uranio. O seu isótopo ^{99m} é o que máis se emprega en gammagrafía.

técnica *s.f.* Conxunto de procedementos e recursos dunha ciencia. // **T. de Barraquer V. zonulólise**. / **T. de Berberich-Hirsch** Técnica de estudo do estado intravenoso mediante a obtención de imaxes radiográficas trala introducción nas veas dunha substancia de contraste. Tamén se di **flebografía**. / **T. de Chaoul-Adan** Método de radioterapia de contacto endorrectal. / **T. de Chevassu** Método de palpación do epidídimo, fixando o testículo cara a abaixo cunha man e explorando coa outra. / **T. de Cournaud** Método de cateterismo cardíaco dereito por medio dunha sonda para a exploración funcional endocárdica. / **T. de dobre anticorpo** Método de radioinmunoanálise pola separación de complexos antígeno-anticorpo mediante o emprego de anticorpos fronte ó primeiro anticorpo. / **T. de Duval** Técnica consistente en enxertos epiploicos libres nas intervencións cirúrxicas abdominais, especialmente nas reseccións intestinais. / **T. de Egas-Moniz** Constituíu un dos primeiros intentos de corrección cirúrxica de trastornos psiquiátricos, e

consiste nunha lobotomía frontal que permite interrompe-lo fascículo tálamo-frontal que leva os estímulos emocionais cara ó córtex cerebral. / **T. de Ellis** Biopsia realizada cun trépano, para a extracción dun cilindro histórico que será examinado histologicamente. / **T. de Leborgne-Gross** Técnica radiográfica da mama que permite descubrir microcalcificacións intratumorais. / **T. de Léger** Esplenopografía. / **T. de Leriche-Kunlin** Método de exame das conxelacións das extremidades, que se aprecian mediante arteriografía. / **T. de Lind-Wegelius** Cineanxiocardiografía. / **T. de McKessack-Leitch-Haussmann** Método para apreciar mellor o punto apendicular de McBurney: colocando o paciente en decúbito lateral esquerdo, coas coxas flexionadas en ángulo recto, esténdese a coxa dereita cara a atrás e ó mesmo tempo prémesa o punto de McBurney contra o psoas contraído. / **T. de McWhister** Técnica para o tratamento dos carcinomas de mama por mastectomía cirúrxica do tumor e radioterapia posterior da zona e das áreas ganglionares. / **T. de Mattei** Tratamento por endoscopia dos abscesos de pulmón, cunha sonda pola que se pode instilar substancia antibiótica e antiséptica. / **T. de Saling** Técnica coa que se poden obter micromostros de sangue da presentación fetal para estudia-lo equilibrio acidobásico durante o parto. / **T. de Sarnoff** Técnica de respiración artificial mediante a excitación eléctrica do nervio frénico. / **T. de Silvester-Thomsen** Técnica de respiración artificial manual que se empregou moito na reanimación dos afogados, colocándoos en decúbito supino, posición na que se provocaba o estancamento dos líquidos tragados. / **T. de Wangensteen** Intervención secundaria que se practica uns seis meses despois dunha exérese cirúrxica de cancro gástrico, para observar posibles recidivas e tratalas, no seu caso. / **T. de Webster** Método de enxerto cutáneo para reforzar unha cicatriz débil ou ulcerada.

tecnocito *s.m.* Leucocito novo. Tamén se di **metamielocito novo**.

tecnoloxía *s.f.* Coñecementos sobre as técnicas.

tecnopsicoloxía *s.f.* Psicoloxía aplicada ás relacións laborais.

tecnotonía *s.f.* Infanticidio.

tecodonto-a *adx.* Que ten os dentes implantados nos alvéolos.

tecoma *s.m.* Tumor ovárico formado por células da teca, normalmente encapsulado e que produce hormonas, polo que pode causar hiperplasia do endometrio e metrorraxias. Adoita ser benigno e no 50% dos casos aparece despois da menopausa.

tecosoma *s.m.* Esquistosoma.

tecostenose *s.f.* Estreitamento dunha vaíña tendinosa.

tectiforme *adx.* Que ten forma de teito.

tectocefalia *s.f.* Escafocefalia.

tectoloxía *s.f.* Rama da bioloxía que estudia a morfoloxía estrutural dos seres vivos.

tectónico-a *adx.* Relativo ou pertencente á cirurxía plástica ou ós transplantes.

tectorial *adx.* Relativo ó teito.

tectorium *s.m.* (lat.) Membrana de Corti.

tectosspinal *adx.* Relativo ou pertencente á medula espiñal e ós corpos cuadrixéminos.

teflón *s.m.* Material plástico fluorado moi resistente ós ácidos, álcalis, disolventes e ás altas temperaturas. Obtense por polimerización do tetrafluoretileno, e polas súas características de autolubricación, flexibilidade e resistencia emprégase moito para fabricar articulacións e revestimentos.

tefroze *s.f.* Incineración.

tegmen *s.m.* (lat.) Teito ou cuberta.

tegmento *s.m.* 1. Teito. 2. Plano superior do tronco encefálico, tamén chamado cocote, que inclúe o núcleo vermello, a fita de Reil, a formación reticular, etc. // **T. auricular** Membrana timpánica.

tegmina *s.f.* Preparación de cera, goma, auga e óxido de cinc, que se emprega como colodión.

tegmento *s.m.* Pel ou tecido.

teicopsia *s.f.* Sensación pasaxeira de escintileo luminoso que se acompaña de mareo, e que impide a visión case totalmente.

teiforme *adx.* Preparado con té.

teima *s.f.* Idea obsesiva, manía, odio.

teína *s.f.* Substancia cristalizante que contén o té, con propiedades diuréticas e estimulantes do sistema nervioso central.

teinismo *s.m.* Estado provocado polo abuso do té.

telaciase *s.f.* Enfermidade ocular que padecen os cans e os gatos, e que raramente lle pode afectar á especie humana, causada por vermes nematodos do xénero *Thelazia*.

telalxia *s.f.* 1. Dor na mamila. 2. Dor referida.

telanxiectasia *s.f.* Dilatación dos vasos capilares de pequeno calibre, que pode ser xeneralizada ou localizada. Manifestase coa aparición de manchas avermelladas na pel. Tamén se di **anxioma simple**. // **T. hemorráxica hereditaria** Enfermidade de Osler. / **T. linfática** Linfanioma formado pola dilatación de vasos linfáticos. / **T. verrugosa** Anxiokeratoma.

telanxiectásico-a *adx.* Relativo ou pertencente á telanxiectasia.

telanxiectoma ou **telanxioma** *s.m.* Tumor formado por capilares dilatados.

telanxiase *s.f.* Enfermidade dos vasos capilares.

- telanxite** *s.f.* Inflamación de capilares. Tamén se di **capilarite**.
- telarquía** *s.f.* Fase inicial do crecemento das mamas na puberdade.
- tele-** Prefixo do grego, lonxe, fin, mamila.
- telecardiófono** *s.m.* Instrumento que permite oír-los ruídos do corazón a distancia do paciente.
- telecardiografía** *s.f.* Rexistro dos movementos do corazón co telecardiógrafo.
- telecardiógrafo** *s.m.* Instrumento que rexistra o trazado dos movementos cardíacos por conexión eléctrica, a distancia do paciente.
- telecardiograma** *s.m.* Rexistro obtido mediante o telecardiógrafo.
- teleceptor** *s.m.* Receptor de estímulos a distancia.
- telecesioterapia** *s.f.* Terapia radioactiva realizada mediante a bomba de cesio.
- telecinesia** *s.f.* Comunicación de movemento a un obxecto sen contacto con el. Trátase dunha facultade que se lles atribúe a persoas con poderes paranormais.
- telecobaltoterapia** *s.f.* Tratamento radioactivo mediante a bomba de cobalto.
- telecurieterapia** *s.f.* Terapia por radio realizada a distancia da zona tratada.
- telediastólico-a** *adx.* Que ocorre durante a telediástole, ou última fase da diástole.
- telefase** *s.f.* Telofase.
- teléfico-a** *adx.* Maligno.
- telegammaterapia** *s.f.* Terapia por raios gamma que se emiten a distancia da área a tratar.
- telegonía** *s.f.* Impregnación, influencia dunha primeira fecundación sobre outras posteriores (teoría xenética antiga).
- telencéfalo** *s.m.* Parte do neuroeixe do embrión que se forma por división do prosencéfalo, da que derivan os hemisferios cerebrais, os ventrículos laterais, as estruturas interhemisféricas e os corpos estriados.
- teleoloxía** *s.f.* Doutrina filosófica baseada na idea da finalidade dos sucesos biolóxicos.
- teleopsia** *s.f.* Trastorno da percepción visual no que o paciente ve os obxectos próximos como afastados.
- telepatía** *s.f.* Comunicación do pensamento a distancia. Obxecto de estudio da parapsicoloxía.
- teleplastia** *s.f.* Cirurxía plástica da mamila.
- teleretismo** *s.m.* Erección da mamila.
- telerradiografía** *s.f.* Radiografía, en especial do corazón, que se obtén afastando a fonte de raios X para garanti-lo paralelismo dos raios e conseguir imaxes menos deformadas. Tamén se di **telerroentgenografía**.
- telerradioterapia** *s.f.* Radioterapia efectuada a distancia da zona que se vai tratar.
- telerreceptor** *s.m.* Órgano sensorial que pode percibir estímulos a distancia, por exemplo o ollo ou o oído.
- telerroentgenografía** *s.f.* Telerradiografía.
- telerxia** *s.f.* Acción a distancia.
- telesístole** *s.f.* Última fase da sístole do corazón.
- telesistólico-a** *adx.* Pertencente ou relativo á telesístole.
- telestesia** *s.f.* Percepción a distancia. Tamén se di **telepatía**.
- telestetoscopio** *s.m.* Estetoscopio provisto dun amplificador que permite escoita-los ruídos cardiorrespiratorios a distancia do enfermo.
- teleterapia** *s.f.* 1. Radioterapia realizada a distancia. 2. Tratamento por suxestión.
- teligonia** *s.f.* Telitocia.
- telimanía** *s.f.* Satiríase.
- telina** *s.f.* Estroma.
- telio** *s.m.* Mamila, papila.
- telite** *s.f.* Inflamación da mamila.
- telitocia** *s.f.* Partenoxénese normal que só produce descendencia feminina.
- telo-** Prefixo do grego, fin, termo, mamila.
- teloblasto** *s.m.* Masa celular do mesoderma que se sitúa por debaixo do conducto neuroentérico do embrión dos vertebrados.
- telocinese** *s.f.* Telofase.
- telodendrón** *s.m.* Ramificacións no extremo dun cilindro-eixe.
- teloderma** *s.m.* Epitriquio.
- telofase** *s.f.* Última fase da mitose, ó termo da cal se completa a separación das dúas células fillas e os cromosomas volven a forma-lo novelo nuclear.
- teloflebotema** *s.m.* Complexo venoso en forma de círculo arredor da mamila.
- telofragma** *s.m.* Membrana de Krause.
- telolecito-a** *adx.* Relativo ó óvulo no que o vitelo nutritivo se concentra nun dos polos.
- telolema** *s.m.* Cuberta dunha placa motora terminal formada polo sarcolema e unha prolongación da vaíña de Henle.
- telonco** *s.m.* Tumor da mamila.
- teloneurita** *s.f.* Expansión final do cilindro-eixe dunha neurona.
- telorraxia** *s.f.* Hemorraxia pola mamila.
- telosinapse** *s.f.* Unión de cromosomas polos seus extremos.

telotismo *s.m.* 1. Rixidez dos órganos eréctiles. 2. Erección ou protrusión da mamila. Tamén se di **reflexo mamiloareolar**.

telúrico-a *adx.* 1. Das enfermidades relacionadas co chan, especialmente o tétano e o carafuncho. 2. Relativo ou pertencente á terra ou ó chan. 3. Relativo ó telurio. // **Febres t.** Febres palúdicas

telurio *s.m.* Elemento metaloide de símbolo Te, peso específico 6,24 e peso atómico 127,5. Os compostos deste elemento posúen propiedades xermicidas.

telurismo *s.m.* Influencia da terra e do chan sobre a orixe de enfermidades.

TEM Siglas de trietilenmelanina, substancia que se emprega no tratamento de enfermidades crónicas do sistema linfático.

temor *s.m.* Sentimento de inseguridade ou incerteza, medo.

tempa *s.f.* V. **sen**.

temperado-a *adx.* De temperatura moderada, nin frío nin quente.

temperamento *s.m.* Elemento do carácter da persoa, condicionado polas características morfolóxicas, psíquicas e os factores ambientais. Segundo a concepción hipocrática resultaría da interacción dos catro humores fundamentais (sangue, flegma, bile negra e bile amarela), a cal, segundo predominase un ou outro deles, daría lugar ós catro temperamentos clásicos: sanguíneo, flegmático, melancólico e colérico.

temperante *adx.* Calmante, sedante.

temperatura *s.f.* Manifestación da intensidade de calor dun corpo. // **T. absoluta** Temperatura que se mide desde o cero absoluto (escala Kelvin), é dicir, desde $-273\text{ }^{\circ}\text{C}$. // **T. basal** A medida cando o individuo se atopa en xaxún, en repouso e nun ambiente a unha temperatura duns $20\text{ }^{\circ}\text{C}$. // **T. crítica** Temperatura na cal se pode reducir un gas a líquido por presión. // **T. máxima** A máis alta, na cal é imposible o desenvolvemento de bacterias. // **T. normal** Temperatura do corpo humano non enfermo, con valores entre $36,5\text{ }^{\circ}\text{C}$ e $37,5\text{ }^{\circ}\text{C}$ medidos no recto.

tempo *s.m.* 1. Medida de duración. 2. Cada unha das partes nas que se divide unha manobra ou operación. // **T. brazo-lingua** Tempo que tarda o enfermo en notar sensación de calor na lingua trala inxección en vea dunha solución de glicomato de calcio ó 40%. Trátase dunha proba para medi-la actividade funcional do ventrículo esquerdo. // **T. de coagulación** Na proba que se realiza para estudia-la vía intrínseca da coagulación, é o tempo que tarda un mililitro de sangue en coagularse, a unha temperatura de $37\text{ }^{\circ}\text{C}$. // **T. de hemorraxia**. Duración da hemorraxia que se produce trala punción do lobo da orella, normalmente de 1 a 4 minutos, pero moito máis na trombopenia e na hemofilia. // **T. de percepción** Tempo necesario para percibir un estímulo. // **T. de protrombina** Tempo, medido en segundos, necesario para a coagula-

ción do plasma oxalatado despois de engadirle diferentes cantidades de cloruro de calcio. É inversamente proporcional ó contido de protrombina no plasma. Constitúe unha proba analítica para estudia-la vía extrínseca da coagulación. // **T. de reacción** Tempo que pasa entre un estímulo e a reacción provocada por el. // **T. de sangría** Tempo de hemorraxia, proba empregada para valora-la función plaquetaria. // **T. de sedimentación** Reacción de sedimentación eritrocítica.

tempolábil *adx.* Que sofre alteracións polo paso do tempo.

temporal *adx.* 1. Relativo ó tempo, ou que dura un tempo limitado. 2. Relativo á rexión, ósos ou músculos temporais. // *s.* 3. V. **arteria, músculo, nervio, óso, vea**.

temporoauricular *adx.* Relativo á rexión temporal e auricular.

temporocigomático-a *adx.* Relativo ou pertencente á rexión temporal e cigomática.

temporofacial *adx.* Relativo á sen e á cara.

temporofrontal *adx.* Relativo ou pertencente ós ósos ou zonas temporal e frontal.

temporomalar *adx.* Relativo ou pertencente ós ósos temporal e malar.

temporomaxilar *adx.* 1. Relativo ós ósos temporal e maxilar. // *s.m.* 2. V. **músculo**.

temporooccipital *adx.* Relativo ou pertencente ós ósos ou rexións temporal e occipital.

temporoparietal *adx.* Relativo ou pertencente ós ósos ou rexións temporal e parietal.

tempostábil *adx.* Que non se ve alterado polo paso do tempo.

temulencia *s.f.* Embriaguez, intoxicación.

tenaces *s.f.pl.* Pinzas de ramas fortes e cortantes que se empregan para seccionar cartilaxes, puntas ou gallos.

tenacidade *s.f.* Persistencia, porfía, perseveranza. // **T. celular** Tendencia das células a permanecer nunha actividade ou forma determinada.

tenaciñas *s.f.pl.* Tenaces pequenas. // **T. de Dolbeau** Tenaciñas que se empregan para extraer cálculos da vexiga urinaria.

tenáculo *s.m.* 1. Instrumento cirúrxico con forma de gancho que se utiliza para soste-las arterias que se van ligar, e tamén para erguer ou suxeitar un órgano ou parte del. 2. Banda fibrosa que suxeita un órgano ou unha parte.

tenalxia *s.f.* Dor nun tendón. Tamén se di **tenodinia**.

ténar *adx.* 1. Relativo ou pertencente á palma da man. // *s.m.* 2. Eminencia na base do polgar que se forma polo músculo abductor, o flexor curto e o opoñente do polgar.

tenaz *adx.* 1. Persistente, teimoso. 2. Relativo ó corpo no que é difícil separa-las partes. 3. Pegañento ou viscoso.

tenda *s.f.* Formación anatómica en forma de tenda. Tamén se di **tentorium**. // **T. da hipófise** Pregadura da duramáter que cobre a hipófise. / **T. de osíxeno** Bolsa ou cámara impermeable e transparente que cobre a cama do enfermo para a osixenoterapia. Así obtense unha concentración aproximada de O₂ do 50%. / **T. do cerebelo** Tabique formado pola duramáter que se atopa entre a cara superior do cerebelo e a inferior dos lobos occipitais do cerebro, separándoos. Dentro dela atópanse os seos laterais, petrosos, rectos, cavernosos e a prensa de Erófilo. / **T. olfactiva** Prolongación transversal da duramáter situada entre a apófise crista galli e o bordo do óso frontal, que cobre a parte anterior do bulbo olfactivo.

tendencia *s.f.* Inclinación, propensión ou predisposición.

tendinite *s.f.* Inflamación dun tendón. Tamén se di **tenonite**.

tendinoplastia *s.f.* Tenoplastia.

tendinosutura *s.f.* Sutura dun ou varios tendóns. Tamén se di **tenorrafia**.

tendo *s.m.* (lat.) Tendón. // **T. Achilles** Tendón de Aquiles.

tendofonía *s.f.* Tenofonía.

tendólise *s.f.* Liberación das adherencias dos tendóns.

tendón *s.m.* Estructura fibrosa formada por tecido conxuntivo, mediante a cal se insire unha masa muscular nun óso ou noutro órgano. // **T. de Aquiles** Reunión dos tendóns do gastrocnemio e do solear que se insiren na parte inferior da cara posterior do calcáneo. / **T. de Cooper** Ligamento pectíneo. / **T. de Zinn** Tendón mediante o cal se insiren os músculos rectos lateral, medial e inferior no vértice da órbita. / **T. palpebral** ou **ocular** Ligamento palpebral interno, no que se orixina o músculo orbicular das pálpebras. / **T. perforante** Tendón do flexor profundo dos dedos que fura o tendón do flexor superficial ó nivel da primeira falanxe. / **T. perforado** Tendón do flexor superficial dos dedos.

tendoplastia *s.f.* Tenoplastia.

tendosinovite *s.f.* Inflamación da vaíña dun tendón ou do propio tendón. Tamén se di **tendovaxinite**. // **T. estenosante** Doenza do pulso por inflamación crónica da vaíña do tendón do extensor curto e do abductor longo do polgar, que ocasiona estenose. / **T. purulenta** ou **serosa** Tendosinovite con formación de pus ou derramo seroso, respectivamente.

tendotomía *s.f.* Tenotomía.

tendovaxinite *s.f.* Tendosinovite.

tenectomía *s.f.* Tenonectomía.

tenesmo *s.m.* Desexo continuo e ineficaz, que produce dor, de urinar ou defecar (tenesmo vesical ou rectal, respectivamente), ocasionado por unha irritación ou unha inflamación do colo da vexiga ou do ano.

tenia *s.f.* 1. Verme cestodo en forma de fita, do xénero *Taenia*, parasito intestinal dos animais e do home. O seu corpo está formado por segmentos ou proglótides, que se

desprenden cando maduran e conteñen os órganos de reprodución e os ovos. A súa cabeza ten ventosas ou ganchos cos que se adhíren ás paredes do intestino. As especies parasitas do home causan a síndrome chamada teníase, das cales unha das máis perigosas é a causada pola *Echinococcus granulosus*. 2. Estructura anatómica en forma de fita. // **T. de Valsalva** ou **tenia do colon** Cada unha das tres fitas ou bandas do intestino groso formadas por fibras musculares lonxitudinais: a mesocólica, que corresponde á inserción do mesenterio; a libre, que é a oposta á anterior, e a epiploica ou emental, que corresponde á unión do colon transversal co epíploon.

teníase *s.f.* Síndrome ocasionada pola infestación de tenias, que se manifesta con dispepsias, alteracións do apetito, dores abdominais, anemia, etc. Tamén se di **helmintíase**. // **T. imaxinaria** V. **teniofobia**. / **T. somática** Presencia de larvas de tenia nos órganos, especialmente nos músculos.

tenicida *adx.* Que destrúe as tenias.

teniforme *adx.* Que ten forma de tenia.

tenífugo-a *adx.* 1. Que provoca a expulsión das tenias. // *s.m.* 2. Axente con esta acción.

teniofobia *s.f.* Temor morboso a ter tenias. Tamén se di **teníase imaxinaria**.

tenioide *adx.* Teniforme, con forma de tenia.

teniotoxina *s.f.* Toxina das tenias.

teno- Prefixo do grego, tendón.

tenodese *s.f.* Fixación do extremo dun tendón ó óso ou órgano que lle corresponde.

tenodinia *s.f.* Dor no tendón, tenalxia.

tenofibriña *s.f.* Cada unha das fibras finas que se atopan entre as células epiteliais, dispostas mediante pontes intercelulares.

tenófito *s.m.* Neoplasia nun tendón.

tenofonía *s.f.* Son que se percibe por auscultación, supostamente causado polas cordas tendinosas cardíacas.

tenólise *s.f.* Escisión cirúrxica de adherencias patolóxicas nun tendón.

tenomioplastia *s.f.* Intervención de cirurxía plástica que afecta os músculos e tendóns, especialmente as operacións por hernia inguinal.

tenomiotomía *s.f.* Extirpación dunha parte dun tendón e dun músculo.

tenonectomía *s.f.* Extirpación dunha parte do tendón ou da súa vaíña. Tamén se di **tenectomía**.

tenonite *s.f.* 1. Inflamación dun tendón. Tamén se di **tenosite**, **tendinite**. 2. Inflamación da cápsula de Tenon.

tenonómetro *s.m.* Instrumento que se emprega para medi-la tensión intraocular.

tenonostose *s.f.* Tenostose

tenontagra *s.f.* Afección gotosa dos tendóns.

tenontite *s.f.* Inflamación dos tendóns. // **T. calcaria** Inflamación tendinosa con calcificación.

tenontodinia *s.f.* Tenodinia.

tenontofima *s.m.* Tumor nun tendón. Tamén se di **tenófito**.

tenontografía *s.f.* Descrición dos tendóns e a súa colocación.

tenontoloxía *s.f.* Conxunto de coñecementos relativos ós tendóns.

tenontotecite *s.f.* Inflamación da vaíña tendinosa. Tamén se di **tendosinovite**.

tenontotomía *s.f.* Tenotomía.

tenopatía *s.f.* Patoloxía dos tendóns.

tenopexía *s.f.* Tenodese.

tenoplastia *s.f.* Cirurxía plástica dos tendóns (enxertos de tendóns).

tenorrafia *s.f.* Sutura de tendóns seccionados.

tenosinovectomía *s.f.* Extirpación dunha vaíña tendinosa.

tenosinovite *s.f.* V. **tendosinovite**.

tenosite *s.f.* Tenontite, inflamación dun tendón.

tenostose *s.f.* Calcificación ou osificación dun tendón.

tenosuspensión *s.f.* Fixación da articulación do ombro na luxación recidivante, que se realiza mediante unha fita tendinosa do peroné lateral longo que se pasa a través da cabeza do úmero e da apófise acromial.

tenotomía *s.f.* Sección cirúrxica dun tendón co fin de diminuír ou aumenta-la súa función ou ben para aumenta-la súa lonxitude.

tenótomo *s.m.* Escalpelo de pequeno tamaño, de folla curta e estreita, que se utiliza nas tenotomías. // **T. de Dieffenbach** Tenótomo de folla curva empregado na tenotomía dos músculos oculares.

tensioactivo-a *adx.* Que modifica a tensión superficial dun líquido.

tensiófono *s.m.* Instrumento utilizado para o exame da presión sanguínea mediante a combinación de palpación e auscultación.

tensioinactivo-a *adx.* Que non altera a tensión superficial.

tensiómetro *s.m.* Instrumento que permite medi-la tensión superficial dun líquido.

tensión *s.f.* 1. Acción das forzas que actúan en distintas direccións sobre un corpo, mantendo as súas partes unidas. 2. Resistencia que ofrecen as paredes dun recipiente á presión do líquido que contén. 3. Forza que induce a dilatación dos gases, e intensidade desa forza. // **T. arterial** Resistencia ofrecida polas paredes das arte-

rias, que depende da forza da actividade cardíaca, da elasticidade das paredes arteriais, da resistencia capilar, da presión venosa e do volume e viscosidade do sangue. / **T. ocular** Presión que sofren as envolturas do ollo, producida pola renovación continua dos líquidos no seu interior. / **T. muscular** Contracción moderada dun músculo causada polo seu estiramento. / **T. premens-trual** Estado no que pode aparecer irritabilidade, cefalea, insomnio, dor abdominal, etc., que ocorre nos días previos á aparición da menstruación. / **T. sanguínea** Resistencia que ofrecen as paredes dos vasos sanguíneos que depende da presión do sangue e da elasticidade dos propios vasos. / **T. superficial** Resistencia á disgregación da capa superficial dos líquidos, debida ás forzas de cohesión que exercen unhas moléculas sobre outras. / **T. vascular** Tensión sanguínea. / **T. venosa** Presión que exerce o sangue sobre as paredes das veas. / **T. venosa central** Presión exercida nas estruturas venosas centrais, como a aurícula dereita ou a vea cava.

tensivo-a *adx.* Relativo á tensión, especialmente as dores que van acompañadas dunha sensación de tensión.

tensio-a *adx.* 1. Estirado. 2. Moi preocupado, falto de relación.

tensor *s.m.* Músculo que estira ou tensa unha parte do corpo.

tenta *s.f.* Sonda.

tentáculo *s.m.* Apéndice móbil e polo xeral retráctil que algúns invertebrados empregan para a presión e o movemento.

tentativa *s.f.* Intento, ensaio ou inicio dun acto.

tentigo *s.f.* (lat.) 1. Luxuria, satírfase. 2. Clítoris. // **T. venérea** Ninfomanía.

tento *s.m.* Exercicio do sentido do tacto.

tentorial *adx.* Relativo ó *tentorium* ou tenda do cerebelo.

tentorium *s.m.* (lat.) Tenda, especialmente a do cerebelo.

tentum *s.m.* (lat.) Pene.

tenue *adx.* Delicado, sutil, delgado.

teobromina *s.f.* Dietilmetilxantina, alcaloide que conteñen as sementes do *Theobroma cacao*, e que tamén se pode preparar artificialmente, con propiedades semellantes ás da cafeína e ás da teína.

teofilina *s.f.* Alcaloide do té, isómero da teobromina, con acción diurética, vasodilatadora e antiasmática.

teofobia *s.f.* Temor enfermizo a Deus ou ás cuestións divinas.

teomanía *s.f.* Manía na que o enfermo cre que é Deus ou que está inspirado por el.

teorema *s.m.* Proposición que afirma un feito ou cuestión demostrable. // **T. de Gibbs** As substancias que diminúen a tensión superficial dun medio puro tenden a xuntarse na superficie deste. / **T. de Hazen** Por cada morte por febre tifoide evitada mediante o tratamento das augas de

consumo público evítanse dúas ou tres mortes por outras causas.

teoría *s.f.* Concepto hipotético enunciado a partir de feitos ou traballos experimentais. // **T. bioquímica de Ehrlich** Teoría da existencia dunha afinidade química específica entre as células vivas e as substancias químicas. / **T. celular** Afirmación de que toda materia viva está composta por células, sendo a súa actividade o proceso esencial da vida. / **T. corpuscular** Teoría que afirma que a luz está formada por partículas mínimas de materia que se desprenden en tódalas direccións dun corpo luminoso. / **T. da alternación** Teoría segundo a cal a reacción anti-xeno-anticorpo é debida a forzas químicas específicas que actúan sobre as moléculas de ambos, que estarían unidos por enlaces químicos específicos. / **T. da emigración** Teoría de Cohnheim. / **T. da fagocitose** Teoría de Metchnikoff. / **T. da neurona** Teoría segundo a cal o sistema nervioso está formado por neuronas que se relacionan por contigüidade e non por continuidade. / **T. das cadeas laterais** Teoría de Ehrlich sobre a inmunidade e a citólise, segundo a cal o protoplasma das células contén moléculas orgánicas complexas formadas por un grupo central estable ó que se fixan cadeas laterais menos estables, mediante as cales se efectúan as transformacións químicas ordinarias do protoplasma, sen que se afecte ese centro estable. As cadeas laterais posúen un grupo de átomos (aftóforo) que se pode unir a grupos semellantes de toxinas, bacterias e células estrañas, unión que permite que o grupo central produza gran cantidade de novas cadeas laterais (receptores) de dous tipos: antitoxinas, que fixan toxinas, e amboceptores, con afinidade polas células estrañas ou bacterias e polo complemento que existe normalmente nos líquidos orgánicos. Estas cadeas distribúense por todo o organismo. / **T. das mutacións** Teoría de De Vries. / **T. de Adami** Teoría semellante á das cadeas laterais de Ehrlich, segundo a cal o protoplasma vital está formado por masas moleculares que forman un anel central, do que se desprenden ou ó que se adhíren cadeas laterais sen alteración do centro primitivo. Estes cambios serían producidos polo ambiente e ó mesmo tempo causarían modificacións celulares. / **T. de Adler** Teoría segundo a cal a orixe das neuroses estaría nunha inferioridade física ou social. / **T. de Bowman** Teoría que afirma que a secreción renal, a auga e os sales orgánicos se filtran polos glomérulos, e pola contra a urea e substancias relacionadas con ela elimínanse polas células epiteliais dos tubos contornados renais. / **T. de Brown** Teoría segundo a cal as enfermidades orixínanse por unha falta ou un exceso de estímulos. / **T. de Buchner** Teoría da inmunidade segundo a cal as células dun organismo que sandaron dunha infección sofren cambios reactivos que as protexen contra infeccións semellantes. / **T. de Cohnheim** Segundo esta teoría, a emigración dos leucocitos ou diapedese constitúe o carácter esencial da inflamación. / **T. de Darwin** Darwinismo. / **T. de De Vries** Teoría das mutacións segundo a cal a variabilidade do plasma xenital é tan grande que ás veces pode ocasionar variacións e mutacións permanentes, que son conservadas por selección natural en caso

de seren favorables para o individuo. / **T. de Dienlafoy** Teoría que afirma que a apendicite é debida a unha oclusión da cavidade apendicular. / **T. de Ehrlich V. t. das cadeas laterais, T. bioquímica.** / **T. de Finlay** Teoría que afirma que a febre amarela é transmitida polos mosquitos. / **T. de Florens** Teoría segundo a cal o cerebro no seu conxunto participa en tódolos procesos psíquicos. / **T. de Freud** 1. O histerismo é debido a un traumatismo psíquico que no momento da súa percepción non tivo a reacción adecuada, polo que segue afectándolle á memoria. 2. A orixe de moitos trastornos psíquicos está na existencia de impresións sexuais inconscientes, e a súa curación pódese acadar levándoas ó terreo da consciencia mediante a psicanálise. 3. Os soños son expresións simbólicas de desexos reprimidos. Gran parte deles serían de tipo sexual. / **T. de Golgi** As neuronas comunicanse a través do neuroeixe das células de Golgi e das prolongacións laterais dos neuroeixes das células de Deiters. / **T. de Goltz** Os conductos semicirculares do labirinto transmiten a sensación de posición e contribúen ó sentido do equilibrio. / **T. de Helmholtz** Teoría da percepción dos sons que afirma que cada fibra basilar responde a unha determinada frecuencia e estimula as células pilosas correspondentes do órgano de Corti. / **T. de Jung** Teoría segundo a cal existe un inconsciente colectivo, os arquetipos. Por outra parte, a libido tería unha función moi superior e moito máis ampla que a pulsión freudiana, considerándoa como enerxía vital. / **T. de Kern** Segundo esta teoría, para cada célula existe unha relación determinada entre a masa nuclear e a masa protoplasmática. / **T. de Lamarck** Teoría que sostén que os caracteres adquiridos poden ser transmitidos. / **T. de Ludwig** Teoría segundo a cal a urina fórmase por un proceso simple de filtración nos glomérulos e de difusión ó longo dos túbulos renais. / **T. de Metchnikoff** Segundo ela, as bacterias e outros organismos prexudiciais son atacados e destruídos por fagocitos, e desta loita resulta a inflamación. / **T. de Monakov** Teoría segundo a cal unha lesión localizada nunha zona do sistema nervioso inhibe a actividade da outra parte relacionada con ela. Este fenómeno é coñecido tamén co nome de diáskise. / **T. de Nernst** Teoría que afirma que os estímulos eléctricos dos tecidos son debidos a disociacións de ións que producen unha concentración dos sales na disolución que rodea as membranas celulares. / **T. de Pasteur** Teoría segundo a cal a inmunidade se produciría porque unha primeira infección tería esgotado o sistema necesario para un desenvolvemento posterior do axente infeccioso. / **T. de Regaud** Segundo ela, as mitocondrias son centros de actividade química específica que poden sintetizar certas substancias de determinados elementos do citoplasma. / **T. de Schön** Teoría segundo a cal na acomodación ocular o músculo ciliar exerce unha acción de sostén en tensión e en posición do cristalino, semellante á que se produce cando suxeitamos e comprimimos coas dúas mans un globo de goma. / **T. de Waldeyer** Teoría da neurona. / **T. de Weismann** Teoría que afirma que os caracteres adquiridos non se herdan. / **T. de Young-Helmholtz** Teoría segundo a cal a visión das cores depende das tres series

de fibras retiniais correspondentes ás cores vermella, verde e violeta. / **T. dos cuantos** Segundo esta teoría, a emisión e absorción de enerxía radiante non ten lugar de xeito continuo senón intermitente, por átomos (cuantos) de enerxía moi pequenos e numerosos. / **T. humoral** Teoría que lles atribúe as causas dos diferentes estados do organismo ós líquidos ou humores presentes nel. / **T. iónica** Segundo ela, as moléculas dun electrólito en solución disócianse en dúas ou máis porcións cargadas positiva ou negativamente, e cando pasa unha corrente eléctrica pola solución, as partes positivas son atraídas polo polo negativo e viceversa. / **T. kleiniana** Teoría desenvolvida a partir da teoría psicanalítica pola escola de Melanie Klein. As súas investigacións aplicáronse ó tratamento da psicose e na psicanálise infantil mediante a técnica do xogo dirixida a expresa-la fantasía e a ansiedade. / **T. mendeliana** V. **lei de Mendel**. / **T. mioxénica** Segundo esta teoría, as fibras musculares do corazón teñen a facultade de producir e mante-la contracción cardíaca. / **T. monofilética** ou **polifilética** Segundo elas, os globos brancos e vermellos do sangue orixínanse nunha célula primitiva ou en varias células nais, respectivamente. / **T. xerminal** 1. Tódolos organismos se desenvolven a partir dunha soa célula. 2. Tódalas enfermidades infecciosas son de orixe microbiana.

teórico-a *adx.* Especulativo, non seguro ou non real.

teoterapia *s.f.* Tratamento de enfermidades por suxestión, empregando prácticas relixiosas ou oracións. Tamén se di **haxioterapia**.

ter- Prefixo do latín, tres veces.

tera- Prefixo do grego, monstruosidade ou malformación.

terabdelá *s.f.* Ventosa, sambesuga artificial.

terapeuta *s.* Especialista en terapéutica.

terapéutica *s.f.* 1. Rama da medicina que estuda o tratamento das enfermidades. 2. Ciencia e medios para curar e aliviar-las distintas doenzas. Tamén se di **terapia**. // **T. alimentaria** Alimentoterapia, tratamento dietético ou por alimentación sistemática. / **T. biolóxica** Tratamento mediante substancias que producen reaccións biolóxicas no organismo, por exemplo a seroterapia. / **T. celular** Organoterapia. / **T. cirúrxica** Cirurxía. / **T. diatérmica** Tratamento mediante termopenetración. / **T. empírica** Tratamento mediante axentes ou métodos avalados pola experiencia. / **T. endócrina** Tratamento por administración de extractos de glándulas endócrinas ou hormonas sintéticas. / **T. específica** Tratamento dunha enfermidade mediante drogas que a combaten de maneira específica. / **T. experimental** Tratamento con drogas que se leva a cabo experimentalmente en animais antes de seren utilizadas nas persoas. / **T. farmacolóxica** A que se ocupa só da aplicación e da acción dos medicamentos. / **T. física** Fisioterapia. / **T. hidrolóxica** Hidroterapia, crenoterapia. / **T. inespecífica** Terapéutica dirixida a producir un efecto xeral, sen atacar un axente causal concreto. Por exemplo, o tratamento de infeccións por proteínas inespecíficas. / **T. mediata** Tratamento dun lactante de xeito indirecto,

mediante a administración do medicamento á nai. / **T. ocupacional** Planificación de actividades, tanto físicas como psíquicas, con fins curativos. / **T. psíquica** Psicoterapia. / **T. química** Quimioterapia. / **T. solar** Helioterapia. / **T. substitutiva** Administración dunha substancia que se atopa no organismo nun nivel inferior ó normal.

terapia *s.f.* Terapéutica.

-terapia Sufixo do grego, tratamento.

teras *s.m.* Monstro fetal.

teratismo *s.m.* Anormalidade fetal. // **T. adquirido** Deformidade que resulta dunha enfermidade ou dun accidente. / **T. atrésico** Deformidade que se caracteriza pola oclusión de orificios naturais. / **T. ectóxico** Ausencia de partes do corpo. / **T. ectópico** Localización anormal de partes do corpo. / **T. sinfísico** Fusión anormal de partes adxacentes.

terato- Prefixo do grego, monstro.

teratoblastoma *s.m.* Tumor que contén elementos embrionarios, especialmente aquel que non está formado polas tres follas xerminativas ou blastodérmicas. Tamén se di **teratoma**.

teratocardia *s.f.* Anomalía conxénita do corazón, que pode ser estrutural ou de posición.

teratofobia *s.f.* 1. Temor patolóxico ós monstros. 2. Medo enfermizo a parir monstros.

teratoide *adx.* 1. Semellante a un monstro. // *s.m.* 2. Teratoblastoma, teratoma.

teratoloxía *s.f.* Estudio das causas das monstruosidades ou malformacións fetais.

teratoma *s.m.* Tumor formado por un número variable de tecidos diferentes, non propios do lugar onde se desenvolven. Poden ter aspecto embrionario ou seren moi diferentes, e poden ser benignos ou malignos. Adoitan localizarse nos ovarios, testículos, mediastino, etc. Tamén se di **embrioma**, **tumor teratoide**.

teratópago *s.m.* Monstro dobre.

teratose *s.f.* Monstruosidade, teratismo.

teratoxénese ou **teratoxenia** *s.f.* Mecanismo polo que se producen malformacións fetais.

terbio *s.m.* Elemento metálico raro, de símbolo Tb e peso atómico 159,2.

terbutalina *s.f.* Estimulante dos receptores beta-adrenérxicos, que se emprega para trata-la asma bronquial.

terceiro par *loc.* Nervio motor ocular común.

terciá *s.f.* Tipo de febre intermitente.

terciarismo *s.m.* Conxunto de síntomas característicos da tuberculose ou sífilis terciaria.

tercigrávida *s.f.* Muller que se atopa no terceiro embarazo.

tercípára *s.f.* Muller que pare ou que pariu por terceira vez.

terebinteno *s.m.* Esencia de trementina pura.

terebintinismo *s.m.* Intoxicación por esencia de trementina.

terebración *s.f.* Perforación ou trepanación.

terebrante *adx.* Que fura, sobre todo certas úlceras ou unha dor semellante á que produciría a perforación dunha parte dorida.

terebraquese *s.f.* Intervención para acurta-lo ligamento redondo.

tergolateral *adx.* Dorsolateral.

tergum *s.m.* (lat.) Dorso.

teriatra *s.* Veterinario.

teriatria *s.f.* Medicina veterinaria.

terioterápía *s.f.* Tratamento das enfermidades dos animais.

termacoxénese *s.f.* Incremento da temperatura debido á acción dunha droga.

termaeroterápía *s.f.* Tratamento por aplicación de aire quente.

termal *adx.* Relativo á calor, especialmente ás augas mineral-medicinais.

termalismo *s.m.* Disciplina que estudia as propiedades e efectos terapéuticos das augas minerais segundo os elementos que conteñen.

termalxesia *s.f.* Exceso de sensibilidade á calor.

termalxia *s.f.* Causalxia.

termanalxesia *s.f.* Termoanalxesia.

termas *s.f. pl.* Mananciais de augas quentes con usos terapéuticos.

termatoloxía *s.f.* Estudio da calor como axente terapéutico.

termestesia *s.f.* Sensibilidade á calor.

termestesiómetro *s.m.* Instrumento que mide a sensibilidade á calor das diferentes zonas da pel.

termiatria *s.f.* Uso da calor como axente terapéutico. Tamén se di **termoterápía**.

térmico-a *adx.* Relativo ou pertencente á calor.

termina *s.f.* Tetrahidronaftilamina, líquido cristalino incoloro que se emprega como midriático.

terminación *s.f.* Extremo, remate ou cabo dunha parte ou dunha cousa. // **T. anulospinal** Cada unha das terminacións nerviosas sensoriais, semellantes a unha fita enrolada arredor das fibras do fuso muscular. / **T. nerviosa** Parte especializada do cilindroeixe e das dendritas das células nerviosas.

terminal *adx.* 1. Que se sitúa ó final de algo. // *s.* 2. Remate, extremo.

terminolateral *adx.* Relativo a un extremo e a un lado, como as anastomoses.

terminoloxía *s.f.* 1. Nomenclatura. 2. Conxunto de termos dunha ciencia, arte ou disciplina.

terminoterminal *adx.* 1. Relativo a dous cabos ou extremos. 2. Relativo ás anastomoses cirúrxicas do intestino que se realizan suturando ámbolos dous extremos da sección.

termión *s.m.* Partícula cargada electricamente que emite unha substancia incandescente.

termo *s.m.* 1. Parte final, remate ou extremo. 2. Fin do embarazo. 3. Palabra técnica.

termoaglutinación *s.f.* Aglutinación producida por calor.

termoalxesia *s.f.* Termalxesia.

termoanalxesia *s.f.* Eliminación da dor mediante calor.

termoanestesia *s.f.* 1. Perda da sensibilidade á calor. 2. Termoanalxesia.

termobiose *s.f.* Posibilidade de vivir en condicións de elevada temperatura.

termocáustico-a *adx.* Que se volve cáustico pola acción da calor.

termocauterectomía *s.f.* Extirpación dun órgano ou dunha parte mediante o termocauterio.

termocauterio *s.m.* Aparello utilizado en cirurxía e en terapéutica que cauteriza os tecidos por medio de calor. // **T. de Paquelin** Instrumento baseado na propiedade que ten o platino, previamente quentado, de poñerse incandescente por unha mestura de aire e vapores de bencina.

termocrose *s.f.* Capacidade de reflectir, absorber ou transmitir raios calóricos.

termomodifusión *s.f.* Difusión por calor.

termodinámica *s.f.* Rama da física que se ocupa das relacións da enerxía térmica con outras fontes de enerxía.

termodúrico-a *adx.* Que é capaz de resistir altas temperaturas.

termoelectricidade *s.f.* Electricidade que xera a calor, ou ben calor que xera a electricidade.

termoelemento *s.m.* Elemento termoeléctrico.

termoestesia *s.f.* Sensibilidade á calor. Tamén se di **termestesia**.

termoexcitador-a *adx.* Que estimula a produción de calor.

termofaxia *s.f.* Feito ou costume de traga-los alimentos moi quentes.

termofílico-a *adx.* 1. Termófilo. 2. Que resisten os efectos da calor, como certas bacterias.

termófilo-a *adx.* Que só se desenvolve en condicións de elevada temperatura, como as bacterias para as que a temperatura óptima é de 40 °C-60 °C.

termofobia *s.f.* Medo patolóxico á calor ou ós axentes que a producen.

termóforo-a *adx.* 1. Que transmite ou ten calor. // *s.m.* 2. Instrumento empregado para determina-la sensibilidade á calor.

termografía *s.f.* Técnica de diagnóstico de procesos patolóxicos como tumores baseada na obtención de imaxes polas diferencias de temperatura da pel nas distintas zonas do corpo, mediante dous procedementos: a) Na termografía de contacto obtéñense as imaxes pola propiedade que teñen certos cristais líquidos de cambiar de cor segundo a temperatura da superficie coa que se poñen en contacto. b) A termografía electrónica ou telemografía baséase no feito de que a pel actúa coma un emisor de radiación infravermella, polo que se poden obter imaxes segundo a súa intensidade.

termógrafo *s.m.* Instrumento que rexistra as variacións de temperatura.

termohiperalxesia *s.f.* Hiperalxesia á calor.

termohiperestesia *s.f.* Hiperestesia á calor ou ó frío.

termohipestesia *s.f.* Diminución da sensibilidade ós cambios de temperatura.

termoinhibidor-a *adx.* Que é capaz de diminuír ou inhibi-la produción de calor orgánica.

termoionización *s.f.* Emisión de electróns polos metais en estado candente.

termolábil *adx.* Que non resiste a calor, senón que se descompón ou que perde as súas propiedades polo efecto desta, especialmente os soros que perden actividade a partir dos 55-56°.

termolámpada *s.f.* Lámpada que produce calor.

termolarinoscopio *s.m.* Laringoscopio que se quenta para evita-lo empanamento do espello polo alento.

termólise *s.f.* 1. Perda de calor orgánica por radiación, secreción, sudación, etc., ou intercambio de calor entre o organismo e o medio. 2. Disolución mediante calor.

termoloxía *s.f.* Tratado sobre a calor.

termomasaxe *s.f.* Masaxe con aplicación simultánea de calor.

termometría *s.f.* Medición da temperatura corporal co termómetro e estudo das súas variacións nas enfermidades.

termómetro *s.m.* Instrumento para medi-la temperatura por medio dunha substancia que se dilata e contrae coas súas variacións, e unha escala na que se sinala o grao de dilatación e contracción. // **T. clínico** Termómetro utilizado para medi-la temperatura corporal, provisto dunha escala entre 30 °C e 45 °C. / **T. de Celsius** ou **centígrado** Termómetro no que a parte de escala comprendida entre

os dous puntos determinantes (fusión do xeo e ebulición da auga) está dividida en 100 graos. / **T. de Fahrenheit** Termómetro que abarca 180° entre o punto de fusión do xeo (32°) e o de ebulición da auga (212°). A medida da temperatura en graos Fahrenheit pódese converter en graos mediante a fórmula $C=(F-32)/9$. / **T. de máxima e mínima** Termómetro que rexistra as temperaturas máxima e mínima ás que estiveron expostos durante un período determinado de tempo. / **T. de mercurio** Termómetro no cal a substancia que se dilata e se contrae é mercurio contido nun tubo graduado. / **T. diferencial** Termómetro no que a substancia que se dilata é alcohol dentro dun tubo capilar, de xeito que pode rexistrar diferencias de milésimas de grao.

termonose *s.f.* Estado patolóxico causado pola calor.

termopalpación *s.f.* Palpación realizada para determina-la diferenza térmica entre as distintas partes do corpo.

termopenetración *s.f.* Acción das correntes eléctricas de baixa tensión e alta intensidade que producen calor nas partes profundas do corpo. Tamén se di **diatermia médica**.

termoplexía *s.f.* Insolación.

termopolipnea *s.f.* Polipnea producida polo incremento da temperatura corporal.

termoprecipitación *s.f.* Precipitación por calor.

termoquímica *s.f.* Estudio das relacións entre enerxía térmica e química.

termorradioterapia *s.f.* Método de tratamento que combina a termopenetración coa aplicación de raios X, que se basea no aumento da radiosensibilidade dos tecidos coa calor.

termorregulación *s.f.* Regulación térmica que posúen algúns organismos (homotermos) que son quen de mante-la súa temperatura central constante a pesar das variacións da temperatura do medio. Tamén se di **termotaxe**.

termorresistente *adx.* Capaz de resisti-la exposición a temperaturas altas, como as bacterias.

termoscopio *s.m.* Termómetro diferencial.

termosemioloxía *s.f.* Estudio das variacións da temperatura corporal como síntoma de enfermidades.

termostable *adx.* Que se altera doadamente cunha calor moderada, coma os soros que resisten temperaturas superiores ós 55 °C.

termóstato *s.m.* Instrumento que mantén automaticamente unha temperatura constante. Tamén se di **termorregulador**.

termostérese *s.f.* Privación de calor.

termotaxe *s.f.* 1. Regulación da temperatura orgánica, termorregulación. 2. Movemento dalgúns organismos cara á fonte de calor ou en sentido contrario. // **T. física** ou **química** Termorregulación por acción vasomotriz ou

por aumento ou diminución dos procesos de oxidación celular, respectivamente.

termoterapia *s.f.* Tratamento de enfermidades ou dores por aplicación de calor.

termotonómetro *s.m.* Instrumento que permite determina-lo grao de contracción muscular producido pola calor.

termotoxina *s.f.* Toxina producida no organismo pola calor.

termotraqueotomía *s.f.* Traqueotomía que se realiza mediante o termocauterio.

termotropismo *s.m.* Movemento dos organismos en relación coa calor. Tamén se di **termotaxe**.

termoxénese *s.f.* Producción de calor, sobre todo nos organismos unicelulares.

ternario-a *adx.* Composto por tres elementos ou radicais.

teroide *adx.* Semellante a un animal de orde inferior.

teromorfismo *s.f.* Volta a unha organización inferior.

terpenismo *s.m.* Intoxicación por terpeno.

terpeno *s.m.* Hidrocarburo non saturado de fórmula $C_{10}H_{16}$, derivado de esencias e resinas.

terpentina *s.f.* Trementina.

terpina (hidrato de) *s.m.* Composto obtido por hidratación da esencia de trementina, que se emprega como bálsamo nas afeccións catarrais das vías respiratorias.

terramicina *s.f.* Nome rexistrado da oxitetraciclina.

terreo *s.m.* Corpo ou organismo, referido á relación entre os axentes infecciosos e o corpo.

terrácola *adx.* Que vive na Terra.

territorio *s.m.* Conxunto de estruturas anatómicas suxeitas ou que dependen dunha arteria ou dun nervio.

terror *s.m.* Medo esaxerado, pavor. // **T. nocturno** Especie de pesadelo que afecta especialmente ós nenos, e que nalgúns casos pode ser síntoma de neurose.

terroso-a *adx.* Que contén terra ou que presenta a cor da terra.

tesaurismose *s.f.* Alteración conxénita do metabolismo dos lípidos, glúcidos ou proteínas por déficit dalgunha proteína, na que se produce unha acumulación nas células dos metabolitos que preceden a este paso enzimático na cadea metabólica. Entre estas alteracións destacan a glicoxenose, a enfermidade de Gaucher, a enfermidade de Tay-Sachs e a enfermidade de Niemann-Pick.

tese *s.f.* Proposición, conclusión, traballo científico de investigación que se elabora para obter un grao académico.

teselado-a *adx.* Dividido en cadrados

tesla *s.m.* Unidade de inducción magnética (abreviatura T) que equivale a 1 wéber/m².

teslaización *s.f.* Tratamento por correntes de tesla.

tesoira *s.f.* Instrumento formado por dúas follas de aceiro, con forma de coitelos dun só fío, que se moven xirando sobre un eixe, e que serven para cortar. // **T. canicular** Tesoira fina que ten unha das follas rematada en punta coma un estilete, e que se emprega para secciona-lo conducto lagrimal. / **T. curva** Tesoira de follas curvadas. / **T. de Dowel** Tesoira de Wecker. / **T. de enucleación** ou **de estrabismo** Tesoira curva para secciona-los músculos nas operacións de estrabismo. / **T. de Liston** Tesoira forte que ten unha das follas rematada nun botón plano, que se emprega para cortar vendaxes. / **T. de Mayo** Tesoira recta ou curva, de puntas delgadas e romas que se utiliza para a disección. / **T. de Metzelsbaum** Tesoira de ramas longas con perfil en baioneta, que se emprega en cirurxía dixestiva para seccionar tendóns profundos. / **T. de Smellie** Tesoira forte de follas curtas e moi cortantes que se emprega na craniotomía. / **T. de Wecker** Tesoira con follas moi finas, parecidas a unha pinza de disección, que se emprega en cirurxía ocular. / **T. dobrada** Tesoira na que as follas e as ramas forman un ángulo semellante a un cóbado. / **T. recta** Tesoira de follas rectas.

test *s.m.* Proba, reacción ou ensaio para estudar certos aspectos dun fenómeno, analizar produtos ou probar hipóteses. // **Batería de tests** Conxunto de probas psicolóxicas empregadas para o psicodiagnóstico. / **T. da D-xilosa** Proba que se emprega para diagnosticar-la síndrome de mala absorción. / **T. de percepción temática** Test de personalidade no que se amosan escenas de significado ambiguo para que a persoa imaxine historias sobre elas. / **T. de Apgar** ou **índice de Apgar** Confrontación de cinco criterios, cada un puntuado de 0 a 2, para valora-lo estado do neonato inmediatamente despois do parto: frecuencia cardíaca, movementos respiratorios, ton muscular, resposta ós estímulos e coloración do neno. Se o total é inferior a 7, o neno debe ser sometido a tratamentos de reanimación cardíaca, respiratoria e metabólica. / **T. mental** Proba psicolóxica que, segundo o obxecto da medición, pode ser de intelixencia, de aptitude ou de personalidade.

testa *s.f.* Fronte, parte da cabeza entre os ollos e o cabelo.

testavao *s.m.* Esvaecemento, síncope, desmaio.

testectomía *s.f.* Orquectomía.

testes *s.m.* (lat.) 1. Testículo. 2. Tubérculos cuadraxéminos posteriores.

testicondia *s.f.* Criptorquismo.

testicondio-a *adx.* Que non ten descendidos os testículos.

testículo *s.m.* Órgano xenital interno masculino de forma ovoide, en número par, situado no interior das bolsas escrotais e suspenso no escroto polo cordón espermático. Está composto por unha envoltura fibrosa, a túnica albugínea, que na súa parte superior presenta un engrosamento chamado corpo de Highmore ou mediastino testicular, de onde parten numerosos tabiques que limitan no interior do órgano espazos que conteñen os lóbulos do

parénquima testicular en número de 200 a 300 constituídos por túbulos seminíferos. Estes únense para formar os túbulos rectos, que en número de 14 a 26 penetran no corpo de Highmore, onde forman a rede de Haller ou retetestis, e converxen na cabeza do epidídimo, no cono vascular de Haller, baldeirándose no conducto deferente. Este órgano é o produtor de espermatozoides, e poste ademais unha formación endócrina que inflúe sobre os caracteres sexuais secundarios. // **T. abdominal, inguinal** ou **perineal** Testículo ectópico que ocupa, respectivamente, estas rexións. // **T. ectópico** Testículo en situación anormal. // **T. invertido** Testículo do cal o epidídimo se insire na cara anterior no canto de facelo na cara posterior, xa que a súa posición dentro das bolsas está invertida. // **T. irritable de Cooper** Neuralxia do nervio xenitocrural, irradiada ó testículo. // **T. retido** Ectopía testicular, retención no conducto inguinal.

testiculoma *s.m.* Tumor testicular. // **T. do ovario** Arre-noblastoma.

testiforme *adx.* Que presenta forma de testículo.

testis *s.m.* (lat.) Testículo.

testite *s.m.* Orquite.

testitoxicose *s.f.* Estado de intoxicación que se observa, a veces, despois da ligadura dos conductos deferentes.

testoide *adx.* 1. Testiforme. // *s.m.* 2. Testículo rudimentario.

testopatía *s.f.* Afección testicular.

testosterona *s.f.* Hormona andróxena producida polos testículos nas células de Leiding, que induce e mantén os caracteres sexuais secundarios. É un esteroide de 19 átomos de carbono que circula polo plasma asociado a proteínas transportadoras, sendo destruído nos tecidos así como no fígado, e dando lugar a varios metabolitos, dos cales os máis abundantes son os 17 cetosteroides, que posteriormente se unen ó ácido glicorónico e elimínanse pola urina. Algúns derivados de testosterona son a androsterona, a epiandrosterona, etc. Na periferia a testosterona pasa a converterse en substancia estróxena que estimula o desenvolvemento dos caracteres sexuais secundarios na puberdade. Ten acción metabólica polo aumento da síntese de proteínas, e produce retención de nitróxeno, fósforo, potasio e calcio, polo que no home contribúe a mante-la masa muscular e o tecido óseo. En clínica empréganse preparados sintéticos de acción semellante, como o propionato, ciclopentilpropionato e metil-testosterona.

testudo *s.m.* 1. Tumor semellante a unha coiraza de tartaruga. 2. Vendaxe articular que se aplica principalmente no cóbado e no xeonllo na que a venda se enrola en forma de oito. Tamén se di **vendaxe en oito**.

teta *s.f.* 1. Popularmente, mama. 2. Mama dos homes.

tetania *s.f.* 1. Síndrome que se caracteriza pola hiperexcitabilidade neuromuscular, ocasionando accesos de contracción tónica dolorosa, principalmente nos

músculos das extremidades. Está producida por un trastorno do metabolismo do calcio, con frecuencia por hipofunción da glándula paratiroide, deficiencia de VITD, alcalose, etc. Obsérvase sobre todo en nenos. 2. Espasmo tónico continuo dun músculo, chamado tamén tétano intermitente, con contractura esencial das extremidades. // **T. duradeira** Espasmo continuo dos músculos dexenerados ó serlles aplicada unha corrente continua intensa. // **T. gástrica** Forma grave asociada con dilatación do estómago. // **T. gravídica** Tetania asociada co embarazo. // **T. paratiropriiva** A causada pola extirpación das glándulas paratiroides. // **T. por hiperventilación** A debida á alcalose que causan a inspiración e expiración forzadas, rápidas e sostidas durante certo tempo.

tetaniforme *adx.* Semellante ó tétano ou á tetania. Tamén se di **tetanoide**.

tetanila *s.f.* Tétano nunha forma leve.

tetanismo *s.m.* 1. Estado tetánico. 2. Hipertonía muscular prolongada que se presenta ás veces nos nenos.

tetanista *s.f.* Tetania ou paramioclono múltiple.

tetanixeno-a *adx.* Que produce tétano ou espasmos tetánicos.

tetanización *s.f.* Inducción de síntomas tetánicos, sobre todo a que produce a excitación eléctrica forte.

tétano *s.m.* 1. Toxiinfección producida pola toxina do bacilo *Clostridium tetani* ou de *Nicolaier*, caracterizada polo espasmo tónico dos músculos voluntarios. A enfermidade ten o seu inicio nunha ferida a través da cal penetra o axente infeccioso no organismo. A clínica ocasionada pola exotoxina tetanospasmína adoita comezar polo músculo maseter e temporal, dando lugar ó trismo, e logo a contracción propágase ós músculos da cara, pescozo, tronco e extremidades, causando actitudes variadas segundo o grupo muscular afectado: opistótonos, emprostótonos e pleurotótonos. A enfermidade ocasiona aumento da temperatura ata 41-42 °C, e finalmente a morte, ben por asfixia, por afectación da musculatura respiratoria, ou por esgotamento do enfermo despois de 3 ou 4 semanas. 2. Estado de contracción tónica sostida dos músculos, causado por unha serie de estímulos separados por breves intervalos. Tamén se di **tetania**, **tétano fisiolóxico**. // **T. alcalótico** Tétano que aparece en estados de alcalose. // **T. apirético** Tetania. // **T. artificial** Tétano causado pola administración dunha droga. // **T. cefálico** Variedade de tétano consecutivo a unha ferida na cabeza, que se caracteriza por trismo, parálise facial, disfaxia e espasmo larínxeo, síntomas que o fan semellante á hidrofobia. // **T. criptoxénico** O que aparece sen que exista previamente ningunha ferida ou traumatismo que o xustifique. Tamén se di **tétano espon-táneo**. // **T. crónico** Tétano de aparición serodia e progresión lenta, de pronóstico máis favorable có agudo. // **T. de Ritter** Contracción tetánica que se produce cando se interrompe unha corrente continua que pasou durante algún tempo ó longo dun nervio. // **T. do neonato** Tétano dos nenos de peito, que adoita deberse á infección da

ferida umbilical. / **T. dorsal** Opistótonos. / **T. espontáneo** Tétano criptoxénico. / **T. fisiolóxico** Contracción tónica continua dun músculo pola superposición de numerosas contraccións musculares. / **T. hidrofóbico** Tétano cerebral. / **T. holotónico** Tétano xeneralizado que afecta a tódolos músculos voluntarios. / **T. idiopático** Tétano espontáneo. / **T. imitativo** Histerismo que se asemella ó tétano. / **T. lateral** Pleurotétano. / **T. parcial** Tetania. / **T. puerperal** Tétano que se contrae por unha ferida uterina. / **T. tóxico** Cadro tetánico producido por substancias venenosas como a estricnina. / **T. traumático** O consecutivo á infección dunha ferida. / **T. uterino** Contracción persistente do útero no parto.

tetanófilo-a *adx.* Que presenta afinidade polas toxinas do tétano.

tetanoide *adx.* Semellante ó tétano ou á tetania.

tetanolisina *s.f.* Hemolisina específica derivada da toxina tetánica.

tetanómetro *s.m.* Aparello que serve para medir e analiza-las convulsións tetánicas.

tetanospasmina *s.f.* Neurotoxina específica derivada da toxina tetánica.

tetanotoxina *s.f.* Ptomáina tóxica dos cultivos do bacilo tetánico. Tamén se di **tetanina**.

tetartanopía ou **tetartanopsia** *s.f.* Carencia de visión nos cuadrantes correspondentes de ámbolos dous campos visuais.

tetartocono *s.m.* Vértice posterior interno dun molar.

tetra- Prefixo do grego, catro.

tetrabásico-a *adx.* Que ten catro átomos de hidróxeno substituíbles.

tetrablástico-a *adx.* Que ten catro capas xerminativas: ectoderma, endoderma, somatopleura e esplancopleura.

tetrabromofenoltalaína *s.f.* Indicador de pH, incoloro en medio ácido e violáceo en medio alcalino. // **T. sódica** Sal que se emprega no exame radiográfico da vesícula biliar, onde se deposita trala súa administración.

tetracaína *s.f.* Composto cristalino de cor branca que se emprega como anestésico local e espiñal en solución ó 2% e ó 1% respectivamente, con acción máis potente cá da procaína.

tetraciclina *s.f.* Antibiótico de amplo espectro, de acción bacteriostática, e de emprego reducido por ser bastante tóxico. Este grupo inclúe a aureomicina ou clortetraciclina, a terramicina ou oxitetraciclina e a tetraciclina. Absórbese incompletamente por vía oral, causando alteracións da flora bacteriana. De posible acción teratóxena, está contraindicada en mulleres embarazadas. Algúns dos derivados sintéticos modernos, como a doxiciclina e a minociclina destacan pola súa mellor absorción dixestiva e a maior duración dos seus efectos.

tetracloretieno *s.m.* Substancia de acción antihelmíntica, pero bastante perigosa.

tetracloruro de carbono *loc.* Hidrocarburo clorado moi empregado na industria e no fogar como desengraxante e limpador. A súa inxestión produce necrose hepática e dos tubos renais.

tetracrómico-a *adx.* Que só pode diferenciar catro cores.

tétrada *s.f.* 1. Grupo de catro entidades semellantes ou relacionadas entre elas. 2. Grupo de catro cromátides que resultan do emparellamento e división dos cromosomas homólogos.

tetradáctilo-a *adx.* Que ten catro dedos en cada membro.

tetraetilamonio *s.m.* Substancia sólida e cristalina, de cor branca, que ten acción gangliopléxica e é utilizada en investigación farmacolóxica.

tetrafarmaco *s.m.* Medicamento composto por catro substancias.

tetrágono *s.m.* 1. Espacio cuadrangular ou cadrado. 2. Músculo cutáneo do colo. // **T. lumbar** Espacio cadrado situado no lombo, debaixo da aponeurose de gran dorsal, limitado polos seguintes músculos: serrato posteroinferior, oblicuo interno, sacrospinal e oblicuo externo.

tetraiodofenoltarcina *s.f.* Substancia colorante que se emprega, ela ou o seu sal de sodio, como contraste, administrada *per os* e por inxección intravenosa, co fin de facer visible a vesícula biliar para o exame radiográfico.

tetraiodopirrol *s.m.* Iodol

tetraloxía *s.f.* Tétrada, grupo de catro elementos. // **T. de Fallot** Cardiopatía conxénita formada por catro anomalías: estenose pulmonar, tabique interventricular defectuoso, con comunicación interventricular, dextroposición da aorta e hipertrofia do ventrículo dereito. É compatible coa vida durante algúns anos, sendo a máis frecuente das cardiopatías cianóticas. Un signo característico é a postura anicada que adoptan os nenos que a padecen, posición que facilita a circulación sanguínea e a osixenación.

tetramastia ou **tetramacia** *s.f.* Presencia de catro mamas.

tetramería *s.f.* Condición de tetrámero.

tetrámero-a *adx.* Formado ou dividido en catro partes.

tetramitíase *s.f.* Infestación do parasito intestinal *Chilomastix mesnili*.

tetranoftalmo *s.m.* Monstro fetal que presenta catro ollos. Tamén se di **diprosopo**.

tetranopsia *s.f.* Anopsia que afecta só un cuadrante visual.

Tetranychus Xénero de acáridos ó que pertence a especie *Trombícula autumnalis*.

tetraoto *s.m.* Monstro fetal que ten dúas caras e catro orellas.

tetraplexía *s.f.* Parálise dos catro membros. Tamén se di **cuadríplexia**. // **T. quiropódica**. A que afecta os

extremos distais das extremidades.

tetraploide *adx.* Relativo á célula ou organismo con catro dotacións cromosómicas.

tetraploidía *s.f.* Calidade de tetraploide.

tetrapódise *s.f.* Locomoción sobre as catro extremidades, gateo.

tetrápodo-a *adx.* Que ten catro pés. Tamén se di **cuadrúpede**.

tetráquiro *s.m.* Monstro fetal que presenta catro mans.

tetrascelo *s.m.* Monstro fetal que ten catro pernas.

tetrasómico-a *adx.* Relativo ó organismo ou célula diploide cun par de cromosomas adicionais do mesmo tipo.

tetráster *s.m.* Figura con catro centrosomas na mitose anormal.

tetrastiquíase *s.f.* Presencia de catro ringleiras de pestanas.

Tetastoma Xénero de vermes trematodos que ás veces se atopan na urina.

tetratómico-a *adx.* Composto de catro átomos, ou con catro átomos substituíbles.

tetravacina *s.f.* Vacina tetravalente.

tetravalente *adx.* Que ten catro valencias.

tetráxeno-a *adx.* Relativo ás bacterias que orixinan tétradas bacterianas ou que se agrupan de catro en catro.

tetrilo *s.m.* Tetranitrometilnilina, composto explosivo que tamén se emprega como indicador de pH. A súa manipulación produce dermatites industriais. Tamén se di **nitramina**.

tetroftalmo *s.m.* Tetraoftalmo.

tetrosa *s.f.* Hidrato de carbono de fórmula $C_4H_8O_4$. Tamén se di **eritrosa**.

tetroto *s.m.* Tetraoto.

teutlosa *s.f.* Azucre que se extrae da raíz da remolacha.

tevetina *s.f.* Glicósido cardiotónico tóxico que se obtén da *Thevetia nerifolia* e da *Thevetia thevetia*.

texe *s.f.* Parto.

textiforme *adx.* Semellante ou que ten forma de tecido ou de rede fina.

textoblástico-a *adx.* Que forma tecido de rexeneración. Tamén se di **histopóético**.

textoma *s.m.* Tumor formado por tecidos diferenciados.

textura *s.f.* Estructura ou disposición dos elementos que forman un tecido.

textural *adx.* Relativo á textura.

Th símbolo do torio.

Thea Xénero de plantas teáceas, ó que pertence a especie *Thea sinensis*, da que se obtén o té.

Thebesius V. **Tebesio**.

Theden, vendaxe de V. vendaxe.

Theobroma Xénero de plantas esterculiáceas ó que pertence o cacao.

thio- Prefixo do grego, xofre.

Thiobacillus Xénero de bacterias gramnegativas que obteñen enerxía da oxidación do xofre ou da radiación de compostos sulfurosos, no chan e nas augas do mar.

Thomas, férula de V. férula.

thrill *s.m.* 1. Estarrecemento. 2. Frémito.

Ti Símbolo químico do titanio.

tiabendazol *s.m.* Antihelmíntico derivado do bencimidazol, moi activo fronte a unha gran variedade de vermes nematodos.

tiacarana *s.f.* Leishmaniose dérmica ulcerosa.

tiacida *s.f.* Benzotiacida, forma parte dun grupo de diuréticos que actúan inhibindo a reabsorción de cloruro sódico con auga nos primeiros segmentos do túbulo distal do ril. Ten un efecto leve e sostido e emprégase frecuentemente para eliminar auga e sal do compartimento intersticial, pero ten algúns efectos secundarios, como hipopotasemia, hiperglicemia, hiperuricemia e debilidadade. As tiacidas empréganse no tratamento de edemas e hipertensión arterial esencial. O seu composto máis coñecido é a clorotiacida.

tialdina *s.f.* Composto aromático, pouco soluble, que se obtén por acción do hidróxeno sulfurado sobre o aldehído amónico e que se emprega como estimulante cardíaco.

tiamina *s.f.* Vitamina B₁. Tamén se di **aneurina**.

tibia *s.f.* Óso longo da perna situado na parte interna do papo da perna. // **T. de Lannelongue** Tibia sifilítica.

tibial *adx.* 1. Relativo á tibia. // *s.* 2. V. **arteria, músculo, nervio**.

tibialxia *s.f.* Estado caracterizado por dor na perna, con linfocitose e eosinofilia, causado seguramente por un déficit vitamínico.

tibiocalcáneo-a *adx.* 1. Relativo ou pertencente á tibia e ó calcáneo. // *s.m.* 2. Músculo solear.

tibiofemoral *adx.* Relativo á tibia e ó fémur.

tibiofibular *adx.* Tibioperoneo.

tibiomaleolar *adx.* Relativo á tibia e ó maléolo.

tibioperoneocalcáneo *s.m.* Músculo solear.

tibioperoneotarsiano *s.m.* Músculo peroneo lateral longo.

tibiosubfalanxético *s.m.* Músculo flexor común das dedas.

tibiosubtarsiano *s.m.* Músculo tibial posterior.

tibiosupratariano *s.m.* Músculo tibial anterior.

tibiotarsiano-a *adx.* Relativo á tibia e ó tarso.

tic *s.m.* Movemento involuntario brusco, rápido e repetitivo, semellante a un movemento intencionado, que se observa especialmente na cara, sobre todo en persoas con trastornos psicoemocionais. Cando se presenta asociado a outros síntomas, como ecolalia, coprolalia, etc., constitúe unha síndrome chamada enfermidade dos tics ou enfermidade de Gilles de la Tourette. Nos nenos os tics son bastante frecuentes, sobre todo os pestanexos, e adoitan ser actos obsesivo-compulsivos que se intensifican se se lles presta atención. // **T. diafragmático** Contracción espasmódica do diafragma. / **T. doloroso da cara** Neuralxia do trixémimo. / **T. larínxeo** Tic que se caracteriza pola expulsión ruidosa de aire pola gorxa.

ticástica *s.f.* Tratado dos accidentes profesionais.

tictoloxía *s.f.* Obstetricia.

ticuna *s.f.* Curare.

tiemia *s.f.* Proporción de xofre no sangue.

Tietze, síndrome de V. síndrome.

tifase *s.f.* Enzima elaborado polo bacilo da febre tifoide.

tifemia *s.f.* Presencia de bacilos da febre tifoide ou *Salmonella typhi* no sangue.

tífico-a *adx.* Relativo ó tifo ou que padece tifo.

tiflatonía *s.f.* Atonía do cego.

tiflectasia *s.f.* Distensión do cego. Tamén se di **cecite**.

tiflectomía *s.f.* Operación cirúrxica para escindi-lo cego. Tamén se di **cecectomía**.

tiflenterite ou **tiflite** *s.f.* Inflamación do cego. Tamén se di **cecite**.

tiflo- Prefixo do grego, cego.

tiflocele *s.f.* Hernia do cego. Tamén se di **cecocele**.

tiflocelulite *s.f.* Paratífite.

tiflocolite *s.f.* Inflamación do cego e do colon, predominando as lesións no cego.

tiflodiclidite *s.f.* Inflamación da válvula ileocecal.

tifloempiema *s.m.* Absceso abdominal asociado á apendicite.

tiflografía *s.f.* Radiografía do cego.

tiflógrafo *s.m.* Instrumento que permite que as persoas cegas poidan escribir.

tiflolitíase *s.f.* Presencia de cálculos no cego.

tifloxoloxía *s.f.* Estudio dos coñecementos sobre o cego.

tiflomegalia *s.f.* Aumento do tamaño e volume do cego.

tifloplexia *s.f.* Fixación cirúrxica do cego á parede abdominal. Tamén se di **cecoplexía**.

tifloptose *s.f.* Caída do cego, ou desprazamento cara a abaixo. Tamén se di **cecoptose**.

tiflorrafia *s.f.* Sutura do cego. Tamén se di **tifloplexia**.

tiflose *s.f.* Cegueira.

tiflostenose *s.f.* Estenose do cego.

tiflostomía *s.f.* Enterostomía do cego. Tamén se di **cecostomía**.

tiflotomía *s.f.* Enterotomía do cego.

tiflotransversotomía *s.f.* Enteroanastomose entre o cego e o colon transverso.

tifloureterostomía *s.f.* Implantación cirúrxica dun uréter no cego.

tifo- Prefixo do grego, estupor, tifo.

tifo *s.m.* 1. Enfermidade causada por diversas especies do xénero *Rickettsia*. 2. Enfermidade con estupor. // **T. abdominal** Febre tifoide. / **T. amarelo** Febre amarela. / **T. benigno** Enfermidade de Brill. / **T. de Glubler-Robin** Variedade ou forma renal da febre tifoide. / **T. de Sao Paulo** Enfermidade endémica desta zona do Brasil que actualmente se identifica como febre maculosa das Montañas Rochosas. / **T. exantemático epidémico** Enfermidade infecciosa aguda moi contaxiosa, causada pola *Rickettsia prowazeki*, que transmiten os piollos do corpo, e que penetra polas escoriacións que se forman ó rascarse o enfermo. A súa aparición está favorecida por circunstancias como a miseria, amontoamento de xente etc. Clinicamente caracterízase por: unha fase de incubación que dura aproximadamente 12 días, un período de pródromos de dous ou tres días, de comezo brusco con febre e calafríos, e un período de estado que se subdivide en dúas fases: a preeruptiva (2 a 4 días), con cefalea, dores lumbares, e delirio, e a eruptiva ou exantemática, caracterizada polo exantema no tronco e nas extremidades, acompañado de delirio, tremores e prostración grandes. A morte pode ocorrer en calquera das fases. / **T. murino** Enfermidade infecciosa producida pola *Rickettsia mooseri* e transmitida ó home pola pulga da rata. / **T. petequial** Tifo exantemático. / **T. recorrente** Recorrencia do tifo epidémico anos despois do cadro inicial. Diagnostícase mediante probas de fixación do complemento. / **T. rural** Forma de tifo que se limita a certas zonas de Asia e Australia, producida pola *R. tsutsugamushi* e transmitida polas larvas de ácaros. / **T. siderante** Tifo exantemático de evolución maligna.

tifobacilose *s.f.* Estado patolóxico provocado polo bacilo tífico. // **T. tuberculosa** Variedade de tuberculose aguda que presenta unha clínica semellante á da febre tifoide.

tifódico-a *adx.* Tífico.

tifóforo-a *adx.* Portador do xerme tífico.

tifohemia *s.f.* Tifemia.

tifóidico-a *adx.* 1. Relativo ou pertencente á febre tifoide. // *s.* 2. Persoa afectada de tifo.

tifolisina *s.f.* Lisina que destrúe os bacilos tíficos.

tifomalárico-a *adx.* Tifopalúdico.

tifomanía *s.f.* 1. Estado que se caracteriza polo delirio con estupor propio da febre tifoide. 2. Delirio consecutivo á febre tifoide.

tifopalúdico-a *adx.* Relativo ó tifopaludismo.

tifopaludismo *s.m.* Febre palúdica con síntomas tíficos.

tifopneumonía *s.f.* Febre tifoide.

tifose *s.f.* 1. Afección tífica. 2. Estado tífico.

tifosepse *s.f.* Intoxicación séptica que se produce durante a febre tifoide.

tifoso-a *adx.* Relativo á natureza do tifo.

tifotoxina *s.f.* Ptomaína tóxica, de fórmula $C_7H_{17}NO_2$, derivada dos cultivos do bacilo tífico.

tifoxénico-a ou **tifóxico-a** *adx.* Que produce tifo ou febre tifoide.

tigmestesia *s.f.* Sensibilidade táctil.

tigntaxe *s.f.* Atracción por contacto ou por estímulos mecánicos.

tigmatropismo *s.m.* Tigntaxe.

tigroide *adx.* De aspecto semellante á pel do tigre, como os corpos de Nissl ou masas de substancia cromófila do citoplasma das neuronas.

tigrólise *s.f.* Disgregación dos corpos de Nissl producida por calquera lesión que lles afecte ás células nerviosas.

tila *s.f.* Infusión de follas de tileiro.

tilacite *s.f.* Inflamación das glándulas sebáceas da pel.

tilión *s.m.* Punto medio da beira anterior do suco óptico do esfenoide.

tilmo *s.m.* Espasmo.

tiloma *s.m.* Calosidade debida a traumatismos continuados sobre unha determinada zona.

tilose *s.f.* Formación de calosidades na pel. Tamén se di **queratose**.

tilosterese *s.f.* Extirpación de calos.

timacetina *s.f.* Substancia derivada do timol, que actúa como antineuráxico.

timasma *s.f.* Asma tímica.

timbre *s.m.* Calidade do son que depende da forma de vibración do corpo sonoro, caracterizándose polo conxunto de sons harmónicos que acompañan o son fundamental. // **T. metálico** Calidade do ruído anfórico de ton elevado e dos ruídos do corazón na hipertrofia cardíaca. / **T. nasal** Alteración do timbre da voz debida á resonancia na parte posterior das fosas nasais.

timectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica do timo.

timelcose *s.f.* Ulceración do timo.

timergasia *s.f.* Alteración afectiva na psicose maníaco-depresiva.

timia *s.f.* Ton afectivo ou humor. A afectividade de base ou holotimia inclúe as emocións, sentimentos e humor, e a catatimia incluíría sentimentos máis elaborados como ideación, xuízo, paixóns, etc.

timina *s.f.* Base pirimidínica que forma parte do ADN, que foi illada dos ácidos nucleicos do timo. No ácido ribonucleico hai uracilo no canto de timina.

timión *s.m.* Verruga cutánea.

timite *s.f.* Inflamación do timo.

timo- Prefixo do grego, mente.

timo *s.m.* Órgano glandular endócrino de natureza linfopitelial e orixe endodérmica. É un órgano transitorio e propio da infancia, que se sitúa na parte inferior do pescozo e na superior do mediastino anterior. No momento do nacemento pesa uns 15 gramos e aumenta durante o crecemento, acadando o seu peso máximo (35-40g.) na puberdade. Posteriormente involuciona e parte del é substituída por tecido grosso. Está formado por dous lobos que tamén están divididos en lóbulos colocados arredor dun cordón central conxuntivo, e separados por tabiques conxuntivos. É fundamental no desenvolvemento inmunolóxico, pois, aínda que os linfocitos no adulto se desenvolven nos ganglios linfáticos e no bazo, os primitivos linfocitos fórmanse no timo, desde onde emigran cara ós outros órganos. Os timocitos transfórmanse en linfocitos T, inmunoloxicamente activos.

timocito *s.m.* Linfocito procedente do timo.

timol *s.m.* Substancia cristalina e incolora, derivado fenólico que se extrae da esencia do tomiño e outras plantas labiadas, ou se obtén sinteticamente, aromático, de sabor agre, soluble en alcohol e pouco soluble en auga. Emprégase, en solución acuosa alcoholizada ó 1%, como antibacteriano, antimicótico e antiséptico. // **Ioduro de t.** Po vermello que se emprega especialmente nas epidermofitoses.

timólise *s.f.* Destrución do tecido tímico.

timolisina *s.f.* Anticorpo que dana as células tímicas.

timoma *s.m.* Tumor derivado dos elementos celulares do timo.

timopatía *s.f.* 1. Afección do timo. 2. Afección mental.

timoprivo-a *adx.* Que está causado pola extirpación ou atrofia do timo, ou relativo a ela.

timopsiquia *s.f.* Conxunto de funcións afectivas.

timoqueze *s.f.* Persistencia ou hiperplasia do timo.

timotóxico-a *adx.* Que é tóxico para o tecido do timo.

timotropismo *s.m.* Tipo de constitución endócrina na que predomina a influencia do timo.

timóxico-a *adx.* De orixe mental, ou histórica.

timpanal *adx.* Timpánico.

timpanectomía *s.f.* Escisión da membrana timpánica.

timpánico-a *adx.* 1. Relativo ou pertencente ó tímpano. 2. Que produce un son parecido ó dun tambor, especialmente o que producen por percusión as cavidades cheas de aire.

timpanicolingual *adx.* Relativo ó tímpano e á lingua.

timpanicordio *s.m.* Corda do tímpano.

timpanión *s.m.* Cada un dos puntos máis elevados e máis baixos do anel timpánico.

timpanismo *s.m.* 1. Distensión por gases, especialmente do abdome. Tamén se di **meteorismo**, **timpanite**. 2. Son timpánico que se produce ó percutir un órgano que contén gases.

timpanite *s.f.* 1. Timpanismo. 2. Otite media. 3. Mirinxite. // **T. uterina** Fisómetra, presenza de aire ou de gases na cavidade uterina.

timpanítico-a *adx.* Relativo ou pertencente á timpanite ou ó timpanismo.

tímpano *s.m.* 1. Caixa timpánica do oído medio. 2. Máis imprecisamente, membrana timpánica.

timpanocentese *s.f.* Punción cirúrxica da membrana timpánica. Tamén se di **miringocentese**.

timpanofonía *s.f.* Autofonía.

timpanograma *s.m.* Representación gráfica da valoración da rixidez do sistema timpanicosicular mediante impedanciometría.

timpanohial *s.m.* Óso e cartilaxe da base da apófise estiloide do temporal, que durante a vida fetal se converte en parte do óso temporal.

timpanolabirintoplexía *s.f.* Operación cirúrxica para corrixi-la xordeira na otosclerose, que consiste en unir unha fístula labiríntica a un sistema neotimpánico. Tamén se di **operación de Jourdille**. Na actualidade emprégase a estapedectomía, polo que esta intervención está en desuso.

timpanomáleo-a *adx.* Relativo ou pertencente ó tímpano e ó óso martelo.

timpanomandibular *adx.* 1. Relativo ó tímpano e ó maxilar inferior. // *s.m.* 2. Cartilaxe de Meckel.

timpanomastoidite *s.f.* Inflamación do tímpano e das células mastoides.

timpanoplastia *s.f.* Reconstrución cirúrxica do sistema timpanoosicular ou dalgunhas das súas partes.

timpanoscamudo-a *adx.* Relativo ou pertencente ó tímpano e á porción escamuda do temporal.

timpanosclerose *s.f.* Esclerose do oído medio ou da membrana timpánica, que constitúe unha secuela de diversas patoloxías do oído medio, especialmente das otites medias supuradas de repetición.

timpanosimpatectomía *s.f.* Extirpación do plexo simpático do oído medio no tratamento do tinnitus.

timpanostapédico-a *adx.* Relativo ó tímpano e ó estribo.

timpanotomía *s.f.* Incisión ou punción cirúrxica da membrana timpánica.

tindalización *s.f.* Método de esterilización fraccionada con calor húmida de forma intermitente e a baixa temperatura, o que permite o desenvolvemento das esporas en forma adulta, que son destruídas con facilidade.

tinea *s.f.* (lat.) Antigamente, enfermidade da pel, como a tiña.

Tinel, signo de V. signo.

tinnitus *s.m.* (lat.) Sensación subxectiva de tintinar. // **T. auricum** Tintín ou tinnitus. / **T. de Leudet** Ruído seco que se percibe, nos individuos con catarro, na trompa de Eustaquio, cando se lles introduce un otoscopio, debido ó espasmo reflexo do músculo periestafilino externo. Tamén se di **acúfeno**.

tintómetro *s.m.* Instrumento que determina a proporción de substancia colorante nun líquido.

tintura *s.f.* Solución dunha ou varias substancias medicinais en alcohol ou en éter, que se prepara por maceración, disolución ou lixiviación. // **T. alcohólica** ou **etérea** A que ten como disolvente o alcohol ou o éter, respectivamente. / **T. amoniacal** A que se prepara con alcohol e amoniaco. / **T. balsámica** Tintura de benxuí e alcohol que se emprega como inhalante. / **T. composta** Aquela que contén varias substancias na súa composición. / **T. de árnica** A que se prepara con po de árnica, alcohol e auga a partes iguais. / **T. de iodo** Solución de iodo en alcohol en diversas proporcións. / **T. glicerinada** Tintura de alcohol á que se lle engade glicerina. / **T. hidroalcohólica** Tintura preparada con alcohol moi diluído en auga.

tinxible *adx.* Susceptible de ser tinguido.

tiña *s.f.* Enfermidade microfítica da pel especialmente do coiro cabeludo. Esta micose pode estar causada por tres tipos de fungos: *Trichophyton*, *Epidermophyton* e *Microsporum*. // **T. alba** Tiña producida pola especie *Trichophyton macfadieni*. / **T. circinada** Tiña tricofitía do corpo e dos membros, causada polo *Trichophyton megalosporon endothrix*, chamada tamén herpes circinado parasitario, que se caracteriza por placas de aspecto avermellado rodeadas dunha auréola de pequenas vesículas, asociada con prurito. / **T. crural** ou **inguinal** Afeción parasitaria da cara interna das coxas, ingua e xenitais, causada polo *Epidermophyton floccosum*, caracterizada pola formación de placas pardentas eccematosas. Tamén se di **eccema marxinado**. / **T. das uñas** Onicomucose. / **T. decalvante** Alopecia areata. / **T. favosa** ou **favus** Afeción contaxiosa do coiro cabeludo que se pode estender a outras partes do corpo, causada polo *Achorion schoenleinii*, que se aloxa nos folículos pilosos. Caracterízase pola formación de carapolas amareladas e secas, con aspecto de panal, que emiten un

cheiro característico e causan prurito. Despois da curación queda unha alopecia residual. Tamén se di **tiña fícosa**, **tiña maligna**, **pórrigo favoso**, etc. / **T. pelada** Alopecia areata. / **T. podal** Pé de atleta. / **T. querion** Forma de tiña inflamatoria e supurativa da barba e do coiro cabeludo, caracterizada por tumefacción e pústulas. / **T. sicose** V. **sicose**. / **T. tonsurante** Dermatose do coiro cabeludo producida polas especies *Trichophyton tonsurans* e *Microsporon audoninii*, común na infancia, e caracterizada pola formación de placas cubertas de escamas amareladas, que ocasiona rotura e caída do pelo. Ás veces cura espontaneamente e non deixa alopecia definitiva. Diagnostícase examinando o cabelo cunha luz non visible que excita a fluorescencia (luz de Wood). / **T. tricofítica** Tiña tonsurante. / **T. verdadeira** Tiña favosa. / **T. versicolor** Dermatose causada pola especie *Microsporum furfur*, que se caracteriza pola formación de placas irregulares, secas, amareladas e cubertas de escamas, con prurito intenso, que se localizan sobre todo no tronco. Tamén se di **pitiríase versicolor**.

tiñoso-a *adx.* Que padece tiña.

tio- Prefixo do grego, xofre.

tioácido *s.m.* Sulfácido.

tioalcohol *s.m.* Alcohol no que o osíxeno é substituído por xofre.

tio bacteria *s.f.* Sulfobacteria. V. *Thiobacillus*.

tiocianato *s.m.* Sal de composición semellante á do cianato, pero con xofre en vez de osíxeno. Actúa como inhibidor do metabolismo tiroide do iodo, inhibindo o transporte dos ioduros. Actualmente non se emprega. Tamén se di **sulfocianuro**.

tiocianico, ácido *s.m.* Vitamina que en pequenas cantidades aparece ligada a proteínas nos tecidos animais, vexetais e en moitos microorganismos. Constitúe un grupo prostético de complexos multienzimáticos que catalizan a descarboxilación oxidativa do ácido pirúvico e do ácido alfa-cetoglutárico.

tioderivado *s.m.* Producto químico de descomposición semellante que contén un átomo de xofre e actúa inhibindo a síntese das hormonas tiroides.

tiófilo-a *adx.* Que se desenvolve en augas sulfurosas ou, en xeral, en presenza de xofre.

tiol *s.m.* 1. Ictiol artificial que se forma pola acción do xofre sobre os aceites pesados do petróleo ou do carbón e que se emprega en dermopatías. 2. Sulfhidrilo.

tionato *s.m.* Sal derivado dos ácidos tiónicos.

tionéina *s.f.* Derivado da histidina que se atopa no cornizó do centeo e que é un constituínte normal das células sanguíneas.

tiónico-a *adx.* Relativo ó xofre e ós seus compostos.

tionilo *s.m.* Radical SO bivalente.

tionina *s.f.* Colorante verde escuro que se volve púrpura en solución, e que se emprega en microscopia. // **Clorhidrato de t.** Violeta de Lauth.

tiopental *s.m.* Anestésico barbitúrico. // **T. sódico** Pentotal, anestésico de gran potencia.

tiopexia *s.f.* Fixación do xofre.

tiorba *s.f.* Ouriñal para usar na cama.

tioridacina *s.f.* Fenotiácina.

tiouracilo *s.m.* Derivado da tiourea que interfere a síntese de hormonas tiroides, polo que se emprega no tratamento do hipertiroidismo.

tiourea *s.f.* Sulfocarbamida, urea que inhibe a función tiroide na que o osíxeno foi substituído polo xofre.

tióxénico-a ou **tióxeno-a** *adx.* Que pode converte-lo sulfuro de hidróxeno en compostos de sulfuros máis complexos.

tipembrión *s.m.* Embrión no período do desenvolvemento no que se poden observar as características do tipo ó que pertence.

típico-a *adx.* Que presenta os trazos ou elementos que caracterizan a un tipo.

tipificación *s.f.* Acción e efecto de tipificar. // **T. por bacteriocinas** As bacteriocinas teñen acción específica sobre células afíns ás produtoras. Esta particularidade permite a clasificación interespecie en tipos. / **T. por bacteriófagos** Algúns bacteriófagos presentan especificidade de especie e tamén interespecífica, a cal permite a clasificación en fagotipos de grande interese epidemiolóxico: salmonelas, estafilococos, etc.

tipificar *v.* 1. Estandarizar, normalizar. 2. Determina-lo tipo ó que pertence un individuo. 3. Axustar varias cousas semellantes a un tipo común.

tipo- Prefixo do grego, tipo, carácter, modelo ou imaxe.

tipo *s.m.* 1. Carácter xeral ou preeminente dunha cousa ou individuo. 2. Conxunto de formas clínicas variadas dunha enfermidade. 3. Conxunto de características somáticas e psicolóxicas dos individuos, que permite clasificalos. // **T. alotrópico** Tipo de personalidade que se preocupa esaxeradamente do que fan ou pensan outras persoas. / **T. atlético** Tipo descrito por Kretschmer caracterizado por ombros anchos, tórax amplo e gran desenvolvemento muscular. / **T. ciclotímico** O terceiro dos tipos de Kretschmer, que presenta as características de sociabilidade, vivacidade, tendencia a alternar períodos de euforia e de depresión. Correspóndese co tipo pícnico. / **T. asténico** ou **leptosómico** Un dos tipos constitucionais de Kretschmer que se caracteriza por delgadeza, tórax plano e longo e escaso desenvolvemento muscular. Correspóndese co tipo esquizotímico. / **T. constitucional** Somatotipo ou tipo de constitución física, aínda que nun sentido amplo inclúe tamén as características psíquicas. Distínguense catro: leptosomático, atlético, pícnico e displásico. / **T. corporal** Tipo morfolóxico. / **T. de Zimmerlin**

O que se caracteriza por atrofia muscular progresiva, hereditaria, que comeza polos músculos de maior tamaño da parte superior do tronco. / **T. displásico** Tipo constitucional diferente dos outros tres, con formas corporais pertencentes á categoría do eunucoidismo. / **T. esquizotímico** Tipo psicolóxico de Kretschmer caracterizado por introversión, illamento e tendencias negativas, que se corresponde co tipo constitucional leptosómico. / **T. extravertido** ou **introvertido** Tipos de personalidade nos que domina a extraversión ou a introversión, respectivamente. / **T. funcional** Cada un dos catro tipos de personalidade descritos por Jung: pensativo, sentimental, intuitivo e sensacional (os dous primeiros racionais e os dous últimos irracionais). / **T. morfolóxico** Somatotipo ou tipo de constitución física. / **T. pícnico** Tipo constitucional caracterizado por formas corporais redondeadas, tórax e ombros anchos e pescozo curto. / **T. simpaticotónico** Tipo caracterizado por simpaticotonía. / **T. vagotónico** Tipo caracterizado por vagotonía.

típoloxía *s.f.* Ciencia que estudia os diferentes tipos constitucionais humanos en canto ás súas características morfolóxicas e psicolóxicas.

típoscopio *s.m.* Instrumento que se utiliza para facilitarlle-la lectura ós ambliopes e ás persoas con cataratas.

tiramina *s.f.* Amina formada por descarboxilación da tiroxina, de acción simpaticomimética ó estimula-la liberación de noradrenalina das terminacións adrenérxicas. Constitúe o prototipo dos chamados simpaticomiméticos indirectos, e atópase no cornizó do centeo, nos queixos fermentados e nalgúns viños.

tiranismo *s.m.* ou **tiranomanía** *s.f.* Crueldade morbosa que se asocia especialmente a perversións sexuais.

tirar *v.* Sacar, extraer, extirpar

tirastenia *s.f.* Astenia por deficiencia tiroide.

tiraxe *s.f.* Depresión do oco epigástrico, supraesternal ou espacio intercostal que se produce co movemento de inspiración nos casos de obstrucción das vías respiratorias, crup, edema de glote, etc.

tíremese *s.f.* Vómito caseoso dos lactantes.

tírenfraxe *s.f.* Obstrucción da glándula tiroide.

tíriase *s.f.* 1. Elefantíase. 2. Alopecia. 3. Ptíriase.

***tíriza** *s.f.* *V. ictericia.*

tirizó *s.m.* Furúnculo das pálpebras.

tiroadenite *s.f.* Inflamación da glándula tiroide.

tiroaplasia *s.f.* Aplasia da glándula tiroide.

tiroaritenoides *adx.* 1. Relativo ás cartilaxes tiroide e aritenoides. // *s.m.* 2. *V. músculo.*

tirocalcitonina *s.f.* Calcitonina.

tirocardíaco-a *adx.* 1. Relativo á glándula tiroide e ó corazón. // *s.* 2. Enfermo cardíaco por trastorno tiroide.

tirocardite *s.f.* Cardite asociada a hipertiroidismo.

tirocele *s.f.* Tumor da glándula tiroide.

tirocoloide *s.m.* Substancia coloide da glándula tiroide.

tirocondrotomía *s.f.* Sección cirúrxica da cartilaxe tiroide.

tirocricotomía *s.f.* Traqueotomía practicada a través da membrana cricotiroide.

tiroepiglótico-a *adx.* Relativo á cartilaxe tiroide e á epiglote.

tiroestimulante *adx.* Que estimula o tecido tiroide.

tirofarínxeo-a *adx.* Relativo á cartilaxe tiroide e á farínxe.

tirofima *s.m.* Tumor da glándula tiroide.

tiroglobulina *s.f.* Glicoproteína formada por catro cadeas polipeptídicas que é sintetizada na glándula tiroide polas células foliculares, e despois da súa iodación acumúlase na luz folicular, que actúa como depósito de hormonas.

tirogloso-a *adx.* Relativo á glándula tiroide e á lingua.

tirohial *adx.* 1. Tirohioide. // *s.m.* 2. Óso fetal que dá orixe á hasta maior do óso hioide.

tirohioide *adx.* 1. Relativo á cartilaxe tiroide e ó óso hioide. // *s.m.* 2. Músculo infrahioide.

tiroide *adx.* 1. Relativo á glándula ou á cartilaxe tiroide. 2. Caseoso, semellante ó queixo. // *s.f.* 3. Glándula de secreción interna, impar situada na parte anterior e inferior da larinxe, formada por dous lobos unidos por un istmo, que se sitúan a ámbolos dous lados da traquea. Orixínase a partir da bolsa farínxea embrionaria, ten consistencia mol e cor avermellada e no adulto pesa uns 60 gramos. Se aumenta de tamaño produce un relevo no pescozo coñecido co nome de bocio. Está constituída por vesículas de tecido conxuntivo cheas de material coloide e rodeadas por unha rede vascular. A maior parte desta proteína coloide é tiroglobulina ou tiroxina, e combínase co iodo. // **T. accesoria** Parte dependente da glándula tiroide que se observa na base da lingua, e que foi confundida durante moito tempo coa glándula paratiroide. / **T. lingual** Tecido tiroide que se localiza na base da lingua, entre o orificio cego e o óso hioide. / **T. retrosternal** Glándula tiroide localizada totalmente detrás do esterno.

tiroidectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica da glándula tiroide, sexa total ou parcial.

tiroidectomizado-a *adx.* Que sufriu a extirpación total ou parcial da glándula tiroide.

tiroidina *s.f.* Tiroxina.

tiroidismo *s.m.* Intoxicación aguda ou crónica por excesiva secreción da glándula tiroide. Tamén se di **hipertiroidismo**.

tiroidite *s.f.* Conxunto de procesos inflamatorios da glándula tiroide que producen alteracións diversas. Tamén se di **estrumite**. // **T. aguda** A debida a unha infección bacteriana ou parasitaria da tiroide. / **T. de Hashimoto**

Tiroidite crónica linfocitaria. Tamén se di **enfermidade de Hashimoto** ou **tiroidite autoimune**. / **T. de Riedel** Tiroidite hiperplásica en masa leñosa de evolución crónica. Adhírese a planos profundos e non se presentan adenopatías. No adulto evoluciona con síntomas de insuficiencia tiroide. Tamén se di **tiroidite leñosa**, **bocio fibroso**, **enfermidade de Riedel**. / **T. leñosa** Tiroidite de Riedel. / **T. parasitaria** Enfermidade de Chagas. / **T. subaguda** Tiroidite que se caracteriza por hipertrofia, dores e febre, con formación de granulomas de células xigantes. A causa é descoñecida. Tamén se di **tiroidite granulomatosa**, **enfermidade de De Quervain**.

tiroidomanía *s.f.* Trastorno mental asociado con hipertiroidismo.

tiroidoterapia *s.f.* Tratamento dos trastornos da glándula tiroide.

tiroidotomía *s.f.* 1. Incisión cirúrxica da glándula tiroide. Tamén se di **tiroidotomía**. 2. Laringotomía mediana.

tiroidotoxina *s.f.* Substancia tóxica producida pola glándula tiroide.

tiroixeno-a *adx.* Que se orixina por trastornos da tiroide.

tiolarínxeo-a *adx.* Relativo á tiroide e á larínxe.

tirolingual *adx.* Tirogloso.

tirolíse *s.f.* Destrución do tecido tiroide.

tirolisina *s.f.* Soro tirolítico.

tirolítico-a *adx.* Que destrúe o tecido tiroide.

tiroma *s.m.* 1. Tumor ou nódulo de material caseoso. 2. Tumor do tecido tiroide.

tiromatose *s.f.* Dexeneración de tipo caseoso. Tamén se di **caseificación**.

tiromegalia *s.f.* Agrandamento da glándula tiroide. Tamén se di **bocio**.

tironco *s.m.* Tumor da glándula tiroide. Tamén se di **tiroma**.

tironucleoalbumina *s.f.* Nucleoalbumina da glándula tiroide.

tiroparatiroidectomía *s.f.* Extirpación das glándulas tiroide e paratiroides.

tiropatía *s.f.* Patoloxía da glándula tiroide.

tiropenia *s.f.* Hipofunción da glándula tiroide.

tiropexia *s.f.* Fixación da cartilaxe tiroide ou dunha parte dela a algunha parte adxacente, mediante sutura.

tiroprivia *s.f.* Estado que é consecuencia da supresión das funcións da glándula tiroide.

tiroproteína *s.f.* Tioglobulina.

tiroptose *s.f.* Desprazamento da glándula tiroide cara ó tórax, que se observa en persoas con bocio.

tirosamina *s.f.* Tiramina.

tirosarcoma *s.m.* Sarcoma da glándula tiroide.

tirose *s.f.* 1. Caseificación. 2. Tiroxicose. 3. Tiropatía.

tirosina *s.f.* Ácido P-parahidroxifenil-alfa- aminopropiónico: aminoácido constituinte da maioría das proteínas, liberado por hidrólise das proteínas dos alimentos. Non é un aminoácido esencial sempre que a dieta conteña fenilalanina en cantidade suficiente. É precursor da tiroxina, da adrenalina e da melanina.

tirosinase *s.f.* Trastorno do metabolismo da tirosina, de carácter hereditario (autosómico recesivo), que se produce por un déficit da actividade da oxidase do ácido hidroxifenilpirúvico, e que se elimina pola urina, á que lle dá un aspecto característico.

tirosinuria *s.f.* Presencia de tirosina na urina.

tiroterapia *s.f.* Tratamento das enfermidades mediante preparados obtidos da glándula tiroide.

tirotomía *s.f.* 1. Incisión cirúrxica da glándula tiroide. 2. Incisión cirúrxica da cartilaxe tiroide. Tamén se di **larin-gotomía**.

tirotómo *s.m.* Instrumento propio para a sección da cartilaxe tiroide.

tirotoxicemia *s.f.* Tirotoxicose.

tirotóxico-a *adx.* Relativo ó estado producido pola actividade excesiva da glándula tiroide. // **Crise t.** Complicación que poden presenta-los individuos que sofren de hipertiroidismo.

tirotoxicón *s.m.* Hidróxido de diazobenceno, ptomaína tóxica que se forma ás veces no leite, queixo, xeados, etc., en mal estado e que causa procesos disentéricos.

tirotoxicose *s.f.* 1. Estado patolóxico producido polo exceso de produción endóxena ou de administración da hormona tiroide. Tamén se di **hipertiroidismo**. 2. Tirotoxismo.

tirotoxina *s.f.* 1. Toxina producida na tiroide. 2. Toxina que se desenvolve no leite e no queixo debida á acción bacteriana.

tirotoxismo *s.m.* Envelenamento por queixo en mal estado. Tamén se di **tirotoxicose**.

tirotricina *s.f.* Antibiótico insoluble en auga obtido por Dubois a partir do filtrado de cultivos de *Bacillus brevis*, que contén gramicidina e tirocidina. É tóxica e emprégase localmente nas infeccións cutaneomucosas.

tirotrocina *s.f.* Tirotropina.

tirotrópico-a *adx.* Que ten afinidade pola glándula tiroide.

tirotropina *s.f.* Hormona de natureza glicoproteica da hipófise anterior, que exerce unha acción estimulante sobre a glándula tiroide. Tamén se di **TSH**.

tirotropismo *s.m.* 1. Afinidade pola glándula tiroide. 2. Tipo de constitución endócrina na que predomina a influencia da tiroide.

tiroxénico-a ou **tiróxeno-a** *adx.* 1. Orixinado na glándula tiroide. 2. Que se orixina no queixo.

tiroxina *s.f.* Hormona tiroide formada pola unión de dúas diiodotirosinas (DIT), importante no mantemento do metabolismo oxidativo e na produción de calor corporal, así como nos procesos de organización e maduración de diversas substancias.

tiroxinemia *s.f.* Presencia de tiroxina no sangue.

tisana *s.f.* Bebida medicinal obtida por cocción lixeira ou infusión en auga dunha ou varias herbas.

tise *s.f.* 1. Trastorno caquetizante. 2. Tuberculose. // **T. abdominal** Tuberculose mesentérica. / **T. común** Tuberculose pulmonar. / **T. de Corrigan** Tuberculose pulmonar fibrosa. / **T. de grao I, II, III** Fases de infiltración, amolecemento e escavación, respectivamente, da tuberculose pulmonar. / **T. dorsal** Afectación tuberculosa das vértebras da rexión dorsal. Tamén se di **mal de Pott**, **espondilite tuberculosa**. / **T. dos mineiros** Antracose. / **T. galopante** Tuberculose pulmonar de evolución rápida. / **T. incipiente** Fase de infiltración da tuberculose pulmonar. / **T. masiva** Tuberculose miliar aguda. / **T. negra** Antracose. / **T. ocular** Oftalmomalacia.

tisiatría *s.f.* Tratamento da tise.

tisiofobia *s.f.* Medo enfermizo á tise.

tisiólogo-a *s.* Médico especializado na tuberculose pulmonar.

tisioloxía *s.f.* Tratado ou corpo de coñecementos sobre a tise.

tisiomanía *s.f.* Medo obsesivo á tise.

tisioxénese *s.f.* Orixe e desenvolvemento da tise.

tisioxénico-a ou **tisioxeno-a** *adx.* 1. Que causa tise. 2. Relativo ás enfermidades consuntivas, como a tuberculose pulmonar.

tisular *adx.* Do francés, relativo a un tecido: hístico.

tisuria *s.f.* Consunción producida polo aumento da excreción urinaria. // **T. sacarina** Diabete mellitus.

titanio *s.m.* Metal de transición de cor gris, de símbolo Ti e peso específico 4,5, que se emprega en homeopatía. O dióxido de titanio emprégase como pigmento en pintura, e en odontoloxía para darlles unha cor amarelada ós dentes artificiais.

titilación *s.f.* Sensación de cóxegas e formigo na mucosa nasal ou no veo do padal e na úvula para provocar esbirros ou vómitos.

títilomanía *s.f.* Desexo enfermizo de rascarse.

títubeo *s.m.* Oscilación ó camiñar debida a trastornos da estabilidade e equilibrio.

titulación *s.f.* Análise volumétrica dunha substancia mediante disolucións de concentración coñecida, producindo unha reacción que permite calcula-la concentración esta substancia. // **T. colorimétrica** Valoración da

concentración de ións de hidróxeno pola administración dun indicador que ocasiona un cambio de cor da solución.

título *s.m.* Grao, proporción ou cantidade dunha substancia. // **T. de aglutinación** Límite máximo ó que se pode diluír un soro de xeito que conserve o poder de aglutinar bacterias. / **T. inmunolóxico** Número de unidades de anticorpo por ml de soro.

tixigrafía *s.f.* Método de exploración do tubo dixestivo mediante cápsulas teledirixidas que se administran por vía oral e se evacúan con facilidade. Serven para tomar mostras do contido do tubo dixestivo onde se precisen, pois por medio dun telecomando pódense abrir e pechar a vontade para que se enchan co líquido do que están rodeadas nese momento.

tixotropismo *s.m.* Propiedade que teñen certos xeles de se licuaren cando son axitados, volvendo posteriormente ó estado inicial.

TL Símbolo do talio.

tlipsencéfalo *s.m.* Monstro fetal que ten o cranio desenvolvido defectuosamente, por compresión.

Tm Símbolo do tulio.

toba *s.f.* Sarrio dentario.

tobramicina *s.f.* Antibiótico aminoglicósido.

toco- Prefixo do grego, parto.

tocodinómetro *s.m.* Aparello que mide a forza expulsiva das contraccións do útero durante o parto.

tocoergometría *s.f.* Medida da forza das contraccións do útero no parto.

tocoferol *s.m.* Alcohol derivado do aceite de xerme do trigo, que ten propiedades semellantes á vitamina E. // **T. alfa** Vitamina E.

tocofobia *s.f.* Medo enfermizo ó parto.

tocografía *s.f.* Descrición e estudo do parto. Tamén se di **tocoloxía**.

tocógrafo *s.m.* Tocodinómetro que rexistra as medicións.

tocograma *s.m.* Rexistro gráfico das contraccións mediante o tocógrafo.

tocólogo-a *s.* Experto en tocoloxía.

tocoloxía *s.f.* Rama da medicina que estuda o parto, os seus antecedentes e as súas secuelas.

tocomanía *s.f.* Manía puerperal.

tocómetro *s.m.* Tocodinómetro.

tocurxia *s.f.* Cirurxía tocolóxica.

Todd, cirrose de V. cirrose hipertrófica.

todo ou nada *loc.* Principio referido por Bowditch á musculatura do corazón, segundo o cal a súa resposta a un estímulo é total ou non existe.

toféceo-a *adx.* 1. Duro ou areoso. 2. Que presenta as características dun tofo.

tofo *s.m.* Concreción por depósito de urato monosódico que se forma nos tecidos da derme ou subcutáneo, debido á alteración do metabolismo das purinas. Pódese detectar clinicamente ou radioloxicamente. // **T. dentario** Substancia calcárea que se deposita na raíz dos dentes en persoas con procesos artríticos e gotosos. / **T. sifilítico** Nódulo sifilítico.

tofolipoma *s.m.* Lipoma con concrecións toféceas.

Togaviridae Familia de virus RNA monocatenarios, patóxenos, que comprende os *Flavivirus* e os *Alphavirus*, entre os cales destaca o axente que provoca a rubéola.

toilette *s.f.* (fr.) Limpeza ou cura dunha ferida cirúrxica do peritoneo, nas laparotomías. // **T. cadavérica** Reconstrución fisionómica que se realiza en cadáveres irrecoñecibles, para facilitala súa identificación.

tolbutamida *s.f.* Sulfonilurea con actividade hipoglucemiante.

tolerancia *s.f.* 1. Capacidade de soportar algo sen sufrir alteración importante ou dano. 2. Resistencia superior á normal á acción da dose ordinaria dunha droga. // **T. cruzada** Descenso da tolerancia a un fármaco trala adquisición de tolerancia a outro. / **T. inmunolóxica** Falta de resposta inmunolóxica a antíxenos que en condicións normais provocan esta resposta, que pode deberse ó contacto co antíxeno durante o período intrauterino ou nos primeiros días de vida, ou ben á administración dunha ou varias doses altas do antíxeno ou pequenas doses repetidas durante un tempo longo.

tolerante *adx.* Que pode soporta-la acción dun fármaco ou droga sen sufrir efectos adversos.

tolledura *s.f.* Falta de movemento dunha parte do corpo. Tamén se di **parálise**.

tolleito-a *adx.* Que padece parálise dalgún membro. Tamén se di **eivado**, **paralítico**.

tolnaftato *s.m.* Antifúnxico sintético de uso tópico.

tolueno *s.m.* Hidrocarburo bencénico incoloro que se obtén do tolu e da brea de hulla e que se emprega como disolvente, adhesivo, etc. Emite vapores venenosos.

toluidina *s.f.* Aminotolnol, substancia homóloga da anilina que se deriva do tolueno. // **Azul de t.** Colorante que se utiliza en histoloxía e como bactericida, en solución ó 1%, para tratar afeccións da conxuntiva.

toluína *s.f.* ou **toluol** *s.m.* Tolueno.

tomate *s.m.* *Lycopersicum esculentum*, planta solanácea de froitos moi ricos en vitaminas B e C.

tomatopía *s.f.* Autopsia ou necropsia, exame dun cadáver.

tomatropina *s.f.* Ptomaína que aparece nos embutidos en descomposición e nos cadáveres de enfermos de febre tifoide. Ten efectos semellantes ós da atropina.

tomento *s.m.* 1. Especie de la ou peluxe que recobre algúns órganos vexetais. 2. Tea ou fibra áspera do liño. // **T. cerebral** Rede de pequenos vasos da piamáter e do córtex cerebral.

tomentoso-a *adx.* Cuberto de peliños pequenos que lle proporcionan á superficie un aspecto semellante ó do veludo.

-tomía Sufixo do grego, corte.

tomo- Prefixo do grego, corte, sección, segmento.

-tomo Sufixo do grego, cortante.

tomografía *s.f.* Técnica radiolóxica na que se obteñen imaxes por planos ou cortes horizontais do obxecto examinado. // **T. axial computerizada (TAC)** Tomografía que se basea na reconstrución matemática dos tecidos mediante a cuantificación das distintas densidades elementais destes, coa axuda dunha computadora. / **T. por emisión de positróns (PET)** Tomografía realizada trala administración dun radionúclido que emite positróns, que permite reconstruír imaxes tridimensionais do órgano explorado.

tomógrafo *s.m.* Aparello para efectuar tomografías.

tomograma *s.m.* Roentgenograma selectivo por planos.

tomomanía *s.f.* Desexo patolóxico de facer cortes ou operacións cirúrxicas.

tomoseroloxía *s.f.* Seroloxía seriada de cada fracción proteica mediante electroforese.

tomotocia *s.f.* Operación cesárea.

ton *s.m.* 1. Grao normal de tensión ou vitalidade. 2. Estado de elasticidade dun tecido e a súa disposición a desenvolver-la súa función ou responder a estímulos. 3. Calidade do son referida ó número de vibracións por segundo (frecuencia). // **T. cardíaco** Cada un dos ruídos percibidos por auscultación, que corresponden, o primeiro á sístole ventricular (xordo e prolongado) e o segundo (curto e seco) ó peche das válvulas sigmoides. / **T. mióxico** ou **neuróxico** Estado de tonicidade dun músculo que depende, respectivamente, da súa propia actividade intrínseca ou do estímulo nervioso que se lle dá. / **T. muscular** Estado de tensión dos músculos en repouso, regulado de forma involuntaria e reflexa polos músculos esqueléticos que interveñen no mantemento da postura e do equilibrio.

tona *s.f.* 1. Codia dos vexetais. 2. Pela dun froito. 3. Película que se forma sobre o leite. 4. Superficie ou capa superficial dun corpo.

tonga *s.f.* Mestura de cortizas medicinais de varias árbores de Fiji, de propiedades antineuráxicas.

tonicidade *s.f.* 1. Estado normal de tensión ou ton. 2. Contracción involuntaria, sostida e inconsciente dos músculos.

tónico-a *s.m.* 1. Preparado farmacéutico ó que se lle atribúe a capacidade de restablece-lo ton normal do organismo fatigado. // *adx.* 2. Que restablece o ton normal. 3. Caracterizado pola tensión continuada. // **T. cardíaco**, **dixestivo**, **nervioso** ou **vascular** Preparado que aumenta o ton cardíaco, dixestivo, nervioso ou vascular, respectivamente. / **T. xeral** Preparado ou actividade que tonifica todo o organismo.

tonoclonico-a *adx.* Relativo ó espasmo muscular que se caracteriza por contraccións tónicas que se alternan con sacudidas clónicas intermitentes.

tonismo *s.m.* Contractura.

tonitrufobia *s.f.* Temor morboso ós tronos. Tamén se di **ceraunofobia**

tonofanto *s.m.* Instrumento que fai visibles as vibracións acústicas.

tonofasia *s.f.* Imposibilidade de lembrar melodías ou fragmentos musicais. Tamén se di **afasia musical**.

tonofibriña *s.f.* Cada unha das fibriñas que se observan nas células, especialmente nas do corpo de Malpighi, que se cre que lles serven de soporte.

tonografía *s.f.* Rexistro gráfico da presión intraocular.

tonógrafo *s.m.* Instrumento que rexistra graficamente as curvas de presión ocular.

tonólise *s.f.* Conxunto de alteracións celulares provocadas polas variacións da presión osmótica.

tonometría *s.f.* 1. Medición do ton ou tensión. 2. Técnica que se emprega para medi-la tensión intraocular. // **T. dixital** Exame da tensión intraocular mediante presión do dedo sobre o globo ocular.

tonómetro *s.m.* 1. Instrumento co que se mide a tensión sanguínea ou a intraocular. 2. Instrumento que mide a frecuencia do son. // **T. de Gärtner** Instrumento que permite medi-la presión sanguínea mediante un anel constricor que se aplica a un dedo. / **T. de Musken** Instrumento que mide a tonicidade do tendón de Aquiles. / **T. de Recklinghausen** Esfigmomanómetro para medi-la presión sanguínea. / **T. de Schiötz** Instrumento que mide a presión intracelular.

tonoplasto *s.m.* 1. Formación intracelular dentro da que, segundo Vries, se producen substancias osmóticas que orixinan vacúolos ó inchárense. 2. Membrana que rodea un vacúolo celular.

tonoscilógrafo *s.m.* Instrumento que realiza o rexistro gráfico da tensión arterial.

tonoscopia *s.f.* Exame da pulsación das arterias retinianas modificadas pola presión sobre o globo ocular. Realízase mediante o oftalmoscopio.

tonsila *s.f.* Amígdala palatina. // **T. intestinal** Placas de Peyer.

tonsilectomía *s.f.* Amigdalectomía.

tonsiléctomo *s.m.* Amigdalótomo.

tonsilite *s.f.* Amigdalite. // **T. caseosa** Tonsilite na que os folículos amigdalares se enchén de tapóns de tipo caseoso. / **T. catarral** ou **eritematosa** Forma de tonsilite asociada co catarro xeral da farinx. Tamén se di **anxina**. / **T. supurativa** Absceso da amígdala acompañado de dor, disfaxia e supuración.

tonsilólito *s.m.* Concreción amigdalor.

tonsilomicose *s.f.* Infección micótica da amígdala.

tonsilopatía *s.f.* Afección amigdalor.

tonsiloscopia *s.f.* Exame diagnóstico das amígdalas.

tonsilotomía *s.f.* Amigdalotomía.

tonsilsector *s.m.* Variedade de amigdalótomo.

tonsura *s.f.* 1. Corte do cabelo. 2. Placa que se observa no coiro cabeludo en individuos afectos de tiña tonsurante, debida á rotura dos cabelos ó nivel da emerxencia do folículo piloso.

tonus *s.m.* (lat.) Ton, tonicidade.

topalxia *s.f.* Dor fixo ou localizado nunha parte, sen alteracións orgánicas evidentes, que adoita observarse nas neuroses.

topectomía *s.f.* Resección dunha área pequena da porción frontal do córtex cerebral, para tratar certos trastornos mentais.

topestesia *s.f.* 1. Capacidade de localiza-las sensacións táctiles. 2. Sensibilidade local.

tópico *s.m.* Medicamento que se aplica externamente e de xeito local. Tamén se di **epitema**.

topo- Prefixo do grego, lugar.

topoalxia *s.f.* Topalxia.

topoanestesia *s.f.* 1. Incapacidade de localizar con exactitude unha sensación cutánea. 2. Anestesia local.

topodiagnóstico *s.m.* Diagnóstico ou determinación da localización dunha lesión ou dun trastorno.

topodisestesia *s.f.* Disestesia localizada.

topofilaxe *s.f.* Colocación dunha goma elástica por riba do punto de inxección dunha substancia que é algo perigosa, co fin de evitar que pase masivamente ó torrente sanguíneo.

topofobia *s.f.* Medo a lugares ou posicións no espacio. Inclúe a agorafobia, claustrofobia, etc.

topognose *s.f.* Topestesia.

topografía *s.f.* Descrición da anatomía dunha parte ou rexión anatómica. // **T. craniocerebral** Proxección na superficie do cranio das diferentes rexións encefálicas. / **T. radicular** ou **segmentaria** Determinación da superficie cutánea da innervación correspondente a cada raíz nerviosa espiñal ou ó segmento da medula espiñal do que nacen as raíces e centros nerviosos, respectivamente.

toponarcose *s.f.* Anestesia local

- topotermestesiómetro** *s.m.* Instrumento co que se mide a sensibilidade local ás sensacións térmicas.
- topovacinação** *s.f.* Inmunización artificial local.
- toque** *s.m.* Aplicación lixeira dunha substancia medicamentosa sólida ou líquida nun punto determinado.
- toracalxia** *s.f.* Dor torácica.
- toracentese** *s.f.* Punción empregada para extraer líquido da cavidade torácica, con fins diagnósticos ou terapéuticos.
- toraceptomía** *s.f.* Toracotomía con resección parcial dunha costela.
- toracicoabdominal** *adx.* Relativo ó tórax e ó abdome.
- toracicoacromial** *adx.* Relativo ó tórax e ó acromio.
- toracicoumeral** *adx.* Relativo ó tórax e ó úmero.
- toracobroncotomía** *s.f.* Broncotomía a través da parede torácica.
- toracocaustía** *s.f.* Pneumonólise.
- toracocelose** *s.f.* Fisura do tórax e do abdome.
- toracocentese** *s.f.* Toracentese.
- toracocilose** *s.f.* Deformidade do tórax.
- toracocirtose** *s.f.* Curvatura anormal do tórax, especialmente a prominencia esaxerada do peito.
- toracodelfo** *s.m.* Monstro fetal monocéfalo que ten dous brazos, catro pernas e os corpos unidos por riba do embigo.
- toracodídimo** *s.m.* Monstro fetal dobre cos dous compoñentes unidos ó nivel do tórax.
- toracodinia** *s.f.* Dor no peito. Tamén se di **pleurodinia**.
- toracofacial** *adx.* 1. Relativo ó tórax e á cara. // *s.m.* 2. Músculo cutáneo do pescozo.
- toracogastrodídimo** *s.m.* Monstro fetal dobre cos compoñentes unidos polo tórax e polo abdome.
- toracógrafo** *s.m.* Instrumento que rexistra os movementos torácicos na respiración.
- toracolaparatomía** *s.f.* Incisión no tórax e no abdome que se fai para ter acceso ó espazo subfrénico e ás zonas adxacentes.
- toracólise** *s.f.* Liberación cirúrxica de adherencias entre a parede torácica e os órganos aloxados na cavidade.
- toracolumbar** *adx.* Relativo ó tórax e á rexión lumbar.
- toracomelo** *s.m.* Monstro fetal que ten unha perna ou un brazo supernumerario unidos ó tórax.
- toracometría** *s.f.* Medición da amplitude dos movementos torácicos.
- toracómetro** *s.m.* Instrumento para realiza-la toracometría.
- toracomiodinia** *s.f.* Miodinia ou dor nos músculos da parede torácica. Tamén se di **pleurodinia**.
- toracópago** *s.m.* Monstro dobre unido polo tórax. Tamén se di **toracodídimo**.
- toracopatía** *s.f.* Afección do tórax ou dos órganos torácicos.
- toracoplastia** *s.f.* 1. Cirurxía plástica do tórax en xeral. 2. Operación cirúrxica consistente en libera-lo pulmón de tódolos seus soportes anatómicos co fin de colapsalo de maneira permanente e definitiva. É unha técnica que se empregaba antes da introducción dos antibióticos. Actualmente quedou relegada pola resección pulmonar.
- toracopneumógrafo** *s.m.* Instrumento que rexistra os movementos respiratorios do tórax.
- toracopneumoplastia** *s.f.* Operación cirúrxica plástica do tórax e o pulmón.
- toracoscopia** *s.f.* 1. Técnica de exploración endoscópica na que se introduce un mediastinoscopio ou un broncoscopio a través dunha pequena incisión da pel e dos músculos intercostais. 2. Exame directo da cavidade pleural mediante un trocar endoscópico especial.
- toracoscopio** *s.m.* Instrumento que permite observa-la pleura e o pulmón e facilita a biopsia baixo visión directa.
- toracostomía** *s.f.* Creación dunha abertura cirúrxica no tórax para diminuí-lo exceso de presión intratorácica.
- toracotomía** *s.f.* Incisión cirúrxica na parede do tórax.
- toracoxifópago** *s.m.* Monstro fetal dobre unido polo esterno e as costelas.
- toradelfo** *s.m.* Toracodelfo.
- tórax** *s.m.* Porción do tronco entre o pescozo e o abdome, limitado polo esterno, costelas e columna vertebral polos lados e arriba, e polo diafragma na súa parte inferior. Dentro da súa cavidade sitúanse os órganos principais da respiración e da circulación. // **T. alar** Tórax plano. / **T. apopléctico** ou **cadrado** Tórax no que os diámetros lonxitudinal e transversal tenden a igualarse. / **T. asténico** Tórax en quilla. / **T. de amazona** Aquele que só presenta unha mama. / **T. de Peyrot** O que está ovalado en dirección oblicua, que se observa en derramos pleurais abundantes. / **T. de Pulchelo** Tórax caracterizado por ser excesivamente desenvolvido e por presentar cifose cervicodorsal e clavículas robustas e esterno prominente. Obsérvase na acromegalia e nos procesos infecciosos da columna dorsal. / **T. de Traube** Tórax paralítico. / **T. de zapateiro** O que presenta na parte anterior unha depresión en forma de funil co vértice á altura da unión do esterno co apéndice xifoide. Tamén se di **tórax en embude** ou **en funil**. / **T. en quilla** O que se caracteriza pola prominencia do esterno e aplanamento das paredes laterais. Obsérvase no raquitismo. / **T. en tonel** ou **t. enfi-sematoso** Tórax que presenta unha deformidade caracterizada pola redondez na parte central, con aumento dos diámetros transversais, sobre todo o anteroposterior, o que lle dá unha forma semellante á dun tonel. Obsérvase

no enfisema pulmonar. / **T. paralítico** Tórax longo e estreito, case cilíndrico, con escápulas saíntes. / **T. plano** Aquel que presenta un aplanamento anteroposterior, coas omoplatas saíntes. / **T. raquíptico** Tórax en quilla.

torcedura *s.f.* 1. Escordadura. 2. Desviación.

torio *s.m.* Metal raro, de cor gris, con símbolo Th e peso atómico 232,15. É radioactivo, cunha vida media moi longa, e emprégase como combustible nuclear.

tormen *s.m.* (lat.) Dor, cólico ou intranquilidade.

tornasol *s.m.* Substancia de orixe natural, de cor azul e con propiedades colorantes, que se emprega como reactivo químico. É útil porque cambia de cor segundo as variacións do pH: en medio ácido vólvese vermello, e en medio alcalino vólvese azul.

torniquete *s.m.* Dispositivo empregado para dete-la circulación nun vaso sanguíneo, co fin de evita-la hemorraxia nunha ferida ou nunha operación. // **T. de Esmarch** Peza de goma que comprime a raíz dun membro tralo baleirado do sangue mediante unha venda elástica.

torón *s.m.* Elemento gasoso radioactivo resultante da desintegración do torio.

torpente *adx.* Sedante ou inactivo.

tórpido-a *adx.* Lento, que reacciona ou que actúa con lentitude ou dificultade por atoparse nun estado de torpor ou semellante a el.

torpor *s.m.* Estado no que se produce unha diminución da velocidade da función ideomotora, enlenteándose a resposta a estímulos normais. O individuo aparenta estar adurmiñado. Adoita ser indicio de alteración da función psíquica. // **T. intestinorum** Retraemento atónico. / **T. retinae** Estado no que a retina non reacciona máis que a unha luz moi intensa.

torrar *v.* 1. Someter a torrefacción. 2. Queimar.

torrefacción *s.f.* Acción de expor unha substancia en seco ó lume por un espazo de tempo curto.

torsiómetro *s.m.* Tipo de clinoscopio usado para medi-lo grao de rotación do globo ocular sobre o eixe visual.

torsión *s.f.* Xiro sobre un eixe lonxitudinal de calquera estrutura orgánica que teña mobilidade pero que esta fixa por un punto sobre o cal poidan xirar. Como consecuencia prodúcese isquemia no extremo desta estrutura. // **T. das arterias** Método para dete-la hemorraxia nunha arteria practicando a torsión, mediante unhas pinzas especiais, do extremo seccionado. / **T. do corazón** Movemento de rotación dos ventrículos arredor do seu eixe lonxitudinal, durante a contracción ventricular. / **T. do cordón espermático** Cadro agudo de torsión testicular que se presenta con dor moi intensa, e con risco de necrose testicular. / **T. do epíploon** Rotación do epíploon que produce un cadro de abdome agudo. / **T. testicular** Torsión do testículo sobre o cordón espermático.

torsoclusión *s.f.* 1. Acupresión combinada coa torsión dun vaso seccionado. 2. Rotación dun dente sobre un eixe.

torto-a *adx.* Que lle falta un ollo ou a vista dun ollo. Tamén se di **chosco**.

tortuoso-a *adx.* Sinuoso ou que describe curvas.

tórulo *s.m.* Eminencia pequena, papila.

Torulopse Xénero de fungos da familia criptococáceas, ó cal pertence a *Torulopse glabrata*, que é o axente causal da torulopse, e que segundo algunhas investigacións pode causar endocardite.

torulopose *s.f.* Infección por fungos do xénero *Torulopse*.

torulose *s.f.* Infección provocada por fungos blastomycetos do xénero *Torula*, actualmente incluídos dentro dos *Cryptococcus*. Afecta o pulmón e o sistema nervioso.

torunda *s.f.* Tapón de gasa ou de algodón que se emprega en cirurxía para deter hemorraxias.

torus *s.m.* (lat.) Toro, eminencia, avultamento. // **T. manus** Metacarpo. / **T. occipitalis** Prominencia esaxerada da crista occipital externa. / **T. palatinus** Protuberancia no padal óseo, na unión das suturas intermaxilar e palatoma-xilar.

tose *s.f.* Expulsión voluntaria ou involuntaria de aire dos pulmóns, brusca e ruidosa, máis ou menos repetida, que ten unha función de autolimpeza dos pulmóns e das vías respiratorias para eliminar irritantes que existen ou que se introduciron nos pulmóns. Adoita ser un acto reflexo que se produce como resposta a estímulos de certas zonas sensibles do tracto respiratorio. Comprende varias fases: inspiración, pechamento da glote, compresión do aire intratorácico, apertura súbita da glote e expulsión rápida do aire. // **T. amigdalina** Tose propia da amigdalite crónica que desaparece durante a comida e o sono. / **T. aneurismática** Tose asociada ó aneurisma e frecuentemente con parálise dunha corda vocal. / **T. bitonal** A que se produce por unha lesión do nervio recorrente que ocasiona parálise dunha corda vocal, o que dá lugar a dous tons na tose. / **T. branda** A que se acompaña de expectoración. / **T. de Balme** Aquela que aparece en persoas con obturación da nasofarinxe, cando adoptan a posición de decúbito dorsal. / **T. de can** Tose que se asemella ó ladrido dun can, que aparece por compresión das vías respiratorias. / **T. diafragmática** Tose breve, incompleta e dolorosa, propia das afeccións diafragmáticas. / **T. emetizante** A que provoca vómitos. / **T. extra-pulmonar** Tose reflexa. / **T. ferina** Enfermidade infecciosa moi frecuente na infancia, causada polo *Haemophylus pertussis*. Caracterízase por catarro das vías respiratorias e paroxismos de tose característicos, que a distinguen de calquera outra tose: tose violenta e convulsiva en golpes seguidos, sen pausa entre eles, o cal impide respirar normalmente e dá lugar a cianose, ás veces con vómitos, e remata cunha aspiración profunda de tipo estertoroso. Tamén se di **tose convulsiva**. / **T.**

histérica Tose reflexa. / **T. húmida** Tose branda. / **T. posprandial** A que aparece despois da comida, a causa da sucesión de estímulos da deglución. / **T. reflexa** ou **simpática** Tose que non depende dun trastorno primario do aparello respiratorio, senón que se produce por irritación dun órgano afastado. / **T. seca** Tose que non se acompaña de expectoración. / **T. trixémica** A debida á irritación das fibras do trixémico.

tósigo *s.m.* Veleno.

totem *s.m.* Animal, planta, obxecto ou representación del, que é adorado por un grupo ou comunidade como símbolo ou protector.

totipotencial *adx.* Capaz de todo, como as células que son capaces de orixinar células de calquera tipo.

toutizo *s.m.* Caluga, parte posterior da cabeza.

toxamina *s.f.* Substancia tóxica hipotética que existiría, segundo Mellanby, nos cereais, e favorecería o desenvolvemento da carie dentaria.

toxaemia *s.f.* Anemia de orixe tóxica.

Toxascaris Xénero de nematodos da familia dos ascáridos, ó que pertencen as especies *Toxascaris canis* e *Toxascaris leonina*, e que son parasitos intestinais do can, do gato e ás veces do home.

toxe *s.f.* Envenenamento, toxicose, intoxicación.

toxemia *s.f.* Complexo sintomático debido á presenza no sangue de substancias tóxicas para o organismo, que pode ser causado por procesos infecciosos, inflamatorios, metabólicos, etc. // **T. do embarazo** Eclampsia gravídica. / **T. hidatídica** Intoxicación debida ó paso do líquido da cavidade hidatídica á cavidade abdominal, acompañada de urticaria.

toxenzima *s.m.* Enzima tóxica.

toxi- ou **toxo-** Prefixo do grego, veleno.

toxia *s.f.* Unidade de toxicidade que equivale á cantidade dun tóxico capaz de matar inmediatamente un animal dun quilo de peso.

toxicación *s.f.* Envenenamento, intoxicación.

toxicida *adx.* Antídoto.

toxicidade *s.f.* 1. Cantidade de tóxico. 2. Grao de virulencia dunha toxina ou dun veleno. 3 Dose mortal mínima necesaria para matar un animal dun quilo de peso.

tóxico-a *adx.* 1. Velenoso. // *s.m.* 2. Veleno, substancia que, se se inxire, pode causar graves alteracións orgánicas e funcionais, e mesmo a morte.

toxicodermia ou **toxicodermatose** *s.f.* Enfermidade da pel de orixe tóxica.

toxicodermite *s.f.* Dermatite debida a unha substancia tóxica. Tamén se di **toxicodermia**.

toxicófago *s.m.* Individuo que adoita inxerir veleno para acostuma-lo organismo, con fins preventivos.

toxicofidio *s.m.* Serpe velenosa.

toxicofobia *s.f.* Temor enfermizo ós velenos. Tamén se di **toxifobia**.

toxicóforo-a *adx.* Toxóforo.

toxicohemia *s.f.* Toxemia.

toxicoide *adx.* Semellante a un tóxico ou a un veleno. Tamén se di **toxoido**.

toxicólogo-a *adx.* e *s.* Experto en toxicoloxía.

toxicoloxía *s.f.* Disciplina médica que estudia os efectos tóxicos das substancias no organismo, así como o diagnóstico e tratamento dos envenenamentos por tóxicos.

toxicomanía *s.f.* Emprego continuado dunha substancia clasificada como droga pola dependencia física ou psicolóxica que produce. Tamén se di **drogadición**.

toxicómano-a *adx.* e *s.* Adicto ás drogas.

toxicopatía *s.f.* Estado patolóxico producido por un tóxico.

toxicopexia *s.f.* Fixación ou neutralización dun tóxico no organismo.

toxicose *s.f.* Estado patolóxico producido por un veleno ou tóxico, que pode ser endóxeno ou exóxeno. // **T. alimentaria** Intoxicación por alimentos en mal estado de conservación. Tamén se di **sitiotoxismo**. / **T. hemorráxica dos capilares** Púrpura de Henoch. / **T. xestacional** Xestose.

toxicoxénico-a ou **toxicóxeno-a** *adx.* e *s.* Que orixina tóxicos ou que é orixinado por eles.

toxicodermatite *s.f.* Dermatite debida a un tóxico.

toxicodermia *s.f.* Dermatose de orixe tóxica.

toxicífero-a *adx.* 1. Que ten ou que produce toxinas. // *s.m.* 2. Toxóforo.

toxifilia *s.f.* Afinidade por algún tóxico.

toxifobia *s.f.* Toxicofobia.

toxicofrenia *s.f.* Estado delirante provocado por un tóxico.

toxicognómico-a *adx.* Que caracteriza a acción tóxica dun veleno.

toxiinfección *s.f.* 1. Intoxicación producida por toxinas de tipo microbiano no curso dunha infección. 2. Infección e intoxicación simultáneas.

toxiinfeccioso-a *adx.* Producido por unha toxina de tipo infeccioso.

toxina *s.f.* Substancia productora de efectos tóxicos, en especial as proteínas de orixe animal, vexetal e bacteriana que teñen capacidade para producir efectos tóxicos e actuaren como antígenos. // **T. animal** Toxoalbumina de orixe animal como o veleno das serpes. Tamén se di **zootoxina**. / **T. bacteriana** Toxina producida por bacterias, nas que se inclúen as endotoxinas e as exotoxinas. / **T. botulínica** Toxina producida polo *Clostridium botulinum*. / **T. de Birkhaug** Filtrado de cultivos de estrepto-

coco illados dun enfermo de febre reumática con endocardite, que se utiliza en reaccións cutáneas. / **T. diftérica** Exotoxina proteica producida polo *Corynebacterium diphtheriae*. / **T. eritróxena** Toxina illada en cultivos de *Streptococcus pyogenes*, responsable do exantema da escarlatina e da reacción de Dick. / **T. extracelular** Exotoxina que exerce a súa función con independencia do organismo que a produce. / **T. intracelular** Endotoxina. Toxina contida no grupo das bacterias, parecida ás toxalbuminas pola súa inestabilidade pero que se diferencia por precisar un período de incubación despois da inxección para manifesta-la súa actividade. / **T. primaria** Exotoxina inmediatamente despois de ser segregada pola célula bacteriana e antes da súa transformación polo organismo. / **T. secundaria** Exotoxina bacteriana modificada polo organismo. / **T. soluble** Toxina extracelular. / **T. tetánica** Exotoxina producida polo *Clostridium tetani*, que inclúe unha neurotoxina, a tetanospasmina, e unha hemolisina, a tetanolisina. / **T. verdadeira** Exotoxina. / **T. vexetal** Fitotoxina.

toxina-antitoxina *s.f.* Mestura de toxina diftérica e a súa antitoxina que se emprega para a vacinación antidiftérica.

toxinemia *s.f.* Toxemia.

toxicida *adx.* 1. Que ten capacidade de destruír toxinas. // *s.m.* 2. Axente destructor de toxinas.

toxinose *s.f.* Estado patolóxico debido á presenza de toxinas.

toxinoterapia *s.f.* Emprego de toxinas con fins terapéuticos.

toxinotoxide *s.m.* Mestura de toxina e toxoide.

toxiprofesional *adx.* Relativo ás intoxicacións profesionais ou ocasionado por elas.

toxisterol *s.m.* Substancia tóxica producida por irradiación ultravioleta do ergosterol ou da vitamina D.

toxiterapia *s.f.* Toxinoterapia.

toxituberculide *s.f.* Lesión cutánea atribuída á toxina dos bacilos da tuberculose.

toxixenicidade *s.f.* Capacidade dun organismo para producir efectos tóxicos ou enfermidades de orixe tóxica.

toxixeno-a *adx.* Toxicoxénico.

Toxocara Xénero de nematodos parasitos ó que pertencen as especies *Toxocara cani* e *Toxocara cati*, que poden infesta-lo home.

toxofilaxina *s.f.* Filaxina que destrúe ou contrarresta a acción das toxinas bacterianas.

toxófilo-a *adx.* Facilmente afectado por unha toxina ou que ten afinidade polas toxinas.

toxoflavina *s.f.* Pigmento amarelo causante de botulinas nalgúns países tropicais.

toxofobia *s.f.* Toxicofobia.

toxóforo-a *s.m.* 1. Grupo de átomos da molécula da toxina encargado de produci-los efectos tóxicos. // *adx.* 2. Que contén unha toxina.

toxoglobulina *s.f.* Globulina tóxica.

toxoides *s.m.* Exotoxina que ten inactivada a súa acción tóxica por medio dun tratamento químico ou físico, pero que conserva a súa acción inmunizante específica, de xeito que o organismo pode reaccionar ante el e obter inmunidade adquirida. Empréganse como vacinas, pois as inmunoglobulinas inducidas por el teñen función protectora. // **T. diftérico** Exotoxina da *Corynebacterium diphtheriae* que, tratada con formaldehído, perde as propiedades tóxicas pero mantén as antixénicas, polo que se emprega na inmunización contra a difteria. Tamén se di **anatoxina diftérica, vacina antidiftérica.** / **T. tetánico** Exotoxina do *Clostridium tetani* tratada con formaldehído, que se emprega na inmunización contra o tétano. Tamén se di **anatoxina tetánica, vacina antitetánica.**

toxólise *s.f.* Destrución ou disolución de toxinas, ou a que é causada por elas.

toxolisina *s.f.* Antitoxina.

toxomimético-a *adx.* Que imita a acción dun tóxico.

toxona *s.f.* Toxina que ten o grupo toxóforo con menor toxicidade, por exemplo o toxoide diftérico, que ten menos afinidade pola antitoxina e que non produce síntomas agudos, senón emaciación ou parálise.

toxonoide *s.m.* Toxona sen toxicidade pero con afinidade pola antitoxina.

toxonose *s.f.* Toxinose.

Toxoplasma Xénero de protozoos da suborde *Eimerina*. A este xénero pertence a especie *Toxoplasma gondii*, parasito intracelular obrigado dalgúns animais, nos que causa zoonose. A súa reprodución sexual ten lugar no intestino do gato, e os oocitos son eliminados polas feces. O desenvolvemento asexual dáse noutros tecidos de diversos animais ou do home, no que causa toxoplasmosis.

toxoplasmose *s.f.* Enfermidade aguda ou crónica do home e de diversas especies animais, causada polo *Toxoplasma gondii*. Na maioría dos casos cursa de forma subclínica, aínda que pode ocasionar cadros graves e mortais, especialmente en persoas inmunodeprimidas. O contaxio prodúcese pola inxestión de carne que contén quistes ou directamente pola inxestión dos oocitos, a través do po do chan contaminado polas feces do gato. A enfermidade preséntase en varias formas, e a lesión fundamental é o granuloma localizado en diferentes tecidos, preferentemente do SNC, ollos e corazón. A forma máis grave é a conxénita. // **T. conxénita** A que se orixina pola transmisión transplacentaria, que pode ser causa de aborto ou de embriopatía toxoplásmica: malformacións fetais como coriorretinite ou microcefalia, atraso psicomotor, malformacións cardíacas, etc.

toxuria *s.f.* Presencia de toxinas na urina.

TPN Siglas de trifosfopiridín-nucleótido. V. **nucleótido**.

TPP Siglas de tiamina-pirofosfato.

TR Abreviatura de tuberculina residual.

trabécula *s.f.* Tabique de tecido conectivo que exerce a función de soporte ou de separación, que se estende desde a envoltura dun órgano parenquimatoso ó seu interior, formando cos outros a parte esencial da estrutura. // **T. carnosa** ou **ventricular** Estructuras musculares no interior dos ventrículos cardíacos, entre as que destaca a trabécula septomaxilar, que une a parede do ventrículo dereito co músculo papilar anterior. / **T. ósea** Prolongacións entrecruzadas de substancia ósea que limitan as cavidades medulares do tecido óseo esponxoso.

trabeculación *s.f.* Formación de trabéculas.

trabeculado-a *adx.* Que presenta trabéculas. Esponxoso.

tracción *s.f.* Acción de estirar, tirar ou atraer. // **T. ambulatória** Tracción que exerce unha vendaxe que permite a deambulación con membros fracturados. / **T. elástica** A que exerce unha corda ou elemento elástico. / **T. esquelética** Aquela que se aplica directamente sobre os ósos longos mediante cravos ou agullas de Kirschner, para reducir fracturas. / **T. ortopédica** Procedemento no que o paciente se fixa a un dispositivo mediante cordas e poleas que exercen unha forza de tracción sobre unha extremidade. Aplícase para reducir e inmovilizar fracturas, e tamén para resolver espasmos musculares. / **T. polo eixe** Tracción realizada ó longo dun eixe da pelve, por exemplo a que se realiza co fórceps aplicado á cabeza do feto. / **T. rítmica da lingua** Método de respiración artificial introducido por Laborde, consistente en realizar traccións rítmicas da lingua con pinzas ou cos dedos, que se basea no estímulo reflexo que exerce a tracción sobre a respiración.

trácer *s.m.* Isótopo radioactivo dun elemento que, introducido no organismo, pode ser apreciado, o que permite valorala conducta metabólica e de distribución do elemento natural. Tamén se di **indicador**, **trazador**.

tracoma *s.m.* Infección granulomatosa da conxuntiva e da córnea, contaxiosa, producida pola *Chlamydia trachomatis*. Caracterízase, na fase aguda, pola formación de pequenas elevacións acompañadas de proído, fotofobia, fluxo lacrimal e secreción mucopurulenta e, na fase crónica, por atrofia, retracción cicatrizal e deformidade das pálpebras. Tamén se di **oftalmía exipcia**, **oftalmía catarral epidémica**. // **T. de Arlt** ou **t. follicular** Variedade na que as granulacións son semellantes a grans de millo miúdo cocido. / **T. papilar** Tracoma no que as granulacións se deben a hipertrofia das papilas. / **T. vulvar** Craurose da vulva.

tracto *s.m.* Conxunto de estruturas dispostas en ringleiras, cordóns, fascículos ou vías que exercen unha función común e organizada. // **T. aferente** ou **ascendente** Calquera das vías nerviosas que levan os impulsos da medula espiñal ó córtex cerebral. / **T. corticonuclear** Fascículos de fibras motoras da cápsula interna, que

parten da circunvolución precentral e se dividen na protuberancia noutros tres fascículos para os núcleos trixémino, facial e hipogloso. / **T. corticospinal lateral** Fascículo de fibras que proceden da área piramidal e que se entrecruzan coas do lado contrario á altura do tercio inferior do bulbo raquídeo, descendendo posteriormente polo cordón lateral da medula debaixo do tracto espiñocerebeloso. / **T. corticospinal ventral** Fascículo de Türck. / **T. de Allen** Tracto solitario formado no bulbo por fibras sensoriais dos pares VII, IX e X. / **T. de Bechterev** Tracto que relaciona o lemnisco coa oliva bulbar. / **T. de Burdach V. fascículo**. / **T. de Foville** Fascículo cerebeloso directo. / **T. de Goll V. fascículo**. / **T. de Helwey** Tracto espiñoolivar. / **T. descendente** ou **eferente** Fibras nerviosas que conducen os impulsos desde o cerebro á medula espiñal. / **T. dixestivo** Tubo dixestivo. / **T. espiñocerebeloso dorsal** Fascículo nervioso exterior ó fascículo piramidal no cordón lateral da medula espiñal. / **T. espiñoolivar** Pequeno grupo de fibras descendentes do cordón anterolateral da medula, que empezan na proximidade da oliva bulbar e pasan á medula cervical. / **T. iliotalibial** Parte da fascia lata que forma unha vaíña para o músculo tensor. Tamén se di **ligamento de Maissiae**. / **T. olfactivo** Banda olfactiva. / **T. olivospinal** Tracto espiñoolivar. / **T. óptico** Parte do nervio óptico que se sitúa detrás do quiasma. / **T. rubrospinal** Fascículos de fibras descendentes entre o tracto corticospinal lateral e o espiñocerebeloso ventral. / **T. tectospinal** Fascículo que descende desde os tubérculos cuadrixéminos á medula espiñal, cruzándose a nivel do bulbo. / **T. uroxenital** Vías urinarias e xenitais no seu conxunto. / **T. uveal** Tracto formado polo iris, o corpo ciliar e a coroide. / **T. ventral** Tracto de fibras no cordón lateral da medula espiñal, diante do tracto espiñocerebeloso dorsal. / **T. xeniculo-calcarino** Radiación de Gratiolet.

tractor *s.m.* 1. Separador. 2. Instrumento para exercer tracción.

trade *s.m.* Instrumento que se emprega para facer orificios en substancias duras, como ósos ou dentes.

tragacanto *s.m.* Arbusto leguminoso do xénero *Astragalus*, do que se extrae unha goma moi empregada en farmacia como emulxente e para a fabricación de pastillas.

tragi *s.m.pl.* (lat.) Pelos situados na abertura do conducto auditivo externo.

trago *s.m.* 1. Eminencia cartilaxinosa diante do orificio do conducto auditivo externo. 2. Cada un dos pelos do conducto auditivo externo.

tragofonía *s.f.* Egofonía.

tragomascalia *s.f.* Bromhidrose axilar.

tragopodia *s.f.* 1. Pé de cabra. 2. *Genu valgum*.

trama *s.f.* Tecido de sostén. Tamén se di **estroma**.

trancazo *s.m.* Gripe.

tranquilizante *adx.* 1. Que tranquiliza. // *s.m.* 2. Fármaco psicotrópico que posúe efecto ansiolítico e sedante, entre os cales se inclúen as benzodiazepinas. Tamén se di **ansiolítico**. // **T. maior** Neuroléptico. / **T. menor** Ansiolítico.

trans- Prefixo do latín, da outra parte, dun lado ó outro.

transacción *s.f.* Efecto da interacción entre dúas ou máis forzas ou tendencias. En psicodinámica denomínanse así as conductas que resultan da interacción entre a pulsión e a defensa.

transaminación *s.f.* Transposición dun ou máis grupos aminos dun composto a outro.

transaminase *s.f.* Enzima que cataliza a transferencia dun grupo amino do aminoácido ós cetoácidos. // **T. glutamicooxalacética (GOT)** Enzima presente nos tecidos e no soro sanguíneo, que aumenta como resultado de lesións hísticas, infarto de miocardio e lesión hepática. / **T. glutamicopirúvica (GTP)** Enzima do que aumenta a presenza nos casos de lesión hepática aguda.

transaudente *adx.* Que permite o paso das ondas sonoras.

transcendental *adx.* De grande importancia polas súas posibles consecuencias.

transcetolase *s.f.* Enzima pertencente ó grupo das transferases, que diminúe nos casos de déficit de vitamina B₁.

transcondíleo-a *adx.* Que ten lugar a través dos condíleos.

transcortical *adx.* Que pasa a través do córtex ou que relaciona distintas partes do córtex cerebral.

transcortina *s.f.* Globulina sintetizada no fígado con grande afinidade polo cortisol, ó que liga e transporta polo sangue, evitando a súa degradación hepática e filtración renal.

transcostal *adx.* Relativo ou pertencente ás apófises transversas e ás costelas. Tamén se di **costotransverso**.

transcripción *s.f.* Síntese dun RNA segundo o patrón do DNA correspondente.

transcriptase *s.f.* RNA-polimerase DNA-dependente. Enzima que cataliza a síntese de RNA a partir de ribonucleósidos trifosfatos, que utilizan o DNA como patrón. // **T. inversa** DNA-polimerase RNA-dependente. Enzima presente en certos virus, como os *Retroviridae*, que dirixe a transcripción de DNA a partir dun patrón de RNA. En xenética bacteriana emprégase para obter DNA para técnicas de clonación, partindo do RNA do polipéptido que nos interesa.

transcutáneo-a ou **transdérmico-a** Que ten lugar a través da derme. Tamén se di **percutáneo**.

transducción *s.f.* Transporte de material xenético dunha bacteria a outra por un bacteriófago. // **T. restrinxida** Un fago lisóxeno, ó separarse do xenoma bacteriano, pode arrastra-los xenes adxacentes ó seu punto de inserción e incorporalos ó xenoma da célula bacteriana, na que repite

a lisexenia. / **T. xeneralizada** Un fragmento da célula lisada é encapsulado erroneamente por un bacteriófago. Despois de que este libere o ácido nucleico nunha célula receptora, este ácido pode incorporarse ó xenoma por recombinación. Nalgúns casos o DNA encapsulado corresponde a un plásmido.

transección *s.f.* Sección a través dun eixe lonxitudinal.

transexualismo *s.m.* Identificación co sexo oposto, con convicción de pertencer a el e con desexo de cambia-lo sexo morfolóxico.

transferase *s.f.* Grupo de enzimas que catalizan a transferencia dun grupo químico dunha molécula a outra, que inclúe enzimas que transfiren grupos dun só átomo de carbono (metiltransferase, hidroximetiltransferase, carboxiltransferase) e outras que transfiren grupos aldehídicos ou cetónicos, grupos acilos (aciltransferase), grupos alquilos, grupos nitroxenados, grupos que conteñen fósforo (fosfotransferina), grupos sulfurados, etc.

transferencia *s.f.* 1. Paso dunha sensación, dunha substancia ou dunha afección dunha parte a outra. 2. Segundo a psicanálise, repetición de prototipos de comportamento experimentais nas relacións obxectais infantís, con persoas ou obxectos da actualidade, ou ben proceso instaurado na relación entre o analizado e o analista.

transferrina *s.f.* Globulina do soro sanguíneo de peso molecular 90.000, que se combina co ferro e transporta desde o intestino ata os eritrocitos e órganos de depósito.

transfixión *s.f.* Acción de traspasar e corta-los tecidos brandos, de dentro a fóra, cando se extirpan tumores, en amputacións ou en desarticulacións.

transformación *s.f.* 1. Cambio de forma ou de estrutura. 2. Modificación dun órgano debido á influencia dos cambios na súa función. // **T. bacteriana** Recombinación bacteriana na que un fragmento de DNA procedente dunha bacteria lisada pode entrar libremente nunha bacteria competente da mesma especie, e recombinarse co xenoma da bacteria receptora. / **T. celular** Proceso mediante o cal as características fenotípicas dunha célula modifícanse como consecuencia da incorporación no DNA nuclear doutro replicón (virus ou plásmido).

transformador *s.m.* Aparello de inducción que recibe e modifica a tensión dunha corrente eléctrica.

transformismo *s.m.* Doutrina de Lamarck e Darwin segundo a cal as especies vivas non son inmutables, senón que as actuais apareceron por evolución a partir de formas máis simples, por sucesivas transformacións.

transfusión *s.f.* Acción de introducir sangue no sistema circulatorio, con fins terapéuticos. // **T. arterial** Introducción de sangue ou doutro líquido nunha arteria. / **T. directa** Transferencia de sangue dun doador a un receptor. / **T. exanguino** ou **exanguino-transfusión** Substitución total ou parcial do sangue dun paciente pola dun ou varios individuos sans. / **T. fetomaterna** Paso do sangue do feto ó organismo da nai a través da placenta. /

T. intrauterina Transfusión que se lle fai ó feto para trata-la eritroblastose fetal. / **T. placentaria** Paso de sangue placentaria ó neonato a través do cordón intacto. / **T. venosa** Introducción de sangue ou doutro líquido nunha vea.

transfusor *s.m.* Instrumento que se utiliza nas transfusións, ou persoa que as leva a cabo.

transgresión *s.f.* Proceso polo que unha substancia pasa dun medio a outro, afín ós dous, a través doutro medio polo que non ten afinidade.

transicional *adx.* Que pasa dun estado a outro.

transilente *adx.* Que pasa ou que salta a través de algo.

transiliáco-a *adx.* 1. Relativo ás apófises transversas e ó óso ilíaco. // *s.m.* 2. Músculo cadrado do lombo.

transiluminación *s.f.* Iluminación dunha cavidade a través doutra, especialmente a dos seos paranasais mediante unha lámpada eléctrica que se introduce na boca. Tamén se di **diascopia**. // **T. da mama** Paso a través da mama dun feixe de luz concentrado nela. Emprégase nos cistadenomas papilares de localización subareolar.

transitivismo *s.m.* 1. Fenómeno polo cal algúns enfermos mentais atribúenlles a outros as súas sensacións. 2. Fenómeno observado nas psicoses por Wernicke, referido a unha falta de límite entre o propio eu e o mundo exterior.

tránsito *s.m.* Paso dun lugar a outro. // **T. dixestivo** Exploración radiolóxica do intestino trala administración dunha papa opaca. / **T. esofagogastroduodenal** ou **TEGD** Exploración radiolóxica do esófago, do estómago e do duodeno, con administración de papa baritada. / **T. intestinal** Estudio radiolóxico de todo o intestino delgado mediante papa de bario.

transitorio-a *adx.* Temporal ou de pouca duración.

translación *s.f.* 1. Cambio de lugar, migración. 2. Conversión da mensaxe dun mRNA no polipéptido correspondente, que ten lugar nos ribosomas (rRNA). Os aminoácidos son proporcionados polo tRNA.

translocación *s.f.* 1. Cambio de lugar ou translación. 2. En xenética, alteración cromosómica producida polo desprazamento dun fragmento cromosómico a outro non homólogo.

translúcido-a *adx.* Que deixa pasa-la luz, pero non permite a visión dos obxectos.

transmetilación *s.f.* Formación de compostos a partir de substancias máis simples por adición de grupos metilo cedidos por outro corpo.

transmigración *s.f.* Cambio de lugar, especialmente o paso do óvulo dun ovario á trompa do outro lado. Tamén se di **diapedese**.

transmineralización *s.f.* Alteración da composición mineral dos líquidos e tecidos do organismo, especialmente do seu contido iónico, debido á acción dos raios X.

transmisibilidade *s.f.* 1. Facultade de transmitir por contaxio ou herdanza. 2. Conductibilidade.

transmisión *s.f.* 1. Transferencia ou contaxio de enfermidades. 2. Comunicación das calidades hereditarias á descendencia. 3. Conductibilidade. // **T. do pensamento** Telepatía, suxestión. / **T. placentaria** Transmisión de fármacos ou de enfermidades da nai ó feto, a través da placenta.

transmisor-a *adx. e s.* Que transmite, especialmente un xene recesivo ou recesivo ligado ó sexo.

transmutación *s.f.* Conversión dunha especie ou dunha substancia química noutra.

transo *s.m.* 1. Período moi próximo á morte. 2. Sono profundo anormal, de natureza histérica, que pode ser inducido mediante hipnotismo.

transocular *adx.* A través do globo ocular.

transonancia *s.f.* Transmisión de sons formados nun lugar a través doutra parte. // **T. pleximétrica** ou **percutoria** Percusión que se emprega sobre todo nos vértices pulmonares, e que consiste en percutir co dedo directamente nunha zona e ausculta-la parte oposta.

transparente *adx.* Que deixa pasa-la luz e permite tamén a visión dos obxectos.

transperitoneal *adx.* Que pasa ou ten lugar a través do peritoneo.

transpirable *adx.* Que permite o paso da perspiración, ou que pode ser eliminado pola transpiración.

transpiración *s.f.* 1. Emisión de suor a través da pel. 2. Producto que se expulsa neste proceso. Tamén se di **perspiración**, **sudación**. // **T. insensible** Eliminación de pequenas cantidades de suor que se evapora sen que sexa percibida. / **T. pulmonar** Exhalación de vapor de auga procedente dos pulmóns pola boca, que é visible nos ambientes fríos (bafo).

transplacentario-a *adx.* Que pasa ou se produce a través da placenta.

transplantación *s.f.* Transplante.

transplante *s.m.* 1. Implantación dun órgano ou un tecido nun organismo receptor, restablecendo as conexións vasculares entre ambos. 2. Porción de tecido corporal que se extrae dunha parte para inserila noutra parte do mesmo ou doutro individuo. Tamén se di **enxerto**. // **T. autoplástico** Reimplantación dun tecido ou dun órgano tomado do mesmo individuo. Tamén se di **autotransplante**. / **T. de Gallie** Banda de fascia lata que se emprega nas operacións de hernias como enxerto. / **T. heteroplástico** Transplante dun tecido ou dun órgano procedente doutra especie diferente pero moi afín á do receptor. Tamén se di **heterotransplante**. / **T. heterotópico** Transplante dun tecido en lugar distinto do que ocupaba na persoa doadora. / **T. homotópico** Aquel no que se emprega un tecido tomado do mesmo lugar no que se aplica. / **T. isoplástico** O realizado entre organismos

con estrutura antixénica xeneticamente idéntica. Tamén se di **isotransplante**. / **T. sinxenesioplástico** O que se realiza entre persoas da mesma familia. / **T. tendinoso** Inserción dun tendón dun músculo san nun tendón dun músculo paralizado.

transpleural *adx.* Efectuado a través da pleura.

transporte *s.m.* Movemento de moléculas nos sistemas biolóxicos, especialmente o paso do interior ó exterior das células. // **T. activo** Transporte de moléculas a través dunha membrana biolóxica, con consumo de enerxía.

transposición *s.f.* 1. Situación anormal de inversión ou posición no lado oposto dos órganos, especialmente das vísceras. 2. Operación de trasladar un colgallo dun sitio a outro, sen separalo totalmente da súa conexión primitiva ata que estea unido na nova posición. // **T. dos grandes vasos** Cardiopatía conxénita que consiste na inversión da situación e da implantación da aorta e da arteria pulmonar nos ventrículos do corazón. Adoita acompañar outras malformacións cardíacas.

transpositivo-a *adx.* Que traspón. Tamén se di **derivativo** ou **revulsivo**.

transposón *s.m.* Segmento de DNA de máis de 2000 pares de bases non autorreplicativo, que presenta a ámbolos dous lados secuencias características de bases. Forma parte de replicóns (DNA nuclear, plásmidos), dos que se pode liberar e pasar a outro, a outras zonas ou a outras células. Ten un sistema de incorporación elemental, pois case non esixe recoñecemento e pódese inserir en calquera punto da molécula DNA, portando diversos marcadores.

transtalámico-a *adx.* Que pasa ou sucede a través do tálamo óptico.

transtermia *s.f.* Diatermia.

transtorácico-a *adx.* Que pasa ou que ten lugar a través do tórax.

transtoracotomía *s.f.* Intervención cirúrxica que se realiza a través do tórax.

transsubstanciación *s.f.* Substitución das partes dun tecido por elementos doutra parte.

transudación *s.f.* Paso dun líquido a través das membranas que o conteñen.

transudado *s.m.* Líquido orgánico que atravesada unha superficie non inflamada, como consecuencia de diferencias de presión hidrostática, coloidosmótica ou doutras causas mecánicas. Diferénciase do exsudado polo seu escaso contido de proteínas e leucocitos, baixo peso específico e calor.

transuor *s.f.* Suor lixeira por fatiga ou preocupación.

transuretral *adx.* Que pasa a través da uretra.

transvaxinal *adx.* Por vía vaxinal.

transversal *adx.* Perpendicular ó eixe do corpo, ou que pasa perpendicularmente dun lado ó outro.

transversectomía *s.f.* Resección dunha ou varias apófises transversas.

transverso-a *adx.* 1. Transversal. // *s.m.* 2. V. **músculo**.

transversoanal *adx.* e *s.* Relativo ó músculo transverso superficial do peritoneo.

transversoespiñoso-a *adx.* 1. Relativo ás apófises transversas e espiñosas das vértebras. // *s.m.* 2. Cada un dos fascículos musculares inseridos nas apófises transversas e espiñosas, ó longo da raque, que se consideran músculos distintos.

transversotomía *s.f.* Sección do colon transverso.

transversouretral *s.m.* Músculo transverso profundo do peritoneo.

transvesical *adx.* Que pasa a través da vexiga urinaria.

trapeciforme *adx.* Que presenta forma trapezoidal.

trapecio *s.m.* 1. Óso externo da segunda ringleira do carpo. 2. Músculo da caluga e do lombo que realiza as funcións de elevador do ombro e de rotador e flexor lateral da cabeza. 3. Banda de fibras transversas situadas na posición inferior da ponte, arredor do núcleo olivar superior. 4. Substancia branca central do cerebelo.

trapeciometacarpiano-a *adx.* Relativo ó trapecio e ó metacarpo.

trapezoide *adx.* 1. Que ten forma de trapecio. // *s.m.* 2. Óso da segunda ringleira do carpo, situado a carón do trapecio.

traquea *s.f.* Tubo cartilaxinoso e membranoso elástico, de forma cilíndrica, que se estende desde a larinxe, a nivel da 6ª vértebra cervical, ata a 5ª dorsal, onde se divide en dous bronquios. A súa función é envia-lo aire respiratorio ós bronquios e ós pulmóns, e ó mesmo tempo quentalo, depuralo e humedecelo.

traquealxia *s.f.* Dor na traquea.

traquectasia *s.f.* Ectasia ou dilatación da traquea.

traqueíte *s.f.* Inflamación da traquea.

traquelagra *s.f.* Dor gotosa no colo.

traquelalxia *s.f.* V. **traquelodinia**.

traquelectomía *s.f.* Escisión cirúrxica do colo do útero.

traquelectomopexia *s.f.* Escisión parcial e fixación do colo uterino.

traquelematoma *s.m.* Hematoma traumático do colo na vaíña do esternocleidomastoideo no neonato.

traqueliano-a *adx.* Cervical.

traquelismo *s.m.* Espasmo dos músculos do pescozo que se produce na epilepsia, e que produce compresión dos vasos.

traquelite *s.f.* Inflamación do pescozo. Tamén se di **cervicite**.

traquelo- Prefixo do grego, colo, caluga.

- traqueloatlaidooccipital** *s.m.* Músculo oblicuo menor da cabeza.
- traqueloatlaidobasilar** *s.m.* Músculo recto lateral da cabeza.
- traquelobasilar** *s.m.* Músculo recto anterior da cabeza.
- traquelobregmático-a** *adx.* Relativo ó pescozo e bregma.
- traqueocele** *s.f.* Traqueocele.
- traquelocifose** *s.f.* Cifose da porción cervical da columna vertebral.
- traquelocistite** *s.f.* Inflamación do colo da vexiga.
- traqueloclavicular** *adx.* 1. Relativo ó colo e á clavícula. // *s.m.* 2. Músculo accidental que vai das vértebras cervicais ó tercio externo da clavícula.
- traquelocostal** *adx.* 1. Relativo ó colo e ás costelas. // *s.m.* 2. Músculo escaleno.
- traquelodiafragmático-a** *adx.* Relativo ó colo e ó diafragma.
- traquelodinia** *s.f.* Dor no colo. Tamén se di **traquelalxia**.
- traquelolagrimal** *s.m.* Músculo infrecuente ou accidental que vai do óso occipital ó acromio.
- traqueloloxía** *s.f.* Estudio das lesións e enfermidades do colo.
- traquelomastoide** *adx.* 1. Relativo ó colo e ó mastoide. // *s.m.* 2. Músculo dorsal longo da cabeza ou músculo complexo maior.
- traquelomiite** *s.f.* Inflamación dos músculos do colo.
- traquelooccipital** *adx.* 1. Relativo ó colo e ó occipital. // *s.m.* 2. Músculo complexo maior.
- traquelopexia** *s.f.* Fixación cirúrxica do colo uterino ás estruturas adxacentes.
- traqueloplastia** *s.f.* Cirurxía plástica do colo.
- traquelorrafia** *s.f.* Reparación cirúrxica ou sutura do colo uterino. Tamén se di **operación de Emmet**.
- traqueloscapular** *s.m.* Músculo angular da omoplata.
- traquelosiringorrafia** *s.f.* Traquelorrafia por fístula vaxinal.
- traquelosquise** *s.f.* Fisura conxénita da vaxina.
- traquelotomía** *s.f.* Incisión cirúrxica do colo uterino.
- traqueoaocele** *s.f.* Hernia traqueal con contido aéreo.
- traqueoblenorrea** *s.f.* Secreción esaxerada de moco traqueal.
- traqueobroncoscopia** *s.f.* Inspección visual do interior da traquea e dos bronquios.
- traqueobronquilla** *adx.* Relativo ou pertencente ós bronquios e á traquea.
- traqueobronquite** *s.f.* Inflamación da traquea e dos bronquios.
- traqueocele** *s.f.* Prolapso herniario da mucosa traqueal.
- traqueocricoides** *adx.* Relativo á traquea e á cartilaxe cricoide.
- traqueoesofáxico-a** *adx.* Relativo á traquea e ó esófago.
- traqueofarínxeo-a** *adx.* Relativo á traquea e á farinxe.
- traqueofonía** *s.f.* Son que se percibe por auscultación traqueal. Tamén se di **traquifonía**.
- traqueolaringotomía** *s.f.* Incisión cirúrxica da traquea e da larinxe.
- traqueolarínxeo-a** *adx.* Relativo ou pertencente á traquea e á larinxe.
- traqueomalacia** *s.f.* Amolecemento da traquea por dexe-neración adiposa das súas cartilaxes.
- traqueopatía** *s.f.* Enfermidade da traquea. // **T. condros-teoplásica** Formación de tecido óseo e cartilaxinoso na mucosa traqueal.
- traqueopiose** *s.f.* Traqueíte purulenta.
- traqueoplastia** *s.f.* Cirurxía plástica da traquea.
- traqueorrafia** *s.f.* Sutura da traquea.
- traqueorraxia** *s.f.* Hemorragia traqueal.
- traqueoscopia** *s.f.* Endoscopia traqueal. // **T. alta** ou **peroral** Inspección da traquea e da larinxe a través da boca mediante o laringoscopia ou o broncoscopia. / **T. baixa** ou **percervical** Inspección da traquea trala traqueotomía.
- traqueosquise** *s.f.* Fisura traqueal.
- traqueostenose** *s.f.* Estenose traqueal.
- traqueostoma** *s.m.* Abertura cirúrxica permanente da traquea a través do pescozo.
- traqueostomía** *s.f.* Incisión cirúrxica da traquea para crear unha fístula.
- traqueotomía** *s.f.* Operación cirúrxica coa que se crea unha abertura artificial na traquea, para extraer un corpo extraño ou para deixar un furado en caso de obstrucción da larinxe. // **T. inferior** ou **superior** Traqueotomía que se practica por debaixo ou por riba do istmo da cartilaxe tiroide, respectivamente.
- traqueótomo** *s.m.* Instrumento que se emprega para realizar traqueotomías.
- traquicromático-a** *adx.* Que se tingue intensamente.
- traquielcose** *s.f.* Ulceración da traquea.
- traquifonía** *s.f.* Rouquén.
- traquite** *s.f.* Traqueíte.
- trascavidade** *s.f.* Espacio ou cavidade situada na parte posterior dun ou de varios órganos. // **T. dos epíploons** Cavidade peritoneal situada detrás do estómago e do

epíloon menor, e diante do páncreas e do ril esquerdo. Limita por riba coa cúpula diafragmática, por debaixo co mesocolon transverso, pola esquerda co bazo e pola dereita coa primeira porción do duodeno, e comunícase coa cavidade peritoneal mediante o hiato de Winslow.

traseiro *s.m.* Parte posterior dun animal. Tamén se di **rexión glutear**.

trastorno *s.m.* Alteración ou perturbación da función física ou psíquica. // **T. caracterolóxico** Modo de comportamento inadaptado que se presenta sen sentimentos de culpa ou ansiedade. / **T. funcional** O que aparece sen causa orgánica. / **T. mental** Desarranxo psíquico. / **T. neuropsicolóxico** Alteración mental de causa neurolóxica. / **T. psicossomático** Alteración do funcionamento visceral secundaria a alteracións emocionais. / **T. xenético** Trastorno determinado xeneticamente, sen influencia do ambiente.

tratamento *s.m.* 1. Conxunto de medios terapéuticos que se practican coa finalidade de curar ou aliviar enfermidades. Tamén se di **terapia** ou **terapéutica**. 2. Procedemento empregado na elaboración dun produto. 3. Método especial de cura. // **T. activo** Aquele que se dirixe directamente á curación da enfermidade. / **T. anticoagulante** Administración de fármacos que reducen o risco de trombose. / **T. causal** O que se dirixe directamente contra a causa da doenza. / **T. cirúrxico** Aquele que se realiza mediante cirurxía. / **T. conservador** Tratamento no que se evita o uso de medidas terapéuticas agresivas ou cirúrxicas radicais. / **T. de Banting** Tratamento da obesidade mediante un réxime alimentario restrinxido, especialmente en canto ó azucre, fariña e graxas. / **T. de Bouchardat** Tratamento da diabete mediante un réxime alimentario sen hidratos de carbono. / **T. de Brehmer** Tratamento da tuberculose pulmonar por medios dietéticos e físicos: sobrealimentación, ximnasia respiratoria, descanso, hidroterapia, etc. / **T. de Dancel** O que comprende exercicio matutino, supresión das graxas, fariñas e azucre, e redución das bebidas ó mínimo, empregado para trata-la obesidade. / **T. de Ebstein** Tratamento da obesidade mediante un réxime albuminograxo moderado, con redución sobre todo dos hidratos de carbono (80-100 gramos como máximo). / **T. de Erlangen** Tratamento dos cancros localizados profundamente por medio da administración dunha dose de raios X de alta voltaxe, que é letal para as células canceríxenas. / **T. de Etappen** Tratamento do genu valgo con vendaxes de xeso e resección de cuñas óseas á altura da tibia. / **T. de Falta** Tratamento da diabete mediante alternancia dun réxime pobre en hidratos de carbono con outro pobre en proteínas e rico en hidratos de carbono. / **T. de Feldenkrais** Tratamento baseado no establecemento dunha boa autoimaxe, mediante coñecemento e corrección dos movementos corporais. / **T. de Forlanini** Tratamento da tuberculose pulmonar unilateral mediante un pneumotórax artificial. / **T. de Frenkel** Corrección de trastornos atáxicos por medio de exercicios adecuados. / **T. de Jaquet** Tratamento biocinético das frieiras mediante ximnasia activa e elevación das mans e dos pés. / **T. de**

Killgreen Sistema de ximnasia médica que combina pasivos, masaxe e vibracións. / **T. de Klapp** Tratamento da escoliose mediante exercicios da columna vertebral, co paciente colocado en posición de cuadrúpede no chan. / **T. de Knoph** Práctica da respiración diafragmática para facilita-lo descanso dos vértices pulmonares ou para aumenta-la potencia da contracción cardíaca. / **T. de Lambert** Tratamento da morfinomanía reducindo gradualmente as doses de morfina, que se vai substituindo por doses crecentes de codeína. / **T. de Lambotte** Tracción continua nas fracturas das extremidades, aplicando nun dos fragmentos cravos de aceiro, e practicando a tracción sobre eles. / **T. de Lerich** Tratamento das escordaduras mediante infiltración periarticular dunha solución de procaína ó 0,5-2%. / **T. de Murphy** 1. Tratamento da tuberculose pulmonar por medio dun pneumotórax artificial, mediante a inxección de nitróxeno na cavidade pleural para producir un colapso pulmonar e lograr así un colapso das cavernas pulmonares patolóxicas. 2. Tratamento da peritonite por irrigación lenta do intestino cunha solución salina fisiolóxica. Para este tratamento, o paciente debe adopta-la posición de Fowler. / **T. de Neuendorf** Tratamento da artrite reumática por medio do barro de Neuendorf. / **T. de Plummer** Administración de 5 a 15 gotas de solución de lugol, dunha a tres veces ó día, unha ou dúas semanas antes e tres ou catro días despois dunha tiroidectomía, acompañada de repouso na cama. / **T. de Politzer** Tratamento das enfermidades do oído medio con duchas de aire, empregando a pera de Politzer. / **T. de Schlösser** Tratamento da neuralxia do nervio facial por medio de inxeccións de alcohol de 80° no orificio de saída do nervio. / **T. de Semple** Tratamento da rabia mediante a inxección de virus atenuado nunha solución de ácido fólico ó 1%. / **T. de sostén** O que se dirixe a mante-las constantes e a fortaleza do enfermo. / **T. de Willems** Tratamento da artrite mediante evacuación precoz do derramo articular, seguida inmediatamente da mobilización activa. / **T. de Yeo** Tratamento da obesidade mediante administración de grandes cantidades de bebidas quentes e exclusión de azucres. / **T. dietético** O que se fundamenta en dietas ou réximes alimentarios. / **T. empírico** O que emprega medios de eficacia demostrada pola experiencia. / **T. específico** Tratamento curativo adaptado a unha enfermidade en particular. / **T. físico** Fisioterapia. / **T. hidroterápico** O que busca a curación e rehabilitación dos pacientes mediante movementos activos realizados na auga, duchas, baños, etc. / **T. hixiénico** Aquele que emprega medios hixiénicos para a curación ou alivio das doenzas. / **T. médico** O que se leva a cabo coa axuda de axentes farmacolóxicos. / **T. moral** Psicoterapia. / **T. paliativo** O que alivia pero non chega a curar. / **T. preventivo** ou **profiláctico** Aquele que ten como obxectivo fundamental impedi-lo desenvolvemento de enfermidades. / **T. racional** O que se basea no coñecemento da enfermidade e da acción dos remedios empregados. / **T. sintomático** O que non ataca as causas da enfermidade senón só os seus síntomas molestos ou prexudiciais. Tamén se di **tratamento paliativo**. / **T. tónico** O que se

basea na administración de tónicos.

Traube, curvas, signo de *V. curvas, signo.*

trauma *s.m.* Traumatismo. // **T. psíquico** Experiencia ou choque emocional moi impactante que ocasiona diversos trastornos e un cambio psicopatolóxico persistente na persoa.

traumatopatía *s.f.* Enfermidade secundaria a un traumatismo.

traumatoterapia *s.f.* Tratamento das feridas ou lesións causadas por violencia externa.

traumatismo *s.m.* 1. Lesión externa ou interna causada por unha violencia exterior ó organismo. 2. Estado do organismo afecto dunha ferida ou contusións graves.

traumatizante *adx.* Que produce traumatismo.

traumatocomio *s.m.* Hospital para feridos.

traumatofilia *s.f.* Estado no que o paciente experimenta pracer subconsciente ó recibir feridas ou ó someterse a intervencións cirúrxicas.

traumatólogo-a *s.* Especialista en traumatoloxía.

traumatoloxía *s.f.* Rama da medicina que se ocupa do estudo e tratamento dos traumatismos.

traumatópira *s.f.* Febre de orixe traumática.

traumatopnea *s.f.* Entrada e saída de aire por unha ferida das paredes torácicas que pon en contacto a pleura co exterior.

traumatose *s.f.* Traumatismo.

traumatoterapia *s.f.* Traumatoterapia.

traumatóxeno-a *adx.* Que se debe a un traumatismo.

traumatropismo *s.m.* Movemento dos elementos orgánicos ou dos organismos en relación cun traumatismo.

travestismo *s.m.* Emprego de prendas do sexo oposto, co que o individuo pode experimentar excitación ou satisfacción sexual, que se observa en homosexuais e sobre todo en transexuais. Tamén se di **eonismo**.

traxecto *s.m.* 1. Percorrido dunha estrutura, normal ou patolóxico. 2. Extensión lineal dun nervio ou dun vaso. 3. Camiño que percorre un proxectil ou unha arma penetrante.

traxector *s.m.* Instrumento que se emprega para localizar-la posición dun proxectil nunha ferida.

trazado *s.m.* Gráfica obtida dun instrumento rexistrador de movementos, tanto fisiolóxicos como patolóxicos.

trazador *s.m.* Radioisótopo mesturado cunha substancia estable que permite detecta-la distribución, metabolismo e eliminación desta substancia. Tamén se di **marcador, trácer**.

trefina *s.f.* Trépano en forma de serra circular co que se poden extraer pequenas porcións redondas de diversos tecidos.

trefinación *s.f.* Trepanación.

trefocito *s.m.* Célula dotada de función nutricia.

trehalosa *s.f.* Disacárido formado por dúas moléculas de glicosa unidas por un enlace glicosídico entre o hidroxilo en posición alfa do carbono 1 dunha delas e o mesmo hidroxilo da outra molécula. Diferénciase da maltosa en que nesta a unión glicosídica se establece entre o carbono 1 dunha molécula e o carbono 4 da outra.

Trélat, signo de *V. signo.*

trema *s.f.* Diastema.

trematodíase *s.f.* Infestación por trematodos.

trematodos *s.m.* Vermes platihelminths, planos e non segmentados, que posúen ventosas. Os xéneros *Schistosoma*, *Fasciola* e *Opisthorchis* son axentes etiolóxicos da esquistosomíase, a distomatose hepática e a opistorquíase, respectivamente.

trematoloxía *s.f.* Ciencia que estudia as leis da herdanza e a súa variación.

tremeloide *adx.* Semellante á xelea.

trementina *s.f.* Oleoresina semilíquida que flúe dalgunhas coníferas, que contén unha esencia á que lle debe as súas propiedades. Emprégase en forma de gotas ou cápsulas como anticatarral, diurética, estimulante, antiséptica e antihelmíntica; en inhalacións, como expectorante, e por aplicación externa mediante fregas, como antirreumático. // **T. do Canadá** Bálsamo do Canadá.

trementinismo *s.m.* Intoxicación pola esencia de trementina.

tremofilia *s.f.* Tromofilia.

tremofobia *s.f.* Tromofobia.

tremógrafo *s.m.* Instrumento que rexistra os tremores.

tremograma *s.m.* Trazado que realiza o tremógrafo.

tremolábil *adx.* Susceptible ás sacudidas e tremores, en especial os enzimas que se inactivan ó seren sacudidos.

tremor *s.m.* Conxunto de movementos involuntarios e alternantes do corpo, de tipo agonista-antagonista, con amplitude limitada e frecuencia entre 4 e 12 por segundo. Pode ser xeneralizado ou afectar a unha parte do corpo, preferentemente ás partes distais das extremidades superiores. Adoita desaparecer durante o sono e o repouso absoluto, e empeorar co frío, emocións ou fatiga. // **T. de acción** Dentro deste tipo de tremor, existen dous tipos: a) tremor de actitude, que aparece cando o membro ten que loitar contra a gravidade: tremor esencial de actitude, discinesia tremente da dexeneración hepatolenticular de Wilson, etc. b) Tremor cinético, que en realidade é un movemento realizado inadecuadamente no tempo e no espacio, propio da patoloxía cerebelosa. / **T. fisiolóxico** Tremor ocasional que aparece nas situacións de fatiga, frío, emocións, etc. / **T. flapping** Movemento dos pulsos semellante ó bater de ás da bolboretta que se observan en trastornos hepáticos debidos ó alcoholismo, e en insufi-

ciencias respiratoria e renal. / **T. intencional** O que se incrementa no momento de realizar un movemento voluntario. / **T. postural** ou **de repouso** Tremor que se manifesta cando a parte afectada atopa un apoio e non debe loitar contra a gravidade. É característico da enfermidade de Parkinson. / **T. vibratorio** Tremor semellante ó fisiolóxico que aparece nos casos de hipertiroidismo, histeria, alcoholismo, etc.

tremulación *s.f.* Tremor ou vibración.

Trendelenburg, operación, posición, proba, síntoma de *V. operación, posición, proba, síntoma.*

treonina *s.f.* Ácido alfa-amino-beta-hidroxi-n-butírico: aminoácido presente nas proteínas. Presenta dous carbonos asimétricos, polo que pode presentar catro estereoisómeros. A L-treonina é un aminoácido esencial para o organismo.

trepanación *s.f.* Perforación dos ósos craniais mediante instrumentos chamados trépanos, fresas, coraos ou trefinas. // **T. descompresiva** A que se realiza en casos de tumor, fractura con afundimentos, hematomas, abscesos, para descomprimilas estruturas cerebrais, aliviando a presión intracranial.

trépano *s.m.* Instrumento cirúrxico en forma de trade que actúa sobre os ósos, especialmente os do cranio, para perforalos ou escindir deles un disco.

trepidación *s.f.* 1. Tremor oscilatorio. 2. Ansiedade nerviosa, medo.

trepidante *adx.* Tremente ou temeroso.

treponema *s.m.* Microorganismo do xénero *Treponema*. // **T. de Reiter** Cepa do *Treponema hpagedenis*, treponema non patóxeno que comparte antíxenos co *Treponema pallidum*, polo que se emprega no diagnóstico serolóxico específico da lúes.

Treponema Xénero de bacterias da familia espiroquetáceas, móbiles, parasitas ou patóxenas das membranas e mucosas oral e xenital. Destacan en patoloxía humana as especies *Treponema careteum*, *Treponema pallidum* e *Treponema pertenue*. // **T. careteum** Axente causal do mal de pinto ou pinta. / **T. pallidum** Axente causal da sífilis. / **T. pertenue** Axente causal do pian ou frambesia. / **T. phagedenis** Treponema de Reiter. / **T. vincenti** Axente responsable, xunto coa *Leptothrix buccalis*, da anxina de Plaut-Vincent.

treponematose *s.f.* Enfermidade infecciosa producida por bacterias pertencentes ó xénero *Treponema*. Tamén se di **treponemíase**, **treponemose**.

treponea *s.f.* Forma de dispnea con intolerancia ó decúbito lateral debida a un derramo pleural contralateral ou a unha distopía postural do corazón que causa un dobramento dos grandes vasos.

trepesia ou **trepse** *s.f.* Nutrición.

trepsoloxía *s.f.* Conxunto de saberes relativos á nutrición.

trese *s.f.* Orificio ou perforación.

tri- Prefixo do latín, tres.

triaca *s.f.* Preparado farmacéutico antigo formado por moitos compoñentes que se prescribía como antídoto nos envelenamentos ou como remedio universal.

triácido-a *adx.* Relativo a un sal ou un alcohol que contén tres átomos de hidróxeno substituíbles por unha base.

triáde *s.f.* Grupo de tres síntomas ou signos relacionados entre eles e que forman un cadro característico. // **T. abdominal** Asociación de apendicite, colecistite e úlcera gástrica. / **T. de Abascal** A formada por máculas hiper-crómicas, acrómicas e cicatrices, patognomónica de intoxicación crónica. / **T. de Beck** Tríade característica de compresión cardíaca aguda, formada por presión venosa elevada, presión arterial baixa e corazón hipodinámico e pequeno. / **T. de Bezold** Tríade sintomática de otosclerosis: condución ósea retardada, diminución da percepción de sons graves e proba de Rinne negativa. / **T. de Caroli** A formada por urticaria, febre e artraxias, que aparece no 5-10% dos pacientes con patoloxía hepática vírica. / **T. de Charcot** Combinación de nistagmo, tremor intencional e linguaxe espasmódica. / **T. de Dieulafoy** Tríade que indica apendicite, composta por hipersensibilidade da pel, defensa muscular reflexa e dor á presión no punto de McBurney. / **T. de Falta** A formada polos tres órganos implicados na diabete mellitus: páncreas, fígado e glándula tiroide. / **T. de Grancher** Tríade que constitúe indicio de tuberculose pulmonar incipiente, constituída por diminución do murmurio vesicular, resonancia escó-dica e aumento das vibracións vocais. / **T. de Hutchinson** Tríade característica da sífilis conxénita, formada por queratite intersticial difusa, afección labiríntica e dentes de Hutchinson. / **T. de Kartagener** Asociación de *situs inversus*, bronquiectasia e sinusite. / **T. de Killian** Tríade indicativa de mediastinite, formada por dor, febre e tumefacción do colo. / **T. de Luciani** Tríade formada por astenia, atonía e ataxia, indicativa das afeccións cerebelosas. / **T. de Merseburgo** A constituída por taquicardia, bocio e exoftalmía, que caracteriza a enfermidade de Basedow. / **T. de Osler** Tríade formada por telenxiectasia, fragilidade capilar e diátese hemorráxica. / **T. de Péan** Tríade que se observa nos tumores quísticos do epíploon maior, que consiste en situación superficial e mobilidade manual do tumor, e falta de manifestacións patolóxicas. / **T. de Wunderlich** A que se observa no hematoma perirrenal espontáneo, formada por dor, choque e unha masa palpable no lado. / **T. do taponamento cardíaco** Asociación de hipertensión venosa, hipotensión arterial sistémica e corazón agrandado e hipocinético.

triamcinolona *s.f.* Esteroido sintético de gran potencia glicocorticoide e antiinflamatoria, e case sen actividade mineralocorticoide.

triamina *s.f.* Amina que contén tres grupos NH₂.

triamtereno *s.m.* Diurético.

triangular *adx.* 1. Que ten forma de triángulo. // *s.m.* 2. **V. músculo.**

triángulo *s.m.* Figura, área ou espacio formado por tres lados ou segmentos que poden ser reais ou imaxinarios. // **T. carotídeo inferior** Triángulo formado pola liña media anterior do colo, o músculo esternocleidomastoideo e o ventre anterior do músculo homohioide. / **T. carotídeo superior** Triángulo formado polo ventre anterior do músculo homohioide, ventre posterior do músculo digástrico e esternocleidomastoideo. / **T. cirúrxico** Espacio no que existen vasos, nervios ou órganos que serven como puntos de referencia nas intervencións cirúrxicas. / **T. de Alsber** Espacio triangular co vértice cara a arriba, formado por tres liñas imaxinarias que pasan: unha polo eixe lonxitudinal do fémur, outra seguindo o eixe do colo do fémur e a terceira nun plano a través da base da cabeza do mesmo óso. / **T. de auscultación** Espacio limitado polo bordo inferior do trapecio, o dorsal ancho e a beira vertebral da escápula. / **T. de Bryant** Triángulo ileofemoral, limitado pola liña de Nèlaton, unha liña horizontal que pasa pola espiña ilíaca anterior e superior e outra vertical desde ela ata o trocánter maior. / **T. de Calot** Triángulo limitado pola arteria cística, o conducto quístico e o hepático. / **T. de Eindhoven** Triángulo que se emprega para demostrar que a suma alxebrica das diferencias de potencial das derivacións electrocardiográficas I e III é igual á da derivación II. / **T. de Farabeuf** Espacio situado na parte superior do pescozo, e limitado pola vea xugular interna, a facial e o nervio hipogloso. / **T. de Garland** Espacio situado xunto á columna vertebral, no que diminúe a matidez en casos de exsudado pleurítico. / **T. de Henke** Espacio triangular situado entre o bordo externo do músculo recto abdominal e a pregadura inguinal. / **T. de Hesselbach** Espacio comprendido entre a beira exterior do músculo recto abdominal, o ligamento inguinal e a arteria e as veas epigástricas inferiores. / **T. de Lieutaud** Trígono vesical. / **T. de Livingstone** Área que resulta hipersensible á palpación na apendicite limitada por liñas que unirían o embigo á crista do ilio e á espiña da pube. / **T. de Middeldorpf** Fécula triangular acolchada que se emprega nas fracturas de úmero para mante-lo brazo en extensión parcial. / **T. de Pawlik** Triángulo formado polas pregaduras da vaxina, que corresponden ó trígono vesical. / **T. de Petit** Triángulo lumbar. / **T. de Pinaud** ou **de Pirogov** Triángulo situado na rexión infrahioide, limitado polo nervio hipogloso, o bordo posterior do músculo milohioide e o tendón do músculo digástrico. / **T. de Scarpa** ou **t. femoral** Espacio situado na coxa, entre o ligamento inguinal e os músculos sartorio e aductor longo. / **T. de Trautman** Triángulo limitado pola eminencia onde se aloxa o labirinto, o seo lateral e a liña temporal. No seu ángulo posterosuperior atópase o seo petroso. / **T. de Wernicke** Porción posterior da cápsula interna formada polas radiacións de Gratiolet e as fibras do corpo pulvínar e do corpo xeniculado externo. / **T. ileofemoral** Triángulo de Bryant. / **T. inguinal** Triángulo de Scarpa. / **T. lumbar** Espacio limitado pola crista ilíaca, o bordo posterior do oblicuo externo e o anterior do dorsal ancho, por onde ás veces se forma unha hernia. / **T. uroxenital** Aponeurose perineal media que ten o

vértice situado na sínfise pubiana e a base na liña bisisquiática.

Triatoma Xénero de chinchas americanas hemipteroides, ó cal pertence a especie *Triatoma sanguisuga*, de picadura dolorosa que produce irritación e tumefacción local, e que transmite o *Trypanosoma cruzi*.

triatómico-a *adx.* Composto de tres átomos ou que ten tres átomos substituíbles. Tamén se di **trivalente**.

tribada *s.f.* Muller que practica o tribadismo.

tribadismo *s.m.* Homosexualidade feminina. Tamén se di **lesbianismo**.

tribásico-a *adx.* Composto con tres átomos de hidróxeno substituíbles.

tribo *s.f.* Subdivisión dunha familia, que comprende varios xéneros.

triboluminiscencia *s.f.* Luminosidade causada por fricción.

tribraquío *s.m.* Monstro fetal que ten tres brazos.

tribromoetanol *s.m.* Anestésico xeral aplicado por vía rectal.

tribromometano *s.m.* Bromoformo.

tribromuro *s.m.* Bromuro con tres átomos de bromo.

tributirina *s.f.* Graxa incolora que contén a manteiga de vaca.

tricálcico *s.f.* Composto que contén tres átomos de calcio.

tricalxia *s.f.* Dor causada polo rozamento ou fretamento dos pelos.

tricalxiectasia *s.f.* Dilatación dos vasos capilares.

tricatrofia *s.f.* Atrofia dos bulbos pilosos.

tricéfalo *s.m.* Monstro fetal que ten tres cabezas.

tricelular *adx.* Composto de tres células.

tríceps *adx.* 1. Que ten tres cabezas ou tres fascículos. // *s.m.* 2. Cada un dos dous músculos que teñen tres cabezas de inserción nun dos seus extremos. // **T. braquial** Músculo situado na cara posterior do brazo, que se encarga da extensión do antebrazo. / **T. sural** ou **femoral** Músculo formado polos xemelgos e o sóleo, situado no papo da perna, e que ten como función a extensión do pé, elevando o calcaño.

triceptor *s.m.* Corpo intermediario que contén tres grupos combinados.

Trichinella Xénero de vermes nematodos triquinélidos, parasitos. A especie *Trichinella spiralis*, coñecida como triquina, é a responsable da triquinose. Atópase nun quiste dentro dos músculos dalgunhs animais, especialmente a rata e o porco. Ó comer carne de porco contaminada, este quiste disólvese, e o parasito deposita as súas larvas na mucosa intestinal, desde onde ingresan nos vasos linfáticos e son transportadas a outros lugares, sobre todo ós músculos, onde enquistan.

Trichodectes Xénero de insectos parasitos (piollos), que inclúe o *Trichodectes canis*, de cans e gatos, e o *Trichodectes equi*, dos cabalos.

Trichomonas Xénero de protozoos parasitos flaxelados que se atopan na mucosa dixestiva ou nas xenitais, e que se transmite directamente, sen vector intermedio. Parasitas do home son a *Trichomonas hominis*, parasita da mucosa intestinal, e a *Trichomonas vaginalis*, parasita das vías urinarias e da mucosa xenital, que pode causar uretrite e vaxinite.

Trichomycetes *s.m.pl.* V. **tricomycetos**.

Trichophyton Xénero de fungos da familia *Moniliais*, incluído dentro do grupo dos dermatófitos, ó que pertencen varias especies saprófitas do chan e parasitas da pel, pelo e uñas do home e outros animais. Patóxenas para o home (responsables da tiña) son as especies *Trichophyton mentagrophytes*, *Trichophyton rubrum*, *Trichophyton tonsurans* e *Trichophyton schoenleinii*.

Trichostrongylus Xénero de nematodos que inclúe especies como a *Trichostrongylus orientalis*, responsable da tricostrongilose.

Trichuris Xénero de vermes nematodos tricuróides (ant. *Trichocephalus*), ó que pertence a *Trichuris trichiura*, que parasita no intestino groso e é visible a simple vista. As infestacións deste parasito poden ser asintomáticas, pero se son importantes causan diarreas e trastornos nerviosos. Son facilmente diagnosticables polos ovos, que teñen forma de limón.

tricipal *adx.* Relativo ou pertencente ó tríceps. // **Reflexo t.** Reflexo inducido percutindo o tendón de inserción do tríceps braquial.

triciurase *s.f.* Infestación por vermes nematohelminchos.

tricloraldehído *s.m.* Cloral.

tricloretano *s.m.* Metilcloroformo, líquido volátil que se forma tratando o cloruro de etilo por cloro, e que se emprega como anestésico.

tricloretileno *s.m.* Substancia anestésica que se administra por inhalación para trata-la dor da neuralxia do trixémimo, e tamén en obstetricia, odontoloxía, etc. Tamén se di **trilene**.

triclór fenol *s.m.* Po antiséptico derivado do fenol que se emprega en solución acuosa ó 5%.

triclór metano *s.m.* Cloroformo.

triclór oacético, ácido Substancia cristalina, cáustica, que se emprega como escarótico e como reactivo da albúmina.

triclór urro *s.m.* Cloruro con tres átomos de cloro por cada un doutro elemento. // **T. de formilo** Cloroformo.

trico- Prefixo do grego, cabelo.

tricoanestesia *s.f.* Perda da tricostesia.

tricrobacterias *s.f.pl.* Grupo de bacterias no que se inclúen as flaxeladas.

tricrobezoar *s.m.* Concreción no estómago ou no intestino, formada especialmente en animais polo amontoamento de pelos que tragan ó se lamberen.

tricrocardia *s.f.* Aspecto piloso do corazón na pericardite exsudativa.

tricrocéfalo *s.m.* *Trichuris*.

tricrocefalose *s.f.* Infestación con algunha especie de tricrocéfalos e enfermidade provocada por ela. Tamén se di **tricuríase**.

tricroquiste *s.m.* Quiste periférico.

tricroclasia *s.f.* Rotura ou fragilidade dos cabelos. Tamén se di **tricrorexe nodosa**.

tricroclastia *s.f.* 1. Tricroclasia. 2. Tricrotilomanía.

tricrocriptomanía *s.f.* Tricrorexiomanía.

tricrocriptose *s.f.* Afección dos folículos pilosos.

tricrodanxite *s.f.* Inflamación dos vasos capilares.

tricrodarterite *s.f.* Inflamación das arteríolas.

tricrodiscoma *s.m.* Hematoma benigno que se orixina no disco piloso do mesoderma.

tricrodoflebite *s.f.* Inflamación das veas pequenas.

tricroepitelioma *s.m.* Tumor epitelial que se orixina nos folículos pilosos. // **T. papuloso** Erupción de nódulos e pápulas orixinadas nos folículos pilosos. Tamén se di **epitelioma quístico**.

tricrofaxia *s.f.* Hábito de comer pelos.

tricrofibroacantoma *s.m.* Tumor do epitelio folicular piloso e da capa granulosa da pel.

tricrofibroepitelioma *s.m.* Fibroma epitelial dos folículos pilosos.

tricrofitia *s.f.* Tricrofitose.

tricrofítide *s.f.* Erupción cutánea debida ós tricrofítos.

tricrofitina *s.f.* Produto soluble procedente da filtración de cultivos tricrofítos, que se emprega para diagnósticos por dermorreacción.

tricrofíto *s.m.* Fungo do xénero *Trichophyton*.

tricrofitose *s.f.* Enfermidade cutánea causada por tricrofítos. // **T. da barba** Sicose ou tiña sicosa. / **T. da cabeza** Tiña tonsurante. / **T. das uñas** Onicomicosose. / **T. do corpo** Tiña circinada. / **T. eccematosa** Eccema marxinado.

tricrofobia *s.f.* 1. Temor a tocar pelos ou pilosidades. 2. Angustia que poden sufrir-las mulleres, causada polo crecemento de pelos na cara ou no corpo.

tricrofoliculoma *s.m.* Tumor piloso benigno.

tricroglosia *s.f.* Aspecto piloso que presenta a lingua por hipertrofia das papilas linguais. Tamén se di **lingua pilosa**.

tricrografismo *s.m.* Reflexo pilomotor.

trichialina *s.f.* Substancia hialina que se atopa na vaíña dos folículos pilosos.

tricoide *adx.* Semellante a un pelo ou a un cabelo. Tamén se di **capiliforme**.

tricolabio *s.m.* Pinzas que se empregan para arrincar pelos.

tricolexia *s.f.* Hábito de arrinca-lo cabelo que se observa ás veces en persoas con algún trastorno mental.

tricolito *s.m.* Concreción pilosa.

tricoloxía *s.f.* Tratado sobre os pelos.

tricoma *s.m.* 1. Plica polonesa. 2. Triquífase.

tricomadese *s.f.* Alopecia.

tricomanía *s.f.* 1. Tricotilomanía. 2. Tricofobia.

tricomatose *s.f.* 1. Enfermidade dos pelos producida por fungos. 2. Plica polonesa.

tricomicecose *s.f.* Tricomitose.

tricomisetos *s.m.pl.* *Trichomyces*, clase de fungos da subdivisión *Zygomycotina*, parasitos dos artrópodos.

tricomicina *s.f.* Antibiótico antifúngico de acción tópica ou local.

tricomicecose *s.f.* Afección dos pelos causada por fungos parasitos. // **T. axilar** ou **pubiana** Afección fúnxica da área axilar ou da pubiana, respectivamente. / **T. favosa** Tiña favosa. / **T. nodosa** Tricomicecose axilar. / **T. palmelina** Afección dos pelos da axila e da pube caracterizada pola formación de carapolas amareladas nestas zonas.

Trichomona Xénero de protozoos flaxelados parasitos, con forma de pera (*Trichomona*). Atópanse nas mucosas do aparello dixestivo, xenital e urinario. Transmítense directamente. Na especie humana distínguense as especies *Trichomona hominis*, parasito da mucosa intestinal, e *Trichomona vaginalis*, parasito da mucosa vaxinal e urinaria. As enfermidades por *Trichomona vaginalis* clasifícanse como enfermidades de transmisión sexual.

tricomoníase *s.f.* Infestación por tricomonas, especialmente a da vaxina. A forma máis frecuente é a uroxenital, provocada polo *Trichomonas vaginalis*, que causa vaxinite na muller e uretrite no home. Transmítese por contacto sexual e é a causa máis frecuente de leucorrea, de aspecto característico: líquido, escumoso, abrancazado e con burbullas de aire.

triconocardíase *s.f.* Afección do pelo da pube e das axilas que se observa nos países tropicais, causada pola *Nocardia tennis*, que forma masas nodosas no pelo, de cor amarelada ou negra.

triconodose *s.f.* Tricorrexe nodosa.

triconose ou **tricopatía** *s.f.* 1. Afección do pelo ou do cabelo. 2. Encanecemento. // **T. furfurácea** Tiña tonsurante.

tricopatofobia *s.f.* Ansiedade enfermiza respecto ós propios cabelos.

tricopoliose *s.f.* Coloración gris do cabelo. Tamén se di **encanecemento**.

tricoptilose *s.f.* 1. Estado no que os pelos presentan fisuras lonxitudinais, que lles dan un aspecto de peluxe. 2. Tricorrexe nodosa.

tricoquiste *s.m.* Quiste periférico.

tricornes *adx.* Que ten tres cornos, particularmente o ventrículo lateral do cerebro.

tricorrexa *s.f.* Perda rápida do cabelo.

tricorrexe *s.f.* Estado de alteración do cabelo, que se volve fráxil. Dáse en diversas afeccións cutáneas, como tricofitias, seborreas, enfermidades crónicas, etc. // **T. nodosa** Afección capilar con nodosidades, graxa e deformidades na vaíña do pelo, na que o cabelo se volve fráxil e rompe.

tricorrexomanía *s.f.* Tendencia enfermiza a rompe-los pelos ou os cabelos coas uñas.

trioscopia *s.f.* Exame dos cabelos.

triose *s.f.* 1. Enfermidade ou desenvolvemento anormal de pelo en zonas que normalmente non o teñen. Tamén se di **paratrico**. 2. Triquífase 3. Hipertriose. // **T. caruncular** Desenvolvemento de pelos na carúncula lagrimal.

tricosporose *s.f.* Infeción dos pelos causada por fungos do xénero *Trichosporon*.

tricosquise *s.f.* División dun cabelo ou dun pelo en varias fibras.

tricotérico-a *adx.* Que produce perda dos cabelos.

tricotesia *s.f.* Sensibilidade dos cabelos ou dos pelos ó tacto.

tricotesiómetro *s.m.* Instrumento que mide a sensibilidade dos cabelos ou do coiro cabeludo.

tricostronxiliase *s.f.* Infestación por vermes nematodos do xénero *Trichostrongylus*, parasitos do intestino delgado que poden parasita-lo home e ocasionarlle alteracións intestinais.

tricostronxílicos *s.m.pl.* Familia de vermes nematodos á que pertence o xénero *Trichostrongylus*.

tricotilomanía *s.f.* Impulso patolóxico a arrinca-los pelos ou cabelos.

tricotomía *s.f.* División en tres partes.

tricotoxina *s.f.* Toxina que ten unha acción específica sobre as células epiteliais ou do epitelio ciliado.

tricotrofia *s.f.* Nutrición do cabelo ou do pelo.

trioxeno-a *adx.* Que favorece o crecemento de pelo.

trioxerose *s.f.* Sequidade do cabelo.

tricrosol *s.m.* Mestura incolora, antiséptica e soluble en auga de tres cresois, orto, para e meta.

tricroico-a *adx.* Que presenta tres cores diferentes se se observa en tres direccións distintas.

trícromático-a *adx.* 1. Que pode percibi-las tres cores primarias. 2. Que ten unha visión normal das cores.

trícromatismo *s.m.* Calidade de tricóico.

trícromatopsia *s.f.* Capacidade para distingui-las tres cores primarias, ou visión normal da cor.

trícromía *s.f.* Ilustración en tres cores. // **T. mitral** Cianose das orellas, nariz, pálpebras e labios, arrobaemento das meixelas e palidez do resto da cara, que se observa en pacientes mitrais.

tricroto-a ou **tricrotíco-a** *adx.* Relativo ó pulso que presenta dúas elevacións secundarias na liña de descenso da curva esfigmográfica.

tricuríase *s.f.* Infestación con vermes do xénero *Trichuris*. Tamén se di **tricocefaliase**.

trícuspide *adx.* Que ten tres picos ou tres puntas, especialmente unha das válvulas do corazón e uns molares.

tridente *adx.* Que ten tres dentes.

tridérmico-a *adx.* 1. Que está formado por tres membranas ou capas. 2. Que se deriva das tres follas do blastoderma.

tridermoma *s.m.* Teratoma que presenta as tres capas xerminativas.

trídimo *s.m.* Feto dun embarazo ou dun parto triplo.

tridiona *s.f.* Trimetadona, substancia anticonvulsionante.

triestearina *s.f.* Estearina común.

trifacial *s.m.* V. **trixémimo**.

trifalanxia *s.f.* Anomalía que consiste na presenza de tres falanxes no polgar.

trifásico-a *adx.* Que presenta tres fases ou variacións.

trifemororrotuliano *s.m.* Músculo tríceps femoral.

trifenina *s.f.* Propionilfenetidina, substancia cristalina insoluble en auga, que se emprega como analxésico, hipnótico e antipirético.

trífido-a *adx.* Que presenta dúas fendeduradas, formando tres ramas ou gallos.

trifluoperacina ou **trifluopromacina** *s.f.* Fenotiacina.

trifoliouse *s.f.* Enfermidade que afecta os cabelos, caracterizada por inflamación da mucosa bucal e irritación da pel, atribuída á inxestión do trevo híbrido.

triftemia *s.f.* Presencia de produtos de desasimilación no sangue.

trigástrico-a *adx.* 1. Que presenta tres ventres. 2. Que ten tres porcións carnosas, como algúns músculos.

trigo *s.m.* Planta gramínea. Do seu gran obtense a fariña e o farelo alimenticios.

trigocéfalo-a *adx.* Trigonocéfalo.

trigonal *adx.* Triangular ou relativo a un triángono.

trigonite *s.f.* Inflamación do triángono vesical.

trígono ou **trigonum** *s.m.* Espacio ou cavidade triangular. // **T. cerebral** Fórnix. / **T. deltoidopectoral** Fosa infraclavicular. / **T. femoral** Triángono de Scarpa. / **T. lumbar** Triángono lumbar. / **T. olfactorio** Eminencia triangular situada na extremidade posterior do tracto olfactivo. / **T. vesical** Espacio triangular localizado dentro da vexiga urinaria, entre os orificios de entrada dos uréteres e o de saída da uretra. Tamén se di **triángono de Lieutaud**.

trihexosa *s.f.* Azucres de fórmula $C_{18}H_{32}O_{10}$. Tamén se di **trisacárido**.

trihíbrido-a *adx.* Descendente de pais que difiren en tres caracteres mendelianos.

triiodometano *s.m.* Iodoformo.

triiodotironina *s.f.* Hormona da glándula tiroide e do metabolismo periférico da tiroxina. Composto triodado da hidroxifeniltirosina, que é bioloxicamente máis activo cá tiroxina.

triioduro *s.m.* Composto con tres átomos de iodo.

trilabo *s.m.* Litotritor de tres ramas.

trilaminar *adx.* Que está formado por tres láminas.

trilátero-a *adx.* Formado por tres lados.

trilene *s.m.* Tricloretileno.

trilobectomía *s.f.* Escisión de tres lobos pulmonares.

trilobulado-a *adx.* Formado por tres lobos.

trilocular *adx.* Que contén tres cavidades.

triloxía *s.f.* Tríade, grupo de tres elementos.

trimastia *s.f.* Presencia de tres mamas.

trimastigoso-a *adx.* Que presenta tres flaxelos.

trímero-a *adx.* Comporto de tres elementos ou partes.

trimetiletieno *s.m.* Anestésico derivado do alcohol metílico.

trimetilxantina *s.f.* Cafeína.

trimetoprim *s.m.* Derivado da diaminopirimidina que inhibe a síntese das purinas, das pirimidinas e dalgúns aminoácidos, empregado no tratamento do paludismo por *Plasmodium falciporum*. Tamén se emprega, en combinación co sulfametoxazol, en proporción 1/5, como bactericida de amplo espectro no tratamento de infeccións do aparato urinario, oídos e bronquios.

trimorfismo *s.m.* Calidade de trimorfo.

trimorfo-a *adx.* Que cristaliza ou que existe en tres formas.

trineural ou **trinéurico-a** *adx.* Que ten tres neuronas ou tres nervios.

trinitrina *s.f.* Nitroglicerina.

trinitrotolueno *s.m.* Derivado que se obtén por nitratación do tolueno. É un potente explosivo, tamén chamado TNT.

trinucleado-a *adx.* Que ten tres núcleos.

trioleína *s.f.* Oleína ordinaria.

triorquidia *s.f.* ou **triorquidismo** *s.m.* Anomalía conxénita que consiste na presenza de tres testículos.

triorquido-a ou **triorquio-a** *adx.* Que ten tres testículos.

triosa *s.f.* Azucro que contén tres átomos de carbono, de fórmula $C_3H_6O_3$.

trioxido *s.m.* Substancia que ten tres átomos de osíxeno.

trioxipurina *s.f.* Ácido úrico.

tripa *s.f.* Popularmente, intestino.

tripánide *s.f.* Lesión cutánea que se observa na tripanosomíase.

tripanocida *adx.* Que destrúe os tripanosomas.

tripanólise *s.f.* Destrución de tripanosomas.

Tripanoplasma *s.m.* *Trypanoplasma*.

tripanose *s.f.* Tripanosomíase.

tripanosoma *s.m.* Protozoo flaxelado do xénero *Trypanosoma*, parasito do sangue. V. *trypanosoma*.

tripanosomatose *s.f.* Tripanosomíase.

tripanosomíase *s.f.* Enfermidade causada polo tripanosoma. // **T. africana** Enfermidade causada polo Tripanosoma gambiano e o Tripanosoma rodesiano, e que se transmite pola picadura da mosca tse-tse. Cursa cunha primeira fase chamada febre do tripanosoma, con febre, cefalea e vómitos; unha segunda fase con febre e apirexia alternas; un último período, mortal, con dores, anemia, tumefacción dos ganglios linfáticos e complicacións do sistema nervioso entre as que destaca a letarxia. Tamén se di **tripanosomíase do congo** ou **enfermidade do sono**. / **T. brasileira** Enfermidade de Chagas. / **T. gambiana** Tripanosomíase africana causada polo Tripanosoma gambiano. / **T. rodesiana** Tripanosomíase africana causada polo Tripanosoma rodesiano, e transmitida pola mosca *Glossina morsitans*. / **T. sudamericana** Enfermidade de Chagas.

tripanosomicida *adx.* Tripanocida.

tripanosómide *s.f.* Tripánide.

tripanosómidos *s.m.pl.* Protozoos do xénero *Trypanosoma*.

tripanrot *s.m.* Substancia benzopurpúrica soluble en auga, que se emprega como colorante vital e como tripanocida. Tamén se di **vermello trípano**.

triparsamida *s.f.* Sal de sodio do ácido fenilglicinimidopararsónico. É un po cristalino que contén un 24,6% de arsénico e que se emprega no tratamento das tripanosomíases.

tripepe *s.f.* Trepanación.

tripéptido *s.m.* Polipéptido que contén dous grupos pépticos, formado pola unión de tres aminoácidos durante a dixestión proteica.

tripleto *s.m.* 1. Unidade de tres bases sucesivas nun DNA ou RNA que codifica un aminoácido específico. 2. Combinación de tres lentes nun microscopio, para corrixi-las observacións cromáticas.

tripleto *s.m.* Cada un dos tres fetos dun só embarazo.

triplexía *s.f.* Hemiplexía con parálise dun membro do lado contrario, ou ben parálise dun membro superior e dous inferiores. Tamén se di **hemiplexía e paraplexía combinada**.

triploblástico-a *adx.* Que ten tres membranas blastodérmicas. Tamén se di **tridérmico**.

triplocoria *s.f.* Presencia de tres aberturas pupilares.

triploide *adx.* 1. Relativo á célula que ten tres xogos de cromosomas haploides no núcleo. // *s.m.* 2. Individuo que ten células triploides.

triploidía *s.f.* Calidade de triploide.

triplopía ou **triplopsia** *s.f.* Anomalía da visión que provoca a visión triple dos obxectos.

trípode *s.m.* Estructura que ten tres patas ou que se apoia en tres soportes. // **T. celiaco de Heller** Tronco celiaco.

triprósopo *s.f.* Monstro fetal que ten tres caras.

tripse *s.f.* Fricción, trituración.

tripsina *s.f.* Enzima do zume pancreático orixinado pola acción da enterocinase do zume intestinal sobre o tripsinóxeno que segrega o páncreas. Transforma as proteínas en peptonas e polipeptídicos. Tamén se di **triptase**.

tripsinóxeno *s.m.* Cimóxeno da tripsina que se converte neste enzima pola acción da enterocinase do intestino.

triptase *s.f.* Tripsina.

tríptico-a *adx.* 1. Relativo á tripsina. 2. Relativo á triipse. // *s.m.* 3. Estructura formada por tres láminas.

triptófano *s.m.* Indolamina, aminoácido esencial presente nas proteínas, das que se libera por acción da tripsina. É precursor do ácido nicotínico, e a súa carencia causa a pelagra.

triptólise *s.f.* Desdobraemento das triptonas.

triptona *s.f.* Peptona que se produce na dixestión das albuminas, pola acción da tripsina.

triptonemia *s.f.* Presencia de triptonas no sangue.

triptonuria *s.f.* Presencia de triptonas na urina.

triptóxeno *s.m.* Tripsinóxeno.

tripus *s.m.* Trípode. // **T. Halleri** División da arteria celiaca nas arterias gástrica esquerda, hepática e esplénica. Tamén se di **tronco celiaco**.

triquestesia *s.f.* Tricostesia.

triquetro-a *adx.* 1. Triangular. // *s.m.* 2. Ligamento lateral externo da articulación tibiotarsiana. 3. Óso piramidal do carpo.

triquíase *s.f.* 1. Estado no que os pelos situados arredor dun orificio, por exemplo as pestanas, medran cara a dentro. No caso das pestanas, produce unha irritación da conxuntiva e da córnea que causa queratite e entropio. 2. Presencia de filamentos semellantes a pelos na urina. Tamén se di **pilimicción**. // **T. anal** Triquíase dos pelos que rodean o ano.

triquina *s.f.* Popularmente, verme *Trichinella spiralis*, causante da triquinose.

triquinado-a *adx.* Que contén triquinas.

triquinélase ou **triquiníase** *s.f.* Triquinose.

triquinífero-a *adx.* Triquinado.

triquinización *s.f.* Infestación con triquinas.

triquinofobia *s.f.* Temor morboso a contrae-la triquinose, ou a padecela.

triquinoscopio *s.m.* Microscopio empregado para examina-los tecidos contaminados con triquinas.

triquinose *s.f.* Enfermidade causada pola infestación por larvas de *Trichinella spiralis*, debida á inxestión de carne de porco contaminada con quistes deste verme, os cales ó chegaren ó intestino rompen e ten lugar a fecundación e formación de embrións, que pasan absorbidos ós vasos linfáticos e sanguíneos, e deles ós músculos, especialmente ós estriados, nos que se fixan e enquistan. A enfermidade cursa con síntomas gastrointestinais como dor, vómitos e diarrea, e outros como febre, cansazo, dores musculares, edemas, insomnio, e outros síntomas nerviosos. Tamén se di **triquinélase**, **triquiníase**.

triquinoso-a *adx.* Enfermo de triquina.

triquite *s.f.* Inflamación dos bulbos pilosos.

trirradiación *s.f.* Irradiación en tres direccións.

trisacárido *s.m.* Trihexosa.

trismo ou **trismus** *s.m.* Contractura tónica dos músculos mastigadores que impide abri-la boca que constitúe un dos síntomas principais do tétano, e, por extensión, tétano // **T. neonatorum** Tétano dos neonatos.

trisomía *s.f.* Anomalía caracterizada pola presenza dun cromosoma supernumerario. // **T. 21** Síndrome de Down.

trisómico-a *adx.* Do individuo ou célula que ten un cromosoma supernumerario.

tristearina *s.f.* Estearina común.

tristiquia ou **tristiquíase** *s.f.* Presencia de tres filas de pestanas na pálpebra.

trisulfuro *s.m.* Composto que ten tres átomos de xofre na súa molécula.

tritanopía *s.f.* Forma pouco frecuente de cegueira para a cor azul.

tríceglaso *s.m.* Músculo accidental que se insire na cartilaxe aritenoide e na beira da lingua.

triticina *s.f.* Glute.

triticio-a *adx.* Semellante a un gran de trigo, especialmente un nódulo cartilaxinoso do ligamento tirohioide.

tritio *s.m.* Isótopo radioactivo do hidróxeno, máis pesado có deuterio, de símbolo T ou ³H, que ten no núcleo un protón e dous neutróns, e que se obtén por bombardeo do berilio con ións de deuterio.

tritocónido ou **tritono** *s.m.* Pico distolingual dos molares inferiores ou superiores, respectivamente.

tritón *s.m.* 1. Trinitrotolueno. 2. Núcleo de tritio formado por un protón e dous neutróns.

tritronismo *s.m.* Intoxicación por manipulación de trinitrotolueno.

tritopina *s.f.* Alcaloide do opio. Tamén se di **laudandina**.

tritoxina *s.f.* Toxina que presenta menos facilidade cá prototoxinas e as deuterotoxinas para se unir coas antitoxinas correspondentes.

trituración *s.f.* 1. Fragmentación dun alimento polos molares. 2. Reducción a po dunha substancia sólida.

triturado *s.m.* Po obtido por trituración.

triturante *adx.* Que tritura, en especial aplicase á superficie dos molares.

trivalente *adx.* 1. Capaz de se combinar con tres átomos de hidróxeno ou de substituílos. 2. Relativo ó anticorpo que pode fixar tres complementos distintos.

trivalvo-a *adx.* Que ten tres valvas ou tres follas ou que está formado por elas.

trixémimo-a *adx.* 1. Triple. 2. Relativo ó pulso caracterizado pola sucesión de tres latexos consecutivos seguidos dun intervalo baldeiro. // *s.m.* 3. Nervio trixémimo ou V par.

trizonal *adx.* Situado ou formado por tres zonas.

trocánter *s.m.* Cada unha das apófises situadas debaixo do colo do fémur, a maior no lado externo e a menor no interno.

trocar *s.m.* Instrumento cirúrxico empregado para realizar puncións co fin de evacuar líquidos prexudiciais. Está formado por unha varña cilíndrica de metal que remata nunha punta de forma triangular, de arestas cortantes, contida nunha cánula que queda despois da punción no traxecto do trocar, para facilita-la saída dos líquidos a través dela. // **T. de Curschmann** ou **de Southey** Trocar empregado para a punción no edema subcutáneo. / **T. de Duchenne** Trocar que se utiliza para tomar mostras de tecido de partes profundas. / **T. de Durham** Trocar que se emprega para realizar unha traqueotomía rápida. / **T. explorador** Trocar moi fino que se usa para puncións exploratorias. / **T. rectal** Trocar de perfil curvo co que se punciona a vexiga a través do recto.

trocisco *s.m.* Modalidade de presentación dun medicamento en forma sólida, sen excipiente azucrado.

tróclea *s.f.* 1. Estructura que ten forma ou función de polea. 2. Eminencia articular na parte interna do extremo inferior do úmero, que fai unha función de polea sobre a que se despraza o cúbito. 3. Depresión situada na parte horizontal do óso frontal, na parede interna da órbita, onde se insire a polea de reflexión do músculo oblicuo superior do ollo. // **T. astragalina** Superficie articular do astrágalo, onde se articulan a tibia e o peroné. / **T. falánxica** Superficie articular do extremo distal da primeira e segunda falanxe.

troclearrose *s.f.* Articulación troclear ou xínglimo articular.

troco- Prefixo do grego, movemento xiratorio.

trocoartrose *s.f.* Articulación trocoide ou xínglimo lateral.

trococardia *s.f.* Desprazamento do corazón en forma de rotación sobre o seu eixe.

trococefalia *s.f.* Aspecto redondeado da cabeza causado pola sinartrose precoz dos ósos frontal e parietal.

trocoide *adx.* 1. Semellante a unha roda ou polea. // *s.m.* 2. Articulación na que un cilindro óseo encaixa nun oco, como por exemplo a da apófise odontoide co atlas.

trocorigocardia *s.f.* Trococardio combinado con horizo-cardia.

trofectoderma *s.m.* Trofoderma.

trofedema *s.m.* Variedade de edema crónico, duro, persistente e indoloro, localizado nun ou nos dous membros inferiores, ás veces conxénito ou hereditario. Tamén se di **distrofia edematosa, edema neurartrítico.**

trofemia *s.f.* Nutrición sanguínea.

trofese *s.f.* Trofoneurose.

troficidade *s.f.* Función trófica.

trófico-a *adx.* Relativo ou pertencente á nutrición. // **Centro t.** Centro nervioso que se se lesiona ocasiona trastornos da nutrición dos tecidos.

trofismo *s.m.* Conxunto das funcións orgánicas relacionadas coa nutrición dos tecidos.

trofo- Prefixo do grego, nutrición.

trofoblasto *s.m.* Capa celular do blastocito que fixa o embrión á parede uterina e o nutre, e a partir dela fórmase a placenta. Tamén se di **trofoderma.**

trofoblastoma *s.m.* Tumor orixinado no trofoblasto. Tamén se di **corioepitelioma.**

trofocito *s.m.* Célula encargada da nutrición doutras células.

trofocromidia *s.f.* Parte da cromatina dunha célula máis relacionada coa nutrición que coa reprodución.

trofoderma *s.m.* Trofoblasto.

trofodermatoneurose ou **trofodermatose** *s.f.* 1. Acrodinia. 2. Enfermidade de Selter-Feer.

trofolecito *s.m.* Xema nutritiva dun ovo meroblástico.

trofoloxía *s.f.* Ciencia que se ocupa do estudo da nutrición.

trofona *s.f.* Elemento nutritivo da neurona.

trofoneurose *s.f.* Trastorno trófico atribuído á influencia do sistema nervioso, como a ritrimelalxia, acroparestesia, enfermidade de Raynaud, etc. // **T. diseminada** Esclerodermia. / **T. facial** ou **de Romberg** Hemiatrofia facial.

trofonose *s.f.* Trofopatía.

trofonúcleo *s.m.* Núcleo celular relacionado coa función nutritiva.

trofopatía *s.f.* Enfermidade relacionada coa nutrición.

trofoplasma *s.m.* 1. Substancia fundamental fibrilar da célula nerviosa. 2. Parte do citoplasma cunha función relacionada coa nutrición celular.

trofoplasto *s.m.* Corpo granular protoplasmático. Tamén se di **plástida.**

trofosponxia *s.f.* ou **trofosponxio** *s.m.* 1. Rede de canles do citoplasma relacionados coa circulación das substancias nutritivas. 2. Aparello de Golgi.

trofotaxe *s.f.* Modalidade de quimiotaxe na que o movemento responde á presenza de substancias nutritivas. Tamén se di **trofotropismo.**

trofoterapia *s.f.* Tratamento das enfermidades por medios dietéticos.

trofotropismo *s.m.* Trofotaxe.

trofozoo *s.m.* Fase vexetativa no ciclo vital de certos protozoos.

trogloditismo *s.m.* Estado patolóxico debido á reclusión en locais pechados e pouco hixiénicos.

trombase *s.f.* Trombina.

trombastenia *s.f.* Forma de diátese hemorráxica conxénita por alteración da forma e propiedades das plaquetas, que se caracteriza por tempo de sangría prolongado, retracción do coágulo defectuosa, agregación plaquetaria anormal en presenza de ADP e número normal de plaquetas. Tamén se di **trombastenia hemorráxica hereditaria, enfermidade de Glanzman.**

trombectomía *s.f.* Extracción dun trombo do interior dun vaso sanguíneo.

Trombícula Xénero de ácaros trombicúlidos, ó cal pertencen algunhas especies que, ó penetraren a través da pel, producen unha dermatose con síntomas semellantes ós da sarna, coñecida como trombiculose ou trombidiose.

trombiculíase ou **trombiculose** *s.f.* Infestación por ácaros do xénero *Trombícula*. Tamén se di **trombidiose.**

trombidiose *s.m.* Trombiculíase.

trombina *s.f.* Enzima do sangue que intervé na transformación do fibrinóxeno en fibrina, durante a coagulación sanguínea. Tamén se di **plasmase**, **trombase**. // **Tempo de t.** Tempo de coagulación do plasma descalcificado e despois recalificado en presenza de trombina. O tempo que se mide é o que dura a formación de fibrina, que depende da cantidade de fibrinóxeno, dos antagonistas da coagulación e da heparina, e que normalmente é de 2 a 4 segundos.

trombo *s.m.* 1. Masa de sangue coagulado nas cavidades cardíacas ou no interior dun vaso, que permanece no lugar onde se forma. 2. Hematoma. // **T. agónico** Coágulo formado no corazón durante a agonía. / **T. autóctono** Trombo primario. / **T. branco** O que non contén fibrina nin glóbulos vermello, e está constituído por unha masa de plaquetas, algúns leucocitos e hialina. Fórmase por retardo da circulación. / **T. calcificado** Flebólito. / **T. de Laennec** Trombo cardíaco que se forma nos casos de deneración adiposa. / **T. do neonato** Cefalohematoma. / **T. fibrinoso** O que está formado principalmente por fibrina e se adhire ás paredes vasculares. / **T. hematoblástico** Aquel que se compón de globulina. / **T. hematostático** O que se debe ó estancamento do sangue, formado sobre todo por hemacias. / **T. hialino** O formado por eritrocitos que perderon a hemoglobina. / **T. infeccioso** Trombo formado por material séptico. / **T. marasmático** Trombo que se forma debido a unha enfermidade caquética. / **T. mecánico** O formado por obstrucción mecánica dun vaso sanguíneo. / **T. mixto** O que se compón de partes de trombo branco e trombo vermello, debido á súa composición trombocítica e eritrocítica. / **T. mural** O formado nunha zona do endocardio lesionada. / **T. obliterante** Aquel que atranca a luz dun vaso. / **T. organizado** Trombo no que se produce un proceso de neoformación vascular e tecido conxuntivo. / **T. parasitario** Trombo formado pola acumulación de parasitos. / **T. parietal** O que se adhire á parede dun vaso ou cavidade cardíaca. / **T. post mortem** O que se forma no sistema vascular e cardíaco despois da morte. / **T. primario** Trombo que queda no mesmo lugar onde se forma. / **T. propagado** O que se propaga na dirección da corrente sanguínea, ou o que se desprende e é transportado a un lugar diferente ó da súa formación. / **T. traumático** Aquel que se forma por lesión dun vaso. / **T. valvular** O que se introduce nunha válvula cardíaca ou ben o trombo parietal que forma unha especie de válvula. / **T. vermello** Trombo formado principalmente por glóbulos vermello, debido ó estancamento do sangue.

tromboanxite *s.f.* Complexo sintomático caracterizado por inflamación da parede vascular, que pode afectar unha ou varias tónicas, pero sempre lle afecta á tónica íntima. Pódese presentar en forma aguda, obliterante e difusa, con formación de trombos, afectando en primeiro lugar as arterias distais das pernas. Evoluciona por brotes, con alteracións venosas e con ulceracións. // **T. hiperplásica** ou **proliferante** A que se presenta con neoformación de tecidos. / **T. obliterante** Enfermidade inflamatoria obstructiva da parede vascular, que lles

afecta ás estruturas vasculares das extremidades, e que se presenta en homes adultos aínda novos, causando arterite e flebite con trombose e evolución cara á isquemia das zonas afectadas. Tamén se di **enfermidade de Buerger**. / **T. venosa** Tromboflebite.

tromboarterite *s.f.* Tromboanxite que lles afecta ás arterias.

tromboblasto *s.m.* Célula precursora da plaqueta sanguínea.

trombocinasa *s.f.* Factor X. Tamén se di **tromboquinasa**, **tromboplastina**.

trombocinase *s.f.* Coagulación sanguínea.

trombocisto *s.m.* Membrana que se forma arredor dun coágulo.

trombocitemia *s.f.* Aumento persistente das plaquetas ou trombocitos no sangue periférico, que se asocia case sempre con leucose, policitemia, enfermidade de Hodgkin, etc. Tamén se di **trombocitose**. // **T. hemorráxica esencial** Síndrome mieloproliferativa que cursa con aumento do número de plaquetas, hiperplasia megacariocítica e hepatosplenomegalia, de evolución fatal. Tamén se di **trombocitemia primaria**.

trombocito *s.m.* Plaqueta sanguínea.

trombocitobarina *s.f.* Anticorpo que produce aglutinación das plaquetas sobre os tripanosomas. V. **fenómeno de Rieckenberg**.

trombocitocrito *s.m.* Aparello para determina-lo número de plaquetas no sangue.

trombocitolise *s.f.* Destrución de plaquetas sanguíneas.

trombocitopatía *s.f.* Alteración da función plaquetaria que se manifesta por un defecto da adhesividade e da agregabilidade das plaquetas e causa trastornos cuantitativos, cualitativos e funcionais da hemostase. Poden ser formas conxénitas (enfermidade de Glanzmann, enfermidade de Wilebrand), ou adquiridas, secundarias a outras, como a síndrome mieloproliferativa, uremia, hepatopatías, etc.

trombocitopenia *s.f.* Diminución do número de plaquetas do sangue. Tamén se di **trombopenia**. // **T. esencial** Púrpura hemorráxica.

trombocitopose *s.f.* Proceso de formación de plaquetas sanguíneas, que pasa pola formación de megacariocitos, os cales dan lugar ás plaquetas.

trombocitose *s.f.* Incremento do número de plaquetas sanguíneas. Tamén se di **trombocitemia**.

tromboclase *s.f.* Destrución ou disolución dun trombo.

tromboelastografía *s.f.* Estudio da coagulación do sangue por medio do tromboelastógrafo, aparello que permite rexistrar fotograficamente tódalas fases da formación e evolución do coágulo.

tromboembolia *s.f.* Embolia ou oclusión completa dun vaso por un trombo. Tamén se di **tromboembolismo**.

tromboembolismo *s.m.* Tromboembolia.

trombofilia *s.f.* Tendencia a padecer trombose.

tromboflebite *s.f.* Inflamación das paredes venosas que pode causar unha trombose secundaria. Tamén se di **tromboanxite venosa**.

tromboide *adx.* Semellante a un trombo.

trombolinfanxite *s.f.* Trombose acompañada de linfánxite.

trombólise *s.f.* Destrución de trombos.

trombopatía *s.f.* Enfermidade ou anomalía da produción de plaquetas ou da súa función.

trombopenia *s.f.* 1. Trombocitopenia. 2. Diminución da coagulación do sangue.

tromboplásico-a *adx.* Que causa ou acelera a formación de coágulos.

tromboplástida *s.f.* Plaqueta sanguínea.

tromboplastina *s.f.* Substancia que ten actividade tromboplástica. Tamén se di **trombocinasa** ou **tromboquinasa**. // **T. hística** Factor III.

trombopoeise *s.f.* Proceso de formación de plaquetas sanguíneas e elementos necesarios para a formación de trombos.

tromboquinasa *s.f.* Trombocinasa.

trombosado-a *adx.* Afecto de trombose.

trombose *s.f.* Proceso de formación ou desenvolvemento dun trombo, que ocasiona a oclusión vascular. // **T. activa** Trombose producida por retardamento da circulación. / **T. arterial** ou **venosa** Trombose que se produce nas arterias ou nas veas, respectivamente. / **T. de Ribbert** A que se produce no corazón e nos grandes vasos, na agonía. / **T. pasiva** A formada por estancamento do sangue nun vaso. / **T. puerperal** Trombose venosa que aparece despois dun parto.

trombosina *s.f.* Trombina.

trombosinusite *s.f.* Trombose secundaria á inflamación dun seo dural.

trombostase *s.f.* Estancamento do sangue que se asocia á formación de trombos.

tromboxano *s.m.* V. **prostaciclina** ou **prostaglandina**.

tromboxénese *s.f.* Formación de trombos.

trombóxeno-a *adx.* Que produce trombos.

tromexano *s.m.* Nome comercial español do éter etílico da dicumarina, que se emprega como anticoagulante.

tromofilia *s.f.* Predisposición para os tremores.

tromofobia *s.f.* Medo enfermizo a tremer ou a sufrir tremores.

tromofonía *s.f.* Voz tremente.

tromografía *s.f.* Rexistro gráfico dos tremores.

tromomanía *s.f.* *Delirium tremens*.

trompa *s.f.* En anatomía, tubo ou conducto. // **T. auditiva** ou **t. de Eustaquio** Cada un dos conductos osteofibramentosos que comunican a caixa timpánica coa farinx, equilibrando a presión aérea desta cavidade coa presión atmosférica exterior. / **T. de Falopio** ou **t. uterina** Cada un dos dous tubos membranosos que van desde o útero ata o ovario, situadas entre as dúas follas do ligamento ancho. Tamén se di **oviducto**.

tronco *s.m.* 1. Parte do corpo humano onde se insiren as extremidades e a cabeza. 2. Parte principal dun nervio ou dun vaso. // **T. arterioso** Tronco arterial principal do corazón fetal que dá lugar á aorta e á arteria pulmonar. / **T. basilar** O formado pola unión das arterias vertebrais. / **T. braquiocefálico** Arteria grande que sae do arco da aorta e se divide formando a arteria subclavia dereita e a carótide común. / **T. broncomediastínico dereito** Tronco linfático formado pola unión dos vasos linfáticos dos bronquios e mediastino do lado dereito, que verte no conducto linfático dereito. / **T. celiaco** Tronco arterial que sae do primeiro segmento da aorta abdominal. / **T. linfático lumbar** Cada un dos dous grandes vasos linfáticos que van desde os ganglios linfáticos lombares á cisterna de Pecquet. / **T. simpático** Cada unha das cadeas de ganglios simpáticos situadas a cada lado da columna vertebral, desde a base do cráneo ata o cóccix. / **T. tibio-peroneo** Rama posterior da bifurcación da arteria poplítea. / **T. xugular** Tronco linfático que drena os ganglios cervicais e desemboca no conducto torácico.

troncular *adx.* Relativo ou pertencente a un tronco.

tropeolina *s.f.* Colorante de anilina de cor alaranxada, que se emprega como reactivo dos ácidos porque se volve pardo en contacto con eles.

tropese *s.f.* Tendencia á acción que amosa unha substancia.

tropidina *s.f.* Substancia líquida oleosa, formada pola deshidratación da tropina.

tropina *s.f.* 1. Substancia cristalina derivada da atropina, de cheiro semellante ó do tabaco. 2. Oponina.

tropismo *s.m.* 1. Tendencia de certas células ou organismos a reaccionar dunha forma determinada a estímulos externos. Fálase de tropismo positivo ou negativo segundo o estímulo atraía ou rexeite, respectivamente, o organismo. 2. Movemento da materia orgánica por influencia de causas ambientais. Segundo as distintas causas, existen diversas formas: fototropismo, xeotropismo, quimiotropismo, etc.

tropómetro *s.m.* 1. Instrumento que mide a rotación do globo ocular. 2. Aparello co que se mide o grao de torsión dun óso longo.

tropomiosina *s.f.* Proteína presente no tecido muscular, que actúa como reguladora do proceso de contracción.

troquino *s.m.* Tuberosidade menor da cabeza do úmero.

troquíter *s.m.* Tuberosidade maior da cabeza do úmero.

Trousseau, signo de V. signo.

trufa *s.f.* *Tuber cibarium*, fungo subterráneo comestible ó que se lle atribúen propiedades afrodisíacas.

trusión *s.f.* 1. Impulso, propulsión. 2. En odontoloxía, mala posición dos dentes.

Trypanoplasma Xénero de parasitos esporozoos semellantes ó *Trypanosoma*, pero cun flaxelo nos dous extremos, que se atopan principalmente en peixes.

Trypanosoma Xénero de protozoos flaxelados da clase zoomastigophora, que causan diversas enfermidades no home e animais en varias zonas de África e América. A este xénero pertencen especies coma o *Trypanosoma cruzi*, causante da tripanosomíase americana ou enfermidade de Chagas; o *Trypanosoma evasi*, especie da India que causa a surra; o *Trypanosoma gambiense*, responsable da enfermidade do sono.

tse-tse *s.f.* Mosca do xénero *Glossina* de África central e occidental, que transmite varias especies de tripanosomas.

TSH Siglas en inglés da hormona estimulante da tiroide, chamada tirotopina ou hormona tirotrópica.

tsutsugamushi *s.f.* V. **febre fluvial xaponesa**.

tuba *s.f.* (lat.) Tubo ou trompa.

tubárico-a *adx.* Relativo ou pertencente a un tubo ou a unha trompa, sobre todo á trompa de Falopio.

tubectomía *s.f.* Salpinxectomía.

tuber *s.m.* (lat.) Engrosamento, tubérculo ou prominencia. // **T. cinereum** Prominencia nerviosa situada no chan do III ventrículo, e unida á hipófise polo talo pituitario.

tubercula cuadraxémina *loc.* Corpus cuadraxéminos. // **T. miliaria** Acne miliar.

tubercular *adx.* 1. Semellante a un tubérculo ou a un nódulo. 2. Tuberculoso.

tuberculasa *s.f.* Extracto de xermes da tuberculose.

tubercúlida *s.f.* Afección cutánea de orixe tuberculosa. Tamén se di **toxitubercúlida**. // **T. papulonecrótica** Acne de carácter escrofuloso en forma de pápulas que se necrosan e deixan unha cicatriz. Tamén se di **acne**, **acnite**, **foliculite**, **tuberculoide**.

tuberculina *s.f.* Proteína que se obtén por filtración de cultivos de *Mycobacterium tuberculosis*, que se emprega para o diagnóstico da tuberculose, porque manifesta unha hipersensibilidade retardada consecutiva á infección. As tuberculinas máis empregadas actualmente son a tuberculina PPD e a tuberculina de Koch. Cando, trala súa inxección dérmica, a reacción é positiva, indica a existencia actual ou previa dun contacto co axente infectante. // **T. de Buchner** A que se obtén por filtración do protoplasma de bacilos da tuberculose, extraído por presión hidráulica. / **T. nova** Emulsión de bacilos triturados e desecados ó baldeiro, en auga destilada, da que se obteñen as tuberculinas TO e TR. / **T. PPD** Siglas do

inglés Purified Protein Derivative. Derivado proteico purificado obtido por filtración dun cultivo de *Mycobacterium tuberculosis*, precipitado con sulfato amónico. / **T. purificada** Precipitado dunha tuberculina redisolto en alcohol de 80°. / **T. TO** Tuberculina *obere* superior. Capa superior da tuberculina nova sometida a unha potente centrifugación, que contén as partes solubles en glicerina. / **T. TR** Tuberculina residual ou capa inferior da tuberculina nova centrifugada, tratada con osíxeno, que contén os constituíntes insolubles en glicerina. / **T. vella** ou **antiga** A que obtivo Koch por filtración dun cultivo de *Mycobacterium tuberculosis* despois de quentalo.

tuberculinizable *adx.* Predisposto á tuberculose.

tuberculinización *s.f.* Tratamento mediante tuberculina ou aplicación de tuberculina con fins diagnósticos.

tuberculinoterapia *s.f.* Uso terapéutico da tuberculina.

tuberculite *s.f.* Inflamación dun tubérculo.

tuberculíxeno-a *adx.* Que causa tuberculose.

tuberculización *s.f.* 1. Formación de tubérculos. 2. Infección co bacilo da tuberculose.

tubérculo *s.m.* 1. Prominencia natural, pequena e redondeada, situada nun tecido ou nun órgano. 2. Lesión que caracteriza a tuberculose, que presenta o aspecto dunha masa gris dura, formada pola unión de varios folículos tuberculosos. Tamén se di **tubérculo miliar** ou **tubérculo gris**. 3. Engrosamento situado na raíz dalgunhas plantas. // **T. anatómico** Nódulo cutáneo liso, que aparece nas picadas ou cortes que se poden facer accidentalmente ó efectuar diseccións de cadáveres. Tamén se di **verruca necroxénica**. / **T. artrítico** Concreción gotosa formada nunha articulación. / **T. carotídeo** ou **de Chassaignac** Nódulo da rama anterior da apófise transversa da vértebra C₆, que serve como referencia da arteria carótide primitiva. / **T. cigomático** Elevación situada na parte anterior da apófise cigomática, na que se insire o ligamento lateral externo da articulación temporomaxilar. / **T. cinéreo** *Tuber cinereum*. / **T. conoide** Tuberosidade da clavícula na que se insire o ligamento coraco-clavicular. / **T. cuadraxémimo anterior** ou **superior** Cada unha das prominencias da rexión posterosuperior dos pedúnculos cerebrais, relacionadas coa vía óptica reflexa. / **T. cuadraxémimo posterior** ou **inferior** Cada unha das prominencias situadas na zona posteroinferior dos pedúnculos cerebrais, relacionadas coa vía auditiva reflexa. / **T. da pube** Prominencia situada na parte interna da beira superior da rama horizontal da pube, na que se insire o arco femoral da crista da pube. / **T. da tibia** Eminencia situada na parte anterosuperior da tibia, na que se insire o ligamento rotuliano. / **T. de Babes** Masas celulares que se forman no bulbo raquídeo e nos ganglios espiñais por supostas lesións consecutivas á rabia. / **T. de Ghon** Lesión de Ghon. / **T. de Lisfranc** Eminencia situada na primeira costela na que se insire o músculo escaleno anterior, e que serve como punto de referencia da arteria subclavia. / **T. de Morgagni** 1. Tubérculo de Wisberly. 2. Eminencia en forma de nódulo situado na

pregadura aritenoepiglótica, diante do tubérculo de Santorini. / **T. de Santorini** Eminencia cartilaxinosa no vértice de cada cartilaxe aritenoide. / **T. de Wrisberg** Pequeno nódulo na pregadura aritenoepiglótica, diante do tubérculo de Santorini. / **T. deltoide** Eminencia da clavícula na que se insire o tendón do músculo deltoide. / **T. do aductor** Eminencia do fémur na que se insire o tendón do aductor maior. / **T. doloroso** Eminencia dolorosa no tecido subcutáneo, cerca das articulacións, nas zonas de terminación dun nervio sensitivo. / **T. epiglótico** Prominencia triangular que existe ás veces na parte posterior da epiglote, formada por unha pequena masa de tecido adiposo situada entre a cartilaxe e a mucosa. / **T. escaleno** Tubérculo de Lisfranc. / **T. farínxeo** Prominencia da apófise basilar do óso occipital na que se insire o músculo constrictor da farinxe. / **T. mamilar** Cada un dos dous tubérculos redondeados situados no chan do diencéfalo, unidos ó tálamo óptico e ó mesencéfalo. / **T. mentoniano** Cada unha das prominencias situadas na parte inferior da mandíbula, ós lados da protuberancia mentoniana. / **T. miliar** Lesión característica da tuberculose. / **T. plantar** Prominencia do primeiro metatarsiano. / **T. post mortem** Tubérculo anatómico. / **T. pterigoide** Eminencia situada na cara interna do maxilar inferior, na que se insire o músculo pterigoide interno. / **T. sifilítico** Goma sifilítica. / **T. supraglenoide** ou **infraglenoide** Prominencia situada na parte superior e inferior, respectivamente, da cavidade glenoide da escápula, na que se insiren as porcións longas do bíceps e tríceps, respectivamente. / **T. vertebral** Eminencia situada na apófise transversa das últimas vértebras dorsais. / **T. xenital** Eminencia situada diante da cloaca do embrión, a partir da que se desenvolverán o pene e o clítoris. / **T. xugular** Cada unha das prominencias situadas a cada lado do orificio occipital, na cara interna deste óso.

tuberculocele *s.f.* Tumor de natureza tuberculosa.

tuberculocida *s.f.* Axente que destrúe os bacilos tuberculosos.

tuberculoderma *s.m.* Tubérculo dermatoso de natureza tuberculosa. // **T. micropapuloso** Lique escrofuloso.

tuberculofibrose *s.f.* Tuberculose ou tise fibrosa.

tuberculofobia *s.f.* Medo enfermizo a contrae-la tuberculose.

tuberculoide *s.f.* 1. Tubercúlido. // *adx.* 2. Semellante á tuberculose.

tuberculoidina *s.f.* Tuberculina sen bacilos, polo tratamento con alcohol.

tuberculoma *s.m.* 1. Formación pseudotumoral de orixe tuberculosa. 2. Tumoración formada pola confluencia de tubérculos. 3. Absceso tuberculoso. // **T. en placa** Meningoencefalite tuberculosa na que se forman placas no córtex cerebral, que se acompaña de clínica tumoral.

tuberculomanía *s.f.* Crenza obsesiva de que se padece tuberculose.

tuberculomucina *s.f.* Substancia mucinoide preparada a partir dos caldos de cultivo vellos do bacilo da tuberculose, con peptona e glicerina.

tuberculoplasmina *s.f.* Tuberculina de Buchner.

tuberculose *s.f.* Enfermidade infecciosa causada por bacterias do xénero *Mycobacterium*, especialmente as especies *Mycobacterium tuberculosis* e *Mycobacterium bovis*, que se pode presentar en dúas formas: como un proceso agudo diseminado (tuberculose miliar) ou como un proceso crónico localizado, de tipo granulomatoso. Caracterízase por unha reacción inflamatoria a partir da cal se forman nódulos ou tubérculos. Transmítese por vía aérea ou dixestiva (especialmente a través do leite de vacas enfermas ou portadoras do bacilo), sendo a aérea a máis frecuente no home, e na súa xénese interveñen factores inmunoalérxicos e sociais, destacando a forma pulmonar da enfermidade. A lesión típica é un granuloma constituído na súa parte central por células xigantes e células epiteloideas, e na periférica por linfocitos cheos de bacilos. Máis adiante este granuloma necrósase, no proceso de caseificación, e este granuloma caseificado pódese calcificar ou ben abrirse a un bronquio, eliminando o seu contido. Por vía hemática ou linfática o bacilo pode chegar a ganglios linfáticos, e a outros órganos, como: as meninxes, onde dá lugar á meninxite tuberculosa, ósos, producindo osteomielite tuberculosa, ril (tuberculose renal), etc. O tratamento lévase a cabo mediante antibióticos e quimioterápicos: isoniácida, ácido nicotínico, etambutol, estreptomina, rifampicina, etc. // **T. aberta** Forma de tuberculose aberta ó exterior ou comunicada co exterior. / **T. aeróxénica** A que se contrae por inhalación de bacilos tuberculosos. / **T. bovina** Tuberculose do gando bovino, provocada polo *Mycobacterium bovis* e transmisíble ó home. / **T. broncoxénica** Tuberculose pulmonar debida á extensión da infección por vía bronquial. / **T. cirúrxica** Tuberculose ósea que se presenta sobre todo nas articulacións, xeralmente bovina, caracterizada pola destrución do tecido óseo e a formación de abscesos fríos, que poden ser tratados por medios cirúrxicos. / **T. cutis** Tuberculose cutánea ou tubercúlido. / **T. dos ganglios linfáticos** Escrófula. Supuración caseosa dos ganglios, frecuente na infancia. / **T. intestinal** A que se caracteriza pola aparición de lesións ulcerosas, sobre todo no tecido linfoide do intestino. / **T. larínxeo** A localizada na larínxe, que pode ser primitiva ou secundaria á tuberculose pulmonar, e que se caracteriza pola formación de granulacións e úlceras nas cordas vocais e outras zonas larínxeas, asociadas con larinxite, dispnea, disfaxia, etc. / **T. mesentérica** Peritonite tuberculosa ou tabe mesentérica. / **T. miliar aguda** Forma diseminada de tuberculose aguda, que pode ser primitiva ou secundaria a unha tuberculose local crónica, na que aparecen lesións tuberculosas en varios órganos a un tempo, debido á diseminación do bacilo por vía hemática. / **T. pechada** Aquela na que os bacilos non poden saír ó exterior, polo que non é transmisíble: complexo primario, tuberculose ganglionar, etc. / **T. primaria** Reacción consecutiva á primoinfección do bacilo tuber-

culoso, que consiste nunha reacción granulomatosa focal de carácter caseoso, situada no parénquima do órgano afectado e nos ganglios linfáticos próximos. Normalmente é de curso benigno e remata con calcificación dos tubérculos. Localízase máis frecuentemente no pulmón, sobre todo na infancia. Tamén se di **complexo primario**. / **T. pulmonar** Tuberculose localizada no pulmón, que pode presentar dúas formas: a forma aguda, chamada tamén tise galopante, caracterízase pola súa evolución rápida, pero presentando as mesmas alteracións cá forma crónica ou común. Esta, tamén chamada tise común, é a forma máis frecuente de tuberculose, e caracterízase pola aparición nos vértices pulmonares ó comezo, e logo no resto do pulmón, de granulomas ou tubérculos, con condensación do tecido pulmonar e dexeneración caseosa que ocasiona o amolecemento do tecido e a formación de cavernas. Os síntomas locais comprenden entre outros tose seca, expectoración mucosa e ás veces hemoptise, e varían segundo as fases nas que se desenvolve o proceso: no primeiro período ou de infiltración destacan a inspiración ruidosa, expiración prolongada e sopro; no segundo período ou de amolecemento, estertores subcrepitantes, mucosos e tose con expectoración na que se atopa o bacilo. No terceiro período ou de escavación aparece a tose cavernosa, broncofonía, etc. A clínica xeral caracterízase por febre, perda de apetito, adelgazamento, sudación matutina e caquexia progresiva. A enfermidade é curable pola formación arredor do foco tuberculoso dunha cápsula de tecido fibroso que prevén a extensión do proceso.

tuberculosilicose *s.f.* Silicose asociada con tuberculose pulmonar.

tuberculostático-a *adx.* Que inhibe o desenvolvemento do bacilo tuberculoso.

tuberculotoxina *s.f.* Toxina do bacilo tuberculoso.

tuberculum *s.m.* (lat.) Tubérculo.

tuberisquiotrocantéreo *s.m.* Músculo cadrado crural.

tuberosidade *s.f.* 1. Protuberancia redondeada que se presenta nas partes saíntes dalgúns ósos, na que se insiren músculos ou ligamentos. 2. Tumoración carnosa nalgúnas raíces. // **T. bicipital** Eminencia situada na superficie anterointerna do colo do radio, na que se insire o bíceps. / **T. da tibia** Eminencia lonxitudinal da cara anterior da porción superior da tibia, onde se insire o ligamento rotuliano. / **T. deltoide** Prominencia do úmero na que se insire o músculo deltoide. / **T. glútea** Eminencia situada na superficie externa da parte superior do óso ilíaco, na que se insire o ligamento sacroilíaco posterior. / **T. isquiática** Extremo do isquion no que se insiren varios músculos, e que soporta o corpo en posición sentada. / **T. maior do úmero** Eminencia situada debaixo da parte externa da cabeza do úmero, na que se insiren os músculos supraespiñoso, infraespiñoso e redondo menor. / **T. malar** Prominencia do pómulos. / **T. menor do úmero** Eminencia situada debaixo da parte interna da

cabeza do úmero, na que se insire o músculo subescapular. / **T. radial** Tuberosidade bicipital.

tuberositas *s.f.* (lat.) Tuberosidade.

tuberoso-a *adx.* Semellante a un tubérculo ou que ten tubérculos.

tubo *s.m.* 1. Estructura anatómica ou instrumento que ten forma cilíndrica, alongado e oco. 2. Ampola de radiografía. // **T. aéreo** Parte tubular do aparello respiratorio. / **T. auditivo** Trompa de Eustaquio. / **T. cardíaco** Órgano embrionario cilíndrico, precursor do corazón. Na súa parte anterior orixínase o sistema aórtico, e o posterior recibe a vea onfalomesentérica. / **T. cerebromedular** Conducto neural. / **T. de Bayeux** Variedade de cánula para a intubación larínxea. / **T. de Chaoul** Variedade de ampola para o tratamento mediante radioterapia de baixa voltaxe e a curta distancia. / **T. de Crookes** Ampola de vidro coa que Roentgen descubriu os raios X. / **T. de cultivo** Tubo de cristal cerrado por un extremo, no cal se pode atopa-lo medio de cultivo en varias posicións. / **T. de Débove** Sonda para o lavado gástrico. / **T. de drenaxe** Dren. / **T. de Durham** Variedade de cánula articulada de traqueotomía. / **T. de empiema** Tubo de goma co que se drena o pus dun empiema. / **T. de ensaio** Tubo de vidro cerrado por un extremo, no cal se levan a cabo reaccións químicas. / **T. de Esbach** Tubo de ensaio cunha escala para medi-la cantidade de albumina na urina mediante un reactivo. / **T. de Faucher** Sonda gástrica común. / **T. de fermentación** Tubo en forma de U cun dos brazos cerrado, para determina-la formación de gas polas bacterias. / **T. de Guisez** Tubo de goma para uso permanente no cancro de esófago. / **T. de Jutte** Variedade de sonda duodenal que se emprega para irrigación, aspiración e alimentación. / **T. de Kehr** Tubo de goma en forma de T para a drenaxe das vías biliares. / **T. de Keidel** Tubo que se emprega para obter sangue dunha vea por medio do baleiro. / **T. de Kelly** Proctoscopio e sigmoidoscopio. / **T. de Kenard** Tubo de raios catódicos. / **T. de Killian** Aparello para a extracción de corpos estraños da traquea e do esófago. / **T. de Kyon** Tubo de vidro cerrado por un extremo e rematado polo outro nunha pipeta capilar, cun burato para dar saída ó aire, que se emprega para recoller mostras de sangue mediante unha punción da pel. / **T. de Marion** Tubo de goma co que se realizan lavados vesicais. / **T. de Miescher** Quistes alongados que se forman nos músculos de persoas afectadas de sarcosporidiose, nos que se aloxan os parasitos. / **T. de Miller-Abbot** Sonda nasal de 2,5 m de lonxitude, de dobre luz, unha delas máis estreita cá outra, que serve para inchar un pequeno globo situado no seu extremo, co fin de estimular-la peristalse e leva-la sonda á parte dereita do intestino. A segunda luz serve para realiza-la aspiración intestinal. / **T. de Neuber** Tubo de drenaxe ósea. / **T. de Paul-Mixter** Tubo de vidro de calibre ancho para a anastomose intestinal temporal. / **T. de Penrose** Tubo de drenaxe aplanado de goma fina cunha luz virtual, dentro do cal se introduce unha gasa enrolada coma un cigarro, que sobresa polos extremos do tubo. / **T. de Rainey** Tubo de Miescher. / **T. de raios catódicos** Ampola de

baleiro cunha pequena abertura no ánodo que permite a saída dos raios catódicos. / **T. de raios X** Ampola de baleiro con electróns obtidos do gas do tubo ou do cátodo que se se lle aplica unha diferenza de potencial grande, os electróns desprázanse a gran velocidade cara ó ánodo, onde se paralizan bruscamente orixinando os raios X. / **T. de traqueotomía** Cánula cilíndrica curvada que se insire no orificio da traqueotomía. / **T. de Voltolini** Tubo pequeno que se emprega para manter aberta unha incisión practicada na membrana timpánica. / **T. de Wintrobe** Tubo de vidro graduado para determina-la velocidade de sedimentación eritrocítica. / **T. dixestivo** Conducto que vai desde a boca ata o ano, formando parte do aparello dixestivo. / **T. en T** Tubo de drenaxe que ten forma de T para que se sosteña. / **T. esofáxico** 1. Esófago. 2. Sonda de goma para a alimentación forzada ou para o baldeirado gástrico. / **T. larínxeo** Cánula para a práctica da intubación. / **T. nervioso** Fibra nerviosa con mielina. / **T. neural** Rudimento do sistema nervioso do embrión. / **T. otofarínxeo** Trompa de Eustaquio. / **T. otoscópico** Tubo de goma de 60 cm de lonxitude, que se aplica por un extremo ó oído do paciente e polo outro ó oído do observador, para practicalo experimento de Valsalva. / **T. recto** Tubo urínfero. / **T. seminífero** Túbulo seminífero. / **T. urínfero** Cada un dos conductos diminutos, formados por unha membrana basal tapizada de epitelio, que forman a unidade anatómica e histolóxica do parénquima renal. Constan de dous segmentos: os tubos urínferos contornados e os rectos.

tuboabdominal *adx.* Relativo ou pertencente á trompa de Falopio e ó abdome.

tuboanexopexia *s.f.* Fixación cirúrxica dos anexos uterinos.

tubocurarina *s.f.* Alcaloide que se obtén da *Chondodendron tomentosum*, coa acción característica do curare, que se emprega para relaxa-la musculatura nas intervencións cirúrxicas.

tuboligamentario-a *adx.* Relativo á trompa de Falopio e ó ligamento ancho.

tuboovárico-a *adx.* Relativo á trompa de Falopio e ó ovario.

tuboovariotomía *s.f.* Escisión dos ovarios e da trompa de Falopio.

tuboperitoneal *adx.* Relativo á trompa de Falopio e ó peritoneo.

tubotimpánico-a *adx.* Relativo á trompa de Eustaquio e ó tímpano.

tubouterino-a *adx.* Relativo ou pertencente á trompa de Falopio e ó útero.

tubovaxinal *adx.* Relativo ou pertencente á trompa de Falopio e á vaxina.

tubulado-a *adx.* 1. Que posúe tubos, ou está constituído por eles. 2. Tubular.

tubular *adx.* 1. Pertencente ou relativo ós túbulos renais. 2. Que ten forma de tubo.

tubulina *s.f.* Proteína semellante á actina muscular que constitúe as pequenas fibras externas dos cilios epiteliais.

túbulo *s.m.* Tubiño ou conducto moi pequeno ou microscópico, especialmente os que se atopan nos testículos e no ril. // **T. de Albarrán** Cada un dos conductos glandulares que existen na próstata, entre a capa muscular e a mucosa. / **T. de Henle** Tubo urínfero. / **T. dental** Cada un dos conductos da dentina que van desde a polpa dentaria ata a periferia. / **T. seminífero** Cada un dos conductos, primeiro tortuosos (túbulo seminíferos contornados) e logo rectos (túbulo seminíferos rectos), que se atopan nos lóbulos testiculares formando a rede testicular de Haller, a cal orixina os conductos aferentes que penetran no epidídimo. A súa función é producir e segregar espermatozoides.

tubuloacimoso-a *adx.* Da estrutura que é tubular e con forma de acio ó mesmo tempo.

tubuloalveolar *adx.* Que está composto por túbulo ramificados que rematan en alvéolos, como na porción periférica do tecido pulmonar.

tubulocisto *s.m.* Dilatación cística dun túbulo.

tubulodermoide *s.m.* Tumor dermoide debido á persistencia do conducto fetal.

tubulosacular *adx.* Tubular e sacular ó mesmo tempo.

tubuloso-a *adx.* Que ten forma de túbulo ou de tubo, ou que contén estas estruturas. Tamén se di **tubular**.

tubus *s.m.* (lat.) Tubo.

tularemia *s.f.* Zoonose causada pola *Francisella tularensis* ou *Pasteurella tularensis*, que se caracteriza polo inchazo dos ganglios linfáticos. O microorganismo transmítese ó home por inxestión de carne contaminada (principalmente de caza menor), ou a través da pel pola picadura de insectos parasitos de animais enfermos. Despois dunha incubación duns 2-4 días aparece de súpeto febre alta, calafríos, náuseas, vómitos e deterioro xeneralizado. Comeza cunha lesión local ulcerosa, con tumefacción ganglionar e supuración posterior. A evolución é semellante á dun cadro febril de dúas a catro semanas de duración. Tamén se di **enfermidade de Francis, pseudopeste dos roedores**.

tulasa *s.f.* Soro obtido por Behring de cultivos do *Mycobacterium tuberculosis*, que antigamente se empregaba na inmunización contra a tuberculose.

tulio *s.m.* Elemento metálico moi raro, de símbolo Tm.

Tulpium, válvula de V. válvula.

tumefacción *s.f.* Aumento de volume dunha parte ou órgano por infiltración, tumor ou edema. Tamén se di **inchazón, inchazo, inchume, tumescencia**. // **T. albuminosa** ou **t. turbia** Aumento de volume do protoplasma celular, que ademais se volve opaco, debido á acumulación de granulacións albuminoides.

tumefaciente *adx.* Que causa tumefacción.

tumefacto-a *adx.* Inchado.

tumescencia *s.f.* Tumefacción, inchazón.

tumescente *adx.* Inchado, tumefacto.

túmido-a *adx.* Inchado, tumefacto ou edematoso.

tumor *s.m.* 1. Tumefacción, inchazón patolóxica. 2. Un dos signos cardinais da inflamación. 3. Neoformación de tecido, de carácter progresivo, na que a multiplicación non está controlada totalmente polos sistemas reguladores do organismo. Tamén se di **neoplasia**. // **T. adenoide** Adenoma. / **T. adiposo**. Lipoma. / **T. amiloide** O formado por substancias hialinas acidófilas. / **T. aneurismático** Aneurisma. / **T. benigno** O formado por células de estrutura, organización e actividade funcional moi semellantes ás do tecido normal, do que proceden, e que amosan un grao de anaplasia baixo respecto da dos tumores malignos. O seu crecemento expansivo depende da súa localización: en órganos sólidos encapsúlense, e en órganos con cavidades tenden a formar pólipos ou verrugas. Non teñen capacidade infiltrativa e invasiva, e non provocan metástase, de xeito que a súa acción prexudicial débese a fenómenos compresivos de tecidos. Despois da extirpación, algúns poden recidivar localmente. / **T. branco** Tuberculose dun óso ou dunha articulación. / **T. canceroso** Tumor maligno. Tamén se di **cancro**. / **T. carcinoide** O formado por células arxentafíns de evolución lenta, con pouca capacidade invasiva e poder de provocar metástase a distancia. Localízase preferentemente nos bronquios, intestino delgado, apéndice e recto, aínda que pode atoparse noutros lugares do organismo. Pode liberar substancias vasoactivas como a serotonina e a calicreína, causando a síndrome carcinoide que provoca alteracións vasomotoras manifestadas por rubefacción e hipotensión, diminución da motilidade intestinal, dor abdominal, diarrea, cadros asmáticos e lesións endocárdicas. / **T. cartilaxinoso** Condroma ou endocondroma. / **T. coloide** Mixoma. / **T. conxuntivo** O que se desenvolve a partir de calquera estrutura do tecido conectivo: lipoma, fibroma, glioma, condroma, sarcoma, etc. / **T. da teca ovárica** Tecoma. / **T. de Brenner** Ooforoma folicular. / **T. de Burkitt** Linfoma de Burkitt. / **T. de Buschke-Löwenstein** Condiloma acuminado xigante con tendencia á malignización, pero histoloxicamente benigno. / **T. de células alfa** O que se forma pola proliferación das células alfa dos illotes de Langerhans do páncreas. / **T. de células cromafíns** Feocromocitoma. / **T. de células de Leydig** O que ten a súa orixe nas células intersticiais do testículo, pouco frecuente e xeralmente benigno, que se asocia coa síndrome de actividade hormonal (virilización precoz). Tamén se di **t. de células intersticiais do testículo**. / **T. de células granulosas do ovario** O orixinado a partir das células da capa granulosa do ovario, que se pode asociar cunha excesiva produción de estróxenos, causando hiperplasia endometrial, metrorraxias, etc. Tamén se di **carcinoma de células granulosas do ovario**. / **T. de células xigantes do óso** Tumor, que pode ser benigno ou maligno, formado por

células multinucleadas semellantes ós osteoblastos. Pode causar fracturas espontáneas, dores, etc. / **T. de Ewing** Tumor maligno do óso que se orixina na medula dos ósos longos en persoas novas, provocando principalmente dor, febre e leucocitose. Tamén se di **sarcoma de Ewing**. / **T. de Grawitz** Hipernefroma, ou carcinoma, das células renais. / **T. de Krompecher** *Ulcus rodens*. / **T. de Krukenberg** Carcinoma primitivo do tracto gastrointestinal, que provoca metástase ovárica, a cal moitas veces é diagnosticada antes có tumor primitivo. / **T. de Nelaton** O que deriva da parede abdominal. / **T. de Pancoast** Tumor dos vértices pulmonares que invade e destrúe as costelas e vértebras e pasa ós plexos nerviosos braquiais, causando dor e parálise das extremidades superiores. Case sempre se trata dun carcinoma escamoso. / **T. de Pancoast-Tobias** Combinación da síndrome de Horner con tumor maligno no vértice pulmonar observado radioloxicamente. / **T. de Rathke** Craniofarinxoma, tumor da sela turca que se desenvolve na bolsa de Rathke. / **T. de Recklinghausen** Adenoleiomioma formado na parede posterior do útero. / **T. de Spiegler** Epitelioma benigno múltiple do coiro cabeludo. / **T. de Steiner** Nódulos situados xunto ás articulacións ou nódulos de Jeanselme. / **T. de Wilms** Tumor renal maligno de crecemento rápido que se dá na primeira infancia. Está formado por elementos embrionarios e causa metástase facilmente. / **T. dermoide** Teratoma que pode reproducir calquera tecido conxuntivo do organismo, como células epiteliais, graxa, pelos, uñas, óso, cartilaxe e dentes. Deriva das tres follas do blastoderma embrionario, e xeralmente é benigno, especialmente os de natureza quística. / **T. desmoide** Tumor fibroso orixinado no tecido muscular ou celular subcutáneo. / **T. ectodérmico** O que deriva do epitelio cutáneo e das mucosas. / **T. embrionario** O derivado do tecido embrionario. / **T. endodérmico** O derivado do endoderma. / **T. fibrocelular** Fibroma. / **T. frío** Escrófula. / **T. infiltrativo** O que invade os tecidos. / **T. maligno** Tumor que provoca a invasión dos tecidos próximos e metástase a distancia, con capacidade de destrución e maior grao de anaplasia cóos tumores benignos. / **T. mixto** O formado por máis dun tipo de tecido. / **T. mucoso** Mixoma. / **T. muscular** Mioma. / **T. papilar** Papiloma. / **T. quístico** O que presenta unha cavidade con parede epitelial que o separa dos órganos adxacentes, con contido líquido ou xelatinoso. / **T. sólido** O que presenta moita cantidade de células neoplásicas, especialmente carcinomas e adenocarcinomas. / **T. ulcerado** Aquel que presenta perda de substancia por necrose dos tecidos debida á falta de nutrición vascular por compresión ou infiltración dos vasos sanguíneos polo propio tumor. A ulceración normalmente é central, e se ocorre na superficie libre os bordos son vexetantes (*ulcus rodens*); se ocorre nun órgano sólido abscesifícase no centro (tumor abscesifical). / **T. vascular** Anxioma. / **T. vexetante** Excrecencia cos bordos delimitados, case sen infiltracións de estruturas veciñas. / **T. xelatinoso** Mixoma. / **T. xerminal** O que deriva de células xerminalis.

tumoración *s.f.* 1. Tumor. 2. Tumefacción.

tumultus sermonis *loc.* (lat.) Logorrea no grao máximo.

túnel *s.m.* Conducto aberto. // **T. carpiano** Túnel osteofibroso formado polos ósos e o ligamento transverso do carpo, polo que pasan o nervio mediano e os tendóns flexores da man.

tunelización *s.f.* Creación artificial dun conducto nun órgano, especialmente nun óso.

tunga penetrans *loc.* (lat.) Nigua, tunxiase.

tungsteno *s.m.* Elemento metálico duro, de símbolo W ou Tu, con peso atómico 183,6 e peso específico 19,13. Algúns dos seus derivados empréganse en radiografía e como reactivos químicos. Tamén se di **volframio**.

túnica *s.f.* Membrana que cobre un órgano ou parte del. // **T. albúxínea** Capa de tecido fibroso que envolve un órgano ou parte del, especialmente a capa fibrosa do testículo ou do ovario. / **T. adventicia** Capa externa dun vaso sanguíneo. / **T. dartos** Capa muscular da base do testículo. / **T. de Bichat** Capa interna dun vaso sanguíneo, formada por células endoteliais rodeadas de fibras elásticas e tecido conxuntivo. / **T. de Rysch** Parte interna da coróide. / **T. elástica** Capa media dunha arteria. / **T. eritroide** Cremáster. / **T. fibrosa** Membrana fibrosa. / **T. interna** Túnica de Bichat. / **T. media** Capa muscular dos vasos sanguíneos, formada por fibras musculares elásticas. / **T. mucosa** Membrana mucosa. / **T. propia** Capa que forma o epitelio de revestimento cutáneo-mucoso e o das glándulas. / **T. serosa** Membrana serosa. / **T. vascular** Membrana que serve de soporte ós vasos sanguíneos. / **T. vascular do cristalino** Envoltura vascular que rodea e nutre o cristalino do feto, da cal forma parte a membrana pupilar. / **T. vaxinal** Membrana serosa derivada do peritoneo que é arrastrada ata ás bolsas testiculares durante o descenso dos testículos, constituíndo un saco pechado que os envolve.

tunicado-a *adx.* Recuberto por unha túnica ou unha membrana.

tunicina *s.f.* Celulosa animal.

tunxiase *s.f.* Infestación cutánea con niguas. Tamén se di **tunga penetrans**.

turba *s.f.* Materia vexetal carbonizada que se emprega en baños terapéuticos.

turbidímetro *s.m.* Instrumento co que se mide o grao de atoldamento dun líquido.

turbinal *adx.* Relativo ou pertencente ós cornetos nasais.

turbinectomía *s.f.* Incisión cirúrxica dun corneto ou cuncha nasal.

turbio-a *adx.* Con aspecto atoldado, por ter substancias en suspensión.

turgor *s.m.* Turxencia.

Türk, fascículo de V. fascículo piramidal dereito. / **célula de V. célula.**

turma *s.f.* Testículo.

turmalina *s.f.* Borosilicato natural co que se fabrican láminas para os polarizadores.

Turner-Albright, síndrome de V. síndrome de Turner-Albright.

Turner-Parsonage, síndrome de V. síndrome de Turner-Parsonage.

turnover *s.m.* Recambio metabólico.

turricefalia *s.f.* Oxicefalia.

turxescencia *s.f.* Distensión, tumefacción, calidade de turxescente.

turxescente ou **túrxico-a** *adx.* Inchado, conxestionado polo exceso de líquido nos vasos ou nos espazos intercelulares.

tusícula *s.f.* Tose lixeira e leve.

tusiculación *s.f.* Tose seca, curta e frecuente.

tusixeno-a ou **tusíparo-a** *adx.* 1. Que provoca tose. 2. Que ó ser estimulado causa tose reflexa.

tussis *s.f.* (lat.) Tose. // **T. convulsiva** ou **espasmódica** Tose ferina ou pertusis.

tutamen *s.m.* (lat.) Protección ou defensa.

Tyndall, fenómeno de V. fenómeno.

Tyroglyphus Xénero de ácaros ó cal pertencen especies como a *Tyroglyphus farinae* e a *Tyroglyphus siro*, que viven na fariña e no queixo, respectivamente, e causan trastornos dixestivos pola inxestión dos alimentos que os conteñen.

Tyrothrix Xénero ó que pertencen microorganismos que actualmente se inclúen nos xéneros *Bacillus*, *Clostridium* e *Lactobacillus*.

Tyson, glándula de V. glándula.

U

U Símbolo químico do uranio.

uabaína *s.f.* Ouabaína, principio activo tóxico que se atopa en certas partes do estrofanfo, xunto coa estrofantina.

ubicuo-a *adx.* Que ten moita actividade ou que se atopa en tódalas partes.

ubre *s.m.* Mama das femias dos animais mamíferos, especialmente das vacas.

UCI Siglas de Unidade de Coidados Intensivos, unidade hospitalaria destinada ó tratamento de enfermos en estado crítico.

uexivaslorrea *s.f.* Exsudado que deitan as encías.

uiofobia *s.f.* Aversión ós propios fillos.

ulaganactese *s.f.* Irritación das enxivas.

ulalxia *s.f.* Dor nas enxivas.

ulatrofia *s.f.* Atrofia das enxivas, na que se aprecia diminución do tamaño do bordo enxivodentario, quedando á vista o cemento do dente.

úlceras *s.f.* Perda de substancia dunha superficie cutánea ou mucosa que leva á desintegración gradual e á necrose dos tecidos, de difícil cicatrización. // **U. aguda da vulva** Úlceras non venéreas de desenvolvemento rápido, causada polo *Bacillus crassus*. / **U. amputante** A que destrúe os tecidos ata o óso. / **U. ateromatosa** A que se produce no endotelio dunha arteria polo desprendemento dunha placa de ateroma. / **U. atónica** Úlceras crónicas que non tenden a formar granulacións. / **U. autóctona** Chancro. / **U. branda** Chancro brando. / **U. cancerosa** Cancro ulcerado. / **U. constitucional** A que resulta dunha enfermidade xeral. Tamén se di **úlceras sintomáticas**. / **U. crateriforme** A que se asenta sobre unha base neoplásica de bordos vexetantes, con crecemento rápido. Tamén se di **ulcus rodens**. / **U. crónica** Úlceras non dolorosas de evolución lenta, sen tecido de granulación no fondo. / **U. de Bouveret** A que se presenta durante a febre tifoide, na zona amigdalárica da boca. / **U. de Cruveilhier** Úlceras simples de estómago. / **U. de Curling** Úlceras duodenais consecutivas a unha queimadura grave na superficie do corpo. / **U. de estómago** Úlceras pépticas situadas na

mucosa gástrica, de curso crónico, debida á acción da pepsina do zume gástrico, que afecta principalmente a persoas novas. / **U. de Jacob** *Ulcus rodens*, especialmente o da pálpebra. / **U. de Kocher** Úlceras intestinais que se producen nun íleo paralítico. / **U. de Lipschutz** Úlceras agudas da vulva. / **U. de Marjolin** Epitelioma espinoelular que se desenvolve por dexeneración dunha úlcera dunha antiga queimadura. / **U. de Parrot** Úlceracións bucais propias do muguet. / **U. de Plaut** Anxina de Vincent. / **U. de Rokitanskiy** Úlceras de estómago. / **U. de Tashkent** Úlceras carapulosas que se dan nas enfermidades dos sartos. É unha variedade de furúnculo oriental. / **U. de Welander** A que se produce arredor da vulva, de orixe non venérea, parecida ó chancro brando. Tamén se di **úlceras veneroide**. / **U. dendriforme** Úlceras corneais ramificadas. / **U. diftérica** Úlceras cubertas con exsudado pseudomembranoso ou membrana diftérica. / **U. duodenal** Úlceras pépticas que se localizan no duodeno. / **U. epiteliais** Úlceras cancerosas de orixe dérmica. / **U. faxedénica** Úlceras que se estenden rapidamente destruindo tecido, e que se caracterizan pola presenza de partículas esfaceladas no derramo ou no pus. / **U. fistulosa** A que se forma no extremo superficial dunha fístula. / **U. flegmonosa** Úlceras dolorosas coas beiradas inflamadas e edematosas e con derramo purulento. / **U. folicular** Úlceras pequenas localizadas na mucosa, e orixinadas nos folículos linfáticos. / **U. fungosa** A que ten o fondo cuberto de granulacións fungoides que saen ó nivel da pel. / **U. gástrica** Úlceras de estómago. / **U. hemorráxica** A que sangra ocasionalmente. / **U. maligna** Úlceras faxedénicas. / **U. péptica** Aquela que lle afecta á membrana mucosa do estómago ou do duodeno, causada pola acción do ácido gástrico e da pepsina. / **U. perforante** Aquela que é profunda, afectando a parede do órgano en todo o seu grosor. / **U. por decúbito** Úlceras de orixe trófica debidas á compresión das zonas cutáneas que perderon o panículo adiposo. Dáse en pacientes que permanecen moito tempo na cama, sobre todo se se dan malas condicións de asistencia. Tamén se di **úlceras tróficas**. / **U. pútrida** Gangrena. / **U. serpixinosa** A que progresa por un extremo mentres cicatriza polo outro. / **U. sifilítica** Chancro sifilítico. / **U. simple** A que non depende dunha enfermidade xeral nin dun proceso infeccioso. / **U. sintom-**

mática Úlcera local que indica unha enfermidade xeral. Tamén se di **úlceras constitucionais**. / **U. siríaca** Difteria. / **U. sublingual** A que se presenta no freo da lingua debida á irritación causada polos incisivos superiores. / **U. trófica** Úlcera por decúbito. / **U. trofoneurótica** A causada por un trastorno nervioso de orixe central. / **U. tuberculosa** A debida ó bacilo de Koch. / **U. varicosa** Úlcera crónica que aparece nos membros inferiores como complicación dun proceso varicoso. / **U. venérea** Chancro brando. / **U. veneroide** Úlcera de Welander. / **U. xexunal** A que se forma no xexuno.

ulcerable *adx.* Que se pode ulcerar.

ulceración *s.f.* Formación de úlceras. // **U. de Daguet** Ulceración do istmo das fauces, superficial, que aparece na febre tifoide.

ulcerado-a *adx.* Ulceroso.

ulcerativo-a *adx.* 1. Relativo ou pertencente ás úlceras. 2. Que produce úlceras.

ulcerocancro *s.m.* 1. Úlcera maligna. 2. Cancro que se implanta nunha úlcera gástrica.

ulceroide *adx.* Semellante a unha úlcera.

ulceromembranoso-a *adx.* Que presenta ulceración e un exsudado de fibras membranosas.

ulceroso-a *adx.* 1. Que presenta úlceras. Tamén se di **ulcerado**. 2. Da natureza das úlceras.

ulcoide *adx.* Ulceroides.

ulcus *s.m.* (lat.) 1. Viscera. 2. Úlcera gástrica.

ulectomía *s.f.* 1. Extirpación dun tecido cicatrizal. 2. Xenxivectomía.

uledermatite *s.f.* Inflamación da pel acompañada de procesos cicatrizais.

ulemorraxia *s.f.* Hemorraxia enxival.

uleritema *s.m.* Dermatose eritematosa con atrofia e formación de cicatrices. // **U. centrífugo** Lupus eritematoso. / **U. ofríoxeno** Queratose pilosa atrofiante das cellas e zonas próximas. / **U. sicosiforme** Inflamación crónica dos folículos pilosos da barba, que dá lugar a lesións que deixan cicatrices. Tamén se di **sicose queloide**.

ulese *s.f.* Cicatrización.

uletomía *s.f.* Incisión nunha cicatriz.

ulexina *s.f.* Alcaloide das sementes do toxo (*Ulex europaeus*), que ten propiedades tónicas e diuréticas.

ulexiria *s.f.* Deformación das circunvolucións cerebrais debida á proliferación de neuroglía e tecido conxuntivo.

ulido *s.m.* Olor, cheiro.

ulite *s.f.* Inflamación das enxivas. Tamén se di **xenxivite**.

ulixinoso-a *adx.* Húmido, brando.

ulna *s.f.* (lat.) Antigamente, cúbito.

ulnar ou **ulnario-a** *adx.* 1. Relativo ou pertencente ó cúbito. // *s.m.* 2. Óso piramidal do carpo.

ulo- Prefixo do grego, enxiva.

ulocace *s.m.* Ulceración das enxivas.

ulocarcinoma *s.m.* Carcinoma das enxivas.

ulodermatite *s.f.* Inflamación da pel das enxivas que produce cicatrices.

uloglosite *s.f.* Inflamación das enxivas e da lingua.

uloide *adx.* 1. Semellante a unha cicatriz. // *s.m.* 2. Falsa cicatriz.

uloma *s.m.* Formación tumoral nas enxivas ou nas cicatrices.

uloncia *s.f.* Tumor ou inchazón das enxivas.

ulonco *s.m.* Uloma.

ulorraxia *s.f.* Hemorraxia enxival.

ulótico-a *adx.* Cicatrizal ou cicatrizante.

ulotomía *s.f.* Uletomía.

ulótrico-a *adx.* Que ten o pelo rizo.

ulotripse *s.f.* Nutrición das enxivas, ou revitalización destas mediante masaxes.

ultimisternal *adx.* Relativo ou pertencente ó apéndice xifoide.

ultra- Prefixo latino, máis aló de, ó outro lado de, extremadamente, excesivamente.

ultracentrifugación *s.m.* Centrifugación a grandes velocidades, que acadan máis de 100.000 r.p.m. A velocidade de sedimentación das partículas é proporcional ó seu tamaño, polo que mediante este método pódese determina-las súas dimensións.

ultrafiltración *s.f.* Filtración por un filtro que pode reter as partículas moi pequenas, visibles só mediante o ultramicroscopio, e que pasan a través dos filtros normais. // **U. fraccionada** Separación de partículas coloidais de distintos tamaños mediante ultrafiltros con poros de tamaño variable.

ultragasoso-a *adx.* Relativo ó estado da materia radiante.

ultramicrobio *s.m.* Microorganismo de dimensións tan reducidas que só pode ser observado a través do ultramicroscopio.

ultramición *s.m.* 1. Partícula ultramicroscópica de diámetro inferior a 0,25 micromicrons. 2. Elemento da fase dispersa dun coloide.

ultramicroscopio *s.m.* Microscopio co que se poden ver partículas moi pequenas, que se iluminan mediante un feixe luminoso moi intenso perpendicular ó eixe do microscopio, sobre un fondo negro.

ultrasón *s.m.* Son de frecuencia superior á dos sons audíbles polo oído humano (20.000 Hz). Os ultrasóns empré-

ganse en terapéutica polos seus efectos mecánicos e térmicos. En doses excesivas poden causar queimaduras.

ultrasonoterapia *s.f.* Terapía mediante ultrasóns.

ultratermo *s.m.* Aparato empregado na diatermia por ondas ultracurtas.

ultravermello-a *adx.* Infravermello

ultravioleta *adx.* Que se sitúa máis aló do extremo violeta do espectro luminoso, de lonxitude de onda entre 4 e 400 nm, como raios ou radiacións que son visibles polo ollo humano.

ultravirus *s.m.* Axente patóxeno que, polo seu tamaño extraordinariamente pequeno, está fóra do alcance dos actuais instrumentos de óptica amplificadores.

ultravisible *adx.* Ultramicroscópico, invisible polos microscopios ordinarios.

umbascopia *s.f.* Esquiascopia ou retinoscopia.

umbilectomía *s.f.* Extirpación do embigo. Tamén se di **onfalectomía**.

umbilicación *s.f.* Formación dunha depresión no centro dunha superficie ou dunha prominencia de forma semellante á do embigo, sobre todo as formadas en pústulas, especialmente as da varíola.

umbilical *adx.* Relativo ou pertencente ó embigo. // **Arteria u.** Tronco vascular que transporta o sangue fetal desde a aorta ata a placenta. / **Cordón u.** V. **embigo**. / **Infección u.** Onfalite. / **Vea u.** Tronco vascular que transporta o sangue arterial da placenta ó embigo fetal, a través do cordón umbilical.

umbo *s.m.* (lat.) Prominencia, parte saínte no centro dunha superficie redonda, especialmente a da membrana timpánica no punto onde se insire o mango do martelo.

úmero *s.m.* Óso longo do brazo, que vai desde a articulación do ombro ata o cóbado formando o esqueleto do brazo. Consta dunha diáfise e dúas epífises, das cales a superior artículase coa cavidade glenoide da escápula e a inferior presenta dúas superficies articulares: unha que se articula na cavidade sigmoide maior do cúbito e a outra, o cóndilo, coa cabeza do radio. No úmero insírense varios músculos: os do ombro e os flexores e extensores do brazo.

uncia *s.f.* (lat.) 1. Onza. 2. Polgada.

unciforme *adx.* 1. Que ten forma de gancho. // *s.m.* 2. V. **óso**.

Uncinaria Xénero de vermes nematodos parasitos dalgúns animais domésticos. // **U. duodenalis** *Ancylostoma duodenale*.

uncinaríase *s.f.* Anquilostomíase.

uncinatum *s.m.* (lat.) Óso unciforme ou ganchudo.

unció *s.f.* Aplicación dun aceite ou unguento.

uncus *s.m.* (lat.) 1. Gancho ou obxecto con esta forma. 2. Extremo anterior, en forma de gancho, da circunvolución do hipocampo.

undecilenato *s.m.* Sal do ácido undecilénico. // **U. de cinc** Sal que se emprega en forma de po ou pomada no tratamento de certas afeccións dérmicas fungosas.

undécimo par *s.m.* Nervio espinal ou accesorio.

undelicénico, ácido *s.m.* Ácido graxo de cadea impar que se atopa normalmente na suor dos adultos, e que se emprega en forma tópica como antifúnxico en solución ó 10%.

UNG Siglas de Uretrite Non Gonocócica.

ungüe *s.m.* Óso lacrimal. Óso pequeno situado na parte interior e anterior das órbitas, que contribúe a forma-los conductos lacrimal e nasal.

ungueal *adx.* Ungular.

ungüento *s.m.* Substancia medicamentosa de uso externo, elaborado a base de ceras e resinas, de consistencia pastosa e que se licúa coa calor do corpo.

unguentum *s.m.* (lat.) Ungüento.

unguicola *s.f.* Uña pequena.

unguiculado-a *adx.* Que ten uñas nos dedos.

unguinal *adx.* 1. Relativo ou pertencente ó ungue. 2. Ungular.

unguis *s.m.* (lat.) 1. Uña. 2. Óso ungue ou lacrimal. 3. Ónix, variedade de hipopion. 4. Pterixión. // **U. hippocraticus** Coloración azulada das uñas que se observa nas enfermidades pulmonares. / **U. incarnatus** Uña encarnada.

ungula *s.f.* (lat.) 1. Casco dun animal. 2. Antigo instrumento para a extracción de fetos mortos.

ungular *adx.* Relativo ou pertencente ás uñas.

uni- Prefixo latino, un.

uniarticulado-a *adx.* Que ten unha soa articulación.

uniaxial *adx.* Que posúe un só eixe ou que se desenvolve nun só sentido.

unibásico-a *adx.* Que ten unha soa base. Tamén se di **monobásico**.

unicelular *adx.* Organismo formado por unha soa célula.

unicentral *adx.* Que ten un só centro.

úniceps *adx.* Do músculo que ten unha soa orixe ou unha soa cabeza.

uniceptor *s.m.* Receptor cun grupo simple de combinación.

unicidade *s.f.* Calidade de único.

único-a *adx.* Que é só no seu xénero, singular, excepcional.

unicollis *adx.* Relativo ó útero que ten corpo dobre e un só colo.

unicorne *adx.* Que ten un só corno, sobre todo o útero que só consta dunha das súas metades.

unicúspide *adx.* Que ten unha soa cúspide ou un só cume, especialmente os dentes cunha cúspide única.

unidade *s.f.* 1. Elemento dun conxunto. 2. Cantidade empregada como modelo de medida. 3. Xene. // **U. absoluta** Calquera das unidades de tempo, masa, espaciao, etc., do sistema cegesimal. / **U. antitóxica** Cantidade de antitoxina necesaria para neutralizar 100 veces a cantidade de toxina capaz de matar un cobaia de 250 gr. de peso. / **U.C.G.S.** Unidade do sistema centímetro-gramo-segundo ou cegesimal. / **U. clínica** Cantidade de substancia necesaria para producir unha reacción no paciente. / **U. coronaria** Unidade hospitalaria dotada de medios persoais e materiais adecuados para a asistencia a enfermos cardiovasculares graves. / **U. de Angstrom** Unidade de lonxitude equivalente a 10^{-10} m. Símbolo Å. / **U. de Ansbacher** Unidade de dosificación da vitamina K. / **U. de antixeno** A menor cantidade de antixeno que, en presenza do antisoro específico, pode fixar unha unidade de complemento para evita-la hemólise. / **U. de Becquerel** Unidade de actividade radioactiva do sistema internacional. / **U. de calor** Caloría. / **U. de forza** Dina. / **U. de Gray** Unidade de dose de radiación absorbida, equivalente a un joule por quilogramo. / **U. de Kiemböck** Unidade de dosificación radioactiva equivalente a 1/10 da dose eritema. / **U. de King** Unidade de dosificación da fosfatase. / **U. de membrana** Estructura trilaminar que constitúe a membrana celular e a dos orgánulos citoplasmáticos. / **U. de Montevideo** Unidade de medida da actividade uterina, que resulta do produto da intensidade das contraccións pola frecuencia con que se presentan, en 10 minutos. Tamén se di **unidade de Álvarez-Caldeyro**. / **U. de Oxford** Cantidade mínima de penicilina que, disolta en 50 ml. dun medio de cultivo, inhibe totalmente o desenvolvemento dun cultivo de *Staphylococcus aureus*. / **U. de resistencia** Ohm. / **U. de Rutherford** Unidade radioactiva equivalente a 1.000.000 de desintegracións radioactivas por segundo. / **U. de Schachter** Unidade de colinesterase: 5 mg de cloruro de acetilcolina disoltos en 0,0025 ml. de solución bicarbonatada de Ringer, a un PH de 7,4 e 38 °C de temperatura, en presenza de colinesterase liberan un microlitro de CO₂ por minuto. / **U. de Steenbock** Cantidade de vitamina D que produce en dez días unha liña de depósito cálcico nas metafises raquílicas dos extremos distais do cúbito e do radio nunha rata tipo. / **U. de Svedberg** Unidade equivalente a 10^{-13} cm/seg/dina/g, e constitúe a velocidade de flotación das proteínas plasmáticas, que é inversamente proporcional á súa densidade. / **U. do SI** Unidade do Sistema Internacional. Considéranse unidades base, o metro, quilogramo, segundo, ampere, Kelvin e mol; derivadas simples o m², seg² e mol/m³; derivadas especiais o hertz, newton, watt, coulomb, joule, volt, farad, ohm, siemens, wéber, lux, grao celsius, etc., e unidades suplementarias o radián e o estereorradián. / **U. eléctrica**

Calquera das unidades electromagnéticas ou electrostáticas. / **U. enzimática** Cantidade de enzima que cataliza a transformación dun milimol de substrato por minuto, a unha temperatura de 30° e a un PH óptimo. / **U. hemolítica** Cantidade de soro inmune inactivado que en presenza do complemento hemoliza un mililitro dunha solución ó 5% de eritrocitos lavados. / **U. hipotética** Unidade vital de protoplasma, considerada teoricamente como un agregado de moléculas ultramicroscópicas con posibilidade de desenvolvemento e reprodución. / **U. inmunizada** Unidade antitóxica. / **U. internacional** Unidade biolóxica dunha substancia, que corresponde a unha certa actividade farmacolóxica ou fisiolóxica, adoptada como referencia pola OMS. / **U. motriz** ou **motora** Conxunto de fibras musculares innervadas por un cilindroeixe e unha neurona motora. / **U. REM** Siglas de Roentgen Equivalent Man. Dose de irradiación que produce os mesmos efectos fisiolóxicos cá absorción de 1 rad. de Raios X ou radiacións gamma. / **U. RET** Siglas de Rad Equivalente Terapéutico. Unidade que relaciona a dose fisiolóxica de radiación coa súa actividade biolóxica. / **U. Röntgen** Unidade de medida de radiación que equivale á cantidade de radiación X ou gamma que nun tempo determinado produce ións capaces de transportar unha unidade electrostática de carga de cada signo. / **U. tóxica** Cantidade mínima de toxina que se precisa para matar un cobaia de 250 g. de peso en tres ou catro días.

uniflaxelado-a *adx.* Que ten un só flaxelo.

unifocal *adx.* Que ten un só foco.

uniglandular *adx.* Relativo a unha soa glándula.

unigrávida *adx.* Embarazada por primeira vez.

unilateral *adx.* Situado ou que afecta un só lado.

unilobador-a ou **unilobar** *adx.* Composto por un lobo só.

uninuclear *adx.* Que ten un núcleo só.

uniocular *adx.* Relativo ou pertencente a un só ollo. Tamén se di **monocular**.

unión *s.f.* Reunión dos fragmentos dun óso fracturado ou das beiras dunha ferida. // **U. primaria** Curación por primeira intención. / **U. viciosa** Consolidación dos extremos fracturados dun óso de xeito defectuoso.

uniovular *adx.* Formado a partir dun só óvulo, referido en especial a algúns xemelgos.

unípara *adx.* Que dá a luz un só fillo ou que pariu unha soa vez.

uniparental *adx.* Relativo a un só proxenitor.

unipolar *adx.* 1. Que ten unha soa prolongación ou un só polo, por exemplo, certas células nerviosas. 2. Que só é quen de conducir un tipo de electricidade. 3. Que ten lugar nun só polo eléctrico.

unipolaridade *s.f.* Predominancia dun dos dous tipos de electricidade.

unisexual *adx.* 1. Dun só sexo. 2. Que ocorre entre persoas do mesmo sexo.

unispermico-a ou **unispermo-a** *adx.* Monospermico ou monospermo.

unitario-a *adx.* Que presenta unidade.

unitivo-a *adx.* Que une, especialmente a substancia intercelular e o tecido conxuntivo.

univalente *adx.* Que só ten unha valencia. Tamén se di **monovalente**.

univalvo-a *adx.* Que posúe unha soa valva.

univalvular *adx.* Que só ten unha válvula.

universal *adx.* Común a todos ou aplicable a todo.

univitelino-a *adx.* Que pertence ou que procede dun só óvulo.

unixeminal ou **unixémino-a** *adx.* Relativo ou pertencente a un só dos xemelgos.

unixerminal *adx.* Relativo a un só xerme.

unlla *s.f.* Uña.

unto *s.m.* 1. Graxa que envolve os intestinos dos animais, especialmente do porco, que se emprega en cociña curada e salgada. 2. Substancia sebácea que cobre a pel do feto a termo. 3. Substancia que se pode untar. // **U. sebáceo** Substancia segregada polas glándulas sebáceas.

Unverricht, enfermidade de V. enfermidade.

uña *s.f.* Estructura laminal, córnea, situada na cara dorsal da última falanxe nos dedos das mans e dos pés. Está formada por escamas epiteliais planas, orixínase a partir do estrato lúdico da epiderme, e consta de tres partes: unha raíz ou matriz implantada nunha pregadura da pel; un corpo adherido pola parte interna e lateral ó extremo do dedo, e un extremo anterior libre. // **U. en culler** A que presenta unha depresión na parte central e as beiras elevadas. // **U. encarnada** Inflamación dolorosa da pel nos lados do leito da uña, que pode ser supurante. Obsérvase especialmente no primeiro dedo do pé. / **U. hipocrática** *Unguis hipocraticus.* / **U. xaspeada** *Leuconiquia.*

uñeiro *s.m.* 1. Uña encarnada. 2. *Panaricium.*

uracal *adx.* Relativo ó uraco.

uracilo *s.m.* Base piramídica que predomina nos ácidos nucleicos.

uraco *s.m.* Resto do conducto alantoide do feto, que no adulto constitúe un cordón fibroso desde o embigo á parte superior da vexiga urinaria. Tamén se di **ligamento umbilical medio**.

uracovexical *adx.* Relativo ó uraco e á vexiga.

uracrasia *s.f.* 1. Alteración da urina. 2. Incontinencia urinaria. Tamén se di **uracratia**.

uracratia *s.f.* Incontinencia urinaria, uracrasia.

uragogo-a *adx.* Que fai aumenta-la secreción urinaria. Tamén se di **diurético**.

ural *s.m.*, **uralina** *s.f.* ou **uralio** *s.m.* Cloraluretano, composto de cloral e uretano pouco soluble en auga, que se emprega como hipnótico.

uramilo *s.m.* Dialuramida, substancia cristalina que se obtén do ácido úrico, aloxantina e outras substancias.

uramina *s.f.* Guanidina.

uraminoácido *s.m.* Aminoácido semellante ós derivados dos ácidos da urea.

uranálise *s.m.* Análise de urina.

uranina *s.f.* Fluoresceína sódica que ó ser inxectada en persoas vivas produce unha coloración amarelada nas mucosas.

uranio *s.m.* Elemento metálico radioactivo de símbolo U, peso atómico 238,07 e peso específico 18,7. Algúns dos seus sales empréganse en medicina, por exemplo, o nitrato de uranio ten propiedades astrinxentes, e tamén se emprega en inhalacións nas afeccións da gorxa.

uranisco *s.m.* Ceo da boca ou parte superior do padal.

uraniscocasma *s.f.* Fisura do padal. Tamén se di **uranosquise**.

uraniscolalia *s.f.* Defecto da fala debido á fisura do padal.

uranisconire *s.f.* Inflamación do padal.

uraniscorrafia *s.f.* Uranorrafia.

uranismo *s.m.* Homosexualidade.

uranisplastia *s.f.* Uranoplastia.

uranista *adx.* Que practica o uranismo, homosexual.

urano- Prefixo grego, ceo.

uranocoloboma *s.m.* Coloboma ou fisura parcial conxénita do padal duro. Tamén se di **uranosquise**.

uranofobia *s.f.* Temor patolóxico ó ceo.

uranópago *s.m.* Epignato.

uranoplastia *s.f.* Cirurxía plástica do padal, co fin de restaurar malformacións. Tamén se di **palatoplastia**.

uranoplexía *s.f.* Parálise do veo do padal. Tamén se di **palatoplexía**.

uranorrafia *s.f.* Oclusión cirúrxica da fisura do padal.

uranosquise ou **uranosquiasma** *s.f.* Fisura do padal. V. **uranocoloboma**.

uranostafiloplastia *s.f.* Cirurxía plástica reconstructiva do padal duro e do brando.

uranostafilorrafia *s.f.* Cirurxía plástica oclusiva da fisura palatina. Tamén se di **palatorrafia**.

uranostafilosquise *s.f.* Fisura do padal óseo e membranos.

uranosteoplastia *s.f.* Uranoplastia.

urari *s.m.* Veleno similar ó curare.

urartrite *s.f.* Artrite gotosa.

urase *s.f.* Urease.

uratemia *s.f.* Presencia de uratos no sangue.

urato *s.m.* Sal do ácido úrico (sales sódicos especialmente) que normalmente existe no sedimento de urina e nos cálculos.

uratohistequia *s.f.* Afinidade do ácido úrico ou dos uratos por certos tecidos orgánicos.

uratólise *s.f.* Descomposición dos uratos.

uratoma *s.m.* Concreción formada por uratos.

uratose *s.f.* Depósito de uratos nos tecidos.

uraturia *s.f.* Exceso de uratos na urina. Tamén se di **lituria**.

urceiforme *adx.* Que ten forma de vasilla.

urea *s.f.* Diamida do ácido carbónico de fórmula $\text{CO}(\text{NH}_2)_2$, cristalina e incolora, que se comporta como unha base débil. Está presente na urina e, en pequenas cantidades, no sangue, na linfa, etc., e constitúe o principal composto de eliminación do amoníaco formado no catabolismo dos aminoácidos e das proteínas. Sintetízase no fígado, pasa ó sangue e é excretada pola urina. // **Aclaramento de u.** Cociente de depuración ureica, que indica a cantidade de sangue que se depura de urea durante un minuto ó seu paso polo ril. É unha proba da función renal. / **U. composta** Grupo no que un ou varios equivalentes de hidróxeno da urea son substituídos por equivalentes dun composto de orixe orgánica.

ureal *adx.* Relativo ou pertencente á urea.

ureametría *s.f.* Medición da cantidade de urea no sangue. Tamén se di **ureometría**.

ureómetro *s.m.* Ureómetro.

Ureaplasma Xénero de bacterias da familia microplasmataceas, que son capaces de sintetizar urea. A especie *U. urealyticum* é parasita habitual da membrana mucosa do home, e considérase responsable da uretrite.

ureapose *s.f.* Formación de urea.

urease *s.f.* Enzima que transforma a urea en amoníaco e anhídrido carbónico, e o ácido hipúrico en ácido benzoico e glicocola.

ureaxénico-a *adx.* Que produce urea.

uredema *s.m.* Edema dos tecidos causado pola urina extravasada.

uredo *s.m.* (lat.) 1. Sensación de frío ou de ardor excesivo na pel. 2. Urticaria.

ureido *s.m.* Composto de urea e un ácido ou aldehído formado por eliminación de auga.

urelcase *s.f.* Ulceración das vías urinarias.

uremia *s.f.* Síndrome debida á acumulación excesiva no sangue de substancias nitroxenadas, que é secundaria á insuficiencia renal aguda ou crónica. A sintomatoloxía

consiste en náuseas, vómitos cefalaxia, frío, somnolencia, convulsións, e cheiro a urina do alento e da suor. O enfermo pode chegar ó coma. Pode presentar diferentes formas: cerebral, gastrointestinal e respiratoria, delas a máis frecuente é a cerebral, sobre todo na súa variedade compulsiva ou ecláptica. Tamén se di **uroemia, urinemia, toxuria**.

urémide *s.f.* Erupción cutánea causada pola uremia.

uremíxeno-a *adx.* Que produce trastornos urémicos.

urente *adx.* Queimante.

ureografía *s.f.* Rexistro gráfico da cantidade diaria de urina excretada.

ureometría *s.f.* Ureametría.

ureómetro *s.m.* Instrumento co que se determina a proporción de urea contida na urina, ou en calquera solución.

ureosecretario-a *adx.* Relativo á secreción de urina.

ureotélico-a *adx.* Relativo ó animal no que a urea é o produto final de excreción do metabolismo nitroxenado.

urequise *s.f.* Difusión da urina polo tecido celular.

urese *s.f.* Emisión de urina. Tamén se di **micción, diuresis**.

uresiestesia *s.f.* Sensación subxectiva do paso da urina durante a micción.

uréter *s.m.* Conducto fibromuscular duns 27 cm de lonxitude que transporta a urina desde a pelve renal (infundíbulo) ata a parte posterior e inferior da vexiga.

ureteral ou **uretérico-a** *adx.* Relativo ou pertencente ó uréter.

ureteralxia *s.f.* Dor no uréter, ou neuralxia do uréter.

ureterectasia *s.f.* Distensión do uréter.

ureterectomía *s.f.* Extirpación total ou parcial do uréter.

ureterite *s.f.* Inflamación do uréter.

ureteroceles *s.f.* 1. Dilatación quística do extremo inferior do uréter. 2. Hernia ureteral.

ureterocervical *adx.* Relativo ou pertencente ó uréter e ó colo do útero.

ureterocistanastomose *s.f.* Anastomose do uréter ou transplante deste conducto noutro punto da vexiga. Tamén se di **ureteroneocistotomía**.

ureterocistoneostomía *s.f.* Ureterocistanastomose.

ureterocistoscopia *s.m.* Cistoscopia provisto dun catéter ureteral.

ureterocistostomía *s.f.* Anastomose cirúrxica entre o uréter e a vexiga.

ureterocolostomía *s.f.* Implantación cirúrxica do uréter no colon.

ureterodiálise *s.f.* Rotura do uréter. Tamén se di **ureterorrexese**.

- ureteroenterostomía** *s.f.* Implantación cirúrxica do uréter no intestino.
- ureteroflegma** *s.f.* Presencia de moco no uréter.
- ureterografía** *s.f.* Radiografía do uréter.
- ureterohidronefrose** *s.f.* Hidronefrose que afecta a parte superior do uréter.
- ureterointestinal** *adx.* Relativo ou pertencente ó uréter e ó intestino.
- ureterólise** *s.f.* 1. Rotura do uréter. 2. Liberación cirúrxica das adherencias ureterais.
- ureterolitíase** *s.f.* Formación ou presenza de cálculos no uréter.
- ureterólito** *s.m.* Cálculo do uréter.
- ureterolitotomía** *s.f.* Extracción de cálculos ureterais mediante diérese.
- ureteronefrectomía** *s.f.* Extirpación cirúrxica do ril e o uréter correspondente.
- ureteroneocistostomía** *s.f.* Implantación cirúrxica do extremo dos uréteres noutro punto da vexiga.
- ureteroneopielostomía** *s.f.* Sección cirúrxica dun uréter e posterior implantación noutra porción da pelve renal.
- ureteropielite** *s.f.* Inflamación do uréter e da correspondente pelve renal.
- ureteropielografía** *s.f.* Pielografía.
- ureteropielonefrite** *s.f.* Inflamación do uréter, pelve renal e ril.
- ureteropieloneostomía** *s.f.* Ureteroneopielostomía.
- ureteropiose** *s.f.* Inflamación supurativa do uréter.
- ureteroplastia** *s.f.* Cirurxía plástica do uréter, especialmente a que se realiza para corrixi-la súa estenose.
- ureteroproctostomía** *s.f.* Implantación cirúrxica do uréter no ano ou no recto.
- ureterorrafia** *s.f.* Sutura dunha fístula ureteral.
- ureterorraxia** *s.f.* Hemorraxia orixinada no uréter.
- ureterorrectostomía** *s.f.* Implantación cirúrxica do uréter no recto. Tamén se di **ureteroproctostomía**.
- ureterorrexe** *s.f.* Rotura do uréter.
- ureterosalpingostomía** *s.f.* Salpingoureterostomía.
- ureterosigmoidostomía** *s.f.* Implantación cirúrxica do uréter no colon sigmoide.
- ureterostenose** *s.f.* Estenose do uréter.
- ureterostoma** *s.m.* 1. Orificio vesical do uréter. 2. Fístula ureteral.
- ureterostomía** *s.f.* Formación cirúrxica dunha fístula permanente pola que o uréter poida baldeira-la urina.
- ureterostomose** *s.f.* Ureterostomía.
- ureterotomía** *s.f.* Incisión cirúrxica do uréter. Tamén se di **dissección do uréter**.
- ureterotrigoenterostomía** *s.f.* Implantación do uréter e parte do trígono vesical que o rodea no intestino.
- ureterotrigoanosigmoidose** *s.f.* Implantación cirúrxica do uréter no colon sigmoide coa porción de trígono vesical que o rodea, que se realiza na extrofia conxénita da vexiga.
- ureteroureteral** *adx.* Que une dous segmentos do uréter.
- ureteroureterostomía** *s.f.* Sutura dos extremos do uréter seccionado.
- ureterouterino-a** *adx.* Relativo ós uréteres e ó útero.
- ureterovaxinal** *adx.* Que está relacionado co uréter e a vaxina.
- ureterovesical** *adx.* Relativo ó uréter e á vexiga urinaria.
- ureterovesicostomía** *s.f.* Ureterocistostomía.
- urético-a** *adx.* 1. Relativo á urina. 2. Diurético. 3. Relativo á uretra.
- uretra** *s.f.* Conducto membranoso que vai desde a vexiga urinaria ata o exterior. A feminina é completamente membranosa, mide uns catro centímetros de longo, e vai desde o colo da vexiga ata o meato urinario, por riba da vaxina. A masculina mide entre catorce e dezaseis centímetros e vai desde o colo da vexiga ata o extremo do pene, dividida en dúas partes: unha anterior ou móbil e unha posterior ou fixa. A porción máis próxima á vexiga recibe o nome de prostática por estar rodeada pola próstata, e nela ábrese os conductos exaculadores e prostáticos; a parte seguinte é a membranosa, máis estreita, e vai desde o vértice da próstata ata o bulbo do corpo cavernoso; a parte distal é a esponxosa, formada por tecido eréctil e situada no pene, no suco inferior dos corpos cavernosos.
- uretral** *adx.* Relativo ou pertencente á uretra.
- uretralxia** *s.f.* Dor na uretra.
- uretratresia** *s.f.* Atresia ou imperforación da uretra.
- uretrectomía** *s.f.* Extirpación cirúrxica total ou parcial da uretra. // **U. circunferencial** Resección dun segmento completo da uretra.
- uretrenfraxe** *s.f.* Obstrución da uretra.
- uretrismo** *s.m.* Irritabilidade da uretra ou espasmo uretral.
- uretrite** *s.f.* Inflamación aguda ou crónica da uretra. // **U. blenorráxica** ou **gonorreica** A debida ó gonococo. / **U. diabética** ou **gotosa** Uretrite simple debida á diabete ou á gota, respectivamente. / **U. simple** A non debida a unha infección específica.
- uretroblenorrea** *s.f.* 1. Saída de pus pola uretra. 2. Blenorrea.
- uretrobulbar** *adx.* Relativo á uretra e ó bulbo do corpo esponxoso.

uretrocele *s.f.* 1. Prolapso da uretra feminina polo meato urinario. 2. Hernia uretral na vaxina. 3. Divertículo da parede uretral.

uretrrocistite *s.f.* Inflamación da uretra e da vexiga.

uretrrocistografía *s.f.* Radiografía da uretra e da vexiga urinaria, trala administración dunha substancia de contraste.

uretrrocistograma *s.m.* Radiograma da uretra e da vexiga urinaria.

uretrodinia *s.f.* Uretralxia.

uretrofima *s.m.* Tumor ou neoplasia na uretra.

uretrofraxe *s.f.* Uretrenfraxe.

uretrografía *s.f.* Radiografía da uretra.

uretrógrafo *s.m.* Instrumento que rexistra graficamente o calibre da uretra.

uretrolitíase *s.f.* Litíase ou formación de cálculos na uretra.

uretrólito *s.m.* Cálculo uretral.

uretrómetro *s.m.* Instrumento co que se mide a lonxitude e o diámetro da uretra.

uretropeneal ou **uretropeniano-a** *adx.* Relativo á uretra e ó pene.

uretroperineal *adx.* Relativo ou pertencente á uretra e ó perineo.

uretroperineoscrotal *adx.* Relativo á uretra, perineo e escroto.

uretroplastia *s.f.* Cirurxía plástica da uretra para corrixir lesións ou malformacións.

uretroprostático-a *adx.* Relativo ou pertencente á uretra e á próstata.

uretrorrafia *s.f.* Sutura da uretra, especialmente a dunha fístula uretral.

uretrorraxia *s.f.* Hemorragia uretral.

uretrorrea *s.f.* Fluxo anormal pola uretra. // **U. ex libidine** A causada por secreción das glándulas de Littre e Cowper ante imaxes ou ideas voluptuosas.

uretrorrectal *adx.* Relativo ou pertencente á uretra e ó recto.

uretroscopia *s.f.* Endoscopia uretral.

uretroscopio *s.m.* Instrumento empregado para o exame do interior da uretra.

uretrospasmo *s.m.* Espasmo uretral. Tamén se di **uretrismo**.

uretrostaxe *s.f.* Goteo de sangue pola uretra.

uretrostenose *s.f.* Estenose da uretra.

uretostomía *s.f.* Formación cirúrxica dunha fístula permanente na uretra, cando esta presenta unha estenose incorrizable.

uretrotomía *s.f.* Incisión cirúrxica que se realiza na uretra para corrixir unha estenose. // **U. externa** Abertura desde o exterior. / **U. interna** A practicada de dentro cara a fóra.

uretrótomo *s.m.* Instrumento co que se realiza a uretrotomía. // **U. de Civiale** O que serve para seccionar o orificio externo da uretra. / **U. de Maisonneuve** Uretrotomo que leva a folla cortante oculta ata que chega á estenose, onde secciona de diante a atrás.

uretrovaxinal *adx.* Relativo ou pertencente á uretra e á vaxina.

uretrovesical *adx.* Relativo ou pertencente á uretra e á vexiga.

urhidrose *s.f.* Uridrose.

-uria Sufixo do grego, urina.

uricacidemia *s.f.* Uricemia.

uricaciduria *s.f.* Presencia excesiva de ácido úrico na urina. Tamén se di **lituria**.

uricase *s.f.* Enzima que nos animais cataliza a transformación do ácido úrico en alantoína.

uricemia *s.f.* Presencia de ácido úrico no sangue.

úrico-a *adx.* 1. Relativo ou pertencente á urina. // *s.m.* 2. Ácido cristalizable de fórmula $C_5 H_4 N_4 O_3$, produto terminal do metabolismo das proteínas, que normalmente se atopa na urina así como en certas concrecións artríticas e nalgúns cálculos. Por oxidación transfórmasse en urea. No sangue atópase en forma libre ou en forma de uratos e combinacións diversas. A maior parte provén dos alimentos, e algún fórmase endoxenamente, por destrución de núcleos celulares. Aumenta a súa proporción cando se inxiren alimentos ricos en purinas, como carne, vísceras, marisco, etc., ou cando o metabolismo está alterado, de xeito que se produce en exceso ou se elimina de forma deficiente. O exceso da súa presenza no sangue produce trastornos como a gota.

uricolia *s.f.* Presencia de ácido úrico na bile.

uricolise *s.f.* Disolución ou debilitamento do ácido úrico.

uricómetro *s.m.* Instrumento co que se determina a cantidade de ácido úrico na urina.

uricopexia *s.f.* Fixación do ácido úrico nos tecidos.

uricopoesis *s.f.* Formación de ácido úrico.

uricosuria *s.f.* Eliminación de ácido úrico pola urina.

uricotélico-a *adx.* Dos animais que teñen como principal produto de excreción do metabolismo nitroxenado é o ácido úrico.

uricoxidase *s.f.* Enzima oxidativo do ácido úrico.

uridínico, ácido *s.m.* Nucleótido formado por ribosa e ácido fosfórico, que forma parte habitualmente do RNA e que actúa como precursor na súa síntese.

uridrose *s.f.* Presencia de ácido úrico ou urea na suor. // **U. cristalina** Depósito na pel de cristais de ácido úrico.

uriestesia *s.f.* Uresiestesia.

urina *s.f.* Líquido segregado polos riles e almacenado na vexiga, de cor e olor característicos, sabor salino amargo e reacción lixeiramente ácida. O seu peso específico é variable entre 1,005 e 1,030. A cantidade segregada por un adulto é de 1300 a 1600 ml. por día, dos cales o 96% é auga e o 4% restante materia sólida: urea, cloruro de sodio, ácido fosfórico, ácido sulfúrico, ácido úrico, ácido hipúrico, urobilina e sales orgánicos. Ademais pódense atopar diversas substancias anormais, como acetona, proteínas, bile, glicosa, hemoglobina, espermatozoides, células epiteliais, cilindros, etc. // **U. biliosa** ou **ictérica** A que aparece tinguida polos pigmentos biliares. / **U. crúa** Urina transparente, pouco densa e sen depósito. / **U. cruenta** A que contén sangue. / **U. do sangue** A primeira da mañá, despois de descansar de noite, non influída por alimentos nin bebidas. / **U. dispéptica** A propia dos estados dispépticos, que a miúdo contén cristais de oxalato cálcico. / **U. espástica** Urina nerviosa. / **U. febril** Urina coloreada e escasa, de forte cheiro, segregada en estados febrís. / **U. gotosa** Urina segregada en cantidade escasa e de cor escura, que contén gran cantidade de ácido úrico. / **U. histérica** Urina nerviosa. / **U. leitosa** ou **quilosa** Quiluria. / **U. nerviosa** Urina en cantidade abundante, de pouca densidade, excretada durante os estados de excitación nerviosa. / **U. residual** A que queda na vexiga despois da micción, nos enfermos de hipertrofia prostática. / **U. sanguinis** Urina de sangue. / **U. espástica** Urina de tipo nervioso ou histérico, de cor moi escasa.

urinable *adx.* Que pode ser excretado coa urina.

urinario-a *adx.* 1. Relativo ou pertencente á urina. 2. Que segrega ou que contén urina.

urinativo-a *adx.* Diurético.

urinemia *s.f.* Uremia.

urinífero-a *adx.* Que ten ou que transporta urina.

urinífico-a ou **uriníparo-a** *adx.* Que produce urina.

urinocrioscopia *s.f.* Crioscopia da urina.

urinocultivo ou **urocultivo** *s.m.* Cultivo dunha pequena cantidade de urina extraída asepticamente, co fin de determina-lo xerme causante da infección.

urinoglicosómetro *s.f.* Instrumento que permite determina-la cantidade de glicosa presente na urina.

urinoloxía *s.f.* Uroloxía.

urinoma *s.m.* Tumor ou quiste que contén urina.

urinómetro *s.m.* Instrumento para medi-la densidade da urina. Tamén se di **urómetro**.

urinoscopia *s.f.* Uroscopia.

urinoso-a *adx.* Relativo ou pertencente á urina, que a contén ou que se asemella a ela.

urinoxenital *adx.* Uroxenital.

urinoxeno-a *adx.* De orixe urinaria ou que produce urina.

urisolvente *adx.* Que ten capacidade para disolve-lo ácido úrico.

uríte *s.f.* Dermatite calórica.

urninxismo *s.m.* Uranismo, homosexualidade.

uro- Prefixo grego, urina.

uroacidímetro *s.m.* Instrumento que permite medi-la acidez da urina.

uroamónico-a *adx.* Relativo a algúns cálculos de ácido úrico e amoníaco.

uroazotómetro *s.m.* Aparello que mide a cantidade de substancias nitroxenadas presentes na urina.

urobacilo *s.m.* Bacilo presente na urina.

urobilina *s.f.* Pigmento da bile que resulta da redución da bilirrubina, e que en certas enfermidades aparece no intestino e na urina.

urobilinemia *s.f.* Presencia de urobilina no sangue.

urobilinóxeno *s.m.* Precursor da urobilina que resulta da transformación dos pigmentos biliares por bacterias.

urobilinuria *s.f.* Presencia de urobilina na urina.

urocatepsina *s.f.* Uropepsina.

urocele *s.f.* 1. Tumor que se forma pola infiltración de urina nas bolsas intestinais. 2. Tumefacción ou quiste que contén urina.

urocianose *s.f.* Cianose da urina. Tamén se di **indicinuria**.

urocianóxeno *s.m.* Pigmento azulado que aparece na urina en certas enfermidades, especialmente no cólera.

urocinase *s.f.* Substancia estimulante da fibrinólise que se atopa na urina, e que, purificada, se emprega como trombolítico en enfermidades como o embolismo pulmonar.

urocinético-a *adx.* Que se produce por un reflexo dos órganos urinarios, ou que dá lugar a este reflexo.

urocistite *s.f.* Cistite ou inflamación da vexiga urinaria.

urocisto *s.m.* Vexiga urinaria.

uroclepsia *s.f.* Emisión inconstante de urina.

urocrisia ou **urocrise** *s.f.* 1. Diagnóstico mediante o exame da urina. 2. Crise na que destaca unha abundante emisión de urina.

urocromo *s.m.* Pigmento amarelado da urina.

urocromóxeno *s.m.* Precursor do urocromo, o cal se forma por oxidación completa.

urodensímetro *s.m.* Urómetro.

urodiálise *s.f.* Supresión ou substitución parcial ou total da función urinaria.

urodinia *s.f.* Dor durante a micción.

uroemia *s.f.* Uremia.

uroeritrina *s.f.* Colorante vermello presente nos sedimentos dos uratos na urina.

urofánico-a *adx.* Que se presenta na urina.

urofeína *s.f.* Pigmento gris da urina, que lle proporciona o cheiro.

uroflavina *s.f.* Composto fluorescente que se atopa na urina despois da inxestión de riboflavina.

urofobia *s.f.* Medo a que se presente a necesidade de urinar en momentos inoportunos.

urofusohematina *s.f.* Pigmento vermello derivado da hematina, presente na urina.

urogáster *s.m.* Parte da cavidade alantóide do embrión que constitúe o intestino urinario.

uroglauцина *s.f.* Pigmento azulado que se produce por oxidación dun cromóxeno incoloro, presente ás veces na escarlatina.

urografía *s.f.* Radiografía das vías urinarias, que se realiza por dous procedementos: na urografía ascendente ou retrógrada o medio de contraste introdúcese na vexiga pola uretra; na descendente ou intravenosa, o contraste adminístrase por vía intravenosa, e cumpre a súa función ó ser eliminado pola urina.

urograma *s.m.* Rexistro gráfico dunha urografía.

urogravímetro *s.f.* Urómetro.

urohematina *s.f.* Pigmento colorante da urina. Tamén se di **urocromo**.

urohematonefrose *s.f.* Distensión da pelve renal por sangue e urina debido á presenza de cálculos ou tumores na parte superior das vías urinarias.

urohipertensina *s.f.* Substancia que se deriva da urina, e que inxectada no sangue fai subirla presión arterial.

uroide *adx.* Que presenta forma de cola.

urolitíase *s.f.* Litíase urinaria.

urolítico-a *adx.* Relativo ou pertencente ós cálculos urinarios.

urólito *s.m.* Cálculo urinario.

urolitoloxía *s.f.* Estudo dos cálculos urinarios e das doenzas provocadas por eles.

uroloxía *s.f.* Rama da medicina que se ocupa de estudialo aparello urinario e o aparello xenital masculino.

uroluteína *s.f.* Pigmento amarelo da urina.

uromancia *s.f.* Suposto método de adiviñación polo exame do aspecto da urina.

uromelanina *s.f.* Pigmento negro que resulta da descomposición do urocromo, e que ás veces está presente na urina.

uromelo *s.m.* Monstro fetal que presenta as dúas pernas fusionadas nunha soa extremidade.

urómetro *s.m.* Aparello que serve para medir a densidade da urina. Tamén se di **urinómetro**.

uronco *s.m.* Tumor urinoso ou urinoma.

uronefrose *s.f.* Hidronefrose.

uronometría *s.f.* Medición da cantidade de urina excretada nun tempo dado.

uronoscopia *s.f.* Uroscopia.

uropatía *s.f.* Alteración ou enfermidade das vías urinarias.

uropenia *s.f.* Escaseza da secreción ou excreción de urina.

uropepsina *s.f.* Enzima proteolítico derivado do pepsinóxeno que segregan as glándulas gástricas, presente na urina, á que pasará a través da cápsula de Bowman.

uropionefrose *s.f.* Distensión do ril e da pelve renal pola urina e o pus.

uropiouréter *s.m.* Presencia de pus mesturado con urina no uréter.

uropoese *s.f.* Producción ou secreción de urina.

uroporfirina *s.f.* Tetraacetilpropionilporfirina, tetrapirrol que ten un radical acético e outro propiónico como cadeas laterais. Atópase na urina e nas feces.

uropostema *s.f.* Absceso urinoso.

uroposamo *s.m.* Sedimento ou areña urinaria.

uroquesia *s.f.* Eliminación de urina polas feces. Tamén se di **diarrea urinosa**.

uroquinético-a *adx.* Urocinético.

uroraxia *s.f.* 1. Hematuria. 2. Emisión de urina en cantidade excesiva.

urorrea *s.f.* Emisión involuntaria de urina. Tamén se di **enuresis**.

urorritmografía *s.f.* Rexistro gráfico da saída de urina polos uréteres.

urorrodina *s.f.* Pigmento de cor rosa, que se forma por descomposición do urorrodinóxeno, escaso na urina normal pero abundante en enfermidades como a nefrite, febre tifoide, tuberculose, etc.

urosacarimetría *s.f.* Medición da cantidade de azucre presente na urina.

uroscopia *s.f.* Observación da urina con fins diagnósticos.

urose *s.f.* Enfermidade dos órganos do aparello urinario.

urosemioloxía *s.f.* Diagnóstico pola análise da urina.

urosepsis *s.f.* Sepsis causada pola urina extravasada ós tecidos. Tamén se di **urotoxemia**, **febre urinaria**.

urospectrina *s.f.* Pigmento que, unido á hematóporfirina, está presente na urina normal.

urosqueocele *s.f.* Urocele.

urosquese *s.f.* Retención de urina.

urostalagmia ou **urostalagmometría** *s.f.* Estudio da urina mediante o estalagómetro.

urosteálito *s.m.* Cálculo urinario con compoñentes graxos.

uroteobromina *s.f.* Paraxantina.

uroterapia *s.f.* Tratamento dalgunhas enfermidades mediante a administración de urina, ou tratamento das enfermidades urinarias.

urotise *s.f.* Diabete sacarina.

urotoxemia *s.f.* Urosepse.

urotoxia *s.f.* 1. Cantidade mínima de urina por quilo-gramo de substancia capaz de causa-la morte. Constitúe a unidade de toxicidade urinaria. 2. Toxicidade da urina.

urotoxicidade *s.f.* Calidade tóxica da urina.

urotóxico-a *adx.* Relativo ou pertencente ás substancias tóxicas presentes na urina.

urotropin *s.f.* Nome rexistrado da hexametilenoctetramina ou metenammina, substancia que se utiliza como antiséptico das vías urinarias e biliares, e como disolvente do ácido úrico.

urouréter *s.m.* ou **uroureterose** *s.f.* Distensión do uréter causada pola acumulación de urina.

uroxenital *adx.* Relativo ou pertencente ás vías urinarias e ós órganos urinarios e xenitais.

uróxeno-a *adx.* Que produce urina ou que é orixinado a partir da urina.

uroxina *s.f.* Aloxantina.

urtica *s.f.* Placa de urticaria.

urticación *s.f.* 1. Sensación de proído semellante á que produce a ortiga. 2. Antigo método revulsivo e excitante que consistía na flaxelación ou en fregas con ortigas.

urticante *adx.* Que produce unha sensación de proído intenso semellante ó que causa o contacto con ortigas.

urticaria *s.f.* Dermatose na que aparecen lesións edematosas como ronchas e unha forte sensación de proído. Caracterízase por pápulas que se diferencian claramente da pel circundante por seren vermellas nas beiras e algo máis claras no medio. // **U. aguda** Aparición masiva e repentina das pápulas e ronchas, que involucionan rapidamente. / **U. colinérxica** Ronchas moi intensas e prurixinosas que se deben ó estímulo da suor, da calor ou ó nerviosismo, que causan a liberación de acetilcolina polos mastocitos. / **U. crónica** Urticaria recidivante que pode permanecer varios meses. / **U. facticia** Ronchas que aparecen despois de fregar ou rasca-la pel. / **U. ó frío** A que se produce pola acción do frío sobre zonas do corpo

desprotexidas del. / **U. papulosa** Prurixe simple debida á hipersensibilidade ás picaduras de certos insectos. / **U. pigmentosa** Mastocitose. / **U. por calor** A que aparece trala exposición á calor. / **U. por compresión** A que aparece debida a compresións da pel. / **U. por inhalación** Aquela que se debe á inhalación de alérxenos. / **U. solar** A que aparece pola exposición ó sol en zonas da pel non protexidas. / **U. xigante** Edema anxioneurótico.

urticarismo *s.m.* Tendencia ó desenvolvemento de urticaria por irritacións mínimas.

urxente *adx.* Que debe realizarse ou ocorrer axiña.

usagre *s.m.* Impetixe vulgar ou eccema impetiginoso infantil.

uso *s.m.* Emprego dunha cousa ou substancia. // **U. externo** Aplicación de medicamentos na pel ou nas mucosas externas. / **U. interno** Aplicación por vía oral, rectal ou inxección.

utilaxina *s.f.* Alcaloide presente nos fungos do xénero *Ustilago*.

utilaxinismo *s.m.* Estado tóxico semellante ó ergotismo, debido á inxestión de millo infectado con fungos do xénero *Ustilago*.

ustión *s.f.* Cauterización realizada co cauterio actual.

ustulación *s.f.* Secado mediante calor dunha droga húmida.

ustus *adx.* (lat.) Queimado.

usura *s.f.* (lat.) Desgaste, erosión.

uta *s.f.* Forma de leishmaníase en Perú.

uteralxia *s.f.* Dor no útero. Tamén se di **metralxia**, **histeralxia**.

uteramina *s.f.* Tiramina derivada do cornizó do centeo.

uterectomía *s.f.* Histerectomía.

uterino-a *adx.* 1. Relativo ou pertencente ó útero. 2. Nado da mesma nai.

uterismo *s.m.* Dor ou espasmo uterino.

uterite *s.m.* Metrite, inflamación do útero.

útero *s.m.* Órgano da xestación, oco e muscular, que ten a función de recibir-lo óvulo fecundado, conservalo e nutrido e expulsa-lo feto no parto. Ten forma de pera aplanaada, e uns 7-8 cm de lonxitude, formado por dúas partes: unha ancha ou corpo, chamada fondo, aberta nos extremos laterais superiores ás trompas uterinas, e unha estreita ou colo que se comunica co exterior pola vaxina. Localízase na pelve menor entre a vexiga e o recto. Está constituído por unha capa muscular de fibras lisas, que forman tres estratos: capa serosa, miometrio e endometrio (esta última é na que se implanta o óvulo fecundado), e unha mucosa interna. Por fóra está cuberto pola serosa peritoneal. Atópase unido á pelve polos ligamentos anchos, redondos e uterosacos. Tamén se di **matriz**. // **U. bicórneo** Útero desdoblado na parte superior, presen-

tando dous cornos. / **U. bilocular** Malformación na que o útero está dividido en dous por un tabique lonxitudinal. / **U. de Piskacek** Embarazo nun cornio do útero. / **U. didelfo, dobre** ou **duplex separatus** Malformación uterina debida ó desenvolvemento independente dos conductos de Müller, que se fusionan por debaixo das trompas, dando lugar á formación de dous úteros e dúas vaxinas independentes. / **U. fetal** O que ten o conducto cervical máis longo có corpo. / **U. grávido** O que aloxa un embrión ou un feto. / **U. infantil** Útero anormalmente desenvolvido que se observa na hipoplasia dos órganos xenitais. Presenta un tamaño pequeno e desproporcionado, co colo tan longo coma o corpo. / **U. irritable** Neuralxia uterina. / **U. masculino** Utrículo prostático. / **U. unicorn** Malformación uterina debida á falta de desenvolvemento dun dos conductos de Müller, que dá lugar a un útero desenvolvido só nunha das súas dúas metades.

uteroabdominal *adx.* Relativo ó útero e ó abdome.

uterocele *s.f.* Hernia uterina.

uterocervical *adx.* Relativo ó colo do útero.

uterocistotomía *s.f.* Anastomose cirúrxica entre o colo do útero e a vexiga.

uterodinia *s.f.* Dor no útero. Tamén se di **histeralxia, uteralxia.**

uterofixación *s.f.* Histeropexia.

uterografía *s.f.* Radiografía do útero. Tamén se di **histerografía.**

uterointestinal *adx.* Relativo ou pertencente ó útero e ó intestino.

uterólito *s.m.* Cálculo no útero.

uteroloxía *s.f.* 1. Tratado ou conxunto de saberes sobre o útero. 2. Xinecoloxía e obstetricia.

uterolumbar *adx.* Relativo ou pertencente ó útero e á rexión lumbar.

uterómetro *s.m.* Histerómetro, instrumento co que se miden as dimensións do útero.

uteroovárico-a *adx.* Relativo ó útero e ó ovario.

uteroparietal *adx.* Relativo ou pertencente ó útero e á parede abdominal.

uteropatía *s.f.* Afección uterina. Tamén se di **histeropatía.**

uteropélvico-a *adx.* Relativo á pelve e ó útero.

uteropexia *s.f.* Histeropexia.

uteroplacentario-a *adx.* Relativo ou pertencente ó útero e á placenta.

uteroplastia *s.f.* Cirurxía reparadora dunha malformación conxénita do útero.

uterorraxia *s.f.* Metrorraxia.

uterorrea *s.f.* Leucorrea.

uterorrectal *adx.* Relativo ó útero e ó recto.

uterosalpingografía *s.f.* Radiografía do útero e das trompas.

uterosclerose *s.f.* Esclerose do útero.

uteroscopia *s.f.* Endoscopia uterina.

uterotomía *s.f.* Histerotomía.

uterotónico-a *adx.* Que fortalece o músculo uterino.

uterotractor *s.m.* Pinza forte para a tracción do útero, para o cal as súas ramas abren cando están introducidas na cavidade uterina.

uterotubarario-a *adx.* Relativo ó útero e ás trompas de Falopio.

uterovaxinal *adx.* Relativo ó útero e á vaxina.

uterovesical *adx.* Relativo ó útero e á vexiga urinaria.

uteroxestación *s.f.* Embarazo uterino.

uterus *s.m.* (lat.) Útero.

utricular *adx.* 1. Relativo a un utrículo. 2. Que ten forma de saco.

utriculite *s.f.* Inflamación do utrículo prostático.

utrículo *s.m.* Cavidade en forma de saco. // **U. do oído** ou **do vestibulo** O máis grande dos dous compartimentos do labirinto membranoso do oído interno, onde conflúen os conductos semicirculares. Xunto co sáculo contén unha terminación sensorial chamada mácula. / **U. prostático** ou **uretral** Órgano en forma de saco que constitúe un resto dos conductos de Müller no home, situado na metade da porción prostática da uretra e aberto no verumontanum. Tamén se di **introito vaxinal masculino, vesícula espermática, vesícula prostática, vesícula de Weber.**

utriculosacular *adx.* Relativo ó utrículo e ó sáculo do oído.

utriforme *adx.* Utricular, en forma de saco.

úvea *s.f.* Capa media da parede do ollo, en concreto, a parte pigmentada do iris, formada polo iris, corpo ciliar e corioide, e constituída por músculo liso. É moi rica en vasos sanguíneos, que leva á súa parte anterior, polo que tamén se denomina capa vascular. Tamén se di **tracto uveal.**

uveíte *s.f.* Inflamación da úvea. // **U. de Förster** Inflamación de carácter sifilítico do tracto uveal. / **uveoparotidite** Inflamación da úvea e das glándulas parotidianas. Tamén se di **febreuveoparotidiana.**

uveoplastia *s.f.* Cirurxía plástica da úvea.

uveosclerite *s.f.* Inflamación da úvea e da esclerótica.

UVI Siglas de Unidade de Vixilancia Intensiva. V. **UCI.**

úvico-a *adx.* Tartárico, derivado de uva.

uviforme *adx.* En forma semellante á dun bago de uva.

uviol *s.m.* Lámpada que emite raios ultravioleta.

uviómetro *s.m.* Instrumento que mide as radiacións ultravioleta.

uviorresistente *adx.* Resistente ás radiacións ultravioleta.

uviosensible *adx.* Sensible ás radiacións ultravioletas.

uvoloptose *s.f.* Relaxación e caída do veo do padal. Tamén se di **estafiloptose**.

úvula *s.f.* Prominencia carnosa que pendura do veo do padal por riba da base da lingua, formada polo músculo da úvula ou palatostafilino, tecido conxuntivo e mucosa. Tamén se di **campañña**. // **U. bífida** A que está dividida

en dúas. / **U. cerebelosa** Porción do vermis inferior entre as amígdalas cerebelosas. / **U. vesical** Eminencia pequena do vértice do trígono vesical, que se proxecta no orificio da uretra.

uvular *adx.* 1. Relativo ou pertencente á úvula. // *s.m.* 2. Músculo ácigo da úvula.

uvulectomía *s.f.* Extirpación da úvula.

uvuliforme *adx.* Semellante á úvula.

uvulite *s.f.* Inflamación da úvula.

uvulotomía *s.f.* Sección cirúrxica, total ou completa, da úvula.

V

v Liña angular que ten a forma desta letra. // **V lingual** Liña de papilas caliciformes situada cerca da base da lingua. No seu vértice sitúase o burato cego de Morgagni.

V Símbolo do vanadio

vacciniola ou **vaccinola** *s.f.* Vesícula que aparece na pel despois da vacinación, e que se asemella ó rash da variola.

vaccinum *s.m.* (lat.) Vacina.

vacina *s.f.* 1. Enfermidade infecciosa propia dos animais bóvidos e óvidos e inoculable e transmisíble ó home, caracterizada por erupción pustulosa, e causada por un virus de propiedades antixénicas semellantes ás do virus da varíola, polo que causa inmunidade contra esta enfermidade. 2. Humor ou linfa contida nas pústulas de vacina que se empregou para inocula-la enfermidade con fins profilácticos. 3. Preparación antixénica específica, de capacidade patóxena atenuada ou nula, que produce no organismo receptor inmunidade activa contra unha enfermidade. // **V. acuosa** Vacina na que se emprega como vehículo unha solución fisiolóxica. / **V. anticolérica** A preparada con *Vibrio cholerae* mortos, en suspensión estéril. / **V. antidiftérica** A preparada por filtrado estéril e inocuo de toxoide diftérico, aplicada en tres doses repetidas a intervalos dun mes, e que causa inmunización activa contra a difteria. / **V. antigripal** Formada por antixenos víricos (as cepas víricas varían cada ano segundo as indicacións da OMS) cultivados en embrións de polo e ultrapurificados, que se empregan para conseguir inmunidade contra a gripe. / **V. antimalárica** A preparada con virus atenuados da febre amarela cultivados nun embrión de polo. / **V. antipertussis** Vacina da tose ferina. / **V. antipoliomielítica** A que se emprega para acadala inmunidade contra a poliomielite. Existen dous tipos dos cales se recomenda o primeiro: a vacina de Sabin, trivalente, de administración oral, con poliovirus atenuados, e a vacina de Salk, inxectable, con tres tipos de virus inactivados con formaldehído. / **V. antirrábica** A preparada con emulsión de medulas de coellos mortos por rabia, segundo diversos métodos, e inoculada por vía subdural. / **V. antirrubéola** Preparada por suspensión liofilizada de virus vivos atenuados, empregada para a inmunización contra a rubéola. / **V. antisarampelo** ou **antixarampón**

Vacina preparada con virus do sarampelo vivos e atenuados, que causa inmunización activa contra esta enfermidade. / **V. antitetánica** Toxoide tetánico inoculado para a inmunización activa contra o tétano. / **V. antitífica** ou **antitifoide** A preparada cunha suspensión de bacilos tíficos mortos dunha cepa de gran poder antixénico, que causa inmunización activa contra o tifo. / **V. antitóxica** A que se prepara con antitoxinas tratadas con formol e calor, que lles fan perde-la súa toxicidade, pero mantendo a capacidade antixénica. / **V. antituberculosa** Vacina de Calmatte. / **V. antivariólica** A obtida de pústulas da vacina de bóvidos sans ou de virus vacinal cultivados en embrións de polo, que causa inmunidade contra a variola. / **V. autóxena** Autovacina preparada con microorganismos illados de focos ou de lesións do propio individuo que é tamén receptor da vacina. / **V. bacteriana** ou **bacteriana** A preparada con bacterias vivas atenuadas ou mortas, ou con fraccións antixénicas de bacterias, da mesma ou de varias especies, en suspensión nun líquido que se inxecta para estimular os mecanismos específicos contra certas infeccións causadas por bacterias da mesma clase. / **V. cuádruple** Asociación dos toxoides tetánico e diftérico, e de vacinas antioqueluchosa e de Salk. / **V. da tose ferina** Preparada en suspensión de *Haemophilus pertussis*, administrada en tres doses repetidas en intervalos dun mes, que causa inmunización activa contra a tose ferina. / **V. de Aragão** Vacina preventiva da febre amarela. / **V. de Calmette** Vacina profiláctica da tuberculose nos neonatos, consistente en bacilos vivos de tuberculose bovina, mantidos en bile de boi glicerínada coa fin de atenuar-la súa virulencia. Adminístrase por vía subcutánea en neonatos, nenos e adolescentes. / **V. de Castañeda** A preparada con pulmóns de ratos infectados con *Rickettsia prowazkii*, para a prevención do tifo exantemático. / **V. de Ferran** Vacina anticolérica que contén os corpos microbianos e os seus produtos. / **V. de Friedländer** A preparada co bacilo *Klebsiella pneumoniae*, que se inocula no catarro nasal crónico. / **V. de Sabin** Vacina antipoliomielítica de Sabin. / **V. de Salk** Vacina antipoliomielítica de Salk. / **V. de Sauer** Tipo de vacina antituberculosa formada por bacilos bovinos autolisados. / **V. dobre** A composta de toxoide tetánico e diftérico. / **V. heteróloga** A constituída por unha cepa diferente da que

ocasiona a enfermidade que se trata con ela, que se emprega como forma de vacinación non específica. / **V. homóloga** Vacina autóxena. / **V. mixta** A preparada con máis dunha especie bacteriana. / **V. multivalente** A preparada con varias razas da mesma especie bacteriana. / **V. polivalente** Vacina multivalente. / **V. profiláctica** Vacina para a inmunidade activa, pois o propio organismo é quen fabrica anticorpos cando se administra. / **V. sensibilizada viva** A preparada con bacterias vivas tratadas con soro específico inmunizante, que se supón que facilita a formación de anticorpos. / **V. sintética** A que non contén virus intactos, senón péptidos ensamblados no laboratorio, que mimetizan unha rexión moi pequena da envoltura externa do virus e que inducen a produción de anticorpos capaces de neutralizalo. / **V. TAB** Vacina específica que contén os bacilos da febre tifoide e das paratífoides A e B. / **V. terapéutica** A que se administra unha vez instaurada a enfermidade, que estimula as defensas que contribúen a cura-lo proceso ou a arrefria-lo foco. / **V. triple** Vacina composta pola asociación de toxoides tetánico e diftérico e vacina antioque-luchosa. / **V. vírica** A preparada con virus inactivados ou con fraccións antixénicas dos mesmos, que se emprega na profilaxe da hepatitis B. / **V. Zinsser** Vacina preventiva do tifo exantemático, que contén 5.000 millóns de *Rickettsia/ml*.

vacinable *adx.* Que pode ser vacinado.

vacinación *s.f.* Inoculación dunha vacina en xeral co fin de producir no organismo unha inmunidade activa. // **V. animal** A obtida con linfa do animal. / **V. curativa** A que trata de combate-la enfermidade unha vez contraída, mediante o aumento da produción de anticorpos. / **V. intradérmica** A que se inocula por inxección dérmica. / **V. intrauterina** Inmunización do feto contra a varíola mediante a vacinación da nai. / **V. pasteurina** ou **pasteuriana** A que se realiza con virus atenuados pola calor ou por desecación.

vacinela *s.f.* Forma de vacina atenuada pola falta de receptividade da persoa. Tamén se di **vacina falsa**.

vacíneo-a *adx.* Que produce ou que é fonte de vacina.

vacínide *s.f.* Manifestación cutánea secundaria a unha vacina.

vacínifero-a *adx.* 1. Portador de vacina. // *s.m.* 2. Individuo do que se toma a vacina. Tamén se di **vacínóxeno**.

vacínifero-a *adx.* Que se emprega para o subministro de vacinas.

vacíniforme *adx.* Semellante a unha vacina.

vacinoprofilaxe *s.f.* Vacinación profiláctica.

vacinostilo *s.m.* Lanceta pequena que se emprega para a vacinación.

vacinoterapia *s.f.* Emprego de vacinas bacterianas co fin de cura-lo proceso infeccioso ou de atenua-los síntomas.

vacínóxeno-a *adx.* Que produce vacina.

vacuoextractor *s.m.* Aparello obstétrico que se emprega para axudar a expulsa-lo feto durante o parto, que actualmente foi substituído polo fórceps.

vacuolar (sistema) *s.m.* Conxunto de vacúolos dunha célula. Tamén se di **vacuoma**.

vacuolización *s.f.* Proceso de formación de vacúolos.

vacúolo *s.m.* Inclusión citoplasmática pequena, xeralmente acuosa, que adoita conter substancias de reserva, proteínas, enzimas dixestivos, etc. // **V. contráctil** Pequena cavidade no protoplasma dos organismos unicelulares, que aumenta de tamaño e que logo se reprega, á que se lle atribúen funcións respiratorias e excretoras. / **V. de Barrier** Absceso peribronquial. / **V. plasmócrino** Vacúolo que se atopa cheo de coloide ou cristaloides, no citoplasma dunha célula secretora.

vacuoma *s.m.* Sistema vacuolar.

vacuum *adx. e s.m. (lat.)* Baleiro ou baldeiro.

vademecum *s.m.* Libro que inclúe as nocións fundamentais dunha ciencia ou disciplina.

vadum *s.m. (lat.)* Elevación no interior dunha fisura cerebral.

vagal *adx.* Relativo ou pertencente ó nervio vago.

vagitus *s.m. (lat.)* Choro ou salouco do neonato.

vago *s.m.* Nervio pneumogástrico.

vagoaccesorio-a *adx.* Relativo ó nervio pneumogástrico e da rama externa ou accesoira do nervio espiñal, considerados conxuntamente.

vagolosofarínxeo-a *adx.* Relativo ó nervio vago e á glossofarínxe.

vagograma *s.m.* Rexistro gráfico da actividade do nervio vago. Tamén se di **electrovagograma**.

vagólise *s.f.* Tratamento médico ou cirúrxico que consiste na interrupción da acción do nervio vago.

vagomimético-a *adx.* Que ten un efecto semellante ó da excitación do nervio vago.

vagosimpático-a *adx.* Relativo ou pertencente ó nervio vago e ó simpático.

vagosplácnico-a *adx.* Vagosimpático.

vagotomía *s.f.* Sección cirúrxica do nervio vago. // **V. selectiva proximal** Sección de tódalas ramas vagais dirixidas ó fundo e ó corpo gástrico, conservando a innervación do antro e dos demais órganos abdominais. Siglas VSP. / **V. selectiva total** Sección de tódalas ramas gástricas, mantendo as dirixidas ós outros órganos abdominais. Siglas VST. / **V. troncular** ou **total** Sección de tódalas ramas vagais dirixidas ós órganos abdominais. Siglas VT.

vagotonía *s.f.* Constitución caracterizada por inestabilidade cardiovascular con bradicardia, espasmos motores involuntarios, trastornos dixestivos e respiratorios, sudación, cianose das extremidades, etc., causado pola

hiperfunción do sistema nervioso parasimpático. Tamén se di **parasimpaticotonía, constitución vagótropa**.

vagotrópico-a ou **vagótropo-a** *adx.* Que causa efectos sobre o nervio vago.

vaguetomía *s.f.* Extirpación cirúrxica dun segmento do nervio vago.

vaguite *s.f.* Inflamación do nervio pneumogástrico.

Vail, síndrome de V. síndrome.

váña *s.f.* Estructura anatómica que envolve un órgano ou unha parte. // **V. aracnoide** Parte da aracnoide que rodea o nervio óptico. / **V. carotídea** A que se estende desde a base do cráneo ata a primeira costela e o esterno, envolvendo a arteria carótide, a vea xugular interna e o nervio vago. / **V. da vea porta** A formada pola prolongación da cápsula de Glisson, e que rodea a vea porta. / **V. de Henle** ou **perineuro** Envoltura conxuntiva exterior do neurilema. / **V. de Key e Retzius** Váña de Henle. / **V. de Scarpa** Aponeurose de Scarpa. / **V. de Schwalbe** A que envolve unha fibra elástica. / **V. de Schwann** Váña de mielina moi delgada que envolve as fibras nerviosas rodeando os cilindroeixes das neuronas. Tamén se di **neurolema, neurilema**. / **V. do nervio óptico** A formada por unha prolongación das membranas cerebrais, que rodea o nervio óptico. / **V. do recto** A que envolve o músculo recto abdominal, formada pola aponeurose dos músculos oblicuos interno e externo. / **V. epitelial** Capa epitelial do fólculo dentario do embrión. / **V. femoral** A que envolve os vasos femorais, orixinada na fascia transversal e ilíaca. / **V. laminar** Perineuro. / **V. medular** Váña de mielina que rodea o cilindroeixe das neuronas. / **V. mucosa dos tendóns** Váña sinovial. / **V. pial** Parte da pia máter que rodea o nervio óptico. / **V. primitiva** Neurilema. / **V. radicular** ou **epitelial** Váña epitelial interna do fólculo piloso. / **V. sinovial** Membrana serosa que tapiza a canle ósea pola que se despraza un tendón. / **V. subsidiaria de Ruffini** Váña de Henle. / **V. tendinosa** Váña sinovial.

vainilla *s.f.* Substancia obtida do froito de diversas plantas da familia das orquidáceas, especialmente da *Vainilla planifolia*, que se emprega como aromatizante, e ten unha acción estimulante.

valécula *s.f.* *Vallecula*.

valencia *s.f.* Capacidade que presentan os átomos dos elementos químicos para combinarse con outros. // **V. biolóxica** Capacidade dos anticorpos para combinarse con antíxenos.

valeriana *s.f.* *Valeriana officinalis*, planta da familia das valerianáceas, da cal se empregan as raíces como espasmódico e sedante.

valetudinario-a *adx.* Débil e enfermizo.

valgo-a *adx.* Dobrado cara a fóra, especialmente a deformidade na cal unha parte está desviada da liña media do corpo.

valgoide *adx.* Semellante ó valgo.

valguismo *s.m.* Curvatura dun membro cara a dentro.

valina *s.f.* Ácido alfa-aminovalérico, aminoácido esencial que forma parte de moitas proteínas.

vallecula *s.f.* (lat.) Depresión, suco ou rego. // **V. ovata** Depresión hepática na que se atopa a vesícula biliar. / **V. unguis** Depresión da pel que aloxa a raíz da uña.

Valleix, puntos de V. punto.

vallum *s.m.* (lat.) Sobrecella ou cella. // **V. unguis** Parede da uña, pregadura da pel que recobre os lados e o extremo proximal da uña. Tamén se di **eponiquio**.

valor *s.m.* Grao de utilidade ou importancia de algo. // **V. calorífico** Cantidade de calorías que desprende ou que xera un alimento durante o metabolismo. / **V. globular** Proporción de hemoglobina nos glóbulos vermellos, representada mediante a relación entre a cantidade de hemoglobina e o número de eritrocitos contidos nun determinado volume de sangue. / **V. liminar** Intensidade mínima de estímulo capaz de producir unha sensación perceptible.

valproico (ácido) *s.m.* Fármaco empregado no tratamento de varios tipos de epilepsia.

Valsalva, manobra, seo de V. manobra, seo.

valva *s.f.* 1. Cada unha das partes dunha válvula. 2. Instrumento utilizado en cirurxía para separar as paredes vexinais ou rectais, durante o exame e operacións destes órganos.

valviforme *adx.* Que ten forma de valva ou de válvula.

valvotomía *s.f.* Incisión nunha válvula, especialmente a das válvulas rectais de Houston. Tamén se di **valvulotomía**.

válvula *s.f.* Pregadura situada na luz dun vaso ou dun conducto, que permite o paso de líquido nunha soa dirección. // **V. aórtica** Válvula sigmoide situada no orificio aórtico do corazón. / **V. auriculoventricular** Válvula mitral e tricúspide do corazón. / **V. bicúspide** Válvula mitral. / **V. caval** A da vea cava. / **V. conivente** Cada unha das pregaduras mucosas transversas do intestino delgado. / **V. coronaria** A situada na entrada do seo coronario da aurícula dereita. / **V. da fosa navicular** Válvula de Guerin. / **V. da vea cava** Pregadura membranosa semilunar situada na aurícula dereita, entre o orificio da cava inferior e o orificio auriculo-ventricular. / **V. de Amussat** Pregaduras da mucosa do conducto quístico e do colo da vesícula biliar. / **V. de Bauhin** Válvula ileocecal. / **V. de Béraud** Pregadura da membrana mucosa que se sitúa no fondo do saco lacrimal, sobre o conducto nasal. / **V. de Eustaquio** Válvula da vea cava. / **V. de Gerlach** Válvula apendicular. Pregadura da membrana mucosa á altura do orificio do apéndice cecal. / **V. de Guerin** Pregadura mucosa que ás veces se atopa na fosa navicular da uretra. / **V. de Heister** Válvula de Amussat. / **V. de Houston** Pregaduras da mucosa rectal. / **V. de Huschke** Pregadura lacrimal. / **V. de Kerkring** **V. conivente**. / **V. de Kohlrusch** A válvula de Houston máis prominente. / **V. de**

Krausse V. de Béraud. / **V. de Morgagni** Pregaduras da mucosa rectal que forman os seos de Morgagni. / **V. de Nélaton** Pregadura transversa da membrana mucosa do recto, situada na unión dos seus tercios inferior e medio. / **V. de Tarin** Veo medular posterior. / **V. de Tebesio** Válvulas coronarias. / **V. de Tulpus** Válvula ileocecal. / **V. de Varolio** Válvula ileocecal. / **V. de Vieussens** Veo medular anterior. / **V. de Willis** Válvula de Vieussens. / **V. ileocecal** Pregadura da mucosa onde desemboca o ileo no cego. / **V. mitral** A situada no orificio aurículo-ventricular esquerdo. / **V. pilórica** Beira circular da mucosa do píloro. / **V. prostática** Prominencia accidental situada na unión da parede inferior da uretra e o colo da vexiga, formada por elementos prostáticos hipertrofiados ou por fibras musculares, que se observa en anciáns, ós que lles dificulta a micción. / **V. semilunar ou sigmoide** Cada unha das tres pregaduras semilunares situadas nos orificios da arteria pulmonar e aórtica. / **V. tricúspide** Válvula situada no orificio aurículo-ventricular dereito. / **V. vaxinal** Hime.

valvulite *s.f.* Inflamación valvular, especialmente das válvulas cardíacas.

valvuloplastia *s.f.* Reparación cirúrxica dunha válvula, especialmente cardíaca.

valvulotomía *s.f.* Sección cirúrxica dunha válvula, sobre todo cardíaca.

vampirismo *s.m.* Necrofilia ou necrosadismo.

vampiro *s.m.* Morcego zugador de sangue.

Van Gieson, coloración de V. coloración.

vanadio *s.m.* Metal branco e duro, de símbolo V e peso específico 5,87, que se emprega para a fabricación de aceiros especiais.

vanadismo ou **vanadiumismo** *s.m.* Intoxicación de carácter crónico que se dá en persoas que manipulan vanadio.

vancomicina *s.f.* Antibiótico illado da cepa *Streptomyces orientalis*, activo fronte ás bacterias grampositivas (estafilococo).

Vandenbergh, reacción de V. reacción.

vanilmandélico (ácido) *s.m.* Metabolito urinario que resulta do metabolismo das aminas simpaticomiméticas, como a adrenalina e a noradrenalina, e dos seus precursores (dopamina).

Van't Hoff, regra de V. regra.

vapocauterización *s.f.* Cauterización pola calor.

vapor *s.m.* 1. Estado gasoso dunha substancia que a temperatura ordinaria se atopa en estado sólido ou líquido. 2. Auga en estado gasoso. 3. Gas dos eructos. 4. Vertixe ou desmaio.

vaporario *s.m.* 1. Local con calefacción para a produción de vapor e a súa inhalación. 2. Aparello co que se realizan aplicacións locais de vapores medicamentosos.

vaporización *s.f.* 1. Conversión dun líquido ou sólido en vapor, sen cambio químico da súa composición. 2. Tratamento mediante vapores medicamentosos. 3. Atmopause.

vaporizador *s.m.* Atomizador.

vaporola *s.f.* Cápsula de vidro que contén unha dose de líquido volátil, do cal se inhala o vapor.

varec *s.m.* Algas do xénero *Fucus* das que se obteñen bromuros e ioduros alcalinos, que se empregan no tratamento da escrofulose, do bocio, da tuberculose, etc.

variable *adx.* 1. Que está suxeito a variación. 2. Inconstante, inestable. // *s.f.* 3. Valor numérico sobre o que se pode establecer unha curva de variabilidade. // **V. estatística aleatoria** Aquela na que cada valor está relacionado cunha frecuencia relativa ou probabilidade.

variación *s.f.* Modificación dun carácter típico do grupo ó que pertence o individuo, ou modificación do fenotipo dun organismo con respecto ó dos seus proxenitores. // **V. bacteriana** Variación observada en bacterias, que pode ser progresiva e non transmisible (adaptación) ou brusca e transmisible (mutación). / **V. continua** A producida en series de pequenas variacións. / **V. impresa** Aquela que ocorre como resposta a un estímulo do medio ambiente. / **V. merística** Variación do número de partes da descendencia.

variante *adx.* 1. De carácter hereditario variado. // *s.f.* 2. Organismo ou enfermidade que aparece alterado ou variado respecto do grupo ó que pertence.

varicación *s.f.* Formación de varices.

varicectomía *s.f.* Escisión das veas varicosas. Tamén se di **varicotomía**.

varicela *s.f.* Enfermidade exantemática, febril e epidémica, de carácter benigno e propia da infancia, causada por un virus da familia herpes, ou virus da varicela zóster, que se caracteriza por febre e erupción en forma de pápulas agrupadas que se converten en vesículas e secan sen supuración nin cicatrices e sen produciren próido. // **V. gangrenosa** Forma moi pouco frecuente na que quedan cicatrices da erupción. / **V. pustulosa** Forma purulenta da varicela.

varicelación *s.f.* Inoculación de virus da varicela con fins profilácticos.

variceliforme ou **variceloide** *adx.* Semellante ás lesións producidas pola varicela.

variciforme *adx.* Semellante a unha variz. Tamén se di **varicoso**

varicobléfaron *s.m.* Tumefacción varicosa da pálpebra.

varicocele *s.f.* 1. Tumor formado por unha vea ou variz. 2. Dilatación do plexo venoso pampiniforme do cordón espermático. // **V. ovárica** ou **tubárica** Dilatación das veas do ligamento ancho. / **V. sintomática** A que indica a existencia dun tumor renal. / **V. uteroovárica** Dilatación das veas do plexo pampiniforme da muller.

varicoceletomía *s.f.* Extirpación da varicocele e de parte do escroto.

varicografía *s.f.* Radiografía das varices.

varicoide *adx.* Semellante a unha variz.

varicónfalo *s.m.* Tumor varicoso situado no embigo.

varicosclerosación *s.f.* Tratamento das varices mediante substancias esclerosantes.

varicosidade ou **varicose** *s.f.* Variz ou estado varicoso.

varicotomía *s.f.* Varicectomía.

varícula *s.f.* Variz pequena, sobre todo situada na conxuntiva.

variedade *s.f.* 1. Calidade de variable. 2. Existencia de variacións. 3. Categoría ou grupo taxonómico impreciso. // **V. alternante** Aquela na que o carácter hereditario aparece e desaparece. / **V. fluctuante** Aquela na que existe un tránsito continuo dun extremo ó outro.

variola *s.f.* Enfermidade infecciosa, contaxiosa e epidémica, de natureza vírica, que se caracteriza por erupción papulovesiculosa que deriva en pústulas, e por outras manifestacións xerais. A fase de incubación dura de nove a doce días, e despois dela aparece o período de invasión, entre tres e catro días, caracterizado por calafríos, vómitos, febre, cefalalxia e mialxia lumbar. Segue o período de erupción, no que aparecen pequenas pápulas vermellas e remite a febre. Estas pápulas convértese en vesículas serosas que medran, se umbilican e se converten en pústulas, tralo que aparece o período de supuración no que volve a aparece-la febre. Finalmente, no período de desecación, secan as pústulas e fórmanse carapolas amarelas cun cheiro característico, que deixan cicatrices persistentes ó caeren. // **V. branca** Alastrim ou variola menor. / **V. confluente** Forma grave de variola na que as pústulas forman amplas flictenas cheas de pus. / **V. hemorráxica** Forma mortal cunha sintomatoloxía moito máis intensa e con hemorraxia. / **V. inserida** A adquirida por inoculación. / **V. maligna** Variola hemorráxica. / **V. miliar** Aquela na que as vesículas son pequenas e moi numerosas. / **V. minor** Alastrim. / **V. modificada** Varioloide. / **V. negra** Variola hemorráxica. / **V. penfigosa** Forma de variola na que as pústulas son moi grandes. / **V. rickettsiana** Enfermidade causada pola *Rickettsia acari*, que se caracteriza por linfadenopatía rexional, calafríos, febre e erupción secundaria a unha pápula inicial no punto da picadura do *Altolemanyssus sanguineus*. / **V. siliquosa** Variola na que o contido pustular se reabsorbe, quedando as pústulas baldeiras. / **V. verrugosa** Forma de variola na que a erupción non pasa do período das pápulas.

variólico-a *adx.* Relativo á variola

varioliforme *adx.* Semellante á variola.

variolización *s.f.* Inmunización contra a variola.

varioloide *s.f.* Forma benigna de varíola, de evolución rápida e sen supuración, que se dá en individuos inmunes ou vacinados.

variolose *s.f.* Conxunto de lesións e complicacións debidas a variola.

varioloso-a *adx.* Pertencente ou relativo á variola.

variolovacina *s.f.* 1. Enfermidade que se dá en xovencas trala inoculación do virus da variola. 2. Vacina que se obtén por inoculación de virus de variola en xovencas.

variotina *s.f.* Antifúnxico de acción local.

varismo *s.m.* Desviación cara a fóra da liña media dun membro, oposto a valguismo, ou desviación cara a dentro.

variz *s.f.* Dilatación permanente dunha vea superficial ou profunda. Tamén se di **flebetasia**. // **V. ampolar** Dilatación circunscrita dunha vea. / **V. aneurismática** Aneurisma arterio-venoso no que o sangue pasa directamente á vea sen intervención dun saco comunicante. / **V. circunferencial** Aquela na que a dilatación afecta todo o contorno da vea. / **V. esencial** Aquela da que non se coñece a causa. / **V. linfática** Variz nos vasos linfáticos. / **V. posflebítica** A causada pola flebite. / **V. rectilínea** A que non presenta tortuosidades. / **V. turbinada** Dilatación das veas dos cornetos nasais.

varo-a *adx.* Dirixido cara a dentro.

Varolio, ponte de V. ponte.

vas *s.m.* (lat.) 1. Vaso sanguíneo ou linfático. 2. Conducto. // **V. aberrans** Vaso non común ou anómalo. / **V. aberrans de Haller** Cada un dos divertículos da cola do epidídimo, que sobe ó longo do cordón espermático.

vasa *s.m.pl.* (lat.) Vasos. // **V. recta** Túbulos rectos do testículo. / **V. vasorum** Pequenos vasos nutricios que se atopan nas paredes de arterias e veas. / **V. vorticosa** Veas das coroides en forma estrelada.

vasal *adx.* Vascular.

vasalxia *s.f.* Dor nos vasos.

vasca *s.f.* V. náusea.

vascular *adx.* Que fai referencia ós vasos.

vascularidade *s.f.* 1. Existencia anormal de vasos sanguíneos nunha parte do organismo. 2. Disposición dos vasos.

vascularización *s.f.* Formación de vasos sanguíneos ou linfáticos nun tecido no que non existían, ou aumento do seu número.

vasculífero-a *adx.* Que contén vasos.

vasculite *s.f.* Inflamación dos vasos sanguíneos. Tamén se di **anxite**. // **V. de Katayasu**. Enfermidade inflamatoria con orixe nos troncos supraórticos, que foi descrita a partir dos seus síntomas oculares. / **V. dos dedos dos membros superiores**. Enfermidade inflamatoria da

parede arterial con trombose venocapilar, tamén chamada **dedo branco de pelotari**.

vásculo *s.m.* Vaso pequeno.

vasculomotor-a *adx.* Vasomotor.

vasculonervioso-a *adx.* Composto de vasos e de nervios.

vasculoxénese *s.f.* Desenvolvemento do sistema vascular.

vasectomía *s.f.* Resección cirúrxica dun vaso, especialmente a dos conductos deferentes do aparello xenital masculino, efectuada como método anticonceptivo. Tamén se di **deferentectomía**

vaselina *s.f.* Mestura de hidrocarburos semisólidos da serie metilénica, de cor amarelada, que se obtén por destilación de petróleo e que se emprega como lubricante e como excipiente de pomadas de acción local. Tamén se di **comolina, parafina branda**.

vaselinoderma verrucosum *loc.* Dermatose foliculopapulosa causada polo uso de vaselina pura.

vaselinol *s.m.* Parafina líquida.

vaselinoma *s.m.* Parafinoma.

vasifactivo-a *adx.* Que produce vasos novos.

vasite *s.f.* Inflamación do conducto deferente.

vaso *s.m.* Conducto por onde circulan os líquidos orgánicos do corpo, especialmente o sangue, a linfa e o quilo. // **V. absorbente** Vaso linfático ou quilífero do intestino. / **V. aferente** Vaso que penetra nun órgano. / **V. arterial** Arteria. / **V. arteriolar** Arteria terminal que dispón de abundante tecido muscular liso, e que actúa como reguladora da tensión arterial. / **V. capilar** Capilar. / **V. colateral** Vaso paralelo a outro vaso, a un nervio ou a un órgano, do que depende para mante-la circulación colateral. / **V. de Jungbluth** Vaso nutricio do embrión situado debaixo do amnio. / **V. eferente** Vaso que sae dun órgano. / **V. hemorroidal** Veas varicosas do recto. / **V. lácteo** Vaso quilífero. / **V. linfático** Cada un dos vasos que transportan linfa desde os tecidos, independentemente dos capilares sanguíneos, que xunto cos ganglios linfáticos forman o sistema linfático, que transporta a linfa de todo o corpo ás veas subclavias. / **V. nutricio** Vaso sanguíneo que irriga o interior dun óso. / **V. quilífero** Vaso linfático que transporta quilo desde as vilosidades intestinais ata o conducto torácico. / **V. sanguíneo** Vaso que transporta sangue. Inclúense arterias, veas e capilares. / **V. venoso** Vea.

vasocentese *s.f.* Punción do conducto deferente.

vasoconstricción *s.f.* Diminución do calibre dos vasos debida á contracción da musculatura lisa das súas paredes por influencia nerviosa ou doutro tipo.

vasoconstrictor-a *adx.* 1. Que causa constricción dos vasos. // *s.m.* 2. Fármaco con acción constrictora dos vasos.

vasodepresión *s.f.* Colapso de depresión dos vasos.

vasodilatación *s.f.* Dilatación dun vaso sanguíneo por relaxación da musculatura lisa das súas paredes.

vasodilatador-a *adx.* 1. Que produce dilatación vascular. // *s.m.* 2. Fármaco que ten esta acción.

vasoepididismostomía *s.f.* Anastomose cirúrxica entre o conducto deferente e o epidídimo.

vasografía *s.f.* Radiografía dos vasos sanguíneos despois da administración dun medio de contraste. Tamén se di **anxiografía**.

vasohipertónico-a *adx.* Vasoconstrictor.

vasohipotónico-a *adx.* Vasodilatador.

vasoinhibidor-a *adx.* 1. Que inhibe a acción dos nervios vasomotores. // *s.m.* 2. Axente ou fármaco con esta acción.

vasoligadura *s.f.* Ligadura dun vaso, especialmente do vaso deferente.

vasomotilidade *s.f.* Capacidade ou facultade de producir unha acción vasomotora, ben sexa contracción ou dilatación.

vasomotor-a *adx.* 1. Que produce os movementos de contracción e dilatación dos vasos. // *s.m.* 2. Axente ou nervio que ten esta acción.

vasoneurose *s.f.* Anxioneurose.

vasoorquidostomía *s.f.* Vasoepididimostomía.

vasoparálise ou **vasoparesia** *s.f.* Parálise ou paresia dos nervios vasomotores.

vasoplexía *s.f.* Vasoparálise.

vasopresina *s.f.* Hormona do lobo posterior da hipófise, que exerce unha acción vasoconstrictora sobre as fibras musculares lisas arteriolas e da musculatura intestinal, aumentando a presión sanguínea e o peristaltismo intestinal. Posúe tamén efectos antidiuréticos. Tamén se di **Hormona ADH**.

vasopuntura *s.f.* Vasocentese.

vasorrafia *s.f.* 1. Anxiorrafia. 2. Sutura do conducto deferente.

vasorreflexo *s.m.* Reflexo vasomotor.

vasosección *s.f.* Sección do conducto deferente.

vasosensorial *adx.* Relativo á sensibilidade dos vasos.

vasospasmo *s.m.* Espasmo vascular.

vasospástico-a *adx.* Anxiospástico.

vasotomía *s.f.* Sección cirúrxica dun vaso, en particular dos deferentes.

vasotónico-a *adx.* Que regula o ton ou tensión dos vasos. Tamén se di **anxiotónico**.

vasotripsia *s.f.* Anxiotripsia.

vasotrófico-a *adx.* Que afecta a nutrición modificando o calibre dos vasos sanguíneos.

vasovagal *adx.* 1. Relativo ós vasos sanguíneos e ó nervio vago. 2. Relativo á síndrome de Growers.

vasovasostomía *s.f.* Anastomose cirúrxica entre dous segmentos do conducto deferente.

vasovesicuclectomía *s.f.* Extirpación cirúrxica do conducto deferente e das vesículas seminais.

vasto-a *adx.* 1. Grande, extenso, amplo. // *s.m.* 2. Músculo ou parte do músculo tríceps.

Vater, ampola de V. ampola.

vaxina *s.f.* Órgano que forma parte do aparello xenital feminino, en forma de conducto membranoso que vai desde a vulva ata o útero, situado na pelve menor entre a vexiga e o recto. Divídese en dúas porcións: a posterior ou vaxina propiamente dita e a anterior ou vestíbulo, mediante a membrana chamada hime, que separa as devanditas porcións antes da primeira copulación completa. // **V. masculina** Utrículo prostático. / **V. mucosa** Vaíña sinovial. / **V. tabicada** Anomalía conxénita na que a vaxina aparece dividida por un tabique lonxitudinal.

vaxinado-a *adx.* Que ten unha vaxina.

vaxinal *adx.* 1. Relativo ou pertencente á vaxina. 2. En forma de vaíña. // *s.f.* 3. Túnica do testículo.

vaxinalectomía *s.f.* 1. Extirpación cirúrxica dunha parte da túnica vaxinal do testículo. 2. Vaxinectomía ou colpectomía.

vaxinalite *s.f.* Inflamación da túnica vaxinal do testículo. Tamén se di **periorquite**. // **V. plástica** Paquivaxinalite.

vaxinectomía *s.f.* Extirpación da vaxina ou da túnica vaxinal do testículo.

vaxinicola *adx.* Que vive ou que se desenvolve na vaxina.

vaxinismo *s.m.* Espasmo doloroso na vaxina que dificulta o coito, debido a unha hiperestesia local. // **V. anterior** ou **vulvar** Espasmo do músculo constrictor da vaxina. / **V. mental** Aversión ó coito que se asocia coa contracción espasmódica da vaxina cando se intenta realizar. / **V. posterior** O debido á contracción espasmódica do músculo elevador do ano, que ás veces causa o chamado *penis captivus*.

vaxinite *s.f.* 1. Inflamación da mucosa vaxinal. Tamén se di **colpite**. 2. Inflamación dunha vaíña. // **V. adhesiva** Vaxinite senil. / **V. blenorráxica** A causada por gonococo. / **V. enfisematosa** ou **gasosa** Aquela que se caracteriza pola formación na vaxina de pequenas vesículas cheas de aire, común no embarazo. / **V. granulosa** Vaxinite simple con hipertrofia papilar debida á infiltración celular. / **V. senil** Aquela que se observa en mulleres anciás, que se caracteriza pola formación de placas desprovistas de epitelio, que se poden adherir entre elas, causando a obliteración do conducto vaxinal. / **V. simple** Catarro vaxinal causado por microorganismos non específicos. / **V. testis** Periorquite. / **V. verrugosa** Vaxinite granulosa.

vaxinoabdominal *adx.* Relativo á vaxina e ó abdome.

vaxinocele *s.f.* Colpocele.

vaxinodinia *s.f.* Dor na vaxina ou vaxinismo.

vaxinofixación *s.f.* Fixación cirúrxica da vaxina anormalmente móbil. Tamén se di **vaxinopexia**.

vaxinografía *s.f.* Radiografía vaxinal.

vaxinolabial *adx.* Relativo ou pertencente á vaxina e ós labios vulvares.

vaxinomicose *s.f.* Micose localizada na vaxina.

vaxinoperineorrafia *s.f.* Sutura dun esgazamento perineal que se estendeu á vaxina.

vaxinoperineotomía *s.f.* Incisión cirúrxica da vaxina e do perineo, a fin de agranda-lo orificio vulvovaxinal.

vaxinoperitoneal *adx.* Relativo ou pertencente á vaxina e ó peritoneo.

vaxinopexia *s.f.* Sutura cirúrxica da vaxina contra as paredes abdominais, que se efectúa nos casos de relaxación da vaxina.

vaxinoplastia *s.f.* Cirurxía plástica da vaxina.

vaxinorrectal *adx.* Relativo á vaxina e ó recto.

vaxinoscopio *s.m.* Espéculo vaxinal.

vaxinotomía *s.f.* Incisión cirúrxica da parede vaxinal. Tamén se di **colpotomía**.

vaxinouretal *adx.* Relativo ou pertencente á vaxina e á uretra.

vaxinouterino-a *adx.* Relativo ou pertencente á vaxina e ó útero.

vaxinovesical *adx.* Relativo ou pertencente á vaxina e á vexiga.

vaxinovulvar *adx.* Relativo ou pertencente á vaxina e á vulva.

vaxinoxénico-a *adx.* Que ten a súa orixe na vaxina.

VDRL Siglas do inglés *Venereal Disease Research Laboratory*, coas que se coñece a proba sexolóxica de floculación aplicable ós diagnósticos de lúes. Úsase amplamente como proba de selección e non pon de manifesto anticorpos específicos.

vea *s.f.* Vaso sanguíneo destinado a transporta-lo sangue desde os capilares ó corazón. Está formada por tres capas: endotelial, media e interna, que se compoñen de elementos elásticos, conxuntivos e musculares menos desenvolvidos cós das arterias. A maior parte presenta no seu interior unha serie de pregaduras ou válvulas que impiden o retroceso do sangue. Forman o sistema venoso, que á súa vez comprende tres subsistemas: pulmonar, xeral e a vea porta. Moitas delas son satélites das arterias, e a maior parte seguen o mesmo traxecto, en número de dúas veas por cada arteria. // **V. ácigos** Aquela que nace nas veas cavas e orixina a vea ascendente dereita, que se dirixe cara ó tórax ata o nivel do III

espacio intercostal, onde forma un caxato sobre o bronquio dereito, e remata na parte posterior da vea cava superior. / **V. advehentes** Veas fetais que transportan o sangue desde as veas umbilicais e onfalomesentéricas ó fígado. / **V. anastomótica inferior** A que resulta da unión entre a vea cerebral media superficial e a do seo transverso. / **V. anastomótica superior** A resultante da unión entre a vea cerebral media superficial e a do seo lonxitudinal superior. / **V. arciforme** Sistema venoso das bases das pirámides renais formadas pola reunión das veas interlobulares. / **V. arteriosa** 1. Vea pulmonar. 2. Vea porta. / **V. axilar** A formada pola unión das braquiais ou da basilíca coa braquial media, que recibe as veas acromiotorácicas, circunflexas, umerais, subescapulares e torácicas laterais, e remata na vea subclavia. / **V. basilíca** Vea do lado interno do brazo que se orixina na unión da mediana basilíca e a mediana do cóbado e discorre cara arriba pola beira interior do bíceps, rematando na braquial profunda ou axilar. / **V. braquiocefálica** Cada unha das dúas veas orixinadas na unión da subclavia e a xugular interna que baixa recollendo o sangue dos brazos, cabeza, colo, tórax e raque, formando finalmente por fusión a vea cava superior. / **V. cardíacas anteriores** As que se orixinan na parede do ventrículo dereito, cruzan o suco aurículo-ventricular e rematan na aurícula. / **V. cardíaca magna** A que se orixina na punta cardíaca e remata no seo coronario, formada por dúas porcións: a ascendente e a transversal, que discorre cara arriba polo suco interventricular anterior e despois horizontalmente polo aurículo-ventricular esquerdo, recibindo as veñas do corazón, a vea marxinal esquerda, a oblicua de Marshall e as ventriculares posteriores, rematando na aurícula por debaixo da vea cava inferior. / **V. cardíaca media** A que se orixina na punta cardíaca, pasa polo suco interventricular posterior e remata no seo coronario. / **V. cardíaca menor** Vea pequena e inconstante que se orixina no bordo dereito do corazón, pasa polo suco aurículo-ventricular e remata no seo coronario. / **V. cava inferior** ou **ascendente** Vea longa e grosa que constitúe o tronco común das veas da parte subdiafragmática do corpo. Orixínase pola unión das veas ilíacas á altura das vértebras L_{IV} e L_V, e discorre cara a arriba polo lado dereito da raque, atravesa o diafragma e recibe as veas do abdome e dos xenitais, desembocando na parte postero-inferior da aurícula dereita. / **V. cava superior** Tronco venoso de 6-8 cm de lonxitude situado na parte superior dereita do mediastino anterior. Recibe a circulación de retorno da cabeza, colo, extremidades superiores e cavidade torácica. Orixínase pola unión das dúas veas braquiocefálicas á altura da cara posterior da primeira costela dereita, e remata na parte superior e anterior da aurícula dereita. / **V. cefálica** Vea superficial orixinada pola unión da mediana cefálica e a cefálica accesoria, discorre cara a arriba polo lado externo do brazo e polo intersticio celuloso deltoidepectoral, e remata na vea axilar. / **V. cefálica do polgar** Vea superficial do dorso da man orixinada nas colaterais do índice e do polgar, que remata no arco venoso dorsal e na vea mediana do antebrazo. / **V. cerebelosas inferiores** As da cara inferior do

cerebelo, que se orixinan nos capilares cerebelosos e rematan nos seos occipital, sigmoide e petroso superior. / **V. cerebelosas superiores** As da cara superior do cerebelo, orixinadas nos capilares cerebelosos e rematadas nos seos recto, transverso e petroso superior. / **V. cerebrais** As situadas no espacio subaracnoide, que van cara ós seos da duramáter. / **V. cerebrais anteriores** Veas satélites da arteria cerebral superior, que se dirixen cara á vea basal. / **V. cerebrais inferiores** As orixinadas nas porcións inferiores do cerebro e dirixidas cara ós seos transverso, petroso superior e cavernoso. / **V. cerebrais internas** As dúas veas que se orixinan no orificio interventricular pola unión das veas talamoestriadas e coroide, e se dirixen polo interior da tea coroide do III ventrículo cara atrás, ata formaren a vea cerebral magna. / **V. cerebral magna** A que se orixina pola unión das veas cerebrais internas, vira arredor do corpo caloso e desemboca no seo recto. / **V. cerebral media profunda** Vea satélite da arteria cerebral media que remata na vea basal. / **V. cerebral media superficial** Cada unha das veas que pasan polo suco lateral, recibindo as veas anastomóticas superior e inferior, e rematan no seo cavernoso. / **V. cerebrais superiores** As que proceden dos dous hemisferios cerebrais, en número de oito a dezaseis en cada lado, que pasan entre a piamáter e a aracnoide e rematan no seo lonxitudinal superior. / **V. coronaria magna** Vea cardíaca magna. / **V. coronaria menor** Vea cardíaca menor. / **V. de Breschet** Veas do diploe. / **V. de Burow** A formada polas dúas veas epigástricas inferiores e a procedente da vexiga, que se unen na vea porta. / **V. de Craveilhier** Vea de Trolard. / **V. de Galeno** Vea cerebral magna. / **V. de Kohlrausch** Veas superficiais do pene. / **V. de Krukenberg** A situada no centro do lóbullo hepático, que dá orixe ás veas suprahepáticas. / **V. de Labbé** A que comunica os seos cavernosos laterais. / **V. de Retzius** ou **de Ruysch** As que van desde as paredes intestinais ás ramas da vea porta. / **V. de Rosenthal** Veas basilares do cerebro que van dar á vea cerebral magna. / **V. de Santorini** Vea emisaria. / **V. de Sappey** Veas paraumbilicais. / **V. de Stensen** Vea vorticosa da capa superficial da coroide. / **V. de Tebesio** Veñas que van desde os tecidos do corazón ata as aurículas e ventrículos. / **V. de Trolard** Vea anastomótica magna. / **V. de Vesalio** Vea emisaria que pasa polo orificio de Vesalio. / **V. de Vieussens** Veas coronarias superficiais do corazón. / **V. de Zuckerkandl** A que comunica as veas etmoidais e do nariz coas do cerebro. / **V. do orificio oval** A que se orixina na parte inferior do seo cavernoso e, atravesando o orificio oval, remata no plexo pterigoide. / **V. dorsais do pene** Cada unha das dúas veas, superficial e profunda, que se orixinan no tecido do pene e nos corpos cavernosos, discorren polo dorso do pene e rematan: a superficial na vea femoral e a profunda no plexo venoso prostático. / **V. emisaria** A que conecta os seos intracraniais coas veas exteriores. / **V. espermática** Vea testicular. / **V. espiñais** Veas lonxitudinais plexiformes, anteriores e posteriores, que se unen por anastomoses transversais. Orixínanse na medula e nas meninxes, discorren desde o orificio occipital ata a base do cóccix, e rematan nas veas vertebrais intercos-

tais, lombares e sacras laterais. / **V. esplénica** Vea orixinada nos capilares do bazo que discorre pola beira superior do páncreas, recibindo as veas gástricas, pancreáticas e mesentérica inferior, e remata formando o tronco da vea porta xunto coa mesentérica superior. / **V. facial** Vea superficial da cara, con distintas denominacións segundo as súas partes: preparata na fronte, angular no ángulo interno do ollo e facial no resto do seu percorrido. Orixínase nas veas anteriores do cráneo e remata no colo, na xugular interna e ás veces na externa, recibindo as veas frontais, nasais, labiais, alveolares, suborbitais, palatinas, etc. / **V. femoral** A que, como continuación da poplítea, segue o curso da arteria femoral e remata na íliaca externa á altura do ligamento inguinal. / **V. frontais** Veas supratrocleares. / **V. hemiácigos** A orixinada na lumbar ascendente esquerda, que discorre cara ó tórax pola parte lateral esquerda da columna vertebral, recibindo as intercostais esquerdas inferiores e as bronquiais esquerdas, rematando na ácigos. / **V. hemorroidais** Veas rectais. / **V. hepáticas** Veas curtas e interiores do fígado, que se dividen en: dereitas, procedentes do lobo hepático dereito, medias, procedentes do lobo caudado, e esquerdas, que proceden do lobo esquerdo. / **V. íliaca común** ou **primitiva** Cada unha das dúas veas que se orixinan pola unión das ílacas interna e externa á altura da sindesmose sacroíliaca, que discorren cara a arriba e a dentro, e que forman ó unírense a cava inferior. / **V. íliaca externa** Cada unha das veas orixinadas na femoral, á altura do anel femoral, que discorren unha a cada lado, polo estreito superior da pelve, recibindo a circunflexa íliaca superficial e a epigástrica superficial, e rematan uníndose coa íliaca interna para formaren a íliaca común. / **V. íliaca interna** Cada unha das veas formadas pola unión das veas pélvicas e do perineo na parte superior da incisura ciática maior, e van, unha por cada lado, cara á sindesmose íliaca, recibindo tódalas veas da pelve e formando a íliaca común xunto coa íliaca externa. / **V. innominada** Tronco venoso braquicefálico. / **V. intercostais** Veas correspondentes ás arterias do mesmo nome, doce a cada lado, das cales as superiores forman dous troncos comúns, rematados: o dereito na cava, subclavia ou braquiocefálica, e o esquerdo na ácigos ou hemiácigos. As inferiores esquerdas rematan na hemiácigos e as dereitas na ácigos. / **V. interventricular posterior** Vea cardíaca media. / **V. intrarraquídeas** Veas espiñais. / **V. linguais** Veas numerosas, divididas en superiores ou dorsais, profundas e sublinguais, orixinadas nas redes capilares da lingua e que forman un tronco común que remata na xugular interna. / **V. lombares** Veas que se orixinan nos músculos e tegumentos da parede abdominal e discorren, en número de tres ou catro a cada lado, cara á columna vertebral, recibindo as dorsoespinais e rematando na cava inferior. / **V. mastoide** Vea emisaria orixinada na porción descendente do seo sigmoide, que atravesa o orificio mastoide e remata na cervical profunda. / **V. maxilar** Vea plexiforme que se orixina nos plexos venosos pterigoide e alveolar, que rodea o colo do cóndilo da mandíbula e se une coa temporal superficial e a retromandibular, formando a xugular externa. / **V.**

mediana do antebrazo Vea superficial da cara anterior do antebrazo que se orixina na cefálica do polgar e no arco dorsal da man, pasa pola beira externa do pulso e vai cara ó cóbado recibindo afluentes da cara palmar da man e anterior do antebrazo. Remata en dúas ramas diverxentes: interna ou mediana basílica e externa ou mediana cefálica. / **V. mesentérica inferior ou menor** Vea impar que se orixina nas rectais superiores e vai desde o recto á cara posterior da cabeza do páncreas, recibindo as veas cólicas esquerdas e rematando na esplénica, onde contribúe a forma-lo tronco da vea porta. / **V. mesentérica superior ou maior** Vea impar que se orixina na beira posterior do mesenterio e vai desde o remate do intestino delgado ata a cabeza do páncreas, recibindo as veas cólicas dereitas e as do intestino delgado. Remata contribuíndo a forma-lo tronco da vea porta. / **V. oblicua do atrio esquerdo** ou **de Marshall** Vestixio embrionario da cava superior esquerda que se orixina na aurícula dereita e remata no seo coronario. / **V. oftálmicas** Cada unha das dúas veas, superior e inferior, que se orixinan no ángulo maior do ollo e no chan da órbita, respectivamente, e reciben as veas etmoidais, vorticosas, lagrimais e musculares, rematando no seo cavernoso. / **V. paraumbilical** Veas portas accesorias e pequenas, que nacen arredor do embigo, seguen o ligamento redondo e baldéranse na vea porta ou no fígado directamente. / **V. poplítea** A formada pola unión das tibiais anterior e posterior, que remata na femoral. / **V. porta** Sistema venoso especial formado por ramas de orixe, tronco e ramas terminais, orixinado pola unión da vea esplénica e a mesentérica superior á altura da cabeza do páncreas, e que discorre desde este punto ó hilo do fígado, recibindo as veas do estómago e da vesícula biliar. Remata no fígado dividida en dúas ramas, a dereita e a esquerda. / **V. portas accesorias** Grupo de veas pequenas que se ramifican no fígado, procedentes do estómago, epíploon, vesícula biliar, diafragma, vea porta e a parede anterior do abdome. / **V. preparata** Vea facial. / **V. pudendas** As que se orixinan no plexo prostático e seguen o curso das arterias homónimas, conducindo o sangue que reciben das perineais profundas e rectais inferiores, e rematan formando a íliaca común xunto coa íliaca interna. / **V. pulmonares** Veas voluminosas e curtas, desprovistas de válvulas, dúas a cada lado, que se orixinan nas redes capilares dos lóbulos pulmonares e das últimas ramificacións bronquiais. Discorren desde o hilo pulmonar, en sentido transversal, de fóra a dentro, ata rematar na porción superior da aurícula esquerda. / **V. rectais** As que se sitúan en forma de plexo arredor do recto, divididas en: serie superior, media e inferior, orixinadas nos tecidos do recto e rematadas: as superiores na mesentérica inferior, as medias na íliaca interna e as inferiores nas pudendas internas. / **V. renais** Cada unha das dúas veas, curtas e voluminosas, que se orixinan nos capilares do ril e van desde o hilo renal, por diante das arterias do mesmo nome, ata a cava inferior. / **V. safena externa** ou **menor** A que se orixina nas veas do dorso do pé e vai por detrás do maléolo externo, a beira externa do tendón de Aquiles e o suco interxemelgar ata o oco poplíteo, onde desem-

boca na vea poplítea despois de recibí-las veas dos tegumentos posteriores e externos da perna. / **V. safena interna** ou **magna** Vea longa orixinada no dorso do pé, que transcorre por diante do maléolo interno, pola cara interna da perna, xeonllo e cara anterointerna da coxa, ata formar un caxato cerca do ligamento inguinal e desembocar na vea femoral, despois de recibí-las veas subcutáneas da perna, as pudendas externas e as subcutáneas abdominais. / **V. salvatela** Vea orixinada no dorso da man, a partir da colateral interna do dedo maimiño, e que remata no arco venoso dorsal e na vea basílica. / **V. satélite** A que acompaña a unha arteria. / **V. subclavia** A que constitúe a continuación da vea axilar e se dirixe cara á articulación esternoclavicular, recibindo as intercostais superiores e as xugulares. Remata formando o tronco braquiocefálico ó unirse coa xugular interna. / **V. supraorbitaria** A orixinada da parte lateral da fronte, que se une á vea frontal e remata formando a vea angular. / **V. supratrocleares** Veas procedentes da parte media da fronte e que se unen coas supraorbitarias á altura da raíz dorsal, formando as veas angulares. / **V. temporal profunda** Veas que drenan as porcións profundas do músculo temporal e que desembocan no plexo venoso pterigoide. / **V. temporal superficial** Vea satélite da arteria do mesmo nome, orixinada nas veas tegumentarias laterais do cranio e que tras recibí-las veñas faciais, auriculares e palpebrais, se une coa maxilar para formala xugular externa. / **V. testiculares** Veas que se agrupan en anteriores e posteriores, orixinadas no plexo venoso do testículo e do epidídimo, que seguen o conducto deferente ata remataren as do grupo posterior nas veas epigástricas inferiores, e as do grupo anterior formando o plexo pampiniforme, do cal saen dúas veas que desembocan na cava inferior e na renal. / **V. tiroide** Grupo numeroso de veas agrupadas en superiores, medias e inferiores; estas últimas forman un plexo diante da traquea do que saen os troncos dereito e esquerdo. As superiores e medias rematan na xugular interna, e as inferiores desembocan: o tronco dereito na cava superior e o esquerdo no braquiocefálico. / **V. umbilical** Vea fetal que se oblitera tralo nacemento, converténdose no ligamento redondo do fígado. Orixínase nas raíces venosas da cara libre da placenta, pasa polo cordón umbilical e remata na cara superior do fígado do feto, onde se divide en dúas ramas. / **V. uterinas** ou **uteroováricas** Veas que se corresponden coas veas testiculares masculinas, orixinadas no útero, trompas, ovario e ligamento ancho, desde onde soben formando o plexo venoso uterino e se reúnen en dous troncos: o dereito que desemboca na cava inferior e o esquerdo que remata na vea renal. / **V. vertebral** Cada unha das dúas veas orixinadas nas ramas entre o occipital e o atlas, que discorren polos orificios das apófises transversais ata a C_{VI} ou C_{VII}, recibindo anastomoses das veas cervicais profundas, ata a cara posterior da vea braquiocefálica. / **V. vorticosa** Cada unha das catro veas que, atravesando a esclerótica, levan o sangue da coroide a unha vea oftálmica superior. / **V. xugular anterior** Cada unha das dúas veas orixinadas nas veñas cutáneas e nas musculares da rexión suprahioide, que van ata a galla

esternal, onde atravesan as fascias e reciben varias veas desta rexión, rematando na subclavia. / **V. xugular externa** Cada unha das dúas veas que se orixinan pola unión da temporal superficial e a maxilar á altura do colo do cóndilo mandibular, que discorren cara a abaixo ata a clavícula, onde atravesan as fascias superficial e cervical media, e reciben as veas occipitais, auriculares e supracapulares, rematando na subclavia. / **V. xugular interna** Veas voluminosas e profundas que discorren polos lados do pescozo, procedentes do seo sigmoide, no orificio xugular, ata a articulación esternoclavicular, onde se unen coa subclavia para formala vea braquiocefálica, despois de recibí-las linguais, faciais, farínxeas e tiroide superior e media.

vección *s.f.* Transmisión de xermes dunha enfermidade dun individuo infectado a outro san. Contaxio. // **V. circunferencial** Transmisión indirecta ou mediata. / **V. radial** Transmisión directa ou inmediata.

vecordia *s.f.* (lat.) Trastorno mental

vector *s.m.* 1. Portador intermediario que transporta o xerme dunha enfermidade. 2. Liña que representa a dirección, sentido e intensidade dunha forza. // **V. biolóxico** Vector no que o xerme vive unha fase esencial no ciclo da súa vida. / **V. mecánico** ou **pasivo** Vector que só transporta os organismos infectivos sen ningunha alteración.

vectorcardiograma *s.m.* Trazado que representa a dirección e magnitude das forzas eléctricas das derivacións tipo do electrocardiograma, obtido cun oscilógrafo de raios catódicos.

vectorial *adx.* Relativo ou pertencente a un vector.

vedoiro-a *s.* Persoa que predí o destino.

vehículo *s.m.* 1. Medio de transporte ou de conducción. 2. Excipiente.

Veillonella Xénero de bacterias que comprende os cocos gramnegativos, anaerobios, saprófitos habituais do aparello dixestivo e da boca. Forma parte da flora causal na sinusite, abscesos subcutáneos, endocardite, sepsis, etc.

velamen *s.m.* (lat.) Membrana ou veo.

velamentoso-a *adx.* Que é membranoso e que pendura de xeito semellante a un veo, especialmente da inserción dos vasos umbilicais nas membranas da placenta.

velar *adx.* Relativo ou pertencente a un veo, especialmente ó veo do padal.

velenífero-a *adx.* Velenoso, que contén veneno.

velenífico-a *adx.* Que produce veneno.

veleno *s.m.* Substancia con capacidade de producir trastornos na saúde das persoas, ou mesmo a morte, que pode penetrar no organismo por catro vías: oral, respiratoria, cutánea e mucosa. // **V. cáustico** Veleno irritante que cauteriza as primeiras partes coas que entra en contacto. / **V. convulsionante** O que causa convulsións, como a

estricnina. / **V. corrosivo** Veneno cáustico. / **V. de araña** ou **de serpe** Pezoña. / **V. de contacto** O que actúa ó entrar en contacto coa pel, como o DDT. / **V. endóxico** O formado no organismo, como produto de intoxicacións. / **V. estupefaciente** Aquel que produce estupor, como a hiosciamina. / **V. esóxico** O que procede do exterior do organismo. / **V. hemotrópico** Aquel que presenta afinidade especial polos glóbulos vermellos. / **V. irritante** Aquel que causa irritación ou inflamación, como os ácidos, cáusticos, sales, etc. / **V. microbiano** Toxina. / **V. muscular** O que impide a función muscular, que normalmente actúa á altura da placa neuromuscular. / **V. narcótico** O que causa sono e estupor, sen lesionalo aparello dixestivo. / **V. narcoticoacre** O que ten propiedades irritantes ou cáusticas e narcóticas. / **V. sedante** O que diminúe as facultades vitais, como o ácido cianhídrico ou o sulfuro de hidróxeno.

velenosalivar *adx.* Que ten saliva velenosa.

velenoso-a *adx.* Tóxico, que ten veneno.

veliforme *adx.* De forma semellante á dun veo.

vellez *s.f.* Período da vida do que adoita fixarse o comezo arredor dos 60 anos, caracterizado pola declinación de tódalas facultades.

velocidade *s.f.* Cantidade de tempo en que se realiza un fenómeno. // **V. circulatoria** Tempo que transcorre mentres o sangue dá unha volta completa ó sistema circulatorio, que dura aproximadamente 10-15 segundos. / **V. de sedimentación dos glóbulos vermellos** Velocidade de descenso das hemacias do plasma de sangue tratado con anticoagulantes. Mídese segundo a altura en mm. da columna de plasma que supera as hemacias sedimentadas.

Velpeau, deformidade, hernia, vendaxe de V. deformidade, hernia, vendaxe.

velvético-a *adx.* Semellante ó veludo.

venda *s.f.* Fita de tea ou de gasa que se emprega para efectuar vendaxes. // **V. de Esmarch** Venda elástica que se envolve arredor dun membro, partindo do extremo, para poder practicar operacións nel sen perda de sangue. / **V. de Martin** Venda de goma que se emprega para a compresión das veas varicosas das pernas. / **V. elástica** Venda de goma coa que se exerce unha compresión continua sobre unha zona determinada.

vendaxe *s.f.* 1. Cura, apósito sostido con fitas de gasa ou de tea. 2. Acción de aplicar unha cura ou un apósito. 3. Venda. // **V. abdominal** Faixa coa que se sostén o abdome en persoas embarazadas ou obesas, despois de operacións abdominais. / **V. circular** Aquela na que cada volta de vendaxe se aplica sobre a anterior, sen cambios de sentido. / **V. compresiva** Vendaxe que se aplica en espiral co fin de facer unha compresión metódica sobre unha determinada zona. / **V. contentiva** Vendaxe simple que ten como única finalidade conter un apósito. / **V. de Allen e Kock** Vendaxe compresiva cunha capa de algodón comprimida mediante vendas, empregada no

tratamento inicial de fracturas e queimaduras. / **V. de Desault** A que se aplica na fractura de clavícula, que abrangue o tronco, o brazo correspondente e o óso fracturado, deixando libre o antebrazo e a man. / **V. de Galeno** Venda ancha e curta con cada extremo dividido en tres cabos, que se aplica sobre a cabeza, atando os cabos da seguinte maneira: os centrais debaixo do queixo, os anteriores na caluga e os posteriores na testa. / **V. de Hennequin** Vendaxe enxesada que se emprega nas fracturas da diáfise do úmero. / **V. de Hipócrates** A que se realiza en forma de gorra na cabeza ou no toco dun membro. / **V. de Theden** Vendaxe compresiva circular ou en espiral, aplicada en sentido ascendente para cortar unha hemorraxia. / **V. de Velpeau** A que se aplica nas fracturas da clavícula e luxacións de ombro, suxeitando a extremidade correspondente ó tronco, de xeito que a man do lado lesionado se pousa sobre o ombro san. / **V. en espiga** A que se realiza nas articulacións das extremidades mediante voltas regulares que forman un V. / **V. en espiral** Vendaxe compresiva na que se van aplicando as voltas de venda en forma de espiral ascendente. / **V. en oito** A que se realiza nas fracturas de clavícula entrecruzando as voltas da venda en forma de oito. / **V. en T** ou **triangular** A que se realiza con vendas en T, especialmente utilizada para cubri-la zona xenital e o perineo. / **V. enxesada** A realizada con vendas de xeso, que ó endureceren fixan solidamente as partes vendadas. / **V. inmóbil** A que se realiza con xeso para fixar permanentemente as partes. / **V. oblicua** Vendaxe en espiral sen cambios de sentido. / **V. protectora** Vendaxe que ten a función de protexer unha parte enferma ou lesionada. / **V. recorrente** Vendaxe en forma de gorro que se aplica no toco dun membro amputado. / **V. suspensoria** A que se emprega para soste-la mama ou o escroto.

venectasia *s.f.* Flebectasia.

venepunción *s.f.* Punción dunha vea.

venéreo-a *adx.* Relativo ó acto sexual ou ocasionado por el, especialmente as enfermidades de transmisión sexual.

venereofobia *s.f.* Medo enfermizo a contraer e padecer enfermidades venéreas.

venereoloxía *s.f.* Rama da medicina que estuda as enfermidades de transmisión sexual. Tamén se di **cipridoloxía**.

venesección *s.f.* Flebotomía.

veniplexo *s.m.* Plexo venoso.

venipuntura *s.f.* Punción cirúrxica dunha vea.

venisutura *s.f.* Fleborrafia.

venoauricular *adx.* Relativo ou pertencente á vea cava e á aurícula.

venoclise *s.f.* Infusión de líquidos medicamentosos a través dunha vea.

venofibrose *s.f.* Enfermidade das veas que se caracteriza por fibrose destes vasos, sobre todo da súa capa media.

venografía *s.f.* Flebografía.

venoma *s.m.* Dilatación local dunha vea, sobre todo nas grandes veas do pescozo, de causa descoñecida.

venomotor-a *adx.* Que produce constricción ou dilatación das veas.

venoperitoneostomía *s.f.* Anastomose da vea safena co peritoneo, que se realiza nos casos de ascite, para a drenaxe permanente do abdome. Tamén se di **operación de Ruotte**.

venosclerose *s.f.* Flebosclerose.

venosidade *s.f.* 1. Carácter venoso. 2. Distribución das veas nunha parte. 3. Abundancia de veas nunha zona determinada.

venostase *s.f.* Flebostase.

venovenostomía *s.f.* Anastomose dunha vea con outra.

ventá *s.f.* Abertura nunha parede dunha estrutura anatómica, nun órgano ou nunha vendaxe. // **V. nasal** Abertura dunha fosa nasal pola súa parte anterior. / **V. oval** ou **vestibular** Abertura de forma ovalada na parede interna do tímpano, que comunica co vestíbulo. / **V. redonda** ou **coclear** Abertura redonda na parede interna do tímpano, que comunica coa cóclea.

venter *s.m.* (lat.) Abdome ou estómago.

ventilación *s.f.* 1. Renovación do aire dun recinto, mediante a cal se cambia o aire viciado por aire puro procedente do exterior. 2. Proceso mediante o cal se cambia o aire dos pulmóns. // **V. alveolar** Cantidade de aire inspirado (aproximadamente 4 litros/minuto) que penetra por minuto nos alvéolos pulmonares para participar no intercambio de gases co sangue.

ventilador *s.m.* 1. Aparello que serve para renova-lo aire dun recinto pechado. 2. Respirador.

ventosa *s.f.* 1. Instrumento en forma de campá de vidro que se aplica sobre unha parte do corpo para que faga un efecto de succión. 2. Órgano do que están dotados certos animais, para fincárense ou succionar. // **V. escarificada** A que se aplica sobre a pel, despois da escarificación desta, para realizar unha sangría. / **V. obstétrica** Vacuoextractor.

ventosidade *s.f.* Flatulencia ou expulsión de gases intestinais.

ventre *s.m.* 1. Abdome. 2. Parte avultada e carnosa dun músculo. // **V. de ra** Avultamento do abdome típico do raquitismo. / **V. de tambor** Timpanismo abdominal. / **V. de xelatina** Pseudomixoma peritoneal. / **V. de madeira** Contractura da musculatura abdominal. / **V. navicular** ou **escafoide** Depresión da parede abdominal, de xeito que o embigo se sitúa nun nivel inferior ó das espiñas íliacas anteriores.

ventricular *adx.* Relativo ou pertencente a un ventrículo.

ventriculite *s.f.* Inflamación dun ventrículo cerebral ou cardíaco.

ventrículo *s.m.* Cavidade anatómica, especialmente as cardíacas e as cerebrais. // **V. aórtico** Ventrículo esquerdo do corazón. / **Cuarto v.** Ventrículo cerebeloso, espacio de forma romboidal comprendido entre o cerebelo, o bulbo e a ponte, que se comunica co epéndima e co III ventrículo polo acueducto de Silvio. No chan deste ventrículo, formado polo bulbo raquídeo, sitúanse os núcleos de orixe dos nervios craniais. / **V. de Arancio** Fosiña pequena situada na punta do suco *calamus scriptorius* no chan do IV ventrículo, que continúa co conducto do epéndima. / **V. de Galeno** Ventrículo larínxeo. / **V. de Morgagni** Ventrículo larínxeo. / **V. de Vieussens** Cavidade do *septum pellucidum*. / **V. do cerebro** Cada unha das catro cavidades situadas dentro do cerebro que conteñen líquido cefalorraquídeo: dous laterais, resultantes das evaxinacións dos hemisferios cerebrais, que se comunican co III ventrículo polo orificio de Monro; o ventrículo medio ou III ventrículo, resultado da transformación da luz do tubo neural nunha fendadura vertical, que se comunica co IV ventrículo polo acueducto de Silvio; o IV ventrículo ou ventrículo cerebeloso, que tamén resulta da persistencia do tubo neural. / **V. do corazón** Cada unha das cavidades inferiores do corazón, dereita e esquerda, que reciben o sangue das aurículas e mándana ós pulmóns pola arteria pulmonar (ventrículo dereito) e pola aorta a todo o organismo (ventrículo esquerdo). / **V. larínxeo** Espacio situado entre as cordas vocais falsas e as verdadeiras. / **V. laterais** Cada unha das dúas cavidades de forma irregular e curva dos hemisferios cerebrais que resultan da cavidade da vesícula cerebral primitiva, desde o lobo frontal ata cerca do suco lateral do cerebro, e que encerran os pedúnculos cerebrais. Comunicanse co ventrículo medio polos orificios de Monro. / **V. medio** ou **III ventrículo** Cavidade en forma de funil situada entre os dous hemisferios cerebrais, que se estende desde o corpo caloso ata o infundíbulo, de arriba a abaixo, e desde a glándula pineal ata a lámina supraóptica, de diante a atrás. / **V. pineal** Cavidade do corpo pineal. / **V. primeiro** e **segundo** Ventrículos laterais. / **V. quinto** ou **de Silvio** Espacio estreito situado entre as capas do *septum lucidum*. / **Terceiro v.** Ventrículo medio.

ventriculoauriculostomía *s.f.* Comunicación entre os ventrículos cerebrais e a aurícula cardíaca, mediante unha sonda, que se realiza na hidrocefalia interna.

ventriculocordectomía *s.f.* Operación de Jackson: extirpación de parte dos ventrículos larínxeos e das cordas vocais na estenose larínxea.

ventriculografía *s.f.* 1. Encefalografía realizada despois da inxección de aire nos ventrículos cerebrais, empregada por Dandey para o diagnóstico de tumores. Tamén se di **pneumoencefalografía**. 2. Exploración radiográfica dos ventrículos cardíacos, trala inxección de substancia de contraste.

ventriculograma *s.m.* 1. Radiograma dos ventrículos cerebrais. 2. Porción do electrocardiograma relativa ós ventrículos.

- ventriculometría** *s.f.* Medición da presión intraventricular ou intracranial.
- ventriculonector** *s.m.* Fascículo de His.
- ventriculopuntura** *s.f.* Punción dos ventrículos laterais do cerebro.
- ventriculoquisternostomía** *s.f.* Comunicación cirúrxica entre o III ventrículo e a cisterna interpeduncular, na hidrocefalia interna.
- ventriculoscopia** *s.f.* Endoscopia dos ventrículos cerebrais.
- ventriculostomía** *s.f.* Creación cirúrxica dunha comunicación entre o III ventrículo e a cisterna interpeduncular subxacente, no tratamento da hidrocefalia.
- ventriculus** *s.m.* (lat.) Ventrículo.
- ventricumbente** *adx.* Situado en decúbito prono ou ventral.
- ventrifixación** *s.f.* Sutura dunha víscera á parede abdominal.
- ventrodorsal** *adx.* Relativo ou pertencente á superficie ventral e á dorsal.
- ventrohisteropexia** *s.f.* Histeropexia abdominal.
- ventroinguinal** *adx.* Relativo ou pertencente ó abdome e á rexión inguinal.
- ventrolateral** *adx.* Ventral e lateral.
- ventroptose** *s.f.* Gastropptose ou enteroptose.
- ventroquistorrafia** *s.f.* Sutura dun quiste ou da vexiga á parede abdominal.
- ventroscopia** *s.f.* Endoscopia abdominal ou peritoneoscopia.
- ventrosuspensión** *s.f.* Fixación cirúrxica dun órgano ou dunha parte á parede abdominal. // **V. do útero** Histeropexia abdominal.
- ventrotomía** *s.f.* Laparotomía, celiotomía.
- vénula** *s.f.* Vea pequena que recibe sangue dos capilares.
- veo** *s.m.* Estructura anatómica en forma de capa ou de túnica. // **V. de Baker** Padal artificial empregado na fisura conxénita de padal. / **V. do padal** ou **palatino** Estructura músculo-membranosa móbil, co lado superior fixo á beira posterior da bóveda do padal, e o inferior libre e pendurante sobre a base da lingua, que remata na úvula. Presenta uns bordos ou piares laterais que se continúan coa lingua e a farinxe. / **V. medular anterior** Túnica membranosa situada entre os pedúnculos cerebelosos superiores, e que forma parte da parede superior do IV ventrículo. / **V. medular posterior** Pregadura que forma a porción anterior do IV ventrículo cerebral.
- verbal** *adx.* Relativo á linguaxe falada
- verbixeración** *s.f.* Repetición continuada de palabras e frases sen sentido, que se observa ás veces na esquizofrenia.
- verbomanía** *s.f.* Logomanía.
- verborrea** *s.f.* Logorrea, abundancia excesiva de palabras.
- verde** *adx.* 1. Relativo á cuarta cor do espectro solar. 2. Que non está maduro ou seco. // *s.m.* 3. Colorante con esta cor. // **V. brillante** Colorante básico que ten propiedades bactericidas para organismos grampositivos, e que se emprega tamén como indicador, e en solución ó 1% para o tratamento de feridas e epidermites cutáneas. / **V. da bile** Biliverdina. / **V. malaquita** Verde brillante.
- verdecete** *adx.* Que se torna de cor verde.
- verga** *s.f.* Pene, especialmente o dos animais.
- vergallo** *s.m.* Verga.
- verme** *s.m.* Macroparásito intestinal: ascárides, tenias, oxiúros.
- vermello-a** *adx.* 1. Relativo á primeira cor do espectro solar, correspondente ás radiacións de maior lonxitude de onda dentro do espectro visible. // *s.m.* 2. Pigmento ou substancia colorante desta cor. // **V. Congo** Colorante empregado no diagnóstico da amiloidose. / **V. de cresol** Indicador que se emprega para determina-la concentración de ións de hidróxeno, gracias ós cambios de cor que experimenta segundo o pH. / **V. escarlata** Colorante sintético que se emprega localmente para estimula-la neoformación epitelial nas úlceras. / **V. vital** Colorante empregado para determina-lo volume de sangue no organismo, mediante a valoración da súa concentración no plasma sanguíneo.
- vermiano-a** *adx.* Relativo ou pertencente ó vermis cerebeloso.
- vermicida** *adx.* 1. Que destrúe vermes intestinais. // *s.m.* 2. Antihelmíntico.
- vermicular** *adx.* Que ten forma ou aspecto semellante a un verme.
- vermiculoso-a** *adx.* 1. Semellante a un verme. 2. Infestado de vermes.
- vermifobia** *s.f.* Helmintofobia, medo morboso ós parásitos intestinais.
- vermiforme** *adx.* Vermicular, en forma de verme.
- vermífugo-a** *adx.* Antihelmíntico, substancia que posúe a capacidade de expulsa-los vermes intestinais.
- verminación** ou **verminose** *s.f.* Infestación con vermes.
- verminoso-a** *adx.* Producido por vermes ou relacionado con eles.
- vermis** *s.m.* (lat.) 1. Verme. 2. Lobo medio do cerebro, entre os hemisferios laterais.
- vermix** *s.m.* Apéndice cecal ou vermiforme.
- vermografía** *s.f.* Radiografía do apéndice vermiforme.
- vermoide** *adx.* En forma de verme ou parecido a eles.
- Vernet, síndrome de V. síndrome.**

Verneuil, conducto de V. conducto.

vernix *s.m.* (lat.) Verniz. // **V. caseoso** Unto sebáceo da pel do feto.

verniz *s.m.* Solución de resinas en aceite, alcohol ou éter, que se emprega de xeito limitado en cirurxía e dermatoloxía.

verruca *s.f.* (lat.) Verruga. // **V. plantaris** Papiloma da planta do pé.

verruciforme *adx.* Que ten forma de verruga.

verrucose *s.f.* Estado que se caracteriza pola presenza de moitas verrugas.

verruca *s.f.* Tumor cutáneo benigno, de diversas formas e tamaños, formado por hipertrofia das papilas dérmicas. A verruga vulgar ou común, de orixe vírica, é común en nenos e adolescentes, e con frecuencia desaparece espontaneamente. // **V. acuminada** Condiloma ou verruga venérea. / **V. anatómica** Tubérculo anatómico. / **V. dixitada** Verruga plana con excrecencias semellantes a dedos, que se localiza no coiro cabeludo. / **V. filiformes** As de forma alongada, delgadas e cornificadas, que aparecen na cara, nas pálpebras, etc. / **V. fugaz** A que se observa nas mans de persoas novas, non persistente. / **V. molusciforme** Condiloma. / **V. necroxénica** Tubérculo anatómico. / **V. peruana** Fase crónica da enfermidade de Carrión, enfermidade endémica no Perú, na que aparecen tumores verrucosos sangrantes na cara e nas mans. / **V. plana xuvenil** Pápulas lisas e pequenas que aparecen en persoas novas na cara, pescozo e dorso das mans. / **V. plantar** Papiloma benigno, de orixe vírica, que aparece nas zonas de máis presión da planta do pé. / **V. seborreica** ou **senil** Conxunto de prominencias queratóxicas frecuentes nos anciáns, cubertos dunha capa de materia sebácea escura. / **V. telanxiectásica** Anxioqueratoma. / **V. tuberculosa** Variedade de tuberculose cutánea que presenta placas con eminencias papilomatosas no dorso das mans rodeadas dunha zona eritematosa. / **V. venérea** Verruga acuminada.

versicolor *adx.* Que cambia de cor.

versión *s.f.* 1. Manobra obstétrica que consiste en variar a presentación do feto para facilitar o parto. 2. Desviación cara adiante, cara atrás ou cara ós lados da posición dun órgano. // **V. abdominal** A que se practica mediante manobras externas a través do abdome. / **V. bipolar** A realizada sobre os dous polos fetais. / **V. cefálica** A que se realiza nas presentacións de tronco para leva-la cabeza do feto ó estreito superior da pelve, mediante manobras externas durante o embarazo. / **V. combinada** A que se realiza por manobras internas e externas ó mesmo tempo. / **V. de Hicks** Versión podálica mixta que se realiza na placenta previa. / **V. espontánea** Conversión dunha posición anormal do feto nunha normal por contraccións do útero, sen manipulación ningunha. / **V. externa** A que se realiza mediante manipulacións exteriores nos casos de posición fetal transversal, para leva-la cabeza do feto ó estreito superior da pelve sen que o útero se contraia. / **V. interna** A que se realiza durante o parto mediante mani-

plucacións internas, sobre todo en casos de presentación de tronco ou, en xeral, cando o parto debe rematar rapidamente. / **V. mixta** Versión combinada. / **V. podálica** Versión interna que pretende leva-los pés do feto ó estreito inferior da pelve.

vértebra *s.f.* Cada unha das vintecatro formacións óseas que compoñen a columna vertebral. // **V. basilar** Última vértebra lumbar. / **V. cardíaca** Cada unha das vértebras torácicas V, VI, VII, VIII, que se corresponden con proxeccións do corazón sobre a columna vertebral. / **V. caudal** Vértebra rudimentaria fusionada co cóccix. / **V. cefálica** ou **cranial** Cada un dos catro segmentos craniais posterior ou occipital, medio ou esfenoparietal, anterior ou esfenofrontal e etmoide ou nasal, que se consideran vértebras modificadas. / **V. cervical** Cada unha das vértebras do pescozo. / **V. de Welker** Primeira vértebra fusionada do sacro. / **V. dentada** Axe. / **V. dorsal** Vértebra torácica. / **V. falsa** Cada un dos segmentos do sacro ou do cóccix. / **V. lumbar** Cada unha das cinco vértebras situadas entre as torácicas e o sacro. / **V. magna** Sacro. / **V. prominente** Sétima vértebra cervical. / **V. torácica** Cada unha das doce vértebras que, unidas ás costelas, forman a parede posterior da caixa torácica. / **V. verdadeira** Vértebra independente, non fusionada.

vertebrado-a *adx.* 1. Provisto de columna vertebral. // *s.m.* 2. Individuo pertencente ó grupo de animais con columna vertebral, que inclúe mamíferos, aves, anfibios, réptiles e peixes.

vertebral *adx.* Pertencente ou relativo ás vértebras.

vertebralite *s.f.* Espondilite.

vertebrectomía *s.f.* Escisión dunha vértebra.

vertebroarterial *adx.* Relativo á arteria vertebral.

vertebrocondral *adx.* Relativo ou pertencente a unha vértebra e unha cartilaxe costal.

vertebrocostal *adx.* Relativo ou pertencente a unha vértebra e a unha costela.

vertebrodídimo *s.m.* Monstro fetal dobre fusionado polas vértebras.

vertebroilíaco-a *adx.* Relativo ou pertencente ás vértebras e ó óso ilíaco.

vertebrosacro-a *adx.* Relativo ou pertencente ás vértebras e ó sacro.

vertebrosternal *adx.* Relativo ás vértebras e ó esterno.

vertex *s.m.* (lat.) Vértice, especialmente o superior da cabeza.

vertical *adx.* 1. Relativo a un vértice. 2. Perpendicular á liña do horizonte.

vértice *s.m.* Cume ou punto extremo dunha estrutura anatómica. // **V. apendicocecal** Ángulo formado entre o apéndice cecal e o cego. / **V. da cabeza** Parte máis alta da cabeza. / **Presentación de v.** Presentación fetal máis frecuente e máis favorable, na que a cabeza do feto encaixa na pelve materna, nos seus diámetros menores.

Verticillum Xénero de fungos moniliais que inclúe algunhas especies patóxenas para as plantas, algunha das cales se pode empregar no tratamento de pacientes con micetoma pulmonar.

vertigofobia *s.f.* Medo enfermizo á vertixe.

vertigrafía *s.f.* Radiografía seccional.

vertixe *s.f.* Sensación de rotación e perda de equilibrio na que o paciente ten a impresión de que o contorno vira arredor del (vertixe obxectiva) ou que é el mesmo o que vira (vertixe subxectiva). Pode deberse a lesións do oído interno, trastornos cardíacos, gástricos, oculares, etc. // **V. a crápula** A consecutiva a unha indigestión por inxerir gran cantidade de comida. / **V. anxioπάtica** A debida a arterioesclerose dos vasos cerebrais ou bulbares. / **V. apoplética** Escotodinia. / **V. auricular** Vertixe de Ménière. / **V. caduca** A que provoca a caída do paciente. / **V. cardiovascular** A debida a causas cardiovasculares. / **V. cerebral** A debida a causas cerebrais. / **V. de Ménière** Vertixe auricular debida a un exceso de tensión do líquido labiríntico e que se caracterizaba por xordeira brusca, vertixe e acufenos, na cal desaparece axiña a vertixe e persisten os trastornos auditivos. / **V. dos fumadores** A que se debe ó exceso de tabaco. / **V. epiléptica** Forma de epilepsia que semella unha vertixe. / **V. esencial** Vertixe de causa descoñecida. / **V. histérica** A que se asocia a trastornos histéricos. / **V. horizontal** A que se produce pola posición horizontal. / **V. intestinal** A debida á presión dos gases intestinais creada pola compresión do plexo hemorroidal do simpático. / **V. labiríntica** Vertixe de Ménière. / **V. larínxea** Espasmo larínxeo acompañado de vertixe e perda de conciencia, que se observa ás veces no período preatáxico da tabe. / **V. lateral** A producida pola pasaxe rápida dunha ringleira de obxectos semellantes polo campo visual do observador en movemento. / **V. mecánica** A debida ó movemento ou vibración continuada do corpo. / **V. mental** Estado de ansiedade ou de angustia con sensación de desfalecemento ou tremor, pero sen sensación de vertixe propiamente dita. / **V. neurasténica** Vertixe subxectiva asociada á neurastenia. / **V. obxectiva** Aquela na que ó paciente lle parece que os obxectos dan voltas arredor del. / **V. ocular** A debida a unha afección ocular. / **V. orgánica** A debida a unha lesión cerebral manifesta. / **V. otopática** A debida a unha lesión do oído. / **V. paralizante** Enfermidade de Gerlier. / **V. periférica** A que non se orixina en ningunha rexión do cerebro. / **V. ptósica** Vertixe paralizante. / **V. rotatoria** Vertixe na que o paciente nota unha sensación clara de rotación. / **V. subxectiva** Aquela na que o paciente ten a sensación de dar voltas. / **V. tóxica** A que se debe a unha intoxicación endóxena ou exóxena. / **V. voltaica** Vertixe auricular causada polo paso dunha corrente galvánica pola apófise mastoide, na que o paciente torce a cabeza cara ó polo positivo da corrente.

vertixinoso-a *adx.* Relativo á vertixe ou afectado por ela.

veru montanum *loc.* (lat.) Colículo seminal.

verumontanite *s.f.* Inflamación do *veru montanum*.

Vesalio, orificio, ligamento, vea *V. orificio, ligamento, vea.*

vesania *s.f.* Enfermidade mental.

vesgo-a *adx.* Que ten a vista torta.

vesica *s.f.* (lat.) Vexiga.

vesicación *s.f.* 1. Formación de vexigas. 2. Efecto das substancias vesicantes.

vesicante *adx.* Que produce vexigas, vesículas ou ampolas na pel.

vesicatorio-a *adx.* Vesicante, vexigatorio.

vesicoabdominal *adx.* Relativo á vexiga e ó abdome.

vesicocele *s.f.* Protrusión herniaria da vexiga ou que contén a vexiga. Tamén se di **cistocele**.

vesicocervical *adx.* Relativo á vexiga e ó colo do útero.

vesicoclise *s.f.* Inxección de líquido dentro da vexiga.

vesicointestinal *adx.* Relativo ou pertencente á vexiga e ó intestino.

vesicoperineal *adx.* Relativo ou pertencente á vexiga e ó perineo.

vesicoprostático-a *adx.* Relativo ou pertencente á vexiga e á próstata.

vesicopubiano-a *adx.* Relativo ou pertencente á vexiga e á pube.

vesicopústula *s.f.* Vesícula que se transforma en pústula.

vesicorrectal *adx.* Relativo á vexiga e ó recto.

vesicorrenal *adx.* Relativo á vexiga e ó ril.

vesicosigmoide *adx.* Relativo á vexiga e ó colon sigmoide.

vesicosigmoidostomía *s.f.* Anastomose cirúrxica entre a vexiga e o colon sigmoide.

vesicospinal *adx.* Relativo ou pertencente á vexiga e ó colon sigmoide.

vesicotomía *s.f.* Cistotomía.

vesicoumbilical *adx.* Relativo á vexiga e ó embigo.

vesicouretral *adx.* Relativo á vexiga e ó uréter.

vesicouterino-a *adx.* Relativo á vexiga e ó útero.

vesicouterovaxinal *adx.* Relativo ou pertencente á vexiga, ó útero e á vaxina.

vesicovaxinorrectal *adx.* Relativo ou pertencente á vexiga, vaxina e recto.

vesícula *s.f.* 1. Estructura anatómica pequena en forma de bolsa ou vexiga. 2. Lesión cutánea circunscrita que contén líquido seroso. // **V. acústica** ou **auditiva** Cavidade chea de endolinfa que se orixina por unha invaxinación do ectoderma do embrión, a ámbolos dous lados do rombencéfalo, e que dá orixe ó labirinto membranoso. / **V. aérea** Vesícula pulmonar. / **V. alantoide** Porción

interna e oca da alantoide. / **V. biliar** Bolsa membranosa situada na cara inferior do fígado, que serve de reservorio da bile e que se continúa co conducto quístico. / **V. blastodérmica** Saco formado polo blastoderma. / **V. cerebral** ou **cefálica** Vesícula formada por tres expansións da parte anterior do tubo neural do embrión: anterior ou prosencéfalo, media ou mesencéfalo e posterior ou telencéfalo, e que se desenvolve dando lugar ó encéfalo. / **V. de Baer** Óvulo. / **V. de Graaf** Folículo de Graaf, que contén o oocito no ovario en diferentes graos de desenvolvemento. / **V. de Malpighi** Alvéolo pulmonar. / **V. de Marochetti** Pequenas vesículas que aparecen debaixo da lingua na hidrofobia. / **V. de Naboth** Ovo de Naboth. / **V. de Weber** Vesícula prostática. / **V. elemental** Célula. / **V. en porcelana** Vesículas visibles nas radiografías abdominais sen contraste, debido ós depósitos de calcio nas súas paredes. / **V. espermática** Vesícula seminal. / **V. hidatídica** A debida ó desenvolvemento do embrión do equinococo nun órgano. / **V. incolora do sangue** Leucocito. / **V. ocular, oftálmica** ou **óptica** Expansión oca da vesícula cerebral embrionaria anterior, a partir da cal se desenvolven as partes oculares sensibles. / **V. olfactoria** Vesícula embrionaria precursora do bulbo olfactorio. / **V. pituitaria** Formación embrionaria que se desenvolve no corpo pituitario. / **V. prostática** Utrículo prostático. / **V. pulmonar** Alvéolo pulmonar. / **V. seminal** Reservorios de seme situados na parte posteroinferior da próstata, que son continuación dos conductos deferentes e que se comunican coa uretra polos conductos exaculadores. / **V. simple** Vesícula dérmica cun só compartimento. / **V. umbilical** Órgano embrionario que é parte do saco vitelino, comunicado co intestino polo conducto onfalomesentérico. / **V. xerminativa** Núcleo do óvulo.

vesiculación *s.f.* Presencia ou formación de vesículas na pel.

vesicular *adx.* 1. Relativo ou pertencente a unha vesícula. 2. Relativo ás vesículas cutáneas ou que se caracteriza pola súa presenza.

vesiculase *s.f.* Enzima prostático que coagula o seme.

vesiculectomía *s.f.* Extirpación dunha vesícula.

vesiculiforme *adx.* Que ten forma de vesícula.

vesiculite *s.f.* Inflamación dunha vesícula.

vesiculobronquial *adx.* Relativo á respiración que é vesicular e bronquial ó mesmo tempo.

vesiculocavernoso-a *adx.* Vesicular e cavernoso ó mesmo tempo.

vesiculografía *s.f.* Radiografía das vesículas seminais.

vesiculograma *s.m.* Radiograma das vesículas seminais.

vesiculopapuloso-a *adx.* Caracterizado pola presenza de vesículas e pápulas.

vesiculopustuloso-a *adx.* Caracterizado pola presenza de vesículas e pústulas.

vesiculoso-a *adx.* Vesicular ou que ten vesículas.

vesiculotimpánico-a *adx.* Que ten calidades vesiculares e timpánicas.

vesiculotomía *s.f.* Sección cirúrxica dunha vesícula. // **V. seminal** Abertura cirúrxica dunha vesícula seminal.

vesiculotubárico-a *adx.* Que ten calidades vesiculares e tubáricas. Tamén se di **vesiculobronquial**.

Vesiculovirus Xénero de virus da familia *Rhabdoviridae*, ó que pertence o axente causante da estomatite vesicular.

vestibular *adx.* Relativo ó vestíbulo, especialmente ó do oído interno.

vestíbulo *s.m.* Espacio que serve de entrada a unha cavidade. // **V. da aorta** Bulbo aórtico, espacio situado no ventrículo esquerdo, na raíz da aorta. / **V. da boca** Espacio comprendido entre os dentes, as enxivas e as meixelas. / **V. da bolsa omental** Prolongación dereita da retrocavidade do epíploon. / **V. da larinxe** Parte da larinxe situada por riba das cordas vocais. / **V. da vaxina** ou **da vulva** Espacio da vulva situado entre os labios menores, debaixo do clítoris. / **V. de Sibson** Vestíbulo da aorta. / **V. do oído** Cavidade ósea do oído interno que se comunica co caracol, conductos semicirculares e caixa timpánica e conducto auditivo interno, e que contén o utrículo e o sáculo.

vestibulotomía *s.f.* Abertura cirúrxica do vestíbulo do oído interno.

vestibulouretral *adx.* Relativo ou pertencente ó vestíbulo da vulva e á uretra.

vestixio *s.m.* Estructura anatómica rudimentaria no adulto, que no embrión ou en animais inferiores está ben desenvolvida.

vesuvina *s.f.* Colorante usado en microscopia. Tamén se di **pardo de Bismarck**.

veta *s.f.* Enfermidade de Monge ou dos Andes.

veterinaria *s.f.* Ciencia que estudia as enfermidades dos animais.

veterinario-a *s.* Especialista nas enfermidades dos animais.

vetusto *-a adx.* De moita idade, vello.

vexetación *s.f.* 1. Conxunto de vexetais propios dun medio ou zona determinada. 2. Excrecencia anormal de tipo carnosos dos tegumentos, feridas ou mucosas, especialmente os papilomas benignos dos órganos xenitais. // **V. adenoide** Hiperplasia e inflamación crónica do tecido linfoide adenoide da nasofarinxe, que se observa habitualmente nos nenos. / **V. dendrítica** Pilosidades neoplásicas que se observan sobre todo na pleura. / **V. venérea** Papiloma venéreo.

vexetalista *adx.* Vexetariano, que se alimenta cunha dieta exclusivamente vexetal.

vexetante *adx.* Relativo ou pertencente ás vexetacións.

vexetarianismo ou **vexetarismo** *s.m.* Doutrina dietética que exclúe os alimentos de orixe animal, aínda que

na maior parte dos casos si se consomen os seus derivados, como productos lácteos, ovos e mel.

vexetariano-a *adx. e s.* Que segue o vexetarianismo.

vexetativo-a *adx.* 1. Que intervéñ nos procesos de crecemento e nutrición. 2. Do sistema nervioso autónomo.

vexetoanimal *adx.* Que participa da natureza dos animais e das plantas, ou que está formado por substancias de orixe animal e vexetal.

vexetomineral *adx.* Que contén substancias vexetais e minerais.

vexetose *s.f.* Trastorno das funcións vexetativas.

vexiga *s.f.* 1. Estructura anatómica en forma de saco musculoso-membranoso situada na pelve, detrás da pube e diante do recto, onde se acumula a urina, a cal flúe constantemente polos uréteres. Ten unha capacidade fisiolóxica media de 300 a 350 cc., aínda que pode chegar a tolerar ata máis de 1000 cc. 2. Ampola cutánea que contén líquido seroso. // **V. automática** Evacuación espontánea da vexiga que ten lugar en lesións medulares, caracterizada por miccións reflexas periódicas. Tamén se di **vexiga autónoma**. / **V. biliar** Vesícula biliar. / **V. espasmódica** ou **hipertónica** Hiperactividade e capacidade reducida da vexiga, consecutiva a lesións medulares parciais, pola que a urina se expulsa involuntariamente debido á estimulación do mecanismo muscular encargado desta función a presións inferiores á normal. / **V. irritable** ou **nerviosa** Estado caracterizado polo desexo constante de urinar. / **V. urinaria** Vexiga (primeira acepción).

vexigatorio-a *adx.* Que produce formación de vexigas sobre a pel. Tamén se di **vesicatorio**.

vía *s.f.* 1. Camiño ou conducto. 2. Acceso cirúrxico a un órgano ou parte. // **V. ascendente** ou **descendente** Fascículos nerviosos transmisores de impulsos en sentido ascendente ou descendente, respectivamente. / **V. de asociación** Banda de fibras nerviosas que comunica dúas partes dun hemisferio cerebral ou ámbolos dous hemisferios a través do corpo caloso. / **V. de Löwenthal** Vía motora da medula espiñal. / **V. de Meyerhof** Conxunto de reaccións enzimáticas polas cales a glicosa en condicións anaeróbicas se transforma en ácido pirúvico. / **V. extrapiramidal** Vía nerviosa que regula o ton muscular e a postura. / **V. motora** Vía descendente que transmite os impulsos motores desde o cerebro ós músculos. / **V. naturais** Calquera dos conxuntos de órganos que constitúen un aparello ou un sistema: vías dixestivas, respiratorias, urinarias, etc. / **V. piramidal** Gran vía motora corticospinal do SNC. / **V. rubrospinal** Fascículo de Monakov ou prepiramidal, que vai desde o núcleo vermello ata a porción sacra da medula espiñal polo cordón lateral da medula. / **V. sensitiva** Vía ascendente que transmite o impulso das diferentes formas de sensación.

viabilidade *s.f.* Calidade de viable.

viable *adx.* Relativo ó feto ou ó neonato que acadou tal grao de desenvolvemento orgánico que pode vivir fóra do útero.

vial *adx.* 1. Relativo ou pertencente a unha vía. // *s.m.* 2. Pequeno recipiente de vidro destinado a conter un medicamento.

víbice *s.f.* Hemorragia cutánea en forma lineal.

víbora *s.f.* Réptil ofidio velenoso, entre as cales son comúns en Europa a *Vipera berus* e a *Vipera aspis*, que provocan fenómenos xerais e locais intensos coa súa mordedela, pero raramente a morte.

vibración *s.f.* 1. Movemento oscilatorio dun corpo elástico. 2. Forma de masaxe que consiste en efectuar sobre o corpo unha serie de movementos vibratorios rápidos. // **V. fotoeléctrica** Movemento dos conos e bastóns da retina debido á influencia da luz. / **V. torácica** Vibración do tecido pulmonar que se percibe aplicando a man sobre o tórax durante a fonación. O incremento desta vibración indica consolidación pulmonar, e a súa diminución ou desaparición é indicio de presenza de aire ou líquido entre a parede torácica e o pulmón.

vibrador *s.m.* Aparello que produce vibracións, que se emprega en mecanoterapia.

vibrante *adx.* Relativo ó pulso forte, duro e tenso.

vibrátil *adx.* Que realiza movementos vibratorios.

vibrátodo *s.m.* Parte que se aplica ó extremo dun instrumento vibratorio e pola cal se transmiten as vibracións ó resto do corpo.

vibratorio-a *adx.* Que produce vibracións ou que vibra.

Vibrio Xénero de bacterias vibrionáceas gramnegativas, de metabolismo fermentativo, oxidasepositivas e móbiles mediante flaxelos, que se desenvolven ben en cultivos alcalinos. A este xénero pertencen as especies *V. cholerae* ou *V. comma*, causante do cólera, a *V. fetus* ou *campylobacter*, a *V. jamaicensis* ou *Aeromonas hydrophila*, a *V. parahaemolyticus*, causante de intoxicacións alimentarias e diarreas, e a *V. septicus* ou *Clostridium septicum*.

vibrión *s.m.* Microorganismo do xénero *Vibrio*.

vibrisa *s.f.* Pelo da entrada das fosas nasais.

vibrocardiograma *s.m.* Rexistro gráfico das vibracións dos ruídos cardíacos.

vibrófono *s.m.* Vibrómetro.

vibrograma *s.m.* Rexistro gráfico de vibracións.

vibromasaxe *s.f.* Masaxe vibratoria, especialmente do oído.

vibrómetro *s.m.* Instrumento que se emprega na xordeira debida a depósitos de material plástico ou moco espeso, que emite vibracións para rompe-las adherencias.

vibrosensibilidade *s.f.* Palestesia.

vibroterapia *s.f.* Utilización das vibracións con fins terapéuticas.

vicariante ou **vicario-a** *adx.* Que actúa no sitio ou substituíndo outro fenómeno ou órgano, especialmente a hemorraxia que substitúe un período menstrual.

viciación *s.f.* Imperfección, deficiencia, perversión.

viciado-a *adx.* 1. Relativo ó aire non renovado nun espazo pechado, no que aumenta a proporción de anhídrido carbónico. 2. Da pelve mal conformada. 3. Deforme.

vicio *s.m.* Imperfección, eiva, hábito prexudicial, especialmente aqueles que son conxénitos ou definitivos.

vida *s.f.* 1. Conxunto de propiedades e calidades gracias ás cales os seres organizados se manteñen en actividade, que se manifesta en funcións orgánicas como o metabolismo, crecemento, adaptación ó medio, etc. 2. Tempo que transcorre desde o nacemento ata a morte. // **V. animal** ou **de relación** A que teñen os seres animais, que se caracteriza polo emprego dos sentidos e a locomoción. / **V. antenatal, intrauterina** ou **prenatal** Vida embrionaria ou fetal. / **V. media** Tempo que transcorre para que a concentración dunha substancia baixe ata a metade do valor inicial. / **V. mental** ou **psíquica** A que se caracteriza polo exercicio das facultades mentais do individuo. / **V. vexetativa** Conxunto dos fenómenos automáticos necesarios para a supervivencia do individuo e da especie.

Vidal, operación de *V. operación.*

vidalla *s.f.* *V. sen.*

vide *s.f.* Planta do xénero *Vitis*, da cal a especie principal é a *Vitis vinifera*, que se cultiva para a obtención do viño.

Vidiano, arteria, conducto, nervio de *V. arteria, conducto, nervio.*

vidiano-a *adx.* Relativo a Vidiano.

vidrado-a *adx.* 1. Cuberto de substancia vitrificable. 2. Sen brillo, como os ollos embazados.

vidro *s.m.* Substancia transparente formada pola mestura de silicatos insolubles en auga, que non cristalizan ó se arrefriaren despois de seren fundidos. // **V. endurecido** Vidro duro, moi usado en óptica, composto de silicato de sodio ou potasio, calcio e alumina, e sen chumbo. / **V. fritado** Vidro fundido e moído que se emprega como filtro. / **V. líquido** ou **soluble** Silicato de sodio ou de potasio.

Vieussens, enfermidade, válvula de *V. enfermidade, válvula.*

vigor *s.m.* Forza, robusteza.

Vigorous, signo de *V. signo.*

VIH *s.m.* Siglas de Virus da Inmunodeficiencia Humana. Retrovirus que afecta principalmente ós linfocitos T activadores, causando a síndrome de inmunodeficiencia adquirida (SIDA). Existen dous tipos: VIH-1, responsable da SIDA na maioría dos países, e o VIH-2, illado en suxeitos infectados nos países de África occidental. Anteriormente foi denominado LAV/HTLV III.

Villaret, síndrome de *V. síndrome.*

viloma *s.m.* Tumor de vilosidades, especialmente o localizado no recto.

villus *s.m.* (lat.) Vilosidade.

villusectomía *s.f.* Escisión das vilosidades dunha sinovia. Tamén se di **sinovectomía**.

vilosidade *s.f.* 1. Calidade de viloso. 2. Abundancia de peluxe. 3. Eminencia branda e curta, semellante a un pelo, que se eleva sobre unha superficie anatómica. // **V. intestinal** Cada unha das prominencias da mucosa do intestino delgado, que son prolongacións do propio tecido da mucosa. Na súa parte central contén un ou varios vasos quilíferos coa función de aumenta-la superficie de absorción dos produtos da dixestión. / **V. placentarias** ou **coriónicas** Pilosidades do corion que ó se desenvolveren e se entrecruzaren constitúen o tecido placentario. / **V. sinovial** Cada unha das pequenas proxeccións de fibras de coláxeno e células conxuntivas que emerxen da membrana sinovial cara ó interior da cavidade articular.

viloso-a *adx.* 1. Que ten pelo ou que é da natureza do pelo. 2. Provisto de vilosidades.

vimblastina *s.f.* Alcaloide obtido da *Vinca rosea*, que ten propiedades bloqueantes da mitose celular, paralizando a metafase, polo que se emprega no tratamento de certas neoplasias.

vinagre *s.m.* 1. Líquido que resulta da fermentación acética do viño, sidra ou outros líquidos alcohólicos. 2. Preparado medicinal de ácido acético diluído. // **V. medicinal** Solución dun fármaco en ácido acético diluído.

vincenita *s.f.* Gas tóxico obtido pola mestura de ácido cianhídrico, cloruro de estaño, tricloruro de arsénico e cloroformo.

Vincent, anxina, signo de *V. anxina, signo.*

vincha *s.f.* Vexiga.

vincristina *s.f.* Alcaloide obtido da *Vinca rosea*, que ten propiedades bloqueantes da mitose celular, paralizando a metafase, polo que se emprega no tratamento de certas neoplasias.

vinilo *s.m.* Radical monovalente do alcohol vinílico, de fórmula CH_2H_3 .

viño *s.m.* 1. Líquido alcohólico que resulta da fermentación do zume de uvas, que contén auga, alcohol, ácidos orgánicos (citrato, acético, láctico, málico, etc.), glicerina, azucres (glicosa, fructosa, pentosas), substancias volátiles, substancias minerais, compostos fenólicos (taninos), amoníaco, peptinas e vitaminas. 2. Licor alcohólico obtido doutros vexetais. 3. Preparado medicinal que ten o viño como excipiente. // **V. tónico** Preparado composto de viño de Málaga, extracto de quina, tintura de laranxa, extracto de carne e glicerofosfato de sodio.

vioformo *s.m.* Preparado antiséptico substitutivo do iodoformo.

viola *s.f.* Violeta (planta).

violación *s.f.* Acción de someter a outra persoa, obrigándoa a manter un contacto sexual mediante a forza, a intimidación ou o engano. A lexislación española considera violación a penetración, tanto vaginal como anal ou bucal.

violado-a *adx.* 1. Preparado con violetas ou de cor violeta. 2. Que foi obxecto dunha violación.

violeta *s.f.* 1. *Viola odorata*, planta violácea da que se empregan as follas para preparar un xarope antitusíxeno, e tamén un reactivo dos álcalis, por acadar unha cor verdosa. // *adx.* 2. Relativo á sétima cor do espectro solar. // **V. de anilina** Colorante que resulta da acción dos cloruros alcalinos sobre os sales de anilina. / **V. de cristal** Hexametilosanilina, principal constituínte dos colorantes violeta de metilo e violeta de xenciana. / **V. de metilo** Colorante de anilina que se emprega para tinguir substancias amilodeas, núcleos e bacterias, que se viran de cor rosa. / **V. de París** Violeta de metilo. / **V. de xenciana** Cloruro de metilosanilina, colorante de anilina que se emprega para tinguir núcleos, e tamén como bacteriostático e bactericida para xermes grampositivos, e como antifúnxico.

viomicina *s.m.* Antibiótico activo contra o *M. tuberculosis*, que só se emprega, polo seu grao de toxicidade, en casos de resistencia a outros tubercustáticos.

viosterol *s.m.* Preparado de ergosterol irradiado que se emprega na profilaxe e tratamento do raquitismo e outros estados deficitarios de calcio e fósforo.

Vipera Xénero de vipéridos ó que pertence a víbora.

vipéreo-a *adx.* Viperino.

viperina *s.f.* Equidnina.

viperino-a *adx.* Relativo á víbora, ou que ten características semellantes.

virago *s.m.* (lat.) Muller viril, que presenta caracteres masculinos.

viraxinidade *s.f.* Presencia de caracteres masculinos na muller.

viremia *s.f.* Presencia de virus no sangue. Tamén se di **virusemia**.

vírgula *s.f.* 1. Variña delgada, bastonciño ou formación que ten esta forma. 2. Bacilo que ten forma de vírgula, como o vibrión do cólera.

viríase *s.f.* Afección causada por virus.

viricida ou **virucida** *adx.* Que pode destruír virus.

vírico-a *adx.* Relativo ós virus, ou a un deles.

viridina *s.f.* 1. Principio oleoso da brea de hulla. 2. Clorofila.

viril *adx.* Relativo ó sexo masculino.

virilescencia *s.f.* Manifestación dos caracteres masculinos en mulleres de idade avanzada.

virilia *s.m.* (lat.) Órganos xenitais masculinos.

virilidade *s.f.* 1. Potencia viril. 2. Período da vida na que o home acada o seu pleno desenvolvemento.

virilismo *s.m.* 1. Masculinidade ou masculinismo. 2. Hermafroditismo no que o individuo é de sexo feminino, pero posuíndo caracteres xenitais externos masculinos. // **V. adrenal** ou **suprarrenal** O que se debe á hiperfunción do córtex suprarrenal.

virilíxeno-a *adx.* Que potencia a virilidade ou os trazos virís.

virión *s.m.* Unidade estrutural vírica completa, que consta de dúas estruturas imprescindibles: un ácido nucleico e unha envoltura proteica ou cápside. Ás veces existe tamén unha envoltura lipídica, o peplos. // **V. nu** Virión que carece envoltura lipoproteica. / **V. envolto** O que ten a devandita envoltura.

viripotente *adx.* Vigoroso, sexualmente maduro.

virocito *s.m.* Inmunoblasto.

viroide *s.m.* 1. Axente produtor de certas enfermidades nas plantas, semellante ós virus, dos que se distingue por carecer de cápside: consiste nun ácido nucleico cuberto por unha membrana procedente da célula na que replicou. 2. Por extensión, axente patóxeno de estrutura semellante á dos virus, que producen dexeneración do SNC, como os axentes responsables do kuru e da enfermidade de Creutzfeld-Jacob.

viroloxía *s.f.* Rama da bioloxía que estudia os virus e as enfermidades producidas por eles.

viropexe *s.f.* Penetración de virións nunha célula por fagocitose.

virux *s.f.* Enfermidade causada por virus. // **V. hemorráxica do noroeste bonaerense** Febre hemorráxica observada en Bos Aires, causada polo virus de Junin e transmitida por artrópodos hematófagos, que se caracteriza por edema facial, enantema ocular, hemoraxias, nefrite e encefalite. Tamén se di **febre hemorráxica de Junin** ou **mal dos restrollos**.

viroso-a *adx.* Vírico.

virtual *adx.* Que ten existencia aparente pero non real.

virucida *adx.* Que ten capacidade para destruír virus.

virulencia *s.f.* Capacidade dun organismo para infectar e causar un cadro patolóxico no hóspede.

virulicida *adx.* Que destrúe ou inhibe virus.

virulífero-a *adx.* Que porta virus ou xermes infecciosos.

virus *s.m.* Axente patóxeno ultramicroscópico formado por unha partícula infecciosa ou virión, que consiste nunha molécula de ácido nucleico revestida por unha cuberta lipídica ou proteica. A súa característica fundamental consiste en replicar só en células vivas e seren parasitos absolutos, incapaces de xerar enerxía nin de calquera actividade metabólica. Segundo a súa morfoloxía distínguense dúas estruturas fundamentais, a

cúbica e a helicoidal. Algúns virus posúen ademais unha envoltura por fóra da cápside (virus envoltos). Clasifícanse por familias segundo o ácido nucleico que conteñan, RNA ou DNA, a estrutura da cápside, o lugar de ensamblaxe do ácido nucleico coa cápside, a presenza ou ausencia de envoltura, a procedencia da envoltura, a sensibilidade ó éter, o número de capsómeros e o diámetro do virión. Dentro das familias clasifícanse os xéneros, especies e tipos segundo as características bioló-

xicas e/ou antixénicas. Os virus de maior interese en patoloxía humana pódense observar na táboa seguinte. // **V. citomegálico** Citomegalovirus. / **V. da febre feringo-conxuntival** Mastadenovirus. / **V. de Brunhilde** Poliovirus tipo I. / **V. de Epstein-Barr** Herpesvirus. / **V. Junin** Aeravirus. / **V. Lansing** Poliovirus tipo II. / **V. Leon** Poliovirus tipo III. / **V. respiratorio sincitial** *Paramyxoviridae*.

VIRUS DE INTERESE EN PATOLOXÍA HUMANA E A SÚA SITUACIÓN TAXONÓMICA					
Nome	Xénero	Familia	Tamaño, nm.	Simetría	Ácido nucleico
Virus da hepatite B Virus adenosatélites	<i>Parvovirus</i>	<i>Parvoviridae</i>	18 - 26	Cúbica	DNA
Virus da verruga vulgar Virus SV-like	<i>Polyomavirus</i>	<i>Papovaviridae</i>	45 - 55		
Adenovirus	<i>Mastadenovirus</i>	<i>Adenoviridae</i>	70 - 90		
Virus do herpes simple Virus da varíola-zóster Virus de Epstein-Barr Virus das inclusións citomegálicas	<i>Herpesvirus</i>	<i>Herpesviridae</i>	100		
Virus da varíola Virus da vacina Virus do alastrim Virus do molusco contagioso	<i>Orthopoxvirus</i>	<i>Poxviridae</i>	230 - 300	Complexa	
Poliovirus Coxsackievirus Echovirus Virus da hepatite A	<i>Enterovirus</i>	<i>Picornaviridae</i>	20 - 30	Cúbica	RNA
Virus do arrefriado común	<i>Rhinovirus</i>				
Virus produtores de diarreas infantís non epidémicas	<i>Rotavirus</i>				

Nome	Xénero	Familia	Tamaño, nm.	Simetría	Ácido nucleico
Arbovirus produtores de encefalite Virus da rubéola	<i>Alphavirus</i> <i>Rubivirus</i>	<i>Togaviridae</i>	40 - 70		RNA
Arbovirus produtores de febre hemorráxica (febre amarela, dengue, etc.)	<i>Flavivirus</i>		40 - 60		
Virus da gripe	<i>Influenzavirus</i>	<i>Orthomyxoviridae</i>	80 - 120	Helicoidal	
Virus das papeiras Virus respiratorio sincitial Virus do sarampelo	<i>Paramyxovirus</i> <i>Pneumovirus</i> <i>Morbilivirus</i>	<i>Paramyxoviridae</i>	150 - 300		
Virus da rabia	<i>Lyssavirus</i>	<i>Rhabdoviridae</i>	60 - 180		
Virus da febre hemorráxica arxentina Lassavirus Virus da coriomeninxite linfocitaria benigna	<i>Arenavirus</i>	<i>Arenaviridae</i>	50 - 300		
Virus produtores de cadros febrís	<i>Bunyavirus</i>	<i>Bunyaviridae</i>	100	Descoñecida	
Virus produtores de cadros respiratorios agudos	<i>Coronavirus</i>	<i>Coronaviridae</i>	80 - 130		
Virus produtores de leucemias e tumores en animais e SIDA	<i>Oncovirus</i> <i>Lentinivirus</i> <i>Spumavirus</i>	<i>Retroviridae</i>	100		

Tomado de Melnick, 1979, e de Navarro Beltrán (Coord.), 1992.

virusemia *s.f.* Presencia de virus no sangue.

virxe *adx.* 1. Que non mantivo contacto sexual. 2. Que se atopa en estado puro, sen xermes.

virxinal *adx.* Relativo á virxindade.

virxindade *s.f.* 1. Estado de virxe. 2. Anatomicamente, conservación do hime na muller.

vis *s.f.* (lat.) Forza, enerxía. // **V. a fronte** ou **a tergo** Forza que atrae ou que empurra, respectivamente, favorecendo ou impedindo o retorno do sangue. / **V. conservatrix** Forza natural que permite ós organismos resistir as enfermidades. / **V. formativa** Enerxía necesaria para formar tecido novo que substitúa outro danado ou destruído. / **V. medicatrix** Capacidade curativa do organismo. / **V. vitalis** Forza vital.

víscera *s.f.* Órgano contido nunha cavidade, especialmente na abdominal. / **V. torácica** Órgano situado dentro do tórax.

visceralismo *s.m.* Teoría segundo a cal as vísceras constituirían a principal localización das enfermidades.

visceralxia *s.f.* Dor nunha víscera.

visceroinhibitorio-a *adx.* Que inhibe as funcións esenciais dunha víscera.

visceromotor-a *adx.* Que conduce impulsos motores a unha víscera.

visceroptose *s.f.* Esplacnoptose.

viscerosensorial *adx.* Relativo ou pertencente á sensación nas vísceras.

viscerosomático-a *adx.* Relativo ás vísceras e ó corpo.

viscerosquelético-a *adx.* Relativo ó esqueleto visceral.

viscerotonía *s.f.* 1. Ton visceral. 2. Tipo de personalidade caracterizada pola tendencia á sociabilidade, comodidade e relaxación postural, segundo a teoría de Sheldon, relacionada coa endomorfia.

viscerotrófico-a *adx.* Relativo ás vísceras e á nutrición.

viscerotrópico-a *adx.* Que ten maior afinidade polas vísceras.

viscosidade *s.f.* Resistencia dun líquido ou dunha substancia ós cambios de forma, debida á atracción entre as súas moléculas.

viscosimetría *s.f.* Medición e estudo da viscosidade dunha substancia, especialmente do sangue.

viscoso-a *adx.* Que ten viscosidade, pegañento.

viscus *s.m.* (lat.) Víscera.

visibilidade *s.f.* Calidade de visible.

visibilizar *v.* Facer visible un obxecto que non se pode percibir a simple vista, coa axuda de medios como o microscopio, raios X, etc.

visible *adx.* Perceptible polo sentido da vista.

visión *s.f.* 1. Facultade de ver. 2. Agudeza visual. 3. Alucinación visual. A visión realízase no córtex cerebral trala excitación dos fotorreceptores da retina e o paso do impulso nervioso polas neuronas e o nervio óptico ata o cerebro. O estímulo desencadeante é a luz. Os raios luminosos chegan ó ollo, onde se reúnen gracias ós medios de refracción do globo ocular e forman unha imaxe na retina, onde os pigmentos dos fotorreceptores (conos e bastóns) se transforman e orixinan o estímulo nervioso que se transmite polo nervio óptico ó córtex cerebral. // **V. acromática** A que se caracteriza pola perda completa das sensacións de cor. / **V. binocular** Visión normal dos dous ollos conxuntamente. / **V. central** A limitada ós estímulos da mácula lútea. / **V. cromática** Cromatopsia. / **V. de Pick** Aquela na que os obxectos perden a súa aliñación normal e converxen ou diverxen entre eles, que se observa nas lesións da ponte de Varolio e do fascículo

lonxitudinal posterior. / **V. dobre** Diplopsia. / **V. entópica** A que producen certos fenómenos ocorridos dentro do propio ollo. / **V. escotópica** Visión cando o ollo se adapta á escuridade ou a niveis baixos de luz. / **V. escura** Presencia de escotomas no campo visual con coñecemento do enfermo. / **V. estereoscópica** Percepción da profundidade ou do relevo dos obxectos. / **V. facial** Facultade de aprecia-la distancia, dirección, etc., dalgúns obxectos, debida á sensibilidade da pel da cara. / **V. fotópica** Visión cando o ollo se adapta á luz. / **V. haploscópica** Visión estereoscópica. / **V. iridescente** Percepción dunha auréola iridescente arredor dunha fonte de luz. / **V. múltiple** Poliopía. / **V. nula** Presencia de escotomas no campo visual, sen coñecemento do enfermo. / **V. periférica** A efectuada pola porción periférica da retina, fóra da mácula lútea. / **V. pseudoscópica** Aquela na que os obxectos parecen ocós.

vista *s.f.* Un dos cinco sentidos, polo que percibímo-la luz, a cor e a forma dos obxectos. // **V. oblicua** Estrabismo. / **V. cansada** Presbiopía. / **V. curta** Miopía. / **V. dobre** Diplopía. / **V. longa** Hipermetropía. / **V. nocturna** Nictalopía.

visual *adx.* 1. Relativo ou pertencente á vista ou á visión. 2. Relativo á persoa na que predomina o sentido da vista sobre os outros na aprendizaxe e na memoria.

visualización *s.f.* Acción e efecto de visualizar.

visualizar *v.* 1. Representar mediante imaxes visibles fenómenos non visuais. 2. Representar de xeito imaxinario feitos ou obxectos na mente.

visuauditivo-a *adx.* Relativo ou pertencente á vista e ó oído, ou que é visual e auditivo a un mesmo tempo.

visuopsíquico-a *adx.* Relativo á visión e á mente, sobre todo a zona do córtex cerebral relacionada coa percepción visual.

visuosensorial *adx.* Relativo á percepción de sensacións visuais.

visus *s.m.* (lat.) Visión, vista.

vita *s.f.* (lat.) Vida. // **V. mínima** Debilitamento xeral das funcións vitais. / **V. sexualis** Vida sexual.

vital *adx.* 1. Relativo ou pertencente á vida. 2. De moita importancia.

vitalidade *s.f.* Vida, modo de vida. // **Índice de v.** Relación entre o perímetro torácico multiplicado por 100 e a estatura en centímetros.

vitalio *s.m.* Aliaxe de cobalto, cromo e tungsteno, non corrosiva nin electrolítica, empregada en odontoloxía e en cirurxía ósea e vascular, para próteses.

vitalismo *s.m.* Teoría vixente na época ilustrada, segundo a cal a evolución veríase favorecida nunha dirección determinada por unha forza vital presente só nos seres vivos.

vitalista *adx.* Partidario do vitalismo.

vitamina *s.f.* Substancia orgánica que existe en moi pequenas cantidades en substancias nutritivas que, sen ser alimento, é indispensables para o desenvolvemento e as funcións vitais do organismo, de xeito que a súa carencia provoca estados patolóxicos chamados hipovitaminoses. // **V. A** Vitamina fundamental para o tecido epitelial, para a púrpura visual e para a elaboración e secreción de glicocorticoides. A súa deficiencia provoca metaplasia queratinizante dos epiteliolos: conxuntivite, queratomalacia, nictalopía, mancha de Bitot, pel seca e rugosa. Atópase na manteiga, fígado, ovos, acelgas, cenorias, col, espinacas, etc. Tamén se di **retinol**, **vitamina antixeroftálmica** ou **antiinfeciosa**. / **V. B₁** A súa forma activa é o pirofosfato de tiamina (TPP), que participa no metabolismo dos alfa-cetoácidos. Inflúe na síntese da acetilcolina e no control da súa hidrólise "in vivo". A súa carencia causa polineurite periférica, diminución dos reflexos tendinosos, beriberi, fatiga, perda de peso, ulceracións gastrointestinais. Atópase no xamón, riles, fermento de cervexa, chícharos secos, etc. Tamén se di **tiamina**, **aneurina**, **antiberibérica**. / **V. B₂** Actúa como coenzima da oxirredución e intervéñe no sistema de transporte de electróns, no metabolismo dos prótidos e dos glúcidos e na transformación deles e dos aminoácidos en ácidos graxos. Participa tamén na incorporación do iodo pola tiroide. A súa carencia provoca glosite, queilose, dermatite seborreica, fatiga visual, fotofobia, conxuntivite e vascularización corneal. Atópase nas vísceras, fermento de cervexa, ovas de bacallao, etc. Tamén se di **riboflavina**, **lactoflavina**, **vitamina Q**, **verdoflavina**. / **V. B₃** Constituínte de coenzimas que interveñen nos procesos de oxirredución. A súa carencia provoca pelagra. Atópase nas vísceras, fermento de cervexa e extracto de malta. Tamén se di **ácido nicotínico**, **niacina**, **vitamina PP**, **nicotinamida**. / **V. B₄** Factor vitamínico discutido que parece de utilidade nas avitaminoses do complexo B total. Tamén se di **adenina**. / **V. B₅** Forma parte do coenzima A, e actúa na activación dos grupos carboxilo e na desintoxicación de compostos nocivos ou estraños, na síntese da acetilcolina e no metabolismo lipídico e dos prótidos. A súa carencia é pouco frecuente debido á súa ampla distribución, e causa diminución da actividade do córtex suprarrenal, hiperreflexia tendinosa, sensación urente na planta dos pés. Atópase na xema de ovo, no fígado de vaca e no fermento de cervexa. Tamén se di **ácido pantoténico**. / **V. B₆** É o coenzima de numerosos enzimas que interveñen no metabolismo dos prótidos. Intervén tamén na descarboxilación dos aminoácidos, nas reaccións de transaminación, no transporte de aminoácidos, na conversión de triptófano en niacina e no metabolismo dos ácidos graxos. A súa carencia provoca apatía, cambras, ataxia e convulsións en lactantes e nenos. En adultos produce náuseas, mareos, parestesias, debilidade muscular, dermatite e anemia. Atópase no xerme do trigo, cereais, fermento de cervexa, leite, fígado e carne. Tamén se di **piridoxina**, **piridoxal**, **piridoxamina**, **adermina**. / **V. B₈** É o coenzima de varias carboxilases e atópase nos ovos, fígado, fariña de millo, fungos, chocolate, etc. Tamén se di

biotina, **factor bios**, **vitamina H**, **coenzima R**, **vitamina B_w**. / **V. B₁₀**, **B₁₁** Os seus derivados, os ácidos folínicos, interveñen como coenzimas nas reaccións de transferencia de grupos formilo, metilo e hidroximetilo. Intervén tamén na síntese dos ácidos nucleicos, e na formación de metionina. Participa nos fenómenos de desenvolvemento e hemopoese. A súa carencia causa trastornos hemopoéticos e dixestivos. Atópase no fígado, espinacas, espárragos, etc. Tamén se di **folacina**, **ácido fólico**, **vitamina M**, **factor S**, **factor U**. / **V. B₁₂** Coenzima das reaccións enzimáticas relacionadas coa transferencia de grupos metilo. Intervén na transformación de ácido fólico en folínico. A súa carencia produce anemia de Biermer, atrofia da mucosa dixestiva, lingua de Hunter, trastornos da sensibilidade profunda, etc. Atópase no fígado, riles, fariña de peixe, ostras, etc. Tamén se di **cianocobalamina**, **factor extrínseco de Castle**. / **V. B₁₅** Ten acción antianóxica e participa nas reaccións de transmetilación. Atópase no fígado, fermento de cervexa, sementes e farelo de arroz. Tamén se di **ácido pangámico**. / **V. B_T** Factor vitamínico discutible cunha posible acción trófico-estimulante. Tamén se di **carnitina**. / **V. C** Ten un importante papel na oxirredución entre o ácido L-ascórbico e L-deshidroascórbico. A súa carencia provoca alteracións do cemento intercelular, hemorraxias, retardo da cicatrización das feridas e alteracións na formación do tecido óseo. Atópase no repolo, espinacas, coliflor, amorodos e cítricos. Tamén se di **ácido ascórbico**. / **V. D** Inflúe na función da glándula paratiroide, na absorción do calcio e do fósforo polo intestino. A súa carencia produce raquitismo, hipotonía muscular e ligamentosa e amolecemento óseo. Atópase na cebola, xema de ovo, salmón, sardiñas, aceite de fígado de bacallao, etc. Tamén se di **calciferol**. / **V. E** Ten acción antioxidante non específica, e actúa por interacción coa insulina e hormonas sexuais. A súa carencia ocasiona distrofia muscular progresiva, desmielinización, glosite, atrofia testicular, implantación defectuosa do óvulo no útero e alteracións vasculares dexenerativas. Atópase no xerme de trigo, aceite de soia, froitos secos, chocolate, millo, etc. Tamén se di **tocoferol**, **vitamina da fertilidade**, **vitamina antiesterilidade**. / **V. F** Intervén na síntese dos ácidos graxos máis complexos, estimula o crecemento, e a súa carencia causa eccemas, hiperqueratose, acantose, obstrucción dos folículos pilosos, etc. Atópase no aceite e graxas vexetais, froitos secos, xema de ovo, manteiga e leite. / **V. H** Intervén no desenvolvemento de microorganismos, é antagonista das sulfamidas. A súa carencia provoca encanecemento e perda de protección da pel contra a insolación. Atópase no fígado, riles, músculos, leite, froitas, etc. / **V. K** Intervén na síntese de protrombina e outros factores da coagulación. A súa carencia produce hemorraxias. Atópase na alfalfa, espinacas, col, coliflor, etc. Tamén se di **vitamina anti-hemorráxica**, **filoquinona**. / **V. L** Factor vitamínico discutible que parece intervir na instauración da lactancia. / **V. P** Intervén favorecendo a acción da adrenalina, aumenta a resistencia capilar e controla a permeabilidade dos vasos. A súa carencia produce fragilidade

capilar e alteración da permeabilidade vascular. Atópase nas follas de ruda, tabaco, violeta e talos de tomate. Tamén se di **citrina**. / **V. T** Grupo de substancias bioestimulantes do crecemento obtidas dos térmites. / **V. V** Actúa como doador de grupos metilos, e pode protexer fronte á úlcera gástrica provocada experimentalmente. Atópase nos lípidos da col, apio, leituga e perexil. Tamén se di **vitamina antiulcerosa**.

vitaminoide *adx.* Semellante ás vitaminas.

vitaminoloxía *s.f.* Estudio das vitaminas e a súa acción.

vitaminose *s.f.* Trastorno producido pola carencia ou polo exceso de vitaminas.

vitaminoterapia *s.f.* Tratamento mediante a administración de vitaminas.

vitaminóxeno-a *adx.* Orixinado pola acción das vitaminas.

vitasterina *s.f.* ou **vitasterol** *s.m.* Vitamina que pertence ó grupo dos esteroides.

vitazima *s.f.* Vitamina.

vitelina *s.f.* Fosfoproteína simple semellante á globulina en tódolos aspectos agás en que non pode ser precipitada da solución con cloruro de sodio. Inclúense a vitelina cristalina e a ordinaria ou ovovitelina, que na xema de ovo está unida á lecitina.

vitelino-a *adx.* 1. Parecido á xema de ovo. 2. Relativo ó vitelo.

vitellus *s.m.* (lat) 1. Xema de ovo. 2. Vitelo.

vitelo *s.m.* 1. Xema de ovo. 2. Protoplasma ovular destinado á segmentación, que no óvulo humano constitúe case a totalidade do protoplasma, e chámase vitelo formativo. // **V. nutritivo** Parte do protoplasma do óvulo destinada a nutri-lo embrión nos primeiros períodos de desenvolvemento, formado por lípidos, proteínas e hidratos de carbono.

viteloluteína ou **vitelorrubina** *s.f.* Pigmento amarelo ou vermello que se obtén da xema de ovo.

vitiligoide *adx.* 1. Semellante á vitilixe. // *s.m.* 2. Sifiloderma. 3. Xantoma.

vitilixe *s.f.* Afección cutánea que se caracteriza pola aparición de placas acrómicas rodeadas dunha auréola escura a consecuencia da distribución irregular do pigmento cutáneo. Obsérvase sobre todo no dorso das mans, no pescozo e na cara. Tamén se di **leucodermia**. // **V. perineoide** Vitilixe que se inicia arredor dun nevo.

vitilixinoso-a *adx.* Relativo á vitilixe ou afectado por ela.

vitium *s.m.* (lat.) Vicio, defecto.

vitodinámica *s.f.* Biodinámica.

vítreo-a *adx.* 1. Semellante ó vidro. // *s.m.* 2. **V. corpo, humor**.

vitreocapsulite *s.f.* Inflamación da cápsula do vítreo ou membrana hialoide. Tamén se di **hialite**.

vitreum *s.m.* (lat.) Corpo vítreo.

vitrina *s.f.* 1. Humor vítreo do ollo. 2. Endolinfia. 3. Armario onde se garda o instrumental cirúrxico.

vitriolaxe *s.f.* Proxección de vitriolo ou, por extensión, de calquera substancia cáustica, á cara ou partes descubertas do corpo de alguén.

vitriólico, ácido *s.m.* Ácido sulfúrico.

vitriolo *s.m.* Antigamente, sulfato.

vitropresión *s.f.* Presión que se realiza aplicando un vidro sobre a pel, empregada en dermatoloxía para descubrir coloracións anormais na pel.

vitrum *s.m.* (lat.) Vidro ou vaso deste material.

vitular *adx.* Relativo ou pertencente ás vacas.

vivencia *s.f.* En psicanálise, aquilo que foi vivido ou experimentado pola conciencia, en contraposición ó representado.

vivente *adx.* Que ten vida.

vividifusión *s.f.* Hemodiálise.

vivificación *s.f.* 1. Conversión da materia inanimada en vivente, mediante a asimilación. 2. Acción de infundir vida ou vitalidade.

vivíparo-a *adx.* e *s.* Relativo ós animais nos que as femias paren fillos vivos.

vivisección *s.f.* Intervención cirúrxica realizada en animais vivos con fins de investigación.

vivisector-a *adx.* Que practica a vivisección.

vivo-a *adx.* Que ten vida.

vixilambulismo *s.m.* Estado patolóxico que se caracteriza por unha conducta automática semellante á do somnambulismo, pero na que o suxeito está esperto.

vixilia *s.f.* Estado de esperto, insomnio.

vocal *adx.* 1. Relativo ou pertencente á voz ou ós órganos que a producen. // *s.f.* 2. Son producido mediante a vibración da larinxe, que non atopa ningún obstáculo ó seu paso polos órganos de articulación.

Voigt, liña de V. liña.

vola *s.f.* (lat.) Planta do pé ou palma da man.

volante *adx.* Itinerante, móbil, que vai dunha parte a outra ou que se aplica en varias partes diferentes.

volar *adx.* Relativo ou pertencente á palma da man ou á planta do pé.

volátil *adx.* Que tende a se evaporar axiña.

volatilidade *s.f.* Calidade de volátil.

volatilización *s.f.* Paso de sólido a líquido ou a estado de vapor sen que ocorra ningún cambio químico.

volemia *s.f.* Volume de sangue existente no organismo.

volframio *s.m.* Tungsteno.

volición *s.f.* Acto de vontade.

volitivo-a *adx.* Relativo á vontade ou ás súas manifestacións.

Volkman, conducto, membrana de V. conducto, membrana.

volt *s.m.* Unidade de forza electromotriz, definida pola forza que produce unha intensidade de corrente de 1 ampere nun circuíto que ten unha resistencia de 1 ohmio.

volta *s.f.* Indisposición lixeira na saúde.

voltaico-a *adx.* Relativo ó voltaísmo.

voltaísmo *s.m.* Galvanismo.

voltaxe *s.f.* Forza electromotriz ou tensión eléctrica, medida en volts.

voltímetro *s.m.* Instrumento que mide a forza electromotriz.

volume *s.m.* Espacio ocupado por un corpo. // **V. atómico** Cociente entre o peso atómico e o peso específico dun elemento. / **V. corpuscular medio** Volume medio de hemacias, que se obtén multiplicando o hematocrito por 10 e dividindo o resultado entre o número de glóbulos vermellos por mm³. / **V. de reserva expiratoria** Cantidade de aire que pode ser expulsado, ademais do volume corrente, nunha expiración máxima. Corresponde normalmente a uns 1.100 cm³. / **V. de reserva inspiratorio** Cantidade de aire que pode ser inspirado, ademais do volume corrente, nunha inspiración máxima. Corresponde, aproximadamente, a uns 3.000 cm³. / **V. específico** Volume absoluto da unidade de peso dunha substancia. / **V. expiratorio máximo nun segundo (VEMS)** Cantidade de aire que se expulsa no primeiro segundo de expiración, tras unha inspiración máxima. Normalmente no primeiro segundo expírase o 80% do aire pulmonar, e a súa medición utilízase para valora-la existencia de posibles procesos obstructivos. / **V. por cento** Cantidade de gas en mililitros que conteñen 100 ml. de sangue. / **V. por minuto** Cantidade total de sangue ou de aire que pasa polos pulmóns cada minuto. / **V. residual** Cantidade de aire que queda nos pulmóns despois dunha expiración máxima, que equivale aproximadamente a uns 1.400 cm³. / **V. sanguíneo** Masa total do sangue do corpo. / **V. sistólico** Cantidade de sangue expulsado polos ventrículos cardíacos en cada contracción.

volumefigmobolómetro *s.m.* Variedade de pletismógrafo que mide o volume de pulso. Tamén se di **volume-bolómetro**.

volumetría *s.f.* 1. Medición de volumes. 2. Método de análise química cuantitativa, que emprega a medición do volume dunha disolución de concentración coñecida para determina-la concentración doutra disolución que reacciona con ela.

volumétrico-a *adx.* Relativo á medición de volumes.

voluntario-a *adx.* Sometido á vontade ou xerado por ela.

voluptuosidade *s.f.* Afección ou deleite, especialmente sexual.

vólculo *s.m.* Obstrucción intestinal debida á torsión dunha asa do intestino arredor do seu mesenterio.

volvulose *s.f.* Infestación con vermes *Onchocerca volvulus*, caracterizada pola formación de tumores fibrosos subcutáneos.

vómer *s.m.* Óso impar, en forma de lámina con dúas caras e catro bordos, situado na parte posterior das fosas nasais, formando o tabique nasal. Artículase pola parte superior co etmoide e co esfenoide, e por abaixo cos palatinos e maxilares.

vomerobasilar *adx.* Relativo ó óso vómer e á porción basilar do cráneo.

vómica *s.f.* 1. Expectoración súbita e abundante de pus, sangue ou soro que provén dunha cavidade do tórax. 2. Derramo fedorento nunha víscera, especialmente no pulmón.

vomicoso-a *adx.* Ulceroso.

vomipurgante *s.m.* Emetocatórtico.

vomitivo-a *adx.* 1. Que provoca o vómito. // *s.m.* 2. Axente que posúe a capacidade de provocar vómitos, como a ipecacuaña e o sulfato de cobre.

vómito *s.m.* Expulsión violenta pola boca do contido gástrico, producida pola contracción involuntaria da musculatura abdominal xunto coa relaxación do fondo do estómago e do esfínter esofáxico inferior, e acompañada de reflexos vexetativos como secreción salivar, sudación, palidez, etc. Pode ser provocado por tres tipos de estímulos: activación de vías nerviosas aferentes que actúan sobre o centro do vómito situado no bulbo raquídeo, activación de quimiorreceptores situados no chan do IV ventrículo ou activación de receptores labirínticos. // **V. acetónémico** Vómito periódico que se dá en nenos con acetonemia. / **V. biliioso** Expulsión de bile ou substancias tinguidas de bile. / **V. cerebral** Vómito espontáneo e sen náuseas, que se observa en persoas con afeccións intracraniais. / **V. de sangue** Hematémese. / **V. electivo** Expulsión de certos alimentos que se observa no histerismo. / **V. fecaloide** Expulsión de materia fecal que se observa nas obstruccións intestinais, apendicite e peritonite. / **V. hiperácido** Gastroxínse. / **V. incoercible** Vómito rebelde a calquera medicación, que se observa ás veces no embarazo. / **V. mariño** Mareo. / **V. negro** Febre amarela. / **V. pernicioso** Vómito incoercible. / **V. porráceo** Vómito con sangue típico das enfermidades gástricas malignas. / **V. seco** Náusea con esforzo muscular de vómito, pero sen expulsión de ningunha substancia.

vomitório-a *adx.* Emético.

vomiturición *s.f.* 1. Vómito frecuente, doado e escaso. 2. Regurxitación.

vomitus *s.m.* (lat.) Vómito. // **V. gravidarum** Vómito que se dá polas mañás en mulleres embarazadas, sobre todo nos primeiros meses do embarazo. / **V. matutinus** *pot-*

torum O que aparece en xaxún, de contido mucoso, característico do catarro gástrico crónico dos bebedores.

vontade *s.f.* Facultade de querer ou rexeitar.

vónulo *s.m.* Enfermidade dos bronquios frecuente en África occidental, que se caracteriza por dor intensa na parte inferior do abdome.

voracidade *s.f.* Fame esaxerada, bulimia.

vórtex *s.m.*(lat.) 1. Vórtice. 2. Disposición en espiral de certas formacións anatómicas. // **V. coccygens** Convergencia dos pelos na rexión do cóccix. / **V. cordis** Disposición en espiral ou en círculo das fibras cardíacas. / **V. pilorum** Disposición en espiral dos pelos en certas partes do corpo.

vórtice *s.m.* 1. Remuíño. 2. Espiral formada polas fibras musculares da punta do corazón.

Vorticela Xénero de protozoos acuáticos ciliados.

vorticosa *adx.* Das veas da coróide en forma estrelada.

vox *s.f.* (lat.) Voz. // **V. auserina** Voz rouca que aparece na parálise do nervio recorrente.

voz *s.f.* Son que producen os órganos da fonación e se emite pola boca. // **V. anfórica** ou **cavernosa** Son oco que se oe por auscultación mentres fala o enfermo que presenta unha cavidade ou caverna pulmonar. / **V. articulada** Linguaxe oral. / **V. claudicante** Imposibilidade de mante-lo timbre e a intensidade da voz durante un tempo. / **V. colérica** Voz débil que aparece no período álxido do cólera. / **V. convulsiva** A que aparece nas neuroses, caracterizada pola sucesión de sons discordantes. / **V. de peito** A que soa plena, grave, con resonancia nas paredes do tórax. / **V. de Pulchinel** Voz con resonancias na parte anterior das fosas nasais. / **V. en falsete** Voz aguda e algo estridente. / **V. esofáxica** A que emiten os pacientes larinxectomizados, na cal o aire é acumulado no esófago e modulado polos órganos bucais. / **V. eunucoide** Voz en falsete no home. / **V. multitonal** Ausencias e diferencias de ton da voz, propias de certos pólipos e papilomas das cordas vocais. / **V. nasal** A que se emite cando o nariz está obstruído.

VSG Siglas de Velocidade de Sedimentación Globalar.

vulcanita *s.f.* Producto da vulcanización do caucho ou da goma.

vulcanización *s.f.* Adición de xofre ó caucho ou á goma para mante-la súa elasticidade e dureza a diferentes temperaturas.

vulnerabilidade *s.f.* Calidade de vulnerable.

vulnerable *adx.* Que pode ser agredido ou lesionado.

vulnerante *adx.* Que lesiona ou vulnera.

vulnerario-a *adx.* Que ten capacidade e propiedades curativas de feridas.

vulnus *s.m.* (lat.) Ferida, traumatismo.

vulsela *s.f.* Pinzas que teñen as ramas en forma de gancho.

vulto *s.m.* 1. Aspecto, figura, forma. 2. Inchazo.

vultuoso-a *adx.* Avultado, conxestionado, especialmente a cara.

vulva *s.f.* Parte exterior dos xenitais femininos, que consiste nunha fendedura lonxitudinal na que comeza a vaxina, que comprende os labios maiores e menores, o clítoris e o monte de Venus. // **V. clausa** Vulva pechada por uns labios maiores moi grosos. / **V. do cerebro** Orificio que se abre no III ventrículo, por debaixo da comisura anterior e do piar anterior do trígono. / **V. hians** Aquela que ten os labios menores flácidos e abertos.

vulvectomía *s.f.* Escisión cirúrxica total ou parcial da vulva.

vulvismo *s.m.* Vaxinismo.

vulvite *s.f.* Inflamación da vulva. // **V. aftosa** A caracterizada pola presenza de vesículas que se ulceran. É propia da infancia. / **V. blenorráxica** A causada por gonococos. / **V. diftérica** A que se acompaña de produción de pseudomembrana. / **V. folicular** Inflamación dos foliculos da vulva. / **V. leucoplásica** Craurose vulvar.

vulvocrural *adx.* Relativo á vulva e á coxa.

vulvouterino-a *adx.* Relativo ou pertencente á vulva e ó útero.

vulvovaxinal *adx.* Relativo ou pertencente á vulva e á vaxina.

vulvovaxinite *s.f.* Inflamación da vulva e da vaxina.

W

- W** 1. Símbolo químico do volframio ou tungsteno. 2. Abreviatura de Watt
- Waler-Rose, reacción de** V. reacción.
- Waardenburg, síndrome de** V. síndrome.
- Waldenström, enfermidade de** V. enfermidade.
- Waldeyer, anel, fosa, glándula de** V. anel, fosa, glándula.
- Wallenberg, síndrome de** V. síndrome.
- Walther, conducto, ligamento de** V. conducto, ligamento.
- Wanner, signo de** V. signo.
- Warburg, enzima de** V. enzima.
- Warren-Tay-Sachs, enfermidade de** V. enfermidade de Warren-Tay-Sachs.
- Wartenberg, enfermidade, signo, síndrome, síntoma de** V. enfermidade, signo, síndrome, síntoma.
- Wassermann, reacción de** V. reacción.
- Waterhouse-Friderichsen, síndrome de** V. síndrome de Waterhouse-Friderichsen.
- watt** *s.m.* Unidade de potencia eléctrica no sistema Internacional baseado no metro, quilogramo, segundo e ampere. Equivale a 1 J/s.
- Weber, enfermidade, glándulas, síndrome, proba de** V. enfermidade de Weber, enfermidade de Weber-Christian, enfermidade de Weber-Dimitri, proba, glándula, síndrome.
- Wegener, síndrome de** V. síndrome.
- Weil, reacción de** V. reacción.
- Weill, enfermidade, signo, síndrome de** V. enfermidade, signo, síndrome.
- Weill-Marchesani, síndrome de** V. síndrome de Weill-Marchesani.
- Weiss, reflexo, signo, reacción de** V. reflexo, signo, reacción de Moritz-Weiss.
- Welander, úlcera de** V. úlcera.
- Wenckebach, síndrome, período, signo de** V. síndrome, período, signo.
- Wenzell, reacción de** V. reacción.
- Werdnig, enfermidade de** V. enfermidade de Werdnig-Hoffmann.
- Werner, síndrome de** V. síndrome.
- Wernicke, afasia, enfermidade, signo, síndrome de** V. afasia, enfermidade, signo, síndrome.
- Westergren, reacción de** V. reacción.
- Westphal, contracción, reflexo, signo, enfermidade, síndrome de** V. contracción, reflexo, signo, enfermidade, enfermidade de Westphal-Strümpell, síndrome de, síndrome de Westphal-Piltz.
- Wharton, conducto, xelatina de** V. conducto, xelatina.
- Whipple, enfermidade de** V. enfermidade.
- White, enfermidade, síndrome de** V. enfermidade de White, síndrome de White-Warren-Lecomte.
- Widal, crise hemoclástica, reacción, síndrome de** V. crise hemoclástica, reacción, síndrome.
- Wilder, signo de** V. signo.
- Wilkins, síndrome de** V. síndrome.
- Wilkinson, anemia de** V. anemia.
- Willebrand, enfermidade de** V. enfermidade.
- Willis, círculo, enfermidade de** V. círculo, enfermidade.
- Wilms, tumor de** V. tumor.
- Wilson, enfermidade de** V. enfermidade.
- Wintrobe, tubo de** V. tubo.
- Wirsung, conducto de** V. conducto.
- Wolff, síndrome de** V. síndrome de Wolff-Parkinson-White.
- WPN** Siglas de síndrome de Wolff-Parkinson-White.

Wright, coloración, síndrome de V. **coloración, síndrome.**

Wrisberg, cartilaxe, nervio de V. **cartilaxe, nervio.**

Wuchereria Xénero de filarias da clase dos nematodos, ó que pertence o *W. bancrofti*, das zonas tropicais, que ten o home como hóspede definitivo e que se transmite polas

picadas de mosquitos. As súas microfilarias producen linfanxite e logo elefantíase, sobre todo nos membros inferiores.

wuchereríase *s.f.* Filaríase.

Wunderlich, síndrome de V. **síndrome.**

Wysler, sutura de V. **sutura.**

X

x 1. Contía non mencionada, descoñecida ou indiferente.
2. Abreviatura da unidade Kienböck en radioloxía.

X 1. Cromosoma sexual feminino. 2. V. **raio**.

xaboeira (herba) *s.f.* *Saponaria calabrica*, planta cariofilácea de flores aromáticas, grandes, de cor branca rosada.

xabón *s.m.* Mestura dun ou máis ácidos graxos con bases. Diferéncianse dous tipos: os solubles, ou deterxentes, preparados con metais alcalinos como o sodio ou o potasio, e os insolubles, con sales de ácidos graxos e metais doutros grupos. // **X. amigdalino** Xabón medicinal. / **X. animal** O preparado cunha graxa animal e sosa. / **X. brando** Xabón untuoso preparado con aceite e lixivia de potasa. / **X. duro** O que se prepara con sosa. / **X. medicinal** O que se prepara con aceite vexetal, ácido oleico, hidróxido de potasio, glicerina e auga.

xaborandina *s.f.* Pilocarpina.

xacente *adx.* Que xace.

xacer *v.* Estar deitado, morto ou coma morto.

xactación *s.f.* Axitación, ansiedade e desacougo que se observa nalgunhas enfermidades. // **X. nocturna da cabeza** Movemento rítmico involuntario da cabeza durante o sono. Tamén se di **tic do sono**.

xaculífero-a *adx.* Que ten pugas ou espiñas.

xalapa *s.f.* *Ipomea purga*, planta convulvúcea de América do Norte, da que se emprega a raíz como purgante.

xalapina *s.f.* Composto resinoso que se extrae da raíz da xalapa e doutras convulvúceas.

xalde *adx.* De cor amarela intensa.

xandra *s.f.* Acceso de tose.

xanela *s.f.* Ventá pequena ou, por extensión, calquera abertura ou oco de pequeno tamaño.

xanicefalia *s.f.* Calidade de xanicéfalo.

xanicéfalo *s.m.* Monstro fetal dobre cunha soa cabeza e dúas caras opostas.

xantar *s.m.* Comida principal do día, entre o almorzo e a cea.

xantato *s.m.* Sal da serie dos ácidos xánticos.

xantéina *s.f.* Substancia colorante que se obtén da dalia amarela.

xantelasma *s.m.* Xantoma, especialmente o das pálpebras, frecuente nas mulleres despois da menopausa.

xantelasmatose *s.f.* Xantomatose.

xantemia *s.f.* Presencia de material colorante amarelo no sangue.

Xanthopsylla cheopis V. *Xenopsylla*.

xántico-a *adx.* 1. Amarelo. 2. Relativo á xantina.

xantina *s.f.* 2, 6-dihidroxipurina, base purínica formada a partir da oxidación da hipoxantina ou da desaminación da guanina, que se pode transformar en ácido úrico por oxidación. Existen varios principios activos derivados da xantina, coñecidos xenericamente co nome de xantinas, entre as cales destacan as xantinas metiladas ou metilxantinas, que realizan unha acción inhibitoria sobre o enzima fosfodiesterase, encargado de hidrolizar os nucleótidos cíclicos, aumentando a concentración de adenosínmonofosfórico cíclico (AMPC) intracelular. Tamén actúan sobre o SNC estimulándoo, sobre o ril aumentando a diurese, estimulan o músculo cardíaco e relaxan a musculatura lisa, especialmente a bronquial. Exemplos de metilxantinas son a teofilina, a cafeína e a teobromina, que se atopan no té, café e cacao, respectivamente.

xantinuria *s.f.* Exceso de xantina na urina.

xanto- Prefixo do grego, amarelo.

xantocianopsia *s.f.* Trastorno da visión que consiste en distinguir as cores amarela e azul, pero non a vermella nin a verde.

xantocreatina *s.f.* Leucomaína tóxica do tecido muscular semellante á creatinina, que se presenta en forma de cristais.

xantocroia *s.f.* Xantoderme.

xantocromía *s.f.* Coloración amarela da pel ou doutro órgano ou parte do corpo. No caso do líquido cefalorraquídeo indica hemorraxia nos centros nerviosos.

xantodermia *s.f.* Coloración amarela da pel, independente da ictericia.

xantodermo-a *adx.* Que ten a pel amarela, ou que pertence á raza amarela.

xantodonte *adx.* Que ten os dentes amarelos.

xantófano *s.m.* Pigmento amarelo dos conos da retina.

xantofilia *s.f.* Pigmento amarelo vexetal que conteñen as follas no outono. Tamén se di **luteína**.

xantóforo *s.m.* Cromatóforo con gránulos de pigmento amarelo.

xantofosia *s.f.* Sensación subxectiva de luz ou de cor amarela.

xantoglobulina *s.f.* Pigmento amarelo do fígado e do páncreas.

xantogranuloma *s.m.* Reacción inflamatoria crónica do tecido adiposo, que se caracteriza pola presenza de granulomas e histiocitos cheos de lípidos.

xantogranulomatose *s.f.* Presencia de moitos granulomas. Tamén se di **síndrome de Hand-Christian-Schüller**.

xantoma *s.m.* Afección da pel que se caracteriza pola formación de placas ou de nódulos planos e de cor amarela localizados sobre todo nos cóbados e nos xeonllos, que conteñen células histiocíticas ricas en inclusións lipídicas. Xeralmente débese a trastornos hepáticos ou do metabolismo dos lípidos. // **X. craniohipofisario** Síndrome de Christian-Schüller. / **X. das pálpebras** Xantelasma. / **X. dos diabéticos** Variedade de xantoma que se observa en persoas diabéticas, na que as placas son grandes e intermitentes. / **X. múltiple** Aquel no que as placas ou os nódulos aparecen por toda a superficie do corpo. / **X. remitente** ou **intermitente** Xantoma dos diabéticos. / **X. tuberoso** Lipoidose infiltrante que se caracteriza por nódulos que sobresaen, sobre todo nas palmas das mans, plantas dos pés, na cara e nas superficies de extensión dos membros. Tamén se di **xantoma tuberoso múltiple, gota lipoido**.

xantomatose *s.f.* 1. Estado caracterizado pola aparición de xantomas. 2. Alteración do metabolismo dos lípidos, que se manifesta con depósitos lipídicos en forma de nódulo ou mancha amarelada, por exemplo a enfermidade de Gaucher, enfermidade de Niemann-Pick, enfermidade de Tay-Sachs, síndrome de Hand-Christian-Schüller, etc.

xantopía *s.f.* Xantopsia.

xantoproteico-a *adx.* 1. Relativo ou pertencente á xantoproteína. 2. V. **reacción xantoproteica**.

xantoproteína *s.f.* Pigmento amarelo das proteínas quantadas con ácido nítrico.

xantopsia *s.f.* Cromatopsia na que o paciente ve os obxectos dunha cor amarelada, que se observa ás veces na ictericia e na intoxicación por ácido pírico.

xantopsidracia *s.f.* Aparición de pequenas vesículas amarelas na pel.

xantopsina *s.f.* Forma de rodopsina que perde cor parcialmente á luz.

xantorrea *s.f.* Fluxo de cor amarela.

xantosarcoma *s.m.* Sarcoma de células xigantes que se forma nas aponeuroses e nas vañas tendinosas.

xantose *s.f.* Dexeneración unida a pigmentación amarela da pel.

xantóxeno *s.m.* Substancia colorante dos vexetais, que cos álcalis se vira amarela.

xanturia *s.f.* Xantinuria.

xa oído, visto ou vivido *loc.* Trastorno tamén coñecido coa denominación francesa *déjà entendu, déjà vu, déjà vécu*, que se caracteriza porque o enfermo ten a sensación de que experimentou anteriormente unha vivencia ou situación da mesma maneira na que se presenta no momento actual. Manífestase en persoas sas pero en situacións de fatiga ou tensión, ou ben como manifestación epiléptica, secundariamente a unha descarga cortical.

xaqueca *s.f.* Complexo sintomático, frecuentemente familiar, consistente en ataques periódicos de cefalea de orixe vascular, acompañada ás veces de irritabilidade, náuseas, vómitos, diarrea ou estrinximento e fotofobia. Ten a súa causa nunha constricción das arterias do cranio e presenta nalgunhas ocasións síntomas prodrómicos, xeralmente de tipo ocular. Tamén se di **hemicrania**. // **X. acompañada** Xaqueca que cursa con manifestacións neurolóxicas. / **X. basilar** Variedade de xaqueca acompañada que cursa con síntomas neurolóxicos dependentes do territorio do tronco basilar. / **X. clásica** A que posúe síntomas neurolóxicos cunha duración menor de vinte-catro horas. / **X. complicada** Xaqueca que posúe manifestacións neurolóxicas de duración superior ás vinte-catro horas. / **X. común** Aquela que non posúe manifestacións neurolóxicas. / **X. disociada** Variedade de xaqueca acompañada na que aparece un defecto neurolóxico focal, de xeito illado con respecto á cefalea. / **X. hemipléxica** Variedade de xaqueca acompañada na que despois da cefalea aparece un cadro de hemiplejía. / **X. oftalmopléxica** Variedade de xaqueca acompañada na que aparece unha parálise oculomotora transitoria que afecta principalmente ó nervio motor ocular común. / **X. sen xaqueca** A que se manifesta unicamente mediante síntomas neurolóxicos focais e sen cefalea.

xarampón *s.m.* V. **sarampelo**.

xargonafasia *s.f.* Trastorno da linguaxe caracterizado pola deformación e substitución de palabras, con creación de neoloxismos de son parecido á palabra substi-

tuída, abundantes paragramatismos e trazos parafásicos de todo tipo. Tamén se di **xergafasia**.

xaropada *s.f.* Cantidade de xarope que se toma en cada dose.

xarope *s.m.* Solución concentrada de azucre en auga ou noutro líquido acuoso, que no caso dos xaropes medicinais leva ademais substancias medicamentosas, das que toma o nome: xarope de codeína, xarope de quina, etc. // **X. simple** O que se prepara só con 1775 gr de azucre nun litro de auga.

xaroposo-a *adx.* De consistencia e características semellantes ás dun xarope.

xarrete *s.m.* Rexión poplítea, parte da perna situada detrás da articulación do xeonllo. Tamén se di **sofraxe**.

xaxuar *v.* Absterse de comer.

xaxún *s.m.* 1. Abstención total ou parcial de comer e de beber. 2. Estado de quen non comeu desde o día anterior.

Xe 1. Símbolo químico do xenon. 2. Símbolo químico do xermanio.

xeado-a *s.m.* 1. Doce arrefriado e conservado mediante xeo. // *adx.* 2. Moi frío, ou solidificado polo frío, se se trata dun líquido.

xecoral ou **xecorario-a** *adx.* Relativo ó fígado.

xeito *s.m.* Aspecto, disposición, maneira.

xel *s.m.* Estado dos coloides que se tornan semisólidos ou xelatinosos por desecamento, descenso da temperatura ou coagulación parcial.

xelación *s.f.* Conversión dun sistema coloidal en xel.

xelanto *s.m.* Preparado de tragacanto, xelatina, glicerina, timol, auga de rosas, etc., que se emprega como antiséptico ou como vehículo para a aplicación de substancias medicamentosas sobre a pel.

xelasma *s.f.* ou **xelasma** *s.m.* Risa histórica ou risa sardónica.

xelatificación *s.f.* 1. Transformación dun sistema coloidal en xel. 2. Transformación en xelatina, especialmente do soro, someténdoo á temperatura adecuada.

xelatina *s.f.* Substancia proteica semisólida ou coloidal, de carácter hidrófilo, que se obtén por hidrólise parcial do coláxeno de tecido epitelial, conxuntivo, cartilaxinoso ou óseo de certos animais. É unha proteína fibrosa moi empregada como excipiente en cápsulas e supositorios. Tamén se emprega en dietética para obter elementos proteicos, e en bacterioloxía como medio de cultivo e para conservar preparacións microscópicas. // **X. carmín** Mestura de xelatina diluída en auga destilada e ácido acético ó 25% e unha solución de carmín en auga e amoníaco, que se emprega para a coloración das arterias nas preparacións anatómicas. / **X. de ágar** Caldo de cultivo solidificado con xelatina. / **X. de Piorkowski** Medio de cultivo para diferenciarlo bacilo de Eberth, composto por peptona, xelatina e urina de cabalo fermen-

tada con amoníaco. / **X. de Wharton** Tecido xelatini-forme ou mucoide do cordón umbilical. / **X. formalina** Glutol. / **X. glicerina** Preparación composta por unha parte de xelatina e outra de glicerina. / **X. mineral** Vase-lina.

xelatinado-a *adx.* Que contén xelatina.

xelatinase *s.f.* Enzima que licúa a xelatina sen afecta-la albumina do ovo. Atópase nas bacterias, fungos e fermentos.

xelatinífero-a *adx.* Que contén ou que produce xelatina.

xelatiniforme *adx.* Que se asemella á xelatina.

xelatinolítico *s.m.* Que hidroliza ou que fluidifica a xelatina.

xelatinoso-a *adx.* Que ten o aspecto e a consistencia da xelatina.

xelatosa *s.f.* Albuminosa formada ó ser hidrolizada a xelatina por un ácido, álcali ou enzima.

xelcromatografía *s.f.* Método de separación dos compoñentes dunha mestura segundo o tamaño molecular, baseado no feito de que cando o tamaño das moléculas é superior ó das mallas do retículo que forma a matriz do xel, repártense só polo solvente. As máis grandes distribúense tanto na fase solvente libre como na contida no xel.

xelea *s.f.* 1. Conserva doce, transparente e de aspecto xelatinoso, feita do zume dalgunhas froitas. 2. En farmacoloxía, medicamento moi azucrado que ten como base unha materia vexetal ou animal e que ó se arrefriar adquire unha consistencia xelatinosa. // **X. anticoncepcional** Xelea que se introduce na vaxina coa finalidade de impedi-la concepción. / **X. real** Substancia fluída, abrazada e de sabor lixeiramente agre, coa que as abellas alimentan ás larvas reais e á raíña. Trátase dun alimento con alto valor nutritivo, utilizándose terapêuticamente con diversas finalidades, como no tratamento para os atrasos do crecemento, contra a astenia e para os trastornos da velez.

xelfiltración *s.f.* Xelcromatografía.

xelificación *s.f.* 1. Transformación dun sistema coloidal fluído nun xel. 2. Xelatinización

xelodiagnose *s.f.* Método empregado para distinguir-lo colibacilo ou bacilo do colon do bacilo de Eberth, que consiste en engadirlle ácido fénico e lactosa ó cultivo en xelosa dos devanditos microorganismos: a diferenza consiste en que nesta situación o colibacilo produce fermentación e o bacilo de Eberth non.

xelolepsia *s.f.* Antigamente, epilepsia parcial, na que as crises consistían nun ataque de risa súbita, breve e inmóvil e obnubilación da conciencia durante un curto período de tempo.

xeloplexía *s.f.* Crise de vertixe que se produce en situacións de risa natural, con perda de coñecemento e caída.

xelosa *s.f.* Substancia que se obtén do ágar e de algas do xénero *Gelidium*, de consistencia xelatinosa, que se emprega na preparación de medios de cultivo pola súa capacidade de solidificar líquidos nutritivos. Tamén se di **ágar-ágar**.

xelose *s.f.* Estado patolóxico debido á xelificación de substancias coloidais do organismo, especialmente dos músculos: mioxelose.

xelotripsia *s.f.* Tratamento das xeloses ou mioxeloses mediante a aplicación de masaxes.

xélula *s.f.* Cápsula xelatinosa para a administración de substancias medicamentosas.

xema *s.f.* 1. Vitelo, masa amarela e opaca dos ovos das aves. 2. Micela. 3. Gromo dos vexetais do cal xorden as follas ou as flores. 4. Parte extrema do dedo, oposta á unha. 5. Protuberancia dalgúns organismos que se separa e orixina un novo ser. 6. Distancia que existe desde o extremo do dedo polgar ó índice.

xemación *s.f.* Proceso de reprodución asexual no que se forma unha xema ou protuberancia no corpo da célula, que posteriormente se desprende dando lugar a un novo ser.

xemedor-a *adx.* Que xeme.

xemelgación *s.f.* Embarazo e parto de xemelgos.

xemelgar *adx.* Relativo ós xemelgos.

xemelgo-a *adx.* e *s.* Nacido do mesmo parto ca outro ou máis fillos. // **X. bicigóticos** Os que se formaron pola fecundación de dous ovos. Tamén se di **biovulares, bicoriais, dicigóticos**. / **X. monocigóticos** Os que se formaron a partir dun só ovo. Tamén se di **monocoriais, monoovulares**.

xemelguidade *s.f.* Calidade de xemelgo.

xemelípara *adx.* e *s.f.* Que pariu xemelgos.

xemer *v.* Emitir sons inarticulados ou xemidos que expresan dor moral ou física.

xemido *s.m.* Queixa ou lamento expresado mediante sons inarticulados.

xémina *s.m.pl.* Corpos cuadrixéminos do cerebro.

xeminación *s.f.* 1. Xemelgación. 2. Desenvolvemento de dous dentes no mesmo alvéolo.

xeminado-a *adx.* 1. Dobre. 2. Xemelgo. // *s.m.* 3. V. **músculo**.

xemiparidade *s.f.* Reproducción asexual por xemación.

xemíparo-a *adx.* 1. Relativo ou pertencente á xemiparidade. 2. Que se reproduce por xemación.

xémula *s.f.* Xema pequena, gromo 2. Cada unha das excrecencias nas prolongacións protoplasmáticas da célula nerviosa. 3. Micela.

xenal *adx.* Facial.

xene *s.m.* Unidade de material hereditario situada nos cromosomas, formada por un fragmento de DNA portador de información, que determina a aparición dos caracteres hereditarios. // **X. alélicos** ou **alelomorfos** Os que se sitúan en locus correspondentes dun par de cromosomas, e que son portadores de trazos ou caracteres opostos. / **X. dominante** Aquel que manifesta o seu efecto aínda a pesar da existencia do alelo correspondente. / **X. estrutural** O que contén información para a formación de enzimas ou proteínas estruturais. / **X. holándrico** O que se sitúa nunha rexión non homóloga do cromosoma Y. / **X. letal** Aquel que causa a morte do portador. / **X. ligado ó sexo** O que se sitúa no cromosoma X. / **X. nucleolar** Xene que se sitúa ó longo da molécula de DNA da cromatina, e nos segmentos que formarán os nucléolos. / **X. operador** Xene estrutural. / **X. recesivo** O que só manifesta o seu efecto no caso de ser transmitido polos dous proxenitores. / **X. regulador** O que pode modifica-la acción do operador. / **X. represor** Aquel que inhibe a acción do operador.

xenealoxía *s.f.* 1. Serie dos antepasados. 2. Orixe, procedencia.

xeneóxeno-a *adx.* Conxénito.

xeneralización *s.f.* Extensión ou diseminación dun proceso que inicialmente estaba localizado nunha parte do organismo.

xénero *s.m.* Grupo taxonómico de especies que comparten algunhas características.

xénese *s.f.* Reproducción, desenvolvemento ou orixe dun ser ou dun proceso.

-xénese Sufixo do grego, reprodución ou orixe.

xenésico-a ou **xenésíaco-a** *adx.* 1. Relativo ou pertencente á reprodución, á orixe ou ó nacemento. 2. Conxénito.

xenesioloxía *s.f.* Conxunto de saberes relacionados coa reprodución.

xenesistase *s.f.* Cesamento do mecanismo proliferativo ou reproductor das células ou dos organismos.

xenética *s.f.* Ciencia que se ocupa de estudia-la forma de transmisión dos caracteres hereditarios dos proxenitores ós descendentes.

xenético-a *adx.* Relativo ou pertencente á xénese ou xeración.

xenetista ou **xeneticista** *adx.* e *s.* Especialista en xenética.

xenexenesia *s.f.* Xeración alternante.

xeni *s.f.* Conxunto das catro apófises da cara posterior da sínfise do maxilar inferior.

-xenia Sufixo do grego, xénese.

xeniano-a *adx.* Relativo ou pertencente ó queixo ou á meixela, é dicir, ás zonas correspondentes a calquera dos maxilares.

xeniantralxia *s.f.* Dor no seo maxilar.

xeniantrite *s.f.* Infección do seo maxilar ou antro.

xenianthro *s.m.* Antro ou cova de Highmore.

xeniculado-a *adx.* Dobrado de xeito semellante ó xeonllo.

xenículo *s.m.* Curvatura pronunciada nun órgano, especialmente nun nervio. // **X. do nervio facial** Curvatura que forma o nervio facial e que dá lugar á eminencia deste nervio no chan do IV ventrículo.

xenihioide V. **músculo**.

xenina *s.f.* Aglucona.

xenio *s.m.* 1. Virulencia dunha enfermidade infecciosa. 2. Carácter irascible. 3. Dotes artísticas ou intelectuais moi por riba do normal.

xeniofarínxeo-a *adx.* 1. Relativo ou pertencente á apófise xeniana do maxilar inferior e á farinxe. // *s.m.* 2. V. **músculo**.

xeniogloso-a *adx.* Relativo ou pertencente á apófise xeniana do maxilar inferior e á lingua.

xenión *s.m.* Punto craneométrico no vértice da apófise xeni.

xenioplastia *s.f.* Cirurxía plástica do maxilar inferior.

xeniospasma *s.m.* Espasmo do músculo do queixo.

xenioplastia *s.f.* Cirurxía plástica das meixelas. Tamén se di **xenoplastia**.

xeniqueioplastia *s.f.* Cirurxía plástica das meixelas e dos beizos.

xenital *adx.* 1. Relativo ou pertencente ós órganos da reprodución. // *s.m.* 2. Aparello xenital.

xenitoblasto *s.m.* Segundo Snoo, cada un dos elementos embrionarios espallados polo parénquima do útero, dos que deriva a célula miomatosa.

xenitocrural ou **xenitofemoral** *adx.* Relativo ou pertencente ós órganos xenitais e á coxa.

xenitor-a *adx.* 1. O que xera. // *s.* 2. Pai ou nai.

xenitospinal *adx.* Relativo ou pertencente ós órganos xenitais e á medula espiñal.

xenitourinario-a *adx.* Relativo ou pertencente ós órganos xenitais e urinarios, ou ás súas funcións.

xenitura *s.f.* 1. Xeración. 2. Raza.

xeno *adx.* Que ten un ombro ou unha cadeira máis elevada cá outra.

xeno- Prefixo do grego, hóspede, estraño.

-xeno Sufixo do grego, que produce ou xera.

xenoblasto *s.m.* 1. Célula xerminativa. 2. Célula xerminativa madura.

xenocidio *s.m.* Exterminación xeral e sistemática dun grupo social ou étnico.

xenocito *s.m.* Célula ou elemento sexual.

xenodermatose *s.f.* Dermatose hereditaria que cursa acompañada de trastornos como alopecia, acantose nigricans, ictiose, neurofibromatose, linfanxiose, etc.

xenodiagnose *s.f.* Diagnóstico que se realiza ó atopalo axente etiolóxico nun vector infectado por materiais procedentes do enfermo.

xenofobia *s.f.* Aversión ó que é estraño.

xenofonía *s.f.* Alteración da entoación da fala.

xenóforo *s.m.* Equivalente dos cromosomas nos organismos procariotas.

xenoftalmía *s.f.* Conxuntivite debida a traumatismos ou a corpos estraños.

xenoloxía *s.f.* Estudio dos parasitos e das súas relacións cos hóspedes.

xenoma *s.m.* Conxunto dos xenes.

xenomenia *s.f.* Menstruación vicaria.

xenon *s.m.* Elemento gasoso presente na atmosfera, de símbolo Xe e peso atómico 131,3.

xenonema *s.m.* Axonema.

xenoparasitismo *s.m.* Estado no que un corpo estraño se comporta coma un parasito do organismo no que se atopa.

xenoparasito *s.m.* 1. Parasito de orixe externa. 2. Corpo estraño que se comporta coma un parasito.

xenopatía *s.f.* Alteración patolóxica hereditaria.

xenoplastia *s.f.* Xenioplastia.

Xenopsylla Xénero de pulgas ó que pertence a especie *Xenopsylla cheopis*, que transmite a peste bubónica.

xenoqueioplastia *s.f.* Xeniqueioplastia.

xenotipo *s.m.* 1. Determinación xenética dun carácter, inscrita no material cromosómico dunha célula. 2. Conxunto de xenes que determinan os caracteres hereditarios.

xenoxenia ou **xenoxénese** *s.f.* 1. Alternancia de xeracións 2. Xeración de fillos diferentes de ámbolos dous proxenitores.

xenóxeno-a *adx.* 1. Debido a un corpo estraño. 2. Esóxeno.

xenreira *s.f.* Sentimento de rexeitamento de algo ou de alguén.

xentamicina *s.f.* Antibiótico que se obtén do *Micromonospora purpúrea*, que ten capacidade de actuar sobre os bacilos gramnegativos, sobre todo as enterobacteriaceas, pseudomonas e estafilococos. Debe ser empregado con moderación pois é tóxico para o ril e para o VIII par.

xentísico (ácido) *s.m.* Ácido do cal o sal sódico ten unha acción semellante á dos salicilatos, pero con menos efectos tóxicos.

xenu- Prefixo do latín, xeonllo, rótula.

xenuclasto *s.m.* Instrumento que se emprega para eliminar adherencias da articulación do xeonllo.

xenucubital *adx.* Relativo ós xeonllos e ós cóbados, especialmente a posición na que o paciente se pousa sobre estas articulacións, empregada para exploracións anorrectais e perineais.

xenufacial *adx.* Relativo ou pertencente á cara e ós xeonllos, especialmente a posición na que a cara se pousa sobre os xeonllos.

xenuíno-a *adx.* Propio, puro, natural.

xenupectoral *adx.* Relativo ós xeonllos e ó peito, especialmente a posición na que o individuo está axeonllado e apoiado no peito, adoptada polos nenos con derramo pericárdico. Tamén se di **posición de prece mahometana**.

xenxivectomía *s.f.* Escisión dunha parte da enxiva co obxecto de tratar infeccións peridentais. Tamén se di **ulectomía**.

xenxivite *s.f.* Inflamación das enxivas. Tamén se di **ulite**. // **X. aftosa** Xenxivite. / **X. escorbútica** A causada polo escorbuto. / **X. expulsiva** Piorrea alveolar. / **X. faxedénica** Xenxivite ulcerativa de progresión rápida. / **X. fungosa** A causada por fungos. / **X. intersticial** A que ten lugar no tecido conxuntivo da enxiva. / **X. marxinal supurativa** Piorrea alveolar na súa primeira fase. / **X. ulceromembranosa** Enfermidade causada pola espiroqueta de Vincent, na que se forman úlceras tanto nas enxivas coma noutras partes da boca.

xenxivoglosite *s.f.* Inflamación da enxiva e da lingua.

xenxivolabial *adx.* Relativo ou pertencente ás enxivas e ós labios.

xenxivopericementite *s.f.* Piorrea alveolar.

xenxivorraxia *s.f.* Fluxo de sangue polas enxivas.

xenxivose *s.f.* Enfermidade escamativa que consiste nun edema e eritema persistentes nas enxivas, que produce unha sensación de queimadura intensa cando se inxiren alimentos ácidos. Adoita aparecer despois da menopausa.

xeoda *s.f.* 1. Espacio linfático dilatado. 2. Cavidade ou caverna patolóxica, especialmente un pseudoquistes intraóseo que se forma nas osteoporoses graves.

xeofaxia *s.f.* ou **xeofaxismo** *s.m.* Hábito morbosos de comer terra ou materias semellantes.

xeomedicina *s.f.* Rama da medicina que se ocupa de estudar a influencia do clima e demais condicións ambientais sobre o estado de saúde ou enfermidade dos individuos.

xeonlleira *s.f.* Prenda ortopédica de material máis ou menos ríxido, que se axusta ó xeonllo para protexelo e comprimilo.

xeonllo *s.m.* Rexión da extremidade inferior que comprende a articulación media da perna, entre o fémur

e a tibia, e as partes brandas que a rodean. // **X. de Brodie** Sinovite crónica que lle afecta á articulación do xeonllo, á que lle dá un aspecto mol e polposo.

xeotaxia *s.f.* Xeotropismo.

xeotricose *s.f.* Micose producida por fungos do xénero *Geotrichum*, que causa lesións na boca, pulmóns, intestinos, etc.

xeotropismo *s.m.* Influencia que exerce a gravidade sobre os movementos ou sobre o crecemento dos organismos. É positivo se se orienta na dirección da terra e negativo se vai en sentido contrario.

xeración *s.f.* 1. Conxunto de funcións destinadas á formación dun novo ser, mediante o proceso de reprodución. 2. Conxunto de individuos nados nun mesmo período de tempo, e polo tanto, de idade non moi diferente. 3. Período da vida entre o nacemento dun individuo e o dos seus fillos, na especie humana uns trinta anos. 4. En xenética, conxunto de individuos produto dun cruzamento. // **X. alternante** Reproducción sexual e asexual alternadas na mesma especie. / **X. asexual** Reproducción asexual. / **X. endóxena** Multiplicación que ten lugar dentro da membrana da célula nai. / **X. espontánea** Hipótese descartada na actualidade segundo a cal os seres vivos xeraríanse espontaneamente, sen proceder de ningún outro. / **X. filial** Conxunto de dúas xeracións, a primeira das cales (F₁) procede do cruzamento de dous individuos desiguais, e a segunda (F₂) do cruzamento de dous membros da primeira. / **X. por esporas** Reproducción que ten lugar pola produción de células xerminativas no interior do individuo proxenitor, as cales se separan e se desenvolven no exterior del. / **X. sexual** Reproducción pola unión de elementos masculinos e femininos. / **X. vivípara** Reproducción dos mamíferos, que se caracterizan porque as femias paren fillos vivos, tralo seu desenvolvemento no seo materno.

xerador-a *adx.* e *s.* Xenitor, que xera.

xeral *adx.* Que afecta a todo o organismo ou a tódolos organismos ou gran parte deles.

xerántico-a *adx.* Secante.

xerar *v.* Causar, producir desenvolver ou facer que apareza un ser ou un fenómeno.

xerasia *s.f.* Estado patolóxico de sequidade, especialmente dos cabelos.

xerga *s.f.* 1. Linguaxe dun determinado grupo social. 2. Linguaxe específica das persoas da mesma profesión.

xeriatra *adx.* e *s.* Especialista nas enfermidades dos anciáns.

xeriatstenia *s.f.* Debilidade orgánica ou astenia dos vellos, síndrome de diversas etioloxías.

xeriatría *s.f.* Rama da medicina que se ocupa da atención e cuidados das persoas anciáns, tanto sas como enfermas.

xericultura *s.f.* Educación dos anciáns para axudarlles a acadalo grao máximo de saúde e benestar.

xeriopsicose *s.f.* Segundo Southard, trastorno mental senil e presenil.

xermanina *s.f.* Suramina.

xermanio *s.m.* Metal raro, de cor branca con peso atómico 725,5. Tense empregado o dióxido de xermanio en solución para tratar certas anemias.

xerme *s.m.* 1. Microorganismo. 2. Principio elemental que se pode converter nun órgano ou nun organismo completo. // **X. dentario** Tecidos derivados do ectoderma e do mesoderma, a partir dos que se forma o esmalte, a polpa, a dentina e o cemento do dente. / **X. plasma** Segundo Weismann, substancia do elemento xerminativo a través do que se transmiten os caracteres hereditarios duns individuos a outros.

xermectomía *s.f.* Intervención que se realiza en ortodoncia, e que consiste na exérese dos xermes dentarios supernumerarios ou ectópicos.

xermi- Prefixo do latín, xerme.

xermicida *adx.* Que ten capacidade para destruír xermes.

xermicultivo *s.f.* Cultivo artificial de bacterias.

xermifugo-a *adx.* Capaz de facer desaparecer-los xermes.

xerminación *s.f.* Proceso que ten lugar nunha semente, espora ou embrión dunha planta, mediante o cal se desenvolve unha planta nova.

xerminal *adx.* Relativo ó xerme.

xerminativo-a *adx.* Xerminante, que xermina.

xerminoblasto *s.m.* Centroblasto.

xerminocito *s.m.* Centrocito.

xermolar *v.* Brotar, xerminar.

xermolo *s.m.* Xerme ou gromo dun vexetal.

xermóxeno *s.m.* Masa de protoplasma a partir da cal se desenvolven as células reproductoras.

xero- Prefixo do grego co significado de seco ou vello.

xerocomía *s.f.* Conxunto de coidados dirixidos ás persoas anciás.

xerocomio *s.m.* Asilo para anciás.

xeroderma *s.m.* Afectación cutánea caracterizada pola sequidade, gretamento, escamación e descoloración da pel. // **X. pigmentoso** Afectación da pel, rara pero moi grave, que se caracteriza pola formación de placas ou de úlceras con telangiectasia e trastornos tróficos e pigmentarios da pel. Aparece na infancia por influencia dos raios solares, pero débese a unha alteración do ADN. Tamén se di **enfermidade de Kaposi, melanose lenticular progresiva, atrofia pigmentosa.**

xerodermia *s.f.* 1. Asteatose ou sequidade da pel. 2. Alteracións que se producen na pel dos anciás, por exemplo: amarelamento, sequidade, endurecemento, formación de engurras e caída do pelo.

xerodermosteose *s.f.* Síndrome de Gougerot-Howers-Sjögren

xerodiagnose *s.f.* Diagnóstico realizado a partir do hóspede, que se emprega para diagnosticar-la enfermidade de Chagas, causada polo *Trypanosoma cruzi*. Consiste en permitir que chinchas non infectadas se alimenten da pel do enfermo que se supón que padece a enfermidade. Posteriormente estúdiase o contido intestinal ou fecal destes parasitos, para identificar-la presenza do tripanosoma nas súas diferentes etapas do desenvolvemento. Tamén se emprega para o diagnóstico da triquinose.

xerodontoloxía *s.f.* Rama da odontoloxía que estuda os problemas dentais dos anciás.

xerofaxia *s.f.* Réxime baseado só en alimentos secos. Tamén se di **réxime seco.**

xeroformo *s.m.* Tribromofenato de bismuto, po amarelo que se emprega como sucedáneo do iodoformo no tratamento de feridas e úlceras e como antiséptico intestinal.

xeroftalmía *s.f.* Estado de sequidade e ausencia de brillo da conxuntiva, debida a inflamacións crónicas, coma o tracoma, ou a carencia de vitamina A. Tamén se di **xerose conxuntival.**

xerografía *s.f.* Xerorradiografía.

xeroma *s.m.* Xeroftalmía.

xeromamografía *s.f.* Mamografía que se obtén por xerografía, mediante a cal se poden visualizar microcalcificacións.

xeromarasma *s.m.* Marasma senil.

xeromenia *s.f.* Estado no que aparecen os síntomas xerais da menstruación, pero non o fluxo sanguíneo. Tamén se di **menstruación seca.**

xeromictéria *s.f.* Sequidade da membrana mucosa do nariz.

xeromorfismo *s.m.* Senilidade precoz, especialmente o estado dun órgano ou dun tecido que adquire o aspecto que ten nos anciás. // **X. cutáneo** Xerodermia.

xerontismo *s.m.* Xerontoxon.

xeronto- Prefixo do grego, vello.

xerontofilia *s.f.* Trastorno pouco frecuente do instinto sexual, no que o suxeito elixe como obxecto sexual a persoas anciás.

xerontofobia *s.f.* Odio cara ós anciás.

xerontolente *s.f.* Perda de transparencia do ecuador do cristalino que se dá na idade senil.

xerontólogo-a *s.* Especialista en xerontoloxía.

xerontoloxía *s.f.* Conxunto de coñecementos sobre a vellez e os procesos físicos, biolóxicos e psíquicos de avellentamento.

xerontopía ou **xerontopsia** *s.f.* Presbiopía.

- xerontopsiquiatría** *s.f.* Parte da xerontoloxía que se ocupa das enfermidades mentais dos anciáns.
- xerontoxon** *s.m.* Dexeneración da córnea que consiste nun anel branco agrisado na córnea, por depósito de substancias lipoides ou graxas. Tamén se di **arco senil**.
- xerorradiografía** *s.f.* Proceso fotoeléctrico para o rexistro de imaxes de raios X mediante placas metálicas provistas dun semiconductor coma o selenio. Tamén se di **xerografía**.
- xerose** *s.f.* Sequidade anormal dunha parte ou órgano. // **X. conxuntival** Xeroftalmía. / **X. cute** Xerodermia. / **X. faucium** Sequidade da gorxa.
- xerostomía** *s.f.* Sequidade da boca debida á escasa secreción salivar. Tamén se di **asialia**.
- xeroterapia** *s.f.* Conxunto de tratamentos e coidados dirixidos a atrasa-la vellez.
- xerotermo-a** *adx.* Que resiste ben a seca e a calor.
- xerotibia** ou **xerotripse** *s.f.* Frega ou fretamento seco.
- xerotocia** *s.f.* Parto seco.
- xerotomografía** *s.f.* Tomografía que se obtén por xerografía, moi útil para o estudo do colo e da traquea.
- xeroxel** *s.m.* Xel moi denso, con pouco líquido.
- xeso** *s.m.* Sulfato de calcio desecado, moi empregado en vendas de ortopedia para inmovilizar partes fracturadas.
- xestación** *s.f.* Embarazo, período durante o cal ten lugar o desenvolvemento do embrión no útero, desde a concepción ata o parto.
- xestante** *adx.* 1. Que contén o embrión. // *s.f.* 2. Muller embarazada.
- xestatorio-a** *adx.* Relativo á xestación.
- xestáxeno** *s.m.* Esteroides de acción proxestáxena.
- xesticulación** *s.f.* Acción de expresarse mediante xestos e acenos.
- xesto** *s.m.* Movemento do corpo, especialmente dos brazos e da cara, que axuda e realza a expresión verbal e mesmo expresa por si mesmo ideas ou pensamentos.
- xestose** *s.f.* Calquera manifestación toxémica do embarazo.
- xeumafobia** *s.f.* Aversión ós sabores.
- xeusimetría** *s.f.* Medición da sensibilidade gustativa.
- xeusiolepsia** *s.f.* Sabor agradable, especialmente o dalgúns medicamentos.
- xexunectomía** *s.f.* Intervención cirúrxica que consiste na extirpación dalgunhas asas ou de todo o xexuno.
- xexunite** *s.f.* Inflamación do xexuno.
- xexuno** *s.m.* Parte do intestino delgado duns 2,3 metros de longo, entre o duodeno do íleo. Dispónse formando curvas en forma de U, chamadas asas. Pola parte anterior relaciónase coa parede abdominal polo epíploon, pola posterior coa parede abdominal posterior, pola dereita e pola esquerda co colon ascendente e descendente, respectivamente, e pola parte inferior coas vísceras da pelve.
- xexunocecostomía** *s.f.* Anastomose cirúrxica entre o xexuno e o cego.
- xexunocolostomía** *s.f.* Sutura cirúrxica entre o xexuno e o colon.
- xexunoileíte** *s.f.* Inflamación do xexuno e do íleo.
- xexunoileostomía** *s.f.* Anastomose cirúrxica entre unha porción do xexuno e outra do íleo.
- xexunorrafia** *s.f.* Sutura do xexuno.
- xexunostomía** *s.f.* Realización dunha abertura cirúrxica permanente ou temporal no xexuno a través da parede abdominal, co fin de comunicalo co exterior.
- xexunotomía** *s.f.* Incisión cirúrxica no xexuno.
- xiardiase** *s.f.* Infestación con parasitos do xénero *Giardia*. Tamén se di **lamblíase**.
- xiba** *s.f.* Avultamento anormal do peito ou do lombo causado por unha malformación no esterno ou na columna. Tamén se di **chepa, corcova**. // **X. cardíaca** Avultamento da parede torácica que presentan as persoas con hipertrofia e dilatación cardíaca como consecuencia dunha cardiopatía xuvenil.
- xibosidade** *s.f.* 1. Prominencia que presenta a columna vertebral cifótica. 2. Xiba.
- xiboso-a** *adx.* Que ten xiba.
- xif(o)-** Prefixo do grego, espada.
- xifalxia** *s.f.* Dor espontánea no apéndice xifoide.
- xifisterno** *s.m.* Cartilaxe ou apéndice xifoide.
- xifodídimo** ou **xifodimo** *s.m.* Monstro fetal dobre unido pola parte anterior do tórax.
- xifodinia** *s.f.* Dor no apéndice xifoide.
- xifoide** *s.m.* 1. Apéndice ou cartilaxe que constitúe a parte máis extrema do esterno. // *adx.* 2. Semellante a unha espada. 3. Relativo ou pertencente ó apéndice xifoide.
- xifópago** *s.m.* Xipodídimo, xemelgo unido desde a parte inferior do esterno ata o embigo.
- xiga-** Prefixo do latín, mil millóns.
- xigante-a** *adx. e s.* De estatura elevada e/ou esaxerada corpulencia.
- xigantismo** *s.m.* Desenvolvemento anormal no que o suxeito acadou un talle corporal esaxeradamente grande. // **X. acromegálico** O debido a un trastorno de orixe hipofisaria que se pon de manifesto sobre todo nos ósos curtos e planos, aumentando especialmente o volume das mans, pés e cara. / **X. constitucional ou esencial** Xigantismo con proporcións harmónicas. / **X. eunucoide** O que se caracteriza por hipofunción gonadal e proporcións corporais non harmónicas, chamadas proporcións do eunuco: cabeza pequena e pés e mans moi grandes.

- xigantoblasto** *s.m.* 1. Célula xigante. 2. Eritrocito de tamaño superior a 16 microns.
- xigantosomía** *s.f.* Xigantismo.
- xilbertio** *s.m.* Unidade de forza magnetomotriz ou de potencial magnético no sistema ceguesimal.
- xileno** *s.m.* Dimetilbenceno, hidrocarburo líquido que se obtén da brea de hulla e se usa en microscopia como disolvente ou clarexador, e en terapéutica como antiséptico bucal. Tamén se ten empregado no tratamento da varíola e da sífilis.
- xilo-** Prefixo do grego, madeira.
- xilocetosa** *s.f.* Azucro que se elimina pola urina nos casos de peptosuria.
- xilodina** *s.f.* Substancia explosiva que se obtén do amidón pola acción do ácido nítrico.
- xilosa** *s.f.* Aldopentosa contida na madeira de faia, no cáñabo, etc., que ás veces se atopa na urina. // **test da D-xilosa** Proba que se emprega para diagnostica-la síndrome de mala absorción.
- xiloterapia** *s.f.* Tratamento por aplicación de certas madeiras ó corpo.
- xilóxeno** *s.m.* Celulosa ou lignina.
- ximnasia** *s.f.* Conxunto de exercicios físicos dirixidos a desenvolver, fortalecer e flexibiliza-lo corpo. // **X. médica** A que se realiza con fins terapéuticos. / **X. ocular** Exercicio dos músculos do ollo dirixido a asegurar e normaliza-los movementos de fixación e acomodación. / **X. sueca** A que consiste na combinación de movementos continuados e pouco intensos e exercicios respiratorios. / **X. vocal** Exercicio sistemático da voz que ten como obxectivo expandi-los pulmóns.
- ximnémico (ácido)** *s.m.* Ácido que conteñen as follas do *Gymnema sylvestre*, que en contacto coa mucosa lingual elimina temporalmente a sensibilidade para os sabores doce e amargo.
- ximno-** Prefixo do grego, nu.
- ximnobacteria** *s.f.* Bacteria que non posúe flaxelos.
- ximnocéfalo-a** *adx.* Que non ten pelo na cabeza.
- ximnocito** *s.m.* Célula sen membranas.
- ximnofobia** *s.f.* Aversión a ver corpos espidos.
- ximnoplasto** *s.m.* Protoplasma sen membrana.
- ximnosofía** *s.f.* Nudismo.
- ximnospora** *s.f.* Espora que non ten envoltura nin protección ningunha.
- xin-, xine-** ou **xineco-** Prefixo do grego, muller.
- xinandria** *s.f.* 1. Pseudohermafroditismo feminino debido a estímulos androxénicos, que consiste no pechamento dos labios maiores e desenvolvemento do clítoris. 2. Masculinismo. 3. Hermafroditismo masculino. Tamén se di **xinandrismo**, **xinantropía**, **xinantropismo**.
- xinandromorfismo** *s.m.* Hermafroditismo.
- xinántropo** *s.m.* Individuo hermafrodita con predominancia das características femininas.
- xinatresia** *s.f.* Atresia dos órganos sexuais femininos, especialmente imperforación da vaxina e do colo uterino.
- xinecofobia** *s.f.* Aversión ó sexo feminino, ou medo ás mulleres.
- xinecóforo** *s.m.* Canle lonxitudinal que presenta o schistoma macho, onde se aloxa a femia.
- xinecoide** *adx.* Semellante a unha muller, ou que presenta caracteres femininos.
- xinecólogo-a** *s.* Especialista en xinecología.
- xinecología** *s.f.* Rama da medicina que ten como obxecto de estudo as enfermidades da muller, especialmente as do aparello xenital e as funcións que lle son propias.
- xinecolóxico-a** *adx.* Relativo ou pertencente á xinecología.
- xinecomanía** *s.f.* Paixón excesiva ou esaxerada polas mulleres.
- xinecomastia** *s.f.* Desenvolvemento excesivo das glándulas mamarias no home.
- xinecopatía** *s.f.* Enfermidade do aparello reproductor feminino.
- xinefobia** *s.f.* Aversión ou medo á relación e ó trato con mulleres.
- xineforia** *s.f.* Herdanza na que unha muller heterocigótica fenotipicamente normal transmite un xene recesivo, como ocorre no caso da hemofilia.
- xínglimo** *s.m.* Diartrose que permite os movementos de escorregamento e rotación. // **X. angular** Tróclea. / **X. helicoido ou lateral** Trocoide.
- xínglimoartrodial** *adx.* Relativo á articulación que é parcialmente xínglimo e artrodia.
- xínglimoide** ou **xíngliforme** *adx.* Semellante ó xínglimo.
- xiniatría** *s.f.* Xinecología.
- xinofobia** *s.f.* Aversión ás mulleres.
- xinoplastia** *s.f.* Cirurxía plástica dos órganos xenitais femininos.
- xinoxénese** *s.f.* Desenvolvemento dun elemento sexual que só ten cromosomas maternos.
- xipso-** Prefixo do grego, xeso.
- xipsose** *s.m.* Pneumocoriose por inhalación de po de xeso.
- xirencéfalo-a** *adx.* Que ten o cerebro marcado con circunvolucións cerebrais.
- xiringa** *s.f.* Aparello utilizado para inxectar ou extraer líquidos en calquera vaso, conducto, tecido ou cavidade corporal. Consta dun tubo cun dos extremos rematado en pico, e dentro del un émbolo que aspira ou empurra o

líquido. // **X. de anel** A que se emprega no tratamento das afeccións dos conductos lagrimais. / **X. de Engwer** ou **de Loeb** A que ten a agulla implantada nun punto excéntrico, empregada para inxeccións intravenosas. / **X. de instilacións de Guyon** Tipo de xiringa empregado para instilacións uretrais. / **X. dental** Xiringa de pequeno tamaño que leva unha solución anestésica nun cartucho pechado hermeticamente. / **X. hipodérmica** Xiringa de pequeno calibre, por medio da que se inxectan fármacos en solución e outros líquidos nos tecidos subcutáneos, a través dunha agulla oca de pequeno diámetro. / **X. sonda** Aquela provista dunha punta que pode face-las veces de sonda, empregada en oftalmoloxía.

xiringar *v.* Inxectar un líquido coa xiringa.

xiro *s.m.* 1. Volta, rodeo. 2. Circunvolución.

xirocroma *s.f.* Célula nerviosa que ten os corpos de Nissl en forma de anel.

xiromela *s.f.* Sonda flexible que ten unha esponxa no extremo.

xirose *s.f.* Vertixe de orixe gástrica na que o enfermo ten a sensación de que todo vira arredor del.

xirospasmo *s.m.* 1. Cambra nas mans propia dos barbeiros. 2. Espasmo rotatorio da cabeza.

xirótropo *s.m.* Reótropo.

xister *s.m.* Lima, rascadoiro.

xitalina *s.f.* Glicósido de dixital.

xitaxismo *s.m.* Enfermidade que se considera causada pola inxestión de sementes de cereais contaminados polo fungo *Lychis githago*, que produce tremor e parálise espástica.

xoanete *s.m.* Extremo posterior avultado da primeira falanxe do dedo polgar do pé ou do extremo anterior do primeiro metatarsiano. Tamén se di *hallus valgus*.

xofre *s.m.* Elemento químico non metálico de símbolo S e peso atómico 32,064 que se emprega como laxante e diaforético, e tamén no tratamento das enfermidades da pel, do aparello respiratorio, hemorroides, estrinximento habitual, etc. // **Bióxido de x.** Gas corrosivo, tamén chamado erroneamente anhídrido sulfuroso, que se emprega como desinfectante. A súa inhalación produce bronquite. // **Hidruro de x.** Hidróxeno sulfurado con forte cheiro a ovos podres. / **X. precipitado** O que se obtén por precipitación dunha solución de pentasulfuro e tiosulfato de calcio, que se usa como escabicida. / **X. sublimado** Po de xofre que se obtén por sublimación dos vapores de xofre, e que se emprega como escabicida e antiparasitario. / **X. vexetal** Licopodio.

xoga *s.f.* Articulación.

xogo *s.m.* Articulación.

xordeira *s.f.* Perda total ou parcial do sentido do oído. Tamén se di **hipoacusia**. // **X. apoplefiforme** Xordeira brusca. / **X. cerebral** A que se produce por lesión

cortical. / **X. ceruminosa** A causada por un tapón de cerume. / **X. de percepción** Xordeira debida a alteracións das estruturas neurosensoriais e/ou das vías auditivas centrais. / **X. de transmisión** Xordeira debida a unha anomalía ou disfuncionalidade do sistema de conduction do son. / **X. histérica** Xordeira funcional que aparece en persoas histéricas, sen causa recoñecible. / **X. labiríntica** Hipoacusia causada por lesión labiríntica. / **X. mental ou psíquica** A que se debe a unha alteración do centro auditivo, de xeito que o paciente oe os sons e as palabras, pero non comprende o seu significado. / **X. neurosensorial** A causada por lesión do órgano de Corti. / **X. tóxica** A causada por un tóxico que actúa sobre as estruturas auditivas neurosensoriais. / **X. verbal** Xordeira mental ou psíquica.

xordo-a *adx.* e *s.* 1. Privado do sentido do oído. // *adx.* 2. Relativo á dor persistente, non aguda. 3. Relativo ó son apagado, pouco vibrante.

xordomudez *s.f.* Incapacidade para falar a consecuencia dunha xordeira conxénita ou adquirida nos primeiros anos da vida.

xordomudo-a *adx.* e *s.* Que padece xordomudez.

xugal *adx.* 1. Malar, relativo ou pertencente á meixela. 2. Que enlaza coma un xugo.

xugomaxilar *adx.* Relativo ó pómulo e ó maxilar.

xugulación *s.f.* Cesamento súbito dunha enfermidade trala aplicación das medidas terapéuticas oportunas.

xugulante *adx.* Relativo ó método terapéutico que consiste en facer aborta-la doenza.

xugular *adx.* Relativo ó pescozo ou á gorxa. // *s.f.* 2. V. **arteria, vea**.

xuízo *s.m.* Capacidade intelectual, razoamento.

xulepe *s.m.* Composto medicamentoso de auga destilada, xaropes e substancias medicinais.

xunta ou **xuntura** *s.f.* Articulación. Tamén se di **xoga, xogo**.

xuramento hipocrático *loc.* Conxunto de normas éticas que os médicos xuran acatar no exercicio da súa profesión.

xurisprudencia *s.f.* Estudio ou aplicación científica dos principios da lei e da xustiza. // **X. médica** Aplicación dos principios legais á práctica da medicina.

xustaarticular *adx.* Situado cerca dunha articulación.

xustamural *adx.* Situado cerca dunha parede.

xustaposición *s.f.* Posición adxacente: cerca ou a carón de algo.

xustaspinal *adx.* Situado a carón da columna vertebral.

xuvenil *adx.* Relativo á xuventude.

xuventude *s.f.* Período da vida intermedio entre a adolescencia e a idade adulta.

Y

Y 1. Símbolo químico do itrio. 2. Cromosoma sexual masculino

Yb Símbolo químico do iterbio.

Yeo, tratamento de V. tratamento.

Yerkes, proba de V. proba de Yerkes-Bridges.

Yersinia Xénero de bacilos gramnegativos da familia *enterobacteriaceae*, ó que pertencen as especies *Y. ente-*

rocolitica, axente causal de procesos abdominais agudos, adenite mesentérica, meninxite, etc.; a *Y. pestis*, responsable de moitas pandemias e antigamente causante da peste; a *Y. pseudotuberculose*, responsable da adenite mesentérica, etc.

Young, regra de V. regra. // teoría de V. teoría de Young-Helmholtz.

Young, síndrome de V. síndrome.

Z

- zambro-a** *adx.* Que ten as pernas ou os pés torcidos, especialmente o que ten *genu valgo*. Tamén se di **pateño**
- zampallón-ona** *adx.* Que anda de xeito semellante ó dos parrulos, como por exemplo no caso dos enfermos de coxoartrose.
- zanoniáceas** *s.f.pl.* Cucurbitáceas.
- zarabeto-a** *adx.* 1. Que pronuncia o *s* como *z*. 2. Tartamudo, tatexo.
- zeína** *s.f.* Proteína de cor amarelada contida na fariña dos cereais.
- Zeis, glándula de V. glándula.**
- zeísmo** *s.m.* Intoxicación polo millo alterado, que causa principalmente trastornos gástricos.
- zemiobiose** *s.f.* Relación entre dous organismos que causa a destrución dun deles.
- zemiodemia** *s.f.* Relación entre individuos da mesma especie que ocasiona prexuízos causantes da desaparición desta.
- Zenker, dexeneración, divertículo, enfermidade de V. dexeneración, divertículo, enfermidade.**
- zenkerismo** *s.m.* Dexeneración de Zenker, dexeneración hialina que lle afecta ó tecido muscular.
- zeófago-a** *adx.* Que se alimenta de millo.
- zidovudina** *s.f.* Azidotimidina, fármaco coñecido tamén coas siglas AZT, con acción antivírica que inhibe a replicación do virus VIH.
- Ziehen, enfermidade, proba de V. enfermidade de Ziehen-Oppenheim, proba.**
- Ziehl, colorante de V. colorante de Ziehl, coloración de Ziehl-Neelsen.**
- Ziemssen, síndrome de V. síndrome.**
- Zieve, síndrome de V. síndrome.**
- Zimmerlin, enfermidade de V. enfermidade**
- Zimmermann, corpúsculo de V. corpúsculo.**
- zimo-** Prefixo do grego, fermentación.
- zincum** *s.m.* (lat.) Cinc.
- Zinn, ligamento, membrana, tendón, zónula de V. ligamento, membrana, tendón, zónula.**
- Zinsser, síndrome, vacina de V. síndrome de Zinsser-Cole-Engman, vacina.**
- zirbus** *s.m.* Antigamente, epíploon.
- zirconium** *s.m.* (lat.) Circonio.
- Zn** Símbolo do cinc.
- zoacantose** *s.f.* Dermatite que se orixina pola permanencia na pel de restos procedentes de animais, como pelos, espiñas, aguillóns, etc.
- zoamilina** *s.f.* Glicóxeno.
- zoandria** *s.f.* Ecocinesia na que o paciente fai movementos propios de animais.
- zoante** *adx.* Que zoa.
- zoantropía** *s.f.* Trastorno mental no que o enfermo cre que está convertido nun animal.
- zoar** *v.* Emitir un ruído continuado, como o que producen algúns insectos ó voar.
- zooscopio** *s.m.* Estroboscopio.
- zoético-a** *adx.* Relativo á vida animal.
- zoiatría** *s.f.* Ciencia que se ocupa do tratamento das enfermidades dos animais.
- zoísmo** *s.m.* Animalidade.
- Zollinger, síndrome de V. síndrome.**
- zomoterapia** *s.f.* Tratamento de certas enfermidades mediante a administración de plasma ou mediante un réxime cárnico.
- zona**¹ *s.m.* Rexión ou área determinada, con certas características que a diferencian das áreas adxacentes // **Z. androxénica** Área interna hipertrófica do córtex suprarrenal fetal que involuciona precocemente despois do nacemento, e que ten unha función hormonal semellante á dos testículos, créndose que exerce unha función sobre os estróxenos maternos. / **Z. ciliar** Zónula de Zinn. / **Z. de alarma de Chauvet** Parte superior interna da fosa

supraespiñosa que representa a proxección do vértice pulmonar, na que se deben buscar na auscultación os primeiros indicios de tuberculose pulmonar, debidos por exemplo ó incremento das vibracións vocais. / **Z. de Charcot** Rexión do corpo na que a estimulación mediante presión pode orixinar unha crise histórica. / **Z. de Head** Zona de sensibilidade cutánea en relación cunha enfermidade visceral ou ósea. Tamén se di **zona hiperalxésica**. / **Z. de His** Cada un dos catro engrosamentos do cordón medular embrionario e fetal que se proxecta ó longo da canle central. / **Z. de Krönig** Proxección do vértice pulmonar nas áreas supraclaviculares e supraespiñosas. / **Z. de Looser** Dato radiolóxico característico dos pacientes con osteomalacia, que se caracteriza pola presenza de bandas radiotransparentes, perpendiculares á superficie perióstica das costelas, e situada cerca das epífises dos ósos longos. / **Z. de Rolando** Zona motora do córtex cerebral. / **Z. de transición** Liña do ecuador do cristalino, onde as fibras epiteliais se transforman en fibras propias do cristalino. / **Z. de Westphal** Rexión do cordón posterior da medula espiñal a nivel lumbar, que contén fibras centrifugas relativas ó reflexo rotuliano. / **Z. de Zinn** Zónula de Zinn. / **Z. epileptóxena** Parte do corpo que se se estimula por presión pode provocar unha crise epiléptica. / **Z. eroxémica** ou **erotóxena** Zona do corpo que produce sensacións eroxénicas ó ser estimulada. / **Z. gatillo** A que provoca unha resposta moi rápida cando é estimulada. / **Z. glomerular** Parte do córtex suprarenal na que se dispoñen as células en forma de masas redondeadas. / **Z. granulosa** Disco prolífero. / **Z. hiperestésica** Rexión da pel que se caracteriza por ter anormalmente aumentada a sensibilidade. / **Z. ígnea** Herpes zóster. / **Z. incerta** Mestura de substancia gris e de substancia branca entre o núcleo subtalámico e o hipotálamo. / **Z. lenticular** Área cerebral que se estende desde a circunvolución frontal ata a área de Wernicke, formada por cápsula interna, núcleos lenticular e caudado, segmentos anterior e posterior da cápsula interna e tálamo óptico. / **Z. marxinal de Lissaur** Zona de substancia branca entre o vértice da hasta posterior e a periférica da medula espiñal. / **Z. motora** Rexión do córtex cerebral da que depende a actividade motora voluntaria. A súa estimulación eléctrica provoca contracción da musculatura voluntaria. / **Z. orbicular** Conxunto de fibras en forma de anel que forman a cápsula arredor do acetábulo. / **Z. pectínea** Porción externa da membrana basilar da cóclea, que se estende desde os bastonciños de Corti ata o ligamento espiral. / **Z. pelúcida** ou **transparente** Membrana que recobre o oocito no interior de De Graaf, que persiste ata que o gameto chega ó útero. / **Z. polar** Área situada arredor de calquera electrodo colocado sobre o corpo. / **Z. pupilar** A máis interna das dúas rexións nas que a superficie anterior do iris está dividida pola liña angular. / **Z. radiada** Zona pelúcida. / **Z. radicular** Porción de substancia branca da medula espiñal que corresponde ás raíces dun nervio espiñal determinado que conecta coas raíces anteriores ou posteriores. / **Z. reticular** Capa interna do córtex da cápsula suprarenal. / **Z. tecta** Parte interna da membrana basal do

órgano de Corti. / **Z. tendinosa** Anéis fibrosos do corazón nas aberturas auriculoventriculares. / **Z. visual** Área situada arredor dun eixe óptico na que case non existe aberración. / **Z. X** Zona andróxena.

zona² *s.m.* Infección aguda que afecta ós ganglios das raíces dorsais dos nervios raquídeos ou intracraniais, causada polo virus da varicela-zóster, e caracterizada pola aparición de vesículas agrupadas seguindo o percorrido dun nervio cutáneo, a miúdo asociado a dores neurálxicas intensas. Se as lesións lle afectan á rama facial do V par poden provoca-lo síndrome de Ramsay-Hunt. Tamén se di **herpes zóster**, **lume sagrado**, **zona ígnea**. / **Z. facial** O localizado na cara. / **Z. gangrenoso** Aquel no que trala erupción vesicular aparecen procesos de escarificación. / **Z. oftálmico** O que se localiza na rama oftálmica do V par.

zonal *adx.* Relativo ou pertencente á zona ou a unha zona.

zonestesia *s.f.* Sensación de constrinximento semellante á que produciría un cinto apertado.

zonífugo-a *adx.* Que se aparta dunha rexión ou dunha zona.

zonípeto-a *adx.* Que se dirixe cara a unha rexión ou unha zona.

zónula *s.f.* Zona pequena. // **Z. ciliar** ou **de Zinn** Fibras que forman o ligamento suspensorio do cristalino, e van desde os procesos ciliares ó cristalino.

zonulite *s.f.* Inflamación da zónula de Zinn.

zonulólise *s.f.* Destrución ou disolución dunha zónula. // **Z. enzimática** Método creado por J. Barraquer para facilitar a extracción do cristalino, inxectando un encima que destrúe a zónula ciliar.

zoo- Prefixo do grego, animal.

zooaglutinina *s.f.* Aglutinina dun tóxico ou dun veneno de orixe animal.

zoanafilactóxico *s.m.* Substancia proteica de natureza animal que é quen de producir unha reacción anafiláctica.

zoobioloxía *s.f.* Bioloxía animal.

zooblasto *s.m.* Célula animal.

zoodérmico *s.m.* Relativo ós enxertos feitos con pel de animal.

zoodinámica *s.f.* Fisioloxía animal.

zoerastia *s.f.* Relación sexual con animais.

zoófago-a *adx.* Que come alimentos de orixe animal.

zoofilia *s.f.* ou **zoofilismo** *s.m.* 1. Simpatía polos animais. 2. Zoerastia.

zoófito *s.m.* Organismo que pertence a unha clase intermedia entre o reino vexetal e o animal.

zooflaxelados *s.m.pl.* Clase de protozoos flaxelados que poden ser parasitos ou de vida libre. Tamén se di **zoomastigophorea**.

zoofobia *s.f.* Medo ou aversión ós animais.

zoogameto *s.m.* Gameto móbil.

zoogamia *s.f.* Reproducción sexual con intervención de espermatozoides.

Zooglea Xénero de bacilos gramnegativos que aboian en augas doces que conteñen substancias orgánicas.

zooglea *s.f.* Colonia de microorganismos dentro dunha envoltura xelatinosa que se forma pola fusión das envolturas de cada un deles.

zoogonia *s.f.* Xeración ou desenvolvemento de animais.

zoografía *s.f.* Parte da zooloxía que se ocupa da descrición dos animais.

zoo hormona *s.f.* Hormona animal.

zooide *adx.* 1. Semellante a un organismo animal. // *s.m.* 2. Elemento dunha colonia animal.

zooloxía *s.f.* Rama da bioloxía que se ocupa do estudo dos animais. // **Z. experimental** A que basea os seus estudos en experimentos realizados nos animais. / **Z. médica** A que estudia os animais desde o punto de vista da súa utilidade para a saúde humana.

zoo manía *s.f.* Zoofilia esaxerada.

zoomastigophorea *s.f.* Zooflaxelados.

zoomilo *s.m.* 1. Quiste dermoide. 2. Monstro parasitario sen forma.

zoonose *s.f.* Enfermidade infecciosa que se transmite dos animais ó home.

zooparasito *s.m.* Parasito animal.

zoopatoloxía *s.f.* Estudo das enfermidades dos animais.

zooperia *s.f.* Investigación experimental con animais.

zooplasma *s.m.* Plasma animal.

zooplastia *s.f.* Enxerto de tecidos de orixe animal.

zooprofilaxe *s.f.* Profilaxe aplicada ós animais.

zoopsia *s.f.* Ilusión óptica na que se cre ver animais.

zoopsicoloxía *s.f.* Psicoloxía animal.

zooquímica *s.f.* Química dos procesos característicos da vida animal.

zooscopia *s.f.* Zoopsia.

zoose *s.f.* Enfermidade causada por axentes animais.

zoospermia *s.f.* Presencia de espermatozoides vivos no seme exaludado.

zoospermo *s.m.* Espermatozoide.

zoospora *s.f.* Espora que se pode mover mediante flaxelos.

zootecnia *s.f.* Conxunto de saberes sobre as técnicas de cría, alimentación e mellora xenética dos animais domésticos.

zooterapia *s.f.* Terapéutica aplicada ós animais.

zootomía *s.f.* Disección anatómica de animais.

zootoxina *s.f.* Toxina de orixe animal.

zootrófico-a *adx.* Relativo á alimentación e nutrición dos animais.

zootrofotoxismo *s.m.* Intoxicación por alimentos de orixe animal.

zooxénese ou **zoo xenia** *s.f.* Desenvolvemento e evolución dos animais.

zooxeno-a *adx.* De orixe animal.

zoo xeografía *s.f.* Estudo da distribución da vida animal na terra.

zóster *s.m.* V. **zona**².

zosteriforme *adx.* Semellante ó zóster.

zoupo-a *adx.* Relativo á man ou ó pé tortos cara a dentro.

Zr Símbolo químico do circonio.

zume *s.m.* 1. Secreción fisiolóxica líquida. 2. Líquido que se extrae espremendo froitas ou outras substancias vexetais ou animais. // **Z. canceroso** Líquido que sae dun tumor epitelial ou que se obtén raspando o tumor, e que contén células e restos adiposos. / **Z. gástrico** Líquido segregado polas glándulas do estómago que contén auga, ácido clorhídrico, pepsina, sales minerais e ácido láctico. / **Z. intestinal** Líquido amarelado claro, alcalino, que segrega as glándulas de Lieberkühn. / **Z. nuclear** Cariolinfa. / **Z. pancreático** Líquido viscoso, alcalino, segregado polo páncreas, que contén substancias albuminoides, fermentos, leucinas, xabóns, graxas e sales.

zunido *s.m.* Son continuo, agudo e sibilante, que pode ser obxectivo ou subxectivo. // **Z. de oídos** Ruído subxectivo semellante ó que se percibe ó zoar un insecto, debido a unha alteración vascular ou dos órganos auditivos. Tamén se di *tinnitus aurium*.

zurdería *s.f.* Uso predominante do lado esquerdo do corpo, especialmente da man, pé e ollo.

zurdo-a *adx.* Que emprega a man esquerda espontaneamente con máis habilidade e precisión cá dereita.

Zymonema Xénero de fungos que actualmente se denomina *Blastomyces*.

